Informe de Literatura 2016

Directora e Coordinadora: Blanca-Ana Roig Rechou
Bolseira do proxecto: Verónica Pousada Pardo

Equipo redactor

Rafael Adán Rodríguez
Eulalia Agrelo Costas
Belén Bouzas Gorgal
Guillermo Calviño Santos (Ilustración)
Silvia Capelo Álvarez (Ilustración)
Alba Cid Fernández
Olalla Cortizas Varela (Ilustración)
Noelia Estévez Rionegro
Sara Filgueira Lorenzo
Sandra Fernández Queiruga
Mar Fernández Vázquez
Mª del Carmen Ferreira Boo
Rebeca Ferrín Castro
Mª del Rocío García Pedreira
Ana Mª Louzán Casais (L. Medieval)
Isabel Mociño González
Marta Neira Rodríguez
Verónica Pousada Pardo
Blanca-Ana Roig Rechou
Alba Rozas Arceo
Mª Isabel Soto López
Cristina Trigo Martínez (Ilustración)
Tania Vázquez García (L. Medieval)

Colaboradores

Laura Blanco Casás
Carmen Franco Vázquez (Ilustración)
Tamara González Agra
Alba Muñoz López
Ana Otero Gómez
Candela Pérez Tejelo
Sandra Regodeseves López

Edita:
XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E
ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CENTRO RAMÓN PIÑEIRO
PARA A INVESTIGACIÓN
EN HUMANIDADES

Secretario Xeral de Política Lingüística
VALENTÍN GARCÍA GÓMEZ

Coordinador Científico
MANUEL GONZÁLEZ GONZÁLEZ

Directora Técnica de Literatura
BLANCA-ANA ROIG RECHOU

ISBN
978-84-453-5283-0

Dep. Legal
C 2048-2017

Índice Xeral

Nota previa.....

Estatísticas.....

I. Narrativa.....

I. 1. Narradores galegos.....

I. 2. Reedicións comentadas e facsímiles. Textos recuperados.....
I. 3. Traducións, versións e reedicións.....
I. 4. Antoloxías.....

II. Poesía.....

II. 1. Poetas galegos.....
II. 2. Reedicións comentadas e facsímiles. Textos recuperados.....
II. 3. Traducións e versións.....
II. 4. Antoloxías.....

III. Teatro.....

III. 1. Dramaturgos galegos.....
III. 2. Postas en escena.....
III. 2. 1. Ciclos, encontros, festivais, mostras, salas alternativas e semanas.....
III. 2. 2. Estreas:.....
III. 2. 2. 1. Grupos estábeis ou profesionais.....
III. 2. 3. Postas en escena que continúan en cartel.....
III. 2. 3. 1. Grupos estábeis ou profesionais.....

IV. Día das Letras Galegas: Manuel María.....

IV. 1. Creación: Reedicións comentadas e facsímiles. Textos recuperados.....
IV. 2. Monografías, edicións críticas e libros colectivos. Antoloxías.....
IV. 3. Publicacións en revistas.....
IV. 4. Publicacións en xornais: estudos e recensións.....
IV. 5. Publicacións en xornais: artigos de opinión e colaboracións fixas.....
IV. 6. Publicacións en xornais: entrevistas.....
IV. 7. Publicacións en xornais: notas, presentacións e escritos varios.....

V. Ensaio. Teoría Xeral. Crítica.....

V. 1. Monografías, biografías, crónicas e libros colectivos.....
V. 2. Reedicións comentadas e facsímiles. Textos recuperados.....
V. 3. Monografías e libros colectivos traducidos ou noutras linguas.....
V. 4. Publicacións en revistas.....
V. 5. Publicacións en xornais: estudos e recensións.....
V. 6. Publicacións en xornais: artigos de opinión e colaboracións fixas.....
V. 7. Publicacións en xornais: entrevistas.....
V. 8. Publicacións en xornais: notas, presentacións e escritos varios.....

VI. Clásicos greco-latinos traducidos

VI. 1. Reedicións comentadas e facsímiles. Textos recuperados.....

VII. Literatura Infantil e Xuvenil.....

VII. 1. Narrativa.....
VII. 1. 1. Narradores galegos.....
VII. 1. 2. Reedicións. Textos recuperados.....
VII. 1. 3. Adaptacións.....
VII. 1. 4. Traducións, versións e reedicións.....
VII. 1.5. Antoloxías.....

VII. 2. Poesía.....
VII. 2. 1. Poetas galegos.....
VII. 2. 2. Reedicións e adaptacións. Textos recuperados.....

VII. 3. Teatro.....
VII. 3. 1. Dramaturgos galegos.....
VII. 3. 2. Postas en escena.....
VII. 3. 2. 1. Ciclos, encontros, festivais, mostras, salas alternativas e semanas.....
VII. 3. 2. 2. Estreas:.....
VII. 3. 2. 2. 1. Grupos estábeis ou profesionais.....

VII. 3. 2. 3. Postas en escena que continúan en cartel:.....
VII. 3. 2. 3. 1. Grupos estábeis ou profesionais.....

VII. 4. Cómic.....
VII. 4. 1.Galegos.....
VII. 4. 2. Reedicións. Textos recuperados.....
VII. 4. 3. Cómics traducidos ou versionados.....

VII. 5. Ensaio. Teoría Xeral. Crítica. Biografías. Crónicas.....
VII. 5. 1. Monografías, biografías, crónicas e libros colectivos.....
VII. 5. 2. Monografías e libros colectivos traducidos ou noutras linguas.....
VII. 5. 3. Publicacións en revistas.....
VII. 5. 4. Publicacións en xornais: estudos e recensións.....
VII. 5. 5. Publicacións en xornais: artigos de opinión e colaboracións fixas....
VII. 5. 6. Publicacións en xornais: entrevistas.....
VII. 5. 7. Publicacións en xornais: notas, presentacións e escritos varios.....

***VIII. Literatura de transmisión oral*.....**

VIII. 1. Recompilacións, monografías e libros colectivos.....
VIII. 2. Publicacións en xornais: artigos de opinión e colaboracións fixas.....
VIII. 3. Publicacións en xornais: entrevistas.....
VIII. 3. Publicacións en xornais: notas, presentacións e escritos varios.....

***IX. Revistas*.....**

***X. Premios*.....**

X. 1. Narrativa.....
X. 2. Poesía.....
X. 3. Teatro.....
X. 4. Investigación.....
X. 5. Mixtos (varias modalidades).....
X. 6. Premios a unha vida.....
X. 7. Literatura infantil e xuvenil.....
X. 8. Premios escolares e xuvenís.....

***XI. Literatura medieval*.....**

XI. 1. Monografías e libros colectivos.....
XI. 2. Actas.....
XI. 3. Publicacións en revistas.....
XI. 4. Publicacións en xornais: artigos de opinión e colaboracións fixas.....
XI. 5. Publicacións en xornais: entrevistas.....
XI. 6. Publicacións en xornais: notas, presentacións e escritos varios.....

***XII. Apéndice: entradas non recollidas en Informes anteriores*.....**

XII.1. Narrativa.....
XII. 1.1. Narradores galegos.....
XII. 1.2. Reedicións comentadas e facsímiles.....
XII. 1.3. Antoloxías.....

XII. 2. Poesía.....
XII. 2.1. Poetas galegos.....
XII. 2.3. Antoloxías.....

XII. 3. Teatro.....
XII. 3.1. Dramaturgos galegos.....

XII. 4. Ensaio. Teoría Xeral. Crítica.....
XII. 4.1. Monografías, biografías, crónicas e libros colectivos.....

XII. 5. A literatura infantil e xuvenil.....
XII. 5.1. Narrativa.....
XII. 5.1.1. Narradores galegos.....
XII. 5.1.2. Traducións, versións e reedicións.....

XII. 5.2. Poesía.....
XII. 5.2.1. Poetas galegos.....
XII. 5.2.2. Traducións, versións e reedicións.....
XII. 5.3. Teatro.....
XII. 5.3.1. Dramaturgos galegos.....
XII. 5.4. Cómic.....
XII. 5.4.1. Galegos.....
XII. 5.4.2. Reedicións comentadas e facsímiles.....
XII. 6. Literatura medieval.....
XII. 6.2. Monografías e libros colectivos traducidos ou noutras linguas.....

Nota previa

Un ano máis, e van xa vinte e un, achegamos aos interesados en coñecer cómo se desenvolveu a Literatura galega en Galicia e fóra dela, o *Informe de literatura* correspondente ao ano 2016, o primeiro observatorio literario galego con características que van máis alá dunha base bibliográfica, xa que non só dá noticia da creación senón tamén da recepción de todo tipo de obras literarias, así como doutros elementos sistémicos, acompañados todos eles dunha descrición do seu contido, e mesmo da súa historia cando de revistas e premios se fala. Este *Informe* poderase consultar, como en anos anteriores, en formato PDF, xunto con todos os Informes dende o ano 1995, na web do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (http://www.cirp.es) en recursos en liña ou ben directamente no buscador Google: Informes de Literatura.

Como é habitual, no traballo acollemos todas as informacións e reflexións que, atinxindo directa ou indirectamente ao ámbito da Literatura galega, apareceron por unha parte en soporte impreso durante o ano 2016 e, dentro deste tipo de soporte, nas súas máis diversas manifestacións: monografías, libros colectivos, revistas, xornais etc.

Ofrecemos un comentario descritivo, non valorativo nin crítico, de cada unha das entradas rexistradas, é dicir, tanto dos libros relacionados coa literatura que viron a luz ao longo do ano 2016 como das recensións que sobre eles apareceron nas revistas e nos xornais durante ese mesmo período de tempo. Con estes comentarios tratamos tan só de informar o lectorado do contido das diferentes publicacións, sen entrar en análises minuciosas, cousa que sería de todo punto imposíbel, nin en excesivos tecnicismos que puidesen obstaculizar a comprensión a un lectorado non especializado.

Respecto dos xornais, os consultados seguen a ser, fundamentalmente, de ámbito galego, aínda que tamén son obxecto de atención aqueloutros foráneos que moi esporadicamente conceden algunha atención á Literatura galega. Así, poderán atoparse ao longo deste *Informe* algunhas entradas de *ABC*, *El Mundo* e *El País*. Doutra banda, apreciarase que, polo que se refire a este tipo de publicacións, diferenciamos entre "Recensións" e "Referencias varias", por considerar que estas últimas, de importancia menor, evidentemente, achegan xa algunha alusión ou información secundaria respecto do obxecto principal do escrito (artigos de opinión, entrevistas), xa simples nótulas que non alcanzan o rango de recensións nin de análises críticas con pronunciamentos valorativos de interese, na maioría dos casos. Se decidimos mantelas foi por considerar que proporcionan unha información colateral valedoira, cando menos, para sabermos o grao relativo de atención que prestan ao ámbito literario, en xeral, os diferentes xornais consultados, cousa que se reflicte elocuentemente nos gráficos estatísticos que presentamos.

Polo que atinxe ás revistas, cómpre ter en conta que as consultadas son case todas galegas, por máis que apreciamos e rexistramos a atención que lle prestan a esta literatura outras como *AILIJ* (*Anuario de Investigación en Literatura Infantil y Juvenil*), *Estudios Románicos* e *Medievo Romanzo*. Tamén nesta orde de cousas, queremos avisar o lectorado de que, case exclusivamente, nos temos dedicado a consultar as revistas de maior difusión, pero que somos conscientes da existencia de gran cantidade de publicacións por parte de Centros de ensino, Agrupacións e Asociacións culturais e outros Centros, de dentro e de fóra de Galicia, que poden ter interese para os nosos fins

pero que non nos foron asequíbeis na súa maior parte. Neste sentido queremos manifestar a nosa vontade de apertura e o noso interese cara a todas aquelas contribucións que o lectorado desexe facernos chegar ao Centro para paliar o noso descoñecemento, nalgúns casos, e noutros a escasa difusión de certos materiais.

No apartado IX Revistas, no que se fai unha biografía da publicación, non dos traballos que contén, a non ser as achegas de creación, dado que se describen no apartado anterior, só biografaremos aquelas que teñen ISSN, as demais que chegan ás nosas mans, como xa dixemos, serán descritas por medio dos seus traballos en Publicacións en Revistas. Os *Anuarios* que non teñan ISSN e si ISBN serán descritos como monografías (Apartado V.1). Tamén neste apartado acollemos as revistas que se ofrecen en edición facsimilar.

Noutra orde de cousas, cómpre salientar que, como xa se ten feito en edicións anteriores, dedicamos un apartado especial (IV) a todo o que se publicou arredor da figura homenaxeada no Día das Letras Galegas, neste caso, Manuel María.

Doutra banda, o lectorado apreciará que a Literatura Infantil e Xuvenil é obxecto, así mesmo, de atención diferenciada (Apartado VII), respecto da que podemos denominar institucionalizada, ou dirixida aos adultos. Incorporamos a este apartado a sección denominada "Cómic" polas súas características gráficas e narrativas, aínda que somos conscientes de que hai distintos tipos de cómic, con intencións diferentes e lectorado ideal non infantil e xuvenil. Polo mesmo, coidamos que os traballos rexistrados sobre a Literatura de transmisión oral, pola especial metodoloxía que o obxecto de estudo impón, debían considerarse á parte (Apartado VIII), tal e como se fai asemade coa Literatura medieval (Apartado XI), por constituír esta un corpus con perfil de seu, practicamente xa pechado, e dispoñer, así mesmo, dunha metodoloxía de investigación ben diferenciada respecto do resto da literatura.

Para unha mellor matización na análise dos aspectos que definen o sistema literario galego seguimos a consignar a porcentaxe de obras que se beneficiaron dunha subvención pública para a súa edición (marcadas no texto con §), así como a daquelas que foron directamente editadas por institucións oficiais, xa sexan de ámbito local, provincial ou autonómico (marcadas no texto con **w**), para contribuír a unha mellor interpretación da realidade cultural galega.

Nos *Informes* anuais, como ocorre neste, seguimos a engadir un "Apéndice" que acolle aquelas obras que chegaron ás nosas mans despois de pechado este, xa sexan do mesmo ano ou anteriores.

Finalmente, queremos manifestar como sempre o noso agradecemento a Mercedes Brea pola axuda e a información que nos prestou sobre Literatura medieval, e a todas aquelas persoas que ou ben realizaron a descrición dalgunha entrada ou ben colaboraron neste proxecto nalgún momento do proceso de elaboración ou nalgún aspecto puntual, como é o caso de Iria Muñiz Babarro.

Blanca-Ana Roig Rechou

Informe de Literatura 2016

I. NARRATIVA

I.1. NARRADORES GALEGOS

Agrafoxo, Xerardo, *Viaxe á última revolución*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria, n.º 349, xuño 2016, 372 pp. (ISBN: 978-84-9865-717-3).

Novela de Xerardo Agrafoxo (Noia, 1952) que narra a viaxe do autor a Cuba. Comeza cunha dedicatoria a Lola e a Gerar, persoas que sempre apoiaron o seu labor. A obra mestura modalidades como a crónica, o libro de viaxes e a historia de ficción. Divídese en trinta capítulos. Cada capítulo corresponde cun día nun lugar diferente da illa, é dicir, son trinta días en trinta lugares. Amosa a realidade do emprazamento cubano, ofrecendo unha visión desoladora dos lugares máis emblemáticos, das xentes e da sociedade. Relaciona esta situación coa revolución, un tema vetado entre as persoas do lugar, que son sometidas a un racionamento alimentario temíbel e a un escrutinio constante por parte dos axentes ao mando. Salienta o ton sincero do autor, que amosa a crúa realidade da Cuba posrevolucionaria. Remata destacando o anonimato das persoas entrevistadas, ás que nomeou de forma ficticia para evitarlles problemas coas autoridades.

Recensións:

- Vicente Araguas, "Crónica na encrucillada", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*"/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 942/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 942, "máis Libros", 17 xullo 2016, p. 30.

Comenta a volta do autor a Cuba e a novela resultante desa viaxe, pois como informa o crítico, o que pretende Agrafoxo é dar fe do que pensa a xente ante un panorama que comeza a cambiar en novembro de 2014. Refire que o cronista viaxa por sitios afastados dos turistas e que procura as pegadas de colegas de profesión como José Martí, Lezama Lima, Carpentier ou o mesmo Hemingway. Resume que na fin desta viaxe incómoda, aínda que gratificante, a conclusión á que chega o autor é que a realidade cubana daquel momento era incerta, cualificándoa de "encrucillada difícil".

- Xosé C. Caneiro, "Veracidade", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Club Dandi", "Letras", "En galego", 23 setembro 2016, p. 12.

Cualifica o libro de árido polo seu realismo e sinala que se trata dunha das crónicas máis veraces sobre Cuba. Di que a obra é informativa pero está chea de vigor literario e que é crúa pero sentimental.

Referencias varias:

- Manuel Gil, "Agrafoxo dedica 30 días a coñecer a realidade cubana", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 11 xullo 2016, p. 24.

Fai un resumo do argumento desta novela e destaca que o autor percorreu Cuba en solitario durante trinta días para mergullarse no país.

Alonso, Álex, *Tempo de bebidas isotónicas e fast-food*, XVII Premio de Narrativa Curta Ánxel Fole, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, n.º 390, marzo 2016, 162 pp. (ISBN: 978-84-9914-984-4).

Conxunto de relatos breves cos que Álex Alonso (Vigo, 1968) acadou, por unanimidade do xurado, o premio de Narrativa Curta Ánxel Fole en 2015, na súa XVII edición. A obra presenta un conxunto de trinta narracións breves de temática variada, centradas na Galicia de hoxe en día (situadas nomeadamente en Vigo) e nas que destaca a presenza do humor, da parodia, da ironía etc., xunto coa representación gráfica de variedades dialectais do galego. Comeza co humorístico "O curso de novas tecnoloxías", seguido de "Sucidade de benestar", onde se narra un suicidio por un desafiuzamento. Nos restantes relatos trátanse diversos temas de actualidade, como o calote das preferentes en "Ceda o paso"; a diglosia en "By Glory Lake"; un asasinato en "Nesquik"; as comunicacións na rede en "Feisbuqueando ao redor dun rolo de papel hixiénico"; o sexo nas confesións en "Eu confeso"; o asasinato dunha nai en "LeBron James untando Tulipán"; a crueldade da emigración en pateira en "Un feliz cruceiro polo Mediterráneo"; reflexións sobre o paro en "Follas de outono varadas no chan"; unha homenaxe a Antón Santos en "Non me chames terrorista"; a vida real no autobús 11 de Vigo en "Vitrasa" ou os perigos das novas tecnoloxías en "Dora, a exploradora".

Recensións:

- Vicente Araguas, "As boas intencións", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*"/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 931/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 931, "máis Libros", 1 maio 2016, p. 30.

Preséntase este libro de relatos, XVII Premio de Narración Curta Ánxel Fole, a partir da observación seguinte: a de atopárense os dous mellores contos no inicio e remate do libro. Deste xeito, apláudese o fino oído do autor para a fala popular e o riso que convoca "O curso de novas tecnoloxías", así como a forza plástica dun amor virtual plasmado en "Dora a exploradora". Laméntase a caricaturesca denuncia da corrupción, pedofilia ou violencia presente nos contos restantes, pouco críbeis.

- Francisco Martínez Bouzas, "Relatos con tempero", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 589, "Libros", 23 xuño 2016, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 546, "Letras galegas", 2 xullo 2016, p. 10.

Dáse noticia de que o autor agasalla aos lectores con mínimas historias nas que sobresae o dominio das técnicas narrativas e os variados tons e temáticas dos diversos cadros. Coméntase que esta obra supón unha gran radiografía dos nosos tempos, pois o autor toca temas de actualidade (desafiuzamentos, preferentes, aborto, pederastia...), denunciando situacións que non se poden permitir.

- Ramón Nicolás, "Unha cartografía actual", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras galego", 8 xullo 2016, p. 13.

Comeza por cualificar este libro de relatos como unha das propostas "máis suxestivas e interesantes" que nos últimos meses caeron nas súas mans. Reflexiona despois sobre a magnífica técnica e os importantes recursos narrativos deste libro de relatos, así como sobre as temáticas que o autor trata, tan achegadas á actualidade. Por último, fala da mirada corrosiva de Alonso, que quere dirixirse directamente cara á conciencia dos lectores nesta "espléndida forma literaria".

Referencias varias:

- Belén López, "Álex Alonso. 'Este libro é froito da indignación", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Ciudad", 6 abril 2016, p. 10.

Entrevista ao autor, tamén corrector e asesor lingüístico na Audiencia Provincial, sobre os trinta relatos que conforman este volume; sobre o seu ton actual, violento e marcado polas novas tecnoloxías, a orixe xornalística dalgúns deles, os colectivos que os protagonizan e as referencias cómplices a certas figuras da actualidade galega.

- Cuca M. Gómez, "La cultura invade Pontevedra", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Gente a diario", "De café con Cuca", 7 abril 2016, p. 70.

Dá conta da presentación desta obra na Praza da Ferraría de Pontevedra durante a Feira do Libro.

- María L. Viñas, "Álex Alonso. 'Os xornais son literatura potencial, a realidade sempre supera a ficción", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 10 xuño 2016, p. 69.

Dá noticia da presentación deste libro de relatos nas Catas Literarias do Museo Interactivo da Historia de Lugo. Comenta a traxectoria do autor e a relación coa cidade de Lugo, e tamén a xénese e creación da mesma obra.

Alonso Álvarez, J. Nicanor, *O kylix dos deuses*, Noia: Toxosoutos, 2016, 240 pp. (ISBN: 978-84-945483-1-4).

Novela policíaca, de J. Nicanor Alonso Álvarez (Ourense, 1964), dividida en varios capítulos sen numerar. Nela, por medio dun narrador omnisciente, cóntase a trepidante viaxe do detective Néstor Pinto a Grecia. Un descoñecido, Zenón, solicítalle ao protagonista que atope un lugar no que repousen as cinzas da súa muller. Grazas ás continuas analepses, o lectorado descobre que se trata dunha farsa argallada para elaborar copias de pezas orixinais, tales como o "kylix", relacionado con dúas deusas, Deméter e Coré. Zenón, que pertence a unha sociedade secreta que almacena pezas antigas, ten como cometido usar a colaboración inxenua do detective, quen se converterá en peza fundamental da trama e quen iniciará unha relación de amizade cunha fotógrafa, Helena. Esta, aínda que primeiramente resultará ser unha socia de Zenón, finalmente axudará o protagonista a atopar o lugar misterioso. Ao remate da aventura, ambos os dous cambiarán a súa forma de pensar e de ver o mundo.

Recensións:

- Pilar Ponte, “Paixón helena”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 597, “Libros”, 6 outubro 2016, p. VI/ *La Opinión*, *“Saberes”*, n.º 549, “Letras galegas”, 15 outubro 2016, p. 10.

Cualifícase a novela como un exemplo de narrativa de misterio, mais indícanse características que a afastan da novela policial típica. Coméntase que o texto está estruturado en capítulos breves, sen numerar, moitas veces precedidos de aforismos de autores clásicos. Como elementos culturais a destacar, indícase que tanto a antropoloxía como o mundo do matemático teñen unha relevancia importante.

Asorey, Daniel, *Nordeste*, X.º Premio de Narrativa Breve Repsol, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria, n.º 356, novembro 2016, 152 pp. (ISBN: 978-84-9151-011-6).

Novela de Daniel Asorey Vidal (Santiago de Compostela, 1970) que se inicia cunhas fotografías en branco en negro relacionadas cos “cangaceiros”, bandoleiros do nordeste do Brasil do século XIX e comezos do XX. Divídese en vinte e un capítulos titulados nos que se describen tres historias diferentes de protagonismo feminino. As personaxes principais son a “cangaceira” Maria Gomes de Oliveira, máis coñecida por Maria Bonita; a fotógrafa e xornalista Matilda e mais a “vedora” maior da República das Santas Irmandades de Galiza Carme de Candigas. Ao longo do relato dáse conta da vida destas tres mulleres que viven en épocas diferentes (as dúas primeiras no século XX e a última nunha Galicia independente e con poder no Brasil), mais todas elas caracterizadas por viviren nunha sociedade feita só para os homes. Maria Bonita vive o desprezo á vida e ás mulleres no mundo dos cangaceiros e do seu home e líder Lampião; Matilda atópase a carón dun xefe misóxino e Carme de Candingas é rexeitada polos homes da Xunta Xeral que incluso chegan a abrirlle un proceso por bruxaría. Estas tres mulleres tamén se namoran doutras: Maria Bonita e Matilda namóranse cando esta realiza, xunto con Benjamim Abrahão, unha reportaxe xornalística aos cangaceiros e Carme de Candingas é acusada de se deitar con mulleres africanas e indias. Ao final descríbese como os cangaceiros, incluída Maria Bonita, son asasinados polo tenente João Bezerra e como Matilde ve morta á súa namorada.

Referencias varias:

- Alicia Pardo, “Daniel Asorey. ‘Nordeste é o relato dos enmudecidos, daqueles que non tiveron voz na historia”, *La Opinión*, “A Coruña”, “Ciudad y cultura”, 15 decembro 2016, p. 12.

Entrevista a Daniel Asorey con motivo da publicación da súa última novela. Fala das protagonistas da obra, comenta que é unha novela feminista e reflexiona sobre o poder da historia no presente. Sinala que mestura feitos que puideron acontecer, como o triunfo da Revolta Irmandiña, con aspectos irreais, como que Santiago de Compostela sexa unha cidade costeira.

Betanzos, Plácido, *Bágoas na chuvia*, lim. Rosana Pérez Fernández, [Pontevedra]: Edicións Fervenza, xuño 2016, 125 pp. (ISBN: 978-84-945375-5-4). ◆

Relato longo de Plácido Betanzos, nome literario de Xosé Plácido Betanzos García (Palmeira, 1952), dedicado "A todas as mulleres que sofren". Iníciase cun limiar de Rosana Pérez Fernández no que se lembran as palabras de Marta Dacosta respecto a *Versos pra un país de minifundios*, de Manuel María, e se anticipa a temática de *Bágoas na chuvia*, o tratamento do "crime máis estendido en todo o mundo, o maltrato ás mulleres" (p. [7]). Tamén se destaca a maneira en como a temática é abordada no relato, ao tempo que se dá conta do compromiso do autor Ao longo de oito capítulos numerados relátanse as humillacións verbais e físicas que padece no día a día Rosa por parte de Xermán, a súa parella e maltratador. Días despois de que un médico se encarase con este e chamase a unha ambulancia e á policía, Rosa esperta desorientada no hospital e decide comezar unha batalla contra o maltratador, por causa do cal toma antidepresivos e tranquilizantes e precisa a axuda dun psiquiatra. Será nas diferentes sesións con este médico nas que descubra as características dun maltratador e as razóns da súa propia actitude ante a violencia que padece. O contacto cunha avogada permitiralle acceder a un posto de traballo acorde cos seus estudos, despois de anos exercendo como ama de casa, e pouco a pouco axudaráa a emprender unha nova vida. A narración textual acompáñase das coloristas ilustracións de Pura Villar Martínez que amosan obxectos cargados de simbolismo na narración e mesmo palabras asociadas á dor provocada polo maltrato.

Canal, Alberto, *O amor nos escuros días de Birkenau*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Literaria, n.º 393, xullo 2016, 304 pp. (ISBN: 978-84-9121-050-4).

Novela de Alberto Canal (Ourense, 1967) que explora a historia de amor entre o peiteador berlinés Thomas Münch e a xudía Irene Rosenthal, traballadora dunha das fábricas de munición dos campos nazis. O fío condutor da obra é o amor en contraposición á barbarie, á violencia e á crueldade exercida polos alemáns, proclamando a existencia ou inexistencia da posibilidade dunha relación amorosa e pura nos escuros tempos do Holocausto nazi. O vínculo entre os protagonistas fai mudar a opinión de Thomas sobre os xudeus, aos que tanto odiaba ao comezo da guerra. A estancia en Birkenau e o encontro con Irene cambian o seu carácter por completo. Abórdase o tema da industrialización a partir da barbarie humana, máis concretamente a alta demanda do cabelo das presas por parte das industrias téxtiles alemás. Destaca tamén o carácter de loita dos condenados xudeus a través dun intento de rebelión.

Recensións:

- Ramón Nicolás, "Os nazis, según un ourensán", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "En galego", 23 setembro 2016, p. 12.

Indícase que se trata dunha novela desacougante sobre a resistencia humana nun campo de exterminio nazi. Coméntase que a obra xira arredor dunha historia de amor entre un preso político alemán e unha moza xudía que se encontran no campo de concentración de Birkenau. Engádese que a historia é dura e verosímil, e que deixa ver a violencia e a miseria daquel espazo, ao tempo que ofrece calma coa música e as conversas sobre lecturas.

- Dolores Martínez Torres, “Eficaz resultado”, *Faro de Vigo*, *Faro da Cultura*”, n.º 700, “Libros”, 24 novembro 2016, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 557, “Letras galegas”, 3 decembro 2016, p. 10.

Di que a novela xurdiu após a visita do autor ao campo de concentración de Auschwitz-Birkenau e da lectura das declaracións recollidas no documental *Shoah*. Achega un breve resumo do contido e fai fincapé na revolta dos crematorios enlazada cunha historia de amor. Comenta que a visión do documental puido ter influído na escolla do narrador en primeira persoa que fala para un público descoñecido e engádese que a fórmula historia e ficción para esta novela resulta eficaz.

Referencias varias:

- Sonia Torre, “Alberto Canal. ‘O holocausto tense convertido case nun xénero literario, eu enmarco esa época”, *La Región*, “Ourense”, 9 xullo 2016, p. 8.

Entrevista, con motivo da publicación d’*O amor nos escuros días de Birkenau*, na que se fala do argumento, da estrutura da trama e do aspecto documental, este último, segundo o autor, o máis complicado na redacción da novela.

- R. L., “O amor nos escuros días de Birkenau”, *Diario de Pontevedra*/ *El Progreso*, “*Táboa Redonda*”, n.º 46, 31 xullo 2016, p. 6.

Presenta o libro como unha reflexión sobre a forza do amor entre a barbarie. Dá conta do argumento e ofrece un breve perfil do autor, finalista do premio Xerais en dúas ocasións.

- Xesús Fraga, “Ansias de amor e liberdade no campo de Birkenau”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 3 agosto 2016, p. 36.

Por mor da presentación na Feira do Libro da Coruña, coméntase o argumento desta novela.

- Xosé Carlos Caneiro, “A Vendima”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Letras”, “En galego”, “Club Dandi”, 9 setembro 2016, p. 12.

Ofrece tres recomendacións lectoras, entre elas *O amor nos escuros días de Birkenau.* Salienta a raíz histórica da novela de Alberto Canal e cualifica de “excelentes” as páxinas que falan do horror, pero tamén de “esperanza e alento”.

- Eva Míguez, “Alberto Canal. ‘É necesario que se siga contando o Holocausto”, *Diario de Pontevedra*, “*reviSta*!”, n.º 837, “Entrevista”, 11 setembro 2016, pp. 4-5.

Conversa con Alberto Canal por ser finalista, outra vez, do premio Xerais (segundo se indica en 2008 xa fora finalista deste premio pola que sería a súa primeira novela, *Conexión Tubinga*, unha obra de corte existencial). Nesta entrevista coméntase o proceso de elaboración d’*O amor nos escuros días de Birkenau* e reflexiónase sobre a situación actual da literatura galega, onde Canal indica que Galiza é un país de grandes escritores, mais que precisa de políticas axeitadas para traducir o galego a outras linguas.

- Candela Valle, “Alberto Canal. ‘Teño tendencia a ser un escritor con certa pena trascendente”, *La Región*, “Ciudadanos”, 5 outubro 2016, p. 11.

Entrevista a Alberto Canal con motivo da publicación da súa última obra. Salienta que trata un dos problemas fundamentais da existencia humana: o Holocausto. Dá conta do proceso de investigación realizado para elaborar a novela e destaca a idea da procura do amor nun momento especialmente dramático.

- Margarito Flowers, “Impactante novela en torno al amor en los campos de exterminio”, *El Correo Gallego*, “Gente”, 26 novembro 2016, p. 56.

Anúnciase a presentación da novela na librería Couceiro e sinálase que Alberto Canal tivo que documentarse sobre como era a vida no campo de Birkenau para poder escribir a obra.

Canosa, María, *DisParo*, Ferrol: Edicións Embora, col. Narrativa, abril, 2016, 120 pp. (ISBN: 978-84-16456-26-0).

María Canosa (Cee, 1978) presenta unha obra onde se poñen de relevo os atrancos da vida adulta. A través dunha voz en primeira persoa debúxase unha situación que podería reflectir a realidade do lector-receptor: o desemprego ao comezo dunha suposta nova vida e a necesidade de coidar dunha filla pequena. Unha situación vital de frustración, común na sociedade de hoxe en día, que producirá distintos sentimentos na voz narradora que a atormentarán e que se reproducirán día tras día a través das diferentes rutinas. Ao carón do anterior camiña a obriga de coidar dun bebé de tan só uns meses, un ser indefenso que depende dunha persoa adulta que á vez se ve indefensa ante a vida. Trátase dun relato de sentimentos e situacións que evocan a vida real, unha especie de catarse que se traduce no que se podería definir como diario.

Recensións:

- Ramón Nicolás, “Sobre esa masa silandeira”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Letras”, “En galego”, 17 xuño 2016, p. 13.

Coméntase detidamente o argumento da novela e explícase que hai moito nas súas páxinas de quen a escribe, deténdose na importancia desta compoñente autobiográfica. Infórmase do triste pouso que deixa, mais necesario, pois é coma unha “detonación dirixida ao nosos tempos” que fai reflexionar os lectores, xa que transmite de maneira honesta e clara o drama da protagonista e de tantos outros.

- Vicente Araguas, “Da sinxeleza difícil”, *Diario de Arousa*, “*O Salnés Siradella*”/ *Diario de Ferrol*, “*Nordesía*”/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 943, “máis Libros”, 24 xullo 2016, p. 30.

Comeza por referir un feito que alude á sinxeleza estrutural dunha obra de arquitectura e compárao con esta novela de Canosa, da que di que non pasa nada, pero que sucede demasiado. Mentres comenta o argumento, salienta a aparición da frustración dunha muller que non se dá por vencida e destaca da autora a súa meritoria capacidade de

observación. Conclúe que se trata dunha "boísima novela" escrita cun notorio e característico estilo.

Canosa, María, *Non é París*, Santiago de Compostela: Edicións Bolanda, 2016, 104 pp. (ISBN: 978-84-608-9694-4).

Novela de María Canosa (Cee, 1978), dividida en vinte capítulos numerados e non titulados, que xira arredor da vida de Marcela, unha muller acostumada a tomar importantes decisións tras moito sopesalas e que, nun determinado momento, se enfronta a unha mudanza persoal e repentina sen poder meditar sobre ela. Un narrador omnisciente e, en ocasións, o diálogo dos personaxes dan conta de como, a pesar de que nun principio Marcela trata de rexeitar a súa nova vida, finalmente a madureza e serenidade lle proporcionan a forza necesaria para facerlle fronte aos inesperados acontecementos que teñen lugar en Galicia e Barcelona, aínda que tamén se relatan pasaxes en Portugal e aparece evocado no recordo París.

Canosa, María, *Cando cae a luz*, Santiago de Compostela: Urco Editora, col. Alcaián, outubro 2016, 121 pp. (ISBN: 978-84-15699-97-2).

Volume de María Canosa (Cee-A Coruña, 1978), que se abre cunhas palabras de Ánxel Fole. A seguir preséntanse trece relatos curtos baixo os seguintes títulos: "Rañaceos de celulosa", que está narrado en primeira persoa por un neno e no que se emprega un bosque de eucaliptos como elemento de horror; "Bicos de Isabel", que conforma un relato de psicópatas ambientado nunha contorna cotiá; "Forasteiro na cidade", o cal é protagonizado por unha persoa anónima e no que a cidade conforma un elemento opresor da individualidade; "Carmín intenso", que ofrece un desenlace marcado pola súa incerteza; "Treboada no avión", caracterizado polo seu estilo fantástico; "Mary Poppins", no que se fai uso desta personaxe; "Liña nocturna", nos que os pantasmas son os protagonistas; "Non quero un avó", no que un home altruísta se enfronta a un mozo que desaproba a súa caridade; "Asasino ao soldo", no que dous asasinos xogan ao rato e ao gato; "Torreón" e "Badaladas na noite", nos que os pantasmas tamén figuran como protagonistas; "Vagalume", na que o protagonista describe unha serie de mortes cuxo fío en común son os vagalumes; e "Balada", na que un músico tentará desenvolver o seu talento animado polos folgos dunha compañeira. A procura do grotesco e do macabro son os ingredientes principais desta obra, na que Canosa tenta reivindicar o papel da tradición oral do conto como un elemento de cohesión tanto da familia como da sociedade galega.

Referencias varias:

- Ramón Nicolás, "O engado do desasosego", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Especial Nadal", "Libros en galego", 23 decembro 2016, p. 10.

Comenta a inserción da obra na tradición narrativa do xénero. Sinala a habilidade da autora na "construción de situacións cotiás onde latexa a violencia (...) ou o inexplicable".

Caride, Ramón, *Liquidación de existencias*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, xaneiro 2015, 152 pp. (ISBN: 978-84-9914-967-7).

Novela curta na que se intercalan diversas historias breves e independentes, coa intención de crear un ambiente de fragmentación, que Ramón Caride (Cea, 1957) pretende asociar, tamén, á realidade. A novela curta xira arredor dun secuestro *expres*, que non é máis ca un pretexto para afondar no coñecemento da condición humana, como o son tamén todas as historias secundarias que se intercalan e que amosan os diferentes comportamentos das persoas ante situacións coma o racismo, o suborno, a escravitude laboral, a prevaricación, o mercado negro de órganos, a mercantilización do sexo, a extorsión, as falsas aparencias, as incompatibilidades persoais, a vinganza e o sentido da xustiza. Divídese en doce capítulos: "Terapia ocupacional", no que un narrador omnisciente relata un suceso entre unha esmoleira e un home adiñeirado que se atopan ás portas dun hipermercado; "Dous de copas I", que xira arredor de dous homes que planean un secuestro; "Ou de pé ou de xeonllos", no que a modo de corrente de conciencia un home relata a súa xornada laboral e expresa as súas queixas sobre determinadas inxustizas que afectan aos traballadores; "Marca España", de carácter dialóxico, que reproduce as distintas intervencións nun xuízo; "Dous de copas II", que retoma a historia do secuestro; "Chámalle XY", que describe a vida, as crenzas e as emocións dun vello comunista; "A incerteza dos mariscos", no que un narrador en primeira persoa relata un caso de suborno no que se ve involucrado; "Dous de copas III", que continúa o relato do secuestro; "A consolidación de sector terciario", no que un narrador omnisciente conta unha xornada habitual no centro de Pristina, capital kosovar, e o consumismo que nela emerxe coa chegada de tendas de roupa e novos automóbiles; "Veteranos das guerras psíquicas", relato en primeira persoa que xira arredor do costume dos españois de posuír vivenda en propiedade; "Dous de copas IV", que remata a historia sobre o secuestro, e "Barra libre", que xira arredor dun desafiuzamento que deixa unha muller na rúa. Trátase dunha novela que goza de gran verosimilitude, tratando temas actuais e inspirándose nas historias do cotián. A fluidez dos diálogos e o dinamismo argumental favorecen unha lectura áxil e amena.

Recensións:

- Vicente Araguas, "Ramón Caride rides again", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*"/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 920/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 920, "máis Libros", 14 febreiro 2016, p. 30.

Preséntase esta colección de contos realistas e intercalados, subliñando o modo en que unha das historias ("Dous de copas", centrada en dous homes que deciden perpetrar un secuestro exprés) acada centralidade e consegue avanzar a saltos. Os relatos detéñense tamén no ambiente nocturno, na preferencia polas Rías Baixas ou nunha irónica estampa desenvolta en Kosovo. Para quen fai a recencións, o absurdo da condición humana trasládase por medio do tremendismo e certas maneiras de Quentin Tarantino, acordes coa disposición cinematográfica dos relatos, e coa eficacia propia do autor.

- Ramón Nicolás, "O cotián como inspiración", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "En galego", 11 marzo 2016, p. 7.

Preséntase a última entrega do autor, caracterizada polo escalpelo crítico aplicado á sociedade de consumo. Dise que, aproveitando a fragmentación como metáfora da realidade, se articula un volume compacto, formado por unha novela curta en torno a un secuestro exprés e entre a que se dispoñen outras historias breves. Repásanse os trazos propios do estilo do autor: a habilidade compositiva, a fluidez nos diálogos, o dinamismo argumental e a verosimilitude das historias, rubricada desta volta por un pouso desacougante.

- Dolores Martínez Torres, "Pequenas alfaias narrativas", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 576, "Libros", 17 marzo 2016, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 533, "Letras galegas", 2 abril 2016, p. 10.

Coméntase a nova entrega narrativa do autor peneirando inicialmente os comentarios que el mesmo vén de facer nunha entrevista: a importancia da atmosfera e o tempo nestes contos, o carácter cotián e a súa inspiración en sucesos reais. En segundo lugar, sintetízase a obra como unha traxicomedia da consunción e o consumo que xira en torno á vida mesma dunha gran superficie comercial: o polígono Outlet. Tarxetas das empresas radicadas no polígono preludian os contos, nos que destaca o inicio *in medias res* e o final truncado, así como a perspicaz elección dos nomes das vítimas (de Darío Gancedo, un personaxe anterior do autor, até Guy Débord) e os frecuentes xogos de palabras.

Referencias varias:

- Lourdes Varela, "Ramón Caride. 'Se podes contar unha historia nunha páxina, para que vas escribir catro?", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 574, 3 marzo 2016, p. V/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 531, 12 marzo 2016, p. 11, "Entrevista".

Entrevista ao autor, profundando na estrutura do libro (oito relatos e unha novela curta), na que se debate a importancia que para el ten nesta obra a atmosfera, o ambiente, o tempo narrativo dunha 'liquidación final'; os golpes de humor; a orixe xornalística dalgunha destas historias; os diferentes recursos que cada historia demanda, así como as particularidades do relato curto como xénero fronte á novela, máis demandada editorialmente.

- Xosé Carlos Caneiro, "O conflito", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "No Ficción", 11 marzo 2016, p. 4.

Entre outros temas alude a esta obra que recomenda ler pouco a pouco para comprender os distintos matices do libro.

- Cuca M. Gómez, "Los libros invaden mis días", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Gente a diario", "De café con Cuca", 8 abril 2016, p. 78.

Informa da presentación desta obra na Feira do Libro de Pontevedra e fala do seu contido. Indica que a autora Tamara Andrés estivo asinando libros nunha das casetas da Feira.

Caride, Ramón, Andrea **Barreira Freije**, Xosé **Duncán,** João **Madureira** e Fernando **Méndez**, *Contos do sacaúntos. Romasanta, o criminal*, Santiago de Compostela: Urco Editora, col. Alcaián, maio 2016, 117 pp. (ISBN: 978-84-15699-91-0).

Volume de relatos no que se produce un achegamento ao perfil criminolóxico de Manuel Blanco Romasanta, "O Sacaúntos de Allariz", e que ten a súa orixe nas "V xornadas Romasanta", coorganizadas pola Fundación Vicente Risco, o Concello de Allariz, a Libraría Aira das Letras, a Pastelaría Fina Rei, a imprenta Sacaúntos e Urco Editora. Os contos incluídos son:

- Ramón Caride (Cea-Ourense, 1957), "Otsabilko 20.51", pp. 9-28.

Relátase a historia dun neno chamado Migueliño, quen manifesta un medo notábel ao feito de atravesar o carreiro de Viduído, no que será obxecto dunha persecución de carácter intenso por parte do Sacaúntos.

- Andrea Barreira Freije (A Fonsagarada, 1986), "O canto da peeira", pp. 29-51.

Descríbese, dun xeito minucioso, a transformación que experimenta Moira, quen se sente apreixada nun ser que non é ela. Deste xeito, a existencia dos lobos e lobas, a súa traxectoria histórica e a súa capacidade tanto para recoñecerse como para actuar en manda conforma o tema principal do relato.

- Xosé Duncan (pseudónimo de Xosé Ramón Suárez) (Taragoña, Rianxo, 1970), "A carta do lobo de fume", pp. 53-72.

Cóntase a historia do irmán Xoel, quen debe visitar ao abade por mor de entregar unha carta na que figuraba o nome dun home e a súa implicación directa no caso de Manuel e a súa responsabilidade nas mortes polas que este cumpría condena.

- João Madureira (Chaves, 1958), "Demónios sem rabo", pp. 73-97.

Faise eco da figura de Almeida Afonso, o boticario de Névoa e amigo do Sacaúntos de Ourense, quen avoga pola utilización do unto humano para curar enfermidades, o cal conformaba unha práctica habitual na Idade Media co gallo de curar a reis e outras persoas da Corte.

- Fernando Méndez (Ourense, 1964), "Entrevista ao sacaúntos na `estación das ánimas", pp. 99- 114.

O narrador relata en primeira persoa como coñeceu a Manuel Blanco Romasanta na "Estación de ánimas", o lugar ao que van os mortos, e reprodúcese a conversa que manteñen, na cal se pon de manifesto a premisa de que nunca se pode prexulgar sobre a vida das persoas.

Referencias varias:

- Cuca M. Gómez, "Para reflexionar, mejor con música", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Gente a diario", "De café con Cuca", 26 xuño 2016, p. 70.

Entre outras cousas, coméntase a presentación desta obra na Casa da Luz de Pontevedra.

Castro, Francisco, *Amor é unha palabra coma outra calquera*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria, febreiro 2016, 224 pp. (ISBN: 978-84-9865-667-1).

Novela de Francisco Castro (Vigo, 1966) que se abre cunha dedicatoria do autor ao seu pai e cunhas verbas da película *Pretty Woman.* Estrutúrase en corenta e cinco capítulos nos que se relata a historia de Carla, unha muller que acaba de separase e que usou a definición da palabra amor como pretexto para deixar atrás as súas propias inquedanzas. A morte repentina da súa asistenta, María Xesús, provoca un cambio radical na súa vida e no seu concepto do amor, afastándose de ideas recorrentes e prefabricadas nas películas rosa, nas cancións melódicas e nas novelas *cursis*. A aparición de César conformará unha peza clave nesta nova etapa vital, mais tamén na resolución do caso policial aberto a raíz da morte de María Xesús. A través dun narrador en terceira persoa, créase un ritmo de lectura fluído, á vez que se consegue manter un ambiente de intriga dende o comezo da novela até o remate, empregando constantes xiros na trama da historia.

Recensións:

- Ramón Nicolás, "O amor e as súas anacronías", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "Galego", 19 febreiro 2016, p. 4.

Coméntase a nova obra de ficción do autor, salientando o feito de poñer en cuestión os piares do amor romántico nunha proposta verista e contemporánea que ten como protagonistas a Carla e César, que se encontran por azar tras a aparición dun cadáver na casa da primeira. Deste feito aprovéitase a pulsión detectivesca, que sosterá a envolvente voz narrativa, verdadeiro foco da historia para quen fai a reseña, capaz de modular o ritmo, someter o lectorado á súa vontade, trasladar de maneira omnisciente á interioridade dos personaxes e xulgalos tamén. A reflexión filosófica e a ironía acompañan a trama descrita.

- Vicente Araguas, "Do amor e outros sentimentos", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*"/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 922/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 922, "máis Libros", 28 febreiro 2016, p. 30.

Coméntase a última novela do autor vigués, que arranca coa separación dunha parella ao marchar o home cunha muller máis nova, coa que presumibelmente terá fillos, e que continúa cunha morte nese mesmo domicilio que traerá consigo unha nova relación. Sublíñase a pericia na ambientación, o "dominio atmosférico" que o autor posúe para controlar unha historia que acontece no barrio vigués de Teis. Malia presentarse como un tratado sobre o amor e as súas circunstancias, coméntase que son importantes as feituras do thriller, tamén formalmente, como acontece cos planos curtos e simultáneos que cómpre recompoñer no desenlace.

- Patricia Penelas, "Alegación contra o amor convencional", *Grial*, n.º 210, "O espello das letras", abril, maio, xuño 2016, pp. 88-89.

Destácanse outras obras do autor no eido da literatura infantil e xuvenil que foron galardoadas con premios ou gozan de gran recoñecemento, tales como *Chamádeme Simbad*, *Un bosque cheo de fadas*, *O neno can*, *Spam* e *Tes ata as 10*. Faise referencia ao argumento de *Amor é unha palabra coma outra calquera*, destacando que se desencadea a raíz da marcha do marido da protagonista, a morte da asistenta e a aparición da parella desta última. Faise referencia á duración da trama e á evolución da protagonista. Analízase o funcionamento da perspectiva narrativa xunto cos recursos estilísticos. Faise unha aproximación á temática da obra subliñando que se trata dun chamamento contra a concepción romántica do amor. Saliéntase o suspense como trazo principal do argumento e a importancia do espazo no que transcorre, así coma o papel da música na caracterización da protagonista.

- Armando Requeixo, "Inxelezas narrativas", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 578, "Libros", 7 abril 2016, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 535, "Letras galegas", 16 abril 2016, p. 10.

Reséñase a última "nouvelle" do autor vigués subliñando a súa condición accesíbel e unha esperábel adecuación ás diversas formas da narrativa de subxénero. Dise que a súa prosa é adaptábel e reiterativa, servindo o narrador ou o autor implícito de constante axuda ao lectorado. Destácase que o resultado é un "vaudevil" narrativo de amor ou sobre o amor, mastigado, no que se manexan con habelencia arquetipos e lugares comúns, sen esixencias realistas nin pruritos normativos.

- Antía Monteagudo Alonso, "Amor polisémico", *Tempos Novos*, n.º 228, *ProTexta*, "ProPostas", maio de 2016, p. 88.

Faise referencia ás obras do autor *A outra banda da fiestra*, *Amor de cinema* e *Xeración Perdida*. Tamén se alude a que foi galardoado cos premios literarios Blanco Amor e Manuel García Barros nos anos 2006 e 2007 respectivamente. Afóndase no argumento de *Amor é unha palabra coma outra calquera* atendendo á súa intencionalidade de reivindicación social. Destácase que se trata da historia dunha muller que a raíz da súa separación e da morte da súa empregada inicia un proceso de descuberta persoal e adquire unha nova perspectiva da realidade. Saliéntase o predominio do monólogo e do estilo indirecto libre, as apelacións ao lector, así como os trazos da novela policial e a análise que a obra achega sobre as relacións sentimentais.

Referencias varias:

- Gonzalo García, "Francisco Castro. 'Eu tamén tiven que sacar a mochila do amor romántico", *Diario de Pontevedra*, "*reviSta!*", n.º 814, "Entrevista", 21 febreiro 2016, pp. 6-7.

Ofrécese un perfil biobibliográfico e unha detida entrevista ao autor, na que son tema de debate tanto o amor romántico entendido como dependencia, que centra esta obra, como a súa comprensión comunicativa do feito literario ou a súa valoración do panorama literario e editorial galego.

- Margarito Flowers, "Nueva novela en torno al amor, que a veces es una palabra cualquiera", *El Correo Gallego*, "Gente", 8 marzo 2016, contracuberta.

Anúnciase a presentación da novela na libraría Cronopios de Santiago de Compostela. Sinálase que o autor estará acompañado da investigadora Malores Villanueva e do director xeral de Galaxia, Víctor F. Freixanes. Ofrécese unha brevísima ollada á intriga principal da obra: a idealización do amor como conto de fadas.

- Xesús Fraga, "Francisco Castro. 'Ás mulleres propóñenselles ideas do amor inalcanzables", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 19 marzo 2016, p. 37.

Entrevista na que se incide na idea romántica do amor inculcada ás mulleres, tinguida de pasividade e represión, e noutras posíbeis concepcións do amor, recoñecidas como absolutamente culturais. Sinálase que a novela está acompañada por unha listaxe de cancións en Spotify.

- Xosé Carlos Caneiro, "Alpinistas", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "No ficción", "Letras", "Club dandi", 22 abril 2016, p. 4.

Faise referencia á ultima novela de Francisco Castro. Comeza salientando a innovación e perdurabilidade dos seus textos para logo valorar o xogo diexético e a temática amorosa.

- Alejandro Martín, "Contra el amor romántico", *Atlántico Diario*, "Vigo", 20 maio 2016, p. 12.

Comenta polo miúdo a presentación desta novela de Francisco Castro na Casa de Galicia, en Madrid, aludindo ás persoas que acudiron ao acto e deténdose nas súas intervencións, así como nas do propio autor.

- José Miguel Giráldez, "Francisco Castro. 'A nosa lingua é o mellor que temos", *El Correo Gallego*, "*2domingo*", 10 xullo 2016, p. 5.

Conversa na que se comentan, entre outras cousas, a faciana divulgadora e animadora da cultura galega do autor, do seu traballo como editor en Galaxia, do seu compromiso coa lingua e da historia relatada na novela, chea de suspense.

Castro, Francisco, *Barricadas de sal*, Vigo: Editorial Elvira, col. Historias para coñecermos Vigo, n.º 7, setembro 2016, 61 pp. (ISBN: 978-84-945644-2-0). ■

Relato breve de Francisco Castro (Vigo, 1966) que ten como protagonistas os membros da familia formada por Cándido, Beatriz e o seu fillo Marcos, residentes na cidade olívica das folgas obreiras de comezos da década dos anos 70 do século XX. O lectorado coñece como Cándido é despedido do estaleiro Vulcano e como ten que recibir, a pesar de estar en contra, a axuda do padre Emilio, párroco de Teis e irmán de Beatriz. Obsérvase como, pouco a pouco, o pai de familia, pola presión da parella, vai aceptando a axuda de Emilio, até mesmo consentir que o fillo vaia aos Salesianos e colaborar coa parroquia de Nosa Señora das Neves de Teis. Con todo, a súa verdadeira ideoloxía sairá á luz cando, na procesión da parroquia máis importante que dirixe seu cuñado, conseguirá que Marcos lea un fragmento da obra *El capital*, de Karl Marx, razón pola que Emilio será expulsado da parroquia, feito que lle permitirá seguir a súa vida sen o xugo do párroco. Co paso do tempo o propio Marcos chegará a dirixir un

estaleiro. Como outras entregas da colección na que se insire a obra, esta iníciase cun mapa, neste caso da parroquia viguesa de Teis, e cun limiar e mais cun prólogo no que Alberto Vilaboa repasa a historia deste lugar e salienta a súa relevancia dentro do movemento obreiro galego.

Referencias varias:

- A. Blasco, "Francisco Castro: 'Vigo dio un ejemplo de heroicidad y resistencia con las huelgas obreras de 1972", *Faro de Vigo*, "Vigo", 29 novembro 2016, p. 10.

Anuncia a presentación da obra no Centro Cívico de Teis e comenta que nela Francisco Castro se achega ás grandes folgas obreiras de 1972 e ao papel represor da Igrexa católica. Fala do protagonista, Cándido, un traballador do estaleiro Vulcano preocupado pola súa familia.

Castro, Juan (coord.), *Cosmogonía, Cosmografía, Caos. XLIV Edición dos Premios Literarios "Minerva" 2016*, limiar Xosé Ramón Pena, ilus. alumnado de Educación Plástica e Visual 4º ESO do Colexio Manuel Peleteiro, [Santiago de Compostela]: Colexio M. Peleteiro/Revista Vamos, [lectorado mozo], 2016, 121 pp. (D. L.: C 2148-2016). ◆

Volume colectivo no que se recollen os relatos e poemas galardoados na XLIV edición dos Premios Literarios "Minerva". Tras a relación do xurado das modalidades de poesía e de narración, insírese o limiar de Xosé Ramón Pena, no que dá conta da opinión de autores galegos e foráneos sobre o destinatario da súa escrita e sobre os motivos polos que decidiron escribir. A seguir, reprodúcense os textos galardoados e os accésits concedidos, aparecendo en primeiro lugar os da modalidade de poesía e a seguir os de narración, encabezados por debuxos en branco e negro realizados polo alumnado de Educación Plástica e Visual de 4º da Educación Secundaria Obrigatoria do Colexio Manuel Peleteiro:

- Amaia Tomé, "Clare e outras illas", Primeiro premio de narración, pp. 67-75.

Un narrador omnisciente relata a vida de Daniel, quen ansía converterse nun náufrago universal, como o creado por Defoe, para fuxir da falta de seu pai e da vida desordenada de súa nai. Quere percibir a cor e o aroma dos océanos descritos nos libros de aventuras que le ás agachadas no faiado, mercados pola súa nai nun comezo e por el mesmo, tempo despois, nos mercados de segunda man da cidade. Co tempo converterase en alumno de Naútica e enrolarase nunha embarcación que se encamiña cara ao Gran Sol e cuxa primeira escala é o porto da lendaria illa de Clare.

- Cecilia Fidalgo Castromil, "O expreso a Madrid", Segundo premio de narración, pp. 77-83.

A filla do narrador testemuña relata o traballo dun home que cambia todos os días as agullas da vía do tren para abrirlle o camiño ao Expreso de Madrid e inventa as historias dos viaxeiros, mentres ansía viaxar nese transporte, soño que, finalmente, realiza.

Tempo despois alguén atopa os días de bo tempo, na curva da Grandeira, un vello que pasa alí as horas mirando "uns anacos de coiro e dous selos" (p. 83).

- Iago González García, "*Non ad vitam aeternam*", Terceiro premio de narración, pp. 85-93.

Nárrase a historia de María, quen decide deixar atrás a súa vida como costureira e os seus fillos e emprender a viaxe en autobús de liña cara ao seu antigo fogar en Santa María de Arnuide. A historia remata co arrepío dunha pega ao sobrevoar un terreo deserto, no que só albiscou os cascallos dun cacipo.

- Alba Pérez Barcala, "Tres ou catro globos máis", 1º accésit de narración, pp. 95-103.

Un narrador omnisciente relata varias historias de mozos acontecidas na cidade de Delhi e unidas todas elas polos globos que un vello atesoura. Trátase da historia de Kesh, un neno cotroso, ao que lle entrega un globo branco; Sharissa, posuidora dun de cor vermello; Taraq, un neno das "favelas", que desexa ser poeta, que porta un globo verde; e dúas mozas namoradas, portadoras de globos rosados como símbolo da morte dunha delas por mor da incomprensión social do seu amor.

- Laura Regueiro Romero, "Unha revolución persoal", 2º accésit de narración, pp. 105-113.

Un narrador omnisciente relata a historia de Elba Sande, lectora para unha editorial. Tras a súa presentación reprodúcese un diálogo entre o creador e o personaxe de Elba, quen reivindica a súa libre existencia e leva a cabo a "Segunda Revolución dos Personaxes", conseguindo así cazar o creador e escribir a historia.

- Ángela Lamas Gómez, "O andén do sen(ti)r", 3º accésit de narración, pp. 115-121.

Un narrador protagonista dá conta dos sentimentos amorosos experimentados unha mañá chuviosa de venres antes da fuxida da súa amada en tren e a posterior asimilación da súa ausencia.

Tamén está descrito no apartado *II. Poesía* deste *Informe*.

Chapela, Xurxo, *Lémbrome*, Santiago de Compostela: Edicións Positivas, 2016, 93 pp. (ISBN: 978-84-939812-6-6).

Narrativa fragmentada de Xurxo Chapela (Carballo, 1968) que o autor define como "un álbum de recordos". Ilustrado na cuberta por Elsa Bouzas, iníciase cunha nota explicativa, onde se comenta o seguinte: "Este libro saíu adiante malia as esmolas que o INEM-SPEE xestiona cada ano en España para unha Santa Compaña de millóns. Pero contou co ilimitado apoio de Lucía: acougo, áncora.". A seguir, recóllese a dedicatoria "Para Alicia e para Elvira. Para Juan e para Diego. E tamén para Félix e para Alberto, porque aínda estades.". A continuación, sinálanse as fontes que inspiraron ao autor na creación desta obra (*I remember*, de Joe Brainard, e na obra de George Perec, *Je me souviens*) e lémbrase que "a banda sonora deste álbum de recordos" pode ser escoitada seguindo a dirección http://goog.gl/s3jN4s. O libro está composto por un conxunto de

textos curtos, ás veces só formados por unha liña, que evocan lembranzas do autor, organizados numericamente, dende o número un até sumar un total de cincocentos. Os textos que o conforman mostran un mundo en constante mudanza, onde o espazo urbano e o rural teñen cabida. O autor mestura lembranzas de corte máis persoal xunto con aquelas que caracterizan unha xeración concreta, incluíndo evocacións a marcas comerciais, slogans, música, literatura... Sen referencias directas, dende cancións de blues até películas de cine negro, e recollendo tamén lembranzas de acontecementos históricos. No remate, acóllense unhas páxinas en branco para que o lectorado forme parte deste exercicio memorístico. Así, indícase: "Por expreso desexo do autor, o editor deixou a continuación algunhas páxinas en branco para que o lector poida anotar nelas os lémbrome que a lectura deste libro lle, esperamos, suscitase".

Recensións:

- Ramón Nicolás, "Un tempo polo retrovisor", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "En galego", 9 setembro 2016, p. 12.

Comenta esta novidade narrativa, que cualifica como un libro moi orixinal, "fresco e suxestivo". Relaciona a obra coa narrativa de tipo fragmentario e informa que o autor trata de compartir recordos para así conmover o lectorado, que se amosa melancólico ante esas evocacións. Refire que as experiencias persoais e determinados recordos (música, libros, películas ou series televisivas) retratan un tempo determinado, amosando unha sorte de retrato xeracional.

- Román Raña, "Salmódicas lembranzas", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 606, "Libros", 8 decembro 2016, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 559, "Letras galegas", 17 decembro 2016, p. 10.

Indícase que a obra se pode encadrar na literatura memorialística, nunha mestura de prosa e poesía que ten como base o confesionalismo biográfico onde o narrador convoca a memoria. Engádese que se corresponde co resumo vital dunha xeración concreta e que esta se pode ver totalmente reflectida. Filmes, paixón amorosa, música, programas televisivos ou filmes son algunhas das memorias que se indican que forman parte da obra.

Referencias varias:

- Henrique Mariño, "Aquellos maravillosos años", *Diario de Pontevedra*/ *El Progreso*, "*Táboa Redonda*", n.º 45, 24 xullo 2016, p. 7.

Fala da traxectoria vital de Xurxo Chapela con motivo da publicación de *Lémbrome*, volume no que fai unha inmersión profunda á súa propia infancia. Indica que o lectorado poderá sentirse identificado nunha multiplicidade de recordos no que a unha etapa concreta se refire.

Cobas, Amadeo, *Poboadores do Atlántico*, Vigo: Editorial Elvira, col. Historias para coñecermos Vigo, n.º 4, setembro 2016, 60 pp. (ISBN: 978-84-945644-3-7). ■

Obra de Amadeo Cobas (Noia, 1966) que se inicia cun mapa das illas Cíes e cun limiar e mais cun prólogo no que Alberto Vilaboa repasa a historia deste arquipélago e do capitán Draque, ao tempo que apunta algunha das características de *Poboadores do Atlántico*. A seguir, o lectorado coñece como Martiño, un novizo do mosteiro dos franciscanos descalzos de Santo Estevo das Cíes, apaña unha cría de gaivota e lle pon nome. Simultaneamente descríbese a historia do capitán inglés Drake en Vigo e como Martiño, xunto co mariño Gonçalvo, tentan fuxir das illas Cíes, novamente baixo dominio dos piratas ingleses. Ao final, Martiño e Gonçalvo foxen nun batel e parten para Portugal, Mariño na procura de seu pai e Gonçalvo na da súa namorada Constanza.

Coimbra, Francisco, *Crónica Córnica*, Finalista do Premio Xerais de Novela, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, outubro 2016, 280 pp. (ISBN: 978-84-9121-117-4).

Novela de Francisco Coimbra (Madrid, 1986) que principia coa dedicatoria "Ás xentes que viven en linguas obliteradas e sublevadas" e cunha cita da obra *O ano da morte de Ricardo Reis* de José Saramago ("Talvez no espelho se tenha falado uma língua diferente, talvez outras palavras se tenham dito naquele cristalino lugar"). Ao longo dos 26 capítulos que compoñen a obra, o autor vai facendo unha recolleita das reaccións, opinións e reflexións a modo de relatorio de distintos grupos sociais cando un día, de xeito espontáneo, os 537.400 habitantes de Kernow, no condado de Cornualle, comezan a utilizar a súa lingua propia xa extinta, o córnico, en detrimento do inglés. As forzas da orde do Estado Británico, especialmente personalizadas na figura do xeneral e do comisario, co apoio e consentimento da Raíña, comezan a represión até o punto de considerar aos habitantes terroristas e ilallos do resto do mundo. Por outra banda, tamén fala do papel da prensa como manipuladora da realidade e voceira do Goberno, recollendo a crónica de só unha das partes implicadas. O asasinato da carteira Brigit Prenston e a evolución do pensamento do axente secreto Mr Viswanathan logo da súa chegada, enviado polo Goberno, son algúns dos moitos acontecementos que reforzan a crítica social da novela que, con humor e lirismo, reflexiona sobre as palabras, as linguas e o cambio lingüístico, facendo especial fincapé nos prexuizos das persoas que non comprenden, e incluso temen, o feito de que o córnico se volva falar en Cornualle.

Recensións:

- X. L. Méndez Ferrín, "Estano e brétemas: permanencia de Cornll", *Faro de Vigo*, "*el sábado*", n.º 997, 26 novembro 2016, p. 4/ "Estano e brétemas: permanencia de Cornoalla", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 557, 3 decembro 2016, contracuberta, "No fondo dos espellos".

Coméntase que a obra trata sobre Cornoalla e a cuestión da súa lingua, non sen antes facer referencia a unha viaxe que o crítico realizou por esa zona e dando conta dun momento minoritario alí de recuperación da lingua propia, o córnico. Engádese un breve argumento principal da obra e indícase que ten recendos da de Jonathan Swift, de J.J. Rouseau e de Voltaire por canto se trata dun "roman philosophique". Ademais, relaciónase esta obra coa novela gráfica de Reimundo Patiño, *O home que falaba vegliota*, por estaren relacionadas na temática de denuncia de violencia lingüística.

- Francisco Martínez Bouzas, “Afortunado debut”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 607, “Libros”, 15 decembro 2016, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 560, “Letras galegas”, 24 decembro 2016, p. 10.

Coméntase que a novela ten sido definida como un intenso e metafórico berro literario a prol das linguas e contra a súa marxinación. Engádese que a narración presenta unha estrutura coral e polifónica, así como personaxe colectivo (xardineiros, alcaldes, secretarias, vellos, quiosqueiros, directora etc.). Dise que é unha novela escrita en forma de crónica, tratando de mostrar como espertou un día a vella lingua celta e reconstruíndo a historia do condado de Cornualle.

- Ramón Nicolás, “Todos a falar córnico”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Libros”, “En galego”, 16 decembro 2016, p. 8.

Indícase que o autor presenta unha voz moi singular e que articula unha novela de carácter coral que cualifica como suxestiva, orixinal e redactada con pulso firme. Coméntase que a interpretación simbólica é inequívoca no que atinxe aos dereitos lingüísticos e convertendo a lingua como un símbolo de identidade.

Referencias varias:

- R. L., “Crónica Córnica”, *Diario de Pontevedra*/ *El Progreso*, “*Táboa Redonda*”, n.º 54, 23 outubro 2016, p. 7.

Dá conta do argumento da novela que a partir dun feito fantástico desencadea unha reflexión sobre a identidade e a represión lingüística, e contra a desigualdade dos colectivos. Dise que se trata dunha novela de “amor polas palabras e as linguas” e “composición polifónica”. A noticia vai acompañada dun breve perfil do autor.

- X. L. Méndez Ferrín, “Mar Céltico mediante”, *Faro de Vigo*, “*el sábado*”, n.º 993, 29 outubro 2016, p. 4/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 553, 5 novembro 2016, contracuberta, “No fondo dos espellos”.

Comenta a orixe e evolución da Igrexa de Irmáns ou Plymouth Brethren dende o Mar Céltico, coma Ponthus e Ith, até Galicia, onde se expandiu nos anos setenta do século dezanove. A seguir, dá conta da publicación da novela *Crónica Córnica*.

- M. C. e J. M. G., “En galego”, *El Correo Gallego*, “*2 domingo*”, 6 novembro 2016, p. 3.

Fai referencia, entre outras obras, a *Crónica Córnica*. Salienta a curiosidade de que o autor do volume non sexa galego e fale nesta “divertida fábula sobre a importancia das linguas minoritarias”.

Conde, Alfredo, *O beato*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, setembro 2016, 232 pp. (ISBN: 978-84-9121-083-2).

Novela de Alfredo Conde (Allariz, 1945) na que se rememora, cunha linguaxe clara e en primeira persoa, a biografía do beato Xiao. Iníciase cunha introdución na que se explica

o tema principal desta obra, que consta de trinta e unha láminas e unha coda e na que se explica, grazas a debuxos elaborados por frei Tadeo, a vida deste beato (cada unha das imaxes representa un momento importante da súa existencia). Así, o lectorado coñece dende o nacemento do protagonista nunha aldea galega até a súa viaxe a América co gallo de facer fortuna. Unha vez que se converte nun dos homes máis ricos de México, Xiao casa en dúas ocasións e mesmo ten unha filla, mais en ambos os dous casos queda viúvo, feito que o animará a converterse en franciscano até a morte.

Recensións:

- Xosé Carlos Caneiro, "Indispensables", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "No ficción", "Club dandi", 26 agosto 2016, p. 11.

Dáse conta de que esta novela é a primeira que recomenda, de entre as súas lecturas estivais, comentando, ademais do seu argumento, cuestións que lle parecen salientábeis como a verosimilitude da historia ou a súa perfección formal "absoluta". Ademais de facer breves reflexións sobre outras novelas, engádese que probabelmente Conde sexa "o autor galego máis dotado para a narración histórica".

- Francisco Martínez Bouzas, "Nunha armazón de aventuras", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 600, "Libros", 27 outubro 2016, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 553, "Letras galegas", 5 novembro 2016, p. 10.

Coméntase que foi primeiramente publicada en castelán, mais que non se fai mención algunha ao tradutor da novela. Dise que a novela xira arredor da figura e traxectoria vital de Frei Xiao de Chaguazoso. Sobre cuestións estilísticas indícase que achega unha arquitectura binaria, ficción e realidade, así como historias das crenzas galegas. Sinálase que a voz narrativa é a do beato mesmo e finalízase comentando que se trata da novela máis irónica do autor.

- Xosé Antonio López Silva, "Unha narración desmitificadora", *Grial*, n.º 212, "O espello das letras", outubro, novembro, decembro 2016, p. 85.

Apúntase que se trata da tradución ao galego da obra *El beato* galardoada co Premio Ateneo Ciudad de Valladolid. Saliéntase que o argumento da obra xira arredor das vivencias que o frei Xiao de Chaguazoso evoca despois de morto para contrastar a súa versión coa realizada por outro frei. Destácase o propósito desmitificador da narración, a utilización da contradición e a alteración, a estrutura de narración inserida noutra e o emprego do multiperspectivismo para artellar a novela. Anótase que na versión en castelán, ao contrario do que sucede na galega, aparecen notas a pé que recollen a figura dun tradutor. Por último, saliéntase o emprego dun estilo marcado pola ironía e o distanciamento respecto o lector.

Referencias varias:

- Francisco Martínez Bouzas, "El beato / O beato", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Tribuna libre", 25 xuño 2016, p. 51.

Comenta, entre outras cousas, que esta novela é unha biografía novelada dun colonizador e freire franciscano, e destaca que é, ao seu modo de ver, a novela "máis irónica e sarcástica" de Alfredo Conde, de lectura "instrutiva e amena".

- Alfredo Conde, "Que no te cobren", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Los otros días", 9 setembro 2016, p. 4.

O mesmo autor fai unha brevísima referencia á súa imaxinación nesta novela, mentres comenta unha viaxe súa á capital lusa.

- J. A. Otero Ricart, "Frau Sebastián de Aparicio. Un beato gallego de novela", *Faro de Vigo*, "*estela*", n.º 749, "Reportaje", 2 outubro 2016, p. 11/ "Un beato gallego de novela", *La Opinión*, "*El Domingo*", n.º 801, "Contando historias" 9 outubro 2016, p. 5.

Achégase unha biografía de Frei Sebastián Aparicio, personaxe que inspirou a novela de Alfredo Conde, *El Beato,* do cal o autor indica que ten moitas haxiografías e que é un personaxe moi atractivo pola súa relación con Hernán Cortés.

- Juan José R. Calaza, "De nuestros varios orígenes", *Faro de Vigo*, "Opinión", "Férvido y mucho", 20 novembro 2016, p. 34.

Fala brevemente da lectura da obra e destaca que o seu protagonista é de Chaguazoso.

Conde, David, *Hai santos que non queren ir ao ceo*, Santiago de Compostela: Edicións Laiovento, col. Narrativa, n.º 330, 2016, 314 pp. (ISBN: 978-84-8487-320-4).

Obra de David Conde (Santiago de Compostela, 1979) que percorre o século XIV seguindo os desenvolvementos dos cultos alleos á Igrexa católica. Inicia cunha nota do autor, na que especifica que os feitos relatados son estritamente reais, tomando como punto de apoio certas licencias literarias. A historia está narrada por tres personaxes, Béatrice de Planissoles, Pierre Maury e Guillaume Barthe, que participan nos feitos ou os coñecen a través de testemuños. Conta a historia de varios personaxes que se viron damnificados pola Santa Inquisición e que foron torturados e sometidos até confesar crimes que non cometeron. O tema principal é a persecución dos últimos herexes vivos opostos ao réxime cristián, que serve de pano de fondo á historia de amor entre o cura da vila, Pierre Clergue, e unha das narradoras, a señora Béatrice de Planissoles. Co transcorrer dos feitos, a dama vaise contaxiando dos pensamentos cátaros que practica o cura, provocando unha confusión en canto á virtude da súa relixiosidade. Pecha a obra un glosario que inclúe varias listaxes: a primeira recolle os termos ou lugares que poden necesitar unha explicación (caso das expresións en latín); a segunda recolle unha guía de familias e personaxes; a terceira destaca a elite católica; a cuarta salienta os líderes da Gleisa de Dio e, na última, inclúe os personaxes secundarios.

Recensións:

- Montse Pena Presas, "Descubrir unha voz", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 596, "Libros", 29 setembro 2016, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 546, "Letras galegas", 1 outubro 2016, p. 6.

Indícase que a novela histórica gañou lectores e lectoras nos últimos anos en Galiza, así como as narrativas que sitúan a súa acción en espazos europeos e épocas medievais. Deste modo, coméntase que a novela de David Conde narra unha historia que se sitúa no século XIV e na Francia dos Midi-Pyrénées, nun ambiente de tensión constante. Engádese que conta con tres protagonistas principais arredor dos cales xira a acción, unha multiperspectiva que se define como densa, mais dinámica e ben documentada.

Referencias varias:

- ECG, "David Conde presenta o 29 en Santiago 'Hai santos que non queren ir ao ceo", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 23 xuño 2016, p. 44.

Dá noticia da presentación desta obra na libraría Couceiro de Santiago de Compostela, ademais de comentar o seu argumento.

- F. F., "Primeira novela en galego do escritor David Conde", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 30 xuño 2016, p. 37.

Dá conta da presentación de *Hai santos que non queren ir ao ceo* na libraría Couceiro e resume brevemente a trama histórica.

Constenla, Xesús, *A rotura das paisaxes*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, marzo 2016, 304 pp. (ISBN: 978-84-9914-989-9).

Novela de Xesús Constela Doce (Ferrol, 1963) que comeza cunha nota do propio autor na que se advirte das distintas posibilidades de lectura que ofrece a obra: a primeira, que consiste na lectura de principio a fin e, a segunda, que consiste nunha selección de capítulos ("Paisaxes de vinganza", "De terra combusta", "Carne", "Cidade castigada" e "Paisaxes de fuxida"). Séguelle unha cita de Henri de Toulouse-Lautrec a modo de antesala da sucesión de capítulos, o primeiro deles sen título, estruturados en cinco seccións. A primeira e última seccións ("Paisaxes de vinganza" e "Paisaxes de fuxida") conteñen seis capítulos cada unha. Amosa unha linguaxe propia do Surrealismo e un bo dominio da técnica literaria narrativa, mediante o emprego de diálogos, poesía narrativa, linguaxe cinematográfica e prosa poética. A obra achega a historia de dous homes de avanzada idade que conversan mentres pasean pola praia, onde se desencadean unha serie de acontecementos que escapan á razón e que alteran o estado de ánimo dos protagonistas, o que os leva a reflexionar profundamente sobre a súa situación. Ademais, pon en práctica o concepto do multiperspectivismo, ao combinar varias voces narrativas que relatan os acontecementos ao mesmo tempo, amosando diferentes puntos de vista e distintas interpretacións.

Recensións:

- Ramón Nicolás, "Un desafío na realidade cotiá", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "En galego", 10 xuño 2016, p. 11.

Para comezar, coméntase que esta novela pode lerse de varias maneiras, ao xeito da *Rayuela* de Cortázar, ofrecendo un desafío dende o primeiro momento. Infórmase de que talvez sexa este libro de relatos a narración máis ousada do autor, debido principalmente á estrutura da obra e ás súas posibilidades lectoras. Por último, sinálase a importante presenza do humor e da ironía, así como a atmosfera irreal que envolve os personaxes.

- Francisco Martínez Bouzas, "Unha novela metaxenérica", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 588, "Libros", 16 xuño 2016, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 545, "Letras galegas", 25 xuño 2016, p. 10.

Reflexiona sobre esta proposta narrativa, que cualifica de "singularísima", indicando que admite varias lecturas, que o lector pode escoller, como ocorre na afamada *Rayuela*. Ademais de comentar a súa trama, dá conta do arriscado da proposta, que o autor resolve de maneira atinada. Finalmente, conclúe que se trata dunha novela "potente [...] e fragmentaria", cun estilo que enfeitiza e que achega algunha novidade como a supresión da voz narrativa.

Referencias varias:

- Ramón Rozas, "Xesús Constenla. 'Necesitamos unha paisaxe propia", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Ciudad", "Rue Saint-Antoine nº 170", 25 abril 2016, p. 10.

Ofrécese unha conversa entre Xesús Constela e Tamara Andrés, noutrora mestre e alumna no Instituto de Poio, na que se repasa o seu contacto e memorias no eido da educación, as súas obras recentes e a súa comprensión do feito literario.

- Cuca M. Gómez, "¡Todos a celebrar Santa Kata!", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Gente a diario", "De café con Cuca", 29 abril 2016, pp. 78-79.

Informa da presentación desta obra no Sexto Edificio e sinala a presenza no acto do crítico de arte Ramón Rozas.

- R. L., "A rotura das paisaxes", *Diario de Pontevedra*/ *El Progreso*, "*Táboa Redonda*", n.º 33, 1 maio 2016, p. 5.

Presenta unha sinopse da obra de Xesús Constenla e incide nos trazos definitorios máis salientábeis como a linguaxe multifocal e surrealista, a variedade de técnicas literarias e a capacidade de lectura da historia como novela ou como libro de relatos.

Corral Iglesias, José Alberte, *A pena do vigia*, limiar Xabier P. Docampo, [A Coruña]: Edizer S.C.P. / Guímaro, editora, 2016, 94 pp. (ISBN: 978-84-16121-46-5).

Conxunto de vinte e oito relatos curtos, escritos en galego reintegracionista, de José Alberte Corral Iglesias (Monte Alto-A Coruña, 1946). Ábrese cunha cita de Bertolt Brecht, a dedicatoria a seus pais e tamén "a todos os naipelos, pícaros, pícaras, mulheres e homens de Palestina, pola sua heroicidade contra a barbárie sionista" e o limiar de Xabier P. Docampo, no que este escritor fala das características de Corral Iglesias e desta súa obra, da que tamén anticipa algúns dos temas que trata. A seguir acóllense os

relatos curtos (“Oliveira”, “A paragem”, “Nerea”, “Carme”, “Fechou o livro”, “Edelmiro”, “Líbia” etc), variados en extensión e temáticas, entre as que se atopan o amor, a liberdade, a loita ante a guerra e a supervivencia, a miseria derivada da crise etc. Moitos deste relatos acompáñanse de citas (de Chico Buarque, de Abu al Alaa al-Maari, Chó do Guri, Almir Sater, SAmilh AlQassim, José Afonso, Eva Veiga...) ou homenaxes e dedicatorias (a José Maronho Guinarte ou a Isaac Díaz Pardo, por nomear dous exemplos).

Referencias varias:

- Marta Becerra, “Diplomas en el Día da Terra”, *El Progreso*, “Lugo”, “El despertador”, 22 abril 2016, p. 10.

Informa, entre outros eventos, da presentación da novela en Lugo na que estivo o escritor Alberte Momán.

Costas, Ledicia, *Neve detrás do cristal*, Vigo: Editorial Elvira, col. Historias para coñecermos Vigo, n.º 8, setembro 2016, 60 pp. (ISBN: 978-84-945644-4-4). ■

Relato breve da autoría de Ledicia Costas (Vigo, 1979) no que se coñece como Ray, xunto cos seus camaradas Cherry, Miguel e Duna, se preguntan polo paradoiro da súa amiga Madamme Sombra, que non aparece por ningures. Na súa procura Ray atópase cunha vella, que responde ao nome de Drake, quen lle dá unha bóla de cristal coa que o protagonista chegará ao submundo, onde Madamme Sombra está atrapada e na que el mesmo permanecerá pechado. A decisión de Miguel de esnafrar a bóla de cristal contra contra o muro da igrexa de San Miguel permitirá salvar os seus amigos, pois a súa reacción provoca treboadas de vento e neve no submundo e que o corpo de Madamme Sombra apareza na area da praia do Adro de Bouzas. Seguindo o estilo doutros volumes da colección, *Neve detrás do cristal* iníciase cun mapa (neste caso da parroquia viguesa de Bouzas), cun limiar e cun prólogo no que Alberto Vilaboa repasa a historia de Bouzas e apunta algunha das características do relato.

Estévez, José e Iria **López**, *Foron, somos*, Ferrol: Edicións Embora, col. Narrativa, maio, 2016, 118 pp. (ISBN: 978-84- 94540-50-9).

José Estévez (Lugo, 1954) e Iria López (Lugo, 1988) tentan dar forma neste libro colectivo á voz de todas e todos os galegos que viviron e sufriron as consecuencias da Guerra Civil española, así como da inmediata posguerra. Grazas a un narrador en primeira persoa o lectorado descobre non só un conflito bélico, senón tamén os sentimentos e sensacións daqueles e daquelas que experimentaron dende as súas casas, dende as súas familias e dende as súas aldeas o exterminio do republicanismo. Así, o lectorado agardado coñece dos paseos e das execucións levadas a cabo, da violencia do bando franquista e do medo das xentes de Galicia. Observa como a morte tingue os diferentes sectores sociais e civís, dende militares que se opoñen ao golpe até mestres ou médicos. Trátase do relato da historia do que foi a Guerra Civil en Galicia e do que é a día de hoxe a través das voces vivas.

Referencias varias:

- Ruth López, “Iria López e José Estévez novelan o sufrimento máis cercano da guerra”, *El Progreso*, “Vivir”, “Literatura”, 22 maio 2016, p. 61.

Infórmase, entre outras cousas, da charla que mantiveron os autores desta novela na Feira do Libro de Lugo. Apúntase que comentaron o seu argumento e que salientaron que a obra trata o padecemento daquelas persoas que viviron a Guerra Civil, non directamente o conflito.

Fariña, Anxo, *Horizonte de sucesos*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, maio 2016, 199 pp. (ISBN: 978-84-9121-015-3).

Novela de corte autobiográfico, de Anxo Fariña (Vigo, 1977), na que se narran as vivencias dun mozo de dezaoito anos que entra a traballar nun centro de acollida de menores. Ábrese cunha dedicatoria do autor, á que lle segue unha breve nota na que se indica que a obra está baseada en feitos reais. Estruturada en quince capítulos, encabezados por pequenos extractos de declaracións e conversas que fan alusión aos sucesos relatados, a historia é contada en primeira persoa polo seu protagonista, anos despois de acontecer os feitos. Comeza cando o mozo, cuxo nome é unha incógnita para o lectorado, entra como bolseiro na Escola Fogar do centro de acollida de menores Cidade Infantil Afonso X, localizado na cidade P, para poder pagar os seus estudos de Belas Artes. Alí, descobre que o centro é un buraco negro que atrae e arrastra a todos os que nel entran e cambia as súas vidas para sempre. Botando man de abundantes analepses, o narrador protagonista relata as súas vivencias na Escola Fogar, onde os rapaces que alí conviven se enfrontan a situacións duras (falta de familia, problemas coas drogas...) que os conducen cara a un futuro pouco esperanzador. Paralelamente, el mesmo deberá facer fronte aos problemas da madurez, que se verán empeorados por unha dor crónica que o obriga a recibir unha forte medicación. No centro vivirá tamén un incidente que cambiará a súa vida. A obra pecha cun epílogo no que o protagonista, narrando xa dende o presente dos seus trinta e sete anos, ofrece unha mensaxe de esperanza.

Recensións:

- Francisco Martínez Bouzas, “Unha novela veraz”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 591, “Libros”, 7 xullo 2016, p. VI.

Despois de falar brevemente sobre o autor da obra en diferentes facetas da súa vida, comenta que a narración *Horizonte de sucesos* é apta para todos os públicos. Sinala que está baseada en feitos reais, na que se narra como o protagonista chega a unha nova cidade para traballar nun cuartel rodeado de rapaces cuxas familias están esnaquizadas ou mesmo xa non existen. Comenta que é unha obra de tonalidade escura e desacougante, deixando un final aberto, con varias doses de intriga.

- Alex Mene, “Horizonte de sucesos’, unha historia sen nome”, *Diario de Pontevedra*/ *El Progreso*, “*Táboa Redonda*”, n.º 44, 17 xullo 2016, p. 6.

Saliéntase a idea do autor de crear o relato sen nome algún, creando unha atmosfera delirante, algo que, como se apunta, vén anunciado dende a mesma cuberta do libro. Infórmase da historia que conta e de que a mesma está organizada como unha boneca rusa e suxírese que o que quere transmitir o autor é que estamos "condenados a xirar eternamente ao longo dunha órbita da que non podemos ou non queremos fuxir".

Referencias varias:

- Mar Mato, "Anxo Fariña. 'Un libro pode facer esquecer a un neno a historia máis terrible da súa vida", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 15 xuño 2016, p. 38.

Dá conta dunha breve conversa co autor, na que afirma que non se trata dunha obra para o lectorado infantil e xuvenil, ademais de comentar os retazos biográficos da mesma e de falar da relación entre debuxo e escrita.

- Lourdes Varela, "Anxo Fariña. 'Son un contador de historias que usa varios medios para expresarse", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 589, 23 xuño 2016, p. V/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 546, 2 xullo 2016, p. 11, "Entrevista".

Entrevista, por mor do salto deste autor especializado na literatura para a infancia e a xuventude á narrativa para adultos, na que se comentan as razóns disto, ademais do argumento da obra, a súa relación co debuxo, a súa creación máis celebrada (*Os Megatoxos*) e a importancia do Premio Merlín que gañou o pasado 2011.

Fernández, Miguel Anxo, *Un dente sen cadáver*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria, n.º 351, xullo 2016, 242 pp. (ISBN: 978-84-9865-724-1).

Novela policial de Miguel Anxo Fernández (Carballiño, 1955) que constitúe a sexta obra da saga protagonizada polo detective Frank Soutelo, desta volta, coa axuda da investigadora Dalia Maxino, o sarxento Franeiras e o ex-garda civil Poncio. Principia cunha dedicatoria para os receptores da obra "Para ti, lector, pola túa querenza por Frank Soutelo. Tamén por seguir militando na República das nosas Letras". A seguir recolle dous ditos "Can de boa raza, se hoxe non, mañá caza" e "Quen de cu nace, ben pode morrer de cu" e a acepción do *Dicionario da Real Academia Galega* para a forma "deus ex máchina". Estruturada en trinta e dous pequenos capítulos, a novela, narrada en primeira persoa, desenvólvese en Galicia, cando o protagonista viaxa para recoller unha herdanza. Alí, vese envolto nun estraño caso tras a aparición dun dente humano dentro dun chourizo, poucos días antes da Festa do Cocido de Lalín. No marco da investigación reflíctense diversas temáticas de corte actual como a corrupción inmobiliaria, a violencia de xénero e a explotación sexual e laboral. Os asuntos persoais de Frank acaban converxendo co caso no que está traballando, descubrindo, deste xeito, unha gran rede de corrupción que implica a políticos, avogados, empresarios... Pecha o volume unha nota do escritor gabando a Festa do Cocido na que destaca "Canallas hainos en todo o mundo e os que aquí saen son unha excepción produto da imaxinación do autor".

Recensións:

- Ramón Nicolás, “Frank Soutelo ten un novo caso”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Letras”, “En galego”, 30 setembro 2016, p. 10.

Coméntase que se trata da sexta entrega das series detectivescas, definidas como as de maior solidez e popularidade en canto a novela negra se refire en Galiza e en galego. Dáse conta do argumento principal da novela e indícase que se trata dunha narrativa que se articula con axilidade e a través dunha óptica cinematográfica. Engádese que se tratan temáticas de actualidade, tales como a violencia de xénero, a explotación sexual, a precariedade laboral ou os intereses inmobiliarios.

- Laura Blanco Casás, “No retorno de Frank Soutelo”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 601, “Libros”, 3 novembro 2016, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 554, “Letras galegas”, 12 novembro 2016, p. 10.

Dá conta das anteriores entregas que narran as aventuras de Frank Soutelo (iniciáronse en 2002) e sinala que, despois de 2008, coa súa terceira entrega, o público lector aumentou considerabelmente. Achega un breve resumo do argumento principal da novela e destaca que condensa unha trama dinámica, co reflexo da sociedade do seu tempo.

- Adrián Estévez Iglesias, “Volve o investigador Frank Soutelo”, *Grial*, n.º 212, “O espello das letras”, outubro, novembro, decembro 2016, pp. 83-84.

Ofrécese unha recensión da obra *Un dente sen cadáver* (Galaxia, 2016) de Miguel Anxo Fernández. Sinálase que se trata da sexta entrega protagonizada polo detective Frank Soutelo. Faise referencia ao argumento da obra salientando que se sitúa no Carballiño e que xira arredor da investigación sobre a aparición dun dente e un anaco de anel. Destácase a conexión das tramas sen relación aparente e a aparición dunha figura que achega unha resolución inesperada. Analízanse as características que afastan o protagonista do prototipo de detective cinematográfico, tales como o emprego do instinto, as referencias aos seus gustos persoais e a presenza de colaboradores e familiares. Faise referencia aos lugares galegos percorridos na obra e ao contexto social, cultural e político recreado na mesma. Faise fincapé no emprego do estilo directo e no desenvolvemento completo das causas da trama. Menciónase a influencia do cinema sobre a estrutura en trinta e catro capítulos autónomos.

Referencias varias:

- Miguel Anxo Fernández, “O retorno a Galicia de Frank Soutelo”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Letras”, “Ficción”, 8 xullo 2016, p. 12.

Ofrécese un fragmento desta novela a modo de adianto editorial.

- Xesús Fraga, “Miguel Anxo Fernández. ‘Polas veas de Frank Soutelo flúe a retranca galega”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 19 xullo 2016, p. 41.

Dá conta dunha entrevista co autor, na que, entre outras cousas, se fala da serie iniciada en 2002, da trama deste novo volume, da posibilidade do salto á pantalla e de se aínda hai máis casos pendentes de novelar.

- M. C. e J. M. G., "En galego", *El Correo Gallego*, "*2 domingo*", 6 novembro 2016, p. 3.

Fai referencia, entre outras obras, a *Un dente sen cadáver*. Destaca que é unha historia engaiolante que toca numerosos temas de actualidade.

- H. J. Porto, "Miguel Anxo Fernández, premio Blanco Amor coa súa novela 'Blues para Moraima", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 27 novembro 2016, p. 40.

Con motivo da emisión do veredicto do premio Blanco Amor de novela, que recaeu na obra *Blues para Moraima*, de Miguel Anxo Fernández, fálase da serie de libros que este autor escribiu arredor do personaxe de Frank Soutelo e coméntase que este se atopa promocionando a última entrega das aventuras deste detective.

Fernández Barba, Pablo, *Transición,* XVI Premio Vicente Risco de Creación Literaria 2015, Santiago de Compostela: Urco Editora, col. Dr. Alveiros, 2016, 205 pp. (ISBN: 978-84-15699-95-8).

Primeira novela publicada de Pablo Fernández Barba (Madrid, 1976) que principia coa dedicatoria "Á miña muller e aos meus fillos", e remata con un capítulo titulado "Unha última confesión", onde o autor fai unha serie de agradecementos a compañeiros, familia e amigos. Con elementos propios da novela social e da novela negra, os sete capítulos que compoñen a obra, escritos en primeira persoa, narran a historia do pasado dende a contemporaneidade, e volven dar vida ao acontecido no 1988 polo protagonista da obra, do cal non se sabe o nome, cando está a traballar no departamento de Documentación dun grupo informativo estatal, tamén anónimo. Ao comezo da obra, o protagonista, fillo de galegos emigrados a Madrid, é enviado polos seus superiores a entrevistar ao *Demo*, un asasino excarcerado pola Lei de Amnistía, logo de que este personaxe impuxera dúas condicións para participar: que o xornalista fora un home novo e galegofalante. A aventura que así comeza, fai ao lectorado sabedor dun segredo atafegante e cruento e de todo o entramado e a conspiración programada para o seu silenciamento, ao cal contribúe a prensa e xornalismo español, sumiso e obediente ao control exercido polos resquicios da pasada dictadura. A novela, mediante o humor negro e o sarcasmo, reflexiona sobre o papel da Igrexa e dos corpos de Seguridade no silenciamento dos horrores vividos, que son descritos cun ton directo e sen censura, que busca estremecer e anoxar ao lectorado, volvéndoo reaccionario e consciente do perigo do esquecemento e da omisión.

Fortes, Alberto, *O dobrón de a oito*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, n.º 385, xaneiro 2016, 185 pp. (ISBN: 978-84-9914-966-0).

Novela de Alberto Fortes (Pontevedra, 1964) que relata a historia de Martiño de Santadrán, un mozo orfo que tras a morte da nai queda baixo a custodia dun tío avó, o taberneiro de Lusquiños. Non tarda en decatarse das malas intencións do home, que lle

quita todas as súas pertenzas, incluso o único recordo do seu pai: un dobrón de a oito, moeda de gran valor acuñada en Lima en 1771. A criada da taberna intenta nunha ocasión descubrirlle algún dato relativo ao seu proxenitor, pero é detida pola brutalidade do tío avó do rapaz. O desexo de vinganza de Martiño e a ansia de recuperar o seu prezado ben medran co paso dos días até que este incendia a taberna e foxe. O protagonista é acollido polo fidalgo de Dornas quen, xunto coa axuda dun gaiteiro, tentará salvar o mozo da xustiza. A fuxida está acompañada de numerosos perigos. A partir do descubrimento do acubillo dos tres compañeiros, Martiño vese obrigado a proseguir o seu camiño só até o mosteiro de Ferreira de Arén, onde o reciben as monxas convalecente. Neste lugar terá ocasión de recuperar folgos e de poñer as súas memorias por escrito para o intendente da mariña de Ferrol. Finalmente, descóbrese que o Tribunal Real da Coruña absolve os tres amigos, mentres que o taberneiro de Lusquiños é condenado polo crime do pai de Martiño.

Recensións:

- Francisco Martínez Bouzas, "Coherente relato", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 577, "Libros", 31 marzo 2016, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 534, "Letras galegas", 9 abril 2016, p. 10.

Coméntase a nova entrega do autor salientando a súa versatilidade lingüística e xenérica: entre a investigación e o ensaio, especialmente de temática mariñeira. Dise que a obra se concibe como unha novela de iniciación e aventuras protagonizada por un mozo, que emprenderá unha viaxe na segunda metade do século XVIII galego. Coméntase que resulta coherente con todas as convencións do xénero: no tratamento do heroe, na primeira persoa empregada, na centralidade das viaxes e o misterio, na exaltación do atrevemento e a acción física e na boa ambientación histórica. Finalmente, sinálase que fai un uso proveitoso do obxecto referido no título e do vocabulario mariñeiro. Só se lle indica como pexa a extensión das conversas entre asediados e asediadores que rompe a verosimilitude da obra.

- Ramón Nicolás, "Unha espiral de aventuras na historia", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "Galego", 8 abril 2016, p. 13.

Iníciase esta recensión efectuando un percorrido por algúns dos autores que se acolleron, dentro da literatura galega, á novela clásica de aventuras que escaravella nun período concreto da historia de Galicia. A continuación, preséntase a novela do escritor pontevedrés a través de tres sólidos trazos distintivos: a adopción dun rexistro lingüístico coidado e moi vizoso, con especial atención aos termos de orixe mariñeira; o coidado traballo de documentación sobre o mundo do contrabando e dos mareantes, así como o clero ou a xustiza, nun fresco da vida cotiá galega da segunda metade do XVIII; e o dinamismo no desenvolvemento da intriga, na que conflúen aventura e formación iniciática.

Referencias varias:

- Belén López, "Alberto Fortes. 'A miña tradición literaria comeza co mar", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Cultural", 24 xaneiro 2016, p. 11.

Entrevístase o autor desta novela de aventuras, facendo especial incidencia na temática, no traballo previo de documentación no Arquivo do Museo de Pontevedra, na localización nunha zona imaxinaria das Rías Baixas e na presenza deste xénero –a novela de aventuras clásica– dentro do panorama literario galego.

- Cuca M. Gómez, "El Entroido se resiste a dejarnos", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Gente a diario", "De café con Cuca", 13 febreiro 2016, pp. 70.

Entre outras novas, dá conta da presentación desta obra na Casa da Luz e destaca a presenza no acto de Antón Sobral e Manuel Bragado.

- C. F., "Presentación do libro 'O dobrón de a oito', de Alberto Fortes, no Museo Massó", *Diario de Pontevedra*, "O Morrazo", "Bueu", 1 marzo 2016, p. 17

Dá conta da presentación deste libro no Museo Massó de Bueu e dise que contou coa presenza do editor Manuel Bragado. Tamén se explica brevemente o argumento da obra.

- Xosé Carlos Caneiro, "O conflito", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "No Ficción", 11 marzo 2016, p. 4.

Entre outras cuestións, menciona esta obra que define como unha novela de misterio e enigmas.

- Lourdes Varela, "Alberto Fortes. 'Galicia é ideal para situar relatos históricos de aventuras", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 578, 7 abril 2016, p. V/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 535, 16 abril 2016, p. 11, "Entrevista".

Entrevista ao autor da obra na que se fala de referentes literarios, certas chaves sociais e culturais do Antigo Réxime en Galicia, a temática do contrabando e a navegación ou a tradición, principalmente inglesa, do relato de aventuras.

Fraga Allegue, Antonio Manuel, *Querido H. P. Lovecraft*, I Premio Antón Risco de Literatura Fantástica 2015, Santiago de Compostela: Urco Editora, col. Alcaián, xaneiro 2016, 151 pp. (ISBN: 978-84-15699-83-5).

Novela curta coa que Antonio Fraga Allegue (Pontedeume, 1976) acadou o I Premio "Antón Risco" de Literatura Fantástica 2015. A obra detalla a historia da desesperación de Robert Ervin Howard, que o levará ao suicidio, centrándose nos últimos meses da súa vida. Comeza coa reprodución de tres cartas: unha do médico rural Isaac M. Howard (pai de Robert Ervin Howard) a H. P. Lovecraft; outra de H. P. Lovecraft a Isaac M. Howard e mais outra de Robert Ervin Howard a H. P. Lovecraft. A seguir, recóllese a historia de Robert Ervin Howard, redactada como unha longa carta, narrada en primeira persoa, que o propio Robert Ervin Howard envía a H. P. Lovecraft. Nela amósase como, despois dunha viaxe a Accursed Mountain e de ver alí dous esqueletos wichita, Robert Ervin Howard comeza a ter aparicións de dous indios que o fan crer que el é o causante da enfermidade da súa nai Hester. Isto provoca en Robert Ervin Howard alucinacións. A pesar a súa relación con Novalyne, que acaba mal, e dos seus amigos Truett Vinson e Tevis Clyde, remata coa súa vida tal como anunciara a H. P. Lovecraft.

Péchase, a xeito de epílogo, cunha carta que o médico Isaac M. Howard envía a H. P. Lovecraft despois de ler a historia do seu fillo.

Recensións:

- Montse Pena Presas, "Tras os xenios do terror", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 581, "Libros", 28 abril 2016, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 538, "Letras galegas", 7 maio 2016, p. 10.

Repásanse, inicialmente, as características da escrita do autor (prosa envolvente, estrutura sólida e un protagonista desposuído) e os seus títulos no ano en curso, dúas novelas para o público de fronteira. Dise que a obra gañadora do I Premio Antón Risco de Literatura Fantástica, editada por Urco, ábrese cunha carta de Isaac Howard a H. P. Lovecraft relatando a morte do seu fillo Robert. Salienta a intensidade da atmosfera creada, a conseguida tensión narrativa, a precisa ambientación da vida americana da época e o singular final. Ademais, sinala que a escolla epistolar e "amical", e a atmosfera opresiva *in crescendo* aproximan a obra ás claves de Agustín Fernández Paz.

- César Lorenzo Gil, "Aproximación tímida ao horror", *Tempos Novos*, n.º 229, *ProTexta*, "ProPostas", xuño 2016, p. 85.

Destácase que a obra constitúe un conxunto de cartas dirixidas a H.P. Lovecraft polo escritor Robert E. Howard e nas que se desenvolven os seus derradeiros anos de vida. Sinálase que a temática da obra non se centra só na obra de Lovecraft grazas á conversión de Howard en personaxe. Saliéntase a fusión do ambiente cotián co fantástico, a temática arredor da morte da nai do protagonista, a intriga, o terror e máis a relevancia das elipses. Lóase o traballo de investigación previo levado acabo polo autor.

- Ramón Nicolás, "O son dunha Underwood para afondar nos abismos", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "En galego", 1 xuño 2016, p. 11.

Comeza por recoñecer a paixón que sente por H. P. Lovecraft, que fai que esta novela lle resulte apetecíbel. Informa de que o texto ten unha altura literaria considerábel e que introduce os lectores no universo do xénero fantástico. Salienta que o autor se recrea fielmente no estilo e fórmulas expresivas dese tipo de novelas e conclúe dando as grazas por facer posíbel esa experiencia de lectura.

Gutiérrez Aller, Victorino, *Acta de vítimas*, Santiago de Compostela: Edicións Laiovento, col. Narrativa, n.º 336, 2016, 230 pp. (ISBN: 978-84-8487-338-9).

Novela de Victorino Gutiérrez Aller (Lalín, 1937) que se abre cunha explicación sobre o seu carácter ficticio, aínda que figuren múltiples alusións a persoas que si existiron, e cunha guía dos personaxes principais co gallo de orientar o lectorado. A seguir, preséntanse trece capítulos que levan por título unha data concreta no mes de outubro de 1946, nos que se realiza un retrato do Lalín da posguerra. A acción concéntrase durante doce días a partir dunha operación levada a cabo polos poderes fácticos da época co obxectivo de apropiarse dun pazo señorial vinculado aos descendentes dunha familia fidalga republicana. O abano de personaxes é amplo e variado, abranguendo figuras

como un médico homosexual, unha exiliada de clase alta, un cura dogmático e outro de carácter tolerante, un falanxista alcólico … A tensión ambiental, as presións, o colaboracionismo con diversos matices e a dignidade conforman os ingredientes principais deste relato.

Iglesias, Xabier, *O amante de Graza María*, Noia: Toxosoutos, col. Nume, 2016, 128 pp. (ISBN: 978-84-944314-7-0).

Novela de Xabier Iglesias (A Coruña, 1967) que principia cun paratexto en forma de dedicatoria escrita en verso ("A Sabela/ Música, aire de festa./ Desde un lugar impreciso,/ -afastado, sen coordenadas-/ agarda a infancia envolta/ en papel de celofán/ para lavar a escuridade/ dos últimos días de vida"), para logo deixar paso a un total de sesenta e sete capítulos que seguen a vida de Eliseo Catroventos, un mestre de aldea que foxe da guerra. Ao longo da obra, profúndase no personaxe de Eliseo e introdúcese a figura de Graza María, unha prostituta que comeza a frecuentar por influencia de seu pai e coa que acaba tendo unha relación máis íntima e estreita, até o punto de ser exclusiva. Por esa razón, no momento que Graza María desaparece sen deixar rastro, logo dunha complicada enfermidade, Eliseo recorda que a muller lle contara que tiña un fillo na guerra de África e decide ir na súa busca, coa esperanza de que iso o leve até a súa namorada. A aventura que comeza Eliseo faille deixar atrás a monotonía e conformismo da súa vida como mestre. Durante o seu percorrido, atopa o mozo Antón e van na busca da nai, conseguen fortuna grazas a un proveitoso negocio de conservas de peixe e tamén se enfrontan á realidade da vida, imprevisíbel e inxusta case a partes iguais. Trátase dunha novela de profundo carácter intimista marcada pola perseveranza, o amor e a felicidade, cun final sorprendente co pano de fondo da guerra e as desgrazas que trouxo para a sociedade.

Jaureguizar, *Placebo*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Milmanda, setembro 2016, 200 pp. (ISBN: 978-84-9121-094-8).

Novela de suspense asinada por Jaureguizar (Bilbao, 1965) que comeza coa dedicatoria "A Nicolás, veciño de Roi, que coñeceu esta historia de amor" e cunha cita da obra *Ricardo III* de Shakespeare, "Coñecemos as nosas caras, pero non os nosos corazóns". A obra preséntanos a Roi, un home duns cincuenta anos que volve ao seu fogar en Galicia logo de sufrir un accidente que lle fai perder a memoria. Unha vez no seu agora descoñecido fogar, debe enfrontarse á realidade que deixara atrás: un matrimonio en declive, unha amante á que lle prometera un futuro xuntos, malas relacións familiares, débedas e un negocio en declive. No obstante, a historia complícase pouco a pouco, e aínda que Roi volve coa aparente intención de reconducir o seu matrimonio e desfrutar do amor da súa muller Beatriz como balsa de salvación, segundo avanza a trama descubrimos que as mentiras agochaban unha realidade chea de traizóns, secretos, enganos, pero tamén arrepentimentos e perdóns. O pasado de Roi está cheo de baleiros que se completan o final da obra, ao mesmo tempo que ao seu remate deixa moitas preguntas no ar, mais sempre coa idea de que a vida é curta e o obxectivo debe ser vivila con plenitude e felicidade, a través do amor, aínda que ás veces se presente como un simple e caduco placebo.

Recensións:

- Armando Requeixo, "Velaí a cuestión", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*"/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 955/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 955, "letras Atlánticas", 16 outubro 2016, p. 32.

Indícase que o autor presenta unha das máis constantes e frutíferas carreiras nas letras galegas dos últimos anos, traballa coa novela curta, longa, textos infantís e xuvenís, teatro, guión, ensaio e tradución. Sobre a presente novela destácase que esta avanza polos eidos da narrativa de tinturas psicolóxicas envolta por misterio con múltiples voces e perspectivas, mais tendo como temas centrais o amor e a identidade. Engádese que a novela se liga con outra literatura e cinema, e cítase o *Amphigrafía*, de Plauto, e o *Regarding Henry*, de Mike Nichols.

- Vicente Araguas, "O amor como placebo", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*"/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 956/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 956, "máis Libros", 23 outubro 2016, p. 30.

Achégase un resumo da novela indicando que o espazo xeográfico se move por Ribadeo e París. Indícase que se trata dun libro que crea atmosferas cunha trama ben construída. Recoméndase a súa lectura e fálase da obra infantil e xuvenil do autor.

- Montse Pena Presas, "Reviravolta argumental", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 608, "Libros", 22 decembro 2016, p. VI.

Reflexiona sobre o argumento da obra centrado no amor e nas relacións de parella. Comenta que comeza dun xeito pausado e que ao final os sucesos precipítanse, "tanto que quen le precisaría de máis tempo para pousar a historia". Sinala que quizais haxa demasiados sucesos e poucas emocións e que pode resultar "demasiado telenovelesca".

Referencias varias:

- Alfredo Conde, "O feito de escribir", *El Correo Gallego*, "Opinión", 2 outubro 2016, p. 4.

Reflexiona sobre a lingua e sinala que esta non debe estar ao servizo da literatura. Fala do *blog* de Jaureguizar e recomenda a súa última novela publicada por Xerais, *Placebo*.

- María L. Viñas, "Jaureguizar. 'O amor non ten nada de revolución, é conservador", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", "Literatura", 21 outubro 2016, p. 55/ *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", 24 outubro 2016, p. 61.

Indícase que o libro é unha historia de amor ambientada en Ribadeo na que se trata sobre a burguesía e os seus grandes intereses, a través do xogo coas emocións nunha obra "falsamente sinxela e crúa". Coméntase que o autor, após oito anos, regresa á narrativa para adultos cunha novela que mestura un trío amoroso coa crise económica, onde os protagonistas buscan desesperadamente a felicidade. Dise que se trata dunha novela do seu tempo, narrada en primeira persoa, e que as súas referencias literarias son a novela francesa do século XIX, pola composición dos personaxes.

Gago, Manuel, *O anxo negro*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, maio 2016, 496 pp. (ISBN: 978-84-9914-985-1).

Novela de Manuel Gago (Palmeira, Ribeira, 1976) estruturada en torno a tres partes, divididas, á súa vez, en diferentes capítulos, cada un dos cales leva por título un topónimo de Galicia ou o nome de estabelecementos, institucións e entidades como igrexas, comisarías, pazos etc. Ademais do nome referido ao lugar, cada capítulo leva asignada unha data, que recolle, a xeito de diario, os pasos do personaxe protagonista. A historia localízase nos anos oitenta na Costa da Morte, onde Nicolás Bren, capitán da Mariña Mercante retirado, recibe o encargo de recuperar unha figura de Santa Mariña que foi roubada. O capitán, xunto cos veciños, que senten unha fonda devoción pola santa, emprende unha investigación que o leva a descubrir toda unha trama de corrupción que vincula a talla extraída con determinados momentos decisivos para a historia europea. Trátase dunha novela de misterio na que, ademais, se explora as raíces máis profundas da cultura popular galega.

Recensións:

- Xosé Antonio López Silva, "Retrato do rural galego nunha época cambiante", *Grial*, n.º 211, "O espello das letras", xullo, agosto, setembro, 2016, pp. 89-91.

Ponse en relación esta obra coa anterior do autor *Vento e chuvia. Mitoloxía da antiga Gallaecia* (Edicións Xerais, 2013) a propósito da importancia da recuperación da memoria histórica e cultural que ten lugar en ambas as dúas. Saliéntase que *O anxo negro* constitúe unha novela de intriga e acción. Alúdese a que o argumento da obra xira arredor da viaxe realizada por dous protagonistas para recuperar a figura de Santa María de Cereiro roubada nunha vila imaxinaria situada na Costa da Morte. Destácase a variedade de personaxes e máis o papel de coro dos habitantes da vila. Sublíñase que a obra achega una recreación da ruralidade galega na fin do franquismo e o inicio da Transición. Destácase a estrutura folletinesca da obra e as similitudes narrativas coa novela histórica, de misterio, policial, costumista e de conspiración. Destácase a importancia da trama, a brevidade dos capítulos, os cambios no ritmo narrativo, o realismo das descricións de espazos e personaxes e a reflexión ética sobre a historia. Tamén se salienta o uso do humor e da ironía. Por último, alúdese a importancia que teñan na obra episodios históricos do contexto europeo, español e galego.

- Xosé Carlos Caneiro, "Indispensables", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "No ficción", "Club dandi", 26 agosto 2016, p. 11.

Ademais de ofrecer o argumento, cualifícase como novela "torrencial, polisémica, poliédrica, ciclópea" e indispensábel. Así mesmo, despois de facer breves reflexións sobre outras novelas, engádese que se trata dunha obra que se debe recomendar.

- Francisco Martínez Bouzas, "A condición celulada do mel", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 593, "Libros", 8 setembro 2016, p. VI.

Coméntase polo miúdo esta novela e a historia que relata, da que se di que é unha mestura dos subxéneros detectivesco e histórico. Indícase que se debería "adelgazar" un

chisco a narración, pois ás veces o lectorado atópase con secuencias que non habería que facelas tan explícitas, pois os lectores poden intuílas. Conclúe opinando sobre a habilidade do autor coa lingua, pois emprega unha terminoloxía moi rica e autóctona, e tamén co reflexo da atmosfera e ambiente, moi conseguidos.

- César Lorenzo Gil, "Un best seller con conciencia", *Tempos Novos*, n.º 234, *ProTexta*, n.º 11, "ProPostas", novembro de 2016, p. 81.

Saliéntanse as características da obra: a complexidade argumental con múltiples ambientacións e a relevancia dos feitos políticos, así como a diversa procedencia social dos personaxes e o amoreamento de escenas até o clímax. Afóndase na falta de correspondencia entre o formato e a pegada social da novela que supón a temática sobre a apropiación por parte da Igrexa do patrimonio artístico de Galicia. Fálase da falta de pertinencia de pasaxes e diálogos e sublíñase a axeitada incorporación á novela de episodios históricos. Finalmente destácase a relación desta obra coas de Víctor Freixanes e Xosé Miranda.

Referencias varias:

- Lourdes Varela, "Manuel Gago. 'A base da miña novela é unha historia incrible, pero certa", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 588, 16 xuño 2016, p. V/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 545, 25 xuño 2016, p. 11, "Entrevista".

Entrevista na que se comenta a estrea deste autor no eido da novelística. Fálase, entre outras cousas, da construción dos personaxes, da proposta audiovisual do autor e do punto de partida da novela, así como das especiais presentacións da mesma (acompañadas de proxeccións audiovisuais e teatro).

- Carolina Neira, "Dos escritores y periodistas que comparten apellido traen sus historias a Marín", *Diario de Pontevedra*, "O Morrazo", "Marín", 27 outubro 2016, p. 20.

Comenta que o protagonista da obra é un capitán da mariña mercante e que pese a que se trata de ficción presenta feitos que poden resultar de actualidade como o saqueo de igrexas parroquiais.

_____, "Manuel Gago Mariño. 'Quixen rebelarme contra a idea do rural galego como un lugar escuro, abandonado e sumiso", *Diario de Pontevedra*, "O Morrazo", "Marín", "Bueu", 28 outubro 2016, p. 22.

Conversa con Manuel Gago Mariño na que se dá conta do argumento e temática da súa última obra. Destácase a importancia da tradición e o traballo de investigación realizado polo escritor para elaborar a novela.

- Manuel Gago, "Enunciados", *Diario de Pontevedra*/ *El Progreso*, "*Táboa Redonda*", n.º 57, "SeiSentidos", 13 novembro 2016, p. 5.

Fai referencia ás impresións dos lectores en relación á extensión desta obra.

García, Xosé Lois, *A vertixe dos días*, Noia: Toxosoutos, col. Nume, 2016, 260 pp. (ISBN: 978-84-945483-8-3).

Obra de Xosé Lois García (Chantada-Lugo, 1945) que se abre cun prólogo de Paula Vázquez Verao, no cal se recollen unhas verbas de Rosalía de Castro pertencentes a *Follas Novas* e no que se afirma que resulta complexa a clasificación deste libro, o cal podería identificarse co "muro" dalgunha famosa rede social. A seguir preséntanse trescentos sesenta e cinco microrrelatos que inicialmente estaban compostos por doce liñas, un número fundamental na simboloxía medieval, mais, debido aos avatares da edición, ficaron por transformar a súa extensión en dezasete ou dezaoito liñas. Os temas principais son, entre outros, a memoria do legado que mantemos como pobo, o mundo rural idealizado, a dignidade, o multiculturalismo, a conciencia ecolóxica, a beleza do sinxelo, o pacifismo ou a figura de Rosalía.

Giráldez García, Diego, *Galería de saldos*, ilust. Iago Sánchez Losada, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, xuño 2016, 168 pp. (ISBN: 978-84-9121-053-5).

Conxunto de vinte e sete relatos breves de Diego Giráldez García (O Porriño, 1976) cun eixe de unión: a presenza no título dunha obra de arte (corrente, escola, autoría, época etc.), moitas das veces descontextualizada con respecto ao texto. Antecede a cada un dos contos un deseño realizado por Iago Sánchez Losada, no que o autor interpreta vinte e sete obras de arte universais, nomeadamente pictóricas. Nestes relatos aparecen diferentes personaxes coas súas propias historias e vivencias, situadas na actualidade, que reflicten diversos temas como a violencia de xénero, a soidade, o amor ou os desafiuzamentos. A seguir, indícase o título de cada un dos relatos seguido da obra de arte con indicación da súa datación e autoría: "Suprematismo", *Cadro negro* (1915) de Kazimir Málevich; "Rococó", *Cupido ameazador* (1757) de Étienne-Maurice Falconet; "Divisionismo", *Tarde de domingo da illa da Grande Jatte* (1884) de Georges Seurat; "Seoane", *O contorsinista* (1932) de Luís Seoane; "Art Decó", *Tamara en Bugatti verde* (1929) de Tamara de Lempika; "Realismo social", *Cornixa* (1949) de George Tooke; "Renacemento", *Dama de armiño* (1580) do Greco; "Gótico internacional", unha xanela da capela Beauchamp (século VX) de John Prudde; "Modernismo", interior da Casa Tassel (1892-1893) do arquitecto belga Víctor Horta; "Hopper", *Noctámbulos* (1942) de Eward Hopper; "Realismo", *A orixe do mundo* (1866) de Gustave Coubet; "Barroco", *Morte da Virxe* (1606) de Caravaggio; "Neoplasticismo", *Composición con vermello, azul e amarelo* (1921) de Piet Mondrian; "Helenístico", a escultura *Vitoria de Samotracia* (190 a. C.) da Escola de Rodas; "Fauvismo", *Regent Street* (1906) de André Derain; "Paleolítico superior", as covas prehistóricas de Askondo en Biskaia; "Costumismo", a escultura *Ofrenda a San Ramón* (1923) de Francisco Asorey; "Expresionismo austríaco", *Nu tumbado cos brazos cara a atrás* (1911) de Egon Schiele; "Land art", *Fonte envolvida* (1968) do matrimonio Christo e Jeanne-Claude; "Goya", *Saturno devorando o seu fillo* (1823) de Goya; "Orfismo", *Ventás simultáneas sobre a cidade* (1912) de Robert Delaunay; "Construtivismo", *Violín* (1915) de Liubov Popova; "Neoclásico", *Ninfa atacada por un alacrán* (1845) de Lorenzo Bartolini; "Trecento", *O bico de Xudas* (1304-1306) de Giotto; "Pop art", *Afogamento de rapaza* (1963) de Roy Lichtenstein; "Surrealismo", o cadro mural *Sorpresa do trigo* (1936) de Maruja Mallo; e finalmente "Bauhaus", unha teteira *Xogo de té* (1924) de Marianne Brandt.

Recensións:

- Armando Requeixo, "Diego Giráldez na galería", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*"/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 944/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 944, "letras Atlánticas", 31 xullo 2016, p. 32.

Coméntase a sorpresa que o crítico recibe ao ler esta obra, a primeira deste xornalista, unha dura crónica dos tempos actuais, formada por historias cotiás tráxicas. Dáse noticia de que as máis de dúas ducias de relatos que contén están relacionadas dunha ou doutra maneira coa historia da arte, pois o xornalista é historiador. Destácanse os finais inesperados e a capacidade do autor de facer reflexionar os lectores sobre a realidade actual.

- Ramón Nicolás, "A vida que non é de purpurina", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "En galego", 19 agosto 2016, p. 12.

Comeza por salientar que se trata dunha proposta moi orixinal e atenta á actualidade, indicando a estrutura desta construción literaria. Comenta que nela, o autor reflexiona (e fai reflexionar) sobre asuntos do máis heteroxéneo e salienta que moitas das historias que compoñen a obra son "brillantes". Por último, informa de que o estilo da mesma é poético, pois emprega continuadas metáforas, e de que contén elevadas doses de ironía para facer fronte ás situacións duras que relata.

- Francisco Martínez Bouzas, "Narrativa testemuño", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 595, "Libros", 22 setembro 2016, p. VI/ *La Opinión*, "Saberes", n.º 548, "Letras galegas", 8 outubro, p. 8.

Coméntase que se trata dunha escolma de vinte e sete relatos breves, con historias mínimas que superan a minificción: historias intensas, heteroxéneas, con desenlaces pechados e non inesperados. Engádese que os protagonistas son antiheroes e que as narrativas son de corte realista, con fondo contido social e vinculados ao xornalismo, e que se tratan temáticas como a crise, a violencia de xénero, discriminación, desafiuzamentos, desamor, a represión da guerra e da posguerra ou sobre a memoria histórica.

Referencias varias:

- X. F., "Un 'booktrailer' en realidade virtual", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 1 xuño 2016, p. 38.

Dá noticia dunha das ferramentas máis comúns para promocionar un libro, o *booktrailer*, e da particularidade do empregado polo autor desta obra, o engadido da realidade virtual.

- G. Porto, "Diego Giráldez. 'Escribir pensando en el qué dirán es un fracaso", *Faro de Vigo*, "Louriña", 4 xuño 2016, p. 16.

Coméntase o bo ano deste autor, pois vén de gañar o Manuel Murguía e un accésit do Modesto Figueiredo, ademais da publicación desta obra. Engádese unha pequena

entrevista, na que se fala da inmensa satisfacción do escritor, do que é *Galería de saldos* e da promoción que vai ter.

- R. L., "Galería de saldos", *Diario de Pontevedra*/ *El Progreso*, "*Táboa Redonda*", n.º 43, 10 xullo 2016, p. 4.

Resume brevemente o contido do libro. Salienta, en especial, a escrita irónica, franca, e o valor do cotiá na novela: o desamor, a supervivencia á crise, o fracaso, os antiheroes. Acompaña o texto dun breve perfil de Giráldez.

- Xosé Carlos Caneiro, "A Vendima", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "En galego", "Club Dandi", 9 setembro 2016, p. 12.

Ofrece tres recomendacións lectoras, entre elas *Galería de saldos*, un conxunto de seis historias breves coa "arte por bandeira". Comenta que Giráldez ofrece unha reinterpretación artística dende o cotiá, cunha ollada irónica e unha crudeza lúcida.

- ECG, "Diego Giráldez presentará o seu libro en Cronipios", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 14 setembro 2016, p. 42.

Anuncia a presentación da obra na que acompañan Manuel Bragado, María Solar e Nieves Rodríguez.

- Margarito Flowers, "El debut de Diego Giráldez", *El Correo Gallego*, "Gente", 15 setembro 2016, p. 64.

Dáse conta da presentación do libro na libraría Cronopios de Santiago de Compostela. Indícase que xunta ao autor tamén estarán María Solar, Nieves Rodríguez e Manuel Bragado. Coméntase que se trata do debut literario do escritor no campo da narrativa e que o libro está formado por vinte e oito relatos curtos apegados á realidade.

- Cuca M. Gómez, "Risas para liberar el estrés", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Gente a diario", "De café con Cuca", 9 outubro 2016, pp. 78-79.

Informa da presentación de *Galería de saldos*, coa presenza da xornalista Teresa Cuíñas, dentro do ciclo "Vermú entre libros", unha iniciativa da librería pontevedresa.

- B. LL., "El escritor Diego Giráldez presenta por videoconferencia la obra 'Galería de Saldos", *Faro de Vigo*, "Louriña", "Área metropolitana", 30 decembro 2016, p. 14.

Dáse conta da videoconferencia realizada por Diego Giráldez para presentar a súa obra de relatos. Recóllense as palabras do escritor e dise que os protagonistas son persoas normais coas que os lectores poden sentirse identificados.

Graña, Bernardino, *A fuga a Exipto,* Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria, n.º 345, abril 2016, 228 pp. (ISBN: 978-84-9865-689-3).

Novela de Bernardino Graña (Cangas de Morrazo, 1932) que presenta unha dedicatoria con fragmentos de Hans Küng, do Cardeal Joseph Ratzinguer (Papa Bieito XVI) e de

Xesús de Nazaret. A obra está dividida en trinta e tres capítulos, todos eles narrados a través dun narrador heterodiexético. Os espazos representados son Nazaret, Xerusalén, Siria até chegar a Exipto e está escrita dende varios puntos de vista. A obra remite á viaxe que realizan Xosé, María e Xesús, acompañados de Salomé na súa fuga cara á Exipto. Durante este percorrido os personaxes vanse atopando con diferentes xentes polo deserto e escoitan as historias que estes lles contan. Finalmente a familia chega ao lugar de destino, onde mercan unha casa e desenvolven a súa vida cotiá.

Recensións:

- Ramón Nicolás, "A vizosidade da narrativa oral", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "En galego", "Letras", 12 agosto 2016, p. 11.

Sinálase que hai xa moitos anos que este autor non publicaba unha novela para adultos, dende aquel *Protoevanxeo do neto de Herodes*, que actúa como primeira parte d' *A fuga de Exipto*. Dáse conta de que se trata dunha historia bíblica con chiscadelas políticas e lingüísticas. Saliéntase que os méritos principais da mesma son a forza descritiva dalgunhas pasaxes e o "espléndido dominio da narrativa de corte oral".

- Pilar Ponte, "A maior das fuxidas", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 598, "Libros", 13 outubro 2016, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 551, "Letras galegas", 22 outubro 2016, p. 10.

Coméntase que a novela aborda a temática cristiá, unha temática da que o autor xa ten botado man noutras ocasións, como en *Protoevanxeo do neto de Herodes*, gañadora do premio Eixo Atlántico, segundo se indica. Engádese un breve resumo da presente novela e explícase que a través da narrativa o autor achega ás lectoras e lectores á realidade política do momento, á reivindicación lingüística do arameo e á afouteza dos galileos. Sobre o estilismo, coméntase que o autor deita unha lingua moi gorentosa, especialmente rica na fraseoloxía e nas escollas léxicas.

Referencias varias:

- R. L., "A fuga de Exipto", *Diario de Pontevedra*/ *El Progreso*, "*Táboa Redonda*", n.º 37, 29 maio 2016, p. 7.

Dá conta do argumento da obra de Graña, situada na liña da novela histórica, e destaca que fai uso de novos achados da investigación histórica así como do amplo coñecemento do autor en narración oral e popular.

- Xosé Carlos Caneiro, "A Vendima", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "En galego", "Club Dandi", 9 setembro 2016, p. 12.

Ofrece tres recomendacións lectoras, entre elas *A fuga de Exipto*, de Graña, do que di que "reincide no seu particular interese por recrear a vida de Xesús Cristo ou de contextos próximos ao cristianismo". Da lectura da novela salienta a aprendizaxe e o profundo tratamento psicolóxico.

Iglesias Turnes, Manuel, *Que non te aten*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, febreiro 2016, 280 pp. (ISBN: 978-84-9914-979-0).

Novela de Manuel Iglesias Turnes (Cabanas, A Baña, 1950) na que se retrata a vida dunha sociedade rural galega actual, na que os protagonistas son unha familia de gandeiros que viven dunha explotación leiteira na parroquia de Cabanas, moi preto de Santiago de Compostela. Cada membro da familia ocúpase dunha tarefa relacionada coa explotación (como Marcos e os seus pais) ou co coidado da horta da casa (coma os avós), excepto María, a irmá de Marcos, que prepara oposicións na cidade logo de rematar a carreira. Afóndase na realidade do rural, onde agroman sentimentos de envexa, avaricia e competitividade nunha sociedade na que os individuos pelexan por medrar en número e tamaño de propiedades (o maior número de reses, a casa más grande, as mellores terras...), traballando arreo. Os costumes tradicionais, incluso ancestrais, que se amosan na novela contrastan cunha patente modernización do rural, retratada na propia explotación leiteira, punteira no ámbito tecnolóxico, nas relacións afectivas entre os personaxes ou nos problemas actuais no comercio do leite a nivel internacional.

Recensións:

- Francisco Martínez Bouzas, "Unha novela coral", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 580, "Libros", 21 abril 2016, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 537, "Letras galegas", 30 abril 2016, p. 10.

Preséntase a nova entrega narrativa do autor, que pode ser considerada continuación da anterior, pasando dos anos cincuenta á actualidade nunha novela ruralista. Dise que a novela retrata o vivir cotiá nunha explotación gandeira modernizada, símbolo dunha Galicia agraria transformada. Situando a trama en Cabanas, o autor desenvolverá ao tempo unha historia de amor, e saberá presentar notábeis diferenzas no carácter de mozas e mozos. A corrupción política, a desgaleguización ou os amores tóxicos son outros dos temas que esta novela coral achega dende a súa linealidade e verosimilitude.

- Ramón Nicolás, "A Galicia agraria alén dos estigmas", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "En galego", "Letras", 22 abril 2016, p. 6.

Coméntase a segunda novela do autor facendo unha breve referencia ao título precedente (centrado na vida cotiá dunha aldea galega na metade do XX) e presentando o seu gran valor: deseñar dende o coñecemento un mundo que se ignoraba ou estigmatizaba como asunto literario contemporáneo, aquel da Galicia agraria modernizada. Apóstase pola desmitificación dese espazo, polo realismo e pola atención ás expectativas da mocidade dende a mesma escolla da voz narradora.

- Pablo Vaamonde, "A mocidade do rural", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 538, "Literatura", 7 maio 2016, p. 11.

Demorado comentario da segunda novela do autor d'*As rapazas de Xan*, desta volta un retrato do mundo rural galego dende a ollada da mocidade actual. Situada en Cabanas, diferéncianse dúas partes nesta historia rural de amor e desamor: a primeira retrata a forma de vivir e traballar nunha explotación gandeira tecnoloxizada; a segunda,

acelerando o ritmo e os diálogos, desenvolve unha trama con traizóns, desenganos e unha investigación policial. Cualifícase de doada e amena e saliéntase a sensación de veracidade que desprende.

Referencias varias:

- Xosé Carlos Caneiro, "Autenticidade", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "Club dandi", 8 abril 2016, p. 12.

Dise que a obra é unha reivindicación da Galicia "que vive e nos vive, de agro, e vacas, e terra". Destaca a autenticidade da escrita e a orde estética.

- M. Outeiro, "Dubra va a impulsar el Día do Libro con Turnes y un taller informático Scracht", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 19 abril 2016, p. 32.

Anuncia a presentación da obra de Turnes no Val do Dubra para conmemorar o Día do Libro no concello. Sinálase que o motivo de escolla do autor é a identificación da temática da obra coa realidade da comarca do rural dubrés. Dise que á presentación asistirán Encarna Otero, o gandeiro Cándido Iglesias e a concelleira de Cultura.

- Marta Veiga, "Eu non son escritor; só vendo seme", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", "Feira do Libro", 21 maio 2016, p. 56.

Dá conta da presentación en Lugo da segunda novela do autor, incidindo na estrañeza do seu caso no sistema literario galego, na orixe fortuíta da súa primeira obra e no pulo dado por Suso de Toro naquela altura. Confírmase que rachar cos estereotipos dos mozos contemporáneos do rural é unha das súas intencións principais.

Lado, María, *Entre os dous hai un río*, Vigo: Editorial Elvira, col. Historias para coñecermos, n.º 5, Vigo, outubro 2016, 60 pp. (ISBN: 978-84-945644-8-2). ■

Novela de María Lado (Cee, 1979) centrada en Lavadores, que fora vila até a súa anexión a Vigo, e Calvario. Nela un grupo de rapaces e rapazas son os protagonistas de diversas historias ambientadas nunha contorna familiar. Deste xeito, visualízanse bares de carácter auténtico e propios do lugar, algúns deles coñecidos polo feito de posuír unha mercancía escasa, o cal reflicte a realidade social e económica das súas xentes. Así pois, a mocidade fará uso do valor da palabra e tentará encher con versos unha serie de edificios abandonados, entre eles, o que se corresponde con "Porcelanas Santa Clara". A incursión na intrahistoria da cidade de Vigo, a humanización da urbe e o achegamento ao mundo da xuventude conforman, entre outros, os ingredientes principais desta narración. Como outros volumes que conforman esta colección, a obra iníciase cun prólogo explicativo de Alberto Vilaboa Pérez e presenta fotografías do momento.

Lamelas, Juanjo, *Sete puntos negros sobre fondo vermello*, Noia: Toxosoutos, colección Nume, 2016, 184 pp. (ISBN: 978-84-94600-10-4).

Juanjo Lamelas (Ourense, 1964) achega un conxunto de sete contos de ánimas atormentadas, de feitizos, meigallos, apócemas e encantamentos. Sete contos de

pesadelos e de maldades que se revolven contra quen as comete, historias ateigadas de lendas. A obra iníciase cos seguintes versos, a modo de carta de intención do autor: "Sete fiestras abertas á outra realidade,/ sete relatos escuros,/ sete puntos negros/ sobre o fondo sanguinolento/ dunha xoaniña da boa sorte./ Que sutil paradoxo!". Previamente, na primeira páxina, insírese unha dedicatoria: "Grazas sentidas a Nérida Alfonso Sánchez, José Luis Álvarez Pérez, Jorge Emilio Bóveda Álvarez, Francisco Fernández Cid, Luis García Marcos, Fernando Martínez Menchón, Leopoldo Rodríguez Puga e Juan Vila Oural por contribuír a facer mellor este libro.". En "1. Eu xa morrera cando me decatei", unha ánima atrapada no seu cadaleito non pode cruzar ao mundo dos mortos por ter débedas no mundo dos vivos; en "2. Mandrágora", unha planta milagrosa contén o poder de Deus, ou do Diaño, dependendo de quen a utilice; en "3. Meu Deus, dime que o soñei", unha persoa con delirios non consegue distinguir a realidade dos soños; en "4. As fiestras", fiestras negras, pintadas en paredes, permiten aos escollidos acceder a outras realidades; en "5. Procurando corpo para o meu espírito", o suicidio é a forma de acceder a outro corpo e memoria; en "6. Dentro do meu espello", lembranzas e débedas gardadas en espellos deben ser pagadas por quen os olle; e, por último, en "7. A mensaxeira", a inxustiza e o pasado sempre volven. Na contracuberta, o autor insire de novo un poema, fechando o ciclo aberto nos primeiros versos e dirixíndose directamente ao lector, creando complicidade e misterio: "Tras da túa memoria, baixo da túa cama, […], acubillados no soto… Onde se agochan, querido lector, os teus medos? […]".

Referencias varias:

- Mónica Vázquez, "Sete contos dende o alén", *La Región*, "*Vida*", n.º 2.269, "En confianza", 11 decembro 2016, pp. 2-3.

Entrevista a Juanjo Lamelas con motivo da publicación da súa última obra. Indica que se trata dun conxunto de contos centrados na maxia, "sete historias cheas de lenda e de retranca galega".

López Silva, Inma, *Aqueles días en que éramos malas*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria, xuño 2016, 424 pp. (ISBN: 978-84-9865-720-3).

Novela polifónica de Inma López Silva (Santiago de Compostela, 1978) que narra as vivencias de cinco mulleres que pasan xuntas un encerro no cárcere: unha monxa, unha puta, unha moza colombiana e unha funcionaria de prisións, xunto coa voz en ton confesional de Inma, escritora que atravesa unha crise de inspiración. Conxúganse as diferentes voces femininas que, no decorrer dos capítulos, rescatan os días do pasado lembrando as voltas que deron as súas vidas até a súa chegada ao cárcere. A novela móvese entre a traxedia e a comedia e está estruturada en corenta capítulos, cuxos títulos van acompañados, entre parénteses, do nome da protagonista para guiar o lector ou lectora. Deste xeito, cada capítulo correspóndese coas vivencias de cada protagonista, creándose un ambiente polifónico no que se traballan os diferentes puntos de vista, só unidos polo encerro que comparten. Inma, a escritora, é a única voz que aparece cun narrador en primeira persoa e en ton confesional. O resto das protagonistas presentan un narrador omnisciente. Na novela son tratadas temáticas como a banalidade do mal, a idea de culpa, a maternidade, a loita pola supervivencia, a crítica ao patriarcado, o amor e a soidade, entre outras. O libro ábrese coa dedicatoria que reza "A

Pablo" e péchase coa seguinte nota de agradecemento: "Grazas. A Breixo, Benigno e Miguel, que me falaron das súas vidas no cárcere e dos seus delitos. A Tito Asorey, por presentarme a Breixo. A Carlos Olbés e ao persoal do Centro Penitenciario da Lama. A Raúl Francés, por facerme coñecer as comunidades xitanas. E a Lola López Castro, que un domingo chuvioso de café me explicou o día a día do cárcere coa paixón de quen ama a súa profesión".

Recensións:

- Xosé Carlos Caneiro, "Indispensables", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "No ficción", "Club dandi", 26 agosto 2016, p. 11.

Dáse conta de que esta novela é a segunda que recomenda, de entre as súas lecturas estivais, comentando, ademais do seu argumento, cuestións que lle parecen salientábeis como o humor tan fino que se emprega, o estilo delicado e lixeiro e o ferinte da historia, tan tráxica. Ademais de facer breves reflexións sobre outras novelas, engádese que se trata da mellor obra da autora, sen dúbida.

- Ramón Nicolás, "As feridas dunhas vidas", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "En galego", 2 setembro 2016, p. 13.

Coméntase o argumento da novela, pero afírmase que o propósito da autora era ir máis alá que contar as biografías de cinco mulleres que están na prisión da Lama. Infórmase de que López Silva reflexiona sobre o mesmo proceso de creación literaria e de que acaba por construír "unha conseguida metáfora vital" na que os conceptos de liberdade, relacións, angustia, soidade e sufrimento teñen importancia capital. Conclúese que se trata dunha gran novela.

- Montse Pena Presas, "O cárcere como a vida", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 598, "Libros", 13 outubro 2016, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 551, "Letras galegas", 22 outubro 2016, p. 10.

Coméntase que a novela é unha mestura entre a realidade e a ficción, con pegadas autobiográficas da súa autora, tendencia que esta xa empregou en achegas biográfico-ficcionais como *New York, New York* (2007) e *Maternosofía* (2014), segundo se indica. Indícase que os personaxes son interesantes, que rompen os tópicos e que rozan as arestas da marxinalidade. Sobre os capítulos, coméntase que están protagonizados polas lembranzas de cada unha das protagonistas, alternando o emprego dun narrador omnisciente e unha voz en primeira persoa, a da escritora. Finalízase facendo fincapé na ironía amarga que está presente en toda a narrativa e no feito de que esta novela constitúe a mellor obra da autora.

Referencias varias:

- A. Canide, "López Silva presenta 'Aqueles días en que éramos malas", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Agenda", "Para todo los públicos", 9 xullo 2016, p. L11.

Informa da presentación en Cronopios da novela na que estiveron presentes María Solar e Víctor Freixanes. Dise que no acto a autora reflexionou con respecto da carga social sobre a muller.

- Xesús Fraga, "Inma López Silva. 'A cadea é coma o mundo do fóra, pero cunha dor latente que racha con todo", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 17 agosto 2016, p. 33.

Acóllese unha conversa coa autora desta obra, na que se fala, entre outras cousas, do espazo no que se desenvolve a mesma, da importancia das personaxes e da súa relación co mundo que ficcionaliza, a prisión.

- Alba Moledo, "Inma López Silva. 'As mulleres estamos dobremente reprimidas", *Diario de Pontevedra*, "reviSta", n.º 836, "Entrevista", 4 setembro 2016, pp. 4-5.

Entrevista coa autora na que reflexiona sobre o que a levou a escribir unha historia así e a importancia do protagonismo feminino, entre outras cuestións.

Manuel Esteban, *A ira dos mansos*, Premio Xerais de Novela,Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, outubro 2016, 192 pp. (ISBN: 978-84-9121-101-3).

Novela policial de Manuel Esteban (Vigo, 1971) cun transfondo social que cuestiona os canons de normalidade e perfección e convida á reflexión e á superación dos prexuízos. O protagonista da historia é Carlos Manso, inspector de policía que debe resolver o caso da morte dunha nena con síndrome de down, cuxo cadáver aparece nos terreos do edificio Bandeira de Vigo. Para resolver o crime, o inspector realiza un percorrido polo mundo da delincuencia local e internacional que, pouco a pouco, o vai minando emocionalmente. É recorrente o emprego do humor, por veces cargado de cinismo. Predomina na narración o emprego do estilo directo, que axiliza a lectura e dá voz aos personaxes.

Recensións:

- Ramón Nicolás, "Unha novela viguesa, universal", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "En Galego", 21 outubro 2016, p. 10.

Indícase que o autor converte Vigo en cidade literaria nesta novela negra ou policial na que destacan espazos como o edificio Bandeira, a rúa Ramón Nieto e a rúa Churruca. Engádese que, aínda que encaixa na formulación máis canónica do xénero, tamén se adopta unha visión diferente que cuestiona os tópicos e falsas convencións sociais verbo das persoas coa síndrome de Down.

- R. L., "A ira dos mansos", *Diario de Pontevedra/ El Progreso*, "*Táboa Redonda*", n.º 54, 23 outubro 2016, p. 7.

Dá conta brevemente do argumento da novela que considera "policial" cun acusado "enfoque social" que fai reflexionar ao lector sobre o prexuízo nunha narración sustentada por un acedo sentido do humor. Acompaña información sobre a traxectoria do autor.

- Montse Pena Presas, “Un acertadísimo premio”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 605, “Libros”, 1 decembro 2016, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 558, “Letras galegas”, 10 decembro 2016, p. 10.

Coméntase que a presente novela se achega á liña marcada por *Crime en Compostela,* de Carlos Reigosa. Engádese unha breve descrición dos contidos principais do argumento e indícase que a obra toma como base as características principais da novela negra para afondar na diversidade funcional e concienciar aos lectores e lectoras.

- Diego Ameixeiras, “O país do cromosoma extra”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Libros”, “Actualidad”, “1.280”, “Almas”, 9 decembro 2016, p. 10.

Fálase dos prexuízos sociais arredor das persoas con síndrome de Down e enlázase co argumento principal da novela, unha moza con esta característica que aparece asasinada en Vigo. Engádese o texto do epílogo da novela e un breve resumo da mesma.

Referencias varias:

- J. A. Otero Ricart, “Escribiendo con Antón”, *La Opinión*, “*El Domingo*”, n.º 781, “Letras terapeuticas”, 19 xuño 2016, pp. 2-3.

Entrevístase ao autor co gallo de dar visibilidade ás persoas con síndrome de Down e achegar a súa propia experiencia vital. Coméntase que a súa novela xurdiu a partir do momento en que o seu fillo naceu con esta particularidade, como unha forma de desafogo. Engádese que a obra pretende superar prexuízos e axudar a outras persoas que pasen por unha situación semellante. Defínese a peza como unha novela negra, cunha trama trepidante que trata sobre a inclusión, a dignidade e o respecto, cuestións morais e contradicións.

- Marta Balo, “Manuel Esteban. ‘A ficción está chea de paternalismos sobre a discapacidade intelectural”, *Diario de Pontevedra*, “*reviSta*!”, n.º 831, “Entrevista”, 19 xuño 2016, pp. 4-5.

Conversa con Manuel Esteban con motivo da publicación da súa novela. Indica que esta pretende ser un altofalante dun colectivo moi particular, o das persoas con síndrome de Down. Comenta que gran parte dos prexuízos que se reflicten na novela son propios do autor e das súas vivencias persoais, pois o xerme da novela xurdiu ao ter un fillo con esta síndrome. Sinala que tratar esta temática na arte, no cinema ou na literatura, é unha forma de inclusión social e de visualización, para isto o autor engade que optou polo xénero de novela negra, xa que para el é unha “sopa moral” na que é máis fácil poñer de relevo algunhas cuestións.

- Isabel Blanco, “Manuel Esteban. ‘A humanidade medra ao compartir experiencias, e a literatura pon voz ás ideas”, *El Correo Gallego*, “Entrevistas”, 8 agosto 2016, p. 12.

Entrevista ao autor con motivo da obtención do Premio Xerais de Novela na que se comentan, entre outras cousas, o que significou para o gañador este galardón, os problemas sociais e prexuízos que se abordan na obra e o que supón para este médico a literatura.

- Lourdes Varela, “Manuel Esteban. ‘Atráenme as personaxes ambiguas e os antiheroes”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 600, 27 outubro 2016, p. V/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 553, 5 novembro 2016, p. 11, “Entrevista”.

Manuel Esteban nesta entrevista dá conta da orixe da novela e sinala o motivo da escolla do xénero negro. Tamén reflexiona sobre o protagonista da obra e sinala algúns dos seus referentes literarios.

- M. C. e J. M. G., “En galego”, *El Correo Gallego*, “*2 domingo*”, 6 novembro 2016, p. 3.

Salienta, entre outras obras, *A Ira dos Mansos*. Valora o Premio Xerais que, coa súa dinámica, permite facer xurdir novos nomes na literatura galega.

- Fernando Franco, “Entre libros anda el juego”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, “Mira Vigo”, 29 decembro 2016, p. 10.

Sinala *A ira dos mansos* como unha das últimas obras que chamaron a súa atención nas librerías.

Meixide, Carlos, *Inge e Robbie*, Santiago de Compostela: Carlos Meixide, 2016, 132 pp. (ISBN: 978-84-16121-48-9).

Novela de Carlos Meixide (Vilagarcía de Arousa, 1977, dividida en dezanove capítulos e centrada nas vivencias dunha parella holandesa en crise, Inge e Robbie, durante a súa viaxe a Santiago de Compostela. Ao pouco, vanse intercalando tempos e espazos, lembranzas e soños dos dous personaxes principais xunto con outras historias e lugares. O libro ábrese cun limiar que leva por título “A xeito de introdución”, un texto escrito polo propio autor onde dá conta da xénese da novela, a cal se indica que “nace da necesidade de experimentar”, e no que se desculpa co lectorado por se durante o decorrer da lectura se “atopan incongruencias históricas ou xeográficas imperdoables”. A novela arranca coa viaxe de Robbie e Inge, unha parella que comeza unha viaxe a Santiago de Compostela para resolver os seus problemas amorosos. A partir de aí, o autor desprázase a outros lugares e tempos, narrando novas historias, mais mantendo un fío argumental. É de destacar a importancia da cidade de Santiago de Compostela no decorrer da narrativa, con moitas mencións e moitas referencias facilmente recoñecíbeis, tales como a Cidade da Cultura, as festas da Ascensión e locais como A Casa das Crechas. Péchase cun apéndice, “Caderno de notas de Robbie”, introducido por un debuxo da Cidade da Cultura. Trátase dunha narración na que está presente a lingua galega, a inglesa e a castelá e na que se mesturan diferentes voces narrativas.

Referencias varias:

- Isabel Blanco, “Carlos Meixide. ‘A autoedición revérteme máis beneficios tanto no eido persoal como no económico”, *El Correo Gallego*, “Entrevistas”, 27 abril 2016, p. 21.

Entrevista ao autor e humorista, na que se salienta o protagonismo da cidade de Santiago de Compostela e se revisa a traxectoria e tempos de escrita do autor, á vez que se comenta a súa escolla consciente en favor da autoedición.

- Marga Mosteiro, "Santiago contra las crisis de pareja", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Agenda", "Para todo los públicos", 27 abril 2016, p. L7.

Infórmase da presentación da obra en Cronopios, da man da xornalista María Yáñez; resúmese a trama e coméntase que a obra representa un xiro con respecto á novela xuvenil *Ons*, que acadara un éxito considerábel.

- Marta Veiga, "Inge e Robbie' é a historia dunha parella en crise perdida nun país en crise", *El Correo Gallego*, "Vivir", "Cultura", 30 abril 2016, p. 51.

Infórmase da presentación da obra na libraría Trama de Lugo. Anúnciase que o autor ultima *Cans*, a continuación de *Ons*, concibida como triloxía.

- Cuca M. Gómez, "El Rotary Club, de gala benéfica", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Gente a diario", "De café con Cuca", 5 xuño 2016, pp. 78-79.

Entre outras actividades, anuncia a presentación desta obra e a presenza de Susana Regueira no acto.

- Ramón Nicolás, "Contrastes e diversión", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "En Galego", 14 outubro 2016, p. 14.

Dá breve conta do argumento e considera *Inge e Robbie* unha novela áxil, divertida, crítica froito da liberdade creativa do autor.

Meixide, Carlos, *Cans*, [S.l.]: Carlos Meixide, 2016, 157 pp. (ISBN: 978-84-16121-58-8).

Obra narrativa, de Carlos Meixide (Vilagarcía de Arousa, 1977), que constitúe a continuación do seu libro de literatura xuvenil anterior *Ons* (2015) e que está dedicada "Aos meus pais, con todo o cariño do mundo e máis". Dividida en dezasete capítulos, está ambientada no festival de cinema de Cans, onde un grupo de persoas van rodar unha curta durante os días do festival. Parte da narración desenvólvese arredor do vello túnel do tranvía no Alto do Confurco, cuxa finalidade era unir Mondariz Balneario con Vigo. O humor, a retranca, o misterio e o suspense son trazos característicos desta obra. Tamén a presenza de personaxes que resultan familiares: cineastas, actores e actrices, críticos de cinema, xornalistas etc. Péchase o volume cunha cunha referencia a *Ons* e coa mención das librarías nas que se pode comprar a obra.

Referencias varias:

- Roma Tébar, "La nueva novela de Carlos Meixide, dedicada a 'Cans", *Atlántico Diario*, "Área metropolitana", "Condado/ Louriña", 27 novembro 2016, p. 18.

Indica que a novela xa está dispoñíbel en librarías de Vigo, Bueu, Santiago de Compostela, Pontevedra, A Coruña e O Porriño. Comenta que nela se conta a historia dun grupo de mozos que deciden rodar unha curta durante o Festival de Cans.

- B. LL., "Carlos Meixide presenta su libro sobre el Festival de Cans esta tarde en Porriño", *Faro de Vigo*, "Louriña", "Área metropolitana", 15 decembro 2016, p. 16.

Anúnciase a presentación da obra na tenda de xoguetes Tía Tata e destácase a presenza do escritor Diego Giráldez no acto. Fálase brevemente do argumento da novela centrada no Festival de Cans e coméntase que se lerán varios fragmentos do libro.

Monteagudo, Xosé, *Todo canto fomos*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria, n.º 347, maio 2016, 534 pp. (ISBN: 978-84- 9865-695-4).

Novela de Xosé Monteagudo (Moraña, 1965), dividida en seis grandes capítulos. O fío condutor que lle dá coherencia á trama é a cesión duns papeis por parte de Maribel ao seu fillo nos que de forma desordenada conta a historia da súa vida. Para isto apóiase nuns diarios e lembranzas que o seu avó lle entregara a un amigo seu, Miguel Aboi, co obxectivo de que llos fixese chegar. Todos os relatos se sitúan entre finais do século XIX e mediados do s. XX e grazas a eles podemos reconstruír a nenez e mocidade de Maribel e daquelas persoas que a rodeaban, ao mesmo tempo que o personaxe principal que recolle ese legado comeza a comprender mellor a súa infancia e os condicionantes que esta tivo. A medida que o protagonista se interna na lectura destes documentos co fin de aproveitalos para unha novela autobiográfica, o lector vai advertindo a relación de parentesco existente entre os personaxes dos distintos relatos. Maribel foi unha nena adoptada por Arturo e Sara, despois de que a súa nai, Carlota, unha mestra de escola que loitaba en prol da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, fose vítima da represión da guerra, ao igual que o seu marido e membro do Partido Galeguista, Anxo Daponte. Maribel medrou nese fogar sen coñecer que en realidade Arturo e Sara eran seus tíos e Amaro o seu verdadeiro avó. Esta figura será o único confidente da rapaza, pois comprende o seu espírito crítico e aproba a súa rebeldía. Entre as historias que se relatan coñecemos tamén o pasado de Amaro, un emigrante que pasou de ser empregado dun curtidoiro a ser o seu propietario. Cando os negocios parecían prósperos, decidiu regresar coa súa dona a Galicia e administrar unha libraría. Durante a mocidade, Maribel namorouse de Fernando, un estudante de medicina, fillo de zapateiro, que pronto se convertería no amor da súa vida. Con todo, as aspiracións da familia da moza non viron con bos ollos aquela relación e impedírona sen coñecer que estaba embarazada. A protagonista accedeu entón a casar cun pretendente que agradaba a seus pais, pero do que non tardou en enviuvar despois dun tráxico accidente. A obra remata coa conversa entre o fillo de Maribel, un escritor afincado en Londres con éxito na publicación de novela negra, e a súa filla Sheila coa que recupera a relación despois da súa separación mentres escribe e conclúe a novela que inspiraron os acontecementos familiares.

Recensións:

- Vicente Araguas, “Realidade voluminosa”, *Diario de Arousa*, “*O Salnés Siradella*”/ *Diario de Ferrol*, “*Nordesía*”, n.º 938/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 938, “máis Libros”, 19 xuño 2016, p. 30.

Despois dunha reflexión sobre a escrita novelística, coméntase a “amenidade” desta obra e a súa magnífica ensamblaxe estrutural. Saliéntase igualmente o bo uso da Historia como medio de cronificar a realidade, amais de repasar o fío condutor da novela.

- Carlos Lema, “Carta a Xosé Monteagudo. Sobre *Todo canto fomos* e a actualidade do xénero da novela”, *Grial*, n.º 211, “O espello das letras”, xullo, agosto, setembro, 2016, pp. 110-115.

Achégase unha análise da obra *Todo canto fomos* en relación á contemporaneidade do xénero da novela. Con respecto á obra destácase a multipliciadade de personaxes, a temática histórica e a fusión de relato e drama. Menciónase a tendencia ao realismo e ao modernismo da novela. Alúdese a que o seu contido xira arredor do labor dun escritor que pretende escribir un libro a partir da transcrición das memorias de dúas mulleres. Destácase a función do lector de identificar os vínculos argumentais entre as tres tramas que compoñen a novela e apúntanse as posibilidades de relación entre elas. Achégase un resumo da historia de cada un dos personaxes. Reivindícase a interpretación da obra en relación ao papel principal das mulleres e do amor como elemento de construción da sociedade. Achégase unha análise histórica, filosófica e literaria das características da obra como melodrama, en relación á temática amorosa e á familia, así como das constricións da cultura nacional e da estética literaria suxeita á perspectiva do suxeito histórico.

- Ramón Rozas, “Unha cidade de novela”, *Diario de Pontevedra*, “A vida nun fío”, 2 xullo 2016, contracuberta.

Salienta o protagonismo da cidade de Pontevedra nesta magna obra. Explica que o elemento que suxeita principalmente a novela é a memoria e que o metaliterario ten unha importancia capital no desenvolvemento da mesma, así como certos personaxes e espazos tirados da historia e paisaxe local. Cualifica o texto de “espectacular” e “inesquecíbel”.

- Montse Pena Presas, “O alimento do ser”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 592, “Libros”, 14 xullo 2016, p. VI.

Coméntase que se trata dun texto “coral e poliédrico”, cunha técnica depurada e unha singular estrutura. Dáse conta de que é o lector o encargado de ir reconstruíndo a historia a partir das breves viñetas que se lle presentan. Tamén se fai un repaso dos personaxes que aparecen na acción, que son moitos, así como a amplitude de espazos, entre os que destaca a cidade de Pontevedra. Cualifícase o texto de “engaiolante”, ademais de considerarse a mellor novela do autor.

- Ramón Nicolás, “Un crebacabezas literario”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Letras”, “En galego”, 4 novembro 2016, p. 10.

Sinala que se trata dunha novela poliédrica, intensa e moi precisa na que se apreixa a historia máis recente de Galiza. Comenta que a obra tivo un grande éxito de recepción por parte do público, tratándose dunha das novelas máis salientábeis do ano. Sinala que está conformada por un conxunto de personaxes solventes, solidamente construídos, que achegan unha visión dende diferentes perspectivas. Sobre a estrutura afirma que convida a reconstruír a historia tapando lagoas, ao tempo que se abordan os grandes temas da condición humana –amor, poder, memoria, rebeldía.

- Ramón Rozas, "Dous títulos na memoria da cidade", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Ciudad", 14 novembro 2016, p. 8.

Fálase de *Todo canto fomos* co gallo do mes da memoria histórica, para lembrar as vítimas após o alzamento militar e a Guerra Civil. Indícase que ten a Pontevedra como pano de fondo e que se centra en feitos de 1936. Compara esta obra con outra que tamén se achega á temática e ofrece un breve resumo do argumento.

Referencias varias:

- R. L., "Todo canto fomos", *Diario de Pontevedra*/ *El Progreso*, "*Táboa Redonda*", n.º 37, 29 maio 2016, p. 7.

Dá conta da varias historias que se entrecruzan na novela, asociadas a distintos personaxes entrelazados nunha trama común e salienta o percorrido da obra por máis dun século de historia galega, "o relato dun pasado que segue alentando no presente".

- Belén López, "Xosé Monteagudo. 'A Pontevedra dos anos 20 é un pano de fondo extraordinario", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Ciudad", 4 xuño 2016, p. 12.

Pequena entrevista co autor na que se comentan, entre outras cousas, as diversas historias que conforman a novela e que conflúen nun único fío condutor, a importancia do contexto histórico no desenvolvemento da trama, o importante labor de documentación feito por Monteagudo e a relevancia da cidade de Pontevedra.

- Cuca M. Gómez, "Comienza Vertixe Sonora", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Gente a diario", "De café con Cuca", 14 outubro 2016, pp. 62-63.

Entre outras cousas, infórmase da presentación desta obra na Casa das Campás de Pontevedra.

Murado, Miguel Anxo, *Libro de horas*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria, xuño 2016, 183 pp. (ISBN: 978-84-9865-707-4).

Volume da autoría de Miguel Anxo Murado (Lugo, 1965), composto por cincuenta e sete relatos breves e intitulados, de temática diversa, que parten de situacións ou banalidades do cotián para realizar unha reflexión complexa sobre elas dende o afondamento psicolóxico e filosófico. Os pequenos relatos recollidos son unha selección dos artigos publicados polo escritor no xornal *La Voz de Galicia* entre marzo de 2014 e xullo de 2015 baixo a rúbrica "Libro de horas". Principia coa dedicatoria "A Martín,

que naceu entre dous textos deste libro". Ao remate do libro recóllese unha nota do autor onde explica o motivo do título do volume, a orixe dos relatos e agradece a Mónica Martínez Baleirón, Santiago Carballal, Pilar García Velasco e aos seus amigos do xornal polas distintas contribucións ao resultado final. Os textos parten, na súa maior parte, dunha noticia de actualidade, un recordo, unha viaxe, unha experiencia vivida, ou un fragmento dun libro para facer matinacións persoais das contradicións, dificultades e problemática da condición humana, facendo un aceno á sociedade contemporánea e a sucesos actuais, como o perigoso control que exercen as novas tecnoloxías sobre as persoas, guerras e conflitos bélicos activos, o terrorismo, a pegada ecolóxica, ou temáticas universais como a transcendencia da vida, o pasar do tempo, a incomprensión dalgúns comportamentos humanos ou as ansias de poder.

Recensións:

- Ramón Nicolás, "Viaxes pola memoria e pola actualidade", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "En Galego", 29 xullo 2016, p. 11.

Dáse noticia da publicación desta compilación de artigos escritos para *La Voz de Galicia* durante os dous últimos anos, textos que o crítico considera "redondos e ben articulados". Infórmase de que xa fixera algo semellante no seu anterior *Escrito nas cafeterías* e de que a obra camiña entre moitos asuntos da actualidade que dan inicio a outros de tipo persoal para acabar reflexionando, non era outro o motivo, nas "estremas da condición humana". Conclúe recomendando a obra e salientando a faciana literaria do autor nela, algo que considera un dos atractivos da mesma.

- Montse Pena Presas, "O pouso do artigo", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 599, "Libros", 20 outubro 2016, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 552, "Letras galegas", 29 outubro 2016, p. 10.

Cítanse dúas obras anteriores do autor consideradas imprescindíbeis, *Escrito en cafeterías* (2014) e *Fin de século en Palestina* (2008). Coméntase que na actual peza se recollen as columnas homónimas publicadas en *La Voz de Galicia* entre marzo de 2014 e xullo de 2015. Destácase o gusto do autor polos asuntos e problemáticas de ámbito internacional, a súa sinxeleza na escrita e o feito de relacionalos coa arte.

- Inma López Silva, "A mestría do columnismo literario", *Grial*, n.º 212, "O espello das letras", outubro, novembro, decembro 2016, p. 86.

Destácase que a obra constitúe unha recompilación dos artigos xornalísticos do autor. Apúntase que a obra remata cunha "Nota" na que o autor reivindica a columna do xornal como xénero. Saliéntase que para a constitución desta obra o autor procede a condensar en cada artigo, a partir dos feitos, diferentes facetas do ser humano, dende a histórica até o seu carácter. Anótase o distanciamento do autor respecto ás circunstancias narradas e a mestura de realidade e ficción que ten lugar na narración. Por último, ponse en relación a este autor coas figuras dos irmáns Camba, con Cunqueiro ou con Manuel Rivas e sinálase a proximidade do xénero do artigo xornalístico co do relato breve.

- Laura Caveiro, “Tecín soa a miña tea”, *Tempos Novos*, n.º 234, *ProTexta*, n.º 11, “ProPostas”, novembro de 2016, p. 80.

Faise un percorrido pola traxectoria literaria do autor salientando as súas obras *Ruído. Relatos de guerra* (1995), *Mércores de cinza* (1998) e *O soño da febre* (2007), que foi galardoada co Premio da Crítica de Galicia e da Asociación de Escritores en Lingua Galega. Tamén se fai referencia aos poemarios *Bestiario dos descontentos* (1985) e *Lapidario* (2004), así como obras que mesturan xornalismo e literatura, tales como *Escrito en cafeterías* (2014) e *Libro de horas* (2016), entre outras de diversos xéneros que compoñen a súa produción. Destácase que *Libro de horas* constitúe unha selección das columnas publicadas en xornais de marzo de 2014 a xullo de 2015 e que supoñen unha mestura entre artigo de opinión e relato. Apúntase a temática e a importancia estilística destes escritos, así como a coherencia que adquiren ao ser publicados en forma de libro.

- Vicente Araguas, “Os dez negriños de Murado”, *Diario de Arousa*, “*O Salnés Siradella*”/ *Diario de Ferrol*, “*Nordesía*”, n.º 958/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 958, “máis Libros”, 6 novembro 2016, p. 30.

Dá conta da faceta xornalística do autor e engade que tamén é narrador e poeta, entre outras cousas. Comenta que na obra se recollen lembranzas de guerras e paces, personaxes peculiares, viaxes exóticas... publicadas en *La Voz de Galicia*.

Nara, Antía, *Cara ao leste*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, febreiro 2016, 152 pp. (ISBN: 978-84-9914-972-1).

Novela de Antía Nara (Santiago de Compostela, 1974) que se abre cunha dedicatoria da autora e cunhas verbas de Erich Mühsam e Norbert Elias. O volume estrutúrase en doce capítulos, que teñen como eixe a celebración dun velorio nocturno nunha aldea galega, o cal serve como pretexto para determinar o punto de partida das traxectorias persoais dos personaxes. A través dun narrador en terceira persoa, relátase o reencontro de catro mulleres que acompañan a Isolina, a finada, na súa última noite e a misteriosa desaparición dun veciño, un acontecemento que atormenta a poboación máis que o dó pola morte da muller. Ao longo da obra abórdanse diversos temas de carácter universal como o medo, a morte, a represión, o conformismo ou a existencia de determinados feitos rutineiros que están condenados a desaparecer polos cambios da sociedade actual.

Recensións:

- Ramón Nicolás, “O mundo de Al-Luaira”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Letras”, “Galego”, 4 marzo 2016, p. 6.

Coméntase “suxestiva” volta á narrativa da autora despois de nove anos sen publicar. Lémbrase que a trama xira arredor de catro mulleres que se reencontran ao participar no velorio de Isolina en Al-Luaira. Noutrora unidas por unha iniciativa empresarial común que un incendio destruíu, efectuarán un axuste de contas, individual e colectivo, co pasado. Saliéntanse como valores o ritmo áxil, a transparente descrición do mundo da morte e das razóns dos incendios no contexto rural, así como a vida “transterrada”

dunha das protagonistas en Dresde ou o abano de modelos de comportamento femininos presentados.

- Armando Requeixo, "O Mystic River de Antía Nara", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*"/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 925/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 925, "letras Atlánticas", 20 marzo 2016, p. 32.

Coméntase a volta á narrativa da voz que se agocha tras este sobrenome literario, comezando por lembrar *Aquel lugar* (2007), novela de viaxes exteriores e interiores na que se presentaba xa o mundo de Al-Luaira, recuperado na nova entrega. Deseguida, sintetízase a trama, centrada en catro mulleres emprendedoras do rural, cuxa cooperativa bateu en tempos coas intencións especuladoras dun veciño e rematou inesperadamente incendiada. O seu reencontro nun velorio convoca reflexións sobre o tempo, a identidade, a terra ou a amizade. Sublíñase a habelencia dunha traxedia narrada dende a suxestión e a violencia faulknearianа, nun xogo de espellos transtemporal.

- Dolores Martínez Torres, "Coidada arquitectura", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 581, "Libros", 28 abril 2016, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 538, "Letras galegas", 7 maio 2016, p. 10.

Iníciase a recensión describindo o momento do velorio, que posibilita o reencontro de catro mulleres despois de vinte anos e despois do abrupto final dun proxecto de xuventude. Destácase a delicada complexidade da narración e a coidada arquitectura do relato, capaz de inserir no tempo dese velorio a construción das personaxes coa súa historia individual, e a descrición da arquetípica Al-Luaira, territorio impreciso pero definitorio do rural galego, coas súas lacras e valores. Unicamente se cuestiona a intensidade do sentimento final menos comprensíbel.

- Marta Resille, "Chea de honestidade", *Tempos Novos*, n.º 228, *ProTexta*, "ProPostas", maio 2016, p. 89.

Afóndase no argumento da obra salientando que achega unha análise dos comportamentos do rural a través da historia de tres mulleres, abordando, dende distintas perspectivas, temas como a emigración e a perda de identidade, a morte, o caciquismo, as pautas xenéricas de comportamento tradicionais ou a escolla idiomática. Incídese na brevidade da obra e na descomposición temporal da trama que esixe ao lector un exercicio de ordenación. Destácase que se trata dunha obra que ofrece unha ollada sobre a vida na aldea dende o presente.

- Vicente Araguas, "Outra historia", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*"/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 936/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 936, "máis Libros", 5 xuño 2016, p. 30.

Manifestase en disconformidade cos camiños que segue a narrativa galega actual, indicando que as novelas deberían ser abertas e orixinais, como se afirma que é esta. Coméntase que se organiza ao redor dun velorio no rural e saliéntase que Nara crea un discurso narrativo moi ben elaborado, caracterizado pola elegancia e a eficacia expresivas. Remátase por aludir ao mesmo Rulfo e á súa capacidade para mesturar o mundo dos vivos co dos mortos, que lembra o lector cando se achega ás páxinas desta

novela. Gábase, por último, o traballo feito pola autora, “un choio orixinal no ermo tan previsible que nos invade”.

Referencias varias:

- R. L., “Cara ao leste”, *Diario de Pontevedra/ El Progreso*, “*Táboa Redonda*”, n.º 33, 1 maio 2016, p. 5.

Presenta unha sinopse da novela, na que sitúa o velorio como momento construtor e a morte como motivo central de encontro e reflexión a partir do que se tecen os distintos fíos argumentais. Apunta que *Cara o leste* cavila sobre “o punto de partida” e a procura de “novos territorios”.

Neira, Xerardo, *Pai Miño. O río de ríos de Galicia*, Santiago de Compostela: Xurdir Edicións, febreiro 2016, 167 pp. (ISBN: 978-84-943409-2-5).

Xerardo Neira (Santiago de Compostela, 1978) achégase da man desta obra a un dos símbolos naturais de Galicia: o río Miño. A medida que se percorren as páxinas do relato debúxase o curso de auga doce que se achega a diferentes concellos e monumentos; á vez que se recollen distintas formas léxicas que deron nome ó río ó longo da nosa historia. Esta obra subdivídese en diferentes partes que describen a ese símbolo tan particular: nunha primeira sección atopamos datos que o describen dende unha perspectiva máis xeográfica; seguidamente dáse conta da relación entre a poboación e o ben natural da auga, é dicir, o proveito e a necesidade do mesmo; finalmente, nunha terceira sección atopamos o percorrido do río polas distintas provincias galegas, así como a importancia e presenza nos distintos concellos.

Referencias varias:

- Marta Salgado, “Xerardo Neira rinde homenaje literario a los 300 kilómetros del Miño”, *La Región*, “Ourense”, 13 febreiro 2016, p. 7.

Preséntase no Centro Cultural da Diputación de Ourense este recorrido literario e fotográfico pola xeografía galega bañada polo Miño, as súas nomenclaturas e concellos, con autoría de Xerardo Neira e colaboración de Henrique Neira e Iván Garmén. Recóllense declaracións de Manuel Baltar e a responsábel da editorial Xurdir, Carmen Vázquez.

Nicolás, Ramón, *O espello do mundo*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, xuño 2016, 192 pp. (ISBN: 978-84-9121-051-1).

Novela de Ramón Nicolás (Vigo, 1966) que se achega ao mundo actual e ao pasado a través da figura de Martiño. A través da documentación que a súa avoa lle dá sobre San Pedro de Ramirás, antigo cenobio e agora residencia de anciáns, o protagonista comeza unha interesante pescuda. O relato constrúese a través de dúas personaxes fundamentais: Martiño, profesor de historia que investigará os documentos recibidos, e Ona Guiomar,

unha personaxe que emerxe dos antigos papeis como *superiora* do antigo cenobio. A carón de Ona aparecerá outra personaxe feminina relixiosa situada na Alemaña, que se lle dará a coñecer ao lectorado a través da correspondencia entre ambas as dúas. Mesturando distintas voces narrativas que emerxen, dáse conta non só da historia da institución relixiosa, senón do abrochar dunha conciencia feminina e a importancia do seu papel na historia.

Recensións:

- Ana Abelenda, "Os puntos cegos ven a luz", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "Ficción", 17 xuño 2016, p. 10.

Informa dos beneficios da lectura desta obra e dise que a mesma ilumina puntos cegos da historia de Galicia. Alén de comentar a trama, explica o que ao seu modo de ver é máis salientábel da novela, o poder da palabra, pois "amosa a calidade real da literatura".

- Carlos Caneiro, "O espello e o saber", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "No Ficción", 29 xullo 2016, p. 12.

Primeiramente dedica unhas palabras ao oficio do crítico, referíndose ao autor da novela. Despois lóase a estrutura e o argumento da mesma, así como a "xenerosidade e talento" de quen a escribiu. Por último, di que agarda que os lectores galegos saiban recoñecer o gran mérito desta obra.

- Vicente Araguas, "A historia como medio", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*"/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 945/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 945, "máis Libros", 7 agosto, p. 30.

Infórmase que o que fai nesta obra Ramón Nicolás é "empregar a historia como medio", non como fin, é dicir, botar man da historia para ficcionalizada. Ademais de comentarse o argumento da novela, enxálzase a prosa do autor e o seu estilo pulcro e modélico, que pretende ser testemuña dun tempo histórico concreto.

- Henrique Dacosta, "Ramón Nicolás: novelista con oficio", *Diario de Ferrol*, "Ferrol", "La ventana", 11 agosto 2016, p. 6.

Gaba dende o primeiro momento a novela, que considera "atraente" e "cativadora" e sinala as concomitancias que se estabelecen con *Herba moura*, de Teresa Moure. Comenta polo miúdo a trama, salientando a combinación de varias voces narradoras e a vontade de veracidade do autor, así como a erudición patente na totalidade da obra. Conclúe que se trata dunha "estrea novelística fascinante".

- Xesús Alonso Montero, "O espello do mundo", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "En galego", "Beatus qui legit", 19 agosto 2016, p. 12.

Explícase o moito que Ramón Nicolás ten reflexionado sobre o feito narratolóxico e sinálase que a obra se leu dende o punto de vista dun profesor que examina e dun lector que goza. Tamén comenta polo miúdo a trama da obra, da que salienta a súa erudición.

- Laura Caveiro, “Entre ruínas e monxas”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 594, “Libros”, 15 setembro 2016, p. VI.

Indícase que se trata da ópera prima do autor, protagonizada pola personaxe histórica alcumada Sibila do Rhin e ambientada entre o Mosteiro de San Pedro de Ramirás no século XII e a actualidade. Coméntase que ambos os dous planos temporais se equilibran en capítulos alternativos e que está conformada por un corpus epistolar que só conserva unha das voces, a da personaxe do século XII. Engádese que a obra é verosímil e natural, de corte cinematográfico.

- Henrique Rabuñal, “Unha novela brillante”, *Grial*, n.º 212, “O espello das letras”, outubro, novembro, decembro 2016, pp. 82-83.

Faise referencia á obra anterior do autor, *Muralla de Cresconio* (1989), e alúdese ao argumento d’*O espello do mundo* destacando que a novela supón a reconstrución por parte do protagonista da vida da abadesa do mosteiro de Escudeiros a partir de diversa documentación de orixe medieval. Saliéntase o traballo de documentación realizada polo autor e faise referencia á estrutura da obra destacando que se atopa dividida en trinta e dous capítulos. Apúntase a correlación temporal entre a actualidade e o século XII, destacando que esta última dá lugar á variación entre o uso da primeira e da terceira persoa na novela. Faise referencia á relación do argumento desta obra co de *Herba moura* de Teresa Moure.

Referencias varias:

- X. F., “Ramón Nicolás recrea un Medievo luminoso en ‘O espello do mundo”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 2 xullo 2016, p. 38.

Dá noticia da presentación da primeira novela do escritor e crítico literario na feira do libro de Vigo. Comenta o punto de partida da obra e as súas referencias á hora de escribir.

- R. L., “O espello do mundo”, *Diario de Pontevedra*/ *El Progreso*, “*Táboa Redonda*”, n.º 43, 10 xullo 2016, p. 4.

Dá conta da sinopse da obra, centrada na revelación dunha relación epistolar. Di que se trata dunha novela histórica con textos de orixe documental que ofrecen unha nova perspectiva da historia. Acompaña un breve perfil do autor.

- Lourdes Varela, “Ramón Nicolás. ‘As mulleres foron varridas da historia da Idade Media”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 592, “Entrevista”, 14 xullo 2016, p. V.

Entrevista na que o autor comenta, entre outras moitas cousas, a orixe da historia relatada, a importancia de Hildegarda von Bingen e o traballo inxente de documentación para escribir esta novela ambientada na Idade Media.

- Cuca M. Gómez, “No hay tiempo para aburrirse”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, 28 outubro 2016, pp. 70-71.

Informa da presentación na Libraría Paz do último libro de Ramón Nicolás.

Pedreira, Emma, *Corazón e demais tripas*, Santiago de Compostela: Edicións Positivas, col. Narrativas, n.º 48, maio 2016, 79 pp. (ISBN: 978-84-942739-8-8).

Conxunto de textos narrativos, de Emma Pedreira (A Coruña, 1978), de diversa feitura e extensión nos que a temática sexual é o seu eixe central. Nestes corenta relatos, que se poden cualificar de microrrelatos eróticos, tamén está presente o humor e neles pódense ver diferentes historias particulares entre as que está a da noviza Adoración, que remata como prostituta Doris, ou a da procura do significado de palabras como agalmatofilia, alvinolagnia, coulrofilia ou gomfipotismo.

Recensións:

- Armando Requeixo, "A sensualidade de Emma Pedreira", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*"/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 943/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 943, "letras Atlánticas", 24 xullo 2016, p. 32.

Comézase a recensión falando da obra poética de Emma Pedreira, os seus mellores poemarios e os premios gañados. Continúase afondando na obra que estrea, formada por corenta historias sen aparente relación, pero cun fío condutor: personaxes, libros, medio e fobias etc. Dise tamén que a conexión entre lírica e narrativa fai que algúns dos relatos sexan difíciles de encadrar nun xénero literario. Afírmase que o tema central do poemario é o amor, tanto carnal como o imaxinario, pero cheo de sensualidade.

- María Xesús Nogueira, "Literatura dos corpos", *ProTexta*, "ProPostas", setembro 2016, pp. 93.

Comézase reflexionando sobre a polémica da existencia dunha literatura erótica en galego, concluíndo que esta non parece ser un fin, senón máis ben un campo experimental. Dise que a obra vén de gañar o premio Narrativas Quentes e saliéntase como unha mostra de diversidade no discurso de Emma Pedreira. Repásanse as temáticas do libro, como a sexualidade, a atracción e o desexo; pero tamén a deformidade, o corpo, a monstrosidade. Alúdese ao afán de experimentación da autora, que combina a noticia, a carta e o microrrelato. Conclúese salientando o aspecto lúdico do libro, unha experimentación baseada en hipérboles, parodias e desmitificacións.

- Pilar Ponte, "Eróticas próximas", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 603, "Libros", 17 novembro 2016, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 556, "Letras galegas", 26 novembro 2016, p. 10.

Comenta que o volume está conformado por corenta creacións con contos, textos descontinuos, microrrelatos e microrrelatos aparentemente illados que deseñan unha xeografía de eróticas que teñen como fío condutor a paixón. Indica que se atopa unha preferencia de personaxes marxinais e inadaptadas, tales como prostitutas, membros da igrexa, xentes do circo etc. Destaca tres narrativas: "Follas", "Únete a elas" e "Como de

todo", nas cales se dan fórmulas textuais diversas como a carta, entrevista, receita ou crónica xornalística.

Referencias varias:

- M. García, "Os libros volven a Mazarelos nunha nova romaría", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Agenda", "Para todos los públicos", 17 maio 2016, p. L10.

Dáse conta da presentación da obra *Corazón e demais tripas* (2016), de Emma Pedreira, no marco da romaría de libros de Mazarelos.

- R. Nicolás, "Erotismo nunha poética singular", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Galego", "Letras", 5 agosto 2016, p. 11.

Dise que esta obra de Emma Pedreira ten como pano de fondo o desacougo ou o gozo sexual. Indícase que son relatos intensos e heteroxéneos e destácase a presenza do humor e do sarcasmo.

Pérez Pérez, Tito, *Vinte fragmentos de mocidade voraz*, Noia: Toxosoutos, col. Nume, 2016, 95 pp. (ISBN: 978-84-945483-2-1).

As vinte historias que conforman a obra de Tino Pérez (A Coruña, 1983) son relatos breves (apenas dúas ou tres páxinas cada un) e independentes cun único fío de conexión: anécdotas e sucesos da vida cotiá de toda persoa. Personaxes como Lorenzo, Pedro, Xurxo, Afonso, Serxio etc. enfróntanse a situacións como a emisión do voto o día das eleccións, discusións de parella, reflexións sobre a utilidade da poesía ou a preguiza e a falta de forza de vontade para levar unha vida saudábel. Os diferentes relatos amosan unha cara pesimista da vida, na que os personaxes se moven por inercia e se amosan apáticos, mediocres e, por veces, humillados. É un chamamento á reflexión sobre situacións do día a día ás que non só non nos enfrontamos, senón que se prefire ignorar.

Referencias varias:

- Marta García Márquez, "Tito Pérez. 'É un libro sobre as eivas que pode ter a mocidade", *El Ideal Gallego*, "Sociedad", 27 setembro 2016, p. 37.

Entrevístase ao autor coruñés para falar do seu primeiro libro de relatos, do cal se indica que ten intención de darlle forma a unha novela, historias reais cun fondo social e con algunhas pegadas autobiográficas.

Queipo, Xavier, *Os kowa,* Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria, n.º 344, marzo 2016, 252 pp. (ISBN: 978-84-9865-681-7).

Novela de Xavier Queipo (Santiago de Compostela, 1957) estruturada en doce capítulos precedidos dunha dedicatoria e dúas citas, unha delas de William Ospina e outra de Gabriel García Márquez. Dende o parque de Bonaval, en Santiago de Compostela, o

narrador rememora a súa aventura na selva. Deste xeito, relata a historia dun biólogo-científico que viaxa á Amazonia xunto cuns compañeiros para unha expedición, durante durante a cal el e os seus compañeiros son atacados por membros dunha guerrilla. O protagonista, despois de saír do seu agocho, atópase só e ten que afrontarse á vida na selva. Despois de varios días nese lugar chega a un poboado cuxo nome é os *Kowa*, que significa "separados por sexos", homes e mulleres só se xuntaban cada tres lúas. A historia desenvólvese entre Europa e a Amazonia e amosa un diálogo de identidades, de respecto pola diversidade e a natureza.

Recensións:

- Xosé Monteagudo, "Un estilo caudaloso e enfeitizante", *Grial*, n.º 210, "O espello das letras", abril, maio, xuño 2016, pp. 86-87.

Ponse en relación coas seguintes obras do autor ambientadas en espazos distantes: *Ártico e outros mares*, *O paso do Noroeste* e *Malaria sentimental*. Saliéntanse a pertenza de todas estas obras á literatura de viaxes. Destácase que *Os Kowa* gañou o Premio Blanco Amor de novela 2015 e que o seu protagonista é o mesmo que o de *Malaria sentimental*. Alúdese aos lugares polos que transcorre a obra. Faise un percorrido pola temática da novela subliñando que se centra no motivo da viaxe como recurso de introspección e reflexión persoal do protagonista e o abandono da perspectiva eurocéntrica a raíz da descuberta. Por último, faise referencia ás características estilísticas da obra destacando a elaboración ornamental e a claridade da prosa.

- Francisco Martínez Bouzas, "Aventura equinocial", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 583, "Libros", 12 maio 2016, p. VI/ *La Opinión*, "Saberes", n.º 540, "Letras galegas", 21 maio 2016, p. 10.

Saliéntase a intensidade da novela e todo canto vai alén da súa simple catalogación como novela de aventuras. Apúntanse os cambios de escenario entre Europa e a selva amazónica, así como o posterior periplo solitario en balsa, río abaixo, coa esperanza de atopar indios, cifrado a modo de viaxe iniciática e enfrontamento interior do ser humano co seu propio destino. Á vez, sublíñase o equilibrio estilístico conseguido sen renunciar á fondura reflexiva, substrato ético e compoñentes científicos.

- Ramón Nicolás, "Baleirar o fardo da memoria", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "En galego", 24 xuño 2016, p. 11.

Dá noticia do situación da que parte a narración, que non é outra que a necesidade do protagonista de contar as súas vivencias persoais no medio da selva amazónica. Informa de que o autor considera e amosa o concepto de viaxe como "descuberta recorrente". Ademais comenta que a novela contén referencias á súa obra anterior, pero considera que o autor regresa "á prosa máis intensa e desacougante" da súa traxectoria como narrador. Conclúe convidando os lectores a ler a novela, que segundo o seu parecer, é unha das grandes obras deste momento.

Referencias varias:

- Xesús Fraga, “Xavier Queipo. ‘A aventura existirá en canto exista o abraio por outras xeografías”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 29 marzo 2016, p. 31.

Entrevista ao autor da novela premiada co Blanco Amor 2015 na que se anuncian dúas das presentacións en Galicia. Coméntase na presente conversa a diferenza entre aventura e percepción propia, a transformación literaria da experiencia, a distancia entre o escenario barroco dos Trópicos en contraposición ao minimalista do Ártico, ou a consciencia de escribir na base dunha tradición literaria malia a que os textos se constrúan nunhas coordenadas xeográficas afastadas.

- Fran P. Lorenzo, “Os Kowa’: biodiversidade desde as fronteiras do eu”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 31 marzo 2016, p. 42.

Achégase unha sucinta crónica da presentación desta novela na libraría Pedreira de Santiago. Considérase un ambicioso compendio do universo narrativo e vivencial do autor e unha celebración e defensa da biodiversidade. Recóllense chaves dadas polo propio autor, así como algunhas consideracións de Víctor Freixanes e do tamén biólogo e escritor Agustín Agra.

- Sonia Torre, “Os Kowa’, unha historia psicológica y de aventura”, *La Región*, “Ciudad”, 31 marzo 2016, p. 13.

Ofrécese unha crónica da presentación da no Centro Cultural “Marcos Valcárcel” de Ourense, coa presenza de Manuel Baltar, Carlos Lema e o propio autor, dos que se recollen declaracións verbo do premio, a calidade de Queipo como un narrador heterodoxo que introduce a ciencia e a extraterritorialidade na literatura galega ou a súa traxectoria.

- A. Baena, “Xavier Queipo. ‘A exclusión social non causou a radicalización en Bruxelas”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 1 abril 2016, p. 14.

Recóllense algunhas declaracións verbo do recente atentado acontecido en Bruxelas por parte do autor, residente alí, que participará nun acto de protesta organizado polo colectivo de poetas da cidade. Coméntase tamén a presentación en Andel do seu último libro, que o autor considera un dos tres premios máis importantes de narrativa galega.

- Camilo Franco, “Xavier Queipo. ‘Hai unha psicopatoloxía no sistema literario galego que inclúe a necesidade de ter novelas”, *Tempos Novos*, n.º 228, *ProTexta*, “ProTagonista”, maio 2016, p. 74-78.

Entrevista a Xabier Queipo arredor da súa última obra. Nela o autor dá conta das vivencias que inspiraron o contido da novela e xustifica o uso do narrador en primeira persoa e a reiteración do protagonista da súa obra anterior *Malaria sentimental*. Ademais anuncia a reaparición do mesmo en dúas novelas posteriores ambientadas no Congo e no Caribe. Fai alusión ao argumento da obra salientando o papel de investigador do protagonista que participa nunha expedición e pon en relación a creación deste personaxe coa súa biografía. Tamén fala da novela anterior, *Extramunde*, e dos temas presentes en *Os Kowa*, destacando o comportamento social e o ecoloxismo. No resto da entrevista, que xira arredor do concepto de espazo exótico, da relación do autor con Galicia, dos xéneros da novela e do conto, da tradución e da situación social,

Queipo fai referencia a Ana Romaní, a Ánxel Fole, a Castelao, a Manuel Rivas e ao premio Blanco Amor.

- Tere Gradín, "Xavier Queipo. 'As aventuras son posíbeis sempre que nos deixamos levar pola imaxinación", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 581, 28 abril 2016, p. V/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 539, 14 maio 2016, p. 11, "Entrevista".

Entrevista ao autor na que se comentan aspectos temáticos da obra, do cruzamento entre a experiencia profesional e vital e a escrita, da decisión de retomar ao protagonista dunha novela de 1999 e de proxectos poético-científicos e tradutolóxicos vindeiros.

- Xosé Carlos Caneiro, "Non perder", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "Ficción", 3 xuño 2016, p. 10.

Dá noticia da fabulosa sensación que tivo ao ler esta novela, entre outros libros. Salienta a "búsqueda existencial interior", comparándoa coa de grandes clásicos como Melville ou Stevenson. Gaba igualmente a traxectoria do seu autor e remata por falar da importancia de recitar poesía nestes tempos.

Quiroga, Carlos, *Peixe Babel*, Compostela: Urco Editora, col. Alcaián, xuño 2016, 335 pp. (ISBN: 978-84-15699-76-7).

Novela de Carlos Quiroga (Escairón, 1961) que trata a intriga editorial e o proceso que rodea á creación literaria. A historia sitúase nos anos 90, durante a época dos albores da Internet, e céntrase na investigación dun enredo vinculado á tradución automática. A novela presenta temas como o mundo dixital e as TIC, a fidelidade do tradutor ao texto orixinal e a problemática da edición, no marco do xénero da literatura de crime e misterio. Hai dúas voces narradoras que son protagonistas dun discurso en primeira persoa. Aparecen organizadas ao redor de dúas partes da novela, cuxo título recolle o seu perfil: "un tradutor infiel" e "un editor canalla". O tradutor, canso de ser sombra do autor, decide desafiar a súa natureza e aventurarse no mundo da narrativa. O editor decide transformar o texto orixinal que recibira para publicar. Cobra potencia, así, a dobre dimensión do relato de misterio, co simbolismo do asasinato. Estes dous personaxes, editor e tradutor, están relacionados cos crimes de *Inxalá* (2006), novela anterior de Carlos Quiroga que comparte marcos narrativos comúns con *Peixe Babel*. A trama preséntase en forma de discurso fragmentado e reflexivo, onde domina o ton filosófico e metaliterario.

Rei Núñez, Luis, *O encargo do señor Castelao*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, nº 396, xullo 2016, 320 pp. (ISBN: 978-84-9121-054-2).

Novela histórica de Luis Rei Núñez (A Coruña, 1958) que realiza un percorrido vital pola figura de Castelao (Rianxo, 1886 - Bos Aires, 1950). O volume dá conta especialmente dos seus últimos anos de vida, seguindo o circuíto espacial do intelectual no exilio en cidades como La Habana, Nova York e Bos Aires, tendo sempre presentes as lembranzas felices da súa estadía en Pontevedra. O que desencadea a obra de Rei Núñez é a descuberta dunha petición que Castelao lle realiza ao guerrilleiro comunista Gómez Gayoso para vingar o asasinato do seu amigo Alexandre Bóveda. A esta

circunstancia, que funciona como recurso narrativo construtor, remite o propio título da novela. No tratamento ficcional da figura do rianxeiro salienta a súa reconstrución a través dos personaxes que, de maneira directa ou indirecta, teñen contacto con el. A historia presenta a Castelao como emblema do galeguismo e tamén como personaxe humanizado, atendendo aos aspectos máis persoais e debilidades do líder. De fondo, o contexto da posguerra e a resistencia antifranquista ao servizo de temas como a memoria, a condición humana, o desacougo existencial e as incertezas morais entre xustiza e vinganza. O narrador é omnisciente e o desenvolvemento da trama non é lineal, pois a novela presenta distintos tempos narrativos. A escrita caracterízase pola documentación e o rigor histórico. A obra *s*egue a liña de novelas de non ficción que o autor cultivara xa en obras anteriores, como na premiada *O señor Lugrís e a negra sombra* (2007). Nun apartado final Rei Núñez agradece os datos e testemuñas achegadas, certificando, así, o rigor histórico da obra e a súa vontade de converter o libro no primeiro dunha serie de "episodios nacionais".

Recensións:

- Ramón Nicolás, "Meu Pontevedra", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí!", "A vida nun fío", 23 xullo 2016, contracuberta.

Reflexiona sobre a necesidade dunha profunda biografía sobre a vida de Castelao e demostra que curiosamente é a narrativa a que pon a primeira pedra coa obra que vai comentar, que explora territorios entre a ficción e a non ficción. Alude tamén a que chega nun momento ben acaído, en pleno Ano Castelao. Sitúa a cidade de Pontevedra como capital para calquera achega sobre a súa figura e comenta o argumento da novela, explicando que o que inicia o autor ten moito que ver co que fixo Galdós cando comezou a escribir os seus *Espisodios Nacionales*. Gaba, por último, a totalidade do libro, que "abre a lumieira da esperanza ante unha relectura da nosa historia de seu".

- Vicente Araguas, "A historia como ficción", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*"/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 947/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 947, "máis Libros", 21 agosto 2016, p. 30.

Informa de que Rei Núñez tingue fabulosamente cunha atmosfera literaria os sucesos e personaxes pertencentes á historia real. Salienta de que o mellor desta novela é precisamente a reconstrución da vida e morte de Castelao, que o autor humaniza e desmitifica. Conclúe que se trata dun libro estimulante tanto pola temática como polo seu estilo.

- Ramón Nicolás, "O segredo do pastor de estrelas", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "En galego", 26 agosto 2016, p. 13.

Coméntase brevemente o argumento desta novela de non ficción "sólida e documentada" e a vontade do autor de reconstruír a memoria colectiva a través do personaxe de Castelao. Dise que se trata dunha lectura que pretende ir máis alá do memorialismo e que a narración de Rei Núñez é, por veces, brillante.

- Xesús Alonso Montero, "Novela que é biografía, *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "No ficción", 23 setembro 2016, p. 13.

Indícase que o autor é un nome importante entre os narradores galegos. Sobre a novela coméntase que é a biografía de Castelao e do seu tempo político. Destácase o asasinato de Alexandre Bóveda e a súa relación con outros persoeiros coetáneos.

- Francisco Martínez Bouzas, "Iceberg Castelao", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 597, "Libros", 6 outubro 2016, p. VI/ *La Opinión*, *"Saberes"*, n.º 549, "Letras galegas", 15 outubro 2016, p. 10.

Indícase que o autor é cultivador afouto de novela testemuño, na cal se relaciona ficción e realidade, e cítase como exemplo a obra sobre Urbano Lugrís en *O señor Lugrís e a negra sombra*. Coméntase que a través desta narración o autor achega aos lectores a figura de Castelao, non só como artista mais tamén como persoa, humanizándoo. Engádese que a novela cobra especial interese co encontro entre Castelao e José Gómez Gayoso na Arxentina. Finalízase facendo fincapé no compromiso coa historia e coa realidade.

- Ramón Rozas, "Dous títulos na memoria da cidade", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Ciudad", 14 novembro 2016, p. 8.

Co gallo do mes da memoria histórica, para lembrar as vítimas após o alzamento militar e a Guerra Civil, fálase deste libro. Indícase que, xunto con *Todo canto fomos*, é unha das novelas máis sobranceiras deste ano e que coinciden no período e lugar no que se desenvolven os acontecementos ao tempo que se manteñen como dúas novelas moi diferentes entre si. Achégase un breve resumo do argumento principal de cada novela e saliéntase que Luís Rei Núñez traballa arredor da figura de Castelao, mentres que Xosé Monteagudo, o autor de *Todo canto fomos*, opta por achegarse a diferentes xeracións. Inclúense extractos de ambas as obras e indícase que se trata de dúas narrativas que se achegan a tempos complexos.

Referencias varias:

- Belén López, "Luís Rei. 'As novelas son anacos de vida", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Ciudad", 13 xullo 2016, pp. 12-13.

Por mor da publicación desta novela no Sexto Edificio en Pontevedra entrevístase ao autor. Na conversa fálase, entre outras cuestións, dos personaxes reais que conforman o elenco da obra, da mestura entre realidade e ficción.

- Cuca M. Gómez, "¡Cuánto turista por Pontevedra!", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Gente a diario", "De café con Cuca", 15 xullo 2016, p. 62.

Informa da presentación do libro de Rei Núñez no Sexto Edificio do Museo. Di que Fina Casalderrey e Xosé Álvarez leron fragmentos da obra no evento.

- R. L., "O encargo do señor Castelao", *Diario de Pontevedra*/ *El Progreso*, "*Táboa Redonda*", n.º 46, 31 xullo 2016, p. 6; *Diario de Pontevedra*/ *El Progreso*, "*Táboa Redonda*", n.º 50, 25 setembro 2016, p. 6.

Dá conta do argumento da novela atendendo a aspectos tales como a importancia das vivencias da cidade de Pontevedra no protagonista, o seu vagar urbano polas distintas cidades no exilio, o ministerio e o encontro con Gómez Gayoso. Salienta como temas o peso da historia colectiva e das incertezas morais e categoriza a novela como de "non ficción".

- Manuel Gago, "De interiores e exteriores", *Diario de Pontevedra*/ *El Progreso*, "*Táboa Redonda*", n.º 55, "SeiSentidos", 30 outubro 2016, p. 7.

Define o termo *exoficción* como "escribir ficción a partir de datos reais" e destaca a pertenza da novela *O encargo do señor Castelao* a este fenómeno.

- Cuca M. Gómez, "Guía de lectura para este otoño", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Gente a diario", "De café con Cuca", 11 novembro 2016, p. 66.

Dá conta da presentación en Cronopios da obra de Rei Núñez á que asistiron a xornalista María Varela e o escritor Xaime Toxo.

Reigosa, Carlos G., *Segredos de Bretaña*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, n.º 402, novembro 2016, 363 pp. (ISBN: 978-84-9121-125-9).

Novela de Carlos G. Reigosa (Lagoa da Pastoriza, Lugo, 1948) estruturada en trinta e cinco capítulos que mestura realidade e superstición. Principia coa chegada do escritor Isauro Guillén Márquez, asentado en Madrid, a Bretaña, vila mariñeira de Galicia, logo de rematar a súa última obra *As rabexadas do peixe fóra da auga*, coa intención de pasar uns días de lecer afastado do caos da cidade. A súa caseira, Esperanza, fálalle dun suceso do pasado, a desaparición dunha muller, deixando atrás un bebé e o escritor comeza a investigar o caso, ante a reticencia dos veciños que prefiren deixar o pasado atrás. Isauro percorre varios lugares de Bretaña e Muralba e interroga á xente, descubrindo que as historias que os veciños levan repetíndose durante anos teñen inconsistencias que se sosteñen unicamente por supersticións. A novela aborda o silencio ante os crimes que ninguén investiga porque se considera que son obra da Santa Compaña e como ese silencio vai dando paso á razón e a descuberta do verdadeiro causante dos delitos do pasado. Pecha o volume un "Epílogo" no que se fala da nova novela de Isauro, baseada nos acontecementos vividos en Bretaña.

Recensións:

- Armando Requeixo, "Sombras de Bretaña", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*"/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 962/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 962, "letras Atlánticas", 4 decembro 2016, p. 32.

Indícase que se trata dunha novela múltiple onde a ficción participa tanto da investigación paradetectivesca como da narrativa psicosocial, con intriga, realidade e enraizamento telúrico. Achégase un resumo do argumento principal, protagonizado por un escritor nun retiro despois de rematar a súa novela e unha rea de personaxes secundarios fantásticos que se cruzan no seu camiño.

- Vicente Araguas, “Reigosa múltiple”, *Diario de Arousa*, “*O Salnés Siradella*”/ *Diario de Ferrol*, “*Nordesía*”, n.º 963/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 963, “máis Libros”, 11 decembro 2016, p. 30.

Coméntase que a novela traballa cunha fórmula moi efectiva, un thriller, coa novela de indagacións, policial, e tamén con certa fantasía. Engádese un resumo do argumento principal, dando conta do protagonista que se mestura con personaxes secundarios fantásticos, como a Táboa Redonda, e na que tampouco falta a Santa Compaña nin alusións a Ferrolmar.

Referencias varias:

- Jaureguizar, “Carlos Reigosa novela a loita de razón e superstición nuns crimes rurais”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, “Literatura”, 18 novembro 2016, p. 55.

Dáse conta do argumento da novela protagonizada por un escritor de éxito que se asenta en Galicia, “nunha aldea na que o equilibrio social se mantén a base de supersticións”. Recolle declaracións de Carlos Reigosa sobre o argumento da súa obra.

- J. J. Cid, “Carlos G. Reigosa. ‘Cuando uno mira lo que tiene en la memoria de la vida yo encuentro que tengo la de Galicia”, *Atlántico Diario*, p. 34/ *La Región*, p. 60, “Sociedad”, “La entrevista”, 23 novembro 2016.

Conversa con Carlos Reigosa con motivo da publicación da súa última obra na que se comenta que tratou todos os xéneros, que o seu o escenario favorito é Galicia e que varias das súas obras transcorren na posguerra. Lémbrase que o protagonista de *Segredos de Bretaña* é un estraño que chega a Galicia e que queda fascinado polas lendas e historias que lle contan a xente do lugar.

- Xesús Fraga, “Carlos G. Reigosa enfronta razón e superstición na súa nova novela”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 30 novembro 2016, p. 39.

Indica que a obra amosa unha contraposición entre razón, representada polo protagonista, e superstición. Informa do seu argumento e recolle as palabras de Carlos Reigosa sobre o protagonista e o mundo do medo e das supersticións. Tamén sinala que na novela hai unha homenaxe ás librarías e ao oficio literario.

Reimóndez, María, *A dúbida*, XIV Premio de Novela por Entregas de La Voz de Galicia, Vigo: Editorial Galaxia, maio 2016, 136 pp. (ISBN: 978-84-9121-043-6).

Novela curta de María Reimóndez (Lugo, 1975) publicada primeiramente por entregas no diario *La Voz de Galicia*. Ábrese coa dedicatoria: “Para Eli Ríos e para todas as mulleres que loitan por saber a verdade e por protexer as súas fillas e fillos. Para as crianzas e mozas que sobreviven a situacións de abuso. Non estades soas”. O enredo da narrativa comeza coa detención dun político na súa casa e diante da súa muller por un presunto delito de abusos sexuais a menores. Este será o detonante da dúbida, acción que se desencadea a partir deste acontecemento. Cun ritmo áxil, propio da novela por entregas, a narrativa adopta unha fórmula realista e mostra como se van encadeando as manipulacións e os abusos a través dunha posición de poder. Os abusos sexuais, o

conflito psicolóxico ao que se ve sometida a protagonista, Ana Garrido, filla duns amigos do denunciado, a corrupción política ou a precariedade do sistema xudicial son algúns dos temas presentes na obra.

Recensións:

- Vicente Araguas, "Moitas dúbidas", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*"/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 934/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 934, "máis Libros", 22 maio 2016, p. 30.

Coméntase a obra gañadora do XIV Premio de Novelas por Entregas de *La Voz de Galicia*, subliñando as boas intencións da novela, atada de máis, segundo o crítico, á finalidade didáctica, como boa parte da narrativa galega actual. Coméntase, así mesmo, a evidencia de estar concibida por entregas, o peso abafante da narradora omnisciente, as personaxes que rozan a caricatura e o curto percorrido das dúbidas da protagonista.

- Inma Otero Varela, "Arrincar as vendas", *Grial*, n.º 211, "O espello das letras", xullo, agosto, setembro, 2016, pp. 88-89.

Faise referencia a que a escritora foi galardoada co XIV Premio de Novela por Entregas *La Voz de Galicia* en 2015 e ás obras gañadoras nas edicións de 2013 e 2014 *O corazón da Branca Neve*, de Francisco Castro, e *O faro escuro*, de María López Sández, respectivamente. Afóndase no argumento da obra que xira arredor da reacción derivada da acusación de abuso infantil ao marido da protagonista. Destácase a estrutura episódica da obra e o emprego de frases curtas do estilo indirecto libre. Analízase a confrontación que ten lugar na novela entre a normativa social de comportamento ante as acusacións e a reacción interior da protagonista. Por último, alúdese á obra da autora *O club da calceta*.

- Montse Pena Presas, "Axitar conciencias", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 590, "Libros", 30 xuño 2016, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 546, "Letras galegas", 9 xullo 2016, p. 10.

Fai un apuntamento sobre como se debe ler a narrativa da autora, aludindo á clave da mesma lectura, que non é outra que a denuncia das situacións de inxustiza que padecen as mulleres. Fala da heroína protagonista da obra, que considera a máis "auténtica" da produción narrativa de Reimóndez. Por último, gaba a novela, dicindo que o ten case todo: unha boa intriga, personaxes moi traballados e denuncia de problemáticas actuais.

Referencias varias:

- Ana Baena, "María Reimóndez. 'Fago unha invitación ás mulleres para que pensen que non fan para evitar os abusos aos nenos", *Atlántico Diario*, "Vigo", "Entrevista", 15 xullo 2016, p. 10.

Dáse conta dunha entrevista coa autora na que se salienta a crueza da narración dos feitos que narra e se reflexiona sobre o abuso sexual a menores.

- Cuca M. Gómez, “Profundizar en la micología”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, 10 novembro 2016, p. 70.

Salienta, entre outras cousas, a presentación da “novela psicolóxica” *A dúbida* en Pontevedra.

_____, “Guía de lectura para este otoño”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, 11 novembro 2016, p. 66.

Dá conta da presentación d’*A dúbida* na Librería Paz xunto con Manuel Bragado e a psiquiatra Leticia Gómez. Comenta a gana que lle suscita a lectura da novela de María Reimóndez.

Riestra, Blanca, *Noire Compostela*, XVI Premio de Novela por Entregas de La Voz de Galicia, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria, n.º 355, outubro 2016, 132 pp. (ISBN: 978-84-9865-737-1).

Novela de Blanca Riestra (A Coruña, 1970) coa que acadou o XVI premio de Novela por Entregas de *La Voz de Galicia*. *Noire Compostela* é unha novela policial ambientada en Santiago de Compostela e xebrada en trinta e un capítulos con título. Nela vese como o inspector Touriñán e a comisaria Abelenda tentan descubrir as causas da morte, en primeiro lugar, de Xurxo (aparece machucado polo tren e espido) e, unhas semanas despois, tamén do seu amigo O Tolo (saltara por unha xanela dun décimo piso). Así, descobren que Xurxo estaba imbuído pola Internet, nomeadamente no terreo escuro da Internet invisíbel ou “Deep web”, e, despois de varias teorías sobre as mortes de Xurxo e do Tolo por motivos políticos (FPG, Xunta, Arcebispado ou Goberno Central), atopan unha cinta de VHS que lles dá a pista para que ao final o inspector Touriñán descubra que a culpábel dos asasinatos é Dafne, unha camareira amiga de ambos os falecidos.

Referencias varias:

- Ramón Nicolás, “Unha novela sobre os perigos da ‘deep web”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Especial Nadal”, “Libros en galego”, 23 decembro 2016, p. 10.

Presenta a obra de Blanca Riestra como unha novela negra co ritmo que demanda a particularidade da distribución por entregas. Tamén salienta o protagonismo da cidade de Compostela focalizada a través dos enigmas dos protagonistas.

Riveiro Coello, Antón, *A ferida do vento*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria, n.º 355, outubro 2016, 140 pp. (ISBN: 978-84-9865-735-7).

Antón Riveiro Coello (Xinzo de Limia, 1964) presenta unha novela de iniciación, de espertar da adolescencia, á sexualidade, ao amor, á morte, á escrita, en definitiva, á vida, e a todas as súas facianas. A historia ten lugar en Xinzo de Limia no ano 1978, onde habitan uns personaxes que conforman un xeito especial de entender o mundo e cunha sensibilidade propia da inocencia perpetua. Entre eles destaca Carlos Casares,

convertido en personaxe literario, pero tamén teñen gran relevancia as figuras de Antón (un mozo que quere comprender o mundo a través dunha ollada marcada por aquilo que ama: a música, a lectura, o cinema…) e do avó Mauro (que leva un rexistro dos tolos da vila e ten a teoría de que a tolemia en Xinzo é provocada polo vento). O relato comeza cando Antón ten quince anos e, tras pasar un trimestre nun internado, regresa á vila emocionado por ver a súa primeira moza. Seu avó agárdao para darlle unha nova que o deixa abraiado e, a partir dese intre, Antón, que sinte o peso do mundo e da vida, comeza a buscar nos personaxes extravagantes unha alianza, un xeito de compartir a dor do amor e da vida. Os asuntos do amor perdido e da morte prematura serven como pretexto para analizar un mundo que cuestiona a diferenza, como se plasma na galería de personaxes que desfilan pola obra e que adquiren relevancia como conxunto pola súa humanidade. En canto á narración, alternan os narradores en terceira e primeira persoa e os tempos presente e pasado (este último cando se evocan recordos e lembranzas).

Referencias varias:

- Xesús Fraga, "Antón Riveiro Coello homenaxea a Carlos Casares en 'A ferida do vento", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 26 novembro 2016, p. 38.

Dá conta da relación da novela con *Vento ferido* e con *Casas baratas*. Destaca a forte conexión con Carlos Casares e recolle as declaracións de Antón Riveiro Coello sobre o orixe da obra e o seu significado.

- I. O., "Riveiro Coello homenaxea a Xinzo e a Casares na súa nova obra", *La Región*, "A Limia", 29 novembro 2016, p. 21.

Anúnciase a presentación da obra en Boiro e destácase que a novela é unha homenaxe a Carlos Casares.

- Alicia Pardo, "Antón Riveiro Coello. 'Escribir ten algo de delirante porque acabas incorporando vidas que non son a túa", *La Opinión*, "A Coruña", 13 decembro 2016, p. 12.

Entrevista a Antón Riveiro Coello con motivo da publicación da súa novela, na que se narra o paso da infancia á mocidade e que representa unha serie de personaxes extravagantes de Xinzo de Limia. Destácase que foi o propio Carlos Casares o que lle encargou esta historia en 2002 e que a publica agora como unha homenaxe.

- Manuel Gago, "Do confort e dos campos de trevos", *Diario de Pontevedra*/ *El Progreso*, "*Táboa Redonda*", n.º 62, "SeiSentidos", 18 decembro 2016, p. 7.

Sinala que a novela está escrita a partir das memorias de mocidade, con especial interese nos "toliños que andaban por Xinzo".

Rodríguez Figueiras, María Jose, *Por amor a ti, meu fillo*, Lisboa: Âncora Editora, col. Holograma, novembro 2016, 55 pp. (ISBN: 978-972-780-578-5).

Narración de María José Figueiras na que, por medio dun narrador en primeira persoa, se presenta a chegada de Martín a Bueu para levar consigo a súa nai, María, enferma de Alzheimer á cidade de Barcelona. Na breve estadía na vila, Martín atopa un diario escrito pola nai onde lle explica a historia de amor e desamor que tivo co seu pai, Mario, un home aparentemente bo e cariñoso pero que en realidade ocultaba, no seu interior, un perfecto sociópata. No diario tamén lle relata como ela deixou o seu traballo en Madrid para vivir en Bueu, o aborto que realizou –obrigada polo seu marido-, a chegada de Martín e as esperanzas postas en cambiar un home do que, logo de pedir axuda, se separou para poder vivir vendo medrar o seu fillo. O libro está acompañado de diversos debuxos nos que se reflicten estampas de Bueu; ademais está precedido dunha nota aclaratoria en relación aos feitos que se relatan no libro, unha dedicatoria a todos e todas os que axudaron á autora na escrita do mesmo e ao pobo de Bueu, fonte da súa inspiración. *Por amor a ti, meu fillo* está acompañado dun fragmento de *A filla do mar* (1859), de Rosalía de Castro, e un limiar de Montserrat González que vai precedido dunha cita de William Shakespeare na que se recolle perfectamente a esencia dun texto onde o maltrato físico, psíquico, económico está recollido a través do diario da protagonista da historia, María.

Referencias varias:

- Nicolás Carro, "María José Rodríguez Figueiras. 'Me asusta lo que se está viendo en la violencia de género entre los adolescentes", *Diario de Pontevedra*, "*Diario do Morrazo*", n.º 444, "O Morrazo", "Bueu", 3 decembro 2016, p. 6.

Conversa con María José Rodríguez Figueiras con motivo da presentación da súa obra na Biblioteca Torrente Ballester. Indica que é unha novela ficticia que se desenvolve en Bueu e fala da presenza nela da temática da violencia de xénero. Destaca a boa acollida por parte do público.

Sánchez, Manuel, *Os consellos de Carlos Calvo*, Vigo: Editorial Elvira, col. Historias para coñecermos Vigo, outubro 2016, 60 pp. (ISBN: 978-84-945644-5-1). ■

Volume de Manuel Sánchez (Granada, 1974) que forma parte dun proxecto, posto en marcha pola editorial Elvira en colaboración co Concello de Vigo, cuxo obxectivo consiste en realizar un percorrido literario pola cidade de Vigo e arredores. Ten como protagonista a Carlos Costa, quen traballa na banca e ten o costume de aconsellar á xente. Ao decatarse de que os seus receptores seguen as súas pautas tentará evitar, dun xeito contundente, que se produza un asasinato. A acción localízase no casco histórico de Vigo e faise un uso notábel do edificio que foi considerado como o primeiro rañaceos da cidade. A dicotomía entre unha incursión na sociedade moderna e tecnolóxica e o mantemento dunha serie de relacións sociais máis cálidas e humanas conforma o eixe do relato. Amais abórdanse temas variados como, por exemplo, as novas correntes de índole urbanístico, a substitución dos veciños de sempre por outros novos, o coñecemento de xeitos de vida diferentes, a función das actividades de lecer e do turismo ou os fundamentos dun pensamento racional.

Referencias varias:

- Ana Baena, “O primer rañaceo de Vigo convírtese en escea literaria”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 13 decembro 2016, p. 13.

Anuncia a presentación da obra no Centro Cívico do Casco Vello de Vigo. Sinala que a obra se centra en Carlos Costa, un empregado de banca que ten por costume dar consellos.

Sande, Miguel, *A candidata*, Premio García Barros 2016, Vigo: Editorial Galaxia, col. literaria, n.º 354, outubro 2016, 127 pp. (ISBN: 978-84-9865-736-4).

Novela realista e introspectiva de Miguel Sande (A Pastoriza, Arteixo, A Coruña, 1961) na que se abordan as consecuencias económicas e emocionais que padece unha familia por mor da crise. Está relatada dende unha ollada plural para reflectir a caída ao baleiro físico e psíquico máis absoluto que senten día a día, *in crecendo*, os membros da familia. Divídese en tres partes, dedicadas respectivamente á nai, a filla e o pai, e subtitulados de xeito remático. Na parte relacionada coa nai, e subtitulada “(a quebra e os vídeos: a destrución)”, descóbrese como o negocio familiar fracasa e como a protagonista procura ocultarlle á filla a realidade económica e o maltrato físico e psicolóxico que lle ocasiona o pai. Na parte relacionada coa filla, subtitulada “(construción e ideario)”, recóllese a actitude da rapaza ante a situación familiar, mentres que na terceira parte, referida ao pai e subtitulada “(a verdade ‘poliédrica’)”, se apunta cara á súa negación vital do problema que ten coa bebida e os abusos, segundo a nai e a filla, e a condena inxusta que padeceu no cárcere pola acusación de violación presentada pola propia filla. A historia funciona como un quebracabezas que o lector encaixa tras ler as distintas versións dos tres personaxes da familia e comprender o seu carácter e modo de expresarse cunha linguaxe descarnada, ao modo do monólogo interior, no que cada personaxe deixa fluír a conciencia interna que oculta aos demais e así mesmo e só verbaliza ao longo do relato.

Referencias varias:

- Miguel Sande, “Perturbadora, ferinte, incorrecta e actual”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Letras”, “Galego”, “Adianto editorial”, 25 novembro 2016, p. 16.

Recolle un fragmento da novela *A candidata.*

- María Rendueles, “Sande recibió ayer el García Barros por su novela sobre la crisis”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 17 decembro 2016, p. 34.

Sinala que o escritor coruñés Miguel Sande recibiu o Premio García Barros pola súa novela *A candidata*, centrada na crise económica. Destaca a linguaxe ferinte e chocante e o modo abrupto e incorrecto de narrar a historia.

Santos Cabanas, Xosé Luís, *Novas do exterior,* Rianxo: Axouxere Edicións, col. Calíope, n.º 4, 2016, 376 pp. (ISBN: 978-84-944763-2-7).

Novela de Xosé Luís Santos Cabanas (Sabugueira, 1952) que, a través do formato crónica, denuncia o confinamento dun preso político. Trátase, máis en concreto, da crónica das viaxes, as que realizou o autor e a súa compañeira, para ver o fillo, Antom Santos, que foi detido nunha operación policial que se puxo en marcha ao redor de Resistencia Galega. A obra abre cunha nota introdutoria, "No medio están as portas", asinada por Xabier Cordal, na cal se recolle a esencia da obra gabando a súa pertinencia e a súa innovación. A seguir, dáse paso ao grosso da crónica, após unha cita e unha dedicatoria. A primeira é de Antom Santos, "Non se dá explicado./ Para facerse unha idea de como é isto hai que estar dentro./ Non se lle dá explicado a ninguén de fóra/ (Conversa telefónica cunha tía súa nos comezos de 2016, con catro anos de prisión ao lombo)". A seguir, nunha páxina diferente, inclúese a seguinte dedicatoria: "A Vitoria,/ que comparte a complicada viaxe da vida,/ e quilómetro a quilómetro esta historia de viaxes á cadea". A crónica abarca dende o 3 de decembro de 2011 até os primeiros días de febreiro de 2016 e nárrase todo o relativo coa detención de Antom Santos, dende a actuación policial e a expectación xornalística até todo o relacionado coa burocracia e o sistema carcerario español, achegando así unha visión crítica e fundamentada de todo o proceso coa finalidade de denunciar a inxustiza do mesmo e a represión á que estaban sufocados, tanto presos como familiares. A obra preséntase estruturada en capítulos que se organizan cronoloxicamente, titulados na maioría dos casos polas datas nas que foron escritos, narrando dende o primeiro proceso de detención até os xuízos, a violación dos dereitos das vítimas presas e as visitas ao cárcere das familias. No tocante ao estilo, o autor emprega unha linguaxe propia da literatura xornalística na que se resalta o emprego dunha lingua coidada, lucida con referencias literarias a autores e autoras, filmes, música… No final do libro son incluídos dous epílogos e un apartado específico para os anexos. O primeiro epílogo, "Despois do vento", vén asinado por Xosé Antón Laxe Martiñán, e o segundo, "Estou na cadea por razóns políticas, non por razóns de honradez", por Francisco Fernández Rei. Nos anexos inclúese máis información (referencias a noticias e documentos xudiciais) que apoia coidadosamente os datos citados durante a crónica.

Referencias varias:

- Ramón Nicolás, "Novas do exterior", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Libros", "En galego", "Os máis vendidos", 2 decembro 2016, p. 8.

Dá conta da publicación desta obra que cualifica de "crónica escintilante".

- Cuca M. Gómez, "Los trucos de Pepe Solla", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Gente a diario", "De café con Cuca", 2 decembro 2016, pp. 78-79.

Informa da presentación da obra na Casa das Campás.

Senín, Xavier, *O alfaiate Portugués*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria , novembro 2016, 204 pp. (ISBN: 978-84-9865-732-6).

Novela, de Xavier Senín (Pontecesures, 1949), na que, a través dun narrador omnisciente, se narran noventa narracións curtas centradas en anécdotas comúns e moi tradicionais. Así, entre outras, a que lle dá título ao volume, "O alfaiate portugués", fala

dun xastre que vén de terras portuguesas; “O cobrador da luz” céntrase neste personaxe que, todos os luns, ía casa por casa no seu cabalo e que rematou sendo acusado de actuar de intermediario entre namorados; “O xurelo” conta as razóns do alcume do personaxe principal e “Tapas de cociña” céntrase no costume de ir de tapas polas tabernas despois da misa do domingo e resalta a anécdota dun home que veu pasar as festas dende Barcelona e lle deu ao can a tapa que lle puxeron. Case todas as narracións ocorren no espazo de Lobeira.

Singala, Manuel, *Camiños na auga*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria, n.º 343, marzo 2016, 291 pp. (ISBN: 978-84-9865-684-8).

Novela de Manuel Singala (Lugo, 1963) que se abre cunha dedicatoria ao seu fillo Carlos, co desexo de que el atope o seu camiño. A obra relata a historia de Szymo, un neno albino que tivo que abandonar o seu país na procura dun lugar seguro no que vivir e no que non ser cobizado, marxinado e perseguido pola cor da súa pel. Despois de numerosos padecementos e avatares na súa viaxe é ben acollido nun poboado no que lle ofrecen traballo e chega a namorarse dunha moza. Con todo, a felicidade esváese ao esta ser secuestrada e o protagonista encontrar o seu corpo case sen vida. Entregado o corpo da súa amada á familia, que o recibe con eloxios, e sen ningunha motivación que reteña a súa marcha, decide continuar a súa viaxe nunha canoa que lle regala o pai da moza. Durante o traxecto, recolle a Malaïka, unha muller que escapa duns soldados. Cóllelle afecto e confianza e esta confésalle que é viúva e que foi vítima dos abusos dos militares. En vinganza, roubáralles unha bolsa con ouro e diamantes que reparte co rapaz protagonista. Szymo axúdalle a chegar á casa de seus pais, onde tamén é ben recibido e onde lle pagan o billete nun barco para continuar a súa viaxe en agradecemento pola axuda prestada á filla. O seus dotes de mariñeiro permítenlle acadar un posto de traballo na embarcación mais, ao chegar ao destino, tenta que o acollan noutro navío. Nese momento, estabelece relación con Jean-Paul, quen se converterá nun amigo inseparábel e con quen emprenderá unha viaxe noutra embarcación e mesmo o soldo froito do seu traballo. Enganados e caído como prisioneiro Szymo, Jean-Paul conseguirá liberalo e xuntos chegarán ás Illas Canarias. A condición de albino de Szymo permitiralle que acepten a súa residencia en España, mentres os seus compañeiros, entre eles Jean-Paul, serán deportados ao seu país de orixe. A novela conclúe cun capítulo baixo o título de “Recoñecementos” no que o autor dá conta daquelas fontes documentais que lle favoreceron o labor de composición desta obra.

Recensións:

- Armando Requeixo, “Un lugar no mundo”, *Grial*, n.º 210, “O espello das letras”, abril, maio, xuño 2016, pp. 89-90.

Destácanse outras obras do autor de temática sociolingüística (caso de *Menú de enganos*, 2010, *Instrucións para tomar café*, 2014, ou a peza teatral *Comedia bífida*, 2007) e alúdese á temática de *Camiños na auga*, centrada na problemática dos albinos africanos a través da figura do protagonista que foxe a Europa. Tamén se fala doutras obras protagonizadas por africanos destinadas tanto a un público adulto coma ao infantil e xuvenil. Analízanse as particularidades da perspectiva narrativa non eurocéntrica da obra e destácase a combinación de xéneros temáticos que nela teñen lugar. Afóndase no

periplo introspectivo do protagonista e na súa evolución persoal a raíz do coñecemento do outro e a necesidade de aceptación e alúdese ao valor estilístico da obra, marcado polo carácter lírico da escenificación, a verosimilitude dos diálogos e a gradación da intriga.

_____, "Un lugar no mundo", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*"/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 929/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 929, "letras Atlánticas", 17 abril 2016, p. 32.

Iníciase a recensión lembrando a destacada traxectoria do autor. Dise que o protagonista desta nova trama é Szymo, un negro albino que foxe da Tanzania orixinaria na procura dun lugar onde vivir seguro, e coméntase que se corresponde cunha novela de aventuras a través do continente africano, de viaxes exteriores e interiores, mais tamén cunha novela social e de iniciación. Revisando outros exemplos de comparecencia do africanismo na literatura galega, saliéntase a visión aquí presente, non alleada nin europeísta, senón críbel e de raíz. O atinado ritmo da trama, a sobriedade lírica das pasaxes descritivas e a articulación entre a identidade propia e a alteridade social son algúns dos valores subliñados.

- Ramón Nicolás, "A epopea de Szymo", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "En galego", 20 maio 2016, p. 4.

Sinalando os seus tres esteos –a novela de aventuras, a de viaxe e a iniciática–, valórase esta novela como proposta sólida e propicia para unha ampla franxa de lectorado. O percorrido de Szymo, o negro albino protagonista que foxe do seu destino como obxecto de negocio para determinadas prácticas rituais, dende as beiras natais do lago Vitoria até a Europa que alcanza a bordo dun caiuco, percíbese intensamente documentado e constrúese de modo sensíbel a múltiples cuestións de diversidade cultural e social, así como de fondura humana.

- Montse Pena Presas, "Mirando diferente", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 585, "Libros", 26 maio 2016, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 542, "Letras galegas", 4 xuño 2016, p. 10.

Expoñendo brevemente a trama e o arranque da obra, que asenta na marxinalidade que supón a diferenza do protagonista (Szymo, un negro albino), explórase o camiño proposto como unha novela de iniciación ou de aprendizaxe, indicando que o peso que aquí gravita sobre a cuestión da "diversidade" constitúe unha novidade verdadeira no panorama galego. Sinálase a súa capacidade inmersiva e certa vontade documental, así coma unha prosa líquida, até caudalosa. A nota péchase considerando a necesidade de textos así, unha caste de "novelas da inclusión" que axuden a construír comunidades empáticas.

- Carlos Méixome, "A aventura da diferenza", *Tempos Novos*, n.º 230, *ProTexta*, "ProPostas", xullo 2016, p. 84.

Faise referencia a que o argumento da obra xira arredor do intento de fuxida do protagonista africano cara a Europa debido á súa condición de albino. Destácase que os descubrimentos da viaxe levada a cabo polo protagonista serven de introdución a diferentes temas como o sentimentalismo, a amizade ou os intereses individuais.

Saliéntase a pegada de denuncia social da obra. Destácase a súa condición de relato de aventuras e intriga e alúdese á relevancia doutras obras do autor, como a peza teatral *O achado do castro* (Galaxia, 2014) e o libro de relatos curtos *Instrucións para tomar café* (Galaxia, 2014).

Referencias varias:

- M. García, "Manuel Núñez Singala. 'Ían ser quince páxinas, pero a historia tirou de min e son 300", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Agenda", "Para todos los públicos", 14 abril 2016, p. L10.

Anúnciase a presentación da obra na Libraría Couceiro (con Armando Requeixo e Víctor F. Freixanes) e entrevístase brevemente ao autor, verbo da universalidade da obra e da inmigración, as diferenzas con obras anteriores e a orixe da intriga vertebradora.

_____, "Literatura, música y ventas en la plaza de Bertamiráns", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Agenda", "Para todos los públicos", 19 abril 2016, p. L11.

Entre as actividades organizadas para celebrar o Día do Libro, dá conta da presentación desta obra en Ames.

- Marcos Manteiga, "Literatura na praza' chega á capital amesá con música, obradoiros e un certame", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 19 abril 2016, p. 31.

Anúnciase a presentación da novela no marco das actividades organizadas para conmemorar o Día do Libro.

_____, "Música y literatura honraron a Cervantes en Bertamiráns", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 24 abril 2016, p. 25.

Dá conta da presentación da obra no marco da celebración do Día do Libro.

- Xosé Carlos Caneiro, "Ilustración", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "No Ficción", 20 maio 2016, p. 6.

Cualifica a novela de "intensa, dura, pero cargada tamén de esperanza" e dá conta brevemente do argumento, centrado na fuxida dun neno albino da súa realidade no corazón africano. Salienta a capacidade da novela para a súa lectura nas aulas como proposta didáctica polo seu valor ético e estético.

Solar, María, *As horas roubadas,* Vigo: Editorial Galaxia, maio 2016, 232 pp. (ISBN: 978-84-9121-016-7).

Novela, de María Solar (Santiago de Compostela, 1970), dividida en vinte e cinco capítulos e cuxa acción se sitúa en abril de 1979. Un narrador omnisciente dá conta de cómo nese período España está cambiando e de cómo tamén muda a historia de dúas familias, por unha banda a familia de Roberto, moderna e adiantada ao seu tempo, e, pola outra, a de Ramón, o seu mellor amigo, membro dunha familia máis tradicional. A

historia xira arredor da descuberta do avó de Roberto, Anselmo, morto e cun papel na man no que se pode ler *Dime que me queres*; a partir de aí os dous amigos comezan a investigar e descobren que Anselmo mantivo un romance con Carme, a avoa de Ramón cando os dous estaban emigrados na Arxentina. Con diversas historias amorosas no medio do relato a historia remata coa morte de Carme e o futuro dos mozos por diante. O libro presenta unha dedicatoria dirixida a todas as mulleres que romperon as ataduras e nos fixeron a todas máis libres, así como dúas citas, unha de Walt Whitman e outra de Vergilio Ferreira. Os espazos nos que se desenvolven as accións son a cidade, o apartamento da familia de Roberto e o apartamento de Ramón. Ademais noméanse outros espazos como a rúa do Tango en Bos Aires, onde Anselmo tiña un apartamento ao que acoden a nai de Roberto e mais el para solucionar os papeis tras a morte do avó.

Recensións:

- Montse Pena Presas, "Con xustiza poética", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 587, "Libros", 9 xuño 2016, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 544, "Letras galegas", 18 xuño 2016, p. 10.

Fala da estrea na literatura de adultos de María Solar e comenta o argumento da obra e o panorama histórico no que ten lugar, ademais do tema principal da obra, que non é outro que o amor que pode con todo. Di que a autora combina unha narración intimista con altas doses de intriga e xiros argumentais importantes, e que é complicado escoller o protagonista. Conclúe que Solar pretende reflectir o tempo de transformacións sobre o que escribe, sempre con optimismo.

- José Miguel Giráldez, "María Solar. A transición e os amores difíciles", *El Correo gallego*, "*2domingo*", 25 setembro 2016, p. 2.

Indícase que se publica o libro en galego e castelán ao mesmo tempo e que se trata dunha novela que se centra nos anos oitenta, en plena transición política. Coméntase que se trata da primeira novela para adultos da autora. Sobre a obra, indícase que é unha novela coral, con moitos personaxes e situacións dispares, centrada na temática amorosa, mais formando un retrato da España do momento. Sinálase que se tratan temáticas como a emigración, a lei do divorcio, a televisión como un personaxe máis etc.

Referencias varias:

- Edith Filgueira, "María Solar se traslada a la Transición para honrar la liberación femenina", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 26 maio 2016, p. 50.

Coméntase o salto da autora á novela para adultos, facendo especial fincapé na franxa temporal escollida, un momento de transición política e social que permite a inclusión de aspectos como a lei do divorcio, as traizóns entre amigos ou a emigración.

- Xosé Carlos Caneiro, "O segredo", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "No ficción", 1 xuño 2016, p. 12.

Comenta, entre outras novelas, a presente, explicando que ten moita calidade e sensibilidade, como amosara anteriormente a autora na literatura para a infancia e a xuventude. Engade que tan só lle falta unha cousa: coidar as palabras elixidas, en fin, a expresión.

- Laura G. del Valle, "Lo que no podrás dejar de leer", *La Voz de Galicia*, "*Ya es Sábado*", "de libros", 2 xullo 2016, pp. 20-21.

Salienta, entre outras lecturas recomendadas para o verán, o último libro de María Solar.

- R. Nicolás, "Sentimentos nunha época de mudanzas", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras galego", 8 xullo 2016, p. 13.

Dá noticia da estrea desta autora como narradora para un público adulto, nunha proposta que considera "minuciosa e brillante" e que explora o amplo territorio dos sentimentos.

- Nacho Cortés Riveiro, "A xornalista María Solar presenta hoxe o seu último libro na Sala Domínguez Búa", *Diario de Pontevedra*, "O Morrazo", "Bueu", "Cangas", 21 xullo 2016. p. 24.

Anuncia a celebración en Bueu da presentación da obra, organizada pola libraría Miranda. Dá conta do argumento, que leva o lector a unha época "onde vivir sen ataduras era unha tarefa pendente"

- Cuca M. Gómez, "Recordando viejos tiempos", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Gente a diario", "De café con Cuca", 23 xullo 2016, p. 70.

Informa da presentación en Bueu da obra *As horas roubadas.*

_____, "El día de los abuelos y las abuelas", *Diario de Pontevedra*, "Gente a diario", 27 xullo 2016, pp. 62-63.

Entre outras actividades, dá conta da presentación desta novela na libraría Miranda.

- Á. Piñeiro, "Cuntis adica outubro á recuperación da memoria histórica", *Diario de Pontevedra*, "Caldas", "Deza", "Tabeirós", 30 setembro 2016, p. 23.

Entre as actividades organizadas polo concello de Cuntis para a recuperación da memoria histórica salienta a presentación do libro de María Solar, que fala da "memoria da muller no período de transición democrática".

- C. F., "Presentación do libro 'As horas roubadas' no Ateneo Santa Cecilia", *Diario de Pontevedra*, "Marín", "O Morrazo", 11 novembro 2016, p. 20.

Anúnciase a presentación da novela no Ateneo Santa Cecilia. Dáse conta do seu argumento e sinálase que é a primeira incursión de María Solar na novela de adultos "logo de ter publicados dez libros para público infantil".

Tobaruela, Pere, *A teoría dos contrarios*, Ferrol: Edicións Embora, col. Narrativa, abril 2016, 101 pp. (ISBN: 978-84-16456-25-3).

Novela curta de Pere Tobaruela (Barcelona, 1965) centrada no proceso que vai dende o namoramento até a inevitábel ruptura entre dúas persoas. O motivo principal que funciona como punto de partida é que os polos opostos se atraen, formando un vínculo carnal e sentimental puro, creando unha atmosfera privada entre dous homes tan diferentes como iguais. Dividida en dez partes ("Anxo", "Pedro", "Unha tarde de maio", "Café de noite", "Casa Paco", "Vacacións en Mallorca", "Baixo a choiva", "Anxo e Andrés", "A vida é soño?" e "Maio outra vez") presenta a historia xurdida entre Anxo, mozo homosexual cun profundo trauma causado polo maltrato físico e psíquico ao que o sometía o seu autoritario pai pola súa condición sexual, e Pedro, un profesor de Historia da Arte, casado e que nunca pensara na súa condición homosexual até que coñece a Anxo. O lectorado descobre como a parella entra nunha profunda simbiose onde as súas diferenzas, lonxe de afastalos, os unen cada vez máis. O amor é o seu punto común e a el se agarran fortemente para loitar contra todas as situacións cotiás que enferruxan as relacións, porén Pedro comeza a afastarse, repensar seriamente a súa sexualidade e se realmente Anxo é a persoa correcta. Os sentimentos pola súa ex-muller regresan; a súa condición heterosexual emerxe para arrasar con toda a edificación formada entre os dous homes, de maneira que, tras deitarse coa ex-muller, se afasta definitivamente de Anxo. Con todo, Anxo converterase na parella de Andrés, un camareiro de Casa Paco que fará florecer nel novamente a esperanza do amor.

Referencias varias:

- C. Botrán, "Valentín García arropa a Pere Tobaruela en la presentación de 'A teoría dos contrarios", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 27 maio 2016, p. 32.

Informa da presentación na Estrada do libro de Pere Tobaruela que o propio autor define como "unha historia de polos opostos que se atraen, e tamén de liñas diverxentes". Salienta a orixe catalá de Tobaruela, que valora *A teoría dos contrarios* como "un libro para gañar lectores para o galego".

- Uxía López, "Pere Tobaruela. 'A novela 'A teoría dos contrarios' busca gañar lectores en galego", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "En primera persona", 31 maio 2016, contracuberta.

Entrevista na que Tobaruela confirma que se trata dunha historia de amor "en maiúsculas". Nela infórmase igualmente das presentacións que ten previstas, da difusión que o autor fai da lingua galega e dos seus proxectos e traballos actuais.

Toxo, Xaime, *Protexer o invisible*, Pontevedra: Ancoradouro, n.º 1, 2016, 142 pp. (ISBN: 978-84-608-6394-6).

Volume que compila vinte e nove relatos curtos de Xaime Toxo (Bueu, 1955) nos que, por medio de diferentes voces narrativas, o autor se achega a eixes temáticos como a memoria, a desaparición e a identidade. Abundan os elementos relacionados co imaxinario do mar, presentes directamente nos contos "O mar", "Sinais no horizonte" e

“O ladrido de Argos”; as lembranzas da infancia; a madurez; o fracaso amoroso e a vida cotiá da cidade. Está presente a metáfora sobre a fraxilidade do destino e a imposibilidade de cambialo, o azar e o soño, así como o tema da viaxe como fuxida da monotonía (“Unha viaxe de inverno”), emigración ou eterno retorno. Moitas destas viaxes constrúense en forma de itinerarios circulares que volven ao punto de partida. Os máis dos relatos ofrecen un desenlace sorprendente que achegan inesperados significados ao conxunto do texto. Salientan as referencias literarias, a Kafka (“A coroza do insecto”) ou a *Odisea* (“O mar”), así como as culturais, musicais e xeracionais (“Repetición e diferenza” ou “Lecturas”). A linguaxe empregada caracterízase polo lirismo, a variedade e a riqueza léxica. O volume ábrese cuns versos do autor: “O mar/ é unha certeza de abismo/ no rumbo da balea”.

Recensións:

- Francisco R. Pastoriza, “Viaje y necesidad de desaparecer”, *Faro de Vigo*, “*el sábado*”, n.º 986, 10 setembro 2016, p. 2.

Dáse conta de que é un libro que nos remite á memoria e á imaxinación, pois como se explica, o autor elabora as súas historias acudindo ás súas experiencias infantís e xuvenís. Coméntase o tema central da obra, a desaparición a través da viaxe e gábase a prosa poética e o vocabulario rico do autor, ademais dos complicados exercicios literarios que el resolve. Conclúese facendo referencia á ousada iniciativa de Ancoradouro, que dá comezo con este libro á súa actividade editorial, na procura de textos en galego de autores inéditos ou descoñecidos.

- Ramón Rozas, “Protexer o invisible”, *Diario de Pontevedra*/ *El Progreso*, “*Táboa Redonda*”, n.º 54, 23 outubro 2016, p. 7.

Indícase que os textos que conforman o libro teñen como alicerces dous piares fundamentais, o primeiro o mar, o cal está presente na maioría dos textos; o segundo, o texto que pecha o libro, do cal se indica que conforma unha pequena *nouvelle*. Coméntase que o tema principal é o abismo, o papel que xoga o azar e mesmo o misterio. Engádese que o autor amosa admiración por certos autores como Cortázar, Borges, Kafka, Conrad ou Bradbury. Finalízase comentando que se trata do primeiro libro saído dunha nova editorial, chamada Ancoradouro.

Referencias varias:

- Sonia Piñeiro Collazo, “A sala Domínguez Búa e o Museo Massó acollen unha semana cultural”, *Diario de Pontevedra*, “O Morrazo”, “Marín”, “Bueu”, 23 agosto 2016, p. 23.

Anúnciase a presentación da obra na sala Domínguez Búa e ofrécese información sobre o seu contido.

- Cuca M. Gómez, “De cervecitas por Pontevedra”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, 15 outubro 2016, p. 78.

Informa da presentación da obra no Sexto Edificio do Museo de Pontevedra, nun acto no que se proxectou tamén unha videocreación de Manuel Reboiras.

Val, Marga do, *Tizita e Sabela na procura*, Vigo: Editorial Elvira, col. Historias para coñecermos Vigo, outubro 2016, 60 pp. (ISBN: 978-84-945644-6-8). ■

Dentro da colección "Historias para coñecermos Vigo", Marga do Val (Vigo, 1964) mostra, neste volume, o significado que adquiren, para as protagonistas, os parques do Castro e de Castrelos da cidade de Vigo, lugares entrañábeis nos que se localiza a narración e que adquiren diferentes dimensións ao longo da mesma: dende un refuxio para evadirse dos problemas cotiáns até un espazo de retiro que favorece a reflexión e a correcta toma de decisións. Noutras ocasións actúan, simplemente, como contextos que suscitan lembranzas e permiten recrear tempos pasados. Na novela conflúen distintas voces e perspectivas narrativas que evocan tempos pasados e presentes, reais e imaxinarios, con certo compoñente de atemporalidade e cun único nexo en común: o espazo, a cidade de Vigo, fonte de inspiración que chega a conformar un personaxe máis.

Veiga Taboada, Manuel, *Todo ser humano é un río*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, n.º 397, marzo 2016, 275 pp. (ISBN: 978-84-9121-093-1).

Novela, de corte realista, de Manuel Veiga Taboada (Monforte de Lemos, 1960), estruturada en doce capítulos e centrada na memoria, a paisaxe galega e a evolución da mocidade durante a Transición, complementada por abundantes citas e personaxes reais. Narrada en primeira persoa, reflicte a relación do ser humano con todo canto o rodea, a natureza, os monumentos e a historia. Segundo a temática, pódese dividir a obra en tres partes. A primeira céntrase na Galicia interior a través da imaxe da montaña do Leboreiro, dos seus segredos e das súas xentes. Na segunda, con ton autobiográfico, o protagonismo reside nunha familia de Monforte e recolle a vidas de persoas e lugares, entre elas Manuel María, Lois Pereiro e Sabela Ojea. Pecha o volume "Casa vixiada", a modo de relato longo dentro da novela, na que o narrador conta a visita ao pazo de Muíños de Antero. Nel hai unha gran profusión de referencias a autores de diversa índole, nacionais e internacionais: Shakespeare, Darío Xoán Cabana, Coromines etc.

Recensións:

- Francisco Martínez Bouzas, "Memoria e experiencia", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 602, "Libros", 10 novembro 2016, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 555, "Letras galegas", 19 novembro 2016, p. 10.

Comenta que esta proposta literaria non se refire a un mundo representado, senón a un conxunto de paisaxes, vilas e persoas reais en diálogo cunha intertextualidade literaria. Engade un breve resumo do argumento principal da obra e coméntase que un dos máis importantes piares do libro son as viaxes, reivindicando a Galiza interior. Indica que a obra pode ser diferenciada cunha estrutura tripartita, na primeira parte a montaña galega do Leboreiro; a segunda, o nó do libro, é un retrato e unha cala na propia familia en Monforte; por último, destaca que remata o libro co capítulo "Casa vixiada", cunha

historia no Pazo de Muíños de Antero. Engádese que se trata dun libro híbrido erguido sobre distintos materiais, xornalismo de viaxes, ficción, memoria e experiencia.

- César Lorenzo Gil, "Ir lendo polos camiños", *Tempos Novos*, n.º 235, *ProTexta*, "ProPostas", decembro 2016, p. 75.

Saliéntase que a obra está constituída por once narracións e a *nouvelle* "Casa vixiada". Dáse conta que o libro transcorre en Lemos, Penagache e nas Terras de Celanova. Alúdese á influencia das vivencias do autor no libro e máis a fusión entre literatura realista e cultista que nel leva a cabo. Ponse en relación esta obra co título anterior do autor, *Os xornalistas utópicos*. Faise referencia á influencia de autores estranxeiros nesta obra e alúdese á función de aprendizaxe e de contextualización histórica da obra.

- César Lorenzo Gil, "Unha novela do vivido", *Grial*, n.º 212, "O espello das letras", outubro, novembro, decembro 2016, p. 84.

Fálase da estrutura da novela, dividida en tres partes de acordo cos tres espazos diferenciados nos que transcorre. Apúntase que o argumento da obra xira arredor da reconstrución vital e faise referencia á mestura narrativa que presenta entre realismo, costumismo e cultismo. Menciónase a correlación desta novela coa obra anterior do autor, *Os xornalistas utópicos*, e analízanse os elementos da narrativa clásica presentes e o argumento arredor de mitos familiares. Por último, destácase a creación de carácter autónomo que supón o relato que pecha a obra ambientado no pazo de Antero.

Referencias varias:

- R. L., "Todo ser humano é un río", *Diario de Pontevedra*/ *El Progreso*, "*Táboa Redonda*", n.º 49, 18 setembro 2016, p. 4.

Resume a historia da novela, que concede un lugar especial á mirada do protagonista cara a súa contorna, e ofrece un perfil biográfico do autor.

- Cuca M. Gómez, "Constante rebumbio cultural", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Gente a diario", "De café con Cuca", 4 novembro 2016, p. 70.

Informa da presentación desta obra na Casa das Campás de Pontevedra, nun acto no que participaron o doutor en Historia, Anselmo López Carrera, e o director de Edicións Xerais, Manuel Bragado.

- Manuel Gago, "Enunciados", *Diario de Pontevedra*/ *El Progreso*, "*Táboa Redonda*", n.º 57, "SeiSentidos", 13 novembro 2016, p. 5.

Dá conta da publicación desta obra e sinala que se trata do equivalente galego da literatura dos camiños e das viaxes a pé que está de moda no Reino Unido.

- Santiago Jaureguizar, "Ti queres que isto sexa máis escuro", *Diario de Pontevedra*/ *El Progreso*, "*Táboa Redonda*", n.º 58, 20 novembro 2016, p. 8.

Entre outras reflexións de corte persoal, destaca unha cita de Mallarmé que se atopa no "sobresaínte libro" *Todo ser humano é un río*.

- Margarito Flowers, “Veiga Taboada vuelve a triunfar con ‘Todo ser humano é un río”, *El Correo Gallego*, “Gente”, 22 novembro 2016, p. 56.

Fálase da publicación desta novela, que principia coa narración da historia dunha montaña e dun vello castelo. Compara a obra coa dos autores europeos Sebald e Magris.

- Santiago Jaureguizar, “O leve movemento das montañas”, *Diario de Pontevedra*/ *El Progreso*, “*Táboa Redonda*”, n.º 59, 27 novembro 2016, p. 8.

Reflexiona sobre o tempo nun breve fragmento da novela *Todo ser humano é un río*, no que se di “Unha montaña pode parar o tempo. Se a miras esqueces as preocupacións”. Ademais, comenta que está ambientada na fronteira entre Galicia e Portugal.

- Ramón Nicolás, “O río da vida e da memoria”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Especial Nadal”, “Libros en galego”, 23 decembro 2016, p. 10.

Sitúa o autor no ronsel de Amos Oz, Sebald ou Magris e pasa a salientar a natureza híbrida da novela, onde aprecia a ollada ao interior de Galicia e a reflexión sobre o camiño.

- P. Agudo, “Os Rokenstein, el musical”, *La Región*, “*Nadal nas Comarcas de Ourense*”, “Nadal en Celanova”, “Programa”, 23 decembro 2016, p. 61.

Dáse conta da presentación da novela na Casa dos Poetas, que comeza nunha montaña sagrada situada na fronteira, seguindo as pegadas dun vello castelo desaparecido.

Vidal Portabales, Ignacio, *O inspector e mais eu (Chus e o mundo polo medio)*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, n.º 403, novembro 2016, 318 pp. (ISBN: 978-84-9121-126-6).

Novela de Ignacio Vidal Portabales (Santiago de Compostela, 1958) que principia cun paratexto en forma de dedicatoria: “A Mari Carmen, brisa morna que me leva”. Estruturada en vinte e sete capítulos, a obra mestura o xénero policíaco coa novela amorosa. A trama desenvólvese na vila de Marende e está narrada por Sandra Val, fotógrafa *boudoir*, que retrata á xente en roupa interior. Xunto a ela destacan os personaxes de Chus, irmán da protagonista, e o inspector de policía Roque Barallobre, que chega á vila para investigar o secuestro dunha menor de idade. Sandra e Roque comezan a traballar xuntos para intentar resolver o caso da desaparición da filla do concelleiro, pero, durante a investigación, a protagonista comeza a sentir inquedanzas amorosas que se ven aumentadas ante a aparición da antiga moza de Roque. A fotografía está moi presente ao longo da novela, a través das diversas personalidades dos veciños que van asomando durante as sesións fotográficas. Pecha a novela unha breve nova, intitulada “A Gaceta do País”, localizada tres anos despois dos feitos narrados, que informa do destino da acusada e a descuberta dunha rede de corrupción urbanística relacionada con varios políticos da zona.

Recensións:

- Armando Requeixo, “Unha nova illa literaria”, *Diario de Arousa*, “*O Salnés Siradella*”/ *Diario de Ferrol*, “*Nordesía*”, n.º 961/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 961, “letras Atlánticas”, 27 novembro 2016, p. 32.

Coméntase que o autor se iniciou na narrativa con *Dióxenes en Dolorida* (2013), após gañar o premio Blanco-Amor en 2002. Indícase que a actual novela é unha narración híbrida, policial ou de intriga detectivesca, mais tamén sobre o amor. Así pois, engádese que a novela, a través dos seus personaxes, se transforma nunha obra psicosocial ao explorar o territorio das relacións interpersoais. Coméntase que o tempo é indefinido, deducido na actualidade e nun espazo imaxinario. Sobre o máis salientábel do libro, tómase a caracterización do personaxe central, unha muller narradora protagonista, así como a subversión paródica, a crítica e sátira, o esperpento e o emprego do humor.

Referencias varias:

- ECG, “Vidal Portabales presenta ‘O inspector e mais eu”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 24 novembro 2016, p. 41.

Fai referencia á presentación en Couceiro da novela de Ignacio Vidal que contou coa presenza de Armando Requeixo e Manuel Bragado. Ofrece unha breve sinopse e perfil do autor.

Xubín, Isaac, *Non hai outro camiño*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, setembro 2016, 248 pp. (ISBN: 978-84-9121-096-2).

Novela, de Isaac Xubín (A Coruña, 1978), dividida en cinco capítulos: “Cando chove arreo”, “Casa de tixolos vermellos”, “Os partisanos”, “Na *zadruga* de Vajari” e “Non balcánico”, na que os seus personaxes se moven a través de estrañas relacións que lle acaban por imprimir á cidade un carácter propio. Os principais personaxes son: Goran, que agarda a súa inminente saída do cárcere; Nevenka, unha profesora de linguas románicas; Aspasi, enferma con problemas neurolóxicos, e Anjia, unha moza que dubida entre ser poeta, mecánica ou bióloga. A historia é unha narración do cotián, do día a día duns personaxes pouco convencionais, cuxas rutinas (centradas, principalmente, no sexo e na comida) chocan de fronte coa sociedade autoritaria na que se moven. De tinturas policiais, a novela encerra tamén certo pouso político, que insta á toma de conciencia sobre a importancia dunha sociedade organizada e participativa.

Recensión:

- X. L. Méndez Ferrín, “Viaxe a Staro Selo”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, “Segunda feira”, 3 outubro 2016, p. 13.

Coméntase que se trata dunha novela colectiva onde a verdadeira protagonista é a cidade, Staro Selo. Compárase coas obras de Robbe-Grillet, Mourullo e Cid Cabido. Engádese que a novela está escrita aos cadriños, feito que, segundo se indica, facilita a lectura.

_____, “Zadruga”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, “Segunda feira”, 10 outubro 2016, p. 14.

Coméntase que as claves da novela non se desvelan até a parte final. Compárase co humorismo que caracteriza os finais dalgúns contos de Ánxel Fole, así como co movemento e forma dunha película de Willy Wilder e con Charles Chaplin por presentar o réxime político de Staro Selo como cruel e ridículo. Achégase un breve resumo dos acontecementos principais e finalízase indicando que o autor se revela mestre na manipulación dos tempos verbais ao conseguir que os acontecementos ocorran con vivacidade.

- Ramón Nicolás, “As pequenas historias son as protagonistas”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Libros”, “En galego”, 18 novembro 2016, p. 16.

Indica que esta novela supón a súa estrea como narrador e que transmite as querenzas da Nova Narrativa Galega. Comenta que na novela non hai un único protagonista pois toda ela é unha suma de historias que experimentan un grupo de persoas ao cruzárense nun espazo concreto. Engade que o universo que o autor deseña avanza a través de fragmentarismos, con atmosferas marcadas pola violencia, abuso do poder, a guerra, resistencia da loita…

Referencias varias:

- R. L., “Non hai outro camiño”, *Diario de Pontevedra*/ *El Progreso*, “*Táboa Redonda*”, n.º 49, 18 setembro 2016, p. 4.

Presenta a sinopse da novela, unha historia de supervivencia nunha urbe europea a pé de mar, e achega un breve perfil biográfico do autor.

- Belén López, “Isaac Xubín. ‘Ás veces tes que estoupar”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 27 setembro 2016, p. 14.

Coméntase que con esta obra o autor debuta na narrativa longa, cunha novela ambientada nun lugar e nun tempo afastado co propósito distanciar os lectores e lectoras da novela, tal e como indica o autor coa finalidade de non crear unha lectura distorsionada ou predeterminada. Fálase sobre o seu proceso de aprendizaxe do vasco e de como influíu na súa vertente filolóxica. Ademais, engádese que antes desta novela o autor tiña publicado uns tres relatos curtos. Sobre literatura, poesía e narrativa, o autor indica que para el son o mesmo, pois para el por detrás das fórmulas hai sempre unha vontade de expresarse.

- Cuca M. Gómez, “Sorpresas te da la vida...”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, 27 setembro 2016, p. 62.

Informa, entre outros eventos, da presentación do libro de Isaac Xubín.

_____, “Los premios Cogami 2016”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, 18 decembro 2016, pp. 94-95.

Dá conta da presentación da obra na Librería Paz.

VV. AA., *Teatro. Moda. Fotografía. Poesía. Banda deseñada. Graffiti. Música. Relato breve. Videocreación. Artes plásticas. Deseño de xoias. Xuventude Crea Premios 2015*, Santiago de Compostela: Dirección Xeral de Xuventude. Consellería de Traballo e Benestar. Xunta de Galicia, 2016, 172 pp. (DL: C 468-2016). ◆

Volume colectivo no que se recollen os galardoados e mencións de honra nos Premios 2015 Xuventude Crea. Comeza cun índice de contidos resaltando todas as áreas que recolle e con dúas mensaxes: a primeira do Conselleiro de Política Social José Manuel Rey Varela, quen incita aos mozos a desenvolver todas as súas capacidades fomentando así un gran futuro para eles e a cultura galega; e a segunda, da Directora Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cecilia Vázquez Suárez, quen destaca o talento da mocidade galega. Cada un dos apartados pertencentes ás diversas áreas representadas vai encabezado polo xurado que determinou os galardóns, sendo un total de once campos, entre os que cómpre destacar os dedicados á poesía, ao relato breve e ao teatro. No apartado de Relato Breve recóllense cinco traballos premiados. "Barcos de palma de Ecuador", de Brais Lamela Gómez, estuda o temor da guerra en Xapón por unha familia xaponesa que vive en Perú e debe fuxir a Ecuador. É un relato cargado de desesperanza porque todo está perdido. " Os dominios do caos", de Andrés Carrasco Solla, resume a existencia dunha planta en América do Sur que trouxo a desgraza consigo para todos os habitantes. "As voces estridentes", de Xacobe Pato Rodríguez-Gigirey (Ourense, 1987), destaca a historia de Cibrán, un mozo de vinte e cinco anos cunha carreira ás costas e engordando as filas do paro. Relata os obstáculos físicos e psíquicos dos mozos á hora de incorporarse ao mundo laboral e critica o concepto de Voz Xeracional. "Boi e Muiñeira", de Héber Fernández Pérez, amosa a historia de amor entre Carmiña-Boi e Afonso-Muiñeira. O amor logo se converte en tedio e Muiñeira comeza a bater en Carmiña até que ela se cansa e o mata fuxindo da casa. Como ninguén apreciaba ao home, dáse o caso por pechado. Por último, "O Tintiño", de Rubén Pérez Pombo, explora o mundo da metamorfose. O señor López, ao remate da vida, é consciente da gris existencia que posúe. Colecciona aves e vive só, de modo que un día, saíndo do médico, remata por converterse nunha fermosa ave para por fin ser libre e voar para sempre.

Tamén está descrito no apartado *II.Poesía* e *III.Teatro* deste *Informe*.

I.2. REEDICIÓNS COMENTADAS E FACSÍMILES. TEXTOS RECUPERADOS

Cela, Camilo José, *A rosa (La cucaña. Memorias de Camilo José Cela, Tranco primeiro. Infancia dorada, pubertad siniestra, primera juventud. Libro primero. La rosa,* Destino, 1959; *La rosa,* ed. definitiva e ampliada, Espasa Calpe, 2001), prólogo Ana María Platas Tasende, trad. Isabel Soto e Alexandra Cabaleiro, [Santiago de Compostela]: Xunta de Galicia, 2016, 222 pp. (D.L.: C 1640-2016). ◆

Reedición da tradución, publicada en galego por vez primeira pola Xunta de Galicia en 2002, que recolle as memorias da infancia de Camilo José Cela (Iria Flavia, 1916-Madrid, 2002) para conmemorar o centenario do nacemento do autor. Este novo volume, editado en rústica fronte á tapa dura da publicación anterior, presenta un deseño da cuberta distinto e engade un prólogo de Ana María Platas Tasende, no que a catedrática de Lingua e Literatura españolas sinala a importancia destas páxinas, representativas dos primeiros pasos polo mundo de Cela, xa que abranguen de 1916 a 1923; repasa as distintas publicacións do texto en castelán, dende a súa primeira edición en 1959 até a definitiva de 2001; adscríbeo ao xénero memorialístico de protagonista infantil a partir da visión dunha primeira persoa xa adulta; e salienta a prosa lírica de Cela para describir as escenas de infancia, así como a aparición de espazos galegos. A seguir, e tras a dedicatoria de Cela á súa nai, unha cita en inglés de Frank. L. Stanton, o "Prólogo en forma de aparente divagación" —no que Cela cualifica a memoria como unha "fonte de dor"— e mais a "Nota a esta edición" —onde detalla cando e onde publicou este texto—, inclúese o texto das memorias, dividido en sete capítulos titulados, que foi sometido a unha revisión lingüística realizada polas tradutoras. *A rosa* presenta a un mundo que foxe das pinceladas bucólicas e amables asociadas tradicionalmente á infancia para se internar na nenez e na preadolescencia do escritor na Galicia rural. Cela detalla con humor e ironía múltiples anécdotas, alén de se referir á súa relación con personaxes curiosos e achegar datos sobre os seus familiares. A edición vai ilustrada cunha completa selección de fotos e péchase cun Índice onomástico e toponímico.

Referencias varias:

- Jorge Cela Trulock, "Mi hermano Camilo y 'La familia de Pascual Duarte", *Faro de Vigo*, "*Estela*", n.º 757, 27 novembro 2016, pp. 4-5/ *La Opinión*, "*El Domingo*", n.º 810, 4 decembro 2016, pp. 2-3.

Faise referencia á novela *A familia de Pascual Duarte*, publicada en galego pola Xunta. Aclárase que anteriormente esta obra xa fora publicada nesta lingua traducida por Vicente Risco e prologada por Otero Pedrayo, con ilustracións de Rafael Zabaleta d nunha edición dirixida por Fernández del Riego e Ricardo García Suárez.

Lueiro Rey, Manuel, *Non debían medrar*, Ramón Nicolás Rodríguez (ed.), Vigo: Edicións Xerais de Galicia, abril 2016, 81 pp. (ISBN: 978-84-9121-071-9).

Reedición da obra *Non debían medrar*, de Lueiro Rey (Fornelos de Montes, 1916-O Grove, 1990), publicada orixinalmente en 1974 por Ediciós do Castro, con ilustracións de Isaac Díaz Pardo e prólogo de Luís Seoane. A presente edición, elaborada por Ramón Nicolás con motivo do centenario do nacemento de Lueiro Rey, amosa unha linguaxe adecuada ás normas actuais. Principia cun prólogo asinado por Ramón Nicolás baixo o título "Esa ferida non cauterizada" no que reflexiona sobre a figura e obra do autor. Fecha o volume un pequeno glosario de termos. Cómpre destacar que, respecto da obra orixinal, a edición de 2016 non inclúe nin as palabras de Seoane nin as imaxes de Díaz Pardo.

Recensións:

- Ramón Nicolás, "Manuel Lueiro: 'camiño aberto", *La Voz de Galicia*, "Fugas", "Letras", "Galego", "Beatus qui legit", "Centenario", 15 abril 2016, p. 5.

Fálase do autor co gallo do cen aniversario do seu nacemento. Indícase que comezaron iniciativas que teñen como finalidade actualizar a súa obra e divulgala, tales como a reedición de *Non debían medrar* e máis un volume inédito, *Novas crónicas dunha transición intransixente*. Sobre *Non debían medrar* indícase que se trata dun texto descarnado e duro, con protagonismo infantil ambientada nos tempos da posguerra. Ademais, tamén se citan os relatos de *O sol na crista do galo*, da cal se comenta que ten tinxes autobiográficos; e, no eido poético dáse conta dos poemarios *Un tempo de sol a sol* (1971), *Escolma ferida (1977), Nova escolma ferida (1988),* e o póstumo *Derradeira escolma ferida (2003).* Do autor destácanse as características de conciencia crítica radical, etiqueta posta por Alonso Montero e poeta subversivo, por Méndez Ferrín.

Referencias varias:

- G. N., "O Pazo da Cultura de Pontevedra abre hoxe unha gran exposición sobre Lueiro Rey", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 12 maio 2016, p. 37.

Dáse conta da exposición "Camiño aberto-100 anos. Manuel Lueiro Rey (1916-2016)" e dise que Lueiro Rey escribiu novela, poesía e ensaio. Ademais, anúnciase a presentación da reedición *Non debían medrar*. **NON COMPUTADA NAS ESTATÍSTICAS**

- Belén López, "Camiño aberto para Lueiro Rey", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Ciudad", 13 maio 2016, p. 12.

Infórmase da programación cultural e colaboracións recadadas para a exposición-homenaxe ao autor de Fornelos, no Pazo da Cultura de Pontevedra. Recóllense declaracións do comisario, Ramón Rozas. As actividades darán inicio coa reedición de *Non debían medrar*, de Manuel Bragado e Modesto Hermida.

- Cuca M. Gómez, "Un día lleno de actividades", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Gente a diario", "De café con Cuca", 20 maio 2016, p. 78.

Informa sobre a presentación da reedición do libro *Non debían medrar* de Manuel Lueiro Rey no marco da programación "100 anos do nacemento de Lueiro Rey. 1916-2016" onde participan Manuel Bragado, Modesto Hermida e Ramón Nicolás.

Taibo, Victoriano, *Contos pequenos*, Gondomar: Instituto de Estudos Miñoranos, 3 vol. 2016, vol. 1: [16] pp., vol. 2: 46 pp., vol. 3: 50 pp. (ISBN: 978-84-617-4692-7).

Reedición e actualización da obra *Contos pequenos* de Victoriano Taibo (Santiago de Compostela, 1885-Vigo, 1966). A presente edición componse de tres volumes inseridos nun mesmo estoxo. O primeiro volume é unha reprodución facsimilar do manuscrito orixinal datado en 1955. O segundo é unha versión actualizada dos oito contos de Victoriano Taibo, con ilustracións de Fino Lorenzo e adecuados ás normas actuais: "O burriño e mailo porco", "O loro de Bieito Cirolas", "O lagarto e mailo sapo", "O decreto", "Ao achar", "Para quen cantou o cucorrei?", "A noz" e "O chufón e o vaidoso". Este volume vai acompañado dun breve vocabulario, solución ás adiviñas do texto e un código para acceder ao documento de audio. O terceiro e último volume "Comentarios aos Contos pequenos de Victoriano Taibo" principia cun limiar de Miguel Anxo Mouriño, "Pequena parola ao comén". A continuación presenta catro artigos centrados na obra do escritor: "Victoriano Taibo e o seu mundo visto por un neno", de Hixinio Beiras Cal; "Os *Contos pequenos* no folklore internacional", de Camiño Noia; "A lingua dos *Contos pequeno*s de Taibo", de Gonzalo Navaza; e "*Contos pequenos* de Victoriano Taibo: historia externa", de Xesús Alonso Montero.

Recensións:

- Xesús Alonso Montero, "Contos para un neno galeguista (1955)", *La Voz de Galicia*, "Opinión", "Beatus qui legit", 18 novembro 2016, p. 14.

Dáse conta da reimpresión do libro, sesenta anos despois de que vira a luz por vez primeira. Coméntase que no ano 1955 se publicaban moi poucos libros e lingua galega e ningún para a literatura infantil e xuvenil e que ese libro supuxo un punto de inflexión. Engádese que a edición está conformada por tres pequenos volumes: a edición facsimilar do manuscrito, a edición impresa e un opúsculo.

Referencias varias:

- Neli Pillado, "O IEM conmemora o 50 aniversario da morte de Victoriano Taibo e publica contos inéditos", *Faro de Vigo*, "Val Miñor", 15 marzo 2016, p. 15.

Comenta que o Instituto de Estudos Miñoráns conmemora o cincuenta aniversario do pasamento de Victoriano Taibo coa presentación do proxecto de edición de *Contos pequenos*, escolla de relatos infantís que o autor traduciu co obxectivo de que Hixinio Beiras Cal, o fillo duns amigos, puidese ler en galego.

- Concha Gómez, "Contos pequenos', obra inédita de Taibo se editará en dos meses", *Atlántico Diario*, "Área metropolitana", "Val Miñor", 27 marzo 2016, p. 19.

Anúnciase, sen data de publicación aproximada, a edición desta obra inédita do mestre galeguista, editada polo Instituto de Estudios Miñoranos e con apoio económico do Concello de Gondomar. Trátase dun libro de contos escrito persoalmente para o seu amigo Antón Beiras, e dedicado ao seu fillo Hixinio Ultreia Beiras. Foi a pedagoga Antía Cal, esposa do autor, quen o agasallou en 1992 a Xesús Alonso Montero, quen comentou o achado con Miguel Anxo Mouriño, responsábel de Lingua e Literatura do IEM, poñendo así en curso a presente idea de edición.

- D. V., "La obra 'Contos pequenos', de Victoriano Taibo, verá la luz el día 30 tras más de sesenta años inédita", *Faro de Vigo*, "Val Miñor", "Área metropolitana", 23 outubro 2016, p. 14.

Dá conta da reedición desta obra destacando que ademais dos contos populares de Victoriano Taibo esta edición inclúe catro artigos asinados por Hixinio Beiras, Xesús Alonso Montero, Gonzalom Navaza e Camiño Noia. Dá conta da estrutura desta nova edición e destaca que inclúe tres volumes concibidos como unha mesma unidade.

- Concha Gómez, "O IEM presenta os contos inéditos de Victoriano Taibo", *Atlántico Diario*, "Área metropolitana", "Val Miñor", 27 outubro 2016, p. 19.

Anúnciase a presentación da obra no Auditorio Lois Tobío de Gondomar. Indícase a estrutura da obra, composta por tres volumes. Coméntase que o acto incluirá a lectura creativa de varios dos contos.

- Cuca M. Gómez, "Guía de lectura para este otoño", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Gente a diario", "De café con Cuca", 11 novembro 2016, p. 66.

Dá conta do relatorio celebrado na Casa das Campás en torno ao libro *Contos pequenos* de Victoriano Taibo, con motivo dos cincuenta anos do seu falecemento. Nomea aos participantes no encontro organizado polo Instituto de Estudos Miñoranos y el Ateneo de Pontevedra.

I.3. TRADUCIÓNS, VERSIÓNS E REEDICIÓNS

Anónimo, *Historia do nobre Ponto, que foi rei de Galiza e de Bretaña (Le Roman de Ponthus et Sidoine*, Ed. Critique de Marie Claude de Crécy, Textes littéraires Français, 1997), trad. Henrique Harguindey, Cangas do Morrazo: Rinoceronte Editora, col. Contemporánea, 2016, 190 pp. (ISBN: 978-84-92866-73-1).

Novela de estilo cabaleiresco que conta a historia de Ponto, fillo dun rei medieval de Galicia. Despois da toma da Coruña polos musulmáns un grupo de rapaces embarca e naufraga nas costas de Bretaña, onde son criados pola nobreza. O libro, estruturado en dezaseis capítulos, relata os amores entre a filla do rei, Sidonia, e Ponto e as súas desventuras até o feliz casamento final que converte o protagonista en rei de Bretaña e Galicia, tras reconquistar a súa terra natal. A historia preséntase en forma de relato en prosa, en relación ao termo francés "roman", que facía referencia a un xénero inicialmente escrito en octosílabos. Enmárcase na liña da literatura de cabalarías e entre os temas salienta o da materia de Bretaña e o mundo feudal. A narración das aventuras

do protagonista, unha sorte de heroe épico, é a base sobre a que se constrúe o relato, grazas a un narrador en terceira persoa focalizado en Ponto. A conduta deste heroe, presentada nun ton exemplarizante, obedece os principios políticos e morais do feudalismo, mais sempre perseguindo un ideal de xustiza e paz. A tradución de Henrique Harguindei (1946) inclúe unha introdución e notas aclaratorias ao pé de páxina.

Recensións:

- Estro Montaña, "Fantasía de Rei", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 589, "Libros", 23 xuño 2016, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 546, "Letras galegas", 2 xullo 2016, p. 10.

Despois de comentar a historia da obra en prosa *Roman de Ponthus*, achegando datos curiosos como por exemplo que até o mesmo Luís XVI tiña un exemplar do mesmo na súa biblioteca, pasa a resumir o argumento da obra. Informa igualmente de que mestura acontecementos e personaxes reais e ficticios e salienta o seu didactismo e a súa relación cos libros de cabalerías. Dá conta, por último, de que Méndez Ferrín, anos atrás, escribira sobre a necesidade de facer unha tradución ao galego.

- Camiño Noia, "Unha epopea histórica", *Tempos Novos*, n.º 232, *ProTexta*, "ProPostas", setembro 2016, pp. 88-89.

Achégase unha recensión da obra *Historia do nobre Ponto que foi rei de Galiza e de Bretaña* (Rinoceronte, 2016), tradución de Henrique Harguindey da obra medieval *Roman de Ponthus*. Saliéntase o ilustrativo limiar do tradutor, no que se contextualiza a obra, e faise un breve resumo do argumento, centrado na materia de Bretaña. Explícase o porque dunha obra medieval protagonizada por un rei de Galicia. Conclúese salientando que esta obra cubre un baleiro, posto que Galicia non tiña unha epopea que contara as fazañas dun heroe propio.

Bacon, Francis, *Nova Atlántida* (*Nova Atlantis*, 1638), trad. Alfonso Blanco, Santiago de Compostela: Editorial Hugin e Munin, col. Vólvense os paxaros contra as escopetas, 2016, 76 pp. (ISBN: 978-84-944422-7-8).

Esta obra de Francis Bacon (Londres, 1561-1626) enmárcase dentro do xénero coñecido como utopía: a descrición dunha sociedade humana configurada dun xeito perfecto que proporciona a felicidade aos seus membros, iniciado n'*A República* de Platón (370 a. C.), co seu retrato dunha sociedade ideal rexida por filósofos, e continuado con novelas como *Utopía* (1516), de Thomas More, e *Civitas Solis* (1602), de Tommaso Campanella, entre outros. O título remite á lenda da Atlántida, unha suposta, próspera e avanzada civilización perdida, localizada na illa do mesmo nome, que estaría ao outro lado do estreito de Xibraltar. Bacon sérvese do nome desta suposta civilización perdida para nomear o seu país utópico e, con este punto de partida, relata en primeira persoa unha viaxe por mar que o leva, a el e os seus acompañantes, até unha illa descoñecida no Océano Pacífico, de nome Bensalem. Alí descobren unha comunidade dedicada por enteiro a realizar investigacións e experimentos sobre fenómenos naturais. A finalidade de tales traballos é chegar a inducir principios xerais que expliquen, cada vez con máis

precisión, os mecanismos da natureza. Achega ademais reflexións sobre a equidade, a corrupción, o matrimonio ou a homosexualidade. A presente tradución ao galego baséase na versión en latín, a definitiva, reelaborada polo propio Bacon coa axuda do seu capelán e editor, William Rawley.

Bulwer-Lytton, Edward, *O enfeitizado e os feiticeiros ou A casa e o cerebro* (*The Haunted and the Haunters; Or, The House and the Brain*, 1859), trad. Alejandro Tobar, Santiago de Compostela: Editorial Hugin e Munin, col. Vólvense os paxaros contra as escopetas, 2016, 76 pp. (ISBN: 978-84-944422-8-5).

Edward Bulwer-Lytton (Londres, 1803-Torquay, 1873) publicou por vez primeira esta narración no *Blackwood's Magazine.* Por casualidade, a oídos do narrador e protagonista, un cabaleiro inglés interesado nos sucesos paranormais, chega a existencia dunha casa en Londres na que ninguén logrou pasar máis de tres noites porque está encantada. Daquela, movido pola curiosidade, postúlase como inquilino, coa única compaña do seu criado e mais do seu can, un *bull terrier*. Durante a súa estancia descubrirá que, no pasado, a casa foi escenario dunhas mortes terríbeis e que unha presenza maligna está detrás da actividade sobrenatural. A novela estrutúrase en dúas partes: a primeira e máis extensa adopta o formato clásico das historias de casas encantadas, mentres que a segunda mestura co relato reflexións do narrador sobre o mesmerismo, a inmortalidade, o hipnotismo ou a vontade humana, abordadas dende unha óptica ocultista.

Recensións:

- Armando Requeixo, "Espectros", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*"/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 939/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 939, "letras Atlánticas", 26 xuño 2016, p. 32.

Coméntase o labor narrativo do autor, apuntando tamén as obras poéticas e teatrais das que se sabe ben pouco. Infórmase da publicación da primeira tradución ao galego do escritor e dáse conta o argumento desta obra de forma detallada. Igualmente refírese que a trama ten todos os elementos que se precisan para captar a atención do lector, comentando cales son: entre elas unha gran cantidade de intensas emocións e atmosferas terroríficas. Conclúese cunha gabanza do exercicio de tradución de Tobar.

Constant, Benjamin, *O caderno vermello* (*Le Cahier rouge*, 1907), trad. Marie Abraira, Santiago de Compostela: Editorial Hugin e Munin, col. Vólvense os paxaros contra as escopetas, 2016, 80 pp. (ISBN: 978-84-945403-5-6).

O caderno vermello tomou o seu título, por decisión dunha parente do autor, a baronesa Charlotte de Constant, da cor das tapas do caderno no que Benjamin Constant (Lausanne, 1767-París, 1830) escribiu este relato. Foi ela, así mesmo, quen o editou por vez primeira en 1907, ano no que apareceu tamén na *Revue des Deux Mondes*. Construído cos recursos dunha narración autobiográfica, Constant converte en literario o seu decorrer vital real nos seus primeiros vinte anos de vida, de 1767 a 1787, aínda que o emparenta de maneira voluntaria e irónica na tradición literaria da picaresca e a

novela de formación. Deste xeito asístese ao deseño dun mozo impulsivo e intrigante, adorado por uns e odiado por outros, que encadea diversas barrabasadas xuvenís, aventuras amorosas, namoramentos apaixonados e sucesos xocosos e traxicómicos. Máis da metade do relato está dedicado a 1787, cando se interrompe de xeito abrupto e a instancias do pai, pois Constant vai entrar ao servizo do duque de Brunsvic, aceptando así un estado na sociedade e o sometemento á autoridade paterna e deixando atrás a falla de compromiso propia da mocidade.

Eliot, George, *Silas Marner. O tecelán de Raveloe* (*Silas Marner, the weaver of Raveloe*), trad. Celia Recarey Rendo, Santiago de Compostela: Irmás Cartoné, xullo 2016, 270 pp. (ISBN: 978-84-945411-0-0).

Terceira novela de George Eliot, pseudónimo da escritora británica Mary Anne Evans (Nuneaton, 1819- Londres, 1880), publicada por primeira vez en 1861. Estruturada en dúas partes, vinte e un capítulos e unha conclusión, narra a historia do tecelán Silas Marner. Despois de ser traizoado polo seu mellor amigo e acusado inxustamente de roubo, Silas abandona a cidade e aséntase na aldea de Raveloe, sen chegar a integrarse nunca na comunidade. Como un vello avaro e desconfiado, leva unha vida illada e solitaria, vivindo unicamente para o traballo e o diñeiro. Cando todo canto posúe é roubado convértese nun home aínda máis desconfiado e miserábel. A vida de Silas é horríbel até que un día todo muda, descobre a unha cativa orfa agochada na súa cabana e decide criala como filla. Co transcorrer do tempo, Eppie, convértese nunha moza adorada por todos que trata con verdadeira devoción seu pai adoptivo. Finalmente, descóbrese que Eppie é herdeira de fortuna e posición social, porén renuncia a todo isto para permanecer ao carón do pai. A novela reflicte as relacións humanas e os cambios que se producen na personalidade dunha persoa cando ten a axuda e o apoio dos demais.

Recensións:

- Montse Pena Presas, "Revisitar o realismo", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 601, "Libros", 3 novembro 2016, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 554, "Letras galegas", 12 novembro 2016, p. 10.

Achégase unha cita da autora e indícase que este exemplo prototípico do Realismo chega agora ao sistema literario galego grazas a Irmás Cartoné. Engádese que a editora ten especial interese polas autoras de finais do XIX e principios do XX. Coméntase que se trata dunha obra complexa e achégase un breve resumo do argumento principal da mesma, centrada na sociedade británica de mediados do século XIX.

Foscolo, Ugo, *Últimas cartas de Jacopo Ortis* (*Ultime lettere di Jacopo Ortis,* 1817), trad. Isabel Soto, Santiago de Compostela: Editorial Hugin e Munin, col. XIX, nº 36, abril 2016, 192 pp. (ISBN: 978-84-944422-4-7).

Tradución ao galego da primeira novela epistolar da literatura italiana, para a elaboración da cal, Niccolò Foscolo Zante (1778-Londres, 1827), verdadeiro nome do autor, partiu de *Laura, lettere* (1796), unha historia de amor inspirada no suicidio do universitario Girolamo Ortis, e nun episodio autobiográfico: o afecto que el mesmo

sentiu por Isabella Teotochi Albrizzi. Con posterioridade, o autor reelaborou o texto e engadiulle nas sucesivas edicións máis detalles relacionados coa súa biografía até chegar ao texto definitivo, datado en Londres en 1817. O material epistolar preséntase recompilado polo destinatario e suposto editor, Lorenzo Alderani. Jacopo, un mozo burgués inmerso nas loitas políticas do momento, vese obrigado a fuxir de Venecia e, durante a súa estadía nos Euganeos, de camiño ao exilio, escríbelle a Lorenzo longas reflexións sobre o seu descontento pola marcha do país, ao tempo que lle confesa os seus sentimentos por Teresa. As misivas abordan temas diversos —a morte, a paisaxe, a corrupción política, o esquecemento dos heroes nacionais, a natureza humana. Na liña da novela sentimental e dos motivos propios do xénero epistolar —sobre o modelo da *Nouvelle Héloïse* (1761) e do *Werther* (1774)—, mais tamén influenciado pola obra de Vittorio Alfieri, este texto conxuga o discurso amoroso co político e identitario. Consonte co espírito romántico, Jacopo só enxerga unha saída para calmar o seu desacougo: a destrución de si mesmo.

Recensións:

- Xosé Feixó, "Novela epistolar", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 590, "Libros", 30 xuño 2016, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 546, "Letras galegas", 9 xullo 2016, p. 10.

Primeiro de todo aplaude a publicación da novela, como o resto das traducións da editora santiaguesa. Logo fai un resumo da vida e obra do autor traducido, Ugo Foscolo, para comezar coa análise da obra, inspirada como di n'*Os sufrimentos do mozo Werther*, de Goethe. Di que se considera a primeira novela italiana de xénero epistolar e afirma que está chea de elementos autobiográficos. Conclúe que se trata dunha obra "recomendable para uns días de verán, inmunes á depresión".

Hammett, Dashiel, *Colleita vermella* (*Red Harvest,* 1929), trad. Diego Ameixeiras, Santiago de Compostela: Editorial Hugin e Munin, col. XX, nº 39, outubro 2016, 268 pp. (ISBN: 978-84-945403-3-2).

Colleita vermella, de Dashiel Hammett (Maryland, 1894-Nova York, 1961), está considerada a obra que inaugura o xénero negro e o modelo para a multitude de obras posteriores, tanto na literatura coma no cinema. A historia arrinca coa chegada dun detective privado dende San Francisco á gris cidade de Personville, contratado polo director dos dous xornais da cidade, fillo dun magnate. Pero cando o detective chega, o xornalista foi asasinado. Mentres investiga o crime, descobre que catro matóns dominan a cidade coa complicidade do magnate, o cal contrata de novo o investigador para que limpe Personville. O detective consegue enfrontar os catro mafiosos para que se aniquilen entre si. O relato encadea accións e complicacións continuadas; deste xeito, o protagonista e narrador vese inmerso en sanguinarios enfrontamentos entre bandas rivais, nas manobras realizadas á marxe da lei e nas mentiras de todos aqueles aos que interroga. No aspecto estilístico, destaca o continuo intercambio de diálogos marcados polo cinismo, as frases breves e a sucesión de escenas truculentas ateigadas de asasinatos, persecucións e disparos.

Hustvedt, Siri, *O verán sen homes* (*The Summer Without Men*, 2011), trad. Alejandro Tobar, Santiago de Compostela: Editorial Hugin e Munin, col. XXI, nº 40, outubro 2016, 226 pp. (ISBN: 978-84-945403-4-9).

Siri Hustvedt (Northfield, Minnessota, 1955) artella unha narración que mestura a literatura co ensaio divulgativo e aborda cuestións do eido humanista e científico. Así, a través da voz en primeira persoa de Mia Fredricksen, profesora universitaria e poeta na cincuentena, relátase o que aconteceu ao longo do verán no que escapou a Minnesota, a súa vila natal, tras sufrir unha crise ao coñecer a decisión do seu home, Boris Izcovich, de interromper a relación conxugal que ambos mantiñan dende había trinta anos por mor dunha moza, denominada ironicamente a Pausa, coa que iniciou unha aventura amorosa. Inseridas na narración, xogan un papel fundamental as reflexións sobre a velleira, o paso do tempo, os procesos cognitivos, a bioloxía e a neurociencia, a histeria, a catarse, o desexo, a puberdade, a enfermidade, as emocións... Así mesmo, insístese no valor da memoria e da propia identidade, e constrúese unha panorámica dos decorrer da vida a través da historia de mulleres de diferentes xeracións que cadran nun tempo e nun lugar.

Recensións:

- Estro Montaña, "Comedia feminista", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 605, "Libros", 1 decembro 2016, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 558, "Letras galegas", 10 decembro 2016, p. 10.

Fálase sobre a autora e coméntase que leva anos loitando contra o machismo no mundo da arte. Indícase que ficción e ensaio se mesturan nas súas obras como elementos complementarios. Engádese unha breve aproximación ao argumento principal da novela e destácase que se trata dunha obra na que tres mulleres ocupan un espazo central, incrustando poemas, reflexións, comentarios que se apoian en citas de escritores, filósofos, intelectuais etc. Un relato acompañado pola comicidade e escenas pornográficas, confluíndo con outros elementos como a arte, a psicoloxía ou a neurociencia.

Huysmans, Joris-Karl, *A contrafío* (*À Rebours*, 1884), trad. Isabel Soto, Santiago de Compostela: Editorial Hugin e Munin/ Xunta de Galicia, col. XIX, nº 38, xullo 2016, 322 pp. (ISBN: 978-84-944422-9-2). ■

A contrafío, de Joris-Karl Huysmans (París, 1848-1907), é unha das obras máis significativas e orixinais da segunda metade do século XIX, e, co decorrer dos anos, consolidou o seu valor literario e artístico e converteuse na biblia do decadentismo, nun dos principais testemuños sobre a crise de valores da "fin de século" e sobre o movemento de renovación estética que se produciu nesa época, non só en Francia senón na maioría dos países europeos e americanos. A influencia da novela superou o ámbito estritamente literario, ao crear toda unha estética para campos como a moda ou o cinema, e ao recompilar a partir de citas e referencias numerosos artistas esquecidos, anteriores ou contemporáneos do autor. Na traxectoria de Huysmans, conforma, canda *À vau de l'eau* (1882) e *En Rade* (1887), un tríptico que mostra a súa insatisfacción existencial e o seu pesimismo moral, trazos que o converten no principal representante

da estética da fin de século. O argumento da novela céntrase nun único personaxe, o duque Jean des Esseintes, un mozo de trinta anos, anémico e nervioso, quen, farto da vida social parisiense, en plena decadencia familiar, decide retirarse a unha casa de campo en Fontenay-aux Roses. A súa vida decorre alí sen que lle suceda nada de gran relevancia, en estado contemplativo, sen máis que facer que deleitarse coa arte. En realidade a novela non presenta unha trama clásica con presentación, nó e desenlace, pois Huysmans, no seu desexo de innovar, elimina a intriga tradicional e substitúea por unha análise psicolóxica do personaxe e polas súas meditacións arredor da literatura, a pintura, a botánica ou os perfumes, combinadas con delirios, lembranzas do pasado e sátiras nas que desprega o seu humor negro e os seus alardes de cinismo. Deste xeito, Des Esseintes, esteticamente sutil e refinado, con trazos do neurótico, mantén unha postura de brutal oposición á mediocridade, á superficialidade e ao conformismo co herdado, outorgándolles á arte e á fantasía un papel destacado. A presente edición inclúe ao final da novela, o "Prefacio. Escrito vinte anos despois da novela" que o propio Huysmans redactou para que acompañase a edición de 1903. O texto alberga un grande interese testemuñal, pois o autor interpreta a súa obra tras se converter ao catolicismo, o cal tivo lugar por volta de 1892.

Referencias varias:

- R. Nicolás, "Huysmans en galego", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "En galego", "Letras", 12 agosto 2016, p. 11.

Comenta o espírito fresco, renovador e polémico dunha novela rica en matices e admirada por autores de narrativa galega. Valora positivamente o "antolóxico" traballo de Isabel Soto na tradución e nas notas ao pé de páxina.

Jääskeläinen, Pasi Ilmari, *Laura das neves e a sociedade literaria dos nove* (*Lumikko ja yhdeksän muuta*, Atena, 2006), trad. Tuula Ahola e Tomás González Ahola, Santiago de Compostela: Urco Editora, col. Tradución, outubro 2016, 330 pp. (ISBN: 978-84-15699-94-1).

Novela de Pasi Ilmari Jääskeläinen (Jyväskylä, 1966) que se divide en tres partes diferenciadas, compostas por trinta e nove capítulos numerados, ademais de contar cunha nota dos tradutores na que xustifican a tradución dos nomes propios ao galego por motivo da súa carga semántica. Ten como protagonista a Ella Amanda Milana, unha mestra substituta nunha pequena vila finlandesa, cuxa vida cambiará radicalmente ao ser seleccionada por Laura das Neves, unha autora de libros infantís precedida pola súa sona mundial, para ocupar o posto da décima integrante da Sociedade Literaria de Lombodalebre. A incursión de Ella na Sociedade, os misterios dos outros nove membros, a transformación de carácter fantástico dos libros da biblioteca, a desaparición na escena de Laura das Neves e as indagacións sobre unha morte acontecida hai trinta anos por mor dun enigmático caso de amnesia colectiva conforman os ingredientes principais da trama. O autor emprega un ritmo áxil e trepidante, no que os misterios se van descifrando a medida que as impresións iniciais sobre os personaxes van mudando.

Mansfield, Katherine, *Festa no xardín* (*The Garden Party and Other Stories*, Constable, 1922), trad. Estela Villar Nogueira, Cangas do Morrazo: Rinoceronte Editora, col. Clásica, n.º 12, 2016, 240 pp. (ISBN: 978-84-92866-72-4).

Volume de Katherine Mansfield Beauchamp (Wellington, Nova Celandia, 1888-Fontainebleau, Francia, 1923) no que se presentan catorce relatos independentes que teñen en común a ollada feminina da súa autora e a presenza de personaxes femininas ambientadas no século XIX. Entre estes relatos cómpre subliñar "Festa no xardín", que dá título ao libro, onde se observa como unha moza burguesa se sorprende porque a súa nai non suspende a festa que está planeada no xardín da casa logo de seren sabedoras da morte dun home novo que vivía no barrio marxinal, preto da súa casa. Neste relato o contraste de mundos (a riqueza e a pobreza) ponse de manifesto cando a moza, animada pola súa nai, lle leva á viúva uns doces para axudala en tan difícil situación. Noutros relatos trátanse temas tan variados como a autoridade paterna, en "As fillas do defunto coronel"; a ausencia do amor materno ou de parella, en relatos como "Na baía" ou "O señor Pombo e a señora Pomba"; a contraposición entre a vellez e a xuventude, en "A señorita Brill"; ou a experiencia dunha rapaza de campo, chamada Leila, na súa primeira asistencia a un salón de baile, en "O seu primeiro baile". As narracións de *Festa no xardín* destacan pola captación dos ambientes e pola atención aos pequenos detalles sensoriais cunhas historias que xiran ao redor das personaxes femininas que recrean o seu universo particular.

Recensións:

- Montse Pena Presas, "Prosa sinestésica", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 579, "Libros", 14 abril 2016, p. IV/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 536, "Letras galegas", 23 abril 2016, p. 10.

Preséntase a coidada tradución ao galego, realizada por Estela Villar Nogueira, desta narrativa breve de autoría neocelandesa. Saliéntase como trazo principal a precisión na escrita ora na capacidade para recrear ambientes, que chegan ao lectorado de modo case sinestésico, ora no deseño dos personaxes, que se sitúan ao borde da rebeldía e se definen primordialmente polos seus pensamentos. Dise que se trata de caracteres soñadores que pretenden saltar diversas limitacións da sociedade do seu tempo, nos que se deseña un mosaico do que pode significar ser muller dende a diferenza ou a asunción das normas.

Referencias varias:

- R. Nicolás, "Espello da vida", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "Galego", 4 marzo 2016, p. 6.

Indica sinteticamente algunhas características da obra, como o lirismo, e engade que os relatos expresan o "desacougo e o medo dos personaxes diante do devalar das súas propias vidas".

Marelli, Stefano, *Outras estrelas uruguaias*, trad. Moisés Barcia, Cangas do Morrazo: Rinoceronte Editora, 2016, 200 pp. (ISBN: 978-84-92866-77-9).

Obra de Stefano Marelli (Suíza, 1970) na que se fai un extenso percorrido histórico, político e deportivo, e onde o fútbol é o protagonista absoluto. Comeza cun breve diálogo do filme *Tiburón* para seguir cunha dedicatoria a Rolando Raggenbass. A continuación recóllese a historia que transcorre nunha vila de nome impronunciábel situada en América do Sur, preto da selva ecuatoriana. Un periodista italiano, de nome Sauro, emigrado en Latinoamérica, coñece un vello, O Brujo, que axiña gaña a súa confianza e que lle contará a súa vida, moi vinculada co mundo futbolístico. Así, Prudencio Picassent, nome real deste estraño personaxe, relátalle a Sauro todo o que lle aconteceu dende que súa nai se ve na obriga de deixalo nun orfanato logo de exercer a prostitución. Neste lugar estabelece amizade cun neno italiano chamado Nesto Bordesante, do que se fai amigo inseparábel. A paixón de ambos os dous polo fútbol e o seu talento nese deporte fan que pasen a residir nunha granxa onde, malia traballar duro, poderán competir no fútbol. Un tráxico suceso (o asasinato dun home a mans de Nesto por un intento de abuso sexual) mudará as súas vidas e a relación existente entre ambos os dous, de maneira que Prudencio suplantará a identidade do compañeiro para poder xogar nunha equipo de mellor categoría, o Boca Juniors. Con todo, un e outro rematará traxicamente as súas vidas: Nesto, suicidándose, despois de volverse alcólico e ver como os afeccionados corean o seu nome pero non a el; Prudencio, vagabundo, coxo e cego, repudiado pola sociedade que un día o enxalzou até o máis alto e despois de ter acadado grande éxito e terse convertido en vítima do xogo e da mala vida

Recensións:

- Estro Montaña, "Novelar o fútbol", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 600, "Libros", 27 outubro 2016, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 553, "Letras galegas", 5 novembro 2016, p. 10.

Achégase unha breve biografía do autor suízo e das súas publicacións destácase *Parole nel vento* (2012) e *Un libro per lo sport* (2013). Coméntase que o autor combina literatura con xornalismo e que escolle para a súa novela o tempo en que Uruguai era potencia futbolística, en 1930. Engádese un breve resumo do argumento principal da obra e indícase que presenta unha linguaxe coloquial cun final aberto e unha posíbel continuación, unha historia apaixonada que presenta os ingredientes para acadar o éxito (amor, infidelidades, espazos sórdidos da sociedade, oligarcas etc).

O'Brien, Flann, *A boca pobre* (*An béal bocht no An Milleánach*, An Preas Náisiúnta, Baile Átha Cliath, 1941), ilust. Isaac Xubín, Cangas do Morrazo: Rinoceronte Editora, col. Nova, 2016, 117 pp. (ISBN: 978-84-92866-76-2).

Obra de Brian O'Nolan, nome literario de Flann O'Brien (Strabane, 1911), cuxo título ampliado é "*A boca pobre ou O home que se queixa. Unha dura historia sobre os duros tempos escrita por Myles na Copaleen*". Ábrese cun mapa de Irlanda e as cidades coas que se relaciona mediante os seus habitantes emigrados (caso de Nova Iork, Boston ou Springfield), pero que tamén representa o mundo subacuático, un país denominado "O Estranxeiro" e outro "Terras Forasteiras". A seguir, recóllese unha cita da propia obra, que fai referencia á imprevisibilidade da vida, e un limiar do editor, firmado en 1941 como o "Día da Miseria", e outro, tamén do editor, firmado para a terceira edición de

1964 e denominado “Día do Xuízo Final”. Ao longo de nove capítulos o lectorado agardado descobre, por medio dun narrador en terceira persoa, a vida de Bonaparte Ó Cúnasa, personaxe cuxa vida se reduce á miseria máis absoluta. Criado entre animais e o seu cheiro, convértese nun mozo preguiceiro que non traballa e só ansía a compañía de seu avó. Por intervención deste forma unha familia, mais perderáa de maneira repentina sumindo o protagonista na mesma miseria existencial de sempre. O achado dun saco cheo de moedas semella ser a súa salvación, mais o feito deste terlle pertencido a un home asasinado provoca que a policía o meta no cárcere por vinte e nove anos, lugar onde por vez primeira coñecerá a seu pai. Trátase dunha novela de intensa crítica social sobre a penosa situación que viviu a sociedade gaélica co constante desprezo pola súa lingua e a súa cultura e na tamén aparece a temática de misterio, das lendas propiamente irlandesas, tales como a aparición dunha especie de monstro que se representa a través dunha sombra ameazante chamada O Gato de Mar.

Redondo, Dolores, *Todo isto che darei* (*Todo esto te daré*, Editorial Planeta, 2016), Premio Planeta, trad. M. Dolores Torres París, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, decembro 2016, 696 pp. (ISBN: 978-84-9121-152-5).

Novela de Dolores Redondo (Donostia,San Sebastián,1969) cuxo fío argumental arranca en Madrid, onde Manuel, un escritor de prestixio que está en plena concepción da súa última novela, recibe no seu domicilio a noticia da morte do seu marido, Álvaro, nun accidente de tráfico nas estradas galegas. A partir deste momento o protagonista descubrirá a dobre vida que mantiña a súa parella, que resulta ser o Marqués da familia Muñiz de Dávila, unha das familias nobres máis importantes e antigas de Galicia. Manuel trasládase a Monforte, onde se atopa o pazo familiar de “As Grileiras” para asistir ao enterro do seu home e onde se decata de que é o seu principal herdeiro. Alí, o rexeitamento da súa familia política e a certeza de non coñecer á persoa coa que compartira a súa vida, levan a Manuel a querer fuxir e deixar todo atrás, pero a insistencia de Nogueira, un garda civil xubilado que sospeita das circunstancias da morte de Álvaro, convénceo de quedarse e investigar. As indagacións lévanos a relacionar a suposta morte accidental de Álvaro coa de seu irmán Fran, tres anos atrás. Finalmente, coa colaboración de Lucas, un cura amigo da familia, e algún dos traballadores e traballadoras do pazo, conseguen esclarecer as circunstancias que rodean a morte de Álvaro, malia os impedimentos e o escurantismo por parte da familia Muñiz de Dávila. A Ribeira Sacra convértese nun escenario de crime e misterio, mais tamén, a través da vivencia persoal e íntima do protagonista, nunha terra de gran beleza e boa xente. A falsidade das aparencias, a hipocrisía, a confianza na persoa amada e a sospeita son algúns dos temas aos que o protagonista deberá enfrontarse na súa procura da verdade, onde os sentimentos xogarán un papel fundamental. A novela ábrese cunha dedicatoria e, xa na páxina seguinte, catro citas que adiantan un ambiente de misterio e crime: dous fragmentos de dúas novelas de Ágatha Christie, unha cita d’*O padriño*, de Mario Puzo, e outra de *Dúas Gardenias*, de Isolina Carrillo. A continuación desenvólvense os corenta e sete capítulos que compoñen o libro, todos eles con breves títulos que indirectamente introducen o contido e sitúan o lector ou lectora na acción. Péchase o volume co apartado “Agradecementos” no que a autora dedica unhas palabras de agradecemento a aquelas persoas que colaboraron e contribuíron no proceso de escritura da novela.

Referencias varias:

- Manuel Bragado, “Ribeira Sacra literaria”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, “Campo de Granada”, 27 decembro 2016, p. 23.

Di que o volume *Izan o da saca* (2015), de Xabier Quiroga, deu pé a un roteiro literario que leva por nome “Izan na Ribeira Sacra”. Tamén menciona que *Todo isto che darei*, de Dolores Redondo, contribuíu ao protagonismo literario desta área xeográfica.

- Ángel Arnáiz, “Redondo adelanta que habrá película del Planeta”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 28 decembro 2016, p. 36.

Indica que xa está dispoñíbel nas librarías a tradución da obra ao galego e que esta foi elaborada por María Dolores Torres.

- A. Rodil, “Dolores Redondo abarrota Monforte”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 28 decembro 2016, p. 43.

Fálase da presentación da versión en galego da obra *Todo esto te daré*, de Dolores Redondo, no Centro do Viño de Monforte.

Reza, Yasmina, *Unha desolación (Une désolation*, 1999), trad. Xavier Senín, Santiago de Compostela: Editorial Hugin e Munin, col. XX, nº 35, abril 2016, 100 pp. (ISBN: 978-84-944422-5-4).

Tradución ao galego da segunda obra narrativa pertencente á traxectoria de Yasmina Reza (París, 1959) na que aparecen temas que a autora abordará de maneira recorrente: a figura do pai e a presentación de problemas complexos que convidan á reflexión. Samuel, un xudeu xubilado, misóxino, excéntrico e melancólico, de a cabalo entre o bufón misántropo e o heroe existencial, afeccionado á xardinaxe e melómano, sente o peso da velleira ao tempo que goza da liberdade de expresarse sen finximento. Construída a través dun monólogo continuado, o parlamento de Samuel ten como destinatario fundamental o fillo ausente, mais a súa mirada póusase tamén en Nancy, a súa segunda muller, na súa refinada filla, no seu neto e mesmo no pobo xudeu. Con todo, insírense tamén voces alleas: a de Marisa Bottona, a amante da mocidade; a do veciño Leo, unha sorte de filósofo contemplativo, ou a alegre de Geneviève, a vella amiga reencontrada. En consonancia coa estrutura discursiva do relato, o texto presenta unha linguaxe directa, rupturas na sintaxe e unha singular puntuación. Destaca así mesmo a súa disposición fragmentaria e reiterativa e a presenza de reiteracións, introducidas case ao xeito de ladaíñas.

Recensións:

- Xosé Feixó, “Con vocación teatral”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 588, “Libros”, 16 xuño 2016, p. VI/ *La Opinión*, *Saberes*”, n.º 545, “Letras galegas”, 25 xuño 2016, p. 10.

Detense en explicar a orixe da autora e a súa relación co teatro, para logo falar do argumento deste monólogo narrativo con "clara vocación teatral". Salienta a existente mestura entre os elementos tráxicos e cómicos, pois todo transcorre entre o riso e a amargura. Comenta o argumento do soliloquio e remata por apuntar que é "boa idea" dispoñer desta obra en galego.

Sand, George, *As damas verdes* (*Les Dames vertes*, 1857), trad. Xavier Senín, Santiago de Compostela: Editorial Hugin e Munin, col. XXI, nº 41, decembro 2016, 110 pp. (ISBN: 978-84-945403-6-3).

George Sand, pseudónimo de Amantine Aurore Lucile Dupin (París, 1804-Val do Loira, 1876), unha das meirandes figuras do romanticismo francés, publicou esta novela por entregas no semanario *Le Monde illustré* entre abril e xuño de 1857. Trátase dunha narración que se afasta do terreo transitado no resto da súa produción literaria para se aproximar ao xénero fantástico na liña dos contos fantásticos de Hoffman ao que a autora engade as súas preocupacións sociais dos casamentos e unha certa crítica da nobreza dende un punto de vista irónico. No aspecto argumental, o relato conta como en maio de 1788 un avogado chamado Just Nivières se presenta, enviado polo seu pai, no castelo da condesa de Ionis por mor dun preito que esta mantén cuns familiares e no que cómpre tomar unha decisión. A atmosfera que alí atopa é máis complexa do esperado polo que, perturbado polas aparicións dunhas misteriosas e lendarias damas, sen saber de certo que responde á realidade e que á fantasía, o mozo, atacado por un incipiente desexo amoroso, deberá facer fronte á situación superando o seu natural escepticismo. A novela xoga cos códigos do sobrenatural (pantasmas, aparicións, unha estatua que toma vida e un estraño manuscrito) e critica o poder marital e paternal.

Shaffer, Mary Ann e Anniel **Barrows**, *A Sociedade Literaria e do Pastel de Pel de Pataca de Guernsey* (*The Guernsey Literary and Potato Peel Pie Society*, 2008), trad. Moisés Barcia, Cangas do Morrazo: Rinoceronte Editora, 2016, 280 pp. (ISBN: 978-64-92866-80-9). ■

Novela epistolar escrita por Mary Ann Shaffer (Virxinia, Estados Unidos, 1934-2008) e continuada por Annie Barrows (California, Estados Unidos, 1962), sobriña da primeira e coautora tras o seu falecemento. A historia constrúese a través das cartas e telegramas que Juliet Ashton, reporteira na II Guerra Mundial, recibe e escribe. Os correspondentes habituais das súas cartas son a súa amiga Sophie, o seu editor Sidney Star e Dawsey, habitante da illa de Guernsey. A narración focalízase, pois, na figura central de Juliet que serve de nexo para as restantes personaxes. Juliet recibe un día unha carta dende Guersney dun propietario dun libro de Charles Lamb que anteriormente lle pertencera, Dawsey. A partir deste suceso, vese somerxida na historia dos demais habitantes da illa e da curiosa Sociedade Literaria que formaran durante a ocupación nazi. A estrutura interna da obra está dividida en torno a dúas partes vinculadas aos dous espazos xeográficos da historia: a primeira delas introduce a vida íntima e profesional de Juliet en Londres, onde tenta buscar inspiración para a creación dun novo libro, e a segunda comprende os sucesos acaídos durante a estadía da protagonista na illa de Guernsey. O tempo correspóndese á posguerra inmediata, concretamente ao ano 1946. As voces narrativas empregan sempre a primeira persoa, tal é o trazo característico do xénero epistolar. O amor á lectura -abundan as referencias literarias e a intertextualidade-, a

literatura fronte a represión, a amizade, o romance e a reelaboración da memoria histórica de Guernsey son algúns dos temas centrais do libro.

Smith, Clarck Ashton, *O escultor de gárgolas e outras historias de Averoigne*, trad. Tomás González Ahola, Santiago de Compostela: Urco Editora, 2016, 191 pp. (ISBN: 978-84-15699-93-4).

Volume que acolle once relatos de terror, de Clark Ashton Smith (California, Estados Unidos, 1893-1961), cuxas historias se enmarcan no denominado "ciclo de Averoigne" e que teñen lugar nunha provincia ficticia francesa entre os séculos XI e XVIII. Ábrese cun limiar do tradutor Tomás González Ahola, onde recolle a intención de dar peche con esta obra ás coleccións de tradución "gótica", "fantasía" e "ciencia ficción" de Urco Editora e no que valora a reunión definitiva no selo editorial do triunvirato da *Weird Tales* (Lovecraft, Howard e Smith). Inclúe un total de once relatos: "O remate da historia", centrado no mundo dos vampiros; "Un encontro en Averoigne", con pantasmas, vampiros e sucesos sobrenaturais; "O escultor de gárgolas", con dúas gárgolas maliciosas e vingativas como protagonistas; "As mandrágoras", centrado nunha parella de feiticeiros; "A besta de Averoigne", sobre unha criatura que percorre Averoigne asasinando inocentes; "A santidade de Azédarac", vencellado aos Mitos de Chutlhu e ao libro Eibón; "O coloso de Ylourgne", protagonizado por nigromantes; "A exhumación de Venus", centrado na descuberta dunha luxuriosa estatua de Venus polos frades dun mosteiro; "Nai dos sapos", historia dunha meiga; "A feiticeira de Sylaire", con vampiros e licántropos como protagonistas, e "O sátiro", no que este ser e símbolo da luxuria é o personaxe principal. A confrontación entre o cristianismo e o paganismo, asociado á feiticería, ao sobrenatural e á sensualidade; a presenza de elementos do xénero *pulp* e a narrativa de terror; a herdanza da estética gótica, barroca e medieval; a recollida das lendas de tradición oral e a temática truculenta con abundancia de seres fantásticos (sátiros, bruxas, mandrágoras, nigromantes, xigantes) son características destes relatos que, na maioría dos casos, seguen a estrutura presentación-nó-desenlace e a narración en terceira persoa.

Schnitzler, Arthur, *A señorita Else* (*Fräulein Else*, 1924), trad. Rosa Marta Gómez Pato, Santiago de Compostela: Editorial Hugin e Munin, col. XX, nº 37, xullo 2016, 94 pp. (ISBN: 978-84-945403-2-5).

A señorita Else é unha das obras máis significativas de Arthur Schnitzler (Viena, 1862-1931). Construída cos recursos da novela psicolóxica e utilizando a técnica da corrente de conciencia da protagonista, a trama relata como durante a súa ociosa estadía nun hotel de San Martino di Castrozza, Else recibe unha carta da nai na que lle roga que faga canto estea na súa man para reunir axiña unha suma de diñeiro coa que saldar unha débeda do pai e evitar así que acabe na cadea. Todo parece indicar que a única saída pasa por un achegamento interesado a un vello coñecido, o señor von Dorsday, quen presumibelmente estaría en disposición de emprestarlles os cartos e eludir a deshonra familiar. Por tal motivo, a moza vese na obriga de se internar nun mundo ruín e malévolo, diametralmente oposto ás súas elucubracións románticas e inxenuas. A narración vai tocando múltiples temas: a sedución, a inocencia, o papel da muller, o abuso e a clase social, os convencionalismos ou as aspiracións, e denuncia unha

sociedade na que os intereses creados e os réditos de diversa índole priman sobre o plano humanístico e solidario.

Recensións:

- Armando Requeixo, "A elección de Else", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*"/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 947/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 947, "letras Atlánticas", 21 agosto 2016, p. 28.

Despois de facer un breve rastrexo da figura de Arthur Schnitzler, coméntase que, até o de agora, nunca se traducira unha novela súa ao galego e gábase que así se faga. Dáse noticia da trama da novela e infórmase de que é moito máis que un "edulcorado drama erótico". Saliéntase que se trata dunha narración impecábel, en parte, grazas ao tratamento da técnica do monólogo interior, polo que sobresae.

Söderberg, Hjalmar, *O xogo serio* (*Den allvarsamma leken*, 1912), trad. Marta Dahlgren, Santiago de Compostela: Editorial Hugin e Munin, col. XX, nº 42, decembro 2016, 298 pp. (ISBN: 978-84-945403-7-0).

Derradeira das catro novelas escritas por Hjalmar Söderberg (Estocolmo, 1869-Copenhaguen, 1941), tras *Förvillelser* (1895), *Martin Bircks ungdom* (1901) e *Doktor Glas* (1905), e talvez a de maior carga autobiográfica e tamén a máis fatalista. O autor desenvolve a historia de amor que se prolonga durante toda unha vida. Arvid Stjärnblom é un mozo que, malia estar namorado de Lydia Stille, decide renunciar á súa relación con ela porque teme perder a súa vida de solteiro e a súa independencia. Tempo despois ela acorda un matrimonio e el acaba cunha muller que o engana para que case e coa que leva a vida aburrida e burguesa que xurara non ter nunca. Porén, Arvid e Lydia volven atoparse e principian unha relación adúltera na que non logran a felicidade e, no entanto, non son quen de romper. O amor abórdase dende unha perspectiva psicolóxica, a partir da fonda melancolía que impregna o protagonista. A acción acontece en Suecia ao longo dos anos finais do século XIX e os primeiros do XX, en escenarios como Estocolmo. Nesta cidade, entre fermosas prazas e co pano de fondo das grandes transformacións xeopolíticas que aconteceron nesa época, transcorre a convulsa vida duns personaxes complexos e a miúdo contraditorios, que viven na dúbida e no dilema permanentes, marcados polos desexos insatisfeitos, os desacougos, a traizón, o adulterio e a renuncia.

Tarchetti, Igino Ugo, *Fosca* (*Fosca*, 1869), trad. Isabel Soto, Santiago de Compostela: Editorial Hugin e Munin, col. Vólvense os paxaros contra as escopetas, 2016, 280 pp. (ISBN: 978-84-944422-6-1).

Fosca, novela asinada por Igino Ugo Tarchetti (San Salvatore Monferrato, 1839-Milán, 1869) aínda que concluída por Salvatore Farina (Sorso, 1846-Milán, 1918), editouse por entregas en *Il Pungolo* en 1869, ano no que tamén foi recollida en volume exento. A novela ten un pouso autobiográfico, pois naceu tras a experiencia dun dobre amor que viviu o propio autor: en 1863, en Varese, mantivo unha relación sentimental con Carlotta Ponti e, en 1865, coñeceu en Parma unha parente dun superior seu (Carolina ou

Angiolina), enferma de histeria e epilepsia e a piques de morrer que, malia non ser en absoluto agraciada, suscitou nel unha grande atracción. O protagonista, Giorgio, narra en primeira persoa as súas experiencias amorosas vividas cinco anos atrás con dúas mulleres: Clara, a dama fermosa e serena, coa que vive unha relación feliz e pracenteira; e Fosca, unha muller fea, histérica e cunha sensibilidade enfermiza. A novela une dous planos: o interese pola análise dun caso patolóxico de histeria, seguindo o ronsel da novela naturalista; e a estrutura simbólica, polos camiños do horror, o oculto e o escuro. Deste xeito, o tema do amor está presente na novela consonte dous modelos contrapostos: o romántico, co adulterio que entra en conflito coas regras sociais, e o modelo do amor morboso, patolóxico e asociado á enfermidade e á morte.

Zola, Émile, *O Gozo das Damas* (*Au Bonheur des Dames*, 1883), trad. Celia Recarey Rendo, Santiago de Compostela: Irmás Cartoné, decembro 2016, 532 pp. (ISBN: 978-84-942570-7-0).

Novela de quen é considerado o maior representante do Naturalismo europeo, Émile Zola (París, 1840-1902), e que persegue a finalidade de ser un retrato da sociedade francesa do momento, a través dunha saga familiar da que *O gozo das damas* constitúe a undécima parte dun conxunto de vinte volumes (a serie *Rougon-Macquart*). Cunha coidada e fiel tradución do orixinal, Recarey traslada ao galego a historia dunha rapaza orfa que acaba de chegar a París e que ten ao seu coidado dous irmáns pequenos. A busca da estabilidade económica que a levou até a capital francesa, vese truncada cando o negocio familiar, no que aspiraba a gañar a vida, se ve afectado pola apertura duns grandes almacéns, onde a protagonista terá que rematar traballando. A través da historia de Denisse, a protagonista, o autor plasma as grandes transformacións que sofre o pequeno comercio coa aparición, nas cidades, dos grandes almacéns, un dos problemas da realidade do seu tempo.

Recensións:

- Montse Pena Presas, “Pracer polo detalle”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 578, “Libros”, 7 abril 2016, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 535, “Letras galegas”, 16 abril 2016, p. 10.

Celébrase en primeiro lugar o coidado formal que mostra a editora Irmás Cartoné ao ofrecer volumes coma este. Dise que a obra de Émile Zola, en tradución de Celia Recarey, viu por primeira vez a luz en 1883 e forma parte da inxente empresa de retrato do devir dunha familia francesa ao longo de cinco xeracións, malia constituír un relato independente). Preséntase como foco da historia o microespazo en forma de centro-comercial que dá título á novela, que a carón da figura do self-made man, e o cambio do modelo comercial que sitúa como destinatarias ás mulleres, resultan os piares da novela. Condénsase a obra como o pracer polo detalle erixido en símbolo.

Wharton, Edith, *Ethan Frome* (*Ethan Frome*, Charles Scribner's Sons, 1911), trad. Celia Recarey Rendo, Santiago de Compostela: Irmás Cartoné, marzo 2016, 134 pp., 2016, 208 pp. (ISBN: 978-84-942570-8-7).

Edith Wharton (Nova York, 1862-Saint-Brice-sous-Forêt, 1937) é a autora desta novela na que se pon de manifesto o que se pode chegar a facer en nome do amor. O relato iníciase cunha "Introdución", na que se fai uso dun narrador anónimo en primeira persoa, quen tenta descubrir a enigmática figura de Ethan Frome a partir das achegas dos habitantes da cidade de Starkfield, en Nova Inglaterra. A seguir, preséntanse nove capítulos, nos que se fai uso dun narrador en terceira persoa e nos que se produce un *flashback*, concretamente vinte e catro anos atrás, co gallo de coñecer a historia dun amor idílico e imposíbel como é o de Ethan Frome e Matthie. A relación entre a terra e a súa xente conforma o pano de fondo deste relato, no que se fai fincapé na dureza dos invernos en Starkfield e do illamento inherente a este lugar con motivo de ser quen de comprender o carácter dos seus habitantes e o seu correspondente ritmo de vida cargado de doses deprimentes e tinguiduras de cor gris.

Recensións:

- Montse Pena Presas, "O peso da fatalidade", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 580, "Libros", 21 abril 2016, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 537, "Letras galegas", 30 abril 2016, p. 10.

En primeiro lugar coméntase o presaxio do tráxico que o lectorado pode intuír. A seguir, sinálase que a novela se inicia *in medias res*, cun forasteiro (voz narradora) que chega a Starkfield e coñece o enigmático personaxe que dá título á obra, exemplo clásico de home perseguido polo *fatum*. Coméntase que a acción (o pasado de Ethan e un triángulo amoroso) e os datos da trama principal se dosifican de maneira ben acaída e desembocan en fervenza emocional, cunha acertada recreación de ambientes. Considérase que menos atractiva a ollos actuais pode resultar unha lectura moral da obra, que condena a persecución daquilo que se desexa.

I.4. ANTOLOXÍAS

Ansola Trueba, Vicente, *Aldeas sen voz*, Santiago de Compostela: Editorial Canela, marzo 2016, 156 pp. (ISBN: 978-84-608-3704-6).

O presente álbum, con fotografías e deseño a cargo de Vicente Ansola Trueba, é unha sorte de continuación d' *O pobo das néboas*. Principia cun texto en versión bilingüe, a modo de introdución, do propio autor no que explica a orixe do proxecto. Ademais das composicións poéticas e das fotografías, a modo de vivencia vinculada ao mesmo Triángulo dos Trasnos (Bogo, Vilarxuvín, San Paio) do concello lucense da Pontenova, recóllese a historia "Unha ducia de coellos sen piedade", en galego e castelán, sobre uns coellos máxicos. A seguir, presenta un texto de Pepe Jordana referido á rodaxe do filme *O pobo das néboas*, coas conseguintes fotos do equipo en Bogo. Ao longo da obra certos fragmentos en prosa do autor acompañan os retratos (a branco e negro e a cor), expoñendo polo miúdo algunha memoria ligada aos habitantes da aldea fotografados, cuxos nomes se recollen sempre en nota a rodapé. O volume péchase cunha dedicatoria, empregando as gardas (tanto as anteriores como as posteriores) para expoñer máis retratos grupais.

Tamén está descrito no apartado *II.Poesía* deste *Informe*.

Referencias varias:

- Marta Veiga, "Es la aldea de Astérix y Obélix", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", "Fotografía", 25 maio 2016, p. 53.

Conversa con Vicente Ansola por mor da publicación do seu libro de fotografías, onde reúne diferentes proxectos continuadores da liña marcada n'*Os pobos das néboas* e no que contou coa colaboración do seu editor Pablo Quintana e do colectivo de poetas A Porta Verde do Sétimo Andar.

- J. M. Ramos, "Poesías, relatos y fotografías en el proyecto artístico 'Aldeas sen voz", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 9 setembro 2016, p. 31.

Anúnciase a inauguración, no Centro Cívico de Malpica, da exposición dun total de 130 fotografías de Vicente Ansola, 21 poemas e 9 relatos de variada autoría, que versan sobre o abandono e deterioro rural tomando como cerne e testemuño o municipio lucense da Pontenova. A continuación noméanse os participantes que forman parte do colectivo A Porta Verde do Sétimo Andar.

González Ahola, Tomás, *Da fría e distante estrela polar*, Santiago de Compostela: Urco Editora, col. Alcaian, abril 2016, 193 pp. (ISBN: 978-84-15699-89-7).

Antoloxía narrativa de Tomás Ahola (Vilaboa, 1981) conformada por dúas novelas breves (*Roi Bernal, reloxeiro especialista en reloxos xigantes* e *A tinta do señor Halti*) e catro relatos ("Kalvala", "Carboende", "A illa celeste" e "O berce vermello"), precedidos todos eles por unha cita dos seguintes autores: Algernon Blackwood, Robert

Bloch, primeiro canto da obra anónima *Kalevala*, Lovecraft, Jack London e Brian W. Aldiss. O argumento da obra céntrase en diferentes personaxes que pola composición do seu sangue, ou máis ben, pola súa xenealoxía, son condenados a ser sacrificados a unha especie de diaños; uns seres a medio camiño entre os homes e algún animal, vermellos e que necesitan de sangue para sobrevivir. Recréase, en todas as narracións, no terror, no desacougo, no temor ao descoñecido e á escuridade. Influído por Lovecraft e polas súas raíces finlandesas, o autor parte de mitos de Nadal coñecidos para crear novas historias de medo e fantasía, mediante novas formas e novas interpretacións, que transportan o lector a épocas pasadas ambientadas en Galicia e en Finlandia.

VV. AA., *A garza insomne*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria, n.º 346, 2016, 264 pp. (ISBN: 978-84-9865-693-0).

Volume que reúne os nove relatos finalistas e gañadores do Certame de Narracións Breves Manuel Murguía correspondentes ás edicións dos anos 2013, 2014 e 2015. Ábrese cun limiar, escrito por Alfredo Ferreiro, coordinador do certame, no que se presenta o libro e se adianta información sobre o contido de cada un dos textos que o integran, que son os que seguen:

- Xosé Alfredo Naz Fernández, "Duelos", Finalista 2013, pp. 11-38.

Estruturado en dez partes e botando man dun narrador en terceira persoa omnisciente, conta a historia de Niccolo Fontana, un matemático de gran sona que participou en numerosos torneos e viviu enfrontamentos con outros matemáticos da época.

- David Pérez Iglesias, "Vidros", Finalista 2013, pp. 39-62.

A través da carta que o narrador-protagonista lle escribe á súa ex-amante, Xulia Moesa, dez anos despois de que esta se fora, nárrase a historia dun triángulo amoroso entre tres amigos.

- Juan Tallón, "Consanguíneo", Premio Manuel Murguía 2013, pp. 63-94.

Relato protagonizado por Anne, unha muller cun fillo adolescente que desaparece misteriosamente xunto cun amigo. Mediante un narrador en terceira persoa e continuas analepses, dáse conta da vida desta muller, que agocha un segredo do pasado.

- Pedro Larrañaga Álvarez, "Pentito", Finalista 2014, pp. 95-118.

A través das declaracións dun narrador protagonista chamado Carlo cóntase, mediante unha analepse continua, unha historia de mafias ambientada en Sicilia, dividida en dezasete partes.

- Antón Vázquez Arias, "13", Finalista 2014, pp.119-142.

Alternando entre un narrador omnisciente e un narrador en primeira persoa relátanse dúas historias simultáneas que converxen nun desenlace fatídico.

- Adolfo Caamaño, “A gueixa no bosque de bambú”, Premio Manuel Murguía 2014, p. 143-184.

Relato estruturado en doce partes, encabezadas por dúas citas e un apartado introdutorio, que relata dous crimes acontecidos en Caldas de Reis. Contada a través dun narrador omnisciente, a historia principia coa descuberta do corpo sen vida dunha moza a causa do que semella ser un arrepiante asasinato.

-Eduard Velasco, “Taxidermia”, Finalista 2015, pp. 185-212.

Botando man dun narrador omnisciente, céntrase na historia de Xacobe e Manuela, unha parella que decide ter a súa filla por medio dun parto Lotus que non remata como era de esperar debido á intervención da súa gata.

- Xosé Alfredo Naz Fernández, “Os sólidos platónicos de Nogueillón”, Finalista 2015, pp. 213-238.

Conxunto de cinco relatos breves que presentan dous elementos comúns: o espazo no que se desenvolven (o lugar de Nogueillón) e a figura do Vello.

- Antonio Piñeiro, “O pau na roda”, Premio Manuel Murguía 2015, pp. 239-257.

A través da voz dun neno nárrase o paso da Volta Ciclista a España por Santiago de Compostela por primeira vez.

Recensións:

- Montse Pena Presas, “Avelaíñas a xirar”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 591, “Libros”, 7 xullo 2016, p. VI

Informa da orixe e publicación desta antoloxía e comenta as historias que, ao seu parecer, son as máis salientábeis. Escolle primeiro “Consanguíneo”, de Juan Tallón, que levou o galardón en 2013, da que destaca que é un relato “practicamente perfecto”. Logo comenta “A gueixa nos bosques de bambú”, coa que Adolfo Caamaño gañou o Manuel Murguía en 2014, salientando o seu parecido co filme *La isla mínima*. Pasa a continuación a reflexionar sobre “O pau na roda”, premio 2015 de Antón Piñeiro e, por último, escolle a súa propia recomendación de entre todas as narracións breves da antoloxía, que non é outra que “Taxidermia”, de Eduard Velasco, unha historia “sorprendente” relacionada cun parto e o que lle suxire o mesmo.

Referencias varias:

- Xosé Carlos Caneiro, “O segredo”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Letras”, “No ficción”, 1 xuño 2016, p. 12.

Dáse conta da publicación do volume que recolle os premios do certame Manuel Murguía 2013-2015. Entre os textos desataca “Consanguíneo”, de Juan Tallón, “unha prosa de tesitura estética sincopada, como bateladas, e cun pouco melancólico exquisito na súa semántica argumental”.

II. POESÍA

II. 1. POETAS GALEGOS

Abalde Covelo, Marcos, *Exhumación*, IV Premio Manuel Lueiro Rei, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, agosto 2016, 56 pp. (ISBN: 978-84-9121-098-6).

Poemario de Marcos Abalde (Lavadores, 1982) que aborda temas de interese social como a "exhumación" física e psíquica das persoas obrigadas a abandonar a súa patria. Comeza salientando *Secesión* de Chus Pato e, ao pé do tema principal da obra xa sinalado, que é do sufrimento pola expropiación das terras e a soidade padecida no exilio, emerxen outros secundarios: os esquecidos que nunca aparecerán nos libros de historia pero que loitaron por un mundo mellor, os desherdados pola patria, a prohibición dos gobernantes, a humanidade coma mercadoría, a privación de expresarse na lingua propia, a amputación física, a sociedade dominada polo sedentarismo e os medios de comunicación, a barbarie, o extraperlo das tribos, a tortura, a brutalidade policial ou os indíxenas vistos como animais sen lingua nin crenzas. A obra divídese en tres partes ben diferenciadas: na primeira destaca a composición que comeza o poemario titulada "ADRO" (p. 9); a segunda titúlase "Non dominar" (pp. 13-32) e inclúe trece composicións; por último está a terceira, "Non deixarse dominar" (pp. 33-52), que tamén abarca trece poemas. En xeral, a obra é un medio de reivindicación social sobre os exterminios masivos en América, sobre as fatais consecuencias da Guerra Civil Española, sobre os xenocidios producidos en moitos lugares do mundo e, en definitiva, sobre o sufrimento físico e mental das vítimas destes atentados en nome da relixión e dos intereses maquiavélicos dos gobernantes de primeira orde mundial.

Recensións:

- Armando Requeixo, "Proclamamos a exhumación", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*"/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 950/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 950, "letras Atlánticas", 11 setembro 2016, p. 32.

Dise que a poesía do autor, Marcos Abalde Covelo, non é amábel, senón dolorosa, un medio a través do cal as clases máis desfavorecidas poden expresarse. Afírmase no compromiso do autor coa lingua galega, a fraternidade que debe unir os pobos, a insubmisión ante a corrupción, a solidariedade etc., que son os temas máis recorrentes na poesía do vigués, que teñen o obxectivo de concienciar o lector. A seguir, fálase das referencias a figuras históricas que se fan no poemario, a aqueles homes que tentaron sobrevivir e loitar polos seus dereitos. Remátase avogando pola unión de todas as razas do mundo.

- Román Raña, "Beleza e denuncia", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 608, "Libros", 22 decembro 2016, p. VI.

Subliñando o rexurdir do protesto e a indignación na poesía galega dos últimos anos, verdadeira clave deste volume, merecedor do IV Premio de poesía Manuel Lueiro Rey. Sen renunciar "ao deber de procurar a beleza", nunha proveitosa combinación de

xustiza poética e política, danse cita nas súas páxinas vítimas varias, dende o medio ambiente até as persoas estigmatizadas, outras excluídas do estado de benestar, outras tantas perseguidas. Segundo o crítico, o que aquí se exhuma é a ira dos mansos, nunha chamada á loita e á rebeldía.

Aleixandre, Marilar, *Desescribindo*, A Coruña: Apiario, col. Cera labrada, n.º 3, 2016, 71 pp. (ISBN: 978-84-943210-6-1).

Novo poemario de Marilar Aleixandre (Madrid, 1947) da man de Apiario, desprovisto de todo paratexto presentador ou compilador (ao non contar con nota biográfica, resumo, nin índice diferenciado, apenas unha nota final que refire os lugares de aparición anterior dalgúns textos), aspecto que proporciona ao deseño de Mauro Trastoy todo o protagonismo e conducirá o lectorado a despregar a lapela anterior e posterior até descubrir dúas planas repletas de debuxos científicos, en consonancia coa formación como bióloga da autora. A chave interpretativa do título ofrécea a segunda cita do volume, extraída da conta de Twitter de Estíbaliz Espinosa, que propón un día para escribir e vinte para "desescribir", xunto con poemas coma "contar ou descontar" ou "Estorde, 27 de xuño", onde a faneca brava prestará veleno a modo de tinta. Esta vontade reformuladora, cuestionadora dos relatos construídos, resulta a estratexia central da obra. Alén da carga que o xerundio –*Desescribindo*– deita sobre tal proceso, o volume permítenos camiñar desde as marxes ("Marginalia", "somos Verbo"...) até a memoria familiar, os referentes coidadosamente escolleitos ("Exeria non tira as sandalias", "Vera Nikolaievna Figner lembra o xardín de Semiramide" e, reiteradamente, Paul Celan) ou as realidades que terman e asinan unha idiosincrasia (como acontece coas pedras e os valos de "choendo paredes en Belvís", ou co desasosegante "os bárbaros esmagan a porta de Ishtar"). Subliñando tal pulsión reivindicativa, a segunda parte titúlase "lembranza de Babel", canda unha cita de Eavan Boland, e a terceira pregúntase "de quen a voz", canda outra de Alice Oswald. Significativa resulta tamén a xenealoxía de autoras citadas, a narratividade que certas anécdotas comportan e a aposta xeral en favor da claridade.

Baceiredo, Rebeca, *O canto da sibila*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Dombate, n.º 66, outubro 2016, 92 pp. (ISBN: 978-84-98657-25-8).

O primeiro poemario de Rebeca Baceiredo (Ourense, 1979), autora recoñecida nos eidos do ensaio filosófico, publícase na colección "Dombate" con contados, pero significativos, apoios paratextuais: a figura feminina da cuberta, pertencente ao lenzo de Arnold Böcklin, *O brado do mar*; unha cita inicial d'*As suplicantes* de Eurípides, sobre a necesidade da inmersión e o pensamento profundo; e un texto presentador, na contracapa, que incide na multivocidade e na quebra da enunciación, así como na palabra retida nas gorxas das mulleres. As composicións, con títulos nominais que remiten a conceptos ("O desasosego", "A inocencia"), accións ("A retirada", "O aquietamento"), e puntualmente a realidades ("As comisuras da boca"), optan pola brevidade e a dicción directa e en presente, que dá paso en numerosas ocasións á interrogación e á apelación a unha segunda persoa do singular, conseguindo un ton dinámico e encabalgado. A poética da autora, máis experimental e intertextual noutras entregas, coma *(repeat to fade)* preséntase aquí máis espida, accesíbel, nunha cesión de protagonismo ás imaxes e ás voces. A figura da sibila, entendida como voz

precivilizatoria capaz de anunciar a fin dos tempos, é tamén unha voz fendida, na que poden ecoar outras (as bacantes, as deusas, as viúvas indias), sen pechar sobre si mesmo o poema desde un aliñamento culturalista. Xustamente a voz da sibila reaparece no último poema do volume, "A plenitude", disposta a arder co "sagrado lume dos templos".

Recensións:

- Manuel Forcadela, "Entre a poesía e a filosofía", *Tempos Novos*, n.º 235, *ProTexta*, "ProPostas", decembro 2016, pp. 78-79.

Achégase unha reflexión sobre as tendencias da poesía galega do século XX. Salienta a "poesía da revelación" (p. 78) que remata coa publicación de *Nimbos* (1962), de Xosé María Díaz Castro e a vertente cultural posterior ou "post-lírica" (p.78) que xorde a raíz da tradición, na que se insire a obra de Xosé Luís Méndez Ferrín *Con Pólvora e Magnolias* e a de Álvaro Cunqueiro, así como da fusión entre discurso propio e alleo, da crise do suxeito e da variabilidade do xénero poético. Sinálase que nesta última liña, coa incorporación da revelación, se insire *O canto da Sibila*. Saliéntase que se trata da primeira obra lírica de Rebeca Baceiredo. Dáse conta do predominio da estética sobre as reminiscencias filosóficas da obra. Destácase a pluralidade de voces poéticas e a carencia de ritmo e medida, alén do enfoque dende a conciencia corporal da voz discursiva para dar conta das súas percepcións.

Referencias varias:

- Ramón Nicolás, "O canto da sibila", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Libros", "En galego", "Os máis vendidos", 2 decembro 2016, p. 8.

Dá conta da publicación desta obra e sinala que supón a estrea no xénero poético da súa autora.

Blanco, Antón, *A Oseira*, Santiago de Compostela: Chan da Pólvora Editora, col. Chan da Pólvora, n.º 1, xuño 2016, 59 pp. (ISBN: 978-84-945701-0-0).

Debut literario en edición exenta individual de Antón Blanco (Carril-Vilagarcía de Arousa, 1996), que inagura as publicacións da editorial Chan da Pólvora.
Ábrese cunha cita de Aníbal Núñez sobre o que ilumina o sol, á que segue un poema inicial "Lembrádesvos do que había na cavea?" (p. 9), encabezado por unha cita de Albert Camus, referida ao sol que "dévorait tout" e que funciona como marco temático e espacial do poemario, se ben matizada pola cita de Pink Floyd da páxina 33. *A Oseira* componse de nove poemas con numeración arábiga pero de distinta extensión e medida. A estrutura interna marca distintos momentos do proceso de putrefacción da carne até converterse en papoulas e finalmente quedar reducida a "Os ósos" e a "Figura total" no último poema. En conxunto, poetízase un proceso cíclico, dende o conflito detonador recollido no poema primeiro ao aludir á cavea, que se representa como testemuño e signo do proceso desenvolvido e non como un resto do conflito.

Recensións:

- Alba Cid, "Escribir a cávea ou o cráter de Lochnagar", *Grial*, n.º 212, "O espello das letras", outubro, novembro, decembro 2016, pp. 89-90.

Ofrécese unha recensión da obra *A oseira* (Chan da Pólvora, 2016) de Antón Blanco. Destácase que constitúe a primeira obra da colección de poesía da editorial que corre a cargo de Antón Lopo. Ponse en relación o poemario coa antoloxía de poetas novos *No seu despregar* (Apiario). Faise referencia á difusión da obra do autor nas revistas Dorna e Grial ou na XLII edición dos Premios Minerva. Analízanse os paratextos da obra e adúcese que as principais trazos de composición son a superposición, o emprego dunha perspectiva visual próxima á cinematográfica na que destaca a relevancia da luz, o distanciamento da voz poética e o predominio da temática da loita, a devastación e o baleiro, a través da variación espacial. Anótase a carencia de narratividade e a influencia clásica. A nivel estilístico destácase a vacilación na sintaxe así coma o uso de reiteracións e signos tipográficos. Por último, sublíñase a importancia das referencias culturais e a construción dun imaxinario particular que supón o poemario.

- María Xesús Nogueira, "Fotogramas da barbarie", *Tempos Novos*, n.º 234, *ProTexta*, n.º 11, "ProPostas", novembro de 2016, p. 79.

Destácase a temática sobre a destrución na que se basea a obra, salientando a función descritiva da voz poética e a visualidade das imaxes. Alúdese á disposición formal segmentada incidindo en que contrasta coa unidade temática e polas composicións interrogativas que abren e pechan a obra. Faise referencia ao xurdimento e labor editorial do selo Chan da Pólvora coa reedición de *Urania* de Chus Pato e coa publicación de obras de novos autores.

Referencias varias:

- Lourdes Varela, "Antón Lopo. 'Non creo que exista unha poesía con vocación minoritaria", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 591, "Entrevista", 7 xullo 2016, p. V.

Entrevista con Antón Lopo, director da editorial Chan da Pólvora, na que comenta que comezaron coa publicación de dous poemarios *A oseira* (2016), de Antón Blanco, e mais a reedición de *Urania* (1991), de Chus Pato, xunto coa recompilación das cartas que Suárez Picallo lle enviou a Eduardo Blanco Amor.

- Eladio Fernández, "A editora Chan da Pólvora arrinca como espazo poético", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 26 xuño 2016, p. 40.

Informa do nacemento da editora Chan de Pólvora, dirixida por Antón Lopo, coa publicación da primeira obra de Antón Blanco, *A Oseira*, e a reedición da emblemática obra de Chus Pato, *Ucrania*. Tamén achega información sobre a presentación da editora en Vilagarcía, Santiago e Ourense. Finalmente, salienta tamén a publicación de *Querido Eduardo*, unha recompilación de cartas que Ramón Suárez Picallo enviou a Blanco Amor entre 1931-1946, editada por Iris Cochón.

- Ángela Fontao, “Antón Lopo. ‘A editorial trata de configurar un futuro posible e un pasado irrenunciable”, *La Opinión*, “A Coruña”, “Ciudad y Cultura”, 22 xullo 2016, p. 10.

Entrevista a Antón Lopo, con motivo do proxecto Chan de Pólvora. Destaca a publicación das primeiras obras da editorial: *A Oseira* e *Querido Eduardo*. Comenta brevemente o contido destes primeiros libros, destacando que a especialidade da editorial é a poesía.

Carro, Franco del, *Insolúbel*, Santiago de Compostela: Chan de Pólvora, col. Cova da Lontra, n.º 1, decembro 2016, 107 pp. (ISBN: 978-84-945701-4-8).

Edición de Emilio Araúxo que trata de reconstruír, a través das voces de varios autores, a poética dun personaxe lendario da historia recente de Santiago de Compostela: Franco del Carro, coñecido por pintar versos apocalípticos nas paredes da cidade, que chegou a ter centos de seareiros. Manuel Rivas, Antón Seoane, Rafael Araújo Álvarez, Suso de Toro, Kukas, Fernando Bellas e Manolo Blanco poñen voz poética, en primeira persoa, ao período compostelán contemporáneo a Franco del Carro, que abrangue os anos posteriores á morte de Franco até a declaración da cidade como capital de Galicia. O volume constitúe, en conxunto, un auténtico exercicio de arqueoloxía urbana, no que o editor logra plasmar á perfección unha época aínda inexplorada.

Castro, Juan (coord.), *Cosmogonía, Cosmografía, Caos. XLIV Edición dos Premios Literarios “Minerva” 2016*, limiar Xosé Ramón Pena, ilus. alumnado de Educación Plástica e Visual 4º ESO do Colexio Manuel Peleteiro, [Santiago de Compostela]: Colexio M. Peleteiro/Revista Vamos, [lectorado mozo], 2016, 121 pp. (DL: C 2148-2016). ◆

Volume colectivo no que se acollen os relatos e poemas galardoados na XLIV edición dos Premios Literarios “Minerva”. Tras a relación do xurado das modalidades de poesía e de narración, acóllese o limiar de Xosé Ramón Pena, no que introduce palabras de autores galegos e foráneos sobre o destinatario da súa escrita e sobre os motivos polos que decidiron escribir. A seguir reprodúcense os textos galardoados e os accésits concedidos, aparecendo en primeiro lugar os da modalidade de poesía e a seguir os de narración, encabezados por debuxos en branco e negro realizados polo alumnado de Educación Plástica e Visual 4º ESO do Colexio Manuel Peleteiro:

- Iago González García, “Cosmogonía”, Primeiro premio de Poesía, pp. 15-[24].

Breve poemario estruturado nos tres poemas que dan título ao volume. No primeiro deles, “Cosmogonía”, fai un percorrido reflexivo por lugares e obxectos que conforman o seu xardín e camiño como peregrino. No segundo, “Cosmografía”, indica con que elementos atmosféricos da contorna se identifica. E no terceiro, “Caos”, presenta unha contorna desordenada da que afirma “Hora é de espertar ou morrer; e para sempre escoller” (p. 23).

- Inés Outomuro Rodríguez, “Orixe”, Segundo premio de poesía, pp. 25-31.

Breve poemario estruturado en tres textos. O primeiro, “ADN”, funciona como presentación da orixe do ser humano e serve de exemplo do vínculo entre o eu e o ti do breve poemario. No segundo, “Sub limes”, continúa o seu percorrido polas orixes e salienta que deixa atrás a nenez e descobre o amor. E no terceiro, “Femina”, céntrase na figura de súa nai e doutras mulleres relevantes na súa vida.

- Tamara Fernández Labrada, “Non deixedes que vos miren o móbil”, Terceiro premio de poesía, pp. 33-39.

Breve poemario composto por tres poemas sen título. No primeiro deles refire a marcha do Anxo e da virxe o mesmo día; no segundo critica tópicos despectivos sobre o peso e vestimenta das mulleres; e no terceiro critica os golpes e insultos.

- Laura Regueiro Romero, “Antoloxía inmigrante”, 1º accésit de poesía, pp. 41-48.

Breve poemario composto por tres composicións. Na primeira, “1939, Galicia”, aborda a emigración como causa forzada para prosperar e as duras consecuencias de non esquecer a terra de orixe. Na segunda, “2003, Senegal”, faise eco da travesía nunha lene embarcación que se converte nunha tomba. E no terceiro, “2016, Siria”, reflicte os sentimentos dun “apátrida” (p. 47) quen, pese á súa fuxida, sente as fronteiras que “están nos ollos da xente,/ nos acenos de noxo,/ nos prexuízos/ na ignorancia” (p. 48).

- Nuria Fernández Robledo, “Migración á orixe”, 2º accésit de poesía, pp. 49-55.

Breve poemario integrado por tres textos. No primeiro, “Jam session”, mestura un verso inicial en francés e os demais en galego para cuestionarse se ese é o seu lugar, xa que se sente como un paxaro sen liberdade. No segundo, “Sol de Inverno”, rememora un amor mentres espera volver velo nesa estación do ano. E no terceiro, “Pequeno canto molecular”, reflexiona sobre a súa posíbel orixe.

- Laura Dautón Otero, “Trátase de poesía”, 3º accésit de poesía, pp. 57-63.

Breve poemario composto por tres poemas. No primeiro, homónimo, establece un paralelismo entre o amor que sente por el e o que considera poesía. No segundo, “Triste realidade”, enumera obxectos que o seu amor lle deixou “como manual de supervivencia” (p. 62). E no terceiro, “Nada”, define a un ti como todo e nada.

Tamén está descrito no apartado *I.Narrativa* deste *Informe*.

Castro Yáñez, Jesús, *Os nomes e os himnos*, XXVIII Premio Nacional de Poesía Xosemaría Pérez Pallaré, Culleredo: Espiral Maior, col. Poesía, n.º 264, abril 2016, 71 pp. (ISBN: 978-84-92646-96-8).

O primeiro poemario editado de Jesús Castro Yáñez (A Pastoriza, Lugo, 1992), que contaba xa con poemas en publicacións periódicas como *Dorna* ou *Obituario*, vén da man da XXVIII edición do Premio Nacional de Poesía Xosemaría Pérez Parallé, cuxo xurado estivo composto por Francisco Cortegoso, Estevo Creus e Estíbaliz Espinosa.

Apostando pola transparencia dende a dedicatoria, este volume dedicado “a quen regresa á nostalxia” medra ao longo de catro partes ben diferenciadas. “I. Nome”, a primeira delas, permite adiviñar a importancia dos elementos naturais na poética do autor, habitualmente transcendidos e traballados dende a abstracción, así como o coidado do verso e da sonoridade. “II. Catro xardíns ardendo”, enarbora unha cita inicial de Federico García Lorca e repara despois no “Xardín da claridade”, no da exactitude, no da ira e no da salvación, elevando xestos mínimos, moitas veces vexetais, á categoría de indicio ou punto de partida para a reflexión, nunha sorte de xardín modulado con contención e elegancia. As partes “III. Caín” e “IV. Himno”, pola súa banda, seguen a facer gala dunha certa unicidade, ao tempo que exploran estruturas máis demoradas, tanto no aspecto versal como no poemático. O nomeamento consciente do mundo, sexa a través da sensorialidade máis inmediata ou a través da linguaxe, reafírmase nesta última parte como un dos eixos exploratorios do volume.

Cid Neira, Xulio, *Expreso e outros poemas da vía*, Editorial Círculo Rojo, col. Poesía, xuño 2016, 95 pp. (ISBN: 978-84-9126-899-4).

Recompilación de poemas, coplas, artigos e cancións de Xulio Cid Neira (Ourense). Comeza cos agradecementos a persoas e institucións que axudaron a publicación da obra. O itinerario poético divídese en tres partes: “expreso” (pp. 13-37), “coplas de Reza Vella” (pp. 41-47) e “retorno” (pp. 49-69). Cada unha das seccións aparece iniciada por un poema de Manuel Curros Enríquez, Víctor Campio Pereira e José Ángel Valente, respectivamente. As composicións tratan dos recordos da infancia e adolescencia do autor no seu lugar de orixe. Deste modo, son constantes as alusións á melancolía, á morriña á hora de abandonar o fogar, ao exilio forzado, ás lembranzas e aos recordos que viven na locomotora. As vías aparecen como o fío condutor do poemario. Tamén destaca a idea do tren como un animal solitario que percorre as vías inhóspitas, pero tamén axuda a rememorar os recordos máis esquecidos. Salientan as alusións á Guerra Civil, aos tempos do medo, á fame e ao silencio: a un eterno retorno ao pasado que fere á voz poética. Os habitantes da vila por onde pasa o tren acotío son escravos da vida, escravos das desgrazas. Todos os poemas teñen título e carecen de puntos, só aparecen comas. Rematadas as composicións poéticas, presenta un apartado titulado “equipaxe” (pp. 73-77), onde se explican determinados elementos que aparecen nos poemas e se refire que todas as imaxes en branco e negro de locomotoras e vías férreas utilizadas pertencen ao arquivo da Asociación Cultural Carileiros. A este apartado ségueo un breve artigo de Mario Césa Vila titulado “As intervencións arqueolóxicas realizadas en Reza Vella” (pp. 79-83), onde se refire a noticia das obras realizadas para preparar as vías para o tren de alta velocidade, motivo polo cal se atopou unha calzada romana e unha necrópole. Destaca tamén un pouco da historia da colonización romana na terra ourensá. O seguinte artigo é unha proclama do autor contra a Guerra Civil, no cal expresa os peores momentos vividos e as consecuencias deste conflito. Esta proclama inclúe un himno, o “himno dos contrabandistas” do que tamén se engade a partitura. O volume remata cunha fecunda listaxe de cancións que teñen como motivo principal os trens, e todos os sentimentos que este transporte esperta nos pasaxeiros: “All down the line” (The Rolling Stones), “Cerca de las vías” (Fito & Fitipaldis), “Folsom prison blues” (Jonnhy Cash), “Hot rail” (Calexico), “Stop that train” (Peter Tosh) etc.

Cortegoso, Francisco, *Suicidas*, Santiago de Compostela: Chan da Pólvora, n.º 3, setembro 2016, 78 pp. (ISBN: 978-84-945701-3-1).

Poemario de Francisco Cortegoso (Pontevedra, 1985-2016) composto por trinta e seis composicións que o autor escribiu entre os vinte e os vinte e cinco anos. Estrutúrase en catro apartados intitulados en francés: "Le sang d'un poète", "La bête et l'enfant", "En face de" e "L'appareil". O tamaño dos poemas, carentes de rima, é variable ao igual que a disposición no papel, xogando coa colocación dos versos no espazo en branco. A obra, de carácter intimista, reflexiona sobre a consciencia de como a palabra forza as persoas a ser violentas e xira ao redor da temática da morte e da esencia do ser humano. Algunhas das composicións amosan un diálogo/homenaxe con diversos escritores como Giuseppe Ungaretti, Martine Broda ou Charles Wright. Fecha o poemario un índice co nome de todas as composicións.

Recensións:

- Ramón Rozas, "A ausencia que non é", *Diario de Pontevedra*, "A vida nun fío", 22 outubro 2016, contracuberta.

Colocando en primeiro lugar a nova da morte do poeta, preséntase o testemuño último do seu traballo, posto en circulación por Chan da Pólvora. Sublíñase a densidade da palabra, a precisión terreal, o tempo e a vida, a contundencia e a brevidade de poemas sen adobíos gratuítos nin distraccións para reflexionar sobre a produción dalgúns poetas que decidiron poñer fin ás súas vidas. Comparecen no fragmento algunhas palabras do seu último editor, Antón Lopo, sobre a "estrañeza salvaxe" e a "curiosidade" que o caracterizaban, así como os nomes dalgúns compañeiros de xeración e de vida.

- Nieves Neira, "O corpo solidario", *Diario de Pontevedra*/ *El Progreso*, "*Táboa Redonda*", n.º 54, 23 outubro 2016, p. 5.

Ábrese esta recensión cunha declaración do poeta a Radio Obradoiro, considerando a necesidade que el mesmo sentiu de concibir os textos dos poetas aos que ese volume interpela, escritos entre os vinte e vinte e cinco anos, e publicados oito anos despois da man de Chan da Pólvora. A primeira parte do libro, "Le sang d'un poète", ben pode ser comprendida a modo de coordenadas sobre a escrita, do mesmo xeito que as flores de *Memorial e danza*, libro cronoloxicamente posterior a *Suicidas*, que resultan –como o poema– corpos que só existen dándose. Saliéntase a súa procura dunha linguaxe acolledora, que non subordinase o poema. Recóllense tamén declaracións de Antón Lopo, Oriana Méndez, María do Cebreiro ou Chus Pato sobre a súa poética.

- María Xesús Nogueira, "Insólita fermosura", *Tempos Novos*, n.º 235, *ProTexta*, "ProPostas", decembro 2016, p. 81.

Sinálase que os poemas foron escritos varios anos antes do falecemento do autor e que algúns deles foron publicados en *Revista das letras* (2008). Faise referencia á primeira obra de Cortegoso, *Memorial e danza* (2014). Destácase que en *Suicidas* a voz poética dialoga con escritores. Dáse conta do culturalismo dos poemas así como da lingua coidada. Saliéntase que a temática xira ao redor da morte, a violencia, o amor, a presenza materna e a capacidade transmisora da linguaxe. Dáse conta da estruturación

do poemario en catro partes e do aumento progresivo da extensión dos poemas. Por último, destácanse as imaxes que remiten elementos da natureza.

Referencias varias:

- Ana G. Liste, "Francisco Cortegoso muere el día que su libro llega a las librerías", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 6 outubro 2016, p. 40.

Ofrece a nova do falecemento do poeta pontevedrés, coincidente coa saída do prelo do seu segundo libro, na editora compostelá Chan da Pólvora. Entretécese información biográfica sobre o autor con diversas declaracións de Antón Lopo, Chus Pato ou Oriana Méndez sobre a súa poética, actitude ou concepción da obra máis recentemente editada, considerada un exemplo de libro-concepto. Poemas en volumes colectivos, na revista *Grial* e *Carta ao poeta español* (libro aínda inédito en diálogo coa obra de Leopoldo María Panero) completan a súa obra.

- Belén López, "Falece aos 31 anos o poeta pontevedrés Fran Cortegoso", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Ciudad", 6 outubro 2016, p. 14.

Infórmase do falecemento do autor en Bora, aos 31 anos e o mesmo día en que chegaba ás librarías o seu segundo traballo. Recóllense declaracións do selo editorial Chan da Pólvora, unha sucinta biografía e diversas reaccións de pesar nas redes sociais, a título individual (Isaac Xubín, Marcos Calveiro…) e institucional (Real Academia Galega, Fundación Uxío Novoneyra).

- Jaureguizar, "Fran Cortegoso falece no día de edición do seu poemario", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 6 outubro 2016, p. 64.

Infórmase do falecemento do autor na súa casa da localidade pontevedresa de Bora, tras unha longa doenza. Achégase unha biobibliografia del, facendo especial incidencia na aclaración de ser este libro, aínda que segundo por orde de publicación, un volume de mocidade, escrito entre os vinte e os vinte e cinco anos a partir da lectura de varios autores que xogaron entre os campos do ser e o nihilismo. Recóllese un comentario de Antón Lopo reivindicando o seu desexo de que Francisco asinase o primeiro libro de Chan da Pólvora, cousa que non puido darse.

- Antón Lopo, "Cortegoso: a poesía consciente", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Ciudad", 9 outubro 2016, p. 13.

Traza, o editor do seu último poemario, unha sorte de retrato amical a tres bandas, partindo da vez primeira que se reuniu con Gonzalo Hermo, Alicia Fernández e o autor amentado para formular o bautizo literario dos tres en *Revista das Letras*, no verán do 2008. Reflexiónase sobre o seu legado poético, dende o conxunto de "Ningún home" até o seu derradeiro libro, malia ser o primeiro escrito; e sobre a súa concepción da escrita, deténdose na función da forma (allearnos de nós mesmos e chegar á esencia do poema) e nalgúns diálogos literarios.

- Luís González Tosar, "Carta de loito", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "No ficción", "Retrato entre liñas", 21 outubro 2016, p. 12.

Ofrécese, en diálogo ausente con Eduardo Blanco Amor, un esbozo persoal do autor, repasando algúns dos encontros últimos: un recital en homenaxe a Eduardo Blanco Amor, un encontro na Ínsua dos Poetas e a coincidencia no enterro de Carlos Oroza en Vigo. Entretécense algúns versos do autor, así como a insistencia simbólica no motivo floral.

Fernán Vello, Miguel Anxo, *Duración da penumbra*, XIII Premio de Poesía Afundación 2015, Santiago de Compostela: Pen Club de Galicia, Arte de Trobar, n.º 24, maio 2016, 92 pp. (ISBN: 978-84- 60879-71-8). ◆

A última entrega poética de Miguel Anxo Fernán Vello (Cospeito, Lugo, 1958) preséntase, nos paratextos iniciais, como gañadora do XIII Premio de Poesía Afundación, exercendo como xurado Luís González Tosar, Xabier Castro Martínez, Inma López Silva, Manuel Guede e Luciano Rodríguez. Após a dedicatoria, as composicións, listadas no índice final con cadanseu título, ofrécense á lectura continuada sen máis arquitectura, presentación ou acompañamento que o de dúas citas-limiar, pertencentes a María Zambrano e Décio Pignatari, que circunvalan dúas concepcións de penumbra, chave do poemario: a primeira salvífica, fronte aos infernos da luz; a segunda plausibelmente referida aos actos amatorios. A partir de aquí, despréganse os símbolos e temas da poética de Fernán Vello ao longo de máis de corenta poemas (a luz e a brancura, o desexo e a nudez, o frío e as sombras…), que non desaproveitarán a ocasión de espallarse con suma coherencia tonal a certas realidades domésticas (o frigorífico, o quirófano, o flash e a fotografía) ou sociais (un campo de refuxiados, os esquecidos…). Outro tanto acontece coas escollas formais, nunha panoplia diversa que acolle tanto composicións de metro regular, como poemas en prosa ou ladaíñas baseadas na anáfora ("Luminescencias"). Diversas disciplinas artísticas da súa querenza, como a música ou a pintura, seguen a atopar espazo en composicións como "J. S. Bach", "Regreso da pintura"… ou vólvense mesmo técnicas exportábeis ao literario, como acontece en "Acuarela urbana". A reflexión metaliteraria puntea o poemario, dende o central "Teoría do poema" ao apelativo "Non leas este poema", encargado de pechar o volume.

Recensións:

- Teresa Seara, "A mordedura da existencia", *Grial*, n.º 211, "O espello das letras", xullo, agosto, setembro, 2016, pp. 92-93.

Apúntase que a obra presenta unha dobre perspectiva que vai da intimidade ao exterior e da razón ao sentimento. Ponse en relación esta obra coa anterior do autor *Poemas da lenta nudez* (1994). Afóndase na temática existencial do poemario sobre a dor e a esperanza, a tristura, o erotismo, a conexión coa natureza, a denuncia social, a deshumanización paisaxística e a ausencia dos mortos. Destácanse as implicacións simbólicas do concepto de penumbra que dá título ao poema.

- Armando Requeixo, "Luminosa penumbra", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*"/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 957/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 957, "letras Atlánticas", 30 outubro 2016, p. 32.

Principia cunha revisión laudatoria do seu percorrido artístico e profesional, para xulgar posteriormente os valores da corentena longa de composicións que compoñen a obra e que poderían considerarse un "fulgurante epítome" da súa escrita previa, ao expoñeren os sinais da súa identidade poética: a lúcida reflexión sobre a paixón, a presenza da luz e o branco, da pel, da variabilidade de todas as atmosferas e do espasmo ante o nada e o fuxidío. Entre os trazos propios desta nova achega sublíñase a condensación expresiva, a epifanía do lóstrego eliotiano, a variedade temática e a fonda mensaxe.

Fernández Rial, Rosalía, *Sacar a bailar. Poesía reunida (2009-2016)*, lim. Montse Pena Presas, Madrid: Sial Pigmalion, col. Poesía, outubro 2016, 321 pp. (ISBN: 978-84-16447-90-9).

Poemario en edición bilingüe galego-castelán de Rosalía Fernández Rial (Carballo, 1988) que principia cun limiar de Montse Pena Presas "Alén dos versos: un exercicio de monstros no seu interior (sobre a poesía de Rosalía Fernández Rial)" centrado na figura da autora e no seu proceso de creación literaria. O volume recolle toda a produción poética previa, estruturada en catro apartados: *En clave de sol* (Asociación Cultural Lumieira, 2009), *Átonos* (Asociación Cultural Lumieira, 2011), *Vinte en escena (2012-2014)* (Edicións Positivas, 2012) e *Ningún amante sabe conducir* (Edicións Positivas, 2014); todos eles precedidos da correspondente cuberta. Ademais, engade un último apartado "6/2016", con seis composicións novas, inéditas, de estrutura variable e temática intimista: "Maquinando", "Mofas e veras", "Show must go on", "Arte accidental", "Ingravidez" e "Inspiración".

Referencias varias:

- ECG, "Nuevo libro de Rosalía Fernández en El Corte Inglés", *El Correo Gallego*, "Santiago", 15 novembro 2016, p. 25.

Anúnciase a presentación do último libro da poeta, dramaturga, actriz e profesora no citado establecemento, acompañada por Montse Pena Presas (prologuista do volume), Xiana Lastra Pernas (deseñadora da portada e editora do vídeo promocional) e Basilio Rodríguez Cañada e Pati Blanco. Recóllese sucintamente a comprensión da autora sobre o fenómeno poético, estendida cara a outros xéneros.

- T. Martín, "Presentación del último libro de la poeta y actriz Rosalía Fernández Rial", *El Correo Gallego*, "Santiago", 18 novembro 2016, p. 30.

Infórmase da pasada presentación do novo traballo da autora, no Salón de Ámbito Cultural de El Corte Inglés, salientando dende a editora a performatividade inherente a estes versos e ofrecendo un esbozo mínimo da autora, que indagou na súa fase filolóxica sobre o teatro e actualmente procura aquilo que da poesía se estende ao dramático ou ao épico, e se impulsa cara á vida.

Fraga, Modesto, *Adagio por outono*, XLI Certame de Poesía Concello de Vilalba, limiar de Teresa Seara, Santiago de Compostela: Alvarellos Editora, col. Libros do Sarela, xullo 2016, 76 pp. (ISBN: 978-84-16460-10-6).

Este novo poemario de Modesto Fraga Moure (Fisterra, 1974) ve a luz tras ser galardoado co Primeiro Premio da XLI edición do Certame Literario do Concello de Vilalba, que contou cun xurado composto por José Antonio Pita Paz, Darío Villanueva Prieto, Mª Carmen Gueimunde González e Fidel Fernán Vello. Un detalle dos músicos no Pórtico da Gloria abre o volume a dobre páxina, mentres o limiar de Teresa Seara, "Alta sinfonía do amor", expón a proposta do autor, que bota man dos modos stilnovistas para compoñer a citada "sinfonía do amor", na que a luz e os ritmos sincopados, entre os *adagios* e os *allegros*, resultan unha constante. As citas enarboradas, que anteceden ás partes I, III e IV, pertencen a Arcadio López-Casanova, Dante Alighieri e Antonio Gamoneda, algúns dos autores recorrentes na xenealoxía poética que do autor podemos inferir. As composicións, na súa maior parte sonetos de moi notábel fluidez e musicalidade, distribúense baixo as seguintes epígrafes: "I. Sinfonía do corpo", verdadeira celebración da aparición da amada, aberta con "Alba de luz", poema significativo e ecoante dalgún dos poemas amorosos máis célebres da tradición poética galega; "II. Pórtico", no que unha comitiva de referentes artísticos da escola florentina e do Renacemento aparecen en nobre procesión celebrando a poesía e a vida; "III. Ao modo do Dolce Stil Novo", no que sobre as bases asentadas comparece o Pórtico do Mestre Mateo, a Capela Sistina, a memoria literaria de Curros e Añón en Roma, o Monte Medulio ou a Irmandade Fusquenlla; e "IV. Adagio, ma non troppo", parte última de ton máis intimista e amoroso, que abre cunha cita sobre a mirada e a música e pecha co "Adagio de outono" que remite ao título do poemario. Cabe valorar especialmente a experimentación ecfrástica dunha parte das composicións, así como a viaxe de ida e volta entre o alleo e o propio, cun resultado altamente unitivo.

Recensións:

- Miro Villar, "Poesía de hoxe no ronsel do Dolce Stil Novo", *Grial*, n.º 211, "O espello das letras", xullo, agosto, setembro, 2016, pp. 94-95.

Destácase que a obra gañou o XLI Certame Literario de Vilalba. Faise referencia ás obras do autor: *Corpos paisaxe*, galardoada co premio Avelina Valladares; *Do amor salgado*, gañadora do premio O Grelo; e tamén á súa antoloxía *Atlántica luz. Poesía mareira 1995-2015* (2015). Apúntase que *Adagio por outono* consta de catro partes: a primeira, a terceira e a cuarta, compostas por un total de trinta e cinco sonetos; e mais a segunda, que inclúe catro poemas de verso libre. Apúntase a influencia do "Dolce Stil Novo" (p. 95) neste poemario e ponse en relación coas obras *Amor e tempo liso* (1987) e a selección e tradución de poemas italianos recollidos na *Antoloxía do Doce Estilo Novo* (2004), ambas as dúas a cargo de Darío Xoán Cabana. Apúntase que a temática da primeira parte da obra xira sobre o enaltecemento do sentimento amoroso e da amada. Destácanse as intertextualidades, en especial, as referencias ao poemario *Canto custa instalarse no amor* de Xosé Leira López e ás propias obras do autor. Saliéntase que a temática da segunda parte mestura a literatura de viaxes co tópico da fugacidade da vida e sublíñase a importancia nela tanto dos espazos italianos e portugueses como das intertextualidades coa literatura portuguesa. Apúntanse as referencias á historia, á pintura e á literatura da terceira parte, entre as que salientan as referencias a *Morgana en*

Esmelle de Begoña Caamaño, a Eduardo Pondal e a Álvaro Cunqueiro. Destácase que o contido da última parte se centra na ratificación do amor, ademais da utilización en toda a obra de léxico propio do mar.

Gómez Pato, Raúl, *Máscaras de espellos*, I Premio de Poesía Xosé María Díaz Castro, Culleredo: Espiral Maior, col. Poesía, n.º 268, agosto 2016, 93 pp. (ISBN: 978-84-945967-0-4).

O presente volume de Raúl Gómez Pato (Ourense, 1966) sae do prelo tras obter no ano 2016 o I Premio de Poesía Xosé María Díaz Castro do Concello de Guitiriz (cun xurado composto por Ánxela Gracián, Armando Requeixo e Miguel Anxo Fernán Vello). Trátase dunha recolla de breves composicións que comparten unha mesma estrutura (tres versos longos, de metro variábel) e un mesmo formato de título, constituído por un substantivo ou un breve sintagma nominal en maiúsculas. Preséntanse dispostas de a dúas por páxina e completamente espidas, polo demais, de paratextos presentadores (limiar ou citas). Efectuando esta sorte de reflexións breves e irónicas sobre o identitario ("Nación cero", "Non traizoaremos", "Linguas periféricas") ou o cotiá transcendido ("Batín", "Almorzo", "Cactus", "Hidromasaxe") acaba por comporse un fresco lúcido e coherente, unha ollada á nosa contemporaneidade. Nel danse cita os xogos de palabras ("tópicos típicos utópicos"), os paradoxos e os contrarios, así como unha sintaxe abrupta ou rota, que evita por veces as conxuncións. Recoñécese a formación do autor en Filoloxía Clásica nalgúns referentes, fórmulas latinas e reflexións como as convocadas e actualizadas en "Columna de T", "Foro romano", "Panem et circenses" ou "Pulvis eris". A penúltima e última composicións, "Máscaras de espellos" e "Circo", poden talvez ser lidas en calidade de chaves do propio volume e das formas escollidas, entendidas como fragmentos que se desprenden das chamas, e "emiten son de xornal vello", mentres se precipitan as palabras, nunha destrución total e festiva, que pode afectar a todas as murallas e ao mesmo poeta, pero quizais non á poesía ("tras os aplausos/ os vivas as ovacións aforcarase o poeta xerminarán se callar os seus versos").

Referencias varias:

- C. A., "Os Vilares, Lareira de Soños reconoce a los Destacados Vilaregos 2016", *El Progreso*, "A Chaira", 14 decembro 2016, p. 12.

Comenta que esta obra recibiu o premio á mellor publicación por parte da asociación Os Vilares, Lareira de Soños.

Herrero Valeiro, Mário J., *A Razão do perverso: (ajuste de contas)*, X Premio de Poesía Erótica Illas Sisargas 2015, Malpica: Caldeirón, 2016, 52 pp. (ISBN: 978-84-617-5889-0).

Poemario de Mario J. Herrero Valeiro (A Coruña, 1968), de temática erótica, completamente fóra de pautas clásicas. Principia cun texto a modo de "mandamentos" do poeta: "nunca comerás terra/ nunca beberás leite/ nunca escreverás/ sobre o sexo do país/ nunca lamberás/ as conas das poetas/ nunca buscarás/ as suas cuecas/ entre as néscias palavras,/ nunca vomitarás/ no umbigo/ do nosso Octavio Paz." O volume está

composto por vinte e tres poemas, nos que se mestura o erotismo coa política e onde aparecen como protagonistas a vinganza, o desterro e as rúas sen luz. Céntrase na frustración no amor, no nacionalismo galeguista e crítica o sistema literario galego.

Iglesias Lamela, Xosé, *A relixión do mar*, IX Certame de Poesía Victoriano Taibo 2016, debuxos Pablo Outón, limiar Felipe Senén, pról. autor, Gondomar-Pontevedra: Concello de Gondomar/Instituto de Estudos Miñoranos, 2016, 146 pp. (ISBN: 978-84-617-6685-7). ◆

Poemario de Xosé Iglesias Lamela (Cee-A Coruña, 1974), no que rende homenaxe ao mar que tan ben coñece pola súa profesión de mariñeiro. Tras a resolución do xurado e unhas palabras do alcalde de Gondomar, acóllese o limiar de Felipe Senén, intitulado "Versos trazados a cabalo das ondas do mar, pra enxergar o océano maior" (pp. 11-17). Nel lembra a relevancia do mar na historia da cultura galega antes de deterse na figura do autor galardoado, de quen salienta a súa familia mariñeira, o define como "capitán de pesca, sentido poeta do Mar Maior" (p.13), define a súa poesía de "autenticidade en esencia pura, fóra de tanta artificialidade, confección coa que se tenta atufar a cultura, aínda que esta acabará sempre refugando, devolvendo aos acantilados, o que xorde do optimismo" (p. 15) e resalta que neste poemario, como xa fixera no seu inicial, "volve a render tributo ás carpintarías, aos carpinteiros, aos seus saberes de artillar, sen cravos, barrotes, pra aplicar xeometría e matemática e construír unha nave capaz de afrontarse a outras lagoas Estixia de incertezas nesta odisea entre a vida e a morte" (pp. 16-17). A seguir reprodúcese o poemario de temática mariñeira, dedicado á súa sobriña Nerea e que se abre cun "Prólogo" (pp. 23-25) no que o autor destaca que "vogar é o primeiro sacramento do mariñeiro" (p. 23), ao lembrar a figura do seu avó que homenaxea reproducindo uns versos que inseriu no seu primeiro poemario, *Transfusión oceánica* (2014), dedicado ao seu bisavó e á súa filla. O poemario encomeza cos poemas iniciais , "Persignación", "Credo" e "Fe", que conteñen claves definitorias do labor mariñeiro e predispoñen o lectorado para o contido recollido nas seis partes: "Rituais", "Construír un deus (Estaleiro)", "Meridiano da noite","Mar antigo","Vela mística","Forza 9-10" e "Estrela polar". O poemario compleméntase cos "Agradecementos" (pp. [143]-146) e un "Glosario de termos mariñeiros" (pp. [149]-[158]).

Leira, Rocío, *Obituario*, IV Premio de Poesía López Ardeiro, Negreira: Concello de Negreira, xuño, 2016, 48 pp. (D.L. C. 726-2016). ◆

Este poemario de denuncia social de Rocío Leira (Cee, 1979) achega xa dende o funesto título unha das máis tristes realidade actuais: as mortes por violencia machista. A través de distintas voces con nomes e apelidos e con diferentes experiencias, créase un fío que as une: o necrolóxico final. O poemario preséntase como un xeito de dar voz a aquelas que foron silenciadas, un xeito de non esquecer a actualidade máis violenta: o machismo mata.

Recensións:

- Miro Villar, "Poesía (necesaria) contra os feminicidios", *Grial*, n.º 212, "O espello das letras", outubro, novembro, decembro 2016, pp. 88-89.

Ofrécese unha recensión da obra de Rocío Leira (Concello de Negreira, 2016) destacando que foi galardoada co IV Premio de Poesía Xosé Manuel López "Ardeiro". Faise referencia ás obras anteriores da autora *Universo Pitágoras* (Biblos, 2013) e *O becho que quería comer á avoa* (Galaxia, 2015). Sinálase que o eixo temático da obra é o dos asasinatos das mulleres por motivos de xénero. Apúntase que o libro consta de corenta e un poemas que dan conta dos feminicidios ocorridos en España nun marco temporal de xaneiro a novembro do ano 2015. Saliéntase o emprego maioritario da primeira persoa ou da voz colectiva feminina. Sublíñase o avance da carga dramática e de violencia da obra, nalgúns casos dende unha visión idealizada do amor. Por último, destácase a sobriedade da linguaxe e ponse de relevo o exercicio de denuncia que supón a obra.

Referencias varias:

- R. Nicolás, "Mulleres desde o cofre da noite", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "En galego", "Letras", 3 xuño 2016, p. 12.

Sinala que este poemario, gañador do premio de poesía López Ardeiro, dá voz a algunha das vítimas da violencia machista do pasado ano.

- J. Trillo, "Rocío Leira presentó en Cee su nuevo libro'Obituario", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 13 xullo 2016, p. 32.

Anuncia a presentación de *Obituario*, "un poemario que versa sobra a violencia de xénero".

López-Casanova, Arcadio, *A palabra compartida. Retratos e homenaxes (1963-2013)*, Culleredo: Espiral Maior, col. Poesía n.º 269, maio 2016, 288 pp. (ISBN: 978-84-96475-97-7).

O último volume do poeta, ensaísta e recoñecido teórico do feito literario Arcadio López-Casanova (Lugo, 1942) recompila e ordena, segundo o propio autor expón na "Presentación", un conxunto de poemas dun mesmo teor, que atravesan o seu traballo poético e están, só en parte, recollidos en libros anteriores ou colectáneas. Como o propio título deixa ver, trátase de composicións que responden a un triplo signo: un signo admirativo e de homenaxe, un signo elexíaco e un signo cordial, referido tanto a persoeiros da galeguidade como a mestres e mestras, poetas ou amigos, ora dende a compaña da lectura, ora dende o laio pola ausencia. Quere dar tamén, esta recolla, "representación lírica a modelos de exemplaridade humana", ser mostra de glosa e partilla poética. O volume divídese en "[A] Para unha poética", subdividido á súa vez en tres epígrafes, e "[B] Pranto coral". Tras unha intertextual "Epístola Censoria" e unha cita de Blas de Otero que recoñece o peso das escritas anteriores, danse cita en I as homenaxes, nunha sorte de xenealoxía poética do autor, dende Rosalía de Castro (única autora motivo de composición en todo o volume) até Díaz Castro, pasando por Antonio Machado, Castelao, Ramón Otero Pedrayo, Álvaro Cunqueiro ou Celso Emilio Ferreiro. II é a subdivisión dedicada aos artistas plásticos, nomeadamente, Luís Seoane e Laxeiro, en ambos casos, poemas en dous tempos. III, precedido dunha cita de Miguel de

Unamuno sobre a irmandade, recolle as composicións a pares, poetas coetáneos como Xesús Alonso Montero, Salvador García-Bodaño, X. L. Franco Grande, X. L. Méndez Ferrín, Carlos Casares ou Luís González Tosar, que incorporan adoito nos versos motivos ou títulos de cada un deles. "Laio de nai e voz de pobo", único poema en "[B]..." a modo de composición dialogal entre as instancias do título, marcado por un refrán bimembre pertencente ao pobo, pecha o volume.

Recensións:

- Armando Requeixo, "Novo libro dos amigos", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*"/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 958/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 958, "letras Atlánticas", 6 novembro 2016, p. 32.

Principiando coa memoria do *Censo de boa xente*, proxectado por Ánxel Fole, e do existente *O libro dos amigos* (1953) de Ramón Otero Pedrayo, preséntase este volume, guiado por idénticas intencións, cun subtítulo revelador: "Retratos e homenaxes (1963-2013)". Con deseño de cuberta de Fátima Valente, este vitral pretende a loa e rememoración de voces clásicas e coetáneas ao autor: de Rosalía de Castro a Luís Pimentel, Álvaro Cunqueiro, Francisco Fernández del Riego, Celso Emilio Ferreiro, Uxío Novoneyra, Avilés de Taramancos, Xosé Luís Méndez Ferrín ou Darío Xohán Cabana. Salienta o dominio versal, en formas e fórmulas, así como a capacidade do autor para se imbuír do ton lírico de cada un dos interpelados.

Lugrís, Igor, *Curso de linguística geral*, pról. Teresa Moure, Santiago de Compostela: Através Editora, col. Através das letras, n.º 21, xaneiro 2016, 144 pp. (ISBN: 978-84-87305-01-6).

O novo poemario de Igor Lugrís (Melide, 1971) dialoga coa publicación do libro homónimo de Ferdinand de Saussure no seu centenario e preséntase dedicado a cantas persoas acreditan na "Língua. Esdrúxula e con acento", así como a Teresa Moure, a profesora e escritora que asina o prólogo. Nel partimos do Fernando Pessoa "fingidor" e comprobamos cales son as mentiras do volume: o título apócrifo, reapropiado; os títulos e a estrutura internas; e a temática para valorar á vez a súa radical tenrura e retranca. Este cumprido texto, xunto cunha cita do propio Saussure, conforman os paratextos inaugurais. A cerna do libro constitúena "I. Introdução", "II. Princípios gerais", "III. Linguística sincrónica", "IV. Linguística diacrónica", "V. Linguística geográfica", "VI. Questões de linguística retrospetiva". En harmonía coas anteriores entregas do poeta, este Curso entretece reflexións sobre múltiplos aspectos da lingua e da lingüística (os accidentes do xénero, as illas da Polissemia, as relacións lingüísticas par a par coas humanas, a articulación vocal dos sons, as infinitas posibilidades da linguaxe…) sen renunciar á proclama política nin lúdica. Nos "Apêndices" figura unha "Regueifa semiótica ou metáfora de nós" que agromou inicialmente no muro de Facebook do autor, e a serie "12 Poemas sobre as características da linguagem humana de C. F. Hockett", onde se repasan nun ton próximo –capaz de acoller variedade de proclamas e xogos gráficos–, o carácter vocal-auditivo, a intercambiabilidade, a especialización, a arbitrariedade do signo, o carácter discreto etc.

Recensións:

- Armando Requeixo, “Lugrisiana”, *Diario de Arousa*, “*O Salnés Siradella*”/ *Diario de Ferrol*, “*Nordesía*”, n.º 921/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 921, “letras Atlánticas”, 21 febreiro 2016, p. 32.

Comézase por gabar a lírica de Igor Lugrís. Séguese por delimitar o libro que acaba de publicar en catro partes: “Ética”, “Estética”, “Erótica” e “Metafísica”. Dise que a “Ética” da obra está vinculada á liberdade e á reorganización do sistema e que a “Estética” está definida e ligada a unha tradición. Caracteriza máis adiante a “Erótica” como vibrante e chea de dobre sentido e define a “Metafísica” coma a indagación sobre temas ontolóxicos. Por último, indícase que Lugrís intenta determinar a cuestión da identidade das persoas.

Morlán, Rosalía, *Nas rúas de Compostela*, ilust. Xosé Vizoso, limiar Marcelino Agís Villaverde, [Pontevedra]: Edicións Fervenza, setembro 2016, 97 pp. (ISBN: 978-84-946015-0-7).

Poemario de Rosalía Morlán Vieites (Trazo-A Coruña, 1959) dedicado “a todos os meus e a Santiago de Compostela, cidade da miña vida”. No limiar (pp. 5-6), Marcelino Agís Villaverde estabelece as diferenzas entre distintas xeografías: a física, a humana, a política, a espiritual ou poética e así mesmo a metafísica, antes de deterse na “viaxe intelectual” (p. 5) proposta pola autora neste poemario, no que “hai ledicia e tristura, amor e desamor, día e noite”, xa que “só os poetas poden abrir a porta do tempo e acougar na casa do ser”, de tal xeito que as cidades tórnanse fíos de vida, carreiros de soños, onde o vento fere os ollos da alma, mentres marcha asubiando por calquera fenda” (p. 6). Todos os poemas van acompañados por un debuxo en branco e negro de Xosé Vizoso (Mondoñedo-Lugo, 1950) nos que recrea o(s) lugar(es) e o(s) símbolo(s) da cidade compostelá sobre os que poetiza Rosalía Morlán Vieites. *Nas rúas de Compostela* ábrese cun poema homónimo, que funciona como espazo para iniciar o paseo vital, sentimental e cultural por Santiago de Compostela. Ao longo de corenta e dous poemas máis percorre, como un bo paseante coñecedor da cidade, os lugares máis característicos ao tempo que salienta aspectos que confiren eternidade, maxia e identidade a Santiago de Compostela, caso da súa choiva, o vento, o silencio, as badaladas, a sombra do peregrino, a festa da camelia, a torre da Berenguela, os oficios de leiteira e churreiro, As Marías, a zanfona, os tellados da catedral, a encrucillada de rúas, a tuna, as campás, o camiño de Santiago, Entrerrúas, a Corticela, a praza do Obradoiro e o accidente ferroviario de Angrois, entre outros.

Referencias varias:

- Marcelino Agís Villaverde, “Rúas de Compostela”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, 24 outubro 2016, p. 2.

Valórase positiva e sucintamente o último poemario da autora, despois da súa presentación no CGAC. Coméntase que o volume é considerado a xeografía íntima, poética e metafísica dunha Compostela máxica.

- Margarito Flowers, “Rosalía Morlán saca del horno un libro sobre las rúas de Compostela”, *El Correo Gallego*, “Gente”, 27 outubro 2016, p. 64.

Anuncio da presentación en Santiago de Compostela (CGAC) do último volume da autora (enfermeira, profesora e escritora), editado por Fervenza e a Xunta de Galicia, acompañada por Valentín García, Marcelino Agís, Luis Reimóndez e Xosé Vizoso, como ilustrador.

_____, “Oda a las rúas de Santiago en la nueva obra de Rosalía Morlán”, *El Correo Gallego*, “Gente”, 27 outubro 2016, p. 64.

Coméntase o desenvolvemento do acto de presentación deste poemario no que a cidade, as súas rúas e xentes son protagonistas, desenvolvido no CGAC, coa presenza do ilustrador Xosé Vizoso, amenizado polo cantautor Manoele de Felisa e o grupo Aires de Compostela, e completado cun recital poético. Ofrécese unha estimación dos asistentes.

Negro, Carlos, *Masculino Singular*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2016, 88 pp, (ISBN: 978-84-9914-982-0).

O poemario de Carlos Negro (Lalín, 1970) abre con dous paratextos introdutorios e definitorios, o primeiro deles é unha dedicatoria: “A Ramón, meu tío/ o primeiro home/ a quen vin fregar a louza/ coa bata de cadros das avoas”; o segundo, e na páxina seguinte, un verso de María do Cebreiro, “Crucei a única porta que non vía”. *Masculino Singular* é poética de intervención a través da cal se lanza un ollar crítico sobre o home do século XXI, cunha anovada construción de xénero a través da cal se procura e se mostra un novo rol para a masculinidade dende o feminismo. O libro divídese en nove partes diferentes. Ábreo o longo poema “Código de barras”, un conxunto de versos onde o eu lírico realiza unha auto-definición poética, como unha declaración de intencións. A segunda parte, “Técnicas de afeitado”, está composta por tres poemas e a terceira volve cun outro único e longo poema, “Just for men”, todo el composto por unha superposición de versos interrogativos retóricos colocados a machete e cunha estrutura pechada. A seguir achégase á poesía visual en “Pinturas rupestres”, conformado por cinco poemas, e “Normalización lingüística”, por tres. A sexta parte, “Fráxil & Femíneo & Delicado”, configúrana media ducia de poemas. “Puntos de fuga” pódese considerar o miolo do libro, con trece poemas, onde os dous últimos permanecen escritos en prosa. Os catro poemas de “Materia estelar” poñen o foco de atención na temática da paternidade. Finalmente, “Saída de emerxencia” pecha o libro cun poema configurado por unha superposición de interrogacións, todas coas respostas en cursiva. *Masculino singular* defínese na lapela da contracuberta como “unha refutación do macho alfa que destrúe os afectos e converte o terror en linguaxe dominante”.

Recensións:

- Armando Requeixo, “Home 2.0”, *Diario de Arousa*, “*O Salnés Siradella*”/ *Diario de Ferrol*, “*Nordesía*”, n.º 927/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 927, “letras Atlánticas”, 3 abril 2016, p. 32.

Indica que esta obra completa unha triloxía “de revisión de arquetipos” que Carlos Negro iniciara con *Makinaria* (2009) e *Penúltimas tendencias* (2014). Dise que o novo poemario, *Masculino singular*, reflexiona sobre o concepto da masculinidade mediante o uso de caligramas, poemas cuestionario, enquisas líricas e poemas visuais, entre outros. Sinala que a obra destaca pola elevada estética e a voz innovadora. Comenta que a súa poesía denuncia o consumismo deste século e a imposición estética ás mulleres.

- María Xesús Nogueira, “Saídas de emerxencia”, *Tempos Novos*, n.º 228, *ProTexta*, “ProPostas”, maio de 2016, p. 85.

Faise referencia á primeira obra do autor *As laranxas de Alí Babá* (1998), aos libros para a infancia e a mocidade *Makinaria* (2009) e *Penúltimas* tendencias (2014) así como aos dirixidos a lectores adultos *Héleris* (2003) e *Cultivos tranxénicos* (2008). Destácanse as características temáticas e estilísticas da súa produción. Afóndase na temática de *Masculino singular* salientando que pon de manifesto os convencionalismos, a función e a brutalidade asociada ao xénero masculino en tanto procura configurar unha identidade diferente. Dáse conta dos trazos estilísticos do poemario, entre os que salientan o paralelismo, as preguntas retóricas, os dobres sentidos, a poesía visual, o humor e o diálogo con poetas como Rosalía de Castro, Eduardo Pondal, Xosé Luís Méndez Ferrín, Ana Romaní ou María Xosé Queizán.

- Román Raña, “Metamorfose e declaración”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 587, “Libros”, 9 xuño 2016, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 544, “Letras galegas”, 18 xuño 2016, p. 10.

Comézase afirmando que o libro de Carlos Negro é unha metamorfose do papel do home na sociedade e unha declaración de liberdade. Continúase afondando no estereotipo do home que considera que a muller é un obxecto sexual, pero que cambia na seguinte parte do poemario, transformándose nun home reivindicativo e que ten a muller como a un igual. Remátase explicando a última parte da obra, moito máis intensa que as anteriores, onde o poeta acode á cultura popular para afondar máis no carácter subversivo da lírica e nas experiencias como pai.

- Miro Villar, “Unha refutación do machismo e a súa linguaxe dominante”, *Grial*, n.º 210, “O espello das letras”, abril, maio, xuño 2016, pp. 93-94.

Ponse en relación a temática da obra coa obra anterior do autor *Penúltimas tendencias* (2014). Destácase a división da obra en nove partes e a temática xeral ao redor da construción dun papel para o xénero masculino dende unha perspectiva feminista. Lévase a cabo unha análise temática das diferentes partes da obra. Por una parte, destácase que o poema “Código de barras”, os tres poemas de “Técnicas de afeitado”, o poema “Just for men”, os cinco poemas de “Pinturas rupestres” e os tres de “Normalización lingüística” xunto cos seis poemas de “Fráxil & Femíneo & Delicado” tratan, respectivamente, a definición do eu poético, a construción social da identidade, o autoritarismo do xénero masculino e a obscenidade da linguaxe do home. Por outra parte, saliéntase que os trece poemas de “Puntos de fuga” están en relación coa obra de poetisas galegas do canon e contrapóñense á dos poetas, ademais de tratar o amor homoxesual, mentres que os catro poemas de “Materia estelar” abordan a paternidade e o poema “Saída de emerxencia” pretende achegar unha nova perspectiva ás relacións de

xénero. Por último, destácase a claridade lingüística e o emprego de recursos estilísticos como a ironía.

Referencias varias:

- Belén López, "Carlos Negro. 'Eu son un vendedor ambulante de palabras", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Cultural", 6 marzo 2016, p. 11.

Entrevista a Carlos Negro na que se sinala que o poeta pasou de meterse na pel feminina en *Penúltimas tendencias* a reflexionar sobre si mesmo e a masculinidade na actualidade en *Masculino singular*. Cada sábado, imparte un obradoiro en Pontevedra no que fala da poesía, dos seus usos e costumes.

- R. Nicolás, "As lentes lilas", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "En galego", 20 maio 2016, p. 4.

Valora o poder desta obra para derrubar prexuízos nados da sociedade patriarcal e construír unha nova sensibilidade no que considera unha ollada na que Carlos Negro calza "as lentes lilas".

Oliveira, Elisabeth, *Poesis*, prólogo de Fina Casalderrey, [Santiago de Compostela]: Xunta de Galicia, 2016, 225 pp. (ISBN: 978-84-16121-49-6). Inclúe CD. ◆

Libro-CD de Elisabeth Oliveira que se abre cun prólogo de Fina Casalderrey, quen explica a esencia do volume aludindo a valores de carácter universal como a solidariedade, a amizade ou o amor, entre outros. A seguir preséntanse cento sesenta pezas de poesía e música en galego, portugués, francés e castelán, as cales foron creadas pola autora entre 1999 e 2014. Oliveira conta coa colaboración dos cantautores Manoele de Felisa no que á lingua galega se refire, Gustavo Almeida na portuguesa, Cédric Lezais na francesa e Luis Quintana na castelá. A capa está ilustrada coa obra de Antón Sobral denominada "Horizonte XXIV".

Referencias varias:

- Belén López, "Elisabeth Oliveira. 'A xente busca respostas, máis que nunca, na poesía", *Diario de Pontevedra*, "Ciudad", "Pontevedra", 31 maio 2016, p. 13.

Conversa con Elisabeth Oliveira con motivo do seu debut literario, un disco-libro de poemas escrito en máis de catro linguas e prologado por Fina Casalderrey, no que colaboran catro coñecidos cantautores. Anuncia que a presentación terá lugar o día 3 de xuño no Sexto Edificio do Museo de Pontevedra.

- Cuca M. Gómez, "Último paseo con Castelao tan cerca", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Gente a diario", "De café con Cuca", 4 xuño 2016, pp. 70-71.

Entre outras actividades, informa da presentación deste poemario no Museo de Pontevedra. Comenta que é un libro-disco e que está prologado por Fina Casalderrey.

- ECG, “Los cuarenta ‘Poesis’ de Elisabeth Oliveira ”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 16 novembro 2016, p. 28.

Anuncia a presentación do libro de Oliveira na libraría Chan da Pólvora coa presenza de Quico Cadaval e o acompañamento musical de Moanoele De Felisa e Gustavo Almeida.

_____, “Comienzan los días de compras”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, 24 novembro 2016, pp. 78-79.

Destaca a presenza dunha gran cantidade de público na presentación da obra na Librería Paz.

Otero, Antía, *O cuarto das abellas*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Poesía, nº. 47, novembro 2016, 80 pp. (ISBN: 978-84-9121-128-0).

A nova entrega poética da escritora, actriz e editora Antía Otero (A Estrada, 1982) conta cun texto presentador na contracapa da autoría de Fran P. Lorenzo, que advirte da tensión “entre o doméstico e o salvaxe”, da estrutura pechada e inquietante conseguida, e da dobre capacidade –proer e sandar– destes versos, comparados ao veleno das abellas. O poemario ábrese cunha cita de Sylvia Plath, que ten os antófilos por protagonistas, e continúa con dúas brevísimas composicións a modo de pórtico, capaces tanto de devolver o lectorado a proxectos anteriores da autora, ligados á dimensión interartística (“a luz do proxector ao fondo”), como de enmarcar o peso dos espazos (e) da memoria, e a declaración dun traballo con material autobiográfico (“Non podo escribir sen as súas ás petando na parede”). Fortemente unitivo e con trabes claras, o libro compartiméntase en “Abellariza”, “Melisa”, “Formalina”, “Obreiras” e “Esmelga”, partes encabezadas por citas de Franz Kafka, Hélène Cixous, Angélica Liddell e o refraneiro popular, voces e tonalidades en innegábel coherencia coa poética (e incluso a política) proposta: a proclama plural da irmandade de xénero explorada na penúltima sección, a tenrura e a sordidez nunha amalgama de signo infantil, a sabedoría popular ou os referentes do cotiá (a cocacola light, un *after*, o corazón coma un Pantone, as cancións das cativas e a etiquetaxe das caixas). O verso mantense breve, claro, esencial, por veces proverbial e mesmo oral ou dramatizábel; noutras ocasións, detido nunha enumeración de obxectos capaces de delimitar os espazos da perda (a casa rural familiar, os espazos da nenez) de modo moi visual. O mundo das abellas, metáfora escollida, é aproveitado na súa multiplicidade semántica até desembocar na esmelga esperada, en “Non quixera morrer” (prestado de Boris Vian), poema de longo alento sobre o desexo de transcendencia. Unha “Nota” final subliña a concepción plural (“multitude de celas, ocos en panal”) do libro e fai as veces de espazo para as dedicatorias precisas.

Recensións:

- Ramón Nicolás, “No aguillón das palabras”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Libros”, “En galego”, 2 decembro 2016, p. 8.

Comezando por subliñar a esencialidade de cada palabra, silencio e aceno presentes no poemario, destácanse dous aspectos vertebradores: o coidado no xogo de voces e a acertada recorrencia metafórica ao mundo das abellas. O primeiro permite suxerirnos a visualización continua de imaxes ou a dramatización de moitos poemas; o segundo, convoca dende unha visión persoal o xogo imaxinístico e unha ordenación en epígrafes, partindo dun universo fecundo en por si. A voz colectiva, o motivo da irmandade de xénero ou o ámbito íntimo son nel explorados.

- Vicente Araguas, "Intensa delicatessen", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*"/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 962/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 962, "máis Libros", 4 decembro 2016, p. 30.

Saúdase o terceiro libro de poemas da autora, sinalando en primeiro lugar as apelacións sensitivas cara a elementos sinxelos, así como a viaxe ás orixes. Preséntase unha poética que se nutre das esencias familiares, amorosas ou adolescentes con maneiras dramáticas, unha poeta dunha "(in)certa liña clara", capaz de xogar cunha forza sutil, coa musicalidade, coa intelixencia e o enxeño, creando algo que debe ser dixerido lentamente. Salienta tamén a argumentación e disposición colmeira, a sección "Melisa" e algúns dos poemas, así como a cita inicial de Sylvia Plath.

Pereiras, Carmen, *Onde a alma é unha chuvia*, Santiago de Compostela: Follas Novas Edicións, col. Os libros do loureiro, n.º 14, 2016, 76 pp. (ISBN: 978-84-617-7630-6).

Carmen Pereiras (Cartelle, 1959) mergúllase con *Onde a alma é unha chuvia* nun proxecto de corte intimista, onde a melancolía, a nostalxia e o desamor se erguen como eixos temáticos, entrelazando prosa e verso poéticas. O libro ábrese cunha breve nota introdutoria escrita pola autora: "Esperto un día calquera e non hai nada que esgotar. Nada que reunir. O tempo atrasa nas rodeiras doutros días. Encodia. Deseca os trazos./ Afasteime un século do lugar onde cavaron o meu rostro. Pero conservo na fronte a sombra da magarza./ Agora é o momento de inventar algo minúsculo de darlle un sopro/***". A continuación, preséntase dividido o poemario en tres grandes partes diferenciadas, "Cando a néboa xogue nos territorios vencidos", "Amar é unha certa sensación de ir tirando cos poemas" e "O contorno na sen". A estes engádese un apartado final baixo o título "Proposta para un epílogo". O primeiro bloque céntrase na lembranza da infancia rural, evocando paisaxes, personaxes e obxectos, e creando un ambiente de nostalxia a través de evocacións que parten a través dunha instantánea; o segundo, trata a temática do desamor, como unha evocación da perda; por último, no terceiro bloque, considerabelmente máis curto polo número de poemas nel incluído, dáse unha recreación da soidade, da melancolía. Para pechar o libro, achégase un texto epigonal en prosa poética que contrapón a primeira e a segunda parte do poemario.

Pereiro, Paulino, *Poemas de ruxido e barruzo*, 2º Premio da XLI Edición do Certame Literario do concello de Vilalba, Santiago de Compostela: Alvarellos Editora, col Libros do Sarela, 2016, 46 pp. (ISBN: 978-84-16460-11-3).

Paulino Pereiro (A Coruña, 1957) propón un conxunto de poemas que xiran ao redor da condición humana intrinsecamente ligada á natureza. Nas primeiras páxinas do libro indícase que o autor foi galardoado no ano 2015 co 2º Premio da XLI Edición do

Certame Literario do concello de Vilalba por este conxunto de poemas, avaliado por un xurado que estivo composto por José Antonio Pita Paz (presidente), Darío Villanueva Prieto, Mª Carmen Gueimunde González, Fidel Fernán Vello e Xulio Xiz Ramil (secretario). O libro está composto por un total de trinta e tres poemas, algúns próximos da prosa poética, con verso libre e acentuada musicalidade. Os poemas preséntanse numerados co sistema romano, sen título e coa primeira palabra marcada en letra maiúscula. No tocante á temática, apréciase unha vertente que se move na oposición e os contrarios: a derrota e a vitoria, pesimismo e optimismo. Ademais, cómpre destacar a importancia que adquire a natureza, sempre viva e suprema, como unha fonte de aprendizaxe, beleza e sabedoría. Por outra banda, desde o punto de vista lingüístico cabe destacar a presenza de dialectalismos e expresións propias da Terra Chá, comezando mesmo polo termo "barruzo" que se encontra directamente no título e que significa "chuvia miúda". A zona chairega tamén está presente na paisaxe dos poemas, como o Xistral. Péchase o libro cun índice, que se atopa repetido e no que se recollen os poemas numerados e, ademais, coa data e lugar en que foron escritos, concretamente entre xullo e agosto de 2002, en Ferrol, Escairo-Lanzós (a gran maioría deles) e outro en Bilbao, no Museo Guggenheim.

Pozo Garza, Luz, *rosa tántrica*, Vigo: Alvarellos Editora, 2016, 114 pp. (ISBN: 978-84-16460-08-3).

Luz Pozo Garza (Ribadeo, 1922) constrúe un percorrido que transporta os lectores e lectoras, xa dende o título, á tradición esotérica oriental, a un universo espiritual e filosófico. Indícase nas primeiras páxinas que a edición está feita ao coidado de H. Alvarellos e Olivia Rodríguez. A obra está dedicada "a Andrés e Aurora. Por todo./ A Claudio e Carmen. Por sempre./ A María Novo. Agarimo. Ecoarte./ A Pencha. Polos libros máxicos./ A Olga". A autora emprega unha linguaxe complexa ao mesmo tempo que áxil, orixinando poemas, versos e palabras que falan da vida, da morte, da luz, da esperanza, da eternidade. E faino a través da simboloxía budista e o tantra, de Pundarika, da Tábula Esmeralda, do ciclo da vida, da morte e da reencarnación, a idea da eternidade, do Samsara e, tamén, da pureza da Flor de Loto. No tocante ao estilo, Pozo Garza caracterízase por xogar coa distribución das palabras na folla en branco, coa puntuación, o emprego de preguntas retóricas que agroman a cada paso, o versolibrismo, ou coa inclusión de palabras en portugués, español, latín, inglés, sánscrito… Por outra banda, *rosa tántrica* (o título vai en minúscula) idéase a través dun diálogo que a autora estabelece directamente co escritor arxentino Jorge Luis Borges, a raíz do relato *La rosa de Paracelso*, un conto no que o autor afonda na orixe da creación como algo transcendente. A obra está composta por sesenta e tres poemas divididos en dúas partes, chamados Libros (estes, á vez, presentan divisións internas), e unha coda final con ilustracións creadas pola propia autora, dende a capa até os interiores. No "Libro II" inclúe unha fotografía de Luz Pozo Garza, en branco e negro, na súa mocidade. Para finalizar, na coda acrecéntanse dous poemas, o primeiro de Claudio Rodríguez Fer e o segundo de Carmen Blanco, e outra fotografía recente da autora.

Recensións:

- Armando Requeixo, “Rosa de Luz”, *Diario de Arousa*, “*O Salnés Siradella*”/ *Diario de Ferrol*, “*Nordesía*”, n.º 952/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 952, “letras Atlánticas”, 25 setembro 2016, p. 32.

Achégase ao poemario publicado por Alvarellos Editora con deseño de cuberta e ilustracións da propia autora, presentada nas primeiras liñas como a escritora galega de máis dilatada traxectoria. Dividido en dous bloques, valóranse dúas grandes apostas do volume: a primeira, a recorrencia metaliteraria aos contos de Jorge Luis Borges; e a segunda, a densificación extrema da poética, espiritualizada á maneira do tantrismo ou esoterismo oriental. Sinálase que virán unirse á habelencia do deseño simbólico ou á “Coda”, integrada por dous poemas de escritores próximos á autora: Claudio Rodríguez Fer e Carmen Blanco.

Referencias varias:

- Ana Jiménez, “Luz Pozo Garza presentará su nuevo poemario el miércoles en Portas Abertas”, *La Opinión*, “A Coruña”, 2 xullo 2016, p. 12.

Informa da presentación do poemario, composto de sesenta e tres poemas estruturados en varias partes. Salienta a presenza dos editores, Olivia Rodríguez e Henrique Alvarellos, e dos escritores Claudio Rodríguez Fer e Carmen Blanco. Comenta que a eternidade, a simboloxía budista, a intertextualidade e o xogo co lector son os trazos fundamentais da obra.

- Ángela Fontao, “A literatura galega está pasando hoxe por unha fase admirable”, *La Opinión*, “A Coruña”, “Ciudad y Cultura”, 6 xullo 2016, p. 10.

Entrevista a Luz Pozo Garza con motivo da súa última obra na que se destaca a influencia de Luis Borges e o Budismo. Fala do seu proceso de produción, da importancia de Manuel María e doutros autores galegos na súa traxectoria e sobre a situación da literatura galega na actualidade.

- Natalia Pablo, X. F., “Luz Pozo mergúllase no labirinto borgiano a través da súa última obra ‘Rosa Tántrica”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 7 xullo 2016, p. 38.

Informa da presentación no local coruñés Portas Ártebras do último poemario de Luz Pozo Garza, un *work in progress* froito de dez anos de traballo “intermitente”, segundo Olivia Rodríguez, sete décadas despois da súa primeira obra e logo de varios anos sen publicar nada. Saliéntase que neste poemario dedicado á figura de Luis Borges, Luz Pozo tenta buscar sentido “á morte, e moi especialmente, á vida despois desta”.

- Fernando Franjo, “Luz Pozo retorna ós seus 94 anos a uns ‘versos retadores”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 7 xullo 2016, p. 42.

Dá conta do acto de presentación deste poemario na Coruña en Portas Ártabras, no que a autora apareceu acompañada de Olivia Rodríguez González, Claudio Rodríguez Fer, Carmen Blanco e Henrique Alvarellos. Infórmase da estrutura do poemario: “63 poemas estruturados en dúas partes ou libros en 13 capítulos”.

- Irene Adler, “Pozo dialoga con Borges”, *Atlántico Diario*, “*La Revista*”, n.º 237, 10 xullo 2016, p. 14.

Faise eco da presentación de *rosa tántrica*, obra na que a autora xoga coa simboloxía budista, o universo de Borges, especialmente coa obra *La rosa de Paracelso*, e coa propia puntuación dos textos e na que se abordan os conceptos de eternidade e creación. Sinala a colaboración de Claudio Rodríguez Fer e de Carmen Blanco, autores dalgúns dos poemas.

- Ana Abelenda, “Luz Pozo Garza. ‘A razón serve para sobrevivir, pero non para comprender a vida”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 1 agosto 2016, p. 25.

Co gallo da presentación de *rosa tántrica* na Feira do Libro da Coruña, Luz Pozo Garza dá nesta entrevista as chaves da súa visión sobre o mundo e a literatura, fala da importancia de Borges e comenta que a poesía non debe quedar dentro dun.

- R. Nicolás, “A Luz máis labiríntica e intensa”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Letras en galego”, 19 agosto 2016, p. 12.

Indica que nesta obra filosófica, na que a autora dialoga co universo borgeano, concretamente con *La rosa de Paracelso*, se aborda o concepto da eternidade.

Ramos, Baldo e Franck **Meyer**, *1+1=3*, Santiago de Compostela: Edicións Positivas, 2015, 98 pp. (ISBN: 978-84-94273957).

Baldo Ramos (Celanova, 1971) e Franck Meyer (Alemaña, 1968) veñen de publicar o poemario *1+1:3*, unha nova proposta literaria que condensa e funde as escritas dos dous poetas nun único discurso. Levado a libro o erro matemático, en *1+1=3* fóxese de artificios poéticos para explorar as diferentes modulacións da linguaxe mediante un estilo directo e despoluído. Ramos e Meyer botan man da anonimia autorial para partillar coas lectoras e lectores unha única mensaxe, intencionalidade que xa se deixa ver na fórmula matemática que leva por título. O libro está composto por un total de noventa poemas, diferenciados mediante unha numeración románica en letra maiúscula. Estilisticamente, todos os poemas presentan unha transcrición en letra minúscula (exceptuando os nomes propios, que si aparecen coa primeira letra en maiúscula) e redonda, sendo utilizada a cursiva en certas ocasións para destacar palabras ou frases breves. Tamén destaca a ampla utilización de interrogativas retóricas ou o uso de parénteses para incluír incisos en cláusulas breves e soltas. O atractivo do poemario radica na propia sinxeleza da linguaxe, na construción de versos curtos e na disposición do texto poético que xoga coa fragmentación das frases, sen ornamentos que luxan a forza semántica das verbas illadas, dispostas sobre a folla en branco. Fanse referencias textuais directas a outros autores, como Emil Cioran (no poema número LX), ou a espazos como ao río Miño, San Gimignano (poema LIV) ou a torre Eiffel (poema LXXXVII). A intemperie, a soidade, o amor ou o paso do tempo son as principais temáticas que están presentes no decorrer das case cen páxinas.

Recensións:

- Román Raña, “Como medusas sen auga”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 600, “Libros”, 27 outubro 2016, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 553, “Letras galegas”, 5 novembro 2016, p. 10.

Coméntase o poemario coescrito polo autor celanovés e o nacido entre Lorena e Sarre, desentrañando en primeiro lugar os posíbeis sentidos dese título aritmético, que pode remitir ao tempo relativo da poesía, así como á disposición descoñecida dos autores ao longo do volume. Sublíñanse determinadas figuras, como a do mergullador; determinados temas, coma o devir da vida, a soidade, e as reflexións metapoéticas e metalingüísticas; así como determinadas formas, tal que os fulgores do haiku e certos momentos de lirismo.

Referencias varias:

- R. Nicolás, “Escrita cóncava”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Letras”, “En galego”, 21 outubro 2016, p. 10.

Valora a orixinalidade da obra así como o acerto do xogo autorial e salienta o paso do tempo, o exilio, a fuxida ou as fronteiras como temas principais.

Ramos Castelo, Ismael, *Os fillos da fame*, XVIII Premio de Poesía Johán Carballeira do Concello de Bueu, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Poesía, n.º 43, marzo 2016, 56 pp. (ISBN: 978-84-9914-992-9).

Ópera prima de Ismael Ramos (A Picota, Mazaricos, 1994), cuxos textos estaban xa dispoñíbeis na edición non venal do Premio Francisco Añón 2015 ou en revistas como *Dorna*, *Grial* ou *Luzes*. O presente poemario ve a luz tras ser galardoado co XVIII Premio Johan Carballeira do Concello de Bueu, cun xurado constituído por Ramón Blanco Fernández, Mª del Carmen Caramés Gorgal, Luís Valle Regueiro e Xabier Framil Barreiro. Escollendo como esteos iniciais tres citas de Ingeborg Bachmann, Louise Glück e Philip Larkin sobre a auga e a crueldade, o mar e o segredo, e unha “nada” entendida como descendencia, ábrese un volume de sorprendente coherencia e madurez, unitivo nas formas e nos símbolos (o mar, o pai, o branco, o león, a sede, os baleiros, a ferida...). A voz poética consegue reescribir unha xeografía mariñeira e social, dende un persoal enfiado de referencias propias e memoria compartida (as viúvas, a morte no medio do mar, os cafés costeiros con nomes de emigrante), partindo tanto dun hábil deseño de escenas, en períodos longos e poemas en prosa –cun particular cuño surrealista, por veces– como dunha dicción directa, clara, que fai uso da interpelación a unha segunda persoa, así como da interrogación e da aseveración, modulando así os ritmos do poema. Entre o íntimo e o plural, entre o sensorial e o simbólico, o lectorado accede a luzadas e reflexións crecentes sobre a familia, as relacións amorosas ou o desexo, nun pulso intelixente, e non condescendente, coa emoción. A “Nota” e os “Agradecementos” finais, portadores dunha sinxeleza en concordancia co ton do poemario, comparten un mesmo desexo de agradecemento de lecturas ou palabras a referentes cuxos fragmentos se entretecen ao longo do volume, sen marca explícita (Virginia Woolf, Celso Emilio Ferreiro, John Ashbery, Xohana Torres, X. L. Méndez Ferrín, Pilar Adón e María do Cebreiro).

Recensións:

- Armando Requeixo, "A sede branca", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*"/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 926/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 926, "letras Atlánticas", 27 marzo 2016, p. 32.

Comeza indicando que o autor do libro xa despuntaba como escritor cando tiña dezaseis anos e comenta tamén os premios literarios que recibiu nos seus primeiros anos como literato. A continuación presenta o poemario *Os fillos da fame*, no que se ve a maduración da súa poesía, cuxa temática afonda nas relacións familiares e na fame literaria e espiritual, ademais do paso da etapa adolescente á adulta. Remata facendo fincapé na estética de Ramos e na vontade de seguir a súa obra poética.

- María Xesús Nogueira, "A ferida sen coitelo", *Tempos Novos*, n.º 229, *ProTexta*, "ProPostas", xuño 2016, p. 84.

Reflexiónase sobre o papel que están a desenvolver as novas voces poéticas na literatura galega. Alúdese á obra do autor *Hábitat/Interferencias* gañadora do Premio Francisco Añón. Sublíñase que a temática d' *Os fillos da fame* envolve "a familia, a soidade, o corpo, a enfermidade e a morte" (p. 84). Alúdese á importancia das reiteracións, dos interrogantes e dos finais sorpresivos. Destácanse as figuras simbólicas empregadas no libro, a relevancia das intertextualidades e a corrección lingüística.

- Román Raña, "Enchendo fulguracións", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 586, "Libros", 2 xuño 2016, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 543, "Letras galegas", 11 xuño 2016, p. 10.

Defínese a obra como de temperatura suave, pero con descargas de revelacións súbitas e coméntase que está chea de fulguracións. Reprodúcense algunhas pasaxes da obra sobre o mar e a morte, finalizando coa afirmación de que este libro é un dos mellores libros de poesía en galego dos últimos tempos.

- Alba Cid, "Branco como o final do verán", *Grial*, n.º 211, "O espello das letras", xullo, agosto, setembro, 2016, pp. 93-94.

Destácase que a obra foi galardoada co XVIII Premio de Poesía Johán Carballeira do Concello de Bueu. Saliéntase a importancia dos paratextos en relación á temática da obra. Sinálase a influencia da poesía norteamericana sobre o poemario. Sublíñanse a relevancia dos cambios de enunciación e a inclusión do prosaísmo, apuntando que a narratividade do poemario se apoia nas descricións. Dáse conta da importancia da repetición de figuras e símbolos, ademais de sinalarse a influencia do escenario do mar sobre os individuos e a relevancia da familia. Destácase a dimensión social da obra, a importancia das dúbidas do suxeito poético e as apelacións. Saliéntase o poder evocador da disposición das escenas e a relevancia do baleiro en canto ás referencias espaciais.

- Antía Monteagudo, "Amor e fame na vila mariñeira", *Tempos Novos*, n.º 234, *ProTexta*, n.º 11, "ProPostas", novembro de 2016, p. 78.

Faise un percorrido polos galardóns que recibiu o autor e saliéntase o éxito de vendas do libro recensionado. Apúntase a temática amorosa da obra, a ambientación realista e

onírica así como a narratividade dos poemas. Destácase que o libro está ambientado en Cangas do Morrazo e que recrea a sociedade mariñeira, marcada falta do home, a soidade da muller e a presenza da morte. Por último, saliéntanse a influencia doutros autores nesta obra.

Referencias varias:

- Ana Baena, "Ismael Ramos. 'O libro en papel pode que estea a morrer, pero vai ser unha agonía longuísima", *Atlántico Diario*, "Vigo", "Entrevista", 16 abril 2016, p. 13.

Entrevista a Ismael Ramos con motivo da publicación da súa última obra. Sinala que *Os fillos da fame* é poesía escrita en prosa cun léxico doado, analiza as mensaxes principais do poemario –entre as que destaca a familia na súa contorna mariñeira– e valora a resposta do lector en papel.

- R. N., "Suxestivo debut", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "En galego", 2 setembro 2016, p. 13.

Salienta o equilibro entre pulsión narrativa e lirismo na obra debut de Ismael Ramos. Destaca o eu, o mar e a memoria íntima como eixes dun libro "felizmente innovador".

Reixa, Antón, *Viva Galicia Beibe. Cancións 1982-2016*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Poesía, n.º 45, novembro 2016, 312 pp. (ISBN: 978-84-9121-119-8).

Volume de Antón Reixa (Vigo, 1957), no que recolle as cancións/poemas que escribiu dende 1982 até 2016 para o grupo no cal é cantante, Os Resentidos, así como as algunhas letras que tamén foran compostas para outros artistas. O libro está conformado por preto de cento cincuenta poemas e vai precedido por unha nota introdutoria asinada polo autor e na cal agradece e dedica este libro a todos os músicos cos que colaborou ao longo destas máis de tres décadas, así como "aos espontáneos portadores dunha entusiasta pancarta aparecida nun concerto de Os Resentidos en Madrid e que dicía coa contundencia da pintura en spray: Galicia Beibe", e de aí a escolla do título. A continuación insírense os poemas organizados cronoloxicamente e polo ano de publicación do disco e a editora da cal saíron. Ao finalizar a obra inclúense dous índices, o primeiro deles é un índice de cancións, organizadas alfabeticamente e coa páxina; o segundo é un índice xeral que atende á orixe das cancións, ao álbum no cal se editaron, citándose os seguintes, por orde de aparición (cronolóxica): Surfin'ccp, Vigo capital Lisboa, Fai un sol de carallo, Música doméstica, Fracaso tropical, Jei, Delikatessen (Música Tradicional da República Sitio Distinto), Están aquí, After shave, Rarezas, Cantos mercenarios, Alivio rápido, Safari mental, Cancións do Xabarín e, por último, Fai un sol de carallo-suite.

Referencias varias:

- Ramón Nicolás, "Viva Galicia Beibe", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Libros", "En galego", "Novidades", 16 decembro 2016, p. 8.

Anuncia a publicación deste volume, como un "cancioneiro' popular e único".

Seoane, Xavier, *Threnói*, Madrid: Reino de Cordelia, col. Los versos de Cordelia, n.º 28 novembro 2016, 245 pp. (ISBN: 978-84-16968-00-8).

Poemario bilingüe galego-castelán de Xavier Seoane (A Coruña, 1954). Dividido en corenta cantos fiados por unha voz profética que expresa a súa desolación pola época que lle está a tocar vivir. O título da obra, un derivado do grego *Thrênos* (pranto ou lamento), anticipa o ton elexíaco que adopta o texto. A voz poética, que achega certa carga testemuñal, alerta sobre un mundo en descomposición, no que perigan os logros levantados con esforzo e, para exemplificalo, válese de fitos históricos dende a antigüidade grecolatina, o Renacemento e a Ilustración até os movementos e anhelos dos últimos séculos. A conclusión é un chamamento ao soño da razón, así como aos seus pesadelos.

Souto, Paco, *Caín*, pról. Mato Fondo, ilust. Viki Rivadulla, Santiago de Compostela: Edicións Laiovento, col. Ventoalto, n.º 1, 2016, 60 pp. (ISBN: 978-84-8487-307-5).

O poemario de Paco Souto (A Coruña, 1962) encargado de abrir a nova colección da editora Laiovento, "Ventoalto", chega ao lectorado con paratextos tan significativos como o da capa posterior, encargado de presentar o poemario como unha celebración das tres décadas que se cumpren dende o seu primeiro recital. Así mesmo é á vez unha celebración da heterodoxia e a periferia procuradas e un compendio de textos novos e anteriores, nunha sorte de "caer e erguerse e caer" reiterado. Encabeza o volume un texto crítico de Miguel A. Mato Fondo, "Anotacións para unha lectura de *e Caín*", onde se presentan os tres eixes da lectura: a mitoloxía, o erotismo e a escrita e se efectúan diversas ligazóns entre a poética do autor e as mítico-simbólicas e fundacionais de Víctor Vaqueiro, Manuel Vilanova ou Cesáreo Sánchez na década dos 80, ou entre a súa carnalidade e a expresión de Francis Bacon. A seguir, aparece un poema do *Livro das devoracións* de Pilar Pallarés. Polo que á arquitectura do volume respecta, pode o lectorado distinguir nel algunhas series de poemas ("O herbario de beth" e "Baroña") nas que se aprecia o gusto polos relatos fundacionais, certas fórmulas propias deles (enumeracións, narración concatenada...) e un pulso constante ao imaxinario natural e atlantista, así como textos soltos. Mantense en todo o libro a aposta polos períodos breves e o coidado no ritmo interno das composicións. Un brevísimo "Finale" e un "Colofón" explicativo rubrican o poemario, punteado grazas ás ilustracións sinuosas e esquemáticas de Viki Rivadulla.

Referencias varias:

- R. Nicolás, "Poesía búmerang", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "En galego", 1 abril 2016, p. 6.

Saúda a estrea dunha nova colección poética e lembra que os poemas foran recitados en distintos locais de Compostela antes de pasar a libro. Destaca que transita pola mitoloxía, o erotismo e a metaliteratura.

Tembrás, Dores, *Auga a través,* A Coruña: Apiario, col. Pan de Abella, 2016, 16 pp (ISBN 978-84-943210-5-4).

O poemario de Dores Tembrás (Bergondiño, A Coruña, 1979) comeza cunha cita de Dorothea Lange que serve de limiar, anticipando a importancia do cotián e dunha cámara. A obra xira arredor da auga, a través de versos desiguais e poemas de extensión diversa nos que se inclúen en cursiva citas das vítimas. Cada poema ábrese cun paratexto (*Liberetto, aquí, agoiro, sen choros, 8-2-1992, ten medida a esperanza?, epílogo*), que facilita a estruturación da obra. Péchase cunha nota da autora na que xustifica a súa creación no rexurdimento de Aceredo, tras o seu asolagamento no 1992, e mostra os seus agradecementos ao equipo do filme *Os días afogados* por recuperar a voz dos afectados.

Recensións:

- Armando Requeixo, "Memoria das augas", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*"/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 953/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 953, "letras Atlánticas", 2 outubro 2016, p. 32.

Realizando unha sucinta presentación da obra precedente da autora, preséntase polo miúdo a primeira plaquette lírica da colección "Pan de Abella" do selo Apiario, con alusivo deseño de cuberta a cargo de Tamara Feijoo. Concíbese como un decálogo poético encabezado por unha cita de Dorothea Lange e ten orixe nunha noticia do 2012: a do rexurdimento das augas da aldea de Aceredo, anegada por mor da construción dun encoro dúas décadas atrás. Valórase a súa precisión como cronista do asolagamento e a perda, o pulso sensíbel e indagatorio, así como a reflexión metapoética.

- Ramón Nicolás, "Memoria, auga, poesía", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "En Galego", 14 outubro 2016, p. 14.

Preséntase a plaquette coa que Apiario inaugura a colección "Pan de abella", diálogo coa película *Os días afogados* (2015) de Luís Avilés e César Souto, que recolle o antes e o despois do asolagamento das aldeas de Aceredo e Bucalque para a construción do encoro de Lindoso. Celébrase a concentración conseguida e o proceso esencializador que dá conta da dor, da impotencia ou da carraxe, ademais de outorgar protagonismo aos obxectos, ás palabras pronunciadas e ás persoas afectadas.

Tojo, Marga, *Últimos bruídos*, Santiago de Compostela: Edicións Positivas, col. Di-Versos, 2016, 48 pp. (ISBN: 978-84-942739-2-6).

Marga Tojo (Santiago de Compostela) configura un breve poemario que comeza dedicando aos seus familiares e amigos. Na seguinte páxina plasma tres citas, de forma que unha é de Anne Sexton, outra de Marguerite Duras e a última de Luis Cernuda; todas elas referidas á dor humana e ao destino. O volume divídese en catro partes, as cales contan cunha única composición cada unha, coa excepción da terceira parte que conta con catro poemas: "1. Mapa" (pp. 11-16), "2. A Guerra dos dous meses" (pp. 17-28), "3. Os días comúns" (pp. 29-31) e "4. Derradeiras horas de Renata M." (pp. 33-43). Na primeira parte ou poema o contido é puramente amoroso e inclusive erótico-sexual,

aínda que destaca tamén o medo do ser humano, a asfixia das responsabilidades, a deshumanización do individuo caracterizado coma androide, a competitividade, a infelicidade ou a melancolía. Na segunda parte atópase parte da temática anterior, destacando a perda da humanidade das persoas, o fracaso das relacións amorosas, a natureza, o poder, a guerra, as consecuencias da mesma, a morte, a mutilación ou o existencialismo. Na terceira parte presenta un poema breve que destaca o fastío que provoca a convivencia na parella. Por último, na cuarta parte amósase unha longa composición que describe as últimas horas de Renata M., situándoas no 18 de abril de 2028. Presenta unha temática diferente ás anteriores, centrada nunha personaxe vixiada que está a piques de ser asasinada. Polo tanto, os motivos varían entre o medo, a sospeita, a dor e a inxustiza, pois os seus restos mortais permanecerán no esquecemento coma un corpo sen identificar. O volume remata cun índice no que se amosan as partes constituíntes da obra.

Referencias varias:

- Koro Martínez, "Marga Tojo. 'De ser algo, son unha poeta moi namorada do xornalismo", *El Coreo Gallego*, "Tendencias", 15 decembro 2016, p. 42.

Entrevístase á escritora e xornalista, afondando nalgúns aspectos da súa primeira obra (caracterizada pola narratividade e o desacougo distópico) e da súa traxectoria profesional (*Galicia Hoxe*, o proxecto dixital *Dioivo*...). Tamén se adiantan algúns detalles da presentación, no bar El Muelle de Santiago de Compostela, canda Quico Cadaval e Carlos Santiago. Anúnciase outro proxecto literario poético da autora, destinado ao público infantil.

Torres, Xohana, *Elexía a Lola*, Vigo: Engaiolarte, 2016, 71 pp. (ISBN: 978-84-944792-98).

O último poemario de Xohana Torres (Santiago de Compostela, 1931) preséntase nun coidado formato de tapas duras, encintado, con versos en resalte na portada e na contraportada. Inclúe mesmo un pequeno caderno exento, de follas brancas, cun verso na portada pertencente ao discurso de ingreso da autora na Real Academia Galega: "Unha muller pode converterse en balea polo simple feito de querer cambiar de forma". Este é o modo escollido para que o longo poema de *Estacións ao mar* (1980) dedicado á avoa da autora, parte importante daquel poemario fundacional, se independice e enriqueza con novos textos, da man do editor Xosé Fernández Puga. Verase ademais acompañado dunha fotografía da avoa mesma, dun anaco do discurso de entrada da autora na Real Academia Galega, do poema "Sibila en Ribadavia" ou dun retrato de Laxeiro. Xunto coas dedicatorias que reproducen a caligrafía da autora, nun evidente desexo de posta en valor "documental", eses son os materiais que constitúen o corpo do volume, canda composicións de diferente extensión, enunciadas en pasado e en segunda persoa do singular, e algún poema mínimo, rotundo e proverbial ("Os recordos lesionan severamente o peito"). Trátase, en definitiva, da recuperación editorial dunha autora que marcou decisivamente a escrita das xenealoxías poéticas femininas posteriores, cun cariz innegabelmente coidado no obxectual que consegue facer deste un libro-homenaxe.

Recensións:

- María Xesús Nogueira, "As novas Elexías a Lola", *Diario de Pontevedra*, "Opinión & Análisis", p. 31/ *El Progreso*, "Opinión", p. 33, "Un falar", 22 outubro 2016.

Saúdase a aparición do volume, encadernado en tapa dura e atado con cintas, que recupera un conxunto de composicións que Xohana Torres dedicara en 1980 á súa avoa, xunto con algúns poemas de recente escritura, algún retrato da homenaxeada e un pequeno caderno en branco que leva por título unha cita do discurso que a mesma autora pronunciou no seu discurso de ingreso na Real Academia Galega. Sublíñase o valor engadido desta nova achega e a centralidade da autora na literatura galega da segunda metade do século XX, cuxo poema "Penélope" e cuxa concepción dunha "avoa-telúrica" serviu de consigna para numerosas xenealoxías familiares posteriores en poemarios de mulleres.

- Xosé Manuel Sarille, "Elexías a Lola", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Pan e coitelo", 13 decembro 2016, p. 2.

Celébrase o coidado na edición do volume que estrea a Biblioteca Xohana Torres da Editora Engaiolarte, citando as súas particularidades formais e estéticas, os retratos incluídos e a "xoia poética" dedicada á avoa, que ten para o profesor un sabor grego na inspiración, irmandado con Odysseas Elytis e Yannis Ritsos.

- Luís González Tosar, "Poesía ad ovo", *La Voz de Galicia*, "Cultura", "Entre liñas", 23 decembro 2016, p. 51.

Por medio da crítica interposta de César Lorenzo Gil en *Biosbardia*, escóllese como gran nova do ano en curso a volta de Xohana Torres, presentada como autora non dada a frecuentar cenáculos. Sublíñase a fermosa fasquía do poemario a cargo de Engaiolarte Editorial e a limpeza e claridade da súa poética, xusta recuperación da cerna de *Estación ao mar* e esencia da *Poesía reunida* (1957-2001) preparada con anterioridade por Luciano Rodríguez e editada en Arte de trovar.

Referencias varias:

- Luís González Tosar, "Claudia e Xohana", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "Ficción", "Retrato entre liñas", 7 outubro 2016, p. 11.

Comenta a saída do prelo do poemario *Elexías a Lola*, de Xohana Torres, no que a protagonista é Dolores, Doloriñas, Lola, a avoa da autora.

Trillo, Xaime, *Anatomía da ira*, Malpica: Caldeirón, 2016, 74 pp. (ISBN: 978-84-617-5312-3).

Xaime Trillo (Bustelo, 1974), compón un breve volume no que aparte do tema da dor e da ira, resalta principalmente a guerra. Comeza con dúas citas, unha de Antonio Gamoneda e outra de María Xosé Queizán, as cales fan referencia ao río como paso do tempo. Divídese en tres partes, a primeira "Anatomía da ira" (pp. 11-40) analiza o tema

da violencia dende diferentes perspectivas: o bosque como perigo, o racismo, a dignidade humana ante as atrocidades cometidas nas guerras, a emigración a causa do medo, a terra roubada e saqueada, a prisión para os rebeldes, a represión e a tortura, a loita pola patria, a lapidación, a resistencia e a presenza de Palestina coma unha guerra constante. Na segunda parte, "Xeografías" (pp. 41-54) cobra importancia a memoria contra a morte, a traxedia de Haití, Bagdad, Palestina, África, o expolio das terras por parte de multinacionais para enriquecerse a base do traballo forzado nas minas e nos pozos petrolíferos, a escravitude e a liberdade vista coma unha utopía. Na terceira parte, "A loita continúa" (pp. 55-68) destacan as loas a personaxes famosos ou a amigos por loitar contra o poder establecido. Así dedica un poema á escritora Rosalía de Castro (pp. 59-60), A Francisco Miguel (p. 61), A Salvador Allende (p. 62), A Suso (pp. 63-64), Ao Subcomandante Marcos (p. 65) e A Ángela Davies (pp. 67-68). Todos os poemas amosan a loita das persoas contra as ditaduras, as guerras, as imposicións, as explotacións e as barbaries que asolan o mundo acotío. Mediante estes temas, pretende elaborar un percorrido que amose a anatomía íntima da ira, destacando finalmente a personaxes asasinados por loitar contra as inxustizas. O autor ofrece unha visión pormenorizada da construción, desenvolvemento e estruturación da ira nos seres humanos. Remata cun índice que recolle as composicións presentes na obra.

Veiga, Eva, *Silencio percutido*, XXXI Premio de Poesía Cidade de Ourense, Culleredo: Espiral Maior, col. Poesía, n.º 266, maio 2016, 72 pp. (ISBN: 978-84-92646-98-2).

O poemario de Eva Veiga (Ombre-Pontedeume, 1961) ve a luz tras ser galardoado co XXXI Premio de Poesía Cidade de Ourense (cun xurado composto por Irene Veiga Durán, Miguel Anxo Fernán Vello, Edelmiro Vázquez Naval, Rochi Nóvoa e Xavier Rodríguez Baixeras). Alén da coidada dedicatoria, anunciadora do ton do poemario, *Silencio percutido* abre cun "Antecomienzo" de J. A. Valente, que recupera a luz como símbolo, verdadeira constante e ligame de ambos autores. A partir de aquí, as composicións sucédense numeradas até cincuenta e nove, por máis que o arranque dos poemas resulte dispar, exhibindo algúns unha sorte de título ou chave de lectura entre parénteses, como acontece con "(benvida)", "(non serviam)" ou "(ritual)". Consonte a poética máis traballada pola autora, a dicción resulta directa e contida, testemuño dunha depuración expresiva consciente, que adoita preferir os períodos breves. Coidando sempre a relación dialóxica entre razón e sentimento, procúrase unha nova percepción do mundo que nunca renuncia á sensorialidade ("selva de sons", "silencio percutido entre vértebra e vértebra", "elixo ser río" ou "ver como todo cae/ ao seu silencio") nin, dende o punto de vista temático e repertorial, á conxugación dunha etérea imaxinería natural e as reflexións sobre "o fluír" da vida, a infancia ou a ausencia.

Veiga, Eva, *Soño e vértice*, XVIII Premio de poesía Concello de Carral, Culleredo: Espiral Maior, n.º 265, maio 2016, 69 pp. (ISBN: 978-84-92646-97-5).

Poemario de Eva Veiga (Ombre-Pontedeume, 1961) que resultou merecente do premio correspondente á décimo oitava edición do Premio de Poesía do Concello de Carral. Iníciase o volume cunha dedicatoria e unha cita de Maurice Blanchot. A seguir preséntanse sesenta e nove poemas en verso libre e de extensión variábel, nos que se consegue xerar, de xeito constante, unha tensión entre o real e o onírico, facendo fincapé nos soños como elemento imprescindíbel á hora de comprender quen somos.

Tamén se reflexiona sobre o ciclo da vida e a súa relación coa morte, o valor da palabra e o imperio dogmático da razón.

Recensións:

- Armando Requeixo, "Revelación do oráculo", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*"/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 936/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 936, "letras Atlánticas", 5 xuño 2016, p. 34.

Afirma que a poesía da autora progresa co paso dos anos, confirmado no libro que vén de publicar. Di que a sensación de baldío é permanente na obra, porén invita a buscar a verdade. Destaca que a obra comeza cunha cita de Maurice Blanchot que leva o lector a traspasar os límites da linguaxe, acoutando as pegadas no presente, no pasado e no futuro. Remata con fragmentos da poesía de Veiga e coa invitación a mergullarse nas páxinas deste poemario.

- Alberte Valverde, "Viaxe a través da luz", *Grial*, n.º 212, "O espello das letras", outubro, novembro, decembro 2016, pp. 86-87.

Ofrécese unha recensión das obras *Soño e vértice* (Espiral Maior, 2016) e *Silencio percutido* (Espiral Maior, 2016) de Eva Veiga. Faise referencia á obra poética anterior da autora *A distancia do tambor*. Sinálase que a temática dos dous novos poemarios xira arredor da propia poesía, da realidade e do inmaterial. Destácase que *Soño e vértice* foi galardoada co XVIII Premio de Poesía Concello de Carral mentres que *Silencio percutido* recibiu o XXXI Premio de Poesía Cidade de Ourense. Sinálase o conxunto temático que supoñen ambas as dúas obras xa desde os paratextos e resáltanse as metáforas a través das que se presentan motivos coma o soño, a morte, a vida ou o tempo. Anótase o distanciamento que caracteriza a voz lírica advertindo que recorre á poesía para poder comunicarse. Sinálase a influencia da música e da pintura nas obras. Por último, en canto ao estilo, destácase a utilización da prosa, do paralelismo e a proximidade ao *haiku*.

Vilanova, Manuel, *Un banco na Gran Vía*, Vigo: Ir Indo Edicións, xullo 2016, 533 pp. (ISBN: 978-84-7680-726-2).

Novo poemario de Manuel Vilanova (Ourense, 1944) formado por duascentas sesenta e catro composicións. Os poemas teñen título propio e son unidades temáticas independentes que comparten un fío narrativo interior. A división interna das composicións está presentada, cando procede, mediante bloques separados por números romanos. A cohesión e continuidade temática da obra está construída ao redor dun espazo concreto que sería a Gran Vía viguesa e un banco sobre o que se sitúa o diálogo da voz lírica e de dúas dúas personaxes míticas, Leliadoura e Morgana. Este eu lírico, que se articula sobre un xogo de voces que abarcan dende o "eu" até o "ti" e o "nós", comeza cunha busca a través da cal se lle presentan temas como o desacougo, a melancolía, a beleza, a transición cara á vellez ou a transcendencia; temas estes de corte máis existencial unidos á presentación de escenas cotiás da vida nunha cidade e a revisión de mitos clásicos e artúricos, en especial o da busca do Graal. O poeta centra a súa ollada no espazo urbano da cidade, concretamente nun banco da Gran Vía, sobre a

que proxecta o diálogo poético intratextual entre Leliadoura e Morgana e a busca incesante do Graal acompañada de reflexións existenciais e escenas da vida cotiá. Acompañan os poemas fotografías de escenarios urbanos e naturais do propio autor. A obra de Vilanova péchase cunha cita final ("post-scriptum") de José Espinosa Rodríguez, cronista de Vigo a mediados do século XX.

Recensións:

- Antonio Carreño, "Manuel Vilanova o la palabra asombrada", *La Región*, "Opinión", 26 setembro 2016, p. 42.

Achégase unha breve biografía do autor e das súas obras máis emblemáticas co gallo da publicación do seu novo poemario. Indícase que se trata dun autor central do canon literario actual galego e que presenta unha voz innovadora e rupturista en Galiza. Coméntase que a actual obra está conformada por douscentos cincuenta e seis poemas e pouco máis de cincocentas páxinas postas en voz dun eu lírico que se vai desdobrando e narrando o que ve desde un banco na Gran Vía de Vigo. Indícase que a través desa situación se vai configurando un mundo orixinal, relato mítico e visión da vida cotiá, e creando unha inquietante angustia existencial, segundo se indica.

- Vicente Araguas, "Homérico Vilanova", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*"/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 961/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 961, "máis Libros", 27 novembro 2016, p. 30.

Indica que a obra chega ás case ás cincocentas páxinas de poesía épica e que a súa novela ten unha relación estreita coa narrativa e que se trata dun autor de culto. Comenta que Vigo ten unha presenza importante e a relevancia da figura de Álvaro Cunqueiro.

Referencias varias:

- Ramón Nicolás, "Un banco na Gran Vía", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Libros", "En galego", "Os máis vendidos", 2 decembro 2016, p. 8.

Dá conta da publicación desta obra e sinala que o seu autor é un poeta "devocional".

VV. AA., *Teatro. Moda. Fotografía. Poesía. Banda deseñada. Graffiti. Música. Relato breve. Videocreación. Artes plásticas. Deseño de xoias. Xuventude Crea Premios 2015*, Santiago de Compostela: Dirección Xeral de Xuventude. Consellería de Traballo e Benestar. Xunta de Galicia, 2016, 172 pp. (DL: C 468-2016). ◆

Volume colectivo no que se recollen os galardoados e mencións de honra nos Premios 2015 Xuventude Crea. Cada un dos apartados pertencentes ás diversas áreas representadas vai encabezado polo xurado que determinou os galardóns, sendo un total de once campos entre os que cómpre destacar os dedicados á poesía, ao relato breve e ao teatro. No apartado de poesía recóllense seis traballos premiados. "Memorias dun cuarto afincando en Nevermore", de Brais Lamela Gómez (Vilalba, 1994), presenta un poema extenso dividido en cinco partes. O tema central é Nova York e a súa decadencia, a melancolía e a soidade, o silencio e a natureza. Inclúe citas de diferentes

autores entre as partes. “O sosego do lodo”, de Mónica Sánchez Rodríguez (Monforte de Lemos), amosa unha epopea de vinte e catro partes onde os seres mitolóxicos son os protagonistas do poema (Medea, Polifemo, Ifixenia, Harpías, Caribdis, Medusa, Xea, Teseo ou Titáns). “3/cuartos de fame”, de Andrea Anís Couso (Vigo, 1991), presenta unha composición de seis partes que teoriza sobre a fuxida do tempo, o silencio da posguerra, as familias que non se falan, o efímero da vida e o recordo como dor. “Interaccións fundamentais”, de Sonia Martínez López (Sarria, 1987), amosa unha extensa composición de dezaseis partes das que algunhas contan con título. Aparecen seres mitolóxicos como símil do paso do tempo e destaca a dúbida como a arma máis letal. “Profundidade de tacto”, de Celia Parra Díaz (Ourense, 1990), salienta o desamor, a ferida que produce, a dor e o pracer unidos da man e a esperanza como arma mortífera. Por último, “00023-kz arquivo CHUS psiquiatría”, de Fabián Freixedo Fariñas (O Carballiño, 1993), explora o universo da frustración humana, dunha sociedade que non comprende as persoas, da poesía como acto de terapia, da importancia do tempo para superar os problemas e da súa propia condena persoal.

Tamén está descrito no apartado *I.Narrativa* e *III.Teatro* deste *Informe*.

II. 2. REEDICIÓNS COMENTADAS E FACSÍMILES.

Castro, Rosalía de, *Follas novas*, estudo, ed. notas e comentarios Anxo Angueira, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Clásicos, febreiro 2016, 496 pp. (ISBN: 978-84-9121-009-2).

Nova edición do poemario de Rosalía de Castro (Santiago de Compostela, 1837-Padrón, 1885) *Follas novas* (1880) elaborado por Anxo Angueira. Principia o volume un amplo "Estudo introdutorio", no que se reflexiona sobre a figura da autora, a súa evolución literaria, a arquitectura do poemario e a presenza do feminismo e o pensamento crítico. Ademais, analiza polo miúdo os principais eixos líricos: dor, soidade, sombra, noite, adeus e nación. A seguir, en "A nosa edición", mostra os criterios da presente edición, as siglas e aparato crítico. A continuación, reproduce por completo o poemario *Follas novas* adaptándoo á ortografía actual. Completa a edición o apartado de "Fixación, notas e comentarios" no que se ofrece un comentario pormenorizado de toda a obra, é dicir, dende a dedicatoria e o prólogo até cada un dos poemas. Inclúe achegas sobre a métrica, o argumento e o léxico. Fecha o volume a bibliografía e o índice.

Recensións:

- Francisco Martínez Bouzas, "Follas novas", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Tribuna Libre", 16 marzo 2016, p. 42.

Fálase da nova edición da obra de Rosalía de Castro levada a cabo por Anxo Angueira, na cal se respectan os trazos característicos da poeta galega, pero adaptándoos á ortografía actual. Explícase o limiar crítico no que o editor elabora un apéndice explicativo de cada un dos poemas, ademais das notas nas que se fai referencia ao léxico. Remátase coa loa a esta edición e co anuncio dun novo éxito do editor.

- Xosé Feixó, "Imprescindible volume", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 579, "Libros", 14 abril 2016, p. IV/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 536, "Letras galegas", 23 abril 2016, p. 10.

Comézase coa loanza ao editor da obra e ao seu labor. Séguese recomendando a lectura desta nova edición como manual de culto que inclúe diversos estudos, entre os que se destaca un sobre o feminismo e o pensamento crítico. Fálase do editor e da súa vida e de

como esta obra será de vital importancia para os estudantes grazas aos acertados comentarios e notas que Angueira elabora ao redor da poesía de Rosalía de Castro.

Referencias varias:

- R. Verdú, "A diversidade de actos pon de relevo a pervivencia de Rosalía", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 22 febreiro 2016, p. 25.

Entre outras novas, informa da presentación deste libro no auditorio municipal.

- R. L., "Follas novas", *Diario de Pontevedra*/ *El Progreso*, "*Táboa Redonda*", n.º 24, 28 febreiro 2016, p. 7.

Comenta a importancia da publicación deste poemario na traxectoria literaria rosaliana e destaca o longo estudo introdutorio de Anxo Angueira, a quen sinala como especialista do Rexurdimento.

- Uxía López, "Anxo Angueira. 'Esta edición de Follas Novas busca facilitar a súa lectura", *La Voz de Galicia*, "La Voz de Santiago", "Agenda", "Para todos los públicos", 4 marzo 2016, p. L11.

Anúnciase a presentación da reedición de *Follas Novas* en Padrón, coincidindo co Día de Rosalía. Dise que Anxo Angueira defende a necesidade de reeditar estes textos cunha serie de notas e comentarios que permitan facilitar a lectura ao alumnado.

- Cuca M. Gómez, "La cultura invade Pontevedra", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Gente a diario", "De café con Cuca", 7 abril 2016, p. 70.

Dá conta da presentación do volume, destacando que facilita a lectura da obra de Rosalía de Castro.

- Lourdes Varela, "Anxo Angueira. 'Sempre se vai poder dicir algo novo de Rosalía de Castro", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 577, 31 marzo 2016, p. V/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 534, 9 abril 2016, p. 11.

Entrevista a Anxo Angueira, co gallo da reedición de *Follas Novas*, na que o filólogo afirma que a dimensión literaria de Rosalía de Castro é "inesgotable". Analiza brevemente a súa traxectoria literaria e remata salientando a importancia e a influencia da autora nas letras galegas, definíndoa como un "emblema de Galicia".

- Héctor J. Porto, "Anxo Angueira. 'Rosalía é veciña de Novalis e Hölderlin", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 10 abril 2016, p. 43.

Con motivo da reedición de *Follas Novas*, entrevístase a Anxo Angueira, que defende a necesidade de repensar a obra de Rosalía de Castro a través dunha nova mirada. Destaca que Rosalía mantiña un "diálogo coa alta poesía europea do seu tempo" e resalta o papel da poeta galega dentro do Romanticismo español. Así mesmo, analiza a visión feminista e nacionalista de Rosalía, mencionando textos como "Las Literatas" e "Liedres" e o contraste entre esta autora e Emilia Pardo Bazán.

Manuel Antonio, *De catro a catro. Manuscrito inédito*, ed. e transcrición Anxo Tarrío Varela, Santiago de Compostela: Alvarellos Editora/Consorcio de Santiago, col. rescate, n.º 21, novembro 2016, 168 pp. (ISBN Alvarellos Editora: 978-84-16460-13-7) (ISBN Consorcio de Santiago: 978-84-1653-07-9). ◆

Edición facsimilar elaborada por Anxo Tarrío Varela do poemario *De catro a catro* (1928), de Manuel Antonio (Rianxo, 1990-1930), que respecta o formato orixinal da obra. O volume está estruturado en catro bloques. En primeiro lugar, en "Nota previa" (9-12 pp.), dá conta da procedencia do manuscrito, propiedade dos herdeiros de Domingo García-Sabell, e indica que esta obra "é un dos libros de poesía galega máis relevantes de todos os tempos". A seguir, en "O caderno contable" (13-16 pp.), recolle as características físicas do orixinal para, a continuación, en "O manuscrito: edición facsimilar", reproducir o manuscrito. Por último, fecha o volume "Transcrición", onde logo dunhas breves notas de edición, presenta a transcrición do poemario acompañada de pequenos comentarios do editor.

Recensións:

- Ramón Rozas, "Horizontes", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí!", "A vida nun fío", 24 decembro 2016, contracuberta.

Celébrase a aparición desta reedición facsimilar dun dos textos máis singulares da modernidade literaria galega, da man da editorial Alvarellos. Considérao tanto unha homenaxe á escrita de Manoel Antonio como ao seu xeito de vida (ao respectar o formato do caderno de contabilidade empregado a bordo do pailebote Constantino Candeira) e á conformación dunha personalidade fascinante. Lóase a tactilidade acadada nunha edición ao coidado de Anxo Tarrío, con Henrique Alvarellos como editor, e recórdase a despedida do poeta.

Rodríguez Fer, Claudio, *Cinepoemas*, Lugo: Editorial Ouvirmos, 2016, 128 pp. (ISBN: 978-84-944008-0-3).

Reedición da obra homónima de Claudio Rodríguez Fer (Lugo, 1956) publicada orixinalmente en Edicións Xerais de Galicia no ano 1983 que contiña un total de 38 composicións que poetizaban clásicos do cinema mundial. Como cambios salientábeis con respecto á primeira edición cómpre sinalar a mudanza de editorial (Ouvirmos) e un maior número de poemas, xa que se engaden composicións relacionadas con outros filmes algúns deles posteriores á primeira edición. As composicións poéticas seguen unha orde cronolóxica e están precedidos dun texto no que se inclúe a estrea e o nome do director e da película. Comeza cun filme de Griffith e péchase con *Mamasunción* (Chano Piñeiro). Ademais, engade unha nova sección visual denominada "Cinegramas" e decicada á nai do poeta con fotopoemas dos anos noventa e dous mil.

Recensións:

- Armando Requeixo, “O universo cinematográfico de Rodríguez Fer”, *Diario de Arousa*, “*O Salnés Siradella*”/ *Diario de Ferrol*, “*Nordesía*”, n.º 930/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 930, “letras Atlánticas”, 24 abril 2016, p. 32.

Fálase do autor e da diversidade dos seus escritos: líricos, teatrais, narrativos e ensaísticos. Dise que *Cinepoemas*, publicada orixinalmente en 1983, representa unha “íntima unión do cinematográfico e o literario” e sinálase que é unha crónica en fotogramas poetizados. Afírmase que esta nova edición, revisada e actualizada, ten trazos de múltiples xéneros cinematográficos, dende o western até a ciencia ficción.

- Miguel Anxo Fernández, “O cinéfilo fascinado”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Letras”, “Galego”, 29 abril 2016, p. 7.

Elabora un breve repaso pola produción escrita do autor, que abrangue case todos os xéneros: lírica, teatro, narrativa e ensaio. Destaca a influencia do cinema en todas as súas composicións. Remata coa enumeración dos piares fundamentais cinematográficos, nos que se basea o autor para crear os seus poemas.

- Ramón Nicolás, “Fusión de linguaxes”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Letras”, “Galego”, 29 abril 2016, p. 7.

Afirma que a nova edición desta obra fai a súa lectura máis agradábel e que “encerra unhas montaxes fotográficas fantásticas”. Explica que os poemas cinematográficos adquiren un ton crítico que intenta elaborar unha análise sobre o ser humano, a liberdade, o amor, a intolerancia e a violencia. Expón que o poemario é un canto á vida.

- Vicente Araguas, “Cinepoemas”, *Diario de Arousa*, “*O Salnés Siradella*”/ *Diario de Ferrol*, “*Nordesía*”, n.º 951/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 951, “máis Libros”, 18 setembro 2016, p. 30.

Coméntase a aparición do poemario, recuperación dun libro do autor que vira a luz en Vigo, da man de Xerais, no ano 1983; por máis que sexa esta unha edición con variantes, como acontece cos cinegramas do remate. Estímase, da poética do autor, a intelixencia que se fai enxeño e a proximidade ao interartístico, coa axuda musical de Cristina Fiaño. Introdúcese algunha discrepancia menor con respecto ao tratamento dispensado a Walt Disney.

Referencias varias:

- Héctor Acebo, “Claudio Rodríguez Fer. ‘Nin a miña vida nin a miña obra se guían por ilusións de celuloide”, *El Progreso*, “deVerano”, “Entrevista”, 5 agosto 2016, p. 44.

Entrevista a Claudio Rodríguez Fer con motivo da reedición do seu libro *Cinepoemas* na que se destaca a súa relación co cinema. Comenta que a nova edición combina a sensibilidade co deseño.

- F. Franjo, “Claudio Rodríguez Fer. ‘É un poemario da miña vida cinéfila”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 11 outubro 2016, p. 37.

Recóllense declaracións do propio autor sobre a nova edición deste volume, que vira a luz con Xerais no ano 1983. Sublíñase o labor de Cristina Fiaño no deseño, o aumento no número de "cinepoemas" de trinta a case un cento, a ausencia dun criterio selectivo previo ou dunha disposición cronolóxica acorde á súa escrita, así como os diversos motivos que fundamentan o diálogo: os atractivos dos filmes ou a crítica. Engádense unhas liñas sobre o fenómeno das series.

II. 3. TRADUCIÓNS OU VERSIÓNS

Veiga, Martín, *Diario de Crosses Green*, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Tambo, abril 2016, 112 pp. (ISBN: 978-84-16721-00-9).

Despois dunha longa paréntese neste xénero, o novo poemario do poeta e profesor titular de estudos hispánicos na University College Cork, Martín Veiga (Noia, 1970), ábrese con dúas citas (W. B. Yeats e Paul Muldoon) anunciadoras da súa temática e ton predominantes, así como da filiación parcial que o poeta escolle. No tocante á estrutura, as diferentes composicións de verso longo vense punteadas, cunha cadencia similar, por anotacións fragmentarias e diarísticas, aforísticas por veces, apoiadas en días e horas concretos de diferentes meses (de outubro a setembro). Son estas capaces de dar conta de momentos de observación que vira en reflexión detida, traballada sempre dende un mundo de referencias culturais coherentes. Tamén ofrecen un rexistro cotián das percepcións, daquilo que muda nunha paisaxe que a toponimia, os nomes propios (Grand Parade, Cobh, Kinsale, Keyser's Court, White Street…), acaban por definir e facer confluír con esoutras paisaxes coñecidas (o río Traba, Noia e o Barbanza). O fluír do tempo, a auga, a centralidade do lugar, a memoria e unha certa melancolía pola terra distante –marca tonal que xa comparece en títulos precedentes do autor– atopan espazo e duplos contrafortes neste volume, apoiado tanto na cultura irlandesa como na galega.

Recensións:

- Vicente Araguas, "Beiras do Lee", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*"/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 939/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 939, "máis Libros", 26 xuño 2016, p. 30.

Evoca o lugar onde vive o autor, Cork, e Noia, o seu lugar de orixe, sitios que inspiran parte dos seus poemas. Fala das dúas terras e de como serven de inspiración: Irlanda con Yeats e o río Lee e Galicia, coa illa de Tambo. Reproduce fragmentos dos poemas e enumera aqueles que máis chaman a atención, como os poemas narrativos.

- Ramón Nicolás, "Apreixar o tempo", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "En galego", 15 xullo 2016, p. 11.

Dise que a poética de Veiga está influenciada polo río Lee, na cidade de Cork. Afírmase que a toponimia é de especial relevancia, como o tempo, xa que o autor mantén un diálogo con personaxes históricos como Avilés de Taramancos, Álvaro Cunqueiro ou María Mariño, Yeats ou Hopkins, fomentando unha alianza entre Irlanda e Galicia. Considera que o lector terá ganas de visitar Cork.

- María Xesús Nogueira, "As horas de Cork", *Tempos Novos*, n.º 230, *ProTexta*, "ProPostas", xullo 2016, p. 88.

Destácase que a obra pertence á colección "Tambo". Faise referencia ás particularidades da poesía do autor e saliéntase a influencia da lírica inglesa. Alúdese á súa primeira obra *Tempo van de porcelana* (1990) e á relación do autor co espazo de Cork. Saliéntase que a nova obra constitúe un diario sobre o paso do tempo, que se anota con detalle. Incídese na importancia que o espazo da cidade ten no poemario e destácase a recreación de paisaxes e a descrición toponímica. Infórmase doutros temas de relevancia na obra como son a meditación existencial e a relación coa terra nai. Por último, dáse conta das influencias da tradición clásica no poemario e das intertextualidades coa obra de Manuel Antonio e Avilés de Taramancos, entre outros.

- David Pérez, "Á espreita do poético", *Grial*, n.º 212, "O espello das letras", outubro, novembro, decembro 2016, p. 88.

Ofrécese unha recensión da obra *Diario de Crosses Green* (Kalandraka Editora, 2016) de Martín Veiga. Saliéntase o clasicismo lingüístico da obra e a achega que supón ao espazo galego a través da recreación de motivos da paisaxe irlandesa. Apúntase o formato de diario e a contención estilística da obra. Destácase que o fío temático do poemario está representado polo transcorrer do tempo e as vivencias do autor. Sinálase a importancia doutros motivos temáticos coma a esperanza, a perda, a inquedanza, o afecto ou o compromiso na obra.

- Román Raña, "Irlanda no corazón", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 596, "Libros", 29 setembro 2016, p. VI/ *La Opinión*, *Saberes*", n.º 546, "Letras galegas", 1 outubro 2016, p. 6.

Achégase á obra do profesor noiés afincado na University College of Cork e subliña este dato ao inicio, fundamental nun poemario imbuído na saudade de dúas terras, as verdecentes Irlanda e Galiza, consideradas na súa irmandade líquida. Caracterízase este dietario lírico atendendo tanto á descrición de accións como á de sensacións case incomunicábeis, onde a natureza, a paisaxe e os topónimos son protagonistas; así como aos grandes nomes da literatura irlandesa aquí convocados: Patrick Kavanagh, Seamus Heaney, T. P. Flanagan, Pearse Hutchinson, W. B. Yeats. Valórase explicitamente a sensorialidade ou a proximidade ao haiku dalgúns remates de poemas.

Referencias varias:

- Brais Capelán, "Martín Veiga vuelve a la poesía en su último libro", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Agenda", "Para todos los públicos", "Presentación", 12 xullo 2016, p. L10.

Salienta a presentación na librería Couceiro do libro de Martín Veiga coa presenza da crítica Chus Nogueira.

II. 4. ANTOLOXÍAS

Aleixandre, Marilar (coord.), *Onde os alacráns*, Cíes: Editorial da Deputación de Pontevedra, 2016, 134 pp. (ISBN: 978-84-8457-442-2). ◆

Antoloxía de poemas do Obradoiro Internacional de Tradución Poética da illa de San Simón. No limiar indícase a historia da illa grazas ao traballo historiográfico de Marilar Aleixandre, que tamén expón o procedemento polo cal se traduciron os poemas.
Na obra, vanse sucedendo as traducións ao galego de poemas de autores como Alvin Pang, Katerina Rudcenkova, Leire Bilbao, Cosmin Perta, Catharina Gripenberg e Karlis Verdins, ademais de poemas de Marilar Aleixandre, tradutora dos poemas ao galego. Todos os autores teñen como espazo fundamental da súa poesía os seus países de orixe. No tocante a Alvin Pang (Singapur, 1972), os poemas son tanto líricos como narrativos, destacando o encabalgamento como figura retórica máis empregada. Katerina Rudcenkova (Praga, 1976) examina nos seus poemas as relacións con outras persoas no día a día e nos sentimentos en xeral. Nos poemas de Leire Bilbao (Ondárroa, 1978) obsérvase que estes están desprovistos de figuras retóricas, pero cheos de imaxes do mar e da feminidade. Cosmin Perta (Viseu de Sus, Romanía, 1982) trata crises existenciais na súa lírica. No relativo a Catharina Gripenberg (Jakobstad, 1977), a súa poesía está relacionada coa identidade feminina, pero tamén coa habilidade do poeta para crear liberdade e situacións imaxinarias. Para rematar, a poesía narrativa de Karlis Verdins (Jelgava, 1979) explora as relacións entre os membros da sociedade en situacións cotiás, ademais dos medos e inquedanzas que poden sentir.

Ansola Trueba, Vicente, *Aldeas sen voz*, Santiago de Compostela: Editorial Canela, marzo 2016, 156 pp. (ISBN: 978-84-608-3704-6).

O presente álbum, con fotografías e deseño a cargo de Vicente Ansola Trueba, é unha sorte de continuación d' *O pobo das néboas*. Principia cun texto en versión bilingüe, a modo de introdución, do propio autor no que explica a orixe do proxecto. O volume contén un considerábel abano de composicións poéticas que dialogan adoito coas imaxes realizadas por Vicente Ansola, da autoría de Xulia Marqués Varela, Alfonso Láuzara Martínez, Paco Souto Barreiro, Rochi Nóvoa Vázquez, Xosé Iglesias Lamela, María José Fernández López, Iolanda R. Aldrei, José Estévez López, Miguel Ángel

Alonso Diz, Patricia Sánchez Abeal, Miguel Alonso, Rosa Enríquez, Xosé Manoel Abeledo Castro, Pili Mera, María N. Soutelo, Ramiro Vidal Alvarinho, Manolo Pipas, Belén Rico Prieto, Alberto Calvín Corredoira, Loli Beloso Neira, integrantes na súa maioría da Porta Verde do Sétimo Andar. Tanto as fotografías (retratos, retratos grupais e escenas) como as composicións poéticas que polas súas follas se reparten comparten un mesmo fío: a referencia ás aldeas "sen voz", que son abandonadas, modificadas na súa arquitectura popular, ou esquecidas as derradeiras polavilas que acolleron (Pablo Quintana). Certos fragmentos en prosa do autor acompañan os retratos (a branco e negro e a cor), expoñendo polo miúdo algunha memoria ligada aos habitantes da aldea fotografados, cuxos nomes se recollen sempre en nota a pé. O volume péchase cunha dedicatoria, empregando as gardas (tanto as anteriores como as posteriores) para expoñer máis retratos grupais.

Tamén está descrito no apartado *I.Narrativa* deste *Informe*.

Referencias varias:

- Marta Veiga, "Es la aldea de Astérix y Obélix", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", "Fotografía", 25 maio 2016, p. 53.

Conversa con Vicente Ansola con motivo da publicación do seu libro de fotografías, onde reúne diferentes proxectos continuadores da liña marcada n'*Os pobos das néboas* e no que contou coa colaboración do seu editor Pablo Quintana e do colectivo de poetas A Porta Verde do Sétimo Andar.

- J. M. Ramos, "Poesías, relatos y fotografías en el proyecto artístico 'Aldeas sen voz", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 9 setembro 2016, p. 31.

Anúnciase a inauguración, no Centro Cívico de Malpica, da exposición dun total de cento trinta fotografías de Vicente Ansola, vinte e un poemas e nove relatos de variada autoría, que versan sobre o abandono e deterioro rural tomando como cerna e testemuño o municipio lucense da Pontenova. Os dezaoito poetas participantes forman parte do colectivo A Porta Verde do Sétimo Andar: Paco Souto, Rochi Nóvoa, Xosé Igrexas, María José Fernández López, Iolanda R. Aldrei, José Estévez, Miguel Ángel Alonso Diz, Patricia Sánchez, Miguel Alonso, Marta Pedrosa Agra, Rosa Enríquez, Xosé Manuel Abeledo, Alfonso Láuzara, Pili Mera, María N. Soutelo, Ramiro Vidal e Manolo Pipas, canda outros.

Cáccamo, Pepe e Baldo **Ramos**, *Libros conversos*, Santiago de Compostela: LibrosGalegos.gal e Museo do Pobo Galego, 2016, 110 pp. (ISBN: 978-84-608-7081-4). ◆

Poemario conxunto de Xosé María Álvarez Cáccamo (Vigo, 1950) e Baldo Ramos (Celanova, 1971) onde se combina a creación poética acompañada de imaxes e ilustracións. O volume ábrese cun prólogo de Mercedes Rozas, membro do Padroado do Museo do Pobo Galego. Os autores presentan un traballo plástico realizado a partir fundamentalmente de poemas xa publicados e escritos por autores de distintas escolas e xeracións (Rosalía de Castro, Manuel Antonio, Luís Pimentel ou Lois Pereiro) e tamén

coa colaboración de seis poetas que presentaron cadanseu texto inédito: Eduardo Estévez, Alba Cid, Celso Fernández Sanmartín, Luís Valle, Xerardo Quintiá e Mariña Pérez Rei. O libro presenta unha dualidade artística, de pintura e poesía, que aglutina distintos estilos e temáticas.

Referencias varias:

- Xulio Valcárcel, "Lugares onde volver: mostra de Pepe e Baldo en Santiago", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*"/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 932/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 932, "páxina Literaria", 8 maio 2016, p. 28.

Fálase da exposición "Libros conversos", a cargo de Pepe Cáccamo e Baldo Ramos. Séguese describindo as partes da exposición, os poemas a Manuel María, obxectos reciclados que se ven dende outra perspectiva e que conforman unha X visual, caligramas, etc. Afírmase que, grazas á sinxeleza destes elementos, vese o insólitos que son, fomentando a reflexión dos espectadores e a súa participación activa.

- Carlos L. Bernárdez, "Un encontro plástico-poético", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 583, "Arte: exposicións", 12 maio 2016, p. III.

Anuncia a exposición "Libros conversos" e gaba a conversión en pintura, colaxe e esculturas de poemas clásicos en galego. Manifesta que o impacto visual acolle ao espectador grazas á consonancia entre a poesía e o plástico, dotando estes elementos de novos significados. Di que a simbiose que se produce grazas a esta combinación fai que o espectador quede atrapado, aínda cando o texto escrito non é o protagonista. Afirma que o obxecto é o principal activador do significado.

Gelria, *Cantos de poeta*. *Unha antoloxía musicada da poesía galega*, pról. Xosé Luis Romero, [A Coruña]: Gelria, abril 2016, 122 pp. (ISBN: 978-84-608-5476-0). Inclúe CD.

Variada selección poética realizada por Gelria, encabezada por un brevísimo introito de Xosé Lois Romero, no que fai balance dos trinta e cinco anos que leva dedicados ao folclore. Destaca a grande evolución da cultura popular, pese a contar con "poucos medios" e partir dunha "posición case marxinal". Tamén salienta a importancia de que a mocidade actual valorice a "súa identidade cultural en igualdade, sen prexuízos e cunha clara convicción na súa singularidade e potencialidade" (p. 4) e remata definindo a Gelria como "poesía, tradición, historia, xuventude, compromiso e creación". A antoloxía componse dun poema dos seguintes autores e a tradución do mesmo ao inglés, castelán e portugués: "A nena na fonte" (*Aires da miña terra*, 1880), de Manuel Curros Enríquez (Celanova-Ourense, 1851-A Habana-Cuba, 1908); "Cousos do lobo" (*Os Eidos*, 1955), de Uxío Novoneyra (Parada-Seoane do Caurel-Lugo, 1930-Santiago de Compostela, 1999); "Sós" (*De catro a catro*, 1928), de Manuel Antonio (nome literario de Manuel Antonio Pérez Sánchez, Rianxo-A Coruña, 1900-1930); "Acción gallega" (*Da terra asoballada*, 1917), de Ramón Cabanillas (Cambados-Pontevedra, 1876-1959); "Eu quero oír o teu silencio" (*Cómaros verdes*, 1947), de Aquilino Iglesia Alvariño (1909-1961); "Canzón pra que un neno non durma" (*Triscos*, 1950), de Luís Pimentel (nome literario de Luís Benigno Vázquez Fernández, Lugo, 1895-1958);

“Castellanos de Castilla” (*Cantares gallegos*, 1963), de Rosalía de Castro (Santiago de Compostela, 1837-Padrón-A Coruña, 1885); “Longa noite de pedra” (*Longa noite de pedra*, 1962), de Celso Emilio Ferreiro (1912-1979); “Cantiga do amante preso” (*Poesía enteira de Heriberto Bens*, 1980), de Xosé Luís Méndez Ferrín (Ourense, 1938); “Amenceu bico ou onda do mar” (*Cantiga nova que se chama Riveira*, 1933), de Álvaro Cunqueiro (Mondoñedo-lugo, 1911-Vigo, 1981); “O gato da tasca mariñeira” (*Profecía do mar*, 1966), de Bernardino Graña (Cangas do Morrazo-Pontevedra, 1932); “Zocas. Louvanza das zocas villalbesas, chamadas chinelas” (*Terra Chá*, 1954), de Manuel María (nome literario de Manuel María Fernández Teixeiro, Outeiro de Rei-Lugo, 1929-A Coruña, 2004); “Far Blues” (*Códice Calixtino*, 1986), de Luz Pozo Garza (Ribadeo-Lugo, 1922); e “Unha luz que se afasta e se nos dirixe” (*Carne de Leviatán*, 2013), de Chus Pato (Ourense, 1955). Os poemas van precedidos dunha páxina na que se reproduce unha estrofa tirada do poema “Naceu auga”, de Manuel Rivas (A Coruña, 1957).

Referencias varias:

- Fran Brea, “Música y teatro copan las actividades programadas en el Pazo de Liñares”, *Diario de Pontevedra*, “Deza”, “Tabeirós”, 18 novembro 2016, p. 24.

Respecto ás actividades que se desenvolverán en decembro, alude á presentación do álbum do grupo Gelria, que inclúe poemas da “lírica galega de todos os tempos”.

- G. López, “Mario G. Cortizo. ‘Vai ser un concerto especial para nós e queremos que para o público tamén”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, “Entrevista en 50 liñas”, 27 decembro 2016, p. 23.

Infórmase da presentación en Santiago de Compostela do primeiro disco deste trío galego-catalán. Coméntase o seu acompañamento a Carlos Núñez na súa xira por España e anúnciase a sorpresa final, coa presenza e recitado de Chus Pato, ao tempo que o grupo acompaña e improvisa.

- M. García, “Mario G. Cortizo. ‘O obxectivo de Gelria é facer algo diferente e coidado”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Música”, 27 decembro 2016, p. L7.

Entrevístase a Mario G. Cortizo, percusión do grupo, para informar da presentación do disco en Santiago de Compostela –coa intervención final de Chus Pato–, e para profundar en aspectos do seu proxecto: a parella diversidade de rexistros poéticos e musicais, a apertura das súas escollas (de Rosalía até o 2014 da poeta ourensá citada) etc.

Linares Fernández, Laura (ed.), *Verbas atlánticas. Poesía inglesa, escocesa e irlandesa traducida por Plácido Castro*, Cambados: Fundación Plácido Castro, 2016, 306 pp. (ISBN: 978-84-617-5317-8). ◆

Extensa antoloxía poética que recolle o traballo realizado polo tradutor Plácido Castro (Corcubión, 1902). A editora, Laura Linares, realiza unha introdución á figura do autor,

salientando o seu compromiso con Galicia, a difusión da lingua e unha descrición dos contidos desta obra (pp. 7-24). Destaca a presenza de poemas británicos, escoceses e irlandeses traducidos pola man de Plácido Castro ao longo da súa vida. Transcríbense as composicións en inglés na esquerda e na dereita a versión do tradutor en galego seguindo un criterio alfabético. O volume divídese en dúas partes: na primeira aparecen poemas de autores anglosaxóns (pp. 25-225), mentres que na segunda unicamente se presenta a composición *As Rubáiyát* de Omar Kháyyám (pp. 227-289). Os autores que se resaltan na primeira parte, acompáñaos unha breve nota biográfica que recolle a súa vida e obra: George Russell, William Allingham, William Blake, Robert Burns, Joseph Campbell, Seamus Cartan, Padraic Colum, William Henry Davies, Ernest Dowson, Thomas Hardy, A. E. Housman, Walter de la Mare, John Masefield, Thomas Moore, Antoine Ó Raifteiri, Aogán Ó Rathaille, Padraig Pearse, Christina Rossetti, James Stephens, R. L. Stevenson e W.B. Yeats. Trátase de composicións de temáticas moi diversas, como a natureza, a relixión, o amor como oposición á morte, o lamento pola terra de Irlanda e a súa situación, a melancolía, o existencialismo etc. A segunda parte tan só dá conta dunha extensa composición, introducida por unha nota do tradutor (pp. 228-248), a cal resume a peregrinaxe humana e a exaltación dos sentimentos. O volume remata coas notas do tradutor, nas que explica os seus criterios de uso e as súas fontes.

Recensións:

- Armando Requeixo, "Escrita atlántica", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*"/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 964/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 964, "letras Atlánticas", 18 decembro 2016, p. 32.

Preséntase a actividade tradutora de Plácido Castro, considerada unha das máis importantes do pasado século, integramente recollida aquí e en versión bilingüe, ao coidado de Laura Linares Fernández –autora dun documentado estudo introdutorio–, e baixo o selo da súa Fundación. A recolleita inclúe tanto textos traducidos e publicados coma numerosas traducións inéditas de diversos autores en lingua inglesa do XIX e inicios do XX: entre eles, William Blake, Robert Burns, R. L. Stevenson, Thomas Hardy, Christina Rossetti ou W. B. Yeats.

Palacios, Manuela (ed.), *Six Galician Poets*, trad. Keith Payne, Cornwall: Arc Publications, 2016, 189 pp. (ISBN: 978-1-910345-45-0).

Antoloxía poética de autores galegos compilados por Manuela Palacios (1959) e con traducións ao inglés a cargo de Keith Payne. Principia cun limiar en inglés de Manuela Palacios gabando a poesía galega e a súa denuncia social, vencellada á terra e a natureza galega, elemento en común de todos os poemas desta colección. Os autores galegos cuxos poemas se compilan nesta obra son Xosé María Álvarez Cáccamo (Vigo, 1950), en cuxa poesía narrativa con numerosos encabalgamentos e liñas rítmicas se explora a infancia e a unión familiar. Tamén conta con poesía lírica artellada con oxímoros, relacionada coa poesía imaxinativa sobre a natureza galega. Outra autora é Chus Pato (Ourense, 1955), que analiza o proceso de escritura dos seus poemas, ademais da construción da súa identidade, a través de poemas narrativos nos que se intercalan os soliloquios e os diálogos. A terceira autora é Yolanda Castaño (Santiago de Compostela, 1977) que tamén examina a profesión de escritora nos seus poemas narrativos que intercalan o galego con algún termo en inglés. Estevo Creus (Cee, 1971)

é outro dos autores recompilados nesta colección. A súa poesía trata sobre paisaxes de desolación e indecisión nunha lírica de versos de arte menor. A quinta poeta é María do Cebreiro (Santiago de Compostela, 1976), cuxos poemas nesta antoloxía, narrativos ou en forma de nota, versan sobre corpos con dor e como o ser humano se comporta cando confronta representacións artísticas do corpo. O último autor é Daniel Salgado (Monterroso, 1981) cuxa lírica se centra na crónica adversa dos nosos tempos, con poemas rítmicos cheos de encabalgamentos e rimas sincopadas.

Rodríguez Fer, Claudio, *Les amours profonds/Os amores profundos*, Santiago de Compostela: Follas Novas Edicións, col. Libros do loureiro, n.º 12, marzo 2016, 177 pp. (ISBN: 978-84-608-6529-2).

Edición bilingüe de poemas escritos en galego e francés de Claudio Rodríguez Fer (Lugo, 1956). Trátase dunha antoloxía xeral da súa poesía que recolle numerosos poemas do autor traducidos agora ao francés. A obra abre cunha introdución de María Lopo, a cal nos achega unha breve nota biográfica do autor, así como datos dos poemas incluídos na presente compilación poética. Esta reúne por vez primeira en francés poemas pertencentes aos tres principais conxuntos poéticos do autor. A antoloxía preséntase dividida en tres seccións: "Brigitte Rimbaud", "Viaxes a ti" e "Memorias e resistencias". As seccións "Brigitte Rimbaud" e "Viaxes a ti" abordan unha temática predominantemente amorosa, mentres que a titulada "Memorias e resistencias" contén poemas civís e memorialistas, incluído o até agora inédito en libro, tal e como se indica, "Arsenal da barbarie", inspirado polos exiliados españois escravizados ou asasinados polos nazis na Bretaña durante a súa ocupación en Francia. En termos xerais, a súa poesía caracterízase polo intenso lirismo, o emprego da linguaxe coloquial, abundantes alegorías, metáforas e a combinación de versos de cinco, sete, once e catorce silabas. Os seus textos presentan unha tendencia realista e abordan as diferentes facetas do ser humano, do íntimo ao social, o amor e o erotismo, mais tamén se achega á meditación, á natureza, aos espazos, a cidades, a outros artistas plásticos, poetas… Así pois, as mencións a elementos da paisaxe galega e francesa tamén son constantes no decorrer dos poemas (tales como Lugo, Rennes ou París, entre outros).

Saffores Arrúa, Ángel Marcelo (ed.), *Poesía e Microrrelato Compostela [Antología poética 2016]*, pról. Diego Horschovski, epílogo do editor, Santiago de Compostela: TarQus, abril 2016, 81 pp. (ISBN: 978-84-608-7549-9).

Escolma narrativa e poética xurdida a raíz dos recitais de poesía e relato curto celebrados dende setembro de 2014 no compostelán bar Calderería 26. Dos dezaoito autores, incluídos o editor e o prologuista, ofrécese unha brevísima descrición persoal, que precede ás súas composicións. Como sinala Diego Horschovski no "Prólogo" (pp. [3-4]), os encontros narrativos e poéticos xurdiron "de un sentimiento de angustia transformado en rabia que terminó siendo una llamada a la disidencia que nos permitió poner en juego las vicisitudes de una mirada crítica" (p. [3]), como resposta ao feito de que Santiago de Compostela deixara de ser "esa ciudad mágica que, hace tan sólo una década, allá por el 2006, solía ser referente del ocio y la cultura, en la que se podía articular el arte en cualquiera de sus formas como una celebración" (p. [3]). Sinala a escolma das e dos poetas que participaron nos recitais recollida na antoloxía e di que se caracteriza pola variedade xeracional e de estilos, así como por "un diverso abordaje

temático: el amor, el desamor, la rabia, la protesta, las frustraciones, la alegría; todas aquellas cuestiones que nos definen como humanos" (p. [4]), e remata reivindicando que "La cultura no es de nadie, sino de todas y todos" (p. [4]). A modo de epílogo, reprodúcense, na contracapa, unhas palabras do editor nas que explica a xénese dos encontros narrativo-poéticos e salienta que "la diversidad es el camino más directo para mantenerla latiendo". En relación coa literatura galega, acóllense os seguintes poemas:

- Belén G. Ojea, "[30]" e "[Teño mariposas nos miolos], pp. 23-25.

Tras a reivindicación do que supón para ela "escribir", acóllense dous breves poemas sobre a morte. No primeiro deles aposta por vivir intensamente, "non sexa que a vida se asuste e nos deixe" (p. 24), e no segundo recoñece as sensacións que sente ante o medo á morte, por exemplo, "respiro paseniño por se gasto os pulmóns" (p. 25).

- Baía Fernández De La Torre, "[Feminina]", "[Consolos]"e "[Silencio]", pp. 27-30.

Despois dunha brevísima biobliografía da autora, reprodúcense os tres poemas nos que cuestiona a identidade persoal. No primeiro deles, reflexiona sobre a condición feminina; no segundo, relata a unión dun El e unha Ela "para vivir nun eterno silencio" (p. 29) e o terceiro condensa a profunda significación do silencio en só dous versos: "Hai silencios que o din todo/ e palabras que só traen silencio" (p. 30).

- Petronila Daza González, "[Asoma a necesidade]" e "[Ouveo]", pp. 39-42.

Tras unha curta biobliografía na que salienta o mar como fonte de inspiración, acóllense os dous poemas. No primeiro, salienta a necesidade de "inspirarse", "suspirarse" e de "ocupar a gaiola do pracer" (p. 41) e no segundo alude a distintos silencios que a enrabian.

- Hugo Reine, "[1]", "[2]" e "[3]", pp. 43-46.

Despois dunha irónica nota autobiográfica, reprodúcense os tres poema. No primeiro deles trata a soidade; no segundo, a liberdade dun novo día; e no terceiro, a sede de vida.

- Nando Pereiro, "[Amor inmobiliario]", pp. 55-58.

Tras unha sucinta nota autobiográfica, reprodúcese este poema, a modo de anuncio, no que busca unha compañeira de vida e refire o que ofrece el.

- Sara Cordeiro, "[Há tempo]", "[Renasces]" e "[Fénix]", pp. 59-62.

Despois dunha nota breve nota autopoética, acóllense os tres poemas en galego reintegrado. No primeiro deles trata a súa vida cotiá coa perspectiva de que aínda "há tempo" (p. 60); no segundo, aposta por "recomeçar" (p. 61) e, no terceiro, por unha nova vida na que aprendeu a "ser feliz" (p. 62).

- Tamara Andrés, "[Casa primeira]", "[Quebrar o silencio]" e "[Cos pés na terra]", pp. 63-66.

Tras unha sucinta nota autobibliográfica, acóllense os tres poemas. No primeiro deles, encabezado por uns versos de Xulio L. Valcárcel, rememora a casa natal de seu pai en Sentoulla; no segundo, unha relación que se rompe "para sermos fieis/ a nós mesmos" (p. 65), e no terceiro a necesidade, a día de hoxe, de recuperar unha relación.

VV. AA., *No seu despregar*, A Coruña: Apiario, col. Cera Labrada, 2016, 148 PP. (ISBN: 978-84-943210-7-8).

Antoloxía poética que reúne os textos de dezaoito autores novos representantes dos valores actuais da literatura galega: Gonzalo Hermo, Afía Torrado, Alba Cid, Antón Branco, Celia Parra, Frac Cortegoso, Helena Salgueiro, Israel Ramos, Lera Dopalo, María Vilas, Noemia Gómez, Xesús Castro, Olalla Tullas, Paula Antía Rei Valiña, Tamara Andrés, Alicia Fernández, Míriam Rodríguez Seoane e Rosalía Fernández Rial. Algúns deles son poetas xa recoñecidos e outros están amplamente formados en anaines, bules ou na revista *Dorna*. Ao modo de mostra literaria, o libro unifica distintas voces que comparten un tempo, un espazo e uns referentes comúns, pero sen que exista ningunha conexión temática nin formal entre as composicións. Trátase de voces individuais con identidade propia, cada unha das cales olla dende distintas perspectivas. Entre os autores existe un vínculo xeracional pero cada un deles amosa poéticas diferentes que dotan á publicación de maior riqueza literaria.

III. TEATRO

III.1. DRAMATURGOS GALEGOS

Carrodeguas, Esther F., *Voaxa e Carmín*, 10º Premio Abrente de Textos Teatrais 2015, nota da autora, pról. Fabrice Corrons, epílogo Encarna Otero Cepeda, Ourense: Difusora de Letras, Artes e Ideas, col. Teatro, n.º 8, maio 2016, 78 pp. (ISBN: 978-84-92958-38-2).

Galardoada peza dramática de Esther F. Carrodeguas (Rianxo-A Coruña, 1979) que encomeza cunha "Nota da autora" na que aclara que artellou a "fantasía terrorífica", como califica a súa peza, en base á "historia feita mito de Maruxa e Coralia Fandiño Ricart" porque lle servía "para amosar o gris que se agocha detrás dun arco da vella de color" e dedícaa "para elas e para todas as que foron algún día exiliadas na súa propia terra". A seguir, Fabrice Corrons, no prólogo "Un poema impresionista para dúas Marías", tras resaltar a traxectoria da autora e a historia real das dúas Marías na que esta se inspira, resalta que a dramaturga "non se deixa tentar por esta posibilidade de reapropiación da Historia" senón que, pola contra, "postula o deber de presentar novas voces necesarias ficticias, outorgando así mellores oportunidades de nutrir o imaxinario colectivo arredor daquelas que foron silenciadas e mesmo reducidas a estampas ou esculturas na Alameda de Santiago". Destaca que as Marías aparecen "subtilmente insertadas nunhas réplicas que, pola métrica e as figuras de repetición e asociación de ideas poden semellarse a versos libres", o que permite "formar unha poesía do cotián", conformada por "pinceladas impresionistas -cunha caracterización moi esencialista e ao mesmo tempo expansiva, na liña dos personaxes de Samuel Beckett- que conseguen alterar levemente a suposta realidade para que cada espectador poida introducirse neste mundo e así individualizar o proceso de recepción". Salienta que a dramaturga aplica ás mulleres o concepto teórico "protagonistas do punto de vista" desenvolvido por Marie-Madeleine Mervant-Roux, coa intención de que "de mulleres observadas, de reollo ou con descaro, enaxenadas, pasan a ser mulleres suxeito da mirada". Apunta que a peza "móstranos a dignidade por parte de quen padece, en momentos históricos escuros, a mofa ou a burla da sociedade e contribúe a criticar a aparente naturalidade e lexitimidade do reparto dos papeis na sociedade e a mostrar as gretas dos seus propios piares morais" e que a través de "acertadas e punzantes réplicas as mulleres constrúen(se) reflexiva e mutuamente un discurso de defensa da súa propia intimidade". Sinala que a trama "simboliza o tedio e a carencia de significado da vida humana, tema recorrente do existencialismo" e que "se o final deste texto non é esperanzador, é porque non se realiza no escenario, senón no patio de butacas" xa que a dramaturga propón un teatro no que o individuo ten que "vivir co peso do noso pasado e do noso propio exilio interior na vida presente". Conclúe afirmando que "moito máis ca un necesario exercicio de memoria, *Voaxa e Carmín* lévanos a experimentar a traxedia íntima de verse supeditado/a á súa representación". A seguir reprodúcese a peza dramática, estruturada en tres cadros, intitulados con calificativos referidos ao mar e ao lugar e hora onde se sitúan as Marías momentos antes das dúas en punto. No epílogo, intitulado "Mulleres de luz inmensa na Compostela gris", Encarna Otero Cepeda, resume datos da familia e dos feitos históricos que padeceron, antes de destacar que as dúas Marías "conseguiron crear un mecanismo de defensa para subreviviren: tolearon, e na súa loucura recuperaron o soño da mocidade" e que "quizais así viviron felices, na

súa loucura desesperanzada e cruel, chea de fame e de miseria pero digna". Finaliza dándolles as "grazas, mulleres ledas e riseiras, pola inmensa luz que lle destes gratuíta e xenerosamente a aquela Compostela tan escura".

Recensións:

- Lara Rozados, "Máscaras para a resistencia", *Grial*, n.º 212, "O espello das letras", outubro, novembro, decembro 2016, pp. 90-91.

Ofrécese unha recensión da obra *Voaxa e Carmín* (Difusora de Letras, Artes e Ideas, 2016) de Esther F. Carrodeguas. Destácase que a obra foi galardoada co X Premio Abrente para Textos Teatrais 2015. Sinálase que a temática da obra xira arredor da represión franquista sobre as mulleres a partir das figuras de Maruxa e Coralia Fandiño Ricart. Saliéntase a influencia do teatro de Beckett nesta obra, a caracterización da escena baseada no absurdo e analízase a proximidade do texto da obra ao verso libre. Tamén se indica importancia da escenografía como símbolo da ausencia, da morte e da represión. Por último, dáse conta da mensaxe de resistencia que representa o final da obra.

Referencias varias:

- Helena Villar Janeiro, "Voaxa e Carmín", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Notas de actualidade", 3 xuño 2016, p. 2.

Coméntase a obra que vén de ser publicada por Difusora de Letras, Artes e Ideas. Saliéntase que o drama (ficcional porque nalgún momento altera rutina das biografías) está moi logrado, igual que as personaxes, que se van descubrindo a través dos diálogos.

- Manuel F. Vieites, "As dúas Marías", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 589, "Teatro", 23 xuño 2016, p. VIII.

Reflexiona sobre a figura das coñecidas como "as dúas Marías". Menciona, entre outras, a obra de Esther F. Carrodeguas, *Voaxa e Carmín*, un texto que recrea a peripecia vital das dúas mulleres en clave humana e universal.

- Cuca M. Gómez, "Despedida del Brumario", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Gente a diario", "De café con Cuca", 25 novembro 2016, p. 78.

Dáse conta da presentación do libro na Librería Paz e destaca a presenza de Roberto Pascual no acto.

Cortegoso, Santiago, *A filla de Woody Allen. Pequenos actos pseudorrevolucionarios. O furancho*, Vigo: Rinoceronte Editora, col. Morgante, 2016, 172 pp. (ISBN: 978-84-15166-62-7).

Volume que contén os textos de tres obras representadas pola compañía Ibuprofeno Teatro. O nexo de unión entre elas, na liña habitual da compañía, é a creación dunha linguaxe propia coa que se tratan temas e problemas da sociedade actual en clave

irónica e humorística. Os personaxes están abocados a situacións absurdas, o que choca coa seriedade propia dos complexos asuntos que son tratados. “A filla de Woody Allen” xira arredor dunha muller que, cansa da súa vida cotiá, viaxa a Nova York en busca do seu pai do que apenas ten información. “Pequenos actos pseudorrevolucionarios”, pola súa banda, constrúese a partir de dous personaxes que emprenden, de xeito individual, accións de protesta contra distintas institucións públicas e privadas. Por último, “O furancho” mestura a estética rural e tradicional co cosmopolitismo e a tecnoloxía, o pasado co presente, a través de dúas personaxes femininas que constitúen unha icona da muller decidida que loita por cumprir os seus soños.

Recensións:

- Armando Requeixo, “O teatro de Santiago Cortegoso”, *Diario de Arousa*, “*O Salnés Siradella*”/ *Diario de Ferrol*, “*Nordesía*”, n.º 949/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 949, “letras Atlánticas”, 4 setembro 2016, p. 32.

Saliéntase a figura de Santiago Cortegoso como un dos dramaturgos máis interesantes da última década. Descríbese cada unha das obras que se recompilan no volume de recente publicación: “A filla de Woody Allen”, “Pequenos actos pseudorrevolucionarios” e “O furancho”. Indícase que todas elas coinciden na plasticidade literaria dos diálogos, os simbolismos e as atmosferas, que comportan a sensación dunha lograda creación verbal.

- Manuel F. Vieites, “Desde a parola escénica”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 583, “Teatro”, 12 maio 2016, p. VIII.

En primeiro lugar destaca que as tres pezas que agora integran o volume foron espectáculos estreados por Ibuprofeno Teatro entre 2010 e 2015. Dise que o autor dálle forma literaria ao que nace da parola escénica. Destaca as diversas posibilidades da lectura crítica da obra e comenta que presentan un grande interese sociolóxico. Comenta o argumento das pezas e destaca que “O furancho” serviu de fío narrativo á gala das premios María Casares de 2014. Finalmente apunta que a metáfora do furancho é un xeito moi acaido para mostrar a realidade do teatro galego.

Lourenzo, Manuel, *Nunca paraíso. Teatro breve (1973-2015)*, Edicións Xerais de Galicia, col. Clásicos, outubro 2016, 360 pp. (ISBN: 978-84-9121-113-6).

Volume de Manuel Lourenzo (Ferreira de Valadouro, 1943) que consta de trinta e nove pezas breves. A obra ábrese cunha “Nota” do autor, na que explica que a meirande parte das pezas son de carácter inédito ou publicadas en revistas e folletos, e algunhas representadas. A seguir, móstranse catro capítulos diferenciados: “Solitarios”, que consiste en dezaseis pezas dirixidas, aínda que non de xeito exclusivo, a “solitarios”; “A Rolda”, que inclúe tres pezas nas que se implica todas as persoas que non se dan por aludidas como “implicadas”; “Contratempo”, que consta de catorce pezas nas que se convida a xogar ás advertidas; e, finalmente, “Azul”, que reúne catro pezas que propician un achegamento ao que se podería denominar como límite. As ideas temáticas xiran ao redor de conceptos como a falta de entendemento, tanto nas relacións

familiares como nas de amizade, ou o mundo do microteatro, entre outros; tamén se albiscan tinguiduras procedentes da mitoloxía clásica.

Recensións:

- Manuel F. Vieites, "Nunca paraíso", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 601, "Teatro", 3 novembro 2016, p. VIII.

Destaca que este volume supón a volta ás orixes, "pois a dramática grega forneceu durante anos temáticas e personaxes para textos seus". Comenta a estrutura da obra e describe brevemente os catro capítulos. Gaba o teatro de Manuel Loureiro por tratarse dun "refuxio fronte ás moitas continxencias do presente".

Referencias varias:

- R. L., "Nunca paraíso", *Diario de Pontevedra*/ *El Progreso*, "*Táboa Redonda*", n.º 55, 30 outubro 2016, p. 4.

Descríbese a obra *Nunca paraíso*, escolma de textos dramáticos de Manuel Lourenzo que vén de ser publicada por Edicións Xerais de Galicia. Trátase dun volume dividido en catro partes en función de cuestións formais e temáticas, un conxunto de textos diversos, desiguais e sen referencias cronolóxicas que permiten localizar o momento da súa escrita, o que dá conta da vontade ou necesidade de escribir, construír universos ou tratar de explicar o mundo.

- Lourdes Varela, "Manuel Lourenzo. 'Haberá que preguntarse a quen lle interesa que o noso teatro fracase", *Faro de Vigo*, *Faro da Cultura*", n.º 700, 24 novembro 2016, p. V/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 557, 3 decembro 2016, p. 11, "Entrevista",

Entrevista con Manuel Lourenzo, dramaturgo, actor e director de teatro. Comenta os eixos temáticos do libro e destaca que, pese a que algúns dos textos foron escritos hai máis de corenta anos, a súa trama e temática segue sendo actuais. Sinala que o volume inclúe pezas escritas entre 1973 e 2015 e que a maioría delas son inéditas.

VV. AA., *Teatro. Moda. Fotografía. Poesía. Banda deseñada. Graffiti. Música. Relato breve. Videocreación. Artes plásticas. Deseño de xoias. Xuventude Crea Premios 2015*, Santiago de Compostela: Dirección Xeral de Xuventude. Consellería de Traballo e Benestar. Xunta de Galicia, 2016, 172 pp. (DL: C 468-2016). ◆

Volume colectivo no que se recollen os galardoados e mencións de honra nos Premios 2015 Xuventude Crea. Cada un dos apartados pertencentes ás diversas áreas representadas vai encabezado polo xurado que determinou os galardóns, sendo un total de once campos entre os que cómpre destacar os dedicados á poesía, ao relato breve e ao teatro. No apartado de Teatro recóllense catro textos premiados. "Mousike e as Kronomusas", de Vacaloura Teátrica, no que o tema central é a música mediante unha viaxe no tempo pola súa historia. O humor, as coreografías e os músicos de todas as épocas son os protagonistas da peza. "Vilar de inferno", de Pinchacarneiro Teatro, canaliza un sinxelo argumento a través do humor, da retranca e a caricatura. "Vodas de

sangue", de Fusco e Lusco (2015), ten por obxectivo dar a coñecer o teatro de Federico García Lorca ao público, a través de mozos de entre dezaseis e vinte e tres anos, amantes do teatro. Por último, en "Variacións dun soño sen título", de Non si? Teatro, un grupo de nivel avanzado de interpretación amosa as súas amplas capacidades. A peza vai destinada a resaltar a montaxe teatral e a creación escénica.

Tamén está descrito no apartado *I.Narrativa* e *II.Poesía* deste *Informe*.

III.2. TRADUCIÓNS OU VERSIÓNS

Mamet, David, *Oleanna* (*Oleanna*, Nova York, 1992), trad. Manuel F. Vieites, Vigo: Galaxia, col. Biblioteca ESAD Textos, n.º 11, 2016, 144 pp. (ISBN: 978-84-9865-729-6).

Obra teatral de David Mamet (Chicago, 1947) que pon no foco a violencia de xénero e o acoso sexual nas universidades. O drama comeza cun extenso prólogo de Manuel F. Vieites, titulado "*Oleanna* en escala de grises. A función docente e discente" (pp. 7-61), no cal afonda no estudo tanto da obra coma da biografía de Mamet, xunto cunha relación da bibliografía empregada. Amosa particularidades do autor como a súa misoxinia, hostilidade, o seu recoñecemento como Premio Pullizer en 1984 e espírito crítico nos seus volumes e reflicte o antecedente básico do drama: a acusación de acoso sexual ao xuíz Clarence Thomas por parte dunha profesora. O drama divídese en tres actos situados todos no despacho do profesor universitario. Conta a breve historia de Carol, unha estudante universitaria que acode ao despacho do profesor (John), porque suspendeu a súa materia. John, un home triunfador cunha muller e un fillo, opta a un ascenso e recoñece as debilidades do sistema educativo ante a estudante, de modo que, desgustado pola situación, lle ofrece a realización de traballos extra para aprobar, consólaa e tranquilízaa. No segundo acto, o profesor descobre que Carol interpuxo contra el unha queixa ante o Tribunal da Praza por acoso sexual. Sorprendido por tal feito, John pídelle á alumna que vaia ao seu despacho, onde de forma vaga explica que se sentiu ofendida pola súa actitude. No terceiro acto, Jonh é despedido, perde a casa que ía mercar e é acusado de forma penal por acoso sexual contra a súa alumna. Carol volve ir ao seu despacho e dille que unicamente retirará os cargos na súa contra se accede a eliminar algunhas das obras incluídas no programa da materia, entre as cales está a súa propia. John enfurécese e afirma que nunca fará iso, pois o seu volume é o legado para o seu fillo, así que bota a Carol do despacho. Esta non marcha e ségueo increpando, de modo que John, cego de furia, comeza a golpeala fortemente, parando só cando está a piques de baterlle cunha cadeira enriba. Así remata a polémica obra, sen esclarecer os feitos en ningún momento.

III.3. ANTOLOXÍAS

Tato Fontaíña, Laura (ed., intr. e notas), *O teatro nas Irmandades da Fala*, A Coruña: Real Academia Galega, col. Antoloxías da Academia, n.º 3, 2016, 186 pp. (ISBN: 978-84-87987-97-7). ◆

Selección dramática de pezas de autores integrantes das Irmandades da Fala a cargo de Laura Tato Fontaíña. Reprodúcense as pezas *Donosiña*, de Xaime Quintanilla (A Coruña, 1898-Ferrol-A Coruña, 1936); *Entre dous abismos. Farsa granguiñolesca nun paso, feita ó correr da pruma*, de Antón Villar Ponte (Viveiro-Lugo, 1881-A Coruña, 1936); *María Rosa. Comedia en dous pasos*, de Gonzalo López Abente (Muxía-A Coruña, 1878-1963); e *Un caso compricado*, de Leandro Carré Alvarellos (A Coruña, 1888-1976); que van encabezadas pola introdución, "Novo teatro para un tempo novo" (pp. [11]-29), da propia Tato Fontaíña. Nela refire varios aspectos do proceso de reconstrución da cultura galega desenvolvido polas Irmandades da Fala a prol do teatro, recolle os criterios de selección e de edición da antoloxía nos que aclara que decidiu elixir, entre as pezas máis representativas das escritas e representadas polas Irmandades da Fala entre a creación do Conservatorio de Arte Galega en 1919 e o inicio da ditadura de Primo de Rivera en setembro de 1923, "obras dos autores máis representativos das dúas tendencias que entraron en conflito cando, desde as Irmandades da Fala se intentou anovar e modernizar o teatro" (p. 20) e remata cun breve comentario das catro pezas dramáticas.

Recensión:

- Xurxo Martínez González, "Dous volumes irmandiños", *Grial*, n.º 212, "O espello das letras", outubro, novembro, decembro 2016, pp. 91-92.

Coméntanse as obras *Irmandades da Fala: oratoria e prosa non ficcional. Antoloxía* editada por Henrique Monteagudo, e *O teatro nas irmandades da fala* (Real Academia Galega, 2016) editada por Laura Tato Fontaíña. Respecto á primeira, de contido político, alúdese á inclusión nela de importantes figuras da literatura galega coma Antón Villar Ponte, Vicente Viqueira, Florentino López Cuevillas, Manuel Antonio, Ramón Otero Pedrayo, Vicente Risco, Valentín Paz-Andrade ou Daniel A. Castelao. Destácase a ausencia doutras voces relevantes, como a de Ramón Villar Ponte. No tocante á segunda obra, sinálase que se trata dun estudo que recolle o labor das Irmandades da Fala na renovación do teatro galego e que ademais inclúe a obras de Gonzalo López Abente, entre elas *María Rosa*, que destaca pola súa temática de reivindicación da igualdade de xénero. Por último, sinálase a importancia de ambos os dous volumes para o coñecemento da historia de Galicia.

Referencias varias:

- Ruth López, "Unha antoloxía editada pola RAG reúne os xéneros literarios das Irmandades", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", "Literatura", 30 setembro 2016, p. 63.

Informa da presentación dos volumes *Irmandades da Fala: oratoria e prosa non ficcional. Antoloxía* e *O teatro nas Irmandades da Fala*. Salienta que se escolman textos literarios, ensaísticos, teatrais e tamén de oratoria das Irmandades da Fala entre os que se encontran conferencias pronunciadas por Castelao, Risco ou Villar Ponte.

- Alberto Martínez, "A RAG adica as súas primeiras antoloxías ás Irmandades da Fala", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 30 setembro 2016, p. 38.

Detalla que xa están á venda dous dos tomos, centrados no Teatro e mais na Oratoria e prosa non ficcional, dos catro volumes que publicará a RAG relacionados coa literatura feita entre 1916 e 1936.

- Rodri García, "A RAG publica por primeira vez os textos que xurdiron das Irmandades da Fala", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 30 setembro 2016, p. 41.

Apunta algunhas das características dos volumes centrados nas Irmandades da Fala. Dá conta da presentación dos volumes *Irmandades da Fala: oratoria e prosa non ficcional. Antoloxía* e *O teatro nas Irmandades da Fala*. Destaca que recollen alocucións de Castelao, Paz Andrade ou Otero Pedrayo xunto con vinte e catro textos e conferencias.

- Ángela Fontao, "Laura Tato Fontaíña. 'O único problema que ten o teatro galego actual é a falta de apoio da Administración", *La Opinión*, "Ciudad y Cultura", 30 setembro 2016, p. 10.

Conversa na que Laura Tato Fontaíña afirma que no volume das Irmandades dedicado ao teatro escolleu catro obras representativas e tamén indica que agarda que en 2016 debería ficar clara a importancia e relevancia das Irmandades da Fala.

- Xesús Alonso Montero, "A oratoria galega nunha escolma", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "En galego", "Beatus qui legit", 14 outubro 2016, p. 14.

Informa de que a RAG vén de presentar os dous primeiros volumes dunha colección de antoloxías de textos dos autores máis salientábeis das Irmandades da Fala e a seguir apunta algunha das súas características.

III. 3. POSTAS EN ESCENA

Neste apartado achégase a información recollida a partir das publicacións periódicas, ben sen asinar, ben asinadas, que son as que se describen en "recensións" e "referencias varias".

III. 3.1. CICLOS, ENCONTROS, FESTIVAIS, MOSTRAS E SEMANAS

Abril de Teatro, Ciclo Cultural

Organizado polo centro cultural A Meced de Chaín. A edición de 2016, celebrada dende o 2 de abril até o 1 de maio, contou coa participación das compañías Atlántida de Matamá, coa peza *Falando de cartos*; grupo de teatro de Castro Barreiro, con *Os tres grandes sinvergoñas*; Xente de aquí e de acolá de Mañufe, con *E quen nos manda facer teatro?*; e Aula de Teatro de Gondomar, con *Cabaret terror*.

A Coruña, Circuíto Galego de Teatro Amador de

Organizado pola Federación Galega de Teatro Afeccionado (FEGATEA), o Concello da Coruña e a compañía Ateaco. A edición de 2016 celebrouse entre o 3 de setembro e o 11 de outubro no Auditorio do Fórum Metropolitano. Contou coa presenza das compañías Tiruleque Teatro, con *Media de callos*; Duende Teatro, con *Conversas na cuneta mentres a vida pasa alá fóra*; grupo de Teatro da biblioteca pública de Antas de Ulla, con *As trece rosas*; e Ateaco, con *Mátame que eu non podo*.

Aguiño, VIIIª Mostra de Teatro Afeccionado Francisco Lorenzo Mariño

Organizada pola asociación cultural, recreativa e veciñal Francisco Lorenzo Mariño de Aguiño (A Coruña) dende 2011. A edición de 2016 celebrouse os sábados do mes de novembro no conservatorio-aula de música de Aguiño. Contou coa participación de Charamela Teatro, con *Vaiche boa...*; grupo de teatro Airiños de Rianxo, con *Hoxe non se paga*; e Disfunción Continua Teatro, con *Teimas*. Tamén se representou, para público infantil, *Retrincos de Castelao*, a cargo de Culturactiva.

Referencias varias:

- Chechu López, "Charamela abrirá la Mostra de Teatro Afeccionado de Aguiño, en la que suma ya su quinta función en ocho ediciones", *Diario de Arousa*, "O Barbanza", 30 outubro 2016, p. 17.

Tras aludir á autora e directora e ao elenco, resume o argumento da "comedia de enredo" *Vaiche boa ...* e informa do lugar e horario da posta en escena. Remata nomeando outras representacións próximas da mostra: *Retrincos de Castelao*, *Hoxe non se paga* e *Teimas*.

Agustín Magán, XVº Festival de teatro afeccionado

Organizado por primeira vez en 2002 pola Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC) e a Federación de Teatro Afeccionado (FEGATEA) para lembrar e homenaxear a Agustín Magán, ademais de servir de intercambio de experiencias entre grupos afeccionados. A edición de 2016, celebrada os días 29, 30, 31 de outubro e 1 de novembro, contou coa participación das compañías Tangatutanga Teatro, coa peza *Que Deus nos colla confesados. Cabaré bíblico*; Teatro Escoitade, co *II Lance de Os vellos non deben de namorarse*; Atrezo Teatro, con *Chicago Killers*; Fanfarra de sonos, con *Suite Up*; O Trasno Novo Teatro, con *En Venda*; Porta Aberta, con *A casa do senador*; e Axóuxere Teatro, con *A rúa do inferno*.

Referencias varias:

- Brais Capelán, "Seis compañías aficionadas participarán en el certamen", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Agenda", "Para todos los públicos", 26 outubro 2016, p. L10.

Informa da celebración dunha nova edición do Festival Agustín Magán e enumera os títulos das obras programadas.

ALT.16, XVº Festival Alternativo de Teatro e Danza de Vigo

Iniciado no ano 2003, este festival está organizado pola Concellaría de Cultura e Animación Sociocultural do Concello de Vigo e pola Asociación Cultural Noescafé Teatro. Patrocinado pola Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural e pola Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, conta ademais coa colaboración de entidades tanto públicas coma privadas, así como da Concellaría de Xuventude, Igualdade e Normalización Lingüística. Os diversos espectáculos teñen lugar tanto nas rúas de Vigo coma en espazos cubertos, tales como o Auditorio Municipal, a Casa das Arte, o Museo de Arte Contemporánea (MARCO) ou a Casa Arines, sé do Instituto Camões. A edición de 2016 celebrouse dende o 9 até 13 de marzo e contou con actuacións de teatro, danza e *performances*. Representouse a peza galega *Ensaio Amor*, a cargo de Nuria Sotelo, Macarena Montesinos e Clara Ferrao; e participou a compañía foránea Vértebro Teatro (Andalucía).

Referencias varias:

- Amaia Mauleón, "El ALT alza el telón con 'Ensaio amor', sobre conciliación y precariedad laboral", *Faro de Vigo*, "Tv/Espectáculos", 9 marzo 2016, p. 55.

Dáse conta do comezo desta edición do Festival Alternativo de Teatro e Danza de Vigo coa obra *Ensaio amor* e dise que contará tamén con danza e unha performance-documental.

- Ana Baena, "La memoria de Louisa Merino, reinterpretada 'a la viguesa", *Atlántico Diario*, "Vigo", 11 marzo 2016, p. 11.

Faise eco da performance-documental *The course of memory* de Louisa Merino, nada da residencia artística da autora no marco do festival ALT. Salienta o carácter participativo e creativo do proxecto que reflexiona sobre a memoria.

- Amaia Mauleón, "Mercé de Rande. 'Me intrigaba el origen del laberinto circular, que está tan asociado a la danza", *Faro de Vigo*, "Tv/Espectáculos", 11 marzo 2016, p. 55.

Entrevista a Mercé de Rande onde se destaca a súa participación no ALT coa exposición performativa *Lost & Dead in Thunderland*. Describe o espectáculo como unha conclusión escénica de anos de investigación sobre os petróglifos. Tamén se informa da presentación de *The course of memory*, de Louisa Merino, *Happy Hour* de Wooshing Machine e *El cuello de la jirafa* de Matarile Teatro.

Alter Ego, Iº Mostra de Teatro Afeccionado

Organizada pola Agrupación Teatral Criaturas coa colaboración do Concello de Rianxo. A primeira edición, de 2016, tivo lugar durante o mes de outubro no auditorio do municipio. Contou coa presenza das compañías Teatro de Cámara Ditea, con *Animaliños*; Vacaloura Teatrica, con *Mousike e as Kronomusas*; Pinchacarneiro Teatro, con *L*; grupo de teatro Airiños, con *Hoxe non se paga!*; e Agrupación Teatral Criaturas, con *O paxaro de Osiris*.

Referencias varias:

- S. S., "Rianxo acoge la muestra de teatro aficionado Alter Ego", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 27 setembro 2016, p. 38.

Dá conta das obras programadas para esta primeira mostra organizada pola Agrupación Teatral Criaturas na que participan Teatro de Cámara Ditea, Vacaloura Teatrica, Pinchacarneiro Teatro, Airiños e a Agrupación Teatral Criaturas.

Alxén, XVIIª Xornadas de Teatro de

Organizadas Asociación Teatral Alxén A.T.A. Sempre (Salvaterra de Miño, Pontevedra). A edición de 2016, que se celebrou os días 20, 21 e 22 de maio no centro cultural da localidade, contou con monólogos, música e teatro. Participaron as compañías Bicharía de Salvaterra coa peza *Comedia Bífida* e o grupo adulto de teatro Ata Sempre, con *As alegres casadas*. Tamén se representou a peza, para público infantil, *A Formiga*, a cargo do grupo de teatro infantil Ata Sempre.

Ames, XIª Mostra de Teatro Afeccionado de

Mostra de teatro afeccionado organizada polo Concello de Ames. A edición de 2016 celebrouse dende o 8 de outubro até o 2 de decembro e contou coa participación das compañías The Puntillas Teatro, con *Encontros*; e a Escola Municipal de Teatro de Ames, con *As Suplicantes*. Tamén se representaron as pezas, para público infantil *Un día no circo*, da Asociación Teatral paso de Valverde; *Cling*, de Trécola Teatro; e *O soñador de historias*, de Fanfarra Teatro.

Arteixo, XVIIª Mostra de Teatro Afeccionado de

Organizada pola Concellería de Educación e Cultura de Arteixo, con emprazamento no Auditorio da localidade. A edición de 2016 celebrouse durante o mes de abril e incluíu danza, teatro e exposicións. Representouse a peza galega *Ganas de reñer e outras lerias*, a cargo do Grupo de expresión teatral da Área de Benestar Comunitario.

A Rúa, VII Xornadas de Teatro Afeccionado

Organizadas pola Asociación Cultural A Ruada co apoio da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e do Concello da Rúa (Ourense). A edición 2016 celebrouse entre o 17 de maio e o 26 de xuño. Participaron as compañías A Ruada Teatro, coas pezas *Os vellos non deben namorarse* e *O Velorio*; Aneis de Xinzo de Limia, con *Carmelo e as Veciñas*; grupo Teatral Experimental Flaviense, con *Falar verdade a mentir*; Mari Calvo, con *Comochoconto*; La Caja de Pandora de Verín, con *Sempre nos quedará Venecia*; Xaime Prada, con *A idade do pavosaurio*; Morea Show, con *Microencontros*; Augas do Sil, con *Vaia Servizo* e *Diñeiro, bo compañeiro*; PRODEME, con *Taller de teatro*; e Gargallada Teatro, con *Estación sombrío*.

Referencias varias:

- Mónica G. Bellver, "Centradas no vintecinco aniversario de A Ruada", *O SIL*, "Cultura", maio 2015, p. 46.

Indica que estas xornadas contarán coa presenza dos grupos Gargallada Teatro, do Barco de Valdeorras; A Ruada, da Rúa; Aneis, de Xinzo de Limia; e Teatro Experimental Flaviense, de Chaves.

_____, "O teatro envolve A Rúa", *O SIL*, "Cultura", xuño 2016, p. 23.

Apunta que a compañía A Ruada regresou aos escenarios, vinte e cinco anos despois da súa creación, para abrir e pechar esta VII edición da mostra. Enumera as demais compañías que participan e as pezas que representarán nos próximos días.

_____, "Aprazada a clausura das xornadas da Rúa", *O SIL*, "Cultura", xuño 2016, p. 22.

Anuncia a clausura das VII Xornadas de Teatro da Rúa a cargo da agrupación A Ruada.

Informa sobre a variedade das obras representadas e a participación de grupos de teatro da comarca de Valdeorras, Ponferrada, Monforte, San Clodio, Verín e Xinzo de Limia.

_____, "Do teatro á chocolatada", *O SIL*, "*Especial Festas Agosto 2016*", "A Rúa", agosto 2016, p. 8.

Salienta a apertura das festas coa representación da obra *Os amores de Don Saturnio*, polo grupo A Ruada, que inaugura as VII Xornadas de Teatro da Rúa no seu vinte e cinco aniversario.

Arzúa, Ciclo de Teatro Outono a escena de

Organizado polo Concello de Arzúa, inclúe música, monólogos e teatro. A edición de 2016 celebrouse durante as fins de semana do mes de outubro, en diferentes lugares do municipio. Representouse a peza *D.E.P.*, de Malasombra Teatro. Tamén participou a compañía Daboapipa, coa obra para público infantil *Lavandeiras.*

Referencias varias:

- M. T., "Monólogo, literatura y teatro llenan el fin de semana cultural de Arzúa", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 14 outubro 2016, p. 28.

Dá conta da programación deste ciclo en Arzúa no marco do cal Daboapipa porá en escena *Lavandeiras*.

Begonte, IVº Ciclo de Teatro de

Organizado pola Asociación Cultural Castiñeiro Milenario coa colaboración da Deputación Provincial de Lugo e do proxecto Buxiganga. A edición de 2016 que se celebrou entre os días 17 de setembro e 22 de outubro contou coa presenza de Hipócrita Teatro, con *Emperador, que pensas? Fala!*; e Debulla Escénika, con *Perversóns*. Tamén se representaron as pezas para público infantil *Contos e lerias*, da compañía Daboapipa; e *Tolitates*, de Trécola.

Referencias varias:

- M. M., "Castiñeiro Milenario organiza un ciclo teatral con cuatro espectáculos", *El Progreso*, "A Chaira", 16 setembro 2016, p. 17.

Dá conta dos catro espectáculos que conforman o programa da edición de 2016 deste ciclo, detallando o argumento das pezas e o respaldo institucional co que conta.

- C. P. R., "El grupo de teatro Axóuxeres representa As farturas de Servando en Castro de Rei", *El Progreso*, "A Chaira", 15 outubro 2016, p. 17.

Anuncia a representación de *As farturas de Servando*, a cargo do grupo Axóuxeres de Vilaronte, no ciclo Buxinganga da Deputación de Lugo. Salienta tamén a celebración en Begonte da terceira xornada do cuarto ciclo teatral promovido por Castiñeiro Milenario coa obra *Tolitates* de Trécola.

Betanzos, VIIº Encontro de Teatro Afeccionado de

Organizado pola Agrupación Teatral Mariñán e o Concello de Betanzos dende o ano 2010. A edición de 2016 celebrouse durante os sábados do mes de febreiro na Aula Municipal de Cultura Xulio Cuns. Contou coa participación das compañías Teruca Bouza, coa peza *O pan de cada día;* Gargallada Teatro, con *Fuga*; Agrupación Teatral Mariñán, con *O de menos é o nome*.

Referencias varias:

- L. T., "La XII Xuntanza de Labores de Betanzos reunirá a casi 500 aficionados en el Liceo", *El Ideal Gallego*, "Betanzos", 27 febreiro 2016, p. 16.

Entre outras actividades, informa da clausura deste encontro de teatro afeccionado coa representación da comedia *O de menos é o nome*, a cargo da Agrupación Mariñán.

_____, "La organización del Encontro de Teatro de Betanzos recibe medio centenar de solicitudes", *El Ideal Gallego*, "Área metropolitana", 3 decembro 2016, p. 17.

Resume a historia do Encontro e informa do proceso de selección que se vai a levar a cabo. Finaliza reproducindo as palabras da responsable da Área de Cultura, quen destaca que naceu coa finalidade de "remediar, polo menos en parte, a situación do teatro afeccionado, a súa falta de recursos, de recoñecemento, de promoción, e de medios" e que se creou como "un foro de debate e formación e tamén para servir de plataforma de promoción da Agrupación Mariñán de Betanzos".

Boqueixón, IVº Ciclo de Teatro de Outono de

Organizado polo Concello de Boqueixón. A edición de 2016 realizouse durante os días 4, 11 e 18 de decembro na casa da Cultura de Camporrapado. Contou coa participación das compañías Charamela Teatro, coa peza *Vaiche boa...*; Redrum Teatro, con *Noiteboa*; e Centro Cultural O Souto, con *Solteiro, casado, viúvo e divorciado*.

Referencias varias:

- M. T., "Sigue el ciclo de teatro en Boqueixón", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 15 decembro 2016, p. 33.

Faise eco da celebración do ciclo de teatro na casa da cultura da vila.

Buxiganga, Circuítos

Organizado dende o ano 2008 polo Consello da Cultura da Área de Cultura da Deputación de Lugo e coa cooperación do Consello Asesor de Teatro, co obxectivo de achegar o teatro aos diversos concellos da provincia e realizar tamén accións formativas. Na edición de 2016, celebrada en diversas localidades da provincia de Lugo, participaron, entre outras, as compañías Os Trocos, coa peza *Barvarela: almorzos e cubatas*; Lusco Fusco Impro, con *Tolerías de impro*; Falcatrueiros, con *Quizais é que non me queres*; Os Palimoquiños, con *Km526*; grupo de teatro da Biblioteca Antas de Ulla, con *Trece rosa*s; grupo Ardora, con *Soños Cumpridos*; grupo de Teatro de Ribadeo, con *O inspector*; A Adala, con *Unha morta moi viva*; Argalleiras, con *Pic-nic*; O Centiño, con *O caldeiro máxico*; A Rabela Teatro, con *Balbina a adiviña*; grupo Axóuxeres, con *As farturas de Servando*; Nostrum Cai, con *Alba a casa pechada*; Os Baluros, con *O menciñeiro á forza*; O Bordelo, con *Xubilando*; A Rabela Teatro, con *Balbina a adiviña*; e Trípode, con *Xuízo anticorrupción*. Tamén se levou a escena para público infantil a peza *Superlía*, a cargo de In Bocca In Lupo; *Universos de fantasía*, de Alentía Teatro; e *Retrincos de Castelao*, de Culturactiva.

Referencias varias:

- C. P. R., "El grupo de teatro Axóuxeres representa 'As farturas de Servando' en Castro de Rei", *El Progreso*, "A Chaira", 15 outubro 2016, p. 17.

Anuncia a representación de *As farturas de Servando*, a cargo do grupo Axóuxeres de Vilaronte, no ciclo Buxinganga da Deputación de Lugo. Salienta tamén a celebración en Begonte da terceira xornada do cuarto ciclo teatral promovido por Castiñeiro Milenario coa obra *Tolitates* de Trécola.

Cabaré, Xº Festival Galego de

Anteriormente celebrado en Oleiros e na Coruña, desta volta realízase en Redondela. Esta edición de 2016, desenvolveuse ao longo da última semana de agosto no Auditorio da Xunqueira, nas rúas, prazas e praias da vila, e conta con espectáculos de cabaré, burlesque e swing. Representáronse as pezas *Máncasme Man. O home que mancaba ás mulleres*, a cargo de Teatro do Miolo; e *Burlesque Night Show* e *Flashtop Cabaret*, de Nelson Quinteiro Cabaret. Tamén se levou á escena o espectáculo infantil *Pequeno cabaret infantil*, de Nelson Quinteiro.

Referencias varias:

- A. de Santos, "El cabaret tomará las calles de Redondela", *Faro de Vigo*, "Tv/Espectáculos", 17 agosto 2016, p. 51.

Informa que esta novena edición do festival tamén inclúe espectáculos de burlesque e de swing. Detalla a programación para o público adulto e para o infantil e tamén alude ao laboratorio de cabaret para profesionais.

- F. D., “Máncasme Man’, desamor e soidade do gran burlesque”, *La Región*, “Verano”, “Agenda de ocio”, 23 agosto 2016, p. 22.

Detense nun dos espectáculos que se poderán ver na edición de 2016 deste ciclo e sobre todo no traballo da protagonista de quen afirma que “cóntanos e cántanos a unha historia de amor e toleria que ten un punto de xiro coa anagnórese da protagonista e a súa emancipación como persoa e como muller”.

- I. L. M., “De cabaré hasta la playa”, *Faro de Vigo*, “Redondela”, 26 agosto 2016, p. 18.

Detense nunha coreografía realizada ao aire libre no marco deste ciclo dirixido ao público adulto e ao infantil e nomea os espectáculos que se representarán.

Cambados, Ciclo de Teatro Adulto

Organizado polo Concello de Cambados. A edición de 2016 tivo lugar durante o mes de outubro no Auditorio municipal. Contou coa presenza das compañías Teatro do Morcego, coa peza *Os vellos non deben de namorarse*; Contraproducións, con *O tolleito de Inishmaan*; Malasombra Teatro, con *O día do pai* e *Go on!*; e Chévere, con *Eroski paraíso*.

Referencias varias:

- L. Romero, “El ciclo teatral de otoño arranca con ‘Os Vellos’ de Castelao”, *Diario de Arousa*, “Cambados”, 29 setembro 2016, p. 9.

Dáse conta da representación da peza *Os vellos non deben de namorarse* en Cambados no marco do ciclo de teatro. Recolle as palabras do concelleiro de cultura salientando que se trata dunha obra de teatro clásico galego.

Candilejas Don Bosco, XIXº Certame de Teatro Escolar e Afeccionado

Organizado polo colexio Calvo Sotelo da Coruña, celébrase anualmente durante os meses de abril, maio e xuño. A edición de 2016 contou coa participación das compañías Grupo Noite Bohemia, con *Euménides*; Grupo Arjé Teatro, con *A pousadeira*; Escola de Teatro CasaHamlet, con *Píramo e Tisbe*; Grupo de Teatro Xosé María Pérez Parallé, con *Suspéndese o ensaio xeral*; Runxe Runxe, con *Ganas de reñir e outras lerias*; Funicular Teatro, con *O anel máxico*; Asociación Cultural Cardume Teatro, con *Licor de Saúco*; Instituto María Casares, con *Ius Summa Ininura* e *Irene Meldiluce*; Teatro Vagalume Animación, con *Monsters vs Addans 2* e *Risoterapia*; Grupo Tarambana, con *Anfitrión*; Asociación Cultural Grupo Medievándalos Teatro, con *Cervanterías*; Grupo de Teatro de Sofán, con *O Calzurras*; e IES Maximino Romero Lema, con *Chrasa – Miña Terra Galega.* Tamén se levaron a escena as pezas para público infantil *A festa dos dragóns* e *A mellor oferta*, a cargo do Colexio Tarrío; *O lago dos cisnes*, do Colexio Emilia Pardo Bazán; *Unha espiña de toxo e balbino*, do Colegio Labarta Pose; *Os*

cabaleiros da táboa rachada, do Colexio Ponte dos Brozos; *Peter Pan*, da Escola de Teatro CasaHamlet; *O mago de Oz*, *Trapiños*, *Mary Poppins*, *Quen quere ser princesa*, *Un conto ao revés*, de Teatro Vagalume Animación; *Pintapaleta*, do Colexio a Grande Obra de Atocha; *Aladdín*, do Centro Liceo La Paz; *A espiña de toxo chamada Berenguela*, do grupo O Polo Saltón; *Adelina toma café*, do Colexio Concepción Arenal; e *O tesouro do dragón*, do Colexio Rosalía de Castro.

Cangas, XXXIIIª Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo

Fundada en 1984 pola Asociación Cultural Xiria. Organizada pola Asociación Cultural Xiria, o Concello de Cangas e Ningures Produción. Está actualmente patrocinada pola Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC), Concello de Cangas, Deputación de Pontevedra, Frigoríficos del Morrazo e a Xunta de Galicia. Realiza unha programación internacional, estatal e galega, ademais de exposicións, obradoiros, encontros e eventos como o "Revoltallo en Pedra", no que se dan cita moitas das asociación culturais e artísticas de Cangas, ou as xornadas "Mulleres en Acción" (creadas no ano 2000). Durante esta mostra entrégase anualmente o Premio "Xiria", co que se destaca o labor teatral dunha persoa ou a traxectoria dunha agrupación; este ano recaeu en Chévere. A edición de 2016, que se celebrou do 1 ao 9 de xullo, contou coa participación da compañía galega Chévere, coa peza *Eroski Paraíso*; e as compañías foráneas EscénaTe (Madrid), Teatro del Barrio (Madrid), La Estampida (Madrid), Heyaka Theatre (Francia), Cão à Chuva (Portugal) e Teatro EnVilo (Madrid).

Referencias varias:

- Nacho Cortés Riveiro, "Las Cervantas' inaugura la XXXIII Mostra de Teatro de Cangas", *Diario de Pontevedra*, "O Morrazo", 1 xullo 2016, p. 22.

Comenta a montaxe *Las Cervantas* que abre a mostra, da que resume o argumento, explica a procedencia do título e destaca que a finalidade da posta en escena é romper cos estereotipos da muller na sociedade. Finaliza recollendo as palabras do director da peza nas que critica a carencia de apoio institucional á cultura.

- S. N., "Lullaby', la revolución del universo clown en Cangas", *La Región*, "Verano", "Agenda cultural", "Teatro", 5 xullo 2016, p. 25.

Dá conta da posta en escena de *Lullaby*, Cão à Chuva, no marco da mostra e indica que se trata dunha *perfomance* cómica.

Caranza, Ciclo de Teatro Afeccionado "Domingos a escena"

Ciclo teatral organizado pola Concellaría de Cultura de Ferrol, coa colaboración da Deputación da Coruña e coordinado por Ti e Máis Eu Teatro. Celébrase no Centro Cívico de Caranza e durante a celebración outórgase o Premio do Público. A edición de 2016 tivo lugar durante os domingos, dende xaneiro até abril e dende setembro até decembro. Contou coa presenza das compañías A. C. Ditirambo, coa peza *Retrato en*

branco e negro; Agarimo Teatro, con *Breve-mente*; Unidade de Ozono, con *A quimera do maxín* e *Malo será*; Pinchacarneiro Teatro, con *L*; A. T. Vindever, con *Moito máis que auga*; Farandoleiras Cabaré, con *Pánico*; Teruca Bouza, con *O pan de cada día*; Delatoute Producións, con *Viva a menciña* e *A miña gran mansión*; Ti e Máis Eu Teatro, con *A troita do Mandeo*; Marañao Teatro, con *Inmortal*; Gargallada Teatro, con *Lurpias*; Vacaloura Teátrica, con *Mousike e as Kronomusas*; Bradomín Teatro, con *Nichos para todos*; Noite Bohemia, con *Euménides*; A Mamoa Teatro, con *Se o sei... non volvo a casa*; Perez Parallé, con *Mamá é señora para todo, declárase en rebeldía*; Clube Teatral Elsinor, con *Xente pálida de pel*; e Andaravía Teatro, con *Manifféstate!*. Tamén se representou a peza, para público infantil, *Roxín Roxal*, de Ti e Máis Eu Teatro.

Referencias varias:

- C. A., "El grupo de teatro de Polka abrirá el ciclo Domingos a Escena el 24 en Narón", *El Progreso*, "A Chaira", 19 xaneiro 2016, p. 18.

Informa do inicio deste ciclo dramático coa compañía Unidade de Ozono, da Asociación Polka Cultura Aberta de Pol. Comenta brevemente algún aspecto da obra como o argumento e os ensaios previos.

Carballiño, XXVIIº Festival de Teatro Galego do (FETEGA)

Creado no ano 1989 na localidade ourensá do Carballiño. Organizado pola Asociación Cultural FETEGA, coa colaboración do concello do Carballiño, a Deputación de Ourense e a Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC). A edición de 2016 celebrouse entre os días 6 e 9 de setembro no Auditorio Municipal e no anfiteatro exterior. Leváronse a escena as pezas *Ensaio sobre a cegueira*, de Sarabela Teatro; *Unhas poucas picadelas,* de Teatro de Ningures; *Nosa señora das nubes,* de Teatro do Morcego; e *Monólogo do imbécil*, de Eme2. Nesta edición o Premio de Honra recaeu no actor Antonio Durán "Morris"; o de mellor espectáculo do certame para *Ensaio sobre a cegueira*; e os galardóns de mellor actriz e mellor actor foron para Pepa Barreiro e Mundo Villalustre.

Referencias varias:

- X. A. Reboiro, "Josi Lage. 'Este ano a temática é un teatro no que a dor intrínseca ó ser humano é a protagonista", *La Región*, "Carballiño", "Protagonista", 8 agosto 2016, p. 27.

Conversa con Josi Lage, directora do ciclo, quen destaca que esta edición terá como temática, para o público adulto, "un teatro no que a protagonista é a dor intrínseca ó ser humano" e para o infantil "unha homenaxe ó circo" e reflexiona sobre o paro que padeceron numerosos profesionais teatrais.

- Candela Valle, "El Festival de Teatro Galego reúne ocho obras", *La Región*, "Ourense", 6 setembro 2016, p. 10.

Dáse conta da presentación da edición de 2016 deste FETEGA, detallando as pezas que se representarán e as autoridades que participaron na presentación.

- Lucas Sanz, "Pepa Barreiro e Morris, premiados no festival Fetega", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 11 setembro 2016, p. 36.

Informa da gala de clausura desta edición do ciclo e cita os actores galardoados, as autoridades que llos entregaron e as persoas que conformaron o xurado.

- S. P., "Ensaio sobre a cegueira', o mellor espectáculo do Festival de Teatro", *La Región*, "Carballiño", 11 setembro 2016, p. 21.

Apunta que a peza representada pola compañía Sarabela Teatro mereceu o galardón ao mellor espectáculo da edición do FETEGA 2016, cita os actores galardoados e alude á gala de clausura.

Carballo, Venres Culturais en

Programa cultural organizado polo Concello de Carballo que integra música, teatro, maxia, exposicións, cinema e outras actividades. A edición de 2016, celebrada dende xaneiro até marzo, no Pazo da Cultura de Carballo e na Biblioteca Rego da Balsa, contou coa participación das compañías Producións Teatrais Excéntricas, con *Os amores de Jacques o fatalista*; A Panadaría, con *Pan! Pan!*; Teatro do Noroeste, con *Palabras malditas*; e Talía Teatro, con *Foucellas*. Para público infantil representáronse as pezas *Rosa Caramelo e outras historias*, de Talía Teatro; e *Jim e a illa do tesouro*, de Eme2 Emoción&Arte.

Referencias varias:

- J. M. Ramos, "Citas musicales, teatrales, artísticas y audiovisuales en los Venres Culturais", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 16 xaneiro 2016, p. 37.

Infórmase de que o 29 de xuño comezará este ciclo en Carballo e que contará coa obra teatral *Os amores de Jacques o fatalista* así como outras obras das compañías Teatro do Noroeste, Talía Teatro e A Panadería.

Cariño, XXXVIIIª Mostra de Teatro Galego de

Mostra teatral para compañías profesionais e afeccionadas e para diversos tipos de público, que ten lugar no Auditorio Municipal do concello ferrolán. Na edición de 2016, celebrada entre o 13 e o 19 de agosto, participaron as compañías Teatro do Atlántico, con *O principio de Arquímedes*; Il Maquinario, con *Perplexo*; Talia Teatro, con *Foucellas*; grupo de teatro de amas de casa de Cariño, con A pedida da avoa; e Chévere, con *Eroski Paraíso*. Tamén se representaron para o público infantil as pezas *Feo!*, de Caramuxo Teatro; *Rosa Caramelo e outras historias*, de Talia Teatro; *Bon appétit!*, a

cargo de Ghazafellos Teatro; e *Luppo*, de Baobab. Como novidade, na edición de 2016 celebráronse coloquios con algunhas compañías teatrais despois dos seus espectáculos. Tamén participou a compañía foránea Maintomano (Castilla y León).

Carral, Ciclo

Organizado polo Concello de Carral. A edición de 2016 celebrouse durante o outono no local Xente Nova de Tabeaio. Contou coa presenza das compañías Fantoches Baj, coa peza *Os vellos non deben de namorarse*; Escola municipal de teatro, con *Tabeaius Circus*; e teatro Valacar, con *Somos tan imbéciles*. Tamén se representou, para público infantil, as pezas *O crebanoces*, de Títeres Babaluva e *Memorias dun neno labrego*, de Abrapalabra Creacións Escénicas.

Cee á escena, IIª Mostra de Teatro e das Artes Escénicas

Mostra que substitúe á Mostra de Teatro de Cee, que no ano 2012 celebrou a súa XXVª edición e última. A edición de 2016 tivo lugar no auditorio da casa da cultura dende o 19 até o 25 de agosto. Contou coa presenza das compañías Il Maquinario Teatro, coa peza *Perplexo*; Teatro Galileo, con *Cyrano*; Pistacatro Productora de Soños, con *Cabaré de Varietés*; Redrum Teatro, con *Noiteboa*; Triatreros con *Impronews*; e Central Folque, con *Os contos de Joselín*. Tamén participou a compañía foránea La Caseta Producciones (Córdoba).

Referencias varias:

- J. Trillo, "A escena' toma el relevo festivo con siete representaciones teatrales", *El Correo Gallego*, "A Xunqueira", 25 xullo 2016, p. 40.

Detalla a programación das sete funcións da segunda edición desta mostra e así mesmo precisa o lugar, horario e custo das entradas e dos bonos.

- José M. Ramos, "Libros y teatro como complemento festivo en la capital ceense", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 13 agosto 2016, p. 38.

Dáse conta do programa cultural da vila para as festas que se complementa con esta mostra de teatro. Preséntanse as compañías, actores e actrices participantes.

- J. M. Ramos, "A EsCEEna acerca a Cee el espectáculo interactivo del grupo Triatreros", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 22 agosto 2016, p. 25.

Precisa detalles do espectáculo que improvisará co público o grupo Triatreros, no marco da segunda edición desta mostra, na que tamén se representará un espectáculo baseado no libro *Os contos de Joselín. Primeiros documentos sonoros do teatro galego (1929-1954)*.

- J. M. Ramos, “Redrum trae hoy a Cee el espectáculo Noiteboa”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 23 agosto 2016, p. 29.

Destaca a representación da peza Noiteboa nesta mostra. Sintetiza a trama, nomea os actores, refire os premios que mereceu e detalla lugar e custo das entradas.

Castro de Rei, IVª Mostra de teatro municipal de

Organizada polo Concello de Castro de Rei e a Escola Municipal de Teatro. Na edición de 2016, que tivo lugar os días 19, 20 e 21 de febreiro, participaron as compañías Escola Municipal de Teatro de Vilalba, coa peza *2015, Odisea no Teatro*; Escola de Castro de Rei, con *Barvarela Almorzos e Cubatas*; e Escola Municipal de Teatro da Pontenova, con *A pantasma do Pazo Tumbiadoiro*.

Chantada, XXVIª Mostra de Teatro Popular Maruxa Villanueva

Organizada polo colectivo teatral Faro-Miño do concello lucense de Chantada. Na edición de 2016, celebrada do 22 ao 25 de agosto na praza do Cantón, participaron as compañías Lucecús Teatro, con *A órbita do lucecú*; Pródeme de Monforte, con *Quen nos manda facer teatro*; O Batán, con *Igualdade virtual*; e Vaia-Faro, con *O morto de pé*.

Referencias varias:

- A. L., “Lucecús abre el 22 la Mostra de Teatro de Chantada, que cierra el grupo local Vaia-Faro”, *El Progreso*, “Ribeira Sacra”, 18 agosto 2016, p. 10.

Indícase a participación de diferentes compañías na mostra de Teatro Maruxa Villanueva. Destaca a fusión dos grupos de teatro Faro-Miño e Vaia Dous.

_____, “Vaia-Faro cierra hoy el certamen de teatro popular de Chantada”, *El Progreso*, “Ribeira Sacra”, 25 agosto 2016, p. 14.

Nomea o grupo teatral que pecha a vixésimo sexta edición deste ciclo e destaca o apoio recibido por parte dos veciños.

Chapela, IVº Ciclo de teatro da Asociación Cultural de

Organizado pola Asociación Cultural de Chapela. A edición de 2016, celebrada do 9 ao 30 de xaneiro no Auditorio do Multiusos de Chapela, contou coa presenza das compañías Agarimo Teatro, con *Breve-Mente*; Teatro Fonte da Tella, con *Miña naiciña*; e o grupo da Asociación Cultural de Chapela MisturArt Teatro, con *Armouse ou Tole Tole.* Tamén se representou para público infantil a *Limpa*, de Expresión Teatro.

Cultura no Camiño, Ciclo

Programa escénico e musical organizado pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, coa colaboración da Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC) e da Axencia de Turismo de Galicia. A edición de 2015 desenvolveuse nos concellos das rutas xacobeas dende o 16 de abril até o 30 de setembro. Contou coa participación das compañías galegas Mofa e Befa, coas pezas *Shakespeare para ignorantes* e *Cociña económica*; Culturactiva, con *Falar sen cancelas*; Chévere, con *As fillas bravas*; Ibuprofeno Teatro, con *O furancho*; Daboapipa, con *Historias de vida, guerra, amor e case morte*; Volta e Dalle Teatro, con *Dura lex* e *Rodesindo da Barrosa*; Malasombra Teatro, con *D.E.P.* e *Go on!*; Lucecús Teatro, con *A verdadeira historia do poeta Manuel de Paderna*; Talía Teatro, con *Pelos na lingua*; e Fantoches Baj, con *As pombas de Carboeiro*. Tamén se levaron a escena para público infantil as pezas *Don Quixote. Unha comedia gastronómica*, a cargo de Limiar Teatro; *Lobo Bobo*, de Elefante Elegante; *Canta connosco!* e *Merenda con pan de millo*, de Migallas Teatro; *4 tempos*, de Teatro do Miolo; *15 primaveras*, de Mamá Cabra; *Lavandeiras*, de Daboapipa; *Uxía lambona e a banda molona* e *A invasión pirata*, de Troula Animación; *Contos e lerias*, de Daboapipa; Expresións Producións, con *Chapuzas a domicilio*; *O soño dos contos*, de Xore Teatro; *Un día no circo*, da compañía teatral Paso de Valverde; *Xan perillán compra queixo e compra pan*, d'Os Monicreques de Kukas; *As mil e unha noites* e *Iriña bailarina*, de Ghazafelhos; *Danza da choiva*, de Elegante Elegante; *Simbad e a serea*, d'Os Quinquilláns; *Sopa de sapo* e *Valentino Rufini e Àkil Pillabán de viaxe a Milán (e van sen un can)*, de Talía Teatro; *A historia da espiña de toxo*, de DinamoTeatro; *A historia de Brancaflor* e *Retrincos de Castelao*, de Culturactiva; *Cocido Express* e *Ensalada de instrumentos*, d'OsTres Tenedores; *Pucho e Gabardina: O misterio das burbullas*, de Hermanager Producciones; *O carro dos títeres*, de Trécola; *Sabela e o paxaro máxico* e *Amoriños Contei*, de Tarabelos; *Memorias das memorias dun neno labrego*, de Abrapalabra; *O ferreiro e o diaño*, *Barriga Verde contra o estragapandeiro* e *O fillo do panadeiro*, de Títeres Cascanueces; *Carapuchiña vermella*, de EducaTeatro Producións; *Viaxe a Dadá*, de Teatro da Semente; *Vacacións no mar*, de Mircromina; *O poliño feo*, de Viravolta Títeres; *Contos para escagarriñarse*, *Acuario* e *Contos de lobo*, de Ghazafelhos; *Camiño de aventuras*, de Títeres Cachirulo; *Fábula galénica*, de Fantoches Baj; *As viaxes dos ratos de Lonxedetodo*, de TrinkeTrinke Teatro; *Rastreo Pirata*, de Tusitala; *Os soños na gaiola*, de Títeres Alakrán; *Canta o cuco*, de Uxía e Magín Blanco; e 7 magníficos mais Un, con *Os contos de Barriga Verde (Manuel María)*.

Referencias varias:

- Lara Eiré, “El Camino se pone festivo con casi 400 espectáculos”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 13 abril 2016, p. 26.

Afirma que cento corenta e nove grupos galegos representarán até o 30 de setembro centro sesenta e catro espectáculos por noventa e nove concellos dentro do programa Cultura no Camiño que conta cun amplo orzamento.

- M. García, “Medio centenar de actuaciones a través de Cultura no Camiño”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, 13 abril 2016, p. L10.

Dá conta da presentación do programa cultural nos catorce municipios da área compostelá que abarca un total de 369 actuacións previstas entre maxia, música, teatro e danza. Salienta a triplicación do presuposto destinado e a Ordes e Santiago como os concellos que máis actuacións acollen.

- Mar Toledo, "A cultura mestúrase en Ames cos pasos das rutas xacobeas", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 15 abril 2016, p. 32.

Infórmase da presentación do IV programa Cultura no Camiño que traerá ao concello de Ames a representación da peza *As fillas bravas*, a cargo do grupo de teatro Chévere.

- Víctor Castro, "Hoy da comienzo el programa 'Cultura no camiño' que finalizará el 30 de septiembre", *El Ideal Gallego*, "Betanzos", "Atalaya mariñana", 15 abril 2016, p. 14.

Informa da presentación do programa. Salienta a participación na iniciativa de Agadic e as consellerías de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e Turismo da Xunta.

- Chus Gómez, "Teatro, maxia, música e títeres amenizan as tardes infantís", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Ciudad", 18 xullo 2016, p. 8.

Comenta as actividades que terán lugar no concello de Pontevedra para as festas de verán, a praza do Teucro acollerá sete propostas do ciclo Cultura no Camiño. Informa que se poderá gozar de representación teatrais, musicais, monicreques, circo así como o ciclo de proxeccións de películas ao aire libre, Cinema na Lúa. Destaca varios grupos teatrais e musicais entre eles o grupo Golfiño que representará *O Poeta do Miño*.

- Noelia Soage, "Los más pequeños se divierten en O Teucro", *Diario de Pontevedra*, "DeVerano", 19 xullo 2016, p. 11.

Comenta o ciclo Cultura no Camiño que se leva a cabo na Praza do Teucro para os máis cativos que poderán gozar de contos, teatro, música, maxia e do circo. Informa que terán lugar actuacións como teatro infantil *Acuario* de Ghazafellos que trata de ensinarlle poesía en lingua galega aos nenos ao mesmo tempo que aprenden nome de peixes, tamén terá lugar o cine na rúa, actuacións musicais como o grupo Golfiños, repetirá o teatro con *O Poeta do Miño*, de Polo Correo do Vento e os Monicreques de Barriga Verde, entre outras moitas.

- M. V./ N. S., "Una tarde mágica con un trío de ases en la plaza do Teucro", *Diario de Pontevedra*, "DVerano", 20 xullo 2016, p. 16.

Comenta o ciclo Cultura no Camiño levado a cabo por Expresión Produción no centro histórico de Pontevedra, que consiste nunha gran cantidade de actividades para os máis cativos. Informa que o ciclo conta con actuacións de maxia do grupo Trío de Ases no que participan os nenos, tamén conta con representacións teatrais, música e outras moitas actividades. Finalmente fala doutras actividades realizadas na zona como o Festixe, talleres infantís e ciclo de Cinema na Lúa.

- José M. Ramos, "Historia, gastronomía, folk y ópera en Costa da Morte", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 27 agosto 2016, p. 31.

Entre outras actividades, informa da representación, na Praza da Constitución de Cee, das pezas *Simbad e a serea*, a cargo de Os Quinquilláns e *Asacocirco: circo e lume*, de Novo Circo.

- J. M. R., "Cultura no Camiño trae el espectáculo Circo de Lume a la villa ceense", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 28 agosto 2016, p. 29.

Anúncianse as actividades programadas en Cee e infórmase da data e lugar de representación de *Bicirco*, a cargo de PistaCatro, no marco do ciclo Cultura no Camiño.

DAC-Outono Cultural, Ciclo

Programa da Deputación da Coruña creado para difundir figuras e efemérides culturais. A edición de 2016 desenvolveuse en dezaoito concellos (Ames, Arzúa, Betanzos, Carballo, Cee, Melide, Muros, Narón, Noia, Oleiros, Ordes, Ortigueira, Padrón, As Pontes, Ribeira, Santa Comba e Vimianzo) durante os meses de novembro e decembro para difundir e conmemorar as figuras de Manuel María, as Irmandades da Fala e Castelao. Contou coa presenza de Carlos Blanco e Luis Davila, con *Menú da fala*. Ademais, tivo lugar a Gala da Irmandade, onde Luís Iglesia e Xabier Deive, da compañía Boneca Lareta, interpretaron un anaco da obra *Sede de mal*. Tamén se representaron as pezas, para público infantil, *O conto de barriga verde* e *Retrincos de Castelao*, a cargo de Culturactiva e *O rueiro das liortas*, de Elefante Elegante.

Referencias varias:

- M. G. M., "La Diputación acercará a Castelao y Manuel María desde lo contemporáneo", *El Ideal Gallego*, "Sociedad", 4 novembro 2016, p. 37.

Destaca a revitalización e contemporaneidade de figuras como Castelao, Manuel María e as Irmandades da Fala por parte da Deputación no marco do DAC-Outono Cultural. Entre as actividades propostas, salienta a programación de *Barriga verde*, *Retrincos de Castelao*, *Menú da Fala* e Gala da Irmandade. Comenta que tamén se organizarán charlas nos centros educativos da zona e un ciclo de conferencias baixo o título "Galicia, un pobo máxico. Unha ollada á cultura galega".

- S. E., "El Outono Cultural de la Deputación se abre en Negreira con 'Menú da Fala", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 6 novembro 2016, p. 32.

Indica que despois da representación de *Menú da Fala*, terá lugar a das pezas *Conto de Barriga Verde* e *Retrincos de Castelao*. Destaca o "Gran elenco" que asistirá á mostra.

- E. Forján, "Estreno de 'Menú da Fala' en el Outono Cultural negreirés", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Agenda", "Para todos los públicos", "Humor", 6 novembro 2016, p. L11.

Informa sobre o programa da mostra destacando a estrea do espectáculo *Menú da fala* de Carlos Blanco e Luis Dávila. Di que o programa de novembro pecha coa representación infantil *O rueiro das liortas*.

- Emilio Forján, "Menú da Fala', tras el éxito en Negreira, llega a Milladoiro", *La Voz de Galicia*, "La Voz de Santiago", "Agenda", 8 novembro 2016, p. L11.

Destaca que a peza *Menú da Fal*a reflicte que os seus protagonistas posúen a "incriblecapacidade de facer rir, adaptarse, integrar e facer humor con selo e calidade de país" e que tamén se representarán no Milladoiro as pezas *Barriga Verde* e *Retrincos de Castelao*.

- M. G. M., "Goretti Sanmartín. 'Estudamos levar as obras a casas da cultura para xuntar o alumnado de varios centros", *Diario de Arousa*/ *Diario de Ferrol*/ *El Ideal Gallego*, "Sociedad", 23 novembro 2016, p. 35.

Conversa coa vicepresidenta da Deputación da Coruña sobre o DAC-Outono na que informa das distintas postas en escena, tanto para público infantil e xuvenil coma para o adulto, sinala que debido ás peticións de institutos para sumarse á rede están a estudar a posibilidade de levalas a cabo "nas casas de cultura para xuntar o alumando de varios centros", resalta a idea de levar "propostas de gran calidade a concellos pequenos e medianos" e nomea as pezas que se representarán.

- José M. Ramos, "El DAC Outono Cultural achega 'Menú da Fala' a Vimianzo, Carballo e Cee", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 25 novembro 2016, p. 36.

Informa da presentación do ciclo pensado para conmemorar efemérides de Manuel María, Castelao e as Irmandades da Fala. Sinala como "prato forte" do programa dramático o *Menú da fala* ao que califica como "unha celebración oral que fai unha simbiose entre narración e imaxe para poñer en valor o noso idioma". Nomea outras pezas que se representarán e as datas e lugares. Finaliza reproducindo os desexos do actor Fran Rei respecto ao DAC Outono Cultural: que "acabe sendo un referente de programación desestacionalizada e dirixida a todos os públicos".

- M. M., "La Gala da Irmandade llega a As Pontes con magia, música y teatro", *El Progreso*, "A Chaira", 30 novembro 2016, p. 20.

Dá conta dos grupos teatrais que intervirán na Gala e alude ademais á posta en escena da peza *Retrincos de Castelao*.

- S. S., "Ribeira acollerá o día 16 a Gala da Irmandade, que mestura diferentes artes", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 5 decembro 2016, p. 20.

Explica que o ciclo será un "espectáculo aberto no que se mesturarán diferentes artes: música, teatro, poesía, pintura..." e nomea os grupos teatrais e artistas locais que participarán. Precisa que se representarán as pezas *O conto de Barriga Verde*, baseado "na clásica historia de amor entre Fiz e Catuxa" e *Retrincos de Castelao*, na que se reflicte a figura do autor.

- R. L., “El Outono Cultural sumó un público de más de 12.000 personas”, *Diario de Arousa*/ *El Ideal Gallego*, “Sociedad”, p. 36/ *Diario de Ferrol*, “Galicia”, p. 22, 27 decembro 2016.

Descata as homenaxes nesta edición ás Irmandades da Fala, a Manuel María e a Castelao. Finaliza reproducindo as palabras da responsable de Cultura explicando que a mostra contén grandes apostas das artes escénicas.

Daniel Cortezón, XIIIª Mostra de Teatro Afeccionado

Ciclo de teatro afeccionado levado a cabo no municipio de Ribadeo que recibe o seu nome do escritor ribeirense Daniel Cortezón Álvarez. A edición de 2016, que tivo lugar entre os días 4, 5 e 6 de novembro, contou coa presenza de Pico do Castro, coa peza *O Consultorio* e Tangatutanga Teatro, con *Que Deus nos colla confesados. Cabaré bíblico*. Tamén se representou, para o público infantil, a obra *Universos de fantasía*, a cargo de Alentía Teatro.

Enrique Landesa, Vº Ciclo de Teatro Afeccionado

Certame teatral que dá continuación ao organizado con anterioridade polo Centro Cultural Rueiro e que se denomina como un dos compoñentes d’O Trasno Novo Teatro. A edición de 2016 celebrouse entre os días 25 de setembro e o 15 de outubro no salón de actos do complexo parroquial Cristo da Victoria. Contou coa presenza do grupo de teatro do Centro Cultural Rueiro, con *Pillabáns de cinco estrelas*; grupo de teatro do Centro Cultural de Xinzo, con *Todo queda na casa*; e o grupo A Moura de Chaín, con *Polos pelos*. Tamén se representou, para o público infantil, *A bruxa Maruxa*, a cargo de Pinga Teatro.

Entreculturas, VIIº Festival de Teatro

Organizado pola Asociación Cultural La Caja de Pandora en colaboración co Concello de Verín. A edición de 2016, celebrouse durante os meses de outubro e novembro no Auditorio Municipal de Verín. Participaron os grupos de teatro amateur galegos Gargallada Teatro, coa peza *Fuga*; Augas de Sil, con *Menciñeiro á forza*; A Tecedora de soños, con *A casa de Bernarda Alba*, *A estanqueira da Mercé* e *Anfitrión*; A Ruada, con *O velatorio*; Teatro Aneis, con *O segredo*; La Caja de Pandora, con *Un mal día*; e Teatro Experimental de Barbadás, con *Azul escuro.*

Referencias varias:

- X. L. C., “O teatro amateur cítase no auditorio verinense”, *La Región*, “Monterrei”, 20 setembro 2016, p. 20.

Informa da presentación do programa da edición de 2016 desta ciclo teatral, o lugar e datas de celebración e nomea as pezas que se representarán.

- S. N., “Pasión polo teatro afeccionado”, *La Región*, “VII Festival de Teatro Entreculturas”, “Programa”, 30 setembro 2016, p. 18.

Apunta que a edición de 2016 deste ciclo “fai unha clara aposta polos grupos de teatro locais” e enumera as compañías, pezas e datas das postas en escena. Recolle que Miguel Tomé lembrou que “o festival naceu para interactuar con grupos de teatro afeccionado de Galicia e de Portugal movidos polo afán do intercambio” e que resaltou a novidade da “consecución dun espacio definido para a organización do festival”, a participación dos grupos de San Clodio e os de Barbadás, “que ata o de agora non participaban” e o apoio nesta edición do concello de Verín, onde “non existía ata o de agora unha tradición estable de teatro”.

- Mónica G. Bellver, “Verín ergue o pano”, *O SIL*, “Cultura”, outubro 2016, p. 33.

Dá conta do programa da edición de 2016 deste ciclo, do que resalta a aposta polos grupos locais. Detalla o horario das postas en escena e enumera as compañías intervenientes e as pezas que representarán.

- Xosé Lois Colmenero, “El auditorio de Verín inicia su programación cultural estable”, *La Región*, “Provincia”, “Monterrei”, 2 outubro 2016, p. 19.

Incide en que esta sétima edición do ciclo se celebrará nun novo escenario e que “con el ánimo de potenciar a los artistas cercanos, solo contará con la presencia de agrupaciones llegadas de los límites de la provincia ourensana”. Enumera as pezas e compañías que as representarán e nun á parte incide no festival de curtas Vía XIV que se celebrará a comezos de decembro.

Escenas do Cambio, Festival de Inverno de Teatro, Danza e Arte en Acción

Festival que inclúe representacións teatrais, música, conferencias, proxeccións e espectáculos de danza. A edición de 2016, celebrada entre o 28 de xaneiro e o 13 de febreiro, contou coa presenza da compañía galega Voadora, coa peza *Don Juan*; e Borja Fernández e Uxía Vaello, con *Insulto ao público*. Tamén representaron obras os grupos foráneos Lagartijas tiradas al sol (México), Rimini Protokoll (Alemaña), Teatro do Vestido (Portugal) e Patricia Caballero (Andalucía).

Referencias varias:

- Camilo Franco, “O público somos todos”, *Diario de Pontevedra*/ *El Progreso*, “*Táboa redonda*”, n.º 19, “Fatiga ocular”, 24 xaneiro 2016, p. 6.

Sinala que o Festival de Inverno de Teatro, Danza e Arte en Acción terá lugar entre o 28 de xaneiro e o 13 de febreiro e a seguir reflexiona sobre a crise actual.

- M. García, “Once hogares acogerán una representación de teatro”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, 26 xaneiro 2016, p. L11.

Dá conta da representación da peza *Europa na casa*, a cargo da compañía alemana Rimini Protokoll. Sinala que este espectáculo se vai representar en diversos pisos da cidade e que só poderán asistir quince espectadores por sesión. Ademais, anuncia o estreno mundial de *Tijuana*, da compañía mexicana Lagartijas tiradas al sol.

- ECG, "Arranca en el Gaiás el festival de teatro y danza con numerosos estrenos", *El Correo Gallego*, "Santiago", 26 xaneiro 2016, p. 26.

Indica que a Cidade da Cultura de Santiago de Compostela acollerá as sesións inaugurais deste certame e que contará coa compañía Voadora co espectáculo *Don Juan* cualificado como "una interpretación libre del mito de Molière".

- Montse García, "Nuevos formatos de teatro y danza serán el eje de Escenas do cambio", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 28 xaneiro 2016, p. 37.

Dá conta do comezo deste festival que contará cun total de dezaoito compañías de dez países. Destaca as pezas *Don Juan* e *Insultos ao público*.

- M. G., "Stefan Kaegi. 'Hay que cuestionar la idea del espectador en la butaca", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 28 xaneiro 2016, p. 37.

Entrevista realizada a Stefan Kaegi, director da compañía alemana Rimini Protokoll, por mor da representación da peza *Europa na casa*, no marco do festival Escenas do Cambio. Comenta o seu argumento e destaca a singularidade da obra, que se vai escenificar en diversos fogares de Santiago de Compostela.

- Ana Iglesias, "Casas particulares se convierten en escenario de teatro contemporáneo", *El Correo Gallego*, "Santiago", 30 xaneiro 2016, p. 28.

Afirma que a compañía Rimini Protokoll representará unha "performance" sobre Europa en domicilios de Santiago de Compostela dentro do Festival Escenas de Cambio.

- Ágatha de Santos, "El festival 'Escenas do cambio' ofrece estrenos en su primera semana", *Faro de Vigo*, "Tv/Espectáculos", 26 xaneiro 2016, p. 59.

Informa de que o 29 de xaneiro de 2016 a compañía Voadora presentará o seu espectáculo *Don Juan* no marco deste festival.

_____, "Pablo Fidalgo Lareo. 'Me interesa la implicación de cada artista con su contexto, con lo humano", *Faro de Vigo*, "Tv/Espectáculos", 26 xaneiro 2016, p. 59.

- T. Martín, "El colectivo Rimini Protokoll lleva su propuesta escénica a pisos particulares", *La Voz de Galicia*, "Santiago", 29 xaneiro 2016, p. 26.

Infórmase da representación da peza *Europa na casa*, a cargo da compañía alemana Rimini Protokoll, no marco do festival Escenas do Cambio. Coméntase que acadou grande éxito en Berlín, Copenhage e Praga. Dise que o proxecto se desenvolve en once

vivendas de Santiago de Compostela e que o público recibe a través de whatsapp a localización, o propio día da función.

- M. García, "Los mayores se suben al escenario con 'Don Juan", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Agenda", "Para todos los públicos", 26 xaneiro 2016, p. L10.

Dáse conta da representación de *Don Juan* e destácase que a peza será interpretada por vinte e dous maiores de 65 anos voluntarios. Tamén se informa do resto de actuacións que conforman o festival Escenas do Cambio.

- M. García, "Insultos ao público' con adolescentes en Santiago", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Agenda", "Para todos los públicos", 4 febreiro 2016, p. L10.

No marco do festival Escenas do Cambio, dá conta da representación das pezas *Insultos ao público* e *Ensaio de amor*.

- Camilo Franco, "Eloxios da xuventude tardía", *Diario de Pontevedra*/ *El Progreso*, "*Táboa redonda*", n.º 21, "Fatiga ocular", 7 febreiro 2016, p. 7.

Reflexiona sobre o espectáculo *Don Juan* de Voadora e indica que esta compañía traballa máis no desexo que na realidade e que é unha aproximación melódica a unha ollada imposta.

- ECG, "Últimas obra de Escenas do Cambio no Gaiás", *El Correo Gallego*, "Santiago", 11 febreiro 2016, p. 27.

Fala do protagonismo da danza nesta mostra e que o peche o porá Janet Novás con *Si pudiera hablar de esto no haría esto*.

- M. García, "Escenas do cambio encara su recta final con danza", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Agenda", "Para todos los públicos", 11 febreiro 2016, p. L10.

Comenta as tres últimas xornadas deste festival e subliña a actuación de Rocío Molina.

- Sonia Vizoso, "El teatro de la Europa unida", *El País*, 12 febreiro 2016, contracuberta.

Fala de que o obra *Home Visit Europe*, da compañía alemá Rimini Protokoll, se leva representado en máis de 330 domicilios particulares europeos e que agora se representará en Santiago de Compostela dentro deste festival.

- A. Mauleón, "Las bailarinas Rocío Molina y Janet Novás despiden el festival 'Escenas do cambio", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 13 febreiro 2016, p. 37.

Coméntase o peche do festival cun espectáculo de danza. Destácase a presenza de dezaoito compañías de dez países diferentes.

- Montse García, "Escenas do cambio sumó más de 3.000 espectadores", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Agenda", "Para todos los públicos", 16 febreiro 2016, p. L10.

Dá conta das conclusións e valoracións que se fixeron logo da celebración deste festival, ao cal acudiron 3.063 persoas. Destaca os espectáculos con maior audiencia e a reunión na Cidade da Cultura de máis de dúas ducias de programadores de festivais e teatros.

- Tamara Montero, "Ferrocarril con destino al teatro de vanguardia", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 15 decembro 2016, p. 38.

Comeza afirmando que "vivir es una continua puesta en escena [...] un teatro eterno con los desconocidos del andén y con el compañero de vagón", como se amosa nesta edición do ciclo "que tiene como hilo conductor la escucha. Y la manera en la que escuchamos". Nomea as pezas *A veces creo que te veo* e outras procedentes do cono sur de América Latina que suman "un total de 25 piezas procedentes de diez países". Destaca as pezas *Cheverografías*, "una ruta por los lugares que marcaron la creación de la compañía"; *Antes de la metralla*, que busca ser "un encuentro real entre personas, apenas un acontecimiento para un marco específico" e *Resaca*, "la reconstrucción de la memoria generacional de cinco amigos".

- Abraham Coco, "Teatro en la estación", *ABC*, "ABC del ocio", "Escapadas", 16 decembro 2016, p. 69.

Recolle as palabras do director desta edición do ciclo, Pablo Fidalgo, sobre a evolución do teatro. Indica que se representarán obras tradicionais, pero tamén apostas máis arriscadas que implicarán ao público.

- Karmele Vázquez, "Teatro de todo o mundo sale á rúa en Santiago no ciclo Escenas do cambio", *El Correo Gallego*, "Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio", 15 decembro 2016, p. 38.

Dá conta da presentación desta mostra que "chega consolidada como a iniciativa teatral máis importante de Galicia". Recolle as palabras de Anxo Lorenzo destacando que tres claves do ciclo: "o arraigamento local, a vocación internacional e o compromiso coa vangarda".

- K. V., "Catro escritores galegos preestrearán no 'Verderón", *El Correo Gallego*, "Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio", 15 decembro 2016, p. 38.

Comeza nomeando que participarán no ciclo dúas compañías que en 2016 conmemoran o seu trinta aniversario, caso de Chévere e Matarile Teatro. Informa que o festival se abrirá coa preestrea de *A veces creo que te veo* e destaca a peza *Perhaps all the dragons* e a retrospectiva sobre Federixo León.

EstéNarúa, IVº Festival Galego de Teatro Amador

Festival de teatro organizado pola asociación cultural Ti e Mais Eu Teatro coa colaboración do Concello de Ferrol. Na edición de 2016, celebrada entre o 3 e o 5 de xuño, participaron Delatoute Produccións, con *O Super-avó*; Morea Show, con *Microencontros*; e Trasluz Teatro, con *Otelo: Farsa do Fazzoletto.* Tamén

representaron pezas as compañías foráneas Gabalkeza Teatro (Navarra), Melpómene (Madrid), Teatro Platea (Ciudad Real) e Teatro Dkdenzia (Euskadi).

FIOT, XXVº Festival Internacional "Outono de teatro" de Carballo

Organizado pola Asociación Cultural Telón e Aparte, baixo a dirección do seu presidente, Alberto Sueiro, e a Concellaría de Cultura do Concello de Carballo. A partir da edición de 2002 pasou a se denominar "FIOT". Acolle representacións teatrais, contacontos, actuacións musicais e distintos tipos de *shows*. Na edición de 2016, celebrada dende o 23 de setembro até o 29 de outubro, concedeuse o galardón honorífico "Xograr de Outono" a Miguel de Lira. Participaron as compañías galegas Contraproducións, con *O tolleito de Inishmaan*; 7 magníficos mais Un, con *Os reposteiros do FIOT*; e Chévere, con *Eroski Paraíso*. Tamén estiveron presentes as compañías foráneas Yllana (Madrid), Compañía Manolo Alcántara (Cataluña), Farrés Brothers i Cía (Cataluña), Kulunka Teatro (Euskadi), La Casa de la Portera (Madrid), Sexpeare Teatro (Madrid), L'om-Imprebís (Valencia); Metatarso Producciones (Madrid), Ron Lalá (Madrid), Paolo Nani Teater (Dinamarca) e Feelgood Teatro (Madrid). Asemade, no marco deste festival, tivo lugar o VII Ciclo OTNI e a XVIII edición Rúa dos Contos. O Ciclo OTNI, mostra teatral destinada a proxectos de carácter máis contemporáneo, contou coas compañías Laitrum Teatre (Cataluña) e La Teta Calva (Valencia). Na XVIII edición Rúa dos Contos, ciclo celebrado en locais de hostalería, ademais de monólogos e música, representáronse as pezas galegas *Lavandeiras*, Daboapipa; *A saia da Carolina*, de Fantoches Baj; e 8mm, con *Unha historia de amor ao Tarantino*. Ademais, púxose en escena, para o público infantil, *Don Quixote. Unha comedia gastronómica*, a cargo de Limiar Teatro.

Referencias varias:

- José M. Ramos, "O FIOT converte aos carballeses en protagonistas da súa 25 edición", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 3 agosto 2016, p. 34.

Informa da presentación da campaña promocional posta en marcha para conmemorar a vinte e cinco edición da FIOT e adianta que a edición de 2016 "centrarase no humor e na comedia" e que convidarán á compañía madrileña Yllana, que tamén conmemora os mesmos anos que a FIOT.

_____, "El verano se va con fiesta y el otoño llegará con teatro", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 11 setembro 2016, p. 33.

Entre outras actividades culturais, informa da presentación da XXV edición do FIOT que abrirá o 23 de setembro a compañía madrileña Yllana.

_____, "El FIOT celebrará el cuarto de siglo con 34 espectáculos", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 16 setembro 2016, p. 41.

Detalla o programa da edición de 2016 na que se conmemora o vinte e cinco aniversario deste ciclo, o actor ao que se lle entregará o premio Xograr de Outono 2016 e as autoridades que intervirán na presentación do programa no día de hoxe.

- Á. P., "Carballo alza el telón de su festival internacional de teatro, que suma 25 ediciones", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 23 setembro 2016, p. 47.

Refire que en 2016 se cumpre un cuarto de século do FIOT, cunha edición "que incluye ocho estrenos en Galicia y un estreno absoluto" e da que enumera as compañías e actores máis recoñecidos que intervirán e as actividades paralelas que se realizarán.

- José M. Ramos, "Yllana sirve el aperitivo del FIOT con 25 sketches 'remasterizados", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 24 setembro 2016, p. 39.

Alude á presentación do vinte e cinco aniversario do FIOT, referindo que o abrirá Yllana cun espectáculo "muy divertido y enérgico", unha mostra do sentimento de "yllanofilia" do público carballés con esta compañía madrileña, "imprescindible" no FIOT. Apunta que "uno de los platos fuertes" será a estrea d'*El tullido de Inishmaan*, coproducida polo FIOT, entre outras estreas tamén relevantes, e alude ás iniciativas dirixidas ao público infantil, Fiotiño e Pequeperiodistas.

- M. M., "Yllana volvió a Carballo para compartir éxito y muchas risas con la historia del FIOT", *Diario de Arousa*/ *Diario de Ferrol*/ *El Ideal Gallego*, "Galicia", 24 setembro 2016, p. 21.

Destaca que a "impresentable" compañía madrileña Yllana que conmemora os mesmos anos de aniversario que este ciclo, vinte e cinco, acude por novena vez a Carballo. Explica que abriron o FIOT 2016 cun monllo dos seus mellores sketches, "los que sabemos que de principio a fin funcionan", como comentou o actor Fidel Fernández, quen ademais considerou que é "un lujo que ambas partes hayan aguantado" durante vinte e cinco anos.

- J. M. Ramos, "Zoe Quintela fue agraciada con una noche teatral en el FIOT", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 25 setembro 2016, p. 35.

Faise eco do sorteo "Dálle un bocado ao FIOT" que inclúe, entre outros premios, dúas entradas para a programación teatral e o aloxamento nun establecemento de Carballo.

- José M. Ramos, "Pinchos e contos para izar o pano do gran outono teatral de Carballo", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 30 setembro 2016, p. 35.

Informa que hoxe encomeza a edición de 2016 deste ciclo, composto por "narracións, monólogos, teatro, maxia, música, títeres, teatro xestual, tradición oral, cabaré e moito humor". Precisa as compañías e pezas que se representarán durante a fin de semana e así mesmo a ruta gastronómica *Dálle un bocado ao FIOT*, de tal forma que, en palabras de concelleiro de promoción económica, "esta simbiose entre escena, bar e economía contribúe a que o FIOT sexa algo singular".

- Á. Palmou, “En la calle, en los bares… incluso en el escenario: Carballo, el gran teatro”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Escenarios”, 30 setembro 2016, p. 12.

Apunta que esta edición do ciclo comezou o venres pasado cun “estreno absoluto y ocho obras que visitan por primera vez Galicia”, ademais doutras actividades paralelas. Detense nas postas en escena do día de hoxe, mañá e o domingo e tamén enumera outros espectáculos que se representarán o domingo.

- José M. Ramos, “Iván Off da el salto a un gran escenario en el FIOT carballés”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 6 outubro 2016, p. 32.

Detense na estrea que abrirá a edición de 2016 deste ciclo e resume o programa dos demais días do ciclo e tamén da sesión dobre de A Rúa dos Contos.

- Ángel Palmou, “Raúl Tejón. ‘Nos embarcamos en esta historia sin saber muy bien cómo iba a ser”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Escenarios”, 7 outubro 2016, p. 12.

Conversa co actor Raúl Tejón do espazo escénico La Casa de la Portera, encargado de abrir a edición de 2016 deste ciclo carballés. Explica que a escolla debeuse a que lles apetecía representar unha peza de Chejov e “contar una historia que hacía muchísimos años que no se hacía en España”, que prefire a proximidade do público que a distancoa que tieñan nos ensaios na Casa e que “ha habido que modificar la puesta en escena, los movimientos y demás, pero la obra en sí no ha perdido la esencia”.

- Á. P., “Otras seis citas con el escenario”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Escenarios”, 7 outubro 2016, p. 12.

Fai un percorrido polas estreas da edición de 2016 deste ciclo que se representarán e nos seguintes días, matizando o custo das entradas individuais e dobres.

- José M. Ramos, “Pazó trae ao FIOT a estrea de ‘O tullido de Inishmaan”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 12 outubro 2016, p. 32.

Informa das dúas postas en escena que terán lugar na mostra: da primeira dela, a peza en galego, destaca que o “argumento xira ao redor dunha pequena illa irlandesa que, din, ben podería ser unha aldea galega” e da segunda, a representacda pola compañía valenciana L’Om-Imprebis, sinala que “é unha homenaxe ao FIOT pola súa forza para divertir, facer pensar e emocionar”. Tamén alude ás representacións de *Saia da Carolina* por parte de Fantoches Baj e de *Dous homes e un vespino*, a cargo de Xosé Touriñán e Pepe Suevos, para pechar A Rúa dos Contos.

- Ángel Palmou, “Cándido Pazó. ‘É unha gran axuda cando o público sabe facer o seu traballo”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Escenarios”, 14 outubro 2016, p. 13.

Conversa co director da peza *O Tolleito de Inisshmaan* na que destaca que “a obra é próxima en argumentos, en tratamento de personaxes, en situacións, pero en canto á construción lingüística non deixa de ser un inglés peculiar e hai que ter moito coidado coas traducións”, de aí que tivo que “deconstruír o material e reexpresalo para que sexa

fresco, dúctil, directo...” e que “os actores sexan galegofalantes e galegovivintes, que teñan unha lingua fresca, viva e potente”, que “moitas veces as grande obras nacen tamén de poder enganarse, de buscar, de perderse e reencontrarse”, que “Carballo é un sitio exemplar de como se creou un hábito” de acudir ao teatro e que “atopar un público maduro, que vai desfrutar, pero vai ser crítico é unha gran axuda para unha compañía”.

- Á. P., “L'Om-Imprebís regresa a Carballo con ‘La Crazy Class”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Escenarios”, 14 outubro 2016, p. 13.

Indica que a compañía L'Om-Imprebís acude a Carballo coa esta peza *La Crazy Class*, continuación do seu debut en 1994 e na que se citan varias pezas dramáticas clásicas. Remata cun subapartado dedicado ás pezas que se porán en escena en “Rúa dos Contos”.

- J. M. Ramos, “El FIOT lleva al escenario a Shakespeare y Cervantes”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 21 outubro 2016, p. 37.

Detense nas compañías que representarán pezas de William Shakespeare e Miguel de Cervantes no marco da edición de 2016 desta mostra, se ben tamén alude ao Grupo Chévere e ao obradoiro gratuíto *Pequeperiodistas*. Nun á parte, cita as postas en escena que se representarán tamén esta fin de semana en Laxe e en Vimianzo.

- Á. Palmou, “Miguel de Lira. ‘O selo de Chévere é o humor”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Escenarios”, 21 outubro 2016, p. 13.

Conversa con Miguel de Lira con motivo do Premio Xograr de Outono do FIOT 2016. Fala da compañía Chévere e explica que a idea da peza *Eroski Paraíso* xurdiu de que “Galicia está inzada de espazos que eran salas de festas nos anos 80 e 90 e tiñan nomes evocadores de felicidade ou que prometían o paraíso, e que se acabaron convertendo nos paraísos na actualidade”.

- Á. P., “Shakespeare y Cervantes para un intenso fin de semana teatral”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Escenarios”, 21 outubro 2016, p. 13.

Enumera a tripla “ración de teatro” nesta fin de semana na edición de 2016 do FIOT, coas representacións de pezas por parte das compañías Chévere, Metatarso Producciones e Ron Lalá.

- Manuel F. Vieites, “25 anos do FIOT”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 600, “Escena”, 27 outubro 2016, p. IV.

Comeza reflexionando sobre o feito de que “non é moi habitual que eventos culturais vinculados coas artes escénicas cheguen a celebrar aniversarios cun cuarto de século” e lamenta a desaparición da compostelán *En pé de pedra* e da *Mostra de Teatro de Cee*, antes de centrarse na FIOT. Destaca que “soubo xerar un modelo organizativo adecuado ao seu contexto”, que conta cunha “oferta escénica moi ampla que non esquece os máis pequenos” e que se completa con “traballos escénicos de rúa, ou con propostas tan suxestivas coma o ciclo denominado *Rúa dos Contos*” e mesmo co Ciclo Obxecto

Teatral non Identificado (OTNI), un exemplo de que "a comunicación artística pode darse en calquera lugar onde un creador e un espectador se encontran". Dá conta da heteroxeneidade mesmo xeográfica da programación, da que destaca os espectáculos galegos e o da madrileña compañía Yllana.

- José M. Ramos, "El FIOT baja el telón con 'La estupidez' de Feelgoog", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 28 outubro 2016, p. 37.

Detense nas pezas que pecharán a edición de 2016 do FIOT. Explica que n'*A carta* fan "uso del lenguaje corporal, el mimo, las *acrobacias* faciales, el *timing* cómico y originales gags, en complicidad con el público", destaca de *La estupidez* que é "un prodigioso ejercicio interpretativo" e que conta con "una puesta en escena impecable" e comenta pechou o ciclo OTNI coa estrea da peza *Penev*.

- J. M. Ramos, "Cervantina', de Ron Lalá, gana el premio del público del FIOT", *El Correo Gallego*,"Área de Compostela", 1 novembro 2016, p. 30.

Enumera as pezas galardoadas na edición do FIOT, en orde descendente da puntuación acadada e tamén informa da elevada participación do público, do número de espectadores, estreas, artistas, técnicos, actores e directores.

FITEU, XXIIº Festival Internacional de Teatro Universitario da Universidade de Santiago de Compostela

Organizado pola Vicerreitoría de Estudantes, Cultura e Formación Continua da Universidade de Santiago de Compostela, en colaboración co Concello de Santiago de Compostela e a Aula de Teatro da USC. Na edición de 2016, celebrada entre os días 15 e 18 de febreiro no Teatro Principal, representouse a peza galega *Cinzas*, a cargo da Aula de Teatro da USC; e as pezas das compañías foráneas Teatrubi e Asta (Portugal), Drama del Recinto de Río Piedras (Puerto Rico) e Theater Studio "Palėpė" (Lituania).

Referencias varias:

- Montse García, "La producción teatral de cuatro países a través de la universidad", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Agenda", "Para todos los públicos", 16 febreiro 2016, p. L10.

Dá conta do cartel que conforma esta edición do festival e destaca que conta coa participación de compañías chegadas de Portugal, Lituania e Porto Rico. Comenta brevemente os contidos das obras a representar.

FITEUC, XXIIIº Festival Internacional de Teatro Universitario da Coruña

Festival internacional de teatro universitario organizado pola Concellería de Cultura en colaboración coa Aula de Teatro e Danza da Universidade da Coruña. A edición de 2016, celebrouse do día 6 ao 21 de abril no Fórum Metropolitano, o Teatro Rosalía de

Castro e o Teatro Colón. Contou coa participación das compañías Doutras da UVigo, coa peza *Madonna, faite vella con nós, por favor!*; Aula de Teatro Normal da UCD, con *Unha libra de carne*; Aula de Teatro da USC, coa peza *Cinzas*; Aula de Teatro da Universidade de Vigo Maricastaña, con *Demediado*; e Corifeo Teatro da UCD, con *Contos por teléfono* e *Verdades a medias*.

Referencias varias:

- Ángela Fontao, "A celebración do talento escénico con sabores autóctonos e orixe estudantil", *La Opinión*, "A Coruña", 6 abril 2016, p. 11.

Comenta que obras de compañías universitarias como *Madonna, faite vella con nós, por favor!*, *Desconexión*, *Demediado*, *Contos por teléfono* ou *Verdades a medias* serán representadas neste festival.

FITO, IXº Festival Internacional de Teatro de Ourense

Este festival naceu da man de Teatrauria, programa de accións para a xestión, produción e difusión das artes escénicas para as cidades. Está organizado pola compañía teatral ourensá Sarabela Teatro, co apoio do Concello de Ourense, a Deputación Provincial, a Universidade de Vigo e a Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC). A edición de 2016 tivo lugar dende o 7 até o 19 de outubro. Contou coa presenza das compañías galegas A Panadaría Teatro, coa peza *Pan! Pan!*, Chévere, con *As fillas bravas*; e Berberecheira, con *Vaia heroe de merda*. Participaron tamén as foráneas Companyia Pelmànec (Cataluña), Granhøj Dans (Dinamarca), Los Hedonistas (Madrid), Atalaya (Sevilla), La Llave Maestra (Chile), Lagartijas tiradas al sol (México) e Bravo Teatro (Madrid).

Referencias varias:

- Carlos Asensio, "El Festival de Teatro llena la agenda con doce obras", *La Región*, "Ciudad", 28 setembro 2016, p. 11.

Informa dos lugares, datas e prezos das entradas desta edición do FITO, avanzados na presentación de onte do programa. Reproduce as palabras de Jacobo Setil nas que afirma que eventos como o FITO "serven de plataforma de exhibición dos nosos espectáculos, son o foco de desenvolvemento dos profesionais e trae turismo ao lugar onde se celebra". Ademais enumera as compañías que intervirán e as actividades paralelas que se desenvolverán.

- Karmele Vázquez, "Mulleres creando', un dos eixos do festival de teatro de Ourense", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 28 setembro 2016, p. 37.

Comenta a presentación do programa do festival. Reflexiona sobre a iniciativa 'Mulleres creando', no marco do ciclo, ideada coa finalidade de "abordar e impulsar a igualdade no ámbito escénico e dar voz e profesionais galegas e de fóra de Galicia no ámbito das artes escénicas".

- C. R., “É outono, é tempo de FITO”, *Atlántico Diario*/ *La Región*, “*Universitas*”, 29 setembro 2016, p. 7.

Dáse conta da edición de 2016 deste ciclo e recóllense as palabras de Ánxeles Acuña nas que cualifica a programación de “máxica, espectacular e interesante”. Enumera as autoridades que participaron na presentación.

- S. N., “El FITO más internacional regresa a los escenarios”, *La Región*, “Sociedad”, “Agenda cultural”, 3 outubro 2016, p. 61.

Destaca que a presente edición deste ciclo contará coa presenza de compañías galegas, nacionais e internacionais. Apunta a peza inaugural, resume o seu argumento e achega datos das demais pezas e compañías.

- Sara Fontenla, “Para divulgar as artes escénicas”, *O SIL*, “Cultura”, outubro 2016, p. 29.

Apuntase que o FITO constitúe “unha cita xa obrigada no calendario cultural da cidade” das Burgas. Reprodúcense as palabras de Ánxeles Acuña salientando que participarán “compañías de alto nivel tanto do eido nacional e galego coma do panorama internacional”. Enumera as compañías que acudirán, precisa os escenarios e prezo das entradas.

- S. N., “Muñeca de porcelana’ en la clausura del FITO”, *La Región*, “Sociedad”, “Agenda cultural”, “Teatro”, 16 outubro 2016, p. 64.

Comenta que o próximo martes terá lugar a representación de *Goldi libre*, e que a edición deste ciclo se pechará coa peza protagonizada por José Sacristán, da cal indica o argumento.

- S. de la Fuente, “José Sacristán. ‘La impunidad del poder es tan antigua como el mundo”, *Faro de Vigo*, 20 outubro 2016, contracuberta.

Entrevista ao protagonista da peza *Muñeca de porcelana*, na que se refire que a acollida por parte do público, dende a estrea no Matadero de Madrid. Destaca que se sinte orgulloso e encantado pola súa participación no ciclo.

- Candela Valle, “José Sacristán. ‘No sé si hubiera aguantado en el teatro de antes, el cine me rescató”, *La Región*, “Ciudad”, 20 outubro 2016, p. 12.

Conversa con José Sacristán, un dos participantes no Festival Internacional de Teatro de Ourense, na que destaca as diferenzas teatrais que observa entre o pasado e a actualidade.

- A. R., “Fiestra ao teatro internacional”, *O SIL*, “Cultura”, novembro 2016, p. 26.

Recóllense as palabras de Ánxeles Cuña, nas que se precisa que esta edición está pesada "para os espectadores de Ourense, que son críticos esixentes, pero que tamén teñen unha ollada moi agarimosa e xenerosa". Enumera as pezas representadas para lograr facer "accesible a cultura á xente".

Galicia, XVIIª Mostra de Teatro Universitario de

Mostra de teatro universitario celebrada na cidade de Santiago de Compostela. A edición de 2016 tivo lugar entre o 24 de abril e o 1 de maio na sala de teatro Roberto Vidal Bolaño, no Salón Teatro e no Teatro Principal. Contou coa participación das compañías Lobishomes Teatro, coas pezas *Tres sombreiros de copa* e *Crime ou... privilexio?*; TikTak Teatro, con *Des-Enlace*; Tolemia, con *Quérote, ergo sum*; La Barata, con *Límite de entrega*; Vacaloura Teátrica, con *Soterradas*; Teatro no Aramio, con *Alacrán*; Aula de Teatro Universitaria Maricastaña de Ourense, con *Demediado*; GN Teatro, *Cabaret Salomé*; Aula de Teatro Normal da Universidade da Coruña, con *Unha libra de carne. Contra O Mercader de Venecia de William Shakespeare*; Polaroid Teatro, con *A Esmorga*; ARTías Teatro, con *Memoria de primavera*; e Pinchacarneiro Teatro, con *L*.

Referencias varias:

- ECG, "La obra 'Crime... ou privilexio?' aterriza en el teatro Principal", *El Correo Gallego*, "Santiago", 23 abril 2016, p. 20.

Anuncia a representación da peza *Crime ou... privilexio?* no teatro Principal.

Galicia Escena Pro, IVª Mostra de artes escénicas

Organizada dende 2013 pola Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC) en cinco espazos de Santiago de Compostela: o Salón Teatro, o Auditorio da Universidade, o Teatro Principal, a Fundación SGAE e o Auditorio Abanca. A edición de 2016 celebrouse entre os días 6 e 9 de xuño. Ademais de actuacións de danza, maxia e novo circo, participaron as compañías Producións Teatrais Excéntricas, con *Os amores de Jacques o fatalista*; Antagonista Teatro, con *Coma e punto*; Kulunka, con *Solitudes*; Ibuprofeno Teatro, con *Raclette*; Talía Teatro, con *Foucellas*; Teatro do Morcego, con *Nosa Señora das Nubes*; La Yogurtera, con *A forma das cousas*; e Chévere, con *Eroski Paraíso*. No apartado denominado 'showcases', para público adulto, Antón Coucheiro, con *Múltiple*; Butacazero, con *Voaxa e Carmín*; Colectivo T.O.X.O, con *A vida das tormentas*; e Culturactiva, con *Falar sen cancelas.* Tamén se representaron as pezas para público infantil *Gretel e Bela*, de Teatro da Semente; *O poder de Amabel*, de Pérez&Fernández; *Os reloxos preguiceiros de Néboa*, de Aporía Escénica; *Manawee*, de Matrioshka Teatro; e *O conto da Azuzaina*, de Limiar Teatro–Esteoeste–Crémilo. No apartado 'showcases', para os espectadores máis novos, *Unhas gafas como as do avó*, da Trastenda dos Contos; *Pavillón Lino*, de Caramuxo Teatro; e *Os soños na gaiola, de* Títeres Alakrán.

Referencias varias:

- Ana Iglesias, “Galicia Escena Pro presentará los nuevos trabajos de 37 compañías”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 4 xuño 2015, p. 28.

Dá conta da presentación do ciclo, na que o conselleiro de Cultura resaltou que o obxectivo é “que funcione tanto como espazo para a compra-venda dos espectáculos galegos como de plataforma para unha maior visibilidade social da nosa actividade escénica, levando as artes ao centro da vida pública”, así como de “afondar no intercambio e na reciprocidade de accións de difusión entre Galicia e outars comunidades autónomas”, polo que se ampliou o ciclo a unha xornada máis e se variou a data de celebración. Entre as pezas galegas, salienta “cinco propuestas para público infantil y familiar, incluido algún estreno, además de varios montajes de danza-circo” e que, por segunda vez, se celebrará unha xornada de *pitching*, ademais dun curso sobre o uso do *e-mail marketing* e actividades paralelas como son as pensadas para “propiciar o intercambio distendido entre todos os inscritos”, un encontro de xestores culturais, a presentación do novo catálogo de Escena Galega e da próxima edición de Mercartes e un concerto de Xabier Díaz Trío.

- M. Sueiro, “Galicia Escena Pro acoge las propuestas del ‘teatro innovador”, *ABC*, “Santiago”, 4 xuño 2016, p. 64.

Dá conta dos espazos onde se celebrará a mostra a seguinte semana e apunta que esta edición “se abre por vez primera a propuestas de otros territorios como forma de ahondar en el intercambio y en la reciprocidad de acciones de difusión entre Galicia y otras regiones”. Nomea as tres compañías vascas que participarán e algunhas das pezas das catorce compañías galegas.

- M. García, “La feria escénica mostrará 17 espectáculos”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “A escena”, 4 xuño 2016, p. L10.

Informa que a cuarta edición desta mostra inclúe teatro, danza, circo e maxia en diferentes formatos. Explica que ademais de favorecer o contacto das compañías cos programadores, nesta edición haberá cursos e presentacións (por exemplo, *pitching* só para os preofesionais) e sesións de *showcase*. Remata recollendo as palabras do conselleiro de Cultura, quen salienta que o ciclo pon en valor as artes escénicas.

- ECG, “Nueve espectáculos y casi 30 compañías para abrir el cartel de la feria Galicia Escena PRO”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 6 xuño 2015, p. 17.

Informa que a cuarta edición da mostra se abre ao día seguinte, con pezas para o público infantil e xuvenil: pola mañá, *Gretel e Bela* e *O poder de Amabel*, e pola tarde, *Moby Dick*, á que seguirá a peza *Os amores de Jacques o fatalista*.

- M. García, “Teatro, danza y nuevo circo en la feira Escena Pro”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, 8 xuño 2016, p. L10.

Informa da programación da terceira xornada do mercado de artes escénicas Galicia Escena Pro.

- M. García, "Un estreno para la jornada final del mercado Escena Pro", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Agenda", "Para todos los públicos", 9 xuño 2016, p. L10.

Dá conta da última xornada desta mostra teatral. Informa dos horarios, lugares de representación e sinala algúns aspectos argumentais das pezas.

- Camilo Franco, "Os contos de ir á feira", *Diario de Pontevedra*/ *El Progreso*, "*Táboa redonda*", n.º 38, "Fatiga ocular", 5 xuño 2016, p. 4.

Con motivo do comezo desta mostra teatral, fálase do oficio dos feirantes e do seu lugar de intercambio: a feira. Relaciónase esta palabra coa cita das artes escénicas que vai comezar, Galicia Escena Pro e coméntase que segue a chamarse feira, por culpa do nome co que naceu: Feira das Artes Escénicas. Reflexiónase sobre a situación do teatro galego en xeral.

Ilusioóoh!n, Ciclo

Organizado pola Concellería de Culturas, Deporte e Coñecemento do Concello da Coruña. O ciclo acolle distintas disciplinas artísticas: circo, teatro, danza, acrobacia e música. A edición de 2016, celebrada durante os meses de outono no Centro Ágora, contou coa participación da compañía galega Elefante Elegante, que levou a escena a peza *Kassa*. Tamén participaron as compañías teatrais foráneas Ymedioteatro (Jaen); Cia. Manolo Alcántara (Girona) e Teatro da Didascália (Portugal).

Referencias varias:

- Ángela Fontao, "Reflexión escénica entre catro paredes", *La Opinión*, "A Coruña", "Ciudad y Cultura", 28 outubro 2016, p. 12.

Explica a orixe da peza que se representará esta tarde na edición de 2016 do ciclo *Ilusioóoh!n* e sinala que nela se reflexiona sobre cambios sociais e políticos dende antes dos anos sesenta do século XX. Precisa que busca conectar co público a través "dunha narrativa na que predomina a plasticidade visual que aportan as cantigas en directo, o circo ou a danza".

Implícate!, XI Festival

Festival de música e palabra solidaria organizado pola ONG Implicadas no Desenvolvemento, que inclúe música, danza, poesía e teatro. A edición de 2016, presentada Yolanda Castaño e Marga Pazos, celebrouse no Teatro Principal de Santiago de Compostela o día 10 de xaneiro. Contou coa participación da compañía A Panadaría Teatro, coa peza *Pan! Pan!*.

Referencias varias:

- Montse García, “El festival benéfico Implícate une música, teatro, danza y poesía”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, 8 xaneiro 2016, p. L11.

Dá conta da presentación da undécima edición do festival que contará co teatro de A Panadería e Pedro Brandariz e mais a poesía de Elías Portela, Susana S. Aríns, Román Raña e Olga Novo.

- M. García, “Implícate regresa para recaudar fondos para mujeres indias”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, 10 xaneiro 2016, p. L11.

Coméntase que esta nova edición do festival estará presentada por Marga Pazos e Iolanda Castaño e que contará con teatro, música, danza e poesía.

- D. V., “Arte galego multidisciplinar cunha finalidade solidaria”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Agenda”, 8 xaneiro 2016, p. 10.

Repasa todos os participantes en Implícate 2016. Destaca que contará coa presenza da compañía teatral A Panadería, do clown Pedro Brandariz e dos poetas Elías Portela, Susana Sánchez Aríns, Román Raña e Olga Novo.

Isto Ferve, XIIº Encontro Contemporáneo de Teatro e Danza

Organizado polo Teatro Ensalle, coa colaboración da Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC) e o Concello de Vigo, celébrase na Sala de Teatro Alternativo Teatro Ensalle. Na edición de 2016, que tivo lugar no mes de abril, participou a compañía galega Anómico Teatro cunha peza en castelán, unha compañía de danza contemporánea e Cambaleo Teatro (Aranjuez).

Laracha, Venres teatrais da

Ciclo de teatro organizado polo Concello da Laracha en colaboración coa Deputación da Coruña. A edición de 2016 tivo lugar entre os días 4 e 25 de novembro na Casa da Cultura desa localidade. Participaron as compañías galegas Teatro do Morcego, con *Nosa Señora das Nubes*; Lautana Teatro, con *O esperpéntico caso do obreiro do futuro*; Ditirambo Teatro, con *Retrato en branco e negro*; e Redrum Teatro, con *Noiteboa*.

Referencias varias:

- José M. Ramos, “La XII Mostra de Teatro de Malpica reunirá cinco espectáculos premiados”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 31 outubro 2016, p. 22.

Alude, no marco deste ciclo, ás representacións de *Nosa Señora das Nubes*, *O esperpéntico caso do obreiro do futuro*, *Noiteboa* e *Retrato en branco e negro*.

- J. M. Ramos, "Nosa Señora das Nubes' abrirá los Venres Teatrais", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 3 novembro 2016, p. 36.

Di que a obra *Nosa Señora das Nubes* da compañía Teatro do Morcego abrirá o ciclo Venres Teatrais.

- J. M. R., "Os Venres Teatrais traen 'Noiteboa' da compañía Redrum", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 17 novembro 2016, p. 37.

Anuncia a posta en escena da peza *Noiteboa* na Laracha.

Laxe, Xª Mostra de Outono de Teatro do Concello de

Organizada pola Concellería de Cultura do Concello de Laxe. A edición de 2016 tivo lugar entre o 16 de outubro e o 13 de novembro. Contou coa presenza das compañías galegas Metátese Teatro, con *A saco!*; grupo de teatro da Asociación Pro Enfermos Mentales (APM), con *Unha de vaqueiros. Non á mina*; The Puntillas Teatro, con *Encontros*; e Escola Municipal de Teatro de Laxe, con *Intimidades*. Tamén se representou a peza *Retrincos de Castelao*, a cargo de Culturactiva.

Referencias varias:

- J. M. R., "Culturactiva iza hoy el telón de la décima Mostra de Teatro de Laxe", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 16 outubro 2016, p. 33.

Dá conta da apertura da X Mostra de Teatro de Laxe con *Retrincos de Castelao* da compañía Culturactiva. Tamén salienta a estrea de *Encontros*, da Escola de Teatro de Santa Comba.

Lousame, XIIª Mostra de Teatro Afeccionado de

Organizada pola Asociación Cultural Toxos e Carrouchas e a Concellería de Cultura de Lousame e a Deputación da Coruña. Na edición de 2016, que se celebrou entre o 16 de outubro e o 20 de novembro, participaron as compañías Pinchacarneiro Teatro, con *L*; Tastarabás, con *Trastes… a conciencia*; Teatro do Improvisto, con *P.O.E*; e Bradomín Teatro, con *As pretendientas*. Tamén se representou, para público infantil, *Títeres en Igualdade*, da Asociación Cultural TEC.

Referencias varias:

- S. S., "Arranca a Mostra de Teatro Afeccionado de Lousame", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 16 outubro 2016, p. 34.

Anuncia o programa da mostra, enumerando todas as compañías que participan. Destaca a representación da peza *P.O.E.*, a cargo de Teatro do Improvisto.

Lugo, Circuíto Galego de Teatro Amador de

Organizado pola Federación Galega de Teatro Afeccionado (FEGATEA), o concello e a compañía Hipócrita Teatro. A edición de 2016 celebrouse os días 29 e 30 de outubro, 5 e 6 de novembro. Contou coa presenza das compañías Paso de Valverde, coas peza *Sánatos* e *Un día no circ*o; Hipócrita Teatro, con *Menestra de tetosteron*a; e Teatro no Aramio, con *Alacrán*.

Referencias varias:

- Marta Becerra, "Galicia unió su voz con Portugal", *El Progreso*, "Lugo", "El despertador", 30 outubro 2016, p. 13.

Entre outras actividades culturais, nomea que a peza *Sánatos* abriu onte o Ciclo de Teatro Amador, que segue hoxe con *Un día no circo*.

Lugo, XVIª Mostra de Teatro Clásico de

Mostra organizada polo Concello de Lugo e destinada a rememorar as figuras de recoñecidos autores do século XX. As diferentes actuacións celébranse no Auditorio Municipal Gustavo Freire de Lugo. Na edición de 2016, que tivo lugar entre os días 11 de febreiro e 12 de marzo, contouse coa representación da peza galega, para o público infantil, *Don Quixote. Unha comedia gastronómica*, a cargo de Limiar Teatro. Participaron tamén as compañías foráneas, con pezas para adultos, Morfeo Teatro (Burgos), Teatro de la Ciudad (Madrid), Estival Producciones (Madrid), Teatro Clásico de Sevilla, Producciones El Brujo (Madrid), Cup of Theatre (EEUU), unha coprodución do Festival Internacional de Teatro Clásico de Mérida, Mixtolobo, Labaska64 e Ciclán e outra coprodución de La Morgue, Saga Producciones e GG Distribución.

Referencias varias:

- Marta Veiga, "A Medea de Sánchez Gijón, na Mostra Clásica luguesa", *El Progreso*, "Vivir"; "Cultura", "Teatro", 27 xaneiro 2016, p. 65.

Informa de que o 27 de febreiro de 2016 se representará dentro desta mostra teatral *Medea* a cargo de Teatro de La Ciudad e baixo a dirección de Andrés Lima.

- Marta Becerra, "Tapas con inspiración teatrera en el Mercado Municipal", *El Progreso*, "Lugo", 4 febreiro 2016, p. 11.

Dá conta dunha iniciativa desenvolta polo concello de Lugo que consiste na elaboración de nove tapas inspiradas nas representacións das obras que conforman a Mostra de Teatro Clásico do ano 2016.

- Camilo Franco, “Non pensedes nun clásico”, *Diario de Pontevedra*/ *El Progreso*, “*Táboa redonda*”, n.º 23, “Fatiga ocular”, 21 febreiro 2016, p. 7.

Reflexiona sobre a figura de Italo Calvino en relación coa posta en escena *As cosmicómicas*, de Teatro Meridional, que hai dez anos se representou na Mostra de Teatro Clásico de Lugo.

Lugo-Ourense, XVIª Mostra de Teatro Grecolatino

Festival organizado pola asociación Prósopon, a sección galega da Sociedade Española de Estudos Clásicos e o Concello de Lugo. Ten como obxectivo achegar o teatro grecolatino aos mozos de Educación Secundaria e Bacharelato. No ano 2015, para facilitar a asistencia a aqueles centros máis arredados, establecéronse dúas sedes: o Auditorio Municipal Gustavo Freire de Lugo e o Auditorio Municipal de Ourense. A edición de 2016, celebrada do 29 de febreiro ao 13 de abril, contou coa participación do grupo El Ruiseñor, coa obra *Medea*, de Eurípides; Noite Bohemia, con *Gemelos*, de Plauto, e *Euménides*, de Esquilo; Grupo Párodos, con *Electra*, de Sófocles, e *Asinaria*, de Plauto; e o grupo SV Producciones de Madrid, con *Edipo Rey*, de Sófocles, e *Cásina*, de Plauto.

Referencias varias:

- Rodri García, “Las representaciones del Festival de Teatro Grecolatino congregan en Galicia a más de 6.000 alumnos”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 2 marzo 2016, p. 36.

Dá conta das características da XVI.ª Mostra de Teatro Grecolatino promovido pola sección galega da Sociedad Española de Estudios Clásicos. Salienta o número de alumnos que asistirá as representacións

Lugo, XXIIº Festival Internacional de Teatro Universitario da USC de

Mostra internacional de teatro universitario celebrada na cidade de Lugo. A edición de 2016, que tivo lugar entre o 8 e o 19 de abril, acolleu as representacións das pezas *Cinzas*, a cargo da Aula de Teatro da USC; *Demediado*, da Aula de Teatro Universitaria Maricastaña de Ourense; e *O Público*, da compañía de Teatro USC-Lugo. O público puido asistir igualmente a unha serie de microproxectos artísticos, conferencias e talleres.

Referencias varias:

- Marta Becerra, “Lugo levanta el telón”, *El Progreso*, “Lugo”, “El despertador”, 13 abril 2016, p. 11.

Comenta dúas das pezas que se van representar dentro deste festival. Indica que *Cinzas* está baseada nas obras de Rodrigo García e que *Desmediado* parte do escrito de Italo Calvino, *O vizconde demediado*.

_____, "Duelos creativos", *El Progreso*, "Lugo", "El despertador", 15 abril 2016, p. 12.

Entre outras novas, anuncia a celebración desta mostra e destaca algunhas das pezas representadas.

Malpica, XIIª Mostra de Teatro de

Organizada pola Consellería de Educación e Cultura do Concello de Malpica. A edición de 2016, que tivo lugar do 4 de novembro ao 2 de decembro, acolleu as representacións *O día do pai*, de Malasombra Teatro; *Noiteboa*, de Redrum Teatro; e *Perplexo*, de Il Maquinario. Tamén se levaron a escena, para público infantil, *Luppo*, de Baobab Teatro; e *Fábula Galénica*, de Fantoches Baj.

Referencias varias:

- José M. Ramos, "La XII Mostra de Teatro de Malpica reunirá cinco espectáculos premiados", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 31 outubro 2016, p. 22.

Indícase que a mostra abre coa posta en escena de *O día do pai*, á que seguirán *Noiteboa*, *Fábula Galénica*, *Luppo* e *Perplexo*.

- J. M. R., "Fábula Galénica' de Fantoches Baj recala en Malpica", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 18 novembro 2016, p. 37.

Dá conta da posta en escena de *Fábula Galénica*, un espectáculo de títeres gañador do VIII Premio Barriga Verde de texto para teatro infantil.

Mámoa de Luou, XIXº Mes do Teatro da

Ciclo organizado pola Asociación Cultural A Mámoa de Luou, Teo. A edición de 2016, celebrada entre o 6 de novembro e o 20 de novembro, contou coa participación das compañías Chumpa Teatro, coa peza *A nosa vila*; Tangatutanga Teatro, con *Que Deus nos colla confesados. Cabaré bíblico*; e A Mámoa Teatro con *Se o sei... non volvo a casa*.

Referencias varias:

- M. Outeiro, "A Mámoa de Luou ofrecerá cuatro obras de teatro en Teo", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 5 novembro 2016, p. 31.

Informa da programación do XIX Mes de Teatro e recolle o nome e horarios de todas as representacións.

Manicómicos, XVI Festival Internacional de Teatro Cómico

Organizado pola asociación cultural herculina Manicómicos, coa colaboración do Concello da Coruña, da Deputación Provincial e de Gadis, acolle actuacións galegas e internacionais. No ano 2012, a Concellería de Cultura do Concello da Coruña eliminouno do programa das festas da cidade pero o colectivo Manicómicos decidiu recuperar o festival xusto o seguinte ano. A edición de 2015 desenvolveuse durante o mes de agosto e acolleu diversos espectáculos de teatro cómico en diferentes espazos da cidade. Contou coa presenza da compañías galegas Pistacatro, coa peza *Impreuna*; The Blues Grampas, con *Route 66*; Mere-clown, con *MeRe-cidamente*; Gli Indignati, con *Don Giovanni*. Tamén participaron as compañías foráneas Chipolatas (Reino Unido), Trapu Zaharra (Euskadi), Cía. Lepuant Clown (Cataluña), Vol'e temps (Andalucía); La Industrial Teatrera (Cataluña) e La Mano Jueves (Asturias). O festival remata coa celebración dunha Gala no anfiteatro do Parque Santa Margarida, con números de humor, clown e circo.

Referencias varias:

- Ángela Fontao, "El arranque de un mes heroico", *La Opinión*, "A Coruña", 1 agosto 2016, p. 6.

No contexto das festas da urbe herculina salienta a celebración do festival Manicómicos amenizando con circo e teatro diferentes puntos da cidade. Menciona algunhas das agrupacións escénicas participantes: Chipolatas con *Gentlemen of the road*; Vol'e Temps con *Mundos de Papel* e Mereclowwn.

- M. G. M., "Once compañías buscan la sonrisa del 11 al 14 en el Festival Manicómicos", *Diario de Arousa*, p. 36/ *Diario de Ferrol*, p. 37/ *El Ideal Gallego*, p. 36, "Sociedad", 4 agosto 2016.

Informa da presentación do cartaz e dípticos coa programación da dezaseis edición do Festival na Coruña, que "ambientará la ciudad desde hoy con una serie de acciones que buscan una sonrisa cómplice del paseante y también del usuario del bus urbano". Nun á parte apunta que a este Festival xa asistiron máis de cen mil persoas dende a súa creación e noutro recolle as palabras do concellal de Festas nas que califica de moi positiva a respuesta do público.

Mañufe levanta o telón, III^{a} Mostra de Teatro Afeccionado

Organizado pola Asociación Cultural San Vicente de Mañufe. A edición de 2016 celebrouse durante as fins de semana do mes de outubro e contou coa participación dos grupos Fonte da Tella, coa peza *Miña naiciña*; grupo de teatro de Castro Barreiro, con *Os tres grandes sinvergonzas*; Pena do Equilibrio, con *O importante é ter saúde*; Teatro en Igualdade, con *As galiñas de Mos*; e Agarimo Teatro, con *Breve-mente*.

Martabeladas, IIIª Mostra de Teatro Afeccionado

Iniciativa da Asociación Teenses pola Igualdade que se celebra no auditorio da Asociación Rosalía de Castro de Cacheiras (Teo). Na edición de 2016, celebrada entre o 20 e o 29 de xuño, participaron Andaravía Teatro, con *Sacho's Show*, grupo de teatro municipal de Ames, con *A voda;* Ollomao de Barreiros, con *Oé, oé, oé*; e grupo Martabeladas Teenses pola Igualdade, con *Dez baixo cero*.

Referencias varias:

- C. B., "Sacho's Show' abre en Teo mañana el Martabeladas", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 20 maio 2016, p. 29.

Dáse conta do programa da terceira edición desta mostra. Sinala o nome das representacións, o seu director e os horarios.

Meaño, Mes do Teatro de

Organizado pola Concellaría de Cultura e Educación e a Oficina Municipal de Información Xuvenil de Meaño. A edición de 2016 celebrouse no centro social de Dena os domingos do mes de marzo. Contou coa representación da peza galega *Mi Madriña*, a cargo de Moito Morro Teatro.

Melide, IIº Festival de Teatro de

Organizado pola aula de teatro do IES de Melide en colaboración co concello. A edición de 2016 tivo lugar o día 12 de marzo na Casa da Cultura de Melide. Contou coa presenza da Aula de Teatro do IES Antón Losada Diéguez, coa peza *Avelaíñas teatro*; Aula de teatro do CPI de Touro e obradoiro de Palas de Rei, con *Variedades*; e Escola Municipal de Teatro de Laxe e Aula de Teatro do IES de Melide, con *Na corda frouxa*.

Referencias varias:

- ARCA, "El II Festival de Teatro de Melide reúne a cinco aulas y 200 intérpretes", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 5 marzo 2016, p. 34

Anuncia que este festival se celebrará o 12 de marzo de 2016 e que contará coa presenza de 200 actores e actrices afeccionados entre os 3 e os 60 anos.

MIT, XXXIIª Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia

Mostra de teatro creada en 1973 baixo o nome Mostra de Teatro Abrente. Organizada pola Concellaría de Cultura do Concello de Ribadavia, está dirixida por Roberto Pascual e ten como marco a Praza Maior de Ribadavia, o Auditorio do Castelo dos Sarmientos e as rúas do barrio xudeu, así como a Igrexa da Madalena ou mesmo outras rúas e prazas

da vila. Dende o ano 2000, ao longo do transcurso da Mostra, o público pode elixir a mellor obra representada, que é galardoada cunha figura representativa que se entrega no último día da mostra e que supón a invitación para participar na seguinte edición. A edición de 2016, celebrada entre os días 16 e 24 de xullo, contou coa presenza das compañías Butacazero, con *Voaxa e Carmín*; Matarile Teatro, con *Teatro invisible*; Ibuprofeno Teatro, con *Fitness*; Chévere, con *Eroski Paraíso*; e das compañías foráneas Zanguando Teatro (Euskadi), Lazona e CDN (Madrid), La Maquiné e ABAO (Andalucía-Euskadi), Yifan (Francia), Atalaya (Andalucía), Rubén Sabadini (Argentina), Visitants (Valencia), Pelmànec (Cataluña), Oskaras Korsunovas Theatre (Lituania), Nao d'Amores (Castilla León), Marie de Jongh, Teatro Arriaga e Tartean Teatroa (Euskadi), TeatroCinema, Fondart, Fundación Teatro a mil, Teatro de la Universidad Católica, Festival de Edimburgo, Institut Français de Santiago, Valook, Litoralpress, ONDA, Svenska Filminstitutet et le mécénat en nature de l'entreprise Box'Air e Scène Nationale de Sète et du Bassin de Thau (Chile). Ademais representouse, para o público infantil, as pezas *Os soños na gaiola*, de Títeres Alakrán; e *Don Quixote. Unha comedia gastronómica*, a cargo de Limiar Teatro.

Referencias varias:

- Eduardo Crespo, "Ribadavia, 32 años levantando el telón", *ABC*, "Galicia", 11 xuño 2016, p. 70.

Comenta da presentación do logo da 32ª edición da mostra, avanzando que "la máscara femenina típica de las festividades barrocas y neoclásicas será el principal icono", ao que se engadirán "la marca de la casa MIT" e a planta do teatro Marcello de Roma. Informa que a programación da mostra se presentará o 21 de xuño e que se desenvolverá do 16 ao 24 de xullo.

- F. D., "A Mostra de teatro, en marcha", *La Región*, "*Extra*", "Zonas vivas: provincia", "Ribadavia", 25 xuño 2016, p. 4.

Destaca da presentación da trixésimo segunda edición que non só reforzará "a súa dimensión internacional" senón que ademais "concederá un especial protagonismo ás olladas femininas a través do traballo de actrices". Dá conta das entidades colaboradoras e nomea a coprodución galego-portuguesa d'*O conto de inverno*, os eixos temáticos da edición, a peza *A gaivota* e a mestura de cómic, vídeo e teatro na montaxe *Historia de amor*.

- Mónica G. Bellver, "Do 16 ao 24 de xullo en Ribadavia", *O SIL*, "Cultura", xuño 2016, p. 22.

Achega información sobre a nova edición da mostra. Entre as actividades salienta a celebración do 30 aniversario de Matarile Teatro e a entrega do Premio de Honra "Roberto Vidal Bolaño" ás actrices Mabel Rivera e Belén Constenla, así como a presentación do traballo escénico de Korsunovas, director lituano. Comenta a dimensión internacional, o equilibrio interxeracional e a perspectiva feminina da mostra.

- X. M. R., "Memoria e ollada feminina", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Agenda", 15

xullo 2016, p. 14.

Destaca que a edición de 2016 da mostra presenta como temáticas "as olladas femininas, a memoria, a violencia, a palabra e a arte", é lugar de encontro para profesionais teatrais, o espectador é protagonista e reivindícase a escena galega dende o punto de vista lexislativo. Nomea as montaxes foráneas, salienta a estrea da galega *Voaxa e Carmín* e as postas de escena de Matarile Teatro para conmemorar o seu trixésimo aniversario e cita as actrices galardoadas co Premio Roberto Vidal Bolaño. Recolle os títulos e contido dos foros para profesionais teatrais e dos Obradoiros do Espectador. Remata aludindo ao coloquio sobre as artes da rúa na actualidade e á presnetación do texto para o anteproxecto da Lei das Artes Escénicas de Galicia.

- Sonia Torre, "Roberto Pascual. 'Si Galicia quiere decir algo al mundo del teatro, la mostra debe ser el buque insignia", *La Región*, "Verano", 15 xullo 2016, p. 30.

Conversa co director artístico da MIT na que afirma que "no debemos desdeñar las artes escénicas, ni por número ni por calidad. Es un sector estratégico", resalta os obxectivos cumpridos dende que asumiu a dirección artística da MIT hai nove anos, a importancia da MIT como sinal de identidade e como motor activo, "por historia, por contexto e por potencial" e finaliza afirmando que "hay que apoyar a las jóvenes compañías, las residencias teatrales y también a las históricas".

_____, "La palabra y el gesto izan el telón de la Mostra de Teatro", *La Región*, "Verano", 16 xullo 2016, p. 23.

Informa do comezo nese mesmo día da nova edición da MIT, da que comenta a peza que representou o día anterior un grupo teatral afeccionado de Ribadavia, as temáticas e obxectivos da edición, os avances respecto á edición anterior e en tres á partes salienta as actrices que serán recoñecidas co Premio de Honra, a compañía vasca merecedora do Premio do Xurado e a peza *La piedra oscura*, que mereceu cinco Premios Max.

_____, "El Premio de Honra inauguró la mirada femenina de la MIT", *La Región*, "Verano", 17 xullo 2016, p. 25.

Comeza apuntando que a emoción foi o sentimento máis característico da inauguración da nova edición da Mostra e alude ás representacións que terán lugar no día de hoxe.

- Vicente Plaza, "Mostra de Ribadavia, estrela teatral do verán ata o día 24", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 17 xullo 2016, p. 34.

Tras nomear as actrices merecedoras do premios de honra Roberto Vidal Bolaño, enumera as pezas que se representarán nesta edición da MIT.

_____, "Amor violento desde Chile", *La Región*, "Verano", 20 xullo 2016, p. 25.

Destaca da peza *Historia de amor* a súa "estética cuidada, cogiendo prestado parte del lenguaje del cómic y empleándolo con gran inteligencia", que a converten, en palabras de Roberto Pascual, nun "de los caramelos especiales" desta edición da MIT. Condensa

o argumento, nomea os actores e o director e precisa que se esta “historia cruel, violenta” servirá de base para o segundo coloquio da MIT.

- S. T., “Don Juan pierde su humanidad”, *La Región*, “Verano”, 22 xullo 2016, p. 23.

Destaca que nesta edición da MIT se reflectiu que “todo puede ser visto desde un prisma diferente y contado de una manera sorprendente”, caso da peza *Don Juan. Memoria amarga de mí*, “una novedosa perspectiva y una puesta en escena creativa y muy llamativa”, que xa foi obxecto de numerosas distincións.

_____, “La Gaviota bajo otra mirada”, *La Región*, “Verano”, 23 xullo 2016, p. 23.

Lembra o “gran abucheo por parte de la audiencia” na estrea da peza citada no titular da nova e explica que “el tiempo ha ido consolidando este texto y lo ha convertido en una obra de arte, imprescindible para el teatro, que en cada representación permite una lectura diferente”, como ocorre nesta versión da que apunta as claves. Nos tres despieces que acompañan o texto xeral, informa dun espectáculo sobre o personaxe de Don Quijote, un debate na rúa ao redor das artes escénicas e o espectáculo Lluvia de palabras a partir de poemas de Manuel María.

_____, “Jornada de clausura en gallego”, *La Región*, “Verano”, 24 xullo 2016, p. 27.

Dá conta do peche desta edición da MIT con postas en escena en lingua galega, “demostrando que aquí también se hace teatro de calidad, con buen trabajo de investigación y una apuesta por la innovación”. Resume o argumento das pezas das compañías galegas e nun á parte alude a un taller realizado sobre Chejov.

- Camilo Franco, “Festivais na hora das verbenas”, *Diario de Pontevedra/ El Progreso*, “Táboa Redonda”, n.º 45, 24 xullo 2016, p. 6.

Fai un repaso pola historia da MIT na que rememora que, hai vinte anos, tiveron lugar dous debates paralelos sobre o teatro galego: “a profesionalización” e “se a Mostra de Ribadavia debía ser internacional ou regresar ao punto de partida como festival para as compañías galegas”, a refundación da MIT en 1984 e a posta en escena de Molière a cargo do CDG en 1986.

- S. T., “La 32 Monstra Internacional de Teatro cierra con buena nota”, *La Región*, “Verano”, 25 xullo 2016, p. 20.

Informa que esta edición da MIT conseguiu “una alta puntuación por parte del público, quien ha concedido mayoritariamente 4,5 puntos sobre un máximo de cinco” e que no día de hoxe se coñecerá a peza galardoada co Premio do Público, unha decisión que considera “no estará nada fácil” xa que as pezas representadas caracterizáronse pola orixinalidade da posta en escena, o gran traballo actoral, textos cunha “narración conmovedora y agitadora” e polas temáticas abordadas. Afirma sobre esta edición que “han sido, en definitiva, diez días llenos de compromiso, de teatro en su estado más puro”.

_____, “Don Juan y su memoria amarga gana el premio del Público en la MIT”, *La Región*, “Verano”, 26 xullo 2016, p. 24.

Fai un repaso polas pezas galardoadas polo público asistente a esta edición da MIT e recolle as palabras de Roberto Pascual ao respecto, nas que afirma que “poden convivir nun mesmo espazo a dinamización socioeconómica e o estímulo á investigación e escollas evidentemente minoritarias con pezas para aforo limitado” e salienta que “Ribadavia está a gañar unha visibilidade e un recoñecemento de calidade” e que na MIT “convive o público habitual co visitante esporádico, conviven os xéneros, as linguas e as dramaturxias”. Nun á parte coméntase que o presidente da Xunta de Galicia non asiste dende 2009 e noutro achéganse datos que amosan que a edición da MIT de 2016 foi exitosa.

- Camilo Franco, “Xente que fala soa”, *Diario de Pontevedra/ El Progreso*, “Táboa Redonda”, n.º 46, 31 xullo 2016, p. 4.

Fai unha síntese das variacións históricas no diálogo e no monólogo, ao fío do monólogo representado por Celso Parada na MIT, hai vinte e cinco anos, e por outras actrices na edición de 2016. Finaliza afirmando que “todo o mundo pensa que o importante dos diálogos é falar. Pero o que importa de verdade é escoitar. É só que non queremos recoñecerlle o mérito”.

- Camilo Franco, “Mostra de Teatro de Ribadavia. A distancia de Chéjov a Chévere”, *Tempos Novos*, n.º 231, “todo é peixe”, “Crónica”, agosto de 2016, pp. 10-11.

Faise referencia á posta en escena da obra *Voaxa e Carmín* centrada na historia das dúas Marías de Santiago de Compostela. Destácase o tratamento afastado do realismo destas dúas personaxes alén da miseria, do segredo e das chanzas que compoñen a súa historia. Tamén se fai alusión á posta en escena da obra *Eroski Paraíso* a cargo de Chévere salientando que se trata da revisión do pasado dende a vila de Muros.

- Xosé A. Reboiro, “Ribadavia recibió más de 90.000 visitantes este verano”, *La Región*, “Ribeiro”, 29 outubro 2016, p. 27.

Informa sobre a afluencia de visitantes en Ribadavia, especialmente durante a época estival onde destaca positivamente a repercusión económica no municipio de eventos como a Mostra Internacional de Teatro.

MITEU, XXIª Mostra Internacional de Teatro Universitario Galego

Mostra que tivo a súa orixe en 1994, organizada pola Aula de Ourense baixo o nome de I Mostra de Teatro Galego Universitario de Ourense. En 1996 pasou a constituírse na I MITEU (Mostra Ibérica/Internacional de Teatro Universitario). Entre os seus obxectivos están potenciar o intercambio artístico entre grupos galegos e grupos da Península ou de fóra dela. Celébrase anualmente no Teatro Principal, aínda que tamén sae por veces a outros lugares. Ao remate das funcións estabelécese un coloquio sobre a obra e sobre as distintas xestións dos grupos universitarios. Está organizada pola compañía Sarabela

Teatro xunto coa Aula de Teatro Universitario de Ourense Maricastaña, baixo a dirección de Fernando Dacosta e a coordinación de Elena Seijo. Conta tamén co patrocinio da Universidade de Vigo, a Área de Cultura do Concello de Ourense e a Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC). Dende 1999 celébrase tamén o "Premio de Dramaturxia Carlos Couceiro", que na edición de 2011 engadiu a figura de Begoña Muñoz ao seu nome, para premiar con 600 euros unha das compañías participantes, ademais dos premios do público e da MITEU de cada edición. Posteriormente engadiuse un novo premio, á mellor resolución técnica, denominado "Suso Díaz". Na edición de 2016, que se celebrou entre o 15 e o 30 de abril participaron as compañías galegas Aula de Teatro Universitaria Rosaura, con *O banquete*; Cordelia, Aula Universitaria de Teatro de Ourense, con *Sen rede*; Aula de Teatro da Universidade de Santiago de Compostela, con *Cinzas*; Teatro do Morcego, con *Nosa señora das nubes*; Aula de Teatro da USC-Lugo, con *O público. Baixo a area*; Aula de Teatro Normal da Universidade da Coruña, con *Unha libra de carne*; Eme2 Producións&Arte, con *Monólogo do imbécil*; e Maricastaña, Aula de Teatro Universitaria de Ourense, con *Demediado*. A mostra acolleu tamén a representación da peza infantil *Aladino e a lámpada marabillosa cruzan fronteiras*, a cargo de Geppetto, Aula Universitaria de Teatro Infantil de Ourense. Así mesmo, contou coa participación das compañías foráneas Teatro El Mayal-Ule (Castilla y León), Fraser Hooper (Inglaterra), Teuc (Portugal), Nadia/ La Conquesta del Pol Sud (Afganistán/ Catalunya), Aula de Teatro de la Universidad de Burgos (Castilla y León), Triskel Artes Escénicas/ Nordisk Teaterlaboratorium (Chile/ Dinamarca), Grupo de Teatro U.C. (Cantabria), Teatro del Dónde (Madrid/ El Salvador), Banda Kurenai (Italia), Teatr'ubi/ Asta Teatro (Portugal), Gretua (Portugal), Teatro de la Resistencia (Valencia), Yllana (Madrid), Grupo de Teatro de la UPNA (Navarra), El Rayo Misterioso (Argentina), Aula de Teatro de Lleida (Catalunya); Compañía La Líquida (Andalucía) e D'orfeu Ac/ Cão À Chuva (Portugal).

Referencias varias:

- Fernando Franco, "Y teatro en la universidad", *Faro de Vigo*, "Vigo", "Mira Vigo", 15 marzo 2016, p. 13.

Destaca que dentro da Mostra Internacional de Teatro Universitario Galego se representarán autores clásicos como Italo Calvino, Dickens ou Lorca.

- Sonia Torre, "La Miteu vivirá su edición más numerosa, con 34 espectáculos", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 31 marzo 2016, p. 42.

Informa de que nesta edición da MITEU, que terá lugar entre o 15 e 30 de abril de 2016, participarán oito países e doce compañías e que contará cun orzamento de 78.500€.

- C. R., "Preparados para unha viaxe polo mundo da Miteu", *Atlántico Diario*/ *La Región*, "*Universitas*", 7 abril 2016, p. 7.

Anúnciase a presentación en Ourense da XXIª Mostra Internacional de Teatro Universitario Galego. Sinala que contará con trinta e catro espectáculos de nove países diferentes.

MOSTRA(TE), XVª Mostra de Teatro Afeccionado

Organizada pola Asociación Cultural Solpor, coa colaboración do Concello de Salvaterra do Miño e a Deputación de Pontevedra. A edición de 2016 tivo lugar na Carballeira das Fraguiñas os días 22, 23 e 24 de xullo. Contou coa participación das compañías Anomalía Teatro, con *A herdanza maldita*; Hermanas Teatro, con *Herdanza*; e Delatoute Produccións, con *Princesas con Conto*.Tamén se levou a escena a peza para público infantil *O libro máxico*, a cargo de Expresión Contacontos infantil.

Negreira, Ciclo de Teatro de

Organizado polo Concello de Negreira en colaboración coa Deputación da Coruña. A edición de 2016, celebrouse durante as fins de semana do mes de abril, con grupos de teatro afeccionados e profesionais. Contou coa participación de Metátese Teatro, con *A saco!*; The Momento Impro, con *Entreliñas* e *Maquinando*; Andaravía Teatro, con *Manifféstate*; Voadora, con *Calypso*; Escola Municipal de Teatro, con Old Town; Aquelando Teatro, con No día a día; e Etiqueta Negra, con *Curtis & Teixeiro*. Tamén se representaron, para público infantil, as pezas *Sherlock Holmes*, de Cayetano Lledó e *Pavillón Lino*, de Caramuxo Teatro.

Nun Local, IIIº Festival

Iniciativa comunitaria e independente que integra música, teatro, danza, monólogos, cabaret, maxia e poesía. A edición de 2016 tivo lugar o 18, 19 e 20 de novembro no casco vello da cidade e Vigo e contou coa presenza do Grupo F, con A *Batalha*. Para público infantil levouse a escena a peza *Estrazalonia*, a cargo da compañía O Baúl da Tía Tola.

Referencias varias:

- Fernando Franco, "Na carreteira dos Valos", *Faro de Vigo*, "Vigo", "Mira Vigo", 15 outubro 2016, p. 10.

Informa sobre a convocatoria da edición de 2016 de Festival Nun Local para os días 18, 19 e 20 de novembro, na que corenta e seis locais do Casco Vello de Vigo son escenario de actividades teatrais, monólogos, danza, artes visuais, cabaré, maxia e poesía.

_____, "Festival Nun Local: el esfuerzo que nunca se sabe", *Faro de Vigo*, "*estela*", n.º 756, "La última", "Sálvese quien pueda", 20 novembro 2016, p. 16.

Fai un repaso pola historia deste ciclo e recolle palabras do seu fundador sobre a organización e desenvolvemento do mesmo.

O Barco de Valdeorras, Circuíto Galego de Teatro Amador

Organizado por Gargallada Teatro en colaboración co Concello do Barco e coa Federación Galega de Teatro Afeccionado. A edición de 2016 celebrouse entre o 30 de setembro e o 8 de outubro no Teatro Laura Olmo. Contou coa participación das compañías Hipócrita Teatro, coa peza *Emperador, que pensas? Fala!*; Teatro Escoitade, con *Exposición de 4 mementos*; Marañao Teatro, con *Inmortal*; e Tiruleque Teatro, con *Media de callos*.

Referencias varias:

- Ángeles Rodríguez, "Con 2 grupos ourensáns", *O SIL*, "Cultura", setembro 2016, p. 23.

Informa da edición 2016 deste ciclo, da que precisa os organizadores e colaboradores, as datas de celebración, o prezo das entradas e a programación.

- J. C., "El Laura Olmo abre su programa con Quimera", *La Región*, "Valdeorras", 23 setembro 2016, p. 28.

Fai referencia a representación de *Quimera* de Gargallada Teatro como preámbulo dun programa que abre o Circuito Galego de Teatro Amador. Menciónanse outras das postas en escena previstas no Teatro Lauro Olmo.

Ordes, Xornadas de Teatro e Saúde Mental

Organizadas pola Asociación Andaina Pro Saúde Mental coa colaboración do Concello de Ordes e Feafes Galicia. A edición de 2016 tivo lugar o día 14 de decembro e contou coa participación do grupo de teatro da Asociación Pro Enfermos Mentales (APM), coas pezas *Os titiriteiros* e *Unha de vaqueiros. Non á mina*; A Mariña, con *A marabillosa mente de Alicia*; A Morea Show, con *Microencontros*; DOA, con *Misión imposíbel*; e Fran Rei, con *Romeo e Xulieta* e *O Mercader de Venecia*.

Referencias varias:

- Víctor Castro, "Andaina conmemoró el Día de las Personas Discapacitadas", *El Ideal Gallego*, "Área metropolitana", "Atalaya mariñana", 4 decembro 2016, p. 16.

Refire que as xornadas organizadas pola entidade Andaina Pro Saúde Mental contou cun programa con música, teatro e poesía. Dá conta da representación das pezas *Romeo e Xulieta* e *O Mercader de Venecia*.

_____, "Ordes acogerá las II Jornadas de Teatro y de Saúde Mental", *El Ideal Gallego*, "Área metropolitana", "Atalaya mariñana", 13 decembro 2016, p. 16.

Informa que a partir do día seguinte se desenvolverá este ciclo e dá conta do seu programa.

- M. Outeiro, “Sete obras nas segundas Xornadas de Teatro e Saúde Mental ordenses”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 13 decembro 2016, p. 29.

Informa das representacións que se verán en escena no marco das Xornadas de Teatro e Saúde Mental ao día seguinte. Finaliza precisando que o ciclo naceu en 2010 “ante a necesidade de cubrir un baleiro existente que atenderá dun xeito global ás persoas con trastornos mentais no rural da bisbarra santiaguesa”.

Oroso, Outono Cultural de

Organizado polo Concello de Oroso no Centro Cultural de Sigüeiro. A edición de 2016, celebrada durante os meses de outubro, novembro e decembro, incluiu diversas actividades: música, danza, maxia, exposicións e teatro. Contou coa presenza das compañías Ateaco, con *Mátame que eu non podo*; Malasombra Teatro, con *D.E.P.*; e 7 magníficos mais Un, con *Bivalvos como galegos*. Tamén se representaron, para público infantil, as pezas *Feo*, a cargo de Caramuxo Teatro; *A alfombra máxica*, de Babaluva; e *Luppo*, de Baobab Teatro.

Referencias varias:

- Vítor Castro, “Oroso inició el Outono cultural en presencia de 200 personas”, *El Ideal Gallego*, “Betanzos”, “Atalaya mariñana”, 5 outubro 2016, p. 16.

Recolle as palabras do concelleiro de Cultura de Oroso sobre a edición deste ciclo, nas que destacou que “reunir a case douscentos veciños e veciñas con dúas actuacións de maxia e teatro infantil é moi bo comenzo, que agardamos refrendar ao longo dos dous próximos meses” e apunta que este ciclo comporase dun “total de cinco pases, con obras dirigidas a todos los públicos”.

_____, “En las actividades del Otoño Cultural , Oroso iniciará en septiembre un programa infantil”, *El Ideal Gallego*, “Betanzos”, “Atalaya mariñana”, 6 outubro 2016, p. 16.

Informa das actividades do programa Teatro para bebés dirixidas a un público entre 0 e 3 anos. Salienta a posta en escena de *A alfombra máxica* da compañía Babaluva.

Outes, Outono Teatral de

Ciclo organizado polo Concello de Outes. A edición de 2015 celebrouse do 24 de setembro ao 23 de decembro no auditorio da Casa da Cultura. Contou coa participación das compañías Pinchacarneiro Teatro, con *L*; The Momento Impro, con *Maquinando*; Fantoches Baj, con *Os vellos non deben de namorarse*; Chévere, con *Eroski Paraíso*; Teatro do Atlántico, con *O principio de Arquímedes*; Teatro do Morcego, con *Presidente*; Culturactiva, con *Falar sen cancelas*; e Teatro Carauta, con *A principiña. A ultraxe definitiva a Antoine de Saint-Exupéry*. Para público infantil representáronse as pezas *Tita*, a cargo de Babaluva; *Martes* e *Luppo*, de Baobab Teatro; *Rubicundo*, de

Ghazafellos; e o espectáculo teatro-musical *Animundis: unha viaxe musical para nenos e maiores*, de Animundis.

Referencias varias:

- M. G., "O Outono Teatral trae a Outes dezaito espectáculos", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 25 setembro 2016, p. 34.

Dá conta do comezo, no día de onte, da edición de 2016 deste ciclo. Informa do lugar e da gratuidade das postas en escena e cita as compañías e pezas que representarán.

_____, "Baobab Teatro presenta hoxe a súa obra 'Martes", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 22 outubro 2016, p. 36.

Informa da participación de Baobab Teatro con *Martes* e da compañía Traspediante no Outono Teatral de Outes.

Outonoteatro, Ciclo

Organizado polo Concello de Redondela e celebrado no Auditorio da Xunqueira. Na edición de 2016, celebrada dende o 9 de outubro até o 10 de decembro, representáronse as pezas *Panamericana*, a cargo da compañía A Panadaría; *Os vellos non deben de namorarse* e *O Lazariño de Tormes*, de Teatro do Morcego; *Reposo absoluto*, de Lúa Chea; *A media luz os tres*, de Teatro Fonte da Tella; *Armouse o tole tole*, de Misturat Teatro. Tamén participaron as compañías, con pezas para o público infantil, Sarabela teatro, con *O secuestro da bibliotecaria*, e EducaTeatro Producións, con *O mundo máxico de Pinocho*.

Paiosaco, VIº Ciclo de teatro

A edición de 2016, celebrada durante o mes de abril, contou coa participación das compañías Redrum Teatro, con *Curriculum vitae*; Teatro dos Tirinautas, con *Xamón, xamón*; e 7 magníficos mais Un, con *Bivalvos como galegos*.

Referencias varias:

- J. M. R., "Fin de semana teatral en Laracha, Cee y Vimianzo", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 7 abril 2016, p. 37.

Informa do inicio deste ciclo teatral coa representación da peza *Curriculum vitae* no auditorio de Paiosaco.

Palas de Rei, XVIIª Mostra Internacional de Teatro Amador "Teatro no camiño de Santiago"

Mostra de teatro afeccionado organizada polo Grupo Metátese Teatro e a sociedade cultural "Orden de donas e cabaleiros do priorado de Vilar de Donas: Os lobos". Levada a cabo a través do Centro de Documentación e Interpretación da Ulloa, esta mostra, que foi creada coa finalidade de achegar o traballo de grupos afeccionados galegos e foráneos, conta asemade coa colaboración do Concello, a Concellería de Cultura e a Deputación. Na edición de 2016, celebrada entre os días 17 de agosto e 4 de setembro, entregouse o Premio Careón á escritora Valentina Formoso Gosende e o Premio Mácara ao actor Pepe Penabade. Participaron os grupos Obradoiro Municipal de Teatro de Palas de Rei, coa peza *Variedades*; Volta e Dálle Teatro, con *Dura lex* e *Rodesindo da Barbosa*; Folerpas Teatro, con *Intimidades*; Elefante Elegante, con *Fados*; Lusco Fusco, con *Traballos*; Óscar Varela, con *Etiquetas*; Debullando Teatro, con *Oldtown*; Lucecús Teatro, con *A órbita do lucecú*; e Metátese Teatro, con *A saco!*. Tamén se levaron a escena as pezas, para público infantil A tropa de trapo, con *Contos de defuntos (e outro asuntos)*; Xarope Tulú, con *Estrafalaria*. Tamén participaron as compañías foráneas Garnacha Teatro (Extremadura), Alhama Teatro (Navarra), La invencible de Villalpardo (Cuenca).

Referencias varias:

- A. R., "El festival de teatro escolar de Palas reunirá el día 9 a más de 200 actores", *El Progreso*, "Comarcas", 5 abril 2016, p. 13.

Fala da presentación dunha nova edición do Festival de Teatro Escolar de Palas de Rei que contará coa presenza da obra *Na corda frouxa* das aulas de teatro de centros escolares da Estrada, Touro e mais Melide.

- María Martínez Guntín, "La XVII Mostra de Teatro Amador de Palas reunirá a más de 350 actores", *El Progreso*, "Comarcas", 12 agosto 2016, p. 10.

Dá conta da presentación do programa da edición de 2016 desta Mostra, detallando as compañías participantes e os galardóns que se entregarán así como as institucións que subvencionaron algunhas delas.

- Ruth Lodeiro, "La Mostra Internacional Teatro Amador de Palas apura sus últimas obras", *El Progreso*, "A Ulloa", 30 agosto 2016, p. 13.

Indícase o lugar e a data de representación das obras enmarcadas na mostra.

Poio Escena, Vº Ciclo de Teatro

Ciclo de teatro afeccionado organizado pola SCD de Raxó, a SCD de Samieira e a asociación Armadiña de Combarro, en colaboración co Concello de Poio. Dende o ano 2013 pasou de se celebrar durante un mes a se desenvolver durante a metade do ano con representacións o último venres de cada mes. A edición de 2016 contou coa participación das compañías Novo Trasno Teatro, con *Consuelo*; Pinga Teatro, coa peza *A bruxa Maruxa*; Agrupación Teatral Mariñan, con *O de menos é o nome*; Atlántida de Matamá, con *Falando de cartos*; Disfunción Continua, con *Teimas*; e Moura Teatro, con *Leóns de area*.

Referencias varias:

- J. C., “PoioEscena’ cierra su segundo ciclo y ya piensa en futuras novedades”, *Diario de Pontevedra*, “Poio”, “Comarca”, 9 decembro 2016, p. 14.

Informa da peza coa que se pechará a segunda edición do ciclo: *Retrincos de Castelao*, “una obra que supone un acercamiento al humor característico del escritor de Rianxo”.

- J. Casal, “PoioEscena cerró su segunda edición rondando el millar de asistentes”, *Diario de Pontevedra*, “Poio”, “Comarca”, 15 decembro 2016, p. 16.

Afirma que o teatro goza de voa saúde tendo en conta o balance positivo de asistencia á segunda edición do ciclo. De cara á terceira edición dindica que as novidades se darán a coñecer en xaneiro.

Ponteatro, IVº Ciclo

Ciclo teatral organizado polo Concello de Pontevedra que se desenvolve no Teatro Principal. A edición de 2016, celebrouse entre o 6 de outubro e o 15 de decembro. Contou coa participación das compañías Producións Teatrais Excéntricas, coa peza *Os amores de Jacques o fatalista*; Teatro do Noroeste, con *Palabras malditas*; Talía Teatro, con *Foucellas*; Eme2 Producións&Arte, con *Get Back*; Contraproducións, *con O tolleito de Inishmaan*; Chévere, con *Eroski Paraíso*; A Panadaría, con *Panamericana*; e Triatreiros, con *Listo para sentenza*.

Referencias varias:

- Serafín Alonso, “En Pontevedra haiche moito teatro”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 6 setembro 2016, p. 12.

Apunta que o obxectivo deste ciclo é achegar o teatro “ó maior número de persoas posible e promocionar, de paso, as obras con selo galego”. Cita as compañías que participarán na edición de 2016 e recolle as palabras da concelleira de cultura respecto á edición anterior. Nun á parte precísase o prezo das entradas.

- Cuca M. Gómez, “Quico Cadaval causa expectación”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, 7 outubro 2016, p. 70.

Anuncia a acollida no Principal do ciclo Ponteatro e fai referencia á inauguración con *Os amores de Jacques e o fatalista* dirixida por Quico Cadaval.

_____, “La gran dama Concha Velasco”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, 23 outubro 2016, p. 78.

Entre outras actividades, dá conta da representación de *Palabras Malditas* e *Panamericana* no Teatro Principal de Pontevedra dentro do programa do Ciclo Ponteatro.

_____, "Vuelve Ponteatro al Principal", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Gente a diario", "De café con Cuca", 2 novembro 2016, p. 54.

Informa sobre a volta de Ponteatro ao Principal de Pontevedra coa obra *Foucellas*.

_____, "Constante rebumbio cultural", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Gente a diario", "De café con Cuca", 4 novembro 2016, p. 70.

Infórmase da cancelación da representación de *Foucellas* no marco deste ciclo.

_____, "Los trucos de Pepe Solla", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Gente a diario", "De café con Cuca", 2 decembro 2016, pp. 78-79.

Entre outras cousas, fai referencia á representación da peza *O tolleito de Inishmaan* dentro do ciclo Ponteatro.

_____, "Fotos y teatro para un día genial", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Gente a diario", "De café con Cuca", 16 decembro 2016, p. 78.

Anuncia a representación da peza de Chévere, *Eroski Paraíso*, no marco do ciclo Ponteatro. Destaca a calidade dos actores Miguel de Lira, Patricia Lorenzo e Cristina Iglesias.

Ponteceso, XXIIIº Ciclo de Teatro

Organizado pola Concellaría de Cultura de Ponteceso, en colaboración coa Asociación Cultural Monte Branco. A edición de 2016 tivo lugar os sábados do mes de novembro no Salón de Actos do E. das Escolas. Representáronse as pezas *Falar sen cancelas*, a cargo de Culturactiva; *Noiteboa*, de Redrum Teatro; *O Furancho*, de Ibuprofeno Teatro; e *Presidente*, de Teatro do Morcego.

Pontedeume en obras, IIIº Ciclo de Teatro Afeccionado

Organizado polo Concello de Pontedeume. A edición de 2016 tivo lugar durante o mes de maio no IES Breamo de Pontedeume. Participaron as compañías DameCuerdaQueTeatro, coa obra *Un espírito burlón*; Axóuxere Teatro, con *A rúa do inferno*; e Arjé Teatro, con *A pousadeira*.

Porriño, Circuíto Galego de Teatro Amador de

Organizado pola Asociación Cultural Papaventos, coa colaboración da Federación Galega de Teatro Afeccionado (FEGATEA) no centro cultural do Porriño. Na edición de 2016, celebrada entre o 10 e o 19 de xuño, participaron as compañías A Fiestra, coa

peza *Bodas, bautizos e comunións*; Hipócrita Teatro, con *Emperador, que pensas? Fala!*; Atrezo Teatro, con *Chicago Killers* e *Teatro sen barreiras*; e Tiruleque, con *Media de callos*.

Referencias varias:

- Y. S., "Atrezo Teatro, por partida doble en el Centro Cultural", *Faro de Vigo*, "*Especial*", "Baixo Miño/Louriña", 25 xuño 2016, p. 6.

Salienta a participación de Atrezo Teatro no Ciclo de Teatro Amador en Porriño con dúas representacións: *Chicago Killers* e *Teatro sen barreiras*.

Porto do Son, Novembro Cultural

Organizado polo Concello de Porto do Son, inclúe espectáculos musicais e teatro. A edición de 2016, celebrouse durante o mes de novembro na Casa da Cultura de Porto do Son. Contou coa participación das compañías Boneca Lareta, coa peza *Sede de mal*; Teatro social pola igualdade, con *Cabaret-Elas e unha historia de desamor*; e Elefante Elegante, con *Fados*. Tamén se representaron, para público infantil, as pezas *A Chungatrona*, de Peter Punk e *A Meiga do Magosto e os Seres Míticos do Bosque*, de Ti e Máis Eu Teatro.

Referencias varias:

- S. S., "Música, teatro y magostos en el programa del Novembro Cultural de Porto do Son", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 13 novembro 2016, p. 32.

Informa que no marco desta mostra se representarán as pezas *Cabaret-Elas e unha historia de desamor* e *A Meiga do Magosto e os Seres Míticos do Bosque*.

Portonovo, Ciclo de Teatro de Verán de

Organizado polo Concello de Portonovo co obxectivo de ofrecer un amplo abano de actividades ao aire libre. A edición de 2016 tivo lugar entre o 27 de xullo e o 5 de setembro no campo de San Roque. Representáronse as pezas *Eurovisión*, de Teatro O Laranxo; *Miña Naiciña*, do grupo de teatro Fonte da Tella; *O libro máxico*, de Expresión Contacontos; e *Unha avoa a catro patas, calcetíns en gravatas, escapa que ven a Paca*, a cargo do grupo de xubilados Maruxía.

Referencias varias:

- L. F., "Teatro O Laranxo reedita hoy éxito eurovisivo en el campo de San Roque", *Diario de Arousa*, "Sanxenxo", 27 xullo 2016, p. 13.

Informa sobre a apertura dun ciclo de teatro en Portonovo cunha parodia do Festival de Eurovisión a cargo de Teatro O Laranxo.

- V. B., "El grupo de jubilados Maruxía pondrá el broche final al ciclo teatral de verano", *Diario de Pontevedra*, "Sanxenxo", "O Salnés", 31 agosto 2016, p. 23.

Informa da participación de Maruxía como peche do ciclo de teatro estival de Portonovo coa obra *Unha avoa a catro patas*, adaptación de Hugo Andrade da peza homónima do colectivo Garola, e dá breve conta do seu argumento.

Teatro en **Primavera**, 5ª xornada de

Organizada por ASOMAMOS, Asociación de Maiores, Pensionistas e Xubilados de Mos. A edición de 2016 contou coa representación das pezas *Prohibido casar*, a cargo de Atrezo Teatro.

Rianxo, Outono Cultural de

Organizado pola Área de Educación, Cultura e Normalización Lingüística do Concello de Rianxo, coa colaboración da Deputación da Coruña e outras entidades. O teatro ocupa un papel fundamental neste programa, onde tamén teñen oco presentacións literarias, exposicións, danza, música etc. Na edición de 2016, celebrada durante os meses de outubro, novembro e decembro, participaron as compañías Aporía Escénica, con *30 e tantos ósos*; Centro Dramático Galego, con *Tartufo*; Producións Teatrais Excéntricas, con *Os amores de Jacques o fatalista*; e Talía Teatro, con *Foucellas*. Tamén se representou a peza, para público infantil, *Xan perillán compra queixo e compra pan*, d'Os Monicreques de Kukas.

Referencias varias:

- S. S., "El Outono Cultural llenará el auditorio rianxeiro de muestras, charlas y música", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 27 setembro 2016, p. 38.

Dá conta dalgunha das actividades programadas para Outono Cultural de Rianxo.

Ribadumia, Iª Mostra de Teatro

Organizada polo Concello de Ribadumia. Esta primeira edición tivo lugar durante o mes de novembro no Auditorio Municipal. Contou coa participación do grupo Alecrín, con *Reposo absoluto*; Aturuxo, con *Un día moi movidiño*; e grupo Argallada, con *Queridos Reis Magos*.

Riveira, Mostra de Teatro de

Organizada pola Concellería de Cultura do Concello de Riveira coa colaboración da Deputación da Coruña. Na edición de 2016, que tivo lugar no Auditorio Municipal de Riveira dende o 21 de outubro até o 2 de decembro, representáronse as pezas *Quen vai á guerra?*, a cargo d'A Pombiña; *Cyrano*, de Teatro Galileo; *Foucellas*, de Talía Teatro; *Perplexo*, de Il Maquinario; *Falar sen cancelas* de Culturactiva; e *Noiteboa*, de Redrum Teatro. Tamén contou coa participación da compañía foránea Pez en Raya (Madrid).

Referencias varias:

- S. S., "La Mostra de Teatro arranca esta noche con la obra titulada 'Quen vai á guerra?", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 21 outubro 2016, p. 34.

Resume a presentación do programa da edición de 2016 deste ciclo por parte da concelleira de cultura de Ribeira, enumerando as compañías participantes, indicando o custo das entradas e precisando cales compañías contan cun Premio María Casares.

Riveira de Humor, IIº Festival

Impulsado pola Concellaría de Cultura coa colaboración da Deputación da Coruña e AGADIC (Axencia Galega das Industrias Culturais). Esta segunda edición celebrouse entre o 3 de xullo e o 12 de setembro cun programa de once actividades de humor, clown, circo e teatro. Contou coa presenza da compañía Títeres Viravolta, coa peza *Vida, crimes e prisión de Toribio de Mañón*.

Referencias varias:

- S. S., "O Festival Ribeira de Humor enche as rúas de circo, clown e teatro", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 31 xullo 2016, p. 28.

Comenta que os obxectivos desta II edición do Festival céntranse "por un lado, en achegar as diferentes manifestacións artísticas de nova creación cultural (clown, novo circo, teatro na rúa e humor) e, por outro, en dinamizar e promocionar o interese pola cultura" e dá conta da programación.

Sada, XIIª Mostra de Teatro Afeccionado

Organizada pola Concellaría de Cultura do Concello de Sada que, ademais das diversas representacións teatrais, presenta outras actividades de xeito paralelo, tales como coloquios ou cursos monográficos. Concédese ademais o premio Lugrís Freire a aquelas obras mellor valoradas, podendo participar grupos de toda Galicia e norte de Portugal. Na edición de 2016, celebrada entre os días 2 e 16 de abril, participaron as compañías Nostrum Cai, con *Alba, a casa pechada*; FarandOleiras, con *Pánico*; agrupación teatral mariñán ATM, con *O de menos é o nome*; Andaravía Teatro, con *Manifféstate!*; e a foránea Lomáscrudo Teatro (Madrid).

Referencias varias:

- D. R., “La Mostra de Teatro Afeccionado llega este año a su duodécima edición”, *El Ideal Gallego*, “Sada”, 25 febreiro 2016, p. 13.

Indica que nesta mostra todas as compañías recibirán 400€ e que o mellor actor ou actriz recibirá un diploma e unha figura oficial dos Premios Lugrís Freire.

_____, “La Mostra de Teatro comienza este fin de semana”, *El Ideal Gallego*, “Sada”, 1 abril 2016, p. 14.

Dá conta do comezo deste festival que contará, entre outros, cos espectáculos *Pánico*, da compañía FarandOleiras; *O de menos é o nome*, da agrupación teatral Mariñán; ou *Manifféstate!*, de Andaravía Teatro.

_____, “La Mostra de Teatro sigue este fin de semana con dos obras”, *El Ideal Gallego*, “Área metropolitana”, 9 abril 2016, p. 14.

Informa da continuación da Mostra de Teatro de Sada na que comenta a representación da peza *Alba, a casa pechada*, da compañía lucense Nostrum Cai. Destaca a grande afluencia de público e alta participación nas votacións.

- Víctor Castro, “Este sábado tendrá lugar la gala de clausura de la XII Mostra de Teatro de Sada”, *El Ideal Gallego*, “Área metropolitana”, 13 abril 2016, p. 16.

Anuncia as distintas representacións que haberá na Casa da Cultura Pintor Francisco Llorens, de Sada.

San Andrés de Comesaña, Xº Encontro Teatral de

Mostra de Teatro afeccionado organizada pola compañía teatral O Trasno Novo Teatro. Na edición de 2016, que tivo lugar durante o mes de setembro, participaron as compañías Achádego Teatro, con *O barco sen mariñeiro*; Marañao Teatro, con *Inmortal*; e O Trasno, con *En venda*. Tamén contou coa representación, para público infantil, da peza *O Soñador de historias*, de Fanfarra.

Referencias varias:

- Ana Rodríguez, “Drama, comedia, suspense y marionetas en el ciclo de teatro de San Andrés”, *Faro de Vigo*, “*Vigo 4 Costados*”, 6 setembro 2016, p. 5.

Dáse conta do décimo Encontro Teatral de San Andrés de Comesaña, organizado pola compañía O Trasno Novo Teatro, e inserido dentro do Circuíto Galego de Teatro Amador da Fegatea. Indícase o nome das compañías e o horario das representacións.

Santa Comba, IIº Ciclo de Teatro

Ciclo de teatro organizado polo Concello de Santa Comba. Na edición de 2016, que tivo lugar entre o 11 e o 28 de novembro, representáronse as pezas *Cyrano*, a cargo de Teatro Galileo; *Sede de mal*, de Boneca Lareta; e *Habemus Mama*, de Teatro Proscrito. Para público infantil levouse a escena a peza *Roedores*, de Redrum Teatro e *Cervantes vs. Shakespeare*, a cargo de A trastenda dos contos.

Referencias varias:

- M. Manteiga, "Programación teatral para Dubra y Santa Comba", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 10 novembro 2016, p. 36.

Anuncia a representación en Dubra de *Bon Appetit* de Ghazafellos e *Que Deus nos colla confesados* de Tangatutanga. Por outra banda, dá conta do programa de representacións do IIº Ciclo de Teatro Santa Comba.

San Telmo, VIIIª Semana de Teatro Amador de Tui

Organizada polo concello de Tui. A edición de 2016 tivo lugar entre o 28 de marzo e o 2 de abril no teatro municipal da localidade. Contou coa participación do grupo de teatro Aloia de Pazos de Reis, coa peza *O caso da muller asasinadiña*; Chirlomirlo da Asociación Xuntaza de Randufe, con *Romeo e Xulieta*; grupo de teatro da Asociación San Fins de Rebordáns, con *A mesa do rincón*; e Atalaia do Centro Sociocomunitario, con *A miña tía e as súas cousas*.

Referencias varias:

- Eva González, "El Teatro Municipal de Tui repite entre los de más espectadores de la Rede Galega", *Faro de Vigo*, "Área metropolitana", "Baixo Miño", 7 xaneiro 2016, p. 13.

Entre outras cuestións, sinala o éxito da última celebración da Semana do Teatro Amador no Teatro Municipal de Tui.

- Antón Ferreira, "La comedia protagoniza en Tui la Semana de Teatro Aficionado", *Atlántico Diario*, 24 marzo 2016, p. 18.

Dáse conta da celebración desta mostra e anúncianse as datas e representacións que compoñen o seu cartel. Sinálase a ampla participación, con 50 actores.

Sanxenxo, Ciclo de Teatro de Outono de

Organizado polo Concello de Sanxenxo. A edición de 2016 celebrouse do 5 de novembro ao 11 de decembro no Pazo Emilia Pardo Bazán. Representáronse as pezas *Os vellos non deben de namorarse*, a cargo de Teatro do Morcego; *Unha avoa a catro patas, calcetíns e garavatas, escapa que ven a Paca!!*, do grupo de teatro Club de

Xubilados de Portonovo; *Saco roto*, do Club de xubilados e pensionistas de Sanxenxo; e *Cousas de Castelao*, da compañía Os Quinquilláns. Tamén se levou a escena para o público infantil *Retrincos de Castelao*, de Culturactiva.

Referencias varias:

- L. Ferreño, "Os vellos non deben namorarse' marcará el inicio del Ciclo de Teatro de Outono", *Diario de Arousa*, "Sanxenxo", 1 novembro 2016, p. 13.

Resume as palabras da concelleira de cultura na presentación do Ciclo, na que indicou que se abrirá coa posta en escena d'*Os vellos non deben de namorarse*, á que seguirán pezas a cargo de grupos afeccionados de Sanxenxo, para pechar o Ciclo compañías profesionais con outras dúas obras de Castelao, *Retrincos* e *Cousas*.

- J. C., "A figura de Castelao, protagonista no novo Ciclo de Teatro de Outono", *Diario de Pontevedra*, "O Salnés", "Sanxenxo", "Cambados", 1 novembro 2016, p. 18.

Dá conta da presentación do Ciclo, na que a concelleira de cultura destacou que se representarán tres obras de Castelao: *Os vellos non deben de namorarse*, *Retrincos* e *Cousas*, por parte de compañías profesionais, e sinalou ademais que actuarán grupos afeccionados autoctónos coas pezas *Unha avoa a catro patas*, *calcetíns e garavatas, escapa que vé a Paca!*, *Saco Roto* e *Viva o Cuponazo*.

San Xiao, VIIIª Mostra de Teatro Amador de Narón

Organizada polo Padroado de Cultura de Narón en colaboración coa Asociación de Veciños Célibe de San Xiao. Na edición de 2016, celebrada dende o día 6 até o 24 de abril no local social da asociación, representáronse catro pezas: *2021: Unha odisea na Terra*, a cargo da Escola de Teatro de Narón; *A pastilla milagrosa*, de A Pombiña de Pedroso; *Selfie*, do grupo Oquetiqueiras; *Non sempre chega o bus*, da Escola de Formación de Actrices e Actores do Padroado da Cultura de Narón.

Sarria, Mes do Teatro

Organizado pola Delegación de Cultura do Concello de Sarria. A edición de 2016, celebrada entre o 16 de outubro e o 27 de novembro, contou coa participación das compañías Teatro Ollomao, con *Catro contos*; O Centiño de Foz, con *O caldeiro máxico*; grupo de teatro da biblioteca de Antas de Ulla, con *13 rosas*; Palimoco Teatro, con *Medea Salvaxe*; e Ibuprofeno Teatro, con *A filla de Woody Allen*. Tamén se representaron as pezas, para público infantil, *Retrincos de Castelao*, de Culturactiva; *Madame Bechamel e Signora Bolognesa*, a cargo de Trécola; *A orixe*, de Raquel Queizás; e *4 tempos*, de Teatro do Miolo.

Referencias varias:

- A. C. V., “Una decena de obras de teatro amenizarán el otoño en Sarria”, *El Progreso*, “Sarria”, 14 outubro 2016, p. 17.

Nomea, en canto ás representacións para o público adulto, as pezas *Catro contos*, *O caldeiro máxico*, *13 rosas*, *Retrincos de Castelao*, *Medea Salvaxe* e *A filla de Woody Allen*, e para o público infantil, *Madame Bechamel e Signorina Bolognesa*, *A orixe* e *Catro tempos*.

Sen Numerar, Ciclo de Teatro

Ciclo de teatro organizado pola Concellaría de Cultura da Coruña, en colaboración coa Rede Galega de Teatros e Auditorios, co obxectivo de reforzar a programación do Fórum Metropolitano e apoiar o traballo de compañías locais e galegas. Na edición de 2016, celebrada do 13 de febreiro até o 3 de xuño e do 6 de outubro até o 10 de decembro, representáronse as pezas *Filosolfando*, a cargo de Boneca Lareta; Misterio Cómico de Teatro do Morcego; *O principio de Arquímedes*, de Teatro do Atlántico; *Panamericana*, a cargo da compañía A Panadaría; *STRPTS//Episodio 1: Mirlo&Rula*, de Cinema Sticado; e Antón Coucheiro, con *Múltiple*. Ademais, contou coa participación das compañías foráneas La Teta Calva (Valencia), Producciones Viridiana (Aragón) e El retrete de Dorian Gray (Cataluña), Ignacio Andreu (Sevilla) e Come y Calla (Madrid).

Referencias varias:

- J. A. Martínez Sevilla, “Otoño cultural”, *Diario de Arousa*/ *Diario de Ferrol*/ *El Ideal Gallego*, “Opinión”, 29 setembro 2016, p. 26.

Tras unhas reflexións iniciais sobre a cultura e o teatro, alude á edición de 2016 deste ciclo, valorando a oferta cultural que haberá na Coruña durante o outono.

- Ángela Fontao, “Un programa de comedia y reflexión escénica”, *La Opinión*, “Ciudad y Cultura”, 3 outubro 2016, p. 6.

Dá conta da edición de 2016 deste ciclo teatral, do cal explica a orixe, denominación, significación e o programa, composto por espectáculos “que busquen cuestionarse la situación y el entorno actual en clave humorística o más formal”. Enumeras as pezas e compañías e datas das representacións. Alude ao ciclo *Todo Público* que encomezará o 15 de outubro para todos os públicos, e remata precisando o prezo das entradas e dos bonos.

Summun Teatro, Ciclo

Celebrado no Pazo da Cultura de Pontevedra entre o 30 de abril e o 3 de xuño. A edición de 2016 contou coa presenza dos galegos Carlos Blanco e Luís Davila, coa peza *Menú da noite*.

Referencias varias:

- Belén López, “Teatro a gargalladas”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 1 abril 2016, p. 10.

Dá conta da posta en escena de *Menú da noite,* espectáculo de Carlos Blanco e do humorista gráfico Luis Davila, no ciclo Summum Teatro en Pontevedra.

Teatrofilia, XIIIª Mostra de Teatro Amador de Vedra

Festival de Teatro Amador organizado pola Asociación Cultural Papaventos, coa colaboración do concello de Vedra, FEGATEA e Ullán Teatro. Na edición de 2016, celebrada no Centro Social da Terceira Idade de Vedra dende o 4 até o 20 de marzo, participaron as compañías Tira e Afloxa, con *A boticaria*; Andaravía Teatro, con *Manifféstate!* e *Sacho’s Show*; Escola Municipal de teatro de Muxía, con *O velorio de Antón Carballo*; Axóuxere Teatro, con *Chou mas go on*; Aula de teatro do C.P.I de Vedra, con Ligues e outros líos; A.C. Cotomanguelo, con Cita case a cegas; Disfunción Continua Teatro, con Teimas; Farrapo Teatro, con *Frío*; Martabelas Teatro, con *Mullerebillosas*; e Marañao Teatro, con *Inmortal*. Tamén se representaron as pezas destinadas a un público infantil *O mar é azul*, da Escola de San Miguel de Sarandón; *Baile*, de Tira e afloxa; *O conto da rá*, de A.C. Cotomanguelo; Memorias dun neno labrego, de Cándido Pazó; e *Brincacontos*, de Andaravía Teatro.

Referencias varias:

- M. T., “O cartaz de Teatrofilia será unha obra de Teresa Saco”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 23 xaneiro 2016, p. 34.

Sinala que a asociación Cultural Papaventos escolleu o deseño de Teresa Saco para a vindeira edición da mostra.

_____, “Claudia Dorelle recibió el accésit de Teatrofilia por el mejor cartel infantil”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 24 xaneiro 2016, p. 33.

Destaca que a asociación Cultural Papaventos premiou o deseño de Teresa Saco e que, Claudia Dorelle, natural de Vedra, recibiu o accésit polo mellor cartel infantil.

- C. G., “Más de diez compañías actuarán en marzo en la muestra Teatrofilia”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 2 febreiro 2016, p. 27.

Faise eco do anuncio da programación deste espectáculo por parte da Asociación Cultural Papaventos e indica que terá lugar no Centro Sociocultural de Vedra. Dá conta das obras e grupos que participarán.

- M. T., “Teatrofilia arranca o día 4 con ‘Memorias dun neno labrego’ en Vedra”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 24 febreiro 2016, p. 29.

Comenta esta edición de Teatrofilia, que comezará o 4 marzo de 2016, contará, entre outras, coas representacións de *Memorias dun neno labrego*, *A boticaria*, *Manifféstate!* ou *O velorio de Antón Carballo.*

_____, "Teatrofilia arranca el viernes 4 de marzo con la pieza 'Memorias dun neno labrego' en Vedra", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 27 febreiro 2016, p. 31.

Informa da celebración desta mostra por parte da Asociación Papaventos e dá conta do seu programa. Engade que todas as representacións se ofrecerán na Casa da Terceira Idade.

- C. B., "Chega á mostra de Vedra 'A boticaria' e 'Manifféstate!", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 5 marzo 2016, p. 32.

Informa sobre o programa de actuacións desta mostra e que se desenvolverán no Centro Sociocultural de Vedra.

_____, "Teatrofilia levantou o seu telón lembrando a Neira Vilas", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 6 marzo 2016, p. 33.

Dá conta do recoñecemento que se lle fixo na mostra a Xosé Neira Vilas, morto o pasado ano. Tamén engade que Cándido Pazó representou *Memorias dun neno labrego*.

- M. T., "Última sesión de Teatrofilia este fin de semana", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 16 marzo 2016, p. 34.

Anuncia as últimas representacións da mostra de teatro a cargo de Farrapo Teatro con *Frío*, Martabelas con *Mullerebillosas*, Andaravía Teatro con *Sacho's Show* e Marañao Teatro con *Inmortal*.

_____, "Teatrofilia llega a su recta final con tres sesiones", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 19 marzo 2016, p. 32.

Dá conta do peche da décimo terceira edición da mostra coa representación de *Inmortal* pola compañía Marañao Teatro.

_____, "Sacan las bases del concurso de carteles para anunuciar Teatrofilia", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 27 outubro 2016, p. 33.

Informa da publicación da convocatoria para concorrer ao concurso de cartaces da edición de 2016 deste ciclo teatral e detalla as bases da convocatoria.

_____, "Convocan el concurso de carteles de Teatrofilia", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 13 novembro 2016, p. 29.

Informa da convocatoria do concurso de carteis para anunciar a XIV Mostra de Teatro Amador de Vedra, Teatrofilia, impulsado pola Asociación Cultural Papaventos. Engade que haberá un accésit para premiar o mellor cartel infantil.

_____, “El concurso de carteles para anunciar Teatrofilia termina el 10 de enero”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 7 decembro 2016, p. 28.

Detalla as bases da convocatoria para participar no concurso de carteis para a catorce edición de Teatrofilia.

Teatro no camiño, Vº Ciclo teatro afeccionado

Organizado pola asociación cultural Charamela de Melide. A edición de 2016, celebrada entre os días 1 e 29 de outubro na casa da cultura da localidade, contou coa participación de Rebuldeira Teatro, con *O bar do Manolo*; O Batán de Cangas, con *Igualdade virtual*; O Bordelo de Cervo, con *O reparto*; Estudio de Teatro CasaHamlet, con *Zí, muller, que somoz parvaz*; e Charamela Teatro de Melide, con *Se o sei... non volvo a casa*.

Referencias varias:

- M. T., “La asociación Charamela continúa con el ciclo de teatro”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 11 outubro 2016, p. 29.

Indica a participación de O Batán de Cangas con *Igualdade Virtual* e Estudio de Teatro Casahamlet con *Zí, muller, que somoz parvaz* neste ciclo.

Telaraño, Mostra de Teatro de Laraño

Organizada por Teatro do Muíño coa colaboración da Asociación Cultural A Ruliña. A edición de 2016 tivo lugar entre o 20 de novembro e o 18 de decembro no Centro Sociocultural de Laraño. Representáronse as pezas *O de menos é o nome*, a cargo da agrupación teatral Mariñán; *A muller soa*, de Dulcita López García; *Dez baixo cero*, de Martabelas; *A principiña. A ultraxe definitiva a Antoine de Saint-Exupéry*, de Teatro Carauta; e *Unha casa de tolos*, de Teatro do Muíño.

Terras do Orcellón, IXª Mostra de Teatro Amador

Organizada polo grupo Tirule, co apoio da Deputación Provincial de Ourense e do Concello do Carballiño. A edición de 2016 celebrouse entre os días 2 de outubro e 20 de novembro no Auditorio do Carballiño. Contou coa presenza das compañías Detirambo Teatro, coa peza *Retrato en branco en negro*; Agrupación Teatral Mariñán, con *O de menos é o nome*; Achádego Teatro, con *O barco sen mariñeiro*; FandOleiras Cabaré, con *Pánico*; Gargallada Teatro, con *Fuga*; Andaravía Teatro, con *Manifféstate!*; Disfunción Contínua Teatro, con *Teimas*; e Porta Aberta, con *A casa do senador*.

Referencias varias:

- Sabela Pinal, “El teatro aficionado tiene una cita en otoño”, *La Región*, “Carballiño”, 30 setembro 2016, p. 23.

Informa sobre as representacións programadas por Tiruleque para a novena edición da Mostra de Teatro Amador “Terras de Orcellón”, entre elas destaca *Retrato en branco en negro*, de Detirambo Teatro; *O de menos é o nome*, da Agrupación Teatral Mariñán; *Pánico*, de Fandoleiras Cabaré, e *O barco sen mariñeiro*, de Achádego Teatro. Comenta a baixa participación de grupos ourensáns na mostra.

- S. Fontenla, “Teatro no Carballiño”, *O SIL*, “Concellos”, outubro 2016, p. 9.

Destaca, como novidade da edición de 2016 deste ciclo, a ampliación das pezas que se representarán as oito compañías elixidas dun total de vinte e oito e enumera as pezas e as datas nas que se representarán.

- X. A. R., “O grupo coruñés Ditirambo abre a Mostra de Teatro do Carballiño”, *La Región*, “Provincia”, 2 outubro 2016, p. 22.

Detense na compañía que abre hoxe a edición de 2016 desta mostra teatral. Apunta o director, actores protagonistas, a montaxe e o argumento. Remata matizando quen organiza e tamén quen patrocina e colabora nesta mostra.

Tomiño, Outono Cultural

Organizado polo Concello de Tomiño. A edición de 2016, celebrada durante os meses de outubro e novembro no Auditorio de Goián incluíu concertos, cinema, teatro e exposicións. Participaron as compañías Teatro do Morcego, con *Os vellos non deben de namorarse*; Malasombra Teatro, con *Go on!*; e Carlos Blanco e Luis Davila, con *Menú da noite* e *Menú do día*. Tamén se representou, para o público infantil, *Retrincos de Castelao*, de Culturactiva.

Valadouro, XXXIª Semana do Teatro

Xornada de teatro afeccionado organizada polo concello do Valadouro. A edición de 2016, celebrada durante a primeira semana do mes de setembro, contou coa participación dos grupos Improvisando, coa peza *A madriña*; Ardora, con *Mal social*; O Centiño, con *O caldeiro máxico*; A Adala, con *Oia doctor*; e O Bordelo, con *Xubilando.*

Valladares teatral, Xº Ciclo de Teatro Afeccionado

Organizado pola Área de Cultura do Centro Veciñal e Cultural de Valladares, coa colaboración da Federación Galega de Teatro Afeccionado (FEGATEA) e co patrocinio da Xunta de Galicia. Na edición de 2016, celebrada os sábados do mes de outubro no auditorio do C. V. C de Valladares, representáronse as pezas *Inmortal*, a cargo de Marañao Teatro; *Emperador, que pensas? Fala!*, de Hipócrita Teatro; *Tress*, de Enxebre Teatro; e *Manifféstate!*, de Andaravía Teatro.

Vedra, Circuito Galego de Teatro Amador de

Organizado pola Asociación Cultural Papaventos, coa colaboración da Federación Galega de Teatro Afeccionado (FEGATEA) no centro sociocultural de Vedra. Na edición de 2016, celebrada entre o 30 de setembro e o 21 de outubro, participaron as compañías Andaravía Teatro, coa peza *Sacho's Show*; Chumpá Teatro, con *A nosa vila*; e grupo de teatro da biblioteca de Antas de Ulla, con *13 rosas*. Tamén se representou a peza, para público infantil, *Cling*, a cargo de Trécola Teatro.

Referencias varias:

- M. Toledo, "Andaravía levantó el telón del circuito de Teatro Amador", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 4 outubro 2016, p. 28.

Comenta a edición de 2016 do ciclo que se celebra en Vedra dende o venres pasado. Dá conta do éxito da peza inaugural e informa das demais pezas que se representarán, das datas, lugares e prezo das entradas.

- M. T., "Clausuran hoy en Vedra el ciclo de teatro amador", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 21 outubro 2016, p. 32.

Informa da clausura do ciclo de teatro amador en Vedra coa obra *Cling* por Trécola Teatro.

Venres de teatro, Ciclo de microteatro

Organizado polo Concello de Lugo e Microefectos Dramatúrxicos coa intención de amenizar as tardes nas prazas da cidade. Na edición de 2016 representáronse as pezas *Mafalda*, *Superlixo de confianza*, *Fuga dos heroes*, *Amor con retraso*, *Cultura para todos*, *Planta 127*, *Militantes* e *Arte contemporánea*.

Referencias varias:

- Marta Becerra, "Microefectos Dramatúrxicos abre los Venres de Teatro", *El Progreso*, "Lugo", "El despertador", 13 agosto 2016, p. 7.

Anuncia a apertura do ciclo representativo Venres de Teatro co grupo Microefectos Dramatúrxicos. Dise que o acto comezou coa peza de temática social *Superlixo de confianza* e finalizou con *Mafalda*. Indica a brevidade das composicións escritas e interpretadas polos propios membros do grupo.

Viana do Bolo, III^{a} Mostra de Teatro Afeccionado

Ciclo organizado pola Asociación Cultural Candea e celebrado na Casa da Cultura de Viana do Bolo. Na edición de 2016 celebrada durante o mes de agosto, participaron as compañías Candea Teatro, coa peza *Os cravos de prata*; A Ruada con *Os amores de Don Saturio*; e grupo de teatro Xaime Prada da Asociación de Veciños de Vilamartin, con *A idade do pavosaurio*.

Referencias varias:

- Mónica G. Bellver, "Mostra de teatro afeccionado", *O SIL*, "Cultura", agosto 2016, p. 30.

Dá conta da programación da III Mostra de Teatro Afeccionado e das tres agrupacións convidadas: Candea, A Ruada e Xaime Prada.

Vigocultura

Organizado polo concello de Vigo no auditorio municipal, inclúe espectáculos de música, teatro e danza. A edición de 2016, celebrouse durante os meses de outubro, novembro e decembro. Contou coa participación das compañías Triatreiros, con *Listo para sentenza*; A Artística, con *Leixaprén, non me veñas con cantigas*; Avento Producións, con *BU 21*; Eme2 Producións&Arte, con *Get Back*; Contraproducións, con *O tolleito de Inishmaan*; Redrum Teatro, con *Noiteboa*; e Teatro do Morcego, con *Os vellos non deben de namorarse*. Tamén contou coa presenza das compañías foráneas Yllana (Madrid), Companhia do Chapitô (Portugal), Teatro del Barrio (Madrid), La Teta Calva (Valencia), Teatro Gorakada (Bizkaia), Arena en los Bolsillos (Granada) e Grupo Expression (Ecuador).

Referencias varias:

- Concha Gómez, "Vigocultura ofrecerá 22 espectáculos este otoño", *Atlántico Diario*, "Vigo", 24 setembro 2016, p. 7.

Refire a presentación do programa deste ciclo teatral, facendo fincapé nas tres compañías viguesas que intervirán e nun á parte comenta que durante o mes de decembro haberá funcións dobres e aclara o prezo das entradas.

Vigo en bruto, VIº Ciclo

Programa ideado polos responsábeis de Teatro Ensalle para dar saída ao traballo de novos creadores escénicos. A edición de 2016, celebrada os días 3, 4 e 5 de xuño contou coa participación das compañías Feira do Leste, con *Exilio das moscas*; e Gravidade 0.0, con *Íntimo Común Múltiplo*. Tamén se representou unha peza en castelán de Cascará Teatro (Galicia-Madrid).

Referencias varias:

- M. M., “Teatro Ensalle abre el plazo para recibir propuestas al programa ‘Vigo en bruto”, *Faro de Vigo*, “Tv/Espectáculos”, 13 febreiro 2016, p. 63.

Informa de que desde o programa “Vigo en bruto” se pretende apoiar a compañías e artistas galegos ofrecendo residencia artística e técnica de varios días aos proxectos escollidos nesta convocatoria.

- Mar Mato, “El dúo clown Cascará Teatro abre el nuevo ‘Vigo en bruto’ de Ensalle”, *Faro de Vigo*, “Tv/Espectáculos”, 3 xuño 2016, p. 55.

Sinálase que esta mostra logrou apoiar o nacemento dunhas vinte compañías de teatro dende a súa creación. Coméntase que a edición deste ano abre coa peza *Papel, madera y también serrín*. Noméanse as demais compañías que participarán.

Vila de Sarria, VIª Semana de Teatro Cómico

Xornada teatral celebrada na Casa da Cultura da vila de Sarria. A edición de 2016, celebrada do 12 ao 14 de agosto, contou con seis representacións. Participaron as compañías Lila Teatro, coa peza *Bestiario Estrafalario*; Aula de Teatro do Concello de Sarria, con *Adaptación disparatada da Asamblea de Mulleres de Aristófanes*; Abrapalabra Creacións Escénicas, con *As do peixe*; e Boneca Latera, con *Filosofando*. Tamén se representou a peza *Cantos contos contas*, a cargo de Culturactiva, destinada para o público infantil.

Vilalba, XVIIª Mostra de Teatro de

Organizada por Hipócrita Teatro, coa colaboración da Concellería de Cultura, e celebrada no Auditorio Municipal Carmen Estévez de Vilalba. A edición de 2016, celebrada os días 12, 13 e 14 de febreiro, contou coa participación da Escola Municipal de Teatro de Vilalba, coa peza *Odisea no Teatro*; Escola Municipal de Teatro de Castro de Rei, con *Barvarela*; e Escola Municipal de Teatro da Pontenova, con *A pantasma do pazo Tumbiadoiro*.

Vilalba, Ciclo Sábados de Teatro de

Organizado polo Instituto de Estudos Chairegos coa colaboración da Deputación de Lugo. A edición de 2016 celebrouse entre o 29 de outubro e o 26 de novembro no auditotio Carmen Estévez. Contou coa participación das compañías Ibuprofeno Teatro, coa peza *A filla de Woody Allen*; Metátese Teatro, con *A saco*; Nova Escena, con *A Apócema*; e Escola Municipal de Teatro de Vilalba, con *Habelas hainas*.

Referencias varias:

- C. P. R., “A filla de Woody Allen’ estrena los Sábados de Teatro que organiza el Iescha en Vilalba”, *El Progreso*, “A Chaira”, 23 outubro 2016, p. 24.

Apunta que *A filla de Woody Allen* abrirá a edición de 2016 deste ciclo, resume o argumento da peza e refire a compañía que pechará o ciclo.

Vilamarín, XXIXª Noites Teatrais de

Organizadas polo Concello de Vilamarín e celebradas no auditorio municipal desa localidade. A edición de 2016, celebrada entre os días 12 e 15 de xullo, contou coa participación das compañías Aula de Teatro Universitario de Ourense Maricastaña, con *Demediado*; Redrum Teatro, con *Noiteboa*; Chévere, con *Eroski Paraíso*; e Ibuprofeno Teatro, con *Furancho*.

Referencias varias:

- Adrián Pérez, "El teatro vuelve al Auditorio Municipal de Vilamarín", *La Región*, "Verano", 9 xullo 2016, p. 23.

Informa da presentación da XXIX edición do ciclo de teatro de Vilamarín, centrado este ano na comedia, e destaca a relevancia deste certame en Galicia.

- M. V., "Comienzan las 'Noites Teatrais' en Vilamarín", *La Región*, "Verano", "Agenda de ocio", "Teatro", 11 xullo 2016, p. 25.

Dáse conta do comezo do ciclo e destaca que as pezas protagonistas serán as comedias. Cítanse as pezas *Demediado*, *Noiteboa*, *Eroski Paraíso* e *Furancho*.

- S. N., "La dramática historia del Vizconde Demediado", *La Región*, "Verano", "Agenda de ocio", "Teatro", 12 xullo 2016, p. 33.

Fala da organización da XXIX edición das Noites Teatrais polo Concello de Vilamarín e informa sobre a representación de Desmediado por parte da Aula de Teatro Universitaria de Ourense Maricastaña, unha adaptación de "O vizconde Demediado" de Italo Calvino.

Vimianzo, Sábados de outono de

Ciclo de teatro, maxia e música organizado polo Concello de Vimianzo todos os sábados dos meses de outubro, novembro e decembro na Casa da Cultura da localidade. Na edición de 2016 participaron as compañías Axóuxere Teatro, con *A rúa do inferno*; Chévere, con *Eroski paraíso*; Carlos Blanco, con *Carlos ao vivo*; Culturactiva, con *Falar sen cancelas*; compañía de teatro e danza El Ruiseñor, con *A casa de Bernarda Alba*; Acontrabutaca, con *Dous son parella e o demais son calumnias*; Lisístrata, con *Miña casiña meu lar*; Eme2 Producións&Arte, con *Monólogo do imbécil*; e Tik Tak Teatro, con *O des-enlace*.

Referencias varias:

- J. M. R., “Sábados de Outono con monólogos, teatro, magia y música en Vimianzo”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 25 setembro 2016, p. 35.

Dá conta da presentación do programa de Vimianzo nesta edición do ciclo, no que asistirán “as figuras máis destacadas do panorama nacional galego”, en palabras do alcalde e da concelleira de cultura. Informa do prezo das entradas, descontos e bonos e cita as compañías e pezas que representarán.

_____, “Culturactiva trae a Vimianzo Falar sen Cancelas”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 20 outubro 2016, p. 32.

Anúnciase a representación da obra *Falar sen cancelas* en Vimianzo, no marco do programa deste ciclo.

Xosé Agrelo, Xª Mostra de Teatro

Mostra de teatro organizada polo Concello de Muros coa colaboración da Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC). A edición de 2016 tivo lugar dende o 23 de abril até o 17 de maio no auditorio municipal con representacións e contacontos. Participaron as compañías Teatro Solidario As Insuas, con *Faneca brava* e *Catetervisión*; Quico Cadaval, con *Fantasmas familiares*; Avelaíñas Teatro e Queiroa Teatro, con *Variedades*; Debullando Teatro, con *Old Town*; Disfunción Continua Teatro, con *Teimas*; Aquelando Teatro, con *No día a día*; Os Quinquilláns, con *Espantallo amigo*; Teatro Ramón de Artaza, con *Piccolo, Saxo e compañía*; Obradoiro de Teatro Muros, con *Moby Dick*; e grupo de teatro do Centro Ocupacional de Valadares, con *Todo poderoso móbil*. Ademais, púxose en escena, para o público infantil, *Don Quixote. Unha comedia gastronómica*, a cargo de Limiar Teatro; *Xan perillán compra queixo e compra pan*, d'Os Monicreques de Kukas; *Canta o cuco*, de Uxía e Magín Blanco; *O seguro da enfermidade*, do CEIP de Louro; e *O achado do castro*, do CEIP Ricardo Tobío de Esteiro.

Referencias varias:

- M. G., “Muros pone en marcha este sábado la X Mostra de Teatro Xosé Agrelo”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 21 abril 2016, p. 36.

Indícase que a mostra de Teatro Xosé Agrelo contará coa presenza do grupo Limiar Teatro. Destácase a representación das pezas *Fantasmas familiares* e *No día a día*.

_____, “A Mostra de Teatro Xosé Agrelo ofrece ata o sábado catro representacións”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 5 maio 2016, p. 31.

Enumera os espectáculos teatrais representados esa semana na Mostra: *Faneca brava* de Teatro Solidario A Insuas, *Old Town* de Debullando Teatro de Negreira, *Xan Perillán, compra queixo, compra pan*, de Kukas e *Teimas* de Disfunción Continua Teatro.

Zas, Iª Mostra de Teatro Afeccionado de

Organizada polo concello de Zas. Esta primeira edición celebrouse do 23 de abril ao 21 de maio. Contou coa participación das compañías Tangatutanga Teatro, coa peza *Que Deus nos colla confesados. Cabaré bíblico*; Centro Cultural San Fins de Rebordáns, con *César a gusto*; Atlántida de Mantamá, con *Falando de cartos*; e Farandoleiras Cabaré, con *Pánico*.

Referencias varias:

- J. M. R., "I Mostra de Teatro Afeccionado para fomentar las artes escénicas en Zas", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 26 febreiro 2016, p. 38.

Dáse conta do prazo de inscripción para participar na mostra e da cuantía dos premios para os tres mellores espectáculos.

_____, "César a gusto' izará el telón de la primera edición de la Mostra de Teatro Afeccionado de Zas", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 18 abril 2016, p. 26.

Comenta que dentro das actuacións da primeira Mostra de Teatro Afeccionado de Zas estarán o grupo valdeorrés Gargallada con *Fuga*, o vigués Teatro Atlántida con *Falando de cartos* ou o compostelán Tangatutanga con *Que Deus nos colla confesados. Cabaré bíblico*.

- José Manuel Ramos, "O tempo das letras enche de actos lúdicos as vilas de Costa da Morte", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 4 maio 2016, p. 47.

Comenta o inicio da Mostra de Teatro Afeccionado de Zas e destaca a presenza das compañías Teatro Atlántida, Gargallada e Farandoleiras Cabaré.

- J. M. R., "Baio acoge el acto de clausura de la Escola de Teatro", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 22 maio 2016, p. 36.

Anúnciase a entrega de premios da mostra e a clausura da Escola de Teatro Infantil.

III.3.2. ESTREAS

III.3.2.1. GRUPOS ESTÁBEIS OU PROFESIONAIS

Achádego Teatro: *Balas sobre Broadway*, texto orixinal Woddy Allen

Referencias varias:

- Marta Becerra, "Siempre listos para ayudar", *El Progreso*, "El despertador", "Lugo", 6 decembro 2016, p. 9.

Dá conta das autoridades que acudiron á presentación da peza, sobre a que sinala que "narra una historia ambientada en el mundo de los gánsters durante la Ley Seca de los años 20 del siglo pasado en Estados Unidos" e que a compañía fixo unha "apuesta diferente a todo lo realizado hasta el momento".

- Marta Becerra, "Estreno de Achádego a favor del Banco de Alimentos", *El Progreso*, "Lugo", "El despertador", 10 decembro 2016, p. 11.

Afirma que con esta peza "el grupo presenta un registro novedoso en su trayectoria" xa que "se trata de una obra que lleva a los convulsos años 20 y al mundo de los gánsters".

Teatro do **Atlántico**: *Helena, xuízo a unha lurpia*, dirección Xulio Lago

Referencias varias:

- S. E., "María Barcala recibió el premio Maruxa Villanueva", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 7 novembro 2016, p. 19.

Indícase que o acto do Premio de Interpretación Teatral Maruxa Villanueva comezou coa representación da peza *Helena, xuízo a unha lurpia*.

- M. G. M., "Nuria Espert, Blanca Portillo o 'El Brujo' pasarán por el teatro Rosalía", *Diario de Ferrol*, "Sociedad", 17 decembro 2016, p. 37.

Dá conta da diversidade da programación ofrecida no teatro Rosalía. Destaca a representación das pezas galegas *Helena, xuízo a unha lurpia* e *Get Back*.

A la sombra del títere: *Atrapado na cordura. De neno a sen teito*

Referencias varias:

- Ángela Fontao, “Un teatro inclusivo que invita á reflexión”, *La Opinión*, “Ciudad y cultura”, 27 febreiro 2016, p. 10.

Fala de que Anxo Rodríguez está a desenvolver a súa próxima produción teatral *De neno a sen teito* na que pretende levar á xente da rúa a un espazo pechado onde se amosen a vida dunha persoa sen fogar.

- Alicia Pardo, “Manuel Anxo Rodríguez. ‘O teatro non pode ser un analxésico para que a realidade sexa máis aceptable”, *La Opinión*, “A Coruña”, “Ciudad y Cultura”, 8 decembro 2016, p. 11.

Conversa co actor, director e autor teatral Manuel Anxo Rodríguez sobre esta peza ao redor da integración dos sen teito da que afirma que “é unha problemática en aumento e que, ademais, está normalizada”. Destaca que a finalidade da obra é pensar que “calquera de nós pode rematar nesa situación, a pouco que uns cantos factores de poñan na nosa contra”, xa que “hai unha delgada liña entre o *con teito* e o *sen teito*, entre a suposta cordura e a locura. Unha fronteira que en calquera momento se pode traspasar”.

Aporía Teatro: *Os reloxos preguiceiros de Néboa*, dirección e adaptación Diana Mera e Teté García

Teatro do **Aramio** (1): *Ulrike no deserto*, dirección Fran Godón

Teatro do **Aramio** (2): *Alacrán*, dirección Fran Godón

Ver Galicia, XVIIª Mostra de Teatro Universitario de
Ver Lugo, Circuíto Galego de Teatro Amador de

Referencias varias:

- S. S., “Ibuprofeno pone en escena ‘A filla de Woody Allen”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 12 novembro 2016, p. 35.

Informa da posta en escena no Teatro Elma da Pobra da obra *A filla de Woody Allen* por Ibuprofeno e a traxicomedia *Alacrán* pola compañía Teatro no Aramio.

Avento Producións: *BU 21*, dirección Xoán Abreu

Ver Vigocultura

Recensións:

- Manuel F. Vieites, “BU 21, memoria do terror”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 603, “Teatro”, 17 novembro 2016, p. VIII.

Tras rememorar o acontecido o 11 de setembro de 2001, refire que o autor de *BU21*declarou que con esta peza “quere entender o que lle acontece ás persoas que experiencias tan traumáticas”. Refire que fai uso da técnica “verbatim drama” e cita pezas anteriores súas nas que xa a empregara, e así mesmo da “técnica dos monólogos alternados” coa que Sarah Kane escribira *Degoiro (Crave)*. Resume o argumento de *BU21*, salientando que “todos somos obxectivos potenciais” dunha barbarie, a través de seis personaxes que funcionan como “caretas que ao agochar a dor fan que esta sexa máis evidente”. A recensión compleméntase co despece “Muros fóra!” no que sintetiza que “a peza propón unha mirada complexa ao problema do terrorismo que nos amenza e nos encolle”. Destaca que o autor da peza “propón que sexa o amor o que cure os odios e as feridas” e critica que “o espectáculo se encha de certos ruídos” xa que “a textura non precisa doutros aditamentos que non sexa a simple interacción oral dos personaxes”.

A Ruada Teatro: *Os amores de Don Saturio*

Ver Viana do Bolo, IIIª Mostra de Teatro Afeccionado

Referencias varias:

- Mónica G. Bellver, “Música, teatro e xogos”, *O SIL*, “*Especial Festas Agosto 2016*”, “Viana do Bolo”, agosto 2016, p. 15.

No marco da programación cultural de agosto en Viana do Bolo, anuncia a representación desta peza.

Arume: *Auto de como Santa María foi levada aos ceos para a festa de Nosa Señora de Agosto*

Referencias varias:

- Belén López, “Arume e Ultreia estrearán un auto relixioso de Filgueira Valverde”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 2 xuño 2016, p. 13.

Dá conta da primeira representación da peza, na que participou o propio fillo do autor, Fernando Filgueira. Recolle as palabras de Raúl Lage, párroco de San Bartolomé, explicando o grupo Arume e as colaboracións entre o grupo e o coro Ultreia; e as de Juan García explicando como xurdiu a idea de representar o auto en galego medieval e a orixe do auto e as representacións das que fora obxecto, explicadas polo citado fillo de Filgueira Valverde. Tamén se recollen as palabras de Fernando Olbés nas que refire que a representación coincide coa celebración do trinta aniversario do coro e remátase aludindo ao coñecemento da lírica medieval por parte de Filgueira Valverde.

Artesa Cía: *Zugunruhe*

Ateaco: *Mátame, que eu non podo*, texto e dirección Lola Roel

Ver A Coruña, Circuíto Galego de Teatro Amador de
Ver Oroso, Outono Cultural de

Referencias varias:

- M. G. M., "La asociación Ditirambo se estrena mañana en las tablas con 'Retrato en branco e negro", *El Ideal Gallego*, "Sociedad", 5 outubro 2016, p. 13.

Indícase que o colectivo Ditirambo naceu da necesidad de crear un grupo de teatro de representación feminina. A seguir, anúnciase a peza *Mátame, que eu non podo* no Fórum e destácase o texto e a dirección corren a cargo de Lola Roel.

- José Manuel Gutiérrez, "Lola Roel. 'Lo que más me gusta del teatro es que es provocador", *La Opinión*, "Ciudad y Cultura", "A Coruña", 6 outubro 2016, p. 12.

Dá conta da próxima posta en escena de dúas pezas de Lola Roel: *Retrato en branco e negro* e *Mátame, que eu non podo*. Con respecto á segunda indica que reflicte "la intromisión de los estados en la vida de las personas". Enumera outras pezas dramáticas súas, posteriores á súa escrita narrativa, impulsada polo parecer da súa editora.

- Patricia Abet, "Lola Roel. 'El silencio es una buena manera de comunicar en el teatro", *ABC*, "Galicia", 6 outubro 2016, p. 63.

Comenta que esta peza "aspira a plasmar el fenómeno del envejecimiento en la sociedad de hoy en día", convidando o espectador a "repensar en la cotidianidad que lo rodea desde su butaca".

Atrezo Teatro: *Teatro sen barreiras*

Ver Porriño, Circuíto Galego de Teatro Amador de

Brais Abad e **Iria Lamas**: *Sei dun lugar*, dirección Xosé Leis

Referencias varias:

- M. G. M., "Una apuesta independiente por la generación 'Y", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", 27 novembro 2016, p. 11.

Refire datos desta comedia romántica da que a actriz protagonista sinala que "no pasa nada y a la vez pasa todo" e que a protagonista feminina "prueba cosas, viaja, se vuelve lesbiana o lo intenta" mentres que o protagonista masculino "se encierra para saber qué es lo verdadero" xa que "no sabe lo que quiere hacer en su vida".

Butacazero: *Voaxa e Carmín*, dirección Xavier Castiñeira

Ver Galicia Escena Pro, IVª Mostra de artes escénicas
Ver MIT, XXXIIª Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia

Recensións:

- J. A. Martínez Sevilla, "Voaxa e carmín", *Diario de Arousa*/ *Diario de Ferrol*/ *El Ideal Gallego*, "La columna", 18 outubro 2016, p. 26.

Tras referir claves da trama da peza, resalta a"impecable y milimétrica dirección de Xavier Castiñeira" e a escenografía. Ademais cualifica positivamente ás protagonistas, "unas magníficas damas de nuestra escena", se ben critica que "a veces sus diálogos disparatados y enfáticos no llegan con nitidez a los espectadores" aínda que "la gestualidad histriónica, hondura humana y andares se identifican plenamente con aquellos tipos tan populares". Remata salientando que "las andanzas de Maruxa y Coralia nos conmueven por su incapacidad para la interlocución" e preguntándose: "¿Las Marías fueron unas locas muy cuerdas?".

Referencias varias:

- M. G. M., "El Rosalía ofrecerá 'Hamlet', 'Voaxa e Carmín' o 'Ensayo sobre la ceguera", *Diario de Ferrol*/ *El Ideal Gallego*, p. 37, "Sociedad", 23 xullo 2016.

Informa que o martes se abrirá o prazo de renovación dos bonos para acudir ás once propostas que se representarán no Teatro Rosalía entre as que destaca *Voaxa e Carmín*, *Ensaio sobre a cegueira* e *Unhas poucas picadelas*.

Cándido Pazó: *Que comerá o Rei?*

Referencias varias:

- A. F., "Cándizo Pazó actúa en el Centro cultural guardés", *Atlántico Diario*. "Área metropolitana", "Baixo Miño", 9 novembro 2016, p. 18.

Dá conta da posta en escena desta peza que "presenta una sesión de historias y cuentos inspirados en los textos y dibujos de Castelao" e na que a palabra funciona "como única herramienta". Reproduce que Cándido Pazó califica a peza como "acto de desagravio" contra o descoñecemento existente nunha época sobre Castelao. Finaliza apuntando o número de representacións que terán lugar e a finalidade da peza.

Cantigas da Terra: *Un caso compricado*, texto Leandro Carré

Referencias varias:

- Alicia Pardo, "Cántigas da Terra rende homenaxe a Leandro Carré", *La Opinión*, "A Coruña", "Ciudad y cultura", 16 decembro 2016, p. 11.

Comeza referindo que, entre outras actividades organizadas para conmemorar un século da creación do Coro Galego Cántigas da Terra, se representará unha peza do seu primeiro director artístico. A seguir nomea as catro pezas de Leandro Carré que este Coro ten no seu repertorio e explican a razón da escolla de cada unha delas. Finaliza recollendo as palabras de Moncho Iglesias, actual director artístico do Coro, nas que explica que a elección da peza *un caso compricado* debeuse a desmentir o tópico de que o teatro das Irmandades da Fala é rural, xa que a peza "aínda que se escribiu en 1922, non é rural, senón policial. O que queremos é que o público vexa que o tópico é totalmente falso, e que entenda a importancia do teatro galego".

Teatro **Carauta**: *A principiña. A ultraxe definitiva a Antoine de Saint-Exupéry*

Ver Outes, Outono Teatral de
Ver Telaraño, Mostra de Teatro de Laraño

Carlos Blanco e **Luis Davila** (1): *Menú da noite*

Ver Summun Teatro, Ciclo
Ver Tomiño, Outono Cultural

Referencias varias:

- C. Crespo, "Cun caldo e un sacho faise un 'Broadway de cortello", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Escénicas", "Agenda", p. 8.

Indica que este espectáculo é a segunda parte de *Menú do día*, que xira arredor da idea de sachar como metáfora de redención e que conta coa participación de Carlos Blanco e Luís Davila.

- C. Crespo, "Cómico e debuxante sachan o rego dun novo subxénero, o 'musical de furancho", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Escenarios", 15 abril 2016, p. 13.

Comenta que *Menú da noite* xorde despois do éxito de *Menú do día* e que conta coas mesmas premisas de humor verbal e visual xunto con cancións e bailes.

- Mar Mato, "Sachos y caldo con humor en el Menú da Noite de Carlos Blanco y Luis Davila en Vigo", *Faro de Vigo*, "Tv/Espectáculos", 23 abril 2016, p. 71.

Destaca que este espectáculo está ambientado en Broadway, que é máis gamberro e picante que *Menú do día* e que conta con novos contidos e un meirande dinamismo.

- Cuca M. Gómez, "Estreno de 'Coma a vida mesma", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Gente a diario", "De café con Cuca", 9 maio 2016, p. 62.

Afirma que esta obra se representará en Pontevedra no Pazo da Cultura e que coincidirá coa obra *Como a vida mesma*, a cargo do taller de expresión dramática Á procura do tesouro.

- J. F., "Carlos Blanco y Luis Davila regresan con una nueva carta", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Agenda", 3 xuño 2016, p. 8.

Refire que o espectáculo *Menú da noite* vai "aderezado con mucho baile, animación y música" e que é "un diálogo creativo" entre o ilustrador e o actor. Recolle que Carlos Blanco considera que "gira en torno a la idea de sachar como metáfora de redención" e que dá continuidade a *Menú do día*. Remata indicando que "nueve meses tardaron en crear este divertidísimo espectáculo, que está teniendo una gran acogida".

- Brais Capelán, "Tradición, humor y música para recibir el último día de las fiestas", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Santiago", "Apóstolo 2016", 30 xullo 2016, p. L2.

Informa da representación do espectáculo *Menú de noite* no marco das Festas do Apóstolo en Compostela.

- Ruth López, "Carlos Blanco y Luis Davila presentan el 26 en Lugo el show 'Menú da noite", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 19 novembro 2016, p. 44.

Dá conta da acollida de *Menú da noite* en Lugo e salienta a banda sonora con música de Xose Manuel Budiño e Kepa Junquera.

- Jaureguizar, "Carlos Blanco: 'En Menú da noite fago en directo un caldo vegano", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 26 novembro 2016, p. 65.

Dá conta da estrutura da peza e das características máis relevantes do seu contido, que salienta reproducindo afirmacións do propio Carlos Blanco, caso da importancia do caldo na idiosincrasia galega, "Somos caldo", e así mesmo da importancia de "sachar e do sacho', no seu sentido máis amplo". Destaca a improvisación de facer un caldo semivegano en directo, co afán de "experimentar', nun ámbito bastante conservador como é o monólogo" e a dificultade de "acompasar o ritmo do debuxo -lento por natureza, aínda que Luís vai moi rápido'- e a fala de Carlos Blanco, que é veloz" xa que fan "unha lectura virtual ao monólogo".

Carlos Blanco e Luis Davila (2): *Menú da fala*

Ver DAC-Outono Cultural, Ciclo

Referencias varias:

- J. M. R., "Carlos Blanco e O Bichero chegan co 'Menú da fala", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 17 novembro 2016, p. 37.

Anuncia a representación en Vimianzo desta obra, así como a das pezas *Retrincos de Castelao* e *Os contos de Barriga Verde*.

- M. Gil, "El programa navideño de Noia incluye más de una treintena de actividades", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 2 decembro 2016, p. 37.

Entre as actividades culturais programadas, alude á posta en escena a cargo de Carlos Blanco.

Centro Dramático Galego (1): *Querido Tomás*, texto Xosé Neira Vilas, dirección Noelia Toledano

Referencias varias:

- M. García, "Noelia Toledano. 'Neira Vilas díxome: Quero que ti sexas Sera en Querido Tomás", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Agenda", "Para todos los públicos", 6 xaneiro 2016, p. L7.

Conversa na que a directora Noelia Toledano fala da obra *Querido Tomás* que se estreará o 8 de xaneiro de 2016. Destaca a dificultade que supuxo a adaptación do texto de Neira Vilas e a vixencia da temática.

- Montse García, "El Salón Teatro abre el 2016 con 'Querido Tomás", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Agenda", "Para todos los públicos", 8 xaneiro 2016, p. L10.

Anuncia a estrea desta peza, adaptación da novela *Querido Tomás*, de Xosé Neira Vilas. Dá conta do elenco de actores e doutras persoas que colaboran co proxecto.

Centro Dramático Galego (2): *Tartufo*, texto Molière, dirección Carles Alfaro

Ver Rianxo, Outono Cultural de

Recensións:

- Inma López Silva, "Da farsa e do clásico indiscutíbel", *Tempos Novos*, n.º 233, "Crítica", outubro 2016, p. 78.

Ofrécese unha recensión crítica da posta en escena da obra de Molière *Tartufo* por parte do Centro Dramático Galego dirixida por Carles Alfaro. Incídese no carácter comercial da representación da obra de Moliére levada a cabo e na perda do seu contido de revisión crítica sobre a opresión social da muller. Saliéntase o ambiente de represión xerado a través da escenografía dos anos vinte así como o afastamento histórico con respecto á obra orixinal de Moliére que este supón, subliñando que redunda na perda da efectividade exemplarizante do argumento. Afóndase na adecuación da representación como farsa e no axeitado traballo dos actores en relación a unha representación deste xénero. Faise fincapé na necesidade de representación dos clásicos.

- Camilo Franco, "CDG, novas intencións, vellos erros", *Diario de Pontevedra*/ *El Progreso*, "*Táboa Redonda*", n.º 52, "Fatiga ocular", 9 outubro 2016, p. 4.

Tras considerar que *Tartufo* non é a mellor peza de Molière, critica que "non queda claro" o que tentou facer o CDG xa que "non chegou a ningún espazo identificable" senón "a esa terra de ninguén onde as obras perden calquera sentido e sobreviven só coa respiración asistida da interpretación". Así mesmo afirma que a posta en escena do CDG non semella comedia, como si é o texto de Molière "de nacemento" xa que o sentido do humor do autor francés "está desaparecido no avance da obra" e a comicidade "procede máis de gags da interpretación que da comicidade do texto". Refire que ao mellor o director, Carles Alfaro, procurou "gañar profundidade pola vía de limitar o humor" e mesmo demoleu o artificio do enredo que ten o texto de Moliére e leva o texto a "un teatro dos cincuenta ou dos sesenta: envarado, artificial, un teatro que representa máis que interpreta, que aparenta a historia máis que contala". Refire en suma que a peza queda "a medio camiño entre o sainete aparente e un melodrama sen emoción", como xa aconteceu noutras postas en escena do CDG por "desmontar unha obra sen ter alternativa para remontala" pese a que, "ademais das responsabilidades institucionais, o CDG ten a obriga de facer teatro, bo teatro".

- J. A. Martínez Sevilla, "Moliere frente a Buero Vallejo", *Diario de Arousa*/ *Diario de Ferrol*/ *El Ideal Gallego*, "Opinión", "La columna", 1 novembro 2016, p. 26.

Tras sintetizar o argumento da peza *Tartufo*, de Molière, refire que esta aínda conserva a frescura da estrea en 1664 en Versalles. Alude ao programa de man da peza e cuestiona que o Centro Dramático Galego "jamás echa una mano piadosa a favor del teatro español con un impactante Valle-Inclán o siquiera este año, centenario de Antonio Buero Vallejo", de quen cita varias das súas pezas.

- S. N., "Tartufo': reflexión sobre la corrupción del poder", *La Región*, "Sociedad", "Agenda cultural", "Drama", 28 novembro 2016, p. 60.

Tras citar o director e o elenco, precisa que a peza aborda "el alcance de las apariencias, de la ceguera que provoca no querer ver, y de las visiones que sustituyen la realidad", é dicir, o perigo de confundir "la hipocresía con la honestidad y la honestidad con la hipocresía". Sintetiza a significación dos personaxes de Orgón, a súa nai e Tartufo e condensa o argumento da trama e remata referindo que Tartufo "encontrará la manera de seguir su camino impunemente".

Referencias varias:

- Víctor Pías, “O ‘Tartufo’ de Molière, a montaxe estrela da nova temporada do CDG”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 19 maio 2016, p. 34.

Infórmase de que o CDG porá en marcha dúas coproducións con Portugal (*O conto de inverno* e *Vida e morte de Daniel Faria*) e que o 23 de setembro de 2016 estreará, da man de Carles Alfaro, a versión galega do *Tartufo* de Molière.

- Montse García, “Tartufo’ abre la nueva etapa del CDG con intención de proyectarse más fuera”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 19 maio 2016, p. 37.

Dáse conta da presentación da nova programación do CDG na que se comenta que o *Tartufo* de Molière abrirá esta nova etapa na que se aposta pola comedia clásica como produción propia.

- Camilo Franco, “Os panfletos como autoaxuda”, *Diario de Pontevedra*/ *El Progreso*, “*Táboa Redonda*”, n.º 37, “Fatiga ocular”, 29 maio 2016, p. 4.

Comeza falando sobre Angélica Liddell para despois comentar que o Centro Dramático Galego ten que volver á pedagoxía das cousas, ao procedemento tranquilo xa que parece estar condenado sempre a reiniciar a súa relación cos espectadores. Destaca a representación de *Tartufo*, cualificada como comedia sobre un impostor.

- Mar Mato, “Fefa Noia. ‘Non podo caer en personalismos; o CDG ten que ser representativo, gústeme ou non”, *Faro de Vigo*, “Tv/Espectáculos”, 29 maio 2016, p. 73.

Conversa na que a directora do CDG fala das coproducións cos teatros portugueses e da importancia da proxección do teatro galego fóra de Galicia. Comenta que comezou a nova andaina co *Tartufo* de Molière para tentar conectar con todo o público que tivo o CDG.

- Candela Valle, “El Teatro Principal acogerá 37 funciones en este semestre”, *La Región*, “Ciudad”, 6 setembro 2016, p. 11.

Entre as funcións programadas no Teatro Principal, salienta *O Tartufo* do Centro Dramático Galego.

- Montse García, “O CDG revisa a impostura de ‘Tartufo”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 21 setembro 2016, p. 40.

Dá conta dos últimos días de ensaio, a tres días da estrea dunha peza que “fala da impostura, da manipulación e do artificio, algo que continúa moi presente na sociedade social” e matiza os cambios realizados na adaptación no final e nalgúns matices dos personaxes. Recolle que o director tentou “personalizar al máximo los actores con sus personajes, invitar al espectador a que tome partido”, que referiu que “dialecticamente, a obra non é fácil” e que precisou que “los Tartufos están ahí y muy bien ocultos”.

- M. G., “El CDG llevará ‘Tartufo’ a diez escenarios gallegos hasta diciembre”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 22 setembro 2016, p. 41.

Dá conta dos lugares e datas das representacións da peza. Recolle as declaracións de Fefa Noia quen precisou, respecto do elenco, que reflicte "un diálogo entre xeracións".

- Carlos Crespo, "Fefa Noia. 'Que levante a man quen non foi impostor", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Escena", 23 setembro 2016, p. 5.

Conversa coa directora do CDG sobre a súa estrea no cargo con *Tartufo*, sobre a que afirma que quería apostar, dentro dos autores clásicos, por "un autor indiscutible pero que tivera reverberación hoxe en día". Respecto da escolla de Carles Alfaro como director, refire que pesou o feito de que "artisticamente ten unha forma de traballar moi honesta", "apela á esencia do teatro, ao actor", "ten un rigor e un compromiso co seu traballo impresionantes" e "traballa sempre no marco da realidade, en función do equipo e dos medios cos que vai contar". Sinala, sobre a concepción estética da montaxe, que se buscou "certa atemporalidade" e, sobre o dossier do espectáculo, que "nalgún momento todos consentimos ser manipulados para evadir responsabilidades" e remata precisando que "paga moito a pena tamén construír un Centro Dramático máis conectado coa realidade profesional".

- María Abascal, "O 'Tartufo, de Moliere, segue xirando en Santiago", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 29 setembro 2016, p. 44.

Recolle as palabras do director valenciano definindo os tartufos como "seres extraordinariamente hábiles, camaleónicos e até certo punto inquietamente misteriosos" ademais de posuidores dunha "capacidade manipuladora total", se ben matiza a responsabilidade do burlado por eles porque se "deixa manipular". Respecto á posible interpretación política da peza, afirma que mesmo as "maiores maldades teñen un trasfondo de causa". Precisa que a peza é "lúdica", "lúcida", "tenra", "crítica" e "burlesca" e que na escolla da peza influíu o reto de dirixir actores que deben , por medio dun "traballo de estilos", "contemporaneizar" un texto clásico mais sen que resulte "retórico". Fefa Noia destaca a acertada elección do elenco, nun "diáologo entre xeracións" e finaliza coas palabras do director sobre as dificultades para a dirección de actores nunha lingua que descoñece e "nun ámbito cultural diferente".

- ECG, "Seguen no Salón Teatro as funcións do 'Tartufo", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 30 setembro 2016, p. 38.

Anuncia as datas de representación de *Tartufo* en Compostela.

- Maru Torres, "Un lucense para o reparto de 'Tartufo", *El Progreso*, "*Xente de aquí*", "En sociedade", 9 outubro 2016, p. 15.

Presenta a Xoan Fórneas, actor lucense participante na peza dirixida por Carles Alfaro.

- Ángela Fontao, "Alejandro Saá. 'Impostores hai sempre, como tamén haberá persoas que necesiten crer neles e os crean", *La Opinión*, "A Coruña", "Ciudad y Cultura", 29 outubro 2016, p. 11.

Conversa co actor que interpreta o personaxe de Tartufo, na que afirma que nesta versión teatral "os conflitos vívense desde a verdade máis real dos personaxes, en plemitude", que nesta versión coral "todas as personaxes teñen o seu peso específico na historia", que os actores de máis idade amosaron un "compromiso sen cuestionamentos", que "impostores houbo e haberá sempre", que "hai xente que precisa aferrarse a cousas que, aínda sabendo que non son verdadeiras, só pola forza ou intensidade son útiles para ter un apoio" e que o personaxe de Tartufo "ten unha capacidade de convicción enorme e, para un actor, facer de actor é moi interesante e moi difícil".

- S. S., "El CDG traerá al auditorio rianxeiro una versión de la obra 'Tartufo', de Molière", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 13 novembro 2016, p. 31.

Nomea o lugar da posta en escena, o prezo das entradas e o elenco da peza.
- Cuca M. Gómez, "A disfrutar de la auténtica cocina", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Gente a diario", "De café con Cuca", 26 novembro 2016, pp. 70-71.

Dáse conta da representación da peza na sede Afundación de Pontevedra e indícase que mostra o alcance das aparencias e como as visións poden deformar a realidade.

- Gerardo González Martín, "¡Ay qué vivos, los ejecutivos! triunfantes en 1969", *Atlántico Diario*, "Opinión", "Entrar a por uvas", 8 decembro 2016, p. 22.

Comenta e valora a representación en Vigo de *Tartufo*.

Chévere Teatro: *Eroski paraíso*, dirección Xesús Ron

Ver Cambados, Ciclo de Teatro Adulto
Ver Cangas, XXXIIIª Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo
Ver Cariño, XXXVIIIª Mostra de Teatro Galego de
Ver FIOT, XXVº Festival Internacional "Outono de teatro" de Carballo
Ver Galicia Escena Pro, IVª Mostra de artes escénicas
Ver MIT, XXXIIª Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia
Ver Outes, Outono Teatral de
Ver Ponteatro, IVº Ciclo
Ver Vilamarín, XXIXª Noites Teatrais de
Ver Vimianzo, Sábados de outono de

Recensións:

- Camilo Franco, "Sen memoria non queda paraíso", *Diario de Pontevedra*/ *El Progreso*, "*Táboa Redonda*", n.º 30, 10 abril 2016, p. 4.

Afirma que esta montaxe de Chévere Teatro documenta un tempo que foi reconstruíndo un pasado, pero sen facer biografía. Indica que nela se propón dobrar o tempo e facer que dous momentos coincidan nun mesmo espazo e que se inclina á comedia, ao sentimentalismo pero non á parodia. Recolle o argumento da peza e destaca que "a memoria colectiva é máis aceda que a individual".

- Alfredo Conde, “Xente divertida”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Os outros días”, 7 decembro 2016, p. 4.

Refire que asistiu á representación de *Eroski Paraíso*, peza calificada por Miguel de Lira de “caricatura” e que mereceu o Premio Nacional de Teatro. Sinala que se ben “o comezo da obra é un pouco lento” e “un tanto tedioso”, “o xoguete escénico, a trata, está moi ben artellada”. Salienta a interpretación de Patricia de Lorenzo, “isa actriz inmensa” e a de Miguel de Lira xa que ambos os dous conseguen que o espectador “pensa e identifícase, sinte reais os personaxes extraídos dunha realidade certa, non imaxinada”. Tamén destaca a interpretación de Cristina Iglesias e do debutante Luís Martínez, que “da muda testemuña dun tempo que se foi, dunha memoria perdida”, mentres o espectador “non deixa de cismar polo baixo desa realidade que os tempos nos botaron enriba”.

Referencias varias:

- M. M., “Chévere e Il Maquinario ensayan y promoción argentina de Piedrahita”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 17 xaneiro 2016, p. 39.

Ademais doutros temas fai referencia os premios conseguidos polas compañías Il Maquinario e Chévere durante a última gala dos premios María Casares de teatro. Tamén indica os vindeiros espectáculos que ambas compañías pretenden levar adiante este ano.

- M. M., “Lo último de Il Maquinario y la gira de Piedrahita”, *La Opinión*, “Sociedad, cultura y ocio”, 17 xaneiro 2016, p. 34.

Entre outras cuestións indica que, tras o éxito acadado nos Premios María Casares, a compañía Chévere comezou os ensaios desta nova obra.

- M. G., “Chévere estrea hoxe na fábrica de Sel a obra ‘Eroski Paraíso”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 18 marzo 2016, p. 38.

Informa das representacións da peza que se celebran na fábrica de Sel durante a fin de semana.

_____, “Chévere ofrecerá 6 funciones de ‘Eroski paraíso’ en Teo”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, 30 marzo 2016, p. L11.

Anuncia o regreso de Chévere a Teo para representar *Eroski Paraíso*, o primeiro espectáculo da compañía despois de lograr o Premio Nacional de Teatro.

_____, “O paraíso prometido era en realidade un supermercado”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Escénicas”, “Agenda”, 1 abril 2016, p. 8.

Afirma que esta obra afonda no desarraigo vital, emocional e cultural dunha xeración a partir dunha historia local e real ambientada en Muros a finais do século XX.

- F. F., “Teatro do Morcego e o grupo Chévere estarán no Auditorio da man do Agadic”, *Diario de Arousa*, “Vilagarcía”, 18 agosto 2016, p. 5.

Dá breve conta da programación cultural de Vilagarcía en colaboración co Agadic, entre as demais obras representadas salienta a participación de Chévere con *Eroski Paraíso*.

- Antonio Mosquera e S. F., “Cristina Iglesias. ‘O máis importante é perseverar”, *La Voz de Galicia*, *“Ya Es Sábado”*, nº. 137, “Última”, 8 outubro 2016, p. 40.

Conversa coa actriz Cristina Iglesias, na que afirma que lle interesan os temas con “presenza de mulleres” para “chegar á xente”; que considera que no teatro “tes que lidiar coa incerteza, pero hai que perseverar. A oportunidade ha chegar” e recoñece que o teatro lle atrae máis que a televisión xa que “é unico, como se adoita dicir: É a beleza do efémero”.

- F. Frieiro, “Teatro, danza y proyecciones en un mes cargado de cultura”, *Diario de Arousa*, “Vilagarcía”, 4 novembro 2016, p. 7.

Entre outras actividades culturais, nomea as postas en escena de *Curtis & Teixeiro* e de *Eroski Paraíso*.

- M. G., “O Outono 2016 segue con micoloxía, saídas, maxia e contacontos dende Ames”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 10 novembro 2016, p. 36.

Informa, entre outros eventos, da representación de *Eroski paraíso* de Chévere en Ames e *Os amores de Jacques o fatalista* de Produccións teatrais excéntricas no Milladoiro.

- M. García, “Miguel de Lira. ‘Volver a Compostela sempre é especial”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Entrevista”, 6 decembro 2016, p. L10.

Conversa cun dos protagonistas da peza, na que explica que “é unha volta á casa, á orixe, que é un tema recorrente nas historias que se contan tanto no cine como no teatro e na literatura”, enfocada dende “un encontro deses seres dunha familia desestruturada na nosa terra, en Galicia”, se ben a peza “empezara sendo unha idea para unha curtametraxe”. Sinala, respecto da boa acollida da peza nas representacións levadas a cabo fóra de Galicia, que “o público de fóra cáptao porque os diferentes tipos de desarraigamentos que hai no espectáculo son máis universais do que a xente pode crer” e finaliza aldudindo a que xa teñen algunha idea pensada para conmemorar o trinta aniversario da compañía.

- Mónica G. Bellver, “Nadal para toda a familia”, *O SIL*, “*Especial Nadal Decembro 2016*, “O Carballiño”, decembro 2016, p. 34.

Destaca a participación de Chévere coa obra *Eroski paraíso* no marco das actividades programadas para o Nadal no Carballiño.

- F. D., “Actuación de la coral en la Veracruz”, *La Región*, “*Nadal nas Comarcas de Ourens*e”, “Nadal en O Carballiño”, “Música y teatro”, 23 decembro 2016, p. 25.

No marco das actividades programadas durante o Nadal no Carballiño, informa da representación desta peza no Auditorio.

Contraproducións: *O tolleito de Inishmaan*, texto Martin McDonagh, versión e dirección Cándido Pazó

Ver Cambados, Ciclo de Teatro Adulto
Ver FIOT, XXVº Festival Internacional "Outono de teatro" de Carballo
Ver Ponteatro, IVº Ciclo
Ver Vigocultura

Recensións:

- Camilo Franco, "We love Ireland", *Diario de Pontevedra*/ *El Progreso*, "*Táboa redonda*", n.º 56, "Fatiga ocular", 6 novembro 2016, p. 4.

Comeza afirmando que o teatro galego "mira para Irlanda como unha opción de encontrar un discurso asumible e adaptable. E escrito desde o presente", como se observa na posta en escena de *O tolleito de Inishmaan*. Refire que Cándido Pazó tenta que "a comedia sexa divertida e cun pouso de elegancia antiga" e que ao teatro galego lle gusta Portugal "como territorio xeográfico e Irlanda como territorio simbólico". Engade ademais que á cultura galega lle gusta Irlanda "como espazo de ficción, como falsa memoria, como épica e mesmo como retranca" e recoñece que ten a disputa de se os "galegos renunciarían á lingua propia a cambio de ter un estado", como en Irlanda, a diferenza de Galicia. Destaca que Martin McDonagh se representa máis en Galicia que os propios autores galegos e que Cándido Pazó elixiu "un xogo de identificación sutil pero sen sombras" para "falar dos galegos sen galegos polo medio" desde unha "distancia exótica e recoñecible". Valora positivamente que o elenco estea "no seu sitio" e que empregue o "mellor galego que se pode escoitar en escena dende hai moitos anos" e critica que "por veces insiste de máis na comedia, como se desconfiase algo do público".

Referencias varias:

- M. G., "Llega al centro cultural 'O Tolleito de Inishmaan", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 18 outubro 2016, p. 30.

Informa sobre a representación en Muros da peza *O Tolleito de Inishmaan* pola compañía de teatro Contraproducións. Comenta que a obra está dirixida por Cándido Pazó e nela participan actores como Evaristo Calvo, Ana Santos e Ricardo de Barreiro.

- Cibrán Canedo, "Una apuesta decidida por la cultura", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 12 novembro 2016, p. 38.

Anuncia a posta en escena da obra encadrada dentro do programa cultural da vila de Noia.

DesastRosas: *Mulleres ao borde dun ataque de textos*

Referencias varias:

- M. T., "La casa de cultura acogió el show de Pepo Suevos y una obra teatral en Touro", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 13 novembro 2016, p. 30.

Alude á posta en escena da peza a cargo de DesastRosas.

Ditirambo: *Retrato en branco e negro*, texto Lola Roel, dirección Santiago Fernández

Ver Caranza, Ciclo de Teatro Afeccionado "Domingos a escena"
Ver Laracha, Venres teatrais da
Ver Terras do Orcellón, IXª Mostra de Teatro Amador

Referencias varias:

- M. G. M., "La asociación Ditirambo se estrena mañana en las tablas con 'Retrato en branco e negro", *El Ideal Gallego*, "Sociedad", 5 outubro 2016, p. 13.

Indícase que o colectivo Ditirambo naceu da necesidad de crear un grupo de teatro de representación feminina. A seguir, fálase da peza *Retrato en branco e negro*, sinalando que reflicte o drama dunha nai e dunha filla.

- José Manuel Gutiérrez, "Lola Roel. 'Lo que más me gusta del teatro es que es provocador", *La Opinión*, "A Coruña", "Ciudad y Cultura", 6 outubro 2016, p. 12.

Dá conta da próxima posta en escena de dúas pezas de Lola Roel: *Retrato en branco e negro* e *Mátame, que eu non podo*. Con respecto á primeira, comenta que trata un conflito xeracional nai/filla, cando esta regresa dezasete anos despois, con "muchas deudas pendientes, mucho silencio y mucho rencor" á unha casa que semella detida no tempo e na que a neneira funciona como vórtice do triángulo. Enumera outras pezas dramáticas súas, posteriores á súa escrita narrativa, impulsada polo parecer da súa editora.

- Patricia Abet, "Lola Roel. 'El silencio es una buena manera de comunicar en el teatro", *ABC*, "Galicia", 6 outubro 2016, p. 63.

Comenta que na peza, nais e filla protagonizan unha "relación trufada de reproches y malentendidos", de tal forma que o público se atopa fronte a un teatro, "el de la palabra, que funciona como espejo de la realidad social" para amosar así que o silencio constitúe unha "forma más de comunicarse con el público y que transmite lo que la palabra a veces no puede".

Eme2 Producións&Arte (1): *Monólogo do imbécil*, texto e dirección Jose Prieto

Ver Carballiño, XXVIIº Festival de Teatro Galego do (FETEGA)
Ver MITEU, XXIª Mostra Internacional de Teatro Universitario Galego
Ver Vimianzo, Sábados de outono de

Recensións:

- Camilo Franco, "Imbécil como substantivo", *Diario de Pontevedra*/ *El Progreso*, "*Táboa redonda*", n.º 32, "Fatiga ocular", 24 abril 2016, p. 5.

Afirma que o personaxe que interpreta Xosé Antonio Touriñán nesta montaxe é un incauto que acepta como propia a opinión que sobre el teñen os demais. Indica que na peza *Monólogo do imbécil* se dá un repaso á vida do seu protagonista, que nela existe un equilibrio entre o cómico e o que o personaxe ten que ofrecer. Desta que "a obra inclínase máis ao gag que ao chiste e compaxina dúas caras que corresponden ao mesmo carácter do personaxe".

Referencias varias:

- Ángela Fontao, "Xosé A. Touriñán. 'A xente verá a un Touriñán nun rexistro distinto ao que acostume", *La Opinión*, "A Coruña", 3 xuño 2016, p. 11.

Conversa co actor Xosé A. Touriñán, protagonista de *Monólogo do imbécil*, na que refire que lle animou a participar "o proceso de ensaios no teatro", que non viu a interpretación anterior que fixera Santi Prego, que no teatro "non hai marxe ao xogo de improvisación", que considera que calquera espectador se pode "ver representado por este tipo, que é riquiño e cae ben".

- ECG, "Llega el primer 'Monólogo do imbécil' al Principal", *El Correo Gallego*, "Santiago", 10 xuño 2016, p. 25.

Comenta a representación desta obra no Teatro Principal de Santiago de Compostela. Destaca o éxito da obra e que o texto resultou gañador do Premio Max de Teatro 2003. Fala dos horarios e do prezo das entradas.

- Brais Capelán, "Xosé A. Touriñán. 'Custoume aprender un texto pechado", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Agenda", "Para todos los públicos", 10 xuño 2016, p. L10.

Conversa co actor Xosé A. Touriñán, protagonista de *Monólogo do imbécil*, na que refire que lle resultou "complicado" preparar a obra porque "estou en todo o momento só no escenario" e ao ser un "texto pechado", non ten marxe para improvisar, se ben semella que "a xente marcha dos teatros contentos", e sobre o teatro fronte á televisión afirma que o primeiro "é máis instantáneo, podes ver a reacción do público no momento".

- R. L., “Touriñán presenta 'Monólogo do imbécil' en Compostela”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 10 xuño 2016, p. 70.

Dá conta da representación desta peza, que merecera o Premio Max de Teatro en 2003 ao mellor texto en lingua galega, e do prezo e lugar de venda das entradas. Reproduce palabras da productora Eme2, nas que califica a peza como “unha autobiografía surrealista, tenra, cómica e fantática coa que todo o mundo acaba identificándose” e remata comentando que ao protagonista “todo lle sae mal. Procura comportarse como os demais [...] pero sempre sucede algo que acaba deixándoo con cara de parvo”.

- Ana Baena, “Xosé A. Touriñán. ‘Resultou complicado que o público non vise no teatro ao Touriñán que coñecen e si ó personaxe”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, “Entrevista”, 31 agosto 2016, p. 7.

Conversa co actor Xosé A. Touriñán, protagonista de *Monólogo do imbécil*, na que alude a que a obra foi escrita en 2002, antes de comezar o Club da Comedia, e que merecera o Premio Max; explica o tema da comedia, ademais das dificultades para preparar o personaxe e para que o público descubra outras facetas súas.

- Concha Gómez, “Xosé Antonio Touriñán. ‘Un personaje es como cincelar una piedra para crear arte”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, “Entrevista”, 23 setembro 2016, p. 8.

Entrevista ao actor Xosé Touriñán e dá conta dos seus proxectos, entre os que se menciona o “Monólogo do imbécil” e o espectáculo Curtis&Teixeiro.

- M. G. M., “Xosé A. Touriñán. ‘É mellor ser imbécil que non outras cousas”, *El Ideal Gallego*, “Sociedad”, “Entrevista”, 2 decembro 2016, p. 37.

Refire que na peza “o protagonista darase conta da razón que ten a sociedade para marcalo con esa condición” e reproduce palabras do actor que lle dá vida, nas que salienta que ao protagonista “a vida saiulle así, toda cruzada” e que “o espazo é negro e diante está o público”.

Eme2 Producións&Arte (2): *Get Back*, texto Diego Ameixeiras, dirección Jorge Coira

Ver Ponteatro, IVº Ciclo
Ver Vigocultura

Referencias varias:

- Ana G. Liste, “Get Back revoluciona un autobús de Vigo para presentar su llegada a la ciudad”, *Faro de Vigo*, “Tv/Espectáculos”, 6 outubro 2016, p. 59.

Comeza indicando que se representou unha parte da peza no autobús 434 da liña C3 de Vitrasa, xa que en Vigo non hai metro, como acontece na peza, coa intención de os viaxeiros “vayan todos de cabeza al teatro” ao comprobar que “el teatro es algo normal que sucede más cotidianamente de lo que parece”.

- Ana Baena, “Sorpresa teatral no autobús”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 6 outubro 2016, p. 13.

Dáse conta da representación dun fragmento da peza nun autobús en Vigo. Reproduce as palabras do actor Federico Pérez respecto da temática: “fan falla este tipo de obras, porque que afronten os problemas actuais, porque xa chegan de adaptacións de Shakespeare” e salientando o feito de que axuda que os actores sexan coñecidos do público pola televisión, “porque se a xente nos coñece vén máis ao teatro”, un xénero en crise no que “traballamos en precario”.

- Cuca M. Gómez, “Ocio y libros para todos los gustos”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, 18 novembro 2016, pp. 70-71.

Entre outras actividades, salienta a representación de *Get Back* no Teatro Principal.

- S. N., “Comedia sobre cuatro gallegos buscándose la vida en Londres”, *La Región*, “Sociedad”, “Agenda de ocio”, “Teatro”, 19 decembro 2016, p. 60.

Explica que esta comedia, que comeza cunha investigación sobre os *londoners*, “les permite, mediante un modo de trabajo cooperativo, un proyecto sólido que refleja, en cierto modo, la realidad fraccionada de la Galicia contemporánea” e finaliza precisando que a peza encomeza “como un accidente”.

- M. G. M., “Nuria Espert, Blanca Portillo o ‘El Brujo’ pasarán por el teatro Rosalía”, *Diario de Ferrol*, “Sociedad”, 17 decembro 2016, p. 37.

Dá conta da diversidade da programación ofrecida no teatro Rosalía. Destaca a representación das pezas galegas *Helena, xuízo a unha lurpia* e *Get Back*.

- Candela Valle, “El Auditorio acoge ‘Get Back’, una comedia sobre emigración”, *La Región*, “Ciudad”, 21 decembro 2016, p. 11.

Tras informar do horario da posta en escena e do elenco, precisa o proceso de creación, reproducindo as palabras de Camilo Franco: “foi cun documental meu sobre galegos en Londres que se fixo con entrevistas en video a 15 galegos de distintas idades, traballo, xente completamente establecida e recén chegada”. Detalla que despois el redactou un texto xornalístico que lle enviou á compañía e esta, á súa vez, a Diego Ameixeiras. Finaliza referindo que “se escolleu Londres porque agora mesmo é onde vai todo o mundo como primeira opción,e polo asunto do Brexit” e así mesmo porque a finalidade da peza é “explicarlle á xente como é a emigración de agora”.

Etiqueta Negra Producións: *Curtis & Teixeiro*, texto e dirección Jose Prieto

Ver Negreira, Ciclo de Teatro de

Referencias varias:

- B. Yáñez, “Despois do de Charlie Hebdo, queriamos explorar ata onde se pode levar o humor”, *Diario de Arousa*, “O Salnés”, 15 xaneiro 2016, p. 14.

Destaca que Federico Pérez e Xosé Aantonio Touriñán aseguran que o espectáculo é un exemplo de que se pode facer humor case con calquera cousa, só depende de como se trate.

- M. G., “El programa para este mes se cierra en el Coliseo Noela con cine y teatro”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 20 xaneiro 2016, p. 30.

Entre outras actividades, informa da representación desta comedia.

- M. T., “Entradas agotadas para el ‘show’ de Curtis & Teixeiro”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 22 xaneiro 2016, p. 33.

Indica que se esgotaron as entradas para a representación e comenta brevemente o seu argumento.

- M. García, “Touriñán y Pérez destaparán secretos muy delicados”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, 24 xaneiro 2016, p. L11.

Anuncia o lugar, a hora e o prezo desta representación e explica brevemente o contido da obra.

- Suso Souto, “O Coliseo dispara a venda ‘online”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 27 xaneiro 2016, p. 37.

Infórmase de que este espectáculo que terá lugar o 31 de xaneiro de 2016 en Noia esgotou todas as entradas mediante o sistema de venda on-line.

- Ángela Fontao, “Xosé Antonio Touriñán. ‘Os límites do humor están nas persoas; cadaquén ponos onde quere e pode”, *La Opinión*, “A Coruña”, 18 outubro 2016, p. 10.

Conversa co actor Xosé A. Touriñán sobre o espectáculo *Curtis & Teixeiro*, na que explica que o espectáculo “naceu a modo de conferencia neses momentos nos que se debatía tanto sobre onde estaban os límites do humor co que aconteceu con *Charlie Hebdo*”, de aí que decidisen “ser politicamente incorrectos, facendo o humor que facemos na vida privada”, que os personaxes beben nas fontes detectivescas incluídas no texto escrito nun primeiro momento por José Prieto, que os métodos de investigación se basean en “documentais ou programas de telerrealidade, como os de Jon Sistiaga ou Samanta Villar”, que a peza “é teatral desde o punto de vista de que haxa acción enriba do escenario, pero a verdade é que para min é máis monólogo, máis contada”, que lle gusta que “o humor non teña límite, que con todo se poda facer rir, que é a base do humor negro”, que “as personaxes sempre falan sen posicionarse, só informando” e que “prefiro actuar sempre acompañado porque me divirto máis”.

- F. Frieiro, “Teatro, danza y proyecciones en un mes cargado de cultura”, *Diario de Arousa*, “Vilagarcía”, 4 novembro 2016, p. 7.

Entre outras actividades culturais, nomea as postas en escena de *Curtis & Teixeiro* e de *Eroski Paraíso*.

- Ana G. Liste, "A nosostros nos da estabilidad la desestabilidad del país en el que vivimos", *Faro de Vigo*, "Tv/Espectáculos", 24 novembro 2016, p. 67.

Conversa cos protagonistas da peza, na que Touriñán aclara que "ciertas partes cambiaron por culpa de la actualidad pero yo disfrute más de la segunda vuelta", que "en Vigo cerramos la gira pero ya estamos hablando de hacer otra versión con los mismos personajes", que "estamos muchos orgullosos de que Galicia tenga sus propios investigadores" e que "lo más lógico es hacer un corto con estos personajes", e Federico Pérez resalta que "hay sitios donde alguna gente esper aun humor más blanco, más popular, y se sopreprende un poco pero en general la respuesta que vemos es buena", que "como ciudadanos, nos gustaría vivir en un país educativa, cultural y socialmente más saneado... Como humoristas lo aprovechamos, es una forma de hacer un exorcismo y no estar llorando todo el día", que "las manifestaciones artísticas tienen que remover conciencias obligatoriamente", que "acabar como un funcionario, aunque sea en el humor, es algo que no me gustaría" e que "los personajes nos han calado y estiy seguro que en un año tienen material para volver".

Etiqueta Negra Producións: *O recuncho da comedia*

Referencias varias:

- L. P., "El humor llena la Praza da Vila", *El Progreso*, "Sarria", 25 xuño 2016, p. 22.

Dá conta do éxito da representación desta peza no marco das actividades programadas para as festas de San Xoán. Sinala o nome dos actores que traballan neste espectáculo: Xosé Antonio Touriñán, David Amor e Javier Veiga.

Fantoches Baj: *Os vellos non deben de namorarse*, dirección Inacio Vilariño.

Ver Carral, Ciclo
Ver Outes, Outono Teatral de

Referencias varias:

- B. L., "Fantoches Baj estrea no Museo a súa versión de 'Os vellos non deben de namorarse", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Cultural", 16 xaneiro 2016, p. 13.

Anuncia a estrea desta adaptación para o 29 de xaneiro de 2016 no Sexto Edificio de Pontevedra e que a estradas estarán á venda desde o 19 de xaneiro.

- Suso Souto, "Rianxo celebra los 130 años del nacimiento de Castelao", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 17 xaneiro 2016, p. 33.

Entre outras cuestións fala de que esta compañía levará ao escenario a obra de Castelao e será por primeira vez por medio de monicreques.

- Belén López, "Superprodución' de marionetas para abrir o Ano Castelao no Museo", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Cultural", 27 xaneiro 2016, p. 11.

Indica que esta montaxe se realizou especialmente para o Museo de Pontevedra, que máis de 400 escolares asistirán á preestrea e que a estrea terá lugar o 30 de xaneiro de 2016 no auditorio do Sexto Edificio de Pontevedra.

- Cuca M. Gómez, "¡Ya es Carnaval en Pontevedra!", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Gente a diario", "De café con Cuca", 31 xaneiro 2016, pp. 66-67.

Entre outras novas, dá conta da representación desta peza para dar inicio ao ano Castelao.

- Belén López, "É hora de asumir que Castelao é de todos", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Cultural", 30 xaneiro 2016, p. 13.

Coméntase que con esta obra se inaugura o Ano Castelao en Pontevedra. Indícase que é a primeira adaptación de *Os vellos non deben de namorarse* con monicreques e que se poderá ver hoxe no Museo de Pontevedra antes de viaxar a Rianxo

- Camilo Franco, "A inestabilidade permanente", *Diario de Pontevedra*/ *El Progreso*, "*Táboa redonda*", n.º 20, 31 xaneiro 2016, p. 7.

Reflexiónase sobre a situación do teatro galego na actualidade e destácase a estrea de cinco pezas no presente mes de xaneiro, entre as que se atopa *Os vellos non deben de namorarse*, con monicreques.

Fran Rei (1): *Romeo e Xulieta*

Fran Rei (2): *O Mercader de Venecia*

Galeatro: *A rosa das cen follas*

Referencias varias:

- R. Verdú, "A diversidade de actos pon de relevo a pervivencia de Rosalía", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 22 febreiro 2016, p. 25.

Entre outras novas, informa representación desta peza no auditorio municipal, no marco das actividades programadas para conmemorar o nacemento de Rosalía de Castro.

Gargallada Teatro: *Diálogos dun tolo*

Referencias varias:

- José Cruz, "El teatro me enseñó a comprender a los demás, algo de lo que adolece la sociedad", *La Región*, "Valdeorras", "Protagonista", 10 agosto 2016, p. 30.

Ofrece unha entrevista co actor valdeorrés Gabriel Prada onde anuncia a estrea de *Diálogos dun tolo*, de Nikolái Gógol.

Ibuprofeno Teatro (1): *Raclette*, dirección Santiago Cortegoso

Ver Galicia Escena Pro, IVª Mostra de artes escénicas

Recensións:

- J. A. Martínez, "Raclette", *Diario de Arousa*/ *Diario de Ferrol*/ *El Ideal Gallego*, "Opinión", "La columna", 26 xaneiro 2016, p. 26.

Comenta que a obra escrita e dirixida por Cortegoso foi gañadora do Premio Álvaro Cunqueiro para textos teatrais en 2014. Reflexiona negativamente sobre a peza e indica que foi incapaz de conectar co espectáculo. Critica a presenza de personaxes con perfís distorsionados, pese a considerar axeitado o elenco.

- Camilo Franco, "A cea dos descontentos", *Diario de Pontevedra*/ *El Progreso*, "*Táboa redonda*", "Fatiga ocular", n.º 25, 6 marzo 2016, p. 7.

Afirma que a vida os personaxes está chea de problemas e que están caracterizados polas súas manías, egoísmos e desexos de supervivencia. Comenta que aínda que pareza que non existe ningunha conexión entre os protagonistas, todos teñen algo en común: o seu descontento. Destaca que esta obra contemporánea presenta unha disposición narrativa inesperábel e que nela "hai un drama moi de agora contado como é o presente".

- F. C., "Conflitos sobre a mesa", *Tempos Novos*, n.º 230, "Crítica", xullo 2016, p. 77.

Ofrécese unha recensión crítica da posta en escena da obra *Raclette* a cargo de Ibuprofeno Teatro e baixo a dirección de Santiago Cortegoso. Incídese na temática da obra arredor da culpabilidade e a insatisfacción dos diferentes personaxes. Sublíñase a contemporaneidade da obra e a relevancia das problemáticas individuais. Destácase a o dobre enfoque da obra: por unha banda, a novedosa disposición argumental que require ser estruturada por parte do espectador e, por outra banda, o realismo dramático da escena.

Referencias varias:

- Enrique Carballo, “Marián Bañobre. ‘En ‘Raclette’ hai dúas tramas á vez, como se houbera dúas obras ao tempo no escenario”, *La Opinión*, “A Coruña”, 22 xaneiro 2016, p. 12.

Conversa na que a actriz Marián Bañobre comenta que é moi gratificante traballar con Ibuprofeno Teatro, resume como positivos os seis anos de vida desta compañía e con respecto a *Raclette* afirma que nela interveñen cinco actores divididos en dúas tramas que aparentemente non teñen nada que ver.

- Camilo Franco, “A inestabilidade permanente”, *Diario de Pontevedra*/ *El Progreso*, “*Táboa redonda*”, “Fatiga ocular”, n.º 20, 31 xaneiro 2016, p. 7.

Reflexiónase sobre a situación do teatro galego na actualidade e destácase a estrea de cinco pezas no presente mes de xaneiro, entre as que se atopa “esa cea humana que é *Raclette*”.

- Cuca M. Gómez, “Un día dedicado a García Lorca”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, 23 abril 2016, p. 70.

Entre outros eventos, faise eco da representación de *Raclette* no Salón do Libro de Pontevedra.

- Camilo Franco, “Os electores que van á danza”, *Diario de Pontevedra*/ *El Progreso*, “*Táboa redonda*”, n.º 42, “Fatiga ocular”, 3 xullo 2016, p. 4.

Dá conta do festival de danza Corpo a Terra, mentres comenta asuntos relacionados coa política. Entre outras cousas, reflexiona sobre o cambio dos espectadores de lugar, e menciona neste punto dous espectáculos teatrais que converten ao espectador en parte da obra, *O principio de Arquímedes*, de Teatro do Atlántico e *Raclette*, de Ibuprofeno Teatro.

- Ana López e Xesús Ponte, “Raclette’ ou a destreza de cear en sociedade”, *El Progreso*, “deVerano”, “Culturetadas”, 6 agosto 2016, p. 39.

Sinala o éxito de Ibuprofeno Teatro con esta peza que supuxo o peche da programación de Cultura Aberta en Lugo. Dá breve conta do argumento e o elenco.

- Ágatha de Santos, “La cena de Ibuprofeno más premiada”, *Faro de Vigo*, “Tv/Espectáculos”, 31 agosto 2016, p. 51.

Salienta que os cinco personaxes desenvolven dúas historias simultáneas, pero sen intercambiar, “en ningún momento” impresións cos personaxes da outra historia, o que funciona como “a quinta parede que os separa, unha metáfora da incomunicación que vivimos e tamén crea unha intriga no espectador, que se pregunta que está suceder, por que cean xuntos se non se relacionan”. Detalla a trama das dúas historias, referindo que nunha delas, o pai do menor trae á memoria a Godot. Salienta que a montaxe prescinde do escenario para enfrontar o público aos cinco comensais. Recolle que a posta en escena en Ciudad Rodrigo serviu para comprobar que a peza funciona en castelán e resalta que funciona polo “texto del que parte, y por otro, el trabajo actoral”. Finaliza

incidindo nas dificultades económicas para poñer en escena obras dramáticas, sobre todo para cinco actores.

Ibuprofeno Teatro (2): *O furancho*, dirección Santiago Cortegoso

Ver Cultura no Camiño, Ciclo
Ver Ponteceso, XXIIIº Ciclo de Teatro
Ver Vilamarín, XXIXª Noites Teatrais de

Ibuprofeno Teatro (3): *Pequenos actos pseudorevolucionarios*, dirección Santiago Cortegoso

Inestable Teatro: *A vinganza da Becha*

Inherente Teatro: *Dramaturxia das mulheres*

Referencias varias:

- Amaia Mauleón, "El teatro más innovador abre puertas en Galicia", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 28 setembro 2016, p. 35.

Comeza sinalando a xénese da peza, que foi finalista no VIII CENIT e as estreas anteriores que tivera. Explica que a nova versión é "una obra muy fresca, poética y repleta de movimiento, ya que parten de una formación en el teatro físico" e que as alumnas son autoras de todo o texto, directoras, actrices e encargáronse do deseño da iluminación e da escenografía. Finaliza referindo a finalidade de Inherente Teatro.

Limiar Teatro: *A lingua na boca. Letras, Riscos e Pensamentos de Castelao*

Referencias varias:

- Pablo Lodeiro, "A lingua na boca' achegará mañá a Silleda a historia de Castelao", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 7 xullo 2016, p. 34.

Dá conta do lugar e hora da posta en escena e de que os actores Fran Núñez e Brais Iriarte "botan man da música, do humor e da narración oral". Refire que o texto está baseado en fragmentos de obras de Castelao "combinados con historias de ceración propia sobre a vida do autor", todos eles acompañados por "melodías galegas tradicionais que son interpretadas en directo por diferentes instrumentos". Detalla que a escenografía é "sinxela" e reproduce palabras do director da peza sobre a finalidade da peza. Remata dando conta doutras localidades pontevedresas onde se representará.

- F. F., “O Grove apuesta por un curso de monólogos y un acto sobre Castelao en su programa cultural”, *Diario de Arousa*, “O Grove”, 10 xullo 2016, p. 12.

Entre outras actividades de lecer, fala da representación desta peza dramática que foi “creada específicamente para acercar, de un modo contemporáneo y atractivo, la figura de Castelao al público actual”.

- Antón Ferreira, “Tui apuesta fuerte en la cultura para dinamizar el municipio”, *Atlántico Diario*, “Área metropolitana”, “Baixo Miño”, 14 xullo 2016, p. 22.

Informa da representación de *A lingua na boca. Letras, riscos e pensamentos de Castelao*, un espectáculo cómico, poético e musical. Destaca que esta actividade se enmarca dentro da celebración do Ano Castelao.

- A. F., “Tui celebra el Año de Castelao con un espectáculo teatral”, *Atlántico Diario*, “Área metropolitana”, “Redondela/Baixo Miño”, 20 xullo 2016, p. 22.

Informa da representación desta obra da man de Limiar Teatro, unha aproximación á vida e obra do autor rianxeiro na que se integra a música en directo, o teatro e a narración oral.

- V. B., “A lingua na boca’ recuerda a Castelao con un espectáculo poético y musical”, *Diario de Pontevedra*, “Sanxenxo”, “O Salnés”, 30 xullo 2016, p. 23.

Comeza indicando que o domingo se representará en Sanxenxo “un musical sobre la figura de Castelao que combina música y narración oral”. Explica a procedencia dos textos e das composicións musicais. indica que por medio dunha “sencilla y cuidada escenografía”, se reflectirán “diferentes aspectos del Castelao melódico, amanate del dibujo, la poesía y la política”. Finaliza precisando que a función se enmacrca nun programa cultural da Deputación de Pontevedra co gallo do “Ano Castelao”.

- Sonia Piñeiro Collazo, “O espectáculo ‘A lingua na boca’ achega a vida de Castelao á Alameda de Marín”, *Diario de Pontevedra*, “Marín”, “O Morrazo”, 21 agosto 2016, p. 21.

Refire o programa cultural no que se encadra a peza, a finalidade específica da mesma, a combinación de textos de Castelao e de textos creados para a propia peza así como das composicións musicais. Finaliza aludindo ás datas da xira teatral e reproducindo unhas palabras do director da obra, Fran Núñez, sobre a importancia de Castelao.

- A. F., “A lingua na boca’ llega al auditorio de O Rosal”, *Atlántico Diario*, “Área metropolitana”, “Baixo Miño”, 3 setembro 2016, p. 18.

Anuncia a representación desta peza e dá breve conta do seu argumento, elenco e banda sonora.

Lobishomes Teatro (1): *Crime... ou privilexio?*, texto Patrick Hamilton

Ver Galicia, XVIIª Mostra de Teatro Universitario de

Lobishomes Teatro (2): *Tres sombreiros de copa*

Ver Galicia, XVIIª Mostra de Teatro Universitario de

Teatro **Lope**: *Pedro e O Capitán*

Referencias varias:

- Fernando Franco, "Y teatro de la Lope de Vega", *Faro de Vigo*, "Vigo", "Mira Vigo", 6 outubro 2016, p. 9.

Informa da posta en escena de *Pedro e O Capitán*, unha adaptación da obra de Mario Benedetti pola compañía Teatro Lope. Engade que se trata da primeira vez que a compañía abandona o rexistro da comedia cara o *thriller* político-psicolóxico.

Lucecús Teatro: *A verdadeira historia do poeta Manuel de Paderna*, dirección Rubén Pérez

Referencias varias:

- R. L., "Lucecús Teatro apuesta por textos de Manuel María para su próxima función", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 18 febreiro 2016, p. 42.

Dá conta da representación a cargo da compañía Lucecús teatro desta peza que emprega textos de Manuel María (*A tribo ten catro ríos*, *Os soños na gaiola*, *Cando o mar foi polo río* e *As rúas do vento ceibe*).

-Vanesa Bran, "Lucecús Teatro estrena el día 11 en Vilalba una obra en honor a Manuel María", *El Progreso*, "A Chaira", 4 marzo 2016, p. 14.

Dá conta da representación da peza protagonizada por un personaxe que aparece nalgún dos libros de Manuel María. Recolle as palabras do edil de cultura e dos membros da compañía. Destaca que a intención da peza é a de achegar os textos do chairego ao público dun xeito diferente e divertido.

- Marta Becerra, "Pasión por las letras", *El Progreso*, "Lugo", El despertador", 23 abril 2016, p. 12.

Entre outras actividades culturais, alude á representación no Auditorio por parte de Lucecús Teatro.

- A. R., “Lucecús Teatro representará esta semana su obra en Monterroso, Alfoz y Outeiro de Rei”, *El Progreso*, “Comarcas”, 8 setembro, p. 17.

Informa do lugar e hora de representación de A verdadeira historia de Manuel de Paderna de Lucecús Teatro.

Lucía Álvarez e **Xoel Yáñez**: *Viaxe de vida*

Referencias varias:

- Sonia Torre, “Lucía Álvarez ‘Hay una deuda con los emigrantes y también con la propia memoria”, *La Región*, “Ourense”, 5 agosto 2016, p. 7.

Conversa coa actriz Lucía Álvarez, na que detalla como xurdiu a idea da peza e salienta que quixeron dar a coñecer poemas de Rosalía de Castro que non saíran á luz, e así mesmo procurar que “la gente comenzara a acercarse a la poesía, que la disfrutara”. Respecto ao traballo de preparación da peza, destaca que “somos lo que fueron y serán lo que somos. Si olvidamos esa parte de nuestro pasado, no podemos avanzar” e remata afirmando que existe un sentimento de vergonza “de haber pobres y haber salido, y eso hay que reivindicarlo y transformarlo en un valor”.

Metátese Teatro: *A saco!*

Ver Laxe, Xª Mostra de Outono de Teatro do Concello de
Ver Negreira, Ciclo de Teatro de
Ver Palas de Rei, XVIIª Mostra Internacional de Teatro Amador “Teatro no camiño de Santiago”

Teatro do **Morcego**: *Nosa señora das nubes*, dirección Celso Parada

Ver Carballiño, XXVIIº Festival de Teatro Galego do (FETEGA)
Ver Galicia Escena Pro, IVª Mostra de artes escénicas
Ver Laracha, Venres teatrais da

Referencias varias:

- C. N., “Nosa Señora das Nubes’, nova aposta da compañía Teatro do Morcego”, *Diario de Pontevedra*, “O Morrazo”, “Bueu”, “Cangas”, 23 outubro 2016

Informa que a peza se centra “no encontro de dous personaxes expatriados nun espazo e tempo indeterminados”, que “os protagonistas tentan recompoñer a historia das súas vidas a través de lembranzas confusas e memorias fragmentadas” e que o texto “fai reflexionar ao público sobre as ditaduras, as guerras, o exilio e o desarraigo”.

Muxicas Teatro: *Arsénico por compaixón*, dirección Tito Asorey

Referencias varias:

- P. Agudo, "Fiestas con vida y color", *La Región*, "Nadal nas comarcas de Ourense", "Nadal en Celanova", "Programa", 23 decembro 2016, p. 63.

Entre outras actividades, informa da posta en escena desta peza no marco das actividades organizadas para celebrar o Nadal en Celanova.

Nelson Quinteiro: *Burlesque Night Show*

Referencias varias:

- Fran Brea, "Música y teatro copan las actividades programadas en el Pazo de Liñares", *Diario de Pontevedra*, "Deza", "Tabeirós", 18 novembro 2016, p. 24.

Recolle as palabras de Xulio Balado afirmando que a peza é un cabaret "cheo de sensualidade, provocación e humor. Destaca que está destinado ao público adulto, xa que "será unha noite pícara". Respecto ás actividades que se desenvolverán en decembro, alude á presentación do álbum do grupo Gelria, que inclúe poemas da "lírica galega de todos os tempos".

Nó Teatro: *Cos ollos no ceo*, dirección Fran Gordón

Referencias varias:

- S. S., "Nó Teatro pondrá en escena la obra 'Cos ollos no ceo", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 24 xuño 2016, p. 35.

Comenta a representación desta peza no Teatro Elma da Pobra.

Teatro do **Noroeste**: *Palabras malditas*, texto e dirección Eduardo Alonso

Ver Carballo, Venres Culturais en
Ver Ponteatro, IVº Ciclo

Recensións:

- C. C., "Non hai soidade máis dramática ca de aqueles que desbotan a memoria colectiva", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Artes escénicas", 15 xaneiro 2016, p. 9.

Comenta que esta obra se sitúa nos anos corenta do século pasado, cun salto temporal cara a diante situado nos anos oitenta, nunha pensión da cidade da Coruña. Afirma que nela hai dor, morte e inxustiza, pero tamén amor e poesía. Debulla os tres personaxes (César Rincón, Clara Campos e dona Ermitas), dos que subliña o seu deseño sutil, e tamén se detén nos tres actores que os interpretan Miquel Ínsua, Sara Casasnovas e Luma Gómez.

- J. A. Martínez Sevilla, "Palabras malditas", *Diario de Arousa*, p. 21/ *El Ideal Gallego*, "Opinión", p. 24, "La columna", 19 xaneiro 2016.

Reflexiona sobre a peza teatral negativamente, cualificándoa como "triste panfleto escrito desde el odio". Indica que asistiron á representación "rastas, pendientes, gorras viseras y algún sombrero", que a dirección escénica "se encabrita sorpresivamente" e que a actriz Sara Casasnovas "se execede en saltos y grititos".

- Manuel F. Vieites, "Palabras malditas", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 547, "Teatro", 14 abril 2016, p. VIII.

Indica que este espectáculo destaca pola súa dureza e crueza e que se constrúe en varios niveis: o pánico e o terror, o odio e a violencia. Recálcase que é unha obra ben deseñada e moi necesaria e que ademais nela se exemplifica o padecemento de cento de miles de persoas durante a guerra civil e a posterior represión.

Referencias varias:

- R. L., "El Rosalía acoge el estreno de 'Palabras malditas', ambientada en la Coruña de los años cuarenta", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", 14 xaneiro 2016, p. 15.

Explica que no Teatro Rosalía da Coruña terá lugar a estrea de cinco compañías galegas entre as que se atopa *Palabras malditas* de Teatro do Noroeste. Dá conta dos horarios e da venda das entradas.

- Enrique Carballo, "Sara Casasnovas. 'Interpreto a unha prostituta do Papagayo dos anos 40 que escribe por necesidade vital", *La Opinión*, "A Coruña", "Ciudad y Cultura", 15 xaneiro 2016, p. 10.

Conversa na que actriz Sara Casasnovas explica a súa personaxe na obra. Comenta que Clara Campos, a protagonista, é un ser marxinal pero "un sorriso fronte ao escurantismo, unha flor na lama". Destaca que está ambientada na época da posguerra na Coruña.

- R. F., "Luma Gómez. 'Palabras malditas' es una historia hermosa, muy poética y muy intensa", *Diario de Ferrol*, "Ferrol", 22 xaneiro 2016, p. 7.

Entrevista coa actriz Luma Gómez na que destaca que a peza conta unha parte da historia máis recente. Dá conta do positivo recibimento do público e anuncia que Teatro do Noroeste a representará no Pazo da Cultura de Narón o 23 de xaneiro de 2016.

- Sonia Torre, “Sara Casasnovas. ‘Mi meta ahora es ‘la chica del maletero’, mi estreno como directora”, *La Región*, “Ourense”, 25 xaneiro 2016, p. 5/ *Atlántico Diario*, “Sociedad”, “Entrevista”, 4 febreiro 2016, p. 38.

Conversa coa ourensá Sara Casasnovas na que repasa a súa traxectoria artística. Reflexiona sobre o seu papel de Clara Campos en *Palabras malditas*, “una obra muy bella que me permite reafirmarme de nuevo en los teatros de Galicia”.

- Camilo Franco, “A inestabilidade permanente”, *Diario de Pontevedra*/ *El Progreso*, “*Táboa redonda*”, n.º 20, 31 xaneiro 2016, p. 7.

Reflexiónase sobre a situación do teatro galego na actualidade e destácase a estrea de cinco pezas no presente mes de xaneiro, entre as que se atopa *Palabras malditas*.

- M. M. O., “Teatro nas dúas urbes amesás ata final da primavera”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 15 febreiro 2016, p. 21.

Entre outras actividades, dá conta da representación desta peza na casa da cultura do Milladoiro.

- F. Frieiro, “Tres espectáculos teatrais en galego recalan no Auditorio este primeiro semestre do ano”, *Diario de Arousa*, “Vilagarcía”, 17 febreiro 2016, p. 4.

Indica que o Auditorio de Vilagarcía acollerá as representacións de varias compañías entre as que destaca Teatro do Noroeste con función o 9 de abril de 2016.

- A. I. S., “Teatro do Noroeste trae al Principal sus ‘Palabras malditas”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 25 febreiro 2016, p. 29.

Explica que a compañía Teatro do Noroeste levará ao Teatro Principal de Santiago de Compostela a obra os días 27 e 28 de febreiro de 2016.

- Isabel Blanco, “En Galicia se está peleando por sacar adelante trabajos muy dignos sin casi apoyos”, *El Correo Gallego*, “Entrevistas”, 26 febreiro 2016, p. 21.

Alude a que a obra será representada no Teatro Principal de Santiago de Compostela. Recolle as palabras de Eduardo Alonso e Sara Casasnovas e apunta algunhas das características da montaxe.

- M. García, “Sara Casasnovas. ‘Levaba tempo fóra e tiña ganas de facer teatro en Galicia”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, 27 febreiro 2016, p. L11.

Conversa na que Sara Casasnovas fala da obra *Palabras malditas* e reflexiona sobre a súa personaxe, “unha muller solitaria, cun gran mundo interior”. Destaca a larga xira de representacións.

- Ana Baena, “Historia de amizade na posguerra”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 30 marzo 2016, p. 13.

Infórmase de que Teatro do Noroeste levará representará no teatro García Barbón de Vigo esta montaxe o 30 de marzo de 2016.

- Rafa López, "Sara Casasnovas. 'Clara es una sonrisa frente al oscurantismo", *Faro de Vigo*, "*VISADO*", n.º 723, "teatro", 1 abril 2016, p. 5.

Entrevista na que Sara Casasnovas repasa o seu papel de Clara Campos en *Palabras malditas*. Salienta que se representará no Teatro Afundación de Vigo o 1 de abril de 2016.

- F. F., "Teatro gallego y un tributo a Pink Floyd, apuestas culturales para el mes de abril", *Diario de Arousa*, "Vilagarcía", 5 abril 2016, p. 4.

Entre outras cousas anuncia a posta en escena desta peza no Auditorio Municipal de Vilagarcía de Arousa.

- F. F., "Teatro do Noroeste imparte en el Auditorio una lección de memoria", *Diario de Arousa*, "Vilagarcía", 7 abril 2016, p. 4.

Recomenda a asistencia á representación da obra no Auditorio de Vilagarcía.

- M. M. O., "Teatro do Noroeste traerá 'Palabras malditas' el viernes", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 27 abril 2016, p. 33.

Anuncia a presentación de *Palabras Malditas* na casa da cultura do Milladoiro.

- Cuca M. Gómez, "La clase que tiene Florentino", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Gente a diario", "De café con Cuca", 21 outubro 2016, pp. 62-63.

Entre outras actividades, salienta a posta en escena desta peza no Principal de Pontevedra.

Proxecto **Nós** Territorio (Es)Cénico Portugal Galicia: *O mundo persistente*, texto Fernando Epelde, dirección Tito Asorey

Referencias varias:

- Montse García, "La escena gallega y la lusa se unen en 'O mundo persistente", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 28 maio 2016, p. 37.

Explica a orixe do Proxecto Nós no que se encadra esta peza, refire as datas e lugares nas que se representará, así como o autor, director e as escolas superiores e teatros que participan. Reproduce palabras de Anxo Lorenzo sobre o Proxecto Nós e do director de *Un mundo persistente*.

- M. García, "El universo virtual se convierte en real en 'O mundo persistente", *La Voz de Galicia*, "La Voz de Santiago", "Agenda", "Para todos los públicos", 1 xuño 2016, p. L10.

Tras resumir a trama da peza, informa do director e do elenco e recolle as opinións do director artístico, Tito Asorey, sobre a escrita dirixida a un elenco mozo e á significación do título. Detalla o nome dos mozos intérpretes, do lugar de ensaios e dos lugares e datas nas que representarán a peza.

- C. Crespo, "Porque hai outros mundos e non precisan de nós para existir", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Agenda", 3 xuño 2016, p. 8.

Comeza explicando o significado do termo "o mundo persistente", que dá título a unha "proposta escénica do Proxecto Nós", que aclara e tamén informa dos encargados da dirección e da autoría do texto. A seguir reproduce as palabras do director sobre a temática da obra.

O Trasno Novo Teatro: *En venda*

Ver Agustín Magán, XVº Festival de teatro afeccionado

Referencias varias:

- A. R., "O Trasno estrena la tragicomedia 'En venda' ante su público", *Faro de Vigo*, "*Vigo 4 Costados*", 20 setembro 2016, p. 2.

Refire que a peza é unha traxicomedia "con tinte de denuncia social en clave de humor", resume a trama e resalta a escenografía "inspirada en viñetas" e o "tono humorístico" da peza. Remata precisando que os integrantes da compañía realizaron toda a montaxe.

Os **Palimoquiños**: *Km526*, texto Claudio Rodríguez Fer, dirección Paloma Lugilde

Ver Buxiganga, Circuítos

Referencias varias:

- Marta Becerra, "Pequeños, pero con muchas tablas", *El Progreso*, "Lugo", "El despertador", 17 decembro 2016, p. 10.

Entre outras actividades culturais levadas a cabo no Auditorio lucense, alude á posta en escena desta peza.

Pedro Brandariz e **Víctor Grande**: *Inmedioteces*, dirección Oswaldo Digón

Referencias varias:

- Enrique Carballo, “Improvisamos ‘sketches’ cómicos a partir dunhas regras e das aportacións do público”, *La Opinión*, “A Coruña”, “Ciudad y Cultura”, 27 xaneiro 2016, p. 10.

Conversa na que os humoristas Pedro Brandariz e Víctor Grande comentan que no espectáculo cómico *Inmedioteces* fan un telexornal nun mundo fantástico mediante xogos teatrais a partir de normas e achegas do público.

Pinchacarneiro Teatro: *L*

Ver Alter Ego, Iº Mostra de Teatro Afeccionado
Ver Caranza, Ciclo de Teatro Afeccionado “Domingos a escena”
Ver Galicia, XVIIª Mostra de Teatro Universitario de
Ver Lousame, XIIª Mostra de Teatro Afeccionado de
Ver Outes, Outono Teatral de

Sarabela Teatro: *Normas para saber vivir na sociedade actual*, dirección Ánxeles Cuña Bóveda

Recensións:

- Camilo Franco, “Os dedos non deixan ver as culpas”, *Diario de Pontevedra*/ *El Progreso*, “*Táboa redonda*”, n.º 58, “Fatiga ocular”, 20 novembro 2016, p. 4.

Fala da peza *Normas para saber vivir na sociedade actual*, coa que Sarabela Teatro regresa ao absurdo, que sitúa agora en “nós” e antes “estaba no escenario”. Explica que botan man da “dobre liña do que se di e do que se oculta” e que se amosa na compañía ourensá no texto, “moi enunciativo”, e sincronizado coa “escrita escénica”, de tal forma que os personaxes que “canto máis acusan aos demais, máis inocentes cren que son”, conseguindo achegar o texto a Ionesco. Indica ademais que o discurso estético rápido contrasta “cunha certa inmobilidade do texto” e con personaxes malos se ben “divertidos como os parvos que somos”.

Referencias varias:

- S. N., “Sátira social sobre la hipocresía de la sociedad”, *La Región*, “Sociedad”, “Agenda cultural”, 19 setembro 2016, p. 68.

Informa da próxima representación da nova montaxe de Sarabela Teatro, do autor da peza e da dramatuga e directora. Explica que se trata dun “divertimento irónico y unha crítica feroz a una sociedad que, con sus normas e hipocresía, se aleja de los sentimientos humanos”. Cualifica a peza de “textos con vibraciones secretas” e magnetismo.

- Sol Elvira, “Octubre con teatro, talleres, cuentos y muestras en Lalín”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 1 outubro 2016, p. 31.

Dá conta da representación de *Normas para saber vivir na sociedade* de Sarabela Teatro. Engade que se trata dunha obra de crítica social baseada nun texto de Jean Luc Lagarde.

- Ángeles Rodríguez, "Ata a chegada dos Reis", *O SIL*, "*Especial Nadal Decembro 2016*", "O Barco", p. 43.

Salienta a representación de *Normas para vivir na sociedade actual* de Sarabela Teatro no marco das actividades programadas no Barco para o Nadal.

- Mónica G. Bellver, "Cultura, lecer e deporte", *O SIL*, "*Especial Nadal Decembro 2016*", "A Rúa", pp. 52-53.

Informa, entre outras actividades, da posta en escena da peza na Rúa.

- S. N., "Para o público familiar", *La Región*, "*Nadal nas comarcas de Ourense*", "Nadal en O Barco", "Programa", 23 decembro 2016, p. 73.

Dá conta da representación da peza no Barco, no marco da programación de Nadal.

_____, "Inchables no polideportivo", *La Región*, "*Nadal nas comarcas de Ourense*", "Nadal en A Rúa", "Programación", 23 decembro 2016, p. 80.

No marco das actividades programadas durante o Nadal, dáse conta da representación desta peza no Centro Cultural Avenida, na Rúa.

Sara Casasnovas, **Borja Fernández**, **Victoria Pérez**: *A forma das cousas*, texto orixinal Neil Labute, dirección Carlos Álvarez-Ossorio

Referencias varias:

- Lourdes Varela, "Sara Casasnovas. 'Atópome a gusto no eixo do tráxico, desfilando pola pendente", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 575, "Entrevista", 10 marzo 2016, p. V.

Conversa na que Sara Casasnovas cualifica esta obra como lixeira, divertida e estimulante e asemade indica que a súa personaxe, Evelyn, é unha estudante de arte moi reaccionaria.

- Ángela Fontao, "A modelaxe das apariencias", *La Opinión*, "A Coruña", "Ciudad y cultura", 16 marzo 2016, p. 11.

Comenta que esta comedia negra se estreará o 18 de marzo de 2016 no Teatro Colón da Coruña e que está dirixida por Carlos Álvarez-Ossorio.

- Carlos Crespo, "Un LaBute entre la belleza y la crueldad", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Escenarios", 18 marzo 2016, p. 4.

Repásanse as características desta obra, que se representará na Coruña e en Rianxo, e recálcase que con esta peza se estrea como produtora teatral La Yoguertera.

- Sonia Torre, "Sara Casasnovas. 'Con esta obra exploramos los límites del amor y el arte", *La Región*, "Ourense", 12 abril 2016, p. 9.

Anuncia a presentación da peza no Auditorio de Ourense. Resalta a adaptación do texto a partir dun orixinal de Neil Labute así como a participación activa de Sara Casasnovas no proxecto.

- Vicente Plaza, "A forma das cousas', con Sara Casasnovas, llega a Santiago", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 15 abril 2016, p. 43.

Cualifícase esta obra de humor negro como broma morbosa sobre un texto de Neil LaBute e indícase que se representará en Santiago de Compostela despois de subir a escena na Coruña e en Rianxo.

- M. García, "Todo por el amor de una mujer en 'A forma das cousas", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Agenda", "Para todos los públicos", 15 abril 2016, p. L10.

Anuncia a posta en escena da obra *A forma das cousas* no Salón Teatro. Dá conta do argumento e do elenco de actores, entre os que destaca Sara Casasnovas e Borja Fernández.

Talía Teatro: *Foucellas*, dirección Cándido Pazó

Ver Carballo, Venres Culturais en
Ver Cariño, XXXVIIIª Mostra de Teatro Galego de
Ver Galicia Escena Pro, IVª Mostra de artes escénicas
Ver Ponteatro, IVº Ciclo
Ver Rianxo, Outono Cultural de
Ver Riveira, Mostra de Teatro de

Recensións:

- Inma López Silva, "Os Foucellas que fan a historia", *Tempos Novos*, n.º 229, "Crítica", xuño 2016, pp. 76-77.

Ofrécese unha recensión crítica da posta en escena da obra Foucellas a cargo de Talía Teatro e baixo a dirección de Candido Pazó. Incídese no feito de que o teatro galego tardase en levar á escena a temática dos maquis. Faise referencia á traxectoria de Candido Pazó respecto á representación de episodios históricos concretos para abordar temáticas universais. Saliéntase a importancia do diálogo na posta en escena de Foucellas e que a acción está centrada na historia de persoas particulares á hora de dar unha visión sobre a guerra civil e o franquismo. Por último, destácase a importancia da

actuación dos actores principais sobre a escenografía á hora de lograr a reflexión histórica que ofrece a obra.

Referencias varias:

- C. C., "Home e mito entre a esperanza e a derrota", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Agenda", 4 marzo 2016, p. 13.

Reflexiona sobre a obra *Foucellas*, de Talía Teatro, e indica que se aproveita da figura de Foucellas e o mito que está ao seu redor para expoñer cuestións que poderían ser aplicadas a aquel momento histórico ou incluso a hoxe en día.

- J. M. R., "Fin de semana teatral en Laracha, Cee y Vimianzo", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 7 abril 2016, p. 37.

Entre outras actividades, informa da posta en escena desta peza en Vimianzo.

- Carlos Crespo, "Moito máis alá dun foraxido de lenda", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Escenarios", 13 maio 2016, p. 13.

Sostén que este espectáculo non se centra só sobre a figura real e do mito do maquis Foucellas, senón que tamén xira arredor da xestión da esperanza e da ineludíbel derrota.

- J. M., "Talía presentará mañá en Muxía a obra 'Foucellas", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 11 novembro 2016, p. 38.

Anuncia a presentación en Muxía desta peza a cargo da compañía Talía Teatro.

_____, "Talía Teatro lleva hoy a Olveira la obra 'Foucellas", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 10 decembro 2016, p. 32.

Informa da posta en escena desta historia que ofrece unha reflexión sobre a "xestión da derrota e a esperanza".

Tira e Afloxa: *Redescubrimento dos restos do Apóstol na Catedral*

Referencias varias:

- Pablo Lodeiro, "Noche de espantapájaros y redescubrimiento vedrés", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 17 agosto 2016, p. 31.

Explica que a peza será unha continuación das representadas en anos anteriores e que desta volta abordarase, en catro actos, "el viaje y encubrimiento del lugar de entierro de la figura más universalizada de Galicia", o apóstolo Santiago. Tras detallar polo miúdo os feitos que se tratarán en cada acto, remata comentando cales serán os convidados especiais á posta en escena.

- M. T., “Tira e Afloxa triunfa en San Pedro de Vilanova con su obra del Santiaguiño”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 23 agosto 2016, p. 27.

Tras mencionar a composición do elenco, informa que se trata da segunda parte da escenificación levada a cabo en anos anteriores. Finaliza resumindo o contido dos catro actos.

Trasno Teatro: *Conversas na cuneta mentres a vida pasa alá fóra*, dirección Xaime Costas e Miguel Estévez

Ver A Coruña, Circuíto Galego de Teatro Amador de

Referencias varias:

- Ángela Fontao, “Tres voces represaliadas en escena”, *La Opinión*, “A Coruña”, 29 setembro 2016, p. 10.

Comeza referindo que, en palabras do director, a peza xurdiu da “inquietude xeral que suscitou no seu día a Lei de Memoria Histórica”, e que nela se aborda a figura da muller, esquecida na citada Lei. Detalla a heteroxeneidade do trío de personaxes femininos e a comicidade que alterna cos momentos marcados pola “crueza da situación”, resultado dun proceso de documentación sobre a parroquia viguesa de Comesaña. Salienta que ao director lle sorprendeu que se descoñece que “había un montón de mulleres involucradas nese proceso de desafectación dos dous bandos, e nunca estiveron na primeira plana dos medios, nin sequera cando tomou protagonismo a memoria histórica”. Finaliza indicando que a compañía teatral procura “facer do teatro o que sempre foi: unha crítica social e un achegamento á realidade desde un punto de vista crítico para todo o mundo”.

Triatreros Teatro: *Listo para sentenza*, dirección Davide González

Ver Ponteatro, IVº Ciclo
Ver Vigocultura

Os **Tulitates** (TrasTeatro): *Os vellos de Bowie*, dirección Estíbaliz Veiga

Referencias varias:

- Víctor Castro, “Hoy se representa en la Casa de Cultura de Sada la obra teatral ‘Os vellos de Bowie”, *El Ideal Gallego*, “Culleredo”, “Atalaya mariñana”, 13 novembro 2016, p. 16.

Informa da posta en escena desta peza, que é unha adaptación da obra *Os vellos non deben de nanorarse*, con música de David Bowie.

- Isabel García, “Estíbaliz Veiga. ‘Castelao e Bowie conviven nunha obra que é un tributo para os dous”, *El Progreso*, “A Mariña”, 12 decembro 2016, p. 14.

Conversa coa actriz e directora da peza, na que destaca que Castelao e David Bowie “son artistas universais que na escena se fan contemporáneos”, que na montaxe “o costumismo pode ser moi punk”, que temas do amor, o poder dos cartos, a paixón “son os conflitos dramáticos dende Aristóteles, de aí que sexa un texto universal” e respecto ao financiamento lembra a afirmación de Lorca: “un pobo sen cultura é un pobo moribundo”.

Vaia dous Teatro e **Faro-Miño**: *O morto de pé*

Ver Chantada, XXVIª Mostra de Teatro Popular Maruxa Villanueva

Referencias varias:

- A. L., “Os grupos Vaia dous Teatro e Faro-Miño fusiónanse para facer unha obra”, *El Progreso*, “Comarcas”, 29 xullo 2016, p. 19.

Cualifica a representación na mostra de *O morto de pé*, coa fusión das compañías Vaia dous e Faro-Miño como “unha nova etapa do teatro popular” en Chantada e valora a súa “ambiciosa posta en escena”.

Valacar: *Cantos e versos do mar*

Referencias varias:

- A. M., “La compañía de teatro Valacar de la ONCE cumple su primer cuarto de siglo”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 1 outubro 2016, p. 35.

Faise eco da representación desta peza, entre outras, dentro dos actos conmemorativos do vinte e cinco aniversario da compañía.

Escola de Teatro **Valle-Innova** (1): *A maleta do mestre*, adaptación da obra de Valle-Inclán *Visión estelar de un momento de guerra*

Referencias varias:

- B. Y., “La Fundación lleva a 14 actores a escena en Santiago dentro del programa del Año Valle-Inclán”, *Diario de Arousa*, “O Salnés”; 6 maio 2016, p. 9.

Destaca que a Fundación Valle-Inclán de Vilanova de Arousa levará esta peza ás festas da Ascensión de Santiago de Compostela, concretamente aos xardíns da Colexiata de Santa María do Sar.

- Alba Lago, "A maleta do mestre' amosa en Santiago o Valle-Inclán viaxeiro", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 5 maio 2016, p. 35.

Infórmase de que a Fundación Valle-Inclán e a Consellaría de Cultura promoverán o espectáculo *A maleta do mestre* co gallo do 150 aniversario do nacemento de Valle-Inclán.

Escola de Teatro **Valle-Innova** (2): *A viaxe marabillosa*, dirección Fátima Rey

Referencias varias:

- Lorena Espido, "El teatro de Valle-Inclán toma la plaza da Quintana", *El Correo Gallego*, "Santiago", 17 agosto 2016, p. 24.

Salienta a representación da obra de Valle-Inclán na Quintana e cualifica de "máxica" a súa montaxe.

Escola de Teatro **Valle-Innova** (3): *Estacións valleinclanianas*

Referencias varias:

- Lorena Espido, "El teatro de Valle-Inclán toma la plaza da Quintana", *El Correo Gallego*, "Santiago", 17 agosto 2016, p. 24.

Anuncia a representación desta peza dentro da homenaxe que a cidade de Compostela prepara para Valle-Inclán en outubro.

Teatro do **Vilar**: *A endiañada*

Referencias varias:

- X. A. Reboiro, "Conciertos, teatro y fuegos ya anuncian la Festa da Istoria", *La Región*, "Verano", 26 agosto 2016, p. 13.

Alude á representación de *A endiañada* do grupo Teatro do Vilar, no marco da Festa da Istoria, en Ribadavia.

Voadora Teatro: *Don Juan*, dirección Marta Pazos

Ver Escenas do Cambio, Festival de Inverno de Teatro, Danza e Arte en Acción

Recensións:

- Inma López Silva, "Don Juan xubilouse", *Tempos Novos*, n.º 225, "Crítica", febreiro de 2016, pp. 76-77.

A raíz dunha recensión crítica da posta en escena da peza *Don Juan* de Moliére a cargo de Voadora e baixo a dirección de Marta Pazos, faise referencia á anterior representación de *A tempestade* de Shakespeare por parte da mesma compañía.

Referencias varias:

- Camilo Franco, "Eloxios da xuventude tardía", *Diario de Pontevedra*/ *El Progreso*, "*Táboa redonda*", n.º 21, "Fatiga ocular", 7 febreiro 2016, p. 7

Camilo Franco reflexiona sobre esta obra e indica que tenta rescatar o argumento de todas as interpretacións negativas, que nela hai máis de Voadora que de Molière ou que é unha aproximación melódica a unha ollada imposta da que liberarse.

Xulio Cortázar: *Desconexión*, dirección Santiago Cortegoso

Referencias varias:

- Belén López, "Cortázar prepárase para 'desconectar", Diario de Pontevedra, "Pontevedra", "Ciudad", 24 decembro 2016, p. 12.

Comenta a nova peza da compañía Xurxo Cortázar. Indica que a obra destaca polo seu ton humorística, converténdoa nunha comedia protagonizada polo símbolo dos semáforos, o "monifate".

III. 3.3. POSTAS EN ESCENA QUE CONTINÚAN EN CARTEL

III. 3.3.1. GRUPOS ESTÁBEIS OU PROFESIONAIS

7 magníficos mais Un (1): *Falar sen cancelas*, dirección Diego Rei

Ver Cultura no Camiño, Ciclo
Ver Galicia Escena Pro, IVª Mostra de artes escénicas
Ver Outes, Outono Teatral de
Ver Ponteceso, XXIIIº Ciclo de Teatro
Ver Riveira, Mostra de Teatro de
Ver Vimianzo, Sábados de outono de

Recensións:

- Chito Rivas, "Falan sen cancelas e polos cóbados", *La Región*, "Provincia", "Testemuñas da memoria", 30 setembro 2016, p. 24.

Coméntase polo miúdo esta peza teatral destacando algúns dos seus actores e o argumento da mesma. Dise que se trata dunha "comedia pesimista" e "de humor galego apocalíptico". A seguir sintetízase a traxectoria profesional do director Diego Rey e dos tres actores principais, Isabel Risco, Pedro Brandariz e Fran Rei.

Referencias varias:

- M. M. O., "Teatro nas dúas urbes amesás ata final da primavera", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 15 febreiro 2016, p. 21.

Entre outras actividades, dá conta da representación desta peza na casa da cultura de Bertamiráns.

- J. M. R., "Fin de semana teatral en Laracha, Cee y Vimianzo", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 7 abril 2016, p. 37.

Anuncia a celebración desta función teatral en Cee e comenta o elenco de actores.

- Adrián Pérez, "Humor, malabares y rítmos de batería en A Valenzá", *La Región*, "Verano", 19 agosto 2016, p. 17.

Faise eco da representación desta peza en A Valenzá.

- J. M. R., "Danza y música coral para abrir el Novembro Cultural", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 1 novembro 2016, p. 30.

Informa da apertura da programación cultural en Fisterra coa actuación da coral e o grupo de danza galega do Casino. Destaca a representación de *Falar sen cancelas* por Culturactiva o domingo.

7 magníficos mais Un (2): *Bivalvos como galegos*

Ver Oroso, Outono Cultural de
Ver Paiosaco, VIº Ciclo de teatro

8mm. Teatro: *Unha historia de amor ao Tarantino*

Abrapalabra Creacións Escénicas (1): *As do peixe*, texto e dirección Cándido Pazó

Ver Vila de Sarria, VIª Semana de Teatro Cómico

Referencias varias:

- Ángela Fontao, "O que se conta na obra é extrapolable a calquera tipo e actividade industrial", *La Opinión*, "A Coruña", 21 maio 2016, p. 10.

Conversa na que a actriz da peza *As do peixe*, Susana Dans, afirma que para a súa representación entrevistáronse con traballadoras das conservas de Vilagarcía de Arousa onde comprobaron como era o seu traballo diario.

- L. F., "O Grove acoge la obra 'As do peixe', en la que se reivindica el papel de la mujer, *Diario de Arousa*, "O Grove", 19 novembro 2016, p. 14.

Alude á presentación da peza, aos lugares nos que se representará e ás actrices protagonistas. Recolle as palabras do xerente do Grupo de Acción Local Pesqueira (GALP) afirmando que procuraron "ir un pouco máis aló do fomento da cultura mariñeira", de aí que relacionasen a temática co colectivo das conserveiras, "para facer referencia á importancia do papel das mulleres no desenvolvemento do conxunto da ría".

Abrapalabra Creacións Escénicas (2): *O Decamerón*, texto e dirección Cándido Pazó

Referencias varias:

- M. R., "Cándido Pazó ofrece una actuación en el IES Basanta Silva de Vilalva", *El Progreso*, "A Chaira", 29 abril 2016, p. 16.

Anuncia a posta en escena da peza *O Decamerón* dentro do programa de actividades polo 50 aniversario do centro IES Basanta Silva de Vilalva.

Achádego Teatro: *Barco sen mariñeiro*, texto Alejandro Casona, dirección Antón Sampaio

Ver San Andrés de Comesaña, Xº Encontro Teatral de
Ver Terras do Orcellón, IXª Mostra de Teatro Amador

Producións **Acontrabutaca**: *Dous son parella*

Ver Vimianzo, Sábados de outono de

Compañía de teatro do centro **Ágora**: *A noite vai coma un río*, dirección Víctor Díaz Barús, texto Álvaro Cunqueiro

Recensións:

- J. A. Martinez Sevilla, "Cunqueiro visita el Ágora", *Diario de Arousa*/ *Diario de Ferrol*/ *El Ideal Gallego*, "Opinión", 2 xuño 2016, p. 26.

Destácase que Víctor Díaz Barús dirixe a peza *A noite vai como un río*, de Álvaro Cunqueiro, que lembra a "poética kafkiana". Nomea o acompañamento musical de Diana Pogoshien co violín.

Referencias varias:

- Ángela Fontao, "Fusión escénica de los clásicos", *La Opinión*, "A Coruña", "Ciudad y cultura", 28 marzo 2016, p. 6

Explica que a compañía de teatro do centro Ágora representará este espectáculo durante o mes de xuño de 2016 e que contará coa colaboración dunha violinista armenia.

Teatro **Airiños** (1): *Nosa Señora das Nubes*, dirección Esther F. Carrodeguas

Referencias varias:

- D. A., "Teatro Airiños llega al auditorio con la obra 'Nosa Señora das Nubes", *Diario de Arousa*, "Ulla-Umia", 23 xaneiro 2016, p. 15.

Informa da representación da peza no auditorio de Catoira e sinala brevemente o seu argumento.

Teatro **Airiños** (2): *Lobishome*

Ver Galicia, XVIIª Mostra de Teatro Universitario de

Referencias varias:

- S. S., “Airiños representa mañana la obra de teatro 'Lobishome”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 10 xuño 2016, p. 37.

Salienta a representación en Rianxo da peza, adaptación dunha obra escrita por Paula Carballeira e interpretada polo grupo Os Fantásticos.

Teatro do **Andamio**: *Nabiza girl*, dirección Isabel Risco

Referencias varias:

- Manuel Rodríguez, “Breakdance, cine o futbolín, entre las propuestas para celebrar la Navidad”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 22 decembro 2016, p. 27.

Dáse conta do programa do Nadal compostelán no que se salienta a peza *Nabiza girl.*

Andaravía Teatro (1): *Manifféstate!*, dirección Paula Carballeira

Ver Caranza, Ciclo de Teatro Afeccionado “Domingos a escena”
Ver Negreira, Ciclo de Teatro de
Ver Sada, XIIª Mostra de Teatro Afeccionado
Ver Teatrofilia, XVIª Mostra de Teatro Amador de Vedra
Ver Terras do Orcellón, IXª Mostra de Teatro Amador
Ver Valladares teatral, Xº Ciclo de Teatro Afeccionado

Andaravía Teatro (2): *Sacho's Show*

Ver Martabeladas, IIIª Mostra de Teatro Afeccionado
Ver Teatrofilia, XIIIª Mostra de Teatro Amador de Vedra
Ver Vedra, Circuito Galego de Teatro Amador de

Aporía Escénica Teatro: *30 e tantos ósos*, dirección Diana Mera

Ver Rianxo, Outono Cultural de

Referencias varias:

- S. S., “Aterriza en Rianxo ‘30 e tantos ósos”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 19 outubro 2016, p. 30.

Informa da representación en Rianxo desta peza teatral.

Artello Teatro: *Non toques os meus círculos*, dirección Rosa Hurtado.

A Artística: *Arquitectura da emoción*, texto Alfredo Rodríguez, Olga Cameselle e Gena Baamonde, dirección Gena Baamonde

Teatro do **Atlántico**: *O principio de Arquímedes*, texto Joseph Maria Miró

Ver Cariño, XXXVIIIª Mostra de Teatro Galego de
Ver Outes, Outono Teatral de
Ver Sen Numerar, Ciclo de Teatro

Referencias varias:

- M. Manteiga, "Entradas á venda para a nova obra de Teatro do Atlántico", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 30 marzo 2016, p. 33.

Informa da representación da peza *O Principio de Arquímedes* en Ames.

- Ángela Fontao, "Xulio Lago. 'Para que o teatro avance, cómpre que as pezas resistan polo menos un mes", *La Opinión*, "A Coruña", "Ciudad y Cultura", 29 abril 2016, p. 11.

Co gallo da representación desta obra na Coruña o seu director, Xulio Lago, reflexiona sobre a importancia dos premios María Casares e con respecto a *O principio de Arquímedes* comenta que a súa trama principal e un suposto caso de pederastia.

- Xosé Lois Colmenero, "Verín acogerá este mes una amplia oferta cultural y lúdica", *La Región*, "Monterrei", 2 xuño 2016, p. 21.

Sinálase a posta en escena desta peza na vila de Verín, no marco das ofertas lúdicas e culturais programadas polo concello. Coméntase o horario da representación e destácase que a entrada é de balde.

- Camilo Franco, "Os electores que van á danza", *Diario de Pontevedra*/ *El Progreso*, "*Táboa redonda*", n.º 42, "Fatiga ocular", 3 xullo 2016, p. 4.

Dá conta do festival de danza Corpo a Terra, mentres comenta asuntos relacionados coa política. Entre outras cousas, reflexiona sobre o cambio dos espectadores de lugar, e menciona neste punto dous espectáculos teatrais que converten ao espectador en parte da obra, *O principio de Arquímedes*, de Teatro do Atlántico e *Raclette*, de Ibuprofeno Teatro.

Teatro **Atlántida**: *Falando de cartos*

Ver Abril de Teatro, Ciclo Cultural
Ver Poio Escena, Vº Ciclo de Teatro
Ver Zas, Iª Mostra de Teatro Afeccionado de

Atrezo Teatro (1): *Chicago Killers*, dirección Chelo Pampillón

Ver Agustín Magán, XVº Festival de teatro afeccionado
Ver Porriño, Circuíto Galego de Teatro Amador de

Atrezo Teatro (2): *Prohibido casar*

Avelaíña Teatro: *María Castaña*, dirección Antón Lamapereira

Avento Producións: *Como sobrevivir a unha apocalipse zombi*

Bértola Teatro Desmontable: *O pack cósmico*, dirección Mario Iglesias
O que ten cu ten medo
O cataclismo
A coincidencia cósmica

Boneca Lareta Producións (1): *Sede de mal*, dirección Pseudónimo

Ver DAC-Outono Cultural, Ciclo

Ver Porto do Son, Novembro Cultural

Ver Santa Comba, IIº Ciclo de Teatro

Boneca Lareta Producións (2): *Filosolfando*, texto e dirección Diego Rey

Ver Sen Numerar, Ciclo de Teatro

Referencias varias:

- S. N., "Boneca Lareta reflexiona sobre la existencia", *La Región*, "Verano", "Agenda cultural", 21 xullo 2016, p. 30.

Indica que a peza é a continuación da anterior montaxe, *Sede de mal*. Incide en que na peza se aborda "una cuestión simple, sencilla, de lo más mundana", a existencia, de aí que "es tan vulgar que le sucede a cualquiera, mismo a un don nadie". Finaliza precisando que o autor e director teatral é Diego Rey.

- Chito Rivas, “Boneca Lareta na busca da existencia”, *La Región*, “Provincia”, “Testemuñas da memoria”, 18 novembro 2016, p. 28.

Enumera datos da peza e resume a traxectoria televisiva e actoral dos protagonistas para concluír afirmando que “existen eles. Espero conseguir que tamén existan para vós”.

Carlos Blanco e **Luis Davila**: *Menú do día*

Ver Tomiño, Outono Cultural

Central Folque: *Os contos de Joselín*

Ver Cee á escena, IIª Mostra de Teatro e das Artes Escénicas

Referencias varias:

- Sol Elvira, “Octubre con teatro, talleres, cuentos y muestras en Lalín”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 1 outubro 2016, p. 31.

Entre outros espectáculos, dá conta da representación de *Os contos de Joselín,* de Quico Cadaval e Celso Fernández Sanmartín, como parte do programación de outubro do Concello de Lalín.

Chévere Teatro: *As fillas bravas*, texto Manuel Cortés, dirección Xesús Ron

Ver Cultura no Camiño, Ciclo
Ver FITO, IXº Festival Internacional de Teatro de Ourense

Referencias varias:

- M. M. O., “Teatro y música por el Día da Muller Traballadora los días 11 y 12 en O Cotón”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 1 marzo 2016, p. 30.

Informa de que o Concello de Negreira, co gallo do Día da Muller Traballadora, organizará esta representación no auditorio municipal. Tamén indica outras actividades artísticas (música e baile) que completan os actos.

- C. G., “As fillas bravas’ represéntase mañá en Negreira”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 10 marzo 2016, p. 35.

Anuncia a posta en escena desta peza no auditorio de Negreira.

- M. M., “Galas musicales, teatro y malabares desde Ames con Cultura no Camiño”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 4 xuño 2016, p. 31.

Dá conta da representación desta peza no marco das actividades realizadas no concello de Ames a través do programa de Cultura no Camiño da Xunta de Galicia.

- C. G., "As fillas bravas' chegan a Bertamiráns e iníciase o ciclo Noites na Terraza", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 3 xullo 2016, p. 30.

Anuncia a actuación en Bertamiráns de Chévere co espectáculo *As fillas bravas*. Por outra banda, achega información sobre a inauguración do ciclo de concertos Noites na Terraza no Milladoiro.

- Víctor Castro, "Esta noche habrá una nueva jornada de teatro en la Casa de la cultura de Sada", *El Ideal Gallego*, "Área metropolitana", "Atalaya mariñana", 19 novembro 2016, p. 16.

Sinálase que as protagonistas da peza son cantoras dunha estirpe de voces furtivas que gritan entre os raposos.

Daboapipa: *Historias da vida, guerra, amor e case morte*

Ver Cultura no Camiño, Ciclo

Referencias varias:

- Xan Salgueiro, "Puesta de largo bibliotecaria", *Faro de Vigo*, "Deza/ Tabeirós", 23 decembro 2016, p. 42.

Entre outras actividades culturais, nomea a posta en escena da peza desta compañía composta por Vero Rilo e Carlos Quintá.

Disfunción Continua Teatro: *Teimas*, dirección Jouse García

Ver Aguiño, VIIIª Mostra de Teatro Afeccionado Francisco Lorenzo Mariño
Ver Poio Escena, Vº Ciclo de Teatro
Ver Teatrofilia, XIIIª Mostra de Teatro Amador de Vedra
Ver Terras do Orcellón, IXª Mostra de Teatro Amador
Ver Xosé Agrelo, Xª Mostra de Teatro

Referencias varias:

- D. A., "Cancelan la función teatral 'Teimas' prevista para hoy por motivos de salud", *Diario de Arousa*, "O Salnés", 16 xaneiro 2016, p. 13

Indica que a compañía Disfunción Continua Teatro tivo que cancelar a súa función por motivos de saúde.

Producións **Dispersas**: *Falándolle a un espello*, dirección José Campanari

Elefante Elegante: *Fados*

Ver Palas de Rei, XVIIª Mostra Internacional de Teatro Amador "Teatro no camiño de Santiago"
Ver Porto do Son, Novembro Cultural

Elefante Elegante: *Kassa*, texto e dirección MaríaTorres e Gonçalo Guerreiro
Ver Ilusioóoh!n, Ciclo

Etiqueta Negra Producións: *Amigos ata a morte*, dirección Javier Veiga

Recensións:

- Lourdes Abuide, "Amigos ata a morte", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", "Fila 7", 28 marzo 2016, p. 31.

Indica que nesta peza Ledicia Sola presenta unha interpretación de baixo nivel, que non chega a ter nin carga dramática nin cómica e que o guión a deixa como "mero atrezzo". Afirma que Xosé Antonio Touriñán é un dos poucos puntos de calidade teatral neste espectáculo xunto coa escenografía de Elisa Sanz e con respecto a David Amor comenta que só "borda su papel de monologuista".

Referencias varias:

- Rafa López, "Javier Veiga. 'El humorista no está para tomar partido", *Faro de Vigo*, "*VISADO"*, n.º 717, pp. 1-2.

Entrevista co actor, dramaturgo, monologuista e guionista Javier Veiga. Entre outras cuestións, fálase da comedia teatral *Amigos ata a morte* e saliéntase o éxito acadado por todo Galicia. Sinálanse as datas e lugares nos que se representará a obra.

- O. B., "Amigos ata a morte', una comedia con la que identificarse", *Diario de Arousa*, "Vilagarcía", 27 febreiro 2016, p. 7.

Relata a rolda de prensa que dá a coñecer o espectáculo e a súa xira por Galicia. Recolle as declaracións do director e do reparto.

- Carlos Crespo, "Javier Veiga. 'Iso de que os monologuistas non poden facer teatro é un tópico rancio", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Agenda", 4 marzo 2016, p. 13.

Comenta que en *Amigos ata a morte* dous amigos e unha amiga conforman un triángulo imperfecto o que provoca que sexa unha peza teatral centrada na amizade, no amor e na combinación de ambos.

- Jorge Casanova, "Javier Veiga. 'Soy de risa y lágrima fácil", *La Voz de Galicia*, "Muy de cerca", 6 marzo 2016, p. contracuberta.

Entre outras cuestións recollidas na entrevista alúdese a esta obra que dirixe o propio Jaiver Veiga.

- R. L., "La comedia 'Amigos ata a morte' pasará el día 26 por el Auditorio de Lugo", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 11 marzo 2016, p. 75.

Anuncia a representación da comedia en Lugo e dá conta do seu argumento.

- Rafa López, "Amigos ata a morte': tres hacen multitud", *Faro de Vigo*, "*VISADO"*, n.º 720, 11 marzo 2016, pp. 1-2.

Coméntanse as representacións realizadas da comedia *Amigos ata a morte*. Saliéntanse o argumento e as recoñecidas traxectorias dos actores como causas principais do éxito de público.

- C. C., "A proba de que si que está o conto para comedias", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Escénicas", "Agenda", 11 marzo 2016, p. 12.

Reflexiona sobre o éxito en Galicia da comedia de Javier Veiga.

- Rafa López, "Amigos ata a morte': tres hacen multitud", *La Opinión*, "A Coruña", "Ciudad y cultura", 15 marzo 2016, p. 10.

Conversa con David Amor e Ledicia Sola na que se sinalan algunhas das características da comedia que se representará o 19 de marzo de 2016 no teatro Colón de Vigo. Destácase que está avalada polo seu éxito de público.

- R. L., "David Amor e Ledicia Sola. 'Muchas veces nos ha tocado ir de carabina con nuestro mejor amigo y su pareja", *La Opinión*, "A Coruña", "Ciudad y cultura", 15 marzo 2016, p. 10.

Conversa na que David Amor e Ledicia Sola repasan a súa experiencia como actores desta comedia sobre a amizade e o amor.

- Sonia Torre, "Ledicia Sola. 'Esta es una buena obra para que se estrene quien aún no haya ido al teatro", *La Región*, "Ciudad", 15 marzo 2016, p. 11.

Entrevista na que Ledicia Sola se aleda que representar esta obra na súa cidade natal, en Ourense. Sublíñase que o seu mellor intre de 2015 foi acadar o premio Mestre Mateo con *Os fenómenos*.

- Carla Fraga, "Amigos ata a morte' é unha obra para desvirgarse teatralmente", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", "Teatro", 25 marzo 2016, p. 36.

Conversa con Xosé Antonio Touriñán e David Amor na que repasan a súa presenza nesta comedia. Subliña que serve para pasalo ben e esquecerse dos problemas e que nela se tratan temas universais como o amor, a amizade e a morte.

- Ana Iglesias, "Compostela, el final del camino para la divertida comedia 'Amigos ata a morte", *El Correo Gallego*, "Santiago", 8 abril 2016, p. 26.

Infórmase de que esta obra será representada por última vez o 22 de abril despois de que a teñan visto máis de 14.000 espectadores.

- M. García, "Santiago recibe la última dosis de humor de 'Amigos ata a morte", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Agenda", "Para todos los públicos", 8 abril 2016, p. L10.

Indica o lugar e a data de representación da obra e fai unha breve presentación do contido.

- ECG, "Venta de entradas para 'Amigos ata a morte' en Abanca", *El Correo Gallego*, "Santiago", 14 abril 2016, p. 30.

Dá conta da última representación desta peza en Santiago de Compostela. Comenta o elenco de actores, o horario e o método para adquirir as entradas.

Producións Teatrais **Excéntricas**: *Os amores de Jacques o fatalista*, adaptación e dirección Quico Cadaval

Ver Carballo, Venres Culturais en
Ver Galicia Escena Pro, IVª Mostra de artes escénicas
Ver Ponteatro, IVº Ciclo
Ver Rianxo, Outono Cultural de

Referencias varias:

- S. S., "Nuevo espectáculo de teatro en Muros", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 28 xaneiro 2016, p. 37.

Informa da representación desta peza no auditorio do centro cultural de Muros.

- M. L., "Estreno teatral en el Pazo da Cultura de Producións Excéntricas", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 29 xaneiro 2016, p. 38.

Anúnciase a representación da peza no Pazo de Cultura de Carballo e sinálase que é unha adaptación da novela de Diderot.

- Camilo Franco, "A inestabilidade permanente", *Diario de Pontevedra*/ *El Progreso*, "*Táboa redonda*", n.º 20, 31 xaneiro 2016, p. 7.

Reflexiónase sobre a situación do teatro galego na actualidade e destácase a estrea de cinco pezas, entre as que se atopa *Os amores de Jacques o fatalista*.

- F. Frieiro, "Tres espectáculos teatrais en galego recalan no Auditorio este primeiro semestre do ano", *Diario de Arousa*, "Vilagarcía", 17 febreiro 2016, p. 4.

Indica que o Auditorio de Vilagarcía acollerá as representacións de varias compañías entre as que destaca Producións Teatrais Excéntricas con función o 30 de abril de 2016.

- Carlos Crespo, "Catro entrecortados relatos de amor e un desenlace que xa viña escrito de alá enriba", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Escénicas", "Agenda", 11 marzo 2016, p. 13.

Alude a que esta obra presenta unha estrutura na que se mestura teatro e narración con minimalismo escénico e que conta para a súa representación con tres actores e un músico.

- S. N., "Os amores de Jacques o Fatalista': el placer de contar", *La Región*, "Sociedad", "Agenda Cultural", 21 marzo 2016, p. 60.

Informa da posta en escena do espectáculo de Producións Teatrais Excéntricas na Rúa e refire o argumento.

- F. F., "Teatro gallego y un tributo a Pink Floyd, apuestas culturales para el mes de abril", *Diario de Arousa*, "Vilagarcía", 5 abril 2016, p. 4.

Entre outras cousas anuncia a posta en escena desta peza no Auditorio Municipal de Vilagarcía de Arousa.

- S. N., "Os amores de Jacques o fatalista' a escena", *La Región*, "Sociedad", 6 xuño 2016, p. 60.

Dá conta do director, dos actores "que se multiplicarán en el cambio de personajes, de puntos de vista, de posición en el campo" e sintetiza o argumento da peza. Precisa que os contos narrados polos personaxes, que "intentan buscar la diferencia entre el enamoramiento y la seducción [...] En definitiva, sobre los amores". Refire ademais que tamén se tratan outros temas "como la dominación de clase, la prostitución, la amistad, el robo, el coraje, la poesía y el tabaco". Remata indicando que se trata dunha "comedia con ambientación de época y música original", nun "escenario casi desnudo".

- M. M., "O Outono 2016 segue con micoloxía, saídas, maxia e contacontos dende Ames", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 10 novembro 2016, p. 36.

Informa, entre outros eventos, da representación de *Eroski Paraíso* de Chévere en Ames e *Os amores de Jacques o fatalista* de Produccións teatrais excéntricas no Milladoiro.

- Sol Elvira, "O decembro cultural de Lalín inclúe o AspadezARTE", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 2 decembro 2016, p. 35.

Anuncia a representación desta peza en Lalín e que se trata dunha adaptación realizada por Quico Cadaval. Destaca que é "unha das obras cumes da literatura contemporánea"

Fantoches Baj: *As pombas de Carboeiro*

Ver Cultura no Camiño, Ciclo

Farrapo Teatro: *Frío*, dirección Lorena Conde

Teatro **Fontevella**: *Prohibido casar*

Fulano, Mengano e Citano: *A louca historia de Galicia*, texto e dirección Manuel Pombal e Manuel Botana

Gargallada Teatro (1): *Fuga*, texto Jordi Galcerán, dirección Pilar Alonso e M. Caramés

Ver Betanzos, VIIº Encontro de Teatro Afeccionado de
Ver Entreculturas, VIIº Festival de Teatro
Ver Terras do Orcellón, IXª Mostra de Teatro Amador

Referencias varias:

- J. C., "Gargallada Teatro regresa con otro premio del País Vasco", *La Región*, "Provincia", "Valdeorras", 29 novembro 2016, p. 17.

Dá conta dos galardóns recibidos pola obra *Fuga* e dos premios nos que foron finalistas.

Gargallada Teatro (2): *Quimera*

Referencias varias:

- José Cruz, "Gabriel Prada. 'El teatro me enseñó a comprender a los demás, algo de lo que adolece la sociedad", *La Región*, "Valdeorras", "Protagonista", 10 agosto 2016, p. 30.

Ofrece unha entrevista co actor valdeorrés Gabriel Prada onde anuncia a súa participación nun festival en Marrocos coa obra *Quimera*.

- Ángeles Rodríguez, "A 'Quimera' feita realidade", *O SIL*, "*Especial Festas do Cristo 2016*", "Cultura", setembro 2016, p. 22.

Comeza afirmando que “entre o real e o soñado móvese, coma se dunha viaxe de tratara, o protagonista e único personaxe de *Quimera*”. Refire que se estreara en 2012 no Teatro Lauro Olmo valdeorrés e que, catro anos despois, foi recoñecida no Festival internacional de Oujda e que en 2017 se representará en Puebla (México). Finaliza falando dunha posible nova posta en escena no Teatro Lauro Olmo en setembro que lle axude a costear as viaxes ao estranxeiro por ser o seu, un “teatro afeccionado”.

Gargallada Teatro (3): *Estación sombrío*

Ver A Rúa, VII Xornadas de Teatro Afeccionado

Gargallada Teatro (4): *Lurpias*

Ibuprofeno Teatro: *A filla de Woody Allen*, texto e dirección Santiago Cortegoso

Ver Sarria, Mes do Teatro
Ver Vilalba, Ciclo Sábados de Teatro de

Referencias varias:

- Ángela Fontao, “Viaxe ao universo Allen”, *La Opinión*, “A Coruña”, 11 xuño 2016, p. 11.

Alude ao desencadenante da trama e aos actores e refire que “a protagonista actúa coma contrapunto” dun público cómplice coa trama e que “o proceso de mimetización da intérprete co seu ficticio proxenitor partiu de Santiago Cortegoso”. Reproduce palabras da actriz protagonista, Marián Bañobre, quen afirma que a peza “é un espectáculo que transita por moitas claves, como fan as películas de Allen” e que a busca do pai funciona como pretexto para abordar outras cuestións, caso de “as viaxes de cada un na procura da súa felicidade”. Remata nomeando outras pezas que manteñen en xira Ibuprofeno Teatro e precisando o prezo das entradas para a posta en escena d'*A filla de Woody Allen*.

- F. Frieiro, “Ibuprofeno Teatro. ‘Intentamos facer como Woody Allen, falar de cousas serias utilizando a comedia”, *Diario de Arousa*, “Vilagarcía”, 16 setembro 2016, p. 4.

Conversa cos integrantes de Ibuprofeno Teatro en relación ao seu debut dramático, na que explican que apostaron por Woody Allen porque lles gusta “a forma de tratar os temas serios que ten usando sempre a comedia como telón de fondo” e tamén polo parecido da actriz co director norteamericano na fala “de forma atropelada” e tamén ao caracterizala para o personaxe. Destacan así mesmo que o espectáculo “requeriu un forte labor de investigación e de documentación” pero funciona co público xa que é “moi creativo”.

- S. S., “Ibuprofeno pone en escena ‘A filla de Woody Allen”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 12 novembro 2016, p. 35.

Informa da posta en escena no Teatro Elma da Pobra da obra *A filla de Woody Allen* por Ibuprofeno e a traxicomedia *Alacrán* pola compañía Teatro no Aramio.

Ibuprofeno Teatro: *Fitness*, dirección Santiago Cortegoso

Ver MIT, XXXIIª Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia

Teatro **Lameiro**: *O amor dañino ou a vítima das súas virtudes*

Lucecús Teatro: *A órbita do lucecú*, dirección Santiago Cortegoso e Marián Bañobre

Ver Chantada, XXVIª Mostra de Teatro Popular Maruxa Villanueva
Ver Palas de Rei, XVIIª Mostra Internacional de Teatro Amador “Teatro no camiño de Santiago”

Referencias varias:

- R. L., “Lucecús Teatro apuesta por textos de Manuel María para su próxima función”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 18 febreiro 2016, p. 42.

Dá conta da representación a cargo da compañía Lucecús teatro desta peza que emprega textos de Manuel María.

- A. Fontao, “Fusión teatral entre soño e realidade”, *La Opinión*, “A Coruña”, “Ciudad y cultura”, 2 marzo 2016, p. 10.

Comenta que a compañía Lucecús Teatro representa *A órbita do lucecú*, cualificada como unha peza que reflicte as relacións humanas a través das aspiracións vitais de tres compañeiros de piso.

Madialeva Teatro: *Contos chinos*

Malasombra Teatro (1): *D.E.P.*, texto Jordi Sánchez e Pep Antón Gómez, dirección Marcos Orsi

Ver Arzúa, Ciclo de Teatro Outono a escena de
Ver Cultura no Camiño, Ciclo
Ver Oroso, Outono Cultural de

Malasombra Teatro (2): *Go on!*, texto José Luís Prieto, dirección Marcos Orsi

Ver Cambados, Ciclo de Teatro Adulto
Ver Cultura no Camiño, Ciclo
Ver Tomiño, Outono Cultural

Malasombra Teatro (3): *O Día do Pai*, texto Gabriel Olivares e Ana Graciani, dirección Marcos Orsi

Ver Cambados, Ciclo de Teatro Adulto
Ver Malpica, XIIª Mostra de Teatro de

Referencias varias:

- Y. S., "La solidaridad fue el eje central de la celebración en Mos del Día del Padre", *Faro de Vigo*, "*Especial*", "Baixo Miño/ Louriña", 25 marzo 2016, p. 3.

Salienta, entre outros eventos, a posta en escena da obra *O Día do Pai* da Compañía Malasombra no marco dunha celebración solidaria en Mos.

- Á. Piñeiro, "Pontecaldelas escoita a Suso Vaamonde", *Diario de Pontevedra*, "DVerano", 25 agosto 2016, p. 14.

Dá conta da representación desta peza na semana grande de Ponte Caldelas.

Il **Maquinario** Teatro: *Perplexo*, dirección Tito Asorey

Ver Cariño, XXXVIIIª Mostra de Teatro Galego de
Ver Cee á escena, IIª Mostra de Teatro e das Artes Escénicas
Ver Malpica, XIIª Mostra de Teatro de
Ver Riveira, Mostra de Teatro de

Referencias varias:

- M. M., "Lo último de Il Maquinario y la gira de Piedrahita", *La Opinión*, "Sociedad, cultura y ocio", 17 xaneiro 2016, p. 34.

Sinala que Il Maquinario estreará fóra de Galicia este espectáculo, co cal recibiu varios galardóns nos premios María Casares.

- F. Frieiro, "Tres espectáculos teatrais en galego recalan no Auditorio este primeiro semestre do ano", *Diario de Arousa*, "Vilagarcía", 17 febreiro 2016, p. 4.

Indica que o Auditorio de Vilagarcía acollerá as representacións de varias compañías entre as que destaca Il Maquinario Teatro. Destaca que a peza tivo nove nominacións aos premios María Casares.

- S. N., “Perplexo’, una comedia llena de locura y surrealismo”, *La Región*, “Sociedad”, “Agenda Cultural”, 21 marzo 2016, p. 60.

Faise eco da representación da obra no Carballiño así como dos premios obtidos na pasada edición dos María Casares. Dá conta tamén do elenco de actores e do argumento.

- Candela Valle, “Tito Asorey. ‘O teatro galego existe, debemos de ser moi conscientes do que temos aquí”, *La Región*, “Ourense”, “Personaxe do día”, 14 decembro 2016, p. 9.

Conversa con Tito Asorey, na que incide en que “é unha comedia, está feita para que a axente disfrute e o pase moi ben pero tamén ten unha estrutura de teatro contemporáneo que non é común”, en que “parte dunha inquedanza sobre aa excesiva velocidade do mundo e tódolos cambios que estamos vivindo”, en que “ten forma de vodevil, de comedia entolecida onde as personaxes cambian de rol continuamente para enfrentarse ás novas situacións que a obra lles prantexa” e remata indicando, respecto á boa acollida da peza fóra de Galicia, que “é moi satisfactorio que xente así poda ver o que se está facendo en Galicia, o que se fai en Ourense, que dende toda a humildade é interesante”.

Matarile Teatro (1): *Teatro invisible*, texto e dirección Ana Vallés

Ver MIT, XXXIIª Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia

Referencias varias:

- ECG, “Matarile Teatro celebra sus 30 años de carrera con tres espectáculos”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 9 febreiro 2016, p. 23.

Entre outras cuestións, informa da representación da peza como parte das actividades realizadas para conmemorar o trinta aniversario de Matarile Teatro.

- Montse García, “Ana Vallés. ‘Lo mejor hacie el público en 30 años fueron el Teatro Galán y En Pé de Pedra”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “En primera persona”, 9 febreiro 2016, p. contracuberta.

Explica que Matarile Teatro levará ao Teatro Principal de Santiago de Compostela tres espectáculos *Teatro invisible*, *Staying Alive* e mais *El cuello de la jirafa* co fin de celebrar os seus trinta anos de vida.

- Xesús Fraga, “Matarile sube el público al escenario para celebrar sus treinta años de teatro”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 26 febreiro 2016, p. 36.

Infórmase de que *Teatro invisible*, de Matarile Teatro, se representará no Teatro Principal de Santiago o 1 de marzo de 2016 ao que seguirán outras montaxes conmemorativas e coloquios sobre os seus trinta anos de vida.

- M. García, “Matarile inicia la celebración de su trigésimo aniversario con ‘Teatro invisible”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, 1 marzo 2016, p. L11.

Comenta que a representación deste espectáculo serve para conmemorar os trina anos do grupo e que a obra se celebrará no ambigú do Principal.

- Ana Iglesias, “Matarile comparte escenario con su público para celebrar 30 años”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 2 marzo 2016, p. 28.

Destaca que Matarile Teatro comezou co calendario das citas conmemorativas dos seus trinta anos de vida en Santiago de Compostela coa representación de *Teatro invisible* que será seguido dunha xira por todo o Estado español.

Matarile Teatro (2): *Staying alive*, texto e dirección Ana Vallés

Referencias varias:

- ECG, “Matarile Teatro celebra sus 30 años de carrera con tres espectáculos”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 9 febreiro 2016, p. 23.

Entre outras novas, aúnciase a representación da peza en Santiago de Compostela e indícase que a compañía vai cumprir o seu trinta aniversario.

- Montse García, “Ana Vallés. ‘Lo mejor hacie el público en 30 años fueron el Teatro Galán y En Pé de Pedra”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “En primera persona”, 9 febreiro 2016, p. Contracuberta.

Explica que Matarile Teatro levará ao Teatro Principal de Santiago de Compostela tres espectáculos *Teatro invisible*, *Staying Alive* e mais *El cuello de la jirafa* co fin de celebrar os seus trinta anos de vida.

- Xesús Fraga, “Matarile sube el público al escenario para celebrar sus treinta años de teatro”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 26 febreiro 2016, p. 36.

Infórmase de que *Staying alive*, de Matarile Teatro, se representará no Teatro Principal de Santiago xunto con outras montaxes conmemorativas e coloquios para celebrar os seus trinta anos de vida.

- M. García, “Matarile inicia la celebración de su trigésimo aniversario con ‘Teatro invisible”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, 1 marzo 2016, p. L11.

Comenta a celebración dos trinta anos da compañía coa posta en escena de *Teatro invisible* e de *Staying Alive*. A posta en escena desta última obra ofrecerá unha versión especial para a ocasión.

Teatro do **Miolo**: *Máncasme Man. O home que mancaba ás mulleres*

Ver Cabaré, Xº Festival Galego de

Mofa e Befa (1): *Bobas & Galegas. Mofa e Befa no Século de Ouro*, dirección Quico Cadaval

Referencias varias:

- S. N., "Bobas&Galegas: parodia gozosa del siglo de oro", *La Región*, "Sociedad", 25 xaneiro 2016, p. 52.

Dá conta da posta en escena desta obra no Teatro Principal de Ourense e explica brevemente o contido da mesma.

- M. G. M., "Víctor Mosqueira. 'Mofa & Befa somos moi didácticos, queremos ensinar e sempre fracasamos", *Diario de Ferrol*, p. 37/ *El Ideal Gallego*, p. 36, "Sociedad", 17 setembro 2016.

Conversa co actor Víctor Mosqueira sobre a peza para a que Quico Cadaval "escribiu e tamén traduciu textos ao galego", unha "sabia e negra man" que os puxo a recitar a Calderón de la Barca e a Lope de Vega. Cualifica a peza de "bastante amable con varias partes", caso dunha de teatro costumista e doutra de "camaretada"; confesa que "custou moito aprender o texto" e "moverse entre almofadas", nunha peza que "fai rir, pero que esconde misiva".

Mofa e Befa (2): *Cociña económica*

Ver Cultura no Camiño, Ciclo

Mofa e Befa (3): *Shakespeare para ignorantes*, adaptación e dirección Quico Cadaval

Ver Cultura no Camiño, Ciclo

Referencias varias:

- M. M. O., "Teatro nas dúas urbes amesás ata final da primavera", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 15 febreiro 2016, p. 21.

Entre outras actividades, dá conta da representación desta peza.

- M. García, "El Principal, 175 velas con teatro y danza", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Agenda", "Para todos los públicos", 5 abril 2016, p. L10.

Informa da data e lugar da posta en escena desta obra.

- Carmela García, “El teatro Principal celebra su 175 aniversario”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 5 abril 2016, p. 24.

Sinala que co gallo do aniversario do Teatro Principal de Santiago de Compostela se representarán diversos espectáculos entre os que destaca *Shakespeare para ignorantes*.

- ECG, “Shakespeare para ignorantes’ aterriza en el Principal”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 21 abril 2016, p. 22.

Anuncia a representación desta peza no Teatro Principal de Compostela e salienta o éxito do espectáculo.

Teatro do **Morcego** (1): *Presidente*, texto e dirección José Prieto

Ver Outes, Outono Teatral de
Ver Ponteceso, XXIIIº Ciclo de Teatro

Referencias varias:

- M. M., “Teatro do Morcego traerá mañana la obra ‘Presidente”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 18 febreiro 2016, p. 30.

Informa da representación desta peza na casa da cultura de Bertamiráns. Dá conta elenco de actores e do prezo das entradas.

- Ángela Fontao, “Iolanda Muíños. ‘Vendo os telexornais, comprobase que a realidade política é máis ‘heavy’ ca esta obra”, *La Opinión*, “Ciudad y cultura”, 8 abril 2016, p. 11.

Entrevista á actriz Iolanda Muíños na que destaca que lle gusta interpretar personaxes con ideoloxías dispares. Comenta que foi premiada na última edición dos María Casares e que a peza *Presidente*, “unha comedia sobre a campaña maquiavélica dun político” se achega á realidade política actual.

- Ruth López, “O presente político, en Lugo con ‘Presidente”, *El Progreso*, “deVerano”, 16 xullo 2016, p. 42.

Comenta a trama da obra, focalizando o interese no desencadenante da historia e os aspectos abordados para resolver o conflito inicial, incidindo nos distintos tipos de familias aos que afecta.

- F. F., “Teatro do Morcego e o grupo Chévere estarán no Auditorio da man do Agadic”, *Diario de Arousa*, “Vilagarcía”, 18 agosto 2016, p. 5.

Dá breve conta da programación cultural de Vilagarcía en colaboración co Agadic, entre as demais obras representadas salienta a participación de Teatro do Morcego con *Presidente*.

Teatro do **Morcego** (2): *Os vellos non deben de namorarse*, texto Castelao

Ver Cambados, Ciclo de Teatro Adulto
Ver Outonoteatro, Ciclo
Ver Sanxenxo, Ciclo de Teatro de Outono de
Ver Tomiño, Outono Cultural
Ver Vigocultura

Referencias varias:

- Belén López, "Por namorar de vellos", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Ciudad", 16 setembro 2016, p. 10.

Conversa sobre a peza de Castelao que Teatro do Morcego representara por vez primeira en 2001 e despois en 2010. Recóllese que o actor Celso Parada, fundador da compañía, salienta o epílogo "no que os protagonistas reflexionan con ironía do que lles pasou e rin uns dos outros", e tamén a calidade da peza dramática, "un clásico galego que está moi ben escrito e moi ben feitiño", o interese de Castelao por "captar a modernidade de Europa" e a influencia do teatro ruso nos simbolismos e tamén da commedia dell'arte "que o leva a introducir por primeira vez as máscaras no teatro galego".

- Cuca M. Gómez, "¡Felicidades, don Gonzalo!", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Gente a diario", "De café con Cuca", 1 outubro 2016, p. 70.

Entre outras actividades, informa da representación da peza *Os vellos non deben de namorarse,* por Teatro do Morcego, no Principal de Pontevedra.

Teatro do **Morcego** (3): *O Lazariño de Tormes*

Ver Outonoteatro, Ciclo

Teatro de **Ningures**: *Unhas poucas picadelas*, texto Laila Ripoll, dirección Etelvino Vázquez

Ver Carballiño, XXVIIº Festival de Teatro Galego do (FETEGA)

Recensións:

- J. A. Martínez Sevilla, "Unas pocas picaduras", *Diario de Arousa*/ *Diario de Ferrol*/ *El Ideal Gallego*, "Opinión", "La columna", 22 novembro 2016, p. 26.

Sinala que a peza foi galardoada co Premio Nacional de Literatura Dramática 2015 e dá conta da súa temática, centrada na violencia de xénero. Precisa que o detonante da peza

é a noticia dun xornal na que se dá conta do asasinato dunha muller por parte da súa parella. Reflexiona sobre o argumento da peza e indica que a muller, pese a tentar manter a dignidade, vese presionada pola figura do marido e pola voz en off dunha radio doutro tempo. Finaliza valorando positivamente o labor actoral que consegue conectar co público.

Referencias varias:

- S. S., "Teatro de Ningures representa hoy la obra 'Unhas poucas picadelas", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 1 abril 2016, p. 36.

Informa da posta en escena en Boiro desta peza sobre a violencia de xénero.

- M. G. M., "El Rosalía ofrecerá 'Hamlet', 'Voaxa e Carmín' o 'Ensayo sobre la ceguera", *Diario de Ferrol/ El Ideal Gallego*, p. 37, "Sociedad", 23 xullo 2016.

Informa que o martes se abrirá o prazo de renovación dos bonos para acudir ás once propostas que se representarán no Teatro Rosalía entre as que destaca *Voaxa e Carmín*, *Ensaio sobre a cegueira* e *Unhas poucas picadelas*.

Obras Públicas: *Bye, Bye, Honey*, texto e dirección José Prieto

Referencias varias:

- Sandra Couso, "Bye Bye Honey fue escrita para gente que nunca fue al teatro", *El Correo Gallego*, "Santiago", 22 maio 2016, p. 26.

Comenta que o Teatro Principal de Santiago de Compostela acollerá o 27 e 28 de maio de 2016 a representación deste espectáculo no que participa o compostelán César Goldi e que é cualificado como "musical del lumpen" polo propio actor.

- M. García, "Bye bye Honey', unha obra de teatro en un concierto de Rock", *La Voz de Galicia*, *La Voz de Santiago*, "Agenda", "Para todos los públicos", 25 maio 2016, p. L11.

Indica que esta peza conta a historia da nena Marta cando deixa a súa casa e familia e comeza un camiño incerto e perigoso.

- M. G. M., "Bye bye Honey' trata el drama cercano con música y humor en el Rosalía", *El Ideal Gallego*, "Sociedad", 2 xuño 2016, p. 37.

Recolle as palabras do concelleiro de Cultura na presentación sa obra, destacando os galardóns recibidos, e tamén as palabras do director, José Prieto, salientando a importancia da música na peza. Precisa quen interpretan as once cancións que forman parte da posta en escena e quen son os actores. Remata acollendo palabras da actriz Iolanda Muíños sobre o musical, que cualifica de antimachista.

A **Panadaría** (1): *Pan! Pan!*, texto Areta Bolado, dirección Areta Bolado, Noelia Fernández e Ailén Kendelman

Ver Carballo, Venres Culturais en
Ver FITO, IXº Festival Internacional de Teatro de Ourense
Ver Implícate!, XI Festival

Recensións:

- Manuel F. Vieites, "Escena A Panadería", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 574, "Teatro", 3 marzo 2016, p. VIII.

Comeza falando dos diferentes paradigmas no facer teatral apoiándose no tratado *The empty space* (1968) de Peter Brook para despois pasar a analizar a compañía teatral A Panadería e mais o seu espectáculo *Pan! Pan!* Cualifícao de traballo moi acertado xa que reconcilia o público coa escena teatral e asemade defínese este espectáculo como unha parodia dos westerns americanos. Destaca a polisemia de "pan" que pode facer referencia ao son dunha arma, pero "tamén ao proceso de alimentar os teatros con traballos elaborados con rigor".

Referencias varias:

- Montse García, "A Panadería, teatro con grandes dosis de humor y de música", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Área metropolitana", "Para todos los públicos", 17 febreiro 2016, p. L10.

Comenta que *Pan! Pan!* é unha parodia con musica vocal en directo sobre os westerns americanos e que se representará cinco días consecutivos no Salón Teatro de Santiago de Compostela.

- C. C., "A fin de semana enteira amasando", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Artes escénicas", 19 febreiro 2016, p. 13

Destaca a produción e a traxectoria da compañía teatral A Panadería e informa da posta en escena da súa peza debut: *Pan! Pan!*. Comenta que esta obra recibiu o premio da Crítica de Galicia en 2015 e que consegue combinar "whisky, balas e country, amor e vinganza a partes iguais".

- C. B., "Pan! Pan! Chega hoxe ao alumnado do IES Antón Losada", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 7 marzo 2016, p. 23.

Informa que se representará esta obra no IES Antón Losada Diéguez da Estrada dentro das xornadas de celebración do Día da Muller Traballadora.

A **Panadaría** (2): *Panamericana*, texto Areta Bolado

Ver Outonoteatro, Ciclo

Ver Sen Numerar, Ciclo de Teatro
Ver Ponteatro, IVº Ciclo

Recensións:

- Manuel F. Vieites, "A Panadaría en Panamérica", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 599, "Teatro", 20 outubro 2016, p. VIII.

Comeza indicando como consegue Areta Bolado estabelecer "a convención xeral do espectáculo" e ir creando a ficción, xunto ao traballo das outras dúas actrices e "coa complicidade e coa colaboración da audiencia". A seguir explica a orixe da peza *Panamérica*, da que destaca "a sensación de bochorno" que conseguen cos "xogos de maxia incorporados á partitura escénica"; a elección do formato de comedia bufa; e o símbolo ou metáfora da festa da pataca. Ademais salienta "o magnífico traballo interpretativo" e o emprego que fan do "corpo como ferramenta expresiva" nun escenario baleiro e estando apoiadas soamente pola "iluminación de Montserrat Piñeiro". Así mesmo valora positivamente "o traballo realizado para dar vida a Miranda del Río" e remata afirmando que este "traballo notable" posibilita "seguir pensando que o teatro segue a ter moitas razóns para ser". A recensión compleméntase co despece, "Guiso tropical", no que achega argumentos para quen considere que "o espectáculo resulta un tanto atrapallado".

Referencias varias:

- C. C., "A fin de semana enteira amasando", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Artes escénicas", 19 febreiro 2016, p. 13

Destaca a produción e a traxectoria da compañía teatral e anuncia a representación desta comedia, "un musical de plumas e cores no que as actrices interpretan 24 personaxes".

- M. García, "Más de 20 personajes por tres actrices en 'Panamericana", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Agenda", "Para todos los públicos", 20 febreiro 2016, p. L10.

Informa da hora e lugar da representación desta obra e comenta algo do seu argumento.

Palimoco Teatro: *Medea salvaxe*

Ver Sarria, Mes do Teatro

Pistacatro Productora de Soños (1): *A vida tola*

Referencias varias:

- M. R., "Numeroso público en la primera actuación del Verán Activo de Vilalba", *El Progreso*, "A Chaira", 24 xullo 2016, p. 21.

Dá conta da programación cultural do verán do Concello de Vilalba. Entre as propostas teatrais salienta *A vida tola* de Pistacatro.

Pistacatro Productora de Soños (2): *Impreuna*

Ver Manicómicos, XVI Festival Internacional de Teatro Cómico

Referencias varias:

- Laura García e M. G., "Antuam de la Cream. 'En Santiago ya no sorprende que digas 'pasamos la gorra'", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Agenda", "Para todos los públicos", 24 agosto 2016, p. L7.

Conversa co artista Antonio Delgado Pérez na que fala maioritariamente do espectáculo que realiza no ciclo "Circo á gorra", se ben tamén alude a que combina as actuacións circenses coa representación da peza *Impreuna* da compañía Pista Catro.

Teatro **Proscrito**: *Manar*, dirección e texto Lino Braxe

Referencias varias:

- M. García, "Sabela Hermida. 'Todo é orixinal no espectáculo, ata o vestiario veu de Xordania", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Agenda", "Para todos los públicos", 1 xullo 2016, p. L10.

Conversa coa actriz protagonista do espectáculo, unha "rememoración das vivencias dunha muller árabe desde un campo de refuxiados". Indica que todo é orixinal (texto, acrílicos, vestiario, composicións musicais, danzas e escenografía) para tentar que "sexa o máis realista posible". Dá conta da personaxe protagonista, unha muller que "sendo crente, lle gusta a vida, a liberdade" e que "é unha mestra, que adora a súa profesión, que loita por ser igual que os homes". Remata indicando que tiveron boa acollida en Madrid, onde o puxeron en escena adaptado ao castelán.

Os **Quinquilláns**: *Espantallo amigo* (1), texto Xosé Neira Vilas, adaptación Tito Vizoso

Ver Xosé Agrelo, Xª Mostra de Teatro

Os **Quinquilláns** Teatro (2): *Cousas de Castelao*

Ver Sanxenxo, Ciclo de Teatro de Outono de

Referencias varias:

- I. O., “A compañía Os Quinquilláns achega ‘Cousas’ de Castelao”, *La Región*, “A Limia”, 22 novembro 2016, p. 22.

Comenta que a compañía os Quinquilláns representa no concello de Xinzo de Limia en colaboración coa Deputación de Ourense e a Editorial Galaxia a obra *Cousas* de Castelao. Resalta que é unha representación de teatro xuvenil que terá lugar no Auditorio da Casa da cultura.

Redrum Teatro (1): *Noiteboa*, dirección Álex Sampayo

Ver Boqueixón, IVº Ciclo de Teatro de Outono de
Ver Cee á escena, IIª Mostra de Teatro e das Artes Escénicas
Ver Laracha, Venres teatrais da
Ver Malpica, XIIª Mostra de Teatro de
Ver Ponteceso, XXIIIº Ciclo de Teatro
Ver Riveira, Mostra de Teatro de
Ver Vigocultura
Ver Vilamarín, XXIXª Noites Teatrais de

Referencias varias:

- Á. Piñeiro, “Pontecaldelas escoita a Suso Vaamonde”, *Diario de Pontevedra*, “DVerano”, 25 agosto 2016, p. 14.

Anuncia a representación de *Noiteboa* na semana grande da vila.

- M. T., “Chega a obra de teatro ‘Noiteboa’ a Camporrapado”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 8 decembro 2016, p. 31.

Informa brevemente da posta en escena, o elenco e o argumento da obra.

Redrum Teatro (2) *Curriculum vitae*, dirección Álex Sampayo

Ver Paiosaco, VIº Ciclo de teatro

Sarabela Teatro: *Ensaio sobre a cegueira*, dirección Ánxeles Cuña

Ver Carballiño, XXVIIº Festival de Teatro Galego do (FETEGA)

Recensións:

- J. A. Martínez Sevilla, “Sobre la ceguera”, *Diario de Arousa*/ *Diario de Ferrol*/ *El Ideal Gallego*, “Opinión”, “La columna”, 13 decembro 2016, p. 26.

Recolle que o propio José Saramago definía a súa peza como "la novela que palsmaba, criticaba y desenmascaraba a una sociedad podrida y desencajada" e resume o argumento. Destaca que "el clima de opresión queda patente durante toda la representación y la lucha por la supervivencia se convierte en una parábola de la condición humana de la sociedad actual al mismo tiempo, que nos hace recordar otars épocas de la humanidad de infausta memoria". Valora positivamente as interpretacións do elenco e refire que a peza conclúe cun "final esperanzador: la ciudad todavía está ahí".

Referencias varias:

- M. M. O., "Sarabela Teatro ofrece o 'Ensaio sobre a cegueira", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 20 xaneiro 2016, p. 26.

Informa da posta en escena desta obra, indica o seu argumento e destaca que é unha adaptación da novela do portugués José Saramago.

- C. C., "Recoñecementos para un reto de maiúsculas dimensións", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Escénicas", "Agenda", 11 marzo 2016, p. 12.

Apunta que esta montaxe presenta nove actores en escena que interpretan a vinte a catro personaxes e resáltase que no mes de xullo de 2016 se representará en Portugal.

- M. G. M., "El Rosalía ofrecerá 'Hamlet', 'Voaxa e Carmín' o 'Ensayo sobre la ceguera", *Diario de Ferrol/ El Ideal Gallego*, p. 37, "Sociedad", 23 xullo 2016.

Informa que o martes se abrirá o prazo de renovación dos bonos para acudir ás once propostas que se representarán no Teatro Rosalía entre as que destaca *Voaxa e Carmín*, *Ensaio sobre a cegueira* e *Unhas poucas picadelas*.

Talía Teatro (1): *Demolición*, texto e dirección de Cándido Pazó

Referencias varias:

- S. N., "Demolición', una reflexión social sobre nuestro tiempo", *La Región*, "Sociedad", "Agenda cultural", 15 febreiro 2016, p. 60.

Sinala que esta obra, protagonizada por Toño Casais e Arturo Trillo, de Talía Teatro, se representará o 19 de febreiro de 2016 no Auditorio Municipal de Vigo.

Talía Teatro (2): *Bicos con lingua*, dirección Avelino González

Referencias varias:

- Ángela Fontao, “Radiografía escénica do galego”, *La Opinión*, “A Coruña”, 7 abril 2016, p. 11.

Informa da presentación da obra no Teatro Colón da Coruña. Salienta a reflexión que ofrece sobre a situación sociolingüística do galego e o longo percorrido da peza nos escenarios.

Talía Teatro (3): *Pelos na lingua*, dirección Avelino González

Tangatutanga Teatro: *Que Deus nos colla confesados. Cabaré bíblico*

Ver Agustín Magán, XVº Festival de teatro afeccionado
Ver Daniel Cortezón, XIIIª Mostra de Teatro Afeccionado
Ver Mámoa de Luou, XIXº Mes do Teatro da
Ver Zas, Iª Mostra de Teatro Afeccionado de

Referencias varias:

- M. Manteiga, “Programación teatral para Dubra y Santa Comba”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 10 novembro 2016, p. 36.

Anuncia a representación en Dubra de *Bon Appetit* de Ghazafellos e *Que Deus nos colla confesados* de Tangatutanga. Por outra banda, dá conta do programa de representacións do IIº Ciclo de Teatro Santa Comba.

- M. T., “Dubra clausura o Outono cultural con Tantatutanga”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 19 novembro 2016, p. 31.

Dá conta do peche do Outono cultural do Val do Dubra coa obra *Que Deus nos colla confesados*, de Tantatutanga Teatro. Comenta que o programa cultural chega á súa fin despois de oito representacións que se sucederon dende o 1 de outubro.

The Momento Impro (1): *Maquinando*

Ver Negreira, Ciclo de Teatro de
Ver Outes, Outono Teatral de

The Momento Impro (2): *Entreliñas*

Ver Negreira, Ciclo de Teatro de

Teatro dos **Tirinautas**, *Xamón, xamón*, dirección Xosé Lueiro

Ver Paiosaco, VIº Ciclo de teatro

Referencias varias:

- Sol Elvira, “Tirinautas tiene garantizado el lleno en el Principal con su comedia ‘Xamón, xamón”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 21 xaneiro 2016, p. 36.

Indica que a obra asegurou o cheo nos días previos á representación e fala brevemente do contido que se desenvolve na posta.

Tiruleque Teatro: *Media de callos*

Ver A Coruña, Circuíto Galego de Teatro Amador de
Ver O Barco de Valdeorras, Circuíto Galego de Teatro Amador
Ver Porriño, Circuíto Galego de Teatro Amador de

Triatreros Teatro: *Improperio DF*

Referencias varias:

- Manuel Rodríguez, “Breakdance, cine o futbolín, entre las propuestas para celebrar la Navidad”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 22 decembro 2016, p. 27.

Dáse conta da representación desta peza no marco do programa do Nadal compostelán.

Unidade de Ozono (1): *Malo será*

Ver Caranza, Ciclo de Teatro Afeccionado “Domingos a escena”

Referencias varias:

- C. P. R., “El local social de Amuraxe acoge la obra de teatro ‘Malo Será’ de Unidade de Ozono”, *El Progreso*, “A Chaira”, 25 setembro 2016, p. 23.

Indícase o lugar e a data de representación da obra e a asociación que a leva a cabo, ademais dunha presentación breve do contido da mesma.

Unidade de Ozono (2): A quimera do maxín

Ver Caranza, Ciclo de Teatro Afeccionado “Domingos a escena”

Valacar: *Os arquivos da vida*

Referencias varias:

- A. M., “La compañía de teatro Valacar de la ONCE cumple su primer cuarto de siglo”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 1 outubro 2016, p. 35.

Faise eco da representación desta peza, entre outras, para conmemorar os vinte e cinco anos da compañía.

Valacar: *O abano de lady Windermere*

Referencias varias:

- A. M., “La compañía de teatro Valacar de la ONCE cumple su primer cuarto de siglo”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 1 outubro 2016, p. 35.

Faise eco da representación desta peza, entre outras, dentro dos actos conmemorativos do vinte e cinco aniversario da compañía.

Teatro **Valacar**: *Somos tan imbéciles*, dirección Lino Braxe

Ver Carral, Ciclo

Verdeveras Expresións Artísticas: *Tacóns na corda*

Referencias varias:

- José M. Ramos, “Reivindicación, formación e cultura no Día da Muller”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 3 marzo 2016, p. 40.

Entre outras cuestións, dá conta da posta en escena desta peza no marco das actividades programadas para celebrar o Día da Muller. Destaca que é un espectáculo que “intenta rachar coas etiquetas, os estereotipos e os prexuízos que arrodean ás mulleres”.

- Vanesa Bran, “Lucecús Teatro estrena el día 11 en Vilalba una obra en honor a Manuel María”, *El Progreso*, “A Chaira”, 4 marzo 2016, p. 14.

Entre outras novas, anuncia a representación desta obra e indica que nela se reflexiona sobre os estereotipos.

Viravolta Títeres: *Vida, crimes e prisión de Toribio de Mañón*

Ver Riveira de Humor, IIº Festival

Referencias varias:

- Chechu López, “La ciudad vivirá una explosión de actividades en la Fiestra da Cultura”, *Diario de Arousa*, “O Barbanza”, 19 xullo 2016, p. 17.

Da información sobre as actividades programadas, entre as que destaca a actuación de Títeres Viravolta con *Vida, crimes e prisión de Toribio de Mañón*.

Voadora Teatro: *Calypso*

Ver Negreira, Ciclo de Teatro de

Referencias varias:

- Irene Jiménez, “Voadora reestrena ‘Calypso’ en Santiago antes de viajar fuera”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 4 maio 2016, p. 50.

Explica que a compañía santiaguesa Voadora levará ao Teatro Principal de Santiago de Compostela a reestrea deste espectáculo antes da xira fóra de Galicia que os levará a València, Santa Cruz de Tenerife, Bilbo, Sevilla e Madrid.

- Ana González Liste, “Marta Pazos ‘Hacemos el teatro que a nosotros nos gustaría ver como espectadores”, *Faro de Vigo*, “Tv/Espectáculos”, 12 xullo 2016, p. 51.

Conversa coa actriz Marta Pazos que se abre cun breve repaso polas actuacións que ten en cartel. Respecto a *Calypso*, indica que se trata dunha obra cunha linguaxe moi cinematográfica, “un teatro muy de laboratorio” que procura amosar “la sensación de que se está cayendo todo Occidente como un castillo de naipes y a la vez una curiosidad y un saludo afectuoso a lo que está por venir”, pero representado de forma que “nuestros espectáculos planteen preguntas y que sea el espectador el que las resuelva o no”. Remata explicando como compaxina as facetas de directora e actriz na mesma peza dramática.

- E. P., “La compañía compostelana Voadora en el Fest de Sevilla”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 19 decembro 2016, p. 28.

Informa da xira da compañía Voadora e salienta a representación do espectáculo *Calypso* (traducido ao castelán) no Festival de Artes Escénicas de Sevilla tras o paso polo Festival de Madrid.

Volta e Dálle Teatro (1): *Rodesindo da Barrosa*

Ver Cultura no Camiño, Ciclo
Ver Palas de Rei, XVIIª Mostra Internacional de Teatro Amador “Teatro no camiño de Santiago”

Referencias varias:

- C. A., “Pepe Penabade ofrecerá sendos espectáculos en Momán y en Guitiriz”, *El Progreso*, “A Chaira”, 9 abril 2016, p. 23.

Informa sobre os dous espectáculos do actor na comarca chairega: *Rodesindo da Barrosa. O afiador* en Momán, enmarcado dentro do programa Seráns Culturais, e *Dura Lex* en Guitiriz, da compañía Volta e Dálle Teatro.

- M. M., “Vuelve a Teo la feria del San Martiño más cultural”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 28 outubro 2016, p. 33.

Entre outras actividades culturais, alude á posta en escena desta peza, que se enmarca dentro da programación da Deputación polo Ano Castelao.

Volta e Dálle Teatro (2): *Dura lex*

Ver Cultura no Camiño, Ciclo
Ver Palas de Rei, XVII[a] Mostra Internacional de Teatro Amador “Teatro no camiño de Santiago”

Referencias varias:

- C. A., “Pepe Penabade ofrecerá sendos espectáculos en Momán y en Guitiriz”, *El Progreso*, “A Chaira”, 9 abril 2016, p. 23.

Informa sobre os dous espectáculos do actor na comarca chairega: *Rodesindo da Barrosa. O afiador* en Momán, enmarcado dentro do programa Seráns Culturais, e *Dura Lex* en Guitiriz, da compañía Volta e Dálle Teatro.

IV. DÍA DAS LETRAS GALEGAS: Manuel María

IV.1. CREACIÓN: REEDICIÓNS COMENTADAS E FACSÍMILES

A tribo incomprensíbel, *A voz do vento. Poemas de Manuel María*, ilust. Jano, [Santiago de Compostela]: A Mesa pola Normalización Lingüística, [26] pp. (ISBN: 978-84-608-5465-4). Inclúe CD. ◆

A obra reúne poemas de Manuel María con versións musicadas de Fran Amil e A tribo incomprensíbel, que se acompañan das ilustracións de Jano. O libro-disco contén once poemas musicados do autor chairego, por orde: "Hai que dicir sempre non", "Non temos escolas em galego", "O desexo", "Poema do alleado", "Ollei misiles con radar", "Agora que gastei os meus outonos", "Aínda teño a esperanza", "Forasteiro", "Poceiras", "Nós somos como o aceiro" e "A nosa historia". Os poemas non se inclúen completos, mais si por extractos que na súa maioría non están conformados por máis de doce versos curtos. As composicións poéticas pertencen aos poemarios *Terra Chá, Proba documental*, *Aldraxe contra a xistra*, *Cantos rodados para alleados e colonizados*, *Versos do lume e o vagalume*, *A luz resucitada*, *As lúcidas lúas do outono* e *Sonetos á casa de Hortas*. Pola súa banda, a música é froito dunha banda composta por Aarón Bouzón, Álex Bardanca, Fran Amil, Paco Cerdeira e Ricardo Casás, tal e como se indica no libro-disco. Canda eles, coméntase que nas músicas colaboraron coas súas voces Jasper, Paula Romero, Antón Díaz, Xurxo Souto, Belén Tajes, O Leo, M. J. Pérez e Xosé Antón Bocixa. No tocante ás ilustracións, estas presentan un lugar destacado á par do texto, situando na parte esquerda o texto en letra mediana negra e fondo branco, incluíndo ao final do poema a obra en letra azul máis pequena e o ano de edición, mentres que as ilustracións acompañan o contido poético na folla dereita, cun estilo que tende ao minimalista e cores apagadas nas que se destacan o emprego do gris, azul e marrón.

Referencias varias:

- A tribo incomprensíbel, "*A voz do vento. Poemas de Manuel María*", *El Progreso*, "*Pícaros*", "O conto", 4 xuño 2016, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un breve fragmento da obra.

- Daniel Lavesedo, "A voz do vento", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 578, "Música", 7 abril 2016, p. VIII.

Indica que foi presentado o traballo *A voz do vento*, unha homenaxe en forma de libro e CD en honra ao escritor homenaxeado nas Letras 2016, Manuel María. Comenta que é unha proposta dirixida aos máis novos que se centra na música e na poesía.

Caño, Xosé Manuel del, *Conversas con Manuel María*, prólogo de Darío Xohán Cabana, Vigo: Nova Galicia Edicións, 2016, 192 pp. (ISBN: 978-84-9443-211-8).

Volume elaborado por Xosé Manuel del Caño (Celanova, 1955) que recolle anécdotas, ideas, soños e traballo do autor homenaxeado no Día das Letras Galegas 2016, Manuel María. Dende unha perspectiva distendida, recupera as conversas que tivo con Manuel María e que distribúe en cinco cortes con cadanseu fío condutor, dende a estadía no seu natal Outeiro de Rei e outros lugares de Galicia como Monforte de Lemos, pasando polas primeiras achegas á literatura galega, as incursións na política activa en defensa dos dereitos de Galicia, as relacións con outros persoeiros galegos como Uxío Novoneyra ou Bernardino Graña, o seu amor con Saleta e moitos máis acontecementos acompañados dun prólogo de Darío Xohán Cabana. O libro presenta unha dedicatoria "A Amancio Prada" e cada unha das cinco seccións está precedida dun verso de Manuel María. A última delas serve de resumo, no que aparecen datas fundamentais de Manuel María e unha bibliografía. Durante a lectura atópanse fotos do autor, da súa dona Saleta e de varios compañeiros e compañeiras.

Recensións:

- Vicente Araguas, "Para o día das letras", *Atlántico Diario*/ *La Región*, "*La Revista*", n.º 228, "Con texto", 5 maio 2016, p. 14.

En primeiro lugar indica que bota en falta unha reedición do *Andando a Terra*, o cal escolmaba artigos que Manuel María publicara en *A Nosa Terra* sobre Galicia. A seguir comenta que a fermosura está presente en múltiples versos do poeta e recalca o seu carácter polifacético. Finalmente di que este volume supón a "celebración da vida e festa da palabra" e fai fincapé na actitude de Manuel María a prol da lingua galega nun contexto complexo.

- Felipe Senén, "Conversas con Manuel María", *La Opinión*, "Opinión", "O labirinto do alquimista", 8 maio 2016, p. 32.

Primeiramente fai fincapé na coherencia que xira ao redor da figura de Manuel María e no seu labor literario. A seguir di que Manuel del Caño é un bo coñecedor do poeta, tal e como se pode apreciar neste volume que conforma unha reedición por parte de Nova Galicia Edicións con motivo da vindeira celebración das Letras Galegas que renderá unha homenaxe ao poeta. Finalmente enumera unha multiplicidade de recoñecementos que Manuel María acadou e avoga pola súa continuidade.

Referencias varias:

- Cuca M. Gómez, "Comercio justo y solidario", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Gente a diario", "De café con Cuca", 9 xuño 2016, pp. 70-71.

Entre outras cousas, informa da presentación desta obra no Casino.

- Alejandra Márquez, “Del Caño presenta as súas ‘Conversas con Manuel María”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 14 outubro 2016, p. 35.

Dáse conta da presentación compostelá do volume. Indícase que se trata dunha obra que permite ás lectoras e lectores “afondar na figura comprometida do autor desde as súas múltiples facetas”. Coméntase que o libro conta cun prólogo de Darío X. Cabana e un apéndice de Del Caño e que, ademais, inclúe un CD no que o autor chairego fala en cinco cortes das viaxes, de Uxío Novoneyra, de Saleta, de Bernardino Graña e da Nova Canción Galega. Engádese que a música completa o disco coas pezas *Cantigas de cego de Manuel María*, de Foxo; ou *O meu idioma*, de María Manuela, entre outras.

Gómez Torres, Camilo, *A poesía de Manuel María*, Lugo: Casa-Museo Manuel María, 2016, 798 pp. (ISBN: 978-84-944417-9-0). ◆

Camilo Gómez Torres (Quiroga, 1948) configura un extenso volume onde proporciona unha viaxe pola figura do poeta Manuel María e o seu contexto. A obra divídese en catro partes sendo “I. Achegamento á poesía galega (1939-1995)” (pp. 5-94), “II. A poesía de Manuel María” (pp. 95-749), “III. Apéndice” (pp. 751-761) e “IV. Bibliografía” (pp. 763-794). O propósito do volume é situar os lectores no plano poético predominante da época na que escribe Manuel María para logo amosar unha visión pormenorizada e centrada nos detalles da obra do autor chairego. Na primeira parte mostra a ollada ao panorama poético galego nun amplo período de tempo (1939-1995). O autor destaca as xeracións e escolas poéticas existentes na literatura galega do século XX, ao mesmo tempo que sinala as diferentes liñas que segue a poesía deste século, onde resalta a a temática social-realista. Tamén sinala a importancia dos marcos políticos e os premios literarios á hora de situar a obra dun autor. A segunda parte céntrase especialmente en Manuel María, de modo que o autor amosa unha listaxe onde aparecen todos e cada un dos nomes dos volumes publicados polo poeta que en total suman corenta e nove libros de versos, oito cadernos poéticos e tres separatas. Máis adiante sinala os volumes que non saíron ao prelo, os que permanecen inéditos: *Acento sobre o silencio* (1950), *Elexías* (1962), *Acusación privada* (1965), *Palabras pra lle decir á propia terra* (1970) e *Poema da néboa aferrollada* (1979). Presenta unha proposta de clasificación da obra de Manuel María segundo as datas de redacción, seguindo unha orde cronolóxica sería: 1ª etapa 1949-1953, 2ª etapa 1954-1964, 3ª etapa 1965-1970, 4ª etapa 1971-1977, 5ª etapa 1978-1980 e a 6ª etapa 1981-1990. A temática que segue a obra do poeta abrangue varios ámbitos onde destaca a relixiosidade, a angustia existencial, a natureza e o mundo labrego, o amor, a paisaxe cultural e urbana de Compostela e o descubrimento de Galiza. Remata cun amplo apéndice e unha elaborada bibliografía.

Pirilampo, *Teatro de guiñol*, ilust. Iván R., introd. Xurxo Souto, Vigo: Galaxia/Fundación Manuel María de Estudos Galegos, col. Sonárbore, 2016, [28] pp. (ISBN: 978-84-9865-678-7). Inclúe CD. ■

Álbum ilustrado no que se recollen once poemas de Manuel María (nome literario de Manuel María Fernández Teixeiro, Outeiro de Rei, Lugo, 1929-A Coruña, 2004) musicados polo grupo Pirilampo. Conta cun prólogo do músico e promotor cultural Xurxo Souto, quen se refire ao significado do nome do propio grupo musical,

pirilampos ou lucecús, e se centra na homenaxe que lle renden con este traballo ao autor da Terra Chá e ao personaxe de Barriga Verde, deténdose brevemente no significado que Manuel María tivo para a literatura galega do século XX. A seguir reprodúcense os once poemas que compoñen o libro, "O vento", "Poemiña do señor regato do Cepeiro", "O galo", "A natureza", "Teatro de guiñol", "A fala", "Neve", "O bolo", "O meu cuarto", "Anduriñas" e "Biografía da muiñeira". Son once composicións breves, tiradas dos poemarios *Terra Chá* (1954), *Os soños na gaiola* (1968) e *As rúas do vento ceibe* (1979). Presentan un marcado ritmo poético e recrean elementos do mundo máis inmediato da infancia, ademais das liñas temáticas fundamentais da obra do autor chairego: o amor á terra e á lingua. Conta con ilustracións a toda páxina de Iván R., que enchen de colorido e vivacidade as escenas nas que se recrean elementos dos poemas.

Recensións:

- Isabel Mociño, "Teatro de guiñol, homenaxe musical a Manuel María", *El Correo Gallego*, "*2domingo*", "Literatura Infantil e Xuvenil", "ELOS de lectura", 22 maio 2016, p. 6.

Comeza lembrando a vizosa produción de Manuel María e explicando as fontes das que parte a selección de Pirilampo para este libro-disco. Explícase que este colectivo musical conta con outros traballos musicais concibidos como recurso pedagóxico para os centros educativos e as familias, como *Cancións para Antía* (2009), *Abracadabras* (2010), *Ollos de mel* (2012) ou *Lucecús* e destaca a homenaxe que con esta obra lle rende ao autor da Terrá Chá e a Barriga Verde. Salienta as ilustracións a toda páxina de Iván R., pola vivacidade, colorismo e capacidade de suxestivas atmosferas, ademais da harmonía entre o tradicional das letras dos poemas e a modernidade das imaxes. Remata coa consideración de obra necesaria para a educación literaria dos máis novos e para o goce literario e estético do lectorado de calquera idade.

Referencias varias:

- Gemma Malvido, "Pirilampo pon voz a Manuel María", *La Opinión*, "A Coruña", 22 febreiro 2016, p. 6.

Comenta que o grupo de música infantil Pirilampo creou esta obra na honra do autor homenaxeado polas Letras 2016, Manuel María, e que nel se musican poemas do autor chairego.

- Xesús Fraga, "Pirilampo e Fran Amil poñen música á poesía de Manuel María", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 23 marzo 2016, p. 42.

Recóllense unhas verbas de Xesús Alonso Montero onde declara que Manuel María é, xunto con Rosalía de Castro, Manuel Curros e Celso Emilio, o poeta galego máis cantado. Por unha banda, indícase que o libro-disco editado pola Mesa reúne once composicións do autor chairego xunto cun CD de Fran Amil e a Tribo do Incomprensíbel, de diversos estilos musicais, dende o rock, blues e funk, para captar o público mozo. Por outra banda, tamén se dá conta do libro-disco editado por Galaxia para o público infantil, achegado á vertente máis paisaxística do autor. Finalmente, dáse

conta de dúas achegas máis biográficas, a de Mercedes Queixas Zas e a de Manuel Veiga Taboada.

- Isidoro Peña, "2016, el año de Manuel", *El Correo Gallego*, "Crisol", 28 marzo 2016, p. 56.

Valora a concesión do ano 2016 das Letras Galegas a Manuel María e recomenda a edición de Galaxia de *Teatro do guiñol* con poemas do autor.

- Pirilampo, "*Teatro de guiñol*", *El Progreso*, "*Pícaros*", "O conto", 14 maio 2016, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un breve fragmento da obra.

Manuel María, *A Berenguela. Opereta para voz narrada e cuarteto de clarinetes sobre un texto de Manuel María con música de Nani García*, ilust. Miguelanxo Prado, limiar Francisco X. Fernández Naval, voz narradora María Inés Cuadrado, Vigo: Galaxia, 2016, 37 pp. (ISBN: 978-84-9865-677-0). Inclúe CD. ■

Volume no que se recolle o texto de Manuel María (nome literario de Manuel María Fernández Teixeiro, Outeiro de Rei, 1929-A Coruña, 2004) publicado en 1979 nos *Cuadernos da Escola Dramática Galega* co título de *Aventuras e desventuras dunha espiña de toxo chamada Berenguela* e posteriormente en formato libro en 1981 da man de Xistral para a AS-PG. Conta cun limiar de Francisco X. Fernández Naval no que lembra o gusto de Manuel María polo teatro, repasa o argumento da peza e salienta a súa actualidade para, a seguir, deterse no proxecto multidisciplinar que combinou texto, música, interpretación e ilustración, do que salienta a complexidade de conseguir unha proposta tan orixinal coma traballada, en especial pola integración da voz de María Inés Cuadrado no rexistro sonoro como se fose un instrumento máis, xunto cos clarinetes do cuarteto Xerión, formado por Mariola Gil, José Juan Pérez Paz, Lola García e Xocas Meijide. A seguir reprodúcense os nove cadros da peza, acompañados das ilustracións figurativas de Miguelanxo Prado (A Coruña, 1958), que recrean diferentes escenas e personaxes da obra.

Recensións:

- Paula Fernández, "Vixencia simbolista", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 585, "Libros", 26 maio 2016, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 542, "Letras galegas", 4 xuño 2016, p. 10.

Destácanse como obra sobresaínte do ano Manuel María a reedición d'*A Berenguela*, obra que pon de manifesto como o autor chairego non era só poeta. Indícase que nesta peza aparece un didáctico limiar de Chisco Fernández Naval. Dáse conta do argumento principal, dividida en nove partes e coa intervención de diversos personaxes. Féchase facendo fincapé na fermosura literaria da peza, na que se destacan as intervencións de cada personaxe, ademais de pola súa vixencia, eclecticismo artístico e beleza do conxunto.

- Isabel Mociño, “A Berenguela, de Manuel María como opereta en Galaxia”, *El Correo Gallego*, “*2domingo*”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 2 outubro 2016, p. 4.

Comeza salientando o papel de divulgación que ten levado a cabo a Fundación Manuel María da súa obra creativa. A seguir detense na reedición da peza teatral *Aventuras e desventuras dunha espiña de toxo chamada Berenguela*, publicada en 1979 e 1981, que neste ano viu a luz da man de Galaxia en formato opereta. Explica as características da obra, os autores da música, ilustración e voces, amais do esclarecedor limiar de Francisco X. Fernández Naval. Pon de relevo a capacidade de María Inés Cuadrado para interpretar a voz dos once personaxes e recomendando a súa escoita.

Referencias varias:

- X. F., “A berenguela”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, “Para leer”, 5 abril 2016, p. 37.

Indícase que o libro-disco recupera a que se presenta como “opereta para voz narrada e cuarteto de clarinetes”. Indícase que o volume se completa con ilustracións de Miguelanxo Prado e un limiar de Francisco X. Fernández Naval. Coméntase que dita obra, destinada ao público miúdo, se compuxo primeiramente para un grupo de teatro de amigos do homenaxeado, que inicialmente se titulou *Aventuras e desventuras dunhas espiña de toxo chamada Berenguela.* Engádese que nesta obra son a ecoloxía, as clases humildes e a súa relación co poder conforman o fondo desta obra.

- Xosé Carlos Caneiro, “Rarezas”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Letras”, “Ficción”, “Club dandi”, 6 maio 2016, p. 4.

Dáse conta de tres obras consideradas imprescindíbeis, por seren diferentes e artisticamente ulteriores. A primeira delas, indícase que se trata dunha alfaia entre florilexios e biografías do autor homenaxeado, “unha delicada mostra do talento galego” dun dos músicos de “maior talento e rigor”, Nani García, xunto coa man “creativa e creadora” de Miguelanxo Prado. A segunda delas, premio de narrativa curta Ánxel Fole, coméntase que é un texto fresco, con retranca e humor; do terceiro indícase que se trata dun libro rigoroso, íntimo e expresivo na redacción da memoria do desasosego.

- Manuel María, “A Berenguela”, *El Progreso*, “*Pícaros*”, “O conto”, 17 setembro 2016, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un breve fragmento da obra.

Manuel María, *Advento*, limiar de Ramón Villares, estudo de Miguel Anxo Fernán Vello, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 2016, 59 pp. (ISBN: 978-84-92923-68-7). ◆

Comeza cun limiar do Presidente do Consello da Cultura Galega, Ramón Villares, onde se realiza un breve percorrido pola biografía de Manuel María, destacando a innegable vocación poética, xa manifestada durante os primeiros anos da súa vida. Nel tamén comenta brevemente as claves temáticas do poemario. Esta edición inclúe dúas cartas que o propio Manuel María escribiu a Luís Seoane. A primeira carta (pp. 19-20) aparece

manuscrita coa sinatura do poeta e a seguinte (pp. 21) é unha carta mecanografada. A continuación, preséntase un estudo de Miguel Anxo Fernán Vello, titulado "O *Advento* de Manuel María" (pp. 25-38), onde se dan varios datos sobre a primeira edición desta obra, como a mención obtida a cargo do Centro Galego de Buenos Aires, a cal lle outorgou o Premio Castelao de Poesía en 1952. Centrándonos xa no facsímile, é destacábel a ilustración que aparece na folla seguinte, na cal se amosa un home rodeado de reses. Esta ilustración é a portada da primeira edición do poemario. A obra divídese en tres partes: a primeira comeza coa primeira frase do *Génesis* (pp. 7-25), a segunda reflicte unha cita das "Cartas do Apóstol Sant-Iago" (pp. 29-41) e a terceira principia cunha cita do *Cantar dos Cantares* (pp. 45-58). O poemario componse de poemas longos na gran maioría, os cales todos teñen título. O tema predominante é a divindade, a presenza e a magnanimidade de Deus. Tamén trata temas secundarios referidos á soidade humana, á melancolía, á natureza e ao desamor. Critica os homes intelixentes que non len os seus poemas, crendo que eran de pouca calidade e tamén reflicte as vicisitudes do propio acto de crear poesía.

Referencias varias:

- Alba Lago, "O CCG publica nunha edición facsímile o poemario 'Advento' de Manuel María", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 19 abril 2016, p. 40.

Dáse conta da reedición facsímile da obra considerada "capital" da poesía galega contemporánea, á que se engaden máis dous textos dos editores e dúas cartas (de Manuel María e Luís Seoane), nunha tiraxe de quiñentos exemplares numerados para agasallar ás institucións e á familia do autor chairego, así como outros cento cincuenta números para levar a Buenos Aires, á Feira Internacional do Libro. Indícase que esta saíu á luz primeiramente na capital de Arxentina, con ilustracións de Luís Seoane, un texto que gañou o Premio Castelao de Poesía en 1952, e que se trata dunha obra "moi representativa" da fase inicial de Manuel María.

- E. Ocampo, "Un novo 'Advento' de Manuel María", *Faro de Vigo*, "Sociedad", p. 38/ *La Opinión*, "Sociedad, cultura y ocio", p. 31, 19 abril 2016.

Dáse conta da presentación da reedición, sesenta e dous anos despois, dunha das primeiras obras do autor chairego, "considerada unha peza capital da poesía galega contemporánea", na que se xuntan vangarda, reivindicación e existencialismo na chamada Escola da Tebra. Engádese que participaron no evento Miguel Anxo Fernán Vello, Ramón Villares e a viúva e presidenta da Fundación do autor, Saleta Goi. Indícase que a primeira edición da obra chegou a Galiza en barco, dende o exilio de Buenos Aires, onde foi editada polo Centro Galego, após gañar o Premio Castelao de Poesía. Coméntase que se trata dunha edición facsímile á que se suman dúas cartas escritas por Manuel María e Luís Seoane, en 1953 e 1969, así como dous textos inéditos: o estudo introdutorio feito por Miguel Anxo Fernán-Vello e o prólogo de Ramón Villares

- Marga Mosteiro, "O Consello da Cultura reedita 'Advento', de Manuel María", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 19 abril 2016, p. 34.

Dá conta da presentación da reedición de *Advento* coa participación de Ramón Villares, Miguel Anxo Fernán-Vello e Saleta Goi. Di que os tres describen o volume como "unha peza capital" e "moi representativa da fase inicial do poeta".

- ECG, "O presidente do CCG pecha a súa visita a Bos Aires", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 1 maio 2016, p. 43.

Anuncia as actividades programadas na axenda do presidente do Consello da Cultura Galega, entre as que destaca a presentación da edición facsímile e conmemorativa de *Advento*.

Outeiro Hortas, M., *Cancioneiriño de Valdeorra*s, Outeiro de Rei: Casa-Museo Manuel María/Concello do Barco de Valdeorras, 2016, 39 pp. (ISBN: 978-84-944417-8-3). ◆

Segunda edición do poemario *Cancioneiriño de Valdeorras*, publicado orixinariamente en abril de 2003 pola Agrupación Cultural Lumieira de Carballo de Bergantiños. A presente edición de 2016, publicada pola Casa-Museo Manuel María e mais polo Concello do Barco de Valdeorras e asinada por M. Outeiro Hortas, está baseada na última versión do seu autor, Manuel María Fernández Teixeiro (Outeiro de Rei, Lugo, 1929-A Coruña, 2004). Presenta correccións de lapsos e dos erros detectados polo propio Manuel María e algunhas adaptacións derivadas dos criterios expresamente manifestados por el. Comeza co texto "Prolepílogo pra ler logo do cantar", datado en 2016 e asinado por Camilo Valdeorras, onde se reflexiona sobre Manuel María, sobre Valdeorras e sobre o *Cancioneiriño de Valdeorra*s. Séguenlle a "Presentación á primeira edición" e o texto "Brevísima noticia de M. Outeiro Hortas, autor do *Cancioneiriño de Valdeorra*s", escrito por Manuel María. Posteriormente reproduce catorce poemas centrados na comarca ourensá de Valdeorras (nomeadamente nas súas paisaxes, nos viños e nas xentes) e con claras referencias ao poeta valdeorrés Florencio Delgado Gurriarán.

Referencias varias:

- A. R., "Versos de Manuel María a Valdeorras", *O SIL*, "Cultura", xuño 2016, p. 25.

Informa da presentación deste volume e destaca a importancia de Valdeorras na obra de Manuel María.

IV.2. MONOGRAFÍAS, EDICIÓNS CRÍTICAS E LIBROS COLECTIVOS. ANTOLOXÍAS

Araguas, Vicente, *Manuel María: un home de mil pezas*, A Coruña: Edicións Embora, col. Narrativa, abril 2016, 61 pp. (ISBN: 978-84-16456-27-7).

Volume elaborado por Vicente Araguas (Neda, 1950) que xira ao redor da figura de Manuel María. Abre o volume, a modo de introdución, "Razóns para un libro", onde o autor sinala a súa motivación e relación coa cultura galega. A seguir, presenta sete breves apartados ou capítulos, nos que amosa, dende a óptica persoal varias características da vida e obra do escritor homenaxeado nas Letras Galegas. Os comentarios céntranse fundamentalmente na obra *Andando a terra*, nos poemarios de 1954 *Advento* e *Terra Cha* e no libro en castelán *Gran Enciclopedia Soviética*. Ao longo da narración achéganse vivencias propias con outros intelectuais en diversos acontecementos políticos e literarios: o congreso mindoniense "Literatura nacional ou subalterna?" dirixido por Suso de Toro, encontros en Ourense, actos de homenaxe como o de Voces Ceibes organizado pola asociación Follas Secas etc.

Referencias varias:

- Natalia Valiño, "Vicente Araguas. 'A capa do libro a tiña desde 1968, so faltaba escribilo", *Diario de Ferrol*, "Ferrol", 1 maio 2016, p. 9.

Indícase que a presente edición abre a colección "Crónica", de Edicións Embora, na que até final de ano sairán tamén obras inéditas de temática xornalística e literaria de Xosé Neira Vilas e Xosé Luna. Coméntase que a capa do libro é unha fotografía realizada en Santiago co autor chairego e que o proceso de creación foi "meteórico" para abarcar a figura de Manuel María tal e como o coñeceu, a través dunha visión subxectiva. Engádese que nas súas páxinas ocupa un lugar especial o único libro escrito en castelán polo autor, libro que se indica que está desaparecido, *Sermón para decir en cualquier tiempo.* Féchase indicando que na presentación, acompañando ao autor Araguas, tamén estivo Miguel Toval.

- Xosé María Dobarro, "Un home de mil pezas", *Diario de Ferrol*, "Opinión", "Estrebillando", 12 agosto 2016, p. 17.

Achégase á obra facendo fincapé na necesidade do punto de vista que nela se adopta. Coméntase que o autor chairego ten cerca de dous mil cincocentos poemas, aproximadamente, e que a partir deste libro se aproxima ás virtudes e carencias desta situación. Compárase o autor chairego con Manuel Antonio e o seu *De catro a catro*, coa finalidade de non cuestionar a grandeza de Manuel María só por dispor unha basta obra.

Blanco García, Carmen, *Manuel María: Día das Letras Galegas 2016*, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela. Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, febreiro 2016, 125 pp. (ISBN: 978-84-16533-62-6).

Carmen Blanco (Lugo, 1954) realiza unha introdución debidamente anotada a unha reprodución facsimilar de dous cadernos (*Poemas da luz resucitada* e *Nenia por Aquilino Iglesia Alvariño*), que conteñen poemas de Manuel María e nove debuxos inéditos do autor. Sitúaos cronoloxicamente e destaca a súa importancia no conxunto da obra. Así mesmo, realiza unha descrición do soporte no que se conservan os materiais compilados e realiza un estudo temático das composicións poéticas.

Recensións:

- Armando Requeixo, "Manuel María de primeira man", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*"/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 940/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 940, "letras Atlánticas", 3 xullo 2016, p. 32.

Anúnciase a publicación deste volume editado pola Universidade de Santiago de Compostela destacando que nel se recollen "materiais fóra do circuíto bibliográfico adoito, textos por veces inéditos, outras esquecidos e mesmo non compilados ou reeditados". Dáse conta do estudo introdutorio elaborado por Carmen Blanco, da estrutura da obra e da calidade da análise dos materiais recollidos.

Referencias varias:

- R. Nicolás, "É o amor a luz do mundo", *La Voz de Galicia*, "Fugas", "Letras", "Galego", 27 maio 2016, p. 7.

Salienta o exquisito tratamento editorial e documental. Valora o limiar e cualifica de relevante o rescate do manuscrito autógrafo *Poemas da luz resucitada*, *Nenia por Aquilino Iglesia Alvariño* e os nove debuxos do autor.

Cabana, Darío Xohán e Amelia **Outeiro Portela** (eds.), *Manuel María. Antoloxía poética*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Letras Galegas, xaneiro 2016, 244 pp. (ISBN: 978-84-9865-666-4).

Antoloxía realizada por Darío Xohán Cabana e Amelia Outeiro Portela e publicada pola Editorial Galaxia. A obra recolle unha mostra ampla da gran dimensión que presenta a obra poética de Manuel María, así como da variedade dos seus temas e formas. Indícase que a antoloxía está pensada para todo tipo de lectoras e lectores que queiran achegarse por primeira vez á poesía do autor chairego e tamén para outras persoas que queiran volver á poesía deste autor. O libro abre cunha fotografía de Manuel María, con pé de foto onde se indica lugar e data de nacemento e morte. Continúa a obra cunha extensa introdución realizada por Darío Xohán Cabana onde dá conta do groso do libro e achega unha perspectiva cronolóxica e temática da obra de Manuel María, dividindo os poemarios do autor chairego en catro grandes períodos, chamados xeiras, e enumerados pola data da súa escritura. Cada xeira gaña un bloque independente (dentro da introdución) en que o editor, Xohán Cabana, dá conta da vida e obra do autor de forma sintética, das súas publicacións e do seu estilo. Segue a este apartado outro destinado á antoloxía propiamente dita, o cal leva por título "Esta Antoloxía". Nel, coméntase o

proceso de elaboración da escolma, o método de edición, os parámetros de selección dos textos e cuestións máis de índole lingüística. Péchase a introdución cunha bibliografía seleccionada, non completa, sobre e de Manuel María. Os textos están organizados pola da data de escritura dos libros aos que pertencen. Preséntanse os poemas con título en letra maiúscula e péchanse indicando o nome do libro en letra minúscula e cursiva, sen data de edición, e esta está composta por un total de oitenta e sete poemas de *Muiñeiro de brétemas*, *Morrendo a cada intre*, *Advento*, *Terra Chá*, *Documentos persoais*, *Camiños de luz e sombra*, *Mar maior*, *Remol*, *Versos para cantar en feiras e romaxes*, *Canciós do lusco ó fusco*, *Informe para axudar a alcender unha cerilla*, *Odas nun tempo de paz e de ledicia*, *Aldraxe contra a xistra*, *O libro das baladas*, *Cantos rodados pra alleados e colonizados*, *Poemas ó outono*, *Catavento de neutrós domesticados*, *Poema da néboa aferrollada*, *Poemas da labarada estremecida*, *Versos do lume e o vagalume*, *A luz resucitada*, *As lúcidas lúas do outono*, *Oráculos para cabaliños do demo*, *Os lonxes do solpor*, *Sonetos á casa de Hortas* e *Compendio de orballos e incertezas*.

Recensións:

- Vicente Araguas, "Máis Manuel María", *Diario de Arousa*, "O Salnés Siradella"/ *Diario de Ferrol*, "Nordesía", n.º 925/ *El Ideal Gallego*, "La Galería", n.º 925, "máis Libros", 20 marzo 2016, p. 30.

Primeiramente comenta que Manuel María será o escritor homenaxeado nas próximas Letras Galegas posto que a súa obra tende a considerarse máis recomendábel para o público escolar que a de Ricardo Carvalho. A seguir, salienta o carácter diferente que caracteriza a escrita do autor e alude á falta de grandes novidades no panorama literario actual. Finalmente, recomenda a súa lectura e sinala que Darío Xohán Cabana é un bo coñecedor da obra do autor.

_____, "Unha antoloxía", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*"/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 926/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 926, "máis Libros", 27 marzo 2016, p. 30.

Sinálase que o volume recolle de xeito "relativamente arbitrario" unha parte reducida da enorme obra de Manuel María. Dáse conta da estrutura da obra e cítanse dous poemas de circunstancias paródicas que se consideran pouco axeitados no marco da antoloxía. Detállase que o poeta non resulta repetitivo nin reiterativo na súa temática: amor, costumismos, belixerancias...

- Camiño Noia, "Manuel María en catro xerais", *Tempos Novos*, n.º 227, *ProTexta*, "ProPostas", abril de 2016, pp. 76-77.

Alúdese a diferentes publicacións ao redor do autor homenaxeado nas Letras Galegas e céntrase en *Manuel María. Antoloxía poética*, que presenta unha introdución de Darío Xohán Cabana, na que se recollen os feitos da biografía do poeta lugués que influíron sobre a súa poesía. Apúntase que a súa produción poética aparece dividida en catro etapas e inclúe un total de oitenta e sete poemas escollidos das obras escritas entre os anos 1949 e 2000. Precísase que a primeira etapa abrangue de 1949 a 1951 e que inclúe vinte e cinco poemas, destacando a temática existencialista e a influencia de Luís

Pimentel e Xosé María Díaz Castro. Tamén se fai referencia á obra *O libro dos pregos*. Sobre a segunda etapa, de 1952 a 1966, recóllense vinte e tres composicións de *Terra Cha* e apúntase que aluden á relixiosidade, ao neotrobadorismo d'*O libro das cantigas* e á denuncia política e social incluída tamén na "Carta ós emigrados" de *Mar Maior* e nas poesías de *Remol*. Na terceira etapa, que aglutina dezaoito poemas, faise referencia á obra *Pobra documental* e á inclusión da composición "[No outono o mundo…]" da obra inédita *Poema da néboa aferrollada*. Aténdese a temática social desta poesía e a escrita moderna de Álvaro Cunqueiro e Xosé Luís Méndez Ferrín e da Xeración dos 80. Sobre a cuarta etapa, que comeza en 1980 e inclúe dezanove poemas, saliéntanse a temática intimista e o pouso de melancolía e crítica social, pero tamén do amor que caracteriza a obra *Poemas da labarada estremecida*.

- Armando Requeixo, "Versos escollidos de Manuel María", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*"/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 932/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 932, "letras Atlánticas", 8 maio 2016, p. 32.

Comeza sinalando a dificultade que entraña a posta en marcha dunha selección das publicacións máis salientábeis de Manuel María. A seguir expresa a súa felicitación aos antólogos Darío Xohán Cabana e Amelia Outeiro Portela polo labor realizado en *Antoloxía poética*, do que destaca a "Introdución", na cal se divide a traxectoria do poeta en catro grandes períodos: a escrita entre o existencialista e o surrealista, unha segunda etapa máis plural, unha etapa máis social e reivindicativa e unha cuarta de versos amatorios e lirismo confesional. Finalmente recomenda vehementemente a súa lectura.

- Román Raña, "Acertada antoloxía", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 583, "Libros", 12 maio 2016, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 540, "Letras galegas", 21 maio 2016, p. 10.

Comenta que neste volume se recollen as mostras máis significativas da produción de Manuel María e destaca a presenza da sensibilidade. A seguir di que *Morrendo a cada intre* (1952) conforma o seu libro máis orixinal marcado polo furor xuvenil; *Advento* (1954) supón unha obra reflexiva e *Terra Chá* (1955-1967) xira ao redor da idea de que a terra "é un necesario construír". Remata sinalando a versatilidade da que poderá gozar o lector.

- José Miguel Giráldez, "Dous xoias imprescindíbeis para celebrar ao poeta de Outeiro de Rei", *El Correo Gallego*, "*2domingo*", 15 maio 2016, p. 3.

Dáse conta da escolma da poesía realizada por Daría Xohán Cabana e Amelia Outeiro Portela como unha un libro "imprescindible" e "amorosamente coidado", porque ofrece unha medida completa e exacta da poesía do autor lucense. Saliéntase o limiar de Darío Xohán Cabana onde dá conta da vida, obra e liñas poéticas fundamentais do autor que están entrelazadas e se resisten a clasificacións.

Referencias varias:

- Jaureguizar, "Unha antoloxía suliña a 'potencia da inxente obra lírica de Manuel María", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 5 febreiro 2016, p. 73.

Indícase que a antoloxía transpira a potencia do traballo lírico do escritor chairego e recóllense palabras do limiar para dar conta da súa relevancia e dos milleiros de poemas que o autor escribiu. Faise referencia á estrutura da antoloxía anunciada no seu limiar, seguindo os períodos da obra marcados para Manuel María. Féchase comentando que a escolma foi tarefa sinxela e que ambos os dous editores coincidiron na escolla dos poemas a incluír.

- Xesús Fraga, "A 'emoción poética' de Manuel María, plasmada nunha antoloxía", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 5 febreiro 2016, p. 37.

Coméntase que se trata dunha escolma composta por arredor dunhas oitenta pezas a cargo de Amelia Outeiro e Darío Xohán Cabana. Explícase que no limiar da antoloxía se fai referencia á imposibilidade de representar a extensión e variedade da obra do poeta, polo que o criterio para a súa selección foi escolleren aqueles que expresaban a "emoción poética". Dáse conta da estrutura, dividida en catro períodos, e engádese que o prólogo é da man de Cabana, quen se indica que considera a Manuel María como a "figura máis poderosa da súa xeración poética" e "o poeta galego máis popular de Curros para acó".

- R. L., "A antoloxía e a biografía de Manuel María preséntanse hoxe en Lugo", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 31 marzo 2016, p. 48.

Anuncia a presentación da obra na libraría Trama e indica que recolle unha ampla mostra da obra poética do escritor.

- M. García, "La Feira do Libro encara su recta final con mucho público", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Agenda", "Guía de ocio", "Literatura", 6 maio 2016, p. L11.

Indícase que a Feira do Libro recibiu un público numeroso nunha xornada que comezou cunha exposición sobre literatura fantástica, de Urco Editora para dar paso a outra de fotografías antigas da capital galega, por Alvarellos Editora. Engádese que Darío Xohán Cabana presentou a antoloxía dedicada ao autor chairego.

- ECG, "Conferencia no Ateneo de Darío Xohán Cabana", *El Correo Gallego*, "Santiago", 10 maio 2016, p. 23.

Dáse conta da palestra realizada por Darío Xohán Cabana no Ateneo de Santiago de Compostela, para conmemorar o Día das Letras Galegas.

Cochón, Luís e Luís **Alonso Girgado** (eds.), *Manuel María. Cecais hai unha luz. Memorabilia*, limiar Luís Cochón, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, col. Cadernos Ramón Piñeiro (Cadernos galegos de pensamento e cultura), vol. XXXV, 2016, 336 pp. (ISBN: 978-84-453-5216-8). ◆

Volume monográfico de autoría colectiva para homenaxear a Manuel María (nome literario de Manuel María Fernández Teixeiro, Outeiro de Rei, Lugo, 1929-A Coruña,

2004) no ano no que se lle dedica o Día das Letras Galegas 2016. No limiar, "Canle de luz e néboa", Luís Cochón, ao longo de seis apartados con numeración romana, fai un percorrido (selectivo, comentado e contextualizado dende o xerme da produción literaria de Manuel María, próxima aos inicios de Manuel Cuña Novás e Uxío Novoneyra) polas dez cartas que Uxío Novoneyra lle enviara a Manuel María entre 1953 e 1954 e que o propio Cochón coeditara baixo o título *Falorpiñas de neve. Cartas a Manuel María* (Follas Novas, 2010). A seguir acóllese a "Primeira nota de edición" na que se explica que este caderno monográfico conten "advocacións, lembranzas e algún olvido" (p. 17) sobre o autor de Outeiro de Rei, a súa obra e a súa presenza en recitais e actos de afirmación nacionalista, e califícao como "versátil, inspirado, autente, poucas veces calado" (p. 17), reproducíndose a continuación o artigo de X. L. Méndez Ferrín, "Sobre o Día das Letras Galegas", publicado no *Faro de Vigo* o 20 de xullo de 2015, no que critica que a Real Academia Galega lle pechase as súas portas durante a segunda parte do século XX a Eduardo Blanco Amor, Luís Seoane, Uxío Novoneyra e Celso Emilio Ferreiro, se ben "despois de mortos estes e pasados anos de repouso, a Academia non tivo máis remedio" (p. 18) que homenaxealos e anos despois, tras asumir a presidencia Francisco Fernández del Riego, mudou a institución e o propio Méndez Ferrín se uniu asinaron a favor da elección de Manuel María como académico numerario e foi elixido, pese a que "houbo voces virulentamente contrarias" (p. 18), algúns dos cales fixeron unha "apresurada mudanza de casaco" (p. 18) tras coñecerse a nova da homenaxe de Manuel María no Día das Letras Galegas 2016. Tras o apartado "Artigos" que se describirá a seguir, acóllese a "Segunda nota de edición", que precede ao "Epistolario" (pp. 279-336), que se intitula "Ramón Piñeiro e Manuel María: un epistolario" e que é da autoría de Luís Alonso Girgado e Laura Piñeiro Pais. Eles explican que a mbos os autores nomeados entrecruzaron, entre 1950 e 1966, cartas das que reproducen cincuenta e unha delas: once da autoría de Ramón Piñeiro e corenta de Manuel María. Precisan o contexto nas que escribiron as cartas e apuntan que nelas se reflicte dende "ben cedo unha relación de cordial amizade entre os dous lugueses" (p. 276) e así mesmo unha "imparable secuencia petitoria na que se citan os primeiros títulos da obra poética (*Terra Cha*, *Libro de Pregos*, *Advento* e *Mar Maior*) de Manuel María" (pp. 276-277). En relación coa Literatura Galega acóllense, no citado apartado "Artigos", os seguintes traballos:

- Ana Acuña, "Documento persoal sobre Manuel María", pp. 21-24.

Tras aludir á relación de Manuel María e da súa poesía coa música, reproduce un texto que creara para a presentación o 20 de maio de 2006 en Pontevedra do disco monográfico de Milladoiro *Unha estrela por guía. Homenaxe a Manuel María*, coa intención de "abrir unha ventá para que nos visite Manuel María" (p. 22). Nel salienta que "Manuel María compón el só o sistema literario galego, pois foi autor (narrativa, poesía, teatro, ensaios, artigos), receptor, mediador, crítico" (p. 23), que foi "máis que literatura, máis que un poeta total" (p. 23) e que "foi e é a esperanza no futuro" (p. 24).

- Luís Alonso Girgado, "A obra hemerográfica de Manuel María: a súa presenza en *Alba*", pp. 25-38.

Tras rememorar que coincidiu con el cando presentou a súa *Obra poética completa, I e II*, encádrao no modelo de poeta de tipo expansivo e fai un detallado percorrido pola súa produción poética e as súas colaboracións en publicacións periódicas, antes de centrarse

nas súas colaboracións para a revista *Alba*, a partir do número 6 (1950) e das recensións e novas que este revista acolle dos seus poemarios.

- Darío Xohán Cabana, "A forma do verso na poesía primeira de Manuel María", pp. 39-43.

Elixe estudar os primeiros poemarios publicados por consideralos "un aspecto esencial da súa poética inicial" (p. 39) e porque "Manuel María parece estar desde os seus primeiros intres plenamente inmerso no versolibrismo" (pp. 39-40). Salienta, como libro "máis interesante" *Muiñeiro de brétemas* "pola súa indecisión polimórfica" (p. 40) e porque, se ben "predomina con moito o verso libre, hai tamén algúns tributos ás formas métrizas tradicionais, matizadas en gran medida pola estética imaxinista de Amado carballo e os seus secuaces" (p. 40), a diferenza de *Morrendo a cada intre,* onde "non se atopa nin un verso de feitío clásico ou popular" nin "ningunha estrutura fixa" na acentuación, o que semella producido "aleatoriamente polo fluír natural do discurso" e pola influencia de Dámaso Alonso (p. 42), e de *Advento* no que "o verso segue sendo libre en medida e acentuación, pero a miúdo advírtese unha predominancia de texturas próximas ó hendecasílabo e ó alexandrino" (pp. 42-43) e se aprecia o maxisterio de Aquilino Iglesia Alvariño, Álvaro Cunqueiro e Luñis Pimentel. Remata apuntando que "Manuel María continuará polos camiños do verso libre e sosegado dominante en *Mar maior*, pero tamén emprenderá outra liña formal sistemática polo verso rimado, plasmada en *Terra Chá* e no breve e pouco coñecido *Libro de cantigas*" (p. 43).

- Francisco X. Fernández Naval, "Manuel María: o meu teatro é un mundo", pp. 45-49.

Comeza destacando que "Manuel María foi voz de nación, comprometido co empeño de axudar a construír unha patria, capaz de soñar o mundo dende o seu mundo e de nos axudar a descubrir como é o noso xeito colectivo de ser" (p. 45). A seguir afirma que "a década dos setenta é o tempo de afirmación do seu proxecto teatral, compartindo o camiño con todos os que traballaban nese momento na consolidación desa realidade que hoxe coñecemos como Teatro Galego" (p. 47). Resume a ordenación dos seus trinta e seis textos proposta por Mª Pilar García Negro n'*O teatro de Manuel María* e repara no seu "Manifesto Galego", no que "lamenta que nunca se fixera boa representación escénica dunha obra para el tan importante, como *O mariscal*" (p. 48). Incide en que "dalgún xeito, tamén el sufriu a incapacidade do noso teatro para asumir certos retos históricos" (p. 49) e remata afirmando que "Unha ética e unha estética dramática sobre o que somos, é imprescindible para construír o fututo. Diso sempre foi consciente Manuel María" (p. 49).

- Carme Fernández Pérez-Sanjulián, "*Andando a Terra* con Manuel María", pp. 51-59.

Estuda a súa produción como "xornalista cultural" (p. 51), xa que afirma "non pode ser considerada como unha sección marxinal no conxunto da súa obra" (p. 51) e constata que foi "un labor sostido no tempo, paralelo e complementar co resto da súa obra de creación" (p. 51). Estabelece como temas abordados nos seus artigos "a delimitación do territorio, canto espazo simbólico da nación", "a insistencia na (re)presentación dos elementos simbólicos e materiais considerados representativos da nación", "a construción dun discurso autorreferencial nacionalista, entendido, tamén, como espazo simbólico" e "a incorporación dos elementos externos como referentes de

identificación". Conclúe afirmando que existe "unha liña de pensamento que flúe desde a obra de Ramón Otero Pedrayo e que reaparece na de Manuel María" (p. 59).

- Manuel Forcadela, "Ruína e sedimentación na obra poética de Manuel María", pp. 77-87.

Comeza reparando en que "o primeiro que chama a atención da obra poética de Manuel María é a cantidade de títulos publicados" (p. 77) e en que "considerou toda a vida que a escrita da súa obra debía adaptarse e seguir os ritmos dos ciclos anuais, independentemente da fortuna que os libros tivesen logo na súa edición, que non foi escasa" (p. 77). Repara nas "polarizacións entre, por unha banda, o ético e o estético e, por outra banda, o solitario e o solidario" e considera que "estas oscilacións obeden, e moito, tamén á procura dun modelo de lextor: máis culto ao principio, popular e vindicativo no medio, máis intenso e devoto no final" (p. 78). Incide en que o percorrido pola obra de Manuel María axudar a reflectir "o feito de que o primeiro núcleo de resistencia cultural no interior, logo da Guerra Civil e da inmediagta posguerra, xermina no interior do pensamento de raíz existencialista que ten o seu epicentro no grupo de ensaísta de Galaxia (Celestino Fernández de la Vega, Ramón Piñeiro, Xoán Rof Carballo, Domingo García Sabell, entre outros) e de aí esténdese, na prosa, primeiro, cara ao Realismo Máxico e, despois, cara á primeira etapa da Nova Narrativa Galega, co'*A Esmorga* de E. Blanco-Amor, polo camiño, e, na poesía, cara á Escola da Tebra, da que Manuel María é, por certo, un dos seus primeiros oficiantes" (p. 79) e que "esta primeira vaga conduce, a partir de meados dos anos sesenta, cara ao Realismo Social, e volve mostrar a súa raíz existencialista, novamente, a primeiros dos anos oitenta, cando xa a decadencia do Realismo Social era incuestionable" (pp. 80-81). Conclúe ademais que "o máis evidente na súa produción é a relaxación do sistema diccional, tanto no seu nivel enunciativo como expresivo [...] e, ao mesmo tempo, a intensificación do nivel ideolóxico no plano ficcional, cun modelo de escrita empeñado unha e outra vez en criticar, e tamén producir, realidade. Se a primeira destas características é a derivada da irrupción da antipoesía, a segunda é consecuencia do seu *engagement* existencialista" (p. 86).

- Xosé L. Franco Grande, "Primeiras lembranzas de Manuel María", pp. 89-92.

Comeza apuntando que a primeira nova de Manuel María tívoa en 1952 coa lectura dos catro relatos curtos inseridos no libro número 3 da colección "Grial", textos que o deixaron "entre sorprendido e case abraiado -o abraio era que, de súpeto, descubría que había unha prosa galega, que nunca se me falara dela, que era posible a súa existencia-" (p. 89) e dous anos despois "por Piñeiro teño as primeiras noticias persoais de Manuel María e de Novoneyra" (p. 89). A seguir lembra as visitas a Santiago de Compostela de Manuel María e finaliza afirmando que Manuel María "e Novoneyra ou a Pura Vázquez [...] lembrábannos aos máis novos, xa da xeración seguinte, que tiñamos unha tarefa por diante e que cumpría incorporarse a ela. Xa non era pouco ter esa seguridade" (p. 92).

- Xosé R. Freixeiro Mato, "A 'Canción para cando se escoita falar castrapo': crítica da deslealdade lingüística", pp. 93-103.

Tras reproducir os versos da "Canción para se escoita falar castrapo" (p. 93), encomeza afirmando que "a súa obra perdura como referente e exemplo para as novas xeracións de galegas e galegos que queren un futuro de dignidade para a súa lingua e para a súa

nación" (p. 94). Despois repara nas negativas consecuencias da subordinación política de Galicia, que "converteu o galego en lingua subalterna e afastada dos usos cultos" (p. 95) e así considera que este complexo "das persoas falantes das linguas dominantes, obedece a mecanismos psicolóxicos e pode acabar por desencadear un proceso de mudanza de lingua, a se consumar así a deslealdade lingüística" (p. 96), como se reflicte ns versos reproducidos, por causa de dous preceptos lingüísticos: "o galego ser lingua de xente bruta e ignorante" e "o falar galego ser un sinal de descortesía ou má educación" (p. 96). Marca a relación intertextual entre a nomeada canción e o poema "Deitado frente ao mar" de Celso Emilio Ferreiro, xa que Manuel María "é consciente de que se esa deriva histórica non se frear, o galego camiñará inevitabelmente cara á desaparición, a se consumar así o proceso de substitución lingüística iniciado hai séculos" (pp. 97-98). Sostén que Manuel María "considera o bilingüismo como o pai do castrapo, isto é, como xerador dunha situación lingüística que acabará por provocar a imposición do español e a morte do galego" (p. 99) e que por iso inseriu na súa obra a figura do 'señorito de clase media', "protótipo de persoa que renega dos modos e costumes das clases populares e tamén da súa lingua" (p. 100). Incide en que "a figura do bilingüista ou castrapista é recorrente na obra de Manuel María, tamén no seu teatro" (p. 101), de aí que "cualifica as persoas castrapistas de antigalegas e traidoras" (p. 101) e propón, como única saída posíbel, "a normalización do galego e rexeita o bilingüismo como vía alternativa" (p. 102). Conclúe que Manuel María "non concibe unha Galiza sen galego nin un pobo galego que se poida expresar nunha lingua diferente" (p. 102).

- Salvador García-Bodaño, "Evocación de Manuel María", pp. 105-110.

Encomeza cualificándoo como "máis que o firme renacer da poesía autóctona, significa un rexo elo de forxa que xungue, de novo, a cadea da nosa tradición literaria entre o inmediato pasado e un porvir que nos convoca á loita creadora común" (p. 105). Lembra que lles falaba "de historias e xentes da patria, da nosa patria amada que el quixo axudar a construír con poemas e a reter na maxia escrita das evocacións" (p. 105). A seguir rememora cando o coñeceu e as visitas que lle fixo a el e a súa dona e destaca as características da súa produción. Salienta que "o que si parece resultar evidente, valorada algunha opinión en contrario, é a súa primacía no cultivo da chamada poesía social ou poesía inserta na corrente do realismo social ou socialrrealismo en Galicia, pois que na América tíñana iniciado os poetas galegos do grupo de Buenos Aires" (p. 108), respecto a *Documentos personaes* e ademais resalta que este poemario de 1958 "adiante o que xa vai ser unha profusa vea de composicións satíricas e de denuncia nos libros vindeiros deste autor" (p. 108). Finaliza incidindo en que "a seguido das datas dos anos 80 prodúcese unha acentuada humanización da súa creación poética e unha marcada socialización e vinculación política á vez que unha ampla e activa participación en institucións como a Asociación Socio-Pedagóxica Galega ou a Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega" (p. 109).

- Mª Pilar García Negro, "Unha poética ao servizo da lingua", pp. 111-119.

Tras reproducir o poema "Acuso a clase media", comenta os motivos da singularidade da dedicatoria, analiza polo miúdo e contextualiza o "ruidoso conflito lingüístico" (p. 113) do poema e resalta que "o poeta acerta a expresar con total exactitude a consecuencia social de maior relevo deste proceso de abandono, de deserción do endogrupo a base de desafecto ao seu signo central, a lingua" (p. 115). Finaliza afirmando que "non nos ha de estrañar, por tanto, que, na liña da súa tan amada Rosalía

de Castro, Manuel María se esmere en *afiliarse* á razón e necesidade da poesía *omnívora*, a que, en materia orgánica, é tan humana, sensíbel e vulnerábel como os seres de que nace e aos que se dirixe" (p. 118).

- Luís Gonçáles Blasco, "Lembrança do Manuel", pp. 121-127.

Non lembra a data e lugar exactos de cando se coñeceron mais sabe que entre 1963 e 1968 se vían en Santiago de Compostela e en Foz, e despois en 1972 en París. Ao fío deste percorrido vital céntrase na produción de Manuel María publicada nesas datas.

- Modesto Hermida, "Manuel María no Carballiño", pp. 129-132.

Tras indicar que elixiu abordar o *Cantigueiro de Orcellón*, asinado baixo o heterónimo Ernesto-Afonso Reque Varela, comeza indicando que "sempre lle semellou admirable a lealdade de Manuel María co oficio de escritor, co compromiso ideolóxico progresista e co rexo idealismo nacionalista" (p. 129) e que o máis lle agradece persoalmente "é a súa teimosa e heroica entrega á exaltación e defensa da lingua nai, así como se ter acordado d'O Carballiño para incluílo entre os territorios de Galicia ós que lles ten dedicado específicos e afectivos cantigueiros, co que demostra o seu aprecio por unha xeografía moi significativa de Galicia, unha paisanaxe moi autente e representativa da vella e tradicional economía nosa" (pp. 129-130). Destaca do *Cantigueiro de Orcellón* a toponimia medieval, o heterónimo co que asina e salienta e analiza algúns poemas. Conclúe que este *Cantigueiro* "carece de pretensións formais, corresponde coas maneiras populares da mesma maneira que o *Terra Cha*, do mesmo autor real, o poeta Manuel María" (pp. 131-132).

- Emilio X. Ínsua, "A *Escolma de poetas de Outeiro de Rei*, de Manuel María: unha obra literaria non de todo inofensiva", pp. 133-153.

Repara na edición e recepción da *Escolma*, debulla na vea irónica do limiar e detense na nómina de poetas que a compoñen, sinalando como estratexias literarias: a "autoral para reforzar a sensación de veracidade sobre un material apócrifo de principio a fin" (p. 140), o "propositado apelo ao cómico e ao paródico, que se traduce nunha proliferación de detalles inventados que non poden máis que provocar riso" (p. 140), a de "facer que as propias traxectorias e andanzas literarias das súas 'criaturas', nas distintas épocas, teñan certo aquel de correspondencia ou poidan referenciarse máis ou menos directamente a determinadas anécdotas, sucesos e circunstancias que rodearon a vida de poetas galegos de carne e óso, efectivamente existentes" (p. 142), "os textos poéticos 'seleccionados' corresponden á personalidade, á época e á estética predominante do período en que son situadas as diferentes criaturas literarias" (p. 143) e "a presunta revelación de textos manuscritos e inéditos das criaturas literarias" (p. 143). Salienta os trazos característicos do presunto corpus textual ofrecido na *Escolma* e sinala como reivindicacións explícitas e implícitas as seguintes: o amor de Manuel María pola súa localidade natal, a "reivindicación da poesía galega no seu conxunto, reconstruíndo a súa liña do tempo principal e facendo asomar a enorme variedade e riqueza de estilos que encerra" (p. 148), o estabelecemento dun canon cunha "escasa compracencia co experimentalismo vangardista" (p. 149), incide "na defensa explícita do idioma galego como sinal identitario e na crítica do desleixo idiomático practicado por individuos e sectores sociais da Galiza desa época" (p. 149) e finalmente "a da propia calidade e valía como escritor por parte do poeta Manuel María, cun exercicio propositado de

recreación estilística e temática, de manexo de pautas estéticas distintas, do culto ao popular, do moderno ao medieval" (p. 149). Remata aludindo á criatura literaria A. Ron Año, "que recebe un tratamento pouco positivo" (p. 150).

- Margarita Ledo, "Ollar o real: Manuel María nos xornais", pp. 155-166.

Comenta que repara na figura de Manuel María "coa prensa, dende a prensa, contra a prensa" (p. 155) conxugando tres variantes: "o propio Autor coma *origo* da súa decisión de intervir do lado do 'anxo da historia'; a prensa como territorio no que expresa un seu territorio maior, Galiza, a súa literatura, a súa paisaxe, a súa identidade, e Galiza, a nación, máis o tipo de escrita que vai formateando para o contacto co seu lector-modelo, deixando sempre no remate" (p. 155). Comenta que "a construcción pública do perfil do personaxe Manuel María pasa por diferentes avatares que teñen máis que ver coa súa militancia nacionalista que coa súa significación como creador literaria, animador cultural ou cidadán-tertuliano" (p. 156), que pasa "por diferentes épocas en canto a utilizar o galego ou non, dependendo da vontade dos Medios ou da capacidade intersticial do Autor para situalo a pé dunha efeméride, tal se devalara de certos nomes e temáticas, ou como cita interna ás súas entregas en español" (p. 156) e que "a información, entendida como necesidade cultural, política e cidadá, como substantiva e non como adxectiva, fará que Manuel María a insira en todo tipo de textos –da creación á divulgación– e que elabore un refinado núcleo de mensaxes breves que vai contribuíndo a fixar na conciencia xeral, no lector" (p. 157). En canto a Manuel María como colaborador xornalístico, apunta que "a prensa entendeuna como parte do espazo común, como esfera pública, na que é bon tentar emparellar entretemento e máis información, sen que a unha teña que aniquilar a outra, sen que a solpresa, o inagardado, o raro, o pavero –cecais dixera el– teña que arredarse do profundamente humano" (p. 158). Respecto ás entregas de 'Andando a terra', destaca que en Manuel María "había moito de documentalista, de se misturar coa materia pro-fílmica –sexan personaxes, lugares, eventos, lembranzas, fábulas–, de traballar dende ela cun dispositivo conciso, sen sobexo de aderezo, co rigor da chaira que non sabe de cánticos, nun espazo que para o sentido da vista á areia e sobor do que o interior goberna o exterior, onde cómpre facer saír as cousas, as palabras, aqués rituais apenas perceptíbeis nos espazos habitados por xentes do cumún: o adro, a barbería, os cafés, a romaría" (p. 161). Destaca que "a pé da galeguización da vida cotiá, de nós como cidadáns e dos Medios da Comunicación como ágora, como República, Manuel combateu a perda, a perda da conciencia" (p. 162), "a perda da conciencia que acompaña a perda da materia, das posibilidades de vivir –no interior, caso Blanco-Amor–, ou da poboación, da cidadanía, que tén que largar pró exterior: a emigración" (p. 163). Conclúe chamando a atención "para o modo en que utilizou as chamadas 'leis do lector', as de proximidade, cotidianeidade, as socio-afectivas e a de intereses en troques de necesidades, que é o diferendo entre o bon e o mal marxista" (p. 164) e "a guía constructiva dos seus artigos" (p. 164) e calificándoo "como un singular 'free-lancer' que oferta os seus servizos para informar, entreter, dar a pensar arredor daquilo do que gosta máis: o seu país, a literatura de seu país, e ese monumento no que a nosa malfadada historia, en calquera dimensión, virá a se redimir: As Penas de Rodas" (p. 165).

- Antón Lopo, "Manuel María na cidade invisible (Corenta anos de vida en Monforte)", pp. 167-177.

Comenta que “nas catro décadas que viviu en Monforte (coincidindo cun intenso período da historia de Galicia), converteríase non só no seu activista cultural e político máis significativo senón tamén nunha das súas referencias. Esta cerna, tan complexa a dilatada no tempo, dificulta construír unha crónica (coherente, non dogmática) sobre as relacións do escritor coa cidade, non sempre plácidas” (p. 168). Estabelece un percorrido vital no que salienta que “coa súa inseparable navalla no peto, Manuel percorrerá Galicia sen descanso, guiado sempre por Saleta, musa da súa acción política e da súa poesía amatoria (ou erótica), pero tamén a condutora do automóbil (un corsa) no que el se trasladaba cando ela sacou o carné” (p. 170) e que “resulta difícil deslindar (desde o punto de vista monfortino) a Manuel María de Saleta” (p. 170). Detense nas actividades culturais que emprendeu, nas campañas de calumnias das que foi obxecto e nos últimos anos de estadía monfortina, incidindo en que “a el gustáballe o Monforte popular, o que habitualmente se ocultaba pola súa raíz rural, demasiado traumática para unha cidade que non acabou de callar como urbe de poder real (a ditadura primara as capitais de provincia)” (p. 176).

- Camiño Noia, “En lembranza do poeta amigo”, pp. 179-183.

Destaca que “na década dos anos setenta, cando non había tantos libros e tanta música para a infancia coma no hai hoxe, *Os soños na gaiola* foi libro de cabeceira para os pais e as nais galegofalantes” (p. 179). Fai un repaso polas vivencias que compartiron e finaliza salientando que “Manuel entendeu a vida a través da poesía, unha actividade que ocupou a súa existencia e puxo esa habelencia poética ó servizo dos problemas de Galicia, da xente que padece a historia e das figuras de galegos bos e xenerosos. Con escasas incursións no surrealismo, a súa poética é clara e transparente e non precisa de análises interpretativas” (p. 183).

- Florentino Pérez García, “Traer a Galiza o vello Edipo’. Unha lectura de *Edipo* de Manuel María desde o seu contexto de produción”, pp. 185-199.

Analiza a peza teatral *Edipo* “a partir da contextualización do momento da súa escrita, para o que nos basearemos fundamentalmente na noción de *nacionalismo literario*, tomada de Xoán González-Millán (1995), e nas reflexións sobre a *comunicación literaria* de Antón Figueroa (2001)” (p. 185). Atendendo ao concepto *déficit proxectivo* (p. 185), apunta que Manuel María “combina a materia clásica procedente das traxedias de Sófocles *Edipo rei* e *Edipo en Colono* con repertorios quen a literatura galega adoitan asociarse á poesía da chamada ‘Escola da Tebra’ e á recepción do existencialismo. Ademais, o recurso aos mitos clásicos é utilizado con vontade de intervención política” (p. 186), de aí que afirme que “podemos considerar o *Edipo* de Manuel María como o resultado da importación literaria que no campo galeguista levan a cabo, desde posicións próximas ao grupo de axentes agrupados en torno á editorial Galaxia, Xosé Luís Franco Grande e Xosé Manuel Beiras coa súa tradución de Anouilh” (p. 187). Destaca que “a relación intertextual do *Edipo* coa poesía de Manuel María nos parece especialmente significativa no referido ao libro *Camiños de luz e sombra*, cuxos temas e imaxes ecoan nalgúns dos diálogos do texto dramático que nos ocupa” (p. 190). Comenta que “a poética que Manuel María deixa traslucir neste texto é unha aínda apegada á épica de construción do campo nacional e ás necesidades de cohesión identitaria” (p. 196). Conclúe que “non resulta aventurado sospeitar que, precisamente a causa da debilidade institucional do campo cultural galego, a peza de Manuel María permaneceu inédita e sen representar” (p. 197).

- Cristian Pernas Rubal, “Ferrados de corazón, fanegas da alma’. A simbiose do elemento espacial e do humano no discurso poético de Manuel María”, pp. 201-206.

Comeza apuntando que “a obra poética do autor chairego, escrita ao longo de case cincuenta anos, abrangue poesía social, intimista ou patriótica; emporiso, nunca deixou de ter nela un papel central a terra galega e a súa simbiose coas persoas que a habitan” (p. 201) e que “a relación de Manuel María coa terra é dabondo representativa da relación idiosincrática que os galegos mantivemos historicamente con ela” (p. 201). Sinala que “a Terra Chá e a súa contorna funciona na obra do autor como unha metonimia de toda a Galiza, obxecto literario sobranceiro da obra do autor” (p. 201) e que “a medición do espazo galego na obra de Manuel María está en íntima comuñón coa subxectividade do eu lírico ou daqueloutro suxeito que estea a ollala” (p. 201). Afirma que “a aprehensión do espazp como dependente da ollada certeira do humano é unha constante na poesía de Manuel María” (p. 202) e que “a problemática relación do poeta con algúns elementos urbanos débese a estes seren espazos de castelanización e, xa que logo, de perigo para a supervivencia da Galiza amada polo autor” (p. 202). Repara en que “o concepto de camiño presenta moitas diversas faces na obra do autor, mais sempre acostuma ir identificado coa propia vida, ben cando se trata dun camiño literal, ben cando se usa como metáfora do humano e do seu percurso vital. Na poesía de Manuel María o camiño deixa a súa pegada inmorredoira nas persoas, conformando o seu carácter e a súa personalidade” (p. 203). Respecto á procura dunha lingua literaria, salienta que emprega unha lingua axeitada ao contido, “polo que a abundante toponimia (Terra Chá, Monforte de Lemos, Outeiro, Regato do Cepelo, etc.) se complementa cun léxico dunha grande riqueza para referir e trazar as liñas espaciais do rural galego” (p. 204) e que ademais engade “unha grande cantidade de recursos estilísticos, nomeadamente metáforas, imaxes e personificacións, que teñen como elemento artellador conceptos espaciais” (p. 204). Conclúe que “a simbiose do humano e do espacial na poesía de Manuel María reflíctese tanto na forma do poema como no seu contido, converténdose nunha característica senlleira do autor chairego, ben como da idiosincrasia galega que o poeta representa” (p. 205).

- Laura Piñeiro Pais, “Entre un advento e a apocalipse: voces de poetas en torno ao ‘Poema do home disgregado’, de Manuel María”, pp. 207-213.

Comeza contextualizando o poemario *Advento* e destacando que se dirixe “de xeito unidireccional é ser humano, ás súas miserias e ó seu desacougo” (p. 207), antes de centrarse na dimensión apocalíptica do “Poema do home disgregado”, no que “a voz lírica diríxese a un interlocutor ó que insta a volver ó mundo, a abandonar a disgregación na que se atopa inmerso” (p. 208). Apunta que “Manuel María conta cun referente claro: o poemario de Dámaso Alonso *Hijos de la ira* (1944)” (p. 208) e que “ambos autores centran o universo lírico na existencia senlleira do ser humano e mitifican a angustia” (p. 209), que ambas as composicións amosan “unha profunda pararelixiosidade, unha inversión da dimensión relixiosa inicial que conecta os textos co pensamento nietzscheano” (p. 209) e que os dous poetas, respecto á estrutura, “apostan polo verso libre e pola ausencia de rima para a creación dunha protesta que, aínda que é universal, non carece de elementos da traxedia persoal do autor” (pp. 209-210). Así mesmo apunta que no poema elixido de Manuel María “documentamos os vestixios da lírica de Cuña Novás” (p. 211) en *Fabulario Novo* e que “a abundante simboloxía, a presenza do elemento onírico e a fuxida dos patróns rítmicos son outros elementos que

conectan a poesía" (p. 212) de Cuñas Novás e de Manuel María. Conclúe que "a existencia retratada no 'Poema do home disgregado' é o reflexo das miserias de toda unha xeración, un canto de apocalipse que se xesta na tradición e no máis profundo desarraigo e morre dun naufraxio, no pulso dunha noite sen fin" (p. 212).

- Verónica Pousada Pardo, "Manuel María: palabra derradeira de *Advento*", pp. 215-219.

Comeza apuntando que *Advento* se caracteriza polo "hermetismo e a temática da morte. Supón unha ruptura total coa poesía anterior, suave e sentimentalista, demasiado preocupada pola forma como para pensar no contido" (p. 215). Precisa que analiza "Poema", reprodúceo e destaca que "a retracción, tan característica de Manuel María, tamén aparece representada na métrica, nas distintas estrofas exentas e nos brancos tipográficos" (p. 217), que "a composición aborda o conflito do individuo ante a vida" (p. 217), que "outros elementos recorrentes nas creacións de Manuel María son os paxaros e os ríos, interpretados como un símbolo espiritual e unha mostra de liberdade, respectivamente" (p. 218) e que "o autor, nesta composición, demostra unha seguridade sólida, un convencemento do sentir da súa obra que contrasta coa visión real" (p. 218). Conclúe que "despois de tantos milleiros de versos, aínda no tramo último da vida, Manuel María non se atreve a chamarse a si propio poeta. Non coñezo creador outro que teña tan alto concepto da poesía, mesmo idealista, para non saber que é, en abstracto" (p. 219).

- Mercedes Queixas Zas, "A Arcadia feliz e verdadeira", pp. 221-224.

Comeza apuntando que "a poesía magmática de Manuel María, sempre no camiño entre a tradición e a innovación, remata por sedimentar nun pulso creativo poliédrico inherente ao Home- Poeta ao que nada do seu tempo lle resulta alleo" (p. 221) e que "a autenticidade da obra coral do poeta reside na aproximación á rede temática de interese universal como o amor, a morte, a nostalxia, a infancia, a paisaxe, a metafísica, a relixiosidade, o ecoloxismo, a emigración, o humor, a viaxe, mais tamén no recoñecemento da súa xenerosidade e entrega na defensa dos valores individuais e colectivos da súa xente, de man sempre tendida ao pobo como voz dos silentes e das expropiadas, na dignificación da lingua galega e da cultura que constrúe con personalidade propia" (p. 221). Incide en que "a necesidade de coñecer os círculos concéntricos que nos precederon –desde a xeografía, a arqueoloxía, a etnografía, a historia, a literatura, a lingua, etc.– converteuse para Manuel María nun exercicio vital" (p. 222) e que "no entanto, non será este apenas un libro de viaxes externas, senón tamén internas, pois o eu poético acompañará sempre os locus desde esa permeábel e omnipresente perspectiva humanista" (p. 222). Conclúe afirmando que "a proposta alternativa será observar atentamente o lugar que ocupamos no mundo para o coñecer e nel tamén nos recoñecer. A viaxe será entón un fío condutor do saber circulante en dobre dirección e a través de permeábeis liñas discontinuas: desde nós para o mundo e desde o mundo para nós propios" (p. 224).

- Xesús Rábade Paredes, "O poeta na terra de seu", pp. 225-230.

Comeza sinalando que "*Terra Chá* (1954), en efecto, o mesmo que *Os eidos* (1955), son miradas poéticas fundentes, respectivamente, da chaira e da montaña, das terras rasas e das altas serras de Galicia, paisaxes que conforman ámbitos xeolóxicos de trazos

definidos" (p. 225) e que *Terra Chá* "testemuña as diferentes rupturas do mundo campesiño desde os anos sesenta do século pasado" (p. 226). Refire que "virxilianismo, clasicismo e vontade de pureza idiomática son as claves contantes en Noriega, Crecente, Aquilino e Díaz Castro. Elementos precisos dunha escola poética que moi ben intuíu Manuel María " (p. 226). Apunta que "nesta especie de enclopedia poética da Chaira (tal é o propósito), aparece a humanidade en relación co medio como en moi poucos textos dos seus contemporáneos. Pouco importa que os usos demudasen, feito que p autor censura, se o esencial do que un canta permanece" (p. 229). E salienta "a devoción polos poetas, seres nimbados co don da profecía, especie de custodios da historia dos 'balutos', concreción que o poeta non promuncia, pero que acaso intúe, pois ser cantor dun lugar é ser capaz de plasmar sobre todo o universal, ese alento secreto que interpela ao adiviño que saiba darlle voz" (p. 229).

- Armando Requeixo, "Manuel María e Díaz Castro", pp. 231-245.

Analiza as circunstancias que vincularon a ambos os autores e que explican que se dedicasen poemas cruzadamente, os cales reproduce ao final do estudo. Apunta que Manuel María xa lía e comentaba a produción de Díaz Castro antes de coñecelo persoalmente, se ben incrementou os ensaios tras coñecerse, de aí que afirme que "Manuel María coñecía a fondo a poética diazcastriana e que cando decidiu escribir un poema na súa honra poucos coma el podían expresar nos versos toda a fondura propia dos seus eidos creativos" (p. 232). Fai un repaso pola historia de amizade de ambos os autores, no que incide na fonda amizade até o punto de que "mesmo en ocasións nas que o guitiricense non puido asistir a homenaxes que se lle tributaron, foi o de Outeiro de Rei quen o fixo por el" (p. 237) e en que "foron amigos ata o derradeiro intre. E non hai hipérbole nesta afirmación" (p. 237) e estuda os poemas cruzados entre ambos os autores, que encomenzou Díaz Castro agasallando a Manuel María con dous poemas en agosto e outono de 1984.

- Claudio Rodríguez Fer, "Epístolas manuelmarianas", pp. 247-252.

Aborda a relación que mantivo con Manuel María, iniciada a mediados dos anos setenta do século XX e reflectida sobre todo nas cartas que o homenaxeado lle enviou durante os anos noventa dende Monforte de Lemos, das que reproduce ao final catro delas, "as que me escribiu de poeta a poeta polo moito que testemuña da vida e, sobre todo, da personalidade literaria do autor" (p. 247). Finaliza lamentando "non ter recollido magnetofonicamente aqueles parladoiros de Manuel María, malia que as súas cartas e, sobre todo, os seus artigos da serie 'Andando a terra', recollan en boa medida moito do que opinaba e do que adoitaba contar" (p. 248).

- Xosé Manuel Sánchez Rei, "Algunhas notas sobre *Muiñeiro de Brétemas* (1950): o léxico da flora", pp. 253-261.

Sinala que esta obra "parece ter tido un notábel simbolismo na vida da AC Alexandre Bóveda" (p. 253), sobre todo a segunda edición e analiza o léxico da flora, reparando dende o punto de vista literario e estético na "flora como elemento simbólico que coadxuva eficazmente na caracterización" (p. 254) do mundo rural, do camponés e da paisaxe humanizada; dende o punto de vista lingüístico "a detección dun tipo de léxico que, ao mesmo tempo que facilita a enformación dese universo paisaxístico do mundo tradicional labrego, serve para subliñarmos a documentación dun rico vocabulario nos

poemas de que se compón o libro" (p. 254); e dende un punto de vista ecdótico, verifícase "como as sucesivas edicións da obra foron alterando certos trazos lingüísticos, dos cales os lexicais non ficaron á marxe nese labor de modernización ortográfica, gramatical e vocabular" (p. 254). En canto ao significado literario, apunta que *Muiñeiro de Brétemas* se encadra na primeira etapa da produción poética de Manuel María, "caracterizada polo sentimento de inquedanza, de procuras e de contradición, que abrangue dos anos finais da década de 40 até 1953" (p. 254) e que presenta uha "notábel unidade na forma, nos temas poetizados e na estética, que o singularizn nun contexto literario cultural, o dos anos 50 do século XX" (p. 255). Respecto ao léxico da flora refire que no poemario estudado "imos rexistrar non só formas típicas do galego oral, mais tamén da linguaxe literaria da época, como son certa caste de pseudogaleguismos, algúns arcaísmos ou até diversos españolismos, debidamente corrixidos polo poeta da Terra Chá en edicións posteriores" (p. 257) e que a lingua empregada "participa lexicalmente da tal vizosidade dialectal e popular ao se situar, do punto de vista artístico, nunha expresión que gosta da humanización e interiorización da paisaxe" (p. 258). Conclúe que o léxico pertencente á flora galega tradicional contribúe "non só para impregnar o público lector dunha estética poética en que o paisaxismo adquire un protagonismo central, mais tamén para exemplificar lingüisticamente a diversidade na nomenclatura e até para dar conta dalgunhas variacións de índole diatópica e diafásica presentes no idioma contemporáneo" (p. 260) e salienta "o empeño que puxo Manuel María en estilizar e dignificar tanto a lingua galega como a propia linguaxe literaria en particular" (pp. 260-261).

- Miro Villar, "A Costa da Morte: poesía e paisaxe nos textos de Manuel María", pp. 263-271.

Apunta que "se callar polo seu tardío achegamento á súa paisaxe, a Costa da Morte e o seu territorio e os seus poetas, agás Eduardo Pondal, que a cantaron e a habitaron, non ocupan moito espazo na extensa produción literaria de Manuel María" (p. 265) e que "non viaxou até a Costa da Morte até o verán de 1980" (p. 266), se ben "a viaxe debeu deixar un pouso ben profundo e dous anos despois Manuel María publicou o volume *Versos do lume e do vaga-lume* (Ourense: Galiza Editora, 1982), con dous poemas inspirados en lugares da Costa da Morte" (p. 267), ao que se suma que fose "o primeiro poeta en ser homenaxeado pola activa asociación cultura e veciñal O Couto, desta parroquia da Ponteceso" (p. 268). Remata comentando outros acontecementos que propiciaron novas visitas de Manuel María á Costa da Morte.

Recensións:

- Xosé Carlos Caneiro, "Quincena feliz", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "Ficción", "Club Dandi", 17 xuño 2016, p. 10.

Loa o trixésimo quinto volume dos *Cadernos Ramón Piñeiro*, editado polo centro de investigación en humanidades homónimo. Destaca o volume *Manuel María. Cecais hai unha luz. Memorabilia* pola súa elaboración dende o maior rigor, o gran numero selecto e admirable de autores que colaboran e a razón pola que non só achega novidades sobre Manuel María, senón tamén revelacións sobre a súa obra e poética. Resalta obra de María Reimóndez, *A dúbida*, da mesma quincena que a anterior, por iso a denomina quincena feliz.

Referencias varias:

- Luís Cochón, “De que falarían Ernesto Cardenal e Manuel María”, *Diario de Ferrol*, “Firma Invitada”, “Ferrol”, 18 maio 2016, p. 11.

Coméntase que Antón Lopo relata en *Manuel María. Cecais hai unha luz. Memorabilia* como o poeta Ernesto Cardenal foi ex professo a Monforte de Lemos dende Madrid para conversar con Manuel María.

- E. P., “O epistolario entre Manuel María e Piñeiro, recompilado nunha obra”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 7 outubro 2016, p. 44.

Dáse conta da edición do epistolario, composta por vinte e nove especialistas que abordan diversas facetas da traxectoria do autor chairego, ademais de incluír unha recompilación do epistolario que este partillou con Ramón Piñeiro. Indícase que se trata dun traballo dirixido e coordinado por Luís Alonso Girgado e Xosé Luís Cochón en colaboración con Verónica Pousada e Laura Piñeiro. Engádese que a obra tamén contou coa participación de especialistas como Ana Acuña, Darío Xohán Cabana, Xosé Luís Franco Grande, Pilar García Negro, Margarita Ledo ou Mercedes Queixas Zas, entre outros.

García, Xosé Lois, *Do A ao Z con Manuel María*, ilust. Jaime Asensi, Santiago de Compostela: Urco Editora, a partir de 10 anos, 2016, 64 pp. (ISBN: 978-84-403-1180-1).

Libro de Xosé Lois (Lugo, 1945), no que a través das letras do abecedario mostra unha importante selección de poemas máis destacados do clásico e contemporáneo Manuel María. Ao final do libro fai un breve comentario de cada poema onde dá explicación do porqué do nome de cada un deles e de que tratan.

Diéguez, Lois, *Peregrinaxes. Viaxando con Manuel María*, Santiago de Compostela: Sermos Galiza, n.º 1, maio 2016, 23 pp. (ISBN: 978-84-608-8057-8). Inclúe DVD.

Libro-DVD de Lois Diéguez que recolle as viaxes de Manuel María (Outeiro de Rei, 1928-A Coruña, 2004) por Galicia (Mondoñedo, Bande, A Frouxeira ou Monforte) e por fóra de Galicia (Venecia, Grecia, Roma ou Portugal). Para isto, apóiase en fotografías que dan mostra destas viaxes e compleméntase con dous textos: “Manuel María: home, galego e poeta”, no que salienta a súa figura e creacións literarias, e mais “Galego viaxeiro”, onde se lembra da súa morte en 2004 e dos impedimentos para publicar a súa obra extensa en contraste coas loanzas de 2016. Por outra banda, o DVD que acompaña este volume é unha versión actualizada e reducida do DVD *Peregrinaxes* publicado en 2005 centrado nas viaxes de Manuel María e que conta con fotografías e vídeos.

Ledo Andión, Margarita, *Manuel María: Eu son fala e terra desta miña terra (A luz resucitada, 1984)*. En *A propósito de Manuel*, Edición Nós, Produtora Cinematográfica Galega, 2016, 48 pp. (DL: C 2861-2005). Inclúe DVD.

Este breve volume recolle varios artigos relacionados coa personalidade de Manuel María, o cal é un acompañante do filme de Margarita Ledo Andión, *Manuel María: Eu son fala e terra desta miña terra*. O documental analiza a vida e obra do poeta chairego a través de varios estudosos e intelectuais. En total o volume componse de cinco artigos ou seccións: "Sobre a narrativa fílmica da emoción" de Miguel Anxo Fernán Vello (pp. 7-13), "Poética da música para o poema de Manuel María 'Chao" de Paulino Pereiro (pp. 15-17), "Da inadaptación á acción" de Margarita Ledo Andión (pp. 19-23), "M.L. tras as imaxes de M. M." de Carme Vidal (pp. 25-29), "Nota Necrolóxica" de Darío Xohán Cabana (pp. 31-44) e "Epílogo: Xistral" de Margarita Ledo Andión (pp. 45-47). Este volume presenta un estudo externo do filme da autora e amiga de Manuel María, de modo que se destaca como un filme íntimo que amosa o interior do poeta a través de imaxes fotográficas e dunha banda sonora evocadora. A palabra únese á música a través da lectura dos poemas, sendo a narración produto do ollar do poeta. Salienta Margarita Ledo como protagonista dunha das composicións de Manuel María, o cal se titula "Poema chamado Margarita Ledo Andión", de forma que a autora homenaxéao cun filme documental no que se honra a súa figura literaria e vital. O interesante destes estudos é que se comenta a realización e a caracterización interna do documental, sendo un proceso de montaxe complexo e con moito cariño por parte dos produtores. Darío Xohán Cabanas adapta unha extensa nota necrolóxica que fora publicada no seu día polo *Boletín da Real Academia da Lingua Galega*. Remata cun epílogo de Margarita Ledo dedicado a Saleta Goi, viúva de Manuel María, onde a protagonista é a Libraría Xistral dirixida por Saleta dende 1970. O local convértese nun punto de encontro entre varios intelectuais galegos da época e adquire a importancia de realizar transaccións culturais en prol do avance da cultura galega.

Recensións:

- Fina Casalderrey, "Unha porta pequena", *Tempos Novos*, n.º 228, *ProTexta*, "ProPostas", maio 2016, p. 90.

Coméntase esta achega audiovisual de Margarita Ledo Andión editada en formato libro. Incídese en que a obra achega unha panorámica da traxectoria biográfica, política e literaria de Manuel María. Faise referencia á obra do autor *A luz resucitada* (1984) da que se tira o verso que dá título ao filme. Sinálase que se trata dun compendio de documentos diversos, maioritariamente gravacións de actos culturais protagonizados polo autor, pero tamén de documentos como fotografías, epístolas ou estudos críticos alén da súa faceta de poeta. Destácase que o volume inclúe as contribucións de Miguel Anxo Fernán Vello, Paulino Pereira, Darío Xohán Cabana e Carme Vidal.

Referencias varias:

- Fernando Franco, "Nós trae a Manuel María", *Faro de Vigo*, "Vigo", "Mira Vigo", 17 marzo 2016, p. 10.

Indícase que a autora participará xunto con Nemesio Barxa (cofundador tamén de Nós) na presentación do primeiro libro-DVD dedicado ao homenaxeado. Engádese que o libro conta tamén con artigos diversos sobre o poeta e que no DVD é Margarita quen homenaxea o seu amigo.

Queixas, Mercedes, *Labrego con algo de poeta. Biografía de Manuel María*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Letras Galegas, febreiro 2016, 186 pp. (ISBN: 978-84-9865-676-3).

Volume no que Mercedes Queixas Zas (A Coruña, 1968) debulla a figura do poeta Manuel María (Outeiro de Rei, 1829-A Coruña, 2004). Para isto, xebra esta biobibliografía en vinte e tres capítulos, con numeración romana, nos que realiza un repaso polos episodios máis salientábeis da vida de Manuel María, dende o seu nacemento até a súa morte. Así, destaca que a definitiva fusión poética entre Manuel María e a Terra Chá se produce en 1950 co seu retorno a Outeiro de Rei, detense nas súas colaboracións xornalísticas, nas súas múltiplas amizades e mais na súa defensa do seu país dende o nacionalismo. A obra conta con abondoso apoio fotográfico tirado dos arquivos da Fundación Manuel María, da editorial Galaxia, de Cesáreo S. Iglesias e mais de Paco Vila Barros.

Recensións:

- Vicente Araguas, "Unha haxiografía", *Diario de Arousa*, "O Salnés Siradella"/ *Diario de Ferrol*, "Nordesía", n.º 929/ *El Ideal Gallego*, "La Galería", n.º 929, "máis Libros", 10 abril 2016, p. 30.

Dá conta do labor de Mercedes Queixas Zas neste volume e expresa a súa nostalxia no que a biografías críticas se refire. A seguir fala do título, aludindo a que, aínda que veña do propio autor, propicia confusión. Finalmente fai fincapé nos actos que terán lugar ao redor da figura de Manuel María, nos cales considera que debería ser presentado "nun ton xusto" e carente de mitos.

- Montse Pena Presas, "Caudal creativo", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 582, "Libros", 5 maio 2016, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 539, "Letras galegas", 14 maio 2016, p. 10.

Comeza sinalando que a sinteticidade e a intensidade conforman os ingredientes principais deste volume e fai fincapé nas firmes convicción do poeta. A seguir comenta que Mercedes Queixas non fala só do labor literario de Manuel María, senón que tamén contextualiza as súas tarefas no marco dun ambiente cultural galego extremadamente cambiante. Para rematar recalca o bo facer de Queixas como "experta divulgadora" e di que, quizais, este volume perdure máis alá da celebración das Letras Galegas.

- José Miguel Giráldez, "Dous xoias imprescindíbeis para celebrar ao poeta de Outeiro de Rei", *El Correo Gallego*, "*2domingo*", 15 maio 2016, p. 3.

Fala do contido da bibliografía elaborada por Mercedes Queixas Zas, "unha narración (...) detallada e directa" que abrangue todos os perfís do poeta Manuel María: o literario,

o xornalístico, o político e o persoal. Destaca o contido fotográfico da obra e o bo traballo realizado por Queixas.

Referencias varias:

- Marta Veiga, "Mercedes Queixas. 'Manuel María tíñase por labrego con algo de poeta", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 2 marzo 2016, p. 65.

Indícase que se trata dun ensaio coral no que participan tamén a súa viúva, Saleta Goi, o crego Alfonso Blanco, Margarita Ledo, Lois Diéguez ou Luz Pozo Garza, entre outras. Coméntase que na biografía se sitúa o autor chairego a carón de autoras como Rosalía de Castro, tamén Manuel Curros Enríquez e Celso Emilio Ferreiro. Engádese que o título da biografía foi tirado dun poema do propio autor, "Carné de identidade" e achégase unha breve aproximación á vida do autor e aos seus primeiros contactos cos libros. Féchase comentando que a autora da biografía sostén que a forza de Manuel María reside "no seu amor á terra, á tribo, á lingua" e que a súa obra resistiu importantes contratempos, por ser considerado demasiado popular e ser minusvalorado polo seu compromiso político frontal.

- R. L., "A antoloxía e a biografía de Manuel María preséntanse hoxe en Lugo", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 31 marzo 2016, p. 48.

Anuncia a presentación da obra na libraría Trama e indica que mestura vida e obra, feitos e ideas.

- J. M. Ramos, "A Laracha porá voz á obra poética de Manuel María", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 7 abril 2016, p. 38.

Anuncia a celebración dunha serie de actividades entre as que destaca a presentación da biografía de Manuel María elaborada por Mercedes Queixas.

- Cuca M. Gómez, "Un día para reflexionar", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Gente a diario", "De café con Cuca", 28 abril 2016, pp. 70-71.

Entre outras actividades, informa da presentación desta obra na Libraría Paz.

Queixas Zas, Mercedes, *Manuel María. Palabra viva de amor e afirmación*, A Coruña: La Voz de Galicia, col. Biblioteca Gallega. Letras galegas, 2016, 141 pp. (ISBN: 978-84-9757-303-0).

Antoloxía que recolle corenta e catro fragmentos de distintos libros de poemas do escritor Manuel María (Lugo, 1929-2004 A Coruña) e o "Auto da Costureira" de maneira íntegra, coas súas setes escenas. O libro corresponde a unha edición conmemorativa do Día das Letras Galegas e principia con un total de once capítulos curtos onde se recolle de maneira exhaustiva a traxectoria persoal e profesional do autor homenaxeado, salientando que deixa atrás "unha obra monumental, culta, enraizada na Terra desde un colectivo amor xeneroso de quen non soubo nin quixo imaxinar a súa vida sen a poesía". A antoloxía recolle os seguintes poemas: "Prego dos dezanove anos", "Elexía nº1", "Poema persoal", "Presenza", "Anceio", Nós non che pregamos

que sexas", "Irmao: deixaches o po destes camiños", "Panxoliña mariñeira", "Home", "Terra Chá", "Dimensións", "O carro", "Testemiña", "Verbas", "Verbas a miña nai", "Poema da infancia perdida", "Poema ao meu amor", "Bando", "Carné de identidade", "Sei o que vale un verso", "Acuso á clase media", "Galiza", "O arco da vella", "O meu burriño", "A emigración", "Breve manual para deprender para señorito", "O pobo é invencíbel", "É urxente. Non hai", "Balada para María Balteira", "Poema do alleado", "Galiza é un outono puro e bon", "Agora que é Outono, miña amiga", "A fala", "A Revolución Irmandiña", "Somente a fonte é a orixe", "Fuches ti quen me deprendeu", "O noso amor é mencer tamén solpor", "Sei dun país...", "Apenas unha pequena mensaxe", "Pinga de orballo", "De amicitia", "Rosas", "Andoriña", "A palabra", "O poema", "Canción da claridade das palabras", "Ode ao nacemento dunha folla", "Arcadia", "Ámote, outeiro, como non amei", "Cando xa estea canso de verdade", "A terra faise en ti", "Reconciliádevos coa terra", "Deixade que o voso corazón se abra" e "A casa erguida con xisto e cantería", especificando ao fin de cada un deles a que libro de poemas pertence.

Recensións:

- Miguel Sande, "Da man de Mercedes Queixas", *La Voz de Galicia*, "*Letras galegas*", 13 maio 2016, p. 10.

Faise eco de que este volume se entregará co xornal *La Voz de Galicia* con motivo do Día das Letras Galegas dedicado a Manuel María. Recálcase a faceta comprometida do poeta coa escrita e coa terra galega e recoméndase ao lector que se deixe levar da man de Mercedes Queixas para coñecer a súa figura de cerca.

Referencias varias:

- Miguel Sande, "A forza da poesía", *La Voz de Galicia*, "Opinión", "De cotío", 15 maio 2016, p. 17.

Dáse conta da presentación do libro que convocou o xornal, con poemas do autor chairego en voz da escritora e poeta Eva Veiga.

Rico, Manuel, *Heiche de cantar un conto: cancioneiro infantil de tradición oral de Galicia*, [A Coruña]: Supermercados GADIS, 2016, 119 pp. (DL: C. 466-2016).

Manuel Rico (Madrid 1952) publica esta edición do cancioneiro infantil de tradición oral de Galicia con motivo da celebración do día das Letras Galegas. O volume recolle unha selección de cancións tradicionais infantís galegas estruturadas en seis capítulos, nos dous primeiros inclúe cantos para a etapa da adquisición da linguaxe dos cativos, no terceiro atópanse cantos de oficios e labores, no cuarto capítulo temos muiñeiras e no quinto, cancións relacionadas coas épocas festivas como o Nadal, San Xoán ou o Entroido. Todas elas aparecen acompañadas das súas partituras correspondentes.

Referencias varias:

- Ruth López, “Homenaxes a millóns para Manuel María”, *El Progreso*, “Sociedad”, “Vivir”, “Cultura”, 12 maio 2016, p. 50.

Destácanse algunhas das propostas realizadas para homenaxear a Manuel María: a edición de 20.000 libros de *Heiche de cantar un conto* e o sorteo especial da Once no Días das Letras con boletos coa imaxe do poeta chairego.

Veiga, Manuel e Xosé **Lastra**, *Manuel María. Vida, versos e rebeldía*, ilust. Nuria Díaz, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merlín, n.º 256, de 11 anos en diante, abril 2016, 128 pp. (ISBN: 978-84-9121-019-1).

Volume de Manuel Veiga Taboada (Monforte, 1960) e Xosé Lastra Murais estruturado en dous grandes bloques: “Manuel María, o home que aspiraba a coñecer a todos os galegos, un a un” e “Ferrados de corazón. Antoloxía poética infantil”. A primeira parte, asinada por Manuel Veiga Taboada, presenta un percorrido pola vida e obra do escritor e aparece dividida en oito subapartados: “O personaxe”, “A vida de cada día”, “Saleta, a compañeira”, “A sociedade da época: o franquismo”, “A sociedade da época: a democracia”, “Obra poética: 1950-1980”, “Obra poética: 1980-2000” e “Cronoloxía”. O segundo bloque, “Ferrados de corazón. Antoloxía poética infantil”, asinada por Xosé Lastra Murais ofrece unha recompilación de textos poéticos pertencentes a diversas obras: *Terra Chá* (1954), *Documentos personaes* (1958), *Mar Maior* (1963), *Os soños na gaiola* (1972), *Cantos rodados para alleados e colonizados* (1976), *Poemas ao outono* (1977) e *As rúas do vento ceibe* (1979). O volume compleméntase coas ilustracións de Nuria Díaz.

Recensións:

- María Navarro, “Ferrados de poesía”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 583, “Libros”, 12 maio 2016, p. VI/ *La Opinión*, “Saberes”, n.º 540, “Letras galegas”, 21 maio 2016, p. 10.

Indica que o obxectivo deste volume consiste en achegar a obra de Manuel María aos cativos por ser a figura homenaxeada nas Letras Galegas. A continuación, fala da súa estrutura, que contén unha introdución acompañada dunha cronoloxía pormenorizada da súa vida e obra e unha antoloxía poética e infantil. Tamén fai eco de que o poeta tiña o convencemento de que o futuro da terra galega estaba nas mans dos nenos. Para rematar recalca o bo facer da ilustradora Nuria Díaz no que ao transfondo ideolóxico se refire.

Referencias varias:

- Manuel Veiga e Xosé Lastra, “*Manuel María. Vida, versos e rebeldía*”, *El Progreso*, “*Pícaros*”, “O conto”, 23 abril 2016, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un breve fragmento da obra.

Veiga, Manuel, *Manuel María, buscando un país*, ilust. Víctor Tizón, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Librox, marzo 2016, 64 pp. (ISBN: 978-84-9121-000-9).

Obra divulgativa sobre Manuel María que permite achegarse á súa figura e á súa obra de maneira breve e sintética, como afirma o propio autor, Manuel Veiga Taboada (Monforte de Lemos, 1960), na contracuberta. O texto acompáñase de ilustracións en branco e negro da autoría de Víctor Tizón. Tanto a escolma de poemas como a súa interpretación, lonxe dunha visión filolóxica, están elaboradas a partir da imaxe persoal que o autor ten do poeta, do seu propio coñecemento sobre Manuel María, con quen mantivo relación durante máis de vinte anos. Por iso, é salientada a súa faceta máis íntima e familiar que se reflicte nos escritos que dedicou á súa casa, á súa muller e á súa terra.

Recensións:

- Vicente Araguas, "Unha chuvia de libros", *Diario de Arousa*, "O Salnés Siradella"/ *Diario de Ferrol*, "Nordesía", n.º 924/ *El Ideal Gallego*, "La Galería", n.º 924, "máis Libros", 13 marzo 2016, p. 30.

Salienta que o volume vén asinado da man de Manuel Veiga Taboada e destaca o uso da haxiografía de "non loar por loar", senón de fundamentar o que se di. Tamén fai fincapé no compromiso firme do autor con Galicia, o cal convive co "peterpanismo" que alude a un retorno no paraíso feliz.

Referencias varias:

- Maru Torres, "Manuel Veiga analiza a obra do poeta Manuel María", *El Progreso*, "*Xente de aquí*", "En sociedade", 28 febreiro 2016, p. 15.

Comenta a saída do prelo desta obra e destaca o trato persoal que tivo o autor con Manuel María, feito que enriquece o volume.

Vidal Villaverde, Manuel, *Manuel María, entre santos e navallas*, Santiago de Compostela: Laiovento, col. Ensaio, n.º 333, 2016, 73 pp. (ISBN: 978-84-8487-328-0).

O xornalista e escritor Manuel Vidal Villaverde (Vigo, 1946) realiza un percorrido vital e persoal pola figura do poeta Manuel María, destacando a súa obra que serve de título para esta composición. O volume comeza cos agradecementos e dedicatorias a varias institucións e diversos intelectuais galegos que prestaron a súa axuda na composición do mesmo: Alfonso Álvarez Cáccamo, Xosé Luís Méndez Ferrín e Margarita Ledo Andión. Trátase dunha obra diferenciada en oito partes: a "Sinopse biográfica" (p. 11), "Entre santos e navallas" (pp. 13-16), "Marinero en la noche" (pp. 17-21), "De l'angélus de l'aube à l'angélus du soir" (pp. 23-24), "Lugo na posguerra" (pp. 25-27), "Cancioneiro de Valdeorras" (pp. 29-36), un "Epílogo" (pp. 37-38) e a bibliografía empregada (p. 39). Segue a estes estudos unha serie de documentación gráfica relacionada con Manuel María, onde destacan as "Cubertas de libros" (pp. 41-47), "Cartas" inéditas e autorizadas (pp. 49-64) e as "Fotografías" (pp. 65-71). Nos artigos mencionados anteriormente, o autor da obra relata consideracións tanto persoais e literarias como editoriais da figura do poeta. Nomea escritores como Ánxel Fole, Ánxel Johán e Luís Pimentel, compañeiros e amigos de Manuel María, os cales influíron

notablemente nas súas preferencias. O título da composición fai referencia a unha obra do poeta chairego, no que Vidal Villaverde explica a identificación co seu gusto polas navallas e o seu amplo coñecemento dos santos a causa da profesión do seu tío, que era crego. Comenta a súa predilección polo poeta francés Francis Jammes, a quen coñeceu por medio de Luís Pimentel, e visitou a súa tumba para ler alí varios dos seus poemas. Referencia tamén a complicada situación do Lugo da posguerra, a imposibilidade para publicar libros e mais se estes estaban escritos en galego. Por último, resalta o seu nomeamento como académico da Real Academia Galega en 2003 e dos pseudónimos que utilizou en obras como o *Cancioneiro de Valdeorras*, asinado baixo o nome de M. Outeiro Hortas. Fecha o volume un índice onde se amosan todos os contidos.

Referencias varias:

- Ana Baena, "Descubro ao Manuel María do que non falan os outros, digo a verdade de quen era", *Atlántico Diario*, "Vigo", 2 outubro 2016, p. 11.

Realízase unha entrevista ao autor na que se dá conta dunha nova biografía. Coméntase que se trata dunha achega diferente, por teren os dous unha forte amizade, e que foi un proceso arduo e complexo a elaboración de dito exemplar. Engádese que probou un feito que se viña negando, que a primeira publicación de Manuel María foi en castelán con *Marinero en la noche*, editada con dezasete anos, unha homenaxe á obra de Rafael Alberti. Féchase indicando que non era un poeta culto, mais si popular, amigo de Ramón Otero Pedrayo e Álvaro Cunqueiro.

- Nicolás Carro, "Manuel Vidal Villaverde. 'Sempre falo ben de Manuel María e da súa memoria", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Ciudad", 13 decembro 2016, p. 12.

Achégase unha entrevista ao autor do libro na que se recolle o proceso da súa xestación, unha explicación do título e os apoios de persoas como Sabino Torres, ademais de apuntar que aborda a vida do autor chairego até a súa morte. Engádese que na súa presentación estará presente tamén o poeta Alfonso Álvarez Caccamo.

- Cuca M. Gómez, "Exposiciones y regalos especiales", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Gente a diario", "De café con Cuca", 14 decembro 2016, p. 62.

Dá conta da presentación da obra na Casa das Campás.

IV.3. PUBLICACIÓNS EN REVISTAS

Baraxeiro, "Manuel María musicado", *A Xanela. Revista cultural das mariñas*, n.º 41, Primavera, 2016, "Música", p. 32.

Recóllense os poemas de Manuel María que foron musicados: "O aradiño", "Labregos", "Cantiga das Encrobas" e "O Carro" a cargo de Fuxan os Ventos; "Manual de señorito" e "O alleado" a cargo da cantante María Manuela; os poemas d'*Os soños na gaiola* a cargo de Suso Vaamonde; *Aldraxe contra a Xistra*, "Canto de esperanza", "Bando", "Un segredo", "Verbas a un irmao", catro poemas da obra dramática "… Unha vez foi o trebón" e outros sobre os irmandiños a cargo da Quenlla; "Señor gato", "O arco da vella" e "O foguete" a cargo do grupo Na Virada. Por último, destácase que cincuenta e dous poemas do autor van incluídos no disco *Uxía canta a Manuel María*.

Blanco Torrado, Alfonso, "A querencia de Manuel María por Betanzos", *A Xanela. Revista cultural das mariñas*, n.º 41, Primavera, 2016, "Festa das letras", pp. 19-21.

Faise un percorrido pola traxectoria biográfica, literaria, cultural e xornalística de Manuel María en relación coa vila de Betanzos e a comarca d'As Mariñas. Alúdese ás seguintes obras nas que Manuel María fai referencia a Betanzos: os poemas "Canción de amor a Betanzos" e "Andando a Terra", o libro de relatos *Viaxes e vagancias de M.P.* (1994) e peza teatral *Os Irmandiños*. Recóllese un fragmento dos poemas de Manuel María, "Canto a Betanzos" e "Cando xa estea canso de verdade" pertencente á obra *Ritual para unha tribo capital de concello*. Faise referencia á súa relación con outros escritores galegos, destacando a Uxío Novoneyra como autor d'*Os Eidos* que lle dedica a composición "Manuel María", pero tamén outros como Xosé María Díaz Castro, Ánxel Fole ou Álvaro Cunqueiro.

Casal, I., "Día das Letras Galegas 2016. Manuel María", *Grial*, n.º 210, "O Rego da Cultura", abril, maio, xuño 2016, pp. 11.

Faise referencia ao labor da Casa-Museo Manuel María para divulgar a obra do escritor. Alúdese á contribución do propio Manuel María para difusión musical dos seus poemas, entre os que se destaca "O carro", como canción coa que se deu inicio á homenaxe polo Día das Letras Galegas na Casa Museo Manuel María. Saliéntase a transcendencia da obra do autor nas redes sociais destacando os contidos da Real Academia Galega (RAG), a Deputación da Coruña e o Colexio de Xornalistas de Galicia. Destácase a difusión da obra literaria de Manuel María en diversos formatos musicais a cargo de diferentes artistas. Dáse conta da posta en escena das súas obras teatrais *Abril de lume e ferro* e *As aventuras e desventuras dunha espiña de toxo chamada Berenguela*. Desta última sinálase que a representación corre a cargo de Trinke Trinke. No eido académico, alúdese ao simposio que a RAG ten previsto realizar sobre a obra do autor.

Cibrao de V., Salustio, “Manuel María: unha crono-bio-bibliografía”, *Aulas libres*, n.º 6, “Letras Galegas 2016), abril 2016, pp. 20-26.

Co gallo do Día das Letras Galegas 2016 dedicado a Manuel María, achégase unha detallada crono-biobibliografía do escritor, dende o seu nacemento até a publicación no ano 2016 da *Antoloxía poética* preparada por Darío Xohán Cabana e Amelia Outeiro Portela. Baixo a entrada de cada ano, achéganse textos moi breves nos que se explican claramente os feitos relevantes na vida e obra de Manuel María.

Diéguez, Lois, “Manuel María non o tivo fácil”, *A Xanela. Revista cultural das mariñas*, n.º 41, Primavera, 2016, “Festa das letras”, pp. 24-25.

Faise referencia ás características da personalidade, da obra literaria e da traxectoria biográfica e cultural de Manuel María, aludindo tamén ás dificultades que atopou o autor á hora de publicar e dar a coñecer a súa obra. Ofrécese unha nómina daquelas persoas que contribuíron á difusión da súa produción, entre os que se inclúen Pilar García Negro, Marica Campo ou Miguel Anxo Fernán Vello. Faise alusión á dedicatoria do Día das Letras Galegas no ano 2016 a Manuel María e á necesidade de difundir a súa obra a través das achegas destes colaboradores.

Forcadela, Manuel, “Manuel María, corredor de fondo”, *Tempos Novos*, n.º 227, *ProTexta*, “ProPostas”, abril de 2016, pp. 72-73.

Faise referencia á cuantiosa obra publicada de Manuel María mencionando as obras *Muiñeiro de Brétemas* (1950) e *Cecais hai unha luz* (2010) como inicio e remate das sesenta e unha que compoñen a súa produción. Dáse conta das valoracións de Darío Xohán Cabana sobre as achegas do autor. Sublíñase que a súa obra se insire no marco da resistencia cultural da posguerra, levada a cabo por escritores do grupo Galaxia como Ramón Piñeiro e caracterizada pola temática existencialista. Apúntase que a evolución destas manifestacións literarias e culturais deu no xurdimento do realismo máxico, da Nova Narrativa Galega e da Escola da Tebra. Apúntase a pertenza de Manuel María a esta última, destacando que aglutinou os poetas da Xeración dos Cincuenta ou das Festas Minervais e dáse conta das características desta produción. Destácase a publicación dos libros do realismo máxico de Álvaro Cunqueiro, Ánxel Fole e Daniel Cortezón. No eido da Nova Narrativa Galega, saliéntanse as obras *Vento Ferido* de Carlos Casares e *O crepúsculo e as formigas* de Xosé Luís Méndez Ferrín. Tamén se alude á publicación d’*A Esmorga* de Blanco Amor e *O soño sulagado* de Celso Emilio Ferreiro. Alúdese á transición posterior ao realismo social e á súa influencia na obra de Manuel María. Por último, afóndase no xurdimento da antipoesía, achéganse os trazos que a definen e sinálase a transición da obra de Manuel María a esta corrente.

Franco, Camilo, “A política agora é máis complicada que cando estabamos na clandestinidade”, *Tempos Novos*, n.º 227, *ProTexta*, “ProTagonista”, abril de 2016, pp. 68-71.

Entrevista feita a Saleta Goi a propósito da figura de Manuel María, co gallo da conmemoración do Día das Letras Galegas de 2016. No tocante á literatura galega, alúdese á repercusión desta homenaxe, así como ao traballo da Fundación Manuel María no recoñecemento e difusión da obra do autor. Faise referencia á publicación de obras do autor na emigración. Destácase o contido da súa produción, aludindo aos poemarios *Terra Cha* centrado na terra natal, aos libros *Advento* e *Morrendo a cada intre* de temática existencialista e *Documentos persoais* como obra de denuncia. Apúntase a amplitude da recepción da súa obra e mais a importancia dos temas da morte, o amor e a denuncia social na mesma. Alúdese aos autores que influíron na escrita de Manuel María e sinálase a repercusión da obra de Manuel Antonio sobre *Muiñeiro de brétemas*.

Fundación Manuel María de Estudos Galegos, "Datas na vida de Manuel María", *A Xanela. Revista cultural das mariñas*, n.º 41, Primavera, 2016, "Festa das letras", pp. 19-21.

Ofrécese un percorrido pola biografía de Manuel María dividido en catro apartados: "1929-1948", "1949-1963", "1964-1977" e "1978-1980", "1981-2004". No que respecta á literatura galega, destaca a segunda etapa, na se que recolle que Manuel María entra en contacto con escritores e intelectuais galeguistas coma Luís Pimentel, Ánxel Fole, Ramón Piñeiro, Aquilino Iglesia Alvariño, Álvaro Cunqueiro, Uxío Novoneyra, Ramón Otero Pedrayo ou Carlos Maside entre outros. Tamén se informa de que saen á luz as obras *Muiñeiro de Brétemas* (que supón a aparición da corrente lírica galega da Escola da Tebra), *Morrendo a cada intre* (que foi galardoada co Premio Castelao de Poesía do Centro Galego de Bos Aires), *Libro de pregos*, *Terra Chá*, *Documentos persoaes* e *Mar Maior*. Na terceira etapa destácase a aparición das obras *Versos para un país de minifundios*, *Versos para cantar en feiras e romaxes*, *Remol* e *Canciós do lusco ao fusco*, entre outras. Na seguinte etapa infórmase da aparición da obra *Poemas ao Outono* e na última saliéntase a saída ao prelo da súa *Obra Poética Completa*.

Ledo Andión, Margarita, "Manuel María. Inscrición de clase, lingua de nación", *Luzes*, n.º 31, *República*, "Reportaxe", 2016, pp. 85-87.

Co gallo do Día das Letras Galegas 2016, faise unha reflexión sobre Manuel María e a súa relación coa lingua galega. Repásase a vida do poeta, dende a súa asistencia a unha escola onde se lían fragmentos da *Antoloxía* de Carré, até a súa integración no Círculo das Artes. Saliéntase a unidade entre literatura e vida que pode observarse en *Muiñeiro de brétemas* (1950), ademais das distintas correntes que poden observarse na súa obra, como a Escola da Tebra, e a distancia coa norma que establece en *Documentos Persoaes.* A lingua contémplase tamén como a marca do nacionalismo marxista, que se exemplifica con versos de *Mar Maior.* Conclúese comentando que a visión do idioma como vínculo co pobo aparece tamén en *Versos para un país de minifundios*, *Versos para cantar en feiras e romaxes*, *Canciós do lusco e fusco* e *Cantos rodados para alleados e colonizados*.

López Foxo, Manuel, "A tertulia do Kirss", *A Xanela. Revista cultural das mariñas*, n.º 41, Primavera, 2016, "Festa das letras", pp. 22-23.

Faise un percorrido pola traxectoria biográfica, literaria e cultural de Manuel María en relación coa cidade d'A Coruña. Destácase a súa relación nesta cidade con outros escritores como Uxío Novoneyra, Miguel González Garcés, Pura Vázquez, Antón Avilés de Taramancos, Álvaro Cunqueiro e Xulio López Valcárcel, entre outros. Saliéntase a achega de Manuel María á actividade cultural diaria da cafetería Kirss e a participación doutros escritores como Lois Diéguez ou Xosé Fernández Ferreiro. Alúdese a que os temas do faladoiro xiraban arredor de persoeiros das letras galegas como Ramón Otero Pedrayo, Luís Pimentel, Aquilino Iglesia Alvariño, Ánxel Fole, Fermín Bouza-Brey, Uxío Novoneyra, Bernardino Graña, Xosé Luís Méndez Ferrín, Celso Emilio Ferreiro e Marta Dacosta, da que se fai referencia á súa obra *Pel de ameixa*, ou Olga Novo, entre outras. Destácase que outros temas a tratar incluían o percorrido biográfico do propio Manuel María e os seus libros *Obra poética completa*, *Versos para entrar ou saír por cada unha das dez portas da muralla romana de Lugo* e *Elexías á miña vida pequeniña*, ademais da obra *De catro a catro* de Manuel Antonio. Tamén se alude á súa entrada na Real Academia Galega.

Mato, Miguel, "A obra xornalística de Manuel María", *A Xanela. Revista cultural das mariñas*, n.º 41, Primavera, 2016, "Festa das letras", pp. 26-27.

Neste percorrido pola obra xornalística del Manuel María, faise referencia ás súas contribucións en diversos xornais e analízanse a súa temática e as súas características estilísticas. Establécese unha relación coa súa obra poética aludindo ao poema "Desterro" pertencente á obra *Oráculos para cabaliños do demo* respecto á dexeneración da paisaxe. Tamén se alude ás obras *Edipo*, *A luz resucitada*, *O camiño é unha nostalxia* e *A tribu ten catro ríos* que se vinculan á temática da viaxe. Destácase a temática do pesimismo en relación ás obras *Versos do lume e do vagalume*, *Oráculos para cavaliños do demo*, *As lúcidas luas do Outono* e *Compendio de orballos e incertezas*. Alúdese á proliferación deste tema nas obras dos poetas dos oitenta entre os que se destaca a Miguel Anxo Fernán Vello coas obras *As certezas do clima*, *Poemas da lenta nudez*, *Territorio da desaparición* e *Entre auga e fogo (Cantos da terra posuída)*. Saliéntanse as referencias na súa produción xornalística a outros escritores como Xosé Crecente Vega, Miguel González Garcés, Fiz Vergara Vilariño, Lois Pereiro ou Avilés de Taramancos, entre outros.

Moreira, Roxelio P., "A paisaxe apracible de Manuel María", *Tempos Novos*, n.º 228, "todo é peixe", "Crónica", maio de 2016, pp. 8-12.

A partir de extractos das obras de Manuel María, descríbense diversos espazos da súa biografía como a Terra Chá, Monforte ou o Val de Lemos e faise referencia a outros como A Coruña, Quiroga ou Foz. Descríbese o proceso de composición e publicación da súa obra *Terra Chá*, salientando que se centra na recreación do espazo poético da terra natal en comuñón coa vida aldeá. Faise referencia a que o interese do autor na paisaxe xorde da influencia da obra *Do Ermo* de Noriega Varela que le canda Uxío Novoneyra. Alúdese ao compromiso nacionalista da obra do autor, presente a raíz da influencia de Luís Pimentel. Saliéntase o predominio na súa produción da humanización

da paisaxe e a visión positiva da mesma fronte ao desacougo. Tamén se subliña a presenza do silencio e da soidade vinculados a este sentimento. Destácanse dúas etapas na súa obra poética, unha de descuberta, marcada polo intimismo, o existencialismo e o realismo social, fronte a outra marcada pola paisaxe e a nostalxia. Tamén se distingue unha etapa de transición entre ambas marcada pola introspección. Por último, destácase a importancia da paisaxe na totalidade da obra de Manuel María.

Portas Ferro, Xesús, "Relixión e transcendencia na poesía de Manuel María", *Encrucillada*, n.º 197, "Estudos", marzo-abril 2016, pp. 36-56.

Faise un percorrido en varios apartados polo tema relixioso na obra de Manuel María. No primeiro, "A cuestión do carácter relixioso e o seu alcance", discútese o alcance da cuestión relixiosa na obra do poeta, equiparando a súa figura á do poeta catalán Salvador Espriu, e salientando a visión relixiosa en *Muiñeiro de brétemas* estudada por Victorino Pérez Prieto. A seguir, en "Distinción pertinente dalgunhas cuestións" aclárase que non se pretende reflexionar sobre a relixiosidade do poeta, senón do suxeito poético. Ofrécese un itinerario de lectura que parte das crises relixiosas. Analízanse textos pertencentes a *Camiños de luz e sombra*, *As lúcidas lúas de outono* e *Documentos personaes*. Na seguinte sección, "Advento ou apocalipse" céntrase na estética e referencias relixiosas do poemario *Advento*, presentando unha análise do poema "Responso desesperado" como exemplo do ton meditativo do libro. Por último, en "A señardade do eterno. A paisaxe e a saudade", reflexiona sobre a apertura á transcendencia por medio da paisaxe, achegando fragmentos de *Terra Cha*, *Compendio de orballos e incertezas*, *A luz resucitada* e *Oráculos para cabaliños-do-demo*.

Queixas, Mercedes, "Os (contra)tempos da escrita", *Tempos Novos*, n.º 227, *ProTexta*, "ProPostas", abril de 2016, pp. 74-75.

Faise referencia á conmemoración de Manuel María no Día das Letras Galegas 2016 e á proliferación de publicacións e actos culturais arredor da súa figura e obra. Alúdese á produción do autor, tanto no eido da poesía, narrativa, teatro e ensaio como no ámbito do xornalismo. Dáse conta da temática centrada na terra natal da súa obra poética e da súa adaptación e difusión musical. Infórmase da divulgación da súa obra noutras linguas así como dos actos culturais nos que participou o autor. Apúntanse as dificultades que Manuel María enfrontou para publicar a súa obra, aludindo aos libros *Advento* (1954), publicado no Centro Galego de Buenos Aires, *Muiñeiro de Brétemas* (1950), primeiro poemario da posguerra en galego, e *Mar Maior* (1963) primeira obra publicada na Editorial Galaxia. Alúdese ás repercusións da censura a propósito da temática sobre a emigración, o conflito social, o rexeitamento do galego, o ecoloxismo, a crítica política e a económica das súas obras, destacando os poemarios *Versos para un país de minifundios* (Edicións Nós de Buenos Aires, 1969) e *Versos para cantar en feiras e romaxes* (Patronato da Cultura Galega de Montevideo, 1969). Faise referencia á publicación fóra de Galicia dos libros: *Remol* (1970), *Odes nun tempo de paz e de ledicia* (1972), *Aldraxe contra a xistra* (1973), *Informe para axudar a alcender unha cerilla* (1973), *Laio e clamor pola Bretaña* (1973) e *Poemas ao outono* (1977). Sinálase a importancia da produción de Manuel María tanto pola cantidade e calidade das obras como pola súa ampla difusión, salientando as reedicións de *Terra Cha* (1954), *Documentos persoaes* (1958), *Muiñeiro de brétemas* e *Os soños na gaiola* (1968). Por

último, destácase a orixinalidade súa produción e a importancia nela da temática do amor, a morte, a melancolía, a relixión, a natureza, a emigración, o humor e a defensa social, lingüística e cultural de Galicia.

_____, "As rúas dos soños ceibos", *Revista Galega de Educación*, n.º 64, "Recensións", febreiro 2016, pp. 86-88.

Comézase por facer una reflexións sobre a Literatura Infantil e Xuvenil (LIX) na escola como instrumento de lecer e formación, así como de reivindicación da identidade. Contextualízase a LIX como unha literatura "en vías de descolonización", segundo a *Historia de literatura Infantil e Xuvenil Galega* coordinada por Blanca-Ana Roig Rechou. Tras esta breve introdución, repásase a obra infanto-xuvenil de Manuel María, da que se salienta a exitosa recepción. Alúdese ás reedicións do poemario *Os soños na gaiola*, que foi empregado como complemento didáctico e musicado por agrupacións como Fuxan os Ventos, ou solistas como Suso Vaamonde, María Manuel, Roi Casal e Uxía. Contrástase o carácter máis rural d'*Os soños na gaiola*, co público urbano ao que se dirixe máis tarde en *As rúas do vento ceibe.* Recóllese que, no prólogo a este último, "Carta aos nenos que pode servir de prólogo a este libro", Manuel María sinala a súa vontade didáctica e o seu desexo de que os nenos e nenas sexan unha chamada de esperanza para Galicia. Conclúese salientando a empatía comunicativa e a escrita actual do autor, capaz de chegar a varias xeracións.

Sampedro, Pilar, "Encher o oco. A literatura de Manuel María para a infancia e a mocidade", *Barbantia. Anuario de Estudos do Barbanza*, "Limiar", n.º 12, 2016, pp. 153-160.

Co gallo da conmemoración da figura de Manuel María no Día das Letras de 2016 achégase unha análise das obras deste autor destinadas ao público infantil e xuvenil. Analízase a obra *As ribeiras son escuras* (Galaxia, Punto de encontro, 1997) destacando a súa estrutura composta por tres novelas curtas de temática rural e denuncia social. Afóndase na problemática da súa publicación e achégase un resumo do argumento de cada un dos relatos. Alúdese ao audio-libro *Unha sombra vai polo camiño. Como desapareceu a Atlántida e apareceron os lagartos* (Edicións Xerais de Galicia, 1991). Analízase a obra *Os bigotes de Mimí* (Everest Galicia, 2003) dando conta do seu argumento sobre o tratamento dun neno ás súas mascotas e o realismo máxico que as caracteriza. Tamén se apunta o percorrido editorial da mesma. Achégase o argumento da triloxía *A tribo ten catro ríos* (1991), *Cando o mar foi polo río* (1992) e *Viaxes e vagancias de M.P.* (1994) sinalando a importancia da ambientación na Terra Chá, o pouso biográfico e a sátira política e destacando a influencia do realismo máxico de Cunqueiro e Ramón Lamote. Recóllese a referencia incorporada nestas obras a autores como Paco Martín, Lois Diéguez, Miguel Anxo Fernán Vello, Díaz Castro, Otero Pedrayo, Cuevillas, Noriega Varela, Blanco Amor, Avilés de Taramancos ou os irmáns Álvarez Blázquez, entre outros. Destácase a combinación de prosa coas composicións poéticas extraídas da obra *Ritual para unha tribo capital de concello* (1986) que encabezan os capítulos. Saliéntase que esta combinación atinxe tamén ás obras *A tribo ten catro ríos*, *Cando o mar foi polo río* e *Viaxes e vagancias de M.P.*, publicadas na colección O Barco de Vapor e sinálase que o argumento das dúas primeiras xira arredor da Terra Chá e a mitoloxía popular, mentres que a terceira abrangue os antigos sete

reinos de Galicia e ademais inclúe as pezas teatrais *Brevísima farsa do Antroido de Outeiro de Rei da Terra Cha* e *Auto do regato do Cepelo*. Faise referencia aos poemarios infantís *Os soños na gaiola* e *As rúas do vento ceibe* destacando a temática rural e identitaria do primeiro así coma o feito de que foi musicado e levado á escea no ámbito escolar por Pepe Agrelo. Con respecto ao segundo destácase a ambientación urbana. En canto á produción teatral do autor destácanse as obras *Barriga verde* (1968) e *Aventuras e desventuras dunha espiña de toxo chamada Berenguela* (1981) dando conta do argumento e destacando a temática popular, social e o cariz satírico e crítico. Por último, faise referencia aos premios Barriga Verde e Manuel María de Literatura Dramática Infantil cos que se conmemora a figura do autor.

Torres Regueiro, Xesús, "Manuel María, un dos meus mestres gratuítos", *A Xanela. Revista cultural das mariñas*, n.º 41, Primavera, 2016, "Festa das letras", pp. 28-31.

Faise un percorrido pola traxectoria biográfica, cultural, xornalística e literaria de Manuel María. No que respecta á literatura galega, alúdese á conferencia que impartiu en Betanzos sobre Manuel Antonio con motivo da celebración das Letras Galegas de 1979. Faise referencia á obra *De catro a catro* e ao manifesto *Máis alá!* en relación á figura de Manuel Antonio. Infórmase da presentación do libro de Manuel María *O que non quedou no protocolo* e da presenza nel de poemas dedicados a Betanzos. Advírtese de que non están incluídos na *Obra Completa*: "Poema a Betanzos", "Canción de amor a Betanzos", "Poema de amor, en xeito vello, á cidade de Betanzos", "Canto a Betanzos" e "Loa ó viño de Betanzos". Tamén se salienta a inclusión do poema "Betanzos fermosísima, leda, xentil" no libro *Compendio de orballos e incertezas*. Alúdese ao libro *Betanzos na voz dos poetas* (1994) para destacar que conta con composicións de Manuel María sobre a vila e o "Poema dos Caneiros" de Uxío Novoneyra. Faise referencia á composición "Cantiga en louvanza" de Manuel María dedicada a Álvaro Cebreiro. Alúdese tamén a outros escritores da literatura galega coma Fiz Vergara, Ramón Otero Pedrayo, Ramón Cabanillas, Celso Emilio, Xosé María Díaz Castro ou Anxo Fole.

IV.4. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ESTUDOS E RECENSIÓNS

Nicolás, Ramón, "Manuel María: primeiro asedio", *La Voz de Galicia*, "*Figas*", "Letras", "Galego", 29 xaneiro 2016, p. 12.

Dáse conta da obra *Manuel María. Reencontrado* (2015). Indícase que o autor contaba xa con análises biográficas e literarias de inestimábel valor, mais preséntase como factor diferencial nesta nova achega o feito de gardaren unha amizade e experiencias compartidas. Coméntase que este factor definido como "xeográfico-emocional" marca a traxectoria da biografía ao tempo que se constrúe un percorrido que segue o autor chairego e a súa muller, Saleta Goi, na Ribeira Sacra. Alén disto, engádese que hai outros capítulos a maiores, sobre Manuel María e Cataluña, ou sobre a visión que este defendía da relixión. No tocante á confección do libro, indícase que este tivo en conta anteriores achegas, epistolarios xa publicados, documentos fotográficos, poemas ou artigos, entre outros. Para finalizar, acrecéntase que completan o libro unha compilación de textos que o autor xa tiña publicado sobre Manuel María.

Ponte, Pilar, "Á beira de Manuel María", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 572, "Libros", 18 febreiro 2016, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 529, "Letras galegas", 27 febreiro 2016, p. 10.

Indícase que *Manuel María. Reencontrado* (2015) é o primeiro ensaio de achegamento á figura e obra de Manuel María. Coméntase que este autor xa tiña contribuído para esta materia con obras como *Lectura e itinerario posíbel pola Terra Chá de Manuel María* (1994) e que tamén xa tiña participado na colección "Memoralia" de Toxosoutos coa obra *Uxío Novoneyra. Home e terra*. No tocante á estrutura do libro, coméntase que está dividido en dúas partes: a primeira, "Manuel María da Ribeira Sacra", indícase que é a máis extensa e que se achega á relación do autor coa Ribeira Sacra, con Cataluña e coa relixión; a segunda parte, afírmase que está composta por artigos de diversa índole publicados polo autor sobre Manuel María entre os anos 1994 e 2005, e saliéntase neste apartado o capítulo "A arquitectura na poesía de Manuel María". Finalízase indicando que se inclúen na obra diversas fotografías do autor chairego, ademais de que o mérito do libro reside no feito de entrelazar a súa vida e obra.

Requeixo, Armando, "Manuel María esencial", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*"/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 933/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 933, "letras Atlánticas", 15 maio 2016, p. 32.

Faise referencia á gran cantidade de publicacións que xurdiron ao redor da figura homenaxeada no Día das Letras e destácase a proliferación de antoloxías que, segundo se indica, compoñen o tipo de publicacións máis acaído por faceren accesíbel unha obra tan inxente coma a do autor chairego. Sobre o antólogo, indícase que xa anteriormente se ten ocupado da poesía de Manuel María no ensaio *Sobre a poesía última de Manuel María (1976- 1995)*. No tocante á actual antoloxía, *Poemas escollidos* (2015), indícase

que reúne case duascentas composicións tiradas do conxunto da produción total do autor, dende o inicial *Muiñeiro de brétemas* (1950) até os últimos libros e inclusive os póstumos. Engádese que a través desta antoloxía se dá conta das diferentes ópticas que adoptou o autor chairego: dende o existencialismo até o telúrico e etnográfico, pasando polo social e combativo, entre outras que se sinalan. Para fechar, acrecéntase que, alén da maqueta que se considera anticuada e mellorábel, se trata dunha obra útil e con criterio.

IV.5. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ARTIGOS DE OPINIÓN OU COLABORACIÓNS FIXAS

Agís Balboa, Roberto C., "Heroínas do mar galego", *Diario de Arousa*, "Opinión", 14 setembro 2016, p. 6.

Achéganse dúas historias sobre dous afundimentos de barcos no mar galego no cal as mulleres tiveron un papel fundamental. A primeira delas é a acontecida en Sálvora en 1921, no afundimento do barco a vapor Santa Isabel. Indícase que foi grazas a catro mulleres (Josefa Parada, María Fernández, Cipriana Crujeiras e Cipriana Orujo) que se salvaron varias persoas, feito que lles outorgou o recoñecemento nacional e a condecoración como Heroínas de Sálvora. A segunda delas, trinta anos máis tarde, en febreiro de 1951. Durante o afundimento dunha traiñeira de Bueu en Portonovo, Modesta Vidal Portela botouse ao mar para salvar os mariñeiros, gañando así a medalla ao Salvamento que lle entregou o comandante Militar de Mariña de Vigo. Féchase o artigo incluíndo os versos do "Poema á Muller Galega" de Manuel María.

Alonso Montero, Xesús, "Antólogo de Manuel María", *La Voz de Galicia*, "*Especial Letras Galegas*", "Beatus qui legit" 13 maio 2016, p. 14.

Comenta que na antoloxía *Os cen mellores poemas da lingua galega* (1970) se poden atopar tres poemas de Manuel María: "Terra Cha", "Digo o meu mensaxe" e "Cando seiturarás", nos que se abordan a dimensión paisaxística, autopóetica e relixiosa do autor. Tamén indica que no volume *O que cómpre saber da lingua galega* (1969) figura o poema "Pliego de descargo", que conforma unha alegación contra os que renegan da lingua galega.

_____, "Da esencia máis nosa", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 584, "Letras Galegas 2016",17 maio 2016, p. II.

Indícase que o idioma galego conforma unha liña temática habitual na escrita de Manuel María con carácter reivindicativo e analízase unha serie de versos no que a esta cuestión se refire.

Álvarez Cáccamo, Xosé María, "Manuel María, aquí, en Galiza", *El Correo Gallego*, "Especial", 17 maio 2016, p. 9.

Ponse de manifesto o compromiso firme de Manuel María na loita política dende a banda da esquerda e do nacionalismo, tomando a poesía como instrumento reivindicativo e artístico.

Álvarez Ruiz de Ojeda, Victoria, "Galegos en Biscaia", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 584, "Letras Galegas 2016", 17 maio 2016, p. VIII.

Faise eco da amizade entre Manuel María e Gabriel Aresti, un dos poetas vascos máis relevantes do século XX, recalcando a intención de ambos de usar a literatura como ferramenta de entendemento e respecto mutuo.

Ansede, Alberte, "Un monumento literario que merece pervivir", *Diario de Pontevedra/ El Progreso*, "*Día das Letras Galegas*", 17 maio 2016, pp. 8-9.

Indícase que a Casa-Museo Manuel María é o lugar no que se deposita o legado literario e persoal do autor co gallo de impedir a súa dispersión e garantir a súa popularización e conservación.

Araguas, Vicente, "Ler como se fala", *Diario de Arousa/ Diario de Ferrol/ El Ideal Gallego,* "*Especial Letras Galegas"*, "Manuel María", 17 maio 2016, p. 13.

Saliéntase a necesidade de que un idioma estea vivo para que haxa literatura nel, analiza a situación actual da lingua galega, destacando o Día das Letras Galegas, e augura un futuro pouco esperanzador para o seu proceso de normalización.

Blanco Torrado, Alfonso, "Camiñando con Manuel María", *Diario de Pontevedra/ El Progreso*, 17 maio 2016, p. 6.

Sinálase que Manuel María abriu diversos camiños no ámbito social e cultural para o pobo galego, posto que non quería que ninguén sufrise as carencias que marcaron a súa vida. Tamén se pon de manifesto a celebración da súa figura dende diversos colectivos.

Braxe, Lino, "O 'Edipo' de Manuel María. Historia dun silencio", *La Opinión*, "Opinión", 16 maio 2016, p. 14.

Comenta a existencia dun proxecto consistente na posta en escena da obra *Edipo*, de Manuel María, a cal non resultou posíbel polas súas escasas posibilidades de venda no mundo do espectáculo ao non tratarse dunha comedia.

Cabana, Darío Xohán, "O 'señorito' que elixiu ser poeta", *La Voz de Galicia*, "*Letras galegas*", 13 maio 2016, pp. 6-7.

Faise un percorrido pola vida de Manuel María, facendo fincapé en acontecementos importantes como a súa elección da carreira universitaria, as súas inquedanzas políticas ou o seu ingreso como membro da Real Academia Galega.

_____, "Crónica de *Advento*", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 584, "Letras Galegas 2016", 17 maio 2016, cuberta.

Faise un percorrido polas creacións literarias de Manuel María, indicando que coa publicación de *Advento* (1954), "un dos libros máis fermosos da poesía galega", o escritor homenaxeado pasou a ser "un dos grandes das nosas letras".

Calviño, Xaime, “Manuel María, caneo en verso”, *La Opinión*, “A Coruña”, “La estrecha de San Andrés”, 17 maio 2016, p. 4

Fala da primeira conversa que mantivo con Manuel María, na que se abordaron diversos temas como o fútbol, a vida e a poesía, da cal o poeta afirmou “que escribía por impulsos”.

Caneiro, Xosé Carlos, “Manuel María”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Letras”, “No ficción”, “Club dandi”, 25 marzo 2016, p. 10.

Comenta que supón un acerto dedicarlle o Día das Letras Galegas a Manuel María polo seu compromiso e perseveranza na longa andaina de “sumar máis voces a favor de Galicia”.

Canosa, María, “O compromiso”, *La Voz de Galicia*, “Pingas de Cristal”, 20 maio 2016, p. 14.

Recalca a necesidade de escribir para os máis cativos co propósito de educar a sociedade. Apunta que isto foi asumido por Manuel María, quen se interesou no eido da sociolingüística e destacou polos trazos característicos da súa personalidade.

Casalderrey, Fina, “A Galicia que vai no sentimento”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 17 maio 2016, p. 11.

Apúntase ao amplo consenso que suscitou a candidatura de Manuel María como autor homenaxeado nas Letras Galegas e saliéntase a súa contribución comprometida ao proceso normalizador da lingua galega.

Castro Ratón, Xosé, “A gaiola dos soños”, *Diario de Arousa*, “Opinión”, 2 xuño 2016, p. 6.

Indícase que se trata dunha das obras máis populares para nenas e nenos, a cal saíu á luz en 1968, nun momento difícil para publicar literatura en galego e máis aínda no campo da poesía infantil. Achégase información sobre esa primeira edición da obra e indícase que foi editada para ser agasallada á clientela do seu promotor, Cartonajes Anmi, do empresario lugués Ángel Gómez Camarón. Ademais dáse conta de accións que realizaron para burlar a censura franquista, tales como meter textos camuflados no marco de almanaques. Finalízase comentando que até 1972 non sairía a súa edición venal, da man de Edicións Celta, e que a esta lle sucedeu unha edición portuguesa da CGD e a catalá Casals. Engádese que esta publicación, *Os soños na gaiola* (2015), conxugou coa explosión da música comprometida e que en 1978 Suso Vaamonde puxo voz aos textos do chairego.

Celeiro, Luís, “Manuel María”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión & Análisis”, 19 abril 2016, p. 55/ *El Progreso*, “Opinión”, 19 abril 2016, p. 27/ *El Correo Gallego*, “Opinión”, 20 abril 2016, p. 4/ *La Región*, “Opinión”, “Tía Manuela”, 20 abril 2016, p. 24.

Fala da figura de Manuel María, home ao que lle tiña grande admiración. Así mesmo fai un breve recordatorio de aspectos da súa vida como os lugares onde viviu, por exemplo, Monforte de Lemos.

Cochón, Luís, “Manuel María contra a retracción poética”, *El Correo Gallego*, “Especial”, 17 maio 2016, p. 10.

Faise eco da poética do silencio, presente na escrita de Manuel María, co obxectivo de cubrir os espazos nos que “non dá chegado a emoción de dicir”.

Cuña, Miguel Ángel, “En la casa de O Burgo”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, “Día das Letras Galegas 2016”, 15 maio 2016, p. 11.

Fálase da relación de amizade entre Manuel María e Manuel Cuña Novás e saliéntase a aparición do movemento poético denominado “Escola de Tebra”.

Cuña Novás, Manuel, “Eu tamén me chamo Manuel”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, “Día das Letras Galegas 2016”, 15 maio 2016, p. 11.

Comenta que se ofreceu para propoñer que uns poemas de Manuel María foran publicados na colección Benito Soto, a cal conformaba unha “lumieira pirata” e se caracterizaba polo seu carácter clandestino.

Dacosta, Enrique, “Manuel María e o teatro”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, 5 maio 2016, p. 10.

Coméntase a vontade de Manuel María para impulsar o xénero dramático galego nun contexto complexo e enuméranse as distintas pezas que elaborou, salientando as súas características máis significativas.

_____, “A escrita dramática de Manuel María”, *Diario de Arousa*/ *Diario de Ferrol*/ *El Ideal Gallego*, “*Especial Letras Galegas*”, “Manuel María”, 17 maio 2016, p. 10.

Fala das tres liñas xerais que caracterizan o labor teatral de Manuel María: a procura dunha historia mitificada de Galicia, rematar co complexo do pobo galego e o empeño por lograr a que o teatro conformase unha arma de concienciación.

Dobarro, Xosé María, “Sobre tres inesquecibles lembranzas”, *Diario de Arousa*/ *Diario de Ferrol*/ *El Ideal Gallego*, “*Especial Letras Galegas*”, “Manuel María”, 17 maio 2016, p. 6.

Fai eco de tres momentos notábeis na súa relación con Manuel María: a primeira vez que estivo diante del, a súa colaboración na *Gran Enciclopedia Gallega*, na que destacou a fidelidade do autor, e a elaboración dunha edición definitiva de *Terra Cha*, na que contou coa súa axuda.

Fernández, Xurxo, "Manuel, aquil humanista e poeta que se identificaba co seu pobo", *El Correo Gallego*, "*2domingo*", 15 maio 2016, p. 2.

Apúntase que Manuel María destacaba polo seu carácter revolucionario e que as circunstancias non lle deron a oportunidade de conformar "a chave pró futuro dunha Galicia nova".

_____, "O incendiario: un home que puxo as mentes a pensar...", *El Correo Gallego*, "Especial", 17 maio 2016, p. 12.

Indícase que Manuel María foi discípulo de Luís Pimentel, quen o agasallou cun volume de Francis Jammes, o cal conformou un referente para os poetas galegos da primeira metade do século.

Fernández Fernández, Ángel, "Manuel María e Valdeorras", *O Sil*, "Sociedade", "Opinión", xuño 2016, p. 43.

Explícase que se trata dun conxunto de poemas que teñen como temática o canto ao Río Sil, ás paisaxes valdeorresas, aos persoeiros desa comarca ourensá, aos viños… Coméntase que son uns textos que foron asinados baixo o heterónimo de M. Outeiro Hortas, publicados por vez primeira no 2003, da man da Asociación Lumieira de Carballo. Indícase que é tamén unha ocasión para pedir que se conceda o Día das Letras Galegas a Florencio Delgado Gurriarán. Engádese que o libro se presentaba no decurso do espectáculo poético-musical, con catorce poemas.

Fernández Prieto, Lourenzo, "Las letras gallegas", *La Voz de Galicia*, "Opinión", "Mañá empeza hoxe", 17 maio 2016, p. 17.

Faise eco da relación entre lingua, política e poder e saliéntase a necesidade de recoñecer o fracaso da normalización lingüística e afrontar o reto que supón a súa consecución no futuro. Destaca a figura de Manuel María e das Irmandades da Fala.

Forcadela, Manuel, "Manuel María, sesenta anos de poesía", *Atlántico Diario*/ *La Región*, "*Universitas*", "Opinión", 19 maio 2016, p. 3.

Coméntase a relación de Manuel María coa palabra poética, facendo fincapé nunha etapa inicial marcada polo existencialismo, unha intermedia caracterizada polo realismo social e unha final máis densa dende o punto de vista conceptual.

Franco, Camilo, "Indicadores perdidos na sopa das letras" *Diario de Pontevedra*/ *El Progreso*, "*Táboa redonda*", n.º 36, "Fatiga ocular", 22 maio 2016, p. 7.

Reflexiona sobre as diferenzas existentes entre a celebración das Letras Galegas dedicadas a Roberto Vidal Bolaño e a Manuel María, quen obtivo máis espectáculos ao redor da súa figura e obra.

Franjo, Fernando, "Son forasteiro na cidade en que vivo", *El Correo Gallego*, "*2domingo*", 1 maio 2016, pp. 2-3.

Saliéntase o compromiso de Manuel María con Galicia máis alá da súa produción literaria. Tamén se fala da súa educación, dos faladoiros nos que participou, da súa faceta xornalística e do trato inxusto co que tivo que convivir, entre outros.

García, Montse, "Más días para las letras y los libros", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Santiago", "Crónica ciudadana", 14 maio 2016, p. L2.

Apúntase a necesidade de que o recoñecemento dos autores homenaxeados nas Letras Galegas e as súas producións literarias perduren máis alá da conmemoración en cuestión.

García Negro, María Pilar, "Como unha literatura", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 584, "Letras Galegas 2016", 17 maio 2016, p. III.

Faise fincapé en tres aspectos relacionados con Manuel María: o seu carácter reivindicativo, a súa loita contra a exclusión do galego a través dos diversos xéneros literarios e a súa obra, a cal conforma unha evolución persoal.

Gómez Torres, "Mestre e amigo", *Diario de Pontevedra*/ *El Progreso*, "*Días das Letras Galegas*", 17 maio 2016, p. 4.

Comenta que foi alumno de Manuel María, feito que marcou o seu gusto pola literatura, chegando a elixilo como protagonista da súa tese de licenciatura. Tamén se fai eco da relación de amizade que xurdiu e da súa contribución á homenaxe colectiva que o autor está a recibir.

González Puente, Julio, "Presidente da RAG, un luxo", *El Correo Gallego*, "Opinión", 28 outubro 2016, p. 2.

Alude ao discurso que pronunciou Xesús Alonso Montero nunha homenaxe a Manuel María en Monforte, recalcando a súa faceta como orador.

Jaureguizar, Santiago, "A pesar de ser da UPG e un tradutor bengalí" *Diario de Pontevedra*/ *El Progreso*, "*Táboa redonda*", n.º 36, 22 maio 2016, p. 8.

Faise eco da fervura coa que se conmemora o Día das Letras Galegas en todas as súas edicións en contraposición coa realidade literaria que se pode apreciar durante o resto do ano.

Ledo Andión, Margarita, "Paixón pola fala", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 584, "Letras Galegas 2016", 17 maio 2016, p. VII.

Reflexiónase sobre a figura de Manuel María, concretamente sobre a súa poesía, destacando a presenza da cultura labrega, o respecto pola natureza e a ironía. Coméntanse brevemente as obras *Muiñeiro de Brétemas* e *Terra Chá*.

Leiro Conde, Benito, "Poetas albariñenses: Ramón Cabanillas", *Diario de Arousa*, "*LXIV Festa do Albariño*", 4 agosto 2016, p. 4.

Coméntase que Ramón Cabanillas foi o "mellor trobador do agro en xeral e do viño en particular" e que mentres el facía poesía, Álvaro Cunqueiro organizaba todo, para que acudisen á gran festa vates como Celso Emilio Ferreiro ou Manuel María. Sinálase que este último contou cun especial protagonismo na Festa do Albariño de 1986, pois foi pregoeiro.

Lopo, Antón, "Ouveos solitarios", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 578, 7 abril 2016, cuberta/ *La Opinión*, "*El Domingo*", n.º 772, 17 abril 2016, p. 4.

Faise eco da faceta xornalística de Manuel María, quen estivo entre os once accionistas fundacionais de *A Nosa Terra* e colaborou, entre outros, con *El Progreso*, *La Noche*, *La Región*, *La Voz de Galicia* ou *El Ideal Gallego*.

_____, "Do legado monfortino do poeta", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 584, "Letras Galegas 2016", 17 maio 2016, p. VIII.

Faise eco da relación de Manuel María coa cidade de Monforte e da súa desavinza coa situación política que lle tocou vivir, poñendo de manifesto a súa adopción dunha postura comprometida e reivindicativa.

Manuel María, "Outra vez, outra vez o terror', MM e Luís Pimentel", *El Correo Gallego*, "Especial", 17 maio 2016, p. 18.

Recóllese un texto de Manuel María no que se fala do medo como ferramenta a usar polos gobernantes dos pobos e saliéntase a necesidade de crear unha cultura na que non teñan cabida as guerras, as cales carecen de explicación posíbel.

_____, "O Mariscal", *El Correo Gallego*, "Especial", 17 maio 2016, p. 14.

Recóllese o derradeiro artigo remitido por Manuel María para ser publicado en "*O Correo das Culturas*" de *El Correo Gallego*, xornal no que colaborou de xeito habitual. Nel o autor regresa á figura de Pardo de Cela.

Nicolás, Ramón, "Unha fraga vizosa", *La Voz de Galicia*, "*Letras galegas*", "A súa vida", 13 maio 2016, p. 12.

Recalca que a autenticidade da poesía de Manuel María reside no seu tratamento de temas como o amor, a morte e o humor, así como a dignificación da cultura e da lingua galega.

Nogueira, María Xesús, "O meu Manuel María", *Diario de Pontevedra*, "Opinión & Análisis", p. 29/ *El Progreso*, "Opinión", p. 37, "Un falar", 23 abril 2016.

Faise eco da semente que o traballo de Manuel María supuxo nas escolas e asociacións culturais como un factor clave para a restauración da cultura nos primeiros anos da democracia.

_____, "Dedicatorias", *Diario de Pontevedra*, "Opinión & Análisis", p. 29/ *El Progreso*, "Opinión", p. 33, "Un falar", 4 xuño 2016.

Comenta a dedicatoria que Manuel María lle escribiu no seu exemplar de *Os soños na gaiola* e do significado que entrañan esas verbas en relación co momento pasado e co actual.

Penedo, Manuel, "Manuel María", *La Región*, "Opinión", 17 maio 2016, p. 27.

Faise eco da relación entre o eido político e poético e salienta que a figura do poeta vai máis alá da escritura de versos, posto que implica "levar a poesía na ialma".

Queixas Zas, Mercedes, "Eu son desta terra e desta auga", *La Voz de Galicia*, "*Especial Letras Galegas*", "Opinión" 13 maio 2016, p. 14.

Faise fincapé no "binomio Poeta-Home" no que á figura de Manuel María se refire e saliéntase a súa coherencia e amor pola lingua, literatura e cultura propia da terra galega.

_____, "Manuel María (tamén) após o 17 de maio", *Diario de Pontevedra*/ *El Progreso*, "*Día das Letras Galegas*", 17 maio 2016, pp. 2-3.

Sinala que a autenticidade da obra de Manuel María reside no tratamento de temas de interese universal como o amor, a morte, a nostalxia, a paisaxe, a metafísica, a relixiosidade, o ecoloxismo, a emigración, o humor e o compromiso co pobo galego.

Raña, Román, “Amor e realidade”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 584, “Letras Galegas 2016”, 17 maio 2016, p. VIII.

Recalca o candor e a paixón como ingredientes principais da escrita de Manuel María e salienta que o feito de escribir poesía conforma “un acto de desprotección”.

Ratón, Xosé Castro, “As voces de Manuel María”, *Diario de Arousa*, “Opinión”, “Outra ollada”, 21 abril 2016, p. 6.

Faise eco do próximo Día Internacional do Libro, no que terá relevancia a figura de Manuel María como representante da “literatura de identidade”.

Regueira, Mario, “Narrativa caudal”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 584, “Letras Galegas 2016”, 17 maio 2016, p. VI.

Indícase que Méndez Ferrín manifestou que a novela *As augas van caudales*, de Manuel María conforma un volume pioneiro no que á simbiose de técnicas innovadoras cos problemas do pobo galego se refire.

Rei Núñez, Luís, “Aquel poeta que asinaba só co nome”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, “Día das Letras Galegas 2016”, 15 maio 2016, p. 10.

Fálase do inicio da andaina literaria de Manuel María na colección “Benito Soto”, que serviu para alborexar a literatura galega, e do carácter reivindicativo do autor, que foi quen de abordar os diversos xéneros literarios.

Requeixo, Armando, “Contra o reducionismo”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 584, 17 maio 2016, p. IV.

Saliéntase a ampla produción do autor, que se caracteriza pola súa versatilidade e na que se inclúe a poesía, a narrativa, o teatro, o ensaio xornalístico, a investigación, a crítica literaria e a tradución.

_____ “Manuel María narrador”, *Diario de Arousa*/ *Diario de Ferrol*/ *El Ideal Gallego*, “*Especial Letras Galegas”*, “Manuel María”, 17 maio 2016, p. 12.

Recalca a obra narrativa de Manuel María na que se abordan temas como o amor, o universo da infancia, a relación entre o ser humano e a paisaxe e o compromiso social; e na que se distinguen tres etapas: unha primeira que iría dende os inicios en 1951 até andados os anos sesenta, unha segunda que coincide cos comezos dos setenta e unha derradeira etapa con historias aparecidas nos noventa.

Rivas, Chito, “Manuel María, o poeta do mundo rural”, *La Región*, “Provincia”, “Testemuñas da memoria”, 12 agosto 2016, p. 29.

Sinala que as poesías de Manuel María destacan polo seu carácter combativo e polo seu compromiso político e recálcase que o leitmotiv delas é o tratamento do mundo rural.

Rodríguez, Francisco, "Manuel María", *Diario de Ferrol*, "Ferrol", "La ventana", 28 abril 2016, p. 10.

Sinálase que Manuel María padeceu desprestixio e anulación non só durante algúns anos do franquismo, senón tamén coa democracia autonómica pola súa condición de cronista poético.

_____, "O Manuel María outonal", *Diario de Arousa*/ *Diario de Ferrol*/ *El Ideal Gallego*, "*Especial Letras Galegas"*, "Manuel María", 17 maio 2016, p. 8.

Saliéntase que Manuel María é un dos mellores poetas amorosos da literatura galega do século XIX pola súa expresión do amor vinculado á fermosura feminina, no que se subliña a vinculación entre a beleza e o instinto.

Rodríguez, Román, "Cara ao futuro desde o mellor do pasado", *La Voz de Galicia*, "Opinión", "Firma invitada", 18 maio 2016, p. 17.

Dá conta da celebración do Día das Letras Galegas e da figura do seu homenaxeado, Manuel María. Destácase, ademais, o aniversario das Irmandades da Fala.

Rozas, Ramón, "Pontevedra, berce do muiñeiro María", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Ciudad", "Rue Saint - Antoine nº 170", 16 maio 2016, p. 7.

Fálase de *Muiñeiro de brétemas* (1950), o primeiro poemario editado de Manuel María que supuxo a presentación do poeta lucense e o amencer dunha figura notábel para a literatura galega.

Sánchez Soto, Marina, "Manuel María no Día das Letras 2016", *La Región*, "Opinión", 17 maio 2016, p. 27.

Sinálase o talante filosófico de Manuel María e a variedade das súas liñas poéticas: intimista, persoal, cívica e comprometida. Tamén se fai eco do achegamento da súa obra aos máis cativos.

Senén, Felipe, "Museos e paisaxes culturais: a Casa-Museo de Manuel María", *La Opinión*, "Opinión", 15 maio 2016, p. 28.

Apúntase á defensa da interacción paisaxe e paisanaxe por parte de Manuel María e faise fincapé na relevancia da Casa-Museo do escritor, facendo unha simbiose entre pasado e presente.

_____, “Cada oito de setembro unha navalliña para un traballador”, *La Opinión*, “Opinión”, 11 setembro 2016, p. 33.

Fala da conmemoración do cabodano do pasamento de Manuel María e da iniciativa da asociación Xermolos de Guitiriz, co gallo de tentar “normalizar tanta anormalidade campante”.

Valcárcel, Xulio, “Poeta vocacional e activo na causa pública e na cultura”, *Diario de Arousa*/ *Diario de Ferrol*/ *Ideal Gallego*, “Letras galegas”, 17 maio 2016, p. 4.

Indica que hai dous eixos no proxecto vital de Manuel María: a poesía, cuxa vocación se atopa ligada á súa relación con Novoneyra e cos intelectuais composteláns; e Galicia, cuxo compromiso coa terra foi firme.

Veiga, Abel, “Manuel María na memoria dun pobo”, *El Correo Gallego*, “Galería de palabras”, p. 6/ **Veiga Copo**, Abel B., “Manuel María sempre presente na memoria dun pobo”, *El Progreso*, “Opinión”, p. 24, 17 maio 2016.

Salienta o compromiso social e político de Manuel María, o seu nacionalismo activo, tanto na ditadura como na democracia, e a súa pluralidade temática, na que se atopan elementos como o amor, a liberdade ou o idioma.

Veiga Taboada, Manuel, “Unha parada en Monforte que durou corenta anos”, *Diario de Pontevedra*/ *El Progreso*, “*Día das Letras Galegas*”, 17 maio 2016, p. 5.

Faise eco da relación do escritor Manuel María con Monforte de Lemos, lugar no que residiu durante corenta anos e no que abriu, xunto coa súa muller Saleta Goi, a libraría Xistral.

Vidal Villaverde, Manuel, “De ‘Mar Maior’ a ‘Cancioneiriño de Valdeorras”, *Diario de Pontevedra*/ *El Progreso*, “*Día das Letras Galegas*”, 17 maio 2016, pp. 10-11.

Realiza un repaso pola bibliografía poética en galego de Manuel María, poñendo de manifesto a súa dimensión e a distancia que media entre o ano de elaboración e o de publicación.

Vieites, Manuel F., “Manuel María nas táboas” *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 591, “Teatro”, 7 xullo 2016, p. VIII.

Dáse conta da estreita relación que Manuel María ten coas formas propias da dramática popular de tradición oral, apuntando que foi un dos autores que mellor soubo recrear esta antiga tradición escénica. Aludindo ao seu alcume, “Poeta da Terra Chá”, fai un repaso dos títulos que publicou en diferentes medios, como *Aventuras e desventuras dunha espiña de toxo chamada Berenguela*, *Auto do taberneiro*, *Auto do labrego*, *Auto do mariñeiro*, *Auto da costureira* ou *Auto do maio esmaiolado*. Escóllese como o mellor

título desta tradición o de *Barriga Verde* e, por último, fálase da peza *Edipo*, que editou Miguel Anxo Mato Fondo e que fora premiada en 1960 en Bos Aires.

Villar Janeiro, Helena, "Gaiola de soños", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Notas de actualidade", 21 maio 2016, p. 2

Saliéntase a intención de Manuel María de achegar a poesía ao mundo da infancia, o cal serviu como pretexto para a creación de proxectos pedagóxicos globalizados arredor da súa figura.

Villares, Ramón, "Un poeta enteiro", *ABC*, "Galicia", 17 maio 2016, p. 65.

Recálcase que a escrita de Manuel María conectou coa poboación galega dende o inicio e que estivo marcada pola melancolía, a tenrura, a señardade, o amor á natureza e o intimismo.

IV.6. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ENTREVISTAS

García Márquez, Marta, "Saleta Goi. 'Case non me deixaba aparcar e xa está na horta da súa casa", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", 6 marzo 2016, pp. 10-11/ *Diario de Arousa*/ *Diario de Ferrol*/ *El Ideal Gallego*, "*Especial Letras Galegas*", "Manuel María", 17 maio 2016, p. 14.

Entrevista a Saleta Gol, viúva de Manuel María, quen fala do funcionamento da fundación en Outeiro de Rei, da ideoloxía do poeta e da súa necesidade vital no que á terra se refire, entre outros.

Giráldez, José Miguel, "Manuel María, un teatro ecoloxista", *El Correo Gallego*, "*2domingo*", 15 maio 2016, p. 3.

Entrevístase a Nani García e Miguelanxo Prado con motivo da súa colaboración na versión musical de *A Berenguela*, de Manuel María, que conforma un volume de carácter social e simbólico para os máis cativos.

Piñeiro, Manuel, "Ángeles Rivada. 'Dona María facía moitas parolas con xente como Manuel María", *El Progreso*, "Comarcas", 18 xullo 2016, p. 14.

Entrevista a Ángeles Rivada, ama de chaves da última propietaria do Pazo de Tor. Entre a variedade de historias, salienta as parolas que Dona María organizaba no pazo, frecuentadas por amizades entre as que inclúe a Manuel María.

Rodríguez, Manuel, "Saleta Goi. 'Eu namorei antes das cartas que do poeta", *La Voz de Galicia*, "*Letras Galegas*", 13 maio 2016, pp. 8-9.

Conversa con Saleta Gol, viúva de Manuel María, na que comenta como se coñeceron, fala dos actos que terán lugar ao redor do Día das letras Galegas e recoñece que le a obra do autor.

S. N., "Manuel Veiga. 'María representa o que permanece", *Atlántico Diario*/ *La Región*, "*Extra Letras Galegas 2016*", 17 maio 2016, p. 11.

Conversa na que o escritor e ensaísta Manuel Veiga Taboada retrata a súa relación con Manuel María e fala, entre outros aspectos, do seu compromiso co nacionalismo galego e do seu carácter prolífico.

Varela, Lourdes, "Saleta Goi. 'Namoroume coas súas cartas antes que coa súa poesía", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 584, "Letras Galegas 2016", 17 maio 2016, p. V.

Saleta Gol, viúva de Manuel María, fala de como foi a súa relación coa Nova Canción Galega, do seu compromiso firme con Galicia e da importancia relativa que o poeta lle outorgaba aos galardóns.

Veiga Copo, Abel B., "Manuel, sempre presente na memoria dun pobo", *El Progreso*, "Opinión", 17 maio 2016, p. 24.

Recalca a necesidade de honrar a memoria de Manuel María dun xeito permanente polo seu papel como editor, divulgador e como ponte que facilitou o xermolo de poetas noveis, así como polo seu compromiso social e político.

X. F., "Manuel María está enchendo o mundo coa súa poesía", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 17 maio 2016, p. 39.

Entrevista a Darío Xohán Cabana con motivo da súa intervención no acto da Real Academia Galega que terá lugar en Outeiro de Rei ao redor da figura de Manuel María e no que aludirá a catro épocas diferenciadas no que á poesía do autor se refire.

IV.7. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: NOTAS, PRESENTACIÓNS E ESCRITOS VARIOS

A. A., "Monforte homenajea a su poeta adoptivo M. María", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 25 setembro 2016, p. 40.

Faise referencia á homenaxe do Concello de Monforte a Manuel María coa participación dos académicos Margarita Ledo Andión, Fina Casalderrey, Salvador García Bodaño e Xesús Alonso Montero, dos escritores monfortinos Antón Lopo e Lois Diéguez e do economista e amigo do autor Manuel Rajo.

Abascal, María, "Recital colectivo no Gaiás para celebrar o Día das Letras", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 23 abril 2016, p. 35

Dáse conta da celebración do Día das Letras levada a cabo pola Cidade da Cultura cun recital colectivo, música, videocreacións e un obradoiro de rap dirixidos a poñer en valor a figura de Manuel María.

_____, "O web 'Manuel María Xornalista' recompila artigos escritos na prensa", *El Correo Gallego*, "Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio", 11 maio 2016, p. 39.

Infórmase sobre a presentación da nova web "Manuel María Xornalista", na cal se pon de relevo a faceta máis xornalística do autor homenaxeado nas Letras Galegas 2016. Sinálase que este recurso pon ao dispor do público os escritos da prensa do autor, así como a súa biografía.

_____, "Manuel María uniu a súa obra con Galicia e a época que lle tocou vivir", *El Correo Gallego*, "Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio", 13 maio 2016, p. 40.

Destácase a presentación dunha exposición e dos materiais didácticos creados sobre a figura do autor Manuel María como homenaxeado no Día das Letras 2016, un evento que tivo lugar no representativo IES Rosalía de Castro.

_____, "A sociedade galega envórcase coa escritura 'xenerosa' de Manuel María", *El Correo Gallego*, "Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio", 14 maio 2016, p. 33.

Ponse de relevo a celebración de distintas xornadas de homenaxe en Santiago co gallo das Letras Galegas 2016. Fálase da presentación da dixitalización do material inédito de Manuel María da man da Real Academia Galega e da Fundación Barrié.

_____, "A TVG celebra o Día das Letras estreando a exitosa 'A esmorga", *El Correo Gallego*, "Medios", 17 maio 2016, p. 52.

Sublíñase a aposta da TVG pola estrea na televisión de filmes galegos (*A esmorga* e *A síndrome de Cacareco*) como engadido á programación especial ofertada durante a festividade das Letras Galegas 2016.

Acebo, Héctor, "Río reivindica a identidade galega ao recibir a Navalla de Manuel María", *El Progreso*, "Comarcas", 9 setembro 2016, p. 23.

Recóllense palabras de Raúl Río tras a recepción do premio Navalla de Manuel María por cultivar a literatura e a escultura galegas en Euskal Herria. Indícase que Río fai unha reivindicación da identidade galega e que en Euskal Herria, lugar onde mora, ten recibido o autor chairego e partillado vivencias.

Almodóvar, María, "A perenne memoria das nosas Letras, na Biblioteca de Galicia", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 30 marzo 2016, p. 42.

Recoñécese o labor da Biblioteca de Galicia (1989) como "entidade encargada de salvagardar e difundir o patrimonio bibliográfico galego". Sublíñase a súa función a través da lembranza das homenaxes realizadas, así como as actividades impulsadas a favor da lingua e cultura galegas.

Álvarez, Mario, "A RAG pon en marcha o proxecto web Primavera das Letras", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 12 abril 2016, p. 37.

Infórmase sobre a presentación do proxecto da Real Academia Galega "Primavera das Letras", o cal dota o profesorado de recursos didácticos que permiten traballar contidos relacionados coa festividade das Letras a través do uso das novas tecnoloxías.

_____, "Manuel María, compromiso coa sociedade e co idioma", *El Correo Gallego*, "Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio", 17 abril 2016, p. 33.

Destácase a figura de Manuel María, que vai ser a figura homenaxeada nas Letras 2016, a partir dunha serie de iniciativas organizadas desde a Fundación que leva o seu nome. Tamén se apunta que se promove unha colaboración para a difusión da obra e pensamento do autor.

_____, "A RAG reivindica o valor de Manuel María para a causa da lingua galega", *El Correo Gallego*, "Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio", 1 maio 2016, p. 39.

Reivindícase a figura de Manuel María como homenaxeado nas Letras 2016. Ponse de relevo o duplo valor da súa traxectoria vital: o seu compromiso político e social con Galicia, e a valía da súa creación literaria sempre ligada á lingua de Galicia.

_____, "A RAG lembra a Manuel María, un dos poetas máis presentes", *El Correo Gallego*, "Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio", 23 novembro 2016, p. 34.

Dáse conta do simposio organizado pola Real Academia Galega (RAG) sobre a figura do autor chairego. Indícase que durante a primeira xornada do evento foi a poesía a gran protagonista, pois contaron cun recital poético no que participaron poetas como Luz Pozo Garza, Rosalía Fernández Rial, Cesáreo Sánchez ou Marta Dacosta, entre outras, segundo se indica. Recóllense palabras do presidente da RAG, Xesús Alonso Montero, o cal salienta a capacidade comunicativa do poeta, así como o seu labor na

normalización do idioma galego. Indícase que o programa deste simposio foi organizado en conxunto coa Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega e a Xunta de Galicia.

_____, "Manuel María, pedra angular da música contemporánea", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 24 novembro 2016, p. 41.

Dáse conta do acontecido durante a segunda xornada do simposio dedicado ao poeta chairego. Indícase que durante esta sesión se trataron temáticas como a narrativa, o xornalismo cultural, a historia do teatro, a creación de música galega, a educación en galego e o pensamento de Manuel María.

_____, "Fina Casalderrey lembra a débeda dos ensinantes con Manuel María", *El Correo Gallego*, "Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio", 25 novembro 2016, p. 38.

Fálase da derradeira xornada que acolleu a Real Academia Galega sobre o simposio dedicado ao autor chairego. Indícase que o encontro concluíu coa proxección do documental realizado pola académica Margarita Ledo, "Eu son fala e terra desta miña terra". Engádese que o programa desta última xornada arrincou cunha mesa sobre poética e política, na cal se tratou a relación do poeta con Portugal, a intervención política na súa poesía ou os lazos do autor con Euskal Herria.

_____, "Arranca a nova edición de Culturgal con máis dun cento de actividades", *El Correo Gallego*, "Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio", 3 decembro 2016, p. 39.

No marco das actividades do Culturgal, destaca a presentación dun vídeo musical para homenaxear a Manuel María

Álvarez, M./ S. **Sánchez**, "Manuel María, clave na Galicia actual", *La Opinión*, "Sociedad, cultura y ocio", 17 maio 2016, p. 32.

Lémbrase a importancia da figura homenaxeada: Manuel María. Recóllense as palabras do presidente da Real Academia Galega e do Secretario Xeral de Política Lingüística. Destácase que o autor é "unha das persoas máis influentes na política e a cultura da comunidade galega na segunda metade do século XX".

Andaluz, Cándida, "Uxía e Magín Blanco estrearon 'Todo me fala de ti' no día da lingua materna", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 21 febreiro 2016, p. 44.

Salienta a afluencia de público na presentación do espectáculo musical *Todo me fala de ti*, no cal os músicos Uxía, Magín Blanco e Santi Cebreiro interpretan textos musicados da autoría do escritor Manuel María. Ademais, faise referencia ao propio proceso de adaptación dos textos literarios ao formato musical e destácase a importancia do programa FalaRedes na dinamización do uso da lingua galega.

A. R., "Outeiro de Rei acoge el próximo 8 de septiembre un homenaje a Manuel María", *El Progreso*, "Comarcas", 29 agosto 2016, p. 8.

Dáse conta do acto organizado pola Irmandade Manuel María e a Asociación Xermolos. Indícase que a programación consta dun xantar, un recital de poesía, unha homenaxe no cemiterio e, posteriormente, o acto de entrega da Navalla de Manuel María, concedida a Raúl Río e a Francisco Carballo, a título póstumo este último.

_____, "Lucecús Teatro representará esta semana su obra en Monterroso, Alfoz y Outeiro de Rei", *El Progreso*, "Comarcas", 8 setembro, p. 17.

Informa do lugar e hora de representación de *A verdadeira historia de Manuel de Paderna* de Lucecús Teatro.

Araújo, E., "El homenaje a Manuel María trasciende al Día das Letras", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Agenda", "Para todos los públicos", 10 maio 2016, p. L11.

Alude ás distintas homenaxes programadas para destacar a figura do homenaxeado nas Letras 2016. Lémbrase o autor dende a realización dunha conferencia debate no Conservatorio de Santiago até nunha programación especial da Deputación de Santiago.

Arnáiz, Ángel, "Monforte rindió homenaje a 'su poeta', Manuel María", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 2 outubro 2016, p. 38.

Dáse conta da homenaxe que se lle rendeu ao autor chairego. Indícase que se tratou dun encontro literario musical, organizado pola Real Academia Galega e o Concello de Monforte. Engádese que participaron na cerimonia o alcalde de Monforte, José Tomé; o presidente da RAG, Alonso Montero; e outras persoas achegadas como Margarita Ledo, Antón Lopo, Lois Diéguez e Manuel Rajo.

Becerra, Marta, "Música y poesía al unísono", *El Progreso*, "Lugo", "El despertador", 25 xuño 2016, p. 14.

Di que o orfeón Xoán Montes dedicou unha homenaxe ao compositor interpretando o poema "O carro".

_____, "Homenaje al refugio de los lectores", *El Progreso*, "Lugo", "El despertador", 25 outubro 2016, pp. 8-9.

Dáse conta do Día das Bibliotecas e engádese que a Biblioteca Nodal acolle a exposición itinerante "Manuel María. Beleza, amor e compromiso (1924-2004)", unha mostra que se indica que ten como obxectivo promover e poñer en valor a obra e a vida do escritor lucense.

Bellver, Mónica G., "Magín Blanco e Uxía cantan a Manuel María", *O Sil*, "Música", marzo 2016, p. 40.

Informa da unión das voces destes dous artistas en *Canta o Cuco*, un libro-disco para que os nenos coñezan a Manuela María. Salienta as ilustracións de Leandro Lamas e os arranxos musicais de Santi Cribeiro e Guillerme Fernández.

Bermúdez, Sofía, "A FEGAMP difunde a obra de Manuel María", *Correo Gallego*, "Especial", 17 maio 2016, p. 11.

Dáse conta do convenio cultural asinado pola Fundación Manuel María e a Fegamp, co que se pretende difundir e achegar ao pobo galego a obra e figura do autor homenaxeado no Día das Letras Galegas 2016.

Besteiro, Nuno, "Manuel María, un verso libre na Real Academia Galega", *El Correo Gallego*, "Especial", 17 maio 2016, p. 13.

Sublíñase o compromiso político con Galicia do autor Manuel María cando en 1975 presenta a súa dimisión na Real Academia Galega. Dise que o poeta chairego considerou que formaba parte dunha institución que posuía "un carácter elitista e antipopular", o cal facía que esta estivera "virada de costas á auténtica realidade".

_____, "A RAG converte Outeiro de Rei en 'capital literaria", *El Correo Gallego*, "*Día das Letras Galegas*", 18 maio 2016, pp. 6-7.

Infórmase do acto levado a cabo no Día das Letras 2016 na localidade natal do autor homenaxeado, Manuel María. Dise que a Fundación que leva o nome do poeta, xunto coa Real Academia Galega, celebraron unha sesión académica que lembrou o compromiso do chairego con Galicia e coa súa lingua.

B. L., "O Brumario Poético homenaxeará a Carlos Oroza e a Sabino Torres", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Ciudad", 22 outubro 2016, p. 14.

Indica que Carlos Oroza, Sabino Torres e Manuel María serán os homenaxeados no XII Brumario Poético, dividido en dous bloques temáticos: "A poesía do mundo vai polo río" e "Guerra de Ares e Atenea e porfía de Alonso Quijano".

Bran, Vanesa, "Lucecús Teatro estrena el día 11 en Vilalba una obra en honor a Manuel María", *El Progreso*, "A Chaira", 4 marzo 2016, p. 14.

Dá conta da representación da peza *A verdadeira historia de Manuel de Paderna*, obra que está protagonizada por un personaxe que aparece nalgún dos libros de Manuel María. Recolle as palabras do edil de cultura e dos membros da compañía. Destaca que a intención da peza é a de achegar os textos do chairego ao público dun xeito diferente e divertido.

Botran, C., "Helena Salgueiro reivindica a Rosalía e a figura feminina", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 21 maio 2016, p. 39.

Indícase que en Padrón se celebrou a Festa das Letras arredor da figura de Manuel María con poesía, música e baile.

Botrán, Cristina, "Música y poesía para Manuel María desde el IES de Cacheiras", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 11 maio 2016, p. 32.

Preséntase a iniciativa cultural organizada dende o IES de Cacheiras (Teo): a celebración dun festival de música e poesía en galego. Coméntase que nesta ocasión as manifestacións artísticas que se amosaron estaban en conexión co homenaxeado no Día das Letras 2016.

_____, "Alumnos dos Dices editan un telexornal sobre Manuel María", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 12 maio 2016, p. 30.

Dáse conta dunha proposta didáctica levada a cabo dende o CPI dos Dices (Rois) co gallo do Días das Letras 2016: un telexornal ao redor da figura de Manuel María.

Boullosa, Lorena, "Ponte Caldelas estrea un programa cheo de actividades para a Festa das Dores", *Diario de Pontevedra*, "Poio. Comarca", 29 xullo 2016, p. 24.

Dáse conta das actividades organizadas polo concello no Mes Cultural. Entre elas, faise referencia á presentación do audio-libro *Os soños na Gaiola*.

B. Y., "Lluvia de letras para honrar a Manuel María", *Diario de Arousa*, "O Salnés", 14 maio 2016, p. 9.

Comenta a celebración do Día das Letras 2016 levada a cabo dende o Colexio Torre (Illa de Arousa). Indica que se realizou, en colaboración coa biblioteca, unha "choiva de poemas", a cal consistiu na elaboración de pingas de cartolina nas que o alumnado escribiu fragmentos de poemas do homenaxeado ou ben as súas palabras favoritas en galego.

_____, "Galeóns, danza e literatura a prol da cultura galega", *Diario de Arousa*, "O Salnés", "A Illa", 18 maio 2016, p. 11.

Ponse de relevo o acto cume de celebración das Letras Galegas 2016 na Illa de Arousa, que a Asociación Dorna levou a cabo no peirao do Xufre, como unha festa de promoción da cultura galega tradicional.

C. A., "Xermolos y la asociación De Bares abren el año de Manuel María con una 'muiñada' en Parga", *El Progreso*, "A Chaira", 7 xaneiro 2016, p. 16.

Fala dos actos organizados pola Asociación De Bares de Guitiriz e Xermolos para homenaxear a Manuel María. Entre eles, salienta unha muiñada, a actuación da Coral, unha demostración de moenda no muíño e os Cantos de Taberna.

_____, “Vilalba se vuelca con el Día das Letras Galegas en honor a Manuel María”, *El Progreso*, “A Chaira”, 11 marzo 2016, p. 17.

Informa dunha reunión para organizar as actividades nos centros escolares e asociativos que se levarán a cabo para celebrar o Día das Letras Galegas.

_____, “Castro de Rei será el epicentro del homenaje de la comarca chairega a Manuel María”, *El Progreso*, “Vivir Cultura”, 27 maio 2016, p. 72.

Sinala o municipio de Castro de Rei como o centro das celebracións programadas co gallo das Letras Galegas 2016 para homenaxear a figura do chairego Manuel María.

Cano, Rosa, “As empresas tamén apostan por gabar a Manuel María coa chegada do Día das Letras”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 12 maio 2016, p. 35.

Sublíñase a implicación de diversas empresas (Vegalsa-Eroski, Gadis e Once) na divulgación e achega da figura do homenaxeado polas Letras Galegas 2016, Manuel María, á poboación galega.

Casal, J., “Poio homenajeará a Manuel María con diferentes actividades”, *Diario de Pontevedra*, “Poio”, “Comarca”, 14 maio 2016, p. 16.

Anuncia a celebración, pola festividade das Letras, de exposicións, conferencias, contacontos, teatro etc. Comenta que é unha iniciativa que pretende integrar actividades culturais para todas as idades.

Castro, Víctor, “Un nuevo programa de conciliación en Oroso para las vacaciones del Día das Letras Galegas”, *El Ideal Gallego*, “Área metropolitana”, “Atalaya mariñana”, 5 maio 2016, p. 16.

Anuncia o programa de conciliación familiar con motivo do Día das Letras Galegas.

_____, “La biblioteca municipal ordense inaugura una exposición temática sobre Manuel María”, *Diario de Ferrol*, “Cambre”, “Atalaya mariñana”, 17 maio 2016, p. 16.

Faise referencia á mostra temática sobre Manuel María na Biblioteca Municipal de Ordes.

_____, “Ordes bajó el telóns de las actividades para conmemorar el Día das Letras Galegas”, *El Ideal Gallego*, “Área metropolitana”, “Atalaya mariñana”, 25 maio 2016, p. 16.

Menciona os actos celebrados en Ordes ao longo da Semana das Letras Galegas.

C. B., “Lectura pública en Brión sobre Manuel María”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 24 abril 2016, p. 26.

Anúnciase a lectura pública en Brión organizada pola Fundación Manuel María.

_____, “Lalín abre el Mes das Letras el domingo”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 28 abril 2016, p. 35.

Dá conta da presentación do programa para o Mes das Letras e destaca que comeza cunha función benéfica.

_____, “Rois converterase nun dos epicentros de exaltación da lingua e das Letras Galegas”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 12 maio 2016, p. 30.

Informa sobre a programación cultural deseñada dende o Concello de Rois para festexar o Días das Letras 2016. Destaca o Serán da Lingua, que reúne a máis de media ducia de agrupacións que loarán o idioma.

_____, “Padrón acoge hoy un concierto de corales dedicado a Manuel María”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 14 maio 2016, p. 29.

Anúnciase o concerto dedicado ao poeta chairego organizado pola Coral Polifónica Padroesa e no que participan corais de Betanzos e Pontecesures e a Banda Municipal de Padrón.

C. F., “A Biblioteca acollerá a actividade de dinamización ‘Todo me fala de ti”, *Diario de Pontevedra*, “Marín”, “O Morrazo”, 23 febreiro 2016, p. 18.

Dá conta da celebración da actividade de dinamización *Todo me fala de ti* que musica versos de Manuel María nas voces de Magín Blanco e Uxía, destacando a perspectiva contemporánea do espectáculo e a globalidade dos ritmos e estilos utilizados

_____, “Queremos Galego renderá tributo a Manuel María cun concerto de Mini e Mero”, *Diario de Pontevedra*, “O Morrazo”, “Marín”, 19 abril 2016, p. 15.

Fala da homenaxe que a asociación Queremos Galego Marín rende a Manuel María e na que participan Mini e Mero.

_____, “Contos, pintura, poesía e debate no programa das Letras Galegas en Bueu”, *Diario de Pontevedra*, “O Morrazo”, “Marín”, “Bueu”, 14 maio 2016, p. 4.

Dá conta do programa destinado ao festexo das Letras no Concello de Bueu. Entre as propostas, destacan a inauguración dunha exposición de pintura, un contacontos infantil e un debate sobre o galego, así como a celebración do V Festival Poético do Morrazo.

Cheda, Pilar, “A lembranza de Manuel María enche Santa Isabel de música”, *El Progreso*, “Comarcas”, 10 xullo 2016, p. 21.

Dáse conta da celebración do Convivio da Cultura Galega na carballeira de Santa Isabel en Outeiro de Rei para render tributo ao autor da Terra Chá. Achégase unha breve descrición da xornada e indícase que participaron moitas persoas vinculadas á música e á literatura galegas.

Colmenero, Xosé Lois, "Xinzo renderá homenaxe a Manuel María coa venda de libros, música e danza", *La Región*, "A Limia", 12 maio 2016, p. 25.

Infórmase sobre a programación deseñada dende o Concello de Xinzo de Limia para festexar as Letras Galegas, con descontos en libros en galego e homenaxes oficiais.

_____, "A memoria de Manuel María, presente na Casa da Cultura", *La Región*, "Monterrei", 9 xullo 2016, p. 21.

Dáse conta da inauguración en Verín da mostra "48 momentos con Manuel María" con obras de Martínez Coello e artistas invitados. Salienta a intención de lembrar momentos da vida do escritor nesta colección de corenta e oito debuxos de técnica mixta.

Cora, "Quedácheste no Medioovo! Iso xa non se fai nin na corte da Conchinchina!", *El Progreso*, "E Pelúdez dixo...", 7 outubro 2016, contracuberta.

Comenta diversos actos e, entre eles, fala da homenaxe a Manuel María de A Quenlla.

Cortés Riveiro, Nacho, "Unha lectura aberta sobre Manuel María centra os actos do Día do Libro en Bueu", *Diario de Pontevedra*, "O Morrazo", "Marín", 19 abril 2016, p. 16.

Fai referencia á lectura aberta dos poemas do autor homenaxeado como aposta pola divulgación da cultura e a literatura galega no concello de Bueu.

_____, "Unha homenaxe a Manuel María centra os actos de celebración do Día do Libro", *Diario de Pontevedra*, "O Morrazo", "Bueu/ Moaña", 24 abril 2016, p. 20.

Di que no Día do Libro haberá unha lectura aberta da obra de Manuel María para divulgar a súa poesía.

_____, "Marín celebra con poesía e música as Letras Galegas", *Diario de Pontevedra*, "O Morrazo", "Marín", 15 maio 2016, p. 21.

Entre outras actividades para conmemorar o Día das Letras, anuncia a celebración dun recital organizado pola Asociación Cultural Almuinha onde se leron poemas de Manuel María.

C. P. R., "El Iescha homenajeará a Manuel María y a las Irmandades da Fala", *El Progreso*, "A Chaira", 10 xaneiro 2016, p. 15.

Fai referencia aos actos programados pola directiva do Instituto de Estudios Chairegos, entre os que salienta un acto na memoria de Manuel María.

_____, "La Muiñada de Parga que organizan Xermolos y De Bares será el 16", *El Progreso*, "A Chaira", 11 xaneiro 2016, p. 16.

Entre outras actividades, informa da celebración dun recital poético musical para inaugurar oficialmente o Ano Manuel María.

_____, "Guitiriz honra a Manuel María cunha muiñada", *El Progreso*, "A Chaira", 22 abril 2016, p. 19.

Infórmase sobre a iniciativa levada a cabo para festexar o Día do Libro dende o Concello de Guitiriz con lecturas dos seus poemas, exposición das súas obras etc.

_____, "Premiadas en Carral la Fundación y la Irmandade Manuel María", *El Progreso*, "A Chaira", 24 abril 2016, p. 24.

Destaca que dous premios Mártires da Liberdade recaeron na Fundación Manuel María de Outeiro de Rei e Irmandade Manuel María da Terra Chá. Di que Alberte Ansede e Alfonso Blanco, secretario e presidente, recibiron o galardón e dedicaron palabras de lembranza e agradecemento ao autor. Finalmente, dá conta da representación de *Abril de lume e ferro* a cargo dos veciños da localidade.

_____, "Xermolos celebra a Festa da Fala lembrando a Manuel María", *El Progreso*, "Vivir", 23 maio 2016, p. 55.

Sublíñase o desenvolvemento da III Festa da Fala organizada da man de Xermolos, onde a figura do homenaxeado polas Letras 2016, Manuel María, cobrou especial importancia

_____, "Manuel María, de festa ao pé do río Azúmara con máis de 20 amigos", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", "Día das Letras", 29 maio 2016, p. 60.

Comenta a celebración na área da Azúmara (Castro de Rei) dunha xornada con diversas actividades culturais na honra do homenaxeado polas Letras Galegas 2016, Manuel María. Anuncia a sucesión de distintas demostracións de artesáns e de oficios ademais dunha comida amenizada con música.

_____, "El Iescha celebra el Día da Cultura Chairega con un concierto y un recital poético", *El Progreso*, "A Chaira", 4 setembro 2016, p. 11.

Informa da organización dun concerto e un recital poético en Vilalba, por parte do Iescha, para conmemorar o aniversario do pasamento de Manuel María.

C. U., "O poeta volveu ó feirón", *El Progreso*, "Lugo", "San Froilán 2016", 7 outubro 2016, p. 7.

Indícase que o grupo A Quenlla lle rendeu homenaxe a Manuel María coa interpretación de textos seus, cancións populares e a estrea dunha muiñeira. Coméntase que, entre canción e canción, os músicos lembraron a obra e vida do poeta con algúns discursos.

D. A., "Manuel López Foxo dará una conferencia sobre el poeta Manuel María", *Diario de Arousa*, "Cambados", 6 abril 2016, p. 11.

Anuncia a conferencia que Manuel López Foxo ofrece sobre o autor e que leva como título "Manuel María, Poeta da Terra".

ECG, "Arranca el año Manuel María en el teatro Principal", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 23 febreiro 2016, p. 24.

Sinala que Uxía Senlle presentou no Teatro Principal de Santiago o traballo musical titulado *Uxía canta a Manuel María*, que será editado pola Fundación Casa Manuel María. Ademais o CD inclúe unha escolma de cincuenta e dous poemas, un por cada semana do ano.

_____, "Homenaxe a Manuel María con Mini e mero no OES María Soliño de Cangas", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 17 abril 2016, p. 40.

Dá conta da homenaxe a Manuel María celebrada no IES María Soliño de Cangas. Salienta a participación de Mini e Mero e do violinista ucraíno Sasha que cantou poemas de Manuel María e Bernardino Graña.

_____, "Programación especial na TVG para realzar a figura de Manuel María con propostas como a estrea de 'A Esmorga", *El Correo Gallego*, "Medios", 14 maio 2016, p. 53.

Infórmase sobre a programación especial proposta pola TVG co gallo das Letras Galegas 2016 para achegar ao público a obra do autor homenaxeado, así como o seu compromiso cultural e político.

_____, "El sábado libro' celebra el Día das Letras Galegas en Radio Obradoiro", *El Correo Gallego*, "Medios", 14 maio 2016, p. 53.

Comenta que o programa radiofónico 'El sábado libro' de Radio Obradoiro ofrece un programa especial sobre as Letras Galegas 2016 e que o espazo conta con invitados especiais como Miguel Anxo Prado ou María Inés Cuadrado.

_____, "Muestra sobre Manuel María en la biblioteca Ánxel Casal", *El Correo Gallego*, "Santiago", 15 xuño 2016, p. 28.

Dáse conta da inauguración na Biblioteca Pública Ánxel Casal da exposición itinerante realizada pola Consellería de Cultura en colaboración coa Fundación Manuel María.

_____, "Gravación inédita no peche do Ano Manuel María", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 17 decembro 2016, p. 40.

Fálase da publicación dunha gravación até o momento inédita, dixitalizada pola Fundación Barrié e dispoñíbel no Portal das Palabras, que se acompaña da intervención de Darío Xohán Cabana. Indícase que o documento sonoro foi rexistrado por Alfonso Rodríguez López e Alfonso Cumbraos e realizado en Monforte de Lemos arredor da década de 70. Engádese que a cinta dura media hora e que se escoita o poeta chairego recitando unha "autoescolma" dos seus propios poemas.

_____, "Marionetas para toda la familia en la sala de la SGAE", *El Correo Gallego*, "Santiago", 23 decembro 2016, p. 29.

Comenta que a Fundación SGAE recibe o Nadal con unha ampla programación dirixida para toda a familia, entre as obras destacadas están, *O Apalpador contra o ladrón de xoguetes* que ven da man de Títeres Cachirulo, *Os soños na gaiola* de Títeres Alakrán, entre outras moitas.

Eiré, Lara, "Mayo se pone más cultural que nunca: letras, danza y música", *El Correo Gallego*, "Santiago", 3 maio 2016, p. 24.

Dáse conta das actividades organizadas durante o mes de maio en Santiago de Compostela: Feira do Libro, Ascensión, Día das Letras e centenario das Irmandades da Fala. Coméntase que haberá un "roteiro homenaxe" a Manuel María e unha mostra na Alameda para recordar as Irmandades.

E. P., "Outeiro de Rei acollerá o día 17 os actos centrais do Día das Letras", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 8 maio 2016, p. 38.

Informa sobre as distintas actividades que se levarán a cabo durante o mes das Letras Galegas 2016. Destaca a exposición itinerante "Beleza, amor e compromiso" que nos achega a figura do autor homenaxeado: Manuel María.

F. D., "Contacontos, poesía e música", *La Región*, "*Letras Galegas 2016*", "Allariz", "Programa", 17 maio 2016, p. 18.

Dáse conta da programación cultural deseñada dende o Concello de Allariz co gallo das Letras Galegas 2016: unha sesión contacontos, un roteiro, música e danza, entre outras moitas.

_____, "Saleta Goi. 'Non hai contradición entre a súa vida", *La Región*, "*Letras Galegas 2016*", 17 maio 2016, p. 7.

A viúva do autor homenaxeado polas Letras 2016, Manuel María, subliña a importancia da obra do chairego, así como o compromiso con Galicia e coa lingua propia que tiña como fío condutor.

_____, "Representacións teatrais infantís", *La Región*, "*Letras Galegas 2016*", "Barbadás", "Programa", 17 maio 2016, p. 19.

Coméntanse as actividades realizadas en Barbadás para festexar o Día das Letras Galegas: obradoiros, actuacións musicais, actividades sobre Manuel María e representacións teatrais.

_____, "Teatro, cancións e diversión infantil", *La Región*, "*Letras Galegas 2016*", "O Barco de Valdeorras", "Programa", 17 maio 2016, p. 23.

Fala das actividades realizadas no Barco de Valdeorras para festexar o Día das Letras Galegas: un festival de música e poesía, representacións teatrais, un concurso de videopoemas e exposicións.

_____, "Grabacións, documentos e material inédito", *La Región*, "*Letras Galegas 2016*", "Ourense", "Programa de actividades", 17 maio 2016, p. 16.

Anuncia a recuperación e dixitalización de material inédito pertencente a Manuel María. Indica que dende a Fundación Barrié se recuperou unha gravación que o autor creara en 1976 para o teatro de monicreques.

_____, "Versos, video-creación e música en directo", *La Región*, "*Letras Galegas 2016*", "Exposición", "Mostra itinerante que chegará a Vigo", 17 maio 2016, p. 12.

Infórmase da proposta deseñada dende a Cidade da Cultura para homenaxear o autor das Letras Galegas 2016, Manuel María, un "espectáculo multimedia que inclúe versos, vídeo-creación e música en directo".

_____, "Reseña biográfica e baile rexional", *La Región*, "*Letras Galegas 2016*", "Xinzo de Limia", "Programa", 17 maio 2016, p. 22.

Dá conta das actividades levadas a cabo en Xinzo de Limia con motivo da celebración do Día das Letras: venda de libros en galego, recordatorio da biografía de Manuel María e audición de temas musicais realizados sobre poemas do autor.

_____, "Defensa e promoción da lingua", *La Región*, "*Letras Galegas 2016*", "Semana escolar das letras galegas", 17 maio 2016, p. 15.

Infórmase da inauguración da Semana Escolar das Letras Galegas na cidade das Burgas e dise que, dende a Deputación da cidade, se promove a difusión da cultura e das letras dotando os centros de distintos materiais didácticos para traballar cos nenos e nenas.

_____, "Teatro infantil, poemas e conferencia cultural", *La Región*, "*Letras Galegas 2016*", "Ourense", "Programa de actividades", 17 maio 2016, p. 16.

Presenta o amplo programa de actividades con motivo da celebración do Día das Letras 2016: apertura de librarías, presentación de obras de teatro baseadas en obras de Manuel María, lectura de poemas e outras actividades.

Fernández, Carlos e Nacho **Cortés**, "Contacontos, música e premios para celebrar o Día das Letras Galegas", *Diario de Pontevedra*, "Marín", "O Morrazo", 13 maio 2016, p. 18.

Infórmase da variedade de actividades a realizar co gallo das Letras Galegas 2016: concertos, sesións de contacontos e convocatoria do XIV Concurso de Narración curta, entre outras.

Fernández, Eladio, "El San Froilán 2016 arranca mañana para superar los 600.000 festeiros", *El Correo Gallego*, "Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio", 3 outubro 2016, p. 21.

Entre as actividades programadas para o San Froilán deste ano, faise referencia á celebración dun concerto dedicado a Manuel María a cargo de A Quenlla.

F. F., "Organizan una lectura pública de textos de Manuel María", *Diario de Arousa*, "Vilagarcía", 23 abril 2016, p. 4.

Faise eco da lectura pública organizada pola Fundación Manuel María en Vilagarcía coincidindo co Día do Libro baixo o lema "Manuel María, na túa voz".

_____, "Una Festa do Libro y jornadas gastronómicas con 'petiscos' de poemas por el 17 de mayo", *Diario de Arousa*, "Vilagarcía", 3 maio 2016, p. 3.

Dáse conta da programación para o festexo das Letras Galegas 2016 en Vilagarcía de Arousa. Destácanse as actividades que se levarán a cabo ente o 9 e 27 de maio: Festa do Libro Galego e lectura pública de textos do homenaxeado Manuel María, así como exposicións e diversas conferencias culturais.

_____, "La Festa do Libro Galego y un Maratón Poético centran hoy los actos culturales", *Diario de Arousa*, "Vilagarcía", 21 maio 2016, p. 9.

Infórmase sobre o desenvolvemento de actividades relacionadas co mes das Letras Galegas 2016 en Vilagarcía de Arousa. Ademais, dise que na semana na que se celebra a festividade haberá un recital poético que lembrará o homenaxeado e unha Festa do Libro Galego.

Fontao, Ángela, "Os premios da literatura galega en fotogramas", *La Opinión*, "A Coruña", "Ciudad y Cultura", 5 maio 2016, p. 12.

Fálase da celebración da gala do sexto certame Curtas para Rosalía que este ano centrará a súa atención na celebración do centenario das Irmandades da Fala, así como na figura homenaxeada nas Letras Galegas 2016: Manuel María.

Fraga, Xesús, "A Terra Chá, espello das nosas soidades", *La Voz de Galicia*, "*Letras galegas*", 13 maio 2016, pp. 2-3.

Dáse conta da presenza da paisaxe natural galega da Terra Chá na obra do homenaxeado polas Letras Galegas 2016. Recolle algúns versos de Manuel María nos que fala da comarca que o viu nacer.

García, Javier, "FalaRedes arranca cun tributo a Manuel María en Ourense", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 19 febreiro 2016, p. 38.

Dá conta do programa do FalaRedes 2016 que comeza co concerto *Todo me fala de ti*, no cal Uxía e Magín Branco interpretan poemas de Manuel María para o público infantil. Ademais, tamén se fala brevemente das restantes 15 actuacións que xirarán por todo o territorio galego co obxectivo de fomentar o uso da lingua galega.

García, M., "Muchas letras e improvisación escénica", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Agenda", "Para todos los públicos", 3 maio 2016, p. L10.

Coméntase, entre outros eventos culturais, a acollida en Santiago de actos en homenaxe a Manuel María, como unha ruta que segue a súa pegada pola cidade.

_____, "Manuel María en todas as versións", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Agenda", "Para todos los públicos", 13 maio 2016, p. L11.

Dá conta da exposición sobre o autor homenaxeado inaugurada no IES Rosalía de Castro que contou coa colaboración da Casa Museo Manuel María.

_____, "Lembranza e reivindicación polo 17-M", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Agenda", "Para todos los públicos", 17 maio 2016, p. L10.

Infórmase das distintas actividades a levar a cabo durante o Día das Letras en Santiago de Compostela: manifestación a prol do galego convocada por 'Queremos galego', recitais poéticos, roteiros, música e un espectáculo multimedia na Cidade da Cutura.

García, M. / J. **Gómez**, "Santiago ponlle voz a Manuel María", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Santiago", 18 maio 2016, p. L5.

Dáse conta da celebración polo Día das Letras 2016 na cidade compostelá e diso que, co gallo desta festividade se lembrou a figura do homenaxeado Manuel María, fusionando lecer e reivindicación.

García, Montse, "Uxía ponlle voz aos poemas de Manuel María no Principal", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Agenda", "Para todos los públicos", 16 febreiro 2016, p. L11.

Salienta que Uxía Senlle cantará a Manuel María no Teatro Principal de Santiago e presentará algúns dos temas que formarán parte do CD *Uxía canta a Manuel María*.

Ademais o CD inclúe unha escolma de cincuenta e dous poemas, un por cada semana do ano.

García-Bodaño, Salvador, "A Galicia das letras e as empresas", *El Correo Gallego*, "Opinión", 22 maio 2016, p. 3.

Anuncia a conmemoración das Letras Galegas e da súa orixe e dá conta de todos os actos que tiveron lugar tanto ao redor da figura de Manuel María como da defensa da lingua galega.

García Márquez, Marta, "O IES de Elviña leva a misiva de que 'O galego está entre nós' polo barrio e máis alá", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", 11 abril 2016, p. 31.

Infórmase das actividades levadas a cabo polo IES de Elviña: a participación no concurso de Correlingua, no que gañaron o primeiro premio coa montaxe "O galego está en nós" onde mesturaron os versos de Manuel María con elementos da vida cotiá, e o goce dunhas xornadas de sendeirismo e poesía nas fragas do Eume.

_____, "Unha primavera de letras para todos", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", 12 abril 2016, p. 36.

Dáse conta da presentación do proxecto didáctico da Real Academia Galega "A primavera das letras", unha proposta que xorde como intento de achegar a figura de Manuel María á poboación de todas as idades.

García, Roberto, "Ourense acolleu a estrea da actividade 'Todo me fala de ti", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 21 febreiro 2016, p. 39.

Dá conta da estrea do espectáculo *Todo me fala de ti* que inaugura a nova edición do programa de dinamización lingüística FalaRedes. Tamén destaca que a obra interpreta musicalmente os textos de Manuel María, de xeito que se converte nunha homenaxe ao propio escritor sobre o que este ano xira o Día das Letras Galegas.

Gil, Manuel, "O Museo do Mar de Noia rende a súa homenaxe ás Letras", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 24 maio 2016, p. 37.

Infórmase sobre o acto de homenaxe que se levou a cabo dende o Museo do Mar de Noia co gallo das Letras Galegas 2016, con distintas actividades como a lectura de poesías e diversas actuacións para render homenaxe ao poeta homenaxeado, Manuel María.

Gómez, Cuca M., "La ciudad se llena de homenajes", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Gente a diario", "De café con Cuca", 14 maio 2016, p. 66.

Coméntanse varios dos eventos celebrados en Pontevedra relacionados co Día das Letras Galegas: un acto organizado polo IES Torrente Ballester, o obradoiro "Gran Xogo sobre as Letras Galegas" a cargo de Eduvia na Biblioteca Pública e un recital xestionado pola Asociación de Amas de Casa e Consumidores "Rías Baixas", no que desfilaron traxes creados pola Asociación do Traxe Galego de Pontevedra.

_____, "Comienzan los días de compras", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Gente a diario", "De café con Cuca", 24 novembro 2016, pp. 78-79.

Dá conta da clausura do Brumario Poético co recital musical "O encontro de tres poetas en Pontevedra: Manuel Cuña Novás, Sabino Torres e Manuel María".

_____, "A disfrutar de la auténtica cocina", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Gente a diario", "De café con Cuca", 26 novembro 2016, pp. 70-71.

Anuncia a celebración dun simposio dedicado a Manuel María e destaca a presenza de Fina Casalderrey, Saleta Goy, Margarita Ledo, Carlos Quiroga, Antón Lopo, Pilar García Negro e Xosé Lois García.

Iglesias, A., "Actividades en torno a las Letras Galegas en El Corte Inglés", *El Correo Gallego*, "Santiago", 14 maio 2016, p. 23.

Infórmase sobre a axenda creada por parte de El Corte Inglés para festexar as Letras Galegas. Coméntase que as actividades culturais darán comezo cun contacontos e cun concerto centrados no autor homenaxeado, Manuel María.

Jaureguizar, "Dieguez: 'O Manuel María viaxeiro é pouco coñecido", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 18 marzo 2016, p. 60.

Faise eco da presentación do DVD "Peregrinaxes: viaxando con Manuel María" da man do escritor Lois Diéguez. Dentro desta creación faise un percorrido polos lugares máis queridos por Manuel María no municipio de Outeiro de Rei.

_____, "Camilo Gómez Torres. 'Manuel María non é espectador", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 1 abril 2016, p. 63.

Ponse de relevo o compromiso por Galicia que manifesta a obra de Manuel María. Destácase que o autor homenaxeado nas Letras 2016 foi "alguén que interiorizou Galiza".

_____, "Manuel Lourenzo. 'Quixen nadar ata Portugal para actuar", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", "Día das Letras", 14 maio 2016, p. 68.

Anuncia que Manuel Lourenzo participou nun debate de política e teatro en Lugo no que se puxo de manifesto o carácter reivindicativo da literatura durante os anos setenta. Neste contexto destaca a constante da obra dramática de Manuel María como "a liberdade fronte á opresión".

_____, “Saleta. ‘Manuel María era unha persoa normal cunha facultade”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, p. 60/ *El Progreso*, “Vivir”, 16 maio 2016, p. 28.

A compañeira de vida do homenaxeado, Manuel María, destaca a capacidade do autor para ver Galicia “en todas partes” e viaxar polo mundo “de fóra e de dentro”.

_____, “A RAG destaca que Manuel María foi o poeta ‘con máis relevancia pública”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, pp. 42-43/ *El Progreso*, “Vivir”, “Día das Letras Galegas”, 18 maio 2016, pp. 44-45.

Indica que a Real Academia Galega puxo de relevo no Día das Letras 2016 a figura do homenaxeado, Manuel María, como un autor que foi quen de “escoller un mundo que se chama Galiza como materia literaria e como actitude ética”

J. C., “Juegos y música en el ‘Serán das Letras Galegas’ de Manzaneda”, *La Región*, “Trives”, 5 maio 2016, p. 22.

Informa sobre a lectura de poemas de Manuel María coa serra de Manzaneda como tema común, entre outras actividades propostas para a conmemoración desta data.

_____, “Los comercios de O Barco se suman al Día das Letras Galegas”, *La Región*, “Valdeorras”, 12 maio 2016, p. 22.

Di que dende o Centro Comercial Aberto no Barco de Valdeorras se propón a difusión da obra do homenaxeado nas Letras 2016, Manuel María. Tamén indica que nos centros educativos elaborarán cadros para expor nos comercios colaboradores.

_____, “El espectáculo ‘Canta o Cuco’ abre hoy la fiesta de Santa Rita”, *La Región*, “Valdeorras”, 20 maio 2016, p. 20.

Anuncia a representación do espectáculo músico teatral *Canta o Cuco* con Uxía e Magín Blanco no marco das festas de Santa Rita no Barco.

Jiménez, Irene, “Máis de 200 actividades no San Froilán 2016 para entreter a todos os públicos”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 24 setembro 2016, p. 44.

Entre as actividades programadas para o San Froilán, destaca a celebración do día de Manuel María o 6 de outubro, coincidindo co seu nacemento, por medio dun concerto da Quenlla onde se musican poemas do autor.

J. M., “Muestra literaria en la biblioteca Francisco Mayán”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 16 abril 2016, p. 36.

Dá conta da campaña “Manuel María na túa voz” que consiste en regalarlle poemas do chairego a todos os visitantes da biblioteca de Cee.

_____, “Cine y música para despedir el Verán Cultura de Fisterra”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 15 setembro 2016, p. 38.

Salienta o concerto *Canta o cuco* entre algúns dos actos programados para a fin do Verán Cultural fisterrá.

J. M. R., “Cee e Camariñas animan a festa das letras galegas con concursos e música”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 6 maio 2016, p. 30.

Dá conta das actividades programadas nestes concellos para a celebración das Letras. En Cee salienta unha exposición bibliográfica sobre Manuel María, unha entrega de premios e a representación dos espectáculos *Barriga Verde e o muíño da néboa*, *Catalina Lino Lina* e *Entre libros anda a maxia*. En Camariñas salienta a convocatoria dun concurso de Literatura Infantil e Xuvenil e en Carballo o maratón cultural *As Letras en Voces* e a creación do lema “G en ti” por parte da Concellería de Normalización.

Lago, Alba, “Un amplo programa de actos lembrará o poeta Manuel María”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 8 maio 2016, p. 38.

Comenta que a Real Academia Galega e a Xunta de Galicia promoven distintas actividades para achegar á cidadanía a figura e obra de Manuel María, homenaxeado nas Letras 2016.

_____, “Videopoemas, obradoiros, redes e un ‘photocall’ arredor de Manuel María”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 10 maio 2016, p. 33.

Comenta que a Deputación da Coruña deseña unha programación especial arredor da figura do autor chairego homenaxeado polas Letras 2016 que procura a divulgación da súa obra e da súa figura.

_____, “Saleta Goi. ‘Os rapaces do instituto dicían: imos á libraría dos galegos”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 15 maio 2016, p. 37.

Sinala que a viúva do homenaxeado co gallo das Letras 2016, Manuel María, pon de manifesto a importancia da defensa da lingua galega, a cal considera descoidada dende os distintos gobernos. Destaca a figura do escritor chairego.

_____, “Recitais poéticos, accións colectivas e música para festexar as Letras”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 16 maio 2016, p. 27.

Dentro das actividades programadas polo Día das Letras 2016 na honra de Manuel María, destaca unha sesión extraordinaria en Outeiro de Rei, o “Concerto das Letras” no Teatro Rosalía e un espectáculo multimedia no Gaiás.

_____, “Poemas a Compostela’, o tributo a Santiago de MM”, *El Correo Gallego*, “Especial”, 17 maio 2016, pp. 20-21.

Comenta que durante a celebración das Letras se prima a difusión da obra do poeta homenaxeado, Manuel María. Así pois, destaca o libro *Poemas a Compostela* (1993), como "espazo de aprendizaxe e amizades" para o autor.

_____, "A Casa Grande de Hortas, o lar eterno do poeta", *El Correo Gallego*, "Especial", 17 maio 2016, p. 16.

Anúnciase que, co gallo das Letras Galegas 2016, a casa natal de Manuel María cobra unha especial relevancia, xa que este lugar de vida e inspiración para o autor continúa como unha prolongación da súa obra e persoa sendo na actualidade a Casa-Museo Manuel María.

_____, "Galicia olla cara a Outeiro de Rei no día de homenaxe a Manuel María", *El Correo Gallego*, "Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio", 17 maio 2016, p. 33.

Comenta que no Día das Letras 2016, a Real Academia Galega centrou os seus actos conmemorativos na honra do autor chairego, Manuel María, na súa localidade natal de Outeiro de Rei.

_____, "A Fegamp suma apoios para a difusión da obra de Manuel María", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 19 maio 2016, p. 35.

Dende a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) en colaboración coa Casa-Museo Manuel María, propóñense diversas actividades para a difusión da obra e figura do poeta homenaxeado nas Letras 2016.

L. A. R., "La RAG y el Concello de Monforte rinden homenaje al poeta Manuel María", *El Progreso*, "Ribeira Sacra", 2 outubro 2016, p. 21.

Dáse conta da cerimonia en homenaxe ao autor organizada pola Real Academia Galega (RAG) e o Concello de Monforte. Indícase que compareceron ilustres literatos que o coñeceron en persoa e que o presidente da RAG, Alonso Montero, destacou a capacidade comunicativa do poeta. Engádese que tamén interveu no acto Margarita Ledo, de quen se comenta que realizou un retrato persoal do homenaxeado. Féchase dando conta doutras intervencións, tales como a de Antón Lopo e Lois Diéguez.

L. F., "Los juegos populares toman O Regueiro con motivo de la celebración de las Letras Galegas", *Diario de Arousa*, "O Salnés", 16 maio 2016, p. 21.

Dá conta, no marco da programación das Letras Galegas, dunha reunión para todas as idades ao redor de distintos xogos populares galegos. Dentro das distintas propostas para a celebración destaca os poemas musicados do autor homenaxeado, Manuel María.

_____, "O Grove festexa as Letras Galegas con recitais, música e contacontos", *Diario de Arousa*, "O Grove", 18 maio 2016, p. 15.

Fala da celebración, no Concello do Grove, de distintas actividades en relación coas Letras Galegas 2016 como recitais poéticos, contacontos e a proxección dun filme galego: *O Apóstolo*.

López, Belén, "Manuel María regresa a Pontevedra", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Ciudad", "Día das Letras Galegas 2016", 15 maio 2016, p. 10.

Comenta que, co gallo das Letras 2016, a cidade de Pontevedra fai a súa particular homenaxe ao autor escollido este ano, Manuel María. Anuncia a creación dunha alfombra floral e un acto popular, actividades levadas a cabo na honra do autor chairego, quen publicou o seu primeiro poemario na colección pontevedresa "Benito Soto".

_____, "O idioma é o amor, o latexo, a verdade", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Ciudad", 3 setembro 2016, p. 13.

Dáse conta da exposición itinerante "Manuel María. Beleza, amor e compromiso", na biblioteca Antonio Odriozola de Pontevedra. Indícase que se trata dunha mostra de carácter divulgativo que resume a traxectoria vital e literaria do autor homenaxeado a través dunha ducia de paneis. Engádese que entre os contidos se atopan fotografías, documentos de censura, multas do goberno civil, ilustracións, capas de libros etc.

López, Chechu, "Manuel María lo habría soñado de esta manera", *Diario de Arousa*, "O Barbanza", "Rianxo", 18 maio 2016, p. 17.

No mes das Letras 2016, coméntase que Rianxo rende homenaxe ao poeta Manuel María a través dun concerto da Banda da Escola de Música e do alumnado do Colexio de Asados, no Campo de Arriba.

_____, "Rosalía y Castelao entre los gigantes", *Diario de Arousa*, "O Barbanza", "Riveira", 18 maio 2016, p. 16.

Presenta algunhas das actividades enmarcadas no programa para o Día das Letras Galegas 2016 en Ribeira. Destaca a presenza nas rúas de dous xigantes que evocan as significativas figuras de Rosalía de Castro e Castelao.

López, Ruth, "Lugo xa quenta motores para a gran xeira de Manuel María", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", "Día das Letras", 5 maio 2016, p. 50.

Indica que a capital luguesa festexa por todo o alto o Días das Letras Galegas 2016 na honra do homenaxeado, o poeta da Terra Chá, Manuel María. Dise que se vai levar a cabo a proxección dun documental sobre o autor no Museo Interactivo de Lugo e un roteiro xeoliterario.

_____, "Todas as caras de Manuel María", *Diario de Pontevedra*, "Vivir Aquí", "Sociedad", 11 maio 2016, p. 53.

Preséntase por parte do Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia unha web que destaca a faceta máis xornalística do autor homenaxeado polas Letras 2016, Manuel María. Coméntase que a web creada escolma os artigos do poeta chairego.

_____, "Todas as caras de Manuel María", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", "Día das Letras", 11 maio 2016, p. 59.

Fala de que a web creada recolle os artigos de Manuel María e que, deste xeito, renace da man do Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia a faceta máis xornalística do autor homenaxeado nas Letras 2016.

_____, "Homenaxes a millóns para Manuel María", *El Progreso*, "Sociedad", "Vivir", "Cultura", 12 maio 2016, p. 50.

Destácanse algunhas das propostas realizadas para homenaxear a Manuel María: a edición de 20.000 libros de *Heiche de cantar un conto* e o sorteo especial da Once no Días das Letras con boletos coa imaxe do poeta chairego.

_____, "Os máis pequenos de Lugo sumáronse onte ás homenaxes a Manuel María", *El Progreso*, "Vivir", 15 maio 2016, p. 68.

Fálase das celebracións das Letras 2016, que homenaxean a Manuel María, na provincia que o viu nacer. Dise que se realizou un taller infantil de ilustración de textos da obra do poeta, no Museo Interactivo da Historia de Lugo.

_____, "Un baile de letras", *El Progreso*, "Vivir", "Día das Letras Galegas", 18 maio 2016, pp. 48-49.

Dá conta da celebración do Día das Letras Galegas 2016 na honra do poeta chairego, Manuel María, na capital da provincia que o viu nacer. Indica que durante o día do festexo houbo bailes, recitais de poesía e concertos polas distintas prazas de Lugo.

_____, "Vinte expertos debaterán a obra de Manuel María nun foro na Coruña do 22 ao 24", *Diario de Pontevedra,* "Vivir aquí", "Sociedad", p. 69/ *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 8 novembro 2016, p. 56.

Indícase que o simposio é organizado pola Real Academia Galega, na súa sede da Coruña, e que contará con máis dunha vintena de expertos e expertas de distintos aspectos da obra do protagonista homenaxeado. Coméntase que as xornadas son abertas ao público e que incluirán relatorios e debates, así como a proxección final do documental dirixido pola académica Margarita Ledo, *Eu son fala e terra desta miña terra*. A seguir, achégase a programación que decorrerá durante os tres días do simposio.

L. R., "Cultura llena abril y mayo con siete sesiones de cuentacuentos", *Diario de Arousa*, "O Grove", 24 marzo 2016, p. 14.

Entre outras novas, informa da celebración dunha actividade denominada "O poeta do Miño: unha homenaxe a Manuel María", dentro da iniciativa Ler Conta Moito.

Luaña, Susana, “Una cita que anima a la lectura”, *La Voz de Galicia*, “*Especial Ascensión*”, “Cultura”, 5 maio 2016, p. 10.

Fala da Feira do Libro en Compostela, que coincide coa celebración das Letras Galegas. Salienta o leitmotiv da edición inspirado nos versos de Manuel María.

M. A., “Os seus versos chegan aos fogares a través de dúas pezas na TVG” *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 11 maio 2016, p. 39.

Dá conta da emisión de pezas audiovisuais na TVG con motivo da celebración do mes das Letras Galegas nunha iniciativa promovida pola Consellería de Cultura. Indica que “A pita choca” e “Biografía dunha folla” son os dous poemas presentes na programación.

Malvido, Gemma, “Redes sociais para Manuel María”, *La Opinión*, “A Coruña”, “Ciudad y cultura”, 10 maio 2016, p. 13.

Comenta que a Deputación da Coruña promove distintas actividades para conmemorar a figura do autor homenaxeado polas Letras 2016, Manuel María. Destaca un *photocall* con fragmentos de versos do poeta no Fórum Metropolitano, no Teatro Colón e no Centro Ágora e un obradoiro infantil baseado no poemario *As rúas do vento ceibe* (1979).

_____, “Manuel María, A Coruña no corazón”, *La Opinión*, 17 maio 2016, contracuberta.

Destácase no Día das Letras Galegas a vida e obra do autor homenaxeado, Manuel María. Coméntase que o poeta chairego pasou os últimos anos da súa vida na Coruña, cidade que sempre levou no seu corazón.

_____, “Un balcón para as verbas ceibes”, *La Opinión*, “A Coruña”, 18 maio 2016, p. 4.

Comenta que a cidade da Coruña festexou o Día das Letras Galegas 2016, entre outras actividades, cunha lectura pública, dende o balcón de María Pita, de textos do autor homenaxeado: Manuel María.

_____, “Un outono máis para Manuel María”, *La Opinión*, “A Coruña”, 21 setembro 2016, p. 9.

Dáse conta da homenaxe na que se pon música a letras de Manuel María con dous estilos diferentes: un Grupo de Cámara e Os Diplomáticos de Monte Alto. Indícase que se reviven pezas como *Rosas* ou *Saleta*, do libro *A luz resucitada* (1984). Engádese que ademais se contará coa proxección dun vídeo cun percorrido pola casa museo da man e da voz de Manuel María. Para fechar, coméntase que a Gala se celebra sempre no outono por ser a estación preferido polo autor chairego.

Manteiga, Marcos, "Os cativos de Ames enchen as vías públicas coa obra de Manuel María", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 11 maio 2016, p. 31.

Indícase que, con motivo da celebración das Letras Galegas 2016, o alumnado dos centros de infantil e primaria de Ames honraron o autor homenaxeado coa iniciativa "Sementando poemas" coa cal distribuíron poemas do autor chairego.

Martínez, Alberto, "Homenaxe a Manuel María en Lúas de Outono este martes", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 17 setembro 2016, p. 35.

Indícase que será no teatro Rosalía de Castro da Coruña e que contarán coa actuación musical cun Grupo de Cámara, interpretado pola soprano Esperanza Filgueira, o pianista Miguel Vizoso e a clarinetistas Mariña Abuín; e Os Diplomáticos de Monte Alto.

_____, "Péchase o ano Manuel María, un punto e seguido na súa obra", *El Correo Gallego*, "Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio", 10 decembro 2016, p. 34.

Dáse conta do evento homenaxe ao autor chairego, no Teatro Colón. Coméntase que no concerto contarán coa participación de Uxía, Xabier Díaz e Guillerme Fernández e indícase que se trata de musicar os versos do poeta interpretando vinte pezas, a modo de repaso pola súa poética, temas que serán tocados de forma solista e tamén de xeito conxunto, segundo se indica.

Mato, Mar, "Manuel María y Vaamonde regresan", *Faro de Vigo*, "Tv/Espectáculos", 14 febreiro 2016, p. 73.

Comenta que Senén Vaamonde, irmán de Suso Vaamonde, reeditou en 2015 a obra *Os soños na gaiola* de Manuel María. Sinala que o irmán de quen musicara a obra do autor creou unha nova versión de libro-cd.

M. G., "Renden homenaxe ao poeta da Terra Chá Manuel María", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 29 abril 2016, p. 36.

Informa da celebración dun acto dedicado a Manuel María con xigantes e cabezudos.

_____, "Recital poético da Tertulia Literaria Tapal de Noia", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 5 maio 2016, p. 31.

Informa da boa acollida dun recital poético dramatizado sobre Manuel María dirixido por Ana Blanco.

M. G. M., "A Coruña como punto clave na vida e obra de Manuel María", *Diario de Arousa*/ *Diario de Ferrol*, "Sociedad", 17 maio 2016, p. 37.

Comenta que a cidade da Coruña, moi querida por Manuel María, levará a cabo unha lectura pública dos seus textos, un espectáculo musical con Pablo Díaz e un concerto folk de Milladoiro.

_____, "A última parada do tributo foi no Rosalía con Milladoiro", *Diario de Arousa*, "Sociedad", 18 maio 2016, p. 36/ *El Ideal Gallego*, "Sociedad", 18 maio 2016, p. 36/ *Diario de Ferrol*, "Sociedad", 18 maio 2016, p. 37.

Indica que na Coruña puxeron o punto final ás celebracións do Días das Letras Galegas 2016 na honra de Manuel María, coa celebración dun concerto de Milladoiro.

_____, "Os coruñeses homenaxean en rede a Manuel María no seu día", *Diario de Arousa*, "Sociedad", 18 maio 2016, p. 36/ "Ducias de coruñeses homenaxean en rede a Manuel María no seu día", *Diario de Ferrol*, "Sociedad", 18 maio 2016, p. 37/ "Os coruñeses homenaxean en rede a Manuel María no seu día", *El Ideal Gallego*, "Sociedad", 18 maio 2016, p. 36.

Comenta que dende A Coruña homenaxearon o autor das Letras 2016, Manuel María, a través de distintas propostas, pasando polo recitado de versos en María Pita até pendurando a súa poesía nas casas de pedra de Betanzos.

M. M., "El Iescha funde música y poesía en la celebración del Día da Cultura Chairega", *El Progreso*, "A Chaira", 10 setembro 2016, p. 16.

Indícase que festexaron o Día da Cultura Chairega con música e poesía nunha gala organizada polo Iescha.

M. M. O.-A. Arca-Rosalía Verdú, "Abano de propostas culturais para as Letras Galegas na comarca", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 13 maio 2016, p. 39.

Destaca as numerosas propostas que xorden pola celebración do Días das Letras Galegas, que van dende unha charla sobre o poeta chairego no IES de Negreira, até o XVII Concurso de redacción As Nosas Letras en Santa Comba.

M. N., "O Casco Vello honrou a Rosalía polo Días das Letras Galegas", *Atlántico*, "Vigo", 17 maio 2016, p. 11.

Dise que dende a asociación veciñal do Casco Vello de Vigo se conmemorou de forma dupla o Día das Letras Galegas. Sinala a celebración dun cortexo musical e panfletos con poemas que lembraban a Manuel María. Ademais, destaca que os veciños e veciñas non esqueceron a data ligada ao seu barrio: a publicación de *Cantares Gallegos* de Rosalía.

_____, "Versos e música para celebrar o Día das Letras Galegas", *Atlántico*, "Vigo", 18 maio 2016, p. 11.

Indícase que a Asociación Vila de Bouzas organizou, co gallo das Letras Galegas 2016, un acto na Alameda onde se celebrou un recital na honra do homenaxeado, Manuel María.

M. R., "Lucecús Teatro lleva a Pol y a Reigosa una representación sobre la vida de Manuel María", *El Progreso*, "A Chaira", 1 agosto 2016, p. 10.

Anuncia que a compañía Lucecús realizará varias representacións baseadas na vida do poeta Manuel María, a través da peza teatral A *verdadeira historia do poeta Manuel de Paderna*. Informa que a primeira actuación será na piscina municipal de Mosteiro, no concello de Pol e a seguinte será na parroquia pastoricense de Rigueira, ambas as dúas contaron coa colaboración da área de cultura da Deputación Provincial de Lugo.

_____, "Los libros invaden el espacio cotidiano", *La Opinión*, "A Coruña", 25 outubro 2016, p. 10.

Dá conta das celebracións programadas no Día da Biblioteca para fomentar a lectura. Destaca que os visitantes recibirán un exemplar do libro *A Terra Cha, poesía e paisaxe*, de Manuel María.

M. T., "Uxía e o Magín Blanco cantan a Manuel María", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 23 maio 2016, p. 20.

Anuncia a actuación en Bertamiráns de Uxía e Magín Blanco cos músicos cos que gravaron o CD *Canta o cuco*, onde poñen música ás palabras do poeta chairego Manuel María.

M. V., "O poeta nacional de Galiza", *La Región*, "*Letras Galegas 2016*", "Biografía", 17 maio 2016, p. 3.

Co gallo das Letras Galegas 2016 lémbranse a vida e obra do autor homenaxeado, cuxa "voz e creatividade" foron "comprometidas e combativas".

_____, "Un día de festa tradicional", *La Región*, "*Letras Galegas 2016*", "Vilanova dos Infantes", "Celanova", 17 maio 2016, p. 21.

Indica que na localidade de Vilanova dos Infantes (Celanova) se celebra o Días das Letras Galegas a través da Romaría Etnográfica Raigame, declarada Festa de Interese Turístico de Galicia.

MVI, "Núñez Feijóo. 'Un tertuliano co don da palabra", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", p. 43/ *El Progreso*, "Vivir", p. 45.

Fálase do acto oficial da Xunta de Galicia polas Letras Galegas 2016 no Colexio Laverde Ruiz, localizado no concello onde naceu o autor homenaxeado, Manuel María.

N. A., “La pasión gallega de Manuel María revive en Bouzas gracias a sus versos”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, 18 maio 2016, p. 7.

Infórmase do evento conmemorativo de Manuel María celebrado pola Asociación Cultural Vila de Bouzas (Vigo) co gallo das Letras Galegas 2016 e sublíñase o traballo do autor como defensor da lingua e da cultura propias de Galicia.

O. B., “Vilagarcía honra a vida e obra de Manuel María cos cinco sentidos”, *Diario de Arousa*, “Vilagarcía”, 6 maio 2016, p. 7.

Dá conta das actividades organizadas en Vilagarcía para a celebración das Letras Galegas: unha exposición, a charla “Lembrando a Manuel María” nos centros educativos, concertos, conferencias, unha Festa do Libro e un recital.

_____, “Gastronomía e versos únense para honrar a Manuel María”, *Diario de Arousa*, “Vilagarcía”, 15 maio 2016, p. 5.

Informa da ruta gastronómica “Petiscando poemas” por trece locais do municipio, na que os pinchos irán acompañados por un poema de Manuel María.

Ocampo, Carlos, “Manuel María, o poeta da paisaxe chairega”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de la Escuela*”, n.º 1.121, “Literatura”, 11 maio 2016, p. 6.

Destácase a figura do autor homenaxeado, un home comprometido con Galicia, co idioma e sobre todo coa paisaxe chairega que o viu nacer.

Outeiro, M., “Títeres para Brión con ‘Os soños na gaiola’, de Alakrán”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 1 abril 2016, p. 33.

Informa da estrea da peza *Os soños na gaiola* para monicreques no centro social de Brión.

_____, “Literatos e pintores dan nome a aulas do IES de Negreira nas Letras 2016”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 30 abril 2016, p. 35.

Anuncia que dende o IES de Negreira honran as Letras Galegas neste 2016 a través de actividades relacionadas co homenaxeado, Manuel María. Di que, ademais, se lle dará o nome de literatos e pintores galegos ás aulas.

_____, “Éxito de la sonda del IES Mallo a 30.000 metros sobre Ordes”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 14 maio 2016, p. 28.

Dá conta do lanzamento dunha sonda pola comunidade educativa do instituto de Ordes Maruxa Mallo dentro do proxecto Marumasat *Cos pés no chan e os ollos nas estrelas*, na que se incorporou, entre outras cousas, unha foto de Manuel María.

P. A., “La Coruña, primera parada de la muestra dedicada a Manuel María”, *ABC*, “Galicia”, “Día das Letras Galegas”, 6 maio 2016, p. 79.

Con motivo da celebración das Letras 2016, indica que se vai levar a cabo por Galicia unha exposición itinerante, que pasará por trece localidades, dando a coñecer o poeta chairego.

_____, “Manuel María. O poeta do verbo combativo”, *ABC*, “Galicia”, 17 maio 2016, pp. 64-54.

Destácase a figura de Manuel María no Días das Letras Galegas 2016 como autor homenaxeado e lémbrase o seu papel non só como difusor da lingua galega senón como home comprometido con Galicia.

Palacios, Xosé María, “Román Rodríguez. ‘Galicia vai estar falando moito tempo de Manuel María”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 17 abril 2016, p. 44.

Di que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria participa na difusión cultural da figura homenaxeada nas Letras 2016, Manuel María, a través dun convenio coa fundación que conserva a vida e obra do autor chairego.

_____, “A Real Academia Galega loa a Manuel María como ‘activista da verdade”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 18 maio 2016, p. 35.

Indica que a Real Academia Galega honrou o autor homenaxeado, Manuel María, cun acto na súa vila natal Outeiro de Rei. Sinala que os académicos recoñeceron as grandes achegas do poeta á lingua galega, non só dende a escrita senón tamén dende a súa actividade máis política.

Pérez, C., “O Pardiñas máis literario”, *El Progreso*, “deVerano”, “Culturetadas”, 3 agosto 2016, p. 38.

Indícase que o Festival de Pardiñas en Guitiriz sempre tivo un oco para a literatura e que este será aínda máis especial na presente edición. Coméntase que esta faceta se deixa ver na súa programación especial, coa entrega do premio do certame de literatura infantil, nos postos de venda de libros, nas dúas revistas organizadas pola Asociación Xermolos e na estrea da nova obra de Xosé Lois García (dedicada á relixiosidade en Xosé Díaz Castro), así como na homenaxe a Manuel María cun certame de creación infantil dedicado integramente a el, recibindo máis de oitocentos traballos segundo se indica. Engádese ademais que tamén haberá espazo para homenaxear outros autores ausentes: Xosé Chao Rego, Xosé Neira Vilas e Agustín Fernández Paz.

Pías, Víctor, “A mostra sobre Manuel María abre a súa viaxe na Coruña”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 6 maio 2016, p. 35.

Destácase o comezo dunha iniciativa de difusión cultural relacionada coas Letras Galegas 2016. Trátase dunha mostra sobre o autor homenaxeado, Manuel María, que achegará a vida e obra do autor percorrendo doce localidades galegas, comezando pola cidade da Coruña.

_____, "A TVG emite o documental 'Manuel María. Paixón de palabra e terra", *El Correo Gallego*, "Medios", 15 maio 2016, p. 61.

Comenta que a TVG incorpora na súa programación especial un documental sobre o autor homenaxeado: Manuel María. Di que, a través da compañeira de vida do autor, Saleta Goy, o público poderá achegarse ao autor chairego.

_____, "García ve no galego unha 'oportunidade' para os máis novos", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 17 maio 2016, p. 34.

Sinala que o Secretario Xeral de Política Lingüística, Valentín García, participou na inauguración dunha exposición no IES Rosalía de Castro centrada en Manuel María, dende a súa faceta de dinamizador da lingua, animando os máis novos a empregala.

Pinal, Sabela, "Árbores para a insua da poesía", *La Región*, "Carballiño", 8 abril 2016, p. 20.

Indícase que para celebrar o Día da árbore, da auga e da poesía, o alumnado dos centros da comarca do Carballiño e de Ribeira se reuniu na Insua dos Poetas para recitar e facer pequenas representacións que homenaxean o medio ambiente e o poeta Manuel María.

Piñeiro, Á., "Pontecaldelas escoita a Suso Vaamonde", *Diario de Pontevedra*, "DVerano", 25 agosto 2016, p. 14.

Fai referencia á acollida no concello da presentación do audiolibro *Os soños na gaiola*, reeditado no ano 2015 con motivo das Letras Galegas do 2016. Sinala que o acto foi tamén unha homenaxe ao cantautor na súa vila de orixe.

Piñón, Elena, "O idioma é a vida' será o lema da manifestación do Día das Letras Galegas", *El Correo Gallego*, "Galicia", 3 maio 2016, p. 11.

Sinala que dende a plataforma Queremos Galego se realiza unha manifestación co gallo das Letras 2016. Comenta que baixo o lema dun verso do autor homenaxeado, Manuel María, se convoca a poboación para amosar "o orgullo por contar cunha lingua propia".

P. O. C., "Homenaxe ao autor de 'Muiñeiro de brétemas", *La Opinión*, "*Especial Letras Galegas*", 17 maio 2016, p. 2.

Destácase a figura do autor homenaxeado, Manuel María. Coméntase o ton didáctico dalgunhas das súas obras.

_____, “Un poeta implicado coa política e a sociedade”, *La Opinión*, “*Especial Letras Galegas*”, 17 maio 2016, p. 4.

Subliña o compromiso non só coa lingua galega, senón con Galicia e coa súa sociedade do autor homenaxeado nas Letras, Manuel María.

_____, “Máis de 50 autores recoñecidos desde 1963”, *La Opinión*, “*Especial Letras Galegas*”, 17 maio 2016, p. 6.

Lémbrase, co gallo das Letras 2016, o número de autores e autoras, máis de cincuenta dende 1963, homenaxeados e homenaxeadas. Recoñécese esta conmemoración como “o desexo de unir pobo, cultura e identidade diferenciada”.

_____, “Os centros educativos tamén se implican na celebración das Letras Galegas”, *La Opinión*, “*Especial Letras Galegas*”, 17 maio 2016, p. 11.

Coméntase que nos distintos centros educativos de Galicia xorden numerosas propostas para festexar as Letras Galegas 2016. Recóllese algunha das actividades: a representación dunha obra do autor homenaxeado no CPR Andersen (Vigo); unha reportaxe sobre o autor no CPI dos Dices (Rois); e actividades interactivas no CEIP A Ponte (Lugo).

_____, “Gadis edita 20.000 libros e marcapáxinas en galego”, *La Opinión*, “*Especial Letras Galegas*”, 17 maio 2016, p. 9.

Anuncia a edición de 20.000 exemplares dun “recompilatorio do cancioneiro tradicional de Galicia”, da man dos supermercados Gadis. Ademais, destaca que a empresa se achega á festividade cultural a través das bolsas da compra que explican a orixe do Día das Letras.

_____, “A Xunta rende tributo a Manuel María”, *La Opinión*, “*Especial Letras Galegas*”, 17 maio 2016, p. 7.

Coméntase que a Xunta de Galicia puxo en marcha diferentes actividades na honra de Manuel María como recitais, musicais, mesas redondas etc.

_____, “Unha obra variada e rica en creatividade”, *La Opinión*, “*Especial Letras Galegas*”, 17 maio 2016, p. 10.

Con motivo do Día das Letras Galegas, lémbrase a obra do homenaxeado, Manuel María. Dise que o escritor chairego destaca pola abundante produción de poemarios, pero tamén pola súa narrativa e as obras dramáticas e ensaísticas. Ademais sublíñase o seu compromiso coa cultura e coa lingua galega.

_____, “A fundación que mantén o legado do autor”, *La Opinión*, “*Especial Letras Galegas*”, 17 maio 2016, p. 8.

Ponse de relevo o papel da fundación en nome do homenaxeado, Manuel María. Dise que dende a casa natal do poeta chairego, reconvertida en casa-museo de nome homónimo en 2007, se poderá coñecer a vida e obra do autor.

Ramos, J. M., "A Laracha porá voz á obra poética de Manuel María", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 7 abril 2016, p. 38.

Anuncia a celebración dunha serie de actividades entre as que destaca a sesión de contacontos teatral *Aventuras e desventuras dunha espiña de toxo chamada Berenguela* coa que Trinke Trinke Teatro rende homenaxe a Manuel María.

Ramos, José Manuel, "O tempo das letras enche de actos lúdicos as vilas de Costa da Morte", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 4 maio 2016, p. 47.

Recolle diversas actividades para festexar as Letras Galegas: contacontos, teatro, presentacións de libros, certames literarios escolares e unha viaxe a Outeiro de rei para visitar a Casa-Museo de Manuel María, entre outros.

Real Academia Galega, "Manuel María, poeta nun país de minifundios", *El Correo Gallego*, "*Día das Letras Galegas*", 17 maio 2016, pp. 1-6.

Realízase un amplo percorrido pola vida e obra de Manuel María, dende o seu nacemento até a súa morte. Destácase a súa relación con outros intelectuais galegos e saliéntase a publicación de *Muiñeiro de brétemas*, o seu primeiro libro, e *Os soños na gaiola*, primeira obra de poemas infantís do escritor.

RG, "FalaRedes arranca cun concerto que achegará aos nenos a poesía de Manuel María", *Diario de Arousa*, "Galicia"/ *Diario de Ferrol*, "Ferrol"/ *El Ideal Gallego*, "Galicia", 21 febreiro 2016, p. 21.

Anuncia o comezo do programa FalaRedes 2016 co concerto *Todo me fala de ti*, onde Uxía e Magín Blanco musican os versos de Manuel María co obxectivo de dinamizar o uso da lingua galega e homenaxear ao autor a quen se lle dedica no presente ano o Día das Letras Galegas. Ademais, fai referencia a que esta nova edición do programa coincide tamén coa celebración do Día Internacional da Lingua Materna, salientando a importancia das linguas maternas para a educación de calidade e a diversidade lingüística.

R. L., "Lucecús Teatro apuesta por textos de Manuel María para su próxima función", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 18 febreiro 2016, p. 42.

Dá conta da representación a cargo da compañía Lucecús Teatro da peza *A verdadeira historia do poeta Manuel de Paderna*, empregando textos de Manuel María (*A tribo ten catro ríos*, *Os soños na gaiola*, *Cando o mar foi polo río* e *As rúas do vento ceibe*).

_____, "A antoloxía e a biografía de Manuel María preséntanse hoxe en Lugo", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 31 marzo 2016, p. 48.

Informa da conferencia “Manuel María: obra poética” no salón de actos da Deputación de Lugo.

_____, “Rodríguez gaba a figura de Manuel María polo seu ‘compromiso coa cultura e co idioma”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Sociedad”, p. 66/ *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 17 abril 2016, p. 57.

Comenta que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Fundación Manuel María levarán a cabo, co gallo das Letras Galegas 2016, numerosas actividades culturais para lembrar a figura do autor escollido: Manuel María.

_____, “A Casa de Hortas de Outeiro acollerá os actos do 17-M”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 7 maio 2016, p. 52.

Comenta que a Real Academia Galega celebrará o Día das Letras 2016 cunha sesión extraordinaria que se levará a cabo na casa natal do autor homenaxeado.

_____, “Unha ofrenda floral, teatro e música para honrar a Manuel María na súa terra”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 16 maio 2016, p. 29.

Comenta que o BNG de Outeiro de Rei rende homenaxe ao autor escollido para as Letras 2016, Manuel María. Sinala que no campo santo onde repousan os restos do autor chairego houbo unha ofrenda de flores e, posteriormente, unha lectura de poemas.

_____, “Un año para 1.800 acciones sociales y culturales”, *Diario de Arousa*, “O Salnés”, 28 decembro 2016, p. 10/ *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, 29 decembro 2016, p. 13/ *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 24 decembro 2016, p. 8.

Dá conta das accións culturais levadas a cabo este ano polo grupo Gadisa. Entre elas, salienta a edición de libros con motivo das Letras Galegas.

R. M., “A obra de Manuel María soará en Salgueiriños e no casco vello”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, 12 maio 2016, p. L10.

Recóllense algunhas actividades para lembrar a figura do autor homenaxeado polas Letras 2016: un recital poético, un percorrido cultural e unha actuación musical do colectivo Dios Ke Te Crew.

Rodríguez, Ángeles, “A conexión barquense de Manuel María”, *O Sil*, “Cultura”, Maio 2016, pp. 24-25.

Recórdase, dende O Barco, a conexión existente entre o avogado Amador González e o escritor Manuel María. Dáse conta desta relación a través das palabras da filla do letrado, quen lembra follear de pequena borradores do escritor chairego.

Rodríguez, R. D., "Cen anos de compromiso coa cultura galega", *La Opinión*, "A Coruña", 14 maio 2016, p. 11.

No marco das actividades culturais programadas con motivo da celebración das Letras 2016, lémbrase o centenario da creación das Irmandades da Fala. Dáse conta da figura do homenaxeado este ano, Manuel María, e do papel das Irmandades.

Romero, L., "Cultura homenajea al Letras Galegas 2016 con actos lúdicos y de difusión de su vida y obra", *Diario de Arousa*, "Cambados", 9 marzo 2016, p. 8.

Indica que dende o concello de Cambados se presenta unha programación cultural especial co gallo das Letras Galegas 2016. Entre as actividades propostas, refírese a unha exposición e a unha actuación do grupo A Quenlla.

Salgado, Fernando, "Música, devoción y literatura tienen cabida en las fiestas de Santa Rita", *Diario de Pontevedra*, "O Salnés", 17 maio 2016, p. 20.

Infórmase sobre a programación das Festas de Santa Rita no concello de Vilagarcía de Arousa. Entre as actividades levadas a cabo, destácase a proxección do documental "Viaxando con Manuel María", a Feira do Libro Galego, un recital de poemas e unha lectura de textos de Manuel María.

Salgado, Marta, "Homenaxe musical aos versos de Manuel María", *La Región*, "Ciudad", 19 febreiro 2016, p. 10.

Comenta o inicio da quinta edición do programa FalaRedes 2016 co espectáculo musical *Todo me fala de ti*, salientando que se trata dunha iniciativa dirixida os máis novos co obxectivo de fomentar o uso da lingua galega a partir da obra de Manuel María.

_____, "Unha viaxe polos versos de Manuel María", *Atlántico Diario*, "Galicia", p. 24/ *La Región*, "Ourense", 21 febreiro 2016, p. 9.

Coméntase a estrea do espectáculo *Todo me fala de ti*, no cal as voces de Uxía Senlle e Magín Blanco xunto a Santi Cebreiro e o seu acordeón musican os versos de Manuel María, como evento iniciador da nova edición do programa de dinamización FalaRedes. Tamén se destaca a boa recepción do público asistente que participou activamente no espectáculo.

_____, "Correndo a prol do galego", *La Región*, "Ourense", 5 maio 2016, p. 8.

Dá conta da celebración do Correlingua e di que nesta edición o gañador da mellor mensaxe foi o CEIP Otero Novás de Cortegada, "O galego está en nós", inspirada nun poema de Manuel María.

_____, "Maio, a festa da lingua", *La Región*, "Ourense", 10 maio 2016, p. 9.

Infórmase sobre a celebración da Festa da Lingua en Ourense por parte dos colexios da provincia adscritos á Federación Española de Relixiosos da Ensinanza. Dise que oito centros celebraron un acto onde se potenciaba o uso do galego á vez que se homenaxeaba o autor das Letras 2016.

S. E., "Silleda programa más de veinte actividades para celebrar el Mes das Letras", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 3 maio 2016, p. 30.

Infórmase de todas as actividades que o concello organiza no marco do Mes das Letras Galegas. Saliéntanse os actos para todo tipo de público, como *Literatura nas corredoiras*, *A ler con Manuel María* ou *Libros na rúa.* Entre as destinadas aos máis pequenos, menciónanse *MaxicoSons, unha aventura entre libros*, *O gran xogo das Letras Galegas* e o espectáculo *Os Bolechas van ás Olimpíadas*.

Silveira, E., "Un alumno de Cambre elabora unha 'app' sobre Manuel María", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 21 maio 2016, p. 37.

Comenta que un alumno de primeiro de bacharelato do IES David Buján (Cambre) creou unha aplicación para móbiles sobre Manuel María. Indica que foi un traballo elaborado para a materia de Lingua Galega polo Días das Letras.

S. N., "O compromiso con Galicia", *La Región*, "*Día das Letras Galegas*", "Real Academia Galega", "Acto institucional", 17 maio 2016, p. 2.

Faise eco da celebración dunha sesión plenaria por parte da Real Academia Galega en Outeiro de Rei, vila natal do autor homenaxeado: Manuel María. Indica que a través da súa vida e obra se lembra a riqueza da lingua galega a da cultura propia de Galicia.

_____, "O universo de Manuel María", *La Región*, "*Día das Letras Galegas*", "Casa-Museo", "Centro de interpretación da obra do autor", 17 maio 2016, p. 11.

Dá conta da importancia da Casa-Museo Manuel María en relación coa celebración das Letras 2016, posto que a casa natal do autor se converteu na sede da Fundación Manuel María, así como no espazo que recolle a súa vida e obra.

_____, "Andando a terra con Manuel María", *La Región*, "*Día das Letras Galegas*", "Exposición", "Mostra itinerante que chegará a Vigo", 17 maio 2016, p. 12.

Refírese á posta en marcha dunha exposición itinerante que pretende achegar ao pobo galego a figura do autor homenaxeado polas Letras 2016. Destácase que esta mostra percorrerá trece localidades das catro provincias galegas, achegando a vida, a obra e o compromiso coa lingua e con Galicia de Manuel María.

_____, "Relación ininterrompida ao longo de 55 anos", *La Región*, "*Día das Letras Galegas*", "Xornalista", 17 maio 2016, p. 6.

Sublíñase a actividade xornalística do autor homenaxeado polas Letras 2016, Manuel María. Así pois, destácase o uso do castelán nos artigos elaborados durante a ditadura franquista en España, mentres que nas súas numerosas publicacións americanas durante o mesmo período eran redactadas polo chairego en galego.

_____, "Unha web aborda o Manuel María xornalista", *La Región*, "*Día das Letras Galegas*", "Unha das facetas menos coñecidas", 17 maio 2016, p. 6.

Anuncia a homenaxe a Manuel María dende o Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia (CPXG), poñendo de relevo a súa actividade máis xornalística. Indica que para facer máis visíbel esta faceta do autor, o CPXG elaborou unha web onde se recollen artigos do chairego.

_____, "Fervor, deporte y música", *La Región*, "*Fiestas de Santa Rita*", "Programa", 19 maio 2016, p. 2.

Dáse conta da programación das Festas de Santa Rita, que se celebran no concello do Barco. Entre as diversas actividades, fálase de actos relixiosos, o espectáculo músico-teatral *Canto o Cuco* e diferentes actividades deportivas.

S. S., "Muros acolle esta tarde un espectáculo músico teatral adicado a Manuel María", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 9 abril 2016, p. 34.

Dá conta do espectáculo músico-teatral *Canta o cuco*, de Uxía e Magín Blanco, centrado na figura de Manuel María e na súa obra poética.

_____, "Os escolares de Carnota farán o Mural da Lingua coa axuda do artista Nando Lestón", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 11 maio 2016, p. 36.

Entre as actividades do Día das Letras organizadas polo concello de Carnota, destácase a elaboración dun mural artístico e reivindicativo por parte do alumnado de varios centros baixo a dirección do artista Nando Lestón.

_____, "La casa de la cultura de O Son acogerá este viernes un obradoiro astronómico", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 11 maio 2016, p. 36.

No marco da programación cultural do concello, salienta a conferencia "Manuel María, profesional da palabra, pero sen soldada" por Concha Blanco, así como un recital poético a cargo da Tertulia Literaria Tapal de Noia, con guión e dirección de Ana Blanco.

Sueiro, Marcos, "O poeta Manuel María converte o 17 de maio nun 'lugar de encontro de todos os galegos", *ABC*, "Galicia", 18 maio 2016, pp. 68-69.

Sublíñase o pleno extraordinario celebrado pola Real Academia Galega co gallo das Letras 2016, que tivo lugar en Outeiro de Rei, vila natal do poeta homenaxeado, Manuel María. Dise que neste acto se lembraron a vida e obra do autor chairego así como o seu compromiso coa lingua e con Galicia.

Tenreiro, Lucía, "Os poemas de Manuel María tomarán as rúas que andou 'A Balteira", *El Ideal Gallego*, "Betanzos", 3 maio 2016, p. 15.

Indica que, co gallo das Letras Galegas 2016, o concello de Betanzos crea un programa cultural especial no cal se propón a difusión da obra do autor homenaxeado, Manuel María, pendurando os versos dedicados á vila nos inmóbeis municipais.

Timoneda, Mariano, "Tributo a Manuel María con la esencia del folk de Milladoiro", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 18 marzo 2016, p. 44.

Dentro das diversas programacións con motivo das Letras 2016 na provincia da Coruña, sublíñase en particular o concerto de Milladoiro no Teatro Rosalía de Castro na honra do autor homenaxeado, Manuel María.

Torre, Sonia, "Falando cos versos de Manuel María", *La Región*, "Letras galegas", "Na cidade", 18 maio 2016, p. 14.

Dise que o Concello de Ourense festexou o Días das Letras 2016, na honra de Manuel María, a través da venda de libros en galego, espectáculos de monicreques e declamacións de poemas do autor chairego.

Torres, Maru, "Maxia para exaltar a figura de Manuel María", *El Progreso*, "*Xente de aquí*", "En sociedade", 24 abril 2016, p. 15.

Informa do espectáculo de maxia que David Méndez creou para homenaxear a figura do seu veciño e amigo Manuel María.

Trillo, Jesús, "El teatro es el plato fuerte de las actividades que hay en Cee", *El Correo Gallego*, "Navidad en costa da morte", "costa da morte", 22 decembro 2016, p. 40.

Dentro da programación do Nadal do Concello de Cee, saliéntase a posta en escena da peza teatral *Os soños na gaiola*.

Vázquez, Dolores, "Quince temas arredor do universo poético de Manuel María", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Música", "Agenda", 19 febreiro 2016, p. 11.

Con motivo da celebración do Día das Letras Galegas 2016 na honra de Manuel María, sublíñase a proposta *Uxía canta a Manuel María.* Fálase de que o CD xorde coma un proxecto editorial que contén poemas do autor chairego. Dise que tamén chegará en forma de espectáculo ao Teatro Principal de Santiago de Compostela.

_____, "A musicalidade das palabras", *La Voz de Galicia*, "*Letras galegas*", 13 maio 2016, p. 15.

Destácanse as distintas facetas do autor homenaxeado nas Letras Galegas, Manuel María. En concreto ponse o foco sobre a súa relación coa Nova Canción Galega, como unha mostra máis do seu compromiso coa cultura galega.

Vázquez, S., "A comarca inmortaliza a Manuel María", *La Opinión*, "La Gran Coruña", 17 maio 2016, p. 15.

Sinala que dende a comarca da Coruña se renderon diferentes homenaxes á figura de Manuel María con motivo da celebración do Día das Letras: un "Concerto das Letras" (Cambre), un espectáculo de poesía en Sada e a entrega dos premios do XII Concurso de cartaces das Letras Galegas 2016 (Betanzos).

Vázquez, Sara, "Vinte anos de teatro polos mártires", *La Opinión*, "Cambre/ Culleredo", 22 abril 2016, p. 14.

Sublíñase a celebración das dúas décadas de representación da obra *Abril de Lume e Ferro*, levada a cabo pola asociación de nome homónimo, que lembra o episodio histórico dos mártires de Carral cento setenta anos atrás.

Veiga, Marta, "O xefe do club dos poetas chairegos", *El Progreso*, "Vivir", "Día das letras", 18 maio 2016, pp. 46-47.

Co gallo do Día das Letras 2016, lémbrase a figura e actividade do autor homenaxeado, Manuel María. Coméntase que o autor chairego destacou non só pola súa faceta de "poeta, dramaturgo, xornalista, editor ou libreiro", senón pola defensa do galego e de Galicia.

Vila, Sara, "Versos, flores e música para Manuel María", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Ciudad", "Días das Letras Galegas", 18 maio 2016, p. 8.

Comenta que na Praza de Curros Enríquez se celebrou un recital de poemas e cantos da man da Asociación Sociocultural O Burgo, no marco das actividades para homenaxear a Manuel María. Sinala que nas localidades próximas se realizaron charlas (Raxó) e lecturas públicas do autor homenaxeado (Sanxenxo).

Villar, O. D., "Feirón intercultural das Letras no IES do Milladoiro", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 14 maio 2016, p. 27.

Informa da celebración do I Feirón do Día das Letras Galegas no IES do Milladoiro, no que se inclúen actividades de baile galego, representacións teatrais e obradoiros de distinto tipo.

Viñas, María L., “Dezasete poemas de Manuel María viaxarán nos 50 buses de Lugo no mes de maio”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 30 marzo 2016, p. 43.

Anuncia a presenza de dezasete poemas do escritor no interior dos autobuses de Lugo para festexar o Día das Letras Galegas, coa intención de que Manuel María “sexa coñecido e lido pola maior cantidade de xente posible”.

_____, “A Arcadia en Hortas”, *Diario de Pontevedra*, “*Évenres*!”, “Fin de semana”, pp. 2-3/ *El Progreso*, “*d_finde*”, “d_escapada”, pp. 40-41, 29 abril 2016.

Con motivo da celebración das Letras 2016 na honra de Manuel María, sublíñase a importancia da casa natal do autor, hoxe convertida en casa-museo, e á vez sede da súa fundación. Sinálase que se trata dun “espazo que alberga o conxunto do legado de Manuel María”.

_____, “Quintiá fai un brinde ao sol polo idioma no seu pregón da Feira do Libro de Lugo”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 18 maio 2016, p. 51.

Dende a apertura da Feira do Libro de Lugo 2016, o escritor Xerardo Quintiá e o conselleiro de Cultura lembran a importancia e utilidade do idioma galego como “chave que abre posibilidades e nos enriquece”.

X. L. C., “Los ‘Amigos do Larouco’ festejan el Día das letras”, *La Región*, “Monterrei”, 15 maio 2016, p. 23.

Informa da conmemoración do Día das Letras cunha tripla andaina na que se lerán poemas de Manuel María relativos ás árbores e se plantarán catro das especies mencionadas.

Yánez, B., “El nuevo programa das Letras aúna a Concello, Dorna banda y escolares”, *Diario de Arousa*, “O Salnés”, 6 maio 2016, p. 8.

Dá conta da presentación do programa cultural con motivo das Letras no que salienta a celebración de actos da asociación Dorna, a presentación do libro *Contos do mar de Irlanda* (2014) de Xurxo Souto, a performance *Océanos para Terrícolas*, xogos populares, un recital de poemas musicados de Manuel María, a botadura de embarcacións tradicionais e o concerto de Luís Emilio Batallán e o de Tino Baz.

_____, “Colegio y Biblioteca buscan la palabra más bonita del gallego con ‘Chuvia de Poemas”, *Diario de Arousa*, “Cambados”, 13 maio 2016, p. 8.

Preséntase o programa “Chuvia de Poemas”, co cal o colexio da Torre e a Biblioteca da Illa de Arousa pretenden celebrar o Día das Letras 2016. Destácase que a través deste se persegue que o alumnado escolla a palabra máis fermosa da lingua de Galicia.

_____, “Os versos que Manuel María adicou a Cabanillas saen á luz tras un achado medio século máis tarde”, *Diario de Arousa*, “Cambados”, 19 maio 2016, p. 11.

Infórmase sobre a descuberta dun poema inédito que Manuel María lle dedicara a Cabanillas. Dise que este achado se deu da man da neta do poeta cambadés no propio Días das Letras 2016, que homenaxeaba a Manuel María.

Y. S., "El ciclo 'Contos Contados' sigue acercando la lectura a los niños", *Faro de Vigo*, "Especial", "Baixo Miño/Louriña", 25 marzo 2016, p. 8.

Entre outras actividades, dá conta da celebración dunha homenaxe a Manuel María no marco do programa "Contos Contados".

V. ENSAIO. TEORÍA XERAL. CRÍTICA

V.1. MONOGRAFÍAS, BIOGRAFÍAS, CRÓNICAS E LIBROS COLECTIVOS

Alvarellos, Henrique, Xurxo **Martínez González**, Francisco **Singul** e Martín **Souto**, *Os últimos carballos do Banquete de Conxo,* Santiago de Compostela: Consorcio de Santiago/ Alvarellos Editora, 2016, 152 pp. (ISBN 978-84-16460-12-0).■

Obra ensaística na que, por vez primeira, se aborda de maneira monográfica a historia do mítico Banquete de Conxo de 1856, publicada ao coidado de Alvarellos Editora en colaboración co Consorcio de Santiago co gallo do 160 aniversario da histórica reunión de estudantes e obreiros a favor do movemento galeguista no século XIX. Henrique Alvarellos, Xurxo Martínez González, Francisco Singul e Martín Souto escriben sobre este histórico acontecemento e o espazo que o acolleu a través dunha visión panorámica. O ensaio preséntase dividido en seis capítulos, sendo o primeiro "Balada ceibe no Bosque de Conxo", por Henrique Alvarellos, en que se realiza, a modo de páxinas limiares, unha recapitulación do libro dando conta, entre outros detalles, da primeira vez que Federico García Lorca viaxou a Galiza en 1916. O segundo capítulo, "Conxo. Cantiga de liberdade. Anotacións ao pé do Banquete de Conxo", foi elaborado por Xurxo Martínez González. Nel recóllese unha explicación do contexto político e cultural do Banquete. A continuación, en "Memoria xacobea, historia e arte no mosteiro de Conxo", achégase unha aproximación ás orixes do mosteiro de Conxo, vinculándoo co fenómeno xacobeo e coa entrada do Camiño Portugués a Santiago de Compostela, así como a descrición dalgúns valores artísticos e arquitectónicos do mosteiro, por Francisco Singul. O cuarto capítulo, "Un paseo botánico pola carballeira de Conxo", escrito por Martín Souto, céntrase na natureza do bosque de Conxo a través de descricións e ilustracións da súa vexetación e flora características. A seguir inclúense o "Plano do bosque de Conxo e río Sar" e os "Apéndices", un apartado que alberga os textos dos brindes de Aurelio Aguirre e de Eduardo Pondal, xunto coa crónica do banquete publicado en *La Oliva* días despois da súa celebración. No decorrer do ensaio son incluídas un total de 60 imaxes a cor e en branco e negro, entre fotografías actuais e históricas, debuxos e un gran plano xeral de situación. No paratexto que pecha o libro pódese ler "*Os últimos carballos do banquete de Conxo* entraron en imprenta no outono de 2016, 160 anos e medio despois da celebración daquel domingo de orde e fraternidade ao pé do río Sar".

Recensións:

- Vicente Araguas, "O banquete de Conxo", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*"/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 964/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 964, "máis Libros", 18 decembro 2016, p. 30.

Afirma que este libro, "fermosamente maquetado e ilustrado", fala do contexto histórico do Banquete de Conxo, do espazo físico de Conxo, da súa etimoloxía e mais das árbores da carballeira de Conxo. Destaca o traballo de Xurxo Martínez González polo seu rigor

histórico e o de Francisco Sigul no ámbito artístico. Destaca que o volume pecha cun "paseo botánico pola carballeira de Conxo", da man de Martín Souto.

- Ramón Nicolás, "Os segredos que oculta Conxo", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Libros", "En galego", 30 decembro 2016, p. 10.

Dá conta da temática do volume e destaca que refire acontecementos talvez descoñecidos polo paso do tempo. Sostén que este "requintado libro" realiza unha visión panorámica e transversal do Banquete de Conxo desde variados enfoques. Destaca que ofrece datos de escasa difusión da carballeira de Conxo e que en conxunto serve de guía, de descuberta e de reparación ao Banquete de Conxo e á súa carballeira.

Referencias varias:

- Margarito Flowers, "Nuevo libro sobre el Banquete de Conxo y el 'rexurdimento", *El Correo Gallego*, "Gente", 24 novembro 2016, p. 63.

Breve nota que anuncia a próxima publicación deste volume que combina historia, bioloxía e a arte.

Blanco Ramos, Carmen, *O volframio en Varilongo. Santa Comba de Xallas (1941-1963)*, pról. Xesús Alonso Montero, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Crónica, abril 2016, 148 pp. (ISBN: 978-84-9914-991-2).

Crónica memorialística de Carmen Blanco Ramos sobre a temática do negocio do volframio en Varilongo. Ábrese cunha cita de Víctor Campio sobre a memoria, á que segue o prólogo "Palabras de admiración para un libro (máis político que mineralóxico) revelador" do presidente da Real Academia Galega, Xesús Alonso Montero. En relación coa Literatura institucionalizada ou de adultos é de interese o capítulo IX, "Volframio literario", no que a autora exemplifica "como aparece o termo volframio nos textos literarios sen a pretensión de facermos crítica literaria nin de ser exhaustivos" en dous grupos de textos: por unha banda, aqueles nos que "os autores foron testemuñas próximas, en tempo e espazo, aos feitos" e, por outra, aqueles libros que "actúan como vasos comunicantes de vivencias repetidas, con imaxes frescas na retina da memoria selectiva". Entre as obras elixidas figuran, no primeiro grupo, a novela *Era tempo de apandar* (1980), de Ramón de Valenzuela; e, no segundo grupo, a novela *Cabalo de ouros* (2010), de Víctor F. Freixanes, e o relato "Febre Negra" (1994), de Mariano Tudela.
Esta obra tamén está descrita no apartado *VII. Literatura Infantil e Xuvenil* e no apartado *VIII. Literatura de transmisión oral* deste *Informe*.

Recensión:

- Vicente Araguas, "Volframio", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*"/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 952/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 952, "máis Libros", 25 setembro 2016, p. 30.

Despois de contextualizar a obra, céntrase na temática das minas de volframio como un período moi peculiar da intrahistoria galega, sinala varios autores do estudo, así como o prólogo de Xesús Alonso Montero, "buscador de volframio, nos anos da posguerra na súa patria de Ribadavia". Evidencia os acertos da autora e anticipa o contido do volume, destacando as cantigas e as testemuñas en prosa.

Burgoa, Juan J. e Guillermo **Llorca**, *Memoria histórica do Barrio de Esteiro*, Ferrol: Edicións Embora, marzo 2016, 331 pp. (ISBN: 978-84-16456-22-2).

A obra recolle diferentes traballos arredor do Barrio de Esteiro. O último capítulo ("Referencias literarias e históricas"), asinado coas iniciais F.T.V., céntrase no eido literario e na produción de escritores ferroláns coma Francisco Suárez, Xosémaría Pérez-Parallé, Domingo Díaz de Robles, Fernando Álvarez e Guillermo Llorca, Dolores Pedre e Ana María Romero (que publicaron a obra conxunta *Referencias Periodísticas, Históricas e Literarias sobre a Cidade de Ferrol*) ou os diversos autores que escribiron sobre aspectos variados dos barrios tradicionais de Ferrol no caderno editado pola SAF *Ferrol 97, Canido. Esteiro. Ferrol Vello*.

Recensión:

- Vicente Araguas, "Esteirá", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*"/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 946/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 946, "máis Libros", 14 agosto 2016, p. 30.

Comenta esta obra, da que salienta que recorda o que foi Esteiro, as súas rúas, a xente que por alí pasaba, os temas históricos, eclesiásticos, festivos, deportivos etc. Unha obra de dezasete artigos, nove en galego e oito en español, coa que sinala que gozou moito.

Caneiro, Xosé Carlos, *Ourense, Galeguidade e Excelencia na obra de Camilo José Cela*, Ourense: Deputación de Ourense, 2016, 94 pp. (Depósito Legal: OU 248-2016). u

Analízase a presenza de Ourense na obra de Camilo José Cela (Iria Flavia, 1916 – Madrid, 2002): a toponimia, a natureza, a paisaxe, a lingua galega no dialecto ourensán, a literatura e a estética na obra do autor. Así, o libro divídese en breves seccións, estruturadas en función da temática: "A Ourensanía de *Mazurca para dos muertos*", "Cela, incorrección e controversia", "Inicios estéticos de Cela: *Pascual Duarte*", "Entre *la Colmena* e *Oficio de tinieblas*", "A esperanza, pese a todo", "Un escritor adolescente (instalado no desasosego)", "Convicción, transgresión, talento", "A memoria de Cela", "Cela, de saldo", "A importancia, a exuberancia, a grandeza de Cela", "Capitán", "Mestre Cela", "*La Colmena*, obra admirable", "Congregación de conspiradores (escrito logo dunha visita á Fundación Camilo José Cela)", "A galeguidade rotunda de Camilo José Cela", "Mazurca con Quijano (no óbito de CJC)" e "Unha rosa para o centenario e un Día de CJC".

Referencias varias:

- A. R., “Celebracións, libros e doces”, *O SIL*, “Cultura”, decembro 2016, p. 41.

Coméntase que entre as actividades da Biblioteca de Verín terá lugar a presentación deste libro.

Cochón, Luís (coord.), *Arredor das Irmandades da Fala. Pensamento, política e poética en Galicia (1914-1931)*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, setembro 2016, 353 pp. (ISBN: 978-84-9121-090-0).

Volume colectivo coordinado por Luís Cochón que repasa a relevancia das Irmandades da Fala desde variados puntos de vista. Ábrese cun “Prólogo”, de Xosé Luís Méndez Ferrín e datado en Vilanova dos Infantes o 18 de maio de 2016, no que subliña a relevancia histórica das Irmandades da Fala e recalca a importancia deste estudo. Segue ao prólogo unhas “Palabras limiares”, de Luís Cochón, no que realiza unha aproximación histórica ao período temporal 1914-1931 do galeguismo, centrada nas Irmandades da Fala e onde describe a estrutura deste libro. A seguir aparecen dous textos introdutorios: “Sobre Nicolás Tenorio e *La aldea gallega*”, de Carlos García Martínez, e mais “El levantamiento gallego de 1846 y el nacimiento del galleguismo, por X. R. Barreiro Fernández”, obra de Álvaro Cunqueiro e que fora publicado na revista *Grial* en 1977. A seguir inclúense tres bloques de artigos (“Pensamento”, “Política” e “Poesía”) de diferentes autores, que conforman un total de vinte e seis achegas que se detallan a seguir. O primeiro bloque, “Pensamento”, inclúe: “Os irmandiños da fala na Galicia Sur (dos Anciles a Castelao)” de José Antonio Durán; “O precedente inmediato das Irmandades da Fala. A revista *Estudios Gallegos* de Aurelio Ribalta” de Xosé R. Barreiro Fernández; “Mestres do galeguismo: Xohán Vicente Viqueira. Vida, personalidade, pensamento” de Luís Veiga do Campo, pseudónimo de Ramón Piñeiro; “Recordo dos Villar Ponte: Antón e Ramón” de Xurxo Martínez González; “Risco, teórico do nacionalismo” de Justo Beramendi; “Lois Peña Novo, o estratego do nacionalismo das Irmandades da Fala” de Xosé González Martínez; “Nós e as Irmandades” de Xosé Ramón Pena; “O ensino no tempo das Irmandades. A “escola galega” como proxecto” de Antón Costa Rico e mais “Isidro Parga Pondal e a ciencia en galego” de Francisco Díaz-Fierros Viqueira. O segundo bloque, baixo o título “Política”, recolle: “As Irmandades da Fala en Compostela” de Justo Beramendi; “A Irmandade Nacionalista Galega de Vigo e a loita pola simboloxía nacionalista: Manuel Antonio” de Xosé L. Axeitos; “As formas da patria. Castelao e Camilo Díaz na creación do universo simbólico das Irmandades da Fala” de Pepe Barro; “*Laudatio* de don Manoel Gómez Román” de Isidoro Millán González-Pardo; “Víctor Casas (1900-1936) a enerxía dunha causa viva” de Arturo Casas; “A prensa nacionalista en Galicia (1916-1931)” de Clodio González Pérez e mais “A prensa nacionalista da Galicia alén mar na etapa das Irmandades (1916-1931)” de Luís Alonso Girgado. O derradeiro bloque, “Poesía”, presenta: “Karl Mannheim e Mikhail Bakhtín como fundamentos renovadores da periodoloxía literaria: aplicacións á poesía galega dos anos 1916-1931” de Arturo Casas; “O Cabanillas *irmandiño*” de Emilio Xosé Ínsua; “A crise de 1916 e Ramón Cabanillas” de Manuel Forcadela; “Cabanillas, a contemplación dun mar con ribeiras, dornas e barcas, e Sálvora na boca da ría” de Francisco Fernández Rei; “Ramón Cabanillas e a lingua” de Antón Santamarina; “Gonzalo López Abente, o ‘poeta do mar’ das Irmandades da Fala” de Miro Villar; “Victoriano Taibo e as Irmandades da Fala” de Armando Requeixo; “Cabanillas/Manuel Antonio. Notas sobre unha oposición

dialéctica" de Darío Xohán Cabana; "Maside e Colmeiro" de Rafael Dieste e finalmente "A dedicatoria: Os nenos" de Xosé Filgueira Valverde.

Recensións:

- Manuel Otero, "Debuxo de Irmandades da Fala nun 'libro de boa fe' dirixido por Luís Cochón", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 17 novembro 2016, p. 41.

Breve análise deste libro, na que se salienta que trata o principio da modernidade en Galicia no século XX. Comenta que comeza cun limiar de Xosé Luís Méndez Ferrín que pretende explicar o que foron e son as Irmandades da Fala e a súa evolución. Destaca que se trata dun libro de boa fe e propón algunhas cuestións que se responden na obra. Remata cunha listaxe dos autores colaboradores.

- Armando Requeixo, "O ano da Irmandade", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 606, "Literatura", 8 decembro 2016, p. VII.

Dáse conta da publicación deste volume da man de Xerais e repasa as contribucións dalgúns dos autores presentes, como Francisco Fernández Rei, Antón Santamarina, Arturo Casas, Antón Costa, Xosé Ramón Pena, entre outros.

Referencias varias:

- Ramón Nicolás, "Asedios ás Irmandades da Fala no seu centenario", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 24 outubro 2016, p. 27.

Fala de diversas publicacións relacionadas coas Irmandades da Fala e con respecto a este volume afirma que nel se agrupan análises elaboradas por "especialistas a dialogaren" e con textos de autores como Rafael Dieste, Xosé Filgueira ou Álvaro Cunqueiro.

- Xosé Luís Méndez Ferrín, "Centenario das Irmandades e sangue", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 555, "No fondo dos espellos", 19 novembro 2016, contracuberta.

Reflexiona sobre os mortos durante o franquismo e salienta que catro dos máis salientábeis xornalistas galegos da II República (Manuel Lustre Rivas, Roberto Blanco Torres, Johán Carballeira e Víctor Casas) foron asasinados polo franquismo. Comenta que se pode consultar o volume *Arredor das Irmandades da Fala. Pensamento, política e poética en Galicia (1914-1931)* para obter máis información.

Diéguez Cequiel, Uxío-Breogán (coord.), *As Irmandades da Fala (1916-1931)*, Santiago de Compostela: Laiovento, 2016, 294 pp. (ISBN: 978-84-8487-330-3).

Monografía coordinada por Uxío-Breogán Diéguez Cequiel, na que se presenta unha ampla visión do que representaron as Irmandades da Fala no marco do centenario da creación das mesmas. O volume ábrese cunhas verbas de Antón Villar Ponte e un "Prólogo", no que se enfatiza o papel desempeñado polas Irmandades da Fala, que

dende o seu nacemento reivindicaron a identidade nacional de Galiza a partir da defensa do idioma propio. A seguir preséntanse os seguintes epígrafes: "Agrarismo e movilizaçom campesiña no abrente do século XX, tempo das Irmandades da Fala", de Carlos F. Velasco Souto, e "O movemento operario galego no tempo das Irmandades da Fala", de Dionisio Pereira, nos que se aborda a realidade que se vivía no mundo do traballo fabril e do agro na Galiza do tempo das Irmandades; "A resurreición da lingua nas Irmandades da Fala `O feito lingüístico galego", no que María Pilar García Negro introduce a figura de Ramón Vilar Ponte e a súa significación na loita pola defensa da lingua galega; "As Irmandades da Fala e o nacemento do Nacionalismo Galego", no que Justo Beramendi González realiza unha síntese histórica do percorrido e evolución das Irmandades entre o seu nacemento até a I Asemblea Nacionalista de Lugo; "As Irmandades da Fala, fitos e logros no seu fecundo evoluir (1916-1931)", no que Uxío-Breogán Diéguez Cequiel realiza un percorrido pola vida e iniciativas máis notábeis das Irmandades; "As Irmandades da Fala. Do individual ao social, do sectorial ao global, do local ao nacional", de Xoán Carlos Garrido Couceiro, e "A Irmandade da Fala de Betanzos", de Xesús Torres Regueiro, nos que realizan unha análise dende a perspectiva social e dinámica das Irmandades; "A presenza feminina nas Irmandades da Fala. Amparo López Jean", no que Aurora Marco fai fincapé na presenza feminina nas Irmandades da Fala da man da activa militante Amparo López Jean; "As orixes dos coros galegos. Os vinte primeiros anos de Cántigas da Terra", no que Moncho do Orzán presenta o centenario da agrupación folclórica "Cántigas da Terra" e a súa ligazón coas Irmandades da Fala e "Teatro arredor das Irmandades da Fala", no que Henrique Rabuñal afonda na realidade teatral xerada e participada polas Irmandades.

Referencias varias:

- Ramón Nicolás, "Asedios ás Irmandades da Fala no seu centenario", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 24 outubro 2016, p. 27.

Fala de diversas publicacións relacionadas coas Irmandades da Fala e, con respecto a este volume, indica que se trata dunha obra que recolle un total de dez colaboracións que "avanzan no cabal coñecemento e na difusión do legado desta organización".

Dubert, Isidro (ed.), *Historia das historias de Galicia*, Premio Fervenzas ao Mellor Libro de Ensaio/Investigación, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Crónica, abril 2016, 401 pp. (ISBN: 978-84-9121-001-6).

Volume editado por Isidro Dubert que recolle un total de trece traballos onde outros tantos especialistas disertan e debaten ao redor dalgunhas das cuestións máis controvertidas da historia galega, como pode ser o celtismo. Inclúe o seguinte artigo relacionado coa literatura galega:

- Henrique Monteagudo, "A invención dos Séculos Escuros", pp. 149-179.

Estudo que principia cunha reflexión sobre o termo "Séculos Escuros", amosando a influencia de Manuel Murguía, Antón Vilar Ponte e Castelao, entre outros. Ofrece un percorrido polas escasas obras publicadas en lingua galega durante os séculos XVI,

XVII e XVIII e analiza as razóns da escolla do castelán como lingua literaria en detrimento do galego.

Recensión:

- Armando Requeixo, "Historias", *Diario de Arousa*, "O Salnés Siradella"/ *Diario de Ferrol*, "Nordesía", n.º 948/ *El Ideal Gallego*, "La Galería", n.º 948, "letras Atlánticas", 28 agosto 2016, p. 28.

Comenta a estrutura e contido deste volume colectivo no que se ofrece un estudo detallado da historia do pasado galego. Fai un repaso pola obra, que comeza cunha longa xustificación do propio Dubert, continúa tratando a época celta, a supresión do reino medieval de Galicia, así como tamén cando naceu o fenómeno xacobeo analizado por Xosé Miguel Andrade Cernadas. Detense tamén no artigo de Henrique Monteagudo sobre os Séculos Escuros, a época dos irmandiños e, finalmente, resalta o traballo de Ramón Villares sobre o mariscal Pardo de Cela.

Referencias varias:

- Xosé Ramón Pena, "Relatar a Historia", *Faro de Vigo*, "Opinión", "De bolina", 23 abril 2016, p. 33.

Dá conta da publicación deste volume. Defende a historia de Galicia como unha historia con matices moi interesantes dos cales, durante moito tempo, se intentaron criticar e aldraxar. Dá conta dun grande número de persoeiros da literatura que "nunca deixaron de fornecer o imaxinario de todos os galegos".

- R. N., "Contra os clixés e os prexuízos", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "Galego", 28 outubro 2016, p. 12.

Indícase que este libro está tecido cos fíos do pasado do pobo galego e que presenta unha suxestiva lectura do que puido e pode condicionar o presente e o futuro de Galiza.

Ermida Meilán, Xosé Ramón, *Mortos por amor á Terra. A represión sobre o nacionalismo galego (1936-1950)*, Santiago de Compostela: Sermos Galiza, n.º 2, xullo 2016, 238 pp. (ISBN: 978-84-608-9788-0).

Este volume centrado nos mártires e vítimas do nacionalismo galego producidas polo fascismo franquista, comeza cun "Limiar", de Francisco Rodríguez, no que reflexiona sobre a relevancia desta obra, e cun "Intrioto", do propio Xosé Ramón Ermida Meilán no que analiza a repercusión da ditadura franquista dentro do nacionalismo galego e subliña que este traballo é unha homenaxe aos patriotas asasinados polo franquismo. En conxunto trátase de setenta e oito biografías de galegos represaliados polo franquismo. Cada biografía está acompañada dunha fotografía ou deseño do protagonista, están ordenadas alfabeticamente e inclúen o nacemento e morte, a profesión, a orixe do compromiso con Galicia, a traxectoria e a descrición da morte de cada represaliado. Vencellados coa literatura galega aparecen, entre outros, a Roberto Blanco Torres (Cuntis, 1891-Entrimo, 1936), Rafael Fernández Casas (Buenos Aires, 1901-Oza, 1936)

autor das novelas *Loita* (1927) e a perdida *Lembranzas dun neno* e mais Xoán Xesús González Fernández (Cuntis, 1895-Santiago de Compostela, 1936), autor de numerosos romances en galego. Despois das biografías aparece un "Censo mínimo de nacionalistas vítimas do franquismo", a "Bibliografía" e mais a relación de publicacións periódicas e fondos consultados.

Fernández Pérez-Sanjulián, Carme (ed.), *Irmandades da Fala, cen anos despois*, A Coruña: Universidade da Coruña, 2016, 326 pp. (ISBN: 978-84-9749-643-8).u

Carme Fernández Pérez-Sanjulián comeza defendendo a vixencia das Irmandade da Fala cen anos despois da súa aparición e comenta que este volume xurdiu no marco da proposta de organización de actividades promovidas polo Museo do Pobo Galego no aniversario da fundación deste colectivo. O volume está formado por dezaoito traballos de diferentes autores que abordan as achegas que incorporou este movemento, todos eles traballos importantes para entender a visión totalizadora que as Irmandades da Fala propuxeron en relación co labor de construción nacionalitaria da Galiza. Entre os autores que participaron cabe citar a Justo Beramendi, que no seu artigo revisa dunha maneira crítica as achegas que este colectivo supuxo para Galicia; Xosé Luís Axeitos, que analiza as conexións cubanas das Irmandades a partires dunha carta enviada en 1916 á Real Academia Galega; Emilio Xosé Ínsua, que se centra nunha das figuras importantes do período histórico, Antón Vilar Ponte; Uxío-Breogán Diéguez, que reflexiona sobre como a raíz do nacemento das Irmandades da Fala se desenvolveu un moderno discurso patriótico galego; Xosé Ramón Freixeiro Mato, que desenvolve unha análise da situación da lingua galega na época das Irmandades; Xosé Manuel Sánchez Rei, que analiza unha das publicacións de carácter lingüístico-gramatical; María Pilar García Negro, que utiliza a obra de Castelao como membro das Irmandades para unha análise de carácter sociolingüístico. Outros traballos recollen aspectos máis ligados á produción literaria en sentido amplo e ocúpanse tamén dunha parte da actividade cultural de singular vitalidade no tempo das Irmandades.

García, Xosé Lois, *A poesía mística e cívica de Xosé María Díaz Castro*, limiar Xosé Antonio Miguélez Díaz, Santiago de Compostela: Urco Editora, col. Biblioteca Niké, agosto 2016, 116 pp. (ISBN: 978-84-15699-92-7).

Estudo analítico de Xosé Lois García sobre o poemario inaugural *Nimbos*, de Xosé María Díaz Castro (Guitiriz-Lugo, 1914-Lugo, 1990) á luz dos referentes místicos e dos matices cívicos. Está dedicado a Alfonso Blanco Torrado en agradecemento por descubrirlle "o vital" do poeta de Guitiriz e "polo seu labor en prol da dignidade de Galiza". No limiar Xosé Antón Miguélez Díaz, salienta a figura do autor, "polígrafo tan incansable" e a súa "admiración desbordada" por Xosé María Díaz Castro, antes de sinalar os autores cos que se estabelecen intertextualidades; incidir na "clave bíblica" manexada por Xosé Lois García, quen pon "moitísimo énfase no carácter *místico* máis que *relixioso*" da poesía de Díaz Castro; e matizar que o lector non debe agardar referencias moi precisas sobre as fontes por tratarse dun ensaio de interpretación moi persoal e suxestivo. *A poesía mística e cívica de Xosé María Díaz Castro* artéllase en seis capítulos: "Referentes místicos en *Nimbos*", "A idiosincrasia poética de *Nimbos*", "As dimensións do herdo e do espazo identitario en *Nimbos*", "Os diversos matices místicos en *Nimbos*", "Os diversos matices cívicos en *Nimbos*" e "Os imperativos da luz

en *Nimbos*", pechando a obra co apéndice "Bibliografía mínima". No primeiro capítulo salienta que "os seus poemas teñen unha profunda xénese mística, moi lonxe de conceptos evocativos e propagandísticos, tipificados no eido relixioso"; no segundo incide nas categorías "poesía mística" e "poesía cívica" como temáticas principais do poemario, exemplo de poesía teísta encadrada no "contexto dos místicos neoplatónicos"; no terceiro amosa o poeta "como ser vivo e transmisor de vivencias que crean e inculcan cultura", xa que na poesía de Díaz Castro "hai unha serie de referencias que poñen énfase a esta alma común e inmaterial"; no cuarto esmiúza verso a verso o poemario para sinalar os matices místicos, que complementa no seguinte capítulo co "eido cívico, social ou como suposta crítica a unha serie de situacións políticas e de agravios moi personalizados contra a cidadanía"; e no sexto e último capítulo céntrase na luz, por ser un dos "temas máis presentes" no poemario e diferencia a análise de "a luz celestial e a luz terreal" para rematar afirmando que a luz, en *Nimbos*, "forma parte dunha crenza mística e, tamén, dunha ética cívica, nas que se comparten Deus e Galiza".

González Reyes, Xosé, *Lembranzas de Malpica*, [A Coruña]: Edicións Embora, col. Historia, xullo 2016, 225 pp. (ISBN: 978-84-16456-23-9).■

Volume que recolle as trinta e dúas colaboracións en prensa de Xosé González Reyes, na sección "Terra e Xente", da edición de Carballo de *La Voz de Galicia*, dedicada a Malpica de Bergantiños e publicada entre o 26 de agosto de 1987 e o 4 de xaneiro de 1992. Ábrese cunha "Nota biográfica" asinada polo fillo do autor, Xoán González Otero, na que fai un percorrido por lugares importantes na vida de seu pai: Pontedeume, Malpica de Bergantños, Tui, Ferrol e Ribadavia. A seguir acóllese o texto "Sempre na memoria e no corazón", no que explica a procedencia das colaboracións que se reproducen a seguir, xurdidas das vivencias do autor e "adubiados cun chisco de fantasía, pero non por iso menos reais". Os textos reproducidos achegan, a modo de crónica, a intrahistoria e a vida cotiá na citada localidade coruñesa de Malpica de Bergantiños durante os anos finais da ditadura de Primo de Rivera e os primeiros anos da IIª República. En relación coa Literatura Infantil e Xuvenil galega, cómpre aludir á recensión divulgativa intitulada "Outro libro de Xelucho Abella" (reproducida no apartado "Anexo") na que compara dúas obras infantís publicadas en 1991: *Gundar e o cabalo de oito patas* (Editorial Casals) e *A cidade maldita* (Edicións Xerais de Galicia, col. Merlín). O volume complétase cos apartados "Fotografías identificadas", "Criterios de edición", "Bibliografía", "Álbum de fotos" e "Plano de Malpica de Bergantiños nos anos 30".

Referencias varias:

- J. M. R., "Malpica programó para el día 26 un viaje a Ribadavia", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 15 de novembro 2016, p. 31.

Anuncia unha excursión a Ribadavia aproveitando a presentación desta monografía.

Ínsua, Emilio, *A nosa terra é nosa. A xeira das Irmandades, 1916-1931*, A Coruña: Baía Edicións, maio 2016, 752 pp. (ISBN: 978-84-9995-193-5).

Este estudo de Emilio Xosé Ínsua ábrese cunha dedicatoria a Luís Rei. Realízase unha retrospectiva das Irmandades da Fala en quince capítulos. Comézase cos seus antecedentes, a implicación lingüística que amosaron os integrantes, así como as cuestións políticas, sociais e culturais, tratadas en diferentes asembleas. Ademais de presentar a xestación e expansión inicial das Irmandades, o autor detense nas publicacións destacadas do grupo. Así mesmo, dá cabida a unha exposición sobre os ideais políticos e ideolóxicos dos seus membros, explica os seus labores tras unha rotura da Irmandade coruñesa en 1922 e, finalmente, o remate das Irmandades da Fala coa disolución do Partido Galeguista en 1931.

Referencias varias:

- Susana Luaña, "Emilio Ínsua. 'Aínda hai prexuízos rabudos contra o galego, como na época das Irmandades", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "En primera persona", 19 abril 2016, contracuberta.

Co gallo dunha conferencia de Emilio Ínsua no Ateneo de Santiago de Compostela centrada nas Irmandades da Fala, anúnciase a publicación desta obra coincidindo co seu centenario.

- R. Nicolás, "Oportuno e imprescindible", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "En galego", 24 xuño 2016, p. 11.

Indica que a monografía "constitúe un verdadeiro acontecemento editorial". Destaca a longa traxectoria de Emilio Ínsua e a temática do volume.

- Lourdes Varela, "Emilio Xosé Ínsua. 'As Irmandades apostaron por un modelo político federal", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 595, "Entrevista", 22 setembro 2016, p. V.

Conversa na que Emilio Xosé Ínsua indica que nesta monografía se ofrece unha descrición fiel e detallada da traxectoria, actividades, campañas, iniciativas, debates e desenvolvemento das Irmandades da Fala que xorden, en primeira instancia pola decadencia do Rexionalismo.

- M. A. N., "Alonso Montero afirma que 'as Irmandades marcaron un antes e un despois", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", p. 67/ *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 9 outubro 2016.

Comenta que Alonso Montero subliñou en Viveiro a importancia das Irmandades da Fala onde tamén loou o traballo de E. Ínsua ao publicar este volume e mais que cualificou o seu autor como "especialista en Antón Villar e nas Irmandades".

- Ramón Nicolás, "Asedios ás Irmandades da Fala no seu centenario", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 24 outubro 2016, p. 27.

Fala de diversas publicacións relacionadas coas Irmandades da Fala e con respecto a este volume afirma que é un exhaustivo e rigoroso estudo centrado nas Irmandades.

- C. P. R., “El Iescha celebra el centenario de As Irmandades da Fala en Vilalba con una placa y una charla”, *El Progreso*, “A Chaira”, 25 novembro 2016, p. 19.

Anúnciase a conmemoración do centenario das Irmandades da Fala en Vilalba por parte do Instituto de Estudios Chairegos (Iescha), o Concello e o Parador de Vilalba. Dise que o acto contará con acompañamento musical e coa conferencia de Emilio Insua, autor do libro *A nosa terra é nosa! A xeira das Irmandades da Fala (1916-1931)*.

Lamas, Santiago e Alfonso **Mato**, *De camiños viaxeiros e camiñantes* Vigo: Galaxia, col. Ensaio, xuño 2016, 204 pp. (ISBN: 978-84-9865-691-6).

Santiago Lamas e Alfonso Mato botan man do ensaio para reflexionar sobre *o ser galego*. Así pois atopamos unha primeira parte onde se reproduce a peregrinación realizada dende Ourense a Santo André de Teixido por Ramón Otero Pedrayo, Vicente Risco e Xosé Ramón Fernández-Oxea. Unha viaxe que máis que describir o propio proceso do camiño a través da anécdota, subliña a importancia do *camiño* como elemento cultural galego. A partir desta romaría, que é estabelecida como símbolo, obsérvase a evolución da cultura propia e paisaxe identitaria de Galicia, dese *camiño* que Otero empregaba para referir as direccións da vida. Seguidamente, as diferentes opcións que se foron escollendo ao longo da historia desembocan na realidade máis próxima á actualidade: unha perda da identidade, unha perda de conexión entre o que somos e aquilo que nos identifica, o noso camiño, a nosa paisaxe. Establécese a partir da nosa propia historia unha reflexión sobre o porvir da Galicia actual.

Recensión:

- Estro Montaña, “Cultas peregrinaxes”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 700, “Libros”, 24 novembro 2016, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 557, “Letras galegas”, 3 decembro 2016, p. 10.

Resalta que este libro evoca a viaxe que en 1927 emprenderon desde Ourense até Santo André de Teixido Vicente Risco, Otero Pedrayo e Ben-Cho-Shey. Indica que levaban como guía o mapa de Fontán e que ían provistos dunha cámara Kodak e tamén apunta que *De camiños viaxeiros e camiñante*s pon de manifesto os vencellos entre a literatura e as viaxes e mais que estabelece unha ponte entre a Galicia actual e a de hai un século.

Referencias varias:

- Xesús Fraga, “A peregrinación galeguista a Teixido”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 5 xullo 2016, p. 37.

Indica que este traballo toma como referencia a “pelegrinaxe” que emprenderon a pé desde Ourense até Santo André de Teixido Vicente Risco, Otero Pedrayo e Ben-Cho-Shey en 1927. Asemade apunta que a película de Simone Seibebe titulada *Pelegrinaxes* recupera tamén esta viaxe intelectual dos homes da xeración Nós.

- Santiago Jaureguizar, “Sen solas de vento no Resurrection Fest”, *Diario de Pontevedra*/ *El Progreso*, “*Táboa Redonda*”, n.º 43, 10 xullo 2016, p. 8.

Reflexiona sobre esta crónica de Ramón Otero Pedrayo que fora publicada en 1929 na revista *Nós.* Indica que nela se reúnen textos breves o que lle confire ao volume un carácter fragmentario e desordenado.

López Lorenzo, Siro, *Cervantes e o Quixote. A invención do humorismo*, prol. Ramón López Vázquez, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, col. Cadernos Ramón Piñeiro, n.º XXXVI, novembro 2016, 465 pp. (ISBN: 978-84-453-5239-7). u

Volume do debuxante e humorista gráfico Siro López Lorenzo no que reflexiona sobre o valor do *Quixote* como creación humorística e iniciador do humorismo na modernidade. Cunha dedicatoria na que lembra a Ramón Piñeiro e a Celestino Fernández de la Vega, conta cun amplo prólogo asinado por Ramón López Vázquez, quen adianta o contido do volume e gaba o traballo realizado polo autor. Logo dunha breve introdución arredor do humor e Cervantes, a obra estrutúrase en doce bloques: "Sobre as formas do humor", "Achega ao home escritor Miguel de Cervantes Saavedra", "Cervantes ante a crise de estado e a contrarreforma", "Cervantes e o humanismo", "Humor en Erasmo e en Cervantes", "Humor e humanismo no Quixote", "O humorismo como forma de expresión", "Humor no Lazarillo e no Quixote", "Cervantes e Avellaneda. O humorismo fronte á sátira", "Humorismo e caricatura", "Autocaricatúra humorítica de Cervantes" e "Nabokov, Cervantes e o Quixote". Ao longo da obra indica que a maioría dos estudos sobre Cervantes están vinculados co seu labor de narrador e case nunca se fai referencia ao humor, coas excepcións de Wenceslao Fernández Flórez, Pío Baroja, Ramón Gómez de la Serna, Julio Casares e Celestino Fernández de la Vega. Fecha a monografía a bibliografía consultada e un índice onomástico.

Lopo, María, *O tempo das mareas. María Casares e Galicia*, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, col. Estudos Migratorios, 2016, 217 pp. (ISBN: 978-84-92923-67-0). u

María Lopo presenta unha extensa e detallada biografía, acompañada de abondoso material fotográfico, de María Victoria Casares Pérez, máis coñecida como María Casares (A Coruña, 1922- La Vergne, Charente, Francia, 1996). Comeza cun texto de Ramón Villares, titulado "María Casares, unha exiliada 'feita de terra galega", no que fala da relevancia de María Casares e os seus vencellos con Galicia. A seguir preséntanse os sete bloques xunto coas "Referencias documentais", "Agradecementos" e mais "Anexos" que compoñen *O tempo das mareas. María Casares e Galicia*. O primeiro bloque "Victoria en novembro" detalla a importancia do mes de novembro na súa biografía: nacemento, óbito e mais cando con trece anos a crianza María Casares atravesa da man da súa nai a fronteira francesa. No segundo, "Raíces familiares", describe a súa liñaxe materna en "A neta da cigarreira", a súa xenealoxía paterna en "A saga valleinclanesca" e mais a súa nai Gloria Pérez e o seu pai Santiago Casares Quiroga en "A meiga e o fidalgo". O terceiro bloque, que leva por título "Os mundos de Vitola", detense nos espazos galegos míticos na topografía vital da nena María Casares: a biblioteca paterna do domicilio familiar, na cidade da Coruña en "O universo da rúa Panaderas", a praia de Bastiagueiro e no Pazo de Montrove en "O paraíso en

Bastiagueiro" e mais o seu primeiro exilio en Madrid en 1931 en "Madrid e a aprendizaxe do exilio". En "Lugares do mito" María Lopo analiza o corte radical que o exilio de María Casares na súa infancia galega e que perdurou inalterábel no tempo e inalcanzábel no espazo. No quinto bloque "Lugares do exilio" focalízase a análise do exilio de María Casares en catro apartados: "A Coruña-Vaugirard" (a rúa Vaugirard foi, durante máis de trinta anos, a morada de María Casares en París); "Bastiagueiro-Camaret" (no verán de 1937, María Casares reencontrouse con Galicia fronte ao océano do porto de Camaret, na Fisterra bretoa); "A Galicia de alén mar" (o reencontro de María Casares coa comunidade galega na Arxentina en 1957 e posteriormente en Uruguai, Chile, Brasil, México, Cuba e Paraguay") e en "La Vergne-Montrove" (indica que María Casares realizou, cando menos, cinco viaxes ao Estado español posteriores á morte do ditador F. Franco). O sexto bloque "Lugares do lugar: a Galicia de Camus" analiza a relación de María Casares con Albert Camus ao longo de quince anos de convivencia e colaboración nas traducións de textos teatrais en español ao francés: *La Dévotion à la croix*, de Calderón de la Barca, en 1953, e *Le Chevalier d'Olmedo*, de Lope de Vega, en 1957. O sétimo bloque, "A vida triunfante", é unha pequena reflexión sobre a vida de María Casares. Este volume péchase coas "Referencias documentais" ("Bibliografía", "Entrevistas, reportaxes televisivas e documentos fílmicos" e "Arquivos, bases de datos e bibliotecas"), cos "Agradecementos" e mais con "Anexos", que aparecen xebrados en dous apartados. No primeiro, "Escritos de María Casares", reprodúcese a correspondencia Casares – Naya (tres cartas manuscritas e asinadas, enviadas por María Casares Pérez a José Naya Freijido dende Madrid á Coruña); a correspondencia Casares-López-Nóvoa (unha carta e unha nota manuscritas a lapis e asinadas por María Casares), xunto cos textos "Valle-Inclán ne pouvait avoir perdu son bras" con ocasión da estrea das *Comédies barbares*. No segundo "Escritos sobre María Casares" reprodúcese unha carta mecanografada de 1958 con sinatura manuscrita de Virxinia Pereira dirixida a María Casares; tres textos de Luís Seoane mecanografados de 1957, 1960 e 1963, con correccións manuscritas, correspondentes a audicións radiofónicas e mais o poema "A viaxe vermella (María Casares)" de Claudio Rodríguez Fer do libro *Ámote vermella* (2008).

Recensión:

- Ramón Nicolás, "Memoria de María Casares", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "En Galego", 22 xullo 2015, p. 10.

Fala do ensaio biográfico realizado por María Lopo sobre María Casares, onde se comentan as súas raíces familiares coruñesas, a súa adolescencia, e a causa do exilio definitivo francés. Grandes investigacións se recollen na obra, entre elas unhas cartas que a viúva de Castelao, Virxinia Pereira, lle remitira a María Casares.

Referencias varias:

- Rodri García, "O tempo das mareas' rescata a Galicia que María Casares levou para o exilio", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 15 abril 2016, p. 36.

Infórmase da presentación deste volume na Casa-Museo Casares Quiroga na cidade da Coruña. Saliéntase que nel se detalla a infancia de María Casares en Galicia e sublíñase a importancia na súa biografía de ser galega.

Núñez Seixas, Xosé M., *O soño da Galiza ideal. Estudos sobre exiliados e emigrantes galegos*, Vigo: Editorial Galaxia, maio 2016, 280 pp. (ISBN: 978-84-9865-706-7).

Volume que principia cunha introdución de Ángel Duarte, catedrático de Historia contemporánea na Universitat de Girona, e un limiar do propio autor, que dan paso a unha recompilación de seis traballos publicados en diversos volumes e revistas entre 2001 e 2015, centrados na análise das dimensións sociopolíticas e culturais da emigración galega e o exilio arredor do ano 1936 en América. O primeiro deles, "Galegos e irlandeses na diáspora (1830-1950): elementos para unha comparanza", versa sobre o parangón entre a emigración galega e a irlandesa. O segundo, "Rosalía de Castro e os emigrantes galegos: da polisemia da súa obra e do seu mito na diáspora", céntrase na proxección transnacional da figura de Rosalía de Castro e a súa recepción e mitificación entre os emigrantes. O terceiro, "Itinerarios exiliados: sobre a especificade do exilio galego de 1936", é unha interpretación global do exilio galego, a súa dinámica e a súa peculiaridade dentro do exilio republicano español. O cuarto, "Notas sobre o exilio galego en Europa (1938-1975)", trata sobre a interacción entre o exilio galego en Europa e a evolución da oposición antifranquista en Galicia. O quinto, "Emigración e exilio antifascista en Alfonso R. Castelao: da "moura fartura" á Galiza ideal", baséase na experiencia coa emigración de Castelao. Por último, o sexto capítulo, "Eduardo Blanco Amor: un escritor, xornalista e político entre dous mundos", céntrase na faceta como xornalista e político emigrado de Blanco Amor.

Recensión:

- Xosé Ramón Pena, "...Morreu de amor á Terra", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 599, "Libros", 20 outubro 2016, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 552, "Letras galegas", 29 outubro 2016, p. 10.

Recorda o pobo galego como un pobo emigrante e de exiliados. Fai referencia ao volume *O soño da Galiza ideal*, onde Xosé M. Núñez fai un estudo detallado do exilio do pobo galego e sobre todo do exilio de Rosalía de Castro, Alfonso Daniel R. Castelao e Eduardo Blanco Amor.

Referencias varias:

- Xosé M. Núñez Seixas, "Especifidade do exilio galego", *El Progreso*, "Vivir", 7 agosto 2016, pp. 60-61.

Reflexiónase sobre este volume centrado no exilio e nos fuxidos despois do comezo da guerra civil de 1936, e tamén na emigración, nomeadamente a América, con numerosas testemuñas.

- Xesús Fraga, "Xosé M. Núñez Seixas. 'Antes exportabamos man de obra non cualificada; agora, talentos", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 23 agosto 2016, p. 35.

Conversa na que o profesor Núñez Seixas reflexiona sobre o contido deste volume, no que reúne as súas análises sobre o impacto da emigración e do exilio a partir de 1936,

comparándoo co caso irlandés e onde se detén nos roles de Rosalía de Castro, Blanco Amor ou Castelao.

Pardo de Neyra, Xurxo, *Literatura galega e pornografía. Datos para unha historia da pornografía literaria na Galiza*, Santiago de Compostela: Edicións Positivas, 2016, 160 pp. (ISBN: 978-84-921162-7-0).

Obra ensaística que versa sobre literatura pornográfica na Galiza, escrita por Xulio Pardo de Neyra, que aborda o estudo da presenza da literatura pornográfica ao longo do tempo dentro do campo literario galego. Séguese unha liña cronolóxica ascendente, desde os primeiros textos achados até a actualidade. A estrutura do libro preséntase dividida en catro capítulos, limiar, introdución, coda, fontes documentais e referencias bibliográficas, e finalmente notas. O libro ábrese con tres dedicatorias (a Pilar, a Afonso e a Xulio, e a Rosalía e a Pilita) e continúa cun limiar escrito por Xavier Alcalá e titulado "En cousas de conas e carallos", onde se realiza unha explicación do contido da obra. Após o limiar, está disposta a Introdución, onde se inclúen os obxectivos e a metodoloxía adoptada. Comézase o ensaio no primeiro capítulo, onde se delimitan os conceptos de erotismo e pornografía en chave literaria. A seguir, no capítulo segundo, efectúase unha aproximación á literatura pornográfica na literatura galega medieval, tendo en conta as cantigas de escarnio e maldicir. No seguinte capítulo ofrécese unha achega sobre a recuperación da imaxinaría sexual no vangardismo galego e, a seguir, no cuarto capítulo, realízase unha análise sobre a pornografía no campo literario galego actual. A obra remata coa coda, na que se centra na problemática da recepción da literatura pornográfica na Galiza. Todos os apartados van antecedidos por citas de diversos autores, (G. Bataille, Juan Ruiz arcipreste de Hita, N. Huston, H. Miller...), todas elas relacionadas co erotismo.

Referencias varias:

- Héctor Acebo, "Alfonso X fai unha serie de propostas que non son fodas tranquilas nin ás escuras", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 14 setembro 2016, p. 49.

Asegura que este ensaio constitúe a primeira achega ao carácter e á dimensión da pornografía na historia da literatura galega e subliña que actualmente se está nunha das etapas máis fecundas da pornografía nas letras galegas.

- Ángela Fontao, "Xulio Pardo de Neyra. 'Na Idade Media había unha saúde sexual moito máis dinámica do que se adoita sinalar", *La Opinión*, "Ciudad y Cultura", "A Coruña", 26 setembro 2016, p. 39.

O autor deste libro reflexiona sobre esta publicación e comenta nesta entrevista que se vive nunha época xudeucristiá moi escura na que as autoridades e mais a sociedade ditan o que debe ser correcto o que non.

Pena, Xosé Ramón, *Historia da Literatura Galega III. De 1916 a 1936*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, outubro 2016, 519 pp. (ISBN: 978-84-9121-107-5).

Terceiro volume da obra completa en catro tomos titulada *Historia da Literatura Galega*, continuación da publicada en 2013 *Historia da Literatura Galega I. Das orixes a 1853* e en 2014 *Historia da Literatura Galega II. De 1853 a 1916*. Esta nova entrega abrangue o período de 1916, fundación das Irmandades da Fala, até o comezo da Guerra Civil española e está xebrada en dezanove capítulos. Comeza co capítulo"A etapa das Irmandades da Fala" onde se aproxima á historia da Galiza daquela altura describindo as innovacións económicas, as mobilizacións agrarias e as transformacións políticas coa fin da Restauración e a segunda República. A seguir presenta dous capítulos ("A mobilización galeguista: o nacionalismo de anteguerra" e "As coordenadas lingüístico-culturais") nos que se repasa a traxectoria das Irmandades da Fala e do Partido Galeguistas e onde se analiza o estatus legal da lingua, a difusión xornalística e editorial e mais o traballo do Seminario de Estudos Galegos e da Asociación de Escritores a prol da lingua galega. O capítulo cuarto "Os 'anos de prata' (1916-1919) (I): a lírica" é unha introdución ao xénero poético desta época mentres que os seis seguintes (do cinco ao dez) se centran en diferentes aspectos e autores líricos (con aproximacións biográficas e análise das obras máis salientábeis): "A persistencia na tradición: Antonio Noriega Varela. Outros poetas rexionalistas", "Ramón Cabanillas: o poeta arelado", "A opción neotrobadoresca: Fermín Bouza Brey", "A irrupción das vangardas", "A vangarda enxebre: Luís Amado Carballo" e mais "A vangarda plena: Manuel Antonio, Álvaro Cunqueiro, Federico García Lorca". O capítulo once "Os 'anos de prata' (1916-1919) (II): a prosa" é unha introdución á prosa desta altura que é explicada con detalle entre os capítulos doce e dezaoito, incluíndo biografías de autores e análise das obras máis representativas: "A narrativa tradicional-popularista", "A renovación enxebre: os prosistas das Irmandades da Fala", "O relato simbólico-identitario (I): Nós", "O relato simbólico-identitario (II):Vicente Risco e o Novecentismo", "O relato simbólico-identitario (III): Ramón Otero Pedrayo", "O relato neopopularista (I): Afonso Daniel R. Castelao" e mais "O relato neopopularista (II): Rafael Dieste". O derradeiro capítulo de *Historia da Literatura Galega III. De 1916 a 1936* e que leva por título "Os 'anos de prata' (III): o teatro" fala da historia do teatro galego e para isto divide este capítulo en dous apartados: "A actividade escénica nos anos 20 e 30: o labor dos coros. O conservatorio nacional da arte galega e a escola dramática galega" e mais "Tendencias e direccións". O volume péchase coa "Bibliografía citada" e mais co "Índice Xeral".

Recensións:

- X. L. Méndez Ferrín, "Literatura e Cortegoso", *Faro de Vigo*, "Opinión", "Os camiños da vida", 28 outubro 2016, p. 26.

Repasa a literatura galega sinalando o novo tomo da *Historia da literatura galega*, de Xosé Ramón Pena, que abrangue dende as Irmandades da Fala (1916) até o alzamento fascista (1936). Salienta que se pode entender da obra que Galicia non recibe apoio político para a lingua, pero aínda así a literatura galega medrou. Fai memoria do poeta Francisco Cortegoso, que destaca por escritor monolingüe galego. Critica a pouca produción en galego da prensa e expón que nos escaparates das librerías ou non hai libros en galego ou están situados nos lugares menos visíbeis.

- Xosé Feixó, "Un imprescindible volume", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 603, "Libros", 17 novembro 2016, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 556, "Letras galegas", 26 novembro 2016, p. 10.

Informa da publicación da terceira entrega da *Historia da Literatura Galega*, do profesor Xosé Ramón Pena, e opina que igual que as entregas anteriores son merecedoras do Premio da Crítica Galicia na modalidade de Investigación. Eloxia o traballo de Ramón Pena, que abrangue dende a fundación das Irmandades da Fala até a Guerra civil, polo seu importante contido e a súa dimensión, así como tamén a minuciosidade coa que foi elaborado. Remata recomendando a lectura e sinalando que está impaciente por ler a cuarta entrega que abarcará toda a etapa da ditadura e posibelmente os primeiros anos da transición.

- Armando Requeixo, "Historia dos Anos de Prata", *Diario de Arousa*, "O Salnés Siradella"/ *Diario de Ferrol*, "Nordesía", n.º 960/ *El Ideal Gallego*, "La Galería", n.º 960, "letras Atlánticas", 20 novembro 2016, p. 32.

Comenta o terceiro volume da *Historia da Literatura Galega*, de Xosé Ramón Pena, que fai un repaso dende o 1916 até o 1936, denominados polo autor os "Anos de Prata". Destaca que o volume trata temas importantes como as introducións socio-históricas e político-ideolóxicas, o papel importante que desempeñaron nesa época autores como Vicente Risco, os poetas do neotrobadorismo, os vangardistas enxebres, os vangardistas plenos, entre outros moitos temas. Resalta a ampla bibliografía final que contén a obra, unhas 30 páxinas, que mostran o gran peso deste volume. Recomenda a obra a quen desexe estar ben informado destes anos da literatura galega e anuncia a posíbel edición dun cuarto volume que abarcará os anos da ditadura.

- Francisco Martínez Bouzas, "Os anos de prata", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Tribuna libre", 30 novembro 2016, p. 43.

Comenta o bo ritmo que segue a escrita da *Historia da Literatura Galega*, de Xosé Ramón Pena, co seu terceiro volume, no que comenta os "Anos de Prata" da literatura galega, época que abarca dende a creación das Irmandades da Fala (1916) até a Guerra Civil (1936) onde a escrita galega enmudece. Fai un breve repaso polos temas que trata o autor, a poesía galega na que destaca sobre todo a Federico García Lorca, a prosa coa presenza do Grupo nós, o novecentismo con Vicente Risco, entre outros moitos, e tamén resalta os temas en contextos sociais, políticos e económicos.

- Vicente Araguas, "Pena como un volcán", *La Región*, "*La Revista*", n.º 257, "Con texto", "Rabo de nube", 11 decembro 2016, p. 14.

Loa a publicación deste volume que cualifica como un "monumento que se le como unha novela" e que repasa a historia da literatura galega desde 1916 até 1936. Recalca tamén o labor de Xosé R. Pena de fixar e codificar a literatura galega dentro do traballo centrado na historia da literatura galega e que agora publica a súa terceira entrega.

Referencias varias:

- Salvador Rodríguez, "Xosé Ramón Pena. 'Otero Pedrayo, Dieste e Castelao marcaron as liñas da narrativa galega antes da guerra", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 6 novembro 2016, p. 49.

Conversa na que Xosé Ramón Pena repasa as principais características desta obra. Alude a que as Irmandades da Fala sentaron os alicerces dunha cultura nacional galega, que a Xeración Nós foi un invento do grupo Galaxia e tamén indica que Manuel Antonio e Álvaro Cunqueiro compartiron con García Lorca un vangardismo rupturista.

- Andrea Nogueira, "Alonso Montero: 'La Historia da literatura galega es ya nuestro pentateuco", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 9 novembro 2016, p. 37.

Dáse conta da presentación deste libro na sede da RAG nun acto no que participaron o seu autor xunto con Xesús Alonso Montero e Manuel Bragado, quen afirmou que estamos perante unha "auténtica enciclopedia do noso tempo".

- Alberto Martínez, "Xosé Ramón Pena presentou onte 'a idade de prata da literatura galega", *El Correo Gallego*, 9 novembro 2016, p. 33.

Infórmase de que este volume foi presentado na Real Academia Galega. Destácase que é o terceiro volume da *Historia da literatura galega* elaborada por Xosé Ramón Pena e asemade apúntase que o seu autor xa está a traballar na cuarta entrega.

- Ana González Liste, "Xosé Ramón Pena: 'As Irmandades da Fala converteron a Galiza en algo positivo", *Faro de Vigo*, "Sociedad", "Club Faro", 17 decembro 2016, p. 40.

Indícase que no acto de presentación deste libro o seu autor descifrou as claves da Irmandades da Fala e que destacou que o máis salientábel das Irmandades foi a súa capacidade de irradiación sobre outros sectores.

- Xosé María Dobarro, "Magnífico agasallo", *Diario de Ferrol*, "Opinión", "Outra volta", 18 decembro 2016, p. 16.

Repasa a súa amizade con Xosé R. Pena desde o ano 1975, detense na súa tese de doutoramento centrada nas vangardas e compara o traballo deste co que fixera Ricardo Carvalho Calero. Despois centra o seu interese nesta obra da que resalta a súa boa organización e mais que é necesaria a súa lectura para coñecermos a nosa historia. Finalmente indica que é unha obra "magna e fundamental" centrada na literatura galega.

Pérez Pena**, Marcos, *A prensa en Galicia na Transición*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, xullo 2016, 526 pp. (ISBN: 978-84-9121-068-9).**

Volume de Marcos Pérez Pena que se abre cunha dobre dedicatoria e unha "Introdución", na que se pon de manifesto que existe un claro discurso oficial sobre a Transición, pero que é preciso repensar a forma na que se levou a cabo o proceso de reforma política e a maneira na que se configurou o desenvolvemento político, económico e social dos trinta anos seguintes. A seguir preséntanse as seguintes partes diferenciadas: "Metodoloxía", "Estrutura da prensa. *La Voz de Galicia*", "O papel dos medios nas transicións. Os medios como construtores da realidade", "Medios en transición: motor ou remolque? Unha nova xeración de xornalistas", "Construción da identidade nacional. Construción do imaxinario

‘Galicia”, “Os anos da Transición a través das páxinas da prensa”, “Conflitividade social na prensa galega da Transición”, “As eleccións de 1977 na prensa galega”, “A loita por unha autonomía de primeira na prensa galega da Transición”, “As eleccións de 1979 na prensa galega”, “A prensa galega contra a aldraxe”, “Cando a Transición foi polo seu rego: a viraxe ideolóxica da prensa galega (1979-1981)”, “1980: desaldraxar o aldraxado” e “As eleccións de 1981”, “A cuestión da capitalidade”. O volume péchase cos apartados denominados “Conclusións”, “Bibliografía”, “Cronoloxía da Transición en Galicia”, “Siglas utilizadas” e “Índice onomástico”.

Recensións:

- Vicente Araguas, “Traballo exemplar”, *Diario de Arousa*, “*O Salnés Siradella*”/ *Diario de Ferrol*, “*Nordesía*”, n.º 953/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 953, “máis Libros”, 2 outubro 2016, p. 30.

Comenta a obra *A prensa en Galicia na Transición*, que abrangue dende a morte de Franco até as eleccións do 28 de outubro de 1982. Fai un repaso pola transición que considera que tivo moitas cousas boas. Fala do contido da obra que analiza a evolución dos xornais galegos e resalta nomes de testemuñas da época.

Referencias varias:

- R. L., “A prensa en Galicia na transición”, *Diario de Pontevedra*/ *El Progreso*, “*Táboa Redonda*”, n.º 55, 30 outubro 2016, p. 4.

Comenta a temática do volume centrado na Transición e no papel que tivo a prensa galega durante esta época. Destaca que Marcos Pérez Pena realiza un “percorrido polos principais acontecementos sociopolíticos”.

Queixas Zas, Mercedes, *De pergamiños, follas voandeiras e libros ao .gal*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Libro X, n.º 14, marzo 2016, 232 pp. (ISBN: 978-849914-983-7).

Compendio da evolución literaria da lingua galega atendendo a unha singradura diacrónica que versa desde os seus inicios até a actualidade. O monográfico vai introducido por unha dedicatoria da autora que reza “Con gratitude,/ para todo o alumnado/ que tanto me aprendeu/ nesta maioría de idade/ de profesión e vocación”, e continúa introducindo a obra con dous poemas. O primeiro deles, de Airas Nunes, representa o inicio da literatura galega, o segundo, de Berta Dávila, mostra a actualidade. Con estes dous polos aparentemente opostos a autora pretende simbolizar o decorrer do transcurso da literatura galega e, por extensión, da presente obra que abarca desde os inicios da literatura galega até a actualidade. A obra, de índole divulgativa, preséntase dividida en oito capítulos xerais: un saúdo de presentación a xeito de nota introdutoria, “Palabras para recibir a luz do día”, “Silencios ao ar para desterrar o solpor”, “A branca aurora a sombra espanta”, “Nunha man a fouce e noutra man a oliva”, “Un paso adiante i outro atrás, Galiza”, “Unha escrita en proceso de

redescuberta" e, por último, "Unha despedida até xeito de final inconcluso". Cada capítulo está dedicado a un período da literatura galega, seguindo unha orde diacrónica, ao tempo que presentan subdivisións que facilitan a lectura e seguimento da historiografía literaria. Cada apartado vai introducido por textos/poemas de autoras e autores representativos do devandito período, tales como Martín Codax, Frei Martín Sarmiento, Francisco Añón, Rosalía de Castro, Ramón Cabanillas, Uxío Novoneyra ou Carlos Casares, María Victoria Moreno ou María Xosé Queizán, entre outras.

Recensións:

- R. Nicolás, "Unha monografía, viva e portátil, da literatura galega", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "Galego", 25 marzo 2016, p. 11

Destaca a capacidade da autora, nesta monografía, para sintetizar tanta información, que vai dende a Idade Media até a actualidade. Salienta o propósito divulgativo, o estilo conciso e ameno.

- Alberte Valverde, "Breve historia da literatura galega", *Grial*, n.º 211, "O espello das letras", xullo, agosto, setembro, 2016, pp. 99-100.

Apúntase a intencionalidade didáctica da obra e o enfoque centrado no estudo estético das obras canónicas dende a Idade Media até o século XX. Destácase que a obra pertence á colección LibroX de Edicións Xerais, marcada pola variedade temática e o carácter formal de edición de peto. Dáse conta da perspectiva historiográfica e diacrónica da obra e máis da restrición da mesma á literatura producida en lingua galega, incidindo en que esta última pauta se aplica á obra de autores que tamén escribiron en castelán como Rosalía de Castro, Otero Pedrayo ou Álvaro Cunqueiro. Reflexiónase arredor da concepción da literatura desenvolvida na obra como elemento edificador da nación. Sublíñase a introdución de novas perspectivas de estudo coma o feminismo e a tradución. Por último, faise referencia á falta de crítica e innovación da obra en certos aspectos e ao emprego dun estilo didáctico.

Rodríguez Eiroa, Adriana e Cristóbal **Atienza** (coords.), *Antón Villar Ponte e as Irmandades da Fala*, A Coruña: Asociación de la Prensa de la Coruña, col. Biblioteca de Autores da APC, n.º 2, 2016, 126 pp. (DL: C 618-2016). u

Volume coordinado por Adriana Rodríguez Eiroa e Cristóbal Atienza Gutiérrez no que, despois do sumario, aparece unha fotografía de Antón Villar Ponte e outra da primeira páxina do Libro de Actas da APC do ano1915, coa sinatura do autor, que exercía de presidente. A seguir, figura un epígrafe titulado "Un século de Irmandades", no que Manuel González salienta a aposta das Irmandades da Fala polo nacionalismo como única vía posíbel para acadar a identidade propia de Galicia e a defensa do monolingüismo; outro denominado "Creación das Irmandades dos Amigos da Fala", no que Cristóbal Atienza se fai eco do momento de creación das Irmandades de Amigos da Fala o 18 de maio de 1916 na sede da Real Academia Galega; e unha "Cronobiografía de Antón Villar Ponte", a cargo de Emilio Xosé Ínsua. Por último, recóllese unha escolma de textos escritos entre 1905 e 1936 por xornalistas e escritores pertencentes ás Irmandades da Fala como Antón e Ramón Villar Ponte, Aurelio Ribalta, Ramón

Cabanillas, Daniel Rodríguez Castelao, Vicente Risco, Robustiano Faxinas ou Ramón Otero Pedrayo.

VV.AA., *1936. O estatuto esquecido*, A Coruña: Editorial Guiverny, 2016, 178 pp. (ISBN: 978-84-945592-2-8).

Monografía colectiva que xira ao redor do Estatuto de Autonomía de 1936. Abre o volume un limiar de Martiño Noriega Sánchez e unha introdución de Xosé L. Méndez Ferrín. A continuación presenta nove capítulos asinados por Ramón Villares, Miguel A. Seixas Seoane, Lourenzo Fernández Prieto, Xosé Fortes Bouzán, Alfonso Mato Domínguez, Xesús Alonso Montero, Guillermo Escrigas Rodríguez, David Lombao Rodríguez e Xosé A. Sarmiento Méndez. O tema que artella o volume é a política, mais en todos os artigos está presente, dun xeito ou doutro, a literatura galega a través de autores como Daniel Rodríguez Castelao, do que se salienta a súa obra *Sempre en Galiza* e se reproducen imaxes do álbum *Galicia mártir*; e fálase do valor político-social e, á súa vez cultural, de intelectuais e escritores galegos como Ramón Otero Pedrayo, Ánxel Casal, Valentín Paz Andrade, Luís Seoane, Francisco Fernández del Riego, Isaac Díaz Pardo...

Referencias varias:

- Emma Araújo, "Un nuevo libro revisa la relevancia del Estatuto del 36", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 13 decembro 2016, p. 39.

Anuncia a publicación desta obra con motivo do oitenta aniversario do primeiro referendo de autonomía galego (1936). Sinala que é unha recompilación de artigos nos que participan once intelectuais, entre eles Xosé Fortes, quen tamén actúa como coordinador, Méndez Ferrín ou Alonso Montero, nos que se salienta a impronta de estatuto do 36 no futuro de Galicia e o importante papel de Castelao e Ánxel Casal. Sinala que a súa presentación terá lugar en Santiago, a 13 de decembro, coa participación do alcalde da cidade.

- Belén López, "Xosé Fortes. 'O de 1936 foi un estatuto desgraciado", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Ciudad", p. 6/ "Xosé Fortes. 'O do ano 1936 foi un estatuto desgraciado", *El Progreso*, "Galicia", p. 30, 18 decembro 2016.

Entrevista a Xosé Fortes por mor da publicación deste volume, do que se explica que é un conxunto de artigos de dez intelectuais, coordinados por Fortes. Indica que se trata dunha reivindicación da memoria do estatuto de 1936, así como da contribución de Castelao, entre outros autores, na súa creación.

VV. AA., *Teatro keyzán. Vigo 1966-2016. 50 anos de creación escénica*, Vigo: Concello de Vigo, 2016, 44 pp. (ISBN: 978-84-92425-31-0). u

Catálogo dunha exposición homónima no que se repasa a traxectoria do Teatro Keyzán e da figura do seu fundador Maximino Fernández Queizán. Faise un percorrido pola evolución da posta en escena teatral na cidade de Vigo, durante un período en que se

estaba a dar unha renovación formal e estética. A obra *Teatro Keyzán* está composta por textos de varios autores que tratan desde a creación en 1964 do Teatro de Cámara da Academia Victoria por parte de Fernández Queizán, pasando pola creación do Teatro Popular Galego e o Teatro Popular Keyzán. Un percorrido de cincuenta anos mediante o cal se pode reconstruír a posta en escena teatral na cidade de Vigo. Os traballos reunidos levan por títulos "Testemuño", de Maximino Fernández Queizán; "O valor do patrimonio escénico do Teatro Keyzán", de Jose Luís Mateo Álvarez; "Palabras, palabras", de Francisco Pablos Holgado; "Inusual", de Xosé Luís Méndez Ferrín; "Oasis", de Manuel Forcadela; e "O Teatro Keyzán no contexto teatral vigués", de Dolores Miloro Costas. Os textos van acompañados polas fotografías de Xulio Gil Rodriguez e Mary Quintero Corredoira. Tamén se recolle unha listaxe de "Artistas colaboradores co Teatro Keyzán", acompañada dunha breve nota biográfica, e o nome dos actores e actrices. Para finalizar, achégase unha "Relación de obras expostas", que abranguen, seguindo unha orde cronolóxica, desde 1958 até 1992.

Recensións:

- Manuel F. Vieites, "Escena e patrimonio", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 581, "Teatro", 28 abril 2016, p. VIII.

Comeza facéndose eco da denuncia de Xosé Luís Méndez Ferrín da falta de apoio institucional ao teatro. Resalta a riqueza teatral que se vai perdendo e todo o que queda por facer para recuperala. Salienta a importante exposición, con intención de recuperación, na Casa das Artes de Vigo e o catálogo que a acompaña, do que repasa os traballos que o conforman.

Referencias varias:

- Tere Gradín, "Maximino Queizán. 'O teatro é revelación de cousas, provocación para pensar", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 580, 21 abril 2016, p. V/ *La Opinión*, "*Saberes*", 30 abril 2016, p. 11, "Entrevista".

Conversa na que Maximino Queizán fala brevemente da mostra e do traballo en formato libro que a acompaña e na que amosa unha parte da historia teatral e artística de Galicia.

- Fernando Franco, "Y teatro Keyzán", *Faro de Vigo*, "Vigo", "Mira Vigo", 17 maio 2016, p. 11.

Coméntase a existencia dunha mostra relacionada co volume e recoméndase a súa visita.

V.2. REEDICIÓNS COMENTADAS E FACSÍMILES. TEXTOS RECUPERADOS

Alonso Girgado, Luís, Laura **Mariño Taibo**, Laura **Piñeiro Pais** e Nuria **Rouco Aneiros** (eds.), *Xosé F. Filgueira Valverde: artigos en El Correo Gallego e La Noche*, Santiago de Compostela: Follas Novas, marzo 2016, 264 pp. (ISBN: 978-84-608-7215-3).

Volume que se abre cunha introdución de Xavier Cea, subdirector de *El Correo Gallego*, na que realiza unha aproximación á figura de Xosé Filgueira Valverde (Pontevedra, 1906-1996) e que dá paso ao traballo do autor homenaxeado titulado "A miña universidade nos anos vinte". A seguir ofrécese unha crono-biobibliografía do escritor e dáse acollida a unha reflexión de Borobó sobre a prensa de entre finais do s. XIX e principios do XX, na que se alude aos artigos de Filgueira Valverde nos xornais mencionados na súa achega. A continuación, explícanse os criterios de edición e elabórase unha relación das contribucións que o autor publicou en *El Correo Gallego*, pero que non son reproducidas nesta obra. Os artigos editados están divididos entre os que foron publicados neste xornal e aqueles que viron a luz en *La Noche*, cun total de vinte e sete e trinta e nove, respectivamente. Os textos presentados caracterízanse pola variedade temática, pois as reflexións abarcan dende a lírica profana galego-portuguesa de autores como Xohán Ayras ou Pedro Amigo de Sevilla, á lírica relixiosa das *Cantigas de Santa María*. Tamén se realizan aproximacións á catedral no Códice Calixtino, a festas, á iconografía galega dos Reis Magos como patróns dos peregrinos, a personaxes célebres como Víctor Said Armesto, o Cardeal Quiroga Palacios, Vicente Risco, Armando Cotarelo Valledor, Ramón Baltar ou Álvaro Cunqueiro, entre outros, así como ao labor do Consello da Cultura Galega.

Referencias varias:

- María Almodóvar, "Filgueira Valverde regresa á literatura cos seus artigos en EL CORREO e 'La Noche", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 11 maio 2016, p. 42.

Con motivo da presentación deste libro no Salón de Actos da sede do xornal *El Correo Gallego*, sinálase que Luís Alonso Girgado e Follas Novas lanzan esta recompilación de traballos que Filgueira Valverde publicou en *El Correo Gallego* e mais en *La Noche*.

Lopo, Antón (ed.), *Querido Eduardo: cartas de Suárez Picallo a Blanco Amor*, Santiago de Compostela: Chan de Pólvora, col. Rabo de Egua, 28 xuño 2016, 88 pp. (ISBN: 978-84-945701-2-4).

Edición anotada da correspondencia mantida entre Ramón Suárez-Picallo (Veloi, Sada, A Coruña, 1894-Bos Aires,Arxentina, 1964) e Eduardo Blanco Amor (Ourense, 1897-Vigo, 1979) entre 1931 e 1936. Son un total de vinte e cinco cartas, na súa maior parte escritas en castelán e que se conservan no arquivo Blanco Amor da Biblioteca da Deputación de Ourense. Reprodúcense recuperando unha carta extraviada e engadindo novas anotacións explicativas do contido, nunha edición que bebe do suplemento "*Revista das Letras*" de *O Correo Galego* do 1 de xullo de 1993 no que viran a luz por vez primeira vinte e catro cartas. Van encabezadas pola introdución "Dous homes en armonía" de Antón Lopo na que fai un sintético percorrido pola amizade de ambos os escritores xurdida no café bonaerense La Armonía, retrotráese ao nacemento e periplo

vital de ambos os dous, recolle as liñas xerais da correspondencia, incide no escaso recoñecemento histórico de ambas as figuras, aclara a primeira edición das cartas no suplemento citado e remata recollendo opinións da investigadora Esperanza Mariño, quen traballou sobre a correspondencia en varios traballos.

Referencias varias:

- Eladio Fernández, "A editora Chan da Pólvora arrinca como espazo poético", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 26 xuño 2016, p. 40.

Informa do nacemento da editora Chan de Pólvora, dirixida por Antón Lopo, coa publicación da primeira obra de Antón Blanco, *A Oseira*, e a reedición da emblemática obra de Chus Pato, *Ucrania*. Tamén achega información sobre a presentación da editora en Vilagarcía, Santiago e Ourense. Finalmente, saliéntase tamén a publicación de *Querido Eduardo*, unha recompilación de cartas que Ramón Suárez Picallo enviou a Blanco Amor entre 1931-1946, editada por Iris Cochón.

- Fernando Franjo, "Chan de Pólvora recupera as cartas históricas entre Picallo e Blanco Amor", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 29 xuño 2016, p. 42.

Fala da presentación deste volume en Santiago de Compostela que contou coa presenza de Carlos Callón e indica que é un compendio de cartas enviadas por Ramón Suárez Picallo a Eduardo Blanco Amor.

- Ángela Fontao, "Antón Lopo. 'A editorial trata de configurar un futuro posible e un pasado irrenunciable", *La Opinión*, "A Coruña", "Ciudad y Cultura", 22 xullo 2016, p. 10.

Entrevista a Antón Lopo, con motivo do proxecto Chan de Pólvora. Destaca a publicación das primeiras obras da editorial: *A Oseira* e *Querido Eduardo*. Comenta brevemente o contido destes primeiros libros, destacando que a especialidade da editorial é a poesía.

- TN, "Chan de Pólvora, a poesía motora", *Tempos Novos*, n.º 230, "todo é peixe", "Crónica", xullo 2016, pp. 10-11.

Faise referencia ao xurdimento da nova editorial de poesía e da libraría Chan da Pólvora, a cargo entre outros de Gonzalo Hermo e Antón Lopo e coa colaboración de Chus Nogueira ou Arturo Casas. Destácase a pretensión da editorial de dar cabida ás novas voces poéticas e á recuperación de obras. En relación a estes obxectivos saliéntase a publicación dos títulos *A Oseira* de Antón Blanco e a nova edición de *Urania* de Chus Pato a cargo de Gonzalo Hermo. Alúdese ao terceiro volume *Querido Eduardo*, que inaugura a colección "Rabo de Egua", e do que se destaca que constitúe a recompilación das cartas de Suárez Picallo a Eduardo Blanco Amor con notas e introdución de Antón Lopo. Anúnciase que a intención da editorial é levar a cabo unha coedición bilingüe de novos poetas galegos coa editorial Papeles Mínimos.

- Isabel Bugallal, "Más allá de una amistad", *La Opinión*, "Tiempo recobrado", 2 outubro 2016, contracuberta.

Comenta que no volume *Querido Eduardo* se describe a relación entre Ramón Suárez Picallo e Eduardo Blanco Amor, marcada polo estigma da súa homosexualidade, a través de cartas que conforman unha biografía emocional do galeguismo.

- Víctor Castro, "La capela de San Roque acoge a las ocho el acto de presentación del libro 'Querido Eduardo", *El Ideal Gallego*, "Área metropolitana", "Atalaya mariñana", 11 novembro 2016, p. 16.

Dáse conta da presentación da obra na capela de San Roque e destaca a presenza de Antón Lopo e Esperanza Mariño no acto.

Monteagudo, Henrique, *Irmandades da Fala: oratoria e prosa non ficcional. Antoloxía*, A Coruña: Real Academia Galega, col. Antoloxías da Academia, n.º 2, agosto 2016, 342 pp. (ISBN: 978-84-87987-96-0). u

Henrique Monteagudo recompila unha serie de textos e documentos pertencentes aos membros das Irmandades da Fala. A obra comeza cun limiar do propio Monteagudo no que se sinala a importancia desta recompilación co motivo da celebración do centenario da asociación. Neste limiar tamén comenta o labor de difusión da lingua e cultura galegas que este grupo de intelectuais fomentou incansabelmente. A edición segue cunha advertencia do editor na que se indican os criterios lingüísticos que dominarán a obra, a cal se divide en catro partes: "Un tempo novo: agromar das Irmandades (1916-1920)", "A afirmación das Irmandades a Nós (1920-1930)", "Recobrando o pulo (1930)" e "Epílogo: balance, reformulación e controversia (1933-1935)". A escolma de textos componse de documentos de Antón Vilar Ponte, Lois Porteiro Garea, Vicente Risco, Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, Johán Vicente Vaqueira, Florentino López Cuevillas, Ramón Otero Pedrayo, Manuel Antonio, Álvaro Cebreiro, Antón Lousada Diéguez e Valentín Paz-Andrade. Todos eles, intelectuais de ampla traxectoria literaria e política, que tentan difundir e fomentar as ideas relacionadas co nacionalismo galego. Para acadar este obxectivo, impulsan as actividades literarias e artísticas, sendo conscientes da importancia que supoñen para a cultura da comunidade. Remata dando conta das referencias e a bibliografía empregada.

Recensión:

- Xurxo Martínez González, "Dous volumes irmandiños", *Grial*, n.º 212, "O espello das letras", outubro, novembro, decembro 2016, pp. 91-92.

Coméntanse as obras *Irmandades da Fala: oratoria e prosa non ficcional. Antoloxía* (Real Academia Galega, 2016) editada por Henrique Monteagudo, e *O teatro nas irmandades da fala* (Real Academia Galega, 2016) editada por Laura Tato Fontaíña. Respecto á primeira, de contido político, alúdese á inclusión nela de importantes figuras da literatura galega coma Antón Villar Ponte, Vicente Viqueira, Florentino López Cuevillas, Manuel Antonio, Ramón Otero Pedrayo, Vicente Risco, Valentín Paz-Andrade ou Daniel A. Castelao. Destácase a ausencia doutras voces relevantes, como a de Ramón Villar Ponte. No tocante á segunda obra, sinálase que se trata dun estudo que recolle o labor das Irmandades da Fala na renovación do teatro galego e que ademais

inclúe a obras de Gonzalo López Abente, entre elas *María Rosa*, que destaca pola súa temática de reivindicación da igualdade de xénero. Por último, sinálase a importancia de ambos os dous volumes para o coñecemento da historia de Galicia.

Referencias varias:

- Ruth López, "Unha antoloxía editada pola RAG reúne os xéneros literarios das Irmandades", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", "Literatura", 30 setembro 2016, p. 63.

Informa da presentación dos volumes *Irmandades da Fala: oratoria e prosa non ficcional. Antoloxía* e *O teatro nas Irmandades da Fala*. Salienta que se escolman textos literarios, ensaísticos, teatrais e tamén de oratoria das Irmandades da Fala entre os que se encontran conferencias pronunciadas por Castelao, Risco ou Villar Ponte.

- Alberto Martínez, "A RAG adica as súas primeiras antoloxías ás Irmandades da Fala", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 30 setembro 2016, p. 38.

Detalla que xa están á venda dous dos tomos, centrados no Teatro e mais na Oratoria e prosa non ficcional, dos catro volumes que publicará a RAG relacionados coa literatura feita entre 1916 e 1936.

- Rodri García, "A RAG publica por primeira vez os textos que xurdiron das Irmandades da Fala", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 30 setembro 2016, p. 41.

Apunta algunhas das características destes volumes centrados nas Irmandades da Fala como que recollen alocucións de Castelao, Paz Andrade ou Otero Pedrayo xunto con vinte e catro textos e conferencias.

- Ángela Fontao, "Laura Tato Fontaíña. 'O único problema que ten o teatro galego actual é a falta de apoio da Administración", *La Opinión*, "Ciudad y Cultura", 30 setembro 2016, p. 10.

Dá conta da presentación dos volumes *Irmandades da Fala: oratoria e prosa non ficcional. Antoloxía* e *O teatro nas Irmandades da Fala*. Destaca que en 2016 debería ficar clara a importancia e relevancia das Irmandades da Fala.

- Xesús Alonso Montero, "A oratoria galega nunha escolma", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "En galego", "Beatus qui legit", 14 outubro 2016, p. 14.

Informa de que a RAG vén de presentar os dous primeiros volumes dunha colección de antoloxías de textos dos autores máis salientábeis das Irmandades da Fala e a seguir apunta algunha das súas características.

Neira Vilas, Xosé, *Olladas no camiño*, A Estrada: Edicións Fervenza, 2016, 208 pp. (ISBN: 978-84-943036-6-1).

Volume de Xosé Neira Vilas (Vila de Cruces, 1928-2015), que principia coa seguinte dedicatoria: "A Loliña Beloso Neira e Xesús Chan González, con afecto". A seguir

preséntase un prólogo que leva por título “Camiño adiante”, no que Neira Vilas explica a versatilidade das olladas e que o libro consiste nunha recompilación de cen artigos publicados por el no xornal *El Correo Gallego* e dos que xa se deu conta nos *Informes de literatura* correspondentes.

Referencias varias:

- Fran P. Lorenzo, “Remóndez. ‘O xornalismo forma parte consubstancial da vida de Neira Vilas”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 15 xaneiro 2016, p. 35.

Dá conta da presentación deste volume no Museo das Peregrinacións de Santiago de Compostela no que se recollen os artigos publicados por Neira Vilas en *El Correo Gallego* entre 2013 e 2015. Indica que en 1500 caracteres era quen de dar o máximo de información co mínimo de palabras.

- Marta Salgado, “Un percorrido polo ‘eu’ máis profundo de Neira Vilas”, *La Región*, “Ciudad”, 19 marzo 2016, p. 13.

Infórmase da presentación de *Olladas no camiño* no Liceo de Ourense. Indícase que este volume que recolle 100 artigos xornalísticos de Neira Vilas, que representan unha viaxe pola forma de ver e entender o mundo do autor.

V.3. MONOGRAFÍAS E LIBROS COLECTIVOS TRADUCIDOS OU NOUTRAS LINGUAS

Blanco Valdés, Carmen F. e Ana Mª **Domínguez Ferro** (eds.), coa colaboración de Benedict Buono, Mª Consuelo de Frutos Martínez, Javier Gutiérrez Carou, Cristina Marchisio e Mª Teresa Sanmarco Bande, *Madonna à 'n sé vertute con valore. Estudios en homenaje a Isabel González*, Santiago de Compostela/Córdoba: Servizo de Publicacións e Intercambio Científico/UCOPress, Editorial Universidad de Córdoba, col. Homenaxes, 2016, 544 pp. (ISBN Universidade de Santiago de Compostela: 978-84-16533-57-2; ISBN Universidad de Córdoba: 978-84-9927-215-3). u

Volume colectivo de homenaxe á traxectoria da estudosa Isabel González (Rábade-Lugo, 1949), con motivo da súa xubilación como catedrática de Lingua e Literatura italianas na Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela. En relación coa Literatura galega inclúese o seguinte traballo:

- Luís Alonso Girgado, "Xosé F. Filgueira Valverde na farrapeira lizgaira da prensa. Referencias italianas", pp. 35-46.

Comeza destacando dous tipos de publicacións coas que este escritor "acadou o seu perfil máis preciso": "as referidas a especialidades humanísticas, verquidas en libros ou folletos, e as colaboracións no amplo espectro das publicacións periódicas". Fai un sintético percorrido polas súas achegas en ambas as tipoloxías de publicacións, salientando que "amosa evolución, variacións nos terreos expresivo-formais xunto coa permanencia dun feixe de elementos temáticos articulados todos eles (ou case) arredor dun núcleo: Galicia". Detense en referir o "ideario e principios de distinto tipo (sociais, políticos, relixiosos, intelectuais) que mantivo" Filgueira Valverde durante a súa vida, caso da súa "profesión de fe arraigada" e a súa "filiación galeguista", un "galeguismo culturalista". Remata nomeando catro ámbitos nos que se articulou a relación de Xosé F. Filgueira Valverde coa cultura italiana: como docente, como investigador, como impulsor da cultura galega e como articulista sobre "temas e figuras italianos (ademais da súa importante tarefa de estudoso do mundo clásico latino)".

Reigosa, Carlos G., Javier **Valle-Inclán Alsina** e José **Monleón Bennácer**, *A morte de Valle-Inclán*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Crónica, xaneiro 2016, 160 pp. 143 (ISBN: 978-84-9914-963-9).

Volume no que se reúnen tres traballos ao redor da figura de Ramón del Valle-Inclán (Vilanova de Arousa, 1866-Santiago de Compostela, 1936), nos que José Monleón comeza lamentando a falta de recoñecemento por parte dos seus contemporáneos, explícase que a partir do ano 1940 a súa obra contou con novas interpretacións. Realízase un percorrido polos lugares máis apegados á biografía de Valle-Inclán, constatando o estado ruinoso no que se conservan e o descoñecemento que a sociedade posúe do autor. Javier del Valle-Inclán inicia a súa colaboración "Os últimos meses de Valle-Inclán" cos agradecementos e con dous poemas. Relátase o devir biográfico do autor, xunto con fragmentos da correspondencia que intercambiou con distintas personalidades ás que informa do seu mal. Dáse conta entón da súa saúde, dos médicos que o atenderon e dos seus costumes máis rutineiros, testemuñados algúns por autores

como Gonzalo Torrente Ballester (Serantes, Ferrol, 1910-Salamanca, 1999) ou Xosé Filgueira Valverde (Pontevedra, 1906-1996). Así mesmo, apúntanse os contactos que dende o sanatorio continuou mantendo co mundo editorial e de fitos biográficos destacados, como foi o seu nomeamento como presidente da sección de literatura do Ateneo de Madrid. Acto seguido, incídese no seu empeoramento e sinálase o eco que se fixo a prensa do seu falecemento e dos actos de homenaxe que se celebraron. Finalmente, destácase o labor da viúva do autor para evitar que a súa obra quedase no esquecemento. Carlos G. Reigosa comeza "O esperpento final" cuns versos de Valle-Inclán. A súa contribución ábrese cunha lembranza dos últimos anos do autor, incluíndo seleccións da correspondencia con persoeiros coñecidos, tanto da política como da literatura e tamén recordos destes últimos, estabelecendo unha relación das persoas próximas a Valle-Inclán do eido académico e cultural. Explícanse os intentos de levar a un sacerdote ao leito do escritor e os impedimentos cos que contou e relátase como se celebrou o enterro e a acollida que o evento tivo na prensa do momento. A obra conclúe cun índice onomástico.

Recensión:

- Estro Montaña, "Polémico volume", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 574, "Libros", 3 marzo 2016, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 531, "Letras galegas", 12 marzo 2016, p. 10.

Coméntase o libro *A morte de Valle-Inclán. O último esperpento*, un libro polémico no que José Monleón comeza a obra lembrando o pouco éxito que tivo o teatro de Valle-Inclán e a súa rebeldía contra a burguesía. Carlos Reigosa comenta no libro o ambiente fratricida visíbel no momento da súa agonía. Faise referencia ao enterro de Valle-Inclán ao que acudiron xente de varios puntos de Galicia. Outro dos autores do libro, Javier del Valle-Inclán, recorda a chegada a Santiago de seu avó. Destaca tamén as páxinas dedicadas a viúva, Josefina Blanco, e todo o que fixo por manter a dignidade familiar.

Referencias varias:

- Edith Filgueira, "Un libro aporta novedades sobre los últimos meses de Valle en Galicia", *El Correo Gallego*, "Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio", 16 abril 2016, p. 38.

Fala da presentación deste volume na libraría Couceiro de Santiago de Compostela e repasa o contido responsabilidade de Javier del Valle-Inclán, Carlos Reigosa e José Monleón. Recálcase que recolle a creación literaria e investigación xornalística sobre Ramón del Valle-Inclán.

- H. J. P., "Carlos G. Reigosa achega a Valle-Inclán ao galeguismo pola vía das lexitimacións de Castelao e Dieste", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 16 abril 2016, p. 36.

Indícase que este volume rescata o libro homónimo publicado en 2008 no selo Ézaro que é publicado en 2016 actualizado e en lingua galega. Nel repásanse os últimos oito meses na vida de Valle-Inclán e afírmase que non era antigaleguista, destacando a súa amizade con Castelao ou Dieste.

- Edith Filgueira, “Xerais tira ‘A morte de Valle Inclán’ en galego e con contidos actualizados”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, “Literatura”, 16 abril 2016, p. 38.

Sinala que este libro se publica ao se cumpriren 80 anos da morte de Ramón del Valle-Inclán e que se reedita agora en galego, con actualizacións, despois de ser publicado orixinariamente en español en 2008.

- Quique Alvarellos, “As follas inéditas de Valle-Inclán”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, 5 xuño 2016, p. L11.

Comenta brevemente a biografía de Valle-Inclán para, posteriormente, centrarse na nova publicación da editorial Xerais, *A morte de Valle-Inclán*. Recolle algúns fragmentos da obra e a súa experiencia persoal coa lectura do volume. Fala de como se conseguiron catro follas de loureiro da coroa fúnebre que acompañou a Valle-Inclán de Santiago de Compostela até o cemiterio de Boisaca en xaneiro de 1936.

V.4. PUBLICACIÓNS EN REVISTAS

Acuña, Ana, "Curando coa palabra. Entre a literatura e a medicina popular.", *Escrita contemporánea,* Z, 2016, pp. 57-79.

Nun estudo sobre as características das diferentes fórmulas populares de pregarias en Galicia inclúese o poema "Poida que non me creades" (1884) do escritor Andrés Muruais e un fragmento do conto "O afillado" recollido na obra *Pontevedra, boa vila* (1947>1985) de Xose María Álvarez Blázquez, destacando que ambos os dous textos tratan con humor a temática do bautismo antes do parto. Infórmase de que tamén integra a obra *Pontevedra, boa vila* o texto "O meigallo no San Cibrán" de Manuel Chamoso Lamas e apúntase que xira arredor da figura tradicional do "pastequeiro". Faise referencia a que este relato está escrito en terceira persoa e a que versa sobre un pastequeiro que resolve un conflito familiar arredor dun casamento. Alúdese á presenza da mesma figura na obra *Cousas* (1934>1992) de Castelao e á súa intervención no tocante a coitas amorosas. Menciónase a relevancia de curandeiros e médicos na obra de Ánxel Fole e a aparición do curandeiro tradicional nas obras de Álvaro Cunqueiro *Escola de menciñeiros* (1960>1983), *Xente de aquí e de acolá* (1971>1983), *Os outros feirantes* (1979>1983) ou *Tesouros novos e vellos*. Destácase o carácter galego desta figura nos textos de Cunqueiro incluíndo fragmentos das obras onde aparece caracterizada. Apúntase a relación desta personaxe co prototipo do "contador" (p. 72) estudado por María Xesús Nogueira. Destácase a presenza das fórmulas curativas da tradición oral na obra de Celso Emilio Ferreiro *A fronteira infinda* (1972>2003), en concreto, no tocante ao papel da muller en relación coas doenzas. Alúdese á obra de Xosé Luís Méndez Ferrín *Bretaña Esmeraldina* (1987) destacando a aparición na mesma da figura do pastequeiro e relacionando a súa caracterización coa desenvolvida na obra de Cunqueiro, de acordo cos estudos de Anxo Angueira. Tamén se inclúen fragmentos sobre doenzas e posesións de espíritos extraídos dos textos "Lobosandaus" e "Quinta Velha do Arranhão" pertencentes á obra de Méndez Ferrín *Arraianos* (1991). Analízase a presenza desta última temática en *O lapis do carpinteiro* de Manuel Rivas e o tratamento da mesma en relación coa obra de Cunqueiro. Sinálase a presenza destas doenzas populares tamén na obra de Carlos Solla. Por último, anótase a relevancia do papel da muller en relación aos métodos orais de curación na obra de María Xosé Queizán *Amantia* (1984), sinalando que estas fórmulas estaban presentes xa nos libros de Álvaro Cunqueiro.

Alonso Montero, Xesús, "Filgueira Valverde, o sabio que oíu cantar en Armenteira a 'paxariña' de Alfonso X", *Galegos*, n.º 22, I, "Personeiros", pp. 88-91.

Aproximación á figura de Xosé Filgueira Valverde. Tras unha breve "Nota preliminar", na que se presenta o autor, comézase con "1935: annus mirabilis na carreira de Filgueira Valverde", no que se resalta o seu traballo doutoral sobre a cantiga *CIII* de Alfonso X o Sabio. A seguir, en "Filgueira, con San Ero, en Armenteira", fálase do artigo publicado na revista *Nós* "Cantigas d'El Rei Sabio localizadas en Galicia. San Ero de Armenteira", centrado nunha lenda do folclore atopada por Filgueira na súa xuventude, con tema moi similar ao da cantiga CIII. Continúase co apartado "O texto da cantiga CIII", no que se proporcionan as lendas das miniaturas e fragmentos da cantiga, á vez que se enxalza o traballo de Literatura comparada feito por Filgueira na súa tese de doutoramento. A

seguir, a sección "O monxe e a paxariña na voz de importantes escritores: dous poemas de Valle-Inclán (1907) e unha prosa de Castelao (1932)" dase conta doutros autores que utilizaron como tópico a lenda estudada por Filgueira, e que este incluíu na súa tese, como o alemán Ludwig Uhland, o inglés Henry R. Longfellow, Ramón del Valle-Inclán ou Daniel R. Castelao. Conclúese co apartado "Poemas suscitados pola tese de Filgueira Valverde: de Eugenio D'Ors a X. L. Franco Grande", no que se tratan os poemas escritos por autores que coñeceron a tese de Filgueira, como Eugenio D'Ors, José Ángel Valente, e Xosé Luís Franco Grande. Proporciónanse versos dos poemas para exemplificar a súa relación co tema da cantiga CIII tratada por Filgueira Valverde na súa investigación.

Álvarez Cáccamo, Xosé María, "Contra a pulsión de morte", *Grial*, n.º 209, "O espello das letras", xaneiro, febreiro, marzo 2016, pp. 99-100.

Recensión do poemario *Figuras da finitude* (Laiovento, 2015), de Francisco Sampedro. Destácase a alegación a prol da vida que supón a obra e o debate contra a idiosincrasia e a ideoloxía que impón a relixión sobre a morte. Saliéntase a exploración do autor sobre os lindeiros entre poesía e filosofía, así como as posibilidades e falta de alusións ao coñecemento da lingua poética para expresar a morte e a nada desde a perspectiva do pensamento tradicional.

Álvarez Fernández, Bárbara, "Sobre produción literaria feminina en Irlanda, Gales e Galicia", *Grial*, n.º 212, "O espello das letras", outubro, novembro, decembro 2016, pp. 94-95.

Ofrécese unha recensión da obra *Ex-sistere: Women's Mobility in Contemporary Irish, Welsh and Galician Literatures* (Cambridge Scholars Publishing, 2016) editada por María Jesús Lorenzo-Modia. Sinálase que a estrutura do volume consta de tres seccións nas que se estuda o discurso feminino e a emigración de escritoras de Galicia, Irlanda e Gales respectivamente. No tocante ao bloque sobre a literatura galega, destácase que está constituído polas aportacións de María López Sández sobre migración, nacionalismo e feminismo; a achega de María Xesús Nogueira Pereira sobre os vínculos entre Galicia e outros lugares, a partir da análise dos topónimos dos títulos das obras de poetas galegas publicadas entre os anos 2000 e 2009; o estudo de Olivia Rodríguez sobre as distintas percepcións da viaxe literaria, entre as que se destaca a análise da novela de Eva Moreda *A Veiga*; e por último, o estudo de Xesús Fraga sobre a emigración a Inglaterra durante o franquismo. Ademais, achégase o contido das demáis seccións da obra adicadas á literatura irlandesa e galesa.

Amado Rodríguez, María Teresa, "A escolma de chistes máis coñecida", *Grial*, n.º 212, "O espello das letras", outubro, novembro, decembro 2016, pp. 92-93.

Ofrécese unha recensión da obra *Philogelos (O amante da risa)* (Rinoceronte Editora, 2016) de Hierocles e Philagrios. Destácase a pertencia da obra á colección Vetera de Rinoceronte Editora destinada á publicación de obras anteriores ao século XIX e saliéntase a pertenza á mesma das obras clásicas *Arte de amar* e *Remedio de amor* de Ovidio. Contrástase o estilo descoidado da obra e a falta de trascendencia do contido

coa representación social que ofrece. Sublíñase que constitúe a recompilación de chistes máis antiga coñecida. Resáltase que os temas tratados centrados son as faltas físicas e morais dun modo xenérico e estereotipado. Sinálase que a obra vai precedida dunha introdución que inclúe un estudo sobre o texto e o contexto no que se insire, a identidade dos autores, as dificultades de datación, as características de lingua e estilo, a temática e as pautas e dificultades da tradución. Por último, saliéntase a adecuación das notas a pé e sinálanse as eivas da bibliografía final.

Arias Chachero, Patricia, "Elena Quiroga Abarca", *Grial*, n.º 210, "O Espello das Letras", abril, maio, xuño 2016, pp. 104-109.

Faise unha aproximación á figura da escritora Elena Quiroga Abarca e á súa obra *Viento del Norte* da que se destaca que foi galardoada co Premio Nadal de Literatura. A propósito desta obra, recóllese que fora presentada con anterioridade como *Tumba loureiro* ao concurso de novela de Bibliófilos Gallegos en 1949. Destácase que esta obra da autora competiu coas de figuras da literatura galega coma Ricardo Carballo Calero ou Xosé Mª Álvarez Blázquez. Saliéntase que entre os integrantes do xurado estaban outros persoeiros da literatura galega coma Ramón Cabanillas, Francisco Fernández del Riego ou Ramón Otero Pedrayo. Dáse conta de que a obra gañadora foi *Xente da Barreira*, de Carballo Calero, e sublíñase o feito de que fose a única escrita en lingua galega así como a súa posterior consideración de "primeira novela galega da posguerra". Achéganse as críticas de Otero Pedrayo e Del Riego a *Tumba Loureiro* e as aclaracións da autora sobre as diferenzas entre esta obra e *Viento del Norte*. Alúdese á relación da autora coa irmá de Rafael Dieste. A partir dos estudos de Xesús Alonso Montero, alúdese á biografía desta última e á súa relación con Castelao como fonte de inspiración. Por último, alúdese a que Quiroga dedicou o seu discurso de entrada na RAE a Álvaro Cunqueiro.

Arén, Román e **Cartea**, Eme, "O Spleen de París (pequenos poemas en prosa)", *Barbantia. Anuario de Estudos do Barbanza*, "Aires de fóra", nº 12, 2016, pp. 163-221.

Ofrece unha introdución á obra literaria de Charles Baudelaire incluíndo as características máis relevantes da mesma e nalgún caso facendo referencia aos medios nos que se publicou. No tocante á literatura galega, destácase a tradución d'*As flores do mal* (Galaxia, 2008) levada a cabo por Gonzalo Navaza, a tradución d'*O teatro de Charles Baudelaire. Proxectos* e de varios textos do autor coma "Os gatos" ou "O home e o mar" a cargo de Xesús González Gómez, a antoloxía *Baudelaire* (Lugo, Tristam, 2007) a cargo de Esperanza Fernández e o texto "O xove feiticeiro" incluido na obra *Contos de pintura*. Tamén se sinala a tradución de "A Ivonne Pen-Moore" a cargo de Otero Pedrayo, as versións dos poemas "Canto Outono", "O albatros" e "Os gatos" recollidas en *Versos de alleas terras e de tempos idos* (Santiago, 1955) de Ramón Cabanillas e ademais apúntase a análise que delas fixo Antón Figueroa en "Nota sobre a problemática da tradución poética: a propósito das paráfrases que Cabanillas fai de poemas de Baudelaire". Alúdese ás traducións de "Cristóbal Xordán", "Na campa dun poeta maldito" e "Torquato Tasso na cadea" destacando que foron compiladas despois por González Goméz en *Flor de diversos*. Faise referencia a que a obra *Poesía inglesa e francesa vertida ao galego* incluía os textos do autor "Unha prea" e "Spleen" traducidos por Lois Tobío. Menciónanse as traducións ao galego das composicións "Harmonía do

solpor", "O albatros" e "A morte dos amantes" incluidas na obra *Simbolismo e Modernismo* (A Coruña, Baía, 2003). Alúdese ás reflexións sobre o autor realizadas por Otero Pedrayo en "Baudelaire" e na atribuida "Letras d'afora. Spleen e Ideal", ás realizadas por Francisco Fernández del Riego en "Reencontro con Baudelaire" e "Carta sobre o abisal e estético en Baudelaire" e tamén ás feitas por Xesús González Gómez en "Baudelaire e os gatos". Faise referencia á tradución ao galego d' *O Spleen de París* a cargo de Xela Arias e á tradución da metade dos *Poemas en prosa* levada a cabo por Manuel Cartea. Por último, proporcíonase a tradución ao galego a cargo de Eme Cartea dos seguintes textos: "À Arsène Houssaye", "L'étranger", "Le désespoir de la vieille", "Le *confiteor* de l'artiste", "Un plaisant", "La chambre double", "Chacun sa chimère", "Le fou et la vénus", "Le chien et le flacon", "Le mauvais vitrier", "À une heure du matin", "La femme sauvage et la petite-maîtresse", "Les foules", "Les veuves", "Le vieux saltimbanque", "Le gâteau", "L'Horloge", "Un hémisphère dans une chevelure", "L'invitation au voyage", "Le joujou du pauvre", "Les dons des fées", "Les tentations ou Èros, Plutus et la Gloire", "Le crépuscule du soir", "La solitude", "Les projets" e "La belle Dorothée".

Bernárdez Vilar, Xoán, "Actividade *versus* pensións de xubilación?", *Encrucillada*, n.º 196, "Crónica da cultura", xaneiro-febreiro 2016, pp. 96-106.

Faise unha crónica do ámbito cultural en distintos apartados. No que atinxe á literatura galega, na sección "As letras", recóllese a creación da editorial Novovinilo, dedicada a traducir obras do século XXI á lingua galega, que se presentou coa obra *O enigma de Qaf*, do brasileiro Alberto Mussa. Alúdese tamén ao acto conmemorativo polo oitenta aniversario de publicación dos poemas que Federico García Lorca escribiu en galego. No apartado "Premios" dase conta da entrega dos premios do Certame Xuventude Crea, que na sección de poesía foi para Brais Lamela Gómez, por *Memorias dun cuarto afincado en Nevermor* e Mónica Sánchez Rodríguez, por *O sosego do Lodo*. En relato breve, tamén foi vencedor Brais Lamela con *Barcos de Palma do Ecuador*. Recóllese así mesmo a entrega do Premio de Poesía Victoriano Taibo para o poemario *Do outro lado das portas*, de Iñaki Varela Pérez. Ademais, achégase o gañador do Premio do Certame Nacional de Relato Breve Modesto R. Figueiredo, que foi Diego Giráldez, coa súa obra *Sagradas Escrituras*. Por último, dase conta da entrega do IX Premio de narrativa breve Repsol, que foi para Marcos Sánchez Calveiro por *Fontán*, obra na que reconstrúe a figura de Domingo Fontán Rodríguez. Na sección de "Varia" recóllese a conmemoración do 55º aniversario da publicación de *Memorias dun neno labrego* coa concesión da denominación Neira Vilas á Biblioteca de Galicia; dase conta do centenario do nacemento do escritor, xornalista e poeta Miguel González Garcés; e alúdese á defensa da tese de doutoramento de Malores Villanueva Gesteira, co tema "A editorial Galaxia: Proxecto e Traxectoria: 1950-1963". A crónica conclúe coa información sobre a presentación do poemario *Xoguetes do Tempo*, de Xosé Luís Franco Grande.

_____, "O castro de Santa Tegra, sobre o Miño", *Encrucillada*, n.º 197, "Crónica da cultura", marzo-abril 2016, pp. 98-108.

Repaso pola escena cultural que no referido á literatura galega, incluído no apartado "As letras", se dá conta da concesión do premio Letra E á escritora Helena Villar Janeiro e a selección de Pere Gimferrer como Escritor Galego Universal. Alúdese á homenaxe polo

cincuenta aniversario do falecemento do poeta Vitoriano Taibo García (Compostela 1885 – Vigo, 1966), no que se presentou unha obra inédita. Na sección "Premios" recóllese a entrega do VIII Premio Arume de Poesía, concedido pola fundación Neira Vilas, a Mónica Inés Varela Gestoso, polo poemario *Soños de Neno*. Alúdese así mesmo á entrega do Premio Arcebispo Juan de San Clemente 2016, que na categoría de Novela en lingua galega foi para Pedro Feijoo. Por último, o dramaturgo Marcos Abalde Covelo (Vigo, 1982) foi o vencedor do IV Premio de Poesía Manuel Lueiro Rey co poemario *Exhumación.*

_____, "Abril, o mes de Cándido Pazos", *Encrucillada*, n.º 198, "Crónica da cultura", maio-xuño 2016, pp. 90-101.

Repaso polos feitos máis destacados da cultura galega. No apartado "As letras" dase conta dunha homenaxe ás Irmandades da Fala polo seu primeiro centenario no Teatro Rosalía de Castro da Coruña e alúdese á conmemoración da figura de Manuel María. Na sección "Premios" recóllese o ditame da XX Edición dos Premios María Casares de Teatro, nos que resultou vencedora a obra *O principio de Arquímedes* de Teatro Atlántico, con cinco galardóns, seguida de *Xardín Suspenso* do Centro Dramático Galego con tres e *Ensaio sobre a cegueira* de Sarabela Teatro e *Presidente*, que acadaron un premio cada unha. O premio ao mellor texto orixinal foi para *30 e tantos ósos* de Aporía Escénica, mentres que o Premio de Honra foi para a *Revista Galega de Teatro*. Recóllese, ademais, a entrega do premio Trasalba ao enxeñeiro, economista e ensaísta Camilo Nogueira. Alúdese á entrega do Premio da Crítica para Manuel Rivas Barrós por *O último día de Terranova* e a María do Cebreiro Rábade Villar polo poemario *O deserto.* Recóllese a entrega do premio Xosé Aurelio Carracedo ao escritor Santiago Jaureguizar por *Os amigos do cadáver de Blanco Amor*. Así mesmo, dase conta da entrega do Premio Manuel Murguía de Narracións Breves para *Hai patios de luces tristes*, de Diego Giráldez, no que resultaron finalistas *O mérito da chuva*, de Carlos Quiroga, e *A aranha de Sydney*, de José A. Lozano. Dise que no acto se presentou a obra *Garza insomne*, que contén relatos seleccionados nas primeiras edicións do concurso. Alúdese á celebración da Primeira Gala do Libro Galego na que os principais premiados foron Manuel Rivas, María Solar e María Lado. Dase conta da entrega do premio de poesía Concello de Carral a Modesto Fraga por *Devalar sen pel*; así como do Premio Rosalía de Castro do Concello de Padrón para *As Flores*, de Helena Salgueiro Golán. Recóllese tamén a entrega do Pedrón de Ouro ao Coro Cántigas da Terra.

_____, "Dos altos e sublimes cedros do Líbano ao confín dos verdes castros", *Encrucillada*, n.º 199, "Crónica da cultura", setembro-outubro 2016, pp. 79-93.

Repaso pola crónica cultural que no apartado "As letras" recolle a resolución da XXXIII edición dos Premios Xerais concedidos a *A ira dos mansos*, de Manuel Esteban Domínguez, o Premio Jules Verne de Literatura Xuvenil a Iria Misa Peralba por *Xa non estou aquí* e o Premio Merlín de Literatura Infantil a *Todo o tempo do mundo*, de David Pérez Iglesias. Tamén se explica que o gañador do IX premio Victoriano Taibo de poesía foi Xosé Iglesias Lamela con *A relixión do mar*. Dase conta dunha homenaxe organizada pola Fundación Lois Peña Novo ao escritor Xosé Luís Franco Grande, a conmemoración dos 131 anos do pasamento de Rosalía de Castro na Casa de Rosalía, en Padrón, a saída do prelo da primeira edición inglesa de *Follas Novas*, a decisión da Real Academia Galega de dedicar o Día das Letras Galegas do ano 2017 a Carlos

Casares, a presentación do libro *Tras os pasos do Conde de Gondomar*, de Antonio Soliño Troncoso ou a aparición da revista *Compostelánea*. Outras novas que se citan son: que a Biblioteca e o Arquivo de Galicia van acoller a biblioteca e arquivo de Luz Pozo Garza, que a Biblioteca Penzol recibiu no seu depósito os fondos de Avelino Pousa Antelo; que en se concedeu o XI Premio Castelao de Banda Deseñada a Emilio Fonseca Martín por *Fóra do Mapa*, que se celebraron diferentes eventos en cine e teatro, como a exhibición de Teatro Universitario no Salón Teatro de Compostela, a Mostra Internacional de Teatro de Rivadavia, a Mostra Internacional de Teatro Cómico de Cangas e o Festival de Teatro Galego do Carballiño. Alúdese, ademais, ao Concurso Buero de Teatro Joven gañado polo grupo Vai no Dentista e Lohegrín. Tamén se cita aos gañadores dos Premios Bos e Xenerosos, da Fundación Eduardo Pondal, que concedidos a Fina Casalderrey, Carlos Núñez, Isabel Blanco e José Luís Rabuñal; que o galardón Letra E da Asociación de Escritores en Lingua Galega foi para Helena Villar Janeiro e as Medallas Castelao para o escritor Alfredo Conde Cid, entre outros; a Medalla de Ouro para o filólogo e crítico literario Basilio Losada Castro e, por último, que os Premios da Cultura Galega recoñeceron a persoeiros como María Xosé Queizán, a Agrupación Sarabela Teatro ou a profesora e tradutora Elena Zernova. No derradeiro apartado, "Varia", recóllese a presentación dunha biografía de Manuel María, co gallo do Día das Letras Galegas 2016; e a celebración do festival "Viñetas desde o Atlántico".

_____, "O Codex Ambrosianus D52", *Encrucillada*, n.º 200, "Crónica da cultura", novembro-decembro 2016, pp. 99-111.

Faise un repaso da crónica cultural en diversos apartados. No que atinxe á literatura galega, na sección "As letras", dáse conta da elección de Chus Pato Díaz como académica numeraria da Real Academia Galega; e de Clodio González Pérez como Académico Correspondente. Recóllese a celebración dun acto conmemorativo do centenario da primeira visita a Galicia de Federico García Lorca. Por outra banda, dáse conta da publicación de *Contos pequenos*, de Victoriano Taibo García nunha edición facsimilar. Saliéntanse a publicación do terceiro tomo da *Historia da Literatura Galega. De 1916 a 1936*, de Xosé Ramón Pena, e a presentación da cuarta versión do dicionario online da Real Academia Galega. A seguir, no apartado "Cine e Teatro", recóllese o ditame dos premios de teatro convocados polo AGADIC, o XXIII Premio Álvaro Cunqueiro concedido a Manuel Lourenzo por *Suite Artabria*; o VIII Premio Barriga Verde para textos de teatro de monicreques para adultos para Roi Vidal Ponte por *Marcha fúnebre para un monicreque*; o Teatro de Títeres en categoría infantil para Ignacio Vilariño; e o IX Premio Manuel María de Literatura Infantil para Carlos Labraña por *O Valo*. Na sección "decesos", recóllese o pasamento do poeta Francisco Cortegoso (FrankEuner) e no apartado "Premios", os vencedores de distintos galardóns relacionados coa cultura galega, como o Premio de Narrativa Breve de Repsol para Daniel Asorey por *Nordeste*, o Premio Meiga Moira para Héctor Cajaraville por *Denébola, a Roxa*; o I Premio Xosé Neira Vilas de novela curta para nenos a David Daniel Vázquez Álvarez por *Diario de Brian, o chinés*; o premio San Clemente organizado polo IES compostelán Rosalía de Castro para Xabier Quiroga por *Izan o da saca*; o premio Ramón Piñeiro, Facer País, para a escritora e xornalista Margarita Ledo Andión; o Premio Mondoñedo 10 para *Os libros arden mal*, de Manuel Rivas; o premio Xosé Mª Parallé a Miriam Ferradáns Ferradáns por *Dos nomes do fume*; e os vencedores dos XXXIX Premios da Crítica de Galicia, entre os que se recoñeceu en investigación a *Historia da Literatura Infantil* coordinada por Blanca Roig-Rechou.

Bragado, Manuel, "A ollada do cosmonauta", *Luzes*, n.º 37, *"República"*, "Opinión", 2016, pp. 87.

Co gallo do pasamento de Agustín Fernández Paz, faise un repaso pola súa figura e obra. Saliéntase o seu concienciudo proceso de traballo, baseado na planificación, corrección e destilación do texto, tanto nos contos infantís como na obra dedicada a un público xuvenil ou adulto. Reflexiona sobre o termo de *agustinismo*, acuñado por Jaureguizar, para facer referencia non só ao seu método de traballo, senón tamén á súa actitude ética, de compromiso co colectivo e coa lingua, que pode observarse nas súas obras *Non hai noite tan longa* (2011), *O rastro que deixamos* (2012) e *A viaxe de Gagarin* (2014). Por último, anúnciase a publicación do conto póstumo *O soño do Merlo Branco* (Xerais).

Brea Rei, X. Ramón, "O bou Eva, unha singradura pola memoria", *Barbantia. Anuario de Estudos do Barbanza*, "Limiar", nº 12, 2016, pp. 45-48.

Achégase una análise dos datos recollidos en torno á biografía dos irmáns Insua, curmáns de Castelao, antes da súa morte na guerra civil. Faise referencia aos versos poeta Xosé María Segade sobre estas dúas figuras e achéganse os datos sobre os irmáns recollidos nas cartas de Rafael Dieste a partir da obra *Dos arquivos de Rafael Dieste* de Xosé Luís Axeitos, incluída no Boletín Galego de Literatura. Saliéntase a relación dos Insua co poeta Manuel Antonio e anótase que Valentín Paz Andrade deu conta de onde se refuxiaban nun dos seus libros. Sinálase que Valentín Paz Andrade é o autor da primeira composición sobre as súas mortes titulada "Na onda até Rianxo". Destácase a labor de Alonso Montero para preservar este feito histórico e tamén a de Anxo Angueira, sinalando que este último recólleo no poemario "Fóra do sagrado". Por outra parte, dáse conta da relación da morte dos Insua coa andaina do fuxido Foucellas salientando a obra de Carlos G. Reigosa *Fuxidos de sona* sobre o suceso e analízanse os datos incluídos no prólogo da obra dramática *Unha morte lanzal. A traxedia do bou Eva* de Julián Rodríguez Novo. Por último, faise referencia á posta en escea desta peza teatral a cargo do grupo Airiños e alúdese á vinculación de Manolo Castelao a un grupo teatral do mesmo nome, creado na II República, salientando a súa colaboración á hora de representar a obra *A fiestra valdeira* de Rafael Dieste.

Cabrera, María Dolores, "Saúde e Patria! Cartas de Víctor Casas a Fermín Penzol", Grial, n.º 212, "Documentos", outubro, novembro e decembro 2016, pp. 55-65.

Facilítase a reprodución mecanografada dunha parte das misivas intercambiadas entre Víctor Casas e Fermín Penzol dende 1920 a 1922. Esta achega vai precedida dunha análise introdutoria na que se expón o contido das cartas, subliñando as referencias a autores coma Noriega Varela, Carré Aldao, Vicente Risco, Villar Ponte, Peña Novo, Ramón Cabanillas, Castelao, Filgueira Valverde, Ben-Cho-Shey ou Bouza Brey. Inclúense tamén alusións ás obras *Néveda* de Francisca Herrera, *O diputado por Veiramar* de López Abente, *Fermosinda* de Farruco Porto Rey e *Follas novas* de Rosalía.

Camoira Vega, César, "Avelino Díaz y Díaz, un home ó servizo da causa galeguista. Algunhas pautas interpretativas", *Lvcensia*, n.º 52 (vol. XXVI), 2016, pp. 91-110.

Faise en varios apartados un repaso pola vida, obra e pensamento de Avelino Díaz y Díaz. Comézase cun "Retrinco bio-bibliográfico", no que se fai unha pequena achega biográfica do autor, salientando experiencias como a emigración. A seguir, na sección "Planos social e político de Avelino Díaz" céntrase a análise en tres factores: emigración, caciquismo e posicionamento ideolóxico. Faise, ademais, unha contextualización da situación galega no século XIX. A continuación, no apartado "Apuntamentos sobre a obra", trátase sobre os catro poemarios do autor: *Flor de retama* (en castelán), *Pallaregas*, *Debezos* e *11 poemas a Castelao*. Trátanse aspectos como a caracterización externa e interna, atendendo aos paratextos; á temática, na que se salientan a denuncia social, o intimismo e a reflexión sobre Deus; e o punto de vista lírico, que se amosa no tipo de enunciación e na linguaxe de canción. Achéganse breves fragmentos nos que se exemplifican os aspectos analizados e conclúese cun apartado de "Bibliografía".

Casas, Arturo, "Da non consunción do corpo, do suxeito a arder", *Grial*, n.º 209, "O espello das letras", xaneiro, febreiro, marzo 2016, pp. 97-98.

Recensión do poemario *Historia do meu corpo en labaradas* (Neopàtria, 2015), de Rosa Enríquez. Sinálase que se trata dunha edición bilingüe que inclúe a tradución dos poemas ao castelán e alúdese ás cinco obras anteriores da autora *Nas aforas* (2005), *Vestíbulo da devastación* (2007), *Desobediencia* (2011), *Atlas de Chaguán* (2012), *Espectros* (2014). Destácanse as referencias na súa produción á intertextualidade, ao espazo, ao corpo, á biopolítica, á denuncia da opresión feminina e ás réplicas a través da multiplicación discursiva ao imaxinario patriarcal do desexo e do poder. En canto ao poemario saliéntase a espacialidade como elemento de articulación, a discursividade dialóxica e conversacional, así como a conversión en relato e o emprego dun ton ensaístico e aforístico. Apúntase que os poemas abranguen da autoficción ao testemuño e tamén a particularidade de xustapoñer segmentos lingüísticos noutras linguas. Destácase a temática ao redor da materialidade, a discursividade e a performatividade. Ponse de manifesto a pretensión de permanencia da escritura fronte á morte e a recorrencia da polaridade verdade e falsidade.

Castro, R., "O futuro da edición non vai ser diferente do futuro do proxecto de Galicia", *Luzes*, n.º 30, 2016, pp. 29-36.

Entrevista con Manuel Bragado e Víctor Freixanes sobre o futuro do sistema editorial galego. Trátanse temas como a caída de falantes de galego, a falta de promoción do libro, a antigüidade do modelo de negocio, o aguante da literatura infantil e xuvenil, as traducións ao galego e de autores galegos e o soporte do libro electrónico.

Caveiro, Laura, "*Damaged people*", *Tempos Novos*, n.º 225, *"ProTexta"*, "ProPostas", febreiro 2016, p. 83.

Recensión da obra *Fin de festa* (Laiovento, 2015), de Diana Varela Puñal. Faise referencia a que a obra xira arredor dos desafiuzamentos nunha vila da costa e ao protagonismo das personaxes marxinais na mesma. Destácase o emprego da prosa breve e a recorrencia dos símbolos. Saliéntase o emprego da ironía, así como o ton idealista e dramático da obra. Alúdese a que a estrutura da obra presenta unha división en capítulos alterna, segundo a cal un capítulo protagonizado pola personaxe principal vai seguido doutro arredor doutras personaxes. Faise fincapé no carácter costumista das escenas recreadas no libro, no illamento dos fragmentos e mesmo das accións, dada a ausencia de interacción entre as personaxes, que deriva no enaltecemento da figura da protagonista.

C. F., "Antón Reixa. Entendo que podo resultar cargante porque non parei de facer cousas", *Tempos Novos*, n.º 225, "Cultura", febreiro 2016, pp. 70-73.

Achégase unha entrevista feita a Antón Reixa na que se tratan diversos temas. No tocante á literatura galega alúdese á publicación da súa obra *Algo raro pasa raro* (La oficina de artes y ediciones, 2015) en edición bilingüe galego-castelán. Saliéntase que a temática da obra xira arredor do desconcerto, da antítese e dos contrasentidos. Ademais destácase a pegada da oralidade na obra. Alúdese ao pouso culturalista do libro. Faise referencia á versión cinematográfica do libro *O lapis do carpinteiro* de Manuel Rivas e ao simbolismo da obra como exemplo da resistencia galega ao golpe de estado que desembocou na Guerra Civil.

Cid, Alba, "Ceo ou cénit. A autoría feminina na poesía galega", *Luzes*, n.º 28, *"República"*, "Reportaxe", pp. 78-81.

Reflexiónase sobre a relevancia da autoría feminina no ámbito da poesía galega. Comézase por reflexionar sobre as distintas achegas á obra de Rosalía e as súas diversas lecturas, dende perspectivas como a de María do Cebreiro, Helena Miguélez e Isaac Lourido. Reflexiónase sobre os poemarios de autoría feminina publicados nos anos 50, 60 e 80 co reducido abano de publicacións culturais; o que inclúe a autoras como María Mariño, Pura Vázquez, Luz Pozo Garza, María do Carmo Kruckenberg e Xohana Torres. A preeminencia das mulleres no campo poético, por encima do ensaio ou a narrativa, vencéllase coa figura de Rosalía. Saliéntase o labor de Xohana Torres e María Xosé Queizán no despregue dunha literatura posterior de autoría feminina, de signo feminista, a través de publicacións cruciais como a *Festa da palabra silenciada*, nada en 1983 da man de Queizán e que puxo en valor a obra de diversas autoras galegas. Reflexiónase sobre o *boom* producido nos anos 90, acompañado da progresiva institucionalización da crítica. Ábrese o debate sobre as relacións entre a poesía dos anos 90, a expansión da universidade, a consolidación institucional do nacionalismo e a canonización da poesía da época. Reflexiónase sobre o cambio chegado nos 2000, no que perde protagonismo a produción poética, pero máis narradoras vencen no Premio Xerais, entre outros. Conclúese facendo un repaso polos "teitos de cristal" achados pola escrita feminina, dende a loita polo recoñecemento baseada en patróns alleos até a normalización dos seus roles na vida cultural.

Cociña, Olalla, “As mulleres escribimos desde abaixo, desde o lodo”, *Luzes*, n.º 31, *“República”*, “Entrevista”, 2016, pp. 74-79.

Entrevista con Chus Pato na que, ante a posibilidade de entrar na Real Academia Galega, se fai unha revisión pola súa traxectoria, até o seu recital coa poeta Eirín Moure no Poetry Room de Harvard. Reflexiónase sobre a pentaloxía *Decrúa*, especialmente sobre *Carne de Leviatán*, e fálase da súa relación con poetas máis novos como Xabier Cordal, Antón Lopo, Fran Cortegoso, Oriana Méndez e Gonzalo Hermo. Trátase, ademais, sobre a poesía como espazo de combate, como diálogo con outras artes e como reflexión metaliteraria.

Conde, Perfecto, “Nestes momentos, Galicia ten a mellor poesía que se escribe en España”, *Galegos*, n.º 22, I, “Entrevista”, 2016, pp. 4-16.

Entrevista a Arcadio López Casanova, na que se tratan diversos temas, dende a súa traxectoria vital, até temas que marcan a súa obra, coma o Páramo; figuras como Ramón Piñeiro e Celestino Fernández de la Vega ou o galeguismo. Reflexiona sobre a súa figura como poeta e a visión que ten o escritor da globalización e a revolución tecnolóxica. Por último, alude ás súas lecturas de Rosalía de Castro, Luís Pimentel, Celso Emilio Ferreiro, Uxío Novoneyra ou Xosé Luís Méndez Ferrín.

Corderí, José, “As libreiras”, *Luzes*, n.º 37, *“República”*, “Reportaxe”, 2016, pp. 86-87.

Dentro dunha sección na que diferentes libreiros e libreiras dan recomendacións de lectura, Corderí fai unha breve recensión de *Circe ou o pracer do azul* (2009), de Begoña Caamaño. Alude á comparativa entre os estereotipos de Circe e Penélope, e a súa relación coa muller actual; e salienta a capacidade da autora para recrear o espazo mitolóxico de xeito que Ulises queda apartado, para deixar o protagonismo ás dúas mulleres.

Costa Rico, Antón, “Sobre a presenza de Agustín n’*As Roladas* e na *RGE*”, *Revista Galega de Educación*, n.º 66, “Lembrando a Agustín Fernández Paz”, novembro 2016, p. 77.

Co gallo do pasamento de Agustín Fernández Paz, achégase un apartado da revista no que persoeiros varios rememoran o escritor e a súa obra. Neste artigo comézase por salientar o poder transformador dos mestres. Alúdese á creación da revista *As Roladas-2*, onde publicou os seus primeiros escritos sobre pedagoxía, como “Unha experiencia de galego na escola”, “Os comics na escola”, “A función do conto na escola” ou “A escola e os medios de comunicación”. Recóllese tamén a creación da *Revista Galega de Educación* en 1986, na que publicaría o seu “Modelo de Normalización Lingüística para o ensino”. Conclúese salientando o seu compromiso e os seus textos, que foron instrumentos de traballo para a transformación educativa.

Dasilva, Xosé Manuel, "Manuel Antonio retraducido para o castelán", *Grial*, n.º 210, "O espello das letras", abril, maio, xuño 2016, pp. 97-98.

Recensión da tradución ao castelán da obra *De catro a catro* de Manuel Antonio a cargo de Luís Rei Núñez (El Patito Editorial, 2015). Sublíñase que se trata da obra poética más traducida despois de *Cantares gallegos* e *Follas novas* e por diante de *Longa noite de pedra*. Saliéntase o éxito crítico da obra e faise unha recompilación das súas traducións ao castelán desde o momento da súa publicación, xa de maneira individual coma a feita por Rafael Dieste (Emecé Editores; 1940; Visor, 1993), xa en escolmas coma as realizadas por Ricardo Carballo Calero (1996) ou Carme Blanco (2006). Tamén se inclúen as referencias ás traducións en catalán, éuscaro e inglés. Faise referencia á actividade tradutora do propio Manuel Antonio de textos vangardistas. Alúdese ás particularidades do libro publicado, destacando que recolle por unha parte a versión en galego e por outra a versión en castelán dos poemas. Dáse conta da calidade da edición. Xustifícase a necesidade da tradución no seu carácter temporal e saliéntase que a levada a cabo está baseada na fidelidade ao léxico e á forma do orixinal.

Dasilva, Xosé Manuel, "Arredor da homenaxe a Celso Emilio Ferreiro de 1966 (e outros episodios biográficos)", *Grial*, n.º 211, "Documentos", xullo, agosto, setembro 2016, pp. 55-73.

A través das referencias a diversos documentos de información histórica e política referidos a Celso Emilio Ferreiro analízanse episodios da súa traxectoria vital e literaria. Primeiro estúdanse as repercusións políticas da homenaxe a este autor, facendo referencia aos escritores Xesús Alonso Montero, Méndez Ferrín, Eduardo Blanco Amor, Francisco Fernández del Riego, Xosé Filgueira Valverde, Fermín Bouza-Brey, Aquilino Iglesia Alvariño e á súa obra *Cómaros verdes* ou a Ramón Otero Pedrayo e o libro *Arredor de si*. A partir dun informe sobre o acto destácase que nesta homenaxe tivo lugar a lectura de poemas de Manuel María, a análise de Antón Tovar sobre a importancia da poesía social e unha comparativa de Méndez Ferrín entre a obra de Manuel Curros Enríquez e Celso Emilio Ferreiro. Tamén se salienta que o informe incluía unha serie de poemas de *Longa noite de pedra*. A raíz doutros documentos sobre a vida do autor na época da Guerra Civil faise referencia á súa obra *A taberna do Galo*. Ademais recóllese a súa actividade profesional, política e cultural, maioritariamente en castelán, desenvolvida en Pontevedra, na que se alude ás historias traducidas polo autor ao galego que deron lugar á obra *A fronteira infinda* e á publicación dos poemas en galego "Compostela" e "Rogo a Yavé"; mentres que da etapa vital en Vigo se salienta a participación xunto con Aquilino Iglesia Alvariño nun certame literario que gañaron co poema "Velas de son levadas" e a tradución do poema "Loubanza do pai Miño" incluído no libro *Onde o mundo se chama Celanova*. A achega péchase cun anexo coa reprodución dos documentos que sustentan o estudo.

Dobarro, Xosé María, "Galegos no golfo de México", *Tempos Novos*, n.º 224, *"ProTexta"*, "ProTagonista", xaneiro 2016, p. 78.

Recensión da obra *Galegos no golfo de México* (1980), de Xosé Neira Vilas. Faise referencia á obra *Memorias dun neno labrego* do mesmo autor. Saliéntase que a obra *Galegos no golfo de México* trata a temática da emigración. Faise referencia ao contido

do prólogo do libro titulado “A bordo”. Destácase o retrato que Neira Vilas achega dos mariñeiros emigrados na súa obra como homes que falan galego, non crentes, non bebedores, xustos, honrados, solidarios e de ideoloxía revolucionaria.

Dopico, Montse, “Galaxia vs. Galaxia. A construción da hexemonía cultural”, *Luzes*, n.º 27, *“República”*, “Entrevista”, 2016, pp. 80-85.

Achégase unha entrevista coas investigadoras Malores Villanueva e Cristina Martínez, que acaban de presentar sendas teses sobre a editorial Galaxia, diverxentes pero complementarias. Explícase a posición hexemónica de Galaxia no sistema cultural e ábrese o debate sobre a falta de fontes secundarias sobre Galaxia e sobre a polarización do discurso en cuestións nacionalistas. Fálase dos conflitos de Galaxia con Luís Seoane ou Gonzalo Mourullo e da aposta pola Nova Narrativa Galega. Reflexiónase, ademais, sobre o culturalismo e as políticas tomadas na editora, aludindo á inclusión de xente afín ao réxime na súa primeira etapa, como a figura de Álvaro Cunqueiro. Conclúese reflexionando sobre os aspectos positivos e negativos do proxecto actual de Galaxia, salientando a aposta pola lingua e pola creación dun campo literario propio.

Dopico, Montse, “30 anos de Matarile”, *Luzes*, n.º 29, *“República”*, “Entrevista”, pp. 78-85.

Co gallo do trinta aniversario da compañía compostelá Matarile, achégase unha entrevista cos fundadores Ana Vallés e Baltasar Patiño. Fálase dos comezos da compañía no teatro de monicreques e da súa evolución cara ao teatro contemporáneo representado nas súas últimas montaxes, *El cuello de la Jirafa* e *Teatro invisible*. Reflexiónase sobre a falta de axudas ao teatro, que forzou a Matarile a facer un parón, e as relacións institucionais con compañías como Teatro Galán. Fálase sobre a influencia doutras artes nas postas en escena de Matarile, así como sobre a importancia da danza.

Forcadela, Manuel, “Da morte e outras substancias”, *Tempos Novos*, n.º 226, *“ProTexta”*, “ProPostas”, marzo 2016, pp. 86-87.

A raíz dunha recensión do ensaio *Figuras de finitude* (Laiovento, 2015), de Francisco Sampedro, baseado na evolución do pensamento humano sobre a morte, faise referencia á poesía de Uxío Novoneyra, da que se destaca a percepción estética desta cuestión, salientando que a produción do autor constitúe un exemplo de arte utilizada como representación da seguridade fronte á ameaza da realidade.

Forcadela, Manuel, “Sobre a novela negra”, *Tempos Novos*, n.º 229, *“ProTexta”*, “ProTagonista”, xuño 2016, pp. 80-81.

Percorrido histórico e literario polo xénero da novela negra galega. Tras reflexionar sobre a variabilidade do xénero e levar a cabo unha aproximación histórica ao xurdimento deste nos anos oitenta e a súa chegada a través de traducións e filmes, faise fincapé na necesidade de súa adaptación ás coordenadas socioculturais, lingüísticas e históricas de Galicia. Noméanse as particularidades do xénero destacando a facilidade

de recepción e escrita, o pouso de denuncia social, o emprego de temáticas propias do escenario galego e os diferentes tipos de heroes que se poden atopar nel. Saliéntanse as seguintes publicacións de novela negra galega, de acordo coa importancia na evolución do xénero que supoñen, aludindo á súa temática e estilo: *Crime en Compostela* (1984) de Carlos Reigosa, da cal se destaca o seu carácter fundacional; *A man dereita* (1994) de Aníbal Malvar, da cal se destaca o carácter de denuncia; *Ten o seu punto a fresca rosa* (2000), de María Xosé Queizán, da que salienta o seu carácter de parodia. Por último, sublíñase a repercusión deste xénero como captador de lectores en lingua galega e repásanse os seus tópicos.

Franco, Camilo, "Fefa Noia Directora do Centro Dramático Galego. *O CDG debe combinar ser un referente para públicos amplos e a indagación*", *Tempos Novos*, n.º 225, "Cultura", febreiro 2016, pp. 64-67.

Entrevista feita a Fefa Noia, directora do Centro Dramático Galego, na que se tratan diversos tema, entre os que aparece o seu cargo como directora da obra *Días sen gloria*, de Roberto Vidal Bolaño.

Franco, Camilo, "A violencia en metáfora", *Tempos Novos*, n.º 226, "Crítica", marzo 2016, pp. 94-96.

Recensión crítica da posta en escena da obra *Foucellas* a cargo de Talía Teatro e baixo a dirección de Cándido Pazó. Incídese no carácter mítico da achega á figura de Foucellas que supón a representación, en detrimento da perspectiva documental. Faise referencia ao valor xenérico da peza en relación á figura do maqui. Saliéntase o vitimismo como temática principal da obra. Destácase que a peza amosa un secuestro no que tamén entran en xogo outros asuntos coma as débedas ou o amor. Faise fincapé na falta de adecuación entre a temática e o tratamento da mesma á marxe da violencia.

Franco, Camilo, "A transición da memoria", *Tempos Novos*, n.º 228, "Crítica", maio 2016, pp. 94-96.

Comentario da posta en escena da obra *Eroski Paraíso* a cargo de Chévere e baixo a dirección de Xesús Ron. Incídese en que a obra ofrece unha recreación do tempo previo á irrupción da tecnoloxía a partir de diversas experiencias da veciñanza de muros que implican a volta ao lugar de orixe. Dáse conta de que a representación procura conducir o público a unha revisión do presente a través da comparación co pasado. Destácase o ton sentimental da peza e a linguaxe paródica.

Franco, Camilo, "Quixen que o lector fose máis dono do que acontece para que poida construír a historia da novela", *Tempos Novos*, n.º 230, *"ProTexta"*, "ProTagonistas", xullo 2016, pp. 78-81.

Entrevista a Alberte Santos arredor da súa obra *O rembumbio dos vagalumes* (Laiovento, 2015). Destácase o presentismo da obra, a ambientación na cidade e a temática arredor do medo, da dúbida e das consecuencias das decisións orientadas á realización persoal. Saliéntase o tratamento do condicionamento vital dos personaxes

que carecen de dificultades económicas. Sublíñase o predominio dos intereses individuais das personaxes. Alúdese á ruptura do desenvolvemento temporal cronolóxico na obra e ao papel do lector na súa recomposición. Alúdese á función dos espazos para caracterizar personaxes e historia e á ambientación da obra tanto en cidades galegas coma estranxeiras. Alúdese á iniciación do autor á escritura e á súa labor xornalística. Por último, inclúese un fragmento da obra.

Franco, Camilo, "Agora como antes", *Tempos Novos*, n.º 233, "Crítica", outubro 2016, p. 77.

Analízase a posta en escena da obra de Molière *Tartufo* por parte do Centro Dramático Galego, dirixida por Carles Alfaro. Incídese na perda do carácter cómico do texto orixinal e indícase a perda da ensinanza argumental da obra, que aborda a problemática da ignorancia intencional. Afóndase nas características da representación en relación coas obras teatrais dos anos 50 e faise fincapé no estancamento e a artificiosidade desta. Por último, saliéntase o carácter caduco dese tipo de teatro e a súa pervivencia tamén nas representacións do Centro Dramático Galego.

Franco, Camilo, "Demasiado serios para un drama", *Tempos Novos*, n.º 230, "Crítica", xullo 2016, pp. 76-77.

Aborda de modo crítico a posta en escena da obra *Eroski Paraíso* a cargo de Chévere e baixo a dirección de Xron. Incídese no feito de que a representación supón una revisión contrastiva do pasado respecto do momento presente, a través da lembranza dun local de ocio chamado Paraíso, fronte ao supermercado no que se converteu. Alúdese á localización da obra en Muros e á temática arredor da hipocrisía burguesa de Galicia e a volta á orixe a través de historias particulares dos seus habitantes, salientando o predominio da comedia e da parodia sobre o sentimentalismo e o drama.

Franco, Camilo, "Mostra de Teatro de Ribadavia Noites", *Tempos Novos*, n.º 230, "todo é peixe", "Axenda", xullo 2016, p. 17.

Faise referencia á mostra de teatro de Ribadavia e ao seu horario de tarde noite e á celebración ao aire libre desta.

Freixanes, Víctor F., "Douscentos vinte e cinco anos despois", *Grial*, n.º 210, "Carta do lector", abril, maio, xuño 2016, pp. 5-7.

Despois de ofrecer unha panorámica histórica sobre a evolución dos dereitos da muller e o papel desta na sociedade, co gallo da presentación dos estudos incluídos no número 210 da revista *Grial*, alúdese ao oitenta aniversario da publicación dos *Seis poemas galegos*, de Federico García Lorca, e á relación do autor cos escritores galegos Eduardo Blanco Amor e Ernesto Guerra Da Cal.

_____, "O galeguismo na modernidade", *Grial*, n.º 211, "Carta do editor", xullo, agosto, setembro 2016, pp. 5-7.

Faise unha presentación dos estudos incluídos no número 211 da revista *Grial* arredor do centenario das Irmandades da Fala. A raíz da defensa da lingua levada a cabo por esta iniciativa menciónase a repercusión da actividade literaria desenvolvida durante o Rexurdimento por Rosalía de Castro, Manuel Curros Enríquez e Eduardo Pondal na poesía e por Valentín Lamas Carvajal, na prosa. Tamén se fai referencia a outros escritores vinculados ao movemento galeguista e nacionalista da época como Antón Vilar Ponte, Vicente Risco, Daniel R. Castelao e Ramón Otero Pedrayo.

_____, "No tempo das Irmandades. Comunicación e novas tecnoloxías", *Grial*, n.º 211, "Centenario das irmandades da fala", xullo, agosto, setembro 2016, pp. 42-53.

A raíz dun estudo sobre as formas de comunicación en galego nos trinta primeiros anos do século XX, que supón un percorrido polos medios xornalísticos, editoriais e radiofónicos vinculados ás Irmandades da Fala, faise referencia aos escritores Ramón Cabanillas, Xohán Vicente Viqueira, Antón Vilar Ponte, Valentín Paz-Andrade, Leandro Carré, Vicente Risco, Amado Carballo, Ramón Otero Pedrayo, Fermín Bouza Brey e Filgueira Valverde entre outros. Tamén se alude á obra de teatro *Alén*, de Xaime Quintanilla, publicada na colección "Céltiga", e ao libro *Un ollo de vidro*, de Castelao, publicado na colección "Lar". Do mesmo xeito, menciónanse as obras *A romaría de Xelmírez*, de Otero Pedrayo; *Os dous de sempre*, de Castelao; e *Margarida a da sorrisa d'aurora*, de Evaristo Correa Calderón, publicadas na editorial Nós. No eido do teatro tamén se destacan as obras de Ramón Cabanillas *A man da santiña* e *O mariscal* e *A fiestra valdeira*, de Rafael Dieste.

_____, "A construción do relato", *Grial*, n.º 212, "Carta do editor", outubro, novembro e decembro 2016, pp. 5-7.

A raíz da presentación dos contidos da revista, arredor do relato sobre a Guerra Civil española, faise referencia a distintos escritores da literatura galega que trataron esta temática. Alúdese aos textos de Carlos Reigosa ou Manuel Rivas como obras que deron lugar a adaptacións cinematográficas e tamén se fai referencia ás novelas *Non agardei por ninguén* (1957) de Ramón Valenzuela, *O Silencio redimido* (Galaxia, 1976) de Silvio Santiago e *O siñor Afranio ou como rispei das gadoupas da morte* (Castrelos, 1979) de Antón Alonso Ríos.

Fuentes Allende, Xosé, "Filgueira Valverde nas Academias", *Galegos*, n.º 22, I, "Persoeiros", 2016, pp. 100-104.

Estudo da participación de Xosé Filgueira Valverde en distintas institucións culturais. É o caso da Real Academia Galega, na que foi nomeado académico correspondente en 1925, cando tiña dezaoito anos, e na que ingresou como académico de número en 1940. Nela saliéntase o produtivo do seu labor, dentro do cal formulou varias propostas para cubrir vacantes, realizou discursos de contestación nas recepcións de Leandró Carré Alvarellos (1945), José Luís Bugallal Marchesi (1951) e Xesús Alonso Montero (1993); foi membro do xurado do concurso "Trovadores gallegos. Estudio sintético bio-bibliográfico de Macías e de Juan Rodríguez de Padrón" en 1943; colaborou na elaboración do *Diccionario Gallego Castellano* dende 1947; e foi proposto como membro do xurado do Premio Nacional das Letras Españolas en 1988. A seguir céntrase

na súa participación na Real Academia de la Historia, na que foi elixido membro correspondente en 1932 e realizou propostas de nomeamento e participou en sesións varias con temas diversos, centrados nas cantigas, no estudo da arte ou na Idade Media. No caso da Real Academia de Belas Artes Nosa Señora do Rosario da Coruña, na que entrou como académico correspondente en 1944, cítanse os tres cursos de doutoramento, "Valores estéticos y sociedad en la literatura medieval gallega" (1991), "A poesía no Camiño de Santiago" (1993) e "A festa. Antropoloxía e lírica" (1994), mentres que na Real Academia Española, na Real Academia de Bellas Artes de San Fernando e outros moitos organismos dos que foi membro activo saliéntase o seu frutífero labor e colaboración.

Iglesias, Bieito, "Aliens", *Tempos Novos*, n.º 224, "Días Soltos", xaneiro 2016, p. 7.

Faise referencia á presentación dun recital dos seis poemas galegos de Federico García Lorca na rúa do Vilar de Santiago de Compostela.

Iglesias, Bieito, "Ano de herba", *Tempos Novos*, n.º 231, "días soltos", agosto 2016, p. 7.

Faise referencia á decisión de conmemorar a figura e obra de Carlos Casares na celebración do Día das Letras Galegas do 2017.

Ínsua, Emilio Xosé, "*Seique*, de Susana Sánchez Aríns", *Aulas libres,* n.º 6, "para ver, para ouvir, para ler", abril 2016, p. 35.

Faise unha breve recensión da obra *Seique* (Através Editora, 2015), de Susana Sánchez Aríns. Saliéntase a capacidade do libro para abordar o difícil tema da Guerra Civil e o coidados que están os materiais. Coméntase a estrutura da obra, organizada en secuencias mínimas, como microrrelatos, que se atopan cheos de lirismo e reminiscencias teatrais. Conclúese aludindo á función catártica da obra, para procesar medos e violencias sufridos por outros corpos.

Ínsua, Emilio Xosé, "*Fin de festa*, de Diana Varela Puñal", *Aulas libres*, n.º 6, "para ver, para ouvir, para ler", abril 2016, p. 35.

Achégase unha recensión da novela breve *Fin de festa* (Laiovento, 2015), de Diana Varela Puñal, ambientada nas décadas finais do século XX, nunha vila mariñeira. Saliéntanse as evocacións de seres peculiares, así como a presenza dunha gran tenrura e viveza estilística na voz da narradora-testemuña.

Ínsua, Emilio Xosé, "*Cheiro de choiva*, de Rofoldo Alonso", *Aulas libres,* n.º 6, "para ver, para ouvir, para ler", abril 2016, p. 35.

Faise unha recensión do poemario *Cheiro de choiva* (Barbantesa, 2015), do escritor e tradutor galego-arxentino Rodolfo Alonso. Dise que nel se reúnen case medio cento de

poemas compostos entre 1952 e 2014. Saliéntase a diversidade de temas e estéticas, pero sempre ao carón dun gran rigor conceptual e profundidade emocional.

Janeiro, Manuel, "Para lectores intelixentes e cómplices", *Grial*, n.º 210, "O espello das letras", abril, maio, xuño 2016, pp. 94-96.

Coméntase a obra *Doce Lúas* (Axóuxere, 2015), de Héctor Pose. Especúlase sobre a filiación xenérica da obra antes de destacar as calidades da súa poesía, como o emprego da metáfora e o carácter transcendente das composicións. Faise referencia á tipoloxía formal dos poemas, salientando que se trata de verso libre. Tamén se alude ao argumento que se basea na dor e na perda. Afóndase no contido da trama subliñando que se trata da viaxe dun boticario que perdeu a súa filla. Saliéntanse os temas do paso do tempo, a destrución paisaxística ou a situación socioeconómica e política. Por último, destácase que a comprensión da obra require a colaboración do lector.

Lammers, Anna, "Un espazo de vida, liberdade e memoria", *Grial*, n.º 209, "O espello das letras", xaneiro, febreiro, marzo 2016, pp. 92-93.

Recóllese unha recensión da *obra O último día de Terranova* (Edicións Xerais, 2015), de Manuel Rivas. Destácase o labor de recuperación da memoria que supón a temática da obra, centrada nos libros prohibidos durante o franquismo, seguindo a liña da novela *Os libros arden mal* (2006) e do poemario *A boca da terra* (Edicións Xerais, 2015). Saliéntase o protagonismo na obra das librarías, a importancia da difusión cultural e o papel das bibliotecas na creación de espazos de memoria e liberdade. Incídese en que, a través da historia da libraría Terranova, refuxio para os perseguidos pola ditadura e lugar de resistencia para gardar e distribuír obras censuradas, estranxeiras ou inéditas, se pon de manifesto o papel fundamental da cultura e o valor dos libros como obxectos de memoria.

Lastra Muruais*,* Xosé, "Memoria dun tempo", *Revista Galega de Educación*, n.º 66, "Lembrando a Agustín Fernández Paz", novembro 2016, p. 74.

Co gallo do falecemento de Agustín Fernández Paz, achégase un apartado da revista no que diversos persoeiros da cultura rememoran ao escritor. Neste artigo, Xosé Lastra Muruais recorda a súa relación con Fernández Paz, que comezou cando eran mestres na comarca de Ferrolterra e se xuntaban para compartir os seus materiais de ensino, do que nacería o grupo Avantar. Cóntase como o seu traballo e as súas reunións se converteron no xerme do que sería a Nova Escola Galega (1983). Conclúese salientando o traballo da xeración de Agustín para achegar o galego aos nenos e nenas.

Ledo Andión, Margarita, "A peza que falta, a doa que manca. XV Premio Ramón Piñeiro "Facer país" 2016", *Grial*, n.º 212, "O rego da cultura", outubro, novembro e decembro 2016, pp. 12-14.

Achégase o discurso correspondente á entrega do XV Premio Ramón Piñeiro 2016 a Margarita Ledo Andión na súa vertente "Facer país" onde se alude aos escritores Uxío

Novoneyra, Xulio Xiz, Rosalía, Manuel María e o relato de Xabier P. DoCampo *A noite das filantes*.

López-Casanova, Arcadio, "A voz dun mestre", *Grial*, n.º 211, "O espello das letras", xullo, agosto, setembro 2016, pp. 91-92.

Coméntase a obra *Xoguetes do Tempo* (Editorial Galaxia, 2015), de X. L. Franco Grande. Destácase a adscrición do autor á "Xeración das Festas Minervais" recoñecida por Méndez Ferrín. Ponse en relación a súa obra coa doutros autores como Luís Pimentel, Xosé Mª Díaz Castro e Uxío Novoneyra. Arguméntase a importancia desta achega no panorama da poesía galega actual. Sinálase a pertenza do poemario ao modernismo e a relevancia da súa configuración como macrotexto. Sublíñase a súa temática sobre o paso do tempo xa dende os paratextos. Analízase a súa estrutura tripartita e sinálase que vai precedida por un poema introdutorio que afonda no eixo temático da obra. Apúntase que a maior parte dos poemas van numerados e sen título co obxectivo de unificar a peza e marcar sucesión. Estúdase o contido das distintas partes, salientando que a primeira afonda na devastación do transcorrer do tempo a través dun exercicio de retrospección vital, a segunda está constituída por estampas do estrañamento da vida na cidade e a terceira recrea a terra natal do val de Tebra e de Galicia a través de diversas figuras simbólicas.

López Muñoz, Daniel, "Xosé Chao Rego: o delicado xogo da liberdade", *Encrucillada*, n.º 196, xaneiro-febreiro 2016, pp. 63-74.

Achégase en varios apartados unha síntese sobre a figura do teólogo e escritor Xosé Chao Rego. Tras unha breve introdución, comézase co apartado "A delicadeza: alicerce e marca da casa", que se centra na figura e vivencias persoais de Chao Rego, marcadas pola súa experiencia como profesor e pola súa defensa do galego. A seguir, na sección "O xogo, o símbolo, a linguaxe… e a festa" coméntanse a súa escrita e linguaxe, que se define como centro da súa reflexión. Saliéntase o coidado do simbólico e o seu uso da figura de metáfora. Por último, en "Fervenza creadora de liberdade" fálase do seu labor pastoral.

López Oviedo, Juan Ramón, "Ao noso Sr. e admirado, Don Manuel Fabeiro Gómez, no centenario do seu nacemento", *Barbantia. Anuario de Estudos do Barbanza*, "Limiar", nº 12, 2016, pp. 45-48.

Dáse conta da conmemoración da figura e produción de Manuel Fabeiro Gómez nas Xornadas de Historia de Noia polo centenario do seu nacemento aludindo ao escritor Álvaro de las Casas.

López Silva, Inma, "Nova directora do CDG", *Grial*, n.º 209, "O rego da cultura", xaneiro, febreiro, marzo 2016, pp. 10.

Recóllese o cambio na dirección do CDG, que agora pasa a desenvolver Fefa Noia, que accedeu a través dun concurso de méritos con base nun proxecto. Anótase que se trata da segunda vez na historia do centro que se recorre a este procedemento e faise fincapé

na situación dificultosa do CDG, así como na idoneidade da nova directora para afrontar a situación. Saliéntase a traxectoria profesional de Noia e alúdese ao seu percorrido na compañía Los Lunes e aos seus traballos no Teatro de la Abadía, CDN, CNTC e no propio CDG.

López Silva, Inmaculada, "O soño teatral das Irmandades", *Grial*, n.º 211, "Centenario das irmandades da fala", xullo, agosto, setembro 2016, pp. 30-41.

Análise do panorama teatral no tempo das Irmandades da Fala, na que se afonda na súa repercusión de cara ao xurdimento dun teatro galego que servise para a consolidación dunha ideoloxía nacionalista. Alúdese á necesidade de modernización e difusión do discurso teatral en galego. Faise unha achega ao teatro do momento levado a cabo por autores coma Galo Salinas, Xavier Prado *Lameiro*, Euxenio Charlón, Manuel Sánchez Hermida, Avelino Rodríguez Elías, Leandro Carré ou Lugrís Freire entre outros. Incídese na tendencia maioritariamente realista, costumista, cómica e romántica destas obras. Reflexiónase sobre o desenvolvemento do teatro a raíz da creación do Conservatorio Nazonal da Arte Galega e do conflito entre as tendencias teatrais conservadoras e progresistas. Por último, afóndase no intento das Irmandades da Fala de empregar o teatro como medio de difusión da ideoloxía nacionalista. No referido á literatura galega, destácase que a obra *Os evanxeos da risa absoluta* de Antón Vilar Ponte responde ao novo teatro de corte nacionalista. Tamén se sitúa nesta liña renovadora a obra *A man da santiña* de Ramón Cabanillas, *Donosiña* de Xaime Quintanilla, *A tola de Sobrán* de Francisco Porto Rey e a obra *Vaites... Vaites...!* de Frade Giráldez, gañadora do segundo premio do Concurso de Obras Teatrais Galegas de 1919. Entre as obras teatrais pertencentes á liña rexionalista faise referencia a *Enredos* de Leandro Carré, *A fonte do xuramento* (1882) de Francisco María de la Iglesia e aos volumes das pezas teatrais de Xavier Prado *Monifates* e *Farsadas*.

López Silva, Xosé A., "Herdanza das voces e dos silencios", *Grial*, n.º 209, "O espello das letras", xaneiro, febreiro, marzo 2016, pp. 93-94.

Ofrécese unha recensión da obra *As últimas galerías* (Galaxia, 2015) de Xosé María Álvarez Cáccamo. Destácase a reflexión que a obra ofrece sobre o paso do tempo, na liña dos libros *Arquitecturas de cinza* (1985), *Calendario perpetuo* (1997) e *Tempo de cristal e de sombras* (2014). Saliéntase a temática da memoria histórica xeral e particular, coa denuncia política vinculada á recuperación da memoria das vítimas do franquismo, no eido de *Crónica do espanto 1936*. Apúntase a importancia da reflexión política desde o ámbito do persoal do relato das vivencias dos protagonistas. Sinálase a articulación do texto arredor da memoria particular e da obxectividade, coa inclusión de diferentes voces narrativas asociadas a un xénero literario concreto e a importancia do paradoxo como elemento estrutural e semántico da novela.

Lorenzo Gil, César, "Biografía sen arte dun artista", *Tempos Novos*, n.º 225, *"ProTexta"*, "ProPostas", febreiro 2016, p. 82.

Recensión da obra *O viaxeiro radical* (Galaxia, 2015), de Xerardo Quintiá, da que se sinala que é unha novela sobre a vida do artista plástico Manfred Gnädinger, coñecido

como “o Alemán, Man de Camelle”. Alúdese a que a obra abrangue a biografía completa do protagonista, dende o seu nacemento até a súa morte. Non obstante, faise fincapé en que a pesar da utilización de documentos e testemuños reais na elaboración da obra, esta constitúe unha ficción sobre a vida do protagonista. Destácase o carácter anecdótico, convencional e costumista da obra e o distanciamento respecto á figura do artista. Por último, saliéntase a veracidade do final da obra ao tratar a cuestión do afundimento do *Prestige* e a repercusión deste feito na traxectoria do artista.

Lorenzo Gil, César, “As dúas almas (negras) de Diego Ameixeiras”, *Tempos Novos*, n.º 226, *“ProTexta”*, “ProPostas”, marzo 2016, pp. 80-81.

Análise da obra *A noite enriba* (Xerais, 2015), de Diego Ameixeiras. Saliéntase que a obra pertence ao xénero da novela negra, que está ambientada en Santiago de Compostela e que explora os lindeiros entre realidade e ficción ao converter en protagonistas do argumento os creadores. Faise un percorrido pola traxectoria literaria de Diego Ameixeiras que se divide en tres etapas. A primeira abrangue as novelas *Baixo mínimos* (2004) e *O cidadán no mes*, das que se salienta a temática detectivesca e, en especial, o emprego paródico da linguaxe. No referido á segunda etapa destácase o realismo, a importancia das personaxes e os escenarios marxinais que se cruzan e a concisión nas obras *Dime algo sucio* (2009), *Historias de Oregón*, *Todo OK*, *Matarte lentamente* e *Conduce rápido*, publicadas de 2011 a 2015. En canto á terceira etapa, saliéntanse as obras *Tres segundos de memoria* (2006) como novela de aprendizaxe e *Asasinato no Consello Nacional* (2010) como narración sobre a ruptura da unión do BNG.

Lorenzo Gil, César, “Unha novela para todo o tempo”, *Tempos Novos*, n.º 226, *“ProTexta”*, “ProPostas”, marzo 2016, p. 82.

Ofrécese unha recensión da obra *Os elefantes de Sokurov* (Galaxia, 2015), de Antón Riveiro Coello. Destácase a importancia do recordo en relación ao argumento da obra que xira arredor das vivencias e proxectos das personaxes. Dáse conta do retrato que se fai a través delas da cidade e da sociedade actual de Santiago de Compostela. Alúdese á estruturación da obra en catro partes. Na primeira saliéntase o emprego da narración en espello á hora de levar a cabo a construción da protagonista feminina, mentres que na segunda se destaca a caracterización do compañeiro masculino mediante a súa percepción da cidade. Na terceira apúntase o encontro de ambos os dous personaxes e na cuarta destácase o emprego da multiplicidade de voces para culminar a configuración da personaxe protagonista e da súa situación.

Lorenzo Gil, César, “A rutina inquietante”, *Tempos Novos*, n.º 227, “Crítica”, abril 2016, pp. 80-81.

Analízase a obra *Cuestións vitais secretas* (Galaxia, 2015), de Iván García Campos. Faise referencia á obra anterior do autor, *O imposible de desatar*, da que se destaca que foi galardoada co Premio Blanco Amor de Novela Longa 2010. Apúntase que a obra consta de dez narracións breves centradas na temática do cotián, ao que o escritor outorga un enfoque de misterio a través do ritmo. Saliéntase a estética realista da obra.

Por último, menciónanse as influencias da escrita doutros autores coma Rafael Dieste na obra deste autor e incídese no tratamento principal que se outorga na peza ao común.

Lorenzo Gil, César, "Dez anos de Rinocerontes", *Luzes*, n.º 37, *"República"*, "Reportaxe", 2016, pp. 78-81.

Faise un repaso polos dez anos de labor da editorial Rinoceronte, que comezou en 2006 co volume *O bosque dos raposos aforcados*, de Arto Paasilinna. Preséntanse as diferentes divisións do grupo, como Pulp Books, para publicar a autores galegos en castelán, ou Sushi Books, para o público infantil e xuvenil. Saliéntase o proceso de evolución da editora, con deseños máis atractivos, e a súa simplificación en dúas colecciónns "Nova", para obras contemporáneas; e "Vétera", para os clásicos.

Losada, X. Ricardo, "Tempo e identidade", *Tempos Novos*, n.º 225, *"ProTexta"*, "ProPostas", febreiro 2016, p. 84.

Comentario da obra *Xoguetes do tempo* (Galaxia, 2015), de X. L. Franco Grande. Faise referencia a que a obra xira arredor do tema da morte e destácase que responde a unha estética clásica. Anótase que a obra achega unha meditación sobre o transcorrer. Alúdese á estrutura da obra en relación ao contido, destacando que na primeira parte, titulada "Na moega do tempo", se fai unha equiparación entre a morte e o paso do tempo. Na segunda, titulada "Xanela aberta", ten lugar a refutación do agora, mentres que na terceira parte, titulada "Lentura", se desenvolve o lamento ante as expectativas vitais que non se cumpriron. Por último, destácase a importancia das figuras poéticas relacionadas coa paisaxe galega.

Marante Arias, Antía, "Versos envoltos na intemperie", *Grial*, n.º 210, "O espello das letras", abril, maio, xuño 2016, pp. 91-92.

Recensión da obra *O deserto* (Apiario, 2015), de María do Cebreiro, da que se salienta que constitúe a segunda obra da colección dedicada á poesía e iniciada co poemario de Gonzalo Hermo *Celebración*, gañador do Premio Nacional de Poesía Joven Miguel Hernández. Descríbense ás características das cubertas, en especial da ilustración, e faise referencia ao seu valor simbólico. Explícase que a obra consta de dezaoito poemas marcados polo carácter reflexivo e a claridade. Alúdese ás referencias pictóricas e fílmicas do poemario e analízanse as obras de arte e cinematográficas, cuxa observación dá lugar ao discurso poético e destácase a vertente filosófica, fotográfica e pictórica que sustenta a temática da obra, á vez que se afonda na diversidade desta última, destacando que pivota sobre o amor, a arte, a morte, a vida, a ilusión ou o corpo e a evolución introspectiva.

Martíns, X., "Aurora Marco, Premio Galicia Mártir 2016", *Barbantia. Anuario de Estudos do Barbanza*, "Limiar", nº 12, 2016, pp. 59-70.

Co gallo da conmemoración do pasamento de Alexandre Bóveda, dáse conta da entrega do XI Premio Galiza Mártir a Aurora Marco polo seu traballo a prol da recuperación da

memoria histórica. Neste contexto alúdese aos escritores Carlos Mella (como representante da Fundación Castelao), Marga Romero, Manuel Jabois, Teresa Alvajar, Isaac Díaz Pardo, Carvalho Calero, Luís Seoane, López Ferreiro, Castelao, Vincente Risco, Ramón Otero Pedrayo e Lousada Diéguez. Tamén se fai referencia á obra de Aurora Marco titulada *Foula e ronsel. Os anos xuvenís de Carvalho Calero* (Edicións do Castro, 1992) sobre a biografía deste escritor e inclúense un fragmento da composición de Pilar Pallarés "Carmen Muñoz na guerra", pertencente á obra *Volverlles a palabra. Homenaxe aos represaliados do franquismo* (2006), e a última estrofa dun poema de Manuel María adicado a Alexandre Bóveda.

Meixome, Carlos, "Paseo pola morte e o amor", *Tempos Novos*, n.º 226, *"ProTexta"*, "ProPostas", marzo 2016, p. 83.

Análise da obra *Os elefantes de Sokurov* (Galaxia, 2015), de Antón Riveiro Coello. Destácase que a obra está ambientada en Santiago de Compostela e que se sitúa temporalmente no remate do ano 2012. Saliéntase a presenza na obra de tres xeracións pertencentes á época da guerra, da transición e da actualidade. Dáse conta de que as personaxes protagonistas, Nela e Janis, pertencen a esta última e anótanse as circunstancias de ambas as dúas. Sobre o estilo sublíñase o emprego da primeira persoa e o emprego de múltiples voces na terceira parte da obra. Apúntase que a temática do libro xira arredor dos recordos, a morte, a culpabilidade, o amor ou a esperanza.

Moure Oteyza, María, "Uso das plantas medicinais no Caurel: Tradición e cultura popular", *Escrita contemporánea,* Z, 2016, pp. 13-21.

Introdúcese unha achega sobre os usos de certas plantas medicinais que se atopan no Caurel coas composicións de Uxío Novoneyra "MOREDA das morodellas!" e "PRADO do Val d'Asnela!".

Nogueira, María Xesús, "As costuras da memoria", *Tempos Novos*, n.º 226, *"ProTexta"*, "ProPostas", marzo 2016, p. 85.

Coméntase *Seique* (Através, 2015), de Susana Sánchez Aríns. Alúdese ao fío narrativo do poemario, salientando que a partir da historia dunha familia a autora achega unha visión da represión posterior ao conflito da Guerra Civil. Destácase a estrutura fragmentada da obra e a emprego da primeira persoa para múltiples voces que resultan unificadas a través da presenza do coro. Saliéntase a correspondencia existente entre os títulos e os textos subseguintes, así como as referencias ao cinema e á literatura popular. Tamén se subliña a importancia das reiteracións. Por último, dáse conta da orixinalidade da perspectiva baseada na harmonía entre a esfera privada e a pública.

Nogueira, María Xesús, "Transitando outros imaxinarios", *Tempos Novos*, n.º 227, "Crítica", abril 2016, pp. 80-81.

Ofrécese unha recensión da obra *O deserto* (Apiario, 2015), de María do Cebreiro, na que se comeza precisando que a obra foi publicada dentro da colección "Cera Labrada" e faise referencia ao poemario *Celebración*, de Gonzalo Hermo publicado na mesma

colección. Saliéntanse as innovacións que presenta o libro en canto ás súas características formais e o seu valor iconográfico en relación co cine e coa pintura. Destácase que a temática do libro xira arredor do organismo, a doenza, a fin da vida, o amor e a escrita. Alúdese á importancia dos paratextos e á novidade das imaxes alén do ludismo ou a cuestión política que caracterizaban as obras anteriores da autora. Por último, apúntase o protagonismo do suxeito poético nesta obra.

Noia, Camiño, "A herdanza literaria de Neira Vilas", *Tempos Novos*, n.º 224, *"ProTexta"*, "ProTagonista", xaneiro 2016, pp. 76-77.

Co gallo do pasamento de Xosé Neira Vilas (Gres 1928-2015) dáse conta do descubrimento do autor da obra *Sempre en Galiza* de Castelao e alúdese á súa traxectoria política e profesional. Faise referencia á súa relación con outros escritores galegos coma Rafael Dieste ou Eduardo Blanco Amor e tamén ao seu labor editorial publicando as obras de Lorenzo Varela ou Manuel Antonio. Dáse conta da publicación das súas obras *Memorias dun neno labrego* (1961), *Xente o rodicio* (1965), "Catro contos" (1996), *Camiño bretemoso* (1967), *Historias de emigrantes* (1968), *A muller de ferro* (1969), *Remuíño de sombras* (1973) *Cartas a lelo* (1971), *Querido Tomás* (1980), *Contos vellos para rapaces novos* (1983), *Pan* (1986), *Aqueles anos do Moncho* (1977), *Nai* (1980) e *O ciclo do neno* (1985). Ponse en relación a súa produción coa de Gonzalo Rodríguez Mourullo e Xosé Luís Méndez Ferrín e tamén coas obras *Lonxe de nós e dentro*, de González Suárez-Llanos, e *Vento ferido*, de Carlos Casares. Sinálase que a temática da produción de Neira Vilas xira arredor do mundo rural e que se caracteriza polo emprego do monólogo e da multiplicidade de voces narrativas, pola recreación de ambientes espaciais sen referente concreto e tamén polo pouso de denuncia social. Por último, faise referencia ao recoñecemento da obra do autor por parte da crítica.

Otaegi Imaz, Lourdes, "Memorias cantadas. Os cantos lekeitios de Mikel Laboa", Grial, n.º 212, "Historia e memoria do 36", outubro, novembro e decembro 2016, pp. 46-53.

A propósito dunha análise da visión do conflito da Guerra Civil española no País Vasco achégase unha tradución ao galego do texto poético de Joxean Artze intitulado "Arrano beltza" sobre o bombardeo de Gernika.

Otero Cepeda, Encarna, "Galegas e feministas. Os camiños do feminismo en Galicia", *Grial*, n.º 210, "Feminismo(os)", abril, maio, xuño 2016, pp. 36-39.

No contexto dun estudo histórico sobre os movementos feministas en Galicia alúdese a Rosalía de Castro e á súa obra *Follas Novas*, así como ao labor das escritoras María Reimóndez, María Xosé Queizán, Carme Blanco, Pilar García Negro e María Xosé Porteiro neste eido.

Otero Varela, Inma, "A refulxencia intuitiva das noites", *Grial*, n.º 209, "O espello das letras", xaneiro, febreiro, marzo 2016, pp. 89-90.

Ofrécese una recensión da obra *Os elefantes de Sokúrov* (Galaxia, 2015), de Antón Riveiro Coello. Destácase o seu valor estético e sintetízase o argumento arredor da relación dunha crítica de cine e dun escritor de guías, salientando a recorrencia das disciplinas artísticas. Sinálase o uso do enfoque multiperspectivista para afondar na identidade persoal, na estilización dos personaxes e en temas de relevancia como a denuncia da inxustiza, a vellez, a análise da memoria ou a morte. Sublíñase a calidade da composición estilística, a importancia da luz para a creación de ambientes e mais a do cinema como técnica narrativa e interdisciplinar.

Patiño, Antón, "Hábitat da libertade", *Tempos Novos*, n.º 228, *"ProTexta"*, "ProTagonista", maio 2016, p. 80-84.

Achégase unha análise da obra *O último día de Terranova* (Xerais, 2015), de Manuel Rivas. Faise unha aproximación ao contido da obra salientando que xira arredor do peche dunha libraría erixida como espazo de resistencia fronte á represión da ditadura. Alúdese ao coidado lingüístico da obra e mais á importancia do simbolismo e das metáforas. Saliéntase o vínculo entre natureza e cultura que ten lugar na obra e destácase a presenza do mar. No referido ao estilo, dáse conta das reminiscencias románticas e intimistas dos relatos, do seu carácter realista, da simultaneidade temporal e da combinación de vangardismo e populismo, humor e drama. Subliñase a pegada da oralidade que caracteriza os relatos e o emprego do monólogo interior. Faise referencia á temática e ás personaxes da obra destacando que xira arredor da fraternidade, a existencia, a autonomía, os desexos, sentimentos como o amor ou a melancolía, a historia individual e colectiva ou a defensa das clases e da cultura represaliadas.

Pedreira, Emma, "Tributo", *Grial*, n.º 209, "O espello das letras", xaneiro, febreiro, marzo 2016, pp. 96-97.

Ofrécese unha recensión da obra *S/T* (Edicións Xerais, 2015), undécimo poemario de Emma Pedreira e co que gañou o Premio Gonzalo López Abente na súa terceira convocatoria. Destácase a temática de volta á orixe do eu lírico a través de tres ámbitos que derivan das posíbeis lecturas do título do libro: "sen terra", "sen tempo", "sen termos". Saliéntase o exilio do eu que afecta á casa natal, á infancia é á propia linguaxe. Destácase tamén a frustración derivada da imposibilidade de captar as dimensións de espazo e tempo e indícase a relevancia dos territorios do soño e da imaxinación como vínculos co pasado.

Penas, Silvia, "Panorámica 2015", *Tempos Novos*, n.º 224, *"ProTexta"*, "Panorámica 2015", xaneiro 2016, pp. 84-91.

Ofrécese unha panorámica da literatura galega ao longo do ano 2015. Esta achega estrutúrase en catro apartados, "Narrativa", "Ensaio", "Poesía" e "Teatro". Da primeira destácase a relevancia da novela negra, con obras como *A antesala luminosa* de Antonio Tizón, *O faro escuro* de María López Sández, *Hai que matalos a todos* de Héctor Carré, *Por que as sombras non teñen ollos* de Luís García Mañá, *Agosto de memoria e morte*, de Xoaquín Fernández Leiceaga e *A noite enriba* de Diego Ameixeiras. Tamén se fai referencia ás obras de ambientación medieval *A galera de Xelmírez* de Xabier Paz,

Lourenço xograr e *Amor en alpargatas* de Manuel Portas. Destácase o contido arredor da memoria e da historia que presentan *Antípodas* de Xosé Vázquez Pintor, *Seique* de Susana Sánchez Aríns, *Un animal chamado néboa* de Ledicia Costas, *A identidade fascinada* de Antonio Piñeiro, *Cuarto minguante* de Bautista Álvarez e *O último día de Terranova* de Manuel Rivas. A raíz desta temática tamén se fai referencia á novela *Cabalos e lobos* (2014) de Fran Lorenzo que inaugura a ambientación en Vigo continuada en *O ocaso da familia Portela* de Noa Pérez González e *As últimas galerías* de Xosé María Álvarez Cácamo. Saliéntase a novela sobre a identidade á que pertencen *O viaxeiro radical* de Xerardo Quintiá, *Interferencias* de Manuel Seixas e *Cuestións vitais secretas* de Iván García Campos. Na liña da problemática social destaca as obras *Os elefantes de Sokúrov* de Riveiro Coello, *Muros de aire* de An Alfaya, *Morena, perigosa e románica* de Pedro Feijoo, *Funambulistas* de Mercedes Leobalde, *Son noxento* de María Xosé Queizán, *A música dos seres vivos* de María Reimóndez, *Despois do cataclismo* de María Alonso e a narrativa de temática amorosa representada por *Emparellados e tres nenas* de Mario Caneiro. Con respecto ao ensaio, cómpre destacar no eido da literatura galega a obra *Xosé Filgueira Valverde. Biografía intelectual* de Xesús Alonso Montero, *A visión do amor no cancioneiro de Don Denís. Estudo e edición de 33 cantigas de amor* a cargo de Leticia Eirín García, *Ramón Cabanillas, Cambados e o mar da Arousa* de Francisco Fernández Rei e *Galicia encantada* de Antonio Reigosa elaborada a partir da obra *A cicatriz branca* de Margarita Ledo Andión e dunha proposta dixital. Da poesía destácase a súa dimensión pública, colectiva e de compromiso social e político, así como a convivencia de varias voces pertencentes a diversas xeracións, entre as que se destacan Oriana Méndez, Xosé Luís Franco Grande, Manuel Álvarez Torneiro, María Xosé Queizán ou Manuel Rivas. Faise referencia ás *obras Do outro lado das Portas* de Iñaki Varela, gañadora do Premio Ivtoriano Taibop 2015; *Oenach* de Marcos Abalde, gañadora do Premio Fiz Vergara Vilariño; *Ruído de trens* de Eduard Velasco, gañadora do Premio Pérez Parallé e que se sitúa no eido de *Celebración* de Gonzalo Hermo (2014), gañadora do premio da Crítica e do Miguel Hernández en 2015; *O que precede a caída é branco* de Oriana Méndez, gañadora do Premio Concello de Carral; *Ensaios* de Daniel Salgado; *O deserto* de María do Cebreiro; *S/T* de Enma Pedreira; *Historia do meu corpo en labaradas* de Rosa Enríquez; *Dos días escuros* de Mª Carmen Caramés, gañadora do Premio Johan Carballeira; *Inventario do prohibido* de Luz Campello; *Oso, mamá, si?* de María Lado; *A outra voz* de Verónica Martínez Delgado e Alberte Moman, gañadora do Premio Illas Sisargas; *Trona, o merlo* de Luís Valle; *A boca da terra* de Manuel Rivas; *Teoría do riso* de Antón Patiño; *Xoguetes do tempo* de Xosé Luís Franco Grande; *Luz extinta* de Rodríguez Baixeras, gañadora do Premio Cidade de Ourense. Neste caso faise referencia á obra anterior do autor *Eclipse* e, por último, alúdese ao poemario *Cheiro de choiva* (1934) de Rodolfo Alonso. No eido do teatro cítanse as obras *Panamericana* a cargo de A panadaría, *Unhas poucas picadelas* a cargo de Teatro de Ningures, *O furancho* a cargo de Ibuprofeno Teatro, *Calypso* de Voadora, *Listo para sentenza* de Triatreros, *Ensaio sobre a cegueira* de Sarabela Teatro, *Preferiría non facelo* de Anómico Teatro, *Presidente* do Teatro do Morcego, *Noiteboa* de Redrum Teatro, *O principio de Arquímedes* de Teatro Atlántico, *Cando dous son multitude* da compañía Vía 6, *Non toques os meus círculos* de Artello Teatro, *Xardín suspenso* do Centro Dramático Galego, *Sushi gratis* de Funboa Escénica, *Balor na acción dunha cadeira* de Artesa Cía e a publicación do libro *Raclette* de Santiago Cortegoso, galardoado co XXII Premio Álvaro Cunqueiro. Faise referencia en todos os casos ao contido, estilo, estrutura ou características formais das obras mencionadas.

Penelas Devesa, Patricia, "Metaliteratura e innovación como remate", *Grial*, n.º 209, "O espello das letras", xaneiro, febreiro, marzo 2016, pp. 90-91.

Coméntase a obra *De remate*, gañadora do Premio Xerais 2015. Saliéntase que o seu autor, Héctor Cajaraville, foi finalista do Premio Merlín tamén en 2015 coa obra *Quen dá a quenda?*. Destácase a novidade do formato que supón a novela ao constituír unha miscelánea documental de artigos xornalísticos, notas do diario persoal do protagonista, correos electrónicos e entradas de blog a modo de documental. Saliéntase a veracidade que outorga a estrutura á obra así como o uso da lingua dialectal, a ironía e a retranca. Incídese en que a obra trata temas actuais e propios da idiosincrasia galega, incluíndo tanto tradición coma a crítica de aspectos e prácticas sociais e políticas.

Pérez, Luís, "García Lorca, poeta galego: unha viaxe á Galicia do cantor de Andalucía", *Ferrolanálisis*, n.º 30, "Literatura", 2016, pp. 35-37.

Co gallo da conmemoración da visita de Federico García Lorca a Galicia faise un repaso pola súa amizade con Carlos Martínez-Barbeito e polo xerme da edición dos *Seis poemas galegos*, preparada por Eduardo Blanco Amor. Achégase, ademais, o texto do poema *Danza da lúa*, salientando a competencia lingüística de Lorca.

Pérez Rodríguez, Luís, "Carlos Martínez-Barbeito e Federico García Lorca. Crónica dunha relación persoal", *Grial*, n.º 210, "Carta do lector", abril, maio, xuño 2016, pp. 119-125.

Saliéntanse aspectos da traxectoria biográfica, literaria e profesional de Carlos Martínez-Barbeito, aludindo á súa relación con escritores en lingua galega como a Ricardo Carballo Calero ou Ánxel Fole, entre outros. Afóndase na súa relación co escritor Federico García Lorca e faise referencia, a propósito da mesma, a outras figuras senlleiras da literatura galega como Rosalía de Castro ou Eduardo Blanco Amor. Alúdese tanto aos *Seis poemas galegos* escritos por García Lorca coma ao estudo sobre os mesmos titulado *O pórtico poético dos 'Seis poemas galegos' de F. García Lorca*.

Ponte Far, Xosé A., "Valle-Inclán e a súa relación co mundo cultural galego", Grial, n.º 212, "O espello das letras", outubro, novembro e decembro 2016, pp. 114-119.

A propósito dun estudo sobre a a relación de Valle-Inclán coa cultura galega alúdese a escritores representativos da literatura galega coma Méndez Ferrín, Calero, Alonso Montero, Francisco Añón, Manuel Antonio como autor do manifesto *Máis alá* (1922), Ramón Cabanillas, Villar Ponte, Castelao, Luís Seoane, Rafael Dieste ou Ánxel Fole.

Portas Ferro, Xesús, "Relixión e transcendencia na poesía de Manuel María", *Encrucillada*, n.º 197, "Estudos", marzo-abril 2016, pp. 36-56.

Faise un percorrido en varios apartados polo tema relixioso na obra de Manuel María. No primeiro, "A cuestión do carácter relixioso e o seu alcance", discútese o alcance da

cuestión relixiosa na obra do poeta, equiparando a súa figura á do poeta catalán Salvador Espriu, e salientando a visión relixiosa en *Muiñeiro de brétemas* estudada por Victorino Pérez Prieto. A seguir, en "Distinción pertinente dalgunhas cuestións" aclárase que non se pretende reflexionar sobre a relixiosidade do poeta, senón do suxeito poético. Ofrécese un itinerario de lectura que parte das crisis relixiosas. Analízanse textos pertencentes a *Camiños de luz e sombra, As lúcidas lúas de outono* e *Documentos personaes*. Na seguinte sección, "Advento ou apocalipse" céntrase na estética e referencias relixiosas do poemario *Advento* (1954), presentando unha análise do poema "Responso desesperado" como exemplo do ton meditativo do libro. Por último, en "A señardade do eterno. A paisaxe e a saudade", reflexiona sobre a apertura á transcendencia por medio da paisaxe, achegando fragmentos de *Terra Cha* (1954), *Compendio de orballos e incertezas* (1991), *A luz resucitada* (1984) e *Oráculos para cabaliños-do-demo* (1986).

Prada, Amancio, "Encanto de Federico García Lorca", *Ferrolanálisis*, n.º 30, "Literatura", 2016, pp. 27-33.

O cantautor Amancio Prada fai un repaso polas súas lecturas poéticas, comezando por Rosalía de Castro, até pasar a analizar a figura de Federico García Lorca. Faise unha comparativa entre ambos autores, enfrontando fragmentos da obra de Rosalía con versos do poeta andaluz. Alúdese os *Seis poemas galegos* e, en particular, a "Canción de cuna para Rosalía de Castro, morta", que comeza citando versos de Rosalía.

Rabuñal, Henrique, "Análise do teatro galego actual", *Grial*, n.º 209, "O espello das letras", xaneiro, febreiro, marzo 2016, pp. 102.

Recensión da obra *Resistir no escenario. Cara a unha historia institucional do teatro galego* (Xunta de Galicia, 2015), de Inma López Silva. Sinálase que se trata dun estudo sobre as especificidades sociais e políticas do teatro galego contemporáneo. Dáse conta da estrutura da obra que aborda, en primeiro lugar, a constitución do teatro galego desde 1982 tendo en conta tanto a produción e recepción textual e escénica como a situación das compañías. En segundo lugar, anótase que se analiza a profesionalización do teatro, tendo en conta a aparición do CDG e a importancia da Rede Galega de Teatros. Por último, indícase que se aborda a análise das asociacións de teatro profesional desde 1978 e a implicación de incluír estas manifestacións artísticas no canon.

Riveiro Coello, Antón, "De Isorna a Fruíme, unha viaxe literaria polas beiras do Barbanza", *Barbantia. Anuario de Estudos do Barbanza*, "Limiar", n.º 12, 2016, pp. 117-151.

Ofrécese un estudo sobre as obras de escritores que inclúen nas súas composicións referencias a diferentes vilas do Barbanza sobre as cales se achegan datos históricos, sociais e arquitectónicos. Esta análise estrutúrase desde un punto de vista espacial nos apartados "Rianxo", "Boiro", "A Pobra do Caramiñal", "Ribeira", "Porto do son", "Noia" e "Lousame" para rematar cuns "Agradecementos". No primeiro apartado alúdese aos escritores Faustino Rey Romero, Martín Torrado Mariño, Xesús Rábade Paredes, Helena Villar Janeiro, Rafael Dieste, Castelao, Paio Gómez Chariño, Manuel

Antonio, Brea Segade, Roxerius, Álvaro Cunqueiro, Xosé R. Losada, Ricardo Carvalho Calero, Xosé Luís Axeitos, Evaristo Martelo, Manuel Dourado Deira, Antonio Domínguez Rey, Gonzalo Hermo, Xesús Santos Suárez, Esther F. Carrodeguas, Xosé María Brea Segade, Amado Carballo, Xosé Ramón Brea Rei, F. R. Lavandeira e Ramón Fernández Mato, incluíndo nalgúns casos feitos destacados das súas biografías e composicións dos mesmos sobre a vila. No segundo apartado alúdese aos escritores Xohán del Río y Otero, Sarmiento, María Mariño, Antón Riveiro Coello e Celestino García Romero, incluíndo nalgún caso datos biográficos e composicións dos mesmos sobre a vila. No terceiro apartado inclúese un poema en galego de Valle-Inclán e faise referencia aos autores Antón Riveiro Coello, Pere Tobaruela, Víctor Freixanes, Méndez Ferrín, Carlos Mosteiro, Manuel Teira, Anxo Rei Ballesteros e os irmáns Rodríguez Baixeras, incorporando nalgún caso datos biográficos e composicións dos mesmos sobre a vila. No cuarto apartado alúdese aos escritores, Manuel Gago, Plácido Betanzos, Pemón Bouzas, Francisco Antonio Vidal Blanco, Ventoso Mariño, Manuel Lustres Rivas, Xosé Ramón Barreiro Fernández (como estudoso de Murguía, Rosalía ou Otero Pedrayo), Quico Cadaval, Carlos Callón, Fidel Vidal Pérez, Uxía Casal, Manuel Cartea, Antonio Piñeiro, Xabier López Marqués, Andrés Torres Queiruga, Francisco Lorenzo Mariño, Unai González, Cotarelo Valledor, Faustino Rey Romero, Antón Riveiro Coello, Ramón Cabanillas, Sarmiento, Fermín Bouza Brey, Anxo Rei Ballesteros, Víctor Freixanes, Álvaro Cunqueiro e Otero Espasandín, incorporando nalgún caso datos biográficos e composicións dos mesmos sobre a vila. No quinto apartado alúdese aos escritores Carlos García Bayón, Xoán Pastor Rodríguez, Ramón Sampedro, Sarmiento, Suso de Toro, Francisco Calo Lourido, Xesús Rábade Paredes, Álvaro Cunqueiro, Manuel Mariño del Río, Xerardo Díaz Fernández, Áurea Lorenzo Abeijón ou a investigadora Blanca-Ana Roig Rechou, incorporando nalgún caso datos biográficos e composicións dos mesmos sobre a vila. No sexto apartado alúdese aos escritores Antón Avilés de Taramancos, Manuel Fabeiro, Eduardo Blanco Amor, Cunqueiro, José María Castroviejo, María Mariño, Uxío Novoneyra, Ferrín, Rosalía, Pondal, Ana Romaní, Martín Veiga, Pepe Agrelo, Xerardo Agrafoxo, Víctor Freixanes, Agustín Agra, Xosé Martínez Abelleira, Manuel Caamaño Suárez, Xosé Manuel Cairo Antelo, Ramón Carredano, María Xosé Canitrot, Luís Bejarano, Xabier e Maxi Olariaga, Sebastián Paz Suárez, César Souto, Manuel L. Rodrigues, Ismael Ramos, Amadeo Cobas, Iria Lago e Álvaro de las Casas, incorporando nalgún caso datos biográficos e composicións dos mesmos sobre a vila. Finalmente, no último apartado, alúdese aos escritores Ramón Carredano, Diego Antonio Cernadas de Castro (o cura de Fruíme), Sarmiento, Antonio Zernadas de Castro e Antón Riveiro Coello, incorporando nalgún caso datos biográficos e composicións dos mesmos sobre a vila.

Rodríguez, Pastor, "Barbantia. Balance anual", *Barbantia. Anuario de Estudos do Barbanza*, "Barbantia ano XII", nº 12, 2016, pp. 223-267.

Achégase o balance de actos culturais anuais en relación á revista Barbantia. No que atinxe á literatura galega recóllense a presentación da novela *Agosto de memoria e morte* de Xaquín Fernández Leiceaga, destacando o seu argumento arredor da guerra civil en Noia; a presentación da novela *Os elefantas de Sokúrov* de Antón Riveiro Coello; un encontro arredor da figura de Faustino Rey Romero; a presentación da novela *Lourenço xogar* de Manuel Portas, da que se salienta que foi galardoada co premio García Barros e que se sitúa na Idade Media; a conmemoración do Día de Rosalía; a presentación do poemario *Historia do meu corpo en labaradas* de Rosa

Enríquez; a presentación da novela *O coitelo de pedra fundida* de Francisco Antonio Vidal; a presentación da novela *Un asasino felizmente casado* de Fidel Vidal; a lectura pública de textos de Manuel María; a presentación do libro *Un cesto de mazás* de Montse Fajardo; a presentación do libro de Héctor Cajaraville *De remate*, do que se destaca que foi galardoado co premio Xerais de novela 2015; a presentación do libro *Labrego con algo de poeta* de Mercedes Queixas Zas; a presentación da obra *Voaxa e Carmín* de Esther F. Carrodeguas; a presentación da obra *María Lisboa* de Ángel Chica Blas, da que se salienta que o argumento se centra na segunda República e na guerra civil en España; a presentación da obra *O anxo negro* de Manuel Gago; a presentación da obra *Viaxe á última revolución* de Xerardo Agrafoxo; a presentación do libro *Os tráxicos sucesos en Cans (Nebra) 1916* de Manuel Mariño del Río e a presentación da peza teatral *Unha morte lanzal. A traxedia do bou Eva* de Julio Rodríguez Novo.

Rodríguez Sánchez, Manuel, "*Posta de sol* de Manuel Silva García", *Lvcensia*, n.º 53 (vol. XXVII), 2016, pp. 173-185.

Achégase unha selección de poemas do libro *Posta de Sol* (2016), de Manuel Silva García, con breves comentarios críticos. Comézase cunha breve achega biográfica e recóllense os textos "Dar contas", "Caligrama de morte e vida", "Seminario", "Cruz de San Benito", "No cemiterio", "O tempo pasa", "Meditación á beira do río", "Infancia", "Soños", "De repente… soy mayor", e "Viernes Santo". Os comentarios están centrados no coidado das estruturas, a rima e os temas sobre os que reflexiona o autor, como a vida e a morte ou as influencias relixiosas.

Rodríguez Santamaría, Xoán Pastor, "A dorna na poesía galega", *Barbantia. Anuario de Estudos do Barbanza*, "Limiar", nº 12, 2016, pp. 105-115.

Tras unha achega ás localizacións costeiras galegas onde era habitual o uso da dorna, ofrécese unha aproximación á orixe etimolóxica do termo e lévase a cabo unha recompilación cronolóxica sobre a presenza da dorna en composicións poéticas galegas. Alúdese tamén á análise etnográfica sobre este tipo de embarcacións realizada por Xaquín Lorenzo. Co obxectivo de destacar o período de aparición da dorna na poesía galega, faise referencia á presenza da temática mariña nas cantigas de diversos autores medievais e nas antoloxías *O mar na poesía galega* (1985) a cargo de M. Cacheiro Varela e *Tamén navegar* (2011) responsabilidade de Fernández Naval. Alúdese tamén á presenza da dorna na poesía popular e analízase a definición de Eladio Rodríguez González sobre as súas características físicas. Por último, inclúense as seguintes composicións de poesía galega nas que aparece a dorna: "Virxen da Guía" de Victoriano Abente Lago (1867-1926); "Veiramar" de Ramón Cabanillas (1876-1959); "Dorna saudal", pertencente á obra *A roseira da saudade* (1954) de Antón Zapata García (1886-1953); o poema "Mariñeiro" e a obra *A gaita a falare* (1939) de Ramón Rey Baltar (1882-1969); "Dorna", pertencente á obra *Cantigas e verbas ao ar* (1928) de Xulio Sigüenza (1898-1965); "A máis mariñeira" e "Dornas", pertencentes ao libro *As dornas da preguiza* de Anxo Sevillano (1906-1989); "Miña dorna", presente na segunda edición de *Sulco e vento* (1936) de Álvaro de las Casas (1901-1950); "Outa mar" de Luís Amado Carballo (1901-1927); "Images" de Johan Carballeira (1902-1937); "Romance dos sete mariñeiros", reeditado n' *O ronsel verdegal* (1964) e o "Poema ao mariñeiro que non more na mar" de Emilio Pita (1910-1981); *Cantiga nova que se chama ribeira* de Álvaro Cunqueiro (1911-1981); "Romance do pescador peleriño"

(1954) de Xosé María Álvarez Blázquez (1915-1985); “Refugarei as roitas das dornas do solpor…” de Ricardo Carvalho Calero (1910-1990); “A illa”, pertencente á obra *Antipoemas* e “Poema en silenzo” de Celso Emilio Ferreiro (1912-1979); “Mariñeiro”, pertencente á obra *Os meus cantiles* de Xosé Conde Fernández (1918-1990); “Cantiga do mar de Arousa”, pertencente á obra *Escolma ferida* (1977) de Manuel Lueiro Rey (1916-1990); “Vagabundeo nas senlleiras dornas...”, “Cruza unha dorna no danzante mar...”, pertencentes á obra *Man que escribiu no mar* e “Dornas na luz” de *Náufragos da elexía* (2001) de Pura Vázquez (1918-2006); “O neno da ribeira”, pertencente á obra *Poemas de nenos e paxariños* (1958) de Aurora Vidal Martínez (1911-2005); “Mar”, “Todas as noites bulen dornas quentes” e “Xábrega”, pertencente á obra *O paxaro na boca* de Luz Pozo Garza; “Barqueiro”, pertencente á obra *Xograría nova* (2000) de Sabino Torres; “Panxoliña mariñeira” e “Dorna”, incluído este último na obra *As rúas do vento ceibe* (1979) de Manuel María (1929-2004); “Unha dorna que me alonga”, pertencente ao libro *Ao pé de cada hora* (1967) de Salvador García-Bodaño (1935); *Tempo de ría* de Xohana Torres (1931); “Os poemas da ausencia” e a obra *As moradías do vento* de Antón Avilés de Taramancos (1935-1992); “Os líderes mariñeiros que fuxiron na dorna e morreron no Atlántico, lonxe do terror”, pertencente á obra *Poesía enteira de Heriberto Bens* de Méndez Ferrín (1938); “A dorna” de Mariano de Marcos Abalo,; “A praia dos lagartos...” de Helena Villar Janeiro (1940); “As estrelas pescadoras...” de Maximino Cacheiro Varela (1943); “Territorio”, pertencente á obra *A cámara de néboa* (1989) de Víctor Vaqueiro Foxo (1948); *Os ciclos do sino* de Xosé Carlos Gómez Alfaro (1949-2008); “Dorna” de Xosé Lois García (1945); “El Rei Sabio”, pertencente á obra *Balada nas praias do oeste* de Manuel Rivas (1957); “Dorna”, pertencente á obra *Patria do mar* e tamén a obra *Ábrelle a porta ao día* de Darío Xoán Cabana (1950); “Brúa”, pertencente á obra *Do A ao Z con Ramón Cabanillas* de Ramón Caride Ogando (1957); “De pé. No centro da dorna. Sen estrobos. A voo de paxaro...” de César Antonio Molina (1952); “Da airosa fuxida da dorna...” de Xosé María Álvarez Cáccamo (1950); “Dornas meckers botes do carril bucetas mecos sen leme sombras...” de Anxo Angueira Viturro (1961); “Nesta dorna...” de Ramón Reboiras (1961); “Unha dorna sen luz, unha tristeza” de Emilio Álvarez Blázquez; “O batuxo é o irmao fluvial...” de Xesús Franco González; “Vaise a calma da dorna...” pertencente á obra *Tempo de ría* (1992) de Xohana Torres. Tamén se fai referencia aos poetas F. Domínguez Romero e a María do Cebreiro.

Roig Rechou, Blanca-Ana, “Lectura. Lingua. Literatura.”, *Tempos Novos*, n.º 231, *“ProTexta”*, “ProTagonista”, agosto 2016, p. 77.

Co gallo do pasamento de Agustín Fernández Paz faise referencia ao libro *O rastro que deixamos*, destacando que contén textos inéditos e outros xa coñecidos do autor. Alúdese á faceta de lector de Fernández Paz e tamén á de docente. Apúntase o seu labor de defensa da lingua galega, no que se destaca a relevancia que adquire a súa produción nese eido. Por último, saliéntase a súa contribución ao estudo, crítica e difusión da literatura, especialmente a infantil e xuvenil, tamén como creador.

Salgado, Ana, “Lendo os signos da época”, *Grial*, n.º 210, “O espello das letras”, abril, maio, xuño 2016, pp. 92-93.

Analízase a obra *O que precede a caída é branco* (Espiral Maior, 2015), de Oriana Méndez. Destácase que a obra foi galardoada co premio de poesía do Concello de Carral. Faise referencia á brancura como metáfora do esquecemento. Ponse en relación coa novela *Cabalería vermella* de Isaac Babel. Alúdese aos temas sobre os que pivota a obra, destacando a liberación, a submisión e o devir da historia. Faise referencia ao primeiro libro da autora *Derradeiras conversas co capitán Kraft* e aos trazos de distopía da súa produción. Destácase o presentismo da obra tanto temporal coma espacial. Sublíñanse as novidades temáticas sobre a muller no traballo e sucesos non occidentais, así como o desenvolvemento da contraposición de acontecementos externos e internos ao individuo. Vincúlase a produción da autora co labor das Redes Escarlata e coa obra de escritores coma Chus Pato ou Gonzalo Hermo, entre outros.

Salgado, Ana, "Ningún lugar seguro para os amantes", *Grial*, n.º 210, "O espello das letras", abril, maio, xuño 2016, p. 94.

Ofrécese unha recensión da obra *Ruído de trens* (Espiral Maior, 2015), de Eduard Velasco. Infórmase de que a obra foi galardoada co Premio Nacional Xosemaría Pérez Parallé. Saliéntase que se trata dun poemario de temática amorosa que pivota sobre a oposición entre os sentimentos de amor e odio e destácanse outras temáticas como a memoria, a procedencia ou a carencia de lugar de acollida. Sublíñase a secuencialidade da obra advertindo que ten como base a representación tipográfica. Destácanse as referencias do poemario ás obras *O útero dos cabalos* de Lupe Gómez, *Acusación* de Xiana Arias, *Alta casa* de Helena de Carlos e *Casa pechada* de Luz Pichel. A nivel estilístico, destácase o emprego do verso hendecasílabo, así como a presenza do humor.

Sampedro, Francisco, "No tempo de follas novas", *Tempos Novos*, n.º 230, *"ProTexta"*, "ProPostas", xullo 2016, pp. 82-83.

Ofrécese unha recensión da obra *No tempo de Follas Novas. Unha viaxe pola literatura universal* (Editorial Alvarellos, 2015), editada por María Pilar García Negro. Alúdese á pretensión da obra de analizar o poemario de Rosalía de Castro en relación á literatura universal do mesmo período. Destácase a vinculación temática dos textos estudados, que xiran arredor do papel da muller, da denuncia social, da pena e da patria, aludindo neste último á obra de Manuel Curros Enríquez. Afóndase na relevancia da temática da pena na obra de Rosalía e ponse en relación co sentimento colectivo de saudade da obra de Eduardo Pondal. Incídese no carácter de resistencia da tristura fronte á realidade opresiva galega. Mencionánse os estudos de Xosé Luís Méndez Ferrín sobre a presenza deste sentimento na obra de Rosalía de Castro, Ramón Otero Pedrayo e Eduardo Pondal.

Sánchez Iglesias, Cesáreo, "O apoio da Área de Cultura da Deputación Provincial de Lugo…", *Escrita contemporánea,* Z, 2016, pp. 7-8.

Co gallo da presentación da xornada sobre literatura de tradición oral que dá lugar ao novo número da revista da AELG alúdese aos versos sobre o Caurel de Uxío Novoneyra para referirse a un relatorio sobre as propiedades medicinais das prantas da zona. Tamén se alude á presenza do imaxinario de Galicia sobre a curación na obra de Ramón Otero

Pedrayo. Por último, péchase a intervención coa composición "Ar lurpio na pel de min" pertencente á obra *Ortigas da memoria* de Cesáreo Sánchez Iglesias.

Seoane, Xavier, "Non todo vale. Reflexións sobre algunhas prácticas da poesía contemporánea", *Grial*, n.º 212, "O espello das letras", outubro, novembro e decembro 2016, pp. 96-103.

Ofrécese unha análise da poesía galega actual apuntando, desde unha perspectiva crítica, o uso inapropiado de certos procedementos. En liñas xerais, destácase o emprego de metáforas inintelixibles, a carencia de ritmo e de musicalidade, a falta dunha estrutura coherente, a excesiva complexidade conceptual, a desmesurada variación verbal e simbólica, a sinxeleza e a brevidade levadas ao extremo, a ausencia de artellamento estilístico e de lóxica no emprego da retórica, o abuso de técnicas do surrealismo, do irracionalismo e da escrita automática derivadas da inexistencia dunha mensaxe que transmitir, o descoñecemento da tradición poética e a propensión ao prosaísmo. Por último, achégase unha reflexión sobre a influencia da crítica sobre a proliferación de tendencias da creación poética galega.

Torres de Aboal, Xermán Manuel, "Xosé Filgueira Valverde, paradigma do humanista galego do século XX", *Galegos*, n.º 22, I, "Persoeiros", 2016, pp. 96-99.

Faise unha presentación de Xosé Filgueira Valverde como humanista do seu tempo. Comézase por citar o seu coñecemento do latín, a súa poligrafía no eido das Humanidades, o seu traballo científico multidisciplinar no Seminario de Estudos Galegos, o seu oficio de ler e escribir, o seu afán didáctico, a súa concepción católica e a súa actitude vital. Tras esta breve introdución, enuméranse os seus temas de erudición, como o seu traballo doutoral sobre a cantiga CIII de Alfonso X o Sabio, ou a súa colaboración co Seminario de Estudos Galegos. Por último, saliéntase o seu afán por ensinar e a súa preocupación didáctica, que se manifestou en proxectos como a publicación de *Adral* (1979-1996).

Vaamonde García, Pablo, "A medicina popular en Galicia e a súa relación coa sanidade oficial", *Escrita contemporánea,* Z, 2016, pp. 41-55.

No marco dun estudo sobre as prácticas de medicina popular en Galicia faise referencia a Álvaro Cunqueiro e á súa obra *Escola de Menciñeiros* como parte integrante da bibliografía revisada. Saliéntase que o argumento da obra xira arredor dunha serie de personaxes que practican os métodos tradicionais de curación propios de Galicia. Sinálase que a obra se basea en vivencias do autor na farmacia de seu pai situada en Mondoñedo. Destácase o carácter humorístico da mesma e o interese prestado aos enfermos. Tamén se fai alusión ao prólogo da obra feito por Domingo García-Sabell e á adecuación das súas consideracións sobre a temática presentada. Por último, inclúese a frase dun personaxe dunha obra de Manuel Rivas na conclusión sobre a felicidade e as dificultades que implica o percorrido vital.

Valverde, Alberte, "As aranhas somos bolcheviques", *Tempos Novos*, n.º 225, *"ProTexta"*, "ProPostas", febreiro 2016, pp. 80-81.

Recensión da obra *Ostrácia* (Através Editora, 2015), de Teresa Moure. Apúntase que o libro está concibido como a primeira parte dunha triloxía. Destácase que se trata dunha novela de temática histórica sobre o illamento da bolxevique Inessa Armad a raíz da súa relación amorosa co político Lenin. Saliéntase o carácter intimista da obra. Faise referencia aos anteriores libros da autora *O natural é político* e *Herba moura*. Dáse conta do pouso ético da obra a partir da figura da protagonista que traballa na construción da súa familia e tamén dunha mellor sociedade. Achégase unha división da obra en dúas partes, salientando a fragmentariedade, a falta de finitude e a mestura de xéneros da primeira fronte á segunda que se centra na relación amorosa baseada na meditación, o concepto de amor libre e non posesivo e mais o diálogo. Contrástase esta visión do amor coa ofrecida por Méndez Ferrín en *Amor de Artur*. Apúntase a división temporal da obra en tres etapas: a da revolución rusa, os anos posteriores e o presente da narración. Destácase o uso da voz narrativa omnisciente para facilitar a hibridación xenérica. Por último, sublíñase o tratamento reflexivo sobre os sucesos históricos narrados en relación ao pouso social da nova produción da autora.

Valle Pérez, Xosé Carlos, "Xosé Filgueira Valverde, o Seminario de Estudos Galegos e a Catalogación sistemática do Patrimonio Histórico-Artístico de Galicia", *Galegos*, n.º 22, I, "Persoeiros", 2016, pp. 92-95.

Trátase a relación de Xosé Filgueira Valverde co Seminario de Estudos Galegos, salientando a súa colaboración en actividades como a creación dun *Vocabulario popular galego-castelán*. Ponse de relevo a figura de Filgueira como historiador da arte galega e alúdese aos seus estudos sobre arquitectura, como "A eirexa pre-románica de Francelos" (publicado na revista *Nós* en 1929) ou "O baldaquino en Galicia denantes do Barroco", publicado en *Arquivos do Seminario de Estudos Galegos* en 1930, en colaboración con Xosé Ramón Fernández Oxea. Por último, saliéntase o proxecto *Catalogación Arqueolóxica e Artística de Galicia*, que dirixiu até o seu pasamento en 1996.

Vázquez Rivera, Iria-Friné, "Estética, teatro e cinema en Risco", *Luzes*, n.º 28, *"República"*, 2016, "Reportaxe", pp. 82-85.

Faise un repaso polo vangardismo na obra de Vicente Risco, centrado nas súas reflexións sobre teatro e cinema. Comézase por comentar as súas reflexións sobre o teatro en *Preludio a toda estética futura*, no que cita a interpretación de Sarah Berhardt en *Hamlet*. A seguir, repásase "De Vicente Risco. Teoría y Estórea do Drama", publicado en A Nosa Terra, no que se explica o concepto de traxedia e salienta obras de diversas épocas, dedicando un lugar especial a Henrik Ibsen. Coméntase, ademais, a achega teatral de Vicente Risco, *O bufón d'El Rei*, premiada na Festa da Fala Galega en Santiago en 1926 e publicada pola editorial Nós. Exponse brevemente o argumento e faise referencia á súa estrea en Bos Aires, poñendo de relevo a súa sinxeleza e elegancia. A continuación, reflexiónase sobre Risco e o cinema, salientando a súa admiración por *O séptimo selo*, de Ingmar Bergman, e as experiencias que levan á súa concepción dun cinema galego. Conclúese salientando a literatura e a vida como temáticas que Risco suxire para un cinema galego, polo que se gaba a súa perspectiva creadora e a súa enerxía artística.

Veiga, Elena, "(Re)coñecendo o último rei trobador", *Grial*, n.º 209, "O espello das letras", xaneiro, febreiro, marzo 2016, pp. 100-101.

Recensión da obra *A visión do amor no cancioneiro de Don Denis. Estudo e edición de 33 cantigas de amor* (Laiovento, 2015), de Leticia Eirín García. Destácase que a obra achega trinta e tres cantigas de temática amorosa de Don Denís baseadas no tópico da visión que conduce ao namoramento e á coita amorosa. Apúntase que a obra conta cunha introdución na que se fai un percorrido histórico sobre a figura deste rei e incídese na necesidade da mesma para o posterior achegamento ás cantigas. Destácase que se leva a cabo unha análise individual de cada composición e alúdese á necesidade recollida na obra de facer unha revisión crítica da produción deste rei trobador.

Veiga Ferreira, Xosé María e Juan **Sobrino Ceballos**, "Santa Marta de Babío", *A Xanela. Revista cultural das mariñas*, n.º 41, Primavera, 2016, "O noso patrimonio", pp. 11-13.

Faise un percorrido pola historia da parroquia de Santa Marta de Babío na que se menciona as referencias á súa romaría, incluídas na novela en verso *A festa de Santa Marta de Babío*, de Juan Díaz Fernández, e mais nunha copla recollida e publicada por José Pérez Ballesteros.

Ventura, Joaquim, "No centenario das Irmandades da Fala. Epistolario entre Antón Villar Ponte e Joan Estelrich", *Grial*, n.º 210, "Documentos", abril, maio, xuño 2016, pp. 47-57.

Co gallo dunha aproximación ás relacións entre os movementos políticos do galeguismo e o catalanismo a través da figura de Joan Estelrich, alúdese a figuras da literatura galega como Antón Villar Ponte, Lois Peña Novo, Antón Losada Diéguez, Vicente Risco, Daniel R. Castelao ou Ramón Cabanillas, e incluso se destaca a tradución ao galego de fragmentos do *Ulysses* de Joyce a cargo de Ramón Otero Pedrayo. Por último, achéganse as cartas intercambiadas entre Antón Villar Ponte e Joan Estelrich a propósito das súas respectivas ideoloxías políticas.

Vicente, Denís, "O derradeiro Neira Vilas", *Grial*, n.º 209, "O espello das letras", xaneiro, febreiro, marzo 2016, pp. 91-92.

Recensión da obra *Romaría de Historias* (Galaxia, 2015), de Xosé Neira Vilas e tamén dos *Cadernos Ramón Piñeiro XXXII. Epistolario Ramón Piñeiro-Xosé Neira Vilas* (Xunta de Galicia, 2015), editado por Armando Requeixo. En canto á primeira obra, destácase a experimentación formal á hora de constituír unha panorámica sobre o rural galego, na liña de *Remuíño de sombras* (1973) e *Aquel neno* (2013). Saliéntase o seu valor etnográfico costumista, como en *Memorias dun neno labrego* (1961), pero tamén a vertente social, histórica e actual, así como a influencia de elementos autobiográficos. Con respecto ao epistolario, resáltase o interese do prólogo do autor e dos estudos introdutorios feitos polos críticos literarios Armando Requeixo e Dolores Vilavedra. Apúntase que é a primeira publicación das sesenta e nove cartas conservadas de Neira

Vilas a Ramón Piñeiro desde 1959 até 1990. Destácase a diversidade temática que abrangue dende a realidade política até a temática cultural-literaria, así como información de novas publicacións en Galicia e América.

_____, "Punto de encontro galego-cubano", *Grial*, n.º 211, "O espello das letras", xullo, agosto, setembro, 2016, pp. 97-98.

Coméntase o CD *Son galego, son cubano*, de Roi Casal. Sublíñase que a obra xira arredor do papel dos emigrantes galegos en Cuba, do porvir da lingua e da cultura galegas e que se basea na obra de Xosé Neira Vilas. Faise un percorrido pola historia da emigración galega en Cuba, á que fan referencia as cancións. Destácanse as obras poéticas de Neira Vilas *Dende lonxe* (1960) e *Dende Gres* (2004) e faise referencia á súa produción musicada, como é o caso de *Cantos de sol a sol* e *Cantos que veñen de lonxe* ou o poema "Ai, amor!". Dáse conta da difusión musical de *Son galego, son cubano* a cargo de Roi Casal en Cuba e Galicia e alúdese á traxectoria do músico. Infórmase da colaboración na obra doutros persoeiros do panorama musical. Por último, alúdese á presenza cubana doutros escritores galegos como Manuel Curros Enríquez, Ramón Cabanillas e Antón Vilar Ponte, ademais do citado Neira Vilas.

Vidal Ponte, Roi, "Antígona: e morra o conto! Aproximación ao estado da dramaturxia", *Luzes*, n.º 32, 2016, pp. 85-89.

Faise un repaso polo estado da dramaturxia galega. Comézase por salientar a profusión de novas voces como Fernando Epelde, Vanesa Sotelo, Marcos Abalde, Santiago Cortegoso ou Clara Gayo. Repásase o labor como referentes dos autores da Xeración Abrente (Roberto Vidal Bolaño, Xesús Ferro Ruibal e Manuel Lourenzo) e a importancia da revista *Casahamlet* para a publicación de autores como Eva F. Ferreira, Teresa González Costa, Zé Paredes, Olivia Pena, Vanesa Sotelo ou Roi Vidal. Saliéntase, ademais, o pulo exercido polo Centro Dramático Galego. Dase conta da creación da web www.dramaturga.org, onde a asociación DramaturGa publicou o seu manifesto *Mudarmos a historia! Asaltarmos os escenarios!*, que pretende incentivar a posta en escena da dramaturxia galega. Reflexiónase sobre as dificultades para representar e editar o teatro galego, polo que a única facilidade parecen ser os premios, pero alúdese ao caso de Marcos Abalde, quen con varios premios no seu haber, non conseguiu levar a escena ningunha das súas obras. Recóllese que, dende DramaturGa apóstase por un diálogo co Centro Dramático Galego. Dase conta, ademais, das dificultades para editar os textos, posto que só se publican aqueles que foron premiados, polo que DramaturGa anunciou a apertura dunha editora en liña. Por último, reflexiónase sobre o cambio no tipo de textos, posto que *30 e tantos ósos*, de Diana Mera, Merche Pérez e Teté García vén de gañar o premio María Casares ao Mellor Texto Orixinal; o que supón o recoñecemento de textos menos convencionais e máis posmodernos. Conclúese que, se ben hai un bo panorama de autores e autoras, falta visibilidade para o campo.

Vilavedra, Dolores, "Carlos Casares. Día das Letras Galegas 2017", *Grial*, n.º 211, "O rego da cultura", xullo, agosto, setembro 2016, pp. 8-9.

Faise referencia á conmemoración do Día das Letras Galegas dedicado a Carlos Casares. Destácase o labor da Fundación Carlos Casares no mantemento e difusión da súa obra. Alúdese ao labor xornalístico do autor e á súa produción dirixida aos lectores novos. Faise referencia á súa obra *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas* e infórmase da posta en escena desta a cargo do Centro Dramático Galego en 2004. Apúntase o ingreso do autor en 1978 na Real Academia Galega, en 1981 no Parlamento de Galicia e en 1996 no Consello da Cultura Galega. Destácase a necesidade de traducir a obra do autor a outras linguas e alúdese á publicación da súa primeira obra *Vento ferido*.

Villanueva, Malores, "Romper os silencios para liberar o futuro", *Grial*, n.º 209, "O espello das letras", xaneiro, febreiro, marzo 2016, pp. 88-89.

Recensión da obra de Fran P. Lorenzo, *Cabalos e lobos* (Edicións Xerais, 2015), gañadora do Premio Eduardo Blanco Amor de Novela Longa do ano 2014. Sintetízase a trama, dividida en tres partes "Gran Vía nº 2", "Descampado" e "Alba de Gloria", arredor das vivencias dunha saga familiar que se instala na cidade de Vigo a finais da Primeira Guerra Mundial e que se adhire ao nazismo e ao franquismo. Destácase a destreza de estruturación argumental e o valor histórico documental sobre o Vigo do século XX.

Villanueva, Malores, "Galicia 100. Obxectos para contar unha cultura", *Grial*, n.º 211, "O rego da cultura", xullo, agosto, setembro 2016, p. 11.

Dáse noticia da exposición "Galicia 100" e do propósito desta de ofrecer un percorrido histórico por Galicia a través de cen obxectos datados dende o Paleolítico até os anos noventa. No eido da literatura galega, faise referencia ás obras *Cantares Gallegos*, de Rosalía de Castro, e tamén se menciona o ensaio *Sempre en Galiza*, de Daniel R. Castelao.

Villar, Miro, "Unha poética singular", *Grial*, n.º 209, "O espello das letras", xaneiro, febreiro, marzo 2016, pp. 98-99.

Ofrécese unha recensión da obra *Repoboar* (Edicións de autor, 2015), de Celso Fernández Sanmartín. Destácase a singularidade compositiva da produción do autor, integrada polo poemario *Propiamente son captivo* (1997), *Divagacións iú* (1991), *O tigre das cenorias* (1994) e *(sen título)* (1995), características que sitúa a súa obra nas marxes do sistema. Saliéntase que en *Repoboar* ten lugar a mestura da creación propia e os testemuños orais, así como de distintos xéneros e formatos. Indícase que o libro consta de tres pezas de papel en diferentes tamaños e con contidos diferentes: o conto sobre unha disputa entre Deus e o demo, un poema narrativo sobre o traballo nas minas e un texto poético que constitúe un diálogo filosófico existencial.

Villar, Miro, "Os dez poemas galegos de Luciano Maia", *Grial*, n.º 210, "O espello das letras", abril, maio, xuño 2016, pp. 96-97.

Coméntase a obra *Aldea Lonxana* (Eira Vella, 2015), de Luciano Maia. Comeza salientando algunhas das achegas editoriais realizadas pola asociación cultural Eira Vella, como a publicación do manifesto *¡Máis alá!*, da obra *Orballeiras* de Fernando García Acuña, do libro *Mariñas* de Xosemaría Pérez Parallé, os *Seis poemas galegos* de Federico García Lorca e as obras *Vizoño* de Maxi Rei e *Elemental* de Gabriela Rodríguez. Destácase que *Aldea Lonxana* inclúe "Dez poemas galegos". Alúdese ao prólogo da obra, no que se recolle a vontade inicial do autor de duplicar as cinco composicións orixinais en galego; á introdución de Xesús Torres Regueiro; e á análise das similitudes entre estes poemas e os de Federico García Lorca e Rosalía de Castro. Dáse conta do título, forma e contido dos poemas, destacando con respecto á temática o tempo a emigración e a cidade de Santiago de Compostela.

Villares, Ramón, "Neira Vilas, un galego en dous continentes", *Grial*, n.º 209, "O rego da cultura", xaneiro, febreiro, marzo 2016, pp. 12-13.

Faise un percorrido pola traxectoria de Xosé Neira Vilas como emigrante, primeiro en Bos Aires e logo na Habana, desde o punto de vista político, profesional e cultural. Faise fincapé en que o escritor mantivo o compromiso con Galicia, tanto no ámbito cultural e lingüístico, coma no intelectual e político. Destácase a súa conexión cos medios culturais galegos no exilio e con personalidades como Luís Seoane, Antón Baltar, Eduardo Blanco Amor, Rafael Dieste, Isaac Díaz-Pardo ou Ramón Otero Pedrayo, entre outros. Alúdese á fundación coa súa muller, Anisia Miranda, da libraría Follas Novas. Indícase que na emigración inicia a súa produción literaria e ponse de relevo a importancia de *Memorias dun neno labrego* como obra concibida desde o punto de vista do emigrante. Por último, afóndase na implicación, participación e achegas de Neira Vilas no estudo da emigración e da cultura galegas dende a sección de cultura galega do Instituto de Literatura e Lingüística de Cuba.

V.5. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ESTUDOS E RECENSIÓNS

Alonso Montero, Xesús, "Ramón Piñeiro: Fotobiografía", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "En Galego", "Beatus qui legit", 15 xaneiro 2016, p. 7.

Coméntase que *Ramón Piñeiro. A vontade da intelixencia. Unha fotobiografía. 1915-1990* (2015), de Henrique Monteagudo, é un manual ilustrado que narra e interpreta o labor de Ramón Piñeiro, escritor e intelectual. Indícase que o autor é un bo coñecedor do "contexto lingüístico e das ideas filolóxicas do tempo de Piñeiro" e que son admirábeis as entrevistas de Luís Rei Núñez, Luís Álvarez Pousa e Víctor Freixanes escollidas para a publicación.

_____, "Maside: Epistolario", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "En Galego", "Beatus qui legit", 29 xaneiro 2016, p. 12.

Dáse conta da publicación de *Carlos Maside. Correspondencia (1928-1958). Cartas inéditas e dispersas* (2015), epistolario conformado por 179 misivas. Indícase que xa anteriormente se publicaran algunhas cartas de Maside en diversas publicacións e a diferentes destinatarios, entre os que se menciona a Manuel Antonio, Jesús Bal y Gay, Felipe Fernández Armesto, Ramón Otero Pedrayo, Valentín Paz Andrade, Francisco Fernández del Riego, Isaac Díaz Pardo… Tamén se engade que no final da colectánea se axuntan no apéndice "Catro cartas en torno ao pasamento de C. M." e que merece especial atención o capítulo do epistolario Maside-Seoane.

_____, "De novo o bou 'Eva", *La Voz de Galicia*, "Fugas", "Letras", "Galego", "Beatus qui legit", 27 maio 2016, p. 7.

Comenta a obra de teatro *Unha morte lanzal. A traxedia do bou Eva* (2016), de Julián Rodríguez Novo, que se presenta ese mesmo día na Casa do Libro de Vigo. Saliéntase non só a importancia da historia narrada (que trata episodios concretos vividos polos galeguistas na Guerra Civil), senón tamén o prólogo do volume, o texto da contracuberta (da autoría de Cándido Pazó) e o debuxo da cuberta (de Antón Pulido).

_____, “Don Primitivo”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Letras”, “Galego”, “Beatus qui legit”, 8 xullo 2016, p. 13.

Céntrase no ourensán Primitivo Rodríguez Sanjurjo que foi catedrático no Instituto masculino lugués onde aínda era recordado anos despois por excolegas e exalumnos. Explica que Don Primitivo, como así lle chamaban en Lugo, escribiu un libro de poemas, *Las mesetas ideales* (1910) e un volume de prosas, *Escenas de gigantomaquia* (1923); que gozaba dunha grande amizade con Ramón Otero Pedrayo, da que queda constancia nas cartas que se enviaban, recollidas nun volume publicado pola Deputación de Ourense, *Primitivo Rodríguez Sanjurjo y su epistolario con Otero Pedrayo*, que consta de trinta e dúas cartas, cinco postais e un telegrama.

_____, “Zara en 48 linguas”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Letras”, “En galego”, “Beatus qui legit”, 29 xullo 2016, p. 11.

Explica o proceso de creación do poema elexíaco *Zara* do poeta luso Antero de Quendal e da elaboración dunha edición políglota en corenta e oito linguas por parte de Joaquim de Araujo, que contou coa colaboración de Manuel Curros Enríquez na tradución ao galego. Informa da presentación dunha edición facsimilar en Horta, durante a Asemblea Lexislativa do Arquipélago.

Álvarez Pousa, Concepción, “Os contos de Laureano Prieto, unha homenaxe ás xentes das Terras de Viana”, *O SIL*, “*Especial Nadal Decembro 2016*”, “Colaboración”, decembro 2016, p. 60.

Achega á biografía de Laureano Prieto, que destaca como autor da tradición oral. Explica que a súa primeira publicación foi *Cuentos de animales*, un conxunto de vinte e tres textos nos que os protagonistas son animais que contan as súas aventuras. Destaca tamén *Contos vianeses*, onde a través de pequenos relatos mostra a cultura vianesa, recollida en relatos relixiosos, de cazadores, de estudantes e soldados, de matrimonios, de animais etc. Dise que son contos que o autor recolle nas terras da Gudiña e de Viana do Bolo. Comenta tamén a súa participación na literatura infantil con *Contos para nenos* e remata dicindo que Laureano Prieto merece un Día das Letras Galegas por todo o que fixo pola cultura galega e sobre todo pola vianesa.

Ameixeiras, Diego, “A min chulos, non”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Letras”, “Ficción”, “1280 almas”, 22 xullo 2016, p. 12.

Fai memoria do libro *Vento ferido* (1967), de Carlos Casares, que foi levado aos medios de comunicación como película. Resalta en concreto A Capoeira, onde non esquece a sentenza coa que o protagonista certificaba o axuste de contas: “ A min chulos, non”. Dá conta da impresión que para el causou a película en comparación coa obra na que repara anos despois do seu carácter violento.

Araguas, Vicente, “Amañando cabezas”, *Diario de Arousa*, “*O Salnés Siradella*”, p. 20/ *Diario de Ferrol*, “*Nordesía*”, n.º 914, p. 30/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 914, p. 30, “máis Libros”, 3 xaneiro 2016.

Dáse conta da última obra de Manuel Rivas, *O último día de Terranova* (2015). Indícase que a novela parte dun realismo evidente, mais que se vai aproximando ao realismo máxico "creando países e paisaxes imaxinarios", cun "estilo elegante e un léxico ricaz".

_____, "Tour de forcé", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*", p. 22/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 915, p. 30/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 914, p. 30, "máis Libros", 10 xaneiro 2016.

Despois de se referir á publicación do poemario *A outra voz* (2015), de Verónica Martínez Delgado, indícase que a autora é "personaxe recorrente no premio de poesía erótica 'Illas Sisargas'". Sobre a obra, coméntase que se trata de poesía épica, erótica e "agresiva", en que se intercalan textos de "exaltación da libido" coa historia crúa dunha muller palestina.

_____, "Marica, non chores", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*", p. 28/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 916, p. 30/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 916, p. 30, "máis Libros", 17 xaneiro 2016.

Indícase que a primeira edición da novela *Agora xa foi*, de Vicente Araguas, reeditada en 2015, non tivo suficiente visibilidade, aínda que "tivera boas críticas e un certo ninguneo dos cachimáns ou machacas da literatura galega". Coméntase que a obra transcorre nos días previos ao primeiro de maio, en Ferrol de 1971, e que ao autor lle interesaba narrar o bulir político desa época. Engádese que, desta volta, a novela saíu á luz da man de Chisco Embora e Miguel Toval.

_____, "Alxeria-Argelia", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*"/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 917/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 917, "máis Libros", 23 xaneiro 2016, p. 30.

Dáse conta da tradución ao español da novela *Como en Alxeria*, feita por Moisés Barcia para Pulp Books (Cangas do Morrazo, 2015) e engádese que nesta editora teñen un catálogo considerábel de libros traducidos á lingua española, exemplifícase co nome de autores como Xesús Constela, Fran Alonso, Mario Regueira ou Luís Rei Núñez. Sobre a novela, indícase que é literatura de quiosco, con relato de amor incluído polo medio e finalizando con acentos épicos.

_____, "As vellas tertulias", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*"/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 918/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 918, "máis Libros", 31 xaneiro 2016, p. 30.

Indícase que *Algo máis que un café* (2010), de Albino Mallo, é un libro atemporal e lexíbel, onde se recollen anécdotas do Derby de Vigo nun ton amábel e saudoso. Coméntase que polo Derby pasaran persoeiros como Laxeiro, Urbano Lugrís, Celso Emilio Ferreiro e Federico García Lorca, Álvaro Cunqueiro, Carlos Maside ou Colmeiro, entre outros. Engádese que o libro é complementado con achegas de caricaturas dalgúns destes intelectuais.

_____, “Seguimos indo”, *Diario de Arousa*, “*O Salnés Siradella*”/ *Diario de Ferrol*, “*Nordesía*”, n.º 919/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 919, “máis Libros”, 7 febreiro 2016, p. 30.

Coméntase a saída do prelo do novo poemario *Xoguetes do tempo* (2015), de Xosé Luís Franco Grande. Indícase que se trata de poemas que traballan temáticas como o desacougo e o paso do tempo desde un punto de vista filosófico e clásico. Coméntase que os poemas teñen un ton reivindicativo contra a trivialidade consumista e certa poesía de combate. Ademais, no poemario tamén son feitas algunhas poesías de homenaxe, citándose unha ao polígrafo Xosé Filgueira Valverde e outra a Ramón Lourenzo. Finalízase coa transcrición dun dos poemas inseridos no libro que glosa a Gloria Swanson.

_____, “Con García Lorca”, *Diario de Arousa*, “*O Salnés Siradella*”/ *Diario de Ferrol*, “*Nordesía*”, n.º 927/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 927, “máis Libros”, 3 abril 2016, p. 30.

Coméntase que o volume *6 poemas 6. Homenaxe a Federico García Lorca* (2015) é unha edición moi coidada, na cal participan moitas voces da poesía actual galega, onde cada aglomerado de poetas abre cada sección cun poema escrito conxuntamente. Finalízase engadindo que o exemplar remata cun acróstico dedicado a Ánxel Casal, editor dos *Seis poemas* lorquianos.

_____, “Escolma persoal”, *Diario de Arousa*, “*O Salnés Siradella*”/ *Diario de Ferrol*, “*Nordesía*”, n.º 930/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 930, “máis Libros”, 24 abril 2016, p. 30.

Indícase que *Poemas escollidos* (2015), de Manuel María, é unha obra ampla dun escritor caudaloso, na que se tocan moitas claves como a anguria existencial, a paisaxística, a relixiosa, a belixerante, intimista, viaxeira, bucólica, confesional etc. Coméntase que a selección dos poemas é discutíbel, mais que o libro está fermosamente editado. Finalízase facendo referencia ao prólogo que Ortigueira lle dedica, do cal se comenta que é axeitado.

_____, “As espiraes de Tamara”, *Diario de Arousa*, “*O Salnés Siradella*”/ *Diario de Ferrol*, “*Nordesía*”, n.º 933/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 933, “máis Libros”, 15 maio 2016, p. 30.

Salienta a produción de Tamara Andrés Padín, autora nova mais categórica. Salienta uqe no libro *Nenaespiares* (2015) hai moita ollada retrospectiva e introspectiva, cun léxico moi potente e en espiral. Engádese que o poemario transita por lugares comúns e que non gusta da fórmula iconográfica empregada no poema “O devir de Eurídice”, o cal se indica que está en “declive tipográfico”. Coméntase que nos poemas tamén son empregadas fórmulas cinematográficas e que o libro é precedido por un prólogo de Lucía de Fraga.

_____, “Unha novela total”, *Diario de Arousa*, “*O Salnés Siradella*”/ *Diario de Ferrol*, “*Nordesía*”, n.º 940/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 940, “máis Libros”, 3 xullo 2016, p. 30.

Fálase de Eladio Rodríguez Fernández, autor da obra *Gandarón*, como un viticultor con moi boa disposición para a tarefa de escritor. Caracterízase esta obra de fantasía como amena e chea de sorpresas á que tamén se lle engaden poemas, cantigas populares e cancións de cantautores. Descríbese como unha obra extensa e rica en léxico en canto se refire a fauna, flora, armas ou aspectos relativos á viticultura na que o autor é un experto. Destácase polo tanto por ser unha obra fácil de ler e comprender.

_____, "Aldea vivísima", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*"/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 950/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 950, "máis Libros", 11 setembro 2016, p. 30.

Comenta o poemario *Aldea viva* (2016), de Vicente Reboleiro González. Comeza advertindo que hai poemas nos que convén ter precaución antes de comezar a lelos. Afirma que, unha vez se comeza a ler en profundidade a obra, a primeira percepción é totalmente errada. Di que os poemas están enraizados en Galicia, na terra, con certas reminiscencias do poeta irlandés Seamus Heaney pola escolla do contorno aldeán, ademais de contar con poemas sentimentais dedicados ao pai do autor. Remata afirmando que a aldea segue viva grazas a poetas como Vicente Reboleiro.

Blanco Casás, Laura, "Cálida homenaxe", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 567, "Libros", 14 xaneiro 2016, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 524, "Letras galegas", 23 xaneiro 2016, p. 10.

Indícase que a obra *O último día de Terranova* (2015) comeza *in extrema res*, co peche por liquidación da libraría e posterior evocación do protagonista da súa propia historia, retroceso que chega até o verán de 1935, data da fundación de Terranova, a libraría. Coméntase que Rivas volve con esta novela á etapa franquista, ao igual que n'*Os libros arden mal*. Engádese que a obra está cargada de referencias intertextuais coas obras de autores como Federico García Lorca ou Jorge Luís Borges.

_____, "Da Palestina de fóra", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 570, "Libros", 4 febreiro 2016, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 527, "Letras galegas", 13 febreiro 2016, p. 10.

Achéganse datos biográficos da autora norteamericana de orixe palestina Randa Jarrar. Sobre a súa obra, *Un mapa do lar* (2015), indícase que a narrativa está focalizada en Palestina, mais vista desde fóra, a través dos ollos dunha nena chamada Nidali, que creceu en Boston e que dubida onde está o seu país de orixe. Engádese un resumo do argumento principal da narrativa e as temáticas que esta aborda: a configuración da identidade e o paso da infancia á adolescencia, a emigración e a guerra. Sobre o estilo, coméntase que a autora fai uso de metáforas da guerra con toques de humor para abordar a narración e restar dramatismo.

Bugallal, Isabel, "La primera antología poética gallega", *La Opinión*, "Tiempo recobrado", 6 marzo 2016, contracuberta.

Realízase unha aproximación histórica á publicación da obra *Álbum de la caridad*, considerada a primeira antoloxía de literatura galega. Recóllense palabras de Ricardo

Carvalho Calero, primeiro catedrático de Lingüística galega. Indícase ademais que a única creación presentada en lingua galega neses premios foi a de Francisco Añón, que obtivo un accésit. Coméntase que se recollen un centenar de poemas galegos e outros tantos en castelán e que só vinte anos despois se publicaría a primeira antoloxía exclusivamente en galego, a *Colección de poesías gallegas de algúns autores*, de Farruco Portela Pérez. Ademais, no artigo achégase á figura do indiano Pascual López Cortón, mecenas dos Xogos Florais e da antoloxía. Engádese que na antoloxía son incluídas composicións do propio Pascual López Cortón, Concepción Arenal, Rosalía de Castro, Nicomedes Pastor Díaz, Eduardo Pondal ou Aureliano Aguirre. Así, dáse conta brevemente da biografía do mecenas, indicando as súas raíces e os seus negocios coa trata de negros.

Caneiro, Xosé Carlos, "Unha marabilla", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "Ficción", "Club dandi", 26 febreiro 2016, p. 4.

Dá conta de dúas obras narrativas: *A noite enriba* (2015), de Diego Ameixeiras, e *Sobrevivindo* (2015), de Arantza Portabales. Do primeiro comenta que é un narrador excelente que sempre se reinventa e que a novela presenta un desenlace brillante. Da segunda comenta que é a gañadora do Premio de Novela por Entregas de *La Voz de Galicia* (2015). Por outra banda, tamén se cita a Luís Valle coa obra poética *As cicatrices do sol*.

Carro, Xavier, "De novo, volvendo a Franco", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*"/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 917/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 917, "tempo de poesía", 23 xaneiro 2016, p. 33.

Coméntase que *Xoguetes do tempo* (2015), de Xosé Luís Franco Grande, é unha autobiografía lírica dun ser de vivencias e incertezas en que se destacan os poemas con temática da soidade e angustia, poemas de introspección, dúbida e desnortamento. Destácase como característica da súa poesía a musicalidade dos textos e como eixe central o Eu, cunha presenza continua da morte. Sobre o libro, indícase que está dividido en tres partes: "Na moega do tempo", "Xanela aberta" e "Lentura".

Caveiro, Laura, "Sempre en Castelao", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 572, "Libros", 18 febreiro 2016, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 529, "Letras galegas", 27 febreiro 2016, p. 10.

Coméntase a reedición publicada no ano 2015 por parte da editorial Galaxia da obra *Cousas da vida* de Castelao, cando se cumpren cento trinta anos do nacemento do rianxeiro. Dise que está conformada por seis volumes, cadanseu cunha "cousa" (mulleres, homes, nenos, vellos, animais e caciques) e acompañada da reedición de *Cincuenta homes por dez reás*. Ademais, destácase que ambas as obras reflicten a esencia de Castelao: ironía, humor gráfico con trazos limpos acompañado de debuxos.

_____, "Prometeo entre nós", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 585, 26 maio 2016, cuberta.

Dá conta da publicación da tradución *Frankestein ou o moderno Prometeo* presentada pola editorial Galaxia e comenta a existencia dun volume centrado na obra de Mary Shelley de Queizán.

Feito, Xosé, "Ameno e rigoroso", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 573, "Libros", 26 febreiro 2016, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 530, "Letras galegas", 5 marzo 2016, p. 10.

Fala da publicación *Marxes e centros. Para unha socioloxía do campo cultural* (2015), unha escolma dos dez traballos máis representativos de Antón Figueroa reeditados por varios compañeiros, entre os que se encontran Teresa López, Arturo Casas ou Elías Torres Feijó. Indica que se trata dunha homenaxe reivindicativa da súa figura e dos seus traballos, que recolle a súa última pegada a través dunha entrevista co autor a modo de colofón.

Giráldez, J. M., "Unha fermosa colleita de cereixas", *El Correo Gallego*, "*2domingo*", 17 xaneiro 2016, p. 5.

Recomenda a lectura do libro *Romaría de historias* (2015), de Xosé Neira Vilas, como a mellor maneira de homenaxear o autor falecido. Destaca que este libro recolle a esencia da súa literatura (a defensa da aldea e do mundo rural) e que ten a pegada ou influencia da literatura galaico-irlandesa (cita a William B. Yeats e a súa *Mitoloxías*, en concreto o "O crepúsculo celta").

Gómez, Joel, "Epístolas de ayer, ahora", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", 17 marzo 2016, contracuberta.

Indícase que se difunden agora un total de sesenta e nove cartas entre Ramón Piñeiro e Xosé Neira Vilas, datadas entre 1959 e 1990 no volume *Epistolario Ramón Piñeiro-Xosé Neira Vilas* (2015). Coméntase que as vinte e cinco de Piñeiro xa foran publicadas e que agora se reeditan coas respostas e outras máis de Neira Vilas. Engádese que, ademais do epistolario, tamén se inclúen textos de Neira Vilas sobre a relación entre ámbolos dous. Explícase que a través destas páxinas se dá conta de cuestións políticas, culturais, literarias e lingüísticas da Galiza do momento.

Navarro, María, *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 568, "Libros", 21 xaneiro 2016, p. VI/ **Iglesias Diéguez**, Alfredo, *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 525, "Letras galegas", 30 xaneiro 2016, p. 10, "Posuídos polo desalento".

Indícase que *Poética da derrota: a literatura de Wenceslao Fernández Florez no cine* (2015), de Héctor Paz Otero, recolle a análise de catro textos do escritor galego que foron levados ao cinema nos anos corenta, dos que salienta o espírito derrotista dos protagonistas e a crítica á sociedade española. Sobre a estrutura da obra, coméntase que o autor achega na introdución unha biografía e datos significativos sobre Wenceslao Fernández, para poñer o escritor coruñés en relación co cinema. A seguir, engádese que se destina un apartado á análise crítica das versións cinematográficas: *Huella de luz, La*

casa de la lluvia, El destino se disculpa e *Ha entrado un ladrón*. Remata dando conta do sentido ambivalente do humor e a conciencia do derrotado na súa obra.

Liñares Giraut, X. Armando, "Crónicas", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "O fiadeiro", 8 abril 2016, contracuberta.

Dáse conta da publicación en galego do volume *Historias de Compostela. Dezasete crónicas de Santiago (1970)* (2015), de Xosé Filgueira Valverde, de edición primeira en 1970 en que se rescatan historias da cidade. Coméntase que Santiago de Compostela foi a cidade onde o autor estudou, exerceu a súa militancia galeguista e desenvolveu cargos relevantes.

Martínez Bouzas, Francisco, "Digna ópera prima", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 566, "Libros", 7 xaneiro 2016, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 523, "Letras galegas", 16 xaneiro 2016, p. 10.

Indícase que *O rebumbio dos vagalumes* (2015) é o debut de Alberte Santos Ledo na narrativa galega cunha novela que ten como protagonista unha muller, Paula, profesora universitaria que se "revira contra un destino ao que se sente atada". Coméntase que no final da narrativa aparece a propia protagonista, en primeira persoa, narrando a súa historia, cun final pechado, e engádese que tamén interveñen outros narradores en primeira persoa. Por último, explícase que a novela se aproxima ao subxénero erótico debido á gran cantidade de escenas sexuais que nela se relatan.

_____, "A Ruta das Ratas", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 570, "Libros", 4 febreiro 2016, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 527, "Letras galegas", 13 febreiro 2016, p. 10.

Dáse conta da última novela de Xabier Quiroga, *Izan o da saca* (2015). Comézase indicando que o lector entenderá o verdadeiro significado do título ao remate da novela. Engádese que se trata dunha amálgama de novela histórica e novela negra e que o pulo temático central é a presenza dos nazis en Galiza. Coméntase que as accións se desenvolven, sobre todo, na Ribeira Sacra, indicando que ten unha gran relevancia o Mosteiro de Samos. Continúase afirmando que a novela presenta unha arquitectura complexa, mesturando memoria e imaxinación, ao tempo que achega referencias á crise actual. Remata cunha referencia ao estilo, indicando que utiliza humor e retranca, e que emprega unha linguaxe nutrida da oralidade.

Martínez Sevilla, J. A., "Obras de Xosé Rubinos", *Diario de Arousa*/ *Diario de Ferrol*/ *El Ideal Gallego*, "Opinión", 27 decembro 2016, p. 26.

Saúdase a presente edición bilingüe *O poema da Cruña; O velliño* (2016), que incorpora un estudo da profesora María Teresa Amado Rodríguez e un prólogo do actual alcalde, Xulio Ferreiro. Dise que a obra, editada co coidado e humildade dun xesuíta afastado da súa terra, toma o pulso da nostalxia e a morriña e repasa boa parte dos lugares definitorios da vella urbe, desde a Torre de Hércules a Orzán ou o castelo de Santo Antón. Inclúe un facsímile de "O poema da Cruña", publicado por Nós en 1933,

así como unha acoutación sobre o heroe Edipo na Galiza, aproveitado para o debate sobre a mestura de elementos gregos e celtas como compoñentes civilizacionais do pobo galego.

Miranda, Xosé, "A verdade nos espellos", *Diario de Pontevedra*/ *El Progreso*, "*Táboa Redonda*", n.º 24, 28 febreiro 2016, p. 4.

Coméntase que Rubén Eyré é un autor practicamente inédito e que na obra *A verdade nos espellos* (2015) se poden seguir catro fíos narrativos: realismo sucio, fantástico, onírico e mítico/ marabilloso. Compárase o fío dos relatos realistas con outros autores como Jorge Luís Borges ou Xosé Luís Méndez Ferrín pola súa experimentalidade e cun estilo que, segundo explica, por veces é moi lírico e noutras duro e funcional. Descríbense temáticas dos relatos, como a morte do rural e a urbanización salvaxe, a deshumanización dos espazos, o absurdo da existencia ou o desarraigamento dos personaxes. Do fío fantástico indícase que sempre ten algo de sinistro e que se aproxima a Poe ou Cortázar. Por outra banda, no fío que se mexe coa literatura do estraño indícase que provoca situacións kafkianas, moi típicas na cultura de masas actual, como as lendas urbanas. Coméntase, ademais, que tamén se inclúen relatos que parten do mítico e marabilloso, tendo en conta o marabilloso do cotián, as referencias orais, así como a mitoloxía da guerrilla antifranquista. Por último, engádese que a lingua utilizada é marcadamente chantadiana.

Montaña, Estro, "Transgresor xudeu", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 566, "Libros", 7 xaneiro 2016, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 523, "Letras galegas", 16 xaneiro 2016, p. 10.

Defínese a obra *Lamentacións dun prepucio* (2015), de Shalom Auslander, como unha "autoficción caricaturesca" e "un relato desenfadado, con moitos rexistros coloquiais". Ademais, achégase unha aproximación aos contidos principais da novela, "un xudeu transgresor de todo o que aprendeu estudando a Torá e o Talmud" que non cumpre as leis xudaicas.

_____, "Le roman est en abisme", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 575, "Libros", 10 marzo 2016, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 532, "Letras galegas", 19 marzo 2016, p. 10.

Achéganse datos biográficos de Octave Mirbeau e coméntase que a novela *No ceo* (2015) viu a luz nun xornal parisino e anos despois foi publicada en libro. Coméntase que se trata dunha obra cunha óptica pesimista e un cadro existencial con personaxes que deambulan en soidade. Atendendo ao seu estilo, explícase que a novela rompe co molde do realismo francés, cunha estrutura de boneca rusa, con tres narradores. Por outra banda, no tocante á temática, indícase que a crítica á institución educativa e á familia é radical.

Navarro, María, "En clave metafórica", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 572, "Libros", 18 febreiro 2016, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 529, "Letras galegas", 27 febreiro 2016, p. 10.

Coméntase a novela *Despois do cataclismo* (2015) de María Alonso, mostrando unha breve sinopse da obra, que anticipa claros paralelismos entre a ficción e a realidade. Dise que o argumento parte da superioridade da elite, con poder para arrebatar a vontade das persoas de baixa condición social a través da incrustación de nanochips, permitindo aos poderosos apropiarse deles como se fosen "marionetas con fíos invisibles". Indícase que a novela se centra en Castrovilar, un pobo dominado pola opresión do Señor de Castro, coa axuda do señor das Herbas. Ademais, destaca que neste contexto varios personaxes foxen na procura dunha vida mellor, sendo os únicos que aportan algo de luz a unha obra impregnada de negrura e destrución.

Nicolás, Ramón, "Matrioskas cheas de vida", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "Galego", 8 xaneiro 2016, p. 4.

Dáse conta da novela *De remate* (2015), de Héctor Cajaraville, da cal se indica que renova o termo de 'novela' porque achega unha fusión de diversos textos, tales como as columnas de opinión, fragmentos dun diario, apuntamentos de blogs, correos electrónicos, poemas etc. Coméntase que estes textos funcionan a xeito de matrioskas, a través da memoria e presenza do protagonista, Bieito Sanmarful, "un Balbino do século XXI".

_____, "De Oregon a Filadelfia", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "Galego", 15 xaneiro 2016, p. 7.

Indícase que a obra *A noite enriba* (2015), de Diego Ameixeiras, é "unha das máis interesantes e solventes", avalada polo lectorado e a crítica. Coméntase que nesta nova novela o autor fai protagonista a un escritor de novela negra e indícase que nela se abordan asuntos como a soidade do escritor, dificultades para sobrevivir, a crise creativa etc. Acrecéntase que se pon en valor a obra dun autor estadounidense como David Goodis.

_____, "Alén da guerra e os pesadelos", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "Galego", 22 xaneiro 2016, p. 12.

Afírmase que se trata da primeira vez que unha obra de Josip Mlakic é traducida a unha lingua da península. Coméntase que *Cando levanten as brétemas* (2015) é unha novela realista fundamental para comprender o conflito bélico dos Balcáns e a realidade de Croacia, desde unha perspectiva en primeira persoa. Dáse conta da estrutura xeral da novela, composta por vinte e catro textos, que cualifica como "imaxes", que narran cun espírito crítico a crueza da guerra, mais sen procurar culpábeis.

_____, "Canto sabía este home!", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "En galego", 5 febreiro 2016, p. 12.

Dáse conta da publicación do terceiro volume da serie *Adral* (2015), de Xosé Filgueira Valverde. Indícase que este proxecto de reedición é positivo porque recupera obras de difícil acceso para a sociedade. Engádese unha frase do autor onde cualifica a obra como un "xuntoiro da vida e da morte, do rito e do costume, so sagro e do profano, da

matinación e da rexouba". Coméntase que neste terceiro volume agroman as preocupacións características de Filgueira Valverde, en calquera dimensión do saber.

_____, "O enigma da 'ruta das ratas", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "En galego", 12 febreiro 2016, p. 12.

Coméntase que *Izan o da saca* (2015), de Xavier Quiroga, é unha historia milimetricamente estruturada sobre a presenza dos nazis en Galiza. Coméntase que as accións se desenvolven coa reaparición dun personaxe, o taxista Reiniña, e a través de diferentes espazos como as torres de Arneiro, o accidente aéreo de Córneas, o desembarco das tropas da Lexión Cóndor en Vigo ou o mosteiro de Samos e a Ribeira Sacra. Engádese que emprega recursos propios da novela histórica e novela negra.

_____, "A vida é o sentido", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "En galego", 26 febreiro 2016, p. 6.

Dise que *O deserto* (2015), de María do Cebreiro, é un poemario diferente e que o primeiro que chama a atención é "a pel", da man de Apiario, ao igual que acontece con *Celebración*, de Gonzalo Hermo, e Premio da Crítica. Coméntase que a autora xa entrara na exploración no eu no seu anterior traballo, *Os inocentes*. Indícase que a obra é un encontro entre a iconografía e a linguaxe, seguindo o formato dos devocionarios. Indícase que as iconografías exploran a tradición cinematográfica e a pictórica e cítanse: Roberto Rossellini, Jean Renoir, Navez, Fra Angélico, Zurbarán.
_____, "Manuel Lueiro: 'camiño aberto", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "Galego", "Centenario", 15 abril 2016. p. 5.

Con motivo do centenario do nacemento de Manuel Lueiro Rey (Fornelos, 1916-O Grove, 1990), indica que na obra literaria a palabra que máis se reitera é memoria e que se vai realizar no Pazo de Cultura de Pontevedra unha exposición bio-bibliográfica na que se desenvolverán encontros literarios, recitais poéticos e outras actividades, entre as que salienta a presentación dunha reedición divulgativa de *Non debían medrar* (Xerais) e o volume inédito *Novas crónicas dunha transición intransixente* (Laiovento), co que se poida "resituar a figura de Lueiro como columnista". A seguir, cualifica o escritor como "camiño aberto" e apunta que a súa produción poética e narrativa agroma en catro espazos xeográficos: Fornelos de Montes, O Grove, Pontevedra e Bos Aires. Por último, salienta algúns títulos narrativos e poéticos.

_____, "Voces das Azores", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "En galego", 7 outubro 2016, p. 10.

Fala do ensaio *Antero de Quental e Teófilo Braga e a súa relación coas letras galegas* (2016), un libro apoiado pola Xunta de Galicia e a Real Academia, nel recóllese o ensaio de ambas figuras, Antero de Quental destaca pola vinculación que tivo coa literatura galega, e Teófilo Braga como autor moi relacionado coa intelixencia rexionalista como testemuña a correspondencia que mantivo con Eduardo Pondal, Manuel Murguía ou Andrés Martínez Salazar.

Pena Presas, Montse, "O xénero negro desde dentro", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 568, "Libros", 21 xaneiro 2016, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 525, "Letras galegas", 30 xaneiro 2016, p. 10.

Indícase que a traxectoria de Diego Ameixeiras abala entre o xénero negro máis clásico e o *dirty realism*, mais que esta novela pode ser considerada diverxente. Achégase unha síntese do argumento de *A noite enriba* (2015) con tres personaxes clave: Selma (rapaza na vintena con insatisfacción vital), Vicente (vello escritor de *best-sellers*) e Ricardo (autor bloqueado e obsesionado coa obra). Engádese que, estilisticamente, as escenas están construídas con diálogos breves, saltos temporais e escenarios propicios para o crime, así como ficción inserida na propia ficción.

_____, "A recreación dun mito", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 569, "Libros", 28 xaneiro 2016, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 525, "Letras galegas", 6 febreiro 2016, p. 10.

Achégase unha introdución sobre Marcos Calveiro reparando nas novelas de corte histórico que escribiu para o público adulto, infantil e xuvenil. Cítase *Rinocerontes e quimeras* (2007), *Festina Lente* (2008), *O pintor do sombreiro de malvas* (2010, Premio Lazarillo) e *Settecento* (2010). Coméntase que a novela *Fontán* (2015) é a máis arriscada porque trata un dos mitos da cultura galega: Domingo Fontán. Indícase que esta figura é abordada por veces na narrativa cunha intención biográfico-documental.

Ponte, Pilar, "Síntese do vivido", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 566, "Libros", 7 xaneiro 2016, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 523, "Letras galegas", 16 xaneiro 2016, p. 10.

Indícase que *Delourando os días* (2015), de Xosé Lorenzo Tomé, é unha peza que abala entre a novela e o ensaio filosófico de carácter divulgativo. Coméntase que a obra se erixe a través da conversa entre o protagonista, chamado Inocencio, e Venicia, mais tamén con outros interlocutores secundarios. Finalízase afirmando que a novela presenta unha síntese do vivido polos galegos e galegas durante a transición democrática.

_____, "Reivindicando Cabanillas", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 570, "Libros", 4 febreiro 2016, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 527, "Letras galegas", 13 febreiro 2016, p. 10.

Dáse conta da nova edición do ensaio *Ramón Cabanillas, Cambados e o mar da Arousa* (2015), de Francisco Fernández Rei. Indícase que a primeira edición do ensaio tivo moito éxito e que se trata de algo pouco habitual no campo editorial galego. Coméntase que a obra está composta por trinta colaboración de diferente fasquía: artigos, relatorios, intervencións… que nalgúns casos recompila para a edición e que noutros ven a luz por vez primeira. Engádense datos sobre a estrutura do volume e cítanse os cinco apartados que o compoñen: "A memoria e as paisaxes de Cambados", "Notas biográficas e literarias de Cabanillas", "A fala de Feliñáns e a lingua literaria do poeta cambadés", "O mar en Cabanillas e o literario mar de Arousa" e "Reivindicación e valorización de Cabanillas".

Ramírez, Cristóbal, "A figueira", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", 19 xaneiro 2016, contracuberta.

Dáse conta da publicación da novela *A flor da figueira* (2015), de José Manuel López Tuñas. Coméntase que se trata dunha obra que se achega ao estudo de familias de Galiza, temática que segundo explica escasea na literatura galega. Indícase que a obra transcorre na vila de Negreira, centrándose na organización dun maratón popular en pleno período franquista, deixando ver o medo e a alegría das persoas da vila. Engádese que esta novela plasma a interioridade da sociedade de Negreira.

Raña, Román, "Nostálxico e feroz", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 571, "Libros", 11 febreiro 2016, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 528, "Letras galegas", 20 febreiro 2016, p. 10.

Dáse conta da reedición en 2015 da novela *Agora xa foi*, de Vicente Araguas, e indícase que o argumento comeza nos anos setenta en Ferrol, nun contexto de rebeldía e insurrección en pleno fascismo en que o protagonista, Fandiño, se debate entre a estética e a ética. Engádese que o autor vai construíndo este relato a través do sarcasmo que convive con monólogos interiores, frases en espirais, con puntos de vista máis tradicionais, poesía e prosa. Destácase que un dos maiores méritos da obra radica no emprego dunha linguaxe contemporánea con retranca para relatar temáticas como a descuberta da paixón, o heroísmo e a decepción amorosa.

_____, "Fortemente discursivo", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 573, "Libros", 25 febreiro 2016, p. VI/ "Sempre en Castelao", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 530, "Letras galegas", 5 marzo 2016, p. 10.

Analízase a obra *Zonas de tránsito* (2015), de Román Neto, tras gañar o Premio de Poesía Eusebio Lorenzo Baleirón. Fálase, entre outras cousas, do prólogo de Armando Requeixo, quen destaca a singularidade da poesía e súa vinculación con Paul Celan, Eliot, Rilke ou Hölderlin. Sinálase a interesante combinación de razón e lirismo vinculados ao insomnio e, para rematar, establécense ecos coa obra de Manuel Antonio.

_____, "Potencia expresiva", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 574, "Libros", 3 marzo 2016, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 531, "Letras galegas", 12 marzo 2016, p. 10.

Dáse conta da reedición do poemario *Rigorosamente humano* (2015), de Manuel Álvarez Torneiro, publicado por primeira vez en 1995 e recoñecido co Premio Esquío de Poesía. Indícase que o autor é un dos principais poetas dos últimos anos, con versos con moita musicalidade e ritmo. Indícase que os poemas están cargados de referencias a autores coetáneos del (Pepe Cáccamo, Manuel Forcadela, Ramiro Fonte…) e mencións culturalistas (Liszt, Horacio, Eliot, Vallejo…).

_____, "Sobre a desposesión", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 575, "Libros", 10 marzo 2016, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 532, "Letras galegas", 19 marzo 2016, p. 10.

Sinálase que o poemario *s/t* (2015), de Emma Pedreira, foi vencedor do III Premio López Abente. Coméntase que a temática que rexe a obra é a desposuimento. Insírense versos tirados dalgúns poemas do libro e indícase que o segundo eixo temático é o da infancia como lugar intenso perdido e que a palabra que máis se repite é "nunca".

_____, "Coa calidez do sorriso", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 577, "Libros", 31 marzo 2016, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 534, "Letras galegas", 9 abril 2016, p. 10.

Indícase que a faceta primordial de Antón Patiño é a de pintor, mais destácase un conxunto de obras ensaísticas que ten publicado, como *Lois Pereiro. Radiografía do abismo* ou *Uxío Novoneyra*, *Urbano Lugrís: viaxe ao corazón do océano* e *Reimundo Patiño en edicións A Nosa Terra*. Indícase que na obra *Teoría do riso* (2015) recorre ao carácter icónico e que se trata dun poemario que se define ateigado de aforismos.

_____, "Colleita Minerva", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 585, "Libros", 26 maio 2016, p. VI.

Indícase que, como característica xeral, os autores e autoras que compoñen a escolma *Abecedario da devastación. XLIII Premios literarios* "Minerva" (2015) manexan o versolibrismo e un discurso intimista ben elaborado. Dáse conta dos autores e cítanse os títulos dos poemas, que corresponden a Paula A. Rey Baliña, Manuel Daporta Cedán, Sara Domínguez García, Marcela Porto Mato, Xoel Geada Geada e Fátima Barros Monteagudo. Por outra banda, no que corresponde á narrativa indícase que esta goza de boa saúde, indicando como características xerais o bo manexo de técnicas ficcionais modernas. Cítanse os autores e autoras, que son: Lúa Álvarez Domínguez, Antía Iglesias Fernández, León Fernández Cameselle, Afra Martínez Torrado, Ana Mª Añel Prieto e Marisol Mejuto Prego.

_____, "Con forma de devocionario", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 602, "Libros", 10 novembro 2016, p. VI/ *La Opinión*, *Saberes*", n.º 555, "Letras galegas", 19 novembro 2016, p. 10.

Comenta o libro *O deserto* (2015), de María do Cebreiro, como unha obra que destaca polas súas ilustracións e fotogramas, así como tamén polas páxinas dobres onde se poden apreciar os versículos que se agochan tras as imaxes. Caracteriza a obra por semellar un devocionario no que a autora toma o deserto como a metáfora de atravesar a dor para revelar o ser. Fai referencia a algúns versos do libro para amosar a intención da autora de mostrar as íntimas pulsións de quen escribe e salienta temas como o amor e o deber de sermos incansabelmente felices.

Requeixo, Armando, "Importa a Revolución", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*", p. 24/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 915, p. 32/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 915, p. 32, "letras Atlánticas", 10 xaneiro 2016.

Indícase que Teresa Moure é unha autora "indócil, subversiva, radical, que avanta en cada proposta literaria". Coméntanse os contidos da novela *Ostrácia* (2015), da que se indica que na Rusia Bolxevique, cando Inesa Armand coñece e namora con Lenin para xuntos comezar a Revolución de outubro do 17. Destácase que esta narrativa é unha

relectura histórica coa cal se procura a "complexa fibra das relacións humanas". Amais, engádese que a "ambición formal" radica na polifonía que plasma a autora a través de "epistolares, informantes, autora implícita, narrador omnisciente e voces de personaxes como Inesa ou Várvara Armand".

_____, "Quásar literario", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*"/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 916, "letras Atlánticas", 10 xaneiro 2016, p. 32.

Coméntase que *Ela, piedade dos suicidas* (2015), de Xavier Lama, é unha peza dramática, un longo poema no que alternan a prosa poética e os versos, "unha orixinal hibridación poética" que narra a historia da mitoloxía clásica. Indícase que a peza trata varios temas universais, tales como os límites da vida coa morte, Eros vencedor de Tánatos, os roles xenéricos e a dimensión demiúrxica da palabra. Destácase o deseño e a forza dos personaxes: Caronte, Perséfone, as Furias e Ménades e Orfeo e Eurídice.

_____, "Xirando na espiral", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*"/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 917/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 917, "letras Atlánticas", 23 xaneiro 2016, p. 32.

Achégase información da traxectoria de Tamara Andrés, tanto no referido ás publicacións coma aos premios recibidos. Sinálase que *Nenaespiares* (2015) é o seu primeiro poemario exento. Engádese que a presente edición estabelece diálogos e lecturas con Wittgenstein e Magritte, Novoneyra e Manuel Antonio, Breton e Delvaux, María do Cebreiro e Estíbaliz Espinosa ou Rimbaud e Bachelard. Ademais, descríbese a estrutura da obra en dúas grandes divisións e que estilisticamente se aproxima ao surreal, con desdobramentos do eu, textos caligráficos, ironías e crítica.

_____, "Endilgar na lontanía", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*"/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 918/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 918, "letras Atlánticas", 31 xaneiro 2016, p. 32.

Dáse conta da publicación póstuma do poemario *Nin rabechudo, nin badueiro, á que salta un indo* (2015), de Tomás Antón Pereiras Gómez, edición ao coidado da súa viúva. Indícase que o libro recolle un conxunto de vinte e seis poemas nos que aparecen reflexións éticas da conduta persoal e colectiva; a afirmación da súa adscrición labrega; as inxustizas e incurias; a natureza e paisaxe galegas; e tradicións e iconografía galegas, entre outras. Indícase que estas temáticas xa foran abordadas polo autor nunha serie de volumes anteriores, como *Un querer só á espreita* (2008)*; A labrega, ás duras, rexa e teimosa loitou* (2010) ou os xa póstumos *Tentando ir ás cegas, non se chega a ningures* (2013) e *Podo ser un ninguén para ningures indo* (2014).

_____, "Poesía galega no Brasil", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*"/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 920/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 920, "letras Atlánticas", 14 febreiro 2016, p. 32.

Dáse conta da publicación do poemario *Aldea lonxana* (2015), de Luciano Maia. Explícase que varios dos poemas xa foran publicados anteriormente noutros libros e que a obra presenta dúas grandes partes: "Dez poemas galegos" e "Outros poemas". Recóllese o título dos dez poemas galegos e coméntase que o autor está influenciado por Rosalía de Castro, Álvaro Cunqueiro, Eduardo Pondal e, sobre todo, por Federico

García Lorca e os seus *Seis poemas galegos*. Como temáticas, saliéntanse a saudade, a melancolía do emigrante e as lembranzas da aldea. Engádese que o poemario vai precedido dun prólogo breve e explicativo e unha introdución de Xesús Torres Regueiro.

_____, "Un título necesario", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 575, "Libros", 10 marzo 2016, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 532, "Letras galegas", 19 marzo 2016, p. 10.

Coméntase que *Ramón Piñeiro. A vontade da intelixencia. Unha fotobiografía. 1915-1990* (2015), de Henrique Monteagudo, é unha obra imprescindíbel para aproximarse á figura do intelectual. Saliéntase que o valor deste manual ilustrado, das fotografías e as súas propias declaracións en entrevistas, memorias e outros documentos. Engádese que o libro é enriquecido cun poema de Salvador García Bodaño dedicado a Piñeiro, así como cun dossier final con documentos nos que se reproducen de forma íntegra cinco artigos e cartas a Luís Seoane, Álvaro Cunqueiro, Celestino Fernández de la Vega, Manuel Rodrigues Lapa e Rodolfo Prada.

_____, "Repensar, proxectar, facer Galicia", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*"/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 946/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 946, "letras Atlánticas", 14 agosto 2016, p. 28.

Achega á traxectoria literaria de Xaime Isla Couto, membro da "trindade" ideadora de Galaxia. Lémbrase que foi unha das figuras clave das mocidades galeguistas de preguerra, que comezou a publicar artigos con dezasete anos e que tiña trato de familiaridade con Daniel R. Castelao, Vicente Risco, Ramón Otero Pedrayo e outros. Destácanse algúns dos seus numerosos traballos como colaborador da posta en marcha do Museo do Pobo Galego (1976) e do Instituto Galego de Información (1977), polo que toda a súa vida respondeu ao ideal de "repensar Galicia, proxectar Galicia, facer Galicia".

_____, "Memoria de Fernando Pérez-Barreiro Nolla", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*"/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 951/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 951, "letras Atlánticas", 18 setembro 2016, p. 32.

Faise memoria da biografía do escritor Fernando Pérez-Barreiro Nolla, do que se explica que medrou nun ambiente propicio, no que tivo como profesor a Ricardo Carballo Calero. Lémbrase o seu paso pola Universidade compostelá, os seus estudos de Dereito, a súa tendencia galeguista ou a amizade con intelectuais como Xosé Luís Méndez Ferrín e Ramón Piñeiro. Sinálase que colaborou na revista *Aturuxo*, que viviu en diferentes lugares de España e en Londres e que sempre mantivo a escrita en lingua galega. Recórdase o seu traballo como locutor radiofónico na BBC, a súa colaboración no Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional e os premios literarios que recibiu. Péchase esta lembranza coa cita dalgunhas homenaxes ao autor, como a de Xerais, *Amada liberdade*.

Rivas, Chito, "Manuel Portas, o publicista da sociolingüística galega", *La Región*, "Provincia", "Testemuñas da memoria", 28 outubro 2016, p. 26.

Comenta a obra literaria do escritor Manuel Portas, *Lourenço, xograr* (2015), unha novela de iniciación e formación, de aventuras e incluso política. Explícase que propicia a divulgación da historia e literatura medieval galega a través de Lourenço, un xograr que quería ser trobador. Resalta que, grazas a esta obra, Manuel Portas gañou a XXVII edición do Premio de Novela Manuel García Barros. Fai un breve repaso pola biografía do escritor, dende o seu nacemento en Barcelona, pasando polas súas colaboracións en diferentes obras didácticas e en publicacións de carácter pedagóxico e educativo ou a súa incursión política. Destaca a súa faceta de novelista a partires do 2010 con obras como *Faneca brava* e *Amor en alpargatas*.

Rozas, Ramón, "Heroes do noso tempo", *Diario de Pontevedra/ El Progreso*, "*Táboa Redonda*", n.º 17, 10 xaneiro 2016, p. 6.

Destácanse as novelas *O último día de Terranov*a (2015), de Manuel Rivas, e *Os elefantes de Sokurov* (2015), de Antón Riveiro Coello, como "senlleiras" e aos dous autores como "en plena madureza creativa". A seguir, faise referencias a dúas novelas de Riveiro Coello como exemplo de literatura de calidade: *As rulas de Bakunin* (2000) e *Laura no deserto* (2011). Da última novela do autor, *Os elefantes de Sokurov*, indica que a protagonista é unha moza que pertence "a esa xeración peneirada pola crise", mais que a obra dá voz a un colectivo "protagonizado por heroes do noso tempo".

_____, "O debuxo do riso", *Diario de Pontevedra/ El Progreso*, "*Táboa redonda*", n.º 18, "Fatiga ocular", 17 xaneiro 2016, p. 6.

Logo de sinalar que Antón Patiño é máis coñecido polo seu labor pictórico, coméntase que este factor se ve reflectido na súa poesía, a cal se describe como "pictoralismo da palabra". Coméntase que a obra *Teoría do riso* (2015) está conformada por pequenos poemas, como haikus, que parten da natureza e da vida cotiá. Tamén se indica que o poemario abre e pecha con dúas citas de Kafka.

_____, "A vida é o sentido", *Diario de Pontevedra/ El Progreso*, "*Táboa Redonda*", n.º 33, 1 maio 2016, p. 5.

Coméntase que o poemario *O deserto* (2015), de María do Cebreiro, que se cualifica como "diferente" mesmo co que ten publicado até o de agora. Indícase que a obra é un encontro suxestivo entre a iconografía e a linguaxe, emulando o formato dos devocionarios. Indícase que as iconografías exploran a tradición cinematográfica e a pictórica de inspiración relixiosa, con estampas ou páxinas desdobradas, "un traballo editorial espléndido". No tocante á dimensión textual, coméntase que os poemas abeiran o carácter narrativo, a través dunha visión existencialista que fala da dor, da ferida, da maternidade, da identidade ou da comunidade.

_____, "Encadeados ao nome do vento", *Diario de Pontevedra*, "Cultural", "Pontevedra", "Rue Saint-Antoine n.º 170", 14 marzo 2016, p. 7.

Dise que a obra *Atrofiadas as estrelas* (2016), de Alexander Vórtice, está asolagada de pequenos matices que recordan o amor, o cariño, a paixón, a felicidade etc. Coméntase tamén que é unha loita do poeta contra si mesmo e contra a sociedade. Explícase que a morte é un elemento primordial na obra de Vórtice, sobre todo a morte da poesía. Dise,

ademais, que as ilustracións de Antón Sobral que se inclúen no volume son sinxelas pero efectivas para evocar o que o poeta quere expresar cos versos. Remátase afirmando que a obra é unha reflexión sobre o poeta, pero tamén sobre nós mesmos.

Vélez Latorre, Xosé Manuel, "A Bretaña segundo Cunqueiro", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 587, "Literatura", 9 xuño 2016, p. IV.

Coméntase a edición de *As crónicas do sochantre* de Álvaro Cunqueiro como unha obra situada fóra da súa época. Dise que as crónicas non xorden só das lecturas de Cunqueiro, senón que son tamén homenaxe e variación do *Doutor Alveiros* de Vicente Risco e de *Un ollo de vidro*, de Daniel R. Castelao. Sinálase a Cunqueiro como un adiantado a moitos acontecementos que sucederon despois na novela, destácase o seu gusto pola intertextualidade, polo xogo co xénero narrativo etc. Sinálase esta obra como un dos cumios da Literatura Galega e como toda unha experiencia estética e emocional. Finalmente, lémbrase a anécdota na que Cunqueiro di algo así como: "Eu describín a Bretaña da miña imaxinación; se a Bretaña real estaba equivocada, é problema dela".

Vietes, Manuel F., "Resistir no escenario", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 572, "Teatro", 18 febreiro 2016, p. VIII.

Coméntase o monográfico *Resistir no escenario* (2015), de Inmaculada López Silva, salientando que ofrece "unha panorámica do que ten sido o sistema teatral na segunda metade do século XX". Fálase dos contidos da obra, destacando as iniciativas pioneiras (Irmandades da Fala) e o labor realizado polo Centro Dramático Galego e o Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais. Por último, sinálase a importancia de coñecer a panorámica do sistema teatral galego e a necesidade de coñecer e ler esta obra.

Xermán, Mario, "Vicente Risco Mestre de Mestres", *La Región*, "Opinión", 3 xuño 2016, p. 29.

Destácase que o autor Xosé Fernández Fernández foi galardoado co premio Antón Losada Diéguez polo libro *Vicente Risco. Mestre de mestres* (2014). Dise que a obra está estruturada nos capítulos: "Vida e formación de Vicente Risco"; "Ensino identificado co país"; "Risco, e a cuestión lingüística"; "literatura popular e tradición oral"; "Vivir xogar e aprender en galego"; "Seminario de Estudos Galegos" e "Risco, formador de mestres". Sinálase que o autor fai uso dunha abundante bibliografía e que se trata dun libro de grande interese no que destaca o capítulo destinado a Rabindranath Tagore.

V.6. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ARTIGOS DE OPINIÓN E COLABORACIÓNS FIXAS

Agis Villaverde, Marcelino, "Homenaxe a un poeta", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Al sur", 2 maio 2016, p. 2.

Menciona a Luís González Tosar e o feito do seu recente nomeamento como membro da Academia Arxentina de Letras e representante en Galicia desta institución.

Alonso Montero, Xesús, "Centenario de Pepita Sabor", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "En galego", "Beatus qui legit", 5 febreiro 2016, p. 12.

Fala de Pepita Sabor, unha galega emigrada con curta idade a Bos Aires, onde foi un referente para as Letras galegas. Comenta que estudou Historia e publicou o *Manual de fuentes de indormación* (1957).

_____, "Rubén Darío", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "En galego", "Beatus qui legit", 12 febreiro 2016, p. 12.

Indica que o poema de Rubén Darío "Gaita galaica" foi traducido ao galego por Evaristo Correa Calderón e que Anisia Miranda tamén fixo unha versión deste soneto.

_____, "Un orónimo na poesía galega", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "En galego", "Beatus qui legit", 19 febreiro 2016, p. 4.

Sinala que no ano 2016 se cumpren cen anos do nacemento de Lorenzo Varela (1916-1978).

_____, "Cita en Ourense (15-5-2016)", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "En galego", "Beatus qui legit", 26 febreiro 2016, p. 6.

Indica que o 15 de maio de 2016 se cumpren 50 anos dun xantar histórico celebrado no hotel Roma de Ourense no que estivo Celso Emilio Ferreiro, que días despois marcharía a Caracas, onde estaría até 1973.

_____, "Rosalía en latín", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "En galego", "Beatus qui legit", 4 marzo 2016, p. 6.

Anuncia que se celebrou en Madrid o 179 aniversario do nacemento de Rosalía de Castro da man de poetas asentados na capital. Destaca que o profesor Diego Román recitou uns versos de *Follas Novas* en latín.

_____, "Lorca en Galicia", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "En galego", "Beatus qui legit", 11 marzo 2016, p. 7.

Sinala que neste ano 2016 cómpre recordar a primeira viaxe que fixo Federico García Lorca (1898-1936) con 18 anos a Galicia e que foi cando entrou en contacto coa obra de Rosalía de Castro.

_____, “Antonio Alonso Fontán”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Letras”, “Galego”, “Beatus qui legit”, 18 marzo 2016, p. 13.

Rememora a figura de Antonio Alonso Fontán, un home ilustre das nosas letras que foi un autodidacta por nacer nun tempo no que non puido estudar o bacharelato pero si se interesou pola lingua e a cultura galegas. Entre as súas publicacións destaca *Apocalipsis no Condado.*

_____, “Victoriano Taibo: cincuentenario”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Letras”, “Galego”, “Beatus qui legit”, 25 marzo 2016, p. 11.

Afirma que o 13 de marzo de 2016 se cumpriron cincuenta anos do pasamento de Victoriano Taibo e, cinco días despois, o 18, o Instituto de Estudos Miñoranos organizou un encontro literario na súa homenaxe.

_____, “Doce galegos”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Letras”, “Galego”, “Beatus qui legit”, 1 abril 2016, p. 6.

Di que no ano 1976 Víctor F. Freixanes publicou un libro importante para as letras dentro do ámbito da literatura xornalística: *Unha ducia de galegos,* no cal recolle entrevistas que el mesmo lle fixo a doce galegos, durante os anos 1974 e 1976, relevantes no discurso político-cultural de Galicia.

_____, “EBA, o republicano”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Letras”, “Galego”, “Beatus qui legit”, 8 abril 2016, p. 13.

Anuncia a presentación na Feira do Libro de Bos Aires dun volume que recolle textos xornalísticos de EBA, dun tempo moi significativo. Sinala que o seu título é *En defensa e ilustración da Segunda República española nos anos da Guerra Civil (1936-1939)*, que edita Galaxia no selo literario Mar Maior.

_____, “O primeiro ‘Quixote’ en galego”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Letras”, “Galego”, “Beatus qui legit”, 22 abril 2016, p. 6.

Recorda que a primeira tradución ao galego do *Quixote* completo data de 1992 por Xuntanza Editorial e que foi traducida por un equipo que dirixiu Valentín Arias, tamén tradutor.

_____, “Bos Aires: no Santiago Apóstol”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Letras”, “En galego”, “Beatus qui legit”, 13 maio 2016, p. 4.

Dá conta da actuación dun coro colexial coa representación de *O meu país*, de Miro Casabella; unha das cantigas de Afonso X e o primeiro dos *Seis poemas galegos*, de Federico García Lorca.

_____, “Versos republicanos”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Letras”, “En galego”, “Beatus qui legit”, 20 maio 2016, p. 4.

Di que a Feira do Libro de Bos Aires estivo dedicada á cidade de Santiago de Compostela. Dá conta da publicación de dous libros relacionados coa literatura galega, sen indicar títulos: un sobre Eduardo Blanco Amor e outro sobre María Casares.

_____, "Sabino Torres e a causa poética", *Faro de Vigo*, 24 maio 2016, p. 36.

Recorda con agarimo a Sabino Torres, home moi comprometido coa causa da poesía. Destaca que foi poeta, editor de poetas e mesmo, sen ser un home rico, mecenas de poetas.

_____, "Sabino Torres, quixote da poesía", *Diario de Pontevedra*, "In memoram", 24 maio 2016, contracuberta.

Sinala que Sabino Torres fundou en Pontevedra no ano 1949 a colección Benito Soto, así como tempo despois a colección Hipocampo Amigo.

_____, "Lorenzo Varela nas aulas", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "En galego", "Beatus qui legit", 1 xuño 2016, p. 11.

De todos os centenarios que se conmemoran este ano salienta o do nacemento de Lorenzo Varela. Para iso, lembra a súa figura e os seus méritos e informa de que se acaban de facer públicas as bases dun certame para os centros de secundaria no que se galardoarán comentarios de poemas significativos do escritor, tanto en lingua galega coma en castelá. Remata por gabar o compromiso do autor maila súa obra poética.

_____, "G. Laverde Ruiz (1835-1890)", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "En galego", "Beatus qui legit", 3 xuño 2016, p. 12.

Informa de que con motivo da celebración do Día das Letras Galegas, a Xunta de Galicia fixo un acto de homenaxe a Manuel María no colexio público Gumersindo Laverde Ruiz, no que participou. Dá conta da súa disertación nese acto e comenta que aproveita a ocasión para destacar a figura de Laverde Ruiz, un importante home das letras da España do XIX, da que salienta asuntos relacionados coa literatura castelá e galega.

_____, "Viqueira e a Fala", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "En galego", "Beatus qui legit", 17 xuño 2016, p. 13.

Diserta sobre o pensador Xohán Vicente Viqueira (1886-1924), figura fundamental nas Irmandades da Fala da Coruña.

_____, "Anne Marie Morris: centenario", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "En galego", "Beatus qui legit", 24 xuño 2016, p. 11.

Con motivo do centenario do nacemento da estadounidense Anne Marie Morris, lémbrase o seu poemario en galego, *Voz fuxitiva*, anímase á súa relectura e coméntase parte da biografía desta escritora, cuxa voz se considera a máis "auténtica" e "implicada" de entre os poetas alófonos en lingua galega.

_____, “¡Fala armoñosa, non morrerás!”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Letras”, “En Galego”, “Beatus qui legit”, 22 xullo 2016, p. 10.

Lembra un opúsculo que leva por título: “¡Fala armoñosa, non morrerás!”, do poeta catalán Ventura Balañá, que nunca estivera en Galicia pero que escribiu este poema que é unha reivindicación do idioma galego, unha “curiosa gabanza” do idioma de noso.

_____, “O refuxio dos curmáns de Castelao: ¿amnesia?”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Beatus qui legit”, 11 agosto 2016, p. 13.

Por mor da demolición en Vigo dun edificio que fora refuxio dos curmáns de Castelao durante a Guerra Civil, coméntase a traxedia do bou *Eva* e infórmase de que o primeiro cronista do feito fora Rafael Dieste, na revista *Nova Galiza*, no artigo “No linde da liberdade. Unha morte lanzal”. Lémbrase igualmente a publicación, hai tan só dous meses, da obra de teatro *Unha morte lanzal. A traxedia do bou Eva*, de Julián Rodríguez Novo, que pretende recordar a traxedia.

_____, “Póla de carballo con landras de ouro”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Letras”, “En galego”, “Beatus qui legit”, 12 agosto 2016, p. 11.

Comenta a súa intervención nun acto conmemorativo do 125 aniversario dos Xogos Florais, en Tui, onde fala de aspectos inéditos destas festas literarias. Salienta un deles: a primeira vez que dous persoeiros como Manuel Murguía e Alfredo Brañas pronunciaron os seus primeiros discursos en lingua galega, en 1891. Outra cousa que comenta é o que levaba á casa o segundo galardoado co premio de poesía, unha “póla de carballo con landras de ouro”.

_____, “Soldados da Historia”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Letras”, “En galego”, “Beatus qui legit”, 26 agosto 2016, p. 13.

Lémbranse os fusilamentos de Federico García Lorca e Roberto Blanco Torres e coméntase que ninguén, durante moitos anos, lles dedicou ningún verso até que en 1999, nun volume *ad honorem* de Blanco Torres, o poeta Santiago Novo publicou *Oito versos para Euloxio e Rizal*.

_____, “Isaac Díaz Pardo, ¿tema electoral?”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Beatus qui legit”, 6 setembro 2016, p. 15.

Aproveita o período preelectoral para comentar que o Fondo Isaac Díaz Pardo, peza esencial do Patrimonio Cultural Galego, está na Cidade da Cultura, aínda que critica que non estea catalogado nin se poida consultar. Conclúe que desexa que isto se solucione, quizais na próxima campaña electoral.

_____, “Camilo de Dios, de fistor a poeta”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Letras”, “Ficción”, “Beatus qui legit”, 16 setembro 2016, p. 13.

Fai fincapé na relación de Camilo de Dios co eido poético, recalcando a súa estadía en prisións antifranquistas nas que, aínda que non se lle permitía o acceso a determinadas obras e autores, cultivou o seu bo facer neste xénero literario.

_____, “O pequeniño do Incio”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Letras”, “Ensayo”, “Beatus qui legit”, 30 setembro 2016, p. 11.

Faise eco do poema “O médico do Incio”, de Claudio Rodríguez Fer, no que se alude á figura do doutor Manuel Díaz González asasinado o 11 de setembro de 1936.

_____, “Rosalía: 50 anos”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Letras”, “En galego”, “Beatus qui legit”, 7 outubro 2016, p. 10.

Fai alusión a unha revista luguesa fundada no ano 1966, cuxo fundador e director era o catedrático de Francés no Instituto Feminino de Lugo, Epifanio Ramos de Castro, quen realizou un labor cultural importante na cidade dende 1963, centenario da publicación de *Cantares Gallegos*, de Rosalía de Castro.

_____, “Da GEG a ANBU”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “En galego”, “Beatus qui legit”, 4 novembro 2016, p. 10.

Salienta a figura do editor Silverio Cañada, quen avogou pola presentación e defensa dunha visión do pasado e do presente de Galicia moi diferente á versión considerada como oficial.

_____, “Batlló, editor de poetas”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, “Beatus qui legit”, 11 novembro 2016, p. 42.

Con motivo do pasamento de José Batlló, recálcase o seu labor como poeta, ademais de como editor de poetas antes e despois da morte de Franco.

_____, “Marcos Ana: a modo de epitafio”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Beatus qui legit”, 26 novembro 2016, p. 15.

Fala de Fernando Macarro Castillo e recalca o seu bo facer poético, o cal estivo marcado polas súas experiencias carcerarias.

_____, “As Irmandades da Fala: onte, hoxe e mañá”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Beatus qui legit”, 1 decembro 2016, p. 16.

Faise eco de que o ideario das Irmandades da Fala radica, principalmente, en dous textos de Antón Villar Ponte, quen era un bo coñecedor da problemática lingüística de Galicia.

_____, “Lorenzo Varela hoxe”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Beatus qui legit”, 9 decembro 2016, p. 15.

Fala de Lorenzo Varela e destaca a falta de conmemoracións ao redor da súa figura por parte das institucións políticas galegas, agás a iniciativa propiciada dende o Concello de Monterroso.

_____, “Buero Vallejo e ‘Nós”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Beatus qui legit”, 16 decembro 2016, p. 15.

Indica que a segunda edición do álbum *Nós* foi unha publicación tetralingüe, na que os pés dos debuxos se ofreceron en galego, castelán, catalán e en éuscaro e salienta que a tradución ao castelán foi realizada por Buero Vallejo, quen concordaba coa filosofía artística do volume.

_____, "Antonio Machado e un taxista compostelán", *La Voz de Galicia*, "Opinión", "Beatus qui legit", 23 decembro 2016, p. 29.

Fala de Luís Pasín, taxista e machadiano, quen foi o artífice dunha homenaxe a Antonio Machado na Universidade de Santiago, para o que contou coa colaboración de Antonio Rodríguez Cadarso e de Raimundo García Domínguez, "Borobó".

Alvarellos, Quique, "Unha carruaxe para Hemingway", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Agenda", "Para todos los públicos", 29 maio 2016, p. L11.

Sinala que, entre outros personaxes de renome, Ernest Hemingway foi un dos que se aloxou no hotel Suízo, sito na praza de Mazarelos. Recolle as palabras de Carlos Casares sobre este acontecemento.

_____, "Ánxel Casal, 1936", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Agenda", "Para todos los públicos", 26 xuño 2016, p. L11.

Lémbrase, con motivo do oitenta aniversario do fusilamento de Ánxel Casal, a figura deste editor e alcalde. Finalmente dáse a coñecer a obra de Ernesto Vázquez Souza *A fouce, o hórreo e o prelo. Ánxel Casal e o libro galego moderno* (2003), considerada unha boa monografía para coñecer a vida deste persoeiro.

_____, "O outro exilio, o interior", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Agenda", "Para todos los públicos", 18 setembro 2016, p. L11.

Comenta a relación existente entre Uxío Novoneyra, Ramón Piñeiro, Antonio Bonet, Pura Vázquez, Manuel María e Carlos Maside con motivo dunha fotografía sacada en Compostela na primavera de 1952.

_____, "A derradeira imaxe de Luís Pimentel", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Agenda", "Para todos los públicos", 4 decembro 2016, p. L11.

Salienta o gusto do poeta Luís Pimentel pola cidade de Santiago de Compostela e defíneo como un dos mellores representantes da escrita galega.

_____, "Cando o Sar era unha postal", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Agenda", "Para todos los públicos", 11 decembro 2016, p. L11.

Comenta a relación do río Sar co eido literario galego debido á súa beleza e salienta que, tendo en conta a súa situación actual, as autoridades competentes son as responsábeis da súa conservación e coidado para o futuro gozo da cidadanía.

Álvarez, Cristino, “El San Froilán de Cunqueiro”, *El Progreso*, “Vivir”, “Sociedad”, 5 outubro 2016, p. 44.

Comenta que en *A cociña galega*, Álvaro Cunqueiro avoga polo polbo e a perdiz como menú idóneo para as festas de San Froilán.

_____, “Noches de miedo”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, p. 44/ *El Progreso*, “Vivir”, p. 34, 2 novembro 2016.

Con motivo da moda de celebrar o Halloween, lembra a Santa Compaña e as historias terroríficas que as vellas contaban aos nenos, ademais de salientar a descrición que fixo dela Wenceslao Fernández Flórez en *El bosque animado*.

Araguas, Vicente, “Vai túa, Sabino”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”/ *Diario de Ferrol*, “Nordesía”, n.º 937/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 937,”máis Libros”, 12 xuño 2016, p. 30.

Alúdese ao don poético de Sabino Torres, aínda que se sinala que só se lle recorda como editor da posguerra da colección de poesía Benito Soto. Infórmase de que os seus últimos días estiveron dedicados á revista poética *Olga*, que se presentará na Casa de Galicia en Madrid. Dáse noticia de que o crítico o viu por derradeira vez cando lle foi levar o primeiro número desa publicación e conclúe que Sabino foi pioneiro na edición galega pero sobre todo, poeta lírico.

_____, “Que se vaian enterando”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”/ *Diario de Ferrol*, “Nordesía”, n.º 959/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 959,”máis Libros”, 13 novembro 2016, p. 30.

Reivindica a figura de Fermín Bouza Álvarez como escritor en galego, facendo fincapé en catro títulos: *Labirinto de inverno* (1980), *O tempo na auga* (1980), *Memorias do diaño* (1980) e *Longo voo do paxaro* (1987).

_____, “Conversas con Bibiano”, *La Región*, “Sociedad”, 29 decembro 2016, p. 59/ *Atlántico Diario*, “Opinión”, 30 decembro 2016, p. 24.

Con motivo do pasamento de Bibiano Adonis Morón Jiménez, realiza un percorrido pola súa traxectoria persoal e profesional.

Barros Cao, Araceli e Tomás, “Treinta años de la muerte de Tomás Barros Pardo”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, 5 setembro 2016, p. 22/ *Diario de Arousa*, “Sociedad”, 6 setembro 2016, p. 36/ *El Ideal Gallego*, “Sociedad”, 6 setembro 2016, p. 36

Con motivo do trinta aniversario da súa morte, lémbrase a esta importante figura implicada coa sociedade galega dende a posguerra e faise fincapé en que foi cofundador da revista bilingüe *Aturuxo*, de poesía e crítica.

Beloso, Loli, “Neira Vilas, manancial de cousas boas”, *Diario de Pontevedra*, “Cultura”, “Vivir aquí”, 22 xaneiro 2016, p. 57.

Agradece a Xosé Neira Vilas todo o apoio que lle deu durante a súa vida e recorda con agarimo anécdotas del. Agradece o cariño que lle deu o autor e di del que foi o tesouro máis valioso que se pode ter.

Bergantiños, José, “FGL (1898-1936)”, *Diario de Ferrol*, “Opinión”, “Apunte”, 20 agosto 2016, p. 17.

Polo oitenta aniversario do fusilamento de Federico García Lorca, lémbranse os *Seis poemas galegos* transcribindo os versos do que dedicou a Santiago, “Madrigal á cibdá de Santiago”.

Blanco Trincado, Aurelio, “A débeda de Galicia con Florencio Delgado Gurriarán”, *La Región*, “Opinión”, 18 maio 2016, p. 24.

Sinala que no Nadal de 1980 os académicos da Real Academia Galega Francisco Fernández del Riego, Xulio Ogando Vázquez e Valentín Paz Andrade asinaban un escrito á corporación no que se cualificaba o poeta valdeorrés Florencio Delgado Gurriarán como “un dos máis senlleiros representantes da nosa literatura”.

Blanco Valdés, Juan L., “Os nomes e as vontades”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 16 xullo 2016, p. 36.

Reflexiónase sobre a importancia do Día das Letras Galegas e destácase que a próxima edición se lle vai dedicar a Carlos Casares. Faise un breve percorrido pola vida do escritor.

Blas, Ceferino de, “Entre Ribas y Castelao”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, 11 xullo 2016, p. 13.

Con motivo do vindeiro noventa aniversario da estrea de Daniel Rodríguez Castelao nas páxinas do *Faro de Vigo*, no que publicou un chiste baixo o epígrafe “Cousas da vida”, lémbrase a figura do ilustrador e caricaturista Federico Ribas e relaciónase coa de mesmo Castelao. Coméntase que os dous compartiron páxinas desta publicación durante unha década, entre outras cousas.

_____, “De García Lorca a Lustres Rivas”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 25 agosto 2016, p. 32.

Fala da relación entre Federico García Lorca e Manuel Lustres Rivas. Lembra que este último foi o encargado de dirixir *Céltiga*, a principal revista da emigración. Entre outras cousas, dáse conta de que Lustres non foi ben tratado polos galeguistas opositores ao franquismo, como si o foron Alexandre Bóveda e Johán Carballeira.

_____, “A vueltas con la memoria de la isla”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, 5 setembro 2016, p. 11.

Entre outros asuntos e alusións, cita o libro *Redondela e os redondeláns na obra de Diego San José*, escritor madrileño que estivo na prisión da illa de San Simón e que se converteu nun redondelán máis, como demostra esta obra.

_____, “Contra el olvido de Lustres Rivas”, *Faro de Vigo*, “*el sábado*”, n.º 994, 5 novembro 2016, pp. 1-2.

Comenta que Manuel Lustres Rivas analizou, dun xeito pormenorizado, o progreso social e cultural da cidade de Vigo e fai fincapé en que o seu serial “Perspectivas de la Galicia marinera” conformou a primeira guía moderna das Rías Baixas.

_____, “Lustres Rivas, una muerte que lo hermana con Lorca”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 10 novembro 2016, p. 45.

Faise eco dos paralelismos existentes entre as traxectorias de Federico García Lorca e Manuel Lustres Rivas e tamén as diverxencias, como o recoñecemento posterior á súa morte, dado que o xornalista tardou corenta anos en ter recoñecemento social.

_____, “El vigués del ‘Aló Galicia”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, 21 novembro 2016, p. 12.

Comenta que Xesús Nieto Pena foi coautor xunto con Federico García Lorca, Juan Ramón Jiménez e Álvaro Cunqueiro do folleto de homenaxe ao poeta vigués Feliciano Rolán, cuxa morte foi prematura.

Bouza Álvarez, José Luis, “En la muerte de un hermano”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “El análisis”, 1 novembro 2016, p. 4.

Con motivo do pasamento de Fermín Bouza Álvarez recalca o seu carácter observador, nobre e loitador ante os obstáculos, ademais de súa ironía e do seu bo discurso.

Bragado, Manuel, “Parladoiro”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, “Campo de Granada”, 30 agosto 2016, p. 22.

Salienta de entre a “obra oceánica” de Ramón Otero Pedrayo a parte xornalística, pois foi o primeiro columnista que publicou decote en galego. Fai un repaso dos seus artigos máis importantes en diversos medios da prensa escrita.

_____, “Mulleres do silencio”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, “Campo de Granada”, 18 outubro 2016, p. 28.

Fala da exposición “Mulleres do silencio. De Maruja Mallo a Ángela de la Cruz” que reúne obras de vinte e un artistas galegas, pintoras e escultoras e que supón unha revisión e actualización de “A arte inexistente”. Aproveita para cuestionar a inexistencia de mulleres nas diferentes artes (entre elas a literatura) ao longo da historia, debido ao

agochamento e a desigualdade. Salienta esta proposta de interese por desvelar o silencio, amosar a riqueza e diversidade e restaurar ausencias das artistas galegas.

_____, "Ribeira Sacra literaria", *Faro de Vigo*, "Opinión", "Campo de Granada", 27 decembro 2016, p. 23.

Di que o volume *Izan o da saca* (2015), de Xabier Quiroga deu pé a un roteiro literario que leva por nome "Izan na Ribeira Sacra". Tamén menciona que a edición en galego denominada *Todo isto che darei*, de Dolores Redondo, contribuíu ao protagonismo literario desta área xeográfica.

Braxe, Lino, "20 voces por Lois", *La Opinión*, "Opinión", 22 febreiro 2016, p. 14.

Recorda versos de Lois Pereiro no vinte aniversario da súa morte e sinala que un grupo de amigos, entre os que están poetas como Yolanda Castaño, se reuniron no Teatro Rosalía de Castro para lembrar a Lois Pereiro.

_____, "O memorial Ibán Toxeiro 20 anos despois", *La Opinión*, "Opinión", 14 novembro 2016, p. 15.

Comenta que o Memorial de Teatro Ibán Toxeiro, organizado pola Asociación Cultural Alexandre Bóveda, cumpre o seu XX Aniversario e recalca que polo Teatro Rosalía pasaron moitos actores co gallo de render memoria á súa figura.

_____, "Francisco Nieva e a mafia", *La Opinión*, "Opinión", 21 novembro 2016, p. 14.

Sinálase que Francisco Nieva tiña unha relación moi especial con Galicia a través da súa amizade con Manuel Lourenzo e da súa admiración pola terra galega. Tamén se recalca que encargou a tradución da súa obra *La Magosta* ao galego.

_____, "Jesús Blázquez Pereiro", *La Opinión*, "Opinión", 5 decembro 2016, p. 14.

Lembra a historia do café Ártabros da Coruña polo que pasaron personaxes fundamentais da cultura galega, como Álvaro Cunqueiro ou Pedro Barrié de la Maza, e no que o propio Lino Braxe ten escrito algún dos seus mellores poemas.

_____, "Teatro Valacar", *La Opinión*, "Opinión",12 decembro 2016, p. 14.

Describe o labor do grupo Teatro Valacar da ONCE con motivo da homenaxe organizada polo Concello de Carral, que se encadra dentro da súa programación cultural do Teatro de Outono.

Bugallal, Isabel, "Una relación difícil", *La Opinión*, "Tiempo recobrado", 27 marzo 2016, contracuberta.

Dá conta da relación de amizade e admiración entre Ramón del Valle-Inclán e Antón Villar Ponte. Comenta que tamén tiveron un aberto enfrontamento durante os anos de vida das Irmandades da Fala.

Burgoa, Juan J., “Álvaro Paradela Criado”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, “Gentes que hicieron Ferrol”, 28 febreiro 2016, p. 11.

Indica que Álvaro Paradela Criado foi un médico moi recoñecido e creador do topónimo e delimitación de Ferrolterra. Tamén destaca a súa faceta de escritor en galego e castelán.

_____, “Eugenio Charlón Arias y Manuel Sánchez Hermida”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, “Gentes que hicieron Ferrol”, 13 marzo 2016, p. 11.

Sinala que a parella formada por Eugenio Charlón Arias e Manuel Sánchez Hermida tivo unha grande importancia no mundo literario, musical e político de Ferrol durante as primeiras décadas do século XX.

_____, “José Rubia Barcia”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, “Gentes que hicieron Ferrol”, 9 outubro 2016, p. 9.

Realiza un percorrido pola traxectoria vital e persoal de José Rubia Barcia, no que salienta o seu nomeamento como académico da Real Academia Galega en 1983 e a súa prolífica obra.

_____, “Francisco Cabo Pastor. Tesorero de las Irmandades”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, “Gentes que hicieron Ferrol”, 23 outubro 2016, p. 14.

Salienta a figura do médico e escritor Francisco Cabo Pastor como unha peza clave para a fundación en Ferrol das Irmandades da Fala en abril de 1917 e que pertenceu a unha xeración notábel de intelectuais de principios do século XX.

_____, “Nicolás García Pereira”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, “Gentes que hicieron Ferrol”, 4 decembro 2016, p. 5.

Fala de Nicolás García Pereira, cuxa escasa produción literaria foi en lingua galega e salienta que foi o fundador do xornal *El Gráfico* en 1932.

_____, “Agustín Sixto Seco”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, “Gentes que hicieron Ferrol”, 18 decembro 2016, p. 7.

Fala de Agustín Sixto Seco, quen pertenceu a numerosas institucións culturais de Galicia e publicou varias obras en lingua galega no eido da narración e da creación literaria.

Burgoa, Juan José, “Cultura: un axeitado uso do centro cultural”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, “La ventana”, 21 decembro 2016, p. 4.

Informa de que a Consellería de Cultura de Ferrol programou no Centro Cultural municipal dúas exposicións: unha dedicada ao pintor ourensán Jaime Quesada Porto e outra ás Irmandades da Fala con motivo do seu centenario.

Cabana, Darío Xohán, "A Asemblea de Lugo e o hotel Méndez Núñez", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 18 novembro 2016, p. 54.

Fala da I Asemblea Nacionalista celebrada en Lugo en 1918 e dos rumores que afirmaban que o Manifesto de Lugo se redactara no hotel Méndez Núñez, o cal foi posto en tea de xuízo por Xulio Pardo, quen apuntou ao teatro Lugo Salón como a localización elixida.

Cajaraville Castro, José, "Rianxo en Padrón", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", "Desde Padrón", 3 maio 2016, p. 27.

Reflexiona sobre a obra *Faustino Rey Romero. Un evanxeo bufo* (2014) de Ricardo Losada e dá conta da presentación do volume en Padrón.

Campo, Marica, "Río lentísimo de lume", *Diario de Pontevedra*, "Opinión&Análisis"/ *El Progreso*, "Opinión", "A tecelá en outono", 2 decembro 2016, p. 31.

Fala sobre o paso do tempo, aspecto frecuente no eido literario, e avoga por unha visión optimista no que a aceptación deste concepto se refire. Recolle uns versos de Luís Pimentel relacionados con esta temática.

Cancela Montes, Alberto, "Deus fratresque gallaeciae. O espírito dun himno centenario", *El Correo Gallego*, "*2domingo*", 27 marzo 2016, p. 4.

Informa sobre a escolla do actual himno galego. Refírese tamén ao centenario da creación das Irmandades da Fala e lembra que Compostela promovía o himno de Taibo, mentres que na Coruña se incidía na composición de Pascual Veiga e Eduardo Pondal.

Caneiro, Xosé Carlos, "Óptimo", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "No Ficción", "Club dandi", 15 xaneiro 2015, p. 4.

Aconsella comezar o ano 2016 lendo lecturas "óptimas", entre as que recomenda *Os elefantes de Sokúrov*, de Antón Riveiro Coello, e *Izan o da saca*, de Xabier Quiroga.

_____, "Xoguetes do tempo", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "Ficción", 5 febreiro 2016, p. 10.

Admira a obra *Xoguetes do tempo* (2015), de Xosé Luís Franco Grande, "un libro de versos para ler en adagio, lentamente, degustando cada estrofa, metáfora, significado". Ademais define o autor da obra como un "clásico vivo".

_____, "Lecciónes de anatomía sentimental", *La Voz de Galicia*, "Opinión", "A festa da palabra", "O equilibrista", 11 xullo 2016, p. 13.

Con motivo da escolla de Carlos Casares como autor homenaxeado no Día das Letras Galegas afirma que sente unha gran fascinación por ese autor e que non pode estar máis conforme coa decisión da Real Academia Galega. Comenta e gaba o que lle suxire a súa literatura e a xenerosidade da súa persoa.

_____, "Barco con luces, Galicia", *La Voz de Galicia*, "Opinión", "O equilibrista", 26 xullo 2016, p. 13.

Lembra a Luís Pimentel como "metáfora perfecta para a columna dun vinte e cinco de xullo", na que reflexiona sobre aspectos de Galicia e o orgullo dos cidadáns galegos.

_____, "Oldies", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "En Galego", "Club Dandi", 21 outubro 2016, p. 10.

Comenta que Bob Dylan foi recoñecido co Premio Nobel de Literatura e considera que hai máis poesía nas súas letras ca nas obras de moitos autores galegos aos que se lles dedicou o Día das Letras Galegas.

Canosa, María, "Palabra de Casares", *La Voz de Galicia*, "Opinión", "Pingas de cristal", 11 xullo 2016, p. 12.

Comenta o seu encontro con Carlos Casares e as ganas que tiña de escoitalo falar, pois era, di un extraordinario orador. Sinala que os seus escritos eran perfectos e máxicos, que está alegre de que fora elixido pola Real Academia Galega para dedicarlle o Día das Letras Galegas e que a emociona que escribise para os máis pequenos.

_____, "A xustiza pagá", *La Voz de Galicia*, "Opinión", "Pingas de cristal", 16 decembro 2016, p. 14.

Recomenda a lectura do poema "A xustiza pola man", de Rosalía de Castro, aos políticos acusados de corrupción e aos seus avogados coa finalidade de que deixen de figurar como vítimas e evitar críticas máis severas.

Capelán, Brais, "Chove en Santiago", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Santiago", "Crónica ciudadana", 17 novembro 2016, p. L2.

Con motivo do falecemento de Fran Pérez, 'Narf', reprodúcese un dos poemas en galego de Federico García Lorca, que foi versionado polo cantante.

Carreño, Antonio, "Yo soy aquel que ayer no más decía", *La Región*, "Opinión", 31 outubro 2016, p. 26.

Entre outras cousas, sinálase que Rubén Darío introduciu na súa obra novas formas métricas, ao igual que fixo Rosalía de Castro.

Castro López, José, “Manolito, Balbino, Aylan”, *El Correo Gallego*, “Galicia”, “Verlas venir”, p. 14/ *Diario de Arousa*, “Opinión”, p. 23/ *Diario de Ferrol*, “Opinión”, p . 15/ *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”, p. 23/ *El Ideal Gallego*, “Opinión”, p. 23/ *El Progreso*, “Opinión”, p. 27, 6 xaneiro 2016.

Realiza unha reflexión social tomando como punto de partida dous dos personaxes de Xosé Neira Vilas que aparecen en *Memorias dun neno labrego*: Manolito e Balbino. Por unha banda, estabelece unha relación entre os nenos e adolescentes que teñen de todo e Manolito, “o neno do señor”; pola outra, conecta a Balbino, “un rapaz de aldea, un ninguén”, con todos os nenos pobres de sempre e os que o son a causa da actual crise.

Castro Ratón, Xosé, “O Tío Marcos”, *Diario de Arousa*, “Opinión”, “Outra ollada”, 11 febreiro 2016, p. 6.

Conmemórase os 140 anos da saída á rúa do primeiro xornal editado integramente en lingua galega; nado en Ourense, *O Tío Marcos da Portela*. Coméntase que foi un avance decisivo no impulso da prensa escrita en galego.

_____, “Mobiliza Rosalía”, *Diario de Arousa*, “Opinión”, “Outra ollada”, 25 febreiro 2016, p. 6.

Indica que Rosalía de Castro é quen de mobilizar a conciencia colectiva, galega e universal; e que por iso cada 24 de febreiro se realiza unha homenaxe para recordar a súa figura e a súa obra.

_____, “A rede do galego”, *Diario de Arousa*/ *Diario de Ferrol*/ *El Ideal Gallego*, “Opinión”, “Outra ollada”, 23 abril 2016, p. 26.

Fala da Feira do Libro de Bos Aires, na que se tratarán obras de Rosalía de Castro, Manuel Rivas e Miguelanxo Prado.

_____, “Defensa e dignificación do galego”, *Diario de Arousa*, “Opinión”, “Outra ollada”, 19 maio 2016, p. 6.

Sinala que as Irmandades da Fala están detrás dos máis significativos proxectos de concienciación social, iniciativa e aspiracións galegas de todo o século pasado, sexa no aspecto lingüístico, cultural ou político.

_____, “Navegar mares de alburgada”, *Diario de Arousa*/ *Diario de Ferrol*/ *El Ideal Gallego*, “Opinión”, “Outra ollada”, 31 decembro 2016, p. 8.

Indica que a palabra “irmandade” resultou gañadora na competición “Portal das Palabras” propiciada pola Real Academia Galega e a Fundación Barrié, o cal coincide coa conmemoración do centenario da fundación das Irmandades da Fala.

Celeiro, Luís, “Para orgullo de nós”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión & Análisis”, 12 xaneiro 2016, p. 47/ *El Progreso*, “Opinión”, 12 xaneiro 2016, p. 25/ *La Región*,

“Opinión”, 13 xaneiro 2016, p. 25/ *El Correo Gallego*, 13 xaneiro 2016, p. 4, “Tía Manuela”.

Lembra o cabodano de Isaac Díaz Pardo e o emotivo acto que organizou a Real Academia Galega ao redor da súa figura como artista, empresario e humilde benfeitor.

_____, “Xente de a pé”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión & Análisis”, 1 novembro 2016, p. 21/ *El Progreso*, “Opinión”, 1 novembro 2016, p. 23/ *El Correo Gallego*, “Opinión”, 2 novembro 2016, p. 4/ *La Región*, “Opinión”, 2 novembro 2016, p. 23, “Tía Manuela”.

Con motivo do centenario das Irmandades da Fala, comenta a homenaxe a Luís Porteiro Garea por parte da Universidade de Santiago de Compostela e outras institucións ao ser un dos fundadores das Irmandades de Santiago e o primeiro profesor en pronunciar unha conferencia en galego na Universidade.

Cochón, Luís, “Xa que a miña voz faltou na túa homenaxe”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Tribuna libre”, 27 abril 2016, p. 44.

Faise unha homenaxe a Manuel Lueiro mediante a lembranza da súa obra e anécdotas persoais.

_____, “Filgueira, na alta divulgación de noso”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Tribuna libre”, 12 maio 2016, p. 36.

Reflexiónase sobre a figura de Xosé Filgueira Valverde dende o seu traballo como profesor até algúns dos seus escritos.

_____, “Fernando cardeal Quiroga en Santa Clara de Pontevedra”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Tribuna libre”, 28 maio 2016, p. 41.

Recorda con agarimo a figura de Fernando Quiroga Palacios, home que lle foi presentado da man de Xosé Filgueira Valverde, do que ten grandes recordos por toda a axuda que lle deu.

Coco, Abraham, “Cela en clave gallega”, *ABC*, “*ABC del ocio*”, “Escapadas”, 9 decembro 2016, p. 63.

Con motivo da exposición na Cidade da Cultura sobre a figura de Camilo José Cela, lémbrase que na súa obra sempre está presente Galicia, xa dende os seus primeiros artigos xornalísticos e nas novelas *Mazurca para dos muertos* (que compara con *Xoguetes para un tempo prohibido,* de Carlos Casares), *La cruz de San Andrés* e *Madera de boj*.

Conde, Alfredo, “A cidade das pontes... literarias”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Las páginas y las horas”, 14 febreiro 2016, p. 33.

Sinala que o PEN Internacional vai celebrar un congreso en Ourense no outono de 2016.

_____, “Ceibando versos”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Os outros días”, 16 febreiro 2016, p. 4.

Informa como o autor visita a libraría Follas Novas e leva consigo dous libros, un deles é *A fría escuridade do perdido* (2014) de Xosé Abeal.

_____, “Sin dulzura”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Los otros días”, 9 abril 2016, p. 4.

Anima a visitar París e gozar dos seus recunchos sen necesidade de coller o metro ou o autobús. Comenta que a obra de Álvaro Cunqueiro debería ser máis lida e que debería ser unha lectura obrigatoria no ensino.

_____, “Chegar a fin de mes”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Os outros días”, 18 abril 2016, p. 4.

Refírese á súa propia obra, da que sinala que leva publicadas dezaseis novelas nas que, en gran parte delas, Compostela ten un papel importante dentro da trama.

_____, “Cosas que no pasaban”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Los otros días”, 19 abril 2016, p. 4.

Critica que a Consellería de Cultura non o convidase nin a el nin a Suso de Toro á Feira do Libro de Bos Aires.

_____, “Lingua e literatura”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Os outros días”, 17 maio 2016, p. 6.

Opina que non é o uso da lingua a que o enaltece o galego, senón o uso que se faga desta ao servizo da literatura.

_____, “O pai de Christian”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Os outros días”, 13 xullo 2016, p. 4.

Reflexiónase sobre a figura de Carlos Casares dende un punto de vista persoal, con motivo da súa escolla como autor homenaxeado no Día das Letras Galegas. Destácase a pluralidade de xéneros cultivados por parte do escritor.

_____, “Un vello e nunca esquecido afecto”, *La Región*, “Opinión”, “Las páginas y las horas”, 25 agosto 2016, p. 35.

Comenta, despois de coñecer a escolla de homenaxeado nas Letras Galegas do 2017 a Carlos Casares, a relación que mantiña con el e que o unía tamén a Ramón Piñeiro. Aproveita para facer unha gabanza dos seus artigos en prensa.

_____, “Don Juan de la Cova”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Los otros días”, 26 agosto 2016, p. 4.

Comenta as referencias de Carlos Casares ao personaxe de Xan da Cova, con motivo da elección do autor para as Letras Galegas. Informa que o homenaxeado editou en Galaxia dous libriños, un deles de Xosé Filgueira Valverde, sobre este personaxe.

_____, "Casares y Torrente, Torrente y Casares", *La Región*, 28 agosto 2016, p. 34/ *Atlántico Diario*, 31 agosto 2016, p. 24, "Opinión", "Las páginas y las horas".

Comenta que Torrente Ballester e Carlos Casares se coñeceron porque os presentou el mesmo e relata episodios que amosan a profunda amizade que se profesaban, así como outras cousas puntuais.

_____, "A resposta vén no vento", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Os outros días", 19 setembro 2016, p. 4.

A raíz de que Ramón Loureiro compartiu no Facebook unha gravación dos Bee Gees cantando *Blowing In The Wind*, relaciona a presenza do vento co seu carácter xeneroso e coa súa prolífica escrita.

_____, "Dende la Generación Nós, apenas nada", *El Correo Gallego*, 29 setembro 2016, p. 27/ *Atlántico Diario*, 2 outubro, p. 22, "Opinión", "Las páginas y las horas".

Comenta que dende a Xeración Nós non existiu outro colectivo que dera un pulo patente e potente no que aos soños de Galicia se refire e pregunta pola súa posíbel causa.

_____, "Como estampitas", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Los otros días", 19 novembro 2016, p. 4.

Fala da valoración positiva dos poetas galegos, entre os que destaca a Pati Blanco pola súa proximidade temática co lectorado.

_____, "Trangalladas no Ferlós", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Os outros días", 3 decembro 2016, p. 4.

Comenta o feito de que, a miúdo, os lectores confunden os escritores cos personaxes creados nas súas obras e aporta algúns exemplos.

_____, "Acabar cos nosos", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Os outros días", 5 decembro 2016, p. 4.

Reflexiona sobre as creacións literarias do escritor Xosé Carlos Caneiro salientando a perda de lectores como consecuencia das súas ideas conservadoras. Reflexiona sobre o momento actual, no que existen sectarismos ideolóxicos que prexudican á hora de acadar consensos sobre temas relevantes.

_____, "Que se joda", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Los otros días", 13 decembro 2016, p. 4.

A raíz dunha anécdota que Carlos Casares contaba sobre Pío Baroja, reflexiona sobre o uso da palabra e a necesidade de facelo con fundamento e senso de xustiza.

_____, “Una novela espléndida”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Os outros días”, 15 decembro 2016, p. 4.

Comenta a presentación da última novela de Manolo Portas, *Lourenço, xograr*, da que comenta que a primeira parte destaca pola precisión, que cada un debe ver por si mesmo. Fala da segunda parte da novela como unha obra que destaca, ademais de pola gran narración, pola estrutura.

_____, “Gallego y castellano”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Los otros días”, 18 decembro 2016, p. 4.

Comenta a necesidade de expresar opinións tanto en galego coma en castelán co obxectivo de abordar un público máis amplo e diverso. Cita algunhas obras da súa propia autoría: *Xa vai o Griffon no vento* (1984), *Romasanta. Memorias incertas do home lobo* (2004) e *María das Batallas* (2007).

Cota, Rodrigo, “Sabino Torres”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 18 maio 2016, p. 7.

Recorda como en 1949 Sabino Torres, xunto con outros intelectuais, se atreveu a lanzar unha colección de poesía en galego.

_____, “La esencia del ser humano”, *Diario de Pontevedra*, “En portada”, “In memoriam”, 24 maio 2016, p. 10.

Sinala como Sabino Torres sabía sementar as súas propias dúbidas entre os demais, sabía discutir e facía pensar tanto como pensaba el.

_____, “Fray Martín Sarmiento”, *Diario de Pontevedra*, “DVerano”, “Son así...”, 27 xullo 2016, p. 14.

Comenta que se fixo nacionalista polo Padre Sarmiento, non sen antes ler a Daniel R. Castelao e Manuel Murguía. Sinala, entre outras cousas, que os seus argumentos en defensa do idioma eran demoledores.

Costa Gómez, Antonio, “Paseo simbolista por Lugo”, *Diario de Pontevedra*/ *El Progreso*, “*Táboa redonda*”, n.º 27, 20 marzo 2016, p. 5.

Indica que Anxo Pastor foi un home enigmático que naceu cerca do Sil e que dicía que polas rúas de Lugo quería facer “un estudo poético do mundo”. Destaca que publicou na Táboa Redonda *O cinturón de pedra*, así como debuxos moi particulares.

Dacosta, Henrique, “Vieiros de esperanza’ para Carvalho Calero”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, “La ventana”, 19 maio 2016, p. 10.

Sinala que o documental sobre Ricardo Carvalho Calero vén reactualizar a figura deste autor, un gran descoñecido no seu propio país e amaldizoado por moitos pola súa militancia reintegracionista.

_____, "Pedraio: sorte de transubstanciación ilustrada", *Diario de Ferrol*, "Sociedad", "La ventana", 14 xullo 2016, p. 40.

Considera que Ramón Otero Pedrayo foi dos "bos e xenerosos" e fai unha gabanza da súa persoa, da súa obra literaria e do seu peculiar estilo, inconfundíbel, outorgándolle un protagonismo especial á paisaxe, como el fixera nos seus escritos, e ao premio que coroara a súa carreira literaria, o Premio Galicia, que recibira en 1962.

_____, "No centenario das Irmandades da Fala", *Diario de Ferrol*, "Ferrol", "La ventana", 1 decembro 2016, p. 10.

Fala do centenario das Irmandades da Fala, que supuxo a unión de diversas persoas cun nexo común: a defensa da lingua galega. A seguir, realiza un percorrido pola súa traxectoria facendo fincapé, entre outros, na necesidade da adhesión dos escritores á narrativa e ao teatro.

_____, "Sicixia ou da traxedia da buserana", *Diario de Ferrol*, "Ferrol", "La ventana", 15 decembro 2016, p. 4.

Fala do filme *A esmorga*, o cal conforma unha adaptación ao eido cinematográfico por parte de Ignacio Vilar da novela de Eduardo Blanco Amor, na que se relatan as desventuras de Cibrán e os seus inadaptados amigos, o Bocas e o Milhomes.

_____, "Sargadelos: crónica dunha morte anunciada", *Diario de Ferrol*, "Ferrol", "La ventana", 29 decembro 2016, p. 4.

Informa de que a potenciación da cultura galega por parte de Sargadelos comezou a descender a partir da liquidación de Ediciós do Castro.

De Cora, José, "Pseudo cantiga de Curros", *Diario de Pontevedra*, "Opinión&Análisis", "Cuerda de célebres", 17 marzo 2016, p. 31.

Dá conta da parodia que Samuel Curros Fernández fixo da composición de Manuel Curros Enríquez "Unha noite na eira do trigo".

Dobarro, Xosé María, "Unha boa novela", *Diario de Ferrol*, "Opinión", "Outra volta", 3 xaneiro 2016, p. 10.

Fala da obra *Agora xa foi* (Santiago, 2000), a cal reflicte, en parte da historia, o ambiente do fútbol e do Racing de Ferrol.

_____, "Galegos no Golfo de México", *Diario de Ferrol*, "Opinión", "Outra volta", 17 xaneiro 2016, p. 10.

Faille unha homenaxe a Xosé Neira Vilas, autor ao que se aproximou a finais dos anos setenta. Lembra tamén que o seu avó Santiago emigrou a terras tropicais, onde estivo durante máis de trinta anos, e que tivo a sorte que lle contara todo tipo de historias desas terras.

_____, "Burbullas", *Diario de Ferrol*, "Opinión", "Outra volta", 14 febreiro 2016, p. 16.

Lembra que hai trinta anos que viu a luz *A nosa literatura: unha interpretación para hoxe (II)*, un pequeno volume no que se recollen cinco estudos sobre diferentes aspectos da literatura galega contemporánea.

_____, "Ricardo Carvalho Calero", *Diario de Ferrol*, "Estrebillando", 4 marzo 2016, p. 17.

Menciona que xa van nove anos que se está a propoñer sen éxito a Ricardo Carvalho Calero como figura homenaxeada no Día das Letras Galegas.

_____, "Fundación da 'Hirmandade dos Amigos da Fala", *Diario de Ferrol*, "Ferrol", "As Irmandades da Fala", 15 maio 2016, p. 9.

Sinala que en 1980 foi colocada, polos membros da Agrupación Cultural O Facho, unha placa en conmemoración dos fundadores das Irmandades da Fala, os irmáns Vilar Ponte na fachada do edificio que albergaba a antiga libraría Ágora.

_____, "Modelos", *Diario de Ferrol*, "Opinión", 20 maio 2016, p. 17.

Entre as actividades realizadas pola Asociación Cultural Fuco Buxán para festexar as Letras Galegas, salienta a presentación do libro de poemas *Atravesar o fantasma* (2014), de Carlos Callón.

_____, "Un ferrolán no xermolar das Irmandades", *Diario de Ferrol*, "Ferrol", "As Irmandades da Fala", 22 maio 2016, p. 11.

Recorda, entre outros acontecementos, a anécdota do letreiro que penduraba na porta de Ricardo Carvalho Calero "Petade kos kotelos", que vén a indicar o tipo de fonética que el defendía para o galego. Así mesmo menciona a Aurelio Ribalta como un personaxe importante dentro das Irmandades.

_____, "Primeiras normas e obxectivos (IV)", *Diario de Ferrol*, "Opinión", 12 xuño 2016, p. 6.

Coméntanse polo miúdo os doce artigos que se distribúen en cinco títulos sen numeración dos Estatutos das Irmandades da Fala. Explícase que o que foron as Irmandades na súa orixe non coincide coa idea que hoxe se ten da organización nacionalista.

_____, "O inicio da expansión (V)", *Diario de Ferrol*, "Ferrol", "As Irmandades da Fala", 19 xuño 2016, p. 9.

Fala da lóxica que ten que a primeira Irmandade da Fala se fundase na Coruña, pois no momento era un núcleo aglutinador de diversos elementos do galeguismo. Engade datos e anécdotas que axudan a recrear o ambiente no que se fundou esta Irmandade, e posteriormente a de Santiago.

_____, "A Irmandade compostelá (VI)", *Diario de Ferrol*, "Ferrol", "As Irmandades da Fala", 26 xuño 2016, p. 5.

Dáse noticia do "acto fundacional da Hirmandá da Fala" de Santiago de Compostela, no Círculo Católico de Obreiros de Santiago e coméntase o discurso que alí deu o doutor Luís Porteiro Garea.

_____, "Novas Irmandades (VII)", *Diario de Ferrol*, "Ferrol", "As Irmandades da Fala", 3 xullo 2016, p. 11.

Dá noticia de que, días previos á constitución da Irmandade da Fala da Coruña, se publicaba en *La Voz de Galicia* unha nota informativa para aqueles que quixeran adherirse. Comenta a creación destes colectivos, dende a da Coruña até a de Monforte de Lemos.

_____, "Carvalho Calero e o Estatuto de 1936", *Diario de Ferrol*, "Opinión", 3 xullo 2016, p. 16.

Dáse noticia do acto organizado pola ASC Muíño do Vento de Ferrol, no que tivo lugar a proxección do documental *Vieiros de esperanza*, traballo que se cualifica de excelente e que xira ao redor da figura de Ricardo Carvalho Calero. Infórmase de que se trata dun acto dos moitos que na cidade se fixeron en lembranza do profesor e considérase que merece que a Real Academia Galega o homenaxee o Día das Letras Galegas, algo que, segundo se di, vai ocorrer pronto.

_____, "Ferrol súmase ao movemento irmandiño (VIII)", *Diario de Ferrol*, "Ferrol", "As Irmandades da Fala", 17 xullo 2016, p. 9.

Fálase da dificultade que tivo que supoñer fundar unha Irmandade da Fala en Ferrol, a pesares da existencia de certa tradición galeguista.

_____, "As Irmandades botan a andar o Día de Galicia (IX)", *Diario de Ferrol*, "Ferrol", "As Irmandades da Fala", 24 xullo 2016, p. 9.

Coméntase polo miúdo como as Irmandades da Fala botaron a andar o Día de Galicia, explicando que foi a "II Asambleia nazonalista de Galicia" a que fixou o día da celebración, unha data problemática por coincidir cunha festividade relixiosa. Conclúese como, dun xeito ou doutro, esa data se instaurou como a da festa nacional galega.

_____, "Olga", *Diario de Ferrol*, "Opinión", 24 xullo 2016, p. 16.

Dáse noticia da publicación e das orixes de *Olga. Revista de Poesía Galega en Madrid*, coa que Sabino Torres ten moito que ver. Amósase expectante á espera do próximo número.

_____, “A Irmandade de Ferrol elixe Consello (X)”, *Diario de Ferrol*, “Comarca”, 31 xullo 2016, p. 9.

Dáse noticia da constitución da Irmandade da Fala de Ferrol e da elección do seu Consello, despois de que o doutor Jaime Quintanilla Martínez, personalidade disposta a poñerse á fronte, chegase á cidade dende Compostela.

_____, “Un local e un boletín para a Irmandade de Ferrol (XI)”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, “As Irmandades da Fala”, 7 agosto 2016, p. 11.

Infórmase da busca dun local para a Irmandade da Fala de Ferrol e da creación do seu boletín, *Galicia. Boletín rexionalista*.

_____, “Posicionamentos ideolóxicos (XII)”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, “As Irmandades da Fala”, 14 agosto 2016, p. 11.

Dáse conta, entre outras cousas, das dúas grandes tendencias ideolóxicas das Irmandades da Fala da Coruña, que se debaten entre un vello rexionalismo de tradición republicana e un rexeneracionismo elitista.

_____, “Relacións das Irmandades cos cataláns (XIII)”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, “As Irmandades da Fala”, 28 agosto 2016, p. 11.

Coméntanse as relacións que mantiveron os membros das Irmandades da Fala con intelectuais cataláns, que culminaron coa semana galega en Cataluña e coa semana catalá en Galicia.

_____, “Tempo de cambios e de eleccións”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, 4 setembro 2016, p. 9.

Dáse noticia dos cambios que teñen lugar nos anos 1917 e 1918 no que atinxe ás Irmandades da Fala e á creación da Real Academia Galega, como por exemplo a elección do novo consello directivo irmandiño.

_____, “Visita obrigada”, *Diario de Ferrol*, “Opinión”, 11 setembro 2016, p. 16.

Fala da inauguración da exposición *Airiños Aires. Rosalía* organizada pola Fundación Rosalía de Castro no centro cultural Torrente Ballester. Comenta que se trata dunha homenaxe coidada na que se inclúen fotografías de Xurxo Lobato e fai alusión ao seu carácter itinerante.

_____, “Significativas mudanzas (XV)”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, “As Irmandades da Fala”, 18 setembro 2016, p. 9.

Fai fincapé en que se poden apreciar diferenzas notábeis na edición impresa e en español do Regulamento das Irmandades da Fala, por parte da Imprenta de la Papelera Gallega, en relación co orixinal depositado no Goberno Civil da Coruña o 11 de xuño de 1918.

_____, “Unha puntualización (XVI)”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, “As Irmandades da Fala”, 25 setembro 2016, p. 15.

Realiza unha serie de apuntes e emendas sobre as datas sinaladas no proceso de constitución e desenvolvemento das Irmandades da Fala.

_____, “El clérigo Antonio Rey Soto”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, “Gentes que hicieron Ferrol”, 25 setembro 2016, p. 7.

Fai fincapé na importancia do clérigo, escritor e bibliófilo Antonio Rey Soto dentro da cultura galega na primeira metade do século XX e recalca a súa especial relación coa cidade de Ferrol.

_____, “A situación en Lugo antes da I asemblea (XVIII)”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, “As Irmandades da Fala”, 9 outubro 2016, p. 11.

Describe o mitin que tivo lugar en Lugo por parte das Irmandades da Fala o 28 de xaneiro, cuxo presentador foi Evaristo Correa Calderón e no que se contou coa participación de Antón Villar Ponte, Manuel Banet Fontenla, Lois Peña Novo ou Urbano Lugrís.

_____, “O curioso paso do tempo”, *Diario de Ferrol*, “Opinión”, “Outra volta”, 9 outubro 2016, p. 16.

Aborda o concepto de saudade a raíz da lectura no *Diario de Ferrol* de “Saudades do Instituto”, de Vicente Araguas.

_____, “Cara á Irmandade luguesa (XX)”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, “As Irmandades da Fala”, 23 outubro 2016, p. 11.

Describe o proceso polo cal o tempo pasaba e non se constituía a esperada Irmandade luguesa. Tamén fala dun “mitin regionalista” no que participaron oradores cataláns como Puig Cadafalch e Rahola, que fixeron fincapé na idea de que cada territorio tiña que ter en conta as súas peculiaridades.

_____, “Un relevante congreso”, *Diario de Ferrol*, “Opinión”, “Outra volta”, 23 outubro 2016, p. 16.

Comenta que o momento actual conforma unha época pouco propicia para a lírica e a cultura e salienta a celebración do congreso internacional que levou por título “O home que quixo crear: Literatura, xornalismos e cine na obra de Wenceslao Fernández Flórez” a cargo da Fundación homónima.

_____, “A morte de Luís Porteiro Garea (XXI)”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, “As Irmandades da Fala”, 30 outubro 2016, p. 11.

Con motivo do 98 aniversario da morte de Luís Porteiro Garea, salienta a súa relevancia na posta en marcha das Irmandades da Fala e na definición das liñas clave do programa político que estas deberían seguir e que se debateron e aprobaron nas xornadas da I Asemblea Nacionalista que se celebrou en Lugo en novembro de 1918.

_____, “A homenaxe a Porteiro (XII)”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, “As Irmandades da Fala”, 6 novembro 2016, p. 11.

Describe como foi a homenaxe realizada a Lois Porteiro Garea debido á imposibilidade de asistencia dos oradores vascos e cataláns, salientando que Camilo Díaz foi o encargado de adornar o local da Irmandade, que Antón Villar Ponte leu uns textos escritos para a ocasión, que Gonzalo López Abente, Victoriano Taibo e Ramón Cabanillas leron algúns poemas seus e que se pechou o acto co himno.

_____, “A I Asamblea nacionalista (XXIII)”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, “As Irmandades da Fala”, 13 novembro 2016, p. 11.

Compara as impresións recollidas no xornal *El Ideal Gallego* sobre a asemblea nacionalista celebrada en Lugo o 17 e 18 de novembro de 1918 coas do xornal lucense *El Progreso*, no que se desprestixiaba o uso do galego na intervención de Vicente Risco.

_____, “A I Asamblea nacionalista (XXIV)”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, “As Irmandades da Fala”, 20 novembro 2016, p. 11.

Dáse conta do Manifesto da Asamblea Nacionalista de Lugo e destaca que estaba asinado por Daniel R. Castelao, Ramón Cabanillas, Ánxel Casal, os irmáns Villar Ponte...

_____, “Comentarios á asemblea nacionalista 2 (XXVI)”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, “As Irmandades da Fala”, 4 decembro 2016, p. 14.

Fala sobre unha serie de artigos publicados en *El Correo Gallego* tras a publicación de *El nacionalismo gallego/Reparos a la asamblea de Lugo*, publicado polo director do xornal *El Ideal Gallego*, Alfredo García Ramos. Aborda a comparación entre Cataluña e Galicia no que ao concepto de autonomía se refire ou o contido dun texto remitido por Xaime Quintanilla.

_____, “Arelas de liberdade (XXVII)”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, “As Irmandades da Fala”, 18 decembro 2016, p. 11.

Indica que onte se cumpriu o 533 cabodano da decapitación, na praza de Mondoñedo, do mariscal Pardo de Cela e do seu fillo, o cal conformou un feito histórico de notábel significación para o nacionalismo galego. Recolle o soneto de Valentín Lamas Carvajal sobre o mariscal, publicado na obra *Espiñas, follas e frores. Colección de versiños gallegos*.

_____, “Bibiano”, *Diario de Ferrol*, “Opinión”, “Estrebillando”, 30 decembro 2016, p. 17.

Con motivo do falecemento do músico Bibiano Morón, lembra o recital realizado no Pavillón de Deportes de Riazor o 25 de xuño de 1976 no que recitou o poema “Negra sombra”.

Enríquez, Rosa, "Elías Portela/ Knoorr", *La Región*, "Opinión", 11 agosto 2016, p. 38.

Fai unha gabanza do escritor Elías Portela/Knöorr, animando a que se debe valorar o patrimonio inmaterial dun país e facelo chegar dende o país mesmo, como fixo o poeta. Coméntase que Portela/Knöorr triunfou en Islandia, algo que é un orgullo e unha alegría para a columnista, pero que continúa a escribir igualmente en galego.

Fernández Caamaño, José M., "Un escritor que dio alas a la cultura gallega", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", "Reportaje", 4 decembro 2016, p. 4.

Fala de Eugenio Carré Aldao, creador da Cova Céltica, onde se impulsou a constitución da Academia Galega.

Fernández Rei, Francisco, "Ramón Cabanillas, o poeta das Irmandades da Fala", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*", "As Irmandades da Fala en Arousa", 24 xullo 2016, p. 37.

Comenta a adhesión de Ramón Cabanillas á asemblea constituínte da Irmandade de Compostela, presidida por Lois Porteiro Garea, e explica que o poeta acolleu con moito entusiasmo o movemento até se converter no poeta das Irmandades da Fala, no "poeta da raza".

Ferreiro, Celso, "Galicia, en la Feria Internacional del Libro de Buenos Aires", *La Opinión*, "Opinión", "Dende Los Cantones", 29 abril 2016, p. 23.

Refírese á dura situación que está a vivir o mundo das librarías e ao feito de que moitas teñen que pechar as súas portas. Aínda así, menciona que pode existir esperanza, xa que Galicia acadou bos resultados na Feira do Libro de Bos Aires 2016. Destaca as figuras de Manuel Rivas, Yolanda Castaño e Ramón Villares.

Ferreiro Currás, Anxo, "18 de xullo, data do comezo da Catástrofe", *Diario de Ferrol*, "Ferrol", "La ventana", 27 xullo 2016, p. 10.

Mentres se informa de que a partires do 18 de xullo do 36 se orixinou unha gran catástrofe e se reflexiona sobre a Historia e a conciencia da mesma, dáse noticia da morte de Agustín Fernández Paz, o "labrador da lingua galega", que se considera desgraciada. Explícase que o país enteiro está de loito, especialmente os nenos e mozos, aos que dedicou a maior parte da súa produción literaria. Saliéntase que, ademais da súa literatura, loitou moito por Galicia e pola súa lingua.

Ferreiro, Mariluz, "O mundo nunha mazá", *La Voz de Galicia*, "Opinión", "A festa da palabra", "A mi bola", 11 xullo 2016, p. 13.

Fala do moito que lle gustan os artigos que publicaba Carlos Casares en *La Voz de Galicia* con motivo da súa elección como autor homenaxeado para o Día das Letras Galegas. Explica que cada un deles garda dentro un "universo enteiro" e que son verdadeiras xoias.

Fraga, Xosé A., "O galego, tamén idioma da ciencia", *La Opinión*, "A Coruña", "Episodios da cultura científica", 3 xaneiro 2016, p. 11.

Dá conta da creación das Irmandades da Fala en 1916 da man dun "grupo de entusiastas" que querían constituír unha entidade que defendera e potenciase o galego. Lembra que ao carón desta xorde a Irmandade Fiminina, que en 1918 contaba con máis de 200 afiliadas. Considera que os integrantes destes grupos vían como o galego servía para traballar noutras áreas diferentes ao terreo humanístico e teórico, como por exemplo o científico.

_____, "O reto de escribir sobre Medicina en galego nos tempos das Irmandades da Fala", *La Opinión*, "A Coruña", "Episodios da cultura científica", 20 novembro 2016, p. 12.

Fala de Urbano Losada, un médico comprometido coa causa da dignificación do idioma galego emprendida polas Irmandades da Fala, cuxa principal finalidade consistía en potenciar o uso do galego nos diferentes ámbitos culturais e sociais, entre eles, a cultura científica.

Franco, Camilo, "Un apartamento con vistas ao pasado", *Diario de Pontevedra*/ *El Progreso*, "*Táboa redonda*", n.º 16, "Fatiga ocular", 3 xaneiro 2016, p. 4.

Indica que o Centro Dramático Galego xa conta con nova directora, Fefa Noia. Fai unha crítica sinalando que esta institución incumpriu os seus obxectivos case dun xeito permanente. Ademais non visibilizou a profesión nin gañou público, nin normalizou o teatro do país, xa que deixou á marxe e desmontou elencos de moitas compañías para montar obras propias.

_____, "Baixo o sombreiro, entre o fume", *Diario de Pontevedra*/ *El Progreso*, "*Táboa redonda*", n.º 18, "Fatiga ocular", 17 xaneiro 2016, p. 7.

Sinala que Roberto Vidal Bolaño segue sen ser un escritor chileno. A dez anos pasados da súa morte e tres dende que se lle dedicasen as Letras Galegas, o teatro tense achegado máis a RVB de pensamento que de obra. Considera que o seu foi un teatro que xa explicaba que hoxe estariamos como estamos: case cativos e case desarmados.

_____, "Hamlet é para mal", *Diario de Pontevedra*/ *El Progreso*, "*Táboa redonda*", n.º 26, "Fatiga ocular", 13 marzo 2016, p. 7.

Realiza unha comparación entre a obra de William Shakespeare *Hamlet* e a situación política actual.

_____, “Iso a quen lle importa?”, *Diario de Pontevedra/ El Progreso*, “*Táboa redonda*”, n.º 50, “Fatiga ocular”, 25 setembro 2016, p. 4.

Fai fincapé na escasa asistencia de público ás salas de teatro no momento actual en comparación coa multiplicidade de opinións sobre esta actividade nas redes sociais.

_____, “No tempo e no lugar”, *Diario de Pontevedra/ El Progreso*, “*Táboa redonda*”, n.º 62, “Fatiga ocular”, 18 decembro 2016, p. 4.

Analiza a situación actual do teatro en Galicia e dos dramaturgos, que posúen un panorama pouco alentador debido á inexistencia de coleccións por parte das editoriais e dun lectorado afeito á lectura de diálogos.

Franco, Fernando, “Isla de San Simón, Illa do Pensamento o da Memoria”, *Faro de Vigo*, “*estela*”, n.º 745, “La última”, “Sálvese quien pueda”, 4 setembro 2016, p. 16.

Sinala que a Illa de San Simón recibiu o nome da Illa do pensamento polo goberno galego en relación cos máis de 5.000 intelectuais, mestres e demais persoeiros recluídos entre 1936-1943. Relata algunhas das atrocidades levadas a cabo, mais tamén fai fincapé no outro nome que recibe a illa, a Illa da Memoria, e salienta a actuación das mulleres de Redondela no que a paliar a situación dos presos se refire.

_____, “Y de poesía con ‘Koki”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, “Mira Vigo”, 8 decembro 2016, p. 9.

Entre outras cuestións, fala da súa relación co poeta guardés Francisco Álvarez “Koki” que escribiu o conto infantil *Un neno na emigración.*

Franco Grande, X. L., “Aquela outra Europa”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, 5 setembro 2016, p. 11.

Dáse noticia do que contén o arquivo de J. M. Azaola Urigüen, no que está depositada a correspondencia deste persoeiro con Xaime Isla, Ramón Piñeiro e Valentín Paz-Andrade, entre outros. Anúnciase que pronto se poderá coñecer este material.

Franjo, Fernando, “Aquel ano no que Alfonso mirou cara a Europa”, *El Correo Gallego*, “*2domingo*”, 10 xullo 2016, pp. 2-3.

Dáse noticia de que no ano 1921 Daniel R. Castelao reflectiu no seu diario a súa viaxe por París, Bruxelas e Berlín, nunha obra que foi editada por Galaxia a finais da década dos setenta, máis de medio século despois. Coméntase que foi unha viaxe feita grazas a unha bolsa da Junta de Ampliación de Estudos na que foi moi severo cos ismos e as vangardas artísticas da Europa do momento. Infórmase de que alí coñeceu técnicas de gravado que empregará máis adiante. Faise referencia á revista *Nós* e á importancia desta na súa traxectoria.

Franqueira Pazos, José, “Un 'banquete' en Conxo bañado en nostalgia”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 26 xuño 2016, p. 27.

Dá noticia do reencontro celebrado en Conxo, chamado o II Banquete, e comenta a historia desa zona que agora pertence a Santiago de Compostela. Comenta igualmente que este lugar foi moi importante para a cultura galega, pois foi inspiración de moitos escritores, ademais de lugar de reunión de grupos de intelectuais galegos ilustres, como Daniel R. Castelao e Domingo García Sabell, entre outros.

Freixanes, Víctor F., “A dignidade do escritor”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Vento nas velas”, 24 xaneiro 2016, p. 20.

Recorda a anécdota vivida por Xosé Neira Vilas cando un funcionario da Axencia Tributaria o foi visitar xa que quería saber sobre o estado das súas contas polo simple feito de que non recibía ningunha pensión de Cuba, xa que dende que instalou a súa residencia en Gres en 1992 seguiu escribindo. O autor critica o feito de que se se continúa exercendo o traballo de escritor non se pode recibir pensión cando toda a vida se estivo cotizando para poder recibir unha xubilación.

_____, “O corazón de Galicia”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Vento nas velas”, 24 abril 2016, p. 17.

Refírese a dous rapaces que estudan no Instituto Galego Apóstol Santiago da Arxentina e que, o 23 de abril, venderon libros en galego polas rúas de Bos Aires. Ao tempo, menciona a Ramón Villares e a súa versión actualizada da *Historia de Galicia*, cuxo derradeiro capítulo titulou “A Buenos Aires galega”.

_____, “Iniciativa civil”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, 29 maio 2016, p. 17.

Sinala que, na véspera do Día das Letras Galegas, a empresa de transportes Autos Dosil celebrou en Noia o seu 65 aniversario e, para iso, entregaron aos centros docentes da bisbarra unha xenerosa dotación de bibliotecas escolares relacionadas con persoeiros aos que, dende 1963, se lles dedican o Día das Letras Galegas.

_____, “Parábola do lume”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Vento nas velas”, 14 agosto 2016, p. 14.

Reflexiona sobre os homes e mulleres que loitan cada día contra as calamidades e sobre os tesouros agochados lembrando que deles tamén falou Xosé María Álvarez Blázquez no *Ciprianillo* e Álvaro Cunqueiro coas súas Trabes, a de Ouro e a de Alcatrán.

_____, “Exeria”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Vento nas velas”, 23 outubro 2016, p. 16.

Comenta que nas conmemoracións das Mulleres Literatas non debe ficar á marxe Exeria, ou Eteria, que viviu no século IV e que é autora do *Itinerarium Egeriaie*, tamén coñecido como *Peregrinatio ad Loca Santa*. Dá conta da existencia dunha novela, *Amantia* (1984), de Mª Xosé Queizán, inspirada nesta figura.

García, María, “Regreso de Avelino”, *El Progreso*, “A Chaira”, 10 febreiro 2016, p. 17.

Recorda que nunha homenaxe a Avelino Díaz, en 1960, se leu un poema do escritor Alfonso Gayoso Frías titulado “Has de volver”.

García-Bodaño, Salvador, “Visualización e verbalización”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “No pasar dos días”, 10 xaneiro 2016, p. 3.

Homenaxea ao libro *Ramón Piñeiro. A vontade da intelixencia. Unha fotobiografía 1915-1990*, da que recoñece o gran valor que achega á lingua e á cultura galegas, tanto a nivel biográfico coma de arquitectura gráfica e bosquexos.

_____, “Lembranzas desta patria”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “No pasar dos días”, 28 febreiro 2016, p. 3.

Recorda que o 2 de marzo de 1856 tivo lugar na carballeira de Conxo en Santiago de Compostela o chamado Banquete de Conxo, ao que acudiron intelectuais como Eduardo Pondal ou Aurelio Aguirre.

_____, “O reloxo parado”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “No pasar dos días”, 13 marzo 2016, p. 3.

Recorda varias anécdotas do escritor, recentemente falecido, David Mackenzie, home que estivo moi vinculado coa lingua e coa cultura galegas.

_____, “Ateneo de Santiago, plan 2016”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “No pasar dos días”, 1 maio 2016, p. 3.

Di que se cumpren cinco anos da segunda época do prestixioso Ateneo de Santiago, Asociación de Utilidade Pública sen ánimo de lucro, con atraentes actividades ao longo do curso.

García Carragal, Ángel, “Ramón Otero Pedrayo en Marín”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”, 4 abril 2016, p. 14.

Indica que o Club de Opinión Portocelo coa colaboración da Fundación Otero Pedrayo, organiza a conmemoración do corenta aniversario da morte do escritor, político e intelectual galego Ramón Otero Pedrayo.

García López, Juan A., “Como galegos”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, “La ventana”, 29 novembro 2016, p. 10.

Amosa a súa indignación ante os que din que hai que vivir como galegos no momento actual, aludindo a que esa idea xa foi potenciada por Rosalía de Castro, Eduardo Pondal,

Manuel Curros Enríquez, Daniel R. Castelao, Ánxel Fole, Eduardo Blanco Amor e Álvaro Cunqueiro, entre outros.

García López, Xoán, "No recordo, Pérez Parallé", *Diario de Ferrol*, "Ferrol", "La ventana", 22 novembro 2016, p. 10.

Comenta que hai 29 anos que morreu Xosé María Pérez Parallé, o Poeta Azul de Ferrol, e lembra como foi a súa despedida o 2 de novembro de 1978, recalcando o notábel número de asistentes.

González, Eva, "El tío Castelao que adoraba a su ahijado, mi padre", *Faro de Vigo*, "*Especial Baixo Miño / Louriña*", "La esquina", 27 febreiro 2016, p. 2.

Di que este ano 2016 está dedicado a unha das figuras máis relevantes do galeguismo: Daniel R. Castelao, persoeiro cunha ampla carreira literaria, política a artística moi vinculada á cultura e á sociedade galega.

González Martín, Gerardo, "Dr. Posada Curros abarcaba mucho", *Atlántico Diario*, "Vigo", "Viaje al pasado de Vigo", 28 febreiro 2016, p. 10.

Di que José Gómez Posada Curros (Vigo, 10 de novembro 1900-1930 de xaneiro de 1996), recibiu en 1991 o título de vigués distinguido e a posta en escena da súa "Canción Gallega".

_____, "Dos hombres sensibles, cada cual con su lira", *Atlántico Diario*, "Vigo", "Viaje al pasado de Vigo", 18 setembro 2016, p. 8.

Fai un percorrido pola traxectoria vital e profesional de dous poetas con sensibilidades moi diferenciadas na súa escrita, Alfredo Gómez Jaime e Ramón González-Alegre Bálgoma.

_____, "La cultura y el vino, camino de la sabiduría", *Atlántico Diario*, "Opinión", "Entrar a por uvas", 1 decembro 2016, p. 22.

Comenta a relación do viño coa cultura, facendo alusión a autores como Álvaro Cunqueiro ou Xesús Alonso Montero, e anuncia a celebración das "Xornadas de Outono: Cultura do Viño e Literatura", promovidas polo Consello Regulador da Denominación Ribeiro.

González Martínez, Xosé, "No centenario das Irmandades da Fala", *La Región*, "Opinión", 17 xaneiro 2016, p. 29.

Recorda como en 1916 se fundaron as Irmandades da Fala, un movemento que revitalizou a cultura galega do primeiro terzo do século XX. Así pois, informa sobre a iniciativa que tivo o Parlamento de Galicia instando á Xunta de Galicia para elaborar un programa de actos de homenaxe ás Irmandades da Fala.

_____, “Nós e as Irmandades da Fala”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”, 18 xaneiro 2016, p. 18/ *El Progreso*, “Opinión”, 18 xaneiro 2016, p. 26/ *Faro de Vigo*, “Tribuna del lector”, 23 xaneiro 2016, p. 61.

Refírese ao feito de non saber cal será o programa que a Xunta de Galicia ten preparado para homenaxear o centenario da creación das Irmandades da Fala, que lle serve para comparar coa opinión de Vicente Risco, autor que cuestionaba os comportamentos dos sectores sociais que deostaban a cultura galega coa argallada recorrente de que “amaban a Galicia como el que más”.

_____, “Xuristas das Irmandades da Fala”, *El Progreso*, “Opinión”, 28 marzo 2016, p. 24.

Conmemórase o centenario da creación das Irmandades da Fala que levaron a cabo un gran traballo a prol da lingua e da cultura galega. Lémbrase que entre os seus membros había xuristas que crearon ao seu carón a Irmandade Xurídica Galega para achegar a lingua galega ao sector do dereito.

_____, “Na lingua dos defuntos”, *La Región*, “Opinión”, 26 outubro 2016, p. 27.

Anuncia que o Concello de Mondariz inaugurará un monumento coa gravación do coñecido poema *Fuco Pérez Sen Segundo*, de Celso Emilio Ferreiro no camposanto na parroquia de Gargamala.

_____, “Xosé Velo Mosquera, a paixón pola revolución”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”, 29 novembro 2016, p. 52/ *La Región*, “Opinión”, 2 decembro 2016, p. 34/ “Xosé Velo, a paixón pola revolución”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 3 decembro 2016, p. 44.

Fala de Xosé Velo Mosquera, quen durante o seu exilio no Brasil abriu unha libraría que posteriormente sería transformada na Editorial Nós e cuxo optimismo da vontade conformou un trazo característico nos seus versos.

González Tosar, Luís, “Da patria e do tempo”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Letras”, “Ficción”, “Retrato entre liñas”, 15 xaneiro 2016, p. 5.

Refírese á poesía como lugar onde está o poder da palabra e, en certos casos, a resposta á existencia. Así pois, afirma que todos os poetas deben afrontar os acontecementos dos tempos que lles toca vivir e en moitos casos reflíctenos nas súas verbas.

_____, “Entre poetas”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Letras”, “Ficción”, “Retrato entre liñas”, 12 febreiro 2016, p. 10.

Recorda anécdotas persoais xunto a Víctor Campio Pereira, “poeta de diversos, elevados e depurados rexistros”.

_____, “Vieiros da saudade”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Letras”, “Ficción”, “Retrato entre liñas”, 22 abril 2016, p. 5.

Di que se cumpriron catro décadas o pasado 10 de abril do pasamento de Ramón Otero Pedrayo.

_____, "Perdido no camiño", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "Ficción", "Retrato entre liñas", 20 maio 2016, p. 7.

Imaxina que, paseando por Bos Aires, recorda versos e imaxes de varios autores galegos como, por exemplo, Manuel Curros Enríquez ou Rosalía de Castro.

_____, "De Trasouto a Yoknapatwpha", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "Ficción", "Retrato entre liñas", 3 xuño 2016, p. 13.

Dá noticia da relectura dun clásico de Faulkner, que o leva a confirmar a mestría do autor e a comparalo con Ramón Otero Pedrayo. Estabelece conexións entre *O ruído e a furia* e *Os camiños da vida*, unha delas que os dous elevan o local a universal e outra que os dous deron resposta aos desafíos da literatura.

_____, "Corazón de poeta", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "Ficción", "Retrato entre liñas", 17 xuño 2016, p. 12.

Lembra a creación da revista *Dorna*, patrocinada pola Asociación Cultural homónima da Illa de Arousa, na que el participou xunto con outros persoeiros relevantes da cultura galega.

_____, "Silencio da palabra", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "Ficción", "Retrato entre liñas", 1 xullo 2016, p. 10.

Mentres constrúe un texto narrativo sobre o valor da palabra empregando unha linguaxe poética, aproveita para transcribir versos de Celso Emilio Ferreiro e Pura Vázquez.

_____, "Nunca morreu para min", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "Ficción", "Retrato entre liñas", 29 xullo 2016, p. 13.

Anúnciase que Carlos Casares será o próximo homenaxeado no Día das Letras Galegas. Fálase da súa vida, dando conta de anécdotas do ámbito máis persoal.

_____, "Casares en agosto", *La Voz de Galicia*, "Opinión", 6 agosto 2016, p. 11.

Dálle a benvida ao libro *Os agostos de Casares* (2016) que se distribuirá con *La Voz de Galicia* e comenta dous episodios persoais con Carlos Casares, un deles en Toronto, tendo como nexo común a Hemningway.

_____, "Dez anos da Insua", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "Ficción", "Retrato entre liñas", 26 agosto 2016, p. 12.

Dáse noticia do décimo aniversario da Ínsua dos Poetas, que se creou o Día das Letras Galegas do pasado 2006, dedicado a Ramón Piñeiro.

_____, "Con Prada, nos Peares", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Arte", "Exposición",

“Retrato entre liñas”, 4 novembro 2016, p. 12.

Comenta aspectos biográficos da personalidade de Rodolfo Prada, afiliado ás Irmandades da Fala e fundador da Asociación Protectora da Academia Galega en 1919. Destaca a súa actividade como defensor da lingua galega, o seu labor como director da revista *Acción Gallega* e como creador do Ateneo de Cultura Galega en 1920.

_____, “EBA-RAG”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, “Entre liñas”, 9 decembro 2016, p. 37.

Comenta os tratos de Eduardo Blanco Amor coa Real Academia Galega, facendo fincapé en que “non foron nunca os mellores”.

González, Víctor, “¡Que le corten la cabeza!”, *La Región*, “Opinión”, 13 novembro 2016, p. 40.

Con motivo da situación actual no que ao independentismo catalán se refire, recorda unha anécdota que tivo lugar na presentación da revista cultural *Ith*, na cal Xosé Luis Méndez Ferrín subiu ao escenario e recitou un poema.

González, Xosé, “Enrique Peinador, a reconstrución dunha biografía”, *La Región*, “Opinión”, 26 febreiro 2016, p. 28.

Sinala que Enrique Peinador tivo un papel sobranceiro na construción das Irmandades da Fala e en todas as iniciativas culturais e políticas dese período tan importante para Galicia.

Iglesias Diéguez, Alfredo, “Nas orixes do capitalismo (I)”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 594, “Historia”, 15 setembro 2016, p. VII.

Comenta que a caza de bruxas conformou un proceso histórico que provocou a morte de milleiros de mulleres e que, tradicionalmente, se asociou cunha interpretación relixiosa; porén, o obxectivo principal consistía na eliminación da capacidade produtiva das mulleres e a neutralización do seu acceso a saberes tradicionais e á ciencia moderna. Lembra os versos de Celso Emilio Ferreiro sobre María Soliña.

_____, “Entre o atraso e a modernidade”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 605, “Historia”, 1 decembro 2016, p. VII.

Reflexiónase sobre a situación económica dos labregos durante o século XIX e as primeiras décadas do XX. Sinálase que as malas condicións no agro foron denunciadas por Rosalía de Castro, Manuel Curros Enríquez e Valentín Lamas Carvajal.

Ínsua, Emilio Xosé, “Notas sobre a presenza das Irmandades da Fala en Vilagarcía”, *Diario de Arousa*, “*O Salnés Siradella*”, “As Irmandades da Fala en Arousa”, 24 xullo 2016, p. 36.

Faise un rastrexo sobre a presenza das Irmandades da Fala en Vilagarcía, que culminan cun mitin en xuño do 1918 no que interviñeron o fundador das Irmandades, Antón Villar Ponte e o avogado Lois Peña Novo, entre outros.

Jardón Dacal, Xosé Antón, "Refachos de Vento Ferido", *La Región*, "Opinión", "Cartas sen selo", 21 xullo 2016, p. 37.

Reprodúcese un fragmento de *Vento ferido*, de Carlos Casares.

_____, "A primavera que comeza no outono", *La Región*, "Opinión", "Cartas sen selo", 30 setembro 2016, p. 28.

Recolle un fragmento da obra *Xoguetes para un tempo prohibido*, de Carlos Casares.

_____, "O éxtase das adoratrices da 'casta' Susana", *La Región*, "Opinión", "Cartas sen selo", 6 outubro 2016, p. 27.

Reproduce un fragmento da obra *Ilustrísima*, de Carlos Casares.

_____, "A Algarabía incesante", *La Región*, "Opinión", "Cartas sen selo", 20 outubro 2016, p. 30.

Reprodúcese un fragmento da obra *Ilustrísima*, de Carlos Casares.

_____, "A lingua das tumbas", *La Región*, "Opinión", "Cartas sen selo", 24 novembro 2016, p. 33.

Alude á riqueza do legado que conforma a lingua galega e amosa a súa preocupación polo proceso de normalización, que non acaba de instaurarse dun xeito eficiente.

_____, "O devalo da matanza e o país que se disipa", *La Región*, "Opinión", "Cartas sen selo", 22 decembro 2016, p. 30.

Principia cunha cita de *Vento ferido*, de Carlos Casares. Comenta que o declive da festa da matanza conforma un dos síntomas do esvaecemento do mundo rural e advirte sobre as súas consecuencias no que á identidade galega se refire.

Jaureguizar, Santiago, "As trompetas de Xericó atronado", *Diario de Pontevedra* /*El Progreso*, "*Táboa Redonda*", n.º 16, 3 xaneiro 2016, p. 8.

Dende a ironía e a comparación con referentes musicais, alúdese ao escritor Xosé Carlos Caneiro e ao seu cambio de aspecto, polo que se conclúe dicindo que pode chegar a ser un clásico polas gravatas escollidas, mais que aínda lle falta acometer o motivo polo que un artista marca unha época: facer unha obra nova e irreproducíbel.

_____, "Réplica", *El Progreso*, "Lugo Inédito", 10 xaneiro 2016, contracuberta

Sinala que é doado escribir sobre Mondoñedo, pero non facelo sen citar a Álvaro Cunqueiro.

_____, "O inferno non existe, podes pecar a esgalla", *Diario de Pontevedra*/ *El Progreso*, "*Táboa redonda*", n.º 17, 10 xaneiro 2016, p. 8.

Di que durante a redacción do artigo está a frecuentar literatura triste como por exemplo "Epístola aos colonenses" de San Paulo, xa que coincide co cabodano de Castelao, a retransmisión do enterro do líder de Motörhead e días chuviosos.

_____, "A Gran Novela Galega levoume catorce anos", *Diario de Pontevedra*/ *El Progreso*, "*Táboa redonda*", n.º 20, 31 xaneiro 2016, p. 8.

Reflexiona sobre o seu proceso creativo, concretamente do libro que acaba de rematar e que recibe o nome de *A gran novela galega*. Destaca que lle levou catorce anos escribila.

_____, "Un secador, pinturas e unhas bolsas de té", *Diario de Pontevedra* /*El Progreso*, "*Táboa Redonda*", n.º 23, 21 febreiro 2016, p. 8.

Afirma que Ferrol non perde a ilusión e vólvelle propoñer á Real Academia Galega a figura de Ricardo Carvalho Calero para as Letras Galegas.

_____, "Os amigos do cadáver de Blanco Amor", *El Progreso*, "Lugo Inédito", 22 abril 2016, p. 80.

Critica os políticos en xeral e, ao mesmo tempo, recorda a morte de Eduardo Blanco Amor e o feito de que moitos que o recordaron de morto, probabelmente non lle darían a man de vivo.

_____, "O protésico dental que toma café", *Diario de Pontevedra*/ *El Progreso*, "*Táboa redonda*", n.º 37, 29 maio 2016, p. 8.

Faise eco da morte de Sabino Torres, un home que se atreveu a publicar poesía en galego nunha época difícil.

_____, "A felicidade é un papagaio desecado", *Diario de Pontevedra*/ *El Progreso*, "*Táboa redonda*", n.º 38, 5 xuño 2016, p. 8.

Con motivo dun encontro con lectores de Domingo Villar en Lugo, coméntase a obra *Ollos de auga*, infórmase do éxito de *A praia dos afogados* e do seu terceiro título, *Cruces de pedra*, que aínda non se publicou, ao que lle augura éxito.

_____, "Non levamos pistola á xuntanza familiar", *Diario de Pontevedra*/ *El Progreso*, "*Táboa redonda*", n.º 52, 9 outubro 2016, p. 8.

Fala dos debates e decisións tomadas na 82ª edición do Congreso do PEN Internacional que se celebrou na cidade de Ourense.

_____, “Casares e os coellos que non beben auga”, *El Progreso*, “*Lo que vendrá en 2017*”, “Cultura”, 31 decembro 2016, pp. 38-40.

Informa de que o Día das Letras Galegas dedicado a Carlos Casares e os 120 anos de Eduardo Blanco Amor serán os eventos máis significativos no vindeiro ano no que ao campo literario se refire.

Juristo, Juan Ángel, “El extraño viaje”, *ABC*, “ABC Cultural”, n.º 1.229, “Libros”, 9 abril 2016, p. 16.

Fala do escritor Xosé Carlos Caneiro e dalgunhas das súas obras como *Un juego de apócrifos.*

Lavesedo, Daniel, “Sachar cos Labregos”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 606, “Música”, 8 decembro 2016, p. VIII.

Di que o único disco da banda “Os Labregos” conforma unha amalgama na que se acollen as versións musicadas de composicións poéticas de Celso Emilio Ferreiro, Luís Pimentel e Lois Pereiro, así como doses notábeis de punk e flow.

Leira, Pepe, “Fermín Bouza Álvarez na memoria e un acróstico”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, 6 novembro 2016, p. 12.

Con motivo do pasamento de Fermín Bouza Álvarez, realiza un percorrido pola súa traxectoria vital recalcando o seu compromiso político, a súa fuxida a Madrid cando a policía franquista o andaba a buscar e o seu labor como docente, o cal se caracterizou por suscitar no alumnado o afán por ler e discutir e a apertura de horizontes.

Leiro Conde, Benito, “Poetas albariñenses: Ramón Cabanillas”, *Diario de Arousa*, “*LXIV Festa do Albariño*”, 4 agosto 2016, p. 4.

Coméntase que Ramón Cabanillas foi o “mellor trobador do agro en xeral e do viño en particular” e que mentres el facía poesía, Álvaro Cunqueiro organizaba todo, para que acudisen á gran festa vates como Celso Emilio Ferreiro ou Manuel María. Sinálase que este último contou cun especial protagonismo na Festa do Albariño de 1986, pois foi pregoeiro.

Lezcano, Arturo, “Ourense, capital do Pen Club Internacional”, *La Región*, “Opinión”, 27 xaneiro 2016, p. 29.

Refírese ao acontecemento do Pen Club Internacional que se celebra a principio do outono en Ourense e reúne a máis de 250 escritores.

Limia de Gardón, Xabier, "A nave Tosar xurde escultor na Insua dos Poetas", *La Región*, "Ourense", "Arte et alia", 25 xullo 2016, p. 9.

Fálase da Ínsua dos Poetas, Fundación da que é presidente Luís González Tosar, e coméntase a vida e a traxectoria do poeta e crítico.

_____, "Prego de Oliver; pintor literario", *La Región*, "Ourense", "Arte et alia", 26 setembro 2016, p. 30.

Faise eco da figura de Manuel Prego de Oliver co gallo do centenario do seu nacemento e recálcase a súa notabilidade no eido da pintura galega.

_____, "O legado dos irmandiños da fala", *La Región*, "Ourense", "Arte et alia", 31 outubro 2016, p. 8.

Anuncia unha exposición sobre as Irmandades da Fala na cidade de Ourense, que consta de dez espazos nos que se poden ver documentos, imaxes, obxectos, publicacións e escoitar discursos e gravacións musicais.

_____, "As Antolóxicas retrospectivas de Prego da súa conmemoración natal", *La Región*, "Ciudad", 26 decembro 2016, p. 14/ *Atlántico Diario*, "Sociedad", 28 decembro 2016, p. 38, "Arte et alia".

Indica que co gallo dos cen anos do nacemento de Manuel Prego de Oliver o concello de Ourense puxo en marcha un proxecto que consiste en tres exposicións simultáneas, nas que se pon de manifesto a importancia do retrato, abordado por Vicente Risco e Ramón Otero Pedrayo, entre outros, e se amosan os debuxos para *Merlín e familia*, de Álvaro Cunqueiro.

Liñares Giraut, X. Amancio, "Foliada de Negreira", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "O fiadeiro", 7 xaneiro 2016, contracuberta.

Afirma que unha das pezas favoritas de Daniel Rodríguez Castelao no referente á música popular galega é a *Foliada de Negreira,* recollida por primeira vez en 1922 nunha gravación do coro coruñés Cantigas da Terra.

_____, "Aulas", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "O fiadeiro", 14 maio 2016, contracuberta.

Sinala que seis aulas do IES do Xulián Magariños de Negreira van lucir nomes de catro fillos da comarca barcalesa e de dous creadores da plástica galega contemporánea, entre os que se atopan o filólogo Xosé Luís Pensado Tomé e o poeta Xosé Manuel López Gómez.

López-Chaves Meléndez, Juan Manuel, "Filgueira Valverde", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 15 febreiro 2016, p. 15.

Opina que Xosé Filgueira Valverde foi un home típico do Renacemento, pois tiña unha cultura extraordinaria, foi poeta, escritor, docente, investigador e até político.

_____, "Otero Pedrayo", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 9 marzo 2016, p. 38.

Sinala que Ramón Otero Pedrayo foi o escritor que exerceu o maxisterio con maior acerto sobre a cultura "pacega", xa que era un namorado dos pazos.

López "Chesqui", Francisco, "Manuel Lueiro Rey, un referente a seguir", *Faro de Vigo*, "*el sábado*", n.º 955, "No fondo dos espellos", 9 abril 2016, p. 4.

Refírese ao centenario do nacemento de Manuel Lueiro Rey, un escritor de profundas convicciónns ideolóxicas e defensor das "causas máis nobres".

López Silva, Inma, "Rosalía forever", *La Voz de Galicia*, "Opinión", 28 febreiro 2016, p. 19.

Comenta que unha das particularidades máis fermosas deste país é ter unha literatura fundada por unha muller, Rosalía de Castro.

_____, "Cadeira é substantivo feminino singular", *La Voz de Galicia*, "Opinión", "Caleidoscopio", 11 marzo 2016, p. 20.

Defende a presenza da muller dentro da Real Academia Galega a través do manifesto *O xogo das cadeiras*. Comenta que a última muller en entrar foi Marilar Aleixandre e que esta cadeira que ocupa a escritora é sentida como a cadeira de todas as mulleres.

_____, "Carlos, o sedutor", *La Voz de Galicia*, "Opinión", "Caleidoscopio", 11 xullo 2016, p. 12.

Salienta a perfecta oratoria de Carlos Casares e a súa xenerosidade, entre outras cousas, salientando o acerto de lle dedicar o Día das Letras Galegas, "por xustiza e por memoria".

Lopo, Antón, "Memoria dun deus sensual", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 571, "Libros", 11 febreiro 2016, cuberta.

Afirma que a obra de Lois Pereiro logrou enxertar como ningunha no acerbo popular. Comenta que a escrita do autor monfortino conta cunha forte elaboración e é, ao tempo, turbadora.

_____, "Lorenzo Varela, unha vida en tránsito", *Diario de Pontevedra*/ *El Progreso*, "*Táboa Redonda*", n.º 55, 30 outubro 2016, p. 5.

Fai un percorrido pola traxectoria profesional e persoal de Lorenzo Varela, aludindo á súa relación prexudicial coa bebida.

_____, “A mirada irresistible”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 605, 1 decembro 2016, cuberta.

Comenta que o atractivo de Lorenzo Varela residía no seu físico e no seu enxeño notábel e fala de Julia, o seu primeiro amor, a quen lle dedicou unha multiplicidade de poemas eróticos pertencentes a *Torres de amor.*

Martín, Gerardo, “Teodosio, vaya nombre, le daba a la letra y a la armonía”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, “Viaje al pasado de Vigo”, 24 decembro 2016, p. 10.

Fala de Teodosio Vesteiro Torres, quen nunha das súas obras póstumas, denominada *Monografías de Vigo*, amosaba o seu profundo amor pola cidade de Vigo.

Martínez González, Xurxo, “Con ventos de prata”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 593, 8 setembro 2016, cuberta.

Entre reflexións doutra índole, fálase da Xeración das Vangardas, deténdose na figura de Jesús Bal y Gay, quen con outros amigos como Álvaro Cebreiro ou Luis Pimentel presentaron as súas ideas sobre a cultura galega en diversos medios. Menciónase que Xulio Pardo de Neyra foi quen propuxo o nome deste grupo xeracional e faise alusión igualmente ao *Cancionero Gallego*, libro central da antropoloxía galega, cuxo autor foi o mesmo Bal y Gay, xunto con Eduardo Martínez Torner.

_____, “Martí e Rosalía”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 600, 27 outubro 2016, cuberta/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 552, “Letras”, 29 outubro 2016, p. 2.

Salienta que a emigración galega en Cuba foi o primeiro colectivo social que foi quen de valorar, comprender e difundir a obra de Rosalía de Castro e fai fincapé no papel activo do Centro Galego da Habana.

_____, “Ronseis de Céltiga”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 607, 15 decembro 2016, cuberta.

Faise eco de que Céltiga foi a primeira editora dedicada exclusivamente ao libro en galego e cunha variedade notábel no xénero literario. Salienta a súa calidade e difusión.

Mascato, Antón, “Carta a Luís Rey”, *Diario de Arousa*, “Opinión”, 10 agosto 2016, p. 6.

No primeiro aniversario da súa morte, fai unha lembranza de Luís Rey e dos proxectos nos que colaborou.

Melchor, Xurxo, “Fermín Bouza, la reina y el aula 501”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Santiago”, “Crónica ciudadana”, 1 novembro 2016, p. L2.

Con motivo do pasamento de Fermín Bouza Álvarez, relata unha serie de anécdotas relacionadas co seu labor como docente na Universidade Complutense.

Méndez Ferrín, X. L., "Os grandes amadores de Padrón", *Faro de Vigo*, "*el sábado*", n.º 942, 9 xaneiro 2016, p. 4/ *La Opinió*n, "*Saberes*", n.º 523, 16 xaneiro 2016, contracuberta, "No fondo dos espellos".

Refírese á figura de Macías o Namorado, un Tristán que non deu atopado o seu Wagner, segundo comenta Valvuena Prat. Explica que a historia arredor da morte de Macías aparece en gran medida na literatura castelá dos Séculos de ouro e no Romanticismo. Tamén se dá conta doutras figuras de Padrón como Juan Rodríguez del Padrón ou de la Cámara, figura da cal Ramón Otero Pedrayo escribiu unha densa novela titulada *Las palmas del convento* (1941).

_____, "Padrón, Padrón", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 522, "No fondo dos espellos", 9 xaneiro 2016, contracuberta.

Dá conta de aspectos da vida de Rosalía de Castro dos cales se escribiu e falou durante moito tempo sen saber se esa información era ou non verdadeira. Explica que en 1961 Victoria Álvarez Ruiz foi a persoa capaz de desmontar as falsa crenzas relativas á orixe familiar de Rosalía de Castro. Así mesmo fala sobre Padrón, vila que deu á luz outras figuras como Camilo José Cela ou historias como o tema xacobeo en relación ao Apóstolo Santiago.

_____, "Historia de dous amadores', contada por Xohán Rodríguez da Cámara ou Padrón. Resume (I)", *Faro de Vigo*, "*el sábado*", n.º 943, 16 xaneiro 2016, p. 4/ *La Opinió*n, "*Saberes*", n.º 524, 23 xaneiro 2016, contracuberta, "No fondo dos espellos".

Dá conta da historia de Ardanlier e da súa amada, Liesa, personaxes que fuxiron dos seus respectivos fogares polo amor que se tiñan. Explícase que marcharon cargados de tesouros e acompañados por algúns servos, pero que o pai de Ardanlier os atopou e lle deu morte a Liesa. Explica o final desgraciado do amante, que tamén se mata cravándose por enriba da espada que atravesaba o ventre da súa amada. Sabendo do acontecido, Irena ordena dúas sepulturas no recordo dos amantes.

_____, "Historia dos dous amadores', segundo Xohán Rodríguez da Cámara ou do Padrón. Resume (II)", *Faro de Vigo*, "*el sábado*", n.º 944, 23 xaneiro 2016, p. 4/ *La Opinió*n, "*Saberes*", n.º 525, 30 xaneiro 2016, contracuberta, "No fondo dos espellos".

Reflicte a historia dos dous namorados Ardanlier e Liesa e de como se labraron en Padrón as súas sepulturas para recordalos. Ademais, dá conta da primeira edición da *Historia*, elaborada por Manuel Murguía e do *Dicionario de Escritores Gallegos*.

_____, "Celanova burguesa", *Faro de Vigo*, "*el sábado*", n.º 948, 13 febreiro 2016, p. 4/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 528, 20 febreiro 2016, contracuberta, "No fondo dos espellos".

Afirma que, aínda que houbo outros escritores en Celanova, tres son os que, con razón, soan con maior forza na Galicia dos séculos XIX e XX: Castor Elices, Celso Emilio Ferreiro e Manuel Curros Enríquez.

_____, "Vidas de poeta en Celanova", *Faro de Vigo*, "*el sábado*", n.º 949, 20 febreiro 2016, p. 4/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 529, 27 febreiro 2016, contracuberta, "No fondo dos espellos".

Menciona á figura de Manuel Curros Enríquez, o cal foi considerado un símbolo e un modelo da Galicia progresista e fiel á súa propia lingua e cultura. Comenta que o poeta recibiu as máis altas homenaxes en vida, e de morto, a súa fama non deixou de medrar.

_____, "A primavera galega e Cubí i Soler", *Faro de Vigo*, "*el sábado*", n.º 954, "No fondo dos espellos", 2 abril 2016, p. 2/ *La Opinión*, *Saberes*", n.º 534, 9 abril 2016, p. 10, contracuberta, "No fondo dos espellos".

Indica que a primeira novela galega, *Maxina* (1880), de Marcial Valladares, sitúa no entroido burgués compostelán "unha comparsa dos magnetizadores".

_____, "Pontevedra e filosofía", *Faro de Vigo*, "Opinión", "Os camiños da vida", 8 abril 2016, p. 26.

Recorda como o fatídico incendio nun dos edificios máis antigos e queridos de Pontevedra lle traen ao maxín figuras como a de Indalecio Armesto (1838).

_____, "O brigadeiro de Cacabelos: Memoria de Fernández e Morales", *Faro de Vigo*, "*el sábado*", n.º 955, 9 abril 2016, p. 4/ *La Opinión*, *Saberes*", n.º 535, 16 abril 2016, contracuberta, "No fondo dos espellos".

Destaca que na prensa saíron moitas edicións iniciais de obras poéticas como *A Gaita Gallega*, *Cantares Gallegos*, *Follas Novas*, *Aires da miña terra* ou *Versos en Dialecto Gallego*.

_____, "Sabino Torres Ferrer", *Faro de Vigo*, "Opinión", "Os camiños da vida", 27 maio 2016, p. 28.

Recorda como cando non había edicións en lingua galega Sabino Torres creou Benito Soto e lle pediu a Celso Emilio que lle botase unha man no proxecto que acababa de poñer en marcha.

_____, "Permanencia das Irmandades da Fala", *Faro de Vigo*, "*el sábado*", n.º 962, 28 maio 2016, p. 4/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 542, 4 xuño 2016, contracuberta, "No fondo dos espellos".

Destaca o traballo realizado polas Irmandades da Fala e indica que eran algo contraditorio, polimorfo, dinámico, que finalmente lle deu forma á Galicia do século XX.

_____, "Con firmeza que o mármore eterniza", *Faro de Vigo*, "*el sábado*", n.º 963, "No fondo dos espellos", 4 xuño 2016, p. 4.

Lembra que o monumento a Manuel Curros Enríquez da cidade de Vigo é, con case total seguridade, a primeira escultura pública dedicada ao autor. Comenta como é o lugar que se escolleu para el.

_____, "Permanencia de Hoffmann", *Faro de Vigo*, "*el sábado*", n.º 966, 25 xuño 2016, p. 4/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 546, 2 xullo 2016, contracuberta, "No fondo dos espellos".

Cítase a Ramón Otero Pedrayo por ocuparse en varios escritos da figura de Enrique Gómez Stuyk, un dandy da cidade de Ourense, que o crítico relaciona cun personaxe da *Esmorga* de Eduardo Blanco Amor, "un suxeito silencioso e extravagante que fuma opio e garda na casa unha boneca de rara beleza".

_____, "Lalo e Fernando", *Faro de Vigo*, "Opinión", "Segunda feira", 27 xuño 2016, p. 40.

Entre outras cousas, reflexiona sobre Fernando Quesada e o seu humor gráfico despois do seu recente falecemento e lembra tamén o finado Lalo Vázquez Gil, coñecido polos seus microrrelatos humorísticos. Detense neste artista, que destacou por ser un dos historiadores máis afamados de Vigo e comenta a súa intervención no *Quixote* en galego, ademais de facer unha breve mención á súa obra poética.

_____, "O Espectro de Pondal", *Faro de Vigo*, "*el sábado*", n.º 967, 2 xullo 2016, p. 4/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 546, 9 xullo 2016, contracuberta, "No fondo dos espellos".

Fala da vila de Ponteceso, por ser, entre as vilas literarias de Galicia, dunha "singularidade rechamante" e, en concreto, da casa de Eduardo Pondal. Comeza por referir a historia daquela casa familiar, no mesmo esteiro do río Anllóns, e comenta a visita que fai, que resulta moi suxestiva porque incluso se pode sentir a presenza incorpórea da pantasma do Bardo.

_____, "Labirinto Ponteceso", *Faro de Vigo*, "*el sábado*", n.º 968, 9 xullo 2016, p. 4.

Infórmase de que as vilas de Ponteceso e Corme incitaban a imaxinación de Eduardo Pondal, ao volver á Idade Media e incluso á prehistoria. Explícase onde está a Fundación que leva o seu nome e lémbranse episodios da vida do autor.

_____, "Pondal e política", *Faro de Vigo*, "*el sábado*", n.º 969, 16 xullo 2016, p. 4.

Confírmase que os tres "grandes faros referenciais da nosa poesía do século XIX" foron moi comprometidos coa lingua e a política e céntrase en Eduardo Pondal, autor do himno galego. Afírmase que se trata dun poema de máxima intensidade política e, a raíz desta afirmación, coméntase parte da biografía do autor de Ponteceso, protagonista do Banquete de Conxo. Conclúese salientando a "emoción política radical" do autor do himno de Galicia.

_____, "Historias de Bonaval (1)", *Faro de Vigo*, "*el sábado*", n.º 970, 23 xullo 2016, p. 4.

Menciona o lugar onde recibiu sepultura Aurelio Aguirre, o cemiterio municipal de Compostela, e comenta que posteriormente se fundou o Panteón de Galegos Ilustres na igrexa expropiada de Bonaval, onde foron parar os despoxos de Alfredo Brañas, Francisco Asorey, Ramón Cabanillas e Alfonso D. Castelao. Detense no traslado do corpo deste último.

_____, "Historias de Bonaval (2)", *Faro de Vigo*, "*el sábado*", n.º 980, 30 xullo 2016, p. 4.

Coméntanse as xuntanzas que nos anos corenta e cincuenta do século pasado tiñan, entre outros, os galeguistas en Bonaval cada vinte e cinco de xullo, lugar onde se celebraba a misa de Rosalía de Castro. Lémbrase igualmente o traslado do corpo de Castelao ao Panteón de Galegos Ilustres e conclúese que Bonaval é "un outeiro impregnado de historia e de lenda".

_____, "Historias de Bonaval (3)", *Faro de Vigo*, "*el sábado*", n.º 981, 6 agosto 2016, p. 4.

Infórmase de que o poeta Aurelio Aguirre foi enterrado no cemiterio municipal de Santiago, en Bonaval, e que xermolo do Panteón dos Galegos Ilustres foi cando se trasladou o corpo de Rosalía de Castro ao mausoleo da antiga igrexa de Santa María (ou San Domingos) de Bonaval. Indícase que houbo un tempo en que os defuntos de Compostela conviviron cos máis ilustres galegos, até que mudou a situación: o cemiterio converteuse en parque público e o Panteón pasou a mans do arcebispado, nunha decisión que cualifica de incomprensíbel.

_____, "Invención do viño de albariño", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 982, "No fondo dos espellos", 13 agosto 2016, contracuberta.

Aproveitando o feito de que Francisco Fernández Rei foi o pregoeiro da Festa do Albariño en Cambados en 2016, afírmase que a celebración volveu ás súas orixes literarias, que iniciaran Xosé María Castroviejo, Álvaro Cunqueiro e incluso a mesma Rosalía de Castro.

_____, "Albariño ou bandeira", *Faro de Vigo*, "*el sábado*", n.º 983, 20 agosto 2016, p. 4.

Dá noticia das orixes fabulosas do albariño, das que responsabiliza a escritores líricos como Juan Armada Losada, ao que cualifica de bo poeta; e oradores como Isidoro Millán. Ademais, cita palabras de Ramón Otero Pedrayo sobre os viños de Hungría, cos que non se pode emparentar o albariño.

_____, "Soberanía estética e científica", *Faro de Vigo*, "Opinión", "Segunda feira", 22 agosto 2016, p. 13.

Refírese á conmemoración do centenario do xurdimento das Irmandades da Fala, salientando que produciron literatura, arte, mais tamén ciencia. Coméntase que despois do seu crecemento, o nacionalismo galego se converteu na "corrente hexemónica da arte, da ciencia, do pensamento e da economía de Galicia". Por último, dáse noticia da exposición "Saúde e Terra", que merece visitarse ma Fundación Barrié de Vigo.

_____, “Vilar de Mouros”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, “Os camiños da vida”, 26 agosto 2016, p. 26.

Mentres fala da freguesía portuguesa de Vilar de Mouros e da súa historia, fai unha breve mención á obra *Morte de Rei*, de Darío Xohán Cabana, da que indica que evoca os días, as prisións e os tormentos do rei don García II de Galicia, quen se encargou de redactar o documento que doa Vilar de Mouros a Tui.

_____, “O viño que fundaron os poetas”, *Faro de Vigo*, “*el sábado*”, n.º 984, 27 agosto 2016, p. 4.

Comenta a existencia duns encontros do albariño en Cambados aos que asistían importantes figuras das letras galegas como Ramón Otero Pedrayo. Destaca as palabras deste escritor sobre o viño albariño nun discurso.

_____, “Ollando a cruz do Castro”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, “Os camiños da vida”, 2 setembro 2016, p. 22.

Dáse noticia de que o actual alcalde socialista de Vigo, Abel Caballero, se nega a derrubar a cruz do Castro, símbolo do fascismo. Menciónanse as obras *Agosto do 36* e *Os mortos daquel verán*, de Xosé Fernández Ferreiro e Carlos Casares, respectivamente. Por último, lémbrase que Castelao publicara n’*A Nosa Terra* unha lista coas vítimas de 1936 en Galicia e outra cos verdugos.

_____, “Velaí o vello café”, *Faro de Vigo*, “*el sábado*”, n.º 986, 10 setembro 2016, p. 4/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 546, 1 outubro 2016, contracuberta, “No fondo dos espellos”.

Dáse conta do café máis antigo de Ourense, de Galicia e quizais da Península Ibérica, o Café la Peña, que hoxe é tan só un resto do seu esplendoroso pasado, pois era o centro do ritual do paseo de moda antes de que o fora a rúa do Paseo actual, por onde aínda pululan as sombras de Ramón Otero Pedrayo, Vicente Risco ou Eduardo Blanco Amor.

_____, “Capilate de la Douleur”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, “Segunda feira”, 26 setembro 2016, p. 45.

Faise eco da cidade de Vigo como “capital da dor en Galicia” en múltiples ocasións ao longo da historia, fundamentalmente na literatura galega, e sinálase a súa similitude co sentimento político presente nela no momento actual.

_____, “Episcopus ex Gallaecia”, *Faro de Vigo*, “*el sábado*”, n.º 987, 17 setembro 2016, p. 4/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 548, 8 outubro 2016, contracuberta, “No fondo dos espellos”.

Comenta que Louis Duchesne publicou nos *Annales du Midi* (1900) un artigo no que se contemplaba a posibilidade de que o chamado sepulcro de Santiago Apóstolo en Compostela fora o de Prisciliano. Recolle as palabras de Castelao na súa *Alba de Groria*.

_____, “Literatura Galaicolatina e varios horrores”, *Faro de Vigo*, “*el sábado*”, n.º 988, 24 setembro 2016, p. 4.

Achégase á figura de Egeria como a primeira escritora galega de nome coñecido na literatura galega e á súa contribución ao concepto de feminismo ao longo do tempo.

_____, “República Mundial das letras”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, “Os camiños da vida”, 7 outubro 2016, p. 26.

Comenta que no congreso do PEN Internacional que se celebrou en Ourense non só estiveron representadas as grandes literaturas imperiais, senón tamén aquelas como a vasca ou a galega, que presentan dificultades para sobrevivir no futuro máis inmediato.

_____, “Con Wallonia”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, “Segunda feira”, 31 outubro 2016, p. 13.

Salienta a figura de Xosé R. Pena, quen, ademais de escritor de ficción e historiador da literatura, é analista de temas internacionais. Tamén felicita o poeta ourensán Xaquín Silva polo seu coñecemento sobre Bélxica e o seu Partido do Traballo.

_____, “A facultade ocupada”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, “Os camiños da vida”, 4 novembro 2016, p. 23.

Con motivo do pasamento do cronista Fermín Bouza Álvarez faise eco do seu compromiso político salientando “a dose de conciencia crítica” que caracterizou a súa escrita.

_____, “De Gales a Padrón”, *Faro de Vigo*, “*el sábado*”, n.º 994, 5 novembro 2016, p. 4/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 554, 12 novembro 2016, contracuberta, “No fondo dos espellos”.

Explica que nun poema de John Moore se sitúa a Rosalía de Castro fóra da historia política dos estados e imperios europeos.

Mera, Manuel, “Irmandades da Fala, máis que lingua”, *Diario de Ferrol*, “Opinión”, 21 xaneiro 2016, p. 17.

Di que o 18 de maio se cumpre un século do nacemento das Irmandades da Fala. Entre as características desta organización destaca a creación do seu voceiro, *A Nosa Terra*, e a súa ligazón á lingua e a cultura galegas.

_____, “As Irmandades, soberanía e avance social”, *La Región*, “Opinión”, 26 xaneiro 2016, p. 27.

Recorda como neste ano 2016 se celebra o centenario da creación das Irmandades da Fala da man de Antón Villar Ponte. Lembra que a primeira xuntanza desta organización se celebrou nos locais da Academia Galega, na cidade da Coruña.

_____, “Lembranza da Galiza mártir”, *La Región*, “Opinión”, 23 agosto 2016, p. 34.

Dá conta, entre outros feitos históricos, do momento en que, en Bos Aires, se tomou a decisión de converter a data do asasinato de Alexandre Bóveda no día da Galiza Mártir, algo que propuxo Castelao e que se reflectiu na edición no exilio d'*A Nosa Terra* en setembro do 1942.

Miragaya, Carlos, "Irmandandes da Fala", *Diario de Ferrol*, "Opinión", "Ámbitos", 20 setembro 2016, p. 17.

Comenta a iniciativa de Xosé María Dobarro de recadar información e documentar graficamente textos que revelan a transcendencia das Irmandades da Fala no Ferrol.

Mouriño, Miguel Anxo, "Nas vellas roseiras", *Faro deVigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 598, "Literatura", 13 outubro 2016, p. VIII.

Dá conta do cincuenta aniversario do pasamento de Victoriano Taibo, un dos membros fundadores das Irmandades da Fala o 28 de maio de 1916, na que desempeñou o cargo de secretario.

Nogueira, María Xesús, "De librarías e de soños", *Diario de Pontevedra*, "Opinión & Análisis", p. 29/ *El Progreso*, "Opinión", p. 27, "Un falar", 30 xaneiro 2016.

Compara o argumento da novela de Manuel Rivas *O último día de Terranova* (2015) coa situación de desafiuzamento que están a vivir moitas familias nestes momentos.

_____, "Xornalismo e literatura", *Diario de Pontevedra*, "Opinión & Análisis", p. 27/ *El Progreso*, "Opinión", p. 29, "Un falar", 6 febreiro 2016.

Afirma que a literatura e o xornalismo teñen unha estreita relación xa que, en moitos casos, o xornalismo é quen de ofrecer unha visión da cultura galega. Cita algunhas obras galegas relacionadas co xornalismo como: *Crime en Compostela* (1984), *Unha historia que non vou contar* (2009), *Todos os día*s (2013), *Dende o conflito* (2014) e *De remate* (2015).

_____, "O plaxio", *Diario de Pontevedra*, "Opinión & Análisis", p. 27/ *El Progreso*, "Opinión", p. 33, "Un falar", 20 febreiro 2016.

Critica o plaxio e, ao tempo, afirma que de ser tan cuestionado non debería ser motivo de escándalo cando vivimos nun país no cal a cultura é perseguida por leis absurdas.

_____, "Os días despois", *Diario de Pontevedra*, "Opinión & Análisis", p. 29/ *El Progreso*, "Opinión", p. 41, "Un falar", 27 febreiro 2016.

Recorda que se cumpren 179 anos do nacemento de Rosalía de Castro, figura que non só está presente nas nosas letras, senón tamén na vida cotiá con imaxes da escritora en camisetas, mochilas ou bolsas.

_____, “Outra vida posíbel”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión & Análisis”, p. 27/ *El Progreso*, “Opinión”, p. 31, “Un falar”, 2 xullo 2016.

Dáse noticia da apertura da libraría Chan da Pólvora en Santiago de Compostela, aludindo á novela de Manuel Rivas, *O último día de Terranova* (2015), para se referir á alma destes estabelecementos e ás persoas que os rexentan. Deséxase sorte nesa andaina, por “imaxinar outros xeitos de venda e tamén de vida”.

_____, “A narración do cotián”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión & Análisis”, p. 29/ *El Progreso*, “Opinión”, p. 33, “Un falar”, 24 setembro 2016.

Comenta que, a raíz da lectura das páxinas de *Galería de saldos*, de Diego Giráldez, se lle veñen á memoria títulos como *Dis-paro*, de María Canosa; *Tempo de bebidas isotónicas e fast food*, de Álex Alonso; *Liquidación de existencias*, de Ramón Caride; ou o poemario *Masculino singular*, de Carlos Negro, cuxo nexo común consiste no tratamento de temas duros presentes na sociedade actual.

_____, “A literatura e os premios”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión & Análisis”/ *El Progreso*, “Opinión”, “Un falar”, 15 outubro 2016, p. 31.

Comenta a función dos premios literarios na literatura, que serven para coñecer novas voces, e do Día das Letras Galegas, o cal describe como necesario co gallo de abrir fronteiras na historia da literatura galega.

_____, “Feliz ano poético”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión & Análisis”, p. 27/ *El Progreso*, “Opinión”, p. 33, “Un falar”, 31 decembro 2016.

Faise eco de que o ano 2016 foi especialmente fecundo no que á produción poética se refire e recalca a coincidencia de libros de autores pertencentes a xeracións moi distantes no tempo.

Nogueirol, Jaime, “Ese soplo divino”, *La Región*, “Ciudadanos”, “El ángulo inverso”, 2 outubro 2016, p. 16.

Recorda a participación de diferentes autores pertencentes á Xeración Nós no eido xornalístico.

Núñez Sobrino, Ángel, “Literatura y soledad”, *El Correo Gallego*, “*2domingo*”, “Tribuna libre”, 29 maio 2016, p. 6.

Comenta que no ano 2015 saíu ao prelo o libro de Xosé Luís Franco Grande, *Xoguetes do tempo*, cuxa temática é a soidade e a incomunicación.

Otero, David, “Lecturas a Balbino”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Tribuna libre”, 29 xaneiro 2016, p. 32.

Alude ao acto que se realizará no Principal da Estrada para homenaxear a Xosé Neira Vilas a partir da lectura de anacos de *Memorias dun neno labrego* e agradece o traballo para organizar o acto.

Outeiro, Mario, "24-F: alborada a Rosalía", *El Progreso*, "Opinión", "Tribuna política", 26 febreiro 2016, p. 30.

Coméntase que as dúas figuras máis representativas da cultura galega son Rosalía de Castro e Castelao. Indica onde descansan os seus restos e o labor realizado a prol da lingua e literatura galegas.

_____, "A educación soñada na montaña", *El Progreso*, "Opinión", "Tribuna política", 13 maio 2016, p. 32.

Fai mención do CPI de Cervantes e como este acolleu o IX Encontro de debate sobre o medio rural organizado pola Asociación Pedagóxica Nova Escola Galega baixo o título "A educación soñada na montaña".

_____, "Unha nación vestida de letras", *El Progreso*, "Opinión", "Tribuna política", 16 decembro 2016, p. 34.

Fala de diversos certames literarios na provincia de Lugo como o XVII premio da poesía Díaz Jácome, o certame de poesía Manuel Leiras Pulpeiro, o XXV Certame literario A Pipa 2016, o X certame literario Terras de Chamoso, o Manuel Oreste Rodríguez de Paradela, o Ánxel Fole de narración curta ou o Díaz Castro de poesía.

Pazos, Aida e Carlos **Álvarez Lebredo**, "Juan Durán-Loriga", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Ciudad", "In memoriam", 8 decembro 2016, p. 12.

Fálase do texto autobiográfico *As décadas de T. L.* (1994), de Luís Tobío, publicado por Ediciós do Castro.

Pena, Xosé Ramón, "Relatar a Historia", *Faro de Vigo*, "Opinión", "De bolina", 23 abril 2016, p. 33.

Defende a historia de Galicia como unha historia con matices moi interesantes dos cales, durante moito tempo, se intentaron criticar e aldraxar. Dá conta dun gran número de persoeiros da literatura que "nunca deixaron de fornecer o imaxinario de todos os galegos".

Penas, Ánxeles, "Carlos Maside-Luis Seoane", *Diario de Arousa*/ *Diario de Ferrol*/ *El Ideal Gallego*, "Opinión", "Crítica de arte", 3 xullo 2016, p. 24.

Ademais doutras consideracións sobre a pintura de Carlos Maside e Luís Seoane dáse conta de que o poemario *De catro a catro*, de Manuel Antonio, tivo a honra de ser

ilustrado por estes dous artistas, cuxas vidas foron paralelas ás de Rafael Dieste, Ramón Otero Pedrayo e tantos outros.

_____, "Ano Castelao", *Diario de Arousa*/ *Diario de Ferrol*/ *El Ideal Gallego*, "Opinión", "Crítica de arte", 28 agosto 2016, p. 24.

Dáse noticia de que por vez primeira a Academia Galega de Belas Artes ten instituído o Día das Artes Galegas, que dedicaron a Castelao. Coméntanse os méritos do autor no referente á súa pintura, á súa ética e á súa literatura, salientando que destaca no relato, no teatro e por riba de todo, na reflexión sobre os problemas que atinxen a Galicia como pobo.

Penedo, José Luis, "Recuerdo póstumo de Carlos Casares", *La Región*, "Opinión", 15 xullo 2016, p. 33.

Reflexiónase sobre o Día das Letras Galegas e recóllense os criterios para a escolla dos homenaxeados. Indícase que este ano se lle vai dedicar a Carlos Casares e lembra o nome dos intelectuais ourensáns homenaxeados até o momento.

_____, "El fusilamiento del poeta, Federico García Lorca", *La Región*, "Opinión", 26 agosto 2016, p. 31.

Con motivo da lembranza do fusilamento de Federico García Lorca, lembra uns versos do seu poema titulado "Canzón de cuna para Rosalía de Castro, morta".

Pérez Leira, Lois, "Bibiano: estamos chegando ao mar o noso mar", *Atlántico Diario*, "Opinión", 30 decembro 2016, p. 24.

Faise eco da figura de Bibiano Morón, de quen destaca o seu carácter polifacético e activo e o seu interese pola política latinoamericana. Lembra a primeira feira do libro de Vigo e a presenza de Celso Emilio Ferreiro.

Pérez-Lema, Xoán Antón, "Cen anos das irmandades da fala", *El Correo Gallego*, "Galicia", 5 xuño 2016, p. 18.

Por mor do centenario das Irmandades da Fala, coméntase o proceso da súa formación e sobre todo o contexto no que naceron, en pleno rexurdimento das nacionalidades durante a I Guerra Mundial.

Pérez Sánchez, Elías, "A morte non pode ser o final", *El Progreso*, "Vivir", "O voo da curuxa", 10 decembro 2016, p. 42.

Faise eco da chamada "semana tráxica" da cultura galega con motivo do pasamento de Xosé Neira Vilas, Esperanza Guisán Seijas, Xosé Alvilares Moure e Xosé Chao Rego.

Pernas, Ramón, “Las paredes de Galicia”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Nordés”, 20 agosto 2016, p. 13.

Fala, entre outros asuntos políticos, dos galegos que arriman o ombreiro para levantar as paredes do territorio e defender Galicia. Menciona a Ramón Otero Pedrayo e a súa tradución do *Ulises*, trinta anos antes da primeira edición desta obra en castelán.

Perozo, Xosé A., “Le llamábamos Dori”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Pensar por pensar”, 23 novembro 2016, p. 36.

Con motivo do pasamento de Dorotea Bárcena, recalca os acontecementos máis significativos da súa traxectoria profesional no teatro e salienta a súa humanidade como signo que a caracterizaba.

Pinto Antón, Juan Antonio, “Letras galegas no verán”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”, p. 35/ *El Progreso*, “Opinión”, p. 27, 21 xullo 2016.

Detense no expositor dunha biblioteca e fai referencia aos libros que alí están. Entre outros, sinala varios títulos de Agustín Fernández Paz, como homenaxe ao escritor recentemente falecido, *O último día de Terranova* (2015), de Manuel Rivas; *Ollos de auga* e *A praia dos afogados*, de Domingo Villar; *De remate* (2015), de Héctor Cajaraville; *Dende o conflito*, de María Reimóndez; e dúas de Xabier Quiroga, *Zapatillas rotas* e *Izan o da saca* (2015). Saliéntase que estas obras son algúns exemplos entre moitos agasallos que as bibliotecas públicas proporcionan para gozar no verán.

Piñeiro, Antonio, “¡Xa-vai-tocando!”, *La Región*, “Opinión”, “Ourensalia”, 12 xaneiro 2016, p. 24.

Refírese ao feito de que dende hai un tempo se está a levar a cabo a recollida de sinaturas para que se lle dedique a un escritor o Día das Letras Galegas e dese xeito a Real Academia Galega teña este feito en consideración. Reivindica a figura de Carlos Casares como posíbel homenaxeado no 2017 e salienta o feito de que só se lle dedicaron a tres escritores ourensáns.

_____, “A Ponte dos Peares”, *La Región*, “Opinión”, “Ourensalia”, 5 novembro 2016, p. 30.

Faise eco da figura de Rodolfo Prada, afirmando que sen a súa intervención Castelao non sería quen de ocupar un lugar tan privilexiado na historia colectiva de Galicia.

_____, “Irmandade e populismo”, *La Región*, “Opinión”, “Ourensalia”, 31 decembro 2016, p. 31.

Informa de que no “Portal das palabras”, iniciativa na rede promovida pola Real Academia Galega e a Fundación Barrié, o termo “irmandade” foi elixido como a palabra do 2016 por votación popular.

Piñeiro, Xosé M., “Coristas de luxo”, *La Región*, “Sociedad”, “O son do piñeiro”, 26 novembro 2016, p. 72.

A raíz do pasamento de Dorotea Bárcena, lembra a súa incorporación ao mundo televisivo e o seu traballo no ámbito do teatro.

Porteiro, María Xosé, “Xustiza poética”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “El fin de una era”, “Habitación propia”, 2 decembro 2016, p. 15.

Fala da relación profunda entre Galicia e Cuba, salientando feitos como a Publicación de *Follas Novas* no prelo de Alejandro Chao ou a admiración de José Martí pola obra rosaliana posto que era coñecedor do seu segundo poemario, no que publicaba “Prá Habana me vou: Galicia está probe, i á Habana me vou...Adiós, adiós, prendas do meu corazón!”.

Porto, Héctor J., “A doce luz das pequenas cousas”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, “Fueiro de carballo”, 2 agosto 2016, p. 37.

Indícase que Carlos Casares “é o home que baixou a literatura galega do pedestal da solemnidade” e que introduciu a narrativa oral na escritura máis culta. Enuméranse tres das súas obras e fálase do seu humorismo e das características periodísticas.

Pousa, Luís, “De Camba a Casares”, *La Voz de Galicia*, “Con letra del nueve”, 3 agosto 2016, contracuberta.

Dáse conta do traballo xornalístico levado a cabo por Carlos Casares na súa columna semanal “Á marxe”, da que destaca o emprego do humor. Establécese unha comparación coas columnas doutros intelectuais, como Wenceslao Fernández Florez e Julio Camba.

Rabuñal, Henrique, “As Irmandades da Fala e o compromiso de Antón Villar Ponte”, *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 525, “Letras”, 6 febreiro 2016, pp. 1-2.

Di que Antón Villar Ponte fixo da Coruña o seu fogar, lugar onde, xunto co seu irmán Ramón, creou a organización nacionalista (As Irmandades da Fala) da que se cumpren cen anos do seu nacemento.

Ramallo, Elena del Pilar, “Un enamorado de Galicia y la política”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 31 outubro 2016, p. 15.

Faise eco do pasamento do intelectual Fermín Bouza, catedrático de socioloxía e referente nacional na análise política, augurando a inmortalidade do seu legado ao longo dos tempos.

Rego Nieto, Manuel, "Don Ramón", *La Región*, "Opinión", 9 abril 2016, p. 28.

Recorda como o 10 de abril de 2016 se cumpren corenta anos do pasamento de Ramón Otero Pedrayo.

Reigosa, Carlos G., "A ollada labrega", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "Ficción", "Vagalume", 19 febreiro 2016, p. 7.

Sinala que a pegada labrega esmorece nas nosas letras e nas mostras artísticas de hoxe. Para atopalas temos que remitirnos a obras pasadas.

_____, "A vida das lembranzas", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "No ficción", "Vagalume", 10 xuño 2016, p. 10.

Faise unha reflexión sobre a literatura e a memoria e menciónanse nomes de escritores galegos como Rosalía de Castro e Álvaro Cunqueiro, entre outros escritores universais, que escribiron páxinas sobre un pasado que xa se foi "e que non ten volta".

_____, "Valle e Castelao", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "Ficción", "Vagalume", 14 outubro 2016, p. 16.

Recolle declaracións de Castelao sobre Ramón del Valle-Inclán para recordar a relación deste último co galeguismo, lamentando a visión unidimensional e monocorde dalgúns críticos.

_____, "Humoristas galegos", *La Voz de Galicia*, "Cultura", "Vagalume", 16 decembro 2016, p. 39.

Faise eco da abundancia de humoristas galegos no eido literario e salienta a maxia do humor galego, no que se combinan, dun xeito proporcional, doses notábeis de ironía, retranca, saudade e burla.

Reiriz-Polo, Rubén, "Borobó e Os Luns do Ateneo", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Tribuna libre", 21 outubro 2016, p. 40.

Realiza un percorrido pola traxectoria persoal e profesional de Raimundo García "Borobó", facendo fincapé no seu exitoso labor xornalístico, tal e como o manifestou Perfecto Conde ao se referir a el como "o google dos 60".

Requeixo, Armando, "Letras escolleitas", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*", p. 22/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 914, p. 32/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 914, p. 32, "letras Atlánticas", 3 xaneiro 2016.

Recolle as obras máis salientábeis dentro da produción escrita galega durante o ano 2015: *Poétic@*, de Fran Alonso; *O último día de Terranova*, de Manuel Rivas; *Os*

elefantes de Sokúrov, de Riveiro Coello; *Cabalos e lobos*, de Fran P. Lorenzo; *Lourenço, xograr*, de Manuel Portas etc.

_____, "Letras musicais", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*"/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 923/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 923, "letras Atlánticas", 6 marzo 2016, p. 32.

Reflexiona sobre o uso da literatura na música. Comenta que Xan Carballal musica letras de Antonio Noriega Varela, Manuel Leiras Pulpeiro, Álvaro Cunqueiro e Xosé Díaz Jácome. Indica que o dúo 2naFronteira creou o traballo *Sons de Nós* como unha homenaxe á revista *Nós* e ás Irmandades da Fala.

_____, "Das agras e das roseiras", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 576, 17 marzo 2016, cuberta.

Dáse conta do cincuentenario da morte de Victoriano Taibo, da súa relación coas Irmandades da Fala e das súas producións literarias.

_____, "Cervantes e nós", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 23 abril 2016, p. 67

Recapitula varios elementos que relacionan a Cervantes con Galicia, dende os seus apelidos até personaxes galegos inseridos nas súas novelas.

_____, "Blanco-Amor, corazón tricolor", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*"/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 934/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 934, "letras Atlánticas", 22 maio 2016, p. 32.

Amósase a sorpresa por ver como na actualidade aínda hai obras de grandes autores galegos que están sen recuperar e editar. Recorda con agarimo a figura do escritor Eduardo Blanco Amor.

_____, "Con auras de lenda", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 589, "Literatura", 23 xuño 2016, p. VII.

Informa de que a historia da Literatura está chea de libros que se escribiron pero que nunca viron a luz e fai un repaso desas obras da literatura universal, dedicándolle un breve apartado ás galegas, entre as que salienta o libro de relatos *Auga lizgaira*, de Ánxel Fole; *Diario dun médico de garda*, de Luís Pimentel; o primeiro volume dos *Ensaios*, de Ramón Otero Pedrayo; ou *Os ruíns*, contos de Xosé María Álvarez Blázquez. Lembra que a mesma Rosalía mandou á súa filla que queimase os versos que escribira durante os últimos anos, quen sabe se non se trataría doutro *Follas novas* desaparecido xa por sempre.

_____, "Cando dorme Homero", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 593, "Literatura", 8 setembro 2016, p. VII.

Fala de erratas da literatura universal que fixeron historia e dedica un breve apartado ás da literatura galega. Comenta, neste punto, como certos versos do himno galego se viñan cantando mal até que Manuel Ferreiro advertiu o erro e como Carlos Casares se

alarmou cando leu nas probas de imprenta do seu libro de relatos *Os escuros soños de Clío*, en lugar do título orixinal.

_____, "Da arte de titular", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 597, "Literatura", 6 outubro 2016, p. VII.

Salienta a dificultade de titular un libro e recolle exemplos como *Sombra do aire na herba*, de Luís Pimentel, no que se tomou como eixe un dos seus versos; *Almas perdidas*, de Xosé Cermeño, no que se elixiu o nome dun local portuario vigués; ou *Ciencia para facer as camas*, do mesmo autor, no que se tivo en conta o personaxe do Correo na peza teatral *A noite vai como un río*, de Álvaro Cunqueiro.

_____, "Lorca e a alofonía", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 599, "Literatura", 20 outubro 2016, p. VII.

Fala do centenario da primeira visita de Federico García Lorca a Galicia, na que xurdiu a súa admiración pola terra galega e a súa lingua e salienta a orixe dos seus famosos *Seis poemas galegos* nunha viaxe posterior en 1932.

_____, "Mortes novelescas", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 601, "Literatura", 3 novembro 2016, p. VII.

Fai un repaso polas mortes novelescas que aconteceron no que a figuras literarias se refire e comenta a morte do poeta Aurelio Aguirre, que se produciu no verán de 1858 ao bater cunha rocha oculta baixo as augas que lle provocou unha fulminante conxestión cerebral.

_____, "Dende o Ortegal ao Miño", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 602, "Ciencias Sociais", 10 novembro 2016, p. VII.

Con motivo do centenario do nacemento da publicación *A Nosa Terra*, salienta que foi o voceiro oficial das Irmandades da Fala e do Partido Galeguista, ademais de conformar o espazo propicio para o mellor da escrita galega naquelas décadas.

_____, "Cadáveres exquisitos", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 700, "Literatura", 24 novembro 2016, p. VI.

Comenta que o antecedente histórico galego no que á escrita colaborativa se refire é o *Poema a tres voces*, de María Mariño, Uxío Novoneyra e Ramón Regueira, e di que posteriormente foron os poetas de Rompente os que cultivaron este xénero.

_____, "Memoria da neve", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 608, "Literatura", 22 decembro 2016, p. VII.

Comenta que a presenza do inverno e do Nadal como eixe temático conforma unha constante, dende hai séculos, na historia da literatura galega e achega exemplos das obras de Ramón Cabanillas, Ramón Otero Pedrayo e Rafael Dieste.

Ríos González, Xabier, “A nosa Rosalía”, *Diario de Arousa*, “Opinión”, “En clave política”, 25 febreiro 2016, p. 6.

Anuncia que se cumpren 179 anos do nacemento de Rosalía de Castro e que, despois deste tempo, aínda segue sendo un referente dentro das letras galegas.

Rivas, Chito, “A táboa na que se representan os soños”, *La Región*, “Provincia”, “Testemuñas da memoria”, 16 xaneiro 2016, p. 25.

Informa sobre o premio que recolleu Marta Pérez en febreiro de 2015 e da súa obra *Fémina Sapiens*, ao tempo que defende o teatro e as pequenas compañías que se están a facer un oco no mundo do teatro.

_____, “A palabra con voz de Raiola”, *La Región*, “Provincia”, “Testemuñas da memoria”, 10 xuño 2016, p. 28.

Fálase da sorpresa que lle causou a dicción da actriz Vero Rilo, da compañía Daboapipa, no seu espectáculo *Lavandeiras*. Comenta o nacemento da compañía e unha pequena biografía da actriz, para concluír cun repaso dos principais espectáculos de Daboapipa: *Contos do animalario*, *Contos e lerias* e *Historias de vida, guerra, amor e case morte*.

_____, “Auténtica activista da cultura”, *La Región*, “Provincia”, “Testemuñas da memoria”, 17 xuño 2016, p. 27.

Fai unha gabanza desta “auténtica activista da cultura”, Helena Villar Janeiro, á que coñece por coller un libro seu na galería Sargadelos de Madrid. Repasa a súa biografía, aportando interesantes datos da vida da autora.

_____, “Con código xenético teatral”, *La Región*, “Provincia”, “Testemuñas da memoria”, 26 agosto 2016, p. 29.

Comenta o traballo realizado pola compañía Teatro Antroido, composta por unha nai e o seu fillo. Aproveita para falar polo miúdo dos compoñentes do grupo teatral, Laura Ponte e Roi Vidal, e do nacemento da compañía. Destaca a representación da obra *Rosalías: Unha vida de luces e sombras*.

_____, “Muxicas, o grupo que sente o teatro”, *La Región*, “Provincia”, “Testemuñas da memoria”, 2 setembro 2016, p. 24.

Dáse noticia do gran traballo do grupo teatral Muxicas formado, na súa maior parte, por persoas cegas. Coméntase a súa creación e evolución e, por último, faise unha relación das pezas que xa levan representadas.

_____, “Xardín Desordenado, musicando versos galegos”, *La Región*, “Provincia”, “Testemuñas da memoria”, 9 decembro 2016, p. 20.

Fala do grupo Xardín Desordenado, que versiona poemas ou versos de Manuel María, de Xosé Mª Álvarez Cáccamo, de Rosalía de Castro ou de Olga Novo, entre outros.

Comenta a súa predilección polas versións de *Neno*, de Manuel María; e *Aprendendo a ladrar*, de Olga Novo. Explica que a orixe do grupo radica no seu gusto pola poesía de Xosé María Álvarez Cáccamo.

Rivera, Javier, "Lugo e as Irmandades", *El Progreso*, "Opinión", "Cuadrante norte", 27 marzo 2016, p. 32.

Indica que se cumpren cen anos da creación das Irmandades da Fala e que entre os seus impulsores estaban Ramón e Antón Vilar Ponte e Luís Porteiro Garea. Comenta que vencelladas ás Irmandades estaba, entre outras, a Irmandade de Monforte fundada polo notario Manuel Banet Fontela.

_____, "As Irmandades en letras de molde", *El Progreso*, "Opinión", "Descodificador", 9 abril 2016, p. 33.

Recorda, con motivo do centenario da creación das Irmandades da Fala, o éxito que tivo, entre outras producións, a tira cómica de Castelao "As cousas da vida" publicada nos anos vinte.

_____, "O sambenito", *El Progreso*, "De re varia", 30 setembro 2016, contracuberta.

Comenta a presenza da galegofobia ao longo dos tempos e recalca o seu carácter perdurábel no que ao momento actual se refire. Lembra as figuras de Castelao e Rosalía de Castro.

Rodríguez, Carlos Luis, "Göbbels y el Cunqueiro", *El Correo Gallego*, "Opinión", "A bordo", 30 decembro 2016, p. 3.

Sinálase que Álvaro Cunqueiro foi un mestre da imaxinación positiva e resáltase a fantasía e a maxia das súas obras.

Rodríguez González, Román, "O libro galego no gran escaparate porteño", *La Voz de Galicia*, "Opinión", "Firma invitada", 17 abril 2016, p. 17.

Recorda, co gallo da celebración da edición do libro en Bos Aires, como hai corenta e dous anos que se celebraba a primeira festividade literaria no cidade arxentina.

Román Alonso, Fernando, "Lembranza de Arturo Noguerol Buján", *La Región*, "Ourense", "La tribuna", 12 setembro 2016, p. 6.

Fai un repaso da vida e obra de Arturo Noguerol Buxán, así como a súa relación coas iniciativas culturais, políticas e literarias galegas, como as Irmandades da Fala e a revista *Nós*.

Rouco, Moncho, “Revolucionarios do mundo, uníos!”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”, 8 decembro 2016, p. 32.

Lémbrase a peza teatral *Os vellos non deben de namorarse*, de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, que é cualificada de “inesquecible”.

Rozas, Ramón, “1916. Castelao e Miss Ledya”, *Diario de Pontevedra*, “Cultural”, “Pontevedra”, “Rue Saint - Antoine nº 170”, 25 xaneiro 2016, p. 9.

Sinala que o centenario da chegada de Castelao a Pontevedra coincide coa estrea do primeiro filme de ficción feito en Galicia, *Miss Ledya*”, dirixido por José Gil. Explica que o propio Castelao tiña un pequeno papel e que, dende o ano 1916, permanecería xa para sempre identificado con esta cidade.

_____, “O desexo de ser pintor”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, “Café Pombo”, 31 marzo 2016, p. 9.

Recorda como Castelao foi maxistral nos seus apuntamentos, cheos de sinxeleza e gracilidade, esa valía permitiulle converterse nun gran caricaturista e nun fantástico ilustrador.

_____, “Sandar feridas”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 7 abril 2016, p. 13.

Denuncia que aínda é descoñecida nos círculos dos ilustres escritores e escritoras galegos a figura de Manuel Lueiro Rey, home prolífico nas nosa letras cunha produción literaria moi vinculada á cultura e ás letras galegas. Reclama a necesidade de darlle luz igual que se fixo con outras obras.

_____, “Castelao artista (1905-1920)”, *Diario de Pontevedra*/ *El Progreso*, “Táboa Redonda”, n.º 30, 10 abril 2016, p. 6.

Conmemórase o 130 aniversario do nacemento de Castelao e da súa chegada a Pontevedra, a “súa” vila. Fala das diferentes actividades que reflectirán a xenialidade da súa figura, entre as que cita unha exposición no Museo de Pontevedra.

_____, “A derradeira fuxida”, *Diario de Pontevedra*, “En portada”, 24 maio 2016, p. 9.

Sinala como tras a morte de Sabino Torres, Pontevedra é menos Pontevedra, xa que perdeu a un grande das nosas letras e a unha moi boa persoa.

_____, “No centenario de Manuel Lueiro”, *Diario de Pontevedra*/ *El Progreso*, “*Táboa redonda*”, n.º 37, 29 maio 2016, p. 7.

Con motivo do centenario do nacemento do escritor Manuel Lueiro Rey destaca a súa vida e obra, conectada co compromiso co ser humano. Comenta que ofrece unha achega coa que se reclama unha escrita fértil que se revisa cunha ampla mostra fotobiográfica.

_____, “O primeiro Nós”, *Diario de Pontevedra/ El Progreso*, “*Táboa redonda*”, n.º 42, 3 xullo 2016, p. 7.

Coméntase que nunha exposición do Museo de Pontevedra, intitulada “Meu Pontevedra”, hai unha mostra dos orixinais do álbum *Nós*, de Castelao, entre outras cousas.

_____, “Castelao, corazón pontevedrés”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, “Rue Saint - Antoine nº 170”, 5 setembro 2016, p. 7.

Dáse noticia da exposición “Meu Pontevedra”, que se pode ver no Museo de Pontevedra. Coméntase que fai un percorrido pola pegada nesta cidade de Castelao, un rastro seguido a través de obras de arte, fotografías, ilustracións e demais cousas que van perfilando, aos poucos, a este xenio tan importante para a cultura galega.

_____, “Estrelas de irmandade”, *Diario de Pontevedra/ El Progreso*, “*Táboa Redonda*”, n.º 49, 18 setembro 2016, p. 6.

Faise eco dunha exposición itinerante na que se recupera o legado das Irmandades da Fala, que conformaron o paso intermedio entre a Xeración Nós e o Partido Galeguista; mais, sobre todo, sentaron os cimentos dunha identidade propia a partir dunha lingua.

_____, “Elas, no silencio”, *Diario de Pontevedra*, “A vida nun fío”, 12 novembro 2016, contracuberta.

Faise eco do volume *Un cesto de mazás* (2015), de Montse Fajardo, o cal facilita a comprensión do contexto polo que se realiza unha homenaxe cada 12 de novembro ás mulleres represaliadas e resistentes de Pontevedra.

_____, “Sombras fronte ao banco”, *Diario de Pontevedra*, “Ciudad”, “Pontevedra”, “Rue Saint - Antoine nº 170”, 28 novembro 2016, p. 7.

Comenta que a Fundación Cuña-Casabellas ofrece diversas iniciativas no que o eido do pensamento, da poesía e da plástica se refire.

_____, “Cando Bóveda chegou a Curros”, *Diario de Pontevedra*, “Cultura”, “Vivir aquí”, “Rue Saint - Antoine nº 170”, 8 decembro 2016, p. 61.

Comenta que o 7 de decembro de 1986 o monumento impulsado polo Partido Galeguista, que Alexandre Bóveda fundara en Pontevedra en 1931, se inaugurou no seu actual emprazamento, aínda que tras sufrir certos cambios na súa base.

_____, “Benvido Culturgal!”, *Diario de Pontevedra*, “A vida nun fío”, 3 decembro 2016, contracuberta.

Anuncia a chegada do Culturgal, facendo fincapé na figura de Carlos Casares con motivo de ser o protagonista das vindeiras Letras Galegas.

_____, “O Mestre Mateo no Prado”, *Diario de Pontevedra/ El Progreso*, “*Táboa Redonda*”, n.º 59, 27 novembro 2016, p. 4.

Reprodúcese un fragmento dun poema de *Follas novas*, de Rosalía de Castro, relacionado co Mestre Mateo.

Rubia, Xoán, "Albino Mallo", *Diario de Ferrol*, "Opinión", "Miradas poliédricas", 28 agosto 2016, p. 16.

Comenta a figura de Albino Mallo, entre outras cousas director de *El Ideal Gallego* e autor da obra *Algo máis que un café. O Derby de Vigo 1921-1968*, na que se fai unha crónica da vida social e cultural de Vigo.

Ruibal, Antonio, "Sobaco ilustrado", *Diario de Pontevedra*, "En portada", 24 maio 2016, p. 8.

Recorda a Sabino Torres como un home que sempre levaba un libro baixo o brazo mentres camiñaba, o corpo inclinado levemente cara a adiante e a mirada baixa, pero un home cheo de vitalidade que non aparentaba a idade que aparecía no seu carné de identidade.

Salgado, Rafael A., "El arco luminoso", *La Región*, "Ourense", "Ourense no tempo", 3 setembro 2016, p. 8.

Dá conta dunha homenaxe na honra do Padre Feijoo en 1887. Recolle un fragmento dun texto en castelán de Vicente Risco e cita brevemente a revista bilingüe *El Heraldo Gallego*.

_____, "Carretera de Trives... Concordia", *La Región*, "Ourense", "Ourense no tempo", 8 outubro 2016, p. 10.

Comenta que Vicente Risco describía o camiño a Trives facendo fincapé na vista e aroma proporcionados polas uvas colgadas como "perlas ambarinas".

Sánchez, Paco, "Brillantes y luceros", *La Voz de Galicia*, "En la cuerda floja", 19 novembro 2016, contracuberta.

Recalca o papel da humildade como un valor que posúen moitos dos grandes escritores, entre os que menciona a Manolo Rivas e Miguel-Anxo Murado.

Sarille, Xosé Manuel, "Festa barroca", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Pan e coitelo", 23 febreiro 2016, p. 2.

Dá conta da publicación de *Historias de Compostela* (2015), de Xosé Filgueira Valverde. Comenta brevemente a parte medieval e a barroca.

_____, “A lamentábel institución”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Pan e coitelo”, 26 xullo 2016, p. 2.

Afirma que a Real Academia Galega é un irresponsábel “clan cultural” que representa o illamento e critícase a escolla para as Letras Galegas do 2017, non por que Carlos Casares non o mereza, senón porque Ricardo Carvalho Calero debería ter sido escollido antes.

Sartier, Bernardo, “¡Viva Franco y Arriba España!”, *Diario de Pontevedra*, “Así está España”, 26 maio 2016, contracuberta.

Escribe, en formato carta, unhas letras dedicadas a Sabino Torres no que fai un resumo de anécdotas de persoas do círculo de Torres.

Senén, Felipe, “1 de abril, Día das Artes Galegas: 2016, Castelao”, *La Opinión*, “Opinión”, “O labirinto do alquimista”, 3 abril 2016, p. 28.

Sinala que a Academia Galega de Belas Artes lle dedicou o Día das Artes Galegas do 2015 ao Mestre Mateo e que este ano 2016 decidiu dedicarllo a Castelao.

_____, “Cuevillas, os celtas e a Arqueoloxía Galega”, *La Opinión*, “Opinión”, “O labirinto do alquimista”, 7 agosto 2016, p. 25.

Faise unha lembranza da figura de Florentino López Cuevillas, repasando cada momento importante da súa vida e centrándose, sobre todo, na súa estreita relación coa Arqueoloxía.

_____, “Feira e festa maior na encrucillada: O Carballiño”, *La Opinión*, “Opinión”, “O labirinto do alquimista”, 18 setembro 2016, p. 31.

Dá conta da presenza da paisaxe de Carballiño en diversas obras literarias: *Voando coas ás da Vida*, *Cantigueiro de Orcellón*, *Remol de Estrelecer* etc.

_____, “A aldea de Borneiro, compendio da Historia galega”, *La Opinión*, “Opinión”, “O labirinto do alquimista”, 2 outubro 2016, p. 29.

Salienta o papel de Borneiro como unha localización relevante no territorio galego no que a diferentes feitos históricos e literarios se refire.

_____, “Soutos, castiñeiros, castañas... Magostos”, *La Opinión*, “Opinión”, “O labirinto do alquimista”, 6 novembro 2016, p. 29.

Con motivo da estación actual, recalca a presenza da festa do magosto e da figura da castaña no eido da literatura galega ao longo dos tempos.

_____, “César Antonio Molina e a espiral do eterno viaxar”, *La Opinión*, “Opinión”, “O labirinto do alquimista”, 13 novembro 2016, p. 28.

Fai un percorrido pola traxectoria profesional de César Antonio Molina, aludindo ás súas composicións poéticas “A fin de Fisterra” ou “Eume”.

_____, “O retrato do colonizado”, *La Opinión*, “Opinión”, “O labirinto do alquimista”, 11 decembro 2016, p. 26.

Di que contra a deshumanización da persoa ou grupo a única opción é o humanismo e salienta as semellanzas existentes entre todos os colonizados, tal e como amosou Castelao nos seus *Debuxos de negros*.

Seoane, Xavier, “Luis Caruncho na lembranza”, *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 551, “Arte”, 22 outubro 2016, pp. 6-7.

Fala de Luís Caruncho, facendo fincapé en que a súa sensibilidade propiciou que outorgara unha relevancia á compoñente organizativa e estrutural da obra. Destaca a súa relación con diversos intelectuais galegos como Manuel Rivas, Xavier Seoane ou Xulio Valcárcel.

Soto, Juan, “El año de las Irmandades”, *ABC*, “Galicia”, 29 febreiro 2016, p. 73.

Homenaxeando o centenario da creación das Irmandades da Fala, afírmase que estas foron creadas por xentes nadas na provincia de Lugo e que promoveron a posta en marcha dun proxecto que arraigou en toda Galicia.

Suárez Abel, Miguel, “Nin truco nin trato”, *El Progreso*, “Opinión”, p. 26/ *Diario de Pontevedra*, “Opinión & Análisis”, p. 28, 4 novembro 2016.

Di que os relatos fundados nas tradicións máis antigas ofrecen un modelo de aceptación da dureza que agocha o feito de vivir e salienta a existencia dunha minoría de lectores, especialmente no que a cativos se refire, que poderían sentir pracer coa lectura de Álvaro Cunqueiro.

Tallón, Juan, “Vivir en una columna”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí!”, 5 abril 2016, contracuberta.

Afírmase que escribía Carlos Casares sempre dun xeito sinxelo e limpo. Lémbrao como un home que gozaba coa lingua e que moitas veces ten a sensación de estar no medio dunha conversa e darse conta de que aquilo do que se está a falar xa foi escrito por Casares.

Trigo, Xosé Manuel G., “Literatura e bicarbonato”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Á beira do Sar”, 10 xuño 2016, p. 44.

Comenta a enchenta de política e literatura deste ano, cheo de aniversarios e conmemoracións, entre os que salienta o Día das Letras Galegas, nomeando a Manuel María.

_____, "Simposio", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Á beira do Sar", 21 outubro 2016, p. 42.

Confirma a súa predición sobre que o Día das Letras Galegas deste ano se lle dedicaría a Carlos Casares e reflexiona sobre a necesidade de premiar a voces auténticas e descoñecidas que poidan rexurdir unha literatura universal potente en relación coa omnipresencia da tecnoloxía.

Tudela, Olivia, "A calidade da literatura galega", *La Voz de Galicia*, "Cultura", "Tribuna", 4 maio 2016, p. 38.

Dá conta de como a Asociación Galega da Crítica, presidida por María Xesús Nogueira, celebrou no local social do Ateneo de Compostela un acto de recoñecemento aos escritores galegos galardoados cos Premios da Crítica.

Valcárcel, Xulio, "Lugares onde volver: Laíño, a terra de Eusebio Lorenzo", *Diario de Arousa*, "O Salnés Siradella", p. 18/ *Diario de Ferrol*, "Nordesía", n.º 914, p. 28/ *El Ideal Gallego*, "La Galería", n.º 914, p. 28, "páxina Literaria", 3 xaneiro 2016.

Fala sobre a figura de Eusebio Lorenzo Baleirón e a relación de amizade que mantivo con el, especialmente nos anos de estudante universitario en Compostela.

_____, "Lugares onde volver: A Coruña de Garcés", *Diario de Arousa*, "O Salnés Siradella"/ *Diario de Ferrol*, "Nordesía", n.º 917/ *El Ideal Gallego*, "La Galería", n.º 917, "páxina Literaria", 24 xaneiro 2016. p. 28.

Dá conta da figura do historiador, bibliotecario, profesor e poeta, Miguel González Garcés, unha figura moi destacada no pasado século.

_____, "Lugares onde volver: Galegos en Bos Aires", *Diario de Arousa*, "O Salnés Siradella"/ *Diario de Ferrol*, "Nordesía", n.º 921/ *El Ideal Gallego*, "La Galería", n.º 921, "páxina Literaria", 21 febreiro 2016. p. 28.

Sinala que a Federación de Sociedades Galegas representa a coherencia e o verdadeiro compromiso galeguista. Outras iniciativas tentan preservar e dinamizar o patrimonio cultural da nosa terra. Comenta a presenza de escritores e intelectuais galegos no exilio, como Luís Seoane, Rafael Dieste ou Manuel Lorenzo Varela.

_____, "Lugares onde volver: Lóuzara", *Diario de Arousa*, "O Salnés Siradella"/ *Diario de Ferrol*, "Nordesía", n.º 931/ *El Ideal Gallego*, "La Galería", n.º 931, "páxina Literaria", 1 maio 2016. p. 33.

Reflexiona sobre a dimensión literaria de Lóuzara, en Samos, Lugo. Coméntase que a Asociación Ergueitos creou un roteiro literario que percorre os "lugares do poeta" e destaca a existencia de pranchas de aceiro con poemas gravados.

_____, "Lugares onde volver: Laíño, a terra de Eusebio Lorenzo", *Diario de Arousa*, "O Salnés Siradella"/ *Diario de Ferrol*, "Nordesía", n.º 951/ *El Ideal Gallego*, "La Galería", n.º 951, "páxina Literaria", 18 setembro 2016. p. 28.

Faise eco da carreira literaria de Eusebio Lorenzo Baleirón, recalcando o seu carácter vertixinoso e fugaz, e da súa perda prematura para a cultura galega por mor dunha enfermidade.

_____, "Lugares para volver: Mondoñedo", *Diario de Arousa*, "O Salnés Siradella"/ *Diario de Ferrol*, "Nordesía", n.º 956/ *El Ideal Gallego*, "La Galería", n.º 956, "páxina Literaria", 23 outubro 2016. p. 28.

Fala de Mondoñedo, unha das antigas capitais do Reino de Galicia, que foi e segue a ser lugar de procedencia e inspiración para moitos escritores debido, en parte, ao seu silencio intemporal. Destaca a figura do seu escritor máis emblemático: Álvaro Cunqueiro.

Valle, Candela, "Ourense, una 'Atenas' renovada", *La Región*, "Ourense", 9 decembro 2016, p. 5.

Indica que Ourense foi unha semente importante no na actividade cultural galega, ao ser berce de artistas, escritores e poetas. Salienta o seu rexurdimento no momento actual debido á incorporación de novos espazos expositivos.

Vázquez de la Cruz, Manuel, "Dos mujeres cantando y escribiendo", *Faro de Vigo*, "*Especial*", "Baixo Miño/Louriña", 25 xuño 2016, p. 2.

Dá noticia da presentación de *Un cesto de mazás*, de Monserrat Fajardo, en Pontevedra, á que non pode asistir. Informa de que pide a un amigo que lle merque a obra e de que lle emociona a súa lectura, comentando parte do argumento da obra e algún dato que semella autobiográfico.

Vázquez-Monxardín, Afonso, "Libros e liberdades no seu día", *La Región*, "Opinión", 23 abril 2016, p. 24.

Refírese á palabra "libro" e o feito de que está conectada ao mesmo tempo coa palabra "liberdade", non só en forma, senón tamén, en parte, en significado. Lembra a figura de Basilio Álvarez, Ramón Otero Pedrayo, Carlos Casares e Vicente Risco.

_____, "Carlos Casares, a mellor escolla", *La Región*, "Opinión", 12 xullo 2016, p. 36.

Dáse noticia da escolla da Real Academia Galega do homenaxeado para o Día das Letras Galegas 2017 e opínase que se trata da mellor posíbel. Infórmase de que non se

vai dicir nada de Carlos Casares como escritor nin da súa biografía, tan só se vai argumentar sobre a "bondade da escolla", pola súa obra e igualmente polo seu compromiso coa causa galeguista. Conclúese que toda Galicia está de noraboa, máis aínda Ourense.

_____, "Os espazos de Carlos Casares", *La Región*, "Opinión", 23 xullo 2016, p. 38.

Con motivo da escolla de Carlos Casares para celebrar o Día das Letras Galegas 2017, faise un breve percorrido pola vida e obra do escritor. Destácase que "Carlos sempre quixo Ourense de forma especial" e achégase a algúns recordos do ámbito persoal.

_____, "Domingo Fontán, hai 150 anos", *La Región*, "Opinión", 13 setembro 2016, p. 23.

Lembra a figura de Domingo Fontán con motivo de que se van cumprir 150 anos da súa morte. Lembra que foi o responsábel do deseño do primeiro mapa moderno en España, salienta o esforzo por plasmar o territorio galego coa máxima exactitude posíbel e a repercusión que tivo a obra, presente en moitas manifestacións da literatura galega.

_____, "Blanco Amor, cuba e un discurso", *La Región*, "Opinión", 29 novembro 2016, p. 26.

Con motivo do aniversario de Eduardo Blanco Amor, faise eco da liberalidade de posturas que marcaron o seu percorrido vital.

_____, "Un pouco de morriña", *La Región*, "Opinión", 20 decembro 2016, p. 26.

Fala sobre as palabras procedentes de Cuba que se incorporaron ao galego. Enumera diversas razóns para considerar a cidade de Ourense como un destino literario, concretamente a publicación da obra *A esmorga*, de Blanco Amor.

Vélez Latorre, Xosé Manuel, "85 anos de *Poema en catro tempos*", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 567, "Literatura", 14 xaneiro 2016, p. VII.

Refírese ao 85 aniversario de *Poema en caro tempos*, de Eduardo Blanco Amor, así como a súa reivindicación como poeta. Ao mesmo tempo, realízase unha viaxe pola súa obra poética entre a que destaca *Romances Galegos* ou *Cancioneiro.*

Velo Velo, Manuel, "Recordando a Castelao", *Diario de Arousa*, "Opinión", "Dinámica contra la democracia", 2 febreiro 2016, p. 6.

Lembra a homenaxe de diferentes grupos políticos o 30 de xaneiro a Castelao na vila de Rianxo co motivo do seu 130 aniversario de nacemento.

Vence, Anxel, "Galicia del demonio", *Faro de Vigo*, p. 22/ *La Opinión*, p. 24, "Opinión", "Crónicas galantes", 25 agosto 2016, p. 22.

Menciona a Álvaro Cunqueiro e a representación dos demos na súa obra, explicando que o autor tratou sempre con familiaridade e confianza a esta figura.

Ventura, Joaquim, "Publicitar Galicia", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 570, 4 febreiro 2016, p. I.

Fálase da relación político-literaria que, en 1917, estabeleceron Antón Villar Ponte e Francesc Cambó. Dise que a partir de 1920 continuou o traballo conxunto dos galeguistas coa colaboración directa de Estelrich en *A Nosa Terra.*

Vidal Villaverde, Manuel, "Crónicas dun tempo escondido", *Diario de Pontevedra*, "En portada", 24 maio 2016, p. 8.

Sinala que Sabino Torres presentou, nun acto multitudinario, en 2014, as súas memorias na Casa das Campás, nas que o lector vai coñecer unha cidade ben distinta, a Pontevedra de 1930 a 1960.

_____, "Fermín Bouza Álvarez", *Atlántico Diario*, "Opinión", "Tombe la neige", 13 novembro 2016, p. 20.

Faise eco do exilio de Fermín Bouza Álvarez en Madrid e recalca que foi autor de varios libros e dunha multiplicidade de artigos xornalísticos, entre os que figura "Memorias do demo", que foi maltratado polo crítica oficial.

Vieites, Manuel F., "O teatro como misión pedagóxica", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*, n.º 566, "Teatro", 7 xaneiro 2016, p. VIII.

Dá conta da creación das Misións Pedagóxicas en 1931 da man de Manuel Bartolomé Cossío, director do Museo Pedagóxico Nacional. Explícase que as Misións Pedagóxicas nacían como programa de extensión cultural para democratizar a cultura e poñela ao alcance de toda a cidadanía; que con elas chegou o Teatro del Pueblo, baixo a dirección de Alejandro Casona, en 1931. E tamén alude a que cabo desta organización xurdiu, da man de Eduardo Ugarte e Federico García Lorca, a compañía La Barraca, a cal andou por Galicia en 1933 con varias representacións.

_____, "20 anos de Teatragal", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*, n.º 585, "Teatro", 26 maio 2016, p. VIII.

Comenta que se cumpren 20 anos de Teatragal, que serviu para ver outras formas de concibir a organización teatral. Fala da súa orixe e recolle o nome dalgúns dos participantes daqueles encontros.

_____, "Cara a un teatro nacional", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 587, "Teatro", 9 xuño 2016, p. VIII/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 544, "Escena", 18 xuño 2016, p. 11.

Explica que o teatro era unha das manifestacións culturais máis importantes de finais do século XIX, momento en que Galo Salinas publicou *Memoria acerca de la Dramática*

Gallega, causas de su poco desarrollo e influencia que en el mismo puede ejercer el regionalismo. Refire que esta obra é unha das primeiras defensas do uso do teatro para galeguizar a sociedade. Informa de que no ano de creación das Irmandades da Fala todo o mundo sabía da importancia da creación escénica para a promoción do ideario galeguista e fai un repaso dos momentos e sucesos relacionados co teatro nos comezos do século XX.

_____, "En Zúric, 1916" *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 593, "Teatro", 8 setembro 2016, p. VIII.

Despois de facer unha lembranza do Cabaret Voltaire, dá noticia nun breve apartado das pegadas da vangarda escénica en Galicia, que se deixaron ver en Álvaro Cunqueiro, Ramón Otero Pedrayo e nos espectáculos actuais do grupo Rompente e de Matarile.

_____, "A escena, fonte de riqueza" *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 597, "Teatro", 6 outubro 2016, p. VIII.

Comenta que en *Historia de Galiza*, editado en Bos Aires con dirección de Ramón Otero Pedrayo, Vicente Risco aborda a multiplicidade de celebracións rituais e festivas de marcada base teatral en Galicia.

Villar Janeiro, Helena, "Ano de Castelao", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Notas de actualidade", 8 abril 2016, p. 2.

Indica que se decidiu na Real Academia Galega de Belas Artes estabelecer, dende o 2015, o día 1 de abril como o Día das Artes Galegas. Tamén comenta que no ano 2015 se lle dedicou ao Mestre Mateo e que en 2016, a Castelao.

_____, "Irmandades da Fala", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Notas de actualidade", 27 maio 2016, p. 2.

Indica que as Irmandades da Fala dentro do seu labor educativo incorporaron a presenza feminina nas súas filas, entre estas mulleres destaca a María Miramontes, apoio fundamental na Editorial Nós.

_____, "Lueiro Rey xornalista", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Notas de actualidade", 10 xuño 2016, p. 2.

Lembra as actividades que se desenvolveron no Pazo da Cultura de Pontevedra por mor do centenario do nacemento de Manuel Lueiro Rey, como unha exposición fotobibliográfica e catro mesas sobre o narrador, poeta e xornalista. Destaca a presentación de *Novas crónicas dunha transición intransixente*, que comenta polo miúdo, salientando que se trata dunha obra que recolle o seu labor xornalístico.

_____, "Oitenta anos despois", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Notas de actualidade", 22 xuño 2016, p. 2.

Faise referencia ao acto "A represión franquista contra os intelectuais galegos", celebrado no pazo de Trasalba, organizado pola Real Academia Galega e as fundacións

Otero Pedrayo e Castelao, oitenta anos despois do levantamento franquista. Dáse noticia de que participaron, entre outros, Xesús Alonso Montero, Henrique Monteagudo e Víctor F. Freixanes.

_____, "Poesía en Bonaval", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Notas de actualidade", 14 outubro 2016, p. 2.

Anuncia un encontro poético con música e arte plástica que terá lugar en Bonaval baixo a convocatoria de Ángel Luís Utrera Baza.

V.7. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ENTREVISTAS

Abelenda, Ana, "Luz Pozo. 'Vivir infantilmente é a mellor forma de vivir", *La Voz de Galicia*, "Muy de cerca", 3 xaneiro 2016, contracuberta.

Entrevista a Luz Pozo Garza, que xira arredor das lembranzas que a poeta e académica ten da súa infancia.

_____, "Dores Tembrás. 'Se algo podo dar, son as miñas palabras", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "Entrevista", 8 xaneiro 2016, p. 5.

Entrevista á poeta e editora Dores Tembrás, quen afirma escribir sobre aquilo que non se adoita dicir e reflexiona sobre a arte e a necesidade constante de renovación.

_____, "Gonzalo Hermo. 'Son deliberadamente feminista. Esa revolución é boa para homes e mulleres", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", 20 maio 2016, p. 5.

O autor de *Crac* (2011) e *Celebración* (2014) reflexiona arredor da súa obra e da poesía en xeral, salientando que non lle gustan os artistas compracentes, xa que a vaidade pode contaminar moito unha obra.

_____, "Manel Loureiro 'Crecí con los Clicks, pero sin su castillo medieval", *La Voz de Galicia*, "*YES*", n.º 149, "de gente", 31 decembro 2016, pp. 32-33.

Entrevista na que o escritor Manel Loureiro reflexiona sobre a súa experiencia como neno na época do Nadal ao recibir os agasallos dos Reis Magos e na que indica que "acaba de lanzarse en Reino Unido".

Asensio, Carlos, "Chus Pato. 'Penso que os meus poemas teñen a forma da cidade de Ourense", *La Región*, "Ourense", 13 novembro 2016, p. 7/ *Atlántico Diario*, "Sociedad", 21 novembro 2016, p. 46.

Conversa na que Chus Pato recalca a importancia que ten a cidade de Ourense na súa poesía e onde asegura que de entre os seus dez libros publicados queda con *m-Talá*. Asemade indica que lerá o seu discurso de ingreso na RAG na cidade de Ourense.

Baena, A., "Castro: 'Apaixóanme as redes sociais, sen perder de vista o papel", *Atlántico Diario*, "Vigo", 21 decembro 2016, p. 14.

Breve conversa na que Francisco Castro expón que tentará adaptar a editorial Galaxia aos novos tempos e recalca que lle apaixonan as redes sociais.

Baena, Ana, "Antón Pulido. 'As artes son ritmo: a música coas notas; a poesía coas palabras, e a pintura coas cores", *Atlántico Diario*, "Vigo"/ "Antón Pulido. 'A música era o meu, pero tiven que decidir e paseime á pintura", *La Región*, "Sociedad", p. 60, 3 xuño 2016.

Antón Pulido salienta nesta conversa que todos os premios son un agasallo de quen os dá e que sempre se reciben con agarimo, nomeadamente o Rotary Club. Tamén destaca as súas creacións poéticas.

Blanco, Isabel, "Alberte Santos. 'Nunha cultura tan rica como a galega sempre é un bo momento para publicar", *El Correo Gallego*, "Entrevistas", 20 xaneiro 2016, p. 19.

Entrevista a Alberte Santos arredor da súa novela *O rebumbio dos vagalumes* (2015), na que afirma que tratou de artellar a construción dunha realidade poliédrica. A novela xa vai pola segunda edición e recibiu críticas moi positivas, aínda que para o autor, o que verdadeiramente promociona unha novela é o seu contido e diso depende que chegue máis á xente.

_____, "Helena Villar Janeiro. 'Levo dentro moito que contar, pois son rica en experiencias", *El Correo Gallego*, "Entrevistas", 23 xuño 2016, p. 17.

Co gallo do galardón como escritora E da AELG a Helena Villar Janeiro, esta indica que ante todo é unha poeta, que escribir para a infancia é un xeito de recuperar o espírito do xogo e da inocencia e que está a traballar no blog "Tirar do fío".

_____, "Arantxa Serantes. 'Escritores muy importantes confían en mí para publicar en mi blog textos inéditos", *El Correo Gallego*, "Entrevistas", 9 xullo 2016, p. 18.

Arantxa Serantes comenta nesta conversa que María Zambrano tivo a influencia galega de Rafael Dieste ou Jose Ángel Valente e mais que o manuscrito "El Temblor" é un punto de encontro entre Rosalía de Castro e María Zambrano.

Blanco, Patricia, "Ignacio Vilar. 'O cine tamén serve para dar valor ao noso, ademais de para emocionar", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 25 novembro 2016, p. 45.

Por mor da estrea do seu último filme, entrevístase ao director de cine Ignacio Vilar, que sinala, entre outras cousas, que a súa anterior película, *A Esmorga*, será a primeira en emitirse en galego na TVE.

Blanco, M. X., "Clodio González Pérez. 'Ter unha editorial hoxe é máis un acto de patriotismo ca un negocio", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "En primera persona", 27 novembro 2016, contracuberta.

Despois de ser elixido correspondente da Real Academia Galega, o historiador Clodio González Pérez comenta nesta entrevista que a súa paixón pola etnografía lle vén de Xosé M.ª Álvarez Blázquez e da súa libraría que tiña en Vigo.

Carballo, Enrique, "Aurora Marco. 'Un libro sobre o devir das galegas non pode esquecer ás represariadas", *La Opinión*, "A Coruña", "Ciudad y Cultura", 30 xaneiro 2016, p. 10.

Co gallo da presentación do libro *Elas* (2015), a autora fala das mulleres cuxas biografías (arredor de 400) conforman a obra, deténdose especialmente nas que destacaban nos ámbitos da arte e a economía e na evolución do papel social da muller.

_____, "Marcos Calveiro. 'Fontán fixo en 1834, sen case medios, o que sería o mellor mapa de Galicia en 150 anos", *La Opinión*, "A Coruña", "Ciudad y Cultura", 2 febreiro 2016, p. 10.

Entrevista con Marcos Calveiro, autor da novela *Fontán* (2015), na que reflexiona sobre a figura do cartógrafo galego do século XIX Domingo Fontán, cuxo plano foi un elemento simbólico para a xeración *Nós*, ao mesmo nivel do himno ou da bandeira. Calveiro defíneo coma un protonacionalista, malia ser castelán falante.

Casanova, Jorge, "Yolanda Castaño. 'Fun ao fútbol por amor", *La Voz de Galicia*, "Muy de cerca", 13 marzo 2016, contracuberta.

Conversa con Yolanda Castaño que aborda a actividade profesional da poeta, as viaxes que implican a asistencia a eventos poéticos, os seu proxectos e a organización de festivais de poesía.

Castiñeira, F. X., "Xosé María Dobarro. 'Fernández Flórez nunca deixou de estar presente na vida cultural", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*"/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 954/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 954, "la Entrevista", 9 outubro 2016, p. 29.

Co gallo do congreso internacional sobre Wenceslao Fernández Flórez, Xosé María Dobarro comenta a influencia fundamental de Castelao e tamén das Irmandades da Fala no universo narrativo de Fernández Flórez.

Cedrón, María, "Manuel Rivas. 'Ninguén pon esquelas en Internet", *La Voz de Galicia*, "Muy de cerca", 8 maio 2016, contracuberta.

Entrevista ao autor co gallo da publicación do seu último libro, premiado pola crítica, *O último día en Terranova* (2015), un volume que é unha homenaxe aos libros e aos libreiros.

Crespo, Carlos, "Evaristo Calvo. 'A risa, como o sexo ou o diñeiro, está sobrevalorada", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Artes escénicas", 19 febreiro 2016, p. 13.

Entrevista ao actor Evaristo Calvo, da compañía de teatro Mofa e Befa, que fala sobre as "Noites de retranca", nas que participa xunto a Moncho Borrajo. Sinala que o espectáculo *Cociña económica* é un dos máis rendíbeis do teatro galego.

Días, Manuel de, "Carlos Reigosa. 'Escribir ten algo de escravitude e os lectores son como liberadores", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 4 maio 2016, p. 54.

Conversa con Carlos Reigosa sobre os ingredientes da obra *A vinganza do defunto* (2014), entre os que se conxugan a novela negra, a historia, a traxedia dos xudeus fuxitivos e o tráfico de volframio.

Eiras, Alejandra, "Gonzalo Hermo. 'A poesía continúa hoxe na vangarda da literatura galega, sen complexos", *El Progreso*, "deVerano", "Entrevista", 18 agosto 2016, p. 48.

O poeta rianxeiro Gonzalo Hermo comenta que a poesía significa resistencia, vangarda e visión, que está contento por ter recibido o premio Nacional de Poesía Joven e que quere que o Día das Letras Galegas se lle dedique a Xela Arias, Ricardo Carvalho Calero ou ao poeta berciano en lingua galega Antonio Fernández Morales.

Espiñeira, Francisco, "Laura Rodríguez Herrera. 'A calidade do libro galego é sobresaínte, pero precisamos axuda", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 4 abril 2016, p. 25.

Laura Rodríguez Herrera, presidenta da Asociación Galega de Editores chama a atención sobre o feito de que as vendas retrocederon a mediados dos anos noventa e parece imposíbel poder recuperalas. Destaca a realización da primeira Gala do Libro Galego.

Fontao, Ángela, "Manuel Portas. 'Estamos nunha etapa de resistencia, é preciso facer que a nosa cultura perviva", *La Opinión*, "A Coruña", "Ciudad y Cultura", 11 febreiro 2016, p. 12.

Entrevista ao autor co gallo da presentación da súa novela *Lourenço, xograr* (2015), quen manifesta o seu convencemento de que os docentes deben promover o goce da literatura por riba da memorización pasiva de datos. A súa novela amosa como se entrelazan os estamentos nun momento convulso do Medioevo e mestura a historia coa ficción.

_____, "Miguelanxo Prado. 'Hai autores que prescinden do entorno e outros fan un tratamento case fotográfico", *La Opinión*, "A Coruña", "Ciudad y Cultura", 3 maio 2016, p. 12.

Co gallo da conferencia que se impartirá no Colexio de Arquitectos de Galicia arredor dos espazos da súa obra creativa, Miguelanxo Prado opina que no plano profesional, ás veces se acaba caendo no "amateurismo", o que reduce a calidade do que se fai.

_____, "Oswaldo Digón. 'Sempre se fala dos límites do humor, e eu creo que están no respecto e a verdade", *La Opinión*, "A Coruña", "Ciudad y Cultura", 6 setembro 2016, p. 11.

Comenta Oswaldo Digón nesta entrevista a súa faceta como actor e humorista e indica que traballar na compañía de invidentes Teatro Valacar lle deu pé a descubrir e amar o teatro.

_____, "Rafa Vilar. 'Nun mundo cada vez máis desigual, a poesía denuncia a inxustiza desde a súa linguaxe", *La Opinión*, "A Coruña", "Ciudad y Cultura", 22 outubro 2016, p. 10.

O poeta Rafa Villar fala nesta entrevista da nova edición do ciclo "Poetas Di(n)Versos" que el mesmo inaugurará e tamén de que cada xeración poética está obrigada a recoñecerse na tradición literaria pero sempre coa vontade de innovar.

_____, "Xosé A. Fraga. 'As Irmandades deron un paso salientable co galego na ciencia pero a mellora foi limitada", *La Opinión*, "A Coruña", "Ciudad y Cultura", 26 outubro 2016, p. 10.

Conversa co profesor Xosé Antón Fraga na que comenta que participará na mesa redonda "Arredor das Irmandades da Fala" do Concello da Coruña sobre a contribución das Irmandades da Fala á incorporación do galego no ámbito da cultura científica.

Fontenla, Sara, "Luís González Tosar. 'Ourense é creativa", *O SIL*, "Ourense", outubro 2016, p. 11.

Luís González Tosar repasa a súa traxectoria á fronte do PEN de Galicia e anuncia que o 82.º Congreso do Pen Internacional, que se celebrará en Ourense, contará coa presenza de 200 escritores de 78 centros PEN de todo o Mundo.

Fraga, Xesús, "Marilar Aleixandre. 'O galego precisa un pacto cidadán", *El Correo Gallego*, "Cultura", 13 xullo 2016, p. 39.

Fala Marilar Aleixandre do seu discurso de ingreso na RAG do que destaca que aínda ten un título provisorio "Voces termando da paisaxe" e que tratará sobre a paisaxe galega.

_____, "Victor F. Freixanes. 'As columnas de A marxe son a gran novela aberta de Carlos Casares", *El Correo Gallego*, "Cultura", 25 xullo 2016, p. 41.

Entrevista a Víctor F. Freixanes con motivo da elección de Carlos Casares como figura homenaxeada no Día das Letras Galegas do 2017. Sinala os motivos que o levaron a

apoiar a súa candidatura, destacando a variedade da súa obra literaria, e fala sobre o futuro da lingua e do lectorado en galego.

_____, "Chus Pato. 'Gustaríame traballar na visibilización da poesía e todo o que está arredor", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 6 novembro 2016, p. 38.

Entrevista a Chus Pato co gallo do seu ingreso na RAG como académica numeraria. Comenta que elaborará un discurso de ingreso centrado na poesía.

Franjo, Fernando, "Roi Casal. 'Cuba sentiu a súa propia historia relatada nos textos de Neira Vilas", *El Correo Gallego*, "Entrevistas", 27 xuño 2016, p. 34.

Salienta Roi Casal nesta conversa que o seu proxecto *Son galego, son cubano* asenta na obra de Xosé Neira Vilas. Explica que conxuga unha liña sen precedentes entre a música galega e cubana e que presenta un directo moi especial.

_____, "Chus Pato. 'As institucións ven a poesía como unha especie de loucura nun faiado", *El Correo Gallego*, "Entrevistas", 18 novembro 2016, p. 20.

Conversa con Chus Pato na que comenta que lle gustaría traballar no eido da poesía dentro da Real Academia Galega e subliña que será a sétima académica da RAG dun total de trinta membros.

Frieiro, Fátima, "Roi Casal. 'Son galego, son cubano é un proxecto que ten o espíritu total de Neira Vilas", *Diario de Arousa*, "Ulla-Umia", 24 novembro 2016, p. 7.

Indica Roi Casal nesta entrevista que no seu espectáculo *Son galego, son cubano* a obra de Xosé Neira Vilas é esencial e que se presentará o 27 de novembro de 2016 no Auditorio de Valga.

García, M., "Eladio Rodríguez Fernández. 'O viño é como cociñar e a literatura tamén é o mesmo", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Agenda", "Para todos los públicos", 19 xaneiro 2016, p. L11.

Entrevista a Eladio Rodríguez arredor da súa primeira novela *Gandarón ou o gran falo megalítico de Pena Corneira* (2015) e do mundo do viño ao que está tan vinculado o autor.

_____, "Marcos Calveiro. 'A novela reivindica a figura de Fontán e o papel da ciencia", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Agenda", "Para todos los públicos", 27 xaneiro 2016, p. L10.

Entrevista co gallo da presentación da súa última novela, *Fontán* (2015), na que afonda no labor de documentación e na reivindicación do protagonista, único científico no Panteón de Galegos Ilustres.

_____, “Santiago Cortegoso. ‘O reto é que se entenda o texto sen ser un espectáculo acabado”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, 13 decembro 2016, p. L10.

Comenta que a sede da SGAE en Santiago de Compostela acollerá a lectura dramatizada da peza teatral *Casa O’Rei*, dirixida polo propio Santiago Cortegoso, e na que participarán seis actores.

García, Montse, “Diego Ameixeiras. ‘Hai certa sobreexplotación da novela negra e pode estoupar a burbulla”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 25 xaneiro 2016, p. 25.

Entrevista co gallo da recente publicación da obra *A noite enriba* (2015), na que o autor afonda e afirma que o xénero vai máis aló de historias de policías e criminais.

_____, “Fefa Noia. ‘Coa boa saúde que ten o teatro galego é unha mágoa que non se vexa máis”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 14 febreiro 2016, p. 40.

Entrevista á directora do Centro Dramático Galego, que salienta a necesidade de darlle unha maior visibilidade ao Centro e fortalecer o diálogo coa profesión.

_____, “Antón Pedreira. ‘Sabemos que hai que innovar na feira, pero o Concello non quere apoiarnos”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “En primeira persoa”, 3 maio 2016, contracuberta.

O vicepresidente da Federación de Libreiros de Galicia, Antón Pedreira, expón que a organización fai un balance positivo das vendas nos primeiros días da feira do libro deste ano.

_____, “Marco Layera. ‘El teatro, además de entretener, tiene que ser capaz de incomodar o provocar”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 4 decembro 2016, p. 46.

O director chileno Marco Layera comenta que a “especie de adaptación” do novo espectáculo da compañía Voadora se baseará no clásico de Shakespeare *Sueño de una noche de verano*.

García, Rodri, “Juan Carlos Mestre. ‘La poesía no es literatura; es, como dice Gamoneda, un proyecto espiritual”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 26 xaneiro 2016, p. 37.

Entrevista que xira arredor da poesía como xénero literario e como lectura. O autor apela ao poema como un acto de construción da linguaxe e rexeita o que denomina “artefacto decorativo”.

_____, “Elvira Varela Bao. ‘Meu pai sinalou os libros e díxolles: Estas son as miñas armas”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “Centenario”, 13 maio 2016, pp. 2-3.

A poeta e mecánica Lupe Bao repasa a súa produción lírica recollida, primeiro en *Mecánica poética* e, a seguir, refírese a *Barba Ridades*. Fala das influencias que tivo de Darío Xohán Cabana, Carmen Blanco ou Rosalía de Castro.

_____, "Alberte Santos. 'A linguaxe do xornalismo non deixa fendas para a estética", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 10 agosto 2016, p. 35.

Co gallo da presentación da segunda edición de *O rebumbio dos vagalumes* na Feira do Libro da Coruña, Alberte Santos fala deste libro e asemade comenta que case ten rematada a súa segunda novela que terá unha estrutura non convencional.

Gómez, Concha, "Moncho Borrajo. 'Vender 500 exemplares de poesía en galego é un logro e axúdame a manter o cordón umbilical coa miña terra", *Atlántico Diario*, "Área metropolitana", "Val Miñor", 24 xullo 2016, p. 19.

Entrevista a Moncho Borrajo na que se indica que está a terminar unha novela e que en breve sairá á luz o seu terceiro poemario editado por Ir Indo. Tamén recalca nesta entrevista o excepcional de vender cinco centos exemplares dunha obra de poesía en Galicia.

González Liste, Ana, "Xurxo Patiño. 'En las casetas hay libreros que te podrán descubrir mundos desconocidos", *Faro de Vigo*, "Vigo", 2 xullo 2016, p. 6.

Comenta que o obxectivo da Feira do Libro de Vigo é o de facer visíbeis os libros en papel e lembrar que a lectura é unha forma de cultura accesíbeis a todo o mundo.

Gradín, Tere, "Carlos Valle. 'En Pontevedra, Castelao chega á súa plenitude de artista, escritor e político", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 582, "Entrevista", 5 maio 2016, p. V.

Conversa co director do Museo de Pontevedra, Carlos Valle, quen salienta que a grande aspiración inicial de Daniel A. Rodríguez Castelao foi ser recoñecido e valorado como autor.

Íñiguez, Begoña, "Pilar del Río. 'Para Saramago era inconcebible leer a Rosalía en castellano", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 7 decembro 2016, p. 37.

Nesta entrevista Pilar del Río fala da figura de José Saramago, do que subliña que era un gran defensor do iberismo, que lle encantaba a literatura galega e mais que lle era inconcibíbel ler a Rosalía de Castro en español.

Jaureguizar, "Domingo Villar. 'Ninguén me escoitaba ler as novelas coa paciencia do meu pai", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", "Literatura", 31 maio 2016, p. 43.

Conversa na que Domingo Villar apunta que está a rematar a súa terceira obra e que aínda non está seguro do seu título. Asemade repasa a súa produción literaria centrada na cidade de Vigo e en Leo Caldas.

López, Ana, "Pepe Penabade. 'O teatro é como ir á misa; un acto moi humano e de complicidade", *El Progreso*, "deVerano", "Entrevista", 10 agosto 2016, p. 42.

O actor Pepe Penabade detalla nesta entrevista que traballou en series, no cinema, en documentais e no teatro. Comenta tamén que intenta sempre facer teatro social, de aquí e de denuncia e que vai actuar até que teña 70 anos.

López, Belén, "Xacobe Medina. 'El Día das Letras sirvió para que lo que hizo Filgueira Valverde se conociese de verdad", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Cultural", 7 xaneiro 2016, p. 9.

Entrevista ao músico Xacobe Medina, bisneto de Xosé Filgueira Valverde, que valora o Día das Letras Galegas dedicado ao autor coma unha homenaxe moi bonita na que todos os membros da familia traballaron conxuntamente para dar a coñecer a súa figura. Resalta, ademais, que os actos contribuíron a desmentir datos e lendas arredor de Filgueira que non eran certos.

_____, "Marcos Calveiro. 'Fontán é case un personaxe de western", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Cultural", 13 xaneiro 2016, pp. 10-11.

Entrevista a Marcos Calveiro, autor de *Fontán* (2015), que recompilou datos e información sobre Domingo Fontán durante trinta anos para escribir a súa obra.

_____, "Sabino Torres. 'Non me arrepinto de nada: paseino ben e fixen o que me deu a gana", *Diario de Pontevedra*, "En portada", 24 maio 2016, pp. 4-5.

Reproduce a última entrevista realizada a Sabino Torres no verán de 2014 e co gallo da publicación das súas memorias. O autor denuncia a desmemoria da cidade, reivindícase como poeta e repasa algúns personaxes e episodios que o marcaron especialmente.

_____, "Kiko da Silva. 'O obxectivo aínda queda lonxe", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Ciudad", 27 maio 2016, p. 13.

Conversa na que Kiko da Silva indica que un dos obxectivos da Escola de Banda Deseñada "Garaxe Hermético" é o relevo xeracional e que un dos problemas da cultura galega en xeral é a pouca profesionalización.

_____, "Aser Álvarez. 'Un estaría gravando a Leiro eternamente", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Ciudad", 29 setembro 2016, p. 12.

Co gallo da presentación no Raindance Film Festival de Londres da peza audiovisual escultórica *Sísifo confuso* o seu autor, o celanovés Aser Álvarez, indica nesta conversa que tivo influencia dun libriño que Robert Bresson publicou en Edicións Positivas.

_____, “Anxo Lorenzo. ‘Non vexo outro horizonte para Culturgal que non sexa Pontevedra”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 6 decembro 2016, pp. 10-11.

Anxo Lorenzo indica que está de acordo coas demandas do sector cultural galego, que só ve a Culturgal na cidade de Pontevedra ou que tenta conversar de xeito continuo co sector editorial galego, moi crítico coas políticas culturais da Xunta.

_____, “Víctor Fernández Freixanes. ‘Galaxia é un patrimonio nacional”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 24 decembro 2016, p. 13.

Despois de ter deixado a dirección da editorial Galaxia Víctor Fernández Freixanes manifesta nesta conversa que se sente orgulloso do traballo feito, que seguirá como director da revista *Grial* e salienta que hoxe en día se editan catro libros diarios en lingua galega.

López, Uxía, “Anxo Angueira. ‘A Fundación Rosalía fixo un esforzo extraordinario por modernizarse”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “En primera persona”, 29 xuño 2016, contracuberta.

Anxo Angueira nesta conversa fai un balance positivo dos catro anos que leva á fronte da Fundación Rosalía de Castro, salienta que houbo moitos cambios interiores e exteriores e mais que se incorporaron importantes fondos.

_____, “Anxo Angueira. ‘O interese por Rosalía non parou de medrar e está máis vivo ca nunca”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 18 xullo 2016, p. 25.

Entrevista con Anxo Angueira na que se comenta que desde a presidencia da Fundación Rosalía de Castro vén de pór en marcha a revista *Follas novas* de estudos rosalianos e mais que pretende abrir as portas da fundación a Galicia e a todo o mundo.

Lorenzo, Fran P., “Fefa Noia. ‘O CDG debe vincularse á realidade e reelaborala desde os escenarios”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 2 marzo 2016, p. 43.

A directora do Centro Dramático Galego, Fefa Noia, responde sobre o estado actual do centro, a súa actividade e o público que recibe.

Louzao, Mar M., “María Jesús Vázquez Lobeiras. ‘Celestino Fernández de la Vega merece un Día das Letras Galegas sobradamente”, *El Progreso*, “Lugo”, 18 abril 2016, p. 6.

Entrevista coa profesora María Jesús Vázquez Lobeiras que reivindica a figura de Celestino Fernández de la Vega, destacando o seu traballo como tradutor e a creación dun ensaio filosófico en galego “nun momento moi difícil” que lle supuxo problemas coa censura. Demanda que se lle dedique un Día das Letras Galegas para recoñecer o labor deste pensador lucense.

L. Q., Javier, "Xan Antón Rodríguez Vázquez. 'Hai desinterese pola cultura e iso é que a sociedade está enferma", *El Progreso*, "Comarcas", 29 febreiro 2016, p. 10.

Conversa con Xan Antón Rodríguez Vázquez, presidente da agrupación Castelao, fundada por Manuel María, na que se fala sobre o colectivo e o seu pasado na política.

Machado, Mayra, "Beatriz Hernanz Angulo. 'Creo que la poesía es el espacio en el que podemos sentirnos realmente libres", *El Correo Gallego*, "Entrevistas", 31 xaneiro 2016, p. 20.

Entrevista na que a autora fala da súa obra *A peregrina do vento*, recentemente presentada na Casa de Galicia en Madrid, unha antoloxía dos seus poemas en galego que fai referencia a unha peregrina que leva moito tempo fóra da súa terra, peregrinando pola vida, o vento etc.

_____, "José Colmeiro. 'La cultura gallega contemporánea se sitúa entre lo local y lo global", *El Correo Gallego*, "Entrevistas", "Oro en paño", 3 setembro 2016, p. 18.

O catedrático da Universidade de Auckland céntrase nesta entrevista na súa traxectoria desde o seu Vigo natal até o seu actual traballo en Australia e asegura que estudou Filoloxía grazas a que X. L. Méndez Ferrín foi o seu profesor en COU.

Mauleón, Amaia, "Amancio Prada. 'A Laxeiro y a mí nos une la pasión por la tierra y siempre volvemos a ella", *Faro de Vigo*, "Vigo", 17 febreiro 2016, p. 11.

Entrevista ao músico co gallo da obtención do premio Laxeiro 2016. Amancio Prada destaca a Álvaro Cunqueiro como o seu poeta de referencia e celebra que moitas persoas se acheguen á poesía a través da súa música.

_____, "Roi Casal. 'Esta gira es una gran fiesta cubana con el espíritu de Neira Vilas", *Faro de Vigo*, "Tv/Espectáculos", 31 xullo 2016, p. 65.

Roi Casal describe que o seu espectáculo *Son galego, son cubano* comezou en 2014 nunha viaxe a Cuba e despois do contacto con Xosé Neira Vilas. Explica que contou coa colaboración, entre outros, de Pablo Milanés e Laritza Bacallao.

_____, "Ignacio Vilar. 'En *Sicixia* reflejo mi fascinación por A Costa da Morte porque es mi deber", *Faro de Vigo*,"Tv/Espectáculos", p. 63/ *La Opinión*, contracuberta, 25 novembro 2016.

Con motivo da estrea da película *Sicixia* entrevístase ao seu director, Ignacio Vilar, que fala, entre outras cousas, do éxito do seu anterior filme, *A Esmorga*.

Moledo, Alba, "Roi Casal. 'Son galego, son cubano foi un proceso de aprendizaxe", *Diario de Pontevedra*, "Dverano", 22 xullo 2016, p. 16/ "Roi Casal. 'A xira xa se

converteu nunha homenaxe a Neira Vilas e á emigración", *El Progreso*, "deVerano", "Entrevista", 28 xullo 2016, p. 62.

Roi Casal comenta nesta conversa que vén de presentar en La Habana o seu traballo *Son galego, son cubano* con letras creadas en exclusiva por Xosé Neira Vilas meses antes de falecer.

Montero, Tamara, "Ian Gibson. 'El olvido no resuelve nada", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 28 outubro 2016, p. 42.

O hispanista Ian Gibson refírese nesta conversa á axuda que tivo Federico García Lorca fundamentalmente de Ernesto Guerra Da Cal e, en menor medida de Eduardo Blanco Amor, para elaborar os seus *Seis poemas gallegos*.

M. P., "Montse González. 'A miña é unha poesía espontánea e intimista", *El Progreso*, "Lugo", "Emergentes", 18 febreiro 2016, p. 8.

Entrevista a Montse González con motivo da publicación do seu primeiro poemario *Chorimas serodias* (2016). Relaciona a súa poesía coa flor do toxo e comenta a próxima presentación da obra, na galería Sargadelos.

_____, "Paloma Lugilde. 'Buscamos actores y gente para vestuario o atrezzo", *El Progreso*, "Lugo", "Emergentes", 28 novembro 2016, p. 8.

Entrevista a Paloma Lugilde, directora da compañía de teatro da USC, na que fala da clase aberta que está a organizar o grupo para dar a coñecer o seu traballo. Sinala que o obxectivo non é só buscar novos actores, senón tamén persoas que se ocupen de axudar en distintas tarefas: vestiario, dirección etc.

Neira, N. "Lupe Bao. 'Para min Rosalía é máis política que poética. A min provócame rebeldía", *El Progreso*, "Domingo das mozas", 9 outubro 2016, pp. 48-49.

Recóllese unha conversa con Lupe Bao con motivo da escolma dun discurso arredor de Rosalía de Castro na súa tradicional ofrenda. O núcleo central xira sobre a vida da autora lucense, as súas publicacións e a interesante combinación de poesía e mecánica, tanto dentro coma fóra das súas producións.

Nogueira, A., "Xosé Henrique Rivadulla. 'Como no mar, ás veces non sabemos o que hai debaixo dun mesmo", *Faro de Vigo*, "Vigo", 10 maio 2016, p. 10.

Entrevista ao guionista Xosé Henrique Rivadulla co gallo da presentación do seu libro *Moraime, pequena vila con mar* (2015), inspirado nas vilas mariñeiras galegas.

Nogueira, Andrea, "Fefa Noia. 'Los creadores gallegos tienen que abrirse paso en el panorama nacional", *Faro de Vigo*, "Tv/ Espectáculos", 9 decembro 2016, p. 59.

Comenta que o obxectivo das xornadas “Drama Turgente”, que teñen lugar en Santiago de Compostela, é o de ver en que momento se atopa a dramaturxia galega e localizar as súas eivas.

Pardo, Alicia, “Xosé Cobas. ‘A ilustración axúdanos a quitarnos esas vendas que por natureza levamos nos ollos”, *La Opinión*, “A Coruña”, “Ciudad y Cultura”, 24 decembro 2016, p. 13.

O pintor e ilustrador Xosé Cobas explica nesta conversa que comezou como ilustrador en 1989 cando Xabier Docampo lle propuxo ilustrar o libro *A nena de auga e o príncipe de lume*.

_____, “Carmen Rey. ‘El jazz te permite utilizar todas las herramientas que tienes como músico”, *La Opinión*, “A Coruña”, “Ciudad y Cultura”, 29 decembro 2016, p. 11.

A cantante e compositora Carmen Rey comenta que o seu disco *Mañá* está integramente en galego e que compuxo ela mesma todas as cancións agás o poema “Galicia encantada” de Rosalía de Castro.

Payne, Keith, “Lorna Shaughnessy. ‘Só podemos entender como, onde e quen somos ollando o noso pasado”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 547, “Entrevista”, 14 abril 2016, p. V.

Entrevista á poeta irlandesa Lorna Shaughnessy co gallo da celebración de “A Malinche”, un ciclo de lecturas bilingües que supoñen un intercambio poético entre poetas galegos e irlandeses. A autora afirma ter explorado o lado escuro do patriotismo en *Anchored*.

Penelas, Sandra, “Erín Moure. ‘As autoras galegas afectan e estimulan cambios e descubertas na poesía en inglés”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, 29 febreiro 2016, p. 5.

Entrevista á tradutora e poeta canadense, que será investida Doutora *honoris causa* pola Universidade de Vigo. Salienta o momento no que tomou a decisión de pasar máis tempo en Galicia e aprender galego, o que lle permitiu participar nunha cultura grande e contemporánea.

Pinal, Martiño, “De Ourense a San Andrés”, *La Región*, “*Vida*”, n.º 2.263, “En confianza”, 30 outubro 2016, p. 2.

Entrevista co cineasta italiano Simone Saibene sobre a creación da produtora Noveolas Producciones. Destaca a súa última produción fílmica, *Pelegrinaxes*, por estar baseada na obra de Ramón Otero Pedrayo *Pelegrinaxes I*. Salienta o argumento do libro, centrado na propia viaxe do escritor con outras personalidades como Vicente Risco e Ben Cho Sei a San Andrés de Teixido.

Pintor, David, “Fino Lorenzo. ‘Son dono do meu tempo”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Disfrutar”, “En otro plan”, 30 decembro 2016, p. 22.

O ilustrador Fino Lorenzo responde brevemente a dez preguntas sobre os seus traballos como ilustrador e indica que John Tenniel ou George Grozs son os mellores ilustradores da historia.

Piñeiro, Marta P., “Moncho Borrajo. ‘Ser pregoeiro na túa terra é, dalgún xeito, demostrar que contan contigo”, *Faro de Vigo*, “XIV Festa do marisco de Vigo - Vigomar 2016”, 8 setembro 2016, p. 28.

Co gallo da presenza de Moncho Borrajo en Vigo comenta nesta entrevista que vai estrear o seu espectáculo *Madre mía* e mais que axiña tirará do prelo o seu terceiro libro de poesía en lingua galega.

Pita, María, “Arantxa Serantes. ‘Quería que las mujeres tuvieran voz en un ámbito que siempre fue masculino”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, 23 xuño 2016, p. 13.

Conversa na que Arantxa Serantes indica que en *Rosalía de Castro y María Zambrano: La razón poética* (Liceus, 2016), se pon en relación a ambas as autoras e que se interesa pola filosofía de xénero.

Pousa, Luis, “Claudio Rodríguez Fer. ‘O amor nin se crea nin se destrúe, só se transforma”, *El Correo Gallego*, “Entrevistas”, 13 marzo 2016, p. 19.

O poeta, narrador, profesor de Filoloxía e director da Cátedra José Ángel Valente expresa as súas impresións ao ser nomeado Doutor *honoris causa* pola Universidade da Alta Bretaña, así como do estado da poesía actual e a inestabilidade so sistema educativo como resultado da incompetencia e irresponsabilidade política.

_____, “Xosé Henrique Monteagudo Romero. ‘O galego deriva directamente do latín e o portugués deriva do galego”, *El Correo Gallego*, “Entrevistas”, 5 setembro 2016, p. 14.

Entrevista con Xosé Henrique Monteagudo na que reflexiona sobre o concepto ideolóxico dos Séculos Escuros, dos vencellos entre o galego e o portugués e mais sobre a imposición política da lingua española en Galicia.

_____, “Claudia Piñeiro. ‘Siento el gallego y el español como dos lenguas absolutamente propias”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 29 setembro 2016, p. 43.

A autora arxentina de orixe galega Claudia Piñeiro fala das súas raizames galegas co gallo da súa presenza en Ourense dentro do 82.º Congreso do Pen Internacional.

_____, “Xurxo Souto Eiroa. ‘O mar non é noso, porque todas, todos somos do mar”, *El Correo Gallego*, “Entrevistas”, 27 decembro 2016, p. 18.

O polifacético Xurxo Souto céntrase nesta entrevista no seu libro *Contos do mar de Irlanda* (2014), no que pretendeu describir e salientar a importancia do mar en Galicia.

Rey, Carlos e **I. C.**, "Antón Lopo. 'A poesía é moito máis que un texto que non chega ó final da liña", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "En primera persona", 20 agosto 2016, contracuberta.

Conversa con Antón Lopo sobre os seus proxectos dedicados á poesía: a libraría e a editorial Chan da Pólvora e destaca que queren ir a pequena escala e non parecerse a Xerais ou Galaxia.

R. L., "Iria Acevedo. 'Os Trocos cuenta con actores de tres generaciones de dos familias", *El Progreso*, "*Fiestas patronales Castro Ribeiras de Lea*", 4 agosto 2016, p. 64.

Entrevista a Iria Acevedo na que afirma que desde a aula de teatro de Castro Ribeiras de Lea que dirixe xurdiu o grupo teatral afeccionado "Os Trocos" e mais que tamén dirixe aulas de teatro municipal en Lugo desde 2003, así como en diversos centros escolares.

Rodríguez, Salvador, "Xulio Formoso. 'Coñecer a Celso Emilio Ferreiro foi do máis afortunado da miña vida", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 568, "Entrevista", 21 xaneiro 2016, p. V/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 525, "Entrevista", 30 xaneiro 2016, p. 11.

Entrevista na que o cantautor evoca lembranzas do seu pasado en Voces Ceibes, a súa relación con Celso Emilio Ferreiro (cuxos versos gravou en 1970 en *Galicia canta*) e afonda no labor do artista dende a súa perspectiva no mundo da música, a pintura e o debuxo.

Rodríguez, Susana, "Montse González. 'O amor en maiúsculas é un prezado don que precisa de maxín e ousadía", *El Progreso*, "*Xente de aquí*", "Moi persoal", 3 abril 2016, p. 16.

Conversa coa autora do poemario *Chorimas serodias* (2016). Logo dunha sucesión de preguntas de carácter máis persoal, fálase dos motivos que a levaron a escoller o xénero poético, sobre o simbolismo que esconde o título e sobre a temática principal da obra.

Rozas, Ramón, "Miguelanxo Prado. 'Custoume contar sen carraxe as preferentes", *Diario de Pontevedra*/ *El Progreso*, "*Táboa Redonda*", n.º 39, 12 xuño 2016, pp. 2-3.

Miguelanxo Prado reflexiona nesta conversa sobre *Presas fáciles* (2015), da que indica que a ausencia de cor é un xeito de evitar que o lector quede prendido. Asemade, salienta o interese que a súa obra está a ter en Francia e tamén fala da situación da banda deseñada en Galicia.

Silva, Kiko da, "Prado interior", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", 24 decembro 2016, pp. 58-59.

Kiko da Silva conversa con Miguelanxo Prado e este realiza un repaso pola súa produción artística centrándose na obra *Ardalén* (2012) e no seu proceso de creación, obra coa que gañou o Premio Nacional.

Torre, Sonia, "Rosa Enríquez. 'Cando alguén di que non entende de poesía, penso que perde moitas cousas", *La Región*, "Valdeorras", 3 xaneiro 2016, p. 20.

Entrevista á escritora Rora Enríquez co gallo da presentación do seu poemario *Historia do meu corpo en labaradas* (2015) na Rúa de Valdeorras. A autora fala da edición bilingüe do libro, cuxa tradución é tamén obra súa, e explica o sentido do poemario, que trata de ser unha reivindicación do corpo coma un territorio libre.

_____, "Vicente Fernández. 'Faltaba una propuesta para ofrecer narrativa moderna en gallego", *La Región*, "Ciudad", 15 marzo 2016, p. 9.

O director de Editorial de Novovinilo Edicións fala sobre o seu proxecto, no que aposta pola publicación de obras de narrativa contemporánea inéditas en galego. A primeira delas, que se presentará de xeito inminente, é *O enigma de Qaf* (2015), do autor brasileiro Alberto Mussa.

_____, "Arturo Lezcano. 'Me gusta repetirme a mi mismo que ningún tiempo pasado fue mejor", *La Región*, "Ourense", 30 agosto 2016, p. 8.

Fálase de que Arturo Lezcano editou un libro con crónicas de emigración escritas para *La Región* nos anos 60 e subliña que Ourense é unha provincia eminentemente emigrante.

Varela, Lourdes, "Manuel F. Rodríguez. 'A Catedral de Santiago está chea de misterios excepcionais", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 567, "Entrevista", 14 xaneiro 2016, p. V.

Entrevista a Manuel F. Rodríguez que afonda na súa novela *A viaxe á fin do mundo* (2015), catalogada polo propio autor coma histórica de misterio. Relata algúns feitos que recrea, como o roubo da cruz de Afonso III ou o incendio no retablo, e explica que foran pouco difundidos no seu momento.

_____, "Olivia Rodríguez. 'Cela mantivo estreitas relacións cos intelectuais galegos do exilio", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 573, 26 febreiro 2016, p. V/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 530, "Entrevista", 5 marzo 2016, p. 10.

Entrevista a Olivia Rodríguez, profesora da Universidade da Coruña, co gallo da edición dun libro que reúne medio cento de textos de Camilo José Cela relacionados con Galicia. Fala sobre o criterio escollido para seleccionar os textos, a relación de Cela con

Isaac Díaz Pardo e a intelectualidade galega exiliada, así como os poemas escritos polo autor en galego.

_____, "Antonio Couto. 'Neira Vilas estaba totalmente entusiasmado co seu último libro", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 590, 30 xuño 2016, p. V/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 546, "Entrevista", 9 xullo 2016, p. 11.

Conversa con Antonio Couto na que realiza un repaso á historia de Bolanda Edicións. Destaca entre as publicacións títulos como os dos Bolechas, *Contos vellos para rapaces novos*, de Xosé Neira Vilas; o libro infantil *Lobishome* e mais a novela de Manuel F. Rodríguez *A viaxe á fin do mundo*.

_____, "Óscar Ibáñez. 'A música galega na emigración é merecente dun fondo estudo", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 596,"Entrevista", 29 setembro 2016, p. V/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 548, "Entrevista", 8 outubro 2016, p. 11.

Entrevista na que o músico Óscar Ibáñez repasa a súa faceta como gaiteiro e investigador musical e na que anuncia que o seu vindeiro disco *Alén do mar* contará coa inspiración do poema "O fillo de Celt" de Ramón Cabanillas.

_____, "Xoán Eiriz. 'Cada ano que pasa, canto con máis sentimento", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 599, "Entrevista", 20 outubro 2016, p. V/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 552, "Entrevista", 29 outubro 2016, p. 11.

O cantautor Xoán Eiriz indica que hoxe en día hai extraordinarios poetas en lingua galega e explica a importancia de Xavier Alcalá ou Álvaro Cunqueiro en cancións emblemáticas como "Teño saudade" ou "Quen puidera namorala".

_____, "Xosé Manuel Budiño. 'Decidín ser músico despois de ver, en Balaídos, o Rock'n Ríos", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 605, 1 decembro 2016, p. V/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 558, 10 decembro 2016, p. 11,"Entrevista".

No marco dunha entrevista ao músico, que conmemora o vixésimo aniversario do álbum *Paralaia*, coméntase a reedición e remasterización deste traballo, agora acompañado dun libro ilustrado que incorpora o texto de presentación escrito daquela por Xosé Luís Méndez Ferrín, así como ilustracións da artista ourensá Ana Zon.

_____, "Miriam Sandoval. 'Mercedes Sosa aínda é un símbolo para toda Latinoamérica", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 608,"Entrevista", 22 decembro 2016, p. V.

A cantautora Mercedes Sosa indica que está a musicalizar poetas galegos entre os que se atopan composicións de Celso Emilio Ferreiro, Emilio Pita ou Eduardo Blanco Amor e que todo este traballo rematará nun disco e mais nun espectáculo.

_____, "Carmen Penim. 'Herdeiras é unha homenaxe ás mulleres galegas da Guerra Civil", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 560, "Entrevista", 24 decembro 2016, p. 11.

A cantante e compositora Carmen Penim sinala que o proxecto *Herdeiras* é o seu reto musical máis ambicioso, no que contou coa colaboración de Helena Villar Janeiro,

Marta Dacosta, Marga do Val, Carmen Blanco e Eva Veiga, así como de numerosos ensaístas como Aurora Marco ou Xosé Manuel Cid.

Varela, María, "Helena Villar Janeiro. 'As redes sociais puxéronme os pés na terras cos lectores", *Diario de Pontevedra*, "*reviSta*", n.º 812, "Entrevista", 7 febreiro 2016, pp. 4-5.

Helena Villar fala, dende a súa aldea natal de Abuín, sobre literatura e Internet, centrándose no seu blog "Tirar do fío", a publicación do libro *6 poemas 6. Homenaxe a Federico García Lorca* (2015), do que é editora, e o estado actual da lingua galega e a súa literatura.

V.8. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: NOTAS, PRESENTACIÓNS E ESCRITOS VARIOS

A. B., "Descubrir a pie el relato cultural del Vigo de preguerra", *Faro de Vigo*, "Vigo", 5 xuño 2016, p. 6.

Salienta a labor do Servizo de Normalización Lingüística do Concello, quen organiza rutas literarias que intentan demostrar a importancia que a cidade de Vigo tivo na configuración da literatura galega do século XX. Comenta brevemente as rutas que se seguen, destacando a rúa na que viviu Manuel Antonio.

Abascal, M. "Lorenzo destaca o labor comprometido de Villar Ponte a as Irmandades da Fala", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 1 xuño 2016, p. 39.

Infórmase de que a obra *Antón Villar Ponte e as Irmandades da Fala* (2016), coordinada por Adriana Rodríguez Eiroa e Cristóbal Atienza, está dedicada á figura de Antón Villar Ponte e ao movemento das Irmandades da Fala feitos cruciais no progreso da cultura galega e nas aspiración políticas galegas no século XX.

Abascal, María, "O simposio Isla Couto: raíz e utopía analiza as facetas deste intelectual galeguista", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 21 outubro 2016, p. 39.

Recolle as palabras de Anxo Lourenzo no acto de apertura do simposio "Xaime Isla Couto: raíz e utopía", quen afirma que se trata dunha oportunidade para reflexionar arredor de proxectos na construción política, cultural e da identidade.

_____, "Falece Dorotea Bárcena, pioneira da escena galega", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 23 novembro 2016, p. 36.

Dá conta da morte de Dorotea Bárcena, unha das figuras teatrais máis emblemáticas de Galicia. Comenta que foi a encargada de realizar a montaxe de *Follas Novas* de Rosalía de Castro, a cal se trata dunha peza propia seguindo a obra da escritora.

Abelenda, Ana, "Para sobrevivir a Trump hai que ler a Berger", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Personaxe", "A recomendación", 11 novembro 2016, p. 10.

Recóllense as palabras do escritor Manuel Rivas, quen destaca a elección do presidente Donald Trump como o eco da difícil situación europea, na que se está a vivir un cambio climático referido á política e á cultura. Salienta a súa idea da valía da produción literaria de John Berger para sobrevivir a esta complicada situación mundial actual. Resalta a obra de Berger *Porca Terra*, na que o escritor coruñés afirma atopar unha revelación referente ao campesiñado de Galicia.

Abilleira, M., "Teatro, música y magia por la integración", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Ciudad", 9 xaneiro 2016, p. 8.

Infórmase da celebración da decimonovena edición da gala benéfica para persoas con Síndrome de Down. Ademais, dáse conta do programa, no que se inclúe a obra *Viaxe a algunha parte*, do grupo de teatro Axóuxere.

Acción Portela, Moisés, "Antonio Portela, vanguardia de los fotógrafos coruñeses", *La Opinión*, "*El Domingo*", n.º 800, 2 outubro 2016, pp. 2-5.

Reflexiona arredor da figura de Antonio Portela, o fotógrafo que realizou en 1902 o retrato de Rosalía de Castro baseado nunha fotografía de Luis Sellier e que se converteu na imaxe icónica da escritora. Recolle as súas vivencias en América e en Madrid, así coma o seu regreso á súa terra natal, A Coruña.

Acebo, Héctor, "Os camiños de Palas conducen ao teatro", *El Progreso*, "Comarcas", 4 setembro 2016, p. 19.

Anúnciase o roteiro teatral "Os camiños da vida", centrado nos matrimonios de conveniencia que os pais impoñían ás súas fillas en vista das propiedades materiais do seu futuro esposo. Indícase que tamén terán lugar representacións a cargo do grupo Metátase Teatro, os cales escollen a actores afeccionados, xente da propia aldea na que actúan para que representen un papel.

Acosta, S., "El tesoro escondido del Museo Maside", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 20 marzo 2016, p. 41.

Entre outras cousas, comenta que no Museo Maside se conservan as máscaras realizadas por Castelao para a representación d´*Os vellos non deben de namorarse*.

A. C. V., "El BNG plantea cambiar el nombre de las calles José Antonio y Calvo Sotelo", *El Progreso*, "Sarria", 17 decembro 2016, p. 26.

Coméntase a proposta do BNG de Sarria de cambio da nomenclatura das rúas José Antonio e Calvo Sotelo por Irmandades da Fala e Rúa da Liberdade.

A. F., "Obra de teatro solidaria a favor de la Cruz Roja guardesa", *Atlántico Diario*, "Área metropolitana", "Baixo Miño", 6 xullo 2016, p. 19.

Informa da posta en escena solidaria da peza *Maruxiña Baiolona*, a cargo do grupo teatral de Oia "Os mellores do ghrupo".

_____, "Escenarios de la Prehistoria' estará hasta el 12 de este mes", *Atlántico Diario*, 5 novembro 2016, p. 25.

Coméntase a presentación da mostra "Escenarios de la Prehistoria", organizada polo Servicio de Cultura e Lingua da Deputación de Pontevedra. Dentro desta serie de

obxectos peculiares, atópanse as actividades enmarcadas por Ano Castelao, quen tentaba concienciar á xente do valioso patrimonio histórico, arqueolóxico e artístico que posúe Galicia. Saliéntase así a súa obra *As cruces de pedra*.

Agulla, A., "Queremos Galego ofrece hoy un recital de poesía en el Museo Manuel Torres", *Diario de Pontevedra*, "*Diario do Morrazo*", "O Morrazo", "Marín", 23 xaneiro 2016, p. 4.

Dá conta da celebración dun recital organizado por Queremos Galego Marín no Museo Manuel Torres. Ten o obxectivo de poñer en valor a cinco novos poetas galegos que estarán acompañados de "O Leo".

_____, "Unha exposición e un recital poético homenaxearán a Víctor Castro López", *Diario de Pontevedra*, "*Diario do Morrazo*", "O Morrazo", "Marín", 5 marzo 2016, p. 3.

Informa da celebración dunha homenaxe ao profesor e escritor Eduardo Víctor Castro López organizada polo Ateneo Santa Cecilia, o Club de Opinión Portocelo e o Concello de Marín. Entre os actos programados salienta a inauguración dunha exposición fotográfica e unha velada poética que culminará cun recital do Coro de Cámara.

A. I. S., "Intensa jornada en la Fundación Torrente Ballester con visitas y presentaciones", *El Correo Gallego*, "Santiago", 26 xaneiro 2016, p. 26.

Entre outros temas indica que a Real Academia Galega de Belas Artes organizará uns actos arredor da figura de Castelao e que se presentou a edición en galego de *Historias de Compostela* (2015), de Xosé Filgueira Valverde.

_____, "Presentación del octavo libro de Tomás Antón Pereiras en el Hostal", *El Correo Gallego*, "Santiago", 27 xaneiro 2016, p. 29.

Informa do acto de presentación da obra *Nin rebechudo, nin badueiro, á que salta un indo*, de Tomás Antón Pereiras.

_____, "Música y palabras para conocer el libro póstumo de Tomás Antón Pereiras", *El Correo Gallego*, "Santiago", 28 xaneiro 2016, p. 28.

Dáse conta da presentación do oitavo libro de Tomás Antón Pereiras, *Nin rebechudo, nin badueiro, á que salta un indo*. Comenta algúns aspectos da biografía do escritor e destaca a obra *Coas ideas fervendo a borbollóns, doado será ser escribidor*, onde aparece reflectido o seu "amor pola literatura".

_____, "La 'Romaría dos libros' llenará Mazarelos de actividades literarias", *El Correo Gallego*, "Santiago", 24 xullo 2016, p. 25.

Preséntanse as actividades programadas polo colectivo Compostela Literaria para a nova edición da Romaría dos Libros de Verán: unha exposición fotográfica, encontros con Sechu Sende e con Carlos Quiroga e un trivial literario.

_____, “Los libros salen a la calle como protagonistas de varias actividades”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 25 xullo 2016, p. 31.

Informa da campaña de “bookcrossing” organizada pola Deputación. Indica que entre os volumes están obras de Celso Emilio Ferreiro, Otero Pedrayo, Alonso Montero etc.

_____, “Más de cien ‘Rostros’ del legado familiar de Carlos Maside”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 16 decembro 2016, p. 30.

Dá conta da mostra ‘Rostros’, protagonizada por máis de cen retratos realizados por Carlos Maside, inaugurada polo Consorcio de Santiago de Compostela na Casa do Cabildo. Nesta exposición, destaca un gravado de Castelao e un autorretrato do propio autor.

A. L., “El emblema de Manuel Curros Enríquez”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, “Fue noticia en”, 21 febreiro 2016, p. 10.

Infórmase de que Manuel Gómez Román encabezou unha iniciativa popular para recadar fondos para erixir un monumento en honra de Manuel Curros Enríquez en Vigo. Dise que o monolito foi situado na Alameda en 1911 e que, con todo, sufriu un cambio de lugar até que en 2008 o devolveron ao seu emprazamento orixinal. Ofrécense, ademais, breves datos da biografía do autor.

Aldán, Clara, “Castelao ‘Mannequin Challenge”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Y ademas”, “A praza da verdura”, 14 decembro 2016, p. 15.

Sinala que o actor Carlos Blanco, o debuxante Luís Davila, a actriz Bea Campos, o director de Limiar Teatro Fran Núñez, a intérprete Carmen Penim, o deseñador Pablo ‘Zentolo’, o realizador Miguel López e o deputado provincial de Cultura Xosé Leal, realizaron un ‘mannequin challenge’ na Gala Castelao.

Almodóvar, María, “La Biblioteca de Galicia, un tesoro patrimonial al alcance del pueblo”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 27 marzo 2016, p. 35.

Describe a fundación e dotación da Biblioteca de Galicia e destaca que se incorporaron as bibliotecas persoais de Xesús Alonso Montero, Basilio Losada, Isaac Díaz Pardo, Losada Espinosa e Agustín Sixto Seco.

_____, “O ‘Westminster galego’ lembra á entrañada Rosalía”, *El Correo Gallego*, “Primer plano”, 26 xullo 2016, p. 11.

Dáse conta da celebración do día grande de Galicia, no cal se promove unha ofrenda floral no Panteón de Galegos Ilustres á escritora galega máis recoñecida: Rosalía de Castro. Indícase que este ano é a data na que se cumpre o 125 aniversario do traslado do seus restos mortais e que se celebrou unha misa acompañada dun grupo coral. Destácase

a presenza dalgunhas das familias dos homenaxeados: a familia de Agustín Sixto Seco e Xosé Mosquera Pérez.

_____, "Un simposio enaltece la figura de Ramón de Arana", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 30 novembro 2016, p. 42.

Destaca a celebración do simposio "Redes de contacto entre músicos, literatos e ideólogos na Galicia do Eixe Atlántico (1875-1951)" no Museo de Pontevedra. Sinala un dos temas a tratar: A Coruña e Santiago, eixes urbanos de actividade musical e teatral.

Allegue, Alexandre, "Magnolia universal", *Diario de Arousa*, "*As Letras Galegas en Vilanova*", 15 maio 2016, p. 35.

Recóllese unha composición poética titulada "Magnolia universal", dedicada a Francisco Rey Rivero.

_____, "A Igrexa da Pastoriza", *Diario de Arousa*, "*As Letras Galegas en Vilanova*", 15 maio 2016, p. 37.

Recóllese unha composición poética titulada "A Igrexa da Pastoriza", dedicada a Lino Arcos Salgado.

Alonso, Serafín, "Sabino Torres, hijo predilecto de la ciudad", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", 27 maio 2016, pp. 2-3.

Fálase da intención de organizar unha homenaxe sobre a figura do poeta e editor pontevedrés Sabino Torres. Saliéntase a súa labor política.

Alvarellos, Quique, "Santiago, no corazón de Lorca", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Agenda", "Para todos los públicos", 18 abril 2016, p. L11.

Informa do descubrimento dun documento inédito de Federico García Lorca, a súa sinatura no libro de hóspedes do Hotel Compostela, onde o autor recibira unha homenaxe en maio de 1932 durante unha das catro viaxes realizadas polo autor a Galicia. Lembra os poemas que escribiu en galego.

_____, "Aquí naceu Rosalía de Castro", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Agenda", "Para todos los públicos", 15 maio 2016, p. L11.

Dáse conta da situación da casa natal de Rosalía de Castro, que non existe na actualidade.

_____, "Otero Pedrayo no Hotel Europa", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Agenda", "Para todos los públicos", 31 xullo 2016, p. L7.

Comenta a estadía do escritor Ramón Otero Pedrayo no Hotel Europa, situado en Santiago de Compostela e indica que esta información está presente nunha carta que o propio autor lle enviou a súa nai o 1 de maio de 1905, onde eloxia o edificio no que se aloxa e a atención recibida.

_____, "Pedras floridas para Gabo", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Agenda", "Para todos los públicos", 9 outubro 2016, p. L11.

Reflexiona arredor da primeira vez que Gabriel García Márquez pisa Galicia. Menciona a obra *A Galicia máxica de García Márquez* de Carlos Reigosa, que sitúa á tataravoa do escritor, Josefa Vidal, en Ourense.

Álvarez, Elisa, "Antón Santamarina Fernández. 'Nacín na aldea, fun un Balbino total", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Compostelanos en su rincón", 26 setembro 2016, contracuberta.

Reflexiónase arredor da figura de Antón Santamarina, quen chegou a Compostela no ano 61 dende unha parroquia da Fonsagrada e axiña se interesou polos estudos do galego.

Álvarez, Mario, "Lembran no sesenta e seis aniversario da súa morte a Castelao", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 9 xaneiro 2016, p. 34.

Dáse conta da celebración dunha ofrenda floral a Castelao con motivo do seu sesaxésimo aniversario e destácanse os aspectos máis interesantes das intervencións dos participantes no acto.

_____, "Coeditaranse cinco antoloxías sobre as Irmandades da Fala", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 8 marzo 2016, p. 42.

Indica que a RAG e o Parlamento de Galicia coeditarán unha colección de cinco antoloxías sobre as Irmandades da Fala tras chegar a un acordo nunha reunión. Así mesmo, tamén se apunta que ambas as institucións xa colaboran na organización da mostra titulada *51 páxinas dás* [sic.] *nosas letras*.

_____, "O centenario das Irmandades da Fala encherá Galicia de actividade cultural", *El Correo Gallego*, "Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio", 15 marzo 2016, p. 34.

Anuncia a presentación no Museo do Pobo Galego da variada programación das actividades culturais organizadas para conmemorar o centenario das Irmandades da Fala, entre as que se acollen simposios, mostras e publicacións.

_____, "Homenaxe a Neira Vilas, un autor cosmopolita pero con fondas raíces", *El Correo Gallego*, "Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio", 18 marzo 2016, p. 41.

Informa da homenaxe a Neira Vilas na Cidade da Cultura, destacando a intervención do presidente da Xunta que, logo de repasar brevemente a transcendencia da súa obra,

mencionou a Galicia descrita por este autor segue presente "no seu legado, na súa fundación, no Auditorio Neira Vilas da Cidade da Cultura e nos seus lectores".

_____, "A Ragba reivindica a 'innegable' trascendencia da figura de Castelao", *El Correo Gallego*, "Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio", 2 abril 2016, p. 39.

Destácase que o Día das Artes Galegas 2016 foi para Castelao e faise un percorrido pola figura do escritor e artista galego. Fálase das estampas recollidas no álbum *Nós*, composto entre 1916 e 1918.

_____, "Poesía, música y baile en el Centro Galicia bonaerense", *El Correo Gallego*, "Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio", 2 maio 2016, p. 22.

Informa do festival de poesía, música e baile do Centro Galicia de Bos Aires, destacando que inclúe presentacións de libros, coloquios... Entre eles, salienta a homenaxe a Lorenzo Varela e a presenza da figura de Blanco Amor.

_____, "Morre aos 91 anos de idade o editor, escritor e xornalista pontevedrés Sabino Torres", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 24 maio 2016, p. 43.

Dáse conta do pasamento de Sabino Torres, destácase o seu traballo na colección de poesía Benito Soto e recóllense algúns dos títulos editados (*Muiñeiro de brétemas*, *Poemas de ti e de min*...).

_____, "O legado das Irmandades da Fala no seu centenario, en 'Saúde e Terra irmá(n)s!", *El Correo Gallego*, "Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio", 4 xuño 2016, p. 38.

Destaca a celebración do centenario das Irmandades da Fala remontándose ás súas orixes. Comenta a importancia deste movemento que logrou un novo rexurdimento da lingua oral e escrita en Galicia. Indica a existencia dunha exposición para conmemorar o centenario e a presenza de personalidades como Xesús Alonso Montero.

_____, "Publican a primeira edición en inglés de 'Follas novas", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 6 setembro 2016, p. 43.

Informa da publicación *New leaves*, tradución a cargo de Erín Moure, que ten como finalidade a difusión da obra rosaliana.

_____, "O pleno da RAG elixe a Chus Pato académica de número", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 6 novembro 2016, p. 37.

Comenta a elección de María Xesús Pato Díaz como académica numeraria, ocupando o posto do finado Xosé Fernández Ferreiro. Destaca brevemente a biografía da autora ourensá, a cal conta cunha ampla traxectoria literaria e un arraigado compromiso co feminismo contemporáneo. Enumera varias das obras da autora como *Urania* (1991), *Heloísa* (1994), *Fascinio* (1995), *A ponte das poldras* (1996) ou *Nínive* (1997), o cal lle outorgou o Premio Losada Diéguez. Indica que mereceu tamén o Premio da Crítica e o Lousada Diéguez por *Hordas de escritura* (2008), así como o Premio da Irmandade do Libro como mellor autora do ano con *Carne de Leviatán* (2013). Explica a

universalidade da autora, quen conta con numerosas traducións das súas obras a diferentes idiomas como o inglés, portugués, serbio, polaco, alemán, italiano, español ou árabe clásico.

_____, "A TVG lembra con Roi Casal o cabodano de Neira Vilas", *El Correo Gallego*, "Medios", 27 novembro 2016, p. 57.

Sinálase que co cumprimento dun ano desde a morte do escritor Xosé Neira Vilas, a TVG súmase ás sendas homenaxes coa proxección do concerto *Son galego, son cubano* de Roi Casal. Dise que o disco é o produto do traballo conxunto de Casal e Neira Vilas gravado na Habana.

A. M., "Una mujer que amaba el teatro, con mucho carácter y que nos hacía reír a todos", *La Opinión*, "Sociedad, cultura y ocio", 23 novembro 2016, p. 31.

Dá conta do pasamento da aclamada actriz teatral Dorotea Bárcena. Recolle as verbas de Teté Delgado e de Ernesto Chao, presidente da Asociación de Actores e Actrices de Galicia, sobre a súa figura no teatro. Sinala a súa importancia ao ser unha das pioneiras do teatro galego dos anos 70 e unha das primeiras mulleres en profesionalizarse.

Ameixeiras, Diego, "Verín negro", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "Ficción", "1280 almas", 15 abril 2016, p. 4.

Refire a segunda edición dos Ciclos de Novela Negra de Verín, organizados por R. Justo e Aurora Prieto, quen se encargan de coordinar unha diversas charlas sobre a materia por parte de escritores especializados no xénero así como policías, gardas civís e forenses.

Ameixeiras, X., "La Voz reedita 'Queixumes dos pinos' no seu 130.º aniversario", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 6 novembro 2016, p. 39.

Anúnciase a reedición facsímile do poemario *Queixumes dos pinos*, coas mesmas vinte e unha composicións que aparecían na publicación primeira, coa colaboración da Fundación Eduardo Pondal de Ponteceso e patrocinio de Gadis. Inclúense valoracións positivas sobre este xesto por parte de Xesús Alonso Montero, presidente da RAG, e de Manuel Ferreiro, profesor da UDC e especialista no poeta de Ponteceso.

Amo, E. del, "Francisco Castro estará hoxe en 'El sábado libro' para falar da súa novela", *El Correo Gallego*, "Medios", 24 setembro 2016, p. 61.

Repasa a traxectoria de Francisco Castro, centrándose na novela *Tes ata as dez* (2014) e anuncia que será entrevistado no programa *El sábado libro* de Radio Obradoiro, onde falará da xénese da novela.

A. N., “Versos para enaltecer la poesía femenina”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, 22 xuño 2016, p. 11.

Anuncia a creación en Vigo dun festival dedicado á produción poética feminina chamado Poemaria. Comenta que o proxecto está baixo a dirección de Keith Payne e Patricia Sánchez e inclúe charlas, recitais e lecturas en voz alta dos poetas Ismael Ramos, Elvira Ribeiro, Alba Alonso, Itziar Mínguez, Isaac Xubin e Víkor Gómez.

_____, “El concierto de Cohen en Vigo fue el mejor de mi vida”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 12 novembro 2016, p. 37.

Indícase que o escritor Antonio Teijeiro e o músico Roi Casal comparten os seus recordos sobre o concerto que ofreceu o Leonard Cohen en Vigo, un dende a perspectiva literaria e o outro dende a musical.

Andrade, Xoán, “Una rememoración poética del Banquete de Conxo”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, 17 marzo 2016, p. L10.

Informa do acto de lembranza do Banquete de Conxo coa participación de distintos poetas como Sara Vilar, Oriana Méndez, Jesús Castro Yáñez e Dores Tembras. Tamén informa da celebración de obradoiros literarios

Añón, Amara, “As Irmandades interactúan en Vigo”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 11 agosto 2016, p. 11.

Comenta a celebración da mostra “Saúde e Terra, irmá(n)s!”, centrada no traballo social, cultural e literario desempeñado polas Irmandades da Fala. Salienta a intertextualidade da exposición ao incluír documentos antigos, imaxes e fotografías, música, documentos gráficos e obxectos de importancia na historia das Irmandades. Entre os obxectos presentes na mostra, destaca a máquina de escribir de Valentín Paz Andrade, as lentes de Vicente Risco, a primeira cabeceira d’*A Nosa Terra* ou a escultura de Uxío Souto “Galicia, nai e señora”.

Á. P., “Víctor Rivas participou na inauguración de Follas ao Aire, en Cerdedo-Cotobade”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Provincia”, 7 novembro 2016, p. 10.

Anuncia a presentación do proxecto cultural “As Follas ao Aire” que consiste na construción dunha biblioteca ao aire libre con puntos de lectura nas zonas naturais máis importantes da zona. Comenta que conta coa participación do ilustrador Víctor Rivas, quen inaugurou un dos espazos de lectura.

A. R., “II Ciclo de Novela Negra, en abril”, *O SIL*, “Cultura”, abril 2016, p. 28.

Dáse conta da celebración dun novo Ciclo de Novela Negra en Verín. Recolle as actividades previstas e destaca a presenza do escritor Diego Ameixeiras.

_____, “As festas ao longo do tempo”, *O SIL*, “*Especial Festas do Cristo 2016*”, “Concello”, setembro 2016, p. 19.

Informa da exposición de programas das festas do Cristo que amosan a historia das festas e dos seus pregoeiros. Destacan os textos de autores galegos coma Florencio Delgado Gurriarán, Otero Pedrayo e Álvaro Cunqueiro.

_____, “Manuel López. ‘Preparo xa unha novela”, *O SIL*, “Cultura”, novembro 2016, p. 25.

Anuncia a publicación da obra *Tocábanos crecer* (2016), de Manuel López Cid, “65 historias ns que conxuga diferentes formas de vivir o sentimento amoroso”.

_____, “El mago Deimi y Angelito el Largo, cabezas de cartel del Certame do Humor”, *Faro de Vigo*, “*Vigo 4 Costados*”, 1 novembro 2016, p. 4.

Comenta a celebración do 17º Certame do Humor organizado polo Centro Cultural de Valladares. Indica que a mostra contará coa actuación do grupo teatral Rueiro, que serán os encargados de representar *Pillabáns de 5 estrelas*.

_____, “Monterroso conmemora el centenario de Lorenzo Varela con diversos actos”, *El Progreso*, “Comarcas”, 3 decembro 2016, p. 21.

Comenta a celebración de diferentes actos conmemorativos arredor da figura do poeta Lorenzo Varela, con motivo do centenario do seu nacemento. Indica que Xesús Alonso Montero dará inicio ás actividades cunha conferencia e destaca unha sesión literaria-musical protagonizada por Federico García Lorca e a proxección do documental *Exilios, Lorenzo Varela*, de Xan Leira.

Araújo, Emma, “Teo convoca por 165.000 euros un concurso para tener una compañía residente de teatro”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Área metropolitana”, 13 abril 2016, p. L7.

Dá conta da convocatoria por parte do concello de Teo dun concurso público para contratar unha compañía de teatro residente durante dous anos, con posibilidade de prórroga a un terceiro. Indica que o obxectivo do concello é conseguir “unha oferta cultural e teatral estable e de calidade en lingua galega”.

ARCA, “Isto cheira mal!!!’ represéntase hoxe en Sigüeiro”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 22 xuño 2016, p. 34.

Anuncia a posta en escena en Sigüeiro de *Isto cheira mal!!!* da man do grupo Teatro en Familia da ANPA Carboeiro.

_____, “Luis Davila. A retranca dun país’ recalará en Silleda”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 21 setembro 2016, p. 29.

Salienta a chegada da exposición "Luís Davila. A retranca dun país" ao centro cultural Vista Alegre da Bandeira.

_____, "Usuarios de Amipa no Sar dinamizaron o clube de lectura", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 28 setembro 2016, p. 30.

Informa da dinamización do club de lectura da biblioteca municipal de Padrón por parte dun grupo de persoas con discapacidade intelectual e indica que realizaron unha lectura compartida da obra de Rosalía de Castro.

_____, "Lalín pide á RAG que adique o Día das Letras ao dramaturgo Varela Buxán", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 7 decembro 2016, p. 29.

Dá conta da petición do Concello de Lalín á Real Academia Galega para dedicar o Día das Letras Galegas ao dramaturgo Manuel Daniel Varela Buxán. Destaca brevemente os méritos atesourados polo escritor coma a defensa e promoción da lingua galega que se reflicte na súa obra.

Arias, Cristina, "Tablas para hacer reír", *El Progreso*, "A Chaira", 13 xaneiro 2016, p. 15.

Infórmase de que as vilalbesas Carmen Gómez e Estrella Naseiro representarán a obra *Irmás S.L. Dúas xubiladas modernas no mundo dos guasás e os internés* no auditorio da súa localidade natal co obxectivo de recadar fondos para axudar aos desfavorecidos. Ademais, explícase como enfocaron este proxecto.

_____, "Pioneiros galeguistas vilalbeses", *El Progreso*, "A Chaira", 12 xuño 2016, p. 18.

Destaca o aniversario do centenario da creación da institución máis importante da historia e cultura galega: as Irmandades da Fala. Describe o desenvolvemento cronolóxico do grupo, salientando as achegas máis destacadas da institución á vila. Remata cun poema de A. García Hermida titulado "Rexurdimento", publicado en *A Nosa Terra*.

Asensio, Carlos, "El PEN Congress reunirá 250 escritores extranjeros", *La Región*, "Ourense", 10 setembro 2016, p. 13.

Informa sobre a celebración do PEN en Ourense, que congrega a máis de 250 escritores estranxeiros. Destaca a presenza de Méndez Ferrín, Yolanda Castaño, Manuel Rivas e Claudia Piñeiro.

_____, "El PEN reivindica la libertad de la palabra con fotografías", *La Región*, "Ourense", 28 setembro 2016, p. 8.

Dá conta do proxecto "Libertas", que pon de relevo a varios escritores que foron perseguidos polo seu traballo, entre eles Méndez Ferrín.

_____, “La lusofonía añadió ritmo al congreso del PEN Internacional”, *La Región*, “Ourense”, 30 setembro 2016, p. 5.

Informa de que as delegacións deixan Ourense para culminar as actividades en Braga e Santiago de Compostela. Destaca a presenza de Fina Casalderrey e Víctor Freixanes na mesa redonda “Escritores, editores e axentes literarios na periferia”.

Baena, A., “El festival Kerouac lleva Vigo a la escena poética de Nueva York”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 30 marzo 2016, p. 13.

Comenta a participación de poetas galegos nunha declamación en Nova York e os futuros proxectos do festival Kerouac.

_____, “Vladimir, de vampiro a poeta en Kerouac”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 22 outubro 2016, p. 9.

Fálase do recital de Vladimir, o vampiro de Pontevedra e a travesía lírica en barco a Moaña no marco do festival Kerouac.

_____, “Lolita Flores lleva el teatro al Auditorio de Beiramar”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 2 novembro 2016, p. 8.

Destaca a celebración dunha serie de eventos que pretenden converter o outono na estación cultural da cidade de Vigo. Amosa varios títulos de pezas teatrais que serán representadas ao longo do mes, entre as que destaca *El Milagro de los López*, *Los vecinos de arriba*, *Tartufo*, *Edipo*, *Moby Dick*, *Ale hop*, *O tolleito de Inishmaam*, *Al tun tun*, *Invención* e *Os vellos non deben namorarse*.

_____, “A identidade mariñeira de Bouzas ao descuberto”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, “La ciudad al detalle”, 27 novembro 2016, p. 9.

Dáse conta da existencia dun roteiro literario da man de Puri Pérez e Elena de Frutos co obxectivo de dar a coñecer a historia de Bouzas a través dos seus emprazamentos máis representativos.

Baena, Ana, “Anxo Angueira. ‘Rosalía é unha figura de dimensións infinitas”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 24 febreiro 2016, p. 11.

Dáse conta dunha charla de Anxo Angueira para conmemorar o 179 aniversario de Rosalía e destácanse fragmentos da súa intervención no acto.

_____, “Rosalía de Castro segue viva na sociedade do XXI”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 25 febreiro 2016, p. 13.

Infórmase da conmemoración do 179 aniversario de Rosalía de Castro nun acto organizado pola Concellería de Normalización Lingüística de Vigo nunha xornada aberta aos centros de ensino e a todos os veciños da cidade e das parroquias limítrofes.

_____, “El verso conquista el cielo vigués y las plazas de abastos”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 22 marzo 2016, p. 14.

Anuncia os diferentes actos levados a cabo en Vigo con motivo do “Día Mundial da Poesía”. Comenta que o Proxeto Ewa, capitaneado por Marcos de la Fuente, recitou diferentes versos cun megáfono dende o alto do Castelo de San Sebastián e que na biblioteca municipal, Lucía Aldao e María Lado, realizaron o seu espectáculo poético “Sempre en Ibiza”, homenaxe a Castelao.

_____, “La Feira do Libro estrena edición con protagonismo vigués”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 2 xullo 2016, p. 11.

Dá conta da Feira do Libro de Vigo e da alegría dos vendedores pola nova localización, sendo agora nun barrio céntrico e de fácil acceso para os lectores. Destácase a presenza de María Reimóndez e Ledicia Costas.

_____, “As Letras Galegas en clave viguesa”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 10 xullo 2016, p. 8.

Destaca a personalidade literaria protagonista do Día das Letras Galegas en 2017: o escritor Carlos Casares. Comenta que a elección foi realizada pola Real Academia Galega, presidida por Xesús Alonso Montero. Fala do labor literario desempeñada polo autor ourensán, quen ademais de escritor foi xornalista, editor, dinamizador cultural e ensaísta. Salienta a figura de Casares coma unha das personalidades máis singulares e renovadoras do século XX en Galicia, ao narrar diversos temas entre os que que resaltan a literatura infantil e xuvenil, a guerra civil, os amores adolescentes etc.

_____, “Vigo ya es una ciudad poética”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 21 outubro 2016, p. 14.

Fálase do festival Kerouac, que enche todos os recunchos da cidade de Vigo a través de intervencións na rúa, recitais poéticos e a implicación directa da cidadanía.

_____, “Catro séculos de Galicia bidimensional”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 28 outubro 2016, p. 4.

Destaca a inauguración da mostra de “Mapas e cartas de Vigo e Galicia”, situada na Casa Galega da Cultura. Indica que a mostra conta coa carta xeométrica de Domingo Fontán, incluída por Otero Pedrayo na súa novela *Arredor de si* e empregada por Cunqueiro e Castelao para coñecer e representar Galicia.

_____, “Roi Casal. ‘Acertamos, pois o disco soa galego aos cubanos, e cubano aos galegos”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 10 novembro 2016, p. 10.

Anuncia a presentación do disco "Son galego, son cubano", baixo a dirección de Roi Casal, coa colaboración do escritor Xosé Neira Vilas. Salienta as verbas de Roi Casal, quen sinala que se trata dun espectáculo que transcende os límites do musical para converterse nunha homenaxe á figura do escritor finado.

_____, “O adeús vigués a Dorotea Bárcena”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 23 novembro 2016, p. 11.

Resalta a figura de Dorotea Bárcena con motivo do seu pasamento. Destaca os seus inicios como alumna e docente, mais tamén os seus inicios na escena teatral galega, onde foi un referente esencial para os actores galegos da súa xeración como Antonio Durán, ‘Morris’ ou Cándido Pazó. Indica que comezou no teatro afeccionado para logo converterse nunha figura indiscutible no teatro para profesionais.

_____, “Francisco Castro convírtese no novo director de Galaxia”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 20 decembro 2016, p. 11.

Comenta que Francisco Castro foi nomeado novo director da editorial Galaxia polo Consello de Administración da mesma institución. Lembra brevemente a biografía do antigo director, Víctor Freixanes, quen estivo no cargo cerca de quince anos.

Bará, Milagros, “Vórtice, el arte de la poesía”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí!”, “Crónicas y perfiles”, 13 xaneiro 2016, contracuberta.

Anúnciase a presentación de *Atrofiadas as estrelas* (2016), de Alexander Vórtice, no Museo de Pontevedra. Achégase información sobre a traxectoria do autor e sobre os seus referentes literarios, así como unha breve análise da obra.

Becerra, Marta, “Hipócrita celebra una gala dedicada a San Teatrín”, *El Progreso*, “Lugo”, “El despertador”, 15 febreiro 2016, p. 7.

Informa que o grupo Hipócrita Teatro celebrou unha gala especial dedicada a San Teatrín por coincidir a data co día dos namorados.

_____, “Lucenses con muchas tablas”, *El Progreso*, “Lugo”, 1 xuño 2016, p. 11.

Comenta a posta en escena, no centro social de Fingoi, da peza *Innoveitin ou algo* do grupo de teatro das Aulas da Terceira Idade (Artegal).

_____, “Voces para reavivar el recuerdo”, *El Progreso*, “Lugo”, “El despertador”, 9 novembro 2016, p. 8.

Anuncia a lectura dramatizada de *Don Juan Tenorio* polo Taller de Arte Dramática do Campus de Lugo, Espazo 10 e Palimoquiños, como parte da celebración do día de Defuntos.

_____, “Un clásico en el camposanto”, *El Progreso*, “Lugo”, “El despertador”, 24 novembro 2016, p. 10.

Comenta que o cemiterio de Lugo foi o emprazamento escollido para a lectura dramatizada do *Don Juan Tenorio*, a cargo do taller de arte dramático do campus da cidade.

Bellver, Mónica G., “Primeiro poemario de Plácido Blanco”, *O SIL*, n.º 214, “Cultura”, xullo 2016, p. 23.

Informa da publicación de *Corazón de felpa* (2016), conxunto de poemas onde a temática central é o amor. Salienta que se ben este é o seu primeiro libro de poemas, o autor conta xa con numerosas publicacións no eido da psicoloxía e da pedagoxía.

_____, “Combinando poesía e canto”, *O SIL*, “Cultura”, xuño 2016, p. 23.

Preséntase a data, o lugar e a programación da edición número 30 do Encontro de Poetas, organizado polo Instituto de Estudos Valdeorrés. Indica que esta edición de aniversario estará adicada a Emilio Vega e recibirá a 50 poetas e ao cantautor Isaac García de Astorga.

_____, “Música, teatro e xogos”, *O SIL*, “*Especial Festas Agosto 2016*”, “Viana do Bolo”, agosto 2016, p. 15.

No marco da programación cultural de agosto en Viana do Bolo, anuncia a representación das pezas de teatro afeccionado *Os cravos de prata*, a cargo de Candea de Viana e *A idade do pavosaurio*, do grupo Xaime Prada de Vilamartín.

_____, “Ignacio Vilar. ‘O cine é un instrumento para artellar o noso país”, *O SIL*, “*Especial Nadal Decembro 2016*”, “A partir dos 90”, decembro 2016, pp. 8-9.

Comenta a personalidade de Ignacio Vilar, director de cine de ampla traxectoria. Salienta varios dos seus títulos coma *Sicixia* ou *A esmorga* e destaca a importancia deste ámbito artístico na configuración da sociedade galega, pois en verbas do autor o cine axuda a coñecernos a nós mesmos. Resalta a adaptación realizada da obra de Eduardo Blanco Amor, rodada en Ourense e Lugo.

Besadio, D., “A literatura galega traducida a outros idiomas supera xa os 1.500 títulos”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 28 xaneiro 2016, p. 40.

Destácase a ampliación que o sector da tradución das obras galegas coñeceu nos últimos anos, tal e como reflicten os estudos do grupo Bitraga, un equipo de investigación da Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo. Así mesmo, tamén se indica que é moi positiva a tradución ao galego dos premios Nobel e das obras de autores menos coñecidos, aínda que se constata a maior dependencia de importación literaria dende linguas como o español, o inglés e o francés.

Besteiro, Nuno, “Alfredo Conde. ‘O vídeo tivo oitenta mil visitas en só día e medio”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 27 febreiro 2016, p. 40.

Fala da participación do autor Alfredo Conde nun anuncio publicitario da cadea de hoteis Hotusa/ Eurostar Hotels, que en día e medio tivo oitenta mil visitas. Descrribe o *spot* e explícanse os vindeiros proxectos do escritor.

Bernárdez, Carlos L., "As artes en 1916", *La Opinión*, "*El domingo*", n.º 762, 31 xaneiro 2016, p. 5.

Dá conta da importancia da creación das Irmandades da Fala en 1916 para a cultura galega e a súa lingua, en conxunción coas artes plásticas. Neste sentido, destácase a obra *Arredor de si*, de Otero Pedrayo, e o labor de A. Villar Ponte.

_____, "Castelao artista", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 578, "Arte: Exposicións", 7 abril 2016, p. III.

Ofrécese un tercorrido pola traxectoria do autor de Rianxo, Castelao, con motivo da inauguración dunha ampla mostra da súa obra da súas primeiras etapas no Museo de Pontevedra.

B. L., "Galaxia publica el tercer 'Adral' y anuncia la salida del resto de los libros en los dos próximos años", *Diario de Pontevedra*, "Cultural", "Pontevedra", 9 xaneiro 2016, p. 11.

Anúnciase a saída do terceiro volume da serie Adral, *Terceiro Adral* (2015), e do resto de volumes da obra de Filgueira Valverde nos próximos dous anos.

_____, "Oración por Sabino Torres", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Ciudad", 11 xuño 2016, p. 9.

Dá conta da presenza dun gran número de personalidades no acto relixioso celebrado para despedir ao editor Sabino Torres.

_____, "A orquestra de Cámara Galega entra con 'Alba de Gloria' no Ano Castelao", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Ciudad", 28 xullo 2016, p. 8.

Comenta a estrea da obra musical *Alba de gloria* de Rogelio Groba, a cal está inspirada nun discurso de Castelao que o compositor lle escoitou no exilio. Indica que este traballo sae á luz a cargo da Orquestra de Cámara Galega (OCG), actividade patrocinada pola Deputación de A Coruña e que esta celebración estará incluída dentro da conmemoración do Ano Castelao.

_____, "El centenario de Irmandades da Fala centrará el trigésimo Festival de Poesía no Condado", *Faro de Vigo*, "Condado - Paradanta", 31 agosto 2016, p. 11.

Sinálase que as Irmandades da Fala serán o tema protagonista do Festival de Poesía no Condado, o cal alcanza xa a súa trixésima edición. Dise que protagonizan a feira a serie de fotografías "Infinito" de Daniel Pérez, os "Debuxos de negros" de Castelao e os paneis "100 anos. Irmandade da Fala de Compostela".

_____, "O Brumario Poético homenaxeará a Carlos Oroza e a Sabino Torres", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Ciudad", 22 outubro 2016, p. 14.

Dá conta da programación cultural organizada pola Fundación Cuña-Casasbellas no XII Brumario Poético salientando as homenaxes a Manuel María, Carlos Oroza, Sabino Torres e a asociación Vaipolorío.

Blanco, Patricia, "Un recital con 130 lectores espallou a semente de Pondal", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 13 novembro 2016, p. 41.

Comenta a celebración dun recital de poesía con motivo da publicación, hai 130 anos, de *Queixumes dos pinos* de Pondal. Indica que a xuntanza foi organizada pola sede da Fundación Eduardo Pondal no Couto, a pouca distancia da residencia do escritor. Destaca a afluencia de persoas de diferentes idades, sendo a poesía de Pondal un nexo de unión interxeneracional e así chegar a un variado público, que era o obxectivo da reunión.

Botran, C., "Charlas, libros e obradoiros, propostas da ARC Os Tilos", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 7 abril 2016, p. 33.

Infórmase da programación ideada pola Asociación Recreativa e Cultural (ARC) Os Tilos para conmemorar o Día do Libro: actividades de animación á lectura, a posta en escena de *A muller soa de Darío Fo,* un obradoiro de ilustración e un contacontos.

_____, "Castelao, na retina de dezaseis artistas plásticos", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 14 abril 2016, p. 35.

Anuncia a exposición colectiva "Galiza, Castelao, Sempre" con trinta e sete obras e sinala que a intención desta mostra é reivindicar a figura de Castelao.

_____, "Cando a poesía supera barreiras e ten como eixe a solidariedade", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 24 xullo 2016, p. 32.

Conversa con Marcelino Romero con motivo da presentación do seu libro de poemas *Pan e Camiño* (2016). Explícase que é un compendio de versos que conta historia e vivencias da vida cotiá e que se acompañan de fotografías tomadas por Nerea Dios Piñeiro. Sinálase que os cartos recadados se destinarán á ONG Egueire Costa de Marfil.

_____, "Impulso á musealización definitiva da Casa de Rosalía", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 27 xullo 2016, p. 33.

Destaca a renovación que sufrirá a Casa-Museo Rosalía de Castro da Matanza, 40 anos despois da súa apertura aos visitantes. Salienta as verbas de Goretti Sanmartín, traballadora da Deputación na área da Cultura, quen cre que esta renovación física do museo de Rosalía é unha homenaxe máis á autora, sendo así unha renovación da súa propia imaxe, moito máis actualizada.

Botran, Cris, "Reivindican a figura do crego e poeta de Isorna en Padrón", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 1 maio 2016, p. 38.

Dáse conta da presentación da obra de Ricardo Losada, *Faustino Rey Romero. Un evanxeo bufo* (2015) e destaca a intención de reivindicar a súa figura.

_____, "A Estrada lembra aos seus escritores máis sobranceiros", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 18 maio 2016, p. 33.

Anuncia a celebración dun acto para conmemorar a festa das Letras Galegas e sinala a homenaxe a varias figuras literarias: Marcial Valladares, Losada Diéguez, Varela Buxán, García Barros...

Botrán, Cristina, "Padrón recopila en un tomo los 25 años del Camilo José Cela", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 5 marzo 2016, p. 35.

Infórmase da presentación da obra *25 anos do Premio Literario Camilo José Cela* (2016), tomo-homenaxe aos 25 anos do premio de relato curto instaurado para honrar a memoria do novel, que recolle os textos premiados e coincide co centenario do nacemento do autor, así como coa entrega do galardón ao último gañador (o guionista e escritor salmantino José Raúl Clavero Blázquez), e coa conferencia Cela y Galicia, impartida pola catedrática Ana María Platas.

_____, "La Batalla de Cacheiras o el despertar de la conciencia nacionalista", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 14 abril 2016, p. 33.

Infórmase da presentación dos actos do 170 aniversario da Batalla de Cacheiras que inclúe a representación *Abril de lume e ferro*, unha ruta interpretativa de Montouto a Baamonde, a publicación dunha obra conmemorativa da batalla e unha carreira pedestre na que se recupera o trazado orixinal.

_____, "Teatro para abrir boca en A Estrada con cantera local", *El Correo Gallego*, "Área Compostela", 27 maio 2016, p. 32.

Informa da presentación de cinco novas obras da Escola Municipal de Artes Escénicas no Teatro Principal: *Ópera pánica, Espantallo amigo*, peza de temática infantil sobre texto de Neira Vilas, *Mery Poppins*, *Alicia*, versión xuvenil e gótica do clásico, e *Recordos*. Destaca a fusión da ópera, o cabaré, o clown e a danza.

Boullosa, Lorena, "A Semana Cultural e Festiva de San Roque iniciase mañá", *Diario de Pontevedra*, "Poio", "Comarca", 11 agosto 2016, p. 20.

Comenta o inicio da Semana Cultural e Festiva de San Roque en Combarro. Indica que contará con diversas actividades culturais, gastronómicas e literarias: un certame de debuxo infantil e a representación teatral da obra *Retazos de Galicia*.

_____, "Un roteiro dará a coñecer a 'biblioteca natural' de Cerdedo-Cotobade", *Diario de Pontevedra*, "Poio", "Comarca", 5 novembro 2016, p. 18.

Dise que o concello de Cerdedo-Cotobade será o encargado de poñer en marcha o proxecto da "Biblioteca Natural máis grande do mundo" e indica que o proxecto, se

iniciará cun roteiro de máis de dous quilómetros. Salienta a participación de diversas personalidades: Ledicia Costas, Víctor Rivas e Fuco Sinjao.

_____, "Recoñecemento ó talento pontevedrés", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Provincia", 7 novembro 2016, p. 11.

Indícase que foron presentados trece proxectos culturais e creativos no Museo Centro Gaiás de Santiago de Compostela e que tres das trece persoas que presentaron os seus proxectos pertencen á comarca de Pontevedra premiando a calidade das súas propostas. Trátase de Nelson Quinteiro, embaixador do cabaré de Poio e creador do Festival de Cabaret Galego en 2006; Manuel Villar, director da Escola e Banda de Música Municipal de Valga; e Sandra Méndez, especialista no medio rural.

Boullosa, María, "Paz Andrade recupera su brazo derecho", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Ciudad", 27 outubro 2016, p. 8.

Informa da restauración da escultura de Valentín Paz Andrade, á que se lle repuxo unha peza do brazo dereito.

Brea, Fran, "Lalín programa teatro, música y fotografía para noviembre", *Diario de Pontevedra*, "Deza", "Tabeirós", 27 outubro 2016, p. 25.

Comenta a celebración da exposición "Outono Fotográfico" en Lalín. Dá conta das diversas actividades que inclúe: mostras teatrais, artísticas e musicais. Salienta a presentación da novela de María Solar, *As horas roubadas* (2016), o libro de Xosé Vázquez Pintor *Bicos* (2016), a representación da obra teatral *Foucellas*, da compañía Talía Teatro e a actuación de Redrum Teatro coa obra *A nena que quería navegar*.

Bugallal, Isabel, "Presencia de A Coruña en Lorca", *La Opinión*, "Tiempo recobrado", 3 xaneiro 2016, contracuberta.

Realízase unha recompilación das semblanzas de Federico García Lorca relacionadas con Galicia, as súas viaxes e impresións, e explícase en que obras tiveron acollida. Tamén destaca que foi en Madrid onde coñeceu a Blanco Amor, fundamental para a creación dos *Seis poemas galegos*.

_____, "María Cardarelly, fotógrafa ignorada", *La Opinión*, "Tiempo recobrado", 4 decembro 2016, contracuberta.

Comenta a biografía e personalidade artística da fotógrada María Cardarelly, que resalta sendo a primeira muller con estudio fotográfico en Galicia. Indica que foi a encargada de retratar coa súa cámara a Rosalía de Castro en Santiago de Compostela.

B. Y., "El presidente de la RAG une política y literatura en los 25 años de A Basella", *Diario de Arousa*, "O Salnés", 21 abril 2016, p. 11.

Anuncia a conferencia “Don Quixote, A Idade de Ouro, o Comunismo Primitivo e un tema de Celso Emilio Ferreiro”, da man Xesús Alonso Montero.

_____, “El Concello rinde tributo a Cabanillas en el 57 aniversario de su fallecimiento”, *Diario de Arousa*, “Cambados”, 10 novembro 2016, p. 8.

Coméntase a conmemoración da figura literaria de Ramón Cabanillas polo Concello de Cambados. Realizarase unha ofrenda floral no Paseo da Calzada, ante a súa escultura. Salienta tamén a celebración dunha charla no auditorio municipal de A Xuventude, por parte do catedrático de Filoloxía Románica Francisco Fernández Rey. Dise que a conferencia, titulada “O legado de Cabanillas, un tesouro para poñer en valor Cambados”, dará paso a un recital poético coas propias obras do autor.

C. A., “Manuel María e os 50 anos do Basanta Silva, piares do calendario do Iescha”, *El Progreso*, “A Chaira”, 15 marzo 2016, p. 15.

Dáse conta da variada programación cultural que acolle mesas redondas, exposicións e rotas culturais coas que o Instituto de Estudos Chairegos (Iescha) homenaxeará a Manuel María e coa que conmemorará os 50 anos do Basanta.

_____, “Una obra de teatro vecinal recreará los inicios de la Liga Santaballesa”, *El Progreso*, “A Chaira”, 10 agosto 2016, p. 13.

Informa sobre a iniciativa da directiva da Liga Santabellesa de representar unha obra teatral nos días previos a inauguración da escola habanera. Tamén salienta a apertura de casting para conformar a equipa que desenrolará a obra. Anuncia futuras funcións, sempre condicionadas polo éxito da primeira obra, que teñan como destinatarios aos máis pequenos.

_____, “La asociación Avelino Díaz celebra la tercera ruta en memoria del poeta”, *El Progreso*, “A Chaira”, 26 agosto 2016, p. 12.

Comenta a celebración do terceiro Roteiro Avelino Díaz que culminará en Meira, cunha parada na Casa da Pena, residencia onde habitou o poeta. Di que con esta actividade se pretende reivindicar a figura do poeta, para o que non deixan de solicitar o outorgamento do Día das Letras Galegas de 2018.

_____, “El Iescha estrenará en 2017 el Premio de Narrativa Agustín Fernández Paz”, *El Progreso*, “A Chaira”, 2 outubro 2016, p. 25.

Anuncia que o Instituto de Estudos Chairegos, Iescha, convocará o Premio de Narrativa Agustín Fernández Paz, co que recoñecer e homenaxear o autor falecido. Sinala que nas próximas xuntanzas de socios se decidirán as bases e que se procurará a colaboración do Concello de Vilalba. Explica que Fernández Paz contribuíu ao enxalzamento da lingua e da cultura galegas e anota que conta cun pequeno parque na capital chairega e cun hectómetro literario propio dentro do Paseo dos Soños, ao pé do río Magdalena, ademais de engadir que lle deu nome á biblioteca do IES Basanta Silva.

_____, “El Iescha organiza el centenario de la creación de la Irmandade da Fala de Vilalba”, *El Progreso*, “A Chaira”, 19 novembro 2016, p. 15.

Dá conta dos actos de homenaxe para conmemorar a constitución da Irmandade de Vilalba, entre os que destaca un espectáculo musical e unha charla de Emilio Xosé Insua.

_____, “El Concello pontés trata de dinamizar la biblioteca con actividades los jueves”, *El Progreso*, “A Chaira”, 24 novembro 2016, p. 22.

Comenta a celebración dunha serie de actividades culturais na Biblioteca de As Pontes. Indica que unha das actividades foi a participación de Montse Fajardo, autora do libro *Un cesto de mazás* (2015).

Cabanillas, Ramón, “¡Galicia! Nai e Señora”, *La Región*, “*Día de Galicia*”, 25 xullo 2016, p. 18.

Con motivo da celebracións do Día de Galicia, reprodúcese o poema de Ramón Cabanillas “¡Galicia! Nai e Señora”.

Cancela Montes, Alberto e Beatriz, “A música do derradeiro adeus a Rosalía de Castro”, *El Correo Gallego*, “*2 domingo*”, 22 maio 2016, pp. 2-3.

Lembra o 25 de maio de 1891 en Santiago de Compostela, día no que se depositaron os restos mortais de Rosalía de Castro no Panteón de Galegos Ilustres. Dá conta da música que soou no acto e do recibimento por parte dos veciños.

Cano, Rosa, “Casi 200 autores irán a la feria del libro de A Coruña”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 31 xullo 2016, p. 35.

Indica que se celebra a Feira do Libro na Coruña e que a mostra cambia a antiga ocupación e pasa a situarse agora nos xardíns de Méndez Núñez, onde acudirán personalidades como Luz Pozo Garza, José Manuel Otero Lastres ou Nacho Carretero.

_____, “Festival de la Luz, Noroeste y Riós, Galicia se llena de ritmo”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 3 agosto 2016, p. 35.

Salienta a homenaxe ao escritor falecido Xosé Neira Vilas, que será o padriño da Ruta do Talento no Festival das Artes Escénicas de Riós.

_____, “A escritora Fina Casalderrey, hoxe en ‘O gato con botas”, *El Correo Gallego*, “Medios”, 3 novembro 2016, p. 61.

Comenta que o programa da TVG “O gato con botas” contará esta semana coa visita da escritora Fina Casalderrey, unha muller que converteu a súa paixón na súa profesión. Sinala que será entrevistada por Manquiña no Lérez para descubrir as súas motivacións literarias e os episodios acaecidos na infancia. Destaca os galardóns obtidos e a

influencia de seu pai e da súa tía Esmeralda na súa actividade literaria, pois ambos recitábanlle historias á pequena nena.

Capelán, Brais, "El arte de trovar será el eje de la Semana Cultural de Conxo", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Agenda", "Para todos los públicos", 20 setembro 2016, p. L7.

Informa da inminente inauguración da Semana Cultural de Conxo, que contará con actividades como exposicións, obradoiros, música e a homenaxe a Manuel Tarrío, "trobador" de Conxo.

_____, "A lírica vasca máis sobranceira traducida ao galego", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Agenda", "Para todos los públicos", 25 outubro 2016, p. L10.

Dá conta da interpretación da obra poética de Sarrionandia da man de Isaac Xubín e Ruoer Ordorika na Sala Capitol.

Carrera, R., "A literatura achega a cidade ao público xuvenil e adulto", *Atlántico Diario*, "Vigo", 30 decembro 2016, p. 16.

Preséntase a colección Para coñecermos Vigo, oito libros con cadanseu relato onde a cidade é a protagonista e o fío condutor. Dise que esta é unha proposta da asociación cultural Catro Patacos, co apoio da Concellería de Normalización Lingüística do Concello.

Carrera, Rosé, "David Vergara. 'Quiero que las fotos de Blanco Amor sigan vivas", *Atlántico Diario*, "Vigo", 27 maio 2016, p. 6.

Informa da doazón, por parte de David Vergara, dunha serie de fotografías realizadas por Blanco Amor á Fundación Penzol.

_____, "La Fundación Penzol guarda fotos y textos de Blanco Amor", *La Región*, 28 maio 2016, p. 7.

Dá conta da donación do arxentino David Vergara de diversos documentos hológrafos e fotografías de Blanco Amor á Fundación Penzol de Vigo. Salienta a relación de Dalila Saslavsky co círculo republicano exiliado na Arxentina e fala de Blanco Amor como amigo e fotógrafo.

_____, "El Kerouac llena en su clausura con su 'vermú poético", *Atlántico Diario*, "Vigo", 24 outubro 2016, p. 7.

Informa da última xornada do Kerouac, que tivo unha afluencia masiva, e que marca Nova York como próximo destino.

Castro, Víctor, “Ordes convoca el Concurso Literario Rosalía Verso a Verso”, *El Ideal Gallego*, “Área metropolitana”, “Atalaya mariñana”, 18 febreiro 2016, p. 16.

Anuncia a celebración dun concurso no que os participantes escollerán os seus versos favoritos de Rosalía de Castro. Ademais, tamén destaca que se vai proclamar o 24 de febreiro “Día de Rosalía”.

_____, “Charla de Manuel Rivas en la Casa de Cultura de Ordes para alumnos del IES Maruxa Mallo”, *El Ideal Gallego*, “Área metropolitana”, “Atalaya mariñana”, 14 abril 2016, p. 16.

Dá conta da charla que deu Manuel Rivas na Casa da Cultura de Ordes ao alumnado do Instituto Maruxa Mallo, organizada polo departamento de lingua galega do centro, e na que o autor falou da súa obra *Madonna e outros contos de inverno* (2015).

_____, “Con A de comarca’ homenajeará la labor de las escritoras de la Mancomunidad MCO”, *El Ideal Gallego*, “Área metropolitana”, “Atalaya mariñana”, 23 abril 2016, p. 16.

Informa da iniciativa “Con A de comarca”, con motivo do Día do Libro, no que a Mancomunidade de Municipios da Comarca de Ordes celebra a creación literaria e o labor das mulleres no ámbito das letras. Salienta a participación de media decena de autoras da comarca.

_____, “Ricardo Seixo presenta mañana en la Capela de San Roque de Sada su libro de poesía Ollares”, *El Ideal Gallego*, “Área metropolitana”, “Atalaya mariñana”, 28 xuño 2016, p. 16.

Anuncia a presentación do libro de Ricardo Seixo, *Ollares* (2016), na Asociación cultural Hermanos Suárez Picallo.

C. B., “La asociación de vecinos de Ansemil celebra el sábado el día del teatro”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 18 febreiro 2016, p. 33.

Informa da representación de tres pezas a cargo da Asociación Coto Manguelo de Orazo, no marco das actividades realizadas para celebrar o día do teatro.

_____, “X. Ricardo Losada presenta un libro sobre Faustino Rey”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 28 abril 2016, p. 35.

Informa da presentación da obra *Faustino Rey Romero. Un evanxeo bufo* (2014) no auditorio de Padrón. Sinala que afonda na personalidade do poeta e cura de Isorna.

_____, “A ‘Alba de Gloria’ de Castelao volve a resoar no Pico Sacro”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 24 xullo 2016, p. 27.

Destaca a peregrinación de Castelao e outros intelectuais galeguistas que, en 1925, acudiron ao bico do Pico Sacro para conmemorar o Día da Patria Galega. Esta actividade estaba prohibida na época, así que tratábase dun acto de rebeldía contra o

poder establecido. Co motivo de render homenaxe á personalidade de Castelao, e á súa obra *Alba de Gloria*, varios intelectuais, músicos, artistas e xente que apoia a causa, desprazáronse ao Pico Sacro.

C. F., "Queremos Galego Marín organiza un recital de poesía no Museo Torres", *Diario de Pontevedra*, "O Morrazo", "Marín", 17 xaneiro 2016, p. 17.

Infórmase de que a Asociación Queremos Galego Marín organiza un recital no que se pretende poñer en valor a nova poesía galega da man de cinco novos poetas que estarán acompañados da actuación do Leo i Arremecaghona. Ademais, sinálanse datos destacados da biografía de cada un dos participantes.

_____, "A Biblioteca acollerá un recital de poesía con cinco autores galegos", *Diario de Pontevedra*, "O Morrazo", "Marín", "Bueu", 19 xaneiro 2016, p. 17.

Dá conta da organización dun recital da Asociación Queremos Galego Marín. Sinálanse os autores participantes e os seus datos biográficos máis destacados.

_____, "Queremos Galego presentará a antoloxía poética 'Dez anos na porta' no Museo Torres", *Diario de Pontevedra*, "O Morrazo", "Marín", 28 febreiro 2016, p. 18.

Anuncia a presentación da obra *Dez anos na porta. Antoloxía poética (2005-2015)* (2015) que inclúe creacións de moitos dos integrantes iniciais do colectivo Porta Verde do Sétimo Andar. Así mesmo, realiza un percorrido pola historia desta asociación literaria.

_____, "El Club Portocelo rendirá homenaje a Otero Pedrayo con un concierto", *Diario de Pontevedra*, "O Morrazo", "Marín", 3 abril 2016, p. 17.

Dá conta da homenaxe a Ramón Otero Pedrayo organizada polo seu corenta cabodano e dise que contará cunha actuación musical de César Loureiro e Carmen Gallego. Ademais destaca a faceta literaria e política do homenaxeado.

_____, "El Club de Opinión Portocelo rinde homenaje al escritor Ramón Otero Pedrayo", *Diario de Pontevedra*, "O Morrazo","Marín", 8 abril 2016, p. 16.

Dá conta da homenaxe a Ramón Otero Pedrayo organizada polo seu corenta cabodano e di que contará cunha actuación musical de César Loureiro e Carmen Gallego. Ademais destaca a faceta literaria e política do homenaxeado.

_____, "Charla coloquio con motivo do centenario das Irmandades da Fala", *Diario de Pontevedra*, "O Morrazo", "Marín", 3 maio 2016, p. 18.

Comenta a orixe das Irmandades da Fala e recolle os nomes dalgúns dos seus participantes (Cabanillas, Castelao, Risco, Otero Pedrayo, Ánxel Casal...). Destaca o seu obxectivo de promover a lingua galega.

_____, "O Club de Opinión Portocelo rende homenaxe a Ramón Cabanillas", *Diario de Pontevedra*, "O Morrazo", "Marín", 2 xuño 2016, p. 19.

Informa do acto homenaxe a Ramón Otero Pedrayo organizado polo Club de Opinión Portocelo. Entre as actividades destaca unha conferencia-coloquio e un recital poético e musical.

_____, "A Escola das Artes Escénicas de Cangas abre o prazo de inscrición para o novo curso", *Diario de Pontevedra*, "O Morrazo", "Marín", "Bueu", "Cangas", 16 outubro 2016, p. 23.

Informa da apertura do prazo de matrícula na Escola e as condicións de acceso. Destaca que o profesorado pertence á compañía Teatro de Ningures.

_____, "Almuinha realizará unha ofrenda na Alameda ao padre Francisco Carballo", *Diario de Pontevedra*, "O Morrazo", "Marín", 27 novembro 2016, p. 20.

Comenta a celebración dun acto conmemorativo á figura do padre Francisco Carballo por parte da Asociación Cultural Almuinha. Salienta brevemente a biografía do homenaxeado, quen desenvolveu actividades como a de escritor, profesor, historiador, sacerdote e teólogo. Destaca o seu profundo compromiso con Galicia, participando activamente na súa vida cultural.

_____, "A Axencia de Lectura de Meiro ofrecerá un obradoiro de poesía", *Diario de Pontevedra*, "O Morrazo", "Bueu", 8 decembro 2016, p. 21.

Dáse conta dun obradoiro de poesía protagonizado por Mirian Ferradáns e Lucía Nova.

_____, "A programación cultural de Bueu inclúe poesía, libros e actividades lúdicas", *Diario de Pontevedra*, "O Morrazo", "Bueu", "Cangas", 9 decembro 2016, p. 17.

No marco da programación cultural de Bueu, fala dun taller de poesía a cargo de Miriam Ferradáns e Lucía Novas.

C. G., "A farsa de Bululú', na Ramallosa", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 18 xuño 2016, p. 29.

Informa da posta en escena da obra *A farsa de Bululú* a cargo do Obradoiro municipal de teatro de adultos de Teo.

Chaves, Alba, "A Fundación Alexandre Bóveda premia á ensaísta Aurora Marco", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Ciudad", 10 agosto 2016, p. 9.

Comenta a realización dunha homenaxe á ensaísta Aurora Marco con motivo oitenta aniversario do se fusilamento de Alexandre Bóveda. Destaca o seu traballo como recuperadora do papel da muller.

C. L. F., "Estrea á calor do fogar", *El Progreso*, "A Mariña", 22 febreiro 2016, p. 18.

Dá conta de que o grupo Sons de Celeiro presentou o seu disco *Novos Cantares* perante os seus veciños e que interpretaron o poema de Noriega Varela "De ruada" e "O niño novo do vento", de Álvaro Cunqueiro, entre outras pezas.

C. N., "O teatro e a lectura como forma de reivindicar a lingua galega", *Diario de Pontevedra*, "O Morrazo", "Marín", 18 outubro 2016, p. 21.

Anuncia a posta en marcha, por parte de Queremos Galego Marín, do club de lectura de textos teatrais en galego por terceiro ano consecutivo.

Coco, Abraham, "Wenceslao Fernández Flórez revive sin clichés en La Coruña", *ABC*, "Galicia", 20 outubro 2016, pp. 62-63.

Dáse conta da celebración dun congreso, na Fundación Luís Seoane, que profunda na figura de Wenceslao Fernández Flórez, autor galego que creou dende o xornalismo, a literatura e o cinema.

_____, "Es el mejor cronista parlamentario del periodismo español de todos los tiempos", *ABC*, "Galicia", 21 outubro 2016, pp. 80-81.

Recolle as impresións do director do *ABC*, Bieito Rubido, durante un simposio arredor da figura de Wenceslao Fernández Flórez, quen, ao lado doutros especialistas no autor coruñés (Julio Prada, Cristina barreiro, R. Ventureira, A. Longueira), tratou de limpar de clichés a súa imaxe.

_____, "100 años del viaje de Federico García Lorca a Galicia", *ABC*, "Galicia", 24 outubro 2016, pp. 64-65.

Relata a viaxe que fixo Federico García Lorca a Galicia en outubro de 1916 acompañado por catro compañeiros da Universidade de granada e o catedrático Martín Domínguez Berrueta. Comenta que as súas impresións quedan plasmadas nun escrito publicado o 10 de decembro de 1917 na revista *Letras* e lembra os poemas que escribiu en lingua galega.

Colmenero, Xosé Lois, "Xinzo Adiante pide adicar o Día das Letras de 2017 a Carlos Casares", *La Región*, "Provincia", 9 xaneiro 2016, p. 22.

Infórmase da moción que o grupo municipal Xinzo Adiante realizou no Concello co fin de que este inste á RAG para que o Día das Letras Galegas de 2017 se lle dedique a Carlos Casares, pois coincide co aniversario da súa primeira obra, *Vento Ferido*.

_____, "Verín abre el ciclo homenaje a Taboada Chivite", *La Región*, "Monterrei", 22 novembro 2016, p. 23.

Destaca a inauguración do “Ano Taboada Chivite” na Biblioteca Pública de Verín, onde se realizarán unha serie de conferencias co motivo de homenaxear ao escritor cando se cumpren corenta anos da súa morte.

Colmenero, Xosé L., “Grafitis y poesía convivirán entre las fachadas de Verín”, *La Región*, “Monterrei”, 4 marzo 2016, p. 19.

Infórmase de que se comezará a implantar en Verín o movemento cultural Acción Poética, creado polo poeta local Armando Alanís Pulido co cometido de decorar as paredes das rúas con poemas ou frases curtas.

Corbelle, Sabela, “Xesús Alonso Montero. ‘As tertulias do Méndez eran o pano de bágoas antifranquista”, *El Progreso*, “Lugo”, 16 decembro 2016, p. 8.

Lembranza das tertulias do hotel Méndez Núñez en Lugo ás que asistían Alonso Montero, Anxel Johán, Antonio Arias, Eladio Ares, José Castro, Luciano Fernández Penedo, Celestino Fernández de la Vega, Antonio Figueroa, Mauro Varela, Ánxel Fole etc.

Cortés Riveiro, Nacho, “Bueu mostra as 100 caras de Castelao”, *Diario de Pontevedra*, “*Diario do Morrazo*”, “Contraportada”, 18 xuño 2016, contracuberta.

Comenta a exposición de cen tapices florais que os alumnos dos centros escolares realizaron sobre Castelao. Indica que a mostra está recollida na Asociación das Alfombras do Corpus de Bueu, na Sala Amalia Domínguez Búa.

_____, “Música y actividades culturales diversas en el fin de semana previo a San Miguel”, *Diario de Pontevedra*, “O Morrazo”, “Marín”, 24 setembro 2016, p. 4.

Dá conta da celebración en Marín, no marco das festas patronais de San Miguel, do III Certame de Corais de San Miguel e o XX Encontro de Bandas de Música. Fala, entre outras actividades, dun obradoiro de escritura e literatura dirixido polo escritor e editor en lingua galega Francisco Castro.

Costa, Luis, “Unha homenaxe ben merecida”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 29 agosto 2016, p. 20.

Comenta a traxectoria do mestre Ramón Antonio Tojo, con motivo do recoñecemento que realizan os que foran os seus alumnos da escola da Senra entre 1967 e 1976. Destaca a fama que o mestre adquiriu entre os seus alumnos pola súa intensa dedicación e profesionalidade, de forma que cando conta con 87 anos é homenaxeado por toda unha vida adicada á educación. Salienta tamén a súa vocación como director teatral, sendo director de obras como *O rei da carballeira*, *Os vellos non deben namorarse* e *Un ovo de dúas xemas*. Remata destacando o seu interese pola cultura e polo aprendizaxe dos seus alumnos.

Costas, L., “Los ‘booktrailers’ serán la novedad en el inicio del XIII Festival de Cans”, *Faro de Vigo*, “Louriña - O Morrazo”, 18 maio 2016, p. 14.

Salienta a presentación dos booktrailers *O derradeiro libro de Enma Olsen*, *Os elefantes de Sókurov*, *Galería de saldos*, *A rotura das paisaxes*, *Amentalista*, *Cronoloxía da urxencia*, *O deserto* e *Évame*. Tamén destaca a presenza de Fran Alonso, Noel Queipo, Diego Giráldez e Tamara Andrés.

Costas, Lucía, “Ponteareas huele y sabe a otoño”, *Faro de Vigo*, “Condado - Paradanta”, 6 novembro 2016, p. 20.

Con motivo da celebración da Feira de Outono en Ponteareas, dá conta dun posto no que se venden obras literarias de escritores galegos e locais coma Isabel Blanco ou Manrique Fernández.

Cota, Rodrigo, “Eladio Vaz, el poeta perdido”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, “Acotados...”, 9 xaneiro 2016, p. 10.

Realízase unha semblanza pola biografía do poeta Eladio Vaz (Compostela, 1894), na que se inclúen fragmentos das súas composicións. Laméntase de que de todo o que escribiu en galego só se conserven un par de estrofas.

Coto, Arsenio, “Inés Fernández. ‘O maltrato só se acaba ou co home no cárcere ou contigo morta”, *El Progreso*, “Lugo”, 26 novembro 2016, p. 2.

Dáse conta da presentación da obra *As miñas fillas devolvéronme a vida* (2016), de Inés Fernández Lamela, na que narra os malos tratos que viviu durante os vinte e nove anos de convivencia co seu ex-marido. Recolle as declaracións da autora sobre as súas vivencias persoais.

Couso, Sandra, “Diego. ‘Este libro es un sueño hecho realidad”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 27 abril 2016, p. 27.

Comenta a fundación dos recitais de Poesía e Microrrelato Compostela, a cargo de Diego Horschovski, un alumno arxentino que actualmente estuda na Facultade de Filosofía da USC. Destaca a importancia destas reunións, onde as persoas que queiran recitan poemas da súa propia autoría aos espectadores.

Covelo, Ángela, “Títulos para un verano a 40º”, *Diario de Pontevedra*, “Dverano”, 31 xullo 2016, p. 15.

Comenta mediante unha listaxe realizada por varias editoriais, cales son os libros máis vendidos e polo tanto, os máis lidos polos usuarios no verán. No caso da literatura galega, indica que as obras máis vendidas son *A rotura das paisaxes* de Xesús Costenla,

Tanto como fomos de Xosé Monteagudo, *O encargo do Señor Castelao* de Luis Rei e *Fulgor* de Manuel Loureiro.

C. P. R., "El escritor lucense Luis Valle leerá el día 1 de abril el pregón de la Moexmu", *El Progreso*, "A Chaira", 5 febreiro 2016, p. 17.

Indica que o escritor Luis Valle lerá o pregón da Moexmu e nomea os títulos dalgúns dos seus poemarios premiados.

_____, "Xosé Otero Canto presenta 'Valuria' en Castro de Rei el día 28", *El Progreso*, "A Chaira", 23 febreiro 2016, p. 17.

Anúnciase a presentación do poemario *Valuria* (2015) o domingo 28 de febreiro no teleclub de Castro de Rei, durante unha mesa redonda co autor, que será condecorado co título de Baluro de Honra, xunto a Anxo Lamas e a Isaac Rielo Carballo.

_____, "Guitiriz abre con un recital de 'Cantares gallegos' un mes de actos sobre la mujer", *El Progreso*, "A Chaira", 24 febreiro 2016, p. 20.

Sinala que o concello de Guitiriz conmemorou o Día de Rosalía de Castro cun recital poético que se suma aos actos do Día da Muller Traballadora.

_____, "Debezos', primer poemario en gallego de la posguerra", *El Progreso*, "A Chaira", 1 abril 2016, p. 21.

Informa da reivindicación por parte da asociación Avelino Díaz en relación coa data de publicación de *Debezos*, que se imprimiu uns días antes que *Cómaros verdes*, considerada até o de agora o primeiro poemario da posguerra.

_____, "Nova Poesía Guitirica e Lareira de Soños organizan dous actos culturais", *El Progreso*, "A Chaira", 17 agosto 2016, p. 13.

Comenta o inicio de varias xornadas culturais e literarias organizadas pola Asociación Lareira de Soños dos Vilares e o colectivo Nova Poesía Guitirica (NPG). Indica que estas actividades foron propostas como unha homenaxe ao escritores Manuel María e Xosé María Díaz Castro. Destaca tamén a presentación do libro de Mercedes Queixas *Labrego con algo de poeta*, que dará inicio á primeira xornada cultural.

_____, "Xermolos reivindica el arreglo de la casa de Díaz Castro con un recital", *El Progreso*, "A Chaira", 1 outubro 2016, p. 19.

Indica que a asociación cultural Xermolos de Guitiriz e a Irmandade Manuel María puxeron en marcha unha campaña para arranxar a casa de Díaz Castro. Destaca a presentación desta iniciativa cun recital poético-musical.

_____, "La inscripción en la Escola de Teatro de Vilalba se cierra el 7", *El Progreso*, "A Chaira", 3 outubro 2016, p. 9.

Dá conta das datas de inscrición e do lugar de celebración das aulas da Escola de Teatro de Vilalba.

_____, "El Concello de Guitiriz homologa un itinerario que recuerda a Díaz Castro", *El Progreso*, "A Chaira", 29 outubro 2016, p. 20.

Destaca a creación dun centro de interpretación en O Vilariño en homenaxe ao poeta Xosé María Díaz. Comenta que esta fundación está complementada tamén por unha ruta de senderismo por determinados espazos que tiveron grande importancia para o autor e que o percorrido culminará no campo da festa de O Buriz coa participación dun grupo gaiteiro e unha lectura de poemas do autor.

_____, "El Iescha celebra el centenario de As Irmandades da Fala en Vilalba con una placa y una charla", *El Progreso*, "A Chaira", 25 novembro 2016, p. 19.

Anúnciase a conmemoración do centenario de As Irmandades da Fala en Vilalba por parte do Instituto de Estudios Chairegos (Iescha), o Concello e o Parador de Vilalba. Dise que o acto contará con acompañamento musical e coa conferencia de Emilio Insua.

_____, "A Casa Habanera acolle a cuarta edición da mostra 'Tal como eramos Guitiriz", *El Progreso*, "A Chaira", 11 decembro 2016, p. 23.

Comenta a inauguración dunha mostra na Casa Habanera, organizada polo Instituto de Estudos Chairegos e o Concello de Guitiriz. Indica que os socios recibirán como agasallo o poemario *Doce ducias* (2016) de Baldomero Iglesias.

_____, "Amores sin idade nin condición", *El Progreso*, "A Chaira", 24 decembro 2016, p. 27.

Dise que a Vila de Valverde de Cospeito foi o emprazamento elixido para a representación dunha versión libre dunha obra de Castelao, *Os vellos si deben namorarse*. Indícase que a peza destaca pola comedia ao resaltar os diferentes tipos de amor do drama e que o obxectivo é o de defender a integración e a liberdade de escolla.

_____, "El concurso Que Bo Estás Guitiriz! donará fondos para salvar la casa de Díaz Castro", *El Progreso*, "A Chaira", 31 decembro 2016, p. 18.

Comenta a tentativa da asociación Xermolos, a cal se encarga da rehabilitación da casa do escritor Díaz Castro en Os Vilares. Para este motivo, o concurso Que Bo Estás Guitiriz! doará parte dos fondos.

C. R., "A miniserie 'Vento Ferido' chegará aos centros educativos", *Atlántico Diario*/ *La Región*, "*Universitas*", 21 xaneiro 2016, p. 7.

Dá conta da adaptación en miniserie de *Vento ferido*, de Carlos Casares, por parta do alumnado do grao de Comunicación Audiovisual de Celanova. Engade que a estrea se producirá no Teatro Principal de Ourense.

_____, “A literatura galega traducida supera os 1.500 libros”, *Atlántico Diario*/ *La Región*, “*Universitas*”, 4 febreiro 2016, p. 3.

Comenta que a literatura galega traducida está en expansión e recolle algunhas das linguas nas que se poden atopar obras galegas, como kurdo, búlgaro, turco, macedonio ou sueco. Destaca os datos positivos do sector e tamén do número de obras estranxeiras que chegan a ver a luz traducidas ao galego.

_____, “Erín Moure será a vixésimo quinta Doutor Honoris Causa pola UVigo”, *Atlántico Diario*/ *La Región*, “*Universitas*”, 18 febreiro 2016, cuberta.

Dá conta da concesión do grao de Doutor Honoris Causa á poeta e tradutora canadense Erín Moure, salientando o seu activismo a prol da lingua e cultura galega e as súas achegas no estudo, na tradución e na produción poética.

_____, “As aulas de teatro do campus suben o telón”, *Atlántico Diario*/ *La Región*, “*Universitas*”, 20 outubro 2016, p. 7.

Informa do comezo das actividades nas Aulas de Teatro do Campus cos grupos Rosaura, Cordelia, Maricastaña e Gepetto coordinados por Sarabela Teatro.

Cruz, José, “Los alcaldes piden un Día das Letras para Delgado Gurriarán”, *La Región*, “Valdeorras”, 15 novembro 2016, p. 23.

Fálase da posible escolla do poeta Florencio Delgado Gurriarán como escritor homenaxeado no Día das Letras Galegas. Dise que xa en 2003, o Instituto de Estudios Valdeorreses (IEV) propuxo a súa candidatura, coincidindo co centenario do nacemento do bardo.

D. A., “Rosalía de Castro deixa de ser descoñecida para os escolares e os seus versos xa son paisaxe”, *Diario de Arousa*, “Vilagarcía”, 25 febreiro 2016, p. 8.

Comenta que a Concellería de Cultura de Vilagarcía organizou charlas e exposicións en homenaxe a Rosalía de Castro no seu 179 aniversario para evitar que os estudantes coñezan só de xeito impreciso a súa vida e obra.

_____, “La Fundación Valle-Inclán celebrará hoy un taller de Teatro na Rúa”, *Diario de Arousa*, “O Salnés”, “Vilanova”, 28 novembro 2016, p. 20.

Faise eco dun obradoiro de teatro da Fundación Valle-Inclán en Vilanova.

Dacosta Gutiérrez, Fabio, “Escoitar”, *La Región*, “*gente & sana*”, “vida & sana”, “Círculo Poético”, 6 novembro 2016, p. 16.

Recolle un poema de Fabio Dacosta Gutiérrez sobre a percepción e a riqueza da lingua.

_____, “Reclamar”, *La Región*, “*gente & sana*”, “vida & sana”, “Círculo Poético”, 6 novembro 2016, p. 16.

Reproduce un poema de Fabio Dacosta Gutiérrez construído a partir duns versos de Manuel Antonio (“non nos roubarán”).

Deaño, Carlos, “Inscripción del nacimiento de Rosalía de Castro en el hospital”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 10 abril 2016, p. 29.

Informa da descuberta do certificado de nacemento de Rosalía de Castro, un documento inusual na época conservado do Hostal dos Reis Católicos, antigo Hospital Real de Santiago, e fotografiado por José Gutián.

_____, “Un santiagués, médico de Castelao”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 31 xullo 2016, p. 22.

Comenta a figura intelectual de Gumersindo Sánchez-Guisande, quen desempeñou as profesións de médico, escritor (en galego e castelán) e político. Realiza unha pormenorizada biografía da súa personalidade, entre a que destaca a súa labor como médico en Buenos Aires, onde fuxiu vítima dos tempos convulsos provocados pola Guerra Civil. Dá conta da relación que mantivo con Castelao.

De Castro, Rosalía, “Lugar máis hermoso non houbo na terra”, *La Región*, “*Día de Galicia*”, 25 xullo 2016, p. 11.

Con motivo da celebración do Día de Galicia, reprodúcese un texto de Rosalía de Castro.

De la Huerta, María, “O Día das Letras Galegas homenaxeará a ‘vocación comunicativa’ da obra de Casares”, *Faro de Vigo*, p. 38/ *La Opinión*, “Cultura & ocio”, 10 xullo 2016, p. 39, “Sociedad”.

Salienta a escolla da Real Academia Galega de Carlos Casares como o autor representativo no Día das Letras Galegas do ano 2017. Indica que o autor quedou por diante de escritores de importante talle coma Ricardo Carvalho Calero, Plácido Castro e Antonio Fernández Morales. Destaca a labor artística do escritor ourensán quen navegou por varias correntes como o ensaio, a prensa e un amplo traballo en prol da cultura galega. Resalta a personalidade de Casares coma un autor revolucionario no panorama literario da época, mais denota a importancia da súa labor como intelectual implicado na vida social, política e cultural do momento. Tamén comenta a capacidade do autor para chegar ao público infantil e xuvenil coas súas novelas, de modo que se trata dun escritor plural con capacidade de alcanzar novos lectores.

_____, “Galicia llora a Fernández Paz en el año que festeja a Cela”, *La Opinión*, “*2016. Resumen del año*”, “especialresumendelaño”, “Sociedad, cultura y ocio”, 31 decembro 2016, p. 20.

Comenta o pasamento do escritor máis prolífico e premiado da literatura infantil e xuvenil galega, Agustín Fernández Paz. Indica que foi galardoado co Premio Nacional de Literatura Infantil y Juvenil en 2008 e destaca a internacionalización das súas obras, traducidas ao inglés, árabe, francés, portugués, coreano, búlgaro, italiano, español etc. Salienta tamén o pasamento da actriz teatral e televisiva Dorotea Bárcena, quen dedicou toda a súa vida á escena galega. Por último, resalta a homenaxe a Camilo José Cela con motivo do centenario do seu nacemento, e ao poeta Manuel María pola celebración do Día das Letras Galegas de 2016.

Del Pozo, Miguel, "Feijoo visitará o 24 de abril a Feira do Libro de Bos Aires", *El Correo Gallego*, "Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio", 1 abril 2016, p. 40.

Dáse conta da próxima Feira do Libro Internacional de Bos Aires, na que por primeira vez se convidará a Santiago de Compostela e para a cal a Consellería de Cultura programou máis de 150 actos. Dise tamén que o galego Francisco Gil recibirá o premio de Libreiro Maior e que un documental homenaxeará á figura do pontevedrés, que asentou as bases dunha das feiras literarias máis destacadas do momento.

Díaz, Itxu, "El lugar donde los libros ven pasar la vida", *La Región*, "Verano", "Manual urgente de ourensanismo", 31 xullo 2016, p. 32.

Comenta a función social e cultural que posúen as bibliotecas, sendo un templo onde os libros ven pasar a vida. Resalta a cidade de Ourense como unha cidade cultural, na que a maioría dos seus habitantes son lectores habituais, que encontran nestes edificios o seu entretemento máis buscado. Fala das personalidades máis famosas procedentes de Ourense: Blanco Amor, Curros Enríquez, Vicente Risco e o Padre Feijoo.

_____, "El Liceo contra el tiempo", *La Región*, "Ourense", 23 outubro 2016, pp. 8-9.

Reflexiónase sobre a historia do Liceo ourensán e a vida social que se fornece arredor del. Aténdese tamén á biblioteca e a colección de arte coas que conta o centro, os ingresos que recibe, os socios (arredor de 700, mil cincocentos menos que nos seus mellores tempos) e o futuro que se lle augura (que non semella doado).

Doktor Pseudonimus, "¿Por qué y para qué leemos? (2)", *La Voz de Galicia*, "Sociedad", "El zaguán del sábado", 9 xaneiro 2016, p. 30.

Destácase a importancia da lectura e a capacidade que pode ter a realidade para facernos recordar pasaxes de obras, entre as que se mencionan uns versos de Cunqueiro e se recomenda a obra *Arredor de si*, de Otero Pedrayo.

D. S., "La clase política rinde homenaje a Camilo Nogueira, arquitecto de la autonomía gallega", *La Voz de Galicia*, "Galicia", 4 novembro 2016, p. 17.

Comenta que Camilo Nogueira, destacado político nacionalista galego, foi homenaxeado por unha comisión na que resaltará a celebración dun acto conducido pola periodista Fernanda Tabarés e os escritores Manuel Rivas e Suso de Toro.

ECG, "Homenaxe mañá a Isaac Díaz Pardo en Santiago no seu cuarto cabodano", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 9 xaneiro 2016, p. 34.

Informa que no camposanto de Boisaca se realizará un acto de lembranza de Isaac Díaz Pardo con motivo do seu pasamento. Ademais di que o alumnado do IES de Cacheiras recitará varios textos, ceibaranse unhas pombas e farase unha ofrenda de mazás.

_____, "Lectura dramatizada con 'Morris', Castaño y Monti Castiñeiras en la SGAE", *El Correo Gallego*, "Santiago", 28 xaneiro 2016, p. 28.

Anúnciase a lectura dramatizada da obra *O aniversario*, de Diego Ameixeiras e dáse conta do seu argumento. Indícase que o obxectivo desta actividade é dar difusión a algúns dos textos máis interesantes en lingua galega.

_____, "Historias de Compostela', de Filgueira Valderde, por fin en versión gallega", *El Correo Gallego*, "Santiago", 27 xaneiro 2016, p. 28.

Dáse conta de que o Consorcio e Alvarellos presentaron a edición en galego de *Historias de Compostela* (2015), de Filgueira Valverde. Menciónanse os participantes no acto e destácase a variedade temática do volume.

_____, "Romaría dos Libros de Inverno en la Nave 5", *El Correo Gallego*, "Santiago", 21 febreiro 2016, p. 29.

Comenta que se celebrou a Romaría dos Libros no Mercado de Abastos coa colaboración do restaurante Abastos 2.0 e coa presenza de varios autores. Engade que a actividade está incluída na liña aberta por Compostela Literaria.

_____, "Animación á escrita e á lectura no CSC da Trisca", *El Correo Gallego*, "Santiago", 25 febreiro 2016, p. 28.

Indica que a poeta Olalla Cociña impartirá un obradoiro de animación á escritura e á lectura no cal participarán outros escritores de distintas xeracións e estéticas.

_____, "Artes conxugadas' para homenajear a la mujer", *El Correo Gallego*, "Santiago", 3 marzo 2016, p. 31.

Comenta que OlaLab celebrará unha xornada de encontro de artes e artistas de distintas disciplinas conmemorando o mes da muller. Di que haberá propostas de poesía, arte, conferencias, performance ou talleres abertos de creatividade.

_____, "Galardón honorífico á 'Revista Galega de Teatro", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 17 marzo 2016, p. 43.

Indica que o premio de honra Marisa Soto lle foi concedido á Revista Galega de Teatro

“pola longa traxectoria desta histórica publicación”. Sinala que o galardón será entregado durante a gala dos XX Premios María Casares no Teatro Rosalía.

_____, “Presentan un libro sobre el robo del Códice Calixtino”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 30 marzo 2016, p. 26.

Anúnciase a presentación da novela *Custodio ou a fe do carboeiro* (2014), de Antón de Santiago no Museo das Peregrinacións.

_____, “Antón de Santiago presenta su libro sobre el robo del Códice Calixtino en el Museo das Peregrinacións”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 30 marzo 2016, p. 30.

Indica que o escritor Antón de Santiago presentou a súa obra *Custodio ou a fe do carboeiro* (2014) no Museo das Peregrinacións. Recolle o argumento do libro e sinala outras creacións do escritor como cantante lírico e dramaturgo.

_____, “O CDG analizará hoxe o papel que exerce o teatro amador nos máis novos”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 4 abril 2016, p. 28.

Informa sobre o contido das xornadas “Teatro amador na infancia e na mocidade”, organizadas polo Consello da Cultura Galega e coordinadas por Inma López Silva e Euloxio Ruibal, nas que se aborda o papel lúdico e didáctico das artes escénicas a través de diferentes experiencias teatrais no ámbito educativo.

_____, “O CDG reclama maior integración das artes no currículo educativo”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 5 abril 2016, p. 35.

Dáse conta dunha xornada sobre a natureza lúdica e didáctica do teatro organizada polo Consello da Cultura Galega e coordinada por Inma López e Euloxio Ruibal, na que se reclamou unha maior integración das artes escénicas no currículo educativo a partir da análise de diferentes experiencias concretas como a Mostra de Teatro do Ensino Secundario do Morrazo.

_____, “O presidente do CCG pecha a súa visita a Bos Aires”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 1 maio 2016, p. 43.

Dá conta das actividades programadas na axenda do presidente do Consello da Cultura no marco da Feira do Libro de Bos Aires.

_____, “Recoñecemento do teatro galego en Estrasburgo”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 3 xuño 2016, p. 43.

Salienta a publicación, por parte da Universidade de Estrasburgo, dunha edición da obra de teatro de Euloxio R. Ruibal, *A sonada e proveitosa enchenta do Marqués Ruchestinto* (1975), baixo o título de *La phénoménale ventrée du Marquis de Ruchestinto*. Comenta a importancia desta tradución dunha obra en lingua galega por unha Universidade europea de gran sona.

_____, “A RAG pon en marcha en xullo un ciclo sobre as Irmandades da Fala”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 1 xullo 2016, p. 42.

Anuncia os actos programados no Museo do Pobo Galego pola Real Academia Galega co gallo do centenario das Irmandades.

_____, "Agorafobia' teatral en el CS do Pichel", *El Correo Gallego*, "Santiago", 2 xullo 2016, p. 25.

Cita a representación da peza Agorafobia, a cargo do grupo de teatro amador do Pichel

_____, "Os Azores acollen a presentación de obras arredor de Antero de Quental", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 22 xullo 2016, p. 44.

Fala da presentación dunha edición facsimilar da obra *Zara* por parte da RAG, o Parlamento de Galicia e a Xunta de Galicia na Asemblea Lexislativa dos Azores, entre outros actos de celebración do corenta aniversario da autonomía do arquipélago luso.

_____, "Romaría dos libros en Mazarelos", *El Correo Gallego*, "Santiago", 26 xullo 2016, p. 26.

Informa do éxito de asistencia na xornada da Romaría dos Libros de Verán e cita as librerías galegas que participaron.

_____, "Roi Casal inundó anoche de son cubano A Quintana", *El Correo Gallego*, "Santiago", 1 agosto 2016, p. 16.

Comenta o éxito do concerto de Roi Casal na Quintana presentando o seu último disco no que emprega letras do escritor Xosé Neira Vilas.

_____, "Rutas literarias sobre Valle Inclán y la Casa da Troia", *El Correo Gallego*, "Santiago", 8 agosto 2016, p. 20.

Dá conta das rutas literarias celebradas en Compostela en torno á figura de Valle-Inclán, a Casa da Troia e ás Irmandades da Fala e comenta que a saída desta última ruta se realizará dende a Alameda pois alí se atopa parte da exposición adicada ao movemento.

_____, "Ruta guiada para conocer la huella de las Irmandades da Fala en Santiago", *El Correo Gallego*, "Santiago", 31 agosto 2016, p. 24.

Anúnciase a oportunidade de coñecer o circuíto santiagués das Irmandades da Fala mediante un percorrido urbano. Engade que esa semana se celebra novamente outra ruta pola Compostela literaria.

_____, "Congreso en Santiago de gastronomía y literatura", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 4 setembro 2016, p. 33.

Indica a organización dun congreso internacional sobre literatura e gastronomía en Italia e a Península Ibérica que inclúe seis conferencias e trinta e cinco comunicacións.

_____, "Aula de Letras y Escritura Creativa en Berenguela", *El Correo Gallego*, "Santiago", 28 setembro 2016, p. 27.

Anúnciase a posta en marcha da Aula de Letras e Escritura Creativa dirixida pola escritora Alicia Beatriz López Gallego, que ten por obxectivo a formación para todas as idades e niveis nas destrezas do comentario, da comprensión lectora e da expresión, entre outras.

_____, "El centenario de Borobó inicia el nuevo ciclo de los Luns do Ateneo", *El Correo Gallego*, "Santiago", 4 outubro 2016, p. 20.

Informa da celebración dunha mesa redonda baixo o título "No centenario do director de La Noche: Borobó, cronista do seu tempo" onde participaron Alonso Montero, Conde Murais, Raimundo García e Julián Guitián.

_____, "Nélida Piñón analiza no CCG o potencial de Galicia", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 4 outubro 2016, p. 35.

Dá conta do encontro con Nélida Piñón no Consello da Cultura galega no que se mantivo un diálogo sobre "as posibilidades e as eivas da nosa imaxe internacional" e no que Ramón Villares describiu á autora como "a escritora galega máis universal". Engade que Piñón participou tamén no congreso do PEN Internacional.

_____, "La Sala Capitol acoge esta tarde un recital poético", *El Correo Gallego*, "Santiago", 25 outubro 2016, p. 22.

Faise eco do recital poético de Isaac Xubín e o cantautor vasco Ruper Ordorika dentro da xira "Tempo de Auxilio".

_____, "Homenaje de los antiguos alumnos de la USC al insigne geógrafo Domingo Fontán", *El Correo Gallego*, "Santiago", 27 outubro 2016, p. 28.

Informa sobre a homenaxe a Domingo Fontán salientando a celebración dunha mesa redonda composta por por Agustín Pena, membro de Alumni USC, Francisco Durán, profesor de xeografía e a presenza do escritor Marcos Calveiro.

_____, "Nace o espazo Muro Dochán en Chan da Pólvora", *El Correo Gallego*, "Santiago", 28 outubro 2016, p. 26.

Informa sobre a creación dun novo espazo de creación artística e poética na libraría e sede da editorial Chan da Pólvora.

_____, "Premio a Bolanda por su trayectoria empresarial en el ámbito de la edición", *El Correo Gallego*, "Santiago", 9 novembro 2016, p. 22.

Destaca a editorial de Santiago de Compostela Bolanda Edicións como gañadora do galardón ao Mellor Editor nos Premios da Comunicación e do Marketing de Galicia.

_____, "Charla sobre 'as teorías artísticas de Castelao", *El Correo Gallego*, "Santiago", 15 novembro 2016, p. 21.

Informa da celebración de dúas conferencias dentro do ciclo Os Luns do Ateneo.

_____, “Alfredo Conde habla de su trabajo como escritor en La Estila”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 18 novembro 2016, p. 27.

Dá conta da charla ofrecida por Alfredo Conde no colexio maior universitario.

_____, “Chan de Pólvora reedita ‘Ucrania’ por sus 25 años”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 18 novembro 2016, p. 23.

Dá conta da reedición e presentación de *Urania*, de Chus Pato, polos seus vinte e cinco anos coa presenza de Méndez Ferrín e Gonzalo Hermo.

_____, “Rivas e Érica Esmorís representarán a cultura galega na feira de Guadalaxara”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 27 novembro 2016, p. 35.

Anuncia a celebración da Feira Internacional do Libro en Guadalaxara e destaca a presenza de Manuel Rivas, Miguel Anxo Fernández, Érica Esmorís e Kristina Sabate. Ademais, indica que haberá un *stand* onde se atoparán toda clase de títulos en lingua galega das máis importantes editoriais, coma Kalandraka, Galaxia, Xerais, Urco Editora etc.

_____, “Simposio sobre o libro e a lectura este decembro”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 30 novembro 2016, p. 29.

Presenta as conferencias “Ler para comprender o mundo” e indica a presenza de Xabier DoCampo.

_____, “Lourenzo abre hoxe en Santiago as xornadas ‘Dramaturxente”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 8 decembro 2016, p. 37.

Fala da celebración das xornadas Dramaturxente en Santiago de Compostela, organizadas polo Centro Dramático Galego e a asociación DramaturGA. Indica que o encargado de iniciar as actividades será Manuel Lorenzo, dramaturgo e director de escena; e entre os participantes destaca Alfonso Becerra, Afonso Ribas, Paco Macías, Manuel Vieites, Cristina Domínguez, Cándido Pazó, Ana Vallés, Marta Pazos, Mª Xosé Queizán, Vanesa Sotelo e María Armesto.

_____, “Lectura dramatizada de ‘Casa O'Rei’ en la SGAE”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 13 decembro 2016, p. 26.

Anuncia a lectura dramatizada por parte da Fundación SGAE da obra A *Casa O’Rei* de Santiago Cortegoso. Comenta que este espectáculo conta coas interpretacións de Miguel Borines, Victoria Teijeiro, Marián Bañobre, Teté García, Artur Trillo e José Manuel Esperante.

_____, “El Consorcio cierra el año con 7 libros relacionados con la ciudad”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 30 decembro 2016, p. 20.

Comenta a presentación en Santiago de Compostela de sete novas obras relacionadas coa propia cidade. Entre estas achegas, destaca a edición en galego de *Historias de*

Compostela. Dezasete crónicas de Santiago (1970) (2015) de Filgueira Valverde, onde tamén se debuxa a cidade.

Eiroá, Inma, "El Museo de Cunqueiro toma forma al fin en Mondoñedo", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 22 maio 2016, p. 44.

Sinálase a intención de rehabilitar a casa familiar de Cunqueiro coa intención de convertela nun museo, "cun café literario" e espazo para expoñer as obras do autor.

Elvira, Sol, "García-Bodaño, Mayo e Viravolta lévanse os premios San Martiño", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 18 novembro 2016, p. 32.

Destaca as personalidades galardoadas cos premios San Martiño de Normalización Lingüística, organizados pola asociación cultural O Brado en colaboración co Concello de A Estrada: o poeta Salvador García-Bodaño, o párroco Jesús Mayo e a compañía de títeres Viravolta. Indica que o poeta leva o premio da categoría de normalización durante toda unha vida, autor de obras como *Ao pé de cada hora*, *Tempo de Compostela* ou *Os misterios de Monsieur D'Aillier*.

_____, "O decembro cultural de Lalín inclúe o AspadezARTE", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 2 decembro 2016, p. 35.

Informa da programación cultural para o mes de decembro en Lalín. Indica que inclúe contacontos, teatro e un obradoiro de creación poética, da man da poetisa Antía Otero, co título "Que como o sol sexa o meu verso".

E. P., "Gran tributo al poeta Lois Pereiro en A Coruña", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 29 febreiro 2016, p. 27.

Dá conta da celebración dunha serie de actos homenaxe a Lois Pereiro e destaca a súa vinculación coa cidade da Coruña.

_____, "Jaureguizar recoge el 'Xosé Aurelio Carracedo' realzando a Blanco Amor", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 4 maio 2016, p. 50.

Informa do acto de entrega do premio Xosé Aurelio Carracedo e destaca que o gañador foi Jaureguizar, cun artigo xornalístico que xira ao redor de Blanco Amor, intitulado "Os amigos do cadáver de Blanco Amor".

_____, "La Feria del Libro de A Coruña abre hasta el día 10", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 1 agosto 2016, p. 25.

Fai referencia á apertura da Feira do Libro coruñesa tras un pregón inaugural de Pinto & Chinto.

_____, "Varias compañías de Galicia acuden a la Feria de Teatro de Castilla y León", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 24 agosto 2016, p. 34.

Destaca o inicio da Feira de Teatro de Castilla e León, á que acudirán varias compañías galegas. Indica que a mostra contará con importantes estreas teatrais internacionais e nacionais.

_____, "Nélida Piñón, el 4 de octubre en la Cidade da Cultura", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 27 setembro 2016, p. 43.

Infórmase do encontro da autora Nélida Piñón con Dolores Vilavedra no ciclo "Nexos Convida..." que promove a Consellería de Cultura.

_____, "A RAG celebrará un simposio sobre Manuel María", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 8 novembro 2016, p. 37.

Anuncia a celebración dun encontro sobre a figura do poeta Manuel María onde participan, entre outros, Margarita Ledo Andión e Darío Xohán Cabana.

_____, "Colectivos lucenses acoden a Bruxelas para reivindicar a cultura galega", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 8 decembro 2016, p. 43.

Comenta a representación da cultura galega en Bruxelas nunhas xornadas onde destacarán as exposicións e os debates sobre a reflexión cultural. Entre os participantes resalta Chus Pato, Oriana Méndez, Teresa Moure, Xabier Xil, Xavier Queipo e Xabier Cordal.

_____, "Vigo e Coruña clausuran o ciclo sobre as Irmandades", *El Correo Gallego*, "Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio", 10 decembro 2016, p. 34.

Indícase que se vai clausurar o ciclo dedicado ás Irmandades da Fala e que a Real Academia a Galega será a encargada de facelo, coa celebración dunha mesa redonda sobre a poesía e a narrativa do grupo. Ademais, destácase a mesa debate, na Casa Galega da Cultura de Vigo, "No tempo das Irmandades: fala, escrita e prelos".

E. S., "Poemas en el otoño de la vida", *Faro de Vigo*, "*el sábado*", n.º 989, 1 outubro 2016, p. 3.

Dá conta da publicación *Poemas e Trobas de Manforote* (2015), a cargo de Manuel Fortes Otero.

_____, "El suplemento El Sábado alcanza hoy su número 1.000", *Faro de Vigo*, "*el sábado*", n.º 1.000, 17 decembro 2016, p. 2.

Anuncia que o suplemento "El Sábado" acadou o seu número 1.000. Di que o primeiro número se publicou o 8 de febreiro de 1997, cunha cuberta na que saía Ánxel Fole, figura destacada do Día das Letras Galegas dese ano.

Estévez, José e Belén **López**, "A cultura enxalza a Sabino Torres como unha icona da edición das letras galegas", *Diario de Pontevedra*, "En Portada", 24 maio 2016, p. 6.

Informa do falecemento de Sabino Torres e recolle as declaracións de Víctor Freixanes, Xosé Luís Méndez Ferrín e Miguel Cuña sobre o finado, onde destaca o seu labor literario.

Estévez, José, "Unha gala para impulsar a investigación contra o cancro e lembrar a Neira Vilas", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Ciudad", 8 novembro 2016, p. 13.

Fálase dun evento benéfico para a investigación científica do cancro, promovido por Loli Beloso, que ten tamén como obxectivo homenaxear ao escritor Xosé Neira Vilas. Dise que terá lugar o 19 de novembro en Salcedo, que a comunidade de Montes desa parroquia fará unha doazón de 2000 euros e que se poderá gozar dun recital poético. Tamén dá conta do monográfico *Xosé Neira Vilas e Anisia Miranda no corazón dos nosos nenos* (2015), de Loli Beloso Neira.

Eyré, Pablo Rubén, "Rostro verde", *Diario de Pontevedra*/ *El Progreso*, "*Táboa Redonda*", n.º 26, 13 marzo 2016, p. 6.

Entre outras cuestións, fai unha referencia a relatos de Álvaro Cunqueiro e Carlos Casares en que se trata a medicina tradicional de Galicia.

_____, "A propósito do lince galego", *El Progreso*, "Vivir", "Casi iguales", 30 decembro 2016, p. 56.

Fala sobre a posíbel presenza do lince nas fragas galegas e fai referencia á obra de Méndez Ferrín. Ademais, recolle as achegas de Sarmiento e Víctor López Seoane.

F. D., "El sonido gallego y actual de Roi Casal, en Ferrol", *La Región*, "Verano", "Agenda de ocio", 31 agosto 2016, p. 24.

Fala da traxectoria profesional de Roi Casal, dende o seu paso por Milladoiro até a publicación de traballos en solitario entre os que salienta este último *Son galego, son cubano* onde contou coa colaboración de Xosé Neira Vilas e artistas galegos e cubanos.

Fernández Caamaño, José M., "Cien años de las Irmandades dos Amigos da Fala", *El Ideal Gallego*, 24 abril 2016, p. 11.

Dá conta da creación das Irmandades de Fala e do traballo realizado nos distintos ámbitos, como a reivindicación social. Destaca que o órgano principal da institución era A Nosa Terra e que incluíu textos de Eduardo Pondal, Ánxel Casal, Castelao e Carré Alvarellos, entre outros.

_____, "Una terna de ilustres vecinos de la ciudad", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", 28 agosto 2016, p. 8.

Comenta polo miúdo a biografía de tres personalidades ilustres da Coruña: Francisco Antonio Mourelle de la Rúa, Manuel Murguía e Adelaida Muro. Con respecto a Murguía destaca a súa personalidade e escritos. Sinala que como difusor da cultura, interesouse pola divulgación da lingua e a literatura galegas, de modo que en 1870 é nomeado director do Arquivo Xeral de Galicia e posteriormente será nomeado director da Real Academia Galega.

Fernández, Carlos, "Una muestra recorre la vida y el entorno de Castelao a través de 14 paneles", *Diario de Pontevedra*, "O Morrazo", "Bueu", "Cangas", 9 decembro 2016, p. 17.

Fálase da exposición "Castelao e os irmáns da liberdade" de Xan Leira no Auditorio de Cangas, unha mostra na que se recollen momentos importantes na vida do escritor, así coma episodios que marcaron a súa personalidade. Dise que está composta por catorce paneis nos que se contextualiza o momento histórico que lle tocou vivir coma a Segunda República, a Guerra Civil e o seu posterior exilio.

Fernández, Eladio, "A editora Chan da Pólvora arrinca como espazo poético", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 26 xuño 2016, p. 40.

Informa do nacemento da editora Chan de Pólvora, dirixida por Antón Lopo, coa publicación da primeira obra de Antón Blanco, *A Oseira*, e a reedición da emblemática obra de Chus Pato, *Ucrania*. Tamén achega información sobre a presentación da editora en Vilagarcía, Santiago e Ourense. Finalmente, saliéntase tamén a publicación de *Querido Eduardo*, unha recompilación de cartas que Ramón Suárez Picallo enviou a Blanco Amor entre 1931-1946, editada por Iris Cochón.

_____, "Ferrol faille un roto á historia do galeguismo", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 24 setembro 2016, p. 43.

Anúnciase a creación de sete roteiros para conmemoriar o centenario das Irmandades da Fala no Concello de Ferrol. Recóllese o nome dalgúns dos textos publicados en diversos xornais e do traballo realizado por Villar Ponte.

Fernández, Elisabet, "Narcos, corrupción e intriga por Ourense", *La Región*, "Verano", "Ourense de 5 en 5", 23 xullo 2016, p. 29.

Recomenda libros ambientados en escenarios urbanos coñecidos. Entre os suxeridos, salienta *Baixo mínimos* (2004) de Diego Ameixeiras, novela de narcotraficantes e intriga na cidade de Ourense. Engade que a saga do investigador Horacio Dopico foi continuada con *O cidadán do mes* (2006).

Fernández, Lara, "Libros, cómic y artesanía en los jardines", *La Opinión*, "A Coruña", 30 xullo 2016, p. 9.

Dáse noticia da celebración da Feira do Libro na Coruña. Entre as actividades sinala que se atopan coloquios e charlas cos escritores, representacións teatrais, conferencias, espectáculos, contacontos etc. Fálase da presenza de escritores, entre os que se destaca: Luz Pozo Garza, María Solar, Ledicia Costas, Teresa Moure, Miguel Anxo Fernández, María Canosa, Concha Blanco, Claudio Rodríguez Fer e María do Cebreiro.

Fernández, Laura, "La Casa dos Poetas acoge la muestra de Manuel Rodríguez", *La Región*, "Celanova", 5 abril 2016, p. 20.

Comenta acto de inauguración dunha mostra sobre a vida e obra do poeta de Paradela Manuel Rodríguez na Casa dos Poetas de Celanova, na que participaron, entre outros, os alcaldes de Celanova e Paradela, o secretario de política lingüística e Luís González Tosar, presidente do Pen Clube e amigo do autor.

_____, "Tesoros en tinta y papel", *La Región*, "Celanova", 8 agosto 2016, p. 30.

Informa da presentación da edición facsimilar da obra *Zara* nas Illas Azores recalcando a implicación e a colaboración no proceso da Fundación Curros Enríquez e da biblioteca da Casa dos Poetas de Celanova.

_____, "Allariz despide hoy los 'roteiros' teatrales por las calles de la villa", *La Región*, "Provincia", 8 setembro 2016, p. 16.

Dáse conta do peche da primeira edición das rutas teatrais nocturnas "Eiro de Verán" no concello de Allariz.

Fernández, L., "Jóvenes de cuatro países recitan a Curros Enríquez", *La Región*, "Verano", 21 xullo 2016, p. 22.

Comenta a celebración en Celanova do traballo internacional "Do audiovisual galego", onde participantes de varios países intentarán adaptar un poema de Manuel Curros Enríquez. Salienta brevemente a trama do poema onde un home se dedica ao contrabando mentres a súa muller e a súa filla o esperan na casa. A mostra atópase na súa cuarta edición, enmarcada na campaña "Acción de Verán" promovida polo concello de Celanova.

_____, "La Casa dos Poetas amplía plantilla para ganar visitantes", *La Región*, "Celanova", 30 agosto 2016, p. 26.

Destaca o papel desempeñado pola Fundación Curros Enríquez de Celanova, a cal ten pretende desenvolver novos proxectos dirixidos a reforzar o seu protagonismo en Internet. Di que estas actividades versan dende a promoción literaria da vila de San Rosendo na rede e desenvolver iniciativas relacionadas coa imaxe.

Fernández, Xurxo, "Viúvas de vivos", *El Correo Gallego*, "Crisol", 22 agosto 2016, p. 56.

Salienta a pegada de Rosalía de Castro na novela *Tierra sin hombres*, de Inma Chacón, sobre todo da presenza do que a autora padronesa chamaba "Viúvas de vivos" en *Follas Novas*: sufrimento da emigración, dureza da vida, soidade...

_____, "Hit Parade del iPod", *El Correo Gallego*, "Crisol", "Ars longa, vita brevis", 22 agosto 2016, p. 56.

Comenta que o tenor Joaquín Deus musicou poemas de escritores galegos como "Unha noite na eira do trigo", de Curros Enríquez, e que se poden escoitar en Youtube.

_____, "Francisco", *El Correo Gallego*, "Crisol", 17 outubro 2016, p. 56.

Fálase da figura de Francisco Castro, autor versátil e singular. Da súa última novela, *Tes ata as dez* (2014), dise que é rara, estraña e curiosa, pero grande e das que fan soñar.

F. E., "Santiago abre a porta de América Latina", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", 15 abril 2016, p. 8.

Informa da preparación de máis de 150 actividades sobre os diferentes xéneros literarios que terán lugar ao longo de tres semanas durante a celebración da Feira Internacional do Libro de Bos Aires, unha das citas literarias máis relevantes, que este ano se dedica á cidade de Santiago de Compostela e na que participarán máis de vinte editoriais galegas e máis dunha trintena de escritores e escritoras, como Yolanda Castaño ou Manuel Rivas.

F. F., "El Ano Castelao trae a los concellos de la comarca exposiciones, concierto y charlas", *Diario de Arousa*, "Vilagarcía", 9 marzo 2016, p. 7.

Informa sobre as actividades que se realizarán para conmemorar o Ano Castelao nos concellos da provincia e comenta, máis en concreto, aqueles actos realizados en Vilagarcía: exposicións, contacontos, música...

_____, "Germán Torres dona su libro sobre Filgueira Valverde a la Biblioteca Municipal", *Diario de Arousa*, "Vilagarcía", 22 abril 2016, p. 4.

Dáse conta da doazón, por parte de Germán Torres, o libro *Xosé Filgueira Valverde, Alcalde de Pontevedra (1959-1968). Aspectos Educativos e Culturais* (2015) e do número vinte e dous da revista *Galegos/Gallegos*.

_____, "O bus das 'Irmandades da Fala' promociona a lingua e culturas galegas", *Diario de Arousa*, "Vilagarcía", 2 xullo 2016, p. 4.

Saliéntase a chegada do autobús das Irmandades da Fala a Vilagarcía, vila de procedencia de Plácido Castro.

_____, "Abre no Museo do Pobo galego unha mostra sobre as Irmandades da Fala", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 7 xullo 2016, p. 42.

Dá conta da mostra *¡Saúde e Terra, irmá(n)s!* a cal se pode visitar no Museo do Pobo Galego de Santiago, que consta de dez espazos que desenvolven os orixes e o crecemento das Irmandades a través de imaxes e textos escollidos. Dise que entre imaxes e documentación, suman a cantidade de 130 pezas cedidas por varias institucións e tamén por colecciónns de particulares.

_____, "Cambados bautiza diez espacios del concello con nombres de mujeres destacadas", *Diario de Arousa*, "Vilagarcía", 26 novembro 2016, p. 3.

Informa da iniciativa local de Cambados para facer unha nomenclatura das rúas máis paritaria. Entre as propostas destacan a académica Francisca Herrera Garrido e a escritora María Mariño Carou.

Fidalgo, Marcos, "La literatura gallega llega con fuerza a Brasil", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 3 decembro 2016, p. 37.

Destaca a tradución, por vez primeira, de catro libros escritos por autores galegos: *Historia da Galiza* de Ramón Villares, *Circe ou o prazer do Azul* de Begoña Caamaño, *No Brasil* de Xavier Rodríguez Baixeras e *Merlín e familia* de Álvaro Cunqueiro. Comenta que as traducións corren a cargo dun grupo de especialistas da Universidade de São Paulo, dedicado ao estudo da lingua galega.

Figueira, Belén e **I. C.**, "El legado de las Irmandades da Fala también llega en bus", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Agenda", "Para todos los públicos", 10 xullo 2016, p. L11.

Informa da chegada á Praza do Obradoiro do autobús iFala, encargado de difundir o legado das Irmandades e conmemorar o seu centenario. Engade que se celebra a posta en escena do espectáculo *María Miramontes desde o alén*.

Figueira, Belén e **B. C.**, "La literatura tomará la calle aprovechando el buen tiempo", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Agenda", "Para todos los públicos", 21 xullo 2016, p. L11.

Faise eco da Romaría dos Libros en Mazarelos, iniciativa organizada por Compostela Literaria e na que participan autores, editoras, librarías, clubs de lectura, bibliotecas e talleres de escritura.

Fontao, Ángela, "Dous modelos literarios con acento galego", *La Opinión*, "A Coruña", "Ciudad y Cultura", 18 febreiro 2016, p. 11.

Dáse conta da participación das escritoras Anxos Sumai e Inma López Silva na actividade "A creación literaria e os seus autores. Encontros con autores", celebrada no salón de actos da UNED. Ademais, realízase un percorrido pola produción literaria das dúas autoras.

_____, “A poesía como punto de partida creativo”, *La Opinión*, “A Coruña”, “Ciudad y Cultura”, 14 marzo 2016, p. 8.

Explica que Rosalía Fernández Rial ofrecerá un recital no centro Ágora xunto co brasileiro Ricardo Domeneck dentro do ciclo Poetas Di(n)versos. Comenta que autora concibe a creación poética como multidisciplinar e heteroxénea, xa que coida que así é máis accesíbel para o público. Ademais, anuncia unha próxima publicación na que dará cabida á conxunción da arte coa educación, continuando coa liña de investigación da súa tese de doutoramento.

_____, “Cervantes y Shakespeare en tres idiomas”, *La Opinión*, “A Coruña”, 29 setembro 2016, p. 9.

Dá conta das xornadas que organiza a facultade de Filoloxía da Universidade da Coruña xunto á Fundación Barrié. Indica que se vai tratar o tema da tradución ao galego das obras de Shakespeare e que Manuel Lourenzo vai falar sobre o teatro do dramaturgo británico.

Fontenla, Sara, “Ourense, capital literaria”, *O SIL*, “Ourense”, outubro 2016, p. 10.

Dá conta da celebración do PEN Internaciinal, que acolleu preto de 200 escritores. Destaca un recital, da man de Manuel Rivas, titulado “Poesía, milagre do mundo”.

Flowers, Margarito, “Exposición poética y visual”, *El Correo Gallego*, “Gente”, 20 xaneiro 2016, p. 64.

Anúnciase da celebración da exposición “16 ou 20 contidos desbordados”, na que participan cinco poetas acompañados de artistas visuais que se inspirarán nos seus textos para realizar ilustracións dos mesmos.

_____, “Novela de Carlos G. Reigosa sobre ‘La venganza del difunto”, *El Correo Gallego*, “Gente”, 17 marzo 2016, p. 63.

Comenta a trama do libro *La venganza del difunto*, a tradución ao castelán desta novela de Carlos R. Reigosa.

_____, “Arte sin fronteras”, *El Correo Gallego*, “Gente”, 13 abril 2016, p. 64.

Fala da presentación en Compostela de *Luva negra* (2016), de Alicia López, coa presenza da escritora Alicia López e o artista Xosé Poldrás, autor dos gravados que acompañan os poemas. Sinala que os beneficios obtidos serán doados a Médicos sen Fronteiras.

_____, “Clases de escritura con Alicia López en la escuela berenguela”, *El Correo Gallego*, “Gente”, 29 setembro 2016, p. 64.

Infórmase do comenzo das clases na Aula de Letras e Escritura Creativa, a cargo de Alicia Beatriz López Gallego, da compostelá Escola de Música Berenguela.

_____, “Curso de escritura creativa en la USC con Alicia López”, *El Correo Gallego*, “Gente”, 28 outubro 2016, p. 64.

Informa positivamente sobre a calidade do curso dirixido por Francisco Javier Barcia González e o prazo de matrícula.

Forján, Emilio, “Xosé Manuel López Tuñas ‘Os autores do cambio social teñen que ser os propios interesados”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Área metropolitana”, 16 xaneiro 2016, p. L7.

Dá conta da presentación do libro *A flor da figueira* (2015), de X. M. López Tuñas en Negreira. Explícase a motivación do argumento e a súa temática, que reflicte vivencias persoais do autor.

Fraga, X., “Irmandade’, elixida por votación popular Palabra do Ano 2016”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 28 decembro 2016, p. 35.

Sinala que Irmandade foi escollida palabra do ano 2016 con motivo do centenario das Irmandades da Fala, movemento nacido en 1916 para defender a cultura, a lingua e dignificar Galicia.

Fraga, Xesús, “Gelria estréase cun libro-disco que escolma a lírica galega dende o XIX”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 19 abril 2016, p. 34.

Informa da próxima presentación en Barcelona do disco-libro de Gelria “Cantos de Poetas”, no que o grupo musica poemas de catorce autores e autoras da lírica galega dende o Rexurdimento até a actualidade, entre os que destaca Rosalía de Castro e Chus Pato.

_____, “A estreita relación entre La Voz de Galicia e Os Amigos da Fala”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, “A festa da palabra”, 19 maio 2016, p. 37.

Comenta que Antón Villar Ponte formou parte da redacción de *La Voz de Galicia*. Destaca a publicación, por parte do xornal, da Biblioteca Gallega na que se incluíu L*os precursores* de Murguía, *Aires da miña terra* de Curros e *Queixumes dos Pinos* de Pondal.

_____, “Figura fundamental para a revitalización da edición galega”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 24 maio 2016, p. 38.

Informada do pasamento de Sabino Torres, “creador da primeira colección de poesía tras a Guerra Civil”. Destaca o seu labor pola poesía, fundamentalmente dende a colección Benito Soto e algúns dos libros editados por el.

_____, “Queremos tanto a Carlos”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, “A festa da palabra”, 10 xullo 2016, p. 39.

Con motivo da elección de Carlos Casares como representante no Día das Letras Galegas de 2017, dá conta da súa biografía, entre a que destaca a súa colaboración con columnas no propio diario. Resalta a importancia desta obra periodística na que participou o escritor ourensán, pois iso contribuíu a un achegamento co público, gracias ao seu carácter humanista que transmitían os seus artigos. Salienta que inclusive había lectores que recortaban a súa columna no diario para conservala. Destaca o carácter de rebeldía propio do autor, o cal escapaba a calquera tipo de dogmatismo, sendo sempre un férreo defensor da cultura galega apoiado proxectos e mesmo intervindo na vida política.

_____, "Francisco Castro releva a Víctor F. Freixanes na dirección de Galaxia", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 20 decembro 2016, p. 37.

Destaca o nomeamento de Francisco Castro coma novo director da editorial Galaxia polo Consello de Administración do grupo. Sinala que sucede no posto a Víctor Freixanes, levando a cabo un relevo xeracional na institución.

Franco, Fernando, "Las primeras huelgas coincidienron en Vigo con el teatro más vanguardista", *Faro de Vigo*, "*Estela*", n.º 716, "Memorias", 14 febreiro 2016, pp. 12-13.

Realízase un percorrido pola biografía e vivencias de Dorotea Bárcena dende a infancia, destacando o seu traballo como dramaturga e fundadora do grupo Esperpento e do Teatro da Lúa nos anos noventa.

_____, "De ingresos", *Faro de Vigo*, "Vigo", "Mira Vigo", 25 xuño 2016, p. 8.

Indica que o Instituto de Estudios vigueses está de 25 aniversario e sinala a inclusión de novos membros: Manuel Bragado, Carlos Núñez Le Vieux e Ceferino Blas, entre outros.

_____, "Vigo será ciudad de poesía", *Faro de Vigo*, "Vigo", "Mira Vigo", 15 outubro 2016, p. 10.

Fala do Festival Kerouac de poesía en Vigo e das actividades programadas pola cidade nas que se atopan dende recitais nas rúas e institutos, corenta artistas invitados e poetas en oito linguas distintas.

_____, "Toda una descarga poética", *Faro de Vigo*, "Vigo", "Mira Vigo", 21 outubro 2016, p. 9.

Entre outros asuntos, comenta os próximos actos do Festival Kerouac.

_____, "Jesús Porteiro. 'Emigré para cumplir mi sueño de trabajar en Detroit y acabé con Fidel", *Faro de Vigo*, "*Estela*", n.º 754, "Memorias", 6 novembro 2016, pp. 12-13.

Homenaxea o percorrido vital de Jesús Porteiro. Entre outras cousas, salienta a importancia de lecturas na súa infancia como *Memorias dun neno labrego* e *Cantares Gallegos*.

_____, "Mariano Marcos Abalo. 'Escribí el Conxuro da Queimada a bordo de un barco decomisado en Vigo", *Faro de Vigo*, "*Estela*", n.º 756, "Memorias", 20 novembro 2016, pp. 12-13.

Faise eco da figura de Mariano Marcos Abalo e destaca a súa dimensión poética, como membro do grupo Brétema, escritor do popular "Conxuro da Queimada" e humorista gráfico en revistas como *Chan* e *Can sen Dono*.

_____, "De Cervantes, Xavier, Cristina y el Ribeiro", *Faro de Vigo*, "Vigo", "Mira Vigo", 29 novembro 2016, p. 10.

Indica a presenza do autor de *A rosa do viño*, Xavier Castro, nun encontro vitícola con Cristina Alcalá no café Vitruvia.

Franjo, Fernando, "Aquel xornal que todos esperaban", *El Correo Gallego*, "*Suplemento de El Correo Gallego*", 31 xaneiro 2016, pp. 1-3.

Destácase a importancia da creación das Irmandades da Fala en 1916 para chegar a converterse nun testemuño da sensibilidade cultural de toda Galicia. Con todo, dise que a época de posguerra, a escasa liberdade de prensa e o nacemento da Radio Nacional de España xogaron en contra da continuidade de *La Noche*.

_____, "Pontecesures rende homenaxe a Borobó na data do seu centenario", *El Correo Gallego*, "Medios", 10 xullo 2016, p. 53.

Salienta a celebración dunha homenaxe con motivo do centenario do nacemento de Raimundo García Domínguez, máis coñecido como Borobó, director dos diarios *La Noche* e *El Correo Gallego*. Destaca a súa fundamental labor informativa a cargo dos diarios, sendo un referente esencial na transmisión de información do periodismo galego durante décadas.

_____, "La CdC presenta el mayor itinerario humano y vital sobre la figura de Cela", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 19 novembro 2016, p. 48.

Informa da exposición dedicada á figura de Camilo José Cela no Gaiás. Dise que na mostra se fai referencia á súa relación coa intelectualidade galega e ao epistolario con Celso Emilio Ferreiro, Vicente Risco e Otero Pedrayo.

Frieiro, F. , "Tito Porto, un mecánico de los versos", *Diario de Arousa*, "Vilagarcía", 8 xullo 2016, p. 4.

Destaca a personalidade de Tito Porto, mecánico de profesión e escritor de poemas. Comenta a homenaxe recibida polo autor aos seus 95 anos e sinala a importancia do seu

primeiro poema firmado, “A figuriña de barro”. Salienta as múltiples facetas exploradas polo autor, quen ademais da escritura probou sorte na pintura e na escultura.

_____, “Festivala, o primeiro festival feminista de Vilagarcía, chega á cidade para espertar conciencias”, *Diario de Arousa*, “Vilagarcía”, 4 novembro 2016, p. 4.

Comenta a celebración dun festival feminista en Vilagarcía baixo a organización do colectivo de O soño de Lilith. Di que contará con diversas actividades entre as que destacan as charlas de formación, os recitais poéticos, a música e obradoiros.

Fuente, S. de la, “El Pen resalta en Ourense la relación de Galicia con todas las literaturas del mundo”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 29 setembro 2016, p. 34.

No marco do congreso, saliéntanse as palabras de Méndez Ferrín, quen sitúa a orixe das letras galegas no século IV con Prisciliano.

Gago, Manuel, “Enunciados”, *Diario de Pontevedra*/ *El Progreso*, “*Táboa Redonda*”, n.º 57, “SeiSentidos”, 13 novembro 2016, p. 5.

Fai referencia ás impresións dos lectores en relación ó prezo da obra *Vento e chuvia*.

García, Carmela, “Presentan un nuevo centro de estudios asociado al Camino”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 24 novembro 2016, p. 30.

Comenta a celebración da xuntanza da Academia Xacobea, quen busca difundir información sobre a Ruta Xacobea. Destaca a intento de chegar a novos ámbitos que proporcionen un maior auxe, como a arte ou a literatura. Por este motivo, a Academia salienta a creación o I Premio de Novela Camiño de Santiago o próximo ano.

García, Héitor, “As pegadas de Castelao en Pontevedra”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 1 agosto 2016, p. 8.

Comenta a estrea da exposición “Meu Pontevedra! Castelao 1916-1936”. Indica que a mostra é unha homenaxe á figura de Castelao como un gran ilustrador, no aniversario cen da súa chegada a Pontevedra. Destaca a pluralidade da exposición, destinada a todos os públicos, tamén para os máis cativos. Resalta a importancia deste proxecto, pois os visitantes afondan nos vinte anos nos que o autor residiu na cidade de Pontevedra, onde desempeñou a súa actividade profesional, literaria e ilustradora: ingreso nas Irmandades da Fala, debuxos do *Álbum Nós* e a revista *Nós*, a súa etapa como académico da Real Academia Galega ou a participación no Seminario de Estudos Galegos.

García, Laura e **B. C.**, “La literatura estará muy presente en el Festigal”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, 20 xullo 2016, p. L11.

Dá conta da programación literaria do Festigal na que salienta a firma de libros de Manuel Rivas e Manuel Iglesias Turnes, espazos de venta (libraría Pedreira, editoras Agal/Através, Sermos Galiza e Galaxia), debates e a presentación das obras *Por que é que a crise non rematará nunca*, *Mortos por amor á Terra*, *A imagen de Portugal na Galiza*, *O perverso goberno de Feijóo: Sete anos en negro* etc.

García Liste, Ana, "Esta Navidad, un libro en gallego", *Faro de Vigo*, "Sociedad", pp. 46-47/ *La Opinión*, "Sociedad, cultura y ocio", pp. 34-35, 18 decembro 2016.

Comenta que as editoriais galegas lanzan unha listaxe de títulos para agasallar polo Nadal. Destaca un gran número de títulos de diversas editoriais (Xerais, Galaxia, Alvarellos, Elvira, Baía, Laiovento...): *O anxo negro*, de Manuel Gago; *A ferida do vento*, de Antón Riveiro Coello; *As Irmandades da Fala. Nin provincialismo, nin rexionalismo, nin galeguismo: nacionalismo!*, de Pepe Carreiro; *Os últimos carballos do banquete de Conxo*, de Henrique Alvarellos, Xurxo Martínez, Francisco Singul e Martín Souto; *As Irmandades da Fala (1916-1931)* de Uxío-Breogán Diéguez; *A candidata*, de Miguel Sande; *Desescribindo*, de Marilar Aleixandre; *A ira dos mansos*, de Manuel Esteban; o manuscrito *De catro a catro*, de Anxo Tarrío; *Ucrania*, de Chus Pato... Tamén dá conta da colección Historias para coñecermos Vigo.

García, M., "Historias de Compostela', en galego", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Agenda", "Para todos los públicos", 26 xaneiro 2016, p. L10.

Anuncia a presentación do libro *Historias de Compostela. Dezasete crónicas de Santiago (1970)* (2015), de Filgueira Valverde.

_____, "Historias de Compostela', en galego", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Agenda", "Para todos los públicos", 27 xaneiro 2016, p. L11.

Infórmase da tradución ao galego de *Historias de Compostela*, obra de X. Filgueira Valverde, orixinariamente publicada en castelán. Ademais de mencionar os participantes no acto, dáse conta do argumento do volume.

_____, "La versión lusa de 'A piragua', de Pazó, llega con Escola da Noite", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Agenda", "Para todos los públicos", 28 xaneiro 2016, p. L10.

Informa da representación, por parte da compañía Escola da Noite de Coímbra, da peza *A canoa*, versión portuguesa da obra *A piragua*, de Cándido Pazó, que o Centro Dramático Galego presentara en 2007. Comenta o seu argumento e indica que foi estreada en Portugal.

_____, "Morris, Castaño y Castiñeiras con 'O aniversario", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Agenda", "Para todos los públicos", 28 xaneiro 2016, p. L10.

Dá conta da dramatización da obra *O aniversario*, de Diego Ameixeiras. Sinala que o obxectivo desta actividade é dar difusión a algúns dos textos máis interesantes en lingua galega.

_____, “Recital poético”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, 2 febreiro 2016, p. L10.

Indica que se realizará un recital poético con Daniel Rilo, Sara Ferro Feal, Roberto García Candal y Balb Inovsky.

_____, “Padrón recordará a Rosalía de Castro los días 23 y 24”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, 18 febreiro 2016, p. L10.

Informa que a Fundación Rosalía de Castro desenvolverá distintos actos e actividades didácticas para honrar a escritora polo día do seu aniversario.

_____, “Rivas y Manuel F. Rodríguez hablan de sus novelas”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, 19 febreiro 2016, p. L10.

En primeiro lugar, informa da presentación da novela *O último día de Terranova* (2015), de Manuel Rivas na librería Cronopios e comenta o seu argumento. En segundo lugar, anucia a celebración dunha tertulia arredor da novela *A viaxe á fin do mundo* (2015) por parte da Asociación Cultural O Galo.

_____, “Ames inicia los actos en recuerdo de Rosalía”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, 19 febreiro 2016, p. L10.

Dáse conta dun acto literario-musical na honra de Rosalía de Castro e dunha excursión á Casa-Museo da escritora galega.

_____, “La Casa de Rosalía abre los actos por el aniversario”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, 20 febreiro 2016, p. L11.

Anuncia o inicio dos actos polo aniversario de Rosalía de Castro na Casa da Matanza e que comezará cunha conferencia sobre as relacións entre Galicia e Portugal, a cargo de Eduardo Pires de Oliveira.

_____, “Una muestra recoge la edición gallega en la emigración”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, 23 febreiro 2016, p. L10.

Infórmase de que o Consello da Cultura Galega acollerá a exposición “Galicia imaxinada”, na que se destaca o papel das revistas galegas na emigración e a presentación da publicación dun número especial da revista Céltiga: *Eliseo Pulpeiro. As letras galegas entre dúas ribeiras (Ribadeo e Río da Prata)*.

_____, “Ofrendas, poemas y charlas por el aniversario de Rosalía”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, 24 febreiro 2016, p. L11.

Enuméranse as xornadas, conferencias e actividades organizadas por distintas institucións para conmemorar o Día de Rosalía en Santiago, Padrón, Ames e Ordes.

_____, “Reivindican a vixencia do legado de Rosalía de Castro”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 25 febreiro 2016, p. 37.

Dá conta do acto institucional celebrado diante da estatuta de Rosalía de Castro na Alameda compostelá e a ofrende floral. Indica que participaron a Consellaría de Cultura e Educación, o Concello de Santiago e a Fundación Rosalía.

_____, "Un puente literario de Santiago a Buenos Aires con 150 actos", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Agenda", "Para todos los públicos", 30 marzo 2016, p. L11.

Fálase das actividades programadas na Feira Internacional do Libro de Bos Aires, destacando a presenza de Manuel Rivas, Diego Ameixeiras, Ledicia Costas, Pedro Feijoo e Alonso Montero.

_____, "Música medieval para una novela en clave de humor sobre el robo del Códice", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Agenda", "Para todos los públicos", 30 marzo 2016, p. L11.

Dáse conta da presentación da obra *Custodio ou a Fe do Carboeiro* (2014), de Antón de Santiago, no Museo das Peregrinacións.

_____, "De Santiago. 'Quiero que la gente se divierta con la novela", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Agenda", "Para todos los públicos", 31 marzo 2016, p. L10.

Comenta que a novela *Custodio ou a Fe do Carboeiro* (2014), de Antón de Santiago, trata o roubo do Códice cun ton humorístico. Destaca a boa acollida da novela entre o público.

_____, "Basilio Losada cede 3.000 libros a la Biblioteca de Galicia", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Agenda", "Para todos los públicos", 15 xuño 2016, p. L10.

Comenta que o escritor Basilio Losada cedeu arredor de 3.000 volumes da súa biblioteca particular aos fondos da Biblioeca de Galicia da Cidade da Cultura. Destaca as obras dedicadas á crítica literaria portuguesa, á poesía e aos clásicos occidentais de todos os tempos.

_____, "Roi Casal inicia a xira galega do seu traballo con Neira Vilas", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Agenda", "Para todos los públicos", 17 xuño 2016, p. L10.

Fala do lanzamento do proxecto musical titulado "Son galego, son cubano", en voz de Roi Casal con letra do escritor Xosé Neira Vilas. Destaca a importancia deste proxecto xa que no desenvolvemento do mesmo terase a ocasión de lembrar a Neira Vilas, debido a que a composición transmite as achegas dos emigrantes a Galicia, que axudaron a renovar a cultura e literatura galega.

_____, "A Regadeira de Adela une un mercadillo de arte al teatro", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Agenda", "Para todos los públicos", 10 decembro 2016, p. L10.

Anuncia a celebración dun mercadillo en Santiago de Compostela coa presenza de pintores, escultores e escritores coma Lúa Gándara, María Mejide, Carlos Meixide, Haya Blanco, Alejandra Vargas, Laton Queen, Salva Neira, Minia, Marusía Tienda, Miguel de la Plata, FaniThings e Ola Rula.

_____, "La coral El Eco lleva las canciones gallegas de toda la vida a Bonaval", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Agenda", "Para todos los públicos", 22 decembro 2016, p. L10.

Resalta que a coral polifónica El Eco ofrecerá en Santiago de Compostela un concerto no que conmemora os seus 135 anos de vida. Indica que se interpretarán tres pezas con letras de Rosalía de Castro e Castelao.

García Márquez, Marta, "Vinte voces lembran a Pereiro no Rosalía baixo unha atmósfera gris e metálica", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", 29 febreiro 2016, p. 21.

Anuncia a homenaxe a Lois Pereiro no Rosalía organizada pola Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega, na que participaron autores que se serviron dos textos do autor e doutros propios.

_____, "Francisco Castro. 'Non quería escribir unha novela 'tetrabrik', tiña que deixar pouso", *El Ideal Gallego*, "Sociedad", 7 outubro 2016, p. 37.

Informa da presentación do libro *Tienes hasta las 10*, a versión en castelán do orixinal galego *Tes ata as dez* (2014), de Francisco Castro.

García, Montse, "Teatro y danza con el Agadic en Santiago y en Ames", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Agenda", "Para todos los públicos", 14 xaneiro 2016, p. L11.

Infórmase das actividades de teatro e danza que se celebrarán en Ames e en Santiago. Ademais das agrupacións participantes, sinálanse as datas.

_____, "Santiago acollerá en xullo os actos das Irmandades da Fala", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Agenda", "Para todos los públicos", 10 febreiro 2016, p. L10.

Dáse conta do encontro do alcalde de Santiago, Martiño Noriega, co secretario de ORA Galega, Carlos Quiroga, e co presidente da Mesa pola Normalización Lingüística, Marcos Maceira, para falar sobre as actividades que se celebrarán co fin de conmemorar o ano das Irmandades da Fala.

_____, "Los libros salen al Mercado de Abastos", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Agenda", "Para todos los públicos", 20 febreiro 2016, p. L11.

Informa sobre unha nova edición da romaría dos libros celebrada no Mercado de Abastos e promovida por Compostela Literaria. Engade que participarán cinco librarías, cuatro editoras e dous autores: María Meijide e Carlos Meixide. Ademais sinala que nesta ocasión os libros terán unha orientación cara a gastronomía.

_____, “Un libro recupera la figura de Eliseo Pulpeiro, fundador de la revista ‘Celtiga”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 24 febreiro 2016, p. 38.

Anúnciase a publicación do volume *Eliseo Pulpeiro. As letras galegas entre dúas ribeiras (Ribadeo e Río da Prata)*, de Sylvia Pulpeiro e Pablo Rodríguez (2016), que recolle textos escritos en prosa, verso e cartas, coa intención de difundir máis a figura de Eliseo Pulpeiro. Destaca a súa conexión coa revista Céltiga e a súa relación con Castelao, Suárez Picallo e Blanco Amor.

_____, “Inma López Silva elogia el impacto institucional en el teatro gallego en su obra ‘Resistir no escenario”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 3 marzo 2016, p. 42.

Dáse conta da presentación da obra de Inma López Silva *Resistir no escenario. Cara a unha historia institucional do teatro galego* (2015), na que analiza as persoas, entidades e organizacións que fan posíbel o teatro. Ademais, resumense algunhas das intervencións dos participantes no acto.

_____, “Mostras, seminarios e publicacións lembran os cen anos das Irmandades”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 15 marzo 2016, p. 33.

Fala das iniciativas culturais que se presentaron en Santiago para conmemorar o centenario das Irmandades da Fala, entre as que se dá acollida a exposicións, seminarios e mesas de debate organizadas por distintas entidades.

_____, “Unha gran homenaxe a Neira Vilas pon en valor a súa achega á cultura galega”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 18 marzo 2016, p. 36.

Anúnciase a homenaxe a Neira Vilas no Gaiás, encabezada polo presidente da Xunta. Compárase o personaxe creado por Neira Vilas, Balbino, con outros da literatura universal como Oliver Twist ou Tom Sawyer. Así mesmo, destácase a intervención do Cónsul de Cuba e a de Rosalía Morláns, da Fundación Neira Vilas, que lle didicou uns sentidos versos.

_____, “La Feira do Libro arranca hoy con críticas al Concello por la falta de apoyo institucional”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Santiago”, 30 abril 2016, p. L5.

Indica que no marco da Feira do Libro, Julio Fernández e Manuel Portas presentarán as súas últimas obras.

_____, “Valle-Inclán en cuatro espectáculos”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, 5 maio 2016, p. L11.

Dá conta da representación de catro espectáculos arredor da figura de Valle-Inclán: *A maleta do mestre*, *Que os leve o vento*, *A viaxe marabillosa. Velle Estético* e *A ruta das verbas*.

_____, “Música, teatro e conferencias lembran ás Irmandades da Fala”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, 28 maio 2016, p. L10.

Indícase que a fundación das Irmandades da Fala o 28 de maio de 1916 co discurso de Luis Porteiro Garea será homenaxeada durante toda a xornada en Santiago a través de actividades distribuídas por diferentes espazos da cidade. Entre elas saliéntase como acto central un recital poético que culminará cun concerto no Panteón de Galegos Ilustres e numerosas representacións teatrais, concertos, exposicións, mesas redondas e coloquios.

_____, “Reivindicación e lembranza nos cen anos da Irmandade da Fala de Santiago”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Santiago”, 29 maio 2016, p. L2.

Informa dos actos celebrados para conmemorar o centenario das Irmandades da Fala.

_____, “Mercè Lopez. ‘Ofreceremos una visión histórica de la relación entre literatura y gastronomía”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “En primera persona”, 20 setembro 2016, contracuberta.

Informa da celebración do congreso *Lengua, literatura y gastronomía entre Italia y la Península Ibérica*, organizado por Mercè López e Benedict Buono. Sinala a que unha das actividades versará sobre a obra de Álvaro Cunqueiro.

García, Rodri, “A modernización da cultura das Irmandades ‘segue sendo necesaria”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, “A festa da palabra”, 17 maio 2016, p. 39.

Recolle as declaracións de Henrique Monteagudo e Mercedes Queixas sobre as Irmandades da Fala. Destaca as publicacións de *Nós* e *A Nosa Terra* e o labor de Villar Ponte.

_____, “Catro coros históricos lembran a fundación das Irmandades da Fala”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, “A festa da palabra”, 18 maio 2016, p. 36.

No marco do acto homenaxear o centenario das Irmandades da Fala, salienta a realización dun concerto coral. Destaca a intervención de Fina Casalderrey e Manuel Rivas e a lectura de textos de Cabanillas, Risco, Castelao e Lugrís.

_____, “As palabras das Irmandades da Fala resoaron de novo no seu centenario”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, “A festa da palabra”, 19 maio 2016, p. 36.

Dáse conta da homenaxe ás Irmandades da Fala co gallo do seu centenario. Así pois, dise que no mesmo lugar, fai cen anos, se realizou un acto literario e musical organizado pola Real Academia Galega.

_____, “As Irmandades reúnen á sociedade galega en ‘Saúde e Terra, irmá(n)s!”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 4 xuño 2016, p. 37.

Da conta da exposición arredor das Irmandades da Fala organizada pola Real Academia Galega, a Deputación da Coruña e o Museo do Pobo Galego, en colaboración con outras institucións de índole pública e privada. Sinala que a exposición relata a historia das Irmandades mediante dez temas que intentan salientar a importancia da lingua galega na súa vertente oral e escrita, con imaxes e documentos orixinais manexados polo propio grupo.

_____, "A RAG celebra o día dos arquivos dixitalizando documentos particulares", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 8 xuño 2016, p. 36.

Indica a dixitalización gratuíta de materiais particulares por parte da Real Academia Galega. Entre eles, destaca a correspondencia de Cabanillas, Murguía, Bóveda, Pondal, Curros etc.

_____, "Viaje al interior de las torres de Meirás", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 17 setembro 2016, p. 46.

Relata a visita ao pazo de Meirás, percorrendo as estancias e rememorando a Emilia Pardo Bazán. Indica que, entre os asistentes, estaban Xulia Santiso, Manuel Rivas e Xesús Alonso Montero.

_____, "Xosé Rubinos, o mestre galego de Fidel Castro", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 3 novembro 2016, p. 39.

Infórmase da presentación na RAG do volume *O poema da Cruña; O velliño* (2016), de man da Institución Benéfico Social Padre Rubinos, que recolle as dúas obras do xesuíta máis relacionadas coa súa cidade natal: *O poema da Cruña* e *O Velliño*. A primeira é un conxunto de 28 poemas sobre a cidade, a segunda, unha peza teatral ao pé da milenaria Torre de Hércules. Realízase unha semblanza mínima sobre quen, desde a Habana, impulsara a mesma RAG, lembrando o seu posterior nomeamento como académico de honra.

_____, "Antón de Santiago. 'Esta obra é unha achega á cantiga lírica galega", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 2 decembro 2016, p. 39.

Entrevista ao autor sobre a publicación da obra *Cantigas Líricas Galegas. Para canto e piano e pezas corais* (2016), un conxunto de partituras musicais –editado co apoio de Política Lingüística– con orixe en poemas de diversos poetas, desde Rosalía de Castro a Lorca, Curros, Cunqueiro, Miguel Anxo Fernán-Vello, Celso Emilio ou Ramiro Fonte, entre outros. Menciónase a panxoliña final e unha novela do autor sobre o roubo do Códice Calixtino, *Custodio ou a fe do carboeiro.*

_____, "Un facsímile de 'A Nosa Terra' pecha o ano das Irmandades", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 30 decembro 2016, p. 36.

Informa da publicación por parte da Universidade da Coruña dun facsímile de *A Nosa Terra*, con estudos de Víctor Casas, Teresa López e Uxío Diéguez.

García, Yolanda, "Tengo otra mascota", *La Voz de Galicia*, "*Ya Es Sábado*", n.º 139, 22 outubro 2016, pp. 16-17.

Recolle as declaracións de Suso Blanco Chao a propósito da súa mascota (un porco vietnamita femia), que relaciona cun dos contos da editorial Kalandraka, *O porquiño*, un dos seus preferidos para lerlle aos seus antes de durmir.

Gayoso, V., "Homenaxe á figura do xornalista Raimundo García 'Boboró' en Pontecesures", *Diario de Pontevedra*, "Caldas", "Deza", "Tabeirós", 28 agosto, p. 27.

Anuncia a homenaxe que a Asociación de Periodistas de Santiago de Compostela realizará ao periodista Borobó. Destaca que foi director dos diarios *El Correo Gallego* e *La Noche*, salientando como un defensor férreo da liberdade de expresión ante a censura imposta dende o ámbito nacional.

Gerpe, A., "Miguelanxo Prado destacou en Rianxo a simbiose de Castelao co seu pobo", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 3 abril 2016, p. 42.

Infórmase da homenaxe a Castelao en Rianxo con motivo do Día das Artes Galegas. Destácase que Miguelanxo Prado foi o encargado de realizar un percorrido pola traxectoria de autor, na que primou sempre a comunicación e a transmisión do seu parecer artístico, e destacando a súa multidisciplinariedade.

Gil, Francisco J., "El disco que llevó la poesía gallega a la música ligera", *La Región*, "*La Revista*", n.º 247, "en Portada", 2 outubro 2016, pp. 2-3.

Informa do corenta aniversario da publicación do disco *Miña nai dos dous mares* de Juan Pardo, que achegaba ao público a poetas como Ramón Cabanillas ou Eduardo Pondal.

Gil, M., "Piden que o Día das Letras de 2017 sexa para Agrelo", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 16 febreiro 2016, p. 37.

Comenta que o grupo de teatro Candea volveu reivindicar un Día das Letras Galegas para quen fora o seu director, Xosé Agrelo Hermo, e dan conta da súa actividade artísticas e editorial.

_____, "Una escritora noiesa recuerda en la madurez sus poesías de juventud", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 13 decembro 2016, p. 30.

Comenta a saída do prelo do primeiro poemario de Begoña Pombar, escritora nada en Pobra do Caramiñal. Indica que a obra, *Kala*, composta por corenta poemas, recolle as vivencias da súa xuventude e está dispoñible en galego, castelán, inglés, portugués e catalán.

Gil, Manuel, “Aumentan los usuarios en la Biblioteca pública noiesa”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 18 xaneiro 2016, p. 24.

Entre outras novas, dá conta dos libros máis lidos en lingua galega durante o ano 2015: *As rulas de Bakunin* e *Animalia*, de Antón Riveiro Coello; *As riveiras son escuras*, de Manuel María; *Chamábase Luis* e *Tristes armas*, de Marisa Mayoral; *Os dous de sempre* e *Retrincos*, de Castelao; e *Follas Novas* e *Cantares Gallegos*, de Rosalía de Castro.

Giráldez, José Miguel, “Manuel Rivas: ‘Terranova é o último refuxio”, *El Correo Gallego*, “*2domingo*”, 28 febreiro 2016, p. 5.

Infórmase da presentación da última novela de Manuel Rivas *O último día de Terranova* (2015). Caracterízase o estilo narrativo do autor e avánzase o argumento da obra.

Giráldez, J. M., “Leer en verano: palabras para julio, luz de agosto”, *El Correo Gallego*, “*2domingo*”, 3 xullo 2016, pp. 2-3.

Recomenda lecturas para o verán, entre as que salienta *O último día de Terranova* (2015). Nun apartado centrado unicamente nas obras en galego fai referencia dentro do ensaio a *De camiños, viaxeiros e camiñantes* e *Marcas*; na novela, *Amor é unha palabra como outra calquera*, *Viaxe á última revolución*, *A fuga a Exipto*, *Os camiños na auga*, *Os Kowa*, *Todo canto fomos* e *As horas roubadas*.

G. M. O., “Música e teatro para os corenta anos de Bóveda”, *La Opinión*, “A Coruña”, 17 outubro 2016, p. 4.

Informa da próxima celebración da gala de aniversario da agrupación o vindeiro mércores no teatro Rosalía de Castro. Entre as actividades, destaca a representación dunha peza teatral a cargo da Asociación Teatral Paso de Valverde.

Gómez, Chus, “A vida non tería sentido sen poesía, sen música, sen pintura e sen gastronomía”, “Pontevedra”, “Ciudad”, *Diario de Pontevedra*, 21 maio 2016, p. 12.

Dáse conta da homenaxe a Carlos Oroza no Centro Integrado de Formación Profesional de Pontevedra. Sinálase que Carlos Blanco foi o encargado de conducir o acto e fálase dalgunha das actividades levadas a cabo. Destácase a conferencia “Literatura e gastronomía”, a cargo de Miguel Vila Pernas, onde tratou a obra de Rosalía de Castro, Eduardo Pondal, Álvaro Cunqueiro, Ramón Cabanillas...

_____, “Carlos Valle. ‘Confío que esta mostra sexa un punto de partida”, “Pontevedra”, “Ciudad”, *Diario de Pontevedra*, 3 agosto 2016, p. 7.

Co motivo da estrea da exposición “Meu Pontevedra!” dedicada á personalidade de Castelao, resalta o importante papel que xoga na sociedade o Museo de Pontevedra, o

edificio que conta co persoal axeitado para loar a figura do autor. Comenta a profundidade da mostra que abarca os vinte anos que o autor residiu en Pontevedra, de forma que á saída da mesma estamos ante un Castelao completamente diferente ao que coñeciamos.

Gómez, Concha, "El IEM sigue los pasos del Conde de Gondomar en un libro", *Atlántico Diario*, "Área metropolitana", "Val Miñor", 14 xuño 2016, p. 14.

Infórmase de que o 17 de xuño de 2016 se presentará a monografía *Tras os pasos do Conde de Gondomar. Unha viaxe alén Miñor*, de Antonio Soliño Troncoso, na sede do Instituto de Estudios Miñoranos e que contará coa presenza do seu autor xunto con membros do Instituto de Estudios Miñoranos.

_____, "Tes ata as dez' despierta interés más allá del Padornelo", *Atlántico Diario*, "Vigo", 28 setembro 2016, p. 11.

Dá conta da tradución ao castelán da obra *Tes ata as dez* (2014), de Francisco Castro.

_____, "Ocho relatos para ocho enclaves de la ciudad", *Atlántico Diario*, "Vigo", 19 outubro 2016, p. 4.

Comenta a presentación no Marco de Vigo de "Historias para coñecermos Vigo", unha colección composta por oito novelas que teñen como núcleo temático a cidade viguesa. As obras céntranse nos elementos identitarios dos habitantes e nos espazos característicos, os cales funcionan como medio para coñecer a historia da cidade. Ademais de recoñecer os espazos, mesturan ficción e realidade para amosar a memoria, a arte, a literatura e a toponimia de Vigo.

Gómez, J., "Un 'Caderno' resalta la buena relación de Filgueira y Santiago", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Agenda", "Para todos los público", 9 febreiro 2016, p. L10.

Comenta a compilación de textos que aparecen na obra *Escolma de textos literarios e xornalísticos* (2015), no número trinta e catro dos *Cadernos Ramón Piñeiro*. Ademais de sinalar cales son os contidos do volume, achega datos biográficos de interese sobre Filgueira Valverde.

Gómez, Joel, "Homenaxean a obra de Díaz Pardo e reclaman salvar o seu legado", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Santiago", 11 xaneiro 2016, p. L4.

Dáse conta da celebración dun acto de homenaxe póstumo a Díaz Pardo. Ademais de destacar a súa traxectoria profesional, infórmase do desenvolvemento da cerimonia.

_____, "Correntes d'Escritas se propone trasladar su éxito también a Galicia en el 2017", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", 4 marzo 2016, p. 7.

Comenta que Correntes d'Escritas, o evento literario de maior proxección internacional desexa estrear sede galega e que Galicia estivo representada polo autor e escritor Carlos Quiroga, que participou en case todas as edicións. Destaca a importancia cultural que adquire o acto.

Gómez, Cuca M., "Maldito temporal", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Gente a diario", "De café con Cuca", 11 xaneiro 2016, p. 62.

Entre outras novas, informa da presentación, en Pontevedra, da última obra de Teresa Moure, *Ostracia*.

_____, "Risa y música para el sábado noche", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Gente a diario", "De café con Cuca", 16 xaneiro 2016, p. 70.

Entre outros temas fala da presentación do libro de poesía *Atrofiadas as estrelas* (2016), de Alexander Vórtice, no Sexto Edificio de Pontevedra.

_____, "Las noches son otra vez 'abertas", *Diario de Pontevedra*, "Gente a diario", 30 xaneiro 2016, pp. 62-63.

Entre outras cuestións, dá conta dunha conferencia, ofrecida pola escritora Loli Beloso, arredor da figura de Isaac Díaz Pardo.

_____, "¡Ya es Carnaval en Pontevedra!", *Diario de Pontevedra*, "Gente a diario", 31 xaneiro 2016, p. 66.

Entre outras actividades, coméntase a celebración dun acto de presentación da obra *A noite enriba*, de Diego Ameixeiras, e recoméndase a súa lectura.

_____, "A mí que me cuenten cuentos", *Diario de Pontevedra*, "Gente a diario", 1 febreiro 2016, p. 62.

Entre outras novas, informa do 130 aniversario do nacemento de Castelao. Comenta algunhas das actividades realizadas con motivo da celebración do Ano Castelao.

_____, "¡Que viene la primavera!", *Diario de Pontevedra*, "Gente a diario", 4 febreiro 2016, p. 62.

Entre outras cuestións, fálase da realización dunha homenaxe a Xosé Neira Vilas por parte da Asociación Cultural de Dorrón.

_____, "Un poquito de fado en la ciudad", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Gente a diario", "De café con Cuca", 20 febreiro 2016, p. 70.

Entre outros eventos, dáse conta da representación da obra teatral *Dentro é un lugar*, do colectivo Lampanada.

_____, "Variedad cultural en gallego", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Gente a diario", "De café con Cuca", 26 febreiro 2016, p. 78.

Entre outros temas, alude á proxección do documental titulado *O que hai que facer para non ir ao mar. Unha viaxe a través do teatro galego*, onde se narra a historia do teatro galego durante a segunda metade do século XX na voz de Mariajo Mosteiro e Tuto Vázquez.

_____, "Domingos de mantita y peli", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Gente a diario", "Café con Cuca", 28 febreiro 2016, pp. 94-95.

Entre outras actividades, informa da celebración do Día de Rosalía na Casa Rosada de Poio e do desenvolvemento dun taller de poesía a cargo de Carlos Negro.

_____, "La moda, ejemplo de evolución", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Gente a diario", "Café con Cuca", 10 marzo 2016, p. 62.

Entre outras cuestións, dá conta da presentación da novela *Fontán* (2015). Sinala que a obra conta a vida de Domingo Fontán, un liberal galego, o primeiro en elaborar un mapa científico de Galicia. Comenta que se insire nunha época difícil na que a ciencia comezaba a abrirse paso.

_____, "La música como entretenimiento", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Gente a diario", "Café con Cuca", 25 marzo 2016, p. 51.

Entre outras actividades, informa da representación da peza *Miña naiciña*, a cargo do grupo teatral Fonte da Tella.

_____, "La música como entretenimiento", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Gente a diario", "Café con Cuca", 25 marzo 2016, p. 51.

Entre outras novas, dá conta da presentación da novela *O soño de Xoán* (2015), de Farruco Graña e do poemario *Historia do meu corpo en labaradas* (2015), de Rosa Enríquez. Tamén informa da inauguración do Salón do Libro e da celebración dun acto arredor da figura de Castelao.

_____, "Poesía y rock and roll en Pontevedra", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Gente a diario", "Café con Cuca", 30 abril 2016, p. 70.

Dáse conta do recital poético "Ponteversus", encontro de poetas baixo o colectivo Círculo Poético de Pontevedra.

_____, "Estreno de 'Coma a vida mesma", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Gente a diario", "De café con Cuca", 9 maio 2016, p. 62.

Da conta da representación da obra *Como a vida mesma*, a cargo do taller de expresión dramática Á procura do tesouro.

_____, "Baile y literatura, plan de sábado", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Gente a diario", "Café con Cuca", 22 maio 2016, pp. 78-79.

Entre outro eventos, informa dunha iniciativa de danza da Escola Superior de Arte Dramática de Galicia inspirada en dez cadros de Castelao e celebrada no Sexto Edificio de Pontevedra.

_____, "Nueva directiva del Rotary Club", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Gente a diario", "Café con Cuca", 3 xullo 2016, p. 70.

Fala da presenza do autobús iFala en Pontevedra e indica que o profesor da Universidade de Santiago de Compostela, Carlos Quiroga, guiou as visitas sobre a historia das Irmandades.

_____, "Una mañana de calor con Frida", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Gente a diario", "Café con Cuca", 14 xullo 2016, p. 70.

Informa da presentación do libro de Alberte Santos *O rebumbio dos vagalumes* (2015).

_____, "El día de los abuelos y las abuelas", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Gente a diario", "Café con Cuca", 27 xullo 2016, pp. 62-63.

Entre outras actividades, dá conta presentación da exposición "Meu Pontevedra. Castelao 1916-1936" no Edificio Sexto do Museo.

_____, "Días para reflexionar", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Gente a diario", "Café con Cuca", 10 agosto 2016, p. 70.

Fálase da mostra "Meu Pontevedra! Castelao 1916-1936", que ofrece unha visión cultural, política e literaria da cidade dende a chegada do escritor en 1916.

_____, "Pon un poco de salsa en tu vida", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Gente a diario", "De café con Cuca", 24 setembro 2016, pp. 70-71.

Dá conta da presentación da obra *Atrofiadas as estrelas* (2016), de Alexander Vórtice, na librería Paz.

_____, "Un plan fotográfico", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Gente a diario", "De café con Cuca", 30 setembro 2016, pp. 70-71.

Informa da mesa de debate "Un novo teatro" enmarcada no ciclo "No tempo das Irmandades" celebrado no Museo de Pontevedra pola Real Academia Galega.

_____, "Comienza Vertixe Sonora", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Gente a diario", "De café con Cuca", 14 outubro 2016, pp. 62-63.

Coméntase que no marco da cuarta edición do festival Vertixe Sonora, María do Cebreiro recitou algúns poemas inéditos.

_____, "Mi otoño más micológico", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Gente a diario", "De café con Cuca", 8 novembro 2016, pp. 78-79.

Fai referencia á cita do Brumario Poético no Teatro Principal, nesta ocasión con homenaxe a Jorge Cuña Casasbellas, recital de Hipofanías e actuación do dúo musical Fírveda.

_____, "Una cita con Berto Romero", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Gente a diario", "De café con Cuca", 12 novembro 2016, pp. 70-71.

Anúnciase a realización dunha actividade no marco do Brumario Poético no Teatro Principal.

_____, "No siempre llueve a gusto de todos", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Gente a diario", "De café con Cuca", 13 novembro 2016, pp. 78-79.

Entre outras novas, destaca a celebración do primeiro "Roteiro Castelao", que segue o percorrido do autor rianxeiro en *Meu Pontevedra*.

_____, "Que la suerte nos acompañe", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Gente a diario", "De café con Cuca", 15 novembro 2016, pp. 78-79.

Informa, entre outras cousas, da homenaxe da Fundación Cuña-Casasvellas á asociación Vaipolorío no Teatro Principal no marco do Brumario poético.

_____, "Cadena humana en A Peregrina", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Gente a diario", "De café con Cuca", 16 novembro 2016, pp. 62-63.

Fala da actuación do grupo de teatro Artellar no marco das actividades programadas para a Semana das Enfermidades Neuromusculares en Pontevedra.

_____, "Despedida del Brumario", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Gente a diario", "De café con Cuca", 25 novembro 2016, p. 78.

Dáse conta do remate do Brumario Poético no Teatro Principal cun recital poético-musical arredor das figuras de Manuel Cuña Novás, Sabino Torres e Manuel María.

_____, "Adiós al Festival das Cóxegas", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Gente a diario", "De café con Cuca", 28 novembro 2016, pp. 70-71.

Anuncia a representación da peza *Fin de mes. Amor por diante*, a cargo da aula de teatro do Centro de Información á Muller (CIM) de Pontevedra.

_____, "Una cita con Montse Fajardo", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Gente a diario", "De café con Cuca", 29 novembro 2016, pp. 78-79.

Fala da autora Montse Fajardo e do seu libro *Un cesto de mazás* (2015). Destaca a necesidade do seu labor na reconstrución da memoria histórica e do papel das mulleres tras a Guerra Civil. Di que asiste a un acto da autora na facultade de Ciencias da Educación no marco da programación de novembro en Pontevedra, mes da memoria.

_____, "Fotos y teatro para un día genial", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Gente a diario", "De café con Cuca", 16 decembro 2016, p. 78.

Dáse conta da visita a un club de lectura de Manuel Rivas para falar sobre a súa obra *O último día de Terranova* (2015).

_____, "Los niños suben al escenario", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Gente a diario", "De café con Cuca", 19 decembro 2016, pp. 62-63.

Di que o grupo de teatro afeccionado Xenio celebrou o seu corenta aniversario cunha posta en escena.

_____, "Tengo estrés prenavideño", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Gente a diario", "De café con Cuca", 22 decembro 2016, pp. 78-79.

Entre outras actividades, fálase da inauguración da exposición de Xurxo Lobato sobre Rosalía de Castro.

_____, "Las compras me dejan agotada", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Gente a diario", "De café con Cuca", 30 decembro 2016, p. 62.

Anuncia a presentación da nova editorial Catro Ventos de Vigo na Libraría Paz.

_____, "Me despido de 2016 en la cocina", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Gente a diario", "De café con Cuca", 31 decembro 2016, pp. 70-71.

Coméntase que o grupo de teatro Arume interpretou fragmentos de obras no Teatro Principal.

Gómez, J. "Falcatruada propone recordar a Gustavo Oreiro en Bembibre", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Agenda", "Para todos los públicos", 17 xaneiro 2016, p. L11.

Informa que a compañía teatral Falcatruada promoveu unha iniciativa para recordar a quen fora fundador e autor de referencia do grupo, Gustavo Oreiro. Ademais repasa a traxectoria do grupo, as súas principais postas en escena e outras facetas de Oreiro, como o cinema e a historiografía.

G. P., "El Teatro de Tui programa diez espectáculos para antes de fin de año", *Faro de Vigo*, "Baixo Miño", "Área metropolitana", 5 outubro 2016, p. 15.

Dáse conta do acto de presentación das actividades programadas no Teatro Municipal de Tui e destaca a presenza de Santiago Cortegoso, director de Ibuprofeno Teatro.

Grela, Xosé Antonio, "Nas 'ondas do mar de Vigo", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Tribuna libre", 23 outubro 2016, p. 39.

Parte da mestura de dous versos de dúas autorías distintas (Martín Códax e Manuel María) para facer un rápido repaso á presenza do mar na literatura galega en todas as

súas épocas e rematar co recordatorio da existencia do artigo de Manuel María "A presencia do mar na poesía galega".

Gutiérrez, José Manuel, "Ofrenda a los defensores del gallego", *La Opinión*, "A Coruña", 2 novembro 2016, p. 4.

Destaca a realización de ofrendas florais a escritores como Manuel Curros Enríquez ou Antón Vilar Ponte, a causa do centenario da fundación das Irmandades da Fala. Salienta a importante labor para a dignificación e defensa do galego.

Hermida, María, "El crío al que Paz Andrade no quiso soltar", *La Voz de Galicia*, 2 setembro 2016, contracuberta.

Comenta unha anécdota na que un cativo quedou atrapado entre os brazos da estatua de Paz Andrade en Pontevedra.

Hermida, P., "Ferrol intentará por quinta vez as Letras Galegas para Carvalho Calero", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 13 febreiro 2016, p. 41.

Dáse conta da reivindicación de tres profesores especializados na figura de Carvalho Calero que piden que se lle dedique o Día das Letras Galegas. Dise que a pesar de que xa se intentou noutras catro ocasións sen éxito, os solicitantes desexan reunirse co alcalde de Ferrol para lograr o seu cometido.

Hermida, Patricia, "Ferrol: benvidos á cidade máis salvaxe", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 14 abril 2016, p. 44.

Informa da Semana da Poesía Salvaxe de Ferrol, a Semana da Palabra Encarnada na que os poetas toman os bares e as súas e que na súa novena edición homenaxea ao recentemente falecido Carlos Oroza e a Tomás Segovia.

H. J. P., "Poesía", *La Voz De Galicia*, "Cultura", "Para ler", 1 febreiro 2016, p. 26.

Fala da publicación de *Manuel Antonio. Obra Completa. Poesía* (2014), a cargo de X. L. Axeitos. Comenta que Manuel Antonio, ademais de membro das Irmandades da Fala, foi un autor de referencia na renovación da poesía galega cara ás vangardas.

_____, "Falece en Madrid o sociólogo, escritor e galeguista Fermín Bouza Álvarez", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 31 outubro 2016, p. 25.

Relata o pasamento de Fermín Bouza Álvarez, fillo do intelectual e académico Fermín Bouza-Brey, sociólogo, poeta, escritor e galeguista que recalou en Madrid logo de fuxir da represión da policía franquista. Destaca a súa temperá labor como escritor, o cal con dezasete anos xa enviara un libro de sonetos á editorial Galaxia (*A barlovento*), tamén publicou novelas en galego como *Memorias do diaño* e *Longo voo de paxaro*. Destaca

unha obra por riba de todas *Labirinto de inverno*, galardoado co Premio da Crítica española en lingua galega en 1990, na que resalta a presencia de Galicia como paraíso perdido.

Iglesias, A., "Homenaje a Tomás Antón Pereiras en su octavo libro", *El Correo Gallego*, "Santiago", 29 xaneiro 2016, p. 26.

Dá conta do acto celebrado no Hostal dos Reis Católicos de Santiago de Compostela para presentar o libro *Nin rebechudo, nin badueiro, á que salta un indo*. Cometa algúns aspectos da vida e obra do escritor, Tomás Antón Pereiras.

_____, "La historia de las Irmandades da Fala llega al Obradoiro", *El Correo Gallego*, "Santiago", 9 xullo 2016, p. 28.

Dá conta da exposición homenaxe ás Irmandades da Fala. Comenta que é unha exposición itinerante, presente dentro dun autobús que viaxa por diversas cidades galegas para achegar a documentación e as fotografías do grupo aos viandantes. Destaca que a viaxe remata na praza do Obradoiro en Santiago para achegar os valores da cultura galega a todos os galegos.

_____, "La figura del trovador Manuel Tarrío centra la Semana Cultural de Conxo", *El Correo Gallego*, "Santiago", 20 setembro 2016, p. 25.

Dá conta dos actos que se celebrarán co gallo da XXX edición da Semana Cultural de Conxo: exposicións, talleres, cinema e recitais, á vez que se homenaxeará ao trobador Manuel Tarrío, o "último trobador de Conxo".

Jaureguizar, "Requeixo. 'Neira Vilas foi o provedor de libros para o piñeirismo no franquismo", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 21 xaneiro 2016, p. 43.

Anuncia a publicación do *Epistolario Ramón Piñeiro-Xosé Neira Vilas* (2015), unha edición das cartas entre Neira Vilas e Ramón Piñeiro que acompañaban os envíos de obras que o primeiro lle facía chegar dende a emigración ao seu amigo. Indica que o volume, editado por Armando Requeixo, contou coa colaboración de D. Vilavedra e de Neira Vilas.

_____, "José de Cora. 'Mis cuarenta libros en cuarenta años son secciones de periódico", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", "Literatura", 22 xaneiro 2016, p. 81.

Infórmase dunha mostra en Lugo da obra do escritor e periodista José Cora, quen en corenta anos escribiu outros tantos libros de temáticas tan variadas como as seccións dos xornais. Sinálanse algúns dos seus títulos, entre os que inclúe *Homes de Fole* e destácanse os avatares históricos que rodearon as súas tres primeiras publicacións.

_____, "Lobato persegue a Rosalía, raíña das tribos de Galicia, en 'Airiños, aires,...", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", "Fotografía", 23 febreiro 2016, p. 45.

Dá conta da inauguracion da exposición “Airiños, aires,... Rosalía”, de Xurxo Lobato, na que dá acollida a cincuenta imaxes inspiradas na obra da autora.

_____, “Unha historia da literatura galega de 50 expertos está dispoñible na rede”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, “Literatura”, 12 marzo 2016, p. 49.

Infórmase de que despois da publicación de *Historia da literatura galega* en A Nosa Terra decidiuse ofrecer unha versión en Internet na que se poden consultar as etapas, obras e autores máis destacados dende a Idade Media até a actualidade. Así mesmo, dáse conta da intervención de Armando Requeixo no acto de presentación en Lugo, no que destacou a importancia que esta ferramenta pode adquirir no ensino.

_____, “Mondoñedo recoñece un pioneiro da poesía en asturiano do século XIX”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, “Literatura”, 29 abril 2016, p. 63.

Anuncia a homenaxe a Manuel Fernández de Castro na vila mindoniense que dedica unha fin de semana á literatura e á música. Entre a diversidade de actos propostos, salienta a inauguración da feira Expolibro que conta coa presentación de novidades editoriais tales como *Dez anos na porta*, do colectivo A Porta do Sétimo Andar; a antoloxía de Manuel María con Darío Xohán Cabana e Amelia Outeiro; e *Cantigas para aprender a soñar*, de María Xosé Lamas.

_____, “Talía Teatro, Martín Carmiña e Sumrrá animarán o verán lucense con Cultura Aberta”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 5 xullo 2016, p. 51.

Informa da posta en escena de varias pezas no marco das actividades organizadas durante o verán en Lugo. Para público adulto destaca a representación de *Foucellas*, a cargo de Talía Teatro; *Presidente*, de Teatro do Morcego; e *Raclette*, de Ibuprofeno.

_____, “Xosé Vizoso: Debuxaba os cabalos dende neno con pizarra e o xiz”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, “Arte”, 4 outubro 2016, p. 47.

Dáse conta da apertura da mostra de carteis a cargo do artista mindoniense Xosé Vizoso. Menciónase a figura de Xosé Neira Vilas e a súa percepción da escasa atención que recibía esta representación artística.

_____, “María Alonso: ‘O máis difícil de traducir Harry Potter son os neoloxismos”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, “Arte”, 16 novembro 2016, p. 51.

Dise que a gañadora do premio Nacional de Traducción de 2013 pola versión en galego do *Ulises* de Joyce, María Alonso Seisdedos será tamén a encargada da tradución dos filmes da saga Harry Potter. Sinálanse aspectos fundamentais do seu traballo como o procedemento que segue mediante a visión do filme e a lectura do guión orixinal sobre os que debe proceder.

_____, “La Catedral reivindica el papel con obra de Castelao, Laxeiro y Seoane”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 29 novembro 2016, p. 59.

Destaca a inauguración dunha mostra con pezas exclusivas de Castelao, Laxeiro e Seoane en Lugo.

Jaureguizar e **E. P.**, “Amadora era perfecta para Os Tonechos, fíxoos de verdade”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Gente a diario”, p. 61/ *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, p. 42, 23 novembro 2016.

Salienta a personalidade da actriz Dorotea Bárcena falecida aos 72 anos e resalta a súa profunda humanidade e capacidade para actuar cando estaba mesmo na televisión ca tomando un café co resto do reparto. Comenta a súa formación como docente en Vigo até que abandonou completamente este labor para dedicarse en corpo e alma á actuación. Ademais, indica que foi a fundadora do grupo teatral Esperpentos en 1970 e da compañía teatral Teatro da Lúa en 1987, exercendo de dramaturga, actriz e directora de escena.

Jiménez, Irene, “Fogar de Breogán’, a homenaxe de Estrella Galicia a Eduardo Pondal”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 3 maio 2016, p. 35.

Dáse conta do acto de presentación, dirixido por Manuel Rivas, da iniciativa coa que Estrella Galicia pretende homenaxear a Eduardo Pondal e o himno galego a través das súas botellas de cervexa.

J. M., “A xove Natalia Lema presenta o seu libro ‘Baos’ en Baíñas e A Picota”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 15 decembro 2016, p. 36.

Anuncia a presentación do libro *Baos* (2016), de Natalia Lema, en Baíñas e A Picota.

J. M. G., “Tienes hasta las diez, de Francisco Castro (Suma de Letras)”, *El Correo Gallego*, “*2 domingo*”, 6 novembro 2016, p. 2.

Recomenda a lectura da novela *Tes ata as dez* (2014) de Francisco Castro.

J. M. R., “Mostra de libros de Rosalía e visitas á biblioteca ceense”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 2 febreiro 2016, p. 31.

Informa que a biblioteca Francisco Mayán de Cee acolle unha mostra bibliográfica de Rosalía de Castro formada por 59 libros.

_____, “Xurxo Souto trae a Muxía ‘Contos do mar de Irlanda”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 1 abril 2016, p. 38.

Dá conta da presentación do libro *Contos do mar de Irlanda* (2014) na biblioteca de Muxía e da homenaxe ao mariñeiro local Belarmino Trillo Vidal.

_____, “Homenaje poético a García Lorca en el Bela Muxía”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 15 maio 2016, p. 35.

Fai referencia a celebración dunha homenaxe ao poeta autor de *Romaxe de Nosa Señora da Barca*, García Lorca.

_____, "Presentación do libro '6Poemas6", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 22 maio 2016, p. 36.

Dá conta da presentación da obra *6 poemas 6. Homenaxe a Federico García Lorca* (2015) e destaca a presenza no acto de X. H. Rivadulla, Rocío Blanco, Alexandre Nerium, Modesto Fraga e Viki Rivadulla.

_____, "Roteiro marítimo por Camelle en homenaxe a Baña", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 12 outubro 2016, p. 32.

Dá conta das actividades programadas en Camelle no marco das II Conversas Atlánticas entre as que salienta un roteiro marítimo-histórico, unha homenaxe a José Baña Heim, relatorios e un concerto.

_____, "Taller de iniciación al teatro para los adultos en Fisterra", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 27 outubro 2016, p. 37.

Informa da posta en marcha dun taller de iniciación ao teatro para maiores de dezaoito anos pola Concellería de Cultura de Fisterra.

_____, "Martabelas trae a Muxía la obra 'Dez baixo cero", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 19 novembro 2016, p. 34.

Informa da posta en escena da obra Dez baixo cero do grupo Martabelas, en Muxía.

_____, "Piden más proyección de la figura de Baldomero Cores", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 29 decembro 2016, p. 31.

Refire a petición dunha maior difusión para a figura do intelectual e escritor galego Baldomero Cores.

Lago, Alba, "A Rede de Teatros e Auditorios aumenta nun 25% a súa oferta", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 14 xaneiro 2016, p. 42.

Anuncia que a Rede de Teatros e Auditorios ofrecerá máis de trescentas representacións de teatro, música, danza, maxia e novo circo en distintos municipios, incrementando así a súa oferta. Fala do transcorrer dunha rolda de prensa sobre o tema na que participaron J. Sutil, R. Rodríguez e B. Pichel.

_____, "O PEN galego fará de Ourense a capital literaria internacional", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 23 xaneiro 2016, p. 42.

Infórmase da importancia da celebración do Congreso Internacional do Pen Club no mes de setembro en Ourense baixo o lema "Erguendo pontes literarias" para simbolizar a ponte que supón a lingua e a literatura galega entre o mundo hispánico e a lusofonía.

Ademais de destacar as actividades ás que dará acollida, sinálanse os obxectivos do encontro.

_____, "A AELG reclama un Panteón de Galegos Ilustres 'público", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 22 febreiro 2016, p. 27.

Indica que a AELG demanda un Panteón de Galegos Ilustres de titularidade pública e libre acceso nun acto con motivo do Día de Rosalía de Castro. Cita os participantes no evento e explica como se desenvolveu.

_____, "Rosalía, un 'referente necesario' de dignidade cultural e lingüística", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 25 febreiro 2016, p. 40.

Sinálase que Rosalía foi homenaxeada en toda Galicia para conmemorar o seu 179 aniversario. Infórmase especialmente do acto de Santiago de Compostela e resúmense as intervencións dos participantes. Tamén se dá conta dos actos celebrados en Padrón e na Coruña.

Lamas, Jorge, "Maximino Cacheiro publica a súa antoloxía poética en galego", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 7 xaneiro 2016, p. 36.

Dáse conta da publicación da antoloxía poética *Mar e lume (2015).* Indícase que o libro reúne os sete poemarios galegos que reflicten o imaxinario simbólico e poético a través do seu itinerario vital. Ademais, recóllense declaracións do autor a respecto desta nova antoloxía e especifícase que os poemarios incluídos son, por orde, *Latexos do exilio, Tremos do amor, Fulgor do fetiche lezamiano, Relámpagos do existir, Onde se irisa a flor* e *A música frisada*.

_____, "Franco Grande reflexiona sobre o tempo no seu último poemario", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 22 xaneiro 2016, p. 39.

Fálase da presentación de *Xoguetes do tempo* (2015), de X. L. Franco Grande, na Casa do Libro en Vigo. Sinálase que a temática do poemario é o paso do tempo e o seu carácter destrutor dende unha óptica realista allea ás modas literarias do momento. Apúntanse algunhas características formais dos textos e os datos biográficos máis destacados do autor.

L. F., "Teatro, corales y cine europeo conforman la apuesta cultural de verano para Portonovo", *Diario de Arousa*, "Sanxenxo", 28 xullo 2016, p. 13.

Dáse conta da celebración de actividades enfocadas á difusión da cultura galega en Portonovo, favorecidas por un Programa de Dinamización creado para este proceso. Destaca a representación das pezas *Eurovisión*, do grupo de teatro O Laranxo; e *Miña naiciña querida*, de Fonte da Tella.

_____, "La réplica eurovisiva del Teatro O Laranxo logra un nuevo éxito", *Diario de Arousa*, "Sanxenxo", 29 xullo 2016, p. 13.

Sinala o éxito de público da parodia eurovisiva representada polo grupo de teatro afeccionado O Laranxo.

_____, "El Club de Jubilados de Portonovo pone el broche de oro al ciclo de teatro", *Diario de Arousa*, "Sanxenxo", 28 agosto 2016, p. 16.

Anuncia a posta en escena de *Unha avoa a catro patas, calcetíns en gravatas, escapa que ven a Paca*, a cargo do Club de Xubilados de Portonovo.

L. F. B., "Mondoñedo trabaja para recuperar la fundación Álvaro Cunqueiro", *El Progreso*, "A Mariña", 21 novembro 2016, p. 13.

Fálase da actividade de recuperación da fundación Álvaro Cunqueiro por parte do concello de Mondoñedo, que quere vincular esta actividade co bo funcionamento da casa museo do escritor, de modo que non teña que ser pechada ao público.

Limia de Gardón, Xabier, "Gandarón e o viño do Ribeiro", *La Región*, "Ourense", "Entre lecturas", 2 maio 2016, p. 7.

Comenta a presentación de *Gandarón ou o gran falo megalítico de Pena Corneira* (2015), de Eladio Rodríguez Fernández, obra "escrita dun arreón, emocionado logo da vista, cando a lúa saía".

Liste, Ana G., "La Feira do Libro busca calor en Porta do Sol", *Faro de Vigo*, "Vigo", 1 xullo 2016, p. 9.

Comenta a celebración da Feira do Libro de Vigo que estará operativa durante dez días na Porta do Sol, onde se localizarán as casetas de venda de libros. Indica que a feira contará con actividades de diversa índole e con homenaxes a autores como Manuel María e Xosé Neira Vilas. Ademais, di que María Solar, Ramón Nicolás, Marga Romero, José Yuste Frías e Fran Alonso serán os encargados de asistir e charlar co público.

_____, "Homenaje a las guardianas de la Cultura", *Faro de Vigo*, "Sociedade", 25 outubro 2016, p. 35.

Informa das actividades programadas no Día da Biblioteca. Salienta a lectura do pregón por parte de Ledicia Costas coa lectura do texto "Os libros, aloumiños fosforescentes que incendian os soños". Menciona tamén a exposición da RAG dunha selección do fondo bibliográfico de Antón Villar Ponte.

_____, "Bulen novos versos en Galicia", *Faro de Vigo*, "Sociedad", pp. 46-47/ *La Opinión*, "Sociedad, cultura y ocio", p. 38, 6 novembro 2016.

Comenta o pulo da poesía galega nos tempos actuais a cargo dunha xeración nova que segue as influencias de Rosalía de Castro, poetas como Gonzalo Hermo (Taragoña, 1987), Antón Blanco (Carril, 1996), Alba Cid (Ourense, 1989), Ismael Ramos

(Mazaricos, 1994) ou Miriam Ferradáns (Bueu, 1982). Sinala que todos destacan a importancia de crear libros fomentando así unha xeración de poetas preocupados pola actualidade. Salienta o pulo tomado por Internet á hora de reflectir os poemas e poemarios, sendo substituído o formato en papel en maior medida.

_____, "Inma Chacón: 'Galicia es una tierra mágica, de leyendas y amuletos", *Faro de Vigo*, "Sociedad", "Club Faro", 19 novembro 2016, p. 37.

Entre outras cousas, destaca a influencia dos versos de Rosalía de Castro como inspiración para o novo libro de Inma Chacón, *Tierra sin hombres*.

Llera, Luis Carlos, "Franco Grande, homenaxeado en Redondela polo seu dicionario", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 7 xuño 2016, p. 38.

Comenta a homenaxe recibida en Redondela por parte do avogado e escritor Xosé Luís Franco Grande. Destaca o vital papel da editorial Galaxia e cita algúns dos nomes dos máximos expoñentes da editorial: Xaime Illa Couto, Ramón Piñeiro e Fernández del Riego.

López, Ana, "Fallece el editor Sabino Torres, artífice de la primera colección de poesía en gallego", *Faro de Vigo*, "Sociedad", p. 36/ *La Opinión*, "Sociedad, cultura y ocio", p. 33, 24 maio 2016.

Informa do pasamento de Sabino Torres, destacando o seu labor como poeta e editor. Recolle os títulos das súas obras e destaca que foi unha figura importante para o desenvolvemento do mundo editorial galego, fundamentalmente no ámbito da poesía.

_____, "El Museo de Pontevedra desempolva los telones de Castelao para su exhibición con la Polifónica", *Faro de Vigo*, 29 xuño 2016, p. 41.

Salienta a importancia das pezas teatrais realizadas por Castelao e postas en escena pola Sociedade Coral Polifónica de Pontevedra, como como *San David* ou *Rosetón oxival*.

_____, "A cultura está que ferve en Pontevedra", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 4 decembro 2016, p. 47.

Destaca a presenza de diversos escritores no Culturgal: Héctor Cajaraville, Eli Ríos, Ismael Ramos, Tamara Andrés, María do Cebreiro, Ramón Nicolás, Blanca Riestra, Claudio Rodríguez Fer... Tamén dá conta da celebración dunha homenaxe a Carlos Casares, intitulada "Os xoguetes de Clío"

_____, "A cultura galega atrae a 15.000 persoas en tres días", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 5 decembro 2016, p. 18.

Dáse conta do peche da feira do Culturgal de Pontevedra e recóllese o nome dalgúns dos escritores participantes: María Reimóndez, Ledicia Costas, Héctor Cajaraville, Eli Ríos, Tamara Andrés, Teresa Moure, María do Cebreiro etc.

López, Belén, “Alexander Vórtice. ‘A poesía está a morrer e a nós queren converternos en códigos de barras”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Cultural”, 15 xaneiro 2016, p. 10.

Conversa con Alexander Vórtice con motivo da presentación do seu novo poemario, *Atrofiadas as estrelas* (2016). Fálase da escolla e uso do seu pseudónimo, polo proceso de composición da obra, o seu traballo xunto co ilustrador Sobral e pola figura de Manuel Antonio, un dos seus principais referentes literarios. Remátase cunha defensa do valor da poesía por parte do autor.

_____, “Bibliografía básica para 2016”, *Diario de Pontevedra*, “Cultural”, “Pontevedra”, 20 xaneiro 2016, p. 11.

Entre outras novas, informa da futura publicación, por parte da editorial Xerais, das obras *O dobrón de a oito*, de Alberto Fortes; *A rotura das paisaxes*, de Xesús Constenla; e *Tempos de bebidas isotónicas e fast-food*, de Álex Alonso. Ademais, sinala que Galaxia ten previso sacar á luz a novela *Todo canto somos*, de Xosé Monteagudo.

_____, “Manuel Rivas. ‘Estamos ante a aldraxe das aldraxes”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Cultural”, 5 febreiro 2016, p. 12.

Coméntase o ataque contra Ence que realizou Manuel Rivas en Pontevedra na presentación da súa última novela, *O último día de Terranova* (2015). Dáse conta tamén da intervención de Bragado no acto.

_____, “Rosalía ten que estar por enriba de todo”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 25 febreiro 2016, pp. 10-11.

Dá conta da organización de dous actos institucionais, o primeiro, da Deputación Provincial e, o segundo, do Concello de Pontevedra para conmemorar o 179 aniversario de Rosalía. Así mesmo, informa das intervencións dos participantes.

_____, “Castelao é un signo”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Cultural”, 9 marzo 2016, p. 11.

Infórmase da programación á que se dará acollida no Ano de Castelao arredor da súa figura. Ademais de normativizar un signo pola comunidade xorda para referirse ao autor, darase acollida a mostras, contacontos e a cantares de cego en varios concellos que xiren arredor da produción do escritor homenaxeado.

_____, “Amalia en verso”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, 20 marzo 2016, pp. 2-3.

Informa do descubrimento entre o seu legado persoal de vinte e dous novos poemas de Amalia Álvarez Gallego, viúva de Alexandre Bóveda, que se suman aos sete atopados o ano anterior. Comenta que de todo o conxunto só dous están en galego e tan só un é manuscrito. Sinala que na súa maioría son de temática amorosa e sentimental, pero tamén hai poemas de carácter relixiosos e outros dedicados a lugares especiais para a autora.

_____, “Tese artística de Castelao”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 31 marzo 2016, p. 8.

Anuncia a mostra que “reúne por primeira vez toda a obra de gran formato realizada por Castelao”. Indica que ademais das noventa e seis pezas tamén conta con materiais de tipo documental.

_____, “A obra de Castelao é comprometida e universal”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, 2 abril 2016, pp. 2-3.

Coméntase que a Academia de Artes de Galicia aproveitou o acto do Día das Artes para pedir unha maior divulgación de Castelao “fóra das nosas fronteiras”. Fálase do acto e dos asistentes.

_____, “O Día das Artes de Galicia reivindica a obra universal e comprometida de Castelao”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 2 abril 2016, pp. 59.

No marco da celebración do Día das Artes de Galicia, dáse conta da obra de Castelao, artista homenaxeado neste ano. Faise unha defensa da súa figura creativa e dise que precisa de maior difusión.

_____, “A Praza da Ferraría énchese de libros”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, “Feira do Libro”, 5 abril 2016, p. 11.

Dá conta do acto de presentación da Feira do libro de Pontevedra que terá lugar na Praza da Ferraría até o día 10 de abril e que acollerá máis de trinta actividades abertas ao público. Infórmase tamén da participación de Alberto Fortes, Tamara Andrés e Xabier Fortes, entre outros.

_____, “Faros que alumean na tempestade”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 6 abril 2016, p. 11.

Anuncia o acto inaugural da Feira do Libro de Pontevedra, que terá lugar na Praza das Ferrarías até o 10 de abril. Informa da lectura do pregón por parte do escritor Alberto Fontes, quen reivindicou o papel dos libreiros e o pracer que supón a lectura.

_____, “Abríndolle camiño a Lueiro”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 7 abril 2016, p. 13.

Infórmase da inauguración o 12 de maio no Pazo da Cultura de Pontevedra de “Camiño aberto”, unha exposición e homenaxe a Lueiro que contará con material inédito do autor cedido pola súa familia, fotografías, primeiras edicións e material persoal, así como creacións de vinte autores plásticos galegos inspiradas en textos do autor.

_____, “Lorna Shaugnessy, Miriam Reyes e Gonzalo Hermo participarán no festival Pontepoética”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 8 abril 2016, p. 11.

Ofrécese a programación do festival de poesía de Pontevedra Pontepoética. Dise que entre os autores invitados están a irlandesa Lorna Sahughnessy e o portugués Renato

Filipe Cardoso e que se contará coa presenza de Miriam Reyes, Gonzalo Hermo, Eva Veiga, Francisco Xosé Fernández Naval, Alicia Fernández, a catalá Blanca Llum e o vasco Juan Ramón Madariaga. Engádese información de contacto para a participación nas actividades e obradoiros.

_____, "Pontevedra ten ante si un gran reto: definirse como cidade da cultura", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Ciudad", 24 abril 2016, pp. 2-3.

Recolle todas as actividades culturais realizadas en Pontevedra da man das declaracións de Manuel Bragado, Manuel Morquecho, María Díaz, Ana Barreiro e Marta Guirado. Destaca a potencialidade cultural da cidade.

_____, "Adeus a Sabino Torres, o primeiro editor en galego da posguerra", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 24 maio 2016, p. 41.

Dáse conta do pasamento de Sabino Torres e destaca o seu traballo como editor e o seu labor na reivindicación e difusión da poesía galega. Indícase que publica obras de Cunqueiro, Manuel María e Carvalho Calero.

_____, "Falece o poeta e editor pontevedrés Sabino Torres", *Diario de Pontevedra*, "En Portada", 24 maio 2016, pp. 2-3.

Recórdase a figura do poeta e editor Sabino Torres, recentemente falecido. Faise un percorrido pola súa vida destacando o proxecto poético da editorial Benito Soto.

_____, "Cando Gustavo deu con Carmen", *El Progreso*, "Pontevedra", "Ciudad", 20 maio 2016, p. 13.

Fala da relación artística xurdida entre Carmen Quinteiro, mestra e escritora, e Gustavo Almeira, compositor. Indica que os seus proxectos conxuntos xurdiron a partir de escoitárense nas Noites de Letras organizadas mensualmente pola Deputación Provincial.

_____, "Os pasos de peóns de Pontevedra falan galego", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Ciudad", 1 xuño 2016, p. 13.

Comenta a aparición de frases de Castelao e das Irmandades da Fala no pasos de peóns de Pontevedra, con motivo da conmemoración do aniversario do autor galego e do centenario das Irmandades. Dise que as frases foron escritas en dous pasos de peóns polo propio concello e representan estas citas: "Sempre en Galiza" e "Na fala galega vive a ialma da nosa terra".

_____, "Para encher o baleiro de Sabino", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Ciudad", 28 xullo 2016, p. 8.

Anuncia a presentación da revista *Olga. Revista de Poesía Galega en Madrid*, que terá lugar na Casa das Campás o sábado 30 de xullo nun acto que quere homenaxear ao seu fundador e no que participarán a súa filla e a súa neta.

_____, “O Museo de Pontevedra localiza os orixinais de Nós”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 28 xuño 2016, p. 13.

Comenta a localización, por parte de Ángeles Tilve e José Manuel Castaño integrantes do Museo de Pontevedra, da colección dos orixinais do *Álbum Nós* de Castelao, composto por 49 estampas realizadas entre 1916 e 1918. Indica que estes textos e grafías serán os protagonistas da exposición “Meu Pontevedra”, a cal xirará arredor da personalidade de Castelao e da súa relación con Pontevedra.

_____, “Co contrasinal dunha estrela”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, 14 setembro 2016, pp. 2-3.

Informa da celebración dun acto polos cen anos das Irmandades da Fala, en Pontevedra. Destaca unha serie de actividades e a exposición “Saúde e terra, irmá(n)s”.

_____, “Literatura en blanco y negro”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 8 outubro 2016, p. 12.

Anúnciase a exposición en Pontevedra *El rostro de las letras* co gallo do 150 aniversario do nacemento de Valle-Inclán. Dise que mostra reúne 200 fotos, libros e documentos de Castelao, Eduardo Pondal, Rosalía de Castro, Emilia Pardo Bazán etc.

_____, “Con barqueira e remador’ fíxase nos poetas de Europa do Leste”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 12 outubro 2016, p. 13.

Informa da celebración do Obradoiro Internacional de Tradución Poética no que participarán autores de diversas literaturas. Informa da celebración de varios recitais poéticos e da presenza de Yolanda Castaño e Estíbaliz Espinosa.

_____, “Orgullo de Culturgal”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 18 novembro 2016, p. 13.

Faise eco do programa de actividades do Culturgal. Entre as propostas literarias salienta a participación de María do Cebreiro, Marilar Aleixandre e Manuel Gago así como a presenza de Inma López Silva, Xosé Monteagudo, María Lado, Teresa Moure, Luís Rei e Ledicia Costas no Espazo Libro.

_____, “A Deputación levará ao Culturgal ‘Repente galego’ e o ‘Mapa do patrimonio”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 30 novembro 2016, p. 13.

Dá conta das actividades levadas a cabo pola de Deputación de Pontevedra no Culturgal, ao final do ano Castelao e a para celebrar o Ano do Patrimonio 2017. Trátase de dar voz a 35 concellos para que contribúan a conformación do “Mapa do patrimonio” e tamén se usa o evento para presentar o volume *Repente galego* (2016), de Ramón Pinheiro.

_____, “No último intre do Ano Castelao”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 19 decembro 2016, p. 7.

Dá conta das actividades celebradas na clausura do Ano Castelao en Pontevedra, cen anos despois da chegada do autor á cidade. Na homenaxe do rianxeiro destaca a participación de Carlos Blanco e Luís Davila, Celso Parada, Limiar Teatro, Xurxo Souto e Lydia Botana.

_____, "Rosalía, segundo Xurxo Lobato", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Ciudad", 21 decembro 2016, p. 12.

Indica que a exposición "Airiños Aires Rosalía" está composta por medio cento de fotografías en branco e negro que xiran en torno a biografía e os espazos poéticos de Rosalía de Castro. Sinala que se complementa con cinco vitrinas colocadas polo Museo, nas que se exhibe material bibliográfico dos propios fondos da institución, coma unha primeira edición de *En las orillas del Sar*.

_____, "Pontevedra se apega a Castelao", *Diario de Pontevedra*, "*Anuario 2016*", "Pontevedra", 31 decembro 2016, p. 10.

Salienta que a homenaxe realizada pola cidade de Pontevedra ao escritor Castelao contou coa realización de diversas actividades, entre as que destacan as exposicións, recitais teatrais ou concertos. Resalta as mostras dedicadas á súa personalidade no Museo: "Castelao artista" e "Meu Pontevedra". Comenta tamén as novidades literarias deste ano, coma os novos títulos de Luís Rei e Xosé Monteagudo; e destaca os falecementos de Sabino Torres e Francisco Cortegoso.

López Penide, "Pontevedra, capital de la industria cultural de Galicia", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 3 decembro 2016, p. 36.

Dáse conta da presentación, no Culturgal, das obras: *A ira dos mansos* (2016), de Manuel Estéban; *A candidata* (2016), de Manuel Sande; e *Nordeste* (2016), de Daniel Asorey.

López, Ruth, "A RAG comeza cun folleto de Villar Ponte a dixitalización dos fondos das Irmandades", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 22 marzo 2016, p. 52.

Sinala que a páxina web da Academia Galega inclúe unha nova sección arredor das Irmandades da Fala. Destaca o papel de Antón Villar Ponte e recolle algunhas das súas palabras sobre a defensa do idioma.

_____, "Xerardo Quintiá. 'Foi un radical na vida e na arte", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", "Literatura", 20 maio 2016, p. 71.

Comenta a presentación en Lugo da novela de Xerardo Quintiá, *O viaxeiro radical* (2015), centrada na personalidade de Man de Camelle. Salientando a súa intimidade como persoa e a súa capacidade artística, que lle valeu o recoñecemento do mundo enteiro. Destaca tamén a veracidade dos feitos, de modo que se basea na biografía do artista, para logo transformala en algo moito máis atractivo para os lectores.

_____, “As Irmandades da Fala pasan por Lugo nun autobús itinerante e con roteiro”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 5 xuño 2016, p. 76.

Comenta a presenza dun autobús itinerante que lembra o papel desempeñado polas Irmandades da Fala. Di que o vehículo fai paradas nos monumentos máis importantes da cidade, monumentos emblemáticos e vencellados a este grupo de intelectuais galegos.

_____, “Salústio, Grandes, Álex Susanna e Mariasun Landa gañan o Rosalía”, *Diario de Pontevedra,* “Vivir aquí”, p. 60/ *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, p. 56, 2 outubro 2016.

Dá conta da recepción do galardón por parte dos premiados na clausura doCongreso PEN Internacional na Cidade da Cultura.

_____, “Falece en Madrid aos 70 anos o sociólogo e escritor Fermín Bouza”, *El Progreso,* “Vivir”, “Cultura”, 31 outubro 2016, p. 63.

Sinala o falecemento de Fermín Bouza Álvarez, profesor de Socioloxía na Universidade Complutense de Madrid, fillo do intelectual Fermín Bouza-Brey. Indica que estivo moi unido á súa Galicia natal sempre, como amosan as súas novelas *Memoria do Diaño* e *Longo voo de paxaro* e os poemarios *O tempo na auga* e *Labirinto de inverno*. Comenta a súa personalidade, a cal se viu reflectida na biografía que redactou para a Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG), na que destaca a súa vocación poética máis antiga. Remata salientando a varios escritores que o axudaron na súa labor creativa, autores como Manuel Rivas, Carmen Mejía, Vicente Araguas, María Xoubanova, Alfonso Eiré e Basilio Losada.

_____, “Francisco Castro, elixido novo presidente da editorial Galaxia”, *Diario de Pontevedra,* “Vivir aquí”, “Sociedad”, p. 68/ *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, p. 65, 20 decembro 2016,

Comenta a escolla de Francisco Castro coma novo director da editorial Galaxia, sucedendo así a Víctor Freixanes, quen ostentou o cargo preto de quince anos. Indica que Castro conta cunha ampla traxectoria no sector cultural, destacando como escritor e editor da revista *Grial*. Ademais, sinala que conta con numerosas traducións a outros idiomas e galardóns como o premio Lueiro Rey (1997), o Modesto Figueiredo (2005), o Blanco Amor (2006), o Manuel García Barros (2007) e o Frai Martín Sarmiento.

López, Uxía, “Padrón vólcase coa celebración do día de Rosalía de Castro”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Área metropolitana”, 25 febreiro 2016, p. L7.

Infórmase dos actos conmemorativos que realizou o concello de Padrón para celebrar os 179 anos do nacemento de Rosalía de Castro.

_____, “A familia Baltar deposita na Casa de Rosalía, en Padrón, o seu valioso arquivo histórico”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 20 maio 2016, p. 40.

Sinala que a Casa de Rosalía creará un espazo para recoller a documentación cedida pola familia Baltar e destaca que entre os escritos cedidos hai cartas de Rosalía de Castro dirixidas a outros intelectuais galegos.

_____, "Un cadro e un piano da familia de Rosalía enchen a súa casa de Padrón", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Área metropolitana", 2 xullo 2016, p. L7.

Coméntase a presentación dun cadro e un piano pertencentes á familia de Rosalía de Castro pola Fundación Rosalía de Castro de Padrón. Recóllese as palabras de Anxo Angueira, que considera esta incorporación un enriquecemento do patrimonio da autora.

_____, "A primeira edición en inglés de Follas Novas fai a Rosalía máis universal", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 6 setembro 2016, p. 34.

Informa da primeira tradución ao inglés da obra *Follas novas* de Rosalía de Castro. Indica que a tradución foi realizada pola poeta canadense Erín Moure e que *New Leaves* ten a finalidade de difundir e afianzar a obra de Rosalía a nivel internacional.

_____, "Denuncian el mal estado de los olivos centenarios de Adina que cantó Rosalía", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Área metropolitana", 15 novembro 2016, p. L7.

Destaca o mal estado de tres dos catro olivos do cemiterio de Adina, en Padrón, e comenta que estas árbores presentan gran importancia ao tratarse de motivos poéticos recorrentes de Rosalía de Castro na súa obra *Follas Novas*.

López, U., "Padrón mostra obras de 17 artistas sobre Castelao", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Agenda", "Para todos los públicos", 15 abril 2016, p. L10.

Dáse conta da exposición "Galicia, Castealo, sempre" na Librería Sar de Padrón con pinturas, esculturas, fotografías, cinema... arredor da figura de Castelao.

_____, "A Deputación apoia a última fase da reforma da Casa de Rosalía, en Padrón", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Área metropolitana", 27 xullo 2016, p. L5.

Comenta a inauguración da Casa-Museo Rosalía de Castro na Matanza con motivo da celebración do 180 aniversario do nacemento da autora. Indica que o proxecto consiste nun método de renovación física do primeiro andar case por completo, actualizando así un museo tan importante para a sociedade galega.

L. P ., "Decenas de artistas se dan cita en un festival en la casa de la cultura de Sarria", *El Progreso*, "Sarria", 29 maio 2016, p. 19.

Dá conta dos eventos programados polo Roteiro das Artes en Sarria, coordinados polo escritor José Estévez e a asociación cultural Sarricanta, que incluíron a exposición dun libro, unha gala musical, teatro, maxia e poesía.

_____, “Un análisis de la Segunda República abrió el homenaje a Manuel Díaz”, *El Progreso*, “Sarria”, 11 setembro 2016, p. 23.

Informa sobre o desenvolvemento da primeira xornada da homenaxe Manuel Díaz González, médico e ex-alcalde do Incio. Indica que nove poñentes levaron a cabo un percorrido histórico pola Segunda República, centrándose principalmente na sanidade, a política e a literatura. Sinala que interviñeron no acto, entre outras figuras doutros ámbitos, María Lopo, Manuel Rivas e Claudio Rodríguez Fer.

_____, “La actriz Lorena do Val dirige de nuevo el aula de Teatro de Sarria”, *El Progreso*, “Sarria”, 7 outubro 2016, p. 20.

Dise que o obxectivo das clases con adultos da aula de Teatro de Sarria, dirixida por Lorena do Val, é estrear unha obra nas festas de San Xoán.

_____, “Réquiem por ilustres artistas”, *El Progreso*, “Sarria”, 7 decembro 2016, p. 17.

Indica que a escritora Sonia Martínez López é a creadora da revista *Obituario*, que nace co obxectivo de reivindicar a figura dos artistas falecidos, xa que cada número está dedicado a un autor, xa falecido. Cita algúns dos personaxes que serán homenaxeados: Rosalía de Castro, Federico García Lorca, Salvador Dalí, Kurt Cobain, Albert Camus, Jane Austen, Freddie Mercury...

Lodeiro, Ruth, “Ricardo Polín y Xosé Chao Rego reciben en Meira el galardón ‘Mans de Irimia”, *El Progreso*, “A Chaira”, 2 outubro 2016, p. 24.

Indica que os escritores Ricardo Polín e Xosé Chao Rego foron os escollidos para recibir o galardón Mans de Irimia.

López, Gustavo, “El Womex'16 baja el telón y se va a Polonia”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 23 outubro 2016, p. 24.

Recolle as palabras da vicepresidenta da Deputación durante o acto de entrega do testemuño do Womex, quen mencionou a Pondal e o seu poema *desperta, Polska* que asimilou a *Desperta, Galiza!*

López, Uxía, “Rosalía está máis viva que nunca”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Área metropolitana”, 16 xullo 2016, p. L7.

Infórmase da presentación do libro *Quéimase todo o escrito. IV Premio de Poesía Escolar Rosalía de Castro* (2016) durante unha homenaxe en Padrón polo 131 aniversario do pasamento de Rosalía de Castro.

Lorenzo, Fran P., “O selo Hugin e Munin presenta hoxe na Lila de Lilith a novela ‘Un mapa do lar”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 20 xaneiro 2016, p. 35.

Anúnciase a presentación da tradución *Un mapa no lar* (2015), da editorial Hugin e Munin. Así mesmo, exponse o argumento da mesma de forma breve.

_____, "Santiago súmase á Coruña no festexo dos cen anos das Irmandades da Fala", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 10 febreiro 2016, p. 35.

Fala dunha reunión entre o presidente da Mesa pola Normalización Lingüística, o secretario de ORA e o alcalde de Santiago co fin de acordar iniciativas para conmemorar o ano das Irmandades da Fala. Indica que unha das propostas é unha exposición itinerante que poderá visualizarse en distintas localidades galegas.

_____, "Morre o amigo da cultura galega David Mackenzie", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 27 febreiro 2016, p. 38.

Dáse conta do pasamento de David Mackenzie, primeiro catedrático de Estudos Galegos no mundo anglófono nas universidades de Birmingham e de Cork. Dise que era membro correspondente da RAG e estaba vencellado ao ILG, que lle dedicou o ano pasado a obra *En memoria de tanto miragre. Estudos dedicados ó profesor David Mackenzie*.

_____, "A Academia e o Consello da Cultura levan á rede os 100 anos das Irmandades", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 22 marzo 2016, p. 40.

Anuncia a creación de espazos web con textos e documentos gráficos sobre as Irmandades da Fala. Ademais, recolle a importancia dos irmáns Villar Ponte na creación das Irmandades e o papel da cidade da Coruña.

Lorenzo, S e E. **Araújo**, "Roi Casal llena A Quintana de música con raíces mestizas", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Santiago", "Apóstolo 2016", 1 agosto 2016, p. L3.

Fala do éxito da actuación de Roi Casal no Apóstolo presentando a súa última produción discográfica, *Son galego, son cubano*, na que salienta a colaboración de Xosé Neira Vilas.

L. R., "Asian Dub Foundation, Roi Casal, A Cámara Lenta e Immaculate Fools harán historia en Fefiñáns", *Diario de Arousa*, "*LXIV Festa do Albariño*", 4 agosto 2016, p. 26.

Dáse conta da programación ofrecida na Praza de Fefiñáns durante as Festas do Albariño. Entre as actuacións, faise referencia á do músico Roi Casal que presenta un disco elaborado en colaboración con Neira Vilas no que indaga a cerca das "raíces compartidas" e a emigración.

_____, "El albariño se hizo verbo con el pregón de Fernández Rei", *Diario de Arousa*, "*LXIV Festa do Albariño*", 4 agosto 2016, p. 29.

Dise que o pregoeiro deste ano da Festa do Albariño foi Francisco Fernández Rei, catedrático en Filoloxía Románica e membro numerario da Real Academia Galega. Destaca o seu traballo a prol da difusión do legado de autores como Ramón Cabanillas.

L. T., "Cultura continúa con varios actos de homenaje a Rosalía", *El Ideal Gallego*, "Betanzos", 21 febreiro 2016, p. 17.

Comenta que o Concello de Betanzos celebra o aniversario de Rosalía de Castro con diversas actividades como "Versos na Rúa", no cal se difunde a lírica rosaliana. Tamén se informa da exposición de ilustracións sobre Rosalía feita por Carmen Núñez.

_____, "La Escola de Teatro de Narón actúa en la Pintor Lloréns", *El Ideal Gallego*, "Área metropolitana", 5 novembro 2016, p. 14.

Comenta a representación da peza teatral *2021: Unha Odisea na Terra*, a cargo da Escola de Teatro de Narón. Destaca brevemente o fío argumental, que xira en torno a unha familia que sofre determinados problemas a causa da contaminación ambiental que propiciará unhas futuras boas prácticas co medio natural.

Luaña, Susana, "Santiago universaliza sus letras en la gran cita cultural bonaerense", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Agenda", "Para todos los públicos", 23 abril 2016, p. L11.

Dáse conta da representación galega na inauguración da feira do libro de Bos Aires que ten como obxectivo ser escaparate da cultura galega. Engade que entre as actividades programadas está a homenaxe a escritores como Castelao ou Díaz Pardo; exposicións; recitais; e a presenza de autores e autoras como Manuel Rivas, Yolanda Castaño, Diego Ameixeiras, Teresa Moure ou Fina Casalderrey. Dise que a cidade de Santiago ten un protagonismo especial co ciclo Compostela Colateral e a presentación do Mapa Literario da urbe.

Mallo, Albino, "Recital de Javier Franco en la temporada lírica coruñesa", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 21 setembro 2016, p. 36.

Indica que o barítono coruñes Javier Franco interpreta dentro da Temporada Lírica da Coruña, entre outras composicións, un fragmento da *Cantata Finisterrae* con texto do poeta Miguel Anxo Fernán-Vello.

Malvido, Gemma, "Poemas da realidade", *La Opinión*, "A Coruña", 12 maio 2016, p. 14.

Informa da publicación da obra *Ollares* (2016) de Ricardo Seixo que consta de dúas partes: unha dedicada a escenas da vida cotiá e outra dedicada a lembranzas do propio autor, a persoas que lle deixaron pegada. Sinala tamén que o libro vén acompañado dun CD e das ilustracións de Abraham Vila, ex-alumno do autor.

_____, “Poemas, ruda e allo para Seoane”, *La Opinión*, “A Coruña”, 30 maio 2016, p. 4.

Fai referencia á celebración do décimo acto en conmemoración do nacemento de Seoane na Coruña. Dá conta da pegada do autor na cidade e lamenta que a súa figura non sexa máis reivindicada.

_____, “Paso de Valverde e Xabier Díaz para un aniversario”, *La Opinión*, “A Coruña”, “Ciudad y Cultura”, 19 outubro 2016, p. 8.

Anúnciase a celebración dos primeiros corenta anos da asociación Alexandre Bóveda cunha gala de música e dramaturxia no Teatro Rosalía de Castro e destácase a presenza da Asociación Teatral Paso de Valverde, coa peza *Sánatos*.

_____, “Corenta anos nos andeis”, *La Opinión*, “A Coruña”, 22 outubro 2016, p. 10.

Fala sobre a Agrupación Cultural Alexandre Bóveda e as obras de valor coas que conta (primeiras edicións de *Nós* e *Lar*, o poemario *Mar de liberdade* etc.).

_____, “Máis poesía para o campus”, *La Opinión*, “A Coruña”, 20 novembro 2016, p. 11.

Destaca que o grupo premiado co galardón Luísa Villalta foi o formado polos docentes da Facultade de Ciencias da Educación da Universidade da Coruña pola súa proposta de pasar do verso á rúa difundindo a cultura galega. Comenta que o proxecto se centra na ilustración de versos dos poetas galegos nas rúas do Campus.

Mancebo, Marta, “Avelino Díaz, o Poeta de Meira, será candidato ás Letras Galegas en 2017”, *El Progreso*, “A Chaira”, 12 maio 2016, p. 22.

Fálase da presentación da candidatura oficial de Avelino Díaz ás Letras Galegas 2017 e destácanse os motivos desta petición.

_____, “Dos décadas sobre las tablas”, *El Progreso*, “A Chaira”, 18 maio 2016, p. 17.

Destaca o labor teatral da compañía O Catre Teatro, que conta cunha longa traxectoria. Comenta a orixe do grupo teatral, o cal se remonta a 20 anos. Remata salientando a curiosa historia do nome da compañía, pois obedece ao feito de que cando se compuxo este grupo, as escenas improvisadas finalizaban na cama, no “catre”.

_____, “Un roteiro recorda a obra e a figura de Avelino Díaz”, *El Progreso*, “A Chaira”, 4 agosto 2016, p. 16.

Comenta a celebración do terceiro aniversario do roteiro do escritor Avelino Díaz, a cargo da asociación cultural Avelino Díaz, que ten como obxecto a reivindicación da figura do autor como difusor da cultura galega e o futuro recoñecemento como posible autor protagonista do Día das Letras Galegas de 2018.

_____, “Un cento de persoas participa nun roteiro por Avelino Díaz”, *El Progreso*, “A Chaira”, 29 agosto 2016, p. 12.

Comenta a reivindicación da Asociación Avelino Díaz, que propón a escolla do poeta Avelino Díaz como protagonista do Día das Letras Galegas de 2018.

_____, “O Iescha conmemora o centenario das Irmandades da Fala de Vilalba”, *El Progreso*, “A Chaira”, 26 novembro 2016, p. 20.

Comenta a celebración da homenaxe ás Irmandades da Fala con motivo do seu centenario. Destaca o intenso labor pola dignificación da lingua galega por parte da entidade, a loita pola igualdade entre homes e mulleres e a incansable reivindicación da cultura galega. Indica que no acto foron nomeados un por un todos os integrantes das Irmandades para logo dar paso á conferencia de Emilio Insua.

Manteiga, M., “Tributo para Pousa Antelo desde un CPI bañés ‘de cine”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 23 outubro 2016, p. 31.

Dá conta das charlas celebradas no CPI de A Baña sobre o galeguista local Avelino Pousa Antelo e da proxección dun dumental.

Manteiga, Marcos, “Actos por Rosalía cos comercios e veciños de Ames”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 19 febreiro 2016, p. 31.

Dá conta da organización dun roteiro e dun festival literario e musical por parte do concello de Ames, no que se pretende lograr a implicación cidadá para homenaxear os vínculos de Rosalía con Ames e, especialmente, coa parroquia de Ortoño.

_____, “Rosalía de Castro ‘convida’ ó seu 179 aniversario hoxe no auditorio do Milladoiro”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 24 febreiro 2016, p. 28.

Fálase da celebración do Día de Rosalía cun acto en homenaxe polo 179 aniversario da autora, cun recital poético e a actuacións musicais. Indica que se repartiron fotos e versos de Rosalía polos establecementos da vila e que o programa se completa cunha excursión á casa-museo da Matanza.

_____, “Ames recibirá la primavera con teatro, Letras Galegas y folk desde A Peregrina”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 3 marzo 2016, p. 34.

Dáse conta da programación cultural do concello de Ames, entre a que se inclúen as representacións *Luppo*, de Baobab Teatro, *O Principio de Arquímedes*, de Teatro do Atlántico, *Pavillón Lino*, de Caramuxo Teatro, *Rosa Caramelo*, de Talía Teatro e *Palabras Malditas*, de Teatro do Noroeste.

_____, “O escritor Xabier López levou a súa obra á biblioteca do IES do Milladoiro con Ágora”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 29 abril 2016, p. 31.

Infórmase da doazón de diversos exemplares da biblioteca persoal de Xabier López Rodríguez aos fondos bibliográficos do instituto do Milladoiro e preséntase brevemente a obra e a vida do escritor de San Ciprián de Hermisende, autor de *Outros heroes* (1993).

_____, "Obradoiro da Historia lembrará nos cen anos das Irmandades a Porteiro", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 12 decembro 2016, p. 26.

Sinala que con motivo da conmemoración do centenario das Irmandades da Fala (1916-2016), sairá do prelo a edición dun tríptico no que destaca a figura de Luis Porteiro Garea, creador e ideólogo da Irmandade da Fala de Santiago de Compostela.

_____, "Rutas a Pie sigue desde Ames el periplo del Padre Sarmiento", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 13 decembro 2016, p. 28.

Dáse conta da "Ruta del Padre Sarmiento", que comeza en Pontevedra e finaliza en Santiago de Compostela.

Manuel María, "Galicia é unha nai, velliña, soñadora", *La Región*, "*Día de Galicia*", 25 xullo 2016, p. 23.

Con motivo da celebración do Día de Galicia, reprodúcese o poema "Galicia", de Manuel María.

Mariño, A. e C. **Prego**, "El Concello gastó 6,1 millones de euros en el Verbum y apenas ingresó 69.000", *Faro de Vigo*, "Vigo", 21 novembro 2016, p. 3.

Comenta a difícil situación que atravesa o Museo Verbum-Casa das Palabras, xa que conta cun disparado presuposto e un ínfimo ingreso económico por parte dos usuarios. Recolle as palabras de Ledicia Costas, Antonio García Teijeiro e Manuel Bragado sobre esta situación.

Márquez, A., "A relación entre Villar Ponte e as Irmandades da Fala, nun libro", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 31 maio 2016, p. 35.

Dá conta da presentación do libro *Antón Villar Ponte e as Irmandades da Fala* (2016), coordinado por Adriana Rodríguez Eiroa e Cristóbal Atienza, que nace co obxectivo de difundir a relevancia das Irmandades da Fala no desenvolvemento cultural de Galicia así como das persoas que o impulsaron.

Márquez, Alejandra, "A Cidade da Cultura cédelle ao Museo Rosalía a recreación dun vestido da poetisa", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 7 setembro 2016, p. 38.

Anuncia o deseño dun vestido de Rosalía de Castro cuxa recreación foi feita por Carmen Pichel a partir dunha fotografía de 1855 que pertence á Real Academia Galega.

_____, “Teatro e literatura na 82.ª edición do Congreso do PEN Internacional”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 27 setembro 2016, p. 42.

Informa sobre a celebración do PEN, no que Manuel Baltar e Jesús Vázquez deron a benvida a 194 participantes de 75 centros. Recolle as palabras de Luis González Tosar, quen incide en que a lingua e a literatura galegas son a base da identidade galega.

_____, “Os escritores perseguidos teñen o seu lugar na mostra do PEN Internacional”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 28 setembro 2016, p. 34.

Dáse conta da celebración dunha mesa redonda moderada por González Tosar, no marco do congreso titulada “Galicia, ponte literaria”.

_____, “Os Premios Rosalía poñen o broche de ouro ao 82.º Congreso do PEN Internacional”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 1 outubro 2016, p. 33.

Dá conta da celebración do PEN Internacional, que culmina coa entrega de Premios Rosalía de Castro. Informa, ademais, de que os participantes efectuarán un percorrido polo Parlamento de Galicia e a Cidade da Cultura.

Márquez, Ana, “Debezos’, primeiro poemario en galego despois da guerra”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 1 abril 2016, p. 42.

Dise que o poemario *Debezos*, de Avelino Díaz, rematou de imprimirse vinte días antes de *Cómaros verdes*, de Aquilino Iglesia Alvariño, converténdose deste xeito no primeiro libro de poesía publicado despois de 1936. Dáse conta da estrutura da obra composta por sesenta e tres poemas e comenta brevemente o resto da súa produción.

Martín López, Santos, “Retallos de Ourense”, *La Región*, “*Vida Sana*”, “Círculo poético”, 7 agosto 2016, p. 16.

Reprodúcese un poema de Martín López que homenaxea a cidade auriense, louvando lugares célebres da urbe e lembrando o seu pasado histórico.

Martín, Pilar, “La venganza del difunto’ ‘contrapone’ memoria histórica y personal”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 25 marzo 2016, p. 38.

Fala da tradución ao castelán da última novela de Carlos R. Reigosa. Sinala que *La venganza del difunto* ten como pano de fondo o Vigo da II Guerra Mundial. Comenta o argumento da obra e recolle as palabras do escritor sobre a súa creación.

_____, “Reigosa retrata el Vigo de la segunda Guerra Mundial”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, p. 51/ *El Progreso*, “Vivir”, p. 35, 25 marzo 2016.

Dáse conta da última novela protagonizada por Nivardo Castro, publicada orixinalmente en galego e agora traducida ao castelán. Reproduce as declaracións de Carlos R.

Reigosa nas que destaca que se trata dunha obra que mestura memoria histórica con memoria persoal.

Martín, T., "Hamlet' visto por Tosar y la RFG", *El Correo Gallego*, "Santiago", 19 febreiro 2016, p. 28.

Entre outras novas, anuncia a realización de dous encontros nos que os lectores poderán falar cos escritores Manuel Rivas e Manuel F. Rodríguez.

_____, "La vida de Rosalía de Castro, fotografiada por Xurxo Lobato", *El Correo Gallego*, "Santiago", 8 abril 2016, p. 27.

Dá conta da inauguración na Casa do Cabildo da exposición fotográfica "Airiños, aires, Rosalía", na que Xurxo Lobato se inspirou na vida e obra da autora. Indica que a mostra de carácter itinerante, está organizada pola Fundación Rosalía de Castro e pola Obra Social La Caixa.

Martínez, Alberto, "Carlos Casares será o protagonista do Día das Letras Galegas de 2017", *El Correo Gallego*, "Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio", 10 xullo 2016, p. 32.

Comenta a candidatura de Carlos Casares como protagonista do Día das Letras Galegas do ano 2017. A súa escolla foi mediante unha votación na Real Academia Galega onde, por unanimidade, quedou por diante de escritores como Ricardo Carvalho Calero, Plácido Castro e Antonio Fernández Morales. Destaca a figura social, política e cultural de Casares, de forma que a súa escolla posúe motivos de difusión, xa que o escritor ourensán foi quen de levar a súa literatura a todo tipo de público, pero sobre todo a uns lectores infantiles e xuveniles. Remata cunha breve biografía da personalidade de Casares.

_____, "Los hermanos Vilar Ponte, recordados en Todos los Santos", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 2 novembro 2016, p. 33.

Comenta a celebración da homenaxe anual no cemiterio de San Amaro con motivo do Día de Todos os Santos. Indica que se lembrou a Manuel Curros Enríquez, o alcalde republicano fusilado Alfredo Suárez Ferrín e aos irmáns Antón e Ramón Villar Ponte, fundadores das Irmandades da Fala.

Martínez, Ana, "Prado eloxia o Castelao máis universal e multidisciplinar", *El Correo Gallego*, "Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio", 3 abril 2016, p. 36.

Informa da homenaxe a Castelao en Rianxo por parte da Real Academia Galega de Belas Artes co galo do Día das Artes Galegas, presentada polo presidente da academia Manuel Quintana e que contou cunha conferencia sobre a traxectoria multidisciplinar do homenaxeado por parte do ilustrador e académico Miguelanxo Prado.

Martínez, Koro, “Tendendo pontes con Bos Aires a través do libro galego”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 30 marzo 2016, p. 41.

Fálase das actividades programadas na Feira Internacional do Libro de Bos Aires. Recolle o nome de todos os escritores convidados e destaca as figuras de Blanco Amor, Valle-Inclán e Cela.

Martínez, Laura, “Homenaje al escritor Neira Vilas en la Cidade da Cultura”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 18 marzo 2016, p. 43.

Informa da homenaxe a Neira Vilas, nun acto conducido polo actor Cándido Pazó e ao que asistiron diferentes autoridades, como o presidente da Xunta e os alcaldes de Deza e de Tabeirós-Terra de Montes. Destaca a presenza do presidente do Consello da Cultura Galega, Ramón Villares, quen dedicou unhas palabras ao autor homenaxeado.

Martínez, Sindo, “El chupete vence al miedo escénico”, *La Voz de Galicia*, 21 outubro 2016, contracuberta.

Destaca o traballo realizado por Xosé Manuel Martínez Quintas, algunhas das súas obras literarias e o papel que desenvolve no grupo teatral Aneis, de Xinzo de Limia.

Mato, Mar, “Uns 30 escritores galegos promocionarán a literatura do país na Feira de Bos Aires”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, p. 37 /“Uns trinta escritores galegos promocionarán a literatura do país na Feira de Bos Aires”, *La Opinión*, “Sociedad, cultura y ocio”, p. 30, 30 marzo 2016.

No marco da Feira Internacional do Libro de Bos Aires, destaca a presenza de escritores galegos. Comenta algunhas das actividades programadas, con encontros con escritores como Manuel Rivas ou Fina Casalderrey.

_____, “A Feira do Libro de Bos Aires falará galego este ano cun guiño á emigración e á literatura”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, p. 43, 10 abril 2016.

Comenta a presenza da literatura galega na Feira do Libro de Bos Aires. Dá conta de varios actos coa participación de Ledicia Costas e Manuel Rivas. Ademais, destaca que Castelao tamén “será lembrado na Feira”.

_____, “A vida pasada dos libros prohibidos”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, p. 44 /*La Opinión*, “Sociedad, cultura y ocio”, p. 33, 23 abril 2016.

Lembra os anos da censura na literatura en Galicia. Recolle algunhas experiencias persoais e anécdotas para poder conseguir certos volumes como *Sempre en Galiza*, *Pensamento e sementeira*, *Os álbumes da guerra* ou *Vida, paixón e morte de Alexandre Bóveda*.

Mauleón, A., “Literatura gallega con amplias miras”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 7 xaneiro 2016, p. 30.

Infórmase de que Xabier Docampo e Pedro Feijoo son dúas das novas incorporacións de autores galegos que se poden consultar no *Portico of Galician Literature*. Así mesmo, menciónanse outros autores e obras incluídos con anterioridade.

_____, “La RAG oficializa la propuesta de Marilar Aleixandre para la vacante de Neira Vilas”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 6 marzo 2016, p. 46.

Infórmase sobre a proposta de que Marilar Aleixandre ocupe o posto vacante de Neira Vilas na Academia. A autora destaca que é unha honra para ela a proposta. Dáse conta tamén da súa biografía.

_____, “Un poema de Venezuela a Vigo”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 25 maio 2016, p. 39.

Comenta que o escritor venezolano Rafael Cadenas ofreceu un diálogo poético no teatro Afundación de Vigo, acompañado por Manuel Bragado e Anxo Angueira. Ademais, indica, que no acto, recitou poemas de Martín Códax e Rosalía de Castro.

_____, “Un congreso italo-español estudia los vínculos entre literatura y gastronomía”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 21 setembro 2016, p. 38.

Informa da celebración da primeira edición do congreso *Lengua, literatura y gastronomía entre Italia y la Península Ibérica*, que abordará os libros de conciña, léxico e literatura gastronómica en distintas épocas. Ademais, indica que os alumnos da Escola de Hostalaría farán un *showcooking* sobre a obra de Cunqueiro.

_____, “La cocina de Cunqueiro, de las páginas al fogón”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 23 setembro 2016, p. 40.

Sinálase que no congreso *Lengua, literatura y gastronomía entre Italia y la Península Ibérica*, o chef Iñaki Bretal e os alumnos da Escola de Hostalaría elaborarán receitas de cociña que recollen nas obras de Cunqueiro: sardiña á grella (*As crónicas do sochantre*), merluza da sirena grega (*Merlín e familia*) e risotto de vaca (*Vida y fugas de Fanto Fantini*).

_____, “El Cela más espléndido llega a Gaiás”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 19 novembro 2016, p. 36.

Informa da exposición dedicada á figura de Camilo José Cela no Gaiás e, entre outras cousas, destaca os seus vínculos coa intelectualidade galega da diáspora e a súa colaboración con Otero Pedrayo, Vicente Risco e Celso Emilio Ferreiro.

_____, “Fallece la actriz Dorotea Bárcena, pionera de la escena gallega y los derechos de la mujer”, *La Opinión*, “Sociedad, cultura y ocio”, 23 novembro 2016, p. 31.

Dise que o pasamento de Dorotea Bárcena enche de dor a escena teatral galega, da que ela era unha asidua. Dise que toda a súa vida estivo dedicada á labor teatral, tanto como

actriz, como directora de escena ou mesmo como dramaturga e que os seus primeiros pasos neste ámbito foron da man da compañía Esperpento e de Teatro Xoven. Indícase que a súa carreira como profesional iniciouse en 1985 coa compañía Teatro do Atlántico coa montaxe *Xoana*.

_____, "Fallece el cantautor y promotor musical gallego Bibiano Morón a los 66 años", *La Opinión*, "Sociedad, cultura y ocio", 29 decembro 2016, p. 31.

Comenta o pasamento do produtor musical Bibiano Morón. Sinala que foi o encargado de poñer música a poemas de escritores representativos coma Celso Emilio Ferreiro e Uxío Novoneyra, entre outros.

_____, "Adiós a grandes figuras de nuestra cultura", *Faro de Vigo*, "*estela*", n.º 762, "Resumen 2016", "Sociedad", 31 decembro 2016, p. 26.

Con motivo do remate do ano 2016, comenta os falecementos que máis afectaron á cultura galega. Destaca os nomes de Agustín Fernández Paz, o escritor máis prolífico e premiado do panorama literario infantil e xuvenil galego; o caricaturista Fernando Quesada; o periodista e poeta Bernardo Vázquez Gil; a actriz teatral e televisiva Dorotea Bárcena; e por último, os músicos Narf e Bibiano.

Mauleón, A. e **L. V.**, "Adiós a Bibiano, figura clave de la escena musical", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 29 decembro 2016, p. 32.

Comenta o pasamento do produtor musical e ex-membro do grupo Voces Ceibes, Bibiano Morón. Recolle a súa traxectoria e sinala que puxo música a poemas de Celso Emilio Ferreiro e Uxío Novoneyra.

Mauleón, Amaia, "Empanada y Rosalía en Texas", *Faro de Vigo*, "Sociedad", p. 34/ *La Opinión*, "Sociedad, cultura y ocio", p. 28, 9 xaneiro 2016.

Dá conta da celebración do congreso da Modern Language Association (MLA), no que teñen cabida por primeira vez os estudos relacionados con Galicia en catro sesións, grazas á aprobación do Foro de Lingua, Literatura e Cultura Galegas na MLA. Destaca que unha das sesións está dedicada a Manuel Rivas.

_____, "Galicia revisa el relato de los 80 años del golpe de estado con figuras internacionales", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 15 xullo 2016, p. 41.

Comenta a celebración dun congreso internacional en Santiago de Compostela adicado á revisión dos temas, tópicos e motivos aínda hoxe existentes no relato da golpe de estado e da guerra. O congreso realízase na Facultade de Xeografía e Historia e tamén no Teatro Principal, onde se pretende achegar información útil a todo tipo de público, non só a uns espectadores académicos especializados na investigación. Salienta a afluencia de figuras importantes que acudirán ao congreso para transmitir os seus coñecementos, logrando así outorgarlle un carácter internacional á xuntanza.

_____, “Mi verano en un instante”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 18 setembro 2016, pp. 42-43.

Fálase da xira de Roi Casal co seu último traballo, *Son galego, son cubano*, elaborado con textos de Neira Vilas. Recolle as declaracións do músico sobre o seu compromiso co escritor de levar a súa música por todo Galicia.

_____, “El cómic, héroe de las bibliotecas”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 19 setembro 2016, p. 23.

Indica que a novela *A memoria da choiva* (2013), de Pedro Feijoo está na listaxe dos libros máis prestados das bibliotecas galegas.

M. B., “Os profesores seguirán os pasos da novela ‘Costa do solpor’ este sábado”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 18 febreiro 2016, p. 35.

Infórmase dunha excursión na que participan case unha centena de profesores para percorrer os lugares da obra *Costa do solpor* (2013), de Xosé María Lema.

Mejuto, Víctor, “Castelao, tenebrismo de luz norte”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Arte Exposición”, 20 maio 2016, pp. 2-3.

Anuncia a exposición “Castelao artista. Os fundamentos do seu estilo (1905-1920)” e refire o seu labor como pintor, citando algunhas das obras máis coñecidas.

Menán, Marta, “Novas respostas a vellas preguntas”, *El Progreso*, “*Revista*”, “O obxecto fetiche de”, 30 xaneiro 2016, p. 15.

Entre outras cousas, comenta que dúas obras marcaron un fito para o líder e concelleiro de Lugonovo, Santiago Fernñandez Rocha, o *Informe –dramático– sobre a lingua galega*, de Alonso Montero e *Unha ducia de galegos*, de Víctor Freixanes.

Méndez, A, “De obra polémica a símbolo de consenso”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, 5 novembro 2016, pp. 4-5.

Descríbese o Sireno, monumento de Vigo hoxe en día emblemático da cidade, pero tamén se dá conta das reticencias da xente no momento da creación da escultura do pintor Francisco Leiro. Recóllense vinte e cinco testemuños de diferentes personalidades da política, a literatura, a arte e o deporte que homenaxean o monumento de Leiro. No ámbito da literatura cítanse as palabras de Ledicia Costas, Méndez Ferrín e Domingo Villar.

Méndez, O., “Las calles de Vigo respiran poesía”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, 21 outubro 2016, p. 8.

Informa da celebración do Kerouac, que conta con varias sedes distribuídas pola cidade e destaca a presenza de participantes de varios lugares do mundo.

Méndez, Óscar, "Los libros no se van de vacaciones", *Faro de Vigo*, "Sociedad", "Lectura veraniega", 6 xullo 2016, p. 34.

Comenta a importancia da época estival coma o tempo perfecto para adicarse á lectura, ao posuír máis tempo de ocio. Diversas personalidades como Manuel Manquiña, Iago Falque, Iván Ferreiro, Rafa Centeno ou Ledicia Costas recomendan obras que, a eles personalmente, lles pareceron do máis interesante. Todas estas personalidades coinciden na predilección polo libro en papel en detrimento do ebook. Salienta as obras que máis éxito teñen entre o público: *O espello do mundo* de Ramón Nicolás, *A dúbida* de María Reimóndez, e as obras de Ledicia Costas.

M. G., "Homenaxe a Castelao con ofrenda floral en Rianxo", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 10 xaneiro 2016, p. 30.

Dá conta dos actos celebrados en Rianxo para conmemorar o cabodano de Castelao e no cal participaron distintas autoridades políticas. Ademais di que se realizará un roteiro polos lugares da vila relacionados coa vida de Castelao.

_____, "O Xeito de Esteiro pedirá o Día das Letras para Agrelo", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela",16 marzo 2016, p. 37

Informa que a Asociación Cultural O Xeito de Esteiro solicitou á Real Academia Galega o Día das Letras Galegas do vindeiro ano para o escritor Xosé Agrelo Hermo.

_____, "Montse Fajardo presenta 'Un cesto de mazás", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 29 abril 2016, p. 36.

Anuncia a presentación do libro *Un cesto de mazás* (2015), de Montse Fajardo.

_____, "Presentan os poemarios de Xoán Xosé Fernández Abella", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 29 maio 2016, p. 34.

Informa da presentación no Museo Valle-Inclán dos poemarios de Xoán Xosé Fernández Abella. Di que no evento interviron a docente Pilar Sampedro e o cantautor Manoele de Felisa.

_____, "Outes acolle o terceiro Encontro de Poetas en Idioma Galego", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 10 xullo 2016, p. 30.

Comenta a celebración do 3º Encontro de Poetas en Idioma Galego en Outes. Di que a mostra contará con diversas actividades coa intención de fomentar a lectura de poemas entre os máis novos. Tamén sinala que feira contará cunha ofrenda floral para o escritor Francisco Añón.

_____, “A biblioteca potencia a súa sección de ‘En galego”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 28 outubro 2016, p. 36.

Faise eco da subvención recibida pola biblioteca municipal de Noia para a adquisición de libros en galego editados entre os anos 2015 e 2016.

M. G. M., “Una decena de entidades forman parte ya de la comisión sobre las Irmandades”, *El Ideal Gallego*, “Sociedad”, 3 febreiro 2016, p. 36.

Fálase da iniciativa de elaboración dun almanaque con curiosidades e datos de interese que presenta unha comisión constituída para dar a coñecer as Irmandades da Fala.

_____, “O Día de Rosalía colle forza a través de decenas de actos, recitais e exposicións”, *Diario de Ferrol*, p. 37/ *El Ideal Gallego*, p. 36, “Sociedad”, 24 febreiro 2016.

Destaca a intervención da AELG para que se recoñeza o 24 de febreiro como Día de Rosalía de Castro e indica as distintas iniciativas para conmemorar á autora.

_____, “Una exposición sobre las Irmandades recorrerá Galicia”, *Diario de Ferrol*, p. 37/ *El Ideal Gallego*, p. 36, “Sociedad”, 11 marzo 2016.

Infórmase de que a exposición “Saúde e Terra, irmá(n)s!” visitará as sete cidades galegas para conmemorar o centenario das Irmandades da Fala e destacar así o fito que supuxeron para a defensa de Galicia. Ademais, dáse conta da participación de Alonso Montero, Goretti Sanmartín e Xusto Baramendi no acto de presentación na Coruña.

_____, “Cuatro autores coruñeses invitarán a caminar por los lugares de sus libros”, *Diario de Ferrol*/ *El Ideal Gallego*, “Sociedad”, 17 marzo 2016, p. 37.

Informa dos “Paseos literarios” protagonizados por Manuel Rivas, Estíbaliz Espinosa, Yolanda Castaño e Pedro Feijoo e que organiza o Servicio de Normalización Lingüística co apoio da AELG. Comenta que nestes roteiros se percorreran diferentes escenarios da cidade coruñesa presentes nas súas obras.

_____, “María Casares regresa a su casa en forma de coloquio y recital poético”, *El Ideal Gallego*, “Sociedad”, 7 abril 2016, p. 37.

Dáse conta dos actos que se levarán a cabo na casa museo Casares Quiroga para reivindicar a figura de María Casares. Entre as actividades programadas salienta un coloquio entre varios investigadores e un recital conducido por Lino Braxe. Engade que este programa conta co apoio da Concellería de Cultura, da AAAG e de Agadic.

_____, “Voces corales y lecturas en homenaje a las Irmandades”, *El Ideal Gallego*, “Sociedad”, 14 maio 2016, p. 36.

Anuncia lecturas e voces corais para homenaxear as Irmandades da Fala. Destaca a intervención dos académicos Manuel Rivas e Fina Casalderrey no acto.

_____, “As Letras Galegas dan paso ao centenario das Irmandades da Fala”, *Diario de Arousa*/ *Diario de Ferrol*/ *El Ideal Gallego*, “Sociedad”, 18 maio 2016, p. 37.

Fala das actividades programadas para celebrar o centenario das Irmandades da Fala. Destaca a lectura de textos de Castelao, Risco e Cabanillas da man de Fina Casalderrey e Manuel Rivas.

_____, “Coros, gaitas e flores para celebrar os cen anos das Irmandades”, *Diario de Ferrol*, p. 37/ *El Ideal Gallego*, p. 36, “Sociedad”, 19 maio 2016.

Dáse conta da celebración dun acto literario-musical para homenaxear as Irmandades da Fala. Cítanse algunhas das actividades que se levarán a cabo e destácanse os recitais de textos de Cabanillas e Manuel Antonio, entre outros.

_____, “A exposición ‘Saúde e Terra, irmá(n)s!’ difunde o legado das Irmandades da Fala”, *El Ideal Gallego*, “Sociedad”, 4 xuño 2016, p. 36.

Comenta a celebración do centenario das Irmandades da Fala a través dunha mostra, na Fundación Barrié da Coruña, composta por 130 pezas entre as que destacan documentos, obxectos e imaxes propias das Irmandades, de feito que se trata dunha viaxe a través do pasado para lograr unha aspiración de futuro maior para a lingua galega.

_____, “Recuerdos de su primer viaje bonaerense”, *Diario de Arousa*/ *El Ideal Gallego*, “Sociedad”, 25 xuño 2016, p. 36.

Fala da colección de fotografías inéditas sobre María Casares, presente no CGAI e resalta a importancia desta documentación ao tratarse da primeira visita da actriz a Bos Aires en 1957. Indica que nestes documentos gráficos se poden comprobar certos aspectos da vida da actriz até agora descoñecidos, coma a ofrenda floral que ela mesma ofreceu á estatua da poeta Rosalía de Castro na capital arxentina.

_____, “Un cento de cousas pequenas relatan un conto chamado Galicia”, *Diario de Arousa*/ *Diario de Ferrol*/ *El Ideal Gallego*, “Sociedad”, 5 outubro 2016, pp. 36-37.

Informa da exposición “Galicia 100”, a cargo do Consello da Cultura Galega e Afundación, que presenta a historia do país a través de obxectos históricos e cotiáns, como ferramentas, xoias, a bandeira das Irmandades da Fala, un facsímile da *Biblia* de Kennicott etc.

_____, “Poetas Di(n)versos regresa con lírica de Ecuador, Ucrania, Italia y Galicia”, *El Ideal Gallego*, “Sociedad”, 14 outubro 2016, p. 36.

Sinálase que José Manuel Sande e Yolanda Castaño presentaron unha nova entrega de “Poetas Di(n)versos”. Destácase a multiculturalidade do evento e dise que Rafa Villar e Ostap Slyvinsky inaugurarán a programación.

_____, “El congreso ‘El hombre que quiso crear’ abordará las caras del poliedro Fernández Flórez”, *Diario de Ferrol*/ *El Ideal Gallego*, “Sociedad”, 20 outubro 2016, p. 37.

Anuncia a celebración dun congreso arredor da figura de Wenceslao Fernández Flórez e destaca algunhas das temáticas que se van tratar.

_____, "Portas Ártabras es uno de los pocos espacios cedidos gratis a la cultura", *Diario de Ferrol/ El Ideal Gallego*, "Sociedad", 17 novembro 2016, p. 37.

Fálase de Portas Ártabras, local da Asociación de Amigos dos Museos na Coruña, como espazo público aberto a iniciativas e proxectos diversos. Destácase a participación neste espazo de agrupacións culturais e organizacións como a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega.

_____, "David Castro y Carlos Liñares llevarán el género del tango al Baba Bar", *Diario de Arousa/ El Ideal Gallego*, "Sociedad", 29 decembro 2016, p. 36.

Anuncia que David Castro e Carlos Liñares ofrecerán un recital de tango no Baba Bar de A Coruña, onde destacará a inclusión no seu repertorio do poema "Negra sombra" de Rosalía de Castro.

M. J. F., "La Universidade de Vigo investirá doctora 'honoris causa' a la poeta Erin Moure", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 13 febreiro 2016, p. 37.

Comenta que a Universidade de Vigo investirá doctora *honoris causa* á poeta canadiense Erin Moure en recoñecemento polo seu labor de tradución de obras poéticas galegas e pola reivindicación que realiza da lingua.

M. J. R., "Promoven o Día das Letras Galegas para Carvalho Calero por quinta vez", *Diario de Ferrol*, "Ferrol", 13 febreiro 2016, p. 5.

Dise que unha comisión cidadá vai volver intentar, por quinta vez, que se lle dedique o Día das Letras Galegas a Carvalho Calero debido aos numerosos méritos que alcanzou a prol da lingua e da cultura galega. Indica que os solicitantes consideran que o seu esquecemento se debe ás convencións ortográficas que adoptou nos últimos anos da súa vida.

_____, "Un pleno de trámite aprueba subvenciones y el Día das Letras para Carvalho Calero", *Diario de Ferrol*, "Ferrol", 17 marzo 2016, p. 2.

Indica que un pleno extraordinario do concello de Ferrol aprobou por unanimidade inverter o Plan de Aforros e Investimentos da Deputación en reparar a cobertura do Centro Cultural Ramón Piñeiro e amosou o seu apoio á candidatura deste autor para as vindeiras Letras Galegas.

_____, "Carvalho Calero, a rehabilitación pendente", *Diario de Ferrol*, "Ferrol", 27 marzo 2016, p. 2.

Denuncia o deterioro da casa do escritor e intectual Carvalho Calero. Dá conta da celebración dun acto reivindicativo da súa figura con lectura de poemas e a petición de que se lle dedique o Día das Letras Galegas.

M. L., "O velorio de Antón Carballo' llega a la capital de Soneira", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 27 xaneiro 2016, p. 38.

Dá conta da representación da peza *O velorio de Antón Carballo*, a cargo da Escola Municipal de Teatro de Muxía, na casa da cultura.

M. M., "A flor da figueira' de López Tuñas, llega a Santiago", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 22 xaneiro 2016, p. 32.

Informa da presentación da obra *A flor da figueira* na librería Couceiro de Santiago de Compostela.

_____, "Teatro para todos con 9 compañías nas dúas urbes", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 12 febreiro 2016, p. 27.

Informa da representación das pezas *Presidente*, a cargo de Teatro do Morcego e *O principio de Arquímedes*, de Teatro do Atlántico. Tamén dá conta da posta en escena, para público infantil, de *Luppo*, de Baobab Teatro; *Rosa Caramelo e outras historias*, de Talía Teatro; e o espectáculo con baile e música de Gramola Gominola.

_____, "Douscentos amesáns celebraron os 179 anos de Rosalía de Castro no Milladoiro", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 26 febreiro 2016, p. 32.

Informa que o Concello de Ames organizou un acto para celebrar o aniversario de Rosalía de Castro e que consiste na lectura dos seus poemas, música e da lectura dun bando institucional.

_____, "El CSIC recupera figuras gallegas clave en la edición mundial desde el año 1800", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 6 maio 2016, p. 44.

Fala do proxecto internacional a cargo do Consello Superior de Investigacións Científicas. Salienta a figura de Alejandro Chao e Juan Compañel.

_____, "O Grupo municipal de Teatro vai ofrecer hoxe a obra 'As suplicantes", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 10 xuño 2016, p. 35.

Indica que Ames é o lugar elixido para a estrea da obra *As suplicantes*, do Grupo municipal de Teatro de Ames, unha adaptación da obra do dramaturgo grego Esquilo realizada por Mónica Caamaño. Resume brevemente a peza, na que unhas mulleres piden asilo á cidade de Argos ante a ameada da realización de matrimonios de conveniencia.

_____, "Mero Iglesias presenta en la casa da cultura vilabesa su libro 'Doce ducias", *El Progreso*, "Lugo", "A Chaira", 1 xullo 2016, p. 18.

Informa da presentación da obra *Doce ducias* (2016), de Mero Iglesias, nun acto promovido polo Instituto de Estudos Chairegos. Salienta a María Guerreiro como ilustradora. Comenta que no evento participan, entre outros, Mero Iglesias e Xulio Xiz, autor do prólogo.

_____, "La USC ensalza a Luis Porteiro, fundador de las Irmandades da Fala en Santiago", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Santiago", 28 outubro 2016, p. L2.

Comenta a celebración dos actos conmemorativos do centenario das Irmandades da Fala, actos aos que se sumou a USC. Indica que a homenaxe foi dirixida ao profesor e fundador da entidade en Santiago, Luis Porteiro Garea.

_____, "Una veintena de poetas participa en un recital solidario", *El Progreso*, "A Chaira", 17 decembro 2016, p. 24.

Comenta a celebración do recital poético "Verso, ¿qué traes? Esperanza" en Vilalba, no Centro Cultural e Recreativo da cidade. Indica que a encargada de iniciar a mostra foi a escritora Branca Vilela, quen presentou a autores coma María Xosé Lamas, Modesto Fraga, María José Fernández, Isidro López Novo, Pilar Maseda, Xesús Bermúdez, José Estévez, Marica Campo, Xosé Otero Canto, Raúl Gómez Pato ou Toño Núñez.

M. M. O., "Galardón ordense sobre Rosalía para Mónica Cores", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 3 marzo 2016, p. 36.

Anuncia a gañadora do concurso sobre Rosalía de Castro no que os participantes tiñan que escoller os seus versos favoritos da escritora.

M. N., "Poemaria consolida a Vigo como ciudad poética", *Atlántico Diario*, "Vigo", 25 xuño 2016, p. 11.

Coméntase que a mostra "Poemaria" naceu co obxectivo de recoñecer o traballo poético das mulleres, tanto dentro coma fóra de Galicia. Indícase que algunhas das actividades que se realizan durante eses dous días son: lectura en voz alta de poesía, cine ao aire libre, poesía en bicicleta, poesía nos picnics ou poesía acompañada de música.

_____, "O redescubrir de Rosalía de Castro", *Atlántico Diario*,"Vigo", p. 8/ *La Región*, "Sociedad", 2 xullo 2016, p. 72.

Salienta a mostra dedicada á personalidade de Rosalía de Castro, a cal se presenta na Casa das Artes baixo o título de "Airiños Aires Rosalía", unha exposición, composta por cincuenta imaxes, que viaxa a través dos lugares físicos e vitais visitados pola poeta, salientando a peregrinación emocional sufrida pola mesma. Destaca a importancia que a mostra ten para o seu autor, Xurxo Lobato, quen a considera a súa pequena homenaxe á personalidade de Rosalía de Castro.

_____, “Homenaxe a María Xosé Queizán, pola súa vida e a súa traxectoria”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 16 de agosto 2016, p. 9.

Comenta a homenaxe realizada polo colectivo Sega, unha plataforma de mulleres que promoven a lectura crítica á escritora viguesa María Xosé Queizán. Destaca a personalidade da escritora como un exemplo de muller pero tamén de escritora de éxito, saíndose dos marcados canons sociais.

_____, “Valadares consolídase como territorio de regueifas”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 26 decembro 2016, p. 11.

Fala da segunda xornada do certame de improvisación en verso que tivo lugar o 25 de decembro no centro veciñal de Valadares. Indica que no escenario houbo talentos tanto galegos como invitados de terras do alén e que, aproveitando a ocasión, se presentou o libro *Repente galego* (2016), de Ramón Pinheiro.

Moledo, Alba, “El Castillo de Soutomaior vuelve a estar habitado”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Provincia”, 25 setembro 2016, pp. 18-19.

Dáse conta da posta en marcha, por parte da Deputación de Pontevedra, dun ciclo de visitas teatralizadas ao castelo de Soutomaior a cargo da compañía Limiar Teatro. Cítanse algúns dos personaxes representados, en clave humorística: Pedro Madruga, María Vinyals, Emilia Pardo Bazán, Paio Gómez Chariño...

Montero, Luis, “Cinco novos escritores inclúense no portal web da literatura galega en inglés”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 3 xaneiro 2016, p. 34.

Dá conta da inclusión de Xabier P. DoCampo, Pedro Feijoo, Inma López Silva, Manuel Lourenzo González e María Reimóndez ao portal web de literatura galega en inglés. Ademais, realízase un percorrido por aqueles outros autores e obras representativas que se integraron con anterioridade.

_____, “Vinte e cinco autores promoverán a cultura galega na Feira de Bos Aires”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 24 xaneiro 2016, p. 38.

Infórmase da participación de Galicia na Feira de Bos Aires. Ademais de citar autores galegos que representarán diferentes ámbitos da escrita, sinálase que estarán acompañados de editoriais e empresas de distribución galegas. Dáse conta das actividades previstas e das institucións tanto arxentinas como galegas que están colaborando no evento.

Montero, Tamara, “O CDG produce a primeira obra de Valle-Inclán traducida ao galego”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 14 decembro 2016, p. 39.

O Centro Dramático Galego, na presentación do seu programa desta tempada, salienta a futura representación de dúas obras de Valle-Inclán: *As galas do defunto* e *A filla do capitán*, pertencentes á triloxía *Martes de Carnaval*. Destaca tamén outros títulos que

pecharán o ano, como a aproximación dramática á obra de Carlos Casares *Os mortos daquel verán*, realizando así unha homenaxe ao autor pola conmemoración do Día das Letras Galegas de 2017.

Montaña, Estro, "Cos ollos de América", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 591, 7 xullo 2016, cuberta.

Salienta a importancia dos escritores estranxeiros que viñeron a Galicia no século XIX para contemplar os atrasos e as luces literarias da terra galega. Indica que José Esteban foi o encargado de recompilar a información en *Refraneiro anticlerical*, onde menciona autores como Rubén Darío, Gómez Carrillo, Roberto Arlt ou Francisco Luís Bernárdez. Di que estes autores que destacan a valía e coraxe das personalidades de Rosalía de Castro, Valle-Inclán, Curros, Cabanillas ou Murguía.

Morán, Claudia, "Marilar Aleixandre, nova académica numeraria da RAG", *La Voz de Galicia*, "Cultura", "A festa da palabra", 10 xullo 2016, p. 40.

Comenta o nomeamento da escritora Marilar Aleixandre como novo membro da Real Academia Galega e indica que a autora pasará a ocupar o posto do finado Xosé Neira Vilas. Describe brevemente a traxectoria literaria da escritora galardoada co Premio Xerais en 2001 pola novela *A teoría do caos*, galardoada co Premio Merlín de Literatura Infantil en 1994 e do Premio da Crítica Galega en 1995.

_____, "A Academia Galega elixiu na primeira rolda e por maioría absoluta a Carlos Casares", *La Voz de Galicia*, "Cultura", "A festa da palabra", 10 xullo 2016, p. 38.

Comenta a escolla de Carlos Casares como escritor homenaxeado no Día das Letras Galegas do ano 2017. Salienta a importancia de autores como Manuel Rivas, Fina Casalderrey, Víctor Freixanes ou Ramón Villares, os cales impulsaron a candidatura de Casares. Remata realizando unha breve biografía de Casares, destacando o seu labor literario, o seu papel como académico e catedrático, e tamén a súa participación no movemento político defendendo os intereses dos galegos nunha época convulsa.

Mosteiro, Marga, "Centenario del viaje de Lorca a Galicia", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Agenda", "Para todos los públicos", 15 setembro 2016, p. L7.

Informa da viaxe realizada por García Lorca a Galicia e os actos de conmemoración que se levarán a cabo no seu centenario, onde se lembrarán os seus poemas escritos en lingua galega. Dá conta dunha charla sobre a figura do escritor a cargo de Ian Gibson e da lectura de fragmentos da obra *Impresiones y paisajes* por parte da xornalista Carolina Alba.

_____, "Desaparece la placa de la casa natal del maestro Chané", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Santiago", 2 decembro 2016, p. L5.

Informa da desaparición da placa colocada en 1919 por encargo do Concello de Santiago e un grupo de intelectuais para Xosé Castro González, o mestre Chané, autor da música da peza *Unha noite na eira do trigo*.

M. P., "La Habana suena así", *El Progreso*, "Lugo", "San Froilán 2016", 5 outubro 2016, p. 6.

Dá conta da presentación de *Son galego, son cubano* de Roi Casal na praza Horta do Seminario na Habana e indica que conta coas letras de Neira Vilas.

M. R., "Teatro familiar en el aniversario del centro de día de Cospeito", *El Progreso*, "A Chaira", 25 maio 2016, p. 16.

Informa das actividades teatrais, musicais e de animación programadas para a xornada de portas abertas no centro de día de Cospeito.

_____, "El Paseo dos Soños de Vilalba estrea su undécimo Hectómetro Literario", *El Progreso*, "A Chaira", 19 setembro 2016, p. 15.

Dá conta da celebración da homenaxe a Xulio Xiz por parte dos veciños de Porta de Cima, o Concello, Xermolos e a Irmandade Manuel María. Indica que ao acto asistiron arredor de 400 persoas e interviñeron Alfonso Baamonde, Marica Campo, Alfonso Blanco, Xosé manuel Carballo, Xosé Otero Canto, Xesús Mato, Ana Isabel Vázquez Rodríguez, Gerardo Criado e Darío Villanueva.

_____, "Ricardo Polín y Xosé Chao Rego reciben el día 2 la distinción Mans de Irimia", *El Progreso*, "A Chaira", 23 setembro 2016, p. 17.

Informa da inminente entrega dos premios no marco da IV Festa da Afirmación e Dignidade, galardón promovido pola Irmandade Manuel María e as asociacións Xermolos e Avelino Díaz.

_____, "La Escola de Teatro de Vilalba inicia el curso con 40 alumnos", *El Progreso*, "A Chaira", 12 outubro 2016, p. 16.

Anúnciase o inicio das aulas de teatro da Escola Municipal de Teatro de Vilalba, tres grupos dirixidos por Guillermo Cancelo e Iria Acevedo.

_____, "Los libros invaden el espacio cotidiano", *La Opinión*, "A Coruña", 25 outubro 2016, p. 10.

Dá conta das celebracións programadas no Día da Biblioteca para fomentar á lectura. Salienta a exposición do fondo bibliográfico particular de Antón Villar Ponte promovida pola Real Academia Galega.

M. S., "Arrancan las Aulas de Teatro del Campus con más de 50 alumnos", *La Región*, "Ourense", 18 outubro 2016, p. 10.

Informa da inauguración das Aulas de Teatro do Campus de Ourense (Rosaura, Cordelia, Maricastaña e Gepetto), nas que se inscribiron cincuenta alumnos.

M. T., "Sesión teatral na casa de cultura de Camporrapado", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 23 xaneiro 2016, p. 34.

Dá conta da representación da peza Autoescola Fitipaldi, a cargo do grupo de teatro do Centro Sociocultural de Vedra.

_____, "Presentan el libro 'A dama da noite' el viernes en Arzúa", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 27 setembro 2016, p. 37.

Informa da presentación da biografía novelada de Rosalía de Castro *A dama da noite* (2014) escrita por Xabier Seoane e editada por Laiovento.

_____, "La coral Follas Novas acerca la pieza musical 'Cartas a Rosalía' a Padrón", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 23 decembro 2016, p. 32.

Destaca o concerto que a coral Follas Novas outorgará en Padrón. Indica que o grupo dirixido por Fernando Vázquez Arias, conta cunha obra titulada *Cartas a Rosalía* no seu repertorio e que a peza versa sobre a correspondencia entre Rosalía de Castro e o seu marido Manuel Murguía.

M. V., "Piedra y poesía", *La Región*, "*Fitur 2016*", "Comarca de Celanova", 21 xaneiro 2016, p. 27.

Destácase a importancia que adquire o Mosteiro de San Salvador na vida de Celanova, terra natal de Curros Enríquez e de Celso Emilio Ferreiro. Finalmente, dáse conta das festas máis importantes da vila.

_____, "Roi Casal presenta 'Son Galego, Son Cubano", *La Región*, "Verano", "Agenda de ocio", 27 agosto 2016, p. 23.

Anúnciase a presentación en Tomiño do último traballo de Roi Casal, realizado conxuntamente con Xosé Neira Vilas.

Naya, Marco, "Luz para los versos escritos por Rafael Bárez en prisión", *La Opinión*, "A Coruña", 3 setembro 2016, p. 7.

Anúnciase a futura edición, no ano 2017, dun volume que recollerá os poemas escritos polo avogado e exconcelleiro de Urbanismo durante a súa estadía no cárcere provincial coruñés en 1972. Recóllense declaracións da súa muller sobre a súa temática, a pertinencia desta publicación, os tempos estimados ou a necesidade de achegas económicas. Ofrécese, ademais, unha sucinta biografía do autor.

Neira, C., “Los niños de la Iglesia Evangélica le cantan a la Navidad”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Provincia”, 26 decembro 2016, p. 12.

Anuncia unha serie de actividades, con motivo da chegada do Nadal, para os rapaces e rapazas da Escola Dominical da Igrexa Evanxélica. Entre elas, salienta un encontro poético da man de Lucía Aldao quen fará un chamamento contra a violencia de xénero.

_____, “Violencia Zero’ impulsa el arte como arma contra la violencia machista”, *Diario de Pontevedra*, “O Morrazo”, “Marín”, “Bueu”, 27 decembro 2016, p. 15.

Comenta a intervención artística do grupo Violencia Zero. Sinala que Lucía Aldao, poeta e artista, foi a encargada de levar a cabo o “pistolezado” de saída ao representar unha peza poética-musical titulada *Esfolar un minotauro*.

Neira, Carolina, “La nueva vida de la Axencia de Lecturas de Meiro”, *Diario de Pontevedra*, “O Morrazo”, “Marín”, “Bueu”, 20 outubro 2016, p. 21.

Indícase que Daniel Durán reabriu a Axencia de Lectura de Meiro, situada na Casa da Aldea, reactivando a súa a posta pola cultura nove anos despois. Saliéntase a celebración dun recital dos poetas do Rexurdimento, onde Lucía Novas, Miriam Ferrandáns e Dani Costas lle porán voz aos versos de Pondal, Curros e Rosalía.

_____, “Una joya literaria en la avenida de Ourense”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Provincia”, 2 novembro 2016, p. 13.

Comenta a exposición de dous tomos de *El Quijote* na Biblioteca Municipal de Marín e indica que o motivo desta mostra é a conmemorar o Día das Bibliotecas co exemplar cedido polo pintor Manuel Torres. Destaca a importancia desta achega debido a que se trata dunha antiga edición escrita en galego, editada por Xuntanza Editorial que ofreceu ao mercado trescentos cincuenta exemplares.

_____, “Marín vólcase cos defuntos e coa lingua galega”, *Diario de Pontevedra*, “O Morrazo”, “Marín”, 3 novembro 2016, p. 17.

Salienta a celebración das homenaxes pertinentes no cemiterio de A Raña co motivo do Día de Todos os Santos. Destácase así a ínfima cantidade de lápidas escritas en galego, feito denunciado neste acto, no que se recordou a figura de Otero Pedrayo, quen unha vez finado, a misa realizada na Catedral de Santiago foi oficiada en castelán, despois de toda unha vida loitando pola dignidade da súa lingua.

Neira, Nieves, “Poesía para a vida no centro do Courel”, *El Progreso*, “deVerano”, “Palabras ao vento”, 16 agosto 2016, p. 35.

Dáse noticia do Festival dos Eidos, realizado na Parada do Courel, na casa do escritor Uxío Novoneyra. Destácase o carácter multidisciplinar da mostra, capaz de acoller música, pintura, literatura, fotografía, teatro e por riba de todo a poesía, a gran protagonista. Coméntase a presenza de recoñecidos poetas como Antón Blanco, Oriana Méndez e Vicente Reboleiro; grupos como Blues do País e Terra Morena, Cinta

Adhesiva e Voltem; Federico García Cabezón coa súa exposición fotográfica: e a formación teatral Lucecús Teatro.

Nogueira, Andrea, "Se buscan lectores y hábitos de lectura", *Faro de Vigo*, "Sociedad", p. 38/ "A la caza de nuevos lectores", *La Opinión*, "Sociedad, cultura & ocio", 7 outubro 2015, p. 30.

Informa da mala situación pola que pasan os libreiros, que afrontan malos datos de índice lector entre o pesimismo e a esperanza. Recóllense as declaracións dos escritores Antonio García Teijeiro, Ledicia Costas e Marilar Aleixandre sobre a situación Galega.

_____, "La cultura gallega se reivindica en Europa", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 7 decembro 2016, p. 30.

Comenta que Bruselas se converteu na capital da cultura galega con motivo da celebración dunhas xornadas de debate e difusión sobre a literatura, as artes escénicas, a música, o audiovisual e a antropoloxía. Destaca a presenza da escritora Chus Pato, quen salienta a importancia de difundir a cultura galega pois cumpre con todos os aspectos que se lle podan esixir a unha lingua, simplemente necesita ser coñecida.

_____, "Los editores ven en la bajada del IVA digital una revitalización para el sector", *Faro de Vigo*, "Sociedad", p. 32/ *La Opinión*, "Sociedad, cultura y ocio", p. 31, 8 decembro 2016.

Fálase da decisión do Goberno de reducir o IVA dos libros dixitais, facilitando así o aceso dos usuarios a esta plataforma. Entre as personalidades que amosan a súa alegría por este feito destácase a Manuel Bragado, Xosé Ballesteros, Pilar Fernández, Xurxo Patiño e Ángeles Alfaya.

Noguerol, Natalia, "Mary Gómez Neira. 'Hai afeccionados en Melide que xa se desenvolven moi ben na escena", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "En primera persona", 17 xuño 2016, contracuberta.

Comenta o progreso de Mary Gómez Neira, unha enfermeira de profesión apaixonada polo escenario teatral e creadora de Charamela, unha asociación cultural premiada coa medalla de ouro do concello de Melide.

Nova, Alberto, "Ceden o piano da familia de Rosalía á casa da Matanza", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 2 xullo 2016, p. 38.

Salienta a importancia da incorporación dun piano pertenence á familia de Rosalía de Castro á casa de A Matanza. Salienta a faceta artística da autora padronesa a raíz da inclusión do piano, pois Rosalía era unha coñecida artista que manexou a guitarra, a arpa e o propio piano.

_____, "A Fundación Rosalía de Castro distingue a Loliña Mosquera", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 16 xullo 2016, p. 36.

Dá conta da presentación do volume *Quéimase todo o escrito. IV Premio de Poesía Escolar Rosalía de Castro* (2016) en Padrón no marco do 131 aniversario do pasamento da poeta galega.

_____, "Arxentina terá unha nova cátedra sobre Galicia e América", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 27 setembro 2016, p. 43.

Fálase da cátedra presentada na Real Academia Galega para difundir a lingua e a literatura galega en Arxentina. Ademais, fala da publicación dun suplemento denominado "Sempre en Galicia".

_____, "Rosalía, Pardo Bazán y Concepción Arenal en el Día de las Escritoras", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 17 outubro 2016, p. 23.

Indica que nunha xornada na biblioteca Nacional de España, trinta profesionais da literatura e a comunicación prestarán a súa voz para darlle visibilidade aos textos das grandes autoras galegas Rosalía de Castro, Emilia Pardo Bazán e Concepción Arenal.

Novás, Gracia, "A Xunta custodiará o valioso legado persoal da poeta Luz Pozo", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 28 xullo 2016, p. 36.

Describe a doazón realizada pola poeta Luz Pozo Garza da súa biblioteca persoal ao Goberno galego, quen será o encargado de custodiar este tesouro literario. Indica que este conxunto de obras vén a sumarse ás novas incorporacións compostas por volumes do legado de Basilio Losada, da hemeroteca da Fundación Barrié, de fondos depositados por Isaac Díaz Pardo, Sixto Seco, Xesús Alonso Montero, Rodolfo Núñez de las Cuevas ou Celso Collazo. Remata co agradecemento á autora lucense por tan xeneroso presente á cultura galega.

Nuevo Cal, Carlos, "Os irmáns Villar Ponte, as Irmandades da Fala e Viveiro", *La Voz de Galicia*, "*Irmandades da Fala. Suplemento promocional*", 21 outubro 2016, pp. 2-3.

Recolle o inicio da celebración do Centenario das Irmandades da Fala o 18 de maio en Viveiro, nun acto institucional do Concello diante da casa natal dos irmáns Antón e Ramón Villar Ponte. Realiza un repaso sobre as Irmandades, o sentimento de galeguidade, os cargos políticos que ambos ostentaron e outros aspectos relevantes. Inclúe unha listaxe dos membros da Irmandade en Viveiro, Fundada por Ramón.

O. B., "Un mar calmo en Carril para recordar a Rosalía de Castro", *Diario de Arousa*, "Vilagarcía", 22 febreiro 2016, p. 16.

Dá conta do acto celebrado polo BNG en Carril para a conmemoración do 179 aniversario do nacemento de Rosalía de Castro e a publicación, hai máis de século e medio, de *Follas Novas*.

_____, “Vilagarcía despide a un hijo en la diáspora, Fermín Bouza Álvarez”, *Diario de Arousa*, “Vilagarcía”, 31 outubro 2016, p. 19.

Dise que Fermín Bouza Álvarez, sociólogo e fillo do intelectual galeguista Fermín Bouza-Brey, faleceu aos 70 anos vítima dunha enfermidade. Destácase a súa figura como escritor en Vilagarcía de Arousa, onde é considerado fillo predilecto debido ao impacto que esta cidade tivo nel e antes no seu propio pai.

Ocampo, Elena, “Los versos gallegos de Lorca germinan”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, p. 34/ E. **Ocampo** e **I. B.**, “Los versos gallegos de Lorca”, *La Opinión*, “Sociedad, cultura y ocio”, p. 32, 24 marzo 2016.

Comenta a publicación do libro *6 poemas 6. Homenaxe a Federico García Lorca* (2015), coordinado por Suso Díaz e Helena Villar Janeiro. Indica que no volume os escritores participantes interactúan cos poemas galegos de Lorca. Recolle o nome dos autores, fala da cuberta do libro e destaca as ilustracións que inclúe.

Olarte, Miguel, “Lupe Bao viste a Rosalía de feminismo en un Domingo das Mozas pletórico”, *El Progreso*, “Lugo”, “San Froilán 2016”, 10 outubro 2016, pp. 2-3.

Sinálase que no día grande das festas de San Froilán, o coñecido como domingo das mozas, tivo lugar unha ofrenda a Rosalía de Castro, a cargo de Lupe Bao, quen intercalou, na súa intervención, sentidos versos da escritora e desenvolveu un contundente discurso contra a sociedade patriarcal salientando a faceta feminista de Rosalía.

Olmos, Iván, “Riós énchese de música, gastronomía e cinema”, *La Región*, “Verano”, 14 agosto 2016, p. 16.

Comenta a celebración do Festival das Artes Escénicas de Riós. Destaca a personalidade do falecido Neira Vilas como motor do festival, un autor que a partir da representación do rural galego logrou potenciar a cultura galega.

Otero Ricart, J. A., “El alma de Galicia en Cuba”, *La Opinión*, “*El domingo*”, n.º 761, 24 xaneiro 2016, pp. 8-9.

Dáse conta da reapertura do Centro Galego da Habana, inaugurado en 1915, despois dunhas obras de acondicionamento. Ademais de destacar a importancia arquitectónica do edificio, menciónanse os persoeiros que por el pasaron e explícase como se desenvolveron os seus primeiros anos.

Outeiro, M., “Clases de inglés, música y siete obras teatrales para todos los valdubreses”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 4 outubro 2016, p. 28.

Dá conta da programación cultural do Concello do Val do Dubra. Destaca as representacións das obras *Nosa señora das nubes* de Teatro do Morcego, *Se o sei non volvo casar,* de A Mámoa, *A raíña en pelotas*, de Trangalleiros, *Encontros*, de The Puntillas Teatro, *Lavandeiras*, de Daboapipa, *Que Deus nos colla confesados. Cabaré bíblico* de Tangatutanga, e a obra *Bon Appétit* de Ghazafelhos, para todas as idades.

_____, "Un libro feito por alumnos do IES barcalés presumirá de comarca este mesmo curso", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 20 decembro 2016, p. 29.

Anuncia a publicación do volume *Xente e Terra de Barcala. Letras da mocidade* (2016), que conta cun limiar de Fina Casalderrey. Destaca a variedade de temáticas recollidas: xeografía, arte, etnografía, historia...

P. A., "Más de 200 escritores se citarán en Orense para celebrar el PEN", *ABC*, "Galicia", 10 setembro 2016, p. 64.

Informa sobre a celebración do Congreso do PEN Internacional, que reunirá a máis de dous centos escritores, entre os que se atopan Nélida Piñón e Eric Lax.

_____, "El Pen inaugura una muestra que pone cara a escritores perseguidos", *ABC*, "Galicia", 28 setembro 2016, p. 65.

No marco do congreso, dáse conta da mesa redonda "Galicia, ponte literaria" coa participación de Claudia Piñeiro, Méndez Ferrín e Nélida Piñón. Ademais, indícase a presenza na próxima xornada de Fina Casalderrey.

Palacios, Xosé María, "Pugna entre dous poetas de Lugo polo primeiro libro en galego da posguerra", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 20 abril 2016, p. 37.

Fálase do recente debate sobre o primeiro libro publicado en lingua galega, título ostentado por *Cómaros Verdes*, de Aquilino Iglesia Alvariño, ao que aspira *Debezos*, de Avelino Díaz, publicado vinde días antes. Así mesmo, sinálase o desexo da Asociación Poeta Avelino Díaz de que se lle dedique o Día das Letras Galegas.

_____, "O libro das festas de Vilalba inclúe un texto inédito de Agustín Fernández Paz", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 25 agosto 2016, p. 33.

Dá conta da publicación dun "libriño" con motivo das festas de Vilalba, que inclúe un pregón de Agustín Fernández Paz. Recolle algúns dos fragmentos do texto do escritor, "no que volve percorrer a Vilalba da súa nenez". Destaca a relación do escritor con Vilalba e a existencia dunha mostra de fotos antigas, "Tal como eramos", nas que aparece Fernández Paz de neno e adolescente.

Pastoriza, Francisco R., "Rosalía de Castro", *Faro de Vigo*, "*el sábado*", n.º 954, 2 abril 2016, p. 2/ *La Opinión*, "*El Domingo*", n.º 772, 17 abril 2016, p. 9.

Informa dunha exposición fotográfica itinerante, da man de Xurxo Lobato, sobre Rosalía de Castro que percorrerá Galicia.

Pazo, Laura, "El placer de veranear entre libros", *La Opinión*, "Sociedad, cultura y ocio", 24 xullo 2016, p. 35.

Análise de varios editores sobre a mellor época para ler, chegando á conclusión de que o tempo estival é a data propicia para enfrontarse á lectura. Francisco Castro, pertencente á editorial Galaxia, comenta a importancia do tempo libre xa que sempre se pon de escusa o exceso de traballo e responsabilidades. Comenta as preocupantes estatísticas polas que se amosa o dato de que o 40% dos españois recoñece non ler ningún libro en todo o ano. Resalta tamén a dualidade de escollas entre o formato físico en papel dos libros ou a opción cada vez máis actual: a presenza da literatura en formato electrónico. Remata entrevistando a varias personalidades galegas, concretamente do ámbito coruñés, co fin de recomendar aos usuarios do diario as súas lecturas predilectas.

Penelas, S., "Vigo, una ciudad hostil en las películas y las novelas contemporáneas", *Faro de Vigo*, "Vigo", 11 febreiro 2016, p. 11.

Fálase dunha investigación realizada por Alba Diz e Javier Rivero sobre o protagonismo das cidades na literatura e no cinema, na que se conclúe que Vigo aparece asociada tradicionalmente coa hostilidade por diferentes motivos.

Peña, Isidoro, "Ars longa, vita brevis", *El Correo Gallego*, 29 febreiro 2016, p. 64.

Informa da presentación da novela *De remate* (2015), de Héctor Cajaraville. Sinala que recibiu o Premio Xerais e comenta brevemente o seu argumento.

Pereira, Manuel, "Sabino, entusiasmo e atrevemento", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Ciudad", 23 xullo 2016, p. 9.

Dáse noticia dun acto de homenaxe a Sabino Torres, con motivo da presentación da revista *Olga*. *Revista de Poesía Galega en Madrid*. Faise unha lembranza do editor e do poeta.

Pereira, Nonito, "Roi Casal 'son galego, son cubano", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*"/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 940/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 940, 3 xullo 2016, p. 43.

Comenta a presentación do disco do arpista e cantante Roi Casal, o cal incorpora letras do escritor Xosé Neira Vilas. Destaca que o motivo deste disco é a homenaxe que Roi Casal quería facerlle aos galegos emigrados en Cuba, grazas ás verbas de Neira Vilas, que recordan o papel vivido polos galegos emigrados.

Pereira, Nuria, “El gemido de María Soliño”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 13 agosto 2016, p. 41.

Salienta a personalidade de María Soliño, condenada e torturada pola Santa Inquisición no século XVII co delito de bruxería. Remata cos versos que o escritor Celso Emilio Ferreiro lle dedicou

Pereiro, Carlos, “Viaje al océano ilustrado de un historietista nato”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Música”, “Entrevista”, 23 decembro 2016, p. 20.

Comenta a traxectoria artística de Miguelanxo Prado, destacado representante do cómic galego a nivel internacional, vén de realizar a mostra “Mar interior”, unha exposición na que amosa trinta e seis anos de vida.

Pérez, Adrián, “Teatro e historia medieval se dan cita en San Pedro de Rocas”, *La Región*, “Verano”, 12 agosto 2016, p. 13.

Dáse conta da representacións teatrais levadas a cabo no Mosteiro de San Pedro de Roca.

Pérez, Cristina, “Pioneiros en facer pobo”, *El Progreso*, “A Chaira”, 6 novembro 2016, p. 22.

Destaca o labor da Asociación Xermolos de Guitiriz en prol da cultura galega. Comenta o motivo da fundación do grupo, que non foi outro que a ilusión da xente por realizar proxectos que acerquen a cultura aos máis novos. Destaca algunhas publicacións (a colección de poesía As Foulas do Rañego e a de prosa A Pedra Albeira) e a celebración de eventos como os Encontros na Terra Chá.

P. G., “Teatro y rutas guiadas por el valle del Castro y del Forgoselo en San Sadurniño”, *Diario de Ferrol*, “Comarca”, 23 outubro 2016, p. 15.

Anuncia a representación da peza *2021, unha odisea na Terra*, a cargo da Escola de Teatro de Narón e salienta a celebración dun itinerario cultural polo val de Castro e a serra de Forgoselo.

Pías, Víctor, “Santiago levará á Fera do Libro de Bos Aires a súa herdanza literaria”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 19 abril 2016, p. 39.

Informa da celebración da 42ª edición da Feira do Libro de Bos Aires na que Santiago de Compostela participará como cidade convidada. Así mesmo, dá conta da colaboración por parte do Concello de Santiago cunha serie de actividades entre a que destaca a presentación dun Mapa Literario no que se recollen lugares vinculados a fragmentos literarios.

_____, “Rodríguez sitúa a Santiago no epicentro da cultura galega”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 24 abril 2016, p. 31.

Fala das actividades enmarcadas na Feira Internacional do Libro de Bos Aires. Destaca a participación de Domingo Villar, Ledicia Costas, Teresa Moure e Fina Casalderrey.

_____, “A fotografía de Blanco Amor, protagonista en Bos Aires”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 25 abril 2016, p. 24.

Dáse conta da exposición “Blanco Amor. La mirada y el deseo” na 42ª edición da Feira Internacional do Libro de Bos Aires.

_____, “Basilio Losada cede a Galicia a súa biblioteca particular”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 15 xuño 2016, p. 42.

Comenta a cesión da biblioteca particular de Basilio Losada, secretario xeral de Política Lingüística, ao goberno galego; un compendio que reúne arredor de 3.000 volumes de gran interese para os fondos da Biblioteca de Galicia da Cidade da Cultura. Destaca a multiplicidade de temas sobre os que versan estas obras, salientando os libros de poesía, de crítica literaria portuguesa, libros de viaxes sobre lugares que o propio autor visitou e edicións dos clásicos occidentais, entre outros.

Pillado, Neli, “Gondomar propón nomear fillo adoptivo a Victoriano Taibo”, *Faro de Vigo*, “Val Miñor – Baixo Miño”, 27 setembro 2016, p. 14.

Sinálase que o goberno local propuxo o recoñecemento do mestre Taibo, a petición do Instituto de Estudios Miñoráns, como paso previo á solicitude dun Día das Letras na súa honra.

_____, “Cantares do Brión revive o espírito das Irmandades da Fala”, *Faro de Vigo*, “Val Miñor”, 6 outubro 2016, p. 13.

Informa do traballo fin de grao en Musicoloxía levado a cabo por Marcos Martínez, que afonda no coro tradicional miñorán como referente da cultura galega.

Pinacho, Antonio, “Pedro Madruga muestra su casa”, *Faro de Vigo*, “Redondela”, “Área metropolitana”, 23 setembro 2016, p. 12.

Dá conta da iniciativa levada a cabo no castelo de Soutomaior, que ofrece percorridos teatralizados para impulsar as visitas, a cargo da compañía Limiar Teatro.

Pinal, Sabela, “Alonso Montero foi homenaxeado pola súa traxectoria cívica e literaria”, *La Región*, “Provincia”, “Carballiño”, 17 xaneiro 2016, p. 20.

Indícase que o Instituto de Estudios Carballiñeses nomeou socio de honra a Alonso Montero nun acto onde se presentou o número trinta da revista *Ágora*, dedicada ao homenaxeado. Destácanse os discursos de loanza dos participantes e as palabras de

agradecemento do protagonista do evento.

Piñeiro Collazo, Sonia "A sala Domínguez Búa e o Museo Massó acollen unha semana cultural", *Diario de Pontevedra*, "O Morrazo", "Marín", "Bueu", 23 agosto 2016, p. 23.

Anúnciase que, no marco da mostra "A permanencia do invisible", vai ter lugar a segunda edición da sesión literario-musical "Un mar máis alto ca o ceo", na que participarán os poetas Tamara Andrés, Carmen Quinteiro e Pedro Zarauza.

Plaza, Vicente, "Manuel Rivas habla hoy en 'El sábado libro' de su última obra", *El Correo Gallego*, "Medios", 20 febreiro 2016, p. 61.

Indícase que o escritor Manuel Rivas analizará a obra *O último día de Terranova* (2015) no programa de Radio Obradoiro "El sábado libro". Avánzase a temática da novela.

_____, "El San Froilán brilla en Lugo con el Domingo das Mozas", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 10 outubro 2016, p. 24.

Dá conta da homenaxe a Rosalía de Castro en Lugo no Domingo das Mozas. Entre os actos celebrados salienta a ofrenda floral no parque que recibe o nome da autora, un desfile de traxes tradicionais e distintos concertos.

Pondal, Eduardo, "Os tempos son chegados", *La Región*, "*Día de Galicia*", 25 xullo 2016, p. 14.

Con motivo do Día de Galicia, reprodúcese un texto de Eduardo Pondal.

Porteiro, Cristina, "El sector cultural gallego denuncia en Bruselas su marginación y precariedad", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 9 decembro 2016, p. 39.

Indica que a escritora Chus Pato denunciou a situación da cultura galega, a cal está sendo agredida ben por esquecemento, por ignorancia ou desinterese. Comenta que factores coma os recortes da Xunta de Galicia en actividades que reforcen a motivación dos lectores, favorecen a difícil situación da cultura galega.

Porto, Gabino, "Un incendio destruye la casa natal del poeta Evaristo de Sela y causa dos heridos", *Faro de Vigo*, "Condado-Baixo Miño", 11 maio 2016, p. 15.

Indica que un incendio calcinou a casa do poeta Evaristo de Sela, tradutor ao galego da *Ilíada* e a *Odisea*.

Porto, H. J., "Pioneira na contrución do teatro galego, o personaxe de Amadora cos Tonechos procuroulle a fama", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 23 novembro 2016, p. 39.

Con motivo do pasamento de Dorotea Bárcena, relata brevemente a biografía da actriz, sinalando a súa dualidade ao licenciarse en Maxisterio cunha clara vocación docente que logo deu paso ao abandono da mesma para entrar de cheo na escena teatral galega. Indica que en 1988 convértese na primeira muller en dirixir o Centro Dramático Galego.

Porto, Héctor J., "Betanzos rende homenaxe ao poeta García-Bodaño", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 11 agosto 2016, p. 38.

Comenta a homenaxe realizada ao poeta vigués Salvador García-Bodaño en Betanzos. Indica que a libraría Biblos, dirixida polo escritor Tucho Calvo, é a encargada da celebración, creada co motivo do corenta e cinco aniversario do seu logro nos xogos florais de 1971, dedicados a Rosalía de Castro. Salienta brevemente a biografía do autor, que fala dos tempos complicados que lle tocou vivir, sobre todo como escritor. Loa a creación dos concursos literarios como unha plataforma de coñecemento e de difusión da cultura galega.

Porto, L., "Elvira Pallares Gallego. 'A Aula de Teatro axúdame a manter a mente activa", *El Progreso*, "Mil batallas", 13 setembro 2016, contracuberta.

Fala sobre Elvira Pallares Gallego, presidenta da Asociación Sarricanta, destacando que actúa coa Aula de Teatro.

Prego, C., "Poesía impregnada de pintura para 'revivir' medianeras", *Faro de Vigo*, "Vigo", 10 xullo 2016, p. 4.

Comenta que Pedro Sardiña será o encargado de impregnar os famosos versos de Martín Códax pola cidade, en concreto do seu poema 'Ondas do mar de Vigo'. De igual maneira, di que a pintora Iria Blanco realizará obras onde os protagonistas serán o surf e a danza, os cales rodearán famosos poemas. Ademais, indica que Berta Cáccamo pecha esta expansión literaria e artística da cidade viguesa.

_____, "Ocho relatos para 'engancharse' a la ciudad", *Faro de Vigo*, "Vigo", 19 outubro 2016, p. 6.

Salienta a saída do prelo de oito novelas cortas escritas por autores vigueses, ou afincados na cidade, para dar a coñecer a cidade. Indica que a colección recibe o nome de "Historias para coñecermos Vigo" e conta con espazos variados onde se desenvolven as aventuras das personaxes. Entre os autores destas novelas destacan Clara do Roxo, Manuel Sánchez Gálvez, Santiago Lopo, Amadeo Cobas, María Lado, Marga do Val, Francisco Castro e Ledicia Costas.

Prieto, Cristina, "25 accións contra a violencia machista", *Diario de Pontevedra*, 27 novembro 2016, p. 22.

Dáse conta do recital "Esfolar un minotauro" a cargo de Lucía Aldao no marco das actividades da campaña Violencia Zero que pretende concienciar á sociedade da importancia de erradicar a violencia machista.

_____, "A música, a gran protagonista da programación do Culturgal 2016", *Diario de Pontevedra*, "Culturgal", 2 decembro 2016, p. 2.

Salienta a importancia do fenómeno musical no festival Culturgal, pero tamén destaca a expansión a novos ámbitos da mostra este ano. Destaca a presenza dos escritores Xosé Monteagudo, María Lado, Teresa Moure, Inma López Silva, Ledicia Costas...

Ramos, Javier, "Galicia lembra a Neira Vilas coa reivindicación das súas raíces", *Atlántico Diario*, p. 30/ *La Región*, "Sociedad", 18 marzo 2016, p. 58.

Fálase da homenaxe oficial a Neira Vilas na Casa da Cultura. Destácase especialmente a intervención do presidente da Xunta Núñez Feijoo, que lembrou a figura do autor e destacou o seu legado, e elevou o personaxe de Balbino a outros personaxes da literatura universal como Tom Sawyer ou Oliver Twist. Menciónase a intervención do actor Cándido Pazó, quen conduciu o acto, de Ramón Villares, de Alonso Montero e de Rosalía Morláns, a secretaria da Fundación Xosé Neira Vilas, que lle dedicou un poema ao autor homenaxeado.

_____, "Oliver Twist e Tom Sawyer reciben ao Balbino labrego", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", "Literatura", 18 marzo 2016, p. 61.

Informa da homenaxe oficial ao recentemente finado Neira Vilas na Cidade da Cultura, cunha cerimonia con teatro e recitais musicais conducida por Cándido Pazó e na que participaron diferentes personalidades como Núñez Feijoo, Ramón Vilares e Alonso Montero.

Ramos, J. M. , "Premios, libros y talleres de teatro en la Costa da Morte", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 27 decembro 2016, p. 32.

Anúnciase a presentación da obra *Mar de invernía* (2016) en Carballo e dise que amosa a desesperanza e o desacougo a través dunha realidade ficcionada.

Ramos, José M., "Reivindicación, formación e cultura no Día da Muller", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 3 marzo 2016, p. 40.

Entre outras cuestións, no marco das actividades programadas para celebrar o Día da Muller, informa da presentación da obra de Diana Varela, *Fin de festa* (2015).

_____, "Cultura e deseño ao remate do Camiño na vila da Barca", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 16 marzo 2016, p. 39.

Indica que o albergue Bela Muxía, que suma xa doce premios dende a súa creación en 2012, é un centro de acollida de peregrinos no que se reivindica a identidade da Costa

da Morte mediante exposicións temáticas sobre a zona e poemas de diferentes autores galegos como Rosalía de Castro ou López Abrente. Sinala que é a fonte de inspiración do libro dobremente premiado polo seu contido e portada *Bela Muxía. O albergue como espazo literario*, da autoría de Antón Castro e deseñado por Xosé Teiga.

_____, "Cuatro escritores presentan hoy sus obras en la Feira do Libro", *El Correo Gallego*, "A Xunqueira", 12 agosto 2016, p. 39.

Anuncia a presentación na Feira do Libro de Cee das obras *6 poemas 6. Homenaxe a García Lorca* (2015), *O anxo negro* (2016) e *Obituario* (2016).

_____, "A Feira do Libros trae a Cee unha ducia de escritores", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 9 agosto 2016, p. 30.

Dáse conta dos actos que acontecerán en Cee durante a feira do libro, do 11 ao 15 de agosto na praza da Constitución. Enuméranse aos autores e autoras que asistirán ao acontecemento, entre eles Concha Blanco, María Carnosa, Jorge Mira ou Xesús Rábade Paredes. Tamén se mencionan espectáculos complementarios e se achegan os horarios de apertura e a localización das casetas da feira.

_____, "Libros y teatro como complemento festivo en la capital ceense", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 13 agosto 2016, p. 38.

Faise referencia aos eventos organizados no concello, entre os que salienta a Feira do Libro -coa presentación de *6 poemas 6. Homenaxe a García Lorca* (2015), *O anxo negro* (2016) e *Obituario* (2016)- e a celebración da II Semana de Teatro e das Artes Escénicas. Dá conta das compañías, obras, actores e contadores participantes.

_____, "Viaje al pasado a través de las rutas del mar en Muxía", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 14 agosto 2016, p. 30.

Comenta a inauguración do Mercado das Rutas de Mar en Muxía, a cal decora as rúas da vila para trasladar aos habitantes a tempos pasados. Destaca tamén os espectáculos *O rataurante de María Larguiñana*, *Chegados de terras lonxanas*, *Unha de piratas* e *A captura do dragón*, *Duendes y Fábulas orientais do mar e dos seus habitantes*.

_____, "Matilde Vilariño, una poeta desde la cuna 'descubierta' por un nieto", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 30 agosto 2016, p. 33.

Coméntase a traxectoria persoal e literaria da poeta Matilde Vilariño, destacando que non foi descuberta a súa vocación literaria até que en 2010 un dos seus netos descubriu uns versos que escribira. Sinálase que o motivo deste silencio foi a prohibición de seus pais, que non querían que a súa filla se dedicara á literatura literaria. Por último, cítase un dos seus libros: *Antoloxía de poetas populares de Cabana de Bergantiños* (2013).

_____, "Malpica revive as Misións Pedagóxicas do ano 1933", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 20 outubro 2016, p. 33.

Indica que a vila lembra, cunha mostra fotográfica, teatro e un magosto, o esforzo por achegar a cultura a todos os recunchos. Rememora, ademais, a estrea, hai oitenta e tres anos, da función de monicreques *Retablo de fantoches*, de Rafael Dieste.

_____, "Sentido homenaje a los náufragos del 'Serpent' en la costa camariñana, *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 12 novembro 2016, p. 37.

Entre outras actividades conmemorativas, salienta a representación de *Historias mariñeiras da Costa da Morte*, a cargo da compañía local Dequenquén Teatro.

_____, "Espacios y colectivos que agrandan Costa da Morte", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 20 decembro 2016, p. 33.

Comenta a reunión en Cee de máis de corenta nomes da artesanía e a cultura, entre os que salienta a presenza da poeta Rocío Leira.

Ramos, José Manuel, "Malpica enche de arte o novo Fondo Lugrís", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 18 maio 2016, p. 32.

Dáse conta da mostra plástico-literaria de Malpica e destaca a colaboración dos escritores Enma Pedreira, Eli Ríos, Antonio García Teijeiro, Paco Souto etc. Ademais, indícase que varios poetas realizaron un recital na inauguración da exposición.

Reboiro, X. A., "O programa sobre 'Viño e literatura' comezará o 25 de outubro en Vigo", *La Región*, "Provincia", "Ribeiro", 12 outubro 2016, p. 19.

Dá conta da celebración das Xornadas de Outono "Cultura do Viño e Literatura", organizadas polo Vicerreitorado de Cultura da Universidade de Santiago de Compostela, o Consello Regulador da Denominación de Orixe Ribeiro, o historiador Xavier Castro e o catedrático de Xeografía Augusto pérez- Alberti. Comenta que o obxectivo das xornadas é vincular a cultura do viño coa literatura e destaca na programación a mesa redonda na que participará Alonso Montero, "O Ribeiro, lingua e literatura".

Reboredo, Arturo, "Revelan un poema inédito de Lorenzo Varela en los actos por su centenario", *El Progreso*, "Comarcas", 4 decembro 2016, p. 17.

Dise que o Concello de Monterroso e o Instituto de Estudos Ulloáns (IEU) organizan un acto para conmemorar o centenario do nacemento do poeta Lorenzo Varela e que esta celebración tivo momentos importantes coma o descubrimento do profesor José Ángel García López dun poema inédito, correspondente á estadía do poeta en Buenos Aires.

Reboyras, Arturo, "El embajador en Austria destaca el papel industrial y cultural de Padrón", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 2 outubro 2016, p. 32.

Dá conta da recepción, por parte do embaixador de Austria, dun grupo de veciños da comarca do Sar. Destaca a importancia da figura de Rosalía de Castro na cultura.

Regueira, Susana, "Localizan los originales del Álbum Nós de Castelao, desaparecidos desde los años 30", *Faro de Vigo*, "28 xuño 2016, contracuberta.

Dáse conta da localización dos orixinais do *Álbum Nós* nunha colección particular galega. Coméntase que esta documentación será a protagonista absoluta da exposición "Meu Pontevedra". Fálase brevemente a biografía de Castelao que, xunto coa súa familia, se instala en Pontevedra para desenvolver a súa actividade artística e política.

Rendueles, María, "A Estrada se reencuentra con el autor del himno en la entrega de los San Martiño", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 1 decembro 2016, p. 36.

Comenta a entrega dos Premios San Martiño de Normalización Lingüística, onde se recoñeceu a labor a toda unha vida de difusión da lingua galega do poeta Salvador García-Bodaño.

Rey, Carlos e **S. L.**, "La Fundación Barrié dona toda su hemeroteca de periódicos a la Biblioteca de Galicia", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 16 xullo 2016, p. 39.

Explica a doazón á Biblioteca de Galicia, situada na Cidade da Cultura, duns 125.000 exemplares incluídos na hemeroteca de periódicos da Fundación Barrié. Indica que en 1974 comezou o proceso de recompilación de diarios logrando, dende entón, a reunión da maior parte dos periódicos máis importantes de Galicia, facilitando a consulta aos visitantes de diarios xa extintos.

R. F., "La biblioteca municipal hizo casi 12.000 préstamos de enero a junio", *El Progreso*, "Lugo", 19 xullo 2016, p. 4.

Recolle o título dos libros máis lidos polos usuarios da biblioteca. Para adultos e en galego destaca: *A praia dos afogados*, *Os vellos non deben de namorarse*, *Zapatillas Rotas* e *Sete caveiras*.

R. G., "A cátedra Galicia América recupera a memoria da emigración mirando ao futuro", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 27 setembro 2016, p. 41.

Recolle as palabras de Alonso Montero na presentación da Cátedra Galicia-América da Universidad Nacional de San Martín (Arxentina), do que afirma que é o espazo máis axeitado porque existe esa Academia como tamén existe América. Ademais, fala da publicación do suplemento *Siempre en Galicia*, con textos sobre Seoane e o exilio galego.

_____, "Amor por la literatura contra el 'brexit", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 31 outubro 2016, p. 25.

Comenta a personalidade de Elinor Saffer, catedrática de Literatura Inglesa na Universidade de Londres, quen sinala as consecuencias literarias que o *brexit* terá. Sinala a importancia de España, como país cultural e literario, destacando a recepción de George Eliot en Cataluña e a de James Joyce en Galicia, tradución realizada no seu momento por Otero Pedrayo.

Rial, S. G., "La 'Rexoubeira de Bergantiños', una vida de escritura y escultura", *La Voz de Galicia*, "Cultura", "Obituario", 31 decembro 2016, p. 44.

Fala de Asunción Antelo, unha "rexoubeira", que destaca polas súas creacións artísticas. Comenta o seu gusto pola literatura e polos clásicos galegos (Rosalía de Castro, Pondal, Castelao ou Bóveda) e indica que, sendo ilimitadas as súas capacidades, compuxo poemas, asertos e prosa sobre o mundo que a rodeaba. Por último, sinala que para celebrar todas as súas achegas á cultura galega, se vai realizar unha mostra onde se recompilan todas as súas obras e que verá a luz nos vindeiros meses.

Rial, Zoraida, "Galicia honra a sus 'precursores", *ABC*, "Galicia", 27 decembro 2016, p. 57.

Salienta a traxectoria literaria, artística e cultural das figuras que conformaban as Irmandades da Fala. Indica que a súa actividade foi máis alá da promoción do galego e o nacionalismo, xa que en cidades como Santiago de Compostela apostaron polo fortalecemento da economía. Ademais, destaca que neste colectivo tamén tiveron un papel esencial as mulleres coa creación da Irmandade Feminina.

Risco, Vicente, "A terra por antonomasia", *La Región*, "*Día de Galicia*", 25 xullo 2016, p. 21.

Con motivo da celebración do Día de Galicia reprodúcese un texto de Vicente Risco.

Rivas, Manuel, "Non apagarei a luz", *La Voz de Galicia*, 25 xullo 2016, contracuberta.

Con motivo do 25 de xullo, reprodúcese un relato de Manuel Rivas sobre o abandono do rural, a emigración e a esperanza.

Rivera, Javier, "Evocaciones", *El Progreso*, "De re varia", 30 decembro 2016, contracuberta.

Reflexiona sobre a figura arquitectónica do belén, no marco das celebracións do Nadal. Destaca as narracións máis sobresalientes de Álvaro Cunqueiro, fundamentalmente a obra *Merlín e Familia*.

R. N., “Sí, ser nai é un milagre”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Letras”, “En galego”, 23 setembro 2016, p. 12.

Valora a obra autoeditada *Nin pombas* (2016) como unha brillante proposta literaria allea aos circuítos editoriais. A experiencia do propio corpo e a maternidade, son consideradas como núcleos creativos nunha obra de influencia rosaliana e “discurso lúcido” e “estarrecedor”.

_____, “O soño interrompido”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Letras”, “En galego”, 7 outubro 2016, p. 10.

Dise que a edición do facsímile *Zara* e indica que é unha mostra da vixencia a atemporalidade dos grandes poemas.

R. L., “Lourenço, xograr”, *Diario de Pontevedra*/ *El Progreso*, “*Táboa Redonda*”, n.º 17, 10 xaneiro 2016, p. 6.

Realiza unha breve recensión sobre esta obra, *Lourenço xograr* (2015), de Manuel Portas, da cal destaca a época en que está ambientada (Idade Medieval) e o mundo da lírica galegoportuguesa.

_____, “Manuel Rivas, narrador en una serie televisiva sobre narcos gallegos”, *El Progreso*, “Vivir”, “Comunicación”, “Televisión”, 5 febreiro 2016, p. 74.

Dáse conta da participación de Manuel Rivas como narrador para a súa primeira serie para televisión, *Oeste*, na que se achegará ao pasado e ao presente do narcotráfico en Galicia, tomando como referencia *Todo é silencio* (2010). Coméntase que varias novelas do autor foron adaptadas con éxito ao cinema como, por exemplo, *O lapis do carpinteiro* (1998).

_____, “Muestra itinerante para celebrar el ‘Ano das Irmandades da Fala”, *Diario de Arousa*/ *Diario de Ferrol*/ *El Ideal Gallego*, 10 febreiro 2016, contracuberta

Avánzase que unha exposición itinerante con fotos e vídeos recorrerá distintas localidades para conmemorar o Ano das Irmandades da Fala.

_____, “Terceiro Adral”, *Diario de Pontevedra*/ *El Progreso*, “*Táboa redonda*”, n.º 24, 28 febreiro 2016, p. 7

Comenta a publicación da reedición do *Terceiro adral* (2015), de Xosé Filgueira Valverde, que acolle os artigos publicados entre 1978 e 1981. Destaca a variedade temática, o propósito galeguizador e a erudición do autor mesturada con pingas de humorismo.

_____, “Jaureguizar. ‘A min nunca me chamou por unha crítica un político e si algún poeta”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 4 maio 2016, p. 53.

Indica que Jaureguizar recolleu en Ourense o premio Xosé Aurelio Carracedo polo seu artigo xornalístico “Os amigos do cadáver de Blanco Amor”.

_____, “El autor Xerardo Quintiá abre hoy los seis días de la Feira do Libro de Lugo”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 17 maio 2016, p. 68.

Indica que o autor das obras *O viaxeiro radical* e *Finísimo po nas ás*, Xerardo Quintiá é o encargado de dar o pregón na Feria do Libro de Lugo.

_____, “A Casa de Rosalía recibirá 400 cartas, moitas inéditas, da poetisa e Castelao”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 20 maio 2016, p. 70.

Salienta o acordo firmado en Madrid para traer de volta a Galicia o fondo documental de Ramón Baltar Feijoo e Ernesto Baltar Santaló, o cal inclúe máis de 400 cartas de grande interese para a historia do país, entre as que se atopan a correspondencia de Rosalía de Castro, Manuel de Murguía, Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, pero tamén as cartas políticas e unha miscelánea de correspondencia variada.

_____, “La Asociación dan Prensa da Coruña dedica un libro a la figura de Villar Ponte”, *El Progreso*, “Vivir”, “Comunicación”, 1 xuño 2016, p. 68.

Fálase da presentación da obra *Antón Villar Ponte e as Irmandades da Fala* (2016), coordinada por Adriana Rodríguez Eiroa e Cristóbal Atienza, no Museo de Belas Artes da Coruña. Indícase que no libro se realiza unha minuciosa cronobiografía vital e profesional da figura de Antón Villar Ponte.

_____, “La Feria del Libro abrirá el lunes con 35 casetas y más de cien actividades”, *Diario de Ferrol*, p. 37/ *El Ideal Gallego*, p. 36, “Sociedad”, 30 xullo 2016.

Comenta a celebración da Feira do Libro, a cal abrirá as súas portas o 1 de agosto na Coruña, concretamente nos xardíns de Méndez Núñez e destaca a presenza de Luz Pozo Garza.

_____, “Kerouac, entre la música y la poesía”, *Faro de Vigo*, “*VISADO*”, n.º 752, “música/poesía”, 21 outubro 2016, p. 4.

Achega a programación do festival poético vigués Kerouac para o venres, sábado e domingo e salienta a presenza de Guille Galván, letrista de Vetusta Morla.

_____, “Invitados de diciembre en el Club Faro”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, “Club Faro”, 27 novembro 2016, p. 54.

Comenta o inicio das conferencias co motivo da nova programación do Club FARO. Entre eles sinala a achega de Xosé Ramón Pena sobre as Irmandades da Fala.

_____, “La Navidad se respira entre notas musicales”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 19 decembro 2016, p. 21.

Comenta a celebración de varias actividades culturais na Coruña pola chegada do Nadal. Entre as mostras destacan tres concertos no Palacio da Ópera, a actuación dun grupo de teatro, outro de baile e un coro saído da fundación das Irmandades da Fala.

_____, “Historias femeninas tras el callejero”, *El Progreso*, “Lugo”, 20 outubro 2016, p. 8.

Describe a creación dun “callejero” da cidade de Lugo e dunha Axenda pola igualdade por parte dos alumnos do IES Ánxel Fole. Indica que o obxectivo desta actividade é recoller os nomes de mulleres que tiveron un papel fundamental na historia galega e española: Sofía Casanova, Paz Parada Pumar, Olimpia Valencia, María Castaña, Concepción Arenal ou Enriqueta Otero. Comenta que para afrontar a publicación desta axenda, os alumnos elixiron a figura de Carmen Blanco para entrevistala para ofrecer a perspectiva feminista da súa obra.

Rodríguez, Ángeles, “Charlas e contacontos”, *O SIL*, “Cultura”, marzo 2016, p. 44.

Entre outras actividades, indica que se celebrará unha conferencia sobre as Irmandades da Fala na Biblioteca Municipal de Verín.

_____, “Primeiro centenario”, *O SIL*, “*Especial Nadal Decembro 2016*”, “A evolución do audiovisual”, “Os inicios”, decembro 2016, p. 3.

Fala da produción cinematográfica e amosa a primeira película de ficción galega *Miss Leyda*. Comenta brevemente o argumento do filme, destacando a participación de Castelao como figurante.

_____, “Sempre Xonxa e o rural valdeorrés”, *O SIL*, “*Especial Nadal Decembro 2016*”, “A evolución do audiovisual”, “Os anos 70 e 80”, decembro 2016, pp. 4-5.

Recolle a situación do cine galego na década dos setenta e oitenta. Destaca a primeira película galega rodada en formato profesional *Retorno a Tagen Ata*, adaptación do libro de Xosé Luís Méndez Ferrín do mesmo título.

Rodríguez, Cristina, “Recompilación de emocións”, *La Región*, “*Vida*”, n.º 2.258, “En confianza”, 25 setembro 2016, pp. 2-3.

Realízase unha entrevista a Manuel López Cid co gallo da publicación do primeiro traballo literario *Tocábanos crecer* (2016), unha recompilación de relatos curtos que falan das emocións. O autor comenta que ten novos proxectos literarios, unha novela, así como a súa posterior tradución ao castelán.

Rodríguez, L., “Intelectuales y políticos homenajean a Otero Pedrayo, que aúna al galleguismo”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 10 abril 2016, p. 42.

Anuncia a celebración dunha homenaxe a Otero Pedrayo no cemiterio de San Francisco e destaca a presenza do presidente da Fundación Otero Pedrayo, Víctor Freixanes.

Rodríguez, Laura, “Otero Pedrayo recibe el tributo de los intelectuales a los 40 años de su adiós”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, p. 68/ *El Progreso*, “Vivir”, p. 58, “Cultura”, 10 abril 2016, p. 42.

Dá conta da ofrenda floral e homenaxe á figura de Otero Pedrayo no cemiterio de San Francisco en Ourense no corenta aniversario da súa morte. Indica que o acto, presentado polo presidente da fundación Otero Pedrayo, Víctor Freixanes, contou coa asistencia do presidente do Parlamento e do alcalde de Ourense.

Rodríguez, María J., “Lectura e diversión en homenaxe a Rosalía”, *Diario de Pontevedra*, “*Diario do Morrazo*”, n.º 404, 20 febreiro 2016, contracuberta.

Fálase de diversas actividades escolares ao redor da figura de Rosalía de Castro.

_____, “Queremos Galego Marín presentará a antoloxía ‘Dez anos na porta’ no Museo Torres”, *Diario de Pontevedra*, “O Morrazo”, “Marín”, 1 marzo 2016, p. 16.

Dá conta da presentación da antoloxía *Dez anos na porta. Antoloxía poética (2005-2015)* (2015), organizada polo colectivo Queremos Galego Marín. A obra inclúe creacións de moitos dos integrantes iniciais do grupo A Porta Verde do Sétimo Andar. Así mesmo, infórmase da importancia cultural que favoreceu esta asociación.

_____, “O Museo e a Biblioteca acollerán hoxe a homenaxe ao poeta e mestre Castro López”, *Diario de Pontevedra*, “O Morrazo”, “Marín”, 11 marzo 2016, p. 18.

Sinala que o profesor e poeta Eduardo Víctor Castro López será homenaxeado en Marín polo seu labor cultural e compromiso coa vila e que para o evento se vai inaugurar unha exposición fotográfica con imaxes da súa traxectoria persoal e profesional e desenvolverase unha velada poética que concluirá cun recital.

_____, “Homenaje a Otero Pedrayo con motivo del 40 aniversario de su muerte”, *Diario de Pontevedra*, “O Morrazo”, “Marín”, 22 marzo 2016, p. 16.

Informa da celebración dun acto conmemorativo polo corenta aniversario da morte de Otero Pedrayo. Fala das actividades levadas a cabo e destaca a realización dun recital de poemas do escritor da man da actriz Mayka Braña.

_____, “Homenaje a Castelao y a la mujer en la V edición del Certame de Arte de Adicam”, *Diario de Pontevedra*, “O Morrazo”, “Marín”, 9 abril 2016, p. 6.

Dá conta do acto de presentación da quinta edición do certame de Arte Adicam, organizado pola Asociación de Diagnosticadas de Cancro de Mama e que este ano leva por nome “Muller Galega de Castelao”, xa que conta cun dobre obxectivo: homenaxear ao autor galego e resaltar o papel da muller nas artes plásticas. Infórmase de que as obras dos participantes serán expostas na sede da mencionada asociación.

Rodríguez, Miguel, “Cen historias do pasado que fan a Galicia do presente”, *La Opinión*, “Ciudad y Cultura”, 5 outubro 2016, pp. 8-9.

Fálase da exposición que acolle Afundación, que ofrece un percorrido pola historia a través dun centenar de pezas, entre as que se destaca a bandeira das Irmandades da Fala.

Rodríguez, Salvador, "Faro de Vigo imprimió en gallego la primera novela de Camilo José Cela", *Faro de Vigo*, "Estela", n.º 718, 28 febreiro 2016, pp. 6-7.

Comenta as circunstancias e dificultades da tradución ao galego da obra *La familia de Pascual Duarte*, de Cela. Destaca o interese do autor na tradución e a colaboración de Otero Pedrayo, Vicente Risco e Fernández del Riego.

_____, "Las pequeñas confidencias de Rosalía y Castelao", *Faro de Vigo*, "*Estela*", n.º 733, "Reportaje", 12 xuño 2016, pp. 4-5.

Comenta a cesión dun amplo arquivo epistolario á Fundación Rosalía de Castro en Padrón, por parte da familia Baltar. Comenta que o arquivo está composto por 445 pezas inéditas situadas entre 1883 e 1920. Destaca a importancia desta documentación na que non só aparece a poeta, senón que se atopan cartas de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, Rafael Dieste, Emilia Pardo Bazán, Eduardo Dato e un longo etc. Salienta tamén as cartas de Castelao e de seu pai, as cales tratan temas políticos, temas cotiáns e da labor artística do escritor.

_____, "Don Ramón falará galego", *Faro de Vigo*, "*estela*", n.º 758, "Cultura y sociedad", 4 decembro 2016, p. 5/ *La Opinión*, "*El domingo*", n.º 811, 11 decembro 2016, p. 11.

Comenta a caducidade da cláusula do testamento de Valle-Inclán, na que se especificaba a súa negativa a permitir a tradución das súas obras ás demais linguas do Estado (galego, catalán e vasco). Indica que as compañías teatrais galegas ansían o día en que poidan representar ditas obras xa os herdeiros do autor cumpriron a palabra de non permitir a tradución.

Rodríguez, Xosé Manoel, "Galicia reivindícase como 'nación cultural' no PEN Internacional", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 27 setembro 2016, p. 42.

Informa da celebración do encontro, no que participan setenta e cinco centros de todo o mundo. Indica que a gala inaugural foi presentada por Bieito Iglesias, quen lembrou a figura de Eduardo Blanco Amor, Carlos Casares, Antón Risco, Antón Tovar, Pura Vázquez, Marcos Valcárcel e Xosé Fernández Ferreiro.

_____, "Máis de mil autores ven atacados os seus dereitos ou sofren persecución", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 28 setembro 2016, p. 40.

Destácase a creación dunha instalación artística para reflectir a dramática situación internacional da liberdade de expresión. Dise que inclúe textos de Inma López Silva, Margarita Ledo, Manuel Rivas etc.

_____, “Grandes, Dina Salústio, Alex Susanna e Landa gañan os premios Rosalía de Castro”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 10 setembro 2016, p. 36.

Informa da futura entrega de premios e os seus gañadores no marco do 82 Congreso do PEN Internacional. Destaca a presenza de Méndez Ferrín, Manuel Rivas, Yolanda Castaño, Fernando Ramallo e Davide Salvado.

Rojas, Victoria, “Palmou: ‘Castelao vinculó autonomía y bienestar”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 24 maio 2016, p. 42.

Anúnciase a celebración dunhas xornadas arredor da figura de Castelao en Madrid. Recóllense as declaracións de Xesús Palmou sobre o intelectual galeguista e destácase a importancia da obra *Sempre en Galiza*.

_____, “O Gaiás acolle o tesouro da poetisa lucense Luz Pozo”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 28 xullo 2016, p. 34.

Comenta a incorporación da biblioteca e o arquivo persoal da poeta Luz Pozo Garza á Biblioteca e o Arquivo de Galicia e destaca que este incremento supón un novo empuxe á difusión cultural da cidade de Santiago, onde os usuarios poderán adquirir sen complicacións libros de anos de antigüidade, coleccionados con gran celo. Salienta a importancia da doazón, mediante a cal a Biblioteca e o Arquivo de Galicia sumará 3.000 volumes á súa colección, entre os que destacan as entregas de Basilio Losada e a hemeroteca da Fundación Barrié.

_____, “O espírito das Irmandades da Fala reverdece nunha exposición”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 3 agosto 2016, p. 36.

Dáse conta da mostra “Saúde e Terra, irmá(n)s!” no Museo do Pobo Galego, con motivo do centenario da creación das Irmandades da Fala na Coruña. Indícase que naceu co desexo de estender o uso da lingua galega a todos os ámbitos sociais, co cal se lograría un rexurdimento da cultura galega e o nacemento dun movemento político galeguista. No percorrido destácanse os documentos, imaxes e obxectos recuperados que permiten aos visitantes coñecer a fondo a historia do grupo.

_____, “Filosofía recuerda al galeguista Isla Couto con una exposición”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 23 setembro 2016, p. 42.

Informa sobre a inauguración da mostra “Xaime Isla Couto, raíz e utopía de Galicia”, co gallo do centenario do nacemento deste intelectual galeguista, ao que o catedrático Agís describe coma un dos Sócrates xunto con Ramón Piñeiro.

Romar, R., “A figura de Carlos Casares dará un novo pulo á popularización do Día das Letras Galegas”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 11 xullo 2016, p. 29.

Comenta que Carlos Casares é o protagonista do Día das Letras Galegas no ano 2017. Recolle as declaracións de Antón Riveiro Coello, Víctor Freixanes e Francisco Díaz-Fierros sobre a motivación desta escolla e sobre a escrita de Casares.

_____, “Un reforzo coa comunidade galega de Arxentina e Uruguai e coas novas xeracións de falantes”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 18 decembro 2016, p. 41.

Salienta a entrada na Real Academia Galega de Jorge Mira e Carlos Brandeiro. Comenta que Brandeiro está involucrado en diversas publicacións como Mar Maior, da Editorial Galaxia e que dirixe a revista cultural *Gavieiro da Nosa Identidade*.

Romero, Daniel, “Las manos de Neira Vilas serán las últimas que Sada coloque en el Paseo de la Fama”, *El Ideal Gallego*, “Área metropolitana”, 6 xaneiro 2016, p. 19.

Dáse conta de que a iniciativa do concello de Sada de acoller as pegadas das mans das persoas destacadas relacionadas coa localidade no paseo rematará coa colocación das de Neira Vilas.

Romero, L., “Objetos de la película ‘Gremlins’ o el Castelao actor, joyas del ‘Curtas’ que ya calienta motores”, *Diario de Arousa*, “Vilagarcía”, 7 setembro 2016, p. 4.

Informa da próxima celebración do Curtas Film Fest, que se celebrará o 24 de outubro, cargada de xoias coma a proxección do primeiro filme de ficción galego *Gremlins*, co personaxe de Castelao entre o elenco.

Rozas, Ramón, “Inmortal poesía”, *Diario de Pontevedra*, “La vida en un hilo”, 16 abril 2016, contracuberta.

Reflexiona sobre a celebración de diferentes citas poéticas: a Ponte Poética en Pontevedra, a Semana da Poesía Salvaxe en Ferrol e Portas Di(n)versos na Coruña.

_____, “Jaime Alvarellos. El editor del Deza”, *Diario de Pontevedra*, “*Anuario 2016*”, “Obituario”, 31 decembro 2016, p. 36.

Lembra a figura de Jaime Alvarellos, “editor do Deza”e salienta a publicación de centos de títulos con especial incidencia na cultura galega.

_____, “Sabino Torres. El editor poeta”, *Diario de Pontevedra*, “*Anuario 2016*”, “Obituario”, 31 decembro 2016, p. 37.

Recorda a figura do editor e poeta Sabino Torres. Incide, especialmente, dentro da súa traxectoria, na elaboración da colección de poesía Benito Soto.

_____, “Fran Cortegoso”, *Diario de Pontevedra*, “*Anuario 2016*”, “Obituario”, 31 decembro 2016, p. 38.

Lembra, entre outros, ao poeta Fran Cortegoso, recentemente falecido e cita as súas obras.

R. O. e Mar **Mera**, “Poemas y grabados para Médicos sin Fronteras”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 14 abril 2016, p. 27.

Informa do acto de presentación da obra *Luva negra* (2016), de Alicia López, na Radio Obradoiro e sinala que os beneficios que se obteñan se doarán á ONG Médicos sen Fronteiras. Finalmente, repasa brevemente a traxectoria dos autores e anuncia unha próxima rolda de prensa.

R. SG., “Marilar Aleixandre ocupará a cadeira de Neira Vilas na Academia Galega”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 6 marzo 2016, p. 43.

Sinálase que o pleno da RAG aceptou que a autora Marilar Aleixandre ocupe a praza vacante de Neira Vilas, pioneira no emprego do galego como lingua vehicular nas ciencias.

R. T., “La comedia ‘Curtis & Teixeiro’, en el cartel cultural de enero de Lalín”, *Diario de Pontevedra*, “Deza”, “Lalín”, “Silleda”, 10 xaneiro 2016, p. 23.

Dá conta da programación cultural do mes de xaneiro en Lalín. Entre outras actividades, informa da presentación do libro *Entrar na casa*, de Eduardo Estévez e Ignacio Castro; do espectáculo de baile e teatro *A Caixiña de Balbino*; e da representación das pezas *Curtis & Teixeiro*, por parte de Xosé Touriñán e Federico Pérez e *De domingo a domingo*, do grupo xuvenil Vilatuxe Vagalume.

_____, “Poesía visual en las aulas de Covelo de la mano de David Fernández”, *Atlántico Diario*, “Área metropolitana”, “Condado/Louriña”, 20 abril 2016, p. 17.

Anuncia a realización dun “Taller de poesía visual”, da man do poeta e dramaturgo David Fernández Rivera, no marco das actividades do Proxecto Caligrama 2000.

_____, “Teatro, ‘Van para artistas’ y ‘Barriga Verde’ en la Ingrávida”, *Atlántico Diario*, “Área metropolitana”, “Condado/ Louriña”, 6 outubro 2016, p. 14.

Destaca a programación teatral de O Porriño unha vez rematadas as festas anuais. O punto de partida da nova organización dos espectáculos será *Estrada, motel e rok* de Irene Moreira. Este acto nace dun curso sobre *performance* e teatro pos-dramático que a autora impartiu aos seus alumnos. As seguintes obras en representarse son *Van para artistas!* e *Morreu o demo*. A primeira conta cunha introdución á técnica da pintora Sonia Delaunay, creadora do Orfismo, un movemento artístico centrado nas cores.

Sabajanes, Paula, “Galicia despliega su potencial literario en la Feria del Libro de Buenos Aires”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 21 abril 2016, p. 36.

Dáse conta das actividades programadas no marco da Feira do Libro de Bos Aires, destacando a presenza de Manuel Rivas, Domingo Villar, Xavier Queipo, María Solar, Yolanda Castaño e Diego Ameixeiras, entre outros.

_____, “Editorial Galaxia se lanza al mercado internacional con el sello Mar Maior”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 29 abril 2016, p. 39.

Indica a presentación na Feira do Libro de Bos Aires de “Mar Maior”, selo pertencente a Galaxia. Destaca que nace coa intención de achegar os clásicos e os contemporáneos da literatura galega ao público arxentino.

_____, “El Centro Gallego redescubre sus tesoros”, *La Voz de Galicia*, “El mundo a los cuatro vientos”, 12 setembro 2016, contracuberta.

Informa sobre o patrimonio cultural que reuniu o Centro Galego de Bos Aires ao longo dun século de historia. Destaca, entre elas, obras de Seoane e Castelao.

Salgado, Fernando, “Orixe Candente ofrece diversión, música y arte en 17 propuestas”, *Diario de Pontevedra*, “Caldas”, “Deza”, “Tabeirós”, 21 agosto 2016, p. 25.

Fálase da celebración da nova edición da mostra Orixe Candente en Caldas de Reis, a cal inclúe unha serie de actividades para todos os públicos: música, presentacións de libros e revistas, charlas, recitais de poesía, gastronomía, pintura, deporte... Destácase a celebración dunha mesa redonda sobre a ciencia ficción en galego.

Salgado, Fernando e V. **Gayoso**, “Una semana de música, exposiciones, teatro, gastronomía y diversión”, *Diario de Pontevedra*, “DVerano”, 2 agosto 2016, p. 11.

Informa da representación da obra teatral *O vikingo converso*, preludio ao desembarco dos vikingos na LXVI Romaría de Catoira.

Sánchez, O., “Estrea dunha das últimas obras protagonizadas por Neira Vilas”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, 22 xaneiro 2016, p. L11.

Anuncia a estrea dun documental no que participou Neira Vilas para realizar un percorrido pola súa traxectoria vital que se combina coa animación do conto *Espantallo amigo*. Destaca a valía persoal do autor.

Sande, M. A. e **I. E.**, “Las fiestas más antiguas de Galicia”, *La Voz de Galicia*, 18 outubro 2016, contracuberta.

Infórmase da celebración do día grande das festas de San Lucas en Mondoñedo, que cumpren oitenta anos. Destácase que deixaron unha fonda pegada na literatura de Álvaro Cunqueiro.

Sangiao, “El bus-exposición sobre las Irmandades da Fala, en Tabeirós”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 9 xullo 2016, p. 34.

Informáse da chegada á Estrada, vila de procedencia de Manuel García Barros, do bus de iFala.

Santos, Ágatha de, "La Asociación de Escritores en Lingua Galega reclama la titularidad pública del Panteón de Galegos Ilustres", *Faro de Vigo*, "Sociedad", p. 14/ *La Opinión*, "Sociedad, cultura y ocio", p. 19, 22 febreiro 2016.

Dá conta da reclamación da titularidade pública do Panteón de Galegos Ilustres realizada pola AELG. Infórmase, así mesmo, das intervencións de Cesáreo Sánchez Iglesias e Suso de Toro.

_____, "Un otoño gallego muy literario", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 3 setembro 2016, p. 37/ *La Opinión*, "Sociedad, cultura y ocio", 4 setembro 2016, p. 19.

Comenta a multiplicidade de novidades literarias que saen do prelo coa chegada do outono. Para público adulto destaca: *Todo ser humano é un río* de Manuel Veiga, *Non hai outro camiño* de Isaac Xubín, *Placebo* de Jaureguizar, *Exhumación* de Marcos Abalde, *A ira dos mansos* de Manuel Esteban, *Crónica córnica* de Francisco Coimbra, *Cavilacións* de Bieito Ledo, *O porco de pé* de Vicente Risco, *O alfaiate portugués* de Xabier Senín, *Nunca paraíso* de Manuel Lorenzo Pérez ou *O soño de bolboreta* de Arcadio López-Casanova.

_____, "Francisco Castro: Vigo protagonizó en 1972 la primera gran revuelta sindical", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 4 outubro 2016, p. 33.

Indica que o escritor Francisco Castro recupera un episodio da historia recente da cidade (a gran revolta sindical) nunha obra que agora se publica traducida ao castelán, *Tes ata as dez* (2014).

Sanz, Lucas, "Una feria del libro que logra atraer a 100.000 personas", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 2 agosto 2016, p. 35.

Fálase da inauguración a Feira do Libro en A Coruña. Dise que contará coa presenza de ilustres personalidades literarias galegas como Luz Pozo Garza, María Solar, Ledicia Costas, Teresa Moure, Miguel Anxo Fernández, María Canosa, Concha Blanco, Claudio Rodríguez Fer e María do Cebreiro.

S. E., "Los lalinenses homenajearán hoy a Laxeiro con una ofrenda y un recital", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 23 febreiro 2016, p. 35.

Dá conta dunha homenaxe ao pintor Laxeiro en Lalín cunha ofrenda floral e un recital no que se escoitará o poema "Vida e miragres de Laxeiro".

_____, "García-Bodaño, Mayo y Viravolta recogen hoy los premios San Martiño", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 30 novembro 2016, p. 36.

Informa da celebración dos Premios San Martiño de Normalización Lingüística no Teatro Principal de A Estrada. Indica que nesta edición, os premiados son o poeta Salvador García-Bodaño, o párroco Jesús Mayo e a compañía Viravolta Títeres.

Seijo, Sara P. e **A. S.**, "Galicia Culturea promoverán a cultura e a lingua galegas en 166 concellos", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 16 xullo 2016, p. 39.

Dáse conta da celebración da mostra musical Galicia Culturea, un proxecto enfocado a todos os públicos nos meses de verán. Dise que o seu obxectivo é chegar a todos os recunchos de Galicia con arredor de seiscentas actividades culturais para transmitir a cultura e lingua galega ás rúas, á xente. Resáltase o carácter didáctico do festival, contando con actividades lúdicas, pero tamén con exercicios cunha vocación educativa e formativa para achegar aos visitantes os artistas e creadores galegos.

S. F., "Ourense, capital da literatura", *O SIL*, setembro 2016, p. 11.

Informa da celebración dunha nova edición do Congreso do PEN Internacuonal, no que participan máis de 250 escritores de todo o mundo. Di que o programa literario inclúe actividades con talleres, encontros con escritores, recitais e premios.

Silveira, Elena, "Emma Pedreira 'El que me plagió es un gandul", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 19 febreiro 2016, p. 38.

Indica que se anula un certame de poesía en Guijuelo, posto que o texto gañador era un plaxio dun poema de Emma Pedreira. A autora explica que non conseguiu poñerse en contacto cos organizadores.

_____, "El plagiador de Emma Pedreira pidió que le girasen el premio a Perú en dólares", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 20 febreiro 2016, p. 36.

Dise que Emma Pedreira puido contactar cos organizadores do concurso que gañou un poema plaxiado da súa autoría e coñecer todos os detalles. Explícase que a persoa que se atribuíu o texto e o presentou ao seu nome esixía que se lle enviase en dólares o premio a Perú, pero mentres se realizaban os trámites, descubriuse que realizara unha apropiación indebida do poema.

S. L. L., "Teo recoge para Chévere el Premio Nacional de Teatro", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Agenda", "Para todos los públicos", 2 xuño 2016, p. L11.

Explica que o grupo Chévere non asistiu a recoller o Premio Nacional de Teatro por estar "inmerso na preparación dos seus proxectos creativos". No seu lugar, di, asistiu representación do concello de Teo, onde Chévere é compañía residente.

Soage, Noelia, "Cinco compañías achegarán a 62 concellos de Pontevedra o teatro de Castelao", *El Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Ciudad", 2 xullo 2016, p. 10.

Dá conta do programación de teatro proxectada no marco do Ano Castelao: *A lingua na boca. Letras, Riscos e Pensamentos de Castelao*, de Limiar Teatro; *Retrincos de Castelao*, de Culturactiva; *Que comerá o Rei?*, de Cándido Pazó; *Os vellos non deben de namorarse*, de Teatro do Morcego; e *Pegadas de Castelao*, da compañía Migallas.

_____, "Meu Pontevedra contabiliza cerca de 10.000 visitas a semana y media de su clausura", *El Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Ciudad", 1 setembro 2016, p. 11.

Comenta o éxito logrado pola exposición 'Meu Pontevedra' centrada na figura de Castelao. Indica que unha vez rematada esta mostra, terá lugar a inauguración da exposición adicada ás Irmandades da Fala polo seu centenario, "Saúde e Terra, irmá(n)s!".

Sotelino, Begoña R., "Con Bibiano se apaga la voz 'ceibe' que colocó a Galicia en el mapa musical", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 29 decembro 2016, p. 36.

Realiza un percorrido pola figura do músico Bibiano e, entre outras facetas da súa vida, salienta o seu papel de cantautor reivindicando a música popular galega e a súa amizade con poetas como Celso Emilio Ferreiro.

Sotelino, Begoña R., Iván **Antelo**, Juan **Capeáns**, Rodri **García** e Xesús **Fraga**, "Cultura para regalar y disfrutar", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 31 decembro 2016, pp. 42-43.

Con motivo da celebración do Nadal, varias personalidades amosan as súas preferencias en canto a libros para agasallar nestas datas. Miguel-Anxo Murado destaca *O rebumbio dos vagalumes* (2015) de Alberte Santos Ledo; Lucía Regueiro salienta a importancia da literatura infantil galega; Francisco Castro amosa a súa intención de agasallar libros en galego aos seus seres queridos; e Marilar Aleixandre resalta a escolla de Carlos Casares ou Manuel Antonio.

Soutelo, Salomé, "Neira Vilas, un ano vivo na memoria", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 28 novembro 2016, p. 15.

Anuncia a conmemoración do pasamento do escritor Neira Vilas. Sinala que por este motivo, a Fundación Neira Vilas organizou unha mesa redonda pola reedición do monográfico editado pola Revista *Raigame*, con motivo do cincuenta aniversario da publicación de *Memorias dun neno labrego*.

Souto, Suso, "Rianxo celebra los 130 años del nacimiento de Castelao", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 17 xaneiro 2016, p. 33.

Explica distintas actividades que se desenvolverán co gallo do pasamento de Castelao e que inclúe a representación da obra *Os vellos non deben de namorarse*, por parte de

Fantoches Baj, a presentación dunha nova edición de *Cousas de nenos* (2015) e tamén a de *Lourença xograr* (2015) de Manuel Portas.

_____, "Tras los pasos de Castelao en su universo de Rianxo", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 15 febreiro 2016, p. 23.

Dáse conta da elaboración dunha rota por parte do concello de Rianxo, na que se dará resposta a curiosidades sobre a súa vida de Castelao, algunha das cales aparecen avanzadas, así como os lugares polos que transcorre.

_____, "Miguelanxo Prado disertará el día 2 sobre Castelao", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 22 marzo 2016, p. 35.

Informa da charla de Miguelanxo Prado no auditorio de Rianxo sobre a traxectoria artística de Castelao e indica que o acto está organizado pola Real Academia de Belas Artes para celebrar o Día das Artes Galegas.

_____, "Rianxo celebra o centenario das Irmandades da Fala", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 23 marzo 2016, p. 34.

Dá conta do acto de celebración do centenario das Irmandades da Fala no auditorio municipal e informa que contará con conferencias, recital poético e musical.

_____, "Activan la reforma de la casa de Rafael Dieste para musealizarla", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 22 marzo 2016, p. 34.

Fálase da proposta dunha reforma da casa de Rafael Dieste e da súa posterior musealización. Indícase que a idea é recrear unha vivenda típica mariñeira e dedicarlle tamén un espazo a Eladio Dieste.

_____, "O cadro que Castelao regalou a Bos Aires", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 28 marzo 2016, p. 21.

Fala dun cadro pintado por Castelao que o intelectual galeguista enviou como agasallo a Bos Aires.

_____, "Crean una biblioteca con obras sobre el Monte Pindo", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 11 maio 2016, p. 36.

Dá conta dos fondos da biblioteca Monte Pindo e destaca que conta con publicacións xa descatalogadas como a *Guía de Galicia*, de Otero Pedrayo.

_____, "A biblioteca Monte Pindo xa está na Rede... e apadriñada", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 15 maio 2016, p. 34.

Fálase da doazón por parte do escritor Alfredo Eiras dunha colección de libros para a Biblioteca do Monte Pindo. Ademais, saliéntase que estre os seus fondos está a *Guía de Galicia*, de Otero Pedrayo.

_____, “O fogar da estrela de Manuel Antonio”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 30 maio 2016, p. 22.

Faise eco da apertura ao público da casa-museo de Manuel Antonio como parte do proxecto Academia Literaria de Rianxo. Engade que no inmoble se expoñen documentos audiovisuais, orixinais e obxectos persoais (como o Pacto de Sangue e fotografías familiares) que seguen as etapas da súa traxectoria vital e literaria.

_____, “Las viviendas de Castelao, Dieste y Manuel Antonio no serán suelo dotacional”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 3 agosto 2016, p. 28.

Comenta o rexeitamento da orden aprobada para incluír as casas de Castelao, Dieste e Manuel Antotio como “chan dotacional”. Indica que as casas dos autores son consideradas bens de interese da cultura galega, polo cal non deben modificarse.

_____, “Vicente Risco, Filgueira e Pedrayo 'exploraron' o Monte Pindo en 1936”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 20 agosto 2016, p. 29.

Comenta a importancia do emplazamento natural do Monte Pindo, situado en Carnota, lugar amado polos escritores galegos do século XX. Di que tras a publicación dun escrito de Otero Pedrayo e Vicente Risco, onde se daba noticia da existencia do monte, varios foron os membros do Seminario de Estudos Galegos que, en 1936 decidiron facer unha exploración. Sinala que a visita está documentada pola revista *Grial* e tamén nun artigo de *El Pueblo Gallego* e que os participantes foron Otero Pedrayo, Vicente Risco, Xaime Illa, Isidro Parga Pondal, Xesús Carro García, Xosé Filgueira Valverde e Luis Iglesias.

_____, “Dos mujeres que abrieron paso… y rompieron moldes”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 11 novembro 2016, p. 39.

Comenta a obra *Elas* (2015), na que salienta a presenza de dúas mulleres, Carmen Pérez García, natural de Noia, por se poñer ao fronte dunha empresa de barcos, a cal se converteu nunha das máis potentes do sector, e a ribeirense Josefa Angel Soto Prol que tamén destacou por criar a dezaoito fillos e traballar en múltiples empregos como o de ir chorar aos enterros a cambio de comida.

_____, “El grupo de teatro de Ambar estrena nueva producción”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 14 decembro 2016, p. 31.

Destaca que *O fillo que quero*, será a obra estreada por parte da compañía de teatro Artellar, a cal está formada por persoas con diversidade funcional da asociación de Ambar. Indica que o espectáculo narra a historia dunha muller embarazada que acode a un santo para que lle proporcione á súa criatura virtudes, todo isto en clave humorística. Comenta tamén a creación doutra peza titulada *Martín e o biosbardo*, dirixida ao público infantil.

S. R., “Cuatro poetas de Europa del Este, invitados al taller ‘Con barqueira e remador’ en la Illa de San Simón”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 12 outubro 2016, p. 36.

Informa da próxima celebración do Obradoiro Internacional de Tradución Poética na Illa de San Simón do 7 ao 22 de outubro, coa presenza de Yolanda Castaño. Ademais, dunha serie de recitais.

_____, "De Pikachu ao Xabarín, todos a Culturgal!", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 3 decembro 2016, p. 41.

No marco da Feira Culturgal en Pontevedra, comenta a presenza de Marilar Aleixandre, María do Cebreiro, Claudio Rodríguez Fer, ou Afonso Eiré.

S. S., "Aguiño adicará a súa semana cultural a Chao e a Neira Vilas", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 12 xaneiro 2016, p. 31.

Informa de que o conservatorio de Aguiño (Ribeira) acolleu a Semana Cultural Francisco Lorenzo Mariño, que neste ano se dedicou a Xosé Chao e a Xosé Neira Vilas. Ademais di que haberá un concerto, sesión de contactos e ofrenda floral.

_____, "Aguiño acogió una charla sobre Chao y Xosé Neira Vilas", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 17 xaneiro 2016, p. 33.

Informa que máis dun centenar de persoas acudiron ás conferencias sobre estes dous autores impartidas por Xabier Blanco e Pastor Rodríguez. Ademais di que houbo tempo para un concerto da Rondalla de Aguiño.

_____, "Acto en Rianxo del Partido Galeguista", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 20 xaneiro 2016, p. 29.

Dá conta da celebración do acto homenaxe a Castelao, titulado "Castelao: un home de concordia".

_____, "Rianxo remata cunha mostra e unha función o taller de teatro", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 2 febreiro 2016, p. 29.

Fala da exposición que reflicte os tres meses de traballo do obradoiro de expresión teatral "Expresar-T" e da representación teatral *Escenas de familias*, da que se avanza o argumento.

_____, "Decoran azulejos del IES Félix Muriel con dibujos de Castelao", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 3 febreiro 2016, p. 36.

Dá conta do decorado do IES Félix Muriel de Rianxo con motivos de Castelao que realizou o propio alumnado e a visita do presidente da Real Academia Galega de Belas Artes, Manuel Quintana.

_____, "A poesía volverá a inundar os bares de Rianxo, esta vez incluindo un curso", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 28 abril 2016, p. 36.

Anúnciase a celebración do ciclo Slammm, con recitais de poesía e degustación de "tapas poéticas".

_____, “Once escritores leerán sus propios versos en el Museo do Mar noiés el 21”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 15 maio 2016, p. 34.

Di que once escritores da comarca de Noia celebran unha lectura das súas obras nun acto literario. Fai referencia a outros eventos polo Día das Letras.

_____, “Fran Gómez gañou o certame poético Slammm de Rianxo”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 25 xuño 2016, p. 47.

Indica que Fran Gómez é o vencedor do concurso de poesía Slammm 2016 cuns versos “frescos” e irónicos sobre a moda e o mundo dixital.

_____, “Ciclo de música y relatos en base a cuentos de Dieste”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 16 outubro 2016, p. 32.

Informa do programa *Liñas paralelas*, ciclo de sesións monográficas de relato breve e música a partir da obra de Dieste *Dos arquivos do trasno*.

_____, “Petronila Daza presenta el sábado en Boiro su primer poemario ‘prantos de sal”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 14 decembro 2016, p. 31.

Anúnciase a presentación do volume *Prantos de sal* (2016) editado por Tarqus e prologado por Iolanda Aldrei na galería de arte La Doce de Boiro, caracterizando o poemario como un exercicio de introspección en tres bloques, que escollen a primeira persoa do singular e pluralizan a historia dunha estatua de sal que se dilúe no mar do común. O acto contará tamén coa presenza do editor, Marcelo Saffores, e cunha actuación musical.

_____, “A poética esencia dun vermú galego”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 19 decembro 2016, p. 25.

Fálase dun dos corenta e cinco poemas que inclúe o volume *Pan e Camiño* (2016), “O noso vermú Petroni”, pola súa peculiaridade, ao estar dedicado por este veciño de Rois ao vermú galego elaborado con albariño. Extráense algúns versos, caracterízase sucintamente ao autor e preséntanse algúns proxectos literarios futuros, coma o de escribir unha novela sobre a vida das persoas con algunha discapacidade.

Sueiro, Marcos, “Fallece Dorotea Barcena, precursora de la escena gallega”, *ABC*, “Galicia”, 22 novembro 2016, p. 66.

Comenta o falecemento da actriz Dorotea Bárcena aos 72 anos, deixando un intenso legado teatral ás súas costas. Destaca a súa integración nun grupo xeracional que cimentou as bases da escena galega e elevou o teatro até a súa máxima expresión. Destaca a súa personalidade como creadora, directora e actriz na compañía Esperpento e máis tarde na compañía Teatro do Atlántico.

S. V., “O Museo acollerá unha exposición polo centenario das Irmandades da Fala”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 15 marzo 2016, p. 11.

Dá conta da presentación no Museo do Pobo Galego das actividades programadas para conmemorar o centenario das Irmandades da Fala, entre a que destaca a exposición “Saúde e terra, Irmá(n)s”.

_____, “Valle Inclán revive 150 años después en el instituto que lleva su nombre”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 29 outubro 2016, p. 10.

Infórmase da homenaxe ao dramaturgo que tivo lugar no instituto de Pontevedra que leva o seu nome con motivo do aniversario do seu nacemento. Entre a diversidade de actividades, di que a directora repasou historia do centro e nomeou aos alumnos ilustres, salientando as figuras de Losada Diéguez, Castelao e Xosé Filgueira Valverde.

_____, “O Principal recorda a Carlos Sobrino e os seus cadros”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 30 outubro 2016, p. 12.

Comenta que a historia de Pontevedra é a protagonista da mostra teatral que acolle o Teatro Principal. Salienta a presencia dos cadros de Carlos Sobrino no espectáculo, acompañando ao paseo pola historia da cidade. Ademais, engade que máis de sesenta artistas participaron na obra que foi tamén unha homenaxe aos escritores Castelao e Valle-Inclán.

_____, “Miguelanxo Prado explora o seu ‘Mar interior’ no Museo”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 13 decembro 2016, p. 11/ *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 14 decembro 2016, p. 44.

Anúnciase a mostra “Mar interior”, unha exposición na que se amosa a traxectoria artística de Miguelanxo Prado.

Tébar, Roma, “Mos se rinde a los versos de su poetisa María Magdalena”, *Atlántico Diario*, “Área Metropolitana/Condado/Louriña”, 7 xullo 2016, p. 16.

Anuncia a homenaxe a María Magdalena polo seu 94 aniversario nun acto no que actuarán a Banda de Gaitas Santa Eulalia de Mos e o Grupo de Acordeóns Band. Di que o acto de conmemoración busca celebrar a labor literaria da poetisa, a cal é considerada unha das tres mellores poetas galegas autodidactas. Salienta a importancia da autora no seu propio concello, outorgándolle notoriedade internacionalmente coas súas pezas.

Tenreiro, Lucía, “La ciudad renueva su apuesta por Vales como candidato al Día das Letras”, *El Ideal Gallego*, “Batanzos”, 22 marzo 2016, p. 17.

Informa da aposta da cidade de Betanzos por Francisco Vales Miramarín, historiador nacido en Roldán, “inspirador” da Irmandade da Fala de Betanzos e secretario perpetuo da RAG, como próximo autor das Letras Galegas o vindeiro ano 2017.

_____, “As mans de Xosé, ao carón das do amigo Isaac”, *El Ideal Gallego*, “Área metropolitana”, 20 abril 2016, p. 14.

Informa do acto de colocación das pegadas de Neira Vilas no Paseo da Fama de Sada o vindeiro 23 de abril, Día do Libro.

Timoneda, Mariano, “Amigos y familiares de Díaz Pardo le recuerdan en el 4.º aniversario de su muerte”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 11 xaneiro 2016, p. 24.

Infórmase dun acto en homenaxe a Díaz Pardo no cuarto aniversario da súa morte. Ademais, menciónanse os representantes de distintos ámbitos socioculturais que asistiron a esta cita.

Toledo, Mar, “Entregan a segunda edición do libro da Ponte Ledesma”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 25 xaneiro 2016, p. 25.

Dá conta da presentación da segunda edición da obra *Ponte Ledesma, nove arcos de auga, pedra e historia* (2015) que realizaron seis mozos co obxectivo de reunir vivencias, tradicións, fotos antigas da zona etc. para salvagardalas do esquecemento. Di que as obras se están distribuíndo entre colexios, concellos e particulares.

_____, “Abren unha nova era na Fundación Neira Vilas”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 26 febreiro 2016, p. 31.

Coméntase que na primeira reunión da Fundación Xosé Neira Vilas tras a morte do escritor se acordou elixir novos cargos directivos e sumar dous novos membros. Sinálase que tratan de dar continuidade á obra de Neira Vilas e de custodiar e divulgar a produción literaria do autor. Así mesmo, avánzase que convocarán dous premios literarios de nova creación de literatura infantil e xuvenil. Tamén apuntan que tentarán de publicar os proxectos literarios que o autor tiña concluídos.

Torre, Sonia, “Pioneras desde Ourense”, *La Región*, “Ourense”, 7 xaneiro 2016, p. 8.

Inténtase salvar do esquecemento a varias figuras femininas ourensás, entre as que se destacan Olga Gallego, primeira muller aceptada na Real Academia Galega e a escritora Clara Corral Aller.

_____, “Celso Emilio, 50 años después”, *Atlántico Diario*, “Ciudad”, p. 13/ *La Región*, “Galicia”, p. 23, “Crónica”, 20 xaneiro 2016.

Lembra como antes da partida de Celso Emilio ao exilio, se realizou unha comida de despedida que cinco décadas despois se vai recuperar no Liceo de Ourense. Tamén fala de como se desenvolveu o encontro.

Trillo, J., “O Concello de Cee promove durante este mes de febreiro a obra de Rosalía”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 3 febreiro 2016, p. 38.

Fala das actividades realizadas no mes de Rosalía de Castro como pendurar unha bandeira galega cos versos rosalianos na fachada do concello. Ademais tamén se repartiron copias de poemas na rúa e a exposición realizada na biblioteca Don Francisco Mayán.

_____, "Homenaxe hoxe a García Lorca na vila de Muxía", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 21 maio 2016, p. 38.

Dá conta deste acto no marco da presentación do libro *6 poemas 6. Homenaxe a García Lorca* (2015).

_____, "De ruta pola 'Costa do Solpor', de Lema Suárez", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 26 maio 2016, p. 32.

Informa da celebración da ruta literaria tomando como punto de partida a obra *Costa do Solpor* (2013) de Lema Suárez na que participaron 50 docentes que percorreron unha parte da Costa da Morte na que se ambientaron os escenarios da novela. Dá conta, tamén, da recepción da obra e súa trama e salienta a importancia da ambientación histórica.

_____, "Presentación en Fisterra de 'A viaxe á fin do mundo", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 26 maio 2016, p. 32.

Anuncia a presentación da novela Rodríguez *A viaxe ao fin do mundo* (2015), de Manuel F. Rodríguez.

Trillo, Jesús, "De ruta polo escenario da novela 'Costa do Solpor", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 29 maio 2016, p. 36.

Sinala que mestres de toda Galicia percorreron unha parte da Costa da Morte na que se ambientou a obra de Lema Suárez, *Costa do Solpor* (2013),.

_____, "Rodríguez: "O Camiño a Santiago non ten sentido sen Fisterra", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 28 maio 2016, p. 37.

Dá conta da presentación en Fisterra da novela de Manuel F. Rodríguez *A viaxe ao fin do mundo* (2015), que trata o roubo dunha cruz na catedral de Compostela e salienta a trascendencia do vínculo entre os peregrinos e a vila fisterrá.

_____, "Poetas da talla de Rosalía e de García Lorca cantaron xa á celebración muxiá", *El Correo Gallego*, "Romaría da Barca", 9 setembro 2016, p. 33.

Informa sobre a celebración da Romaría da Virxe da barca, declarada de interese Turística Nacional, e rememora a súa orixe, avalada por escritores e investigadores locais como Manuel Vilar ou Xan Fernández Carrera: unha festa cantada por recoñecidos poetas.

_____, “Amancio Prada cantó a Rosalía y Lorca en el santuario de la Barca de Muxía”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 25 outubro 2016, p. 30.

Refírese ao concerto de Amancio Prada como único, destacando o papel de todos os que contribuíron ao espectáculo e indícase que lle deu voz a versos de Rosalía de Castro e García Lorca.

V. A., “O espectáculo titulado ‘Revolta’ estreou melloras dotacionais do auditorio de Silleda”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 6 novembro 2016, p. 33.

Comenta a colaboración de varios os grupos culturais na obra denominada *Revolta*, unha das pezas ideada coa intención de contribuír á mellora do auditorio de Silleda.

Valle, Candela, “As Irmandades, a base do que somos”, *La Región*, “Ciudad”, 25 outubro 2016, p. 12.

Co gallo da inauguración da exposición coa que se celebra o centenario das Irmandades da Fala, recolle as palabras de Enrique Monteagudo quen apela ao coñecemento das Irmandades como parte da cultura cívica do país.

_____, “Vilar: ‘Os que viron Sicixia saíron tocados”, *La Región*, “Ourense”, “Foro La Región”, 18 novembro 2016, p. 10.

Informa da estrea de *Sicixia*, o novo filme do director da *Esmorga.*

_____, “Ourense homenajea al Blanco Amor que ‘amó y fue amado”, *La Región*, “Ourense”, 2 decembro 2016, p. 17.

Dise que con motivo do 37 aniversario da morte de Blanco Amor se realiza unha homenaxe no cemiterio de San Francisco en Ourense. Coméntase que o acto foi organizado polo Centro PEN de Galicia e destácase a presenza de Anxo Lorenzo, Marisol Díaz Mouteira, Rosendo Fernández, Belén Iglesias, Malores Villanueva etc. Indícase que o acto rematou coa lectura de poemas dedicados ao poeta.

_____, “Maribel Verdú o Blanca Portillo, en el Principal”, *La Región*, “Ciudad”, 16 decembro 2016, p. 12.

Salienta que a programación do Teatro Principal para o ano 2017 está composta por representacións teatrais, o ciclo Enclave de Cámara, o festival Pórtico do Paraíso, unha ópera e a XXII Mostra Internacional de Teatro Universitario (MITEU). Comenta tamén a representación das pezas *Eroski Paraíso* do grupo Chévere Teatro e *Soño dunha noite de verán* de Voadora.

_____, “Ourense, una ‘Atenas’ renovada”, *Atlántico Diario*, “Sociedad”, 26 decembro 2016, p. 37.

Destaca a cidade de Ourense coma un espazo que ansía recobrar o seu antigo esplendor. Salienta aspectos importantes da vila como ser o lugar de nacemento de varios escritores e movementos culturais, así como da Xeración Nós.

Varela, S., "Música de varios estilos, deporte e teatro forman a programación do Liceo", *El Correo Gallego*, "San Bartolomeu", 22 agosto 2016, p. 32.

Comenta a celebración dunha serie de actividades por parte da Sociedade Liceo de Noia, as cales coinciden coa inauguración das festas de San Bartolomeu. Destaca a representación de obras teatrais, concretamente a estrea de *Radio Teatro 40* do grupo teatral do Liceo.

Varela, Suso, "O Bierzo lanza a candidatura do poeta Morales ao Día das Letras Galegas 2017", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 9 marzo 2016, p. 36.

Dá conta de que nas oitavas Xornadas Marín Sarmiento celebradas no Bierzo cinco colectivos que loitan pola defensa da lingua galega propuxeron que a RAG homenaxee no ano 2017 ao poeta Antonio Fernández e Morales, un precursor do emprego do galego na escrita, como se advirte na súa obra *Ensaios poéticos en dialecto berciano* (1861). Destaca que co seu recoñecemento, os impulsores desta iniciativa coidan que a RAG estaría axudando a defender a situación do galego no Bierzo.

Vázquez, Karmele, "Dornas de toda Arousa homenaxean a Rosalía na IV remontada do río Sar", *El Correo Gallego*, "Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio", 21 agosto 2016, p. 31.

Fala da velebración dunha regata onde unha ducia de dornas navegaron polo río Sar na cuarta edición da remontada en dorna organizada pola Fundación Rosalía de Castro e a A. C. Dorna da Arousa. Destaca que esta actividade naceu en 2013 co motivo da conmemoración do 150 aniversario da publicación de *Cantares gallegos*.

_____, "Número especial de 'La Noche' en homenaxe ó mestre Boboró", *El Correo Gallego*, "Medios", 26 agosto 2016, p. 53.

Explica a celebración dunha homenaxe realizada á personalidade periodística de Borobó, efectuada pola Asociación de Periodistas de Santiago de Compostela (APSC). Destaca os logros obtidos polo periodista en vida, que foi director dos xornais *El Correo Gallego* e *La Noche*.

_____, "Unha placa conmemorativa recorda a Boboró en Cesures", *El Correo Gallego*, "Medios", 29 agosto 2016, p. 53.

Anúnciase a homenaxe realizada a Raimundo García Domínguez (1916-2003), máis coñecido como Borobó. Indícase que para a celebración se distribuiu entre os asistentes unha edición especial de *La Noche*, diario que el presidira, xunto con *El Correo Gallego*.

_____, “A Casa-Museo Rosalía recibe o fondo documental da familia Baltar”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cutura. Ocio”, 18 setembro 2016, p. 36.

Informa da recepción, por parte da Casa-Museo de Rosalía de Castro de Padrón, do arquivo Ramón Baltar Feijoo e Ernesto Baltar Santaló, un fondo documental de importante magnitude que consta de 445 pezas e moita correspondencia inédita desde finais do século XIX até os anos vinte. Indica que a maior parte da colección é correspondencia.

_____, “Expertos de toda Europa falan en Santiago de letras e cociña”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cutura. Ocio”, 19 setembro 2016, p. 25.

Anúnciase a celebración do encontro internacional *Lengua, iteratura y gastronomía entre Italia y la Península Ibérica*, organizado polos profesores da Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela. Destácase o tratamento da figura de Álvaro Cunqueiro coa actividade “Paralelismo entre literatura e gastronomía: A propósito de Álvaro Cunqueiro”.

_____, “Destacan a repercusión histórica da gastronomía na proxección da cultura”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 22 setembro 2016, p. 40.

Informa da xornada inaugural do congreso *Lengua, literatura y gastronomía entre Italia y la Península Ibérica*, no que se reuniron expertos europeos. Menciona que Álvaro Cunqueiro e outros autores trataron a cociña nas súas obras.

_____, “Kätlin Kaldmaa, secretaria internacional do PEN Club”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 29 setembro 2016, p. 42.

Destácase o traballo de tradución realizado por parte da poeta e escritora de Estonia Kätlin Kaldmaa, que traduciu á súa lingua a autores da literatura galega.

_____, “Rodríguez sitúa a Galicia como unha ‘ponte literaria de entendemento”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cutura. Ocio ”, 2 outubro 2016, p. 36.

Informa da clausura do encontro e sinala que nesta edición se fixo unha lembranza “especial” dos escritores Blanco Amor, Casares, Risco, Fernández Ferreiro...

_____, “Máis de cen expertos falan do legado das Irmandades da Fala despois dun século”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 16 novembro 2016, p. 36.

Anuncia a presentación dunha mostra dedicada ao labor das Irmandades da Fala na Cidade da Cultura, unha exposición que consta de máis de sesenta manuscritos, debuxos e libros de destacadas personalidades do grupo. Sinala que intenta dar conta das orixes desas irmandades xurdidas arredor de intelectuais e nacionalistas galegos.

_____, “O CDG representa en galego a obra de Valle Inclán e Carlos Casares”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 14 decembro 2016, p. 34.

Comenta a presentación do programa teatral da tempada 2016-2017 por parte do Centro Dramático Galego, onde destaca a futura posta en escena das obras *As galas do defunto*

e *A filla do capitán*, pezas da triloxía de Valle-Inclán *Martes de Carnaval*; e a lectura dramática da novela de Carlos Casares *Os mortos daquel verán*. Ademais, destaca outras achegas importantes no panorama deste ano: *Elisa e Marcela*, *O conto de inverno*, *Vida e morte de Daniel Faria*, *Salvador*, *Política da terra queimada*, *Desconexión* e *Tropical*.

_____, "Irmandade', a palabra do ano", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 28 decembro 2016, p. 35.

Indica que a palabra do ano 2016 escollida por votación popular promovida polo Portal das Palabras, foi Irmandade. Destaca que se debe á celebración do centenario da institución e ás homenaxes que se produciron por toda Galicia. Comenta brevemente a traxectoria do grupo, destacando a defensa do idioma galego e do nacionalismo.

_____, "Luto en la música gallega por la muerte de Bibiano", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 29 decembro 2016, p. 33.

Indica que Bibiano Morón, cantautor e figura clave da escena galega, faleceu aos 66 anos vítima de complicacións cardíacas. Comenta os seus logros, vinculados a Vigo, cidade que o acolleu sendo pequeno. Sinala que foi o encargado de musicalizar poemas de autores coma Celso Emilio Ferreiro e Uxío Novoneyra.

Vázquez, Natasha, "Neira Vilas en el recuerdo", *La Voz de Galicia*, "Galicia", 30 maio 2016, p. 5.

Informa da presentación na Habana do novo disco de Roi Casal, *Son galego, son cubano*, con letras de Xosé Neira Vilas.

Veiga, Marta, "Jaureguizar gaña cun artigo en Táboa Redonda o Carracedo de xornalismo", *El Progreso*, "Vivir", "Comunicación", 22 abril 2016, p. 80.

Comenta que Jaureguizar gañou o Carracedo de xornalismo cun artigo centrado na figura "rompedora" de Blanco Amor.

_____, "Xoán Ramiro Cuba. 'Álvaro Gil quixo que o Museo de Lugo tivese un fondo de obras de Castelao", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 6 maio 2016, p. 70.

Fala das trinta obras de Castelao que foron doadas por Álvaro Gil ao Museo Provincial de Lugo. Destaca, ademais, sete debuxos "que son os bosquexos das ilustracións que despois aparecerían en *Cousas*".

_____, "Manuel Francisco Reina. 'De la relación de Lorca con Blanco Amor y Galicia habría mucho que decir", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 13 maio 2016, p. 62.

Recolle as declaracións de Manuel Francisco Reina sobre a conexión de Lorca con Galicia, destacando a creación de poemas en galego e a fonda admiración por Rosalía de Castro, á que coñeceu da man de Blanco Amor.

_____, “A Feira do Libro de Lugo fai un lavado de cara aos 34”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, “Literatura”, 14 maio 2016, p. 67.

Dáse conta da presentación de obras na Feira do Libro de Lugo: *Cinepoemas* (2016), de Claudio Rodríguez Fer; *A nosa terra é nosa. A xeira das Irmandades* (2016), de Emilio Insua; *Que non te aten* (2016), de Manuel Iglesias Turnes; *Muxicas* (2016), de Iria López “Ika”.

_____, “Darío Xohán Cabana. ‘En Lugo nace o galeguismo”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, “Literatura”, 10 novembro 2016, p. 43.

Salienta a importancia da cidade de Lugo como berce do galeguismo e o nacionalismo galegos contemporáneos. Comenta a figura de Darío Xohán Cabana, membro da Real Academia Galega, e organizador dun debate centrado no papel das Irmandades da Fala. Destaca así o percorrido da Irmandade luguesa, constituída o 12 de xaneiro de 1918, onde resaltan os nomes dos seus creadores, os irmáns viveireses Villar Ponte e tamén o de Aureliano Xosé Pereira, editor do xornal *El Regional* quen manifestou a necesidade da igualdade xurídica entre homes e mulleres.

Veiga, M., “Lugo lembra cunha mostra a súa posición ‘central’ na historia das Irmandades”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 5 novembro 2016, p. 51.

Comenta a celebración en Lugo da mostra “Saúde e terra, irmá(ns)”, organizada pola Real Academia Galega, o Museo do Pobo Galego e a Deputación da Coruña. Di que entre as pezas que se poden contemplar na exposición, destacan os óculos de Vicente Risco, as notas manuscritas de Manuel María e o carné das Irmandades da Fala de Ramón Villar Ponte. Sinala que a mostra é unha homenaxe polo centenario das Irmandades da Fala.

Verdúa, R., “A diversidade de actos pon de relevo a pervivencia de Rosalía”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 22 febreiro 2016, p. 25.

Comenta as celebracións que se organizaron en distintos concellos para homenaxear a Rosalía de Castro e reivindicar o 24 de febreiro como Día de Rosalía. Entre as actividades, menciona a presentación da edición crítica de *Follas Novas* en Padrón, a representación teatral *A rosa das cen follas* en Rianxo e o espectáculo de monicreques *A viaxe de Rosalía* en Melide.

_____, “Ames celebró el Día de Galicia con música en directo y poesía”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 25 xullo 2016, p. 35.

Dáse conta da conmemoración do Día de Galicia en Ames espectáculos de música en directo, a lectura dun manifesto institucional e un recital de poemas de autores diversos, entre os que destaca a poetisa Filomena Fraga.

Vila, Sara, “Teatro para homenaxear a Valle Inclán 150 anos despois”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 9 abril 2016, p. 11.

Infórmase da presentación por parte da Fundación Valle Inclán da programación de actividades de conmemoración da efeméride do seu nacemento, que constará de teatro, edicións da súa obra e colaboracións cos centros educativos. Destácanse as representacións *Estacións Valleinclanianas* e *Que os leve o vento*, ademais da performance *A Viaxe Marabillosa*.

_____, "Un mes á caza do libro en portugués", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Ciudad", 20 setembro 2016, p. 8.

Dá conta da iniciativa levada a cabo polos profesores de portugués da Escola Oficial de Idiomas de Pontevedra coa finalidade de animar o estudo desta lingua. Indica que a idea é liberar libros pola cidade que os participantes deberán atopar a partir de pistas. Entre os libros, destaca *Arraianos* de Méndez Ferrín.

_____, "Esquecer sería a derrota definitiva", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Ciudad", 13 novembro 2016, pp. 8-9.

Entre outras cousas, saliéntase a participación de Montse Fajardo, autora de *Un cesto de mazás* (2015), no marco dos actos de homenaxe ás vítimas do alzamento franquista en Pontevedra.

Vilas, A., "Literatura galega na quinta provincia", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", p. 53 /*El Progreso*, "Vivir", p. 42, "Cultura", 30 marzo 2016.

Dáse conta da participación, na Feira do Libro de Bos Aires, dalgunhas das "máis destacadas voces da literatura actual": Manuel Rivas, Domingo Villar, María Solar, Yolanda Castaño, Diego Ameixeiras, Pedro Feijoo, Xavier Alcalá...

Villanueva, E., "¿Café solo o con literatura?", *Faro de Vigo*, "Vigo", 19 xaneiro 2016, p. 11.

Infórmase do proxecto "Mishima" que combina librería con cafetería que puxeron en marcha Gonzalo Allegue e Haizea Merino co desexo de crear unha proposta comercial atractiva e innovadora, na que apostan por editoriais pouco coñecidas e por charlas e encontros con autores.

_____, "Triste, rebelde, luchadora", *Faro de Vigo*, "Vigo", 25 febreiro 2016, p. 11.

Dáse conta dun acto en homenaxe a Rosalía de Castro en Vigo, no que participaron alumnos de dous colexios de Vigo e o centro AZ co obxectivo de reflectir a relación de autora coa cidade, que xeralmente só se asocia con Padrón. Así mesmo, resúmense as intervencións dos participantes, que destacaron o labor de Rosalía.

_____, "Mapas que trazan el progreso", *Faro de Vigo*, "Vigo", 28 outubro 2016, p. 10.

Comenta o labor da Fundación Penzol en prol da actividade cartográfica, expoñendo os tesouros que conserva. Destaca a notable influencia deste tipo de documentos en autores

como Otero Pedrayo, Cunqueiro ou Castelao, xa que constitúen unha importante fonte de coñecemento de Galicia e promoven a identificación da nación.

Villapol, Pablo, "Tras la huella de Eliseo Pulpeiro", *El Progreso*, "A Mariña", 7 marzo 2016, p. 19.

Indica que Pablo Rodríguez e Sylvia Pulpeiro editaron o libro *Eliseo Pulpeiro. As letras galegas entre dúas ribeiras (Ribadeo e Río da Prata)* (2016), no que repasan de xeito exhaustivo a figura de Eliseo Pulpeiro nado en Ribadeo e figura chave da Galicia emigrada de comezos do século XX.

_____, "Día de estrellas en As San Lucas", *El Progreso*, "A Mariña", 17 outubro 2016, p. 15.

Fálase da celebración das festas das San Lucas de Mondoñedo, nunha xornada na que se coñeceu o gañador do premio "Mondoñedo 10", que recaeu en Manuel Rivas pola súa obra *Os libros arden mal* (2006).

Viñas, María L., "Manrique Fernández conta as feridas de vida, o amor e a morte na primeira novela", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", "Literatura", 12 febreiro 2016, p. 56.

Coméntase o acto de presentación da obra *Tres feridas* (2015), de Manrique Fernández. Dáse conta da motivación do título e do tema, ao mesmo tempo que se avanza o argumento. Finalmente, achéganse os datos biográficos máis destacados do autor.

_____, "Paz Montenegro. 'Os meus versos son convulsos, anárquicos coma min", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 28 outubro 2016, p. 60.

Dáse noticia da presentación, na libraría Biblos de Lugo, do último poemario da polifacética artista lucense, *Cuncheiro* (2016). Recóllense algunhas das súas declaracións verbo da obra –reflexo da súa propia personalidade–, da simbiose entre pintura e escrita, do cuncheiro como lugar e símbolo, ou da mestura temática entre amor, desencanto e poesía social.

V. P., "La obra 'Alba de Gloria' dedicada a Castelao se estrenará en el Festival Groba", *Faro de Vigo*, "Condado – Paradanta", 29 xullo 2016, p. 15.

Comenta a estrea de *Alba de Gloria*, composta por Rogelio Groba Groba. Indica que o traballo está patrocinado pola Deputación de Pontevedra e formará parte das homenaxes realizadas a Castelao, posto que se trata dunha obra adicada á personalidade do escritor de Rianxo. Destaca que esta composición foi realizada a partir do discurso que Castelao expresou no exilio do motivo do Día da Patria Galega e que será interpretada pola Orquestra de Cámara Galega en Ponteareas.

X. A. R., "Os expertos dan a visión histórica do viño ribeiro", *La Región*, "Ribeiro", 29 outubro 2016, p. 27.

Destaca a celebración das Xornadas de Outono "Cultura do Viño e Literatura", promovidas polo Concello Regulador da Denominación de Orixe Ribeiro co apoio da USC. Salienta a mesa redonda celebrada na libraría Mishima de Vigo á cal acudiu o presidente da Real Academia Galega, Xesús Alonso Montero coa conferencia "O Ribeiro, Lingua e Literatura".

X. F., "Casares, Carballo, Castro e Morales optan ao Día das letras do 2017", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 9 xullo 2016, p. 39.

Destaca a escolla do autor que será homenaxeado no Día das Letras Galegas en 2017, na cal se decide entre Carlos Casares, Carballo Calero, Fernández Morales ou Plácido Castro. Di que, coma todos os anos, será a Real Academia Galega a encargada de realizar a escolla para representar a cultura galega o día 17 de maio.

_____, "La Voz presentou na Academia o facsímile de 'Queixumes dos pinos", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 11 novembro 2016, p. 41.

Coméntase polo miúdo a presentación na sé da Real Academia Galega do facsímile do libro *Queixumes dos pinos* que La Voz ofrece ao seu lectorado 130 anos despois da súa aparición. Recóllense loubanzas á edición por parte de Xesús Alonso Montero, que o valora como primeiro libro monolingüe en galego de Pondal, e comentarios do delegado de La Voz en Carballo, así como anécdotas do acto (como a mostra do exemplar da primeira edición e da de 1940, ilustrada por Luís Seoane), e a mención dalgúns asistentes.

X. L. C., "Conferencia en Verín sobre las Irmandades da Fala", *La Región*, "Monterrei", 16 marzo 2016, p. 20.

Dá conta da conferencia de Xosé Antonio Gómez Segade sobre as Irmandades da Fala e que se celebrará na biblioteca de Verín.

_____, "Comienzo del nuevo Ciclo de Novela Negra de Verín", *La Región*, "Monterrei", 29 marzo 2016, p. 17.

Informa do comezo da segunda edición do Ciclo de Conferencias de Novela Negra, un conxunto de charlas relacionadas coa realidade deste subxénero que terá lugar na Biblioteca Municipal de Verín entre o 30 de marzo e o 14 de abril.

_____, "González Reigosa clausura mañana el segundo ciclo de novela negra", *La Región*, "Monterrei", 13 abril 2016, p. 18.

Dá conta da clausura do segundo Ciclo de Novela Negra por parte do escritor e xornalista Carlos Reigosa na Casa da Cultura de Verín. Destaca a participación de Diego Ameixeiras e a presenza de especialistas na materia: médicos forenses, policías...

X. M. R., “A homenaxe aos escritores ourensáns abre o Congreso PEN Internacional”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 26 setembro 2016, p. 49.

Informa do encontro de escritores e xornalistas que, convocado baixo o lema “Erguendo pontes literarias”, que incidirá de xeito especial no mundo da lusofonía. Destaca a sesión titulada “A (Poesía) milagre do mundo”, idea de Manuel Rivas, con textos de Olga Novo, Oriana Méndez, Estevo Cereus, María do Cebreiro, Xohana Torres, Ioalanda Zúñiga...

Y. S., “Tributo de los mosenses a la figura de la poetisa María Magdalena”, *Faro de Vigo*, “*Especial*”, “Baixo Miño/ Louriña”, 30 xullo 2016, p. 7.

Comenta a homenaxe realizada polo Concello e a Fundación Pazo de Mos á poeta María Magdalena, co motivo do seu aniversario. Fala da traxectoria vital e literaria da autora, a cal foi partícipe de movementos culturais de gran relevancia para a sociedade galega. Destaca a importancia da autora ao ser considerada unha das mellores tres poetas galegas sen estudios, sendo a súa vocación algo innato na súa vida.

_____, “El Centro Dramático Galego estrenó su ‘Tartufo’ en Tui”, *Faro de Vigo*, “*Especial*”, “Baixo Miño/ Louriña”, 29 outubro 2016, p. 7.

Comenta a estrea de *Tartufo* en Tui, por parte do Centro Dramático Galego. Comenta que a montaxe está baseada na obra escrita de Molière e que Tui será o punto de partida da xira que se realizará para dar a coñecer a representación en diferentes cidades galegas. Salienta as numerosas pezas que se presentarán no Teatro Municial de Tui, entre as cales destacan *Danza da choiva* de Elefante Elegante, *O poder de Amábel*, de Pérez&Fernández e *Raclette* de Ibuprofeno Teatro.

VI. CLÁSICOS GRECO-LATINOS TRADUCIDOS

VI. 1. REEDICIÓNS COMENTADAS E FACSÍMILES. TEXTOS RECUPERADOS

Anneo Séneca, Lucio, *Medea*, trad. José M. Otero, Noia: Toxosoutos, 2016, 167 pp. (ISBN: 978-84-945483-7-6).

Tradución ao galego da traxedia latina de Lucio Séneca elaborada por José M. Otero (O Hío, Cangas do Morrazo, 1949). O libro comeza cunha introdución a cargo do autor sobre a vida de Séneca e a súa obra, dedicándolle un capítulo á análise de *Medea* dende o punto de vista estrutural, do ritmo da narración e da súa influencia na literatura galega. Nesta obra de teatro lírica emprégase unha linguaxe elevada, propia da lírica clásica e conta cunha estrutura circular, comezando e rematando coa mesma palabra, "deuses". Dividida en cinco actos, o argumento xira ao redor da figura feminina de Medea e a súa vinganza contra o seu marido, Xasón, por mor da voda deste con Creúsa, filla do rei Corinto. Ao longo da obra, a protagonista trata de recuperar o seu marido, pero ao non conseguilo, cae presa da desesperación. No camiño á súa vinganza, Medea asasina a futura muller do seu marido, o pai desta, que considera o culpábel da súa infelicidade, e, por último, tamén os fillos que tivo con Xasón. A través dos diálogos da protagonista coa ama de cría e co propio rei Corinto, Medea denuncia o abuso do poder e da falta de xustiza, ademais de proxectar unha imaxe de muller que rompe co seu rol pasivo nunha sociedade patriarcal.

Recensións:

- Manuel F. Vieites, "Séneca, Medea", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 605,

“Teatro”, 1 decembro 2016, p. VIII.

Comenta a obra de *Medea*, traducida por José M. Otero, que recolle a historia dunha heroína que vai unida á de Xasón, herdeiro do reino de Iolco en Tesalia. Fai un breve resumo da obra e remata eloxiando esta tradución por conter fermosas figuras retóricas que a converten nun manual práctico desa arte milenaria.

Ovidio Nasón, Publio, *Arte de amar. Remedios do amor* (*Ars amatoria* e *Remedia amoris*), trad., limiar e notas Lucía Gómez Fariña, Cangas do Morrazo: Rinoceronte Editora, col. Vétera, n.º 9, 2016, 172 pp. (ISBN: 978-84-92866-74-8).

Primeira tradución conxunta ao galego de ambas obras en verso de Publio Ovidio Nasón (Sulmona, 43 a.C.-Tornos, 17 ou 18 d.C.). Lucía Gómez Fariña, na “Introdución”, comeza referindo que “con estas dúas obras didácticas queda cuberto o tema amoroso de principio a fin, dende os tenros comezos até os máis dolorosos desenlaces, e dende un punto de vista tanto masculino como feminino” (p. 7). A seguir sintetiza “o autor no seu contexto” e despois céntrase en resaltar o máis relevante do contido de ambas as obras: de *Arte de amar* salienta que “Ovidio, rexeitando os tópicos da épica sobre a inspiración do poeta, ofrece a propia experiencia como fonte da que bebe os seus consellos, e pide amparo a Venus, deusa do amor” (p. 14), que prohíbe ás mulleres casadas ler a súa obra e que “o amor enténdese como un xogo no que os dous amantes, home e muller, son conscientes das regras que os rexen” (pp. 21-22); e de *Remedios do amor* salienta que “ensina como desfacerse dun amor enfermizo, que consome a quen o sente”, que vai dirixida tanto a mulleres coma a homes e que “en definitiva, os *Remedios do amor* perfílanse como o antídoto de *Arte de amar*, como un espello invertido no que se deben aplicar os consellos na dirección oposta, no que se debe ̓desaprender’ a amar” (p. 24). A parte introdutoria péchase cun resumo do exilio que padeceu o autor, unha alusión á influencia da obra ovidiana en autores posteriores, unhas explicacións sobre as fontes empregadas para a tradución realizada e unha bibliografía básica. A seguir reprodúcese o transvase ao galego das dúas obras. A primeira delas, o tratado épico *Arte de amar*, xa fora traducido por vez primeira de forma íntegra ao galego en 1999 por Xoán Carlos Domínguez Alberte para Xuntanza Editorial e reeditado, na mesma editorial, en 2001, cunha introdución do propio tradutor, como se pode seguir polo descritor inserido no *Informe de Literatura 2001*. E a segunda, *Remedios do amor*, parte do propósito inicial de “deixar un amor enfermizo” (pp. 139-140), enfocado dende a ollada do Amor e do mestre e estrutúrase en breves consellos en verso nos que se precisan os destinatarios da obra e se incide en que se debe “eliminar o problema a tempo” (pp. 142-143), de tal forma que se debe romper definitivamente para evitar un problema aínda maior e propón para conseguir esquecer ese amor unha serie de remedios, como son “manterse ocupado. Política e milicia” (p. 144-145), “a agricultura” (pp. 146-147) e “a caza e a pesca” (p. 147), se ben insiste na importancia de “afastarse” (p. 148) porque senón “de nada serve a maxia” (pp. 149-153). A continuación céntrase no “comportamento no leito” (pp. 153-155) e aconsella “ter varias amantes” (pp. 156-158), “disimular os sentimentos” (pp. 159-160), empacharse de amor, “deixar os celos e lembrar as desgrazas” (pp. 160-162) e un monllo de comportamentos que se deben “evitar”, caso da soidade, o contacto con outros namorados ou con persoas próximas á amada, non falar dela nin gardar rancor, ter precaución ante un encontro con ela, esforzarse por esquecer e así mesmo evitar os

teatros e a poesía amorosa, os celos, ser indiferente ante ela e procurar ter amizade co rival e ter unha dieta anafrodisíaca.

Recensións:

- Román Raña, "Retorno dun clásico", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 595, "Libros", 22 setembro 2016, p. VI/ *La Opinión*, "Saberes", n.º 548, "Letras galegas", 8 outubro, p. 8.

Comenta dúas obras de Publio Ovidio Nasón, *Ars amatoria* e *Remedia amoris*, que foron traducidas á nosa lingua por Lucía Gómez Fariña. A primeira obra trata o tema do amor dende unha perspectiva didáctica, mentres que a segunda destaca por empregar o dístico elexíaco en lugar do hexámetro. Sinala que ambas as obras foron de grande importancia na poesía de Occidente e que *Remedia amoris* foi unha obra con gran repercusión por erradicar os males causados polo amor a través dunha medicina ética.

VII. LITERATURA INFANTIL E XUVENIL

VII.1 NARRATIVA

VII.1.1 NARRADORES GALEGOS

Aleixandre, Marilar, *Catro cascarolos*, ilust. Enjamio, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Sopa de libros, n.º 58, a partir de 6 anos, abril 2016, 64 pp. (ISBN: 978-84-9121-017-7).

Marilar Aleixandre, nome literario de María Pilar Jiménez Aleixandre (Madrid, 1947), neste conto, de tema ecolóxico, recrea as aventuras de catro irmáns caracois, chamados Cascarolo, Carolo, Arolo e Rolo, que se ven inmersos na busca dun novo fogar porque os humanos cobren o chan do parque no que viven de lousas e cemento para a comodidade da xente. Os catro irmáns vense obrigados a marchar do parque e afrontar os perigos que hai fóra. Un narrador omnisciente conta as aventuras dos caracois, que se enfrontan nada máis saír do parque a unha estrada chea de automóbiles, que para eles son seres descoñecidos. Descobren a maneira de cruzar a rúa polo paso de peóns, e logo diríxense ao que chaman o bosque dos humanos (que en realidade é unha zona peonil da cidade) onde se atopan cunha máquina limparrúas, que confunden cun lobo. A máquina achégaos ao parque, que era o seu destino, e alí constrúen unha nova casa nas raíces dun carballo. As ilustracións de Enjamio (La Habana, 1962) teñen unha feitura exquisita que axudan a poñer ao lector no punto de vista dos caracois. Escolle tons escuros que contrastan co fondo branco en ilustracións a dobre páxina nas que o texto encaixa en función da imaxe. O artista emprega a técnica do debuxo con bolígrafo para ampliar a gama das texturas e crear espazos de xeito maxistral: o ceo, a superficie dun vehículo, a herba ou o asfalto. A cuberta a cor é un fondo vexetal en tons escuros na que se presenta ao personaxe clave da historia, o caracol, tamén en tons escuros agás os ollos, os únicos elementos nos que destaca o branco.

Alfaya, An, *A cea das enaguas*, Vigo: Grupo Editorial Luis Vives/ Tambre, col. Catavento, n.º 34, [lectorado mozo], 2016, 179 pp. (ISBN 978-84-9046-148-8).

Novela realista con trazos de detectives de An Alfaya (Vigo, 1964) que trata temas como o amor-desamor, contrabando, segredos, conflitos familiares e asasinatos. Divídese en dezasete capítulos, nos que se conta unha historia que ten como argumento o descubrimento por parte do protagonista dun segredo moi ben agochado durante anos que influirá no devir da súa vida. Mediante un narrador omnisciente e os diálogos entre os personaxes e consigo mesmo, cóntanse unha serie de sucesos que ocorreron nunha vila mariñeira hai moitos anos e que influíron na actual vida do protagonista Eloi. A medida que avanza a narración, os personaxes irán desvelando a trama. Eloi, consciente de que seu avó agochaba algo e alimentado pola súa curiosidade, comeza a pescudar na historia da vila dos seus antepasados. Coa chegada de Sito Novo, quen nun pasado se dedicara ao contrabando, Eloi repara en que seu avó se puxera aínda máis nervioso e decide seguir a Sito Novo até a casa de Sara, unha vella que pasaba os días no faiado da súa casa, falando consigo mesma, sen saír nunca da casa e sobrevivindo grazas ás

provisións que o avó de Eloi, Matías, lle levaba. Alí, agochado no baño, Sara revela o seu segredo a Sito Novo, que matara o seu home e que, coa axuda de Matías, agochara o segredo. Tras estas revelacións, nas que Eloi descobre que seu avó estivo implicado, Matías cae profundamente enfermo e ten que ser levado ao hospital. Mentres Sara, liberada da carga moral que lle supuxo todos estes anos de penitencia, decide que chegou a hora de partir e quítase a vida. Xa no leito de morte, Matías confesa tanto a Eloi como a súa nai un segredo aínda máis importante: el non era o verdadeiro avó de Eloi, senón Sara. Coa axuda da súa muller, quedaran coa filla de Sara, facéndolle crer que nacera morta e criándoa como súa, cambiando así, a vida do protagonista. O libro carece de ilustracións aínda que ten unha fotografía na cuberta con cores amarelas que semella unha puntilla.

Recensións:

- Paula Fernández, "Misteriosa e interesante", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 588, "Libros", 16 xuño 2016, p. VI/ *La Opinión*, *Saberes*", n.º 545, "Letras galegas", 25 xuño 2016, p. 10.

Despois de falar doutras obras da autora, indica que esta novela introduce ao protagonista Eloi nos segredos e misterios das familias dunha vila costeira, onde visita o seu avó Matías, o antigo fareiro da vila. Apunta o argumento desta historia que conta cun narrador omnisciente e que comeza cando van eles dous a visitar a Sara, unha vella que vive nun caserío, afectada por un episodio vivido con Rodrigo, o seu gran amor. Salienta a profundidade psicolóxica dos personaxes, que viven entre o desvarío, a cordura e a pseudo-cordura desta "historia familiar cunha gran cantidade de carga dramática" que compara co romanticismo das irmás Brönte.

Alonso, Fran, *Contos nerviosos*, ilust. Dani Padrón, Ferrol: Edicións Embora, [lectorado autónomo], maio 2016, 71 pp. (ISBN: 978-84-16456-28-4).

Conxunto de catro relatos de Fran Alonso (Vigo, 1963) que están unidos entre si por pequenas chiscadelas a xeito de ligazóns, así como polo territorio literario Cabrafanada, e que exploran a fronteira entre a realidade e a ficción e entre a realidade e o mundo virtual dentro do ámbito urbano e da cultura infantil contemporánea. Un narrador omniscente conta estas catro historias fantástico-realistas. Na primeira, "O caso Amelio", o protagonista é un neno chamado Amelio que é alérxico ao ruído e por iso súa nai lévao a un médico que non lle atopa cura. Deciden ir ao SuperAlergólogo e ten que pasar unha proba. Despois disto, Amelio xa non é alérxico ao ruído pero sí ao silencio. En "Sabemos quen es", unha nena sen nome, que ten unha amiga xirafa en Cabrafanada, vive todo tipo de situacións estrañas nas que recibe unhas mensaxes misteriosas. Descobre que todo isto se debe a que ela é un personaxe e que está á espera de que a chamen para facer un libro. A terceira historia, "Café tropical", está protagonizada por un neno ao que lle gusta xogar a unha máquina que cumpre os desexos, só a ten que dominar e darlle ordes. Estando no Café Tropical, onde sempre interviña nos espazos afastados, un día decide que vai modificar virtualmente o que ten á vista. Na última historia, "O meu aniversario", unha nena moi caprichosa que se ri dos seus compañeiros invita a todos ao seu aniversario, soamente para que lle leven regalos, co propósito de que entendan que ela é a única Raíña. Mais sucede unha desgraza no

seu aniversario que fai que todos a miren mal. As ilustracións de Dani Padrón (Ourense, 1983), que ofrecen datos sobre as catro historias, son de estilo figurativo con tonalidades neutras (branco e negro). O deseño das composicións relaciónanse coas escenas que revelan os acontecementos irreais. As figuras teñen un estilo preto á caricatura en liña coa temática esperpéntica dos relatos.

Recensións:

- Ramón Nicolás, "Relatos con nervio", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "Galego", 27 maio 2016, p. 7.

Salienta o dominio do autor na escrita de relato breve e recoñece a obra como unha proposta idónea para o lectorado a cabalo entre a infancia, xuventude e idade adulta, aínda tratándose de historias protagonizadas por nenas e nenos. Tamén recomenda visitar a proposta do autor @Poética.gal, onde se interna no universo da poesía dixital e transmedia.

- Paula Fernández, "Inquedantes relatos", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 590, "Libros", 30 xuño 2016, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 546, "Letras galegas", 9 xullo 2016, p. 10.

Comenta que "o nervio e o sen sentido" marcan os catro relatos que conforman o libro. Destaca que se trata de "contos inquedantes" que se caracterizan pola súa axilidade narrativa e por presentar mundos paralelos nos que os personaxes viven situacións pouco habituais que contrastan con outras que cada vez son máis frecuentes na actualidade. Salienta que a obra mostra relatos con pinceladas críticas. Destaca o último pola relación co consumismo e cos roles mediáticos, pero sempre dende o respecto. Finaliza indicando que se trata dunha lectura enriquecedora e lúdica, non só para os máis novos senón tamén para un público adulto.

- Vicente Araguas, "Contos para quen?", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*"/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 941/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 941, "máis Libros", 10 xullo 2016, p. 30.

Tras comentar a súa sensación de despiste ante o libro porque "non teño moi claro a quen van dirixidos", describe o aspecto físico da obra, que parece estar orientado a un público novo. Indica que conta con catro relatos nos que o último está protagonizado por unha nena "guai", "pija", que ten unha mensaxe crítica para un público amplo. De seguido, explica os outros tres relatos: "O caso de Amelio", suxeito que é alérxico ao ruído; "Sabemos quen é", que ten similitudes con Pirandello, e "Café tropical", relacionado co xenio dos desexos, demostrándose que neles "a raia entre os diferentes terreos lectores é moi imprecisa". Ademais, recorda que Fran Alonso é un autor múltiple e anima á lectura destes contos, recordando que forman parte do catálogo da editorial ferrolá Embora.

- Armando Requeixo, "O caso Alonso", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*"/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 942/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 942, "letras Atlánticas", 17 xullo 2016, p. 32.

Faise referencia á bagaxe profesional de Fran Alonso, dando datos sobre os xéneros que ten traballado e facendo gabanzas sobre as súas obras e a súa profesionalidade, para logo pasar a centrarse no libro *Contos nerviosos*. Realízase unha análise de cada un dos relatos "O caso Amelio", "Sabemos quen es", "Café tropical" e "O meu aniversario". Sinálase que a lectura é proveitosa, poñendo en valor as ilustracións de Dani Padrón.

Bayorti, Alex, *Tom, Huck e o misterio da trabe de ouro*, Premio XV Certame Literario de Relato de Aventuras Antón Avilés de Taramancos, ilust. Carmela Romay, Noia/ A Coruña: Toxosoutos/ Concello de Noia/ IES Virxe do Mar/ Deputación da Coruña, col. Nume, [lectorado mozo], 2016, 75 pp. (ISBN: 978-84-945483-3-8). ■

Alex Bayorti (Santander), tras a dedicatoria "Aos meus pais, a Meu e a todas as persoas do meu pasado que conformaron o meu presente", ofrece un relato estruturado en prólogo, quince capítulos e epílogo no que se alterna o narrador omnisciente coa narración en primeira persoa no caso dos fragmentos do diario de Huck. Tom e Huck son dous amigos da infancia que por diversos motivos rematan vivindo en Galicia. Cando Huck sae do manicomio no que estaba, vai á casa de Tom para propoñerlle resolver un misterio que lle deixara Branca, unha compañeira do manicomio, antes de morrer acoitelada: debía seguir as indicacións que a levarían a atopar a trabe de ouro. Xuntos seguirán as distintas pistas até o notario Anxo Cimadevila e a eremita Xiana, que os levarán a Fisterra e ao Monte Pindo onde está a trabe de ouro, mais nesa viaxe son perseguidos polos membros dunha loxia e Huck acaba morrendo antes de conseguir a trabe.

Birott Bermejo, Loretta, *O noso Samaín*, ilust. Nuria Valdeón Balsas, Vigo: Editorial Galaxia, [prelectorado], 2016, [34 pp]. (ISBN: 978-84-9865-738-8).

Conto infantil realista de Loretta Birott Bermejo (Venezuela, 1979) que trata sobre a tradición do Samaín. Un narrador en terceira persoa conta que Antón vai de excursión a recoller castañas co colexio no día de Samaín, pero antes a mestra explícalles en que consiste esta tradición. Por boca da mestra, resúmense as orixes e evolución do Samaín. Nas ilustracións Nuria Valdeón Balsas emprega cores saturadas e alegres, predominando a cor laranxa. Aparecen diferentes símbolos celtas e da súa cultura que se relacionan coa historia que se conta do Samaín. Todo o libro segue unha liña de fantasía, fadas e espítitus e os personaxes aparecen cheos de ledicia e entusiasmo pola historia da festa dos Defuntos.

Referencias varias:

- A. Mauleón, "El Samaín, una fiesta sin barreras y sin miedos", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 28 outubro 2016, p. 38.

Tras recordar que Galicia ten a súa propia festa dos defuntos, explícanse dúas iniciativas para dar a coñecer o Samaín. A primeira pertence aos profesionais de AZ Lengua de signos, os cales colgaron en Youtube un vídeo onde se traduce a canción "No Samaín" de Paco Nogueiras a esta lingua e que foi moi ben recibido, como o demostran as múltiples visualizacións. Dise que as encargadas da tradución foron Aránzazu Casas, codirectora do

proxecto, e a súa compañeira Erea Alonso. A segunda iniciativa é o libro *O noso Samaín* de Loretta Birott, no que se explican "as particularidades desta festa que moito antes que en América, xa existía en Galicia". Coméntanse as ilustracións de Nuria Valdeón, salientando que con elas se relata quen son as meigas e a Santa Compaña, entre outras cuestións. Finaliza destacando que se busca que a nenez entenda, de forma amena, a orixe das tradicións galegas.

- Ana Baena, "Loretta Birott Bermejo. 'A festa do Samaín non é nengunha invención, é a orixe de todo dende a cultura celta", *Atlántico Diario*, "Vigo", 31 outubro 2016, p. 7.

Despois duns datos referidos á autora, nesta entrevista fálase deste álbum co que se pretende dar a coñecer a historia do Samaín "aos máis cativos" para que poidan diferencialo do Halloween americano. A autora comenta que é o Halloween o que provén do Samaín e non ao contrario, por iso é importante transmitirllo á rapazada. Apunta que esta tradición provén dos celtas, que celebraban así a chegada das colleitas e que en Galicia se prohibiu e pasou a ser o día de Defuntos. Para finalizar, remarca que non se trata dun invento e que a súa obra se basea nas teses de Rafael López Loureiro, coñecedor do Samaín, e tamén que foi un álbum pensado orixinalmente para os seus fillos, que ademais protagonizan a historia.

Blanco Blanco, Concha, *Do Re Mi Fantasía*, ilust. Olaya Naveira Souto, Santiago de Compostela: Ediciones Bolanda, [lectorado autónomo], 2016, 48 pp. (ISBN: 978-84-608-8857-4).

Concha Blanco Blanco (Lires, A Coruña, 1950) dedica a obra á súa neta Ana López Canosa. Está formada por un conxunto de vinte e tres historias de tendencia fantástica, escritas en verso e prosa. Deste xeito, a obra pode lerse de tres maneiras diferentes: ler só os versos de poesía, ler só os parágrafos de prosa ou ler ambos. Elíxase a maneira que se elixa, comprenderanse as historias sen dificultade. Nas partes narradas, elixe diferentes narradores, mais case todos son en terceira persoa e omniscientes. Nas partes de poesía a voz poética conta o mesmo que o narrador omnisciente, pero dándolle un toque diferente e con maior musicalidade. Ambas se complementan, axudando ao lector a realizar unha mellor comprensión. Cada historia dá vida a un personaxe protagonista diferente e peculiar que habita no mundo da fantasía, como pode ser Don Tomé, a vaca Lucinda ou o Vento da Serra. Don Tomé é un home normal que quere chamar a atención, así que fai un cambio físico. Como iso lle parece pouco, realiza costumes estrañas na súa alimentación. En canto á vaca Lucinda, é unha vaca especial a quen lle gusta cantar e cociñar. Cada día intenta superarse e decide traballar nunha orquestra. Despois de moitos intentos e con moito ánimo, consígueo. O Vento da Serra levoulle o paraugas a Mario. Este paraugas non se preocupou: decidiu facer turismo e, deste xeito, aprendeu idiomas e fixo amigos, entre outras moitas cousas. Acompáñase e compleméntase coas ilustracións de Olaya Naveira (Ordes, 1990) onde a liña simple se mestura co trazo máis enérxico do garabato, axudando a crear volumes e reforzando o ritmo rápido e fresco das historias. Xoga nalgúns casos co branco do papel, destacando certos elementos do debuxo, e noutros deixa que este domine o fondo das escenas. As ilustracións recordan a estética do colaxe polo emprego de masas de cor lixeiramente texturizadas coas que crea sensacións de transparencia e superposición baixo as liñas do debuxo. En canto ao cromatismo, os tons suaves dos azuis agrisados aparecen contrastados cos amarelos, ocres e avermellados.

Recensións:

- Paula Fernández, “Unha boa elección”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 603, “Libros”, 17 novembro 2016, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 556, “Letras galegas”, 26 novembro 2016, p. 10.

Indica que esta obra conxuga dous xéneros literarios, mediante historias que alternan o verso e a prosa, e que se pode ler de tres maneiras diferentes: só lendo a prosa, só lendo os versos ou lendo todo xunto. Comenta que está dedicado a un público infantil e que a historia transcorre nun país imaxinario chamado Fantasía, no cal múltiples personaxes deixarán fermosas e divertidas historias grazas á gran creatividade da autora.

Referencias varias:

- R. Nicolás, “O gurgullar da fantasía”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Letras”, “En galego”, 4 novembro 2016, p. 10.

Comenta as tres posibilidades de achegarse á obra: ler os textos en prosa, os textos en verso ou ambos conxuntamente.

Cajaraville, Héctor, *Quen dá a quenda?*, ilust. Ignacio Hernández, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merlín, de 9 anos en diante, marzo 2016, 224 pp. (ISBN: 978-84-9914-997-4).

Héctor Cajaraville (Santiago de Compostela, 1974) debuta na Literatura Infantil con esta obra finalista do Premio Merlín de Literatura Infantil 2015. Recupera o personaxe da bruxa, ofrecendo unha visión positiva e humorística, aínda que habite nunha casa solitaria nunha mesta fraga, onde hai máis dun século ten o seu consultorio ao que acoden unha serie de personaxes humanos e animados, como animais, árbores, plantas e obxectos, que precisan axuda e para os que ela sempre ten unha solución beneficiosa, coa axuda de apócemas e beberaxes, dun moucho sabio e dunha cortina lingoreteira. A cambio, a meiga Divina Sandamil Penas, como compensación do seu traballo, pídelles aos seus pacientes realizar unha boa acción que repercuta para o ben común e a convivencia pacífica. Pola consulta pasan multitude de personaxes: algúns deles característicos da fauna e paisaxe galega, como a fervenza do Ézaro, un porco que come pouco, unha nube que non se parece a nada; outros que intertextualizan con obras clásicas da LIX galega, como a laranxeira, que lembra a obra teatral de Carlos Casares, e tamén un xeneral que fala en verso, un ordenador desordenado, un dicionario ao que se lle escapan as palabras, unha mesa con moita memoria, un cero inconformista, un neno soñador, unha formiga lacazana, unha baralla enfadada, un barco que se marea, unha bolboreta coas ás despintadas, dous xemelgos diferentes, unha pantasma que non mete medo e un sapo que pon nome á ponte... Nas ilustracións de Ignacio Hernández (A Coruña, 1988) retrata personaxes de fantasía e maxia empregando pintura acrílica con cores alegres e saturadas. As ilustracións están dispostas de diferentes maneiras: coma detalle na parte superior do texto ou acompañando ao texto nunha páxina enteira.

Recensións:

- Vicente Araguas, “Aquí, un lector”, *Diario de Arousa*, “*O Salnés Siradella*”/ *Diario de Ferrol*, “*Nordesía*”, n.º 929/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 929, “máis Libros”, 17 abril 2016, p. 30.

Fala da mestría do autor xa na súa anterior obra *De remate* e comenta brevemente a controversia arredor do termo literatura infantil e da súa difícil clasificación, identificando *Quen dá a quenda?* como unha obra para todos os públicos e argumentando que “a calidade literaria apenas ten máis barreiras que o siso e o sentido común”.

- Carmen Ferreira, “Quen se atreve a dar a quenda a Héctor Cajaraville?”, *El Correo Gallego*, “*2domingo*”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 4 decembro 2016, p. 6.

Despois de comentar que a meiga é un personaxe arquetípico dos contos marabillosos da transmisión oral que se conserva na literatura escrita con distintas características segundo os tempos, di que Héctor Cajaraville recupera dunha maneira moi divertida este personaxe. Comenta que a meiga deste relato non se caracteriza por facer o mal, pois ao seu consultorio acoden unha serie de personaxes humanos e animados que precisan axuda e para os que ela sempre ten unha solución beneficiosa. Como compensación a bruxa pídelles realizar unha boa acción que repercuta para o ben común e a convivencia pacífica. Tamén sinala as ilustracións de Ignacio Hernández que retratan con humor os espazos onde se desenvolve a acción e a peculiar galería de personaxes. Conclúe que realiza unha visión renovada con moita imaxinación dun personaxe milenario.

Cajaraville, Héctor, *Denébola a Roxa*, ilust. Premio Meiga Moira 2016 de Literatura Infantil e Xuvenil, Ana Pedreira, A Coruña: Baía Edicións, col. Meiga Moira, n.º 29, [lectorado mozo], novembro 2016, 197 pp. (ISBN: 978-84-9995-210-9).

Héctor Cajaraville (Santiago de Compostela, 1974) a través dun narrador omnisciente relata a historia de Dénebola, unha moza que no século XVI se ve destinada a ser monxa polo mandato de seu pai. Isto contradí a forma de ser da nena, dado que o seu soño é coñecer mundo e ser libre. Vai a un convento de Cuba do que a raptan e pasa a formar parte dun barco pirata, gañándose o respecto por parte do capitán e do resto da tripulación. A súa vida cambia totalmente e Denébola convértese na capitá do navío, sendo coñecida por todo o mundo como A Roxa, convertendo o barco pirata nun navío comercial e gañándose ao longo das súas viaxes grandes amigos. Cando xa é maior, volve á súa terra natal, Galicia, para amosarlle á súa familia en quen se converteu e ver os seus irmáns. As escasas ilustracións de Ana Pedreira aparecen ao longo da narración representadas sempre en branco e negro e describen o que está a acontecer no momento sen engadir nova información.

Referencias varias:

- M. García, “Héctor Cajaraville. ‘Os premios son a vía para ter recorrido”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Entrevista”, 29 novembro 2016, p. L10.

Conversa con Héctor Cajaraville por ter obtido o Premio Raíña Lupa con *A caixiña de rancores* e o Meiga Moira con *Denébola a Roxa*. Comenta que se atopa cómodo coa escrita para o público xuvenil, pero que non ten preferencia por ningún marco de idade. Destaca a idea de que *A caixiña de rancores* intenta transmitir valores interxeracionais comúns na sociedade actual, mentres que *Denébola a Roxa* presenta a historia dunha rapaza en 1600 que intenta escapar do seu destino. Ademais informa da futura publicación dun quinto libro e salienta a importancia dos premios como fórmula de publicación para os autores descoñecidos.

Cajaraville, Héctor, *A caixiña dos rancores*, Premio Raíña Lupa de Literatura Infantil e Xuvenil 2015, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Fóra de xogo, n.º 168, [lectorado mozo e mocidade], novembro 2016, 319 pp. (ISBN: 978-84-9121-127-3).

Novela realista con trazos detectivescos de Héctor Cajaraville (Santiago de Compostela, 1974) que nos conta, a través dun narrador omnisciente, a problemática dos nenos roubados, concretamente na localidade costeira de Valdomar. A historia comeza cando o protagonista, chamado Estevo, se ve na obriga de visitar a Chiruca, a anciá que atropelara co seu ciclomotor, durante os meses de xuño e xullo. É durante estas visitas e mediante as diversas conversas con Chiruca sobre a súa vida, cando Estevo comeza a desconfiar sobre o paradoiro dun fillo que tivera a anciá e que nacera sen vida segundo lle dixeran. Tras contarllo a Paula, a súa moza, comezan a investigar sobre os indicios de que realmente o fillo de Chiruca estaba vivo e que llo roubaran ao nacer hai cincuenta anos. Finalmente e tras contactar con diferentes persoas implicadas, este misterio vaise desenredando até descubrir que Chiruca tiña unha filla viva, chamada Aurora, que fora entregada a unha familia rica da vila que non podía ter fillos. Esta novela carece de ilustracións no interior e tan só conta cunha portada e contraportada de tapas brandas. A portada conta cunha ilustración de Miguel Ángel Vigo, onde mestura cores frías (azuis) e cálidas (vermellas) semellando a un corazón que contén varios momentos da vida dos personaxes principais.

Referencias varias:

- M. García, “Héctor Cajaraville. ‘Os premios son a vía para ter recorrido”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Entrevista”, 29 novembro 2016, p. L10.

Conversa con Héctor Cajaraville por ter obtido o Premio Raíña Lupa con *A caixiña de rancores* e o Meiga Moira con *Denébola a Roxa*. Comenta que se atopa cómodo coa escrita para o público xuvenil, pero que non ten preferencia por ningún marco de idade. Destaca a idea de que *A caixiña de rancores* intenta transmitir valores interxeracionais comúns na sociedade actual, mentres que *Denébola a Roxa* presenta a historia dunha rapaza en 1600 que intenta escapar do seu destino. Ademais informa da futura publicación dun quinto libro e salienta a importancia dos premios como fórmula de publicación para os autores descoñecidos.

Canosa, María, *O día que choveu do revés*, ilust. Dani Padrón, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merliño, [prelectorado e lectorado autónomo], xaneiro 2016, [38] pp. (ISBN: 978-84-9914-965-3).

Neste relato, María Canosa (Cee, 1978), por medio dun narrador en terceira persoa e pola voz dos personaxes, dá conta do que aconteceu na localidade de Portoseco cando as nubes, cansas de que o sol secase e volvese amarelo todo aquilo que elas regaban e convertían en verde, se puxeron en folga e estiveron días e días sen parar de chover até que a vila quedou cuberta pola auga. Apenadas do seu erro, tiveron que acudir ao sol para solucionar o problema, pero nin sequera el puido. Así que intentaron que chovera do revés, é dicir, que chovera de moitas formas distintas. Mais o único que conseguían era empeorar a situación até que apareceu o neno, Uxío, que decidiu mandarlle unha mensaxe ao mar para que levase a auga. As ilustracións a dobre páxina, realizadas por Dani Padrón (Ourense, 1983), achegan información ao relato, sendo chave para o seu entendemento xa que parte da historia é contada por medio delas. A composición e o cromatismo son fundamentais para facilitar a percepción temporal da historia e evocar as diferentes atmosferas. Nalgunhas páxinas aparecen cores cálidas para dar énfase ao traballo do sol durante a historia e noutras son as cores frías as dominantes que acompañan o sentimento de preocupación dos protagonistas nos intentos desesperados por cambiar a situación.

Referencias varias:

- J. T., "María Canosa publica 'O día que chouveu do revés", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 11 febreiro 2016, p. 38.

Anuncia a publicación deste novo libro e alude ao pasado literario da nai da autora.

Canosa, María, *O neno inverno*, ilust. María Lires, Vigo: Galaxia, col. Árbore/ Galaxia, n.º 210, a partir dos 12 anos, novembro 2016, 141 pp. (ISBN: 978-84-9151-017-8).

María Canosa (Cee, 1978), a partir dun narrador omnisciente en terceira persoa e das voces das personaxes, conta a historia de Alberte, un neno albino ao cal alcuman Inverno pola súa cor pálida, pelo branco, fisonomía en xeral e por encantarlle o inverno. Alberte está afeito ás burlas dos seus compañeiros por ser diferente e pola súa debilidade física por mor do albinismo, actitudes que cambian cando comeza a facerse amigo de Alex, unha rapaza da súa clase, intelixente, alegre e con personalidade. A amizade afiánzase por tentar coñecer un curioso poder máxico de Alberte que os fai vivir unha gran aventura na montaña, aprender a superar obstáculos e facerse máis fortes xuntos. As ilustracións de estilo figurativo de Maria Lires (A Coruña, 1973) son figuras máis ben xeométricas nas que predominan as liñas curvas e coloreadas cunha gama cromática baseada nunha escala de grises que se axustan á perfección ao ton da historia. A técnica empregada é o recorte de figuras planas para compoñer as imaxes nas que os protagonistas desta historia aparecen en diferentes momentos para complementar o relato.

Caride Ogando, Ramón, *O soño das cores*, ilust. Jaime Asensi, Santiago de Compostela: Urco Editora, col. Infantil e Xuvenil, [lectorado autónomo], 2016, 42 pp. (ISBN: 978-84-15699-85-9).

Conto ilustrado de Ramón Caride Ogando (Cea, Ourense, 1957) no que se recrea unha lenda zapoteca da rexión mexicana de Oaxaca. Ten como motivo central o cromatismo da natureza, explicando a orixe das cores nun paxaro chamado Arco Iris, existente cando o mundo era monocolor e escuro, pero co que soñou unha moza chamada Xtamosbin. Ela foi a que lle pediu ao seu amado, Cohiztli, que emprendera unha viaxe para localizar ese paxaro dos seus soños e pedirlle sete plumas, cada unha cunha cor, pois a maxia delas faría que mudara o mundo para sempre. Cohiztli aceptou o reto e viaxou atravesando montes, bosques e o mar até chegar ao lugar no que vivía o paxaro Arco Iris, que lle deu sete plumas, tal como lle pedía, pero o mozo rachou a súa palabra ao roubarlle unha pluma máis, levado pola avaricia. Este acto foi castigado coa súa condena a morte, que o paxaro quería facer extensíbel ao mundo do que procedía, pero Xtamosbin intercedeu por el e rogoulle ao paxaro que non condenara o mundo a perecer na escuridade, pois estaba agardando un fillo, froito do amor de Cohiztli. Este rogo abrandou o corazón do paxaro que, dende entón, fixo que no mundo houbese luz, pero tamén escuridade, que houbese día, pero tamén noite e que os homes e mulleres levasen consigo a dualidade do ben e o mal, en lembranza do pecado de Cohiztli. As ilustracións figurativas de Jaime Asensi (Vilagarcía de Arousa, 1957) aparecen en páxinas alternativas ao texto e recrean escenas do narrado.

Recensións:

- Isabel Mociño, "Que nos din os soños?", *El Correo Gallego*, *"2domingo"*, "Literatura Infantil e Xuvenil", "ELOS de lectura", 28 agosto 2016, p. 6.

Coméntase que esta obra publicada por Urco Editora presenta aspectos que rompen coa traxectoria literaria de Ramón Caride Ogando, ao achegarse á materia oral da tradición zapoteca, propia da rexión de Oaxaca en México. Explícase que a versión en lingua galega parte dunha edición bilingüe castelán-zapoteca publicada en 2010, aínda que non se faga constar na edición. Explícase o argumento do relato e saliéntase a harmonía deste coas ilustracións de Jaime Asensi, que realzan o cromatismo da historia. Remata cualificando a obra de "lectura engaiolante" que desvela confluencias de dúas tradicións moi distantes no espazo, pero próximas nas súas concepcións míticas.

Caride, Ramón, *O camiño da Estadea*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Fóra de xogo, n.º 166, [lectorado mozo], novembro 2016, 192 pp. (ISBN: 978-84-9121-092-4).

Novela xuvenil de Ramón Caride Ogando (Cea, Ourense, 1957) na que continúa as aventuras dos irmáns Said e Sheila, protagonistas de *Perigo vexetal* (1995), *Ameaza na Antártida* (1997), *O futuro roubado* (2000) e *A negrura do mar* (2004), entregas da serie editada por Edicións Xerais de Galicia na colección "Merlín". Vinte anos despois da publicación da primeira entrega da serie sae do prelo esta nova aventura dos dous rapaces, agora convertidos en mozos, e que se reúnen unha vez máis para vivir novas experiencias. Nesta ocasión viaxan a Bambari, un lugar no centro de África, coa

intención de pasar unhas vacacións xuntos, pero todo se complica ao ocorrer un suceso que altera as súas vidas: a morte accidental do pai de Enu, amigo de Said e da súa moza Irina. Ao longo dos dez capítulos da obra, recréanse as vivencias dos protagonistas á vez que se denuncian as presións dos intereses económicos, o tráfico ilegal de persoas ou a explotación laboral e sexual, que se exemplifican coas experiencias vitais dos antepasados de Enu, en especial os seus avós paternos, que representan a explotación de moitos pobos africanos dende a antigüidade. As diferentes pistas que van descubrindo os protagonistas levaraos por diferentes lugares do planeta, dende África a Europa e mesmo a Galicia, lugar no que os devanceiros de Enu se atoparan e namoraran había décadas. So ten ilustración da cuberta a toda cor de Miguelanxo Prado (A Coruña, 1958) que recrea unha nave futurista sobrevoando unha cidade do futuro mentres que os protagonistas da serie dende a nave contemplan a cidade iluminada.

Carreiro, Pepe, *Os Bolechas van á neve* (ISBN: 978-84-608-7007-4)/ *Os Bolechas van de hotel* (ISBN: 978-84-608-5974-1)/ *Os Bolechas van ao parque acuático* (ISBN: 978-84-608-7008-1)/ *Os Bolechas van en carriño* (ISBN: 978-84-608-9421-6), ilust. do autor, Santiago de Compostela: Edicións Bolanda, [lectorado autónomo], 2016, [19] pp.

Tres novas aventuras cotiás dos irmáns Bolechas, do autor Pepe Carreiro (Vigo, 1954), contadas por un narrador omnisciente con intercalación de breves frases de diálogos entre os protagonistas. En *Os Bolechas van á neve* todos os irmáns van á neve cos avós Balbina e Marcelo. Alóxanse nun *bungalow* e deciden montar nunha zorra. Todos menos Loli van probando de varias maneiras para acomodarse na zorra. Loli, que non aguanta co frío vai poñendo un tras outro, primeiro o anorak da avoa, despois o do avó e finalmente o edredón da cama da avoa. Cando xa logra estar quente monta na zorra e bota fóra ao resto dos irmáns quedando tan contenta. En *Os Bolechas van de hotel* os protagonistas están de vacacións con tía Lupa, tío Agostiño e a curmá Saladina e amosan como pasan un día no hotel, onde coñecen os saúdos en diferentes idiomas, como alemán, inglés, francés e italiano. Tamén almorzan no bufete, toman un xeado da máquina de xeados e xogan aos piratas na piscina. En *Os Bolechas van á ao parque acuático* os irmáns van coa avoa Flora ao parque acuático e cando van no autobús do parque, todos poñen traxe de baño, menos Chispa, o can, que non gusta da auga e pon o chuvasqueiro. Montan en balsas para baixar polos tobogáns. Sonia, asustada pola velocidade coa que baixan polos tobogáns tubo e pola forma de quenlla xigante que ten a saída do tubo, quere marchar e todos marchan enfurruñados para á casa. Finalmente Sonia amaña a situación cunha idea xenial, montar un parque acuático no baño da avoa. *Os Bolechas van en Carriño* conta como todos os irmáns van de paseo coa sua nai que leva a Tatá, o máis pequeno, en carriño. Os irmás cánsanse de camiñar e van turnándose para subir á plataforma do carriño. Finalmente súbense todos ao carriño até que Tatá rompe a chorar e a mamá opta por subirse ela mesma e que empurren os pequenos. Nas ilustracións Pepe Carreiro emprega cores saturadas, alegres e planas cun grafismo lineal, simple en negro. Nas súas historias redacta as aventuras da familia dos Bolechas onde expresan gran variedad de emocións que senten os nenos.

Carreiro, Pepe, *Os Bolechas fan unha merenda con vexetais*/ *Os Bolechas dormen na casa dos curmáns* (ISBN: 978-84-608-5975-8)/ *Os Bolechas ven unha moura* (ISBN: 978-84-608-9422-3), ilust. do autor, Santiago de Compostela: Edicións Bolanda, [lectorado autónomo], 2016, [19] pp.

Novas aventuras cotiás destes personaxes ideados por Pepe Carreiro (Vigo, 1954). En *Os Bolechas fan unha merenda con vexetais*, mediante un narrador omnisciente e os diálogos dos personaxes, cóntase a aventura dos Bolechas na casa dos seus curmáns cos preparativos para facer unha merenda con vexetais. Invitan a todos os veciños e cada un ten que levar un alimento vexetal, pretexto para que se dea información sobre eses alimentos que, como din, dependendo da súa cor afectan de maneira positiva ás diferentes partes do organismo. En *Os Bolechas dormen na casa dos curmáns*, a partir dun narrador omnisciente e coa axuda dos diálogos dos personaxes que participan na obra, conta o que lles aconteceu aos Bolechas cando foron durmir á casa da aldea dos seus curmáns. A aventura céntrase en que non caben nas camas polo que deciden durmir na tenda de campaña no xardín, pero non o conseguen porque Sonia trae, como se fose un oso de peluche, a un enorme golfiño inchable que non cabe na tenda, polo que teñen que repartirse entre as camas e o xardín. En *Os Bolechas ven unha moura* os protagonistas, que pasan o verán na casa dos curmáns da aldea, coñecen o personaxe da moura polo que lle conta Sarela antes de durmir. Todos quedan durmidos agás Braulio que cre ver unha moura no camiño e os esperta a todos, mais resulta ser Domitos Mikarias, unha rapariga irlandesa que parou a peitearse na fonte. As imaxes do propio autor son representacións do que acontece na historia. En cada páxina aparece o texto máis a ilustración que reproduce o que están a facer os personaxes.

Referencias varias:

- Alba Lago, "Aprendendo hábitos alimenticios cun conto dos Bolechas", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 26 xaneiro 2016, p. 43.

Comenta que na presentación do libro *Os Bolechas fan unha merenda con vexetais*, a conselleira Ángeles Vázquez explicou a importancia de promover hábitos saudabeis entre os máis novos dun xeito lúdico e eloxiou a iniciativa da Xunta de repartir froitas entre alumnado de distintos centros escolares xunto a exemplares do libro de Carreiro.

Carreiro, Pepe, *Os Bolechas van a Mostra da Olería de Buño*, ilust. do autor, Santiago de Compostela: Edicións Bolanda, [lectorado autónomo], 2016, 31 pp. (ISBN: 978-84-617-4018-5).

Pepe Carreiro (Vigo, 1954), mediante un narrador omnisciente e, coa axuda dos diálogos dos personaxes, narra as aventuras dos irmáns Bolechas, o seu can e Carmiña, nena da parroquia de Buño (Malpica de Bergantiños), quen lles ensina a zona, a famosa olería e a súa mostra, sempre acompañados pola nai de Carmiña. Os Bolechas percorren a costa na lancha da nai e coñecen o faro de punta Nariga e as illas Sisargas. As xemelgas Bolechas, Pili e Loli, teñen moita sede e deciden facer un porrón para enchelo de auga. Tras varios intentos con distintos materiais como terra ou area mollada, a oleira Carmiña explícalles a elaboración desta peza, polo que van aos Barreiros para coller barro. Feito o porrón, as xemelgas éncheno de auga e desfaiselles, porque tiñan que cocelo no forno para que non se derretese. Carmiña móstralles os antigos fornos que se empregaban e tamén visitan o Ecomuseo, rematando a excursión na Mostra de Olería de Buño, onde o pai de Carmiña lles entrega a Pili e Loli un porrón para poder beber auga fresquiña. As imaxes do propio autor son representacións do que acontece na historia.

En cada páxina aparece o texto máis a ilustración que reproduce o que están a facer os personaxes.

Referencias varias:

- José M. Ramos, "Costa da Morte concilia con formación y diversión", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 12 agosto 2016, p. 41.

Comenta as actividades dos Bolechas, entre elas destaca que os personaxes de Pepe Carreiro acudiron a Buño para presentar *Os Bolechas visitan a Mostra da Olería*, obra que recibiron como agasallo todos os nenos e nenas presentes.

Carreiro, Pepe, *Os Bolechas. Eduardo Pondal*, ilust. do autor, Santiago de Compostela: Edicións Bolanda, col. As miñas primeiras Letras Galegas, [lectorado autónomo], 2016, 21 pp. (ISBN: 978-84-617-6582-9).

Pepe Carreiro (Vigo, 1954) neste álbum, a través dun narrador en primeira persoa (Loli) que se disfraza físicamente do escritor Eduardo Pondal para contar a historia dos *Eoas* (navegantes que descubriron América), describe esta obra referíndose á paisaxe e reflectindo os sentimentos e emocións que viviron os navegantes como pena, desánimo, cansanzo…, incluíndo na narración os versos do propio Pondal. Despois disfrázase de bardo, poeta celta como se consideraba Pondal de quen é precisamente o himno galego incluído na obra do autor *Queixumes dos pinos*. A seguir disfrazase de médico para contar a vida de Pondal. As ilustracións do propio autor axudan a seguir o texto, ao reflectir os distintos sucesos e lugares que se van narrando; permiten unha lectura visual exenta e amplían a lectura textual; sitúanse a dobre páxina, e algunhas, nunha soa. Os seus trazos son redondeados e as cores empregadas vivas e cálidas.

Referencias varias:

- Mario Álvarez, "Nova colección dos Bolechas cos protagonistas do Día das Letras", *El Correo Gallego*, "Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio", 2 decembro 2016, p. 40.

Dá conta do acto de presentación da nova colección dos Bolechas titulada "As miñas primeiras letras galegas" na sede da Real Academia Galega, onde o presidente desta institución, Alonso Montero, e os propios Bolechas recibiron a alumnadp do Centro Rural Agrupado Boqueixón-Vedra "Neira Vilas". Comenta que a serie achega dun xeito didáctico e divertido a vida e obra dos grandes autores da literatura galega homenaxeados no Día das Letras Galegas. Explica que cada volume converte unha das obras do autor nun entretido conto no que se descubre ao propio persoeiro, mentres se goza dunha aventura dos irmáns Bolechas. Indica que se completa cunha breve biografía e un repaso pola produción do autor escollido. Apunta que o primeiro volume se dedica a Eduardo Pondal e os seguintes a Rosalía de Castro, Manuel Curros Enríquez, Ánxel Fole e Manuel María.

Carreiro, Pepe, *Os Bolechas van a Padrón*, ilust. do autor, Santiago de Compostela: Edicións Bolanda, col. Guías, [lectorado autónomo], 2016, 31 pp. (ISBN: 978-84-608-7109-5).

Pepe Carreiro (Vigo, 1954) por medio dun narrador omnisciente conta as vivencias no Camiño de Santiago de Compostela a Padrón dos irmáns Bolechas (Carlos, Loli, Pili, Braulio, Sonia e Tatá), acompañados do seu can Chispa, a tía Lupa e Carme, nena padronesa que será a súa guía neste percorrido. Nun principio, explícase a ruta que se vai seguir para conseguir a Pedronía (diploma que demostra que se fixo o camiño), e, a continuación, unha vez preparados os protagonistas, comeza a viaxe. Tras unha camiñata, os Bolechas deciden parar a descansar e comer. Chispa, tamén ten fame e colle a bolsa onde está a comida e escapa. A súa busca serve de guía para amosar algúns dos lugares máis relevantes deste concello, como a casa de Rosalía de Castro, o xardín botánico e as rúas de Padrón. Cando o collen, descobren que Chispa comera uns pementos de Padrón, e por iso estaba tan nervioso, polo que o levan a refrescar a boca á Fonte do Carme. Rematan o camiño visitando o Pedrón e recollendo, no albergue de peregrinos, os seus diplomas (a Pedronía). Ao final, Carme lévaos á casa da súa avoa e comen todos xuntos pementos de Herbón. As imaxes do propio autor son representacións do que acontece na historia. En cada páxina aparece o texto máis a ilustración que reproduce o que están a facer os personaxes.

Referencias varias:

- M. Toledo, "El Concello difunde la guía 'Os Bolechas van a Padrón", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 30 decembro 2016, p. 30.

Infórmase da edición por parte do Concello de Padrón desta guía turística dirixida ao público infantil que dá a coñecer a relevancia do municipio no Camiño de Santiago. Coméntase que a publicación se repartiu entre o alumnado de infantil dos centros escolares de Padrón e se está remitindo un exemplar ás principais bibliotecas galegas. Anúnciase a presenza dos Bolechas no municipio o 4 de xaneiro.

Casalderrey, Fina, *O segredo de Zoe*, ilust. Marina Seoane, Vigo: Tambre, col. Ala Delta, n.º 23, a partir dos 5 anos, 2016, [40] pp. (ISBN: 978-84-9046-145-7).

Relato de Fina Casalderrey (Xeve, 1951) no que un narrador en terceira persoa conta o que lle acontece á nena Zoe unha noite que non daba durmido preocupada por un segredo. Queda durmida e no canto da nota que escribira atopa un ovo de chocolate e unha nota que lle indica que o coma na merenda. No colexio come o ovo e dentro hai a figura dun barco desmontado en pezas. Volve a casa e á noite seu pai mariñeiro regresa despois de moitas semanas fóra e Zoe ensínalle o primeiro dente que lle caera e que ela custodiara para que non o levara o Rato Pérez e llo puidera regalar a seu pai. Marina Seoane (Madrid, 1957) ilustra a portada e interiores con composicións a dobre páxina que acompañan o relato describindo con sutileza os personaxes e espazos da historia. Evidénciase un traballo dixital que explota a capacidade plástica das texturas pictóricas e no que se percibe un gran interese por marcar os volumes das figuras.

Recensións:

- María Navarro, "O valor do cotián", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 582, "Libros", 5 maio 2016, p. VI/ "Con diálogos sinxelos", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 539, "Letras galegas", 14 maio 2016, p. 10.

Fala do valor incalculábel que adquire a vida cotiá na nova novela de Fina Casalderrey mediante a mestura da ficción e realidade. Ademais describe brevemente o argumento e remata salientando a habilidade da escritora de facer maxia coas palabras, cargadas de tenrura e sensibilidade, transmitindo unha mensaxe que destaca polo fondo e pola forma.

Cimadevila, Fernando, *O mundo secreto de Basilius Hoffman. Un faro na escuridade*, ilust. Iván Valladares, Santiago de Compostela: Urco Editora, col. Alcaian, [mocidade], 2016, 362 pp. (ISBN: 978-84-15699-50-7).

Segunda novela da saga protagonizada polo arqueólogo e historiador Basilius Hoffman de Fernando Cimadevila (Santiago de Compostela, 1977). Nesta ocasión, o arqueólogo Basilius Hoffman e o seu sobriño Peter percorren a Cidade dos Tellados, que unicamente posúe tellados, pontes, escaleiras e balcóns, e sen enfrontan aos seus peores inimigos, é dicir, eles mesmos mentres buscan o Diario do Cartógrafo, unha reliquia que os levará a novos mundos e a descubrir a patente escuridade que agochan no seu interior. Peter redacta unha serie de notas que conducen a unha historia no seu caderno, pero en ningún momento se fai partícipe ao lector. Conta coas ilustracións do artista Iván Valladares, quen realiza debuxos que escenifican moitos momentos da historia ou os obxectos que os investigadores van atopando no seu camiño.

Cobas, Amadeo, *A cacería*, V Premio Internacional de novela curta "Cidade Centenaria de Riveira", Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Fóra de Xogo, n.º 163, [mocidade], febreiro 2016, 131 pp. (ISBN: 978-84-9914-981-3).

Amadeo Cobas (Noia, 1966) vertebra esta novela épica en oito capítulos que, á súa vez, se esgazan en breves escenas, cuxa historia está enfiada pola voz narrativa do seu personaxe principal. Malia non ofrecérense datos puntuais sobre o espazo e o tempo do discurso, múltiples referencias sitúan o lector na etapa remota da prehistoria. Zairo, o fillo de Tahiel e Antawara, acaba de abandonar a nenez ao participar cos montaraces homes do seu pobo na Gran Cacería, que lles daba alimento para os escuros e fríos meses de inverno. De regreso ninguén os recibe e contemplan abatidos a devastación do seu pobo, polo que inician unha nova cacería para vingar a terríbel matanza e conservar a súa estirpe co rescate de nenos e mulleres. Intúen que os artífices de semellante matanza son as sombras de Eztli, que se serven da secreta substancia do erere para fulminar os seus inimigos. Máis ala de buscaren alianzas fallidas, os perigos da viaxe increméntanse pola ambición de dous dos seus homes, Crótalo e Sphinx, que procuran o poder e o control do seu pobo. Nesta dura travesía tanto física coma interior, Zailo tamén está acompañado polo seu pai Tahiel, o xefe Pushaq e o menciñeiro Quesintuu, así como de Killari, a valente filla do xefe dos labradores, dos que recibe aprendizaxes e ánimo para afrontar os momentos máis difíciles de perda e loita para acadar a recuperación da nai e de súa irmá Wayna. Zailo consegue preservar a estirpe do seu

pobo, no que agora as mulleres pasan a ser unha peza fundamental da súa organización. Aventuras, amor, cobiza, morte, ilusión... son forzas encontradas que se concitan na conversión de Zailo nun heroe plasmada nesta novela iniciática de marcado carácter cinematográfico, na que conviven tradicións ancestrais de diferentes culturas. So ten ilustrada a cuberta cunha fotomontaxe de Miguel A. Vigo que recrea unha pintura rupestre coa figura dun xinete no momento álxido da cacería, reflictindo a temática da novela.

Recensións:

- María Navarro, "Afouteza e responsabilidade", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 579, "Libros", 14 abril 2016, p. IV/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 536, "Letras galegas", 23 abril 2016, p. 10.

Salienta que a obra foi a gañadora do V Premio Internacional de Novela Curta "Cidade Centenaria de Riveira" e fai unha pequena sinopse do mesmo, destacando que, a pesares de situar os acontecementos nun tempo pasado, a tensión entre os personaxes e a prosa áxil faina atractiva para o lectorado actual.

- Eulalia Agrelo, "A cacería, de A. Cobas", *El Correo Gallego*, "*2domingo*", "Literatura Infantil e Xuvenil", "ELOS de lectura", 18 setembro 2016, p. 4.

Céntrase no comentario desta novela épica que cualifica como sen anotacións temporais e espaciais, pero que, a través do *modus vivendi* dos seus personaxes, se sitúa nas primeiras etapas da historia. Sinálase que esta contextualización resulta pouco frecuente na produción literaria infantil e xuvenil galega e que dela se serve Amadeo Cobas para recrear a viaxe física e íntima de Zairo, que terá que vingar o ataque sufrido polos homes e mulleres do seu pobo. Detalla outros elementos compositivos desta viaxe cara ás terras das sombras de Eztli que, amais de recoller a conversión do neno nun heroe, expresa a loita dos pobos pola salvación da súa identidade.

Collazo López, Iria, *A soidade das medusas*, ilust. Luz Beloso, Vigo: Galaxia, col. Costa Oeste, [lectorado mozo], novembro 2016, 79 pp. (ISBN: 978-84-9151-019-2).

Iria Collazo (Barro, 1981) ofrece seis relatos con eixo común a soidade, como sentimento que atrapa as vidas nalgún momento, e nos que explora temas universais da literatura e da arte, como o paso do tempo, a mirada do escritor perante os detalles, a morte, os mundos náufragos e a resiliencia. Co título de"Náufrago", relátase a paranoia dun home preso nunha habitación e que, coa obsesión de saír de aí, accidentalmente lle cae un reloxo que malfire a un vello polo que varios axentes de policía irrumpen para detelo. En "Ave de paso", Helga, unha muller en silla de rodas, asiste á morte da súa coidadora Begoña sen poder facer nada por axudala e tamén acaba ela morrendo, converténdose en ave. En "Protagonismo" Olivia Porto, unha prestixiosa pianista, enfróntase aos seus medos antes dun concerto. "Toc" é a historia en primeira persoa dunha moza que sofre un transtorno obsesivo compulsivo dende pequena cando matou sen querer unha vacaloura e a mestra lle pegou. O relato "O avó" presenta unha parella que agarda no hospital que o avó se recupere do accidente que sufriu indo coa súa neta pola rúa cando lle caeu un reloxo. Por último "Sweet child of mine" é a historia dunha

nena, Eva Louro, que escapa con súa nai da casa e que a axuda cando é atacada pola Besta. Luz Beloso (Monforte) é autora tanto da cuberta como das seis ilustracións do interior en escala de grises. Todas son imaxes evocadoras que enmarcan momentos e sensacións da historia sen desvelar o seu contido, empregando técnica dixital cun trazo solto que ten un acabado moi pictórico. Beloso acentúa as luces e as sombras cunha estética moi cinematográfica e na cuberta xoga tamén coas tonalidades azuis que evocan o carácter ficcional do relato.

Referencias varias:

- Cuca M. Gómez, "Una tarde con La Patrulla Canina", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Gente a diario", "De café con Cuca", 27 novembro 2016, pp. 86-87.

Informa da presentación do libro de Iria Collazo e destaca que contou coa presenza do editor Francisco Castro.

Costas, Ledicia, *Jules Verne e a vida secreta das mulleres planta*, Premio Lazarillo de Literatura Xuvenil 2015, ilust. Andrés Meixide, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Fóra de xogo, n.º 165, [lectorado mozo e mocidade], xuño 2016, 240 pp. (ISBN: 978-84-9121-070-2).

Ledicia Costas (Vigo, 1979), facendo uso de episodios históricos reais con escenas totalmente ficcionais, enfía esta novela na que o escritor francés Jules Verne se verá involucrado na resolución do misterio das mulleres planta coa axuda do inventor vigués Sanjurjo Badía, do grumete Pierre e da moza Violeta. Ambientada na cidade olívica no ano 1884, Verne chega accidentalmente no seu iate, o Saint Michel III. Alí tentará resolver o misterioso enigma das Mulleres Plantas, unha fantástica estirpe feminina híbrida, a medio camiño entre a especie humana e as plantas. Acompañado do grumete Pierre, chega á botica de Philipot, custodio do único exemplar dun libro secreto que trata de atopar a cura para a súa dona, a avoa Melisa, unha muller planta que está sufrindo a conversión en árbore e que debe ir a un bosque subterráneo nas Illas Cíes. Coa axuda de Sanjurjo Badía e o seu somerxible Merveilleux Nautilus conseguen levar a Melisa ao bosque das Illas Cíes, onde se atopan con Azucena, nai de Violeta e gardiá do bosque, quen fará todo o posible porque o secreto non vexa nunca a luz. Tanto a portada como as ilustracións que aparecen no interior do libro son obra de Andrés Meixide (Vigo, 1970) quen amosa un estilo menos caricaturesco que noutros traballos, axustándose a unha estética máis naturalista que trata de achegarse ao tempo histórico do relato con debuxos que recordan a ilustración máis documental dos tratados botánicos ou das cartas náuticas. A portada garda o aire lírico, máxico e misterioso que acompaña a historia.

Recensións:

- María Navarro, "Ben axeitada aventura", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 591, "Libros", 7 xullo 2016, p. VI.

Salienta que Ledicia Costas vén de acadar o galardón do Premio Lazarillo-2015 de Creación Literaria con esta obra. Considera que se basea en datos históricos e que artella unha narración onde é difícil discernir entre realidade, ficción e fantasía. Destaca que a autora atrapa a atención do lector, pois incide en que queda cativado pola misteriosa temática do imaxinario colectivo e a maxia das palabras nas que se establece un xogo entre humanos e plantas, achegando á natureza calidades das persoas e aos individuos impresións xamais experimentadas, e no que ocorre unha especie de simbiose que abre a posibilidade a outras formas de vida.

- Ramón Rozas, "Sempre Jules Verne", *Diario de Pontevedra*/ *El Progreso*, "*Táboa Redonda*", n.º 43, 10 xullo 2016, p. 5.

Salienta que a escritora colle con firmeza o relevo da novela fantástica de Jules Verne nesta galardoada novela onde, a través dun fío condutor, se artellan, como nunha tea de araña, unha serie de acontecementos que van atrapando ao lector. Sinala que, aproveitándose da estraña e pouco coñecida visita do afamado escritor a Vigo, localiza a obra nesta cidade, dándolle especial relevancia ás illas Cíes que, tras a lectura, son vistas dende outra perspectiva, ao igual que sucedía coas obras de Verne.

- Manuel Bragado, "O Verne vigués de Ledicia", *Faro de Vigo*, "Opinión", 20 setembro 2016, p. 28.

Dá conta do argumento da novela, centrada en desenlear o enigma da segunda estancia de Verne na cidade de Vigo, tras sufrir na Coruña unha avaría na máquina de vapor. Indica que Ledicia reconstrúe nesta obra aquel Vigo primixenio e destaca que fai unha descrición de moitas das rúas e recunchos da cidade ofrecendo unha das mellores páxinas do Vigo literario.

Referencias varias:

- ELOS, "Premios Lazarillo 2015", *El Correo Gallego*, "*2domingo*", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Protagonistas eLIXidos", 28 febreiro 2016, p. 6.

Faise protagonista do comentario á escritora Leticia Costas por ter recibido o Premio Lazarillo de Creación Literaria con *Jules Verne e a vida secreta das Femmes Plante*. Coméntase que a obra será publicada este ano por Edicións Xerais de Galicia e recóllense comentarios dun dos membros do xurado. Destácase que esta novela, ambientada no século XIX, recrea unha das viaxes que Jules Verne fixo á cidade de Vigo en 1884, "seguindo o rastro das mulleres planta". Tamén se citan creadoras vascas como Maite Gurrutxaga e Alaine Agirre, que acadaron o Premio de Álbum Ilustrado.

- A. Baena, "Vigo é unha cidade moi literaria e aproveitei as visitas de Verne para escribir unha historia", *Atlántico Diario*, "Vigo", "Entrevista", 6 xullo 2016, p. 15.

Entrevista a Ledicia Costas, ao redor da súa última obra, na que rende homenaxe ao célebre escritor francés e á cidade natal da autora: Vigo. Relaciona estes dous elementos porque "é un personaxe emblemático da literatura universal", o cal visitou a cidade dúas veces. Ademais conta que "temos que lle sacar máis partido á nosa cidade, porque

temos moitas cousas das que presumir". Indica que a autora estivo en Vigo asinando exemplares na Feira do Libro.

- R. Nicolás, "Un libro con maxia", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "En Galego", 22 xullo 2015, p. 10.

Valora a brillante reconstrución do Vigo do século XIX, a homenaxe á memoria de Verne e a creación dunha estirpe fantástica feminina ("as mulleres planta") como ingredientes enfeitizantes da nova novela de Ledicia Costas.

- Concha Gómez, "Ledicia Costa novela el viaje de Julio Verne a Vigo", *Atlántico Diario*, "Vigo", 14 setembro 2016, p. 11.

Coméntase o lugar, hora e asistentes á presentación desta obra. Preséntase un breve resumo do argumento, destacando a influencia de *Vinte mil leguas baixo dos mares*, na que se mesturan "fantasía e rigor histórico". Faise un percorrido polas obras publicadas e polos premios galegos e nacionais que recibiu a autora, reflexionando sobre a importancia dos galardóns obtidos.

- A. Nogueira, "Ledicia Costas. 'Escribir en galego implica moitas renuncias, tamén unha conciencia", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 17 setembro, p. 39.

Entrevista a Ledicia Costas arredor da publicación da súa última obra na que reflexiona sobre a escolla de escribir sobre mulleres, a importancia de Jules Verne e o interese por ambientar a novela no seu Vigo natal. Comenta a felicidade que experimentou despois de gañar o premio Lazarillo e o seu compromiso coa lingua galega.

- Xosé C. Caneiro, "Veracidade", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Club Dandi", "Letras", "En galego", 23 setembro 2016, p. 12.

Salienta a riqueza de Costas como narradora e loa a calidade literaria de *Jules Verne e a vida secreta das mulleres planta* como novela que se substrae ás restricións do xénero.

- Manuel Bragado, "Unha biblioteca para Navia", *Faro de Vigo*, "Opinión", "Campo de Granada", 22 de novembro 2016, pp. 24-25.

Dáse conta da presentación da obra na Librería Hobbit e das intervencións da autora e de Daniel Landesa, ambos veciños de Navia.

Costas, Ledicia, *Esmeraldina, a pequena defunta*, ilust. Víctor Rivas, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merlín, n.º 250, de 11 anos en diante, marzo 2016, 214 pp. (ISBN: 978-84-9914-999-8).

Ledicia Costas (Vigo, 1979) por medio dun narrador en primeira persoa, a personaxe principal chamada Esmeraldina, conta as vivencias dunha pantasma despois de enfermar de escarlatina. A historia está dividida en quince capítulos máis un libro de receitas. Comeza no día da morte de Esmeraldina, quen vai descubrindo o tan distinto mundo dos mortos, o que eles coñecen como o Alén Mundo, grazas á compañía da súa amiga Lady Horreur. Pero esta nena non quere marchar a ese mundo, xa que se quere quedar no

hotel no que vivía cos seus pais e a súa avoa. Eles traballan nas cociñas dese hotel, baixo o mando de Amancio, o tan indesexábel dono do hotel. Un xiro dos acontecementos fan que Esmeraldina (Escarlatina despois de morta) teña que enfrontarse a situacións e pantasmas cos que nunca pensara atoparse. Trátase dun libro de tapas brandas, no que predomina máis a escritura que as ilustracións, realizadas por Víctor Rivas (Vigo, 1965), quen usa cores escuras con predominio dos violetas, alaranxados e verdosos apagados. Rivas crea personaxes de estilo caricaturesco e estética vitoriana, con moito detalle na caracterización e na representación do vestiario. Nas últimas páxinas as follas toman unha estética de libro antigo para ofrecer as Receitas da Tremenda.

Recensións:

- María Navarro, "Esmeraldina volve", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 578, "Libros", 7 abril 2016, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 535, "Letras galegas", 16 abril 2016, p. 10.

Comenta a concepción da obra como unha "precuela" de *Escarlatina, a cociñeira defunta* que goza xa da atención do público mozo. Tamén fala brevemente do argumento, facendo fincapé nos puntos de converxencia e distanciamento da obra e a súa antecesora, salientando a representación da morte sen ningunha compoñente tráxica e a importancia da arte culinaria na concepción da novela.

Dans, Raúl, *Pauliño é un cabalo*, ilust. Pedro Díaz Lorenzo, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merlín, n.º 264, de 7 anos en diante, marzo 2016, 53 pp. (ISBN: 978-84-9914-998-1).

Obra fantástico-realista de Raúl Dans (A Coruña, 1964) na que un narrador omnisciente con diálogos dos propios personaxes conta a vida de Pauliño, un rapaz que quere ser un cabalo. Malia ser un cabalo, Pauliño ten que lavar a cara e os dentes, ir á escola e facer os deberes. Cando chegan as vacacións, como cada ano, Pauliño e a súa familia van á aldea onde vive a súa avoa. Un día, a veciña da súa avoa pregúntalle a Pauliño que quere ser de maior e este contesta que quere ser un cabalo salvaxe. Todo convencido, decide que non quere esperar a ser maior, que o quere ser xa; espera ao serán e sae pola fiestra cara ao monte para xuntarse cos cabalos salvaxes. A Pauliño éntralle a fame, ten frío e un pouco de medo. De repente os cabalos alértanse porque vén o lobo, pero resulta ser a familia de Pauliño que vai buscalo para que volva para casa. Contento de estar de volta, cre que pode esperar a ser maior para ser un cabalo libre e salvaxe. As ilustracións de Pedro Díaz Lorenzo (Santiago de Compostela, 1977) empregan cores saturadas e escuras a través da acuarela, deixando presente o grafismo do lapis co que ofrece máis movemento á imaxe. A personaxe protagonista representa o sentido da aventura, curiosidade e a motivación por aprender.

Díaz Núñez, Celia, *A boca do monte*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Costa Oeste, [lectorado mozo], abril 2016, 168 pp. (ISBN: 978-84-9865-688-6).

Celia Díaz Núñez (Páramo, 1961) nesta narración en terceira persoa omnisciente conta a vida das xentes de Galicia durante a ocupación do imperio romano, traendo consigo mortes, fame e escravitude. A avaricia do pobo romano polo ouro deriva na construción dun túnel empregando man de obra galega, afastándoos das súas terras e dos seus soños. Neste contexto xorde a historia de amor dos protagonistas Navia e Tureno, a cal se desenvolve nunhas circunstancias complicadas, xa que Tureno intenta escapar co pai de Navia en busca dun refuxio que remate coa escravitude do seu pobo. Neste intento de fuga, son detidos e levados a outra parte da montaña onde se está a construír o túnel que desviará o percorrido do Río Sil. Por outra banda, Caio Cornelio é o enxeñeiro e ideario do túnel co obxectivo de impresionar ao pai da súa amada para que o considere digno marido para a súa filla. Non obstante, terá que convencer primeiro a Traxano, emperador de Roma.

Recensións:

- Armando Requeixo, "O ouro da liberdade", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*"/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 938/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 938, "letras Atlánticas", 19 xuño 2016, p. 32.

Sinala o escaso número de obras da literatura galega que tratan a época da invasión do Imperio Romano e destaca a nova obra de Celia Díaz Núñez, xa recoñecida autora. Indica que a novela conta a historia dun poboado celta que intenta resistirse á invasión dos conquistadores. Explica que se pode considerar unha obra histórica e didáctica, na que se recollen feitos reais. incluso se inclúen certas aclaracións a pé de páxina; pero tamén se trata dunha novela de aventuras. Finalmente comenta que é unha reflexión sobre os mecanismos de conquista duns pobos a outros e como despois disto, conviven as dúas sociedades.

- Estela Recouso, "Un repaso pola nosa historia", *Tempos Novos*, n.º 235, *ProTexta*, "ProPostas", decembro 2016, p. 80.

Indícase que se trata da terceira achega da autora despois de *Adeliña* (2004) e *Rugando* (2012). Descríbese o argumento da obra que trata dúas historias de amor que transcorren na Gallaecia no tempo da romanización: por unha banda, unha parella de castrexos e, por outra, un home e unha muller romanos. Destácase que a historia transcorre entre Gallaecia e Roma e saliéntase a importancia desta achega no ámbito educativo, histórico e cultural.

Duncan, Xosé, *Negruña*, ilust. Segismundo Rey, Santiago de Compostela: Urco Editora, col. Alcaian, [mocidade], maio 2016, 321 pp. (ISBN: 978-84-15699-87-3).

Xosé Duncan (Rianxo, 1970) ao longo de catorce capítulos conta cun narrador omnisciente o acaecido na cidade da Coruña no século XXIV onde, dende unha perspectiva apocalíptica, se observan as consecuencias dos erros que se foron cometendo ao longo da historia: a polución acadou niveis imposíbeis de remediar con ceos contaminados onde a "escuridade se estende sobre escuridade", os océanos resultan innavegábeis polo espesor das súas augas, a liberdade só reside nos contos dos avós, a moeda cambiouse por vales cos que obter alimentos, roupa e algo tan básico como os

medicamentos. As cidades, dirixidas por gobernantes que só pensan nos seus propios intereses, organízanse en distritos onde a cidadanía teme que o seu fogar sexa clausurado ao non resultar produtivo para a economía do Concello. Esa clausura significa o exterminio dos seus habitantes, agás os que conseguen sobrevivir e resistir en condicións lamentábeis, os coñecidos como os "fillos do gas", os cales buscan recuperar a liberdade que lles foi arrebatada da man da súa líder, Isabel. Isto vailles resultar complicado xa que a autoridade da época, os Controladores, restrinxen a liberdade da cidadanía, vixiando e controlando a quen incumpre o toque de queda e se atopa fóra do seu fogar cando se desconecta a rede eléctrica da cidade, a que non se volverá activar até as seis da mañá do día seguinte cando a xornada de traballo volve a comezar. A obra achégase ao xénero fantástico da man dunha dobre historia que narra a procura do poder, onde Rasputín e demais personaxes buscan o sangue ario e o poder dos elixidos, Gabriel e Morteia. As ilustracións de Segismundo Rey sitúanse ao principio dos capítulos onde o deseño se repite en tons escuros representando a cidade da Coruña e ao final de cada capítulo con tonalidades escuras (tons negros, grises e brancos) onde o deseño da composición representa escenas que reflicten a acción máis representativa do capítulo.

Referencias varias:

- Ángela Fontao, "Una semana para sumergirse en un mar de libros", *La Opinión*, "A Coruña", 19 abril 2016, p. 9.

Entre as actividades do Día do Libro, informa da presentación desta novela.

- Víctor Castro, "Xosé Duncan presenta mañana en la Capela de San Roque de Sada su novela 'Negruña", *El Ideal Gallego*, "Culleredo", 2 xuño 2016, p. 16.

Informa da presentación desta obra que mestura fantasía e ficción científica.

- Ramón Nicolás, "Negruña", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Libros", "En galego", "Novidades", 16 decembro 2016, p. 8.

Sinala a progresión literaria de Xosé Duncan e destaca a recreación da cidade na trama. Destaca que a novela se sitúa dentro do xénero distópico.

Fernández Paz, Agustín, *A casa do medo*, A Coruña: Edebé/ Rodeira, col. Periscopio, n.º 7, [lectorado mozo], setembro 2016, 130 pp. (ISBN: 978-84-8349-531-5).

Obra narrativa de tendencia fantástico-realista de Agustín Fernández Paz (Vilalba, 1947- Vigo, 2016). A historia, narrada polo protagonista en primeira persoa e polos personaxes que van intervindo, conta unha aventura que sufriu o protagonista na súa xuventude, cando despois de quedar encerrado no que el chamaba a casa do medo, un pequeno alpendre, descobre unha porta subterránea en forma de estrela que o leva ao subsolo, onde se encontra con sete portas. Nese intre aparece unha nena de néboa que lle conta como pasar pola porta correcta. Ao traspasar a porta, chega a unha illa en forma de lúa, na que ten que buscar unha chave para regresar ao mundo real. Na illa faise amigo dunha meiga e da súa filla, que lle dan un par de obxectos para axudalo na

busca da chave: unha fita para que lle guiara o camiño e unha pedra vermella que espantaba as serpes. Cóntanlle que a illa está dividida en dous polo río negro. A metade está habitada polo cidadáns e a outra metade, escura, polo señor das serpes. O señor das serpes ten os habitantes da illa como escravos e cada lúa chea teñen que deixarlle á beira do río alimento. Coa axuda dos obxectos da meiga, o protagonista consegue recuperar a chave e liberar ao pobo da tiranía do Señor das serpes. A chave permítelle regresar á vida real e desfacer o meigallo da nena de néboa. O protagonista e a nena de néboa cuxo nome é Branca, volven ao mundo real. Xa grande, o protagonista volta á súa casa en Valverde porque quere poñer o seu nome a un parque. Tras superar o shock da aventura vivida, grazas a psicólogos e a seus pais que o convenceron de que foi un soño por pasar na caseta catro días sen comer e beber. Encontra na casa dos seus defuntos pais un estoxo no que se atopa a fita que lle dera a meiga e unha noticia dunha nena, Branca, que reaparece desorientada despois dunha morea de tempo sen saber dela. Tras isto voltan á súa cabeza os recordos da xuventude en Valverde. Esta obra só ofrece un debuxo ao final da mesma realizado polo propio autor que amosa un mapa da illa de Lúa. A outra imaxe é a cuberta do libro, que procede do banco de imaxes Shutterstock, unha fotografía dun luminoso bosque de outono.

Recensións:

- Armando Requeixo, "Alén do medo", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*"/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 963/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 963, "letras Atlánticas", 11 decembro 2016, p. 32.

Preséntase esta obra póstuma do escritor Agustín Fernández Paz e publicada por Rodeira na colección Periscopio. Dise que contén características propias do autor, destacando a presenza de tradicións orais e homenaxes a outros autores ou a elementos autobiográficos. No que respecta á trama, coméntase que se trata da historia dun mozo que visita un lugar no que suceden cousas estrañas que o levará a outra dimensión, onde terá que vencer obstáculos para volver ao seu mundo.

- María Navarro, "Todo un agasallo", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 608, "Libros", 22 decembro 2016, p. VI.

Comenta que esta novela mostra, do mesmo xeito que *Aire negro* ou *Cartas de inverno*, a temática do medo. Indica que a partir "da sinxeleza sintáctica e dun léxico que engaiola" a obra presenta a historia dun veciño de Valverde que lembra un incidente que vivira na vila e que leva ao lectorado a coñecer, entre outros, á nena da néboa ou ao Señor das Serpes, mostrando un mundo de soños que parece ser real. Ademais, saliéntase que "chama a atención do lector pola afouteza do mozo, polo enxeño que amosa, pola sensibilidade que manifesta e polo final amable e feliz".

- Eulalia Agrelo, "Retorna 'A casa do medo", *El Correo Gallego*, "*2domingo*", "Literatura Infantil e Xuvenil", "ELOS de lectura", 31 decembro 2016, p. 6.

Con motivo da publicación desta obra, destácase que Agustín Fernández Paz comentaba que esta era a súa derradeira narración asentada nas claves do medo e do terror. Salienta que nela conflúen compoñentes discursivas de *Cartas de inverno* (1995), *Tres pasos polo misterio* (2004) e *As fronteiras do medo* (2012), un abano de textos cos que "soubo

ensamblar con acerto os xeitos de contar de autores clásicos do xénero con aqueloutros de raizame popular para articular un mundo ficcional a base de referentes netamente galegos". Indícase que se descobren moitos elementos recorrentes na escrita agustiniana, que artella un inframundo con forma de lúa crecente, que o mesmo Agustín bosquexou nunha das páxinas de peche, e que segue os esquemas dos contos marabillosos, nos que non faltan as arriscadas probas, os obxectos máxicos, os terribles opoñentes... nin tampouco o amor. Cualifícase como unha proposta recomendable para aqueles que desexen entrar no universo deste sempre mestre, cuxa creación literaria está destinada a ser imperecedoira.

Referencias varias:

- Jaureguizar, "Fernández Paz deixa unha obra inédita que sae á luz aos 4 meses da súa morte", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Cultura", p. 53/ *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", "Literatura", p. 42, 17 novembro 2016.

Indica que se trata dunha novela de terror protagonizada por un artista que lembra cando hai moitos anos quedou atrapado na Casa do Medo, que resulta ser un portal a outra dimensión. Apunta que se divide en vinte breves capítulos titulados co escenario no que se desenvolven ou coa acción que sucede. Informa tamén que a presentación será no Colexio Fogar de Santa Margarita da Coruña con presenza de familiares do autor e outras personalidades vinculadas ás letras galegas.

- Rodri García, "Agustín Fernández Paz volve ao seu colexio cunha novela póstuma", *La Voz de Galici*a, "Cultura", 19 novembro 2016, p. 38.

Faise eco da presentación desta obra no Fogar de Santa Margarida da Coruña, lugar onde Fernández Paz comezou a dar clases. Indícase que participaron alumnado, familiares, amigos e lectores do escritor, así como Isabel Soto, tradutora das súas obras. Coméntase que conta cunha prosa limpa e que parte dun relato previo titulado "A casa da bruxa". Tamén se di que estiveron presenten a escritora Fina Casalderrey e a editora Chus Gómez e que o alumnado interpretará algúns temas musicais.

- Marta García Márquez, "Era un rapaz que arrastraba", *Diario de Ferrol*/ *El Ideal Gallego*, "Sociedad", "Reportaxe", 19 novembro 2016, p. 37.

Dáse conta dunha nova homenaxe con motivo da presentación desta obra póstuma de Agustín Fernández Paz. Recórdanse anécdotas do escritor no centro Fogar de Santa Margarida da Coruña, onde comezou a dar clases. Recóllense declaracións dos asistentes ao acto que comezou co recitado de "O Mario", de Curros e cunha peza de gaita de Raúl Galego ao que seguiron as palabras de Fina Casalderrey, quen destacou que el "se metía nos libros para fuxir do drama persoal".

_____, "Agustín metíase nos libros para fuxir do drama persoal", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 19 novembro 2016, p. 46.

Refírese ao acto de presentación desta novela no salón de actos do Fogar de Santa Margarita, na Coruña. Préstase especial interese ás declaracións de Fina Casalderrey quen dixo que temos o deber de espertar o gusto da literatura nos máis novos.

- Ramón Nicolás, “A casa do medo”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Letras”, “Galego”, “Adianto editorial”, “Novidades”, 25 novembro 2016, p. 16.

Comenta que se trata dunha obra póstuma de Agustín Fernández Paz que “volve transitar polo universo do misterio e o descoñecido”.

Fraga, Antonio Manuel, *O capitán Maimiño*, ilust. Manuel Cráneo, Vigo: Editorial Luis Vives/ Tambre, col. Ala Delta, n.º 29, a partir dos 8 anos, 2016, 108 pp. (ISBN: 978-84-9046-146-4).

Relato de tendencia fantástica no que Antonio Manuel Fraga (Pontedeume, 1976) conta a través da voz dun personaxe, Dentebrú, o contacontos do rei Pousafoles V., a historia do capitán Mainiño quen lidera as tropas do reino debido ao valor que lle daba o seu dedo mainiño da man dereita, que tiña un gran tamaño. O capitán erguíase sempre buscando acción para as súas tropas, pedía ao seu rei organizar algunha conquista bélica, mais tamén se preocupaba pola educación do seu fillo e da súa filla, quería que Belleco fose un bo guerreiro e Chinchanamoca casara cun bo nobre e fose unha doncela. Mais aos nenos do reino non lles interesaba, pois o rapaz quería facer música co seu laúde e a nena tan só quería andar no bosque e enredar. A historia muda cando o capitán Mainiño esperta co seu dedo desprendido e, ao non ter xeito de unilo, cae nunha enorme tristura. Entón, os fillos buscaron algún método de arranxar o problema e atoparon a solución no bosque, coa axuda do anano Chuculú que conseguiu a alegría do capitán e tamén que fose capaz de comprender os gustos dos seus fillos. As ilustracións de Manuel Cráneo (A Coruña, 1973) son en branco e negro e aparecen para reforzar as ideas que se relatan.

Recensións:

- María Navarro, “Con ton desenfadado”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 586, “Libros”, 2 xuño 2016, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 543, “Letras galegas”, 11 xuño 2016, p. 10.

Destaca o ton desenfadado e divertido desta obra de Antonio Manuel Fraga. Deseguido comenta que a narración é moi atractiva para os máis pequenos porque transcorre no pasado tomando como referencia os contos de reis, pero tamén se achega ao presente. Salienta o interese que na infancia produce o feito de reunir contos do pasado cos actuais e amosa a importancia dos fíos invisíbeis que unen as dúas esferas. Apunta que a protagonista non quere ser educada como unha casadeira porque non lle encontra ningún proveito. Remata reflexionando sobre a trivialidade cotiá que se converte en motivo fundamental da vida cando están en xogo os afectos persoais e pon en valor que as opcións que foron elixidas na obra son amosadas correctamente polo decorrer dos acontecementos e o paso do tempo.

Frías Conde, Xavier, *Dadá, o amigo invisíbel*, ilust. Silvia Novoa, Vigo: Editorial Galaxia, col. Árbore/ Galaxia, n.º 214, a partir dos 10 anos, 2016, 122 pp. (ISBN: 978-84-9151-023-9).

Obra narrativa de Xavier Frías Conde (Béjar, Salamanca, 1965) na que se narran as vacacións dun pai, Lino, e o seu fillo Nero, acompañados de Dadá, un amigo invisíbel que resultará ser de verdade. A viaxe comeza nun coche co que suben a un ferri en Venecia en dirección a illa de Corfú. Ao principio, o pai pensa que a existencia de Dadá é unha invención do seu fillo para sentirse seguro, pero ao longo da viaxe terán que enfrontarse a varias situacións incómodas das que sairán grazas a axuda do ser invisíbel, o que fai que o pai comece a crer que Dadá existe de verdade. Cóntalle todo a Miren, a psicóloga que atendera a Nero dende a morte da súa nai, que decide presentarse onda eles, pois de nena tiña unha amiga invisíbel e quería que Nero e Dadá a axudasen a comprender se era real ou non. Nese intre Dadá desaparece para sempre deixando unha nota na que se despide dicindo que Nero xa non o necesita e que Miren debe buscar a resposta ela soa. Cando xa están de volta, Lino descobre que un tal Dadá que atopara na rede investigando durante a viaxe lle respondera á mensaxe que lle enviara, despexando toda dúbida sobre a súa existencia. Só ten cor a imaxe da cuberta. As ilustracións de Silvia Novoa seguen una liña sinxela sen intención volumétrica. Os debuxos interiores recrean situacións importantes do texto nas que o protagonista está na compaña do seu amigo invisible.

García Teijeiro, Antonio, *Raiolas de sol*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Costa Oeste, [lectorado mozo], abril 2016, 83 pp. (ISBN: 978-84-9865-692-3).

Antonio García Teijeiro (Vigo, 1952) reflicte en catro relatos historias reais, que van precedidas de dedicatorias persoais. Os protagonistas son rapaces e rapazas adolescentes que describen momentos da súa vida persoal, coas dúbidas e medos que implican estes, así como a viveza e a paixón que supón esta etapa da vida. En cada relato, hai referencias literarias e musicais diversas. En "A figura" a moza protagonista conta en primeira persoa a súa obsesión pola figura dun home que ve no escaparate dunha tenda de antigüidades e como a resolve. En "Primavera", un narrador en terceira persoa reflicte a relación especial que mantén Mariña, a moza protagonista, coa súa avoa dona Rosa, que sofre alzhéimer e acaba morrendo. En "Ser músico" o mozo protagonista en primeira persoa conta como se enfronta a seus pais porque quere ser músico e tocar o violín. Por último, en "Abril" a moza protagonista relata o amor que sentiu polo seu profesor Gonzalo e a súa idea para poder quedar a soas con el. Non ten ilustracións, mais a cuberta ten unha fotografía de Christine Langer-Pueschel/Shutterstock sobre un fondo do arco da vella que leva aos tempos da música do movemento hippie. A cor da contraportada inspira unha luminosidade e unha intensidade que se pode extrapolar ao contexto da obra.

Recensións:

- Vicente Araguas, "Agardando a raiola", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*"/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 955/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 955, "máis Libros", 16 outubro 2016, p. 30.

Coméntase a estrutura da obra de Antonio García Teijeiro, dividida en catro historias protagonizadas por adolescentes. Recoméndase a súa lectura "a todos aqueles que gusten da literatura para todos, para todos os que aprecien o ritmo lento nos relatos".

Dise que as historias están conectadas por un fío invisíbel de esperanza, recordando o personaxe da primeira delas "o vello aquel do monólogo de Celso Emilio Ferreiro".

Referencias varias:

- Ana Baena, "Eu escribo para tódalas idades; fago literatura a secas, para ser lida", *Atlántico Diario*, "Vigo", "Entrevista", 5 xullo 2016, p. 9.

Nesta entrevista Antonio García Teijeiro, con motivo da presentación da súa última obra, comenta que regresa á narrativa da man de catro contos ligados á literatura sentimental, incluíndo diálogos onde presta especial atención ao parecer da xente maior. Destaca que é coñecido máis ben polo xénero poético, pero que considera sentirse cómodo no relato curto aínda que sexa "un xénero complicado e difícil de desenvolver".

- R. Nicolás, "Un espazo no mundo", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "En galego", 15 xullo 2016, p. 11.

Salienta a determinante pegada da temática da adolescencia co abandono da infancia e a busca do espazo no mundo, como elementos confluentes nos relatos deste libro. Valora o seu diálogo coa literatura, especialmente con Celso Emilio Ferreiro, e coa música.

García Vidal, Sonia, *Sementes*, ilust. da autora, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, [prelectorado e lectorado autónomo], 2016, [30] pp. (ISBN: 978-84-9121-139-6). Contén CD.

Primeiro álbum escrito e ilustrado por Sonia García Vidal (Ribeira), no que ademais de escritora é tamén ilustradora. Principia coa presentación dun lugar no que está prohibido plantar sementes e onde a alimentación se produce unicamente a base de pílulas. En contra desta prohibición loita a nena protagonista (e narradora) da historia, transgredindo as ordes que obrigan a cubrir as terras a noite na que o Sementador se achega para cubrilas de sementes. Deste xeito, a historia convida a reflexionar a diferentes niveis sobre a importancia da natureza. As ilustracións, presentes en todas as páxinas empregan cores sinxelas (branco, negro e ocre), acompañan e complementan o texto. Emprega unha técnica de materiais naturais como mel, café ou grafito. O álbum conta tamén cun CD coa historia musicada a cargo de Álvaro Buxeiro.

Graña, Bernardino, *Tragaxán e Tragadiño*, ilust. Patricia Castelao, Vigo: Editorial Galaxia, col, árbore/galaxia, serie laranxa, n.º 203, a partir dos 8 anos, 2016, 59 pp. (ISBN: 978-84-9865-696-1).

Benardino Graña (Cangas do Morrazo, 1932), neste conto de temática aventureira, narra en terceira persoa as historias particulares dunha familia algo especial. Estruturado en oito capítulos, cóntase a historia desta familia composta no seu comezo por dous membros, Xoán Guindán e a súa muller Carmela, e ampliada máis adiante coa chegada de Xan e despois do seu irmán pequeno Alberte, que son os verdadeiros protagonistas. Iníciase co nacemento de Xan e cóntase todo o que lle vai sucedendo na súa vida cotiá. Máis tarde, aparece Alberte, do que tamén se describen o seu nacemento e

peculiaridades físicas: un neno gordiño, grande, comellón, moi vago e despreocupado, mentres que o seu irmán era todo o contrario, pequeno e inquedo, o que facía que seus pais sempre tiveran algún problema á hora de coidalo, xa que era demasiado pequeno e traste, escondíase e facía que todo o mundo se preocupase por el. Descríbense minuciosamente os problemas de Xan coa súa forma de ser e de actuar que no final do conto ten que axudar ao seu irmán nun momento complicado, cambiando para sempre a súa forma de ser. As ilustracións de Patricia Castelao (A Estrada, 1974) empregan cores planas, saturadas e escuras que representan pequenas escenas da historia, cubrindo unha páxina enteira. Emprega a escala de grises orientada a un cromatismo verdoso.

Recensións:

- Ánxela Gracián, "Contar 'delectare docendo", *El Correo Gallego*, "*2domingo*", "Literatura Infantil e Xuvenil", "ELOS de lectura", 13 novembro 2016, p. 6.

Despois de referirse á que denomina unha interesante achega de Bernardino Graña, comenta a obra *Tragaxán e Tragadiño*, da que destaca o deterse no xogo e a actividade física fronte á vida sedentaria das pantallas de ordenador e videoxogos, o bo comer, o amor pola natureza, a importancia da lectura, a descuberta de mundos a través da viaxe e a importancia dos afectos para superar a apatía vital. Ofrece trazos dos personaxes e relaciónaos coas tradicións e co pasado literario. Salienta que a lingua é rica en onomatopeas, xogos de palabras e convites ao lector para entrar e saír do relato a través do narrador implícito. Finaliza cualificando as ilustracións de Patricia Castelao de gran forza expresiva que contribúen a potenciar a frescura e a inxenuidade que todo o relato emana.

Referencias varias:

- Bernardino Graña, "Tragaxán e Tragadiño", *El Progreso*, "*Pícaros*", "O conto", 2 xullo 2016, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra.

Guerra Cid, Mar, *Norteáns*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Fóra de xogo, n.º 164, [mocidade], novembro 2016, 523 pp. (ISBN: 978-84-9121-069-6).

Novela de corte histórico, de Mar Guerra (Madrid, 1963), que reconstrúe con minuciosidade a sociedade castrexa e que se abre cunha dedicatoria: "A Tone, suxeito paciente, determinante en grao superlativo. Meu amor amigo" e que inclúe na seguinte páxina dous mapas: o do mapa político e territorial de Galicia e norte de Portugal, en branco e negro, onde se sitúan principalmente as rexións Norteáns, Asturaos e Lusos; e o da Península Ibérica onde se inclúen Nola (A Garda), O Peirao (Porto) e Cartago a Nova (Cartaxena), lugares chave no decorrer da narrativa. A historia comeza cun capítulo inicial introdutorio que se desenvolve na época contemporánea, situando ao lectorado no castro de Santa Tegra durante unha expedición na que están á procura dunha sauna, un importante achado para a investigación. O resto dos capítulos desenvólvense no século I a.C cando durante a cerimonia de iniciación de Bris, fillo do

rei de Nola e o derradeiro da liñaxe dos *norteáns*, Leta, a filla da tecelá, desafía as sagradas leis tentando espreitar o ritual que lle é prohibido ás mulleres. Ao tempo, Pruno, escravo liberto, funciona como guía político e leva aos argolados, escravos norteáns, a unha rebelión que provocará grandes mudanzas en Nola (Santa Tegra). Está estruturado en tres capítulos principais (alén do capítulo introdutorio), seguindo unha numeración romana. O primeiro deles é 'A Rebelión dos Argolados', o segundo é 'A Guerrilla dos Torques' e o terceiro é 'Nola, lar dos novos'. Estes presentan ademais unha subdivisión interna (31 capítulos no total, sen contar o introdutorio), encabezados polo xeral co nome dunha persoa que presenta un papel relevante nesa parte da historia que é narrada por un narrador omnisciente, en terceira persoa, cunha arquitectura coral composta por unha pluralidade de voces. Mantén unha orde cronolóxica lineal, mais presentando por veces unha narrativa disruptiva, con *flashbacks*. A novela mostra a organización social, política, militar e familiar dos poboados castrexos, dos *norteáns*, abarcando temáticas como a loita entre clases sociais, os desafíos persoais, amor, paixón, ambición e vinganza. Péchase cun apartado final titulado "Nota da autora", un espazo conformado por catro páxinas que Mar Guerra emprega para reflexionar sobre o proceso de elaboración do libro, onde indica as dificultades que atravesou para cinguirse o máis posíbel á realidade e crear unha novela verosímil, xustificando o contexto e achegando datos históricos, facendo fincapé na escasa información que existe na actualidade sobre a vida cotiá nun castro.

Referencias varias:

- Rodri García, "Mar Guerra. 'En Norteáns hay amor, odio, pasión y venganza, es un best seller a la castrexa", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 27 decembro 2016, p. 36.

Indica que, tras unha gran documentación histórica, Mar Guerra escribe esta historia, onde os protagonistas son membros dunha sociedade castrexa, moi difícil de documentar. Conta como tivo que coñecer a cultura castrexa pero concordándoo con que na súa obra hai amor, odio, paixón, sexo e vinganza, elementos que complican máis se cabe a escritura deste "best seller".

Gulín Rodríguez, María José, *O zapateiro e o raposo*, ilust. Antía Barba Mariño, Santiago de Compostela: Ediciones Bolanda, [lectorado autónomo], 2016, [30] pp. (ISBN: 978-84-608-8388-3).

Nesta narración fantástico-realista de María José Gulín (País Vasco), cóntase, a través dun narrador omnisciente, a historia dun neno chamado Xermán, que se dedica a facer zapatos para os animais do bosque, e a desaparición dunhas galiñas a causa dun raposo nas vilas de Aloia e Carballeda. Isto fai que os humanos comecen a tomar medidas para evitalo, facendo quendas para vixiar e poñendo trampas. O resto dos animais, preocupados pola situación, deciden intervir pola súa conta para atopar ao raposo e así poder falar e convencelo de que non pode seguir así, antes de que os humanos consigan o seu propósito, acabar con el. A reunión dos animais dá o seu froito: xuntos atopan unha situación pacífica e óptima para todos. A historia está contada en terceira persoa, a excepción dun pequeno diálogo entre diversos animais na reunión do bosque. As ilustracións de Antía Barba Mariño (Santiago de Compostela) caracterízanse porque teñen un gran dinamismo no trazo e unha forte expresividade na caracterización dos

personaxes. Destaca sobre todo, o extenso catálogo de representacións de animais que se moven con formas gráciles e trazos simples. Con trazos simples e dinámicos, figuras de inspiración clásica, espazos que espertan a imaxinación, xogo de contrastes entre luces e sombras… a artista enche de vida a historia con imaxes enxeñosas elaboradas cun estilo moi persoal.

Lado, María, *Rosalía de Castro*, ilust. Eva Agra, Santiago de Compostela: Urco Editora, col. Mulleres bravas da nosa historia, n.º 1, [lectorado autónomo], 2016, 36 pp. (ISBN: 978-84-15699-98-9).

Primeira entrega da serie "Mulleres bravas da nosa historia" na que María Lado (Cee, 1979) conta a vida de Rosalía de Castro por medio dun narrador secundario, un lucecú que acompaña a protagonista. Relata o seu nacemento en Compostela; as múltiples mudanzas que realizou, tanto ela como a súa familia; como xa dende moi nova era moi culta e lida. Fala de como empezan a aparecer as coñecidas "sombras" na vida da prestixiosa autora, a primeira delas a morte de Eduarda Pondal. A segunda delas, no ano 1853, coñecido como o ano da fame. Nunha das súas mudanzas, neste caso a Madrid, coñece a Manuel Murguía, quen acabaría sendo o seu marido e co que tería sete fillos. O lucecú conta tamén a aparición de libros como *Cantares Gallegos* e tamén como se lle dedicaron as primeiras letras galegas, así como a posterior publicación de *Follas Novas*. Narra como Rosalía ordenou á súa filla queimar seus papeis inéditos, como "Negra Sombra", obra destacada dentro da literatura galega. Por último, explica como metaforicamente tanto ela como Rosalía voan do seu cuarto até o mar no día da súa morte. Por último, ofrece unha cronoloxía da vida de Rosalía, así como unha serie de actividades: un poema oculto, palabras descolocadas, datas ocultas que hai que calcular e un barullo de letras.

López Concepción, Marcos, *Pituxa, a fantástica nena da caca de ouro (escrita por un bolígrafo)*, ilust. Lidia Nokonoko, Vigo: Editorial Galaxia, col. árbore/galaxia, n.º 208, a partir de 12 anos, novembro 2016, 297 pp. (ISBN: 978-84-9151-013-0).

Obra narrativa de Marcos López Concepción (Vigo, 1975) na que se contan os feitos que lles acontecen á pequena Pituxa, aos seus pais Doroteo e Teodora e aos amigos que fan. Pituxa é unha nena á que lle encanta o chocolate e que vive felizmente cos seus pais até que un día lle contan que xa non teñen traballo e que Don Calquera, director do banco, acaba de embargarlles a casa. Os tres teñen a sorte de coñecer a Doña Isaura, unha vella que os axuda cando os desafiuzan e que os acolle na súa casa (un vagón de tren abandoado). Cando xa están alí, un día Pituxa vai o baño e fai unha caca de ouro que a familia decide mercar a Filipiño, un especialista orfebre que os engana co verdadeiro valor do ouro e que tamén convence a Don Calquera para que a secostre e a meta no seu orfanato no que retén a nenos con talento que rouba aos seus pais. A policía bancaria mete a Pituxa no orfanato, onde descobre que Don Calquera ten unha máquina que absorbe os poderes dos nenos para transferilos a sí mesmo e deixalos a eles coma bebés. Pituxa e os seus amigos tentan fuxir sen éxito, a máquina estoupa e Filipiño aproveita para salvar os nenos por mor da culpa que sentía. Así, conseguen fuxir e chegar até o tren de Doña Isaura, que os pais de Pituxa arreglaran, permitindo así que todos os nenos, a familia e o propio Filipiño rematen con éxito a sua fuxida. As

ilustracións de Lidia Nokonoko amosan acontecementos narrados ou personaxes con debuxos feitos a man e tendo o azul como única cor.

López, Carlos, *O lume contador de historias*, ilust. Carole Hénaff, Vigo: Editorial Luis Vives/ Tambre, col. Ala Delta, n.º 32, a partir dos 10 anos, 2016, 123 pp. (ISBN: 978-84-9046-147-1).

Nesta narración de aventuras de temática fantástica, Carlos López Gómez (1967) narra en terceira persoa a historia dun pequeno lume que nace dun raio que caeu na pola da arbore pamarandá (árbore ficticia). O lume ten desexos de descubrir mundo, mentres vai coñecendo diferentes personaxes que o axudan nas súas aventuras. Case todos os sucesos que acontecen son de natureza fantástica e cheos de humor, dende dragóns sen ás, países diminutos, ríos con conciencia propia, castelos que voan polo aire. Non obstante, durante a travesía comeza a esgotárselle a madeira de pamarandá e, sen ese tipo de madeira, do que só existe un único exemplar, non pode manterse vivo. Está estruturada en dúas partes: na primeira o lume tenta viaxar polo fascinante mundo e na segunda busca a única forma que ten de seguir con vida, atopar a árbore na que naceu para conseguir máis madeira da que alimentarse. Está ilustrado por Carole Hénaff (Orange-Francia, 1973) con imaxes en branco e negro que con simplicidade formal e predominio do negro sobre fondo branco semellan siluetas ou sombras chinesas, con reminiscencias orientais nos detalles vexetais, ao tempo que a forma é moi depurada. Gosta dos símbolos e as metáforas que complementan o relato e axudan a localizar os relatos nos diferentes contextos. A cuberta en cor alude á árbore da historia con profusión de elementos vexetais e outros que poboan as súas pólas.

Recensións:

- María Navarro, "Imaxinación sen cancelas", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 589, "Libros", 23 xuño 2016, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 546, "Letras galegas", 2 xullo 2016, p. 10.

Despois de destacar que Carlos López é xa un autor recoñecido, comenta a sorprendente imaxinación que exhibe nesta narración que crea sorpresa ou curiosidade na mocidade, xa que é capaz de atravesar a fronteira da realidade, buscando acubillo nos lindes da extravagancia e do disparate, saíndo fóra do que é habitual. Apunta que está composta por dezanove capítulos divididos en dúas partes que describe brevemente. Destaca a unión de relatos e contos, anécdotas e narracións a través da historia e remata cunha descrición dalgúns personaxes do libro que, xunto ao protagonista, van cosendo unha liña do tempo vital. Pon en valor a imaxinación e a ficción como un exercicio literario substancioso para quen escribe e quen le.

López, Iago, *O cociñeiro Martiño*, ilust. de Marcus Romero, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Pequeno Merlín, [lectorado autónomo], xullo 2016, 32 pp. (ISBN: 978-84-9121-066-5).

Neste álbum fantástico-realista de Iago López (Ourense, 1977) nárrase a historia do cociñeiro Martiño cando escoita a noticia de que están na procura dun cociñeiro para

reis, raíñas, duques e duquesas. Martiño quere preparar un biscoito para levarllo ao rei, pero descobre que os ratos acabaron coas súas provisións. O cociñeiro senta na porta a chorar pola súa mala sorte. Entón, ao saber da súa desgraza, un pastor dálle un anaco de manteiga, unha granxeira ovos, un muiñeiro fariña, unha veciña azucre e unha panadeira fermento. Todos xuntos elaboran a sobremesa e inician o camiño cara ao castelo. Porén comen o biscoito polo camiño e chegan coas mans baleiras. Alí saben que o monarca sofre dor de estómago debido ao consumo de tantos doces, polo que o protagonista decide facerlle un caldo quente. Finalmente, o rei recupérase e Martiño convértese no cociñeiro real. As ilustracións de Macus Romero (A Coruña, 1984) completan en todo momento o texto. Logo dunha cuberta onde se presenta ao protagonista, Martiño, rodeado de seis mans dispostas a prestar axuda na cociña, sucédense unha contraportada de debuxos en liña branca cos ingredientes necesarios para facer un biscoito e despois os interiores debuxados a dobre páxina. As ilustracións, resoltas en dixital, son coloridas e enchen o espazo da folla. O xesto amósase contido e difuminado no tratamento dos personaxes, contrastando co trazo máis pronunciado e solto no traballo dos fondos e das paisaxes.

Recensións:

- María Navarro, "De sabor tradicional", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 597, "Libros", 6 outubro 2016, p. VI/ *La Opinión* , *"Saberes"*, n.º 549, "Letras galegas",15 outubro 2016, p. 10.

Presenta o argumento desta obra destacando o personaxe principal, Martiño, e comenta que se trata dun conto acumulativo que "permite desenvolver a memoria, a comprensión e a expresión oral". Destaca a posible utilidade para os lectores máis novos, xa que presenta diferentes valores como a cooperación, a solidariedade e a xenerosidade. Tamén salienta as imaxes "amables e tenras".

Referencias varias:

- Marta Becerra, "La cultura ocupa cualquier lugar", *El Progreso*, "Lugo", "El despertador", 4 decembro 2016, p. 12.

Entre outras cuestións, informa que a librería Trama organizou unha actividade na que a nenez puido disfrutar de *O cociñeiro Martiño*, gracias ao contacontos Iago López en colaboración con Edicións Xerais.

López, Xavier, *Cancodrilo na granxa* (ISBN: 978-84-944660-3-8)/ *Cancodrilo pinta* (ISBN: 978-84-944660-0-7)/ *Cancodrilo na horta* (ISBN: 978-84-944660-1-4)/ *Cancodrilo vai á escola* (ISBN: 978-84-942551-9-9), ilust. Javier Rey Feijoo e Silvia González Sánchez, Ourense: Ediciones Linteo, col. Cancodrilo, 2016, [25] pp.

Nestes álbumes ilustrados o protagonista das historias é Cancodrilo, un crocodilo humanizado. Xabier López conta por medio dun narrador omnisciente as accións cotiás dos diferentes personaxes que presentan características físicas diferentes, como Ourizopicón, Adela ou Laura. En *Cancodrilo na granxa* o protagonista e os seus amigos

coa axuda de Nico van ver todos os animais da granxa como as galiñas, o galo, os coellos, as ovellas, a cabra que perseguiu a Ourizopicón e as vacas. Cando chegan onde están as vacas, Nico cóntalles que dan leite e os amigos non saben como, porque imaxinan o leite xa envasado nas tendas. Nico ensínalles como se muxen as vacas e finalmente comen varios produtos extraídos da granxa, como as tortas feitas cos ovos das galiñas e o leite das vacas. En *Cancodrilo pinta* comezan pintando a súa casa coas cores primarias coa axuda dos seus amigos. Logo dun accidente coa escada entre Cancodrilo e Ourizopicón, mesturáronse as cores formando outras novas. Deste xeito puideron pintar a casa con máis variedade de cores. En *Cancodrilo na horta* o protagonista e os seus amigos aprenden a sementar na horta e que é un espantallo. Finalmente, cada un recolle as hortalizas que máis lles gustan e pásano moi ben. En *Cancodrilo vai á escola*, o protagonista comeza a escola ao día seguinte e ten que preparar a súa mochila. Cando xa está na cama, o seu amigo Ourizopicón chámao por teléfono porque está moi nervioso e non pode durmir. Cancodrilo dálle unha solución: ler un conto como el fai cada noite. Á mañá seguinte Cancodrilo prepárase moi cedo para poder coller o bus cos seus amigos, que van ledos todos xuntos á escola. As ilustracións de Javier Rey Feijoo e Silvia González Sánchez achegan un cancodrilo amábel, simpático que non ten dentes e non impón medo. As imaxes de Cancodrilo e os seus amigos están feitas con tintas planas, rodeadas dunha liña grosa de diferentes cores. Son unhas ilustracións divertidas con cores alegres e contrastadas.

Loureiro, Ramón, *A torre de Hércules. A lámpada do mundo*, ilust. Antonio Seijas, ed. trilingüe, A Coruña: Editorial Trifolium, [lectorado autónomo], outubro 2016, 34 pp. (ISBN: 978-84-945654-2-7).

Relato en edición trilingüe galego, castelán e inglés no que Ramón Loureiro (Fene, 1965), a través dun narrador en primeira persoa, conta a historia da Torre de Hércules, coñecida como a Lámpada do Mundo, facendo un repaso polos fitos máis importantes dende a súa construción en tempos do emperador Augusto no século I, aínda que cuestiona que se iniciase con Nerón e rematase no reinado de Vespasiano. Comenta que en tempos de Traxano xa estaba considerada unha marabilla do mundo e que guiou as naves cara ás Illas Británicas. Conta que na Idade Media se utilizou como fortaleza e que non foi até o século XVII cando se volveu empregar como faro. Por último, indica que aínda se pode ler que o seu arquitecto foi Caio Sevio Lupo e lembra como de pequeno se escapaba para contemplar como se acendía a lanterna. Acompáñase de ilustracións figurativas a cor sobre fondo branco de Antonio Seijas (Zaragoza, 1948), con predominio dos tons azuis e vermellos que representan escenas do narrado.

Referencias varias:

- R. L., “Presentan ‘A Lámpada do Mundo’ a los pies del faro”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 30 decembro 2016, p. 11.

Faise eco da presentación deste libro polo autor e o ilustrador. Dise que tenta “situar el monumento Patrimonio de la Humanidad en el centro de la literatura y arte del país”. Sinálase que se publica en galego, castelán e inglés e o seu eixo vertebrador é un relato.

Mallo, Patricia, *Os Cabezombis na Mansión Espello*, ilust. Perrilla, Vigo: Editorial Galaxia, col. árbore/galaxia, n.º 207, a partir dos 10 anos, 2016, 270 pp. (ISBN: 978-84-9865-727-2).

Patricia Mallo (Vigo, 1985) conta, a través dunha terceira persoa, a aventura do protagonista, Nico, cando herda a casa do seu tío desaparecido, chega á mansión e se atopa cos Cabezombis. Queren mercarlle a casa para construír un centro comercial. El négase e comeza a investigar porque ninguén sabe nada de seu tío, que era un buscador de tesouros e pertencía a unha organización que busca tesouros ocultos arredor do mundo. Mentres fai esta descuberta, debe manter a salvo os Cabezombis para que ninguén o saiba. Mais son demasiado inquedos e algunha xente do pobo descúbreos. Chega un momento no que a presión é demasiada entre o comisario, que pensa que hai zombis na mansión, e o empresario que quere comprar a casa. Nico pensa en marchar do pobo para poñer a salvo aos Cabezombis. Durante toda a obra terá que ir descubrindo mensaxes que o seu tío tiña agochados na casa para poder atopalos. Perrilla (A Coruña, 1981) ilustra a portada e os interiores do libro cun estilo enérxico no que a liña de tinta negra se utiliza para crear contornos, dar volume e definir os personaxes e os escenarios cunha estética de aire gótico e caricaturesco. A ilustración da cuberta xoga con varias totalidades e no interior mantense o emprego da tinta negra acentuándose algúns detalles con cores rosadas.

Martín, Paco, *De paraugas*, ilust. DNL, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Milmanda, n.º 121, setembro 2016, 145 pp. (ISBN: 978-84-9121-091-7).

Paco Martín retoma a súa andaina literaria cunha obra artellada ao redor dun obxecto de uso común: o paraugas, que acolle oito relatos: “Inmemoriam”, “A volta do rodeo”, “Paraugas reguengo”, “Paraupark”, “O mensaxeiro de Clío”, “A procura”, “Mónica dos dous paraugas” e “Polo río”. Cada un deles principia cunha representativa fotografía de Daniel Puente Bello “DNL”, (A Coruña, 1974), na que os paraugas son os protagonistas, amosando un tenue adianto da historia que a segue. O volume compleméntase cun prólogo, a cargo de Xavier Senín no que reflexiona sobre a narrativa textual e a simboloxía do paraugas; un epílogo de Xavier Docampo, centrado na linguaxe visual, destacando o valor e poder da fotografía; e un texto, “A modo de exordio”, no que o propio Paco Martín explica a xénese da obra. Lendas, mitoloxía, realidade e imaxinación mestúranse nunha obra na que o príncipe OwainGlyndwr, o río Lethes, unha estraña desaparición e a Mazá da Discordia se mesturan coas películas de vaqueiros, con negocios absurdos ou coa cobiza humana. Fala dun paraugas herdado, que conta como un marido fabulaba coa guerra, dun paraugas western, que trata a obsesión dun home por este xénero de cine e dun paraugas reguengo, que achega auga a quen o necesita. Existen máis paraugas que aparecen con humor e retranca. Os paraugas protexen da chuvia, que pode ser a indiferenza, o esquecemento, os soños non cumpridos. A cuberta presenta unha fotografía a cor, na que un paraugas negro aberto parece inmóvil sobre o decorrer do río, sobre a forza da auga rompente que aquí semella unha pintura abstracta.

Recensións:

- Montse Pena Presas, “Obra singular”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º606, “Libros”, 8 decembro 2016, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 559, “Letras galegas”, 17 decembro 2016, p. 10.

Tras indicar a súa alegría ante un novo libro de Paco Martín, recorda que foi galardoado co Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil coa obra *Das cousas de Ramón Lamote*. Describe a escrita do autor que está “chea da fantasía do real, ou capaz de introducir a cotidianidade na fantasía”, semellante a Cunqueiro, pero incluíndo crítica social e ironía. Indica que a nova obra é un conxunto de relatos onde se ven “maxia, realidade e un aquel de retranca” e na que resulta impresionante a construción e estilo, xa que son “contos para ser contados”, onde se observa a influencia da literatura oral e popular. Comenta que os relatos teñen en común un elemento, os paraugas, que se visualizan mediante as fotografías de Daniel Puente Bello e que conta con anécdotas e textos de Álvaro Cunqueiro, ademais o epílogo é de Xabier P. Docampo.

Referencias varias:

- R. L., “De paraugas”, *Diario de Pontevedra*/ *El Progreso*, “*Táboa Redonda*”, n.º 50, 25 setembro 2016, p. 6.

Eloxia o diálogo que se crea no libro de Paco Martín entre imaxe e texto. Indica que en moitos destes relatos a relación entre a historia e a fotografía está presente dende o comezo, mais noutros este misterio non se resolve até o final da lectura. Ademais salienta o protagonismo dos paraugas no libro como “habitantes do país da chuvia”.

- Jaureguizar, “Paco Martín. ‘Os paraugas din moito da xente, sobre todo se non chove”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, “Literatura”, 19 outubro 2016, p. 61.

Refire que Paco Martín comezou a escribir estes relatos por unha situación vivida en Madrid que fixo que lle pedise ao fotógrafo Daniel Puente Bello fotografías con paraugas, para a partir delas facer varios relatos de xente con paraugas e tratalos como seres vivos con sentimentos.

Mauricio, Enrique e Carlos **Taboada**, *Un Ronsel de Ardora*, ilust. dos autores, [Pontevedra]: Lela Edicións, col. Mulleres galegas, n.º 1, [prelectorado e lectorado autónomo], outubro 2016, 31 pp. (ISBN: 978-84-946043-0-0).

Conto de Enrique Mauricio e Carlos Taboada no que a través dun narrador omnisciente relatan unha pequena biografía da científica Ángeles Alvariño en forma de historia que a propia protagonista recorda dende a súa infancia. Conta con pequenas actividades que o narrador propón, relacionadas coa ciencia. Está ilustrado polos propios autores semellando un caderno de notas dunha científica sobre a bioloxía mariña, a súa flora e fauna. As imaxes seguen un estilo gráfico moi sinxelo dirixido a un público infantil onde destaca o debuxo feito a rotulador negro coa cor da acuarela, saturada e empregando a gama de azuis que recordan o mar. Tanto as gardas do libro coma algunhas ilustracións aparecen cunha serie de animais e vexetais nos que se describen o seu nome científico, quen os descobriu e algún detalle importante a sinalar. O texto adáptase ás ilustracións.

Referencias varias:

- Belén López, “Páxinas para Lela”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 9 outubro 2016, p. 10.

Fala da creación dunha nova editorial, Lela, das mans dos contacontos “Polo Correo do Vento”, Quique Mauricio e Carlos Taboada, que abrirá coa primeira colección chamada “Mulleres galegas”; unha homenaxe ás mulleres que realizan actividades importantes, descoñecidas para moitos. Indica que a primeira entrega estará dedicada a Ángela Alvariño, a primeira muller oceanógrafa en actuar como científica nun barco de investigación británico. Fala tamén doutras figuras femininas coma Antonia Ferrín ou Rebeca Atienza que serán reflictidas nesta serie de libros. Para rematar explica que o título da editorial foi escollido coma homenaxe persoal de Carlos Taboada á súa avoa.

- Cuca M. Gómez, “De cervecitas por Pontevedra”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, 15 outubro 2016, p. 78.

Dá conta da presentación desta obra na Casa das Campás de Pontevedra e sinala que o libro inaugura a editorial Lela.

- C. N., “A herdanza científica de Ángeles Alvariño, recollida nun libro para nenos”, *Diario de Pontevedra*, “O Morrazo”, “Bueu”, “Cangas”, 23 outubro 2016, p. 20.

Faise referencia á presentación deste libro no que Enrique Mauricio e Carlos Taboada, pertencentes ao colectivo Polo Correo do Vento, presentan a vida de Ángeles Mariño, unha científica galega que descubriu vinte e dúas especies mariñas e participou en varias expedicións. Saliéntase que as ilustracións son de moi boa calidade e que intenta achegarse á xente nova.

- Belén López, “No último intre do Ano Castelao”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 19 decembro 2016, p. 7.

Entre outras cousas, fai referencia ao primeiro volume publicado polo selo Lela enmarcado na colección “Mulleres galegas” e dedicado a Ángeles Vilariño.

Misa, Iria, *Xa non estou aquí*, Premio Jules Verne de Literatura Xuvenil 2016, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Fóra de Xogo, n.º 167, [lectorado mozo], outubro 2016, 211 pp. (ISBN: 978-84-9121-103-7).

Iria Misa (Gondomar, 1983) dedica esta obra “Para os meus pais, que me apagan a tele desde 1983” e a Ledicia Costas. Ao longo de vinte e seis capítulos titulados, enmarcados nun “Preámbulo” (ao que lle antecede un breve texto no que os termos “morte”, “dor” e “vida” anticipan algúns trazos da intriga da novela) e un “Epílogo,” o lectorado coñece os feitos que rodean a misteriosa desaparición de Ánxela, unha moza que repite primeiro de bacharelato e que no novo curso escolar abandona as amizades de sempre e entra en contacto cos Murnios, un grupo, formado por María, Carlos, Gabriel e os irmáns Leirós, cuxos hábitos, distintos aos doutros compañeiros, finalmente non

darán en nada bo. Desde diferentes puntos de vista (o de Ánxela, pero tamén dende os dos seus pais ou, sobre todo, dende os dos Murnios) o lectorado é quen de configurar o crebacabezas que supón a estraña desaparición dunha rapaza, principal asunto da novela que trata a incomprensión familiar, a necesidade de pertencer a un grupo, a soidade, as drogas, a falta de personalidade, a autoestima, a aparente desgana dos máis novos, a necesidade de experiencias vitais de risco para saír do cotián, o amor, a fidelidade, a homosexualidade... Na cuberta do libro de Miguel A. Vigo funde imaxes nunha colaxe dixital: unha ruleta en primeiro plano, siluetas humanas no plano medio e un bosque de fondo polo que entra a luz na parte superior en tons ocres e laranxas.

Recensións:

- María Navarro, "Novidoso deliñamento", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 601, "Libros", 3 novembro 2016, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 554, "Letras galegas", 12 novembro 2016, p. 10.

Indica que esta obra trata sobre unha adolescente desaparecida e é contada en primeira persoa pola misma protagonista, aínda que concede a palabra a outros persoaxes facendo de cada un deles un protagonista coa súa propia historia. Destaca a técnica de *in extrema res*, xa que comeza polo final, a súa temática próxima e o premio recibido, o Jules Verne de Literatura Xuvenil.

- Ramón Nicolás, "Que fai que unha moza queira fuxir?", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Libros", "En Galego", 11 novembro 2016, p. 16.

Alude a que esta novela fala dunha adolescente desaparecida e trata diferentes temas da adolescencia: os medos, as inquedanzas, as perspectivas de futuro, as conxecturas… Indica que se caracteriza por ter unha gran intensidade emocional e por cuestionar as razóns polas que unha moza toma a difícil decisión de fuxir. Destaca que é a primeira obra da autora e que foi galardoada co Premio Jules Verne.

Referencias varias:

- Isabel Blanco, "Iria Misa. 'Cando escribes para adolescentes hai que ter claro que non podes adoutrinalos", *El Correo Gallego*, "Entrevistas", 5 agosto 2016, p. 19.

Nesta entrevista a Iria Misa, con motivo da recepción do premio Jules Verne, afirma, entre outras cousas, que nos seus comezos a novela non estaba pensada para adolescentes pero, co paso do tempo, foi collendo forma e que tentou tratar temáticas que considera importantes para este colectivo, como poden ser a creación da identidade, a pertenza a un grupo, as inseguridades e outros problemas da idade, pero dunha forma amena e utilizando unha estrutura e linguaxe fácil de comprender polos seus destinatarios, os adolescentes a quen coñece polo seu exercicio como docente.

- Neli Pillado, "Iria Misa Peralba. 'A desaparición de Águeda hai dez anos impactoume moito e foi o xerme da novela", *Faro de Vigo*, "Val Miñor", 14 outubro 2016, p. 15.

Conversa con Iria Misa sobre a recente publicación da obra *Xa non estou aquí* na que fala sobre os seus proxectos e sobre a súa inspiración para escribir. Dá conta do argumento e menciona os feitos reais que ocorreron en Baiona e que son a orixe do libro. Achega información sobre o lugar, hora e asistentes á presentación do libro.

- Lourdes Varela, "Iria Misa. 'Se algo me gustaría, iso é ser quen de poder desenvolver un estilo de meu", *Faro de Vigo*, *"Faro da Cultura*", n.º 602, 10 novembro 2016, p. V/ *La Opinión*, *Saberes*", n.º 555, 19 novembro 2016, p. 10, "Entrevista".

Nesta entrevista á escritora Iria Misa, tras gañar a última edición do premio Jules Verne, fala de como tratan os medios de comunicación a desaparición de rapaces e rapazas e de como é a adolescencia hoxe en día comparándoa coa súa. Fai fincapé na "montaña rusa emocional" que esta supón xa que son os temas principais da súa obra. Refírese tamén a algúns dos autores e autoras que a inspiraron á hora de escribir, afirmando que, ao igual que Ledicia Costas, lle gustaría desenvolver un estilo de seu.

Padullés, Estefanía, *A canción do sol*, ilust. da autora, A Coruña: Hércules de Ediciones, [prelectorado], 2016, [18] pp. (ISBN: 978-84-944396-4-3).

Neste álbum, de Estefanía Padullés (Barcelona, 1978), a través dun narrador omnisciente, cóntase a historia de Perico, un galo que é o primeiro en espertar todos os días na súa granxa coa misión de cantar para que saia o sol. Un día queda durmido e o sol non sae. Os seus compañeiros da granxa bótanlle a culpa e Perico decide iniciar unha viaxe en busca do sol. Cando o atopa, decátase de que o sol non sae polo seu canto, senón que sae sempre, pero se hai nubes non o deixan ver. Polo tanto Perico xa non canta para chamar polo sol, senón para espertar os seus compañeiros. Nas ilustracións a autora combina as cores da acuarela, ceras e pinturas acrílicas e deixa que o fondo sexa protagonizado pola textura que ofrece o papel de acuarela. As diferentes escenas representan animais e paisaxes que son asiluetados con liña negra de rotulador, ofrecendo unha gran harmonía e ledicia ao acontecemento. Ofrece unha observación ao coidado e cariño aos animais e ao entorno natural, coma o mar e o medio rural. Emprega cores moi vivas, saturadas e alegres nas imaxes que cobran máis valor que o texto, destacando pola súa gran forza cromática. As ilustracións, dirixidas cara a un público infantil, pretenden concienciar no coidado e benestar da flora e a fauna.

Recensións:

- Inés Sánchez Díaz-Marta, "A tradición dos contos de sempre", *El Correo Gallego*, "*2domingo*", "Literatura Infantil e Xuvenil", "ELOS de lectura", 14 agosto 2016, p. 6.

Salienta que Estefanía Padullés volve a atreverse cun conto que ten moito que ver coa natureza, a importancia da autovaloración e a tradición dos contos de sempre. Recolle agora ese aire natural que xa emanaba de *O desexo do gato Klops*, optando por utilizar animais como personaxes principais, por levar a cabo ilustracións feitas a man e por inventar historias que nada teñen que ver coas tecnoloxías ou reminiscencias do mundo moderno, converténdose así nunha obra que esperta a tradición dos contos de sempre, onde o que realmente importa é a moral e o visual. Despois de contar a historia, comenta que nas ilustracións utiliza cores cálidas que recordan a amizade e a

importancia da unión entre os personaxes, que moito admiran o labor do seu compañeiro o galo, son coloridas e axudan a crear un percorrido visualmente orixinal polas aventuras do galo Perico.

Paz Limia, Jacobo, *LobisHome*, ilust. Olaya Naveira Souto, Santiago de Compostela: Ediciones Bolanda, [lectorado autónomo], 2016, 63 pp. (ISBN: 978-84-608-7446-1).

Jacobo Paz Limia (A Coruña, 1979) presenta nesta obra a lenda do lobishome cunha estrutura de libro interactivo que é un conxunto de dezaseis historias nas que un narrador omnisciente fai que o lectorado viva unha experiencia única sendo el mesmo o protagonista e decidindo o final de cada páxina. Os sucesos dan comezo unha noite de lúa chea na que, estando de acampada, o lector esperta transformado en lobo e vai ir vivindo unha serie de aventuras, caracterizadas pola incógnita e o suspense, que van ser marcadas polas súas determinacións. Entre as tonalidades dos debuxos de Olaya Naveira Souto destacan as cores cálidas que escenifican episodios, na súa maioría fantásticos, as cubertas son duras e as ilustracións de toda a obra son de estilo figurativo e teñen continuidade.

Referencias varias:

- Mario Álvarez, "Jacobo Paz convida a unha revisión da lenda do lobishome", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 17 xuño 2016, p. 43.

Faise alusión ao uso da figura do lobishome na cultura popular galega dende fai tempo: *O lobo da xente*, de Vicente Risco e a lenda de Romasanta. Indícase que "o éxito parece asegurado" pola figura do lobo e mais o feito de que o lectorado sexa o protagonista do libro. Tras describir o amplo e vistoso formato da creación, fálase da longa traxectoria do seu autor no mundo da escrita e no mundo do audiovisual até a actualidade. Noutra liña expóñense as palabras do escritor que de mozo non coñecía libros para primeiros lectores e na súa opinión "son unha boa opción para atraelos á lectura".

- J. J. Cid, "Jacobo Paz Limia. 'Lobishome permitirá ós cativos recuperar este personaxe da mitoloxía galega", *Atlántico Diario*, p. 38/ *La Región*, p. 75, "Sociedad", 1 xullo 2016.

Nesta entrevista a Jacobo Paz Limia, con motivo da publicación da súa última obra infantil, destácase que o autor intenta atraer os cativos aos libros cun elemento do folclore, o lobishome. Opínase que as ilustracións da deseñadora Olaya Naveira dan á obra un valor engadido. E noutra liña, dise que a obra está pensada para os primeiros lectores, podendo compartir a lectura con toda a familia, converténdose nunha forma diferente de atraer a todo tipo de xente nova.

Pérez, David, *Todo o tempo do mundo*, Premio Merlín de Literatura Infantil, ilust. Marcos Viso, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. merlín, n.º 257, 11 anos en diante, outubro 2016, 172 pp. (ISBN: 978-84-9121-102-0).

Esta obra de David Pérez (Ames, 1962), coa dedicatoria “Para Aida”, comeza cuns versos do escritor Uxío Novoneyra. Está estruturada en trinta e cinco trepidantes capítulos e narra, a través da voz da pequena Ariadna, unha historia que abrangue temas acerca da emigración, da familia, o cariño cara aos avós ou o apoio da xente nos momentos delicados. Ariadna é a protagonista absoluta da obra, onde se conta como o seu mundo dá un xiro radical, debido á marcha de seus pais a Canadá, na busca dunha vida mellor, e como é a súa vida agora que convive co seu avó paterno nun ambiente rural. Cando xa vía a súa vida encamiñada ao carón do seu avó, os seus deciden que é hora de que viaxe con eles ao país americano e comece unha nova vida alí. A pesar da dura distancia que os separa, Ariadna nunca esquece a seu avó, os momentos que viviron xuntos e todo o que aprendeu del. As ilustracións figurativas do debuxante ourensán Marcos Viso (Ourense, 1973), aínda que non estean presentes en todos os capítulos, reflicten os aspectos máis importantes do que está a relatar Ariadna, coma a primeira imaxe que tivo a primeira vez que viu ao seu avó, ou cando ambos estiveron pasando a tarde sentados nun palleiro. É un relato no que se amosa tristeza polo que non se usan cores vivas para os debuxos, senón que destacan as escuras e moitos deles son creados a man alzada.

Recensións:

- Bieito Iglesias, “O fío da meada”, *Tempos Novos*, n.º 234, “Días Soltos”, novembro 2016, p. 7.

Faise referencia a que David Pérez Iglesias gañou o Premio Merlín con esta obra. Alúdese a que conta a historia dunha nena de pais emigrados que queda cos avós. Incídese en que a linguaxe da obra recrea as características léxicas e dialécticas propias da realidade.

- Marta Neira, “Todo o tempo do mundo’: reivindicación do rural”, *El Correo Gallego*, “*2domingo*”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 31 decembro 2016, p. 6.

Comeza recordando que foi a obra gañadora do Premio Merlín e que se trata dun escritor descoñecido na LIX galega, bo coñecedor, como amosa neste relato, do léxico, da antropoloxía, da mitoloxía, das lendas e da cultura do rural galego. Salienta que a novela está dedicada a Aida, que se inicia cunha cita de Novoneyra, á que lle segue unha carta dirixida a Ariadna, “Un camiño no bosque”, asinada por David e na que se comenta a importancia da escrita e se lle cede a voz á protagonista para que conte a súa historia. Logo describe o argumento e recorda que se achega á situación de moitas familias que na actualidade teñen que emigrar para poder sobrevivir, mais tamén á relación entre pais e fillos e, sobre todo, entre avós e netos. Así mesmo dise que é unha clara reivindicación do rural galego, que é abandonado pola xente e que se pon en contraposición co mundo moderno e urbano que en moitas ocasións renega das orixes. Destácanse das ilustracións figurativas que representan as situacións vividas por Ariadna e polo avó; pequenos detalles da narración ou escenas dende un ángulo cenital. Cualifícase como novela realista que bebe de fontes clásicas universais, ao tempo que se sitúa na liña de obras galegas que se achegaron ao tratamento do rural galego (neste caso dende unha ollada feminina).

Referencias varias:

- Isabel Blanco, “David Pérez. ‘Sería absurdo non pensar que hai máis libros que merecían este premio”, *El Correo Gallego*, “Entrevistas”, 13 xullo 2016, p. 18.

Conversa con David Pérez por mor da súa última publicación na que sinala o argumento e temas principais da obra. Destaca o tratamento da crise económica, o paro e a emigración. Comenta que foi ideada para o público infantil, aínda que tivo unha boa acollida entre o público adulto.

- M. G., “David Pérez presenta o seu libro ‘Todo o tempo do mundo”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 8 novembro 2016, p. 32.

Informa da presentación desta obra na Casa da Cultura de Noia.

Pinto&Chinto, *Cámbiache o conto!*, ilust. Pinto, Vigo: Editorial Galaxia, [lectorado autónomo], xullo 2016, 112 pp. (ISBN: 978-84-9121-073-3).

Conxunto de contos tradicionais de tendencia fantástica, nos que se tratan temas como a astucia, o engano, a maldade, a avaricia, a amizade, a humildade, a envexa, a autoestima, a paciencia, as falsas aparencias, o arrepentimento e a ambición. Os seus autores David Pintor (A Coruña, 1975) e Carlos López (Boimorto, A Coruña, 1967), coñecidos co pseudónimo de Pinto&Chinto, por medio dun narrador omnisciente, en terceira persoa reescriben con humor vinte e cinco contos da transmisión oral e de H. C. Andersen máis coñecidos na cultura occidental, cambiando xeralmente o final da historia e mantendo os personaxes e o argumento. As ilustracións de David Pintor (A Coruña, 1975) que acompañan os relatos son figurativas, en clave de humor e retratan os personaxes principais de cada conto dun xeito moi caricaturesco. Gozan de moita expresividade e semellan estar en movemento debido ao emprego de trazos marcadamente sinuosos en tinta negra que se superpoñen ás masas de cor. Na cuberta aparece o debuxo dun neno deitado nunha cadeira e rindo a gargalladas. Atendendo ao debuxo da portada podemos adiviñar que o libro que ten entre mans é *Cámbiache o conto!*. A este guiño divertido súmase tamén o do título, en letra manuscrita e escrito ao revés. Ambos detalles constitúen unha cuberta directa e que funciona como declaración de intencións, prometendo deste xeito “darlle a volta” aos contos que se recollen e facelo ademais procurando o sorriso do lectorado.

Recensións:

- Ramón Nicolás, “Cando as cousas, e os contos, non son o que parecen”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Galego”, “Letras”, 5 agosto 2016, p. 11.

Salienta que os autores desta obra tratan de maneira humorística e dinámica o método de instalarse no coñecemento previo das obras clásicas, *O frautista de Hamelín*, *Carrapuchiña Vermella*, *Cincenta*... , logrando o distanciamento para obter unha nova visión. Destaca que Pinto&Chinto logran atopar o oco preciso para advertir os antagonistas destas novas historias e deste xeito converter os finais. Por último destaca

que non se recorda recreación cun listón tan alto, que consiga xerar preguntas e cuestionar as cousas promovendo a capacidade crítica sempre cun sorriso na boca.

- María Navarro, "Concisión e brevidade", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 598, "Libros", 13 outubro 2016, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 551, "Letras galegas", 22 outubro 2016, p. 10.

Coméntase que os autores desta obra danlle unha volta a vinte e cinco contos clásicos "para causar sensación entre un público mozo que medrou con tópicos que agora se presentan tenramente dislocados". Destácase a brevidade e a atemporalidade dos relatos, posto que se introducen aspectos da vida moderna. Indícase que o factor sorpresa "marabilla polo xiro dos acontecementos" e que se trata dun reto para os seus autores debido ao coñecemento dos textos tradicionais a través das versións cinematográficas.

Referencias varias:

- Héctor J. Porto, "David Pintor e Carlos López danlle unha reviravolta humorística aos relatos clásicos para os pequenos", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 1 agosto 2016, p. 27.

Destaca que o libro esta composto por vinte e cinco contos e fábulas clásicas, moi coñecidas e con diferentes interpretacións. Explica que nesta obra se fai unha recreación libre e humorística dirixida a nenos de todas as idades. Remata incidindo no espírito que queren mostrar os autores que tratan de manter en todo momento o espírito do texto orixinal facendo especial énfase no único compoñente común entre todas as historias: o humor.

Pis Marcos, Monserrat, *Dos estranos ollos de Damaluar e das aventuras que lle sucederon o día que desapareceron as súas zapatillas*, XIII premio de Literatura Infantil e Xuvenil Pura e Dora Vázquez, ilust. Quico, Ourense: Deputación de Ourense, [lectorado autónomo], 2016, 119 pp (ISBN: 978-84-16643-00-4).

Monserrat Pis Marcos (Santiago de Compostela, 1983) nesta obra, por medio dun narrador omnisciente en terceira persoa, dá a coñecer o ocorrido dende a mañá na que a protagonista da historia, Damaluar, unha moza desconcertante e sorprendente que sempre cubre medio rostro co seu longo cabelo escuro, un día esperta e non atopa as súas zapatillas de danza, de gran importancia para a protagonista porque sen elas non pode bailar. Pensando que estas lle foran arrebatadas por un mozo de pel branca e louro cabelo, que visitara o seu castelo, decide partir na súa busca para recuperar o que lle pertence. Durante a viaxe, atópase con infinidade de personaxes, moitos deles procedentes doutras historias fantásticas: Alicia, O mago de Oz ou Peter Pan, os cales lle son de axuda para atopar o mozo que buscaba. No remate da súa viaxe decátase de que as súas zapatillas non eran as culpables de que ela non soubera bailar, o que sucedía era que bailaba coa música equivocada. Os temas máis salientábeis son: o amor, a amizade, a valentía, a nostalxia e, sobre todo, a aventura. Inicia o libro un prólogo no que se presenta a historia (onde se dá a coñecer a Damaluar) e finaliza cun epílogo e unha coda. As ilustracións de Francisco Pérez Villanueva (Noia, 1975), Quico, representan os momentos máis significativos da historia da moza protagonista, que están cheos de realismo e infinidade de emocións, reflectidas nas faces dos personaxes.

As tonalidades empregadas son suaves, aínda que se presentan moitas cores escuras, predominando os azuis, verdes e morados.

Referencias varias:

- Isabel Blanco, "Monserrat Pis. 'Todavía no siento el valor suficiente para lanzarme a vivir sólo de la escritura", *El Correo Gallego*, "Entrevistas", 29 marzo 2016, p. 16.

Entrevista á escritora Monserrat Pis onde destaca a emoción que sente por ser a gañadora da última edición do XIII Premio Pura e Dora Vázquez con esta obra e o empuxón que isto supón na súa traxectoria como escritora. Tamén fala brevemente do proceso de creación, da súa próxima publicación e da importancia da literatura no desenvolvemento dos máis novos. Ao remate destaca que aínda que ten moitos proxectos en mente, debe compaxinalos coa busca de emprego posto que non se sente co valor suficiente como para lanzarse a vivir de escritora.

Pita, Charo, *Oxalá estiveses aquí*, ilust. Dani Padrón, Vigo: Editorial Galaxia, col. árbore/galaxia, serie azul, n.º 205, a partir dos 10 anos, xuño 2016, 120 pp. (ISBN: 978-84-9865-716-6).

Esta obra de Charo Pita (A Coruña, 1966) estrutúrase en dezasete capítulos, todos titulados. Os encabezamentos proporcionan a clave dos capítulos, nos que se desenvolverá a idea enunciada. A historia está protagonizada por unha personaxe chamada Lebre, quen atopa no río da Pradería na que vive unha botella cunha mensaxe no seu interior. Desconcertada pide axuda aos seus amigos Abella, Cangrexo, Lagarta e Vento Norberto e estes dinlle que pode ser unha trampa. Entre todos conseguen sacar a mensaxe, a cal ten gravada a frase "Oxalá estiveses aquí". A Lebre, asustada pero curiosa, decide internarse nas Terras do Alén, terras perigosas para atopar ao dono da mensaxe. O astuto animal vai en busca do propietario, atravesando múltiples perigos e aprendendo diversas lecciónns no seu camiño até chegar ás Terras do Alén e dar coa Tartaruga, dona da mensaxe. O propósito do animal era convidar a outros compañeiros a visitar o paraíso natural no que vive. A lebre, de acordo coa idea da tartaruga, fixo o mesmo ca ela, escribiu nunha folla "oxalá estiveses aquí", meteuna na botella e deixouna ir polo río. Remata co regreso da lebre para narrar a historia aos seus fieis amigos. No final preséntase unha breve biografía da autora, da que se destaca o seu carácter de contacontos, relatos que narra a persoas de todas as ideas. As ilustracións de Dani Padrón (Ourense, 1983), un total de trece debuxos en cores frías, grises, negras e verdes pálidas, ocupan unha ou dúas páxinas e non achegan máis información aínda que axudan a seguir o relato. Personaliza a unha lebre na procura dunha aventura que nace a través dunha mensaxe nunha botella cun grafismo simple a lapis, empregando o rotulador para saturar as sombras a través da escala de grises. Vanse presentando ao longo do libro as diferentes etapas nas que se encontra a lebre, as paisaxes polas que se atopa, os detalles dos sentimientos que vai tendo e as accións que vai decidindo.

Referencias varias:

- ECG, “Nueva narración de Charo Pita”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 6 xullo 2016, p. 36.

Preséntase esta historia de aventuras e aprendizaxe protagonizada por animais e ilustrada.

- Charo Pita, “*Oxalá estiveses aquí*”, *El Progreso*, “*Pícaros*”, “O conto”, 16 xullo 2016, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra.

Ripalda, Xosé Lois, *O golfiño ceibe*, ilust. do autor, Vigo: Ir Indo Edicións, col. Contacontos, n.º 46, máis de 10 anos, 2016, 150 pp. (ISBN: 978-8-47-680725-5).

Xosé Lois Ripalda (Erbedeiro-Carballedo-Lugo 1940), por medio dun narrador omnisciente, narra a historia dun golfiño, Espelido, que despois de verse orfo e sen irmáns por culpa dos pescadores, trata de tomar vinganza disto e pretende demostrar con numerosas fazañas o ameazado que se atopa o mar polos Terreños. Vese envolto nunha gran cantidade de situacións de perigo das que sae san e salvo grazas aos consellos que lle dera súa nai e o Sabio dos Consellos, aos cales el escoitaba con gran atención. Ao longo desta aventura, que se desenvolve en dezasete capítulos titulados dando acenos sobre o contido, Espelido coñece a moitos amigos como Salamiña, Cabaciña e Coralina, unha golfiña da que se namora. Despois de conseguir o seu propósito, rematan a historia gozando xuntos das marabillas que esconde o mar. As ilustracións do propio autor empregan un grafismo a plumilla negra e acompañan ao texto no lateral esquerdo. Emprega cores saturadas e frías (que recordan ao mar) na cuberta do libro. As personaxes que representa son animais personalizados de apariencia alegre e infantil.

Referencias varias:

- Ana Baena, “Xosé Lois Ripalda. ‘A escolla das palabras é fundamental, busco a máis axeitada entre o falar da aldea”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 19 agosto 2016, p. 9.

Nesta entrevista a Xosé Lois Ripalda con motivo da publicación da súa última obra, destaca a linguaxe coidada, a temática e a tintura reivindicativa da obra. Comenta que está baseada en feitos reais e que “é un canto ao amor e a loita pola liberdade”.

Ríos, Eli, *Marta e a píntega*, Vigo: Editorial Galaxia, col. árbore/galaxia, serie azul, n.º 204, a partir dos 10 anos, xuño 2016, 126 pp. (ISBN: 978-84-9865-698-5).

Conto fantástico de Eli Ríos (Londres, 1976) cun narrador omnisciente que conta as aventuras de Marta, unha nena de sete anos, que ao dicir as palabras “até que a lúa sexa triangular” se atopa cunha píntega que a transporta ao mundo dos contos por ser a Gardiá da Memoria. Unha vez alí Marta coñecerá a varios personaxes de contos clásicos como Branca de Neve, Carapuchiña e o lobo, Rapunzel, Gretel e moitos máis. Marta terá que reescribir as súas historias antes de que a lúa se converta en triángulo, senón os personaxes quedarán atrapados nos contos tradicionais para sempre. O relato vai

acompañado dalgunhas ilustracións realizadas por Patricia Román (Ciudad Real), que presentan cores escuras, apagadas (tons marróns e verde escuro) que reflicten o que se vai contando no texto.

Referencias varias:

- Rodri García, "Eli Ríos. 'A nova xeración de poetas somos fillas da rabia", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", 11 marzo 2016, p. 6.

Entrevista á escritora Eli Ríos onde fala brevemente da publicación da súa nova novela, que define coma un conto infantil sobre a simpatía protagonizado polas recoñecíbeis princesas da tradición dos Grimm a través da fraga encantada de Cambre, de Wenceslao Fernández Flórez, *O bosque animado.* Tamén comenta a súa traxectoria como escritora, a importancia dos relatos que lle contaba o seu avó cando era pequena e a pertenza á que ela denomina a xeración das "fillas da rabia", porque durante moito tempo tiveron que vivir encaixadas nun modelo de literatura e sociedade imposto e anticuado.

- Ramón Nicolás, "Mundos máxicos", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "Galego", 16 setembro 2016, p. 12.

Valora positivamente a novela de Eli Ríos e salienta a reflexión realizada sobre as identificacións afectivas tomando como base a tradición do conto infantil.

- Eli Ríos, "*Marta e a píntega*", *El Progreso*, "*Pícaros*", "O conto", 23 xullo 2016, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra.

Sánchez Gálvez, Manuel, *Maelström, Maelström*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Costa Oeste, [mocidade], xuño 2016, 100 pp. (ISBN: 978-84-9865-721-0).

Manuel Sánchez Gálvez (Granada, 1974), nesta novela, que inicia coa dedicatoria a "Julia, Carlos e sobre todo a Gloria", trata temas como as aspiracións na vida, a lealdade e a inmortalidade. Consta dun prólogo que introduce ao lectorado na aventura e un epílogo que aparece ao final do libro e que comeza cunha hipótese que resume o seu contido. Divídese en dezasete capítulos curtos nos que se narran historias que se desenvolven en Vigo, onde unha muller chamada Amanda, coa súa filla e cun traballo que ocupa a maior parte do seu tempo, decide mudarse a un ático. Alí encontra un diario escrito polo capitán Nemo, onde narra toda a súa vida, dende o ano 1868 até o 2014. A historia de Amanda basease no conflito constante entre querer pasar máis tempo coa súa filla a ter que pasalo no traballo. Nesta parte o narrador da obra é omnisciente. Pola contra na historia do capitán Nemo o narrador é unha primeira persoa e esta baséase na aventura vivida no seu barco Nautilus. Unha noite aparécelle ao capitán Nemo un ser estraño semellante ao polbo, denominado Maelström. Este estraño ser ofrécelle a posibilidade de converterse en inmortal, cambiar de identidade e permanecer por sempre nas memorias da xente, a cambio de entregarlle a súa embarcación, non poder afastarse nunca máis de Vigo e non poder volver ao mar. Cada vez que o capitán Nemo intenta incumprir algunha destas condicións, o Maelström aparece na súa cabeza producíndolle un gran malestar. Isto é así até que no ano 2014 o capitán, con outra identidade, vai

camiñando pola rúa e comeza a xogar cunha nena pequena chamada Xiana, a filla de Amanda. Estes comezan a xogar coa estatua de Maelström que construíran diante da súa casa e, grazas á imaxinación da nena, o protagonista faille fronte ao medo que sentía por Maelström e deixa de escoitar o estraño ser, desfacendo dese xeito as condicións establecidas con este. Só ten ilustrada a cuberta cunha imaxe de Boris Popchinskiy/Shutterstock que amosa un vello capitán de barco en primeiro plano e un fondo mariño detrás.

Recensións:

- X. F., "Maelström, Maelström", *La Voz de Galicia*, "Cultura", "Para leer", 12 xullo 2016, p. 37.

Despois de destacar a gozosa presenza do capitán Nemo na ría de Vigo en *Vinte mil leguas baixo os mares*, comenta o partido que o autor tirou a esta obra no seu debut literario da que parte unha nova hipótese sobre o capitán Nemo. Expón a pertenza á literatura de aventuras así coma tamén outro clásico literario como é a inmortalidade, enunciando a alternancia da narración dos planos temporais cos espaciais de Vigo, cidade onde permanece o capitán segundo esta hipótese. Finalmente salienta que no ano pasado con esta obra o autor acadou un considerábel recoñecemento ao ser finalista no Premio de Novelas por Entregas e gañar o certame da Lonxa Literaria de Moaña.

Referencias varias:

- Isabel Blanco, "Manuel Sánchez Gálvez. 'Escribir supuxo para min unha gran axuda en momentos difíciles", *El Correo Gallego*, "Entrevistas", 10 agosto 2016, p. 17.

Entrevístase ao autor desta novela que mestura dúas historias, a do capitán Nemo e a dunha directiva dunha multinacional da industria naval de Vigo. Fala que a idea orixinal xurdiu vendo unha pintura de Urbano Lugrís.

- Ramón Nicolás, "Suxestivo debut", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "En galego", 26 agosto 2016, p. 13.

Destaca a adopción da lingua galega polo autor, de orixe granadino. Comenta o argumento da novela, na que o achado dun diario do capitán Nemo resulta o eixe construtor dunha narración con claras reminiscencias a Verne.

Saldoval Rey, Antonio, *A árbore da escola*, ilust. Emilio Urberuaga, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Demademora, [lectorado autónomo], setembro 2016, [38] pp. (ISBN: 978-84-8464-259-6).

Conto de Antonio Sandoval (A Coruña, 1967) que principia coas dedicatorias do autor ("A Ana, nai de Pedro") e do ilustrador ("A Roberto de la Prida, amigo e compañeiro de patio"). Por medio dun narrador omnisciente conta a historia dunha árbore que vivía soa no patio dunha escola. Un día Pedro fixouse en que era moi delgada e tiña algunhas follas secas, polo que decidiu acariñala, e, ao ver que lle brotou unha folla, regouna e

abrazouna. Á semana seguinte medrara tanto que Pedro comprendeu que aquela árbore precisaba moito agarimo para medrar e contoullelo aos seus compañeiros, que a coidaron moito e mesmo fixeron unha cabana entre as súas polas que a mestra decidiu empregar como biblioteca. Un día descubriron que a árbore tiña unha semente e nunha asemblea acordaron enviala a outra escola onde non houbese árbores. Alí pasou moito tempo sen que ninguén se fixase nela até que unha nena se decatou de que estaba moi delgada e tiña as follas secas. As ilustracións a toda a páxina de Emilio Urberuaga (Madrid, 1954) reflicten o texto e achegan unha representación dos personaxes e do contexto, que non aparecen descritos no texto. Caracterízanse polos seus trazos sinxelos e predominan nelas as cores vivas e cálidas.

Recensións:

- María Navarro, "Un fermoso texto", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 595, "Libros", 22 setembro 2016, p. VI/ *La Opinión*, "Saberes", n.º 548, "Letras galegas", 8 outubro, p. 8.

Salienta as expresións de empatía e amor á natureza que resultan tenras e saudábeis recollidas nesta obra. Comenta que o exemplar se basea na natureza, aclarando que esta se converte en protagonista ao longo da obra, facendo fincapé na importancia da educación ambiental, é dicir, na interacción entre a natureza e a sociedade para actuar sobre a contorna. Así mesmo, tamén destaca a relevancia do traballo colaborativo, sinalando importantes valores como a axuda e a necesidade de ser aceptado por un mesmo.

Santalices, Verónica, Laura **Iglesias** e Federico **Welicki**, *As andanzas de Paio*, ilust. David Álvarez e Laura Iglesias, Vigo: Editorial Galaxia, col. árbore/galaxia, [lectorado autónomo], 2016, [30] pp. (ISBN: 978-84-9865-675-6). Contén CD.

Nesta historia fantástico-realista de Verónica Santalices, Laura Iglesias e Federico Welicki, narrada en primeira persoa, na que a prosa narrativa do conto é acompañada por cancións escritas en verso, cóntase a historia de Paio, un teixugo viaxeiro que tras un ano de percorridos polo mundo chega ao seu fogar e lles describe aos seus amigos (un cadelo, unha vaca, un galo, dúas galiñas, un porco, un cabalo e unha ovella) as súas aventuras, acompañadas en todo momento por datos curiosos e por respecto ao medio ambiente. Remata cunha ficha técnica nomeando a todas as persoas participantes na realización da obra, incluídos os músicos que poñen melodía ao volume: Suso Feixón, Federico Welicki, Diego Pacheco, Darío Floccari, Adrián Solla, Verónica Santalices, Érika Welicki e Xacob Welicki. Inclúe un CD de audio coas cancións que acompañan o conto. As ilustracións de David Álvarez e Laura Iglesias ilustran a aventura do teixugo Paio e recordan o estilo cómic polo trazo e contorno das imaxes en liña negra, polo emprego de onomatopeas e diferentes formatos de texto (tipo caderno de notas, bocadillos etc). Combinan a técnica da pintura acrílica coas cores dos rotuladores, saturadas e alegres. Os personaxes son todos animais personalizados, cunha gran expresión humorística e de alegría. A simple imaxe segue o guión da historia, facendo o mesmo percorrido que o protagonista. No texto algunhas das palabras están engadidas cunha tipografía e cor diferente para atraer a atención da nenez e lles sexa máis doado lembrar cousas das diferentes culturas polas que viaxa o teixugo.

Referencias varias:

- Verónica Santalices, Laura Iglesias e Federico Welicki, "*As andanzas de Paio*", *El Progreso*, "*Pícaros*", "O conto", 30 abril 2016, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra *As andanzas de Paio*, escrita por Verónica Santalices, Laura Iglesias e Federico Welicki.

Solís, Fermín, *Así é Santiago*, ilust. do autor, Santiago de Compostela: El Patito Editorial, [prelectorado e lectorado autónomo], 2016, 52 pp. (ISBN: 978-84-945512-3-9).

Con esta narración gráfica escrita e ilustrada, a modo de libro de viaxe, por Fermín Solís (Madroñera, 1972), réndese homenaxe a un gran debuxante checo, Miroslav Sasek, como expresa nas páxinas de créditos nunha dedicatoria ao artista. A temática principal é a capital galega, como indica o título, tratada de forma realista co apoio das ilustracións. Afastándose da habitual imaxe centrada no ámbito relixioso da cidade compostelá, Solís descríbea en terceira persoa, a ela e aos seus habitantes, dá o seu punto de vista e mesmo achega datos curiosos sobre os seus monumentos, parques, estatuas, museos ou lugares máis emblemáticos. Desta maneira, Santiago é descrita dun xeito útil para calquera visitante que pasee polas súas rúas. Nesta edición coidada pola editorial predominan as liñas puras e os planos de cores saturados e alegres nas ilustracións a través das que Fermín Solís nos achega á cidade de Santiago, aos seus monumentos, aos seus costumes, ás persoas que transitan nas rúas e aos seus recunchos peculiares.

Viéitez Dani e Iria **Iglesias**, *A maxia da horta* (ISBN: 978-84-16456-33-8)/ *O coidado do medio* (ISBN: 978-84-16456-32-1), ilust. dos autores, Ferrol: Edicións Embora, col. O raposo Rufo, [prelectorado e lectorado autónomo], xullo 2016, [34] pp.

Nestes dous contos de Dani Viéitez e Iria Iglesias un narrador omnisciente con varias reflexións dos personaxes conta o que lle acontece a Rufo, un raposo, e aos seus compañeiros en dúas situacións diferentes. En *A maxia da horta* Rufo está na súa horta collendo esterco para poñerllelo ás súas plantas e que medren moito cando aparece Silvina e o axuda. Rufo explícalle o que ten na súa horta e como a coida: valando ao redor para impedir a entrada dos animais, espantando as pulgas que entran dentro… Logo cando ven un invernadoiro, Rufo explícalle a Silvina o que é coa axuda de Manolo, un caracol que estaba alí. Finalmente Silvina e Rufo deciden comer e van a recoller á horta o que precisan para a comida e a sobremesa. En *O coidado do medio* a Rufo rómpelle a regadeira cando polo seu lado pasaban dous gatos, Valentín e Silvina, que ían pasear e o convidan para que vaian canda eles. Ao chegar a praia, ven que a area está chea de lixo e Valentín propón recoller antes de poñerse a xogar. Limpando, Silvina pregunta por que hai tantos colectores para o lixo e explícaselle para que serven e o que se debe tirar en cada un deles, fomentando a reciclaxe. Remata coa idea de Silvina de facer dunha xarra de auga unha nova regadeira para Rufo. As ilustracións dos propios autores son paratextuais, aparecen en todas as páxinas e están cheas de colorido que

axudan a entender mellor a historia. Os personaxes están feitos con debuxos e xunto con eles hai varias viñetas nas que se explica mellor o tema a tratar.

Viso Dopazo, Marcos, *Vaite xa!*, ilust. do autor, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merliño, [prelectorado e lectorado autónomo], xaneiro 2016, [38] pp. (ISBN: 978-84-9914-964-6).

Relato de Marcos Viso (Ourense, 1973) no que se tratan os temas do amor e a emigración. Nel, o pai dunha familia de osos vese obrigado a marchar en busca dun traballo mellor, xa que non se venden cenoiras abondas e non lle alcanza para manter a Osa e Osiña. A Oso dóelle na alma ter que deixar atrás á súa familia, pero non lle queda máis remedio. Ao principio da viaxe síntese moi apenado, pero, a medida que avanza na mesma, emprende esta nova etapa da súa vida con forzas e ilusión porque quere o mellor para a súa familia e non soporta a idea de que pasen penurias. Ilustrado polo autor, os debuxos correspóndense con figuras ben definidas, rodeadas de paisaxes que ilustran o que se está a narrar na historia. Ademais, ao comezo da mesma, empréganse moitas cores frías co obxectivo de remarcar a tristeza que envolve toda a historia, pero a medida que se avanza na trama empréganse máis cores cálidas, como son o amarelo, o vermello, o laranxa, etc., que amosan tamén a esperanza que vai inundando os personaxes.

Referencias varias:

- Marcos Viso Dopazo, “Vaite xa!”, *El Progreso*, “*Pícaros*”, “O conto”, 19 marzo 2016, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento desta obra escrita e ilustrada por Marcos Viso Dopazo.

Vila Sexto, Carlos, *O enigma de Caronte*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Costa Oeste, [mocidade], febreiro 2016, 353 pp. (ISBN: 978-84-9865-674-9).

Novela de intriga de Carlos Vila Sexto (A Coruña, 1977) que principia co seguinte paratexto a modo de dedicatoria “Para Vítor e Dani, que alumearon o meu camiño e deron nome á aventura”. A obra, narrada en terceira persoa, está estrutura en oito capítulos, un prólogo e un epílogo. Narra a aventura vivida por Dani e o seu grupo de amigos en Cabo Lázaro, durante o seu último verán xuntos, antes de que cada un deles tome un camiño diferente. Despois da misteriosa morte dun dos compañeiros de clase, deciden investigar o acontecido ante as sospeitas de que se trate dun asasinato. Pouco a pouco, van descubrindo que todo está relacionado cun tesouro agochado. A historia ten unha dupla vertente que vai dende avós a netos, deste xeito, o prólogo comeza no ano 1965 e o epílogo está asinado en 2015. O traballo en equipo e o valor da amizade son o fío condutor da novela. A fotomontaxe da cuberta deseñada por Hayat Husein amosa imaxes e obxectos que avanzan unha novela de misterios e morte. No interior o mapa debuxado por Roberto Vila Rodríguez desvela o cabo Lázaro e os sitios máis significativos da novela.

Recensións:

- Francisco Martínez Bouzas, "Xogando a detectives", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 582, "Libros", 5 maio 2016, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 539, "Letras galegas", 14 maio 2016, p. 10.

Comenta que se trata dunha obra para todos os públicos pero que gozará especialmente o lectorado máis novo que lle dá prioridade ás lecturas cargadas de imaxinación e efectos fantásticos. Tamén se fan algunhas breves notas sobre o argumento e apunta que a principal falla da obra está en que é "un relato que nunca semella ter fin, de feitos fabulosos e pouco verosímiles", aínda que tendo ao seu favor "a creación dun clima de intriga que tira do lector dende a primeira secuencia".

- Antía Monteagudo, "Amigos, verán e misterio", *Tempos Novos*, n.º 230, *ProTexta*, "ProPostas", xullo 2016, p. 85.

Coméntase esta obra de Carlos Vila Sexto e alúdese a outras del, como *Alén da aventura* (Galaxia, 1991) e *Gárgola* (Galaxia, 1992), gañadoras do premio "Rúa Nova", e tamén *As sete mortes* (Galaxia, 2009), gañadora do Premio Frei Martín Sarmiento en 2011. Sinálase que *O enigma de Caronte* constitúe unha obra de aventuras e intriga situada en Cabo Lázaro. Saliéntase que o argumento da mesma xira arredor dun grupo de amigos que investigan a morte dun dos seus compañeiros, destacando a influencia dos clásicos de aventuras e misterio, a presenza da compoñente fantástica e a pegada do filme, tanto no estilo e na perspectiva narrativa coma na estrutura dos capítulos. Critícase a caracterización prototípica do heroe á que responde o protagonista.

Referencias varias:

- Xosé Carlos Caneiro, "Autenticidade", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "Club dandi", 8 abril 2016, p. 12.

Comenta o talento creativo de Carlos Vila e a súa solidez como narrador. Destaca brevemente algúns detalles do argumento, como a busca dun tesouro, que recollen a liña temática da literatura de aventuras de Stevenson. Salienta a conexión instantánea do lector coa novela que recomenda para todos os públicos.

- Mariluz Villar, "O enigma de Caronte", *La Región*, "Opinión", 24 abril 2016, p. 28.

Salienta a mestría do escritor Carlos Vila na creación desta súa nova obra, unha novela con Galicia de fondo que recolle "una secuencia ininterrumpida de aventuras palpitantes que a los jóvenes apasionará y a los adultos les hará recuperar la juventud olvidada". Indica que foi presentada no Liceo cunha grande afluencia de público.

Xoán G., *O Apalpador e o arco da vella*, Cesuras (A Coruña): Editorial Biblos Clube de Lectores, [lectorado autónomo], 2016, [46 pp]. (ISBN: 978-84-15086-52-9).

Neste álbum ilustrado de Xoán G. que conta cunha dedicatoria "A Xan, Roi e Antón e a todas as nenas e nenos galegos coa esperanza de que as súas vidas se escriban en futuro

perfecto”, un narrador omnisciente advirte que esta historia pode ser certa ou non aínda que Conventina, a dona das augas quen lla contou, sempre di a verdade. Logo presenta ao protagonista Evaristo que vive no Courel e acostuma levar algunhas cousas a casa do Apalpador. Alí atópase cunha cadea dourada que lle chama a atención. Cando a mira sabe ben que facer e, coa axuda de Donadona, unha pomba branca, recolle sete pingas de auga no frasquiño procedentes das sete fontes, dos sete ríos, dos sete mares de Galicia (lugares que están sinalados no mapa da derradeira páxina do libro). Coas pingas no frasquiño o Apalpador pode crear arcos da vella e viaxar por todas as casas dos nenos deixando agasallos. Finalmente, o Apalpador, que non sabe que hai moita xente que o axuda coas súas pingas, chega a casa dando ás grazas a todos. As ilustracións do propio autor destacan sobre o texto polo emprego da xeometría, da acuarela sobre papel de acuarela deixando ver a súa textura, polas cores vivas e alegres, que representan o cromatismo do arco da vella.

VII.1.2. REEDICIÓNS COMENTADAS E FACSÍMILES. TEXTOS RECUPERADOS

Fernández Paz, Agustín, *O soño do Merlo Branco*, ilust. Lucía Cobo, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Sopa de libros, n.º 61, a partir de 8 anos, novembro 2016, 144 pp. (ISBN: 978-84-9121-122-8).

No ano 2000, Agustín Fernández Paz (Vilalba, 1947–Vigo, 2016) daba a coñecer o relato *O soño do merlo branco*, que era ilustrado por Manolo Uhía e se distribuía no mercado na colección "Montaña encantada" da editorial Everest Galicia. Neste ano 2016 reaparece da man de Edicións Xerais de Galicia que o incorpora á colección "Sopa de libros" cunha revisión textual, enriquecidos paratextos, unha nova división dos seus capítulos –pasa dos doce aos vinte e tres– e a inclusión dunha biobibliografía de Fernández Paz e unha entrevista realizada á súa nova ilustradora centrada no seu labor artístico, Lucía Cobo (Lugo, 1982), quen viu un soño cumprido ao poder iluminar este libro coa súa creatividade. A portada e os interiores defínense por recoller un debuxo detido e delicado de moito detalle, que xogan cunha estética por momentos máis ornamental e noutros máis poética e evocadora para complementar este relato de vida, aprendizaxe e canto á igualdade protagonizado pola merla Bulebule que pode consultarse no *Informe de literatura 2000*.

Fernández Paz, Agustín, *Cartas de inverno*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Fóra de xogo, n.º 6, [lectorado mozo], novembro 2016, 161 pp. (ISBN: 978-84-9121-115-0).

Con motivo dos 100.000 exemplares vendidos de *Cartas de inverno*, de Agustín Fernández Paz (Vilalba, 1947-Vigo, 2016), Edicións Xerais de Galicia asumiu esta entrega conmemorativa para homenaxear a quen foi autor, compañeiro e amigo. Esta exitosa novela, que fora publicada orixinariamente en 1994 e que acadou o Premio Rañolas en 1995, xa fora actualizada á normativa vixente na súa décimo sétima edición (2003), para logo na vixésima (2007) ser remozada polo autor e incorporárselle un epílogo. Agora ve a luz a súa trixésimo quinta edición que inclúe un dos últimos textos revisados polo vilalbés, quen retocou o epílogo desta historia que aparece encadernada en flexibook e incorpora ilustracións orixinais de Antonio Seijas. A partir dun anuncio tomado das páxinas do xornal *Faro de Vigo*, da forte influencia de *Os mitos de Cthulhu* e da estrutura do xogo das matrioskas aplicado ás voces narrativas, Fernández Paz configurou este relato de terror psicolóxico cunha prosa cinematográfica, na que ensambla a cultura e a mitoloxía galega coa escrita de autores clásicos da literatura de terror como E. A. Poe, F. Kafka ou H. P. Lovecraft, sen esquecerse de enxalzar o valor da verdadeira amizade. A primeira edición de *Cartas de inverno* recolleuse no *Informe de literatura 1995* e, posteriormente, apareceu no *Informe de literatura 2007*.

Referencias varias:

- Jaureguizar, "Cartas de inverno' chegará a 100.000 exemplares cunha edición especial", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", p. 61/ *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", p. 48, 8 xuño 2016.

Indica que Manuel Bragado pretende acadar cen mil exemplares vendidos coa publicación desta nova edición da que presenta un breve resumo da novela e indica a voz narrativa empregada.

- Ramón Rozas, "Benvido Culturgal!", *Diario de Pontevedra*, "A vida nun fío", 3 decembro 2016, contracuberta.

Comenta a programación do Culturgal, que reúne a escritores, músicos, libreiros, poetas, actores, artistas plásticos… e salienta, entre as actividades, a presentación da reedición de *Cartas de inverno*, de Agustín Fernández Paz que conmemora os 100.000 exemplares vendidos

- Ramón Nicolás, "Un clásico imprescindible", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Especial Nadal", "Libros en galego", 23 decembro 2016, p. 10.

Valora o éxito e relevancia da novela que considera xa universal na literatura. Sinala que os seus cen mil exemplares e trixésimo quinta edición culminan este ano nunha edición especial conmemorativa por parte de Xerais que conta cun epílogo actualizado e ilustracións de Antonio Seijas.

Rivas, Manuel, *Bala perdida*, ilust. Miguelanxo Prado, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Sopa de Libros, n.º 60, a partir dos 10 anos, xullo 2016, 152 pp. (ISBN: 978-84-9121-072-6).

Reedición desta novela de Manuel Rivas (A Coruña, 1957), descrita no *Informe de literatura 1996* que publicara Alfaguara na colección "Infantil" e que agora actualiza á normativa vixente Edicións Xerais de Galicia na súa colección "Sopa de Libros". A través dun narrador en primeira persoa, narra en vinte e seis capítulos a historia de Bala Perdida, o derradeiro pirata do Atlántico, e Rosa, unha periodista moza que dirixe o *Celtic News*, un xornal que só contén noticias fermosas. Bala Perdida, que vive no seu barco Liberdade cos seus mariñeiros, decide ir buscar a Rosa, que se fai chamar Ganso Salvaxe, para mostrarlle un tesouro maldito gardado nunha cova que formaba parte das riquezas roubadas polos nazis aos prisioneiros nos campos de concentración. A intención de Bala Perdida é que a través da noticia do *Celtic News* os descendentes dos prisioneiros recuperen o tesouro, antes de que chegue a mans de Herr Doktor, o único supervivente coñecedor do tesouro. Este decátase e secuestra a Rosa que finalmente é salvada por Bala Perdida e os seus mariñeiros. As ilustracións desta nova edición mantén as realizadas por Miguelanxo Prado (A Coruña, 1958) para a primeira edición, quen deseña uns personaxes moi detallados nos que as emocións e os sentimentos afloran nos rostros. Os debuxos salpican as páxinas aportando información visual sobre a historia narrada.

Referencias varias:

- Ana Abelenda, "Unha de piratas e de boas 'news", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Libros", "Para niños", 16 decembro 2016, p. 13.

Dise que si tés 9 ou 12 anos podes gozar do xornal *Celtic News* que da man de Rosa Ribero, se incrusta na obra de Manuel Rivas que a editorial Xerais coas ilustracións de Miguelanxo Prado. A seguir, lémbranse datos da historia centrada no derradeiro pirata do Atlántico Norte e da súa tripulación, na cal se mesturan a tenrura e o humor.

- Manuel Rivas, "Bala perdida", *El Progreso*, "*Pícaros*", "O conto", 24 setembro 2016, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra.

Vila Sexto, Carlos, *Alén da aventura*, ilust. Roberto Vila Rodríguez, Vigo: Editorial Galaxia, col, árbore/galaxia, n.º 73, a partir de 10 anos, setembro 2016, 164 pp. (ISBN: 978-84-9865-638-1).

Segunda edición na Editorial Galaxia desta obra de Carlos Vila Sexto (A Coruña, 1977) publicada por primeira vez no ano 1994 cun cambio de lectorado de 12 anos e para adultos aos 10 anos en diante. Trátase dun relato de aventuras, intriga e misterio narrado en primeira persoa co que o autor gañou o V Premio Rúa Nova de narracións xuvenís. O rapaz Edgar en compaña da súa irmá Dámaris e dos seus amigos Otto, Crispín y Samuel unha noite ven unha luz que encende e apaga na torre do reloxo. Semanas máis tarde descobren unha entrada segreda no soto da súa casa que comunica directamente coa torre. Xuntos deciden adentrarse para averiguar os segredos nocturnos que se ocultan nese pasadizo, onde realidade e fantasía se mesturan. Mantéñense tamén as ilustracións de Roberto Vila Rodríguez (Monforte de Lemos, 1941) quen ilustra este relato con debuxos xestuais, que acompañan a lectura dos diferentes capítulos, agora en marrón sepia e non en branco e negro da primeira edición. Neles intúense tanto a técnica como os soportes empregados. Na portada, escura e en aguadas de tinta negra e grises azulados queda evocado o misterio que acompañará o relato.

VII.1.3. ADAPTACIÓNS

Broseta, Teresa (adapt.), *Frankestein* (*Frankestein*, 2016), ilust. Eva Sánchez, Ferrol: Edicións Embora, col. Mini Clásicos, n.º 7, [prelectorado e lectorado autónomo], novembro 2016, [22] pp. (ISBN: 978-84-16456-40-6).

Adaptación de Teresa Broseta (Valencia, 1963) na que se conta, a través dun narrador en 3ª persoa, a historia de tendencia fantástico-realista de Vítor Frankenstein, escrita por Mary Shelley. Trátase dun mozo que entusiasmado pola ciencia dende neno chega a crear na súa época universitaria un ser monstruoso ao que consegue darlle vida e que o persegue e inflúe nel durante o resto da súa vida, chegando a matar a un dos seus tres irmáns, William, e á súa esposa Elizabeth (irmá adoptiva de Vítor) na noite da voda. A obra permite aborda temas como o medo ou a maldade. Nas ilustracións Eva Sánchez (Girona, 1986) combina o trazo do grafito coa acuarela e emprega cores saturadas e frías en escenas moi expresivas, encamiñadas cara a un público máis xuvenil. As imaxes destacan sobre o texto.

Carroll, Lewis, *As aventuras de Alicia no país das marabillas* (*Alice's Adventures in Wonderland*, Macmillan Publishers, 1907), trad. Rafa Salgueiro, ilust. Sir John Tenniel, Madrid: Lata de Sal, col. Vintage, [lectorado autónomo], 2016, 128 pp. (ISBN: 978-84-944343-5-8).
Tradución de Rafa Salgueiro desta adaptación da historia orixinal de Lewis Carroll (Daresbury, Cheshire, 1832-Guildford, 1898), *As aventuras de Alicia no país das marabillas*, publicada por primeira vez en 1907 e dirixida á infancia. O texto representa unha sexta parte da extensión da obra orixinal, aínda que inclúe todos os famosos personaxes e escenas desta, tal como se explica nunha breve nota introdutoria. Tamén se sinala que foron as técnicas de imprenta modernas as que permitiron a inicios do século XX esta edición en pequeno formato e a súa venda a prezo popular, así como a diferenza entre esta edición de 1907, que presenta a imaxe de Alicia cun vestido vermello por primeira e única vez nas ilustracións de John Tenniel (Londres, 1820-1914), mentres que é nunha edición de 1903 na que aparece Alicia cun vestido azul, como logo sería sempre representada. Esta nota dá paso á reprodución do texto, que se combina con ilustracións nalgunhas páxinas pares ou impares, segundo avanzan as vivencias da protagonista no mundo dos soños, onde se atopa con personaxes como o Coello Branco, o Rato, o Dodo, a Duquesa, a Raíña....até que finalmente esperta.

Cortés, Jesús (adapt.), *A illa do tesouro* (*L'illa del tresor*, 2015), ilust. Óscar T. Pérez, Ferrol: Edicións Embora, col. Mini Clásicos, n.º 4, [prelectorado e lectorado autónomo], novembro 2016, [22] pp. (ISBN: 978-84-16456-37-6).

Jesús Cortés (Nascut a Torrent, 1962) adapta a obra de Robert L. Stevenson na que un narrador omnisciente narra a historia de Jim Hawkins, un neno taberneiro que se ve envolto nunha aventura ao redor do mapa dun tesouro. Xunto con Sr. John e o médico da vila acordan ir na procura del, unindoselles na viaxe tres piratas que se fan pasar por mariñeiros e os queren enganar para quedarse co tesouro. Ao chegar á illa que indica o mapa, Jim esconde o navío no que viaxan e vai na procura do tesouro. Finalmente Sr. John e o médico dan co punto sinalado e fanse co tesouro. Xuntos conseguen volver

sans e salvos escapando dos piratas. As ilustracións de Óscar Pérez combínanse coa letra achegando datos dos personaxes e dos lugares que percorren. Son a toda páxina e a súa cor atrae a atención do lectorado.

Cortés, Jesús (adapt.), *A volta ao mundo en 80 días* (*La volta al món en 80 dies*, 2016), ilust. Laura Pérez Granell, Ferrol: Edicións Embora, col. Mini Clásicos, n.º 9, [prelectorado e lectorado autónomo], novembro 2016, [22] pp. (ISBN: 978-84-16456-42-0).

Adaptación de Jesús Cortes (Nascut a Torrent, 1962) da obra *La volta al món en 80 dies* de Jules Verne (Nantes, Francia, 1828-1905) na que un narrador omnisciente conta as aventuras que lle acontencen a Phileas Fogg e ao seu criado Passepartout. Fogg aposta cos seus amigos que é capaz de dar a volta ao mundo en oitenta días. Comeza a viaxe dende Londres, atravesa Francia e Italia, chegan ao porto exipcio de Suez. Alí un detective británico confunde a Fogg cun ladrón que roubara no Banco Británico e vai intentar capturalo. Dende ese porto embarca cara á India, colle un tren a Calcuta. Ao chegar a Calcuta deciden salvar a unha moza que os acompaña. Dende aí van cara a Hong-Kong, Xapón e Estados Unidos. Mentres cruzaban o océano Pacífico, a moza e Fogg namoran. Ao chegar a San Francisco, collen un tren dirección Nova York e no medio do traxecto son atacados polos indios. En Nova York o detective Fix arresta a Fogg e, cando ven que é un erro, déixano en liberdade. Malia este contratempo, poden chegar no prazo estimado a Londres e gañar a aposta. As ilustracións de Laura Pérez Granell (Valencia, 1983) son realistas e representan as emocións dos personaxes. Emprega o trazo do lapis tanto para a silueta como para o volume con cores vivas e alegres proporcionadas pola pintura acrílica. Todos os planos son xerais e destaca a imaxe sobre o texto.

Fluixá, Josep Antoni (adapt.), *O mozo rei Artur* (*El jove rei Artús*, 2015), ilust. Teresa Ramos, Ferrol: Edicións Embora, col. Mini Clásicos, n.º 6, [prelectorado e lectorado autónomo], novembro 2016, [22] pp. (ISBN: 978-84-16456-39-0).

Adaptación para a infancia desta obra anónima feita por Josep Antoni Fluixá (Alzira, 1959) á lingua catalá, da que foi traducida á lingua galega polo equipo editorial de Edicións Embora. Trátase da historia do mago Merlín e a vida do herdeiro ao trono, Artur, fillo dos reis de Inglaterra, quen quedara orfo de moi pequeno. Para protexelo, das loitas sucesorias, Merlín lévao a un castelo onde convive con Kay, que se converte no irmán maior. Cando Artur medra, Merlín dá a coñecer a Artur como futuro rei, enxeñando unha proba na que o cabaleiro que fose quen de sacar a espada da pedra da praza da cidade de Camelot sería o rei. Kay presentouse con Artur como escudeiro, topándose con Lanzarote e Xenebra. Na batalla entre Kay e Lanzarote, Artur decide coller a espada da pedra para axudar ao seu irmán e Merlín explícalle a toda a xente que Artur era o fillo dos reis e o verdadeiro herdeiro da coroa. Artur reina coa axuda de Kay e Lanzarote e casa con Xenebra. O relato está ilustrado por Teresa Ramos quen recrea con composicións moi dinámicas as escenas e axudan a definir perfectamente a cada personaxe.

Fluixá, Josep Antoni (adapt.), *Don Quixote da Mancha* (*Don Quixot*, 2016), ilust. Sebastiá Serra, Ferrol: Edicións Embora, col. Mini Clásicos, n.º 2, [prelectorado e lectorado autónomo], novembro 2016, [22] pp. (ISBN: 978-84-16456-35-2).

Adaptación para a infancia da obra de Miguel de Cervantes *El Quijote* feita por Josep Antoni Fluixá (Alzira, 1959) á lingua catalá, da que foi traducida á lingua galega polo equipo editorial de Edicións Embora. Selecciónanse algunas das pasaxes máis representativas deste clásico universal, como a afección do cabaleiro manchego á lectura, as súas primeiras visións fantasiosas da realidade ou o enfrontamento cos muíños, co rabaño de ovellas, a liberación do reino de Micomicona ou o encontro cos duques e a viaxe a Barcelona, que remata coa morte do protagonista. Seguindo a disposición de toda a colección, o texto aparece na parte superior das páxinas pares, mentres nas impares se recrean escenas do narrado a través dos debuxos figurativos de Sebastiá Serra, de marcado ton infantil, coloristas e de grande expresividade, que axudan a que o lectorado esperado sitúe as aventuras nun ambiente e época fieis á obra cervantina, con xogos de cromatismos que crean a sensación de profundidade e texturas. O libro está ilustrado por Sebastiá Serra que recrea con composicións moi dinámicas as escenas divertidas de Sancho e Don Quixote e que resultan máis fáciles de seguir polos cativos. As cores son moi alegres e o estilo estilizado dos personaxes non deixa de presentar información complementaria a esta historia condensada do clásico.

Lluch, Enric (adapt.), *Titiritante o Branco* (*Titiritant lo Blanc*, 2016), ilust. Anna Clariana, Ferrol: Edicións Embora, col. Mini Clásicos, n.º 8, [prelectorado e lectorado autónomo], novembro 2016, [22] pp. (ISBN: 978-84-16456-41-3).

Adaptación para a infancia da obra de Joanot Martonell (1413-1468), adaptada polo escritor Enric Lluch (Algemesí, 1949), na que un narrador omnisciente, coa axuda dos diálogos das personaxes, conta as aventuras do cabaleiro Tirante o Branco. A historia comeza co encontro de Tirante e un ancián sabio que lle explica como debe ser un bo cabaleiro. O protagonista quere viaxar a Londres para cumprir o seu desexo. Consegue ser nomeado cabaleiro e recibe unha espada, un cabalo e unha armadura branca. Debe enfrontarse a distintas situacións das que sempre sae vitorioso e o rei de Inglaterra declárao o mellor cabaleiro do mundo. Despois viaxa a Francia e decide ir a axudar e salvar, xunto co príncipe, a Illa de Rodas. Na de Sicilia, o príncipe namora de Ricomana, filla do rei. Os príncipes deciden casar e Tirante retoma a viaxe e derrota os inimigos de Rodas. O cabaleiro volve a Sicilia, asiste á voda do príncipe de Francia e Ricomana e coñece que o emperador de Constantinopla require axuda e parte de novo de viaxe. O emperador noméao capitán imperial e no palacio coñece a filla do emperador, Carmesina, da que queda namorado. Despois de vencer os inimigos, regresa e Plaedermina, amiga da princesa, axúdao, pero a Viúva Repousada consegue impedir o encontro. Tirante embarca cara África e Plaedermina, en segredo, vai no mesmo barco, é descuberta e coméntalle que Carmesina tamén está namorada del. Unha tormenta afunde a nave, pero conseguen salvarse, regresan a Constantinopla e finalmente Tirante morre e Carmesina falece de amor. As ilustracións de Anna Clariana (Barcelona,1970) feitas de xeito dixital combinan a técnica do aerógrafo, para dar volume á roupa dos personaxes e darlle máis elegancia; e tamén para os fondos. Nalgunhas escenas empregan o deseño floral, tanto para a roupa como para os fondos. Destacan as cores vivas e saturadas mediante a pintura acrílica.

Lluch, Enric (adapt.), *A viaxe de Gulliver a Liliput* (*El viatge de Gulliver a Lil.liput*, 2015), ilust. Jesús Aguado, Ferrol: Edicións Embora, col. Mini Clásicos, n.º 3, [prelectorado e lectorado autónomo], novembro 2016, [22] pp. (ISBN: 978-84-16456-36-9).

Adaptación de Enric Lluch (Algemesí,1949) da obra de Jonathan Swift (Irlanda, 1667-1745) que cun narrador omnisciente conta o que lle acontece ao mozo Gulliver nunha viaxe en barco en busca de aventuras. Unha mañá tropezan cunha gran tormenta e o barco vai á deriva. Gulliver nada até chegar a terra firme. Alí uns homiños átano polo cabelo, as pernas e os brazos cuns fíos a unhas estacas. Cando é capaz de liberarse das ataduras, unha chuvia de frechas cae sobre el. Ao seguinte día, aparecen cen homiños que lle dan a benvida ao pobo de Liliput, entréganlle comida e bebida e mudan os fíos e as estacas por cadeas de ferro. Lévano xunto ao emperador do país, quen lle ordena que lle ensinen o idioma e quítanlle as cadeas. Cando aprende o idioma, o emperador pídelle que os axude na guerra cos habitantes da illa de Blefuscu. No momento da batalla machaca os inimigos e, cando se entera do motivo da pelexa, colle unha nave do emperador e volve a casa. As ilustracións de Jesús Aguado (Valladolid, 1976) empregan cores moi saturadas e vivas a través da pintura acrílica ofrecendo volume nas imaxes e planos xerais en cada escena onde o protagonista é xerarquizado acorde á historia.

Lluch, Enric (adapt.), *O chepudo de Notre Dame* (*El geperut de Notre-Dame*, 2016), ilust. Noemí Villamuza, Ferrol: Edicións Embora, col. Mini Clásicos, n.º 10, [prelectorado e lectorado autónomo], novembro 2016, [22] pp. (ISBN: 978-84-16456-43-7).

Adaptación de Enric Lluch (Algemesí,1949) desta obra de Victor Hugo na que un narrador omnisciente conta o acontecido a un meniño abandonado na porta da catedral de Notre Dame. Frolo o encargado deste templo, será quen adopte ao neno e o chame Quasimodo. O neno medra no campanario pois Frolo non o deixa saír porque era feo e chepudo. Seu dono un día pídelle que rapte a Esmeralda, unha moza guapa que lle gustaba, mais é retido e castigado polo capitán Febo, o amado de Esmeralda. Quasimodo tras o castigo cóntalle as intencións de Frolo. A muller é condenada á forca tras a acusación de apuñalar a Febo. O chepudo consegue salvar a Esmeralda da forca e arroxar a Frolo do campanario abaixo, mais finalmente é capturada e asesinada. Quasimodo morre de fame tras ficar ao carón de Esmeralda. Nas ilustracións de Noemí Villamuza combínase a técnica da serigrafía ou filtros de fotografía para os fondos e nas personaxes, realizadas de maneira bosquexada, deixa á vista as liñas de grafito empregando a cor da acuarela, cores saturadas en tonalidades frías. Os personaxes reflicten diferentes emocións ao longo da escena e as imaxes destacan sobre o texto.

VII.1.4. TRADUCIÓNS. VERSIÓNS. REEDICIÓNS

Bianki, Diego, *Quebracabezas* (*Rompecabezas*, Pequeño Editor, 2013), ilust. do autor, trad. Manuela Rodríguez, Pontevedra: Kalandraka Editora, [prelectorado], abril 2016, [32] pp. (ISBN: 978-84-8464-996-0).

Álbum interactivo de tendencia fantástico-realista onde Diego Bianki (La Plata, Argentina, 1963) por medio dos diálogos dos personaxes (gatos, pulgas, extraterrestres,...) trata as diferenzas e o respecto polo Outro xa que todos somos parte dalgo moito máis grande. A historia é axudada polos paratextos, que na cuberta presentan cores vivas para chamar a atención do lector. O autor do texto e das imaxes traballa con caixas de cartón que recupera, recicla e reutiliza para convertelas na base das súas ilustracións, como explica ao final do libro. Atopa nesta estratexia modular de construír as súas ilustracións en forma de quebracabezas un xeito de xogar coas relacións entre as partes e o todo e unha boa forma para ilustrar a idea xeral da historia. O dominio da cor queda patente tamén no xeito de mesturar tonalidades terrosas e ocres con tonalidades máis frías de azuis e violetas, o que confire ao conxunto un resultado moi cálido que destaca sobre o plano neutro do fondo branco. A tipografía da portada acompaña cun efecto pixelado ás formas xeométricas dos debuxos que forman as caixas. As tipografías escollidas para o interior priorizan unha boa lexibilidade e encádranse perfectamente sobre as ilustracións, constituíndo un conxunto onde texto e imaxe son complementarias.

Blake, Quentin, *Míster Magnolia* (*Mister Magnolia*, Pengin Random House, 1980), ilust. do autor, trad. Xosé Ballesteros, col. Tras os montes, [prelectorado], outubro 2016, [32] pp. (ISBN: 978-84-8464-250-3).

Quentin Blake (Londres, 1932), autor do texto e das imaxes deste álbum, a partir dun narrador omnisciente en terceira persoa, relata a historia de Míster Magnolia, un home ao que lle falta unha bota. Ao longo da trama faise unha enumeración, dende o un até o dez, das cousas que ten o protagonista, empregando ademais unha rima asonante para enlazar a narración. Facendo mención en cada páxina á bota que lle falta a Míster Magnolia, remata atopando por fin unha bota para o protagonista, amosando o sentido do valor das cousas materiais e inmateriais. A conxunción de texto e imaxes permite a Blake combinar de xeito áxil e fresco a xestualidade do seu trazo coa sinxeleza tan directa do seu texto. Acuarela, tinta e lapis de cor proporcionan un acabado transparente e pretendidamente solto para acentuar a sensación de fluidez e dinamismo dos debuxos nos que se amosa unha gran capacidade descritiva para armar as escenas e os personaxes sen diminuír a expresividade das ilustracións.

Calders, Pere, *Cepillo* (*Raspall*, 1981), ilust. Carme Solé Vendrell, trad. Xosé Ballesteros, Pontevedra: Kalandraka Editora, [lectorado autónomo], xullo 2016, [26] pp. (ISBN: 978-84-8464-979-3).

Pere Calders (Barcelona, 1912-1994) presenta neste álbum fantástico-realista por medio dun narrador omnisciente o que lle sucede a un neno, Sal, despois de que os seus pais lle desen a outra familia o can que tiña e como se atopa en soidade sen a súa mascota

Turco. A primeira noite que durmiu sen Turco, atopa un cepillo no trasteiro que lle recorda o seu can. Esa mesma noite, o cepillo cobra vida e comeza a comportarse coma un can. Ninguén o cre até que se atopan nun conflito e Cepillo foi o seu salvador. De temática cotiá, mostra o amor e a tenrura cara aos animais, así como a imaxinación que chegan a ter os nenos. As ilustracións de aspecto clásico, que evocan a estética das primeiras décadas do século XX, ocupan a páxina completa. Son debuxos de Carme Solé Vendrell (Barcelona, 1944) que se caracterizan polos trazos expresivos que amosan os sentimentos das caras dos personaxes en cada momento da historia. Estes debuxos, pintados con acuarela e cunha gran variedade de cores suaves, van mostrando en conxunto co texto, a historia do pequeno Sala.

Recensións:

- María Navarro, "Para alén da asimetría", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 594, "Libros", 15 setembro 2016, p. VI.

Comenta que o libro está baseado na imaxinación dos nenos, que pretende espertar a creatividade, fomentar o xogo libre e a manipulación. Recolle o argumento da obra e destaca as capacidades de salvación do Cepillo, no mundo dos soños. Remata facendo alusión ás ilustracións de Carme Vendrell que acompañan o texto e sinala a posíbel lectura paralela, por espazos e estados de ánimo diferentes, dándolle así máis forza ao texto.

- María Vidal Franco, "Cepillo: Un particular e máxico compañeiro de xogos", *El Correo Gallego*, "*2domingo*", "Literatura Infantil e Xuvenil", "ELOS de lectura", 23 outubro 2016, p. 6.

Despois de recordar que Pere Calders é un referente na literatura en lingua catalá, comenta este clásico da literatura infantil catalá, que recibiu diversos premios. Di que a obra foi retomada por Kalandraka despois de ser publicada en galego por Xerais en 1989. A seguir detense no argumento e nas ilustracións de aspecto clásico, que evocan a estética das primeiras décadas do século XX. Remata salientando que este álbum ilustrado amosa como o poder da imaxinación e da ilusión é esencial na vida dos nenos, que o protagonista responde ao perfil dun neno solitario e con moita inventiva, e que un aspecto importante é a empatía, o sentimento humano que permite a relación dos seres sociais, moi presente entre o neno e o cepillo, que se contaxia aos pais. Comenta que é unha conmovedora historia dirixida a un público infantil, que sempre é quen de entender as conexións entre o mundo da fantasía e da realidade.

Referencias varias:

- Ana Abelenda, "Un golpe maestro a la lógica adulta", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Libros", "Para niños", 16 decembro 2016, p. 12.

Recolle a importancia de que os libros clásicos ben realizados perduren a pesar das novidades, escollendo *Cepillo* de Pere Calders polo vínculo que a une coas ilustracións de Solé Vendrell. Indica que está destinado para a infancia a partir de 5 anos e que Xosé

Ballesteros é o encargado da tradución ao galego deste relato literario que amosa “el valor de la imaginación para romper la inercia del pensamiento”.

Durrell, Gerald, *A miña familia e outros animais* (*My Family and Other Animals*, Rupert Hart-Davis, 1956), ilust. a cuberta Jacobo Fernández Serrano, trad. Susana Collazo, Cangas do Morrazo: Sushi Books, [lectorado mozo], 2016, 330 pp. (ISBN: 978-84-15920-91-5). ■

Novela autobiográfica do naturalista Gerald Durrell (India, 1925-Saint Helier, Reino Unido, 1995) que é a primeira parte dunha triloxía que se completa con *Bechos e demais parentes* e *O xardín dos deuses*. Conta, por medio dun narrador protagonista en primeira persoa, as vivencias durante cinco anos na illa grega de Corfú, dende 1935 a 1939. Dun xeito humorístico, describe a vida da familia de Durrell, conformada por Gerald, a nai viúva, o irmán maior Larry, Leslie (que adora as armas de fogo) e Margo, xunto co can Roger. Axiña traban amizade co taxista Spiro que os sobreprotexe e se converte en amigo. Gerald recibe clases de Theodore Stephanides que o inicia na historia natural. Aproveita para falar da fauna da rexión e da relación garimosa cos animais da illa, a quen acolle como mascotas, como a tartaruga Aquiles, a pomba Quasimodo, o bufo Ulises, a gaivota Alecko, os cans Widdle e Puke, ademais de varios paxaros. Estrutúrase en tres partes con capítulos numerados e titulados, mesturando descricións naturalistas da vida animal coa comedia humana. Na ilustración da cuberta con fondo azul Jacobo Fernández Serrano (Vigo, 1971) amosa os personaxes humanos e animais enmarcados na illa con trazos humorísticos.

El Hematocrítico, *Feliz Feroz. O lobiño riquiño* (*Feliz Feroz*, Anaya, 2014), ilust. Alberto Vázquez, trad. Anaír Rodríguez Rodríguez, Vigo: Editorial Galaxia, col. Sopa de libros, n.º 57, a partir de 6 anos, abril 2016, 72 pp. (ISBN: 978-84-9121-014-6).

El Hematocrítico, nome artístico de Miguel Ángel López, por medio dun narrador omnisciente conta neste relato a estadía do lobiño co seu tío. Nesta estadía vaise atopando con personaxes clásicos, como poden ser os tres porquiños, Carapuchiña Vermella… O Lobo Feroz quere ensinarlle ao seu sobriño a ser un auténtico Feroz e vaille pedir en numerosas ocasións que atemorice a estes personaxes, mais o lobiño sempre vai ter saídas tan enxeñosas como entrañábeis coas que demostrará que non cambiará a súa bondade e que pode ser amigo das demais especies. Finalmente, o Lobo Feroz cambia a súa opinión sobre o seu sobriñoe asume que ten un lobiño bo e que iso non é motivo de vergoña. Por casualidade, o lobiño acabará descubrindo a súa verdadeira vocación, a cociña. Lobo Feroz reencóntrase coa súa irmá, móstralle a habilidade que descubrira no fillo desta, quen, sorprendida, tamén termina por aceptar a bondade do seu fillo. O texto acompáñase das ilustracións de Alberto Vázquez (A Coruña, 1980). A cuberta amosa ao protagonista correndo feliz pola montaña cunha gran cenoria nas mans. Non desvela a historia pero consegue crear expectación. No interior sucédense as ilustracións, que aparecen tanto a dobre páxina coma viñeteadas ou con formatos circulares ou cadrados. Emprega acuarela e xoga coa transparencia da mancha que, en ocasións, aparece contorneada con trazado de liña negra. Os debuxos, de aire naíf, cobren a totalidade da caixa da ilustración, deténdose nos detalles do contexto e na creación de atmosferas de cores lavadas onde situar os protagonistas. Os personaxes son animais antropomórficos e expresivos cos que crea escenas de gran

capacidade narrativa.

Recensións:

- María Navarro, “Desbaratando mitos”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 587, “Libros”, 9 xuño 2016, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 544, “Letras galegas”, 18 xuño 2016, p. 10.

Despois dunha breve introdución, sinala como o autor co xogo que fai dos personaxes e o ton humorístico e desenfadado busca desbaratar os mitos tradicionais dos contos. Resalta o que, ao seu modo de ver, é a temática en torno a cal xira a obra: a defensa da propia personalidade, dos propios sentimentos, mostrándose sempre como un é en realidade, e aproveitando cada momento para aprender e mellorar. Dá conta do argumento e sinala o valor educativo da obra, tanto polas situacións como polos personaxes.

- Carmen Ferreira, “A ruptura dos estereotipos marcados pola tradición”, *El Correo Gallego*, “*2domingo*”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 13 novembro 2016, p. 6.

Salienta que o emprego de personaxes dos contos clásicos coa intención de darlles a volta, reviralos e humanizalos é unha estratexia moi utilizada polos autores de Literatura Infantil e Xuvenil, ofrecendo ao lectorado agardado unha nova visión máis positiva e renovada sobre todo dos personaxes malvados para os que a moral maniqueísta da literatura de transmisión oral non permitía ningunha posibilidade de cambio. Fai fincapé en que nesta obra se retoma o personaxe do lobo, caracterizándose como un lobiño boísimo, cheo de virtudes e boas accións, actitude que provoca que a nai decida envialo co tío Lobo Feroz para ensinarlle a desenvolverse como os seus devanceiros feros, crueis e desapiadados e así manter a fama da saga familiar. Por último, refírese ás “magníficas e fermosas ilustracións”, cualificando a obra de “enxeñoso relato cheo de humor e tenrura” que ofrece novas versións divertidas de contos tan coñecidos como *Carapuchiña Vermella*, *Os sete cabritiños* e *Os tres porquiños*, polos que se pasean os dous lobos, revirando esas historias para incidir e reflexionar na convivencia, a tolerancia e o respecto pola diversidade e a individualidade.

Referencias varias:

- Cuca M. Gómez, “Jazz y teatro para terminar mi día”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Gente a diario”, 13 maio 2016, pp. 86-87.

Entre outras actividades, dá conta dunha sesión de contacontos arredor desta obra.

El Hematocrítico, *Axente Riciños* (*Agente Ricitos*, Anaya, 2016), ilust. Alberto Vázquez, trad. Anaír Rodríguez Rodríguez, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, [prelectorado e lectorado autónomo], xuño 2016, 55 pp. (ISBN: 978-84-9121-055-9).

Relato de El Hematocrítico, nome artístico de Miguel Ángel López, de tendencia fantástico-realista. Despois das dedicatorias por parte do autor, para Isabel, e por parte do ilustrador, para a súa avoa Coralia, a voz narradora en terceira persoa narra varias historias protagonizadas por Axente Riciños. Na primeira, Axente Riciños entra na casa dunha familia de osos co fin de evitar un incendio. Cando chegan os osos pensan que un intruso entrou na súa casa pero Axente Riciños explícalles os motivos da súa irrupción. Na segunda, Axente Riciños entra nunha casa na que parecía que non había ninguén, pero habitaban Brancaneves e os seus ananos. Chama a porta unha moza ofrecendo mazás, pero Axente Riciños desconfía desta e descobre que as mazás estaban envelenadas, polo que a Madrasta Malvada é retida pola policía. Na terceira, Hansel e Gretel descobren unha casa construída con doces, pero Axente Riciños advirte a esta parella de que esta casa é un perigo e que está habitaba por unha bruxa malvada que tortura os nenos e que tamén é retida pola policía. Ademais ofrecéselle a Axente Riciños formar parte do corpo de policía, pero convértese nunha súper heroína que se encontra cun frautista que tocaba unha fermosa canción e uns nenos seguíano enfeitizados pola hipnótica melodía cerca duns cantís. Axente Riciños deduce que quere tirar os nenos hipnotizados polos cantís e a policía retivo ao frautista. Por último recoñécese a Axente Riciños como unha super heroína que acode a protexer aos habitantes do bosque. Nas ilustracións Alberto Vázquez (A Coruña, 1980) emprega un grafismo simple a plumilla e a tinta negra. A cor da acuarela saturada, alegre, combina as mezclas para crear os diferentes volumes. Representa unha historia de fantasía na cal aparecen animais personalizados e a protagonista reflicte o aventureira e valente que é, en diferentes planos, combinando planos panorámicos, planos de detalle ou planos xerais, sempre enmarcados nunha augada de cor de acuarela. Nas gardas ilústrase o mapa que a protagonista percorre durante a aventura. Na cuberta trátase de dar unha principal idea da historia na que se pode identificar a protagonista e os tres osiños.

Recensións:

- Paula Fernández, “Un atractivo xogo”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 596, “Libros”, 29 setembro 2016, p. VI/ *La Opinión*, *Saberes*”, n.º 546, “Letras galegas”, 1 outubro 2016, p. 6.

Despois de apuntar uns datos biográficos do autor e de cualificalo como anovador na súa escrita, comenta o argumento deste relato que parte dos contos de tradición oral para reinterpretalos de forma humorística, caso de Brancaneves, Hansel e Gretel,O flautista de Hamelín… Salienta que Riciños se converte nunha axente imprescidible para a policía, que hai un xogo metaliterario, ao modo de Rodari, que crea “unha proposta orixinal que desmonta tópicos universais dunha maneira amena, divertida e pouco común”. Remata dicindo que esta obra provocará o sorriso e mesmo gargalladas do lectorado.

Referencias varias:

- El Hematocrítico, “Agente Ricitos”, *El Progreso*, “*Pícaros*”, “O conto”, 11 xuño 2016, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra na súa versión en castelán.

Enríquez, Bea, *Mañá todo o día* (*Mañana todo el día*), ilust. da autora, trad. Susana Collazo Rodríguez e Rafa Salgueiro, Madrid: Lata de Sal Editorial, col. Gatos, [prelectorado], 2016, [38 pp]. (ISBN: 978-84-945647-3-4).

Relato de Bea Enríquez (Madrid, 1982) que trata dun gato que relata en primeira persoa o que fará ao día seguinte, con que animais se atopará e que aventuras correrá ao seu lado, poñendo de manifesto a importancia da imaxinación, dos soños e de saber viaxar a outros mundos sen moverse de onde se está. Conta con pouca letra e moitas imaxes, feitas pola propia autora, que permiten seguir a historia case sen ler para entender o que está ocorrendo.

Fernández Rey, Anabel, *Somos amigos?* (*¿Somos amigos?*, Kalandraka Editora, 2016), ilust. da autora, trad. Manuela Rodríguez, Pontevedra: Kalandraka Editora, [prelectorado], abril 2016, 36 pp. (ISBN: 978-84-8464-998-4).

Álbum ilustrado de Anabel Fernández Rey (Arxentina, 1975), mención do VIII Premio Internacional Compostela de Álbum Ilustrado, que trata o valor da amizade. Está protagonizado por un neno e un oso. Nun primeiro momento o neno pide axuda para resolver situacións cotiáns, posteriormente é o oso quen solicita axuda. Finalmente cooperan os dous para axudarse un ao outro. As ilustracións son debuxos con cores vivas que conteñen a información necesaria para entender o contido desta obra, realizados con cores e pinceladas suaves que ocupan sempre dobres páxinas nas que o diálogo entre os dous personaxes (o neno e o oso) establécese fundamentalmente a través dos xestos e tamén do texto. Mentres un dos personaxes verbaliza os seus desexos, a resposta do outro intúese a través da riqueza expresiva polo que ámbalas dúas linguaxes se complementan á perfección.

Referencias varias:

- Anabel Fernández Rey, “Somos amigos?”, *El Progreso*, “*Pícaros*”, “O conto”, 30 xullo 2016, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra.

Gaudes, Belén e Pablo **Macías**, *Rapunzel*, ilust. Nacho de Marcos, trad. Marcos Randulfe, Madrid: Cuatro Tuercas, col. Éranse dúas veces, [lectorado autónomo] decembro 2016, [30] pp. (ISBN: 978-84-17006-10-5).

Tras as dedicatorias (“A Violeta y Nicolás, para que no se olviden que todas las historias se pueden reescribir”; “A Juan y Mercedes, con quien descubrimos que existían los abuelos de cuentos de hadas”; “Para Ione por ser una mujer libre”), Belén Gaudés (Zaragoza, 1974) e Pablo Macías (Madrid, 1974) ofrecen unha homenaxe a Concepción Arenal, unha das primeiras mulleres españolas en enfrontarse á orde establecida e defender os dereitos do seu xénero, a partir dunha versión do conto de *Rapunzel*. Un narrador omnisciente conta a historia dunha muller, Gothel, pouco

querida polo pobo, que tivo que asumir o papel de bruxa para non ser molestada. Un día un campesiño que vai ser pai invade o seu xardín e ela indícalle que ten que entregarlle o seu bebé ao nacer por ese acto. Un día de inverno Gothel atopa na porta do xardín unha nena de pelo loiro, metida nun cesto que chamará Rapunzel e que criará encerrada nunha torre até que con dezaoito anos e unha trenza de máis de oito metros pasou un príncipe e pediulle que lle explicara como era o mundo exterior. Mais el comentoulle que debía descubrilo por ela mesma e axudouna a baixar da alta torre coa súa cabeleira. Entón apareceu Gothel para intentar convencela de que se estaba arriscando moito, mais Rapunzel asumiu riscos e cortou a trenza. As ilustracións de Nacho de Marcos complementando o texto empregan cores cálidas e frías.

Gaudes, Belén e Pablo **Macías**, *A ratiña presumida*, ilust. Nacho de Marcos, trad. Marcos Randulfe, Madrid: Cuatro Tuercas, col. Éranse dúas veces, [lectorado autónomo] decembro 2016, [30] pp. (ISBN: 978-84-17006-11-2).

Tras as dedicatorias dos autores ("A Violeta y Nicolás para que no se olviden que todas las historias se pueden reescribir"; "A Juan y Mercedes con quien descubrimos que existían los abuelos de cuentos de hadas"; "A los alumnos del Insituto San Isidoro de Sevilla que nos demostraron con su valentía que van a cambiar el mundo") Belén Gaudés (Zaragoza, 1974) e Pablo Macías (Madrid, 1974) ofrecen unha homenaxe a Barbara Gittings, muller activista estadounidense dos dereitos LGTB a través da versión do conto popular *A ratiña presumida*. Un narrador omnisciente conta o que acontece en Villa Gittings, onde vive unha ratiña libre e independente, que toma decisións por ela mesma e non segue as normas establecidas pola sociedade. Malia poder aceptar casar con algún dos seus múltiples pretendentes que representan o home ideal (protector, traballador, pai de familia etc), a ratiña guíase polo seu corazón e remata declarándose a unha gatiña coa que remata sendo parella. Complementando ao texto, as ilustracións de Nacho de Marcos empregan cores cálidas e representan os animais personificados, vestindo con roupa.

Gaudes, Belén e Pablo **Macías**, *O patiño feo*, ilust. Nacho de Marcos, trad. Marcos Randulfe, Madrid: Cuatro Tuercas, col. Éranse dúas veces, [lectorado autónomo], decembro 2016, [30] pp. (ISBN: 978-84-17006-09-9).

Tras as dedicatorias dos autores ("A Violeta y Nicolás; a Juan y Mercedes"; "A Guille y Sonia") Belén Gaudés (Zaragoza, 1974) e Pablo Macías (Madrid, 1974) ofrecen unha homenaxe a Ángela Davis, activista polos dereitos civís, profesora na Universidade de California a través da versión do conto *O patiño feo*. Un narrador en terceira persoa conta a historia dunha pata chamada Ánxela, que agarda o nacemento dos seus parrulos. Os tres primeiros son moi parecidos, mais o cuarto non é coma eles, é máis grande e de cor gris e chámao Cuasi. Ánxela e os seus parrulos saen pasear pola granxa e ten que escoitar os comentarios discriminatorios do resto de animais, como a vaca, o cabalo... A nai defende a diferenza de Cuasi e os seus irmáns aprenden estratexias de defensa mediante o diálogo, cando empezan no colexio e se enfrontan a un abusón. Cuasi convértese nun grande e fermoso cisne, demostrando que ser diferente non é malo, senón especial e único. Complementando ao texto, as ilustracións de Nacho de Marcos empregan cores cálidas e humaniza os animais vestíndoos e poñéndolles complementos como lentes, panos...

Hutchins, Pat, *Unha festa sorpresa* (*A Surprise Party*, Aladdin. Simon&Schuster Children's Publishing Division, 1991), ilust. da autora, trad. Sandra Senra Gómez e Óscar Senra Gómez, col. Tras os montes, [lectorado autónomo], xaneiro 2016, [32] pp. (ISBN: 978-84-8464-959-5).

Álbum narrativo dedicado a Morgan e escrito e ilustrado por Pat Hutchins (Inglaterra, 1942) no que unha voz en terceira persoa dá conta con humor de como o coello, que vai facer unha festa sorpresa, llo conta ao bufo; este, ao esquío; o esquío, ao parrulo; esta ave, ao rato; o rato, ao raposo, e o raposo, á ra. Finalmente todos os animais se reúnen malia os malos entendidos É un bo exemplo de como un segredo se vai distorsionando co paso duns a outros animais. As ilustracións da autora son realistas, con cores vivas e reproducen perfectamente como os animais van tranmistindo a mensaxe duns a outros.

Referencias varias:

- Pat Hutchins, "Unha festa sorpresa", *El Progreso*, "*Pícaros*", "O conto", 20 febreiro 2016, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra *Unha festa sorpresa*, escrita e ilustrada por Pat Hutchins.

Jeffers, Oliver e Sam **Winston**, *A Meniña de LIBROS* (*A Child of Books*, Walker Books Ltd., 2016), ilust. Oliver Jeffers, trad. Laura Sáez e Saleta Fernández, Vigo: Patasdepeixe editora, [prelectorado], 2016, [38] pp. (ISBN: 978-84-9393-50-9-2).

Álbum de Oliver Jeffers (Australia, 1977) e Sam Winston (Reino Unido, 1978), dedicado a Luella e a Lila respectivamente, no que en primeira persoa se relata a historia da Meniña de libros quen invita ao lector a seguila nunha viaxe polo mundo da lectura, cheo de fantasía, no que se descobren tesouros, bosques de contos de fadas, monstros de castelos enmeigados e multitude de elementos produto da casa da invención que crea a protagonista. A conxunción dos debuxos de Oliver Jeffers e os fondos gráficos de San Winston ten como resultado un fermosísimo álbum de homenaxe á creación e á literatura de todos os tempos. A edición está moi coidada, como se pode observar pola cuberta de tapas duras e papel texturado; unhas gardas cheas de nomes de autores infanto-xuvenís e as súas obras; unha portada e unha páxina de dedicatoria con ilustracións e unha contracuberta coa imaxe dunha chave que fai un aceno ao debuxo dun libro cunha fechadura que hai na cuberta. As composicións xogan coa mancha gráfica que fan as palabras tomadas das historias de todos os tempos e os debuxos sinxelos da protagonista e o seu amigo. Ao avanzar na historia pásase das cores neutras do comezo á explosión de cores do final.

Leaf, Munro, *A historia do touro Ferdinando* (*The story of Ferdinand*, Viking Press, 1936), ilust. Robert Lawson, trad. Xesús Fraga, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Tras os montes, [lectorado autónomo], febreiro 2016, [72] pp. (ISBN: 978-84-8464-982-3).

Álbum de Munro Leaf (Hamilton, 1905-1976) que conta a historia dun touro pacifista que, coa súa desobediencia ás normas establecidas, transmite unha mensaxe antibélica. Ferdinando é un peculiar xato que goza ulindo o recendo das flores á sombra da súa árbore favorita, mentres o resto de xatos que viven con el pelexan e turran uns cos outros, soñando con participar nunha corrida de touros. Xa convertidos en grandes e rexos touros, reciben a visita duns homes que buscan reses para unha corrida en Madrid, na que Ferdinando non estaba interesado. A mala sorte fai que o touro se sente sobre un abellón que, coa súa picadura, o fai tolear. Os homes quedan abraiados da ferocidade que mostra o animal e non dubidan en levalo deica Madrid. Chegado o día, para sorpresa dos asistentes, Ferdinando non mostra ningún interese por participar na corrida e devólveno ao seu fogar e á tranquila vida que tanto amaba. Acompáñase de ilustracións naturalistas en branco e negro do ilustrador estadounidense Robert Lawson (1892-1957). O emprego da liña sutil e o debuxo perfectamente calibrado producen imaxes barrocas que leva ao extremo nos personaxes dos toureiros. As imaxes a toda páxina sobre fondo branco son suxestivas e dun grande lirismo.

Recensións:

- María Navarro, "Pacífica bravura", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 576, "Libros", 17 marzo 2016, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 533, "Letras galegas", 2 abril 2016, p. 10.

Indica que a obra se presenta como unha alegoría do pacifismo xa convertida en clásico da literatura infantil en todo o mundo, traducida a máis de sesenta linguas e durante certos períodos prohibida en países como España e Alemaña polo seu carácter antibelicista. Tamén salienta que a editorial galega recuperou a primeira versión en branco e negro do 1936 co obxectivo de amosar a súa actualidade.

- Xoana Santos Álvarez, Estela Suárez Recouso "O conto dun touro pacífico", *Tempos Novos*, n.º 229, *ProTexta*, "ProPostas", xuño 2016, pp. 86-87.

Destácase a inclusión da obra na colección "Tras os montes" e a publicación do orixinal en 1936 en New York. Alúdese á adaptación cinematográfica e á súa traxectoria editorial en diferentes países. Saliéntase a temática sobre a vida dun touro do rural español contrario á participación nas touradas que finalmente se ve envolto nunha. Saliéntase o papel da nai que respecta o carácter do fillo e a temática da obra que inclúe a crítica ao maltrato animal e a reivindicación da identidade individual. Faise fincapé na adecuación lingüística da tradución e sublíñase o emprego do humor e das interpelacións ao lector.

- R. García Pedreira, "A desobediencia construtiva do touro Ferdinando", *El Correo Gallego*, "*2domingo*", "Literatura Infantil e Xuvenil", "ELOS de lectura", 12 xuño 2016, p. 7.

Despois dunhas breves referencias ao autor, ao ilustrador e á xénese da obra que Kalandraka recupera en formato álbum conservando as ilustracións orixinais, salienta que estivo unida á polémica: criticada por uns e enxalzada por outros, ao transmitir unha mensaxe antibélica moi perigosa para os que avogaban pola guerra. Logo de contar o argumento, cualifica a historia de engaiolante e comenta as ilustracións naturalistas en

branco e negro de Robert Lawson, cuxo minimalismo contrasta coa cor vermella empregada nas cubertas do libro. Considera que para algúns é unha crítica á barbarie en contra dos animais, para outros un canto á paz; unha mostra da loita interior entre razón e instinto que como seres humanos nos é propia e incluso unha chamada á rebelión da xente de a pé, quen non provocan as guerras, pero si quen máis as sofren e padecen por culpa dos intereses particulares duns poucos.

Referencias varias:

- Munro Leaf, "A historia do touro Ferdinando", *El Progreso*, "*Pícaros*", "O conto", 13 febreiro 2016, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra *A historia do touro Ferdinando*, escrita por Munro Leaf e ilustrada por Robert Lawson.

London, Jack, *A praga escarlata*, (*The Scarlet Plague*), ilust. José Ángel Ares, trad. Tomás González Ahola, Santiago de Compostela: Urco Editora, col. Urco Xuvenil, [lectorado mozo], marzo 2016, 102 pp. (ISBN: 978-84-15699-84-2).

Trátase dunha reedición cun cambio de colección de "Ciencia Ficción" do ano 2009 á actual "Urco Xuvenil" desta novela curta de ficción científica de Jack London (San Francisco, Estados Unidos, 1876-1916) que xa fora descrita no *Informe de literatura 2009*. Agora precíndense das ilustracións de Gordon Grant para ofrecer só ilustración na cuberta e na contracuberta con debuxos a cor de José Ángel Ares que describen os protagonistas, o avó supervivente da praga, e na contracuberta os seus netos, con roupa e armas de homes primitivos.

Lozano, Antonio, *Eu son Suleimán*, (*Me llamo Suleimán*, Anaya, 2014) trad. Carlos Acevedo, Pontevedra: Faktoría K de libros, [lectorado mozo], decembro 2016, 159 pp. (ISBN: 978-84-16721-06-1).

Novela de Antonio Lozano (Tánger, 1956) que principia co seguinte paratexto a modo de dedicatoria "Para Carlos e Javier, anhelando para eles un mundo mellor. Para Clari. Para os heroes anónimos que deixan atrás a súa terra para salvares os seus". Estruturada en vinte e dous capítulos, narra a historia de Suleimán, quen decide fuxir da miseria do seu país xunto ao seu amigo Musa na procura do "paraíso das oportunidades". Ambos os dous teñen a intención de traballar en Europa e regresar ao seu fogar para montar un negocio e así poder axudar ás súas familias. Relata as complicadas vivencias dos dous mozos, a cruenta viaxe polo deserto, o cruce da fronteira, o arresto por parte das autoridades e a morte de Musa. Suleimán non se dá por vencido e inténtao de novo, desta volta por mar. Na ilustración da cuberta Juan Carlos Cruz emprega un debuxo lineal moi sinxelo combinado cunha fotografía dun ceo estrelado. As cores seguen unhas tonalidades azuis con liña branca para dar silueta á composición. Emprega cores planas e saturadas por medio da dixitalización da imaxe. O título está sobre o ceo e a personaxe aparece de costas observando o horizonte, creando así un efecto de profundidade.

Referencias varias:

- Ramón Nicolás, “Unha ollada cara á mocidade que loita”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Especial Nadal”, “Libros en galego”, 23 decembro 2016, p. 10.

Destaca, nesta novela, o tratamento humanizado da emigración subsahariana ao servizo de temas como a intolerancia, a solidariedade e a viaxe. Valora o combate dunha mocidade que loita por preservar a esperanza na aparente liberdade europea.

Maxeiner, Alexandra, *En familia!* (*Alles Familie!*, Klett Kinderbuch, 2010), ilust. Anke Kuhl, trad. Rosa Marta Gómez Pato, A Coruña: Hércules de Ediciones, col. Preparados, Listos… xa!, [prelectorado e lectorado autónomo], 2016, [36] pp. (ISBN: 978-84-945896-8-3).

Álbum ilustrado de Alexandra Maxeiner (Alemaña, 1971) sobre os novos modelos de familia, como indica o seu subtítulo: *Sobre a filla da nova parella do irmán da exmuller do pai e outros parentes*, ofrecendo ao lector distintos tipos de fogares que se afastan das familias tradicionais e numerosas doutros tempos: as familias *patchwork*, compostas de retallos doutras familias; as familias do arco da vella, formadas por parellas homosexuais; as familias de elección, nas que a amizade e o cariño son máis fortes que os lazos de sangue, pasando por outros moitos modelos que inclúen a adopción e a acollida ou a orfandade. Xunto a estas tipoloxías, abórdanse outras cuestións como as diferenzas nos costumes de cada familia e no tratamento entre pais e fillos. Complétase con ilustracións sinxelas de Anke Kuhl (Frankfurt, Alemaña, 1970) que seguen o estilo das viñetas e incorporan tipos de bocadillos e viñetas sen enmarcado. As imaxes con cores saturadas e alegres teñen unha gran potencia sobre o texto e carga expresiva por medio da técnica do grafito, para o bosquexo dos personaxes, e ceras, para o sombreado. As gardas representan un árbol xenealóxico da familia na cal nun plano xeral se aprecia un gran garabato pola interacción de parentesco. Na parte final, inclúese un espazo para que o lector faga o perfil da súa familia.

Morosinotto, Davide, *Nemo. O rapaz sen nome* (*Nemo. Il Ragazzo Senza Nome*, 2015), trad. María Alonso Seisdedos, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, [lectorado mozo], outubro 2016, 196 pp. (ISBN: 978-84-9121-108-2).

Primeira novela da saga Nemo de Davide Morosinotto (Camposampiero, Italia,1980) baseada no personaxe do capitán Nemo, comandante do submarino Nautilus, que principia cunha cita de Jules Verne. Narrada en terceira persoa, a obra está ambientada na Francia do século XIX e reflicte os protocolos sociais e costumes da época. Estruturada en vinte e dous capítulos, a historia comeza con Daniel Lacrosse agardando no porto a dous novos alumnos para acompañalos ao colexio Amélie Paimbouef, institución destinada fundamentalmente a mozas e mozos de familias de boa posición. Alí aparece a filla dun gran empresario, Ashlynn, e un estraño rapaz de pel escura que se nega a dar o nome e que deseguido atrae a curiosidade de todos. Co paso do tempo, Nemo consegue deixar atrás as súas reticencias e establece un forte vínculo de amizade con Daniel e Ashlynn. Revélalles, entón, que está no colexio para fuxir dos “homes Escarlata”, pero un perigoso axente segue as súas pegadas e xa non hai ningún lugar seguro para el. Os tres foxen xuntos do colexio para iniciar unha grande aventura chea

de perigos que terá sempre como base a forte amizade que os une. A ilustración da cuberta e contracuberta, de autor anónimo, combina o efecto da sombra a grafito con pintura acrílica, destacando a imaxe central da ilustración cun efecto plastificado para resaltar a imaxe e empregando cores saturadas e escuras.

Murphy, Jill, *Cinco minutos de paz* (*Five Minute's Peace*, 1986), ilust. do autor, trad. Sandra Senra Gómez e Óscar Senra Gómez, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Tras os montes, [prelectorado e lectorado autónomo], 2016, [30] pp. (ISBN: 978-84-8464-241-1).

Neste álbum ilustrado fantástico-realista, Jill Murphy (Londres, 1949), por medio dunha voz narrativa en primeira persoa conta a historia dunha nai elefante cos seus tres pequechos. A nai está buscando un ratiño de paz e vai darse un baño, pero non consegue atopalo, pois os pequechos soben a molestala. Cando mamá Grande sae do baño e baixa de novo para a cociña, logra ter un par de minutos de tranquilidade, pero rapidamente baixan os seus fillos xunto dela. Cunha gran riqueza de detalles as ilustracións son moi chamativas e alegres. Xogan coas sombras á perfección o que realza as personaxes que trasmiten moita expresividade. Murphy é moi minuciosa na representación dos estados de ánimo das personaxes, elefantes humanizados, o que complementa o significado dos textos pois amplía a información, ao tempo que xera unha forte empatía coa familia protagonista.

Recensións:

- Ana Margarida Ramos, “Cinco minutos de paz”, *El Correo Gallego*, “2domingo”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 2 outubro 2016, p. 4.

Comeza achegando datos biográficos de Jill Murphy para logo analizar a recuperación da obra por Kalandraka Editora na colección “Tras os Montes”. Fala da historia que se conta e que se centra nas relacións familiares entre pais e fillos. Sinala que abre considerabelmente o espectro de lecturas e lectores desta narrativa que capta de forma precisa un desexo practicamente imposíbel de todos os pais, uns breves momentos de silencio e sosego. Entre as liñas de forza do texto pón en valor o universo familiar, as súas rutinas e a busca constante de equilibrios. Salienta a compoñente ilustrativa cautivante, sobre todo pola proximidade co texto, pola expresividade da cor e das formas seleccionadas, por evocar momentos centrais da acción, por completar a narrativa verbal e por subliñar os pormenores cómicos.

Ness, Patrick, *Un monstro vén a verme* (*A Monster Calls*, 2011), trad. Xesús Fraga, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Faktoría K, mocidade, outubro 2016, 143 pp. (ISBN: 978-84-16721-04-7).

Obra narrativa de Patrick Ness (Virginia, EUA, 1971), a partir da idea orixinal da escritora británica Siobhan Dowd (Reino Unido, 1960-2007), que mestura elementos fantásticos con elementos realistas e que conta coa cita “Disque só es novo unha vez, pero non é certo que dura moito tempo? Máis anos dos que es quen de aturar.” da obra *Experimento de amor* de Hilary Mantel. Ao longo da historia, intercálanse dous

narradores, Connor que conta en 1ª persoa a súa propia historia cando con tan só 12 anos tivo que facerse á idea de que á súa nai, enferma de cancro, non lle quedan moitos meses de vida; a difícil relación que ten con seu pai e con súa avoa e os abusos que sofre no colexio por parte dos seus compañeiros. Por outra banda, o monstro narra as tres historias que lle conta a Connor relacionadas co teixo que crece diante da súa casa. Connor non quere separarse de súa nai por nada do mundo pero, grazas ás tres historias, faise á idea de que debe deixala ir. So ten ilustración a cuberta cunha imaxe de Jim Kay que evoca misterio na noite moi vinculada á historia que narra.

Recensións:

- Ramón Nicolás, "Chega a novela orixinal na que se baseou o filme de moda", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "Galego", 28 outubro 2016, p. 12.

Anúnciase a publicación pola editorial Faktoría K de Libros desta obra traducida por Xesús Fraga. Coméntase que se trata dunha boa ocasión para valorar a película homónima de J. A. Bayona, en carteleira neses días. Lóase o traballo do tradutor quen é capaz de reflectir "a dimensión irónica que repousa na instancia autorial como a forza depositada na oralidade". Refírese á habilidade de Patrick Ness para facer confluír na novela elementos tan diversos como o misterioso, o enigmático e a vida cotiá. Dise que trata diferentes aspectos do medo, mais tamén se sinala que a proposta fala "do amor e da esperanza, da aprendizaxe e da resiliencia".

- H. J. P., "Un monstro vén a verme", *La Voz de Galicia*, "Cultura", "Para ler", 31 outubro 2016, p. 27.

Fálase do crecemento do sistema literario galego que é imposíbel só coa creación de obras e que debe aproveitarse das traducións de best sellers, como acontece en Cataluña, onde ademais das traducións literarias, estas obras son levadas ao cine e teñen unha gran acollida polos seguidores. No caso da lingua galega pon o exemplo da tradución de *Un monstro vén a verme* de Xesús Fraga que trata temas moi diferentes, como o amor, a perda, a dor, a esperanza, a amizade…e que son de gran interese no público xuvenil e adulto.

- María Navarro, "En clave metafórica", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 700, "Libros", 24 novembro 2016, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 557, "Letras galegas", 3 decembro 2016, p. 10.

Tras comentar o tema desta novela, descríbese o seu argumento que trata de como o protagonista se enfronta ao cancro de súa nai. Indícase que, xunto a estes sucesos, existen outros relacionados "co amor, a esperanza ou coa dolorosa perda dun ser querido", ademais do acoso escolar. Incídese en que o protagonista non acepta a realidade, porque sabe que "non vai rematar ben", pero existe un fío de esperanza e lémbranse os numerosos galardóns dos que foi merecente, como National Galaxy e Medalla Carnegie, entre outros, e que foi adaptada ao cine.

Referencias varias:

- B. L., “Faktoría K publica en galego ‘Un monstro vén a verme”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 5 outubro 2016, p. 13.

Infórmase da publicación en galego da novela de Patrick Ness e destaca as estreas da película do mesmo nome. Recóllese, ademais, unha pequena sinopse da historia.

- Belén López, “Culturgal empraza ao décimo aniversario consolidando a cifra de 15.000 visitantes”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 5 decembro 2016, p. 7.

Fala da última xornada do Culturgal onde se presentou a edición de Kalandraka de *Un monstro vén a verme*.

Noel Toledo, María, *O enigma de Mona Lisa*, Premio Onetti Infantil 2014, ilust. da autora, trad. Iolanda Veloso Ríos, Vigo: Editorial Galaxia, col, árbore/galaxia, n.º 209, a partir dos 10 anos, novembro 2016, 155 pp. (ISBN: 978-84-9151-014-7). ■

María Noel Toledo (Montevideo, 1961) ofrece unha historia coral, baseada na vida cotiá de Mariel, a nena narradora protagonista. A familia de Mariel interésase pola Arte e pola Literatura e motívaa a actuar con liberdade. A casa da súa avoa contén obxectos estraños e antigos que se empregan todos os días e que espertan a súa imaxinación. A avoa anímaa a fabular e, da súa man, coñece a fascinante vida do Tío Safari. Un día atopa unha tarxeta, xunto a cartas de amor do avó, onde nomea a Mona Lisa. Mariel trata de descubrir a vinculación entre Mona Lisa e os seus avós e nesas pescudas vive un proceso de crecemento persoal que lle permite separar os tópicos das series televisivas, caso de “As vidas de Beverley”, da realidade cotiá, marcada polo machismo e a infravaloración do Outro. Trátasen temas como o diálogo respectuoso, a confianza mutua e a ruptura de prexuízos. As ilustracións da propia autora seguen un grafismo sinxelo coas liñas principais que representan as formas do rostro e o corpo dos personaxes, a través do trazo característico da plumilla e da tinta china negra. O cromatismo empregado é a escala de grises mesturado con tons azuis que representa toda a estética do libro. Empregan planos xerais da acción que está a contar o texto con cores planas e saturadas por medio dixital.

Papatheodoulou, Antonis, *Unha última carta* (*Una última carta*, 2016), IX Premio Internacional Compostela para álbums ilustrados, ilust. Iris Samartzi, trad. Manuela Rodríguez, Pontevedra/ Santiago de Compostela: Kalandraka Editora/ Concello de Santiago, [prelectorado], novembro 2016, [46 pp]. (ISBN: 978-84-8464-271-8).

Álbum ilustrado de Antonis Papatheodoulou (Pireo, Grecia, 1977) no que un narrador omnisciente conta en terceira persoa o último día de traballo do señor Costas, o carteiro, nunha época na que aínda non chegara o teléfono nin o correo electrónico á illa. Fala de como entrega as cartas e os tipos de cartas que manexa. O carteiro espera que o seu último día de traballo sexa especial, mais ao atopar a illa baleira entristece e senta nun banco. Ao mirar na súa bolsa, decátase de que hai unha última carta sen entregar e diríxese á dirección escrita, onde, por sorpresa, estaban todos os habitantes da illa esperándoo para facerlle unha festa sorpresa de homenaxe. Nas coidadas ilustracións de cores suaves de Iris Samartzi (Atenas, Grecia, 1979) destacan os brancos, azuis e ocres.

A combinación de diferentes planos permite ao lector observar a narración dende diferentes perspectivas, proporcionándolle mobilidade, enerxía e dinamismo. A técnica do colaxe integra imaxes reais con debuxos. As diferentes texturas que lle dan profundidade ás ilustracións e as finas liñas que rodean as figuras dotan de elegancia ao conxunto. Conta cunha divertida sobrecuberta atada cun cordel que reproduce o aspecto dunha carta selada.

Referencias varias:

- A. B., "Fidelidade de los clientes en un día gris para las librerías", *Atlántico Diario*, "Vigo", 12 novembro 2016, p. 10.

Dáse conta da celebración dun taller infantil no que se vai presentar este álbum no marco da conmemoración do Día das Librarías.

- T. Martin, "Premio de ilustración a Papatheodoulou e Iris Samartzi en Raxoi", *El Correo Gallego*, "Santiago", 11 novembro 2016, p. 31.

Informa da entrega do IX Premio Internacional Compostela de Álbum Ilustrado aos autores gregos Antonis Papatheodoulou e Iris Samartzi no Pazo de Raxoi, pola obra *Unha última carta*, publicada no mes de novembro nas cinco linguas peninsulares. Destaca desta obra o "equilibrio entre a ilustración e o texto, formando un todo harmónico" e que a narración "transmite ledicia e tenrura á vez". Di que os autores tiveron un encontro co alumnado de Bacharelato Artístico IES do Sar, no que explicaron o proceso de elaboración da obra dende o punto de vista literario e plástico.

Peix, Susana, *Xa voooou!*, ilust. Romina Martí, trad. Maruxa Zaera Landeira, A Coruña: Editorial Bululú, col. Carantoño, [prelectorado e lectorado autónomo], maio 2016, [34] pp. (ISBN: 978-84-942917-9-1).

Neste conto fantástico-realista de Susana Peix (Barcelona, 1969) un narrador omnisciente relata a historia de Suit, un pequeno peixiño distraído, cunha moi mala memoria, que fai que se lle esqueza por completo facer todo o que lle ordenan: o luns, a súa nai mándalle lavar as súas aletas; o martes, no colexio, a súa mestra, a señora Ostra, mándalle facer os deberes; o mércores, o seu veciño, o señor Percebe, pídelle que lle leve un chisquiño de area; o xoves, a señora Gamba pídelle que recolla todos os seus xoguetes; o venres, a súa amiga Nora, que coñece os problemas de memoria do seu compañeiro, regálalle unha pequena libreta para que anote todo o que lle mandan facer; e o sábado, a nai de Suit indícalle que vaia a pedirlle un pouco de tinta a Don Polbo, e Suit apúntao na súa nova libreta, mais cando chega, decátase de que non levara a libreta e non recorda para que fora até alí. As ilustracións de Romina Martí (Tordera, 1984) recrean as andanzas dun pequeno peixe. Grazas ás alegres imaxes complétase a narración que non estaría resolta só cos reducidos textos. Na cuberta aparece o peixe protagonista e no interior as composicións amosan os animais adoptando actitudes de humanos. Empréganse cores tanto cálidas coma frías, sendo estas últimas máis frecuentes.

Ramsland, Morten, *Cabeza de can* (*Hundehoved*, Rosinante, 2005), trad. Moisés Barcia, Cangas do Morrazo: Rinoceronte Editora, col. Nova, n.º 1, [mocidade], 2016, 386 pp. (ISBN: 978-84-92866-75-5-).

Novela do escritor danés Morten Ramsland (Copenhague, 1971) estruturada en sete partes e vinte e nove capítulos que xira ao redor da historia dunha familia escandinava. Narra a historia dos Eriksson dende a ollada de Asger, pintor que regresa a Dinamarca dende Amsterdam ante a inminente morte da súa avoa, Bjork. Asger vai narrando a historia familiar entrelazando relatos que van dende os anos trinta até a actualidade. Céntrase fundamentalmente no seu avó, Askild, enxeñeiro naval e contrabandista, cuxa vida está marcada polo tempo que pasou no campo de concentración de Sachsenhausen. O deseño da cuberta de Ana Tenorio, de tons cálidos e cun debuxo ben definido, esperta a curiosidade do lector ao xogar coa metáfora, un mozo sobre fondo vermello atrapado por unha barreira de liñas negras que atravesan o seu torso e o fondo separando presenzas que aluden ao pasado e o presente.

Recensións:

- Pilar Ponte, "Co clan dos Eriksson", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 592, "Libros", 14 xullo 2016, p. VI.

Despois de ofrecer datos biográficos do autor e de calificalo como unha das grandes promesas da literatura nórdica, comenta o argumento desta obra que trata de como o avó Erickson foxe dun campo de refuxiados e das traxedias familiares do clan dos Erickson. Indica que Ramsland descobre finalmente que o narrador é o neto de Askild, o fuxitivo do prólogo, que xoga continuamente con saltos temporais entre o pasado e o presente, facendo unha proposta de "realismo grotesco" en fronte ao "realismo máxico" de García Márquez. Remata observando a frescura, a axilidade e o amena que pode ser esta obra.

Referencias varias:

- R. L., "Cabeza de can", *Diario de Pontevedra/ El Progreso*, "*Táboa Redonda*", n.º 41, 26 xuño 2016, p. 4.

Sintetiza a trama do libro e pon en valor a relación establecida entre a historia familiar presentada e a historia recente do norte de Europa. Sitúaa na liña de obras de autores como Gabriel García Márquez e John Irving e salienta os numerosos galardóns recibidos, así como a súa tradución a máis de vinte idiomas.

Richardson, Justin e Peter **Parnell**, *Con tango son tres* (*And Tango makes three*, Simon & Schuster Children´sPublishing Division, 2005), ilust. Henry Cole, trad. Sandra Senra Gómez e Óscar Senra Gómez, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Tras os montes, [lectorado autónomo], xuño 2016, [31] pp. (ISBN: 978-84-8464-985-4).

Neste álbum de tendencia realista e temática amorosa, Justin Richardson (Nova York, 1963) e Peter Parnell (Nova York, 1953) despois das dedicatorias "Para Gemma" e "Para KK, con amor e admiración" e dos agradecementos dos autores ("Un

agradecemento especial para Eric Simonoff, David Gale, Dan Potash, Rob Gramzay e todos os nosos amigos do zoo de Central Park") cóntase a través da voz dun narrador en terceira persoa a historia de dous pingüíns macho, Roi e Silo, que resultaron ser un pouco diferentes aos demais. Roi e Silo facíano todo xuntos, sen apenas relacionarse coas rapazas pingüíns. Certo día, o seu coidador, o señor Gramzay, decatouse que Roi e Silo gustaban de entrelazar os seus pescozos, polo que debían estar namorados. Roi e Silo que vían como os outros pingüíns construían os seus niños, decidiron facer un con pedras e durmir xuntos todas as noites. Pero certo día decatáronse de que había algo que as demais parellas facían e que eles non podían, pór ovos e darlle calor até que saíse un bebé pingüín. Un día atopan unha pedra moi parecida a un ovo e deciden facer como as outras parellas, mais non era máis ca unha pedra, polo que nunca aconteceu nada. Entón, o señor Gramzay, ten unha idea. Decide cambiar a pedra por un ovo que encontrou abandonado e que necesitaba ser coidado. Roi e Silo que xa sabían o que tiñan que facer, chocaron o ovo por quendas como os demais pingüíns até que un día, a cáscara se rompeu e apareceu un cría de plumaxe branca e crecha á que, o señor Gramzay, decide chamar Tango porque se precisan dous para bailalo. Roi e Silo como bos pais ensínanlle canto poden a Tango, a primeira pingüín do zoo con dous pais. Os nenos que ían ó zoo de Central Park podían ver a Tango e os seus pais nadando e xogando cos demais pingüíns. As ilustracións de Henry Cole (Virginia-Estados Unidos, 1955) de estilo realista acompañan a narración a través de pequenas viñetas sen contorno mediante as que secuencian diferentes accións. Noutras ocasións ocupan a dobre páxina buscando composicións máis panorámicas. A cuberta presenta os tres protagonistas no final da historia e esperta o interese do lector por coñecer a historia que esconden os seus sorrisos.

Recensións:

- María Navarro, "Historia de pingüins", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 592, "Libros", 14 xullo 2016, p. VI.

Comenta positivamente que esta obra é coma unha lección de vida, xa que relata a historia de dous pingüíns machos, Silo e Roi, que crían un ovo que apareceu no seu niño, e xuntos se converten en pais de Tango. Afirma que é unha fermosa historia que amosa valores como o respecto e a tolerancia, transmitidos a través do reino animal.

- Rocío García, "A polémica historia real de dous pingüíns homosexuais", *El Correo Gallego*, "*2domingo*", "Literatura Infantil e Xuvenil", "ELOS de lectura", 23 outubro 2016, p. 6.

Despois de se referir a que a obra se publicou por primeira vez en 2005 e de comentar a historia que se narra, salienta que foi premiada en repetidas ocasións, aínda que tamén recibiu reiterados ataques por parte de pais, nais, educadores e bibliotecarios, chegando incluso a ser prohibida e retirada dalgunhas bibliotecas e escolas norteamericanas. Di que se trata dunha historia que zumega tenrura, que pon énfase nas máis importantes características esixibles a unha familia: o amor e a felicidade. Eloxia a diversidade como un aspecto enriquecedor da propia sociedade e, en sintonía coa realidade actual, normaliza e enaltece a adopción. Destaca que este álbum encabezou dende a súa publicación o ránking dos libros máis censurados da American Library Society (ALA), acusado de "promover a homosexualidade" e "atentar contra a familia" e dá conta de

que a súa recepción amosa a nova censura do século XXI, a dos estantes cerrados, menos abrasiva que a súa predecesora pero con semellantes consecuencias: a inaccesibilidade do lectorado máis novo a ditas obras. Reflexiona sobre o longo camiño que queda por percorrer na normalización da diversidade e cualifica a linguaxe de sinxela. Indica que as ilustracións, nas que predominan as cores frías e pasteis son orixinais e complementadoras da narración textual.

Referencias varias:

- Belén López, "Kalandraka edita en galego o libro 'Con Tango son tres", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra. Ciudad", 5 xullo 2016, p. 13.

Presenta este novo título de Kalandraka, traducido ao galego, catalán, éuscaro e portugués, que está baseado nunha historia real de dous pingüíns machos que adoptan un pingüín no zoo de Central Park e que pretende servir de axuda ás familias para tratar este tema cos máis pequenos. Indica que é un clásico da literatura infantil e xuvenil contemporánea que volve a estar de actualidade debido á censura que sufriu, con outros corenta e oito títulos en Venecia no ano anterior.

- Justin Richardson e Peter Parnell, "Con tango son tres", *El Progreso*, "*Pícaros*", "O conto", 18 xuño 2016, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra.

Ruíz Johnson, Mariana, *A viaxe de mamá* (*El viaje de mamá*, Garbuix Agency, 2016), ilust. da autora, trad. Manuela Rodríguez, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. demademora, [prelectorado], marzo 2016, [26] pp. (ISBN: 978-84-8464-992-2).

Neste álbum ilustrado de Mariana Ruíz Johnson (Bos Aires, 1984) o protagonista narra en primeira persoa a marcha da súa nai. Descríbese como fai a maleta, a despedida no aeroporto, os cambios que o rapaz sente no día a día co seu pai, a comunicación coa súa nai a través do ordenador e o retorno da viaxe. As ilustracións, feitas pola autora, humanizan os elefantes, pois camiñan sobre dúas patas, van vestidos e teñen unha vida propia das persoas, co cal o lectorado se pode identificar. Polo xeral, ocupan a folla completa e o texto está por riba, pero tamén hai páxinas co fondo branco onde se representa unha parte en concreto da escena para centrar máis a atención nela. As ilustracións complementan a narración e engaden numerosos detalles á escena. A técnica empregada é dixital e nelas Ruiz Johnson combina liña en mancha. A expresividade do trazo é maior nas sombras que crea no chan debaixo dos personaxes. Para elementos vexetais e outros detalles utiliza unha liña máis minuciosa e homoxénea. Na última páxina descúbrese o pequeno elefante xogando con aquelas sorpresas que trouxo a nai da viaxe, e ao seu pé, cos demais xoguetes o libro *A viaxe de mam*á.

Referencias varias:

- Mariana Ruíz Johnson, "A viaxe de mamá", *El Progreso*, "*Pícaros*", "O conto", 25 xuño 2016, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra.

Solís, Fermín, *O meu tío Xakim* (*Mi tío Harjir*, Garbuix Agency, 2015), ilust. do autor, trad. Anxos Sumai, Santiago de Compostela: El Patito Editorial, [prelectorado], febreiro 2016, [32] pp. (ISBN: 978-84-943213-9-9).

Fermín Solís (Madroñera, Cáceres, 1972) relata a historia da chegada do tío Xakim dende a India ao barrio do seu sobriño e as peculiaridades da súa forma de vida: durmir nunha cama con cravos de ferro, comer cristais na ensalada ou a súa vestimenta típica da India. Ademais ao seu sobriño sorpréndelle a frauta do tío Xakim coa que encanta unha corda, como facía coas serpes, para axudar a baixar o seu amigo Manuel que quedara atrapado nas pólas dunha árbore. O último día da súa visita todo o barrio está de festa para despedir ao tío Xakim. As ilustracións sutís do autor son ricas nos detalles, cunha técnica moi depurada, un debuxo claramente influenciado por xente como Dupuy&Berberian, Seth ou Andi Watson, en cuxas obras a temática costumbrista é predominante. Moitas das ilustracións son a dobre páxina mais en todas resalta o dominio no trazo e a expresividade. O texto queda perfectamente integrado e serve de síntese do gran mapa visual á que leva cada páxina, espertando a curiosidade e levando ao lector a percorrer cada detalle.

Ungerer, Tomi, *Emilio* (*Emil der hilfreiche Tintenfisch*, Diogenes Verlag AG, 1980), ilust. do autor, trad. Sandra Senra Gómez e Óscar Senra Gómez, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Tras os montes, [prelectorado e lectorado autónomo], 2016, 31 pp. (ISBN: 978-84-8464-247-3).

Tomi Ungerer (Estrasburgo, 1931) describe neste relato, a través dun narrador omnisciente, un mundo fantástico. Todo comeza cando o polbo Emilio, leal e heroico, salva ao coñecido mergullador Samofar do ataque dun tiburón e, como mostra de agradecemento por tal proeza, Samofar invita ao cefalópodo a vivir con el na terra. As habelencias que lle ofrecen os oito tentáculos fai que rapidamente se converta nunha eminencia para a música, nun experto socorrista e, asemade, sexa capaz de transformarse en elefante, cadeira, paxaro etc. Nos seus días libres, Emilio colabora coa policía e mesmo lles axuda a deter uns contrabandistas. No entanto, Emilio bota de menos o mar polo que, despois dunha merecida festa de despedida, regresa á profundidade da auga salgada. A amizade de Emilio e Samofar non se pode quebrantar, polo que o mergullador ía visitalo para xogar ao xadrez. O autor bota man dun animal tan pouco convencional para tratar temas como a empatía, o valor, o dominio do ben sobre o mal, a gratitude, o atrevemento, a amizade etc. Con todo, Emilio convértese nun modelo de ser humano perspicaz, decidido, amábel e desinteresado. Alén disto, Tomi Ungerer tamén é o encargado das ilustracións, realizadas en tons verdes e ocres a partir dun trazo sinxelo nas que é salientable a expresividade e sensibilidade das personaxes e o toque de humor que fan que se empatice co protagonista dende o primeiro momento. Son imaxes sobrias e eficazmente arranxadas, nas que Ungerer xoga cos límites da páxina, que dan continuidade ao debuxo facendo que imaxinemos o que falta; e cos detalles que avivan a curiosidade do lector.

Recensións:

- Sara Reis da Silva, "Emílio, de Tomi Ungerer: outro admirable excéntrico", *El Correo Gallego*, "*2domingo*", "Literatura Infantil e Xuvenil", "ELOS de lectura", 4 decembro 2016, p. 6.

Comenta que entre 1958 e 1966, o escritor e ilustrador Tomi Ungerer compuxo un ciclo de cinco narrativas, un pequeno "bestiario" de animais pouco comúns na literatura infantil, que evidencia fortes resonancias da fabulística tradicional: *Crictor*, a cobra; *Adelaida*, a canguro; *Emilio*, o polbo; *Rufus*, o morcego; e *Orlando*, o voitre. Fíxase a seguir no terceiro volume, *Emilio*, orixinalmente editado en 1960 e que agora recupera Kalandraka Editora en castelán, galego, catalán e portugués. Resume o argumento e salienta as cualidades do polbo que cos seus xestos atentos e xenerosos axuda á policía a descubrir unha cuadrilla de contrabandistas. Di que, cunha arquitectura diexética bastante lineal, a narrativa conta cun discurso verbal moi directo, un léxico accesíbel e unha sintaxe simple e que a historia prende pola emoción e tamén polo cómico. Finaliza referíndose á composición visual, que considera elegante e simple nos trazos e as cores e na que salienta os múltiples relativos ao espazo ou aos escenarios e á caracterización dos personaxes, ademais de engadir ao texto sutís notas de humor. Salienta que ficcionalice, con orixinalidade e sen moralismos, tópicos tan relevantes como a solidariedade e a gratitude.

Referencias varias:

- Tomi Ungerer, "*Emilio*", *El Progreso*, "*Pícaros*", "O conto", 9 xullo 2016, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra.

Wegelius, Jakob, *A lenda de Sally Jones* (*Legenden om Sally Jones*, Bonnier Carlsen Bokförlag, 2008), ilust. Jakob Wegelius, trad. Moisés Barcia, Cangas do Morrazo: Sushi Books, col. álbum, [lectorado autónomo], 2016, 107 pp. (ISBN: 978-84-15920-95-3).

Novela ilustrada de Jakob Wegelius (Gothenburg, 1966) no que un narrador omnisciente relata como a gorila Sally Jones é secuestrada e apartada da xungla moi cedo. Dende entón, pasa por unha serie de peripecias e donos, dos que aprende lecciónns valiosas, dende roubar a un príncipe exipcio até conducir un coche e un barco. En xeral, todos queren aproveitarse dela pero tamén se atopa cuns amigos inmellorables, como Baba, o orangután do zoo que ten morriña das selvas de Borneo e o Xefe de máquinas co que rematará a historia dun xeito feliz. Finalmente Sally Jones que quere volver á selva do Congo e ser libre, decide co seu amigo o Xefe navegar arredor do mundo.

Recensións:

- María Navarro, "Como cadros de épica", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 605, "Libros", 1 decembro 2016, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 558, "Letras galegas", 10 decembro 2016, p. 10.

Despois de describir brevemente a historia de Sally Jones, resúmese o argumento desta novela que une feitos reais e medio fabulosos con "tintes aventurescos" na que os comportamentos máis reprobables están relacionados co ser humano e os aspectos máis positivos como a amizade ou a lealdade están reflectidos nos animais. Indícase que o autor combina moi ben "a acción e o silencio", facilitando ao lector entender cada momento dende a perspectiva física e emocional dos personaxes. Saliéntase que existe un humor fino na trama e nas ilustracións, conseguindo un optimismo en momentos nos que hai, incluso, crueldade. Apúntase que as páxinas semellan cadros de época, que se achega á novela gráfica, na que as imaxes axudan e apoian a propia lectura, xa que "discorren paralelas ao texto".

Referencias varias:

- R. N., "Unha aventura engaiolante", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "En galego", 30 setembro 2016, p. 10.

Resume o argumento desta obra que é unha "atractiva metáfora sobre as reviravoltas" da vida.

Wood, Audrey, *A casa do sono* (*The napping House*, 1984), ilust. Don Wood, trad. Susana Collazo e Rafa Salgueiro, Madrid: Lata de Sal, col. Vintage, 2016, [32] pp. (ISBN: 978-84-94469-84-8).

Álbum clásico de lectura acumulativa de Audrey Wood (Littel Rock, Arkansas, EUA, 1948) que comeza nunha casa na que os personaxes (un neno, unha avoa, o gato, o rato e unha pulga) dormen todo o día uns enriba dos outros na cama da avoa, de maior a menor tamaño até que un día algo acontece: unha pulga pica o rato e o rato esperta o gato... así até que todos espertan. As ilustracións de Don Wood (California, EUA, 1945) xogan un papel fundamental e acompañan a narrativa, avivándoa, ao tempo que os personaxes espertan do sono. Ao principio predominan os tons azuis escuros para acompañar a noite do sono, mais pouco a pouco as cores comezan a usar tons máis vivos, como laranxa e amarelo até crear ao final un xogo de cores alegres.

Wyke-Smith, E. A., *O marabilloso país dos Snergs* (*The Marvellous Land of Snergs*, Ernest Benn Limited, 1927), ilust. George Morrow, trad. Iolanda Mato, Cangas do Morrazo: Sushi Books, col. avanzado, [mocidade], 2016, 258 pp. (ISBN: 978-84-15920-88-5).

Novela fantástica de E. A. Wyke-Smith (1871-1935), estruturada en tres partes con capítulos titulados, na que un narrador omnisciente en terceira persoa relata as aventuras que viven Joe e Sylvia cando foxen da S.E.N.S. (Sociedade para a Extracción de Nenos Sobrantes), unha colonia de nenos creada por Miss Watkyns nunha illa, para ir visitar os snergs, unhas pequenas criaturas moi colaboradoras. Alí atópanse co snerg Gorbo, que ten fama de zoquete, e na busca do camiño de regreso Joe e Sylvia son atrapados polo ogro vexetariano Golithos e a bruxa tía Meldrum, amante da cociña, e serán axudados polo snerg Gorbo e o bufón Baldry que os rescatan.

Recensións:

- Montse Pena Presas, “O poder da iconoclastia”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 574, “Libros”, 3 marzo 2016, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 531, “Letras galegas”, 12 marzo 2016, p. 10.

Comenta que a novela permite decatarse do conformismo que adoita presentar a literatura xuvenil actual mediante unha obra que vai máis alá de modelar comportamentos e establecer normas e que busca ante todo o divertimento. Tamén fala brevemente do argumento e da construción de tres micro-mundos que rematan por confluír a través das aventuras que o mozo Joe e a súa amiga Sylvia viven durante a historia.

Referencias varias:

- R. Nicolás, “Mesmo Tolkien era o seu fan”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Letras”, “En galego”, 5 febreiro 2016, p. 12.

Salienta que esta novela fantástica pasou a historia pola devoción que suscitou no recoñecido escritor británico J. R. R. Tolkien.

VII.2 POESÍA

VII.2.1. POETAS GALEGOS

Alonso, Fran, *Poemas birollos para ler cos ollos*, ilust. do autor, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Sopa de libros, n.º 59, a partir de 6 anos, xuño 2016, 70 pp. (ISBN: 978-84-9121-052-8).

Poemario de Fran Alonso (Vigo, 1963) no que se reúnen medio cento de composicións líricas que exploran as potencialidades da palabra, a imaxe, o son e a música, así como a interacción coas novas tecnoloxías, convidando ao ludismo e á diversión cara á infancia a través de formas poéticas moi visuais, nas que música e poesía conectan co plano sensorial. O poeta desenvolve un diálogo interartístico e de exploración poética por medio do gato protagonista. Salienta a concepción global do volume pola coherencia e unidade, debida sen lugar a dúbidas ao feito de que é un traballo do propio autor, que ademais de ser o responsable dos textos tamén fixo o deseño da obra e as imaxes inseridas. Pero a busca dunha poesía moi visual non empece que tamén se manteña o diálogo coa tradición, reescribindo composicións e actualizándoas, nunha busca de novos horizontes poéticos que desafían o concepto de poesía. Recursos como os caligramas, os diálogos absurdos, a reescrita de rimas populares e de xogos de palabras únense ao emprego de símbolos e tipografías actuais e coloristas, que mesmo teñen continuidade nun recurso en liña a partir do poema "O mar é un videoxogo". Ao acceder a el, o lector vese asaltado pola voz do poeta, a música de Xurxo Souto e o deseño de Alma Alonso Costas que reclaman a acción do lector-usuario para que "pesque" nun océano a palabra que é precisa para completar cada verso que aparece no fondo da pantalla, imprimíndolle á lectura de poesía unha dimensión lúdica e interactiva moi actual. Os poemas están concibidos e impresos como caligramas nos que se mostra un xogo visual que mestura forma, tamaño e cor das letras e dos signos gráficos. A disposición e as figuras que acompañan os textos tamén axudan a transmitir a mensaxe ao lectorado.

Recensións:

- María Navarro, "Da potencia dos sons", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 593, "Libros", 8 setembro 2016, p. VI.

Indica que Fran Alonso busca acadar novos métodos para achegarse aos nenos, mediante a potencialidade dos sons e das sílabas, refuxiar a súa escritura no xogo, facendo "unha poesía divertida que estimula a linguaxe". Menciona a aparición de poemas absurdos con referencias ao fútbol, ao amarelo, a unha arroba que ten palabras no seu interior etc. con intención de buscar unha desalienación no lector para que, deste xeito, tome a poesía como "música e baile das palabras", así gozando do sentido de xogo que lle pretende dar o autor. Apunta que nesta obra, igual que noutros volumes, como é o caso de *O meu gato é un poeta* (2011) ou *Cidades* (1997), mostra os seus trazos como poeta que emprega a tradición, favorece a comprensión dos sentimentos e a imaxinación dun xeito divertida.

- Isabel Mociño, “Outras olladas sobre a poesía para a infancia”, *El Correo Gallego*, *“2domingo”*, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 23 outubro 2016, p. 6.

Comézase aludindo á produción do autor ao redor da poesía infantil e xuvenil, na que publicou obras como *Cidades* (1997), considerada un referente da poesía para os máis novos, ou *O meu gato é un poeta* (2011), así como antólogo de *Poetízate* (2005). Da análise da obra, saliéntase o diálogo interartístico e intratextual, ao combinar poesía, música, videoxogos... na liña experimentada no poemario d’*O meu gato é un poeta*. Destaca as variadas formas e recursos presentes na obra, o experimentalismo e os xogos coloristas e divertidos de cada unha das composicións, que reclaman unha actitude moi activa ante cada páxina por parte do lectorado, ao explorar as potencialidades da palabra nunha nova forma de ler, que se cualifica como “máis visual, interactiva e creativa”.

Referencias varias:

- R. Nicolás, “Sorprendente e irreverente”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Letras”, “En galego”, 1 xuño 2016, p. 11.

Valora positivamente a última achega de Fran Alonso ao eido da poesía infantil. Cualifica de anovadora e sorprendente a edición da obra, que inclúe un videoxogo poético, e destaca a súa heteroxeneidade creativa.

Canosa, María, *O libro dos medos*, ilust. Olaya Naveira, Santiago de Compostela: Ediciones Bolanda, 2016, [prelectorado e lectorado autónomo], [46] pp. (ISBN: 978-84-617-4510-4).

Dedicado “Ao mundo da infancia onde non habita o medo ao futuro”, este poemario de María Canosa (Cee, A Coruña, 1978) ofrece un percorrido poético a través dalgúns dos elementos que representan os principais temores da infancia, como a escuridade, os médicos, as bruxas, monstros, pantasmas... Unha forma de esconxurar temores que é á vez unha homenaxe a poemarios dalgúns poetas de referencia para a infancia, que se plasma nas citas dos versos que abren cada apartado da obra. É o caso de *As palabras están a mirarse arredor da mesa* (2009), de Antonio García Teijeiro, que serven de limiar aos poemas “Noite”, “Treboada” e “Ruídos”; dos de *Páxinas de Carricanta* (2011), de Ana María Fernández, que preceden os poemas “Animais”, “Rato”, “Lobos” e “Arañas”; os de *A princesa de Taramundi* (2010), de Xoán Babarro, que abren o bloque composto por “Médicos” e “Pallasos”; os de *Profecía do mar* (1966), de Bernardino Graña, que inclúe os poemas “Pantasmas”, “Coco”, “Bruxas” e “Monstros”; e, finalmente, os versos de *Os soños na gaiola* (1968), de Manuel María, que dan paso ao último poema da obra, intitulado “Medo” e no que se recolle a mensaxe final de esperanza e alegría pola convicción de que todos os temores se superan. Os poemas van acompañados con ilustracións figurativas a lapis de Olaya Naveira alusivos á temática de cada poema.

Referencias varias:

- ECG, “Bolanda edita ‘O libro dos medos’ para público infantil”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 25 outubro 2016, p. 36.

Informa da presentación por Bolanda Edicións do último título de María Canosa, coincidindo coa celebración do Samaín. Recolle as palabras da autora que define o libro como "un exercicio para conxurar os medos". Di que este é o segundo título da autora e que está a escribir unha novela curta para adultos.

Carballeira, Paula, *Nunca mascotas*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Costa Oeste, [mocidade], setembro 2016, 61 pp. (ISBN: 978-84-9865-728-9).

Poemario de Paula Carballeira (Fene, 1972) que principia coa dedicatoria "Para os animais que me acompañan e me acompañaron, a miúdo baixo a forma de persoas, pero sempre dispostos e dispostas a morder e rabuñar por min". O volume está composto por un conxunto de vinte catro poemas centrados no mundo animal, cuxa primeira composición dá nome ao poemario. O eu lírico fai referencia á teimosía das avelaíñas, o agoiro dun corvo, o ruminante das vacas ou o determinismo dun porco celta, demandando en todos eles liberdade e combinando asemade ironía e ritmo. A obra só conta coa fotografía realista da cuberta de David de la Iglesia, na que se mostran dúas persoas con cabezas de animais, nun contexto de natureza no que predominan as cores escuras.

Referencias varias:

- Roque Soto, "Paula Carballeira. 'Levamos un animal dentro, pero non son partidaria de ser dona dun bicho", *Atlántico Diario*, "Galicia", 5 decembro 2016, p. 15.

Entrevista a Paula Carballeira na que fala do amor polos animais e do exercicio de humildade que deberiamos facer para telos máis en conta. Explica ademais a escolla do título, pois para ela a palabra mascota significa escravitude. Do contido, salienta o tratamento humanizado que lle dá aos animais, pois "a través del conocimiento de los animales se puede llegar a comportamientos que serían positivos para los adolescentes".

Chamadoira do Casal, *Un globo de novelos*, ilust. Raúl Velloso Lago, Silleda/Santiago de Compostela: Edicións Fervenza/ Xunta de Galicia, [lectorado autónomo], xuño 2016, 67 pp. (ISBN: 978-84-945375-6-1). ■

Baixo o pseudónimo Chamadoira do Casal, M.ª Dolores González-Chamadoira Pérez (Vigo, 1947) realiza neste poemario, dedicado a Xosé Neira Vilas, trinta e catro composicións fantástico-realistas agrupadas en diferentes seccións ("Poemas de Gres", "Novelos na noite", "Novelos de día", "Novelos de festa" e "Novelos do mar") que acollen as experiencias e vivencias infantís da autora no seu pobo, Cangas. Así, nelas están presentes as festas do lugar, a pesca e o mar que baña as costa de Cangas, os xogos e divertimentos da infancia ou personaxes do imaxinario infantil como o Ratiño Pérez ou Pedro Chosco. O poemario, no que predomina unha voz lírica en primeira persoa e que se acompaña de notas a rodapé nas que se aclara algunha cuestión relacionada coas diferentes composicións (situación xeográfica dun lugar, explicación dun personaxe etc.), péchase cun epílogo do profesor, cantante e escritor galego Baldomero Iglesias Dobarrio no que se fala da obra da autora. Os poemas acompáñanse

das ilustracións que representan personaxes, detalles ou elementos dos que se fala no texto de Raúl Velloso Lago (Cangas, 1965). Emprega un estilo orixinal que lembra as imaxes dos petroglifos e as pinturas rupestres con fondos de cores planas e escuras nos que debuxa unha liña ruda, de diferentes grosores (finas e grosas) onde repite o símbolo da espiral. Noutras imaxes emprega cores moi vivas e recrea o ritmo da melodía a través da liña, recordando os cadros de Van Gogh. As ilustración van enmarcadas sempre dentro dun fondo, acompañando ao texto.

Referencias varias:

- Fernando Franco, "Y la nenopoesía de Loliña", *Faro de Vigo*, "Vigo", "Mira Vigo", 18 novembro 2016, p. 11.

Entre outras cuestións, informa da presentación en Vigo deste primeiro poemario infantil da autora, quen recitará os seus poemas acompañada do gaiteiro José Ángel.

_____, "Al viento poético", *Faro de Vigo*, "Vigo", "Mira Vigo", 26 xullo 2016, p. 9.

Faise eco, entre outras actividades, da presentación a cargo de Heitor Mera e Borja Brun deste poemario en Cangas.

Díaz, Pablo, *Tic Tac Toc*, ilust. Almudena Aparicio, Vigo: Editorial Galaxia, col. árbore/galaxia, serie sonárbore, [prelectorado] 2016, [30] pp. (ISBN: 978-84-9151-010-9). Contén CD.

Álbum ilustrado de Pablo Díaz (A Coruña, 1972) no que recompila cancións con distintas temáticas, como por exemplo o San Xoán, as viaxes, a choiva, o galego, o Día da Paz ou distintos animais (tanto reais coma mitolóxicos), nas que se alternan a voz en terceira persoa coa primeira. Nas ilustracións Almudena Aparicio (Vigo, 1978) representa os animais personalizados, expresando ledicia moi acorde para un público infantil. A técnica empregada é a dixitalización na cal se identifican degradados de cores alegres e saturadas para crear volume. A imaxe destaca sobre o texto e incorporan os títulos cunha tipografía feita a través do selo.

Domínguez Alberte, Xoán Carlos, *Versos para conversar*, ilust. Pablo Rosendo, Vigo: Editorial Galaxia, col. árbore/galaxia, n.º 211, a partir de 10 anos, outubro 2016, 72 pp. (ISBN: 978-84-9151-016-1).

Xoán Carlos Domínguez Alberte (Ramirás, 1966) ofrece un poemario fundamentalmente lúdico e festivo, estruturado en cinco bloques. No primeiro, "Amizades", a voz lírica presenta, mediante xogos lingüísticos, onomatopeas, aliteracións e outros recursos retóricos cinco animais da fauna galega: unha bubela, unha curuxa, un galo, un can e un cuco. O segundo, "Voces", aproxímase á realidade antropolóxica galega, inserindo lendas tradicionais como a do home do saco e enxalzando unha práctica case esquecida na memoria: os contos ao redor da lareira. Intitulado "Brinquedos", o terceiro capítulo, comprende cinco composicións para rir e gozar con almorzos caseiros, cóxegas, un posto para vender verduras, o xogo da corda

ou incluso a posibilidade de enredar co vento. O cuarto, “A lúa e a nena”, amosa as distintas facetas da señora lúa. Pecha o volume “Soños”, con seis poemas de temática diversa, entre os que destaca “Pórlle o rabo ás cereixas”, que explica a motivación desta expresión galega. A reivindicación lingüística converxe co enaltecemento da cultura popular galega nunha obra complementada coas ilustracións de Pablo Rosendo (Vigo, 1984), nas que predominan as cores frías, en concreto a azul, que concorda co ton escollido para os títulos de todas as composicións.

Fernández, Ana María, *Cantigas para aprender a soñar*, Premio Arume da Fundación Xosé Neira Vilas e Premio Arume de Poesía 2013, ilust. Minia Regos, Ferrol: Edicións Embora, col. Fardel dos soños, [lectorado autónomo], abril 2016, 44 pp. (ISBN: 978-84-16456-14-7).

Colección de poemas de Ana María Fernández (Palma de Mallorca, 1949), dedicados ao público infantil, que se inicia cunha dedicatoria para os seus fillos e alumnos, para seguir cun prólogo asinado por Xosé Neira Vilas, quen salienta a traxectoria literaria e docente da autora, así como a importancia de escribir poesía para nenos. A clave temática da obra é a noite e a súa simboloxía, pero especialmente as composicións musicais que axudan aos nenos a durmir e a soñar. Outras temáticas tratadas son: a lúa como berce para os nenos, o sol como astro rei da vida, a natureza en todas as estacións do ano, a soidade, as estrelas como símbolo de esperanza e a felicidade. As cantigas posúen un marcado carácter didáctico e educativo, presentando contidos como os días da semana ou os meses do ano.

Fernández, Ana María, *Versos da tarde laranxa*, ilust. María Ruiz Castelain, Vigo: Editorial Galaxia, col. árbore/galaxia, n.º 206, a partir dos 8 anos, 2016, 65 pp. (ISBN: 978-84-9865-723-4).

Poemario de Ana María Fernández (Palma de Mallorca, 1947) no que se reúne medio cento de composicións dirixidas ao lectorado autónomo. Nelas predomina un marcado ton nostálxico da voz poética, que se combina coa perspectiva inocente dunha ollada infantil sobre o mundo, os animais, fenómenos atmosféricos, elementos meteorolóxicos, as estacións do ano, o mar, o espazo urbano, a soidade ou os seres fantásticos e propios do imaxinario colectivo, como as sereas ou as princesas,o paso do tempo, así como a propia esencia da poesía e do poder creador da palabra. Salienta o conxunto pola coidada selección léxica, que incide na visión nostálxica, determinada polo solpor e as referencias á cor laranxa, nunha evocación que semella metáfora do paso do tempo e da visión da vida dende a idade adulta. De aí que o poemario propicie diferentes niveis de lectura, nos que tamén se percibe a ironía, a retranca e o humor, que conviven coa evocación das lembranzas infantís, as referencias ao doméstico, en especial a casa como espazo do íntimo, ao amor e á paz, concibida como un obxectivo tanto social coma individual. Amais non faltan as reflexións metaliterarias sobre a importancia da poesía na vida cotiá, da solidariedade e da acollida dos inmigrantes, nuns versos nos que se perciben elementos recorrentes da lírica da poeta, en especial a sonoridade e o marcado ritmo poético, que asenta moitas veces nas aliteracións, repeticións e onomatopeas. As ilustracións figurativas de María Ruíz Castelain (Vigo, 1985) introducen o texto sobre a imaxe relacionándoos entre si a través do cromatismo saturado de tres cores: a escala de

grises, laranxa e branco. Emprega a técnica da acuarela dun xeito harmónico combinada con diferentes grafismos que recordan os garabatos da distracción ou relaxación.

García Teijeiro, Antonio, *Poemar o mar*, ilust. Xan López Domínguez, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merlín, n.º 255, 9 anos en diante, abril 2016, 68 pp. (ISBN: 978-84-9121-018-4).

Antonio García Teijeiro (Vigo, 1952) remata con este poemario a triloxía que ten o universo mariño como fio condutor que comezara con *En la cuna del mar* (Creotz, 2015) e que continuara en *Palabras do mar* (Embora, 2015). Fala de sereas poetas, nenas caladas, dun neno algo raro que dialoga co mar dende o seu barco de papel, da fauna e flora mariña, do mar como soño, do mar inquedo que xoga coa lúa, que se move bulideiro, do mar que ronca e molla con poemas, do mar ferido que chora por dentro e cala por fóra... Realiza unha escolla léxica coidada e diferentes tipos de composicións poéticas, como limericks, coplas, cantigas de berce, haikus ou versos perdidos. Xan López Domínguez (Lugo, 1957) entende a esencia da poética do autor; de xeito que palabra e imaxe casan nunha unión case perfecta, erixíndose como un todo.

Recensións:

- Ramón Nicolás, "Sempre o mar", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "En galego", 6 maio 2016, p. 6.

Despois de citar diferentes libros de Antonio García Teijeiro e comparalo con Lorca, presenta o novo libro de poemas que emociona coa temática do "mar coas rompentes e con que son enigmas e misterios". Lembra moitos autores destacados da literatura galega que tamén seguiron a temática mariñeira e recomenda a súa lectura.

- Armando Requeixo, "O mar de Antonio García Teijeiro", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*"/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 934/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 934, "letras Atlánticas", 29 maio 2016, p. 32.

Indica que a poesía infantil é un xénero que vai acadando solidez entre nós e que Antonio García traballa nesta liña coa súa triloxía poética: *En la cuna del mar* (Creotz, 2015), *Palabras do mar* (Embora, 2015) e *Poemar o mar* (Xerais, 2016). Apunta que as obras falan do universo mariño, da súa fauna e flora, así como a relación coa lúa, o horizonte ou a beiramar, é dicir, "do mar sempre aberto a un futuro de ilusións". Salienta que emprega moitos xogos de palabras, como son as anáforas, antíteses, epímones, calembures, emparellamentos, entre outros, e que homenaxea a Alberti, Neruda, Juan Ramón Jiménez, Cabanillas, Manuel Antonio, Bernardino Graña, Juan Carlos Martín Ramos e Juan Kruz Igerabide.

- Rocío García Pedreira, "Palabras con recendo a sal", *El Correo Gallego*, "2domingo", "Literatura Infantil e Xuvenil", "ELOS de lectura", 2 outubro 2016, p. 4.

Comeza salientando que a poesía infantil é un xénero canónico que vai facéndose sitio nos itinerarios lectores dos máis novos e comenta o poemario de Antonio García Teijeiro, un defensor da inclinación natural destes grupos de idade cara á poesía e os

beneficios da súa utilización na docencia. Recorda que o presente ano acaba de publicar a terceira parte da triloxía que ten o universo mariño como fío condutor, que comezara con *En la cuna del mar* (Creotz, 2015) e que continuara en *Palabras do mar* (Embora, 2015). Indica a súa temática, a escolla léxica coidada e a variedade de composicións, apuntando que é un "poemario que pide lelo en voz alta, que molla, que recende, que sona e, ante todo, que namora". Refírese ás ilustracións realizadas e salienta que fomenta a reflexión crítica, que recorda a outros poetas das tradicións literarias española e galega e que é "un dos poetas de maior e recoñecido prestixio dentro da Literatura Infantil e Xuvenil galega".

Referencias varias:

- Amaia Mauleón, "El tercer regalo de Teijeiro al mar", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 29 abril 2016, p. 40.

Preséntase este último libro da triloxía de Antonio García Teijeiro e ilustrado por Xan López Domínguez. Dise que o autor, un dos máis importantes poetas para nenos, quería homenaxear o mar a partir de tres libros (os dous primeiros en castelán e o último en galego) ilustrados cada un por un artista diferente. Coméntase tamén que a finalidade desta triloxía é "espertar e avivar" nos máis novos o gusto pola poesía ao ser unha poesía viva e musical, pero tamén obter a valorización dos adultos. Por outra banda, fálase da participación do autor no espectáculo de Paco Ibánez, "Palabras con alas", no que este musicou pezas de diferentes poetas.

Gómez Pato, Raúl, *Cousas de papá*, ilust. Blanca Barrio Gutiérrez, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, [lectorado autónomo], setembro 2016, 48 pp. (ISBN: 978-84-9121-089-4). Inclúe CD.

Tras as dedicatorias do músico Héctor Lorenzo Piñeiro, da ilustradora e de Raúl Gómez Pato (Ourense, 1966), acóllense dezasete poemas nos que se poetizan con humor diferentes elementos cotiáns da infancia como a vasoira, o libro, unha pulseira, un avión de papel, os lentes de cristal, as mascotas, as cartas, ossons, o cano da fonte, os pesadelos e incluso a serea do Miño. Tira do ritmo e da rima en poemas breves de arte menor, empregando técnicas tradicionais como as estruturas acumulativas, onomatopeas e enumeracións. Acompáñanse de ilustracións a toda páxina de Blanca Barrio Gutiérrez (Burgos, 1967) que representan a cor os distintos elementos poetizados.

Janeiro, Almudena e Borja **Guerrero**, *Máis contos en cantos*, ilust. VV.AA., Pontevedra: OQO Editora, col. Q son, [prelectorado e lectorado autónomo], setembro 2016, [34] pp. (ISBN: 978-84-9871-535-4). Contén CD.

Libro-cd no que se recollen as letras dos trece temas musicais baseados noutros tantos álbums ilustrados narrativos publicados por OQO nos últimos anos. É a segunda entrega deste tipo de versións musicais realizada por Almudena Janeiro, quen oito anos antes foi a responsábel da primeira entrega do disco *Contos en cantos*, editado pola mesma editorial, tal como se adianta nunha breve presentación da obra. Cada unha das composicións ten o mesmo título cá obra na que se basea e as ilustracións que

acompañaban o texto orixinal. É o caso de “Chocolata”, “A mellor sopa do mundo”, “A voda do galo Pinto”, “A máscara do león”, “Cocorico”, “A figueira de Pelostortos”, “Maruxa”, “Carabuñas”, “Picurruchos”, “A princesa do Caurel”, “Chega un avión!”, “Corre corre cabaciña” e “Nariz de ouro”, que contan coas ilustracións, respectivamente, de Helga Bansch, Mar Ferrero, Natalie Pudalov, Paloma Valdivia, Mikel Mardones, Mafalda Milhões, Charlotte Pardi, João Vaz de Carvalho, Javier Solchaga, Simona Mulazzani, André Letria e Juliana Bollini. Todas estas composicións musicais de Almudena Janeiro, que pon a voz, coros, guitarra e percusións, están interpretadas tamén por Xavier Soto, Pedro Díaz, Cris Macías e Blas, mentres que foron masterizadas por Fran Álvarez. Trátase de temas que, cun ton alegre e distendido, achegan aos máis novos historias que xa coñecen, agora a través da música. As ilustracións de cubertas, portadas, páxina de créditos e gardas son de Borja Guerrero. Emprega unha técnica de colaxe e debuxos recortados para este álbum concibido como un compendio de libros anteriores, pois as ilustracións interiores son fragmentos de anteriores libros da editorial OQO, cunha autoría múltiple das imaxes interiores.

López-Casanova, Arcadio, *Cancioneiriño (Do tempo e a paisaxe, dos traballos e as festas). Versos para a xente nova*, Santiago de Compostela: Follas Novas, col. Os libros do loureiro, n.º 13, maio 2016, 92 pp. (ISBN: 978-84-608-8264-0).

O novo poemario do académico de honra e catedrático de literatura española Arcadio López-Casanova (Lugo, 1942) recompila composicións escritas por el con anterioridade e nacidas do desexo de sumar esforzos “ó vizoso agromar da nosa literatura infantil e xuvenil”, tal e como nos indica no “Breve limiar” que encabeza o volume. Achega este paratexto inicial algunhas informacións complementarias no plano autorreferencial e formal, coma o feito de recolleren estes poemas certas memorias da Mariña Luguesa, O Páramo e a casa familiar do Rodo, e tamén de estaren compostos con esixencia estética nas formas da “máis xenuína tradición lírica” galega ao seu entender: o cantar popular e a cantiga. Consonte as súas paridades temáticas, o poemario divídese en sete epígrafes separadas por lenzos de Juan Vidales Pousa. “Do tempo: as estacións”, “Da paisaxe”, “Garulada de paxaros”, “Da mar e as navegadas”, “Dos traballos e os días”, “De festas e divertimentos”, “Cantigas de berce, Nadal e Reis” cobren así innúmeros xogos, celebracións ou escenarios próximos á rapazada. Priviléxiase neles o ritmo e a musicalidade, unha claridade expresiva que non renuncia á riqueza léxica, así como un amplo abano de recursos paralelísticos: anáforas, refráns, enumeracións, estruturas bimembres e circulares etc.

Recensións:

- Armando Requeixo, “Doce abalo”, *Diario de Arousa*, “*O Salnés Siradella*”/ *Diario de Ferrol*, “*Nordesía*”, n.º 945/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 945, “letras Atlánticas”, 24 xullo 2016, p. 28.

Comeza sinalando a traxectoria literaria de Arcadio López-Casanova. A continuación, informa da saída ao prelo deste poemario que emparenta coas narracións infantís do autor, posto que xa fora escrito a mediados dos setenta, aínda que non o publicou daquela. Explica que se trata dunha “cartografía da Galicia do seu tempo”, eloxia a

“mestría estilística” do autor e destaca a musicalidade dos poemas para finalmente felicitalo pola súa obra.

María Fumaça, *Aire*, ilust. P. Pastor, Vigo: Editorial Galaxia, col. árbore/galaxia, serie sonárbore, [prelectorado e lectorado autónomo], 2016, [28] pp. (ISBN: 978-84-???). Contén CD e DVD.

Novo traballo musical do colectivo María Fumaça no que reúnen dezaoito composicións musicais pensadas para o público infantil e familiar. O protagonista de todos os temas é Rui, as súas vivencias, contorna e descuberta do mundo, visto dende unha perspectiva integradora e respectuosa coa diferenza. Así, “Ven comigo”, “A horta de Balbina”, “O meu barco”, “Suite en Ruí maior”, “Rocanrol”, “Dona Matílica”, “Son malote”, “Pedro Chosco”, “Aire”, “Apertando”, “Como ti queiras”, “Os sentidiños”, “Neno caníbal”, “Just you and me”, “Canción da marioneta”, “Gústame xogar”, “Zapato no pé” e “Máquina do amor” son os títulos dos temas que configuran unha viaxe por soños e ilusións da infancia e que se complementan cos vídeos musicais que aparecen no DVD, que tamén é un karaoke para favorecer a aprendizaxe e interpretación dos temas polo público ao que se destina a obra. Deste modo, o libro serve de soporte ás letras dos temas e ás ilustracións que acompañan cada un deles, recreando situacións e incidindo na visión cómica e desenfadada destas músicas compostas por un numeroso grupo de intérpretes, capitaneados por Uxía Senlle (Sanguiñeda, Mos, 1962), tal como se recolle na páxina final da obra.

Neira Vilas, Xosé, *Quique na aldea*, ilust. Olaya Naveira Souto, Santiago de Compostela: Ediciones Bolanda, [lectorado autónomo], 2016, [33] pp. (ISBN: 978-84-617-5582-0).

Conxunto de quince poemas narrativos de Xosé Neira Vilas (Gres, Vila de Cruces, 1928-2015) nos que Quique descobre un mundo novo e engaiolante, a aldea, cos seus costumes, festas, romarías, natureza, tradición oral de contos, cantares e lendas. Así “Na aldea” poetiza a chegada alegre a ese mundo; en “Quique da Estrada” preséntase o protagonista que vai visitar seus avós e súa avoa cóntalle lembranzas en “Miña avoa”. Tamén hai lugar para describir “Xogos” coma escondite, pillada, rolda da buxaina e billarda, mentres que “Co avó Xaquín” repasa os bechos do monte e “Na feira” ve os feirantes e os tratos que fan cos compradores. Tamén hai cabida para “Sultán”, un can de palleiro que enreda coa rapazada e se sinte amigo de Quique, e para ir “De pesca” ao río cheo de troitas, escalos, anguías, salmóns e lampreas. Descobre os costumes da “Romaxe” a Santa Baia e no “Monte adiante” a flora e fauna que rodea a aldea, mentres que “Na horta” realiza labores agrícolas como recoller patacas, pementos, cebolas e cabazas. En “O porco bravo” acompaña seu avó a cazar; en “Contos e cantos” reivindica a narración oral ao redor da lareira. Por último en “Día de festa” describe a celebración e “Abur” supón o poema despedida dese mundo que describe. Na ilustración da cuberta aparece Quique que voa na compaña de paxaros. Os debuxos son de Olaya Naveira e complementan os poemas con imaxes de aldea como as feiras, a pesca no regato, os paseos polo bosque, as hortas, a romería. Son ilustracións con trazos de tinta, liñas simples e estampacións que teñen un cromatismo comedido que aporta serenidade as composicións.

Referencias varias:

- Jaureguizar, “Neira Vilas volve á aldea da man dun neno de vila nun relato que quedara inédito”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Sociedad”, p. 61/ *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, “Literatura”, p. 68, 26 novembro 2016.

Faise eco da presentación desta obra inédita na casa de Gres. Indícase que participou o presidente da Xunta que animou á infancia a ler en galego e louvou a Neira Vilas. Apúntanse outras actividades en homenaxe ao escritor, como a proxección do documental *Espantallo amigo* de Carlos Seijo, que fai un percorrido polas andainas vitais e literarias de Neira Vilas, e a presentación da reedición *Cantarolas pra xente miúda*, con poemas musicados por Suso Vaamonde.

- Mario Álvarez, “Feijóo anima aos nenos a ler na presentación da obra póstuma de Xosé Neira Vilas”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 26 novembro 2016, p. 35.

Con motivo do aniversario do falecemento de Xosé Neira Vilas, preséntase esta obra póstuma que contou coa presenza de Alberto Núñez Feijóo, o conselleiro de Cultura e familiares do autor. Indícase que o protagonista é diferente a Balbino, pois vive na vila e descobre a aldea nunhas vacacións.

- Salomé Soutelo, “Presentan a obra póstuma de Neira Vilas, ‘Quique na aldea”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 26 novembro 2016, p. 40.

Informa de presentación na Fundación Xosé Neira Vilas desta obra que conta a historia dun neno que descobre os encantos da aldea un verán que pasou cos avós. Sinala que ao acto acudiu o Presidente da Xunta, Alberto Nuñez Feijoó, quen dedicou unhas palabras de ánimo á lectura ao alumnado dos colexios de Piloño, Vedra e Boqueixón, los cuales también han acudido al acto, e que tamén participaron o Conselleiro de Educación Román Rodríguez e o artista Roi Casal.

- M. Sueiro, “Neira Vilas reaparece en su aldea con la obra ‘Quique na aldea”, *ABC*, “Galicia”, 26 novembro 2016, p. 58.

Describe o acto de presentación desta obra que demanda a importancia da contorna rural e no que estivo presente o Presidente da Xunta, Alberto Nuñez Feijoó, quen reivindicou a Xosé Neira Vilas e o seu compromiso coa lingua e o país.

- Xosé María Dobarro, “Cabodano”, *Diario de Ferrol*, “Opinión”, “Outra volta”, 27 novembro 2016, p. 16.

Con motivo do aniversario do pasamento de Xosé Neira Vilas, recalca o seu labor intenso como escritor e di que tivo lugar na súa casa natural de Gres a presentación da súa obra inédita, *Quique na aldea*.

- Irene Adler, “Neira vuelve a la aldea”, *La Región*, “*La Revista*”, n.º 257, “Con texto”, 11 decembro 2016, pp. 14.

Dá conta da homenaxe na Casa romana de Vila de Cruces a Neira Vilas na que se presentou o álbum póstumo, ilustrado por OlayaNaveira, que recolle unha serie de poemas dun neno que descobre a paisaxe rural galega, achegando ao lector a "beleza do campo galego, das romarías, dos xogos na rúa, as feiras, etc.".

Santalices, Verónica, Laura **Iglesias** e Federico **Welicki**, *As andanzas de Paio*, ilust. David Álvarez e Laura Iglesias, Vigo: Editorial Galaxia, col. árbore/galaxia, [lectorado autónomo], 2016, [30] pp. (ISBN: 978-84-9865-675-6). Contén CD.

Nesta historia fantástico-realista de Verónica Santalices, Laura Iglesias e Federico Welicki, narrada en primeira persoa, na que a prosa narrativa do conto é acompañada por cancións escritas en verso, cóntase a historia de Paio, un teixugo viaxeiro que tras un ano de percorridos polo mundo chega ao seu fogar e lles describe aos seus amigos (un cadelo, unha vaca, un galo, dúas galiñas, un porco, un cabalo e unha ovella) as súas aventuras, acompañadas en todo momento por datos curiosos e por respecto ao medio ambiente. Remata cunha ficha técnica nomeando a todas as persoas participantes na realización da obra, incluídos os músicos que poñen melodía ao volume: Suso Feixón, Federico Welicki, Diego Pacheco, Darío Floccari, Adrián Solla, Verónica Santalices, Érika Welicki e Xacob Welicki. As ilustracións, de David Álvarez e Laura Iglesias, moi coloridas e detalladas a dobre páxina, serven para introducir ao lector en cada unha das aventuras do narrador.

Vázquez Pintor, Xosé, *Bicos*, ilust. VV. AA., Silleda/ Lalín/ Silleda/ Agolada: Edicións Fervenza/ Hoxe queixos/ Restaurante Enxebre/ Concello de Agolada, [lectorado autónomo], agosto 2016, 73 pp. (ISBN: 978-84-945375-8-5). ■

Xosé Vázquez Pintor (Melide, 1946) dedica este poemario "Para os meus netiños máis pequerrechiños: Alan e Brais". Acolle trinta e tres composicións, preferentemente escritas en pareados ou á maneira de diálogo, que describen cunha linguaxe sinxela diferentes animais, xogos e elementos cotiáns, como a casa da aldea en "A casiña", "O rato", "A pulga", "Paso de peóns", "A serpe", "O raposo", "A toupa", "O cabalo", "A troita", "O lobo", "O barco", "O cole", "Noite", "O gua", "Semáforo", "O ourizocacho", "A billarda", "O peón", "A parafita", "O tren", "O sapo", "A tele", o canciño "Pico e mais eu", "A pucha", "O stop", "A vaca", "Paxariño señorito", "O avión", "O morcego" e "O grilo". Péchase cunha "Epístola a Balbino", o poema "...nós" dedicado aos netos e "Retrincos". Na cuberta un gran corazón bermello sobre un fondo verde e area reflicte as emocións que percorre este poemario adicado á infancia. Os poemas van acompañados dunha ilustración a dobre páxina realizada por vinte ilustradores e ilustradoras o que lle outorga ao libro unha gran singularidade. As aportacións visuais achegan aos poemas unha gran diversidade estética e técnica (debuxo, acuarela, fotografía, colaxe, dixital…) e corren a cargo de Agustín Bastón, Alba de Alba, Beatriz Mosquera, Camilo Caamaño, Damián Paio, Héitor Picallo, Isabel Alonso, José Antonio Fondevila, Lito Portela, Lois Gil, Manlo Fragoso, Manuel Núñez, María Núñez, María Sánchez, Pilar Taboada, Ramiro Cimadevila, Xan Paz, Xandre Otero, Xavier Ríos, Xulio García e Yanira León.

Referencias varias:

- Belén López, “Xosé Vázquez Pintor. ‘Víñenme ao tempo de neno”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 23 outubro 2016, pp. 12-13.

Con motivo da publicación deste poemario, entrevístase ao autor quen describe o libro como unha homenaxe á infancia na aldea ilustrado por vinte creadores e explica o significado do título. Tamén fala da dificultade de escribir para os nenos, da conexión con Quián e do seu próximo libro de teatro que se acompañará dun disco.

- Fran Brea, “Lalín programa teatro, música y fotografía para noviembre”, *Diario de Pontevedra*, “Deza”, “Tabeirós”, 27 outubro 2016, p. 25.

Comenta a celebración da exposición “Outono Fotográfico” en Lalín. Dá conta das diversas actividades que inclúen: mostras teatrais, artísticas e musicais. Salienta a presentación deste libro de Xosé Vázquez Pintor e a actuación de Redrum Teatro coa obra *A nena que quería navegar*.

VII.2.2. REEDICIÓNS COMENTADAS E FACSÍMILES. TEXTOS RECUPERADOS (NÓS)

Migallas, *Canta connosco!*, ilust. Óscar Villán, Pontevedra: Kalandraka Editora, [prelectorado e lectorado autónomo], 2016, [41] pp. (ISBN: 978-84-8464-276-3). Contén CD e DVD.

Reedición do traballo do Grupo Migallas *Canta connosco!*, considerado un referente da música infantil en galego dende a súa publicación en 1996. Dedicado "ás nenas e nenos que medraron coas cancións de Migallas e aos nenos e nenas de agora, para que sigan cantando connosco", a obra presenta unha coidada edición en formato de libro-cd, no que se recollen as letras das doce cancións que compoñen o traballo, un cd coa música e un dvd con vídeos para favorecer a práctica e aprendizaxe das cancións, que tamén se poden seguir polo karaoke. O libro conta coas suxestivas ilustracións de Óscar Villán, que lle achegan frescura e humorismo ao conxunto, así como unha presentación de Manuela Rodríguez, quen rememora a relevancia de Migallas no panorama galego e lles agradece as súas contribucións á música infantil, salientando a combinación de ritmos tradicionais e actuais e as potencialidades destes recursos para traballar de xeito lúdico e interdisciplinar aspectos como a expresión dramática. As composicións levan por título "O esqueleto", "O libro máxico", "O rap da lingua", "Dime que fixeches", "Mamá gatiña", "Perico Pérez", "Os xogos", "O rock da ducha", "Os virus xacobeos", "Ai, patín!", "O eucalipto e o carballo" e o tema instrumental "Cando chega a mañá". Péchase a obra cun breve resumo das características de cada un destes temas, a súa orixe e contidos, incidindo na perspectiva temporal das dúas décadas que pasaron dende a composición deles.

Referencias varias:

- Cuca M. Gómez, "Castañas para todos", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Gente a diario", "De café con Cuca", 6 novembro 2016, pp. 78-79.

Informa da presentación en Pontevedra da reedición de *Canta connosco!* de Migallas no Museo.

- Belén López, "Volver cantar con eles", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Ciudad", 5 novembro 2016, p. 14.

Anúnciase a presentación no Museo de Pontevedra da reedición deste poemario que conta con novo material e ilustracións de Óscar Villán e un DVD con videoclips de Miguel Sagüillo nos que participou alumnado de Vilaverán, do obradoiro "Á procura do tesouro" de Pontevedra e a escola de teatro de Tomiño. Logo explícase a orixe da ducis de temas musicais.

- Marta Becerra, "Los más pequeños toman conciencia", *El Progreso*, "Lugo", "El despertador", 27 novembro 2016, p. 14.

Informa de varios actos celebrados na capital lucense: a elaboración dun mural con textos apoiando a igualdade de xénero na Fundación Juan Soñador; a realización do

contacontos “Once damas atrevidas” na librería Biblos, que trata a violencia de xénero, e, por último, presentación na librería Trama dun libro disco chamado *Canta connosco!* con colaboracións como as de Paco Dicenta, Xosé Manuel Budiño e Suso Vaamonde. Indica que todos perseguen difundir valores como a igualdade de xénero á infancia.

- Cuca, M. Gómez, “Una bonita tarde con mi sobrina”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, 28 decembro 2016, p. 62.

Entre outros eventos, informa da sinatura de exemplares na libraría Nobel polo grupo Migallas do seu último libro-CD *Canta connosco!*.

Neira Vilas, Xosé, *Cantarolas para xente miúda*, ilust. Antía Vaamonde García, [s. l.]: Senén Vaamonde Polo, [lectorado autónomo], 2016, 33 pp. (ISBN: 978-84-617-5686-5). Inclúe CD.

Reedición desta obra de Xosé Neira Vilas (Gres, Vila de Cruces, 1928-2015) publicada por primeira vez en 1975 e que conta agora con dúas breves reseñas biográficas de Suso Vaamonde (Regodobargo, 1950) e de Neira Vilas e cos poemas “Ensoños”, “O río”, “Historia dun grilo”, “O Ferreiro”, “O xoguete”, “Na tardiña”, “O subiote”, “Cantarela dos nenos”, “O Piñeiro”, “Formigas”, “O vento”, “Cabaliño novo”, “Vai a meniña” e “Soñei con tuturutú” nos que se poetizan elementos da flora e da fauna, xogos e o tempo de lecer da infancia, reivindicando a identidade galega. Acompáñase das ilustracións de Antía Vaamonde García a toda páxina sobre as que se imprimen as letras dos poemas. Son debuxos figurativos que representan o elemento que se describe no poema.

Referencias varias:

- A. Nogueira, “Cantarolas pra xente miúda’ vuelve a las librerías tras 30 años”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 27 novembro 2016, p. 53.

Refírese á homenaxe na Casa do Libro de Vigo que a familia de Suso Vaamonde fixo ao escritor Xosé Neira Vilas con motivo do primeiro aniversario da súa morte en forma de presentación da reedición do libro-CD *Cantarolas pra xente miúda*, que engade as ilustracións da sobriña do cantante vigués, Antía Vaamonde.

- C. R., “Música, baile e actividades infantís”, *La Región*, “*Nadal nas Comarcas de Ourense*”, “Nadal en Xinzo de Limia”, “Programa”, 23 decembro 2016, p. 4.

Entre outras actividades relacionadas co Nadal do Concello de Xinzo de Limia, coméntase que a nenez de diferentes escolas participan no Programa Teatro en Nadal, a cargo de Aneis Teatro, e do concerto de “Cantarolas para xente miúda”.

VII.2.3. TRADUCIÓNS E VERSIÓNS

Iglesias, Gracia, *O fío* (*El hilo*, Kalandraka Editora, 2016), ilust. Rosa Osuna, trad. Xosé Ballesteros, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Demademora, [prelectorado], maio 2016, [30] pp. (ISBN: 978-84-8464-99808).

Álbum infantil de Gracia Iglesias (Madrid, 1977) que ofrece un relato rimado, cargado de tenrura e humor, que principia coa representación dunha reacción natural e cotiá: tirar dun fío que sobresae da roupa. O protagonista desta disparatada historia, caracterizada pola fluidez, decide turrar del con curiosidade, porén a situación enrédase dun xeito inesperado e sen retorno. Cando se decata do desatino e intenta deslearse do fío, descobre que, ademais de estar unido a toda a roupa, tamén forma parte de canto o rodea, como o sol, as nubes ou a fraga. Tirando e tirando dese fío case infinito descose as árbores e o ceo, ficando completamente canso. O volume conta coas ilustracións de Rosa Osuna (Segovia, 1961) que complementan a historia á perfección, engadindo dous personaxes esenciais que non aparecen no texto narrativo: un gato e un paxaro. O gato móstrase feliz por xogar co nobelo que se vai formando, mentres que o paxaro reflicte a preocupación pola situación na que se ve envolto e pola seguridade do seu niño. Os fondos de cores apagadas contrastan co cativo e co felino, cuxa cola semella o arco da vella. Es de destacar que los fondos de colores apagados contrastan con el niño y el felino, ofrecendo un contrapunto moi interesante.

Recensións:

- Verónica Pousada Pardo, "Enguedellando o fío da vida con fantasía", *El Correo Gallego*, "*2domingo*", "Literatura Infantil e Xuvenil", "ELOS de lectura", 18 setembro 2016, p. 4.

Primeiramente ofrece datos biográficos da escritora e dos galardóns recibidos, como é o caso do Gloria Fuertes 2001, o Premio Nacional de Poesía Fundación Miguel Hernández 2004 e o Premio Luna de Aire 2009. Logo comenta o argumento e as ilustracións que "complementan a historia á perfección, engadindo dous personaxes esenciais que non aparecen no texto narrativo: un gato e un paxaro". Finaliza salientando que a obra é unha inclusión da fantasía no ámbito diario, coa intención de "procurar a simpatía e o sorriso do público", e que conta con referencias intertextuais coa mitoloxía grega e aqueles fíos de vida co que as Moiras controlaban o destino dos mortais.

Referencias varias:

- Gracia Iglesias, "O fío", *El Progreso*, "*Pícaros*", "O conto", 3 setembro 2016, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra escrita por Gracia Iglesias e ilustrada por Rosa Osuna.

Ramírez Lozano, José A., *Os lapis primos*, ilust. Natalie Pudalov, trad. Marisa Núñez,

Pontevedra: OQO Editora, col. Q, [lectorado autónomo], setembro 2016, [38] pp. (ISBN: 978-84-9871-534-7).

José A. Ramírez Lozano (Nogales, Badaxoz, 1950) compón este conxunto de poemas ao redor dos lapis, da súa orixe e da súa funcionalidade na escola para desenvolver a caligrafía ou a imaxinación, comparándoos cos garfos, cos peites, con canas de pescar, cun contagotas, con gravatas, con mistos, coa espiña dun peixe, cunha agulla, co peteiro dunha ave, co nariz, cun escarvadentes, cunha pata de araña, coa punta dun parugas, con xabón de tocador, cunha lanterna, cunha pinza, cunha chave, cunha goma de borrar, coas agullas dun reloxo, cun abridor e cun lapis de labios, deseñando imaxes moi divertidas e orixinais. As ilustracións figurativas son de Natalie Pudalov (Rusia, 1980). Na cuberta aparecen uns personaxes estrambóticos que mesturan as persoas cos animais. Tamén están decoradas as gardas e a portada. As figuras imaxinativas e as composicións do interior crean un universo fantástico para describir visualmente a narración deste álbum infantil deseñado cun estilo surrealista. As ilustracións presentan numerosos detalles nos que deterse e que permiten unha lectura alternativa aos textos.

Valios i Buñuel, Ignasi, *A Lúa. Conto para ler ás escuras* (*La Lluna*, Barcanova), trad. Anaír Rodríguez, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, [prelectorado e lectorado autónomo], outubro 2016, [20] pp. (ISBN: 978-84-9121-109-9).

Libro de Ignasi Valios i Buñuel (Lleida, 1963) no que se reúnen composicións de carácter poético que teñen a lúa como protagonista. Nuns casos adoptan a forma de adiviña, noutros de comparación con outros elementos da natureza, tamén se relaciona a lúa coas bruxas e lobos, alúdese á súa presenza nas cancións infantís, defínense as diferentes fases polas que pasa e, finalmente, ínstase ao lector/oínte a meterse na cama. Trátase dunha obra idónea para ler antes de durmir que presenta un elemento moi motivador, como son as ilustracións de pintura fosforescente que se iluminan despois da súa exposición a un foco de luz, permitindo a visión nocturna dos elementos que acompañan os textos rimados. Un recurso a materiais fosforescentes que propicia a sorpresa e a fascinación dos máis novos por elementos practicamente ocultos á vista que adquiren novas dimensións na escuridade. Deste modo, a obra propicia unha lectura textual que adopta novas perspectivas coa visual, apoiada nestes materiais fotoactivos.

Vázquez García, Celia (ed.), *Stevenson e a tenrura da súa poesía infantil. A Child´s Garden of verses. Xardín de versos para o neno. Poemas inglés-galego*, Vigo: Universidade de Vigo, col. Banda vermella, serie Humanidades e Ciencias xurídico-sociais, 2016, 208 pp. (ISBN: 978-84-8158-718-0). ◆

Edición bilingüe dos poemas infantís escritos por Robert Louis Stevenson (Edimburgo, 1850-Samoa, 1894), a cargo da que foi até hai algún tempo profesora da Universidade de Vigo, Celia Vázquez. O volume, editado pola Universidade de Vigo, presenta un minucioso estudo introdutorio con sete apartados: “O poeta R. L. Stevenson”, “*A child’s garden of verses*”, “A ilustración dos poemas”, “O mundo da infancia na súa poesía. Temas recorrentes”, “O poeta, ecoloxista observador da natureza”, “A tradución da poesía: o marco estrutural e o contido literario” e “A retórica, nada sinxela”. Un marco crítico que lle serve á tradutora para achegar datos biográficos relevantes da vida do autor e a súa influencia na creación poética, describir as principais características da súa

pouco coñecida poesía infantil, as ilustracións que acompañaron as diferentes edicións do poemario dende 1896, o mundo da infancia que se recrea nos poemas e os temas recorrentes, así como as principais dificultades coas que se atopou para traducir estas composicións á lingua galega, tanto dende o punto de vista do contido dos poemas coma da retórica empregada por Stevenson. A edición reúne os sesenta e seis poemas que viron a luz por primeira vez en 1885 en inglés e galego e sobre os que a crítica ten sinalado que reflicten a visión dun adulto sobre a súa nenez, así como o feito de que é unha obra que mudou para sempre a forma na que se debía escribir a poesía para a infancia e sobre ela, polo que se converteu nun clásico e non deixou de se reeditar dende a súa publicación.

VII.2.4. ANTOLOXÍAS

Pacheco Vázquez, Mercedes, *Augas e literatura na Ourensanía*, ilust. Suso B. Cubeiro, Ourense: Deputación Provincial de Ourense, 2016, 117 pp. (ISBN: 978-84-945493-0-4).
◆

Esta antoloxía recolle unha escolma de trece escritores ourensáns nos que está presente a auga como esencia de Galicia. Comeza coa reprodución do himno de Ourense, titulado "Ourense no solpor", obra de Manuel de Dios e a seguir presenta o texto "Segredo das augas", de Mercedes Pacheco, no que se describen as características de *Augas e literatura na Ourensanía* e os criterios de edición. De cada autora e autor aparece unha pequena achega biobibliográfica e unha escolma de textos centrados na auga. Ademais contan co apoio gráfico dun deseño de Suso B. Cubeiro. As figuras ourensáns que aparecen nesta escolma ordenadas por orde cronolóxica de nacemento son: Valentín Lamas Carvajal (Ourense, 1849-1906); Manuel Curros Enríquez (Celanova, 1851-La Habana, 1908); Filomena Dato Muruais (Ourense, 1856-Bergondo, 1926); Eladio Rodríguez González (Leiro, Ourense, 1864-A Coruña, 1919); Vicente Risco (Ourense, 1884-1963); Florentino López Cuevillas (Ourense, 1886-1958); Ramón Otero Pedrayo (Ourense, 1888-1976); Xaquín Lorenzo Fernández (Ourense, 1907-Lobeira, 1989); Celso Emilio Ferreiro (Celanova, 1912-Vigo 1979); Dora Vázquez Iglesias (Ourense, 1912-2010); e Pura Vázquez Iglesias (Ourense, 1918-2006). Tamén se reproducen cantigas populares, cantares de cego, refráns e a lenda popular da Lagoa de Antela. Cómpre sinalar que a antoloxía foi distribuída entre os centros escolares ourensáns para celebrar o Día das Letras Galegas de 2016 co gallo da celebración da 3.ª Semana Escolar das Letras Galegas e que, xunto a esta obra tamén se distribuíu unha *Guía do profesorado* que ofrece suxestións e propostas de actividades para traballar nas aulas.

VII.3. TEATRO

VII.3.1. DRAMATURGOS GALEGOS

Castro, Raquel, *As terapias da doutora Ledicia*, Premio de Honra dos premios Estornela de Teatro 2014, ilust. Almudena Aparicio, Vigo: Galaxia, col. Árbore/galaxia, n.º 202, serie azul, a partir dos 10 anos, febreiro 2016, 62 pp. (ISBN: 978-84-9865-671-8).

Peza de teatro de Raquel Castro (Alxén, Salvaterra de Miño, 1971) que se desenvolve nun único acto e dúas escenas, que decorren na consulta da psicóloga Ledicia quen, coa colaboración da súa axudante Carolina, atende con afán e agarimo os conflitos persoais que lle van confiar media ducia de estrafalarios e divertidos personaxes nunha sesión de risoterapia. Así, á consulta da doutora Ledicia acode Euloxio Ribeiro, máis coñecido como o Home do Saco, que perdeu as súas facultades para meter medo e sente que a súa vida non ten sentido; Armando Xesteira, que padece un tic nervioso que o leva a tocarlle a barriga a todas as persoas coas que se atopa, por iso lle chaman o Apalpador; Antón Fontao, que está atrapado na súa metamorfose entre home e lobo porque a xente deixou de crer no mito do lobishome; as Tres Marías (María dos Meles, María Castaña e María Silveira), que viven unidas de ganchete e non atopan a maneira de poder separarse; e unha vella que busca compaña de xente coa que falar e rir. As lamentacións, risas, consellos e mesmo cantares que teñen lugar durante as sesións de terapia configuran un ambiente divertido que levará á solución a todos e cada un dos problemas cos que chegaron estes personaxes ao consultorio.

Recensións:

- Isabel Mociño, "Teatro infantil: a risa como terapia", *El Correo Gallego*, *"2domingo"*, "Literatura Infantil e Xuvenil", "ELOS de lectura", 4 decembro 2016, p. 6.

Comeza salientando a importancia de que se publiquen obras de teatro para a infancia e que se incorporen á escrita autoras e autores novos, como é o caso de Raquel Castro. A seguir describe a estrutura e contido da obra e salienta a habelencia da autora para provocar a risa e para desenvolver unha comedia na que se subverten os roles e estereotipos da tradición oral, así como os mitos e lendas, que se actualizan e se dan a coñecer aos máis novos. Remata animando á autora a seguir publicando máis pezas teatrais para a infancia.

Referencias varias:

- Raquel Castro, "As terapias da doutora Ledicia", *El Progreso*, "*Pícaros*", "O conto", 9 abril 2016, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un breve fragmento da obra.

Fernández, Cipriano, *A pantasma que non asustaba*, ilust. Héitor Picallo Fuentes, A Estrada: Edicións Fervenza, col. A Pinguela, n.º 90, [lectorado autónomo], 2016, 18 pp. (ISBN: 978-84-944750-5-4).

Cipriano Fernández (Riveira, A Coruña, 1952), tras unha dedicatoria, presenta nesta comedia en dúas escenas para ser representada, a Don Raimundo, unha pantasma que se atopa triste porque pensa que se rin dela e deixou de asustar, ao que a Bruxa Leituga lle di que ten que cambiar de oficio e que ela se vai encargar de buscarllo. Coa axuda duns mozos, Don Raimundo, acude á psicóloga para curarse. Esta psicóloga dorme á pantasma e convence coa axuda dos Espectadores ao público, para que, cando esperte, todos finxan que están asustados pola presenza da pantasma. Cando Don Raimundo esperta, os Espectadores levántanse das butacas coa intención de escapar. A Bruxa Leituga, antipática para os veciños por meterse en todas as conversas, encóntralle un oficio á pantasma, porteiro da discoteca A Foliada, asegurándolle un éxito rotundo. Esta edición vai acompañada das ilustracións de Héitor Picallo Fuentes (Cuntis, 1974) empregando cores frías en tons grises, que complementan o diálogo dos personaxes. Son sinxelas fantásticas–realistas, pois nelas aparecen personaxes de ficción, como a pantasma e a bruxa, e da vida real, como a psicóloga.

Referencias varias:

- S. S., "Novos libros de Cipriano Fernández", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 10 marzo 2016, p. 38.

Informa da presentación deste libro de teatro escolar no auditorio de Ribeira.

Fernández, Cipriano, *O neno de chocolate*, ilust. Héitor Picallo Fuentes, A Estrada: Edicións Fervenza, col. A Pinguela, n.º 91, [lectorado autónomo], 2016, 17 pp. (ISBN: 978-84-944750-6-1).

Peza de teatro realista, escrita por Cipriano Fernández (Ribeira, A Coruña, 1952), que se inicia cunha breve dedicatoria e coa enumeración dos personaxes e na que se tratan temas como os prexuízos, o racismo, a inocencia infantil e a ignorancia froito do descoñecemento. Ao longo dos diferentes actos nos que se divide a peza, cóntase unha historia cuxa acción ten lugar nunha vila galega na que diferentes veciños (os adultos Pepe, Xan e Rosalía e as nenas Carme e Xoana e outras cativas) comentan a chegada á vila de Alí, un neno etíope adoptado por unha parella do lugar. Os comentarios dos diferentes personaxes céntranse fundamentalmente na cor da pel de Alí e mesmo na posibilidade de que sexa antropófago e amosan as diferentes opinións que xorden entre os veciños, entre os que cobra relevancia a opinión dos máis novos. Así, por exemplo, unha das nenas morde a Alí para saber se é de chocolate pola cor da súa pel, mentres que outras van tratar de establecer amizade con el e ensinarlle o galego. O texto acompáñase das ilustracións realistas e de tipo figurativo de Héitor Picallo Fuentes (Cuntis, 1974), debuxos en branco e negro que representan o neno etíope segundo as ideas e imaxes recreadas polos diferentes personaxes. Na cuberta aparece un mapa xeográfico do continente africano que anticipa a orixe do pequeno neno etíope adoptado.

Referencias varias:

- S. S., “Novos libros de Cipriano Fernández”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 10 marzo 2016, p. 38.

Dá conta da presentación deste libro de teatro escolar no auditorio de Ribeira.

Labraña, Carlos, *Moito Morro Corporation, Sociedade Ilimitada*, ilust. Rodrigo Chao, Vigo: Editorial Galaxia, col. árbore/galaxia, n.º 201, a partir dos 10 anos, febreiro 2016, 104 pp. (ISBN: 978-84-9865-670-1).

Obra de teatro da autoría de Carlos Labraña (Cedeira, A Coruña, 1969) entre cuxos temas se atopa a amizade, a cooperación e o egoísmo e na que se dá conta das visicitudes que pasa un grupo de compañeiros de circo, “O circo Ringo Rango”, para superar as súas dificultades económicas en tempos de crise. Na peza descóbrese como os personaxes acoden a un banco en quebra a solicitar un préstamo para poder pagarlle o préstamo que lle deben a dona Forreta, personaxe que quedará co circo se non pagan a débeda. Alí, coñecerá a calidade humana do director da entidade bancaria, a quen non lle importa a vida dos demais e foxe cos cartos para un país caribeño coas consecuencias que iso supón para outra moita xente humilde. Os membros do circo Ringo Rango coñecerán tamén a avaricia doutros que tamén pretenden sacar proveito da súa situación e a personaxes, coma eles, que pasan outros apuros, caso, por exemplo, das vellas Nita e Rita, a quen o banco as deixou sen aforros. Logo de diferentes dificultades e de seren enganados en varias ocasións, os protagonista conseguirán pagar a débeda con dona Forreta e recuperar o seu medio de vida. O texto acompáñase das ilustracións de Rodrigo Chao (Boiro, 1976) que se corresponden con imaxes que lle permiten ao lectorado facer unha idea do físico e a vestimenta dos personaxes. Na cuberta represéntase un campo deshabitado e solitario, cunha ave rapaz surcando os ceos, un banco branco baleiro situado cara ao circo e, ao fondo, entre moito fume, a figura dunha cidade con numerosos edificios.

Recensións:

- María Navarro, “Con diálogos sinxelos”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 581, “Libros”, 28 abril 2016, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 538, “Letras galegas”, 7 maio 2016, p. 10.

Coméntase o argumento desta obra que trata dunha familia que tenta sobrevivir a unha crise na que está somerxida e, malia todas as dificultades, segue tendo un espírito de diversión. Indícase que cautiva ao público grazas a unha dose de humor, que se reflicte na cotidianidade dos feitos, á plasticidade na posta en escena así como tamén á capacidade evocadora das palabras. Destácase tamén o sorriso e a gargallada, que ocupan un lugar no campo do desenfado, pois o probable pode converterse en realidade, a sinxeleza dos diálogos e a simpleza da linguaxe, que no conxunto achegan un efecto emocionalmente positivo.

- Verónica Pousada, “O extravagante mundo do circo Ringo Rango”, *El Correo Gallego*, “*2domingo*”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 13 novembro 2016, p. 6.

Tras salientar a traxectoria literaria do dramaturgo Carlos Labraña, comenta a estrutura e argumento desta comedia, gañadora do XV Concurso O Facho de teatro infantil no ano 2014, na que se dan “todo tipo de situacións disparatadas que raian no esperpéntico”. Salienta a orixinalidade, os estrafalarios protagonistas que “conseguen cativar deseguido ao lector”, o ton ameno e afouto, o emprego dunha linguaxe fluída e diálogos trepidantes que “favorecen a lectura áxil e divertida que, ademais, facilita o seu uso no ámbito escolar”. Indica que esta peza permite achegarse cun prisma humorístico, á actualidade socioeconómica, á corrupción da sociedade e ás graves consecuencias da crise económica dun “modo cómico e aloucado”.

Referencias varias:

- Carlos Labraña, “Moito Morro Corporation, Sociedade Ilimitada”, *El Progreso*, “*Pícaros*”, “O conto”, 7 maio 2016, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un breve fragmento da obra.

Labraña, Carlos, *O Apalpador*, ilust. Carla Cabaleiro, Vigo: Editorial Galaxia, col. árbore/galaxia, n.º 213, a partir de 8 anos, 2016, 68 pp. (ISBN: 978-84-9151-022-2).

Peza de teatro de Carlos Labraña (Cedeira, 1969) nun lance único, dez escenas e un epílogo. Nela recréase a historia do Apalpador, contada polo Anano, quen lembra que había unha seca moi forte no Souto Vello e malia que o Apalpador lle pediu axuda a Nubeira e ao Vento non conseguiu que chovese para ter castañas. El, que era curandeiro, foi axudando a xente que acudía até o Souto coas poucas castañas maias que lle quedaban, até que se esgotaron. Cando iso ocorreu e estaba a piques de abandonar o Souto para coñecer outros mundos de fartura, Trasniña, Nubeira e Vento conseguiron a chuvia e que o souto se enchese de castañas. Era Noiteboa e o Apalpador percorreu as aldeas e vilas da redonda apalpando as barrigas dos nenos para ver se estaban ben alimentados e deixando presadas de castañas para que comeran. Foi a partir de entón que cada ano o Apalpador visita os meniños para lles deixar os seus agasallos. O volume conta con ilustracións figurativas de Carla Cabaleiro, nas que se recrean algunhas das escenas da obra.

López-Casanova, Arcadio, *O soño de Bolboreta*, Vigo: Ir Indo Edicións, [lectorado autónomo], 2016, 96 pp. (ISBN 978-8-47-680727-9).

Despois da dedicatoria a Candela Paramio, Arcadio López-Casanova (Lugo, 1942) comeza unha obra teatral fantástico-realista que xira ao redor dos soños e a amizade. Atendendo á trama, cóntase a véspera do día de San Xohán e o día mesmo. Na primeira parte, dividida en dous cadros (“A festa”, “O encontro”), iníciase a historia cun grupo de amigos aos que personaxes, que fan referencia a elementos da natureza, como o vento verde, os van guiando cara á festa da véspera de San Xohán con moitos invitados,

incluso doutros reinos. Así, coñecen un grupo de amigos da illa da Neve que os acompañarán nas súas aventuras. Na segunda parte, dividida de novo en dous cadros ("A Noite", "A luzada"), os personaxes principais terán que loitar con pesadelos nos que aparecen A Noite e o Vento Negro, espertando finalmente e cumprindo, grazas ao Pai Sol, o soño dunha das rapazas da illa da Neve (Bolboreta): conseguir a Flor Verdeloura, a flor da ledicia. A cuberta é obra do artista e ilustrador habitual de Ir Indo, Antón Pulido (Ourense, 1944). A cor é o que define o traballo deste artista no que resoa o expresionismo atlántico dos primeiros anos oitenta. Cun trazo seguro, liñas negras que perfilan formas simples e cores cálidas á frente e frías ao fondo, interprétase unha fogueira na noite estrelada.

Ogando Montes, Cipriano "Coco Montes", *O desamor mata*, ilust. José Antonio Fondevila, A Estrada: Edicións Fervenza, col. A Pinguela, n.º 92, [lectorado autónomo], 2016, 39 pp. (ISBN: 978-84-944750-9-2).

Peza realista de Xosé Manuel Ogando Montes (México D.F., 1970), máis coñecido como "Coco Montes", que o autor dedica ao alumnado e amizades que fixeron posíbel a súa realización. Estruturada nunha única escena e tres actos, céntrase na vida dunha rapaza, Carla, que non se sente querida por ningún dos seus proxenitores e tenta matar ou mata a diferentes personaxes que a rodean (o seu pai, a irmá e a criada), sempre facéndolle ver ao inspector de policía e á súa axudante que a culpábel é súa nai. Cando tenta matar á nai, aparece o inspector co que a protagonista iniciará unha intensa rifa resultando ambos os dous feridos. Finalmente entrarán en escena a axudante do inspector e o pai de Carla, que non falecera senón que tan só estaba ferido, quen darán fin á disputa. Acompáñase das ilustracións en branco e negro de José Antonio Fondevila (Silleda, 1952) nas que o ilustrador intenta destacar os personaxes sobre a contorna, a pesar de que non se recoñecen con claridade as faccións dos mesmos.

Ogando Montes, Cipriano "Coco Montes", *De domingo a domingo*, ilust. Damián Paío, A Estrada: Edicións Fervenza, col. A Pinguela, n.º 93, [lectorado autónomo], 2016, 21 pp. (ISBN: 978-84-945375-0-9).

Xosé Manuel Ogando Montes (México D.F., 1970) céntrase nesta obra realista en temas como o amor, aínda que tamén está presente, como secundario, a amizade. Un grupo de mozos que viven nunha aldea galega tentan axudar a unha das súas amigas, unha moza á que lle concertan o casamento cun rapaz rico que vive na aldea pero a quen ela non quere por estar namorada doutro, un mozo sen cartos que non fala porque sufriu un naufraxio onde perdeu a súa familia e que non é aceptado polos pais da rapaza. Coa axuda dunha casamenteira, o grupo de mozos estende o rumor de que a protagonista vai ter un fillo co home que ela ama, razón pola que os pais rompen o compromiso. Despois de que a rapaza e a casamenteira razoen cos proxenitores, estes acaban accedendo ao casamento da filla co mozo pobre. Deste xeito, os dous namorados comprométense e o rapaz, coa alegría sentida, acaba recuperando a fala. O texto acompáñase das ilustracións de Damián Paío, debuxos en branco e negro que complementan a narración textual.

Ogando Montes, Cipriano “Coco Montes”, *De postre!*, ilust. Beatriz Mosquera Mosquera, A Estrada: Edicións Fervenza, col. A Pinguela, n.º 94, [lectorado autónomo], 2016, 13 pp. (ISBN: 978-84-945375-1-6).

Peza realista de Xosé Manuel Ogando Montes (Mexico D.F., 1970) que ten como tema principal o intercambio cultural. Nela preséntase a historia de tres aventureiros (dúas rapazas e un rapaz) que, a cambio de diñeiro, se introducen nunha área de selva virxe na busca de pobos primitivos, para que, en teoría, os nativos asimilen os costumes do pobo civilizado. Na práctica, os tres aventureiros pretenden someter eses pobos de maneira pacífica co fin de que os distintos países interesados na explotación desa zona da selva virxe poidan acceder a ela. A peza amosa tamén o punto de vista do pobo indíxena para quen os foráneos son os bárbaros que coas súas técnicas intentan oprimir o seu pobo. Finalmente, o encontro de nativos e bárbaros finaliza cos tres aventureiros aceptando e asimilando a cultura indíxena e permanecendo na selva. Acompáñase das ilustracións de Beatriz Mosquera Mosquera que amosan con nitidez tanto expresións faciais como a presentación de cada elemento que intervén na peza.

VV.AA., *Facendo teatro*, Celanova: CEIP Curros Enríquez de Celanova, col. Canistrel, 2013, 103 pp. (DL: OU-103-2016) ◆

Libro colectivo resultado dun proxecto didáctico desenvolvido polo alumnado do CEIP Curros Enríquez de Celanova arredor das obras de teatro da dramaturga celanovense Camila Álvarez Rivero (Montevideo, 1963) durante o curso 2015-2016. Para a súa elaboración empregaron as novas tecnoloxías para a redacción, ilustración e deseño e asemade conta con edición electrónica que se pode consultar no enderezo <https://issuu.com/omisteriodaslendas/docs/facendo_teatro>. Comeza cun “Vocabulario básico de teatro”, unha listaxe de palabras clave da dramaturxia, e a seguir reprodúcense os textos teatrais: “A revolta dos xoguetes”, “Nadal 2030. Zona cero”, “O val da esperanza”, “Solsticio de carnaval”, “Un novo Nadal”, “O feitizo”, “O elixir”. Ao final de cada texto hai unha ficha técnica de cada obra que inclúe: personaxes, estrutura, decorados, música, idade recomendada, sinopse, alumnado que revisou o texto, alumnado que ilustrou o texto e mais o profesorado coordinador. Péchase este libro cunha biografía de Camila Álvarez Rivero e mais coa listaxe do alumnado e profesorado participante neste proxecto.

VII.3.2. POSTAS EN ESCENA

Neste apartado achégase a información recollida a partir das publicacións periódicas, ben sen asinar, ben asinadas, que son as que se describen en "referencias varias".

VII.3.2.1. CICLOS, ENCONTROS, FESTIVAIS, MOSTRAS E SEMANAS

Aguiño, VIIIª Mostra de Teatro Afeccionado Francisco Lorenzo Mariño

Organizada pola asociación cultural, recreativa e veciñal Francisco Lorenzo Mariño de Aguiño (A Coruña) dende 2011. A edición de 2016 celebrouse os sábados do mes de novembro no conservatorio-aula de música de Aguiño. Representouse a peza *Retrincos de Castelao*, a cargo de Culturactiva. Tamén contou coa participación, con pezas para o público adulto, de Charamela Teatro, con *Vaiche boa...*; grupo de teatro Airiños de Rianxo, con *Hoxe non se paga*; e Disfunción Continua Teatro, con *Teimas*.

Referencias varias:

- Chechu López, "Charamela abrirá la Mostra de Teatro Afeccionado de Aguiño, en la que suma ya su quinta función en ocho ediciones", *Diario de Arousa*, "O Barbanza", 30 outubro 2016, p. 17.

Tras aludir á autora e directora e ao elenco, resume o argumento da "comedia de enredo" *Vaiche boa ...* e informa do lugar e horario da posta en escena. Remata nomeando outras representacións próximas da mostra: *Retrincos de Castelao*, *Hoxe non se paga* e *Teimas*.

Alxén, XVIIª Xornadas de Teatro de

Organizadas Asociación Teatral Alxén A.T.A. Sempre (Salvaterra de Miño, Pontevedra). A edición de 2016, que se celebrou os días 20, 21 e 22 de maio no centro cultural da localidade, contou con monólogos, música e teatro. Participou o grupo de teatro infantil Ata Sempre coa peza *A Formiga*. Tamén se representaron, para público adulto, *Comedia Bífida*, da compañía Bicharía de Salvaterra e *As alegres casadas*, do grupo de teatro de adultos Ata Sempre.

Ames, Circuíto Galego de Teatro Amador de

Organizado pola compañía Fanfarra de Soños en colaboración da Federación Galega de Teatro Afeccionado (FEGATEA) e co apoio do Concello de Ames. A edición de 2016 celebrouse os sábados, dende o 8 de outubro até o 5 de novembro, no Auditorio Municipal da Casa da Cultura do Milladoiro. Contou coa presenza das compañías A. T.

Paso de Valverde, coa peza *Un día no circo*; Trécola Teatro, con *Cling*; O Aturuxo de Melpómene, con *Misterios*; e Fanfarra Teatro, con *O soñador de historias*.

Referencias varias:

- M. M., "Chega a obra 'Misterios' da man de Teatro Amador mañá", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 28 outubro 2016, p. 32.

Fala da representación da obra *Misterios* da compañía Aturuxo de Melpómene da man do Circuíto Galego de Teatro Amador, que terá lugar no auditorio municipal da casa da cultura do Milladoiro e a entrada será de balde. Comenta os actores que participarán na obra e o argumento desta.

Ames, XIª Mostra de Teatro Afeccionado de

Mostra de teatro afeccionado organizada polo Concello de Ames. A edición de 2016 celebrouse dende o 8 de outubro até o 2 de decembro e contou coa participación das compañías Asociación Teatral paso de Valverde, con *Un día no circo*; Trécola Teatro, con *Cling*; e Fanfarra Teatro, con *O soñador de historias*. Tamén se representaron, para público adulto, *Encontros*, a cargo de The Puntillas Teatro e *As Suplicantes*, da Escola Municipal de Teatro de Ames.

Artellando

Organizado polo Concello de Santiago de Compostela no marco das festas do Apóstolo. A edición de 2016 tivo lugar entre os días 18 e 24 de xullo con música, teatro, danza, circo, obradoitos, xogos, contacontos etc. Está dividido en tres bloques: "Artellando nos Barrios", "Artellando nos Recuncho" e "Artellando na noite". Contou coa participación das compañías Titereficciós, con *Cantos contos contas*; A tropa de trapo, con *Antía, Wamba e o ritmo do camiño*; Pistacatro Produtora de Soños, con *Nono*; e Elefante Elegante, con *Lobo bobo*. Tamén participou a compañía de teatro foránea Shakti Olaizola (Euskadi).

Referencias varias:

- A. I. S., "Circo, poesía, música y humor con 'Artellando", *El Correo Gallego*, "Santiago", 19 xullo 2016, p. 27.

Informa da segunda edición deste ciclo, dos tres eixos nos que se asenta e dos espectáculos que se representarán en cada un deles.

Arzúa, Ciclo de Teatro Outono a escena de

Organizado polo Concello de Arzúa, inclúe música, monólogos e teatro. A edición de 2016 celebrouse durante as fins de semana do mes de outubro, en diferentes lugares do municipio. Representouse a peza *Lavandeiras*, a cargo da compañía Daboapipa. Tamén participou Malasombra Teatro, coa obra para público adulto *D.E.P.*.

Referencias varias:

- M. T., "Monólogo, literatura y teatro llenan el fin de semana cultural de Arzúa", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 14 outubro 2016, p. 28.

Dá conta da programación deste ciclo en Arzúa no marco do cal Daboapipa porá en escena *Lavandeiras*.

Bebescena

Ciclo de teatro para bebés de un a tres anos organizado pola Concellería de Cultura do Concello da Coruña e celebrado no Centro Ágora da cidade herculina. A edición de 2016 tivo lugar dende o 11 de setembro até o 11 de decembro con actuacións teatrais e de danza. Contou coa participación das compañías galegas Caramuxo Teatro, con *Zapatos*; e Teatro do Miolo, con *4 tempos*. Tamén participaron as compañías foráneas Sueños de humo (Madrid), LaSal (Granada) e Teloncillo (Valladolid).

Referencias varias:

- M. G. M., "Sande presenta la oferta escénica de Fórum y Ágora", *Diario de Arousa*/ *El Ideal Gallego*, "Sociedad", 31 agosto 2016, p. 36.

Informa que o concelleiro de Cultura José Manuel Sande presenta unha tempada escénica que se levará a cabo no Fórum Metropolitano e no centro Ágora no que terán lugar os ciclos Forumáxico e Bebescena. Comenta que haberá teatro para os cativos e tamén para os nenos de cero a tres anos. Finalmente da información sobre a programación e horario de cada actuación, así como tamén onde conseguir as entradas.

- Ángela Fontao, "La antesala de un otoño sobre las tablas", *La Opinión*, "A Coruña", "Ciudad y Cultura", 31 agosto 2016, p. 11.

Anuncia que o centro sociocultural Ágora e o Fórum Metropolitano acollerán unha programación escénica que contará con tres ciclos, Bebescena, Forumáxico e Todo Público. Comenta en que consiste cada un deses ciclos e cando terán lugar así como tamén o prezo das entradas e onde se poderán adquirir.

Begonte, IVº Ciclo de Teatro de

Organizado pola Asociación Cultural Castiñeiro Milenario coa colaboración da Deputación Provincial de Lugo e do proxecto Buxiganga. Na edición de 2016, que se celebrou entre os días 17 de setembro e 22 de outubro, representáronse as pezas *Contos*

e lerias, da compañía Daboapipa; e *Tolitates*, de Trécola. Tamén contou coa presenza de Hipócrita Teatro, con *Emperador, que pensas? Fala!*; e Debulla Escénika, con *Perversóns*.

Referencias varias:

- M. M., "Castiñeiro Milenario organiza un ciclo teatral con cuatro espectáculos", *El Progreso*, "A Chaira", 16 setembro 2016, p. 17.

Dá conta dos catro espectáculos que conforman o programa da edición de 2016 deste ciclo, detallando o argumento das pezas e o respaldo institucional co que conta.

- C. P. R., "El grupo de teatro Axóuxeres representa As farturas de Servando en Castro de Rei", *El Progreso*, "A Chaira", 15 outubro 2016, p. 17.

Anuncia a representación de *As farturas de Servando*, a cargo do grupo Axóuxeres de Vilaronte, no ciclo Buxinganga da Deputación de Lugo. Salienta tamén a celebración en Begonte da terceira xornada do cuarto ciclo teatral promovido por Castiñeiro Milenario coa obra *Tolitates* de Trécola.

Brión, XXI Festival de Títeres de

Festival de monicreques organizado polo Concello de Brión. A edición de 2016 celebrouse os días 2, 3 e 4 de xaneiro no Centro Social Polivalente. Contou coa participación das compañías Caramuxo Teatro, con *As fabas máxicas*; Títeres Trompicallo, con *Violeta Coleta contra as salchichas Gulp*; e Tanxarina Títeres, con *Titiricircus*.

Buxiganga, Circuítos

Organizado dende o ano 2008 polo Consello da Cultura da Área de Cultura da Deputación de Lugo e coa cooperación do Consello Asesor de Teatro, co obxectivo de achegar o teatro aos diversos concellos da provincia e realizar tamén accións formativas. Na edición de 2016, celebrada en diversas localidades da provincia de Lugo, representáronse as pezas *Superlía*, a cargo de In Bocca In Lupo; *Universos de fantasía*, de Alentía Teatro; e *Retrincos de Castelao*, de Culturactiva. Tamén participaron, entre outras, as compañías Os Trocos, coa peza *Barvarela: almorzos e cubatas*; Lusco Fusco Impro, con *Tolerías de impro*; Falcatrueiros, con *Quizais é que non me queres*; Os Palimoquiños, con *Km526*; grupo de teatro da Biblioteca Antas de Ulla, con *Trece rosa*s; grupo Ardora, con *Soños Cumpridos*; grupo de Teatro de Ribadeo, con *O inspector*; A Adala, con *Unha morta moi viva*; Argalleiras, con *Pic-nic*; O Centiño, con *O caldeiro máxico*; A Rabela Teatro, con *Balbina a adiviña*; grupo Axóuxeres, con *As farturas de Servando*; Nostrum Cai, con *Alba a casa pechada*; Os Baluros, con *O menciñeiro á forza*; O Bordelo, con *Xubilando*; A Rabela Teatro, con *Balbina a adiviña*; e Trípode, con *Xuízo anticorrupción*.

Referencias varias:

- C. P. R., “El grupo de teatro Axóuxeres representa ‘As farturas de Servando’ en Castro de Rei”, *El Progreso*, “A Chaira”, 15 outubro 2016, p. 17.

Anuncia a representación de *As farturas de Servando*, a cargo do grupo Axóuxeres de Vilaronte, no ciclo Buxiganga da Deputación de Lugo. Salienta tamén a celebración en Begonte da terceira xornada do cuarto ciclo teatral promovido por Castiñeiro Milenario coa obra *Tolitates* de Trécola.

Teatro ás 6, Ciclo de Teatro Infantil de Cambados

Ciclo de teatro realizado no Auditorio da Xuventude de Cambados que forma parte da iniciativa da Rede Galega de Teatros e Auditorios, Agadic. Na edición de 2016, celebrada durante os domingos de xaneiro e febreiro, representáronse as pezas *A tropa trapalleira*, de BocAberta; *Feo!*, de Caramuxo Teatro; *A casa do avó* de Tanxarina; e *Luppo* de Baobab Teatro.

Referencias varias:

- L. R., “BocAberta inaugura un nuevo ciclo de teatro infantil con una obra sobre el pacifismo”, *Diario de Arousa*, “Cambados”, 19 febreiro 2016, p. 8.

Informa do comezo dun ciclo de teatro infantil no Auditorio da Xuventude de Cambados que inicia coa representación da obra a favor do pacifismo *A Tropa Trapalleira* da compañía BocAberta. Tamén comenta que os restantes espectáculos que incluirá a programación son *Feo!*, de Caramuxo Teatro, *A Casa do Avó*, de Tanxarina, e *Luppo,* de Baobab Teatro SL.

Cabaré, Xº Festival Galego de

Anteriormente celebrado en Oleiros e na Coruña, desta volta realízase en Redondela. Esta edición de 2016, desenvolveuse ao longo da última semana de agosto no Auditorio da Xunqueira, nas rúas, prazas e praias da vila, e conta con espectáculos de cabaré, burlesque e swing. Representouse o espectáculo infantil *Pequeno cabaret infantil*, de Nelson Quinteiro. Tamén se levaron á escena as pezas, para público adulto, *Máncasme Man. O home que mancaba ás mulleres*, a cargo de Teatro do Miolo; e *Burlesque Night Show* e *Flashtop Cabaret*, de Nelson Quinteiro Cabaret.

Referencias varias:

- A. de Santos, “El cabaret tomará las calles de Redondela”, *Faro de Vigo*, “Tv/Espectáculos”, 17 agosto 2016, p. 51.

Informa que esta novena edición do festival tamén inclúe espectáculos de burlesque e de swing. Detalla a programación para o público adulto e para o infantil e tamén alude ao laboratorio de cabaret para profesionais.

- F. D., "Máncasme Man', desamor e soidade do gran burlesque", *La Región*, "Verano", "Agenda de ocio", 23 agosto 2016, p. 22.

Detense nun dos espectáculos que se poderán ver na edición de 2016 deste ciclo e sobre todo no traballo da protagonista de quen afirma que "cóntanos e cántanos a unha historia de amor e toleria que ten un punto de xiro coa anagnórese da protagonista e a súa emancipación como persoa e como muller".

- I. L. M., "De cabaré hasta la playa", *Faro de Vigo*, "Redondela", 26 agosto 2016, p. 18.

Detense nunha coreografía realizada ao aire libre no marco deste ciclo dirixido ao público adulto e ao infantil e nomea os espectáculos que se representarán.

Candilejas Don Bosco, XIXº Certame de Teatro Escolar e Afeccionado

Organizado polo colexio Calvo Sotelo da Coruña, celébrase anualmente durante os meses de abril, maio e xuño. Na edición de 2016 representáronse as pezas *A festa dos dragóns* e *A mellor oferta*, a cargo do Colexio Tarrío; *O lago dos cisnes*, do Colexio Emilia Pardo Bazán; *Unha espiña de toxo e balbino*, do Colegio Labarta Pose; *Os cabaleiros da táboa rachada*, do Colexio Ponte dos Brozos; *Peter Pan*, da Escola de Teatro CasaHamlet; *O mago de Oz*, *Trapiños*, *Mary Poppins*, *Quen quere ser princesa*, *Un conto ao revés*, de Teatro Vagalume Animación; *Pintapaleta*, do Colexio a Grande Obra de Atocha; *Aladdín*, do Centro Liceo La Paz; *A espiña de toxo chamada Berenguela*, do grupo O Polo Saltón; *Adelina toma café*, do Colexio Concepción Arenal; e *O tesouro do dragón*, do Colexio Rosalía de Castro. Tamén contou coa participación, con obras para o público adulto, das compañías Grupo Noite Bohemia, con *Euménides*; Grupo Arjé Teatro, con *A pousadeira*; Escola de Teatro CasaHamlet, con *Píramo e Tisbe*; Grupo de Teatro Xosé María Pérez Parallé, con *Suspéndese o ensaio xeral*; Runxe Runxe, con *Ganas de reñir e outras lerias*; Funicular Teatro, con *O anel máxico*; Asociación Cultural Cardume Teatro, con *Licor de Saúco*; Instituto María Casares, con *Ius Summa Ininura* e *Irene Meldiluce*; Teatro Vagalume Animación, con *Monsters vs Addans 2* e *Risoterapia*; Grupo Tarambana, con *Anfitrión*; Asociación Cultural Grupo Medievándalos Teatro, con *Cervanterías*; Grupo de Teatro de Sofán, con *O Calzurras*; e IES Maximino Romero Lema, con *Chrasa – Miña Terra Galega.*

Caranza, Ciclo de Teatro Afeccionado "Domingos a escena"

Ciclo teatral organizado pola Concellaría de Cultura de Ferrol, coa colaboración da Deputación da Coruña e coordinado por Ti e Máis Eu Teatro. Celébrase no Centro Cívico de Caranza e durante a celebración outórgase o Premio do Público. A edición de 2016 tivo lugar durante os domingos, dende xaneiro até abril e dende setembro até decembro. Contou coa representación da obra *Roxín Roxal*, a cargo de Ti e Máis Eu

Teatro. Tamén participaron as compañías, con pezas para público adulto, A. C. Ditirambo, con *Retrato en branco e negro*; Agarimo Teatro, con *Breve-mente*; Unidade de Ozono, con *A quimera do maxín* e *Malo será*; Pinchacarneiro Teatro, con *L*; A. T. Vindever, con *Moito máis que auga*; Farandoleiras Cabaré, con *Pánico*; Teruca Bouza, con *O pan de cada día*; Delatoute Producións, con *Viva a menciña* e *A miña gran mansión*; Ti e Máis Eu Teatro, con *A troita do Mandeo*; Marañao Teatro, con *Inmortal*; Gargallada Teatro, con *Lurpias*; Vacaloura Teátrica, con *Mousike e as Kronomusas*; Bradomín Teatro, con *Nichos para todos*; Noite Bohemia, con *Euménides*; A Mamoa Teatro, con *Se o sei... non volvo a casa*; Perez Parallé, con *Mamá é señora para todo, declárase en rebeldía*; Clube Teatral Elsinor, con *Xente pálida de pel*; e Andaravía Teatro, con *Manifféstate!*.

Referencias varias:

- C. A., "El grupo de teatro de Polka abrirá el ciclo Domingos a Escena el 24 en Narón", *El Progreso*, "A Chaira", 19 xaneiro 2016, p. 18.

Informa do inicio deste ciclo dramático coa compañía Unidade de Ozono, da Asociación Polka Cultura Aberta de Pol. Comenta brevemente algún aspecto da obra como o argumento e os ensaios previos.

Carballiño, VIII Festival de Títeres

Organizado pola Concellería de Cultura do Concello ourensán de Carballiño. A edición de 2016 celebrouse durante o mes de agosto e contou coa celebración de obradoiros da man dalgunhas das compañías participantes. Representáronse as pezas infantís de Os Quincalláns; *Un diaño na maleta*, a cargo de Títeres Cascanueces; *Titiricircus*, de Tanxarina; e *The Piccole Theatro*, de Trécola Teatro.

Referencias varias:

- X. A. Reboiro, "Os títeres protagonizan o oitavo festival carballiñés", *La Región*, "Verano", 16 agosto 2016, p. 24.

Informa do programa do festival, recolle o nome e horarios das representacións e dos obradoiros.

Carballo, Venres Culturais en

Programa cultural organizado polo Concello de Carballo que integra música, teatro, maxia, exposicións, cinema e outras actividades. A edición de 2016, celebrada dende xaneiro até marzo, no Pazo da Cultura de Carballo e na Biblioteca Rego da Balsa, Representáronse as pezas *Rosa Caramelo e outras historias*, de Talía Teatro; e *Jim e a illa do tesouro*, de Eme2 Emoción&Arte. Tamén contou coa participación, con obras para público adulto, das compañías Producións Teatrais Excéntricas, con *Os amores de*

Jacques o fatalista; A Panadaría, con *Pan! Pan!*; Teatro do Noroeste, con *Palabras malditas*; e Talía Teatro, con *Foucellas*.

Referencias varias:

- J. M. Ramos, "Citas musicales, teatrales, artísticas y audiovisuales en los Venres Culturais", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 16 xaneiro 2016, p. 37.

Infórmase de que o 29 de xuño comezará este ciclo en Carballo e que contará coa obra teatral *Os amores de Jacques o fatalista* así como outras obras das compañías Teatro do Noroeste, Talía Teatro e A Panadería.

Cariño, XXXVIIIª Mostra de Teatro Galego de

Mostra teatral para compañías profesionais e afeccionadas e para diversos tipos de público, que ten lugar no Auditorio Municipal do concello ferrolán. Na edición de 2016, celebrada entre o 13 e o 19 de agosto, representáronse as pezas *Feo!*, de Caramuxo Teatro; *Rosa Caramelo e outras historias*, de Talia Teatro; *Bon Appétit!*, a cargo de Ghazafelhos Teatro; e *Luppo*, de Baobab. Tamén participaron as compañías, con obras para o público adulto, Teatro do Atlántico, con *O principio de Arquímedes*; Il Maquinario, con *Perplexo*; Talia Teatro, con *Foucellas*; grupo de teatro de amas de casa de Cariño, con A pedida da avoa; e Chévere, con *Eroski Paraíso*. Como novidade, na edición de 2016 celebráronse coloquios con algunhas compañías teatrais despois dos seus espectáculos. Tamén participou a compañía foránea Maintomano (Castilla León).

Carral, Ciclo

Organizado polo Concello de Carral. A edición de 2016 celebrouse durante o outono no local Xente Nova de Tabeaio. Representouse a peza *O Crebanoces*, de Títeres Babaluva e *Memorias dun neno labrego*, de Abrapalabra Creacións Escénicas. Tamén contou coa presenza das compañías, con obras para público adulto, Fantoches Baj, con *Os vellos non deben de namorarse*; Escola municipal de teatro, con *Tabeaius Circus*; e teatro Valacar, con *Somos tan imbéciles*.

Chapela, IVº Ciclo de teatro da Asociación Cultural de

Organizado pola Asociación Cultural de Chapela. Na edición de 2016, celebrada do 9 ao 30 de xaneiro no Auditorio do Multiusos de Chapela, representouse a peza *Limpa*, de Expresión Teatro. Tamén contou coa presenza das compañías, con obras para público adulto, Agarimo Teatro, con *Breve-Mente*; Teatro Fonte da Tella, con *Miña naiciña*; e o grupo da Asociación Cultural de Chapela MisturArt Teatro, con *Armouse ou Tole Tole.*

IIº Festival das **Cóxegas**

Ciclo de artes escénicas dirixido ao público familiar que combina danza, música e teatro

organizado pola Concellaría de Cultura. A edición de 2016 celebrouse do 8 ao 29 de novembro no Pazo da Cultura de Pontevedra e non contou coa presenza de ningunha compañía galega. Participaron as compañías foráneas El espejo negro (Málaga), Vaivén Circo (Granada), Da T Danza (Granada) e Marie de Jongh-Tartean Teatro con Teatro Arriaga (Euskadi)

Referencias varias:

- B. L., "O II Festival das Cóxegas reúne catro espectáculos multipremiados de monicreques, circo e danza", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Ciudad", 8 xullo 2016, p. 12.

Informa que o II Festival das Cóxegas, que terá lugar no Pazo Cultural de Pontevedra, contará co espectáculos de danza, teatro, monicreques e circo. Conta que se poderá gozar de proposta de El Espejo Negro, Vaivén Circo, Da T Danza e Marie de Jongh con espectáculos como "El fantástico viaje de Jonás el espermatozoide" que conta con varios premios ao mellor espectáculo infantil e será o encargado de dar inicio ao ciclo. Mostra unha pequena axenda onde se pode ver cando actuará cada grupo e cales son as obras representadas, así como tamén onde se poden conseguir as entradas.

- M. V., "Maxia e natureza na primeira proposta do II Festival das Cóxegas", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Sociedad", 5 novembro 2016, p. 61.

Fala do II Festival das Cóxegas que terá lugar no auditorio do Pazo da Cultura de Pontevedra, no que terán lugar obras como *El fantástico viaje de Jonás, el espermatozoide*, danza, obras de teatro, actuacións con monicreques e espectáculos de circo. Finalmente informa do prezo das entradas e onde se poden conseguir.

- Cuca M. Gómez, "¿Quién no tiene cosquillas", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Gente a diario", "De café con Cuca", 7 novembro 2016, p. 62.

Dá conta da programación deste festival que se inaugura con *El fantástico viaje de Jonás el espermatozoide*, a cargo da compañía El Espejo Negro e que continuará con *Des Hábitat* de Vaivén Circo, *¿Cuál es mi nombre?*, de DaTDanza e *Amour*, de Mari de Jongh, Tartean Tteatro e Teatro Arriaga.

- Cuca M. Gómez, "Domingos gastronómicos", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Gente a diario", "De café con Cuca", 14 novembro 2016, p. 62.

Entre outras cuestións, dá conta da representación *Des hábitat* de Vaivén Circo no Festival das Cóxegas.

- Cuca M. Gómez, "Adiós al Festival das Cóxegas", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Gente a diario", "De café con Cuca", 28 novembro 2016, pp. 70-71.

Anuncia a clausura deste festival que acolleu compañías de fóra de Galicia.

Cultura no Camiño, Ciclo

Programa escénico e musical organizado pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, coa colaboración da Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC) e da Axencia de Turismo de Galicia. A edición de 2015 desenvolveuse nos concellos das rutas xacobeas dende o 16 de abril até o 30 de setembro. Representáronse as obras *Don Quixote. Unha comedia gastronómica*, a cargo de Limiar Teatro; *Lobo Bobo*, de Elefante Elegante; *Canta connosco!* e *Merenda con pan de millo*, de Migallas Teatro; *4 tempos*, de Teatro do Miolo; *15 primaveras*, de Mamá Cabra; *Lavandeiras*, de Daboapipa; *Uxía lambona e a banda molona* e *A invasión pirata*, de Troula Animación; *Contos e lerias*, de Daboapipa; Expresións Producións, con *Chapuzas a domicilio*; *O soño dos contos*, de Xore Teatro; *Un día no circo*, da compañía teatral Paso de Valverde; *Xan perillán compra queixo e compra pan*, d'Os Monicreques de Kukas; *As mil e unha noites* e *Iriña bailarina*, de Teatro dos Ghazafelhos; *Simbad e a serea*, d'Os Quinquilláns; *Danza da choiva*, de Elegante Elegante; *Sopa de sapo* e *Valentino Rufini e Àkil Pillabán de viaxe a Milán (e van sen un can)*, de Talía Teatro; *A historia da espiña de toxo*, de Dinamo Teatro; *A historia de Brancaflor* e *Retrincos de Castelao*, de Culturactiva; *Cocido Express* e *Ensalada de instrumentos*, d'OsTres Tenedores; *Pucho e Gabardina: O misterio das burbullas*, de Hermanager Producciones; *O carro dos títeres*, de Trécola; *Sabela e o paxaro máxico* e *Amoriños Contei*, de Tarabelos; *O ferreiro e o diaño*, *Barriga Verde contra o estragapandeiro* e *O fillo do panadeiro*, de Títeres Cascanueces; *Carapuchiña vermella*, de EducaTeatro Producións; *Viaxe a Dadá*, de Teatro da Semente; *Vacacións no mar*, de Mircromina; *O poliño feo*, de Viravolta Títeres; *Contos para escagarriñarse*, *Acuario* e *Contos de lobo*, de Ghazafelhos; *Camiño de aventuras*, de Títeres Cachirulo; *Fábula galénica*, de Fantoches Baj; *As viaxes dos ratos de Lonxedetodo*, de TrinkeTrinke Teatro; *Rastreo Pirata*, de Tusitala; *Os soños na gaiola*, de Títeres Alakrán; *Canta o cuco*, de Uxía e Magín Blanco; *Memorias das memorias dun neno labrego*, de Abrapalabra; e 7 magníficos mais Un, con *Os contos de Barriga Verde (Manuel María)*. Tamén contou coa participación das compañías, con pezas para o público adulto, Mofa e Befa, con *Shakespeare para ignorantes* e *Cociña económica*; Culturactiva, con *Falar sen cancelas*; Chévere, con *As fillas bravas*; Ibuprofeno Teatro, con *O furancho*; Daboapipa, con *Historias de vida, guerra, amor e case morte*; Volta e Dalle Teatro, con *Dura lex* e *Rodesindo da Barrosa*; Malasombra Teatro, con *D.E.P.* e *Go on!*; Lucecús Teatro, con *A verdadeira historia do poeta Manuel de Paderna*; *Pelos na lingua*, de Talía Teatro; e Fantoches Baj, con *As pombas de Carboeiro*.

Referencias varias:

- Lara Eiré, "El Camino se pone festivo con casi 400 espectáculos", *El Correo Gallego*, "Santiago", 13 abril 2016, p. 26.

Afirma que cento corenta e nove grupos galegos representarán até o 30 de setembro centro sesenta e catro espectáculos por noventa e nove concellos dentro do programa Cultura no Camiño que conta cun amplo orzamento.

- M. García, "Medio centenar de actuaciones a través de Cultura no Camiño", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Agenda", "Para todos los públicos", 13 abril 2016, p. L10.

Dá conta da presentación do programa cultural nos catorce municipios da área compostelá que abarca un total de 369 actuacións previstas entre maxia, música, teatro e danza. Salienta a triplicación do presuposto destinado e a Ordes e Santiago como os concellos que máis actuacións acollen.

- Mar Toledo, "A cultura mestúrase en Ames cos pasos das rutas xacobeas", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 15 abril 2016, p. 32.

Infórmase da presentación do IV programa Cultura no Camiño que traerá ao concello de Ames a representación da peza *As fillas bravas*, a cargo do grupo de teatro Chévere.

- Víctor Castro, "Hoy da comienzo el programa 'Cultura no camiño' que finalizará el 30 de septiembre", *El Ideal Gallego*, "Betanzos", "Atalaya mariñana", 15 abril 2016, p. 14.

Informa da presentación do programa. Salienta a participación na iniciativa de Agadic e as consellerías de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e Turismo da Xunta.

- Chus Gómez, "Teatro, maxia, música e títeres amenizan as tardes infantís", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Ciudad", 18 xullo 2016, p. 8.

Comenta as actividades que terán lugar no concello de Pontevedra para as festas de verán, a praza do Teucro acollerá sete propostas do ciclo Cultura no Camiño. Informa que se poderá gozar de representación teatrais, musicais, monicreques, circo así como o ciclo de proxeccións de películas ao aire libre, Cinema na Lúa. Destaca varios grupos teatrais e musicais entre eles o grupo Golfiño que representará *O Poeta do Miño*.

- Noelia Soage, "Los más pequeños se divierten en O Teucro", *Diario de Pontevedra*, "DeVerano", 19 xullo 2016, p. 11.

Comenta o ciclo Cultura no Camiño que se leva a cabo na Praza do Teucro para os máis cativos que poderán gozar de contos, teatro, música, maxia e do circo. Informa que terán lugar actuacións como teatro infantil *Acuario* de Ghazafelhos que trata de ensinarlle poesía en lingua galega aos nenos ao mesmo tempo que aprenden nome de peixes, tamén terá lugar o cine na rúa, actuacións musicais como o grupo Golfiños, repetirá o teatro con *O Poeta do Miño*, de Polo Correo do Vento e os Monicreques de Barriga Verde, entre outras moitas.

- M. V./ N. S., "Una tarde mágica con un trío de ases en la plaza do Teucro", *Diario de Pontevedra*, "DVerano", 20 xullo 2016, p. 16.

Comenta o ciclo Cultura no Camiño levado a cabo por Expresión Produción no centro histórico de Pontevedra, que consiste nunha gran cantidade de actividades para os máis cativos. Informa que o ciclo conta con actuacións de maxia do grupo Trío de Ases no que participan os nenos, tamén conta con representacións teatrais, música e outras moitas actividades. Finalmente fala doutras actividades realizadas na zona como o Festixe, talleres infantís e ciclo de Cinema na Lúa.

- José M. Ramos, "Historia, gastronomía, folk y ópera en Costa da Morte", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 27 agosto 2016, p. 31.

Entre outras actividades, informa da representación, na Praza da Constitución de Cee, das pezas *Simbad e a serea*, a cargo de Os Quinquilláns e *Asacocirco: circo e lume*, de Novo Circo.

- J. M. R., "Cultura no Camiño trae el espectáculo Circo de Lume a la villa ceense", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 28 agosto 2016, p. 29.

Anúncianse as actividades programadas en Cee e infórmase da data e lugar de representación de *Bicirco*, a cargo de PistaCatro, no marco do ciclo Cultura no Camiño.

DAC-Outono Cultural, Ciclo

Programa da Deputación da Coruña creado para difundir figuras e efemérides culturais. A edición de 2016 desenvolveuse en dezaoito concellos (Ames, Arzúa, Betanzos, Carballo, Cee, Melide, Muros, Narón, Noia, Oleiros, Ordes, Ortigueira, Padrón, As Pontes, Ribeira, Santa Comba e Vimianzo) durante os meses de novembro e decembro para difundir e conmemorar as figuras de Manuel María, as Irmandades da Fala e Castelao. Representáronse as pezas *O conto de barriga verde* e *Retrincos de Castelao*, a cargo de Culturactiva e *O rueiro das liortas*, de Elefante Elegante. Tamén contou coa presenza de Carlos Blanco e Luis Davila, con *Menú da fala*. Ademais, tivo lugar a Gala da Irmandade, onde Luís Iglesia e Xabier Deive, da compañía Boneca Lareta, interpretaron un anaco da obra *Sede de mal*.

Referencias varias:

- M. G. M., "La Diputación acercará a Castelao y Manuel María desde lo contemporáneo", *El Ideal Gallego*, "Sociedad", 4 novembro 2016, p. 37.

Destaca a revitalización e contemporaneidade de figuras como Castelao, Manuel María e as Irmandades da Fala por parte da Deputación no marco do DAC-Outono Cultural. Entre as actividades propostas, salienta a programación de *Barriga verde*, *Retrincos de Castelao*, *Menú da Fala* e Gala da Irmandade. Comenta que tamén se organizarán charlas nos centros educativos da zona e un ciclo de conferencias baixo o título "Galicia, un pobo máxico. Unha ollada á cultura galega".

- S. E., "El Outono Cultural de la Deputación se abre en Negreira con 'Menú da Fala", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 6 novembro 2016, p. 32.

Indica que despois da representación de *Menú da Fala*, terá lugar a das pezas *Conto de Barriga Verde* e *Retrincos de Castelao*. Destaca o "Gran elenco" que asistirá á mostra.

- E. Forján, "Estreno de 'Menú da Fala' en el Outono Cultural negreirés", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Agenda", "Para todos los públicos", "Humor", 6 novembro 2016, p. L11.

Informa sobre o programa da mostra destacando a estrea do espectáculo *Menú da fala* de Carlos Blanco e Luis Dávila. Di que o programa de novembro pecha coa representación infantil *O rueiro das liortas*.

- Emilio Forján, “Menú da Fala’, tras el éxito en Negreira, llega a Milladoiro”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Agenda”, 8 novembro 2016, p. L11.

Destaca que a peza *Menú da Fal*a reflicte que os seus protagonistas posúen a “incriblecapacidade de facer rir, adaptarse, integrar e facer humor con selo e calidade de país” e que tamén se representarán no Milladoiro as pezas *Barriga Verde* e *Retrincos de Castelao*.

- M. G. M., “Goretti Sanmartín. ‘Estudamos levar as obras a casas da cultura para xuntar o alumnado de varios centros”, *Diario de Arousa*/ *Diario de Ferrol*/ *El Ideal Gallego*, “Sociedad”, 23 novembro 2016, p. 35.

Conversa coa vicepresidenta da Deputación da Coruña sobre o DAC-Outono na que informa das distintas postas en escena, tanto para público infantil e xuvenil coma para o adulto, sinala que debido ás peticións de institutos para sumarse á rede están a estudar a posibilidade de levalas a cabo “nas casas de cultura para xuntar o alumando de varios centros”, resalta a idea de levar “propostas de gran calidade a concellos pequenos e medianos” e nomea as pezas que se representarán.

- José M. Ramos, “El DAC Outono Cultural achega ‘Menú da Fala’ a Vimianzo, Carballo e Cee”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 25 novembro 2016, p. 36.

Informa da presentación do ciclo pensado para conmemorar efemérides de Manuel María, Castelao e as Irmandades da Fala. Sinala como “prato forte” do programa dramático o *Menú da fala* ao que califica como “unha celebración oral que fai unha simbiose entre narración e imaxe para poñer en valor o noso idioma”. Nomea outras pezas que se representarán e as datas e lugares. Finaliza reproducindo os desexos do actor Fran Rei respecto ao DAC Outono Cultural: que “acabe sendo un referente de programación desestacionalizada e dirixida a todos os públicos”.

- M. M., “La Gala da Irmandade llega a As Pontes con magia, música y teatro”, *El Progreso*, “A Chaira”, 30 novembro 2016, p. 20.

Dá conta dos grupos teatrais que intervirán na Gala e alude ademais á posta en escena da peza *Retrincos de Castelao*.

- S. S., “Ribeira acollerá o día 16 a Gala da Irmandade, que mestura diferentes artes”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 5 decembro 2016, p. 20.

Explica que o ciclo será un “espectáculo aberto no que se mesturarán diferentes artes: música, teatro, poesía, pintura...” e nomea os grupos teatrais e artistas locais que participarán. Precisa que se representarán as pezas *O conto de Barriga Verde*, baseado “na clásica historia de amor entre Fiz e Catuxa” e *Retrincos de Castelao*, na que se reflicte a figura do autor.

- R. L., “El Outono Cultural sumó un público de más de 12.000 personas”, *Diario de Arousa*/ *El Ideal Gallego*, “Sociedad”, p. 36/ *Diario de Ferrol*, “Galicia”, p. 22, 27 decembro 2016.

Descata as homenaxes nesta edición ás Irmandades da Fala, a Manuel María e a Castelao. Finaliza reproducindo as palabras da responsable de Cultura explicando que a mostra contén grandes apostas das artes escénicas.

Daniel Cortezón, XIIIª Mostra de Teatro Afeccionado

Ciclo de teatro afeccionado levado a cabo no municipio de Ribadeo que recibe o seu nome do escritor ribeirense Daniel Cortezón Álvarez. Na edición de 2016, que tivo lugar entre os días 4, 5 e 6 de novembro, representouse a obra *Universos de fantasía*, a cargo de Alentía Teatro. Tamén contou coa presenza de compañías con espectáculos para o público adulto: Pico do Castro, con *O Consultorio* e Tangatutanga Teatro, con *Que Deus nos colla confesados. Cabaré bíblico*.

Domingos do Principal, Ciclo de Teatro Infantil de Pontevedra

Ciclo de teatro dirixido a un público familiar, que se vén organizando dende o ano 2000 como campaña teatral que parte da iniciativa do Concello de Pontevedra e do grupo Teatro Akatro, encargado, como especialista en teatro para a nenez, de seleccionar os espectáculos que cobren esta programación. Nas dúas primeiras edicións celebrouse durante os meses da primavera, pero a partir da de 2002 pasou a celebrarse no inverno. No ano 2016 as actuacións celebráronse entre o día 17 de xaneiro e o 6 de marzo. As compañías galegas que participaron foron: Eme2 Producións, con *Jim e a illa do tesouro* e Baobab Teatro, con *Luppo*. Tamén representaron pezas as compañías foráneas: Peus de Porc (Cataluña), La Baldulfa (Cataluña), Mucab Dans (Cataluña), Marcel Gros (Cataluña) e Escena Creativa (Madrid).

Referencias varias:

- Sara Vila, “Volven os Domingos do Principal”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 18 xaneiro 2016, p. 8.

Informa do comezo do ciclo teatral Domingos do Principal coa representación de *A comer!* da compañía catalá Peus de Porc. Ademais fala das vindeiras estreas que inclúen a posta en escena de *Jim e a illa do tesouro* da compañía galega Eme dous, *Pinocchio, figlio de Gepetto*, da catalá La Baldufa, *Burbullas de papel* de Mucab Dans e *Luppo*, da compañía Baobab Teatro.

- Cuca M. Gómez, “¡Que vivan los vermús!”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Gente a diario”, 25 xaneiro 2016, p. 62

Entre outras novas, dá conta da representación da peza *Jim e a illa do tesouro*, no marco do ciclo Domingos do Principal.

- Cuca M. Gómez, “Homenaje a Manolo Chicote”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, 22 febreiro 2016, p. 62

Entre outros temas alude a esta mostra e informa das actuacións das compañías Marcel Gros e Escena Creativa.

- Cuca M. Gómez, “Resumen de un domingo de diez”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, 29 febreiro 2016, p. 62

Entre outras actividades, informa da representación da peza teatral *Faboo*, a cargo da compañía Escena Creativa.

- Cuca M. Gómez, “Luppo’ regresa a Pontevedra”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, 7 marzo 2016, p. 62.

Comenta a posta en escena de *Luppo* por parte da compañía Baobab Teatro incluída na programación desta mostra.

- Belén López, “Da banda deseñada á historia de Moby Dick”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 21 decembro 2016, p. 13.

Fala da próxima edición do ciclo de teatro familiar Domingos do Principal, no que será protagonista o cómic. Resalta que este ciclo rematará cunha adaptación de Moby Dick. Informan do prezo das entradas e da onde poden ser adquiridas, así como o título de algunhas obras que serán representadas como *O lobo e a lúa* que se fixo co Premio Barrigaverde en 2014 de textos para teatro de monicreques.

Escena en Familia

Ciclo de teatro de longa duración protagonizado por teatro de títeres e de actor que se celebra na sala compostelá Arteria Noroeste, organizado pola SGAE-Fundación Autor Santiago. Está pensado como un espectáculo visual e musical para nenos e nenas entre 6 meses e 3 anos. Representáronse, entre outras, as pezas *Os soños na gaiola*, a cargo de Títeres Alakran; *Orellas de trapo*, de Títeres Brincadeira; *Cucú Tastás*, *Do-Re-Mi, Mozart xoga aquí*, *Bala perdida* e *Xeado de lúa*, de Títeres Cachirulo; e *Cántoche un conto*, da Xanela do Maxín. Tamén participaron as compañías foráneas La Gotera de Lazotea (Cádiz), Teatro La Estrella (Valencia) e Pantha Rei (Euskadi).

Referencias varias:

- A. I. S., “Títeres Cachirulo abre un ciclo de montajes para ver en familia”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 14 xaneiro 2016, p. 29.

Explica que o 16 de xaneiro de 2016 dará comezo a nova tempada do ciclo Escena en Familia da Fundación SGAE coa representación de *Xeado de lúa*.

- ECG, “Canciones y marionetas con A Xanela do Maxín”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 23 xaneiro 2016, p. 30.

Dá conta da representación da obra *Cántoche un conto*, da Xanela do Maxín, dentro do programación desta mostra.

- M. García, "A Xanela do Maxín une esta tarde canciones y títeres", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Agenda", "Para todos los públicos", 23 xaneiro 2016, p. L11.

No marco do programa Escena en familia, dá conta da representación do espectáculo *Cántoche un conto*, a cargo da compañía A Xanela do Maxín.

- ECG, "La compañía vasca Panta Rhei en la Fundación SGAE", *El Correo Gallego*, "Santiago", 4 decembro 2016, p. 28.

Comenta que a compañía vasca Panta Rhei dará o espectáculo infantil *Astokillo* na sala da Fundación SGAE no marco do ciclo Escena en Familia. Informa sobre a trama do espectáculo así como tamén do horario.

Estrada, Festival de Teatro Escolar da

Certame organizado pola aula de teatro do IES Antón Losada Diéguez da Estrada, Avelaíñas Teatro, a biblioteca e o clube de lectura "Retelladores do Galiñeiro". Na edición de 2016, que tivo lugar o día 24 de abril, representouse a peza *Variedades*, a cargo do obradoiro municipal de teatro de Palas de Rei, aula de teatro do CPI de Touro, escola municipal de Teatro de Laxe, Teiroa Teatro e da aula de teatro do IES Antón Losada Diéguez da Estrada, Avelaíñas Teatro.

Referencias varias:

- C. Botrán, "O teatro, como función pedagóxica e integradora", *El Correo Gallego*, "AC", 20 abril 2016, p. 38.

Fala do acto de presentación deste festival no que se lembrou o seu obxectivo, descubrir as potencialidades do teatro no ámbito escolar; se explicou a organización da cuarta edición e as actividades que se realizarán, se sinalou as institucións organizadoras e se lembrou a súa historia e o intercambio con alumnado de Portugal.

FalaRedes

Ciclo de teatro familiar organizado pola Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia para a dinamización lingüística que inclúe diversas ofertas de ocio. Na edición de 2016 representáronse as pezas *A viaxe de Rosalía*, a cargo de Larraitz Producións Artísticas e *O rueiro das liortas*, de Elefante Elegante.

Referencias varias:

- Javier García, “FalaRedes arranca cun tributo a Manuel María en Ourense”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 19 febreiro 2016, p. 38.

Dá conta do programa do FalaRedes 2016 que comeza co concerto *Todo me fala de ti*, no cal Uxía e Magín Branco interpretan poemas de Manuel María para o público infantil. Ademais, tamén se fala brevemente das restantes 15 actuacións que xirarán por todo o territorio galego co obxectivo de fomentar o uso da lingua galega.

- Marta Salgado, “Homenaxe musical aos versos de Manuel María”, *La Región*, “Ciudad”, 19 febreiro 2016, p. 10.

Comenta o inicio da quinta edición do programa FalaRedes 2016 co espectáculo musical *Todo me fala de ti*, salientando que se trata dunha iniciativa dirixida os máis novos co obxectivo de fomentar o uso da lingua galega a partir da obra de Manuel María.

- Roberto García, “Ourense acolleu a estrea da actividade ‘Todo me fala de ti”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 21 febreiro 2016, p. 39.

Dá conta da estrea do espectáculo *Todo me fala de ti* que inaugura a nova edición do programa de dinamización lingüística FalaRedes. Tamén destaca que a obra interpreta musicalmente os textos de Manuel María, de xeito que se converte nunha homenaxe ao propio escritor sobre o que este ano xira o Día das Letras Galegas.

- Marta Salgado, “Unha viaxe polos versos de Manuel María”, *Atlántico Diario*, “Galicia”, p. 24/ *La Región*, “Ourense”, 21 febreiro 2016, p. 9.

Coméntase a estrea do espectáculo *Todo me fala de ti*, no cal as voces de Uxía Senlle e Magín Blanco xunto a Santi Cebreiro e o seu acordeón musican os versos de Manuel María, como evento iniciador da nova edición do programa de dinamización FalaRedes. Tamén se destaca a boa recepción do público asistente que participou activamente no espectáculo.

- Cándida Andaluz, “Uxía e Magín Blanco estrearon ‘Todo me fala de ti’ no día da lingua materna”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 21 febreiro 2016, p. 44.

Salienta a afluencia de público na presentación do espectáculo musical *Todo me fala de ti*, no cal os músicos Uxía, Magín Blanco e Santi Cebreiro interpretan textos musicados da autoría do escritor Manuel María. Ademais, faise referencia ao propio proceso de adaptación dos textos literarios ao formato musical e destácase a importancia do programa FalaRedes na dinamización do uso da lingua galega.

- RG, “FalaRedes arranca cun concerto que achegará aos nenos a poesía de Manuel María”, *Diario de Arousa*, “Galicia”/ *Diario de Ferrol*, “Ferrol”/ *El Ideal Gallego*, “Galicia”, 21 febreiro 2016, p. 21.

Anuncia o comezo do programa FalaRedes 2016 co concerto *Todo me fala de ti*, onde Uxía e Magín Blanco musican os versos de Manuel María co obxectivo de dinamizar o uso da lingua galega e homenaxear ao autor a quen se lle dedica no presente ano o Día das Letras Galegas. Ademais, fai referencia a que esta nova edición do programa

coincide tamén coa celebración do Día Internacional da Lingua Materna, salientando a importancia das linguas maternas para a educación de calidade e a diversidade lingüística.

- C. F., "A Biblioteca acollerá a actividade de dinamización 'Todo me fala de ti", *Diario de Pontevedra*, "Marín", "O Morrazo", 23 febreiro 2016, p. 18.

Dá conta da celebración da actividade de dinamización *Todo me fala de ti* que musica versos de Manuel María nas voces de Magín Blanco e Uxía, destacando a perspectiva contemporánea do espectáculo e a globalidade dos ritmos e estilos utilizados.

- Elisa Álvarez, "Os monicreques de 'A viaxe de Rosalía' chegan a trece concellos", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 23 febreiro 2016, p. 33.

Informa que a actriz Larraitz Urruzola, co apoio da Secretaria Xeral de Política Lingüística, xirará por trece concellos galegos co espectáculo de monicreques *A viaxe de Rosalía*. Tamén destaca algúns datos técnicos sobre a peza e indica que está dentro do programa FalaRedes 2016.

- E. Ocampo, "Un espectáculo de monicreques espallará a obra de Rosalía entre o público familiar", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 23 febreiro 2016, p. 34.

Dá conta do comezo da xira por trece concellos galegos da obra de teatro de monicreques *A viaxe de Rosalía*, actividade dentro do programa de dinamización da lingua galega FalaRedes 2016, destacando que a obra achega os máis novos á figura de Rosalía de Castro na voz de Francisca do Campo, a súa madriña, a través da combinación de narración oral tradicional e interpretación.

- Alba Lago, "Monicreques e música para difundir entre os máis pequenos a vida de Rosalía", *El Correo Gallego*, "Tendecias. Ciencia. Cultura. Ocio", 23 febreiro 2016, p. 40.

Anuncia a presentación do segundo espectáculo programado dentro do FalaRedes 2016, *A viaxe de Rosalía*, que combina narración oral tradicional e interpretación teatral con monicreques. Tamén comenta que a estrea conmemora tanto o Día de Rosalía coma o Día Internacional da Muller e que xirará por trece concellos galegos durante os meses de marzo, abril e maio.

- ECG, "García presenta o programa FalaRedes 2016", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 17 marzo 2016, p. 40.

Faise eco da presentación de FalaRedes na Cidade da Cultura.

- C. B., "A 'Viaxe de Rosalía' chega o domingo a Santa Comba da man de FalaRedes", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 15 abril 2016, p. 33.

Dá conta da representación do espectáculo *A viaxe de Rosalía* no concello de Santa Comba dentro do programa FalaRedes 2016. Destaca que chega ao municipio despois de xirar con éxito por outros dez concellos e co obxectivo de dar a coñecer "esa Rosalía feminista, culta, valente e comprometida que ás veces a súa propia lenda ocultou".

- Mario Álvarez, “FalaRedes comeza o mes das Letras con seis novas propostas”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 29 abril 2016, p. 44.

Indica que o programa de dinamización da lingua galega FalaRedes conta con seis propostas para o mes das Letras Galegas que se representarán en Santiago, O Carballiño, Ames, O Barco de Valdeorras, Valga e Ponteareas, que acollerán a Pablo Díaz e a súa banda co espectáculo *Xente miúda, moita fartura*, Uxía e Magín Blanco con *Todo me fala de ti* e *A viaxe de Rosalía*, teatro de monicreques interpretado por Larraitz Urruzola.

- C. G., “Os Bolechas animarán ós rapaces da Laracha co seu show sobre as olimpiadas”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 27 maio 2016, p. 36.

Comenta como o concello de A Laracha é un dos escollidos para levar a cabo as propostas de dinamización lingüística do programa FalaRedes a cargo da Política Lingüística, tamén se levarán a cabo nos concellos de Vilagarcía de Arousa, Gondomar e Cuntis. Informa que as actividades propostas serán *Os Bolechas van ás Olimpíadas* e *Todo me fala de ti*, onde os rapaces poderán participar en numerosas probas.

- Belén Figueira/ B. C., “Os Bolechas van ás olimoíadas’ finaliza su gira”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, 23 xullo 2016, p. L11.

Apunta que a última representación deste espectáculo terá lugar en Melide, dentro da programación de FalaRedes, cuxo obc¡xectivo é ampliar a oferta de ocio en galego.

- Víctor Castro, “Elefante Elegante ofrece hoy en Mesía ‘O rueiro das liortas”, *El Ideal Gallego*, “Área metropolitana”, “Atalaya mariñana”, 6 novembro 2016, p. 16.

Fala do grupo teatral Elefante Elegante que a través do programa FalaRedes, poñerá en escena a obra *O Rueiro das liorta*s, para todos os públicos a partir dos oito anos, unha obra que mestura teatro, danza e artes escénicas e da que se pode gozar en lingua galega.

Familirúa, Festival

Organizado polo Concello da Coruña no marco das festas de María Pita. A edición de 2016, celebrada polas rúas da cidade do 9 ao 28 de agosto, incluíu xogos populares, narracións orais, maxia, teatro, circo e danza. Contou coa presenza das compañías Dinamo Teatro, coa peza *O poder das árbores*; Baobab Teatro, con *Bailando con contos*; 7 magníficos máis Un, con *Dous pallasos en máis apuros*; A Xanela do Maxín, con *Titeremusicontos*; Moaintomano, con *Ekilibúa*; Pistacatro, con *Nono*; A trastenda dos contos, con *O carteiro en bicicleta*; Artestudio Teatro, con *Animaliños*; e Os tres tenedores, con *Cocido express*.

Festea, Iº Ciclo de Teatro de Obxectos e Monicreques

Esta primeira edición de 2016 tivo lugar as fins de semana dos meses de outubro e novembro no Centro Cívico de Caranza e no Centro Torrente Ballester. Representáronse as pezas *As bombas e o xeneral* e *Titiricircus*, de Tanxarina; *Xeado de lúa* e *A historia do apalpador*, de Títeres Cachirulo; *O encoro enmeigado (das fragas do Eume)* e *Xan Perillán e a maleta máxica*, dos Monicreques de Kukas; *Jiñol* e *O día que chegou unha nube e choveu*, de Títeres Trompicallo; *Fíos* e *Contos para un caldiño*, de Baobab Teatro; *Cocer e cantar*, de Títeres Seisdedos; *A maleta de Don Attilio*, de Viravolta Títeres; e *A galiña dos ovos de ouro* e *Os tres porquiños*, de APP Creacións. Tamén participou a compañía foránea A la sombrita (Andalucía).

Referencias varias:

- L. P., "El teatro se convierte en el aliado perfecto de un domingo pasado por agua", *Diario de Ferrol*, "Ferrol", 7 novembro 2016, p. 23.

Informa da posta en escena *Fíos* de Baobab Teatro no Ciclo Festea e do espectáculo *Breve-Mente* de Agarimo Teatro no Centro Cívico de Caranza.

Festiclown

Festival circense organizado polo Concello de Vilagarcía de Arousa e Pallasos de Rebeldía, coa colaboración de Culturactiva e AGADIC. A edición de 2016, que tivo lugar do 11 ao 17 de agosto, incluíu circo, música, xornadas de formación, exposicións, teatro e unha Gala Solidaria na que participaron Isabel Risco, Peter Punck e 7 magníficos máis Un. Representouse a peza *As mil e unha noites*, a cargo de Teatro dos Ghazafelhos.

Referencias varias:

- F. F., "El Festiclown 2016 llenará de humor y solidariedad al centro y a las parroquias", *Diario de Arousa*, "Vilagarcía", 16 xullo 2016, p. 5.

Fala do Festiclown 2016 que se celebrará na capital arousana polo motivo da festa San Roque e que xegará tamén ás parroquias. Anuncia que tamén terá lugar a Gala Solidaria no Salón García impulsada polos "Pallasos de Rebeldía" . Finalmente comenta as distintas actividades que terán lugar na zona e a participación de coñecidos do humor como Pepe Viyuela e Leo Bassi entre outros.

- Lorena Boullosa, "El Festiclown de Vilagarcía de Arousa contará con Leo Bassi y Pepe Viyuela", *Diario de Pontevedra*, "Provincia", "Pontevedra", 18 xullo 2016, p. 14.

Informa que este festival contará coa presenza dos cómicos Leo Bassi e Pepe Viyuela e que actuarán paiasos, malabaristas e magos.

- V. Gayoso, "As festas de agosto en Vilagarcía comezan co 'Festiclown", *Diario de Pontevedra*, "O Salnés", "Vilagarcía", "Cambados", 2 agosto 2016, p. 24.

Anuncia o comezo do Festiclown en Vilagarcía, que terá lugar primeiramente nas parroquias a cargo do humorista Peter Punk. Informa que no Festiclown se poderá gozar de música, maxia e malabares a cargo de Pepe Viyuela, o italiano Leo Bassi, Javi Javichu entre outros moitos e o público poderá votar a mellor actuación, e tamén contará con unha visita e actuación ao Hospital do Salnés.

- Fernando Salgado/ V. Gayoso, "Nacho Fungueiriño. 'O Festiclown quere levar unha risa comprometida e de esperanza ás persoas", *Diario de Arousa*, "DVerano", 15 agosto 2016, p. 14.

Fala da entrevista realizada a Nacho Fungueiriño, director do Festival Internacional de Clown, que ten quince anos de experiencia, onde resalta que o humor é un idioma internacional. Comenta que levan o humor a varios países e que tamén actúan en hospitais para nenos que non os poden ver na rúa, Nacho Fungueiriño comenta que é posible manterse como profesional das artes escénicas.

- F. Frieiro, "El Festiclown se despide hoy con Kanbahiota, Javi Javichy y con los Pallasos en Rebeldía", *Diario de Arousa*, "Vilagarcía", 17 agosto 2016, p. 7.

Anuncia o final do Festiclown en Vilagarcía, que remata coa compañía Kanbahiota, Javi Javichy e cos Pallasos en Rebeldía. Comenta que o Festiclown despídese con dous potentes días nos que destacou Leo Bassi e Pepe Viyuela.

- F. F., "Vilagarcía clausura o seu Festiclown máis exitoso e irreverente", *Diario de Arousa*, "Vilagarcía", 18 agosto 2016, p. 5.

Anuncia a clausura deste festival, enumeranco os espectáculos da última sesión.

FETTA, Festival de Teatro Amador Transfronterizo

Festival organizado por Fegatea, co apoio do concello de Lugo. Na edición de 2016, que se celebrou en Lugo entre os días 9 e 18 de setembro, entregouse do IV premio Fegatea de Animación Teatral a Manuel Lourenzo. Participaron as compañías Fanfarra Títeres, coa peza *O soñador de historias*; Andaravía, con *O misterioso mexunxe marrón*; Escoitade, con *Desafiuzado*; Atrezo, con *A verdadeira historia da Carapuchiña*; Paso de Valverde, con *Un día no circo*; e T no aramio, con *Alacrán*. Tamén contou coa presenza das foráneas Retranca (Castilla León) e Os Simples (Portugal).

Referencias varias:

- Marta Becerra, "El Festival de Teatro Amador abre hoy", *El Progreso*, "Lugo", "El despertador", 9 setembro 2016, p. 11.

Anuncia a inauguración deste festival no que se presentará un taller de lecturas dramatizadas e se representarán *O misterioso mexunxe marrón*, *A verdadeira historia da Carapuchiña* e *Un día no circo*.

FIOT, XXVº Festival Internacional "Outono de teatro" de Carballo

Organizado pola Asociación Cultural Telón e Aparte, baixo a dirección do seu presidente, Alberto Sueiro, e a Concellaría de Cultura do Concello de Carballo. A partir da edición de 2002 pasou a se denominar "FIOT". Acolle representacións teatrais, contacontos, actuacións musicais e distintos tipos de *shows*. Na edición de 2016, celebrada dende o 23 de setembro até o 29 de outubro, concedeuse o galardón honorífico "Xograr de Outono" a Miguel de Lira. Representouse a peza *Don Quixote. Unha comedia gastronómica*, a cargo de Limiar Teatro. Tamén participaron as compañías galegas Contraproducións, con *O tolleito de Inishmaan*; 7 magníficos mais Un, con *Os reposteiros do FIOT*; e Chévere, con *Eroski Paraíso*. Tamén estiveron presentes as compañías foráneas Yllana (Madrid), Compañía Manolo Alcántara (Cataluña), Farrés Brothers i Cía (Cataluña), Kulunka Teatro (Euskadi), La Casa de la Portera (Madrid), Sexpeare Teatro (Madrid), L'om-Imprebís (Valencia); Metatarso Producciones (Madrid), Ron Lalá (Madrid), Paolo Nani Teater (Dinamarca) e Feelgood Teatro (Madrid). Asemade, no marco deste festival, tivo lugar o VII Ciclo OTNI e a XVIII edición Rúa dos Contos. O Ciclo OTNI, mostra teatral destinada a proxectos de carácter máis contemporáneo, contou coas compañías Laitrum Teatre (Cataluña) e La Teta Calva (Valencia). Na XVIII edición Rúa dos Contos, ciclo celebrado en locais de hostalería, ademais de monólogos e música, representáronse as pezas galegas *Lavandeiras*, Daboapipa; *A saia da Carolina*, de Fantoches Baj; e 8mm, con *Unha historia de amor ao Tarantino*.

Referencias varias:

- José M. Ramos, "O FIOT converte aos carballeses en protagonistas da súa 25 edición", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 3 agosto 2016, p. 34.

Informa da presentación da campaña promocional posta en marcha para conmemorar a vinte e cinco edición da FIOT e adianta que a edición de 2016 "centrarase no humor e na comedia" e que convidarán á compañía madrileña Yllana, que tamén conmemora os mesmos anos que a FIOT.

_____, "El verano se va con fiesta y el otoño llegará con teatro", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 11 setembro 2016, p. 33.

Entre outras actividades culturais, informa da presentación da XXV edición do FIOT que abrirá o 23 de setembro a compañía madrileña Yllana.

_____, "El FIOT celebrará el cuarto de siglo con 34 espectáculos", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 16 setembro 2016, p. 41.

Detalla o programa da edición de 2016 na que se conmemora o vinte e cinco aniversario deste ciclo, o actor ao que se lle entregará o premio Xograr de Outono 2016 e as autoridades que intervirán na presentación do programa no día de hoxe.

- Á. P., "Carballo alza el telón de su festival internacional de teatro, que suma 25 ediciones", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 23 setembro 2016, p. 47.

Refire que en 2016 se cumpre un cuarto de século do FIOT, cunha edición "que incluye ocho estrenos en Galicia y un estreno absoluto" e da que enumera as compañías e actores máis recoñecidos que intervirán e as actividades paralelas que se realizarán.

- José M. Ramos, "Yllana sirve el aperitivo del FIOT con 25 sketches 'remasterizados", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 24 setembro 2016, p. 39.

Alude á presentación do vinte e cinco aniversario do FIOT, referindo que o abrirá Yllana cun espectáculo "muy divertido y enérgico", unha mostra do sentimento de "yllanofilia" do público carballés con esta compañía madrileña, "imprescindible" no FIOT. Apunta que "uno de los platos fuertes" será a estrea d'*El tullido de Inishmaan*, coproducida polo FIOT, entre outras estreas tamén relevantes, e alude ás iniciativas dirixidas ao público infantil, Fiotiño e Pequeperiodistas.

- M. M., "Yllana volvió a Carballo para compartir éxito y muchas risas con la historia del FIOT", *Diario de Arousa*/ *Diario de Ferrol*/ *El Ideal Gallego*, "Galicia", 24 setembro 2016, p. 21.

Destaca que a "impresentable" compañía madrileña Yllana que conmemora os mesmos anos de aniversario que este ciclo, vinte e cinco, acude por novena vez a Carballo. Explica que abriron o FIOT 2016 cun monllo dos seus mellores sketches, "los que sabemos que de principio a fin funcionan", como comentou o actor Fidel Fernández, quen ademais considerou que é "un lujo que ambas partes hayan aguantado" durante vinte e cinco anos.

- J. M. Ramos, "Zoe Quintela fue agraciada con una noche teatral en el FIOT", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 25 setembro 2016, p. 35.

Faise eco do sorteo "Dálle un bocado ao FIOT" que inclúe, entre outros premios, dúas entradas para a programación teatral e o aloxamento nun establecemento de Carballo.

- José M. Ramos, "Pinchos e contos para izar o pano do gran outono teatral de Carballo", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 30 setembro 2016, p. 35.

Informa que hoxe encomeza a edición de 2016 deste ciclo, composto por "narracións, monólogos, teatro, maxia, música, títeres, teatro xestual, tradición oral, cabaré e moito humor". Precisa as compañías e pezas que se representarán durante a fin de semana e así mesmo a ruta gastronómica *Dálle un bocado ao FIOT*, de tal forma que, en palabras de concelleiro de promoción económica, "esta simbiose entre escena, bar e economía contribúe a que o FIOT sexa algo singular".

- Á. Palmou, "En la calle, en los bares… incluso en el escenario: Carballo, el gran teatro", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Escenarios", 30 setembro 2016, p. 12.

Apunta que esta edición do ciclo comezou o venres pasado cun "estreno absoluto y ocho obras que visitan por primera vez Galicia", ademais doutras actividades paralelas. Detense nas postas en escena do día de hoxe, mañá e o domingo e tamén enumera outros espectáculos que se representarán o domingo.

- José M. Ramos, “Iván Off da el salto a un gran escenario en el FIOT carballés”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 6 outubro 2016, p. 32.

Detense na estrea que abrirá a edición de 2016 deste ciclo e resume o programa dos demais días do ciclo e tamén da sesión dobre de A Rúa dos Contos.

- Ángel Palmou, “Raúl Tejón. ‘Nos embarcamos en esta historia sin saber muy bien cómo iba a ser”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Escenarios”, 7 outubro 2016, p. 12.

Conversa co actor Raúl Tejón do espazo escénico La Casa de la Portera, encargado de abrir a edición de 2016 deste ciclo carballés. Explica que a escolla debeuse a que lles apetecía representar unha peza de Chejov e “contar una historia que hacía muchísimos años que no se hacía en España”, que prefire a proximidade do público que a distancoa que tieñan nos ensaios na Casa e que “ha habido que modificar la puesta en escena, los movimientos y demás, pero la obra en sí no ha perdido la esencia”.

- Á. P., “Otras seis citas con el escenario”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Escenarios”, 7 outubro 2016, p. 12.

Fai un percorrido polas estreas da edición de 2016 deste ciclo que se representarán e nos seguintes días, matizando o custo das entradas individuais e dobres.

- José M. Ramos, “Pazó trae ao FIOT a estrea de ‘O tullido de Inishmaan”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 12 outubro 2016, p. 32.

Informa das dúas postas en escena que terán lugar na mostra: da primeira dela, a peza en galego, destaca que o “argumento xira ao redor dunha pequena illa irlandesa que, din, ben podería ser unha aldea galega” e da segunda, a representacda pola compañía valenciana L’Om-Imprebis, sinala que “é unha homenaxe ao FIOT pola súa forza para divertir, facer pensar e emocionar”. Tamén alude ás representacións de *Saia da Carolina* por parte de Fantoches Baj e de *Dous homes e un vespino*, a cargo de Xosé Touriñán e Pepe Suevos, para pechar A Rúa dos Contos.

- Ángel Palmou, “Cándido Pazó. ‘É unha gran axuda cando o público sabe facer o seu traballo”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Escenarios”, 14 outubro 2016, p. 13.

Conversa co director da peza *O Tolleito de Inisshmaan* na que destaca que “a obra é próxima en argumentos, en tratamento de personaxes, en situacións, pero en canto á construción lingüística non deixa de ser un inglés peculiar e hai que ter moito coidado coas traducións”, de aí que tivo que “deconstruír o material e reexpresalo para que sexa fresco, dúctil, directo...” e que “os actores sexan galegofalantes e galegovivintes, que teñan unha lingua fresca, viva e potente”, que “moitas veces as grande obras nacen tamén de poder enganarse, de buscar, de perderse e reencontrarse”, que “Carballo é un sitio exemplar de como se creou un hábito” de acudir ao teatro e que “atopar un público maduro, que vai desfrutar, pero vai ser crítico é unha gran axuda para unha compañía”.

- Á. P., “L'Om-Imprebís regresa a Carballo con ‘La Crazy Class”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Escenarios”, 14 outubro 2016, p. 13.

Indica que a compañía L'Om-Imprebís acude a Carballo coa esta peza *La Crazy Class*, continuación do seu debut en 1994 e na que se citan varias pezas dramáticas clásicas. Remata cun subapartado dedicado ás pezas que se porán en escena en “Rúa dos Contos”.

- J. M. Ramos, “El FIOT lleva al escenario a Shakespeare y Cervantes”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 21 outubro 2016, p. 37.

Detense nas compañías que representarán pezas de William Shakespeare e Miguel de Cervantes no marco da edición de 2016 desta mostra, se ben tamén alude ao Grupo Chévere e ao obradoiro gratuíto *Pequeperiodistas*. Nun á parte, cita as postas en escena que se representarán tamén esta fin de semana en Laxe e en Vimianzo.

- Á. Palmou, “Miguel de Lira. ‘O selo de Chévere é o humor”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Escenarios”, 21 outubro 2016, p. 13.

Conversa con Miguel de Lira con motivo do Premio Xograr de Outono do FIOT 2016. Fala da compañía Chévere e explica que a idea da peza *Eroski Paraíso* xurdiu de que “Galicia está inzada de espazos que eran salas de festas nos anos 80 e 90 e tiñan nomes evocadores de felicidade ou que prometían o paraíso, e que se acabaron convertendo nos paraísos na actualidade”.

- Á. P., “Shakespeare y Cervantes para un intenso fin de semana teatral”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Escenarios”, 21 outubro 2016, p. 13.

Enumera a tripla “ración de teatro” nesta fin de semana na edición de 2016 do FIOT, coas representacións de pezas por parte das compañías Chévere, Metatarso Producciones e Ron Lalá.

- Manuel F. Vieites, “25 anos do FIOT”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 600, “Escena”, 27 outubro 2016, p. IV.

Comeza reflexionando sobre o feito de que “non é moi habitual que eventos culturais vinculados coas artes escénicas cheguen a celebrar aniversarios cun cuarto de século” e lamenta a desaparición da compostelán *En pé de pedra* e da *Mostra de Teatro de Cee*, antes de centrarse na FIOT. Destaca que “soubo xerar un modelo organizativo adecuado ao seu contexto”, que conta cunha “oferta escénica moi ampla que non esquece os máis pequenos” e que se completa con “traballos escénicos de rúa, ou con propostas tan suxestivas coma o ciclo denominado *Rúa dos Contos*” e mesmo co Ciclo Obxecto Teatral non Identificado (OTNI), un exemplo de que “a comunicación artística pode darse en calquera lugar onde un creador e un espectador se encontran”. Dá conta da heteroxeneidade mesmo xeográfica da programación, da que destaca os espectáculos galegos e o da madrileña compañía Yllana.

- José M. Ramos, “El FIOT baja el telón con ‘La estupidez’ de Feelgoog”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 28 outubro 2016, p. 37.

Detense nas pezas que pecharán a edición de 2016 do FIOT. Explica que n'*A carta* fan “uso del lenguaje corporal, el mimo, las *acrobacias* faciales, el *timing* cómico y originales gags, en complicidad con el público”, destaca de *La estupidez* que é “un prodigioso ejercicio interpretativo” e que conta con “una puesta en escena impecable” e comenta pechou o ciclo OTNI coa estrea da peza *Penev*.

- J. M. Ramos, “Cervantina’, de Ron Lalá, gana el premio del público del FIOT”, *El Correo Gallego*,“Área de Compostela”, 1 novembro 2016, p. 30.

Enumera as pezas galardoadas na edición do FIOT, en orde descendente da puntuación acadada e tamén informa da elevada participación do público, do número de espectadores, estreas, artistas, técnicos, actores e directores.

Galicia Escena Pro, IVª Mostra de artes escénicas

Organizada dende 2013 pola Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC) en cinco espazos de Santiago de Compostela: o Salón Teatro, o Auditorio da Universidade, o Teatro Principal, a Fundación SGAE e o Auditorio Abanca. A edición de 2016 celebrouse entre os días 6 e 9 de xuño. Contou con actuacións de danza, maxia, teatro e novo circo. Representáronse as pezas *Gretel e Bela*, a cargo de Teatro da Semente; *O poder de Amabel*, de Pérez&Fernández; *Os reloxos preguiceiros de Néboa*, de Aporía Escénica; *As fillas de Manawee*, de Matrioshka Teatro; e *O conto da Azuzaina*, de Limiar Teatro. No apartado 'showcases', para os espectadores máis novos, *Unhas gafas como as do avó*, da Trastenda dos Contos; *Pavillón Lino*, de Caramuxo Teatro; e *Os soños na gaiola, de* Títeres Alakrán. Ademais, tamén participaron as compañías, con obras para público adulto, Producións Teatrais Excéntricas, con *Os amores de Jacques o fatalista*; Antagonista Teatro, con *Coma e punto*; Kulunka, con *Solitudes*; Ibuprofeno Teatro, con *Raclette*; Talía Teatro, con *Foucellas*; Teatro do Morcego, con *Nosa Señora das Nubes*; La Yogurtera, con *A forma das cousas*; e Chévere, con *Eroski Paraíso*. No apartado denominado 'showcases', para público adulto, Antón Coucheiro, con *Múltiple*; Butacazero, con *Voaxa e Carmín*; Colectivo T.O.X.O, con *A vida das tormentas*; e Culturactiva, con *Falar sen cancelas.*

Referencias varias:

- Ana Iglesias, “Galicia Escena Pro presentará los nuevos trabajos de 37 compañías”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 4 xuño 2015, p. 28.

Dá conta da presentación do ciclo, na que o conselleiro de Cultura resaltou que o obxectivo é “que funcione tanto como espazo para a compra-venda dos espectáculos galegos como de plataforma para unha maior visibilidade social da nosa actividade escénica, levando as artes ao centro da vida pública”, así como de “afondar no intercambio e na reciprocidade de accións de difusión entre Galicia e outars comunidades autónomas”, polo que se ampliou o ciclo a unha xornada máis e se variou a data de celebración. Entre as pezas galegas, salienta “cinco propuestas para público

infantil y familiar, incluido algún estreno, además de varios montajes de danza-circo" e que, por segunda vez, se celebrará unha xornada de *pitching*, ademais dun curso sobre o uso do *e-mail marketing* e actividades paralelas como son as pensadas para "propiciar o intercambio distendido entre todos os inscritos", un encontro de xestores culturais, a presentación do novo catálogo de Escena Galega e da próxima edición de Mercartes e un concerto de Xabier Díaz Trío.

- M. Sueiro, "Galicia Escena Pro acoge las propuestas del 'teatro innovador", *ABC*, "Santiago", 4 xuño 2016, p. 64.

Dá conta dos espazos onde se celebrará a mostra a seguinte semana e apunta que esta edición "se abre por vez primera a propuestas de otros territorios como forma de ahondar en el intercambio y en la reciprocidad de acciones de difusión entre Galicia y otras regiones". Nomea as tres compañías vascas que participarán e algunhas das pezas das catorce compañías galegas.

- M. García, "La feria escénica mostrará 17 espectáculos", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Agenda", "Para todos los públicos", "A escena", 4 xuño 2016, p. L10.

Informa que a cuarta edición desta mostra inclúe teatro, danza, circo e maxia en diferentes formatos. Explica que ademais de favorecer o contacto das compañías cos programadores, nesta edición haberá cursos e presentacións (por exemplo, *pitching* só para os preofesionais) e sesións de *showcase*. Remata recollendo as palabras do conselleiro de Cultura, quen salienta que o ciclo pon en valor as artes escénicas.

- ECG, "Nueve espectáculos y casi 30 compañías para abrir el cartel de la feria Galicia Escena PRO", *El Correo Gallego*, "Santiago", 6 xuño 2015, p. 17.

Informa que a cuarta edición da mostra se abre ao día seguinte, con pezas para o público infantil e xuvenil: pola mañá, *Gretel e Bela* e *O poder de Amabel*, e pola tarde, *Moby Dick*, á que seguirá a peza *Os amores de Jacques o fatalista*.

- M. García, "Teatro, danza y nuevo circo en la feira Escena Pro", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Agenda", "Para todos los públicos", 8 xuño 2016, p. L10.

Informa da programación da terceira xornada do mercado de artes escénicas Galicia Escena Pro.

- M. García, "Un estreno para la jornada final del mercado Escena Pro", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Agenda", "Para todos los públicos", 9 xuño 2016, p. L10.

Dá conta da última xornada desta mostra teatral. Informa dos horarios, lugares de representación e sinala algúns aspectos argumentais das pezas.

- Camilo Franco, "Os contos de ir á feira", *Diario de Pontevedra*/ *El Progreso*, "*Táboa redonda*", n.º 38, "Fatiga ocular", 5 xuño 2016, p. 4.

Con motivo do comezo desta mostra teatral, fálase do oficio dos feirantes e do seu lugar de intercambio: a feira. Relaciónase esta palabra coa cita das artes escénicas que vai

comezar, Galicia Escena Pro e coméntase que segue a chamarse feira, por culpa do nome co que naceu: Feira das Artes Escénicas. Reflexiónase sobre a situación do teatro galego en xeral.

Galicreques, XXI Festival Internacional de Títeres

Este festival vense organizando dende o ano 1996 en Santiago de Compostela pola Asociación Barriga Verde, baixo a dirección de Xurxo Rey. Dende o ano 1998 comezou a levar representacións a outras cidades galegas como Lugo, Betanzos e Pontevedra. Actualmente, o festival ten lugar en Lugo, Compostela e mais os concellos pertencentes ao Consorcio das Mariñas. A asociación organizadora contou co patrocinio de cada un dos Concellos nos que se celebrou e, dende a edición de 2000, co apoio do IGAEM (Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais), agora sustituído pola AGADIC (Axencia Galega das Industrias Culturais, e o INAEM (Instituto Nacional de Artes Escénicas y Musicales). O nome de "Galicreques" adoptouno no ano 2002. As representacións están divididas en dous apartados: Títeres nos Teatros, que teñen lugar nas diferentes salas; e Títeres na Rúa, que se desenvolven nas prazas e barrios dos concellos participantes. A edición de 2016, que tivo lugar entre o 24 de setembro e o 2 de outubro, contou coa participación das compañías Títeres Cachirulo, con *As Xeneralas da Ulla*, *Bala Perdida* e *A guerra das Galicsias*; Luis Vallecillo, con *O bigote de Mimí*; Títeres Brincadeira, con *Contos para pasalo de medo*; e Títeres Alakrán, con *Os soños na gaiola*. Tamén levaron a escena pezas as compañías foráneas Tárbol Teatro de Títeres (Perú), Tres Tigres Teatro (La Rioja), El Ojo Títeres (Argentina), Teatro Arbolé (Zaragoza), Xarop Teatre (Castellón), Víctor Biau (Zaragoza), Búho Teatro (Sevilla), Arriba las Hu! Manos (Argentina-Chile), Trapusteros Teatro (Huesca), Proyecto Mariposa Teatro (Perú), El Retablo de la Ventana (Guadalajara), Teatro Nacional de Guiñol de Cuba e Alauda Teatro (Burgos). Ademais conta coa extensión IV Festival Internacional de Títeres de A Coruña na sala Gurugú.

Referencias varias:

- ECG, "Cuenta atrás para Galicreques", *El Correo Gallego*, "Santiago", 22 setembro 2016, p. 27.

Anuncia a celebración deste festival que contará con máis de vinte espectáculos.

- C. C., "Vinte e unha compañías pendidas dun fío", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Escena", 23 setembro 2016, p. 5.

Fala da vixésimo primeira edición do Festival Galicreques que se celebrará en Santiago de Compostela no que participarán un total de vinte e unha compañías, once das cales serán latinoamericanas, seis galegas e catro de Valencia, Aragón , Castela a Mancha e Andalucía. Comenta que o obxectivo é coñecer as distintas culturas.

- A. Iglesias, "La 21.ª edición de Galicreques pone la mirada en Latinoamérica", *El Correo Gallego*, "Santiago", 23 setembro 2016, p. 30.

Fala da vixésima edición do Festival Galicreques que se celebrará en Compostela e que contará con espectáculos do todo o mundo. Comenta que participarán un total de vinte e unha compañías once das cales serán de Perú, Arxentina, Brasil, Chile, Uruguai, Cuba e México, co obxectivo de coñecer a cultura deses países, pero sen esquecerse dos monicreques galegos. Finalmente anuncia que o festival concederá o Premio Galicreques a unha entidade, persoa ou compañía pola súa labor neste mundo.

_____, "Títeres Cachirulo y la peruana Tárbol abren 'Galicreques", *El Correo Gallego*, "Santiago", 24 setembro 2016, p. 24.

Comenta que a vixésimo primeira edición do Festival Galicreques ten comezo coa compañía galega Títeres Cachirulo e a compañía peruana Tárbol Teatro. Informa que ademais de compañías galegas participan compañías de latinoamérica co obxectivo de mostrar a súa cultura a través dos monicreques.

- ECG, "Dúas funcións e tres pasarrúas conforman o programa para hoxe do Festival Galicreques", *El Correo Gallego*, "Santiago", 25 setembro 2016, p. 26.

Fala do programa da segunda xornada do Festival internacional Galicreques que contará con tres pasarrúas e dúas funcións para público infantil que terán horario de mañá e de tarde. Informa do prezo das entrada e onde se poden adquirir.

_____, "Los espectáculos de Galicreques animan la zona histórica", El Correo Gallego, "Santiago", 26 setembro 2016, p. 39.

Apunta que este festival anima o casco vello de Santiago con vistosas representacións.

_____, "Galicreques vuelve a las calles", *El Correo Gallego*, "Santiago", 30 setembro 2016, p. 26.

Informa do inicio deste festival coas pezas *Un botón en mi cabeza* e *As xeneralas da Ulla*.

- M. García, "Galicreques trae hoy a Santiago una divertida versión del 'Quijote' con maese Pedro como protagonista", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 28 setembro 2016, p. 41.

Fala da vixésimo primeira edición do Festival Internacional Galicreques dedicado a latinoamérica, que nesta edición fai unha homenaxe a Cervantes facendo unha versión libre de tres capítulos de *El ingenioso hidalgo don Quijote de la Mancha*, centrado na figura maese Pedro. Resalta que a adaptación é a cargo da compañía zaragozana Teatro Arbolé, haberá unha función para escolares e outra para todo o público. Informa que o festival continuará con máis representación de monicreques nos que participarán as vinte e unha compañías, once delas latinoamericanas.

- Marco Naya, "Funciones interculturales en IV Festival Internacional de Títeres, celebrado en Gurugú", *La Opinión*, "A Coruña", "Ciudad y cultura", 29 setembro 2016, p. 10.

Dá conta das representacións que se celebrarán na fin de semana neste festival: *Telón de cielo*, de Víctor Biau; *El gato con botas*, de El Retablo de la Ventana; *The puppet circus* de Alauda Teatro e *Los sueños de Trucas* e *Serentas embichadas* de Tres Tigres Teatro.

Intercentros, XXIº Certame de Teatro

Ciclo teatral que se celebra na cidade de Santiago de Compostela e galardoa a grupos de teatro de centros escolares. A edición de 2016 celebrouse os días 17 e 18 de abril e o 9 de maio. Participaron o CPI de Vedra, coa obra *Ligues e outros líos*; Tantometén, do IES Pontepedriña, coa peza *Miserabilia*; Vai no Dentista, do IES Xelmirez I, con *A síndrome de Wendy*; Proactors Teatro, do IES Eduardo Pondal, con *Vén comigo*; IES Pontepedriña, con *A farsa do Bululú*; Teatro do Porviso, do CPI Os Dices, con *Mimadriña*; IES Rosalía de Castro, con *Equus*; Aula de 6º do Colexio San Jorge, con *O meu conto*; As Lupas Pictográficas, do CEEPR Aspanaes Duques, con *O castiñeiro triste*; e Máscara, do CEIP López Ferreiro, con *Mágoas de campesiños e señoritos*.

Referencias varias:

- ECG, "Arranca el Certamen de Teatro Intercentros", *El Correo Gallego*, "Santiago", 14 abril 2016, p. 30.

Informa das representacións que conforman este certame de teatro e destaca a participación de centros de Primaria e Secundaria.

- Anna Serra, "El Teatro Principal acogerá el Certamen Intercentros", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Agenda", 14 abril 2016, p. L11.

Anuncia a vindeira edición do Certame de Teatro Intercentros e destaca que, como premio para o alumnado de primaria e secundaria participante, as actuacións serán no Teatro Principal e todos recibirán un diploma no lugar de galardóns por categorías, eliminando así a condición de concurso.

Interritmos, Festival

Organizado pola Asociación DELOA xunto cos concellos de Porto do Son, Noia e Outes, coa colaboración do Grupo de Acción Local do sector Pesqueiro (GALP) Costa Sostible. A proposta está baseada na innovación e pretende a participación activa da poboación local. A programación inclúe música, cinema, pintura, teatro, obradoiros e contacontos. A edición de 2015 celebrouse os días 2, 3 e 4 de setembro. Contou coa representación das pezas *Pequeno cabaret infantil* e *Flashtop cabaret*, a cargo de Nelson Quinteiro.

Referencias varias:

- M. G., "El festival Interritmos arranca hoy en O Son y se clausura en Outes", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 2 setembro 2016, p. 29.

Informa que ten comezo o festival Interritmos en Porto do Son, Noia e Outes que contará con propostas de ocio, artes escénicas, cine e música en diferentes espazos públicos. Anuncia que comezará en Porto do Son así como os diferentes grupos que actuarán, ao día seguinte haberá actividades en Noia e rematará en Serra de Outes.

Laxe, Xª Mostra de Outono de Teatro do Concello de

Organizada pola Concellería de Cultura do Concello de Laxe. A edición de 2016 tivo lugar entre o 16 de outubro e o 13 de novembro. Representouse a peza *Retrincos de Castelao*, a cargo de Culturactiva. Tamén contou coa presenza das compañías galegas Metátese Teatro, con *A saco!*; grupo de teatro da Asociación Pro Enfermos Mentales (APM), con *Unha de vaqueiros. Non á mina*; The Puntillas Teatro, con *Encontros*; e Escola Municipal de Teatro de Laxe, con *Intimidades*.

Referencias varias:

- J. M. R., "Culturactiva iza hoy el telón de la décima Mostra de Teatro de Laxe", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 16 outubro 2016, p. 33.

Dá conta da apertura da X Mostra de Teatro de Laxe con *Retrincos de Castelao* da compañía Culturactiva. Tamén salienta a estrea de *Encontros*, da Escola de Teatro de Santa Comba.

Lousame, XIIª Mostra de Teatro Afeccionado de

Organizada pola Asociación Cultural Toxos e Carrouchas e a Concellería de Cultura de Lousame e a Deputación da Coruña. Na edición de 2016, que se celebrou entre o 16 de outubro e o 20 de novembro, representouse a peza *Títeres en Igualdade*, da Asociación Cultural TEC. Tamén participaron as compañías, con obras destinadas para o público adulto, Pinchacarneiro Teatro, con *L*; Tastarabás, con *Trastes… a conciencia*; Teatro do Improvisto, con *P.O.E*; e Bradomín Teatro, con *As pretendientas*.

Referencias varias:

- S. S., "Arranca a Mostra de Teatro Afeccionado de Lousame", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 16 outubro 2016, p. 34.

Anuncia o programa da mostra, enumerando todas as compañías que participan. Destaca a representación da peza *P.O.E.*, a cargo de Teatro do Improvisto.

Lugo, XVIª Mostra de Teatro Clásico de

Mostra organizada polo Concello de Lugo e destinada a rememorar as figuras de recoñecidos autores do século XX. As diferentes actuacións celébranse no Auditorio

Municipal Gustavo Freire de Lugo. Na edición de 2016, que tivo lugar entre os días 11 de febreiro e 12 de marzo, contouse coa representación da peza galega, para o público infantil, *Don Quixote. Unha comedia gastronómica*, a cargo de Limiar Teatro. Participaron tamén as compañías foráneas, con pezas para adultos, Morfeo Teatro (Burgos), Teatro de la Ciudad (Madrid), Estival Producciones (Madrid), Teatro Clásico de Sevilla, Producciones El Brujo (Madrid), Cup of Theatre (EEUU), unha coprodución do Festival Internacional de Teatro Clásico de Mérida, Mixtolobo, Labaska64 e Ciclán e outra coprodución de La Morgue, Saga Producciones e GG Distribución.

Referencias varias:

- Marta Veiga, "A Medea de Sánchez Gijón, na Mostra Clásica luguesa", *El Progreso*, "Vivir"; "Cultura", "Teatro", 27 xaneiro 2016, p. 65.

Informa de que o 27 de febreiro de 2016 se representará dentro desta mostra teatral *Medea* a cargo de Teatro de La Ciudad e baixo a dirección de Andrés Lima.

- Marta Becerra, "Tapas con inspiración teatrera en el Mercado Municipal", *El Progreso*, "Lugo", 4 febreiro 2016, p. 11.

Dá conta dunha iniciativa desenvolta polo concello de Lugo que consiste na elaboración de nove tapas inspiradas nas representacións das obras que conforman a Mostra de Teatro Clásico do ano 2016.

- Camilo Franco, "Non pensedes nun clásico", *Diario de Pontevedra*/ *El Progreso*, "*Táboa redonda*", n.º 23, "Fatiga ocular", 21 febreiro 2016, p. 7.

Reflexiona sobre a figura de Italo Calvino en relación coa posta en escena *As cosmicómicas*, de Teatro Meridional, que hai dez anos se representou na Mostra de Teatro Clásico de Lugo.

Malpica, XIIª Mostra de Teatro de

Organizada pola Consellería de Educación e Cultura do Concello de Malpica. A edición de 2016, que tivo lugar do 4 de novembro ao 2 de decembro, acolleu as representacións *Luppo*, de Baobab Teatro; e *Fábula Galénica*, de Fantoches Baj. Tamén se levaron a escena, para público adulto, *O día do pai*, de Malasombra Teatro; *Noiteboa*, de Redrum Teatro; e *Perplexo*, de Il Maquinario.

Referencias varias:

- José M. Ramos, "La XII Mostra de Teatro de Malpica reunirá cinco espectáculos premiados", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 31 outubro 2016, p. 22.

Indícase que a mostra abre coa posta en escena de *O día do pai*, á que seguirán *Noiteboa*, *Fábula Galénica*, *Luppo* e *Perplexo*.

- J. M. R., “Fábula Galénica’ de Fantoches Baj recala en Malpica”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 18 novembro 2016, p. 37.

Dá conta da posta en escena de *Fábula Galénica*, un espectáculo de títeres gañador do VIII Premio Barriga Verde de texto para teatro infantil.

María José Jove, XIIº Festival de Títeres

Organizado pola Fundación María José Jove e o Concello da Coruña a través do Instituto Municipal Coruña Espectáculos (IMCE). É unha continuación do Festival de Teatro e Cine infantil iniciado no ano 2003. Nesta edición de 2016, que se celebrou tanto na propia Fundación María José Jove e no Forum Metropolitano, participaron as compañías Tanxarina, con *As bombas e o xeneral*; Baobab Teatro, con *O lobo e a lúa*; Trinke Trinke, con *Aventuras e desventuras dunha espiña de toxo chamada Berenguela*; e Galitoon, con *Güela Güela*. Tamén participaron as foráneas La Carreta Títeres (Alicante), Hilando Títeres (Madrid) e Estaquirot Teatre (Cataluña).

Referencias varias:

- ECG, “El Festival de Títeres María José Jove arranca hoy”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 26 decembro 2016, p. 26.

Fala do comezo do XII Festival de Títeres que organiza a Fundación María José Jove, que conta con un total de dez espectáculo dirixidos a un público familiar, co obxectivo de fomentar nos nenos o interés polo teatro. Comenta que durante seis días contará con dúas sesión diarias e informa onde se poderán conseguir as entradas.

- M. G. M., “La Abeja Maya se viste de ‘sostenibilidad’ en el Colón”, *El Ideal Gallego*, “Sociedad”, 28 decembro 2016, p. 36.

Comenta o musical Ferroteatro que lanza unha mensaxe medioambiental coa representación da Abeja Maya que os nenos poden gozar en familia. Informa tamén do XII Festival de Títeres María José Jove que representou obras como *Soliluna* e *O lobo e a lúa* e seguirá coas obras *Violeta la Rateta* e *Aventuras e desventuras dunha espiña de toxo chamada Berenguela*.

MIT, XXXIIª Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia

Mostra de teatro creada en 1973 baixo o nome Mostra de Teatro Abrente. Organizada pola Concellaría de Cultura do Concello de Ribadavia, está dirixida por Roberto Pascual e ten como marco a Praza Maior de Ribadavia, o Auditorio do Castelo dos Sarmientos e as rúas do barrio xudeu, así como a Igrexa da Madalena ou mesmo outras rúas e prazas da vila. Dende o ano 2000, ao longo do transcurso da Mostra, o público pode elixir a mellor obra representada, que é galardoada cunha figura representativa que se entrega no último día da mostra e que supón a invitación para participar na seguinte edición. Na edición de 2016, celebrada entre os días 16 e 24 de xullo, representáronse as pezas *Os soños na gaiola*, de Títeres Alakrán; e *Don Quixote. Unha comedia gastronómica*, a

cargo de Limiar Teatro. Tamén contou coa presenza das compañías Butacazero, con *Voaxa e Carmín*; Matarile Teatro, con *Teatro invisible*; Ibuprofeno Teatro, con *Fitness*; Chévere, con *Eroski Paraíso*; e das compañías foráneas Zanguando Teatro (Euskadi), Lazona e CDN (Madrid), La Maquiné e ABAO (Andalucía-Euskadi), Yifan (Francia), Atalaya (Andalucía), Rubén Sabadini (Argentina), Visitants (Valencia), Pelmànec (Cataluña), Oskaras Korsunovas Theatre (Lituania), Nao d'Amores (Castilla León), Marie de Jongh, Teatro Arriaga e Tartean Teatroa (Euskadi), TeatroCinema, Fondart, Fundación Teatro a mil, Teatro de la Universidad Católica, Festival de Edimburgo, Institut Français de Santiago, Valook, Litoralpress, ONDA, Svenska Filminstitutet et le mécénat en nature de l'entreprise Box'Air e Scène Nationale de Sète et du Bassin de Thau (Chile).

Referencias varias:

- Eduardo Crespo, "Ribadavia, 32 años levantando el telón", *ABC*, "Galicia", 11 xuño 2016, p. 70.

Comenta da presentación do logo da 32ª edición da mostra, avanzando que "la máscara femenina típica de las festividades barrocas y neoclásicas será el principal icono", ao que se engadirán "la marca de la casa MIT" e a planta do teatro Marcello de Roma. Informa que a programación da mostra se presentará o 21 de xuño e que se desenvolverá do 16 ao 24 de xullo.

- F. D., "A Mostra de teatro, en marcha", *La Región*, "*Extra*", "Zonas vivas: provincia", "Ribadavia", 25 xuño 2016, p. 4.

Destaca da presentación da trixésimo segunda edición que non só reforzará "a súa dimensión internacional" senón que ademais "concederá un especial protagonismo ás olladas femininas a través do traballo de actrices". Dá conta das entidades colaboradoras e nomea a coprodución galego-portuguesa d'*O conto de inverno*, os eixos temáticos da edición, a peza *A gaivota* e a mestura de cómic, vídeo e teatro na montaxe *Historia de amor*.

- Mónica G. Bellver, "Do 16 ao 24 de xullo en Ribadavia", *O SIL*, "Cultura", xuño 2016, p. 22.

Achega información sobre a nova edición da mostra. Entre as actividades salienta a celebración do 30 aniversario de Matarile Teatro e a entrega do Premio de Honra "Roberto Vidal Bolaño" ás actrices Mabel Rivera e Belén Constenla, así como a presentación do traballo escénico de Korsunovas, director lituano. Comenta a dimensión internacional, o equilibrio interxeracional e a perspectiva feminina da mostra.

- X. M. R., "Memoria e ollada feminina", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Agenda", 15 xullo 2016, p. 14.

Destaca que a edición de 2016 da mostra presenta como temáticas "as olladas femininas, a memoria, a violencia, a palabra e a arte", é lugar de encontro para profesionais teatrais, o espectador é protagonista e reivindícase a escena galega dende o

punto de vista lexislativo. Nomea as montaxes foráneas, salienta a estrea da galega *Voaxa e Carmín* e as postas de escena de Matarile Teatro para conmemorar o seu trixésimo aniversario e cita as actrices galardoadas co Premio Roberto Vidal Bolaño. Recolle os títulos e contido dos foros para profesionais teatrais e dos Obradoiros do Espectador. Remata aludindo ao coloquio sobre as artes da rúa na actualidade e á presnetación do texto para o anteproxecto da Lei das Artes Escénicas de Galicia.

- Sonia Torre, "Roberto Pascual. 'Si Galicia quiere decir algo al mundo del teatro, la mostra debe ser el buque insignia", *La Región*, "Verano", 15 xullo 2016, p. 30.

Conversa co director artístico da MIT na que afirma que "no debemos desdeñar las artes escénicas, ni por número ni por calidad. Es un sector estratégico", resalta os obxectivos cumpridos dende que asumiu a dirección artística da MIT hai nove anos, a importancia da MIT como sinal de identidade e como motor activo, "por historia, por contexto e por potencial" e finaliza afirmando que "hay que apoyar a las jóvenes compañías, las residencias teatrales y también a las históricas".

_____, "La palabra y el gesto izan el telón de la Mostra de Teatro", *La Región*, "Verano", 16 xullo 2016, p. 23.

Informa do comezo nese mesmo día da nova edición da MIT, da que comenta a peza que representou o día anterior un grupo teatral afeccionado de Ribadavia, as temáticas e obxectivos da edición, os avances respecto á edición anterior e en tres á partes salienta as actrices que serán recoñecidas co Premio de Honra, a compañía vasca merecedora do Premio do Xurado e a peza *La piedra oscura*, que mereceu cinco Premios Max.

_____, "El Premio de Honra inauguró la mirada femenina de la MIT", *La Región*, "Verano", 17 xullo 2016, p. 25.

Comeza apuntando que a emoción foi o sentimento máis característico da inauguración da nova edición da Mostra e alude ás representacións que terán lugar no día de hoxe.

- Vicente Plaza, "Mostra de Ribadavia, estrela teatral do verán ata o día 24", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 17 xullo 2016, p. 34.

Tras nomear as actrices merecedoras do premios de honra Roberto Vidal Bolaño, enumera as pezas que se representarán nesta edición da MIT.

_____, "Amor violento desde Chile", *La Región*, "Verano", 20 xullo 2016, p. 25.

Destaca da peza *Historia de amor* a súa "estética cuidada, cogiendo prestado parte del lenguaje del cómic y empleándolo con gran inteligencia", que a converten, en palabras de Roberto Pascual, nun "de los caramelos especiales" desta edición da MIT. Condensa o argumento, nomea os actores e o director e precisa que se esta "historia cruel, violenta" servirá de base para o segundo coloquio da MIT.

- S. T., "Don Juan pierde su humanidad", *La Región*, "Verano", 22 xullo 2016, p. 23.

Destaca que nesta edición da MIT se reflectiu que "todo puede ser visto desde un prisma diferente y contado de una manera sorprendente", caso da peza *Don Juan. Memoria amarga de mí*, "una novedosa perspectiva y una puesta en escena creativa y muy llamativa", que xa foi obxecto de numerosas distincións.

_____, "La Gaviota bajo otra mirada", *La Región*, "Verano", 23 xullo 2016, p. 23.

Lembra o "gran abucheo por parte de la audiencia" na estrea da peza citada no titular da nova e explica que "el tiempo ha ido consolidando este texto y lo ha convertido en una obra de arte, imprescindible para el teatro, que en cada representación permite una lectura diferente", como ocorre nesta versión da que apunta as claves. Nos tres despieces que acompañan o texto xeral, informa dun espectáculo sobre o personaxe de Don Quijote, un debate na rúa ao redor das artes escénicas e o espectáculo *Lluvia de palabras* a partir de poemas de Manuel María.

_____, "Jornada de clausura en gallego", *La Región*, "Verano", 24 xullo 2016, p. 27.

Dá conta do peche desta edición da MIT con postas en escena en lingua galega, "demostrando que aquí también se hace teatro de calidad, con buen trabajo de investigación y una apuesta por la innovación". Resume o argumento das pezas das compañías galegas e nun á parte alude a un taller realizado sobre Chejov.

- Camilo Franco, "Festivais na hora das verbenas", *Diario de Pontevedra*/ *El Progreso*, "Táboa Redonda", n.º 45, 24 xullo 2016, p. 6.

Fai un repaso pola historia da MIT na que rememora que, hai vinte anos, tiveron lugar dous debates paralelos sobre o teatro galego: "a profesionalización" e "se a Mostra de Ribadavia debía ser internacional ou regresar ao punto de partida como festival para as compañías galegas", a refundación da MIT en 1984 e a posta en escena de Molière a cargo do CDG en 1986.

- S. T., "La 32 Monstra Internacional de Teatro cierra con buena nota", *La Región*, "Verano", 25 xullo 2016, p. 20.

Informa que esta edición da MIT conseguiu "una alta puntuación por parte del público, quien ha concedido mayoritariamente 4,5 puntos sobre un máximo de cinco" e que no día de hoxe se coñecerá a peza galardoada co Premio do Público, unha decisión que considera "no estará nada fácil" xa que as pezas representadas caracterizáronse pola orixinalidade da posta en escena, o gran traballo actoral, textos cunha "narración conmovedora y agitadora" e polas temáticas abordadas. Afirma sobre esta edición que "han sido, en definitiva, diez días llenos de compromiso, de teatro en su estado más puro".

_____, "Don Juan y su memoria amarga gana el premio del Público en la MIT", *La Región*, "Verano", 26 xullo 2016, p. 24.

Fai un repaso polas pezas galardoadas polo público asistente a esta edición da MIT e recolle as palabras de Roberto Pascual ao respecto, nas que afirma que "poden convivir

nun mesmo espazo a dinamización socioeconómica e o estímulo á investigación e escollas evidentemente minoritarias con pezas para aforo limitado" e salienta que "Ribadavia está a gañar unha visibilidade e un recoñecemento de calidade" e que na MIT "convive o público habitual co visitante esporádico, conviven os xéneros, as linguas e as dramaturxias". Nun á parte coméntase que o presidente da Xunta de Galicia non asiste dende 2009 e noutro achéganse datos que amosan que a edición da MIT de 2016 foi exitosa.

- Camilo Franco, "Xente que fala soa", *Diario de Pontevedra/ El Progreso*, "Táboa Redonda", n.º 46, 31 xullo 2016, p. 4.

Fai unha síntese das variacións históricas no diálogo e no monólogo, ao fío do monólogo representado por Celso Parada na MIT, hai vinte e cinco anos, e por outras actrices na edición de 2016. Finaliza afirmando que "todo o mundo pensa que o importante dos diálogos é falar. Pero o que importa de verdade é escoitar. É só que non queremos recoñecerlle o mérito".

- Camilo Franco, "Mostra de Teatro de Ribadavia. A distancia de Chéjov a Chévere", *Tempos Novos*, n.º 231, "todo é peixe", "Crónica", agosto de 2016, pp. 10-11.

Faise referencia á posta en escena da obra *Voaxa e Carmín* centrada na historia das dúas Marías de Santiago de Compostela. Destácase o tratamento afastado do realismo destas dúas personaxes alén da miseria, do segredo e das chanzas que compoñen a súa historia. Tamén se fai alusión á posta en escena da obra *Eroski Paraíso* a cargo de Chévere salientando que se trata da revisión do pasado dende a vila de Muros.

- Xosé A. Reboiro, "Ribadavia recibió más de 90.000 visitantes este verano", *La Región*, "Ribeiro", 29 outubro 2016, p. 27.

Informa sobre a afluencia de visitantes en Ribadavia, especialmente durante a época estival onde destaca positivamente a repercusión económica no municipio de eventos como a Mostra Internacional de Teatro.

MITEU, XXIª Mostra Internacional de Teatro Universitario Galego

Mostra que tivo a súa orixe en 1994, organizada pola Aula de Ourense baixo o nome de I Mostra de Teatro Galego Universitario de Ourense. En 1996 pasou a constituírse na I MITEU (Mostra Ibérica/Internacional de Teatro Universitario). Entre os seus obxectivos están potenciar o intercambio artístico entre grupos galegos e grupos da Península ou de fóra dela. Celébrase anualmente no Teatro Principal, aínda que tamén sae por veces a outros lugares. Ao remate das funcións estabelécese un coloquio sobre a obra e sobre as distintas xestións dos grupos universitarios. Está organizada pola compañía Sarabela Teatro xunto coa Aula de Teatro Universitario de Ourense Maricastaña, baixo a dirección de Fernando Dacosta e a coordinación de Elena Seijo. Conta tamén co patrocinio da Universidade de Vigo, a Área de Cultura do Concello de Ourense e a Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC). Dende 1999 celébrase tamén o "Premio de Dramaturxia Carlos Couceiro", que na edición de 2011 engadiu a figura de Begoña Muñoz ao seu nome, para premiar con 600 euros unha das compañías

participantes, ademais dos premios do público e da MITEU de cada edición. Posteriormente engadiuse un novo premio, á mellor resolución técnica, denominado "Suso Díaz". Na edición de 2016, que se celebrou entre o 15 e o 30 de abril, representouse a obra *Aladino e a lámpada marabillosa cruzan fronteiras*, a cargo de Geppetto, Aula Universitaria de Teatro Infantil de Ourense. Tamén participaron as compañías, con pezas para público adulto, Aula de Teatro Universitaria Rosaura, con *O banquete*; Cordelia, Aula Universitaria de Teatro de Ourense, con *Sen rede*; Aula de Teatro da Universidade de Santiago de Compostela, con *Cinzas*; Teatro do Morcego, con *Nosa señora das nubes*; Aula de Teatro da USC-Lugo, con *O público. Baixo a area*; Aula de Teatro Normal da Universidade da Coruña, con *Unha libra de carne*; Eme2 Producións&Arte, con *Monólogo do imbécil*; e Maricastaña, Aula de Teatro Universitaria de Ourense, con *Demediado*. Así mesmo, contou coa participación das compañías foráneas Teatro El Mayal-Ule (Castilla y León), Fraser Hooper (Inglaterra), Teuc (Portugal), Nadia/ La Conquesta del Pol Sud (Afganistán/ Catalunya), Aula de Teatro de la Universidad de Burgos (Castilla y León), Triskel Artes Escénicas/ Nordisk Teaterlaboratorium (Chile/ Dinamarca), Grupo de Teatro U.C. (Cantabria), Teatro del Dónde (Madrid/ El Salvador), Banda Kurenai (Italia), Teatr'ubi/ Asta Teatro (Portugal), Gretua (Portugal), Teatro de la Resistencia (Valencia), Yllana (Madrid), Grupo de Teatro de la UPNA (Navarra), El Rayo Misterioso (Argentina), Aula de Teatro de Lleida (Catalunya); Compañía La Líquida (Andalucía) e D'orfeu Ac/ Cão À Chuva (Portugal).

Referencias varias:

- Fernando Franco, "Y teatro en la universidad", *Faro de Vigo*, "Vigo", "Mira Vigo", 15 marzo 2016, p. 13.

Destaca que dentro da Mostra Internacional de Teatro Universitario Galego se representarán autores clásicos como Italo Calvino, Dickens ou Lorca.

- Sonia Torre, "La Miteu vivirá su edición más numerosa, con 34 espectáculos", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 31 marzo 2016, p. 42.

Informa de que nesta edición da MITEU, que terá lugar entre o 15 e 30 de abril de 2016, participarán oito países e doce compañías e que contará cun orzamento de 78.500€.

- C. R., "Preparados para unha viaxe polo mundo da Miteu", *Atlántico Diario*/ *La Región*, "*Universitas*", 7 abril 2016, p. 7.

Anúnciase a presentación en Ourense da XXIª Mostra Internacional de Teatro Universitario Galego. Sinala que contará con trinta e catro espectáculos de nove países diferentes.

Monicreques de Verán de Bueu

Organizado polo Concello de Bueu durante o verán. A edición de 2016 tivo lugar na Praza Massó e contou coa presenza das compañías Títeres Trompicallo, con *Jiñol*; Expresión Produccións, con *O libro máxico*; Títeres Cachirulo, con *Pinocho*;

Monicreques de Kukas, con *Xan Perillán compra queixo compra pan*; Tarabelos, con *Amoriños contei*; e Tanxarina, con *Titiricircus*.

Referencias varias:

- C. F., "Comeza o programa de Monicreques e de Cine na Rúa na Praza Massó", *Diario de Pontevedra*, "Marín", "O Morrazo", 12 xullo 2016, p. 14.

Informa que no concello de Bueu da inicio o programa de Monicreques e de cine na rúa, que terá lugar na Praza de Massó. Comenta que comezarán os Monicreques de Verán co espectáculo *Pinocho*, e a sesión de cine na rúa proxectará o filme "Del Revés", os vindeiros día seguirá habendo espectáculos de monicreques e proxección de filmes.

MOSTRA(TE), XVª Mostra de Teatro Afeccionado

Organizada pola Asociación Cultural Solpor, coa colaboración do Concello de Salvaterra do Miño e a Deputación de Pontevedra. A edición de 2016 tivo lugar na Carballeira das Fraguiñas os días 22, 23 e 24 de xullo. Representouse a peza *O libro máxico*, a cargo de Expresión Contacontos infantil. Ademais, tamén contou coa participación das compañías, con obras para o público adulto, Anomalía Teatro, con *A herdanza maldita*; Hermanas Teatro, con *Herdanza*; e Delatoute Produccións, con *Princesas con Conto*.

MOTECES, XVª Mostra de Teatro de Ensino Secundario

Organizada por primeira vez no ano 2002 pola área de Educación, Universidade e Xuventude do Concello de Ourense en colaboración co Instituto Blanco Amor, naceu coa vontade de estabelecer un espazo na cidade para o teatro que nace nos centros de ensino, ao tempo que dar proxección e incentivar o labor desenvolvido por estes escolares. A edición de 2016 celebrouse entre os días 3 e 13 de maio no salón de actos da Escola Municipal de Artes Escénicas. Participaron os seguintes grupos teatrais: Caixadesastre do CPR Santo Ángel, con *Estrelas no aire*; Jopelines Mary Teatro do IES Otero Pedrayo, con *A risa durmida*; Quinto Teatro do IES X Ferro Couselo, con *Anxélica ás portas do ceo*; Xogos Florais 2.0 do CPR Divina Pastora, con *univerSItarios*; IAD -14 do IES Universidade Laboral, con Lisístrata.

MOTI, XIIIª Mostra de Teatro Infantil de Ourense

Mostra organizada polo concello, o Teatro Principal e a Universidade de Vigo (campus de Ourense), dende o ano 2004 co obxectivo de converterse nunha oferta cultural máis da cidade de Ourense para o público infantil nas datas de Nadal. Dirixida por Fernando Dacosta ten como escenarios o Teatro Principal e o Auditorio e a Universidade de Ourense. Parte da recadación destínase a UNICEF. A edición de 2016, celebrada entre o 18 e o 30 de decembro, contou coa participación das compañías Trécola Teatro, con *Invasión MOTI*; Eme2 Producións, con *Jim e a illa do tesouro*; Títeres Alakrán, con *Os soños na gaiola*; Geppetto. Aula de Teatro Infantil do campus de Ourense, con *O traxe*

novo da emperatriz; Teatro dos Ghazafelhos, con *Frankestein*; e Caramuxo Teatro, con *Pavillón Lino*. Participaron tamén compañías foráneas Gorakada (Euskadi), La Caninca Teatro (Madrid), Teatro e Marionetas de Mandrágora (Portugal), La sonrisa del lagarto (Asturias), Estaquirot Teatre (Cataluña), Mundo Mandarina (Argentina),

Referencias varias:

- Candela Valle, "El nuevo programa de teatro infantil del Auditorio reserva obras para los bebés", *La Región*, "Ciudad", 31 agosto 2016, p. 11.

Informa da nova tempada do teatro infantil no Auditorio de Ourense no que terán lugar obras e musicais para os máis cativos e tamén para os bebés, a programación acollerá grupos de teatro, de música así como o estreo da programación da Mostra de Teatro Infantil de Ourense.

_____, "Más de 40 eventos en el Auditorio, en sólo dos meses", *La Región*, "Ciudad", 29 outubro 2016, p. 18.

Fala da presentación da programación que fan a concelleira Belén Iglesias e o técnico encargado do auditorio Manuel Freire, no que se contará con un intenso volume de actividades. Comenta que haberá actividades para todos os gustos e para todas as idades, teatro para bebés, nenos e adultos, musicais, humor, a Mostra de Teatro Infantil de Ourense e outros moitos actos e eventos culturais así como tamén resalta as galas benéficas.

_____, "La Mostra de Teatro Infantil ofrecerá 18 representaciones", *La Región*, "Ourense", 17 decembro 2016, p. 11.

Fala de que a Mostra de Teatro Infantil será presentada polas calles de Ourense da man de Trécola Teatro,e que con ela chegarán dezaseis compañías teatrais e dezaoito representacións que se levarán a cabo en diferentes lugares da cidade. Comenta que estará dirixida a un público infantil e que haberá talleres, xogos artesanais e un concerto de Magín Blanco, e tamén da conta do título de algunhas das obras que terán lugar.

- C. R., "Hoxe arranca a MOTI con 18 representacións en diversos formatos", *La Región*, "*Xornal escolar*", n.º 88, 26 decembro 2016, p. 2.

Fala do inicio da Mostra de Teatro Infantil de Ourense que comeza coa participación de dezaseis compañías, a metade delas galega e o resto de Cataluña, País Vasco, Madrid, Asturias, Arxentina e Portugal, e conta con dezaoito representacións infantís. Informa que tamén haberá obradoiros e xogos relacionados coas obras.

- S. N., "Teatro, magia y danza en la gran semana de la MOTI", *La Región*, "Sociedad", "Agenda cultural", "Concierto", 26 decembro 2016, p. 52.

Fala da programación da Mostra de Teatro Infantil de Ourense que contarán con una semana intensa, recolle moitas obras entre as cales están una adaptación de Moby Dick, o teatro de marionetas con *Jim e a illa do tesouro*, *O soño na gaiola*, *Pavillón Lino* e outras moitas das que da un pequeno resumo da súa trama.

_____, “Obras para pensar y emocionarse”, *La Región*, “*Especial Navidad*”, “Nadal 2016”, “Ourense”, 24 decembro 2016, p. 7.

Fala da axenda dunha nova edición da Mostra de Teatro Infantil de Ourense, na que Terán lugar obras como una adaptación de Moby Dick, entre outras moitas. Informa sobre a hora e día de cada espectáculo e proporciona una páxina web onde se pode encontrar toda a información.

Narón e Ferrol, Mostra de Teatro Infantil e Xuvenil de

Organizada por primeira vez en 1998, quere achegar o teatro a miles de escolares do Concello de Narón durante o mes de novembro, á vez que recuperar a vella mostra infantil “Xeración Nós”, que celebraban dende 1984 os sete concellos da Mancomunidade. Durante os anos 2001 e 2002 sumouse á organización o Padroado de Cultura do Concello de Ferrol e contou coa colaboración do Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais (IGAEM), agora sustituído pola Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC), e da Deputación da Coruña. Na edición de 2016 representáronse as pezas *Rubicundo*, de Ghazafelhos e e *Memorias dun neno labrego*, de Abrapalabra Creacións Escénicas.

Negreira, Ciclo de Teatro de

Organizado polo Concello de Negreira en colaboración coa Deputación da Coruña. A edición de 2016, celebrouse durante as fins de semana do mes de abril, con grupos de teatro afeccionados e profesionais. Representáronse as pezas *Sherlock Holmes*, de Cayetano Lledó e *Pavillón Lino*, de Caramuxo Teatro. Tamén contou coa participación das compañías, para o público adulto, Metátese Teatro, con *A saco!*; The Momento Impro, con *Entreliñas* e *Maquinando*; Andaravía Teatro, con *Manifféstate*; Voadora, con *Calypso*; Escola Municipal de Teatro, con Old Town; Aquelando Teatro, con No día a día; e Etiqueta Negra, con *Curtis & Teixeiro*.

Núbebes, IV Festival das

Organizado pola compañía Baobab co apoio do Concello de Pontevedra. Preséntase como un festival de artes escénicas para bebés e familia, con teatro, contos, música, danza e obradoiros. A edición de 2015 celebrouse entre o 16 e o 25 de setembro en distintos espazos da cidade de Pontevedra. Participaron os grupos Caramuxo Teatro, coa peza *Na casa*; Babaluva, con *A alfombra máxica*; Baobab Teatro, con *Martes* e *Roque! Onde está Rufo?*; e Títeres Trompicallo, con *O día que chegou unha nube e choveu*.

Referencias varias:

- Belén López, “Contos con bicos”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 7 setembro 2016, p. 13.

Fala do cuarto Festival de Artes Escénicas para Bebés e Familias, Núbebes, coordinado pola compañía Baobab para o concello de Pontevedra. Conta que traballan con asociación como Amencer-Aspace, Down Pontevedra Xuntos ou Anedia e Asseii que pretenden unha integración total. Informa sobre as distintas actividades que se levarán a cabo e tamén que haberá algunha que outra novidade.

- Cuca M. Gómez, "Entusiasmada con Núbebes", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Gente a diario", "De café con Cuca", 17 setembro 2016, p. 70.

Sorpréndese e aplaude a inauguración deste festival para bebés con Roque de Baobab e Golfiños.

_____, "Un día en las Núbebes", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Gente a diario", "De café con Cuca", 18 setembro 2016, p. 70.

Comenta este festival como boa iniciativa dirixida aos máis pequenos, entre outras actividades.

- Sara Vila, "Núbebes completa o aforo", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Ciudad", 19 setembro 2016, p. 4.

Conta que o Festival de Artes Escénica, Núbebes, tivo lugar na fin de semana con un aforo completo. Comenta que a pesar do bo tempo, o festival tivo moito éxito e que tiveron lugar actuacións de monicreques, contacontos e outras moitas.

_____, "Núbebes ensina a comer", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Ciudad", 24 setembro 2016, p. 11.

Comenta que a programación de Núbebes levada a cabo polas asociacións Anedia e Assei ofreceron un obradoiro coa presenza dun nutricionista para explicarlle ás familias a importancia da alimentación dos nenos. Resalta que os asistentes puideron aprender a cociñar algúns menús saudables, entre eles prepararon unha merenda, unha cea e un tentempé e para beber tiñan laranxada e limonada elaborada de xeito natural. Informa que o festivel de Núbebes continuará con máis actividades.

- Cuca M. Gómez, "Estoy en una 'núbebe", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Gente a diario", "De café con Cuca", 25 setembro 2016, p. 70.

Faise eco do éxito deste festival que conta con numerosas propostas para os máis cativos.

- Sara V. Comesaña, "Os nenos son os protagonistas", *Diario de Pontevedra*, "*Mini Diario*", n.º 545, "reportaxe", 25 setembro 2016, pp. 2-3.

Fala do obradoiro de xogos en familia que tivo lugar no Patronato de Turismo das Rías Baixas no marco da cuarta edición do festival Núbebes, os cativos puideron gozar de obradoiros onde tamén participaban os pais, co obxectivo de demostrar que se pode pasar un bo rato en familia e sen necesidade de xoguetes. Informa ademais que o obradoiro estivo amenizado con música, o festival Núbebes ademais de contar con actividades para que os adultos participen cos nenos conta tamén con contacontos e

teatro, tivo lugar durante dúas fins de semana onde completou o aforo de case todas as súas actividades.

_____, "Último día para gozar do Festival das Núbebes", *Diario de Pontevedra*, "*Mini Diario*", n.º 545, "máis noticias", 25 setembro 2016, p. 3.

Informa do remate deste festival coa sesión de contos "O berce das verbas" e o concerto A Gramola Gominola.

- Cuca M. Gómez, "En la fiesta... de la democracia", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Gente a diario", "De café con Cuca", 26 setembro 2016, p. 78.

Entre outras actividades, apunta a clausura deste festival que se celebrou no Pazo de Cultura de Pontevedra.

Nun Local, IIIº Festival

Iniciativa comunitaria e independente que integra música, teatro, danza, monólogos, cabaret, maxia e poesía. A edición de 2016 tivo lugar o 18, 19 e 20 de novembro no casco vello da cidade e Vigo e contou coa presenza da compañía O Baúl da Tía Tola, con *Estrazalonia*. Para público adulto levouse a escena a peza A *Batalha*, a cargo do Grupo F.

Referencias varias:

- Fernando Franco, "Na carreteira dos Valos", *Faro de Vigo*, "Vigo", "Mira Vigo", 15 outubro 2016, p. 10.

Informa sobre a convocatoria da edición de 2016 de Festival Nun Local para os días 18, 19 e 20 de novembro, na que corenta e seis locais do Casco Vello de Vigo son escenario de actividades teatrais, monólogos, danza, artes visuais, cabaré, maxia e poesía.

_____, "Festival Nun Local: el esfuerzo que nunca se sabe", *Faro de Vigo*, "*estela*", n.º 756, "La última", "Sálvese quien pueda", 20 novembro 2016, p. 16.

Fai un repaso pola historia deste ciclo e recolle palabras do seu fundador sobre a organización e desenvolvemento do mesmo.

Oroso, Outono Cultural de

Organizado polo Concello de Oroso no Centro Cultural de Sigüeiro. A edición de 2016, celebrada durante os meses de outubro, novembro e decembro, incluiu diversas actividades: música, danza, maxia, exposicións e teatro. Representáronse as pezas *Feo!*, a cargo de Caramuxo Teatro; *A alfombra máxica*, de Babaluva; e *Luppo*, de Baobab Teatro. Tamén contou coa presenza das compañías Ateaco, con *Mátame que eu non podo*; Malasombra Teatro, con *D.E.P.*; e 7 magníficos mais Un, con *Bivalvos como galegos*.

Referencias varias:

- Vítor Castro, “Oroso inició el Outono cultural en presencia de 200 personas”, *El Ideal Gallego*, “Betanzos”, “Atalaya mariñana”, 5 outubro 2016, p. 16.

Recolle as palabras do concelleiro de Cultura de Oroso sobre a edición deste ciclo, nas que destacou que “reunir a case douscentos veciños e veciñas con dúas actuacións de maxia e teatro infantil é moi bo comenzo, que agardamos refrendar ao longo dos dous próximos meses” e apunta que este ciclo comporase dun “total de cinco pases, con obras dirigidas a todos los públicos”.

_____, “En las actividades del Otoño Cultural , Oroso iniciará en septiembre un programa infantil”, *El Ideal Gallego*, “Betanzos”, “Atalaya mariñana”, 6 outubro 2016, p. 16.

Informa das actividades do programa Teatro para bebés dirixidas a un público entre 0 e 3 anos. Salienta a posta en escena de *A alfombra máxica* da compañía Babaluva.

Outes, Outono Teatral de

Ciclo organizado polo Concello de Outes. A edición de 2015 celebrouse do 24 de setembro ao 23 de decembro no auditorio da Casa da Cultura. Representáronse as pezas *Tita*, a cargo de Babaluva; *Martes* e *Luppo*, de Baobab Teatro; *Rubicundo*, de Ghazafelhos; e o espectáculo teatro-musical *Animundis: unha viaxe musical para nenos e maiores*, de Animundis. Tamén contou coa participación das compañías, con pezas para o público adulto, Pinchacarneiro Teatro, con *L*; The Momento Impro, con *Maquinando*; Fantoches Baj, con *Os vellos non deben de namorarse*; Chévere, con *Eroski Paraíso*; Teatro do Atlántico, con *O principio de Arquímedes*; Teatro do Morcego, con *Presidente*; Culturactiva, con *Falar sen cancelas*; e Teatro Carauta, con *A principiña*.

Referencias varias:

- M. G., “O Outono Teatral trae a Outes dezaito espectáculos”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 25 setembro 2016, p. 34.

Dá conta do comezo, no día de onte, da edición de 2016 deste ciclo. Informa do lugar e da gratuidade das postas en escena e cita as compañías e pezas que representarán.

_____, “Baobab Teatro presenta hoxe a súa obra ‘Martes”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 22 outubro 2016, p. 36.

Informa da participación de Baobab Teatro con *Martes* e da compañía Traspediante no Outono Teatral de Outes.

Outonoteatro, Ciclo

Organizado polo Concello de Redondela e celebrado no Auditorio da Xunqueira. Na edición de 2016, celebrada dende o 9 de outubro até o 10 de decembro, participaron as compañías Sarabela teatro, con *O secuestro da bibliotecaria*, e EducaTeatro Producións, con *O mundo máxico de Pinocho*.Tamén se representaron as pezas, para público adulto, *Panamericana*, a cargo da compañía A Panadaría; *Os vellos non deben de namorarse* e *O Lazariño de Tormes*, de Teatro do Morcego; *Reposo absoluto*, de Lúa Chea; *A media luz os tres*, de Teatro Fonte da Tella; *Armouse o tole tole*, de Misturat Teatro.

Palas de Rei, XVIIª Mostra Internacional de Teatro Amador "Teatro no camiño de Santiago"

Mostra de teatro afeccionado organizada polo Grupo Metátese Teatro e a sociedade cultural "Orden de donas e cabaleiros do priorado de Vilar de Donas: Os lobos". Levada a cabo a través do Centro de Documentación e Interpretación da Ulloa, esta mostra, que foi creada coa finalidade de achegar o traballo de grupos afeccionados galegos e foráneos, conta asemade coa colaboración do Concello, a Concellería de Cultura e a Deputación. Na edición de 2016, celebrada entre os días 17 de agosto e 4 de setembro, entregouse o Premio Careón á escritora Valentina Formoso Gosende e o Premio Mácara ao actor Pepe Penabade. Representáronse as pezas *Contos de defuntos (e outro asuntos)*, d'A tropa de trapo; e *Estrafalaria*, de Xarope Tulú. Tamén contou coa prezenza dos grupos Obradoiro Municipal de Teatro de Palas de Rei, coa peza *Variedades*; Volta e Dálle Teatro, con *Dura lex* e *Rodesindo da Barbosa*; Folerpas Teatro, con *Intimidades*; Elefante Elegante, con *Fados*; Lusco Fusco, con *Traballos*; Óscar Varela, con *Etiquetas*; Debullando Teatro, con *Oldtown*; Lucecús Teatro, con *A órbita do lucecú*; e Metátese Teatro, con *A saco!*. Ademais, participaron as compañías foráneas Garnacha Teatro (Extremadura), Alhama Teatro (Navarra), La invencible de Villalpardo (Cuenca).

Referencias varias:

- A. R., "El festival de teatro escolar de Palas reunirá el día 9 a más de 200 actores", *El Progreso*, "Comarcas", 5 abril 2016, p. 13.

Fala da presentación dunha nova edición do Festival de Teatro Escolar de Palas de Rei que contará coa presenza da obra *Na corda frouxa* das aulas de teatro de centros escolares da Estrada, Touro e mais Melide.

- María Martínez Guntín, "La XVII Mostra de Teatro Amador de Palas reunirá a más de 350 actores", *El Progreso*, "Comarcas", 12 agosto 2016, p. 10.

Dá conta da presentación do programa da edición de 2016 desta Mostra, detallando as compañías participantes e os galardóns que se entregarán así como as institucións que subvencionaron algunhas delas.

- Ruth Lodeiro, “La Mostra Internacional Teatro Amador de Palas apura sus últimas obras”, *El Progreso*, “A Ulloa”, 30 agosto 2016, p. 13.

Indícase o lugar e a data de representación das obras enmarcadas na mostra.

Redondela, Memorial Juanjo Amoedo, XVIº Festival Internacional de Títeres de

Organizado por primeira vez no ano 2000 polo grupo Tanxarina e o colectivo Erre que erre, conta co patrocinio do Concello de Redondela, a Consellería de Cultura, a Deputación Provincial e a obra social de “La Caixa”, ademais dun grupo de cen pequenos empresarios. Dirixido por Miguel Borines co apoio dos compoñentes do colectivo Xente Titiriteira, ten como obxectivo fundamental o achegamento dos monicreques ao público infantil e amosa as distintas técnicas de manipulación que se empregan actualmente no teatro de marionetas, así como servir de homenaxe a Juanjo Amoedo, falecido en 1999 e promotor desta iniciativa. A edición de 2016 tivo lugar dende o 16 até o 22 de maio e contou coa representación das pezas *Titiricircus*, de Tanxarina; *Barriga Verde e o Muíño da Néboa*, de Títeres Cascanueces; *Luppo*, de Baobab Teatro; *Mirlo & Rula*, de Cinema Sticado; *Im Memoriam*, de El Retrete de Dorian Gray; e *Rumpelstikin, o anano saltarín*, de Títeres Trompicallo. Tamén representaron pezas as compañías foráneas Electric Circus (Holanda), Títeres Pepeluna (Canarias), Teatro Koňmo (República Checa), Teatre La Pendue (Francia), Sofie Krog (Dinamarca), Javier Aranda (Aragón), Galiot Teatre (Cataluña), Efimer (Cataluña), Trukitrek (Cataluña), Lafontana (Portugal), MG Producciones (Cantabria),

Referencias varias:

- N. Álvarez, “Títeres de todo el mundo vuelve un año más a Redondela”, *Faro de Vigo*, “Especial”, “XXX Festa do choco de Redondela”, 6 maio 2016, p. 20.

Comenta que esta edición do festival contará con 27 compañías participantes. Destaca algunhas das actividades que se levarán a cabo e a súa estrutura en tres bloques: programación de sala, programación escolar e programación de rúa.

- Antonio Pinacho, “El Festival de Títeres amplía al Día das Letras Galegas su programación de calle”, *Faro de Vigo*, “Redondela”, “Área metropolitana”, 13 maio 2016, p. 20.

Informa que o XVII Festival Internacional de Títeres “Memorial Juanjo Amoedo” de Redondela amplía a tres xornadas a súa programación de rúa por mor da celebración do Día das Letras Galegas. Destaca que se trata dun dos espectáculos máis importantes do ano no concello e que acolle un total de 81 espectáculos de 26 compañías provenientes de todos os lugares de Europa.

- M. Oliva, “Los títeres tomaron las calles”, *Atlántico Diario*, “Área metropolitana”, “Redondela”, 18 maio 2016, p. 14.

Salienta o éxito das representacións con monicreques realizadas nas rúas de Redondela para celebrar o Día das Letras Galegas e a superioridade do número de compañías

galegas participantes fronte ás chegadas do territorio español e Europa, facendo especial fincapé na proposta de Tanxarina co seu novo espectáculo sobre o mundo do circo, *Titiricircus*. Tamén anuncia o inicio das representacións de sala con Baobab Teatro e a obra *Luppo* e a proposta innovadora dos galegos Cinema Sticado, titulada *Mirlo&Rula*.

- Antonio Pinacho, "Las marionetas saltan a escena", *Faro de Vigo*, "Redondela", "Área metropolitana", 18 maio 2016, p. 12.

Destaca a grande afluencia de público acadada en Redondela coa programación de teatro de monicreques na rúa e salienta a presentación de *Titiricircus*, o novo espectáculo de Tanxarina Títeres, *O conto do vello lobo* de Teatro Konmo, A*venturas do Ratonpérez*, de Títeres Pepeluna, *Barriga Verde e o Muíño da Néboa*, de Cascanueces Títeres e *The Monkey* de Electric Circus. Tamén informa do comezo da campaña escolar coa representación de *Luppo* realizada por Andrea Bayer.

- M. Oliva, "Los títeres danzaron bajo la lluvia", *Atlántico Diario*, "Área metropolitana", "Redondela", 22 maio 2016, p. 20.

Informa de que a choiva non foi problema para a realización das representacións de monicreques na rúa realizadas en Redondela que incluíu un total de doce espectáculos gracias á instalación de cinco carpas xigantes.

Rianxo, Outono Cultural de

Organizado pola Área de Educación, Cultura e Normalización Lingüística do Concello de Rianxo, coa colaboración da Deputación da Coruña e outras entidades. O teatro ocupa un papel fundamental neste programa, onde tamén teñen oco presentacións literarias, exposicións, danza, música etc. Na edición de 2016, celebrada durante os meses de outubro, novembro e decembro, representouse a peza *Xan perillán compra queixo e compra pan*, d'Os Monicreques de Kukas. Tamén participaron as compañías Aporía Escénica, con *30 e tantos ósos*; Centro Dramático Galego, con *Tartufo*; Producións Teatrais Excéntricas, con *Os amores de Jacques o fatalista*; e Talía Teatro, con *Foucellas*.

Referencias varias:

- S. S., "El Outono Cultural llenará el auditorio rianxeiro de muestras, charlas y música", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 27 setembro 2016, p. 38.

Dá conta dalgunha das actividades programadas para Outono Cultural de Rianxo.

Riveira, XIX Mostra de Teatro Infantil de

Mostra de teatro organizada pola Concellaría de Cultura, en colaboración coa Asociación Cultural Alfaia. Nela colaboran alumnos e ANPAs de diversos colexios de Galicia, ademais do Grupo Municipal Infantil de Teatro de Riveira. A presente edición, celebrada durante o mes de maio, participaron, con pezas en galego, o grupo de teatro

do colexio Galaxia, con *A profecía de Nostradamus*; e o grupo de teatro CEIP O Grupo, con *Co cu ao aire*.

Referencias varias:

- S. S., "Siete compañías escolares participan en la Mostra de Teatro Infantil de Ribeira", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 21 maio 2016, p. 36.

Preséntase a programación da decimonovena edición desta mostra na que participarán 300 escolares, profesores e membros das Anpas. Indícase que participarán o grupo do colexio A Milagrosa de Oleiros con *La Pirata Ofelia*; o grupo do colexio Galaxia con *A profecía de Nostradamus*; o colexio Bayón con *Frözen el musical*; o CEIP O Grupo con *Co cu ao aire*; o grupo da Anpa Monte Tahúme do CEIP Olveira con Las almas de la fiesta e a Anpa Bandaseca do CEIP Salustiano Rey Eiras da Pobra con *En el bosque.*

Santa Comba, IIº Ciclo de Teatro

Ciclo de teatro organizado polo Concello de Santa Comba. Na edición de 2016, que tivo lugar entre o 11 e o 28 de novembro, representáronse as pezas *Roedores*, de Redrum Teatro e *Cervantes vs. Shakespeare*, a cargo de A trastenda dos contos. Para público adulto levouse a escena *Cyrano*, a cargo de Teatro Galileo; *Sede de mal*, de Boneca Lareta; e *Habemus Mama*, de Teatro Proscrito.

Referencias varias:

- M. Manteiga, "Programación teatral para Dubra y Santa Comba", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 10 novembro 2016, p. 36.

Anuncia a representación en Dubra de *Bon Appetit* de Ghazafelhos e *Que Deus nos colla confesados* de Tangatutanga. Por outra banda, dá conta do programa de representacións do IIº Ciclo de Teatro Santa Comba.

Sanxenxo, Ciclo de Teatro de Outono de

Organizado polo Concello de Sanxenxo. A edición de 2016 celebrouse do 5 de novembro ao 11 de decembro no Pazo Emilia Pardo Bazán. Contou coa participación da compañía Culturactiva con *Retrincos de Castelao*. Tamén se representaron as pezas *Os vellos non deben de namorarse*, a cargo de Teatro do Morcego; *Unha avoa a catro patas, calcetíns e garavatas, escapa que ven a Paca!!*, do grupo de teatro Club de Xubilados de Portonovo; *Saco roto*, do Club de xubilados e pensionistas de Sanxenxo; e *Cousas de Castelao*, da compañía Os Quinquilláns.

Referencias varias:

- L. Ferreño, “Os vellos non deben namorarse’ marcará el inicio del Ciclo de Teatro de Outono”, *Diario de Arousa*, “Sanxenxo”, 1 novembro 2016, p. 13.

Resume as palabras da concelleira de cultura na presentación do Ciclo, na que indicou que se abrirá coa posta en escena d’*Os vellos non deben de namorarse*, á que seguirán pezas a cargo de grupos afeccionados de Sanxenxo, para pechar o Ciclo compañías profesionais con outras dúas obras de Castelao, *Retrincos* e *Cousas*.

- J. C., “A figura de Castelao, protagonista no novo Ciclo de Teatro de Outono”, *Diario de Pontevedra*, “O Salnés”, “Sanxenxo”, “Cambados”, 1 novembro 2016, p. 18.

Dá conta da presentación do Ciclo, na que a concelleira de cultura destacou que se representarán tres obras de Castelao: *Os vellos non deben de namorarse*, *Retrincos* e *Cousas*, por parte de compañías profesionais, e sinalou ademais que actuarán grupos afeccionados autoctónos coas pezas *Unha avoa a catro patas*, *calcetíns e garavatas, escapa que vé a Paca!*, *Saco Roto* e *Viva o Cuponazo*.

Sarria, Mes do Teatro

Organizado pola Delegación de Cultura do Concello de Sarria. Na edición de 2016, celebrada entre o 16 de outubro e o 27 de novembro, representáronse as pezas *Madame Bechamel e Signora Bolognesa*, a cargo de Trécola; *Retrincos de Castelao*, de Culturactiva; *A orixe*, de Raquel Queizás; e *4 tempos*, de Teatro do Miolo. Ademais, contou coa participación das compañías, para o público adulto, Teatro Ollomao, con *Catro contos*; O Centiño de Foz, con *O caldeiro máxico*; grupo de teatro da biblioteca de Antas de Ulla, con *13 rosas*; Palimoco Teatro, con *Medea Salvaxe*; e Ibuprofeno Teatro, con *A filla de Woody Allen*. Tamén se

Referencias varias:

- A. C. V., “Una decena de obras de teatro amenizarán el otoño en Sarria”, *El Progreso*, “Sarria”, 14 outubro 2016, p. 17.

Nomea, en canto ás representacións para o público adulto, as pezas *Catro contos*, *O caldeiro máxico*, *13 rosas*, *Retrincos de Castelao*, *Medea Salvaxe* e *A filla de Woody Allen*, e para o público infantil, *Madame Bechamel e Signorina Bolognesa*, *A orixe* e *Catro tempos*.

Teatro con G

Programa organizado pola Coordinadora de Equipos de Normalización Lingüística de Ferrol, celebrado no centro cultural Carvalho Calero e no Teatro Jofre. A edición de 2016 celebrouse do 20 de abril ao 14 de xuño. Contou coa participación das compañías Títeres tres globos, con *O sapo encantado*; Caramuxo Teatro, con *Feo!*; Teatro dos Ghazafelhos, con *Nana para un soldado*; CEIP Isaac Peral, con *Mamasiña que medo*; Colexio Ludy, con *A toupiña que quería saber quen lle fixera aquilo na cabeza* e *A pantasma de Canterville*; CPI Atios, con *A moa* e *Xoguetes esquecidos*; Colexio Tirso

de Molina, con *O lobishome*; IES As Telleiras, con *A auténtica vida de Miguel de Cervantes*; IES Sofía Casanova, con *A enferma imaxinaria*; e IES Carvalho Calero, con *Hamliño*.

Teatrofilia, XIIIª Mostra de Teatro Amador de Vedra

Festival de Teatro Amador organizado pola Asociación Cultural Papaventos, coa colaboración do concello de Vedra, FEGATEA e Ullán Teatro. Na edición de 2016, celebrada no Centro Social da Terceira Idade de Vedra dende o 4 até o 20 de marzo, representáronse as pezas *O mar é azul*, da Escola de San Miguel de Sarandón; *Baile*, de Tira e afloxa; *O conto da rá*, de A.C. Cotomanguelo; *Memorias dun neno labrego*, de Abrapalabra Creacións Escénicas; e *Brincacontos*, de Andaravía Teatro. Tamén participaron as compañías, con obras para público adulto, Tira e Afloxa, con *A boticaria*; Andaravía Teatro, con *Manifféstate!* e *Sacho's Show*; Escola Municipal de teatro de Muxía, con *O velorio de Antón Carballo*; Axóuxere Teatro, con *Chou mas go on*; Aula de teatro do C.P.I de Vedra, con Ligues e outros líos; A.C. Cotomanguelo, con Cita case a cegas; Disfunción Continua Teatro, con Teimas; Farrapo Teatro, con *Frío*; Martabelas Teatro, con *Mullerebillosas*; e Marañao Teatro, con *Inmortal*.

Referencias varias:

- M. T., "O cartaz de Teatrofilia será unha obra de Teresa Saco", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 23 xaneiro 2016, p. 34.

Sinala que a asociación Cultural Papaventos escolleu o deseño de Teresa Saco para a vindeira edición da mostra.

_____, "Claudia Dorelle recibió el accésit de Teatrofilia por el mejor cartel infantil", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 24 xaneiro 2016, p. 33.

Destaca que a asociación Cultural Papaventos premiou o deseño de Teresa Saco e que, Claudia Dorelle, natural de Vedra, recibiu o accésit polo mellor cartel infantil.

- C. G., "Más de diez compañías actuarán en marzo en la muestra Teatrofilia", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 2 febreiro 2016, p. 27.

Faise eco do anuncio da programación deste espectáculo por parte da Asociación Cultural Papaventos e indica que terá lugar no Centro Sociocultural de Vedra. Dá conta das obras e grupos que participarán.

- M. T., "Teatrofilia arranca o día 4 con 'Memorias dun neno labrego' en Vedra", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 24 febreiro 2016, p. 29.

Comenta esta edición de Teatrofilia, que comezará o 4 marzo de 2016, contará, entre outras, coas representacións de *Memorias dun neno labrego*, *A boticaria*, *Manifféstate!* ou *O velorio de Antón Carballo.*

_____, “Teatrofilia arranca el viernes 4 de marzo con la pieza ‘Memorias dun neno labrego’ en Vedra”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 27 febreiro 2016, p. 31.

Informa da celebración desta mostra por parte da Asociación Papaventos e dá conta do seu programa. Engade que todas as representacións se ofrecerán na Casa da Terceira Idade.

- C. B., “Chega á mostra de Vedra ‘A boticaria’ e ‘Manifféstate!”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 5 marzo 2016, p. 32.

Informa sobre o programa de actuacións desta mostra e que se desenvolverán no Centro Sociocultural de Vedra.

_____, “Teatrofilia levantou o seu telón lembrando a Neira Vilas”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 6 marzo 2016, p. 33.

Dá conta do recoñecemento que se lle fixo na mostra a Xosé Neira Vilas, morto o pasado ano. Tamén engade que Cándido Pazó representou *Memorias dun neno labrego*.

- M. T., “Última sesión de Teatrofilia este fin de semana”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 16 marzo 2016, p. 34.

Anuncia as últimas representacións da mostra de teatro a cargo de Farrapo Teatro con *Frío*, Martabelas con *Mullerebillosas*, Andaravía Teatro con *Sacho's Show* e Marañao Teatro con *Inmortal*.

_____, “Teatrofilia llega a su recta final con tres sesiones”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 19 marzo 2016, p. 32.

Dá conta do peche da décimo terceira edición da mostra coa representación de *Inmortal* pola compañía Marañao Teatro.

_____, “Sacan las bases del concurso de carteles para anunuciar Teatrofilia”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 27 outubro 2016, p. 33.

Informa da publicación da convocatoria para concorrer ao concurso de cartaces da edición de 2016 deste ciclo teatral e detalla as bases da convocatoria.

_____, “Convocan el concurso de carteles de Teatrofilia”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 13 novembro 2016, p. 29.

Informa da convocatoria do concurso de carteis para anunciar a XIV Mostra de Teatro Amador de Vedra, Teatrofilia, impulsado pola Asociación Cultural Papaventos. Engade que haberá un accésit para premiar o mellor cartel infantil.

_____, “El concurso de carteles para anunciar Teatrofilia termina el 10 de enero”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 7 decembro 2016, p. 28.

Detalla as bases da convocatoria para participar no concurso de carteis para a catorce edición de Teatrofilia.

Ti-tiritando de emoción, IXª Mostra de títeres

Mostra organizada polo Concello de Riveira. A edición de 2016, celebrada durante o mes de abril no auditorio municipal, contou coa presenza das compañías galegas Títeres A Xanela do Maxín, coa peza *Chincha Rabincha*; e Títeres Alacrán, con *Os soños na gaiola*. Tamén estivo presente a foránea Hilando Títeres (Madrid).

Referencias varias:

- S. S., "Cinco espectáculos integran la IX Mostra de Monicreques Titiritando de Emoción", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 30 marzo 2016, p. 36.

Preséntase a programación desta mostra, enumerando as compañías participantes e aas obras que se representarán: *Chincha Rabincha* de Títeres A Xanela do Maxín; *Os soños na gaiola*, de Títeres Alakrán; *Vacaciones en el mar* de Mircromina Títeres, *Alicia en el país de las maravilla*s de Hilando Títeres e *The Piccole Theatre* de Marionetas Trécola.

Titirideza

Festival de títeres organizado por Viravolta Títeres celebrado no auditorio Municipal da capital do Deza, Lalín, e nas rúas e prazas desta cidade, que conta ademais cunha edición específica celebrada durante os carnavais, o Titerentroido. A edición de 2016, celebrada durante o mes de setembro, contou coa participación das compañías Títeres Alakrán, con *Barriga Verde ataca de novo*; e Viravolta Títeres, con *Barriga Verde*. Tamén participaron as compañías foráneas Xarop Teatre (Castellón), La Tirita de Teatro (Albacete) e Alauda Teatro (Burgos).

Referencias varias:

- Fran Brea, "Titirideza reúne a cinco compañías y ofrecerácuatro días de funciones", *Diario de Pontevedra*, "Deza", "Lalín", "Silleda", 8 setembro 2016, p. 25.

Presenta a programación da decimoquinta edición deste festival no que participarán cinco compañías: Xarop Teatro, Tropos-La Tirita de Teatro, Títeres Alakrán, Viravolta Títres e Alauda Teatro.

Titiriberia, Ciclo de Teo

Organizado pola Asociación Cultural Morreu o Demo para a Recuperación do Títere Tradicional Galego coa colaboración da Deputación de A Coruña e do Concello do Teo. A edición de 2016 celebrouse os días 7, 8 e 9 de decembro. Contou coa participación das compañías Títeres Alakrán, con *Barriga Verde ataca de novo*; e Viravolta Títeres, con *Vida, crimes e prisión de Toribio de Mañón*. Tamén participaron as compañías

foráneas RedCloud Teatro de Marionetas (Portugal), Titelles Vergés (Cataluña), Siesta Teatro (Granada), Títeres desde Abajo (Granada),

Referencias varias:

- Sol Elvira, "El títere de cachiporra hace escala en el Pazo de Liñares", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 6 decembro 2016, p. 32.

Comenta que o Museo Galego da Marioneta ubicado no Pazo de Liñares en Lalín contará cunhas mostra de bonecos antigos e co espectáculo de Titelles Vergés enmarcado no proxecto do chamado títere popular de cachiporra ao que se lle rende homenaxe no Festival Titiribeira. Anuncia que aproveitando a presenza de varias compañías estatais en Galicia Terán lugar varios espectáculos das dúas compañías con raíces na tradición europea. Finalmente anuncia que en diferentes locais de Teo haberá espectáculos e actividades para os escolares.

- M. M., "La violencia en los títeres, a análisis en Titiriberia-Teo", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 7 decembro 2016, p. 28.

Anuncia una mesa redonda sobre a violencia nos títeres en Titiriberia.

- O. D. Vilar, "Critican la representación en Teo de titiriteros detenidos por la Audiencia", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 11 decembro 2016, p. 30.

Da conta da crítica que recibe o concello por anunciar de maneira pouco conveniente a actuación da compañía Títeres desde abajo, no Festival Titiribeira, por estar formada por membros que foron encarcerados por enaltecemento do terrorismo.

- Emma Araújo, "Teo acoge el festival Titiribeira con 7 obras y foros sobre títeres", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Agenda", "Para todos los públicos", "Artes escénicas", 1 decembro 2016, p. L10.

Comenta que o municipio de Teo acolle a primeira edición do festival Titiribeira organizada pola asociación cultural Morreu o Demo. Da conta dos días e horarios do espectáculo e tamén anuncia que haberá charlas e talleres. Informa tamén sobre outros actos diversos como danzas, exposicións, concertos e outras moitas actividades.

- N. Noguerol e E. Araújo, "Los titiriteros encarcelados y exonerados por la Audiencia Nacional actuarán en Teo", *La Voz de Galicia*, "Galicia", 1 decembro 2016, p. 12.

Fala da medida que anuncia Goretti Sanmartín no festival Titiribeira de que se cumpra a lei de igualdade debido a polémica que afecta ao Concello de Melide e a Deputación da Coruña por financiar un espectáculo que roza o erotismo. Comenta que o festival Titiribeira está formado por titiriteiros que permaneceron encarcerados e posteriormente foron exonerados.

Titirinoia

Ciclo de títeres organizado polo concello de Noia coa colaboración da Deputación da Coruña. A edición de 2016 tivo lugar o 12 e 13 de agosto. Contou coa participación das compañías galegas Os Quinquilláns, con *Simbad a e serea*; Fantoches Baj, con *Rei, rei?*; e Anxo Moue e Servando Barreiro, con *A música das árbores*. Tamén participaron as compañías foráneas Partículas Elementales (Portugal) e Bigolis Teatre (Cataluña).

Referencias varias:

- S. S., "Arranca en Noia el festival Titirinoia, con seis espectáculos", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 12 agosto 2016, p. 34.

Anuncia os espectáculos da primeira sesión do festival: *Simbad e a serea*, *A música das árbores* e *Rei, Rei?*

- Suso Souto, "Fin de semana con animación y gastronomía en 6 concellos", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 13 agosto 2016, p. 37.

Entre outras actividades da fin de semana, apunta que se representarán neste festival dúas pezas de compañías teatrais de fóra de Galicia Partículas Elementales e Bigolis Teatre.

Tomiño, Outono Cultural

Organizado polo Concello de Tomiño. A edición de 2016, celebrada durante os meses de outubro e novembro no Auditorio de Goián incluíu concertos, cinema, teatro e exposicións. Representouse a peza *Retrincos de Castelao*, de Culturactiva. Tamén participaron as compañías Teatro do Morcego, con *Os vellos non deben de namorarse*; Malasombra Teatro, con *Go on!*; e Carlos Blanco e Luis Davila, con *Menú da noite* e *Menú do día*.

Todo Público, Ciclo

Ciclo de teatro organizado polo colectivo "Todo Público" no que se representan unha serie de obras coa finalidade de achegar as artes escénicas aos máis pequenos. A edición de 2016 tivo lugar do 15 de outubro ao 17 de decembro no Fórum Metropolitano. Contou coa presenza das compañías galegas Eme2 Producións&Arte, con *Jim e a illa do tesouro*; Caramuxo Teatro, con *Pavillón Lino*; Matrioshka Teatro, con *As fillas de Manawee*; e Pérez&Fernández, con *O poder de Amabel*. Tamén participaron as foráneas Compañía Roberto G. Alonso (Cataluña), Cándido Producciones Teatrales (Zamora), Teatro Paraíso (Euskadi), Los Farrés (Cataluña), Marie de Jongh (Euskadi), La Baracca (Italia) e Gorakada (Euskadi).

Referencias varias:

- Ángela Fontao, "La antesala de un otoño sobre las tablas", *La Opinión*, "A Coruña", "Ciudad y Cultura", 31 agosto 2016, p. 11.

Anuncia que o centro sociocultural Ágora e o Fórum Metropolitano acollerán unha programación escénica que contará con tres ciclos, Bebescena, Forumáxico e Todo Público. Comenta en que consiste cada un deses ciclos e cando terán lugar así como tamén o prezo das entradas e onde se poderán adquirir.

Vedra, Circuito Galego de Teatro Amador de

Organizado pola Asociación Cultural Papaventos, coa colaboración da Federación Galega de Teatro Afeccionado (FEGATEA) no centro sociocultural de Vedra. Na edición de 2016, celebrada entre o 30 de setembro e o 21 de outubro, representouse a peza *Cling*, a cargo de Trécola Teatro. Tamén participaron as compañías Andaravía Teatro, coa peza *Sacho's Show*; Chumpá Teatro, con *A nosa vila*; e grupo de teatro da biblioteca de Antas de Ulla, con *13 rosas*. Tamén se representou a peza, para público infantil, *Cling*, a cargo de Trécola Teatro.

Referencias varias:

- M. Toledo, "Andaravía levantó el telón del circuito de Teatro Amador", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 4 outubro 2016, p. 28.

Comenta a edición de 2016 do ciclo que se celebra en Vedra dende o venres pasado. Dá conta do éxito da peza inaugural e informa das demais pezas que se representarán, das datas, lugares e prezo das entradas.

- M. T., "Clausuran hoy en Vedra el ciclo de teatro amador", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 21 outubro 2016, p. 32.

Informa da clausura do ciclo de teatro amador en Vedra coa obra *Cling* por Trécola Teatro.

Vigo, VIIª Xornadas Municipais de Teatro Escolar

Xornadas organizadas polo concello de Vigo. Celébranse durante tres semanas do mes de maio. A edición de 2016 tivo lugar os días 4, 5, 9, 10 e 18 de maio no Auditorio do Concello de Vigo. Representáronse as pezas *Día e noite*, do CEIP Frian; *De excursión* e *O mozo Quixote*, da Escola Municipal de Teatro; *A ratiña presumida*, do CEIP Valle-Inclán; *Restaurante Farruco*, do CEIP Carballal-Cabral; *Paco Papán*, do CEIP Lope de Vega; *Os antollos da Margarida*, do CEIP Pintor Laxeiro; *Cecilia busca o seu sitio*, do CEIP Belesar; *Aventuras e desventuras dunha espiña de toxo*, do CEIP Seis do Nadal; *Cun pouco de axuda*, do CEIP Sobreira; e *O principiño*, do CEIP Mestres Goldar.

Vila de Sarria, VIª Semana de Teatro Cómico

Xornada teatral celebrada na Casa da Cultura da vila de Sarria. A edición de 2016, celebrada do 12 ao 14 de agosto, contou con seis representacións. Destinada para o

público infantil, *Cantos contos contas*, a cargo de Culturactiva. Tamén participaron as compañías Lila Teatro, coa peza *Bestiario Estrafalario*; Aula de Teatro do Concello de Sarria, con *Adaptación disparatada da Asamblea de Mulleres de Aristófanes*; Abrapalabra Creacións Escénicas, con *As do peixe*; e Boneca Latera, con *Filosofando*.

12 doces de outono, Ciclo

Ciclo teatral e musical para un público infantil e familiar que se celebra de xeito gratuito os domingos en doce Centros SocioCulturais de Santiago: Ensanche, Santa Marta, Vite, Amio, Fontiñas, Rocha, Conxo, Castiñeiriño, A Gracia, Marrozos, Lavacolla e Laraño. No ano 2016 participaron as compañías Teatro dos Ghazafelhos, con *Acuario*; Teatro Babaluva, con *Tita*; Títeres Trompicallo, con *Jiñol*; Gloria Mosquera e Magín Blanco, con *O caderno dos afectos*; Fantoches Baj, con *Tío miseria*; Up2Down con Pistacatro, coa peza *Traspediante*; Fátima Villamel, con *Tirar do fío*; Mariza Basso, con *O sitio dos obxectos*; Talía Teatro, con *Rosa Caramelo e outras historias*; Percubebés, con *Veu por aquí e marchou por alá*; e Chus Álvarez, con *Continentes*.

VII.3.2.2 ESTREAS

VII.3.2.2.1 GRUPOS ESTÁBEIS E PROFESIONAIS

Títeres **Alakrán**: *Os soños na gaiola*, dirección Roi Vidal

Ver Cultura no Camiño, Ciclo
Ver Escena en Familia
Ver Galicia Escena Pro, IVª Mostra de artes escénicas
Ver Galicreques, XXI Festival Internacional de Títeres
Ver MIT, XXXIIª Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia
Ver MOTI, XIIIª Mostra de Teatro Infantil de Ourense
Ver Ti-tiritando de emoción, IXª Mostra de títeres

Referencias varias:

- ECG, "Títeres para Brión con 'Os soños na gaiola', de Alakrán", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 1 abril 2016, p. 33.

Informa da estrea desta peza para monicreques no centro social de Brión.

- Jesús Trillo, "El teatro es el plato fuerte de las actividades que hay en Cee", *El Correo Gallego*, "Navidad en costa da morte", "costa da morte", 22 decembro 2016, p. 40.

Dentro da programación do Nadal do Concello de Cee, saliéntase a posta en escena desta peza teatral.

- ECG, "Marionetas para toda la familia en la sala de la SGAE", *El Correo Gallego*, "Santiago", 23 decembro 2016, p. 29.

Comenta que a Fundación SGAE recibe o Nadal con unha ampla programación dirixida para toda a familia, entre as obras destacadas están, *O Apalpador contra o ladrón de xoguetes* que ven da man de Títeres Cachirulo, *Os soños na gaiola* de Títeres Alakrán, entre outras moitas.

Baobab Teatro: *Roque! Onde está Rufo?*

Ver Núbebes, IV Festival das

Títeres **Cachirulo** (1): *Bala perdida*, texto orixinal Manuel Rivas, dirección e adaptación Lino Braxe e Jorge Rey

Ver Escena en Familia
Ver Galicreques, XXI Festival Internacional de Títeres

Referencias varias:

- José Manuel Ramos, "Vimianzo e Carballo vístense de estrea con 'Bala perdida' e 'Postal", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 11 marzo 2016, p. 38.

Comenta a estrea no auditorio de Vimianzo desta obra de teatro baseada na novela homónima do escritor Manuel Rivas, quen agradece o labor de adaptación que se levou a cabo para darlle vida aos personaxes que el creara. Tamén se fala doutros espectáculos musicais que complementarán a programación da fin de semana na Costa da Morte.

- M. García, "Los piratas de Manuel Rivas llegan con 'Bala perdida", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Agenda", "Para todos los públicos", 19 marzo 2016, p. L11.

Informa do elenco de actores e do argumento desta peza que se representará en Santiago de Compostela na Fundación SGAE.

Títeres **Cachirulo** (2): *O Apalpador contra o ladrón de xoguetes*

Referencias varias:

- ECG, "Marionetas para toda la familia en la sala de la SGAE", *El Correo Gallego*, "Santiago", 23 decembro 2016, p. 29.

Comenta que a Fundación SGAE recibe o Nadal con unha ampla programación dirixida para toda a familia, entre as obras destacadas están, *O Apalpador contra o ladrón de xoguetes* que ven da man de Títeres Cachirulo, *Os soños na gaiola* de Títeres Alakrán, entre outras moitas.

- Ana Iglesias, "Ilusionismo, títeres y varias fiestas de fin de año 'adelantadas", *El Correo Gallego*, "Santiago", 30 decembro 2016, p. 26.

Fala do Galicia Magic Fest, a I Gala Internacional de Ilusionismo que tivo un grande atractivo na cidade compostelá, o espectáculo presentado polo mago galego Pedro Volta durou dúas horas. Informa que por outra banda, a fundación SGAE volverá a representar o espectáculo infantil *O Apalpador contra o ladrón de xoguetes* a cargo da compañía Titeres Cachirulo.

Caramuxo Teatro (1): *Pavillón Lino*

Ver Galicia Escena Pro, IVª Mostra de artes escénicas
Ver MOTI, XIIIª Mostra de Teatro Infantil de Ourense
Ver Negreira, Ciclo de Teatro de
Ver Todo Público, Ciclo

Referencias varias:

- Enrique Carballo, “Laura Sarasola. ‘Contamos unha historia que lembran os anos gloriosos do pavillón Lino”, *La Opinión*, “A Coruña”, 24 xaneiro 2016, p. 13.

Conversa con Laura Sarasola, actriz e codirectora desta obra, onde fala do proceso de creación, da historia que relata, da estética utilizada e da función didáctica que intenta manter, mais tendo presente que, ante todo, debe primar o goce do público.

- M. T., “Música, cine y teatro durante el mes de abril en Arzúa”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 13 abril 2016, p. 34.

Entre outras actividades, informa da posta en escena desta peza no Recinto Feiral Terra do Queixo.

- M. Manteiga, “Caramuxo Teatro ‘rescata’ o Pavillón Lino este venres”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Ames”, 20 abril 2016, p. 31.

Indica que Caramuxo Teatro rescata nesta peza teatral o Pavillón Lino, edificio de arquitectura modernista na Coruña que foi testemuña da primeira representación do Conservatorio Nacional de Arte Galega.

Caramuxo Teatro (2): *Na casa*

Ver Núbebes, IV Festival das

Culturactiva: *Retrincos de Castelao*, texto e dirección Diego Rey

Ver Aguiño, VIIIª Mostra de Teatro Afeccionado Francisco Lorenzo Mariño
Ver Buxiganga, Circuítos
Ver Cultura no Camiño, Ciclo
Ver Laxe, Xª Mostra de Outono de Teatro do Concello de
Ver Sanxenxo, Ciclo de Teatro de Outono de
Ver Sarria, Mes do Teatro
Ver Tomiño, Outono Cultural

Referencias varias:

- M. R., “El auditorio de Vilalba acoge un musical infantil y una pieza teatral sobre Castelao”, *El Progreso*, “A Chaira”, 14 setembro 2016, p. 12.

Dá conta da programación cultural da vila onde se inclúe a posta en escena da peza *Retrincos de Castelao*, aproximación humorística á obra do autor a través dun texto de Diego Rei.

- J. M. R., “Carlos Blanco e O Bichero chegan co ‘Menú da fala”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 17 novembro 2016, p. 37.

Anuncia a representación en Vimianzo das pezas *Retrincos de Castelao* e *Os contos de Barriga Verde*.

- M. M. O., "A capital xalleira acolle 'Retincos' de Castelao mañá", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 11 decembro 2016, p. 30.

Informa da posta en escena da peza por Culturactiva dentro do Outono Cultural da Deputación da Coruña.

- J. Trillo, "El teatro, gran protagonista en el Nadal Cultural de Cee", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 15 decembro 2016, p. 36.

Anuncia a representación de *Retrincos* de Culturactiva no Nadal Cultural de Cee.

- S. S., "Centos de alumnos nas dúas obras con 'selos' de Castelao e de Manuel María", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 18 decembro 2016, p. 34.

Dá conta da asistencia á posta en escena desta peza teatral en Ribeira.

Culturactiva: *O conto de Barriga Verde*

Ver DAC-Outono Cultural, Ciclo

Referencias varias:

- J. M. R., "Carlos Blanco e O Bichero chegan co 'Menú da fala", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 17 novembro 2016, p. 37.

Anuncia a representación en Vimianzo das pezas *Retrincos de Castelao* e *Os contos de Barriga Verde*.

- S. S., "Centos de alumnos nas dúas obras con 'selos' de Castelao e de Manuel María", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 18 decembro 2016, p. 34.

Informa do éxito de representación das pezas *Retrincos*, baseada na obra de Castelao, e *O conto de Barriga Verde*, baseada en textos de Manuel María.

Daboapipa: *Contos e lerias*, dirección Vero Rilo

Ver Begonte, IVº Ciclo de Teatro de
Ver Cultura no Camiño, Ciclo

Educa Teatro Producións: *O mundo máxico de Pinocho*

Ver Outonoteatro, Ciclo

Referencias varias:

- Concha Gómez, “O mundo máxico de Pinocho’ chega a Redondela”, *Atlántico Diario*, “Área metropolitana”, “Redondela”, 6 outubro 2016, p. 17.

Fala de que a compañía Educateatro Producións estrea a obra *O mundo máxico de Pinocho* en Redondela que contará con dúas funcións no Multiusos da Xunqueira. Comenta que foi un dos vinte e nove proxectos seleccionados na convocatoria pública de axudas á produción escénica galega.

- Antonio Pinacho, “Pinocho vuelve a la vida en Redondela”, *Faro de Vigo*, “Redondela”, 6 outubro 2016, p. 14.

Comenta que a compañía Educateatro representa en Redondela unha nova peza do seu repertorio, *O mundo máxico de Pinocho*, unha adaptación ao conto de Carlo Collodi, que trata de divertir aos máis pequenos introducindo música, novos personaxes e novas técnicas, así como ilusión e maxia. Resalta que non foi fácil resumir a obra de trinta e seis capítulos en setenta minutos. Finalmente anuncia o día, a hora e o prezo de entrada da representación.

- Fran Brea, “La oferta cultural de A Estrada consigue llenar el Teatro Principal”, *Diario de Pontevedra*, “Deza”, “Tabeirós”, 14 outubro 2016, p. 25.

Comenta que o concello de A Estrada presume de programación cultural no Teatro principal que tivo unha resposta masiva por parte do público. Informa que acollerá tamén a obra da compañía Educateatro, *O mundo máxico de Pinocho*, no que prevén unha gran afluencia de xente xa que unha vez anunciada a obra xa se venderon duascentas entradas. Informa tamén que o concello esgotou as entradas para a comedia La Reina de las Nieves.

- M. Rodríguez, “La historia de Pinocho sobre las tablas”, *La Opinión*, “A Coruña”, “Ciudad y Cultura”, “Agenda fin de semana”, 11 novembro 2016, p. 10.

Informa que o centro Ágora acolle a representación da obra *O mundo máxico de Pinocho* da compañía Educateatro, a obra está contada a través dos ollos de Pepito Grillo. Comenta que é unha función que mestura diferentes técnicas como teatro musical, danza, maxia e ilusións de sombras.

- ECG, “O mundo máxico de Pinocho’ chegará na tarde do sábado ao teatro da Salle”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 22 novembro 2016, p. 21.

Comenta que a compañía Educateatro Producións chega a Santiago coa obra O mundo máxico de Pinocho, unha representación que mestura música maxia, piano e sombras chinas. Informa que a entrada do espectáculo se repartirá un marcapáxinas e que ao rematar os asistentes poderán sacar foto cos personaxes.

- Cuca M. Gómez, “Los premios Cogami 2016”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, 18 decembro 2016, pp. 94-95.

Infórmase de que se levaron a cabo dúas representacións desta obra no Pazo da Cultura de Pontevedra.

- F. D., "Actuación de la coral en la Veracruz", *La Región*, "*Nadal nas Comarcas de Ourens*e", "Nadal en O Carballiño", "Música y teatro", 23 decembro 2016, p. 25.
No marco das actividades programadas durante o Nadal no Carballiño, informa da representación desta peza no Auditorio.

Elefante Elegante (1): *Danza da Choiva*, texto e dirección María Torres e Gonçalo Guerrero

Ver Cultura no Camiño, Ciclo

Recensións:

- María Hermida, "Teatro para rir... e pensar", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Niños", "Agenda", 23 decembro 2016, p. 22.

Fala da compañía galego-portuguesa Elefante Elegante, que pretende mostrarlle aos máis pequenos o teatro pero dunha maneira especial, poñéndoos a pensar. Comenta sobre esta compañía, cando comezaron a poñerse en marcha. Resalta que é unha compañía que, a parte de facer rir aos nenos, trata de ensinarlles temas como o cambio climático ou a emigración. Conta que os nenos ás veces métense tanto nas obras que teñen reacción dignas de contar.

Referencias varias:

- A. Ferreira, "Elefante Elegante se presenta en el teatro municipal tudense", *Atlántico Diario*, "Área metropolitana", "Baixo Miño", 3 novembro 2016, p. 19.

Fala do espectáculo presentado pola compañía Elefante Elegante no Teatro Municipal de Tui, que se trata dunha montaxe dirixida a un público familiar a partir do tres anos. Comenta que é una obra na que se mesturan danza, música, interacción con obxectos e títeres.

- Ángeles Rodríguez, "Ata a chegada dos Reis", *O SIL*, "*Especial Nadal Decembro 2016*", "O Barco", p. 43.

Entre as actividades do Nadal, anuncia a posta en escena desta peza teatral no Teatro Lauro Olmo do Barco de Valdeorras.

- S. N., "Para o público familiar", *La Región*, "*Nadal nas comarcas de Ourense*", "Nadal en O Barco", "Programa", 23 decembro 2016, p. 73.

Dá conta da representación da peza no Barco, no marco da programación de Nadal.

Elefante Elegante (2): *O rueiro das liortas*, texto e dirección María Torres e Gonçalo Guerrero

Ver DAC-Outono Cultural, Ciclo
Ver FalaRedes

Fantoches Baj (1): *O Asombro de Manuel María*

Referencias varias:

- F. D., "Teatro, cancións e diversión infantil", *La Región*, "*Letras Galegas 2016*", "O Barco de Valdeorras", "Programa", 17 maio 2016, p. 23.

Informa da posta en escena desta peza no Teatro Laura Olmo, no marco das actividades programadas para festexar o Día das Letras Galegas.

Fantoches Baj (2): *O castiñeiro do Apalpador*

Referencias varias:

- M. M., "Teatro, cine y talleres centran el programa navideño de Castro", *El Progreso*, "A Chaira", 21 decembro 2016, p. 22.

Presenta a programación de Nadal de Castro de Rei no que se poderá gozar de teatro, cine e talleres. Resalta que entre outras moitas representarase a obra teatral "O castiñeiro do Apalpador", tamén acollerá a visita do mago David e a visita dos Reis Magos.

Teatro dos **Ghazafelhos***: Rubicundo*, adaptación Pepablo Patiño

Ver Narón e Ferrol, Mostra de Teatro Infantil e Xuvenil de
Ver Outes, Outono Teatral de

Referencias varia:

- Ángeles Rodríguez, "Ata a chegada dos Reis", *O SIL*, "*Especial Nadal Decembro 2016*", "O Barco", p. 43.

Entre as actividades do Nadal, anuncia a posta en escena desta peza teatral no Teatro Lauro Olmo do Barco de Valdeorras.

- S. N., "Para o público familiar", *La Región*, "*Nadal nas comarcas de Ourense*", "Nadal en O Barco", "Programa", 23 decembro 2016, p. 73.

Dá conta da representación da peza no Barco, no marco da programación de Nadal.

Monicreques de **Kukas**: *O encoro enmeigado (das fragas do Eume)*, texto Marcelino de Santiago Viqueira, dirección Isabel Rei Pousada

Ver Festea, Iº Ciclo de Teatro de Obxectos e Monicreques

Referencias varias:

- Ana Iglesias, "Marionetas y musicales, entre los atractivos de la agenda lúdica infantil", *El Correo Gallego*, "Santiago", 28 decembro 2016, p. 24.

Comenta que as marionetas son un dos maiores atractivos das axendas lúdicas infantís, entre elas destaca a proposta de Kukas que presentou *Encoro enmeigado (das Fragas do Eume)*, e a representación de *Os tres porquiños*, ademais a programación inclúe propostas musicais entre as que destacan o Nadal Rock. Destaca tamén o conto musical infantal Tic tac toc, con Pablo Díaz e finalmente anuncia a chegada do espectáculo de Disney coas representación de *Frozen, O Rey León* e outras moitas.

Larraitz Urruzola Producións Artísticas: *A viaxe de Rosalía*, dirección Lucho Penabade

Ver FalaRedes

Referencias varias:

- R. Verdú, "A diversidade de actos pon de relevo a pervivencia de Rosalía", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 22 febreiro 2016, p. 25.

Entre outras novas, informa representación desta peza destinada a nenos e nenas mayores de seis anos, no marco das actividades programadas para conmemorar o nacemento de Rosalía de Castro.

- R. L., "A historia de Rosalía de Castro en monicreques chega hoxe a Lugo", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 2 marzo 2016, p. 62.

Sinala que a compañía teatral de Lirraitz Urruzola presenta o espectáculo *A viaxe de Rosalía* dentro da programación "Rosalía sempre viva" organizada pola Área de Cultura da Deputación de Lugo.

- C. G., "A viaxe de Rosalía' chega ao multiusos de Frades mañá", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 4 marzo 2016, p. 33.

Anuncia que o pavillón de Frades acollerá a representación desta obra, que terá unha duración de 45 minutos e dirixida a un público a partir dos seis anos.

- Víctor Castro, “Frades conmemora mañana los Días de la Mujer y Rosalía”, *Diario de Ferrol*, “Área metropolina”, “Atalaya mariñana”, 4 marzo 2016, p. 16.

Informa da acollida deste espectáculo de monicreques no Concello de Frades, como parte da programación que conmemora o Día de Rosalía de Castro e o Día da Muller. Ademais, tamén fala brevemente de como se estrutura a obra e do elenco que participa na mesma.

Limiar Teatro: *O conto da Azuzaina*

Ver Galicia Escena Pro, IVª Mostra de artes escénicas

Referencias varias:

- M. M., “La sala-circo referente en España arropa la nueva obra de los vigueses Limiar”, *Faro de Vigo*, “Tv/Espectáculos”, 27 xaneiro 2016, p. 55.

Dáse conta da estrea da nova obra de Limiar Teatro e indícase que pretende achegar aos máis pequenos temáticas complexas (orfandade, divorcio e adopción). Coméntanse as actuacións previstas e recóllense as declaracións de Fran Núñez sobre a peza.

- Marta Becerra, “Una Navidad muy activa”, *El Progreso*, “Lugo”, “El despertador”, 27 decembro 2016, p. 9.

Fala da programación de Nadal que acolle a cidade luguesa onde no Auditorio Gustavo Freire se representan obras como *O conto de Azuzaina*, a cargo de Limiar Teatro. Tamén conta con talleres navideños e con espectáculos de maxia. Finalmente anuncia que terá lugar o Campamento de Xadrez de Nadal.

Lucecús Teatro: *A verdadeira historia de Manuel de Paderna*

Referencias varias:

- Vanesa Bran, “Lucecús Teatro estrena el día 11 en Vilalba una obra en honor a Manuel María”, *El Progreso*, “A Chaira”, 4 marzo 2016, p. 14.

Sinala que a obra está protagonizada por un personaxe que aparece nalgún dos libros de Manuel María. Recolle as palabras do edil de cultura e dos membros da compañía. Destaca que a intención da peza é a de achegar os textos do escritor chairego ao público dun xeito diferente e divertido.

- María L. Viñas, “Dezasete poemas de Manuel María viaxarán nos 50 buses de Lugo no mes de maio”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 30 marzo 2016, p. 43.

Entre outras actividades, anuncia esta representación teatral do grupo Lucecús.

- M. R., “Lucecús Teatro lleva a Pol y a Reigosa una representación sobre la vida de Manuel María”, *El Progreso*, “A Chaira”, 1 agosto 2016, p. 10.

Anuncia que a compañía Lucecús realizará varias representacións baseadas na vida do poeta Manuel María, a través da peza teatral A *verdadeira historia do poeta Manuel de Paderna*. Informa que a primeira actuación será na piscina municipal de Mosteiro, no concello de Pol e a seguinte será na parroquia pastoricense de Rigueira, ambas as dúas contaron coa colaboración da área de cultura da Deputación Provincial de Lugo.

- Marta Becerra, “La escena alegra las calles”, *El Progreso*, “Lugo”, “El despertador”, 15 agosto 2016, p. 4.

Informa da posta en escena desta peza teatral dentro do programa Cultura no Camiño.

Luis Vallecillo: *O bigote de Mimí*

Ver Galicreques, XXI Festival Internacional de Títeres

Mamá Cabra: *15 primaveras*

Ver Cultura no Camiño, Ciclo

Referencias varias

- C. B., “Mama Cabra abre el mes de ayuda al pueblo saharaui”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 10 abril 2016, p. 34.

Anuncia a posta en escena desta actuación dentro do Mes Cultural de Axuda ao Pobo Saharaui.

Migallas Teatro: *Pegadas de Castelao*

Referencias varias:

- A. Piñeiro, “Vilaboa enriquece con teatro e unha feira o seu San Martiño”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Comarca”, 10 novembro 2016, p. 18.

Entre outras actividades culturais, alude á posta en escena desta peza, que se enmarca dentro da programación da Deputación polo Ano Castelao.

Mundo Mandarina: *O meu avó é mago*

Referencias varias:

- Víctor Castro, “Oroso vive desde el lunes su gran Semana Cultural, que finalizará el 3 de septiembre”, *El Ideal Gallego*, “Área metropolitana”, “Atalaya mariñana”, 24 agosto 2016, p. 16.

Dentro da programación da Semana Cultural de Oroso se representará este espectáculo de maxia cómica.

Nelson Quinteiro (1): *Pequeno cabaret infantil*

Ver Cabaré, Xº Festival Galego de
Ver Interritmos, Festival

Referencias varias:

- ARCA, “Maxia e teatro abren o sábado a nova tempada do Imos na capital do Deza”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 2 setembro 2016, p. 27.

Informa da posta en escena da peza no marco das actividades do programa cultural “Imos a Lalín porque hoxe é sábado”. Destaca que a obra acadou un gran éxito no Certame de Artes Escénicas de Redondela.

Odaiko: *Invención*

Referencias varias:

- Mónica G. Bellver, “Cultura, lecer e deporte”, *O SIL*, “*Especial Nadal Decembro 2016*”, “A Rúa”, pp. 52-53.

Entre as actividades do Nadal, anuncia a posta en escena desta peza teatral no Centro Cultural Avenida da Rúa. Indica que mestura música, teatro e contacontos ao facer un percorrido pola humanidade.

- M. V., “Dende obradoiros a informática”, *La Región*, “*Nadal nas Comarcas de Ourense*”, “Nadal en Bande”, “Programa”, 23 decembro 2016, p. 20.

Informa que o Concello de Bande organiza unha axenda completa para as festas do Nadal dirixida sobre todo para os cativos. Comenta que nesta programación inclúense entre outros, obradoiros de Nadal que terán lugar na biblioteca Municipal, unha visita a Pazolandia, actividades de informática, a actuación de Odaiko co espectáculo “Invención” e a visita dos Reis Magos.

Os **Quinquilláns**: *Simbad a e serea*

Ver Cultura no Camiño, Ciclo

Ver Titirinoia

Redrum Teatro: *A nena que quería navegar*, dirección Álex Sampayo

Referencias varias:

- Brais Capelán, "La compañía teense Redrum estrena obra en Ourense", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago"*, "Agenda", "Para todos los públicos", "Teatro", 19 outubro 2016, p. L11.

Anuncia a estrea desta obra no Auditorio Municipal de Ourense, comentando o seu argumento, os actores que participan e a súa temática.

- ECG, "Espectáculo sobre el acoso escolar", *El Correo Gallego*, "Santiago", 4 decembro 2016, p. 28.

Dá conta da posta en escena desta obra que intenta visibilizar o acoso escolar.

- M. García, "Doble función de la comedia 'A nena que quería navegar", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Agenda", "Para todos los públicos", "En familia", 3 decembro 2016, p. L10.

Informa do argumento deste espectáculo que pretende loitar contra as situación de acoso escolar.

Sarabela Teatro (1): *Nola e María na Terra Chá*

Referencias varias:

- F. D., "Representacións teatrais infantís", *La Región*, "*Letras Galegas 2016*", "Barbadás", "Programa", 17 maio 2016, p. 19.

Dá conta da representación desta peza e sinala a asistencia dos alumnos con idades entre os 5 e os 10 anos, no marco das actividades do Día das Letras Galegas.

Sarabela Teatro (2): *O secuestro da bibliotecaria*, dirección Fina Calleja

Ver Outonoteatro, Ciclo

Referencias varias:

- Mónica G. Bellver, "Cultura, lecer e deporte", *O SIL*, "*Especial Nadal Decembro 2016*", "A Rúa", pp. 52-53.

Entre as actividades do Nadal, anuncia a posta en escena desta peza teatral no Centro Cultural Avenida da Rúa. Indica que se basea nun conto de Margaret Mahy.

- P. Agudo, "Fiestas con vida y color", *La Región*, "*Nadal nas comarcas de Ourense*", "Nadal en Celanova", "Programa", 23 decembro 2016, p. 63.

Entre outras actividades, informa da posta en escena desta peza no marco das actividades organizadas para celebrar o Nadal en Celanova.

- S. N., "Inchables no polideportivo", *La Región*, "*Nadal nas comarcas de Ourense*", "Nadal en A Rúa", "Programación", 23 decembro 2016, p. 80.

Informa da oferta teatral do Nadal no Concello da Rúa coa posta en escena desta obra no Centro Cultural Avenida.

Teatro da **Semente**: *Gretel e Bela*

Ver Galicia Escena Pro, IVª Mostra de artes escénicas

Referencias varias:

- A. P., "Teatro 'Gretel e Bela", *La Región*, "*Xornal escolar*", n.º 60, 16 marzo 2016, p. 2.

Informa que o Auditorio de Ourense acolle esta representación para nenos maiores de 5 anos.

Tanxarina: *As bombas e o xeneral*

Ver Festea, Iº Ciclo de Teatro de Obxectos e Monicreques
Ver María José Jove, XIIº Festival de Títeres

Referencias varias:

- Jesús Trillo, "El teatro es el plato fuerte de las actividades que hay en Cee", *El Correo Gallego*, "Navidad en costa da morte", "costa da morte", 22 decembro 2016, p. 40.

Dentro da programación do Nadal do Concello de Cee, saliéntase a posta en escena desta peza teatral.

Trécola Teatro: *Tolitates*

Ver Begonte, IVº Ciclo de Teatro de

Trinke Trinke Teatro (1): *Querida ovella negra*

Trinke Trinke Teatro (2): *Aventuras e desventuras dunha espiña de toxo chamada Berenguela*

Ver María José Jove, XIIº Festival de Títeres

Uxía & Magín Blanco: *Canta o cuco*, dirección Inacio Vilariño

Ver Cultura no Camiño, Ciclo

Referencias varias:

- S. S., "Muros acolle esta tarde un espectáculo músico teatral adicado a Manuel María", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 9 abril 2016, p. 34.

Anuncia a representación deste espectáculo músico-teatral que presenta a obra de Manuel María, conxugado co deseño e ilustración de Leandro Lamas e a interpretación das cancións a cargo de Uxía, Magín, Santi Cribeiro e Hector Lorenzo.

- F. D., "Teatro, cancións e diversión infantil", *La Región*, "*Letras Galegas 2016*", "O Barco de Valdeorras", "Programa", 17 maio 2016, p. 23.

Informa da posta en escena desta peza no Teatro Laura Olmo, no marco das actividades programadas para festexar o Día das Letras Galegas.

Viravolta Títeres: *A maleta de Don Attilio*

Ver Festea, Iº Ciclo de Teatro de Obxectos e Monicreques

Referencias varias:

- C. B., "Lalín abre el Mes das Letras el domingo", El Correo Gallego, "Área de Compostela", 28 abril 2016, p. 35.

Dá conta da representación desta peza no marco do Mes das Letras, organizado polo concello de Lalín.

Xarope Tulú: *Estrafalaria*

Ver Palas de Rei, XVIIª Mostra Internacional de Teatro Amador "Teatro no camiño de Santiago"

VII.3.2.3. POSTAS EN ESCENA QUE CONTINÚAN EN CARTEL

VII.3.2.3.1 GRUPOS ESTÁBEIS E PROFESIONAIS

7 magníficos máis Un (1): *Dous pallasos en apuros*

Ver Familirúa, Festival

Referencias varias:

- F. D., "Descenso del Sil y gran verbena", *La Región*, "*Festas do Cristo. O Barco de Valdeorras*", "Programa/ sábado 10", 7 setembro 2016, p. 7.

Anuncia a posta en escena desta obra no Paseo do Malecón nas Festas do Cristo.

- Mónica G. Bellver, "Para os máis pequenos", *O SIL*, "*Especial Festas do Cristo 2016*", "Programa", setembro 2016, p. 10.

Dentro das Festas do Cristo do Barco de Valdeorras, salienta a representación desta peza.

7 magníficos máis Un (2): *Os contos de Barriga Verde (Manuel María)*

Ver Cultura no Camiño, Ciclo

Abrapalabra Creacións Escénicas (1): *Ra, ra ra*

Referencias varias:

- Y. S., "La solidaridad fue el eje central de la celebración en Mos del Día del Padre", *Faro de Vigo*, "*Especial*", "Baixo Miño/ Louriña", 25 marzo 2016, p. 3.

Informa de que no programa "Ocio en familia" de Mos se levou á escena esta obra que é unha alegoría cunha "cuidada escenografía y una especial iluminación".

Abrapalabra Creacións Escénicas (2): *Memorias dun neno labrego*, monólogo a partir da narración homónima de Xosé Neira Vilas

Ver Carral, Ciclo
Ver Cultura no Camiño, Ciclo
Ver Ver Narón e Ferrol, Mostra de Teatro Infantil e Xuvenil de
Ver Teatrofilia, XIIIª Mostra de Teatro Amador de Vedra

Referencias varias:

- M. G., “Cándido Pazó rinde homenaje a Xosé Neira Vilas”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 8 maio 2016, p. 29.

Dá conta da representación desta peza no coliseo Noela e comenta o diverso prezo das entradas.

- J. M. R., “Cándido Pazó, en el Fernando Blanco”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 14 maio 2016, p. 31.

Sinala a posta en escena desta peza no IES Fernando Blanco, de Cee.

- Ángela Fontao, “Lembranza escénica de Balbino”, *La Opinión*, “A Coruña”, “Ciudad y Cultura”, 17 maio 2016, p. 13.

Infórmase de que Candido Pazó chegará o 20 de maio de 2016 ao Teatro Colón da Coruña con esta obra e que suporá a súa representación cento corenta e seis. A seguir comenta algúns aspectos deste espectáculo que comezou en 2011 como que está aderezada con música e proxeccións audiovisuais e que presenta tamén xiros cómicos.

- Clara Aldán, “La ‘feisbuamiga’ de Cándido Pazó”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Y además”, 3 xuño 2016, p. 15.

Anuncia a posta en escena de *Memorias dun neno labrego*, a cargo de Cándido Pazó, en Ponte Caldelas.

- J. M., “Representación de ‘Memorias dun neno labrego’ na vila da Barca”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 12 outubro 2016, p. 32.

Informa da representación desta peza na vila da Barca.

Títeres **Alakrán**: *Barriga Verde ataca de novo*

Ver Titirideza
Ver Titiriberia, Ciclo de Teo

Títeres **Alakrán**: *Mr. Pancho e a última función*

Alentía Teatro: *Universos de fantasía*

Ver Buxiganga, Circuítos
Ver Daniel Cortezón, XIIIª Mostra de Teatro Afeccionado

Compañía **Animundis**: *Animundis: unha viaxe musical para nenos e maiores*

Referencias varias:

- F. F., "Animundis', o teatro para os máis pequenos, chega á cidade", *Diario de Arousa*, "Vilagarcía", 21 xaneiro 2016, p. 4.

Dá conta da presentación desta posta en escena na comarca do Salnés, destacando que se trata dun espectáculo que "vai moito máis alá dun simple espectáculo musical", onde se conxuga música e teatro con capacidade para deleitar a pequenos e adultos.

Aporía Escénica: *Os reloxos preguiceiros de Néboa*

Ver Galicia Escena Pro, IVª Mostra de artes escénicas

Artello Teatro: *Unha de amor*

Artestudio Teatro: *Animaliños*

Ver Familirúa, Festival

Teatro **Avento**: *O mago de Oz*, dirección Xoán Abreu

Títeres **Babaluva** (1): *A alfombra máxica*

Ver Núbebes, IV Festival das
Ver Oroso, Outono Cultural de

Referencias varias:

- Víctor Castro, "Cincuenta niños de Oroso participaron en el espectáculo infantil 'A alfombra máxica", *El Ideal Gallego*, "Betanzos", "Atalaya mariñana", 9 novembro 2016, p. 16.

Fala da participación de cincuenta bebés no espectáculo *A alfombra máxica* levada a cabo pola compañía Babaluve Teatro en Oroso. Comenta que se trata dun espazo no que os bebés poden explorar novas texturas, olores e sons acompañados dos familiares.

- C. G., "Cincuenta familias participaron en un espectáculo infantil", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 12 novembro 2016, p. 33.

Informa de que este espectáculo está diseñado para o desenvolvemento sensorial e motriz da infancia.

Títeres **Babaluva** (2): *O Crebanoces*, baseado na obra homónima de Hoffmann

Ver Carral, Ciclo

Títeres **Babaluva** (3): *Tita*

Ver Outes, Outono Teatral de
Ver Ver 12 doces de outono, Ciclo

Baobab Teatro (1): *Martes*

Ver Núbebes, IV Festival das
Ver Outes, Outono Teatral de

Baobab Teatro (2): *Luppo*

Ver Teatro ás 6, Ciclo de Teatro Infantil de Cambados
Ver Cariño, XXXVIIIª Mostra de Teatro Galego de
Ver Domingos do Principal, Ciclo de Teatro Infantil de Pontevedra
Ver Malpica, XIIª Mostra de Teatro de
Ver Oroso, Outono Cultural de
Ver Outes, Outono Teatral de
Ver Redondela, Memorial Juanjo Amoedo, XVIº Festival Internacional de Títeres de

Referencias varias:

- Cuca M. Gómez, "Luppo' regresa a Pontevedra", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Gente a diario", "De café con Cuca", 7 marzo 2016, p. 62.

Entre outros temas aluda á representación desta obra incluída na programación da mostra Domingos do Principal.

Baobab Teatro (3): *Contos para un caldiño*

Ver Festea, Iº Ciclo de Teatro de Obxectos e Monicreques

Referencias varias:

- María S. Dios, "El lado más infantil de A Peregrina", *Diario de Pontevedra*, "Festas da Peregrina", 12 agosto 2016, p. 18.

Dentro da programación das Festas da Peregrina en Pontevedra, informa que se representará na praza do Teucro esta peza teatral.

- Cuca M. Gómez, "Me paso el día entre niños", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Gente a diario", 18 agosto 2016, p. 70.

Informa da actuación de Baobab Teatro na Praza do Teucro de Pontevedra cunha obra que trata dun caldo máxico.

Baobab Teatro (4): *Fíos*

Ver Festea, Iº Ciclo de Teatro de Obxectos e Monicreques

Baobab Teatro (5): *Bailando cos contos*, dirección Óscar Ferreira e Andrea Bayer

Ver Familirúa, Festival

Baobab Teatro (6): *O lobo e a lúa*

Ver María José Jove, XIIº Festival de Títeres

Barafunda Animación: *Os divertidos espíritos do Samaín*

Berrobambán: *Xurdefet*, texto de Paula Carballeira, dirección Chiqui Pereira.

Referencias varias:

- ECG, "Doble función teatral de la compañía Berrobambán", *El Correo Gallego*, "Santiago", 17 xaneiro 2016, p. 28.

Dá conta da representación desta obra no Teatro Principal de Santiago de Compostela e reseña o seu contido, do cal destaca a explicación para nenos sobre os grandes conflitos da infancia.

BocAberta: *A tropa Trapalleira (Pequena trapallada e algunha que outra batalla)*

Ver Teatro ás 6, Ciclo de Teatro Infantil de Cambados

Títeres **Brincadeira**: *Orellas de trapo*

Ver Escena en Familia

Títeres **Brincadeira**: *Contos para pasalo de medo*

Ver Galicreques, XXI Festival Internacional de Títeres

Títeres **Cachirulo** (1): *Xeado de lúa*, texto e dirección Jorge Rey

Ver Escena en Familia
Ver Festea, Iº Ciclo de Teatro de Obxectos e Monicreques

Títeres **Cachirulo** (2): *A Guerra das Galicsias*, texto e dirección Jorge Rey

Ver Galicreques, XXI Festival Internacional de Títeres

Referencias varias:

- ECG, "Marionetas de Cachirulo en la Fundación SGAE", *El Correo Gallego*, "Santiago", 17 abril 2016, p. 27.

Indica que se trata dunha historia interplanetaria inspirada nas aventuras galácticas e nas tradicións astrolóxicas e gastronómicas galegas e que se dirixe á infancia a partir dos 4 anos.

Títeres **Cachirulo** (3): *A historia do apalpador*

Ver Festea, Iº Ciclo de Teatro de Obxectos e Monicreques

Títeres **Cachirulo** (4): *Camiño de aventuras*, texto e dirección Jorge Rey

Ver Cultura no Camiño, Ciclo

Títeres **Cachirulo** (5): *Cucú Tastás*, texto e dirección Jorge Rey

Ver Escena en Familia

Títeres **Cachirulo** (6): *Do-Re-Mi, Mozart xoga aquí*, texto e dirección Jorge Rey

Ver Escena en Familia

Títeres **Cachirulo** (7): *As Xeneralas da Ulla*, texto e dirección Carmen Domech

Ver Galicreques, XXI Festival Internacional de Títeres

Títeres **Cachirulo** (8): *Pinocho*, texto e dirección Jorge Rey

Ver Ver Monicreques de Verán de Bueu

Caramuxo Teatro (1): *Feo!*, texto orixinal Hans Cristhian Andersen

Ver Teatro ás 6, Ciclo de Teatro Infantil de Cambados
Ver Cariño, XXXVIIIª Mostra de Teatro Galego de
Ver Oroso, Outono Cultural de
Ver Teatro con G

Referencias varias:

- Fran Brea, "Música y teatro copan las actividades programadas en el Pazo de Liñares", *Diario de Pontevedra*, "Deza", "Tabeirós", 18 novembro 2016, p. 24.

Respecto ás actividades que se desenvolverán en decembro, alude á presentación do álbum do grupo Gelria, que inclúe poemas da "lírica galega de todos os tempos" e posta en escena de Caramuxo Teatro para o público infantil e baseada no famoso conto *O patiño feo*.

Caramuxo Teatro (2): *As fabas máxicas*, dirección Laura Sarasola

Ver Brión, XXI Festival de Títeres de

Referencias varias:

- R. L., "Os Bolechas, y Uxía, en el Verán Cultural de Melide", *El Progreso*, "deVerano", "Con acento local", 22 xullo 2016, p. 51.

Dentro da programación do Verán Cultural do Concello de Melide, informa da posta en escena desta peza.

Caramuxo Teatro (3): *Zapatos*, texto e dirección Juan Rodríguez

Ver Bebescena

Referencias varias:

- Ángela Fontao, "Historias que deixan pegada", *La Opinión*, "A Coruña", "Ciudad y Cultura", 10 setembro 2016, p. 10.

Informa que o centro sociocultural Ágora da comezo á súa tempada escénica e faino coa compañía coruñesa Caramuxo Teatro que inaugurará o ciclo Bebescena coa obra *Zapatos* dirixida a nenos de ata tres anos. Comenta que un dos maiores retos da agrupación é captar a atención dos pequenos, e para iso conta a historia vinculada á vida de cada zapato onde mesturan interacción con obxectos, danza e relatos. Finalmente anuncia que seguida desta obra haberá máis representación de compañías doutras comunidades. Resalta tamén que no Fórum Metropolitano proxectarase unah selección de estreas de cine.

Títeres **Cascanueces** (1): *Un diaño na maleta*, dirección Lázaro Duyos

Ver Carballiño, VIII Festival de Títeres

Títeres **Cascanueces** (2): *O ferreiro e o diaño*, dirección Borxa Ínsua

Ver Cultura no Camiño, Ciclo

Títeres **Cascanueces** (3): *Barriga Verde contra o estragapandeiro*

Ver Cultura no Camiño, Ciclo

Títeres **Cascanueces** (4): *O fillo do panadeiro*

Ver Cultura no Camiño, Ciclo

Títeres **Cascanueces** (5): *Barriga Verde e o Muíño da Néboa*

Ver Redondela, Memorial Juanjo Amoedo, XVIº Festival Internacional de Títeres de

Culturactiva: *A historia de Brancaflor*

Daboapipa (1): *Contos de animalario*

Referencias varias:

- P. Cheda, "Daboapipa ofrece el día 20 en A Fonsagrada un espectáculo de música y cuentos", *El Progreso*, "Comarcas", 8 abril 2016, p. 21.

Informa da posta en escena dentro do programa Cultura no Camiño no salón de actos da Fonsagrada deste espectáculo de música e contos para a infancia, apuntando o seu argumento e a súa raizame na literatura de tradición oral. Indica que a narración teatralizada corre a cargo de Vero Rilo e a música a cargo de Santi Prieto.

- M. B., “Arzúa pensa nos cativos para a súa programación no mes de setembro”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 29 agosto 2016, p. 20.

Dá conta desta representación na Biblioteca Municipal de Arzúa dentro do programa cultural de setembro.

Daboapipa (2): *Lavandeiras*

Ver Arzúa, Ciclo de Teatro Outono a escena de
Ver Cultura no Camiño, Ciclo
Ver FIOT, XXVº Festival Internacional “Outono de teatro” de Carballo

Referencias varias:

- M. M., “Vuelve a Teo la feria del San Martiño más cultural”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 28 outubro 2016, p. 33.

Entre as actividades da Feira de San Martiño en Teo, apunta a representación desta obra na Escola de Francos.

Dinamo Teatro (1): *O poder das árbores*

Ver Familirúa, Festival

Dinamo Teatro (2): *A historia da espiña de toxo*

Ver Cultura no Camiño, Ciclo

Producións **Dispersas**: *O souto dos prodixios*, dirección Diego Freire

Referencias varias:

- Cuca M. Gómez, “De A Lanzada a Castrolandín”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, 17 decembro 2016, pp. 78-79.

Entre outras actividades, anuncia a presentación deste espectáculo na Librería Paz.

Educateatro Producións (1): *Carapuchiña vermella*

Ver Cultura no Camiño, Ciclo

Referencias varias:

- M. Vázquez, “Rocío Salgado Pérez. ‘E se o lobo non fose tan malo?”, *La Región*, “Vida”, n.º 2.221, “En confianza”, 10 xaniro 2016, pp. 2-3.

Conversa coa actriz Rocío Salgado Pérez onde fala dos seus comezos no mundo do teatro, da obra baseada na Carapuchiña Vermella dos Grimm coa que agora está de xira e dos seus proxectos de futuro.

- Montse García, “El musical ‘Carapuchiña vermella’ llegará en abril”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, 6 marzo 2016, p. L11.

Indica que esta peza é unha adaptación do conto dos irmáns Grimm e que moderniza a historia e os personaxes. Informa do horarios e prezo da función.

- J. Lojo, “Perfecta para ir cos cativos ao teatro”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Escena”, “Agenda”, 18 marzo 2016, p. 5.

Salienta o acerto na construción do musical sobre Carapuchiña Vermella que Educa Teatro Produción está a presentar por todo Galicia. Ademais, destaca o labor da compañía á hora de realizar espectáculos onde a música, a palabra e a diversión se xuntan co obxectivo de realizar representacións que fomenten a educación en valores dun xeito lúdico para os máis novos.

- ECG, “Carapuchiña vermella’, estreo no teatro La Salle”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 22 marzo 2016, p. 28.

Anuncia a representación no Teatro La Salle, así como información sobre hora e prezo.

- Margarito Flowers, “Llega ‘Carapuchiña vermella”, *El Correo Gallego*, “Gente”, 7 abril 2016, p. 64.

Indica que esta peza é unha adaptación do clásico dos irmáns Grimm que “moderniza la historia y los personajes del cuento e introduce unha banda sonora original compuesta por siete canciones”. Salienta que incorpora conversas por WhatsApp e títulos literarios actuais.

- M. García, “Doble cita con el musical ‘Carapuchiña vermella”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, 8 abril 2016, p. L10.

Comenta o argumento e desenvolvemento deste espectáculo musical de EducaTeatro que se representará no Teatro La Salle.

- Xosé Lois Colmenero, “Verín acogerá este mes una amplia oferta cultural y lúdica”, *La Región*, “Monterrei”, 2 xuño 2016, p. 21.

Dáse conta da representación desta peza de teatro musical. Coméntase que é unha adaptación do clásico dos irmáns Grimm.

- B. LL., “Porriño presenta un programa cultural navideño con actos en todas las parroquias”, *Faro de Vigo*, “Louriña”, “Área metropolitana”, 10 decembro 2016, p. 14.

Informa do programa cultural do Concello de Porriño para o Nadal, anunciando esta posta en escena.

Educateatro Producións (2): *Os tres porquiños*

Referencias varias:

- C. P. R., “El programa navideño de Vilalba cuenta con una veintena de actos”, *El Progreso*, “A Chaira”, 29 novembro 2016, p. 16.

Informa que o concello de Vilalba presenta un programa de Nadal dirixido a todos os públicos que durará un mes, contará con xogos infantís, a visita de Papá Noel e tamén a representación da obra “Os tres porquiños”, así como un ciclo de cine de animación e a cabalgata do Reis Magos. Anuncia que tamén haberá unha festa da Xuventude ademais de concertos de Nadal do conservatorio entre outras moitas actividades. Resalta que o programa conta co apoio da asociación Sete Pontes.

- B. LL., “Porriño presenta un programa cultural navideño con actos en todas las parroquias”, *Faro de Vigo*, “Louriña”, “Área metropolitana”, 10 decembro 2016, p. 14.

Informa do programa cultural do Concello de Porriño para o Nadal, anunciando esta posta en escena.

- M. M., “El auditorio vilalbés acoge el espectáculo infantil ‘Os tres porquiños”, *El Progreso*, “A Chaira”, 21 decembro 2016, p. 24.

Comenta que o Auditorio de Vilalba acollerá a representación teatral *Os tres porquiños*, que se trata dunha obra musical con bonecos de tamaño real, unha representación da produtora viguesa Educateatro Producións. Informa sobre o prezo e duración da obra.

- Ana Iglesias, “Marionetas y musicales, entre los atractivos de la agenda lúdica infantil”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 28 decembro 2016, p. 24.

Comenta que as marionetas son un dos maiores atractivos das axendas lúdicas infantís, entre elas destaca a proposta de Kukas que presentou *Encoro enmeigado (das Fragas do Eume)*, e a representación de *Os tres porquiños*, ademais a programación inclúe propostas musicais entre as que destacan o Nadal Rock. Destaca tamén o conto musical infantal Tic tac toc, con Pablo Díaz e finalmente anuncia a chegada do espectáculo de Disney coas representación de *Frozen, O Rey León* e outras moitas.

Elefante elegante (1): *Aurora*, dirección María Torres e Gonçalo Guerreiro

Referencias varias:

- Cuca M. Gómez, “Libros, arte, música...”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Gente a diario”, “De café con Cuca”,18 febreiro 2016, p. 62.

Entre outras actividades, informa da representación desta peza no auditorio de Afundación en Pontevedra. Sinala que está protagonizada por unha curuxa.

- ECG, “Cerca de 1.300 escolares verán ‘Aurora’ en Abanca”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 28 febreiro 2016, p. 27.

Comenta que durante dous días un grupo de crianzas asistirán á representación desta obra no Auditorio Abanca de Santiago, promovida pola Fundación Galicia Obra Social.

Elefante elegante (2): *Lobo bobo*, dirección María Torres e Gonçalo Guerreiro

Ver Artellando
Ver Cultura no Camiño, Ciclo

Referencias varias:

- Y. S. “El ciclo ‘Contos Contados’ sigue acercando la lectura a los niños”, *Faro de Vigo*, “Especial”, “Baixo Miño/Louriña”, 25 marzo 2016, p. 8.

Entre outras novas, dá conta da representación desta peza no marco do programa “Contos Contados”.

Elefante Elegante (3): *Tristán cara de can*, dirección María Torres e Gonçalo Guerreiro

Eme2 Producións&Arte: *Jim e a illa do tesouro*, texto Jokin Oregi, dirección Álex Díaz e Javi Tirado

Ver Carballo, Venres Culturais en
Ver Domingos do Principal, Ciclo de Teatro Infantil de Pontevedra
Ver MOTI, XIIIª Mostra de Teatro Infantil de Ourense
Ver Todo Público, Ciclo

Referencias varias:

- ECG, “La obra infantil ‘Jim e a illa do tesouro’, en Santiago”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 21 febreiro 2016, p. 26.

Anuncia a posta en escena desta peza no Teatro Principal e os horarios das representacións.

Expresión Produccións: *O libro máxico*

Ver Monicreques de Verán de Bueu
Ver MOSTRA(TE), XVª Mostra de Teatro Afeccionado

Referencias varias:

- L. F., "Teatro, corales y cine europeo conforman la apuesta cultural de verano para Portonovo", *Diario de Arousa*, "Sanxenxo", 28 xullo 2016, p. 13.

Dáse conta da celebración de actividades enfocadas á difusión da cultura galega en Portonovo, favorecidas por un Programa de Dinamización creado para este proceso. Entre elas destaca a representación das peza *O libro máxico*.

- Sonia Piñeiro Collazo, "Teatro, cine e debuxo na axenda de agosto do Concello de Bueu", *Diario de Pontevedra*, "O Morrazo", "Marín", "Bueu", 2 agosto 2016, p. 21.

Indica que no marco do programa Monicreques de Verán de Bueu se porá en escena este espectáculo de títeres, contacontos, maxia, animación, paiasos e música en directo.

- Jesús Trillo, "El teatro es el plato fuerte de las actividades que hay en Cee", *El Correo Gallego*, "Navidad en costa da morte", "costa da morte", 22 decembro 2016, p. 40.

Dentro da programación do Nadal do Concello de Cee, saliéntase a posta en escena desta peza teatral.

Fantoches Baj (1): *Tío Miseria*, dirección Inacio Vilariño

Ver 12 doces de outono, Ciclo

Referencias varias:

- F. D., "Guiñoles, grupos locales y rock", *La Región*, "*Festas do Cristo. O Barco de Valdeorras*", "Programa/ viernes 9", 7 setembro 2016, p. 6.

Entre outras actividades das Festa do Cristo no Barco de Valdeorras, anuncia a actuación da compañía Fantoches Baj coa obra *Tío Misera*.

- Mónica G. Bellver, "Para os máis pequenos", *O SIL*, "*Especial Festas do Cristo 2016*", "Programa", setembro 2016, p. 10.

Dentro das Festas do Cristo do Barco de Valdeorras, salienta a representación desta peza.

Fantoches Baj (2): *Rei, rei?*, texto orixinal Karel Kapeck, adaptación e dirección Inacio Vilariño

Ver Titirinoia

Fantoches Baj (3): *Fábula galénica*, dirección Inacio Vilariño

Ver Cultura no Camiño, Ciclo
Ver Malpica, XIIª Mostra de Teatro de

Galitoon: *Güela Güela*
Ver María José Jove, XIIº Festival de Títeres

Referencias varias:

- L. T., "El teatro Colón despide noviembre con espectáculos para todas las edades", *El Ideal Gallego*, "Sociedad", 22 novembro 2016, p. 37.

Anuncia que o Teatro Colón remata novembro con catro espectáculos para todas as idades entre os que están o espectáculo infantil "Güela Güela" baseado na obra "Concierto de Aves" de Frans Snyders , a gala Palabra de Mujer e "La Primera Mujer en la Tierra".

- Alicia Pardo, "El arte de volar solo", *La Opinión*, "A Coruña", "Ciudad y Cultura", 27 novembro 2016, p. 10.

Informa que a compañía Galitoon representará no teatro Colón a obra *Güela Güela* que trata dunha cegoña á que seus pais non a deixan voa sola ata que un día decide facelo e emprende un camiño de aventuras. Comenta que se trata dun espectáculo dirixido ao público infantil que ademais de tratar de ensinarlle valores ensínalles arte. Resalta que está inspirada no cadro de Snyders.

Teatro dos **Ghazafelhos** (1): *Iriña bailarina*, adaptación e dirección Pepablo Patinho

Ver Cultura no Camiño, Ciclo

Referencias varias:

- Daniel Romero, "Las calles de Sada lucirán varias frases escritas por los vecinos en favor de la igualdad de género", *El Ideal Gallego*, "Sada", 5 marzo 2016, p. 16.

Entre outras actividades, anuncia a representación desta peza no marco das actividades programadas para celebrar o Día da Muller. Destaca que é unha comedia sobre os roles sexistas.

Teatro dos **Ghazafelhos** (2): *Nana para un soldado*, dirección Pepablo Patinho

Ver Teatro con G

Teatro dos **Ghazafelhos** (3): *As mil e unha noites*, dirección Pepablo Patinho

Ver Cultura no Camiño, Ciclo
Ver Festiclown

Referencias varias:

- F. D., "Las mil y una noches' llega con su fantasía a Cee", *La Región*, "Verano", "Agenda de ocio", 30 agosto 2016, p. 23.

Dá conta da representación desta peza en Cee, levada a cabo por tres actores que primeiro poñen en escena ao público con un ambiente máxico, con incenso, coxíns, telas e un contador de historias buscando a complicidade dos máis cativos.

- Sol Elvira, "O decembro cultural de Lalín inclúe o AspadezARTE", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 2 decembro 2016, p. 35.

Indica que, entre as actividades do mes de decembro do Concello de Lalín, se representará esta obra para o público familiar.

Teatro dos **Ghazafelhos** (4): *Bon Appêtit*, adaptación do libro de recetas *A cociña galega* de Álvaro Cunqueiro, dirección Pepablo Patinho

Ver Cariño, XXXVIIIª Mostra de Teatro Galego de

Referencias varias:

- M. Manteiga, "Programación teatral para Dubra y Santa Comba", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 10 novembro 2016, p. 36.

Anuncia a representación en Dubra de *Bon Appetit* de Ghazafelhos e *Que Deus nos colla confesados* de Tangatutanga. Por outra banda, dá conta do programa de representacións do IIº Ciclo de Teatro Santa Comba.

Teatro dos **Ghazafelhos** (5): *Acuario*, texto de María Canosa

Ver 12 doces de outono, Ciclo
Ver Cultura no Camiño, Ciclo

Teatro dos **Ghazafelhos** (6): *Contos para escagarriñarse*, texto e dirección Pepablo Patinho

Ver Cultura no Camiño, Ciclo

Teatro dos **Ghazafelhos** (7): *Contos de lobo*, texto e dirección Pepablo Patinho

Ver Cultura no Camiño, Ciclo

Teatro dos **Ghazafelhos** (7): *Frankestein*, texto e dirección Pepablo Patinho

Ver MOTI, XIIIª Mostra de Teatro Infantil de Ourense

Glup Glup Teatro: *Catalina Lino Lina*

Grupo de animación infantil **Illa dos Nenos** (1): *Uxío no país de Patadecabra*, texto Marina López e Fran Otero, dirección Manuel Solla

Referencias varias:

- S. S., "A Pobra organiza un Maio Cultural con títeres, magia, teatro, conciertos y talleres", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 5 maio 2015, p. 30.

Entre outras actividades, comenta que cincocentos alumnos van asistir no Teatro Elma a esta peza que mestura maxia, teatro e títeres.

Grupo de animación infantil **Illa dos Nenos** (2): *Chapuzas a domicilio*

Ver Cultura no Camiño, Ciclo

In Bocca In Lupo: *Superlía*

Ver Buxiganga, Circuítos

Monicreques de **Kukas** (1): *Xan Perillán compra queixo e compra pan*

Ver Cultura no Camiño, Ciclo
Ver Monicreques de Verán de Bueu
Ver Rianxo, Outono Cultural de

Monicreques de **Kukas** (2): *Xan Perillán e a maleta máxica*

Ver Festea, Iº Ciclo de Teatro de Obxectos e Monicreques

Limiar Teatro: *Don Quixote, unha comedia gastronómica*, dirección Nuria Gullón

Ver Cultura no Camiño, Ciclo
Ver FIOT, XXVº Festival Internacional "Outono de teatro" de Carballo
Ver Lugo, XVIª Mostra de Teatro Clásico de
Ver MIT, XXXIIª Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia

Referencias varias:

- J. M. R., "Limiar Teatro trae hoy 'Don Quixote' a la villa ceense", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 16 abril 2016, p. 36.

Anuncia a posta en escena desta obra que adapta o clásico cervantino en Cee.

- ECG, "Versión gastronómica teatral de 'Don Quijote", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 19 abril 2016, p. 26.

Apunta que esta peza combina narración oral, manipulación de obxectos e cociña en directo e resume o seu argumento.

- M. García, "Versión gastronómica de Don Quijote con Limiar Teatro", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Agenda", "Para todos los públicos", 19 abril 2016, p. L11.

Dáse conta da representación da peza interpretada por Fran Núñez e indicada para nenas e nenos a partir de seis anos. Fálase do argumento da peza e do prezo das entradas.

- ECG, "El 'Don Quixote' de Limiar Teatro", *El Correo Gallego*, "Santiago", 20 abril 2016, p. 28.

Informa desta comedia gastronómica para o público familiar que homenaxea a Cervantes.

Magín Teatro: *Gatuxo*

Referencias varias:

- A. R., "Melide celebra el Día Internacional da Lingua Materna con una representación teatral", *El Progreso*, "Comarcas", 19 febreiro 2016, p. 14.

Comenta que a obra teatral e musical *Gatuxo*, de Magín Blanco, se representará na casa de cultura de Melide por mor da celebración do Día Internacional da Lingua Materna, salientando que se trata dun espectáculo dirixido aos máis novos, pero aberto a persoas

de todas as idades. Ademais, tamén informa da programación doutros programas e actividades co obxectivo de promover o plurilingüismo entre a poboación.

- A. Reboredo, "Valentín García anima en Melide a que as familias falen en galego aos fillos", *El Progreso*, "Comarcas", 20 febreiro 2016, p. 18.

Informa sobre a participación de Valentín García, secretario xeral de política lingüística, no Día Internacional da Lingua Materna e fai referencia á posta en escena de *Gatuxo* na Casa da Cultura de Melide.

- Rosalía Verdú, "Manter viva a transmisión e a identidade do galego", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 20 febreiro 2016, p. 34.

Entre as actividades organizadas pola Rede de Dinamización Lingüística destaca a proposta musical e teatral de *Gatuxo*, que define como "unha metáfora do crecemento do cativo e do descubrimento do mundo".

María Fumaça: *Xiqui, xoque, fiu, fiu*

Matrioshka Teatro: *As fillas de Manawee*, dirección Uxía P. Vaello

Ver Galicia Escena Pro, IVª Mostra de artes escénicas
Ver Todo Público, Ciclo

Referencias varias:

- Alba Lago, "Matrioshka leva 'Manawee' ao escenario do Salón Teatro", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 12 febreiro 2016, p. 36.

Dá conta da representación deste espectáculo no Salón Teatro de Santiago de Compostela por parte da compañía Matrioshka, e fala brevemente da estrutura da obra e dos actores que nela participan, salientando que se trata dunha "creación contemporánea sobre o concepto fundamental da emoción" dirixida a público infantil a partir de oito anos.

Micromina Títeres: *Vacacións no mar*

Referencias varias

- X. L. C., "Títeres na Mercé y danza en el pabellón, oferta lúdica do sábado", *La Región*, "Provincia", "Monterrei", 2 xullo 2016, p. 28.

Informa que se trata dunha comedia para público familiar con monicreques de luva que conxuga o estilo tradicional con caracteres renovados.

Migallas Teatro (1): *Merenda con pan de millo*

Ver Cultura no Camiño, Ciclo

Referencias varias:

- S. S., "A Pobra organiza un Maio Cultural con títeres, magia, teatro, conciertos y talleres", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 5 maio 2015, p. 30.

Entre outras actividades, comenta que 150 escolares van asistir no Teatro Elma a este espectáculo.

- M. R., "Numeroso público en la primera actuación del Verán Activo de Vilalba", *El Progreso*, "A Chaira", 24 xullo 2016, p. 21.

Indica que no programa cultural Verán Activo do Concello de Vilalba se representará esta obra.

Migallas Teatro (2): *Canta connosco!*

Ver Cultura no Camiño, Ciclo

Referencias varias:

- Ana López, "A cultura está que ferve en Pontevedra", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 4 decembro 2016, p. 47.

Anuncia que, entre as actividades do Culturgal, se representou esta peza.

Teatro do **Miolo**: *4 tempos*

Ver Bebescena
Ver Cultura no Camiño, Ciclo
Ver Sarria, Mes do Teatro

Os Bolechas: *Os Bolechas cantan con Lady Vina*

Referencias varias:

- Sol Elvira, "Octubre con teatro, talleres, cuentos y muestras en Lalín", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 1 outubro 2016, p. 31.

Ofrécese a programación do Outubro Cultural do Concello de Lalín na que, entre outras actividades, se representará esta peza o 15 de outubro.

Pérez&Fernández: *O poder de Amabel*

Ver Galicia Escena Pro, IVª Mostra de artes escénicas
Ver Todo Público, Ciclo

Paco Nogueiras: *Brinca vai!*

Referencias varias:

- Cuca M. Gómez, "Todo por la música", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Gente a diario", "De café con Cuca", 11 abril 2016, pp. 62-63.

Entre outras actividades, informa da representación desta peza no marco do Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra.

- R. L., "Arteixo promueve actividades culturales para todos en las fiestas del Apóstol", *El Ideal Gallego*, "Área metropolitana", 19 xullo 2016, p. 13.

Entre as actividades con motivo das festas do Apóstol en Arteixo, informa deste espectáculo pensado para que nenos e maiores canten e bailen.

- M. R., "Numeroso público en la primera actuación del Verán Activo de Vilalba", *El Progreso*, "A Chaira", 24 xullo 2016, p. 21.

Indica que no programa cultural Verán Activo do Concello de Vilalba se representará esta obra.

Peter Punk (1): *Peor Imposible*

Referencias varias:

- A. F. N., "Peter Punk. 'Que dous titiriteiros foran ao cárcere, di moito da situación que vive o humor neste país", *La Opinión*, "A Coruña", 31 agosto 2016, p. 12.

Fala da entrevista do humorista e pallaso Isaac Rodríguez, máis coñecido como Peter Punk, que será o encargado de abrir as festas de Monte Alto co seu espectáculo *Peor Imposible*, onde critica e fai burla do humor galego. Di que trata de facer rir a xente pero tamén de facela pensar, e cree que hai moito que cambiar.

Peter Punk (2): *A Chungatrona*

Referencias varias:

- F. D., "Carreras, cantareiras y teatro infantil", *La Región*, "*Festas do Cristo. O Barco de Valdeorras*", "Programa/ domingo 11", 7 setembro 2016, p. 8.

Entre outras actividades da programación das Festas do Cristo no Barco, anuncia a actuación do espectáculo de Peter Punk.

- Mónica G. Bellver, "Para os máis pequenos", *O SIL*, "*Especial Festas do Cristo 2016*", "Programa", setembro 2016, p. 10.

Dentro das Festas do Cristo do Barco de Valdeorras, salienta a representación desta peza.

- C. N., "El payaso Peter Punk llenará de sonrisas la Alameda de Marín", *Diario de Pontevedra*, "O Morrazo", 11 outubro 2016, p. 20.

Informa que a Alameda de Marín acollerá a actuación do pallaso Peter Punk que interpretará o espectáculo *A Chungatrona* polo que recibiu o premio do público no Festiclown de Rivas-Vaciamadrid. Comenta que a actuación contará con xogos nos que poderán participar os máis pequenos, e anuncia tamén que a programación inclúe unha xornada de regueifas nos chamados "Venres do Ateneo".

Pinga Teatro: *A bruxa Maruxa*

Referencias varias:

- María S. Dios, "El lado más infantil de A Peregrina", *Diario de Pontevedra*, "Festas da Peregrina", 12 agosto 2016, p. 18.

Dentro da programación das Festas da Peregrina en Pontevedra, informa que se representará na praza do Teucro esta peza teatral.

Pistacatro Produtora de Soños: *Nono*

Ver Artellando
Ver Familirúa, Festival

Os **Quinquilláns** Teatro: *Espantallo amigo*, texto Xosé Neira Vilas, adaptación de Tito Vizoso

Referencias varias:

- Javier Ramos, “Oliver Twist e Tom Sawyer reciben ao Balbino labrego”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, “Literatura”, 18 marzo 2016, p. 61.

Entre outras actividades, informa da representación desta peza no marco dos actos organizados para homenaxear a figura de Neira Vilas.

Raquel Queizás*: O Segredo do Tendal*

Referencias varias:

- C. Botrán, “Raquel Queizás. ‘O público infantil é moi sincero; traballar con el encántame”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 29 xaneiro 2016, p. 31.

Conversa con Raquel Queizás sobre o seu traballo como actriz e contacontos. Anuncia a próxima representación deste espectáculo “no que mistura títeres, contos e teatro”

Redrum Teatro: *Roedores*, dirección e texto Alex Sampayo

Ver Santa Comba, IIº Ciclo de Teatro

Referencias varias:

- D. A., “Redrum Teatro ofrecerá el día 31 en la Azucarera la obra familiar ‘Roedores”, *Diario de Arousa*, “Ulla-Umia”, 28 xaneiro 2016, p. 15.

Dá conta da representación desta obra, cita o elenco de actores e sinala que a peza fomenta a igualdade.

- Vanesa Bran, “Lucecús Teatro estrena el día 11 en Vilalba una obra en honor a Manuel María”, *El Progreso*, “A Chaira”, 4 marzo 2016, p. 14.

Entre outras cuestións, informa da representación desta peza e indica que é unha obra que busca o fomento da igualdade.

- R. L., “Os Bolechas y Uxía, en el Verán Cultural de Melide”, *El Progreso*, “deVerano”, “Con acento local”, 22 xullo 2016, p. 51.

Dentro da programación do Verán Cultural do Concello de Melide, informa da posta en escena desta peza.

Sarabela Teatro: *O último dragón*, texto e dirección Fina Calleja

Títeres **Seisdedos**: *Cocer e cantar*

Ver Festea, Iº Ciclo de Teatro de Obxectos e Monicreques

Teatro da **Semente** (1): *Chíos*

Referencias varias:

- Cuca M. Gómez, "Todo por la música", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Gente a diario", "De café con Cuca", 11 abril 2016, pp. 62-63.

Entre outras actividades, informa da representación desta peza no marco do Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra.

Teatro da **Semente** (2): *Viaxe a Dadá*

Ver Cultura no Camiño, Ciclo

Talía Teatro (1): *Rosa caramelo e outras historias*, texto Adela Turín, dirección Paula Carballeira

Ver Carballo, Venres Culturais en
Ver Cariño, XXXVIIIª Mostra de Teatro Galego de
Ver 12 doces de outono, Ciclo

Referencias varias:

- M. Manteiga, "Espectáculo infantil con Talía Teatro no Milladoiro", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 7 abril 2016, p. 32.

Informa do argumento desta peza que se representará na Casa da Cultura do Milladoiro e que denuncia estereotipos de xénero.

Talía Teatro (2): *Sopa de sapo*, dirección Artur Trillo

Ver Cultura no Camiño, Ciclo

Talía Teatro (3): *Valentino Rufini*, dirección Roberto Salgueiro

Ver Cultura no Camiño, Ciclo

Talía Teatro (4): *Àkil Pillabán de viaxe a Milán (e van sen un can)*, texto e dirección Roberto Salgueiro

Ver Cultura no Camiño, Ciclo

Tanxarina (1): *A casa do avó*, texto e dirección Cándido Pazó

Ver Teatro ás 6, Ciclo de Teatro Infantil de Cambados

Referencias varias:

- María J. Rodríguez, "Cultura y literatura centran las actividades del fin de semana en Bueu", *Diario de Pontevedra*, "Marín", "O Morrazo", 25 febreiro 2016, p. 19.

Comenta brevemente a programación cultural da fin de semana en Bueu, que inclúe contacontos, teatro, talleres e presentacións, e salienta a posta en escena *A casa do avó* por parte da compañía Tanxarina. Ademais, profunda un pouco máis na estrutura da obra, na traxectoria do seu director, Cándido Pazó, e na propia compañía.

- C. F., "O Centro Social do Mar acolle a obra de teatro infantil 'A casa do avó', de Tanxarina", *Diario de Pontevedra*, "O Morrazo", "Bueu", 28 febreiro 2016, p. 19.

Informa sobre a representación desta peza dramática no Centro Social do Mar de Bueu , comenta o seu contido e destaca a importancia e valor que dan os dereitos dos nenos e nenas.

Tanxarina (2): *Titiricircus*

Ver Brión, XXI Festival de Títeres de
Ver Carballiño, VIII Festival de Títeres
Ver Festea, Iº Ciclo de Teatro de Obxectos e Monicreques
Ver Monicreques de Verán de Bueu
Ver Redondela, Memorial Juanjo Amoedo, XVIº Festival Internacional de Títeres de

Tarabelos (1): *Sabela e o paxaro máxico*

Ver Cultura no Camiño, Ciclo

Tarabelos (2): *Amoriños Contei*

Ver Cultura no Camiño, Ciclo
Ver Monicreques de Verán de Bueu

Titerefícciós: *Cantos contos contas*

Ver Artellando
Ver Vila de Sarria, VIª Semana de Teatro Cómico

A **Trastenda dos Contos** (1): *O carteiro en bicicleta*

Ver Familirúa, Festival

A **Trastenda dos Contos** (2): *Unhas gafas como as do avó*

Ver Galicia Escena Pro, IVª Mostra de artes escénicas

A **Trastenda dos Contos** (3): *Cervantes vs. Shakespeare*

Ver Santa Comba, IIº Ciclo de Teatro

Trécola Teatro (1): *Choruma*, dirección Tegra

Trécola Teatro (2): *As tres Raíñas Magas*

Referencias varias:

- M. García, "Cuentos, talleres y música en la biblioteca Ánxel Casal", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Agenda", "Para todos los públicos", 13 decembro 2016, p. L11.

Comenta que a Biblioteca Ánxel Casal conta unha programación para o Nadal na que haberá talleres, contacontos, exposición bibliográfica, unha sesión de marionetas e un concerto de Nadal. Informa que ademais se celebrará o Día da Edición e a compañía Teatro de Marionetas Trécola ofrecerá o espectáculo *As tres Raíñas Magas* e outras moitas actividades, para rematar farase unha entrada de premios da quinta edición do concurso de fotografía *Lendo en Compostela*.

Trécola Teatro (3): *Cling*, texto e dirección Tegra

Ver Ames, Circuíto Galego de Teatro Amador de
Ver Ames, XIª Mostra de Teatro Afeccionado de
Ver Vedra, Circuito Galego de Teatro Amador de

Trécola Teatro (4): *The Piccole Theatro*

Ver Carballiño, VIII Festival de Títeres

Trécola Teatro (5): *O carro dos títeres*

Ver Cultura no Camiño, Ciclo

Trécola Teatro (6): *Signora Bolognesa*

Ver Sarria, Mes do Teatro

Trécola Teatro (7): *Madame Bechamel*

Ver Sarria, Mes do Teatro

Os **Tres Tenedores** (1): *Cocido Express*

Ver Cultura no Camiño, Ciclo
Ver Familirúa, Festival

Referencias varias:

- M. Manteiga, "La compañía Os Tres Tenedores lleva su humor para toda la familia a O Milladoiro", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 25 febreiro 2016, p. 33.

Dá conta da representación desta obra que se define como "un espectáculo innovador de teatro, música y humor dirigido a un público infantil y familiar".

Os Tres Tenedores (2): *Petiscos musicais*

Referencias varias:

- D. A., "Música, humor y teatro se unen en los 'Petiscos Musicais' de Os Tres Tenedores", *Diario de Arousa*, "O Barbanza", 18 outubro 2016, p. 16.

Indica que se representará este espectáculo na Biblioteca Municipal de Rianxo.

- S. S., "El auditorio acoge el espectáculo Petiscos musicais", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 19 outubro 2016, p. 30.

Anuncia a representación desta obra para público familiar na que se une música, teatro e humor.

Os Tres Tenedores (3): *Ensalada de instrumentos*

Ver Cultura no Camiño, Ciclo

Compañía do **Trinke Trinke** (1): *O coelliño branco*

Referencias varias:

- Cuca M. Gómez, "Variada oferta de ocio en la ciudad", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Gente a diario", "De café con Cuca", 24 marzo 2016, p. 62.

Entre as actividades do Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra, informa do éxito desta representación.

Compañía do **Trinke Trinke** (2): *O rato ilustrador*

Referencias varias:

- Marta Becerra, "Animación a la lectura en la Biblioteca Municipal", *El Progreso*, "Lugo", "El despertador", 25 novembro 2016, p. 13.

Indica que na Biblioteca Municipal de Lugo se presentou esta obra.

Compañía do **Trinke Trinke** (3): *As viaxes dos ratos de Lonxedetodo*

Ver Cultura no Camiño, Ciclo

Títeres **Trompicallo** (1): *Rumpelstikin, o anano saltarín*

Ver Redondela, Memorial Juanjo Amoedo, XVIº Festival Internacional de Títeres de

Títeres **Trompicallo** (2): *Jiñol*, dirección Beatriz Sánchez

Ver Festea, Iº Ciclo de Teatro de Obxectos e Monicreques
Ver Monicreques de Verán de Bueu
Ver 12 doces de outono, Ciclo

Referencias varias:

- María S. Dios, "El lado más infantil de A Peregrina", *Diario de Pontevedra*, "Festas da Peregrina", 12 agosto 2016, p. 18.

Dentro da programación das Festas da Peregrina en Pontevedra, informa que se representará na praza do Teucro esta peza teatral.

- Cuca M. Gómez, “Más lluvia y que siga la música”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, 20 agosto 2016, pp. 70-71.

Dá conta da representación desta peza na praza do Teucro, en Pontevedra, no marco das actividades programadas para celebrar as Festas da Peregrina.

Títeres **Trompicallo** (3): *Violeta Coleta contra as salchichas Gulp*, dirección Marian González

Ver Brión, XXI Festival de Títeres de

Títeres **Trompicallo** (4): *O día que chegou unha nube e choveu*, dirección Luís González

Ver Festea, Iº Ciclo de Teatro de Obxectos e Monicreques
Ver Núbebes, IV Festival das

A **tropa de trapo** (1): *Antía, Wamba e o ritmo do camiño*

Ver Artellando

A **tropa de trapo** (2): *A viaxe das palabras*

Referencias varias:

- Marta Becerra, “Vacaciones infantiles por todo lo alto”, *El Progreso*, “Lugo”, “El despertador”, 24 decembro 2016, p. 10.

Comenta que o grupo Pica Pica formado por ex-compoñentes dos Cantaxogos, encheu as butacas do Auditorio Gustavo Freire onde representaron o seu espectáculo “Grandes éxitos”. Resalta que na programación infantil tamén se incluíu o espectáculo da compañía A Tropa de Trapo “A viaxe das palabras”.

A **tropa de trapo** (3): *Contos de defuntos (e outro asuntos)*

Ver Palas de Rei, XVIIª Mostra Internacional de Teatro Amador “Teatro no camiño de Santiago”

Viravolta Títeres (1): *O poliño feo*

Ver Cultura no Camiño, Ciclo

Viravolta Títeres (2): *Barriga Verde*, texto tradicional e Viravolta Títeres, dirección Anxo García

Ver Titirideza

A **Xanela do Maxín** (1): *Caixa de Nuk*

A **Xanela do Maxín** (2): *Os libros do titiriteiro*

Referencias varias:

- M. B., "Arzúa pensa nos cativos para a súa programación no mes de setembro", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 29 agosto 2016, p. 20.

Dá conta desta representación na Biblioteca Municipal de Arzúa dentro do programa cultural de setembro.

A **Xanela do Maxín** (3): *Cántoche un conto*

Ver Escena en Familia

A **Xanela do Maxín** (4): *Titeremusicontos*

Ver Familirúa, Festival

A **Xanela do Maxín** (5): *Chincha Rabincha*, texto Celtia Figueiras, dirección Luis Vallecillo

Ver Ti-tiritando de emoción, IXª Mostra de títeres

Xarope Lulú: *A miña primeira viaxe*, adaptación da obra de Paloma Sánchez Ibarzábal

VII.4. CÓMIC

VII.4.1. GALEGOS

Alves, Abel, *Aram o armenio*, debuxos Majox e Lara Lee, A Coruña: Demo Editorial, [lectorado mozo], xullo 2016, 76 pp. (ISBN: 978-84-943403-6-9).

Historia gráfica con diálogos de Abel Alves (Ferrol, 1981) e ilustracións de Majox sobre a matanza de armenios por parte do Imperio otomán. En 1915, os pais de Tamar, a nena protagonista desta historia, son asasinados. O seu veciño Mehmet decide axudar á cativa e levala onda o seu tío Aram, que vive a quilómetros de alí e que está a organizar a defensa dos armenios contra os turcos. Cando os soldados chegan á aldea do tío Aram, este failles fronte, pero a maioría dos homes son executados. Por outra banda, Mehmet é descuberto con Tamar e a nena é levada onde o resto dos armenios. Cando Mehmet atopa a Aram, cóntalle toda a historia e ambos van á procura de Tamar. Rescátana, pero Aram decide quedar en Europa porque ten as mans manchadas de sangue pola guerra. Anos máis tarde, Tamar xa é unha señora maior que vive en Montevideo e relata a historia do tío Aram aos seus netos. Os debuxos de Majox (Arxentina) representan a agresividade e violencia do ser humán. As cores son planas e saturadas empregando tonos sienas, negro e o azul, para destacar as onomatopeas. Presenta un esquema simple de cómic pero nalgunhas partes rómpeo e fai que a imaxe se amplíe e saia da celda.

Referencias varias:

- D. F., "Es la primera historieta del genocidio armenio en España", *Diario de Arousa/ El Ideal Gallego*, "Sociedad", 11 agosto 2016, p. 37.

Entrevista co escritor Abel Alves no que presenta o seu novo traballo, unha novela gráfica que trata do xenocidio armenio en España en lingua galega. Resalta que está dirixida a todos os públicos e que o tema elixido foi pola súa muller de orixe armenio. Finalmente informa dalgún proxecto en mente e conta como comezou no mundo do cómic.

Barreiro, Fonso, *Curuxa. A voz de Azazel*, Premio fin de curso da primeira promoción do curso profesional de Banda Deseñada de O Garaxe Hermético 2015, Pontevedra: Retranca Editora, decembro 2016. 84 pp. (ISBN: 978-84-941632-3-4).

Alfonso Barreiro (Noia, 1980) crea a través da banda deseñada unha heroína galega para os máis cativos: Curuxa, unha bruxa. Esta personaxe feminina viaxa a través da paisaxe galega e das lendas (o *lobishome*, a Santa Compaña, o conxuro da queimada...) á vez que loita contra unha meiga malvada. A antagonista vai na procura da voz máis fermosa que lle permitirá crear os máis potentes meigallos e, para logralo, rouba distintas voces de nenos e nenas, incluída a de Curuxa. Para recuperar as voces perdidas, a protagonista contará co valor da amizade que lle axudará a combater o mal.

Referencias varias:

- Belén López, “O enxeñeiro técnico naval que se fixo autor de cómic”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 2 decembro 2016, p. 12.

Fala do enxeñeiro técnico Alfonso Barreiro que pasou a ser debuxante de cómic, algo que sempre lle gustara e que aproveitou o paro para facelo. Comenta que foi a Pontevedra á escola do debuxante Kiko da Silva, “O Garaxe Hermético”, e que rematou dando clases nesa escola. Dá conta da publicación da súa obra ambientada nun mundo de bruxas e lobishomes. Finalmente, confesa que non pensa volver a ser enxeñeiro naval, xa que non pretende deixar de ser debuxante de cómic.

- Fonso Barreiro, “Curuxa. A voz de Azazel”, *Diario de Pontevedra*, “*Évenres!*”, “Cómic”, 16 decembro 2016, p. 8.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra *Curuxa. A voz de Azael* de Fonso Barreiro (Fon) e dá breve conta do argumento do libro.

_____, “Curuxa. A voz de Azazel”, *Diario de Pontevedra*, “*Évenres!*”, “Cómic”, 23 decembro 2016, p. 8.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra *Curuxa. A voz de Azael* de Fonso Barreiro (Fon).

_____, “Curuxa. A voz de Azazel”, *Diario de Pontevedra*, “*Évenres!*”, “Cómic”, 30 decembro 2016, p. 8.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra *Curuxa. A voz de Azael* de Fonso Barreiro (Fon).

- Cuca M. Gómez, “Me despido de 2016 en la cocina”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, 31 decembro 2016, pp. 70-71.

Dá conta, entre outros eventos, da presentación na libraría Paz de Pontevedra do último libro de Alfonso Barreiro.

Berlai, Xiao (música e textos) e Ernesto G. **Torterolo** (deseños), *Desconhecido*, Rianxo: Axoúxere Editora, col. Euterpe, n.º 3, [lectorado mozo e adulto], 2106, [95] pp. (ISBN: 978-84-944763-1-0). Inclúe CD.

Tras as dedicatorias dos autores e unha cita de Silvio Rodríguez, esta banda deseñada de Xiao Berlai e Ernesto G. Torterolo narra a historia dun home solitario que vive de recordos dun amor imposible e esperas entre o alcol e os soños até que morre abrazado a un xersei da amada. As ilustracións figurativas en branco e negro priman sobre o texto para narrar visualmente a historia.

Referencias varias:

- Marta Veiga, “Xiao Berlai. ‘Volvín do tanatorio e por primeira vez escribín unha canción con letra”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, “Música”, 1 decembro 2016, p. 58.

Fala da publicación dun novo disco de Xiao Berlai, ex integrante de Fia na Roca, que é á vez banda deseñada e que está inspirado na historia de desamor dun tío del. Comenta que o proxecto xurdiu ao volver do tanatorio, que sentiu a necesidade de facer homenaxe a un parente moi querido. Resalta que nos debuxos fan acto de presenza os músicos que o acompañan e que as letras das canción insisten nun lirismo obsceno nun romanticismo roto, mestura o rural co urbano.

Boullón, Víctor, *Aleida, cidade sen alma*, A Coruña: Demo editorial, col. Eumedievo, n.º 3, [lectorado mozo], xullo 2016, 56 pp. (ISBN: 978-84-943403-9-0).

Cómic, de Víctor Boullón (Santiago de Compostela, 1979), ambientado na Compostela da alta Idade Media (a finais do século XII). Ten como protagonista a Aleida, filla de León, quen traballa nas obras da reforma da catedral. Nun contexto de loitas políticas entre Compostela e Braga polo predominio do noroeste peninsular, ocorre na catedral de Santiago de Compostela un asasinato no que se pensa que o causante foi un lobo. Aleida, unha nena moi inqueda, somérxese nunha aventura para indagar sobre o tema, contando coa colaboración de Casto, asistente do arcebispo. Desta forma, a nena consegue resolver o enigma e descubrir a identidade do causante dos danos. En toda a obra predominan as cores cálidas nas ilustracións, que serven para complementar a narración textual. Como paratextos, emprégase un prólogo do arqueólogo Antón Malde que serve como contextualización da historia da cidade.

Referencias varias:

- Marco Naya, “Los libros toman la ciudad”, *La Opinión*, “A Coruña”, “Fiestas de María Pita”, 7 agosto 2016, pp. 8-9.

Con motivo da celebración das Festas de María Pita na Coruña, anúnciase a Feira do Libro nos xardíns de Méndez Núñez. Entre as diversas propostas literarias, destaca esta obra e resalta o auxe do cómic.

- Karmele Vázquez, “A Idade Media de Compostela dende a banda deseñada”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 1 outubro 2016, p. 35.

Comenta que Victor Boullón asinará exemplares desta obra en Santiago de Compostela e que o argumento se centra na historia dunha rapaza na Compostela do século XII no contexto das loitas políticas entre a cidade de Braga. Resalta que o autor mestura varias temáticas como a historia de Galicia, a Idade Media e a propia catedral.

Fernández Serrano, Jacobo, *Avoa Power*, ilust. do autor, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Marcopola. A illa remeira (Merlín Cómics), n.º 4, [lectorado autónomo], novembro 2016, 55 pp. (ISBN: 978-84-9914-945-5).

Jacobo Fernández Serrano (Vigo, 1971) narra nesta historia gráfica como Marcopola, Libro e Dragoneta chegan á Costa das Patacas para axudar a Seara, a avoa de Libro, a desfacerse do ladrón Blake the Tiger, quen anda a roubar á veciñanza. A avoa cos seus superpoderes consegue desvolverlles os obxectos roubados aos veciños que van na súa axuda. Aparece Blake que lle rouba o mantel e tras perseguilo e loitar con el conseguen devolver a paz ao lugar. O estilo das ilustracións desta cuarta entrega de Marcopola, como nas anteriores, é desenfadado e alegre e reflicte expresividade e dinamismo, cunha técnica depurada. Trátase dun debuxo redondo que se caracteriza pola claridade e cunha imaxinación sen límites.

Referencias varias:

- Jacobo F. S., "O famoso conto", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Ilustración", "Cómic", 25 novembro 2016, p. 25.

Recóllese un fragmento da última publicación de Jacobo F. S.

- Lourdes Varela, "Jacobo Fernández. 'Para min debuxar e escribir son, en esencia, a mesma cousa", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 606, 8 decembro 2016, p. V/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 559, 17 decembro 2016, p. 11, "Entrevista".

Entrevista a Jacobo Fernández sobre as aventuras de Marcopola, personaxe que nace na historia *Os Amigos de Archimboldo Roque*. Comenta que estas aventuras están dirixidas a un público moi esixente, entre seis e doce anos, e resalta que para escribir para os nenos hai que tratar de buscar a curiosidade deles. Confesa que non pode elixir entre escribir ou debuxar, que para el son o mesmo. Finalmente informa que xa ten algún proxecto novo en mente.

Prado, Miguelanxo, *Presas Fáciles*, Santiago de Compostela: El Patito Editorial, maio 2016, 86 pp. (ISBN: 978-84-945512-0-8).

Miguelanxo Prado (A Coruña, 1958) comeza esta banda deseñada agradecendo a colaboración do escritor Luís García Mañá (Ourense, 1950) e mais cun texto "instrucións de uso" que achega a temática deste cómic. A trama da narración de suspense, situada entre os anos 2013 e 2014, presenta a inspectora Olga Tabares e mais o inspector Carlos Sotillo investigando a morte de sete persoas que teñen en común o seu traballo dentro do mundo bancario. En primeiro lugar aparece morto Juan Taboada Rivas, comercial do Banco Ovejero. Despois, José Manuel de la Villa, conselleiro delegado de Bancamar, este último atropelado. As outras mortes son as de Carlota Ruíz Velasco, directora dunha sucursal de Bancanova; Juan Luis Sánchez, ex-presidente de Caixatlántica; Isabel Carro Ron, interventora do Banco Consignatario; Javier Valado, director comercial do Banco Integral; e finalmente Enma Andrade, directora territorial do Banco Pizarro. Perante estas mortes comezan as pescudas policiais, onde descobren que algunhas vítimas foron envelenadas por cianuro e conclúen que todas os falecementos teñen como elemento común persoas da terceira idade do Club Agarimo. Despois duns interrogatorios, son os propios anciáns os que confesan a súa participación nos asasinatos destas persoas, que estaban implicadas na fraude das preferentes e nos desafiuzamentos. Así, o organizador, Andrés Villa, que contou coa axuda de Luis e de

Xulio na planificación dos asasinatos, asasinou o comercial do Banco Ovejero e mais o director comercial do Banco Integral; Rosa Rivas encargouse da interventora do Banco Consignatario e da directora territorial do Banco Pizarro; Aurora Padín axudou a Andrés Villa a eliminar o comercial do Banco Ovejero; Alberto López asasinou a directora dunha sucursal de Bancanova e mais o ex-presidente de Caixatlántica. Ao final só queda por esclarecer o asasinato do conselleiro delegado de Bancamar e descóbrese que foron os anciáns Andrés Villa e mais Pedro Dacosta. Finalmente sábese que a orixe de todos os asasinatos, acaecidos en marzo de 2014, xorde en febreiro de 2013, co suicidio dos anciáns Pilar e Pablo por un desafiuzamento, e que a planificación comeza en novembro de 2013. A imaxe da cuberta cos vellos ameazados por hienas xa avanza moito sobre quen son as presas desta obra. O interior está organizado en viñetas clásicas con bordes negros e debuxos en branco e negro a lapis e xiz branca. O estilo figurativo moi realista achega moita información sobre os obxectos, os interiores, as persoas, as rúas... A descrición dos personaxes amosa emocións e xestos que trasladan ao lector os sentimentos polos que atravesan os protagonistas. Nas composicións das viñetas emprega puntos de vista e enfoques cinematográficos que aportan variedade ás imaxes.

Recensións:

- Xoana Santos e Estela Suárez Recouso, "A vinganza dos esquecidos", *Tempos Novos*, n. º 232, *ProTexta*, "ProPostas", setembro 2016, pp. 90-91.

Contextualízase a obra dentro da produción do autor, salientando o protagonismo de persoas da terceira idade. Resúmese brevemente o argumento, centrado na investigación policial sobre a estafa das preferentes e que remata cun final aberto. Saliéntase as semellanzas con seriais televisivos, pero dende unha profunda humanidade e cun trasfondo político e de xustiza social; o uso do branco e negro na ilustración, nunha clara relación co cine negro; e a relación das viñetas co mundo audiovisual. Da técnica pictórica, destácase a liña expresiva e fluida, e os ecos de artistas como Oskar Kokoschka, Egon Schiele ou Toulouse Lautrec. Conclúese gabando a calidade pictórica e a boa historica ficcional, así como o interese por dar presenza ás persoas afectadas pola crise.

- Metrópoles delirantes/Tempos Novos, "Presas fáciles *é o meu libro máis funcional, no que hai menos concesións ao preciosismo*", *Tempos Novos*, n.º 230, "Cultura", xullo 2016, pp. 66-70.

Achégase unha entrevista a Miguelanxo Prado arredor da súa obra *Presas Fáciles* (El Patito Editorial, 2016). No tocante á banda deseñada galega alúdese ás súas obras *De profundis* e *Ardalén* destacando a temática de intimismo e melancolía. Faise referencia á súa obra anterior *Trazo de xiz*. Catalógase *Presas Fáciles* como historia de aventuras que recolle unha denuncia de diferentes problemas económicos actuais e ponse en relación co pouso social da súa obra *Stratos* salientando que, neste último caso, xa viña anunciado no prólogo feito por X. L. Méndez Ferrín. Fanse alusións á pretensión de temática policíaca da obra por parte do autor e á influencia das súas propias vivencias sobre o argumento. Por último, alúdese ás características formais da obra.

- Nieves Rodríguez e Manuel Barreiro, "Vítimas preferentes", *Tempos Novos*, n.º 230, "Cultura", xullo 2016, p. 69.

Destácase a temática de denuncia social, centrada nos problemas económicos actuais e en concreto no caso das preferentes. Alúdese a que o argumento da obra se basea na investigación policial dunha dobre morte. Descríbense as características pictóricas da obra, salientando o seu realismo. Destácase o ritmo continuo da narración e a consolidación dos personaxes. Por último, infórmase que o libro constitúe unha edición bilingüe en galego e castelán e faise referencia aos problemas formais e lingüísticos que presenta a versión galega.

Referencias varias:

- B. L., "Miguelanxo Prado identifica ás súas 'presas fáciles' en Pontevedra", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Ciudad", 20 maio 2016, p. 13.

Dá conta da presentación desta obra a través de diferentes actos na cidade de Pontevedra: o primeiro deles enmarcado na programación municipal "Maio, mes da lingua", o segundo na libraría Paz coa compaña de Luis Rei e o terceiro cunha entrevista para a radio dentro do ciclo "Unha praza, un libro". Ademais, fai referencia á pasada presentación do libro no Saló do Cómic de Barcelona e á xénese da obra como froito da reflexión social e da rabia.

- Octavio Beares, "Una decena de títulos al vuelo", *Faro de Vigo*, "*VISADO*", n.º 731, "Cómics", 27 maio 2016, p. 6.

Dentro dunha presentación do último panorama editorial de cómic, saliéntase o retorno de Miguelanxo Prado con esta obra que denuncia a institucionalización da corrupción en España.

- Ángela Fontao, "Retrato dun presente hipotecado", *La Opinión*, "A Coruña", "Ciudad y Cultura", 23 xuño 2016, p. 12.

Fala da presentación do último traballo de Miguelanxo Prado, *Presas fáciles*, situada nun contexto social actual marcado polos desafiuzamentos e a venda de preferentes da banca. Comenta que a idea do tema da obra xurdiu despois de escoitar unha nova na radio, e resalta que fai fincapé que as vítimas sexan maioritariamente xente de idade.

- A. F. N., "Miguelanxo Prado. 'Hai detalles de vida de Cervantes que deixan en pouco as aventuras do Quixote", *La Opinión*, 8 agosto 2016, p. 7.

Entrevista co ilustrador coruñés Miguelanxo Prado, director do festival "Viñetas desde o Atlántico", na que fala da mostra "Miguel en Cervantes. El retablo de las maravillas". Comenta que o nivel do festival mantense a pesar da crise e que o cartel do festival é un elemento imprescindíbel. Resalta que outra das propostas desta edición é a do cómic social onde se sitúa a súa última obra *Presas fáciles*. Finalmente comenta o feito de expoñer todos os carteis na Torre de Hércules.

- C. Pereiro, "El 'Mar interior' de Miguelanxo Prado cierra el año en el Museo de Pontevedra", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 13 decembro 2016, p. 38.

No marco dunha exposición sobre a traxectoria do debuxante e ilustrador, fai referencia ao éxito da súa última obra. Indica que este volume se sitúa no segundo eixe temático da exposición, centrado no perfil "historietista" de Miguelanxo Prado.

- S. V., "Miguelanxo Prado explora o seu 'Mar interior' no Museo", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Ciudad", 13 decembro 2016, p. 11/ *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 14 decembro 2016, p. 44.

Informa da exposición no Museo de Pontevedra sobre os 30 anos de traxectoria do debuxante. Apunta que a mostra está composta por cen pezas de diverso tipo, que o primeiro bloque está dedicado concretamente ao mar como tema transversal, recorrente e protagonista e que o segundo percorre os diferentes perfís profesionais do artista. Tamén dá conta das publicacións de Prado, destacando o último libro do artista, *Presas fáciles*.

Tomás, Xosé, *Manual de escola*, ilust. Xosé Tomás, [Vigo]: Asociación Socio-Pedagóxica Galega, [lectorado autónomo], 2016, 79 pp. (ISBN: 978-84-938747-4-2).

Cómic con viñetas en branco e negro de Xosé Tomás (Betanzos, A Coruña, 1971) no que, tras as dedicatorias do autor ("A Miguel", "A Tomás e Manuel, os meus motivos", "A Fabricio Caivano, por tanto en tan pouco") e os prólogos de Francesco Tonucci, Xaquín Marín e Xosé Tomás, se contan as diferentes visións dende unha perspectiva pedagóxica dun sistema educativo errático, disperso e confundido. Algunhas viñetas falan por si soas sen a necesidade de ter en conta un texto complementario, outras en cambio recorren a diálogos entre personaxes que poñen de manifesto a crítica pedagóxica que se trata de transmitir. Os debuxos de Xosé Tomás están moi elaborados, observando atinadamente e cuestionando a relación neno–contexto educativo. Contan cun estilo recoñecible, unha técnica depurada e un coñecemento máximo de todos os recursos da imaxe. Conta con humor os problemas da educación a través dos personaxes que permiten ao lectorado poñerse no lugar da infancia mais tamén no do adulto.

Referencias varias:

- Antares Pérez, "Xosé Tomás. 'Los profesores tenemos que dejar egos y prejuicios a la puerta del aula", *La Opinión*, "Sada/ Betanzos", 31 xullo 2016, p. 19.

Dá conta do libro de Xosé Tomás, no que trata a dificultade que sofren os alumnos á hora de adaptarse ao novo sistema educativo, que critica e comenta que non se avergoña en recoñecer que aprendeu moito dos seus alumnos. Sinala que as dúas mellores armas dun profesor son a empatía e a imaxinación, cre no método de aprendizaxe a través de grupos e a base de proxectos interdisciplinares.

V.4.2. REEDICIÓNS

VV. AA., *História da Língua em banda desenhada*, Santiago de Compostela: Através Editora, n.º 16, decembro 2016, 65 pp. (ISBN: 978-84-16545-07-0).

Edición en galego reintegracionista que conmemora o vinte e cinco aniversario da que vira a luz en 1992, que contara con dúas edicións e 5.000 exemplares, froito da colaboración entre o Grupo Meendinho e o Frente Comixário que ofrecen un discurso humorístico e crítico da historia da lingua galega dende unha dimensión internacional. Esta edición conmemorativa engade un prólogo cunha contextualización histórica e social que explica a creación desta banda deseñada e outros textos que falan do nacimento e a historia da obra. Ofrece unha cronoloxía histórica da da lingua galega, dividida nas sguintes etapas "A Pré-história da Lingua", "A romanizaçom", "O nascimento do galego", "Do s. XIV ao s. XIX", "O século XX "até a sublevaçcom fascista do 36 na Espanha", "De 1936 até 1975..." e "De 1975 até hoje". Repara no conflito lingüístico, tendo como base a castelanización da lingua galega e atacando a actuación dos medios de comunicación, dos estamentos oficiais e do goberno autonómico galego, reclamando igualdade real do galego co castelán. A nivel de ilustración e deseño muda a tapa dura e cambia a cuberta da obra, acollendo persoeiros importantes da lingua e cultura galegas. As ilustracións en branco e negro mantéñense e corríxense erros lingüísticos.

V.4.3. CÓMICS TRADUCIDOS OU VERSIONADOS

Goscinny, R., *A volta á Galia de Astérix* (*Le Tour de Gaule d'Astérix*), ilust. Albert Uderzo, trad. Isabel Soto e Xavier Senín, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Astérix, n.º 5, [lectorado mozo], maio 2016, 48 pp. (ISBN: 978-84-9914-996-7).

Quinto álbum da serie creada polo guionista René Goscinny (París, 1926-1977) e o ilustrador Albert Uderzo (Fismes, 1927), publicado por vez primeira nas páxinas da revista *Pilote* en 1963 e posteriormente en álbum en 1965. O presente volume é unha nova tradución ao galego tras a realizada en 1998 pola Editorial Galaxia, en colaboración con Grijalbo-Dargaud. Nesta aventura, o inspector Lucius Flordelotus chega ao campamento romano de Petibónum para cumprir a orde de Xulio César de someter de vez a irredutible aldea gala. Mais, tras un estrepitoso fracaso na súa loita contra os galos, acorda illalos construíndo unha estacada arredor da aldea. Cando Astérix a descobre, desafía a Flordelotus: co seu amigo Obélix, cruzará o muro, dará a volta á Galia e, como proba da súa fazaña, traerá de cada lugar que visite cadansúa especialidade gastronómica. Deste xeito, Astérix e Obélix comezan un percorrido pola Galia que os leva a vivir diversas aventuras ao seu paso por Rotomagus, Lutecia, Camaracum, Durocortorum (Reims), Divodurum, Lugdunum, Nicae, Massilia, Tolosa, Aginum Burdigala e Gésocribate. As viñetas de corte clásico de Albert Uderzo (Fismes, Francia, 1927) teñen uns personaxes debuxados con liña simple con cores alegres aplicados con tinta plana. Son debuxos moi detallados que ofrecen moita información complementaria aos textos.

VII.5 ENSAIO. TEORÍA XERAL. CRÍTICA

VII.5.1. MONOGRAFÍAS, BIOGRAFÍAS, CRÓNICAS E LIBROS COLECTIVOS

Blanco Ramos, Carmen, *O volframio en Varilongo. Santa Comba de Xallas (1941-1963)*, pról. Xesús Alonso Montero, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Crónica, abril 2016, 148 pp. (ISBN: 978-84-9914-991-2).

Crónica memorialística de Carmen Blanco Ramos (Vilar de Céltigos-Santa Comba-A Coruña, 1957) sobre a temática do negocio do volframio en Varilongo. Ábrese cunha cita de Víctor Campio sobre a memoria, á que segue o prólogo "Palabras de admiración para un libro (máis político que mineralóxico) revelador" (pp. 9-17) do presidente da Real Academia Galega, Xesús Alonso Montero. En relación coa Literatura Infantil e Xuvenil é de interese o capítulo IX, "Volframio literario" (pp. 105-122), no que a autora exemplifica "como aparece o termo volframio nos textos literarios sen a pretensión de facermos crítica literaria nin de ser exhaustivos" en dous grupos de textos: por unha banda, aqueles nos que "os autores foron testemuñas próximas, en tempo e espazo, aos feitos" e, por outra, "os libros actúan como vasos comunicantes de vivencias repetidas, con imaxes frescas na retina da memoria selectiva". Entre as elixidas figura, no segundo grupo, a novela xuvenil *Febre* (2011), de Héctor Carré (A Coruña, 1960), da que reproduce dous fragmentos: o primeiro deles, na páxina 119, amosa dous espazos onde os espías ingleses e tamén os alemáns negociaban, caso do burdel situado ás aforas da vila e o Casino de Noia; e o segundo fragmento, reproducido nas páxinas 120-121, recolle datos reais relativos á Segunda Guerra Mundial, caso da Batalla do Atlántico, o petroleiro Max Albrecht e a antena de radio Eleckctra Sonne.

Tamén está descrito no apartado *V. Ensaio. Teoría Xeral. Crítica* e *VIII. Literatura de transmisión oral* deste *Informe*.

Recensións:

- Vicente Araguas, "Volframio", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*"/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 952/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 952, "máis Libros", 25 setembro 2016, p. 30.

En primeiro lugar contextualiza a obra centrándose na temática das minas de Volframio, como un período moi peculiar da intrahistoria galega. Sinala varios autores interesados no estudo do libro así como o prólogo de Xesús Alonso Montero "buscador de volframio, nos anos da posguerra na súa patria de Ribadavia". Evidencia os acertos da autora e anticipa o contido do volume, destacando as cantigas e as testemuñas en prosa.

Cerrillo Torremocha, Pedro C. e César **Sánchez Ortiz** (eds.), *Prohibido leer: La censura en la literatura infantil y juvenil contemporánea*, Cuenca: Ediciones de la Universidad de Castilla-La Mancha, col. Estudios, n. º 158, 2016, 452 pp. (ISBN: 978-84-9044-259-3).

Volume que recolle os traballos e comunicacións presentados no Congreso Internacional Censuras y Literatura Infantil y Juvenil en el siglo XX realizado en Cuenca durante o mes de setembro de 2016. A estrutura do monográfico xira ao redor de catro grandes bloques temáticos: censura e Literatura Infantil e Xuvenil (LIX) en España, Latinoamérica, noutros países e censuras que exceden as anteriores restricións temáticas. En relación coa Literatura Galega acóllese o seguinte traballo:

- Blanca-Ana Roig Rechou e Verónica Pousada Pardo, "Censura y sus efectos en la LIJ gallega", pp. 149-155.

En primeiro lugar realízase unha achega ao contexto histórico, social e cultural galego, para dar conta das particularidades do sistema censor que controlaba as publicacións en Galicia. A seguir, céntrase en dúas obras da década dos 60 que conseguiron burlar a censura, pese a presentar unha forte crítica social e un ton reivindicativo: *A galiña azul* (1968), de Carlos Casares, e *O león e o paxaro rebelde* (1969), de Bernardino Graña.

Cid Fernández, Xosé Manuel (coord.), *Estudos e Investigacións na Facultade de Educación de Ourense 100 anos despois de Risco. 15 anos da Facultade de Ciencias da Educación*, A Coruña: Andavira Editora, 2016, 512 pp. (ISBN: 978-84-8408-956-8).

Volume conmemorativo do centenario da entrada de Vicente Risco (Ourense, 1884-1963) na Escola de Maxisterio de Ourense en 1916, no que se reúne unha vintena de traballos que se estruturan ao redor de catro bloques temáticos: "Fundamentación sociohistórica, antropolóxica e pedagóxica", con propostas sobre o labor pedagóxico do propio Risco ou doutros mestres en diferentes épocas do século XX; "Análise e intervención psicopedagóxica", onde se analizan expectativas de diferentes sectores de poboación académica, métodos de intervención ou cuestións de xénero; "Educación social e Traballo social: fundamentación e propostas de intervención", onde se analizan factores, experiencias e fenómenos que inciden na poboación; e "Didáctica da Educación infantil, primaria e secundaria", no que se recollen propostas de análise sobre a formación do profesorados destes niveis educativos. Entre os traballos incluídos na obra son de interese para este *Informe de literatura* o que segue:

- Isabel Mociño González, "A educación literaria dos docentes: materia pendente na Educación Infantil e Primaria", pp. 451-474.

Despois de reflexionar sobre o *estatus* da Literatura Infantil e Xuvenil na formación dos docentes de educación infantil e primaria, repásanse algunhas das iniciativas que marcaron a evolución da docencia, crítica e a investigación en Galicia nas dúas últimas décadas. Márcase como obxectivo a necesidade de formación e información destes docentes para abordar con garantías a educación literaria dos máis novos. Repásase a vertebración de grupos multidisciplinares, a internacionalización dos discursos críticos e a diversidade de enfoques e temáticas traballados, en moitos casos en perspectiva comparativa con outros sistemas literarios. Deste modo, desvélanse algunhas das potencialidades para os mediadores das propostas docentes, de investigación e as obras críticas publicadas no período delimitado, no que proliferaron un importante número de monografías temáticas.

Cochón, Luís e Luís **Alonso Girgado** (eds.), *Manuel María. Cecais hai unha luz. Memorabilia*, limiar Luís Cochón, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, col. Cadernos Ramón Piñeiro (Cadernos galegos de pensamento e cultura), vol. XXXV, 2016, 336 pp. (ISBN: 978-84-453-5216-8). ◆

Volume monográfico de autoría colectiva para homenaxear a Manuel María (nome literario de Manuel María Fernández Teixeiro, Outeiro de Rei, Lugo, 1929-A Coruña, 2004) no ano no que se lle dedica o Día das Letras Galegas 2016. No limiar, "Canle de luz e néboa", Luís Cochón, ao longo de seis apartados con numeración romana, fai un percorrido (selectivo, comentado e contextualizado dende o xerme da produción literaria de Manuel María, próxima aos inicios de Manuel Cuña Novás e Uxío Novoneyra) polas dez cartas que Uxío Novoneyra lle enviara a Manuel María entre 1953 e 1954 e que o propio Cochón coeditara baixo o título *Falorpiñas de neve. Cartas a Manuel María* (Follas Novas, 2010). A seguir acóllese a "Primeira nota de edición" na que se explica que este caderno monográfico conten "advocacións, lembranzas e algún olvido" (p. 17) sobre o autor de Outeiro de Rei, a súa obra e a súa presenza en recitais e actos de afirmación nacionalista, e califícao como "versátil, inspirado, autente, poucas veces calado" (p. 17), reproducíndose a continuación o artigo de X. L. Méndez Ferrín, "Sobre o Día das Letras Galegas", publicado no *Faro de Vigo* o 20 de xullo de 2015, no que critica que a Real Academia Galega lle pechase as súas portas durante a segunda parte do século XX a Eduardo Blanco Amor, Luís Seoane, Uxío Novoneyra e Celso Emilio Ferreiro, se ben "despois de mortos estes e pasados anos de repouso, a Academia non tivo máis remedio" (p. 18) que homenaxealos e anos despois, tras asumir a presidencia Francisco Fernández del Riego, mudou a institución e o propio Méndez Ferrín se uniu asinaron a favor da elección de Manuel María como académico numerario e foi elixido, pese a que "houbo voces virulentamente contrarias" (p. 18), algúns dos cales fixeron unha "apresurada mudanza de casaco" (p. 18) tras coñecerse a nova da homenaxe de Manuel María no Día das Letras Galegas 2016. Tras o apartado "Artigos" que se describirá a seguir, acóllese a "Segunda nota de edición", que precede ao "Epistolario" (pp. 279-336), que se intitula "Ramón Piñeiro e Manuel María: un epistolario" e que é da autoría de Luís Alonso Girgado e Laura Piñeiro Pais. Eles explican que ambos os autores nomeados entrecruzaron, entre 1950 e 1966, cartas das que reproducen cincuenta e unha delas: once da autoría de Ramón Piñeiro e corenta de Manuel María. Precisan o contexto nas que escribiron as cartas e apuntan que nelas se reflicte dende "ben cedo unha relación de cordial amizade entre os dous lugueses" (p. 276) e así mesmo unha "imparable secuencia petitoria na que se citan os primeiros títulos da obra poética (*Terra Cha*, *Libro de Pregos*, *Advento* e *Mar Maior*) de Manuel María" (pp. 276-277). En relación coa Literatura Infantil e Xuvenil galega acóllese, no citado apartado "Artigos", o seguinte traballo:

- Mar Fernández Vázquez, "Manuel María, un clásico da Literatura Infantil e Xuvenil galega", pp. 61-75.

Comeza destacando que a súa primeira obra para os máis novos a publicou "case vinte anos despois de iniciar a súa traxectoria literaria co poemario *Muiñeiro de brétemas* (1950)" e que "apostou decididamente, xunto a outros autores considerados 'clásicos`, pola Literatura Infantil e Xuvenil galega, entre outras actividades culturais, sociais e mesmo políticas, pese a que naquela altura esta Literatura se atopaba aínda na etapa de

formación como sistema literario" (p. 61). Salienta que a súa produción infantil e xuvenil "atende aos tres xéneros canónicos e caracterízase por un diálogo intra e intertextual, respectivamente, coa súa obra para o público adulto e coa literatura e a cultura galegas" (p. 62). Incide en que, se ben a narrativa é tanxencial na súa obra, "converteu en personaxe literario ao seu veciño de Outeiro de Rei e servente na súa casa, Manuel de Paderna" (p. 62) e que "transmutou esta figura real nun personaxe literario de tal relevancia na súa obra que pode considerarse un arquetipo de paisano galego" (pp. 62-63) e analiza os textos nos que aparece. A seguir estuda a súa produción poética e tamén a teatral e conclúe resaltando "a pegada de Manuel María" (pp. 71-72) nos autores posteriores da Literatura Infantil e Xuvenil galega.

Tamén está descrito no apartado *V. Ensaio. Teoría Xeral. Crítica* deste *Informe*.

Lado, María e Xosé A. **Perozo**, *Viaxe ao patrimonio natural da ourensanía*, ilust. Suso B. Cubeiro e Viki Berre, Ourense: Deputación Provincial de Ourense, 2016, 45 pp. (ISBN: 978-84-945493-7-3). ◆

Neste volume, que comeza coa reprodución do himno de Ourense, titulado "Ourense no solpor", e que a seguir conta cun texto institucional "Viaxe pola natureza", amosa como a súa protagonista Auria xunto co seu amigo, o biólogo Xan Cabaleiro, viaxan polo patrimonio natural máis salientábel da provincia de Ourense: O Ribeiro, a serra do Leboreiro e a Baixa Limia, Allariz e a reserva da Bola, Pena Trevinca, Valdeorras etc. Nel teñen cabida referencias a escritores ourensáns como Vicente Risco e o seu *Libro das horas* e Alfredo Conde con *Romasanta. Memorias incertas do home lobo.* Cómpre sinalar que *Viaxe ao patrimonio natural da ourensanía* foi distribuído entre os centros escolares ourensáns para participar na 4.ª Semana Escolar de Provincia e a súa Deputación centrada nesta ocasión en pór en valor a riqueza ecolóxica da provincia de Ourense, que conta con apoio gráfico dos deseños de Suso B. Cubeiro (de animais e plantas) e mais de Viki Berre (debuxos de Auria) e mais que xunto con esta obra tamén se distribuíu unha *Guía do profesorado* que ofrece suxestións e propostas de actividades para traballar nas aulas.

Ríos, Eli, *María Victoria Moreno*, ilust. Eva Agra, Santiago de Compostela: Urco Editora, col. Mulleres bravas da nosa historia, n.º 2, 2016, [lectorado autónomo], [32] pp. (ISBN: 978-84-16121-63-2).

Eli Ríos (Londres, 1976) ofrece unha biografía novelada a través da narradora Navia sobre a escritora María Victoria Moreno, indicando que naceu en Valencia de Alcántara en 1941 e que estudou Filoloxía Románica en Madrid. Tamén incide na escolla da autora pola lingua galega, sendo pioneira na Literatura Infantil e Xuvenil coa publicación de *Mar adiante*. Fai un repaso pola bibliografía da escritora, salientando a escolla polo protagonismo feminino, a forma de dar clases e a relación coa súa cadela Alma. Remátase cunha cronobiografía, un caderno de actividades e o solucionario. As ilustracións figurativas a cor de Eva Agra ocupan toda a páxina e o texto vai enmarcada nun recadro violeta con letra branca que se confronta aos textos aclaratorios que se ofrecen enmarcados en recadro verde.

Roig Rechou, Blanca-Ana, Isabel **Soto López** e Marta **Neira Rodríguez**, *Reflexos das dúas guerras mundiais na Literatura Infantil e Xuvenil*, Vigo/Santiago de Compostela: Edicións Xerais de Galicia/ Universidade de Santiago de Compostela/ Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en humanidades, 2016, 470 pp. (ISBN: 978-84-9121-123-5). ■

Nesta monografía achéganse diversas reflexións realizadas polos membros da Red Temática de Investigación "Las Literaturas Infantiles y Juveniles del Marco Ibérico e Iberoamericano", que se centra no reflexo das dúas guerras mundiais na LIX a través dun conxunto de estudos. O libro comeza cun artigo introdutorio de José Antonio Gomes onde mostra como a Primeira e Segunda guerras mundiais se representan nos libros infantís e xuvenís. Continúa con cinco achegas panorámicas pormenorizadas sobre as obras dedicadas á Primeira e Segunda guerras mundiais nas literaturas do ámbito ibérico e iberoamericano. Conta con comentarios cara á formación lectora realizados sobre diferentes xéneros e público en múltiples linguas. Finalmente, o volume conclúe cun artigo dedicado á ilustración, de Carmen Franco Vázquez e Guillermo Calviño Santos onde mostran a labor dos fotógrafos desa época.
En relación á Literatura Infantil e Xuvenil galega acóllese o traballo de:

- Marta Neira Rodríguez, "Conflictos bélicos na LIX galega. As dúas guerras mundiais: crónica da ausencia e da participación", pp. 89-115.

Realiza unha panorámica de como se tratou esta temática na Literatura Infantil e Xuvenil galega, dando conta das obras que representan a Primeira e Segunda guerras mundiais. Salienta a pouca produción que se realizou sobre estas dúas guerras, destaca *U-49* (2007), de Rafael Lema en canto á primeira Guerra Mundial. Da Segunda destaca: *Fume* (2008), de Antón Fortes, *A rapaza da fiestra* (2010), de Xavier Estévez e *Febre* (2011), de Héctor Carré, entre outras das que fai un breve descritor.

Recensións:

- Armando Requeixo, "Guerras literarias", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*"/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 959/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 959, "letras Atlánticas", 13 novembro 2016, p. 32.

Tras salientar a importancia de coñecer os efectos e consecuencias devastadores das guerras a través da literatura para "aprehender e mellorar na rehumanización do individuo moderno", incidindo no eido da literatura infantil e xuvenil, comenta que esta monografía acolle panorámicas sobre ámbitos literarios nacionais a propósito dalgúns dos grandes títulos desta temática. Salienta a amplitude e variedade dos traballos e o "magnífico ensaio a propósito da imaxe e as ilustracións" de Carmen Franco e Guillermo Calviño. Por último, incide na necesidades deste tipo de publicacións para os profesionais da mediación.

Vasconcelos de Macedo, Ana Cristina e Marta **Neira Rodríguez** (coords.), *Literatura para a Infância e a Juventude: Memória(s) e Identidade(s) /Literatura Infantil e Xuvenil: Memoria(s) e Identidade(s)*, Porto: Tropelias&Companhia, decembro 2016, 208 pp. (ISBN: 978-989-8582-50-8)

Volume que acolle algunha das reflexións iniciadas no marco dos 21º Encontros Luso-Galaicos do Livro Infantil e Juvenil, realizados os días 4 e 5 de decembro de 2015, na Escola Superior de Educação do Instituto Politécnico do Porto, mais tamén outros estudos e notas ao redor da relación entre a escrita dirixida á infancia e á mocidade e os conceptos "Memoria" e "Identidade". Estruturado en dous grandes apartados, "Estudos e notas" e "Recensões críticas /Recensións críticas", no que á literatura galega respecta acóllense os seguintes estudos e notas:

- Agrelo Costas, Eulalia, "Unha parábola *contra* a globalización: *O centro do labirinto*, de Agustín Fernández Paz", pp. 101-114.

Nova aproximación á novela *O centro do labirinto* (1997), de Agustín Fernández Paz, que se inicia coa referencia á homoxeneización cultural que se está a dar dende o remate do século XX por efecto do fenómeno da globalización. Nela procúrase explicar como o escritor vilalbés, recentemente falecido, arremeteu contra este proceso, que menoscabou a riqueza lingüística e que favoreceu a dilución da identidade dos pobos, a partir da articulación da parábola narrativa presente n' *O centro do labirinto*, obra que é analizada a partir das súas compoñentes temáticas e discursivas. Saliéntanse os acenos intertextuais que inclúe e alúdese tamén á forte carga ideolóxica e á recepción desta novela repleta de simbolismo, que une os tempos dos petróglifos cos tempos que están por chegar para facer unha defensa de culturas periféricas como a galega.

- Mar Fernández Vázquez, "*O Segredo da Pedra Figueira*: a reconfiguración da identidade cultural perdida", pp. 115-128.

Despois de realizar un percorrido literario pola produción da Literatura Xuvenil galega que trata a estreita interrelación memoria-cultura-identidade-imaxinario, faise unha lectura propia da única obra xuvenil de María Xosé Queizán, *O Segredo da Pedra Figueira*. Fernández Vázquez salienta como Queizán contribuíu coa súa novela de iniciación ao proceso de consolidación da Literatura Infantil e Xuvenil galega e reconfigurou a identidade cultural perdida.

- Mª del Carmen Ferreira Boo, "(Re)visión da literatura oral e reivindicación da identidade na produción infantil e xuvenil de Xosé Miranda", pp. 129-148.

Realízase unha panorámica da produción narrativa infantil e xuvenil de Xosé Miranda, escritor galego que bebe e se inspira na literatura de transmisión oral. Coméntase e clasifícase esta produción en dous bloques: reescrituras instrumentais, que manteñen o modelo do hipotexto, como os volumes da colección "Cabalo Buligán"; e reescrituras lúdicas, humanizadoras e/ou ideolóxicas, que empregan os elementos narratolóxicos dos contos da transmisión oral (estrutura, fórmulas e, sobre todo, personaxes) con intención subversiva, transgresora, modernizadora, paródica… para incidir no humor, a humanización e/ou a reivindicación da identidade galega, na que se insiren *Lúa e os nubeiros* (Galaxia, 2000), *Feitizo* (Xerais, 2001), *Pel de lobo* (Xerais, 2002), *Álvaro e Álvaro* (Xerais, 2004), a colección "Amancio Amigo", *A nena pálida* (Tambre, 2007), *As mans do medo* (Xerais, 2007) e *Vestio* (Xerais, 2008).

- Eva Mejuto Rial, "O 'álbum testemuño': achegar a realidade e o conflito ás crianzas", pp. 149-175.

Achégase ás principais características do álbum e define o que denomina “álbums testemuño”. Realiza unha proposta de clasificación destes en “álbums testemuñais reais” e “álbums testemuñais ficcionais” ao tempo que fala da súa finalidade ética e estética e exemplifica con exemplos de diferentes linguas.

- Marta Neira Rodríguez, “Obras narrativas galegas que axudan a recuperar a memoria das guerras. Algúns exemplos”, pp. 177-192

Despois de lembrar cando se asentou no sistema literario infantil e xuvenil galego o tratamento dos conflitos bélicos e de nomear algúns dos máis recreados, destaca seis obras de autoría galega que poden axudar o mediador, fundamentalmente o profesorado, a educar literariamente e a recuperar a memoria dos conflitos bélicos entre a infancia e xuventude.

Na apartado “Recensões críticas /Recensións críticas” recóllese o comentario crítico de *Retorno aos Clásicos. Obras imprescindibles da narrativa infantil e xuvenil*, coordinado por Blanca-Ana Roig Rechou, Isabel Soto López e Marta Neira Rodríguez; *De como a Literatura para a Infância e a Juventude «É Chamada à Guerra». Reflexões sobre os Conflitos Bélicos na Galiza e em Portugal* / *De como a literatura para a infancia e a xuventude «é chamada á guerra». Reflexións sobre os conflitos bélicos en Galicia e Portugal*, coordinado por Ana Cristina Vasconcelos de Macedo e Marta Neira Rodríguez, en Portugal, realizados respectivamente por Carmen Ferreira e Verónica Pousada Pardo; tamén se fai un comentario crítico do número 47 do *Boletín Galego de Literatura* e do número 2 de *Elos. Revista de Literatura Infantil e Xuvenil*, feito por Sandra Fernández Queiruga.

VII.5.2. MONOGRAFÍAS E LIBROS COLECTIVOS TRADUCIDOS OU NOUTRAS LINGUAS

Casais Vila, Verónica e Alba **Rozas Arceo** (coords., revisoras e autoras), *Un lustro de lecturas para la infancia y la juventud / Five Years of Books for Children and Young Adults (2010 -2015)*, Universidade de Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións e Intercambio Científico / Instituto de Ciencias da Educación, col. Cadernos do mediador, n.º 3, 2016, 1.007 pp. (ISBN: 978-84-16954-09-4). Ebook. ◆

Monografía que recompila as traducións ás linguas castelá e inglesa das recensións críticas e mesmo crítico-divulgativas que foran publicadas semanalmente por un grupo de especialistas en Literatura Infantil e Xuvenil, coordinadas por Blanca-Ana Roig Rechou, na páxina semanal sobre esta literatura en *El Correo Gallego*, na sección "ELOS de lectura" durante cinco anos. Comeza a obra cunha breve introdución do equipo redactor, na que explica a estrutura da monografía e indica o obxectivo de axudar a mediadores de todo o mundo na selección de lecturas e avivar a curiosidade de editoriais nacionais e internacionais sobre a literatura galega e animar á tradución ao galego de obras referentes doutras literaturas. A seguir, reprodúcense as recensións, divididas en tres bloques, onde os comentarios se organizan segundo a data da súa publicación no xornal compostelán cunha nota na que se ofrece a ficha bibliográfica da obra comentada. No primeiro deles, "Libros gallegos", acóllense comentarios crítico-divulgativos daquelas obras galegas que destacan pola súa calidade ou innovación. No segundo, "Libros en gallego", acóllense os comentarios crítico-divulgativos de obras universais traducidas ao galego. E no terceiro "Monografías y Estudios Críticos" acóllense comentarios crítico-divulgativos de monografías e estudos críticos que se teñen ocupado da Literatura Infantil e Xuvenil.

Oittinen, Riitta e Blanca-Ana **Roig Rechou** (coords.), *A Grey Background in Children's Literature: Death, Shipwreck, War, and Disasters/ Literatura infantil y juvenil con fondo gris: muerte, naufragios, guerras, y desastres*, München: Iudicium, 2016, 318 pp. (ISBN: 978-3-86205-442-8).

Volume no que se reúne unha vintena de traballos ao redor do tratamento da morte, os conflitos bélicos e o mar na Literatura Infantil e Xuvenil de diferentes sistemas literarios, da man da Asociación Nacional de Investigación en Literatura Infantil y Juvenil (ANILIJ) e da súa sección ELOS. Asociación Galego-Portuguesa de Investigación en Literatura Infantil e X/Juvenil. Ábrese con cadansúa introdución das coordinadoras, que no caso de Blanca-Ana Roig Rechou leva por título "Temas tabú y difíciles", onde pon de manifesto a evolución experimentada polos estudos literarios ao redor da produción para os máis novos, aínda que de modo asimétrico, debido ás diferenzas históricas e sociais das literaturas en cuestión, e repasa polo miúdo os contidos do volume, referíndose a cada unha das temáticas que o vertebran. A seguir, Riitta Oittinen, baixo o título "Domestication&Foreignzation: Censorship&Child Image", céntrase máis nas estratexias de tradución e da superación da censura. Os traballos referidos á Literatura Infantil e Xuvenil galega son os que seguen:

- Carmen Ferreira Boo, "La guerra en el álbum narrativo en lengua gallega", pp. 157-171.

Realiza unha breve panorámica daqueles álbums publicados en lingua galega no século XXI que se achegan aos conflitos bélicos, dende unha perspectiva histórica ou ficticia. Primeiramente delimita e define o obxecto de estudo, para logo establecer un corpus de dez álbums narrativos dos que analiza as narrativas visual e textual, distinguindo aqueles que tratan guerras históricas, como *Sálvate Elías!* (Kalandraka, 2006), de Élisabeth Brami; *A historia de Erika (Erika's Story*, 1995), de Ruth Vander Zee; *Fume* (OQO, 2008), de Antón Fortes; e *O canón de pau* (2009), de Pepe Carreiro, daqueles que tratan guerras ficticias, como *Negros e brancos* (Kalandraka, 2008), de David McKee; *A guerra dos Números* (OQO, 2009), de Juan Darién; *O nacemento do dragón* (Kalandraka, 2009), de Marie Sellier; *Valentino* (OQO, 2005), de Luisa Morandeira; *O principio* (Kalandraka, 2012), de Paula Carballeira e *A fuxida* (Biblos Clube, 2014), de Berta Dávila. Conclúe sinalando que estas obras aproximan este tema ao receptor infantil para conciencialo das consecuencias negativas; que destaca o tratamento da II Guerra Mundial e que se intenta promover a paz e o respecto ás diferenzas, cun predominio do protagonismo infantil.

- Isabel Mociño González, "El mar y la guerra en la narrativa juvenil del escritor gallego Rafael Lema", pp. 197-212.

Traballo no que se estuda a presenza do mar e dos conflitos bélicos na obra do escritor galego Rafael Lema (Ponte do Porto, Camariñas, A Coruña, 1967), membro da Xeración dos 90. Despois de sinalar algúns dos estudos que nos últimos anos abordaron o tratamento dos conflitos bélicos na Literatura Infantil e Xuvenil galega, sitúase o autor na súa xeración e sinálanse algunhas das súas constantes na produción narrativa xuvenil que ten publicado até o momento. A seguir, céntrase na novela histórica *U-49* (Tambre, 2007), única obra xuvenil en lingua galega que tratou a I Guerra Mundial e o papel que Galicia desenvolveu na contenda, malia a súa suposta neutralidade. Repásanse as diferentes liñas temáticas que desenvolve esta complexa novela, na que o mar é o marco central da acción, convertido durante a guerra nun escenario de morte e pillaxe, tamén como medio de enriquecemento para moitas familias e as múltiples conexións que se establecen durante o período recreado con seitas, crenzas e mitos que promoveron diferentes grupos de poder. Conclúe recomendando a lectura da novela e salientando a reflexión que propicia ao redor das consecuencias dos conflitos e a importancia de coñecer a historia para evitar que erros do pasado se repitan no futuro.

Recensións:

- Verónica Pousada Pardo, "Morte, guerra, naufraxios e desastres", *El Correo Gallego*, "*2domingo*", "Literatura Infantil e Xuvenil", "ELOS de lectura", 31 decembro 2016, p. 6.

Dá conta da publicación desta monografía composta por dezanove estudos escritos en castelán e en inglés. Sinala que o volume se centra nas temáticas que habitualmente foron censuradas e consideradas tabú na Literatura Infantil e Xuvenil: a guerra, a morte, os desastres e os naufraxios. Indica que se trata dunha ferramenta de grande utilidade para investigadores e mediadores e comenta brevemente os traballos asinados por Isabel Mociño e Carmen Ferreira. Finalmente destaca a necesidade de que os máis novos se

acheguen a obras de autores que tratan temáticas complexas como Jordi Sierra i Fabra ou Ursula Wölfel.

VII.5. 3. PUBLICACIÓNS EN REVISTAS

Agrelo, Eulalia, "As temáticas da escrita de Fernández Paz", *Tempos Novos*, n.º 231, *ProTexta*, "ProTagonista", agosto de 2016, pp. 74-75.

Analízase a produción de Agustín Fernández Paz afondando nas achegas temáticas da mesma. Saliéntase o seu labor na consolidación da Literatura Infantil e Xuvenil xunto con outros mestres que escriben para os máis novos e que compoñen a "Xeración do 68". Alúdese á obra *A cidade dos desexos*. Adscríbese a súa produción á literatura infantil e xuvenil exceptuando *Non hai noite tan longa* e *A viaxe de Gagarin* que se inclúen na de adultos. En liñas xerais, sinálase a relevancia da memoria, da fantasía e da crítica na súa obra, así como da temática intimista e ideolóxica social. Saliéntase a temática amorosa das obras *Contos por palabras*, *Rapazas*, *Noite de voraces sombras*, *O Raio Veloz* e *O único que queda é o amor*. Destácase a querenza pola literatura presente no relato "Un radiante silencio" ou polo cinema na obra *Amor dos quince anos, Marilyn*. Tamén se fai fincapé na relevancia que adquire o tema da amizade en *Cartas de inverno* xunto co medo. Este último sinálase como cerne das obras *Aire negro*, *Tres pasos polo misterio*, *As fronteiras do medo* ou *A neve interminable*. Sublíñase a perspectiva feminina sobre a adolescencia de *Rapazas* e a orientación da obra cara á igualdade de xénero. Tamén se salienta a defensa do medio ambiente en *A neve interminable*, da diversidade cultural en *O centro do labirinto*, do valor da individualidade en *Cos pés no aire* e dos marxinados en *Fantasmas de luz*. En canto ao tema da memoria histórica da guerra civil, saliéntanse o texto "As sombras do faro" do libro *Tres pasos polo misterio* e as obras *Noite de voraces sombras* e *Corredores de sombra*. Por último, apúntanse outras temáticas da súa produción coma o valor, a comprensión, a axuda ao próximo, a xustiza, o compañeirismo ou o aprecio polo patrimonio.

Alonso, Fran, "Pista de despegue", *Revista Galega de Educación*, n.º 64, "Ensinar… non sen a poesía", febreiro 2016, pp. 19-20.

Reflexiónase sobre os comezos da tradición da poesía infantil e xuvenil, na que se suxire que todo está por desenvolver. Alúdese á escaseza de propostas de calidade e saliéntase a poesía de Antonio García Teijeiro. Faise tamén un comentario sobre a disolución das fronteiras entre a poesía infantil e a xuvenil, poñendo como exemplo o libro de Fran Alonso, *O meu gato é un poeta*. Saliéntanse, ademais, os proxectos de Carlos Negro con *Maquinaria* e *Penúltimas tendencias*. Alúdese tamén á figura rupturista e actualizadora de Gloria Sánchez. Conclúese reflexionando sobre a cantidade de autores e autoras que constrúen con firmeza a poesía infantil e xuvenil galega, malia non ter o apoio de determinados axentes culturais. Péchase o artigo coa reflexión de que esta literatura está aínda nos seus primeiros pasos, pero dando unhas "zancadas significativas" (p. 20).

Asorey Vidal, Daniel, "A memoria do espanto", *Grial*, n.º 210, "O espello das letras", abril, maio, xuño 2016, pp. 87-88.

Ofrécese unha recensión da obra *Un animal chamado néboa* (Xerais, 2015) de Ledicia Costas. Faise referencia a outras achegas da literatura galega que se centraron no tema da II Guerra Mundial, entre as que destacan as da autora Marina Mayoral, pero tamén as de outros autores coma Riveiro Coello e Fernández Naval con *Laura no deserto* e *A noite branca* respectivamente. Saliéntase que *Un animal chamado néboa* trata a mesma temática e que gañou o Premio Losada Diéguez. Infórmase de que a obra mostra a a través de seis relatos as atrocidades do conflito. Analízase a perspectiva narrativa da obra e a caracterización das personaxes. Destácanse outras obras da autora no eido da literatura infantil e xuvenil coma *Escarlatina, a cociñeira defunta* ou *Esmeraldina, a pequena defunta*.

Bal, Romina, "O libro-CD en Galiza. Primeiras obras", *Revista Galega de Educación*, n.º 64, "Ensinar… non sen a poesía", febreiro 2016, pp. 24-26.

Reflexiónase sobre a edición do libro-CD en Galicia, un camiño aberto por obras como *Tic-tac* (Kalandraka, 2009), de Pablo Díaz con ilustracións de Marc Taeger, e *A nena e o grilo* (OQO, 2010), de Magín Blanco e ilustracións de Iván Prieto. Faise un percorrido por este tipo de publicacións en varios apartados. Tras unha breve introdución, na sección "De Mamá Cabra a María Fumaça" dáse conta dos proxectos musicais con obras como *Ola, ola, la!* (2010) ou *Xa me tardan estes Magos* (2011), con textos de Antón Cortizas, Antonio García Teijeiro, Gloria M. Roel e Gloria Sánchez, desenvoltos por Mamá Cabra; así como do colectivo María Fumaça, que conta con xente como Carlos Blanco ou Uxía, e que puxo en marcha proxectos como *María Fumaça* (2012) e *Xiqui Xoque, fiú, fiú!* (2014). A seguir, o apartado "Reivindicando a Rosalía" está dedicado ás obras que xiran ao redor da poesía desta escritora. Comézase por comentar *Rosalía Pequeniña*, obra de Uxía e Marina Seoane, con prólogo de Begoña Caamaño. Alúdese tamén o libro-CD *A miña primeira Rosalía* (Xerais, 2013), de Xiana e Xosé Lastra con ilustracións de María Manuela, orientado ao traballo na aula. Coméntase ademais a continuación de *Tic-tac* en *Toc-toc* (2013), premio Martín Códax da Música, no que se tratan figuras tradicionais como o Apalpador ou Pedro Chosco. Na seguinte sección, "A recuperación da tradición", saliéntanse obras que recuperan arrolos, xogos e letras de transmisión oral, entre elas *Para cantar e bailar* (Do Cumio, 2008), ilustrada por Serxio Cobos, e *Xogos musicais* (Do Cumio, 2013), ilustrada por Marta Iglesias, ambas de Luís Prego; ou *Na punta do pé* (Kalandraka, 2010), do grupo Pesdelán con ilustracións de Joao Vaz de Carvalho; *Pan de Millo*, do grupo Migallas con ilustracións de Dani Padrón; *Non hai berce coma o colo* (Kalandraka, 2014), de Magoia Bodega e Paulo Nogueira; *Gatuxo*, de Magín Blanco; *Traca-Traco*, de Paco Rivas; e *Brinca Vai*, ilustrado por David Pintor e interpretado por Paco Nogueiras. No último apartado, "Ampliando os públicos", reflexiónase sobre a expansión deste xénero cara ao público xuvenil, con obras como *A caza do ghazafello* (Xerais, 2011), con textos de Denis M, música de Marcos Paino e ilustracións de Sara López; ou *Rapoemas* (Galaxia, 2012), da artista Aid, no que se musican clásicos da literatura galega a ritmo de rap; *A terra queima*, de Lalo Carnota e Xurxo Souto e *Estamos no verán*, de Xoán Curiel. Alúdese á falta de visibilidade destas obras no seu momento, debido ao proceso de castelanización desta franxa de idade. En canto á libro-CDs máis recentes, coméntanse as propostas *Cadros dunha exposición* (Kalandraka, 2015), de José Antonio Abad Varela e ilustracións de Xosé Cobas; e *Sira e o robot, Adventures on Titan* (Xerais, 2015), de Mark Wiersma e Miguel Mosqueira con ilustracións de Miguel Sende Gómez, que se orienta cara a aprendizaxe do inglés. Conclúese salientando o incremento da publicación

en formato libro-CD nos últimos anos e o feito de que se trata dun sector en cambio a medio camiño entre a produción literaria e musical.

Bragado, Manuel, "Agustín, creador de materiais didácticos", *Revista Galega de Educación*, n.º 66, "Lembrando a Agustín Fernández Paz", novembro 2016, p. 73.

Co gallo do pasamento de Agustín Fernández Paz, achégase un apartado no que diversos persoeiros fan unha lembranza do escritor. Saliéntase a súa participación na creación de materiais didácticos e libros de texto en galego ao abeiro do primeiro director de Xerais, Xulián Maure Rivas. Entre os seus proxectos de publicacións didácticas, alúdese á "A maxia das palabras", contos depregables acompañados de cadernos dirixidos ás familias e ao profesorado; e o cartafol documental *En galego vivo Vigo, en galego Vigo vai*. Saliéntase ademais o seu traballo no consello de redacción das revistas *As Roladas2* do Movemento da Escola Popular Galega, e a *Revista Galega de Educación.* Conclúese describindo a Fernández Paz como un editor consciente do seu papel na formación lectora.

Campo Freire de Roca, Xaquín, "Carta aberta para Balbino na morte de seu pai", *Encrucillada*, n.º 196, "In memoriam", xaneiro-febreiro 2016, pp. 79-80.

Preséntase, en forma de carta dirixida ao personaxe de Balbino, unha homenaxe a Xosé Neira Vilas. Faise referencia a *Memorias dun neno labrego*, co que se identifica o autor do escrito, e faise unha crítica á ausencia da lingua galega na escola.

Casalderrey, Fina, "Xosé Neira Vilas: 'xornaleiro' do celuloide", *Tempos Novos*, n.º 224, *ProTexta*, "ProTagonista", xaneiro 2016, pp. 82-83.

Co gallo do pasamento de Xosé Neira Vilas (Gres 1928-2015) faise referencia ás súas obras *Memorias dun neno labrego* e *Cantos de sol a sol*, destacando que esta última foi prologada por Fina Casalderrey. Dáse conta do traslado ao cinema da obra *Querido Tomás*, a cargo de Uxía Blanco e Fina Casalderrey. Saliéntase o emprego nesa obra do monólogo interior, a ambientación nas Insuas de Ponteledesma e a acción, centrada nunha mestra de aldea que lembra o seu amor de xuventude perdido na emigración. Afóndase nas características da súa transformación en curtametraxe.

_____, "Un silencio sonoro", *Tempos Novos*, n.º 231, *ProTexta*, "ProTagonista", agosto 2016, p. 73.

Co gallo do pasamento de Agustín Fernández Paz, faise referencia ao libro *As flores radioactivas*, galardoado co Premio Merlín de Literatura Infantil. Saliéntase que a temática da súa produción xira arredor da axuda ao próximo, a igualdade, a memoria histórica, a estimulación da lectura ou a fantasía. Faise fincapé no labor docente do autor en relación ao seu papel na consolidación da Literatura Infantil e Xuvenil e na difusión internacional da literatura galega. Faise referencia á proposta de Sierra i Fabra de que se lle outorgue o Premio Andersen a Fernández Paz. Apúntase a pertenza do autor á Xeración Lamote, aclarando que a denominación responde ao personaxe dunha

obra de Paco Martín que lle valeu o 1º Premio Nacional de LIJ. Por último, indícase que a súa obra é unha das máis difundidas da LIX.

Caxade, Alonso, "Viches a Rosalía de Castro? Literatura e vídeo na escola unitaria de Lañas", *Revista Galega de Educación*, n.º 64, "Ensinar… non sen a poesía", febreiro 2016, p. 34-36.

Comézase por facer unha reflexión sobre o papel formador da escola, tanto nas aulas como fóra delas, para introducir a historia do proxecto "Viches a Rosalía de Castro?", levado a cabo con nenos de tres a cinco anos na escola unitaria de Lañas. Saliéntase a dificultade de achegar no tempo a figura da escritora, pero que se superou grazas á curiosidade dos rapaces polos biodatos, que van seguindo as súas pegadas a través do libro *Cantares gallegos*. Alúdese tamén á dificultade de levar a cabo proxectos como este dentro dos modelos administrativos. Indícase que a experiencia culminou coa gravación e presentación ao concurso "Imaxina Cantares", no que resultaron vencedores. Conclúese salientando a necesidade de dar a coñecer a escola.

Costas, Ledicia, "Só se pode ser universal desde as propias raíces", *Revista Galega de Educación*, n.º 66, "Lembrando a Agustín Fernández Paz", novembro 2016, p. 75.

Co gallo do falecemento de Agustín Fernández Paz, achégase un apartado no que diversos persoeiros fan un percorrido polas súas lembranzas do escritor. Neste artigo, a partir do libro *O rastro que deixamos* (Xerais, 2012), Ledicia Costas reflexiona sobre a pegada de Fernández Paz na súa obra. Saliéntanse dúas ideas do autor: a necesidade de escribir dende as propias raíces para chegar á universalidade e a idea de que a literatura infantil e xuvenil non é unha literatura menor.

Do Campo, Xabier P., "Carta do inverno da ausencia", *Luzes*, n.º 33-34, *República*, "Opinión", 2016, pp. 88-89.

Co gallo do pasamento de Agustín Fernández Paz, achégase unha carta na que Xabier P. Docampo repasa as súas vivencias co escritor e salienta o seu compromiso coa lingua galega. Ponse de relevo a figura dos mestres e o nacemento dunha literatura infantil e xuvenil galega para achegar a lingua aos estudantes.

Fernández Rodríguez, Áurea, **Luna Alonso**, Ana, **Galanes Santos**, Iolanda e **Montero Küpper**, Silvia (Bitraga, Universidade de Vigo), "A pegada na tradución da obra de Agustín Fernández Paz", *Tempos Novos*, n.º 231, *ProTexta*, "ProTagonista", agosto 2016, pp. 80-81.

Analízanse as achegas á tradución da obra de Agustín Fernández Paz. Saliéntase que se trata dun dos autores máis traducidos en Galicia e España, destacando as traducións ao catalán de *Les flors radioactives* (Bromera, 1991), *Contes per paraules* (Cruïlla, 1991) e *El tresor del drac Rebuf* (La Galera, 1992). Faise referencia á faceta de tradutor do propio autor respecto á súa produción. Menciónase a contribución das editoriais peninsulares e dos premios neste labor de tradución. Menciónanse as traducións ao

aranés, castelán e éuskera de *O tesouro do dragón Smaug* (La Galera. 1992), o galardón Premio Lazarillo outorgado a *Contos por palabras*, que entrou na Lista de Honra do IBBY, foi finalista no Premio Nacional de Literatura e traducida ao castelán éuskaro e asturiano; así coma ao Premio Rañolas do ano 1995 recibido por *Cartas de inverno*, finalista do Premi Protagonista Jove do Consell Català del Llibre traducida ao catalán, éuscaro, castelán e portugués e bretón. Destácase a tradución ao catalán de *Aire Negro* tras ser galardoada co Premi Protagonista Jove 2001 e tamén ao castelán e ao vasco. Tamén se alude á tradución ao castelán de *Corredores de Sombra*, ao Premio Edebé en 2005 para *A escola dos piratas* que se traduciu ao catalán, castelán e vasco; e a *O único que queda é o amor* galardoada co Premio da AELG á mellor obra de LIX do 2007, traducida ao castelán, ao catalán e ao portugués. Tamén se alude ás obras traducidas fóra do ámbito nacional como *Le libre des petites annonces* (2001), *Raparigas* (1999), *O centro do labirinto* (2002), *O laboratorio do Doutor Nogueira* (2008 e 2009), á tradución ao árabe de *Avenida do parque, 17*, e ás versións coreanas de *O meu nome é Skywalker* (Myung Jin, 2004), *A escola dos piratas* (BookinFish, 2010) e *O único que queda é o amor* (Booklight, 2012), á tradución ao chinés de *Upa!* e *A escola dos piratas* (Liaoning Children's Publishing House, 2015), á tradución italiana de *Valados* (Piemme, 2013), e de *Aire negro* ao búlgaro e ao inglés na colección "Galician Classics" de Small Stations Press. Por último, achéganse as causas do incremento da tradución da literatura infantil e xuvenil e a importancia da obra de Fernández Paz neste eido; e alúdese á tradución ao esloveno de *O meu nome é Skywalker*.

Forcadela, Manuel, "Agustín Fernández Paz EXEMPLAR E MEMORABLE", *Tempos Novos*, n.º 231, *ProTexta*, "ProTagonista", agosto 2016, pp. 68-69.

Faise referencia ao labor docente de Agustín Fernández Paz e ponse en relación coa súa faceta de autor. Alúdese á súa obra *Cartas de inverno* e á súa temática de misterio e medo. Saliéntase o compromiso de Fernández Paz co uso da lingua galega e a crítica do autor ao poema en defensa da lingua "Sétima Alocución" de Manuel Forcadela. Apúntase a importancia temática da memoria e da estética realista en *A Viaxe de Gagarin*. Ponse en relación a súa obra coa doutros autores coma a de Castelao. Faise referencia á crítica do autor ao poema "Carta á nai no día de defuntos" de Manuel Forcadela. Por último, destácase a utilidade para a reflexión da obra de Fernández Paz.

García Fonte, Mª dos Anxos, "A nación dos nenos. Contando e cantando con voces infantís", *Tempos Novos*, n.º 224, "*ProTexta*", "ProTagonista", xaneiro 2016, pp. 79-80.

Co gallo do pasamento de Xosé Neira Vilas (Gres 1928-2015) faise referencia ás súas obras *Memorias dun neno labrego*, *Xente no rodicio* e *A muller de ferro*. Dáse conta da súa recepción no contexto escolar. Saliéntase a temática da primeira obra en torno a pobreza, a necesidade e a diferenza de clases do mundo rural galego. Apúntase a relación entre o contido de *Memorias dun neno labrego* e a obra de Rosalía de Castro *Cantares gallegos*, cuxas temáticas abordan a situación de miseria de Galicia e na emigración, a exaltación da paisaxe e dos sentimentos; e coa obra *Adiós María*, de Xohana Torres, coa que comparte a visión sobre o paro no mundo rural e a emigración. Alúdese á estratexia empregada nas tres obras de descubrir a hipocrisía social e o dominio ideolóxico a través da voz dun cativo de condición marxinal e á súa importancia e eficacia comunicativa na literatura galega.

_____, “A nación dos nenos. Contando e cantando con voces infantís”, *Tempos Novos*, n.º 224, “*ProTexta*”, “ProTagonista”, xaneiro 2016, pp. 80-81.

Dáse conta da nova publicación de *Aqueles anos do Moncho* en 2015 a cargo da editorial Galaxia. Alúdese ás características formais da obra. Apúntase a súa adscrición ao “Ciclo (ou triloxía) do neno” xunto con *Cartas a Lelo* e *Memorias dun neno labrego*, das que destaca que comparten o protagonismo dun neno que pasa da infancia á adolescencia no mundo rural galego. Achégase que o argumento da obra xira arredor do carácter de Moncho e dos sucesos que o arrodean no seu paso á xuventude, marcado pola morte dun familiar e o vínculo cos fuxidos. Destácase a profundidade psicolóxica do protagonista, o uso do narrador en terceira persoa, a estrutura en dezaoito capítulos e alúdese aos diferentes personaxes que encarnan a sociedade da época. Saliéntase o pouso de crítica e denuncia das inxustizas socias e políticas, así como a discriminación da lingua, que ten lugar na obra a través da perspectiva do protagonista. Sublíñase a estética realista, a súa ambientación rural e a temática sobre a pobreza e a emigración en relación co resto da produción do autor.

Lorenzo Gil, César, “Fernández Paz, o xastre que cosía universos bonitos”, *Luzes*, n.º 33-34, “*República*”, “Reportaxe”, 2016, pp. 83-86.

Faise un repaso polo universo creativo do escritor Agustín Fernández Paz. Tras unha breve introdución, no apartado “Xa está todo inventado. Déamoslle, se acaso, un xeitiño”, saliéntanse os piares da súa narrativa: punto de vista, estrutura e tema, que á súa vez se abordan cunha lingua elevada pero accesíbel. Ademais, preséntase a súa figura de precursor para outra xeración de escritores, como Antonio Manuel Fraga, que se achegaron á literatura universal a través dos textos de Fernández Paz. A seguir, en “Pedagoxía, ben entendida”, fálase do seu labor como mestre e o seu compromiso coa lingua; mentres que no apartado “Os bocadillos de nocilla, o *Xabarín Clube*, os libros do Agustín”, recóllese a popularidade entre os lectores xuvenís de obras como *Contos por palabras* (Xerais, 1991) ou *Amor dos quince anos, Marilyn* (Xerais, 1995 e 2001). Por último, en “Non apto para adultos”, fálase da publicación da súa novela *A viaxe de Gagarin* (2014) na colección para adultos de Xerais, xunto con *Non hai noite tan longa* (2011), as súas únicas obras non dirixidas estritamente ao público xuvenil.

_____, “Libros para soñar”, *Luzes*, n.º 29, “*República*”, “Reportaxe”, 2016, pp. 86-91.

Faise un repaso pola historia da editora Kalandraka, nacida en 1998 en Pontevedra, co desexo de vincular o libro á contorna familiar. Coméntase a expansión do selo, que conta con dezaoito coleccións e coa filial Faktoría K, onde se publican once coleccións, nas que se dá cabida á literatura experimental e innovadora e a traducións de obras estranxeiras. Saliéntase a especialización de Kalandraka nos libros infantís, nos que se coida a ilustración e se seguen as tendencias. Alúdese, tamén, á organización do Premio Internacional Compostela de Álbum Ilustrado, en colaboración co Concello de Santiago de Compostela. Coméntase o papel da exportación como unha das chaves do éxito desta editora, que chega a lugares como América Latina, Estados Unidos ou Xapón; de xeito similar a editoras como Rinoceronte (cos selos Pulp Books e Sushi Books) ou a editora Mar Maior, dependente de Galaxia. Saliéntanse, ademais, a cantidade de galardóns recollidos por Kalandraka, especialmente nos premios Daniel Gil de Deseño Editorial

que convoca a revista *Visual*. Destácase que no ano 2016 foi premiado como mellor libro infantil *Só un segundo*, do brasileiro Flavio Morais; e a deseñadora Macu Fontarigo e Faktoría K recibiron unha mención polo álbum *Animalario* no apartado de deseño de libros. Conclúese reflexionando sobre a expansión de Kalandraka que inclúe produtos como Casa K, unha marca téxtil de roupa infantil con espírito artístico; e poñendo de relevo a necesidade do apoio institucional.

Mociño González, Isabel, "Para sempre nos labirintos da memoria", *Tempos Novos*, n.º 231, *ProTexta*, "ProTagonista", agosto 2016, p. 78.

Lembranza de Agustín Fernández Paz (Vilalba, Lugo, 1947-Vigo, 2016) con motivo do seu pasamento na que se destaca a bondade e entrega coa que o autor actuou ao longo da súa vida, o compromiso coa cultura e a súa obra orixinal e diversa. De toda a súa produción, salienta a novela *O centro do labirinto* (1997), por considerar que nela están presentes as "marcas da casa", os elementos caracterizadores da obra do autor vilalbés, como os protagonismos femininos, as localizacións en trasuntos de cidades galegas, a memoria, o ecoloxismo ou as cuestións identitarias, ademais de símbolos moi recorrentes como o labirinto e a colcha de trapos como símbolo da desigualdade e a e a diversidade social. Remata destacando as diferentes facetas de Fernández Paz e as múltiples liñas que explorou na súa produción literaria, considerada o mellor legado.

Monteagudo Alonso, Antía, "Fontán en Europa", *Tempos Novos*, n.º 226, "*ProTexta*", "ProPostas", marzo 2016, p. 84.

Recensión da obra *Fontán* (Galaxia, 2015), de Marcos Calveiro, na que se alude á relevancia da produción do autor no eido da literatura infantil e xuvenil. Tamén se fai referencia á temática das súas novelas para adultos *Festina Lente* (2008) e *Settecento* (2010), salientando, respecto á primeira, que foi galardoada co Premio da Crítica, Fervenzas Literarias e Irmandades do Libro. Infórmase de que *Fontán* foi galardoada co Premio Repsol e destácase que constitúe unha novela sobre a vida de Domingo Fontán. Recóllense os fitos máis importantes da traxectoria científica deste personaxe e alúdese ás referencias presentes ao mesmo na obra de Otero Pedrayo *Arredor de si*. Saliéntase que a obra de Calveiro abrangue a totalidade da traxectoria vital de Fontán, pero tamén a importancia na mesma da ambientación e do contexto histórico social. Apúntase a adecuación de incluír, a nivel estrutural, noticias doutros científicos e pensadores. Por último, sublíñase a problemática da narración lineal en detrimento dunha selección das achegas significativas do percorrido vital do protagonista.

Pena Presas, Montse, "Agustín Fernández Paz. O triunfo da educación literaria, o triunfo da literatura de fronteiras", *Grial*, n.º 211, "O espello das letras", xullo, agosto, setembro 2016, pp. 104-109.

Faise un percorrido polas achegas de Agustín Fernández Paz á literatura infantil e xuvenil galega. Destácase que esta produción do autor xorde, xunto coa doutros escritores, a raíz do seu labor de redacción de libros escolares e da percepción da falta de literatura en galego para a infancia e a xuventude. Faise referencia ás primeiras obras para este público como son *Memorias dun neno labrego* (1961) de Neira Vilas, *Os*

soños na gaiola, de Manuel María e *A galiña azul* (1968), de Carlos Casares. Tamén se mencionan a importancia neste eido das achegas de Helena Villar e Concha Blanco. Alúdese á proliferación da Literatua Infantil e Xuvenil a raíz de serlle outorgado o Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil a Paco Martín en 1985 pola obra *Das cousas de Ramón Lamote*. Infórmase da pertenza de Fernández Paz á "Xeración Lamote" xunto con Paco Martín, Docampo e Fina Casalderrey. Achéganse as características temáticas e estilísticas da produción infantil e xuvenil deste grupo de escritores. Tamén se analiza o contido e, nalgún caso a estrutura e o estilo, das seguintes obras de Fernández Paz: *Cartas de inverno* (1995), *Aire Negro* (2000), *As fronteiras do medo* (2012) e *A neve interminable* (2015) nas que se destaca a temática do misterio; *O rastro que deixamos* (2012), *Non hai noite tan longa* (2011), *A viaxe de Gagarin* (2014), *Noite de voraces sombras* e *Corredores de sombra* que xiran arredor da memoria; e, por último, *O único que queda é o amor* (2007), gañadora do Premio Nacional de Literatura, de temática amorosa. Outras obras analizadas son *A cidade dos desexos* (1989), *As flores radioactivas* (da que se destaca que foi galardoada co Premio Merlín en 1989), *O centro do labirinto* e *Trece anos de Branca*. Ademais afóndase na consideración da produción do autor como "literatura de fronteira" como unha das causas do seu éxito e na pegada da súa obra en autores posteriores coma María Canosa ou Ledicia Costas, entre outros. Apúntase que a obra de Antonio Manuel Fraga, *Querido H. P. Lovecraft* (2015) supón unha homenaxe a Fernández Paz e á influencia de *Cartas de inverno*. Menciónase a homenaxe do autor a autores clásicos como Rosalía de Castro. Por último, faise a recompilación da pegada da obra deste escritor na literatura galega.

Pintor, David, "Ilustrando en Galicia", *Grial*, n.º 210, "Temas do noso tempo", abril, maio, xuño 2016, pp. 59-69.

No contexto dun estudo sobre a ilustración en Galicia alúdese á obra pictórica de Castelao e doutros ilustradores galegos poñendo en relación a súa relevancia coa obra literaria doutros persoeiros da literatura galega como Rosalía de Castro ou Manuel Curros Enríquez. Recóllense as declaracións de Ledicia Costas como gañadora do Premio Nacional de Literatura Infantil e tamén as de Xosé Ballesteros como director da editorial Kalandraka a propósito do desenvolvemento da ilustración en Galicia.

Rodríguez, Nieves e **Barreiro**, Manuel, "Dúas narrativas para todas as vacas do mundo", *Tempos Novos*, n.º 229, "Crítica", xuño 2016, pp. 75-76.

Recensión da banda deseñada *Muuh! No prado das vacas* (Figurando Recuerdos Edicións, 2015), de Jean-Marc Troubet. Incídese en que a obra presenta dúas historias: a realista dunha personaxe humana, na que se inclúen debuxos de vacas con notas sobre os animais; e a surrealista, na que as vacas aparecen humanizadas e caricaturizadas, na que se tratan temas como o ecoloxismo. Incídese no protagonismo das vacas e na fusión dos comentarios da personaxe coa narrativa clásica centrada nos animais. Saliéntase que a tradución garante a adecuación lingüística.

Senín, Xavier, "Abrir as fiestras", *Tempos Novos*, n.º 231, "*ProTexta*", "ProTagonista", agosto 2016, p. 76.

Co gallo do pasamento de Agustín Fernández Paz faise referencia ao seu labor de creador, crítico e promotor da literatura infantil e xuvenil. No eido da crítica saliéntase a obra *28 libros da literatura infantil e xuvenil galega*, destacando que se trata dunha análise de obras representativas, e máis *Os libros infantís galegos* que achega o panorama histórico e social centrado na normalización lingüística na que se desenvolve a literatura galega para os máis novos. Menciónanse tamén na mesma liña *Ler en galego (Estratexias e libros para a animación á lectura dende as aulas)*, *Animación á lectura*, *A literatura infantil e xuvenil en galego* e *Para lermos cómics*. Faise fincapé no seu labor de divulgador literario e de creador, así como no seu papel na consolidación da LIX con outros autores coma Fernando Pérez Barreiro, Teresa Barro, Paco Martín, Antón Santamarina, Xabier Docampo, Fina Casalderrey ou Óscar Villán, galardoados con diferentes premios. Destácase que é o autor máis lido da LIX galega e alúdese á difusión da súa obra a través de traducións a diversas linguas nacionais e internacionais.

Soto, Isabel, "Apañando os teus rastros", *Tempos Novos*, n.º 231, "*ProTexta*", "ProTagonista", agosto 2016, p. 82.

Co gallo do pasamento de Agustín Fernández Paz e nun texto de creación que pretende conmemorar o seu recordo alúdese ao relato "Esta estraña lucidez", incluído na obra *O único que queda é o amor*. Faise referencia ao contido da obra arredor da revisión do pasado e á utilización da voz narrativa dun can.

Suárez Recouso, Estela, "A frescura de *As Rapazas*", *Tempos Novos*, n.º 231, "*ProTexta*", "ProTagonista", agosto 2016, p. 72.

Faise referencia á obra *Rapazas* (1993), de Agustín Fernández Paz, e ás súas características formais, así como ao protagonismo feminino e á posterior conversión da mesma no libro *Trece anos de Branca* (1994). Destácase que se trata de seis relatos sobre a adolescencia feminina e achégase o argumento de cada un deles, salientando os temas xerais do amor, a amizade, a superación, a igualdade, a morte, o misterio ou o emprego da lingua galega.

Vázquez Freire, Miguel, "De como perder o medo á poesía", *Revista Galega de Educación*, n.º 64, "Entrevista", febreiro 2016, pp. 44-47.

Achégase unha entrevista con Anna Ballester e Antonio García Teijeiro, centrada no tema de como levar a poesía ás aulas. Reflexiónase sobre as razóns para a ausencia da poesía, entre as que se alude á falta de competencia literaria. Coméntase, ademais, a proposta de achegarse á poesía dende o aspecto lúdico e a necesidade de atopar un equilibrio entre a solemnidade e a trivialización.

Vázquez Freire, Miguel, "Agustín último", *Revista Galega de Educación*, n.º 66, "Lembrando a Agustín Fernández Paz", novembro 2016, p. 76.

Co gallo do pasamento de Agustín Fernández Paz achéganse diversas reflexións nas que persoeiros da cultura fan unha lembranza do escritor. Neste artigo, repásase a súa produción dende 2010. Saliéntase a presenza do seu compromiso ético e político, con temas como a ecoloxía, os conflitos familiares e a reivindicación da fantasía. Analízanse, ademais, a singularidade de dúas novelas longas, *A viaxe de Gagarin* e *Non hai noite tan longa*, nas que se percibe un alento pesimista, que tamén está presente no relato *Fantasmas de luz*.

VII.5. 4. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ESTUDOS E RECENSIÓNS

Agrelo, Eulalia, "LIBROS: 'Viaxe á semente: Dende os refachos do corazón ata onde habita o imaxinario' (Real Academia Galega, 2013)", *El Correo Gallego*, "*2domingo*", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Para coñecela + 2000", 24 xaneiro 2016, p. 6.

Resume o contido de *Viaxe á semente: Dende os refachos do corazón ata onde habita o imaxinario* (Real Academia Galega, 2013), discurso lido por Fina Casalderrey co gallo da súa entrada na Real Academia Galega. Indica que no apartado "Refachos do corazón" descobre o seu achegamento á lingua e cultura do país; que en "Un conto para don Xaime", loa a figura egrexia do intelectual galeguista don Xaime Isla Couto; que en "Onde habita o imaxinario" achégase ás paisaxes e lembranzas da infancia, ademais de facer un percorrido por algúns dos nenos e nenas da literatura galega e foránea non etiquetada como infantil e xuvenil. Tamén comenta a súa experiencia como mestra e escritora. Na resposta da académica Rosario Álvarez Blanco recupéranse importantes retallos vivenciais da autora pontevedresa, faise eco do seu labor a prol do galego e da educación e intérnase na súa produción literaria, da que destaca a presenza do espazo e a súa excelente recepción a través das traducións e dos premios alcanzados.

_____, "LIBROS: 'Premios literarios e de ilustración na LIX (2014)', de Blanca-Ana Roig Rechou, Isabel Soto López e Marta Neira Rodríguez (coord.)", *El Correo Gallego*, "*2domingo*", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Para coñecela + 2000", 13 marzo 2016, p. 4.

Céntrase no volume *Premios literarios e de ilustración na LIX* (Xerais, 2014), coordinado por Blanca-Ana Roig Rechou, Isabel Soto López e Marta Neira Rodríguez. Sinálase que este monográfico dos membros da Rede temática de investigación "As Literaturas Infantís e Xuvenís no Marco Ibérico e Iberoamericano" parte dunha análise introdutoria de Anxo Tarrío sobre o fenómeno e a importancia actual dos premios literarios á luz das liñas teóricas de inspiración sistémico-sociolóxica. Apúntase que outros traballos se achegan aos premios internacionais e nacionais máis prestixiosos da Literatura Infantil e Xuvenil, así como ofrecen unha serie de panorámicas sobre os principais premios literarios e de ilustración no ámbito ibérico e iberoamericano. Tamén se achega, brevemente, aos artigos que abordan o ámbito galego: "Los premios Lazarillo y Nacional de Literatura Infantil y Juvenil", de Mª Victoria Sotomayor Sáez e Jesús Díaz Armas; e "Os premios literarios e de ilustración na Literatura Infantil e Xuvenil galega", de Blanca-Ana Roig Rechou e Isabel Soto.

_____, "Da decadencia á esperanza", *El Correo Gallego*, "*2domingo*", "Literatura Infantil e Xuvenil", "ELOS de lectura", 27 marzo 2016, p. 5.

Coméntase *Nena e o mar* (Xerais, 2015), de Érica Esmorís (A Coruña, 1977), que foi Premio Merlín 2015. Indícase a súa estrutura en dezasete episodios, o seu carácter de novela coral, o uso dun narrador heterodiexético, a importancia da protagonista quen actúa como unha "destemida heroína" e resúmese o seu argumento cheo de aventura e emoción "que nos fai lembrar o relato de "A serea da Illa Negra" de Agustín Fernández Paz".

_____, “Interesante achega sobre a literatura de transmisión oral”, *El Correo Gallego*, “*2domingo*”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 28 agosto 2016, p. 6.

Describe a estrutura de *Odres nuevos: retos y futuro de la Literatura Popular Infantil* (2015), volume colectivo coordinado por Cristina Cañamares Torrijos, Ángel Luis Luján Atienza e César Sánchez Ortiz que reflexiona sobre as liñas de investigación, o futuro e os retos no campo da poesía e da narrativa popular infantil e o seu aproveitamento didáctico. Indica que no segundo bloque se insire “Las reescrituras de los cuentos maravillosos en la Literatura Infantil y Juvenil gallega”, no que Mª del Carmen Ferreira Boo analiza textual e paratextualmente o tratamento que reciben dous personaxes arquetípicos dos contos marabillosos, a bruxa e a princesa, nunha pequena selección de seis obras narrativas da Literatura Infantil e Xuvenil galega: *Matapitos.com* (Xerais, 2000), de Gloria Sánchez; *Feitizo* (Xerais, 2001), de Xosé Miranda; *A bruxa regañadentes* (OQO, 2005), de Tina Meroto; *A princesa que bocexaba a todas horas* (OQO, 2005), de Carmen Gil; *A princesa que venceu a sombra* (Everest, 2007), de Xoán Babarro e *Titiritesa* (OQO, 2007), de Xerardo Quintiá. Conclúe que os personaxes sofren moitas modificacións para transmitir valores da sociedade actual.

Álvarez Pérez, Mónica, “LIBROS: ‘Educação literária e literatura infantojuvenil’ (Tropelias&Companhia, 2013)”, *El Correo Gallego*, “*2domingo*”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Para coñecela + 2000”, 14 febreiro 2016, p. 6.

Comenta a estrutura e contido da monografía *Educação literária e literatura infantojuvenil* (Tropelias&Companhia, 2013), de Blanca-Ana Roig Rechou. Indica que no prólogo Ana Margarida Ramos salienta o labor da autora no eido da investigación e divulgación da Literatura Infantil e Xuvenil galega e o recoñecemento académico e institucional alcanzado. A seguir, na introdución a autora explica que presenta unha revisión e actualización dos artigos publicados entre 1989 e 2013. Logo indica que se estrutura en tres bloques: “Literatura Infantil e Xuvenil. Educación Literaria”, onde ofrece reflexións sobre a definición de Literatura Infantil e Xuvenil, o labor dos mediadores e a necesidade de promoción da Literatura Infantil e Xuvenil; “Canonización. Premios literarios”, no que afonda no proceso de canonización e reflexiona sobre os obxectivos dos premios literarios e a súa importancia para establecer o canon; e “O valor social da lectura literaria”, onde destaca o valor social da Literatura Infantil e Xuvenil.

_____, “LIBROS: ‘*Literatura para a Infância e a Juventude e Educação Literária*, (Deriva Editores, 2013), de María Madalena Carlos Teixeira da Silva e Isabel Mociño González (coords.)”, *El Correo Gallego*, “*2domingo*”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Para coñecela + 2000”, 27 marzo 2016, p. 5.

Indica que *Literatura para a Infância e a Juventude e Educação Literária*, (Deriva Editores, 2013), de María Madalena Carlos Teixeira da Silva e Isabel Mociño González, analiza e reflexiona sobre a relación entre Literatura e Ensino. Ofrece a súa estrutura e enumera os títulos dos traballos que tratan a Literatura Infantil e Xuvenil galega.

Alonso Montero, Xesús, “Homero na Estrada”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Letras”, “No ficción”, “Beatus qui legit”, 2 setembro 2016, p. 12.

Comenta *As aventuras de Odiseo* (Embora, 2016), o novo libro de Xosé Luna Sanmartín que acolle seis pezas breves de teatro na que "personaxes e accións están encamiñados á consecución do retorno feliz", achegando o poema de Homero a nenos e adultos, con personaxes que non aparecen na obra orixinal pero que están moi ben caracterizados para a trama. Indica que as ilustración de Eva Seoane "son unha regalía para os ollos dos picariños e dos grandes".

Araguas, Vicente, "Cousas de Neira", *Diario de Arousa*, "O Salnés Siradella"/ *Diario de Ferrol*, "Nordesía", n.º 921/ *El Ideal Gallego*, "La Galería", n.º 921, "máis Libros", 21 febreiro 2016. p. 30.

Comeza destacando a figura de Neira Vilas e o pesar polo seu pasamento, facendo referencia á súa faceta como escritor e eloxiándoo por ser un home comprometido coa sociedade e cos males que padece. Despois salienta que os versos recollidos en *Galicia, nosa ledicia* (Embora, 2015) están dirixidos ao público infantil, pero non por iso son inferiores en calidade, e tamén a mestría das ilustracións que o acompañan, realizadas por Dani Viéitez e Iria Iglesias.

_____, "Petando nas portas do ceo", *Diario de Arousa*, "O Salnés Siradella"/ *Diario de Ferrol*, "Nordesía", n.º 932/ *El Ideal Gallego*, "La Galería", n.º 932, "máis Libros", 8 maio 2016. p. 30.

Salienta a figura do cantautor Bob Dylan para logo dar paso a unha breve análise do libro de poemas de Antonio García Teijeiro *Petando nas portas de Dylan*, publicado inicialmente no 2007. Ademais, tamén destaca a intemporalidade da obra, que define como "un libro que glosa cancións de Dylan" no cal Teijeiro revisita varias das cancións do artista a partir dun verso ou anaco delas.

_____, "Este é un conto", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*"/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 934/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 934, "máis Libros", 29 maio 2016, p. 30.

Comenta de Jaureguizar que se desentenda de ensinanzas morais e se atreva a afastar as súas creacións do politicamente correcto, poñendo como exemplo *Os Sabuxos divírtense no Museo Prohibido* (Xerais, 2015). Tamén destaca que se trata dunha obra para os máis novos pero que ben pode ser gozada polos adultos. Fala brevemente do argumento e recoméndaa especialmente para os lectores gustosos da novidade e da "literatura fresca".

_____, "Ímonos deixar de chilindradas", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*"/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 949/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 949, "máis Libros", 4 setembro 2016, p. 30.

Sinala que *O álbum de Garrincha* (Galaxia, 2015), de Beatriz Maceda Abeleira parte da súa experiencia persoal cando viu nun estadio a Garrincha, un cativo brasileiro que viñera a Galicia emigrando cos seus pais e intenta integrarse a través do fútbol. Indica que a historia é parecida a vida real de Garrincha, pero que "leva o mellor dos camiños logo da certa dureza iniciática".

Blanco Casás, Laura, “Viaxando con Chumbo”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 571, “Libros”, 11 febreiro 2016, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 528, “Letras galegas”, 20 febreiro 2016, p. 10.

Fala da traxectoria do autor, tamén na súa faceta ensaística, dos case corenta anos que dedicou ao ensino e da súa paixón pola literatura oral e polo patrimonio galego en xeral. Ademais comenta brevemente algunha das súas publicacións pasadas e remata presentando o argumento da súa última obra, *O inspector Chumbo* (Ir Indo, 2015), que define como “unha narración axeitada e correcta nas súas formas que, sen maiores pretensións, divertirá ao lectorado máis novo”.

_____, “Andrea Bayer e os seus monicreques”, *El Correo Gallego*, “*2domingo*”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 10 abril 2016, p. 4.

Reflexiona sobre *O lobo e a lúa* (Xunta de Galicia/Baía Edicións, 2015), XI Premio Barriga Verde de textos para teatro de monicreques no ano 2014, de Andrea Bayer Lloves (Redondela, 1974) e con “magníficas ilustracións” de Chus Ferrín. Indica que seis personaxes interveñen na acción, que a escenografía é unha mesa inclinada cara ao público cun caixón, onde representan o seu papel monicreques de man e de vara, e que as acotacións son parte moi importante da representación. Sinala que conta cun argumento sinxelo que se desenvolve en dez escenas e que a clave da peza e a “divertida e atraente intriga”. Por último, refírese á súa posta en escena pola compañía Baobab Teatro.

Bouzas Gorgal, Belén, “Manuel Rivas reedita un conxunto de historias conmovedores”, *El Correo Gallego*, “2domingo”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 3 xullo 2016, p. 4.

Salienta a reedición de *Madonna e outros contos de inverno* (Xerais, 2015), de Manuel Rivas. Indica que se trata dun “conxunto de historias conmovedoras” en diversidade de ambientes e épocas que abordan temas como “o poder do amor, a dor da emigración, a amizade, a resistencia no franquismo, a crise das vacas tolas ou o tráfico de drogas”. A seguir, resume o argumento dos relatos que son “breves e intensos cadros da vida cotiá onde se amalgama o realismo rural, mariñeiro e urbano”, combinados con “pequenas e precisas pinceladas de humor mediante unha linguaxe amena” e con numerosas referencias culturais.

_____, “Kalandraka publica unha edición especial de ‘Ganapán das palabras”, *El Correo Gallego*, “*2domingo*”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 18 setembro 2016, p. 4.

Dáse conta de que Kalandraka, ao cumprir dezaoito anos de traxectoria editorial e, para conmemorar a súa maioría de idade, recuperou na colección “Demademora” cunha reedición especial o álbum *Ganapán das palabras* que saíra por primeira vez do prelo en 1998, cando se fundou a editorial. Despois de resumir o argumento da historia, saliéntase que parte dunha sinxela anécdota inicial na que Álvarez Cáccamo consegue unha divertida e enxeñosa historia rimada que convida a cazar palabras cun ganapán.

Coméntase que se destina ao lectorado máis novo, pois presenta un discurso verbal sinxelo e próximo e que gaña poder e enriquécese ao ir acompañado por un estilo visual envolvente que salienta o seu atractivo, provocando así unha lectura máis estimulante para as crianzas. Finalízase cualificando as ilustracións de expresionistas e vangardistas, coas que conseguen un álbum vivo de poesía, para que os máis novos comecen a experimentar coas letras e a súa orde.

Fernández, Paula, "Novela iniciática", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 573, "Libros", 25 febreiro 2016, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 530, "Letras galegas", 5 marzo 2016, p. 10.

Comenta que *Alén do remuíño* (Urco, 2015) é unha novela iniciática onde se atopan dous mundos ben distintos, o real e o fantástico, por onde o seu protagonista, Xoel, debe transitar. Ademais dá algúns datos de interese sobre a trama e fala da posibilidade dunha dobre lectura: unha amena e divertida apoiada nos diálogos e outra máis profunda onde se fai referencia aos problemas de aceptación entre escolares, á influencia das decisións dos adultos nos máis novos ou ás dificultades que atopa a imaxinación nun mundo como o actual.

_____, "Discurso metaliterario", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 580, "Libros", 21 abril 2016, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 537, "Letras galegas", 30 abril 2016, p. 10.

Recolle un pequeno resumo do argumento da obra *Tártarus* (2016), de Antonio Manuel Fraga e comenta a predilección do autor polo fantástico, mediante aventuras ambientadas en mundos paralelos e personaxes nobres e valentes, a través dun discurso cargado de metaliteratura que pode ser lido dende dúas perspectivas: a través das historias narradas e/ou a través dos paralelismos ou semellanzas que se poidan recoñecer respecto á realidade actual.

Fernández Queiruga, Sandra, "Violencia doméstica e racismo: un canto á liberdade", *El Correo Gallego*, "2domingo", "Literatura Infantil e Xuvenil", "ELOS de lectura", 7 agosto 2016, p. 4.

Achégase aos contidos do número 47 (2015) do *Boletín Galego de Literatura*, salientando "O corpo maltratado, sinécdoque da violencia de xénero na literatura vasca" no que Gema Lasarte escolle un corpus de cinco novelas nas que a violencia física e psíquica por parte dos homes cara ás súas mulleres é a protagonista; "Canción do Sur, ou como Disney transformou ao tío Remus no tío Tom", onde María Míguez López analiza a violencia en *Canción do sur*, a única película que a compañía Disney non ten á venda, por considerarse racista; e "O Nascimento de um Héroi: análise da segunda cena do acto primeiro da ópera *Ulisses em Lisboa* de Francisco José Freire", de Rui Miguel Mateos. Por último, apunta as monografías que son obxecto de recensións na sección "Libros".

_____, "Xénero e cinematografismo", *El Correo Gallego*, "*2domingo*", "Literatura Infantil e Xuvenil", "ELOS de lectura", 14 agosto 2016, p. 6.

Comenta o número 2 (2015) da revista *ELOS* e salienta dous traballos que ofrecen adaptacións de contos tanto da transmisión oral e da escrita: "Disney e os contos de fadas: historia dun secuestro", no que María Míguez López dá conta das adaptacións de fábulas "cun amplo contido violento cara a unhas versións moito máis edulcoradas"; e a panorámica que Fernando José Azevedo, Ángela Balça, Moisés Selfa Sastre e Judite Zumith Cruz realizan sobre o cambio de rol das personaxe femininas en seis álbums narrativos infantís publicados na Península Ibérica.

Fernández Vázquez, Mar, "LIBROS: 'Literatura infantil y juvenil. La crítica del siglo XXI' (Editorial Alegoría, 2014), de Fermín Ezpeleta Aguilar", *El Correo Gallego*, "Literatura Infantil e Xuvenil", "Para coñecela +. 2000", 10 abril 2016, p. 4.

Indica que *Literatura infantil y juvenil. La crítica del siglo XXI* (Editorial Alegoría, 2014), de Fermín Ezpeleta Aguilar, acolle trinta e unha reelaboracións de recensións críticas sobre estudos monográficos relativos á literatura hispánica e á doutros ámbitos lingüísticos, publicadas en revistas especializadas. Comenta que o volume conta cunha introdución e nove partes de distinta extensión que se centran en guías de obras clásicas da narrativa e da literatura dramática, nun dicionario histórico de autores contemporáneos, en manuais, na formación do lector e na educación literaria dende o intertexto lector, na histografía literaria, en monografías sobre a narrativa infantil e xuvenil máis recente, caso de *A narrativa xuvenil a debate (200-2011)* (Xerais, 2012), na relevancia do conto popular, no libro-álbum, na poesía infantil e nas traducións, adaptacións e recreacións de autores clásicos e modernos. Por último, apunta que inclúe unha "selección de bibliografía crítica del siglo XXI".

_____, "Lendas, versos e imaxes", *El Correo Gallego*, "2domingo", "Literatura Infantil e Xuvenil", "ELOS de lectura", 3 xullo 2016, p. 4.

Comeza incidindo na pervivencia, recuperación e valorización da literatura de transmisión oral por parte de diferentes mediadores. Sintetiza as traxectorias de Antonio García Teijeiro, Antonio Reigosa e Xosé Cobas respecto á transmisión oral e á Literatura Infantil e Xuvenil galegas. Destaca que *Lendo lendas, digo versos* (2015) "cubre a carencia de recreacións e actualizacións poéticas de seres míticos da cultura popular tradicional galega", que os autores refiren a importancia de que perviva o relato lendario "xa que este recrea rituais dogmáticos e achega o coñecemento de historias de lugares concretos e tempos heroicos e remotos". Alude á estrutura da obra, á variedade temática e xeográfica das lendas recollidas e á que as mouras, tiranos, sereas, raíñas, árbores, penedos etc. se caracterizan pola duplicidade ben/mal, dependendo do encantamento. Finaliza resaltando que é unha "obra pioneira" que salienta pola unión de lenda-recreación poética-ilustración do desencantamento, a reinvindicación e contaxio da transmisión oral "a lectores de calquera idade" e a bibliografía incluída que califica "de consulta obrigada para afondar na cultura popular".

_____, "A fotografía dun pasado", *El Correo Gallego*, "2domingo", "Literatura Infantil e Xuvenil", "ELOS de lectura", 24 xullo 2016, p. 6.

Salienta que *Europa Express* (Xerais,2015), de Andrea Maceiras responde á mudanza de perspectiva ao deixar atrás "as voces narradoras en terceira persoa e dálles protagonismo aos personaxes que usan a primeira persoa". Sinala o uso de pluralidade

de voces narrativas “que serven de contrapunto ao personaxe de Nico”, o xogo de espellos entre o presente e o pasado, a intriga psicolóxica cara á descuberta da verdade e o tratamento de tópicos universais, “caso da inmortalidade, a beleza e a xuventude efémeras e a tentativa frustada do ser humano de apreixar e parar o tempo.

_____, “En ‘Mentira’ lógrase endereitar unha vida incerta”, *El Correo Gallego*, “2domingo”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 7 agosto 2016, p. 4.

Comenta que os alicerces de *Mentira* (Rodeira, 2015), Premio Edebé de Literatura Xuvenil 2015, de Care Santos son a “mentira, xuventude, abandono dos estudos, primeiro amor, baixa autoestima, paixón pola lectura, covardía, amizades tóxicas, vivir sen normas, centro de reforma para menores, falsa identidade virtual, asasinato xuvenil e autoafirmación”. Apunta a abondosa produción literaria da autora e salienta que en *Mentira* “mestura trazos da novela de formación, de intriga psicolóxica, detectivesca” cunha estrutura cíclica e final aberto, constituíndo “unha reescrita ideolóxica da rebeldía da adolescencia” cun constante diálogo intertextual.

Ferreira, Carmen, “A estrambótica Illa do Tesouro”, *El Correo Gallego*, “*2domingo*”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 28 febreiro 2016, p. 6.

Apunta que a escolla do termo estrambótico para *A estrambótica Illa do Tesouro* (Bululú, 2015) “cualifica moi acertadamente este álbum ilustrado” do dúo artístico Pinto&Chinto. Salienta que se trata dunha “divertida e disparatada adaptación para primeiros lectores” da novela clásica de piratas *A illa do tesouro*, de R. L. Stevenson. Indica que a narración conserva os personaxes principais “imprimindo nalgúns casos unha humanidade ausente na obra primixenia”, ademais de manter os fitos clave, “pero cunha lente deformante e esperpéntica, baixo o filtro do humor e cun enfoque disparatado”. Ademais sinala que condensan e matizan a trama con novas achegas, como as descricións de animais mariños, e que os tópicos e motivos das novelas clásicas de piratas se adobían con transgresión e humor nesta “reelaboración condensada, cargada de orixinalidade”. Por último, salienta as ilustracións “fundamentais para coñecer visualmente a panda de estrambóticos piratas” e recomenda esta lectura para todos os públicos.

_____, “Un bo retorno aos clásicos”, *El Correo Gallego*, “*2domingo*”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 8 maio 2016, p. 5.

Comenta o “ambicioso volume monográfico” *Retorno aos clásicos. Obras imprescindibles da narrativa infantil e xuvenil* (Xerais, 2014), coordinado por Blanca-Ana Roig, Isabel Soto e Marta Neira. Apunta que no estudo teórico da investigadora Mª Victoria Sotomayor se reflexiona sobre os conceptos de “canon” e “clásico”. Indica que acolle unha selección descrita de vinte e cinco obras narrativas clásicas da literatura universal, que se presentan segundo o criterio cronolóxico de data da primeira edición, e seleccións de obras narrativas fundamentais e imprescindibles da Literatura Infantil e Xuvenil de cada ámbito lingüístico da Península Ibérica (castelán, catalán, galego, portugués e vasco) e da LIX do ámbito iberoamericano no Brasil, México e Uruguai, que se presentan por orde cronolóxica de publicación. Por último, sinala que se comentarios máis profundos; así da selección da narrativa infantil e xuvenil galega coméntanse *A galiña azul*, de Carlos Casares; *Das cousas de Ramón Lamote*, de Paco

Martín e *Contos por palabras*, de Agustín Fernández Paz, a cargo das investigadoras Mar Fernández, Isabel Mociño e Eulalia Agrelo, respectivamente.

_____, "LIBROS. The representations of the spanish civil war in the european children´s literature (1975-2008) (Peter Lang, 2014), de Blanca-Ana Roig Rechou e Veljka Ruzicka Kenfel (eds.)", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Para coñecela + 2000", 22 maio 2016, p. 6.

Indica que *The representations of the spanish civil war in the european children´s literature (1975-2008)* (Peter Lang, 2014) é un volume colectivo que recolle artigos sobre a representación da Guerra Civil española na Literatura Infantil e Xuvenil europea. Sinala que se estrutura nunha introdución e tres amplos capítulos: "The Representations of the Spanish Civil War in Children and Young Adult's Narrative in the Languages of the Spanish State", que acolle traballos sobre as literaturas galega, castelá, vasca e catalá; "The Representations of the Spanish Civil War in Children and Young Adult's Narrative in other European Languages", sobre ss literaturas holandesa, alemá, portuguesa, francófona e inglesa; e "Illustration", no que se analizan os elementos paratextuais e os recursos máis utilizados nas literaturas do estado español á hora de tratar o tema da Guerra Civil. Por último enumera os títulos dos traballos sobre Literatura Infantil e Xuvenil galega.

_____, "Un lapis moi especial e transgresor nunha escola opresora", *El Correo Gallego*, "*2domingo*", "Literatura Infantil e Xuvenil", "ELOS de lectura", 12 xuño 2016, p. 7.

Comenta a reedición de *O lapis de Rosalía* (Xerais, 2015), de Antón Cortizas, na que se substitúen as ilustracións de Margarita Menéndez polas de David Sierra Martínez. Resume o seu argumento e salienta dous elementos "que se configuran como símbolos": a nena Rosalía e o lapis, "elemento transgresor e rupturista que dá entrada á liberdade creadora nun mundo educativo que coarta e atafaga a fantasía dos nenos". Indica que se fai un "rico retrato crítico da escola represora e incomprensiva" e que as ilustracións inciden na estreita relación entre Rosalía e o lapis.

_____, "Testemuño íntimo de Ana Frank sobre o holocausto nazi", *El Correo Gallego*, "*2domingo*", "Literatura Infantil e Xuvenil", "ELOS de lectura", 24 xullo 2016, p. 6.

Repara na reedición renovada de *Diario de Ana Frank* (Kalandraka, 2015), que prescinde das "suxestivas e evocadoras fotografías artísticas" de Andrés Pinal e se enriquece con pasaxes inéditas. Apunta brevemente o argumento deste diario persoal dunha adolescente xudía quen relata en primeira persoa a realidade cotiá que a rodea, mentres que o lector asiste ao seu proceso de madureza, á relación problemática coas persoas que compartiu a reclusión e á realidade histórica, social e política. Indica que tamén se ofrecen reflexións sobre cuestións máis universais nesta "historia de angustia, tristura e medo atemporal e sincera, mais tamén cargada de esperanza, de optimismo, do desexo de ir cara adiante e de superar a adversidade".

_____, "Novas miradas sobre a Literatura Infantil e Xuvenil", *El Correo Gallego*, "*2domingo*", "Literatura Infantil e Xuvenil", "ELOS de lectura", 28 agosto 2016, p. 6.

Aplaude a permanencia do *Anuario de investigación en literatura infantil y juvenil*, da Asociación Nacional de Literatura Infantil y Juvenil, única plataforma crítica en formato

papel publicada en Galicia. Dá conta dos contidos do número 13 (2015) que abrangue un abano de artigos plurais e asinados por estudosos de universidades españolas e de Arxentina e Venezuela. Apunta que na segunda parte se recensionan monografías que examinan a literatura para os máis novos dende diferentes enfoques teóricos, metodolóxicos e educativos.

García Pedreira, Rocío, "As palabras voadoras para a infancia do Mésseder", *El Correo Gallego*, "2domingo", "Literatura Infantil e Xuvenil", "ELOS de lectura", 24 xullo 2016, p. 6.

Indica que *A escrita para a infância de João Pedro Mésseder ou como trocar as voltas ao silêncio* (2015), quinto volume da colección "Vozes e rostos da literatura infantojuvenil portuguesa", pretende dar a coñecer a obra do escritor portugués João Pedro Mésseder, pseudónimo literario de José Antonio Gomes. Describe a estrutura en catro apartados: "Estudos", "Escritas", "Na primeira persoa" e "Ficha biobibliográfica" e o seu contido. Salienta que é "un completo achegamento desde distintos ámbitos a tan relevante figura da Literatura Infantil e Xuvenil portuguesa en ambas as facetas, profesional e persoal".

Mociño, Isabel, "LIBROS. Formação leitora. Obras imprescindíveis/Formación lectora. Obras imprescíndibeis (Tropelias&Companhia, 2014), de Ana Cristina Macedo, Eulalia Agrelo e Sara Reis da Silva (coords.)", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Para coñecela + 2000", 24 abril 2016, p. 6.

Describe o contido do volume *Formação leitora. Obras imprescindíveis/Formación lectora. Obras imprescíndibeis* (Tropelias&Companhia, 2014), coordinado por Ana Cristina Macedo, Eulalia Agrelo e Sara Reis da Silva, no que se ofrecen estudos, entrevistas, propostas didácticas e recensións críticas realizadas por investigadores galegos e portugueses ao redor da formación lectora e a selección de obras infantís e xuvenís fundamentais de ambos os sistemas literarios. Por último, enumera os títulos dos traballos referidos ao ámbito galego.

_____, "Metamorfose contra o mal", *El Correo Gallego*, "*2domingo*", "Literatura Infantil e Xuvenil", "ELOS de lectura", 12 xuño 2016, p. 7.

Comenta que o relato *Bicha*, Premio Pura e Dora Vázquez 2015, de Eli Ríos, recrea "unha metáfora da convulsa etapa de transición entre a infancia e a idade adulta" en nove capítulos curtos nos que se tratan a especulación inmobiliaria e a potencialidade das novas tecnoloxías e descubertas científicas con referencias de carácter histórico. Salienta as "suxestivas" ilustracións de Patricia Román que complementan un texto no que tamén se recorre ao xogo tipográfico.

Navarro, María, "Cotidianeidade e misterio", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 569, "Libros", 28 xaneiro 2016, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 525, "Letras galegas", 5 febreiro 2016, p. 10.

Comenta que *Europa Expres* (Xerais, 2015) é unha obra onde se mesturan pasado e presente, nun libro de viaxes no cal a autora lle vai cedendo a palabra ás persoas relacionadas cos traxectos que se van narrando e ás experiencias vividas. Tamén fala brevemente do argumento e remata por salientar o carácter engaiolante da obra a través da narración de feitos cotiáns revestidos dun certo misterio e dunha lectura áxil e agradábel, grazas á sinxeleza na expresión.

_____, "Con sabor tradicional", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 606, "Libros", 8 decembro 2016, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 559, "Letras galegas", 17 decembro 2016, p. 10.

Comenta o argumento de *O zapateiro no bosque* (Bolanda, 2015), de Mª J. Gulín que contén "os ingredientes do conto clásico de sabor tradicional, onde as persoas e os animais cohabitan en igualdade", salientando a brevidade, trama sinxela e a estrutura argumental malia que non se consegue a redondez dos personaxes ao obviar a explicación do eixo creación/resolución do encargo.

Nicolás, Ramón "Fervenza imaxinativa", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "Galego", 18 marzo 2016, p. 13.

Salienta a mestría de Carlos López á hora de mesturar o cotián e o fantástico e fai un breve comentario do argumento e estrutura de *Isela* (Embora, 2016), destacando o filtro persoal do autor que "consegue a complicidade necesaria para crer nas solucións imaxinativas que solventan pequenas intrigas".

_____, "Unha distopía moi atractiva", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "En galego", 17 xuño 2016, p. 13.

Salienta positivamente a pegada de Ende, C. S. Lewis e Tolkien na novela *Tártarus* (2016), a presenza do relato oral e a temática de aventuras. Engade a posibilidade dun volume próximo que daría continuidade á historia.

Pousada, Verónica, "Diversidade e imaxinación", *El Correo Gallego*, "2domingo", "Literatura Infantil e Xuvenil", "ELOS de lectura", 14 agosto 2016, p. 6.

Comenta o argumento da tradución *O neno bisesto*, de José Luis Alonso de Santos (Valladolid, 1942). Indica que se trata dun relato en primeira persoa dividido en once capítulos que acollen reflexións irónicas. Indica que cada capítulo se acompaña dunha imaxe "cargada de cor e de luz, nalgúns casos, como o do neno xirafa, con matices surrealistas" e que aparecen abundantes referencias cinematográficas e literarias que se relacionan con aspectos da vida do protagonista. Salienta o xogo literario entre o protagonista e o lector, o humor e a crítica.

Pousada Pardo, Verónica, "A ledicia máis cativa", *El Correo Gallego*, "*2domingo*", "Literatura Infantil e Xuvenil", "ELOS de lectura", 24 xaneiro 2016, p. 6.

Anuncia a recente publicación, en lingua galega, do álbum narrativo do norteamericano Shel Silverstein, *A árbore xenerosa*. Comenta o seu argumento, dá conta dos temas abordados e establece unha conexión coa obra *O príncipe feliz* de Óscar Wilde. Sinala a sinxeleza do texto, o minimalismo das ilustracións e a importancia da distinción, ao longo da narración, no emprego dos verbos "querer" e "necesitar". Recomenda a súa lectura por considerala unha "achega imprescindible para un mundo onde cada vez é maior a tendencia ao consumo esaxerado de bens non necesarios".

_____, "LIBROS: 'La familia en la literatura infantil y juvenil' (ANILIJ/ELOS/CIEC, 2013), de Blanca-Ana Roig Rechou, Lourdes Lorenzo e Veljka Ruzicka (coords.)", *El Correo Gallego*, "Literatura Infantil e Xuvenil", "Para coñecela +. 2000", 28 febreiro 2016, p. 6.

Apunta que no volume *La familia en la literatura infantil y juvenil* (ANILIJ/ELOS/CIEC, 2013), coordinado por Blanca-Ana Roig Rechou, Lourdes Lorenzo e Veljka Ruzicka, se recollen trinta traballos que abordan a temática da familia e as súas representacións na Literatura Infantil e Xuvenil. A seguir, enumera os títulos dos traballos que se achegan á Literatura Infantil e Xuvenil galega.

_____, "Nova viaxe do célebre heroe", *El Correo Gallego*, "*2domingo*", "Literatura Infantil e Xuvenil", "ELOS de lectura", 13 marzo 2016, p. 4.

Anuncia a aparición do último volume da colección formativo-literaria "As amizades de Hércules", *Hércules e a misteriosa medalla Newbery* (2015), publicada por Hércules de Ediciones. Fala do argumento da obra e destaca que o seu protagonista é John Newbery, coñecido como "o pai da Literatura Infantil". Comenta que a súa lectura permite que a infancia se achegue á historia dun modo entretido e que reflexione, ao mesmo tempo que o protagonista, sobre o valor de todas aquelas persoas que traballan con libros (escritores, tradutores, redactores, impresores, editores…). Remata sinalando que é unha "fantástica aventura dun heroe atemporal que sente curiosidade por todos aqueles persoeiros que traballan a prol da literatura dende a sombra".

_____, "Con bo pé", *El Correo Gallego*, "*2domingo*", "Literatura Infantil e Xuvenil", "ELOS de lectura", 24 abril 2016, p. 6.

Salienta que *Teño uns pés perfectos*, de María Solar (Santiago de Compostela, 1970), "é un fermoso canto a todo o que semella irrelevante na vida e que, pola contra, entraña unha enorme valía". Resume o argumento desta narración que contén unha parte de creación literaria e outra informativa, diferenciadas pola cor do papel e polas ilustracións, "máis icónicas e esquemáticas na representación da segunda", na que ensina o valor do que nos rodea.

_____, "LIBROS: 'Inmigración/Emigración na LIX' (Edicións Xerais de Galicia/LIJMI, 2014), de Blanca-Ana Roig Rechou, Isabel Soto López e Marta Neira Rodríguez (coords.)", *El Correo Gallego*, "Literatura Infantil e Xuvenil", "Para coñecela +. 2000", 8 maio 2016, p. 5.

Resume os contidos do volume *Inmigración/Emigración na LIX* (Xerais/LIJMI, 2014), coordinado por Blanca-Ana Roig Rechou, Isabel Soto López e Marta Neira Rodríguez e elaborado por membros e colaboradores da Rede Temática de Investigación "Las

Literaturas Infantiles y Juveniles del Marco Ibérico e Iberoamericano" (LIJMI). Sinala que se centra nun corpus de obras que acollen os diversos fluxos migratorios. Indica que presenta un aritgo teórico de Margarida Castellano Sanz e que segue cunha serie de estudos panorámicos do ámbito ibérico e iberoamericano, entre eles, a do ámbito galego "A representación da emigración/inmigración na narrativa infantil e xuvenil. Século XXI", de Verónica Casais, Mar Fernández e Alba Rozas. Comenta que tamén acolle unha selección para a educación literaria, "Comentarios cara a formación lectora", enumerando os títulos dos comentarios de obras de Literatura Infantil e Xuvenil galega, e un estudo centrado na representación dos fenómenos da inmigración e da emigración nas manifestacións artísticas, realizado polas estudosas galegas María Jesús Agra e Carmen Franco.

_____, "Os conflitos bélicos na Literatura Infantil e Xuvenil", *El Correo Gallego*, "2domingo", "Literatura Infantil e Xuvenil", "ELOS de lectura", 3 xullo 2016, p. 4.

Comenta a estrutura da monografía *De como a Literatura para a Infancia e a Xuventude «é chamada á guerra». Reflexións sobre os conflitos bélicos en Galicia e Portugal* (2015), que principia cunha presentación asinada polas coordinadoras onde se indica que a temática da guerra na Literatura Infantil e Xuvenil ten a finalidade de promover a paz, defender os dereitos humanos e o respecto pola vida, denunciar o absurdo dos conflitos e darlles voz ás vítimas. Apunta que o primeiro bloque contén dezaseis traballos con achegas literarias á temática dos conflitos bélicos no ámbito galego e portugués e que no segundo bloque se inclúen sete recensións de obras recentes do ámbito nacional e internacional, centradas na educación literaria, promoción da lectura, formación dos mediadores e na educación artística.

_____, "Fermosa alfaia das verbas", *El Correo Gallego*, "2domingo", "Literatura Infantil e Xuvenil", "ELOS de lectura", 7 agosto 2016, p. 4.

Apunta que *O rato avó e o muraño* (Xerais, 2015), de Oli, pseudónimo de Xosé Manuel González Barreiro conta coas ilustracións de Ramón Trigo. Resume o argumento deste relato narrado en terceira persoa e protagonizado por dous inseparables roedores, o rato Benxamín e o muraño Rosendo. Indica que trata o valor da amizade, a descuberta do mundo, a importancia da imaxinación e a sabedoría dos maiores e salienta a presenza dalgunhas palabras "chave" en maiúsculas e as ilustracións que "mesturan realidade e fantasía con dozura e delicadeza". Por último cualifícao como "un emotivo volume, no que as páxinas condensan complexas reflexións e sentimentos".

Raña, Román, "Delicioso volume", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 569, "Libros", 28 xaneiro 2016, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 525, "Letras galegas", 5 febreiro 2016, p. 10.

Salienta a tripla autoría de *Lendo lendas, digo versos* (Xerais, 2015), cuxa estrutura define como un xogo-coloquio entre a narración en prosa dunha lenda, a súa translación á poesía e a súa interpretación plástica. Ademais, explica que a selección de lendas é labor de Antonio Reigosa, recontar estas historias en verso romancesco foi o traballo de Antonio García Teijeiro e o traballo visual foi realizado por Xosé Cobas.

_____, “Colleita Minerva”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 585, “Libros”, 26 maio 2016, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 542, “Letras galegas”, 4 xuño 2016, p. 10.

Loa a edición do volume *Abecedarios da devastación* (Colexio Peleteiro, 2015), de V.V A.A., que acolle os textos gañadores dos XLIII Premios Literarios Minerva. Salienta o uso do versolibrismo, a erudición e o discurso intimista que reflicten os textos poéticos, e a diversidade narrativa cun “grande dominio das modernas técnicas ficcionais” dos textos narrativos, indicando título, autor e temática predominante.

Reis da Silva, Sara, “Álbum de sorpresa e de luz”, *El Correo Gallego*, “*2domingo*”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 14 febreiro 2016, p. 6.

Comenta o álbum *Despois da chuvia*, vencedor do VIII Premio Internacional Compostela para Álbums Ilustrados, asinado por Miguel Cerro. Salienta o discurso verbal “notoriamente simple” e o “rexistro visual profuso, pautado por cores fortes e brillantes”, resumindo o seu argumento. Apunta que o desenlace é feliz e encerra un especial simbolismo e unha importante mensaxe ético-moral. Destaca o emprego de animais antropomorfizados, o tratamento de tópicos, como a aparencia e a esencia, a forza física e moral, a importancia da confianza e da solidariedade, o estilo verbal e pictórico envolvente, o rexistro lingüístico depurado e o coidado das ilustracións coa “expresividade da duplicidade claro-escuro”.

Requeixo, Armando, “Literatura sen fronteiras”, *Diario de Arousa*, “*O Salnés Siradella*”/ *Diario de Ferrol*, “*Nordesía*”, n.º 937/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 937, “letras Atlánticas”, 12 xuño 2016, p. 32.

Comenta polo miúdo a reedición de *Contos vellos para rapaces novos* (2015) que considera de gusto exquisito polos materiais e as imaxes de Antía Barba. Salienta a inclusión na mesma de dous novos textos que son igualmente recreacións de narracións da tradición oral universal. Considera que se trata dunha obra de “pegada multiculturalista” e informa de que se completa cun glosario de voces pouco frecuentes e cun prólogo que Neira Vilas escribiu días antes de falecer.

Rozas, Ramón, “Vaites, vaites! Chegarei tarde!”, *Diario de Pontevedra*/ *El Progreso*, “*Táboa Redonda*”, n.º 31, 17 abril 2016, p. 5.

Comenta que a inmortalidade dun clásico como *Alicia no país das marabillas* de Lewis Carroll fai que toda nova edición sexa unha boa nova que celebrar e destaca que desta volta se presente a través dun soporte novidoso e atraente que mantén as ilustracións orixinais de John Tenniel, mais agora coloreadas.

VII.5.5. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ARTIGOS DE OPINIÓN E COLABORACIÓNS FIXAS

Agrelo, Eulalia, "Como auga en copa de cristal tallado", *La Voz de Galicia*, "Letras. In memoriam", 22 xullo 2016, p. 11.

A partir da *Historia da literatura infantil e xuvenil galega*, coordinada por Blanca-Ana Roig Rechou, encadra a Agustín Fernández Paz na Xeración do 68, que se caracterizou polo seu labor na configuración do sistema literario galego para os máis novos. Alude aos comezos literarios deste escritor dende a escola e, posteriormente, a través de textos que o fixeron merecente de galardóns tan prestixiosos como o Premio Iberoamericano SM de Literatura Infantil y Juvenil en 2011. Recolle parte das claves do seu proxecto literario no tocante á estrutura, temas e lingua, ademais de facer referencia ás múltiples reedicións e traducións que experimentaron as súas historias. Incide que, mediante o seu quefacer como escritor e estudoso da literatura para as primeiras idades, quixo facer de Galicia unha célula de universalidade.

Bello Costa, Xaime, "Agustín Fernández Paz", *Diario de Ferrol*, "Ferrol", 16 xullo 2016, p. 5.

Recorda que coñeceu a Agustín Fernández Paz no curso escolar 1978-1979 no desaparecido Colexio Público Punta Arnela, no que exercía como director Xabier P. Docampo, quen o convidou a participar nunha das reunións que aglutinaba un grupo de docentes que procuraban un ensino público que partira da nosa realidade e do noso idioma para chegar ao universal. Sinala que Docampo consideraba que Fernández Paz lles podía achegar uns coñecementos pedagóxicos e unha experiencia na didáctica escolar que serviría para reforzar o traballo do grupo que logo pasaría a denominarse "Avantar". A partir del souberon da importancia de empregar os medios de comunicación social na escola, dos cómis como medios de expresión artística de comunicación e da existencia de Gianni Rodari. Refírese ao seu exercicio como escritor e finaliza salientando o seu exemplo admirable de compromiso coa lingua e a educación pública.

Blasón, Rhodéa, "Adiós a un maestro de vida", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 14 xullo 2016, p. 33/ "Adiós Agustín Fernández Paz", *La Opinión*, "Sociedad, cultura y ocio", p. 31, 14 xullo 2016.

Nestas sentidas palabras ante a desaparición do grande escritor, amigo, compañeiro de letras e veciño de Vilalba, destaca que Agustín Fernández Paz foi un referente importante das letras galegas e un mestre de vida. Destaca as súas calidades como conversador e persoa de escoita incansable, así como o seu labor no traballo coas letras. Dálle as grazas polo que aprendeu del de literatura e do amor polas cousas máis insignificantes e por ser un veciño humilde e cariñoso cos habitantes da Chaira, especialmente, de Vilalba.

Bragado, Manuel, “Agustín, o noso mestre”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, “Campo de Granada”, 19 xullo, p. 23.

Despois de expor que non é doado superar a desolación provocada polo pasamento de Agustín Fernández Paz, sinala que milleiros de persoas choran a perda dun escritor “fulcral” da literatura galega actual” e dunha figura humana “excepcional”. Recorda que sempre procurou o espazo para os acordos que permitisen enxergar horizontes de esperanza para o proxecto de construción da nación e recorda os diferentes lugares nos que viviu até recalar en Vigo, que impregnou a ambientación dalgunhas das súas narracións. Tamén se refire ao paso pola Universidade Laboral de Xixón e por Barcelona, de quen considera “un enxeñeiro das letras, un humanista tecnolóxico, fascinado pola lectura e polo cinema”. Alude ao seu labor ao pé desa xeración de mestres que bebeu nas fontes da pedagoxía de aires renovadores (Plan Dalton e Celestin Freinet), así como á súa teima por reformar o ensino, “iniciando o camiño da escola en galego e conseguindo a proeza de recuperar as luces da escola das bolboretas da República”. Menciona os inicios da súa escrita no Colexio Público Unión Mugardesa e a carón dos libros e textos das series “O noso galego” e “Canles”, que logo serían recollidos en *A cidade dos desexos*.

Campo, Marica, “Agustín queda co amor”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”, p. 31/ *El Progreso*, “Opinión”, p. 23, “A tecelá en outono”, 15 xullo 2016.

Lembra o benquerido amigo Agustín Fernández Paz que acaba de irse, aínda que fica na súa obra “que é amor e compromiso coa lingua que nos fai existir”; nas conversas “que sostivemos”; e na exemplaridade “con que enfrontou e encheu de vida a súa doenza irreversible, apurando o tempo para seguir escribindo as historias que lle bulían no maxín”. Tamén recorda a súa conversa sobre os tempos da infancia que mantiveron no congreso de escritores galegos, vascos e cataláns que tivo lugar en Valencia e Suecia no ano 2007. Sinala que, probablemente, as súas creacións teñan as raíces na colcha do seu leito infantil e apunta que escribindo “foi muller, inmigrante, terror, misterio e mil cousas máis”. Insiste en que nelas permanece “ateigado de humanidade, para crear esperanza e futuro, alén de didactismos e ‘moralinas”.

Canosa, María, “O humilde escritor”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Pingas de cristal”, 14 xullo 2016, p. 13.

Dende unha perspectiva moi persoal, refírese ao mirar e ao rir de Agustín Fernández Paz, a quen define como “un bo home”, ao que nunca lle cambalearon os ideais. Salienta a súa integridade e humildade e o seu discurso coherente, así como o feito de que se alegraba dos éxitos dos demais, mentres se puña rubio coas gabanzas aos seus logros e méritos. Sinala que deixou o mundo inzado de amor e que a súas historias sempre vivirán entre nós, ademais de crer que seguir léndoo e lembrándoo guiará moitas conciencias.

Casalderrey, Fina, “Un corazón Branco”, *Faro de Vigo*, p. 32 /*La Opinión*, “Cultura & ocio”, p. 24, 13 xullo 2016, “Sociedad”.

Reproduce o remate do último correo longo que lle enviou Agustín Fernández Paz, por quen todo o país está de loito tal e como o testemuña o tsunami que provocou a súa morte nas redes sociais. Sinala que a súa obra traspasa o noso territorio e demostra que, escribindo en galego, "foi quen de voar por riba dos tellados do mundo". Recorda cando coñeceu a Fernández Paz, que estaba inmerso na renovación da escola, e indica que insistiu dun xeito decisivo no poder da palabra para remexer nas conciencias e cambiar o mundo. Imaxínao convertido en curuxa: "esa ave sabia, capaz de emitir os máis variados sons co corazón branco sempre reflectido no rostro".

_____, "Enxeñeiro en soños de futuro", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí","Cultura", p. 52/ *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", p. 42, "Adeus a un renovador da literatura galega", 13 xullo 2016.

Recrea diferentes escenas de Agustín Férnández Paz nun domingo da súa infancia no barrio das Fontiñas, entre a lectura de *Os crimes da Rúa Morgue*, os ensaios musicais do pai e as mensaxes en botella depositadas no río Magdalena referentes ao seu quefacer futuro. Recorda todo o que foi Fernández Paz e sinala que á biografía anterior se podía engadir a titulada *Biografía dunha lura xigante* e explica o porqué: "Lura, pola tinta que se leva gastado non só para editar os seus orixinais, senón para loalos dende todos os ángulos: crítica, lectores, editores, ensinantes... E lura, tamén polo número de brazos: un para deslizar o rotulador por un cálido papel amarelo satinado, outro para escribir no taboleiro un poema de X. A. Valente, outro para loitar pola normalización da lingua, outro para velar pola promoción da lectura, outro para introducir os medios de comunicación nas aulas, outro para chamar a atención sobre o valor literario e artístico dos cómics...".

_____, "Como agua en copa de cristal tallado", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "In memoriam", 22 xullo 2016, p. 11.

Define a Agustín Fernández Paz como "auga de manancial que esperta a sensibilidade cara á beleza" e apunta que, nos últimos anos, publicou catro importantes libros, "xusto aqueles que quería escribir", tal e como di o seu editor e amigo. Sinala que o escritor vilalbés lle botou peito á enfermidade e que foi intrépido corsario para mudar o ensino ou para renunciar a glorias como a chamada de atención a favor da lingua. Recorda unha anécdota persoal que lle sucedeu con el nun hotel de Barcelona e destaca que espertou o ánimo de ler e os afectos sen máis imán que a arte da palabra. Finalmente alude ao inmenso rastro que deixa entre moreas de persoas que "aprecian o home e admiran a obra, ou é ó revés?".

Castro Ratón, Xosé, "A primavera das letras", *Diario de Ferrol*, "Opinión", "Outra ollada", 19 abril 2016, p. 17.

Comenta brevemente que na primavera se concentran as máis importantes datas de conmemoración do universo dos libros, entre eles o día da Literatura Infantil e Xuvenil, o Salón do Libro Infantil e Xuvenil e o acontecemento literario da cidade do Lérez que enlaza coa conmemoración do día do libro.

Conde, Alfredo, “Literatura infantil”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Os outros días”, 22 xullo 2016, p. 4.

Centra o seu comentario ao redor da discusión de se os escritores da literatura xuvenil e infantil son menos escritores que os da literatura para adultos. Considera que a diferenza entre estas literaturas radica nas distintas idades ás que se dirixen e na distancia dos seus ámbitos existenciais. Apunta que hai uns días faleceu Agustín Fernández Paz e que tivo a impresión de que se xustificara de máis a súa condición, “a súa dedicación a un público de corta idade ‘xustificada’ no feito de que os maiores tamén ‘podían’ ter gozado moito coas súas obras”. Sente non ter mantido unha relación próxima con Fernández Paz e sinala que non pode chorar a morte dun amigo, aínda que si a “dun escritor cabal, enteiro e verdadeiro coma poucos”.

Costas, Ledicia, “Desde unha estrela distante”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, p. 33/ *La Opinión*, “Sociedad, cultura y ocio”, p. 25, 13 xullo 2016.

Sinala que o día antes da morte de Agustín Fernández Paz tomou da súa biblioteca persoal *Unha estrela distante* que, ao seu remate, lle deixou un profundo malestar e que, ao día seguinte, amencía coa noticia da súa desaparición. Considera que toda a comunidade lectora e afectiva chora a súa perda, aínda que pensa na súa palabra revolucionaria para que doa un pouco menos. Cita parte das contribucións achegadas polo vilalbés e apunta que, se algo lle debe, “é o que aprendín do teu compromiso incorruptible coa nosa lingua e coa nosa literatura”. Engade que “faremos o posible por perpetuar o teu compromiso, acubillados no teu recordo”.

ELOS, “Xosé Neira Vilas. Grazas. In memóriam”, *El Correo Gallego*, “*2domingo*”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, 10 xaneiro 2016, p. 4.

Realiza unha homenaxe ao falecido escritor Neira Vilas repasando distintas facetas da súa obra literaria de LIX. Destaca a súa obra *Memorias dun neno labrego* así como outros libros vencellados coa infancia e as distintas iniciativas culturais como o Premio Estornela de Teatro Infantil. Por outra parte, destaca a tarefa a prol da cultura galega realizada na emigración, sobre todo nos seus anos na Habana (Cuba).

Fraga, Xesús, “Lémbrome, Agustín”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Loito nas Letras Galegas”, 13 xullo 2016, p. 13.

Acolle unha serie de lembranzas ao redor da figura de Agustín Fernández Paz: unha charla na Biblioteca Provincial de Lugo a finais dos anos noventa, o xúbilo do seu alumnado mugardés coa descuberta do billete dourado de *Charlie e a fábrica de chocolate*, a lectura de *Desde unha estrela distante*, as conversas mantidas sobre autores que supuñan o fermento das súas historias, as chamadas telefónicas cando era finalista do Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil, os agradecementos dados despois dunha entrevista, a escrita afervoada tras o coñecemento da enfermidade e a inquietude que provocou co repentino silencio no Twitter.

_____, “Un meridiano cero da literatura”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, “Loito nas Letras Galegas”, 13 xullo 2016, p. 38.

Sinala que Agustín Fernández Paz se sitúa no centro do seu mapa literario sen importarlle xeografías, linguas ou xéneros. Así, dende Galicia, “dende o seu meridiano de partida, ampliou o seu mapa literario, traspasando fronteiras”. Recorda o importante que foi a tradición oral na súa narrativa, así como os cómics e o cinema. Insiste en que contribuíu a mudar os prexuízos existentes cara á literatura infantil e xuvenil para a que empregou xéneros tamén deostados: a fantasía, as narracións de terror, as aventuras ou a ciencia ficción. Sitúa os seus inicios como escritor no xornal universitario *La Torre* e no seu exercicio docente a través de figuras como a de Gianni Rodari. Fala do seu labor como renovador pedagóxico ao abeiro de colectivos como Avantar e Nova Escola Galega, ademais de incidir en que empezou a escribir por unha razón funcional. Destaca a súa longa traxectoria literaria, os premios recibidos e o gran número de lectores cos que contaba. Refírese á súa calidade de referente humano e cívico e recolle as súas palabras sobre a diagnose do galego a través da súa literatura, alén de apuntar que era un exemplo para outros escritores.

Franco, Camilo, “A historia absolve a Valle-Inclán”, *Diario de Pontevedra*/ *El Progreso*, “*Táboa redonda*”, n.º 60, “Fatiga ocular”, 4 decembro 2016, p. 5.

Informa da futura posta en escena de *A cabeza do dragón*, a cargo de Producións Excéntricas e recalca que esta obra foi escrita para un público infantil.

García Teijeiro, Antonio, “Quédanos a luz da túa palabra”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, p. 33/ *La Opinión*, “Sociedad, cultura y ocio”, p. 25, 13 xullo 2016.

Baixo un ton cargado de lirismo, refírese ao pasamento de Agustín Fernández Paz, quen se foi “deixando ronseis de palabras delicadas e vivas; deixando orfas a tantas persoas que o quixemos tanto”. Sinala que nos deixa unha obra “delicada, orixinal, punxente no fondo, mais elegante na forma” e destaca a súa “innegociable” ética e o seu “insubornable” compromiso coa lingua e cos seres humanos. Alude ás súas novelas e relatos “abertos, intelixentes, contidos”, que están ateigados de claves para ampliar horizontes e sentir que a vida ten moitas arestas e paga a pena vivila. Remata cuns versos do seu admirado José Ángel Valente.

Jaureguizar, “O sorriso do astronauta”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”,“Cultura”, p. 53/ *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, p. 43, “Adeus a un renovador da literatura galega”, 13 xullo 2016.

Fai un percorrido pola vida e obra de Agustín Fernández Paz dende a súa infancia natal en Vilalba, entre os veciños que se reunían para contaren historias, as figuracións da colcha de trapos, a influencia do pai e os baños no río Madalena. Tamén recorda os seus inicios na escrita dende o tebeo *As minas do rei Salomón* e a súa paixón polo cinema, ao que recorría para argumentar. Lembra o seu paso pola Universidade Laboral de Xixón e as lecturas do padre Gorrochategui, ademais da escrita do conto “El mundo en el año 2000”, a súa estancia en Barcelona e os estudos de Maxisterio na Coruña. Sinala que a

normalización do galego, a didáctica da lingua, a promoción da lectura e a introdución da prensa nas aulas foron os novos campos da colcha de retallos nos que "puido demostrar o heroísmo", á vez que escribía ficción e recibía numerosos premios.

Jaureguizar, Santiago, "O florecemento do agustinismo", "*Diario de Pontevedra*/ *El Progreso*, "*Táboa Redonda*", n.º 44, 17 xullo 2016, p. 8.

Explica como converteu un animo ao agustinismo ao explicarlle os saltos temporais e a xestión harmoniosa da intriga de *Cartas de inverno*, ademais de aludir á teoría do cociñeiro sueco Magnus Nilsson para exemplificar que "o conxunto debe ser máis importante que os seus elementos". Así sinala que "Fernández Paz sabía que as novelas son personaxes, estrutura e ritmo, pero vivía nun país de poetas que escriben novelas colocando unha palabra enxebre e eufónica tras outra ata encher douscentos folios". Recorda como en Pereiró choraba a súa morte quen había dous meses tombara a súa candidatura a un premio, alén de apuntar que o abandono das forzas lle impediu falar recentemente para *El Progreso*. Lembra como se indignaba ante o desdén mostrado cara a "mellor narrativa", a infantil e a xuvenil, e fai unha serie de consideracións sobre a figura de Carlos Casares, cuxa "sucesión de anécdotas e as súas teorías intelectuais de voo baixo nunca me chistaron". Cita parte das razóns polas que se lle dedican as Letras Galegas do ano 2017 e considera que se logramos que os rapaces lean en galego, conseguiremos darlle uns anos extra de vida ao idioma. Engade que isto ha de servir para que dentro de dez anos "celebremos no Día das Letras ao noso autor máis lido, máis querido polo público e máis admirado por todo escritor que teña unha idea sobre o que é un arco narrativo": Agustín Fernández Paz.

Martín, Paco, "Agustín, in memóriam", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", p. 67/ *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", p. 57, 16 xullo 2016.

Reproduce o texto que hai catro anos fixera para a multitudinaria homenaxe que se lle rendera a Agustín Fernández Paz en Vigo. Refírese a unha imaxe dun labrego que aparecía nos vellos libros escolares para sinalar que o vilalbés é "sementador e semente, e arado, e rego, e horizonte... e a terra na que labra é, inevitablemente, A Terra". Alude á súa excelente produción literaria e á súa substancial contribución ao mundo da educación e do ensino na procura das claves dunha auténtica pedagoxía para un país. Fala do seu labor a prol da lingua e como referente case obrigado daqueles que procuraban chegar a unha escola que fose a que servise de alicerce para unha Galicia mellor nun mundo mellor. Tamén atende ao seu quefacer como ensaísta, conferenciante, investigador e escritor, ademais de servirse das palabras dos irmáns Grimm ao describir a protagonista de *Carrapuchiña Vermella* para caracterizalo como "alguén a quen todos lle queren ben aínda que non o visen senón unha soa vez".

Méndez Ferrín, X. L., "Agustín Fernández Paz (1947-2016)", *Faro de Vigo*, "Opinión", "Os camiños da vida", 22 xullo 2016, p. 27.

Rememora o labor dun importante número de mestres que, dende a clandestinidade antifranquista, procurou anovar os sistemas e métodos educativos ao servizo da

identidade cultural e da lingua galega. Sitúa entre eles a Agustín Fernández Paz que define como home "sabio, inspirado e discreto" e do que salienta o seu quefacer na creación dunha literatura infantil e xuvenil pensada en Galicia e escrita en galego. Sinala que se puxo a escribir moreas de relatos para menores e que "os idosos podiamos desfrutar tamén con pracer e proveito". Refírese ás múltiples traducións da súa obra e á súa capacidade para crear amplos círculos de adictos lectores, ademais de apuntar que deste "profesor de todos nós e escritor de corpo enteiro" nos quedan "os seus libros e a acordanza da súa persona única no mundo".

Nicolás, Ramón, "Non cabe na morte", *La Voz de Galicia*, "Cultura", "Loito nas Letras Galegas", 13 xullo 2016, p. 38.

Considera que Agustín Fernández Paz "non cabe na morte porque desde onte foi quen de facerlle un caneo colosal e, malia ser tanxible e dolorosa a orfandade na que nos deixa, reaparece poderosamente diante de nós para perdurar nunha nova dimensión". Sinala que todo o que nel se daba de xeito natural –xenerosidade, coherencia e integridade–, se agranda dende a modestia que foi regra nel toda a vida. Salienta que foi unha persoa de compromisos coa lingua e coa literatura, ademais de apuntar que sabía que, dende a literatura e coa lectura, se podían ir dando os pasos precisos para acometer "esa revolución silandeira que contribúa a cambiar o mundo". Tamén engade que el tiña claro que nas aulas era fundamental contaxiar o entusiasmo pola literatura e que calquera persoa que o tratase ou o lese sabía que era difícil non querelo.

Otero, Selina, "Sons Miúdos: o musical infantil galego", *Faro de Vigo*, "*Faro da cultura*", "Escena", n.º 573, 25 febreiro 2016, p. VIII.

Dá conta da representación do musical *Sons Miúdos* en Ourense, destacando que se trata, segundo críticos musicais e docentes, da mellor proposta para público infantil que hai nestes momentos no ámbito español. Ademais comenta brevemente a composición do espectáculo no cal destacan as figuras de Paco Nogueiras, Xoán Curiel, Pablo Díaz, Magín Blanco, Gloria Sánchez e María Fumaça, e afirma que o segredo do seu éxito está na unión efectiva do elemento musical, o teatro e a participación activa do público.

Requeixo, Armando, "A escrita na xema dos dedos", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 592, 14 xullo 2016, cuberta.

Recorda a última vez que estivo con Agustín Fernández Paz e sinala que o que lle deben as letras galegas non se dá contado: "case medio século de labor entregue á nosa cultural, á súa lingua, ao pobo e máis de cincuenta libros publicados, entre os que se atopan varias obras de culto". Tamén cita algunhas obras polas que o autor vilalbés tiña certa querenza, como *O centro do labirinto*, *O laboratorio do doutor Nogueira* e *Corredores de sombra*, e os seus autores predilectos, entre os que están "Kafka, Ferrín, Valente, Joyce, Lovecraft, Camus, Rosalía, Chandler, Cunqueiro, os latinoamericanos do boom e, mais contra os nosos días, Auster, Szymborska, Connolly ou Atxaga, devocións que sumaba ás que conservaba dende neno, como Verne, Salgari, Stevenson ou Poe, e aos grandes da LIX que recoñeceu nos setenta vía tradución, como Rodari, Dahl, Gripe, Ende, Lingren ou Wölfel". Por último, sinala que conseguiu o seu

propósito de “deixar testemuña da miña visión da vida e da miña concepción do mundo”.

Rivas, Manuel, “O fío de leite”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, “Loito nas Letras Galegas”, 13 xullo 2016, p. 37.

Comenta que na segunda metade do século XIX se deu o Rexurdimento e que Agustín Fernández Paz foi “un novo rexurdir de seu”. Sinala que o avellentamento que se percibe en Galicia é un “pesadelo pasaxeiro”, pois “O fío de leite escintilante co que escribía Agustín, ese activismo do soñar, enxerta presente e futuro, é unha transfusión liberadora”.

Roig Rechou, Blanca-Ana, “Graciñas mil”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 13 xullo 2016, p. 35.

Logo da reprodución duns versos de Ángel Valente, en nome dos grupos, asociacións e redes que dirixe ou coordina (Liter21, LIJMI e ANILIJ) e de Elos e Elos-Galicia, presididos por Isabel Mociño e Eulalia Agrelo, respectivamente, lémbralle á sociedade galega a débeda contraída con Agustín Fernández Paz. Salienta que non escatimou esforzos e tempo para defender Galicia e por facer visible a Literatura Infantil e Xuvenil, así como destaca o seu talante conciliador. Sinala a intención de seguir o seu maxisterio e asume o compromiso de continuar a visualizar a súa obra para que os mediadores teñan as ferramentas necesarias para facer lectores.

Rubia, Xoán, “Con Agustín Fernández Paz na memoria”, *Diario de Ferrol*, “Opinión”, “Miradas poliédricas”, 17 xullo 2016, p. 16.

Comeza aludindo á súa relación con Agustín Fernández Paz cando exercía a docencia en Mugardos no Colexio de Catro Camiños. Refírese aos seus proxectos pedagóxicos e a como se iniciou no ámbito da escrita, ademais de destacar que conseguiu “que a xente, si, a xente en xeral, lera en galego e que nas escolas houbese material pedagóxico en galego”. Tamén lembra as xornadas pedagóxicas que organizaba nesa vila, na que o escritor vilalbés viviu unha etapa decisiva, de aí que dixese “que non sería o mesmo de non pasar eses anos aquí”. Sinala que o seu alumnado sempre o recordou con agarimo pola empatía que conseguía establecer e porque as súas clases “eran... outra cousa”. A modo de homenaxe, propón que o centro educativo citado pase a denominarse Escola de Catro Camiños Agustín Fernández Paz.

Senín, Xavier, “Agustín Fernández Paz: o xemplo dunha persoa cabal”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 13 xullo 2016, p. 35.

Sinala que Agustín Fernández Paz, consecuente cos seus principios, se fixo querer por todo o mundo e traballou arreo polo ben do seu país. Explica que a súa obra “moi demorada e perfeccionista” se dirixe á xente nova por decisión consciente, así como apunta parte dos temas actuais que nela abordou. Salienta o protagonismo que lle deu á muller e a atención prestada aos máis débiles, posto que a el lle gustaría ver nacer unha

nova sociedade asentada nos alicerces da igualdade e do amor. Tamén alude ao seu compromiso coa lingua galega e incide en que a súa defensa pola súa dignidade debería de ser guieiro para os que lamentan a súa morte.

Silva, Kiko da, "Cartas de inverno", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí","Cultura", p. 52/ *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", p. 42, "Adeus a un renovador da literatura galega", 13 xullo 2016.

A modo de carta dirixida a Agustín Fernández Paz, mostra o desolado que está ante o seu pasamento. Sinala que non se fai á idea de que nunca máis volverán falar de banda deseñada, un ámbito no que o vilalbés foi un pioneiro como divulgador e teórico. Revélalle que *Para lermos cómics* e outro libro de Xaquín Marín o animaron a ser historietista, ademais de anunciarlle que cando remate a súa próxima obra, *Baixo a sombra das pedra flotante*, lla enviará por correo electrónico e ha de agardar a súa resposta.

_____, "Viñetas no Museo", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Ciudad", 13 decembro 2016, p. 11/ *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 14 decembro 2016, p. 44, "Tribuna aberta".

Salienta a importancia da banda deseñada e fala de Miguelanxo Prado, quen atopou neste xénero un medio de expresión, que lle permite combinar as súas paixóns, pintura e escritura, e cuxo recoñecemento e valía son avalados a través dunha multiplicidade de premios.

Solar, María, "O amor que nos deixa", *La Voz de Galicia*, "Opinión", "Loito nas Letras Galegas", 13 xullo 2016, p. 13.

Expón que resulta moi difícil perder a Agustín Fernández Paz, "un deses grandes homes que ben quixeramos inmortal, e o mundo é hoxe un pouco peor sen el". Sinala que escribía para cambiar o mundo, afianzar a fala, facer pensar e sentir, así como se achega á súa traxectoria como escritor dende os seus inicios como mestre até acadar para Galicia, os galegos e a lingua os máis importantes galardóns da Literatura Infantil e Xuvenil. Tamén apunta que lle achanzou o camiño aos que viñeron detrás e que nunca deixou de darlles apoio e consello. Sinala que nunca evitou ningunha temática e que entendía a vida dende o amor.

Villar Janeiro, Helena, "Marifé Quesada", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Notas de actualidade", 9 decembro 2016, p. 2.

Anuncia o acto no que María Fe Quesada será nomeada Socia de Honra de GÁLIX, Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil, que trata de promover a cultura e lingua galegas a través da literatura.

VII. 5.6. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ENTREVISTAS

Balo, Marta, "Ledicia Costas. 'Cos premios vólveste visible e iso é moi necesario", *Diario de Pontevedra*, "*reviSta*", n.º 808, "Entrevista", 10 xaneiro 2016, pp. 4-5.

Entrevista é escritora Ledicia Costas onde fala dos éxitos acadados e dos proxectos que ten por diante, a importancia dos premios na profesionalización dos escritores e da importancia da lingua galega na súa obra e as dificultades da difusión internacional por falta de apoio institucional.

Barral, L. J., "Temos algo único na cidade: bares sen televisión". Entrevista a Kiko da Silva. *Diario de Pontevedra,* Venres 29 de xullo de 2016, p.6.

Entrevista co debuxante Kiko Da Silva con motivo da súa preferencia por Pontevedra fronte á súa cidade de orixe, Vigo. Apúntase o aumento de propostas culturais na cidade nos últimos anos e destaca a influencia de Castelao.

Blanco, Isabel, "Andrea Maceiras. 'A literatura xuvenil é hoxe un dos xéneros que máis dinamiza o sector", *El Correo Gallego*, "Entrevistas", 7 xaneiro 2016, p. 16.

Entrevista a Andrea Maceiras onde fala da súa última novela e responde a preguntas de actualidade sobre o sector literario infantil e xuvenil como a importancia dos premios. Tamén explica o seu interese e dedicación pola literatura xuvenil en concreto e fala da súa faceta como profesora de literatura, facendo fincapé na dificultade do proceso de creación do hábito lector entre os máis novos.

_____, "Miguel Anxo Prado, 'A boa crítica das obras anteriores non garante o éxito das seguintes", *El Correo Gallego*, "Entrevistas", 10 xaneiro 2016, p. 20.

Entrevista a Miguelanxo Prado onde fala da exposición que firmou sobre Miguel de Cervantes presentada na casa natal do escritor, dos seus proxectos futuros, da importancia de *Trazo de xiz* e *Ardalén*, dúas das súas obras máis coñecidas e aclamadas, e dos premios recibidos na súa traxectoria.

Capelán, Brais, "Juan Carlos Abraldes. 'Al cómic le tengo mucho cariño, pero hoy en día no se puede vivir de él", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "En primera persona", 28 outubro 2016, contracuberta.

Entrevista a Juan Carlos Abraldes arredor do cómic de terror. Comenta que lle atrae o estilo das historias de terror e que anos atrás era máis fácil encontrar cómic deste estilo. Confesa que se inspira no casco histórico de Santiago de Compostela e que a pesar do afán que ten polo cómic recoñece que hoxe en día non se pode vivir del.

Casanova, Jorge, "Fina Casalderrey. 'A mellor empanada é a miña", *La Voz de Galicia*, "Muy de cerca", 18 decembro 2016, contracuberta.

Conversa con Fina Casalderrey na que fala da súa canción favorita, do seu día a día, da mellor empanada de Galicia e remata indicando que ela lle pide á vida "estar ben e que os meus tamén o estean. Algo de tempo e liberdade".

Cortés, Nacho, "Elena Gallego Abad. 'É un orgullo ser embaixadora da cultura galega", *Diario de Pontevedr*a, "*Diario do Morrazo*", n.º 412, 23 abril 2016, contracuberta.

Entrevista á escritora e periodista Elena Gallego Abad onde fala da súa futura visita a Arxentina como embaixadora da cultura galega na Feria Internacional del Libro de Buenos Aires. Tamén realiza unha pequena aproximación ao universo de Dragal, fala de proxectos futuros e salienta a importancia da literatura na vida das persoas, afirmando que "calquera cousa que necesitemos vai a estar nos libros, por iso ler é moi importante".

Díaz, Noelia, "Andrea Maceiras. 'As institucións deberían implicarse máis co galego", *Diario de Ferrol*, "Cambre", 17 maio 2016, p. 16.

Conversa con Andrea Maceiras onde explica como foron os seus inicios como escritora e o proceso de creación de obras. Ademais fala do premio recibido coa súa última novela, da súa faceta como profesora e das lecturas que a inspiran, e remata salientando a importancia da aposta pola lingua galega nas súas obras aínda tendo en conta a falta de visibilidade e apoios.

Fontao, Ángela, "Antonio Manuel Fraga. 'En 'Tártarus' inclúe o libro 'La historia interminable', que me fascina e me turba", *La Opinión*, "A Coruña", 23 abril 2016, p. 12.

Entrevista ao escritor Antonio Manuel Fraga onde analiza o proceso de creación da súa máis recente novela, *Tártarus* (2016), cuxa idea xurdiu en Cuba e viuse moi influenciada pola fascinación por *La historia interminable*. Tamén comenta brevemente a importancia do propio Michael Ende e da obra de Roald Dahl na súa faceta como escritor, así como da literatura xuvenil galega actual e da figura do director e creador de cine de animación Hayao Miyazaki.

Hermida, Patricia, "Mercedes Zaera. 'Adoro Ferrol y me da rabia que sus vecinos la critiquen", *El Correo Gallego*, "Entrevistas", 6 decembro 2016, p. 17.

Entrevista na que Mercedes Zaera repasa a súa produción literaria que comezou cunha triloxía infantil que agora quere completar con *Imos de vendima* e recalca que os seus actuais traballos parten das súas vivencias infantís.

López, Elizabeth, "Kiko da Silva. 'En estos momentos dibujaría una Galicia en forma de enchufe", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*"/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 917/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 917, "la Entrevista", 23 xaneiro 2016, p. 29.

Entrevista ao debuxante Kiko da Silva, quen manifesta a dificultade dun debuxante para non ser influído por outros profesionais do sector, así como de lograr un amplo público e poder vivir do cómic. Destaca que o fundamental é o momento de crear, de namorarse da historia na que se vai traballar.

Martínez, Alberto, "Jordi Sierra i Fabra. 'Escribir es lo que más me gusta en la vida, es pasión como respirar, lo necesito", *El Correo Gallego*, "Entrevistas", 14 decembro 2016, p. 18.

O escritor Jordi Sierra i Fabra comenta que se venden ben os seus libros traducidos á lingua galega e mais que ten unha grande amizade con Antonio García Teijeiro e co recentemente falecido Agustín Fernández Paz.

Pintor, David, "Marcos Viso. 'Cando debuxo, sinto que son de verdade", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Disfrutar", "En otro plan", 16 decembro 2016, p. 22.

Entrevístase a Marcos Viso, ilustrador e finalista do premio "El Comienzo" do 1º encontro internacional de ilustración de Valladolid 2015, quen conta como chegou a ser ilustrador, que é o que sente cando debuxa e resalta que "alguén díxome unha vez que eu era o ilustrador da melancolía". Destaca que non se deben quitar as ilustracións das portadas dos libros como fan algúns editores e comenta que nunca sabe se unha ilustración está rematada, que non podería prescindir da cor gris e que o menos lle gusta é debuxar armas que matan. Tamén sinala que para el o mellor ilustrador da historia é Edward Hopper.

Rodríguez, Pacho, "Francisco Castro. 'Una de las ideas más nocivas, sobre todo para las mujeres, es la del amor romántico", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 17 setembro 2016, p. 47.

Con motivo da presentación en Madrid de *Tienes hasta las 10* o seu autor Francisco Castro reflexiona sobre esta tradución do galego ao castelán e sobre o fondo desta historia de intriga onde recalca o papel da muller e do xornalismo.

Salgado, Marta, "Elena Gallego Abad. 'Me encantaría que Dragal llegase a las mismas lenguas y países que Harry Potter", *La Región*, "Ciudad", "Foro La Región", 25 febreiro 2016, p. 10.

Entrevista a Elena Gallego Abad onde fala de diversos aspectos sobre a saga Dragal e da responsabilidade que sente por ser definida como "la J.K. Rowling gallega", destacando que sería un gusto para ela que a súa obra chegara a tantas linguas e países como o fixo a do mago Harry Potter. Ademais, tamén fala brevemente do seu último proxecto literario onde abandona o xénero fantástico para entrar de cheo no xénero negro.

Sánchez, Olalla, “Ledicia Costas. ‘O Premio Nacional cambioume a vida”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Letras”, 19 febreiro 2016, pp. 2-3.

Conversa con Ledicia Costas onde fala sobre a importancia dos premios na súa evolución como escritora, a súa valentía e compromiso coas temáticas que trata nos seus libros e analiza brevemente o próspero estado do sector da literatura infantil galega.

Valle, Candela, “José Ramón Fernández Morgade. ‘Es importante la labor de los maestros para querer la literatura”, *La Región*, “Ourense”, 7 outubro 2016, p. 9.

Entrevista a José Ramón Fernández Morgade, presidente do círculo poético de Ourense, na que se fai alusión ao VII Encontro Internacional de Poesía que se realiza en Ourense e no que se presentan diversos poetas de ámbito internacional. Alude ao labor dos docentes “para que os nenos lle collan cariño á poesía e á literatura” e así non o rexeiten e coñezan o importante que é a literatura. Fai balance moi positivo deste encontro xa que cada vez máis poetas queren ir a dito encontro, pois preténdese que coñezan Ourense, os escritores que alí naceron ou viviron e que, cando marchen, escriban unha poesía sobre a cidade para facer un poemario con todas elas.

Varela, Lourdes, “Andrea Maceiras. ‘A literatura xuvenil está en auxe hoxe máis que nunca”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 569, 28 xaneiro 2016, p. V/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 525, 6 febreiro 2016, p. 11, “Entrevista”.

Conversa con Andrea Maceiras onde fala en profundidade da súa última obra, *Europa Express*, premiada no campo da Literatura Xuvenil e tamén comenta brevemente como se proxecta no futuro como escritora.

Varela, María, “Andrea Bayer. ‘O que acontece nunha aula de teatro é pura maxia”, *Diario de Pontevedra*, “*reviSta*”, n.º 817, “Entrevista”, 13 marzo 2016, pp. 4-5.

Conversa coa dramaturga, actriz e profesora de teatro Andrea Bayer onde fala sobre as súas facetas profesionais, os premios acadados, os seus inicios e evolución no eido do teatro infantil e a importancia da lingua galega nas súas presentacións. Ademais comenta brevemente os seus proxectos futuros e como enfronta a posta en marcha de cada espectáculo teatral.

VII. 5.7. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: NOTAS, PRESENTACIÓNS E ESCRITOS VARIOS

Abascal, María, "Os Bolechas volven para gozar dun 'Nadal en familia", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 15 decembro 2016, p. 43.

Comenta a presentación, no Museo Pedagóxico de Galicia, da nova xira que levan a cabo Os Bolechas co nome de *Nadal en familia*, que pasará por dez localidades da Rede de Dinamización Lingüística. Informa que contará con actividades para os máis pequenos, así como tamén concursos. Anuncia que non faltaron na presentación Iria Rodríguez de Gadis, Rosa Vilas, directora da TVG, e Valentín García, secretario xeral de Política Lingüística.

Abet, P., "Fallece Agustín Fernández Paz, que hizo de los niños lectores", *ABC*, "Galicia", 13 xullo 2016, p. 54.

Recorda que Agustín Fernández Paz escribía obras que atrapan a xente de todas idades, a través dunha fórmula que conxugaba o pano de fondo da sociedade do momento co seu enxeño. Sinala que, a partir dos fíos da vida, construíu historias capaces de afrontar o paso do tempo. Comenta que son historias que parten dunha escena cotiá que, posteriormente, alcanzan a dimensión literaria. Engade que a súa desaparición mobilizou persoal docente, editores e nomes do mundo da cultura e da política, que loaron o seu labor ao longo das últimas tres décadas.

A. F., "La Escola Municipal de Teatro de Tomiño sube a escena", *Atlántico Diario*, "Área metropolitana", "Baixo Miño", 2 xullo 2016, p. 22.

Apunta que a Escola Municipal de Teatro de Tomiño representará no auditorio de Goián a obra *Bookcrossing* para rematar un dos tres Talleres de Expresión Dramática Plástica e Musical, coordinados polo grupo Migallas Teatro. Explica que a monitora de teatro, Tamara González, informa que a obra consiste en deixar libros en espazos públicos para que outras persoas os poidan ler.

A. F. N., "La Torre de Hércules se viste de viñetas", *La Opinión*, "A Coruña", 10 agosto 2016, p. 9.

Informa que a Torre de Hércules será escenario de todos os carteis do Salón Internacional do Cómic e mostrará os carteis das dezanove edicións que reuniron a unha variedade de autores de diferentes estilos e países. Finalmente resalta outros espazos onde os visitantes poderán gozar de viñetas.

_____, "Ficción y realidad ilustradas", *La Opinión*, "A Coruña", 9 agosto 2016, pp. 8-9.

Fala da décimo novena edición do festival *Viñetas desde o Atlántico* da Coruña que acolle varias actividades para os amantes da banda deseñada e seis espazos expositivos que poderán ser visitados por quen o desexe. Informa que os autores encargados de abrir

o programa de conferencias no Kiosko Alfonso son os debuxantes Nadar e Cristina Bueno. Dá conta dos actos e de onde terán lugar, así como a presentación de *A Voz do Vento* do debuxante Jano que conta con ilustracións e cancións arredor da figura do poeta Manuel María. Fai un breve repaso dos autores que terán presenza no festival e finalmente mostra os actos que haberá na feira do libro.

Agudo, P., "De Pazolandia al dúo Recuerdos", *La Región*, "*Nadal nas Comarcas de Ourense*", "Nadal en Cartelle", "Programa", "De fiestas", 23 decembro 2016, p. 66.

Informa das actividades que realiza o concello de Cartelle nas festas de Nadal que comezaron cun concerto da cantante María do Ceo. Entre as actividades, anuncia un espectáculo de humor, Clown Malabar "Peter Punk".

Aguiar, Iván, "Cheíño recrea o seu Arteixo", *La Opinión*, "Arteixo", 13 novembro 2016, p. 17.

Refírese a un veciño de Arteixo, que se escondía baixo o nome de Cheíño de Tó e que era coñecido por realizar viñetas con sucesos ocorridos na vila. Apúntase que despois de moito tempo decidiu expoñer as súas viñetas nunha libraría da vila, visitadas por cantidade de veciños que lían as súas viñetas.

A. I. S., "Un concurso con Roberto Vilar y el humor de Touriñán en As Cancelas", *El Correo Gallego*, "Santiago", 8 novembro 2016, p. 27.

Entre as actividades programadas para As Cancelas, salienta a cita cos personaxes dos Bolechas.

_____, "Sorteo de regalos con el 'showman' Roberto Vilar en el centro As Cancelas", *El Correo Gallego*, "Santiago", 15 novembro 2016, p. 26.

Indícase que con motivo do cuarto aniversario do Centro Comercial As Cancelas se celebran diferentes actividades, entre elas a visita dos personaxes dos Bolechas.

Alonso, Álvaro, "Fernández Paz, el autor que acompañaba el sueño infantil", *Atlántico Diario*, p. 38/ *La Región*, p. 61, "Sociedad", 13 xullo 2016.

Logo do falecemento de Agustín Fernández Paz, apunta que o escritor, seguindo a Álvaro Cunqueiro, debía ilustrar os seus relatos de forma "clara, seguida y bien", co propósito de que o lector poida "beber sueños como quien bebe agua". Explica que os seus personaxes xurdían a partir dalgún dos seus trazos persoais, aínda que os creaba sobre todo a partir de "trazos inventados" e se reconvertían na mente do lector. Apunta algunhas das linguas ás que foi traducida a súa obra e as súas constantes reedicións, ademais de sinalar algúns dos premios que recibiu. Refírese tamén á súa formación académica e actividade como docente e faise eco da dor e ausencia que causa, pois, co seu pasamento, "Galicia y la lengua gallega se quedan huérfanas de uno de sus principales impulsores".

Álvarez Cáccamo, Xosé María, "*Ganapán das palabras*", *El Progreso*, "*Pícaros*", "O conto", 28 maio 2016, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra *Ganapán das palabras*.

Álvarez, Mario, "O libro de Xosé Neira Vilas 'Contos vellos para rapaces novos', nunha nova edición", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 8 xuño 2016, p. 37.

Dá conta da presentación da obra *Contos vellos para rapaces novos* (2015), de Xosé Neira Vilas. Destaca a presenza no acto de Luis Reimóndez, Xesús Alonso Montero e Román Rodríguez. Comenta brevemente os cambios desta nova edición e informa da presentación dunha páxina que incluirá, entre outras cousas, fragmentos dos contos ordenados por países e continentes.

_____, "Valga mergúllase na narrativa tradicional de todo o planeta", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 10 agosto 2016, p. 35.

Fala da actividade de dinamización lingüística, *Contos vellos para rapaces novos*, que tivo lugar en Valga onde os cativos de entre cinco e dez anos puideron gozar de variadas historias da transmisión oral de diferentes países nunha homenaxe a Xosé Neira Vilas. Comenta que esta actividade está enmarcada no programa Galicia Culturea e que continuará por outros concellos.

_____, "Covelo denuncia el intrusismo en el sector de la ilustración", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 22 agosto 2016, p. 28.

Comenta que os ilustradores galegos denuncian o "intrusismo" nese sector e reclaman poder facer o seu traballo máis visible. A este respecto, o presidente da Asociación Galega de Profesionais da Ilustración, Sergio Covelo, sinala que son uns traballadores máis e que na asociación tratan como afrontar o tema do plaxio, das débedas e outros moitos temas. Alude á situación difícil que vive hoxe en día un autónomo en España e destaca o apoio que reciben por parte de iniciativas como o Salón do Cómic da Coruña.

_____, "O Nadal en galego, da man da Rede de Dinamización Lingüística en cincuenta concellos", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 16 decembro 2016, p. 42.

Anuncia o amplo programa de Nadal que organiza a Rede de Dinamización Lingüística da Xunta para os máis cativos en varios concellos, presentado polo secretario xeral de Política Lingüística Valentín García na Cidade da Cultura, quen informou que conta con actividades varias como xogos populares, panxoliñas, os Reis Magos, O Apalpador, Os Bolechas, entre outros. Comenta que o obxectivo desta programación é convidar os máis cativos e as súas familias a gozar do Nadal en galego. Finalmente mostra un pequeno resumo sobre o contido das diferentes actividades.

Álvarez, Miguel, "Miguelanxo Prado sacará un libro de corte fantástico sobre el bien y el mal", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", p. 53./ *El Progreso*, "Vivir", p. 40, 15 agosto 2016.

Informa que o ilustrador Miguelanxo Prado prepara un novo libro no que romperá coas súas últimas reflexións e falará sobre o ben e o mal nunha historia de corte fantástico que tratará sobre a tradición, con elementos como a maxia e as fadas. Fala tamén sobre o festival Viñetas e que o seu director, Miguelanxo Prado, está moi contento pola gran asistencia de público.

_____, "Prado, referente europeo del cómic, anuncia nuevo libro", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 15 agosto 2016, p. 32.

Indica que o ilustrador Miguelanxo Prado está a preparar unha nova banda deseñada coas súas últimas reflexións sobre o ben e o mal, introducindo elementos da tradición, como a maxia e fadas. Tamén fai alusión ao festival *Viñetas desde o Atlántico* e o seu éxito de público.

Araújo, Emma, "Estela Suárez Recouso. 'Escribín o conto con 15 anos e tomei a broma o anuncio da publicación", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "En primera persona", 7 xaneiro 2016, contracuberta.

Comenta que o primeiro libro publicado de Estela Suárez Recouso, *Non quero xogar ás agachadas coa lúa*, recolle un relato que escribira con quince anos e que finalmente editou Edicións Fervenza coa colaboración do Concello de Oroso. Tamén salienta que a escritora está moi involucrada no tema da creación audiovisual coa súa pequena empresa Seica Animación mais a súa meta actual son as oposicións de secundaria.

ARCA, "Teatro infantil e concertos foron onte o preludio das patronais da Madalena", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 23 xullo 2016, p. 29.

Fala das festas da Madalena en Ames que contaron coa actuación do grupo de bailes latinos Aramio e o *Teatro de Sombras* da cooperativa Educultoras composto por mestras, pedagogas e educadoras sociais.

_____, "Obradoiro en Luscofusco para animar a ler en galego", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 29 setembro 2016, p. 36.

Anuncia a realización dun obradoiro dirixido ao público a partir dos doce anos, incluído no programa Luscofusco para animar a ler en galego. Indica que ao finalizar haberá lectura pública de textos dramatizados.

Argibay, María, "Actividades sen fin: non hai tempo para o aburrimento", *Diario de Pontevedra*, "*Salón do libro*", 31 de marzo 2016, p. 5.

Dá conta da variada oferta de actividades que ofrece o Salón do Libro Infantil e Xuvenil, salientando o espectáculo musical *A bichería canta*, de Migallas Teatro; *O*

último dragón, de Sarabela Teatro; *Brinca Vai! 2.0*, do músico e actor Paco Nogueira e o artista audiovisual Xosé Miguel Sagüillo; *Los tres osos*, de L'Estaquirot Teatre e *Sons miúdos*, un espectáculo de música infantil de distintos colaboradores que interpretarán en directo algúns dos seus temas.

Baena, A. "Balbino, o neno labrego, chega a Vigo 'para quedar", *Atlántico Diario*, "Vigo", 12 outubro 2016, p. 12.

Faise eco da homenaxe a Xosé Neira Vilas de colocar a escultura do seu Balbino diante da porta da biblioteca que leva o seu nome. Indícase que no acto foron lidas as primeiras liñas de *Memorias dun neno labrego* e que a escultura foi una encarga da Deputación á Escola de Canteiros de Poio. Saliéntase que a biblioteca ten unha gran afluencia de usuarios onde destacan os préstamos de novelas e libros de cociña.

Baena, Ana, "A biblioteca Neira Vilas por fin terá o seu Balbino", *Atlántico Diario*, "Vigo", 29 xaneiro 2016, p. 8.

Dá conta da próxima inauguración dunha escultura do protagonista de *Memorias dun neno labrego*, na viguesa biblioteca Xosé Neira Vilas. Fai un repaso da relación que tivo o autor coa cidade e a súa intelectualidade: Laxeiro, Fernández del Riego ou a Editorial Galaxia.

_____, "La gran ola de Ramón Trigo entre la Ría y Torrecedeira", *Atlántico Diario*, "Verano", 3 agosto 2016, p. 12.

Comenta a participación de Ramón Trigo no programa "Vigo ciudad de color" onde dispón de vinte e oito metros de parede para expoñer a súa obra que trata de unir o mar coa terra debuxando unha gran onda. Apunta que o que peor leva o artista é a limitación de tempo xa que solo contará con quince días.

_____, "Nostalgia del papel en nuevos dibujantes", *Atlántico Diario*, "Vigo", 11 decembro 2016, p. 12.

Dá conta do segundo encontro de fanzines, "Salir de Guetto", organizado por El Halcón Milenario onde se reuniron autores e deseñadores xa consolidados e outros que están emerxendo. Fala dalgúns deseñadores como o vigués Debelius que leva cerca de douscentos exemplares de cómics en branco e negro, entre outros moitos.

Balo, Marta, "Fiz, o neno máis porco do mundo', conquista o MiniDiario no verán", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Ciudad", 2 xullo 2016, p. 10.

Indica que o MiniDiario vai acoller as aventuras de Fiz, personaxe creado en 2003 polo debuxante Kiko da Silva, que xa foran publicadas en revistas e formato libro. Apunta que Fiz estará acompañado da súa amiga Puri, o cuarto de baño e os personaxes imaxinarios nunhas historias escatolóxicas cheas de humor, que tamén terán contido pedagóxico sobre a creación no mundo do cómic.

Becerra, Marta, “La creatividad no sabe de edad”, *El Progreso*, “Lugo”, “El despertador”, 3 xuño 2016, p. 13.

Entre outras actividades, salienta as presentacións da obra teatral *Charlie e a fábrica de chocolate* e de *Contos en versos para nenos perversos*, por parte do alumnado de cuarto e de sexto respectivamente do colexio Fingoi.

_____, “Un mundo de emociones sin fin”, *El Progreso*, “Lugo”, “El despertador”, 4 xuño 2016, p. 12.

Dáse conta de, entre outras actividades, a representación teatral de *Contos en versos para nenos perversos* por parte do alumnado de sexto de primaria do colexio Fingoi.

_____, “La marcha se organiza”, El Progreso, “Lugo”, “El despertador”, 30 setembro 2016, p. 11.

Fala do Círculo das Artes no que os máis pequenos o pasaron en grande cos talleres do ciclo Chiquiocio, onde se celebraron talleres de monicreques e teatro con fío. Informa que haberá cada mes talleres varios dedicados a grandes inventos, cestería, expresión plástica, carnaval, entre outros, e tamén talleres para os adultos. Resalta que a sesión vermú será amenizada por un grupo de DJs. Finalmente da conta de distintas actividades que se realizarán como unha excursión polas ribeiras altas do río organizada polo concello e unha mostra pictórica no centro Novoneyra.

_____, “Abriendo paso a los Reyes Magos”, *El Progreso*, “Lugo”, “El despertador”, 26 decembro 2016, p. 7.

Conta que o concello lucense se prepara para a chegada dos Reis Magos cunha serie de actividades, entre elas, a representación teatral *Un conto de Nadal* baseada en *Cuento de Navidad* de Charles Dickens.

_____, “Cómo echarle teatro a la Navidad”, *El Progreso*, “Lugo”, “El despertador”, 28 decembro 2016, p. 8.

Comenta as actividades celebradas na cidade de Lugo durante o Nadal, como representacións teatrais, grazas á programación de Cantos de Nadal levada a cabo pola Asociación Galega de Artes Escénicas Fingoi.

Bellver, Mónica G., “7 días de intensa actividade”, *O SIL*, “*Especial Festas do Cristo 2016*”, “Programa”, setembro 2016, p. 6.

Enumera as distintas actividades do municipio do Barco de Valdeorras pola Festa do Santo Cristo, onde haberá música, obradoiros, talleres e unha serie de actividades entre as que se atopan espectáculos infantís a cargo das compañías Fantoches Baj e Os sete magníficos máis un. Informa que a xornada musical rematará coa actuación de Peter Punk.

Bermúdez, Teresa R., “Os nenos alzan o pano”, *El Progreso*, “*Pícaros*”, 8 outubro 2016 cuberta.

Comenta a celebración dunha semana dedicada aos monicreques destinada para os máis pequenos. Tamén dá conta da existencia dunha segunda xornada dedicada ao teatro de fíos. Ademais, destaca que Mircromina Teatro está preparando un espectáculo.

B. L., “Ledicia Costas. ‘O libro de Extravaganzza deixa hoxe de ser noso e pasa a ser dos nenos”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Cultural”, 16 febreiro 2016, p. 12.

Informa da presentación do libro *As peripecias de Extravanganzza Pérez* realizada coa presenza da propia autora e a concelleira de Cultura Anxos Riveiro, onde se destacou que esta obra é o primeiro título da que será a colección do Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra.

_____, “Kalandraka monta un juego con ‘Ganapán das palabras’ en las librerías locales”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 30 abril 2016, p 12.

Informa da celebración dun xogo artístico-literario sobre o libro *Ganapán das palabras* organizado pola editorial Kalandraka coa participación de cinco librarías de Pontevedra co obxectivo de dar visibilidade á literatura infantil e xuvenil.

_____, “Xabarín e Shin Chan coinciden coas Fedellas”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, “Culturgal 2016”, 3 decembro 2016, p. 4.

Fala da xornada inaugural do Culturagal, dirixido aos máis cativos e que contou coa presenza de Shin Chan, Xabarín, Doraemon e un dos Bolechas, ademais do grupo de teatro de Susana Cerviño e Tamara Andrés e as Fedellas.

Bóveda, Lucía D., “Unha pisca do Salón no hospital”, *Diario de Pontevedra*, “*Salón do libro*”, 31 de marzo 2016, p. 8.

Comenta a visita do lobo Orbil, mascota do Salón do Libro Infantil e Xuvenil, a distintos hospitais onde están ingresados nenas e nenos que non terán a oportunidade de visitar o Salón co obxectivo de achegarlles o espírito do evento e repartir libros. Tamén sinala que a visita se complementou cunha xornada de contacontos levada a cabo polo colectivo especializado en actividades lúdicas Polo Correo do Vento.

_____, “As editoras afánanse coa cita das letras”, *Diario de Pontevedra*, “*Salón do libro*”, 31 de marzo 2016, p. 7.

Salienta a importancia das editoriais e das actividades que se levan a cabo no marco do Salón do Libro Infantil e Xuvenil, poñendo como exemplo OQO Editora, que realizará a exposición “Cocorico en movemento”, a editorial Lobito Bueno, coa actividade “Imaxina animais imaxinarios” e o obradoiro “Libro Xigante”, a cargo de Víctor Rivas en colaboración coa editorial Xerais. Tamén fala da participación dos integrantes de Polo Correo do Vento que farán unha versión do seu libro *O esquío rampante*, a

organización dun espazo como biblioteca e a realización dun obradoiro de mediación lectora.

_____, "Rapaces, que volve o MiniPazo Club!", *Diario de Pontevedra*, "*miniDiario*", n.º 547, "Reportaxe", 9 outubro 2016, p. 2.

Indica que entre as actividades do MiniPazo Club hai un obradoiro de contos a cargo dos membros de Pavís Pavós.

Botrán, C., "Rois crea cantera literaria de animación a la lectura", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 12 abril 2016, p. 33.

Informa do intenso labor do Concello de Rois coa especial participación da biblioteca municipal na realización dun programa con distintas actividades para o fomento da lectura entre os máis novos. Fala da visita ao Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra, da organización dun Clube de Lectura, das sesións de contacontos e da representación de distintos musicais e concertos, entre outras actividades.

Botrán, Cristina, "La Noite de Compras llenará las rúas de A Estrada de animación", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 1 maio 2016, p. 34.

Anuncia as actividades enmarcadas na Feira do Libro da Estrada: títeres, contacontos, lecturas abertas e a presentación do libro de Estíbaliz Espinosa, *Caer de cú polo universo* (2015).

Boullosa, Lorena, "Os talleres do Mini Pazo Club xeran unha gran cola no día de inscrición", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Ciudad", 11 outubro 2016, p. 13.

Fala dos talleres realizados no Mini Pazo Club que conta con obradoiros como "Á procura do tesouro", que versa sobre a expresión dramática, plástica e musical, e o RockLab unha actividade centrada na expresión musical. Finalmente informa dos obradoiros nos que aínda quedan prazas e das cotas para a inscrición.

_____, "Os nenos poderán coñecer a figura de Castelao a través dunha aplicación", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Ciudad", 18 outubro 2016, p. 9.

Comenta que a Deputación Provincial lanzou unha aplicación chamada "As viaxes de Castelao", para que os rapaces aprendan e comprendan aspectos da vida de Castelao. Conta que para a creación da mesma recorreuse á empresa CreappContos, da que son responsables Avelino Correa e Toño Escudero e as ilustracións foron a cargo de Víctor Rivas. Resalta que se trata dunha ferramenta que permite crear historias e contos relacionados coa vida do ilustre galego e que, aínda que está dirixida a un público infantil, pode ser empregada por público de todas as idades.

Bravú, Los, "Día laborable", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Ilustración", "Cómic", 9 decembro 2016, p. 21.

Acóllese un fragmento de banda deseñada co título “Día laborable” dos marinenses Dea Gómez e Diego C. Omil.

Briones, Rubén G., “Travesía lingüística e literaria a través das rías de Muros e Arousa”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 24 marzo 2016, p. 41.

Dá conta da travesía marítima que realizou o alumnado de galego da Universidade Complutense de Madrid para coñecer persoeiros relevantes da lingua e cultura galega.

Burgos, Carmen García de, “Bichos’ para aprender a respectar a todos os seres vivos”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Letras”, “Agenda”, 1 abril 2016, p. 7.

Dá conta das actividades propostas polo Salón do Libro en relación á temática deste ano resumida no lema “Canta bichería!” e á novela *As aventuras de Estravaganzza Pérez,* que Ledicia Costas escribiu por encargo explícito para esta edición.

B. Y., “Ribadumia tendrá su cabalgata más participativa”, *Diario de Arousa*, “Especial Navidad”, 24 decembro 2016, p. 20.

Entre as actividades do Nadal do Concello ribadumiense sinala que haberá unha sesión de monicreques co título “O Apalpador do Castiñeiro” e unha representación do grupo Migallas.

C. A., “A Uned Sénior celebra o 55 aniversario de ‘Memorias dun neno labrego”, *El Progreso*, “A Chaira”, 6 xaneiro 2016, p. 17.

Infórmase da celebración do cincuenta e cinco aniversario de *Memorias dun neno labrego* por parte da UNED Sénior Terra Chá-Eume coa conferencia do historiador Felipe-Senén López sobre Neira Vilas e a súa obra de máis recoñecementos.

_____, “Era un home excelente, a alegría personificada”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, p. 51/ *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, p. 41, “Adeus a un renovador da literatura galega”, 13 xullo 2016.

Refírese ás orixes de Agustín Fernández Paz e ao feito de que unha das súas últimas colaboracións se recollerá na revista das festas do San Ramón. Reproduce as palabras do alcalde vilalbés e de Manuel Castro Santamariña, presidente do Iescha, quen destacan a calidade como persoa e escritor de Fernández Paz. Recorda que na súa vila natal un pequeno parque lle rende tributo tras a homenaxe feita pola AELG, ademais da biblioteca do IES Basanta Silva levar o seu nome. Tamén recolle as palabras de familiares sobre a súa persoa.

_____, “A biblioteca das Pontes celebra un día de portas abertas con música e poesía”, *El Progreso*, “A Chaira”, 22 outubro 2016, p. 24.

Faise eco sobre o día de portas abertas que celebra a biblioteca municipal Enrique Rivera Rouco das Pontes. Dáse conta dos actos de música e poesía que se celebraron así como tamén do contacontos.

Calaza, Iván G. / **X. M. P.**, "Memorias dun neno labrego' tamén será traducido ao xaponés", La Voz de Galicia, "Cultura", 8 agosto 2016, p. 26.

Fala da tradución da obra *Memorias dun neno labrego* ao xaponés, que se comprometeu a facer o antropólogo Tadashi Yamamoto, quen coincidira con Xosé Neira Vilas no festival de Pardiñas no ano 2011. Comenta que Yamamoto volve ao festival despois duns anos para falar de como vai a tradución da obra e para participar na homenaxe a Xosé Neira Vilas.

Canedo, Cibrán, "Contacontos de 'A maleta da avoa", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", "Invitada especial", 6 decembro 2016, p. 32.

Comenta a participación de *A maleta da avoa*, a sesión de contacontos de Raquel Queizás, no programa de Nadal do concello de Silleda. Resalta a traxectoria de Raquel, licenciada en Filoloxía Hispánica pola Universidade de Santiago de Compostela e que cursou estudos de Artes Escénicas en varios centros.

Capelán, Brais, "La librería Komic presenta el viernes 'A Tumba do Terror", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Agenda", "Para todos los públicos", 26 outubro 2016, p. L10.

Informa da presentación na librería Komic de *A tumba do terror*, adaptación ao galego do cómic de Jason Crawley.

Carrera, Rosé, "La ciudad que tenía anhelos de leer", *Atlántico Diario*, "Vigo", "Día del libro", 24 abril 2016, p. 6.

Realízase un balance da lectura con motivo da celebración do Día do Libro e saliéntase na literatura infantil e xuvenil galega o éxito de Ledicia Costas con *Esmeraldina, a cociñeira defunta*.

Carreira, Sara, "¿Qué hay que saber a los ocho años?", *La Voz de Galicia*, "Sociedad", 25 maio 2016, p. 30.

Fala sobre os tests que realizaron os nenos de terceiro de primaria que en lingua galega na parte de comprensión escrita botouse man do conto *O soño de Sara*, de X. Antonio Perozo.

_____, "El arte es el motor de este instituto", *La Voz de Galicia*, "Galicia", 14 novembro 2016, p. 10.

Alude á iniciativa que leva a cabo o instituto IES As Barxas para promover a arte, pola cal gañaron un dos premios do Concurso Proyecta Innovación. Indica que consiste en realizar curtametraxes co tema da arte. Resalta a gran cantidade de xente que acude a ver estas curtametraxes e comenta que os alumnos traballan nelas non só na clase de plástica e visual, senón que tamén en economía e filosofía. Remata resaltando que teñen moitos proxectos en mente sobre diferentes temas, así como tamén a creación sensorial para persoas invidentes.

Casal, J., "Igualdade a través da diversión", *Diario de Pontevedra*, "O Salnés", "Sanxenxo", 21 xaneiro 2016, p. 22.

Comenta a posta en marcha do proxecto "Somos iguais, medremos iguais", impulsado pola Concellería de Benestar Social e o Centro de Información á Muller, co obxectivo de fomentar a educación en igualdade e evitar futuras conductas machistas a través da diversión e da implicación familiar no alumnado de primeiro de primaria. Tamén explica que consta de varios cadernos de traballo sobre temas como a corresponsabilidade nas tarefas e os xogos en igualdade, e contempla a lectura dos contos *Nera a Ferreira* e *O Meniño Nito. Entón os homes choran ou que?*, ademais dunha versión lúdica e revisada do clásico de *Cincenta*.

Castro, Víctor, "Ordes despide agosto con los cuentos de Xosé Neira Vilas", *El Ideal Gallego*, "Área metropolitana", "Atalaya mariñana", 28 agosto 2016, p. 16.

Fala da sesión de contacontos, *Contos vellos para rapaces novos*, que terá lugar na alameda de Ordes para homenaxear a Xosé Neira Vilas, uns contacontos dirixidos a rapaces de entre cinco e dez anos. Resalta que a sesión contará con historias tradicionais dos cinco continentes.

_____, "El Concello de Oroso abrió las inscripciones de la nueva temporada del Taller de Teatro", *El Ideal Gallego*, "Área metropolitana", "Atalaya mariñana", 1 outubro 2016, p. 16.

Anuncia o obradoiro de teatro infantil do Concello de Oroso.

C. B., "Rois rinde homenaje a la literatura este mes a través de cuentacuentos y música", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 5 abril 2016, p. 30.

Informa da programación de actividades do mes de abril no Concello de Rois arredor do mundo dos libros que comeza cun concerto a cargo de Pablo Díaz, xunto a Carmen Rey e Tito Calviño, baixo o título *Xente miúda, moita fartura*; o musical *Mi Madriña* por parte do alumnado de secundaria do Colexio Público Integrado dos Dices e a representación do contaconto do libro *O porviso do patín* de Rocío Castro.

_____, "Un libro reunirá los sesenta microrelatos y micropoemas de alumnos estradenses", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 10 abril 2016, p. 34.

Dá conta da publicación dun volume cos traballos premiados no IIIº Concurso de micropoemas e microrrelatos dos Centros de Ensino da Estrada. Destaca que os textos presentados debían contar como requisito coa presenza de dúas palabras características da obra de Manuel María, autor das Letras Galegas.

_____, "El Teatro Principal acoge hoy la obra 'Mary Poppins", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 24 xuño 2016, p. 34.

Informa da representación da peza *Mary Poppins*, a cargo do grupo infantil da Escola Municipal de Artes Escénicas e de *Alicia*, do grupo Xuvenil I.

C. F., "Música y poesía por la paz en el A Torre-Cela", *Diario de Pontevedra*, "O Morrazo", "Bueu", 30 xaneiro 2016, p. 5.

Comenta que o alumnado do CEIP da Torre-Cela celebrou o Día da Paz con, entre outras actividades, un recitado do poema "Ventos", de Antón García Teixeira.

_____, "O Illa de Ons coñece a unidade didáctica sobre a nenez baixo o prisma de Castelao", *Diario de Pontevedra*, "O Morrazo", "Bueu", 1 marzo 2016. p. 17.

Dá conta da presentación da Unidade Didáctica editada pola Deputación de Pontevedra "A nenez galega a través dos anteollos de Castelao", a que asistiron estudantado e profesorado dos últimos cursos da ESO do IES Illa de Ons de Bueu. Salienta que as novidades do proxecto son o propio obxecto de estudo, a figura do neno e da nena como suxeito histórico, a recuperación da obra gráfica de Castelao e o emprego de recursos multimedia e ferramentas TIC.

_____, "A Biblioteca acollerá o sábado o espectáculo Andersen!, de teatro e música", *Diario de Pontevedra*, "O Morrazo", "Marín", 30 marzo 2016. p. 18.

Comenta que, con motivo do Día Internacional do Libro Infantil e Xuvenil, a Concellería de Cultura de Marín acolle unha actividade de narración oral, música, teatro e danza titulada "Andersen!", a cargo de Teatro Flat.

_____, "O IES Mestre Landín participa por primeira vez no Salón do Libro de Pontevedra", *Diario de Pontevedra*, "O Morrazo", "Marín", 3 abril 2016. p. 17.

Sinala a participación do IES marinense no Salón do Libro cunha obra baseada en *As peripecias de Estravaganzza Pérez*.

_____, "Contos para bebés', hoy en la librería infantil Lobocoxo de Bueu", *Diario de Pontevedra*, "O Morrazo", "Marín", "Bueu", 2 outubro 2016. p. 16.

Indica que na librería infantil Lobocoxo de Bueu celebrarase unha actividade na que se combina conto e música "Contos para bebés".

_____, "A programación cultural de Bueu inclúe poesía, libros e actividades lúdicas", *Diario de Pontevedra*, "O Morrazo", "Bueu", "Cangas", 9 decembro 2016, p. 17.

Informa da presentación do libro *MEL, unha mosca agradecida* (2016) que combina os poemas de Alonso Diz e as ilustración de Luz Beloso. Dá conta da celebración dun obradoiro de debuxo a cargo da ilustradora.

Chaves, Alba, "Os novos licenciados de 'O garaxe hermético' dan a coñecer as súas creacións", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Ciudad", 6 agosto 2016, p. 4.

Fala da exposición dos traballos dos nove recén licenciados na escola O Garaxe Hermético, inaugurada pola concelleira Anabel Gulías e polo fundador da escola Kiko da Silva. Informa que Kiko da Silva presentará o seu próximo traballo, *As viñetas desde o atlántico*, un libro recompilatorio de traballos do alumnado da escola.

C. N., "La librería Lobo Coxo llena los sábados de octubre de cuentos para los más pequeños", *Diario de Pontevedra*, "O Morrazo", "Bueu", 5 outubro 2016, p. 21.

Enumera as actividades que realiza a librería Lobo Coxo durante o outono, como "Contos de campo" ou a lectura de libros de Kalandraka coa temática do Samaín.

Couso, Sandra, "Os Bolechas enseñan primeros auxilios a los más pequeños", *El Correo Gallego*, "Santiago", 19 outubro 2016, p. 25.

Fala da presentación da colección de libros dos Bolechas no colexio Raíña Fabiola, no que ensinaron aos máis pequenos sobre primeiros auxilios. Comenta como Os Bolechas xunto co xefe de Urxencias Sanitarias de Galicia, o xerente do Servizo Galego de Saúde e o director xeral de educación repartiron exemplares entre os cativos.

C. P. R., "Lembranza escolar ao poeta dos galegos", *El Progreso*, "A Chaira", 29 xaneiro 2016, p. 18.

Dá conta do acto conmemorativo celebrado en Meira co gallo do cambio de nome do colexio, que agora homenaxea ao poeta Avelino Díaz, onde participaron o alumnado da institución, o grupo musical Tango en Xaneiro e se fixo a presentación dun calendario conmemorativo elaborado polo propio centro. Salienta que no evento o secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García, falou do seu desexo de que se lle dedicaran as vindeiras Letras Galegas.

C. R., "O Principiño' celebra 25 anos de tradución e interpretación en Vigo", *Atlántico Diario*/ *La Región*, "*Universitas*", 22 setembro 2016, p. 2.

Informa da celebración dos vinte e cinco anos da creación da Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo, que como obxectivo principal ten unir o mundo da literatura co da tradución, coa mostra "O principiño" da man da Fundación Carlos Casares. Resalta que ademais da exposición ao longo do curso se celebrarán varias actividades.

_____, “Buscando contos libres de sexismo”, *Atlántico Diario*/ *La Región*, “*Universitas*”, 13 outubro 2016, p. 5.

Indícase que o campus de Ourense acolle o curso “Contos con senso: contos con perspectiva de xénero” para abordar a literatura infantil e de tradición oral dende unha perspectiva feminista.

Crespo, Eduardo, “El cómic regresa a La Coruña”, *ABC*, “Galicia”, “El verano en Galicia”, 8 agosto 2016, p. 58.

Anuncia unha nova edición de exposicións en *Viñetas desde el atlántico*, que se levarán a cabo nunha serie de espazos na Coruña para conmemorar o IV centenario da morte de Miguel de Cervantes, pero tamén con espazo para os superheroes de ficción. Informa que esta mostra foi impulsada polos galegos Miguelanxo Prado e David Rubín, pero que tamén acudiron outros moitos autores. Comenta que outro dos espazos acollerá a exposición dos Premios Castelao de banda deseñada da Deputación da Coruña.

_____, “Cervantes revive en La Coruña”, *ABC*, “Galicia”, “El verano en Galicia”, 10 agosto 2016, p. 52.

Resalta a exposición “Miguel EN Cervantes y el Retablo de las maravillas” que ten lugar no festival *Viñetas desde o Atlántico* na Coruña, para homenaxer o IV centenario da morte de Miguel Cervantes. Comenta que o festival conta coa presenza de autores como o propio director Miguelanxo Prado e David Rubín, entre outros.

D., Nuria, “Recurso estratéxico”, *La Región*, “*Xornal escolar*”, n.º 81, “de que se fala”, “De actualidade”, 9 novembro 2016, p. 4.

Fala sobre a importancia que teñen as bibliotecas nos centros escolares, como acontece coa biblioteca do CEIP Castrelo do Val, na que realizan diversas actividades relacionadas cos contidos dos diferentes cursos, así como tamén contacontos. Comenta que tamén se ofrecen actividades temáticas e que cada ano a biblioteca está ambientada cunha temática concreta. Finalmente dá conta das actividades que o propio alumnado realiza a través de blogs para fomentar a lectura e a escritura de contos.

Deaño, Carlos, “Cuando la carballeira de Santa Susana era escenario de títeres”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 4 setembro 2016, p. 23.

Recorda cando a Alameda de Santiago era un lugar destacado para as actividades de lecer e sobre todo a Carballeira de Santa Susana. Comenta que estes espazos se enchían de actividades e celebracións nas festas pero tamén nalgunha ocasión eran ocupados por monicreques como os famosos Barriga Verde.

Díaz, Noelia, “Villa Florentina, cantera de actores”, *El Ideal Gallego*, “Área metropolitana”, 11 decembro 2016, p. 15.

Fala do rápido que medrou o grupo de teatro que naceu fai máis dunha década en Villa Florentina, na casa-museo de Wenceslao Fernández Flórez. Indica que comezaron sendo tres integrantes e agora poñen en marxa a Escola de Teatro O País de Papel, nome tomado dunha das obras do autor. Conta que a súa directora Alicia Longueira comentou que participa persoal voluntariado e que ofrecen clases de teatro e tamén que o concello pensa construír un auditorio municipal nos próximos anos.

Dios, María S., "Unha de letras para comezar o curso", *Diario de Pontevedra*, "*miniDiario*", n.º 542, "Reportaxe", 4 setembro 2016, pp. 2-3.

Comenta que a volta a escola pódese facer máis amena se na casa as horas libres se dedican á lectura. Para iso dá conta dalgúns libros para a infancia, como *Veo veo*, un libro baseado no tradicional xogo, *O polo Pepe*. Apunta que algúns títulos tamén mostran os primeiros sentimentos, como por exemplo *O monstro de cores* ou *Onde viven os monstros*. Por último salienta *12 poemas de Federico Garcia Lorca*, unha selección de cantigas do poeta.

ECG, "Música, teatro e contacontos no proxecto Apego", *El Correo Gallego*, "Santiago", 15 abril 2016, p. 24.

Informa da programación infantil do Concello de Santiago que contará con teatro, contacontos, música e obradoiros para as familias.

_____, "O programa Ler conta moito dinamiza a lectura na Rede de Bibliotecas este mes", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 3 agosto 2016, p. 36.

Dá conta dos concellos que no mes de agosto acollerán o programa "Ler conta moito" para achegar o hábito da lectura aos máis novos.

_____, "A oferta infantil das redes de espectáculos da Agadic, nunha trintena de vilas", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 27 agosto 2016, p. 35.

Trata da nova oferta semestral dos circuítos de espectáculos da Axencia Galega das Industrias Culturais, que até finais de ano acollerá cento sesenta e seis actuacións de música, maxia, danza e teatro para os máis cativos. Comenta que participarán un total de sesenta e catro compañías, a maioría delas galegas, que actuarán en trinta e unha localidades.

_____, "A cita cos contacontos do programa Galicia Culturea remata mañá na Estrada", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 30 agosto 2016, p. 35.

Informa que o concello da Estrada remata as actividades de contacontos da Rede de Dinamización Lingüística co espectáculo *Contos vellos para rapaces novos* que se representará na alameda municipal da man de Edición Bolanda. Comenta que se trata dunha iniciativa para que a lingua galega teña un papel destacado nas festas de verán.

_____, "Clubes de lectura, visitas guiadas y cuentos en la Biblioteca Ánxel Casal", *El Correo Gallego*, "Santiago", 31 agosto 2016, p. 24.

Faise eco do programa de actividades da Biblioteca Ánxel Casal, entre elas "Choiva de contos" coa primeira sesión "Todo o mundo é noso", a cargo de Lisístrata.

_____, "Dream team' de dibujantes y actores en Kikomic, A Coruña", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 4 setembro 2016, p. 33.

Apunta que os debuxantes Kiko da Silva e Miguelanxo Prado participaron no décimo aniversario de Kikomic, tenda referente da banda deseñada.

_____, "Os Bolechas y una pista de hielo en As Cancelas", *El Correo Gallego*, "Santiago", 12 novembro 2016, p. 27.

Indica que hoxe nas Cancelas estarán os personaxes dos Bolechas para que os seus fans se poidan facer unha foto de recordo.

ELOS, "*De como a Literatura Infantil e Xuvenil «é chamada á guerra». Reflexións sobre os conflitos bélicos en Galiza e Portugal*", *El Correo Gallego*, "*2domingo*", "Literatura Infantil e Xuvenil", 24 xaneiro 2016, "Protagonistas eLIXidos", p. 6.

Saliéntase como protagonista esta monografía publicada co apoio do MINECO-FEDER. Noméanse as coordinadoras e refírese que os estudos e notas que acolle son "froito das reflexións de investigadores galegos e lusos" participantes nos 20º Encontros Luso-Galaicos do Livro Infantil e Juvenil "De como a literatura para a infância e a juventude 'é chamada à guerra" (ESE-IP Porto, 12-13 decembro 2014). Precísase que se analiza a representación de distintos conflitos bélicos na obra de Camilo Díaz Baliño, Xosé Neira Vilas, Agustín Fernández Paz, Rafael Lema, Héctor Carré e Paula Carballeira; que se ofrece o deseño dunha enquisa para avaliar o uso de textos literarios no ensino secundario; e que se acollen recensións críticas dalgunhas monografías galegas e portuguesas publicadas entre 2013 e 2015**.**

_____, "Para lembrar", *El Correo Gallego*, "*2domingo*", "Literatura Infantil e Xuvenil", 24 xaneiro 2016, p. 6.

Lembra que xa se pode ler e descargar o segundo número de *Elos. Revista de Literatura Infantil e Xuvenil*, a primeira revista dixital especializada en LIX, vinculada a un grupo de investigación universitario e publicada en acceso aberto a todo o seu contido dende o portal dixital revUSC.

_____, "Premios 2015 de Fervenzas Literarias", *El Correo Gallego*, "*2domingo*", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Protagonistas eLIXidos", 14 febreiro 2016, p. 6.

Sinálase que xa se pode consultar na web Fervenzas literarias "Os mellores libros de 2015". Infórmase de que a Literatura Infantil e Xuvenil está representada nas categorías "Mellor libro de Infantil", "Mellor libro de Xuvenil", "Mellor libro de LIX traducida", "Autor/a 2012" ou "Mellor Portada de Literatura Infantil e Xuvenil". Destaca que na modalidade "Mellor libro de ensaio/investigación" foi premiada a obra *Historia da literatura infantil e xuvenil*, coordinado por Blanca-Ana Roig.

_____, “Para lembrar”, *El Correo Gallego*, “*2domingo*”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, 28 febreiro 2016, p. 6.

Lembra que o 30 de marzo remata o prazo para participar no XIII Premio Dora e Pura Vázquez de Ilustración, convocado pola Deputación Provincial de Ourense. Sinala brevemente as bases do certame e a contía do premio.

_____, “Para lembrar”, *El Correo Gallego*, “*2domingo*”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, 27 marzo 2016, p. 5.

Sinala a próxima publicación do terceiro número da revista *Elos. Revista de Literatura Infantil e Xuvenil* e comenta que se poden enviar notas e recensións en galego, castelán, inglés e portugués.

_____, “The White Ravens 2015”, *El Correo Gallego*, “*2domingo*”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Protagonistas eLIXidos”, 27 marzo 2016, p. 5.

Indica que a obra *Ícaro* (2014), de Federico Delicado, foi seleccionada para formar parte da listaxe de libros The White Ravens 2015, da Biblioteca Xuvenil Internacional de Munich. Comenta o seu argumento e os premios acadados con anterioridade.

_____, “Para lembrar”, *El Correo Gallego*, “*2domingo*”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, 10 abril 2016, p. 4.

Lembra que até o 31 de maio está aberto o prazo de inscrición no Congreso Internacional “Guerras e conflitos sociais de onte e de hoxe (literatura e arte)”.

_____, “Lista de honra do IBBY 2016”, *El Correo Gallego*, “*2domingo*”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Protagonistas eLIXidos”, 10 abril 2016, p. 4.

Destaca que *Escarlatina, a cociñeira defunta* (2014), de Ledicia Costas, e *Bisa Bea, Bisa Bel* (2013), de Ana María Machado, foron incluídas na Lista de Honra do IBBY 2016.

_____, “Para lembrar”, *El Correo Gallego*, “*2domingo*”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, 22 maio 2016, p. 6.

Lembran a data de celebración do congreso “Guerras e Conflitos Sociais de Onte e de Hoxe (Literatura e Arte)” e indica o enderezo web para máis información.

E. P., “Viñetas dende o Atlántico’ en la Torre de Hércules”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 31 xullo 2016, p. 32.

Anuncia a décimo novena edición de Viñetas dende o Atlántico que contará con espazos expositivos como a Torre de Hércules, onde se recompilarán os carteis dos certames dende a primeira edición.

F. D., “Contos de miañares e bruídos’, en Ourense”, *La Región*, “Verano”, “Agenda de ocio”, 24 agosto 2016, p. 21.

Sinala que dentro das actividades VeráneArte2016 a compañía Xarope Tulé ofrecerá unha sesión de contacontos.

_____, “Contos vellos para rapaces novos’, en Ordes”, *La Región*, “Verano”, “Agenda de ocio”, 31 agosto 2016, p. 24.

Informa da homenaxe a Xosé Neira Vilas que lle rende Galicia Culturea na que se agasallará cun exemplar de *Contos vellos para rapaces novos*.

_____, “Actuaciones musicales y ludoteca”, *La Región*, “*Nadal nas Comarcas de Ourense*”, “Nadal en Coles”, “Programa”, 23 decembro 2016, p. 34.

Comenta a programación cultural que propón o concello de Coles para as datas de Nadal coa actuación teatral da Escola de Teatro de Coles, que representará unha peza cómica da *Cantada de pastores* do século XVII. Informa que tamén haberá música, cine, talleres de danza e un taller con actividades lúdicas para os máis cativos.

Fernández, Laura, “De cumple en la casa de Curros”, *La Región*, “Celanova”, 19 febreiro 2016, p. 20.

Comenta que o alumnado e profesorado dos institutos Antón Losada Diéguez, IES de Melide e IES de Palas de Rei celebraron o décimo aniversario da apertura da Casa dos Poetas da Fundación Curros Enríquez, salientando que se trata dunha institución convertida en referente cultural que recibe a escolares, realiza exposicións, talleres, cursos, seminarios, cine, actuacións musicais, teatro e convoca importantes premios, entre moitas outras actividades.

Fernández Paz, Agustín, “Unha fervenza de palabras”, *La Voz de Galicia*, 13 xullo 2016, contracuberta.

En homenaxe a Agustín Fernández Paz, reprodúcese o texto “Conto de Nadal”, que o autor escribira para *La Voz de Galicia* e que fora publicado o 23 de decembro de 2012. Trátase das experiencias de Xhantl, un extraterrestre que, logo de entrar no interior de varias persoas, decide quedar no corpo de Paulo, quen posúe o don de imaxinar, de crear outros mundos e novas vidas por medio das palabras.

Fontao, Ángela, “Un ejército grafico invade la ciudad”, *La Opinión*, “A Coruña”, 8 agosto 2016, pp. 6-7.

Fala da décimo novena edición do festival *Viñetas desde o Atlántico*, que arrinca na Coruña con homenaxes a Cervantes, Corto Maltés, os X-Men de Claremont e os heroes reais do cómic social. Informa que as exposicións terán lugar en seis puntos diferentes da cidade.

Fraga, Xesús, “Kalandraka cumpre 18 anos como referente da literatura infantil e xuvenil”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 18 abril 2016, p. 25.

Anuncia o décimo oitavo aniversario da editorial Kalandraka e recolle as palabras de Xosé Ballesteros, un dos fundadores e agora director da editorial, que recorda que a iniciativa comezou cos obxectivos de publicar álbums ilustrados en galego, acompañar os libros con actividades de animación á lectura e participar nun proxecto de normalización lingüística, dos cales non foi totalmente acadado o último deles debido á problemática no sector e á falta de aposta por parte dos distribuidores.

_____, “El cómic de horror regresa de la tumba”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 5 novembro 2016, p. 39.

Comenta as historias de terror recollidas no cómic *A tumba do terror*. Destaca que se trata dun estilo que está en auxe nos Estados Unidos pero que aquí deixou de ter éxito a partir da década dos oitenta. Resalta que o autor recoñece que editar un cómic de terror en galego é unha loucura pero que é unha das poucas maneiras de tentar que resucite.

_____, “O debuxo e a ilustración tomará esta semana as rúas e museos de Santiago”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 7 novembro 2016, p. 25.

Informa sobre o primeiro encontro internacional de cadernos de viaxe, unha iniciativa dirixida por Miguelanxo Prado onde os viaxeiros ilustrarán a cidade de Santiago de Compostela cos seus lapis e cadernos e logo poderán participar en tres exposicións. Comenta que conta con numerosos inscritos de Galicia, Asturias, Portugal, País Vasco, Madrid, entre outros, algúns deles profesionais da ilustración que ofrecerán clases.

_____, “A lectura ilustrada de Xosé Cobas”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 16 decembro 2016, p. 40.

Comenta o traballo de Xosé Cobas como ilustrador que se mostrará na exposición *Xosé Cobas, a ilustración compartida*, na Coruña. Indica as distintas creacións que se poderán ver na exposición, así como tamén as dúas visións que achega o catálogo, unha de Teresa Durán e outra a cargo do escritor Xabier DoCampo.

Fuente, María Jesús, “Morre Agustín Fernández Paz, o defensor do galego que pasou fame de libros”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, “Loito nas Letras Galegas”, 13 xullo 2016, p. 37.

Apunta que a afirmación “Só se pode ser universal desde a asunción das propias raíces” resume a vida e a obra de Agustín Fernández Paz, cuxas cinzas han de ser depositadas en Vilalba. Refírese á súa formación e ao recoñecemento que recibiu ao ser investido doutor honoris causa pola Universidade de Vigo. Reproduce parte das palabras que pronunciou nesa ocasión sobre o maltrato que sofre o idioma galego, así como as do seu padriño no acto académico, Xosé Henrique Costas, quen sinalaba que “Agustín Fernández Paz demostra que se pode ser universal sendo monolingüe”. Tamén se recollen outras mostras de condolencia de carácter institucional.

Galán, Pablo, “La divertida aventura de engancharse a la lectura”, *La Región*, “Ourense”, 3 abril 2016, p. 6.

Sinala que os libreiros ourensáns celebraron o Día Internacional do Libro Infantil e Xuvenil cunha representación teatral infantil baixo o título *Contos asombrosos para nenos curiosos* na que Davide González e Melania Cruz levaron á escena situacións cheas de humor e maxia de distintos libros da colección “Contos para sentir” de Begoña Ibarrola.

_____, “Diputación y Concello crearán tres nuevos museos en Ourense”, *Atlántico Diario*, “Sociedad”, p. 37/ *La Región*, “Ourense”, p. 3, 29 novembro 2016.

Indica que, entre os tres novos museos que se crearán en Ourense, haberá un na Casa da Maxia dedicado aos personaxes dos Bolechas.

Gallego, Sara, “O Salón do Libro dá un paso adiante en canto a accesibilidade”, *Diario de Pontevedra*, “*Salón do libro*”, 31 de marzo 2016, p. 6.

Salienta que a organización do Salón do Libro e o Pazo de Cultura, coa colaboración da Once, decidiron construír para o evento unha sala deseñada para que a infancia con algún tipo de discapacidade visual poidan gozar das aventuras de Extravaganzza, a protagonista do libro de Ledicia Costas sobre o que xirará o Salón, do mesmo xeito que o poden facer os demais asistentes.

_____, “A edición máis extravagante do Salón do Libro de Pontevedra”, *Diario de Pontevedra*, “*Salón do libro*”, 31 de marzo 2016, p. 2.

Anuncia a apertura de portas do Salón do Libro de Pontevedra protagonizado por animais de todas as clases, incluso imaxinarios e descoñecidos, e pola personaxe literaria Extravaganzza Pérez, protagonista do novo libro de Ledicia Costas escrito expresamente para o evento. Explica que o Salón está deseñado para dar conta dos ecosistemas e a fauna que a escritora recrea na obra a través das viaxes de Extravaganzza e que será inaugurado polas escritoras María Lado e Lucía Aldao con teatro e música creado para o evento.

García, Heitor, “Antonio Fraga e Jacobo Serrano idean os espazos do Salón do Libro 2017”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 16 xullo 2016, p. 14.

Fala da próxima edición do Salón do Libro Infantil e Xuvenil que contará con Antonio Fraga como escritor e con Jacobo Serrano como ilustrador. Informa das fechas do acontecemento e de todo o traballo que hai detrás, un salón no que o lema será “O mundo que queremos” detrás do que Fraga crea unha historia coa que pretende que o lector reflexione sobre o mundo que nos rodea, que tratará temas sinxelos como a ecoloxía, a homofobia, a xenofobia e a vida saudable.

García, M., “Os libros volven a Mazarelos nunha nova romaría”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, 17 maio 2016, p. L10.

Dáse conta da sinatura de exemplares do libro *Astropal. Un cometa con corazón* (2015).

_____, “Teatro y el Apalpador para el inicio de las vacaciones”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, 22 decembro 2016, p. L10.

Dá conta da axenda para as vacacións escolares, e fala de actividades como o ciclo de teatro de Berrobambán, o teatro de Marionetas que terá lugar na Biblioteca Anxel Casal e o espectáculo infantil The Monebtolmpro que presenta a creación Verbeelding.

García de Burgos, Carmen, “El Salón do Libro Infantil y Xuvenil de Pontevedra se abre a toda Galicia”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 18 marzo 2016, p. 37.

Comenta a próxima inauguración da décimo sétima edición do Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra baixo o lema “Canta bichería!”, salientando que desta volta o programa conta con multitude de talleres e salas adaptadas para bebés e nenas e nenos con diversidade funcional.

_____, “Bichos’ para aprender a respectar a todos os seres vivos”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Letras”, “Agenda”, 1 abril 2016, p. 7.

Salienta a calidade do Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra e fala da inmensa programación de actividades que inclúe, como obradoiros, representacións teatrais, contacontos, musicais, proxeccións, presentacións de libros e discos ou contos musicados, que xiran arredor da temática dos animais, contextualizados na recreación do imaxinario do libro *As aventuras de Extravaganzza Pérez*, escrito por Ledicia Costas para o evento.

_____, “E eles, ¿que bicho prefiren?”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Letras”, 8 abril 2016, p. 12.

Dá conta dunha visita guiada polo Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra que lle realizaron dous escolares do CEIP Pontesampaio aos xornalistas alí presentes, onde lles van comentando curiosidades sobre os distintos animais que este ano protagonizan a programación do evento.

Gimeno, Maite, “As letras despiden a Fernández Paz no seu último adeus”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 14 xullo 2016, p. 38.

Alude á emotiva despedida de Agustín Fernández Paz, do que se salientou o seu amor polas palabras, a literatura e o idioma galego, ademais da súa profunda humanidade. Tamén recolle as declaracións de Manuel Bragado, Ledicia Costas, Xavier Senín, Paco Martín, Xosé Lastra e Fina Casalderrey sobre o labor feito polo escritor de Vilalba, quen foi despedido co poema de Rosalía de Castro, “Negra sombra”, interpretado polo Caruncho na compaña da zanfona.

Gómez, Cuca M., “En memoria de Rosalía de Castro”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, 25 febreiro 2016, p. 62.

Entre outros temas, fala dos actos celebrados para conmemorar o natalicio de Rosalía de Castro e destaca o recital realizado polo alumnado do CEIP A Xunqueira de Pontevedra.

_____, “Jornada literaria en la ciudad”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, 23 marzo 2016, p. 62.

Informa da realización de actividades previas á inauguración do Salón do Libro Infantil e Xuvenil que consisten nunha xornada de contacontos en distintas librarías da cidade.

_____, “Semana de moda y literatura”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, 29 marzo 2016, p. 62.

Sinala que no ciclo Merendando Contos ofrécese un contacontos de Raquel Queizas na libraría D-lectum.

_____, “Las letras como protagonistas”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, 30 marzo 2016, p. 62.

Entre outras actividades, fálase da inauguración do Salón do Libro e de que no ciclo Merendando Contos se ofreceu o contacontos *Bechiños e contos*, por Andrea Bayer.

_____, “5.000 visitas al Salón do Libro”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, 5 abril 2016, p. 78.

Dá conta do éxito da nova edición do Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra dende a súa inauguración, salientando o espectáculo musical *A bichería canta!*, de Migallas Teatro, unha actividade para realizar un libro xigante co ilustrador Víctor Rivas ou a representación teatral da adaptación do libro *As peripecias de Extravaganzza Pérez* por parte do alumnado do IES Mestre Landín de Marín. Tamén comenta a participación das tres candidatas galegas que optan aos Premio Max de danza e artes escénicas, Andrea Bayer, Ánxeles Cuña e Nate Borrajo, que realizarán distintas actividades para os máis novos.

_____, “Un día con mi sobrina Ainhoa”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, 13 abril 2016, p. 62.

Indica que no Salón do Libro de Pontevedra se representou *Los tres osos*, a cargo de L’Estaquirot Teatre.

_____, “Mi madre alegra mis días grises”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, 6 maio 2016, p. 78.

Comenta que o alumnado do IES Luis Seoane representou unha obra dentro da programación “Ben veñas, Maio”.

_____, “Un día en las Núbebes”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, 18 setembro 2016, p. 70.

Indica que Kiko da Silva presentou o novo curso da escola de banda deseñada “O Garaxe Hermético”.

_____, “David Amor de mis amores”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, 22 outubro 2016, p. 70.

Entre outras actividades, anuncia a presentación do cómic *A tumba do terror*, de Juan Carlos Abraldes na librería Baroja.

_____, “Una cita con Berto Romero”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, 12 novembro 2016, pp. 70-71.

Indica que os nenos tiveron na biblioteca pública de Pontevedra unha sesión de contacontos e debuxos a cargo da compañía Polo Correo do Vento.

_____, “María celebra un siglo de vida”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, 17 novembro 2016, pp. 62-63.

Entre outros eventos, dá conta da presentación na libraría Miranda en Bueu do libro do ilustrador *A tumba do terror*.

_____, “Larga vida a los puentes”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, 3 decembro 2016, p. 70.

Faise eco da representación *De Fábula*, unha obra de monicreques para escolares.

_____, “De desayuno, toque de bocina”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, 13 decembro 2016, p. 78.

Entre outras actividades, salienta a exposición de banda deseñada “O meigallo da loba” na Casa das Campás.

_____, “Los planes de las tías que molan”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, 29 decembro 2016, p. 78.

Entre outras cuestións, comenta que a biblioteca de Pontevedra acolleu unha sesión de contacontos baixo o título “Contos á luz do Nadal”, a cargo da compañía Expresión Contacontos.

González Liste, Ana, “Despedida a un baluarte do galego”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, p. 33/ *La Opinión*, “Sociedad, cultura y ocio”, p. 25, 13 xullo 2016.

Salienta a bonhomía do escritor e profesor Agustín Fernández Paz e o seu compromiso con Galicia e coa súa lingua, ademais de sinalar que, días antes de falecer, estaba a traballar na edición especial de *Cartas de inverno*, que Xerais publicará con motivo dos

cen mil exemplares vendidos. A seguir, recolle o parecer de políticos e homes e mulleres da cultura como Manuel Bragado, Xosé Luís Méndez Ferrín, Marilar Aleixandre, Xesús Alonso Montero, Marcos Calveiro, Bieito Ledo, Xosé Manuel Pereiro, Fran Alonso, Francisco Castro, Henrique Alvarellos, Moncho Pena e Xurxo Patiño que ilustran as diferentes facianas do autor vilalbés das historias infindas.

_____, "Sentido adeus a Agustín Fernández Paz", *Faro de Vigo*, "Sociedad", p. 33/ "Sentida homenaxe a Agustín Fernández Paz", *La Opinión*, "Sociedad, cultura y ocio", p. 25, 14 xullo 2016.

Faise eco da despedida multitudinaria que recibiu Agustín Fernández Paz no tanatorio de Pereiró. A seguir, recolle os comentarios de parte das autoridades e persoas vinculadas co ámbito da cultura sobre o autor vilalbés, que foi definido por Manuel Bragado como "un diamante moral no que poderemos espellarnos sempre". Así reproduce o sentir e as palabras dalgúns dos membros da súa xeración como Xabier Senín, Paco Martín, Xosé Lastra, Fina Casalderrey e Xabier P. Docampo, e de autores novos como Ledicia Costas ou Fran P. Lorenzo. Tamén sinala que dende a Universidade de Vigo se recordou o discurso do día no que foi investido Doutor Honoris Causa e recóllese o parecer da presidenta da Asociación Nacional de Investigación en Literatura Infantil e Xuvenil, Blanca-Ana Roig Rechou, quen dixo que "Estamos seguras de que seguirás a nos guiar con acerto nesa andaina desde calquera parte do universo".

_____, "Esta Navidad, un libro en gallego", *Faro de Vigo*, "Sociedad", pp. 46-47/ *La Opinión*, "Sociedad, cultura y ocio", pp. 34-35, 18 decembro 2016.

Recomenda libros para regalar no Nadal, dividindo por editoriais, idades, primeiros lectores e outros moitos criterios. Comenta que non se debe esquecer de Carlos Casares e Rosalía de Castro. Destaca, para o público máis novo, *Jules Verne e a vida secreta das mulleres planta*, *Denébola e Roxa*, *Eu son Suleimán*, *Feliz Feroz*, *Marcopola. A illa remeira*, *Esmeraldina, a pequena defunta*, *Os cabezombis*, *Aire*, *Canta Connosco!* e *Os tres porquiños*. Finalmente mostra as recomendacións dalgúns escritores.

H. J. P., "Diario de Ana Frank", *La Voz De Galicia*, "Cultura", "Para ler", 27 marzo 2016, p. 41.

Anuncia a nova edición de *Diario de Ana Frank* por parte de Kalandraka que xa publicara en 2004 e que agora ofrece sen ilustracións.

Hermida, Tino, "Xardín desordenado', poesía y música en el Possumus", *Faro de Vigo*, "*A escola do Faro*", "Ti participas", 26 abril 2016, p. 8.

Comenta a organización dun taller de poesía no colexio Possumus do barrio vigués de Teis, dirixido polo poeta e profesor Antonio García Teijeiro, quen protagonizou o primeiro encontro con escritores, e que se complementou coa visita de Santiago Ferragud e Lorenzo Bo, do grupo musical "Xardín desordenado", especializado en musicar os versos de distintos poetas galegos. Apunta que o terceiro e último encontro

será con Manolo Veiga, periodista e doutor en Socioloxía e Ciencias Políticas, quen falará da figura de Manuel María.

Iglesias, A., "Tarde de literatura intergeneracional con Sara Barreiro", *El Correo Gallego*, "Compostela", 9 xaneiro 2016, p. 24.

Comenta a celebración dunha actividade literaria interxeracional na residencia de maiores Geriatros na cal participaron residentes da institución, alumnado do colexio Nuestra Señora de los Remedios e a escritora Sara Barreiro. Indica que tamén se levou a cabo a presentación dos libros *Vic e Bombona*, da propia Sara, e *Tobío*, o libro colectivo elaborado polos maiores das catorce residencias de Geriatros.

_____, "Blanca Cendán y Suso Alonso darán un taller infantil de teatro musical", *El Correo Gallego*, "Santiago", 30 novembro 2016, p. 30.

Destaca a organización dun Teatro Musical por parte da actriz Blanca Cendán, o exdirector do Centro Dramático Galego e músico Suso Alonso.

Iglesias, Ana, "Las vacaciones escolares se llenan de actividades lúdicas", *El Correo Gallego*, "Santiago", 23 decembro 2016, p. 30.

Comenta as distintas actividades que ofrece a cidade santiaguesa para as vacacións de Nadal, entre as que destacan a representación de *El sastrecillo valiente* a cargo da compañía Etcétera, o Nadal Rock, obradoiros artísticos ao redor da Xeración Nós e Castelao, concursos de postais, ente outras moitas actividades de teatro. Ofrece a distribución horaria das actividades do día.

Jaureguizar, "Talía Teatro, Martín Carmiña e Sumrrá animarán o verán lucense con Cultura Aberta", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 5 xullo 2016, p. 51.

Informa da posta en escena de varias pezas no marco das actividades organizadas durante o verán en Lugo. Para público infantil destaca a representación da montaxe Ímpreuna, de Pistacatro e do espectáculo *Canta o Cuco*, de Uxía e Magín Blanco.

_____, "Falece o valalbés Agustín Fernández Paz, 'coloso da literatura e diamante moral", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", pp. 50-51/ *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", pp. 40-41, "Adeus a un renovador da literatura galega", 13 xullo 2016.

Refírese á traxectoria de Agustín Fernández Paz no ámbito literario, da renovación educativa e no ensino do galego, ademais de recoller as palabras de persoas relacionadas co autor vilalbés que acaba de deixarnos. Entre elas, están as de Celia Torres, quen conta que, cando lle notificaron a obtención do Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil, a chamou para manexar a situación feliz. Tamén reproduce as palabras de Xabier Docampo, quen o chamaba todas as noites dende a descuberta da enfermidade, referidas ao seu labor como docente e ao intercambio de lecturas das súas obras. Así Fernández Paz foi o primeiro en ler *O misterio das badaladas* e Xabier Docampo, *Contos por palabras*. De Manuel Bragado inclúe os comentarios sobre o procedemento

que seguía na elaboración das súas obras, nas que primaba a lectura fluída; de Ledicia Costas, a súa entrada na escrita en galego a través de *Cartas de inverno*; e de Paco Martín, o seu reclamo para que non se esqueza o seu labor nos campos da didáctica e da pedagoxía. Tamén se citan algúns premios dos que foron obxecto as súas obras.

J. G., "El Xelmírez I atrae alumnado exterior para su premiado grupo de teatro", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Santiago", 27 xuño 2016, p. L5.

Apunta que o centro Xelmírez I atrae sete estudantes doutros centros para o seu grupo de teatro Vai no dentista, que recibiu o premio de teatro Buero coas obras *O incidente* e *Fóra de xogo*. Comenta que agora prepáranse para representar a obra *O síndrome de Wendy.* Resalta que se trata dun grupo de teatro en lingua galega fundado en 1995, e a profesora Sagrario Torrado, coordinadora da Lingua Galega do centro, comenta que todos os anos hai renovacións nos grupos de teatro e que o idioma galego non supón un obstáculo para estudantado non galego xa que contan coa participación de alumnado de Arxentina, Valencia e País Vasco.

J. M., "Representación de 'Saxo Tenor' en el Fernando Blanco", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 22 xuño 2016, p. 37.

Sinala a representación da obra *Saxo Tenor* no IES Fernando Blanco en Cee polo grupo Tuéjele, formado por alumnado deste mesmo centro. Indica que a peza está baseada na obra de Roberto Vidal Bolaño.

_____, "Sesión de cuentos con la compañía Duende Sico", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 27 outubro 2016, p. 37.

Anuncia a sesión de contacontos da compañía Duende Sico en Cee.

J. M. R., "La biblioteca Rego da Balsa abre otra planta y duplica puntos de lectura", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 9 setembro 2016, p. 31.

Informa da ampliación da biblioteca Rego da Balsa cun espazo destinado aos mozos e a banda deseñada, que conta cun mural de Lida Cambón.

Lago, Alba, "Román Rodríguez. 'Este libro é unha auténtica obra de arte", *El Correo Gallego*, "Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio", 9 xuño 2016, p. 41.

Sinala os asistentes no acto de presentación da obra *Contos vellos para rapaces novos* (2015), de Xosé Neira Vilas. Recolle as palabras de Román Rodríguez e de Luís Reimóndez sobre o libro.

L. D. B. / **M. B.**, "Ano novo, libro novo!", *Diario de Pontevedra*, "*miniDiario*", n.º 508, "reportaxe", 10 xaneiro 2016, pp. 2-3.

Informa das principais novidades editoriais para o público infantil de Kalandraka, salientando *Balea*, *Cantarolas* e *O neno bisesto*; de OQO con *O avó de Zulaimar* e *A mellor sopa do mundo*; de Xerais que propón *Formig4s. Misión Barcelona*, terceiro título da serie Formig4s, *Arman e a fábrica podre*, *Unha viaxe inesperada* e *Nena e o mar*; e, finalmente, da editorial Galaxia con *Canta o cuco* e *Un conto ao Revés.*

L. F., "Soarreira celebrará su veinticinco aniversario con una semana cultural", *Diario de Arousa*, "Sanxenxo", 29 xaneiro 2016, p. 12.

Infórmase dunha serie de actividades realizadas por parte do colectivo Soalleira, no marco da Semana Cultural. Coméntase que o domingo se levará a cabo unha homenaxe a Neira Vilas con teatro e lecturas dramatizadas.

_____, "Os Bolechas ofrecerán este viernes cuatro horas de diversión gratuita en el pabellón de Baltar", *Diario de Arousa*, "Sanxenxo", 20 decembro 2016, p. 15.

Comentan o variado programa que ofrece o concello de Sanxenxo durante o Nadal coa xira dos Bolechas, "Nadal en familia", entre outras actividades. Informa dos días, horarios e lugares de todas estas actividades.

Liste, Ana G., "Homenaje a las guardianas de la Cultura", *Faro de Vigo*, "Sociedade", 25 outubro 2016, p. 35.

Indícase que con motivo do Día da Biblioteca a escritora Ledicia Costas leu o texto "Os libros, aloumiños fosforescentes que incendian os soños", no que reivindicou o mundo máxico dos libros, e a ilustradora Elena Odriozola realizou o cartel. Tamén se apunta que a Biblioteca Neira Vilas de Vigo realizou un taller de colaxe impartido polo ilustrador Marc Taeger.

Lluch, Enric "Almas de algodón", *El Progreso*, "*Pícaros*", "O conto", 25 marzo 2016, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra *Almas de algodón* (2015), escrita por Enric Lluch e ilustrada por Pablo Olivero.

López, Belén, "Bibliografía básica para 2016", *Diario de Pontevedra*, "Cultural", "Pontevedra", 20 xaneiro 2016, p. 11.

Entre outras novas, informa da futura publicación, por parte da editorial Kalandraka, das obras *A historia do touro Ferdinando*, de Munro Leaf; *Quen merca un rinoceronte?*, de Shel Silverstein; e *O letreiro segredo de Rosie*, de Maurice Sendak.

_____, "Un mundo de bichos", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Ciudad", 18 marzo 2016, p. 9.

Dá conta das actividades programadas para o XVII Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra. Sinala a participación de Migallas Teatro, Pavís Pavós, Sarabela Teatro e Caramuxo teatro, entre outros. Tamén destaca unha serie de actividades que teñen como base a obra *As peripecias de Extravanganzza Pérez*, de Ledicia Costas.

_____, "Fallece en Lérez, a los 84 años, Alfonso Silvent, hijo del titiritero Barriga Verde", *Diario de Pontevedra*, "Ciudad", "Pontevedra", 16 xuño 2016, p. 9.

Informa do falecemento do membro dunha saga de feirantes e titiriteiros, Alfonso Silvent Fernández, fillo do mítico Barriga Verde. Comenta que ademais de feirante levou tiros, tómbolas e practicou a venda ambulante. Finalmente dá conta da hora e do lugar do funeral.

_____, "Hasta que se rompa el papel", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Ciudad", 1 agosto 2016, p. 6.

Fai un pequeno repaso pola evolución do debuxante Andrés Simal, que comezou dende moi pequeno, e que di que ir a escola O Garaxe Hermético foi moi importante para a súa evolución como autor e a busca do seu propio estilo. Indica que este ano presentou unha caricatura de Carballo Calero e outra de Kiko da Silva no II Festival de Caricatura de Ferrol, que gañou, e resalta que desexaría traballar no Garaxe Hermético.

_____, "Isto non é unha academia", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Ciudad", 17 setembro 2016, p. 11.

Informa da apertura de Estudo Bonobo, unha escola de artes que contará cunha ducia de creadores pontevedreses de diversos ámbitos. Indica que entre os seus proxectos está Corre, mono, corre, un libro que mestura banda deseñada underground con actividades para cativos con relatos ilustrados.

_____, "Ceo Aberto incorpórase ao Mini Pazo Club cun taller de tecnoloxía", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Ciudad", 29 setembro 2016, p. 13.

Fala do quinto obradoiro infantil que ofrece o concello de Pontevedra, Ceo Aberto, que se incorpora ao Mini Pazo Club, un espazo de tecnoloxía. Comenta que ademais desta incorporación contará con novidades no RockLab, onde naceu o grupo de nena Mushu.

_____, "Pontevedra aproveita o paso polo Culturgal", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Ciudad", 4 decembro 2016, pp. 12-13.

Preséntase o segundo libro da colección inaugurada polo Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra, da autoria de Antonio Manuel Fraga e o ilustrador Jacobo Fernández: *Escaquis e Romeu* (2016). Indícase que a presentación tivo lugar no Culturgal e que o Concello repartirá a colexios e bibliotecas uns 2.000 exemplares cunha homenaxe a Agustín Fernández Paz na portada.

_____, "Os contos clásicos non envellecen", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Ciudad", 16 decembro 2016, p. 13.

Faise referencia á reedición dunha das primeiras obras publicadas na editorial Kalandraka por Xosé Ballesteros, *Os tres porquiños*, e que nesta ocasión conta con ilustracións do artista Marco Somà. Indícase que a editorial creouse co obxectivo de publicar os contos tradicionais en formato de álbum ilustrado e que esta obra é un bo exemplo, ao tempo que é un dos contos clásicos que nunca envellecen xa que "está gardando unha ensinanza universal e atemporal".

_____, "Alba Blanco Boga axusta contas co Salón do Libro", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Ciudad", 17 decembro 2016, p. 12.

Comenta que a ilustradora Alba Blanco Boga é a encargada de realizar o cartel para o Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra despois de ter que cancelar unha exposición no 2012 por un incendio producido na galería Sargadelos. Fala da grande preocupación que tivo á hora de realizar o cartel, debido á ampla temática deste ano e que finalmente se decidiu pola natureza.

_____, "No último intre do Ano Castelao", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Ciudad", 19 decembro 2016, p. 7.

Salienta o obsequio do libro *Periplo Atlántico* (2016) para o público asistente á gala celebrada en Pontevedra como clausura do Ano Castelao. Indica que este volume, segundo título publicado pola editorial Lela, de Carlos Taboada, é unha adaptación do relato "O negriño Pancho" de Castelao.

López, Chechu, "Una ludoteca bajo la carpa del antiguo mercado es la novedad durante estas fechas en Riveira", *Diario de Arousa*, "*Especial Navidad*", 24 decembro 2016, p. 30.

Informa das diferentes actividades que se realizarán durante o Nadal en Ribeira, como espectáculos de maxia e representacións e contacontos: "Os soños dos contos" de Xore Teatro, "Blody's Cofee-Peza soa para dúas mulleres", "Animágicus" con Duendesico, "Un Nadal cheo de contos", de Tarabelos; "Chonfli quere ser pallaso", de Duendesico, "Animaliños" de Artestudio Teatro e "Alborada, unha meiga moi especial no Nadal", de Xore Teatro.

López, Ruth, "Contos vellos' de Neira Vilas recompila 35 relatos orais de Liberia a Nova Zelandia", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", 9 xuño 2016, p. 61.

Faise referencia á presentación, en Santiago de Compostela, do libro *Contos vellos para rapaces novos* (2015), de Xosé Neira Vilas, publicada por Bolanda e con ilustracións de Antía Barba Mariño, coa súa respectiva estrutura, a cal está composta por trinta e cinco relatos, que mostran a narrativa tradicional dos cinco continentes. Noutra liña, Ruth Lopez menciona un portal dixital que achega información sobre o autor, e onde sete autores fan unha adaptación particular dos contos.

López, Siro, "Rescatando a cervantes das fauces de don Quixote", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 16 agosto 2016, p. 33.

Fala da exposición *Miguel EN Cervantes. El retablo de las maravillas*, onde participaron autores como Miguelanxo Prado e David Rubín. Destaca que se presentou a un Cervantes desvinculado do *Quixote*, porque tentaban conseguir que se vise máis alá do personaxe, xa que durante moito tempo os comentaristas españois subestimaron a Cervantes. Resalta que o primeiro que puxo cordura na crítica da obra foi Américo Castro.

López Domínguez, Xan, "Viaxe a Dragonia", *El Progreso*, "*Pícaros*", "O conto", 16 xaneiro 2016, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra *Viaxe a Dragonia* (2015), escrita e ilustrada por Xan López Domínguez.

López Penide, "Pontevedra, capital de la industria cultural de Galicia", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 3 decembro 2016, p. 36.

Apunta que na novena edición da Feira das Industrias Culturais se mantivo un encontro literario con Iria Misa, autora de *Xa non estou aquí*, e David Pérez, autor de *Todo o tempo do mundo*; ademais se ofrecerá o espectáculo musical *María Fumaça*.

L. P., "La actriz Lorena do Val dirige de nuevo el aula de Teatro de Sarria", *El Progreso*, "Sarria", 7 outubro 2016, p. 20.

Dáse conta do obxectivo da aula de Teatro de Sarria co seu obradoiro para os máis pequenos orientado a fomentar a creatividade e a lectura e utilizar os recursos do corpo.

L. R., "Cultura llena abril y mayo con siete sesiones de cuentacuentos", *Diario de Arousa*, "O Grove", 24 marzo 2016, p. 14

No marco do programa "Ler Conta Moito", anuncia a realización de sesións de contacontos a cargo das compañías teatrais Xarope Tulú, Trinke Trinke Teatro, Elefante Elegante e Expresións Produccións.

Malvido, Gemma, "La sala de Durán Loriga acogerá durante todo el año muestras de cómic e ilustración", *La Opinión*, "A Coruña", 13 novembro 2016, p. 4.

Informa de que a sala Durán Loriga acollerá unha exposición de cómics e banda deseñada, baixo o nome de "Coruña Gráfica", co obxectivo de potenciar os programas de apoio ao sector, ademais do desenvolvemento de proxectos audiovisuais. Finalmente comenta que as axudas para o proxecto estarán recollidas nos presupostos municipais do Goberno local.

Manteiga, Marcos, "Difunden el gallego con Apego y regalo en Ames", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 16 setembro 2016, p. 31.

Preséntase o programa Apego e a programación infantil do Concello de Ames, que acollerá teatro, concertos, contacontos, faladoiros, maxia e danza.

_____, "Escuelas amienses de plástica, baile y teatro con 115 vacantes", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 27 setembro 2016, p. 35.

Comenta que as escolas Culturais locais de Artes Plásticas, de Bailes de Salón e de Teatro contan con prazo para matricularse. Informa dos horarios das clases e do que se precisa para matricularse en cada unha delas.

Martín, Toni, "Cuentos, música y exposiciones en el natalicio de Granell", *El Correo Gallego*, "Santiago", 30 novembro 2016, p. 31.

Informa que a Fundación Eugenio Granell celebrou unha xornada de portas abertas coincidindo coa data de nacemento do célebre pintor, escultor e escritor. Resalta ademais que foi invitado o periodista e escritor Paco López-Barxas que realizou a lectura do seu libro, *Os tesouros da illa de Granellandia*, dirixida ao público infantil, e que ademais tamén houbo música da man de Oreste Reyes acompañado do seu alumnado.

Mato, Mar, "2016 para la cultura gallega", *La Opinión*, "Sociedad, cultura y ocio", 17 xaneiro 2016, p. 34.

Trata distintos aspectos da cultura galega e, no que respecta á literatura, destaca os recentes éxitos de Ledicia Costas e anuncia as vindeiras obras de Agustín Fernández Paz, Antonio García Teijeiro, Marilar Aleixandre, María Reimóndez, Xosé Ramón Pena e Luis Rei. Tamén alude David Rubín, en banda deseñada, e a Chévere e Il Maquinario, en teatro.

_____, "Un año prometedor para la cultura", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 17 xaneiro 2016, pp. 38-39.

Dá conta de distintos aspectos da cultura galega e, no que respecta á literatura, destaca os éxitos de Ledicia Costas e anuncia as vindeiras obras de Agustín Fernández Paz, Antonio García Teijeiro, Marilar Aleixandre, María Reimóndez, Xosé Ramón Pena e Luis Rei. Tamén alude David Rubín, en banda deseñada, e a Chévere e Il Maquinario, en teatro.

Mauleón, A., "Troula Animación participará en la Feria Europea de Artes Escénicas de Gijón", *Faro de Vigo*, "Tv/Espectáculos", 25 xaneiro 2016, p. 59.

Dá conta da iniciativa da Consellaría de Cultura e Educación, AELG e Concello de Marín para celebrar o día de Rosalía de Castro dentro dos centros educativos por medio de lectura e escritura de versos rosalianos.

_____, “Falece Agustín Fernández Paz, o máis grande da literatura infantil e xuvenil galega”, *Faro de Vigo*, p. 32/ *La Opinión*, “Cultura & ocio”, p. 24, 13 xullo 2016, “Sociedad”.

Considera que Agustín Fernández Paz creaba historias inesquecibles e sinala que están de loito os nenos e mozos que lían con entusiasmo as súas novidades, os profesores que atopaban nas súas obras unha magnífica ferramenta para fomentar a lectura en galego e os escritores que tiveron nel un referente e un amigo xeneroso. Indica que escribiu até o último momento e que recibiu numerosos premios, ademais de estar nominado para o Premio Nobel de Literatura, un feito que recibiu “como unha mostra de agarimo pero sabendo que nunca irei a Estocolmo para o baile”. Recorda que o seu compromiso coa lingua galega levouno a rexeitar en 2010 o Premio da Cultura Galega concedido polo goberno autonómico do PP e refírese a outra das súas paixóns, a docencia. Tamén detalla o proceso que seguía cando escribía e alude ao seu papel activo no Twiter ou no seu blog.

Mauleón, Amaia, “Mi verano en un instante”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 18 setembro 2016, pp. 42-43.

Recolle os momentos máis intensos do verán da escritora Ledicia Costas na súa viaxe a Río de Janeiro.

_____, “El cómic, héroe de las bibliotecas”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 19 setembro 2016, p. 23.

Faise un repaso e listaxe do préstamo nas bibliotecas, na que en galego aparece no posto sexto aparece a “Biblioteca Básica Os Bolechas”, de Pepe Carreiro.

Minhós Martins, Isabel, “Para onde imos cando desaparecemos?”, *El Progreso*, “*Pícaros*”, “O conto”, 6 febreiro 2016, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra *Para onde imos cando desaparecemos?* (2015), escrita por Isabel Minhós Martins e ilustrada por Madalena Matoso.

Miranda, Anisia e Xosé **Neira Vilas**, “Cantarolas”, *El Progreso*, “*Pícaros*”, “O conto”, 2 xaneiro 2016, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra *Cantarolas* (2015), escrita por Anisia Miranda e Xosé Neira Vilas e ilustrada por Leandro Lamas.

M. G., “Sebastián Paz presenta un libro de poesía para niños”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 18 outubro 2016, p. 30.

Informa da presentación en Noia do libro de Sebastián Paz *Remuíños de poesía para nenos*. Salienta que as composicións poéticas da obra están acompañadas de ilustracións.

_____, "Sebastián Paz presenta 'Remuíños de poesía para nenos", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 26 outubro 2016, p. 30.

Dá conta do éxito da presentación da última obra do escritor noiés *Remuíños de poesía para nenos.* Sinala a intervención no acto de Clodio González Pérez, representante da editorial Toxosoutos e da profesora Pili Sampedro.

M. G. M., "El libro infantil se viste de fiesta para celebrar su día con actividades y teatro", *El Ideal Gallego*, "Sociedad", 2 abril 2016, p. 37.

Informa das distintas iniciativas que se desenvolverán na cidade da Coruña para conmemorar o día do libro infantil, salientando o concurso de animais de conto realizado pola Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil, a iniciativa integradora para o fomento da lectura "Ti tes moito conto" na biblioteca Ágora, o contacontos e taller do álbum ilustrado *La canción del sol*, unha sesión de contos na biblioteca González Garcés, onde as mans son as protagonistas, e a representación de *Los siete cabritillos* da compañía Pupaclown no teatro Colón.

_____, "Las ferias preparan sus bártulos para acampar en los jardines de Méndez Núñez", *Diario de Ferrol*, p. 37/ *El Ideal Gallego*, pp. 36-37, "Sociedad", 9 xullo 2016.

Dáse conta do comezo da feira artística nos xardíns de Méndez Núñez con motivo das festas de María Pita. Entre as diversas actividades destaca o salón do cómic, "Viñetas desde o Atlántico".

_____, "Las fiestas de A Coruña estrenan escenarios en Monte Alto y Labañou", *Diario de Ferrol*, p. 37/ *El Ideal Gallego*, p. 36, "Sociedad", 3 agosto 2016.

Fala da trixésima edición do Festival Noroeste que terá lugar nas festas da Coruña e do Festival de Arraigo en Monte Alto. Resalta os espectáculos infantís que tamén terán lugar nas festas co nome de Parque de Utopías, onde participarán Danthea Teatro coa obra *Carapuchiña vermella e o conto do lobo*, Peter Punk con *Peor Imposible*, Mandarina con *Laboratorio Máxico*, entre outros. Comenta que no Parque de Utopías trataranse temas como o medio ambiente, o xénero e a música.

_____, "El miedo se siembra en cómics y habla en gallego", *El Ideal Gallego*, "Sociedad", 26 outubro 2016, p. 37.

Dá conta da presentación da banda deseñada de Juan Carlos Abraldes *A tumba do terror*, que recolle cinco das historias exportadas a Estados Unidos. Indica que todas elas parten da idea de que se te portas mal cos vivos ou co alleo vaiche pasar algo. Fala da inspiración do autor á hora de comezar un proxecto pero recoñece que o que máis medo lle da é a crise.

M. M., “Nuevas obras de Costas y Miguelanxo Prado”, *La Opinión*, “Sociedad, cultura y ocio”, 17 xaneiro 2016, p. 34.

Comenta brevemente os vindeiros proxectos literarios de varios autores galegos, entre eles Ledicia Costas coa publicación de tres novas novelas para público infantil, *Esmeraldina, a pequena defunta*, *Jules Vernes, a vida secreta das Femmes Plante* e *As peripecias de Extravaganzza Pérez*, Agustín Fernández Paz que prepara unha novela para público xuvenil e David Monteagudo cun relato de contos. En canto ao cómic, fala da futura publicación de dous novos traballos do coruñés Miguelanxo Prado, *Presas fáciles* e *Gran hotel abismo*.

_____, “Nuevas obras de Ledicia Costas y cómics de Miguelanxo Prado y David Rubín”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 17 xaneiro 2016, pp. 38-39.

Informa dalgunhas futuras novidades editoriais de autores galegos en distintos xéneros, dende a narrativa até a banda deseñada, salientando a posíbel publicación dun libro de contos por parte de David Monteagudo; unha futura obra para público xuvenil de Agustín Fernández Paz; Ledicia Costas coa saída ao mercado de *Esmeraldina, a pequena defunta*, precuela de *Escarlatina, a cociñeira defunta*, *Jules Vernes, a vida secreta das Femmes Plante* e *As peripecias de Extravaganzza Pérez*, encargo do salón do Libro Infantil de Pontevedra; e, por último, os cómics *Gran hotel abismo*, de David Rubín, e un futuro proxecto de Miguelanxo Prado, aínda sen rematar, titulado *Presas fáciles*, e outra que ten en mente e aínda non comezou, *O pacto do letargo.*

_____, “Teatro para todos con 9 compañías nas dúas urbes”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 12 febreiro 2016, p. 27.

Faise eco da representación das pezas *Luppo*, de Baobab Teatro; *Rosa Caramelo e outras historias*, de Talía Teatro; e do espectáculo con baile e música de Gramola Gominola. Tamén dáse conta da posta en escena, para público adulto, de *Presidente*, a cargo de Teatro do Morcego e *O principio de Arquímedes*, de Teatro do Atlántico.

_____, “Jóvenes actores de Oroso 'versionan' a Caperucita Roja”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 19 xuño 2016, p. 33.

Comenta a posta en escena en Sigüeiro da obra *A outra historia de Carapuchiña* a cargo da mocidade do Obradoiro Municipal de Teatro Infantil de Oroso, dirixida por Ana G. Reig.

_____, “Contos de Neira Vilas na praia fluvial de Tapia o día 26 co programa Culturea”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 16 agosto 2016, p. 27.

Fala da sesión de contacontos, *Contos de vellos para rapaces novos*, que terá lugar na praia fluvial de Tapia para homenaxear a Xosé Neira Vilas, unha proposta do programa Culturea. Informa que está dirixida á infancia de entre cinco e dez anos e na que se poderá gozar de historias tradicionais dos cinco continentes.

_____, “Cándido Pazó divulgó las mejores alternativas de Vedra sobre gastronomía”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 17 setembro 2016, p. 27.

Fala das xornadas de divulgación *Vedra, horta e xardín,* que teñen lugar no Corte Inglés, que contan con charlas, degustación de produtores locais de Vedra e co espectáculo infantil *Os Bolechas van a Vedra*.

M. M. O., "A gala musical de María Fumaça vai chegar hoxe ata Negreira", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 9 xaneiro 2015, p. 28.

Dá conta do espectáculo musical que nace a partir do libro-disco-dvd *María Fumaça. Cantar e bailar para ser máis feliz*, publicado por Galaxia.

Molezún, Fernando, "Viñetas desde o Atlántico recibe al guionista que hizo amar a los mutantes", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 8 agosto 2016, p. 27.

Comenta o salón do cómic da Coruña que arrinca con varias homenaxes: a Cervantes polo aniversario da súa morte, a presentación de Corto Maltés de Juán Díaz Canales e dos heroes de ficción de Chris Claremont que foron bautizados como Patrulla X. Informa que na presentación do salón, ademais doutros autores, estaba presente o propio Chris Claremont.

_____, "Viñetas desvela su cara más social", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 10 agosto 2016, p. 34.

Sinala que o Salón del Cómic conta nesta edición cos autores Ramón Marco, Nadar e Cristina Bueno que mostran nas súas obras o lado máis social con temas de paro e desafiuzamentos. Informa que o director de Viñetas, Miguelanxo Prado, anunciou que esta concentración de cómic social non foi premeditada, senón que é un reflexo do que está a pasar.

Montero, Luis, "Memorias dun neno labrego', o libro en galego máis lido cumpre 55 anos", *El Correo Gallego*, "Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio", 5 xaneiro 2016, p. 32.

Realízase un percorrido polos éxitos de *Memorias dun neno labrego* para concluír apuntando que a Consellería de Cultura lle conferirá o nome de Xosé Neira Vilas ao auditorio da Biblioteca e ao Arquivo de Galicia da Cidade da Cultura.

Montero, Tamara, "Afundación apuesta por la escuela", *La Voz de Galicia*, "Galicia", 11 outubro 2016, p. 11.

Describe as diferentes propostas educativas e culturais ofrecidas pola obra social de Abanca. En palabras do seu xerente, Pedro Otero, o obxectivo desta ampla oferta é o de crear persoas independentes e libres de pensamento. Presenta a representación dunha obra de teatro titulada *Dos contos ás contas* dedicada aos máis pequenos, onde se lles amosan aspectos importantes das actividades económicas. Remata precisando outro tipo de actividades que tamén terán o seu lugar na fundación, coma artes plásticas, conferencias sobre educación etc.

Montero Castro, Pablo, “Case 600 actividades promocionarán a cultura e a lingua en 166 municipios”, *Diario de Pontevedra*, “Galicia”, 16 xullo 2016, p. 31.

Fala da programación de Galicia Culturea, que propón un total de cincocentas oitenta e nove iniciativas para cento sesenta e seis municipios durante os meses de verán co obxectivo de dinamizar a lectura e a lingua galegas, ademais de fomentar artes como o teatro, a danza, cine ou música. Conta que tamén haberá distintos obradoiros, visitas guiadas e diferentes actividades onde o público poderá participar e que a maior parte delas estarán dirixidas aos máis cativos como por exemplo “Deseños minúsculos, valores minúsculos”, así como os ciclos “Monumenta” e “Espazos sonoros”. Resalta que na presentación de Galicia Culturea se puido gozar de música e espectáculos de maxia.

M. R., “El grupo de teatro del IES Basanta Silva representa la obra ‘O achado do Castro”, *El Progreso*, “A Chaira”, 2 xuño 2016, p. 18.

Indica que o grupo de teatro de 3º A do IES Basanta Silva representa a obra *O achado do Castro*.

_____, “La biblioteca de Xermade acoge el día 24 un espectáculo de animación a la lectura”, *El Progreso*, “A Chaira”, 17 outubro 2016, p. 17.

Fala do espectáculo de animación á lectura, “Conto contigo”, que acolle a biblioteca de Xermade con motivo da conmemoración do Día Internacional das Bibliotecas. Comenta que o espectáculo conta con contacontos, monicreques e maxia a cargo de Manuel Solla.

_____, “La escuela de teatro de Castro de Rei prevé crear este año un grupo juvenil”, *El Progreso*, “A Chaira”, 20 outubro 2016, p. 21.

Informa sobre a apertura do prazo para un curso de teatro en Castro de Rei, que este ano conta coa novidade dun grupo xuvenil. Indica que a idea xurdiu da grande aceptación que tivo un curso de teatro promovido pola Xunta. Dá conta dos horarios das clases e dos días de comezo, así como tamén do enderezo electrónico e número de teléfono para anotarse. Anuncia tamén outras actividades relacionadas.

M. T., “Semana dedicada a Rosalía de Castro”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 28 febreiro 2016, p. 36.

Dá conta das actividades que fixo o alumnado do CEIP de Arzúa para celebrar o día de Rosalía de Castro.

_____, “As bibliotecas amienses celebran o mes do Libro con obradoiros e xogos”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 13 abril 2016, p. 32.

Informa da programación do mes de abril das bibliotecas municipais de Bertamiráns e do Milladoiro arredor do mundo do libro e dirixidas aos máis novos, que inclúe un obradoiro de marcapáxinas e outro de xogos literarios e varias sesións de contacontos.

_____, "Manuel Rivas visita aos alumnos do IES Maruxa Mallo", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 13 abril 2016, p. 34.

Dise que o escritor Manuel Rivas ofreceu un faladoiro aos alumnos do IES Maruxa Mallo coa finalidade de que os lectores poidan entrar en contacto cos autores.

_____, "O II Encontro do Dragal reúne hoxe a 200 escolares", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 27 maio 2016, p. 31.

Apunta que ten lugar o II Encontro da fraternidade do Dragal coa presenza de 230 escolares e coa realización de actividades variadas.

_____, "Pechan a terceira edición do Dragal no Pico Sacro", *El Correo Gallego*, "Área de Santiago", 28 maio 2016, p. 33.

Informa do peche da terceira edición do Dragal no Pico Sacro, lugar no que se inspirou Elena Gallego, a autora da saga emblemática homónima.

_____, "Alumnos do IES Melide achegan 'Paraíso Laranxa", *El Correo Gallego*, "Área de Santiago", 1 xuño 2016, p. 32.

Informa da posta en escena dunha adaptación do Merlo Branco, *Paraíso Laranxa*, a cargo da aula de teatro escolar do instituto de Melide Teiroa Teatro e a orquestra escolar, xunto co alumnado do conservatorio superior de música de Santiago. Anuncia que a obra se representou en dúas sesións na casa de cultura en Melide.

_____, "Premios para o alumnado do IES de Cacheiras", *El Correo Gallego*, "Área de Santiago", 1 xuño 2016, p. 31.

Dá conta da concesión deste premio a Alba Pérez Barcala.

M. V., "Teatro infantil en la Casa da Cultura", *La Región*, "Zonas vivas", "A Valenzá", 10 xaneiro 2016, p. 10.

Entre outras actividades, dá conta da representación da peza *O baúl dos soños*, a cargo da Aula Xuvenil de Teatro TEB (Teatro Experimental de Barbadás) e destaca o seu argumento.

Neira, C., "Fotografía e poesía enchen a fin de semana de Bueu", *Diario de Pontevedra*, "*Diario do Morrazo*", n.º 445, "O Morrazo", "Bueu", 10 decembro 2016, p. 6.

Anuncia a cancelación da presentación do libro-CD *MEL, unha mosca agradecida (2016)*, que queda posposta para unha nova data aínda sen confirmar.

_____, “Contacontos e obradoiros en Bueu para os máis cativos”, *Diario de Pontevedra*, “O Morrazo”, “Bueu”, 28 decembro 2016, p. 17.

Anuncia a programación coa que conta o concello de Bueu para o Nadal. Entre as actividades para os máis pequenos, salienta a sesión de *Contos de Nadal* a cargo da compañía Pinga Teatro.

Nicolás, R., “Esperanza para Mauro”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Letras”, “Galego”, 8 abril 2016, p. 13.

Resume brevemente o argumento de *Cinco horas con Mauro* de Pere Tobaruela e ilustrado por Andrés Meixide.

Nicolás, Ramón, “Agustín e a memoria”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Letras”, “In memoriam”, 22 xullo 2016, p. 11.

Comenta que todas as historias que escribiu Agustín Fernández Paz estaban tecidas cos fíos da vida, aínda que nalgunha das súas obras “a memoria resoa a xeito dunha buguina que persevera en transmitir” o noso pasado. Sinala que o motivo adoptou unha fasquía singular en *O rastro que deixamos*, libro memorialístico que contén as claves do seu oficio de escritor, e que, en *Non hai noite tan longa* e *A viaxe de Gagarin*, os ecos da memoria son máis fortes. Indica que neles erixiu unha sorte de revelación que reacciona contra a desmemoria.

_____, “O mono asasino”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Letras”, “Galego”, “Adianto editorial”, “Novidades”, 25 novembro 2016, p. 16.

Dá conta do argumento do libro *O mono do asasino* (Sushi Books, 2016), de Jakob Wegelius e comenta a súa estética fantástica.

Nogueira, A., “La Biblioteca Xosé Neira Vilas estrena en marzo la escultura de ‘Balbino”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, 29 xaneiro 2016, p. 12.

Informa que a escola de canteiros de Pontevedra está preparando unha escultura do protagonista de *Memorias dun neno labrego*, obra de Xosé Neira Vilas. Ademais indica que se instalará en marzo na biblioteca viguesa Neira Vilas e fai un breve repaso pola súa obra literaria.

Noguerol, Natalia, “Clase sobre el escenario para integrar”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Área metropolitana”, 23 marzo 2016, p. L8.

Sinala que o IES de Melide está impartindo clases de interpretación co obxectivo de que alumnado de diferentes capacidades e características traballen de xeito cooperativo a favor da integración. Tamén salienta o poder do teatro de mellorar a sociedade e a

convivencia nas comunidades e recolle algúns comentarios positivos do propio alumnado.

Nova, Alberto, "Consternación na cultura galega polo pasamento de Fernández Paz", *El Correo Gallego*, "Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio", 13 xullo 2016, p. 34.

Refírese ao labor de Agustín Fernández Paz como promotor e difusor da lingua galega, tras o seu pasamento. Tamén alude á súa faceta como escritor, polo que cita boa parte das súas obras e dos premios que acadou, entre os que salienta *O único que queda é o amor*, Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil. Reproduce as condolencias de representantes políticos e institucións culturais.

Nova, A., "A búsqueda dun status para a literatura infantil", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 13 xullo 2016, p. 35.

Comeza sinalando que Agustín Fernández Paz retomaba as palabras do noruegués Jostein Gaarder para reiterar o seu empeño na loita por elevar a consideración social para a Literatura Infantil e Xuvenil. Refírese a que comezou a publicar aos corenta e dous anos de idade e que non lle gustaba entrar en polémicas, ademais de recordar que unha das súas aparicións nas páxinas deste xornal coincidía co rexeitamento do Premio da Cultura Galega polo seu desacordo coa política lingüística do goberno autonómico. Sinala que presenta moitos paralelismos coa figura homenaxeada nas Letras Galegas de 2017, Manuel María, e anuncia que unha das súas últimas colaboracións aparecerá no libro das festas de San Ramón de Vilalba.

Outeiro, M., "Clases de inglés, música y siete obras teatrales para todos los valdubreses", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 4 outubro 2016, p. 28.

Infórmase da programación cultural do Concello de Val do Dubra que inclúe sete representacións teatrais, entre elas *Bon appétit*, de Ghazafellos para público infantil e todas as idades.

Penelas, S., "Eu son... Balbino, un kampara knabo", *Faro de Vigo*, "Vigo", 2 xullo 2016, p. 11.

Comenta que o filólogo vigués Suso Moinhos publica a primeira edición da popular obra de Xosé Neira Vilas, as historias de Balbino, en esperanto. Resalta que Moinhos apunta as semellanzas entre ambas linguas xa que o esperanto é aglutinante.

Pereiro, C., "El 'Mar interior' de Miguelanxo Prado cierra el año en el Museo de Pontevedra", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 13 decembro 2016, p. 38.

Refírese á mostra no Museo de Pontevedra que acolle cen ilustracións que amosan a traxectoria artística de Miguelanxo Prado, vertebrada ao redor do mar como tema

recorrente e do polifacetismo do artista como creador de banda deseñada, paisaxista e animador cinematográfico.

Pérez, Cristina, "Vilalba, festas para todos os públicos", *El Progreso*, "deVerano", "Por todo o alto", 13 agosto 2016, p. 53.

Comenta que o concello e a comisión de festas de San Ramón e Santa María en Vilalba, renovan o libro da cita no que teñen como pregoeiro a Agustín Fernandez Paz. Informa que tamén colaboran no libro Darío Villanueva, Ramón Villares e Roberto Trashorras e que supón unhas das fontes de ingresos para a comisión. Finalmente anuncia a programación prevista para as festas que contará con teatro, música e actuacións infantís, entre outras moitas actividades.

Pérez, Antares e Sara **Vázquez**, "En algún lugar de la comarca...", *La Opinión*, "La gran Coruña", 11 novembro 2016, p. 11.

Informa que as bibliotecas de Bergondo, Culleredo, Miño, Oleiros e Sada foron galardoadas co premio María Moliner, unha recompensa merecida polo traballo que realizaron á hora de inculcar o gusto pola lectura nos máis cativos. Fala da necesidade de fondos das bibliotecas para poder ofrecer unha programación estable para todas as idades. Finalmente, comenta as distintas actividades que realizaron cada unha destas bibliotecas.

Piay, María, "A Biblioteca de Galicia é rebautizada co nome de Neira Vilas", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 6 xaneiro 2016, p. 33.

Dá conta do acto de homenaxe que a Xunta e a RAG organizaron para celebrar o cincuenta e cinco aniversario da publicación de *Memorias dun neno labrego* coa asignación do nome do autor á Biblioteca de Galicia. Ademais, destácanse as palabras coas que os participantes loaron o labor de Neira Vilas.

Pinacho, Antonio, "El Museo de Rande alcanza su récord de usuarios en vernao con casi 7.000 visitas", *Faro de Vigo*, "Redondela", 24 setembro 2016, p. 15.

Informa da afluencia de público do Museo de Rande no que se ofertan en ocasións visitas teatralizadas cos actores da compañía Escuadra 17.

Pinal, Sabela, "A Escola de Teatro fará unha campaña para captar rapaces", *La Región*, "Provincia", "Carballiño", 28 marzo 2016, p. 12.

Salienta que a Escola Municipal de Teatro do Carballiño está a traballar nunha función elaborada a partir de textos do alumnado. Ademais, comenta a representación da peza *As andanzas de Paio*.

Piñeiro, Á., “Álvarez Cáccamo presentará en Vilaboa o poemario Sopa de Estrelas”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Poio”, 21 abril 2016, p. 18.

Dáse conta da presentación do poemario de Álvarez Cáccamo *Sopa de Estrelas* (2015), “que naceu por e para os alumnos do colexio infantil Pazos”. Coméntase que conta coas ilustracións de Berta Cáccamo.

Piñeiro Collazo, Sonia, “Un contacontos amenizará o domingo cunha obra inspirada en Neira Vilas”, *Diario de Pontevedra*, “O Morrazo”, “Marín”, 5 agosto 2016, p. 21.

Fala da actuación dun contacontos en Marín que expoñerá a obra *Contos vellos para rapaces novos* coa que homenaxeará a Xosé Neira Vilas no marco do novo programa “Galicia culturea. Lingua e cultura no verán”. Informa que é unha obra para nenos de cinco a dez anos. Resalta que o secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García, anunciou que se trata dunha proposta para poñer en valor a lingua galega.

_____, “Un obradoiro e un contacontos divertirán hoxe aos cativos en Bueu”, *Diario de Pontevedra*, “O Morrazo”, “Bueu”, 5 agosto 2016, p. 21.

Apunta que os cativos de Bueu, entre outras actividades, poderán gozar da sesión *Contos de verán* da compañía Pinga Teatro.

_____, “LoboCoxo organiza unha sesión de contacontos e diversos obradoiros plásticos”, *Diario de Pontevedra*, “*Diario do Morrazo*”, n.º 430, “O Morrazo”, “Bueu”, “Cangas”, 27 agosto 2016, p. 6.

Informa da sesión de contacontos que acollerá a ludoteca LoboCoxo para o público infantil baixo o lema “Contos para escoitar descalzos”. Comenta que a sesión contará cun obradoiro de plástica e con contacontos para bebés de cero a tres anos.

Plaza, Vicente, “El lado más social del cómic, eje del inicio de ‘Viñetas desde o Atlántico”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio” 9 agosto 2016, p. 32.

Refírese á inauguración de *Viñetas desde o Atlántico* e ás diferentes actividades que se realizarán, como as diferentes exposicións, nunha edición que se caracterizará pola sensibilidade social.

P. O. C., “Los superheroes toman el Salón del Cómic”, *La Opinión*, “Especial”, “Fiestas María Pita”, 1 agosto 2016, p. 24.

Fala da décimo novena edición do Salón Internacional do Cómic *Viñetas desde o Atlántico* onde teñen un gran peso as viñetas de corte social nas que destacan autores como Cristina Bueno, Jorge González, Juan Díaz Canales e Miguelanxo Prado. Resalta que tamén houbo espazo neste salón para as viñetas de superheroes de ficción e que nesta edición incorporará un novo membro. Finalmente anuncia que tamén terá lugar a Feira de Banda Deseñada e que haberá talleres para os máis cativos.

P. R., “EL IES de Becerreá recibe a la autora de la saga ‘Dragal’, que centra un proyecto”, *El Progreso*, “Comarcas”, 20 marzo 2016, p. 14.

Informa que o IES de Becerreá recibiu a visita da escritora Elena Gallego Abad, autora da triloxía fantástica *Dragal*, tema central dun proxecto para fomentar a lectura e creación en lingua galega da Secretaría Xeral de Política Lingüística no que participa o instituto. Tamén explica que no marco do programa foron levados a cabo análises das novelas, investigacións, cómics e caricaturas, creación de finais alternativos e, para rematar, un xogo de rol baseado na orientación e o traballo cooperativo no Pico Sacro.

Prado, Pablo e Anxo **Piñeiro**, “Verne imaxinado” , *Diario de Pontevedra*, “*Évenres!*”, “Cómic”, 7 outubro 2016, p. 8.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra pertencente ao primeiro capítulo de “O Cego”.

_____, “Verne imaxinado” , *Diario de Pontevedra*, “*Évenres!*”, “Cómic”, 14 outubro 2016, p. 8.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra pertencente ao segundo capítulo de “O Cego”.

_____, “Verne imaxinado” , *Diario de Pontevedra*, “*Évenres!*”, “Cómic”, 28 outubro 2016, p. 8.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra pertencente ao segundo capítulo de “O Cego”.

_____, “Verne imaxinado” , *Diario de Pontevedra*, “*Évenres!*”, “Cómic”, 4 novembro 2016, p. 8.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra pertencente ao segundo capítulo de “O Cego”.

_____, “Verne imaxinado” , *Diario de Pontevedra*, “*Évenres!*”, “Eureka!”, “Cómic”, 18 novembro 2016, p. 8.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra, pertencente ao quinto capítulo de “O Cego”.

_____, “Verne imaxinado” , *Diario de Pontevedra*, “*Évenres!*”, “Cómic”, 25 novembro 2016, p. 8.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra pertencente ao sexto capítulo de “O Cego”.

_____, “Verne imaxinado” , *Diario de Pontevedra*, “*Évenres!*”, “Cómic”, 2 decembro 2016, p. 8.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra pertencente ao sétimo capítulo de “O Cego”.

_____, “Verne imaxinado” , *Diario de Pontevedra*, “*Évenres!*”, “Cómic”, 9 decembro 2016, p. 8.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra pertencente ao oitavo capítulo de “O Cego”.

Prego, C. “Una estatua de Balbino recuerda al personaje inmortal de Neira Vilas”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, 12 outubro 2016, p. 3.

Faise eco da colocación da estatua de Balbino, o protagonista da novela *Memorias dun neno labrego*, como homenaxe a Xosé Neira Vilas. Apunta que é unha escultura que foi realizada pola Escola de Canteiros da Deputación e que mostra a Balbino acompañado do seu can.

Prieto, Cristina, “Cultura, comunidade, futuro”, *Diario de Pontevedra*, “Culturgal”, 2 decembro 2016, p. 1.

Indica que coa celebración anual do Culturgal, a cidade de Pontevedra se converte no centro neurálxico da cultura galega. Entre as actividades, destaca unha actuación de María Fumaça e a presenza dos Bolechas.

Ramos, J. M., “Charlas, contacontos e moita música con Apego para a crianza en galego”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 16 xaneiro 2016, p. 37.

Comenta o proxecto de galeguización da infancia de Apego e destaca, entre as súas actividades, a colaboración de Magín Blanco, Talía Teatro, Uxía Senlle, Paco Nogueira, Cé Orquestra Pantasma, TrinkeTrinke e Emedous.

_____, “Vimianzo deseña alternativas de ocio para os xoves e o público infantil”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 1 outubro 2016, p. 30.

Fala do programa de ocio, Noiteando, que pon en marcha o concello de Vimianzo para a mocidade e que contará con xogos adaptados ás idades dos participantes, obradoiros de cociña, obradoiros lingüísticos ou xogos de rol. Anuncia tamén o programa para o público infantil, Outono Rebulideiro, que contará entre outras actividades con obras teatrais como *Fábula Galénica*, de Fantoches Baj; *Tita*, de Teatro Babaluva; *Iriña bailarina*, de Teatro Gazhafellos e *Gretel e Bela*, de Teatro Bailarina.

Ramos, José M., “Contos, maxia e música na primavera lúdica de Apego”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 15 abril 2016, p. 38.

Dá conta da celebración dunha nova edición do programa Apego de socialización en galego da infancia, dirixido a pais, nais, nenas e nenos e que inclúe multitude de contacontos, maxia, música entre libros, obradoiros e exposicións. Ademais, salienta que a iniciativa busca fomentar o uso do galego dende o nacemento.

_____, "Cuatro escritores presentan hoy sus obras en la Feira do Libro", *El Correo Gallego*, "A Xunqueira", 12 agosto 2016, p. 39.

Indica que a Feira do Libro se inaugurou co espectáculo *Barrigaverde e o estragapandeiros* de Títeres Cascanueces e que se presentaron *Será correcto?*, de Concha Blanco e María Canosa e *DisParo*, de María Canosa. Tamén sinala que se representará *Rosa Caramelo* e *A maleta de Don Attilio*, a cargo de Viravolta Títeres.

_____, "Premio María Moliner para la nueva biblioteca de Carballo", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 11 novembro 2016, p. 38.

Anuncia que a biblioteca Rego da Balsa de Carballo recibiu o premio María Moliner polo seu programa de actividades. Resalta que o premio consiste nun lote de libros con volumes seleccionados entre as novidades de cada ano, prestando especial atención aos títulos de literatura infantil e xuvenil.

R., Cristina, "Os Bolechas deron a benvida ao Nadal no Filomena Dato", *La Región*, "*Xornal escolar*", n.º 86, "hiperactivos", 21 decembro 2016, p. 2.

Fala das actividades organizadas polo concello de Barbadás para o Nadal, onde o Colexio Filomena Dato levou a cabo unha serie de activades lúdicas para os máis cativos e contou coa presenza dos Bolechas con gran acollida por parte da infancia.

Requeixo, Armando, "A nosa polpa", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 583, "Literatura", 12 maio 2016, p. VII.

Dá conta do éxito actual do universo *pulp* facendo un repaso pola súa orixe a finais do século XIX como formato de edición e como estética, á que se lle da prioridade por enriba dos asuntos tratados nestes libros. Tamén salienta que na actualidade o pulp destaca especialmente no ámbito das adaptacións cinematográficas e fai un repaso das propostas galegas, como as pioneiras colecções "Céltiga" e "Lar" e a importante aparición no 2007 de Urco Editoria como selo especializado.

R. F., "La biblioteca municipal hizo casi 12.000 préstamos de enero a junio", *El Progreso*, "Lugo", 19 xullo 2016, p. 4.

Informa da incorporación de exemplares da biblioteca municipal e das altas de usuarios, ademais de indicar que entre os máis lidos de literatura infantil e xuvenil galega figuran *A banda sen futuro*, de Marilar Aleixandre e *O veleno da risa*, de Santiago Jaureguizar.

R. L., “Memorias dun neno labrego’ cumpre 55 anos desde a edición en Bos Aires”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 5 xaneiro 2016, p. 37.

Dáse conta da historia da obra *Memorias dun neno labrego* e infórmase de que a Consellería lle dará o nome de Xosé Neira Vilas ao auditorio da Biblioteca e ao Arquivo da Cidade da Cultura o mesmo día no que en 1961 se publicaba o libro en Bos Aires.

_____, “Teatro, música y títeres, entre las propuestas culturales para los niños”, *El Ideal Gallego*, “Arteixo”, 27 agosto 2016, p. 13.

Informa da programación cultural infantil do Concello de Arteixo para setembro e outubro que contará con propostas de música, teatro e monicreques.

Rodríguez, María J., “Lectura e diversión en homenaxe a Rosalía”, *Diario de Pontevedra*, “*Diario do Morrazo*”, 20 febreiro 2016, contracuberta.

Dá conta das diferentes actividades que dentro do calendario do libro e a lectura o Concello de Marín e a AELG realizarán en colexios e institutos para dar a coñecer a Rosalía de Castro como homenaxe no seu aniversario.

_____, “Literatura, títeres y diversión”, *Diario de Pontevedra*, “*Diario do Morrazo*”, n.º 410, 9 abril 2016, contracuberta.

Comenta que o Salón do Libro de Pontevedra inaugurou o seu programa de actividades coa representación de fantoches realizada polas alumnas do Instituto Mestre Landín e baseada na obra creada para o evento da escritora Ledicia Costas, *As peripecias de Extravanganzza Pérez*, quen asistiu ao espectáculo e firmou exemplares do seu libro ao remate.

Rosales, Diego e Pablo **Rosendo**, “Daniel 8”, *El Progreso*, “*Pícaros*”, “O cómic”, 16 xaneiro 2016, p. 6.

Insírese nesta sección fixa un fragmento dun cómic escrito e ilustrado por Diego Rosales e Pablo Rosendo.

_____, “Daniel 8”, *El Progreso*, “*Pícaros*”, “O cómic”, 23 xaneiro 2016, p. 6.

Insírese nesta sección fixa un fragmento dun cómic escrito e ilustrado por Diego Rosales e Pablo Rosendo.

_____, “Daniel 8”, *El Progreso*, “*Pícaros*”, “O cómic”, 30 xaneiro 2016, p. 6.

Insírese nesta sección fixa un fragmento dun cómic escrito e ilustrado por Diego Rosales e Pablo Rosendo.

_____, “Daniel 8”, *El Progreso*, “*Pícaros*”, “O cómic”, 6 febreiro 2016, p. 6.

Insírese nesta sección fixa un fragmento dun cómic escrito e ilustrado por Diego Rosales e Pablo Rosendo.

_____, "Daniel 8", *El Progreso*, "*Pícaros*", "O cómic", 13 febreiro 2016, p. 6.

Insírese nesta sección fixa un fragmento dun cómic escrito e ilustrado por Diego Rosales e Pablo Rosendo.

_____, "Daniel 8", *El Progreso*, "*Pícaros*", "O cómic", 20 febreiro 2016, p. 6.

Insírese nesta sección fixa un fragmento dun cómic escrito e ilustrado por Diego Rosales e Pablo Rosendo.

_____, "Daniel 8", *El Progreso*, "*Pícaros*", "O cómic", 27 febreiro 2016, p. 6.

Insírese nesta sección fixa un fragmento dun cómic escrito e ilustrado por Diego Rosales e Pablo Rosendo.

_____, "Daniel 8", *El Progreso*, "*Pícaros*", "O cómic", 5 marzo 2016, p. 6.

Insírese nesta sección fixa un fragmento dun cómic escrito e ilustrado por Diego Rosales e Pablo Rosendo.

_____, "Daniel 8", *El Progreso*, "*Pícaros*", "O cómic", 19 marzo 2016, p. 6.

Insírese nesta sección fixa un fragmento dun cómic escrito e ilustrado por Diego Rosales e Pablo Rosendo.

Rosales, Diego, Rafael **Marín** e Xosé **Tomás**, "Roberto Rosseta", *El Progreso*, "*Pícaros*", "O cómic", 3 setembro 2016, p. 7.

Insírese nesta sección fixa unha entrega do cómic *Roberto Rosetta e os investigadores do sobrenatural*.

Rozas, Ramón "Pura maxia!", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Ciudad", 18 marzo 2016, p. 9.

Comenta o programa do Salón do Libro, centrado na temática dos bichos, que ten como obxectivo a revalorización do ecosistema e o fomento da lectura nos cativos. Apunta que a protagonista desta nova edición será Extravaganzza Pérez, personaxe creada por Ledicia Costas para un libro publicado polo Salón.

_____, "Agustín Fernandez Paz. Un contador de historias", *Diario de Pontevedra*, "*Anuario 2016*", "Obituario", 31 decembro 2016, p. 38.

Fai unha lembranza de Agustín Fernández Paz, salientando o seu compromiso pola educación e a literatura infantil e xuvenil. Entre as súas obras destaca o éxito de *O único que queda é o amor* e *Cartas de Inverno*.

Santamarina, Rubén, “Si aún no has ido a las exposiciones de Viñetas ¿a qué estás esperando?”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, p. 3.

Dá conta da exposición de Viñetas que ten lugar na Coruña onde conta con Banda Deseñada, cómic americano de Chis Claremont e a resurrección de Corto Maltés. Informa sobre os lugares onde se poderán ver esas exposicións como é o Kiosko Alfonso, María Pita, entre outros, e resalta que na Torre de Hércules se poderán ver todos os carteis de todas as edición do Salón do Cómic.

Santamaría, Uxío, “La mejor fiesta de la mano de Os Bolechas”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 13 novembro 2016, p. 26.

Fala da festa realizada polo centro comercial As Cancelas con motivo do seu cuarto aniversario, onde foron invitados Os Bolechas e os máis cativos puideron sacar fotos con eles para levalas de recordo.

Santos, Ágatha de, “Un otoño gallego muy literario”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 3 setembro 2016, p. 37/ *La Opinión*, “Sociedad, cultura y ocio”, 4 setembro 2016, p. 19.

Comenta a multiplicidade de novidades literarias que saen do prelo coa chegada do outono. Para público infantil e xuvenil destaca: *A árbore da escola* de Antonio Sandoval Rey, *Cinco minutos de paz* de Jill Murphy, *Cousas de papá* de Raúl Gómez Pato, *De paraguas* de Paco Martín, *Nemo. O rapaz sen nome* de David Morosinotto, *Norteáns* de Mar Guerra, *Xa non estou aquí* de Iria Misa, *Todo o tempo do mundo* e *Abecedario ilustrado* de David Pérez Iglesias, *A lúa* de Ignasi Valios, *Alén de aventura* de Carlos Vila Sexto, *O enigma de Mona Lisa* de María Toledo, *Poemas para conversar* de Xosé Carlos Domínguez Alberte, *O neno inverno* de María Canosa, *Nunca mascotas* de Paula Carballeira, *O canto da sibila* de Rebeca Baceiredo e *Ventos de soidade* de Moncho Borrajo.

Sanz, Lucas, “Ler conta moito despide o seu verán con 44 actividades”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 1 setembro 2016, p. 36.

Apunta que o programa *Ler conta moito* despide o verán con corenta e catro actividades que se desenvolverán nas biblioteca públicas e axencias de lectura de vinte e nove municipios galegos. Informa que este programa ofrecerá obradoiros a cargo de Anxo Fariña, o cabaré das Irmáns Prodixio e outras moitas actividades.

S. E., “Teatro, circo y danza en el otoño cultural de A Estrada”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 27 setembro 2016, p. 37.

Trata da programación cultural que acollerá o municipio da Estrada que inclúe teatro, circo e danza e tamén con espectáculos infantís, como o espectáculo de improvisación de *Maquinando*, a obra de teatro *Güela güela*, o musical *Os Bolechas cantan con Lady*

Vina, *O Mundo máxico de Pinocho* e a comedia *Os Rockenstein*, entre outras moitas actuacións.

Seijo, **S. P.** e **I. C.**, "Nace Compostela Ilustrada para incentivar el turismo de los retratistas de ciudades", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Santiago", 25 agosto 2016, p. L4.

Fala da nova iniciativa que ten lugar na capital, *Compostela ilustrada*, que ten como obxectivo retratar as calles e monumentos de Santiago de Compostela. Indica que o programa conta con talleres de pago e que unha vez finalizado a Fundación Torrente Ballester acollerá unha exposición das ilustracións realizadas.

Silva, Kiko da, "O Retrato", *Diario de Pontevedra*, "*Suplemento de Diario de Pontevedra*", 29 maio 2016, pp. 1-8.

Reprodúcese a banda deseñada "O Retrato" con guión de Kiko da Silva.

Silverstein, Shel, "A árbore xenerosa", *El Progreso*, "*Pícaros*", "O conto", 23 xaneiro 2016, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra *A árbore xenerosa* (2015), escrita e ilustrada por Shel Silverstein.

S. N., "Heroes de ficción, en Viñetas desde o Atlántico", *La Región*, "Verano", 9 agosto 2016. p. 18.

Anuncia a temática de *Viñetas desde o Atlántico*.

_____, "Os nenos e a 'Estreliña de Nadal", *La Región*, "*Nadal nas Comarcas de Ourense*", "Nadal en A Veiga", "Programa", 23 decembro 2016, p. 83.

Fala das actividades organizadas polo concello da Veiga no período de vacacións de Nadal para os máis cativos, como por exemplo a representación da obra *Estreliña de Nadal* por parte do alumnado de 2º de primaria do colexio Eduardo Ávila Bustillo.

Soage, Noelia, "Os Bolechas visitan el Museo para dar a conocer la figura de Castelao", *Diario de Pontevedra*, "Ciudad", "Pontevedra", 19 xuño 2016, p. 9.

Comenta a visita dos Bolechas ao Museo de Pontevedra co obxectivo de dar a coñecer aos máis cativos a figura de Castelao, onde presentan a guía *Os Bolechas coñecen a Castelao no Museo de Pontevedra*. Informa que a tarde contou obradoiros de maquillaxe e rematou cunha festa amenizada coa música dos Bolechas e coa entrega aos nenos e nenas da guía.

_____, “O Teucro baila al son de ‘Té, chocolate, café”, *Diario de Pontevedra*, “Deverano”, 21 xullo 2016, p. 17.

Fala da actuación do grupo Golfiños, na praza do Teucro, incluída no ciclo Cultura no Camiño, na que presentou o seu CD infantil *Té, chocolate, café*. Resalta que ademais de música os máis cativos puideron gozar de historias e actividades. Informa que o ciclo inclúe tamén teatro, danza, e maxia, onde participarán entre outros a compañía de teatro Migallas Teatro.

_____, “Festixeve, una romería para niños y mayores”, *Diario de Pontevedra*, “Dverano”, 24 xullo 2016, p. 15.

Faise eco da vixésimo primeira edición do Festixeve, en Santo André de Xeve, que conta con comida popular, música, competicións deportivas, actividades infantís e inchables. Informa que algúns dos grupos musicais que actúan son por exemplo Pelepau ou Astarot e Banda de Migallas que tocará cancións do seu álbum *Zaragallada*, parte das cales naceron no espectáculo de humor *O cantante e as mulleres*, de Migallas Teatro e tratan temas de tipo social aderezadas con humor e retranca e outras de carácter lírico.

Solar, María, “Teño uns pés perfectos”, *El Progreso*, “*Pícaros*”, “O conto”, 9 xaneiro 2016, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra *Teño uns pés perfectos* (2015), escrita por María Solar e ilustrada por Gusti.

Sotelino, Begoña R., “El principito’ de Carlos Casares habla más de noventa lenguas”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 21 setembro 2016, p. 41.

Recorda a tradución ao galego de *El principito* de Carlos Casares nos actos organizados na Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo que celebra o vixésimo quinto aniversario. Comenta que a profesora Ana Luna afirma que esta obra está entre os libros máis traducidos da historia.

Soto, Juan, “Conquistó a los jóvenes”, *ABC*, “Agenda”, “Necrológicas”, 13 xullo 2016, p. 54.

Sitúa a Agustín Fernández Paz entre un dos maiores narradores de Galicia e sinala que a súa vinculación coa renovación pedagóxica foi determinante na súa vocación literaria virada cara aos máis novos. Apunta que foi *Rapazas* o título que lle abriu as portas cara ao éxito e que *Trece anos de Branca* e *Cartas de inverno* son algúns dos títulos que contribuíron a facer do vilalbés un escritor apreciado como creador e como persoa. Considera que o seu éxito vén dado pola súa convicción de que “La literatura tiene que conquistarte el corazón”.

Souto, Suso, “Reto escolar ‘online’ desde Boiro sobre videopoemas y videojuegos”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 5 maio 2016, p. 30.

Sinala que o IES A Cachada de Boiro proporá unha competición online no concurso STARgal, do que se reproducen as condicións e os galardóns. Indica que unha das propostas é OlloSTARgal, un concurso de videopoemas con teléfonos móbiles.

_____, “El grupo de teatro de Ambar estrena nueva producción”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 14 decembro 2016, p. 31.

Destaca que *O fillo que quero*, será a obra estreada por parte da compañía de teatro Artellar, a cal está formada por persoas con diversidade funcional da asociación de Ambar. Indica que o espectáculo narra a historia dunha muller embarazada que acode a un santo para que lle proporcione á súa criatura virtudes, todo isto en clave humorística. Comenta tamén a creación doutra peza titulada *Martín e o biosbardo*, dirixida ao público infantil.

S. S., “Música, muestras, teatro y charlas en el 20 aniversario del IES de O Son”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 17 xuño 2016, p. 37.

Indica que con motivo do vixésimo aniversario do Instituto IES do Son terán lugar unha serie de actividades culturais pensadas para os máis novos. Entre elas, destaca a representación de obras teatrais como *A farsa de Bululú*, a proxección de curtametraxes e unha carreira de robots.

Suarez, R., “Emotivo e agarimosos adeus ao escritor Agustín Fernández Paz”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 14 xullo 2016, p. 9.

Faise eco do emotivo acto de despedida de Agustín Fernández Paz no tanatorio de Pereiró, que rematou cos sons de “Negra sombra” interpretada á zanfona e cantada por Luis O Caruncho. Cita o nome dalgúns dos presentes que lembraron “a fe contaxiosa do escritor nas palabras para cambiar a vida e para cambiar o mundo, o seu interés por cousas pequenas como a desigualdade, o paro, a guerra e a memoria, e o seu desexo de levar o galego ás seguintes xeracións”.

S. V., “Ledicia Costas dá a coñecer a Extravaganzza Pérez, protagonista do próximo Salón do Libro”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 23 febreiro 2016, p. 13.

Comenta que na presentación realizada do novo libro da escritora Ledicia Costas, *As peripecias de Extravanganzza Pérez*, na Casa das Campás se explicou que a obra foi creada por encargo da organización do Salón do Libro, para que o evento xirara arredor del, repartindo distintos exemplares que tamén chegarán a hospitais e colexios. Recolle as palabras da autora explicando que Extravaganzza é unha nena moi especial que naceu cun defecto de visión e cunha habilidade única para comunicarse cos animais.

_____, “O Pazo ultima os preparativos para o Salón do Libro”, *Diario de Pontevedra*, “Ciudad”, “Pontevedra”, 24 marzo 2016, p. 14.

Anúnciase a apertura do Salón do Libro de Pontevedra e a venda de entradas para o espectáculo *Sons miúdos*, ademais da inauguración da mostra *Cocorico en movemento*, que acolle o escenario da gravación da *stop motion* adaptación do libro de OQO ao formato audiovisual.

_____, “O Salón presenta o seu I Libro Xigante, elaborado por nenos e ilustradores”, *Diario de Pontevedra*, “Ciudad”, “Pontevedra”, 9 abril 2016, p. 11.

Apunta que o ilustrador Víctor Rivas fixo entrega á concelleira de Cultura do primeiro libro xigante elaborado dentro do Salón do Libro de Pontevedra, unha iniciativa que contou co apoio da editorial Xerais e o grupo de ilustradores Inkelarre.

Torabuela, Pere, “Cinco horas con Mauro”, *El Progreso*, “*Pícaros*”, “O conto”, 10 setembro 2016, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra *Cinco horas con Mauro* (2015), escrita por Pere Tobaruela e ilustrada por Andrés Meixide.

Toledo, Mar, “A lingua convértese na protagonista das festas galegas”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 4 agosto 2016, p. 30.

Fala do programa Galicia Culturea que terá a súa parada en Melide, onde foi presentado polo secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García, e que resalta que ten como obxectivo que a lingua galega estea presente durante todo o verán nas distintas actividades. Informa que dentro do programa tamén se atopa a actividade *Contos vellos para rapaces novos*, unha proposta de contacontos inspirada na obra homónima de Xosé Neira Vilas e tamén *O Zapateiro e o raposo* que pon en valor a oralidade en lingua galega.

_____, “As Nosas Músicas volve a Couso con Xabier Díaz”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 6 agosto 2016, p. 30.

Indícase que vixésimo primeira edición do festival As Nosas Músicas de Couso se realizará unha actividade sobre as marionetas do mundo.

_____, “Aterra en Silleda o espectáculo de maxia sobre a lingua galega”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 13 agosto 2016, p. 31.

Comenta que o espectáculo *Palabras máxicas* do programa Galicia Culturea chega ao municipio silledense de Bandeira pola tradicional festa da empanada. Sinala que o espectáculo foi presentado polo secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García, acompañado do presidente da Asociacion Amigos da Empanada, José Luís García xunto con Manuel Cuíña. Informa que se trata dun espectáculo pensado en especial para a nenez e que o programa Galicia Culturea percorrerá durante o verán toda a comunidade.

_____, “La magia y talleres infantiles llenan de diversión la Navidad”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 30 decembro 2016, p. 30.

Ofrécense as programacións lúdicas para o Nadal dos concellos de Touro, Trazo, Vedra, Melide e Arzúa. Entre as actividades figura a representación por parte das escolas culturais da obra *Taller de xoguetes*.

Trillo, J., “Muxía ofrece una programación para todos los gustos y edades”, *El Correo Gallego*, “*Navidad en costa da morte*”, “costa da morte”, 22 decembro 2016, p. 40.

Comenta as diferentes actividades que ofrece o concello de Muxía orientadas a todas as idades. Destaca a participación do grupo Fanfarra Títeres que ofrece *O Soñador de historias*.

Trillo, Jesús, “Teatro, baile y música en el Junio Cultural de Camariñas”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 4 xuño 2016, p. 36.

Fala da programación cultural que ten preparada o concello de Camariñas con baile, música e teatro. Indica que algún dos espectáculos son, por exemplo, *O caracol Cardiño*, *A outra Carapuchiña*, *A voda da pulga e o piollo* a cargo da Escola Municipal de Teatro.

Valle, Candela, “Os Bolechas se van de termas”, *La Región*, “Ciudad”, 21 decembro 2016, p. 11.

Dáse conta da presentación de *Os Bolechas van aos balnearios de Ourense* (2016) aos escolares no centro cultural Marcos Valcárcel. Indícase que esta obra ofrece a cultura de Ourense e, en especial o patrimonio termal.

Varela, María, “Os contos invaden as rúas na véspera do Salón do Libro”, *Diario de Pontevedra*, “*Salón do libro*”, 31 de marzo 2016, p. 4.

Dá conta da celebración dunha actividade previa á inauguración do Salón do Libro Infantil e Xuvenil nas rúas de Pontevedra que consiste nunha xornada de contacontos en distintas librarías. Salienta a participación activa de toda a cidade na promoción da lectura e do propio Salón e comenta que, por primeira vez, este evento xirará arredor dun conto escrito expresamente para a ocasión e asinado por Ledicia Costas.

Vázquez, Karmele, “El Cervantes hecho cómic por los gallegos Rubín y Prado, en A Coruña”, *El Correo Gallego*, 6 agosto 2016, p. 34.

Comenta a exposición *Miguel EN Cervantes. El retablo de las maravillas*, que tivo lugar no Palacio Municipal da Coruña para conmemorar o IV centenario da morte do escritor de *El Quijote*. Informa que Miguelanxo Prado conta a vida de Cervantes

acentuando o discurso da realidade e o historietista David Rubín narra a historia *El Retablo de las maravillas* nun mundo de ficción.

Vila, Sara, "De merenda, contos", *Diario de Pontevedra*, "Ciudad", "Pontevedra", 22 marzo 2016, p. 11.

Dá conta da inminente inauguración da nova edición do Salón do Libro e da programación de varias actividades previas incluídas no programa "Merendando contos", no cal varias librarías da cidade de Pontevedra ofrecerán, coa colaboración do Salón, sesións de contacontos. Tamén fala da organización dun sorteo de cincuenta exemplares do libro de Ledicia Costas creado para o evento, *As peripecias de E. Pérez*, e achega información sobre como se levará a cabo a feira deste ano.

_____, "Extravaganzza Pérez abre as portas do Salón do Libro aos máis pequenos", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Ciudad", 2 abril 2016, p. 5.

Informa da presentación de *As peripecias de Extravanganzza Pérez* na xornada inaugural do Salón do Libro de Pontevedra. Comenta que a personaxe foi expresamente creada por Ledicia Costas para esta edición.

_____, "A organización do Salón cifra en 2.400 as visitas do primeiro día de feira", *Diario de Pontevedra*, "Ciudad", "Pontevedra", 3 abril 2016, p. 11.

Faise balance da asistencia ao Salón do Libro no seu primeiro día e resúmese a programación do día.

_____, "Extravaganzza Pérez abre as portas do Salón do Libro aos máis pequenos", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Ciudad", 2 abril 2016, p. 5.

Entre as diferentes actividades do Salón do Libro de Pontevedra, comenta que Migallas Teatro protagonizará un espectáculo musical cos seus traballos *Canta connosco* e *Pan de millo* e que Anxo Lorenzo presentará o catálogo trilingüe de libros infantís e xuvenís de Galicia de 2016.

_____, "O Garaxe Hermético debuxa para Castelao", *Diario de Pontevedra*, "Ciudad", "Pontevedra", 25 maio 2016, p. 13.

Conta que o alumnado da Escola Profesional de Banda Deseñada O Garaxe Hermético, dirixida po Kiko da Silva, ten en mente realizar un cómic para Castelao e que parte do guión que Kiko da Silva adaptou para a ocasión a partir do relato "O Retrato". Anuncia que este traballo será entregado co xornal *El Diario* e explica como se reparte o traballo o alumnado.

V. P., "Ponteareas analiza las ataduras sociales de la mujer con teatro", *Faro de Vigo*, "Condado-Paradanta", 8 marzo 2016, p. 16.

Informa da representación da obra de teatro *30 e tantos ósos* da compañía teatral Aporía Escénica, unha peza "en la que se analizan las claves para eliminar los miedos,

condicionantes y ataduras sociales que impiden a las mujeres expresarse con libertad", a onde asistiu alumnado de ESO e Bacharelato de Ponteareas.

X. A. R., "La Noite Meiga incluye marionetas para niños", *La Región*, "O Ribeiro", 24 outubro 2016, p. 16.

Informa sobre os contidos que abarca o programa da décimo sexta edición da Noite Meiga en Ribadavia que fará as súas presentación nos colexios da Concentración e da Alameda.

X. F., "O autor, en cinco libros", *La Voz de Galicia*, "Cultura", "Loito nas Letras Galegas", 13 xullo 2016, p. 37.

Breve achega aos elementos máis salientables e ao argumento de cinco obras de Agustín Fernández Paz: *As flores radioactivas* (1990), *Contos por palabras* (1991), *Cartas de inverno* (1995), *O único que queda é o amor* (2007) e *O rastro que deixamos* (2012).

Y. S., "Mos celebra con un amplio programa de actividades el Día Internacional do Libro", *Faro de Vigo*, "*Especial*", "Baixo Miño/ Louriña", 30 abril 2016, p. 7.

Co obxectivo de fomentar a lectura, o Concello de Mos no Día Internacional do Libro ofreceu diferentes actividades de teatro e contacontos aos escolares, como o musical didáctico "O Zampalibros" e o contacontos "Contos do Mundo".

VIII. LITERATURA DE TRANSMISIÓN ORAL

VIII. 1. RECOMPILACIÓNS, MONOGRAFÍAS E LIBROS COLECTIVOS

Blanco Ramos, Carmen, *O volframio en Varilongo. Santa Comba de Xallas (1941-1963)*, pról. Xesús Alonso Montero, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Crónica, abril 2016, 148 pp. (ISBN: 978-84-9914-991-2).

Crónica memorialística de Carmen Blanco Ramos sobre a temática do negocio do volframio en Varilongo. Ábrese cunha cita de Víctor Campio sobre a memoria, á que segue o prólogo "Palabras de admiración para un libro (máis político que mineralóxico) revelador" do presidente da Real Academia Galega, Xesús Alonso Montero. En relación coa Literatura de transmisión oral é de interese o capítulo VIII, "Cantareas da mina" (pp. 99-104), no que a autora reproduce trece cantareas, isto é, trece coplas feitas ao estilo popular que lle cantaron mulleres que na súa mocidade as interpretaran mentres traballaban na mina de Varilongo. Carmen Blanco Ramos aclara que "non hai constancia do autor ou autora", que o galego empregado contén castelanismos e vulgarismos, que o tema central é a mina e a súa contorna, que as cantareas tiñan como finalidade "divertir, axudar a soportar o traballo, pero sobre todo estabelecer lazos de unión entre membros do grupo" e sitúa a decadencia das cantareas en 1963, coincidindo co primeiro peche da mina por mor da "caída do auxe mineiro da zona e conseguinte falta de traballo". A seguir reproduce e comenta as trece cantarelas, que clasifica en catro grupos, atendendo á liña temática abordada nelas: amor, traballo, lugares e burla.

Esta obra tamén está descrita no apartado *V. Ensaio. Teoría Xeral. Crítica* e *VII. LIX* deste *Informe*.

Recensións:

- Vicente Araguas, "Volframio", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*"/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 952/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 952, "máis Libros", 25 setembro 2016, p. 30.

En primeiro lugar contextualiza a obra centrándose na temática das minas de Volframio, como un período moi peculiar da intrahistoria galega. Sinala varios autores interesados no estudo do libro así como o prólogo de Xesús Alonso Montero "buscador de volframio, nos anos da posguerra na súa patria de Ribadavia". Evidencia os acertos da autora e anticipa o contido do volume, destacando as cantigas e os testemuños en prosa.

Foxo, Xosé Lois, *Cancioneiro Antropolóxico. Quiroga, Ribas do Sil, Montañas do Lor*, [Santiago de Compostela]: Consello da Cultura Galega, 2016, 567 pp. (ISBN: 978-84-92923-70-0).

Edición do extenso material que o autor recolleu mediante a conversa con persoas da comarca que lle transmitiron as cantigas que forman parte da tradición oral desta zona da comunidade. O conxunto da obra, unha selección do amplo arquivo, confórmano un libro, catro discos e un DVD. O libro recolle as letras e partituras de numerosas pezas populares de diferentes xéneros: cantares de seitura, de pastores, de berce, de milicia, étnico-relixiosos, romances, rondas e parrafeos. Destacan, polo seu volume, os cantares de Reis, dos que hai cerca de setenta. A este acervo súmanse diversas pezas instrumentais tradicionais como a muiñeira. Os discos conteñen catro horas de cantares populares e breves conversas coas persoas que os interpretan, mentres que o DVD contén sesenta minutos de gravacións no que se reproducen con imaxe e son as actuacións de varios intérpretes. Ademais, obra ofrece diversas informacións de carácter etnográfico e histórico sobre as tradicións musicais destes municipios.

Referencias varias:

- Koro Martínez, "Foxo recolle no 'Cancioneiro antropolóxico' 500 cantigas", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 10 novembro 2016, p. 42.

Dá conta da presentación no Consello da Cultura Galega de Santiago de Compostela deste volume e indícase que a súa publicación intenta salvar do esquecemento a civilización galega de séculos e o seu mundo rural.

Quintía Pereira, Rafael, *Análise estrutural e simbólica do mito da moura*, Allariz: Fundación Vicente Risco, 2016, 257 pp. (ISBN: 978-84-942726-7-7).

Rigoroso ensaio sobre o valor simbólico da Moura, concibida como herdeira das deusas arcaicas da terra e a súa transformación en distintas manifestacións relixiosas da Virxe, que se apropia das calidades positivas da moura e deixa as negativas para aplicarllas ás bruxas ou ás mouras pagás. A obra condensa un importante traballo de campo que se sustenta, ademais, nunha dimensión universal ao entraren en comparativa con outras mitoloxías. O ensaio divídese en sete grandes bloques: "Os mitos, os mouros e a moura"; "Os mouros ou a mitificación do noso pasado"; "O mito da moura" (parte central do traballo que afonda no concepto de moura, a súa escenografía, os seus atributos, os ecosistemas nos que vive, escatoloxías relacionadas co mito, tríades, paisaxes e civilizacións etc.); "Orixe, función e estrutura do mito"; "Mitemas" e "Conclusións". Inclúe varias fotografías ilustrativas ao longo da obra.

Referencias varias:

- Carlos Fernández, "Rafael Quintía Pereira. 'A moura responde ao modelo dunha deidade, dunha deusa", *Diario de Pontevedra*, "O Morrazo", "Marín", "Bueu", 18 novembro 2016, p. 20.

Conversa na que Rafael Quintía fala deste traballo centrado na análise dos distintos elementos que compoñen o mito das mouras como ser sobrehumano e indica que os petróglifos de Mogor e mais de San Xulián, ambos en Marín, están vencellados coas mouras.

Rico, Manuel, *Heiche de cantar un conto: cancioneiro infantil de tradición oral de Galicia*, [A Coruña]: Supermercados GADIS, 2016, 119 pp. (DL: C. 466-2016).

Manuel Rico (Madrid 1952) publica esta edición do cancioneiro infantil de tradición oral de Galicia con motivo da celebración do día das Letras Galegas. O volume recolle unha selección de cancións tradicionais infantís galegas estruturadas en seis capítulos, nos dous primeiros inclúe cantos para a etapa da adquisición da linguaxe dos cativos, no terceiro atópanse cantos de oficios e labores, no cuarto capítulo temos muiñeiras e no quinto, cancións relacionadas coas épocas festivas como o Nadal, San Xoán ou o Entroido. Todas elas aparecen acompañadas das súas partituras correspondentes.

Referencias varias:

- Ruth López, "Homenaxes a millóns para Manuel María", *El Progreso*, "Sociedad", "Vivir", "Cultura", 12 maio 2016, p. 50.

Destácanse algunhas das propostas realizadas para homenaxear a Manuel María: a edición de 20.000 libros de *Heiche de cantar un conto* e o sorteo especial da Once no Días das Letras con boletos coa imaxe do poeta chairego.

Rodríguez Cruz, José, *Contos e lendas arraianos*, ilust. Pilar Sevillano, pról. Gonzalo Navaza, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2016, 323 pp. (ISBN: 978-84-9121-046-7).

José Rodríguez Cruz presenta unha compilación de literatura oral, na que se inclúen contos e lendas tradicionais recollidos no sueste da provincia de Ourense e mais no concello galegofalante zamorano de Lubián. Comeza co "Prólogo", a cargo de Gonzalo Navaza, no que fala da universalidade das historias de tradición oral e onde se detén na obra de Ánxel Fole, Xavier Castro ou Laureano Prieto. A seguir a obra está estruturada en seis bloques temáticos: "As cousas do demo", "O trasgo", "Algunhas lendas sobre os animais", que teñen como protagonistas o lobo, a raposa, o oso e a serpe; "O mundo máxico dos mouros e das mouras", "Os sinais que deixou o cabalo do apóstolo Santiago" e mais unha "Selección de contos populares" xebrada en contos da lareira; de animais, de curas, bispos e sancristáns; relixiosos; fantásticos; de bruxas; de fórmula; novelescos; de humor e finalmente contos rimados e cantados. No texto "De crenzas, mitos, lendas e contos", de Camiño Noia Campos, descríbese este volume do que se salienta que esta colectánea de etnotextos orais recolle mitos, lendas, crenzas e contos das terras de Lubián, Oímbra, Riós, Viana do Bolo, Verín, Vilardevós, A Gudiña e mais A Mezquita. Finalmente, reprodúcese a relación de informantes, os agradecementos, un "Índice de topónimos citados no texto" e a "Bibliografía".

Referencias varias:

- Xosé Carlos Caneiro, "Non perder", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "Ficción", 3 xuño 2016, p. 10.

Recoméndanse dous libros “para mirar e sentir”. Dise que *Contos e lendas arraianos* é unha colección que dá conta “de Nós e do noso” e da que destaca o incansábel labor do autor por ir mostrando anacos da Galicia máis nacente e meridional. Destácase que a obra *Os Kowa* é unha pescuda continua do propio semellante á narrativa de Melville e Conrad. Reivindícase, por último, o poder dos poetas e da poesía.

- Nacho Cortés Riveiro, “Música e literatura tradicional, mañá no Ateneo Santa Cecilia”, *Diario de Pontevedra*, “O Morrazo”, “Marín”, 28 xuño 2016, p. 23.

Infórmase da presentación da obra *Contos e lendas arraianos.* Destácase a presenza, no acto, do seu autor e do editor Manuel Bragado.

- A. R., “Presentación de libros e contacontos”, *O Sil*, “Cultura”, xuño 2016, p. 26.

No marco das actividades programadas durante o mes de xuño na Biblioteca Municipal de Verín destácase a presentación da obra *Contos e lendas arraianos*.

- Ángeles Rodríguez, “A literatura dos devanceiros”, *O Sil*, “Cultura”, n.º 241, xullo 2016, p. 24.

Comenta que este volume é o resultado dun longo traballo de recompilación realizado por José Rodríguez Cruz ao longo de corenta anos e indícase que presenta un prólogo de Gonzalo Navaza e ilustracións de Pilar Sevillano.

VIII. 2. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ARTIGOS DE OPINIÓN E COLABORACIÓNS FIXAS

Reigosa, Antonio, "Os curandeiros", *El Progreso*, "Vivir", "Sociedad", 4 novembro 2016, p. 52.

Reflexiona, co gallo da celebración das IX xornadas de literatura de tradición oral de Lugo, sobre a relevancia dos curandeiros en Galicia e para iso describe a historia do señor Antón de Ulloa, do Pichón de Larín, do Meigo de Fradelo e do Entendido de Vilastose.

Xermán, Mario, "Mesturanzas", *La Región*, "Opinión", 21 decembro 2016, p. 28.

Expón o hibridismo idiomático que supón a incorporación de palabras españolas ao galego e como exemplos reproduce a canción "O paraugas do Xosé", así como outros fragmentos de ditos, lendas e oracións da súa infancia en Viladerrei.

VIII. 3. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ENTREVISTAS

Rodríguez, Ángeles, "José Luis Gutiérrez e Celso F. Sanmartín. 'Os contos antes achegábante á vida", *O SIL*, agosto 2016, p. 27.

Conversa na que os contadores José Luis Gutiérrez e Celso F. Sanmartín reflexionan sobre os contos orais. Indican que á parte de entreter tamén transmiten principios morais, que os máis novos entenden perfectamente os contos ambientados no rural e apuntan que moita da literatura infantil de hoxe en día cae na "cursilería levada ao extremo".

Rodríguez, Miguel, "Quico Cadaval. 'Os contos son como as cereixas, cando colles unha vai outra detrás", *La Opinión*, "A Coruña", "Ciudad y Cultura", 8 outubro 2016, p. 6.

Conversa na que Quico Cadaval reflexiona sobre a obra *Contos na lareira* que representará no teatro Colón da Coruña. Comenta que contará historias cos únicos artificios da voz e mais da imaxinación, que haberá sorpresas latinoamericanas e con respecto ao teatro galego afirma que está a vivir nunha grande efervescencia a pesar do desinterese dalgunhas institucións.

VIII. 4. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: NOTAS, PRESENTACIÓNS E ESCRITOS VARIOS

C. F., "Las regueifas de Pinto de Herbón y Suso de Xornes en los 'Venres do Ateneo", *Diario de Pontevedra*, "O Morrazo", "Marín", "Bueu", 12 outubro 2016, p. 20.

Infórmase de que os regueifeiros Pinto de Herbón e mais Suso de Xornes actuarán dentro do ciclo "Venres no Ateneo" que está incluído dentro do programa "Pontegal" da Deputación de Pontevedra.

C. N., "Las regueifas llegan a los 'Venres do Ateneo' con dos invitados de lujo", *Diario de Pontevedra*, "O Morrazo", "Marín", 14 outubro 2016, p. 20.

Indica que o Pinto de Herbón e Suso de Xornes estarán no Ateneo Santa Cecilia no programa "Pontegal" da Deputación de Pontevedra dentro do ciclo "Venres no Ateneo".

Crespo, C., "Polo pracer, tan sinxelo como infrecuente, de escoitar", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Escénicas", "Agenda", 11 marzo 2016, p. 12.

Destaca que pola IV edición do Festival Internacional de Narración Oral "Atlántida" pasarán vinte narradores entre os que estarán Quico Cadaval, Avelino González, Celso Sanmartín ou os portugueses Vítor Fernandes, Ana Sofia Paiva ou Walter Peres. Indícase tamén que haberá unha sesión de contos en lingua de signos e mais que as crianzas terán un protagonismo destacado.

ECG, "Mouros e mouras no mes da Fundación Fernando Blanco", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 11 outubro 2016, p. 32.

Anuncia a ponencia "Outros habitantes de Galicia: Mouros e mouras na Costa da Morte", da man de Mar Llinares García.

_____, "Contos outonais' para toda la familia", *El Correo Gallego*, "Santiago", 6 novembro 2016, p. 26.

Dáse conta da celebración da iniciativa artística "Contos outonais" e dise que mestura a narración oral coas estacións do ano.

Flowers, Margarito, "Cuatro mil espectadores en el Festival Atlántica de Narración", *El Correo Gallego*, "Gente", 24 marzo 2016, p. 64.

Subliña o balance positivo que se fai do IV Festival Internacional de Narración Oral "Atlántida" que contou con ao redor de catro mil espectadores e no que se asinaron acordos co Festival Internacional de Contos de Lisboa e mais co dos Azores.

García, M., “Tres certámenes fundan la Rede de Festivais do Atlántico”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, 22 marzo, p. L11.

Comenta brevemente varios aspectos do Festival Atlántica de Narración Oral e cita as asociacións que asinaron o acordo da súa creación.

Gómez, Concha, “Julio Villarino publica ‘Os contos de Nigrán’ con fines solidarios”, *Atlántico Diario*, “Área metropolitana”, “Val Miñor”, 13 marzo 2016, p. 14.

Dáse conta da presentación do volume *Os contos de Nigrán* dentro da Feira do Libro de Nigrán despois do éxito acadado polo seu autor con *Contos e lendas de Baiona* (2014), que presenta dez relatos fantásticos de tradición oral do Val Miñor.

López, Ruth, “Lugo foi onte capital da literatura oral coas Mestras e Mestres da Memoria”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 20 marzo 2016, p. 58.

Dá conta da entrega en Lugo dos IV premios Mestras e Mestres da Memoria e que na sección de literatura de tradición oral recaeron na labrega Dolores Macías Pose e mais nos músicos Mini e Mero.

Méndez, C., “Bota a andar o Galicia Culturea”, *El Progreso*, “deVerano”, 28 xullo 2016, p. 56.

Infórmase da apertura en Mondoñedo do programa “Galicia Culturea. Lingua e Cultura no Verán” para promover a literatura oral en lingua galega coa obra *Contos vellos para rapaces novos*, de Xosé Neira Vilas.

Méndez, O., “Batalla escolar a ritmo de ‘regueifa”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, 21 decembro 2016, p. 8.

Destaca que máis de 280 alumnos e alumnas de Primaria participaron no I Festival Escolar de Improvisación Oral no Auditorio Municipal de Vigo, onde amosaron a súa mestría para elaborar rimas en lingua galega e as súas dotes interpretativas coas regueifas.

M. G. M., “Paula Carballeira. ‘Botamos man dese imaxinario nese estilo galego, no que non faltará a retranca”, *Diario de Ferrol*, p. 37/ *El Ideal Gallego*, p. 36, “Sociedad”, 8 outubro 2016.

Afirma que a actriz Paula Carballeira estreará, xunto con Quico Cadaval e mais Cándido Pazó, o espectáculo *Contos na lareira* no teatro Colón da Coruña. Con respecto a esta obra afirma que asenta na tradición oral, nos contos e nas lendas e comenta a relación profesional que ten, desde hai moitos anos, cos seus compañeiros de reparto en *Contos na lareira*.

M. T., “Boqueixón pretende acoller o primeiro certame de lendas”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 26 febreiro 2016, p. 33.

Saliéntase a posibilidade de crear un certame de lendas en Boqueixón.

Rodríguez Cruz, José, “Lume e tempo de Nadal”, *O SIL*, “*Especial Nadal Decembro 2016*”, “Colaboración”, decembro 2016, p. 42.

O etnógrafo José Rodríguez Cruz describe neste artigo a importancia do culto ao lume na nosa terra. Indica que Manuel Murguía estudou esta práctica, que a festividade de Santa Lucía está relacionada coa duración da luz diúrna e a noite e, finalmente, explica que este culto tamén se dá fóra de Galicia e por toda Europa.

Toledo, Mar, “Seis agrupacións de Oroso enchen a vila de panxoliñas”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 27 decembro 2016, p. 29.

Alude a que o centro cultural de Sigüeiro acolleu o VII Concerto de Panxoliñas de Oroso no que participaron seis agrupacións musicais de Oroso e mais que contou coa presenza de 200 persoas.

Valle, Candela, “Las ‘salas enigma’ ya están aquí”, *La Región*, “Ourense”, 28 novembro 2016, p. 6.

Fálase do xogo de lóxica de moda que se pode realizar en Ourense. Dise que consiste nunha “sala enigma” na que os participantes deberán descubrir un misterio relacionado con Romasanta. Tamén se indica que os creadores deste xogo tomaron como fonte varias lendas.

IX. REVISTAS

Neste apartado acollemos as revistas con ISSN e as edicións facsimilares, das demais só se describen os traballos relacionados coa literatura galega no apartado "Publicacións en revistas" deste *Informe*.

AILIJ (Anuario de Investigación en Literatura Infantil y Juvenil)
(ISSN: 1578-6072) (D.L: VG-978-2001).

Anuario editado pola Asociación Nacional de Investigación en Literatura Infantil y Juvenil (ANILIJ), cuxa sede se atopa na Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo, publicado por dita universidade e dirixido até o ano 2011 por Celia Vázquez García. Asemade conta coa axuda da Dirección Xeral de Investigación, desenvolvemento e innovación da Xunta de Galicia. Trátase dunha publicación científica, dirixida a un público nacional e internacional especializado, que acepta colaboracións de investigadores procedentes de calquera institución ou país, sempre que se trate de traballos de investigación orixinais (non publicados con anterioridade) e que o contido do artigo ou da recensión estea relacionado coa investigación que se vén realizando no campo da literatura para a nenez e a mocidade con carácter nacional ou internacional. O seu primeiro número, o número 0, saíu a lume o ano 2001 e dende o ano 2003 no que se publicou o número 1 ten periodicidade anual. As editoras foron Veljka Ruzicka Kenfel, Celia Vázquez García e Lourdes Lorenzo García. O comité de redacción estivo integrado até o número 9 por Margarita Carretero (Universidade de Granada), Pedro Cerrillo (Universidade de Castilla-La Mancha), Teresa Colomer (Universidade Autónoma de Barcelona), Marisa Fernández López (Universidade de León), Cristina García de Toro (Universidade de Castellón), Esther Laso y León (Universidade de Alcalá de Henares), Manuel López Gaseni (Universidade do País Vasco), Lourdes Lorenzo García (Universidade de Vigo), Antonio Moreno Verdulla (Universidade de Cádiz), Mª José Olaziregi (Universidade do País Vasco), Isabel Pascua (Universidade das Palmas de Gran Canaria), Blanca-Ana Roig Rechou (Universidade de Santiago de Compostela), Veljka Ruzicka Kenfel (Universidade de Vigo), Victoria Sotomayor (Universidade Autónoma de Madrid), Mª del Carmen Valero Garcés (Universidade de Alcalá de Henares), Celia Vázquez García (Universidade de Vigo) e Manuel Vieites (Universidade de Vigo). Esta publicación, que se estrutura en "Artículos" e "Reseñas/Reviews", publicou no ano 2011 o número 9, que se anovou cun cambio na presentación da revista, un novo consello de dirección, composto por Blanca-Ana Roig Rechou, Veljka Ruzicka Kenfel e Lourdes Lorenzo García e un novo consello de redacción formado por Eulalia Agrelo Costa, Mª Jesús Barsanti Vigo, Margarita Carretero González, Mª José Corvo Sánchez, Xabier Etxaniz Erle, Mar Fernández Vázquez, Carmen Ferreira Boo, Cristina García del Toro, Esther Laso y León, Ana María Margallo González, Isabel Mociño González, Sara Reis da Silva, Carina Rodrigues, Beatriz Rodríguez Rodríguez e Mª del Carmen Valero Garcés. No ano 2012 saíu do prelo o número 10, no que Isabel Mociño González cede o seu posto no consello de redacción a Manuel Vieites García. No ano 2014 saíu do prelo o número 12, no que abandonou o consello de redacción Beatriz Rodríguez Rodríguez. No ano 2016 saíu do prelo o número 14. Os artigos relacionados coa literatura galega son descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

AULAS LIBRES. Revista de Pensamento, Información e Debate do STEG
(ISSN: 2340-8618 / DL: C-2092-2013).

Revista editada polo Sindicato de Traballadores do Ensino de Galiza (STEG) que naceu en novembro de 2013, ao tirar do prelo o seu primeiro número, como plataforma impresa para a información, o debate e o pensamento sobre temas relacionados co ensino e mais co obxectivo de aglutinar vontades, suscitar reflexións e arroupar loitas xustas. A súa periodicidade é semestral e repártese de xeito gratuíto. Está dirixida pola Comisión Permanente do Secretariado Nacional do STEG, coordinada por Emilio Xosé Ínsua López e Sonia Fernández Casal, e mais presenta a Rosa Herraiz Cabanas como deseñadora e maquetadora. En abril de 2016 publicouse o número 6, no que aparecen as seccións "editorial", "actualidade sindical", "experiencias de aula" e "texto literario". Na sección "texto literario" achega o texto "Chamei, de jeito pesado e insistente, a cada…" de *Versos do lume e do vagalume* de Manuel María. Os artigos relacionados coa literatura galega están descritos nos apartados correspondentes deste *Informe.*

BARBANTIA*. *Anuario de Estudos do Barbanza
(ISSN: 1889-0946) (DL: C-2792-05).

Publicación anual inaugurada no ano 2005, editada pola Asociación Cultural Barbantia e coordinada por Antón Riveiro Coello en compaña, sucesivamente, de Xoán Pastor Rodríguez Santamaría, Lola Arxóns e Manuel Cartea. No número 4 do ano 2008 pasou a estar coordinada en solitario por Xoán Pastor Rodríguez Santamaría. No número 5 os encargados da coordinación foron Manuel Cartea, Mª Xesús Armada, Antón Riveiro Coello e Alberto Piñeiro. Até o n.º 5 constaba dun "Limiar" de X. Ricardo Losada; varios artigos referidos á comarca do Barbanza sobre arte, xeografía, patrimonio, etnografía ou literatura; a sección "Aires de fóra", dedicada a acoller textos traducidos de autores estranxeiros; "Cuarto acto", que informa das actividades realizadas pola asociación e que no número 5 denominouse "O alustro dun lustro", e "Publicacións no Barbanza". No ano 2016 publicouse o número 10, no que figuran na coordinación Manuel Cartea e Xoán Pastor Rodríguez Santamaría. Este número estrutúrase nas seccións "Limiar", "Aires de fóra" e "Barbantia, ano XII". Na sección "Aires de fóra" (pp.163-221) reprodúcese a tradución de "Petits poèmes en prose" de Charles Baudelaire, realizada por Eme Cartea, xunto cos orixinais en francés e un "Prólogo" a cargo de Román Arén. Todos os artigos referidos á literatura galega aparecen descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

BOLETÍN DA REAL ACADEMIA GALEGA
(ISBN: 84-87987-21-4) (ISSN: 1576-8767) (DL: C-743-2000).

Vinte anos despois de que se publicara o número 360 do *Boletín da Real Academia Gallega*, órgano oficial e científico desta Institución dende o 20 de setembro de 1906 a decembro de 1980, no ano 2000 renovouse a súa publicación co título *Boletín da Real Academia Galega*, e seguiu a numeración iniciada no ano 1906. Estivo coordinado por Xesús Alonso Montero, Xosé Ramón Barreiro Fernández e Salvador García-Bodaño Zunzunegui e coeditado pola Real Academia Galega, a Fundación Rodríguez Iglesias e Hércules de Ediciones. No número 367, do ano 2006, apareceron como coordinadores

Xesús Alonso Montero, Xosé Luis Axeitos Agrelo e Xosé R. Barreiro Fernández e apreciouse a desaparición do ISBN e a modificación do ISSN, feitos que se consignan na entrada. No ano 2016 non se publicou ningún número.

CÁTEDRA. Revista Eumesa de Estudios
(ISSN: 1133-9608) (DL: C-1702/93).

Revista anual editada polo Concello de Pontedeume que recolle artigos de investigación dedicados á antropoloxía, o pensamento, a arte e a historia da bisbarra do Eume. Publica, ademais, os traballos galardoados co Premio de Investigación Etnográfica Concello de Pontedeume, dende que foi creado no 1998. Botou a andar en 1994 e conta co apoio, a través de subvencións, da Fundación Caixa Galicia e a Deputación Provincial da Coruña. No seu consello de redacción figuran Alexandre Caínzos Corbeira, Carlos de Castro Álvarez, Andrés López Calvo e Sindo Vilariño Gómez. Acolle dúas seccións fixas: "Premio de Investigación Concello de Pontedeume" e "Escolma da nosa historia" (esta última dende o ano 2000). No ano 2012 publicouse o número 19 e pasou a formar parte do consello de redacción Rocío Pena Pena. A partir do ano 2014 conta só co apoio, a través de subvencións, da Deputación Provincial da Coruña. No ano 2016 publicouse o número 23.

DORNA*. *Expresión Poética Galega
(ISSN: 0213-3806) (DL: C-94-1982).

Publicación xeralmente de periodicidade anual que comezou a súa andaina como revista poética o 17 de maio de 1981, baixo a coordinación de Luís González Tosar "Che", Manolo Loxo e Suso Molanes, editada pola Asociación Dorna. A partir do número 2, a súa publicación foi asumida polo Departamento de Filoloxía Galega da Universidade de Santiago de Compostela, en colaboración coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia. Henrique Monteagudo, Dolores Vilavedra, Xosé Manuel Salgado, Miro Villar, Mª Xesús Nogueira e, dende o ano 2001, Inmaculada López Silva, no lugar de Iris Cochón, compoñían o comité de redacción, mentres que Ramón Lourenzo ocupaba o posto de director. Dende o número 31, o comité de redacción está constituído por David Pérez González, Lorena López López, Mario Regueira e Xosé Manuel Salgado, actuando como secretario Miro Villar. Tamén se incorporou un comité asesor constituído polo reitor da USC, a Secretaría Xeral de Política Lingüística de Galicia, o decano da Facultade de Filoloxía Galega, o director do Departamento de Filoloxía Galega e o escritor Luís González Tosar. Asemade, a revista pasou a ser coeditada pola USC e a Secretaría Xeral de Política Lingüística. Dende o número 32, o comité de redacción está constituído por Alba Cid, David Pérez González, Lorena López López e Mario Regueira. Dende o número 39, o comité de redacción está constituído por Alba Cid, Ismael Ramos, Lorena López López e Mario Regueira. Estrutura os seus contidos en tres grandes apartados: "Creación", "Voces de fóra" e "Poéticas". En 2016 saíu do prelo o número 39, que acolle na sección de "Creación" os textos poéticos "Nenos xogando", de Alfonso Pexegueiro; "É febreiro" de Amauta Castro; "Diálogos con Eugenio Granell", de Baldo Ramos; "Vai camiño da Praia…" de Carlos Lema Salvado; "A soidade dos nomes" de Celia Parra; "De nome propio, Alois" de Clara Vidal; "Sobre a moral", "Sobre a liberdade", "Sobre a linguaxe" de Daniel Salgado; "Porta", "Cangrexo" de Elvira Riveiro Tobío; "A nena rara" de Emma

Pedreira; “As armas colocadas no vector”, de Isaac Xubín; “Tega (tríptico dunha avoa que non sabía)” de Jesús Castro Yáñez; “o monstro”, de Lara Dopazo Ruibal; “As cousas que xa non”, “O terrorismo de estado é certo” de Lara Rozados; “Cuarteto parisino” de Lino Braxe; “CO CO CO *U*” de Luz Pichel; “que se chamará Caín” de Míriam Ferradás; “Un arco da vella cor carriza e cobre…” de Moncho Iglesias; “Aromas”, de Noelia Gómez Calvo; “A nosa avoa leva…”, “Hai as uñas por dentro da fala…” de Oriana Méndeze; “Pola abolición de come-lo caldo” de Paulino Vázquez; “Pa(i)saxes” de Rafa Vilar; “O lume eterno” de Tamara Andrés; “Tecedores de ferro” de Xosé Daniel Costas Currás; “Catro poemas” de Xosé María Álvarez Cáccamo; “Pallasos na floresta”, de Mario Regueira; “Carne sobre carne” de Rexina Vega; “A sobriña de Corto Maltés” de Lino Braxe. Na sección “Voces de fóra” preséntase unha escolma bilingüe italiano-galego de poesía italiana *under 30* realizada por Marco Paone xunto cunha breve introdución. Os poemas que se ofrecen son: “Non attendere nessun allarme…”, “Ci sarebbe bastata una radice…”, “Si potevano immaginare mondi…” de Marco Aragno; “Aju sbagghiatu, perciò…”, “Aju dittu sempri…”, “Dicia ca m’ha parrari…” de Dina Basso, “Tra tutte le parole che un uomo…” de Francesco Terzago; “Mi è rimasto un dolore tra i denti…”, “Delle volte apro l’armadio, metto un…”, “Somigliare è discreto rubare…” de Irene Paganucci; “Ti riscaldi con le parole dei poveri…”, “A un padre”, “Lascerei il mio corpo per un corpo…” de Samir Galal Mohamed; “I ragazzi non sanno cosa viene dopo…”, “Ma se sono ancora tutti…”, “Come sei magra, dicono, un fuscello…” de Maddalena Lotter; “XVIII”, “XIX”, “XXXV” de Gianluca Fùrnari. Na sección “Poéticas” recóllense o poema “11 de Febreiro” de Emilio Araúxo e o poema “cadroume ver un pardal…” de Celso Fernández Sanmartín.

ENCRUCILLADA. Revista Galega de Pensamento Cristián
(ISSN: 1131-6519) (DL: C-80-1977).

Publicación bimestral de pensamento cristián que, baixo a dirección de Andrés Torres Queiruga, comezou a súa andaina en xaneiro de 1977. Actúan como vicepresidente Pedro Fernández Castelao, como secretaria Engracia Vidal Estévez e como tesoureiro Xosé Manuel Pensado. Consta das seguintes seccións fixas: “Guieiro”, “Estudos”, “Achegas”, “Crónicas”, “Recensións”, “Libros chegados á redacción” e “Ilustracións”, porén, outras, como “Rostros”, “In memoriam”, “Experiencias”, “Documentos” ou “Editorial” (que desapareceu a partir do número 132, pero reapareceu no 156), son de aparición ocasional, porque son substituídas por monográficos de congresos ou romaxes, cartas ou entrevistas. No ano 2015, a sección fixa “Libros chegados á redacción” é substituída pola sección “Libros chegados”. No ano 2016, desaparece a sección “Libros chegados”. Neste ano apareceron os números 196 (xaneiro-febreiro), 197 (marzo-abril), 198 (maio-xuño), 199 (setembro-outubro) e 200 (novembro-decembro). Os artigos relacionados coa literatura galega son descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

ESCRITA CONTEMPORÁNEA
(ISSN: 1889-9579) (DL: VG-1293-2005).

Revista da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) que naceu no ano 2005 coa intención de ser instrumento de normalización cultural e literaria para

que tamén os escritores e escritoras participen na construción dunha literatura nacional. A súa coordinación e estrutura é diferente en cada número, pois xeralmente ten carácter monográfico. No ano 2016 editouse o número 22 Z. Os artigos relacionados coa literatura galega son descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

***FERROLANÁLISIS*. Revista de pensamiento y cultura**
(ISSN: 1576-4540) (DL: C-1106-1990// C-1873-03).

Revista que botou a andar en setembro de 1990. Recibe o patrocinio do Concello de Ferrol, Navantia, Unión Fenosa, Xunta de Galicia, Cámara de Ferrol, Puertos de Ferrol y San Cibrao, Asociación Clúster del Naval Gallego e Deputación Provincial da Coruña. Está editada polo Clube de Prensa da cidade ferrolá. Na presentación desta iniciativa editorial afirmábase que os temas tratados se ían centrar na comarca de Ferrol e que a súa periodicidade había de ser trimestral, mais este obxectivo truncouse de seguido debido á falta de apoio financeiro. Deste xeito, o número 2 saíu en xullo de 1991 e o número 3 en xuño de 1992. A partir das entregas 4 e 5, de 1993, aparecen as primeiras referencias á literatura galega. A revista pasou a ser de periodicidade anual. O seu director foi Germán Castro Tomé dende os inicios até o ano 2000, cando pasou a ocupar a Presidencia de Honra, deixando a dirección en mans de Xulia Díaz Sixto. O consello de redacción estivo composto por Luís Mera Naveiras, Xosé A. Ponte Far, Enrique Sanfiz Raposo, María Ares Sanmartín, Esperanza Piñeiro de San Miguel, Fernando Bores Gamundi e Xosé María Dobarro Paz. No ano 2006 quedou a dirección en mans de María Ares Sanmartín e o consello de redacción pasou a estar composto por Fernando Bores Gamundi, Xosé María Dobarro Paz, Hermenegildo Franco y Suanzes, Luis Mera Naveiras, Esperanza Piñeiro de San Miguel e Xosé Antonio Ponte Far. No ano 2009 a dirección pasou a Xosé Antonio Ponte Far e María Ares Sanmartín volveu ao consello de redacción. No ano 2015 quedou a dirección en mans de Siro López Lorenzo e María Jesús Rico substituíu no consello de redacción a Fernando Bores Gamundi. No ano 2016, deixou o consello de redacción Luis Mera Naveiras. Neste mesmo ano publicouse o número 30, que consta das seccións "Literatura", "Perfís de Ferrolterra", "Comunicación", "Arte e arquitectura", "Historia", "Pensamento e política", "Ciencia e tecnoloxía" e "Currícula".

GALEGOS
(ISSN: 1889-2590) (DL: VG 549-2008).

Publicación trimestral de gran formato aparecida no ano 2008. Está dirixida por Alejandro Diéguez e conta cun amplo número de colaboradores. O seu contido divídese nas seguintes seccións: "Entrevistas", "Crónicas", "Noticias", "Artigos", "Humor", un "Caderno" monográfico dedicado a diferentes intelectuais do eido da pintura, literatura, arquitectura etc. e "Encarte", onde se acollen obras ou fragmentos de textos de creación, sobre todo de ensaio. A partir do número 4 (IV trimestre 2008) contou con ISSN. No ano 2014 desaparece a sección "Encarte". No ano 2016 publicouse o número 22/I. Na sección "Caderno" contén o texto poético "Quintana Martelo", de Miguel Anxo Fernán Vello.

GRIAL. Revista Galega de Cultura

(ISSN: 0213-3806) (DL: C-94-1982).

Apareceu por primeira vez en 1951, pero foi silenciada máis de dez anos. Reapareceu en 1963 editada pola Editorial Galaxia, baixo a codirección de Ramón Piñeiro e Francisco Fernández del Riego, e dende entón non se deixou de publicar. Na primeira etapa publicáronse cen números subtitulados *Revista Galega de Cultura.* A partir do número cen, asumiu a súa dirección Carlos Casares e pasou a denominarse simplemente *Grial*. Nesta segunda etapa continuou a periodicidade trimestral. No ano 2003, co número 157, iniciouse a terceira etapa desta revista que recuperou o subtítulo da primeira etapa, *Revista Galega de Cultura*, dirixida agora por Víctor F. Freixanes e codirixida por Henrique Monteagudo, debido á morte prematura de Carlos Casares. Esta nova etapa conlevou un cambio que afectou ao deseño en xeral, dende o formato á inclusión da cor nas súas páxinas interiores, pero tamén aos contidos, que se repartiron en seccións como "Carta do editor", "O rego da cultura", "Entrevista" ou "Conversa con", "Documentos", "Creación", "Crónica", "O espello das letras", "Cine, teatro e artes escénicas", "Ciencia e tecnoloxía" ou "Comunicación e novas tecnoloxías", "Arquitectura e artes plásticas". Ademais de acoller artigos relacionados coas disciplinas humanísticas, a revista deu cabida a achegas procedentes do mundo das artes, das novas tecnoloxías, da creación plástica e dos xéneros xornalísticos. Cómpre sinalar, así mesmo, que cada número acolle un tema monográfico concreto, que se especifica xa dende a portada. No ano 2015 as seccións "Cine, teatro e artes escénicas", "Ciencia e tecnoloxía", "Comunicación e novas tecnoloxías" e "Arquitectura e artes plásticas" son substituídas por "Ciencia e técnica", "Comunicación e sociedade" e tamén se introducen as seccións "Historia e memoria", "Temas do noso tempo" e "Fotografía e artes plásticas". Neste ano saíron á rúa os números: 209 (xaneiro, febreiro, marzo), 210 (abril, maio, xuño), 211 (xullo, agosto, setembro) e 212 (outubro, novembro, decembro). O número 209, intitulado "Nova política?", recolle na sección "Creación" unha selección de textos poéticos intitulada "Non preciso ser salvada e outros poemas" (pp. 81-83) de Irene Pin e un texto narrativo intitulado "Viaxe á última revolución" (pp. 85-87) de Xerardo Grafoxo. No número 206, intitulado "Feminismo(os)", reprodúcense na sección de "Creación" unha selección de fotografías de Helena Villar Janeiro intitulada "Pintando con palabras" (pp. 78-81) e unha selección de textos narrativos de Xavier Senín intitulada "O alfaiate portugués" (pp. 83-85). O número 211, intitulado "Centenario das Irmandades da Fala", acolle na sección de "Creación" unha selección de textos poéticos de Carlos Penela intitulados "O silencio de HammershØi" (pp. 80-83) e un texto narrativo de Antonio Tizón intitulado "A illa da soidade ou formas de encher o baleiro" (pp. 84-87). O número 212, intitulado "Historia e memoria do 36", acolle na sección de "Creación" textos una selección de textos poéticos de Marilar Aleixandre intitulados "O coro das mulleres, fouciño en alto" (pp. 74-77) e un texto narrativo de Xacobe Pato Gigirey intitulado "Alberto non, Xacobe" (pp. 78-81). Os artigos relacionados coa literatura galega están descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

Referencias varias:

- Alfredo Conde, "Conversa de interese", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Os outros días", 27 xuño 2016, p. 4.

Reflexiona sobre a última publicación de *Grial* e recomenda a súa lectura.

- Xavier Alcalá, “Fotopoemas”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “A voo de tecla”, 25 agosto 2016, p. 13.

Deféndese o intercambio poético na rede e a creación e difusión vía telemática. Comenta o artigo de Helena Villar Janeiro en *Grial*, *Pintando con palabras*, “no que a poetisa mostra a súa outra faceta , a captadora de instantaneas emocionantes”.

LVCENSIA. Miscelánea de Cultura e Investigación
(ISSN: 01130-6831) (DL: LU 885-1990).

Publicación semestral editada dende 1990 pola Biblioteca do Seminario Diocesano de Lugo baixo a dirección de Gonzalo Fraga Vázquez. Actualmente forman o consello de redacción, ademais do director citado, Manuel Castro Gay, Nicandro Ares Vázquez, Mª Dolores Carmona Álvarez, Manuel Rodríguez Sánchez, Daniel García García, David Gil Mato, David Varela Vázquez e Argimiro López Rivas, que actúa de secretario. A revista consta de catro seccións intituladas “Estudios”, “Comentarios”, “Texto” e “Libros”, onde se recollen traballos dedicados a diversas materias como historia, toponimia ou antropoloxía, en xeral relacionados coa historia de Lugo. En “Libros” ofrécense comentarios centrados nas novidades editoriais. No ano 2014 saíron do prelo os números 48 e 49 e incorpóranse ao consello de redacción Óscar González Murado e Luisa Doval García. No número 51 abandonan o consello de redacción Daniel García García, Manuel Castro Gay, David Gil Mato e Argimiro López Rivas. No ano 2016, saíron do prelo os números 52 (vol. XXVI) e 53 (vol. XXVII). Os artigos relacionados coa literatura galega están descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

LUZES
(DL: C 2260-2013).

Publicación mensual editada dende decembro do 2013, dirixida por Manuel Rivas e Xosé Manuel Pereiro e coordinada por Iago Martínez, que xorde como resposta contra a crise dos medios de comunicación. Conta cun suplemento cultural no interior, “República”, e coas seguintes seccións variábeis “Manifesto”, “Cartafol”, “Episodios galegos”, “Aquí un amigo”, “Entrevista”, “Ás ceibas”, “Reportaxe”, “Diario dun repunante”, “Debates intrépidos”, “Seres míticos”, “7 Estralos”, “En portada”, “Profundidade de campo”, “Perfil”, “Mundo papel”, “Creación”, “Retrovisor”, “Así somos”, “Caixa postal” e “A franquear en destino”. No ano 2014 saíron do prelo os números 2 (xaneiro), 3 (febreiro), 4 (marzo), 5 (abril), 6 (maio), 7 (xuño), 8/9 (xullo e agosto), 10 (setembro), 11 (outubro), 12 (novembro) e 13 (decembro), desaparecen as seccións “En portada”, “Perfil” e “Así somos” e incorpóranse as seccións “Mundo papel”, “Cablegramas” “O pobo elixido”, “Colofón”, “Crónica”, “Non ficción” e “Retrato”. No ano 2016, saíron do prelo os números 26, 27, 28, 29, 30, 31, 32, 33-34, 35, 36, 37, 38 e 39. No número 27, a sección “Creación” contén o texto poético “Signos”, de Xoán Abeleira. No número 28, a sección de “Creación” acolle o texto teatral “Bruxelas, Ho Chi Minh”, de Santiago Cortegoso. No número 29, a sección creación recolle o texto poético “Reflexos”, de Celia Parra. No número 31, a sección “Creación” recolle baixo o título “O libro dos lugares”, unha selección de textos narrativos de Antón Patiño, baixo os títulos “Camiño da poesía”, “Concerto de rock”, “Faladoiros con Eduardo Blanco Amor”, e “Mortos e vivos”. No número 32, a sección

“Creación” recolle unha selección de textos de Xurxo Chapela, baixo o título de “Lémbrome”. No número 33-34, a sección “Creación” recollé o texto teatral “O oído é un cazador de pantasmas”, de Fernando Epelde. No número 36, a sección “Creación” presenta textos inéditos do poemario *Contaxio*, de Xabi Xardón, “Dormes no lugar da orixe agardando…”; “Empezamos o relato por un cabalo…”, “Mira a miña pel, non sabe o que dicirche…”; “Eu podería ser unha sucesión de encontros…”, “Unha chuvia de paxaros bico abaixo…”; “Partindo o aire a brazada limpa…”, “Esnacado, con independencia das imaxes…” e “O fermoso era aquello que es escribía…”. O numéro 38 presenta na sección “Creación”, “Contos de Bestas e Charamuscas”, un adianto dos libros de contos *Bestiario do Vestiario*, de Martio Suárez, e *Charamuscas*, de Suso Lista. Os artigos relacionados coa literatura galega están descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

Referencias varias:

- ECG, “Número de ‘Luzes’ con 50 protagonistas galegos”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 3 maio 2016, p. 35.

Informa da edición especial da revista *Luzes,* titulada “Que din os rumorosos?” na que se recolle a resposta a esa pregunta de cincuenta persoas moi coñecidas da sociedade galega.

***RAIGAME*. Revista de arte, cultura e tradicións populares**
(ISSN: 1136-3207) (DL: OU-75/95).

Revista cultural editada pola Deputación de Ourense. A súa periodicidade é semestral. Foi fundada en decembro de 1995. Até o número 18 (novembro de 2003) coeditábana a Escola Provincial de Danzas e o Colectivo Castro Floxo. A partir do número 19 (maio 2004), entrou tamén na coordinación o Centro de Cultura Popular Xaquín Lorenzo Fernández “Xocas”. Os directores son Mariló e Xulio Fernández Senra e o secretario Francisco Javier Álvarez Campos. A revista contén seccións de literatura, arquitectura popular, heráldica e tecnoloxía tradicional, entre outras. No ano 2012 publicáronse os números 36 (maio 2012) e 35 (novembro 2011). Os artigos referidos á literatura galega atópanse descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

REVISTA GALEGA DE EDUCACIÓN
(ISSN: 1132-8932) (DL: C-22/1986).
Revista de periodicidade irregular, de carácter educativo e interdisciplinar, que comezou a súa andaina no ano 1986 e que interrompeu a súa edición no ano 2002. É unha publicación da Nova Escola Galega, dirixida por Manuel Bragado Rodríguez, na súa primeira xeira, e editada por Edicións Xerais de Galicia. Na segunda xeira, que comezou no ano 2006, está dirixida por Suso Rodríguez e conta cun consello de redacción composto por Antón Costa Rico, Rosalía Fernández Rial, Xiana Lastra Pernas, Ana Mª Pose Blanco, Xosé Ramos Rodríguez, Miguel Vázquez Freire, Francisco Veiga García e Mª Helena Zapico Barbeito. Cunha periodicidade de tres números anuais. Publícase coa intención de constituír un material de axuda para os profesionais da educación e ser expoñente das súas necesidades e problemas, ademais

de promover a actividade docente. Nela participan profesores das tres universidades galegas de Ciencias da Educación, xunto cun amplo grupo de profesionais do ensino. A revista conta con numerosas seccións, entre as que salientan: "O tema", parte monográfica que trata unha temática diferente en cada número, "Entrevista", "Novas tecnoloxías", "A escola rural", "Experiencias", "Recursos do contorno", "Pais e nais", "Xoguetainas e brinquetainas", "Panoraula" e "Recensións". No ano 2015 desaparecen as seccións "Recursos do contorno" e "Pais e nais", incluíndo as seccións "A lingua", "Pensar o ensino", "Investigación", "Educación social e escola" e "As outras escolas". No ano 2016 volve a aparecer a sección "Recursos do contorno". Neste ano publicáronse os números 64 (febreiro), 65 (xuño) e 66 (novembro). Os artigos referidos á literatura galega atópanse descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

Recensións:

- Helena Villar Janeiro, "Revista de Educación", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Notas de actualidade", 6 maio 2016, p. 2.

Informa da presentación do número 64 da *Revista Galega de Educación* cun monográfico sobre educar a través da poesía, coordinado por Rosalía Fernández Rial e Miguel Vázquez Freire.

REVISTA GALEGA DE FILOLOXÍA
(ISSN: 1576-2661) (DL: C-584-2000).

Publicación de periodicidade anual que iniciou a súa andaina no ano 2000. O seu director é Xosé Ramón Freixeiro Mato, o subdirector Manuel Ferreiro e o secretario Xosé Manuel Sánchez Rei. O consello de redacción está formado por Manuel Fernández Ferreiro, María Pilar García Negro, Xoán Carlos Lagares, María Aldina Marques, Elisardo López Varela, Xoán López Viñas, Anxo M. Lorenzo Suárez, Goretti Sanmartín Rei, Xavier Varela Barreiro e Roger Wright. Como membros do comité científico aparecen Evanildo Bechara, Ataliba T. de Castilho, José Luiz Fiorin, Rafael Lluis Ninyoles, Andrés Pociña, Álvaro Porto Dapena, José Luís Rodríguez, Sebastià Serrano, Telmo Verdelho e Mário Augusto do Quinteiro Vilela. No ano 2008 Elisardo López Varela xa non figuraba no consello de redacción ao igual que Roger Wright, que pasou a formar parte do comité científico. No ao 2012, pasaron a formar parte do consello de redacción Iolanda Galanes, Pär Larson e Ana Maria Martins e do comité científico Manuel Ferreiro e Juan Carlos Moreno Cabrera. A revista divídese nos apartados "Artigos" e "Recensións". No apartado final aparecen as normas para a presentación de traballos e apúntase que se consagra "á publicación de traballos de investigación que desenvolveren algún aspecto lingüístico ou filolóxico do ámbito galego-portugués, como tamén á promoción e coñecemento da lingua no seo da sociedade. Do mesmo xeito, recensións de obras que trataren algún tema relacionado coa lingüística en xeral, ou coa galega e portuguesa en particular, serán obxecto de consideración para seren publicadas". No ano 2008 publicouse o número 9, que contiña unha nova sección intitulada "Notas". No ano 2012 saíu do prelo o número 13, que contou tamén cunha sección de "Contidos dos números anteriores da Revista Galega de Filoloxía". No ano 2016 non se publicou ningún número.

TEMPOS NOVOS. Revista Mensual de Información para o Debate
(ISSN: 1137-6945) (DL: C-588/97).

Revista fundada en abril de 1997 e editada polo Grupo Atlántica de Información e Comunicación de Galicia S.A. con periodicidade mensual. No primeiro editorial consignábanse os seguintes obxectivos: a creación dun medio de comunicación alternativo e de calidade que permitise artellar un movemento orixinal de desafío á mundialización tecnolóxica e á defensa e reforzo dunha identidade colectiva galega. O director da revista é Luís Álvarez Pousa. Conta cun comité de redacción e con colaboradores habituais, entre os que se contan José Manuel Lens (Arte), Xurxo González (Cinema), Armando Requeixo e Teresa Seara (Libros), Alexandre Cancelo (Música) e Inma López Silva (Teatro), así como cunha nómina máis ampla de colaboradores eventuais. A revista consta das seccións estábeis "Opinión", "Cataventos", "A Contratempo", "Horizontes" e "Voces e culturas". En cada número de decembro faise un balance crítico do ano nas áreas de política, sociedade, economía e cultura. No ano 2007 a revista cambiou de formato e ampliou as seccións: "Obertura", "Días Soltos", "Todo é peixe", "Editoriais", "En Foco", "Carta de axuste", "Entrevista", "As claves", "Tres en raia", "¡Guau Guau!", "Debate", "Entreculturas", "Crítica", "Redes cívicas", "Espiral innovadora" e "Sen corsé". Engadiu ademais a sección "Dossier TN". *Tempos Novos* vén acompañada dende o inverno 2006/07 do suplemento *Protexta*, de periodicidade cuadrimestral, que tamén se distribúe cos xornais *El Ideal Gallego*, *Diario de Ferrol*, *Diario de Arousa* e *Diario de Bergantiños*. O seu director é Luis Álvarez Pousa e a presidenta Ana Fernández Puentes. Os nomes das distintas seccións, maioritariamente estábeis, son: "proVisión" (dedicada a un tema de actualidade da literatura galega), "proTagonista" (entrevistas), "proPostas" (recomendación de obras), "proLogo" (centrada nun autor), "proNtuario" (os libros dos lectores), "proNome" (entrevistas), "proPulsión" (produción literaria dun país), "proXectil" (achegas literarias de internet) e "proCura" (novidades editoriais). No ano 2012 a revista sacou do prelo doce números, do 176 ao 187. Neste mesmo ano o suplemento *Protexta*, coordinado por Ana Salgado, publicou o número 19. No ano 2013 a revista sacou do prelo doce números, do 188 ao 199, coas seccións habituais: "Obertura", "Días Soltos", "Todo é peixe", "Editorial", "Dossier TN", "En Foco", "Carta do director", "Entrevista", "E digo eu...", "As claves", "Entreculturas", "Arredores", "Altermundo", "Crítica", "Bengalas canadenses". No ano 2014 integran o comité de redacción e son colaboradores fixos Natalia Poncela e Chus Martínez (Arte), Martín Pawley (Cinema), Aurelio Castro (Libros), Xoán Manuel Estévez (Música) e Inma López Silva (Teatro), así como cunha nómina máis ampla de colaboradores eventuais. Neste mesmo ano a revista sacou do prelo doce números, do 200 ao 211 e desaparecen as seccións "Obertura", "Carta do director", "Entreculturas" e "Altermundo" que son substituídas por "Cultura e pensamento" e "Noticias de ningures". Neste mesmo ano, do suplemento *Protexta,* coordinado por Rexina Vega, desaparecen as seccións "proVisión" (dedicada a un tema de actualidade da literatura galega), "proLogo" (centrada nun autor), "proNtuario" (os libros dos lectores), "proNome" (entrevistas), "proXectil" (achegas literarias de internet) e "proCura" (novidades editoriais) e aparecen as seccións "Lonxe de nós e dentro" (literatura estranxeira), "ConTexto" (recensións de obras), "Cara e cruz" (dúas recensións sobre a mesma obra) e "ProMundo" (sobre cultura). No ano 2015 tamén integran o comité de redacción e son colaboradores fixos Sara Torreiro, Pacho Rey Tristán, Tareixa Barberena, Darío Janeiro, Cibrán Tenreiro, María Villamarín, Xaquín Marín, Nacho

Hortas, Lola, Pepe Carreiro, Abraham Carreiro. Neste mesmo ano a revista sacou do prelo doce números, do 212 ao 224 e desaparecen as seccións "Bengalas canadenses" e "Noticias de ningures" que son substituídas por "O café na trincheira". Neste mesmo ano, do suplemento *Protexta,* coordinado por Rexina Vega e Manuel Forcadela, desaparecen as seccións "Lonxe de nós e dentro" (literatura estranxeira), "ConTexto" (recensións de obras), "Cara e cruz" (dúas recensións sobre a mesma obra) e "ProMundo" (sobre cultura) e aparecen as seccións "ProTagonista" (centrada nun autor), "ProPostas" (recensións de obras) e "ProPulsión" (sobre literatura galega). No ano 2016 tamén integran o comité de redacción e son colaboradores fixos Cibrán Tenreiro, Xaquín Marín, Nacho Hortas, Lola, Pepe Carreiro, Abraham Carreiro, Inma López Silva, Xoán Manuel Estévez, Teresa Cuíñas, Carlos Rego, Grial Parga, Chus Martínez, Martín Pawley e Manuel Barreiro. Neste mesmo ano a revista sacou do prelo doce números, do 224 ao 235. Neste mesmo ano, do suplemento *Protexta,* coordinado por Rexina Vega e Manuel Forcadela, desaparecen a sección "ProPulsión". Os artigos referidos á literatura galega atópanse descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

TRABE DE OURO, A. Publicación Galega de Pensamento Crítico
(ISSN: 1130-2674) (DL: C-351-1994).

Revista de pensamento crítico, editada por Sotelo Blanco Edicións, de periodicidade trimestral. Foi fundada en 1990. O seu director é Xosé Luís Méndez Ferrín. Conta cun consello de redacción formado por Miguel Anxo Seixas, Francisco Sampedro, Antón Figueroa, Marcial Gondar Portasany, Xavier Vence, Margarita Ledo Andión, Paco Martín, Darío Xohán Cabana, Xosé Cid Cabido, X. M. García Crego, Manuel Cidrás, Manuel Forcadela, Manuel Outeiriño, X. M. Salgado, X. Antón L. Dobao, Antón Reixa, J. Viale Moutinho e Carlos García Martínez. A partir do número 62 xa non figuraron no consello Xosé Cid Cabido, Manuel Cidrás, Manuel Forcadela e Antón Reixa. Exercen como secretarios Rosa López Fernández e Francisco Fernández Rei. A revista estrutúrase en cinco apartados: "Cuestións", "Acoutacións", "Textos", "Publicacións" e "Crónica". En 2012 viron a luz os seguintes números trimestrais: o 89 (xaneiro-febreiro-marzo), o 90 (abril-maio-xuño), o 91 (xullo-agosto-setembro) e o 92 (outubro-novembro-decembro). O número 89, na sección de "Textos", acolle catro composicións de Valentín Paz-Andrade pertencentes ao seu poemario inédito *Canto en catro ao conde de Andrade*. O número 90 presenta na mesma sección a reprodución dunha carta de Aquilino Iglesia Alvariño a Luís Manteiga. O número 91 acolle nesa sección dezasete poemas de Pearse Hutchinson, traducidos por Manuel Outeiriño e intitulados "Falso arrepentimento", "Intuición", "Perdón", "De nós", "Noticia", "D. H. Lawrence", "A santificación do traballo", "Diminución", "Silencio de morte", "Non sería magnífico", "In articulo mortis", "Alan", "Máirtin escachapedras", "A cas da liberdade", "Senhor Mascarenhas", "Ensinar matemáticas" e "Partidarios da liberdade posible". O número 92 presenta nesta sección un texto inédito, en galego, de José Ángel Valente. Non se publicou ningún número durante o ano 2016.

XISTRAL. Revista Lucense de Creación Poética
(ISSN: 1576-9488) (DL: LU-344-2000).

Revista de poesía editada pola Concellería de Cultura e Turismo do Concello de Lugo,

con periodicidade anual. Foi fundada no ano 1998. O coordinador é Camilo Gómez Torres. O seu primeiro consello de redacción estaba integrado por Luz Pozo Garza, Marica Campo, Claudio Rodríguez Fer, Olga Novo, Manuel María e Ignacio Rodríguez. No ano 2008 publicouse o número 11 (primavera 2008), no que se aprecia un cambio no D. L. que se consigna na entrada. Actualmente o seu consello de redacción está integrado por Luz Pozo, Marica Campo, Claudio Rodríguez Fer, Olga Novo e Carmen Basadre Vázquez. No ano 2016 editouse unha edición facsimilar do número de *Xistral* editado en 1949, baixo a coordinación de Manuel González González e a dirección técnica de Blanca-Ana Roig Rechou. Este número, editado pola Xunta de Galicia, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Centro Ramón Piñeiro para Investigación en Humanidades, non conta cun consello de redacción, por tratarse dunha edición facsimilar.

Recensións:

- Armando Requeixo, "Xistral' de versos", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*"/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 931/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 931, "letras Atlánticas", 1 maio 2016, p. 32.

Informa sobre o nacemento e a historia da revista *Xistral*, que comezou coma unha publicación sinxela en branco e negro, co único colorido das letras vermellas do título, e sen ilustracións. Destaca que tan só chegaron a saír do prelo dous números: o primeiro de oito planas e o segundo dunha ducia.

X. PREMIOS

X. 1. NARRATIVA

Premio de Narración Curta **Álvaro Paradela**

A Sociedade Artística Ferrolana convoca dende 1993 este premio coa finalidade de render homenaxe ao escritor, columnista e poeta Álvaro Paradela. Para participar, hai que enviar textos inéditos de temática libre, en lingua castelá ou galega, cunha extensión máxima de tres folios ao apartado de correos 339 (15480, Ferrol) ou ao correo electrónico info@sociedadeferrolana.es. O premio é simbólico, sen dotación económica, e consiste nunha placa conmemorativa e nun artigo sobre o gañador na revista *Poesía Galicia*.

XV Certame Literario de Relato de Aventuras **Antón Avilés de Taramancos**

O Concello de Noia e a revista *Casa da Gramática* do IES Virxe do Mar, coa colaboración da Deputación da Coruña, convocan este certame, ao que poden concorrer escritores maiores de idade de calquera nacionalidade, cun único traballo en galego de temática libre que sexa inédito, encadrado no relato de aventuras. Comezou a súa andaina cunha dotación económica de 1.800 €; porén a partir da segunda edición o galardón pasou a ser de 3.000 € e unha escultura conmemorativa realizada polo artista local Alfonso Costa, xunto coa publicación da obra gañadora por parte do Concello de Noia. Os orixinais, cunha extensión entre 70.000 e 100.000 caracteres, por cuadriplicado, mecanografados por unha soa cara, debidamente grampados, cosidos ou encadernados, sen firma e cun lema baixo plica, debían remitirse ao Concello de Noia (Rosalía de Castro, n.º 2, 15200 Noia, A Coruña). Na edición correspondente ao ano 2016 o prazo de entrega de orixinais rematou o 8 de abril. O xurado, composto por José Pérez Martínez, Mercedes Queixas Zas, Oliva Fraga Lombardía, Baldo Fernández Ramos, Antonio Piñeiro Fernández e Xavier Castro Rodríguez, decidiu conceder o galardón a Alexandra Martínez Martínez, máis coñecida como Alez Bayorti, polo relato *Tom, Huck e o misterio da trabe de ouro* (Toxosoutos, 2016).

Referencias varias:

- S. S., "Noia abre atá o día 8 de abril o prazo do premio Avilés de Taramancos", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 7 marzo 2016, p. 24.

Infórmase da convocatoria do premio, a súa contía e a o prazo para concursar.

_____, "Alexandra Martínez gana el premio Avilés de Taramancos", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 14 maio 2016, p. 30.

Anuncia a autora e a obra gañadoras da XV edición deste certame.

- M. G., “Álex Bayorti recibe mañá o premio Avilés de relatos”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 4 novembro 2016, p. 29.

Dáse conta do traballo galardoado no certame e indícase o lugar e horario do acto de entrega do premio.

- Manuel Gil, “A cántabra Alex Martínez recolle o premio de relato Avilés de Taramancos”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 6 novembro 2016, p. 34.

Informa da recepción do galardón por parte da redactora de contidos santanderina e residente na capital galega, por *Tom, Huck e o misterio da trabe de ouro*, relato inspirado nunha viaxe dende Compostela até Fisterra. Recóllense as declaracións do xurado e da galardoada.

II Premio **Antón Risco de Literatura Fantástica**

A Fundación Vicente Risco convoca este premio coa colaboración de Urco Editora, Auga Editora, Sacauntos Cooperativa Gráfica, as librarías Aira das Letras e Traga-mundos, Pastelería Fina Rei e A Fábrica de Vilanova co obxectivo de homenaxear o escritor Antón Risco, continuador da literatura fantástica do seu pai, Vicente Risco. Pode presentarse calquera persoa cun texto inédito, escrito en galego ou portugués e cunha extensión entre 150.000 e 600.000 caracteres con espazos. Os orixinais, en formato DIN-A4 e letra Times ou semellante de corpo 12 e a dobre espazo, deben entregarse na sede de Urco Editora (Rúa do Avío, n.º 11 baixo, 15705 Santiago de Compostela), baixo plica. O premio consiste en 3.000 € e a publicación do libro por Urco Editora na lingua orixinal e por Auga editora na tradución ó español. Nesta segunda edición, o xurado, composto por Antonio Manuel Fraga, César Lorenzo Gil, Elisa Torres, Isabel Cristina Mateus e Montse Pena Presas, acordou conceder o premio á obra *Dormir com Lisboa*, de Fausta Cardoso Pereira e destacou como finalistas, a igualdade de puntos, as obras *O neno que soñaba coa lúa* e *Penumbra*.

III Certame de Relato Breve Biblioteca Pública **Antonio Odriozola**

A Biblioteca Pública de Pontevedra Antonio Odriozola convoca este premio dende o ano 2014 co obxectivo de fomentar a creación literaria no ámbito da biblioteca pública e servir como canle de difusión de novos valores. Pode enviar o seu relato orixinal e inédito, en castelán ou galego, calquera persoa maior de dezaseis anos. Os textos, cunha extensión máxima de tres páxinas escritas con letra Arial de tamaño 11 e interliñado 1,5, deben entregarse na biblioteca de maneira presencial ou por correo ordinario, sen asinar, cun pseudónimo e con plica, entre o 1 de setembro e o 8 de outubro de 2016. Outórganse tres premios, consistentes nun lote de libros e na difusión dos tres traballos gañadores por parte da biblioteca. O xurado está composto pola directora da biblioteca (presidenta), un técnico da biblioteca e unha persoa relacionada co mundo libreiro (vogais) e un usuario da propia biblioteca (secretario). As persoas gañadoras desta terceira edición foron: David Castelo Fraiz, por “Haberlas, haylas” (1º premio); Pedro Rielo Lamela, por “Teoría da Choiva” (2º premio); e Alexandra Leboso Francisco, por “Estorninos” (3º premio). A entrega dos premios tivo lugar o 24 de outubro, coincidindo co Día da Biblioteca.

XIX Certame de Narración Curta **Ánxel Fole**

Organizado polo Concello de Lugo co gallo da celebración do Día das Letras Galegas de 1997, dedicado a Ánxel Fole. Anteriormente premiaba relatos curtos e constaba de dous primeiros premios de 900 € e dous segundos de 450 €, que a partir da convocatoria de 2008 ascenderan a 1.000 € e 500 € en cada premio e modalidade: lingua galega ou castelá. Dende o ano 2011 só se convocaba a modalidade de textos escritos en galego e outorgábanse tres premios de 1.500, 1.000 e 500 €. No ano 2013, o Concello de Lugo decidiu transformalo nun certame de novela curta ou conxunto de relatos e premiar un único traballo con 4.000 €, ademais da súa publicación en Edicións Xerais de Galicia. Poden concorrer obras orixinais e inéditas de tema libre, escritas en galego segundo a normativa oficial vixente. A extensión debe situarse entre os cincuenta e os cen folios, equivalentes respectivamente a 90.000 e 180.000 caracteres con espazos. Os traballos deben presentarse mecanografados por unha soa cara, por triplicado, no Departamento de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua do Concello de Lugo (Concello de Lugo, Praza Maior, 1, CP 27001) en sobre pechado, baixo un pseudónimo ou lema na parte exterior e con plica. Cada autor pode presentar o número de traballos que desexe, en envíos separados. Nesta XIX edición, correspondente ao ano 2016, o prazo de presentación pechou o 30 de decembro. O xurado, composto por Héctor Cajaraville, Lupe Bao Reixa e Manuel Bragado, xunto á concelleira de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua, Carmen Basadre Vázquez (presidenta), e ao coordinador de publicacións do Concello de Lugo, Darío Xohán Cabana (secretario), estes dous últimos sen dereito a voto, acordou outorgarlle o premio á obra *Principio de incerteza*, de Pilar Ortega Pereiro. En anteriores edicións recibiron este premio: Xoán Xosé Piñeiro, por *O valedor* (2008); Alberto Gómez Aneiro, por *Encontros e desencontros* (2009); Chelo Suárez, por *Recantos* (2010); Luz Darriba, por *Fáltasme* (2011); Mercedes Leobalde, por *Funambulistas* (2013); Alexandre Alonso Alonso, por *Tempos de bebidas isotónicas e fast-food* (2014); e Héctor Cajaraville, por *Once portas* (2015).

XXII Premio Literario **Arcebispo Juan de San Clemente**

Baixo o patrocinio de distintas entidades nas diferentes edicións, o IES Rosalía de Castro crea no ano 1995 este premio literario con tres modalidades: lingua castelá, lingua galega e lingua estranxeira traducida ao castelán. O galardón, co que se busca fomentar a lectura entre o alumnado, comporta unha estatuíña conmemorativa, un diploma e 3.000 €. O xurado confórmase por estudantes de Bacharelato do Instituto Rosalía de Castro de Santiago de Compostela e de catro institutos máis de Galicia, elixidos por sorteo. Nas últimas edicións, na modalidade de novela en castelán participou tamén o alumnado de seis centros no estranxeiro que cursan lingua española. Nesta XXII edición os institutos escollidos para formar o xurado foron: IES Frei Martín Sarmiento de Pontevedra, IES de Ames, IES A Pinguela de Monforte de Lemos, IES O Couto de Ourense, Hockerill Anglo-European College de Londres, Lycée Saint François Xavier de Vannes, Grimmelshausen Gymnasium de Gelnhausen, Escola Secundaria de Santa Comba Dão de Viseu, Napperville Central High School de Chicago, Colegio Nº 1558 Rosalía de Castro de Moscú e IES Rosalía de Castro de Santiago de Compostela. Nesta convocatoria as obras galardoadas foron: en lingua galega, a novela *Izan o da saca* (Ed.

Xerais, 2015), de Xabier Quiroga (O Saviñao, 1961); en lingua castelá, *Cicatriz* (Ed. Anagrama, 2015), de Sara Mesa (Madrid, 1976); e en lingua estranxeira *Irene* (Ed. Alfaguara, 2015), de Pierre Lemaitre (París, 1951).

Referencias varias:

- ECG, "Entrega de Premios San Clemente a Toibin, Cercas y Feijoo", *El Correo Gallego*, "Santiago", 23 xaneiro 2016, p. 28.

Informa brevemente da futura gala de entrega de galardóns o vindeiro día 2 de febreiro.

- Margarito Flowers, "Gala literaria y galardones en el instituto Rosalía de Castro", *El Correo Gallego*, "Gente", 2 febreiro 2016, contracuberta.

Dá conta da vindeira celebración da entrega de premios deste certame que contará coa presenza dos premiados e a entrega da insignia de ouro da Asociación Cultural Instituto Rosalía a Ana Jornet, da Editorial Anagrama.

- M. García, "Los premios San Clemente encabezan la agenda literaria", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Agenda", "Para todos los públicos", 2 febreiro 2016, p. L10.

Comenta a gala de entrega dos galardóns, centrándose nos discursos dos premiados, nas palabras do conselleiro de cultura (que salientou a importancia da lectura na formación dos mozos) e na composición do xurado (estudantes galegos, ingleses, portugueses, alemáns e franceses).

- Carmen Villar, "Un premio de adolescentes más allá de la literatura juvenil", *Faro de Vigo*, "Sociedad", p. 38/ *La Opinión*, "Sociedad, cultura y ocio", p. 32, 3 febreiro 2016.

Informa dos galardoados nesta edición, que se suman a unha longa listaxe de premiados de prestixio. Recolle as primeiras impresións dos autores sobre o certame.

- C. V., "Pedro Feijoo. 'Se hai algo que lle sobra á literatura galega é o pesimismo", *Faro de Vigo*, "Sociedad", p. 38/ *La Opinión*, "Sociedad, cultura y ocio", p. 32, 3 febreiro 2016.

Recolle a entrevista a Pedro Feijoo logo de recibir o premio San Clemente, quen afonda no significado que este certame ten para el, na saúde da literatura galega e o principal factor do que un novelista non pode prescindir, que, no seu caso, é o destinatario da obra, o lector.

- Montse García, "Colm Tóibín. 'Una obra de teatro es como respirar en un cristal, un libro es más sólido", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 3 febreiro 2016, p. 37.

Entrevista a Colm Tóibín, gañador do premio San Clemente de narrativa estranxeira. Fálase do argumento da novela e do vínculo entre Galicia e Irlanda.

- Xurxo Fernández, “Toibin, Javier Cercas y Pedro Feijoo reciben los premios San Clemente”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 3 febreiro 2016, p. 26.

Comenta a gala de entrega dos galardóns, centrándose nos discursos dos premiados, nas palabras do conselleiro de cultura e na composición do xurado, formado por estudantes galegos, ingleses, portugueses, alemáns e franceses.

- Montse García, “Anna Jornet. ‘Los escritores se emocionan cuando les explico los premios San Clemente”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “En primera persona”, 4 febreiro 2016, contracuberta.

Céntrase na homenaxe a Anna Jornet (responsable de prensa de Anagrama e enlace entre o IES Rosalía de Castro e os gañadores dos premios San Clemente) por parte da Asociación Cultural Rosalía de Castro, co que se recoñece o seu labor. Indícase que Jornet recolleu a insignia de ouro no salón de actos do instituto. Recóllense extractos do seu discurso, que recollen lembranzas e anécdotas da súa relación cos premios San Clemente.

- Demetrio Peláez, “Nos olvidamos de los críticos seniles”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 14 febreiro 2016, p. 25.

Eloxia a transparencia do certame, alleo a cuestións políticas e/ou económicas, e salienta a capacidade dos escolares para actuar como xurado, pois a súa opinión non está contaminada, algo moi valorado por escritores de todo o mundo.

- ECG, “Presentan a los finalistas del Premio Literario Arcebispo San Clemente”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 17 marzo 2016, p. 26.

Informa sobre a celebración do acto de presentación das obras finalistas, facendo fincapé nos integrantes do xurado: institutos do Reino Unido, Francia e Alemaña. Recolle todos os finalistas das distintas categorías e augura que a gala de entrega dos premios sexa ao redor do 25 de maio.

- R. L., “O lucense Xabier Quiroga figura entre os finalistas dos Premios San Clemente”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 6 novembro 2016, p. 60.

Presenta as novelas finalistas en lingua galega do XII Premio literario San Clemente: *Izan o da saca* de Xabier Quiroga, *Amor en alpargatas* de Manuel Portas e *As últimas galerías* de Xosé María Álvarez Cáccamo, anunciando o día do fallo no instituto Rosalía de Castro.

- A. Coco, “Sin huelga de lectura”, *ABC*, “Galicia”, 9 novembro 2016, p. 65.

Comunícase o veredicto do xurado dos XXII Premios San Clemente, formado por alumnado de cinco institutos galegos e seis centros europeos, e acompañado no acto por Ubaldo Rueda, director do IES Rosalía de Castro, e Miguel Ángel Escotet, presidente de Afundación. Coméntanse as virtudes das obras gañadoras.

- Ana Iglesias, “Premios para Xabier Quiroga, Sara Mesa y Pierre Lemaitre”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 9 novembro 2016, p. 26.

Infórmase do fallo da XXII edición deste premio, da internacionalización conseguida no que ao xurado respecta, e dos motivos para outorgar cadanseu recoñecemento. Aparecen tamén os nomes dos finalistas: entre os galegos, Manuel Portas e Álvarez Cáccamo.

- Marta Veiga, "Xabier Quiroga. 'Nunca pensara na miña obra como para mozos; terei que mudar de idea", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 9 novembro 2016, p. 42.

Recolle algunhas reaccións do escritor do Saviñao, tras conseguir o premio de literatura Arcebispo San Clemente, concedido por un xurado de lectorado adolescente. Salienta a repercursión mediática do premio, os institutos implicados, e a temática da novela –que pescuda a pegada dos nazis en territorio galego–.

- Montse García, "Los escritores Pierre Lemaitre, Sara Mesa y Xabier Quiroga ganan el San Clemente", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 9 novembro 2016, p. 37.

Dá a coñecer o resultado deste premio, que tivo lugar no día precedente e no instituto Rosalía de Castro, impulsor do certame. Salienta a internacionalización do xurado adolescente nesta edición, as tramas das novelas gañadoras, e algunhas intervencións verbo do rigor e a seriedade con que se organiza esta cita.

XI Premio Relato Curto da **Asociación de Antigos Alumnos e Amigos da Universidade de Santiago**

Certame convocado pola Asociación de Antigos Alumnos e Amigos da Universidade de Santiago de Compostela sobre tema libre e escrito en galego ou castelán, ao que poden concorrer todos os membros desta asociación. O relato debía ter un máximo de sete folios, presentarse por triplicado, mecanografado a dobre espazo en DIN-A4 e a unha cara, con corpo 12 de Times New Roman. Os traballos deben ir acompañados dun sobre pechado, en cuxo exterior figure o pseudónimo e no interior unha folla con nome e apelidos, enderezo, número de teléfono e dirección de correo electrónico do autor, envíanse por correo certificado á sede da Asociación de Antigos Alumnos: Casa da Concha, rúa da Conga, n.º 1, 15704 Santiago de Compostela. A Asociación resérvase a facultade de editar as narracións, que quedarán en poder da institución convocante, sen que os autores teñan dereito a compensación económica ningunha. O xurado está composto por persoas entendidas na materia e pode declarar deserto o premio, sendo a súa decisión inapelábel a todos os efectos. O galardón é unha figura da colección "Alba da Gloria" de Castelao, realizada por Sargadelos, e un premio en metálico de 300 €.
En 2015, con motivo da X edición do Premio de Relato Curto, a Directiva da Asociación de Antigos Alumnos e Amigos da USC (Alumni USC) decidiu ampliar a convocatoria ao público en xeral e abrir o prazo de admisión até o 15 de febreiro de 2016. Nesta edición presentáronse corenta e dous orixinais e o xurado, composto por M**ercedes Brea López**, J**uan Blanco Valdés**, **Elisa Pérez Vilariño e Mar Fernández Vázquez**, en calidade de secretaria con voz pero sen voto, acordou por unanimidade conceder o galardón ao relato "O segredo de Moira", de María González Blanco e dar accésits a "*Un monólogo para Mrs. Musgrove"*, de **Noelia Cendán Teijeiro (primeiro accésit); "***A 'piccola' violinista"*, de **Montserrat Pis Marcos (segundo accésit) e "***Local Hero"*, de **Héctor Cajaraville Araújo (t**erceiro accésit).

Referencias varias:

- Margarito Flowers, “Los relatos cortos de la USC tendrán premio gracias a La Rosaleda”, *El Correo Gallego*, “Gente”, 7 setembro 2016, p. 64.

Resúmense as bases do Premio Relato Curto da Asociación de Antigos Alumnos e Amigos da USC (Alumni USC), e coméntase a colaboración en metálico do Policlínico La Rosaleda.

- ECG, “USC: Premio de Relato dos Antigos Alumnos”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 7 outubro 2016, p. 41.

Resumo das bases do premio de relato creado por Alumni USC, a súa dotación económica e a composición do xurado: Mercedes Brea, Juan Blanco, María Jesús Cundines e Mar Fernández.

- Margarito Flowers, “Premio de relato corto”, *El Correo Gallego*, “Gente”, 2 novembro 2016, p. 56.

Dise que a entidade rexistrou un total de corenta e dous traballos presentados para o certame.

- D. A., “María González Blanco gana el XI Premio de Relato Curto Alumni USC”, *Diario de Arousa*, “O Salnés”, 21 decembro 2016, p. 10.

Comenta que a autora cambadesa María González Blanco se impuxo entre 42 orixinais con “O Segredo de Moira” no citado premio de relato, do que o xurado destaca o efecto inmersivo e a intriga.

- Margarito Flowers, “O segredo de Moira’ gana el premio Relato Curto universitario”, *El Correo Gallego*, “Gente”, 22 decembro 2016, p. 71.

Cítanse as autoras dos relatos galardoados no premio dos Alumni USC, resultando gañadora María González Blanco, con “O Segredo de Moira”. Recoñécense outros tres accésits: “Un monólogo para Mrs. Musgrove”, de Noelia Cendán Teijeiro; “A piccola violinista”, de Montserrat Pis Marcos; e “Local hero”, de Héctor Cajaraville.

Concurso Literario de Relato curto da **Asociación Galega de Amigos do Camiño de Santiago** (AGACS)

Organizado pola Asociación Galega de Amigos do Camiño de Santiago (AGACS), está dirixido a escritores de calquera nacionalidade maiores de 16 anos con obras inéditas e non premiadas, escritas en calquera lingua sobre un tema relacionado co Camiño de Santiago. Os traballos, cunha extensión mínima de tres folios e máxima de cinco, deben entregarse baixo lema xunto cun sobre cos datos persoais e poden presentarse en man ou por correo postal no Albergue de peregrinos de San Roque (O Vilar, s/n, 15130, Corcubión). Estabelécese un premio de 300 € ao mellor relato, que será publicado

integramente na revista *Libredón*. Nesta edición do 2016, o prazo de entrega dos orixinais rematou o 15 de setembro. O xurado, composto por persoeiros de recoñecida solvencia no mundo da crítica literaria e un membro da xunta directiva da AGACS, outorgoulle o premio ó texto "Las pieles del peregrino", presentado baixo o pseudónimo de "Puriq".

II Certame de microrrelatos efímeros do **Ateneo de Ourense**

Con motivo do Día Internacional da Muller o Ateneo de Ourense convoca este concurso coa temática da muller en todos os ámbitos da vida, conmemorando a loita da muller pola igualdade de dereitos. O premio consiste na publicación do traballo premiado. Pódense presentar persoas de máis de 16 anos, con textos escritos en castelán ou galego, orixinais, inéditos e que non superen as 150 palabras. O prazo de presentación pechouse o día 15 de abril.

I Concurso **Balbino de relatos "O rural galego"**

A empresa Técnicas & Gramaxe, SL, coa conformidade da Fundación Xosé Neira Vilas e en colaboración coa Secretaría Xeral de Política Lingüística, a Consellería de Cultura, a Deputación de Pontevedra e os Concellos de Vila de Cruces e Boqueixón, convoca a primeira edición deste premio anual co obxectivo de promover a lingua e a literatura galegas. Poden participar nel tódalas persoas que presenten traballos en lingua galega que xiren arredor da temática do rural galego. Os textos deben ser orixinais e inéditos, cunha extensión comprendida entre os 120.000 e os 180.000 caracteres con espazos, e deben entregarse por correo electrónico ou postal, con plica, que se enviará por correo ordinario nos dous casos. O premio consiste na entrega de 1.500 € e a publicación da obra gañadora por Edicións Fervenza. Nesta primeira edición, a data de presentación dos traballos rematou o 30 de xuño de 2016. O xurado, composto por Rosalía Morlán, Ánxela Gracián e Armando Requeixo, outorgou por unanimidade o premio a Xián Lois Alcayde, polo relato "Camiños na sombra".
Referencias varias:

- Alba Lago, "Aberto o prazo da primeira edición do concurso Balbino", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 3 marzo 2016, p. 42.

Recolle o acto de presentación do certame, presentado por Valentín García, secretario xeral de Política Lingüística, e expón brevemente as bases do concurso, cuxo prazo xa está aberto.

Premio **Biblos-Pazos** de Galicia

Premio creado pola editora Biblos no ano 2005, aberto á participación de menores de 25 anos que presenten unha memoria de entre 30 e 40 folios das súas respectivas novelas á editora Biblos (Quintá, n.º 8-Mandaio, 15391, Cesuras-A Coruña) (www.biblosclube.com), na que se inclúan unha exposición das características da súa futura obra, así como un capítulo ou fragmento para valorar o seu estilo. As persoas finalistas seleccionadas teñen que presentar nun segundo prazo un borrador das súas

novelas. Esta editora designa todos os anos un titor que axuda ao gañador a completar e perfilar a obra durante unha estadía no mes de outubro na Casa Grande do Bachao. O galardón comporta, ademais da estadía na Casa Grande do Bachao, un ordenador portátil, a escultura creada para o premio, deseñada polo artista lugués Luís Loureira e a publicación da súa obra. Nas edicións anteriores resultaron galardoados: en 2005, Iria López por *Meniña de cristal* (2005); en 2006, Alberto Ramos por *Dor pantasma* (2006); en 2007, Patricia Casas por *Vidas entrelazadas*, publicada como *Teselas de cidade* (2008); en 2008, Berta Dávila por *Bailarei sobre a túa tumba* (2008); en 2009, Pablo García por *Relato dun estalido sordo* (2010); en 2010, Elena Veiga por *Morto en fucsia* (2011); en 2011, Iria Morgade Valcárcel por *Verbas no ar* (2011); e en 2013 Lidia Gómez Martínez.

XXXV Premio **Blanco Amor de Novela Longa**

Por iniciativa do Concello de Redondela, creouse no ano 1981 este premio promovido e financiado por un consorcio de concellos que participaban con 300 € cada un, e que cada ano foi sendo máis numeroso, até chegar á actual contía de 12.000 € e unha obra escultórica. Até a edición correspondente ao ano 2014, a organización do premio adxudicábase por sorteo a un dos concellos do consorcio, que era o encargado de correr con todos os actos que leva consigo a convocatoria: entrega do premio e difusión da obra gañadora. Dende esta edición a organización corre a cargo da Deputación de Ourense. As obras presentadas deben ser inéditas e ter unha extensión mínima de cento cincuenta folios mecanografados por unha cara ou setenta e cinco a dobre cara e a dobre espazo (fonte Times New Roman, tamaño12). Poden participar nel todos os autores, de calquera nacionalidade, que presenten unha ou varias obras escritas en lingua galega, segundo a normativa oficial vixente. Os interesados deben enviar cinco copias das súas obras por correo, sen remite e baixo lema á Deputación de Ourense (Rúa Progreso, n.º 32, 32003, Ourense), facendo constar no exterior "Para o XXXV Premio Blanco-Amor". Nun sobre anexo, pechado e baixo o mesmo lema, indicarase o nome e enderezo do autor ou autora e, de ser posíbel, o seu teléfono e enderezo electrónico. O xurado do premio está composto por cinco membros de recoñecido prestixio no ámbito da cultura galega. Os galardóns en edicións anteriores foron para: Daniel Cortezón en 1981, por *A vila sulagada* (1981); Víctor Fernández Freixanes en 1982, por *O triángulo inscrito na circunferencia* (1982); Xosé Manuel Martínez Oca en 1983, por *Beiramar* (1983); Alfredo Conde en 1984, por *Xa vai o griffon no vento* (1984); Xoán Manuel Casado en 1985, por *O inverno do lobo* (1985); Lois Diéguez en 1986, por *A canción do vagamundo* (1987); Isaac Otero en 1987, por *O sorriso de Gardel* (1987); Miguel Suárez Abel en 1988, por *Turbo* (1988); Román Raña en 1989, por *O crime da rúa da Moeda Vella* (1989); Valentín Carrera en 1990, por *Río Sil* (1990); Fran Alonso en 1991, por *Tráiler* (1991); Ramón Caride Ogando en 1992, por *Soños eléctricos* (1992); Úrsula Heinze en 1993, por *Culpable de asasinato* (1993); Xosé Cid Cabido en 1994, por *Panificadora* (1994); (no ano 1995 non se convocou); Xavier Lorenzo Tomé en 1996, por *O paxaro que canta un nome* (1996); Suso de Toro en 1997, por *Calzados Lola* (1997); Xavier Alcalá en 1998, por *Alén da desventura* (1998); Xosé Cid Cabido en 1999, por *Grupo abeliano* (1999); Xosé Carlos Caneiro en 2000, por *Ébora* (2000); Xosé Antonio Perozo en 2001, por *Martázul* (2001); Xosé Monteagudo en 2002, por *As voces da noticia* (2002); Séchu Sende en 2003, por *Orixe* (2004); Dolores Ruiz Gestoso en 2004, por *Dentro da illa* (2005); Francisco Castro en 2005, por *Spam* (2006); Xesús Rábade Paredes en 2006, por *Mentres a herba medra* (2007); Inma López Silva en

2007, por *Memorias de cidades sen luz* (2008); (no ano 2008 non se convocou); Luís Rei Núñez en 2009, por *Monte Louro* (2009); Iván García Campos en 2010, por *O imposible de desatar* (2010); Manuel Lourenzo González en 2011, por *ATL* (2012); Ignacio Vidal Portabales en 2012, por *Dióxenes en Dolorida* (2013); Jorge Llorca en 2013, por *O violín de Rembrandt* (2014); Fran P. Lorenzo en 2014, por *Cabalos e lobos* (2015); e Xavier Queipo en 2015, por *Os Kowa*. Na edición de 2016, o prazo de entrega de orixinais rematou o 14 de setembro e o xurado, composto Luís González Tosar, Ánxela Rodríguez, Ramón Gutiérrez, Luciano Rodríguez e Inma López, decidiu conceder o galardón ao escritor Miguel Anxo Fernández por *Blues para Moraima*. A entrega do galardón tivo lugar nun acto literario o 1 de decembro.

Referencias varias:

- Xosé A. Perozo, "Lembrando a Blanco Amor", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Pensar por pensar", 27 novembro 2016, p. 2.

Efectuando un exercicio de memoria persoal, coméntase unha entrevista e unha tertulia con Blanco Amor, así como a orixe do premio que leva o seu nome e agora cumpre 35 anos: un pequeno xantar en 1980 no que Xaime Rei (alcalde de Redondela) convocou a María Xosé Porteiro, Víctor Freixanes, Xosé González e o autor da columna.

- H. J. Porto, "Miguel Anxo Fernández, premio Blanco Amor coa súa novela 'Blues para Moraima", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 27 novembro 2016, p. 40.

Informa de que Miguel Anxo Fernández foi o gañador da XXXV edición deste premio coa novela *Blues para Moraima*. Dá conta do argumento da obra e fala da serie de libros que escribiu este autor protagonizados polo detective Frank Soutelo.

- Mario Álvarez, "Miguel Anxo Fernández gana el Blanco Amor", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 27 novembro 2016, p. 36.

Infórmase do ditame do xurado desta XXXV edición, que premia a *Blues para Moraima*, do escritor, ensaísta e investigador cinematográfico Miguel Anxo Fernández (O Carballiño, 1955). Recóllese a composición do xurado e as datas de entrega.

- Candela Valle, "Miguel Anxo Fernández recibe el XXXV Premio de Novela Longa", *La Región*, "Ourense", 2 decembro 2016, p. 17.

Dá conta da gala de entrega do premio –doce mil euros e unha escultura de Acisclo Manzano– organizado pola Deputación, que se celebrou no Liceo de Ourense. Destácanse as cualidades da obra de Miguel Anxo Fernández entre as 22 novelas presentadas.

XXVII Premio Literario **Camilo José Cela de Narrativa**

O Concello de Padrón convoca este certame dende o ano 1989 para homenaxear a "figura humana e literaria do egrexio escritor". Premia relatos de tema libre, escritos en castelán ou en galego, inéditos e orixinais, cunha extensión de doce a vinte e cinco

folios, mecanografados a dobre espazo en formato *word* e tipo de letra Arial tamaño 12. Hai que envialos por quintuplicado, con lema e plica, ao rexistro do Concello de Padrón (Rúa Longa, n.º 27, 15900, Padrón, A Coruña). O premio está dotado de 1.500 € e unha estatuíña do escritor Camilo José Cela. Nesta edición do ano 2016, o prazo de presentación rematou o 15 de xullo. O xurado, integrado por Anxo Abuín, Carmen Becerra, Beatriz Váquez, Carlos Arias, Mari Cruz Taboada (secretaria) e Lorena Couso (presidenta), acordou outorgar o premio a José Agustín Blanco pola novela *Apenas cinco palabras*, presentada baixo o lema "Amor vincit omnia".

Referencias varias:

- M. García, "Presentan un libro con los 25 relatos del Premio Cela", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Agenda", "Para todos los públicos", 5 marzo 2016, p. L11.

Entre outras novas, informa da presentación do volume *25 anos do Premio Literario Camilo José Cela* (2016) e destaca que recolle os gañadores das vinte e cinco edicións do certame Premio Literario Camilo José Cela.

- Mar Toledo, "José Agustín Blanco se alza con el premio Camilo José Cela", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 28 decembro 2016, p. 31.

Indica que a novela *Apenas cinco palabras* do escritor José Agustín Blanco Redondo gaña a XXVII edición do premio, convocado polo Concello de Padrón. Di que o xurado estivo formado por Anxo Abuín, Carmen Becerra, Beatriz Vázquez e Carlos Arias.

I Concurso Literario **Cáncer de Mama**

A Unidade de Patoloxía Mamaria do Hospital Universitario Lucus Augusti (UMA) e a Asociación Española Contra el Cáncer (AECC) convocan a primeira edición deste certame de relatos anual sobre o cancro de mama, co obxectivo de sensibilizar á poboación ante esta enfermidade e servir de axuda ás persoas afectadas. Poden presentarse traballos en lingua galega ou castelá inéditos, cunha extensión entre 3.000 e 4.500 caracteres, a dobre espazo e por unha cara. Os exemplares remitiranse por correo postal á Xerencia do Hospital Universitario Lucus Augusti (Rúa Ulises Romero, n.º 1, 27003, Lugo), asinados con pseudónimo e con plica, até o 19 de xaneiro de 2017. O texto gañador recibirá un premio de 1.000€ e será publicado no xornal *El Progreso* o 19 de outubro, coincidindo co Día Mundial do Cancro de Mama.

Referencias varias:

- M. P., "Hula y Aecc convocan un certamen de relatos sobre el cáncer de mama", *El Progreso*, "Lugo", 20 outubro 2016, p. 6.

Informa da convocatoria dun certame literario en prol da sensibilización sobre a enfermidade citada, da man da unidade de Patoloxía Mamaria do Hula e a xunta provincial da Asociación Española contra o Cancro. Resúmense as bases.

XIII Premio de Novela Europea **Casino de Santiago**

O Casino de Santiago e o IES Rosalía de Castro, coa axuda de El Corte Inglés, convocan este premio, dotado de 3.000 €, dende 2003, co obxectivo de fomentar a lectura entre a poboación compostelá. Unha comisión seleccionadora elixe un grupo de novelas publicadas nalgún país da Unión Europea e ábrese un prazo de votación para que o lectorado emita o seu voto, ben no Casino de Santiago, onde se ofrecen en préstamo as novelas finalistas, ben no Centro Comercial Compostela de El Corte Inglés. Un trinta por cento da resolución do xurado é o resultado da votación de residentes ou persoas que traballan na cidade de Santiago, que tamén levan un premio. A porcentaxe restante cóbrese cos socios do Casino (un vinte por cento) e as votacións de dez representantes de varias institucións da cidade (un cincuenta por cento). Nas edicións anteriores resultaron galardoadas *Expiación*, de Ian Mc Ewan; *A Menulara*, de Simonetta Agnelo; *Xuntos e mais nada*, de Ana Gavalda; *Nunca me abandones*, de Kazuo Ishiguro; *Sobre a beleza*, de Zadie Smith; *A rolda nocturna*, de Sarah Waters; *Caos Calmo*, de Sandro Varonesi; *La extraña desaparición de Esme Lennox*, de Maggie O'Farrell; *La cena*, de Herman Koch; *De vidas ajenas*, de Emmanuel Carrère; *El insólito peregrinaje de Harold Fry*, de Rachel Joyce; e *Capital,* de John Lanchester.

Referencias varias:

- Ana Iglesias, "Premio del Casino para el británico John Lanchester", *El Correo Gallego*, "Santiago", 2 novembro 2016, p. 23.

Informa da próxima viaxe do xornalista e novelista británico a Compostela para recoller o premio concedido por *Capital*, descrita como un gran fresco contemporáneo da nosa sociedade. Na mesma cerimonia, nomearase socia de honra á editora Ana Jornet.

_____, "Los lectores compostelanos premian a John Lanchester", *El Correo Gallego*, "Santiago", 4 novembro 2016, p. 23.

Comenta a recepción do galardón organizado polo Casino de Santiago, recolle algunhas declaración do autor premiado, así como unha breve nómina dos autores concorrentes no presente ano e dos galardoados en anos precedentes. Noméase Socia de Honra do Casino a Ana Jornet.

- ECG, "Entrega del Premio del Casino a John Lanchester", *El Correo Gallego*, "Santiago", 3 novembro 2016, p. 30.

Informa da entrega do XII Premio Novela Europea Casino de Santiago, por parte do conselleiro de Cultura, Román Rodríguez, ofrecendo as horas do encontro de prensa e da cerimonia, así como unhas pinceladas sobre a novela galardoada.

- Xurxo Fernández, "Lanchester", *El Correo Gallego*, "Crisol", 7 novembro 2016, p. 56.

Informa, cunha semana de demora, da recepción do Premio Novela Europea do Casino de Santiago, sorpréndese do moderado predicamento público do narrador e ensaísta, e comenta o seu papel na revista *Granta*.

- Ana Iglesias, "Cinco autores compiten por el Premio de Novela del Casino", *El Correo Gallego*, "Santiago", 17 novembro 2016, p. 29.

Pasadas dúas semanas da entrega do galardón a John Lanchester, danse a coñecer os finalistas da seguinte edición, a XIII: *O último día de Terranova*, de Manuel Rivas; *Cicatriz*, de Juan Gómez-Jurado; *Valor*, de Clara Usón; *Expo 58*, de Jonathan Coe; *La Guitarra Azul* de John Banville. Coméntase a conformación do xurado.

- ECG, "Finalistas del Premio Literario del Casino", *El Correo Gallego*, "Santiago", 16 novembro 2016, p. 28.

Sinala que as profesoras Margarita Prado e Rosa López serán as encargadas de comunicar a decisión do xurado deste premio.

Concurso Internacional de Novela Curta **Cidade Centenaria de Ribeira**

Organizado pola Área de Cultura do Concello de Ribeira cos obxectivos de potenciar, apoiar e difundir a literatura en lingua galega e conmemorar a concesión de título de cidade. É un certame literario en lingua galega de ámbito internacional e de carácter bienal, no que pode participar calquera persoa, maior de idade e de calquera nacionalidade, sempre que presente un traballo escrito en galego segundo a normativa ortográfica e morfolóxica aprobada pora Real Academia Galega en 2003, orixinal e inédito, de temática libre, cunha extensión mínima de oitenta mil caracteres e máxima de cento corenta mil. O premio comporta unha contía de 3.000 €, un diploma e a publicación da obra por Edicións Xerais de Galicia. Os traballos, mecanografados e nun CD cunha copia dixital do texto, débense entregar por quintuplicado, baixo lema e mediante o sistema de plica, na Área de Cultura do Concello de Ribeira (Praza do Concello s/n, 15960, Ribeira-A Coruña). Os gañadores nas pasadas convocatorias foron: *As mellores intencións*, de Begoña Paz; *Vertixes*, de José Ignacio Silva Regueira; *Orlando pendurado*, de María Goretti Fariña Caamaño; *A liña azul*, de David Pobra; e *A cacería,* de Amadeo López Cobas. O gañador da sexta edición do premio foi Antonio Tizón por *Un home estraño*.

Concurso de relatos **Ciencia que conta**

O grupo DIVUGALTIA da Universidade de Vigo organiza este concurso de relatos curtos para concienciar sobre a importancia da ciencia no desenvolvemento económico e o benestar social. Está aberto ao alumnado de Educación Primaria e Secundaria e ao público en xeral e pódese participar con obras de autoría individual ou de dous autores. Os traballos deben ser orixinais, inéditos e escritos en lingua galega, cunha extensión máxima de 800 palabras, e debían enviarse ao enderezo http://www.cienciaqueconta.com/participa até o 1 de abril de 2016. Estabelécense catro categorías: Alumnado de Educación Primaria, Alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria, Alumnado de Bacharelato e ciclos de FP e Público en xeral, con tres

premios para cada unha delas. Nesta oitava edición o xurado decidiu galardoar os traballos que a continuación se indican (por orde alfabética). Na categoría Alumnado de Educación Primaria os premiados foron: "Crónicas dunha pinga", de Anxo Vázquez Novo, do CPR Plurilingüe Salesianos (A Coruña); "Un científico ao meu carón", de Bruno Rodríguez Docobo, do CEIP de Foz n.º 1; "O doador doado", de Lucas López Sanmartín, do CEIP de Ponte Sampaio; "A nena á que non lle deixaron escribir poesías", de Pablo Antonio Chas Ribao, da Escola Rosalía de Castro (Vigo); e "Magnetismo Diario", de Paula Romero Jorge, da Escola Rosalía de Castro (Vigo). Na categoría Alumnado de Educación Secundaria: "Nunca te rindas", de Alba Vicente Muñiz, do IES Félix Muriel (Rianxo); "A vida dende o principio", de Iria Freire Agra, do IES Xulián Magariños (Negreira); "A ombros de xigantes", de Manuel Francisco Lamela Gómez, do Instituto Basanta Silva (Vilalba); "A Penicilina", de María Ramilo López, do Colexio Miralba (Vigo); e "Un excelente descubrimento", de Pedro Martín Suárez Silva, do Liceo de Nueva Helvecia (Nueva Helvecia, Colonia, Uruguay). Na categoría Alumnado de Bacharelato: "Agarimos esquecibles", de Claudia Vega Mascareñas", do IES Xesús Taboada Chivite (Verín); e "Ondiñas do mar de Vigo", de Mar Sola Sanmartín, do IES Politécnico de Vigo. Finalmente, na modalidade de Público xeral: "O amor xorde en todas partes", de Bettiana Hidalgo Robatto (Vigo); "Non molestes aos meus círculos", de José Ricardo Soto Caride (Vigo); e "O xenio que non foi figura", de Paula Xirasola (Vigo).

XIV Certame de Relato Curto do **Concello de Mugardos**

Certame de relato curto en galego que convoca a Concellaría de Política Lingüística do Concello de Mugardos. Os traballos deben ser orixinais, inéditos e estar escritos en lingua galega, cunha extensión máxima de dez páxinas, e poden presentarse até un máximo de tres traballos por participante. Deben presentarse durante todo o mes de marzo no rexistro de entrada do Concello de Mugardos ou enviarse por correo certificado á Concellaría de Política Lingüística do Concello de Mugardos (Avda. de Galicia, n.º 45, 15620, Mugardos), por triplicado e baixo plica. Existen tres categorías: unha até os doce anos, que terá como premio un bono de 100 € para mercar libros en galego; outra entre os 13 e os 17 anos (incluídos), na que se opta a un vale de 200 €; e unha para maiores de 18 anos, que pode gañar un bono de 400 €. Na XIV edición, do ano 2016, o xurado, composto por Begoña Roldós Iglesias, Gabriela Sánchez Cortizas, Juan J. Álvarez Garea e Mª del Mar Nóvoa Conde, decidiu por unanimidade conceder o premio na categoría de 13 a 17 anos a Eva Salvado Fernández por "Gaiola" e na categoría de iguais ou maiores de 18 a Miguel Ángel Alonso Fernández por "Les trois chats". Na categoría até 12 anos o premio declarouse deserto por non terse presentado ningunha obra.

IV Concurso de microrrelatos **Concello de Parada de Sil**

Certame convocado polo Concello de Parada de Sil, grazas á doazón de Eugenio Prieto Pérez. As bases indican que os microrrelatos serán de tema e estilo libre, escritos en galego ou castelán, orixinais e inéditos. A extensión do texto non excederá as 200 palabras. Existen dous premios: o primeiro de 1.000 € e o segundo de 500 € e poden presentarse un máximo de dous microrrelatos por autor. Na edición correspondente ao ano 2016 o prazo de entrega rematou o 4 de marzo e o xurado, presidido por Antonio

Carreño, decidiu outorgarlle o primeiro premio a Ricardo Alonso Montero, por "Serenata de Otoño", e o segundo premio a Valeria Lucía Deluca, por "La venganza de las Palabras". Así mesmo, propuxo un accésit dotado con 300 € para Carla López López, por "Lady Soedade".

IV Certame de **Contos de verán**

Certame de contos que organiza o xornal *El Progreso*. Pódense presentar traballos de temática libre, inéditos na súa totalidade e escritos en lingua galega segundo a normativa oficial vixente. A extensión dos relatos non pode ser inferior aos tres mil caracteres nin superior aos catro mil, incluídos os espazos. Os contos elixidos por un xurado designado para o efecto publícanse no xornal durante os meses de xullo e agosto. Pódense enviar cantos contos se queiran, se ben só se publica un por persoa. Os orixinais envíanse ao enderezo electrónico contosdeveran@elprogreso.es ou por correo postal ao diario *El Progreso*, rúa Ribadeo, n.º 5, 27002 Lugo. Pódense acompañar dunha fotografía da autora ou autor, que se publica xunto ao relato. Estabelécense dous premios: un primeiro dotado de 1.000 € e un segundo con 500 €; os impostos correspondentes corren a cargo das persoas gañadoras. O xurado cualificador componse dun xornalista representante d´*El Progreso* e por outras dúas persoas relacionadas co ámbito da literatura galega e do xornalismo. Na edición correspondente ao ano 2016, o xurado composto por Luís González Tosar, Tito Diéguez e Marta Veiga Izaguirre acordou concederlle os galardóns a Ana Isabel Núñez, por "Agora xa podo esnaquizar en paz", e Beatriz López Dorado, por "Policlínico Indomeni & Business".

Referencias varias:

- Ruth López, "El Progreso entrega os galardóns dos Contos de Verán no Día de Rosalía", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 24 febreiro 2016, p. 59.

Informa da inminente entrega de premios, que será esa mesma xornada, e dos gañadores e os membros do xurado. Ademais, menciona que asistirán ao acto algúns persoeiros do ámbito da cultura coma o secretario xeral de política lingüística, o presidente do PEN Galicia ou o poeta Luís Tosar.

- X. Vidal, "A chamada", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 25 febreiro 2016, p. 57.

Reprodúcese o relato gañador da terceira edición destes premios titulado "A chamada" de X. Vidal, que conta unha anécdota telefónica sobre unha errata administrativa, a partir da que se amosa un prototipo de persoa que vive felizmente nunha situación de precariedade laboral.

- Lionel Rexes, "Pozo negro", *El Progreso*, "deVerano", "Contos de verán", 16 xullo 2016, p. 44.

Sección que acolle relatos curtos durante o verán. Neste caso reprodúcese o realizado por Lionel Rexes, titulado "Pozo negro".

- Andrea Gayoso, “Friend Zone”, *El Progreso*, “deVerano”, “Contos de verán”, 19 xullo 2016, p. 36.

Sección que acolle relatos curtos durante o verán. Neste caso reprodúcese o realizado por Andrea Gayoso, titulado “Friend Zone”.

- Alfredo Pardo, “A enerxía do mal”, *El Progreso*, “deVerano”, “Contos de verán”, 22 xullo 2016, p. 50.

Sección que acolle relatos curtos durante o verán. Neste caso reprodúcese o realizado por Alfredo Pardo, titulado “A enerxía do mal”.

- Adrián Casanova Chiclana, “O son das pingas”, *El Progreso*, “deVerano”, “Contos de verán”, 25 xullo 2016, p. 60.

Sección que acolle relatos curtos durante o verán. Neste caso reprodúcese o realizado por Adrián Casanova Chiclana, titulado “O son das pingas”.

- Abraham Pena Vila, “Contos lembrados”, *El Progreso*, “deVerano”, “Contos de verán”, 26 xullo 2016, p. 28.

Sección que acolle relatos curtos durante o verán. Neste caso reprodúcese o realizado por Abraham Pena Vila, titulado “Contos lembrados”.

- Manuel Vázquez, “As mazás e as esculturas gregas”, *El Progreso*, “deVerano”, “Contos de verán”, 27 xullo 2016, p. 38.

Sección que acolle relatos curtos durante o verán. Neste caso reprodúcese o realizado por Manuel Vázquez, titulado “As mazás e as esculturas gregas”.

- Sabela López López, “Ola, chámome Bard”, *El Progreso*, “deVerano”, “Contos de verán”, 28 xullo 2016, p. 56.

Sección que acolle relatos curtos durante o verán. Neste caso reprodúcese o realizado por Sabela López López, titulado “Ola, chámome Bard”.

- Marta Sánchez, “María”, *El Progreso*, “deVerano”, “Contos de verán”, 30 xullo 2016, p. 40.

Sección que acolle relatos curtos durante o verán. Neste caso reprodúcese o realizado por Marta Sánchez, titulado “María”.

- Beatriz López Dorado, “Policlínico Indomeni & Business”, *El Progreso*, “deVerano”, “Contos de verán”, 3 agosto 2016, p. 38.

Sección que acolle relatos curtos durante o verán. Neste caso reprodúcese o realizado por Beatriz López Dorado, titulado “Policlínico Indomeni & Business”.

- Manuel Vilaro Pombo, “Non te rendas”, *El Progreso*, “deVerano”, “Contos de verán”, 7 agosto 2016, p. 47.

Sección que acolle relatos curtos durante o verán. Neste caso reprodúcese o realizado por Manuel Vilaro Pombo, titulado “Non te rendas”.

- Ramón Coira Luaces, “A memoria”, *El Progreso*, “deVerano”, “Contos de verán”, 9 agosto 2016, p. 34.

Sección que acolle relatos curtos durante o verán. Neste caso reprodúcese o realizado por Ramón Coira Luaces, titulado “A memoria”.

- José López Fernández, “No baúl dos recordos”, *El Progreso*, “deVerano”, “Contos de verán”, 11 agosto 2016, p. 33.

Sección que acolle relatos curtos durante o verán. Neste caso reprodúcese o realizado por José López Fernández, titulado “No baúl dos recordos”.

- Augusto González, “O que falaba o vello Augusto”, *El Progreso*, “deVerano”, “Contos de verán”, 13 agosto 2016, p. 53.

Sección que acolle relatos curtos durante o verán. Neste caso reprodúcese o realizado por Augusto González, titulado “O que falaba o vello Augusto”.

- Miguel Cumbraos Álvarez, “Aquel cabalo, aqueles nenos”, *El Progreso*, “deVerano”, “Contos de verán”, 15 agosto 2016, p. 30.

Sección que acolle relatos curtos durante o verán. Neste caso reprodúcese o realizado por Miguel Cumbraos Álvarez, titulado “Aquel cabalo, aqueles nenos”.

- Beni Ónega, “Agochados”, *El Progreso*, “deVerano”, “Contos de verán”, 16 agosto 2016, p. 34.

Sección que acolle relatos curtos durante o verán. Neste caso reprodúcese o realizado por Beni Ónega, titulado “Agochados”.

- Sabela García, “A pequena gaivota da Costa Brava”, *El Progreso*, “deVerano”, “Contos de verán”, 16 agosto 2016, p. 35.

Sección que acolle relatos curtos durante o verán. Neste caso reprodúcese o realizado por Sabela García, titulado “A pequena gaivota da Costa Brava”.

- Alejo Pacín, “Fuxitivo en tempos de guerra”, *El Progreso*, “deVerano”, “Contos de verán”, 17 agosto 2016, p. 34.

Sección que acolle relatos curtos durante o verán. Neste caso reprodúcese o realizado por Alejo Pacín, titulado “Fuxitivo en tempos de guerra”.

- Jenniffer Herrero González, “A néboa do esquecemento”, *El Progreso*, “deVerano”, “Contos de verán”, 17 agosto 2016, p. 32.

Sección que acolle relatos curtos durante o verán. Neste caso reprodúcese o realizado por Jenniffer Herrero González, titulado “A néboa do esquecemento”.

- Marta Sánchez, “Non son Peter Pan”, *El Progreso*, “deVerano”, “Contos de verán”, 18 agosto 2016, p. 41.

Sección que acolle relatos curtos durante o verán. Neste caso reprodúcese o realizado por Marta Sánchez, titulado “Non son Peter Pan”.

- Luis Orestes, “A opción”, *El Progreso*, “deVerano”, “Contos de verán”, 18 agosto 2016, p. 44.

Sección que acolle relatos curtos durante o verán. Neste caso reprodúcese o realizado por Luis Orestes, titulado “A opción”.

- Andrea Gayoso Rodríguez, “A vida é unha roda”, *El Progreso*, “deVerano”, “Contos de verán”, 19 agosto 2016, p. 29.

Sección que acolle relatos curtos durante o verán. Neste caso reprodúcese o realizado por Andrea Gayoso Rodríguez, titulado “A vida é unha roda”.

- Ángeles Camino Saco, “O pequeno planeta”, *El Progreso*, “deVerano”, “Contos de verán”, 19 agosto 2016, p. 30.

Sección que acolle relatos curtos durante o verán. Neste caso reprodúcese o realizado por Ángeles Camino Saco, titulado “O pequeno planeta”.

- Jesús Castro Yáñez, “Pequena luz”, *El Progreso*, “deVerano”, “Contos de verán”, 19 agosto 2016, p. 31.

Sección que acolle relatos curtos durante o verán. Neste caso reprodúcese o realizado por Jesús Castro Yáñez, titulado “Pequena luz”.

- Francisco Fernández, “2016”, *El Progreso*, “deVerano”, “Contos de verán”, 20 agosto 2016, p. 30.

Sección que acolle relatos curtos durante o verán. Neste caso reprodúcese o realizado por Francisco Fernández, titulado “2016”.

- Raquel Pardo, “Entre xullo e setembro”, *El Progreso*, “deVerano”, “Contos de verán”, 20 agosto 2016, p. 32.

Sección que acolle relatos curtos durante o verán. Neste caso reprodúcese o realizado por Raquel Pardo, titulado “Entre xullo e setembro”.

- Víctor Manuel Armesto, “A pucha vermella”, *El Progreso*, “deVerano”, “Contos de verán”, 20 agosto 2016, p. 65.

Sección que acolle relatos curtos durante o verán. Neste caso reprodúcese o realizado por Víctor Manuel Armesto, titulado “A pucha vermella”.

- Pichucho, “A vida enteira”, *El Progreso*, “deVerano”, “Contos de verán”, 21 agosto 2016, p. 37.

Sección que acolle relatos curtos durante o verán. Neste caso reprodúcese o realizado por Pichucho, titulado “A vida enteira”.

- Sergio Couso Núñez, “A trapela”, *El Progreso*, “deVerano”, “Contos de verán”, 21 agosto 2016, p. 40.

Sección que acolle relatos curtos durante o verán. Neste caso reprodúcese o realizado por Sergio Couso Núñez, titulado “A trapela”.

- Ana Isabel Núñez, “Agora xa podo esnaquizar en paz”, *El Progreso*, “deVerano”, “Contos de verán”, 21 agosto 2016, p. 41.

Sección que acolle relatos curtos durante o verán. Neste caso reprodúcese o realizado por Ana Isabel Núñez, titulado “Agora xa podo esnaquizar en paz”.

- Yago Pego Martínez, “Pesadelo dunha noite de San Xoán”, *El Progreso*, “deVerano”, “Contos de verán”, 21 agosto 2016, p. 42.

Sección que acolle relatos curtos durante o verán. Neste caso reprodúcese o realizado por Yago Pego Martínez, titulado “Pesadelo dunha noite de San Xoán”.

- Laura Fernández Pardo, “O futuro dos pesadelos”, *El Progreso*, “deVerano”, “Contos de verán”, 22 agosto 2016, p. 27.

Sección que acolle relatos curtos durante o verán. Neste caso reprodúcese o realizado por Laura Fernández Pardo, titulado “O futuro dos pesadelos”.

- Abraham Pérez, “Fracaso literario”, *El Progreso*, “deVerano”, “Contos de verán”, 22 agosto 2016, p. 28.

Sección que acolle relatos curtos durante o verán. Neste caso reprodúcese o realizado por Abraham Pérez, titulado “Fracaso literario”.

- Silvia Ferreiro Rodríguez, “O bosque dos catro reinos”, *El Progreso*, “deVerano”, “Contos de verán”, 23 agosto 2016, p. 68.

Sección que acolle relatos curtos durante o verán. Neste caso reprodúcese o realizado por Silvia Ferreiro Rodríguez, titulado “O bosque dos catro reinos”.

- Alejandra Eiras, “Taza de té”, *El Progreso*, “deVerano”, “Contos de verán”, 23 agosto 2016, p. 69.

Sección que acolle relatos curtos durante o verán. Neste caso reprodúcese o realizado por Alejandra Eiras, titulado “Taza de té”.

- María Corto Imedio, “O científico supervivente”, *El Progreso*, “deVerano”, “Contos de verán”, 24 agosto 2016, p. 44.

Sección que acolle relatos curtos durante o verán. Neste caso reprodúcese o realizado por María Corto Imedio, titulado “O científico supervivente”.

- Lionel Rexes, “A envelenadora do curso de turismo”, *El Progreso*, “deVerano”, “Contos de verán”, 24 agosto 2016, p. 45.

Sección que acolle relatos curtos durante o verán. Neste caso reprodúcese o realizado por Lionel Rexes, titulado “A envelenadora do curso de turismo”.

- Héctor Castiñeira, “Habitación 307”, *El Progreso*, “deVerano”, “Contos de verán”, 25 agosto 2016, p. 38.

Sección que acolle relatos curtos durante o verán. Neste caso reprodúcese o realizado por Héctor Castiñeira, titulado “Habitación 307”.

- Monserrat García García, “Do outro lado...”, *El Progreso*, “deVerano”, “Contos de verán”, 25 agosto 2016, p. 39.

Sección que acolle relatos curtos durante o verán. Neste caso reprodúcese o realizado por Monserrat García García, titulado “Do outro lado...”.

- Carmen Peñalver, “Sofía”, *El Progreso*, “deVerano”, “Contos de verán”, 25 agosto 2016, p. 40.

Sección que acolle relatos curtos durante o verán. Neste caso reprodúcese o realizado por Carmen Peñalver, titulado “Sofía”.

- Andrea González Matanza, “Dezaoito anos”, *El Progreso*, “deVerano”, “Contos de verán”, 26 agosto 2016, p. 31.

Sección que acolle relatos curtos durante o verán. Neste caso reprodúcese o realizado por Andrea González Matanza, titulado “Dezaoito anos”.

- María Femenías, “Historia dunha vida corrente”, *El Progreso*, “deVerano”, “Contos de verán”, 26 agosto 2016, p. 32.

Sección que acolle relatos curtos durante o verán. Neste caso reprodúcese o realizado por María Femenías, titulado “Historia dunha vida corrente”.

- Héctor Castiñeira López, “A min da praia gústame todo”, *El Progreso*, “deVerano”, “Contos de verán”, 27 agosto 2016, p. 37.

Sección que acolle relatos curtos durante o verán. Neste caso reprodúcese o realizado por Héctor Castiñeira López, titulado “A min da praia gústame todo”.

- Martiño Maseda, “Deixar de seguir”, *El Progreso*, “deVerano”, “Contos de verán”, 27 agosto 2016, p. 38.

Sección que acolle relatos curtos durante o verán. Neste caso reprodúcese o realizado por Martiño Maseda, titulado “Deixar de seguir”.

- Martiño Maseda Lozano, “Omnisciencia”, *El Progreso*, “deVerano”, “Contos de verán”, 28 agosto 2016, p. 37.

Sección que acolle relatos curtos durante o verán. Neste caso reprodúcese o realizado por Martiño Maseda Lozano, titulado “Omnisciencia”.

- María Jesús Freire, “O conto que non foi conto”, *El Progreso*, “deVerano”, “Contos de verán”, 28 agosto 2016, p. 40.

Sección que acolle relatos curtos durante o verán. Neste caso reprodúcese o realizado por María Jesús Freire, titulado “O conto que non foi conto”.

- Samuel Mejía González, “Lúa, a nena que nunca se mirou ao espello”, *El Progreso*, “deVerano”, “Contos de verán”, 29 agosto 2016, p. 34.

Sección que acolle relatos curtos durante o verán. Neste caso reprodúcese o realizado por Samuel Mejía González, titulado “Lúa, a nena que nunca se mirou ao espello”.

- María Femenías, “Raparigo pequeno”, *El Progreso*, “deVerano”, “Contos de verán”, 30 agosto 2016, p. 54.

Sección que acolle relatos curtos durante o verán. Neste caso reprodúcese o realizado por María Femenías, titulado “Raparigo pequeno”.

- Orestes, “O que fixen...”, *El Progreso*, “deVerano”, “Contos de verán”, 31 agosto 2016, p. 37.

Sección que acolle relatos curtos durante o verán. Neste caso reprodúcese o realizado por Orestes, titulado “O que fixen...”.

- Ruth López, “Ana Isabel Núñez e Beatriz López Dorado gañan os Contos de Verán 2016”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 13 decembro 2016, p. 57.

Comenta que resultan gañadores desta cuarta edición do certame de *El Progreso* os relatos remitidos por Ana Isabel Núñez, “Agora xa podo esnaquizar en paz”, e Beatriz López Dorado, “Policlínico Indomeni & Business”, entre medio cento de relatos. O xurado estivo composto por Luís González Tosar, Tito Diéguez, e Marta Veiga Izaguirre.

Concurso de fotorrelatos A **Farixa**

Certame convocado polos equipos de Dinamización da Lingua Galega e de Biblioteca do Centro de Formación Profesional A Farixa. Os traballos presentados deberán ser orixinais, inéditos, escritos en galego ou castelán e cunha extensión máxima de cinco folios. Estabelécense tres categorías: primeiro premio (1.500 €), segundo premio (1.000

€) e terceiro premio (500 €). Na edición correspondente ao ano 2016 as gañadoras foron: Susana Paredes Pérez por "Unha vez" (primeiro premio), Beatriz Barreiros González por "Entre luces e sombras" (segundo premio) e Susana Paredes Pérez por "Afouteza" (terceiro premio).

XXVIII Certame de narrativa **Gonzalo Torrente Ballester**

Certame instituído pola Deputación Provincial da Coruña no ano 1989 como recoñecemento á obra narrativa de Gonzalo Torrente Ballester e coa intención de contribuír ao reforzamento da calidade creativa dos escritores. Dende a décimo cuarta convocatoria e até a edición correspondente ao ano 2015, outorgábase un único premio dotado de 25.000 € e a publicación da obra, ao que podían concorrer indistintamente traballos en galego e en castelán. Nesta edición do ano 2016, estabelécense dúas modalidades, unha en lingua galega e outra en lingua castelá, cun premio de 25.000 € para cada unha delas. Os orixinais poden ser de tema e extensión libres, en forma de novelas, relatos e conxunto de relatos. As obras deben presentarse preferentemente en formato dixital en Word, OpenOffice ou PDF. No caso de optar pola presentación en papel, os orixinais deben enviarse por duplicado, numerados e en tamaño DIN-A4, escritos polas dúas caras e acompañados de plica. Os orixinais envíanse á Deputación Provincial de A Coruña (Avda. Porto da Coruña, n.º 2, 15006 A Coruña). En edicións anteriores recibiron os galardóns as seguintes obras en lingua galega: *A cidade dos Césares* (1993), de Victor F. Freixanes, en 1992; *¿Que me queres, amor?* (1996), de Manuel Rivas, en 1995; *Un xogo de apócrifos* (1998), de Xosé Carlos Caneiro Pérez, en 1996; *A memoria do boi* (2001), de Xosé Vázquez Pintor, en 2000; *As humanas proporcións* (2004), de Xesús Constela Doce, en 2003; *A choiva do mundo* (2008), de Xosé Manuel Pacho Blanco, en 2007; e *A vida do outro* (2009), de Carlos González Reigosa, en 2008. Nesta edición, o prazo de presentación finalizou o 30 de xuño e o xurado, composto por Ramón Nicolás, Mercedes Queixas, Eva Moreda, Ledicia Costas e Mario Regueira, xunto a Mercedes Fernández-Albalat (secretaria) e Goretti Sanmartín (presidenta), acordou por maioría outorgar o premio da modalidade en lingua galega a Eli Ríos pola novela *Luns*.

Referencias varias:

- Jaureguizar, "Eli Ríos gaña o Torrente Ballester cunha novela que busca 'reaccións", *El Progreso*, "Vivir", 14 decembro 2016, p. 42.

Recóllense declaración da gañadora sobre unha novela que ela mesma considera "moi visceral" e con "complexidade formal", cun cento de páxinas que transcorren entre o fluír da conciencia e o diálogo. Coméntase brevemente o argumento da novela.

- X. Fraga, "Eli Ríos gaña o premio Torrente en galego coa novela 'Luns", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 14 decembro 2016, p. 40.

Di que se resolve na Deputación da Coruña o Premio na súa primeira convocatoria só para orixinais en galego, subliñando a perspectiva de xénero da obra gañadora, e considerándoa tecnicamente innovadora ao escoller unha corrente de consciencia que conmove o lectorado.

- R. L., “Once finalistas luchan por ganar hoy el XXVIII Torrente Ballester”, *Diario de Arousa*/ *Diario de Ferrol*/ *El Ideal Gallego*, “Sociedad”, 20 decembro 2016, p. 37.

Coméntase que un total de 512 novelas compiten pola XXVIII edición do premio en español, cun xurado composto por Luísa Castro, Remedios Zafra, Marcelo Luján, José Antonio Ponte Far e Blanca Riestra. Menciónase o fallo da modalidade en galego e sublíñase o perfilado de Nere, a protagonista da obra gañadora.

- M. G. M., “Eli Ríos gaña a primeira convocatoria do premio Torrente Ballester en galego”, *Diario de Arousa*/ *Diario de Ferrol*/ *El Ideal Gallego*, “Sociedad”, 14 decembro 2016, p. 36.

Vence, entre as dezaoito propostas finalistas, e na súa primeira aproximación á narrativa de adultos, a novela *Luns* de Eli Ríos. Recóllense declaracións da autora, que afirma escribir un 99,9 % de reivindicación dos dereitos da muller e un un por cento restante, literatura. O xurado conformárono Ramón Nicolás, Mercedes Queixas, Eva Moreda, Ledicia Costas e Mario Regueira.

- Héctor J. Porto, “El poeta Vicente Luis Mora gana el Torrente Ballester con ‘Cabeza de Vaca”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 21 decembro 2016, p. 37.

Indica que gaña a modalidade en español do premio unha improbábel e irónica biografía dun artista da segunda década do século XXI, da autoría de Vicente Luis Mora. Recóllese o axuste actual do premio, con dúas modalidades, e o veredicto da edición en galego.

VI Concurso de relatos **Inspiraciencia**

O Consello Superior de Investigacións Científicas convoca dende 2010 este concurso que relaciona a ciencia e a literatura dunha forma lúdica e participativa. Pode participar calquera persoa que presente un relato orixinal en calquera das dúas modalidades do concurso (relatos curtos, cunha extensión mínima de 800 palabras e máxima de 1.500; microrrelatos, cunha extensión máxima de 500 palabras) que estivera inspirado nunha temática científica en calquera xénero literario (narración, poesía, teatro). Os orixinais, escritos en catalán, español ou galego, deben ser inéditos e non premiados en ningunha outra convocatoria, certame ou premio literario, nin ser publicados en ningún outro medio ou blog persoal. Estabelécense dúas categorías: público adulto (a partir de 18 anos) e xuvenil (de 12 a 17 anos). Os participantes deben rexistrarse nunha das dúas categorías e enviar como máximo un relato para cada modalidade competitiva. Os orixinais deben publicarse no sitio web do concurso. Previamente hai que rexistrarse a través dun formulario dispoñíbel no mesmo sitio web. Pódese acceder co nome de usuario e un contrasinal e o pseudónimo é o nome co que se asinan os relatos. Estabelécense un premio institucional e un premio do público para cada modalidade e categoría. Os galardóns consisten en dispositivos electrónicos, libros de divulgación, cursos de escritura e obradoiros semellantes. A organización do concurso resérvase o dereito de declarar deserta a convocatoria se considera que os orixinais presentados non alcanzan a calidade mínima necesaria. Para o premio institucional desígnase un xurado formado por figuras recoñecidas dentro do mundo da cultura en sentido amplo (ciencia,

literatura, arte, divulgación) que valora as contribucións e propón os gañadores. Existe un equipo de moderación que se encarga de facer a preselección dos relatos que pasan ao xurado. Téñense en conta a adecuación á temática, a calidade literaria, a orixinalidade do enfoque, ademais da creatividade e a imaxinación. O premio do público decídese a través dunha votación en liña dos participantes previamente rexistrados e prémianse os relatos máis votados de cada categoría e modalidade, con independencia da lingua na que se escribiron. Na edición correspondente ao ano 2016 os gañadores foron: na categoría de adultos Agustín Agra Barreiro, con "Déjá vu" e finalista José Antonio Villar Piñón, con "O remedio de Averroes". Na categoría xuvenil o primeiro premio foi para o relato "A movida sen fin", de Iria Rúa Vázquez, e resultou finalista "A carreira", de Anxo Iglesias Núñez.

XIII Concurso de contos **Liceo de Noia**

Certame convocado pola Sociedade do Liceo de Noia dende 2004 co gallo da celebración do Día das Letras Galegas. O tema da narración é libre e pode concorrer calquera persoa, con independencia da súa nacionalidade. Os traballos, inéditos, redactados en galego, cunha extensión mínima de tres folios e máxima de seis, deben presentarse por cuadriplicado, mecanografados por unha soa cara e a dobre espazo. Nos orixinais teñen que figurar o título da obra e un lema, que debe aparecer tamén no exterior dun sobre sen remite, no que se introducen os datos persoais do autor. Os orixinais envíanse á Sociedade do Liceo de Noia. O xurado está formado por tres personalidades da literatura galega e un membro da directiva da Sociedade do Liceo, que actuará como secretario, sen voz nin voto, e dá a coñecer o seu veredicto o día 17 de maio. O premio está dotado de 1.000 € e a obra gañadora publícase na revista *Alameda* do Liceo. Dende a súa creación recibiron o galardón: en 2004, Beatriz Dacosta, por "Goodbye, my friend"; en 2005, Enma Pedreira, por "Cabare vermello feridor"; en 2006, Xosé Francisco Pais López, por "Borisov 61", e Ricardo Losada, por "Rianxo é meu"; en 2007, Cristina Ferreiro Leal, por "Arredor de Marta"; en 2008, Mª Cristina Pavón Mauriz, por "A braga fantástica", e Xosé Francisco Pais López, por "Coctel La Chapelle"; en 2009, Luis Miguel Martínez Agulleiro, por "Cada vez que atravesas a porta..."; en 2010, Agustín Agra, por "Círculo Lítico"; en 2011, María Xesús Blanco, por "Naia" e Carlos Mosteiro Fraga, por "Vladimir"; e en 2012 quedou deserto. Na edición correspondente ao ano 2016 o prazo de presentación de orixinais rematou o 1 de abril e o acto de entrega realizouse o 17 de maio, Día das Letras Galegas.

Referencias varias:

- M. G., "O Liceo noiés convoca o seu XIII Concurso de relatos", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 8 marzo 2016, p. 38.

Infórmase da presentación do concurso, da normativa e da dotación do premio.

XIV Certame de Microrrelatos **Lonxa Literaria**

Organizado polo colectivo moañés Lonxa Literaria, conta coa subvención da Consellaría de Educación da Xunta de Galicia e a colaboración do Concello de Moaña.

Os microrrelatos presentados teñen que estar escritos en galego segundo a normativa oficial, cunha extensión máxima de quince liñas a dobre espazo e con letra Times New Roman tamaño 12. En cada convocatoria os relatos deben introducir unha palabra obrigada, que nesta edición foi *fervenza.* Os traballos pódense enviar por correo postal e por triplicado á Lonxa Literaria (Centro Cultural Daniel Castelao, rúa Quintela, s/n, 36950, Moaña-Pontevedra) ou ben por correo electrónico ao enderezo lonxaliteraria@yahoo.com. Convócase unha única categoría, dotada co premio dun lote de conservas da ría, e pódense conceder até dous accésits. Na edición de 2016, o prazo de entrega rematou o 31 de outubro. O xurado, composto por Iria Collazo, Antonio M. Fraga e Mayca Juncal, decidiu premiar a Susana Villamor Prieto co microrrelato "O ladrón de soños".

VI Certame de relatos O **lugar onde vivo**

A Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza, ADEGA, coa colaboración da Área de Cultura e Turismo da Vicepresidencia Primeira da Deputación de Lugo, convoca dende o ano 2011 este certame de relatos, xunto a un de fotografía e outro de curtametraxes (este último dende 2012), que en conxunto se denominan Concursos polo Territorio e que se enmarcan dentro da campaña "Ponte no medio. Móvete polo territorio", co obxectivo de que a sociedade retrate o estado actual do territorio galego a través da imaxe e da palabra. Estes concursos pretenden facer partícipe á cidadanía galega na reivindicación dunha ordenación territorial sustentábel na que se freen as ansias especulativas dos poderes privados sobre o territorio en conivencia coa administración pública, e na que se propoñan alternativas máis coherentes coa defensa ambiental, coa cohesión social e coa posta en valor do patrimonio cultural galego. Os relatos curtos poden ser historias fantásticas, feitos reais ou experiencias propias que xiren arredor das visións que a poboación galega ten sobre o lugar no que vive: como é, como foi, como quixera que fose, a importancia da súa conservación, as agresións sufridas por este etc. Cada participante pode presentar un máximo de dous relatos inéditos en lingua galega, que debe enviar por correo postal ao enderezo de ADEGA Lugo (Ronda das Fontiñas, 180, entrechán) ou por correo electrónico a culturaeterritorio@adega.gal. Existen dúas categorías: xuvenil e persoas adultas. Os premios consisten nun diploma e 250 € na categoría adulta e nun diploma e 200 € na xuvenil. Na edición correspondente ao ano 2016 o prazo de presentación de traballos rematou o 1 de novembro. Os premiados foron: na categoría de adultos, Lois Blanco Araúxo por "Ás veces, Bonaval"; e na categoría xuvenil, *ex-aequo* para María Carballido Cerqueiro por "Supermarcos" e María Rozados Balboa por "Quen son eu".

Referencias varias:

- Sabela Corbelle, "Anxo Manuel Lamelo. 'Repartimos 1.200 euros entre as tres categorías", *El Progreso*, "Lugo", "Emergentes", 28 decembro 2016, p. 10.

Breve entrevista a Anxo Manuel Lamelo, coordinador en Adega dos Premios do proxecto Cultura e Territorio, que anuncia a entrega de premios de fotografía, curtas e relato: Lois Blanco Araúxo na categoría de adultos e María Carballido Cerqueiro e María Rozadas Balboa, na xuvenil.

- Marta Becerra, “Creadores con causa”, *El Progreso*, “Lugo”, “El despertador”, 29 decembro 2016, p. 10.

Dá conta do acto de entrega dos galardóns do certame Cultura e Territorio de Adega, nas categorías de fotografía, curtas e relato. Lois Blanco Araúxo fíxose co premio de adultos e María Carballido Cerqueiro e María Rozados Balboa repartíronse a xuvenil.

XXVIII Premio de Novela **Manuel García Barros (Ken Keirades)**

Convocado dende 1989 polo Concello da Estrada, en colaboración coa Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria, a Secretaría Xeral de Política Lingüística, a Deputación de Pontevedra e a Editorial Galaxia, a contía económica deste galardón é de 9.000 € e, dende a duodécima convocatoria, a obra gañadora é publicada pola citada casa editora. Os orixinais e inéditos en galego normativo teñan que ser enviados por sextuplicado á Casa do Concello da Estrada (Praza da Constitución, n.º 1, 36680 A Estrada, Pontevedra), quen se reserva durante un ano os dereitos de publicar a obra premiada en todas as linguas do Estado, en formato físico e dixital. O xurado está composto por cinco membros escollidos entre recoñecidas figuras do mundo da cultura e o acto de entrega do galardón conta con representación do Concello, da Xunta de Galicia e da Editorial Galaxia. Dende a súa creación recibiron o galardón: en 1989, Manuel Forcadela por *Paisaxe con muller e barco* (1990); en 1990, Xosé Miranda por *Historia dun paraugas azul* (1991); en 1992, Manuel Riveiro Loureiro por *Corpo canso* (1993); en 1993, Xosé Ballesteros por Tal*e*go (1993); en 1994, Aníbal Malvar por *A man dereita* (1994); en 1995, Manuel Lourenzo González por *Arqueofaxia* (1995) e concedeuse un accésit a Xavier Alcalá por *Memorias do Algarve*; en 1996, ex aequo Alfonso Álvarez Cáccamo, por *O espírito de Broustenac* (1996), e Xavier Queipo por *O paso do Noroeste* (1996); en 1997, María Gándara por *Magog* (1997), e un accésit Antón Riveiro Coello por *A historia de Chicho Antela* (1997); en 1998, quedou deserto e concedéronse dous accésits a Anxo Franco Bañobre por *Unha esquina no fondo da memoria*, e a Juan Ignacio Pérez Méndez por *A xustiza pola man*; en 1999, Xosé Carlos Caneiro por *Talvez melancolía* (1999); en 2000, Antón Riveiro Coello por *As rulas de Bakunin* (2000); en 2001, Bieito Iglesias por *A historia escríbese de noite* (2001); en 2002, Miguel Anxo Fernández por *Un nicho para Marilyn* (2002); en 2003, Xabier López López por *A vida que nos mata* (2003); en 2004, Xerardo Agrafoxo por *Unha viaxe no Ford T* (2004); en 2005, Santiago Jaureguizar por *Cabaret Voltaire* (2005); en 2006, Manuel Veiga por *Lois e Helena buscándose un día de tormenta* (2006); en 2007, Francisco Castro por *As palabras da néboa* (2007); en 2008, Xesús Constela por *Shakespeare destilado* (2008); en 2009, Xosé Monteagudo por *Un tipo listo* (2010); en 2010, Antón Lopo por *Obediencia* (2010); en 2011, Manuel Antonio Piñeiro Fernández por *As fiandeiras* (2011); en 2012, Santiago Lopo por *Hora Zulú* (2012); en 2013, Anxos Sumai por *A lúa da colleita* (2013); en 2014, Alberto Ramos por *Máscaras rotas para Sebastian Nell* (2014); e en 2015, Manuel Portas por *Lourenço Xograr*. Na edición correspondente ao ano 2016, o xurado formado por Inma Otero Varela, Carlos Lema, Armando Requeixo, Luís Alonso Girgado e Carlos Loureiro Rodríguez concedeulle o galardón a Miguel Sande por *A candidata*.

Referencias varias:

- S. E., “A Estrada convoca los premios de novela y poesía”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 19 marzo 2016, p. 34.

Informa sobre o anuncio dado polo Concello da Estrada dunha nova convocatoria deste premio e explica algunhas novidades das bases.

- Raquel Torres, “El escritor Miguel Sande gana el Premio de Novela García Barros”, *Diario de Pontevedra*, “Deza”, “Tabeirós”, 20 xullo 2016, p. 29.

Informa do resultado do premio, decidido onte na sala de xuntas do Consistorio Estradense polo seguinte xurado: Inma Otero Varela, Carlos González Lema Malvar, Armando Requeixo Cuba, Luis Alonso Girgado e Carlos Loureiro Rodríguez. Coméntase o número de orixinais presentados (vinte e un) e algunhas das cualidades da obra.

- Xesús Fraga, “Miguel Sande gaña o García Barros co relato do impacto da crise nunha familia”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 20 xullo 2016, p. 35.

Informa do resultado do premio, salientando a crise, e as súas consecuencias económicas e emocionais, como a cerna da novela, estruturada en tres partes, correspondentes á perspectiva da nai, da filla e do pai.

- Miguel Sande, “Os premios literarios en Galicia”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “De cotío”, 9 decembro 2016, p. 14.

Reflexión, ao fío da recepción do García Barros de novela, sobre a pertinencia dos premios literarios, a orixe de boa parte deles na década dos 80 e dos 90 –co desexo de fortalecer e normalizar o sistema literario– e o cuestionamento da súa función na actualidade. Dubídase que sirvan de plataforma e sublíñanse algunhas eivas do sistema.

- ARCA, “Miguel Sande recibe mañá o premio García Barros”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 15 decembro 2016, p. 34.

Informa do acto de entrega do premio García Barros a Miguel Sande por *A candidata*. Dise que o galardón cumpre vinte e oito anos e é organizado polo Concello da Estrada, en colaboración coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a Secretaría Xeral de Política Lingüística e a editorial Galaxia.

XXIII Certame Literario **Manuel Lueiro Rey** de Novela Curta

Convocado polo Concello do Grove dende o ano 1992, en colaboración cunha editorial galega, para honrar a figura do galeguista que lle dá nome e promover a literatura galega e os seus autores. Nun principio era un certame literario que prevía dúas modalidades: narración curta (para maiores de 18 anos) e narración xuvenil, mais na V convocatoria o certame pasou a ser monolingüe en galego e reduciuse a unha única modalidade, sen requisitos de idade. Na VII edición mudou a súa especialización substituíndo a de narración curta pola de novela curta. Os traballos deben remitirse á Casa da Cultura Manuel Lueiro Rey (Rúa Monte da Vila, 11, 36980 O Grove-Pontevedra) por quintuplicado en papel e unha copia en soporte dixital e precedidos polo título e un

lema. Hai que entregalos nun sobre pechado no que figure por fóra o título e o lema e dentro os datos do autor. Deben ser orixinais e inéditos cunha extensión mínima de cincuenta folios e máxima de cen. O galardón consiste en 3.000 € e a publicación por parte da editora colaboradora. O xurado dáse a coñecer antes da concesión do premio e está formado por cinco membros relacionados co mundo da literatura, un deles o gañador da edición anterior do premio, dous nomeados polo comité organizador e outros dous representantes da editorial encargada da publicación. Nas edicións anteriores foron merecedores deste galardón: en 1992, Manoel Riveiro Loureiro por *O encerro*; en 1993, Mariano J. M. Cabrero Figueiro por *Historia de Zeltia*; en 1994, Xoán Xosé Piñeiro Cochón por *Reciclador*; en 1996, Rosa Aneiros con *Xogo de espellos*; en 1997, Francisco Castro con *Play-back* (2000); en 1998, Inmaculada López Silva por *Canción de amor india*; en 1999, José Luis Álvarez Pérez por *De maxia e de obras*; en 2000, Manuel Darriba con *Velada do billarista* (2000); en 2001, Santiago Jaureguizar con *Breve crónica universal da clase obreira* (2001); en 2002, Xabier López López con *O mono no espello* (2002); en 2003, Pilar Buela con *Ácaros verdes* (2005); en 2004, Teresa Moure con *A xeira das árbores* (2007); en 2005, Manuel Riveiro Loureiro con *Xullo-Agosto* (2006); en 2006, Mariña Pérez Rey con *Canícula* (2007); en 2007, Ramón Caride Ogando con *O frío azul* (2008); en 2008 An Alfaya con *Areaquente* (2009); en 2010 Chelo Suárez Muíños por *As horas rotas* (2010); en 2011, Mario Regueira por *Outono aquí* (2012); en 2012, Juan Tallón, por *Fin de Poema* (2013); en 2013, declarouse deserto; e en 2014, Antonio Pichel Beleiro, por *Xente que nunca antes morrera* (2014). Na edición correspondente ao ano 2016 o prazo de presentación dos traballos rematou o 30 de novembro e o xurado, integrado por Ánxela Gracián, Manuel Quintáns, Mario Regueira, Armando Requeixo e Antonio Piñeiro, gañador da edición anterior, decidiu premiar a Lionel Rexez pola obra *A raíña das velutinas*.

XXV Certame de Narracións Breves **Manuel Murguía**

O Concello de Arteixo convoca este certame dende 1991 para contribuír ao desenvolvemento da narrativa galega e honrar Manuel Murguía. En edicións pasadas concedíase un premio de 3.700 €, mais na actualidade estabelécense tres: un primeiro premio dotado con 4.000 €, un segundo de 500 € e un terceiro de 300 €. Poden concorrer todas as persoas que o desexen cunha única obra de temática libre e escrita en lingua galega, cunha extensión entre quince e trinta folios con letra Arial tamaño 12, mecanografados a dobre espazo por unha soa cara. Os traballos, orixinais e inéditos, deben entregarse por cuadriplicado, xunto cunha copia electrónica nun CD, ao concello convocante (Praza do Alcalde R. Dopico, n.º 1, 15142 Arteixo, A Coruña), nun sobre onde figure só o título da obra e un lema. Así mesmo, nun sobre pechado debe constar o título, lema, nome, enderezo, teléfono e currículo de quen se presente. En anteriores edicións concedéronse os seguintes galardóns: *ex aequo* para Xesús Manuel Marcos con "Fuxidos" en 1992 e para Joel Gómez con "Para un clima supremo"; *ex aequo* para Xavier Alcalá con "Relación de feitos de sangue" e José Antonio Lozano con "Retrato antigo: pinturas e superficies" en 1993; Xesús Manuel Marcos con "A cela de arame" en 1994; Isidro Novo con "Cabalos do demo" en 1995; Antón Riveiro Coello con "O nome do espello" en 1996; Marilar Aleixandre con "Desaforados muños" en 1997; *ex aequo* para Alfonso Álvarez Cáccamo con "Cannis fugit" e Xosé Luís Álvarez con "Amencer" en 1998; *ex aequo* para Manoel Riveiro Loureiro con "O río da tristura" e David Pérez Iglesias con "Sámago fascismo" en 1999; *ex aequo* para Xosé Luís Vázquez Somoza,

por “A fervenza” e Xosé Carlos Caneiro por “As flores en Irlanda” en 2000; *ex aequo* para Rosa Aneiros con “Mares de Xabre” e Xosé Luís Martínez Pereiro por “Palamades e a Bestia Ladradora” en 2001; *ex aequo* para Emma Pedreira por “A flor perfeita” e Daniel Asorey por “Soñar pedras con fútbol” en 2002; *ex aequo* para Bieito Iglesias con “Comentario ó Apocalipse” e para Paula Sano Vicente por “As idades dela” en 2003; *ex aequo* para Xosé Luís Álvarez con “Detrás dos meus ollos” e Xaime Domínguez Tojo por “A casa dos alicerces mariños” en 2004; Inma López Silva con “Aqueles que retratan o vento” en 2005; Xesús Manuel Marcos con “A caída da folla” en 2006; Miriam Rodríguez Debasa con “Mentras espero” en 2007; Alva Martínez Teixeiro por “Un domingo amarelo para dentro” en 2008; Samuel Solleiro con “Caída de Abraham Rosenblath” en 2009; Andrés Pociña Pérez con “As dúas vellas do Iguasú” en 2010; en 2011, co motivo do XX aniversario, outorgáronse tres galardóns: o primeiro premio ao relato “A muller que deu a volta arredor de si mesma”, de Clara Isabel Rodríguez Giráldez; o segundo premio a “Unha viaxe de inverno”, de Xaime Domínguez Toxo; e o terceiro premio a “Eu xogo a que se crean que lles creo”, de Antom Labranha; Roberto A. Rodrigues por “O home que falaba na lingua do océano”, en 2012; Juan Tallón por “Consanguíneo”, en 2013; Adolfo Caamaño por “A gueisha no bosque de bambú”, en 2014; e Antonio Piñeiro por “O pau na roda”, en 2015. Na edición correspondente ao ano 2016, o xurado, composto por Teresa Moure, Marcos Calveiro, Antonio Piñeiro e Alfredo Ferreiro Salgueiro, decidiu entregar o primeiro premio a Diego Giráldez (O Porriño, 1976), por “Hai patios de luces tristes”. O segundo premio foi para “O mérito da chuva”, de Carlos Quiroga, e o terceiro para “A aranha de Sidney”, de José António Lozano.

Referencias varias:

- M. Rodríguez, “El XXV aniversario del Manuel Murguía reunirá a los ganadores en un encuentro literario”, *El Ideal Gallego*, “Arteixo”, 16 xaneiro 2016, p. 17.

Co gallo do aniversario do premio Manuel Murguía, proponse programar un encontro con todos os gañadores e finalistas de todas as edicións do premio. Tamén se comenta a posibilidade de que se amplíe o certame a todas a idades para fomentar o galego entre os escolares.

- R. T., “Diego Giráldez, Premio Manuel Murguía 2016”, *Atlántico Diario*, “Área metropolitana”, “Condado/ Louriña”, 22 maio 2016, p. 14.

Informa sobre o acto de entrega do premio, o xurado e o gañador, que está a piques de publicar o seu libro de relatos curtos *Galería de saldos*, editado por Edicións Xerais de Galicia e que estará nas librarías a partir do 9 de xuño.

IV Certame **MicroCatrorrelatos**

Concurso organizado polo Café De Catro a Catro de Vigo, en colaboración coa Asociación Cultural Catropatacos, Edicións Xerais, Editorial Galaxia e Editorial Elvira. Os traballos presentados estarán escritos en galego, de temática libre, orixinais e inéditos, cunha extensión mínima de 1.000 e máxima de 1.500 caracteres (espazos incluídos) e serán enviados ao enderezo electrónico microcatrorelato@gmail.com.

Celebraranse catro eliminatorias previas cun xurado formado por catro persoas relacionadas coa cultura galega, xunto coa persoa gañadora da edición anterior. Este xurado escollerá oito microrrelatos que serán lidos polos seus autores ou autoras nun acto público e serán valoradas polo público asistente que poderá outorgar un, dous ou tres puntos ás obras máis salientábeis. Haberá dous gañadores, o votado polo xurado, consistente en 300 €, e o outorgado polo público, consistente en 200 €.

XLII Certame Nacional Galego de Narracións Breves **Modesto R. Figueiredo do Pedrón de Ouro**

Convocado dende o ano 1974 pola Fundación do Padroado do Pedrón de Ouro, é o decano dos premios literarios galegos para promover a literatura narrativa en lingua galega e homenaxear ao seu artellador, Modesto R. Figueiredo. Poden participar persoas de calquera nacionalidade cunha ou máis obras escritas en galego e inéditas, que nunca se presentaran a ningún certame literario. Os orixinais deben presentarse por quintuplicado, mecanografados a dobre espazo e por unha soa cara e debían contar cunha extensión mínima de cinco folios e máxima de trinta. Os traballos envíanse sen remite ou outra forma de identificación e baixo o sistema de plica á Fundación do Padroado do Pedrón de Ouro (Apartado de Correos 627, Santiago de Compostela) ou ao Concello de Lalín (Praza de Galicia, 1, 36500, Lalín, Pontevedra). Outórgase un primeiro premio de 1.000 €, coa posibilidade de outorgar dous segundos premios de 400 € cada un se o xurado o considera oportuno. Se así se estima, poden recomendarse algunhas narracións para a súa publicación. O xurado está formado por especialistas en crítica literaria designados pola Fundación co asesoramento e a colaboración das asociacións de escritores AELG e PEN Clube e do Concello de Lalín, reservando a Fundación os postos de presidente e secretario (este último con voz pero sen voto). En anteriores edicións resultaron galardoados co primeiro premio: en 1975, Xoán Ignacio Taibo, por *A enquisa*; en 1976, Xavier Alcalá, por *A fundición*; en 1977, João Guisán Seixas, por *Número de patente*; en 1978, *ex aequo* Xosé Manuel Martínez Oca, por *A negra*, e Víctor Fernández Freixanes, por *A caza das cascudas*; en 1979, Xoán Ignacio Taibo, por *Pacífico sul*; en 1980, Lourenzo Álvarez Ruíz, por *RATP*; en 1981, *ex aequo* Tucho Calvo, por *A gran novela*, e Xosé Manuel Martínez Oca, por *Noite de luar*; en 1982, Miguel Suárez Abel, por *O quiquiriquí*; en 1983, Antón Castro, por *Vida infame de Tristán Fortesende*; en 1984 *ex aequo* Amancio Liñares Giraut por *Nun cuarto para agardar*, e Román Raña, por *O último hexagrama*; en 1985, Miro Villar, por *Augas de silencio*; en 1986, Antón Rodríguez Castro, por *O xardín despois da chuvia*; en 1987, Miro Villar, por *Verbas cruzadas con Amaranta*; en 1988, *ex aequo* Bieito Iglesias, por *Luanda*, e Xosé Miranda, por *Na terra sombría*; en 1989, *ex aequo* Manuel Riveiro Loureiro, por *Vindo de volta*, e Xan Frenla, por *Conto do diluvio*; en 1990, Xoán Piñeiro Cochón, por *A liga dos Lambetas*; en 1991, Helena Villar Janeiro, por *O cadro*; en 1992, Isidro Novo, por *A pin up de Beautiful Street*; en 1993, Xosé Luís Santos Cabanas, por *Ahoulouuuu...!*; en 1994, Manuel Riveiro Loureiro, por *O coxo da Gamboa*; en 1995, Antón Riveiro Coello, por *Bruca Manigua*; en 1996, Xosé Antón Moreno, por *As xeiras de don Xoán*; en 1997, Antón Riveiro Coello, por *Sete traxes*; en 1998, *ex aequo* Rosa Aneiros, por *A eidosa que izaron as bandeiras*, e Luís González Tosar, por *Catro dedos por debaixo do embigo*; en 1999, Xosé Luís Álvarez Pérez, por *Marisol de outono*; en 2000, Beatriz Dacosta, por *Na sombra da lúa*; en 2001, Álvaro Lago, por *O crime de Pombal*; en 2002, Emma Pedreira, por *Os doces devorados*; en 2003, Xosé L. Vázquez Pérez, por *De noite non reces aos ídolos*; en 2004, Agustín

Agra, por *Os límites do inimaxinable*; en 2005, Francisco Castro, por *Ningún fascista morreu inxustamente*; en 2006, María Esther Fernández Carrodeguas, por *Subir o telón*; en 2007, Rubén Ceide Martínez, por *A caixa da costureira*; en 2008, Iván García Campos, por *Unha casa chea de xanelas*; en 2009, Juan Tallón, por *Era el*; en 2010, Xosé Alfredo Naz, por *O Mal*; en 2011, Xosé Amancio Liñares Giraut, por *Corografía Obama*; en 2012, Miguel Anxo Martínez por *As casas baratas*; en 2013, María Cristina Pavón Mauriz, por *Cara a Tiananmen* Square; en 2014 Eli Ríos, por *Remexido de patacas;* e en 2015 Adolfo Caamaño, por *Pinball do Pombal*. Na edición do ano 2016 o xurado outorgoulle por unanimidade o primeiro premio a Miguel Anxo Martínez Oubiña (Vilanova de Arousa, 1876), por *A vinganza de Valdedeus*. Concedéronse dous segundos premios a Iris Maria Gey López, por *Cranios privilexiados*, e a Enma Pedreira, por *Poder de alumear*.

Referencias varias:

- M. García, "Adolfo Caamaño gaña o certame Modesto Figueiredo", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Agenda", "Para todos los públicos", 12 xaneiro 2016, p. L11.

Dá conta do fallo do xurado deste certame, que recaeu en Adolfo Caamaño Vázquez pola obra "Pin Ball do Pombal", e comenta algúns datos sobre a edición deste ano.

- Marina Abilleira, "Adolfo Caamaño, Pedrón de Ouro de relato", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Ciudad", 12 xaneiro 2016, p. 10.

Comenta que Adolfo Caamaño foi galardoado con este premio e ofrece unha pequena biografía do seu labor profesional e tamén da súa produción literaria, ademais de resumir brevemente o argumento da obra premiada.

- C. B., "Pin Ball do Pombal', de Adolfo Caamaño, álzase co Modesto R. Figueirido", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 13 xaneiro 2016, p. 27.

Informa da obra premiada e do futuro acto de entrega do galardón, facendo fincapé na contía económica.

- G. P., "Diego Giráldez gana un accesit del certamen literario gallego 'Modesto R. Figueirido", *Faro de Vigo*, "Louriña", 16 xaneiro 2016, p. 12.

Dá conta do accésit recibido por Diego Giráldez pola obra titulada "Sagradas escrituras", comenta a historia do certame, as anteriores obras publicadas polo autor e alude á súa traxectoria profesional no xornalismo.

- X. Amancio Liñares Girault, "Narrativas", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "O fiadeiro", 19 febreiro 2016, contracuberta.

Recolle información sobre o acto de entrega dos premios Modesto Rodríguez Figueredo, os galardoados e o xurado.

- S. E., “Setenta e cinco relatos compiten este ano polo Modesto R. Figueiredo”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 30 novembro 2016, p. 36.

Infórmase de que se presentaron a este premio un total de setenta e cinco narracións. Achéganse datos sobre os membros que compoñen o xurado e sobre as datas nas que se emitirá o veredicto e se entregará o premio.

V Premio de Microrrelatos **Mulleres Progresistas**

A Asociación de Mulleres Progresistas de Vigo crea este premio en 2012. Esta asociación convocaba anteriormente un premio de novela, que dende 2006 pasara a ser substituído pola modalidade de relatos. No ano 2011 chegouse a publicar unha obra que reunía os contos galardoados, editada por Baía Edicións co título *Obras breves de imaxinación [Premios de Relatos “Mulleres Progresistas” 2007-2011]*. Neste premio poden participar todas as mulleres que o desexen, de calquera nacionalidade ou cultura e maiores de 16 anos. Cada participante pode presentar un máximo de tres microrrelatos, escritos en galego normativo. A temática é libre, mais valoraranse especialmente aqueles traballos que aborden e reflexionen sobre distintos aspectos da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes. As obras, orixinais e inéditas, non difundidas por ningún tipo de medio, nin en papel, nin electrónico, non deben atentar contra os dereitos á intimidade, á honra e á imaxe de terceiros/as ou ter connotacións racistas, sexistas e/ou discriminatorias. Segundo o número e calidade dos microrrelatos recibidos desígnanse até dez finalistas, entre os que se elixen os premios do certame: 1º premio: 300 €, figura e diploma; 2º premio: 200 € e diploma; e 3º premio: 100 € e diploma, podendo quedar desertos calquera ou todos os premios se as obras presentadas non reúnen unha calidade mínima. Os traballos preséntanse no formulario que consta na *web* da asociación, apuntando tamén o nome, apelidos, DNI, data de nacemento, enderezo postal, enderezo electrónico e teléfono de contacto. No caso de participantes menores de idade, teñen que estar asistidas por quen ostente a súa tutela legal, quen debe encher os apartados correspondentes do formulario de envío dando o seu consentimento. O prazo de admisión de traballos pechou o 25 de novembro de 2016 e o veredicto do xurado deuse a coñecer o 8 de marzo do ano seguinte, Día Internacional dos Dereitos das Mulleres. O xurado está formado por mulleres do mundo do asociacionismo feminino, as Letras e a Cultura, sendo inapelábel a súa decisión. Dentro do xurado está unha representante de Mulleres Progresistas. Os microrrelatos premiados e finalistas, así como aqueles que o xurado estime dignos de difusión, son colgados na web da Asociación Mulleres Progresistas. Nesta edición, o xurado decidiu outorgar os seguintes premios: o primeiro premio a Raquel Fernández Fernández, por “Serendipia”; o segundo a María Azucena Rey Torrente, por “Ollomol”; e o terceiro a María Salinas García, por “Nas mellores mans”.

Premio **Nacional de Narrativa**

Ver apartado X.5. deste *Informe*.

II Premio de Narración Curta **Nélida Piñón**

O Concello de Cotobade, a Deputación de Pontevedra e a Consellaría de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria convocan este premio de relato curto co obxectivo de fomentar a creación literaria en lingua galega e honrar as raíces galegas da escritora Nélida Piñón. Os concursantes deberán ser maiores de 18 anos e presentar relatos en lingua galega, orixinais e inéditos, cun mínimo de vinte e un máximo de trinta páxinas, en corpo 12 e con tipo de letra Times New Roman, grampados e encadernados. Os relatos enviaranse por triplicado baixo pseudónimo ou lema e con plica ao Concello de Cotobade (Concellaría de Cultura, Chan, 11, Carballedo, 36856, Cotobade, Pontevedra). Estabelécese un premio de 4.000 € e dous accésits de 1.000 €. Na primeira edición o premio foi para Xesús Castro Yáñez por *O vello e o Minotauro*. Nesta segunda edición, o prazo de admisión abrangueu do 1 de outubro de 2016 ao 1 de maio do 2017 e o veredicto do xurado darase a coñecer en setembro de 2017.

II Premio Literario de Relato **Nortear**

Concurso promovido pola Consellaría de Cultura, a Dirección Rexional de Cultura do Norte e Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal. Ten como principal obxectivo incentivar a creatividade da mocidade escritora de Galicia e do norte do país veciño. Poden participar todas as persoas nacidas ou empadroadas na Rexión Norte de Portugal ou en Galicia con idades comprendidas entre os 16 e 36 anos. Os relatos deberán ser orixinais, inéditos e escritos en portugués ou galego, cunha extensión comprendida entre as 5.000 e as 8.000 palabras. O premio consiste en 2.000 € e a publicación da obra en edición bilingüe. Nesta edición correspondente ao ano 2016, o prazo de entrega rematou o día 15 de xullo. O xurado, composto por Xosé María Lago García (presidente), Carlos Arias, Antón Riveiro Coello, Olinda Beja, Carlos Lopes e André Rodrigues (secretario), decidiu outorgar o premio a Rui Cerqueira Coelho, pola obra “Nós, arquipélago”.

XVI Premio de **Novela por entregas**

La Voz de Galicia e Canal Voz, co patrocinio do Ámbito Cultural de El Corte Inglés, convocan este premio dende 2001. Nel poden participar todas as persoas que presenten unha novela inédita, en galego, dividida necesariamente en trinta e un capítulos da mesma extensión (tres mil cincocentos caracteres, con espazos incluídos), e que non opten a outros concursos. As obras teñen que presentarse en catro copias impresas a dobre espazo por unha soa cara, ademais dunha copia en formato PDF gravada nun CD dirixidas ao Premio de Novela por entregas de *La Voz de Galicia*. Avenida da Prensa, parcelas 84 e 85 no Polígono Industrial de Sabón (15142 Arteixo, A Coruña) polo sistema de plica pechada. Estabelécese un único premio dotado de 6.000 € e a publicación da novela na sección de “Páxinas Literarias” de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto e simultaneamente na súa páxina web (www.lavozdegalicia.es). Ademais, existe a posibilidade de edición da obra gañadora en formato libro, dentro do ano, e nas condicións habituais de devengo de dereitos de autor. Trátase dun galardón paralelo ao de narrativa curta “Relatos de verán”, que comezou no ano 2000. Na primeira edición, o xornal convocante publicou, por fascículos e fóra de concurso, a novela *O xabaril branco* (2000), de Tucho Calvo; a partir de entón, as obras sométense a concurso. En anteriores edicións resultaron gañadores Marilar Aleixandre, en 2001, por *Unha presa de terra* (2001); Miguel Suárez Abel, en 2002, por *O repenique de*

Beatriz Goldar (2003); Xosé Antonio Perozo, en 2003, por *Caderno de Riparia* (2004); Ángel de la Cruz, en 2004, por *O descenso do derradeiro ocaso* (2005); Carlos Freire Cordeiro, en 2005, por *Acio sanguento* (2005); Santiago Lopo, en 2006, por *Game over* (2007); Concha Blanco, en 2007, por *Habitación 202* (2008); Emilio Alonso, en 2008, por *Mercurio* (2009); Alberto Ramos, en 2009, por *Con acuse de recibo* (2010); An Alfaya, en 2010, por *Vía Secundaria* (2011); Diego Ameixeiras, en 2011, por *Historias de Oregón* (2011); Fran Alonso, en 2012, por *A punta de pistola* (2012); Francisco Castro, en 2013, por *O corazón da Branca de Neve* (2013); María Reimóndez, en 2014, por *A dúbida* (2014); Arantza Portabales, en 2015, por *Sobrevivindo* (2015). Na edición correspondente ao ano 2016, o galardón foi para a novela *Noire Compostela* (2016), de Blanca Riestra (A Coruña, 1970).

Referencias varias:

- Xesús Fraga, "Blanca Riestra. 'Compostela é un escenario literario perfecto, onde o fantástico é posible", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 9 xullo 2016, p. 37.

Entrevista á gañadora do Premio de Novela por Entregas de La Voz, que celebra no ano presente dúas décadas dende a publicación da súa primeira novela, se ben os seus primeiros textos apareceron na revista *Ólisbos.* Coméntase a ambientación escollida (o Santiago dos anos 80), a novela negra como forma, a pegada do humor, e a intriga arredor do cibercrime e a "deep web" como encarnación do mal abstracto.

- Ramón Nicolás, "Noir Compostela' e Blanca Riestra", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "Premio de novela por entregas" 15 xullo 2016, pp. 12-13.

Coméntase a proposta gañadora da décimo sexta edición do premio de novela por entregas do propio xornal, subliñando ser a primeira incursión en lingua galega dunha voz asentada nas letras castelás. Saliéntase a súa habilidade narrativa, a escolla do xénero negro e a homenaxe implícita ao ambiente estudantil compostelán de hai unhas décadas. Recóllese, tamén, a conformación das mesas da gala de entrega.

- Blanca Riestra, "Noire Compostela", *La Voz de Galicia*, "Relatos de verán", "Novela por entregas", "Capítulo I", "Tódalas cousas non son eternas", 1 agosto 2016, p. 24.

Reprodúcese o primeiro capítulo da "Novela por entregas" *Noire Compostela*, de Blanca Riestra, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abraldes.

_____, "Noire Compostela", *La Voz de Galicia*, "Relatos de verán", "Novela por entregas", "Capítulo II", "Xurxo non dorme", 2 agosto 2016, p. 35.

Reprodúcese un resumo do anterior capítulo e a entrega do seguinte capítulo da "Novela por entregas" *Noire Compostela*, de Blanca Riestra, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abraldes.

_____, "Noire Compostela", *La Voz de Galicia*, "Relatos de verán", "Novela por entregas", "Capítulo III", "Dafne tamén ten medo", 3 agosto 2016, p. 34.

Reprodúcese un resumo do anterior capítulo e a entrega do seguinte capítulo da “Novela por entregas” *Noire Compostela*, de Blanca Riestra, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abraldes.

_____, “Noire Compostela”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Novela por entregas”, “Capítulo IV”, “O mundo real”, 4 agosto 2016, p. 35.

Reprodúcese un resumo do anterior capítulo e a entrega do seguinte capítulo da “Novela por entregas” *Noire Compostela*, de Blanca Riestra, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abraldes.

_____, “Noire Compostela”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Novela por entregas”, “Capítulo V”, “Enfermo de amores”, 5 agosto 2016, p. 38.

Reprodúcese un resumo do anterior capítulo e a entrega do seguinte capítulo da “Novela por entregas” *Noire Compostela*, de Blanca Riestra, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abraldes.

_____, “Noire Compostela”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Novela por entregas”, “Capítulo VI”, “Non tes casa?”, 6 agosto 2016, p. 35.

Reprodúcese un resumo do anterior capítulo e a entrega do seguinte capítulo da “Novela por entregas” *Noire Compostela*, de Blanca Riestra, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abraldes.

_____, “Noire Compostela”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Novela por entregas”, “Capítulo VI”, “Agora era distinto”, 7 agosto 2016, p. 34.

Reprodúcese un resumo do anterior capítulo e a entrega do seguinte capítulo da “Novela por entregas” *Noire Compostela*, de Blanca Riestra, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abraldes.

_____, “Noire Compostela”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Novela por entregas”, “Capítulo VIII”, “Nin sequera fixo a maleta”, 8 agosto 2016, p. 24.

Reprodúcese un resumo do anterior capítulo e a entrega do seguinte capítulo da “Novela por entregas” *Noire Compostela*, de Blanca Riestra, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abraldes.

_____, “Noire Compostela”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Novela por entregas”, “Capítulo IX”, “Ninguén sabe nada”, 9 agosto 2016, p. 35.

Reprodúcese un resumo do anterior capítulo e a entrega do seguinte capítulo da “Novela por entregas” *Noire Compostela*, de Blanca Riestra, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abraldes.

_____, “Noire Compostela”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Novela por entregas”, “Capítulo IX”, “Eramos maiormente normais”, 10 agosto 2016, p. 33.

Reprodúcese un resumo do anterior capítulo e a entrega do seguinte capítulo da “Novela por entregas” *Noire Compostela*, de Blanca Riestra, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abraldes.

_____, “Noire Compostela”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Novela por entregas”, “Capítulo XI”, “A rapaza do VHS”, 11 agosto 2016, p. 36.

Reprodúcese un resumo do anterior capítulo e a entrega do seguinte capítulo da “Novela por entregas” *Noire Compostela*, de Blanca Riestra, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abraldes.

_____, “Noire Compostela”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Novela por entregas”, “Capítulo XII”, “Granadina e cervexa”, 12 agosto 2016, p. 35.

Reprodúcese un resumo do anterior capítulo e a entrega do seguinte capítulo da “Novela por entregas” *Noire Compostela*, de Blanca Riestra, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abraldes.

_____, “Noire Compostela”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Novela por entregas”, “Capítulo XIII”, “Matou a 'deep web'?”, 13 agosto 2016, p. 32.

Reprodúcese un resumo do anterior capítulo e a entrega do seguinte capítulo da “Novela por entregas” *Noire Compostela*, de Blanca Riestra, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abraldes.

_____, “Noire Compostela”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Novela por entregas”, “Capítulo XIV”, “A web non é real”, 14 agosto 2016, p. 38.

Reprodúcese un resumo do anterior capítulo e a entrega do seguinte capítulo da “Novela por entregas” *Noire Compostela*, de Blanca Riestra, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abraldes.

_____, “Noire Compostela”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Novela por entregas”, “Capítulo XV”, “Iso non é sermos mozos”, 15 agosto 2016, p. 25.

Reprodúcese un resumo do anterior capítulo e a entrega do seguinte capítulo da “Novela por entregas” *Noire Compostela*, de Blanca Riestra, publicada nesta sección de *La Voz*

de Galicia ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abraldes.

_____, “Noire Compostela”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Novela por entregas”, “Capítulo XVI”, “Non tiña visitas”, 16 agosto 2016, p. 32.

Reprodúcese un resumo do anterior capítulo e a entrega do seguinte capítulo da “Novela por entregas” *Noire Compostela*, de Blanca Riestra, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abraldes.

_____, “Noire Compostela”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Novela por entregas”, “Capítulo XVII”, “Unha mutilación”, 17 agosto 2016, p. 32.

Reprodúcese un resumo do anterior capítulo e a entrega do seguinte capítulo da “Novela por entregas” *Noire Compostela*, de Blanca Riestra, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abraldes.

_____, “Noire Compostela”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Novela por entregas”, “Capítulo XVIII”, “No zurrón do mundo”, 18 agosto 2016, p. 32.

Reprodúcese un resumo do anterior capítulo e a entrega do seguinte capítulo da “Novela por entregas” *Noire Compostela*, de Blanca Riestra, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abraldes.

_____, “Noire Compostela”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Novela por entregas”, “Capítulo XIX”, “Casa baldeira”, 19 agosto 2016, p. 34.

Reprodúcese un resumo do anterior capítulo e a entrega do seguinte capítulo da “Novela por entregas” *Noire Compostela*, de Blanca Riestra, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abraldes.

_____, “Noire Compostela”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Novela por entregas”, “Capítulo XX”, “E Touriñán deulle ao ‘play”, 20 agosto 2016, p. 37.

Reprodúcese un resumo do anterior capítulo e a entrega do seguinte capítulo da “Novela por entregas” *Noire Compostela*, de Blanca Riestra, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abraldes.

_____, “Noire Compostela”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Novela por entregas”, “Capítulo XXI”, “Fala o cóengo”, 21 agosto 2016, p. 34.

Reprodúcese un resumo do anterior capítulo e a entrega do seguinte capítulo da “Novela por entregas” *Noire Compostela*, de Blanca Riestra, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abraldes.

_____, “Noire Compostela”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Novela por entregas”, “Capítulo XXII”, “Recapitulando”, 22 agosto 2016, p. 24.

Reprodúcese un resumo do anterior capítulo e a entrega do seguinte capítulo da “Novela por entregas” *Noire Compostela*, de Blanca Riestra, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abraldes.

_____, “Noire Compostela”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Novela por entregas”, “Capítulo XXIII”, “O que di a comisaria”, 23 agosto 2016, p. 34.

Reprodúcese un resumo do anterior capítulo e a entrega do seguinte capítulo da “Novela por entregas” *Noire Compostela*, de Blanca Riestra, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abraldes.

_____, “Noire Compostela”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Novela por entregas”, “Capítulo XXIV”, “Emilio Cao no Courel”, 24 agosto 2016, p. 34.

Reprodúcese un resumo do anterior capítulo e a entrega do seguinte capítulo da “Novela por entregas” *Noire Compostela*, de Blanca Riestra, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abraldes.

_____, “Noire Compostela”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Novela por entregas”, “Capítulo XXV”, “Na escuridade, os oitenta”, 25 agosto 2016, p. 32.

Reprodúcese un resumo do anterior capítulo e a entrega do seguinte capítulo da “Novela por entregas” *Noire Compostela*, de Blanca Riestra, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abraldes.

_____, “Noire Compostela”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Novela por entregas”, “Capítulo XXVI”, “A historia metafísica”, 26 agosto 2016, p. 37.

Reprodúcese un resumo do anterior capítulo e a entrega do seguinte capítulo da “Novela por entregas” *Noire Compostela*, de Blanca Riestra, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abraldes.

_____, “Noire Compostela”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Novela por entregas”, “Capítulo XXVII”, “No profundo”, 27 agosto 2016, p. 33.

Reprodúcese un resumo do anterior capítulo e a entrega do seguinte capítulo da “Novela por entregas” *Noire Compostela*, de Blanca Riestra, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abraldes.

_____, “Noire Compostela”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Novela por entregas”, “Capítulo XXVIII”, “Un ápice de chuvia”, 28 agosto 2016, p. 37.

Reprodúcese un resumo do anterior capítulo e a entrega do seguinte capítulo da “Novela por entregas” *Noire Compostela*, de Blanca Riestra, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abraldes.

_____, “Noire Compostela”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Novela por entregas”, “Capítulo XXIX”, “Dálle ao ‘rewind”, 29 agosto 2016, p. 24.

Reprodúcese un resumo do anterior capítulo e a entrega do seguinte capítulo da “Novela por entregas” *Noire Compostela*, de Blanca Riestra, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abraldes.

_____, “Noire Compostela”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Novela por entregas”, “Capítulo XXX”, “Laica”, 30 agosto 2016, p. 31.

Reprodúcese un resumo do anterior capítulo e a entrega do último capítulo da “Novela por entregas” *Noire Compostela*, de Blanca Riestra, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abraldes.

III Concurso de relatos **Parque das Illas Atlánticas**

Certame convocado pola Consellaría de Medio Ambiente da Xunta de Galicia co obxectivo de celebrar o Día Mundial dos Animais. Presenta dúas categorías: xuvenil (de entre 10 e 17 anos) e adultos (maiores de 18 anos); e dúas modalidades: relatos curtos (mínimo de novecentas palabras e máximo de mil cincocentas) e microrrelatos (inferior a cincocentas palabras). Os traballos poden ir en galego ou castelán. Presentaranse antes do 21 de decembro na oficina do Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia, rúa Oliva n.º 3, 36202 Vigo; ou enviaranse ao enderezo electrónico iatlanticas@xunta.es. O premio consistirá nunha visita ao Parque Nacional e un lote de material divulgativo relacionado con espazos protexidos. Os textos premiados editaranse en libro. Nesta segunda edición a temática é “Historias, tradicións e lendas”.

Concurso **Relatos de Verán. La Voz de Galicia**

No ano 2000, por vez primeira, *La Voz de Galicia* convidou os escritores afeccionados a que enviasen os seus relatos para seren publicados durante todos os días do mes de agosto na sección “Páxinas literarias”. Estas páxinas incluíron fóra de concurso unha sección dedicada a escritores coñecidos, para daren cabida tamén á publicación por capítulos da obra que resultara gañadora do premio “Novela por entregas”. Dende ese ano, *La Voz de Galicia* e Canal Voz convocan este concurso dirixido a persoas de todas as idades con textos inéditos, de tema libre, escritos en galego ou castelán, que deben ser enviados xunto a unha pequena biografía con fotografía tamaño carné e os datos persoais, a *La Voz de Galicia* (Avda. da Prensa, n.º 84-85, Polígono de Sabón, 15142

Arteixo, A Coruña) ou ao correo electrónico relatos@lavoz.es. Os orixinais non poden exceder as vinte e cinco liñas mecanografadas de corpo once (uns dous mil cen caracteres). Un xurado encárgase de seleccionar os relatos para ser publicados ao longo do mes de agosto no xornal e na súa páxina en liña. O lectorado de *La Voz de Galicia* é o encargado de elixir cada semana o mellor conto dos autores e autoras noveis que se publicaron durante ese período emitindo o seu voto por medio duns cupóns diarios que aparecen no xornal. Polo feito de participar na votación, entran nun sorteo semanal dunha selección de libros da editorial Biblos Clube de Lectores. Existen dúas modalidades: menores de 16 anos e categoría xeral. Na edición de 2016 os galardóns foron para Pedro Feal polo relato "Avos" e, na categoría de menores de 16 anos, para María Calvar, por "Boas noites".

Referencias varias:

- Joaquin Cadilla, "A maldición do nigromante", *La Voz de Galicia*, "Relatos de verán", "Relato", 1 agosto 2016, p. 24.

Sección que acolle relatos curtos durante todo o mes de agosto. Neste caso reprodúcese o realizado por Joaquin Cadilla, titulado "A maldición do nigromante".

- Pedro Feal, "Avos", *La Voz de Galicia*, "Relatos de verán", "Relato", 2 agosto 2016, p. 35.

Sección que acolle relatos curtos durante todo o mes de agosto. Neste caso reprodúcese o realizado por Pedro Feal, titulado "Avos".

- Paula Quintás, "A xanela", *La Voz de Galicia*, "Relatos de verán", "Relato", 2 agosto 2016, p. 35.

Sección que acolle relatos curtos durante todo o mes de agosto. Neste caso reprodúcese o realizado por Paula Quintás, titulado "A xanela".

- Pedro Jesús Rovira, "O cisne do encoro de Belesar", *La Voz de Galicia*, "Relatos de verán", "Relato", 7 agosto 2016, p. 34.

Sección que acolle relatos curtos durante todo o mes de agosto. Neste caso reprodúcese o realizado por Pedro Jesús Rovira, titulado "O cisne do encoro de Belesar".

- Manuel I. Nanín, "Chorar", *La Voz de Galicia*, "Relatos de verán", "Relato", 11 agosto 2016, p. 36.

Sección que acolle relatos curtos durante todo o mes de agosto. Neste caso reprodúcese o realizado por Manuel I. Nanín, titulado "Chorar".

- Xosé Carlos Carracedo, "Taberna cantada", *La Voz de Galicia*, "Relatos de verán", "Relato", 12 agosto 2016, p. 35.

Sección que acolle relatos curtos durante todo o mes de agosto. Neste caso reprodúcese o realizado por Xosé Carlos Carracedo, titulado "Taberna cantada".

- Jorge Miguel Lombos, “O mundo de Teva”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Relato”, 13 agosto 2016, p. 32.

Sección que acolle relatos curtos durante todo o mes de agosto. Neste caso reprodúcese o realizado por Jorge Miguel Lombos, titulado “O mundo de Teva”.

- María Calvar, “Boas noites”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Relato”, 15 agosto 2016, p. 25.

Sección que acolle relatos curtos durante todo o mes de agosto. Neste caso reprodúcese o realizado por María Calvar, titulado “Boas noites”.

- Marta Sofía Barbeito, “Entes á deriva”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Relato”, 16 agosto 2016, p. 32.

Sección que acolle relatos curtos durante todo o mes de agosto. Neste caso reprodúcese o realizado por Marta Sofía Barbeito, titulado “Entes á deriva”.

- Rosalía Van Raaij, “Zoe, a cabaleira”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Relato”, 18 agosto 2016, p. 32.

Sección que acolle relatos curtos durante todo o mes de agosto. Neste caso reprodúcese o realizado por Rosalía Van Raaij, titulado “Zoe, a cabaleira”.

- Manuel Antonio Sánchez, “Zarapelos”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Relato”, 21 agosto 2016, p. 34.

Sección que acolle relatos curtos durante todo o mes de agosto. Neste caso reprodúcese o realizado por Manuel Antonio Sánchez, titulado “Zarapelos”.

- Carla Aldán, “Lecturas”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Relato”, 22 agosto 2016, p. 24.

Sección que acolle relatos curtos durante todo o mes de agosto. Neste caso reprodúcese o realizado por Carla Aldán, titulado “Lecturas”.

- Amalia Barge, “O pescador”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Relato”, 22 agosto 2016, p. 24.

Sección que acolle relatos curtos durante todo o mes de agosto. Neste caso reprodúcese o realizado por Amalia Barge, titulado “O pescador”.

- Patricia Montenegro, “Os ollos de Medusa: ríos”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Relato”, 23 agosto 2016, p. 34.

Sección que acolle relatos curtos durante todo o mes de agosto. Neste caso reprodúcese o realizado por Patricia Montenegro, titulado “Os ollos de Medusa: ríos”.

- María Hermida, “O cepillo xa pariu”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Relato”, 23 agosto 2016, p. 34.

Sección que acolle relatos curtos durante todo o mes de agosto. Neste caso reprodúcese o realizado por María Hermida, titulado “O cepillo xa pariu”.

- José Luís Fernández, “A pendella”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Relato”, 24 agosto 2016, p. 34.

Sección que acolle relatos curtos durante todo o mes de agosto. Neste caso reprodúcese o realizado por José Luís Fernández, titulado “A pendella”.

- Manuel Vila, “Avante!”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Relato”, 28 agosto 2016, p. 37.

Sección que acolle relatos curtos durante todo o mes de agosto. Neste caso reprodúcese o realizado por Manuel Vila, titulado “Avante!”.

- G. N., “Pedro Feal y María Calvar, ganadores del concurso Relatos de Verán 2016”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 26 outubro 2016, p. 38.

Dá conta dos vencedores do certame literario de *La Voz de Galicia* nas categorías xeral e de menores de 16 anos: o catedrático de filosofía no instituto de Monelos, Pedro Feal, e a estudante de primeiro da ESO no IES de Mos, María Calvar. Ambos sumaron o dobre de votos ca os seus rivais inmediatos. Reprodúcense os relatos gañadores.

X Premio Narrativa Breve **Repsol**

Premio convocado dende o ano 2006 polo complexo Repsol-YPF e dende 2010 pola Fundación Repsol, en colaboración coa Consellaría de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia co fin de contribuír ao desenvolvemento da literatura galega. Conta co apoio da Real Academia Galega, a Asociación Galega de Editores e a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega e coa colaboración da Editorial Galaxia. Anteriormente estaba dotado dun premio de 6.000 €, na terceira edición a contía aumentou até os 9.000 € e no ano 2013, até os 12.000 €, ademais da publicación da obra na Editorial Galaxia. Poden concorrer todos os autores e autoras que o desexen, agás a persoa gañadora da edición anterior. Os traballos, orixinais e inéditos, escritos en lingua galega seguindo a normativa vixente e cunha extensión entre cincuenta e cento vinte folios, deben presentarse encadernados en seis copias, mecanografados a dobre espazo, nas que figure o título da obra e o lema, xunto a un sobre pechado no que se inclúan os datos persoais do autor ou autora e dirixirse á Refinería Repsol A Coruña (Apartado 700, 15080 A Coruña). O xurado está conformado por un representante da Secretaría Xeral de Política Lingüística, outro da Fundación Repsol, un da Real Academia Galega, outro da Asociación de escritores en Lingua Galega e un da Editorial Galaxia. En edicións anteriores o galardón recaeu en *Se algún día esta muller morta*, do xornalista Miguel Sande, en 2006; *Así nacen as baleas*, de Anxos Sumai, en 2007; *A verdade como mal menor*, de Xosé Luís Martínez Pereiro, en 2008; *Os Fíos*, de Xurxo Sierra Veloso, en 2010; *Microbios e outros paquidermos*, de Fernando Díaz-Castroverde Gómez, en 2011; *A forma das nubes*, de María López Sández, en 2012; *O*

derradeiro libro de Emma Olsen, de Berta Dávila, en 2013; *A diagonal dos tolos*, de Santiago Lopo, en 2014; e *Fontán*, de Marcos Calveiro, en 2015. Na edición correspondente ao ano 2016 o xurado decidiu galardoar a Daniel Asorey (Santiago de Compostela, 1970) pola súa obra *Nordeste* (2016).

Referencias varias:

- M. G. M., "O santiagués Daniel Asorey gaña o décimo premio Repsol de narrativa breve con 'Nordeste", *Diario de Ferrol/ El Ideal Gallego*, "Sociedad", 29 setembro 2016, p. 37.

Infórmase do resultado do X Premio de narrativa breve Repsol por parte do xuri (Armando Requeixo, Carme Fernández Pérez-Sanjulián, Euloxio R. Ruibal, Carlos Lema e Marcos S. Calveiro), que recaeu no mestre santiagués, entre un total de 38 propostas. Saliéntanse o punto de partida do relato, a súa arquitectura e a amálgama de tempos e espazos acadada.

- R. G., "Daniel Asorey gaña o premio Repsol fabulando sobre unha república galega e unha Compostela marítima", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 29 setembro 2016, p. 43.

Sinala que Daniel Asorey gañou a décima edición deste certame cunha novela que "discorre entre o nordeste de Brasil e unha Galicia que posúe a Compañía Galega das Indias".

I Concurso de microrrelatos da Biblioteca **UNED** Lugo

Convocado pola Biblioteca do Centro Asociado UNED de Lugo para conmemorar o Día do Libro. Poden participar todas as persoas maiores de idade que presenten traballos orixinais e inéditos, escritos en galego ou castelán, cunha extensión máxima de cen palabras. Os microrrelatos enviaranse por whatsapp ou por correo electrónico entre o 11 e o 22 de abril. O xurado, formado por José Luis Prieto Arroyo, José Enrique Pérez Rodríguez e Ana María Pérez Teijeiro, escollerá un microrrelato que levará como premio un lote de produtos culturais.

Referencias varias:

- Marta Becerra, "Duelos creativos", *El Progreso*, "Lugo", "El despertador", 15 abril 2016, p. 12.

Informa da creación deste novo certame, sinala o prazo de presentación e indica que as historias non poden pasar das cen palabras.

XVII Certame Literario de Relatos Curtos **Os Viadutos**

Organizado polo Departamento de Xuventude do Concello de Redondela, o certame está dirixido a persoas con idades comprendidas entre os 18 e os 35 anos que presenten

orixinais, inéditos escritos en galego, cunha extensión mínima de quince folios e máxima de vinte. Os orixinais enviaranse nun sobre ao Departamento de Xuventude (Paseo da Xunqueira s/n, 36800, Redondela, Pontevedra). No interior deben incluírse catro copias en papel e outra en soporte dixital, sen asinar e encabezadas polo título do relato e pseudónimo, e un sobre pechado cos datos do autor e unha fotocopia do DNI. Estabelécese un primeiro premio de 1.200 € e un segundo de 600. Na edición correspondente ao ano 2016, o prazo de recepción de orixinais rematou o 3 de marzo de 2017.

XVII Premio **Vicente Risco de Creación Literaria**, anteriormente coñecido como Premio Risco de Literatura Fantástica

En 1999 o Concello de Ourense, a Fundación Vicente Risco e a Editorial Sotelo Blanco convocaron por primeira vez este premio, concibido como homenaxe á memoria de Vicente Martínez-Risco e do seu fillo Antón Martínez-Risco, para premiar a mellor obra de literatura fantástica do ámbito galego. Dende o ano 2006, este galardón pasou a denominarse Premio Vicente Risco de Creación Literaria e a el poden presentarse todo tipo de obras de carácter literario. A súa dotación é de 6.000 € e a publicación do texto. A extensión dos traballos, inéditos e redactados segundo a normativa vixente, pode variar entre os cento cincuenta e trescentos folios. Os orixinais deben presentarse por sextuplicado, en soporte papel (tamaño DIN-A4), mecanografados por unha soa cara e a dobre espazo, baixo lema, xunto cun sobre pechado co nome completo, enderezo e teléfono da persoa que concorre ao premio, así como o título definitivo da súa obra. Os traballos envíanse ao Rexistro Municipal do Concello de Ourense. O xurado componse de cinco persoas escollidas entre personalidades recoñecidas do mundo da literatura, unha das cales é elixida polo concello para presidilo. En anteriores edicións foron premiadas *A rosa de Borges* (2000), de Xosé Carlos Caneiro, no ano 2000; *O caderno* (2001), de Xabier López López, en 2001; *A embaixada do vinagre* (2002), de Xosé Luís Martínez Pereiro, en 2002; *O sangue dos camiños* (2003), de Ramón Caride Ogando, en 2003; *Un escuro rumor tralo silencio* (2005), de Isidro Novo, en 2005; *Os mércores de Fra* (2006), de Xurxo Sierra Veloso, en 2006; *Para dicir abril* (2008), de Xosé Vázquez Pintor, en 2007; *A do vinte e un* (2010), de Hixinio Puentes Novo, en 2009; *Deus xogando aos dados*, de Fernando Méndez, en 2010; *Olladas* (2012), de Adelaida Vidal Vizcaya, en 2011; *Todos os días*, de Alberto Manuel Ramos Ríos, en 2012; *As escaleiras do gran hotel*, de Rubén Martínez Alonso, en 2013; *A verdade nos espellos*, de Rubén Eyré, en 2014; e *Transición,* de Pablo Fernández Barba. No ano 2016 o xurado, composto por Pablo Fernández Barba, Carlos Rafael Ramos, Llerena Perozo Porteiro, David Cortizo Conde e Luís Martínez-Risco Daviña, concedeu o galardón á obra *Os donos das cinsas*, para Benigno Yáñez Pérez.

Referencias varias:

- ECG, “Premio Risco de Creación Literaria para el periodista Benigno Yáñez”, *El Correo Gallego*, “Medios”, 20 novembro 2016, p. 60.

Indica que na XVII edición do certame, resulta galardoada a obra *Os donos das cinsas*, primeira novela do xornalista boirense, sobre a corrupción, a lei e a política.

- Fátima Frieiro, “Beni Yáñez. ‘A novela aborda o tema da corrupción, pero a mensaxe que lanza é: Todo é legal e ético?”, *Diario de Arousa*, “Vilagarcía”, 20 novembro 2016, p. 5.

Entrevista ao gañador do XVII Premio Vicente Risco, redactor xefe no Diario de Arousa. Reflexiona sobre a corrupción e as eivas do sistema actual, sobre a base documental e xornalística desta ficción, e sobre a dimensión do premio.

Certame de novela curta **Vila de Negreira**

A Concellería de Cultura de Negreira organiza este certame, dirixido a mozas e mozos galegos ou residentes maiores de quince anos que presenten unha novela curta orixinal, inédita, escrita en galego e non premiada noutro certame. Deben dirixirse á Delegación de Cultura (Casa da Cultura, 1º andar, CP: 15830, Negreira) tres copias do orixinal, de entre quince e corenta folios, escrito a máquina ou a ordenador, con tipo de letra Times New Roman, a dobre espazo e por unha soa cara, e con soporte informático (diskette ou CD). Cada orixinal debe levar o seu título e o pseudónimo do autor e irá acompañado dun sobre pechado que conteña os seus datos persoais (nome, apelidos, fotocopia do DNI, un breve currículo, enderezo e teléfono) e leve escrito por fóra o título ou o pseudónimo do autor. Este certame consta dos seguintes premios: un galardón de 500 € e un accésit de 100 €.

Referencias varias:

- M. O., “Certámenes nicrarienses de narrativa y pintura hasta el día 9 de mayo”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 27 marzo 2016, p. 27.

Informa dos certames e das bases que os rexen, así coma dos prazos de presentación dos traballos e do número de teléfono de contacto para ampliar os datos sobre o concurso.

III Certame Nacional de Relatos **Vigo Histórico**

A Asociación de Comerciantes Vigo Histórico, coa colaboración da Editorial Elvira, convoca este premio dirixido a maiores de idade que presenten obras en castelán ou galego. O tema será libre pero a acción debe transcorrer na zona histórica de Vigo. Os relatos deberán ser inéditos, orixinais, cunha extensión mínima de catro folios e máxima de oito. Enviaranse por email a info@editorialelvira.es antes do 4 de setembro. Darase un primeiro premio (cunha dotación de mil euros) e poderanse conceder até cinco accésits, un para cada xénero narrativo (negro, erótico/romántico, fantástico/terror, humor e costumista) onde se poidan incluír os relatos. A Editorial Elvira publicará un libro co relato gañador e os cinco accésits en caso de habelos e calquera outro relato que sexa merecente de ser publicado. Na edición de 2016 o xurado composto por Antón Pulido, Bieito Ledo, Concepción Varela Portela, patricia Meira, Noelia Otero, Sonia González, Julio Alonso e Jacobo Buceta fallou o premio o 30 de setembro. Presentáronse un total de douscentos tres traballos, trinta e tres foron descartados por non cumprir as bases do concurso; e dos cento setenta relatos que quedaron, cento trinta e seis foron en castelán e o resto, en galego. O galardón foi para María del Carmen

Pereiro Oliveira polo relato “Nunha maleta caben todos os ventos” e concedéronse accésits a : Pilar Ortega Pereiro por “Sereo”; Lidia Gregorio Selas por “Xente do mar”; María Comesaña Romero por “El florón”; Miguel Pereira Rodrigo por “Charcos” e Urbano Barrios Santamaría por “La chica del violenchelo”.

Referencias varias:

- A. Baena, “Vigo histórico’: el legado de Carlos Oroza alcanza la tercera edición”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 26 febreiro 2016, p. 11.

Recolle o acto de presentación da terceira edición do certame literario, as características do premio e os membros do xurado, así como a aperrtura do prazo de entrega das obras participantes e o correo electrónico ao que se poden enviar.

XXXIII Premio **Xerais de Novela**

Convocado por Edicións Xerais de Galicia dende o ano 1984, os orixinais teñen que se presentar nos locais sociais de Edicións Xerais de Galicia (Rúa Dr. Marañón, n.º 12, 36211 Vigo) por sextuplicado en papel e acompañados dunha copia dixital en formado pdf, mecanografados a dobre espazo, baixo lema e plica. Nas primeiras convocatorias deste premio o xurado estaba constituído por críticos e estudosos da literatura, pero a partir de 1988, coa introdución do lema “A forza dos lectores”, fíxose unha selección de cinco membros entre lectores en xeral, que xunto a un secretario con voz e sen voto, que representa á editorial compoñen o xurado. Poden concorrer persoas de calquera nacionalidade que presenten os textos inéditos e orixinais en lingua galega, seguindo a normativa vixente. Edicións Xerais de Galicia resérvase os dereitos de edición sobre a novela premiada en todas as linguas, coa posibilidade de ceder tales dereitos a terceiros. Os tres mil primeiros exemplares vendidos están libres do pagamento de dereitos de autor e o beneficiario do premio, dotado de 10.000 €, ten que comprometerse a renunciar expresamente a calquera pretensión sobre os devanditos dereitos, recibindo cincuenta exemplares da obra publicada. En edicións anteriores os galardóns foron para as seguintes obras: *Crime en Compostela* (1984), de Carlos González Reigosa, en 1984; *As horas de cartón* (1985), de Lois Xosé Pereira, en 1985; *No ano do cometa* (1987), de Xoán Bernárdez Vilar, en 1986; *Para despois do adeus* (1987), de Xosé Ramón Pena, en 1987; *O bosque das antas* (1988), de Francisco X. Fernández Naval, en 1988; *Galván en Saor* (1989), de Darío Xohán Cabana, en 1989; *As baleas de Eduardo Reinoso* (1990), de Alfonso A. Cáccamo, en 1990; *Agosto do 36* (1991), de Xosé Fernández Ferreiro, en 1991; *O infortunio da soidade* (1992), de Xosé Carlos Caneiro Pérez, en 1992; *O cervo na torre* (1994), de Darío Xohán Cabana, en 1994; *Unha noite con Carla* (1995), de Aníbal Calvo Malvar, en 1995; *A velocidade do frío* (1996), de Manuel García Seixas, en 1996; *Manancial* (1997), de Xavier Manteiga, en 1997; *Morning Star* (1998), de Xosé Miranda Ruíz, en 1998; *Pensa nao* (1999), de Anxo Angueira Viturro, en 1999; *Expediente Artieda* (2000), de Luís Rei Núñez, en 2000; *Teoría do caos* (2011), de Marilar Aleixandre, en 2001; *Concubinas* (2002), de Inma López Silva, en 2002; *Casa Skylab* (2003), de Santiago Jaureguizar, en 2003; *O exiliado e a primavera* (2004), de Manuel Veiga, en 2004; *Herba moura* (2005), de Teresa Moure, en 2005; *Tres segundos de memoria* (2006), de Diego Ameixeiras, en 2006; *Cardume* (2007), de Rexina Rodríguez Vega, en 2007; *O xardín das pedras flotantes*

(2008), de Manuel Lourenzo González, en 2008; *Sol de inverno* (2009), de Rosa Aneiros, en 2009; *Periferia* (2010), de Iolanda Zúñiga, en 2010; *Extramunde* (2011), de Xavier Queipo, en 2011; *Tonas de laranxa* (2012), de María Lorenzo Miguéns e Manuel Lorenzo Baleirón, en 2012; *Cadeas* (2013), de Xabier López López, en 2013; *Dende o conflito* (2014), de María Reimóndez, en 2014; e *De remate* (2015), de Héctor Cajaraville, en 2015. No ano 2016 o xurado, composto por Mercedes Corbillón, Concha Martínez Mayo, Marta Gómez González, Irene Penas Murias, Almudena López Rodríguez e Fran Alonso en representación de Edicións Xerais, como secretario, con voz e sen voto, acordou por maioría galardoar a Manuel Esteban Domínguez (Vigo, 1971) pola obra *A ira dos mansos* (2016).

Referencias varias:

- Jorge Lamas, "Un médico vigués sen máis experiencia literaria gaña o Premio Xerais 2016", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 5 xuño 2016, p. 44.

Coméntase a obtención dos Premios Xerais de Novela, Jules Verne de Literatura Xuvenil e Merlín de Literatura Infantil por parte de Manuel Esteban (Vigo, 1971), Iria Misa (Gondomar, 1983) e David Pérez (Ames, 1962). Recóllense sucintos comentarios sobre a temática das obras galardoadas entre os 89 orixinais presentados e numerosos detalles da gala literaria de Xerais, que pechou Manuel Bragado.

- J. L., "Manuel Esteban. 'Estoy sorprendido, yo no soy escritor, no me dedico a esto", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 5 xuño 2016, p. 44.

Recóllese unha breve entrevista ao gañador do Xerais, arredor da motivación de escrita da novela –a necesidade de comunicación da loita que implica ter un fillo con síndrome de Down–, da forma escollida –a novela negra, que permite aproximar as historias a unha fronteira na que a moralidade entra en terreos máis ambiguos– ou do poder do humor.

- Luis Montero, "Manuel Esteban, Iria Misa e David Pérez, premios Xerais", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 5 xuño 2016, p. 47.

Anúnciase, no acto literario-musical da illa de San Simón, o ditame da XXXIIIª edición do Premio Xerais de novela, que recaeu en Manuel Esteban; a VIIIª edición do premio Jules Verne de Literatura Infantil, que recaeu en Iria Misa, e a XXXIª edición do Merlín de Literatura Infantil, que recaeu en David Pérez Iglesias, dotados con 10.000 euros cada un. Recóllense parte das declaración de Celia Torres, coordinadora e presentadora, así como do discurso de Ledicia Costas, mantedora da velada.

- Rosé Carrera, "O médico vigués Manuel Esteban gaña o Xerais coa súa primeira novela", *Atlántico Diario*, "Vigo", p. 11/ *La Región*, "Sociedad", p. 60, 5 xuño 2016.

Infórmase do acto de entrega na illa de San Simón dos Premios Xerais de Literatura nas súas distintas categorías, salientando as súas coincidencias: carácter realista, localizadas na Galicia actual e dando voz a problemas da sociedade contemporánea. Saliéntase o percorrido editorial de Xerais e o feito de supoñer, tanto o Xerais de novela a Manuel

Esteban como o Jules Verne de Literatura Infantil a Iria Misa, unha estrea literaria. O Premio Merlín de Literatura recaeu en David Pérez Iglesias.

- Mar Mato, "O coruñés David Pérez, Iria Misa e Manuel Esteban gañan os premios Xerais 2016", *La Opinión*, "Sociedad, cultura y ocio", 5 xuño 2016, p. 39.

Coméntase a entrega dos Premios Xerais do presente ano e destínanse tres segmentos diferenciados a recoller declaracións dos galardoados: Manuel Esteban, Premio Xerais de Novela, subliñando o ímpeto emocional e visceral da temática por el escollida; David Pérez, Premio Merlín de Literatura Infantil, denunciando as consecuencias identitarias do abandono da aldea; Iria Misa, Premio Jules Verne de Literatura Xuvenil, expoñendo as súas intencións ao se presentar ao premio e o proceso de escrita.

- Ramón Rozas, "Romper a máscara", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Ciudad", "Rue Saint - Antoine nº 170", 6 xuño 2016, p. 11.

Ofrécese unha crónica persoal, vivencial, sobre a gala de entrega dos Premios Xerais do presente ano, na que se detallan aspectos do discurso de Ledicia Costas, o bater de palmas dedicado a Agustín Fernández Paz, a paseniña descuberta –por parte dun heterodoxo xurado– dos gañadores nas tres categorías, ou a volta a bordo do Babuxa para cruzar a ría de Vigo.

X. 2. POESÍA

XIV Premio de Poesía **Afundación**

Naceu, froito dun convenio entre a entidade bancaria e o PEN Clube de Galicia, no ano 2002 co obxectivo de impulsar a edición de poesía en galego. No ano 2010, debido á fusión de Caixanova e Caixa Galicia, pasou a denominarse Novacaixagalicia e dende 2014, logo da bancarización da caixa, pasou a denominarse Afundación. Conta coa colaboración da Xunta de Galicia. Poden concorrer todos os poetas que o desexen, presentando unha soa obra escrita en lingua galega segundo a normativa vixente, inédita e non menor a seiscentos versos. O premio é indivisíbel e estaba dotado de 12.000 €, que na edición de 2013 pasaron a ser 6.000 €. Ademais implica a publicación da obra gañadora na colección "Arte de Trobar", editada polo PEN Clube de Galicia e a Afundación. Os traballos deben enviarse por quintuplicado, mecanografados a dobre espazo e baixo lema e plica ao Centro Social Afundación (Avda. Policarpo Sanz, nº. 24, 36202 Vigo, Pontevedra). Nas anteriores edicións resultaron galardoados: en 2002 Xavier Seoane, por *Dársenas do ocaso*; en 2003 María do Cebreiro, por *Non queres que o poema te coñeza*; en 2004 Román Raña, por *As metamorfoses do túnel*; en 2005 Arcadio López-Casanova, por *Herdo do canto*; en 2006 Marilar Aleixandre, por *Mudanzas*; en 2007 Carlos Penela, por *Sombras, rosas, sombras*; en 2008 Luís Valle, por *A caída*; en 2009 Xabier Rodríguez Baixeras, por *Deserto diamantino*; en 2010 Emma Pedreira Lombardía, por *Antítese da ruina*; en 2011 Xosé Daniel Costa Currás, por *Monicreques*; en 2012 Xosé Daniel Costa Currás, por *Monicreques*; en 2013 Yolanda Castaño, por *A segunda lingua*; en 2014 Elías Portela, por *Bazar de traidores*; e en 2015 Miguel Anxo Fernán Vello, por *Duración da penumbra*. Na edición correspondente ao ano 2016, o xurado, integrado por Dores Tembrás, Anxo Angueira, Ana Abelenda e Xabier Castro Martínez, decidiu premiar a obra titulada *Vestir a noite*, de Olalla Cociña (Viveiro, 1979).

Referencias varias:

- María Abascal, "Premian a Fernán-Vello, pola súa 'Duración da penumbra", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 21 maio 2016, p. 42.

Informa do transcurso do acto de entrega do premio e as gabanzas recibidas polo galardoado. Inclúe o anuncio da próxima convocatoria e unha síntese das bases.

- Montse García, "Olalla Cociña gaña o premio de Poesía Afundación con 'Vestir a noite", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 6 decembro 2016, p. 32.

Informa do veredicto do xurado do certame, que, por unanimidade, outorga o premio entre trinta e tres concorrentes a Olalla Cociña, polo poemario *Vestir a noite*. Di que o xurado salienta a súa consciencia estrutural e as súas virtudes excesivas, especialmente a imaxinería náutica e a habelencia na clausura dos textos.

- Jaureguizar, "Olalla Cociña gaña o Afundación por un libro inspirado en Viveiro", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 6 decembro 2016, p. 60.

Dá conta de que Olalla Cociña é galardoada co Premio de Poesía Afundación por *Vestir a noite*, libro que ela presenta como "un camiñar aleatorio pola natureza" da súa cidade natal, máis intimista cás entregas anteriores. Indica que o xurado estivo composto por Dores Tembrás, Anxo Angueira, Ana Abelenda e Xabier Castro Martínez.

- Montse García, "Olalla Cociña. 'Escribo para que se me entenda, nada de escurecer e ser hermético", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "En primera persona", 7 decembro 2016, contracuberta.

Entrevista á poeta e xornalista Olalla Cociña, que vén de gañar o Premio de Poesía Afundación, que se une a recoñecementos anteriores coma O Facho ou o Avelina Valladares. Dialógase sobre os premios e o acceso á publicación, sobre o ton do volume e sobre a súa intención comunicativa, que está lonxe do hermetismo.

XIII Concurso de poesía **Anomar**

A Asociación Recreativa e Cultural Os Tilos, de Teo, convoca este galardón coa intencionalidade de unir a experiencia, o coñecemento e a importante transmisión cultural das persoas maiores coa ilusión e a creatividade dos máis mozos. O nome do concurso fai alusión a unha persoa que simboliza a experiencia, a forza e a ilusión por aprender, de superarse día a día, a señora Ramona, a persoa máis vella da asociación. Anomar é Ramona ao revés, a cal representa a todas as persoas vellas que, coma ela, están convencidas de que na vida se aprende cada día e que a creación literaria é unha forma máis de expresividade e coñecemento. O concurso está dividido en tres categorías segundo a idade: a 1ª, de oito a doce anos; a 2ª, de trece a dezasete; e a 3ª para maiores de dezaoito. A temática dos poemas é libre e deben ocupar entre vinte e cen versos, escritos en galego. Pódense enviar por correo postal ao enderezo da asociación (rúa Ameneiro, n.º 8, baixos parroquiais, 15894 Os Tilos, Teo), nun sobre sen remite, co nome da categoría á que se presenta, que debe conter o traballo e outro sobre pequeno onde conste o título do poema e os datos do autor. Tamén se poden entregar por correo electrónico a arcostilos@arcostilos.org. Estabelécese un premio para cada categoría, consistente nun lote de libros. Nesta edición do ano 2016, o xurado, composto por Ánxela Fernández Rey, Chelo Suárez Muíños e Sabela Rodríguez Reino, acordou premiar os seguntes poemas: na 1ª categoría, "A Gata Saleta", do alumnado de 6º de Primaria do CEIP Barouta (Ames); na 2ª categoría, "Atrapados", de Lucía Amarelo Ginzo; e na 3ª categoría, "Alicia encadeada", de María Crsitina Rodríguez Andrade.

X Certame de Poesía **Antón Zapata García**

O Departamento de Cultura do Concello de Laxe convoca este certame na honra do poeta laxense. Poden participar todas as persoas que o desexen, de calquera procedencia, cun máximo de tres composicións con título, escritas en galego ou en castelán. A extensión e temática dos traballos é libre, cun mínimo de vinte versos, que deben estar inéditos e ir asinados cun pseudónimo. Estabelécense tres categorías segundo a idade: infantil, até 11 anos; xuvenil, dos 12 aos 25 anos; e adultos, a partir dos 25 anos. As obras deben enviarse preferentemente por correo postal ao Departamento de Cultura do Concello de Laxe (Avda. Cesáreo Pondal, n.º 26, 15117 Laxe, A Coruña). O sobre debe conter, xunto co poema ou poemas presentados, outro

sobre lacrado cos datos persoais do autor: nome e apelidos, data de nacemento, enderezo e teléfono de contacto. O premio, un para cada unha das tres categorías, consiste nun diploma, un agasallo institucional e un lote de libros. Na edición correspondente ao ano 2016 o prazo de presentación pechou o 12 de agosto e a entrega dos premios tivo lugar durante a celebración do X Solpor Poético, o día 27 de agosto na Praia dos Cristais. Os textos gañadores foron: na categoría infantil, "O poeta da Terra Chá", de Beatriz Amado Cibreiro; na categoría xuvenil, "Mar de amor, mar de muerte", de Mariña Prieto Mato; e na categoría adulta, "Canción das Laxes", de Dolores Torrano Vicente.

XX Premio de Poesía **Avelina Valladares**

Convocado anualmente polo Concello da Estrada, xunto coa Asociación de Consumidores e Amas de Casa Avelina Valladares, para contribuír á difusión da lírica galega, valorar o traballo dos poetas, descubrir novos valores, preservar o cultivo da lingua galega como sinal de identificación e diferenciación de Galicia e colaborar coa divulgación da obra da poeta estradense Avelina Valladares, precursora, xunto ao seu irmán Marcial Valladares, do cultivo literario da lingua galega no século XIX. Os textos deben ser inéditos e estar escritos en galego, con liberdade de tema e forma e unha extensión comprendida entre os trescentos e os oitocentos versos. Deben enviarse por cuadriplicado ao Concello da Estrada (Praza da Constitución, s/n, 36680, A Estrada, Pontevedra) antes do 13 de maio, xunto cun sobre pechado cos datos do autor. Dendo o 2008 a contía do premio ascende a 2.000 €. Este galardón foi acadado en edicións anteriores por poetas como María Lado, Berta Dávila, María Canosa, Olalla Cociña Xosé Luna Sanmartín, Helena Salgueiro Golán ou Elvira Riveiro, entre outros. Na edición correspondente ao ano 2016, o xurado seleccionou como gañadora a obra *INEM*, de Rocío Leira Castro (A Pereiriña, Cee, 1979).

Referencias varias:

- S. E., "A Estrada convoca los premios de novela y poesía", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 19 marzo 2016, p. 34.

Informa da convocatoria deste premio e a data límite para entregar os orixinais. Engade que as bases está dispoñíbeis na web.

- Sol Elvira, "La poetisa ceense Rocío Leira se lleva el Avelina Valladares", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 29 setembro 2016, p. 36.

Informa de que Rocío Leira foi galardoada na XX edición do premio por *INEM*, un poemario de 800 versos que aborda a temática do paro e do que o xurado salienta a forma novidosa e o desenvolvemento dunha linguaxe actual. Ofrece información sobre a traxectoria da galardoada.

XXXII Premio de Poesía **Cidade de Ourense**

Premio convocado pola Concellaría de Cultura do Concello de Ourense dende 1980 no que poden participar persoas de calquera nacionalidade, excluíndo aos gañadores das cinco edicións anteriores, sempre que os traballos, orixinais e inéditos, estean escritos en galego ou en portugués e teñan un mínimo de seiscentos versos. Deben presentarse mecanografados a dobre espazo en exemplar sextuplicado, grampados, cosidos ou encadernados, baixo lema. Ademais, débese incluír un sobre pechado no que figuren os datos persoais do autor. Entregarase no Rexistro do Concello de Ourense directamente ou por correo certificado até o 22 de abril. Os concursantes de orixe portuguesa poden entregar as súas obras na Cámara Municipal de Vila Real nos mesmos prazos. O concurso está dotado dun único galardón de 6.000 € e a publicación da obra. Entre os escritores gañadores deste certame, atópanse, entre outros Millán Picouto, Darío Xoán Cabana, Xosé Gómez Alfaro, Xosé Carlos Caneiro, Xavier Rodríguez Barrio, Miguel Anxo Fernán-Vello, Amadeu Baptista ou Eva Veiga. Na edición correspondente ao ano 2016 o xurado, composto polos profesores Isabel Alves, Luciano Rodríguez e Fernando de Castro, a técnica do Concello de Ourense, Mónica Fernández Valencia (sen voto), e o escritor Luis González Tosar, concedeu o premio a Xurxo Alonso polo seu traballo *Cartas da fronteira*.

Referencias varias:

- O. B., “El vilagarciano Xurxo Alonso gana el Premio de Poesía 'Cidade de Ourense”, *Diario de Arousa*, “Vilagarcía”, 26 xuño 2016, p. 4.

Informa de que Xurxo Alonso resultou gañador da XXXII edición deste premio co traballo *Cartas de fronteira*. Sinala que o xurado destacou a grande unidade temática e a intensidade da obra.

XLI Certame de Poesía sobre o Nadal do **Concello de Begonte**

Convocado polo Concello de Begonte dentro da programación cultural de Nadal. Poden participar todos os poetas que o desexen, con textos en galego ou en castelán. O tema dos traballos ha ser o de o Nadal, dende calquera punto de vista, e é libre a construción dos poemas e a medida dos versos. Valóranse os textos que fagan referencia a Begonte e ao seu Belén. Concédense os seguintes premios: o Premio Begonte de Poesía, dotado de 600 € e unha estatuíña de Sargadelos, e un segundo premio dotado de 300 € e unha estatuíña de Sargadelos. A remisión de orixinais faise por triplicado ao Centro Cultural de Begonte (Lugo), tanto persoalmente como por correo certificado, até o día 6 de xaneiro de 2017. Todos os traballos deben presentarse con plica, facendo constar dentro dela os datos persoais da autora ou autor.

Referencias varias:

- C. A., “Convocan los certámenes de poesía y periodismo del belén de Begonte”, *El Progreso*, “A Chaira”, 14 decembro 2016, p. 12.

Infórmase da nova convocatoria do Certame Nacional de Poesía sobre o Nadal e o Certame de Xornalismo Begonte e o Nadal, que cumpren corenta e un anos de historia. Sinálase que o primeiro está patrocinado por Abanca e dotado con 600 euros.

XIX Concurso de Poesía **Concello de Carral**

Concurso de poesía organizado polo Concello de Carral dende 1997 ao que poden concorrer autores e autoras maiores de idade e de calquera nacionalidade, con traballos orixinais e inéditos, cunha extensión mínima de cincocentos versos, escritos en galego e baixo un lema. Está dotado dun único galardón, que inclúe unha remuneración económica que foi ascendendo ao longo das diferentes edicións até os 2.500 € actuais e a publicación por Espiral Maior. Os traballos entréganse por triplicado, mecanografados a dobre espazo por unha soa cara, debidamente grampados ou encadernados, e coas páxinas numeradas. As obras preséntase na Biblioteca Pública Municipal de Carral (Casa da Cultura, rúa de Paleo, n.º 17, 15175 Carral, A Coruña) cunha portada na que figuren o título da obra e o lema ou alcume do autor, coincidindo no exterior co sobre pechado que debe acompañar á obra, e que conterá no interior o nome e apelidos do autor, DNI, enderezo, número de teléfono, correo electrónico e un breve currículo. En anteriores edicións foron premiados: en 1997, Fernando Díaz-Castroverde por *Camiño de píntegas*; en 1998, Rafael Lema por *Atlántica*; en 1999, Rafa Villar por *Días de Sherezade*; en 2000, Lucía Novas por *Epiderme de estío*; en 2001, Baldo Ramos por *A árbore da cegueira*; en 2002, Eduardo Estévez por *Derrotas*; en 2004, Xurxo Alonso por *Breviario de Aldemunde*; en 2005, Marcos S. Calveiro por *Cartas do terceiro día*; en 2006, Isidro Novo por *Esteiro de noites falecidas*; en 2007, Xosé Luís Mosquera Camba por *Nadja c'est moi*; en 2008, Paulino Peña Álvarez por *Gramática da afirmación*; en 2009, Eli Ríos por *Nós escoitando o badalo de marienplatz*; en 2010, Miro Villar por *As crebas*; en 2011, Emma Pedreira por *Libro das mentiras*; en 2012, Roi Vidal Ponte por *Teatro*; en 2013, Dores Tembrás por *Cronoloxía da urxencia*; en 2014, Oriana Méndez por *O que precede a caída é branco*; e en 2015, Eva Veiga por *Soño e vértice*. Na edición de 2016, o xurado, formado por Carmen Caramés, Armando Requeixo e Luciano Rodríguez, baixo a presidencia da concelleira de Cultura, Margarita Ramilo Varela, e asistidos, en calidade de secretario, polo técnico municipal de Cultura e coordinador do premio, Cadlos Lorenzo Pérez, acordou elixir como gañador o poemario titulado *Devalar sen pel*, de Modesto Fraga (Fisterra, 1974).

IX Certame de Poesía do **Concello de Mugardos**

O Concello de Mugardos, a través da Biblioteca Pública Municipal, convoca este certame de poesía con motivo do Día da Poesía (21 de marzo). En pasadas edicións, contaba coas modalidades de maiores de 18 anos e menores de idade, mais no ano 2013 pasou a ter tres categorías: até os 12 anos, de 13 a 17 anos e maiores de 18 anos. Os traballos deben ser orixinais, inéditos e estar escritos en lingua galega, cunha extensión máxima dun folio de DIN-A4 por unha cara e corpo de letra 14 a dobre espazo. Entréganse por duplicado e baixo plica, en persoa ou por correo certificado, na Concellaría de Cultura do Concello de Mugardos (Avda. de Galicia, n.º 45, 15620 Mugardos, A Coruña), entre o 11 de xaneiro e o 11 de febreiro. O galardón consiste en vales para mercar libros por valor de 40 €, 60 € e 100 € segundo a categoría. Na edición correspondente ao ano 2016 o xurado decidiu, por unanimidade, conceder o premio da

categoría até 12 anos a Lorena Álvarez Bastida, por “Haikus da amizade”; na categoría de 13 a 17, o galardón quedou deserto; e na categoría de maiores de 18 anos foi para Israel Castro Rivera, por “Os humanistas xustos; heroes discretos”.

XLII Certame Literario do Excelentísimo **Concello de Vilalba**

Co fin de estimular e potenciar a creación poética, o Concello de Vilalba convoca este certame en que se conceden dous premios dotados de 3.000 € e 1.000 €, xunto cunha flor natural e un diploma. Poden concorrer todos os autores de calquera nacionalidade e condición que presenten orixinais e inéditos en lingua galega, de extensión mínima de cincocentos versos e tema libre. Os orixinais remitiranse por quintuplicado, xunto cun sobre cos datos persoais do autor e unha breve biografía, ao Concello de Vilalba (Praza da Constitución n.º 1, 27800 Vilalba, Lugo), podendo tamén enviarse por vía electrónica (www.vilalba.or/certameliterario). Na XLII edición o prazo de admisión rematou o 18 de xullo, o ditame do xurado difundiuse nos medios de comunicación o 22 de agosto e o acto de entrega tivo lugar o 30 de agosto, coincidindo coas festas patronais de San Ramón e Santa María. O xurado, formado por Darío Villanueva, presidente da Real Academia Española, os xornalistas Fidel Fernán e Xulio Xiz, a xefa territorial de cultura, Educación e Ordenación Universitaria María del Carmen Gueimunde González e o concelleiro de cultura de Vilalba José Antonio Pita, concedeu o primeiro premio a Xosé Otero Canto, polo libro de poemas *Telúrica,* e o segundo premio foi para María Xosé Lamas, por *Sonetos preposicionais*.

Referencias varias:

- M. R., “El plazo para presentar obras al Certame Literario de Vilalba se cierra el día 8”, *El Progreso*, “A Chaira”, 9 xullo 2016, p. 18.

Recórdase que continúa aberto o prazo para a recepción de orixinais a este certame, o máis lonxevo de Galicia, cun primeiro premio de 3.000 euros e un segundo de 1.000 euros. Resúmense as bases.

- C. A., “A casa da cultura acollerá o día 22 a presentación dos libros do certame literario vilalbés”, *El Progreso*, “A Chaira”, 17 agosto 2016, p. 13.

Informa da próxima presentación dos poemarios premiados no XLI Certame Literario: *Adagio por outono*, de Modesto Fraga, e *Poemas de ruxido e barruzo*, de Paulino Pereiro. Di que no mesmo acto darase a coñecer o veredicto da presente edición.

- C. P. R., “Otero Canto e María Xosé Lamas gañan o Certame Liteario de Vilalba”, *El Progreso*, “A Chaira”, 23 agosto 2016, p. 14.

Danse a coñecer, na presentación dos libros premiados en 2015 (*Adagio por outono* e *Poemas de ruxido e barruzo*), os galardoados na XLII edición: Xosé Otero Canto e María Xosé Lamas, por *Telúrica* e *Sonetos preposicionais*, respectivamente. Infórmase de que integraron o xurado Darío Villanueva, Carmen Gueimunde, Fidel Fernán Vello, José Antonio Pita e Xulio Xiz.

_____, “Otero Canto y Lamas recibirán los galardones del XLII Certame Literario”, *El Progreso*, “A Chaira”, 30 agosto 2016, p. 9.

Indica que Xosé Otero Canto e María Xosé Lamas foron os gañadores deste certame e dá conta do acto de entrega do premio.

- Adrián Á. M., “Volta a Vilalba o Certame Literario, na súa XLII lembranza das letras da Terra Chá”, *El Progreso*, “*San Ramón*”, “San Ramón e Santa María”, 30 agosto 2016, p. 37.

Anúnciase a gala de clausura da presente edición no Auditorio Municipal, na que recitarán e recibirán senllos premios Xosé Otero Canto e María Xosé Lamas, alén de homenaxear ao escritor local Agustín Fernández Paz, cuxo pregón se recolle na edición física do libro das festas.

- C. P. R., “Vilalba, cuestión de química”, *El Progreso*, “A Chaira”, 31 agosto 2016, p. 15.

Ofrécese unha breve crónica, tamén visual, do acto de entrega do XLII Certame Literario no auditorio Carmen Estévez de Vilalba. Informa de que o pregón correu a cargo de Alejandro Criado e os escritores chairegos galardoados recolleron os 3.000 e 1.000 euros recitando cadaquén unha das composicións da obra gañadora.

Certame **Cores con palabras**

A Asociación Galega das Artes, co apoio das secretarías xerais de Cultura e de Política Lingüísitica da Consellaría de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, convoca este certame poético-pictórico. Poden concorrer todas aquelas persoas maiores de 55 anos que presenten obras pictóricas ou poéticas orixinais. Cada participante pode presentar un máximo de dúas obras por categoría, inéditas e de temática libre. Os poemas, en lingua galega, con tema, rima e métrica libres, deben ter unha extensión máxima de trinta versos. Xunto coas obras, achegarase o boletín de inscrición debidamente cuberto, así como unha fotocopia do carné de identidade do autor. Na edición correspondente ao ano 2016, as obras poden entregarse entre o 26 de setembro e o 1 de outubro, na sede da Asociación Galega das Artes (Avenida de Vigo, 25, baixo, 36680, A Estrada, Pontevedra). Entre todas as obras presentadas, lévase a cabo unha selección en cada categoría das trinta obras de maior calidade, técnica e orixinalidade, que pasan á fase final do certame e formarán parte, ademais, do libro *Cores con palabras*, que se publicará con motivo dunha exposición final nunha sala reservada para o efecto. O xurado dáse a coñecer o día da entrega de premios e está composto por destacados persoeiros do mundo da plástica e da poesía galega, así como por membros da organización. Estabelécense tres premios por categoría (1º, 2º e 3º), que serán entregados o día da inauguración da exposición e que consistirán nunha placa conmemorativa, un diploma acreditativo e unha escultura.

Referencias varias:

- C. B., “Entrega de premios en O Foxo de Cores con Palabras”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 14 abril 2016, p. 35.

Dáse conta do acto de entrega de premios do certame.

II Premio de Poesía **Xosé María Díaz Castro**

Certame convocado polo Concello de Guitiriz para honrar a memoria do seu ilustre poeta e contribuír á promoción da poesía galega. Poderán concorrer a este certame as persoas que envíen traballos en lingua galega, orixinais e inéditos, de tema e forma libres e cunha extensión mínima de 500 versos. Os participantes deberán enviar catro exemplares da obra ao enderezo do Concello de Guitiriz (Rúa do Concello, 4, 27300, Guitiriz). O prazo de entrega rematou o 31 de decembro de 2016. Outórgase un premio único e indivisíbel de 2.000 €. O premio inclúe, ademais, a publicación da obra gañadora por Edicións Espiral Maior. Nesta segunda edición, o xurado, composto por Miguel Anxo Fernán Vello, Ánxela Gracián e Armando Requeixo, acordou outorgarlle o galardón a Eduard del Castillo Velasco (Barcelona, 1982) pola obra *O filósofo coxo*.

Referencias varias:

- Cristina Pérez, “Raúl Gómez gaña o I Premio Xosé María Díaz Castro de poesía”, *El Progreso*, “A Chaira”, 20 febreiro 2016, p. 22.

Faise eco do fallo, por unanimidade, do xurado, integrado por Miguel Anxo Fernán Vello, Armando Requeixo e Ánxela Gracián. Indica que no acto se destacou a alta participación, que alcanzou os sesenta orixinais e que o xurado considera un magnífico estado de saúde da poesía de noso. Recóllense as palabras do galardoado nas que salienta que é a primeira vez que recibe un recoñecemento.

- Cristina Pérez, “Raúl Gómez Pato. ‘Para un autor a publicación sempre é o primeiro, pero a dotación económica dignifica”, *El Progreso*, “A Chaira”, 21 febreiro 2016, p. 14.

Recolle a entrevista ao gañador, que versa sobre o que sentiu ao recibir a comunicación do premio, o que representa para el, as súas motivacións para participar no certame.

- C. P. R., “Gómez Pato recibe en Guitiriz o premio Díaz Castro de Poesía”, *El Progreso*, “A Chaira”, 8 setembro 2016, p. 19.

Dá conta da clausura do I Premio Díaz Castro de Poesía coa presentación da edición da obra gañadora entre as sesenta e unha presentadas, *Máscaras de espellos,* do escritor, tradutor e profesor Raúl Gómez Pato. Di que o autor presentou a obra a través de catro poemas e recolle algunhas declaracións do xurado, formado por Armando Requeixo, Ánxela Gracián e Miguel Anxo Fernán Vello.

_____, “Guitiriz aspira a consolidar o premio Díaz Castro de Poesía coa segunda edición”, *El Progreso*, “A Chaira”, 22 outubro 2016, p. 24.

Anuncia que se convocou a segunda edición do certame, ao que concorreron sesenta e unha obras na súa primeira edición. Di que no acto, a alcaldesa Regina Polín estivo acompañada de Raúl Gómez Pato, único gañador polo momento, e de Miguel Anxo Fernán Vello, membro do xurado e editor da obra. Resúmense as bases.

XVII Premio de Poesía **Díaz Jácome para Novos Creadores**

Convócao o Concello de Mondoñedo, en colaboración coa Área de Cultura da Deputación Provincial de Lugo, co afán de estimular a creación poética entre a mocidade. Poden optar a este premio todas as persoas, de idade non superior a trinta anos, que presenten poemas orixinais e inéditos non premiados, escritos en galego, de tema e metro libre e cunha extensión máxima de cento cincuenta versos. Os orixinais deben enviarse en DIN-A4 mecanografados a dobre espazo cun lema e plica en sobre pechado, onde conste o lema, o título da obra, os datos persoais e unha breve nota biográfica do autor. A entrega dos traballos realízase no Concello de Mondoñedo (Praza do Concello, n.º 1, 27740, Mondoñedo, Lugo). Conta cos seguintes galardóns: un primeiro premio de 1.500 €, un segundo de 600 € e un terceiro de 300 €, ademais dunha placa e un diploma para todas as persoas galardoadas. Na edición correspondente ao ano 2016 o prazo de admisión rematou o 31 de outubro. As persoas premiadas foron Alba Sánchez Ares, por "De Ela" (1º premio); Tamara Andrés Padín, por "O suicídio da camelia" (2º premio); e Daniel Irimia Yáñez, por "resoar de amor e morte" (3º premio). O acto de entrega dos galardóns tivo lugar o 10 de decembro.

Referencias varias:

- Nicolás Carro, "Nuevo reconocimiento para Tamara Andrés", *Diario de Pontevedra*, "Poio", "Comarca", 10 decembro 2016, p. 19.

Anuncia a entrega do segundo premio da XVII edición do Certame, que recae na poeta poiense Tamara Andrés polo intimista "O suicidio da camelia", recaendo o primeiro premio en Alba Sánchez por "De ela" e o terceiro en Daniel Irimia por "Resoar de amor e morte".

- C. L. F., "Novos aires na poesía", *El Progreso*, "A Mariña", 11 decembro 2016, p. 19.

Dá conta do acto de entrega dos premios Díaz Jácome para novos creadores, que foron para Alba Sánchez, Tamara Andrés e Daniel Irimia. Ofrécese unha caracterización breve de cada traballo e algunhas das declaracións do acto.

- Montse García, "Alba Sánchez Ares. 'A parte reflexiva da poesía pode axudar a poñerte no lugar do doente", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "En primera persona", 15 decembro 2016, contracuberta.

Entrevista á gañadora do primeiro premio da presente edición do Díaz Jácome, a compostelá Alba Sánchez Ares, estudante de Medicina. Coméntase o significado persoal do recoñecemento, algúns aspectos da obra e a centralidade temática da infancia e da actualidade.

XXIX Premio de Poesía **Eusebio Lorenzo Baleirón**

Convocado anualmente polo Concello de Dodro, coa colaboración da Deputación Provincial da Coruña, dende 1988 para contribuír á reafirmación da lírica galega e honrar a memoria do poeta que lle dá nome ao certame. Poden concorrer todas as persoas que o desexen, sempre que as obras coas que participen estean escritas en lingua galega, sexan orixinais e inéditos, de temática e forma libres e teñan un mínimo de cincocentos versos e un máximo de oitocentos. Así mesmo, as obras deben ir cun lema no exterior da plica, onde se inclúen os datos persoais do autor. Remítense catro exemplares ao Concello de Dodro (Tallós, n.º 32, 15981, Dodro, A Coruña). Estabelécese un único e indivisíbel premio de 2.300 € e a publicación da obra pola editorial Sotelo Blanco dentro da colección "Eusebio Lorenzo Baleirón", sendo publicada anteriormente na colección de poesía homónima de Ediciós do Castro. O Concello de Dodro resérvase os dereitos desta primeira edición e, a partir da segunda, a obra pasa a ser propiedade do seu autor, quen, en sucesivas edicións, debe facer constar a condición de ser premiada con este galardón. O xurado é designado polo Concello de Dodro entre personalidades vinculadas á poesía e á crítica literaria. En anteriores convocatorias os galardóns foron para Xosé Manuel López Ardeiro en 1988, por *O matiz esmeralda na sombra*; Gonzalo Navaza en 1989, por *Fábrica íntima*; Xavier Rodríguez Barrio en 1990, por *Alba no muro*; Helena Villar Janeiro en1991, por *Nas hedras da clepsidra*; Palmira González Boullosa en 1992, por *Asoladamente, o teu nome*; Xabier Cordal en 1993, por *Fruto do teixo*; Xosé Manuel Millán Otero en 1994, por *As palabras no espello*; Xosé Miranda en 1995, por *Amantes e viaxeiros*; Isidro Novo en 1996, por *Dende unha nada núa*; Emma Couceiro en 1997, por *As entrañas horas*; Estevo Creus en 1998, por *Teoría do lugar*; Emma Pedreira en 1999, por *Grimorio*; Carlos Penela en 2000, por *Acaso o inverno*; Xosé Lois Rúa en 2001, por *O tránsito da auga*; Eduardo Estévez en 2002, por *Caderno apócrifo da pequena defunta*; María Comesaña Besteiros en 2003, por *Zoonose*; Lupe Gómez en 2004, por *Azul estranxeira*; Mariña Pérez Rei en 2005, por *Fanerógama*; Rafa Villar en 2006, por *Escoración dos días*; Nieves Soutelo en 2007, por *Código poético*; Xabier Xil Xardón en 2008, por *Cando menos, a derrota*; Xosé Daniel Costas Currás en 2009, por *Conservas*; Luís Valle Regueiro en 2010, por *Palabras, palabras e palabras*; Isaac Fernández Fernández en 2011, por *Con gume de folla húmida*; Serxio Iglesias en 2012, por *Viaxe ao interior da fenda*; Cristina Ferreiro en 2013, por *As paisaxes eléctricas*; Ramón Neto en 2014, por *Zonas de tránsito*; e Xerardo Quintiá en 2015, por *Fornelos & Fornelos, segunda fundación*. Nesta edición do ano 2016, o xurado decidiu conceder o galardón a Ramón Blanco Fernández, por *Se pedra na brétema*.O acto de entrega tivo lugar o 17 de decembro no CPI Plurilingüe Eusebio Lorenzo Baleirón de Dodro.

Referencias varias:

- M. G., "Inauguran a exposición sobre o Premio Lorenzo Baleirón", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 23 novembro 2016, p. 31.

Dáse conta da inauguración dunha mostra que conmemora os vinte e cinco anos deste premio e dise que inclúe poemas, fotografías etc.

- S. E., “Ramón Blanco recolleu onte o premio de poesía Eusebio Lorenzo Baleirón”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 18 decembro 2016, p. 33.

Ofrece unha crónica sucinta do acto de entrega do premio ao escritor de Outes Ramón Blanco por *Se pedra na Brétema*, merecente de 2.300 euros e publicación en Sotelo Blanco.

XX Certame **Francisco Añón de Poesía**

Convocado polo Concello de Outes e organizado pola Oficina de Información Xuvenil deste concello coa intención de fomentar os valores da creación literaria en galego da xente nova e promover aspectos vinculados co pensamento do ilustre escritor. No ano 2008 estabelecéronse cinco categorías: A) para nenos de seis a sete anos, cun premio dun vale de 90 € en libros e a publicación da obra; B) para os de oito a nove anos, cun premio dun vale de 120 € en libros e publicación do poema; C) para os nenos de dez a once anos, cun premio dun vale de 150 € en libros e publicación do poema; D) para os mozos de doce a catorce anos, cun premio dun vale de 180 € en libros e publicación do poemario; E) para mozos de quince a dezasete anos, cun vale de 450 € e publicación da obra; e F) para os maiores de dezaoito anos, cun cheque por valor de 1.200 € e publicación da obra. En todas as categorías considerouse a posibilidade de conceder un accésit consistente na publicación da obra. Nas modalidades E e F estabeleceuse unha extensión mínima de 150 e 200 versos, respectivamente. Os orixinais deben presentarse xunto con cinco copias en sobre pechado na Casa da Cultura (Avda. de San Campio, 1, 15230 Outes, A Coruña), que debe incluír no seu interior outro sobre cos datos persoais e a fotocopia do DNI ou CIF. Nesta XX edición, o prazo de entrega rematou o 4 de abril e o xurado estivo composto por Mariña Pérez Rei, Susana Mª Sánchez Aríns, Miro Villar, Francisco Macías Macías e Manuel García Fiúza. O premio correspondente á categoría A quedou deserto. Nas restantes categorías as persoas premiadas foron as seguintes: na categoría B, Alejandra Daponte Zarra, por *O silencio* (1º premio), e Lucía López Cartelle, por *A miña praia* (accésit); na categoría C, Mariña Maceiras Segovia, por *Caldo de versos* (1º premio), Raquel Soto, por *E se...?* (accésit), e Ada Diana Quintela Rial, por *A dieta e as larpeiradas* (accésit); na categoría D, Lucía Amarelo Ginzo, por *Alzheimer* (1º premio), e Maruxa González Campos, por *Agora* (accésit); na categoría E, Irene Rico Gómez, por C*aderno de travesía* (1º premio), e Breogán Torres Guitiérrez, por *Orballando na mente* (accésit); e na categoría F, Miriam Ferradáns Ferradás, por *Deshabitar unha casa* (1º premio), e Susana Justo Barreira, por *Alquimias na mente* (accésit).

Referencias varias:

- Suso Souto, “Alumnas de Burela, Lugo, Bueu y Santiago se llevan el premio Añón de poesía”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 21 maio 2016, p. 37.

Informa das premiadas no certame nas súas diferentes categorías. Salienta que as autoras poderán publicar as súas obras e a dotación do premio en libros por valor dun total de 2100 euros.

XXX Premio de Poesía **Feliciano Rolán**

Certame convocado pola Agrupación Cultural Guardesa e patrocinado polo Concello da Guarda coa colaboración da Comisión das Festas do Monte, ao que poden presentarse poetas de calquera nacionalidade con poemas orixinais e inéditos de temática e forma libres, escritos en galego ou castelán. Cada concursante pode enviar un máximo de dous poemas por quintuplicado, cunha extensión entre trinta e cen versos, ao apartado de correos 3, 36780, A Guarda (Pontevedra). Estabelécense tres premios dotados de 360 €, 120 € e 60 €, respectivamente, e unha placa conmemorativa e contémplase a concesión dun accésit. Na edición correspondente ao ano 2016, o prazo de admisión pechou o 22 de xullo. O xurado, formado por Fátima Pérez Sobrino, Florentina Andrés Álvarez, Chuny Vázquez, María Carmen Álvarez González e María Soledad Diz Amil, decidiu outorgar os seguintes galardóns: Joaquín Cadilla Castro, por "O patio" (1º premio); José Repiso Moyano, por "Arrodillamiento no disponible" (2º premio); e Alberto de Frutos Dávalos, por "Volver" (3º premio).

Referencias varias:

- A. Ferreira, "Convocan el premio Feliciano Rolán de poesía", *Atlántico Diario*, "Área metropolitana", "Baixo Miño", 2 xullo 2016, p. 22.

Indícanse as bases do certame e a dirección á que deben remitirse os traballos.

- A. F., "El guardés Joaquín Cadilla gana un galardón de poesía", *Atlántico Diario*, "Área metropolitana", "Baixo Miño", 7 agosto 2016, p. 20.

Anuncia que o xurado da XXX edición do certame (composto por Fátima Pérez Sobrino, Florentina Andrés Álvarez, Chuny Vázquez, María Carmen Álvarez González e María Soledad Diz Amil) premia a Joaquín Cadilla polo poema "O patio" e concede un accésit a Jonatán Rodríguez Cabaleiro, por "Ser espido".

- A. Ferreira, "A Guarda celebró el certamen poético Feliciano Rolán", *Atlántico Diario*, "Área metropolitana", "Baixo Miño", 12 agosto 2016, p. 22.

Dá conta do acto de entrega da trixésima edición do certame organizado pola Agrupación Cultural Guardesa, no que se deu lectura aos poemas premiados.

XLVI **Festa do Aquelarre Poético**

A Comisión promotora das Fogueiras de San Xoán da Coruña convoca este certame, no que pode participar calquera persoa non premiada en edicións anteriores con até tres composicións poéticas orixinais e inéditas por lingua, en castelán ou galego, sobre a noite de San Xoán e a súa aparición no folclore. Cada poema, cun mínimo de cen versos, debe presentarse mecanografado nun sobre baixo lema e nun sobre á parte a plica cos datos persoais do autor, ou a través do correo electrónico info@hoguerassanjuan.com. Concédense dous galardóns: un primeiro premio consistente nunha flor natural e 1.000 €, e un segundo premio cunha flor natural e 500 €

en efectivo. A entrega dos galardóns tivo lugar no Teatro Rosalía de Castro o 19 de maio.

XVI Premio de Poesía **Fiz Vergara Vilariño**

Este certame naceu no ano 2000 para homenaxear o poeta de Lóuzara, Fiz Vergara Vilariño, co obxectivo de que figure entre os primeiros de Galicia dedicados á poesía. Está organizado pola Agrupación Cultural Ergueitos e o Concello de Sarria. Até 2007 estaba dotado de 3.000 €, que aumentou na edición 2008 até 6.000 € e a publicación da obra en Espiral Maior. Os traballos, orixinais, inéditos e non premiados noutro certame, escritos en galego e cunha extensión mínima de cincocentos versos, deben dirixirse, por cuadruplicado, mecanografados a dous espazos e baixo plica, por correo certificado ao Concello de Sarria (rúa Maior, 14, 27600, Sarria, Lugo). En anteriores edicións recibiron o galardón: Marica Campo en 2001 por *Pedinche luz prestada*; Xesús Pereiras en 2002 por *Cantos da seiva*; Estevo Creus en 2003 por *Decrúa*; Miguel Mato Fondo en 2004 por *O whiskey na barrica*; Emma Pedreira en 2005 por *Cantos de orfas*; Martín Veiga en 2006 por *Fundaxes*; Xosé Antonio Neira Cruz en 2007 por *É oco habitado*; Olalla Cociña en 2008 por *Libro de Alicia* e Baldo Ramos en 2009 por *Palabras para un baleiro*; Francisco X. Fernández Naval en 2010 por *Bater de sombras*; Xerardo Quintiá en 2011 por *Fornelos&Fornelos*; Cristina Ferreiro en 2012 por *Abecedario póstumo*; Eva Veiga en 2013 por *A distancia do tambor*; Marcos Abalde en 2014 por *Oenach*; e Charo Lopes en 2015 por *De como acontece a fin do mundo.* Nesta edición recibiu o galardón Carlos Negro (Lalín, 1970) por *Tundra.* O xurado estaba integrado por Yolanda Castaño, Marcos Abalde, Baldo Ramos, a concelleira de Cultura de Sarria, Mónica López (presidenta), e a presidenta de Ergueitos, María Casar (secretaria), estas dúas últimas con voz e sen voto.

Referencias varias:

- L. P., "Más de 70 obras concurren en Sarria al 16º premio de poesía Fiz Vergara Vilariño", *El Progreso¸* "Sarria", 20 marzo 2016, p. 17.

Salienta o elevado número de participantes na presente edición, que supera os oitenta traballos presentados, e a súa diversa procedencia: Galicia, Barcelona, Valencia, Madrid, Inglaterra e Alemaña. Informa de que o fallo do xurado será dado a coñecer a finais de xuño.

- Edgar Ares, "Tundra' é unha referencia simbólica ó meu interior", *El Progreso*, "Sarria", 7 xullo 2016, p. 18.

Entrevista ao poeta lalinense Carlos Negro, con motivo do veredicto do premio Fiz Vergara Vilariño. Ofrécense algunhas chaves do volume mediadas polo título, en alusión a unha paisaxe fría, nórdica, aberta, un verdadeiro cambio na linguaxe, temática e estilo do autor.

- Xulio Valcárcel, "Lugares para volver: Lóuzara", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*"/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 953/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 953, "páxina Literaria", 2 outubro 2016, p. 28.

Coméntase o escenario inmediato dos versos de Fiz Vergara Vilariño, na Lóuzara "xabreira" en Samos, Lugo, e sublíñase o roteiro que percorre hoxe os lugares do poeta, da man da Asociación Ergueitos, a mesma que convoca cada ano o premio en homenaxe ao autor.

- L. P., "Ergueitos defiende que Espiral Maior siga publicando la obra del Fiz Vergara", *El Progreso*, "Sarria", 2 outubro 2016, p. 27.

Logo de informar deque o pleno de Sarria reprobou certos comentarios do deputado de En Marea Miguel Anxo Fernán-Vello, propoñendo modificar as bases do galardón para que a obra gañadora deixase de ser publicada por Espiral Maior, sucédese a reacción da agrupación cultural Ergueitos de Sarria. Informa de que María Casar aclarou que o autor non ten responsabilidade directiva ningunha da editora e argumentou sobre a impertinencia da proposta.

_____, "Fernán Vello aclara que no dirige la editorial que publica el Fiz Vergara", *El Progreso*, "Sarria", 6 outubro 2016, p. 18.

Dá conta de que o poeta e deputado Miguel Anxo Fernán Vello manifestou que, se ben o acordo do pleno de Sarria referido a deixar de publicar os galardoados do Fiz Vergara en Espiral Maior é democrática, el fundou a editora hai 25 anos pero non conta xa con participación na administración nin na dirección da mesma. Anúnciase a entrega do premio a Carlos Negro, coa presenza de Yolanda Castaño en representación do xurado.

- A. C. V., "Los poetas ven en la edición uno de los atractivos del Fiz Vergara", *El Progreso*, "Sarria", 8 outubro 2016, p. 19.

Recóllense as declaracións de Carlos Negro e Yolanda Castaño, premiado e representante do xurado da última edición, respectivamente, sobre a pertinencia de non mesturar a historia do certame e as declaracións do deputado Miguel Anxo Fernán Vello, considerando Espiral Maior "a casa da poesía galega dende o ano 90". Sinálase que no acto houbo un recordo para o poeta Francisco Cortegoso.

IV Premio de Poesía **Gonzalo López Abente**

Convocado por primeira vez no ano 2013 pola Fundación Gonzalo López Abente, en colaboración coa Secretaría Xeral de Cultura da Consellaría de Cultura, Educación e Ordenación Univesitaria da Xunta de Galicia. Poden concorrer ao autoras e autores de calquera nacionalidade que presenten os seus orixinais en lingua galega, conforme á normativa vixente. Os textos presentados deben ser inéditos, condición que se estende ao soporte dixital, e non poden estar premiados en ningún outro concurso de poesía. A extensión dos textos presentados non pode ser inferior a catrocentos versos. De cada orixinal deben presentarse en sobre pechado sen remite tres copias en papel, mecanografadas a dobre espazo e debidamente encadernadas ou grampadas, na sede da fundación: Fundación Gonzalo López Abente (Rúa Virxe da Barca, 49. Casa das Beiras 15124 Muxía, A Coruña). Os orixinais preséntanse baixo lema e xunto coas copias hai que achegar un sobre pechado, identificado co mesmo lema, que conteña os datos persoais do autor. O xurado está composto por dous poetas de recoñecido prestixio ou

dous expertos en literatura galega e un representante da fundación, que actuará como secretario. O premio ten unha dotación única de 2.000 € e mais unha peza escultórica conmemorativa. A obra premiada é propiedade do seu autor ou autora, agás a primeira edición, que será publicada por Edicións Xerais de Galicia. En posteriores edicións, ao igual que na primeira, farase constar a condición de premiada neste certame. En anteriores edicións foron galardoados Daniel Salgado, por *Dos tempos sombrizos (Diario)* (2013); Laureano Xoaquín Araújo Cardalda, por *Os días condenados* (2014); e Emma Pedreira, por *S/t*. Nesta cuarta edición o xurado, composto por Miro Villar, Serxio Iglesias e Suso Sambade Soneira, decidiu declarar por unanimidade gañador o orixinal titulado *Culpable*, que resultou ser da autoría de Eli Ríos (Londres, 1976).

XI Certame de Poesía Erótica **Illas Sisargas**

Convocado pola Asociación Caldeirón e o Concello de Malpica de Bergantiños. Ademais da dotación económica de 500 €, que na actualidade ascende a 1.000 €, o premio inclúe a edición da obra gañadora na colección "Caldeirón" e a entrega de trinta exemplares ao gañador. Poden optar ao premio todos os autores de calquera nacionalidade que presenten obras inéditas de temática erótica e non premiadas con anterioridade, escritas en galego. As obras, dunha extensión inferior a seiscentos versos, deben presentarse por triplicado, en exemplares separados, tamaño DIN A4, por unha soa cara, numerados e grampados ou encadernados, baixo título e lema, acompañados dun sobre cos datos persoais do autor. Os participantes teñen que enviar os seus traballos ao Concello de Malpica de Bergantiños (Avda. Emilio González López, 1, 15113, Malpica de Bergantiños, A Coruña). Os galardóns entréganse durante a Cea das Letras, un acto no que tamén se presenta a obra premiada o ano anterior. En edicións anteriores obtiveron o galardón: *Arredor do teu corpo*, do vigués Antonio García Teixeiro; Alberte Momán por *Baile Átha Cliath*; Emma Pedreira por *Xoguetes póstumos*; Eduardo Estévez e Eli Ríos por *Rúa da cancela*; María Lado por *Amantes*; en 2011, Elvira Riveiro Tobío por *Carnia haikai*; en 2012, Mercedes Leobalde García por *Chamádeme Eva*; en 2013, Ramón Nieto por *Dominio Público* e recibiu unha mención Verónica Martínez Delgado por *Ode à Madison Ivy e outras coisas de meter*; en 2014, Verónica Martínez Delgado e Alberte Momán por *O episodio*; e en 2015, Mário J. Herrero Valeiro por *A razão do perverso.* Na edición de 2016, o xurado, formado por Francisco Souto, Mário J. Herrero e Antón Lois Noceda, concedeulle o galardón á obra *O Home Invisíbel*, de Xavier Queipo.

Referencias varias:

- Cibrán Canedo, "Premio á poesía erótica", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 8 novembro 2016, p. 33.

Informa do veredicto da XI edición, indicando que o premio recaeu no escritor compostelán Xavier Queipo por *O home invisíbel,* do que se valorou a estrutura, unicidade e emprego da linguaxe. Sinala que na Cea das Letras presentouse tamén *A ração do perverso*, de Mário J. H. Valeiro, gañadora da anterior edición.

XIX Premio de Poesía **Johán Carballeira**

Organizado polo Concello de Bueu dende 1996 para recuperar do esquecemento a figura do político e escritor local Johán Carballeira, dende inicios de 2000 simultanéase este premio co homónimo de xornalismo. Poden concorrer a este certame todos os autores que presenten textos inéditos, en lingua galega e cunha extensión superior aos catrocentos versos. O premio ten unha dotación única de 1.500 € e a publicación da obra polo Concello de Bueu. Os traballos poden enviarse en papel por triplicado e con plica ao Concello de Bueu (Rúa Eduardo Vicenti, n.º 8, 36930, Bueu, Pontevedra) ou por correo electrónico ao enderezo concurso@concellodebueu.org. Nesta edición, o prazo de presentación dos orixinais rematou o 15 de xaneiro de 2016. O Concello de Bueu reserva durante un ano os dereitos de publicación da obra premiada, en todas as linguas do Estado. En anteriores edicións foron premiados: Xosé Carlos Caneiro en 1996 por *A valga do triste amor* (1997); Yolanda Castaño en 1997 por *Vivimos no ciclo das erofanías* (1998); Emma Pedreira en 1998 por *Diario bautismal dunha anarquista morta* (1999); Adolfo Caamaño en 1999 por *Poemario irlandés* (2000); Emma Pedreira en 2000 por *Velenarias* (2001); Xurxo Alonso en 2001 por *Onde viven os saqueadores de naufraxios* (2002); Carlos Negro *ex aequo* en 2002 por *Héleris* (2003) e Alexandre Nerium por *Vogar de couse* (2003); Lupe Gómez en 2003 por *O útero dos cabalos* (2005); Diego Cousillas en 2005 por *Faltas de ortografía* (2008); Francisco Souto en 2006 por *As horas de María* (2006); Carlos Lema en 2007 por *O xeito de Freud* (2008); Mario Regueira en 2008 por *Blues da Crecente* (2009); Lucía Novas Garrido en 2010 por *Neve* (2010); Calros Solla en 2011 por *MazinGZ* (2011); Berta Dávila Fernández en 2012 por *Raíz da fenda* (2013); Marta Dacosta en 2013 por *Un lago escuro* (2014); María Carmen Caramés Gorgal en 2014 por *Dos días escuros* (2015); e Ismael Ramos en 2015 por *Os fillos da fame* (2016). Nesta XIX edición, o xurado, constituído por Ismael Ramos, Ledicia Costas e Asun Estévez, seleccionou, de entre os cincuenta e catro poemarios presentados, *A elegancia do século*, de Pura Tejelo (A Coruña, 1953).

Referencias varias:

- Carlos Fernández, "Últimos días para participar nos premios Johán Carballeira, *Diario de Pontevedra*, "O Morrazo", "Marín", "Bueu", 3 xaneiro 2016, p. 16.

Dáse conta das normas a seguir para a presentación de traballos, tanto de poesía como de xornalismo, que poidan optar ao Premio Johán Carballeira. Menciónase tamén a dotación económica do premio (1.500 euros), a entrega do galardón nos actos do Día das Letras Galegas organizados polo concello de Bueu e a situación dos dereitos de publicación das obras premiadas.

- C. F., "Pura Tejelo Núñez gaña o XIX Premio Johán Carballeira de Poesía", *Diario de Pontevedra*, "O Morrazo", "Marín", "Bueu", 17 abril 2016, p. 18.

Informa do fallo do xurado, composto polo poeta Ismael Ramos, Asun Estévez e Ledicia Costas, que salientou o xeito no que a vencedora explora a vida cotiá de maneira profunda e elaborada a través de imaxes que trasladan ao lector ás situacións que provocaron a reflexión lírica. Ofrécense datos de participación que amosan un maior número de traballos que en edicións anteriores, cun total de 54 poemarios. Tamén alude ao futuro premio Johán Carballeira de Xornalismo.

- Sonia Piñeiro Collazo, “Aberto o prazo de presentación do certame de poesía e xornalismo Johán Carballeira”, *Diario de Pontevedra*, “*Diario do Morrazo*”, n.º 429, “O Morrazo”, “Bueu”, 20 agosto 2016, p. 6.

Avisa da apertura do prazo de admisión do XX Premio de Poesía e o XIV de Xornalismo Johán Carballeira, certames de referencia en Galicia que homenaxean a figura do poeta, escritor, xornalista e alcalde da vila de Bueu fusilado no 1937. Recóllense os gañadores da anterior edición, Puja Tejelo e Antón Lopo, e unha breve nómina de premiados.

II Certame **Lingua de namorar**

Concurso convocado pola Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado e pola Secretaría Xeral de Política Lingüística co obxectivo de dinamizar o uso da lingua galega entre a mocidade nas súas relacións persoais e nas novas tecnoloxías. Cada participante poderán enviar un máximo de dúas mensaxes de amor escritas en lingua galega, en prosa ou verso, cunha extensión máxima de trescentos cincuenta caracteres con espazos. Estabelécense tres premios por cada unha das categorías: categoría A (14 a 19 anos) e categoría B (20 a 35 anos), que consisten nun diploma acreditativo e un produto tecnolóxico (cámaras, teléfonos móbiles, reloxos intelixentes...). Nesta edición correspondente ao ano 2016 as premiadas na categoría A foron: Sabela Domínguez Souto, por “Nese intre” (1º premio); Sara Caride Blanco, por “A perda de tempo” (2º premio); e Xeila Rey Cambados, por “Por fin!” (3º premio). Na categoría B resultaron gañadores: Alba Dono Costoya, por “De laranxas e grelos” (1º premio); Clara Presedo Rama, por “Percepción” (2º premio); e Juan Manuel Sánchez Pardo, por “Sen batería” (3º premio).

V Premio de Poesía **Manuel Leiras Pulpeiro**

O Concello de Mondoñedo, co patrocinio da Área de Cultura da Deputación Provincial de Lugo, coa finalidade de honrar a memoria do escritor mindoniense Manuel Leiras Pulpeiro e, asemade, colaborar na promoción da escrita poética en lingua galega e na divulgación das súas autoras e autores, crea este certame en 2012. Pode concorrer ao premio calquera persoa física que presente a súa obra en lingua galega, conforme ás normas ortográficas vixentes e sancionadas pola Real Academia Galega. Os poemas, orixinais e inéditos, de tema libre, tanto en soporte impreso como dixital, non poderán ter sido premiados noutros concursos en data anterior ao ditame do xurado e terán unha extensión máxima de cento cincuenta versos. Deben presentarse catro copias en tamaño DIN A4 impresas a dobre espazo, que se enviarán ao Concello de Mondoñedo (Praza do Concello, 1, 27740, Mondoñedo, Lugo). Os orixinais non poden ir asinados e deben presentarse cun lema e título. En sobre á parte e pechado constará o lema e o título no exterior e, no interior, o nome e apelidos do autor ou autora, domicilio, teléfono e fotocopia do DNI ou, de ser menor, fotocopia do libro de familia. O xurado está composto por tres persoas de recoñecido prestixio no ámbito literario e mais un representante do Concello con voz e sen voto que actuará como secretario. Este concurso consta de tres premios: o primeiro, de 1.500 €, placa e diploma; o segundo, de 600 €, placa e diploma; e o terceiro premio: de 300 €, placa e diploma. Os orixinais que obteñen premio pasan a integrar o fondo do patrimonio da Biblioteca Pública Municipal

Pena Trapero de Mondoñedo, podendo ser editados por esta ou polo Concello de Mondoñedo. Neste sentido, o autor ou autora renuncia a favor do Concello de Mondoñedo, para a primeira edición da obra, a calquera tipo de remuneración polos seus dereitos de autor. Nesta V edición de 2016, o prazo de recepción de orixinais rematou o 30 de outubro e os gañadores foron: Miriam Ferradáns Ferradás, por *De tacto* (1º premio); Modesto Carlos Fraga Moure, por *Regreso a Ítaca* (2º premio); e Xosé Antón Fortes Torres, por *Ofelia sen dó* (3º premio). O acto de entrega do premio celebrouse o 7 de xaneiro de 2017.

Referencias varias:

- C. N., "Otro premio de poesía para Míriam Ferradáns", *Diario de Pontevedra*, "O Morrazo", "Marín", "Bueu", 14 decembro 2016, p. 19.

Coméntase a consecución dun novo recoñecemento para a poeta de Bueu Míriam Ferradáns, ao ser galardoada co Manuel Leiras Pulpeiro, que se une ao terceiro conseguido no Concello de Ames, o segundo Rosalía de Castro de Cornellà e o Pérez Parallé.

- L. P., "Fortes regresa a la poesía con la obra 'Ofelia sen dó'", *El Progreso*, "Sarria", 19 decembro 2016, p. 18.

Informa de que o escritor sarriano Antón Fortes regresa á poesía con "Ofelia sen dó", un dos traballos galardoados na presente edición do premio Leiras Pulpeiro, do que salienta a súa capa biográfica, metaliteraria e filosófica. Di que se trata do primeiro poemario escrito en galego normativo por parte do autor.

V Premio de Poesía **Manuel Lueiro Rey**

O Concello de Fornelos de Montes e a asociación veciñal O Cruceiro da Laxe convocaron en 2012 a I edición deste premio, que pretende honrar a memoria do poeta, oriúndo deste concello, e contribuír á promoción da poesía galega. Poden concorrer todas persoas que o desexen con poemas orixinais e inéditos escritos en lingua galega segundo a normativa vixente, de tema e forma libres e cunha extensión mínima de cincocentos versos e máxima de oitocentos. Débense enviar seis exemplares da obra, mecanografados, sen remite identificador, ao Concello de Fornelos de Montes (Praza da Igrexa, nº. 1, 36847, Fornelos de Montes, Pontevedra). As obras concursantes teñen que presentar un título e un lema, que tamén ten que figurar no exterior dun sobre que conteña a fotocopia do DNI, o teléfono e o enderezo do autor, así como un breve currículo literario no caso de que teña obra publicada. A dotación do premio, único e indivisíbel, é de 2.500 € e inclúe a publicación da obra en Edicións Xerais de Galicia. O xurado pode declarar deserto o premio ou designar un ou máis accésits sen dotación económica, que se recomendan á editora para a súa posíbel publicación. O Concello de Fornelos de Montes resérvase o dereito de publicación, sen limitación de número de exemplares nin de edicións, da obra gañadora, reservándose tamén durante un ano os dereitos de edición desta en todas as linguas do Estado. Nesta V edición, o xurado, composto por Luís Cochón, Mario Regueira, Mercedes Queixas Zas, Eli Ríos e

Armando Requeixo, outorgoulle o premio á obra *A cadencia da fractura*, de Isaac Xubín.

Certame de Poesía **María Mariño**

Organizado pola Asociación Teenses pola Igualdade de Teo dende o ano 2007, está dirixido a todas as persoas maiores de idade que participan cun só poema. A súa convocatoria é bienal. Os poemas que se presenten teñen que ser orixinais, inéditos, de tema e forma libres, e escritos en lingua galega, cun máximo de cen versos. O galardón contaba con dous premios, un de 500 € e outro de 300 €, mais no ano 2013 viu reducida a súa contía a 300 e 200 €, respectivamente. Os poemas débense presentar baixo lema por quintuplicado, cun sobre cos datos persoais do autor, á Asociación Teenses Pola Igualdade (Escola de Vilanova, 1º andar, Recesende, 15895 Teo, A Coruña). En edicións anteriores resultaron galardoados: en 2007, "Elexía dos aléns", de Adolfo Caamaño Vázquez; en 2009, "De novo a náusea", de Celia Parra Díaz; en 2011, María Lado; en 2013, "O Gume do coitelo", de Berta Roca Abuín; e en 2015, "Ubicuidade e Ucronía", de Óscar García Ramos. No ano 2016 non correspondía convocatoria deste premio.

XVIII Premio de Poesía **Miguel González Garcés**

Convocado dende 1991 pola Deputación da Coruña, cunha convocatoria bienal dende o ano 2000, as bases recollen que os traballos, orixinais e inéditos, deben estar escritos en galego e serán de tema libre cunha extensión non inferior aos trescentos versos. Requírese que a presentación sexa feita, preferentemente, en formato dixital, en Word ou OpenOffice, por medio dun CD que inclúa na carátula a inscrición: XVIII Premio de Poesía "Miguel González Garcés", título da obra ou lema e pseudónimo. No caso de optar pola presentación en papel, as obras teñen que entregarse por duplicado, en exemplares separados, tamaño DIN A 4 e impresos polas dúas caras, ademais de estar numerados, grampados ou encadernados. Envíanse á Deputación Provincial da Coruña (Avda. Porto da Coruña, n.º 2, 15006, A Coruña). O premio está dotado de 6.500 € e a publicación da obra por parte da Deputación, quen se reserva, durante un prazo de dezaoito meses, os dereitos de editala, e entrega ao gañador trinta exemplares. Os poemarios galardoados nas edicións anteriores foron: *Visitantes* (1991), de Xavier R. Baixeras en 1991; *Prometo a flor de loto* (1992), de Luz Pozo Garza en 1992; *Memoria de agosto* (1993), de Xulio L. Valcárcel en 1993; *Un áspero tempo de caliza* (1994), de Paulino Vázquez Vázquez en 1994; *Pel de ameixa* (1996), de Marta Dacosta Alonso en 1995; *Areados* (1997), de Estevo Creus Andrade en 1996; *Mínima moralidade* (1998), de Ramiro Fonte en 1997; *Luz de facer memoria* (1999), de Manuel Álvarez Torneiro en 1998; *Vocabulario das orixes* (2000), de Xosé Mª Álvarez Cáccamo en 1999; *Campo segado* (2001), de Manuel Álvarez Torneiro en 2000; *Eloxio da desorde* (2002), de Román Raña Lama en 2002; *Capital do corpo* (2004), de Miguel Anxo Fernán Vello en 2004; *O pozo da ferida* (2006), de Medos Romero en 2006; *Cabalos do alén* (2009), de Xavier Lama López en 2008; *Os indios deixaron os verdes prados* (2011), de Manuel Darriba en 2010; *As lavandas adáptanse a todo erro de navegación* (2013), de Ramón Neto en 2012; e *Arte de fuga*, de Carlos Penela en 2014. Nesta XVIII edición, o premio recaeu en Lorena Conde Martínez, pola obra *Entullo*.

Certame **Muller Poeta**

Convocado pola Concellería de Cultura do Concello da Guarda para conmemorar o mes da muller e da poesía. Estabelécense tres categorías cun premio para o traballo máis orixinal en cada unha delas, consistente nun lote de libros. Nesta edición, a entrega dos galardóns realizouse o 21 de marzo, coincidindo co Día da Poesía. Todos os traballos presentados ao certame expuxéronse no vestíbulo do Centro Cultural até o 31 de marzo.

Referencias varias:

- A. F., "A Guarda organiza la muestra 'Muller poeta", *Atlántico Diario*, "Área metropolitana", "Baixo Miño", 25 marzo 2016, p. 20.

Infórmase de que os traballos presentados a este certame se atopan expostos no vestíbulo do Centro Cultural de A Guarda.

- Alicia Pardo, "Lorena Conde. 'A poesía é contar cousas normais con palabras novas", *La Opinión*, "A Coruña", "Ciudad y cultura", 28 novembro 2016, p. 8.

Entrevista á actriz e directora teatral galardoada coa XVIII edición do premio por *Entullo*. Fala sobre a escrita de teatro, outros proxectos abertos –o seu taller de artesanía ou o espectáculo *After Party*– ou o nacemento casual desta obra de desamor, crónica dun declive físico e emocional.

- Xesús Fraga, "Lorena Conde. 'A poesía que me interesa é a que me fala directamente", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 29 novembro 2016, p. 39.

Entrevista a Lorena Conde (Ponte Sampaio, 1980) sobre o poemario gañador, *Entullo,* onde se revisa a influencia das súas facetas profesionais, as acepcións posíbeis do título do volume e a violencia e iconografía empregadas.

Premio **Nacional de Poesía**

Ver o apartado X.5. deste *Informe*.

IV Certame de poesía **Nuestra musa, la camelia**

Certame lírico que convoca dende o ano 2013 o Pazo da Saleta. Os poemas deben ser orixinais e inéditos e estar inspirados na flor da camelia. Poden participar persoas residentes en España, cun máximo de dous poemas por autor, escritos en castelán ou galego e cunha extensión entre catro e corenta versos. O premio consiste en súas láminas asinadas do artista galego Alex Vázquez e o libro que as acompaña, así como a publicación do poema gañador no blog do Pazo da Saleta e na revista *Literarte*. Ademais, o autor do poema ao que se lle outorgue a mención especial recibirá dúas entradas para a visita guiada ao xardín e un diploma ilustrado por Amai Rodríguez. Os poemas deben enviarse por correo electrónico ao enderezo

comunicacion@pazodelasaleta.com até o 1 de decembro. O xurado, composto por Xavier Seoane, Alexander Vórtice, María José Mielgo Busturia, Teresa Frías Delgado e María Esther Troncoso, decidiu outorgarlle nesta edición o primeiro premio a Andrea Fernández Maneiro, polo poema "Cuento de camelias" e a mención especial a María Garagalza Lizarraga, por "Vuelvo a mirarla outra vez".

XXIX Premio de Poesía **O poeta azul. Xosé María Pérez Parallé**

Convocado pola Sociedade Artística Ferrolana (SAF) e patrocinado polo Real Coro Toxos e Froles, o premio consiste nunha placa e a publicación do poema gañador na revista *Poesía Galicia* da SAF. Pódese enviar un poema por autor, orixinal ou inédito, escrito en galego e con tema libre. O poema escrito a máquina ten que remitirse ao apartado de correos 339, 15480 Ferrol, cos datos do autor. En anteriores edicións resultaron gañadores María Isabel Vázquez Rodríguez, Juan Jesús Beiro Caamaño e Jesús Castro Yáñez, entre outros. Na presente edición, o xurado composto por Lara Dopazo, Paco Souto e Eduard Velasco, decidiu premiar a Miriam Ferradáns pola obra *Dos nomes de fume*.

II Certame Poético **Rosalía de Castro**

Concurso convocado polo Concello de Padrón para honrar a figura da autora que lle dá nome. Poden participar todas as persoas de calquera nacionalidade que presenten traballos en galego, inéditos e orixinais. Os textos, de tema e forma libres, deben ter unha extensión mínima de 400 versos e enviaranse en papel e por quintuplicado, baixo plica, ao Concello convocador (Rúa Longa, 27, 15900, Padrón, A Coruña). Estabelécese un único premio dotado de 1.500 € e un diploma. Nesta edición, o prazo de admisión comprendeu do 2 de xaneiro ao 15 de febreiro de 2016. O xurado, composto por Anxo Angueira, Dores Tembrás, María Xesús Senín Fernández, María López Sandez, Elvira Ribeiro Tubío e Lorena Couso, decidiu premiar, de entre os vinte e un traballos presentados, a Helena Salgueiro Golán, pola obra *As flores*. O acto de entrega tivo lugar o 20 de maio.

Referencias varias:

- C. B., "Abierto hasta el día 15 el premio Rosalía de Castro", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 26 xaneiro 2016, p. 34.

Anúnciase o prazo de presentación de traballos para participar neste certame poético.

- Cristina Botrán, "Helena Salgueiro gana el premio Rosalía de poesía con 'As flores", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 14 maio 2016, p. 29.

Dá conta do fallo do xurado e o acto de entrega do premio. Saliéntanse as palabras da galardoada, quen manifesta a súa alegría e a súa responsabilidade cun premio que considera un legado moi importante. Sobre o poemario, afirma que levaba anos modificándoo e que precisaba rematalo. Inclúe unha breve recensión da traxectoria literaria da gañadora.

- C. Botrán, “Padrón celebra la Festa da Lingua hoy con la entrega del premio Rosalía”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 20 maio 2016, p. 30.

Informa do acto que se celebrará co gallo da Festa da Lingua no que se fará entrega do premio Rosalía. Sinala que a xornada trascorrerá entre diversas actividades artísticas e literario-musicais enmarcadas na defensa do galego.

- U. L., “A compostelá Helena Salgueiro recolle o premio poético Rosalía de Castro”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Área metropolitana”, 21 maio 2016, p. L6.

Faise eco do acto de entrega do premio (ao que se presentaron 21 traballos) por parte da concelleira de Cultura, Lorena Couso. Comenta que o poemario gañador, *As flores*, foi cualificado polo xurado coma un traballo arriscado, que trata o feminino dende distintas ópticas e a través do manexo de referentes literarios que fixan unha xenealoxía feminina.

- C. Botran, “Helena Salgueiro reivindica a Rosalía e a figura feminina”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 21 maio 2016, p. 39.

Indícase que no marco da entrega do premio de poesía, a gañadora, Helena Salgueiro, lembrou a figura de Rosalía de Castro.

XXX Certame de poesía en lingua galega **Rosalía de Castro**

Concurso organizado pola Asociación Cultural Galega “Rosalía de Castro” de Cornellà, coa colaboración da Xunta de Galicia, a Diputació de Barcelona, a Generalitat de Catalunya e o Ajuntamen de Cornellà de Llobregat. O poema presentado debe estar en galego, cunha extensión entre trinta e cen versos, e debe enviarse por quintuplicado, sen remite e baixo plica, ao enderezo da asociación convocadora (Rúa Federico Soler, 71, 08940, Cornellá, Barcelona). Outórganse tres premios de 700 €, 350 € e 250 €. Na edición correspondente ao ano 2016 o prazo de admisión rematou o 15 de outubro. O xurado, composto por Anxo Angueira, Henrique Fernández Sánchez, Carmen Penim, Xulio Simón, Xosé Lamela e Xulio Cougil Vázquez, decidiu conceder os galardóns ás seguintes persoas: Javier Rouco Ferreiro, por “A escrita da luz” (1º premio); Miriam Ferradáns Ferradás, por “Situarémonos fronte ao frío, berrando” (2º premio); e Modesto Fraga Moure, por “Éxodo” (3º premio).

IX Premio de Poesía **Victoriano Taibo**

Convocado por primeira vez no ano 2008 pola Entidade Local de Morgadáns de Gondomar e o Instituto de Estudos Miñoráns (IEM), diríxese a calquera persoa que presente un poemario inédito de tema libre, escrito en galego e cunha extensión mínima de trescentos versos. Os orixinais deben enviarse por correo xunto con catro fotocopias, baixo plica, ao seguinte enderezo: apartado de correos 30, 36380, Gondomar, Pontevedra. O premio consiste nunha dotación de 3.000 €, unha escultura da autoría de Fino Lorenzo e a publicaicón da obra na colección de poesía do IEM “Victoriano Taibo”. Nas edicións anteriores resultaron galardoados: en 2008, Carlos Negro, con

Cultivos transxénicos; en 2009, *ex aequo* para Mª Carmen Caramés, con *Cuarto Minguante*, e Elvira Riveiro e Silvia Penas, con *Biografía da Multitude*; en 2010, Mª Goretti Fariña Caamaño, con *Devastacións dispoñibles*; en 2011 Carlos Solla, con *Holocausto Zacoe*; en 2012, Mª Concepción Álvarez Lebredo, con *Distancias e Simetrías*; en 2013, Ramón Sandoval, con *Territorios estraños*; en 2014, Lara Rozados, con *O caderno amarelo*; e en 2015, Iñaki Varela Pazos, con *Do outro lado das portas*. Na edición correspondente ao ano 2016 o prazo de admisión rematou o 31 de xullo. O xurado, formado por Xulián Maure, Gonzalo Navaza, Marta Dacosta, Iñaki Varela e Miguel Anxo Mouriño, acordou outorgarlle o galardón ao poeta Xosé Iglesias Lamela (Cee, 1974), polo poemario *A relixión do mar*.

Referencias varias:

- Concha Gómez, "El pleno de Gondomar estudia designar a Taibo 'Hijo adoptivo", *Atlántico Diario*, "Área metropolitana", "Val Miñor", 1 decembro 2016, p. 16.

Informa de que se someta a aprobación plenaria a declaración de Fillo adoptivo de Gondomar a título póstumo para Victoriano Taibo, membro fundador das Irmandades da Fala e integrante da Real Academia Galega. Indica que o nomeamento será entregado aos seus familiares durante a gala da IX edición do premio de Poesía co nome do autor, destinado a Xosé Iglesias Lamela por *A relixión do mar*.

- C. G., "Iglesias Lamela recolle o Premio Victoriano Taibo este sábado", *Atlántico Diario*, "Área metropolitana", "Val Miñor", 7 decembro 2016, p. 16.

Anuncia o acto de entrega da IX edición do premio ao poeta fisterrán Xosé Iglesias Lamela, por *A relixión do mar*, libro imbuído do mundo mariñeiro dende a mesma construción das embarcacións. Di que a cerimonia será conducida por Marta Dacosta, que lembrará a recente publicación da obra inédita de Victoriano Taibo, *Contos pequenos*.

- N. P., "Gondomar pecha o seu 'Ano Victoriano Taibo' á espera dun Día das Letras para o autor", *Faro de Vigo*, "Val Miñor", "Área metropolitana", 11 decembro 2016, p. 16.

Indica que o poeta Xosé Iglesias Lamela foi o galardoado deste ano do Premio Victoriano Taibo polo seu poemario *A relixión do mar*. Engade que Xesús Alonso Montero o cualificou coma un libro insólito dentro do panorama literario galego actual, que en verbas do seu autor é unha chamada de socorro por parte dos mariñeiros aos que se lles está roubando o mar.

XXV **Xogos Florais María Pita**

Premios organizados dende 1992 pola Orde de Cabaleiros de María Pita, co obxectivo de lembrar os Xogos Florais de Galicia, celebrados na Coruña no ano 1861. Cada convocatoria está dedicada a unha personalidade histórica coruñesa (dende María Pita a Concepción Arenal, pasando por Manuel Murguía ou Cornide). Poden presentarse, cun máximo de dous poemas de até cen versos en galego e castelán, todas as persoas que o

desexen, excepto as gañadoras do ano anterior. As composicións deben estar impresas en A4 a dobre espazo e por unha soa cara e remitirse orixinal e copia, co seu lema, á Orde de Cabaleiros de María Pita (Rúa San Andrés, n.º 121 – 8º 15003 A Coruña), xunto cun sobre cos datos persoais do autor. Conta con dúas categorías: sénior (maiores de 18 anos), cun premio composto de Tizona de Ouro, Flor Natural e 1.000 €; e xuvenil (menores de 18 anos), cun premio de Tizona de Ouro, Flor Natural e 500 €. Na edición do ano 2016, o xurado decidiu conceder o premio na categoría sénior a Dolores García, por "Homenaje a don Resti", e na categoría xuvenil a Leticia Vázquez, por "Maestra, ella lo es".

IV Certame de Poesía **Xosé María López "Ardeiro"**

Convocado polo Concello de Negreira en homenaxe ao poeta Xosé Manuel López "Ardeiro", poden concorrer todas as persoas que o desexen cunha única obra, escrita en lingua galega. Os traballos deben ser orixinais, inéditos, non ter sido premiados con anterioridade en calquera outro concurso ou certame, e ter unha extensión entre trescentos cincuenta e setecentos versos, escritos con tipografía de imprenta (tipo Arial 12 ou similar), a dobre espazo, con absoluta liberdade en canto a estrofas, medida e rima. Preséntanse por triplicado, sen firma, constatando neles soamente o título e o lema. Nun sobre pechado deben figurar o lema xunto co nome, dous apelidos, fotocopia do DNI e teléfono, e no exterior o lema e o nome do certame ao que se presenta. Así mesmo, debe acompañarse dunha declaración xurada de cumprir o requisito de tratarse dun texto inédito e non premiado noutros concursos, certames ou premios, que debe ir introducida no sobre cos datos persoais. As obras entréganse na Delegación de Cultura e Deportes Casa de Cultura, 1ª Planta, 15830 Negreira, A Coruña. O premio consiste na publicación do poemario gañador por parte da Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística e da Dirección Xeral do Libro, e a entrega ao autor de cento cincuenta exemplares. O xurado está formado por tres membros de prestixio no campo da literatura, e como secretario, con voz pero sen voto, o representante do concello que designe o alcalde. En edicións pasadas foron premiados Rafael Lema, por *Alturas do monte Pindo*, Yolanda López López, por *Paisaxes subterráneas* e Rocío Leira, por *Obituario*.

XXIX Certame Nacional de Poesía **Xosé María Pérez Parallé**

Convocado polo Círculo Mercantil e Industrial-Unidade de Fene, coa colaboración do Concello de Fene, a Editorial Espiral Maior e a Deputación da Coruña, dende o ano 1987 para homenaxear a figura do poeta ferrolán Xosé María Pérez Parallé, está dirixido a novas voces que non publicaran ningún libro individual. Neste certame galardóanse poemas inéditos, escritos en galego, cunha extensión mínima de trescentos versos. Os orixinais teñen que se enviar por triplicado e cun pseudónimo ou lema á sede do Círculo (Rúa Porto do Río, n.º 21, San Paio-Fene, A Coruña) e deben entregarse baixo o sistema de plica. O galardón consiste na publicación da obra na colección de poesía Espiral Maior cunha tiraxe de seiscentos exemplares, 2.000 € e unha peza de cerámica deseñada por Francisco Pérez Porto, fillo de Xose María Pérez Parallé. Na edición correspondente ao ano 2015, o prazo de admisión rematou o 30 de setembro e o galardón recaeu en Miriam Ferradáns Ferradás (Bueu, 1982), pola obra *Dos nomes de fume*. O xurado, formado por Lara Dopazo, Paco Souto e Eduard Velasco, deixou

constancia na acta da súa homenaxe ao poeta Francisco Cortegoso, gañador do certame correspondente ao ano 2013 e recentemente falecido.

Referencias varias:

- Lourdes Varela, "Miriam Ferradáns. 'Se a poesía fose un nutrinte alimentario, sería hidrato de carbono", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 603, 17 novembro 2016, p. V/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 556, 26 novembro 2016, p. 11, "Entrevista".

Entrevista á poeta galardoada recentemente no Premio Nacional de Poesía "Xosemaría Pérez Parallé" e no certame poético de Ames na que fala sobre os seus pares na poesía nova, os seus referentes e a temática de *Dos nomes do fume*: "o silencio importo nas familias trala morte" e a necesidade de rebelarse.

- C. Neira, "Fotografía e poesía enchen a fin de semana de Bueu", *Diario de Pontevedra*, "*Diario do Morrazo*", n.º 445, "O Morrazo", "Bueu", 10 decembro 2016, p. 6.

Comenta que a poetisa Miriam Ferradáns foi a gañadora do Premio Xosé María Pérez Parallé.

X. 3. TEATRO

XI Premio **Abrente para Textos Teatrais**

Coa intención de incentivar a creatividade no ámbito teatral e en lembranza dos "Concursos de textos teatrais" da Asociación Cultural Abrente (1969-1983), o Concello de Ribadavia e a Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, a través da Mostra Internacional de Teatro, convocan este premio dende o ano 2006. Poden optar a el todos os autores de calquera nacionalidade que presenten obras inéditas e non premiadas, escritas en lingua galega segundo a normativa oficial. Estabelécese un premio único e indivisíbel, dotado de 3.000 €, unha estatuíña de Manuel Rodríguez Alonso e a entrega de vinte e cinco exemplares, reservando o concello, durante un prazo de doce meses, os dereitos de editala e de representala. As obras, de tema e extensión libres, presentaranse se por triplicado, mecanografadas a dobre espazo, por unha soa cara e coas follas numeradas, grampadas ou encadernadas. Enviaranse baixo un título e lema, con plica, á Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia (Praza Maior, s/n, 32400, Ribadavia, Ourense). Na edición correspondente ao ano 2016, o xurado, formado polas actrices Marta Pérez e Iria Sobrado, a gañadora da pasada edición, Esther Carrodeguas, o director da MIT, Roberto Pascual, e a concelleira de Cultura, María López, concedeu o galardón *ex aequo* aos textos *Fendas*, de Ernesto Suárez Is, e *Todo sobre Eva*, de Xandra Táboas Martínez.

XXIII Premio **Álvaro Cunqueiro para Textos Teatrais**

Premio instituído no ano 1988 polo Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM) e actualmente organizado por AGADIC (Axencia Galega das Industrias Culturais), pertencente á Consellaría de Cultura da Xunta de Galicia, para promover o ámbito da literatura teatral galega contemporánea e incentivar a creatividade na dramaturxia. Convócase xunto co Premio Manuel María de Literatura Dramática Infantil e o Barriga Verde de Textos para Teatro de Monicreques. As persoas interesadas deben remitir ou entregar nas oficinas da AGADIC (Cidade da Cultura, Monte Gaiás s/n, 15707 Santiago de Compostela) os seus textos inéditos, escritos en galego conforme a normativa vixente, non representados nin premiados noutros concursos, de temática libre e sen límite de extensión, quedando excluídas as obras de teatro breve e os textos para teatro de monicreques. Tampouco se teñen en conta os orixinais de autores premiados na convocatoria inmediatamente anteriore (2014). Os textos deben ser presentados por sextuplicado en DIN A-4, co título e lema do premio na portada, xunto cun sobre pechado cos datos persoais do autor. O premio está dotado de 6.000 € e a obra premiada pode ser publicada nas colecciónes de AGADIC, que se reserva durante un prazo de dous anos o dereito a editalas. Segundo as bases da convocatoria, complementariamente á calidade literaria e dramática das obras, o xurado valora positivamente aqueles factores que inciden na súa viabilidade escénica, na calidade da lingua e na adecuación á especificidade de cada premio. Dende o ano 2013 pasou a ser bienal. Nas edicións anteriores foron galardoados: en 1988 *O arce do xardín* (1989), de Roberto Salgueiro; en 1989 *Azos de esguello* (1990), de Euloxio R. Ruibal; en 1990 *Os rebertes* (1993), de Agustín Magán; en 1991 *Saxo Tenor* (1993), de Roberto Vidal Bolaño; en 1992 *Copenhague* (1993), de Andrés A. Vila e Xosé Cid Cabido; en 1993 *O prazo* (1994), de Manoel Riveiro; en 1994 *Lugar* (1995), de Raúl Dans; en 2000

Eliana en ardentía ou Bernardo destemplado (2001), de Roberto Salgueiro; en 2001 *Agnus patris* (2002), de Afonso Becerra de Becerreá; en 2002 *Molière final* (2003), de Roberto Salgueiro; en 2003 *Hai que confiar na esperanza* (2004), de Siro López; en 2004 *Os homes só contan até tres* (2006), de Antón Lopo; en 2005 *Limpeza de sangue* (2006), de Rubén Ruibal; en 2006 *Ocaso Otero* (2007), de Manuel Guede; en 2007 *Historia da chuvia que cae todos os días* (2008), de Roberto Salgueiro; en 2008 *Sempre quixen bailar un tango* (2009), de Teresa González Costa; en 2009 *Flores de Dunsinane* (2010), de Manuel Lourenzo; en 2010 *Chegamos despois a unha terra gris* (2011), de Raúl Dans Mayor; en 2011 *A cegueira*, de Marcos Abalde Covelo; en 2012 *Isobaras* (2013), de Gustavo Pernas Cora; e en 2014 *Raclette* (2015). Na edición correspondente ao ano 2016, o prazo de entraga dos traballos rematou o 31 de maio. O xurado, constituído por Ángel Eugenio Abuín (presidente), Santiago Cortegoso, Camilo Franco, Inmaculada López Silva, Venancio Rodríguez Asorey, María Torres Fernández e Marcelina Calvo Domínguez (secretaria), acordou outrogar o premio ao texto *Suite Artabria*, de Manuel María Lourenzo Pérez.

Referencias varias:

- María Abascal, "Lourenzo, premiado co Álvaro Cunqueiro de textos teatrais", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 17 novembro 2016, p. 40.

Dáse conta do acto de comunicación e entrega dos premios de literatura dramática da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic) na Cidade de Cultura, infórmase do gañador da XXIII edición do Premio Álvaro Cunqueiro de textos teatrais con *Suite Artabria*, Manuel Lourenzo. Recoñécese tamén o labor de Carlos Labraña, gañador do IX Manuel María de literatura dramática infantil con *O valo*, e dos gañadores do XII Barriga Verde de textos para teatro de monicreques na categoría adulta e infantil, para Roi Vidal (*Marcha fúnebre para un monicreque*) e Inacio Vilariño (*Os golfiños e o xigante*) respectivamente.

XII Premio Internacional de Teatro para Títeres **Barriga Verde de Textos para Teatro de Monicreques**

Convocado polo IGAEM (Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais), actualmente AGADIC (Axencia Galega das Industrias Culturais) da Consellaría de Cultura da Xunta de Galicia, conxuntamente co Premio Álvaro Cunqueiro para Textos Teatrais e o Manuel María de Literatura Dramática Infantil. É o primeiro en España creado especificamente para textos destinados a obras representadas con monicreques. Divídese en dúas modalidades, dotadas de 3.000 € cada unha: textos dirixidos ao público infantil e textos escritos para o público adulto, que na convocatoria de 2009 ascendeu a 6.000 € en cada modalidade. As obras poden ter tema e extensión libres, tendo en conta o principio de duración normal dun espectáculo completo. A obra premiada pode ser publicada nas colecciónes da AGADIC, que se reserva durante un prazo de dous anos o dereito a editalas. Os orixinais deben presentarse por sextuplicado, baixo lema e un sobre pechado cos datos persoais do autor, na AGADIC (Cidade da Cultura, Monte Gaiás s/n, 15707 Santiago de Compostela). O xurado está formado por seis persoas de recoñecido prestixio no ámbito escénico e literario. Segundo as bases da convocatoria, complementariamente á calidade literaria e dramática das obras, o xurado

valora positivamente aqueles factores que inciden na súa viabilidade escénica, na calidade da lingua e na adecuación á especificidade de cada premio. Dende o ano 2013 o premio pasou a ser bienal. En anteriores edicións resultaron galardoadas na modalidade infantil as seguintes pezas dramáticas: en 2003 *Cucho, Coco e o dilema do 6*, de Tino Antelo; *Cataventos e Cía. Ou a verdadeira historia de Amanda, a princesa, e Leonardo, o poeta*, de Celia Díaz Núñez; en 2006 *O afundimento do Titanic*, de Breogán Riveiro; en 2008 *O punto da escarola*, de Xosé A. Neira Cruz; en 2009 *Bon appétit*, de Begoña García Ferreira; e en 2012 *Un mosquito de nome Henri*, de Raúl Dans. E na categoría de adultos: en 2003 *O Soñador. Pezas de títeres para adultos*, de Gabriel Castilla Raspa; en 2005 *Misterio en Guernica*, de Xosé Manuel Fernández Castro; en 2009 *Auga que non vas beber...*, de Ignacio Vilariño Sanmartín; en 2010 *Pedra sobre pedra*, de Xosé Antonio Neira Cruz; en 2011 e en 2012 o premio quedou deserto: e en 2014 *O lobo e a lúa*, de Andrea Bayer. Na edición correspondente ao ano 2016, o prazo de entrega dos traballos rematou o 31 de maio. O xurado, constituído por Ángel Eugenio Abuín (presidente), Santiago Cortegoso, Camilo Franco, Inmaculada López Silva, Venancio Rodríguez Asorey, María Torres Fernández e Marcelina Calvo Domínguez (secretaria), acordou outorgar o premio aos textos M*archa fúnebre para un monicreque*, de Roi Vidal Ponte, na modalidade de adultos; e *Os golfiños e o xigante*, de Ignacio Vilariño Sanmartín, na modalidade para o público infantil.

Referencias varias:

- ELOS, “Para lembrar”, *El Correo Gallego*, “*2domingo*”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, 8 maio 2016, p. 5.

Lembra que está aberto o prazo para presentarse a este certame e sinala onde se poden consultar as bases.

X Premio **Diario Cultural de Teatro Radiofónico**

Convocado pola Radio Galega, a través do programa “Diario Cultural” e coa colaboración da Secretaría Xeral de Cultura da Consellaría de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, coa intención de fomentar a escrita de textos dramáticos para a radio e recuperar o xénero de teatro radiofónico mediante o incentivo á creación de guións radiofónicos dramáticos. Conta con dous galardóns, o Premio do Xurado e o Premio da Audiencia, dotados cada un deles de 3.000 €. As obras seleccionadas polo xurado emítense na Radio Galega e edítase un libro-CD cos textos finalistas. Poden participar todos os escritores e escritoras maiores de 18 anos sempre e cando non manteñan unha relación laboral coa Compañía de Radio/Televisión de Galicia (CRTVG). Os traballos presentados deben ser orixinais e inéditos, de temática libre, escritos en lingua galega e non poden ser adaptacións. Deben estar libres de todo compromiso anterior con emisoras de radio, televisións, editoriais ou entidades semellantes. Os traballos, co formato de guión radiofónico dramático, non poden exceder os dez minutos de duración en antena. As obras teñen que presentar un reparto de cinco personaxes como máximo. Os autores poden utilizar, coas indicacións pertinentes, cantos recursos radiofónicos consideren necesarios para que o texto sexa realizado de maneira axeitada: música, planos sonoros, efectos etc. O director das dramatizacións radiofónicas pode facer as adaptacións necesarias para a súa realización

e emisión. Non se admiten máis de dous guións por autor e de cada obra preséntanse o orixinal e cinco copias. Os autores concursan polo sistema de plica e os traballos fanse chegar por correo ao seguinte enderezo: Radio Galega, Diario Cultural, "X Premio Diario Cultural de Teatro Radiofónico", San Marcos, 15820, Santiago de Compostela. Consérvanse durante un mes a partir da data na que se fai pública a resolución do xurado e logo destrúense os que non foran solicitados polos seus autores. O xurado está integrado por profesionais de recoñecido prestixio do ámbito da escena galega e da radio valorará especialmente a calidade literaria e dramática das obras e a súa adaptación ao medio radiofónico. Os autores comprométense a autorizar a dramatización e emisión pola Radio Galega das obras presentadas, de seren estas seleccionadas, así como a súa edición en libro-CD e a súa publicación na web da CRTVG. Para tal fin os autores premiados e finalistas ceden os dereitos de comunicación pública, reprodución e distribución precisos para a posta en antena da obra e a súa primeira edición en libro e disco compacto. Os autores que o desexen poden enviar co texto as gravacións das dramatizacións en soporte CD, que non son tidas en conta na valoración dos textos teatrais, pero si serán emitidas, de seren finalistas os textos, pola Radio Galega para a votación da audiencia, en lugar da dramatización realizada polo equipo artístico. En anteriores edicións os galardóns foron para *O Bambán*, de David Rodríguez en 2007; *O mal da vaca*, de Begoña García Ferreira en 2008; *Peter Buckley*, de Rubén Ruibal e César Candelas en 2009; *O vento da Illa*, de Begoña García Ferreira en 2010; *Paraísos*, de Xosé Manuel Pacho Blanco en 2011; *Poema sinestésico para tres voces e un can*, de Eva F. Ferreira en 2012; *Poema sinestésico para tres voces e un can*, de Mariana Carballal en 2013; *A primeira vez*, de Carmen Blanco Sanjurjo, e *Explotados*, de César Carracedo, en 2014; e *Evasión*, de Clara Gayo en 2015. Na edición correspondente ao ano 2016, o xurado outorgoulle o galardón a *O quinto inverno*, de Eva F. Ferreira, e o premio da audiencia recaeu en *Un bo final*, de Carolina Alba Castro.

XXVII Premios do **Festival de Teatro Galego (FETEGA)**

Outorgados pola Asociación Cultural Fetega durante a celebración do Festival de Teatro Galego do Carballiño. Na edición correspondente ao ano 2016 os gañadores foron: Pepa Barreiro (Mellor Actriz); Mundo Villalustre (Mellor Actor); *Ensaio sobre a cegueira*, de Sarabela Teatro (Mellor Espectáculo); e Antonio Durán "Morris" (Premio de Honra).

XX Premios **María Casares**

De carácter anual, foron creados en 1997 pola Asociación de Actores e Actrices de Galicia (AAAG) para serviren de estímulo e recoñecemento ao labor desenvolto pola profesión teatral galega. O nome dos premios foi decidido por considerar que o prestixio desta actriz galega, ademais de merecer unha homenaxe, podería servir de promoción para o teatro galego. A organización corre a cargo da Asociación de Actores e Actrices, coa que colabora o Concello da Coruña (cidade na que se realiza a gala de entrega dos premios, por ser María Casares filla predilecta desta cidade). Optan a estes galardóns todas as producións feitas en lingua galega estreadas en Galicia entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do ano anterior á concesión dos premios, así como todos os profesionais que participaron nas montaxes comprendidas nese período de tempo. Os

premios concédense nos seguintes apartados: Maquillaxe, Vestiario, Escenografía, Iluminación, Música orixinal, Adaptación/Tradución, Texto orixinal, Actriz Secundaria, Actor secundario, Actriz protagonista, Actor protagonista, Dirección, Espectáculo infantil, Espectáculo e Premio de Honra Marisa Soto á traxectoria persoal ou labor de promoción do teatro. O galardón consiste nunha xerra coa efixie da actriz María Casares e decídense nun proceso que se desenvolve durante o primeiro trimestre do ano. Nesta edición de 2016 a resolución dos premios coñeceuse o día 29 de marzo, nunha gala celebrada no Teatro Rosalía de Castro da Coruña. Os galardóns foron para Raquel Fidalgo de *Ensaio sobre a cegueira* (Maquillaxe); Marián Bañobre de *O furancho* (Vestiario); Carlos Alonso de *Xardín suspenso* (Escenografía); Afonso Castro de *Xardín suspenso* (Iluminación); Mónica de Nut, Vadzim Yukhnevich e Javi Bermejo de *Manawee* (Música orixinal); Afonso Becerra de *O principio de Arquímedes* (Adaptación/Tradución); Diana Mera, Merche Pérez e Teté García de *30 e tantos ósos* (Texto orixinal); Iolanda Muíños de *Presidente* (Actriz secundaria); Alberto Rolán de *O principio de Arquímedes* (Actor secundario); Mela Casa de *Noiteboa* e Melania Cruz de *Xardín suspenso* (Actriz protagonista); Toni Salgado de *O principio de Arquímedes* (Actor protagonista); Xulio Lago de *O principio de Arquímedes* (Dirección); *Feo!* de Caramuxo Teatro (Espectáculo infantil); e *O principio de Arquímedes* de Teatro do Atlántico (Espectáculo). O Premio de Honra Marisa Soto 2016 foi para a *Revista Galega de Teatro*.

Referencias varias:

- Alba Lago, "Catorce montaxes optarán aos Mª Casares", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 2 marzo 2016, p. 42.

Informa dos espectáculos finalistas nas catorce categorías dos premios, aos que se inscribiron trinta e oito espectáculos e máis de tres centos profesionais. Indica que optan ao premio, entre outras candidaturas, *O principio de Arquímedes* con oito nominacións, *Ensaio sobre a cegueira*, con sete e *Presidente*, con cinco.

- Montse García, "Catorce espectáculos escénicos optan a los María Casares en su 20.ª edición", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 2 marzo 2016, p. 36.

Comenta o acto no que se deron a coñecer os finalistas de todas as categorías dos premios e salienta a alta participación. Recóllense as impresións do xurado, que destaca a gran calidade das obras presentadas e as verbas en lembranza de María Casares.

- R. L., "Os lucenses Melania Cruz e Vadim Yukhnevich optan aos premios María Casares", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 2 marzo 2016, p. 64.

Dá conta da futura entrega dos premios que se celebrará na Coruña e ao que están nominados Melania Cruz como mellor actriz protagonista pola obra *Xardín suspenso* e Vadim Yukhnevich pola mellor música orixinal na obra *Manawee* (compartido coa vocalista Mónica de Nut e o músico Javi Bermelo). Salienta a alta participación e repasa os nomeados nas diferentes categorías.

- C. F., “Unha obra de teatro traducida ao galego polo alcalde cangués opta ao premio María Casares”, *Diario de Pontevedra*, “Cangas. Bueu”, “O Morrazo”, 8 marzo 2016, p. 17.

Anuncia a representación, no Auditorio Municipal de Cangas, da obra *Unhas poucas picadelas* de Laia Ripoll, traducida ao galego por Xosé Manuel Pazos, alcalde da mesma vila, e producida pola Compañía Ningures. Salienta que a obra está nominada ao Premio María Casares á mellor adaptación-tradución e ao mellor actor protagonista (Machi Salgado).

- Camilo Franco, “A ditadura da circunstancia”, *Diario de Pontevedra*/ *El Progreso*, “*Táboa Redonda*”, n.º 28, “Fatiga ocular”, 27 marzo 2016, p. 5.

A propósito da futura entrega de premios María Casares, critícase o proceso de escolla das obras gañadoras e denúnciase o peso das influencias, comparando esta situación cos resultados dos procesos electorais no eido da política. Realízase unha breve crítica literaria das obras *O principio de Arquímedes*, *Ensaio sobre a cegueira* e *Presidente*.

- Carlos Crespo, “Vinte anos despois, ‘Galicia xa é Broadway toda ela”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Escénicas”, 27 marzo 2016, p. 4.

Informa da futura celebración da cerimonia de entrega dos galardóns e salienta a relevancia dos premios María Casares no futuro dos protagonistas do teatro galego. Indica que a gala terá lugar na Coruña o vindeiro día 30 e estará conducida pola compañía teatral Chévere, que concibe o teatro coma unha vitoria da cultura galega ao terse acadado unha escena cunha identidade propia.

- Laura Pazo, “Os esforzos por manter o telón subido”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, p. 40 /*La Opinión*, “Sociedad, cultura & ocio”, p. 34, 27 marzo 2016.

Recolle, a propósito da entrega dos premios María Casares, a denuncia da precariedade que está a vivir o teatro galego por parte da Asociación de Actores e Actrices de Galicia, que reclaman un maior compromiso político co sector.

- Ángela Fontao, “Unha gala cargada de lembranzas”, *La Opinión*, “A Coruña”, “Ciudad y cultura”, 29 marzo 2016, p. 10.

Dá conta da celebración da gala de entrega da vixésima edición destes premios que terá lugar no Teatro Rosalía, estará conducido pola compañía teatral Chévere e serán homenaxeados a actriz María Casares e as Irmandades da Fala.

- Nuno Besteiro, “Un musical festivo para vinte anos de vida teatral”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 29 marzo 2016, p. 36.

Refírese á futura celebración do acto de entrega dos galardóns, unha gala na que se lembrará á actriz María Casares, que dá nome aos premios, e ás Irmandades da Fala, nun espectáculo ideado polo grupo Chévere.

- Gemma Malvido, “O teatro como forma de vida”, *La Opinión*, “A Coruña”, “Ciudad y cultura”, 31 marzo 2016, p. 8.

Conta o transcurso da gala de entrega dos premios, conducida pola compañía teatral Chévere, aludindo aos premiados nas diferentes categorías e aos seus discursos de agradecemento. Salienta a obra *O principio de Arquímedes* como a máis premiada, con cinco galardóns, tres dos cales recaeron sobre o mellor director, actor protagonista e espectáculo.

- M. G. M., "O principio de Arquímedes', de Teatro do Atlántico, gaña os María Casares con cinco premios", *El Ideal Gallego*, "Sociedad", 31 marzo 2016, p. 36-37.

Informa do transcurso da gala de entrega dos premios, na que *O principio de Arquímedes* obtivo cinco galardóns. Dá conta de parte dos discursos dos galardoados á hora de recolleren os premios, que afondan no importante labor levado a cabo no eido do teatro e da necesidade da creación dunha compañía residente na Coruña, como reivindicou o director Xulio Lago.

- MVI, "O principio de Arquímedes', coróase na gala dos premios María Casares", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 31 marzo 2016, p. 48.

Faise eco dos premiados, salientando a obra de Teatro do Atlántico que logrou cinco galardóns e a do Centro Dramático Galego, que obtivo tres. Tamén se destacan os recoñecementos á actriz luguesa Melania Crus e ao músico Vadim Yukhnevich.

- Rodri García, "O principio de Arquímedes' arrasa na 20.ª edición dos premios María Casares", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 31 marzo 2016, p. 36.

Recolle o palmarés dos premios tras a gala de entrega, salientando as obras máis recoñecidas: *O principio de Arquímedes,* con cinco galardóns, e *Xardín suspenso*, con tres galardóns.

- E. P., "Teatro Atlántico conquista os María Casares", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 1 abril 2016, p. 40.

Comenta a gala de entrega dos premios, na que *O principio de Arquímedes* se erixiu coma a obra vencedora ao obter cinco galardóns.

- Camilo Franco, "O cabaret que escolleu un drama", *Diario de Pontevedra*/ *El Progreso*, "*Táboa Redonda*", n.º 29, "Fatiga ocular", 3 abril 2016, p. 5.

Recolle as impresións sobre os premios María Casares, que non amosan a igualdade que se agardaba deles. Por exemplo, *Xardín suspenso* acadou un recoñecemento maior que *Ensaio sobre a cegueira* e *Presidente*, o que resulta sorprendente xa que non se atopaba entre as tres primeiras obras finalistas. No mesmo senso, son cuestionados os premios acadados por Sarabela e Teatro do Morcego, que só obtiveron un galardón a pesar do elevado número de nominacións, en contraste co Centro Dramático Galego, que obtivo tres premios de catro nominacións. Lóuvase a actuación de Chévere, compañía que conduciu a gala, e a súa capacidade para converter a gala nun espectáculo de verdadeiro teatro galego.

Premio de Interpretación Teatral **Maruxa Villanueva**

O Concello de Padrón convoca dende o ano 2001 este premio en homenaxe a Maruxa Villanueva, que foi case tres décadas guardesa da Casa-Museo de Rosalía de Castro e tamén recoñecida actriz de teatro. Poden concorrer aqueles actores e actrices que, durante o ano, participasen nun espectáculo teatral en galego, ademais de ser extensivo a un artista de recoñecida traxectoria neste ámbito. Conta cunha contía de 1.200 €, diploma acreditativo e estatuíña de bronce do busto de Maruxa Villanueva. En anteriores edicións foron premiados Roberto Vidal Bolaño (2001), Susana Dans (2002), Rosa Álvarez (2003), Manuel Lourenzo (2004), Xan Cejudo (2005), Ana Valles (2006), Luísa Merelas (2007), Xosé Manuel Olveira "Pico" (2008), Gonzalo Uriarte (2009), Víctor Mosqueira (2010), Patricia de Lorenzo (2011), Gustavo Pernas (2012), Mónica Camaño (2013), Marta Pérez (2014) e María Barcala (2015). Nesta edición, a gañadora foi Nuria Sotelo Rodríguez.

Referencias varias:

- Cristina Botrán, "A actriz vilacruceña María Barcala álzase co premio de teatro Maruxa Villanueva", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 11 febreiro 2016, p. 35.

Informa sobre a galardoada, a súa traxectoria profesional e as súas verbas sobre o que supón o premio para ela.

- M. García, "María Barcala gana el premio Maruxa Villanueva", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Agenda", "Para todos los públicos", 11 febreiro 2016, p. L11.

Comenta a entrega do premio e explica os méritos que tivo en conta o xurado como foi a súa longa traxectoria e polo "seu toque persoal na técnica interpretativa".

- S. E., "María Barcala recibió el premio Maruxa Villanueva", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 7 novembro 2016, p. 19.

Dáse conta do acto de entrega do premio deste certame. Indícase que o acto comezou coa representación da peza *Helena, xuízo a unha lurpia*, a cargo de Teatro do Atlántico.

XIX Premios **MAX de las Artes Escénicas**

En 1998 naceron os premios Max das Artes Escénicas, organizados pola Fundación Autor da Sociedade Xeral de Autores e Editores (SGAE), co propósito de estimular e premiar o talento de artistas e profesionais das artes escénicas. A este premio concorren todos os espectáculos estreados ou en xira na temporada anterior. Os premios concédense en vinte e tres apartados distintos, como autoría, tradución, adaptación, composición, escenografía, iluminación etc., elixidos mediante os votos dos seus compañeiros. Dentro do apartado do premio ao mellor autor teatral, nas primeiras convocatorias só se contemplaba a escrita en castelán, pero máis tarde tivéronse tamén en conta as outras linguas do estado.

Referencias varias:

- S. V., "Andrea Bayer aspira a gañar un Premio Max pola súa obra 'Luppo", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Cultural", 20 febreiro 2016, p. 13.

Sinala que Andrea Bayer, de Baobab Teatro, é candidata a gañar un Premio Max das Artes Escénicas na categoría de Mellor autoría teatral pola peza "Luppo".

Premio **Nacional de Teatro**

Ver o apartado X.5. deste *Informe*.

III Premio **Pegada de Teatro Radiofónico**

Certame convocado pola Escola Superior de Arte Dramática (ESAD), dende o seu Departamento de Normalización Lingüística, que pretende promover a creación dramática en galego, no formato de teatro radiofónico. Colaboran a AGADIC, Radio Redondela e o IES Audiovisual de Vigo. Os traballos presentados deben ser orixinais, inéditos e escritos en lingua galega. A temática é libre, mais non poden presentarse adaptacións, deben adoptar o formato de guión radiofónico dramático e a súa duración en antena non poderá superar os dez minutos nin ser inferior aos cinco. O premio consiste nun lote de libros e a gravación e emisión do texto seleccionado por Radio Redondela.

Nesta terceira edición correspondente ao ano 2016 o prazo de recepción dos orixinais finalizou o 4 de abril e a gañadora foi Avelina Pérez, por "Eu controlo".

Premio de Teatro **Rafael Dieste**

Este premio, creado no ano 1988 pola Deputación Provincial da Coruña para incentivar a creatividade no ámbito do teatro por ser unha das formas artísticas de maior incidencia social, e en lembranza do autor rianxeiro que lle dá nome, ten dende 1999 unha periodicidade bienal. Dende o ano 2001, poden optar todos os autores de calquera nacionalidade, que presenten obras inéditas e non premiadas con anterioridade, escritas en lingua galega. Concédese un premio único e indivisíbel dotado de 6.500 €. A Deputación publica a obra premiada, reservándose durante un prazo de dezaoito meses os dereitos de editala e de representala, e entrega ao gañador trinta exemplares. Ademais, poderá contratar unha compañía teatral galega para realizar a montaxe e a representación da obra premiada. Os traballos, de tema e extensión libres, deben presentarse por quintuplicado, en exemplares separados, mecanografados a dobre espazo, en tamaño DIN-A4, por unha soa cara, numerados, grampados ou encadernados, baixo un título e un lema, constando na plica o título e o lema no seu exterior e no interior o nome e apelidos do autor, o seu enderezo, nacionalidade e número de teléfono. Os participantes teñen a obriga de comunicar á deputación a concesión de

calquera premio que obteña a obra presentada, no momento en que esta situación se produza, o que dá lugar á súa exclusión do concurso. O xurado actúa en pleno, en sesión a ser posíbel única, sendo necesaria a asistencia dos dous terzos dos seus membros. As deliberacións son secretas. Sendo un dos obxectivos deste concurso a posta en escena da obra premiada, estímanse positivamente os factores que inciden na súa viabilidade escénica: número de personaxes, condicións técnicas etc. O xurado non pode declarar deserto o galardón e a súa proposta é obxecto de resolución da Presidencia desta Deputación, órgano competente para resolver o premio. Os textos envíanse á Deputación da Coruña, Avda. Alférez Provisional, s/n, 15006 A Coruña, indicando no sobre "Premio de Teatro Rafael Dieste". En anteriores edicións resultaron premiadas as seguintes obras dramáticas: *Ei, Feldmühle*, de Xesús Pisón en 1991; *Días sen gloria*, de Roberto Vidal Bolaño en 1992; *Matalobos*, de Raúl Dans en 1993; *Velenos*, de Xesús Pisón en 1994; *O serodio remordemento do amor*, de Xavier Lama en 1995; *Magnetismo*, de Manuel Lourenzo en 1996; *Doentes*, de Roberto Vidal Bolaño en 1997; *Ninguén chorou por nós*, de Miguel Sande en 1998; *Últimas faíscas de setembro*, de Manuel Lorenzo Pérez en 1999; *Footing*, de Gustavo Pernas Cora en 2001; *A ciencia dos anxos*, de Inma Antonio en 2003; *Final de película*, de Gustavo Pernas en 2005; *Unha primavera para Aldara*, de Teresa Moure en 2007; *0,7% Molotov*, de Santiago Cortegoso en 2009; *A función do tequila*, de Manuel Guede Oliva en 2011; *Teatro ou xeitos de cargar unha arma*, de Zé Paredes e Xosé Manuel Pacho Blanco en 2013; e *Como mil cachiños de vidro que a dor escurece*, de Roberto Salgueiro en 2015. No ano 2016 non lle correspondeu convocatoria.

VI Premio de Teatro **Romaría Vikinga**

Organízano o Concello de Catoira e a Universidade de Santiago de Compostela como medio de sensibilización das culturas vikinga e galega e co desexo de contribuír á creación teatral. As obras presentadas deben ser inéditas, escritas en galego e cun tema relacionado coas incursións vikingas e a defensa contra elas, lendas, costumes, personaxes e símbolos, valores e sensibilidades propios do tema en Galicia. O autor debe ter en conta que se trata dunha representación popular na que participan actores e actrices afeccionados en gran número, nacidos ou residentes en Catoira. A dirección da obra corre a cargo do autor. A presentación ao concurso esixe a presentación de dous sobres (A e B) adxuntos e pechados que conteñen: o sobre A, orixinais, mecanografados e por quintuplicado sen asinar, co título da obra e o pseudónimo da persoa que presenta o texto e que permite a súa posterior identificación, así como un precaderno de dirección no que se describa a posta en escena do espectáculo; o sobre B, o nome, teléfono e enderezo, xunto coa fotocopia do DNI, indicando por fóra o título da obra e o pseudónimo. Os residentes do concello deben escribir "Catoira" no exterior deste. Os dous sobres deben ir pechados para enviar ao enderezo: Concello de Catoira (Rúa do Concello, n.º 6, 36612 Catoira, Pontevedra). Estabelécese un único premio de 4.808 €, que na convocatoria do ano 2009 ascendeu a 5.000 €, coa obriga de dirixir ensaios, ambientación, escenografía, atrezzo e os seis días de escenificación nas Torres de Oeste. Se o autor propón a outra persoa para a dirección será baixo a súa responsabilidade artística e económica. Ademais da calidade das obras valórase a visibilidade da súa posta en escena, así como a innovación no libreto e que os autores non representasen as obras en anos anteriores. A organización e composición do xurado corresponde á Universidade de Santiago de Compostela e ao Concello de Catoira e formaron parte del dous representantes do Concello de Catoira, tres persoeiros do mundo do teatro, un

representante da USC e un da Consellaría de Cultura e Turismo. O xurado pode declarar deserto o premio se non reúne as condicións artísticas e de calidade. O autor da obra premiada cede en exclusiva ao Concello os dereitos de reprodución, distribución, comunicación pública e transformación da obra, en todo o territorio da Unión Europea, para a súa explotación e execución teatral, edición e produción. Dado que a convocatoria é bienal, unha das obras é elixida para a representación do ano seguinte ao da convocatoria. En anteriores edicións gañou o premio Marcos Abalde Covelo por *A saga de Iacobusland*. Na edición de 2016 resultou gañadora Carla Villanustre coa obra Eternidade.

VI Premio Mome de Teatro **Varela Buxán**

Creado en 2011 polo Museo do Moble e da Madeira da Estrada (MOME) cos obxectivos de pór en valor o MOME como centro neurálxico para o coñecemento e promoción da madeira así como referente na vida cultural galega, perseverar o cultivo da lingua galega como sinal de identificación e diferenciación de Galicia e principal patrimonio cultural, contribuír á difusión do teatro galego e colaborar na divulgación da vida e obra do dramaturgo estradense Manuel Daniel Varela Buxán. Poden concorrer todas as persoas, de calquera nacionalidade, con textos inéditos en lingua galega que teñan como eixe temático o mundo da árbore, a madeira e/ou do móbel. Os orixinais deben presentarse baixo lema por triplicado, xunto cunha copia do texto en CD en formato PDF e un sobre cos datos persoais na Fundación Cultural da Estrada (Avda. Benito Vigo, n.º 104, 36680 A Estrada, Pontevedra), indicando no sobre Premio MOME de Teatro "Varela Buxán". A dotación económica é de 1.000 € para un único premio, diploma acreditativo e unha escultura en madeira deseñada polo artista estradense Manuel Fragoso. A entrega de premios ten lugar nun acto público que se celebra o 25 de setembro, en conmemoración do aniversario do pasamento de Manuel D. Varela Buxán. En anteriores edicións, os galardóns foron para: Teresa González Costa en 2011 por *Madeira de gañador*; Xosé Lois García en 2012 por *A cerna*; Santiago Cortegoso en 2013 por *Smoke on the water*; Ana María Carreira Varela en 2014 por *Un intre antes do solpor* e Marcos Abalde en 2015 por *Oito epitafios por Troia.* O prazo para entregar os orixinais desta edición rematou o 22 de outubro de 2016.

Referencias varias:

- Cristina Botrán, "Marcos Abalde recibe na Estrada o Varela Buxán", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 3 marzo 2016, p. 37.

Comenta o acto de entrega do premio, celebrado na Estrada, as impresións do xurado sobre a obra, que louvou a forza do texto e a valentía do tema tratado, así coma o gran potencial para a súa representación, e as palabras do galardoado, quen subliñou a necesidade de coidar a terra no canto de explotala, pois o capitalismo actual non conduce máis que ao espolio do planeta e da conciencia. Tamén informa da contía do galardón e menciona o premio Lueiro Rey de poesía que Marcos Abalde gañaba nesa mesma xornada.

Premio **Xograr de Outono**

Galardón que concede o Festival Internacional Outono de Teatro (FIOT) a persoas ou entidades que desenvolvan un papel activo na promoción e desenvolvemento do teatro en Galicia. En anteriores edicións resultaron gañadores Roberto Vidal Bolaño (2002), Artur Trillo (2004), Celso Parada (2005), Víctor Mosqueira (2006), Quico Cadaval (2007), Dorotea Bárcena (2008), Cándido Pazó (2009), Paula Carballeira (2010), Marcelino de Santiago "Kukas" (2011), Alberto Gende (2012), Xosé Manuel Oliveira "Pico" (2013), Eduardo Rodríguez Cunha "Tatán" (2014) e Susana Dans (2015). Na edición correspondente ao ano 2016 o gañador foi Miguel de Lira (Lira, 1964).

X. 4. INVESTIGACIÓN

XIX Premio de Investigación **Concello de Pontedeume**

Dirixido a traballos inéditos escritos en galego que traten sobre aspectos etnográficos de Pontedeume ou da súa comarca. Conta cun único galardón dotado de 1.140 €, ademais da súa publicación na revista de investigación local *Cátedra. Revista eumesa de estudios*. A extensión dos traballos debe ser dun mínimo de cincuenta folios e dun máximo de cen, incluídos os documentos gráficos, fotográficos e outros elementos que o ilustren. Hai que entregar catro copias, mecanografadas a dobre espazo, no rexistro xeral da Secretaría da Casa do Concello de Pontedeume (Rúa Real, n.º 17, 15600 Pontedeume, A Coruña) baixo lema e acompañadas dun sobre cos datos persoais do autor.

Premio **Condado de Pallares**

A asociación Amigos do Mosteiro de Ferreira de Pallares convoca dende o ano 2007 este certame, que está patrocinado pola Deputación Provincial de Lugo, a Secretaría Xeral de Política Lingüística, a fundación Caixa Galicia e os concellos de Guntín e Taboada. Recibe traballos, cunha extensión mínima de cen páxinas, escritos en galego sobre lingüística, historia, arte, arqueoloxía, etnografía e folclore do antigo Condado de Pallares. O galardón consiste en 3.000 €, ademais da publicación polo Departamento de Cultura da Deputación Provincial de Lugo. En edicións anteriores foron galardoados Almudena Figueiras; Juan Manuel Sobrado Vázquez; Xosé Luís Vázquez Somoza, José Luis Díaz Castroverde Lodeiro, Claudio Otero Eiriz, Javier Gómez Vila e María del Mar Neira González. Na edición correspondente ao ano 2016 a gañadora foi Tamara González López pola obra *Apadriñamento e bautismo no suroeste de Lugo: Carballedo e Chantada (S. XVI a XIX)*.

X Premio de Investigación **Manuel Iglesias**

A Academia Auriense Mindoniense de San Rosendo convoca este premio de investigación, co obxectivo de manter o legado intelectual, cultural e relixioso de Manuel Iglesias. Poderán presentarse traballos de investigación que traten sobre a figura de San Rosendo, a Idade Media galega en xeral, a diócese de Mondoñedo ou o Mosteiro de Celanova. Estabelécese un único premio, dotado de 1.500 €. Considérase a posibilidade de estabelecer outra modalidade na que se recoñeza a unha personalidade ou institución polo seu labor nas áreas mencionadas. Na edición correspondente ao ano 2016 o premio foi para Antonio Bonet Correa.

Premio **Manuel Murguía de Ensaio**

Convocado dende 1998 pola Deputación Provincial da Coruña co obxecto de enxalzar a vida e obra "dunha figura das letras galegas, un precursor do galeguismo, político, literato e historiador", está dotado dun premio de 6.500 € e a publicación da obra gañadora. Poden concorrer todo tipo de ensaios de carácter histórico referidos a

calquera aspecto da Comunidade Autónoma de Galicia non premiados nas tres edicións anteriores. A presentación debe ser feita, preferentemente, en formato dixital, por medio dun CD que inclúa a seguinte inscrición: Premio de ensaio "Manuel Murguía", título da obra e lema ou pseudónimo; o tratamento de texto pode ser Word, OpenOffice ou PDF. No caso de optar pola presentación en papel, as obras deben entregarse por duplicado, en exemplares separados, tamaño DIN A 4, e impresos polas dúas caras, numerados, grampados ou encadernados. A obra preséntase baixo o sistema de plica, polo que debe achegarse un sobre á parte en cuxo exterior figure o título da obra e o lema ou pseudónimo do seu autor e no interior unha copia do NIF, o enderezo, teléfono de contacto e correo electrónico e, ademais, unha declaración expresa de que a obra é inédita e que non foi premiada, até a data da súa presentación, en ningún outro certame ou premio. Hai que dirixilos á sede da Deputación da Coruña (Avda. Alférez Provisional s/n, 15006 A Coruña). En edicións anteriores recibiron o galardón *La insurrección de Ferrol de 1872*, de Alfonso Gomis Rodríguez; *El patrimonio histórico y la representación de la memoria*, de Marcelino Abuín Duro; *Raza e alteridade: A reflexión sobre a diversidade humana na Galicia do século XIX*, de Fernando Pereira González; *As cartas do destino*, de Raúl Soutelo Vázquez e Xosé Manoel Núñez Seixas; *A raíña Lupa. As orixes pagás de Santiago*, de Antonio Balboa Sagado; *Medios de comunicación comarcal en Negreira, A Baña e Brión no século XX*, de X. Amancio Liñares Giraut e Omayra Lista Liñares; *Una familia gallega y un océano de por medio. Vínculo y experiencia a través de la memoria fotográfica y epistolar*, de María Liliana da Orden; *E fixose nación. A idea de nación española: liberais versus absolutistas na prensa galega da Guerra da Independencia*, de Sabela Taboada; *Canto val unha vaca? Da cuestión agraria á cuestión pecuaria en Galicia*, de Diego Conde Gómez; e *Historia do pensamento galego contemporáneo*, de Marcelino Agís Villaverde.

Premio **Nacional de Ensaio**

Ver o apartado X.5. deste *Informe*.

Premio de Ensaio **Ramón Piñeiro**

A Editorial Galaxia convocou por primeira vez este premio no ano 2000 con motivo do seu cincuentenario e do décimo cabodano de Ramón Piñeiro. En edicións posteriores sumouse á convocatoria o Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades coa colaboración do grupo Gas Natural. Con el preténdese contribuír á difusión do ensaio breve en lingua galega, xénero que Ramón Piñeiro cultivou con asiduidade e ao que fixo importantes contribucións. Pode participar calquera persoa interesada, a excepción do persoal pertencente ao Centro Ramón Piñeiro, con traballos orixinais e inéditos, en lingua galega, axustados á normativa oficial do idioma, que versen sobre o ámbito xeral do pensamento humanístico (lingua, literatura, antropoloxía, filosofía, historia). O tema dos ensaios é libre e os traballos deben evitar o enfoque de investigación especializada ou de carácter estritamente académico. Os traballos, asinados cun lema ou pseudónimo, cunha extensión entre douscentos mil e trescentos mil caracteres, incluídos espazos, deben ser presentados por quintuplicado, en formato DIN-A4, mecanografados a dobre espazo e por unha soa cara, e dirixirse por correo certificado, baixo plica, á Editorial Galaxia (Avenida de Madrid, n.º 44, 36204 Vigo). Estabelécese un único premio, consistente en 3.000 €, outorgado ao ensaio que posúa

maior fondura e orixinalidade e reúna suficientes méritos estilísticos e literarios. Este galardón é único e indivisíbel e o xurado, formado por personalidades de relevo da vida cultural galega, pode declaralo deserto, así como tamén pode recomendar a publicación de traballos presentados ao certame que sexan de interese e non resultasen premiados. A contía do premio inclúe os dereitos de autor pola primeira edición do texto gañador, que será publicado pola Editorial Galaxia na súa colección "Ensaio". En edicións anteriores recibiron o galardón *A submisión das masas. Do poder do progreso ó progreso do poder*, de Basilio Lourenço Fondevilla en 2001; *Tempo e venganza*, de Anxo A. Rei Ballesteros en 2002; *A terra quere pobo*, de Xosé Luís Barreiro Rivas en 2003; *Outro idioma é posible*, de Teresa Moure en 2004; *O suxeito posmoderno. Entre a estética e o consumo*, de Rebeca Baceiredo en 2005; *Psicopatoloxía do retorno*, de Ramón Area Carracedo e Alexandre García-Caballero en 2006; *Paisaxe e nación (A creación discursiva do territorio)*, de María López Sández en 2007; *Un longo e tortuoso camiño: adaptación, crise e cambio no Bloque Nacionalista Galego (1982-2008)*, de Xosé Ramón Quintana Garrido en 2008; *Retrato da xeración de 1950. Microhistoria do cambio social na Galicia contemporánea*, de Manuel Pérez Rúa en 2009; *A arte do imposible*, de Ramón Máiz Suárez en 2010; *Queer.emos un mundo novo. Sobre cápsulas, xéneros e falsas clasificacións*, de Teresa Moure en 2011; *Para que nos serve Galiza?*, de Xaime Subiela en 2012; *Da natureza dos escritores, artistas e vermes. Ensaio sobre o pracer no diálogo con Karl Marx*, de José María Durán en 2013; *Barthes Filósofo*, de Luís G. Soto en 2014; e *De camiños, viaxeiros e camiñantes. Peregrinos de Nós ao cabo do mundo*, de Santiago Lamas e Alfonso Mato en 2015. Na edición correspondente ao ano 2016, o xurado integrado por Luís Alonso Girgado, Carlos Lema, Marilar Aleixandre, Uxío Labarta Fernández e Inma López Silva escolleu como gañador a Rafael Quintía (Vigo, 1971), pola obra *Mariña, de deusa a santa. A advocación de Santa Mariña na cristianización da Gallaecia*.

Referencias varias:

- R. Carrera, "O vigués Rafael Quintía, Premio Ramón Piñeiro de Ensaio", *Atlántico Diario*, "Vigo", 31 decembro 2016, p. 9.

Informa da distinción acadada polo antropólogo Rafael Quintía (Vigo, 1971) con *Mariña, de deusa a santa. A advocación de Santa Mariña na cristianización da Gallaecia*, premiado con 3.000 entre un total de 6 orixinais concorrentes.

- Mario Álvarez, "O Ramón Piñeiro de ensaio, para Rafael Quintía Pereira", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 31 decembro 2016, p. 39.

Informa de que o xurado, integrado por Luís Alonso Girgado, Carlos Lema, Marilar Aleixandre, Uxío Labarta Fernández e Inma López Silva, deu a coñecer o seu ditame, destacando a prosa áxil e fluída do ensaio do antropólogo vigués —*Mariña, de deusa a santa. A advocación de Santa Mariña na cristianización da Gallaecia*—, nunha tradición que chanta as súas raíces no traballo do Seminario de Estudos Galegos.

XXI Premio **Vicente Risco de Antropoloxía e Ciencias Sociais**

Convocado dende 1994 polos concellos de Castro Caldelas e Allariz en colaboración coas fundacións Vicente Risco e Sotelo Blanco, estaba dotado de 6.000 €, que na convocatoria de 2013 se viron reducidos a 4.500 €, ademais da publicación da obra por Sotelo Blanco Edicións. Poden concorrer obras orixinais e inéditas, escritas en galego normativo, sobre o ámbito rural galego dende o punto de vista antropolóxico ou das ciencias sociais (historia, economía, socioloxía, literatura etc.). Os textos, cunha extensión mínima de cento cincuenta e máxima de trescentos folios a dobre espazo, teñen que ser presentados, por quintuplicado, na Fundación Sotelo Blanco (San Marcos, n.º 77, 15820 Santiago de Compostela, A Coruña) baixo lema ou título e acompañados dun sobre pechado no que consten os datos persoais e enderezo do autor. O xurado está composto por cinco membros relacionados co mundo da cultura, actuando un deles de secretario. Nas edicións anteriores premiouse a Santiago González Avión en 1999 por *Abrente incerto*; a Rosa Brañas en 2001 por *Deuses, heroes e lugares sagrados*; a Anxo Fernández Ocampo en 2002 por *A esperanza Bretona*; a Elixio Villaverde en 2003 por *Galegos en México (1878-1936)*; a Julia Varela en 2004 por *A Ulfe, socioloxía dunha comunidade rural galega*; a María Montserrat Varela Vázquez en 2005 por *Trazos da escolma da cultura do pobo galego*; a Santiago Prado Conde en 2007 por *Poboacións non pertinentes nas institucións educativas*. *O alumnado con procedencia rural na terra de Melide*, publicado co título *Novas minorías nas institucións educativas*; a Xosé Lois Ladra Fernández en 2008 por *A pesca fluvial tradicional en Galicia. Caneiros, pescos e pesqueiras*; a María Pilar García Negro en 2010 por *O clamor da rebeldía. O nacemento do ensaio na literatura galega contemporánea, simultánea ao nacemento da conciencia do xénero rosaliano*; a Carlos Callón Torres en 2011 polo seu ensaio *Amigos e sodomitas. A configuración da homosexualidade na Idade Media*; a Xosé Manuel González Reboredo en 2012 por *Os santos titulares de parroquia en Galiza. Pasado, presente e perspectivas de futuro*, a Laura Tato Fontaíña por *Do teatro ao cinema en 2013; Luzía Oca González por Caboverdianas en Burela (1978-2008), migración, relación de xénero e intervención social; e a Rafael Quintía por* Análise estrutural e simbólica do mito da moura galega*. Na edición correspondente ao ano 2016, o xurado composto por lberto Baptista, Octavio Sacramento, Teresa Devesa, Manoel Carrete, José María Eguileta e Xosé Manoel Cid , decidiu que o premio fose para Roberto Fernández Álvarez pola obra* Enfermos pobres, médicos tristes.

X. 5. MIXTOS (VARIAS MODALIDADES)

XXXI Premio **Antón Losada Diéguez**

A Fundación Antón Losada Diéguez organiza dende o ano 1986 este certame, en colaboración cos concellos do Carballiño e Boborás e coa Deputación Provincial de Ourense. O seu obxectivo é o de premiar as dúas mellores obras publicadas en galego entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do ano anterior nos campos da investigación e da creación literaria. Ten unha dotación económica de 6.000 € para cada un dos gañadores, ademais dun diploma e dunha escultura conmemorativa. En edicións anteriores os galardóns concedéronse, na modalidade de "Creación literaria", a Ramiro Fonte por *Designium* en 1985; Luís González Tosar en 1986 por *A caneiro cheo*; Carlos Casares en 1987 por *Os mortos daquel verán*; Xosé Ramón Pena en 1988 por *Para despois do adeus*; Marina Mayoral en 1989 por *Chamábase Luís*; Antón Tovar en 1990 por *Berros en voz baixa*; Xosé Luís Méndez Ferrín en 1991 por *Arraianos*; Anxo Rei Ballesteros en 1993 por *Loaira*; Úrsula Heinze en 1994 por *Culpable de asasinato*; Xosé Luís Méndez Ferrín en 1995 por *Estirpe*; Marina Mayoral en 1996 por *Querida amiga*; Chus Pato en 1997 por *Nínive*; Olga Novo en 1998 por *Nós nus*; Fran Alonso en 1999 por *Territorio ocupado*; Xosé Fernández Ferreiro en 2000 por *O atentado*; Xurxo Borrazás en 2001 por *Na maleta*; Xavier Rodríguez Baixeras en 2002 por *Eclipse*; Xabier Quiroga en 2003 por *Atuado na Braña*; Ramiro Fonte en 2004 por *Os meus ollos*; Rosa Aneiros en 2005 por *Veu visitarme o mar*; Xosé Luís Méndez Ferrín en 2006 por *Contra Maquieiro*; Manuel Rivas en 2007 por *Os libros arden mal*; Miguel Anxo Murado en 2008 por *O soño da febre*; Chus Pato en 2009 por *Hordas de escritura*; Domingo Villar en 2010 por *A praia dos afogados*; Xulia Alonso en 2011 por *Futuro imperfecto*; Agustín Fernández Paz por *Non hai noite tan longa* en 2012; Begoña Camaño por *Morgana en Esmelle* en 2013; Cesáreo Sánchez por *Caderno do Nilo* en 2014; e Diego Ameixeiras por *Conduce rápido* en 2015. Na modalidade de "Investigación", en edicións anteriores concedéronse os galardóns a Claudio Rodríguez Fer en 1990 por *Poesía galega*; Francisco Fernández Rei en 1991 por *Dialectoloxía da lingua galega*; Lourenzo Fernández Prieto en 1993 por *Labregos con ciencia*; Xosé María Lema Suárez en 1994 por *A arte relixiosa na Terra de Soneira*; Claudio Rodríguez Fer en 1995 por *A literatura galega durante a guerra civil*; Andrés Torres Queiruga en 1997 por *Recupera-la creación. Por unha relixión humanizadora*; Henrique Monteagudo en 2000 por *Historia social da lingua galega*; José Carlos Bermejo en 2001 por *Pensa-la historia*, Narciso de Gabriel en 2002 por *Escolantes e escolas de ferrado*; Domingo Docampo en 2003 por *Tecnoloxías da información e as comunicacións: unha visión desde Galicia*; Manuel Caamaño en 2004 por *As construcións da arquitectura popular, patrimonio etnográfico de Galicia*; Antón Costa en 2005 por *Historia da educación e da cultura de Galicia*; Manuel Ferreiro en 2006 pola edición d'*Os Eoas* de Eduardo Pondal; Gonzalo Navaza en 2007 por *Fitotoponimia galega*; Xusto Beramendi en 2008 por *De provincia a nación: Historia do galeguismo político*; Camilo Nogueira en 2009 por *Europa, o continente pensado*; Pablo Carpintero Arias por *Os instrumentos musicais na tradición galega* en 2010; Francisco Calo Lourido por *Os celtas. Unha revisión dende Galicia* en 2011; Xesús Alonso Montero por *Aníbal Otero. Lingüística e política en España na Guerra Civil e no franquismo* en 2012; Ramón Nicolás por *Onde o mundo se chama Celso Emilio Ferreiro* en 2013; Antón Cortizas por *Tastarabás. Enciclopedia de brinquedos tradicionais* en 2014; e Ana Acuña por *Conciencia política e literatura galega en Madrid (1950-2000)* en 2015.

Na edición correspondente ao ano 2016 o xurado estivo integrado por Ana Patricia Torres Madureira, Diego Fernández Nogueira, Xosé Luís Regueira Fernández, Pegerto Saavedra Fernández, Francisco Calo Lourido, Manuel Doval Soto, Dolores Vilavedra e Xosé Ramón Freixeiro Mato. Na modalidade de creación literaria o galardón foi para Ledicia Costas por *Un animal chamado néboa* e na modalidade de investigación levou o galardón Xosé Fernández Fernández por *Vicente Risco. Mestre de mestres.*

Referencias varias:

- Sabela Pinal, "Unha obra sobre Vicente Risco, galardoada co Losada Diéguez", *Atlántico Diario*, "Sociedad", p. 53/ *La Región*, "Carballiño", p. 20, 24 abril 2016.

Faise eco do fallo do xurado e recolle as súas opinións sobre a obra gañadora: relatos que logran demostrar a memoria dos traumas da historia recente a través dun manexo hábil das fontes documentais. Fai fincapé na dotación do premio e nos membros integrantes do xurado.

- José Cruz, "Costas y Fernández reciben el premio Antón Losada Diéguez", *La Región*, "Carballiño", 12 xuño 2016, p. 22.

Infórmase da entrega dos premios Antón Losada Diéguez no Pazo de Moldes, Boborás, destinados a Ledicia Costas por *Un animal chamado néboa* e a Xosé Fernández por *Vicente Risco. Mestre de mestres*, en creación e investigación, respectivamente. Recóllese unha sucinta presentación dos volumes a cargo de Anxo Lorenzo e outras declaracións de Miguel Santalices no transcurso do acto.

Certame Literario **Ben veñas, maio**

Premio convocado pola Concellaría de Normalización Lingüística de Pontevedra e que conta coa colaboración dos equipos de normalización dos centros de ensino do concello. Agrupa distintas categorías: fotografía, banda deseñada, narración curta, poesía, música e unha semana de mostra teatral. O obxectivo é acadar unha maior utilización do idioma galego por parte das xeracións novas. A coordinación do certame vai rotando cada ano entre os equipos de normalización lingüística dos centros de ensino público de Pontevedra e nesta edición tocoulle ao IES Torrente Ballester. Poderá participar o alumnado matriculado nos centros escolares de Pontevedra. O xurado poderá propor cantos accésits considere oportunos. Os apartados do ano 2015 relacionados coa literatura estarán escritos en lingua galega e divídense en dúas categorías (A, até 14 anos, e B, a partir de 15 anos) que recibirán un premio en metálico (primeiro premio 150 € e segundo premio 75 €), un lote de libros e o diploma. Os apartados son os seguintes: XXII Certame de Banda Deseñada, ao cal se presentarán obras orixinais, inéditas, cunha temática que reflexione sobre o uso e a valoración das linguas; XXII Certame de Narración curta, de temática libre, cunha extensión mínima de dous folios e máxima de seis; e XIV Certame de Poesía, de temática libre, cunha extensión máxima de trinta versos.

XIII Certame Literario **Concello de Ames de Narrativa e Poesía**

O Concello de Ames convoca este certame literario de narrativa e poesía para textos inéditos de tema libre escritos en galego, con tres categorías en cada modalidade: primeira categoría para nenos e nenas até 13 anos, segunda categoría dirixida a rapaces de 14 a 18 anos e a terceira para persoas de máis de 18 anos. Hai tres premios en metálico en cada categoría: 150 €, 120 € e 90 € na primeira categoría; 180 €, 150 € e 120 € na segunda; e 260 €, 210 € e 180 € na terceira. Ademais, o Concello de Ames publica os traballos premiados nunha antoloxía creada para tal efecto. Todas as persoas que desexen participar no certame deben enviar catro exemplares do seu texto, en folios mecanografados por unha soa cara e a dobre espazo ao Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Ames (Avda. de Azcárraga, n.º 5, Bertamiráns, 15220 Ames, A Coruña) acompañados dun sobre cos datos persoais. A extensión mínima é de dúas páxinas en narrativa e de vinte versos en poesía, mentres que a máxima é de seis páxinas en narrativa e de cincuenta versos en poesía. O tema é libre e só se pode presentar un traballo por persoa en cada unha das modalidades. Na edición correspondente o ano 2016 o prazo de entrega de orixinais rematou o 4 de abril e o 9 de maio o xurado, composto Armando Requeixo, María López e Manuel Núñez, fixo pública a súa decisión de outorgar os seguintes galardóns a Heriberto José Villar (primeiro premio de poesía de adultos) por "A pel arrincada dos soños"; Marcos Maira Castro (segundo premio de narrativa para mozos entre 14 e 17 anos) por "A xustiza pola man; Sofía Álvarez Castro (segundo premio de narrativa para mozos ate 13 anos) con "Memorias da señora Cupcake"; e Xosé Anxo Corral Suárez (primeiro premio de narrativa para adultos) por "Zona de sombras".

Referencias varias:

- R. Verdú, "Ames presenta a décimo terceira edición do certame de narrativa e poesía", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 21 febreiro 2016, p. 32.

Infórmase da décimo terceira edición do certame literario de narrativa e poesía que convoca anualmente o Concello de Ames e coméntanse brevemente as bases e os premios.

- M. M. O., "Seis cursos de informática e presentación de obras para o certame literario", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 28 marzo 2016, p. 20.

Advirte do prazo que resta para presentar obras ao certame literario e sintetiza as bases, ademais de ofrecer un contacto telefónico no que ampliar a información.

- M. B., "Armando Requeixo, María López e Manuel Núñez, xurado do certame literario", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 3 abril 2016, p. 36.

Anuncia os integrantes do xurado do certame literario, cuxos nomes se acaban de coñecer a un día de que remate o prazo para a presentación de orixinais. Aporta unhas breves liñas sobre a traxectoria profesional de cada un deles.

- Marcos Manteiga, "Literatura na praza' chega á capital amesá con música, obradoiros e un certame", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 19 abril 2016, p. 31.

No marco das actividades organizadas para conmemorar o Día do Libro, anúnciase a presentación do libro deste certame, que reúne os tres traballos finalistas de cada categoría.

_____, "Música y literatura honraron a Cervantes en Bertamiráns", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 24 abril 2016, p. 25.

Indícase que a celebración do Día do Libro en Bertamiráns comezou coa lectura de fragmentos das obras gañadoras deste certame por parte dos seus autores.

_____, "Cuatro premiados en el XII Certame Literario desde el Concello de Ames", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 10 maio 2016, p. 28.

Recolle o recente fallo dos premios e apunta que concorreron ao concurso 152 traballos de toda Galicia (74 líricos e 78 en prosa). Nomea a todos os premiados.

_____, "Premios literarios amienses y plazas en el conservatorio", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 13 maio 2016, p. 30.

Informa do acto de entrega dos galardóns Intercentros e do Concello ás 20.00 horas, na casa da cultura do Milladoiro.

- M. Outeiro, "Ames apostou por galardoar á cultura polo Día das Letras", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 15 maio 2016, p. 30.

Dá conta da celebración do Día das Letras Galegas en Ames, na que se fallaron os premios dos certames Intercentros e Literato.

XXIII Certame Literario de poesía e narración breve **Concello de Cambre**

A Concellaría de Cultura e Turismo de Cambre, as Asociacións de Nais e Pais, os Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística e os Departamentos de Lingua Galega e Literatura dos dous institutos cambreses convocan este certame co obxectivo de estimular a creación literaria e fomentar a súa difusión entre a mocidade. Conta con tres categorías: A, de 12 a 14 anos; B, de 15 a 18 anos e C, de 19 a 26 anos; e dúas modalidades: poesía e narración breve, dotadas de dous galardóns cunha contía de 173 € e 128 €; 218 € e 150 €; e, por último, 300 € e 173 € en cada categoría. Cada participante pode presentar unha proposta a calquera das dúas modalidades. Na modalidade de poesía debe presentar tres poemas como mínimo, de tema e forma libres. Na modalidade de narración breve a extensión máxima é de cinco páxinas DIN-A4 e o tema libre. Os traballos, escritos en lingua galega, deben ser orixinais, inéditos e non premiados, e teñen que estar escritos con ordenador, en papel de tamaño DIN-A4, espazamento entre liñas simple e tamaño de letra 12, por unha soa cara; paxinados e sen asinar. Entrégase o orixinal e catro copias nun sobre no que figure "Certame literario", o lema ou pseudónimo do autor ou autora, a categoría (A, B ou C) e a modalidade (narración ou poesía). Cada traballo presentado debe ir acompañado dun sobre pechado no que, por fóra, figuren os mesmos datos, e no interior, unha fotocopia do DNI, e a ficha de inscrición cuberta e asinada, que contén ademais os datos de teléfono, correo electrónico e nome do centro no que estuda ou traballa. Os traballos poden entregarse

persoalmente nas administracións dos institutos ou ben seren enviados por correo ordinario a rúa Río Barcés, n.º 8, 15660 Cambre, A Coruña. A organización do certame resérvase o dereito a publicar os traballos premiados. Neste sentido os autores renuncian a calquera tipo de remuneración polos dereitos de autoría. Na edición de 2016 o xurado estivo composto por François Davo, Alicia Longueira Moris, Pilar Tobar Conde, Mar Hermida Pico e. Carmen Fernández Rodríguez. Na categoría A de poesía recibiu o primeiro premio Jorge Rivera Herrero, con "Canon Triolóxico" e o segundo Sergio García Rodriguez, con "O prado"; na categoría B de poesía, primeiro premio Lucía Cernadas Varela, con "28/1/16", segundo premio Sara Caride Blanco, con "Dá medo asegurar" e o accésit Jannette Scaloni Barragán, con "Baila"; na categoría C de poesía, primeiro premio Laura Nuna Abeleira Cruchaga, con "Incéndianse as luces", segundo premio Paula Curras Prada, con "Confesión íntima esparexida no mundo" e o accésit Luisa Iglesias Taboada, con "O paxaro non está". Na categoría A de narrativa recibiu o primeiro premio Eva Salvado Fernández, con "Instinto" e o segundo Natalia Sánchez Vázquez, con "O voar das pombas"; na categoría B de narrativa, primeiro premio Laura García Mantecón, con "Non é ouro todo o que brilla", segundo premio Alba Figueroa Paniza, con "O riso dos nenos" e o accésit Marcos Maira Castro, con "O vello e o paraugas"; na categoría C de narrativa, primeiro premio Antía Yáñez Rodriguez, con "Os libros de momo" e segundo premio María Alonso Espasandín, con "O neno que sabía mirar".

XXIII Premio de **Creación Literaria e Ensaio** da Facultade de Filoloxía da Universidade da Coruña

Organizado pola Facultade de Filoloxía, e coa colaboración da libraría Xiada, está dirixido ao alumnado da Universidade da Coruña. Conta con catro modalidades: poesía, narrativa, teatro e ensaio, en lingua galega e castelá. Na modalidade de poesía prémiase un poema ou un breve grupo de poemas con unidade temática; en narrativa e ensaio, un traballo dun máximo de quince folios, mecanografados a dobre espazo; e en teatro, un traballo dun máximo de trinta folios, mecanografado a dobre espazo. O xurado está integrado por profesorado da Facultade de Filoloxía e personalidades de recoñecido prestixio cultural. Os textos deben entregarse baixo plica na secretaría do Decanato ou por correo postal. Deben ir nun sobre en cuxo exterior conste a modalidade á que se presenta e o nome do premio e se entregará tamén unha copia en soporte electrónico. Os premios poden declararse desertos ou pode outorgarse un accésit en cada modalidade. Os premios consisten na publicación, en libro conxunto, dos traballos gañadores e dos accésits concedidos en cada modalidade e ademais un vale cambiábel por libros, cortesía da libraría Xiada.

Premios da **Crítica de Galicia**

Estes premios foron creados polo Círculo Ourensán-Vigués no ano 1978 e continuados polo Padroado da Fundación Premios da Crítica dende 1992. Instituíronse co fin de facer público o recoñecemento que, dentro do marco xeral da cultura galega, merecen os labores individuais ou colectivos que cristalizan en achegas relevantes para o desenvolvemento do eido particular no que xurdan. Os criterios para a avaliación dos traballos concorrentes en cada modalidade (calidade, incidencia social, oportunidade ou outros) son da competencia exclusiva de cada xurado, tendo en conta o interese concreto

para a cultura galega. A periodicidade dos premios é anual e atinxe a produción xurdida entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do ano anterior. En cada modalidade concédese un premio indivisíbel que pode quedar deserto. As producións candidatas aos galardóns teñen que ser presentadas á Fundación dos Premios da Crítica Galicia antes do 1 de marzo. O xurado, que pode incluír traballos non presentados polos seus autores, por terceiras persoas ou por entidades, componse de sete membros para cada unha das modalidades, un deles o gañador da edición anterior. A Fundación designa un presidente que ten a misión de dirixir os debates e resolver, co seu voto de calidade, en caso de empate. O secretario auxilia o presidente e demais membros do xurado, redacta e le a acta na entrega dos premios. Os membros de cada xurado son persoas de recoñecida competencia no campo da modalidade do premio e non deben ter relacións de autoría ou dirección cos traballos concorrentes. Todos os xurados son nomeados cun mínimo de dous meses de antelación respecto da data da decisión. Os seus membros teñen que ter coñecemento de todas e cada unha das achegas que se cualifican e correspóndelles aos secretarios o labor de faceren circular entre aqueles toda a información pertinente que se vaia producindo. As decisións finais son inapelábeis e tómanse nunha sesión de traballo que se celebra o mesmo día da entrega do premio e permanecen secretas mentres os secretarios non dan lectura pública ás correspondentes actas. Até a convocatoria de 2011 os Premios da "Crítica Galicia" abranguían as seguintes modalidades: I) Creación literaria; II) Ensaio e pensamento; III) Investigación; IV) Música; V) Artes escénicas e Audiovisuais e VI) Iniciativas culturais. Na convocatoria de 2011 fixáronse as seguintes modalidades: I) Creación Literaria, para premiar obras de narrativa, poesía, ensaio, textos dramáticos, guións, xornalismo de opinión, incluíndo a creación literaria infantil e xuvenil, editadas en lingua galega no ano anterior; II) Investigación, para galardoar obras que sexan resultado dunha investigación contrastada e rigorosa e que conten con recoñecemento por parte de especialistas no ámbito da súa disciplina, con repercusión dentro e fóra de Galicia durante o ano anterior, así como con algunha manifestación en lingua galega; III) Música, para aqueles traballos de composición, interpretación ou compilación musical editados en formato de partituras, discos ou comunicados publicamente en Internet no ano anterior; composicións e obras musicais estreadas nese período; labores interpretativos nos que concorran características que lles confiran unha recoñecida proxección ao longo do mesmo período; todas aquelas iniciativas que ao longo do ano contribuísen de xeito relevante á promoción da música na sociedade galega; e todos aqueles músicos que, tendo unha traxectoria iniciada con anterioridade, ofrecesen dentro e fóra de Galicia un fito destacado durante o período; IV) Iniciativas Culturais, para aqueles feitos ou labores emprendidos por persoas, asociacións, entidades ou todo tipo de institucións que destacasen na defensa, pulo ou espallamento da cultura galega no ano anterior; V) Artes Plásticas e Visuais, para todos aqueles traballos de pintura, escultura, fotografía, videocreación artística, arquitectura e deseño que fosen realizados, presentados en exposicións ou comunicados publicamente de forma presencial ou virtual no ano anterior; ou todos aqueles artistas plásticos, arquitectos e deseñadores que, tendo unha traxectoria iniciada con anterioridade, ofrecesen dentro e fóra de Galicia un fito destacado durante ese período; e VI) Artes Escénicas e Audiovisuais, para aqueles traballos de teatro, danza, maxia, circo, cine, vídeo e televisión, estreados ou comunicados publicamente de forma presencial ou virtual no ano anterior e todos aqueles artistas do eido das artes escénicas e audiovisuais que, tendo unha traxectoria iniciada con anterioridade, ofrecesen dentro e fóra de Galicia un fito destacado nese período. A Fundación dos Premios da Crítica de Galicia nomea, ademais, dende 1993, "Galego Egrexio" a aquela personalidade que pola súa traxectoria de entrega a Galicia

se considere merecente dela. O galardón consiste nunha estatuíña, deseñada por Isaac Díaz Pardo, que representa a Martín Codax. Dende a súa primeira edición, na modalidade de "Creación literaria", foron galardoados Alfonso Pexegueiro en 1978 por *Mar e naufraxio*; Álvaro Cunqueiro en 1979 por *Os outros feirantes*; Carlos Casares en 1980 por *Os escuros soños de Clío*; Antón Tovar en 1981 por *Calados esconxuros*; Alfredo Conde en 1982 por *Breixo*; Víctor Fernández Freixanes en 1983 por *O triángulo inscrito na circunferencia*; Arcadio López-Casanova en 1984; Ramiro Fonte en 1985 por *Designium*; Manuel Vilanova en 1986 por *A lenda das árbores de prata*; Suso de Toro en 1987 por *Polaroid*; Xosé Luís Méndez Ferrín en 1988 por *Bretaña Esmeraldina*; Víctor Fernández Freixanes en 1989 por *O enxoval da noiva*; Antón Risco en 1990 por *As metamorfoses de Proteo*; Fiz Vergara Vilariño en 1991 por *Nos eidos da bremanza*; Xosé Luís Méndez Ferrín en 1992 por *Arraianos*; Antón Avilés de Taramancos en 1993 por *Obra viva*; Manuel Rivas en 1994 por *En salvaxe compaña*; Marilar Aleixandre en 1995 por *A expedición do Pacífico*; Xavier Rodríguez Baixeras en 1996 por *Nadador*; Pilar Pallarés en 1997 por *Livro das devoracións*; Xosé María Álvarez Cáccamo en 1998; Carlos Casares en 1999; Bieito Iglesias en 2000 por *O mellor francés de Barcelona*; Xosé Manuel Villanueva en 2001 por *Adeus India, adeus*; Manuel María en 2002 por *Obra completa*; Carlos Casares en 2003 por *O sol do verán*; Anxos Sumai en 2004 por *Anxos de garda*; Luísa Villalta en 2005 por *En concreto*; Xavier Alcalá en 2006 por *Nas catacumbas*; Manuel Rivas en 2007 por *Os libros arden mal*; Miguel Anxo Murado en 2008 por *O soño da febre*; Luís González Tosar en 2009 por *Estúrdiga materia*; Suso de Toro en 2010 por *Sete palabras*; Ana Romaní en 2011 por *Estremas*; Agustín Fernández Paz en 2012 por *Fantasmas de luz*; Xabier Cordal en 2013 por *Transmuta*; Xosé María Lema en 2014 por *Costa do Solpor*; e Agustín Fernández Paz en 2015 por *A viaxe de Gagarin*. Na edición correspondente ao ano 2016 o xurado da modalidade de Creación Literaria, formado por Ana Acuña Trabazo, Dolores Vilavedra, Teresa Seara, Malores Villanueva, crítica; Marta Neira Rodríguez, David Otero Rodríguez e Afonso Vázquez Monxardín acordou declarar finalistas as obras *Cabalos e lobos* de Fran P. Lorenzo, *O deserto* de María do Cebreiro e *Os últimos días de Terranova* de Manuel Rivas. Tras as derradeiras deliberacións acordou outorgar por maioría o premio á obra de María do Cebreiro *O deserto*. O xurado da modalidade de Investigación, formado por Xosé Ramón Pena, Juan Ramón Vidal Romaní, Celia Vázquez, Marilar Jiménez Aleixandre, Antonio Rodríguez Colmenero, Ramón Lourenzo e Modesto Hermida García acordou declarar como finalistas as obras *Medo político e control social na retagarda franquista* de Lucio Martínez Pereda, *Historia da Literatura Infantil e Xuvenil Galega* do equipo coordinado por Blanca-Ana Roig Rechou e *Juan Rof Codina* de Diego Conde Gómez. Tras as derradeiras deliberacións acordou outorgar por maioría o premio a *Historia da literatura infantil e xuvenil galega*. Os demais galardóns foron, na modalidade de Música, para Uxía; o Premio de Iniciativas Culturais foi para o Observatorio da Mariña pola Igualdade; en Artes escénicas, Teatro do Atlántico; e en Artes plásticas e Visuais, para Gabriel Tizón.

Referencias varias:

- Alfredo Conde, "Os Premios da Crítica", *El Correo Gallego*, "Opinión", 26 xaneiro 2016, p. 4.

Reflexiona sobre o acto de entrega dos Premios da Crítica que tivo lugar en Vigo, acontecemento que se leva celebrando case corenta anos. Recolle as lembranzas das

primeiras edicións, con Álvaro Cunqueiro entre os asistentes. Salienta a vitalidade da que aínda goza o certame.

- Fran P. Lorenzo, "María do Cebreiro e Manuel Rivas, Premio da Crítica española 2015", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 24 abril 2015, p. 35.

Comenta que María do Cebreiro recibiu o Premio da Crítica pola obra *O deserto* e Manuel Rivas por *Os últimos días de Terranova*, fala dos finalistas e da composición do xurado.

- Fernando Franco, "Al mediodía, cultura gallega", *Faro de Vigo*, "Vigo", "Mira Vigo", 30 abril 2016, p. 8.

Dáse conta da mesa "A cultura galega a través dos Premios da Crítica" con Manuel Bragado, Inma López Silva, Xosé María Palmeiro, María Xosé Porteiro e Bieito Ledo.

- Lucía D. Bóveda, "María do Cebreiro. 'A poesía é unha danza entre o son e o sentido", *Diario de Pontevedra*, "*reviSta!*", n.º 825, "Entrevista", 8 maio 2016, pp. 4-5. Entrevista a María do Cebreiro co gallo da recepción do Premio da Crítica 2015 en lingua galega na modalidade poesía pola obra *O deserto* (2015). A autora expresa que o premio é unha alegría inesperada pero tamén uns responsabilidade. Fala da soidade, un sentimento que nunca lle deu medo, o xeito de pensar dos mozos, que nos obriga a evolucionar e destaca a edición case artesá que se elaborou da obra, coa que trata de reivindicar o tacto do papel, algo que lle encanta.

- M. García, "Manuel Rivas y María do Cebreiro reciben el Premio de la Crítica", *La Voz de Galicia,* "Cultura", 4 maio 2016, p. 38.

Indica que a obra *O deserto*, de María do Cebreiro recibiu o Premio da Crítica na modalidade de poesía. Sinala que se trata dun poemario, recolle o xurado e as outras obras finalistas.

- Maite Gimeno, "Do Cebreiro, Roig, Tizón, Pagán y Uxía, Premios da Crítica Galicia", *El Correo Gallego*, "Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio", 20 novembro 2016, p. 37.

Ofrécese unha crónica do acto de entrega destes premios en Vigo. Infórmase de que os galardóns de creación literaria e investigación foron para as autoras e profesoras María do Cebreiro –con *O deserto*–, e Blanca Roig –con *Historia da Literatura Infantil e Xuvenil Galega*, escrito polo equipo que ela dirixe–. Recóllense os nomes das creacións finalistas (*Cabalos e lobos,* de Fran Pérez Lorenzo, e *Os últimos días de Terranova*, de Manolo Rivas), así como outros detalles do acto.

- Ana G. Liste, "Uxía, María do Cebreiro, Alberte Pagán y Gabriel Tizón, Premios da Crítica Galicia", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 20 novembro 2016, p. 45.

Informa de que o Pazo Los Escudos de Vigo acolleu, baixo o lema "En Irmandade", en recordo do centenario das Irmandades da Fala, a entrega dos Premios da Crítica Galega. Sinala que o poemario *O deserto*, de María do Cebreiro, obtivo o Premio de Creación Literaria, mentres *Historia da Literatura Infantil e Xuvenil Galega*, coordinado por Blanca Roig, fixo o propio co Premio de Investigación. Indica tamén que o

Observatorio da Mariña pola Igualdade conseguiu o Premio de Iniciativas Culturais e Científicas polo seu traballo en favor da visibilización do esforzo das mulleres dende o campo literario ao científico.

- Jorge Lamas, "María do Cebreiro e Uxía obteñen os Premios da Crítica de Galicia", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 20 novembro 2016, p. 40.

Desvélanse os oito novos galardóns da trixésima edición destes premios. Infórmase de que María do Cebreiro, con *O deserto*; Blanca Roig, con *Historia da Literatura Infantil e Xuvenil Galega;* a cantante Uxía; ou o Observatorio pola Igualdade da Mariña foron algunhas das galardoadas. Recóllese algunha intervención, así como os nomes de parte dos representantes de diversos ámbitos da sociedade e da cultura que asistiron ao acto.

- R. C., "A cultura para levar as voces dos desherdados da terra", *Atlántico Diario*, "Vigo", 20 novembro 2016, p. 13.

Sucinta crónica sobre a gala dos Premios da Crítica, que reuniu ás autoridades políticas e culturais. Recóllese, como mensaxe e guieiro do acto, o desexo dunha voz propia capaz de interpretar o que acontece no mundo, saliéntanse as palabras de peche de Abel Caballero e cítase a algúns dos editores, escritores, artistas e intelectuais presentes.

- Rosé Carrera, "Os Premios da Crítica máis sociais", *Atlántico Diario*, "Vigo", 20 novembro 2016, p. 13.

Tomando o compromiso como unha das claves fundamentais, coméntase a entrega da última edición destes premios, que deron espazo á lembranza de Agustín Fernández Paz, á proclama dunha visión galega e universal e ao compromiso social coas persoas máis desfavorecidas. Recóllense as declaracións de Bieito Ledo, presidente da entidade, así como un parágrafo explicativo para cada persoa galardoada.

- Ana G. Liste, "Los coruñeses Teatro do Atlántico, Uxía, y Gabriel Tizón, Premios da Crítica Galicia", *La Opinión*, "Sociedad, cultura y ocio", 20 novembro 2016, p. 37.

Infórmase do acto de entrega destes galardóns, ofrecendo unha listaxe inicial cos oito distinguidos. Destácanse a continuación as cualidades de cada unha das premiadas: a autenticidade e intelixibilidade de María do Cebreiro, o esforzo recompilador e investigador do proxecto de Blanca Roig, o traballo visibilizador do Observatorio da Mariña pola Igualdade ou a aposta polo galego da compañía Teatro do Atlántico, entre outros.

- Manuel Bragado, "O reto da igualdade", *Faro de Vigo*, "Sociedad", "Campo de Granada", 29 novembro 2016, p. 36.

Dez días despois da súa entrega, fálase dos Premios da Crítica de Galicia, destacando como elemento salientábel desta edición a igualdade, tanto no que respecta á composición dos xurados nas súas oito modalidades, como nos recoñecementos a mulleres (María do Cebreiro, o equipo de investigadoras en LIX a cargo de Blanca Roig, Uxía, María Barcala do Teatro Atlántico ou as compoñentes do Observatorio da Mariña pola Igualdade), considerando que exemplifican todas elas o esforzo das

mulleres nos sectores da industria cultural e cretiva. Coméntase máis polo miúdo o traballo do Observatorio.

- Alfredo Conde, “A nosa gratitude”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Os outros días”, 6 decembro 2016, p. 4.

Tras gabar os viños ofrecidos no xantar, ofrécese unha crónica persoal da XXXIX edición destes premios, un exercicio de supervivencia segundo o autor. Revísase sucintamente a historia dos galardóns, os seus cambios de nome e o transcurso real da entrega.

Premios da **Cultura Galega**, anteriormente Premios Nacionais da Cultura Galega

Entregados por primeira vez, co nome de Premios Nacionais da Cultura Galega, en xuño de 2008 pola Consellaría de Cultura e Deporte no Pazo de Congresos, a dotación dos galardóns era de 15.000 € en cada categoría, de carácter indivisíbel. O xurado, único para todas as categorías, conta con representantes de todos os sectores da cultura galega e está composto de quince membros, diferentes en cada edición. O premio, na súa primeira edición, contou con dez categorías: Literatura, Arquitectura e espazos públicos, Artes visuais, Artes escénicas, Música, Cine e audiovisual, Pensamento e cultura científica, Iniciativas culturais, Cultura tradicional e de base e Patrimonio cultural. No ano 2010, segunda edición, reformuláronse, pasando a denominarse Premios da Cultura Galega. Reducíronse a sete as categorías (Letras, Artes plásticas, Artes escénicas, Patrimonio cultural, Promoción da cultura exterior, Música e Creación audiovisual) e cambiou a dotación económica por unha escultura conmemorativa e un diploma acreditativo. No ano 2013 creouse o Premio Cultura Galega de Lingua. Na edición correspondente ao ano 2016 o xurado presidiuno o Conselleiro de Cultura, Román Rodríguez González, acompañado de Manuel Quintana Martelo, Anxo Lorenzo, Marcelino Fernández Santiago, Margarita Ledo, Juan Viaño, Xosé Ballesteros, Susana Seivane, Fefa Noia, Manuel Vilariño e Cristina Fabeiro. Os premios foron para María Xosé Queizán, na categoría de Premio da Cultura Galega das Letras; para Miguel Fernández-Cid, no apartado das Artes plásticas; para Sarabela Teatro, na categoría de Artes escénicas; para o Museo de Pontevedra, na categoría de iniciativas en prol do Patrimonio cultural; para Elena Zernova, no apartado da Proxección exterior de Galicia; para Maximino Zumalave, na categoría de Música; para a Irmandade Xurídica Galega, no apartado de Lingua; e para cooperativa Numax, na categoría de Creación audiovisual.

Referencias varias:

- ECG, “O DOG publica a convocatoria dos novos Premios da Cultura Galega”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 4 xuño 2016, p. 40.

Anuncia que se abre o prazo para a presentación de candidaturas nas oito modalidades deste premio (letras, artes plásticas, artes escénicas, música, audiovisual, lingua, patrimonio cultural e proxección exterior). Recolle os nomes das persoas galardoadas en 2015 e do xurado.

- Juan David, “Queizán, Zumalave o Numax, entre os novos premiados pola Cultura Galega”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 20 setembro 2016, p. 34.

Dá conta dos galardoados nesta edición, seleccionados entre un total de corenta candidaturas por un xurado integrado por Anxo Lorenzo, Marcelino Fernández Santiago, Margarita Ledo, Manuel Quintana Martelo e diversos profesionais da cultura como Xosé Ballesteros, Susana Seivane, Fefa Noia e Manuel Vilariño. Dedícase un parágrafo a cada unha das premiadas, salientando, no caso de María Xosé Queizán, a súa ampla labor en distintos estilos e xéneros; e no caso de Elena Zernova, os esforzos destinados á tradución ao galego e o seu cargo de vicepresidenta da Asociación Internacional de Estudos Galegos.

- Montse García, “Fernández-Cid, Queizán, Sarabela Teatro e Zumalave, entre os premios da Cultura Galega”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 20 setembro 2016, p. 38.

Danse a coñecer os oito galardoados nas diferentes modalidades deste premio, tras a valoración de máis de corenta candidaturas por parte do xurado no Museo Centro Gaiás. Destácase a ampla traxectoria das persoas e institucións premiadas, entre as que figuran María Xosé Queizán (letras), a compañía teatral Sarabela (artes escénicas), a cooperativa e sala de cinema Numax (audiovisual) e Elena Zernova, directora do Centro de Estudos Galegos da Universidade de San Petersburgo.

XVI Premio **Fernando Arenas Quintela** de narrativa

A libraría coruñesa Arenas convoca este premio co fin de favorecer a creatividade da mocidade e promover un mellor ambiente cultural. Pode concorrer a esta décimo terceira edición calquera persoa cun traballo libre e inédito referido á cidade da Coruña, a Galicia ou a España, en lingua galega ou castelá, cunha extensión entre cento cincuenta e trescentas cincuenta páxinas. Debe presentarse por triplicado na propia libraría (Cantón Pequeno, 25) baixo lema e cun sobre cos datos persoais do autor. O premio consiste na publicación da obra gañadora e 1.500 €. Na edición correspondente ao ano 2016 a gañadora foi Begoña Peñamaría Marco por *Una vida esperando*.

Premio **Frei Martín Sarmiento**

Convocado dende o ano 2005 pola Federación Española de Relixiosos de Ensinanza-Centros Católicos en Galicia (FERE-CECA Galicia) recoñece, a partir do lectorado de Primaria e ESO, as mellores obras da Literatura Infantil e Xuvenil. Estabelece cinco categorías a partir da sétima edición: 1º e 2º de Educación Primaria; 3º, 4º de Primaria; 5º e 6º de Primaria; 1º e 2º de ESO; 3º e 4º de ESO; e 1º de Bacharelato. A dinámica de selección das obras que entran a concurso ten tres fases: unha primeira escolla por parte das editoras; unha segunda selección por parte dun grupo formado por profesorado e alumnado que determina os tres finalistas; e, por último, a votación do alumnado nunha escala de cero a dez. Na primeira edición (2005) había tres categorías: de 8 a 10 anos; de 11 a 13 anos ; e a partir de 14 anos e os gañadores foron: na primeira categoría Ánxela Loureiro, por *Ota quere voar*; na segunda categoría Xosé Miranda e Antonio Reigosa, por *Cantos de parvos e pillos*; e na terceira categoría Lourenzo González, por

Irmán do vento. Na segunda edición (2006) os gañadores foron: na primeira categoría Xosé Henrique Rivadulla Corcón, por *O elefante dunha soa orella*; na segunda categoría Ramón Caride, por *A negrura do mar*; e na terceira categoría Francisco Castro, por *Un bosque cheo de faias*. Na terceira edición (2007) había catro categorías: 1º e 2º de Primaria; 3º a 5º de Primaria; 6º de Primaria a 2º da ESO; e 3º da ESO a 1º de Bacharelato. Os gañadores foron: na primeira categoría Pinto e Chinto, por *O pequeno da familia fantasma*; na segunda categoría Eva Peydro, por *As vacacións de Saida*; na terceira categoría Breogán Riveiro Vázquez, por *Tonecho de Rebordechao*; e na cuarta categoría Agustín Fernández Paz, por *Corredores de sombra*. Na cuarta edición (2008), os gañadores foron: na primeira categoría Concha Blanco, por *Poemas para pintar*; na segunda categoría Gloria Sánchez, por *Dez piratas*; na terceira categoría An Alfaya, por *Zoa e Azor*; e na cuarta categoría Domingo Villar, por *Ollos de auga.* Na quinta edición (2009) os gañadores foron: na primeira categoría Xosé Henrique Rivadulla Corcón, por *O sorriso de Claudia*; na segunda categoría Fina Casalderrey, por *A lagoa das nenas mudas*; na terceira categoría Francisco Castro, por *O ceo dos afogados*; e na cuarta categoría Agustín Fernández Paz, por *O único que queda é o amor*. Na sexta edición (2010) incluíuse unha nova quinta categoría (adultos) e os gañadores foron: na primeira categoría Manolo Uhía, por *O autobús da selva*; na segunda categoría María Reimóndez, por *Lía e as zapatillas de deporte*; na terceira categoría Xosé Henrique Rivadulla Corcón, por *Os piratas da Illa de esperanza*; na cuarta categoría Marilar Aleixandre, por *Cabeza de medusa*; e na quinta categoría Miguel Anxo Murado, por *Fin de século en Palestina*. Na sétima edición (2011) hai unha nova mudanza nas categorías que quedarían en seis: 1º e 2º de Primaria, 3º e 4º de Primaria, 5º e 6º de Primaria, 1º e 2º da ESO, 3º e 4º da ESO máis Bacharelato, e adultos. Os gañadores foron: na primeira categoría Xoán Babarro, por *A tea de Araña que todo o apaña*; na segunda categoría Ramón Caride, por *Andanzas de Xan Farrapeiro*; na terceira categoría An Alfaya, por *A ánfora exipcia*; na cuarta categoría Francisco Castro, por *Chámademe Simbad*; na quinta categoría Carlos Vila Sexto, por *As sete mortes*; e na sexta categoría Domingo Villar, por *A praia dos afogados*. Na oitava edición (2012) os gañadores foron: na primeira categoría Abraham Carreiro, por *As espiñas do porco espiño*; na segunda categoría Antonio Yáñez Casal, por *Xoa*; na terceira categoría Teresa González Costa, por *A filla do ladrón de bicicletas*; na cuarta categoría Elena Gallego, por *Dragal*; na quinta categoría Manuel Núñez Singala, por *Menú de enganos*; e na sexta categoría Xulia Alonso, por *Futuro imperfecto*. Na novena edición (2013) gañaron na 1ª categoría *Vou ter un irmán*, de María Solar e Xosé Tomás (como ilustrador); na 2ª categoría *Ti non xogas*, de Xurxo Silvestre Gómez; na 3ª categoría *A chave da Atlántida*, de Anxo Fariña, e *Xoeliki*, de Abraham Carreiro; na 4ª categoría *Mortos de ningures*, de Ledicia Costas e Pere Tobaruela; e na 5ª categoría *O noso amor será eterno*, de Xosé Henrique Rivadulla Corcón. Na décima edición (2014) gañaron na 1ª categoría *A pomba dona Paz*, de Ramón Caride; na 2ª categoría *O monstro das profundidades*, de Manuel Uhía; na 3ª categoría *A verdadeira historia da mosca da tela*, de María Solar; na 4ª categoría *O elefante branco*, de Xesús Fraga; na 5ª categoría *O neno can*, de Fina Casalderrey e Francisco Castro; e na 6ª categoría *Os fillos do mar*, de Pedro Feijoo. Na edición de 2016, gañou na 1ª categoría Paula Carballeira, con *A Burra Ramona*; na 2ª categoría Xavier Frías, por *As aventuras de Enrico Müller*; na 3ª categoría Xavier Estévez, por *Todos os soños*; na 4ª categoría Santiago Jaureguízar, por *O veleno da risa*; na 5ª categoría Agustín Fernández Paz, por *A neve interminable*; e na 6ª categoría Francisco Castro, por *Tes ata as dez*.

Referencias varias:

- López, Ruth, "O veleno da risa' dálle a Jaureguizar un dos premios Martín Sarmiento", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 11 xuño 2016, p. 53.

Dá conta de que se concederon no Gaiás os premios Frei Martín Sarmiento de narrativa, convocados pola Consellería de Educación e a Federación Española de Escolas Católicas en Galicia. Informa de que para o alumnado de primeiro ciclo da ESO resultou vencedora a última aventura da serie do xornalista adolescente Tintimán, de Jaureguizar, fronte a unha obra de Andrea Maceiras. Nas restantes categorías escolares foron Paula Carballeira, Xavier Frías Conde, Xavier Estévez, Agustín Fernández Paz e Francisco Castro os galardoados.

Premios **Gala do Libro**

Están organizados pola Federación de Libreiros de Galicia e foron creados en 1992 para recoñecer anualmente o labor en favor da cultura literaria galega realizado por medios de comunicación, editoriais, autores, institucións, libreiros e centros educativos. Na edición do ano 2007 engadiuse un premio para o mellor libro en galego e na edición do ano 2009 creouse unha nova modalidade, Fomento da Lectura. As propostas de participación poden ser presentadas na Federación de Libreiros de Galicia (Rúa República del Salvador, n.º 28 entrechán B, 15701 Santiago de Compostela). O galardón, para cada unha das modalidades (centros de ensino, libro, autor, obra editorial, fomento da lectura, librarías e, dende 2013, obra infantil e xuvenil), consiste nunha figura de bronce deseñada por Ismael López Fernández e as categorías de Centros de Ensino e Fomento da Lectura, únicas con dotacións económicas, contan con 2.000 € para a adquisición de libros en calquera das librarías integradas na Agrupación de Libreiros á que pertenza a localidade do colexio gañador. O xurado está integrado por tres membros da Federación de Libreiros, un representante da Consellaría de Eduación, un bibliotecario, un profesor de Lingua e Literatura galegas e un escritor. En 2016 únese o premio irmandade do libro con gala das letras e noite da edición. O acto de entrega tivo lugar o 14 de maio no Teatro Principal de Santiago de Compostela. Na categoría de ensaio o premio foi para *Poesía Hexágono. Ollada e experiencia. Proposta e resposta nas aulas*, de VV. AA.; en tradución *Mocidade*, de Joseph Conrad, en tradución de Alejandro Tobar; en proxecto literario "Poétic@" de Fran Alonso; en Literatura Infantil e Xuvenil, *O meu pesadelo favorito*, de María Solar; en iniciativa bibliográfica *Lendo lendas, digo versos*, de Antonio G. Teijeiro con ilustracións de Xosé Cobas; en iniciativa cultural ou fomento da lectura a Espazo de lectura; en libro ilustrado, *Cadros dunha exposición. Modest Mussorgsky*, de Xosé Cobas con textos de José Antonio Abad Varela; en teatro, *Xogando con gatos*, de Antón Cortizas; en narrativa, *O último día en Terranova*, de Manuel Rivas; en poesía, *Oso, mamá, sí?*, de María Lado e en xornalismo cultural a Sermos Galiza. Ademais entregáronse os premios honoríficos da Federación de Librarías de Galicia a Libraría Pedreira; da Asociación de Editores Galegos a editorial Laiovento e o Escritor Galego Universal da Asociación de Escritores en Lingua Galega a Pere Gimferrer.

Referencias varias:

- MVI, “Pilar García Negro, Xavier Quiroga e Antonio Reigosa, finalistas na Gala do Libro”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, “Literatura”, 16 abril 2016, p. 50.

Anúncianse os nomes dos autores finalistas da Gala do Libro 2016.

- Alba Lago, “Os editores, escritores e libreiros impulsan a I Gala do Libro Galego”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 7 maio 2016, p. 37.

Informa da data e lugar de celebración do gran certame editorial: o 14 de maio no Teatro Principal de Santiago. Indica que nesta ocasión se fusionan os tres premios convocados por cada sector, que até agora celebraban cadansúa gala de maneira separada.

- Ángela Fontao, “El autor catalán más gallego”, *La Opinión*, “A Coruña”, 13 maio 2016, p. 12.

Anuncia o galardón que recaeu en Pere Gimferrer. Fai un percorrido pola súa traxectoria e recolle as súas palabras sobre o significado que ten o premio para este persoeiro, que salientan o seu interese por Galicia e a cultura e literatura de seu.

- Rodri García, “Pere Gimferrer. ‘De los autores gallegos que leí, el que más me impresionó fue Martín Códax”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 15 maio 2016, p. 43.

Recolle unha entrevista a Pere Gimferrer, co gallo do galardón que recibiu por parte da Asociación de Escritores en Lingua Galega, na que manifesta a súa valoración sobre o premio, afonda nas súas primeiras lecturas en galego, na lírica medieval, a figura de Rosalía e a utilidade da poesía no mundo actual.

- R. L., “Rivas, Reigosa e María Lado foron recoñecidos na Gala do Libro Galego”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Sociedad”, p. 68/ *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, “Literatura”, p. 67, 15 maio 2016.

Dáse conta do acto de entrega dos premios no Teatro Principal de Santiago, presidido polo escritor e xornalista Camilo Franco. Informa de todos os premiados e categorías. Indica que se trata de distincións que pretenden recoñecer a excelencia do traballo literario realizado nese ano.

- ELOS, “I Gala do Libro Galego”, *El Correo Gallego*, “*2domingo*”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Protagonistas eLIXidos”, 22 maio 2016, p. 6.

Informa da celebración deste certame, dá conta das entidades convocantes e dá unha relación dos premiados nas distintas categorías.

- Xosé Carlos Caneiro, “De gala”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Letras”, “Ficción”, 15 xullo 2016, p. 10.

Lóubase a pasada Gala do Libro Galego como iniciativa plural e unitiva en esforzos de escritores, editores e libreiros, para cuestionar seguidamente o que nela se premia: os valores literarios ou, preferentemente, segundo o autor sospeita, os sociolóxicos,

políticos etc. Á vista do acontecido na categoría de narrativa, reivindícase *Os elefantes de Sokúrov* de Antón Riveiro Coello como a mellor novela de 2015.

XXII Certame Literario **Manuel Oreste Rodríguez López**

Convocado polo Concello de Paradela para honrar a figura de Manuel Oreste Rodríguez López, poden presentarse ao certame obras orixinais, inéditas e non premiadas, en galego ou en castelán. Consta de dúas modalidades, unha de narrativa e outra de poesía, cunha extensión máxima de vinte folios na modalidade de narrativa e de cen versos en poesía. As obras deben enviarse mecanografadas (ou a ordenador) a dobre espazo, por sextuplicado, sen firma e con lema, ao Concello de Paradela (Rúa Cabaleiros de Santiago, n.º 15, 27611 ou a concello.paradela@eidolocal.es). Está dotado de 600 € para cada unha das modalidades. En pasadas edicións resultaron gañadores autores como Ramón Sandoval Pérez, Manrique Fernández Vázquez, Luis Lexandanel Pita, David Daniel Vázquez, Francisco Piñeiro González, Alba Cid, Emma Pedreira,Xosé Manuel Dopazo ou Beatriz Lorenzo. Na última edición os gañadores foron Victoria Pelayo Rapado e Jonatan Cabaleiro. Na XXII edición o prazo de entrega remataba o 1 de outubro e o resultado farase público no mes de maio de 2017.

Referencias varias:

- Ángel Fernández, "Memoria e honra de Manuel Oreste", *El Progreso*, "Sarria", 20 decembro 2016, p. 14.

Con motivo da entrega destes premios, ofrécese un sucinto retrato do poeta Manuel Oreste e dos seus méritos dirixido á mocidade do concello, poñendo en valor o seu singular amor á terra, cifrado no realismo co que refire as décadas de 1940 a 1970, ou na morriña polas tradicións e costumes ligadas ao traballo do campo.

- A. C. V., "El premio Manuel Oreste traspasa fronteras y crece en participación", *El Progreso*, "Sarria", 21 decembro 2016, p. 21.

Ofrece unha crónica da entrega da XXI edición destes premios, que convocaron 706 obras de varios países ao posibilitar a presentación telemática. Informa de que Victoria Pelayo Rapado, natural de Zamora e residente en Cáceres, foi a gañadora en narrativa; Jonatan Cabaleiro, vigués residente en Ponferrada, o de poesía, quedando Pepe Pol e María Teresa Iglesias Yugat como accésits.

Certame Literario **Mariano Virxe da Armada**

A Asociación Cultural "Santuario Virxe da Armada", dentro do seu obxectivo de traballar pola promoción, coidado e desenvolvemento do santuario da parroquia de San Salvador de Rabal (Concello de Celanova), convoca este certame. Poden presentarse traballos en prosa, cunha extensión mínima de cinco folios, ou en verso, cunha extensión mínima de corenta versos, en castelán ou galego, sobre un tema mariano en xeral ou sobre a virxe. Conta con tres galardóns de 600 €, 300 € e 150 € e para a presentación dos traballos deben enviarse ao reitor do Santuario da Armada de Rabal dentro dun sobre baixo lema e pseudónimo.

II Concurso Literario **Mazarelos**

A Comisión de Normalización Lingüística da Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela convoca este certame que acepta relatos e poesías. O obxectivo é fomentar a creatividade da mocidade universitaria e desenvolver a capacidade de expresión en lingua galega. Os galardóns consisten en 500 €, 250 € e 150 € ademais de cadanseu diploma. Os premiados desta segunda edición foron Philip Ducan Webb por "Satanás fóra! - Realidade e ficción no Códice Casabraván"; Alba María Rodríguez Díaz por "O mes máis cruel"; e Gisella Costas López, por "Inasíbel".

Premios **Nacionais de Literatura**

Creados en 1984 polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte para premiar as mellores obras publicadas ao longo do ano anterior, nas modalidades de Narrativa, Poesía, Ensaio, Literatura dramática e Literatura infantil e xuvenil, en calquera das linguas do Estado español e están dotados de 20.000 €. En edicións anteriores recibiron o Premio Nacional na modalidade de Narrativa: en 1986 Alfredo Conde por *Xa vai o griffón no vento*; en 1996 Manuel Rivas por *¿Qué me queres, amor?*; en 2003 Suso de Toro por *Trece badaladas*; na modalidade de Ensaio en 2008 Xusto Beramendi González por *De provincia a nación. Historia do galeguismo político*; na modalidade de Literatura dramática en 2007 Rubén Ruibal por *Limpeza de sangue*; e na modalidade de Literatura infantil e xuvenil: *Das cousas de Ramón Lamote*, de Paco Martín en 1986; *Cando petan na porta pola noite*, de Xabier P. Docampo en 1995; *O misterio dos fillos de Lúa*, de Fina Casalderrey en 1996; e *O único que queda é o amor*, de Agustín Fernández Paz en 2008; na modalidade de Poesía Manuel Álvarez Torneiro pola obra *Os ángulos da brasa* en 2013; e Gonzalo Hermo na modalidade de Poesía Joven Miguel Hernández pola obra *Celebración* en 2014.

XXV Certame Literario da Asociación Cultural A **Pipa de Becerreá**

A Asociación Xuvenil Cultural A Pipa de Becerreá, coa colaboración das delegacións provinciais de Cultura e Vicepresidencia, a Deputación Provincial e o Concello de Becerreá, convoca este certame, que conta coas modalidades de poesía, relato e dramaturxia breve (esta última dende o ano 2013), cun máximo de cincuenta versos na primeira e de cinco folios na segunda, conforme ás bases. Cada participante pode presentar un ou máis traballos escritos en lingua galega, que deben ser enviados á sede da entidade organizadora (Rúa Ancares, n.º 57, 27640 Becerreá, Lugo). O certame estabelece tres categorías en función da idade: infantil, dos oito aos catorce anos; xuvenil, de catorce a dezaoito; e de adultos, a partir dos dezaoito anos, aínda que para a modalidade de dramaturxia breve só poden participar maiores de idade. Para cada categoría estabelécense dous premios (dende a convocatoria de 2013, antes eran tres) e os accésits que o xurado considere oportunos. O premio consiste nunha estatua de Sargadelos, un lote de libros e un título acreditativo. O xurado está composto pola xunta directiva da entidade convocante. Na edición correspondente ao ano 2016 o xurado decidiu premiar a Nuria Devesa Núñez, por "A miña vida na imaxinación" (2º Premio infantil de Relato); Martín Rodríguez Díaz, por "Os tres bispos" (1º Premio infantil de

Relato); Amelia Pérez López, por “O inverno” (accésit infantil de poesía); Andrea López Amigo, por “Os Ancares” (2º Premio infantil de poesía); Higinio Rodríguez Cedrón, por “Meu irmán” (1º Premio infantil de poesía); Javier Gallardo Silva, por “O camiño cara ós Ancares” (accésit de relato xuvenil); Javier Méndez Trabado, por “A matanza” (2º Premio de relato xuvenil); Adrián Noia Vázquez, por “Aquel anaco de carta” (1º Premio de relato xuvenil); Xoel Rodríguez Poy, por “Camiños” (accésit de poesía xuvenil); Gabriela Rodríguez Díaz, por “Muralla de arames” (2º Premio de poesía xuvenil); Xavier Simón Montero, por “Espido de sentimentos” (1º Premio de poesía xuvenil); Jose F. Castillo Allen, por “Ara e ira” (accésit de dramaturxia breve); Marta Pérez, por “Catiúscas” (2º Premio de dramaturxia breve); e Iria Acevedo Pérez, por “Envasadas ao baleiro” (1º Premio de dramaturxia breve).

Referencias varias:

- P. Cheda, “A Pipa convoca o seu certame literario e recibe traballos ata o 15 de decembro”, *El Progreso*, “A Montaña”, 28 novembro 2016, p. 11.

Recóllense as bases do XXV Certame Literario A Pipa 2016 da Alta Montaña Luguesa, con indicación das súas diferentes modalidades (dramaturxia, relato curto, poesía), extensión, categorías e prazos.

_____, “Preto de cen traballos concorreron ao certame literario do colectivo A Pipa”, *El Progreso*, “Comarcas”, 29 decembro 2016, p. 13.

Dá conta da entrega de premios do certame de Becerreá, ao que se presentaron case cen traballos dende distintos puntos da xeografía galega. Sinala que o xurado de dramaturxia estivo formado por Inma López Silva, Roberto Pascual e Roi Vidal Ponte e os galardóns recibíronos Iria Acevedo Pérez e Marta Pérez. O xurado de poesía e relato estivo composto por Xesús Bermúdez Tellado, Sabela Martínez, Rafael Ramos Fernández e Marta Rodríguez López, resultando gañadores de relato: Martín Rodríguez Díaz (infantil), Adrián Noia Vázquez (xuvenil) e Gonzalo Loizaga Latorre (maiores); e de poesía: Higinio Rodríguez Cedrón (infantil), Xavier Simón Montero (xuvenil) e José M. García Miguélez (maiores).

XVI Premio de Tradución **Plácido Castro**

A Fundación Plácido Castro convoca este certame para reivindicar a figura, a obra e o pensamento de Plácido Ramón Castro del Río (1902-1967), especialmente no campo da tradución, do pensamento e xornalismo. Está destinado a promover entre todos os tradutores de Galicia versións en lingua galega das grandes obras da literatura universal e diríxese a todas as persoas que publicasen na Biblioteca Virtual algunha tradución ao galego de obras da literatura universal. Estaba dotado de 3.000 €, que na convocatoria da XII edición pasaron a 2.000, unha peza escultórica de Xaquín Chaves e un diploma, ademais da publicación da obra por Rinoceronte Editora. O xurado do premio componse de cinco membros pertencentes ou designados por cada unha das seguintes institucións: Asociación de Tradutores Galegos (ATG), Fundación Plácido Castro, Real Academia Galega, Departamento de Tradución e Interpretación da Universidade de Vigo e Xunta de Galicia. Na edición de 2016, o xurado composto por Xavier Senín, Ánxela Gracián,

Estela Villar Nogueira, Xosé Antón Palacio Sánchez, Liliana Valado e Xulio Ríos Paredes, decidiu outorgar o premio a Isabel Soto pola obra *Fosca*, de Iginio Ugo Tarchetti.

III Premio **Ramón Puga-Radio Ourense**

Certame promovido pola Cadena Ser no cal poden participar calquera persoa empadroada na provincia de Ourense ou que acredite ter nacido neste lugar. Os textos que se presenten poden ir en galego ou castelán. Existen varias categorías: teatro; poesía e prosa; e premios de educación vial a través do teatro. Tamén se fai entrega duns premios honoríficos.

XXI Premio **Ricardo Carvalho Calero** de Investigación Lingüística e Creación Literaria

Premio bienal en lingua galega organizado polo Concello de Ferrol coa colaboración da Asociación Cultural Medulio en memoria deste profesor licenciado en Dereito e Filosofía e Letras pola Universidade de Santiago. Admite liberdade en canto á escolla da normativa ortográfica empregada. Conta coas modalidades de investigación lingüística e creación literaria. Na modalidade de ensaio os traballos presentados deben ter unha extensión mínima de cen folios e máxima de douscentos cincuenta. Ao premio de creación literaria poden concorrer narracións curtas ou conxunto de contos cunha extensión mínima de cincuenta folios. Deben presentarse en documento informático acompañado de cinco copias impresas. Noutro sobre teñen que constatarse os datos persoais e un breve currículo da persoa autora da obra. Cada un dos premios consiste en 3.700 € e a publicación na editorial Laiovento. No ano 2016 o prazo para a entrega dos orixinais rematou o 30 de setembro. A obra gañadora foi *Fernando Osorio do Campo. Unha vida sen tregua*.

XI Concurso literario **Rita Suárez Amado**

Certame convocado polo Instituto Eusebio da Guarda (A Coruña) que conta coa colaboración da Concellaría de Educación e da Deputación da Coruña. Estabelécense dúas categorías (relato e poesía) e catro niveis de participación en cada unha delas: 1º e 2º da ESO; 3º e 4º da ESO; Bacharelato; e Adultos. Pode participar calquera persoa que presenten traballos en castelán ou galego, orixinais e inéditos.

IX Certame literario **Rosa de Cen Follas** do Colexio Oficial de Psicoloxía

Creado en 2008 polo Colexio Oficial de Psicoloxía, en homenaxe a Rosalía de Castro, conta con dúas modalidades, prosa e verso, cun galardón de 250 € para o mellor traballo de cada xénero en lingua galega, de temática libre, con dúas páxinas como extensión máxima. Deben enviarse catro exemplares á sede da institución (Rúa Espiñeira, n.º 10, baixo, Santiago de Compostela).

X Certame Literario **Terras de Chamoso**

Premio convocado pola Asociación Cultural Arumes do Corgo, coa colaboración da Área de Cultura da Deputación de Lugo, para premiar todos os autores que expresen no papel os seus sentimentos empregando como ferramenta a lingua galega co obxectivo de incentivar a imaxinación e a creación de textos en galego nos concellos que formaban o antigo "comitatus Flammusus", é dicir, O Corgo, Castroverde, parte de Láncara e Baralla e un anaco de Becerreá e Lugo. A única norma é que a obra se redacte en lingua galega e presenta dúas modalidades, poesía e narrativa, e tres categorías: infantil (dos 10 aos 14 anos), xuvenil (dos 14 aos 18 anos) e adultos (maiores de 18 anos). Na modalidade de poesía a extensión é de trinta a sesenta versos mentres que en relato curto é de tres a seis folios escritos a dobre espazo, excepto a categoría infantil que non ten límite de espazo inferior, pero si superior. Cada participante pode presentar varios traballos, non premiados noutros certames literarios, mecanografados, achegando nun sobre pechado a información persoal na Asociación Cultural Arumes do Corgo (Antigas Escolas do Corgo, s/n, 27163 O Corgo, Lugo). Concédense dous premios en cada modalidade que consisten nunha figuriña de cerámica do país, un lote de libros e o correspondente diploma. O xurado está composto por membros da Xunta Directiva da Asociación, profesores de lingua galega e por profesionais de recoñecido prestixio do mundo das letras. Na edición correspondente ao ano 2016 os gañadores foron Paula Domínguez Barreiro (infantil poesía), Helena Silva Fernández (infantil relato), Laura de Cáceres Iglesias (xuvenil poesía), Sonsoles Quiroga Gutierrez (xuvenil relato), Xan Rodiño García (adulto poesía) e Ricardo Cid Paz (adulto relato).

Premios de Relato, Poesía e Tradución da **Universidade de Vigo**

A Universidade de Vigo, a través da Área de Normalización Lingüística, convoca estes premios co patrocinio da Secretaría Xeral de Política Lingüística. Consta de tres modalidades: poesía, relato curto e tradución literaria. Poden participar todos os membros da Universidade de Vigo, agás para a modalidade de tradución literaria, do cal queda excluído o profesorado que imparte docencia na titulación de Tradución e Interpretación. Os orixinais, ineditos e non premiados noutro certame, deben estar escritos en lingua galega e axustarse á normativa que recolle os cambios aprobados pola Real Academia Galega en xullo 2003. Estabelécese un premio de 700 € e dous accésits de 250 € para cada unha das modalidades. Todos eles poden ser declarados desertos a xuízo do xurado. Na modalidade de poesía o tema é libre, cun mínimo de cen versos e máximo de cento cincuenta. Na modalidade de relato curto o mínimo é de oito folios e o máximo de doce. Na modalidade de tradución literaria, o texto fonte debe ser un texto literario en calquera idioma, cun mínimo de oito páxinas e un máximo de vinte, e é necesaria a entrega dunha copia deste, indicando claramente o seu autor, a lingua de publicación e a editorial. Os traballos deben dirixirse, por quintuplicado e mecanografados a dobre espazo, cun lema elixido polo autor e os seus datos persoais, á Área de Normalización Lingüística e poden entregarse en calquera dos rexistros da Universidade de Vigo. O xurado, presidido polo reitor ou persoa en quen delegue, está integrado por persoas de recoñecida traxectoria nos ámbitos de creación poética e narrativa, da crítica literaria e mais da tradución. Na edición correspondente ao ano 2016 outorgáronse os seguintes galardóns: en poesía para Arancha Nogueira, en relato curto para Xosé Sobral e en tradución literaria para Luisa Iglesias.

Referencias varias:

- C. R., “Tres, dous, un... toca porse a escribir!”, *Atlántico Diario* / *La Región*, “*Universitas*”, 17 marzo 2016, p. 4.

Anuncia a convocatoria dunha nova edición deste premio e explica brevemente as bases do mesmo.

- C. R., “Premios que dan alento a novos talentos da literatura galega”, *Atlántico Diario* / *La Región*, “*Universitas*”, 26 maio 2016, p. 4.

Informa do acto de entrega dos premios de poesía, relato curto e tradución literaria, que se celebrará ese mesmo día no campus de Ourense. Recolle, ademais, as palabras da gañadora na sección de poesía, que expresa a súa satisfacción e a súa ilusión por seguir escribindo, á vez que reivindica a importancia dos concursos literarios en lingua galega, que considera non só necesarios, senón imprescindibles.

III Certame Literario de Poesía e Relato curto **Vitrales**

Certame organizado polo Colexio Maior Universitario La Estila coa colaboración da Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Universidade de Santiago de Compostela. Inclúe dúas modalidades Poesía e Relato Curto e tres premios para cada unha das modalidades tanto en lingua galega coma en castelán.

Referencias varias:

- ECG, “La Facultade de Historia acoge el acto de entrega del premio literario Vitrales”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 31 maio 2016, p. 25.

Anúnciase o acto de entrega da terceira edición do premio Vitrales, organizado polo colexio maior La Estila, coa colaboración da Secretaría Xeral de Política Lingüística e a USC, ao que se presentaron medio centenar de traballos de relato e poesía de alumnado universitario. Infórmase de que ao acto asistirá o xurado: Bendict Buono, Luis Alonso Girgado, Rosa Gómez Pato, Mª Merced López Casas, Santiago Fernández Mosquera, Abel Veiga e Daniel Núñez Hernández.

XXIV Concurso Literario **Xaime Isla Couto**

Organizado pola Concellaría de Cultura do Concello de Poio coa colaboración das Sociedades Culturais Deportivas de Raxó e Samieira, o Ateneo Corredoira de Combarro, a Asociación Boureante da Seara e a Asociación Vides Novas de San Salvador. Anteriormente podía participar todo o alumnado dos distintos centros escolares do municipio de Poio en idades comprendidas entre seis e dezaoito anos; a partir do ano 2006, tamén calquera persoa de entre dezaoito e vinte e cinco anos; e no ano 2013 abriuse a participación a persoas de todas as idades. Cada participante pode presentar un único traballo individual e inédito, escrito en lingua galega para cada

modalidade. As modalidades do concurso son relato curto ou conto e poesía de temática libre, cunha extensión máxima de tres folios para o relato curto ou conto e un folio para poesía. Os traballos deben presentarse nas oficinas municipais, nos centros educativos de Poio e nos locais das asociacións colaboradoras nun sobre pechado xunto cos datos persoais do autor. Conta con seis categorías: categoría A (de 6 a 8 anos); categoría B (de 9 a 11), categoría C (de 12 a 13), categoría D (de 14 a 15), categoría E (16 a 18) e F (a partir de 18 anos). Os galardóns nas categorías A, B, C e D consisten nun agasallo, nun diploma e un vale de 70 € para a compra de material escolar; na categoría E nun diploma e un vale de 90 € para a compra de material escolar; e na categoría F nun diploma e 300 €, en cada modalidade. O xurado está composto por unha representación do Consello Municipal de Cultura. No ano 2016 o acto de entrega tivo lugar o 17 de maio no Centro Cultural Xaime Illa.

Premios **Xohán de Cangas**

Concedidos pola Concellaría de Cultura do Concello de Cangas co obxectivo de recoñecer o labor que desenvolven numerosas persoas a prol da cultura e lingua galegas. As persoas premiadas recibirán un recoñecemento oficial e unha escultura pero sen remuneración económica durante un acto celebrado polo Día das Letras Galegas. No ano 2016 resultaron vencedores: Alberto González Avilés, na categoría de Creación artística e literaria e Antonio Graña Graña, na categoría Ignacio Cerviño á recuperación e promoción do patrimonio.

Premios **Xuventude Crea**

Convoca este certame galego a Consellaría de Política Social, a través da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado da Xunta de Galicia e está dirixido a creadores novos, non profesionais, cunha idade comprendida entre os dezaseis e os trinta anos. Vén substituír o anteriormente coñecido como GZCrea. Inclúe as modalidades de Teatro, Artes plásticas, Fotografía, Música, Relato breve, Poesía, Videocreación, Banda deseñada, Graffiti, Deseño de xoias, Moda e Cociña. Nas modalidades de Relato, Poesía e Banda deseñada, os textos deben ser orixinais, inéditos e en galego, de temática libre, e deben ser presentados en formato papel, un único exemplar, e en CD. En poesía, as obras deben estar feitas a ordenador e ter unha extensión mínima de cincuenta versos e máxima de cen, a dobre espazo e por unha soa cara, en DIN-A4 e en tamaño 12, con follas numeradas e encadernadas. Na modalidade de relato breve, as obras deben estar feitas a ordenador e ter unha extensión mínima de cinco páxinas e máxima de dez, mecanografadas a dobre espazo e por unha soa cara, en DIN-A4 e en tamaño 12, coas follas numeradas e encadernadas. Na modalidade de banda deseñada, a técnica pode ser calquera, feita en branco e negro ou en cor. O formato debe ser en DIN-A4 ou DIN-A3 e a extensión mínima de dez páxinas. En caso de que a obra fose feita en formato dixital, á parte dunha versión impresa deberá xuntarse un CD ou DVD cos arquivos orixinais. Cada obra debe levar pseudónimo e título. Na modalidade de teatro, poden concorrer grupos teatrais, non profesionais, compostos por mozos ou mozas galegas ou residentes en Galicia, con idades comprendidas entre os 16 e os 30 anos de idade cumpridos no ano 2013. Admítese que até un 25 % dos compoñentes do grupo supere os 30 anos ou teña entre os 14 e 16 anos. Os grupos participantes deben presentar unha listaxe dos compoñentes do grupo,

indicando a idade e a función; unha síntese da obra (título, autor e adaptación dos diálogos, de ser o caso) e da posta en escena (número de personaxes, tipo de decorado, vestiario, espazo que se precisa...); e un DVD dunha representación da obra presentada a concurso ou dun ensaio xeral, feito con posterioridade ao 1 de xaneiro de 2012, cuxa gravación debe estar feita a velocidade normal para que a súa duración corresponda coa duración real da representación, e ten que estar en boas condicións, tanto de imaxe coma de son, para o seu correcto visionamento. As representacións deben ser en lingua galega e as obras poden ser de autores ou autoras galegos, españois ou estranxeiros. Poden presentarse obras orixinais e a duración da representación de cada obra non pode exceder dunha hora e trinta minutos. Para cada modalidade estabelécense tres premios: 3.000 € para o primeiro, 1.500 € para o segundo e 1.000 € para o terceiro, podendo outorgarse mencións de honra sen dotación económica. Na edición correspondente ao ano 2016 os gañadores foron María Alonso Espasandín, en relato curto, con "A descoñecida"; Alba Cid Fernández, en poesía, co traballo "Mata mua (érase unha vez) dous mapas"; en videocreación Andrés Horacio Bonader Robador, con "A modesta trabada de Magritte a Galicia" e Marina González Guerrero, con "O carrascal"; Daniel Mayobre López, en graffiti, con "Volver"; Emma Lichtenstein Fernández-Albor en deseño de xoias; Beatriz Moreira Cotos en moda; e Pedro Vázquez Pereira en cociña. Na categoría de banda deseñada, Mirian Iglesias Pérez, coa obra "O reloxo biolóxico da cidade", Inés Vázquez Ramallal con "Sangoma" e Daniel Corrada Rodríguez con "Flor de fuego".

X. 6. PREMIOS A UNHA VIDA

Premio **Arraiano Maior**

A Asociación Arraianos entrega dende o ano 2009 esta distinción, que premia o labor das persoas que traballaron a favor da cultura da raia galaico-portuguesa. Na edición correspondente ao ano 2016 o galardoado foi Xosé Benito Reza. O acto de entrega celebrouse no Centro de Interpretación de Aquis Querquernis (Bande) durante o mes de agosto e nel participaron Isaac Alonso Estraviz, galardoado no ano 2015, e Xosé Luis Méndez Ferrín, primeira persoa en recibir este recoñecemento.

X Premios **Barbantia da Cultura**

Os Premios Barbantia da Cultura creáronse no ano 2007 pola Asociación Cultural Barbantia co propósito de recoñecer de xeito público a traxectoria cultural de persoeiros tanto galegos como da comarca da Barbanza. Existen tres modalidades: un premio Barbantia da Cultura galega, outro á Traxectoria Cultural no Barbanza e un á Iniciativa Cultural. Mentres que os dous primeiros están destinados a particulares, o terceiro diríxese a institucións. O galardón consiste nunha escultura de bronce feita polo artista e membro de Barbantia, Manuel Teira, que reproduce un sereo, símbolo do colectivo cultural, e inspirado no gravado do artista Fran Blanco Alcaide. Nesta edición correspondente ao ano 2016, o premio Traxectoria Cultural no Barbanza foi para Maxi Olariaga; o premio Iniciativa Cultural no Barbanza recaeu no Museo do Mar de Noia; e o premio Barbantia da Cultura Galega foi para Quico Cadaval.

XIII Premio **Bos e Xenerosos**

Creado en 2004 pola Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG), quere homenaxear persoas ou institucións que traballasen a prol da lingua, literatura ou cultura galega. En anteriores edicións este recoñecemento foi para Avelino Pousa Antelo (2004);o Museo do Pobo Galego (2005); a Asociación Cultural e Pedagóxica Ponte... nas ondas! (2006); o Laboratorio de Formas de Galiza e Isaac Díaz Pardo (2007); a Asociación Socio-Pedagóxica Galega (2008); Mariví Villaverde (2009); os Concellos organizadores do Premio Blanco Amor (2010); Francisco Fernández del Riego (2011); Francisco Carballo (2012); os humoristas gráficos Siro, Gogue, Pepe Carreiro, O Carrabouxo e Xaquín Marín (2013); Roi Casal, Susana Seivane, Felipe Senén e Dolores Vilavedra (2014); e Ángel Carracedo, Guadi Galego, Margarita Ledo e Siro López (2015). Na edición correspondente ao ano 2016 os premiados foron a escritora Fina Casalderrey, o gaiteiro Carlos Núñez, a actriz Isabel Blanco e o ornitólogo José Luis Rabuñal.

XXXII Premio **Celanova. Casa dos Poetas**

Creouno en 1985 o Padroado Curros Enríquez e patrocínao o Concello de Celanova. O premio tenta recoñecer cada ano unha persoa ou entidade que, ao longo da súa existencia, se teña significado especialmente por desenvolver un intenso labor a prol da

cultura galega en todas as súas facetas, ou da propia Galicia. O galardón non ten dotación económica e consiste nunha medalla de prata, obra do escultor Acisclo Manzano, que reproduce por unha cara a casa de Curros Enríquez e pola outra cinco "C" concéntricas, que simbolizan a letra pola que comezan os elementos identificativos deste premio "Casa, Curros, Celanova, Castor e Celso". Cabe destacar que o nome de Castor se refire a Castor Elices, poeta romántico contemporáneo de Curros, que naceu tamén en Celanova, e o de Celso identifica a Celso Emilio Ferreiro. Así mesmo, o galardoado recibe tamén unha placa de prata na que se recolle un extracto da acta do acordo, co fin de dar fe da concesión do premio e asina no libro de honra do premio. O xurado está composto exclusivamente pola Xunta Directiva do Padroado Curros Enríquez, presidido polo alcalde, e da que forman parte xentes de diversos ámbitos culturais de Celanova, tendo como figura máis salientábel no seu seo ao escritor orixinario de Vilanova dos Infantes, Xosé Luís Méndez Ferrín. Todos os galardoados co premio convértense en Patróns de Honra, con dereito a asistir ás reunións da Fundación, con voz pero sen voto. Na edición correspondente ao ano 2016 o xurado decidiu por unanimidade conceder o galardón ao historiador e etnógrafo portugués Antonio Lourenço Fontes, máis coñecido na Raia Seca como Padre Fontes.

Referencias varias:

- Koro Martínez, "Queda aprazada ata xuño a elección do premio Celanova, Casa dos Poetas", *El Correo Gallego*, "Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio", 13 marzo 2016, p. 37.

Anuncia o aprazamento da elección do gañador do XXXII Premio Celanova, Casa dos Poetas, que se pospón até o próximo encontro do Padroado da Fundación Curros Enríquez, que será no mes de xuño.

- Laura Fernández, "El premio 'Casa dos Poetas' reconoce al luso Padre Fontes", *La Región*, "Celanova", 6 agosto 2016, p. 29.

Informa de que a Fundación Curros Enríquez acorda por unanimidade conceder o premio do presente ano ao historiador e etnógrafo portugués Antonio Lourenço Fontes, máis coñecido na Raia Seca como Padre Fontes, pola súa labor na divulgación e coñecemento da cultura transmontana, que inclúe todo o norte portugués e os espazos enmarcados no triángulo ferriniano entre Montalegre, Celanova e Arcos de Valvez. Revísase a súa traxectoria.

- Mario Álvarez, "O padre Fontes, premiado co Celanova Casa dos Poetas", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 5 setembro 2016, p. 26.

Dá conta do transcurso da entrega do galardón ao etnógrafo portugués António Lourenço Fontes nun acto na Horta da Palabra, precedido por unha ofrenda floral a Celso Emilio Ferreiro.

- Iván Olmos, "O portugués Lourenço Fontes recibe o galardón Celanova, Casa dos Poetas", *La Región*, "Provincia", "Celanova", 5 setembro 2016, p. 11.

Refírese o acto de entrega deste premio ao historiador e etnógrafo portugués António Lourenço Fontes, por parte da Fundación Curros Enríquez, que recoñece traxectorias históricas no campo da defensa da cultura galega. Dise que o xurado estivo composto polo Patronato da Fundación, da que forman parte diversas institucións, entidades e figuras, coma Xosé Luís Méndez Ferrín.

- X. L. Méndez Ferrín, "Arraianos", *Faro de Vigo*, "Opinión", "Os camiños da vida", 16 setembro 2016, p. 29.

Revisa a aparición primeira da forma *arraiano* co sentido de 'fronteirizo' nun artigo publicado en Grial por M. Rodrigues Lapa. Dá conta do nomeamento de Xosé Benito Reza como Arraiano Maior, así como da entrega do "Celanova, Casa dos Poetas" ao amigo e abade Lourenço Fontes.

IV Premio do público **Culturgal**

A Asociación Culturgal, constituída pola Asociación Galega de Editores, a Asociación Galega de Empresas de Artes Escénicas, a Asociación de Empresas Galegas dedicadas a Internet e ás Novas Tecnoloxías, a Asociación Galega de Produtoras Independentes e a Asociación Galega de Empresas Musicais, convocan este certame cada ano. O premio pretende recoñecer publicamente os proxectos vencellados á cultura galega que destaquen ou sexan relevantes. Valóranse aquelas propostas novidosas, con proxección de futuro, transversais e asociativas. O público é o encargado de realizar a votación e terá a última palabra na decisión pero será a directiva da Asociación Culturgal a encargada de seleccionar e propoñer as tres candidaturas que opten ao premio. En anteriores edicións os premiados foron o Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra (2013), Diario Cultural da Radio Galega (2014) e Festival Curtocircuíto (2015). Na edición correspondente ao ano 2016 os finalistas foron Numax, Festival Agrogay da Ulloa e GCiencia. O gañador foi o Festival Agrogay da Ulloa.

Chairego de Honra

Galardón concedido pola Irmandade Manuel María e a Asociación Cultural Xermolos, de Guitiriz, co obxectivo de recoñecer a traxectoria cultural e social de persoas relacionadas coa comarca da Terra Chá que non naceran nela. En anos anteriores premiouse a Xosé Neira Vilas e Anisia Miranda, Marica Campo, Avelino Pousa Antelo, Bernardino Graña, Paco Martín, Fiz Vergara Vilariño, Antía Cal e Uxío García Amor., entre outros. Na edición correspondente ao ano 2016 o premiado foi Xosé Val Díaz "Valdi" (Montecubeiro, Castroverde, 1947). O acto de entrega realizouse na Casa da Cultura de Vilalba o 17 de decembro.

Referencias varias:

- C. P. R., "Xermolos homenajea a Valdi el día 17 nombrándolo Cheirego de Honra", *El Progreso*, "A Chaira", 10 decembro 2016, p. 21.

Informa de que a asociación cultural Xermolos de Guitiriz e a Irmandade Manuel María conmemoran o XXV aniversario da distinción Chairego de Honra galardoando ao escultor de Montecubeiro Xosé Val Díaz, máis coñecido como Valdi. Di que o acto contará coa intervención de David Otero e Yago Rodríguez Yáñez, encargado do relatorio "Fiz Vergara, primeiro Chairego de Honra".

- C. P. R., "De Fiz Vergara a Valdi, 25 anos de Chairego de Honra", *El Progreso*, "A Chaira", 18 decembro 2016, p. 21.

Informa da conmemoración do XXV aniversario da creación desta distinción, que foi aproveitado neste ano para homenaxear a Valdi, quen interveu cun discurso escrito por Mero. Ofrécense os nomes doutros quince homenaxeados, entre os que figuran Felipe Arias, Isaac Díaz Pardo, Bernardino Graña, Avelino Pousa Antelo, Antía Cal, Xosé Neira Vilas, Anisia Miranda, Paco Martín ou Marica Campo.

III **Día das Galegas nas Letras**

A plataforma de crítica literaria A Sega impulsa este premio que busca celebrar a figura dunha muller que contribuíse de forma sobranceira á cultura, e á literatura en particular. Celebrou a súa primeira edición no ano 2014, o día 15 de agosto por ser o día da Nosa Señora (das Letras Galegas). Nas edicións pasadas as homenaxeadas foron Dorothé Schubarth (2014) e María Victoria Moreno (2015). No ano 2016 o galardón recaeu en María Xosé Queizán (Vigo, 1939).

Referencias varias:

- Ana Baena, "María Xosé Queizán. 'Fixen o que me deu en gana e paguei o tributo", *Atlántico Diario*, "Vigo", 10 agosto 2016, p. 11.

Informa da próxima homenaxe a María Xosé Queizán, pola súa vida e obra, por parte da plataforma A Sega, no seu III Día das Galegas nas Letras. Di que, vencellada á loita feminista, a untora prepara na altura unha escolma de poemas e mantén aberto un proxecto ambicioso sobre Rosa de Luxemburgo e Lenin.

- Fernando Franco, "A la espera por Queizán", *Faro de Vigo*, "Vigo", "Mira Vigo", 10 agosto 2016, p. 9.

Anuncia a homenaxe que se lle vai render a María Xosé Queizán por ser a figura escollida na terceira edición deste premio.

LVIII Premio **Fernández Latorre**

O 22 de maio de 1959 o Consello de Administración de *La Voz de Galicia* acordou instituír un premio de xornalismo para honrar a memoria do seu fundador, Juan Fernández Latorre. Dende ese ano, o galardón concédese con carácter anual o 25 de xullo, Día de Galicia, co obxectivo de premiar artigos referidos a Galicia publicados en calquera medio de comunicación, tanto nacional como estranxeiro. A dotación do

premio pasou das 8.000 pesetas iniciais aos 10.000 € concedidos na edición de 2003. No ano 2015, o xurado composto por Santiago Rey Fernández-Latorre, Roberto Blanco Valdés, Lois Blanco Penas, José María Castellano Ríos, Salomé Fernández-San Julián Martínez, José Luis Vázquez Mariño, Luciano Vidán Martínez, José Francisco Sánchez Sánchez, José María Arias Mosquera, José Arnau Sierra, Sergio Cancelo Mallo, Manuel Jove Capellán, José Luis Meilán Gil, Manuel Sánchez Salorio, Roberto Tojeiro Rodríguez, Xosé Luís Vilela Conde e Manuel Areán Lalín, acordou conceder o galardón a Miguel-Anxo Murado.

Referencias varias:

- Juan Carlos Martínez, "Un encuentro de la Galicia con futuro", *La Voz de Galicia*, "*58.º Premio Fernández Latorre*", 17 novembro 2016, p. 3.

Breve crónica de sociedade sobre a homenaxe a Miguel-Anxo Murado, cunha importante carga fotográfica. Resúmese a mensaxe do autor galardoado dende *Otra idea de Galicia*, subliñando a importancia da apreciación dos matices, camiñando alén dos tópicos.

- Miguel-Anxo Murado, "Una herramienta para mejorar la sociedad", *La Voz de Galicia*, "*58.º Premio Fernández Latorre*", 17 novembro 2016, p. 4.

Recolle a intervención do escritor e xornalista homenaxeado, que evolúe dos agradecementos á revisión dalgúns momentos cruciais da súa carreira como xornalista (os inicios, procedente da ficción; a escrita da primeira crónica etc.). Finaliza cunha anécdota en loubanza do xornalismo, entendido dende a idiosincrasia galega.

- Santiago Rey Fernández-Latorre, "Un compromiso irrenunciable, veraz y crítico", *La Voz de Galicia*, "*58.º Premio Fernández Latorre*", 17 novembro 2016, p. 5.

Recolle a intervención do presidente e editor de *La Voz de Galicia*, que insiste sobre varios vectores: o xornalismo como a forma de comunicación máis elevada dende a que participar na vida pública, o compromiso irrenunciábel coa verdade, a caracterización de Miguel-Anxo Murado e a situación sociopolítica española e galega.

- Ana Pastor, "Construir desde el respeto y la tolerancia", *La Voz de Galicia*, "*58.º Premio Fernández Latorre*", 17 novembro 2016, p. 6.

Recóllese a intervención da Presidenta do Congreso dos Deputados nesta edición. Dise que se detivo na "extensa, multidisciplinar y valiosa carrera profesional de Miguel-Anxo Murado", subliñando a importancia dos medios de comunicación ante os desafíos dun mundo globalizado.

- Sandra Faginas, "Una reunión afectuosa al calor de una decoración que imitaba una rotativa", *La Voz de Galicia*, "*58.º Premio Fernández Latorre*", 17 novembro 2016, p. 7.

Breve comentario sobre a celebración da LVIII edición deste premio no Museo Santiago Rey Fernández-Latorre, convertido durante unhas horas nunha rotativa para homenaxear

a Miguel-Anxo Murado, cuxos artigos colgaban do teito simulando o proceso de creación dun diario. Dáse conta dos asistentes.

- César Casal, "No se pueden perder más trenes", *La Voz de Galicia*, "*58.º Premio Fernández Latorre*", 17 novembro 2016, p. 7.

Concisa valoración dos discursos pronunciados durante a entrega do premio Fernández Latorre, facendo especial fincapé nas mensaxes lanzadas polo presidente e editor do xornal.

Premio **Ibán Toxeiro** pola súa contribución ao teatro

Galardón outorgado pola Asociación Cultural Alexandre Bóveda da Coruña que pretende recoñecer a achega e traballo ao teatro galego dunha persoa ou institución. A entrega dos premios sucede durante a celebración do Memorial de teatro Ibán Toxeiro. Na edición correspondente ao ano 2015, o galardón foi para Cántigas da Terra.

XIII Premio **Laxeiro**

Convocado dende o ano 2004 pola Fundación Laxeiro co propósito de recoñecer o labor en prol da cultura galega de diferentes persoeiros ou institucións. En anteriores edicións galardoou a Francisco Fernández del Riego (2004), Julio Fernández Gayoso (2005), Xaime Isla Couto (2006), Isaac Díaz Pardo (2007), o poeta Carlos Oroza (2008), o pintor Antón Lamazares (2009), Xosé Neira Vilas (2010), María do Carme Kruckenberg (2011), Luis Caruncho (2012), Jorge Castillo (2013), Luz Pozo Garza (2014) e Silverio Rivas (2015). Na edición correspondente ao ano 2016 o Padroado da Fundación concedeulle o galardón a Amancio Prada (Dehesas, Ponferrada, 1949).

XXII Homenaxe **Letra E**. Escritor na súa terra

Creado en 1995 pola Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega, pretende recoñecer a traxectoria dun escritor galego vivo na súa localidade de orixe. Organízase baixo o lema "O escritor na súa terra". Non ten dotación económica e consiste na plantación dunha árbore en homenaxe ao escritor, na inauguración dunha pedra que leva gravado un texto do autor e un xantar de confraternización. Dende a entidade convocante realízanse as xestións institucionais oportunas para que se lle dedique unha rúa ao galardoado. Ao mesmo tempo, entrégaselle unha escultura feita por Acisclo Manzano coa letra "E", de escritor. É o primeiro premio que os escritores galegos conceden a outro escritor. Nas anteriores edicións os premiados foron Antón Avilés de Taramancos (1995), Bernardino Graña (1996), Manuel María (1997), María Xosé Queizán (1998), Xosé Neira Vilas (1999), Uxío Novoneyra (2000), Luz Pozo Garza (2001), Xosé Chao rego (2002), Xosé Fernández Ferreiro (2003), Salvador García-Bodaño (2004), Pura e Dora Vázquez (2005), María do Carme Kruckenberg (2006), Manuel Lourenzo (2007), Xosé Vázquez Pintor (2008), Agustín Fernández Paz (2009), Marilar Aleixandre (2010), Paco Martín (2011), Xavier Rodríguez Baixeras (2012), Marica Campo (2013), Xabier P. Docampo (2014) e Xosé María Álvarez Cáccamo (2015). Na edición correspondente ao ano 2016 foi premiada Helena Villar Janeiro.

Referencias varias:

- Koro Martínez, “Helena Villar, recoñecida pola AELG coa letra E de ‘Escritora na súa terra”, *El Correo Gallego*, “Tendencias, ciencia, cultura, ocio”, 14 febreiro 2016, p. 37.

Recolle a nova do recoñecemento acadado por Helena Villar, a quen a Asociación de Escritores en Lingua Galega lle outorga a letra E e acorda renderlle unha homenaxe nun acto que terá lugar no mes de xuño no Concello de Rianxo.

- S. S., “Helena Villar Janeiro vai recibir mañá a homenaxe da AELG na vila rianxeira”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 24 xuño 2016, p. 35.

Anúnciase que Helena Villar Janeiro será a protagonista da vixésimo segunda edición da homenaxe á Escritora na súa Terra, impulsada pola AELG. Indícase que o acto terá lugar en Rianxo, coa entrega da Letra E esculpida por Caxigueiro, a plantación dun loureiro e a colocación dun monolito decorativo.

- Chechu López, “Helena Villar Janeiro recolle en Rianxo o ‘título de escritora”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 26 xuño 2016, p. 51.

Resúmese o transcorrer da festa de homenaxe á poeta natural de Becerreá, na vixésimo segunda edición de “Escritora na súa terra”. Saliéntanse as actividades fundamentais da xornada.

_____, “Escritora obligada a retirarse tarde”, *Diario de Arousa*, “O Barbanza”, 26 xuño 2016, p. 17.

Recóllese o transcorrer da homenaxe á Escritora na súa Terra, realizada o día precedente en Rianxo para a escritora Helena Villar, tras 44 anos de labor literaria. Recóllense palabras do presidente da AELG e da homenaxeada, así como a transcrición dos versos gravados no monolito conmemorativo que foi descuberto e outros detalles da celebración, como a interpretación dunha composición ou a “laudatio” a cargo de Marica Campo.

- Suso Souto, “Calurosa homenaxe da AELG a Helena Villar Janeiro na súa terra rianxeira”, *El Correo Gallego*, “Tendencias, ciencia, cultura, ocio”, 26 xuño 2016, p. 37.

Ofrécese unha crónica da xornada de homenaxe á escritora, Socia de Honra da AELG tras descubrir en Rianxo un monolito gravado por Che Golias cos seus versos, plantar un loureiro e escoitar a “laudatio” preparada por Marica Campo, na que se recordou a prolífica produción da autora. Sinálase que entre as persoas asistentes estaban Xesús Alonso Montero, Goreti Sanmartín e numerosos escritores: Eduardo Estévez, Víctor Freixanes, David Otero, Carlos Negro...

- MVI, “Helena Villar Janeiro recolle en Rianxo o 'título de escritora”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 26 xuño 2016, p. 59.

Coméntase a homenaxe celebrada onte na súa vila de adopción, Rianxo, a Helena Villar Janeiro, protagonista da vixésimo segunda edición da "Escritora na súa Terra" organizada pola AELG. Repásase sucintamente a programación e as intervencións de Marica Campo e Cesáreo Sánchez, que destacaron non só a súa inxente obra, senón o seu activismo cultural por medio das redes sociais ou ao cargo da fundación Rosalía de Castro.

- Luís Celeiro, "Helena", *El Progreso*, "Opinión", p. 25/ *Diario de Pontevedra*, "Opinión&Análisis", p. 35, 28 xuño 2016/ *El Correo Gallego*, "Opinión", p. 4/ *La Región*, "Opinión", p. 25, "Tía Manuela".

Refírese a homenaxe tributada á escritora Helena Villar Janeiro por parte a AELG, aplaudindo a súa traxectoria e entusiasmo. Valórase a iniciativa da AELG como unha acción de enorme importancia no marco do denominado turismo cultural e dende o ánimo de pregoar a cultura propia.

Medallas de Ouro de Galicia e **Medallas Castelao**

A Xunta de Galicia concede as Medallas de Galicia para homenaxear a personalidades e institucións que se distinguen polo seu mérito ao servizo da comunidade galega en calquera aspecto social, cultural e económico. Consisten nunha medalla de ouro, quince de prata e trece de bronce. Dende o ano 2006, a entrega de medallas ten un único protagonista. Así mesmo, concede as Medallas Castelao, galardón creado en 1984 para conmemorar o retorno a Galicia dos restos de Castelao o 28 de xuño daquel ano, para distinguir a aqueles galegos que sexan autores dunha obra merecedora do recoñecemento do seu pobo no campo artístico, literario, doutrinal ou de calquera faceta da actividade humana. Na edición correspondente ao ano 2016 concedéronse as Medallas de Ouro de Galicia a Alfredo Conde, Xerardo Estévez, Xosé Antonio Vilaboa, Teresa Miras Portugal e ao coro coruñés Cántigas da Terra.

Referencias varias:

- Luís Celeiro, "Medallas Castelao", *Diario de Pontevedra*, "Opinión&Análisis", 21 xuño 2016, p. 29/ *El Progreso*, "Opinión", 21 xuño 2016, p. 29/ *El Correo Gallego*, "Opinión", 22 xuño 2016, p. 4/ *La Región*, "Opinión", 22 xuño 2016, p. 25, "Tía Manuela".

Danse a coñecer as Medallas do presente ano a persoas relevantes nos eidos da cultura, a arquitectura, a enxeñaría, as ciencias e a música: Alfredo Conde, Xerardo Estévez, Xosé Antonio Vilaboa, Teresa Miras Portugal e o coro coruñés Cántigas da Terra. Ofrécense algúns detalles sobre o coro e outros galardóns recentes.

- C. V., "El coro coruñés Cántigas da Terra, que cumple un siglo, medalla Castelao", *La Opinión*, "Galicia", 19 xuño 2016, p. 25.

Anúncianse os nomes dos persoeiros distinguidos pola Xunta, ofrecendo unha sucinta traxectoria de cada un deles.

- N. Silvosa, “Las medallas Castelao premian el centenario de Cántigas da Terra”, *La Voz de Galicia*, “Galicia”, 19 xuño 2016, p. 18.

Informa dos galardoados en letras, música, arquitectura, ciencia e folclore, anunciando que recibirán o recoñecemento o día 28, condedido polo Consello da Xunta. Detense na expansión internacional de Cántigas e comenta diferentes aspectos de cada un dos premiados, realizando un resumo da traxectoria e premios de Alfredo Conde, escritor, político e primeiro presidente do PEN Clube galego.

- C. Villar, “Feijóo apuesta por la UE frente a los ‘dogmáticos’ en las Medallas Castelao”, *La Opinión*/ *Faro de Vigo*, “Galicia”, 29 xuño 2016, p. 22.

Recóllense algunhas das declaracións escoitadas na cerimonia de entrega das medallas, colocando por diante a mensaxe europeísta lanzada polo presidente da Xunta e engadindo a continuación diversas consideracións dos homenaxeados. Dise que Alfredo Conde efectuou unha lembranza familiar, para quen lle ensinou a “amar e escribir” na súa lingua.

- Mario Beramendi, “Las medallas Castelao se convierten en una reivindicación de Europa”, *La Voz de Galicia*, “Galicia”, 29 xuño 2016, p. 14.

Resúmese o contido do discurso pronunciado polo presidente Alberto Núñez Feijóo na cerimonia de entrega das medallas Castelao en San Domingos de Bonaval. Ofrécese a listaxe de premiados, cunha sucinta indicación das súas especialidades.

- I. Blanco, “As Medallas de Galicia 2016 ensalzan a arte e as letras”, *El Correo Gallego*, “Galicia”, 15 xullo 2016, p. 12.

Dáse a coñecer o abano de galardoados da Medalla de Ouro de Galicia do 2016, comentando que entre eles non figura ningunha muller: Manuel Gallego, doutor en arquitectura; Francisco Leiro, escultor; Basilio Losada, catedrático de Filoloxía; e Los Suaves, grupo de rock ourensán.

- M. Ch., “Las Medallas de Galicia recaen solo en la cultura por primera vez en nueve años”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 15 xullo 2016, p. 37.

Salienta o enfoque da Xunta, dedicando este ano exclusivamente ao mundo da cultura as Medallas de Ouro de Galicia, que serán entregadas no complexo do monte Gaiás o 24 de xullo. Sinálase que, até o momento, recibiron o galardón sesenta e seis persoeiros e ofrécese unha breve caracterización de cada un deles.

- Rosa Prado, “Galicia reconoce los méritos de Gallego, Leiro, Losada y Los Suaves”, *El Correo Gallego*, “Galicia. Política. Economía. Sucesos”, 24 xullo 2016, p. 8.

Anuncia a inminente entrega no Gaiás das Medallas de Ouro da comunidade, máxima distinción outorgada polo goberno galego. Valórase a condición de “exemplaridade” dos catro persoeiros distinguidos e ofrécese un breve perfil biográfico deles.

XI **Navalla de Manuel María**

Premio que outorgan a Irmandade Manuel María da Terra Chá e a Asociación Cultural Xermolos de Guitiriz dentro dos actos do Día Nacional Manuel María que realizan anualmente para conmemorar o pasamento deste escritor. A entrega da Navalla ten lugar cada 8 de setembro dende o ano 2005 na Carballeira de Santa Isabel, en Outeiro de Rei, espazo de devoción do poeta da Terra Chá. Na edición correspondente ao ano 2016 o premio foi para Raúl Río.

Premio **Otero Pedrayo**

Convócano cada ano, dende o 1976, as deputacións provinciais para perpetuar e honrar a memoria do egrexio home de letras, premiar un labor que constitúa unha achega eminente á cultura galega, fomentar os valores propios de Galicia e as obras que leven ao esclarecemento e á mellora dos seus homes e institucións. Poden optar ao premio persoas, grupos, entidades ou institucións presentadas por elas mesmas, por entidades académicas ou culturais, por institucións, polos presidentes das deputacións a proposta das respectivas comisións de cultura, pola Xunta de Galicia, oída a consellaría correspondente, e polo propio xurado. A presentación da candidatura ten que enviarse ao presidente da deputación convocante, no prazo de tres meses a partir da convocatoria, e deben achegarse os seguintes documentos: descrición biográfica breve da persoa que aspira ao premio e documentos e antecedentes, que se consideren de interese para o coñecemento da dimensión literaria ou científica da persoa que se propón. Deben entregarse cinco exemplares, mecanografados a dobre espazo, do traballo co que se opta ao premio, no caso de que a proposta estea baseada nunha obra ou produción singular concreta. No caso de personalidades e institucións, un exemplar do regulamento ou estatutos polos que se rexen e unha relación de tarefas levadas a cabo en relación co obxecto do premio. Está dotado de 30.050,61 € e conta cun xurado constituído polo presidentes da Xunta de Galicia e os das catro deputacións provinciais e polos representantes das universidades de Vigo, da Coruña e de Santiago de Compostela, xunto con algún membro da Real Academia Galega e do Instituto Padre Sarmiento de Estudios Galegos. Nas edicións anteriores resultaron galardoados os seguintes grupos, entidades, institucións e personalidades: Carlos Casares Mouriño (1977); a sección de arqueoloxía do Instituto Padre Sarmiento (1979); Eligio Rivas Quintas (1980); a Fundación Otero Pedrayo (1981); Xaquín Lorenzo Fernández e José Fariña Jamardo (1982); o grupo Marcelo Macías (1983), Antonio Fidalgo Santamariña (1984); José López Calo (1985); Xosé Filgueira Valverde (1986); Emilio Duro Peña e Darío Xohán Cabana (1988); o Instituto da Lingua Galega (1989); Isaac Díaz Pardo (1990); Xosé Trapero Pardo (1991); Antonio Fraguas (1992); o Museo de Pontevedra (1993); a Asociación de Amigos del Museo Arqueológico Castelo de San Antón (1994); Francisco Fernández del Riego (1995); Julio Francisco Ogando Vázquez (1996); a Comunidad del Monasterio de Oseira (1997); o Museo do Pobo Galego (1998); Manuel María Fernández Teixeiro e Uxío Novoneyra (1999); Miguel Anxo Araújo Iglesias (2000); Fundación Pedro Barrié de la Maza (2001); o Centro Gallego de Buenos Aires (2002); o Centro Galego de Montevideo (2003); a Irmandade Galega de Venezuela (2004); A Real Sociedade Benéfico Española-Hospital Espanhol de Brasil (2005); a Real Academia Galega e o Laboratorio de Formas (2006); Darío Xohán Cabana (2007); Marcos Valcárcel López (2008); Manuel Fraga Iribarne (2009); a escola e compañía de teatro Casahamlet, dirixida por Manuel Lourenzo e Santiago Fernández (2010); Basilio

Losada Castro (2012); Xosé Luís Méndez Ferrín (2013) e Xosé Neira Vilas (2014). Na edición correspondente ao ano 2016 foi galardoado o poeta Arcadio López Casanova.

Referencias varias:

- Jaureguizar, "O Otero Pedrayo recoñece a Arcadio López Casanova pola súa 'traxectoria", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 13 maio 2016, p. 64.

Informa sobre o premio e o galardoado da presente edición, Arcadio López Casanova, quen ten como referente ao intelectual ourensán. Indica que o galardón coincide no ano en que cumpre cincuenta do comezo da súa carreira literaria, na que O Páramo, a terra na que pasou a infancia, está sempre presente.

- R. R., "El poeta Arcadio López Casanova obtiene el prestigioso Otero Pedrayo", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 13 maio 2016, p. 43.

Faise eco do galardoado desta edición e lembra a finalidade do premio: recoñecer a persoas ou institucións que realizan unha destacada contribución á cultura galega.

Pedrón de Ouro e **Pedrón de Honra**

Certame que convoca anualmente a Fundación do Padroado Pedrón de Ouro na Casa Museo de Rosalía Castro dende 1964, nun acto que se celebra o domingo seguinte ao Día das Letras Galegas. Concédense dous premios: o "Pedrón de Ouro", que trata de destacar aquela personalidade ou entidade viva residente en Galicia que sobresae na defensa da cultura galega, e o "Pedrón de Honra", que distingue aquelas persoas vivas ou entidades, galegas ou non galegas, que engrandecen a nación e cultura galegas. O premio consiste nunha medalla e nun pergameo. En edicións anteriores, recibiron o Pedrón de Ouro Isidro Parga Pondal, Xohana Torres, Xosé Filgueira Valverde, Isaac Díaz Pardo, Ánxel Fole, Álvaro Cunqueiro, Francisco Fernández del Riego, Antón Fraguas, Xosé Manuel Beiras, Francisco Xavier Río Barja, Xusto G. Beramendi, Camilo Nogueira, Lidia Senra, Nova Escola Galega e Miguel Anxo Murado . No ano 2016, o "Pedrón de Ouro" recaeu no coro Cántigas da Terra, e o "Pedrón de Honra" en Carmen Mejía. O acto de entrega tivo lugar na Casa Museo de Rosalía en Padrón o 22 de maio.

Referencias varias:

- Javier Ramos, "El Pedrón de Ouro reconoce la labor de Cántigas da Terra", *La Región*, "Tendencias", 23 maio 2016, p. 58.

Informa sobre a gala de entrega do galardón, celebrada o 22 de maio na Casa da Matanza de Padrón, antigo fogar de Rosalía de Castro. Sintetiza o contido do discurso de agradecemento dos galardoados e do presidente do Padroado do Pedrón. Apunta que o acto concluíu cunha ofrenda floral a Rosalía de Castro e a intrepretación a coro do himno de Galicia.

Premio **Pen Clube Voz de Liberdade**

O Pen Clube concede este premio, de convocatoria bianual, a unha personalidade da literatura galega que destaque na defensa dos dereitos de expresión e opinión recollidos na Carta Fundacional do International P.E.N. O galardón, sen dotación económica, consiste nunha peza artística única e irrepetíbel dun artista galego. En anteriores edicións foron premiados Marcos Valcárcel, María Xosé Queizán, Salvador García-Bodaño e Arcadio López Casanova.

Premio **Ramón Cabanillas** da Asociación de Libreiros de Pontevedra

Convoca este premio a Asociación de Libreiros de Pontevedra, en colaboración coa Asociación Unha Grande Chea e o Concello de Cambados. En edicións anteriores recibiron os galardóns os escritores Mª Victoria Moreno, Adela Leiro, Ramón Caride, Xosé Vázquez Pintor, Fina Casalderrey, Francisco Fernández Rei, Emilio Ínsua, Xesús Alonso Montero, Maribel Iglesias e Luís Rei. Na edición correspondente ao ano 2016 os premiados foron o dúo de cantautores formado por Xoán Silva e Blas Domíguez, coñecido por musicalizar e popularizar os versos de Cabanillas. O acto de entrega do premio tivo lugar o 3 de xuño, data de nacemento de Ramón Cabanillas.

Referencias varias:

- Beni Yáñez, "Unifican el Premio Cabanillas y presentan un plan cultural con más peso de los actos deportivos", *Diario de Arousa*, "Cambados", 23 marzo 2016, p. 9.

Dá conta dos cambios levados a cabo arredor do Premio, que xa non será promovido separadamente polos libreiros e polo Concello, senón que se unifica e se traslada de data, concretamente ao 3 de xuño, efeméride do seu nacemento.

- Lucía Romero, "Xoán Silva e Blas' recibe el Cabanillas 2016, el primero por una trayectoria no literaria", *Diario de Arousa*, "Cambados", 15 abril 2016, p. 9.

Informa sobre os gañadores do premio outorgado polos libreiros, que por primeira vez non recae nunha traxectoria literaria, senón musical. Indica que se trata dun dúo formado polos cantautores Xoán Silva e Blas Domínguez en cuxo repertorio destaca a musicalización dos versos de Ramón Cabanillas.

- B. Y., "Xoán Silva e Blas' reciben el primer Premio Ramón Cabanillas unificado", *Diario de Arousa*, "Cambados", 4 xuño 2016, p. 9.

Faise eco da entrega do premio en honra ao Poeta da Raza aos cantautores Xoan Silva e Blas Domínguez nun acto solemne no auditorio A Xuventude, organizado polas librarías Contos e Ramón Cabanillas canda o Concello de Cambados.

XV Premio **Ramón Piñeiro. Facer País**

Premio convocado pola Asociación Cultural Val de Láncara, en colaboración con outros colectivos, co que se pretende enxalzar a vida e obra de persoas e institucións que no día a día loitaron por facer país. Non posúe dotación económica e consiste nunha obra de arte. En anteriores edicións foron premiados: Isaac Díaz Pardo (2002), Luis Tosar (2003); Milladoiro (2004); Xosé Manuel Beiras (2005); Xosé Neira Vilas (2006); *A Nosa Terra* (2007); Avelino Pousa Antelo (2008); Luz Pozo Garza (2009); Real Academia Galega (2010); Xosé Luís Rivas Cruz e Baldomero Iglesias Dobarrio, coñecidos como Mini e Mero (2011); Agustín Fernández Paz (2012); Mesa pola Normalización Lingüística (2013); Marica Campo (2014); e Basilio Losada (2015). Na edición correspondente ao ano 2016 a premiada foi Margarita Ledo Andión (Castro de Rei, 1951).

Referencias varias:

- Silvia Alonso, "Láncara, capital cultural gallega", *El Progreso*, "Sarria", 10 xullo 2016, p. 16.

Anúnciase a vindeira convocatoria deste galardón, que cumpre 15 anos de vida, dende que premiara ao intelectual Isaac Díaz Pardo. Ofrécese unha nómina de premiados e coméntase a orixe da asociación cultural Val de Láncara, nacida en 1993, tras unha visita de Fidel Castro ao municipio.

- A. C. V., "Margarita Ledo, premio Facer País polo seu compromiso con Galicia", *El Progreso*, "A Chaira", 21 outubro 2016, p. 19.

Informa de que a xornalista, profesora e escritora Margarita Ledo Andión é recoñecida na XV edición desta distinción, entre as 24 propostas que recibiu a asociación Val de Láncara, pola súa labor a prol da lingua e cultura galegas a través do ensaio, a docencia e a creación en diversos xéneros.

- Vázquez Rivas, "El mundo de la cultura se dará cita en Láncara en la entrega del Facer País", *El Progreso*, "Sarria", "Láncara", 11 novembro 2016, p. 16.

Anuncia a inminente entrega deste premio a Margarita Ledo Andión. Di que a escritora e xornalista recibirá o galardón de mans do catedrático Basilio Losada, homenaxeado na pasada edición.

- L. P. e Vázquez Rivas, "O Facer País honra a Margarita Ledo, unha muller que 'abriu camiño", *El Progreso*, "Sarria", 13 novembro 2016, p. 25.

Crónica sobre o acto de entrega do galardón á primeira e única muller que dirixiu un xornal en Galicia –*A Nosa Terra*–, a académica, escritora, docente e creadora audiovisual Margarita Ledo Andión. Recóllense diversas declaracións dos asistentes.

- Mario Outeiro, "15 anos facendo país, dende Láncara", *El Progreso*, "Opinión", "Tribuna política", 18 novembro 2016, p. 32.

Achega unha valoración deste premio, que recoñece a persoas ou institucións que fan nación nos máis diversos eidos do acervo cultural desde 2002, ofrecendo a nómina de

premiados e aplaudindo a elección do presente ano: a creadora orixinaria de Castro de Rei, Margarita Ledo Andión. Fai un resumo da súa traxectoria.

- Mario Outeiro, "As persoas morren, os ideais dun pobo non!", *El Progreso*, "Opinión", "Tribuna política", 2 decembro 2016, p. 32.

Tres semanas despois da entrega do premio na casa nativa de Ángel Castro Argiz, efectúase unha reflexión sobre a orixe da asociación de Láncara, entrelazada a continuación cunha crítica de teor sociopolítico.

VIII Premios **Setecarballas** da Festa da Palabra

Convocados pola Fundación Insua dos Poetas, entréganse durante a celebración da Festa da Palabra, que se celebra anualmente no lugar denominado Insua dos Poetas, próximo ao Carballiño. No ano 2016 o xurado decidiu recoñecer a Inma López Silva (Creación literaria), Irmandade Galega de Caracas (Cultura galega no exterior), Xan Fernández Pinal (Comunicación), Centro de Estudos "Chamoso Lamas" (Defensa do patrimonio) Adegas Cachín (Acción económica e social). Nesta presente edición foron homenaxeadas Pura e Dora Vázquez.

Referencias varias:

- Sabela Pinal, "A palabra e as artes brillaron na homenaxe a Pura e Dora Vázquez", *La Región*, "Provincia", "Carballiño", 17 xullo 2015, p. 20.

Crónica da oitava edición da Festa da Palabra, celebrada na Ínsua dos Poetas, na Esgueva, Carballiño. Indícase que foron homenaxeadas Pura e Dora Vázquez. Recóllense os premios de 2016, nas súas diferentes modalidades: creación literaria para Inma López Silva, defensa da cultura galega no exterior para a Irmandade Galega de Caracas, medios de comunicación para Xan Fernández Pinal, defensa do patrimonio etnográfico para o Centro de Estudos "Chamoso Lamas" e acción empresarial no eido da cultura para Adegas Cachín.

- ECG, "Destacan la contribución de Inma López Silva a la labor de las escritoras gallegas", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 17 xullo 2015, p. 35.

Detense nun dos galardóns entregados pola Fundación Ínsua dos Poetas, que recaeu na escritora Inma López Silva polo seu teor vangardista, a súa fidelidade á lingua propia e a súa defensa do medio ambiente, a liberdade de expresión e a visibilización da muller.

Premio **Trapeiro de Honra**

Convocado por primeira vez en 2014, está promovido pola Asociación de Veciños dos Vilares (Guitiriz). O seu obxectivo é recoñecer o labor de persoas e institucións en defensa e posta en valor da parroquia dos Vilares, tanto no apartado cultural, como nos ámbitos industrial, etnográfico, da natureza ou de calquera outro asunto merecedor de tal recoñecemento. O premio naceu coa vontade de ser unha homenaxe a toda a

veciñanza dos Vilares e non ten asignación económica ningunha. Os premiados nas anteriores edicións foron Xosé María Díaz Castro, no 2014; e a Romaría Labrega da Chaira, no 2015. O galardón correspondente ao ano 2016 foi para o músico José López Día, máis coñecido como Pepe de Cristos.

Referencias varias:

- C. A., "Os Vilares, Lareira de Soños reconoce a los Destacados Vilaregos 2016", *El Progreso*, "A Chaira", 14 decembro 2016, p. 12.

Indica os gañadores do premio nas diferentes categorías.

XXXIV Premio **Trasalba**

Premio creado no ano 1980 pola Fundación Ramón Otero Pedrayo que se outorga todos os anos, segundo o criterio do seu Consello Reitor, para conmemorar o pasamento de Ramón Otero Pedrayo. É un galardón de carácter honorífico, que recompensa o labor cultural e galeguista de distintos persoeiros vivos e que se entrega na casa-museo do escritor en Trasalba (Amoeiro-Ourense). O galardón consistía nunha placa, nun libro dos amigos conmemorativo do acto e nun debuxo dedicado de Isaac Díaz Pardo. Dende o ano 2012, coa ausencia do falecido Isaac Díaz Pardo, o agasallo consiste nunha figura de bronce de Ramón Otero Pedrayo realizada polo escultor Manuel Buciños. En anteriores edicións foron premiados Xaquín Lorenzo (1983), Isidro Parga Pondal (1984), Antón Fraguas Fraguas (1985), Valentín Paz-Andrade (1986), Ramón Martínez López (1987), Francisco Fernández del Riego (1988), Miguel Anxo Araúxo Iglesias (1989), Xosé Filgueira Valverde (1990), Lois Tobío (1991), Xaime Illa Couto (1992), Isaac Díaz Pardo (1993), Marino Dónega (1994), Francisco Xavier Río Barxa (1995), Pura Vázquez (1996), Borobó (1997), Xohán Ledo (1998), Carlos García Martínez (1999), Xesús Alonso Montero (2000), Xosé Luís Méndez Ferrín (2001), Augusto Pérez Alberti (2002), Andrés Torres Queiruga (2003), Xosé Neira Vilas (2004), Agustín Sixto Seco (2005), Milladoiro (2006), John Rutherford (2007), Olga Gallego (2008), Xosé Manuel Beiras (2009), Xosé Ramón Barreiro Fernández (2010), Ramón Lorenzo (2011), Antía Cal (2012), Cristina Pato (2013), Agustín Fernández Paz (2014) Antón Pulido (2015). Na edición correspondente ao ano 2016 o premiado foi Camilo Nogueira Román (Lavadores, Vigo, 1936).

Referencias varias:

- Nuno Besteiro, "Camilo Nogueira, gañador do Premio Trasalba 2016", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 6 abril 2016, p. 34.

Dáse conta do resultado do Premio Trasalba 2016 e indícanse os motivos da escolla de Camilo Nogueira. Sinálase que o escritor Suso de Toro será o encargado de pronunciar a *laudatio*.

- Alberto Nova, "Camilo Nogueira, premio Trasalba, ve a Galicia 'huérfana de partidos", *El Correo Gallego*, "Tendencias. Ciencia. Cultura . Ocio", 27 xuño 2016, p. 42.

Crónica do acto de entrega deste premio ao ex-eurodeputado Camilo Nogueira. Recóllense abondas consideracións de carácter sociopolítico pronunciadas polo galardoado na entrega. Dise que o escritor Suso de Toro, autor do libro *Conversaciones con Camilo Nogueira y otras voces*, foi o encargado de pronunciar a *laudatio*.

- Afonso Vázquez-Monxadín, "Camilo Nogueira, en Trasalba", *La Región*, "Opinión", 25 xuño 2016, p. 24.

Efectúase unha persoal descrición dos Camilo Nogueira que o autor recorda, entre eles, Camilo Nogueira (1904-1982) e o fillo deste, Camilo Nogueira Román (Vigo, 1936), político da esquerda nacionalista, activo no asociacionismo cultural e político e europeísta convencido, a quen se entrega o premio Trasalba da presente edición.

- Víctor F. Freixanes, "Camilo Nogueira, Trasalba, Europa", *La Voz de Galicia*, "Opinión", 26 xuño 2016, p. 24.

Crónica breve e vivencial da entrega do premio Trasalba na Casa Grande de Cimadevila a Camilo Nogueira, na que se subliña a súa vocación europeísta na mellor tradición do galeguismo de Castelao, Risco, Otero... circunstancia que o columnista enlaza con certas circunstancias sociopolíticas inmediatas.

- P. Seoane, "Alonso Montero. ˙Sen persoas como Camilo, o mundo sería máis pobre", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 27 xuño 2016, p. 49.

Breve crónica da recepción desta distinción por parte de Camilo Nogueira, na súa XXXIV edición, e entregada por Xesús Alonso Montero. Coméntanse, da man de Víctor Freixanes, Ramón Villares e Carlos Baliña varias novidades: a aparición da fotobiografía *Pensar Galicia* (sobre o galardoado), a necesidade de recuperar as cartas de amor de Otero Pedrayo e a publicación en Galaxia de *Lembranzas do meu vivir*, segunda parte das memorias deste.

- X. M. C., "Camilo Nogueira, rebelde contra la historia", *El Faro de Vigo*, "Ourense", 27 xuño 2016, p. 48.

Canda o galardón recibido por Camilo Nogueira no Pazo de Otero Pedrayo, coméntanse varias novidades: Ramón Villares anuncia un tomo de memorias de Otero Pedrayo titulado *Lembranzas do meu vivir*, Carlos A. Valiñas presenta a nova edición de *Parladoiro* (selección de artigos do autor) e realízase un adianto de *Pelerinaxes*, filme de Simone Saibene.

- Manuel Bragado, "Con Camilo en Trasalba", *Faro de Vigo*, "Opinión", "Campo de Granada", 28 xuño 2016, p. 23.

Ofrece un detido perfil biográfico de Camilo Nogueira, con motivo da recepción do Premio Trasalba 2016, que dende 1983 recoñece anualmente a traxectoria dunha personalidade galeguista.

XXX Premio **Xiria ao labor teatral**

Outorgado pola Asociación Cultural Xiria e a Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas. Na edición correspondente ao ano 2015 a mostra representouse entre o 3 e o 11 de xullo. Nesta ocasión a premiada foi a compañía Chévere, en recoñecemento pola súa traxectoria e compromiso coa profesionalización do sector en Galicia.

Premio **Xoán Manuel Pintos**

Convocado polo Concello de Pontevedra e a Rede Amiga da Lingua (REAL) coa finalidade de recoñecer publicamente o labor de impulso do uso da lingua galega, ademais de homenaxear ao xurista e escritor Xoán Manuel Pintos. Nesta edición foron recoñecidos o humorista gráfico Luís Davila e a agrupación de teatro Migallas.

Referencias varias:

- Belén López, "Luís Davila e Migallas reciben os Premios Xoán Manuel Pintos 2016", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Cultural", 16 febreiro 2016, p. 12.

Informa do acto público de entrega dos premios Xoán Manuel Pintos 2016 ao debuxante Luís Davila e ao grupo de teatro pontevedrés Migallas, que terá lugar o 26 de febreiro no Pazo de Mugartegui.

- Ana López, "O humorista de FARO Luís Davila e Migallas Teatro gañan os Xoán Manuel Pintos 2016", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 16 febreiro 2016, p. 41.

Dá conta do veredicto do xurado do premio, que se deu a coñecer nunha rolda de prensa presidida por Alberto Oubiña, concelleiro de Normalización Lingüística. Inclúe unha breve recensión sobre a actividade de Luís Davila, un dos galardoados.

X. 7. LITERATURA INFANTIL E XUVENIL

XXVII Premio **Ala Delta de Literatura Infantil**

O Grupo Editorial Luis Vives (Edelvives), consciente da importancia da calidade nas obras literarias destinadas ás nenas e aos nenos, convoca a vixésimo sétima edición do Premio Ala Delta de Literatura Infantil, coa finalidade de promover a creación literaria para este lectorado e espertar o gusto pola lectura, estimular a súa fantasía e ofrecer unha visión ampla e coherente da realidade. Estabelécese un premio único, dotado de 12.100 € e a publicación, por parte de Edelvives, da obra premiada na colección "Ala Delta". A extensión das obras, mecanografadas a dobre espazo, é dun mínimo de cincuenta folios e un máximo de cento vinte. Os orixinais deben ser inéditos e estar escritos en castelán ou en calquera lingua do Estado. O tema dos traballos é libre, igual que o xénero literario, e debe enviarse un exemplar acompañado dunha copia dixital, a Edelvives "Premio Ala Delta" (Xaudaró, n.º 25, 28034 Madrid), con plica. O xurado, nomeado por Edelvives, está formado por especialistas en literatura e educación e por representantes da editorial. En anteriores edicións obtivo este galardón en galego *O carteiro de Bagdad*, de Marcos S. Calveiro, en 2007. Na edición correspondente ao ano 2016, o gañador foi Daniel Hernández Chambers coa obra titulada *El secreto de Enola*.

XVI Premio **Alandar de Narrativa Juvenil**

Convocado por primeira vez no ano 2001 polo Grupo Editorial Luis Vives, este premio pretende animar a crear bos textos literarios para mozos e mozas a partir de doce anos, dirixidos a consolidar o gusto pola lectura, a ampliar a visión do mundo, a estar en contacto coa realidade e ofrecer claves para interpretala. Consta dun premio único, dotado de 12.100 € e a publicación, por parte de Edelvives, da obra premiada na colección "Alandar". Pódense presentar novelas de tema libre, inéditas e escritas en castelán ou en calquera lingua do Estado español, cunha extensión máxima de cento cincuenta folios e mínima de cento vinte, mecanografados a dobre espazo. Deben enviarse baixo plica dous exemplares cos datos da autoría a Edelvives "Premio Alandar" (Xaudaró, n.º 25, 28034 Madrid). O xurado, nomeado por Edelvives, está formado por especialistas en literatura e educación. Na edición correspondente ao ano 2016, a gañadora foi Mónica Rodríguez coa novela *La partitura*.

Concurso de poesía **Anomar**

Ver o apartado X.2. deste *Informe*.

Certame Literario de Relato de Aventuras **Antón Avilés de Taramancos**

Ver o apartado X.1. deste *Informe*.

Certame de Poesía **Antón Zapata García**

Ver o apartado X.2. deste *Informe*.

Premio **Arraiano Maior**

Ver o apartado X.6. deste *Informe*.

Premio **Arume de Poesía para Nenos**

Convocado por vez primeira en 2001 pola Fundación Xosé Neira Vilas, é o único premio específico de poesía para crianzas e con el téntase estimular a creación poética e achegar o mundo da lírica aos máis pequenos. Compleméntase co Premio Estornela de Teatro, que foi convocado por vez primeira no ano 2002, alternándose ambas as modalidades en anos sucesivos. Ao Premio Arume poden concorrer persoas de calquera nacionalidade que envíen un poemario inédito dun mínimo de trescentos cincuenta versos, escritos en galego, acompañado de dúas copias, á Fundación Xosé Neira Vilas (Gres, Vila de Cruces 36587, Pontevedra). As obras deben levar un título que tamén ten que constar nun sobre pechado e separado onde figuren os datos do autor. O premio consta dunha dotación de 1.000 € e a publicación da obra en Ediciós Embora. En anteriores edicións, resultaron gañadores: en 2001 Xosé Mª Álvarez Cáccamo con *Lúa de pan*; en 2003 Helena Villar Janeiro con *Na praia dos lagartos*; en 2005 Marica Campo con *Abracadabras*; en 2007 Concha Blanco con *Cantos da rula*; en 2009 Xoán Babarro con *A princesa de Taramundi*; en 2011 Rafa Vilar con *Patente de corso (pequeno dicionario pirata)*; en 2013 María Xosé Lamas Fernández con *Cantigas para aprender a soñar*; e en 2015 Inés Varela Gestoso, con *Soños de nenos*.

Referencias varias:

- ELOS, "Premio Arume de Poesía para nenos", *El Correo Gallego*, "*2domingo*", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Protagonistas eLIXidos", 13 marzo 2016, p. 4.

Saliéntase o Premio Arume de Poesía para nenos da Fundación Xosé Neira Vilas por seguir a promover, desde o ano 2001, un dos xéneros menos cultivado no ámbito da creación literaria para o lectorado máis novos. Sinálase que o premio está dotado con 600€ e a publicación da obra por Edicións Embora, así como é convocado cada dous anos, en alternancia co Premio Estornela de Teatro. Achéganse outros datos da última convocatoria na que resultou gañador o poemario *Soños de nenos*, de Mónica Inés Varela Gestoso.

Premio da **Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG)**

Ver o apartado X.5. deste *Informe*.

Premio de cómic **AX1**

O IES Arcebispo Xelmírez I de Santiago de Compostela convoca a cuarta edición deste premio de banda deseñada. Estabelécense dúas categorías: unha de 12 a 16 anos e outra de 16 anos en diante, con dous premios para cada unha delas de 500 e 200 €. No certame correspondente ao ano 2016, os gañadores foron: na categoría de 12 a 16 anos, Ismael López Arias (IES Universidade Laboral de Ourense), por *Diario dun debuxante*, e Mónica Pérez Martínez (IES A Xunqueira I de Pontevedra), por *Ánsel e Greta*; na categoría de máis de 16 anos resultaron premiados Sheila Couto Mouriño (IES A Xunqueira I de Pontevedra), por *Introversión*, e José Ignacio Millán González (IES A Xunqueira I de Pontevedra), por *Ecce Homo*. O xurado estivo composto por Paulo Porta Martínez, María López Sández, Antón Seijas Cruz, María Cuquejo e Sagrario Torrado.

Concurso do Libro Infantil **O Barco de Vapor**

Convocado pola Fundación SM dende o ano 1978 xunto ao Premio Gran Angular, a convocatoria en lingua galega comezou en 1984 para promover "a creación dunha literatura infantil para nenos que fomente o gusto pola lectura nesa idade e transmita, con calidade literaria auténtica, uns valores humanos, sociais, culturais ou relixiosos que axuden a construír un mundo digno". Poden presentarse novelas orixinais, inéditas, escritas en galego, de autores vivos, cunha extensión mínima de cincuenta páxinas, mecanografadas a dobre espazo, que non fosen premiadas noutro concurso. Deben enviarse por triplicado xunto cunha versión en soporte informático (disquette ou CD), a Ediciones SM (Impresores, 2, Urbanización Prado del Espino, 28660 Boadilla del Monte, Madrid), acompañadas dun sobre pechado no que conste por fóra un pseudónimo e dentro o enderezo do autor. O xurado é nomeado pola Fundación Santa María e está constituído por especialistas en literatura, pedagoxía e educación e un representante da entidade patrocinadora. Contaba cunha dotación económica de 6.000 € e a publicación da obra en SM Xerme até o ano 2007, no que aumentou a contía do galardón a 10.000 € para potenciar a creación de Literatura Infantil e Xuvenil en galego. En 2010 a contía volveu reducirse a 6.000 €. Nas edicións anteriores resultaron galardoadas as seguintes obras: *Das cousas de Ramón Lamote*, de Paco Martín (1984); *Primeiro libro con Malola*, de Xoán Babarro e Ana Mª Fernández (1985); *Aventuras de Sol*, de Alberto Avendaño (1986); *O globo máxico*, de Andrés García Vilariño (1987); *Memorias dun río*, de Antón Cortizas Amado (1988); *Barrigaverde e o dragón Achís*, de Xoán Babarro e Ana Mª Fernández (1989); *O deus desaparecido*, de Pepe Carballude (1990); *O conto dos sete medos*, de Antón Cortizas (1991); *Os náufragos de Malakadula*, de Alberto Avendaño (1992); *O castrón de ouro*, de Darío Xohán Cabana (1993); *O misterio dos fillos de Lúa*, de Fina Casalderrey (1994); *Os gritos das Illas Lobeiras*, de Antón Cortizas (1995); *A pirata Penamoura*, de Daniel Buján (1996); *Valdemuller*, de Xosé A. Neira Cruz (1997); *A lenda do capitán Miñoca*, de Dolores Ruiz (1998); *Os ollos do tangaleirón*, de Xosé A. Neira Cruz (1999); *Alén das estrelamares*, de Xoán Xosé Lago Pereira (2000); *De como o santo dos croques se fai peregrino*, de Pepe Carballude (2002); *O meu nome é Skywalker*, de Agustín Fernández Paz (2003); *Unha bruxa ben rara*, de Carlos Mosteiro (2006); *O canto dos peixes*, de Marcos S. Calveiro (2008); *Mundo Arb*, de Manuel Lourenzo González (2011); e *O detective de Nullarbor*, de Antonio Yáñez Casal (2012). Dende o ano 2014 xa non se convoca este premio.

Premio Internacional de Teatro para Títeres **Barriga Verde de Textos para Teatro de Monicreques**

Ver o apartado X.3. deste *Informe*.

Certame **Benito Losada de Banda Deseñada**

Este certame nace no ano 2012 no marco das XXIV Xornadas de Banda Deseñada de Ourense como unha maneira de honrar e agradecer o importante labor do ideador e mantedor destas xornadas durante vinte e dous anos. O xurado composto por David Rubín, Óscar Iglesias e Simón Blanco, e por Xavier Paz como secretario sen voto, en nome do Proxecto Fundación Benito Losada. En anteriores edicións resultaron gañadores Cristian Caruncho, Giovanna Lopalco e Xulia Vicente (2012); Cristián Fojón e Xulia Vicente (2013); Alicia Jaraba e Cristián Fojón (2014); e Alicia Jaraba, Víctor L. Pinel e Breixo Mosquera (2015).

VI Concurso **BD Vigo**

A Biblioteca Pública Central de Vigo convoca este premio de banda deseñada dende o ano 2010. Conta coas seguintes categorías: Infantil (nenos até 11 anos), Júnior (mozos entre 12 e 17 anos); Sénior (mozos de entre 18 e 30). Poden presentarse obras orixinais non premiadas, de tema, estilo e tratamento libres, en galego, cunha extensión mínima de dúas páxinas e máxima de catro, a cor ou branco e negro, con técnica libre e de autoría individual ou dun equipo debuxante/guionista/colorista. Os traballos deben presentarse en sobre pechado baixo lema e con outro sobre cos datos persoais na Biblioteca Pública Central de Vigo (Rúa Joaquín Yáñez, n.º 6, Vigo). Concédense dous premios por categoría e consisten nun lote de produtos relacionados co mundo da banda deseñada e un diploma acreditativo. As obras premiadas formarán parte dunha exposición na biblioteca.

XI Premio de Banda Deseñada **Castelao**

Certame convocado pola Deputación da Coruña, dende o ano 2005, co obxectivo de incentivar a lingua galega e que vén completar a serie de premios tanto literarios coma artísticos, organizados pola citada entidade. O premio está vinculado ao certame do cómic que se celebra todos os veráns, no que se dá a coñecer o ditame do xurado. Poden participar persoas maiores de idade, con narracións en banda deseñada inéditas e escritas en galego, cun máximo de dous autores por obra. A dotación é de 6.500 € ademais da publicación do libro con textos en galego. As bases do concurso poden consultarse no Boletín Oficial da Provincia. A temática das obras é libre cunha extensión entre corenta e oito e sesenta e catro páxinas. Deben presentarse por duplicado en exemplares separados, numerados, grampados ou encadernados á Deputación da Coruña (Avda. Alférez Provisional, n.º 2, 15006 A Coruña). Nas anteriores edicións foron galardoados David Rubín Miguélez con *Onde ninguén pode chegar* (2005); Antonio Seijas Cruz con *Un home feliz* (2006); Jacobo Fernández Serrano con *Aventuras de Cacahuequi* (2007); Mariano Casas Gil con *Mensaxes* (2008); Daniel Montero Coira con *Sen mirar atrás* (2009); Brais Rodríguez Verde con *A man*

do diaño (2010); Iván Suárez e Ignacio Vilariño con *Titoán* (2011); Francisco Bueno Capeáns con *Catálogo de beleza gratuíta* (2012); Kiko da Silva con *O inferno do debuxante* (2013); e Fernando Llorente con *A carreta do diaño*. Na edición correspondente ao ano 2016, o xurado decidiu outorgar o galardón a Emilio Fonseca Martín por *Fóra do mapa*.

Referencias varias:

- Mario Álvarez, "Emilio Fonseca gaña o Castelao de Banda Deseñada", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 13 agosto 2016, p. 43.

Informa de que un xurado composto por Miguelanxo Prado, Juan Díaz Canales, Jorge González Varela e Goretti Sanmartín escolle por unanimidade *Fóra de mapa*, a obra de Emilio Fonseca Martín, como gañadora. Destácase a necesidade de abrir unha nova liña no certame destinada a público infantil e xuvenil.

- Xesús Fraga, "Emilio Fonseca gaña o premio Castelao cun cómic sobre a Venecia do século XV", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 13 agosto 2016, p. 34.

Anuncia que Emilio Fonseca Martín (Ourense, 1978), gaña o certame de banda deseñada da Deputación da Coruña con *Fóra de mapa*, do que se salientan algunhas virtudes compositivas, alén da súa fluidez. Sinala que se escolleu *Terra incógnita* como finalista, e destácase a idoneidade de *Curuxa. A voz de Azazel* para público infantil e xuvenil.

IX Premio Internacional **Compostela para Álbums Ilustrados**

Convocado polo Departamento de Educación do Concello de Santiago de Compostela e a editorial Kalandraka dende o ano 2007, encádrase dentro da Campaña de Animación á Lectura, co obxectivo de estimular os creadores de calquera nacionalidade. Nas bases do premio defínese álbum ilustrado como un "libro no que o relato se conta a través de imaxes e textos, de tal xeito que ambos se complementen". O premio estaba dotado de 12.000 €, mais na convocatoria do ano 2012 pasou a ser de 9.000 € en concepto de adianto dos dereitos autoriais. Poden presentarse orixinais inéditos, con lema ou pseudónimo, realizados polo creador ou creadores do texto e da ilustración, en calquera das linguas oficiais da Península Ibérica, con exclusión dos empregados de Kalandraka, e en calquera tamaño, técnica e formato. A súa extensión non pode superar as corenta páxinas interiores e deben presentarse cinco copias do texto, escrito en calquera das linguas oficiais do Estado español, tres ilustracións orixinais e cinco fotocopias en cor de cada unha das ilustracións, así como unha maqueta co deseño. Deben enviarse en sobre pechado ao Rexistro Xeral do Concello de Santiago (Rúa do Presidente Salvador Allende, n.º 4, 15705 Santiago de Compostela, A Coruña). O xurado está formado por persoas de recoñecido prestixio na área da literatura e ilustración infantil. A obra premiada edítase en todas as linguas oficiais pola Editorial Kalandraka. En anteriores edicións resultaron galardoados *Cerca*, de Natalia Colombo; *Una gran soño*, de Felipe Ugalde; *La familia C*, con texto de Pep Bruno e ilustracións de Mariona Cabassa; *El camino de Olaj*, de Martín León-Barreto Johnson; *Bandada*, de David Daniel Álvarez Hernández e Julia Díaz Garrido; e *Y se hizo la luz*, de Miguel Cerro. Na edición

correspondente ao ano 2016 resultaron gañadores Antonis Papatheodoulou e Iris Samartzi, coa obra *Unha última carta*.

Referencias varias:

- ELOS, "Para lembrar", *El Correo Gallego*, *El Correo Gallego*, "*2domingo*", "Literatura Infantil e Xuvenil", 14 febreiro 2016, p. 6.

Lembra que o prazo para este premio está aberto até o día 7 de marzo e que o premio, convocado polo Concello de Santiago de Compostela e a editorial Kalandraka, está dotado con 9.000 euros.

- ELOS, "IX Premio Internacional Compostela de Álbum Ilustrado", *El Correo Gallego*, "*2domingo*", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Protagonistas eLIXidos", 24 abril 2016, p. 6.

Fai referencia os gañadores do premio e destaca que se presentaron 240 orixinais. Recolle parte das valoracións do xurado e dá conta dun finalista e dunha mención especial que tamén foron recoñecidos.

- ECG, "Entrega del Premio de Álbum Ilustrado en Raxoi", *El Correo Gallego*, "Santiago", 9 novembro 2016, p. 25.

Faise eco do acto de entrega da IX edición deste galardón e do encontro dos autores galardoados co alumnado de Bacharelato Artístico do IES do Sar.

- ECG, "Entrega del Premio de Álbum Ilustrado", *El Correo Gallego*, "Santiago", 10 novembro 2016, p. 34.

Indica que o Pazo de Raxoi acolle a entrega da IX edición do premio, que galardoa aos autores gregos Antonis Papatheodoulou e Iris Samartzi, creadores de *Unha última carta*, publicada por Kalandraka, que manterán un encontro co alumnado de Bacharelato Artístico do IES do Sar. Coméntase o encontro de ilustradores de cadernos de viaxe.

Certame Literario **Concello de Ames de Narrativa e Poesía**

Ver o apartado X.5. deste *Informe*.

Certame Literario de poesía e narración breve **Concello de Cambre**

Ver o apartado X.5. deste *Informe*.

Certame de Relato Curto do **Concello de Mugardos**

Ver o apartado X.1. deste *Informe*.

Premios da **Crítica de Galicia**

Ver o apartado X.5. deste *Informe*.

Premio de Poesía **Díaz Jácome para Novos Creadores**. Concello de Mondoñedo

Ver o apartado X.2. deste *Informe*.

Premio **Edebé** de Literatura Infantil e Xuvenil

Foi creado pola editorial Edebé no 1992 para premiar obras narrativas novas e diferentes, sorprendentes e imaxinativas, en castelán ou en calquera das linguas do Estado español. Foron dúas as modalidades convocadas: a infantil, para obras narrativas dirixidas ao lectorado de entre 7 e 12 anos, dotada de 25.000 €; e a xuvenil, para obras dirixidas ao lectorado de máis de 12 anos, dotada de 30.000 €. Os orixinais teñen que ter unha extensión mínima de vinte páxinas e un máximo de oitenta para a modalidade infantil, e de oitenta a duascentas para a xuvenil. Deben presentarse mecanografados a dobre espazo e enviarse por triplicado, baixo plica, á Editorial Edebé (Paseo San Juan Bosco, n.º 62, 08017 Barcelona), con especificación clara da modalidade á que se opta. O xurado está formado por especialistas en literatura e educación e a súa composición dáse a coñecer no momento da realización do ditame do premio, fixado para finais de xaneiro. Nas edicións anteriores recibiron este galardón as seguintes obras en lingua galega: *Doutor Rus*, de Gloria Sánchez en 1995; *O estanque dos parrulos pobres*, de Fina Casalderrey en 1996, e *A escola de piratas*, de Agustín Fernández Paz en 2005 na modalidade infantil; e *Trece anos de Branca*, de Agustín Fernández Paz en 1994 na modalidade xuvenil.

Premio Internacional de Álbum Ilustrado **Edelvives**

Creado no ano 2012 pola editorial Edelvives, poden optar a este premio todos os escritores e ilustradores de calquera nacionalidade que presenten proxectos de álbums ilustrados en lingua castelá, inglesa, francesa ou en calquera das linguas do Estado español. Os participantes deben ser maiores de idade e poden enviar un máximo de dous proxectos, orixinais, inéditos, e que non fosen presentados a outro concurso. O premio, dotado de 12.000 €, concédese ao mellor proxecto editorial de álbum ilustrado presentado, non a unha obra fechada. Valóranse aspectos como mellor proposta ou idea orixinal de proxecto, mellor texto adaptado, mellor ilustración, mellor proposta de escenarios, mellor storyboard e mellor proposta de gardas. O formato é libre, pero non pode ser inferior a 21 x 18,5 cm nin superior a 30 x 39 cm. A extensión debe ser de 32 páxinas (gardas incluídas). O texto debe ser unha reescritura ou reinterpretación dun conto clásico, lenda, ou pode estar baseado nun mito ou personaxe coñecido. A extensión non pode ser superior a 6.000 matrices. Os concursantes deben entregar un documento onde describan en que consiste o proxecto, ademais do texto da obra, o storyboard, dous orixinais de ilustración completamente acabados que mostren o protagonista en diferentes escenarios, e unha proposta de gardas. Todos os datos persoais envíanse baixo plica, que debe conter o nome, a dirección, o número de teléfono e a dirección de correo electrónico do autor ou autores e unha breve nota

biográfica dos participantes. Ademais, hai que remitir mostras de dúas ilustracións orixinais a cor (ou un CD coas ilustracións orixinais presentadas en alta definición se a ilustración se realizou con ordenador), unha proposta de gardas e tres copias en papel coa seguinte información: descrición do proxecto, orixinal do texto, storyboard e copias a cor de cada unha das ilustracións orixinais presentadas a: Edelvives (Premio Álbum Ilustrado) Xaudaró, n.º 25, 28034 Madrid. A concesión do premio leva incluída a edición do proxecto por parte de Edelvives e a súa posterior publicación nun prazo máximo de oito meses a partir do fallo. O xurado é nomeado por Edelvives e está formado por especialistas de diferentes ámbitos da cultura e da creación artística.

Premio de Teatro para Nenos **Estornela**

Coa finalidade de estimular a creación teatral e de proporcionarlles a nenas e nenos obras que poidan representar, a Fundación Xosé Neira Vilas convoca este premio, que alterna anualmente co Premio Arume de Poesía para Nenos. Poden concorrer todas as persoas que o desexen, de calquera nacionalidade, con textos inéditos escritos en lingua galega. Cada orixinal pode conter unha ou varias pezas teatrais. Os orixinais deben enviarse, acompañados de dúas copias, á sede da Fundación Xosé Neira Vilas (Gres, 36587 Vila de Cruces, Pontevedra). A Fundación escolle un xurado de recoñecido prestixio e o galardón consiste na publicación do traballo premiado e nunha dotación económica de 600 €, que antes da edición de 2012 era de 1.000 €. En edicións anteriores os galardóns foron para *Música na noite*, de Manuel Lourenzo en 2000; *Os mundiños*, de Heidi Kühn-Bode en 2002; *O ensaio*, de Xosé Agrelo, *O porco que perdera a cabeza*, de Ana María Galego Gen e *Xoguetes*, de Fran Peleteiro en 2004; *O filibusteiro do mar da Marola*, de Antonio Cordero Álvarez en 2006; *Larpancia saborosa do lobo e a raposa*, de Bernardino Graña en 2008; *Teatro de Xoguete*, de Carlos Labraña en 2010; *Arlequino Viceversa*, de Diana Varela Puñal en 2012; e *A pequena compaña*, de Carlos Labraña Barredo en 2014.

Certame **Francisco Añón de Poesía**

Ver o apartado X.2. deste *Informe*.

Premio **Frei Martín Sarmiento**

Ver o apartado X.5. deste *Informe*.

XII Premio **Iberoamericano SM** de Literatura Infantil y Juvenil

Convocado por Ediciones SM coa colaboración da Feira Internacional do Libro de Guadalaxara en México, en cuxo marco se entrega o premio. Poden candidatarse os autores vivos que conten cunha valiosa obra de creación para o público infantil e xuvenil publicada e escrita en calquera das lenguas que se falen en Iberoamérica. As candidaturas poden ser presentadas até o 31 de maio por calquera institución cultural ou educativa, editorial, asociación ou grupo de persoas relacionadas coa literatura infantil e xuvenil, enviando seis copias impresas da seguinte documentación: carta de que

explique os méritos do autor, o seu curriculum vitae, os datos da entidade que presenta a candidatura e un portafolio que xustifique a traxectoria do autor postulado, xunto con seis exemplares de tres títulos publicados, representativos da súa su obra. Conta cunha dotación económica de 30.000 €. Entre os gañadores do certame están o galego Juan Farias, galardoado na primeira convocatoria, e Agustín Fernández Paz, que levou o galardón no ano 2011. Na convocatoria correspondente ao ano 2016 a gañadora foi María Cristina Ramos.

Concurso de relatos **Inspiraciencia**

Ver o apartado X.1. deste *Informe*.

Premios **Gala do Libro**

Ver o apartado X.5. deste *Informe*.

Concurso Literario Xaime **Isla Couto**

Ver o apartado X.5. deste *Informe*.

VIII Premio **Jules Verne** de Literatura Xuvenil

Creado en 2006 baixo o nome de Premio Fundación Caixa Galicia de literatura xuvenil e organizado por Edicións Xerais de Galicia, co intento de fomentar a creación literaria destinada específicamente ao público xuvenil. As obras presentadas teñen que ser orixinais, inéditas e escritas en lingua galega. Dende o ano 2014 mudou o nome polo de Premio Jules Verne de literatura xuvenil e o anterior premio de 7.500 € aumentouse a 10.000 €. En anteriores convocatorias resultaron gañadores: Jaureguizar, por *A Cova das Vacas Mortas* (2006); An Alfaya, por *Illa Soidade* (2007); Marilar Aleixandre, por *A Cabeza de Medusa* (2008); Rosa Aneiros, por *Ás de bolboreta* (2009); Héctor Carré, por *Febre* (2011); Eduardo Santiago, por *O Gran Reino* (2014); e Andrea Maceiras, por *Europa Express*. Na edición de 2016 a gañadora foi Iria Misa pola obra *Xa non estou aquí*.

Premio de Literatura Infantil e Xuvenil **Lazarillo**

Este galardón, o máis antigo na Literatura infantil e xuvenil española, foi convocado polo INLE (Instituto Nacional do Libro Español) no ano 1958 co fin de estimular a literatura para a infancia e mocidade a través da produción de bos libros infantís e xuvenís. Dende o ano 1986 convócao a Organización Española para el Libro Infantil y Juvenil (OEPLI), anualmente, co patrocinio do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte. Nun principio, tiña tres modalidades: Creación literaria, Ilustración e Labor editorial. Esta última, de carácter honorífico, quedou deserta a partir de 1971 e deixouse de convocar en 1975. O premio sufriu sucesivas modificacións, entre elas o incremento das dotacións económicas e a posibilidade de presentar orixinais en calquera das linguas

oficiais do Estado español. Na convocatoria de creación literaria, dende 1997, contempláronse dúas categorías que van alternando cada ano, unha infantil (obras destinadas a un lectorado menor de 12 anos) e outra xuvenil (obras destinadas a un lectorado maior de 12 anos). Existen dúas modalidades: creación literaria e álbum ilustrado. Os textos que optan ao premio (que poden comprender unha ou varias obras) teñen que ter un mínimo de oitenta páxinas (dous mil cen caracteres cada unha), no caso de narrativa e teatro, e un mínimo de cento cincuenta versos para obras de poesía. O xurado está presidido por quen ocupe a Presidencia da Organización Española para o Libro Infantil e Xuvenil; serán vogais un representante da Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil (Gálix), do Consejo General del Libro Infantil y Juvenil, del Consell Català del Llibre Infantil i Juvenil (CliiCAT) e de Galtzagorri Ekartea, como seccións de OEPLI, e actuará como secretaria, con voz pero sen voto, a persoa que ocupe a Secretaría Técnica de OEPLI. As persoas que concursen deben remitir á Secretaría da OEPLI (Santiago Rusiñol, n.º 8, 28040 Madrid) catro exemplares de cada unha das obras coas que desexen concorrer. En anteriores edicións recibiron o galardón as seguintes obras en galego: en 1990 *Contos por palabras*, de Agustín Fernández Paz; en 1999 *A banda sen futuro*, de Marilar Aleixandre; en 2001 *Amar e outros verbos*, de Ana María Fernández Martínez; en 2005 *A sombra descalza*, de An Alfaya; en 2004 *A noite da raíña Berenguela*, de Xosé Antonio Neira Cruz; en 2009 *O pintor do sombreiro de malvas*, de Marcos S. Calveiro; en 2012 *Leviatán*, de Ramón Trigo; e en 2015 *Jules Verne e a vida secretas das Femmes Plante*, de Ledicia Costas.

Homenaxe **Letra E**. Escritor na súa terra

Ver o apartado X.6. deste *Informe*.

Premio de Poesía **Manuel Lueiro Rey**

Ver o apartado X.2. deste *Informe*.

IX Premio **Manuel María** de Literatura Dramática Infantil

Convócao o Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM), actualmente AGADIC (Axencia Galega das Industrias Culturais), pertencente á Consellaría de Cultura da Xunta de Galicia, conxuntamente co Premio Álvaro Cunqueiro para Textos Teatrais e o Barriga Verde de Textos para Teatro de Monicreques. Poden optar textos teatrais inéditos en galego dirixidos especificamente ao público infantil, quedando excluídas as obras de teatro breve e os textos para teatro de monicreques. A contía era de 4.000 €, e na convocatoria do ano 2009 ascendeu a 6.000 €. As obras deben ser de tema e extensión libres, tendo en conta o principio de duración normal dun espectáculo completo. A obra premiada pode ser publicada nas colecções de AGADIC, que se reserva durante un prazo de dous anos o dereito a editalas. Os orixinais deben presentarse por sextuplicado, baixo lema e un sobre pechado cos datos persoais do autor, na AGADIC (Cidade da Cultura, Monte Gaiás s/n, 15707 Santiago de Compostela). O xurado está formado por seis persoas de recoñecido prestixio no ámbito escénico e literario. Segundo as bases da convocatoria, complementariamente á calidade literaria e dramática das obras, o xurado valora positivamente aqueles factores que

inciden na súa viabilidade escénica, na calidade da lingua e na adecuación á especificidade de cada premio. Dende o ano 2013 o premio pasou a ser bienal. Nas edicións anteriores concedeuse o galardón en 2006 a *Boas noites*, de Paula Carballeira; en 2007 a *Game over*, de Carlos Losada; en 2008 a *Pingueiras e tarteiras*, de Teresa González Costa; en 2009 a *Sopa de xarope de amora*, de Xosé A. Neira Cruz; en 2010 a *Os reloxos preguiceiros de Néboa*, de Francisco Xavier Lama López; en 2011 a *O refugallo*, de Paula Carballeira; e en 2014 a *Xogando con gatos*, de Antón Cortizas. Na edición correspondente ao ano 2016, o prazo de entraga dos traballos rematou o 31 de maio. O xurado, constituído por Ángel Eugenio Abuín (presidente), Santiago Cortegoso, Camilo Franco, Inmaculada López Silva, Venancio Rodríguez Asorey, María Torres Fernández e Marcelina Calvo Domínguez (secretaria), acordou outorgar o premio ao texto *O valo*, de Carlos Ignacio Labraña Barrero.

Referencias varias:

- ELOS, "Para lembrar", *El Correo Gallego*, "*2domingo*", "Literatura Infantil e Xuvenil", 8 maio 2016, p. 5.

Lembra que está aberto o prazo para presentarse a este certame e sinala onde se poden consultar as bases.

Premio de Literatura Infantil e Xuvenil **Meiga Moira**

Convocado por primeira vez no ano 2004 por Baía Edicións. Está dotado dun único premio de 2.500 € e a publicación da obra na colección "Meiga Moira" de Baía Edicións. A súa convocatoria é bienal. Está dirixido a obras inéditas de creación literaria, en galego, sen límite de páxinas, dirixidas a nenas e nenos de 8 a 16 anos. Da obra inédita e non premiada deben enviarse seis copias baixo lema nun sobre pechado cos datos persoais do autor antes do 17 de maio a Baía Edicións (Polígono Pocomaco, 2ª avda., Parcela A2, nave 22, 15190 A Coruña). O xurado está composto por cinco persoas de recoñecido prestixio, unha delas da editorial, que actúa como secretaria. En edicións anteriores recibiron o galardón *O lume dos soños*, de Cibrán Ulloa (2004); *Lóbez*, de Antonio Yáñez Casal (2006); *Os globos de andar*, de Xavier López Rodríguez (2008); *Violeta Tamurana*, de Andrea Maceiras (2010); *Bandeiras negras*, de Ana María Gallego Gen (2012); e *Miña querida Sherezade*, de Andrea Maceiras (2014). Na edición correspondente ao ano 2016, o xurado, composto por Andrea Maceiras, Conchi Regueiro, María Dores Fernández López, Marica Campo (presidenta) e María Belén López Vázquez (secretaria), resolveu conceder por unanimidade o premio á obra *Denébola a Roxa* (2016), de Héctor Cajaraville.

Referencias varias:

- ELOS," Para lembrar", *El Correo Gallego*, "*2domingo*", "Literatura Infantil e Xuvenil", 24 abril 2016, p. 6.

Lembra o prazo para a entrega de orixinais para este certame e indica o enderezo web onde consultar todas as bases.

XXXI Premio **Merlín de Literatura Infantil**

Foi creado no ano 1986 por Edicións Xerais para premiar orixinais inéditos en lingua galega. Dotado de 10.000 €, poden participar todos aqueles autores de calquera nacionalidade que presenten os seus orixinais en lingua galega, conforme á normativa vixente. De cada orixinal hai que presentar seis copias en papel, mecanografadas a dobre espazo e debidamente encadernadas, nos locais sociais de Edicións Xerais de Galicia (rúa Dr. Marañón, n.º 12, 36211 Vigo, Pontevedra). Co orixinal, presentado baixo lema, debe acompañarse, baixo plica, o nome completo, enderezo e teléfono do autor, así como o título do libro, indicando no sobre: para o Premio Merlín de Literatura Infantil. O xurado estaba integrado nos primeiros anos por escritores e especialistas na materia pero, dende 1988, é constituído por cinco membros, escolleitos, para cada edición, entre lectores, algúns recoñecidos profesionais da cultura e un secretario con voz e sen voto nomeado pola editorial. Por outra parte, Edicións Xerais de Galicia, que reserva os dereitos de edición sobre a obra premiada en todas as linguas do Estado español, coa posibilidade de ceder tales dereitos a terceiros, pode publicar esta sen limitación do número de exemplares nin de edicións. Os cinco mil primeiros exemplares vendidos están libres de pagamento de dereitos de autor e o beneficiario do premio, que se compromete a renunciar expresamente a calquera pretensión sobre os devanditos dereitos, recibe gratuitamente cincuenta exemplares da obra publicada. En edicións anteriores o galardón foi para: *A casa abandonada* (1987), de Úrsula Heinze, en 1986; *A princesa Lúa e o enigma de Kian* (1988), de Palmira González Boullosa, en1987; *Ó outro lado do sumidoiro* (1989), de Xosé A. Neira Cruz, en 1988; *As flores radiactivas* (1990), de Agustín Fernández Paz, en 1989; *Fafarraios* (1991), de Gloria Sánchez García, en 1990; *Dúas bágoas por Máquina* (1992), de Fina Casalderrey Fraga, en 1991; *Os Mornias* (2005), de Dolores González Lorenzo, en 1992; *O gaiteiro e o Rato Pérez* (1994), de Bernardino Graña, en 1993; *A expedición do Pacífico* (1994), de Marilar Aleixandre, en 1994; *Perigo vexetal* (1995), de Ramón Caride Ogando, en 1995; *Na fogueira dos versos* (1996), de Antonio García Teijeiro, en 1996; *¡Sireno, Sireno!* (1997), de An Alfaya, en 1997; *A noite das cabras do aire* (1999), de Bieito Iglesias, en 1999, *As cousas claras* (2000), de Xosé A. Neira Cruz, en 2000; *A merla de trapo* (2003), de Antón Cortizas Amado, en 2001; *Pel de lobo* (2002), de Xosé Miranda Ruíz, en 2002; *Irmán do vento* (2003), de Manuel Lourenzo González, en 2003; *O Brindo de Ouro* (2004), de Xesús Manuel Marcos López, en 2004; *Unha branca de cobre para Martiño* (2005), de Ramón Carredano Cobas, en 2005; *O tesouro da lagoa de Reid'Is* (2006), de Agustín Agra Barreiro, en 2006; *Minimaladas* (2007), de Carlos López Gómez, en 2007; *Xenaro e o misterio da mochila verde* (2009), de Mar Guerra Cid, en 2008; *Mil cousas poden pasar. Libro I* (2010), de Jacobo Fernández Serrano, en 2009; *A filla do ladrón de bicicletas* (2011), de Teresa González Costa, en 2010; *A chave da Atlántida* (2012), de Anxo Fariña, en 2011; *Palabras de auga* (2013), de Marcos Calveiro, en 2012; *O Castañeiro de Abril* (2014), de Antonio Fraga, en 2013; *Escarlatina, a cociñeira defunta* (2015), de Ledicia Costas en 2014; *Nena e o mar* (2015), de Érica Esmorís en 2015. O xurado da edición correspondente ao ano 2016, acordou outorgar o galardón á obra intitulada Todo o tempo do mundo, de David Pérez Iglesias.

Referencias varias:

- ELOS,“ Para lembrar”, *El Correo Gallego*, “*2domingo*”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, 13 marzo 2016, p. 4.

Refírese ao peche do prazo para a presentación de obras á trixésimo primeira edición do Premio Merlín de Literatura Infantil que convoca Edicións Xerais de Galicia. Así mesmo, achégase outra información relevante sobre este premio dotado con 10.000€.

IV Premio “**Muíño do Vento”** de Textos de Contraportada

Creado en 2013 pola Asociación Cultural Muíño do Vento, do barrio de Canido (Ferrol) para galardoar os textos de contracuberta e lapelas de libros de Literatura infantil e xuvenil publicados en galego no ano 2012 nos diferentes xéneros. O galardón consiste nun cadro do pintor ferrolán Poldo Rapela que se entregará ao autor do libro, con independencia de quen sexa o autor do texto da contracuberta e lapelas. As copias da capa e contracapa da obra e os datos persoais débense enviar a esta Asociación (Pintor Máximo Ramos, n.º 7-9, 2º C, 15401 Ferrol) ou envialas como arquivo adxunto de PDF ao correo electrónico directiva@muinhodovento.es.

III Certame **Mulleres de Lemos**

Co propósito de conmemorar o Día da Muller e promover as figuras femininas relevantes na historia das Terras de Lemos, o Colectivo Lemos Le convoca este certame. Estabelécense dúas modalidades: banda deseñada (para participantes de 12 a 18 anos) e
traballo de divulgación (a partir de 18 anos). Pode concorrer calquera persoa que presente un traballo en lingua galega, inédito e orixinal, antes do 30 de maio. Concédese un único premio en cada categoría, que consiste nun diploma, un lote de libros, un lote de produtos da Ribeira Sacra e unha peza de artesanía local. Nesta terceira edición os traballos debían versar sobre a figura de Lola de Penelas. Os gañadores foron, na modalidade de banda deseñada, Raúl Rodríguez, cun accésit para Víctor Domínguez; e na modalidade de traballo de divulgación, Paula Vázquez Verao, autora do texto *Lola de Penelas. Unha muller para o 8 de marzo*, e o CIM.

Premio de Microrrelatos **Mulleres Progresistas**

Ver o apartado X.1. deste *Informe*.

Premios **Nacionais de Literatura**

Ver o apartado X.5. deste *Informe*.

Premio **Nacional de Cómic**

Galardón outorgado polo Ministerio de Cultura de España dentro dos Premios Nacionais, creado en 2007 a fin de recoñecer o mellor cómic publicado en España en calquera das linguas cooficiais, ao longo do ano anterior á entrega do premio. Está dotado dunha contía de 20.000 €. No ano 2009 o premio para a mellor obra foi para o álbum *As serpes cegas* (2008), editado polo colectivo galego BD Banda, con guión do madrileño Felipe Hernández Cava e con debuxos do mallorquín Bartolomé Segui; no ano 2011 o galardón foi para Santiago Valenzuela por *Plaza Elíptica*; no ano 2012, o galardón concedéuselle a *Dublinés*, de Alfonso Zapico, publicado por Astiberri Ediciones; no 2013, o premio foi para Miguelanxo Prado por *Ardalén*; e no 2015 os premiados foron Santiago García e Javier Olivares por *Las Meninas*. Na edición correspondente ao ano 2016 o gañador foi Pablo Auladell (Alicante, 1972) coa obra *El paraíso perdido*.

Certame de relatos **O lugar onde vivo**

Ver o apartado X.1. deste *Informe*.

Certame Literario de Relatos Curtos **Os Viadutos**

Ver o apartado X.1. deste *Informe*.

Certame Literario da Asociación Cultural A **Pipa de Becerreá**

Ver o apartado X.5. deste *Informe*.

XIII Premio de Ilustración e Narración Infantil e Xuvenil **Pura e Dora Vázquez**

Convocado pola Deputación de Ourense dende o ano 2003 e dotado de 1.500 € para cada modalidade, ilustración e narración, e a publicación do libro. Na modalidade de narración os textos, en lingua galega, orixinais e inéditos deben presentarse en seis copias no Rexistro Xeral da Deputación Provincial de Ourense (Rúa Progreso, 32, 32003 Ourense) antes do día 31 de decembro de 2015. Na modalidade de ilustración, diríxese a ilustradores de calquera nacionalidade que presenten as súas ilustracións inéditas e orixinais, non menos de dez, tomando como base o texto premiado na modalidade de narración, no Rexistro Xeral antes do 31 de marzo de 2016. En anteriores edicións recibiron o galardón: *Adeliña*, de Celia Díaz no ano 2003, ilustrado por Luís Sendón; *Alende*, de Antón Cabaleiro en 2004, ilustrado por Jacobo Muñiz; *Por que Baldomero Quintáns*, de Raquel Laso Lorenzo en 2005, ilustrado por María Puertas; *A historia máis incrible que nunca liches*, de Breogán Riveiro en 2006, ilustrado por Alberto Vázquez; *O nariz de Fiz*, de Miro Villar en 2007, ilustrado por Lola Lorente; *Encontros ás agachadas*, de Concha Blanco en 2008, ilustrado por David Pintor; *Palabra era un universo paralelo*, de Xoán Babarro en 2009, ilustrado por Nuria Díaz; *O papaventos de Laura*, de María Canosa en 2010, ilustrado por Daniel Iglesias Padrón; *Rugando*, de Celia Díaz Núñez en 2011, ilustrado por Pilar Marcó; *Por qué está triste o miañas?*, de Ángela Fernández Rey en 2013; *O trasno de Bóveda*, de Luis Antonio Pérez en 2014; e *Bicha*, de Eli Ríos en 2015, ilustrado por Patricia Román

Ortega. Na edición correspondente ao ano 2016 resultou gañadora na modalidade de narración Montserrat Pis Marcos, coa obra *Dos estranos ollos de Damaluar e das aventuras* e na modalidade de ilustración, Francisco Pérez "Quico".

Referencias varias:

- Emma Araujo, "Monserrat Pis gana el premio narrativo Pura e Dora Vázquez", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Agenda", "Para todos los públicos", 25 febreiro 2016, p. L11.

Informa sobre a gañadora do premio e as súas verbas ao recibilo, nas que manifesta que é unha honra para ela o fallo do xurado. Ademais recolle a iniciativa da Deputación de Ourense de convocar un novo premio na modalidade de ilustración no que os participantes deberán tomar como base a obra premiada de Monserrat Pis, o que supón un dobre recoñecemento para ela.

- Alba Lago, "O ilustrador Francisco Pérez 'Quico', Premio Pura e Dora Vázquez", *La Voz de Galicia*, "Tendencias", 28 abril 2016, p. 43.

Dá conta do fallo do xurado, que salienta a orixinalidade e creatividade da obra gañadora, ademais do gran traballo que hai detrás dela. Aporta unha breve biografía do ilustrador premiado.

- ELOS, "Viñetas desde Ilustración Infantil e Xuvenil 'Pura e Dora Vázquez", *El Correo Gallego*, "*2domingo*", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Protagonistas eLIXidos", 8 maio 2016, p. 5.

Sinala que os galardoados neste certame foron Montserrat Pis, con *Dos estranos ollos de Damalouar e das aventuras que lle sucederon o día que desapareceron as súas zapatillas*, na modalidade de narrativa; e Francisco Pérez Villanueva 'Quico', na modalidade de ilustración. Recolle o nome dos membros do xurado e algúns comentarios sobre as creacións dos premiados.

- Candela Valle, "Los niños, protagonistas del premio Pura e Dora Vázquez", *La Región*, "Ourense", 25 outubro 2016, p. 9.

Ofrécese unha breve crónica da entrega dos premios á escritora Monserrat Pis Marcos e ao ilustrador Francisco Pérez "Quico", celebrada por vez primeira fóra do Pazo Provincial. Saliéntanse algunhas características de *Damaluar*, a obra gañadora.

_____, "Los niños, protagonistas del premio 'Pura e Dora", *Atlántico Diario*, "Sociedad", 25 outubro 2016, p. 38.

Dá conta da entrega da XIII edición do premio á escritora Monserrat Pis Marcos e ao ilustrador Francisco Pérez "Quico", arroupados pola música de Magín Blanco e polo público infantil do CEIP de Luíntra.

Premio **Raíña Lupa de Literatura Infantil e Xuvenil**

Convocado dende 1998 pola Deputación da Coruña cunha dotación de 6.500 €, ademais da edición da obra gañadora a través do Servizo Provincial de Publicacións ou doutra editorial. Dende o ano 2000, a súa convocatoria pasou a ser bienal. Segundo as bases, ao premio poden presentarse autores de calquera nacionalidade con obras en galego, con estrutura literaria de conto ou narración breve, orientadas ao mundo infantil ou xuvenil, inéditos e non premiados con anterioridade. A extensión é libre e pódense incluír ilustracións que fagan alusión ao argumento. Os orixinais deben presentarse por duplicado, en tamaño DIN-A4, por unha soa cara, numerados e grampados ou encadernados, baixo título e un lema, provistos de plica en que se faga constar o título e o lema no seu exterior e no seu interior os datos persoais do autor. A entrega de orixinais debe facerse na Deputación Provincial da Coruña (Avenida Alférez Provisional, n.º 2, 15006 A Coruña), indicando no sobre "Premio de Literatura Infantil Raíña Lupa". En edicións anteriores foron galardoadas *Cos pés no aire*, de Agustín Fernández Paz en 1998; *Velaí vai o verme*, de Mario Pereira Fernández en 1999; *Resalgario en Trasgalicia*, de Antonio Reigosa Carreiras en 2000; *O armiño dorme*, de Xosé A. Neira Cruz en 2002; *Tonecho de Rebordechao*, de Breogán Riveiro Vázquez en 2004; *Viaxe a Libunca*, de Antonio Yáñez Casal en 2006; *A peripecia de Roi*, de Carlos López Gómez en 2008; *Centauros do norte*, de Marcos Calveiro en 2010; *Reo*, de Xesús Fraga en 2013; e *Vidas cruzadas*, de Héctor Cajaraville.

Concurso **Relatos de Verán. *La Voz de Galicia***

Ver o apartado X.1. deste *Informe*.

Concurso **Teatro Infantil O Facho**

No ano 2008 a Asociación Cultural O Facho recuperou este concurso no que poden participar obras inéditas en lingua galega non representadas, nin premiadas noutros certames cun máximo de oitenta folios, presentadas por triplicado a dobre espazo por unha soa cara, baixo lema, e acompañadas dun sobre cos datos persoais do autor. Estabelécese un galardón único de 200 € e un lote de libros teatrais. Os orixinais deben enviarse por correo á Caixa de Correos n.º 46, Oficina Principal da Coruña, até o 15 de abril. Os premiados en edicións anteriores foron: Carlos Casares, por *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas*, en 1973; Euloxio Ruibal, por *O roubo do aparello*, en 1974; Manuel Lourenzo, por *Viaxe ao país de ningues*, en 1975; Dora Vázquez, por *Cascabel, o cabaliño do circo*, en 1976; Manuel Lourenzo, por *Todos os fillos de Galaad*, en 1979; Manuel Lourenzo, por *Viva Lanzarote*, en 1981; Manuel Lourenzo, por *O soño das cidades*, en 1986; Manuel Lourenzo, por *O bosque máxico de Xabarín*, en 1988; Carmen Blanco Sanjurjo, por *A fuga*, en 2012; Carlos Labraña, por *Espantallo*, en 2013; Carlos Labraña, por *Moito Morro Corporation Sociedade Ilimitada*, en 2014; e Carlos Labraña por *Estrela... fugaz?*, en 2015.

Certame Literario **Terras de Chamoso**

Ver o apartado X.5. deste *Informe*.

The White Ravens Galegos

A Internationale Jugendbibliothek de Munich publica anualmente unha selección das mellores obras de literatura infantil e xuvenil. En 2006 foi escollido *A cousa que máis doe do mundo*, de Paco Liván e Roger Olmos; en 2007 *A princesa do Caurel*, de Patacrúa e Javier Solchaga; en 2008 *Ovos duros*, de Marisa Núñez e ilustrado por Teresa Lima; *Ás de bolboreta*, de Rosa Aneiros, e *O último canto*, de Pablo Albo e Miguel Ángel Díez, en 2010; *O pintor do sombreiro de malvas*, de Marcos Calveiro, e *Contos para nenos que dormen deseguida*, de Pinto&Chinto, en 2011; *A viaxe de Olaf*, de Martín León Barreto, editado por Kalandraka, e *Zimbo*, de Arturo Abad e Joanna Concejo, editado por OQO, en 2012; *Bandada*, de María Julia Díaz Garrido e David Daniel Álvarez Hernández, en 2013; e *O meu pesadelo favorito*, de María Solar, e *Feliz Feroz*, de Miguel López, en 2015. Na edición correspondente ao ano 2016 foi escollida a obra *Teño uns pés perfectos*, de María Solar e Gusti.

IX Concurso literario **Verbas para... comunicar**

Certame convocado pola Concellaría de Xuventude do Concello de Soutomaior co fin de promover a lingua galega entre a mocidade. Pode participar calquera mozo ou moza matriculado nalgún curso da ESO, FP ou Bacharelato nos centros Manuel Padín Troiteiro ou Santiago Apóstol ou que estea empadroado no Concello de Soutomaior e que non supere os 18 anos. Os traballos serán inéditos, de temática libre, escritos en lingua galega e non superarán as doce liñas. Estabelécense dúas categorías: entre 12 e 14 anos (categoría A) e entre 15 e 18 anos (categoría B). Premiaranse seis traballos por cada categoría, mais todos os participantes recibirán un agasallo e o día de entrega do premios sortearase un dicionario de lingua galega entre o alumnado participante en cada colexio. Na edición correspondente ao ano 2016 os premiados da categoría A foron: Nayely Mariño Barciela, por "Soños"; Rime el Bahi, por "Visión"; Noemi Martínez Braña, por "Os sons"; María González Rodríguez, por "Chámome Abugoh Abdala e teño 9 anos"; Paula Castro Sobral, por "Sen título", e Gabriel Alonso Martínez, por "Por vós, esquecidos".
Na categoría B os premiados foron: Tamara Malvar Rodríguez, por "Ouvido á lúa"; Andrea Vilas Nieto, por "Comunicar"; Clara Álvarez Sobral, por "Anacos, birutas e gratas"; Iria Custodio Fabre, por "Anxo no inferno"; Noelia Carrera Pérez, por "Mente de dragón", e Aaron Telleria, por "Microrrelato lembranza da infancia".

Xogos Florais María Pita

Ver o apartado X.2. deste *Informe*.

Premios **Xuventude Crea**

Ver o apartado X.5. deste *Informe*.

X. 8. PREMIOS ESCOLARES E XUVENÍS

XXV Concurso Literario **Achegamento ao Libro**

Coa finalidade de animar os escolares a ocupar o seu lecer na creación literaria e propiciar neles unha reflexión sobre o mundo dos libros e a lectura como fonte irrenunciábel de pracer e de coñecemento, a Biblioteca Pública Municipal Don Francisco Mayán e a Delegación de Educación e Cultura do Concello de Cee, coa colaboración de Caixanova, convocan este concurso. Nel pode participar todo o alumnado de calquera dos centros educativos da bisbarra. Os traballos, en galego, deben ser orixinais e inéditos e ter unha extensión máxima de dous folios. Así mesmo, o seu tema debe estar relacionado co achegamento ao libro, buscando sempre fomentar o hábito de lectura da poboación. Entréganse, sen asinar, cos datos do autor nun sobre á parte, na Biblioteca Pública Municipal. Existen cinco premios de diferente contía (que vai en vales dos 50 € aos 90 €) para os distintos ciclos de Primaria e Secundaria, que se entregan en vales para material didáctico e libros, unha parte dos cales é doada pola entidade Caixanova. O xurado ten facultade para outorgar accésits ou declarar deserto o premio. Na XXV edición resultaron gañadores: na categoría de 1º ciclo de Primaria, Lucía Caamaño Cespón (Colexio Manuela Rial Mouzo), con "Señor Luis e a súa biblioteca"; no 2º ciclo de Primaria, Camilo-Pablo Rodríguez Espasandína (CEIP Vilarmide), con "A barquiña do avó"; no 3º ciclo de Primaria, Uxía Piñeiro Lago (CEIP O Pindo), con "A castaña chamada Libriño"; no 1º ciclo da ESO, Alexia Rey Vaamonde (Colexio Manuela Rial Mouzo), con "O libro orfo"; e no 2º ciclo de ESO, José Carlos Trillo Montero (Colexio Manuela Rial Mouzo), con "A letra A".

Referencias varias:

- J. M., "Más de 400 obras compitieron en los concursos de la biblioteca de Cee", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 15 maio 2016, p. 35.

Dá conta dos gañadores deste certame e do acto de entrega dos premios.

I Certame Literario de Relatos **Afonso Eanes**

Convocado pola Asociación cultural Afonso Eanes, está dirixido ao alumnado de ESO e Bacharelato da comarca de Barcala. Os traballos, de temática libre, deben ser orixinais, inéditos e escritos en lingua galega, cunha extensión máxima de 800 palabras, en letra Times New Roman, corpo 12. Deben enviarse por correo electrónico ao enderezo afonsoeanes@gmail.com. Os mellores relatos de cada categoría, ESO e Bacharelato, reciben como galardón un libro electrónico e un premio sorpresa. Nesta primeira edición o prazo de admisión dos orixinais rematou o 10 de maio e o veredicto do xurado emitiuse o Día das Letras Galegas. Na categoría da ESO, o xurado acordou outorgar o primeiro premio a Lara López Suárez, por "O terrón de azucre", e o segundo premio a Iria Souto Casaldoeiro, por "A leucemia", ambas as dúas alumnas do IES Xulián Magariños. Na catagoría de Bacharelato o premio foi declarado exento. O acto de entrega do premio tivo lugar o 20 de maio, no Auditorio da Casa da Cultura de Negreira.

Referencias varias:

- M. M. O., "Primeiro concurso literario coa cultural Afonso Eanes", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 31 marzo 2016, p. 33.

Infórmase de que a asociación cultural Afonso Eanes vén de presentar a primeira edición deste certame e achégase información sobre as súas bases.

Certame de microrrelatos da biblioteca municipal de **A Guarda**

Ver o apartado X.1. deste *Informe*.

Certame literario **Benjamín Paz**

Organizado polo CEIP Insua Bermúdez de Vilalba co gallo do Día das Letras Galegas, o premio ofrece a modalidade de literatura (poesía e relato) e de debuxo. Estabelécense tres premios coa dotación de 90 €, 75 € e 60 €. Na edición deste ano os gañadores en poesía foron Irene Martínez, Álex González e Iván Prado; e en relato, Tania Prado, Martín Rañal e Lucía Díaz.

Referencias varias:

- C. A., "El Ceip Insua Bermúdez entrega los premios del certamen Benjamín Paz", *El Progreso*, "A Chaira", 27 maio 2016, p. 19.

Informa do acto de entrega de premios, que se celebrará esa mesma tarde no auditorio Carmen Estévez e no que haberá un recital de poemas dos traballos galardoados, unha obra de teatro e actuacións musicais. Dá conta das persoas premiadas en cada modalidade.

XIII Premios **Buero de Teatro Joven**

Denominado até 2007 Premio Candilejas, que organizaban o Ministerio de Cultura, o Ministerio de Educación e Ciencia e a Fundación Coca-Cola Juan Manuel Sáinz de Vicuña, para promover o gusto e a afección polo teatro e estimular a creatividade artística da mocidade. Naceron en honra do insigne académico español Antonio Buero Vallejo, considerado un dos dramaturgos máis importantes da segunda metade do século XX. Contan con dúas categorías, a fase autonómica e a fase nacional, e diríxese a mozos entre 14 e 21 anos de centros escolares ou non escolares como asociacións ou centros culturais. Na fase autónomica existen as seguintes categorías: Centro Escolar, Finalista Autonómico, Centros Culturais e Mencións Especiais. Os premios consisten para o grupo teatral gañador da categoría de Centro Escolar e o grupo teatral pertencente a Centros Culturais, nun lote de material para a actividade teatral, unha copia da gravación da súa montaxe teatral e un lote de material didáctico sobre teatro; para o

Finalista Autonómico, nun galardón acreditativo e un lote de material didáctico sobre teatro; e as Mencións Especiais, nun diploma acreditativo. Pola súa banda, na fase nacional, estabelécense premios para os catro grupos finalistas: primeiro, segundo e terceiro clasificado na categoría de Centros Escolares e gañador na categoría de Centros Culturais. O galardón consiste nunha invitación pola organización, con todos os gastos pagos, para representar as súas obras no Teatro Nacional de Madrid no transcurso dunha gala na que se coñecen os gañadores e se entregan os galardóns. Ademais, son invitados todos os compoñentes de cada grupo a asistir, con todos os gastos pagos, a unha das feiras ou festivais nacionais durante cinco días, mentres os gañadores das Mencións Especiais reciben un galardón acreditativo. No ano 2013 tamén se incluíu un premio votado polo público a través dunha aplicación en liña. Na edición de 2016, en Galicia, recibiron o galardón da fase autonómica o grupo Vai no Dentista do IES Xelmírez (Compostela), na categoría de teatro escolar, polo espectáculo *O incidente*; e na categoría non escolar Lohengrin Teatro con *Sombras*. A entrega realizouse no teatro centro sociocultural Ágora da Coruña.

Referencias varias:

- ECG, "El Buero de teatro para Vai no dentista, del santiagués IES Arcebispo Xelmirez I", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 5 xuño 2015, p. 47.

Indica os gañadores do certame e fala da entrega de premios nunha gala na que varios actores profesionais actuaron a modo de tributo a grandes autores universais (Shakespeare, Calderón e Castelao).

- Amalia Gallego, "De teatro y vinos de premio", *Atlántico Diario*, "*Vida*", 12 xuño 2016, p. 23.

Infórmase do galardón autonómico recibido polo grupo vigués Lohengrin Teatro, nos premios Buero de Teatro Joven da Fundación Coca-Cola. Dise que o grupo pasa así á fase nacional, e consegue asemade o premio á mellor posta en escena, grazas á montaxe "Sombras", escrita por María Paz Alonso e dirixida por Pablo Iriarte.

- Margarito Flowers, "La fundación Coca Cola y los premios Buero de Teatro", *El Correo Gallego*, "Gente", 4 decembro 2016, p. 63.

Anúnciase a presentación en Galicia, no Teatro Principal de Santiago, da XIV edición destes premios. Indícase que no acto o grupo de teatro Vai no dentista, do IES Arcebispo Xelmírez I, gañador da pasada edición, representará a obra *O incidente*.

- A. I. S., "Alumnos del IES Xelmírez I ponen en escena la obra con la que ganaron los 'Buero' de teatro", *El Correo Gallego*, "Santiago", 5 decembro 2016, p. 16.

Sinala que o grupo Vai no dentista representa a obra gañadora, *O incidente*, unha adaptación da célebre *Ópera Pánica. Cabaret trágico*, escrita por A. Jodorowsky. Resúmese o argumento e o alcance do premio.

- Ana Iglesias, "Aplausos para la obra de Vai no Dentista distinguida por la Fundación Coca-Cola", *El Correo Gallego*, "Santiago", 6 decembro 2016, p. 25.

Breve crónica da posta en escena no Teatro Principal da obra gañadora da fase autonómica dos XIII Premios Buero de Teatro. Explícanse algunhas características da convocatoria e da obra escollida, *O Incidente*.

Iº Certame Literario Xuvenil **Carlos Casares**

Certame organizado pola Concellería de Cultura, Deportes, Educación, Festexos e Xuventude do Concello de Xinzo de Limia coa colaboración da Fundación Carlos Casares, Xavier Casares, Antón Riveiro Coello, Rafael Laso, centros educativos de Xinzo de Limia e Deputación de Ourense. Establece tres categorías: infantil, xuvenil e junior. Os traballos serán entregados na Casa da Cultura ou nos Centro de Ensino de Xinzo de Limia. Os gañadores desta primeira edición foron Óscar Rivero Salgado, con "Os días aprazados", Carla Domínguez Pérez, con "Suxeito de proba" e Marcos Fernández Olmos, con "Unha nova vida".

III Certame literario **Carmela Loureiro**

Premio convocado polo Concello de Ferrol e pola Coordenadora de Equipas de Normalización Lingüística de Ferrolterra no que poderá participar todo o alumnado dos centros de ensino non universitario do Concello de Ferrol e comarcas. Hai tres categorías por cada unha das modalidades: Categoría A (1º e 2º da ESO); Categoría B (3º e 4º da ESO) e Categoría C (Bacharelato e Ciclos). Existen dúas modalidades: microrrelatos e micropoesía. Na primeira o límite serán cento cincuenta palabras e o texto deberá comezar por "Alto aí, un momentiño...!"; na segunda modalidade, non se poderá exceder dos seis versos. Os textos deberá estar escritos en lingua galega, ser orixinais e inéditos. O agasallo consiste nunha tablet por cada categoría en cada unha das dúas modalidades. A deliberación divídese en dúas fases: fase interna (escolla de textos nun propio centro) e fase intercentros (intercambio entre os centros dos textos escollidos anteriormente).

IV Premio de Poesía **Carmen Villaverde**

Organiza o IES de Ordes. Gañou Alba Carnota Amor.

Referencias varias:

- M. M. O., "Fiesta de graduación y premio lírico del IES nº 1 en Ordes", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 31 maio 2016, p. 30.

Aproveitando a festa de graduación do alumnado de Bacharelato, entrégase o V Premio de Poesía Carmen Villaverde organizado polo mesmo IES a Alba Carnota Amor.

III Concurso de microrrelatos e micropoemas **Centros da Estrada**

Premio convocado por primeira vez en 2014 polo Equipo de Dinamización Lingüística do CEIP de Oca e organizado polos centros educativos do concello. Os textos deberán estar en galego e no modelo de microrrelatos non superar as cen palabras e en micropoemas ter como mínimo dous versos e como máximo oito. Existen tres categorías: Educación Primaria, Educación Secundaria e Bacharelato. Concederase un premio por categoría e por centro.

Concurso de relatos **Ciencia que conta**

Ver o apartado X.1. deste Informe.

VI Concurso de creación literaria **Concello de Betanzos**

Certame organizado polo Concello de Betanzos coa intención de promover a escrita creativa entre o alumnado de secundaria dos centros educativos do propio municipio. Poderán participar todo o alumnado que estea a cursar ESO, FP ou Bacharelato (até os 18 anos) nos centros de Betanzos. Hai dúas modalidades (relato e poesía) e dúas categorías: ESO e FP-Bacharelato. Os traballos serán inéditos, escritos en lingua galega e de temática libre. Na edición correspondente ao ano 2016 os premios entregáronse o 17 de maio no Edificio Liceo.

VI Concurso de microrrelatos do **Concello de Fene**

Certame organizado polo Concello de Fene e os equipos de normalización lingüística dos centros de ensino do municipio. Poderá participar calquera estudante destas escolas cun texto escrito en lingua galega que non poderá superar as cento cincuenta palabras, coa temática relacionada coas lembranzas e que necesariamente comezará co verso de Valente "É agora a hora...". O concurso consta de catro categorías (5º e 6º de Primaria; 1º e 2º da ESO; 3º e 4º da ESO; e Bacharelato e Ciclos Formativos) e existen dúas fases: unha interna e outra intercentros. Estabelécese un agasallo por categoría e os textos premiados serán publicados en formato papel e dixital. Na edición correspondente ao ano 2016 resultaron gañadores Joel Alvariño Villavedre, Paula Cutrín Calvo, Laura Rivera Cés e Ariadna Rocha López.

Certame de Relato Curto do **Concello de Mugardos**

Ver o apartado X.1. deste *Informe*.

V Concurso de Microrrelatos do **Concello de Silleda**

A Concellaría de Normalización Lingüística do Concello de Silleda convoca por primeira vez no ano 2012 este certame, no marco do Plan de Dinamización Lingüística do Concello, que recibiu unha subvención do goberno autonómico para levar a cabo numerosas actividades que contemplan actuacións en varios eidos e entre diferentes franxas de idade. As obras presentadas deben estar integramente feitas en lingua galega,

e poden concursar todas as persoas censadas en Silleda segundo dúas categorías: de 6 a 12 anos (categoría A) e de 13 anos en adiante (categoría B). Os microrrelatos non poden superar os cincocentos caracteres de extensión a ordenador ou de cen palabras a man, e a temática é libre. Deben presentarse no Concello, ou ben en rexistro ou ben a través do correo postal, impresos en DIN-A4 e firmados cun pseudónimo, acompañados dun sobre pechado onde por fóra estea escrito o pseudónimo e no interior unha tarxeta cos datos persoais. O galardón consiste nun e-book para o participante valorado en 100 € e nun lote de libros en galego para o centro educativo ao que pertenza, valorado en 50 €. Na edición correspondente ao ano 2016 a temática será "O meu soño".

Certame de Cómic Biblioteca Municipal **Daniel Castelao**

Organizado polo concello de Silleda. O mellor cómic recibirá 100€ en metálico e entradas para o parque acuático de Aquapark de Cerceda. Establécense tres categorías: infantil, educación primaria e educación secundaria. As obras premiadas desta primeira edición foron *As viaxes de Ambrosio por Terras de Silleda*, *A lenda de Penagauga* e *A Ponte do demo*.

Referencias varias:

- C. B., "Entrega de premios del concurso de cómics silledense", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 23 xuño 2016, p. 35.

Informa da entrega dos premios deste certame e destaca o nome de todas as pezas gañadoras.

V Certame Literario **Esther Dourado**

Premio convocado por primeira vez no ano 2012 polo centro de ensino CEP Pilar Maestú Sierra para rendir homenaxe a unha profesora que dedicou máis de vinte anos a formar estudantes de distintas xeracións. Está dirixido a alumnado de Primaria e ESO do Concello da Pobra do Caramiñal. Hai dúas modalidades: narrativa e debuxo (só para Infantil) En narrativa hai varias categorías: categoría B (1º e 2º Primaria, máximo dous folios), categoría C (3º e 4º de Primaria, máximo tres folios), categoría D (4º e 5º de Primaria, máximo cinco folios) e categoría E (ESO, máximo dez folios). Os premios consisten en vales de compra nas librarías e tendas de deportes da localidade. En debuxo os tres primeiros clasificados recibirán material escolar. Os primeiros clasificados nas categorías B, C e D recibirán un vale por 60 €, os segundos un vale por 50 € e os terceiros un vale por 30 € para mercar en calquera librería ou tenda de deportes do concello. Na categoría E o primeiro premio vale por 100 € e o segundo por 60 €.

IV Certame de Relato Curto da Federación Provincial de ANPA (**FANPA**) de Centros Públicos de Pontevedra

Certame convocado pola Federación Provincial de ANPA dos centros escolares públicos de Pontevedra, que conta coa colaboración do Concello de Pontevedra, a Deputacíón de Pontevedra, Kalandraka, Gadis, *Diario de Pontevedra* e NovaGalicia Banco. Os obxectivos son fomentar a creatividade no alumnado, potenciar a expresión e comprensión escrita, estimular o uso do galego nas familias, facilitar as posibilidades de publicación a novos creadores, apoiar os escritores noveis e crear un espazo común e familiar para a creación literaria. Os textos deberán ser orixinais, inéditos, non premiados e de temática libre. Deberán estar escritos en lingua galega. Poderán presentarse todo o alumnado dos centros públicos da provincia pontevedresa de primaria, secundaria e bacharelato. Tamén poderán presentarse as persoas adultas que convivan con eles. Cada autor ou autora só poderá presentar un relato que terá unha extensión mínima de duascentas palabras e máxima de trescentas. Os relatos enviaranse ao enderezo certame14@nontedurmas.org. Os premios son os mesmos para cada categoría: vale de 200 €, un lote de libros de Kalandraka e unha lámina autenticada polo ilustrador Pablo Otero. Na edición correspondente ao ano 2016 presentáronse 720 relatos, dos cales foron seleccionados 120.

Referencias varias:

- B. L., "Ledicia Costas amadriña o IV Certame de Relato Curto da Fanpa de Pontevedra", *Diario de Pontevedra*, "Cultural", "Pontevedra", 14 xaneiro 2016, p. 11.

Dá conta do amadriñamento por parte da escritoria Ledicia Costas do certame do que se estima que saian os escritores do futuro.

- Chus Gómez, "Os premios do IV Certame de Relato Curto, a Marín, Vigo, Poio e Pontevedra", *Diario de Pontevedra*, "Ciudad", "Pontevedra", 31 maio 2016, p. 9.

Dá conta da entrega do IV Certame de Relato Curto da Fanpa, concurso ao que se presentaron máis de 700 estudantes, docentes, nais e país. Guillermo Rodríguez González, con "A vida é soño", gañou en Educación Primaria; Paula Domínguez Barreiro, con "Cavilacións de sobremesa", en Secundaria; Dominique Haroun López, con "O caminante" en Bacharelato e FP, e Tamara Andrés, con "A eterna bailarina" na modalidade de adultos.

- Guillermo Rodríguez González, "A vida é soño", *Diario de Pontevedra*, "Cultura", "Vivir aquí", "IV Certame de relato curto", 23 xuño 2016, p. 61.

Sección que acolle relatos finalistas na cuarta edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Guillermo Rodríguez González, titulado "A vida é soño".

- Katia Alén Pérez, "A mansión encantada", *Diario de Pontevedra*, "Cultura", "Vivir aquí", "IV Certame de relato curto", 23 xuño 2016, p. 61.

Sección que acolle relatos finalistas na cuarta edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Katia Alén Pérez, titulado "A mansión encantada".

- Iago Álvarez Barreiro, "O neno espacial", *Diario de Pontevedra*, "Sociedad", "Vivir aquí", "IV Certame de relato curto", 24 xuño 2016, p. 61.

Sección que acolle relatos finalistas na cuarta edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Iago Álvarez Barreiro, titulado “O neno espacial”.

- Marta Alonso Montoto, “Cando as nubes choran”, *Diario de Pontevedra*, “Sociedad”, “Vivir aquí”, “IV Certame de relato curto”, 24 xuño 2016, p. 61.

Sección que acolle relatos finalistas na cuarta edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Marta Alonso Montoto, titulado “Cando as nubes choran”.

- Noa Álvarez Rey, “A illa do amencer”, *Diario de Pontevedra*, “Sociedad”, “Vivir aquí”, “IV Certame de relato curto”, 25 xuño 2016, p. 61.

Sección que acolle relatos finalistas na cuarta edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Noa Álvarez Rey, titulado “A illa do amencer”.

- Marcos Boullosa Álvarez, “A imaxinación de Berto”, *Diario de Pontevedra*, “Sociedad”, “Vivir aquí”, “IV Certame de relato curto”, 25 xuño 2016, p. 61.

Sección que acolle relatos finalistas na cuarta edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Marcos Boullosa Álvarez, titulado “A imaxinación de Berto”.

- María Calvar Giráldez, “As pegadas do pasado”, *Diario de Pontevedra*, “Sociedad”, “Vivir aquí”, “IV Certame de relato curto”, 26 xuño 2016, p. 61.

Sección que acolle relatos finalistas na cuarta edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por María Calvar Giráldez, titulado “As pegadas do pasado”.

- Lucas Camiño Costoya, “Pesadelo no alto do mar”, *Diario de Pontevedra*, “Sociedad”, “Vivir aquí”, “IV Certame de relato curto”, 26 xuño 2016, p. 61.

Sección que acolle relatos finalistas na cuarta edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Lucas Camiño Costoya, titulado “Pesadelo no alto do mar”.

- Ismael Boullosa Pouh, “A lúa queda durmida”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “IV Certame de relato curto”, 27 xuño 2016, p. 61.

Sección que acolle relatos finalistas na cuarta edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Ismael Boullosa Pouh, titulado “A lúa queda durmida”.

- Miguel Bouzas Rodríguez, “Carta do meu avó”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “IV Certame de relato curto”, 27 xuño 2016, p. 61.

Sección que acolle relatos finalistas na cuarta edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Miguel Bouzas Rodríguez, titulado “Carta do meu avó”.

- María Carbó Otero, “Ter ollos nos pés”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “IV Certame de relato curto”, 28 xuño 2016, p. 61.

Sección que acolle relatos finalistas na cuarta edición deste certame. Neste caso

reprodúcese o escrito por María Carbó Otero, titulado “Ter ollos nos pés”.

- Ana Belén Castro Pazos, “Ao meu marca páxinas gústalle ler”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “IV Certame de relato curto”, 28 xuño 2016, p. 61.

Sección que acolle relatos finalistas na cuarta edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Ana Belén Castro Pazos, titulado “Ao meu marca páxinas gústalle ler”.

- Leyre Castro del Río, “A sombra negra dos meus soños”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “IV Certame de relato curto”, 29 xuño 2016, p. 53.

Sección que acolle relatos finalistas na cuarta edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Leyre Castro del Río, titulado “A sombra negra dos meus soños”.

- África Bandín Mera, “Canoli”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “IV Certame de relato curto”, 29 xuño 2016, p. 53.

Sección que acolle relatos finalistas na cuarta edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por África Bandín Mera, titulado “Canoli”.

- Candela Estévez García, “Os segredos do Courel”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, “IV Certame de relato curto”, 30 xuño 2016, p. 61.

Sección que acolle relatos finalistas na cuarta edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Candela Estévez García, titulado “Os segredos do Courel”.

- Carlos Estévez Suarez, “Xogo diabólico”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, “IV Certame de relato curto”, 30 xuño 2016, p. 61.

Sección que acolle relatos finalistas na cuarta edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Carlos Estévez Suarez, titulado “Xogo diabólico”.

- Lucía Estévez Suárez, “Perdida”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, “IV Certame de relato curto”, 1 xullo 2016, p. 61.

Sección que acolle relatos finalistas na cuarta edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Lucía Estévez Suárez, titulado “Perdida”.

- Saúl Fariñas Rodríguez, “O principio da maxia”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, “IV Certame de relato curto”, 1 xullo 2016, p. 61.

Sección que acolle relatos finalistas na cuarta edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Saúl Fariñas Rodríguez, titulado “O principio da maxia”.

- María Fernández García, “A caixa do correo máxica”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, “IV Certame de relato curto”, 2 xullo 2016, p. 61.

Sección que acolle relatos finalistas na cuarta edición deste certame. Neste caso

reprodúcese o escrito por María Fernández García, titulado “A caixa do correo máxica”.

- Helena Fernández Gil, “Soa”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, “IV Certame de relato curto”, 2 xullo 2016, p. 61.

Sección que acolle relatos finalistas na cuarta edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Helena Fernández Gil, titulado “Soa”.

- Laura Fernández Gil, “A veciña de en fronte”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “IV Certame de relato curto”, 3 xullo 2016, p. 60.

Sección que acolle relatos finalistas na cuarta edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Laura Fernández Gil, titulado “A veciña de en fronte”.

- David Fernández Meira, “A fuxida”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “IV Certame de relato curto”, 3 xullo 2016, p. 60.

Sección que acolle relatos finalistas na cuarta edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por David Fernández Meira, titulado “A fuxida”.

- Carmen Fraga Álvarez, “O seu primeiro traballo”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “IV Certame de relato curto”, 4 xullo 2016, p. 45.

Sección que acolle relatos finalistas na cuarta edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Carmen Fraga Álvarez, titulado “O seu primeiro traballo”.

- Rita García Figueira, “Perdida”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “IV Certame de relato curto”, 4 xullo 2016, p. 45.

Sección que acolle relatos finalistas na cuarta edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Rita García Figueira, titulado “Perdida”.

- Yago García González, “O descoido”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “IV Certame de relato curto”, 5 xullo 2016, p. 53.

Sección que acolle relatos finalistas na cuarta edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Yago García González, titulado “O descoido”.

- Marta García Méndez, “Adeus, miña Alepo...”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “IV Certame de relato curto”, 5 xullo 2016, p. 53.

Sección que acolle relatos finalistas na cuarta edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Marta García Méndez, titulado “Adeus, miña Alepo...”.

- Marta Goyanes Sangiao, “A estrela que non brillaba”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “IV Certame de relato curto”, 6 xullo 2016, p. 53.

Sección que acolle relatos finalistas na cuarta edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Marta Goyanes Sangiao, titulado “A estrela que non brillaba”.

- Juan Gulías Rodríguez, “A leira negra”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “IV Certame de relato curto”, 6 xullo 2016, p. 53.

Sección que acolle relatos finalistas na cuarta edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Juan Gulías Rodríguez, titulado “A leira negra”.

- Violeta Huete Ruiz, “Esperando a Esther”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “IV Certame de relato curto”, 7 xullo 2016, p. 53.

Sección que acolle relatos finalistas na cuarta edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Violeta Huete Ruiz, titulado “Esperando a Esther”.

- Lara Irene Jiménez Bjärneryd, “Afortunada”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “IV Certame de relato curto”, 7 xullo 2016, p. 53.

Sección que acolle relatos finalistas na cuarta edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Lara Irene Jiménez Bjärneryd, titulado “Afortunada”.

- Carlos Martínez Crespo, “Tarde no bosque”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “IV Certame de relato curto”, 8 xullo 2016, p. 61.

Sección que acolle relatos finalistas na cuarta edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Carlos Martínez Crespo, titulado “Tarde no bosque”.

- Daniela Montoya Martínez, “As aventuras de Amelia”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “IV Certame de relato curto”, 8 xullo 2016, p. 61.

Sección que acolle relatos finalistas na cuarta edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Daniela Montoya Martínez, titulado “As aventuras de Amelia”.

- Xoán Moreiras Maceira, “A cova da moura misteriosa”, *Diario de Pontevedra*, “Sociedad”, “Vivir aquí”, “IV Certame de relato curto”, 9 xullo 2016, p. 60.

Sección que acolle relatos finalistas na cuarta edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Xoán Moreiras Maceira, titulado “A cova da moura misteriosa”.

- Martín Ogando Eiro, “A escultura misteriosa”, *Diario de Pontevedra*, “Sociedad”, “Vivir aquí”, “IV Certame de relato curto”, 9 xullo 2016, p. 60.

Sección que acolle relatos finalistas na cuarta edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Martín Ogando Eiro, titulado “A escultura misteriosa”.

- Miriam Oshi Seco, “Unha acampada especial”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “IV Certame de relato curto”, 10 xullo 2016, p. 60.

Sección que acolle relatos finalistas na cuarta edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Miriam Oshi Seco, titulado “Unha acampada especial”.

- Nerea Pallarés Barca, “Arte e… maxia”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “IV Certame de relato curto”, 10 xullo 2016, p. 60.

Sección que acolle relatos finalistas na cuarta edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Nerea Pallarés Barca, titulado “Arte e… maxia”.

- Elena Pérez Luaña, “A moda ideal”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “IV Certame de relato curto”, 11 xullo 2016, p. 45.

Sección que acolle relatos finalistas na cuarta edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Elena Pérez Luaña, titulado “A moda ideal”.

- Elia Puddu Sanmartín, “Un mundo sen cores”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “IV Certame de relato curto”, 11 xullo 2016, p. 45.

Sección que acolle relatos finalistas na cuarta edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Elia Puddu Sanmartín, titulado “Un mundo sen cores”.

- Bernal Rodríguez Carballo, “O meu día inesperado”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “IV Certame de relato curto”, 12 xullo 2016, p. 45.

Sección que acolle relatos finalistas na cuarta edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Bernal Rodríguez Carballo, titulado “O meu día inesperado”.

- Nerea Reboredo Cortés, “A boneca encantada”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “IV Certame de relato curto”, 12 xullo 2016, p. 45.

Sección que acolle relatos finalistas na cuarta edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Nerea Reboredo Cortés, titulado “A boneca encantada”.

- Irai Rodríguez Fernández, “Regreso ao pasado?”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”,“Cultura”, “IV Certame de relato curto”, 13 xullo 2016, p. 53.

Sección que acolle relatos finalistas na cuarta edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Irai Rodríguez Fernández, titulado “Regreso ao pasado?”.

- Lola Rodríguez Guimeráns, “O balón invisible”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”,“Cultura”, “IV Certame de relato curto”, 13 xullo 2016, p. 53.

Sección que acolle relatos finalistas na cuarta edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Lola Rodríguez Guimeráns, titulado “O balón invisible”.

- Pedro Rosendo García, “Pepito e Benito, nunha aventura ata o infinito”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”,“Cultura”, “IV Certame de relato curto”, 14 xullo 2016, p. 61.

Sección que acolle relatos finalistas na cuarta edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Pedro Rosendo García, titulado “Pepito e Benito, nunha aventura ata o infinito”.

- Carmela Sanjorge García, “O libro de Nadima”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, “IV Certame de relato curto”, 14 xullo 2016, p. 61.

Sección que acolle relatos finalistas na cuarta edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Carmela Sanjorge García, titulado “O libro de Nadima”.

- Lois Sanmartín Valiño, “Entre todos”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Sociedad”, “IV Certame de relato curto”, 15 xullo 2016, p. 53.

Sección que acolle relatos finalistas na cuarta edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Lois Sanmartín Valiño, titulado “Entre todos”.

- Jimena Siaba Crespo, “Será cousa do demo?”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Sociedad”, “IV Certame de relato curto”, 15 xullo 2016, p. 53.

Sección que acolle relatos finalistas na cuarta edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Jimena Siaba Crespo, titulado “Será cousa do demo?”.

- Carla Veiga Corujeira, “A serea”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Sociedad”, “IV Certame de relato curto”, 16 xullo 2016, p. 69.

Sección que acolle relatos finalistas na cuarta edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Carla Veiga Corujeira, titulado “A serea”.

- Pablo Vidal Agra, “A rebelión dos animais”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Sociedad”, “IV Certame de relato curto”, 16 xullo 2016, p. 69.

Sección que acolle relatos finalistas na cuarta edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Pablo Vidal Agra, titulado “A rebelión dos animais”.

- Alba Villar Crugeiras, “Unha aventura en Pontevedra”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “IV Certame de relato curto”, 17 xullo 2016, p. 60.

Sección que acolle relatos finalistas na cuarta edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Alba Villar Crugeiras, titulado “Unha aventura en Pontevedra”.

- André Vilas Ledo, “O raposo Luke”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “IV Certame de relato curto”, 17 xullo 2016, p. 60.

Sección que acolle relatos finalistas na cuarta edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por André Vilas Ledo, titulado “O raposo Luke”.

- Paula Domínguez Barreiro, “Cavilacións de sobremesa”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “IV Certame de relato curto”, 18 xullo 2016, p. 45.

Sección que acolle relatos finalistas na cuarta edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Paula Domínguez Barreiro, titulado “Cavilacións de sobremesa”.

- Mariña Area Falcón, “Camiño cortado”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “IV Certame de relato curto”, 18 xullo 2016, p. 45.

Sección que acolle relatos finalistas na cuarta edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Mariña Area Falcón, titulado “Camiño cortado”.

- Dario Camaño Barreiro, “O meu soño”, *Diario de Pontevedra*, “DeVerano”, “IV Certame de relato curto”, 19 xullo 2016, p. 13.

Sección que acolle relatos finalistas na cuarta edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Dario Camaño Barreiro, titulado “O meu soño”.

- Mirian Castelo Castro, “Tobi, un precioso can”, *Diario de Pontevedra*, “DVerano”, “IV Certame de relato curto”, 20 xullo 2016, p. 15.

Sección que acolle relatos finalistas na cuarta edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Mirian Castelo Castro, titulado “Tobi, un precioso can”.

- Olalla Castrillo Sánchez, “Na metade da ponte”, *Diario de Pontevedra*, “DVerano”, “IV Certame de relato curto”, 20 xullo 2016, p. 15.

Sección que acolle relatos finalistas na cuarta edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Olalla Castrillo Sánchez, titulado “Na metade da ponte”.

- Ainhoa Chapela Fernández, “Unha historia máis”, *Diario de Pontevedra*, “DeVerano”, “IV Certame de relato curto”, 21 xullo 2016, p. 15.

Sección que acolle relatos finalistas na cuarta edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Ainhoa Chapela Fernández, titulado “Unha historia máis”.

- Isolda Comesaña Alcaraz, “Sal”, *Diario de Pontevedra*, “DeVerano”, “IV Certame de relato curto”, 21 xullo 2016, p. 15.

Sección que acolle relatos finalistas na cuarta edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Isolda Comesaña Alcaraz, titulado “Sal”.

- Javier Comesaña Franco, “O maletín”, *Diario de Pontevedra*, “DVerano”, “IV Certame de relato curto”, 22 xullo 2016, p. 15.

Sección que acolle relatos finalistas na cuarta edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Javier Comesaña Franco, titulado “O maletín”.

- Estela Domínguez Reboreda, “Diamond eyes”, *Diario de Pontevedra*, “DVerano”, “IV Certame de relato curto”, 22 xullo 2016, p. 15.

Sección que acolle relatos finalistas na cuarta edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Estela Domínguez Reboreda, titulado “Diamond eyes”.

- Sandra Ferreiro García, “O monstro do bosque”, *Diario de Pontevedra*, “DVerano”, “IV Certame de relato curto”, 23 xullo 2016, p. 15.

Sección que acolle relatos finalistas na cuarta edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Sandra Ferreiro García, titulado “O monstro do bosque”.

- Paula Franco Cordeiro, “Que está pasando?”, *Diario de Pontevedra*, “DVerano”, “IV Certame de relato curto”, 23 xullo 2016, p. 15.

Sección que acolle relatos finalistas na cuarta edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Paula Franco Cordeiro, titulado “Que está pasando?”.

- Sandra Gargamala Sánchez, “A campesiña na guerra”, *Diario de Pontevedra*, “DVerano”, “IV Certame de relato curto”, 24 xullo 2016, p. 17.

Sección que acolle relatos finalistas na cuarta edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Sandra Gargamala Sánchez, titulado “A campesiña na guerra”.

- Leire Gil Justo, “Ela”, *Diario de Pontevedra*, “DVerano”, “IV Certame de relato curto”, 24 xullo 2016, p. 17.

Sección que acolle relatos finalistas na cuarta edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Leire Gil Justo, titulado “Ela”.

- Tais González Álvarez, “Por que gris?”, *Diario de Pontevedra*, “DVerano”, “IV Certame de relato curto”, 25 xullo 2016, p. 16.

Sección que acolle relatos finalistas na cuarta edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Tais González Álvarez, titulado “Por que gris?”.

- Érika Leal Falcón, “In the darkness”, *Diario de Pontevedra*, “DVerano”, “IV Certame de relato curto”, 25 xullo 2016, p. 16.

Sección que acolle relatos finalistas na cuarta edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Érika Leal Falcón, titulado “In the darkness”.

- Genoveva Longueira Pereira, “O País do Revés”, *Diario de Pontevedra*, “DVerano”, “IV Certame de relato curto”, 26 xullo 2016, p. 13.

Sección que acolle relatos finalistas na cuarta edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Genoveva Longueira Pereira, titulado “O País do Revés”.

- Lucía de Lorenzo Serrano, “Historias que trae o mar”, *Diario de Pontevedra*, “DVerano”, “IV Certame de relato curto”, 26 xullo 2016, p. 13.

Sección que acolle relatos finalistas na cuarta edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Lucía de Lorenzo Serrano, titulado “Historias que trae o mar”.

- Alba Mato Búa, “O espello”, *Diario de Pontevedra*, “DVerano”, “IV Certame de relato curto”, 27 xullo 2016, p. 13.

Sección que acolle relatos finalistas na cuarta edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Alba Mato Búa, titulado “O espello”.

- Francisco Miranda Iglesias, “A viaxe de Jules”, *Diario de Pontevedra*, “DVerano”, “IV Certame de relato curto”, 27 xullo 2016, p. 13.

Sección que acolle relatos finalistas na cuarta edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Francisco Miranda Iglesias, titulado “A viaxe de Jules”.

- Elia Pedrosa Vidal, “Inverno”, *Diario de Pontevedra*, “DVerano”, “IV Certame de relato curto”, 28 xullo 2016, p. 13.

Sección que acolle relatos finalistas na cuarta edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Elia Pedrosa Vidal, titulado “Inverno”.

- Carlos Polo López, “A gran perda”, *Diario de Pontevedra*, “DVerano”, “IV Certame de relato curto”, 28 xullo 2016, p. 13.

Sección que acolle relatos finalistas na cuarta edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Carlos Polo López, titulado “A gran perda”.

- Daniel Redondo Contreras, “Lupus, a miña amiga”, *Diario de Pontevedra*, “De Verano”, “IV Certame de relato curto”, 29 xullo 2016, p. 15.

Sección que acolle relatos finalistas na cuarta edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Daniel Redondo Contreras, titulado “Lupus, a miña amiga”.

- Ismael Rodríguez Iglesias, “Cousas da crema da filantropía”, *Diario de Pontevedra*, “De Verano”, “IV Certame de relato curto”, 29 xullo 2016, p. 15.

Sección que acolle relatos finalistas na cuarta edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Ismael Rodríguez Iglesias, titulado “Cousas da crema da filantropía”.

- Marcela Rodríguez Portas, “Realidade”, *Diario de Pontevedra*, “DVerano”, “IV Certame de relato curto”, 30 xullo 2016, p. 15.

Sección que acolle relatos finalistas na cuarta edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Marcela Rodríguez Portas, titulado “Realidade”.

- Adrián Rubines Casal, “A vista dende a miña ventá”, *Diario de Pontevedra*, “DVerano”, “IV Certame de relato curto”, 30 xullo 2016, p. 15.

Sección que acolle relatos finalistas na cuarta edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Adrián Rubines Casal, titulado “A vista dende a miña ventá”.

- Begoña Salgueiro García, “Amencer verde”, *Diario de Pontevedra*, “DVerano”, “IV Certame de relato curto”, 31 xullo 2016, p. 17.

Sección que acolle relatos finalistas na cuarta edición deste certame. Neste caso

reprodúcese o escrito por Begoña Salgueiro García, titulado “Amencer verde”.

- Eva Salvado Fernández, “Parte de min”, *Diario de Pontevedra*, “DVerano”, “IV Certame de relato curto”, 31 xullo 2016, p. 17.

Sección que acolle relatos finalistas na cuarta edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Eva Salvado Fernández, titulado “Parte de min”.

- María Torres Barreiro, “Olladas de mel”, *Diario de Pontevedra*, “DVerano”, “IV Certame de relato curto”, 1 agosto 2016, p. 13.

Sección que acolle relatos finalistas na cuarta edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por María Torres Barreiro, titulado “Olladas de mel”.

- Ainhoa Vivel Couso, “Pombas brancas e garzas morenas”, *Diario de Pontevedra*, “DVerano”, “IV Certame de relato curto”, 1 agosto 2016, p. 13.

Sección que acolle relatos finalistas na cuarta edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Ainhoa Vivel Couso, titulado “Pombas brancas e garzas morenas”.

- Dominique Haroun López, “O camiñante”, *Diario de Pontevedra*, “DVerano”, “IV Certame de relato curto”, 2 agosto 2016, p. 13.

Sección que acolle relatos finalistas na cuarta edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Dominique Haroun López, titulado “O camiñante”.

- Luis Miguel Agra Álvarez, “Feiticeiro recendo”, *Diario de Pontevedra*, “DVerano”, “IV Certame de relato curto”, 2 agosto 2016, p. 13.

Sección que acolle relatos finalistas na cuarta edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Luis Miguel Agra Álvarez, titulado “Feiticeiro recendo”.

- Julia Baena Paz, “Amor moído”, *Diario de Pontevedra*, “DVerano”, “IV Certame de relato curto”, 3 agosto 2016, p. 13.

Sección que acolle relatos finalistas na cuarta edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Julia Baena Paz, titulado “Amor moído”.

- Sara Caride Blanco, “Pegadas”, *Diario de Pontevedra*, “DVerano”, “IV Certame de relato curto”, 3 agosto 2016, p. 13.

Sección que acolle relatos finalistas na cuarta edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Sara Caride Blanco, titulado “Pegadas”.

- Carla Castiñeiras García, “Lembranzas”, *Diario de Pontevedra*, “DVerano”, “IV Certame de relato curto”, 4 agosto 2016, p. 15.

Sección que acolle relatos finalistas na cuarta edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Carla Castiñeiras García, titulado “Lembranzas”.

- Paula Estévez Casado, “O príncipe enfeitizado”, *Diario de Pontevedra*, “DVerano”, “IV Certame de relato curto”, 4 agosto 2016, p. 15.

Sección que acolle relatos finalistas na cuarta edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Paula Estévez Casado, titulado “O príncipe enfeitizado”.

- Laura Fernández Martínez, “Viaxeira”, *Diario de Pontevedra*, “DVerano”, “IV Certame de relato curto”, 5 agosto 2016, p. 13.

Sección que acolle relatos finalistas na cuarta edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Laura Fernández Martínez, titulado “Viaxeira”.

- Rocío Franco González, “Verbas no ar”, *Diario de Pontevedra*, “DVerano”, “IV Certame de relato curto”, 5 agosto 2016, p. 13.

Sección que acolle relatos finalistas na cuarta edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Rocío Franco González, titulado “Verbas no ar”.

- Nerea Goyás González, “Que é a vida?”, *Diario de Pontevedra*, “DVerano”, “IV Certame de relato curto”, 6 agosto 2016, p. 13.

Sección que acolle relatos finalistas na cuarta edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Nerea Goyás González, titulado “Que é a vida?”.

- Alberto Juncal Rodríguez, “Xeado de recordos”, *Diario de Pontevedra*, “DVerano”, “IV Certame de relato curto”, 6 agosto 2016, p. 13.

Sección que acolle relatos finalistas na cuarta edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Alberto Juncal Rodríguez, titulado “Xeado de recordos”.

- Lucía Pérez Vidal, “Mirando a outro lado”, *Diario de Pontevedra*, “DVerano”, “IV Certame de relato curto”, 7 agosto 2016, p. 13.

Sección que acolle relatos finalistas na cuarta edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Lucía Pérez Vidal, titulado “Mirando a outro lado”.

- Fabio Rivas Pardo, “Esquezo”, *Diario de Pontevedra*, “DVerano”, “IV Certame de relato curto”, 7 agosto 2016, p. 13.

Sección que acolle relatos finalistas na cuarta edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Fabio Rivas Pardo, titulado “Esquezo”.

- Andrea Taboada Rodríguez, “A despedida”, *Diario de Pontevedra*, “DVerano”, “IV Certame de relato curto”, 8 agosto 2016, p. 13.

Sección que acolle relatos finalistas na cuarta edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Andrea Taboada Rodríguez o, titulado “A despedida”.

- Ramón Torres Chaves, “Sicario”, *Diario de Pontevedra*, “DVerano”, “IV Certame de relato curto”, 8 agosto 2016, p. 13.

Sección que acolle relatos finalistas na cuarta edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Ramón Torres Chaves, titulado “Sicario”.

- Julia Viqueira Valero, “O tráxico de cerrar un libro”, *Diario de Pontevedra*, “DVerano”, “IV Certame de relato curto”, 9 agosto 2016, p. 13.

Sección que acolle relatos finalistas na cuarta edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Julia Viqueira Valero, titulado “O tráxico de cerrar un libro”.

- Tamara Andrés Padín, “A eterna bailarina”, *Diario de Pontevedra*, “DVerano”, “IV Certame de relato curto”, 9 agosto 2016, p. 13.

Sección que acolle relatos finalistas na cuarta edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Tamara Andrés Padín, titulado “A eterna bailarina”.

- Manuel Cuervo Soto, “Mortos viventes”, *Diario de Pontevedra*, “DVerano”, “IV Certame de relato curto”, 10 agosto 2016, p. 15.

Sección que acolle relatos finalistas na cuarta edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Manuel Cuervo Soto, titulado “Mortos viventes”.

- María Dios Fernández, “A viaxe de Candela”, *Diario de Pontevedra*, “DVerano”, “IV Certame de relato curto”, 10 agosto 2016, p. 15.

Sección que acolle relatos finalistas na cuarta edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por María Dios Fernández, titulado “A viaxe de Candela”.

- José Manuel Domínguez Ventín, “Querida miña”, *Diario de Pontevedra*, “DVerano”, “IV Certame de relato curto”, 11 agosto 2016, p. 15.

Sección que acolle relatos finalistas na cuarta edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por José Manuel Domínguez Ventín, titulado “Querida miña”.

- Xaime Estévez Vila, “Tímido e calado”, *Diario de Pontevedra*, “DVerano”, “IV Certame de relato curto”, 11 agosto 2016, p. 15.

Sección que acolle relatos finalistas na cuarta edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Xaime Estévez Vila, titulado “Tímido e calado”.

- José Manuel Fernández González, “Un mundo de absurdos”, *Diario de Pontevedra*, “DVerano”, “IV Certame de relato curto”, 12 agosto 2016, p. 15.

Sección que acolle relatos finalistas na cuarta edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por José Manuel Fernández González, titulado “Un mundo de absurdos”.

- Xabier García Rodríguez, “Solpor”, *Diario de Pontevedra*, “DVerano”, “IV Certame de relato curto”, 12 agosto 2016, p. 15.

Sección que acolle relatos finalistas na cuarta edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Xabier García Rodríguez, titulado “Solpor”.

- Kike Gómez Fernández, “A Santa Coada”, *Diario de Pontevedra*, “DVerano”, “IV Certame de relato curto”, 13 agosto 2016, p. 13.

Sección que acolle relatos finalistas na cuarta edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Kike Gómez Fernández, titulado “A Santa Coada”.

- Esther Jurado García, “Nós”, *Diario de Pontevedra*, “DVerano”, “IV Certame de relato curto”, 13 agosto 2016, p. 13.

Sección que acolle relatos finalistas na cuarta edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Esther Jurado García, titulado “Nós”.

- Federico Limeres Arias, “Un laxeiro da última época”, *Diario de Pontevedra*, “DVerano”, “IV Certame de relato curto”, 14 agosto 2016, p. 17.

Sección que acolle relatos finalistas na cuarta edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Federico Limeres Arias, titulado “Un laxeiro da última época”.

- Xosé Alfredo Naz Fernández, “A ponte”, *Diario de Pontevedra*, “DVerano”, “IV Certame de relato curto”, 14 agosto 2016, p. 17.

Sección que acolle relatos finalistas na cuarta edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Xosé Alfredo Naz Fernández, titulado “A ponte”.

- Pablo Nogueira Campo, “Punto e á parte”, *Diario de Pontevedra*, “DVerano”, “IV Certame de relato curto”, 15 agosto 2016, p. 13.

Sección que acolle relatos finalistas na cuarta edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Pablo Nogueira Campo, titulado “Punto e á parte”.

- Cristina Posada Castro, “Maldita gaivota”, *Diario de Pontevedra*, “DVerano”, “IV Certame de relato curto”, 15 agosto 2016, p. 13.

Sección que acolle relatos finalistas na cuarta edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Cristina Posada Castro, titulado “Maldita gaivota”.

- Begoña Recondo Burgo, “Xaime”, *Diario de Pontevedra*, “DVerano”, “IV Certame de relato curto”, 16 agosto 2016, p. 13.

Sección que acolle relatos finalistas na cuarta edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Begoña Recondo Burgo, titulado “Xaime”.

- María Ángeles Regal Llamas, “Lonxe da realidade”, *Diario de Pontevedra*, “DVerano”, “IV Certame de relato curto”, 16 agosto 2016, p. 13.

Sección que acolle relatos finalistas na cuarta edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por María Ángeles Regal Llamas, titulado “Lonxe da realidade”.

- Nirioxis Rodríguez Pérez, “Os escribas de almas”, *Diario de Pontevedra*, “DVerano”, “IV Certame de relato curto”, 17 agosto 2016, p. 15.

Sección que acolle relatos finalistas na cuarta edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Nirioxis Rodríguez Pérez, titulado “Os escribas de almas”.

- Sabela Seoane Lorenzo, “O sorriso dos domingos”, *Diario de Pontevedra*, “DVerano”, “IV Certame de relato curto”, 17 agosto 2016, p. 15.

Sección que acolle relatos finalistas na cuarta edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Sabela Seoane Lorenzo, titulado “O sorriso dos domingos”.

- José Ricardo Soto Caride, “A viaxe de Laín e Aloia”, *Diario de Pontevedra*, “DVerano”, “IV Certame de relato curto”, 18 agosto 2016, p. 15.

Sección que acolle relatos finalistas na cuarta edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por José Ricardo Soto Caride, titulado “A viaxe de Laín e Aloia”.

- Judith Souto Valiñas, “Adicción”, *Diario de Pontevedra*, “DVerano”, “IV Certame de relato curto”, 18 agosto 2016, p. 15.

Sección que acolle relatos finalistas na cuarta edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Judith Souto Valiñas, titulado “Adicción”.

- Virginia Suárez Iglesias, “Non confíes”, *Diario de Pontevedra*, “DVerano”, “IV Certame de relato curto”, 19 agosto 2016, p. 15.

Sección que acolle relatos finalistas na cuarta edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Virginia Suárez Iglesias, titulado “Non confíes”.

- Laura Suárez Rodríguez, “Unha viaxe fantástica”, *Diario de Pontevedra*, “DVerano”, “IV Certame de relato curto”, 19 agosto 2016, p. 15.

Sección que acolle relatos finalistas na cuarta edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Laura Suárez Rodríguez, titulado “Unha viaxe fantástica”.

- Fernando Tomé Rodríguez, “Shhhhhhhhhhh”, *Diario de Pontevedra*, “DVerano”, “IV Certame de relato curto”, 20 agosto 2016, p. 13.

Sección que acolle relatos finalistas na cuarta edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Fernando Tomé Rodríguez, titulado “Shhhhhhhhhhh”.

- Germán Manuel Torres de Aboal, “Tren a ningures”, *Diario de Pontevedra*, “DVerano”, “IV Certame de relato curto”, 20 agosto 2016, p. 13.

Sección que acolle relatos finalistas na cuarta edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Germán Manuel Torres de Aboal, titulado “Tren a ningures”.

- Fernando Vaquero Farto, “Un conto de inverno”, *Diario de Pontevedra*, “DVerano”, “IV Certame de relato curto”, 21 agosto 2016, p. 15.

Sección que acolle relatos finalistas na cuarta edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Fernando Vaquero Farto, titulado “Un conto de inverno”.

- Cristina Vázquez Santos, “Horizonte de sucesos”, *Diario de Pontevedra*, “DVerano”, “IV Certame de relato curto”, 21 agosto 2016, p. 15.

Sección que acolle relatos finalistas na cuarta edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Cristina Vázquez Santos, titulado “Horizonte de sucesos”.

Iº Concurso Fotográfico **Campus da Auga-Scholaris**

O campus universitario de Ourense convoca este certame dirixido a estudantes da ESO e Bacharelato das provincias de Ourense e Pontevedra. A edición de 2016 tivo como eixe central os dereitos humanos e as persoas interesadas debían enviar unha fotografía acompañada dun relato. O certame conta con tres premios, sendo os dous primeiros tablets e o terceiro un lote de libros.

Referencias varias:

- S. N., “Actos enfocados a los escolares”, *La Región*, “*Día mundial del agua*”, “Ourense”, 22 marzo 2015, p. 2.

No marco das actividades organizadas para celebrar o Día Internacional da Auga, infórmase da convocatoria deste concurso que mestura fotografía e literatura. Danse as normas de participación e o prazo de entrega.

Concurso de Relatos Curtos da Fundación **Fernando Blanco de Lema**

Creado en 2013 pola Fundación Fernando Blanco de Lema (Cee, A Coruña), coa colaboración da Deputación Provincial da Coruña e da Estación de Servicio Bazarra. Este concurso, centrado no tema da emigración, diríxese ao alumando dos centros escolares dos concellos de Carnota, Camariñas, Cee, Corcubión, Dumbría, Fisterra, Mazaricos, Muxía, Vimianzo e Zas. Presentáronse un total de douscentos vinte e nove relatos, nas dúas categorías: A (2º e 3º Ciclo de Primaria) e B (ESO), e os premios consisten nas dúas categorías en 150 € e un diploma para o primeiro premio; 100 € e un diploma, para o segundo; e 50 € e un diploma para o terceiro premio.

Referencias varias:

- J. M. R, “Concursos de relatos y dibujos Fernando Blanco”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 15 febreiro 2016, p. 38.

Anúnciase a convocatoria deste premio, as bases do mesmo e o prazo de entrega.

XVII Concurso de debuxo e relato da **Filloa**

Organizado pola comisión organizadora da MOEXMU (Mostra Exposición de Muimenta), poden participar os estudantes de Educación Primaria e Secundaria de calquera centro público ou privado dos concellos de Abadín, Begonte, Castro de Rei, Cospeito, Guitiriz, Meira, A Pastoriza, Rábade e Vilalba. Estabelécense tres categorías: até os sete anos, de oito a once e de doce a dezaoito e hai tres premios por categoría (gañador, finalista e semifinalista). O formato debe ser de dous folios como mínimo e cinco como máximo, manuscritos ou mecanografados, por unha soa cara. Os traballos deben entregarse sen asinar indicando no encabezamento o título e/ou lema adoptado polo autor, xunto dun sobre cos datos persoais do autor, na Mostra Exposición de Muimenta-MOEXMU (Asociación de Empresarios de Muimenta, Recinto Feiral “Manuel Vila López”, s/n, Muimenta, 27377, Cospeito). O xurado estará formado polo presidente e un membro da comisión organizadora da MOEXMU, o alcalde do Concello de Cospeito ou un representante deste, un membro da xunta directiva da Asociación de Comerciantes, Empresarios, Profesionais, Gandeiros e Autónomos de Muimenta; un representante da Universidade de Santiago de Compostela, un empregado da entidade financieira patrocinadora do concurso e dúas persoas independentes das anteditas organizacións. Na edición correspondente ao ano 2016 o gañador na categoria de relato foi Manuel Teijido Caínzos.

Certame **Francisco Añón de Poesía**

Ver o apartado X.2. deste *Informe*.

Concurso literario **Historias de *El Progreso***

Certame organizado polo Colexio PP. Franciscanos, co patrocinio da AMPA e a colaboración d´El Progreso e de Anaya. Cada ano decídese a quen se dedica o premio e, nesta ocasión, foi El Progreso. Pódese presentar o alumnado do centro e con traballos escritos en galego ou castelán.

Referencias varias:

- Vera López Meilán, “A princesa guerreira”, *El Progreso*, “*Pícaros*”, “Seis pequenas historias contadas por nenos de primaria e secundaria”, 21 maio 2016, p. 6.

Sección que acolle relatos premiados no certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Vera López Meilán titulado “A princesa guerreira Eva”.

- Amparo Corredoira Coira, “O ratiño traveso”, *El Progreso*, “*Pícaros*”, “Seis pequenas historias contadas por nenos de primaria e secundaria”, 21 maio 2016, p. 6.

Sección que acolle relatos premiados no certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Amparo Corredoira Coira titulado “O ratiño traveso”.

- Lucía Fouce López, “Canto deu de si a Feira do Libro”, *El Progreso*, “*Pícaros*”, “Seis pequenas historias contadas por nenos de primaria e secundaria”, 21 maio 2016, p. 6.

Sección que acolle relatos premiados no certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Lucía Fouce López titulado “Canto deu de si a Feira do Libro”.

- Miguel Vázquez Polo, “O amor imaxinario”, *El Progreso*, “*Pícaros*”, “Seis pequenas historias contadas por nenos de primaria e secundaria”, 21 maio 2016, p. 7.

Sección que acolle relatos premiados no certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Miguel Vázquez Polo titulado “O amor imaxinario”

- Manuel Fernandez López, “Código cifrado”, *El Progreso*, “*Pícaros*”, “Seis pequenas historias contadas por nenos de primaria e secundaria”, 21 maio 2016, p. 7.

Sección que acolle relatos premiados no certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Manuel Fernandez López, “Código cifrado”.

- Jasiel Rivera Estrada, “Kobe na Feira do Libro”, *El Progreso*, “*Pícaros*”, “Seis pequenas historias contadas por nenos de primaria e secundaria”, 21 maio 2016, p. 7.

Sección que acolle relatos premiados no certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Jasiel Rivera Estrada titulado “Kobe na Feira do Libro”.

IX Certame literario **IES Ferrol Vello**

Co obxectivo de estimular a creación literaria e fomentar a súa difusión entre a mocidade, os Departamentos de Lingua Castelá, Lingua Galega, Inglés e Francés do IES Ferrol Vello, convocan esta certame dirixido ao alumnado do IES Ferrol Vello e de 3º ciclo de Primaria dos centros adscritos CEIP Cruceiro de Canido e San Rosendo. Estabelecéronse tres categorías: A (5º e 6º de Primaria), B (1º e 2º de ESO) e C (3ºe 4º de ESO) e dúas modalidades (Poesía e Relato Curto). Na modalidade de poesía debían presentarse dous poemas como mínimo, con tema e forma libres, e na modalidade de relato curto, a extensión máxima foi de tres folios impresos ou cinco manuscritos. Os traballos debían estar escritos en lingua castelá, galega, inglesa ou francesa, ser orixinais e inéditos e entregarse baixo lema ou pseudónimo, xunto cun sobre cos datos persoais do autor. Concédense dous galardóns en cada categoría que consisten nun cheque regalo por valor de 60 € en material deportivo/roupa e un libro, o primeio premio; un cheque regalo por valor de 30 € en material deportivo/roupa e un libro, o segundo premio; e os galardóns dos accésits son un cheque regalo por valor de 20 € en material deportivo/roupa e un libro.

XI Certame literario **IES Sanxenxo**

Co obxectivo de fomentar a creatividade literaria e animar a ler e a escribir, o IES de Sanxenxo, a través da biblioteca do centro e en colaboración cos departamentos de galego, castelán, plástica e dinamización da lingua galega, convoca este certame de narración curta e poesía. Os traballos deben estar escritos en lingua galega e en prosa ou verso, cunha extensión dun folio a dobre cara. A temática é libre, mais os traballos debren incluír fragmentos de textos literarios seleccionados polo comité organizador. Existen catro categorías: A (3º ciclo de Primaria), B (1º ciclo de ESO); C (2º ciclo de ESO) e D (Bacharelato) e dous premios de 50 € e 30 € en cada categoría, mediante vales canxeábeis nas librarías. O xurado está composto polos membros da organización, a directora do centro (presidenta) e o xefe do Equipo de Dinamización da Lingua Galega (secretario). Na edición correspondente ao ano 2016, a entrega dos premios fíxose o 16 de xuño no Auditorio Emilia Pardo Bazán e contou coa presenza da autora Sabela González Panizo e cun espectáculo a cargo de Xosé Manuel Esperante.

VIII Certame Artístico-literario **Intercentros**. Concello de Ames

Convocado polo Concello de Ames e dirixido ao alumnado do segundo e terceiro ciclo de educación Primaria dos colexios do ámbito municipal, este certame pretende valorizar e fomentar o uso da lingua galega. Poden presentarse individualmente ou por parellas. As modalidades son poesía e narrativa e hai dúas categorías: 1ª categoría son 3º e 4º de Primaria, e 2ª categoría 5º e 6º de Primaria. Os galardóns consisten en 100 € para os primeiros premios, 80 € para os segundos e 50 € para cada un dos terceiros gañadores das dúas categorías. Na edición correspondente ao ano 2016 o prazo de entrega dos traballos pechou o 25 de abril e o acto de entrega tivo lugar o 13 de maio. Os gañadores foron Iago Blanco e Damián del Río (primeiro premio da 1ª categoría) con "O hinmo pola diversidade"; segundo premio da 1ª categoría); (terceiro premio da 1ª categoría); Sara Morán (primeiro premio da 2ª categoría) por "O mundo en gris"; (segundo premio da 2ª categoría); e (terceiro premio da 3ª categoría).

Referencias varias:

- M. Toledo, "El certamen Intercentros anima a los escolares a valorar la diversidad", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 8 marzo 2016, p. 34.

Informa do certame, no que os escolares participarán coa creación dun poema ou relato, e dá conta da data na que se realizará a primeira selección nos colexios, que será o 25 de abril.

Premio **Gala do Libro**

Ver o apartado X.5. deste *Informe*.

Premios **Día do Libro**, **Letras Galegas** e **Nadal**

Son moitos os concellos, colexios (APAS), asociacións, centros culturais e comerciais etc., que, por medio das súas bibliotecas, concellarías de cultura, aulas de normalización, gabinetes e ámbitos culturais convocaron premios para animar a xente nova e adulta a participar con motivo do Nadal, o Día do Libro e o Día das Letras Galegas, ben con relatos, microrrelatos, redaccións, poesías ou debuxos, como é o caso dos concellos de Ames, A Pontenova, Baiona, Begonte, Carnota, Marín, Melide, Monforte, A Guarda, Negreira, Ordes, Oroso, Outeiro de Rei, Rois, Santa Comba, Sarria, Sober, Soutomaior, Taboada, Vedra, Vilalba e Xermade; de asociacións como as ANPAS de Catoira, Valga e Pontecesures, a ANPA do colexio Apóstol Santiago, a Coordinadora Comarcal Terras do Umia (integrada polos equipos de dinamización dos centros educativos de Barro, Caldas, Curtis, Moraña e Portas), a Asociación Cultural Andarela de Sanxenxo, a Asociación Cultural de Santomé (Marín), a Asociación Falcatrueiros, o Liceo Casino de Tui, a Obra Social de Novacaixagalicia e a Biblioteca Provincial de Lugo; e centros de ensino como o colexio Compañía de María e o CEIP A Carballeira (Lourizán).

Referencias varias:

- M. M., "La biblioteca de Xermade premia siete trabajos en el certamen de poesía de Nadal", *El Progreso*, "A Chaira", 17 xaneiro 2016, p. 17.

Dá conta da decisión da biblioteca de premiar a sete dos máis de vinte concursantes que se presentaron ao certame de poesía infantil. Informa dos premiados e das distintas categorías.

- Marta Becerra, "La poesía tiene cantera en Lugo", *El Progreso*, "Lugo", "El despertador", 25 febreiro 2016, p. 13.

Refírese ao acto de entrega dos premios do concurso de poesía, celebrado en Nadal, na Biblioteca Nodal. Informa sobre os gañadores nas diversas categorías e os integrantes do xurado, vencellados ao ámbito da xestión cultural.

- C. P. R., "El Certame Literario das Letras Galegas 2016 distingue cinco trabajos", *El Progreso*, "A Chaira", 14 maio 2016, p. 24.

Anúncianse os gañadores do Certame Literario das Letras Galegas de Vilalba.

- S. S., "El certamen literario de Ribeira premió 298 obras de siete centros escolares", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 20 maio 2016, p. 31.

Dáse conta de todos os premiados no certame, ao que se presentaron 136 obras de poesía, 96 de prosa e 66 cómics.

- A. F., "Certamen de microrrelatos en A Guarda por el Día del Libro", *Atlántico Diario*, "Área metropolitana", "Baixo Miño", 8 abril 2016, p. 20.

Dá conta do certame de microrrelatos convocado pola Biblioteca Municipal da Guarda no marco das actividades do Día do Libro. Comenta as bases do premio e as datas.

- Marta Becerra, “Los estudiantes honran a las letras”, *El Progreso*, “Lugo”, “El despertador”, 30 xuño 2016, p. 12.

Infórmase da entrega de premios do certame de debuxo e redacción convocado pola Consellería de Educación con motivo das Letras Galegas. Recibiron os primeiros premios, na categoría de narración, Sofía Pérez Portomeñe, Lucas Mosquera Deán, Samuel Alonso Espiñeira. Entrégase un premio á libraría Biblos, “Comercio con talento”.

- J. Trillo, “A Laracha convoca un ano máis os concursos típicos das datas de Nadal”, El Correo Gallego, “Área de Compostela”, 30 novembro 2016, p. 38.

Anuncia a convocatoria de catro concursos habituais no Concello da Laracha: os de conto e postais, dirixidos ao alumnado de colexios, o de panxoliñas e o de escaparates.

Certame literario-pedagóxico sobre a poesía de **Lorenzo Varela**

Premio convocado polo Concello de Monterroso e o Instituto de Estudos Ulloáns, coa colaboración de AdaWeb que inclúen dúas modalidades en galego e castelán. Os traballos, redactados en galego, que se presenten deberán ser un comentario sobre un destes cinco poemas: “A Rui Xordo”, “Eramos tres irmáns”, “O galo”, “Compañeiros da miña xeración mortos ou asesiñados” e “Castelao”. A extensión non será superior a quince páxinas, escritas por unha soa cara, a dobre espazo e con letra tipo Times New Roman de 12 puntos. Outorgaranse tres premios: 1.000 €, 700 € e 300 €. Os traballos premiados publicaranse despois nunha edición destinada aos centros de ensino de Galicia. O prazo de entrega remata o 15 de outubro de 2016.

Referencias varias:

- A. Reboredo, “Patricia Arias y Cristina Souto ganan el certamen literario Lorenzo Varela”, *El Progreso*, “Comarcas”, 19 novembro 2016, p. 22.

Anúnciase o resultado do certame literario Lorenzo Varela, cun total de trece traballos presentados, e que premia comentarios de teor didáctico sobre o autor. Patricia Arias Chachero resulta a gañadora na categoría de poemas en castelán, e Cristina Souto Diéguez, o en galego, seguida por Ramón Nicolás. Compoñen o xurado Xesús Alonso Montero, Gregorio Fente Ferreiro, Juan Fernando Salgado García, Carlos Vázquez García, Francisco Pardo Teijeiro e Miguel Rico Gómez.

XLIV Certame Literario **Minerva. Colexio Peleteiro de Santiago**

Certame convocado polo Colexio Manuel Peleteiro de Santiago dende o ano 1972 e conseguido por escritores consolidados hoxe en día como Lois Diéguez, Ánxeles Penas, Darío Xohán Cabana, Anxo Rei Ballesteros, Suso de Toro ou Xabier Queipo. Nel pode participar o alumnado de segundo ciclo da Educación Secundaria Obrigatoria e de Bacharelato, que curse os seus estudos en centros de Galicia e non teña cumpridos os vinte anos o 31 de decembro do ano en curso. Os traballos deben ser orixinais e

inéditos, escritos en lingua galega e poden concorrer nas seguintes modalidades: poesía (un conxunto de tres poemas, de tema e formas libres) e narración (de tema libre e dunha extensión máxima de seis folios, mecanografados a dobre espazo). Envíanse cinco exemplares, con pseudónimo ou lema, xunto a un sobre pechado no que figuren os datos do autor, e deben vir selados polo Seminario de Galego para acreditar a súa condición de alumno ou alumna do centro. No exterior do sobre deben figurar o pseudónimo ou lema e o título da obra e deben remitirse ao Certame Literario Minerva (Colexio M. Peleteiro, San Pedro de Mezonzo, n.º 27, 15701 Santiago de Compostela). Concédense tres galardóns en cada unha das dúas modalidades, de 750 €, 450 € e 300 € respectivamente, medalla de prata conmemorativa do certame e publicación das obras galardoadas nun libro editado polo centro que convoca o certame. O xurado, que está constituído por escritores e profesorado de lingua ou literatura de distintos centros de Galicia, dá a coñecer o seu ditame nos medios de comunicación e a entrega de premios celébrase no decorrer dun acto literario organizado no centro educativo. Durante o acto, os galardoados deben ler a súa obra total ou parcialmente. Na edición do ano 2016 presentáronse cento vinte e un traballos en narración e cincuenta e sete en poesía. Na modalidade de narración a gañadora foi Amaia Tomé, do IES Francisco Aguiar de Betanzos, con "Clara e outras illas"; o segundo premio foi para Cecilia Fidalgo Castromil, do colexio Manuel Peleteiro de Santiago, por "O expreso a Madrid"; o terceiro para Iago González, do IES Eduardo Blanco Amor de Ourense, por "Non ad vitam aeternam"; e recibiron accésits Alba Pérez Barcala, do IES de Cacheiras, con "Tres ou catro globos máis"; Laura Regueiro Romero, do colexio Manuel Peleteiro de Santiago, con "Unha revolución persoal"; e Ángela Lamas Gómez, do Colexio Os Sauces de Pontevedra, con "O andén do sen(ti)r". Na modalidade de poesía resultaron galardoados co primeiro premio Iago González, do IES Eduardo Blanco Amor de Ourense, con "Cosmogonía"; co segundo premio Inés Outumuro Rodríguez, do IES Eduardo Blanco Amor de Ourense, por "Orixe"; e co terceiro Tamara fernández Labrada, do IES José Trapero Pardo de Castro de Rei por "Non deixedes que vos miren o móbil"; e recibiron accésits Laura Regueiro Romero, do Colexio Manuel Peleteiro de Santiago de Compostela, por "Antoloxía inmigrante"; Nuria Fernández Robledo, do IES Eduardo Blanco Amor de Ourense, por "Migración á orixe"; e Laura Dauzón Otero, do IES Ribeira do Louro do Porriño, por "Trátase de poesía". O acto de entrega dos galardóns celebrouse o 6 de abril no colexio Peleteiro e contou coa presenza do escritor Xosé Ramón Pena.

Referencias varias:

- A. I. S., "El colegio Peleteiro cerrará el próximo día 5 el plazo de presentación a los Minerva", *El Correo Gallego*, "Santiago", 24 xaneiro 2016, p. 28.

Informa do prazo de entrega de traballos ao concurso Minerva, dirixido a alumnado de terceiro e cuarto curso de Ensino Secundario, así como da data na que se fará público o fallo do xurado (5 de marzo) e a entrega do galardón (6 de abril).

- Ángela Ares, "Iago González y Amaia Tomé logran el 'oro' en los Premios Minerva", *El Correo Gallego*, "Santiago", 5 marzo 2016, p. 29.

Dá conta dos gañadores dos premios de poesía e narrativa, cuxa calidade foi salientada polo xurado. Faise eco, tamén, do futuro acto de entrega, que terá lugar o vindeiro 6 de abril no colexio Peleteiro de Santiago de Compostela.

- Marta Salgado, "El 'oro' de los Minerva tiene sello ourensano", *La Región*, "Ourense", 12 marzo 2016, p. 7.

Comenta os gañadores do concurso, de procedencia ourensá e os tres alumnos do IES Blanco Amor. Céntrase na opinión dos autores sobre as súas obras e no seu interese pola escritura.

- Ana Iglesias, "Los Minerva constatan el gran futuro de las letras gallegas", *El Correo Gallego*, "Santiago", 7 abril 2016, p. 28.

Recolle a información sobre o acto de entrega dos galardóns, no que actuou como mantedor o escritor Xosé Ramón Pena. Dá conta dos gañadores e salienta a gran calidade dos traballos presentados, que incrementou a dificultade da selección por parte do xurado.

- Marga Mosteiro, "La cantera gallega de las letras", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Agenda", "Para todos los públicos", 7 abril 2016, p. L11.

Dáse conta da entrega dos premios do certame nun acto celebrado no colexio Peleteiro. Recóllese o nome dos gañadores e das obras premiadas.

- ECG, "Nueva edición de los premios literarios Minerva", *El Correo Gallego*, "Santiago", 3 decembro 2016, p. 27.

Faise pública a convocatoria da cuadraxésimo quinta edición dos premios, para alumnado de ESO e Bacharelato galego. Resúmense as bases.

XVI Premios **Muralla de Lugo de Debuxo e Redacción Infantís**

Con motivo do aniversario da concesión do título de Patrimonio da Humanidade a favor do monumento, a Xunta de Galicia, o Excmo. Concello de Lugo, a Vicepresidencia Primeira da Excma. Deputación Provincial de Lugo, a Universidade de Santiago de Compostela, Telelugo e *El Progreso*, convocan estes premios dirixidos a nenas e nenos até doce anos de idade. A temática debe referirse á muralla romana de Lugo, a paz, a solidariedade e o respecto ao medio ambiente ou todos aqueles valores que contribúan manifestamente á concordia, á convivencia e o entendemento entre os pobos do mundo, sendo referencia obrigatoria a Muralla Romana de Lugo. O autor pode presentar un máximo de dous traballos por categoría (debuxo, cun formato que non supere o 30x30 cm.; e relato que non supere os tres folios DIN-A4)e debe remitilos nun sobre cos seus datos persoais, incluído o teléfono de contacto, ao diario *El Progreso* (Rúa Puro Cora, n.º 3, 27002 Lugo). Poden estar escritos tanto en galego como en castelán. O prazo de entrega remata o 22 de marzo e o xurado estivo conformado por un representante de cada un dos convocantes. O premio é o mesmo para ambas categorías: 500 € e unha viaxe cultural a París para tres persoas. Na edición correspondente ao ano 2016 os gañadores foron Marta Rodríguez Cobo e Lucía Rodríguez Varela.

Certame **Na Procura do noso Cómic**

Certame organizado pola biblioteca, conxuntamente coa corporación municipal coa finalidade de realizar dun xeito permanente unha animación cultural que afonde no ámbito cultural do concello de Cee. Na edición de 2016 a gañadora foi Alexia Rey Vaamonde (Colexio Manuela Rial Mouzo), con "A árbore dos libros", e os accésits foron para Marcos Gómez Teján, Helia Lema Redonda e David Santabaya Paz.

Referencias varias:

- J. M., "Más de 400 obras compitieron en los concursos de la biblioteca de Cee", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 15 maio 2016, p. 35.

Indica que a gañadora do certame foi Alexia Rey Vaamonde, con "A árbore dos libros" e dá conta da entrega dos premios.

IV Certame **No Verán, refréscate cos libros**

Creado en 2013 polo Concello de Marín para potenciar o emprego da lingua galega na escritura entre o alumnado de Primaria do municipio marinense. Estabelécense tres categorías: 1º e 2º (primeiro ciclo), 3º e 4º (segundo ciclo), e 5º e 6º (terceiro ciclo). O gañador de cada categoría recibirá un cheque polo valor da totalidade do custo dos libros de texto do próximo curso; o segundo, un cheque pola metade do custo dos libros; e o terceiro, un cheque polo valor da terceira parte do custo do material escolar. As narracións deberán tratar unha temática relacionada cos libros e o verán, ser inéditos e non galardoados con anterioridade. Poderán ter unha extensión máxima de dúas páxinas en formato DIN-A4, por unha soa cara. O concello ofrece a posibilidade de que cada centro educativo realice unha preselección dos traballos a presentar entre o seu alumnado. As narracións enviaranse nun sobre pechado onde se indique o nome e apelidos do alumno, idade, curso e centro no que estuda, e un teléfono de contacto. Na edición correspondente ao ano 2016 resultaron gañadores: na categoría de segundo ciclo, a gañadora foi Andrea Sanjorge Barcia, por "Historias de Carme e Andrea, un campamento moi especial"; o segundo e o terceiro premio desta categoría quedaron desertos. Na categoría de terceiro ciclo gañou Ángela Aboy Cruz, por "O limoeiro defectuoso", o segundo premio foi para Guillermo Rodríguez González, por "O libro que non soportaba a praia" e o terceiro para Julia Nogueira González, por "Marmaduque e os libros".

Referencias varias:

- C. F., "Entrega de premios a los ganadores de 'No verán, refréscate cos libros", *Diario de Pontevedra*, "*Diario do Morrazo*", n.º 421, "O Morrazo", "Marín", 25 xuño 2016, p. 2.

Faise público o veredicto do IV Certame literario do concello marinense. Os premios recaen en Hugo Santiago Villanueva (categoría de 1º e 2º de Primaria), Andrea Sanjorge Barcia (3º e 4º de Primaria) e Ángela Aboy Cruz (5º e 6º de Primaria).

Concurso de relato curto **Novos Talentos de Coca-Cola**

Organízao a Fundación Coca-Cola para fomentar a escritura creativa entre os escolares de 2º ESO e conta co apoio institucional da Consellaría de Educación da Xunta de Galicia. Consta de dúas modalidades: relato curto e vídeo-relato, e dunha convocatoria a nivel estatal en castelán e diferentes edicións do concurso a nivel autonómico, apostando polas distintas linguas oficiais (galego, éuscaro e catalán). A edición en galego ten varias fases: unha fase escolar, na que o docente seleccionou os alumnos que representan o centro escolar na fase provincial, celebrada no mes de abril nas principais cidades galegas, na que se escollen seis participantes, que reciben un obsequio e un lote de artigos marca Coca-Cola. Posteriormente, na fase autonómica participan o relato gañador de cada sector provincial que recibe unha viaxe de carácter cultural e de ocio, e na fase nacional participan os dezasete finalistas e un xurado estatal selecciona os seis mellores relatos, dos que sae o relato gañador. Os participantes teñen que escribir un relato curto en menos de dúas horas a partir de seis palabras que deben incluír no traballo, dunha extensión máxima de dúas follas. Na edición correspondente ao ano 2016, os gañadores dos seis sectores territoriais foron: na Coruña, Aridia Lema Costa (CEIP Manuela Rial Mouzo de Cee); en Ferrol, Verónica Rodríguez Martínez (CPI Conde de Fenosa de Ares); en Santiago de Compostela, Noela Rivas Cantelar (IES Arcebispo Xelmírez I); en Lugo, Paula García Corral (IES Vilar Pontes de Viveiro); en Pontevedra, Clara Candisano Guillanders (CPR Sagrado Corazón de Jesús de Pontevedra); en Ourense, Claudia Garrote Valentín (IES As Lagoas de Ourense); e en Vigo, Álvaro Pérez Bastos (Escola Rosalía de Castro de Vigo).

Referencias varias:

- Marta Becerra, “Una jornada dedicada a las letras”, *El Progreso*, “Lugo”, “El despertador”, 12 marzo 2016, p. 14.

Fai unha breve referencia ao concurso de redacción de Coca-cola, celebrado no IES Lucus Augusti.

- Vicente Plaza, “Miles de escolares en el concurso de relatos de Coca-Cola”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 9 abril 2016, p. 40.

Informa do transcurso do concurso e salienta a alta participación de alumnado galego de segundo curso de Ensino Secundario Obrigatorio, aproximadamente seiscentos. Indica que o estímulo que recibiron os participantes para escribir foi unha caixa de música acompañada da frase “No podía dejar de repetir esa melodía”.

- M. G. M., “Una caja de música inspira a los jóvenes talentos del Concurso Coca-Cola”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 9 abril 2016, p. 13.

Dá conta do transcurso do concurso e salienta o feito de que, por vez primeira, o certame empregara un estímulo sonoro para inspirar aos concursantes nas súas redaccións.

-Alejandra Márquez, “A moza Compostela Noela Rivas, premio Coca-Cola de Relato Curto”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 22 maio 2016, p. 39.

Faise eco dos premios da oitava edición do concurso, ao que concorreron máis de trescentos alumnos galegos de segundo curso de Ensino Secundario Obrigatorio. Dá conta de todos os finalistas provinciais e da gañadora autonómica, alumna do IES Xelmírez I. Recolle as palabras de Valentín García, secretario xeral de Política Lingüística, quen afirma que os galardóns recoñecen a actividade en galego dos novos talentos.

-María Abascal, “Una aresana gana el concurso de relato corto de Coca-Cola”, *El Correo Gallego*, “Tendemcias”, 28 maio 2016, p. 43.

Refírese á gañadora autonómica da 56ª edición do concurso, que asistirá á gala nacional que se celebrará en Madrid. Saliéntase o elevado número de participantes (máis de doce mil) e dá conta de todos os vencedores provinciais por centro educativo.

- J. G., “Noela Rivas. 'Espero aprender de profesionais no campus literario de Madrid”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Santiago”, 22 xuño 2016, p. L6.

Recóllense declaracións da alumna do IES Xelmírez I, premiada entre 300 participantes no certame de relatos en galego de Coca-Cola, que gozará dun campus literario en Madrid con mozos doutras comunidades, antes da viaxe a Londres.

- Mario Álvarez, “El Jóvenes Talentos de Relato Corto, para una chica de Ares”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 25 xuño 2016, p. 52.

Informa da gañadora a nivel estatal desta edición do certame, a alumna de Ares Verónica Rodríguez Martínez. Descríbese sucintamente o seu relato, o transcurso da gala de entrega na RAE e os premios destinados ás mozas e mozos galardoados.

- A. S., “Una estudiante de Ares gana el concurso Coca-Cola de relato”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 25 xuño 2016, p. 39.

Indica que Verónica Rodríguez Martínez, do CPI Conde de Fenosa de Ares, gaña a 56ª edición do concurso Coca-Cola Jóvenes Talentos, cun relato vencedor entre máis de doce mil participantes. Coméntase a conformación do xurado e os premios.

III Certame Literario do Centro Cultural de **Peitieiros**

Premio convocado porlo Centro Cultural e Veciñal de Peitieiros co obxectivo de conmemorar o Día das Letras Galegas. Poden participar todas as persoas veciñas ou veciños de Gondomar cunha obra en galego e na modalidade de poesía ou narrativa. Existen tres categorías: até os 12 anos; entre 12 e 18 anos; e maiores de 18 anos. O premio consiste nun lote de libros.

Certame Literario da Asociación Cultural A **Pipa de Becerreá**

Ver o apartado X.5. deste *Informe*.

Concurso **Reboraina**

Patrocinado por Abanca, o Concello de Redondela (Gabinete de Normalización Lingüística), Exclusivas Ucha, a Xoiería Groba e a Editorial Anaya, está organizado polo CEIP Santo Paio de Abaixo de Reboreda. Premia relatos escritos en lingua galega cunha extensión mínima de dous medios folios por unha soa cara para a categoría A (alumnos de 3º, 4º, 5º e 6º de Primaria) e de catro medios folios por unha soa cara para a catetegoría B (ESO). Os textos deben presentarse baixo pseudónimo na secretaría. Os relatos premiados son publicados na revista escolar *Bolboreta*. Os galardóns consisten na categoría A nun cheque por valor de 150 € e lote de libros, e na B en 200 €, 150 € e 100 €. Na categoría A resultaron gañadores: primeiro premio, "A excursión", de Alba Roza Santos; primeiro accésit, "Os poderes da natureza", de María Faro Couñago; segundo accésit, "Misterio no museo", de Laura Villar Otero; terceiro accésit, "A ensalada divertida", de Sofía Crespo Cabaleiro; e o cuarto accésit, "Exiliados", de Diego Lago Couñago. Na categoría B resultaron gañadores: primeiro premio, "A derradeira carta", de Andrea González Álvarez; segundo premio, "Contarche", de Verónica Peralta Valente; e terceiro premio, "O que nos toca vivir", de Adrián Matilde González.

IV Certame de **Relato Curto da Federación de Asociacións de Nais e Pais de Pontevedra**

Convocado pro primeira vez en 2013, ten por obxectivo fomentar a creatividade dos alumnos de Primaria, ESO e Bacharelato, así como a comprensión e expresión escrita en lingua galega. Está organizado pola Federación de Asociacións de Nais e Pais de Pontevedra, en colaboración coa Concellaría de Normalización Lingüística e a Deputación provincial. Os relatos contarán con entre duascentas e trescentas palabras e deberán presentarse antes do 30 de abril. Os premiados recibirán vales para adquisición de material escolar na libraría El Pueblo por valor de 200 €. Os gañadores e finalistas (máximo de 90) publicarase un libro colectivo cos relatos.

V Concurso de **Relato Curto Concello do Grove**

Convocado dende 2012 pola Concellaría de Educación do Grove co obxectivo de fomentar a escrita creativa e o gusto pola lectura entre o alumnado matriculado nos centros educativos de segundo ciclo de Secundaria e de Bacharelato desa localidade pontevedresa. Estabelécense dúas modalidades: unha para Bacharelato e outra para o segundo ciclo da Educación Secundaria Obrigatoria. A temática é libre, a extensión será entre 400 e 600 palabras, escrito en ordenador, con letra Arial de 11 puntos, a dobre espazo e en folios de DIN-A4. O premio consiste nun cheque de 100 € para gastar no

comercio local e un lote de libros, ademais da publicación do relato na revista local *Sustansia* do mes de abril, coincidindo coa celebración do Día do Libro e do Día do Libro Infantil.

III Concurso de **Relatos Xosé Neira Vilas para escolares**

Organizado polo Departamento de Cultura e a Biblioteca Municipal de Boqueixón. Estabelécense tres modalidades: unha para o alumnado de terceiro e cuarto de Primaria, outra para quinto e sexto de Primaria e a terceira para Secundaria. A temática é libre, a extensión mínima será de 20 liñas para Primaria e 30 para Secundaria. Na edición correspondente ao ano 2016, o prazo de presentación dos relatos finalizou o 25 de abril.

IV Concurso Escolar de Poesía **Rosalía de Castro**

A Fundación Rosalía de Castro e El Corte Inglés crearon en 2013 un concurso de poesía para o alumnado de Secundaria e de Bacharelato con motivo da conmemoración do 150 aniversario da publicación de Cantares gallegos e para difundir no mundo escolar a relevancia desta obra e da súa autora. Nas bases estabeleceron tres niveis de participación: 1º ciclo da ESO, 2º ciclo da ESO e Bacharelato. As obras deberán ser orixinais e inéditas e estar redactadas en galego, sobre un tema e forma poética libres e cunha extensión máxima de cincuenta versos. Cada autor poderá concorrer cun máximo de dous traballos, que se presentarán nun sobre pechado, no exterior figurarán o título, o nivel educativo e o pseudónimo, e no interior unha nota cos seguintes datos: título da obra, nome e apelidos do autor, curso e centro educativo, enderezo postal e correo electrónico do autor. O prazo de admisión de orixinais remata o 17 de maio e remitiranse aos centros de El Corte Inglés en Galicia (localizados na Coruña, Santiago de Compostela e Vigo). En cada categoría concédense un premio e dous áccesits: o primeiro premio recibirá un iPad 32GB; o primeiro áccesit, unha tarxeta agasallo de El Corte Inglés por valor de 200 €, e o segundo outra tarxeta por valor de 100 €. Na cuarta edición, o xurado, composto por Manuel Bragado, Elvira Ribeiro, Anxo Angueira e José Manuel Blanco concederon os seguintes galardóns: Categoría 1º ciclo da ESO, gañador: Daniel Souto Pazó; 1º áccesit: Andrea Sanjurjo Martínez e 2º áccesit: José Manuel Flores Fandiño. Categoría 2º ciclo da ESO: gañadora: Marieta Orol Chao; 1º áccesit: Fabián Niño Hernández e 2º áccesit: Alberto Vidal Bernedo. Categoría Bacharelato: gañadora: Marisol Mejuto Prego; 1º áccesit: Marina Ruiz Puy e 2º áccesit: Regina Touceda Rey.

I Certame de relato curto infantil e xuvenil **Manuel Otero Saavedra**

A Asociación de Veciños de San Benito e San Sebastián do Porriño convoca este certame co obxectivo de honrar a memoria do escritor porriñés Manuel Otero Saavedra e divulgar a súa obra e promover a literatura galega. Estabelécense dúas categorías: infantil (de 8 a 12 anos) e xuvenil (de 13 a 18 anos). Os traballos deben ser inéditos e orixinais e estar escritos en lingua galega, cunha extensión entre tres e cinco páxinas na categoría infantil e entre cinco e dez páxinas na xuvenil. Os textos, en formato DIN A4, con interliñado 1,5 e follas numeradas, deben presentarse en papel por quintuplicado e con plica, xunto cunha copia en soporte dixital que será remitida ao enderezo:

aavv.sbenito.sebastian@gmail.com. Estabelécese un premio de 300 € para o gañador de cada categoría e un accésit para o segundo clasificado, conformado por un lote de libros en galego, outorgado por un xurado composto por cinco especialistas en literatura e mais o secretario da asociación de veciños, con voz e sen voto. O prazo de entrega dos orixinais nesta primeira edición rematou o 15 de novembro.

Referencias varias:

- Gabino Porto, "Los porriñeses reivindican a Otero Saavedra", *Faro de Vigo*, "Louriña– Condado", "Área metropolitana", 14 abril 2016, p. 16.

Infórmase da creación dun certame literario de relato curto infantil e xuvenil da man da Asociación de Veciños de San Benito e San Sebastián, para reivindicar a figura de Manuel Otero Saavedra.

- R. T., "En marcha el Certamen literario Manuel Otero", *Atlántico Diario*, "Área metropolitana", "Condado/Louriña", 16 setembro 2016, p. 16.

Anúnciase a vindeira presentación do primeiro certame literario en honra de Manuel Otero Saavedra, con categoría infantil e xuvenil.

- B. L., "El primer certamen literario Manuel Otero Saavedra se centra en la edad escolar", *Faro de Vigo*, "Louriña", 16 setembro 2016, p. 13.

Anúnciase a presentación do primeiro certame literario Manuel Otero Saavedra, anunciada en rolda de prensa pola familia do escritor, a Secretaría Xeral de Política Lingüística e o Concello. Adiántanse algúns detalles das bases.

_____, "Los primeros clasificados del certamen literario Manuel Otero Saavedra recibirán 300 euros", *Faro de Vigo*, "Louriña", 28 setembro 2016, p. 12.

Recóllense as bases do primeiro Certame Literario Manuel Otero, convidando á participación e remitindo á web da asociación de veciños.

- Roma Tébar, "El Samaín y O Calacú abren el otoño Cultural en O Porriño", *Atlántico Diario*, "Área metropolitana", "Condado/ Louriña", 22 outubro 2016, p. 14.

Dáse a coñecer o amplo programa do Outono Cultural 2016 e insístese en que o Certame Otero Saavedra continúa tendo aberto o prazo de recepción de traballos, para escolares galegos de 8 a 12 anos, e de 13 a 18.

- B. LL., "El certamen literario Manuel Otero Saavedra celebra esta tarde su gala de premios", *Faro de Vigo*, "Louriña", "Área metropolitana", 22 decembro 2016, p. 16.

Indica que o Círculo Recretivo Cultura acolle a gala de entrega da primeira edición do certame, confirmando a presenza de Eva García de la Torre, Valentín García, Xosé Leal e Xesús Alonso Montero.

- R. Tébar, “El primer certamen literario Manuel Otero Saavedra ya tiene ganadores”, *Atlántico Diario*, “Área metropolitana”, “Condado/ Louriña”, 23 decembro 2016, p. 26.

Ofrécense os nomes dos galardoados nesta primeira edición: na categoría infantil, Pedro Vilas Ledo por “Guerra de Instrumentos” e Lara Bastos por “O soño de Sofía”; na xuvenil, Paula Domínguez Barreiro por “Fashion Victims” e Andrea Taboada, por “A Illa”. O xurado estivo formado por Armando Requeixo, Dorinda Castro e Quico Paz Antón.

- B. LL., “Pedro Vilas y Paula Domínguez ganan el primer Otero Saavedra”, *Faro de Vigo*, “Louriña – Condado”, “Área metropolitana”, 24 decembro 2016, p. 14.

Anuncia os premiados nesta primeira edición do certame, desvélase a composición do xurado e as persoas presentes no acto de entrega.

VI Concurso Radiofónico de **Teatro Lido de Ames Desata a lingua!**

Convocado polo Concello de Ames pretende dinamizar o uso do galego entre a mocidade e fomentar o gusto polo teatro. Dirixido a grupos de 2-6 alumnos de 2º Ciclo da ESO e Bacharelato, os textos teñen que estar escritos en lingua galega e tratar a situación social do galego. A duración das pezas ten que oscilar entre os cinco e os dez minutos. Os grupos teñen que inscribirse no IES de Ames e as montaxes das pezas realízanse na Radio Municipal de Ames. A emisión das pezas ten lugar en Radio Ames. Existen cinco premios: o do público, mellor guión orixinal e mellor interpretación cunha contía de 200 €; e o do mellor interpretación masculina e feminina, que carece de dotación económica.

XXV Certame Municipal de **Teatro** para centros de Monforte de Lemos

Convocado pola Delegación de Cultura e Educación do Concello de Monforte de Lemos para que participen todos os centros de ensino da localidade con representacións que terán lugar no salón de actos da Casa da Cultura monfortina. As obras deben ter unha duración mínima de media hora e estrearse nese certame. Os premios consisten nun diploma e unha placa conmemorativa para todos os centros participantes.

IX Concurso de microrrelatos e micropoemas **Terras do Umia**

Dirixido a todos os centros educativos que integran a Coordinadora Comarcal Terras do Umia, formada polos concellos de Barro, Caldas de Reis, Cuntis, Moraña e Portas. Os textos deben estar escritos en galego. Conta con dúas modalidades: microrrelato, cun máximo de 100 palabras, e micropoema, de dous a catro versos. Os traballos deben presentarse no blog terrasdoumia.wordpress.com até o 21 de decembro. Conta coas seguintes categorías: A (infantil), B1 (1º ciclo de Primaria), B2 (2º ciclo de Primaria), B3 (3º ciclo de Primaria), C (Secundaria), D (Bacharelato) e E (profesorado, pais e persoal non docente). O xurado, composto polos coordinadores dos equipos de dinamización da lingua dos centros participantes e unha persoa de recoñecido prestixio no mundo literario, concede un premio comarcal por categoría.

Certame de Contos e Relatos Curtos **Trapero Pardo**

Dende o ano 1995 o Concello de Lugo convoca para todos os alumnos e alumnas de entre doce e dezaoito anos de calquera centro público ou privado este certame de contos e relatos curtos que conta con dúas categorías: unha para rapaces entre doce e catorce anos e outra para mozos entre quince e dezaoito anos. Os contos deben ser de temática libre, escritos en lingua galega e cunha extensión máxima de dez páxinas e remitidos á Concellaría de Educación (Centro Social Uxío Novoneyra 3º andar, rúa Quiroga Ballesteros, n.º 1, 27001 Lugo). Estabelécense tres premios en cada categoría e o prazo pechouse o 20 de novembro. Na presente edición, na categoría de 12 a 14 anos, os gañadores foron Santiago García, Lucía Careira e Carlos López; e na categoría de 15 a 18, Andrea Arias, Sonsoles Quiroga e Roque Fernández.

Referencias varias:

- Marta Becerra, "Literatura con sabor lucense", *El Progreso*, "Lugo", 4 febreiro 2016, p. 11.

Dá conta dos gañadores do XXI Certame de Contos e Relatos Curtos Trapero Pardo.

IIIº Certame Literario Relatos de Auga Intelixente **Viaqua**

Concurso literario convocado por Viaqua para alumnado de ESO, Bacharelato e FP. O obxectivo é contribuír á difusión da cultura da auga e implicar os estudantes no uso sostíbel da auga así como o coidado do medio natural. Os textos poderán redactarse en galego ou castelán, cunha extensión máxima de duascentas palabras e cunha temática relacionada coa auga. Na edición correspondente ao ano 2015 presentáronse 288 traballos. O xurado, composto por José Antonio Perozo, Francisco Omil, Susana Fernández Fernández, Sofía Viña e María Teresa Abalde. Ningún dos textos gañadores foi redactado en galego.

Referencias varias:

- ECG, "Un total de 288 trabajos optan al 'Relatos de agua inteligente' de Viaqua", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 16 xaneiro 2016, p. 42.

Dáse conta do incremento de participantes na presente convocatoria (un 41% máis con respecto á primeira edición), cun total de 288 micorrelatos presentados. Tamén informa dos membros do xurado e a data na que se fará entrega dos premios: o 22 de marzo, Día Mundial da Auga.

- C. S., "Más de 280 relatos concurren al II Certamen 'Relatos de agua inteligente", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Ciudad", 17 xaneiro 2016, p. 6.

Saliéntase o gran número de traballos presentados (un total de 288) e infórmase do xurado e os premios, que serán entregados o vindeiro 22 de marzo. Ademais, dá conta dunha novidade nos premios: o recoñecemento especial que recibirá o centro escolar que presentara o maior número de relatos do seu alumnado.

- ECG, "Una alumna de La Salle gana el certamen Viaqua", *El Correo Gallego*, "Santiago", 5 marzo 2016, p. 28.

Informa da gañadora do premio do certame e dos galardóns que recibirán os dous primeiros clasificados.

- María Abades, "Inés Sáa López gaña o premio de relatos sobre a auga", *El Correo Gallego*, "Santiago", 18 marzo 2016, p. 28.

Informa da gañadora do premio de relatos sobre a auga e do acto de entrega do galardón, no que a autora leu o seu traballo.

- Anna Serra, "Inés Sáa López. 'Me encanta escribir, me relaja", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Agenda", "Para todos los públicos", 18 marzo 2016, p. L11.

Entrevista con Inés Sáa López como gañadora do certame literario na que destaca o seu gusto pola literatura.

- E. M., "Viaqua convoca la tercera edición del certamen 'Relatos de agua inteligente", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 9 outubro 2016, p. 32.

Informa da convocatoria deste certame, dirixido a alumnado galego e con dúas categorías (Educación Secundaria e Bacharelato/FP). Coméntanse os premios e remítese a unha web onde poden atoparse as bases.

- C. R. "Viaqua convoca unha nova edición do Certamen Literario 'Relatos de agua inteligente", *La Región*, "*Xornal escola*r", n.º 78, 19 outubro 2016, p. 2.

Informa da terceira edición do certame organizado por Viaqua e dirixido a alumnado galego de entre 12 e 17 anos, referido ao uso responsábel da auga. Coméntanse os premios e a data de entrega.

_____, "O III Certame Literario 'Relatos de auga intelixente' entra na súa recta final", *La Región*, "*Xornal escolar*", n.º 86, "hiperactivos", "Concurso", 21 decembro 2016, p. 2.

Anúnciase que se aproxima o prazo de peche de recepción de traballos para este certame que pretende contribuír á difusión da cultura da auga. Danse algúns detalles sobre o xurado e os premios.

XXVI Concurso de Contos **Vila de Pontedeume**

Convocado polo Concello de Pontedeume e dirixido ao alumnado de segundo ciclo de ESO, Bacharelato e ciclos formativos de grado medio e superior que non superen os

vinte anos, que presenten un relato en galego, inédito, cunha extensión entre seis e dez folios, a dobre espazo e por unha cara, no rexistro do Concello (Rúa Real, n.º 13) ou o envíen por correo certificado para potenciar o uso do galego e o interese pola literatura. O galardón, que se determina o Día das Letras Galegas, consiste nun premio de 759,50 € e a posibilidade de outorgar accésits. Cada cinco anos edítase un libro cos textos premiados e os finalistas.

Concurso Literario Xaime **Isla Couto**

Ver o apartado X.5. deste *Informe*.

III Concurso de **Relatos Xosé Neira Vilas para escolares**

Organizado polo departamento de cultura e a biblioteca municipal de Boqueixón. Estabelécense tres modalidades: unha para o alumnado de terceiro e cuarto de Primaria, outra para quinto e sexto de Primaria e a terceira para Secundaria. A temática é libre, a extensión mínima será de 20 liñas para Primaria e 30 para Secundaria. Na edición de 2016, na primeira categoria gañou Cristina Míguez con *O meu can Skype*, en segundo lugar Candela Súarez con *Piruleta* e en terceiro lugar Andrea Torres con *Viaxe a Moldavia*. Na categoría de 5º e 6º de Primaria gañou Abel Iglesias con *Soñei onte á noite*, de segundo Martín Barreiro con *Reiventando a San Xurxo* e de terceira Paula Esmorís con *Unha granxa moi estraña*. Na categoría de Secundaria quedou de primeira Andrea Fernández con *Dun morto para ti*, en segundo lugar Marcos Agrelo con *Lémbraste de min?* e Sara García con *Ese tipo de lugares*.

Referencias varias:

- Mar Toledo, "Convocan o terceiro certame de relatos Xosé Neira Vilas", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 17 marzo 2016, p. 32.

Ofrécese información sobre o certame literario, as categorías nas que está dividido, os premios e prazos. Sinálase que o xurado está composto por un representante da Fundación Neira Vilas, unha persoa do centro escolar e outra do departamento de Educación.

- M. T., "Termina el plazo para el certamen Xosé Neira Vilas", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 27 abril 2016, p. 34.

Informa que se pechou o prazo de presentación dos orixinais e indica a conformación do xurado.

- M. T., "Entregan os premios do certame Xosé Neira Vilas", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 22 maio 2016, p. 33.

Dáse noticia da entrega deste premio e indícase o nome das persoas e traballos gañadores.

Certame de Poesía Infantil ‘Nadal 2016’ do **Concello de Vilalba**

Certame convocado pola Biblioteca Municipal de Vilalba. Consta de tres categorías: A (até 8 anos), B (de 9 a 11 anos) e C (de 12 a 16 anos). Na edición correspondente ao ano 2016 o xurado estivo composto por Xosé Antonio Pombo, Rafael Yáñez, María José Ocampo, María Teresa Carreira e José Antonio Pita. Na categoría A, foron galardoados os seguintes traballos: “Poesía de Nadal”, de Eduardo Fernández Dopico; “Imos celebrar”, de Catuxa Lamela Novo e “As noites de Nadal”, de María Orosa Basanta; e recibiron accésits “O Nadal”, de Iago Peteira Pedreira e “O Burriño”, de Adriana González Rodríguez. Na categoría B os galardóns foron para: “Xa chegou o Nadal”, de Carlota Millor Prado; “O Nadal”, de Sabela González López e “Outro Nadal máis”, de Lucía Díaz Darriba; e accésits para “Soños de felicidade”, de Rubén Fernández e “O Nadal”, de Uxía Vila González. Na categoría C recibiron premio: “París é Nadal!”, de Ismael Francos López e “A miña casiña” e “Fermoso nadal”, de María Cazón Fernández.

Referencias varias:

- R. de R., “La biblioteca de Vilalba publica los ganadores el concurso de poesía infantil”, *El Progreso*, “A Chaira”, 15 xaneiro 2016, p. 22.

Informa da publicación por parte da biblioteca da listaxe de gañadores do concurso de poesía infantil. Os premiados participarán no certame provincial que convoca a Xunta de Galicia.

XI. LITERATURA MEDIEVAL

XI.1. MONOGRAFÍAS E LIBROS COLECTIVOS

Mariño Paz, Ramón e Xavier **Varela Barreiro** (eds.), *Lingüística histórica e edición de textos galegos medievais.* Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, *Verba*, Anexo 73, 2016, 277 pp. (ISBN: 978-84-16533-65-7).

Volume que recolle traballos sobre lingüística histórica e edición de textos medievais. Inclúe o seguinte artigo relacionado coa prosa literaria galega medieval:

- "Signos ou evidencias de corrección na escritura orixinaria da *Historia Troiana* (BMP Ms. 558)", pp. 245-258.

Realízase un estudo das correccións que os copistas e revisores elaboraron da *Historia Troiana* no momento da súa elaboración. Aténdese aos fenómenos da reescritura, superposición, adición interlineal e cancelación que se advirten tanto na parte castelá como na galega, pois trátase dunha obra bilingüe, redactada orixinariamente en castelán (ca. 1365-1369) e completada en galego (ca. 1369-1371).

XI.2. ACTAS

Hernández Arias, Rocío, Gabriela **Rivera Rodríguez**, Soledad **Cuba López** e David **Pérez Álvarez** (eds.), *Nuevas perspectivas literarias y culturales (I CIJIELC)*. Vigo: MACC-ELICIN, 2016, 376 pp. (ISBN: 978-84-608-6759-3).

Inclúe o seguinte artigo relacionado coa literatura galega medieval:

- Tania Vázquez García, "Las modalidades del debate en la tradición lírica medieval", pp. 154-165.

Realízase unha análise da tipoloxía formal da *tenson* e do *partimen*, xéneros dialogados cuxa análise foi xeralmente relegada nos estudos literarios a aproximacións simplistas e imprecisas nas que as comparacións entre tradicións estiveron ausentes. Non obstante, o seguimento e a continuación coa que contaron a partir da lírica occitana noutras tradicións (francesa, galego-portuguesa, italiana e castelá) son factores indicativos do éxito destas composicións fóra do ámbito occitano no que se xestaron e da recorrencia que os autores facían a cada unha delas en todas as áreas literarias mencionadas. Establécese unha comparativa formal e temática dalgunhas composicións dialogadas cuxo tema persiste en varios dos dominios literarios estudados, xa sexa coas mesmas características ou con pequenos cambios que enriquecen a variedade conceptual das modalidades disputativas da lírica medieval románica. O traballo revela que as modalidades dialogadas foron cultivadas de forma semellante en tradicións diferentes.

XI.3. PUBLICACIÓNS EN REVISTAS

Alonso Montero, Xesús, "Elsa Gonçalves. Da Filoloxía galega e da Filoloxía portuguesa (arredor de 1980)", Grial, n.º 212, "O espello das letras", outubro, novembro e decembro 2016, pp. 104-113.

Ofrécese unha presentación da obra *De Roma ata Lixboa. Estudos sobre os cancioneiros galego-portugueses* de Elsa Gonçalves. Sinálase que a obra constitúe unha selección de estudos da filóloga e faise referencia á relevancia das súas primeiras investigacións sobre a lírica medieval galego-portuguesa. Apúntanse diversos fitos da da biografía e traxectoria filolóxica de Elsa Gonçalves aludindo en relación á primeira á cantiga de amigo de Afonso X "Ai eu coitada..." e ao trobador Estevan da Guarda. Dáse conta dos estudos de Elsa Gonçalves sobre literatura e cultura galegas e recóllese a relación da filóloga con figuras relevantes da mesma coma Ramón Piñeiro, Alonso Montero, Carlos Casares ou Fernández del Riego. Alúdese á obra *Versos satíricos (para hoxe) ó xeito medieval* de Xesús Alonso Montero salientando que conta cun prólogo de Xosé Filgueira Valverde e de Elsa Gonçalves. Analízase a antoloxía *A lírica galego-portuguesa*. *Textos escollidos* de Elsa Gonçalves atendendo ao seu contido, estrutura e repercusión sobre a *Escolma de poesía galega. Escola medieval galego-portuguesa (1198-1346)* (1953) de Xose María Álvarez Blázquez. Alúdese á súa participación no *Dicionario da Literatura Medieval Galega e Portuguesa*. Menciónase a outros autores galegos coma Rosalía, Celso Emilio, Curros Enríquez, Fernández del Riego, Valentín Paz-Andrade e o seu poema "Illa do amor, illa da morte" e tamén a autores da lírica medieval coma Mendiño, Pero Meogo, Bernal de Bonaval, Pay Gómez Chariño, Pero da Ponte, Ayras Nunez, Johan Servando, Pero de Ver, Johan Ayras de Santiago, Fernando Esquío o rei don Dinís ou as cantigas de amigo de Martin Códax. Por último, analízase a estrutura e o contido da selección de estudos presentada.

González Martínez, Déborah, "Outras cantigas fazem os trobadores: sobre la concepción del debate trovadoresco en el cancionero gallego-portugués", *Journal of Medieval Studies*, vol. 8, 2016, pp. 55-74.

Reflexiona arredor da concepción do debate entre trobadores na lírica galego-portuguesa. Valéndose do tratado medieval da *Arte de Trovar,* das rúbricas explicativas e atributivas rexistradas nos Cancioneiros, de *razós* e de referencias metaliterarias rexistradas en varias das cantigas incluídas nun corpus composto por trinta e tres composicións, explica a controversia entre describir a tenzón como unha técnica ou facelo como un xénero.

Pérez Barcala, Gerardo, "Apuntes sobre unas voces inexistentes en la traducción gallega de Giordano Ruffo. (A propósito de unas recetas del *De medicina equorum*)", *Pallas. Revue d'Études Antiques*, 101, 2016, pp. 225-248.

A pesar de que o coñecemento sobre a transmisión do *De medicina equorum* de Giordano Ruffo é escasa, tanto no que se refire ao latín como ás traducións ás linguas romances, un achegamento a algúns dos elementos da tradición desta obra é de gran utilidade para percibir algúns problemas textuais na versión transmitida polo códice

conservado na Biblioteca Nacional de Madrid (ms. 23076). O autor atende, en particular, ás diverxencias ás que, no estabelecemento dalgunhas pasaxes, deron lugar certas formas gráficas do manuscrito e centrouse concretamente nas voces *pano* e *peça,* tradicionalmente interpretadas polos editores de forma errónea como *paao* e *peta.*

Pérez Barcala, Gerardo, "Confusiones gráficas y errores en la traducción gallega de Giordano Ruffo", *Medioevo Romanzo*, vol. LX (2), 2016, pp. 397-414.

Realízase un estudo lingüístico e léxico do único exemplar conservado da tradución galega do *De medicina equorum*, de Guiordano Ruffo, transmitida polo ms. 23076 da Biblioteca Nacional de España. As verbas seleccionadas para a súa análise (*posta*, *braços*, *tolleras*, *leure*, *gema*, *follas*, *amado*) son algunhas das formas que se afastan das solucións esperábeis, tendo en conta a tradición latina e romance da obra. A pesar de que todas elas son lecciónns correctas, o autor propón a súa emenda na edición do texto galego, xa que se trataría posibelmente de erros que se cometeron no proceso de transmisión, debido ás semellanzas gráficas que gardan coas formas esperábeis (*pasta*, *braças*, *tallarás*, *louro*, *goma*, *fallas*, *a medio*). Os exemplos ofrecidos permiten constatar que este exemplar é unha copia, así como postular algunhas conclusións sobre características textuais que presentaría o orixinal sobre o que se realizou a tradución.

Pérez Barcala, Gerardo, "De la lección manuscrita a la edición: los errores de la traducción gallega del *De medicina equorum*", *Estudios Románicos*, 25, 2016, pp. 133-151.

O ms. 23076 da Biblioteca Nacional de España transmite unha copia da versión galega do primeiro tratado de veterinaria do occidente medieval, o *De medicina equorum* de Giordano Ruffo, que foi obxecto dunha ampla difusión en latín e de numerosas traducións a diferentes linguas (sobre todo, romances). De entre os diferentes tipos de erros de copia que hai no códice, este traballo céntrase nalgunhas lecciónns que, sendo lícitas, se desvían das que transmite a parca tradición coñecida do texto de Giordano Ruffo co obxectivo de avaliar a problemática que as envolve e de sopesar a pertinencia ou non de proceder á súa emenda segundo se trate de erros xurdidos na transmisión do propio texto galego ou de variantes orixinadas no seo da obra latina.

XI.4. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ARTIGOS DE OPINIÓN E COLABORACIÓNS FIXAS

Bará, Milagros, "El Vindel, lo que perdió Pontevedra", *Diario de Pontevedra*, "Crónicas y perfiles", 1 xuño 2016, contracuberta.

Anúnciase a exposición que terá lugar no mes de outubro de 2017 no museo Marco de Vigo onde se poderá contemplar Pergamiño Vindel, hoxe aloxado na Morgan Library & Museum de New York. Repásase a historia material do Pergamiño desde o seu descubrimento en 1914 por Pedro Vindel ata a actualidade.

Campo, Marica, "Non valen eufemismos: son lupanares", *Diario de Pontevedra*, "Opinión&Análisis"/ *El Progreso*, "Opinión", "A tecelá en outono", 9 decembro 2016, p. 25

Emprégase a cantiga de Meendinho para facer unha comparación entre a moza que morre afogada en San Simón agardando o seu amigo e unha prostituta que morreu afogada nun prostíbulo en Estepona.

Jaureguizar, Santiago, "O sentido no que se cortan as unllas", *Diario de Pontevedra*/ *El Progreso*, *"Táboa redonda"*, n.º 53, 16 outubro 2016, p. 8.

Defensa da entrega do Premio Novel de Literatura a Bob Dylan na que se compara este caso co do Día das Letras Galegas dedicado a Meendinho, Johan de Cangas e Martin Codax.

Méndez Ferrín, X. L., "Ardencias literarias no gótico final", *Faro de Vigo*, "*el sábado*", n.º 946, 30 xaneiro 2016, p. 4/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 525, 6 febreiro 2016, contracuberta, "No fondo dos espellos".

Relata unha fantasía sobre como Fernand' Esquio compoñería a súa cantiga de amigo "Vayamos irmana, vayamos dormir", composición que localiza a acción nun lago, cousa pouco común nas letras galegas. Imaxina ao poeta inspirado por unha situación presenciada na que unhas mozas, no lago de Doniños, xogan, corren e rin mentres un cazador intenta infrutuosamente matar unha arcea.

_____, "Fernand' Esquío, Ferrol", *Faro de Vigo*, "Opinión", 12 febreiro 2016, p. 29.

Repásanse unha serie de datos históricos e literarios sobre a figura do trobador Fernand' Esquio e a súa vinculación coas terras próximas a Ferrol. Aprovéitase para opinar acerca doutras cuestións relativas á lírica profana galego-portuguesa, como as orixes dos xéneros amorosos ou a intención dos satíricos, así como para facer certas alusións ás condicións políticas actuais da zona de Ferrol.

_____, “Ferrol lacustre de Fernando Esquío”, *Faro de Vigo*, “*el sábado*”, n.º 951, 5 marzo 2016, p. 4/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 531, 12 marzo 2016, contracuberta, “No fondo dos espellos”.

Analiza a figura de Esquío, destacando a súa produción de cantigas de amigo e de amor, pero sobre todo das de *escarño e maldizer*. Destaca que estas creacións non están ben estudadas pola crítica e fai un chamamento a fomentar o coñecemento destas composicións burlescas satíricas.

_____, “Sexo e riso no convento”, *Faro de Vigo*, “*el sábado*”, n.º 952, 12 marzo 2016/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 532, “, 19 marzo 2016, “No fondo dos espellos”, contracuberta.

Analízanse dúas cantigas satíricas de Fernand’Esquio que versan sobre monxas e frades: “A vós, dona abadessa” e “A hũu frade dizen escaralhado”. Remárcase que a temática obscena referida aos tipos sociais relixiosos (cregos, capeláns, abadesas, freires...) non é infrecuente nas letras galegas nin nas europeas.

_____, “Riso e transgresión no Pote de Ouro”, *Faro de Vigo*, “*el sábado*”, n.º 953, 19 marzo 2016, p. 4/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 533, “Letras galegas”, 2 abril 2016, p. 10.

Compárase o humor das cantigas satíricas medievais co humor contemporáneo e, utilizando exemplos de poetas destacados como Bernal de Bonaval, Johan Baveca, Pero Garcia Burgalês, Afons’ Eanes do Coton ou o propio Rei Sabio, saliéntase a vixencia dos seus escarnios nos nosos días.

_____, “Literatura galega e Idade Media Latina”, *Faro de Vigo*, “*el sábado*”, n.º 989, 1 outubro 2016, p. 4/ *La Opinión*, *“Saberes”*, n.º 549, 15 outubro 2016, contracuberta, “No fondo dos espellos”.

Reflexiona sobre a creación do *Liber Sancti Iacobi* e a *Historia Compostelana*, destacando que se trata de “literatura comercial e propagandística” da época.

Núñez, Carlos, “Vuelta a su tierra natal”, *Faro de Vigo*, 21 maio 2016, contracuberta.

Con motivo da exposición do Pergamiño Vindel no museo Marco de Vigo, fálase da súa orixe, contido e forma e das impresións e emocións que Carlos Núñez sentiu ao ter a oportunidade de contemplalo fisicamente.

Requeixo, Armando, “Escrita ignota”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 595, 22 setembro 2016, p. VII/ *La Opinión*, “Saberes”, n.º 548, “Literatura”, 8 outubro 2016, p. 9.

Repásanse unha serie textos indescifrables das letras universais, coma o Manuscrito Voyninch, o Libro de Soyga ou os Pergamiños Ripley, entre outros. Revísanse tamén aqueles textos inventados creados por autores coñecidos como Tolkien, Borges ou J. K. Rowling. Remñatase cunha alusión ao “misterio de lelia doura”, parte dunha cantiga de

amigo de Pedr'Eanes Solaz á que se lle deron diversas interpretacións pero que permanece aínda sen desencriptar.

Rozas, Ramón, "El viento de la frustración", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí!", "La vida en un hilo", 15 outubro 2016, contracuberta.

Crítica a quen rexeitou a entrega do Premio Novel de literatura a Bob Dylan. Entre outros argumentos que sustentan esta opinión están as referencias aos poetas gregos e galego-portugueses, pois, ao igual que Dylan, estes tamén compuxeron a súa obra para ser cantada.

Souto, Suso, "Rianxo saborea los éxitos de su sólida cantera musical", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 1 decembro 2016, p. 39.

Infórmase da estrea en Estados Unidos dunha sinfonía inspirada no trobador Paio Gómez Chariño. Esta sinfonía evoca a chegada de Paio Gómez a Rianxo, fala do Castelo da Lúa e remata coa participación do trobador na reconquista de Sevilla.

Vence, Anxel, "Trovadores de Nobel", *Faro de Vigo*, "Opinión", "Crónicas galantes", 15 outubro 2016, p. 25.

Xustifícase a concesión do premio Novel de Literatura a Bob Dylan por diversos motivos que pasan pola comparación da súa obra coa dos trobadores provenzais e galego-portugueses, xa que as composicións destes poetas medievais tamén se executaban acompañadas de música.

XI.5. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ENTREVISTAS

Gómez, Joel, "Barca Cereijo. 'Hay sensibilidad para remediar la humedad en las bibliotecas gallegas", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", 30 outubro 2016, contacuberta.

Conversa coa restauradora Barca Cereijo onde destaca algúns dos traballos realizados: unha encadernación artesanal do Códice Calixtino e unha colección de cento setenta e cinco debuxos de Castelao.

XI.6. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: NOTAS, PRESENTACIÓNS E ESCRITOS VARIOS

Álvarez, Mario, "El clon del 'Pergamino Vindel', joya de la lírica gallega, en A Coruña", *El Correo Gallego*, "Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio", 1 marzo 2016, p. 37.

Describe as características do Pergamiño Vindel segundo os estudos realizados polo equipo de expertos que elaborou o estudo que acompaña a edición facsimilar do manuscrito. Ademais, anúnciase a inauguración da exposición *Tesoros ocultos: los manuscritos iluminados más valiosos de Europa.*

_____, "O 'Pergamiño Vindel', a proba de que Galicia é o pobo da palabra", *La Voz de Galicia*, "Tendencias", 2 marzo 2016, p. 44.

Recóllense as palabras do presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijoo, na inauguración da exposición *Tesoros ocultos: los manuscritos iluminados más valiosos de Europa* sobre o *Pergamiño Vindel* e a importancia das letras galegas.

Baena, A., "Los versos del Kerouac Vigo triunfan entre el público neoyorkino", *Atlántico Diario*, "Vigo", 9 abril 2016, p. 14.

Refírese a representación no Instituto Cervantes de Nova Iork do Festival Kerouac Vigo, no que distintos poetas americanos e españois recitaron obras de distintos autores, entre os que a noticia destaca ó trobador Martín Codax.

Baena, Ana, "El primer 'hit' vigués ya tienen clon", *Atlántico Diario*, "Vigo", 27 febreiro 2016, p. 11.

Informa sobre a presentación, en Afundación de A Coruña, dunha edición facsimilar do Pergamiño Vindel, levada a cabo por Manuel Moleiro. O editor afirma que se trata dunha reprodución extremadamente precisa, o que favorece a análise por parte dos especialistas que, coordinados pola profesora da Universidade de Santiago de Compostela Mariña Arbor Aldea, realizaron o estudo que acompaña o facsímile. Así mesmo, apunta que a Universidade de Vigo segue a loitar por poder recibir o pergamiño orixinal aloxado hoxe na Morgal Library & Muesum en New York. Este transmite as sete cantigas musicadas de Martin Codax nas que Vigo é protagonista.

Botrán, Cristina, "Padrón potencia la leyenda de su trovador más universal", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 13 xaneiro 2016, p. 29.

Faise referencia á publicación de folletos por parte parte do Concello de Padrón e en colaboración co municipio de Arjonilla (Jaén) que recollen lendas en torno á figura do trobador Macías o Namorado e buscan destacar a súa figura.

Canide, A., "Cándido Pazos, galardonado por su versión del Códice Calixtino", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Agenda", "Para todos los públicos", 8 abril 2016, contracuberta.

Dáse conta do premio outorgado á obra *El Camino Francés en el Códice Calixtino*, con ilustracións de Cándido Pazos e textos de Francisco Singul. Dise que é a medalla de prata dos Premios Internacionais Hewlett-Packard Inkspiration Awards 2016.

Coco, A., "La oposición apoya la protección de la Unesco para el 'Calixtino", *ABC*, "Galicia", 25 febreiro 2016, p. 65.

Infórmase da aprobación unánime por parte do Parlamento de Galicia dunha proposta para solicitar da Unesco a inclusión do *Códice Calixtino* no seu Registro de Memoria del Mundo.

Coco, Abraham, "López Ferreiro revive en el Archivo de la Catedral", *ABC*, "Galicia", 14 xuño 2016, p. 72.

Fala do Arquivo da Catedral, que conta con pezas como o Códice Calixtino, Tumbo A ou Breviario de Miranda. Neste conglomerado de documentos, salienta as achegas de Antonio López Ferreiro.

C. R., "O Pergamiño Vindel será exposto no Museo Marco de Vigo", *Atlántico Diario*/ *La Región*, "*Universitas*", 26 maio 2016, cuberta.

Infórmase da exhibición do pergamiño Vindel en Vigo grazas á solicitude que realizou a Universidade da cidade olívica ao Morgan Library Museum, onde se custodia o testemuño. Así mesmo, realízase unha breve descrición do testemuño e dáse conta da súa historia dende que foi descuberto no ano 1914 por parte de Pedro Vindel.

Deaño, Carlos, "Medalla internacional para el Códice de Cándido Pazos", *El Correo Gallego*, "Santiago", 8 abril 2016, p. 28.

Infórmase de que o libro de Cándido Pazos *El Camino Francés en el Códice Calixtino* recibiu a medalla de prata nos premios Internacionais Hewlett-Packard Inkspiration Awards 2016.

ECG, "Presentación del disco 'Cantiga', del grupo Resonet", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 27 xullo 2016, p. 24.

Dáse conta da presentación que se levará a cabo na igrexa de San Domingos de Bonaval do disco *Cantiga,* primeiro traballo que o colectivo Resonet dedica integramente á lírica medieval co obxectivo de difundir textos que foron compostos para ser cantados e musicados.

_____, “Exposición do Códice para apoiar a súa candidatura ao Rexistro da Memoria”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 14 setembro 2016, p. 28.

Infórmase da inauguración da exposición “Á luz do Calixtino. O Códice de Santiago”, do seu contido e do horario da mostra.

_____, “La exposición sobre el Códice Calixtino llega a su fin tras 5.800 visitas”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 6 novembro 2016, p. 26.

Infórmase de que a exposición “Á luz do Calixtino. O códice de Santiago”, celebrada para apoiar a inclusión do manuscrito no Rexistro Internacional da Memoria do Mundo da Unesco, pecha con 5.800 visitas. Ademais, sinálanse cales foron os contidos da mostra e a súa importancia.

Eiras, Alejandra, “Un avogado fonsagradino logra traer a Galicia as cantigas de Martín Códax”, *El Progreso*, “Vivir”, 28 agosto 2016, p. 49.

Dáse conta do longo proceso de trámites que fixeron posible traer o pergamiño dende a Morgan Library Museum até Vigo para a súa exposición. Destácase o labor de Gil Santamarina nesta iniciativa, un avogado de ascendencia galega que axilizou as xestións.

Flowers, Margarito, “Lisboa se rinde ante el potente ‘swing’ de la Real Filarmónica”, *El Correo Gallego*, “Gente”, 20 xaneiro 2016, p. 64.

Dáse conta do éxito alcanzado en Lisboa pola Real Filharmonía de Galicia coa interpretación da obra de António Victorino D'Almeida *Ondas do mar de Vigo*, inspirada na cantiga homónima do trobador Martín Códax.

_____, “Un libro para el cumpleaños del robo del Códice Calixtino”, *El Correo Gallego*, “Gente”, 29 marzo 2016, p. 56.

Fala brevemente da presentación do libro *Custodio e o roubo do Calixtino*, que trata o roubo do códice.

Fraga, Xesús, “Resonet recolle en ‘Cantiga’ o repertorio dos trobadores galegos e portugueses da Idade Media”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 27 xullo 2016, p. 32.

Infórmase da presentación do disco de Resonet, *Cantiga*, na igrexa de San Domingos de Bonaval. O director do grupo sinala que a calidade do traballo vén da man do labor realizado por persoas que estudan e coñecen ben a música medieval e os seus instrumentos. Así mesmo, avoga por unha maior implicación institucional na promoción os elementos materiais da mesma época.

Franco, Fernando, “De iluminados manuscritos”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, “Mira Vigo”, 14 febreiro 2016, p. 6.

Faise referencia a unha exposición na sé de Afundación de A Coruña co nome de "Los manuscritos iluminados más valiosos de Europa". Está organizada polo editor Moleiro e irá precedida por unha conferencia de Mariña Arbor sobre "O pergamiño Vindel".

García, Carmela, "El Códice podría sumarse a la lista de los 'Libros del Mundo", *El Correo Gallego*, "Santiago", 26 febreiro 2016, p. 28.

Fálase da aprobación no Parlamento de Galicia dunha proposta para impulsar a inclusión do Códice Calixtino no rexistro *Memoria del Mundo* da Unesco.

García, M., "Cándido Pazos. 'Es una versión actual del Códice", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Agenda", "Para todos los públicos", 31 marzo 2016, p. L11.

Refírese a presentación do libro de Cándido Pazos *El Camino Francés en el Códice Calixtino*. Esta obra combina as ilustracións do autor con adaptacións dos textos do *Códice Calixtino* realizadas por Fancisco Singul.

_____, "Un repaso de doce siglos para reivindicar el Códice como Memoria del Mundo", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Agenda", "Para todos los públicos", 15 setembro 2016, p. L7.

Dáse conta da inauguración da exposición "Á luz do Calixtino. O códice de Santiago", que pode visitarse na Igrexa da Universidade de Santiago. O obxectivo da mostra é contextualizar a obra, que opta a ser incluída no rexistro internacional da Memoria do Mundo da UNESCO. Ademais de informar do contido da exposición, enxálzase a importancia deste manuscrito.

García, Rodri, "Pergamino Vindel, el tesoro subastado 'por unas cervezas", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 1 marzo 2016, p. 39.

Dáse conta da presentación da exposición *Tesoros ocultos: los manuscritos iluminados más valiosos de Europa* en Afundación de A Coruña, onde, entre outras xoias manuscritas, mostrarase a reprodución facsimilar do Pergamiño Vindel elaborada polo editor Manuel Moleiro. Dise que a edición vai acompañada dun estudo codicolóxico, musicolóxico, paleográfico e filolóxico levado a cabo por un equipo de expertos coordinado por Mariña Arbor Aldea.

Grela, Xosé Antonio, "Nas 'ondas do mar de Vigo", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Tribuna libre", 23 outubro 2016, p. 39.

Realízase un percorrido pola importancia do mar na literatura galega, dende as súas orixes na Idade Media da man de trobadores como Martin Codax e Mendinho até Manuel María, co desexo de realizar unha homenaxe ao artigo deste autor que leva por título "A presencia do mar na poesía galega".

Gómez, Concha, “Las cantigas de Martín Codax sonarán en Un Mar de Corales”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 28 setembro 2016, p. 9.

Infórmase da clausura do festival “Un Mar de Corales” coa actuación do Coro de Cámara Rías Baixas, que interpretará dúas das cantigas do Pergamiño Vindel con motivo da súa exposición na cidade.

Iglesias, Ana, “Resonet recupera la labor de los trovadores gallegos del medievo”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 28 xullo 2016, p. 24.

Dáse conta da presentación do disco *Cantiga* do colectivo Resonet, un traballo co que pretenden dar a coñecer e revalorizar o patrimonio cultural das composicións medievais.

López, Lorena, “El ‘Pergamino Vindel’, un enigma a punto de ser desvelado”, *ABC*, “Cultura”, 5 outubro 2016, p. 50.

Dáse conta da historia do pergamiño Vindel e das novas descubertas que se realizaron sobre o testemuño por parte dun equipo de cinco investigadores. O pergamiño está exposto, xunto con outras obras destacadas pola arte da iluminación, na mostra “Tesoros bibliográficos (s. X-XVI)” na Casa de Galicia de Madrid.

López, U., “Una exposición de cabezudos cuenta en Padrón la vida de Macías O Namorado”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Área metropolitana”, 8 xuño 2016, p. L8.

Infórmase de que o Instituto de Educación Secundaria de Padrón acolle por iniciativa do profesor de Manuel de la Rosa unha exposición de cabezudos co fin de dar a coñecer a vida do trobador Macías o Namorado.

Machado, M., “Charla promovida por Moleiro en la Casa de Galicia sobre el Pergamino Vindel”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 12 outubro 2016, p. 35.

Dáse conta da charla de Mariña Arbor Aldea na Casa de Galicia de Madrid baixo o título “El pergamino Vindel: un enigma desvelado”, celebrada no marco da exposición “Tesoros bibliográficos (ss. X-XVI). El arte y el genio al servicio del poder”.

Mato, Mar, “Una copia del pergamino de las Cantigas de Martin Codax se exhibirá en A Coruña”, *La Opinión*, “Sociedad, cultura y ocio”, p. 31/ “El pergamino de las Cantigas de Martin Codax vuela de Nueva York a Galicia”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, p. 36, 26 febreiro 2016.

Dáse conta do regreso a Galicia dun clon, realizado polo editor Manuel Moleiro, do Pergamiño Vindel, cuxo orixinal é custodiado na Morgan Library de Nova Iork. O clon será exhibido en A Coruña con motivo da exposición “Tesoros ocultos: los manuscritos

iluminados más valiosos de Europa", que será inaugurada por unha conferencia de Mariña Arbor, da USC.

_____, "Cándido Pazos. 'El 'Códice Calixtino' es como un pescado sin espinas, no tiene desperdicio", *La Opinión*, "Sociedad, cultura y ocio", 30 marzo 2016, p. 30.

Entrevístase a Cándido Pazos con motivo da presentación do seu libro *El Camino Francés en el Códice Calixtino*, no que mestura as súas propias ilustracións con textos de Francisco Singul que adaptan os escritos do *Códice Calixtino*.

Otero Ricart, J. A., "El pergamino errante", *Faro de Vigo*, "*Estela*", n.º 731, 29 maio 2016, p. 6.

Infórmase da celebración en Vigo da exposición "Os tesouros da cidade", que acolle como centro de interese o pergamiño Vindel. Ademais de dar conta da defensa de Avelino Rodríguez Elías en 1917 para que o testemuño non fose vendido e residise en Galicia, o pergameo pasou por distintos propietarios até rematar na Pierpont Morgan Library de Nova York, onde se conserva actualmente.

Pastoriza, Francisco R., "Un clon del 'Pergamino Vindel' se exibe en la Casa de Galicia de Madrid", *La Opinión*, "Sociedad, cultura & ocio", 6 outubro 2016, p. 30.

Dáse conta da exposición do pergamiño Vindel na exposición "Tesoros bibliográficos (s. X-XVI): el arte y el genio al servicio del poder" na Casa de Galicia en Madrid e infórmase da historia deste testemuño e do seu formato.

_____, "Los misterios del pergamino Vindel", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 6 outubro 2016, p. 38.

Infórmase da historia do pergamiño Vindel, realízase unha descrición do testemuño e dáse conta das pesquisas realizadas sobre el por un grupo de investigación dirixido por Mariña Arbor Aldea, cuxos traballos se publicaron nun volume pola editorial M. Moleiro. Ademais, infórmase de que está exposto na Casa de Galicia en Madrid, xunto con outras xoias bibliográficas.

Penelas, Sandra, "El Pergamino Vindel surcará el mar de Vigo", *Faro de Vigo*, 21 maio 2016, contracuberta.

Infórmase da futura exposición do Pergamiño Vindel no Museo MARCO de Vigo grazas a un préstamo realizado polo Morgan Library Museum de Nova Iork. Ofrécese un breve resumo da historia do pergamiño e da exposición que se levou a cabo en A Coruña do clon de dita obra realizado polo editor Manuel Moleiro.

_____, "Las claves de una visita histórica", *Faro de Vigo,* "*Estela*", n.º 731, 29 maio 2016, p. 7.

Dáse conta das complexas xestións que tivo que levar a cabo Cipriano Jiménez para lograr que o centro que custodia actualmente o pergamiño Vindel accedese a permitirllo consultar e, posteriormente, posibilitase a súa exposición en Vigo, despois de longos trámites burocráticos nos que colaboraron o Concello e a Universidade de Vigo.

Porto, H. J., "La Real Filarmónica Estrena en Portugal 'Ondas do Mar de Vigo', obra de Antonio Victorino de Almeida", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 17 xaneiro 2016, p. 41.

Fálase da interpretación en Lisboa por parte da Real Filharmonía de Galicia da obra de António Victorino d'Almeida *Ondas do mar de Vigo*, inspirada na cantiga de amigo do mesmo nome escrita por Martín Códax.

Romero, Santiago, "Tesoros vedados al ojo común", *La Opinión*, "*El Domingo*", n.º 766, 28 febreiro 2016, pp. 2-5.

Presenta a exposición *Tesoros ocultos: los manuscritos iluminados más valiosos de Europa* na que se reúnen os principais facsímiles recreados polo editor Manuel Moleiro. Celebrouse na Fundación Abanca de A Coruña o 1 de marzo de 2016. Entre as obras expostas, destacan o *Pergamiño Vindel*, *O Breviario de Isabel la Católica,* os *libros de horas* Enrique IV de Francia, Enrique III de Navarra e Carlos de Angulema, o *Libro de la Caza*, *Gaston Phébus*, el *Libro de la Felicidad*, ou o *Atlas Miller,* entre outros. Como explica o propio editor, trátanse de obras moi valiosas encargadas polos mecenas máis poderosos, polo que clonalas supón un labor arduo mais necesario que pode evitar desperfectos nos orixinais. Ademais, fala sobre algunhas das súas experiencias como editor e opina sobre certos acontecementos relacionados con algúns dos libros máis importantes, como por exemplo, o roubo do Códice Calixtino.

Sampedro, Domingos, "Respaldo unánime para incorporar el Calixtino al registro de la Unesco", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 25 febreiro 2016, p. 38.

Refírese a aprobación por unanimidade no Parlamento galego dunha iniciativa para que a Xunta impulse a inclusión do Códice Calixtino no rexistro da Unesco chamado "Memoria do Mundo"

Santamaría, Uxío, "El Códice 'lucha' para ser reconocido por la Unesco", *El Correo Gallego*, "Santiago", 15 setembro 2016, p. 30.

Infórmase da inauguración da exposición "Á luz do Calixtino. O códice de Santiago" na Igrexa da Universidade de Santiago con motivo da candidatura do manuscrito para a súa inclusión no Rexistro Internacional da Memoria Histórica do Mundo da UNESCO. A mostra tenta acoller materiais que reflicten o ambiente cultural no que naceu a obra, a mentalidade da época e a historia da peregrinación.

_____, "Villancicos' calixtinos con la Escolanía", *El Correo Gallego*, "Santiago", 29 decembro 2016, p. 25.

Dáse conta da interpretación por parte da Escolanía da Catedral de Santiago de dúas pezas cuxas letras foron extraídas do Códice Calixtino. Estas pezas formaron parte do repertorio do concerto de Nadal, que foi dirixido por José Luis Vázquez, foi organizado polo Cabildo da Catedral e o Banco Sabadell Gallego e tivo gran éxito entre o público.

Teo de Andrés, José, "El Vigo de Martín Códax", *Atlántico Diario*, "Vigo", 22 maio 2016, p. 9.

Dáse conta da exposición do pergamiño Vindel dende outubro no Museo de Arte Contemporáneo de Vigo. Así mesmo, infórmase das distintas hipóteses sobre a orixe da cidade e da sorte que correu o pergamiño que contén as cantigas de Martin Codax.

Villar, C., "Un 'libro joya' elogiado por el Rey", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 1 abril 2016, p. 47.

Con ocasión da presentación do libro *El Camino Francés en el Códice Calixtino*, con ilustracións de Cándido Pazos e textos adaptados do Códice Calixtino por Francisco Singul, fálase das opinións expresadas por Felipe VI ó respecto nunha misiva enviada ó Presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo. O rei considera que esta obra "pone en valor uno de los grandes patrimonios espirituales y materiales de España, de Europa y del mundo".

Vivas, Ángel, "Este gran Don Ramón...", *El Mundo*, "*EM2*", "Cultura", "Literatura", "Edición", 24 decembro 2016, p. 37.

Dentro dunha noticia adicada á edición por parta da Biblioteca Castro das obras completas de Valle-Inclán, infórmase de que esta mesma editorial ten recuperado textos difíciles de encontrar, e sinálase a publicación da *General Estoria* de Alfonso X como un gran fito da colección.

XII. APÉNDICE

Entradas non recollidas en informes anteriores.

XII.1. NARRATIVA

XII.1.1. NARRADORES GALEGOS

Momán, Alberto, *O legado extraterrestre*, Madrid: El Círculo Rojo, marzo 2015, 262 pp. (ISBN: 978-84-9095-572-7).

Volume de Alberte Momán Naval (Ferrol, 1976), que se compón de dúas historias de carácter diferenciado. Por unha banda, figura a *Triloxía Vattene!*, na cal o tres relatos posúen un fío en común: a desaparición de Alexander Hartdegen e a idea de eliminar un alter ego que se presenta como un elemento externo pero relevante no proceso vital do protagonista. Doutra banda, atópase *O legado extraterrestre. Unha micronovela psychobilly*, na que, a través de dezasete chapters, se presenta a historia de Penélope e Circe, quen procede de Termodonte, o planeta das superclitorianas, un planeta pequeno no que a guerra de sexos provocou que as mulleres levaran a cabo un plan para que os propios homes tomaran a decisión de abandonalo. A presenza da viaxe como un elemento que permite un coñecemento amplo tanto dun mesmo como dos demais conforma unha constante e un nexo entre dous relatos.

Rodrigues de Gomesende, Jorge, *Frouma de ruivéns. O sonho que na tua língua mora*, Vigo: Redelibros, decembro 2015, 127 pp. (ISBN: 978-84-943412-6-7).

Volume de Jorge Rodrigues de Gomesende, que se abre cunhas palabras do autor nas que explica que coa escrita destes relatos tenta "fabular líricamente o mundo que escollemos vivir". A seguir presántanse nove capítulos: "A deusa dos afiadores (pp. 9-23)", no que un narrador en primeira persoa rememora unha viaxe moi especial que alterará o seu decorrer vital e no que se insiste na idea de que os feitos de lembrar e soñar son moi parecidos; "Os peregrinos (pp. 25-33), no que se presenta unha carta dirixida ao pai do narrador, na que este di que non concorda coa súa hipótese sobre os feitos acontecidos na noite do 23 de agosto e a súa correspondente atribución ao grupo ou seita coñecida como "Os peregrinos"; "E foi entom que encontrei a palabra mágica (pp. 35-38)", no que se relata en primeira persoa a relación con Suévia, definida como intelectual, racionalista, positivista e convencida do poder místico da palabra, quen o convida a un acto relixioso da Cofraría de Návia cuxa premisa consiste na crenza de facer presente aquilo que se nomea; "Onironautas em abril (pp. 45-51)", que comeza cunhas palabras de Álvaro Cunqueiro e no que o protagonista imprime varios correos de Lisdália nos que se fala sobre a experiencia que están a compartir os integrantes da Associaçom de sonhadores; "Razóns para odiar un Mestre tántrico (pp. 53-65)", no que se fala de Ansoi de Lens, un home que sen axuda de ningúen conseguiu unha boa posición económica e cuxa personalidade destaca no medio das persoas comúns;

“Oferenda (pp. 67-74)”, no que se expresa en primeira persoa a preocupación compartida con Aldám; “Tempo e memoria na fotografía de xalo chãos (pp. 77-85)”, que se centra na fotografía de Xavier Ángelo Chãos, a cal á primeira vista semella sinxela e inocente e atrare a curiosidade e o instinto de “voyeur”, mais despois provoca un indefinido desconcerto e magnetismo; “O sonho dos balouros (pp. 87-110)”, no que se recolle unha conversa na que Nuno afirma que xa dende pequeño era consciente de que podía percibir cousas que non todo o mundo era capaz; e “Mogor (pp. 113-127)”, no que o narrador insta a imaxinar cousas diferentes e fala da organizaçom, a que define como un todo, facendo fincapé no seu secretismo e no seu carácter sagrado.

Recensións:

- Román Raña, “Desconcertante cosmovisión”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 607, “Libros”, 15 decembro 2016, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 560, “Letras galegas”, 24 decembro 2016, p. 10.

Fala do libro *Frouma de ruivéns, O sonho que na tua lingua mora*, de Jorge Rodrigues, como unha obra invulgar no panorama narrativo dos últimos anos por empregar a grafía reintegracionista de Ricardo Carvalho Calero. Destaca que a obra consta de nove narracións de intriga e misterio, que destacan por un pulso narrativo admirable.

Rodríguez Ferrer, Xosé, *Historias da miña aldea*, Santiago de Compostela: Finis Terrae Ediciones, decembro 2015, 191 pp. (ISBN: 978-84-94479175).

Conxunto de historias de Xosé Rodríguez Ferrer (Vilamartín de Valdeorras-Ourense, 1946), dedicadas "a todas as avoas que cando nenos nos contaron as súas historias" (p. [3]) e que viran a luz no xornal *O Sil* do Barco de Valdeorras entre 2004 e 2007. Ábrese cunha breve nota do autor na que incide en que "Tódolos pobos teñen as súas propias historias. Estes feitos que aquí se contan son historias algunhas delas reais e outras, coma nos contos que van e veñen de boca en boca, son simplemente feitos nados da imaxinación " (p. 7) e nas mudanzas derivadas so paso do tempo que se observan na súa propia aldea. A seguir reprodúcense as variadas "historias da miña avoa", presentadas a xeito de capítulos sen intitular nin numerar, nos que a avoa aparece como a narradora oral das historias e o oínte como un eu narrador testemuña. As historias caracterízanse pola imprecisión temporal, por estar avoa e neto ao carón da lareira, polas recomendacións da avoa cara ao neto para que escoite atentamente o que lle vai narrar e por transmitirlle historias descoñecidas ou esquecidas polo resto dos veciños da súa aldea. Carecen da ensinanza final propia dos contos ou lendas da tradición oral mais achegan vivencias, costumes e labores nunha aldea galega que permiten manter viva a memoria dun pasado distinto ao actual.

Referencias varias:

- Mónica G. Bellver, “Alma de poeta”, *O SIL*, “Cultura”, marzo 2016, p. 43.

Dá conta da recente publicación desta obra de Xosé Rodríguez Ferrer, na que se recompilan historias que escribiu en distintos momentos da súa vida. Ademais de realizar un percorrido biográfico do autor, apunta outros títulos que xa viron a luz.

VV. AA., *Xeración literaria As casillas sen número*, Ordes: Luzdegás, ed. Xosé Manuel Fernández Castro, ilust. capa Silvia Martínez Costa, xuño 2015, 257 pp. (ISBN: 978-84-942739-2-6).

Volume colectivo no que se recollen os mellores relatos e textos teatrais escritos por rapaces de 3º e 4º da ESO do Instituto Maruxa Mallo de Ordes. Principia cun limiar redactado por Xosé Manuel Fernández Castro, membro do Departamento de Lingua Galega do devandito centro, no que expón que a orde das obras é puramente alfabética. A continuación, introduce a cada un dos estudantes e o nome dos escritos co que participan nesta obra colectiva. No marco da narrativa acóllense os seguintes relatos:

- Ainhoa Graña, "A curiosidade matou o gato", pp. 15-17.

Relato en primeira persoa, no que María, a narradora, vai a clases de ballet acompañada pola súa nai. Polo camiño, a curiosidade apoderase dela e fica tras unhas táboas, tirando, sen querer, unha delas ao chan. Volve a asomarse e ve un neno ensanguentado. Remata co medo de María por considerarse culpábel da morte do neno.

- Ainhoa Graña, "Heroes de cruceiro", pp. 19-27.

A narradora do conto, María, unha nena de 8 anos, e seus pais van de cruceiro a Hawaii. No barco, a nena amosase interesada por uns golfiños, o que a leva a iniciar unha conversa con outros dous nenos, Marcos e David. Os tres decátanse de que os golfiños están todo o tempo a carón do barco. Unha noite, ven a uns furtivos intentar cazalos golfiños, pero avisan á policía e estes son detidos.

- Alba Pena García, "A miña familia mais eu", pp. 29-31.

A protagonista e narradora deste conto é unha nena discapacitada que ten que facer fronte a unha delicada situación: a crise económica deixa no paro ao seu pai, polo que ten que abandonar o colexio porque seus pais non o poden pagar. Pero un día todo cambia cando a seu pai lle ofrecen un novo traballo.

- Alba Pena García, "Cambio de cidade", pp. 33-36.

Conto en primeira persoa no que a protagonista é unha rapaza que se ten que mudar dunha pequena vila a unha gran cidade. Ao principio, os cambios que ten que afrontar (unha nova casa, unha nova escola, etc.) seméllanlle moi complicados, pero co paso do tempo vaise afacendo a súa nova vida.

- Iria Souto, "A cea dos mil e un culpables", pp. 39-48.

O narrador, Mario Fernández, é invitado a unha cea presidida polo dono dunha coñecida marca de refrescos. Durante a cea, un dos convidados é asasinado, polo que Mario decide investigar o crime. Convencido da inocencia da principal culpábel, continua

coas pesquisas ata que atopa ao verdadeiro culpable, que resulta ser o dono da empresa de refrescos.

- Juan Ramón González González, “Morte doce na beirarrúa”, pp. 51-54.

Relato en primeira persoa sobre un amor que non pode ser e como dous amantes prometen non volver a verse nunca máis.

- Juan Ramón González González, “O misterio do taboleiro encantado”, pp. 57-61.

A Punchón, un mestre que xa está un pouco farto do colexio, os seus alumnos cóntanlle que o taboleiro da aula tragouse a unha mestra. Unha voz dille que se non cambia a súa actitude, o taboleiro tragarase a máis xente. De súpeto, o home esperta e dáse de conta de que todo foi un pesadelo. Sen embargo, comeza a comportarse con máis amabilidade no colexio.

- Juan Ramón González González, “XVII. A caída dos reais”, pp. 63-66.

O rapaz que conta esta historia está a ser sometido polos Reais, unha elite que ten amedrentado a todo un pobo. A súa amiga, Yohanna, intenta falar con eles para que lles outorguen máis dereitos, pero acaba converténdose nun deles. Sen embargo, todo fora unha estratexia para poder librarse dos Reais.

- Lucía Lagares, “Máis que un amor, un pesadelo”, pp. 69-72.

A protagonista do relato, unha rapaza de quince anos, comeza a ter unha relación sentimental. Ao principio, el é moi agarimoso, pero despois comezan os celos e os malos tratos. Ela decide romper coa relación, pero el non o entende e persíguea ata que a rapaza lle da unha segunda oportunidade. Pero o mozo volve a pegarlle ata que ela o deixa definitivamente.

- Lucía Montaos Blanco, “A señora María”, pp. 75-77

Relato en primeira persoa no que se conta a historia da señora María, unha anciá que un día recibe a visita duns parentes de Arxentina que non coñecía. Cando deciden marchar, á muller cámbialle o carácter, pero os seus parentes deciden volver.

- Lucía Montaos Blanco, “Cambio do presente”, pp. 79-82.

Conto en primeira persoa no que á irmá de Sara, Alba, detéctanlle unha diabetes. Como os pais teñen que traballar e a avoa está moi maior, Sara debe ocuparse das inxeccións da pequena. Esta experiencia sérvelle a rapaza para decantarse por estudar Medicina e axudar aos demais.

- Marina Recouso Vilaboy, “A avoa”, pp. 85-87.

A avoa da narradora do conto padece Alzheimer. Un día, a nena ten un presentimento e, cando chega a casa, decátase de que toda a súa familia está no hospital porque a avoa falecera. A rapaza súmese nunha tristeza perenne.

- Marina Recouso Vilaboy, “Motivación”, pp. 89-91.

A protagonista deste relato é unha profesora que non atopa a motivación no seu traballo. Sen embargo, un día decide cambiar esta situación e proponse ser mellor docente.

- Marina Recouso Vilaboy, “Un soño feito realidade”, pp. 93-95.

A rapaza que conta a historia ten unha tía en Australia que apenas ve. Un día, esta escríbelle unha carta invitándoa a ir a vela. Pero hai outra sorpresa: a tía Ana decide volver a Galicia de forma permanente.

- Marta García Pereiro, “A primeira vez”, pp. 96-106.

O narrador do conto vai a conducir un monoplaza de Fórmula 1 por primeira vez. Logo dun tempo, mellora tanto que deciden facerlle unha proba para entrar nun equipo. Contrátano e acaba sendo campión de carreiras.

- Marta García Pereiro, “A vida é un suspiro”, pp. 109-122.

Un día que volve de casa dos seus pais, a protagonista do relato atópase cun home tirado no chan. Decide axudalo ao ver que está sangrando, pero outra persoa secuéstraa. Ao día seguinte, espértase nun parque e decide ir ao hospital, onde lle comunican que a secuestraran traficantes de órganos e que lle quitaran un ril, polo que acaba falecendo. Sen embargo, o seu espírito queda na casa.

- Marta Rodríguez Sanjurjo, “Egoísmo”, pp. 125-127.

A rapaza que narra a historia ten un conflito interno: os seus amigos póñena nunha encrucillada na que debe elixir entre un deles. Armase de valor e decide falar con eles para deixarlles as cousas claras, sendo, por unha vez, egoísta.

- Marta Rodríguez Sanjurjo, “Monólogo”, p. 129.

A muller do relato non sabe como ocultar aos seus fillos que o seu pai é un maltratador e que non o verán nunca máis.

- Marta Rodríguez Sanjurjo, “Outono”, pp. 131-135.

O protagonista desta historia equivocase de día para un exame de oposicións. En lugar de volver para a casa, decide dar voltas polas rúas, pero choca cunha muller e tíralle o café. Para compensala, decide invitala a outro. Nese intre, decátase de que é a súa mellor amiga da infancia, da que leva anos sen saber nada. Lévaa ao sitio onde xogaban de pequenos e dende aquela non se separaron máis.

- Marta Rodríguez Sanjurjo, “Quen son?”, pp. 137-139.

Conto en primeira persoa sobre a depresión da protagonista e de cómo decide superala.

- Noelia Cernadas Méndez, “Diario dun demente?”, pp. 141-165.

A modo de diario, Lucas, de 23 anos, conta a súa experiencia nun sanatorio mental. Nas primeiras entradas dedícase a describir o entorno do centro e o porqué de estar encerrado: o día do seu dezaoito aniversario emborrachase e coñece a unha rapaza chamada Xulia. Comezan a saír xuntos pero as súas respectivas familias deciden separalos e encerralos en institucións mentais. Sen embargo, son axudados por unha doutora que os saca do seu confinamento para poder volver a estar xuntos.

- Noelia Cernadas Méndez, "Sempre é malo escoller o camiño fácil?", pp. 167-172.

Álex e Sofía son unha parella de namorados que ansían poder vivir xuntos. Pero un día, Sofía aparece asasinada. Cando Álex descobre a verdade (que unha veciña lle quitou a vida porque a rapaza matara sen querer a un dos seus gatos) decide tomarse a xustiza pola súa man e asasina á muller para logo quitarse a vida.

- Paula Noya Vázquez, "Samuel", pp. 213-216.

A protagonista do relato é unha muller que se acaba de quedar viúva por mor dun accidente de coche. Como non logra ser feliz, decide mudarse a Venecia, onde coñece a un home co que acaba tendo un fillo que nace o mesmo día que morreu o seu marido.

- Sandra Moure, "A casa dos Rodríguez", pp. 219-222.

Un grupo de amigos deciden entrar na casa dos señores Rodríguez, falecidos misteriosamente o ano anterior. Un deles comeza a ter alucinacións sobre a morte do matrimonio, nas que observa como son asasinados, axudando a que se faga xustiza.

- Silvia Martínez Costa, "Martiña", pp. 225-227.

Trala ruptura con Daniel, Martiña rememora como o coñeceu, nunha etapa triste da súa vida na que ela se acababa de quedar orfa. Dáse de conta de que é un erro moi grande deixalo e reconcílianse.

- Sorraylla Ramos Gonzaga, "Mundos diferentes", pp. 229-246.

Un grupo de amigos deciden facelo Camiño de Santiago. Durante a ruta, atopan un espírito, Elizabeth, que leva morto preto de mil anos. O seu cometido é que os rapaces vexan o ceo e o inferno. Esta experiencia úneos máis.

- Xela Sánchez, "Liberdade", pp. 249-251.

A muller do conto síntese como nunha cárcere por mor dunha relación sentimental posesiva. Finalmente, acaba tendo valor e cortando a relación.

Tamén está descrito no apartado *XII.3. Teatro* deste *Informe*.

XII.1.2. REEDICIÓNS COMENTADAS E FACSÍMILES

Alcalá, Xavier, *Fábula*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria, 2015, 287 pp. (ISBN: 978-84-9865-601-5).

A novela de Xavier Alcalá (Cidade Real, 1972) comeza cunha cita de Hans Andersen que fai referencia á necesidade da realidade para a creación das fábulas. Tamén conta cunha dedicatoria a dúas persoas que favoreceron a existencia deste relato. Non se divide en capítulos, senón que a historia vai toda seguida, cunha única separación dun espazo en branco. A novela céntrase na Galicia democrática, pasada xa a Guerra Civil e a Transición. Pero aínda así, estes feitos aparecen continuamente no relato debido a que os acontecementos que se describen son consecuencias fundamentais destes procesos. Así pois a obra relata a historia dun pequeño grupo de persoas que habitan unha pequena viña mariñeira galega ao servizo dos antigos caciques e os gañadores da gran guerra. Estas persoas buscan a forma de vingar o seu pasado, de vingar á personalidade de Ernesto Abelaira, abogado asasinado polos mandos do gobernante Darío Quintán. Coñecemos a historia destas personaxes a través de diferentes vistas ao pasado, pois a novela complétase cos acontecementos anteriores para que comprendamos a situación actual. Comenta o secuestro da revista *LUME*, a cal ía publicar unha reportaxe mostrando quen foron os verdadeiros asasinos nos escuros tempos da Guerra Civil, asasinos que nese mesmo momento están ao cargo do goberno da vila. O secuestro desencadea os feitos, de modo que personaxes coma César, Celia, Luís dos Mistos, Xulio e Gabriel intentan vingar a memoria dos mortos. Pouco a pouco, a obra vai mostrando os segredos, de forma que coñecemos a relación de amizade existente entre Darío e Ernesto, quen foi asasinado en contra da vontade do político, coñecemos tamén que froito deste asasinato a filla de Darío, Amalia, foi secuestrada e nunca se soubo nada dela. Ata case o fin da obra, no que descubrimos que Amalia é Celia, a empregada da fábrica conserveira que vive na mesma vila que os seus pais biolóxicos, pero ela descoñece totalmente esta información. Celia é unha opositora ao partido de Quintán e mesmo se enfronta a el nunha manifestación. Na páxina final da novela, Quintán descobre este feito cando se lle envía un periódico coa fotografía de Celia protestando na que se lle di que ela é a súa filla, e que todo foi unha vinganza a cargo de Xulio, o mellor amigo de Ernesto, e do home que fixo pasar a Celia pola súa propia filla levándoa a Brasil sendo unha nena. Gabriel, o periodista, é o encargado de escribir un libro sobre a vida e a personalidade de Ernesto Abelaira e é el, quen entrevistándose con Xulio, vai descubrindo informacións ocultas que rematan sendo claves na historia. Trátase pois dunha novela onde a violencia e a raiba son os temas principais, onde a vinganza é o único camiño que as personaxes poden tomar para facer xustiza. A historia complétase mediante saltos ao pasado, onde se nos explican relacións de amizade complexas como a protección que Ernesto sempre lle brindou a Darío Quintán e o cariño que este realmente sentía por el, pero os seus homes ao mando traizoaron as súas ordes e déronlle caza no monte xunto a Touceda. O ton é realista, enumera os feitos sen condicións, amosando a cara amarga da guerra e a represión. É unha novela onde non existe espazo para a felicidade, todas as personaxes se preocupan por derrubar aos novos caciques, aos "sempiternos caciques" que titulaba o número secuestrado da revista *LUME*, onde se enumeraban as múltiples atrocidades e asasinatos cometidos polos homes donos da vila e onde se enumeraban os homes e mulleres asasinados por ser quen de pensar por si mesmos.

Andrade Figueiras, José Antonio, *Reválida de sexto*, Ferrol: Edicións Embora, col. Novela, agosto 2015, 126 pp. (ISBN: 978-84-16456-06-2).

Reedición da novela de José Antonio Andrade Figueiras (Seavia-Coristanco-A Coruña, 1957) que saíra do prelo como edición de autor en 2008. Tras unhas citas de Óscar Wilde, Xosé María Álvarez Blázquez e Joaquín Sabina, acóllese o primeiro capítulo "O achado no faiado" que funciona como presentación da novela ao xeito da estrutura lineal tradicional, ao que segue o amplo nudo do capítulo "Os diarios de Andrés" e o desenlace do terceiro capítulo, "Epílogo". A novela presenta dous narradores en primeira persoa. O primeiro deles, que se identifica co autor e narrador testemuña, explícase para darlle verosimilitude ao recurso literario do manuscrito atopado, xa que relata que, a raíz do detonante de mercar unha casa de pedra, a finais de maio de 1998, na comarca de Bergantiños, movido por tres razóns destacadas (aplicar na práctica os estudos teóricos expostos no seu proxecto de fin da carreira de Arquitectura; a súa orixe nunha aldea, que seguía a ser para el "parte do mobiliario da alma" (p. 11); e contar cos cartos precisos para mercala e acometer a primeira parte da súa reconstrucción) e a casualidade de encontrar na casa seis axendas que Andrés Abeleiras Sánchez escribira cinco lustros atrás, cando era alumno de bacharelato nun centro privado de Carballo, e que escondera no faiado da casa de seu avó. Estas axendas contiñan diarios datados desde inicios de xaneiro de 1973 até a primavera na que comeza a redactar cartas, xénero que abandona no inverno para retomar o formato do diario. Este primeiro narrador pecha o capítulo inicial explicando a decisión tomada sobre o contido das axendas: "empecei a teclear directamente o contido íntegro de canto segu. Que Deus me perdone ou un raio me parta, segundo sexa merecente o meu atrevemento". O segundo narrador en primeira persoa é o citado Andrés Abeleiras Sánchez, ao longo do amplo segundo capítulo, que arrinca na primavera de 1974 e pecha o 29 de xullo. Os diarios e cartas, como precisa o primeiro narrador en primeira persoa, tras contactar con Andrés grazas á intermediación do seu tío Lisardo, se ben reflicten a cotidineidade de Andrés, teñen "un valor testemuñal dos primeiros anos setenta, tan decisivos no devir social e político do país, período que acusou axiña de anos escuros". Andrés convéncese e decide enviarlle por correo postal as tres páxinas que faltaban xa que as arrincara da última axenda e mesmo un poema dedicado a Branca, a quen se dirixía na nota que concluía as tres citadas tres follas arrincadas. O epílogo finaliza rememorando o momento en que o primeiro narrador coñeceu a Andrés e a súa dona cando estes veraneaban o mes de agosto pasado en Carballo.

Recensións:

- Vicente Araguas, "Dor da mocidade", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*"/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 954/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 954, "máis Libros", 9 outubro 2016, p. 30.

Coméntase que se trata dunha novela de iniciación, da cal se destaca o ben contextualizado que está, situándose a narrativa nos anos setenta e tres e setenta e catro. Achégase un breve resumo dos contidos principais e finalízase recomendando a lectura para o alumnado das escolas.

Araguas, Vicente, *Agora xa foi*, Ferrol: Edicións Embora, decembro 2015, 74 pp. (ISBN: 978-84-16456-16-1).

Narración sobre un rapaz que pertence a un movemento subversivo que pretende derrocar a ditadura de Franco en 1971. A acción transcorre durante un so día, con múltiples *flashbacks* e *flashforwards*. O primeiro capítulo do libro comeza cun narrador omnisciente que presenta, sen nomealo, ao protagonista da historia que está a durmir. O seguinte capítulo comeza cun *flashforward* no que se di que o protagonista será detido pola noite. Aínda que neste momento non se nos indica o porqué desta detención, o rapaz vai describindo o piso no que vive, ata que chega a súa habitación e vemos que ten propaganda do Movemento de Liberación Nacional. Aquí é onde os lectores coñecen nova información: o rapaz coñécese polo nome de Fandiño estamos durante a ditadura (concretamente en 1971) e o protagonista é un estudante da universidade de Santiago de Compostela. Unha vez que se sabe que Fandiño é un estudante pertencente a un movemento subversivo, prodúcese un *flashback* no que o protagonista lembra como foi a súa cidade natal, Ferrol, o día anterior a xantar, coa intención de volver a Santiago coa escusa de estudar un parcial, cando en realidade tiña que repartir a propaganda do Movemento. Tamén se lembra da súa moza, Natalia, a que ten ganas de ver. Antes de ir ver a Natalia, Fandiño queda con Agonías, un dos membros importantes do Movemento para precisar os últimos detalles da operación. Agonías avisa a Fandiño de que Natalia, alias Corredoira, é nova e é a primeira vez que participa nunha acción de propaganda. Unha vez Fandiño lle xura que terá coidado, despídese de Agonías e vai trala busca de Natalia, a cal atopa do brazo doutro home pola rúa. Cheo de ciumes, Fandiño volta para a casa familiar. Fandiño decide ir a unha quedada con outros membros do Movemento na que se vai a reproducir o filme "The loneliness of the long distance runner". Aquí, atopa a Natalia, a cal pregunta polo misterioso home co que ía antes pola rúa. A rapaza decide non contestar á pregunta e comeza a proxección da película. Sen embargo, esta é interrompida pola chegada de homes pertencentes ao réxime, que arremeten contra os espectadores. Logran botalos da sala e acaban de vela película. Ao rematar, deciden ir tomar unhas copas a un bar, pero logo de vislumbrar a dous membros da Brigada Político-Social, concordan en marchar. A Fandiño ségueno estes dous membros do BPS, o Torpe e o Carozo, para avísalo de que o van a vixiar de preto. Fandiño, en lugar de volver para casa, decide ir a un burdel. Alí atopa a Lisardo Xovino, un antigo compañeiro de instituto que lle conta as súas andanzas no exilio: primeiro en Inglaterra, de onde tivo que marchar por mor dunha muller, e logo en Amiens, onde comezou a traballar para un home galego namentres que se deitaba coa súa muller. Cando o seu patrón o descubriu, decidiu botalo, así que Lisardo agora vive en Calais. Aquí remata o flashback e a narración volve ao tempo lineal da historia onde é domingo e teñen que distribuír as octavillas durante un partido de fútbol entre o Racing de Ferrol e o Betis. Fandiño e Natalia chegan ao estadio do Inferniño, onde miran o partido á espera de que sexa a hora axeitada para distribuír os panfletos. Cando está a punto de rematar, os rapaces deciden que xa é hora e tiran as octavillas ao público pero, cando estaban a piques de escapar correndo, Fandiño é detido por Carozo e Torpe. Condúceno aos calabozos onde é torturado, pero non di nada.

Referencias varias:

- Andrés H.-Cachalvite, “Araguas: ‘Agora xa foi’ é unha obra complexa para quen desfruta da lectura”, *Atlántico Diario*, p. 41/ *La Región*, p. 61, “Sociedad”, 11 febreiro 2016.

Dá conta da reedición desta obra quince anos despois da súa publicación. Comenta que o autor non tivo no seu momento a acollida merecida, pero que confía en que si a acade grazas á editorial Embora. Avanza os temas tratados e realiza unha reflexión do autor sobre a mesma.

XII.1.3. ANTOLOXÍAS

Acuña, Ana, e Olivia **Rodríguez** (coords.), *Pontevedra. Laranxeiras e limoeiros*, Vigo/ Pontevedra: Editorial Galaxia/ Concello de Pontevedra, abril 2015, 135 pp. (ISBN: 978-84-606-7214-2). ■

Antoloxía que recompila textos poéticos, narrativos e ensaísticos de dezanove autores e autoras como homenaxe á cidade de Pontevedra con motivo da entrega dos Premios da Crítica. Mestúranse textos inéditos e xa publicados, traballos de creación e ensaio que fan á urbe materia literaria. Ábrese cun limar de Miguel Anxo Fernández Lores, alcalde de Pontevedra, resaltando a riqueza literaria da cidade; un texto de Ángel Basanta, presidente da Asociación Española de Críticos Literarios; e unha nota á edición de Olivia Rodríguez González que xustifica a elaboración desta escolma por parte do Concello e da editorial Galaxia co gallo da celebración na vila da xuntanza do xurado dos Premios da Crítica. A obra recibe o título do prólogo introdutorio de Victor Freixanes, concretamente da mención ás “laranxeiras e limoeiros” que fai referencia a unha impresión do viaxante George Borrow no seu paso pola cidade no século XIX. Trátase dunha obra colectiva visual pois acompaña os textos con fotografías dos espazos máis representativos da cidade feitas por Noel Queipo, láminas, cadros e debuxos sobre Pontevedra. Recolle os seguintes textos: “Hoxe sóbrame o corazón”, de Fina Casalderrey; “A creación do mundo”, de Alfredo Conde; “Anxiños”, de Xesús Constela; “Alta vida”, de Francisco Cortegoso; “O toque Malone”, de Miguel Anxo Fernández; “Ningún lugar seguro”, de Susana Fortes; “Cegoñas no fondo da ría”, de Manuel Lourenzo González; “Entre paréntese”, de Xosé Monteagudo; “Estrela do Norte”, Luís Rei Núñez; “O ciclo de Turinxia”, Elvira Riveiro; “Os nenos do mercurio”, de Carlos Solla; “Gotas de ouro”, de Miguel Suárez Abel; “Ben sabe o Demo o farrapo que racha”, de Sabino Torres; “A memoria do boi”, de Xosé Vázquez Pintor; “Cristovo Colón pontevedrés”, Clementina Vidal Caramés; “Congreso Internacional de Poesía, Pontevedra, 1954”, de María Aurora Vidal Caramés; e “No principio foi a viaxe”, de Isaac Xubín. O volume pecha cunha breve presentación biobibliográfica de cada un dos autores e autoras participantes.

- **Asociación Cultural O Fervedoiro** (coord.), *Verbo na arria. Homenaxe literaria a Xohán Xesús González*, limiar Marcos Seixo Pastor, [Pontevedra]: Edicións Fervenza, decembro 2015, 174 pp. (ISBN: 978-84-944750-8-5). ◆

Volume colectivo de homenaxe a Xohán Xesús González (Sebil-Cuntis-A Coruña, 1895-Boisaca-Santiago de Compostela, 1936) con motivo do 120º aniversario do seu

nacemento e o 90º aniversario da publicación da súa novela *Ana María*, na Editorial Lar. Tras a solapa da capa, que sintetiza a biobliografía do autor, e unha cita súa que precede á portada, acóllese o editorial "Verbo de nobis" (pp. 7-9) no que se explica a xénese da obra, a súa estrutura en tres partes e as persoas que colaboraron para rematar a obra; así como o limiar "Lumia" de Marcos Seixo Pastor no que refire cando comezou o seu interese polo escritor, a estrutura do volume de homenaxe e finaliza reproducindo textos de catro coetáneos seus, Borobó, Manuel Beiras, Roberto Blanco Torres e Ramón Martínez López, nos que se reflicte "a estima da que foi obxecto ern vida" (p. 14). A seguir acóllese a bibliografía "Papilosas" (pp. 17-19), que contén estudos e webgrafía sobre Xohán Xesús González; e seguidamente o bosquexo biográfico "Videmes e Murria" (pp. 21-[44]). A parte máis extensa do volume de homenaxe ocúpaa os poemas intitulados "Goreas" (pp. [45]-161), que se subdividen nas seccións "Co escantillón na goupa (co martelo na man)" e "E o gancheante pola terragheira (e o fouciño pola terra)", cuxo contido e autoría se refire no editorial. O volume péchase cunha cronoloxía de Xohán Xesús González, intitulada "Caifós" (pp. 163-[169]).

Recensións:

- Ramón Nicolás, “Memoria, recoñecemento e poesía”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Letras”, “En galego”, 3 xuño 2016, p. 12.

Coméntase que grazas á publicación da obra *Verbo na arria. Homenaxe literaria a Xohán Xesús González* (2015) se recupera a memoria do escritor, cando se cumpren cento vinte anos do seu nacemento. Destácanse dous elementos: a maquetación e o extenso corpus documental, artístico e fotográfico. Indícase tamén o extenso número de colaboradores que participan na edición da obra, facendo que esta sexa unha perfecta homenaxe.

VV.AA., *Tobío*, Vigo: Geriatros, 2015, 66 pp. (ISBN: 978-84-608-1777-2). ◆

Relato colectivo elaborado polos usuarios de catorce residencias de maiores de Geriatros, a partir de experiencias persoais, lembranzas e historias de vida vinculadas á emigración. Cada unha delas reflicte unha realidade individual e posúe unhas características narrativas propias, predominando as narracións en primeira e terceira persoa. As distintas historias localízanse en espazos diversos, pero todos teñen en común o feito de relacionarse nun lugar común: o estranxeiro, o illamento no espazo común da emigración. En definitiva, son historias independentes, pero xuntas conforman unha mesma historia de ficción, protagonizada por un emigrante que representa as vivencias compartidas por toda unha xeración de galegos e galegas.

Referencias varias:

- A. Iglesias, “Tarde de literatura intergeneracional con Sara Barreiro”, *El Correo Gallego*, “Compostela”, 9 xaneiro 2016, p. 24.

Comenta que *Tobío*, é un relato colectivo elaborado polos maiores das catorce residencias de Geriatros a partir das súas propias experiencias.

XII.2. POESÍA

XII.2.1. POETAS GALEGOS

Fiadeiras, *Machismos: de micro nada*, ilustracións de Pablo Sío, A Coruña: Edicións Embora, novembro 2015, 85 pp. (ISBN: 978-84-16456-12-3).

Obra que recolle varios textos e ilustracións de diferentes autores, coordinados todos por Fiadeiras, un grupo composto por Eva Bastón Martínez, Isabel Taboada Mougán, Natalia Domínguez Galán, Noelia Darriba García, Maite Sío Docampo e Tania Merelas Iglesias. O obxectivo desta obra é recoller as experiencias de diferentes mulleres que sufriron nalgún momento das súas vidas un episodio machista, que elas cualifican de machismo non de micro machismos. Comeza cunha listaxe de agradecementos cara a todos os autores que participaron na realización desta pluralidade textual. No prólogo de Ana Iglesias Galdo, ofrécese unha definición dos termos machismo e feminismo, amosando como os medios de comunicación e a sociedade en xeral tratan de cualificar os atentados contra as mulleres como micro machismos, pequenas pinceladas que non significan un perigo real contra as mulleres. Dende Fiadeiras insisten na importancia que a sociedade ten neste conflito, desprezando e acusando ás propias vítimas dos seus sufrimentos. Tamén se destaca a relevancia dos educadores sociais que transmitan valores igualitarios sobre as identidades aos máis novos, quen son os máis indefensos ante estes ataques. Aparte de textos, tamén atopamos poemas de Leo Arremecághona, Sacha na Horta, Andreu Nunes Brións, María Rosendo Priego, Lucía Aldao ou Isaac Castro Neira; relátase integramente un conto de Emilia Pardo Bazán a prol do feminismo, introducido por Xulia Santiso. Inclúense tamén imaxes caricaturizadas por Luis Davila "O Bichero", fotografías de Pablo Andrade ou Clara Gayo. Coméntanse episodios fortes de violencia verbal pero tamén física contra as mulleres e as nenas, como os piropos malsoantes pola rúa, os tocamentos de descoñecidos, a invasión íntima dun veciño a unha nena de 8 anos, a incomodidade ante certos comportamentos que non cesan ou á propia incredulidade do entorno familiare ante a decisión de non ter fillos nin casar. Remata cun epílogo de Lola Ferreiro Díaz onde resume as informacións aportadas polos demais autores na obra, resaltando a influencia que os micro machismos teñen na sociedade actual, á que envolven sutilmente facendo que apenas percibamos a súa presenza que se transformará en violencia, unha violencia non cuantificable que impacta por completo nas vidas das mulleres.

Referencias varias:

- Joel Gómez, "Raquel López. 'Os micromachismos son só formas de violencia en contra das mulleres", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "En primeira persoa", 11 outubro 2016, contracuberta.

Faise referencia a unha das maiores preocupacións actuais, o micromachismo, así chamado por Raquel López e Isabel Taboada, pertencentes ao grupo de Fiadeiras, que decidiron publicar o libro *Machismo: de micro nada*, destacan un poema que pretende

dar a ver que non existe violencia pequena contra a muller, e que o machismo se atopa tanto na casa como na escola, etc. As autoras trataron de recoller todo tipo de traballos, reflexión breves, fotografías, deseños… Remata informando de convocatorias e actividades sobre este tema nas que estarán presentes esta obra.

Jouvencel, Xoán Paulo, *Sermo*, Noia: Editorial Toxosoutos, col. Letra inversa, n.º 27, 2015, 87 pp. (ISBN: 978-84-944314-5-6).

O primeiro poemario de Xoán Paulo Jouvencel (Lugo, 1960), profesor de Lingüística na Universidade de Vigo, está composto por 26 composicións, aproveitando a última a modo de broche, por coincidir o seu título co título global do poemario. Sen máis paratextos que a selección duns versos na lapela anterior, unha dedicatoria mínima e un índice, a poética de Jouvencel preséntase ante o lectorado confiando na hipotaxe e no verso de longo alento, moi encabalgado, así como na anáfora e nos hipérbatos. Salienta a súa coherencia tonal, conxugando unha constante primeira persoa con resaibos confesionais e cómplices, que opta por tematizar ás veces a propia autoría ("voume pór serio", "á espera do abrente intúo un par de lerias que anoto"), sen renunciar á fluidez e até á inclusión de frases feitas e modismos. Poderían ser explicábeis tendo en conta o ton citado certas escollas lingüísticas non normativas, de xorne gráfico e dialectal (contraccións, conxuncións e adverbios propios da lingua oral ou dependentes de determinadas isoglosas). Cifrado xa no propio título, *sermo*, orixinalmente 'conversa' ou 'capacidade de fala' desde o latín, a temática do volume é intimista, mostrando case o devalar dunha conciencia na procura de acougo cotiá e sentido para o mundo que a rodea.

Recensións:

- Román Raña, "Inconfundíbel estilo", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 593, "Libros", 8 setembro 2016, p. VI.

Comeza a recensión falando do estilo estraño e inconfundíbel do poeta, Xoán Paulo Jouvencel, elemento vertebrador de todo o poemario. Segue co galego non normativo empregado polo poeta, unha lingua chea de castelanismos, dialectalismos e vulgarismos, pero tamén de hipérbatos, o que lle confire aos poemas unha plasticidade e clasicismo característicos de autores fundamentais da literatura galega. Destaca que os os temas do poemario son o desacougo, a morte e a viraxe que está a tomar o mundo.

Neto, Ramón, *Zonas de tránsito*, Premio de Poesía Eusebio Lorenzo Baleirón, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, col. Eusebio Lorenzo Baleirón, 2015, 72 pp. (ISBN: 978-84-7824-652-6).

Poemario de Ramón Neto (Illa de Arousa, 1975) que trata os temas da destrución, o desterro e o exilio da palabra poética, presentados a través dun eu poético poliédrico, intenso e cheo de matices que crea unha linguaxe poética en continuo diálogo. O autor conxuga o real e o soñado e explora os límites da conciencia para reflectir as consideradas zonas de tránsito da propia experiencia. Neste contexto do sono e o

insomnio, a paisaxe xoga un papel importante a través das imaxes da noite, a escuridade ou as lámpadas de noite.

Recensións:

Vicente Araguas, "Poeta en tránsito", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*"/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 923/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 923, "máis Libros", 6 marzo 2016, p. 30.

Sinálase que o poemario gañou o XXVII Premio de Poesía Eusebio Lorenzo Baleirón. Engádese que se trata un poeta áspero e duro, non fácil para os lectores e lectoras. Sobre o poemario actual, coméntase que comeza o libro en prosa poética, para dar paso a versos libros e versículos, tratando temáticas do desacougo, da incomodidade e do mundo onírico.

Reyes, Miriam (ed.), *Punto de ebullición. Antología de la poesía contemporánea en gallego*, trad., selecc. e pról. da editora, Madrid: Fondo de Cultura Económica (FCE), col. Poesía, abril 2015, 294 pp. (ISBN: 978-84-375-0726-2).

Edición bilingüe español-galego desta antoloxía de poesía galega contemporánea que editou, traduciu, seleccionou e prologou Miriam Reyes. No prólogo, a editora fai un percorrido sintético: arrinca con "1976, sube la temperatura"; incide en tres aspectos: "Focos de calor I. Grupos y publicaciones colectivas" (pp. 10-13), "Focos de calor II. Penélope también navega" (pp. 13-14) e "Focos de calor III. No solo en el papel vive el texto" (pp. 14-15); e remata con "Antologías de la ebullición" (pp. 15-17) e "Punto de ebullición" (pp. 18-23). Comeza así salientando a rapidez da subida da "temperatura poética" (p. 9) a partir da fin da ditadura franquista e do recoñecemento da oficialidade da lingua galega, o que deu paso a unha gran "estable fertilidad" (p. 9), conseguida grazas a "una gran reactivación creativa" (p. 10). A seguir refire que a unión dos colectivos ou grupos poéticos en recitais e publicacións conxuntas permitiu acelerar o avance, subir a temperatura e propiciar un cambio poético. Refire o labor desenvolvido polos distintos colectivos no século XX e remata aludindo ao libro colectivo publicado no século XXI tras a catástrofe do afundimento do Prestige. Así mesmo resalta as voces femininas e a súa consideración da escrita poética como "espacio de libertad" (p. 14) e o recoñecemento destas voces grazas ao labor desenvolvido por mulleres críticas literarias. Tamén destaca a aposta na poesía galega, dende os anos 80, por romper as lindes das artes e por "multiplicar los espacios de presentación y difusión con nuevos formatos, nuevas escenas y nuevas tecnologías" (p. 14) e salienta así mesmo o labor o Grupo de Análise Poética (GAAP). A seguir recolle o labor de antólogos mozos a prol de poetas de finais dos anos setenta nun primeiro momento e que se estendeu despois no tempo aos poetas das décadas posteriores. Remata explicando o "punto de ebullición" da poesía galega contemporánea, é dicir, os que antologa en base a ter nacido a partir de 1950 e contar con máis de dous poemarios publicados: Xosé María Álvarez Cáccamo, Chus Pato, Pilar Pallarés, Manuel Rivas, Lois Pereiro, Antón Lopo, Xela Arias, Ana Romaní, Manuel Outeiriño, Xabier Cordal, Olga Novo, María do Cebreiro, Yolanda Castaño, Olalla Cociña e Daniel Salgado, dos que sinala os trazos e poemarios máis recoñecidos, coa intención de que o "lector hispanohablante" teña unha carta de

presentación da poesía galega dos últimos trinta e cinco anos e sobre todo "una oportunidad de placer y de aprendizaje" (p. 23).

Referencias varias:

- Alfredo Conde, “La luz de los versos”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Los otros días”, 23 febreiro 2016, p. 4.

Destaca que os poemas que compoñen a obra *Punto de ebullición* son como “mordiscos” e outros suaves como beixos. Dá conta da presentación do libro na librería Juan Rulfo e agradece o esforzo realizado por Miriam Reyes.

Veiga, Abel, *Noites en Compostela*, pról. José Luis Teófilo Piñeiro, [Pontevedra]: Teófilo Edicións, 30 xullo 2015, 129 pp. (ISBN: 978-84-944479-4-5).

Poemario de Abel Veiga (Monforte de Lemos-Lugo) que se abre cun introito do seu editor, José Luis Teófilo Piñeiro, quen loa do autor o seu saber, entrega, compromiso, deber e obriga coa súa terra e explica que, neste poemario, "plasmou sobre o papel o amor á terra,/ o amor a Santiago,/ o amor a Galicia que endexamais esqueceu,/ recordos gardados, que non abandonados" (p. [7]). O poemario representa a despedida a modo de paseo por Santiago de Compostela de noite, no que o autor mostra os seus sentimentos perante símbolos característicos da cidade, caso da praza do Obradoiro, a torre da Berenguela, a historia recollida na pedra dos monumentos, as gárgolas dos claustros e fachadas, o silencio nocturno, o Camiño de Santiago, a praza de Praterías, a figura do Apóstolo, a Virxe da Corticela, as torres da catedral, a praza da Quintana, o parque de Bonaval a través dos versos de Rosalía de Castro, Castelao e Ramón Cabanillas, a maxia da cidade grazas á choiva e ao sol, a figura de Ramón Mª del Valle-Inclán na Alameda, a Capela das Ánimas, as rúas do Vilar, Rúa Nova e Sar, o Pórtico da Gloria, os cabalos da fonte da praza de Praterías, a igrexa de Santa María de Salomé e os ríos composteláns.

XII.2.2. ANTOLOXÍAS

Acuña, Ana, e Olivia **Rodríguez** (coords.), *Pontevedra. Laranxeiras e limoeiros*, Vigo/ Pontevedra: Editorial Galaxia/ Concello de Pontevedra, abril 2015, 135 pp. (ISBN: 978-84-606-7214-2). ■

Antoloxía que recompila textos poéticos, narrativos e ensaísticos de dezanove autores e autoras como homenaxe á cidade de Pontevedra con motivo da entrega dos Premios da Crítica. Mestúranse textos inéditos e xa publicados, traballos de creación e ensaio que fan á urbe materia literaria. Ábrese cun limar de Miguel Anxo Fernández Lores, alcalde de Pontevedra, resaltando a riqueza literaria da cidade; un texto de Ángel Basanta, presidente da Asociación Española de Críticos Literarios; e unha nota á edición de Olivia Rodríguez González que xustifica a elaboración desta escolma por parte do Concello e da editorial Galaxia co gallo da celebración na vila da xuntanza do xurado dos Premios da Crítica. A obra recibe o título do prólogo introdutorio de Victor

Freixanes, concretamente da mención ás “laranxeiras e limoeiros” que fai referencia a unha impresión do viaxante George Borrow no seu paso pola cidade no século XIX. Trátase dunha obra colectiva visual pois acompaña os textos con fotografías dos espazos máis representativos da cidade feitas por Noel Queipo, láminas, cadros e debuxos sobre Pontevedra. Recolle os seguintes textos: “Hoxe sóbrame o corazón”, de Fina Casalderrey; “A creación do mundo”, de Alfredo Conde; “Anxiños”, de Xesús Constela; “Alta vida”, de Francisco Cortegoso; “O toque Malone”, de Miguel Anxo Fernández; “Ningún lugar seguro”, de Susana Fortes; “Cegoñas no fondo da ría”, de Manuel Lourenzo González; “Entre paréntese”, de Xosé Monteagudo; “Estrela do Norte”, Luís Rei Núñez; “O ciclo de Turinxia”, Elvira Riveiro; “Os nenos do mercurio”, de Carlos Solla; “Gotas de ouro”, de Miguel Suárez Abel; “Ben sabe o Demo o farrapo que racha”, de Sabino Torres; “A memoria do boi”, de Xosé Vázquez Pintor; “Cristovo Colón pontevedrés”, Clementina Vidal Caramés; “Congreso Internacional de Poesía, Pontevedra, 1954”, de María Aurora Vidal Caramés; e “No principio foi a viaxe”, de Isaac Xubín. O volume pecha cunha breve presentación biobibliográfica de cada un dos autores e autoras participantes.

XII.3. TEATRO

XII.3.1. DRAMATURGOS GALEGOS

VV. AA., *Xeración literaria As casillas sen número*, Ordes: Luzdegás, ed. Xosé Manuel Fernández Castro, ilust. capa Silvia Martínez Costa, xuño 2015, 257 pp. (ISBN: 978-84-942739-2-6).

Volume colectivo no que se recollen os mellores relatos e textos teatrais escritos por rapaces de 3º e 4º da ESO do Instituto Maruxa Mallo de Ordes. Principia cun limiar redactado por Xosé Manuel Fernández Castro, membro do Departamento de Lingua Galega do devandito centro, no que expón que a orde das obras é puramente alfabética. A continuación, introduce a cada un dos estudantes e o nome dos escritos co que participan nesta obra colectiva. No marco do teatro acóllese o seguinte texto:

- Nuria Seijas Villar, “Lenda”, pp. 175-210.

Esta pequena obra de teatro ten como tema principal aos vampiros. Vladimir é un neno rumano que nace coa pel moi branca e cos dentes xa saídos. Os pais deciden retelo no castelo, mentindo sobre a sorte do seu primoxénito. Un día, súa nai tenta suicidarse e o rapaz, no canto de axudala, succiónalle o sangue. Vladimir non é consciente de como é ata que un día se ve reflectido nun espello. Enfróntase a seu pai por non lle ter dito antes a verdade, pero acábao matando e quitándolle o sangue. Fuxe do castelo e decide confesarse nunha igrexa. Sen embargo, a tentación é moi grande e asasina tamén ao cura.

Tamén está descrito no apartado *XII.1. Narrativa* deste *Informe*.

XII.4. ENSAIO. TEORÍA XERAL. CRÍTICA

XII.4.1. MONOGRAFÍAS, BIOGRAFÍAS, CRÓNICAS E LIBROS COLECTIVOS

Axeitos Agrelo, Xosé Luís (ed.), *Manuel Antonio. Obra completa. Epistolario*, introdución, notas aclaratorias e aparato crítico do editor, A Coruña: Fundación Barrié de la Maza/ Real Academia Galega, col. Clásicos da Academia, vol. III, marzo 2015, 573 pp. (ISBN da colección: 978-84-9752-062-1; ISBN do volume III: 978-84-9752-117-8). ◆

Volume que acolle a correspondencia de Manuel Antonio (Rianxo-A Coruña, 1900-1930) e co que se pecha a edición da súa obra completa. Na "Introdución" (pp. 9-18), Xosé Luís Axeitos Agrelo (Asados- Rianxo-A Coruña, 1945), refire como e cando entrou en contacto coa obra de Manuel Antonio e detalla as deficiencias patentes na correspondencia publicada pola Editorial Galaxia en 1979, con edición, limiar e notas de Domingo García-Sabell: "traballaron dúas persoas con diferente criterio e con diferente competencia: hai 'un lector', que transcribe con autoridade as cartas máis difíciles, e hai 'outro lector' disparatado" (p. 10), "o problema maior sen dúbida é a escasa atención prestada á datación das cartas que, como consecuencia, confunde e mergulla ao lector nun clima de dúbida, receo e desconfianza" (p. 11) e conclúe afirmando que " se a este rebumbio cronolóxico sumamos a falta de notas e de índices na edición de García-Sabell o resultado e un conxunto de cartas de difícil lectura e escaso aproveitamento. Porque, para propoñer ao lector como libro un conxunto de cartas son imprescindibles os paratextos, auténticas guías de lectura capaces de converter as cartas nun epistolario coherente" (p. 12) e lamentando, respectando a Domingo García-Sabell, "a censura un tanto arbitraria que exerce sobre determinadas misivas" (p. 13), en referencia ás da nai co poeta e ás do seu curmán Xosé Pérez e aos parágrafos xustificábeis ou non suprimidos noutras cartas. Ademais salienta o material inédito que se reproduce na súa edición de 2015 xa que se trata de "cento oitenta cartas que dan resposta a numerosas preguntas e iluminan treitos pouco coñecidos da obra e da biografía do poeta rianxeiro" (p. 14) na altura do século XXI, no que "non resulta doado valorar e comprender a importancia social, literaria e política da carta malia que a semioloxía cultural ten aberto camiños fecundos para a súa análise" (p. 14), caso do "carácter polifónico do epistolario de Manuel Antonio" (p. 15), "a defensa da lingua galega" (p. 16), "o dilema do nome literario" (p. 17) e mesmo permitir "franquear a porta da súa intimidade" (p. 18), "achegándonos certos trazos singulares do seu carácter" (p. 18). A seguir aparecen as "Características da nosa edición" (pp. 19-20) e as "Cartas de Manuel Antonio" (pp. [21]-521), estruturadas en dous subpartados, a correspondencia activa de Manuel Antonio e a continuación, a correspondencia pasiva, organizados cronoloxicamente e cun texto que as sitúa brevemente "nas circunstancias persoais e no ambiente en que se escriben" (p. 19) e así mesmo cada carta precedida "dunha descrición física do manuscrito autógrafo" (p. 19). O epistolario complétase cun "Álbum" (pp. [523]-560) e con tres índices: "Índice cronolóxico" (pp. 561-565), "Índice de interlocutores epistolares" (pp. 566-567) e "Índice temático" (pp. 568-573).

Iglesias, Bieito, *O ouro de Ourense*, fotografías Xulio Gil, Vigo: Engaiolarte Edicións, decembro 2015, 212 pp. (ISBN: 978-84-944792-0-5).

Volume con trece textos de Bieito Iglesias (Ourense, 1957), centrados en diferentes percorridos históricos, literarios, artísticos e lúdicos da Cidade das Burgas, acompañados por un amplo abano de fotografías tamén da cidade de Ourense, e en menor medida doutros recantos da provincia de Ourense, do fotógrafo Xulio Gil. Bieito Iglesias emprega, nesta viaxe persoal, trazos da fala ourensá e nela pódese repasar a historia ourensá, as súas transformación así como revivir a súa literatura, a súa arte, a súa arquitectura etc. Os textos do volume son: "A paso de andadura", "Máis raro que un bispo", "Paz Octaviana", "O home que tiña un anxo no ceo da boca", "Alborada antiga", "O Ourense perdurable", "Exilio e patria da alma", "A cidade itineraria", "Unha patada no ceo", "Arrabalado do norte", "Festa de pote", "O ouro de Ourense" a mais a coda "Alegoría sacra". Existen numerosas referencias a tres autores que escribiron sobre a cidade de Ourense: Florentino López Cuevillas, Anselmo López Morais e mais Marcos Valcárcel. No que atinxe á literatura galega o autor detense en diferentes escritores ourensáns como Manuel Curros Enríquez (Celanova, 1851-La Habana, 1908), Valentín Lamas Carvajal (Ourense, 1849-1906), Vicente Risco (Ourense, 1884-1963), Ramón Otero Pedrayo (Ourense, 1888-1976), Eduardo Blanco Amor (Ourense, 1897-Vigo, 1979) e a súa obra *A esmorga*, Xaquín Lorenzo Fernández (Ourense, 1907-Lobeira, 1989), Carlos Casares (Ourense, 1941-Nigrán, 2002) ou Xosé Luís Méndez Ferrín (Ourense, 1938).

VV.AA., *Do gris ao violeta: achegas á historia das mulleres de Pontevedra*, Pontevedra: Concello de Pontevedra, 2015, 170 pp. (D.L. PO 684-2015).

Volume colectivo no que participan dez autores: María Xesús López Escudeiro, Carme Vidal, Mª Victoria Martins Rodríguez, Xosé Álvarez Castro, Montse Fajardo, Ana Cabana Iglesia, Mario Gallego Rei, Ramón Rozas, María Abelleira e Ana Acuña. A obra estrutúrase en dez seccións, precedidas dun comunicado do alcalde de Pontevedra "A memoria das mulleres", dunhas palabras da Concelleira de benestar social e igualdade "Somos herdeiras" e dun recordatorio do Concelleiro de Patrimonio histórico "Para unha historia con todas as cores". Os apartados que dividen a obra son: "Pioneiras, heterodoxas e rebeldes" (pp. 13-36), "Creadoras na construción doutro mapa artístico da cidade" (pp. 37-48), "Muller e educación" (pp. 49-61), "Sobrevivintes. A represión sobre as mulleres en Pontevedra" (pp. 63-75), "As que quedaron" (pp. 77-88), "Mulleres diante" (pp. 89-96), "As palilleiras pontevedresas" (pp. 97-101), "A vida desde un mostrador" (pp. 103-110), "Traballadoras: termando da terra, do ceo e do mar" (pp. 111-131) e "As prostitutas da Moureira vistas por Sabino Torres" (pp. 133-139). A liña predominante en todo o volume e a realización dunha homenaxe ás mulleres pontevedresas debido ao impulso que outorgaron á sociedade, á cultura e á educación. Desta forma, destaca os seus costumes, as actividades deportivas que realizaron, quenes foron as maiores benefactoras da cidade, o cambio na sociedade a través dos séculos e como isto as afectou, a temática das coñecidas como bruxas e curandeiras, as artistas, as escritoras máis recoñecidas, a difícil proba da alfabetización feminina, a represión franquista que afectou profundamente ás súas familias, a importante labor das mestras nestes tempos convulsos, as súas vestimentas, as sobreviventes á represión, as traballadoras agrarias, as costureiras etc. O obxectivo fundamental é rescatar os nomes destas mulleres do esquecemento, recalcando todos e cada un dos nomes que axudaron ao avance da sociedade pontevedresa. Remata cunha exposición onde se aprecian fotografías transcendentes para a investigación tratada.

Recensións:

- Armando Requeixo, “Violetas para a Memoria”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”/ *Diario de Ferrol*, “Nordesía”, n.º 929/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 929, “letras Atlánticas”, 10 abril 2016, p. 32.

Comenta a obra, realizada por varias autoras e autores, como necesaria para memorar ás mulleres pontevedresas pioneiras e que padeceron a incomprensión do seu tempo. Destaca o traballo de Carmen Vidal que resalta o labor de pintoras, compositoras, actrices e escritoras da zona. Salienta tamén a obra de algúns autores sobre a muller no mundo laboral. Remata gabando o libro por ser unha obra que recorda que houbo mulleres que debemos de lembrar.

- Ramón Nicolás, “Moi rebeldes, heterodoxas... as outras mulleres que debes coñecer de Pontevedra”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Letras”, “Galego”, 16 setembro 2016, p. 12.

Fala da obra Do gris ao violeta, unha obra que resalta o esforzo das mulleres pontevedresas que o seu traballo non foi recoñecido no seu momento, recolle o traballo de empregadas, palilleiras, ensinantes, artistas e actrices entre moitas outras, así como tamén as que sufriron represión polas súas ideas. Mostra o agradecemento a todas as persoas que fixeron posible a obra.

XII.5. LITERATURA INFANTIL E XUVENIL

XII.5.1. NARRATIVA

XII.5.1.1. NARRADORES GALEGOS

Agis Villaverde, Marcelino, *Roteiro do Padre Sarmiento a Santiago rodeando o Salnés*, ilust. Carlos Basto, Pontevedra: Deputación de Pontevedra, xullo 2015, 94 pp. (ISBN: 978-84-606-8871-3). ◆

Marcelino Agís Villaverde (Poio 1963) neste libro que comeza con un limiar e unha introdución sobre a vida de Frei Martiño Sarmiento, narra en terceira persoa o itinerario seguido polo Padre Sarmiento en 1745 ata Santiago de Compostela dende Pontevedra rodeando o Salnés para gañar o xubileo. Nesta obra conta como foi o camiño e que cousas ocorreron en cada lugar polos que pasou o Padre Sarmiento. Comeza a historia na súa vila onde existe un roteiro que leva o seu nome, pasa por moitos lugares como Punta Puntal onde o río Lérez se funde co mar, o areal de Lourido, de aí foi a Campelo e outros moitos lugares polos que pasou, así como tamén conta todos os monumentos cos que se encontrou polo camiño como o Mosteiro San Xoán de Poio, a Praza da Fonte en Combarro, a igrexa e cruceiro de San Gregorio de Raxó, a Ermida da Nosa Señora da Lanzada entre outros. O libro remata con un espazo para as notas persoais da viaxe.

Referencias varias:

- ECG, “Presentación el la Librería Cronopios del libro de Marcelino Agís Villaverde”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 19 febreiro 2016. p. 26.

Anúnciase a presentación da obra na Librería Cronopios e destácase a presenza no acto de Ana Cancela e Catalina González.

Casalderrey, Fina, *Icía quere cambiar o mundo*, ilust. Carmen Pernas, Santiago de Compostela: Parlamento de Galicia, [lectorado autónomo], maio 2015, 176 pp. (ISBN: 978-84-7886-102-1). ◆

Fina Calsalderrey (Pontevedra 1951), a través de un narrador omnisciente narra mediante un prólogo e 7 partes a historia de Icía, unha nena que xunto co seu irmán Fiz tratan de salvar a fauna de Penaval, o pobo onde pasan as vacacións e os días libres co avó Félix, dos incendios, verteduras e cazadores furtivos,. Despois de unha excursión coa escola ao Parlamento, e de todo o que seu avó lle contara, aprendeu que no Parlamento se crean leis que cambian o mundo, o que lle deu a idea de reunir dez mil firmas para salvar Penaval. Pero non foi doado conseguilas polo que Icía e seu irmán levan a cabo unha complexa tarefa.

Perozo, Xosé Antonio, *A palabra máxica*, ilust. Viki Berre, Ourense: Deputación de Ourense, 2015, 34 pp. (ISBN: 978-84-946164-9-4). ◆

A través de Beiro, un cavuró gardián da música e protagonista do relato, o lector realiza un percorrido pola xeografía da provincia de Ourense, que pon en valor o seu patrimonio natural e, sobre todo, hidrográfico. A trama iníciase co feito de que o cavuró perdeu a súa bolsa de coiro e cóntalle o suceso á súa amiga Antela (unha ninfa das augas); xuntos deciden subir á Lagoa de Pena Trevinca para consultar o problema coa serpe Melusina. Entre os espazos que aparecen na obra, ademais dos xa mencionados, pódese destacar o Teixedal de Casaio, a Serra do Xurés, Bande, Buxán, a Limia ou Ourense. En canto ao narrador, alterna o omnisciente cos diálogos que dan voz aos personaxes. Os feitos relátanse en presente con algunhas pasaxes en pasado (como no caso da presentación do protagonista ao inicio da historia).

Vera Meizoso, Juana María, *O reloxo*, ilustr. Eneko las Heras, Ferrol: Edicións Embora, col. Fardel de soños, [lectorado autónomo], decembro 2015, [36 pp.] (ISBN: 978-84-16456-15-4).

Relato de Juana María Vera Meizoso sobre un nuboeiro que atopa unha caixa e que no seu intento por durmir enxeña diferentes mecanismos até converter a caixa de madeira nun reloxo de sol que marca as horas e os números. E acaba aprendendo cando debe e cando non debe durmir. Acompáñase de ilustracións figurativas de Eneko las Heras (Caracas, Venezuela, 1963) en branco e negro feitas a lapis que representan escenas do narrado, complementando a historia.

Referencias varias:

- Cuca M. Gómez, "¡Qué bonita es Vilagarcía!", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Gente a diario", "De café con Cuca", 2 outubro 2016, p. 70.

Informa da presentación deste libro na Libraría Paz en Pontevedra.

XII.5.1.2. TRADUCIÓNS. VERSIÓNS. REEDICIÓNS

Rosendo, Pablo, *O can Gastón anda tristeiro*, ilust. do autor, trad. Carmen Torres París, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merliño, [prelectorado e lectorado autónomo], xaneiro 2015, [44] pp. (ISBN: 978-84-9914-807-6).

Conto de Pablo Rosendo (Vigo 1984) de linguaxe sinxela con narrador omnisciente en terceira persoa escrita sobre o can Gastón, que está triste. Antón, o seu dono, trátao de animar con coidados, paseos, levándoo á praia, cepillándoo, etc. O resto da familia de Antón tamén intentan animar ao can con aloumiños e comida, pero non funciona nada. Cando chega o verán, Antón leva a Gastón a cortar o pelo porque nota que se está abafando. Ao quedar sen pelame, o can comeza a sorrir. A obra conta coas ilustracións do propio autor. O deseño das figuras deixa ver uns protagonistas moi expresivos. As composicións céntranse no rapaz e no seu can: apenas hai referencias espaciais. Os fondos son de cores moi alegres.

XII.5.2. POESÍA

XII.5.2.1. POETAS GALEGOS

Neira Vilas, Xosé, *Galicia, nosa ledicia*, ilust. Iria Iglesias e Dani Viéitez, Santiago de Compostela: Edicións Embora, 2015,[lectorado autónomo], [71] pp. (ISBN: 978-84-16456-13-0).

Libro ilustrado póstumo de Neira Vilas (Vila de Cruces, 1928-2015) no que se dá conta -mediante 60 pareados- do percorrido pola distintas etapas históricas e as vivencias do pobo galego. Cunha marcada tendencia realista, o eu lírico comeza referenciando a celtas e romanos e continúa co feudalismo e os Irmandiños, a idade moderna e a agricultura, ao XIX e a poesía, a migración e a ditadura, a nosa autonomía e chega ata os nosos días. É un traballo de memoria histórica rigoroso e de construción dun relato identitario propio, no que o autor homenaxea á súa terra con grande emotividade. As ilustracións dixitais de Iria Iglesias (Vigo, 1980) e Dani Viéitez (Vigo, 1979) afondan e explican os versos do libro, representando o pensamento e os sentimentos do escritor en cada situación. Resultan especialmente descritivas e vistosas, utilizando unha paleta de cores variada e intensa. Faise un percorrido polas etapas principais da historia de Galicia: a época castrexa, a época romana, a Idade Media, as revoltas Irmandiñas, a emigración e a fundación do Partido Galeguista, entre outras. Cada historia é independente e recrea un episodio histórico ambientado en cada época concreta e cuns

personaxes que representan, en cada caso, unha civilización; todas elas acompañadas dunha ilustración. Remata cun chamamento á loita polo futuro da nación galega.

XII.5.2.3. TRADUCIÓNS. VERSIÓNS. REEDICIÓNS

Eliot, T. S., *Macavity, o gato misterioso*, ilust. Arthur Robins, trad. Rafa Salgueiro, Madrid: Lata de Sal, col. Vintage, [prelectorado e lectorado autónomo], 2015, 40 pp. (ISBN: 978-84- 944343-8-9).

Poema de T. S. Eliot (Misuri, 1888) publicado por primeira vez en 1939 no libro de poemas *Old Possum's Book of Practical Cats*. Conta a historia de Macavity, un gato misterioso, delincuente e de aspecto delgado, que realiza unha serie de delitos pero nunca deixa signos de evidencia, nunca son capaces de capturalo nos feitos. O autor descríbeo como un gato moi intelixente e o rematar o libro defíneo como "o napoleón do crime". O libro comeza cunha pequena biografía do autor e do ilustrador e tamén conta que se trata dunha historia adaptada do musical *Cats*, estreado en 1981 e que foi un dos máis representados en Broadway.

XII.5.3. TEATRO

XII.5.3.1. DRAMATURGOS GALEGOS

Castro Martínez, Raquel, *A vendedora de palabras*, cuberta e ilust. Xeila Farrapeira, supervisión lingüística Carlos Loureiro Rodríguez, A Estrada: Edicións Fervenza, col. A Pinguela, n.º 89, 2015, 23 pp. (ISBN: 978-84-944750-4-7).

Peza de teatro de Raquel Castro Martínez (Alxén, Salvaterra do Miño, 1971) en tres actos na que se fai unha crítica mordaz ao abandono da lingua propia. Para iso recórrese a personaxes míticos, as musas, o Engaiolador de Palabras e a mestra e alumnado dunha escola. A musa da elocuencia, Calíope; da comedia, Talía; da lírica, Erato; da astronomía, Urania; e da música, Euterpe conversan na fraga das musas mentres están tirando a un pozo as palabras recolleu o Engaiolador de Palabras a causa de que os humanos deixaron de empregalas. Ante tanta desfeita deciden actuar e baixar á Terra para ver a razón do abandono da lingua, mentres nunha escola a mestra e os rapaces e rapazas padecen o esquecemento de moitos termos e mesmo ven como dos seus libros desaparecen as letras. Finalmente a intervención das musas restituirá a orde e o Engaiolador de Palabras será expulsado. O volume conta coas ilustracións figurativas de Xeila Farrapeira, que recrean escenas da peza.

Castro Martínez, Raquel, *A meiga e o emperador*, cuberta e ilust. Alfredo Pérez, supervisión lingüística Carlos Loureiro Rodríguez, A Estrada: Edicións Fervenza, col. A Pinguela, n.º 88, 2015, 23 pp. (ISBN: 978-84-944750-3-0).

Peza de teatro en prosa rimada de Raquel Castro Martínez (Alxén, Salvaterra do Miño, 1971). Conta con catro actos que se ambientan na antiga Gallaecia e ten como protagonistas á meiga Breogana e as súas aprendizas, Sarela e Dubra, o Emperador, o Conselleiro e os soldados romanos Máximus e Mínimus. As meigas, coñecedoras de que o Emperador vai visitar a súa terra, poñen en marcha un plan para conseguir que se constrúa un acueduto para traer a auga da montaña ata a aldea, unha vía romana para non pisar na lama e unhas termas para gozar coa auga quentiña durante o inverno. O plan consiste en chantaxear o Emperador co secuestro do seu osiño de peluche, sen o que é incapaz de durmir. Para iso disfrázanse de vendedoras de froita e secuestran o oso de peluche, polo que conseguen os seus obxectivos. A obra conta coas ilustracións a lapis de estilo figurativo de Alfredo Pérez.

XII.5.4. CÓMIC

XII.5.4.1. GALEGOS

Guerrero, Tomás, *A deserción de Stalin. Os derradeiros cabaleiros da Guerra Fría*, A Coruña: Demo Editorial, [mocidade], marzo 2015, 52 pp. (ISBN: 978-84-943403-1-4).

Cómic de Tomás Guerrero (Valencia, 1972) que se abre cunha cita de Harold Adrian Russell Philby e unha nota breve do autor. Séguelle unha dedicatoria persoal. Nunha primeira parte, a secuencia das viñetas amosa, a través dun narrador, as particularidades dos espías dos anos 50. A continuación, sitúase a historia na Unión Soviética en 1953, en pleno réxime dirixido por Iósif Stalin, mentres que en Londres comeza a misión encargada ao MI6, un dos derradeiros cabaleiros da Guerra Fría. Para preparar a misión, ponse un anuncio co obxectivo de buscar a alguén para cambialo por Stalin, quen desexa desertar do país que el mesmo dirixe. Así, a través do humor, caricaturízase o perfil deste personaxe histórico, máis desde o punto de vista biográfico ca do político, aínda que este estea tamén presente (represión, culto ao líder,..), ao tempo que se ofrece visualmente unha achega á iconografía estalinista propia deste período. A ela, engádese o apartado final do volume, que baixo o nome de "Documentos relevantes" xoga con referencias diversas á este personaxe na prensa (mitín, anuncio da morte, etc). Péchase o volume cunha nota: "O que sobrevive non é o máis forte. O que sobrevive é o que máis loitou por sobrevivir". A revisión de textos débese a Henrique Torreiro. A ilustración da portada e contraportada son a cor, mentres que no interiores os deseños son todos en branco e negro.

Silva, Kiko da, *O inferno do debuxante*, A Coruña: Deputación da Coruña, 2015, (ISBN: 978-849812-285-5). ◆

Kiko da Silva (Vigo 1979), foi o fundador da primeira escola profesional de cómic e ilustración, O Garaxe hermético, e destaca polo seu papel de cabeza visible no colectivo BD Banda. A través dun narrador en primeira persoa conta a historia de Manuel Pardo, un debuxante de cómics que durante moitos anos vive un pesadelo xa que non é capaz de publicar as súas obras porque outros autores se lle adiantan con obras similares ás súas. A obra comeza con unha pequena biografía do autor e continúa con viñetas de Mortadelo e Filemón, Mafalda, e outros moitos facendo un pequeno repaso por grandes

debuxantes. A obra remata co soño do protagonista, no que presenta o seu libro para o Premio Castelao de Cómic, pero resulta que o xurado do Premio recibe outra obra igual a de Manuel Pardo.

XII.5.4.2. REEDICIÓNS

Jiménez Aleixandre, María Pilar, *Vivir no solo*, A Coruña: Tórculo Comunicación Galicia, [prelectorado e lectorado autónomo] 2015, 14 pp. (ISBN: 978-84-8408-811-0).

Reedición da obra homónima de María Pilar Jiménez Aleixandre, máis coñecida como Marilar Aleixandre (Madrid, 1947) publicada orixinalmente no ano 2000 polo Consello da Cultura Galega. Como cambios salientábeis con respecto á primeira edición cómpre sinalar a modificación da tipografía da letra e que as ilustracións, aínda que son as mesmas, teñen cores máis vivas. Esta reedición realizouse pola celebración do Ano Internacional do Solo, tal é como se indica na cuberta.

Referencias varias:

- R. Romar, "El cómic gallego que sensibiliza sobre la necesidad de proteger el suelo se traduce a cuatro idiomas", *La Voz de Galicia*, "Sociedad", 6 novembro 2016, p. 31.

Cómic, sobre a historia de unha miñoca, creado para sensibilizar ao pobo sobre a necesidade de conservar o solo. Unha iniciativa que chegou a pasar fronteiras e foi traducido ao castelán, catalán e o inglés, chegando agora a Italia. Destaca as palabra de Francisco Díaz-Fierros de que debemos sentirnos orgullosos de que unha obra feita en Galicia teña tal repercusión.

XII.6. LITERATURA MEDIEVAL

XII.6.1. MONOGRAFÍAS E LIBROS COLECTIVOS TRADUCIDOS OU NOUTRAS LINGUAS

Borsari, Elena (coord.), *En lengua vulgar castellana traduzido. Ensayos sobre la actividad traductora en la Edad Media*. San Millán de la Cogolla: Cilengua, 2015, 192 pp. (ISBN: 978-84-942088-6-7).

Inclúe o seguinte artigo relacionado coa prosa literaria galega medieval:

- Raquel Alonso Parada, "La traducción gallega de la *General Estoria*: mudanzas en el dominio de la morfología verbal", pp. 3-22.

Descríbese brevemente o códice no que se conserva a tradución galega da *General Estoria* (ms. O.I.1), sitúase no seu contexto e infórmase de quen puido ser o mecenas

que patrocinou esta obra. Acto seguido, realízase unha análise lingüística, na que se presta especial atención aos cambios verbais que efectuou o tradutor con respecto á crónica orixinal, xa sexan semántico-temporais, variacións en tempos compostos ou modificacións que afectan á persoa verbal. A comparación coa versión castelá pon de manifesto a pericia e cultura do tradutor, xa que foi quen de mellorar o resultado coas súas mudanzas.